I. Narrativa

I. 1. Narradores galegos

Álvarez Cáccamo, Alfonso, X. L. **Álvarez**, M. **Riveiro Loureiro** e D. **Pérez Iglesias**, *Tecendo panos*, Relatos galardoados no VIIº/VIIIº Certame Manuel Murguía· de narracións breves 1998/1999, ed. e limiar de Henrique Rabuñal, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Narrativa, nº 133, 2000, 124 pp. (ISBN: 84-89896-71-2).

Despois de seren publicados os relatos gañadores dos diferentes certames xa celebrados do Premio "Manuel Murguía" de narracións breves en *Relatos* (1995) e mais en *Airadas de palabras* (1998), aparecen agora, e tamén en edicións Laiovento, as narracións galardoadas con este premio na súa VIIª e VIIIª edición, correspondentes aos anos 1998 e 1999 respectivamente, baixo o título *Tecendo panos*. No seu limiar Henrique Rabuñal aplaude que se dedique o Día das Letras Galegas de 2000 a Manuel Murguía, repasa a historia deste premio convocado polo Concello de Arteixo e dá algunhas notas sobre os relatos integrantes desta edición, que son os seguintes:

- Alfonso Álvarez Cáccamo (VIIº Certame "Manuel Murguía" de narracións breves 1998), "Canis fugit", pp. 15 51.

Neste relato, que xa aparecera recollido no libro *Contos mamíferos* (1998), de Alfonso Álvarez Cáccamo (Vigo, 1952), o narrador chamado Eu –Euloxio– relata a súa infancia marcada por unha pequena dislexia,

pola convivencia coas súas tías Dora e Lela e mais polo afán destas pola limpeza. Eu xebra a súa existencia máis temperá segundo o can que vivía con eles, céntrase na descrición da etapa da súa infancia que coincidiu con Sultán. Refírese tamén á súa amizade con Pepiño, con quen facía experimentos con menciñas caducadas, e mais con Quico Bornes, con quen despois de ir xantar á súa casa acababa ás pancadas.

- Xosé Luis Álvarez (VIIº Certame “Manuel Murguía” de narracións breves 1998), “O amencer”, pp. 53- 86.

Esta narración de Xosé Luis Álvarez divídese en doce apartados nos que aparecen reflexións sobre o feito de esperar a alguén e sobre a morte. O narrador describe a súa infancia vivida a carón dos seus pais, irmáns, a tía Silvia e mais Clara, e remata afirmando que toda a súa familia coñece a relación existente entre Clara e o seu pai, “sen embargo ninguén quere dicir nada, ninguén vai dicir nada”.

- Manuel Riveiro Loureiro (VIIIº Certame “Manuel Murguía” de narracións breves 1999), “O río da tristura”, pp. 89-103.

Amósansenos nesta narración de Manuel Riveiro Loureiro (A Coruña, 1933) os pensamentos dun ancián ao ollar para o río Mapocho –en Santiago de Chile– no cal pereceu asasinado o seu fillo Florencio e un amigo deste. O ancián lémbrase da figura de seu fillo, quen parece estar a conversar co seu pai, de Allende e do dictador Pinochet, todo isto salferido coas letras dalgunhas cancións de Joan Manuel Serrat.

- David Pérez Iglesias (VIIIº Certame “Manuel Murguía” de narracións breves 1999), “Sámago, fascismo”, pp. 105-124.

Relato de Daniel Pérez Iglesias no que mediante varios narradores se repasan algúns dos feitos máis escuros do fascismo –violencia, masacres, etc.–, centrándose nas accións levadas a cabo por un sanguinario chamado Silvosa, Teixeira ou Torto das Mortes, nomeadamente no seu derradeiro asasinado, Xaquín.

Recensións:

- Lucía Martín, “Relatos con premio”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 32, 9 xullo 2000, p. 15.

Sinala que o volume inclúe os catro textos vencedores das dúas últimas edicións do Certame “Manuel Murguía” e salienta a escasa semellanza entre eles. Cualifica a narración de Álvarez Cáccamo de irónica, indica que a espera é o tema de “O amencer” e ve no fascismo –e os seus corolarios: violencia, resistencia...– o motivo central de “Sámago, fascismo”. Canto a “O río da tristura”, defíneo como “visión descarnada da existencia” entre a Península e un Chile oprimido pola presencia pública de Pinochet. Cómpre sinalar ademais que Lucía Martín sobrancea o feito de que A. Álvarez Cáccamo e M. Riveiro Loureiro sexan autores habitualmente premiados.

- Xosé Manuel Freire, “Tecendo (boas) historias”, *Guía dos libros novos*, nº 21, “Narrativa”, setembro 2000, p. 23.

Comenta que as narracións desta obra son as gañadores da sétima e octava convocatoria do Certame “Manuel Murguía” de narracións breves. A continuación, fai un pequeno comentario dos catro contos incluídos neste volume. Así, eloxia a narración de A. Álvarez Cáccamo polo seu “humor corrosivo e acedo” e o conto de X. L. Álvarez defíneo como a ollada dun neno ao mundo dos adultos. Por outra parte, o texto de Riveiro Loureiro valórao por facer que o lector vibre co narrado e do relato de D. Pérez Iglesias destaca a súa estructura ambiciosa e arriscada. Conclúe eloxiando o citado certame pola súa contribución ao enriquecimento do panorama literario galego.

- M. Q. S., “Catro narracións breves”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 44, 1 outubro 2000, p. 8.

Comeza lembrando os dous volumes anteriores dedicados a compilar os textos premiados polo Certame “Manuel Murguía” de narracións breves para, a seguir, facer notar o prestixio que o relato breve ten na literatura mundial en xeral e na galega en particular. Informa do contido deste volume e sobrancea as diferencias entre os catro autores, ademais de acreditar a calidade dos contos e salientar o labor promotor que está a exercer este premio.

Referencias varias:

- Luisa Costas, “Arteixo, a un mes de las Letras Galegas”, *El Ideal Gallego*, 7 abril 2000, p. 21.

Anuncia a presentación no Concello de Arteixo da obra que recolle os relatos do Certame “Manuel Murguía” de narracións breves 1998 e 1999, e da asistencia dos gañadores Alfonso Álvarez Cáccamo, Xosé Luís Álvarez Pérez, Manuel Riveiro Loureiro e David Pérez Iglesias ao acto, ademais do coordinador do certame, Henrique Rabuñal. Tamén informa doutros actos que se celebran con motivo do Día das Letras Galegas, entre os que sinala o recital poético de Santiago Fernández e Manuel Lourenzo ou a presencia de Alfredo Conde dentro do ciclo “Os nosos escritores”. En columna á parte, refírese á exposición sobre a obra de Castelao, á actuación do grupo de contacontos Melandrainas e á presencia de María García Yáñez nun encontro de escritores.

- Alfredo Conde, “Libros”, *El Correo Gallego*, 1 maio 2000, p. 4.

Comeza referíndose a dous volumes editados polo Concello de Arteixo con motivo do Día das Letras Galegas: unha fotobiografía de Manuel Murguía e a edición facsimilar da obra deste autor *Galicia*, pasando de contado a falar de *Tecendo panos*, da que salienta a narración breve de Manuel Riveiro Loureiro “O río da tristura”, e sinala que mantén as características máis sobranceiras da prosa deste autor, especialmente a riqueza fraseolóxica, comparándoo neste aspecto con Celso Emilio Ferreiro, e demandando para ambos un estudio pormenorizado, así como a valorización do primeiro dentro do sistema galego que nunca tivo.

- Manuel Vidal Villaverde, “Noticias, amigas e amigos”, *Atlántico Diario*, “Mar de fóra”, 25 maio 2000, p. 30.

Felicita a Bieito Iglesias polo premio do que se vén de facer acredor *O mellor francés de Barcelona*. Asemade, informa de que recibiu o volume que recolle os textos galardoados nas edicións de 1998 e 1999 do Certame “Manuel Murguía” de narracións breves, dos que nomea o título e o autor.

- M. Blanco Rivas, “Premios de Narracións Breves ‘Manuel Murguía”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 158, 27 maio 2000, p. 4.

Dá conta de que as narracións que integran o volume son as vencedoras, en ambos os casos *ex aequo*, das edicións de 1998 e 1999 do certame “Manuel Murguía”. Indica que o feito de compartir premio é proba de que o xurado non quixo deixar sen galardón textos de valor contrastado. Finalmente gaba o conxunto dos contos premiados dende que se iniciou este certame.

Álvarez López, Marcelino, *Contos de onte*, ilust. Antonio Palla, limiar Concepción Delgado Corral, Betanzos: Concello de Betanzos, maio 2000, 66 pp. (ISBN: 84-923797-4-X).◆

Comeza o limiar lembrando a Xulio Cons e Manuel Roel, ambos recolectores de contos durante o século XX, e facendo un chamamento para recuperar a memoria dos literatos do pasado, para que se sigan creando relatos e para evitar que se extingan as liñas de transmisión da literatura oral. A seguir, Concepción Delgado sinala que Marcelino Álvarez compuxo os seus contos baseándose en anécdotas reais e sen pretensións artísticas, só co obxectivo de provocar o riso. Non obstante, cre que "O marqués" ten maior complexidade e relaciónao con "A marquesiña", de Castelao. Así mesmo, ve no volume dous narradores diferentes, homodiexético e heterodiexético, e considera que imita as estratexias narrativas da literatura oral. Gaba a expresividade das descricións e aprecia que o autor consegue individualizar os personaxes en narracións tan miúdas. Para ela, a unidade da obra vén determinada por ser Betanzos o "espacio central". O volume consta de vintecatro textos individuais, o que non impide que haxa personaxes comúns ou aparezan referencias a personaxes doutros contos. Os relatos en moitos casos fan chanzas baseándose en defectos físicos ou na ignorancia dos paisanos. Esta ignorancia tamén se reflicte en argumentacións ridículas sobre temas como a economía ou o darwinismo. Tamén hai lugar na obra para outros temas como amores populares, persoas desconfiadas, servicio militar ou emigración. Cabe sinalar tamén algunhas referencias a autores galegos como A. Cunqueiro ou C. Casares. Dada a modernidade dos relatos, aparecen realidades pouco habituais

neste tipo de literatura: o uso abusivo da telefonía móbil, a prestación social substitutoria ou a insubmisión como alternativas ao servicio militar obrigatorio, ou o desemprego.

Araguas, Vicente, *Agora xa foi*, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Narrativa, nº 131, marzo 2000, 67 pp. (ISBN: 84-89896-68-2).

Ambientada no Ferrol de principios dos setenta, esta novela social de Vicente Araguas (Xuvia-Neda, 1950) achéganos a unha época, marcada polas convulsións políticas, na que convivían unha dictadura agonizante canda unha serie de organizacións clandestinas que pulaban por unha ruptura democrática. Preséntanos un estudiante de Dereito que milita nun partido de esquerda ao que lle encargan lanzar un feixe de folletos "subversivos" durante un encontro futbolístico no estadio do Inferniño. O protagonista, Fandiño, debátese entre o medo ao aparato represor do réxime e o amor pola camarada Natalia Corredoira, única razón pola que leva a cabo a encomenda do partido. O autor contextualiza a acción nun ambiente opresivo marcado pola presión dos grises (a Brigada Político Social), a inmunidade dos grupúsculos fascistas e a pasividade dunha burguesía afecta ao réxime. Araguas emprega vocabulario e modismos propios da cidade departamental.

Recensións:

- Xosé M. Eiré, "Pasou pero non pasou", *A Nosa Terra*, "Guieiro Cultural", nº 937, 1 xuño 2000, pp. 27-28.

Sinala Eiré que os dous temas que conxuga esta obra, amores xuvenís e compromiso político activo, teñen plena actualidade a pesar da falta de orixinalidade. Neste senso, cre que o distanciamento do protagonista respecto da actividade política coincide co que o autor marca co pretérito do título. A continuación, comenta o argumento e salienta o papel secundario do cego. As escollas lingüísticas parécenlle adecuadas e nota como en cada un dos capítulos a voz narrativa vai escorregando dende o narrador omnisciente ata a preponderacia da voz dos personaxes. Para rematar, o articulista valora positivamente o texto mais pensa que Araguas debería dar máis de si.

- F. Martínez Bouzas, "Navegando por augas imprecisas", *El Correo Gallego*, "*Correo das Culturas*", nº 27, 4 xuño 2000, p. 11.

Aprácese de que o polifacético Araguas encete tamén o rego da narrativa ao tempo que comenta a paraxe editorial que este xénero sofre nestes meses. Cualifica o texto de "noveleta" por estar a medio camiño entre a novela e o relato. Así mesmo, cre que o texto é un reflexo fiel da inxenuidade dos grupos antisistema de esquerda, que coidaban poder derrubar o poder establecido. Ademais destaca a presencia do erotismo e as referencias musicais para despois agoirarlle ao autor un futuro prometedor de continuar polos vieiros da narrativa.

- Lucía Martín, "Dous críticos saúdan a primeira novela de Araguas. O paxaro na gaiola", *El Correo Gallego*, "*Correo das Culturas*", nº 27, 4 xuño 2000, p. 11.

Transcribe inicialmente un fragmento da novela na que se amosa o escepticismo político de Fandiño. Relaciona despois o “estilo descrido” e desorganizado de Araguas coa personalidade do protagonista. Logo explica cómo unha acción subversiva menor creaba problemas na conciencia do protagonista sen afectar sensibelmente á estabilidade do sistema, debido a que a sociedade tiña diminuídas as posibilidades expresivas. Ve no empate a ceros do partido unha metáfora da falta de consecuencias do “atentado”. Finalmente, glosa breve e parcialmente a traxectoria de Vicente Araguas.

- M. Pereira Valcárcel, “*Xa foi*”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 320, 29 xuño 2000, p. 10.

Tras repasar a relación do autor coa literatura, gábase a sinxeleza e o dinamismo da noveliña, os diálogos e as descricións. Así mesmo, opínase que está ben recollido o pouso simbólico do que naquela altura estaban provistas moitas realidades como acenos e cancións, así como a dicotomía sempre conflictiva entre o compromiso comunitario e o individualismo. Renúnciase voluntariamente neste artigo a inquirir sobre os referentes reais do narrado e prefírese analizar o texto dende unha óptica estrictamente literaria. Tamén lle apunta un posíbel abuso da repetición.

- Xulio Valcárcel, “Araguas novelista”, *El Ideal Gallego*, “Páxina literaria”, 13 agosto 2000, p. 4.

Principia dándolle a cualificación de “pequena obra mestra”, boa de ler, que reflicte a vida dunha xeración que rematou coa dictadura. Insírea dentro do existencialismo e da novela negra. Sinala como coincidencias co xénero negro que amose a cara máis decrépita da cidade departamental, que saibamos xa dende o inico o

argumento, que o protagonista sexa un antiheroe, a presencia do humor e de amores non románticos, ou as referencias expresas ao cinema negro.
- Ramón Nicolás, “Ferrol, 1971 e algo máis”, *Guía dos libros novos*, nº 21, “Narrativa”, setembro 2000, p. 20.

Refírese, en primeiro lugar, ao labor levado a cabo por Araguas nos distintos eidos literarios. Louva as dotes para a narrativa que amosa este autor na obra que constitúe a súa estrea neste xénero. Así, valora a novela recensionada pola “concisión, sincretismo e axilidade” acadados. Tamén considera un acerto a elección dunha voz narradora irónica. Sinala, así mesmo, a influencia que na novela teñen a poesía, a música, e a cultura anglosaxona. Remata desexando que a etiquetaxe do autor como poeta e crítico non oculten o valor desta obra.

Referencias varias:

Manuel Vidal Villaverde, “Este río que somos e nos leva”, *Atlántico Diario*, “De catro a catro”, 9 maio 2000, 26.

Comeza dicindo que recibiu o libro *Agora xa foi*, de Vicente Araguas, no que se recrean relatos que el sitúa no ano 1971, o que lle serve para evocar a un gran número de autores galegos e os seus espacios literarios ou persoais, entre eles a Uxío Novoneyra no seu Courel, a Martín Codax, Xosé Mª Álvarez Blázquez e

Alfonso Álvarez Cáccamo no seu Vigo natal, Celso Emilio Ferreiro, Álvaro Cunqueiro, X. L. Méndez Ferrín, Ánxel Fole, Manuel María, Luís Pimentel ou Mendiño e Xoán de Cangas, entre outros, reproducindo breves anacos das súas composicións máis sobranceiras.

- Xavier Alcalá, "*Xa foi*", *El Ideal Gallego*/*Diario de Ferrol*, "A voapluma", 25 maio 2000, p. 3/p. 64.

Alcalá empeza lembrando unha situación similar á do protagonista que lle aconteceu a el tras volver da América. Despois fai uns comentarios xerais sobre a situación sociopolítica da época e sinala que eses anos teñen aínda moito por contar e literaturizar.

- Xavier Alcalá, "¡Inútil!", *El Ideal Gallego*/*Diario de Ferrol*, "A voapluma", 21 agosto 2000, p. 3/p. 40.

Comenta que presentou a novela en Ferrol o día dezaoito, acto no que animou a Araguas a continuar narrando eses anos ateigados de ilusións que despois non cristalizaron. A maior parte do artigo está dedicada a contar unha anécdota sobre fútbol que lle ocorreu a Alcalá cun lector na Coruña.

Borrazás, Xurxo, *Na maleta*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Medusa Narrativa, 2000, 217 pp. (ISBN: 84-7824-364-X).

Nesta nova entrega de Xurxo Borrazás (Carballo, 1963) sitúanse como protagonistas dunha historia sen destino a Pepe e a Carme. Ambos con trinta e moitos anos viven coas súas nais, unha viúva e outra solteira. Ela é profesora destinada a un colexio de Navia de Suarna, e el, un rapaz sen ilusións e desempregado. Todo comeza cando Pepe encontra unha maleta chea de millóns, e con ela chega o medo por non saber qué facer cos cartos, se entregalos ou se ficar con eles, o que deciden facer finalmente. Inician en coche unha viaxe desesperada de Vigo a Navia de Suarna e arredores, e logo á Costa da Morte e volta a Vigo. Neste vagar sen norte polo país adiante sabemos dos seus problemas, desexos e arelas mediante flash-backs. Así sabemos do misterioso traballo de Pepe nunha Empresa de Traballo Temporal ou da ensarillada vida dos dous protagonistas: saben que son fillos dun mesmo pai e de dúas irmás; a del viúva enganada e morta e a dela solteira, primeiro víctima dun abuso sexual e despois por manter unha relación adúltera co seu cuñado. Neste panorama os protagonistas ven nos cartos unha porta cara ao éxito, mais a frustración final desvélalles a imposibilidade dun destino aceptábel. Polo medio intercálanse críticas á monarquía, á familia, á sociedade individualista, ao capitalismo, ao monetarismo, etc.

Recensións:

- Soedade Noia, “Absurdo destino”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 330, 7 setembro 2000, pp. 6-7.

Nota como esta obra abandona o fragmentarismo e o experimentalismo típicos do autor. Borrazás, de quen se citan varias declaracións, ve esta obra máis sinxela por carecer de distorsións, por contar unha historia máis simple e por ser doada de ler. Tamén indica o autor que a novela ten unha menor variedade lingüística, centrándose unicamente en diferencias de rexistros, e que amosa o conflicto nunha sociedade, xa non rural e aínda non urbana, na que o individuo non é quen de se integrar. Cómpre sinalar que se informa de que Borrazás non aceptou o título *Na maleta* polo que a novela considérase que levará outro cando apareza no mercado.

-M. Blanco Rivas, “Un relato sobre a busca da liberdade”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 180, 21 outubro 2000, p. 2.

Neste comentario saliéntase que a linguaxe directa e simbólica fan que *Na maleta* sexa unha historia críbel. Debúllase o seu argumento –conta a historia de Pepe e Carme, unha parella que leva once anos de mozos e son curmáns– e afírmase que esta obra sorprende polo seu bo ritmo e mais polos recursos narrativos directos.

-F. Martínez Bouzas, “Nas poutas do destino”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 47, 22 outubro 2000, p. 13.

Dáse conta da aparición de *Na maleta*, de Xurxo Borrazás do que se sinala que nunca se presenta aos premios literarios. Con referencia á novela descríbense as claves do seu argumento e indícase que o autor conserva a súa “estética posmoderna”. Ponse tamén de manifesto a doada lectura deste libro e que a abundancia de diálogos, o estilo directo e a ausencia de referencias culturais contribúen ao ritmo vertixinoso que imbúe toda a novela.

- Xoán Villar, “Contar e dicir”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 337, 26 outubro 2000, p. 7.

Comentario que salienta que a narración áxil e a posmodernidade que agromaron en *Cabeza de chorlito* (1991), de X. Borrazás reaparecen agora en *Na maleta*, coa que o seu autor tenta adaptar un “thriller” ao panorama galego. Indícase que o elemento central da novela é un incidente –o achado por parte do protagonista dunha maleta con setenta e cinco millóns– e que dende aquí a trama deriva cara a unha narración interiorizada.

- Xosé M. Eiré, “Pouca bagaxe”, *A Nosa Terra*, nº 960, “Guieiro Cultural”, 9 novembro 2000, pp. 25-26.

Eiré considera que *Na maleta* “é unha história simples, inclusivo bastante anecdótica e previsível”, construída con pequenas secuencias narrativas que só sofren alteración notábel coas analepses. Afirma que se vemos nesta novela a exposición dunha historia que ten como motivo central a casualidade –atopar unha maleta chea de cartos–, estariamos perante unha “novela de tese”. Sobre os dous personaxes centrais da novela – Pepe e Carme– salienta que son case planos e que Borrazás desaproveita os conflictos que se van xerando. Dá algunhas notas sobre o seu argumento e conclúe sinalando a pouca bagaxe do libro para “un autor que espertou tantas expectativas”.

A. R., “A maleta de Borrazás”, *Tempos Novos*, nº 43, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, decembro 2000, 83.

Considera que Xurxo Borrazás en *Na maleta* fai unha parodia do desconfiado mundo no que vivimos e a súa descarnada crueldade. Indica que nesta novela mestúrase acción, reflexión e humor negro, conseguindo así manter expectante ao lector.

- Francisco Martínez Bouzas, “Unha novela de fado e antiheroes”, *Guía do libros novos*, nº 24, “Narrativa”, decembro 2000, p. 21.

Sinala que pese a que se trate dunha novela “doada, que chega moi ben ao lector”, puntualiza que non resulta fácil dar conta do núcleo diexético e da idea central que dirixe os fíos cos que Xurxo Borrazás ganduxa esta súa última novela. Asemade, comenta que *Na maleta* se publicou xunto cun caderno non venal

no que Inmaculada Otero estudia a narrativa deste autor con especial atención ás súas dúas novelas anteriores, *Criminal* e *Eu é*. A seguir, caracteriza a Borrazás como creador “moi ambicioso, moi minucioso”, “vangardista” e “verbalmente minimalista, que pescuda o fragmentarismo e que acostuma ateigar as súas novelas de referencias culturais”. Tamén dá conta do núcleo diexético da presente obra, que considera unha novela de “itinerancia”, na que se ven pillados os dous principais personaxes da fabulación, tan do común coma os ses propios nomes. Por outra parte, refírese a outros aspectos deste texto relativos á súa forma, elaboración, ritmo narrativo ou estilo.

-Miguel Louzao, “Xurxo Borrazás: *Na maleta*”, *A Trabe de Ouro*, nº 44, “Publicacións”, Tomo IV, Ano XI, outubro-novembro-decembro 2000, pp. 541-544.

Neste comentario sobre a novela de Xurxo Borrazás, fai unha breve alusión á mentira, “o mundo como mintira”, que domina toda a obra de Borrazás. A seguir, achégase aos personaxes “prototípicos, xa desde o mesmo nome: Pepe e Carme, que exemplifican as vidas de nós en moitas cuestións”. Alúdese, así mesmo, aos espacios nos que se desenvolve a trama da obra. Para rematar, faise referencia ao estilo “áxil, rápido, agradábel e natural, inserido nunha estructura narrativa fragmentaria, xa habitual do autor”.

Referencias varias:

- Carme Vidal, “A literatura galega é desesperadamente puritana”, *A Nosa Terra*, nº 956, “Guieiro Cultural”, 12 outubro 2000, p. 26.

Conversa con Xurxo Borrazás na que diserta sobre a súa producción literaria, centrándose na súa última novela, *Na maleta*. Considérase como un “axitador” que reacciona na súa obra contra todas as opresións que impiden a liberdade e comenta que lle anoxa o puritanismo e tradicionalismo que rexe á literatura galega de hoxe en día. No referente a *Na maleta*, afirma que é, como a súa segunda novela, *Criminal* (1994), unha obra de personaxes na que parte dunha situación básica para logo modelar os protagonistas que “son dúas persoas sen sorte que se ven imersas na espiral do sistema capitalista”. Complétase a entrevista con algunhas referencias aos premios literarios e á falta de lectores en lingua galega.

-X. M. Giráldez, “Escribín ‘*Na maleta*’ nun caderno, toda dun tirón”, *O Correo Galego*, 5 novembro 2000, pp. 2-3.

Nesta entrevista o escritor Xurxo Borrazás fala do proceso de construcción da súa última novela, titulada *Na maleta*. Di que escribe sempre á man, sen tomar notas previas senón que vai enfiando a narración segundo lle vai saíndo. Considera que o máis traballado foron os personaxes e a linguaxe de características “minimalistas” da narración que non recargan a historia. Por outra banda, considera que non posúe un estilo barroco, máis ben todo o contrario. Tamén explica a importancia do diálogo para a configuración dos personaxes e o transfondo ideolóxico do argumento que, segundo insiste, non pretende ser pesimista.

-Belén López, “Xurxo Borrazás afirma que “escribir unha novela é como buscar un piso”, *Diario de Pontevedra*, “CulturaOcio”, 23 decembro 2000, p. 55.

Con motivo da presentación de *Na maleta*, no Salón do Libro de Pontevedra, o seu autor aproveita para falar do proceso creativo dunha novela, da situación actual da literatura galega e mais da súa última novela da que sinala que é “unha historia que se le dun tirón” e que conta cun ritmo moi rápido.

Calvo, Tucho, *O xabaril branco*, ilust. Miguelanxo Prado, Vigo: Ir Indo Edicións/La Voz de Galicia, col. Narrativa Gran Formato, outono 2000, 133 pp. (ISBN: 84-7680-343-5).

As diferentes entregas desta narración publicadas na sección “Relatos de verán” de *La Voz de Galicia* durante o mes de agosto do ano 2000, da autoría de Tucho Calvo (La Guaira-Venezuela, 1954), como escritor, e Miguelanxo Prado (A Coruña, 1958), como ilustrador, preséntanse agora neste volume. A historia narrada céntrase na vida de Fito, un rapaz que vivira ata os dezaseis anos nunha remota aldea dos Ancares na segunda metade do século XIX, momento no que abandona o seu mundo para marchar co Futingo, estraño personaxe que aparece pola aldea e que será o seu guía e mestre iniciático na viaxe sen volta, real e máxica, que o levará ata a Arxentina, onde perde a vida aínda mozo. Relátase o percorrido vital de Fito dende que sae a cazar o xabaril, o que lle acontence na viaxe por terras de Sarria e en Betanzos, o embarco rumbo a América, as peripecias da viaxe onde coñeceu á que será a súa muller, os incidentes que o relacionan cos indios, a captura e reencontro da súa muller agora embarazada e a súa morte en Buenos Aires cunha daga crabada no peito, froito da súa defensa dos nativos ante as autoridades bonaerenses, o que ademais de provocarlle a morte fixo que perdera parte dos negocios e tivera que mandar, pouco antes, a Xela e o fillo de volta a Galicia polo perigo intuído. Como último acto de defensa, consegue tirar a daga ao mar e non inculpar así aos indios, inocentes e víctimas no conflicto. Cos últimos boquexos repasa os seus anos na Arxentina, os poucos que poden facer fortuna na emigración e o cedo que lle tocou ser acompañado polo Xabaril Branco cara ao outro mundo.

Referencias varias:

- Xosé Luís Vilela, “Estamos felices de termos recuperado a fascinación da novela por entregas”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 19 decembro 2000, p. 31.

Entrevista conxunta a Tucho Calvo e Miguelanxo Prado, quen comentan as súas sensacións ao se veren enfrontados ás présas derivadas de ter que publicar na prensa unha entrega da obra cada día. Alén diso o segundo fai fincapé na necesidade de adaptarse á globalización sen renunciar á propia identidade e o primeiro remarca a actualidade da obra e dos seus temas: amizade, emigración e solidariedade.

Caneiro, Xosé Carlos, *Ébora*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, XIXº Premio de novela longa Blanco Amor 2000/IVº Premio Eixo Atlántico de narrativa galegoportuguesa (Certame Carlos Blanco) 2000, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, decembro 2000, 459 pp. (ISBN: 84-8302-597-3).

Esta nova entrega narrativa de Xosé Carlos Caneiro (Verín, 1963) está artellada en vintecatro capítulos e mais un capítulo final. Nestes capítulos, que avanzan dende a posguerra ata a transición ao novo réxime, nárrase alternamente, por unha parte, a vida da vila de Ébora nos capítulos pares, e por outra, a vida aventureira de Libardino Romero nos capítulos impares. Deste xeito a novela conta cun protagonista individual, Libardino Romero, quen logo de vivir unha vida tortuosa e submisa no matrimonio decide marchar da casa en procura de aventuras. Así, comeza un vagar que o levará errante por barras americanas e estradas secundarias, nas que irá batendo con aventureiros coma el, aos que se une. Son Susanito Cabral, o can intelixente “Suceso”, o fillo do Alcalde e Mefisto. Todos eles andan errantes na busca do paraíso perdido, que para eles é o amor e a felicidade. Por outra parte, coñecemos a vida colectiva de Ébora, personificada nalgúns significativos veciños: Dona Pura, a nai de Libardino, e o seu namorado Tintoreto; o cura mozo Don Blas cos seus desvaríos sobre a Santísima Trindade; a vella Saladina Ferrer, mestra republicana e culta namorada de Don Blas; os irmáns Montoya, que trouxeron as primeiras proxeccións cinematográficas á vila; e a doutora González, entre outros. No capítulo final, conflúen os espacios -cambiante, dos aventureiros-e estáticos -os dos veciños-, na vila de Ébora, onde, logo dun agradábel encontro, os primeiros deciden continuar felices a marcha na procura de máis aventuras. Polo medio hai grandes doses de

intertextualidade, coa cultura galega e universal; críticas á televisión, aos partidos políticos locais, e á mala literatura, entre outros.

Recensións:

- Beatriz Abelairas, “Premios y premiadísimos”, *Qué leer día a día*, nº 49, abril 2000, p. 75.

Logo de facer unha digresión inicial sobre os premios, refírese á traxectoria de Xosé Carlos Caneiro do que se repasa cada unha das obras, con cadanseus premios. Asemade, descríbese con bastante detalle a peripecia acontecida coa novela *Ébora*, gañadora no mesmo día do Premio de novela longa “Blanco Amor” e do Premio “Eixo Atlántico” de narrativa galego-portuguesa (Certame Carlos Blanco). Finalmente, comenta a obra *Resalgario de Galicia* de Antonio G. Reigosa, que foi Premio “Raíña Lupa” de literatura infantil.

Referencias varias:

- E. Ponte, “El escritor Xosé Carlos Caneiro gana el Premio Blanco Amor de novela”, *El Ideal Gallego*, “Área metropolitana”, 30 setembro 2000, p. 24.

Ademais de achegar certos datos referentes á organización, dotación ou composición do xurado deste premio, recolle as razóns polas que este decidiu premiar a *Ébora*, de Xosé Carlos Caneiro. Entre elas, está a de conseguir un equilibrio entre a realidade opresora e a fantasía liberadora, a través da composición dun romance; o lograr describir un auténtico personaxe colectivo; ou a súa mestría ao conseguir un deseño da arquitectura narrativa presente en toda a novela. Tamén apunta que o galardoado, que xa conseguira o Premio Nacional da Crítica e o “Gonzalo Torrente Ballester” con *Un xogo de apócrifos*, busca lectores que vexan a literatura como unha aventura e defende o seu carácter marxinal ao cultivar un estilo diferente. Nunha nota á parte, recolle unhas declaracións do autor de Verín, que indicou que *Ébora* pecha un ciclo de cinco obras que iniciou en 1992: *Infortunio da soidade*, *Un xogo de apócrifos*, *Os séculos da lúa* e *Tal vez melancolía*. Así mesmo, fai certos comentarios sobre a súa obra premiada, que define como “gozosa y, a diferencia de otras obras mías más ásperas, ésta habla de la felicidad y de las múltiples maneras que existen de encontrarla”. Remata afirmando que a literatura debe reflectir unha ambición universal.

- A. Estévez, “O meu camiño nos prémios xa rematou”, *A Nosa Terra*, nº 955, “Guieiro Cultural”, 5 outubro 2000, p. 25.

Recóllense certas declaracións de Xoán Carlos Caneiro, que vén de ser premidado co “Blanco Amor” e o “Eixo Atlántico”, pola súa “novela feliz” *Ébora*. Recoñece que padece a sensación de sentirse un “acaparador” de premios e considera que en Galicia se está facendo unha literatura de calidade, pero que non está presente noutras literaturas. Afirma que escribir en galego é unha aventura que normalmente conclúe en naufraxio, polo que pediu en Portugal no seu discurso en Peso da Regua, que “abra as fronteiras á literatura galega”. Dáse conta de todos os premios literarios que ten conseguido o escritor verinés, quen confesa que escribiu *Ébora* para “defenderme dos agrávios da vida, para vingar aos protagonistas das outras novelas, todos tan infelices e desconsolados”. Así mesmo, apunta que quere quitarse esa “aura de ser un escritor difícil” e que na novela citada “non hai dificultades estructurais ou léxicas”. Tamén se recolle parte das declaracións do xurado do “Blanco Amor”, que asegurou que Caneiro con *Ébora* consegue “o equilíbrio entre a realidae opresora e a fantasía liberadora a través da escritura dun romance sobre a utópica vila de Ébora”.

- Ramón Loureiro, “A literatura é un destino”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 15 decembro 2000, p. 38.

Entrevista a X. C. Caneiro na que cualifica a *Os séculos da lúa* (1999) como a súa novela máis ambiciosa e a *Ébora* como a máis completa. Fala da influencia dos premios literarios na venda de libros e, con referencia á “gran novela galega da que sempre se fala”, afirma que igual xa está escrita e non o sabemos. Remata indicando que só o tempo terá a solución.

- Belén López, “Caneiro cre que estamos vivindo ‘unha idade de ouro da literatura galega”, *Diario de Pontevedra*, “CulturaOcio”, 22 decembro 2000, p. 71.

Aproveitando a presentación de *Ébora* no Salón do Libro Galego de Pontevedra, o seu autor X. C. Caneiro, reflexiona sobre a súa última entrega narrativa. Opina que *Ébora* está pensada como final da pentaloxía que comezara con *O infortunio da soidade* (1992) e que para a súa elaboración foi trocando os presupostos que tiña nun principio.

Caneiro, Xosé Carlos, *A Rosa de Borges*, Iº Premio Risco de literatura fantástica 2000, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Medusa Narrativa, 2000, 150 pp. (ISBN: 84-7824-356-9).

Esta nova entrega narrativa de Xosé Carlos Caneiro (Verín, 1963) presenta unha estructura narrativa complexa e equilibrada ao mesmo tempo. Ábrese e péchase con catro extractos de cadanseu informe médico, literario, editorial e policial, nos que se fai referencia, respectivamente, á esquizofrenia dunha paciente, ao contido dunha obra literaria de Bernal Maradal, á negativa da editorial a publicar a devandita obra por medo a que non sexa un producto rendíbel e que desvirtúe as obras anteriores dese autor, e a unha denuncia policial dun crime. A seguir, a novela desenvólvese en seis capítulos que recollen outros tantos monólogos, ás veces delirantes, de Celia Maradal en primeira persoa. Eses monólogos van dirixidos á súa casa, que denomina Iria; á súa nai, que permanece postrada nunha cama baixo o seu coidado; ao pai xa falecido, Homero Maradal, apodado Ciro o Negro, que morrera en extrañas circunstancias e reaparece na novela dende o máis alá; a Tristán Luces, o seu único namorado e suposto autor da morte do pai; e aos irmáns, Reinaldo e Bernal, este último escritor de sona e suposto autor da novela que recolle esta trama. Alén destes monólogos, que constitúen o pano de fondo e o soporte estructural de *A Rosa de Borges*, a protagonista lelle á nai os seguintes relatos: “Os lamentos de Homero”, “Os teus labios amargos”, “Tan amada Pompeia”, “Oráculo de area”, “Non escribas a verdade dos anxos” e “Na lingua de Polabio”, tres da autoría da propia Celia e outros tres de Homero Maradal, nos que coñecemos diversos detalles dos protagonistas e da historia. A morte, os desaxustes

psicolóxicos, a influencia do pasado no presente e a presencia de J. L. Borges latexa ao longo de toda a novela.

Recensións:

-Xosé M. Eiré, “Vivo dentro de ti, melancolía”, *A Nosa Terra*, nº 934, “Guieiro Cultural”, 11 maio 2000, pp. 27-28.

Comeza repasando a producción anterior do autor para situar a presente obra. Atopa semellanzas con *Talvez melancolía* (1999), por ser unha novela coral ou pola presencia de figuras como a da nai, a do pai e a literatura, pero sen embargo considera que non é a quinta entrega da pentaloxía que o autor dixo querer escribir. Sinala tamén que esta obra gañadora do Premio “Risco” de literatura fantástica, se constrúe sobre tres piares fundamentais que son os informes médico, literario, editorial e policial que funcionan como referente real, o monólogo-delirio de Celia e os seis contos que van estructurados por tal monólogo. Destaca a lingua que o autor empregou nela, unha continuación de obras anteriores, e moitas veces tan rítmica que case é poética. Cualifica a novela de apaixonada, intensa, existencialista e cunha forte pegada do simbolismo e do surrealismo.

- Manuel Blanco Rivas, “Unha novela de personaxes extremos”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 160, 10 xuño 2000, p. 4. Sinala que a obra comeza e remata cunha serie de informes, incluíndo no medio unha serie de monólogos e media ducia de contos. Recoñece que o texto permite múltiples interpretacións polo que aumenta a autonomía do lector a este respecto. A seguir, pon en relación esta novela co jazz e cos clásicos fantásticos (Fole, Henry James, Poe…) e indica que recibiu o Premio “Risco” de literatura fantástica 2000. Finalmente, resume a carreira literaria de Caneiro.

-Xosé Manuel Enríquez, “Unha ilusioria fortaleza”, *Guía dos libros novos*, “Narrativa”, xullo-agosto 2000, p. 21.

Desta novela gañadora do Premio “Risco” de literatura fantástica 2000, destácase a importancia do lector para crear a sensación de “equilibrio inseguro”. Tamén se ofrece o resumo do argumento que se inclúe no propio libro. Asemade, sinálase a súa variedade temática e a estaticidade da acción, do tempo e dos espacios. Saliéntase a dificultade da lectura da obra polo “intento de construcción ou experimentación da linguaxe”. Ademais, cualifícase a estructura da novela de “sinxela, cómoda e transhumante”. Finalmente, censúrase a denominación de “fantástica” para a obra, xa que esta dimensión depende da interpretación do lector.

Referencias varias:

- Jesús Manuel García, “Caneiro califica de “anestesiante” su libro ‘*A Rosa de Borges*”, *La Voz de Galicia*, 10 xuño 2000, p. 64.

Infórmase do acto de presentación desta obra na feira do libro de Ourense, no que Caneiro definiu o seu texto como anestesiante, conceptista, existencialista, kafkiano, narrado por unha voz de muller, estructurado bipolarmente e dotado dunha lingua coidada. Sinálase tamén que resultou vencedor do Premio “Risco” de literatura fantástica e anúnciase que Caneiro publicará proximamente unha nova obra coa que cerrará unha pentaloxía.

Carou Rei, Xosé, *O bebedizo de lúa*, IIº Premio do Vº Certame literario Manuel Lueiro Rey de novela curta 1997, Pontevedra: Deputación Provincial de Pontevedra (Servicio de publicacións), 2000, 45 pp. (ISBN: 84-89690-85-5).

Novela curta de Xosé Carou Rey (Rianxo, 1969) ambientada no mundo viquingo. A través dun léxico rico e abondoso e dun tratamento non lineal que cae por veces na confusión, desenvólvense diversos fíos narrativos nos que é constante a presencia das deidades normandas, que funden o real e o fantástico nun contexto de amores imposíbeis e intrigas que deveñen en morte e traxedia. Por unha banda, asistimos ao amor prohibido que o guerreiro Hake, prometido da filla do xefe ancián Óttar, de nome Signe, sente por Gorm, vello amigo da infancia. No decurso da travesía que os embarca no Drakkar das invasións e no medio da tormenta, Hake declárasselle a Gorm, que o asasina, para despois el mesmo ser axustizado por Igor, que contempla o desenlace, para así cumprir a lei que castiga o viquingo que mata un irmán. Ademais, asístese á trama que Óttar urde con Dagmar, a feiticeira, para manter o seu poder, así como se retrocede no tempo para entrever que Signe, que morre apenada polo amor non correspondido de Hake, é froito do adulterio que o seu pai agochou tralo asasinato.

Recensións:

-F. Martínez Bouzas, “Pequenas xoias narrativas”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 25, 14 maio 2000, p. 13. Presenta as tres novelas curtas que gañaron os premios Lueiro Rei 1997: *O bebedizo de lúa*, de Xosé Carou Rei; *Play Back*, de Francisco Castro; e *O riso de Isobell Hill*, de Antón Lopo. Da primeira, ambientada nas brumas escandinavas e na mitoloxía viquinga, indícasenos que neste relato de natureza épica non se aproveita o riquísimo rexistro léxico que posúe. Da segunda salienta que “literaturiza, posiblemente por primeira vez entre nós, o submundo das orquestras e as noites verbeneiras das nosas festas”. Por último, do relato de Lopo, “relato de pesadelos, fuxidas e neuroses”, indica que trata o tema da “muller fatal”. Das tres obras, a pesar das súas narrativas desiguais, destaca as súas fermosas historias.

- Francisco Martínez Bouzas, “A trioloxía dos premio Lueiro Rey”, *Guía dos libros novos*, “Narrativa”, xuño 2000, p. 22.

Tras destacar a importancia que ten no sistema literario galego a concesión de premios, lóuvase a edición das tres novelas curtas premiadas co Lueiro Rey en 1997. A primeira novela, *Play Back*, de Francisco Castro defínese como “un fermoso relato épico e realista” que afonda no mundo das orquestas presentes nas verbenas galegas. Do segundo relato, *O riso de Isabel Hill*, de Antón Lopo dise que é a fuxida dun profesor a unha cidade do Deccán hindú. A terceira obra, *O bebedizo de lúa*, de Xosé Carou Rei cualíficase como “unha trama épica” que recrea a mitoloxía vikinga. Conclúese resaltando a capacidade das tres novelas para transportarnos “polos universos máxicos dos soños”.

Castro Veloso, Francisco, *Play Back*, Iº Premio do Vº Certame Manuel Lueiro Rey de novela curta 1997, Pontevedra: Deputación de Pontevedra (Servicio de Publicacións), 2000, 87 pp. (ISBN: 83-89690-83-9).

Comeza esta novela de Francisco Castro Veloso cunha aclaración previa baixo o epígrafe “Play-Back” na que o autor declara que o relatado está baseado en feitos reais e sintetiza o argumento da obra. A seguir, é un narrador omnisciente clásico o que nos conta, ao longo de quince capítulos numerados en romanos, a historia de Lisardo e dos compañeiros que forman parte da orquestra Edén de Vigo. Achéganos, así, a un mundo de falsidades, de mafias e capos que actúan como representantes dos artistas para estafalos. O argumento desenvólvese ao longo de dous veráns, no primeiro deles vemos como a orquestra viguesa cambia de representante, abandonando o antigo por desavinzas motivadas a non querer usar o Play-Back. O novo mánager, o Xurelo, conducirá a orquestra cara ao éxito e ao recoñecemento por parte de todos, ata que Lisardo, o trompetista e protagonista principal da historia, se decate da estafa a que están sendo sometidos e decida, no verán seguinte, rescindir o contrato co Xurelo. Emprenden a carreira en solitario, pero van de fracaso en fracaso debido a que todo o mercado estaba controlado por O Xurelo que, aos poucos, víngase deles. Malia a todo, a vinganza definitiva é a de Lisardo.

Recensións:

-F. Martínez Bouzas, “Pequenas xoias narrativas”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 25, 14 maio 2000, p. 13.

Ver Carou Rei, Xosé, *O bebedizo de lúa*, neste apartado do *Informe*.

-Francisco Martínez Bouzas, “A trioloxía dos premio Lueiro Rey”, *Guía dos libros novos*, “Narrativa”, xuño 2000, p. 22.

Ver Carou Rei, Xosé, *O bebedizo de lúa*, neste apartado do *Informe*.

Referencias varias:

- Rosa Míguez, “Suxerencia”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, 3 setembro 2000, p. 14.

Describe brevemente o argumento deste libro, ademais de facer referencia á nova publicación de Chus Pato, *M-Talá* e salientar a calidade da edición, así como os xogos literarios empregados pola autora dentro do xénero poético.

Caveiro, Laura, *As naos afondando*, Iº Premio de novela Rubia Barcia. Cidade de Ferrol 1999, Ferrol: Liceo Rubia Barcia, 2000, 110 pp. (ISBN: 84-931564-1-8).

Esta novela de Laura Caveiro (Vigo, 1967) ábrese con dous limiares institucionais, nos que se fai referencia ao Premio de novela "Rubia Barcia". Cidade de Ferrol e á esta cidade departamental. A novela consta de corenta e un capítulos e presenta como protagonistas principais a Nuria, estudiante de Filoloxía que está de prácticas en Edicións da Praia, e a Henrique, escritor desta editorial que fora galardoado cun premio. A historia, que xira ao redor destes dous protagonistas, non presenta de maneira lineal os feitos narrados, senón que hai continuos cambios de escenario e non se segue unha orde no fío conductor. Cabe salientar as abundantes referencias que hai a personaxes literarios e a obras doutros autores, destacando entre eles, a Don Xoán, que leva o peso da novela e parece unha metáfora de Henrique.

Recensións:

X. G. G., "Difíciles e correctos camiños", *A Nosa Terra*, nº 953, "Guieiro Cultural", 21 setembro 2000, p. 29. Tras unha gabanza da parodia sabiamente oculta do xénero negro que supuxo a primeira obra de Caveiro, *Polas inmensas e alleas fortunas* (1995), recolle as declaracións da autora, quen di que *As naos afondando* non pertence a este xénero. Coida que é unha comedia "escura e abafante", louva o texto e agradece que ten

a un único protagonista, que deixa aos outros nunha posición subsidiaria. Defende, así mesmo, que se o Don Xoán se fai críbel é polas precisas construccións das personaxes femininas. Á parte disto, comenta que a obra foi galardoada co Premio “Rubia Barcia”. Cidade de Ferrol e agóiralle á autora un futuro exitoso nas letras galegas.

- F. Martínez Bouzas, “A doenza”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 333, 28 setembro 2000, p. 7.

Rememora traballos anteriores de L. Caveiro e pensa que esta obra supón unha evolución, cun matiz máis moderno e cunha lingua máis rica, sen chegar a ser nada extraordinario. Explica o argumento, que contrapón a dous novelistas: Nuria e Henrique Amaros, e salienta o ton erótico xeral e as discusións filosóficas, especialmente sobre o amor. Non obstante, aponlle un desenvolvemento fragmentario, capítulos prescindíbeis, demasiadas citas en italiano e incorreccións lingüísticas intolerábeis nun galego culto. Neste senso, mantén que a obra necesitaría un editor mellor e a revisión dun corrector. Alén disto, comenta que Caveiro é unha das poucas mulleres que se dedican á narrativa para adultos e dá conta de que a galardoaron por este texto co Premio “Rubia Barcia”. Cidade de Ferrol.

-Armando Requeixo, “Os outros baixos do corazón”, *Tempos Novos*, nº 41, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, outubro 2000, p. 85. Considera que o título está tomado do *Don Hamlet*, de Álvaro Cunqueiro e, ao igual que nesa peza, o amor e a morte van unidos. A seguir, salienta que na obra nárranse trece destructivas relacións amatorias empregando técnicas como a da fragmentación, polifonía, elipses ou lugares de indeterminación. Tamén

apunta que se trata dunha novela de complexidade estructural, que atrae tanto polo argumento coma pola súa prosa.

Referencias varias:

- Francisco Castro, “As naos afondando”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 5 outubro 2000, p. 10.

Despois de sinalar que esta obra recibiu o Premio “Rubia Barcia”. Cidade de Ferrol, di que o título se tirou do *Don Hamlet*, de Álvaro Cunqueiro. Por tratar de escritores, sobrancea a presencia da metaliteratura. Louva a composición e a estructura da novela que, nembargantes, vai alén dun puro exercicio formal e recomenda a súa lectura.

Dacosta Molanes, Beatriz, *Cascas de noz*, Accésit do VIIº Certame literario Manuel Lueiro Rey de novela curta 1999, Vigo: Galaxia, col. Descuberta, nº 7, maio 2000, 174 pp. (ISBN: 84-8288-368-2).

Beatriz Dacosta Molanes (Cangas do Morrazo, 1967) ofrécenos nesta primeira obra súa, unha colectánea de relatos moi breves divididos en tres apartados: “Cascas de muller”, “Noces de terra” e “Océano infindo”. En primeiro lugar, temos unha “Carta (e presentación) dirixida á autora” na que Bernardino Graña a felicita pola súa obra e afirma que os relatos “están feitos cunha estraña, poderosa mestría lingüística, con sosprendentes metáforas, hipérboles, imaxes, personificacións, etc.; pero tamén con profundidade, unha especie de necesidade endóxena”. A seguir, en “Cascas de muller” inclúense nove relatos nos que se narra o nacemento dunha nena, a vida triste de dúas rapazas fillas dunha nai que bebía en exceso, a violación dunha moza á volta da discoteca ou unha xornada de traballo na oficina. En “Noces de terra” inclúe cinco relatos nos que alude á vida dos mozos que non querían alistarse en época de guerra; narra unha voda na aldea, a chegada dun novo mestre á vila ou a vida nunha gardería. Por último, en “Océano infindo” recolle seis relatos breves nos que conta a chegada dun home á aldea despois de varios anos, a historia dunha familia contada polo avó ou o percorrido diario dun autobús.

Recensións:

-C. Vidal, “Beatriz Dacosta Molares, a realidade da literatura en *Cascas de noz*”, *A Nosa Terra*, nº 948, “Guieiro Cultural”, 18 agosto 2000, p. 26.

A través das citas que inclúe este artigo, sabemos que Dacosta deu os primeiros pasos na poesía para logo seguir a súa vocación narradora, herdeira das historias que lle contaban os seus maiores. Tamén vemos como a canguesa se pronuncia a prol dunha literatura incardinada na sociedade, que non se peche nunha torre de marfil, e como escolle aqueles personaxes que non acadaron o éxito, tendo que lidar no día a día para continuar vivindo. Alén diso, Carme Vidal comenta a estructura, dividida en tres partes: “Cascas de muller”, polarizada pola soidade e con perspectiva feminina, “Noces da terra”, onde se achega aos contos de antes, e “Océano infindo”, centrada no mar

-M. Q. S., “*Cascas de noz*’: un berro feminino dende unha realidade abafante”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 44, 1 outubro 2000, p. 8.

Principia establecendo que dende unha perspectiva literaria é indiferente que un texto pertenza a un home ou a unha muller. Sen embargo, coida que neste caso a colectánea de relatos é indisociábel da condición feminina da autora, claramente comprometida cos problemas que atinxen a este sexo. Neste senso, cita fragmentos do prólogo de Bernardino Graña nos que asegura que a autora escribe como muller, nai,

traballadora e canguesa. Finalmente, informa de que un dos contos incluídos no volume, “O cabalo das sete cores”, foi premiado en 1999 no Certame literario “Manuel Lueiro Rey” de novela curta.
-Xosé Manuel Freire, “Un ‘monllo narrativo de flores”, *Guía dos libros galegos*, nº 22, “Narrativa”, outubro 2000, p. 22.

Comparte as ideas expostas por Bernardiño Graña na carta de presentación do libro, na que define este como un “monllo narrativo de flores”. Comenta cada unha das tres partes en que se divide a obra. Das narracións agrupadas na primeira delas, “Cascas de muller”, salienta o protagonismo femenino e apunta como tema o enfrontamento das mulleras coa dureza da vida. Da segunda parte, “Noces da terra”, destaca o conto “O cabalo de sete cores”, narración que considera a máis arriscada e ambiciosa da obra. Da terceira parte, “Oceáno infindo”, comenta a importancia que nela posúen os recordos, os coñecementos dos nosos maiores e a fantasía. Finalmente, fai fincapé na intensidade poética e na tenrura que o libro contén.

-Armando Requeixo, “Máis noces que ruído”, *Tempos Novos*, nº 43, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, decembro 2000, p. 83.

Dáse conta do contido e estética deste volume de relatos, no que atopamos historias de desencanto nostálxico nunha prosa traballada, chea de recursos estilísticos e próxima ao xénero lírico. Sinálase que a obra está ben valorada no seu conxunto e apúntase o título dalgúns contos.

Referencias varias:

-R. Soto, “Beatriz Dacosta estrease no eido editorial con ‘*Cascas de noz*’, historias cheas de paixón”, *Faro de Vigo*, 22 setembro 2000, p. 49.

Noticia que dá conta do acto de presentación desta obra na librería viguesa Andel, que contou coa presencia de Bernardino Graña, prologuista, e Franck Meyer, representante da editorial. Infórmase de que a autora se recoñeceu lectora de Manuel Antonio e se pronunciou a favor da integración do mundo urbano e mais o rural. Así mesmo, salientouse o punto de vista feminino e a presencia da soidade. Canto á estructura, refírese que a primeira parte está centrada no presente e a segunda no pasado, mentres que a terceira conxuga ambos os dou s tempos. Tamén se indica que a obra se abre cun relato sobre un nacemento e se cerra cun pasamento, que enmarcan unha serie de historias que teñen en común que se insiren nun mundo duro e difícil.

Darriba, Manuel, *Velada do billarista*, VIIIº Premio Manuel Lueiro Rey de novela curta 2000, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Medusa, 2000, 89 pp. (ISBN: 84-7824-372-0).

Narración curta que recolle uns breves instantes da vida de varias persoas anónimas que teñen un común denominador, a soidade. Trátase da historia de catro personaxes, un por capítulo, e catro vidas que non gardan ningún tipo de relación entre elas: un piloto de incendios que non dá superado a morte dun compañeiro e que vive atrapado polo seu recordo no máis absoluto abandono; un mozo repartidor de pizzas, que tan só na súa moto esquece os problemas tendo a sensación de “ser dono do seu destino”; unha secretaria de trinta e dous anos, separada e cunha enfermidade dexenerativa de transmisión xenética, sen ninguén ao seu carón que a console; e unha muller solitaria que goza do silencio do seu invernadoiro e que di atoparse “máis cómoda entre as plantas que entre persoas. As súas vidas crúzanse por un intre unha noite nun “bar da avenida 34” e, anque non chegan a falar, as súas miradas dino todo. O Premio “Manuel Lueiro Rey” de novela curta 2000 achéganos un tema moi corrente na sociedade actual, a condena á soidade máis cruel por diferentes circunstancias da vida.

Referencias varias:

-Jaureguizar, “Nos catro protagonistas desta nova obra hai inconformismo”, *El Progreso*, “Cultura”, 23 decembro 2000, p. 106.

Recóllense as opinións de Manuel Darriba, gañador do Premio “Manuel Lueiro Rey” de novela curta con *Velada do billardista*, sobre o papel da novela curta en Galicia e sobre a súa producción literaria. Afirma que as súas novelas están dirixidas a un público adulto e que teñen en común a estructuración dos filmes do oeste, “o heroe solitario que chega e unha vila na que hai un conflicto colectivo, soluciónao e marcha”.

Dobarro Paz, Xosé María e Luciano **Rodríguez** (eds.), *Novos exercicios de estilo*, A Coruña: Xunta de Galicia/Universidade da Coruña, 2000, 128 pp. (84-95322-404).

Segundo se explica na introducción, asinada polos editores, o presente volume é o froito das xornadas sobre literatura galega celebradas na Real Academia Galega en outubro de 1999, que consistiron na presencia de cinco narradores –X. L. Méndez Ferrín (Ourense, 1938), Nacho Taibo (Madrid, 1949), Xavier P. Docampo (Rábade, 1946), Carlos Casares (Ourense, 1941) e Gonzalo Navaza (Lalín, 1957)–, aos que se invitou a escribir un conto para dicilo de viva voz a partir da frase "Alá, ao lonxe, o mar seguía batendo con forza", e de cinco críticos –Raúl Veiga, Isabel Seoane, Xosé A. Neira Cruz, Silvia Gaspar e Teresa Seara, respectivamente–, que elaboraron unha breve presentación dos escritores. A seguir inclúense os relatos precedidos de cadansúa presentación:

- Raúl Veiga, "Presentación para un conto dito por Xosé Luís Méndez Ferrín", pp. 11-15.

Recoñece na narrativa de Ferrín a resistencia á neutralización ou á normalización que a literatura galega vén sufrindo dende a chegada da democracia, no sentido da influencia do mercado e da ideoloxía dominante do mundo. Con respecto a outros autores, cualifica a escrita de Ferrín de "inconfundible" e singular, por levar aparellada o son da tradición tanto clásica coma galega. Destaca especialmente a mestría e o dominio do autor no eido da narrativa breve, exemplificándoo co relato "Quinta Velha do Arranhão".

- Xosé Luís Méndez Ferrín, “Dar chegado ao mar”, pp. 19-23.

Nmógadah conta, en primeira persoa, o que aconteceu na súa fuxida con Blancaflor para casar con ela ante a oposición dos seus pais. Cando o pai os alcanza, Blancaflor coa súa variña máxica converte o cabalo en horta, a ela en verdura e o mozo en hortelán. O pai volve á casa pero a nai descobre o engano e mándalle volver. Desta vez Blancaflor converte o cabalo en capela, a ela en santa de pao e o rapaz en crego. O pai volve de novo á casa e a muller dálle novas instruccións para dar cos rapaces mentres eles chegan ao mar que conseguiría a súa desaparición sen lograr fuxir.

- Isabel Seoane, “Traxectoria literaria de Nacho Taibo”, pp. 27-36.

Cualifica a presencia do mundo dos soños como clave fundamental na obra de Nacho Taibo e enumera algúns temas recorrentes na súa producción como a inmortalidade, o problema lingüístico, a falta de conciencia de clase, a política ou a crítica ao capitalismo. Sinala tamén que a crítica encasillouno como un escritor excesivamente fantástico e que só funcionaba no relato curto. A seguir, divide as súas seis novelas publicadas en catro grupos: *Home de ningures* (1978) que confronta a traxectoria vital dun ruso e dun galego; *A Semancia* (1981) e *Doncos, o pacífico* (1987) que comparten a frustración dos protagonistas; *Informe Bestiario* (1991) e *A ponliña irlandesa* (1997) por presentaren respostas distintas ao tema da odisea; e *Por tras dos meus ollos* (1998), novela que critica á historia, sempre partidista e subxectiva.

- Nacho Taibo, “La Seconda Guerra Mondiale und moi/Ich et W2”, pp. 39-47.

Reconstrucción dunha historia do pasado na que un home galego toma a decisión de protagonizar el só, ante a traizón e o abandono de todos os seus compañeiros, un episodio fundamental da Historia. Decídese así a ser o asasino de Heinrich Himler aproveitando unha visita que fai a Galicia para visitar a casa do dictador español.

- Xosé A. Neira Cruz, “Compartir emocións cun herdeiro da voz do pobo”, pp. 51-56.

Lembra o momento no que coñeceu a Xabier P. Docampo e o respecto que sentiu cando de mozo leu *O misterio das badaladas* (1986), *Un ollo aberto e outro sen cerrar* (1986) ou *A chave das noces* (1987). Salienta a autenticidade que expresa cando conta e que atribúe a unha herdanza familiar perfectamente exposta en *Cando petan na porta pola noite* (1994). Comenta así mesmo a súa elección da literatura infantil e xuvenil como medio de expresión e o seu paso por todas as idades neste eido, amosando sempre a súa concepción da literatura como “unha emoción compartida”.

- Xavier P. Docampo, “Un conto de tres noites”, pp. 59-78. Visito sabe dunha historia que asegura a existencia dunha illa que só aparece de cando en vez e cóntalla ao longo de tres noites a un chairego. O rei Gaoth vixiaba sempre o mar porque coñecía por un agoiro que a súa perdición viría de alí. Un día descobre unha illa á que só el pode acceder e tras moitos días de exploración coñece a unha fermosa muller que lle conta moitas historias sobre o mar. Pero ao descubrir o rei que tamén

o seu fillo coñece á misteriosa muller, ordena apresalo e levar lonxe da illa á muller. Todo remata coa morte dos tres personaxes.

- Silvia Gaspar, “Presentación de Carlos Casares”, pp. 81-86.

Alude á faceta social da obra de Carlos Casares, inserida na tradición cultural dunha comunidade que ciclicamente procura a súa identidade e na que el mesmo participa como deseñador dun modelo de cultura para Galicia. Fai un percorrido pola súa obra dende as producciónes que se acollen aos modos expresivos da Nova Narrativa Galega, ás pertencentes á chamada novela posfranquista, a incursión no realismo máxico e a narrativa de compromiso, ata chegar a *Deus sentado nun sillón azul* (1996), que sincretiza e aúna toda a súa obra anterior. En canto ao estilo destaca a procura constante de precisión, concisión e sinxeleza.

- Carlos Casares, “Un pulpo xigante”, pp. 89-98.

O terror que provoca nun rapaz un relato que lle conta a súa criada Delfina sobre o Capitán Lobo Negro que morreu no mar estrangulado por un polbo xigante, fai que a súa imaxinación e a rumoroloxía popular atribúan á mesma causa á desaparición do criado Nicolás. Gracias á versión do neno conseguen aclarar que Nicolás non está morto senón que volverá algún día. Anos despois Delfina, xa vella, sorprende ao rapaz con outra versión da mesma historia na que foi el o que sufriu o ataque do pulpo.

- Teresa Seara, “Estrando a semente nos sulcos da nada”: Aproximación á obra literaria de Gonzalo Navaza”, pp. 101-112.

Comenta trazos recorrentes na obra de Navaza como a presencia dos xogos lingüísticos, a recorrencia aos palíndromos, o humorismo e, en xeral, a vontade de transgresión e o gusto pola experimentación tanto na prosa coma na poesía. Destaca o seu primeiro poemario, *Fábrica íntima* (1991), no que domina un ton pesimista, e os palíndromos de *A torre da derrotA* (1992). Con respecto ao volume de relatos *Erros e Tánatos* (1996) destaca o papel crucial da intriga e a ironía, a presencia de finais climáticos, o absurdo ou o xogo co dobre significado das situacións. Remata o seu percorrido cualificando *Elucidario* (1999) como o volume no que leva ao máximo o experimentalismo lingüístico.

- Gonzalo Navaza, “Santos e defuntos”, pp. 115-128.

O personaxe deste relato conta cómo a súa familia se veu envolta na aparición súpeta do tío Amancio, que desaparecera na guerra e do que nada se sabía dende había moitos anos, nun programa de televisión no que, dende Brasil, solicitaba noticias dos seus parentes galegos. Unha vez comprobados os datos, o suposto Amancio vén a Galicia e desaparece de novo. Finalmente, descóbrese que todo fora un engano para se apoderar dunha herdanza millonaria.

Recensións:

-Xavier Castro R., “Unha nova experiencia con ‘*Novos exercicios de estilo*”, *El Correo Gallego*, 13 agosto 2000, p. 11.

Ademais de aludir á publicación desta obra, sinala que está composta de “cinco breves historias abeiradas a unha mesma realidade que mesturan en perfecta harmonía realidade e ficción”. Así mesmo, comenta que veñen a ser “mostras ben evidentes” do labor de certos autores da prosa galega actual.

Referencias varias:

- Silvia Gaspar, “Volta ó conto popular”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de la Escuela”, 23 outubro 2000, p. 6.

Rememora que a recuperación dos contos tradicionais mediante a escrita se fai dende as Irmandades da Fala e a Época Nós, e que hoxe os escritores de literatura infantil e xuvenil ademais de centrarse nas temáticas actuais se decantan polas adaptacións de historias de sempre. Observa que as novas creacións “lembran o estilo e as anécdotas” das historias pasadas e o nacemento de colecções adicadas “á recuperación de historias comúns á tradición galega e universal”. Informa da temática de *Matapitos.com*

(2000), de Gloria Sánchez, *Memorias dun raposo* (1998), de A. Reigosa, e de *O gato con botas*, adaptación de Perrault. Aprecia unha falta de claridade nas intencións do primeiro, e o desexo de volver ao tradicional coas posibilidades da moderna literatura infantil no segundo. Explica que no volume *Novos exercicios de estilo* recompílanse textos de diferentes autoras e o lectorado pode averiguar os elementos tradicionais presentes en cada un. Remata cunhas actividades relacionadas cos relatos tradicionais a facer cos nenos.

Eiré, Afonso, *Eu tamén fun coas vacas*, A Coruña: Espiral Maior, col. Narrativa, nº 25, decembro 2000, 116 pp. (ISBN: 84-95625-14-8).

Esta compilación de relatos de Afonso Eiré (Laxe-Chantada, 1955) está formada por vintecinco breves contos, contados dende a óptica dun neno, que reflicten, en conxunto, o quefacer diario dos labregos galegos e as inquedanzas do cativo, ambientados todos eles no rural do interior de Galicia e puntualmente en Monforte, Chantada ou Ourense. En *Eu tamén fun coas vacas* atopamos o que se pode aprender levando o gado ao monte –"Eu tamén fun coas vacas de rapaz"–; a descrición dunha vaca –"A Cachorra"–; o traballo de arar –"Toda unha mañá arando cunha area no zoco dereito"–; a malla e a importancia do esterco –"Cando a merda era un ben escaso"–; a estimanza do canto do carro do país –"Os carros Julio Iglesias"–; a rega –"Como a auga saca a mulimada por diante"–; a sega coa gadaña en pleno verán –"O traballo que máis tira ao peito"–; o arduo traballo de gabear –"Comezáronme a nascer os cadrís"–; a construcción de gaitas con ferraia e a habelencia de lle tirar o ton adecuado – "Xa está a ferraia para gaitas"–; a paulatina morte da rega –"A auga da rega desaparece en cinco anos"–; a dureza da seitura –"Os vellos de corenta anos botan carreiras na sega"–; as inquedanzas dos nenos cos cocos –"A ameaza do Vintuñas"–; a xenreira ao alcuño de xastre –"Sete xastres fan un home"–; o receo cara aos xitanos –"Como se saca un ollo por unha orella"–; cadelos xaneirentos –"O Sil e o Fermín, dous cans putañeiros"–; os calotes cos tratantes casteláns –"Poñerlle gafas aos cabalos"; o conflicto coas ordenanzas municipais –"O cabalo Marqués ten unha andadura que fende os cristais"–; a chegada da luz eléctrica e da radio á aldea –"María Matilde Almendros non cabe na radio"–; historias de pantasmas e ánimas –"Unha noite na baiuca"–; a busca dos

ravisacos e dos cocerellos –“A caza do ravisaco, un bicho moi raro”–; doenzas aparentemente incurábeis –“O apestado das bostelas no gañote”–; a historia de dous cosmonautas galegos de terra –“Os astronautas galegos”; como o Panchiño se nega a morrer –“O Pancho asistiu ao seu velorio”; as consecuencias de andar de chea e tentar guiar un coche –“O Xan sube ao ceo no coche”– e mais o esmorecemento e substitución das vacas rubias do país –“A vaca galega”.

Fariña Caamaño, María Goretti/Xoán Xosé **Piñeiro Cochón**/Ana María **Galego Gen**, *Os dares e teres de Saladina/Home de pao con zocas*/*Non era tempo de cacharelas*, Premios Medio Ambiente 1999 de narrativa curta, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia (Consellería de Medio Ambiente. Centro de Información e Tecnoloxía Ambiental), 2000, 63 pp. (DL: C-2280/2000).[10]

Neste volume recóllense as narracións gañadoras deste certame literario, das que se dá conta a seguir:

- María Goretti Fariña Caamaño, “Os dares e teres de Saladina” (Iº Premio), pp. 7-26.

Nesta narración de María Goretti Fariña Caamaño, un narrador homodiexético conta a historia dunha muller que se atopa no medio do amor de dous homes, pois está casada con un e namorada doutro.

- Xoán Xosé Piñeiro Cochón, “Home de pao con zocas” (IIº Premio), pp. 27-48.

Xoán Xosé Piñeiro Cochón é o autor dun relato no que un narrador heterodiexético presenta a historia de Josito, xa vello, que volve á aldea onde viviu de neno.Con continuos “flashs backs” pasa do presente á nenez, que achegan referencias sobre a personalidade do protagonista.
- Ana María Galego Gen, “Non era tempo de cacharelas” IIIº Premio”, pp. 49-63. No relato de Ana María Galego Gen trátase o tema da emigración dende unha perspectiva actual. A figura principal é o fillo duns emigrantes que chega de mozo a coñecer a terra de seus pais. Tamén se alude á forza telúrica de Galicia.

Fernández Caínzos, Xosé Carlos, *Os espidos pés do destino*, A Coruña: Baía edicións, col. Narrativa, nº 10, abril 2000, 165 pp. (ISBN: 84-89803-55-2).

Nesta obra de Xosé Carlos Fernández Caínzos, que está dividida en dúas partes e consta de dezasete capítulos, nárrase a historia de Hassefus. Primeiramente, coméntase cómo chegou á Península en peregrinación a Compostela de Henry de Helsdale. Vaise describindo con certa minuciosidade os principais lugares (vilas, descampados, fondas, etc) e xentes que van atopando ao longo do percorrido da Vía Lactea. Unha vez chegados a Galicia, Hassefus recoñece a un seu amigo, Otto de Worms, que se convertera no xefe da partida de Mondoñedo formada polos Irmandiños e alí fica con el para participar na loita, no entanto que Henry de Helsdale segue rumbo a Compostela. Mais o combate remata dolorosamente para o futuro venturoso dos galegos. Por isto Otto regresa á súa terra e Hassefeus vai a Burgos onde ten unha namorada, coa que foxe da casa polo impedimento matrimonial dos pais, e coa que ten unha filla. Logo dun accidente, morre a súa muller embarazada, o irlandés deixa a filla cos seus sogros e vaise cara ao leste. Chega a Lleida onde se embarca cun comerciante burgués que buscaba mariños. Así pois, chegan a unha illa chamada Bolama na que asaltaron una caravana que levaba grandes tesouros que repartiron proporcionalmente. Mais, ao volveren á altura das Canarias, unha tempestade afundiu o barco. Malia todo, Hassefaus ficou agarrado a un anaco de madeira. Ao abeirar as costas cae nas mans dunha tribo africana e alí é vendido nunha poxa. Con este seu dono conviviu moitos anos en harmoniosa compaña e sometemento ata que coa súa morte ficou en liberdade. Tan pronto como pode volve a Burgos para ver a súa filla pero esta

non o recoñece polo que, con gran rabia e dor, decide ir na compaña da súa muller finada alá entre as pedras onde a enterrara.

Fernández Pintos, Xulio, *O miñato*, Noia: Toxosoutos, col. Nume, decembro 2000, 116 pp. (ISBN: 84-95622-08-4).

Esta obra contén catorce relatos de Xulio Fernández Pintos de temática moi variada. Así, en “Días de Nadal”, nárranse as aventuras de Andrés, fillo dos deuses mitolóxicos; en “O columnista”, recóllense as vicisitudes dun xornalista; en “Cousas de amigos”, relátase o encontro de dous amigos da infancia; en “Roque e moura”, cóntase o que lle acaeceu a Roque cunha moura; en “Fermoso mes de Maio”, resúmese o paseo de dous amigos polo canón do río de Pedra; en “O disgusto de Tor”, reflíctese a argallada de Antón para poder comer o que queira; en “O miñato”, explícase cómo uns rapaces mataron un miñato que andaba de caza; en “As pedras que recendían”, lémbrase a lenda dunha casa na que as pedras do xardín ulían a perfume; en “O cataventos de Andrés”, preséntase a chegada dunha fantástica personaxe a un pobo para facer un cataventos moi especial; en “O vello xabarín”, descríbese o día de caza de Bieito e Xurxo; en “Cartas a Elisa”, amósase como o protagonista lle pide a Elisa que case con el, a pesares das súas rarezas; en “Ollos garcios”, recréase a historia de amor do duque de Santana da Valina e de Rosalía; en “O salvaxe”, recóllese o soño que ten Lorenzo; e en “Casa do pote”, preséntase unha historia de pantasmas e mortes.

Fraga, Xesús, *Tute para catro*, Vigo: Xerais de Galicia, col. Peto, nº 29, Serie Abismos, 2000, 77 pp. (ISBN: 84-8302-587-6)

Primeiro libro de Xesús Fraga (Londres, 1971) integrado por sete relatos curtos e mais un limiar no que o seu autor reflexiona sobre o material do que se nutre a literatura, e onde sinala tamén que os contos de *Tute para catro* son un "exemplo de que a ficción é poderosa e dispón de máis mecanismos dos que pensamos" e mais que a xénese deste volume se sitúa nunha viaxe en autobús. As diferentes historias relatadas suceden no día da festa dunha aldea e o autor, dende múltiples puntos de vista, vainos amosando os acontecementos que rodean a esta celebración. Podemos ollar, no seu conxunto, a vida cotiá dunha aldea galega o día da súa festa, a partida de cartas na taberna, a misa, as pantagruélicas comidas, a influencia da emigración, unha voda, o partido de solteiros contra casados, a verbena con orquestra, etc. Todo isto reflicte o ambiente de declive que está a vivir o conxunto da sociedade rural galega.

Recensións:

- Ramón Loureiro, "Autores para un novo século", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 29 decembro 2000, p. 33
Anúnciase a saída do prelo de dous libros de relatos de dous narradores novos, *Dubido se matei a Lena*, de Medos Romero e mais *Tute para catro*, de Xesús Fraga, dentro da estreada serie "Abismos" da editorial

Xerais, que dirixe Fran Alonso. Considérase que en ambos os libros aniña a vocación de que “a literatura agrande o mundo a forza de ser testemuña del”.

Referencias varias:

-R. García/R. Loureiro, “Xerais publicará un diccionario da lingua galega con 100000 entradas”, *La Voz de Galicia*, 12 outubro 2000, p. 34.

Alude ás novas publicacións das editoriais galegas Xerais, Ir Indo e Galaxia, destacando o *Gran Diccionario Xerais da Lingua*. Por outra banda, ofrece unha pequena entrevista co escritor Xesús Fraga, na que fala do seu primeiro libro, *Tute para catro*, no que ofrece unha visión do mundo que o rodea, “un mundo en crise”. Así mesmo, refírese á xente da súa xeración.

Franco González, Xesús, *Matalote*, Vigo: Ir Indo, col. Narrativa, nº 32, setembro 2000, 91 pp. (ISBN: 84-7680-334-6).

Xesús Franco (Vigo, 1943) divide esta colección de contos en tres partes: “Ceavoga”, “Time-charter” e “Aldis”, precedidas dun limiar en que aconsella ler o libro con música ambiental, a xeito de ficticio mar de fondo. Para isto, propón pezas de Wagner, Rimski-Korsakov... O marco das sete narracións de “Ceavoga”, que comezan con cadansúa nota da escala musical, é un vello que lle conta as historias a un home que agarda o devalo do mar para acceder a unha furna. Neste grupo únense elementos de ciencia ficción, esotéricos, oníricos, románticos, históricos... “Time-charter” inclúe só catro relatos narrados en primeira persoa. Neles presenta barcos pantasma, revolucionarios africanos, misteriosos navegantes errantes e aparicións de ultratumba. Finalmente, “Aldis”, que comeza cun poema en código Morse, inclúe unha ducia de pequenas anécdotas nas que se insiren elementos humorísticos como unha “viúva de vivo” que abandona o home cando lle toca a lotería, un luxoso menú con marisco do que os mariñeiros xa están fartos... É mester sinalar neste derradeiro grupo: “Arquímedes”, onde ofrece unha morea de fórmulas físicas para explicar a narración, e “Atraque”, no que expresa a necesidade de recobrar a dimensión marítima atlántica de Galicia e fai un chamamento aos que teñen esta parte da memoria colectiva para que a poñan por escrito. En conxunto, Xesús Franco crea neste volume un trasmundo mariño e as súas historias semellan moverse por un determinismo de fondo.

Recensións:

-F. Martínez Bouzas, “Un mar insubstancial”,· *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 49, 5 novembro 2000, p. 7.

Primeiramente fai unha introducción na que aborda o escaso tratamento do mundo do mar que se dá na literatura galega. A seguir, comeza coa análise da novela *Matalote* do escritor Xesús Franco González. Desta obra di que ten unha estructura tripartita e que hai dous niveis narrativos. Polo demais insiste na capacidade para enfiar os distintos relatos que hai no libro. Finalmente, destaca que na sinxeleza da escrita posúe gran poder evocador o léxico mariñeiro.

-M. Blanco Rivas, “Relatos para descubrir a Galicia marítima”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 183, 11 novembro 2000, p. 2.

Comeza calibrando as posibilidades literarias do Atlántico e afirmando que o mar e os seus corolarios (pesca, piratería...) foron fonte de inspiración de moitas páxinas. Neste sentido, Blanco Rivas indica que Franco pretende recobrar a épica do mar como parte substancial da nosa tradición. Así mesmo, sinala que todos os relatos, nos que o misterio está omnipresente, comparten narrador, un vello que llos conta a un home nunha praia mentres agardan o devalo da marea. Finalmente, comenta brevemente a actividade profesional do autor e o seu currículo literario.

Referencias varias:

Rosa Míguez, “Suxerencia”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, 5 novembro 2000, p. 14. Destaca que a obra está composta polos relatos que un vello mariñeiro lle conta na praia de Valcova a un home e que se centran na vida do mar, con múltiples personaxes e un forte ton de misterio.

Francisco Castro, “*Matalote*”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 29 novembro 2000, p. 10.

Refírese á aparición desta obra, que caracteriza por ter o mar como protagonista nos relatos breves que a conforman. Tamén apunta que o seu autor reflicte ideas como o absurdo da vida, a crueldade do mar ou a vida mariñeira, lembrando a influencia de Rafael Dieste ou Ánxel Fole na estructura da obra. Remata aludindo a outros escritores actuais que escollen o mar e a vida mariñeira como temas das súas obras.

García Barros, Manuel, *Enredos*, ed. Carlos Loureiro, limiar de Ramón Otero Pedrayo, Vigo: Galaxia, decembro 2000, 155 pp. (ISBN: 84-8288-407-7).

Cincuenta anos despois da súa escrita ve a luz este volume de relatos de Manuel García Barros, “Ken Keirades” (Berres-A Estrada, 1876–Pousada-Callobre, 1972), que non poidera darlle saída en vida. Como se asegura no preámbulo, esta edición é fiel á lingua e respecta a estructura orixinal, se ben engade a maiores os cinco últimos contos. Estes sumaríanse ao proxecto da obra *Fiunchos*, de catorce textos, que o autor xa inserira con anterioridade nos *Enredos*. No limiar, Ramón Otero Pedrayo saúda a obra de García Barros ao tempo que destaca a súa base popular e, por iso mesmamente, atemporal. Trátase dun conxunto de 34 relatos de tipo costumista que están ambientados no medio rural, contorno propio do narrador, e que parten polo xeral dunha anécdota humorística baseada na rusticidade dos seus protagonistas. Así mesmo, cómpre salientar a sinxeleza e a eficacia do estilo, que lle confire amenidade á lectura. Ao mesmo tempo, asenta nunha riqueza lingüística que fai da obra, debido ás mudanzas socioeconómicas acontecidas no país galego, todo un testemuño de valor etnográfico.

Referencias varias:

- M. G., “Galaxia publicará dous volumes con textos inéditos de Manuel García Barros”, *El Correo Gallego*, 22 setembro 2000, p. 45.

Dá conta do acto de sinatura do contrato para a publicación das obras *Fiunchos, Enredos* e *Dos meus recordos*, de Manuel García Barros, levado a cabo polo director técnico de Galaxia, Damián Álvarez Villalaín e a neta do escritor estradense Mª Gerorgina, coa que se pretende outorgárselle o recoñecemento merecido a este escritor e conseguir así que se lle dedique o Día das Letras Galegas. No acto participou tamén o encargado da edición das tres obras, Carlos Loureiro, que apuntou a posibilidade de publicar, neste labor progresivo de recuperación, a producción poética de García Barros.

Gil, Francisco J., Manuel **Blanco Rivas**, Xosé Anxo **Otero Ricart**, Salvador **Rodríguez**, Eduardo **Rolland** e Xosé Ánxel **Xesteira**, *Phiccións*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2000, 131 pp. (ISBN: 84-8302-580-9).

Colección de dezaseis relatos escritos por seis xornalistas vigueses, membros da redacción do *Faro de Vigo*. O volume ábrese cun limiar onde se relaciona a figura e a obra do escritor arxentino Jorge Luis Borges cos presentes relatos. A seguir, dáse conta dos seus argumentos:

- Francisco J. Gil, “Cando Sherlock Holmes estivo en Vigo”/“As viaxes de Poe por Galicia”/“A entrevista de Verne e o Capitán Nemo na illa de Ons”/“Chamádeme Ismael”/“O regreso de Sir Lancelot a Cedeira”, pp. 9 44.

Estes cinco relatos de Francisco J. Gil (Vigo, 1961) teñen como fío conductor á figura do doutor Arcadio Carneiro, coleccionista de historias estrañas que garda na súa extensa biblioteca. O autor revela unha historia en cada conto, empregando ao propio doutor Carneiro como narrador ou botando man dos seus descendentes. Gracias a esta técnica relaciona varias obras da literatura anglosaxona con escenarios galegos, ben a través das viaxes dos seus autores, como Edgar Allan Poe ou Xulio Verne, ou ben a través das dos seus personaxes, como Sherlock Holmes, o capitán Nemo, Ismael ou Sir Lancelot.

- Manuel Blanco Rivas, “O demo e o fidalgo”, pp. 45-54.

Manuel Blanco Rivas (Forcarei, 1954) é o autor deste relato, no que se narra o encontro dun fidalgo interesado no ocultismo co demo.

- Xosé Anxo Otero Ricart, “A marea do século”/“O manuscrito de Sánchez Ulloa”, pp. 55-70.

Xosé Anxo Otero Ricart (Vigo, 1958) presenta estes dous relatos, no primeiro dos cales se contan as reaccións dunha vila mariñeira fronte a unha marea anunciada como a maior do século. Por outra parte, no segundo, a través da técnica do manuscrito atopado, revélase a relación do Conde de Gondomar con Miguel de Cervantes.

- Salvador Rodríguez, “Hércules Poirot e a Santa Compaña”/“O neno do corpo aberto”/“O padriño”/“Long John Silver e a lenda da serpe namorada”/“A filla de Sherlock Holmes”, pp. 71-106.

Salvador Rodríguez (Bueu, 1963) tamén mostra cinco relatos, mais sen un fío conductor. En “Hércules Poirot e a Santa Compaña”, relátanse as pescudas do detective tentando achar á Santa Compaña no Morrazo durante a Guerra Civil; mentres que, en “O neno do corpo aberto”, cóntase a historia do neno Xeremías da Portela e de todos os espíritos que se instalaron no seu corpo. A seguir, en “O padriño”, repásase a biografía dun galego en Chicago que chegou a converterse nun mafioso da talla dos Corleone, e, en “Long John Silver e a lenda da serpe namorada” emprégase a morte do pirata na illa de Ons para contar unha historia de amor entre unha serpe e o seu dono. Finalmente, en “A filla de Sherlock Holmes”, dáse noticia da orixe e biografía da filla do detective.

Eduardo Rolland, “Eu, robo”, pp. 107-116. No único relato de Eduardo Rolland (Vigo, 1969), “Eu, robot”, empréganse os códigos da ciencia ficción para explicar un desaxuste no funcionamento dos robots vigueses.

J. A. Xesteira, “Chao, momeca (ou como che vai miña rosa)”/“O manuscrito atopado na Ramallosa”, pp. 117-131.

A. Xesteira (Redondela, 1946) pecha o volume con dous relatos: “Chao, momeca (ou como che vai miña rosa)”, no que se parodia o estilo de Hammet coas investigacións dun detective vigués; e “O manuscrito atopado na Ramallosa”, no que se narra a existencia do pirata galego Amaro Piñeiro.

Recensións:

-Carmen Villar, “Sherlock Holmes en Galicia e outras historias”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 188, 16 decembro 2000, p. 3.

Refírese á publicación de *Phiccións*, conxunto de relatos cun imaxinario galego, a pesar de que neles aparezan persoeiros de literaturas e historias alleas. Para dar conta destas influencias sinálase que nas historias de Francisco J. Gil atopamos similitudes co doutor Watson e que se fai referencia a Sherlock Holmes, Sir Lancelot ou Melville; no caso do relato de Xosé Anxo Otero alúdese a Cervantes; Blanco Rivas

trae ao seu relato o demo; Salvador Rodríguez trouxo o personaxe de Poirot a Galicia; Eduardo Rolland recorda a Blade Runner pola súa atmosfera; e por último, X. A. Xesteira introduce no relato un Humphrey Bogart e unha Laurent Bacall galegos.

-Francisco Martínez Bouzas, “Borgianas”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 346, 28 decembro 2000, pp. 8-9.

Fai unha clasificación dos relatos de *Phiccións*, todos eles escritos por xornalistas vigueses, que nesta ocasión contan historias pertencentes ao mundo da fabulación. Indícase que varios dos relatos están escritos ao estilo de *Ficciones*, de Borges, destacando dentro destes os de Francisco J. Gil. Sinala ademais que outras historias son detectivescas ou futuristas, influídas nalgún caso polo estilo de Dieste e Fole. Tamén se inclúe outro grupo de relatos, os escritos en clave de hiperficción futurista, con moito humor e retranca. Finalmente, apúntase que en conxunto ao volume fáltanlle “as forzas profundas e salvaxes que habitan dentro do creador”, polo que os autores son definidos como “aspirantes a se converter en epígonos de Borges”.

Referencias varias:

- A. F., “De mozo apaixonábanme as novelas de Agatha Christie”, *A Comarca do Morrazo*, “Bueu”, nº 95, 10 novembro 2000, p. 29.

Ademais de referirse a outras publicacións de Salvador Rodríguez, entre elas o poemario *Fins do mundo* (2000) do que el mesmo editou catro centos exemplares para agasallar aos amigos, dá conta da súa participación en *Phiccións*, un libro composto polos contos de cinco xornalistas do *Faro de Vigo* e no que este autor inclúe cinco historias co Morrazo como escenario. Apunta como exemplo o argumento de “Udra” no que uns republicanos tentan recuperar a batería de artillería que defendía a boca da ría.

-Ánxel Vence, “Fábulas de periodistas y periodismo de ficción”, *Faro de Vigo*, “Crónicas galantes”, 11 decembro 2000, p. 2.

Reflexiona sobre as relacións existentes entre o xornalismo e o mundo literario co gallo da aparición de *Phiccións* e láiase da extinción dos ourives da palabra do xornalismo da década dos sesenta e setenta en contraposición á información “a palo seco, incolora, inodora y neutra” de hoxe en día.

-Amaia Mauleón, “*Phiccións*, los mundos imaginarios de seis periodistas vigueses”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 12 decembro 2000, p. 43.

Dáse conta da aparición de *Phiccións*, obra que une a literatura e mais o xornalismo, e indícase o nome dos seis xornalistas que son os autores dos dezaseis relatos que integran este libro. Así mesmo, sinala que o nexo de unión é a ambientación en diversos lugares da Ría de Vigo.

Lago, Álvaro, *Fado (novela)*, Ourense: Abano Editores, 2000, 176 pp. (ISBN: 84-930757-2-8).

Narración fantástica de Álvaro Lago que dá comezo cando o Viaxeiro chega ao concello mariñeiro de Area Nova para cumprir o seu fado: desfacer o feitizo que lle encargou unha especie de serea. O encantamento remóntase ao primeiro namorado dela, que foi quen de ver a súa metamorfose en noite de lúa chea, feito que ela lle prohibira. Deste xeito, vese obrigada a volver ao mar, xa que só tornaría muller normal se tivese un fillo con el. Aínda que dá a luz finalmente, cúmprese o destino (a volta ao mar), que tamén debe seguir o home pasado un tempo. É así como o Viaxeiro chega a Area Longa na procura dun varón sucesor da dinastía daquel primeiro home, os Morgade, encarnado en Roiciño, un adolescente orfo, como manda o feitizo, que vive ao coidado de Miguel, alcalde da vila, e Rosa. O relato desenvolve nuns poucos días o cambio que acontece nas súas vidas, trastornadas ao atoparen a Chariño, unha fermosa rapaciña. Todo apunta daquela a un futuro feliz para os dous rapaces namorados, Roi e Chariño, a pequena serea. Sen embargo, no epílogo coñecemos que toda a historia foi relatada polo personaxe de Cachelo a un novo Roiciño, fillo deles, no que se volveu repetir a historia ao ser seu pai incapaz de romper o fado.

Laredo Verdejo, Carlos, *A amante relixiosa*, Ferrol: Edicións Embora, marzo 2000, 294 pp. (ISBN: 84-95460-03-3).

Novela ambientada na Galicia dos anos trinta de Carlos Laredo Verdejo (A Coruña, 1939) na que se desenvolven as situacións que se desencadean a partir da suposta aparición da Virxe nun dos terreos do señor do pazo. Preséntanse as tensións que se producen entre a filla do señor e mestra da aldea, a señorita Dorinda, e o párroco, don Cosme, que medio namorado dela é consciente do poder que exerce ao seu redor e a pouco estábel personalidade da que fai gala. Todo se desencadea a tarde na que dous pastores da aldea, Pepiña e Máximo, están co gando nun dos montes pertencentes ao pazo e cren ver a unha señora moi fermosa e iluminada no alto dunha pena que identifican coa virxe, feito que non poden distinguir ben porque lles dá o sol de fronte e están medio durmidos despois dunha boa merenda e uns grolos de augardente. Chegados ás súas casas, comentan o que lles aconteceu póndose en coñecemento do crego e da propia señorita. A partir de aquí acentuaranse máis os enfrontamentos entre ambos pola incredulidade do crego que sospeita que poida ser unha ilusión dos rapaces e o convencemento de Dorinda que comeza a influír en diferentes personaxes para darlle sona ao suposto milagre, e entre as medidas tomadas está o internamento dos rapaces fóra da aldea e lonxe do poder do cura. Descríbense polo miúdo as manobras dos caciques que ven un bo negocio a chegada de curiosos e crentes, as do pai de Dorinda que mesmo comeza a vender a auga que nace ao pé da pena na que din que apareceu a virxe e financia supostos milagres e curacións no lugar no que se levantou unha ermida na súa honra. Mentres, o cura apoiado polo bispo da diocese veciña, que ve como unha competencia esta aparición, tenta descubrir a verdade e é destituído e

recluído nunha institución onde acaba morrendo de pena e víctima dos intereses económicos dos seus superiores. Finalmente, un incendio destrúe a ermida e acaba por perderse todo o interese suscitado esquecéndose o sucedido.

López Silva, Inma, *Rosas, corvos e cancións*, Vigo: Galaxia, col. Descuberta, nº 8, agosto 2000, 175 pp. (ISBN: 84-8288-381-X).

Colección de once relatos de Inma López Silva (Santiago de Compostela, 1978) titulados “Cartas que viñan desde Alén-Mar” (galardoado co segundo premio no XXVº Certame “Modesto R. Figueiredo do Pedrón de Ouro” no ano 1998), “A serea canta na Costa da Morte”, “La vie en rose”, “Irene”, “Rosas no deserto”, “Claravella”, “Terra ao lonxe”, “Rosa cherokee, canción de amor india” (gañador do primeiro premio no VIº Certame literario “Manuel Lueiro Rey” de novela curta no 1998, “Sol feito orballo”, “A cidade dos corvos” e “A lúa da Limia”. Neles os personaxes debátense entre os recordos do pasado e as circunstancias presentes, entre as súas experiencias cotiás e a realidade na que lles gustaría vivir, entre a felicidade e a maior das tristezas. Así mesmo, móvense tanto por terras galegas (Redondela, Vimianzo, a Costa da Morte ou a Limia) e estranxeiras (Nova York, Canadá, París, México, Singapur, Munich ou África) e poden pertencer tanto a un mundo ficticio (Hochi, Isabel, Glenn Gould, Irene, Chavela Devoto, Emiliano Devoto, Claravella, Aldara, Giovanni, Raúl Pereiro Fontela, Indalecio Estraus, Gisela, Stephan ou Alba Codne) coma ao ámbito da historia pasada (Galaaz, Xenebra, o rei Artur, Camelot ou Macías o Namorado) ou mesmo ao mundo do cine e da literatura infantil e xuvenil (Hansel e Gretel, Batman, Spiderman, Cincenta, Brancaneves, Carapuchiña Vermella ou Mickey Mouse).

Recensións:

- Francisco Martínez-Bouzas, “Anticipo”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 337, 26 outubro 2000, pp. 4-5.

Congratúlase o crítico de que chegue un novo compoñente ao reducido circo das narradoras en galego e opina que obras coma esta son as que fan que progrese a nosa literatura. Sinala que dous dos relatos foron premiados no Certame literario “Manuel Lueiro Rey” de novela curta e no “Modesto R. Figueiredo do Pedrón de Ouro”. Así mesmo, relaciona o primeiro conto co Panchito de Castelao, cualifica o segundo de “lírico e moi metafórico”, amosa o redescubrimento da materia de Bretaña en “La vie en rose”, sobrancea a sensualidade e o erotismo de “Irene” e a ignorancia amorosa de “Claravella”, e comenta como “Rosa cherokee, canción de amor india” trata de amores tráxicos sen caer na literatura rosa. Canto á técnica narrativa, vea sinxela, sen barroquismos, lineal e practicamente sempre omnisciente.

- Xavier Castro R., “Relatos de ausencia e comunicación”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 55, 17 decembro 2000, p. 8.

Para comezar, di que é un libro multiperspectivista, tamén nas temáticas, pero no que existen varios fíos conductores a través dos once relatos: a comunicación (ausente ou presente), Galicia e a súa proxección no mundo, o protagonismo feminino e a música e o lirismo, que o converten en prosa poética. Así mesmo, salienta a emotividade de temas como a Guerra Civil, a emigración, a actualización que fai da materia

artúrica ou o mito das sereas. Para rematar, conclúe apuntando que se trata de experiencias vitais moi intensas e que a autora demostra un oficio literario que madurará no futuro.

Lopo, Antón, *O riso de Isobell Hill*, IIIº Premio do Vº Certame Manuel Lueiro Rey de novela curta 1997, Pontevedra: Deputación de Pontevedra (Servicio de Publicacións), 2000, 46 pp. (ISBN: 84-89690-84-7).

Relato breve de Antón Lopo (Monforte de Lemos, 1961), no que se desenvolven os feitos que levan a un profesor de secundaria a deixar o seu traballo e marchar traballar á India. Comeza o relato no momento en que aproba as oposicións, dá o seu primeiro ano de clase, e se enfronta ao segundo cuns alumnos máis problemáticos cós primeiros, entre os que se atopa unha moza chamada Isabel Outeiriño. A presencia desta co seu eterno sorriso comeza a inquietalo de tal xeito que, nin cando esta marcha traballar de modelo, pode ignorar a súa presencia nos valados publicitarios. A súa vida convértese nunha fuxida da presencia ameazadora da xa famosa Isobell Hill, antes Isabel, atopando na súa estadía na India a solución a tal obsesión. É de salientar a presencia constante de referentes simbólico-místicos, especialmente nas alusións á India e no mito do feminino que encarna aquí a beleza de Isabel, así como os contactos que o narrador-protagonista establece entre a divinidade oriental e o referente real, chegando só a alcanzar a paz coa destrucción final do mito-referente.

Recensións:

-F. Martínez Bouzas, “Pequenas xoias narrativas”, *El Correo Gallego*, *“Correo das Culturas”*, nº 25, 14 maio 2000, p. 13.

Ver Carou Rei, Xosé, *O bebedizo de lúa*, neste apartado do *Informe*.

-Francisco Martínez Bouzas, “A trioloxía dos premio Lueiro Rey”, *Guía dos libros novos*, “Narrativa”, xuño 2000, p. 22.

Ver Carou Rei, Xosé, *O bebedizo de lúa*, neste apartado do *Informe*.

Loureiro, Ramón, *O corazón portugués*, Finalista do IIIº Premio Eixo Atlántico de narrativa galego-portuguesa. Certame Carlos Blanco, Vigo: Galaxia, col. Literaria, nº 169, abril 2000, 192 pp. (ISBN: 84-8288-366-6).

Nesta novela de Ramón Loureiro (Fene, 1965) nárrase a través de trinta capítulos a historia das xentes de Escandoi, a Terra da Memoria, onde o tempo é diferente. Na novela conviven varios personaxes, mesturándose os vivos cos mortos, e o que se nos vai relatando son os seus soños. Os protagonistas son Guillerme, o señor de Landares, e Miguel, o señor de Escandoi, que tenta axudar ao primeiro. Este último é unha sombra, consciente de estar nunha novela; sen embargo, o Vinculeiro de Landares, dende que lle marchou a súa amada, non sabe nin por ónde anda e remata suicidándose. Os dous personaxes, que buscan o sentido da vida e da morte, son "metáfora dunha máscara e as máscaras non sempre se utilizan para agocharse detrás delas: hai circunstancias nas que os acenos permiten desvela-lo que, doutro xeito, nin se podería referir". Todo o libro, como xa se apunta no capítulo XXIX, é un "caos eterno que abrangue todo o que non é susceptible de orde ningunha".

Recensións:

- Esperanza Piñeiro de San Miguel, “O Corazón Portugués, de Ramón Loureiro”, *Diario de Ferrol*, 30 maio 2000, p. 16.

Comenta a aparición da última obra de Ramón Loureiro, finalista da segunda edición do Premio de Narrativa Galega e Portuguesa instituído polo ente luso-galaico Eixo Atlántico. A seguir, cítanse algúns autores que influíron en Loureiro e aos que lle rende homenaxe, como Cunqueiro, García Márquez, Cela ou Pessoa, entre outros. Para rematar, afirma que na obra “hai algo autobiográfico, e hai moito inspirado nos seus amigos, algúns dos cales aparecen nomeados. Hai moito da súa terra, de Sillobre, porque existe un orgullo de ser sillobrés, é un sinal de identidade”.

- Xosé A. Ponte Far, “Realista, máxico e galego”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 129, 30 maio 2000, p. 6.

Faise referencia á segunda novela de Ramón Loureiro, *O Corazón Portugués*, “que ven a afondar no tema e no ambiente literario da primeira, *Morgado* (1997). Afírmase que na obra se recrea un mundo intemporal, máxico, lexendario, sen deixar de ser real e de cotío”.

- Francisco Martínez Bouzas, “Máis epígonos de Cunqueiro”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 30, 25 xuño 2000, p. 15.

Alude a esta publicación e sinala como un dos seus trazos fundamentais a súa complexidade, así como a riqueza léxica con “moito adobio formal”. A seguir, considera que a novela é un romance enraízado de “clara e precisa sustancia galega” e salienta nela a presencia dunha particular xeografía ficcional, a Terra de Escandoi, “un universo imaxinario no que se funden o real e o imaxinario”.

- Xosé M. Eiré, “Aproximacións ao maravilloso”, *A Nosa Terra*, nº 943, “Guieiro Cultural”, 13 xullo 2000, pp. 27-28.

Despois dunha introducción na que se pregunta ónde están os lindes da literatura, faise unha análise desta novela, que é un lugar de confluencia de moitas historias que teñen algún contacto entre si. Sinálase que este feito, xunto coa mestura do mundo real e marabilloso, pode despistar o lector. Por outro lado, apúntase que tamén hai confusión nos personaxes porque un mesmo personaxe presenta sinónimos, cousa que acontece tanto cos reais coma cos de ficción. Sen embargo destácase que os lugares son recoñecíbeis e que a acción pode situarse nun tempo bastante próximo a nós. Con respecto ao estilo, indica que nel se integra a oralidade e que logra crear así un discurso que conecta co lector. Por último, destácase que, aínda que parte da oralidade, non renuncia na súa lingua á literariedade.

-Armando Requeixo, “Dunha maxia chamada Loureiro”, *Tempos Novos*, nº 38, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, xullo 2000, p. 77.

Comenta brevemente o volume e salienta que o autor aposta polos trazos que xa aparecían no seu primeiro volume, O *Morgado* (1997). Así, apunta algunha das coincidencias entre ambas obras, referentes aos personaxes ou os escenarios. Finalmente, refírese á *O corazón portugués* como unha novela que relata a decadencia da sociedade e valores fidalgos cunha "cativante estructura fragmentaria".

-M. Blanco Rivas, "Historias do trasmundo nas terras de Escandoi", *Faro de Vigo*, *"Él Sábado"*, nº 170, 19 agosto 2000, p. 3.

Sucinto comentario sobre a saída á luz da segunda novela de Ramón Loureiro, *O Corazón Portugués*, "na que a fantasía e o humor conviven coas eternas preguntas sobre o sentido da existencia, da vida e da morte". A seguir, cita os títulos dalgúns dos capítulos que compoñen a novela e remata cunha breve biografía do seu autor.

- Xulio Valcárcel, "*O corazón portugués*", *El Ideal Gallego*, "Páxina Literaria", 20 agosto 2000, p. 4.

Refírese á aparición desta nova publicación á que cualifica de "novela diferente". Destaca o tratamento que nela se fai do humor e sinala que con el se procura o divertimento do lector dende o discurso narrativo, descritivo e estético presente, segundo di, na sonoridade das frases, nos topónimos e nos antropónimos.

Dolores Vilavedra, “Creando mundos propios”, *Tempos Novos*, nº 39, “Entregas Culturais”, agosto 2000, pp. 52-53. Fai unha pequena descrición de tres libros en prosa de diferentes autores. Do libro *Os xenerais de África* (1999), de Vítor Vaqueiro, sinala que se trata dun conxunto de relatos que teñen algúns trazos comúns como a ambientación viguesa ou unha mesma vontade constructiva. Con respecto á última novela de Suso de Toro, *Non volvas* (2000), comenta que con ela se pretende axudar a atopar respotas aos interrogantes cos que nos enfronta a vida e defínea coma unha viaxe iniciática da protagonista ao seu interior. Finalmente, no referente á novela de Ramón Loureiro, apunta que continúa a liña seguida na súa anterior publicación, *Morgado* (1997), xa que os mesmos personaxes medran literariamente no mesmo espacio. Tamén cualifica esta obra de metafísica, nostálxica e sabia.

Francisco Martínez Bouzas, “Escandoi, un universo mítico”, *Guía dos libros novos*, “Narrativa”, xullo-agosto 2000, p. 22.

Recensiónase a segunda novela de Ramón Loureiro, finalista da terceira edición do Premio Eixo Atlántico. Destácase tanto a “lingua fermosamente cincelada”, coma a “narrativa ateigada de tramas e historias”. Tamén se fai mención do espacio no que se desenvolve a novela –Escandoi– e dos personaxes que se moven nel –seres reais e pantasmas. Coméntase, así mesmo, a semellanza da obra cun romance de Álvaro Cunqueiro. Tras definir o libro como “unha novela-amalgama”, sinálase a presencia de distintas voces narrativas e a mestura de diferentes tempos. Remátase cualificando a obra como “unha novela difícil, ambigua e que probablemente teña que madurar un chisco máis”.

Referencias varias:

-X. M. Palacios, "Ramón Loureiro presentó en Mondoñedo su nueva novela, *'O corazón portugués*", *La Voz de Galicia*, 7 maio 2000, p. 75.

Dá conta da presentación da obra de Ramón Loureiro en Mondoñedo e recolle as intervencións de Pedro Blanco e Armando Requeixo. O primeiro fixo referencias ás vivencias e historias que se contan no peculiar estilo do autor e, pola súa banda, A. Requeixo destacou a forza e contundencia, a combinación entre o onírico e o cotián, así como a asimilación das moitas lecturas do autor. A seguir, Ramón Loureiro sinalou que coa obra tenta provocar no lector o sorriso e a emoción. Finalmente, sinala que esta presentación forma parte dunha homenaxe, organizada polo Liceo Rubia Barcia de Ferrol, á figura de Álvaro Cunqueiro, de quen Ramón Loureiro sinalou que "constituía unha relectura permanente" da cidade de Mondoñedo.

-E. Neira, "Imaxinación sen tempo"/"Ramón Loureiro presentou en Santiago a súa novela '*O corazón portugués*" *O Correo Galego*, "AFA"/*El Correo Gallego*, 7 xullo 2000, p. 31/p. 75.

Breve referencia á publicación desta obra, na que se reproducen as palabras do propio autor, quen se referiu á estructura pouco convencional da novela. A seguir, expresou o seu gusto pola literatura do século XIX, así como polas novelas nas que o lector ten unha participación moi activa.

- Nicolás Navaza, “Só busco nos lectores un sorriso e emoción”, *La Voz de Galicia*, “O personaxe”, 7 xullo 2000, p. 11.

Sucinta entrevista con Ramón Loureiro, autor de *O Corazón Portugués*, na que afirma que a súa obra non ten argumento senón que está “chea de cabos soltos”. A seguir, comenta que o lector ten que mergullarse na lectura da obra para comprendela. Para rematar, opina que a literatura do século XXI ten que ser diferente porque o contorno é diferente.

Luaces Pardo, Narciso, *O carreiro. Memorias do tío Santos*, Vigo: Galaxia, marzo 2000, 169 pp. (ISBN: 84-8288-356-9).

Memorias de Santos Castro Martínez, nado o día dos Santos Inocentes na parroquia de Devesos, un home que representa a sabedoría e o ser máis profundo do pobo galego. Afeccionado á lectura e interesado por todo, sendo moi novo, aprendeu o oficio de carpinteiro, para logo dedicarse definitivamente a facer carros para a xente da súa zona, Ortigueira. Narciso Luaces fai un percorrido pola vida deste home, por aqueles feitos e anécdotas máis relevantes da súa biografía, feitos que poderiamos atopar noutros nomes anónimos de Galicia deses anos. Relata, así, unha vida intensa: a súa infancia, repleta de episodios propios dun neno espelido; a súa mocidade, unha época de algarabías e tabernas; a súa madurez, a de Santos casado e pai de familia, máis afectado e preocupado polos feitos histórico-sociais que o rodeaban; e a súa vellez, un tempo xa máis sereno. Desta maneira, o lector pode mergullarse por completo no mundo da Galicia popular de entre dous séculos (1870-1951).

Recensi óns:

-Xosé Manuel Freire, “Un percorrido pola memoria”, *Guía dos libros novos*, “Narrativa”, xuño 2000, p. 21.

Tras mencionarse o escaso éxito que conleva a edición de certa literatura innovadora, destácase a publicación desta biografía, *opera prima* do seu autor. Saliéntase a intención de Luaces Pardo de "apañar todo o vivido e vertelo nunha novela". Criticáselle a falla de referencias a feitos históricos. A continuación, resáltase o interese antropolóxico da novela. Tamén se comenta a importancia que posúe na obra a anécdota humorística. Remátase sinalando algúns dos referentes da obra.

Referencias varias:

- Rosa Míguez, "Suxerencia", *Diario de Ferrol*, "Nordesía", 23 abril 2000, p. 14.

Ofrece un breve resumo do contido desta obra, ademais de referirse ao libro *A canción de concerto*, que ten como editores a Alejandro Arnáiz e Cecilia Portela.

Luna Sanmartín, Xosé, *As cometas da vida*, Iº Premio do IIº Certame de relato curto Roberto Blanco Torres 1998, Silleda-Pontevedra: Edicións Fervenza, xaneiro 2000, 68 pp. (ISBN: 84-930917-0-7).

Neste relato curto, obra de Xosé Luna Sanmartín (A Estrada, 1965), nárrase, a modo de diario, o proceso de gravación do filme *As cometas da vida* así como o seu argumento. Esta película describe dende as vivencias acontecidas hai corenta anos a Ramón Sanmartín, alcumado Monchiño, a vida de don Nicolás, mestre na parroquia de Guimarei que é asasinado polos falanxistas, ata as relacións dos nenos Monchiño, o actual productor e guionista do filme, Sara e Andrés. A película, ambientada en Galicia no ano 1936, describe cómo estes nenos acoden á escola do mestre Nicolás onde, entre outras cousas, len a Luís Pimentel e confeccionan papaventos; tamén aparece reflectido no relato, e no argumento da película, a represión falanxista cara ao seu mestre. O libro péchase coas palabras pronunciadas por Monchiño intres antes da estrea desta película, coa ficha dos datos técnicos e artísticos do filme e mais cunha aclaración de Xosé Luna onde sinala que “este relato é unha historia de ficción”.

Martínez Pereiro, Xosé Luís, *Medición definitiva do limbo*, IIº Premio de narrativa fantástica Cidade da Coruña 1999, A Coruña: Espiral Maior, col. Narrativa, nº 24, agosto 2000, 67 pp. (ISBN: 84-89814-96-1).

A obra narrativa de Xosé Luís Martínez Pereiro (A Coruña, 1959) consegue un novo premio con *Medición definitiva do limbo*. Este volume, dividido en dúas partes de doce e oito capítulos cada unha, presenta a distintos personaxes, tanto reais como imaxinarios, para falar de distintos temas. Son abordados, entre outros, a formación dos seres, o suicidio, a misoxinia, a relixión, etc. Todos eles son tratados a través dun narrador en primeira persoa que vai mesturando realidade e ficción, e que consegue un humor intelixente ao longo da obra.

Recensións:

-F. Salinas Portugal, "Unha via posmoderna de criazon?", *A Nosa Terra*, nº 953, "Guieiro Cultural", 21 setembro 2000, pp. 27-28.

Despois de indicar o que significa a posmodernidade desde o punto de vista literario e ideolóxico, cualifícase esta obra dentro desta nova maneira de facer literatura por presentar textos abertos, un humor corrosivo ou

un fragmentarismo discursivo que xa aparecía nun libro anterior deste autor, *As Irmás Bastardas da Ciencia* (1999). Por outro lado, saliéntase que xa o título da obra é significativo e, así, nesa indeterminación que define o limbo debemos situar tamén os microrrelatos, que desde o punto de vista da preceptiva literaria son dificilmente clasificábeis. Así mesmo, dise que tamén se rompen os esquemas no estilo, que se move entre a ironía e a ternura e entre o humor e a crítica. Finalmente conclúe que se trata dunha obra posmoderna dentro “dun país e unha literatura que, posiblemente, non teñan pasado pola modernidade ou só parcelarmente por ela teña andado”.

Maseda, Martiño, Jorge **Gende**, Santiago **Bergantiños**, Beatriz **Lorenzo** e Marta **Fernández**, *Todo por unha teima e catro contos máis*, Premio Ourense de contos para a mocidade 1999, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, maio 2000, 65 pp. (DL: OU-71/2000).

Este volume recolle os catro contos gañadores do Premio "Ourense de contos para a mocidade" 1999, ademais dunha nota de presentación, na que se aclara que esta publicación supón unha primeira toma de contacto entre os autores e o público lector, que ten agora a última palabra.

- Martiño Maseda Lozano, "Todo por unha teima", pp. 11-22.

Un home que traballa de sepultureiro especula sobre as distintas circuntancias que provocaron a inexplicábel morte do home que está a enterrar.

- Jorge Gende Díaz, "Cuarto baleiro", pp. 23-28.

Un narrador en primeira persoa describe o desconsolo, o baleiro que deixou nel o afastamento da rapaza da que estaba namorado. Esa dor entrecrúzase coa da nai do protagonista que chora a perda dunha filla de vinte meses.

- Santiago Bergantiños, “O proxecto Mcguffin”, pp. 29-52. Relata a investigación policial do asasinato dun home que se resolve coa detención do culpábel, un dos policías participantes na investigación. O desenlace do relato invita a unha refelxión: non fiarse de ninguén.

- Beatriz Lorenzo López, “Metamorfose nunha noite de chuvia”, pp. 53-58.

Relaciona a morte de varios homes que esperan nunha taberna a que amaine o tempo para poder marchar á casa coa maxia negra.

- Marta Fernández López, “Auga salgada”, pp. 59-65.

Unha moza sumida na desesperación pola ausencia da súa parella, un mozo mariñeiro desaparecido no naufraxio do barco no que viaxaba, atopa a morte nunha praia mentres agarda que o mar lle devolva o seu amado.

Miranda, Xosé, *Infancia e desventura de Lino Carrán*, Vigo: Galaxia, col. literaria, nº 167, marzo 2000, 193 pp. (ISBN: 82-8288-346-1).

Despois de *Morning Star*, Premio "Xerais" de novela 1999, Xosé Miranda (Lugo, 1955) volve con esta novela de temática marabillosa, como boa parte da súa obra. A novela, dividida en cinco capítulos e unhas páxinas iniciais, que son en realidade un final distinto, ten un protagonista, Lino Carrán, que por veces se ve duplicado, xa que este ten un xemelgo e non se sabe moi ben quén é quén. Xunto a Lino, que aprende para meigo, atopamos toda unha serie de seres fantásticos procedentes do folclore tradicional galego. Estes entes, mouros, trasnos, serpes... van aparecendo ao longo da viaxe que Lino Carrán emprende cando xa é un mozo. Esta viaxe polas parroquias do val do Roncudo, na que pretenda acadar a sabedoría, é a causa da "desventura" de Lino. No inicio do seu camiño namorarase da Lemesa; despois dun tempo tivo que separarse dela, e cando rematou a viaxe a Lemesa e os pais de Lino desapareceran. Ese foi o prezo que tivo que pagar e entón Lino Carrán renunciou ao saber.

Recensións:

- Xosé M. Eiré, "Ritual para alimentar o espírito", *A Nosa Terra*, "Guieiro Cultural", nº 936, 25 maio 2000, pp. 23-24.

Sinálase que a oralidade é un elemento fundamental nesta obra, igual que xa o fora en *Historia dun paraugas azul* (1991), obra coa que se indica que mantén tamén outras semellanzas. Así, puntualízase que estas dúas novelas son o relato dunha mesma saga e polo tanto comparten algúns personaxes e o mundo marabilloso no que se moven, que nos recorda a Álvaro Cunqueiro ou a X. L. Méndez Ferrín. Sen embargo, apúntase como diferencia entre estas dúas novelas, que a segunda non é tan densa, polo que a lectura resulta máis agradábel. Por outro lado, cualifícase a novela de "metafórica e marabillosa" e tamén de "novela de aprendizaxe", polo que o protagonismo de Lino é "indiscutíbel", aínda que se apunta que Xosé Miranda sabe dosificar as historias intermedias, nas que os personaxes tamén son evolutivos e ricos. Finalmente, destácase a importancia deste autor no mundo do marabilloso, do que se indica que, a pesar de non sernos estraño, non é moi frecuente.

- F. Martínez Bouzas, "Os soños de Lino Carrán", *El Correo Gallego*, "*Correo das Culturas*", nº 28, 11 xuño 2000, p. 11.

Comeza indicando que Xosé Miranda é un dos epígonos de Álvaro Cunqueiro para pasar despois a analizar esta obra. Dela destaca que se trata dunha novela de protagonista que nos leva polos vieiros do simbólico e do metafórico, polo que "non pode ser lido ao pé da letra". Finalmente, despois de facer un resumo do argumento, louva a prosa e o léxico empregado. Sen embargo, apunta que ás veces a maxia é demasiado explícita e pode chegar a cansar, cousa que non ocorría na prosa de Álvaro Cunqueiro porque nela esvaecíanse os límites entre fantasía e realidade.

- Xulio L. Valcárcel, "O mundo marabilloso de Lino Carrán", *El Ideal Gallego*, "La Galería", 27 agosto 2000, p. 4.

Coméntase a aparición de *Infancia e desventura de Lino Carrán*, de Xosé Miranda e cítanse outras obras do autor como *Historia dun paraugas azul* (1991) ou *Morning Star* (1998). A seguir, analízase o contido da obra, centrándose na súa localización espacial (o MonteFaro, Lobeira, Valle, Vilapedre ou Rairiz, entre outros) e o seu protagonista, Lino Carrán, "sandador" con poderes paranormais para curar.

-Francisco Martínez Bouzas, "Outra novela do marabilloso", *Guía dos libros novos*, nº 21, "Narrativa", setembro 2000, p. 21.

Comeza aludindo ás resoancias de Álvaro Cunqueiro, que podemos atopar nesta obra. Defínea como unha novela de aprendizaxe cunha "clara dimensión metafórica e simbólica". Ofrece tamén un breve resumo do argumento do libro e eloxia a hábil presentación dos feitos narrados, a estructura radial empregada e os orixinais ornatos formais. Como defectos sinala a ausencia dunha ollada irónica, o escaso contacto que o fantástico ten coa a realidade e o uso excesivo de elementos máxicos.

-María Luís Gamallo, "Desde o imaxinario popular", *Grial*, nº 148, Tomo XXXVIII, "Libros", outubro-novembro-decembro 2000, pp. 687-689.

Despois de se referir á traxectoria literaria de Xosé Miranda, títulos publicados, premios conseguidos e temática tratada, céntrase no comentario de *Infancia e desventura de Lino Carrán*, da que achega un resumo argumental. Salienta que o feito de estar a novela protagonizada por un neno aprendiz de meigo provoca que se mesture realidade e fantasía, ademais de estar moi presente o elemento mítico e popular a través das

lendas de mouros. Considera, finalmente, que estamos ante unha “fermosa alegoría de nós mesmos desde unha tradición que nos pertence”.

Referencias varias:

Ignacio R. Díaz, “La mitología cobra vida en la última novela de Xosé Miranda”, *El Progreso* , 11 maio 2000, 77.

Refírese á presentación da última novela de Xosé Miranda *Infancia e desventura de Lino Carrán*, primeira obra do que vai ser unha triloxía que narre a vida do protagonista. Apúntase, ademais, que no libro hai certos aspectos que se poden ver coma “unha gran metamorfose épica e lírica sobre a nosa vida, a nosa historia e os nosos soños”.

Moreno, Xosé Antonio, *Reminiscencias de Bob Dylan*, Galaxia, Col. Literaria, nº 170, maio 2000, 266 pp. (ISBN: 84-8288-369-0).

Trátase da primeira incursión narrativa de Xosé Antonio Moreno (Vigo, 1952) coa que se somerxe no mundo dos adolesecentes e constrúe esta novela de aprendizaxe ambientada en Vigo no curso de 1968. Narrada en primeira persoa a historia arrinca coa morte do irmán de Alfredo, o protagonista e narrador dos feitos, que asiste moi impresionado á presencia da morte. A partir deste momento Alfredo vai relatando a súa vida moi cercana á dos seus amigos Feiría, Veloso e Mathieu, con quen comparte o gusto polas cancións de The Doors ou Bob Dylan, a poesía da Xeración Beat, e o seu desexo de cambiar a situación social na que viven. Os conflictos amorosos tamén irán cobrando importancia coa presencia de Olga, a moza de Alfredo, e de Silvia, que se converte nun personaxe central, pois foxe da casa debido á situación abafante ao lado do seu pai, polo que será protexida e amparada por toda a panda. Alfredo sente ademais unha forte atracción sexual por ela coa que se iniciará no camiño do amor e do sexo, pero ademais descobre que o pai de Silvia está vinculado ao movemento fascista, polo que se desencadea unha trama moi cercana á literatura policial ao tratar de buscar xustiza pola man os propios adolesecentes e desenmascarar a este personaxe.

Recensións:

- Xosé M. Eiré, “A vida segue”, *A Nosa Terra*, nº 953, “Guieiro Cultural”, 21 setembro 2000, pp. 28-29.

Artigo sobre a obra de Xosé Antonio Moreno, *Reminiscencias de Bob Dylan*, publicada pola editorial Galaxia. Coméntase que se trata dunha novela de aprendizaxe “sobre o tempo, sobre o paso do tempo, sobre o que nunca volverá”. Así mesmo, a obra recoméndase especialmente para o profesorado “canso xa de repetir os mesmos lugares comuns á hora de falar de cómo era a vida no franquismo”. Para rematar, resúmese o argumento da novela.

- Xosé Manuel Enríquez, “Unha pantalla lisa”, *Guía dos libros galegos*, nº 22, “Narrativa”, outubro 2000, p. 21.

Principia comentando que as pretensións do autor foron as de facer unha novela sobre a maduración persoal dun mozo que viviu o maio do 68. Bota en falta unha construcción dos personaxes rigorosa. Amosa o seu disgusto tamén coa pouca seriedade que reflicte a documentación e a planificación narrativa e refírese, por outra banda, a estructuración da obra en dúas partes ben diferenciadas. Remata insistindo na superficialidade da reconstrucción histórica e na impresión de incredibilidade que a obra lle transmite ao lector.

Referencias varias:

-María Cedrón, “Os sesenta foron unha época de concienciación cultural”, *La Voz de Galicia*, “A Entrevista”, 27 xuño 2000, p. 9.

Entrevista con Xosé Antonio Moreno, autor de *Reminiscencias de Bob Dylan*. O escritor afirma que o título que escolleu para a novela “é unha metáfora que recolle a maxia dunha época, unha especie de encantamento do mundo”. Engade que a novela empezou sendo autobiográfica pero despois a propia trama foi “gañando autonomía”. Por último, refírese aos seus proxectos inmediatos entre os que destaca un diario filosófico.

-M. D., “A vixencia da utopía dos 60”/“Reminiscencia de Bob Dylan’ ou a vixencia da utopía según X. A. Montero”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*, 28 xuño 2000, p. 31/p. 76.

Breve referencia á saída da obra de Xosé Antonio Moreno, *Reminiscencias de Bob Dylan*, publicada pola editorial Galaxia. Sinala que se trata dunha novela na que aparecen referencias á xuventude viguesa dos anos sesenta, aos movementos de contestación social e política, ao maio francés, á xeración “beat” ou á tentativa de fundir a vida coa arte. Para rematar, cítanse outras obras do autor como *O cable inglés* (1995) ou *Matar a Kerenski* (1998).

- Rosa Míguez, “Suxerencia”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, 30 xullo 2000, p. 14. Presentación de diferentes novidades literarias. Entre elas, ofrece un breve comentario do argumento desta obra. Refírese tamén á de Ana M. Fernández e Xoán Babarro, *Contos do reino de Mamoranguá* (1999) e apunta unha sucinta descrición do seu contido.

Pociña, Andrés, *Quince mulleres, quince momentos*, prólogo de Marica Campo, A Coruña: Baia Edicións, col. Narrativa. Relatos, nº 9, marzo 2000, 92 pp. (ISBN: 84-89803-54-4).

No prólogo que encabeza este volume, titulado “Cando as mulleres existen por si…”, Marica Campo salienta o feito de que Andrés Pociña (Lugo, 1947) ofreza nestes breves relatos visións de mulleres elaboradas dende o punto de vista dun home e que consiga achegarse a sentimentos e actitudes propias do sexo feminino. Nomea tamén a todas as protagonistas, destacando que se trata de mulleres reais e autónomas, e resume os episodios escollidos para cada unha delas. A seguir inclúense quince retallos de curta extensión nos que o autor deita a súa ollada sobre un acontecemento significativo de cada unha das personaxes elixidas para reinterpretalo dende o punto de vista máis íntimo e significativo na vida destas mulleres. Os relatos, a maior parte deles en primeira persoa, están protagonizados por mulleres de todas as épocas. Deste xeito aparece o encontro amoroso de Safo coa súa amante nunha praia; María Pita defendendo a súa imaxe heroica como muller e como nai e fuxindo dos estereotipos de masculinidade que se lle atribuíron; Sor Juana Inés de la Cruz confesando o seu desexo de independencia que a levou a escoller a vocación relixiosa; Rosalía enfrontándose á morte dun dos seus fillos; a escultora arxentina Lola Mora na inauguración da Fonte das Nereidas na Casa Rosada vencendo a censura; a actriz Margarita Xirgu na representación de Medea superando todas as dificultades; a poeta Alfonsina Storni e a súa imaxe insomne diante da morte; Montserrat Caballé lembrando o desaloxo da súa familia en 1939; Violeta Parra entendendo a morte como culminación da súa vida; Melina Mercouri no momento no que por decreto militar lle arrebatan a

cidadanía grega; Dolores Ibárruri entrando no Congreso como deputada na chegada da democracia; Montserrat Roig e o seu delirio desesperado ante o cancro que a abate; Luz Pozo nun monólogo co seu amor, Eduardo Moreiras, no día no seu ingreso na Real Academia Galega; e Maruxa Villanueva no seu reencontro final con Rosalía. Só un dos relatos, "Milagre", presenta a experiencia vivida por un mozo de dezanove anos –quizais o mesmo Andrés Pociña–, diante da imaxe de deusa grega de Ava Gadner a quen se decide a pedir un autógrafo.

Referencias varias:

María J. Rojo, "Andrés Pociña e Aurora López presentaron dous libros en Lugo", *El Progreso*, 19 xullo 2000, 69.

Dá conta do acto de presentación de *Rosalía de Castro. Estudios sobre a vida e a obra* (2000), de Aurora López e Andrés Pociña e de *Quince mulleres, quince relatos*, da autoría deste último. Achega o nome dos alí presentes e faise eco da intervención das prologuistas destes dous volumes, respectivamente, Pilar García Negro, que salientou a importancia da obra por desmentir todos os estereotipos existentes sobre Rosalía de Castro, e Marica Campo, que leu o prólogo da súa autoría. Así mesmo, refírese á intervención de Andrés Pociña e Aurora López, que leu un poema da escritora padronesa.

Puentes Novo, Hixinio, *O bandido Casanova*, Premio Pastor Díaz de novela 1999, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, nº 158, xullo 2000, 269 pp. (ISBN: 84-8302-545-0).

Ópera prima de Hixinio Puentes Novo (Porto do Barqueiro-A Coruña, 1952) que reconstrúe ficcionalmente a vida do bándido galego máis famoso de comezos do século XX, Mamede Casanova, alias “Toribio”. A novela desénvolvese arredor do protagonista, que lembra as peripecias que marcaron a súa traxectoria, dende o berce ata que cumpre cadea perpetua (1903-1928) en diferentes cárceres do Estado tras lle ser conmutada a pena de morte, unha vez que recupera a liberdade e traballa de peón nas obras do camiño de ferro A Coruña-Zamora nos albores da IIª República. Daquela, asístese ao relato en primeira persoa dos actos delictivos que protagonizou nas terras natais das Grañas (Mañón-A Coruña), nomeadamente, o asalto á rectoral parroquial, punto de partida dunha vida á marxe da lei que forxa toda unha lenda. Trátase dunha narración a camiño da novela de aventuras e da novela picaresca, ao semellar a confesión dunha vida presidida por un certo malfado que condiciona a súa desgracia nunha espiral de violencia e desesperanza acrecentadas pola acción das forzas represivas. Así mesmo, e sen chegar a eclipsar o fío argumental central, dá conta da historia da España do primeiro tercio de século, sobre todo, do panorama político republicano e do activismo proletario, da man dos traballadores cenetistas, se cadra aos que máis se achega Toribio, aínda que, por enriba de todo, é un amante da liberdade. Destaca, tamén, un importante caudal léxico e unha lectura amena derivada dun tratamento narrativo lineal que se centra no fundamental da historia.

Recensións:

-M. Blanco Rivas, “Novela sobre a vida do bandido Casanova”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 175, 16 setembro 2000, p. 2.

Comenta o crítico que se trata dunha narración biográfica en primeira persoa do popular bandoleiro Mamede Casanova, alias Toribio, que supón asemade unha reconstrucción fiábel da sociedade galega de principios do século XX e finais do XIX. Seméllalle unha novela picaresca e, como tal, relaciónaa con *La vida de Lazarillo de Tormes y de sus fortunas y adversidades* e con *La vida del Buscón*, alén de achar similitudes con Wenceslao Fernández Flórez polo humorismo. Á parte, enxalza o enxebrismo lingüístico.

- Tomás Ruibal, “Heroe sen pretendelo”, *Diario de Pontevedra*, “Revista”, 17 setembro 2000, p. 1.

Comenta Ruibal que esta lembranza en primeira persoa dende a vellez do bandido Toribio, galardoada co Premio “Pastor Díaz” de novela, constitúe un fresco do sistema xudicial e carcerario da época e da subordinación ao cacique. Para el, esta opresión é unha metáfora da que sofre o país en xeral, necesitado dun desenvolvemento inasequíbel a causa do desleixamento do goberno central. Reflexiona sobre o feito de que a emigración é a única saída para un home marcado pola desgracia e, por extensión, para un país cunha economía esclerotizada. Tamén se fixa no papel terxiversador e creador da opinión pública que xa daquela posuía a prensa. Non obstante, á visión positiva xeral, tamén encontra algún defecto como o

detallismo excesivo sobre a xeografía da bisbarra de Ortigueira que se fai pesado para quen non coñeza a zona.

-F. Martínez Bouzas, "Vintecinco calabozos", *El Correo Gallego*, "*Correo das Culturas*", nº 44, 1 outubro 2000, p. 7.

Por ser de autor descoñecido e galardoada cun premio secundario, o Pastor Díaz, Martínez considera que se publica por méritos propios. Ve na "verosimilitude e ficcionalidade" os riscos máis destacábeis dunha narración dual, biográfica pero literaria, en primeira persoa e que consiste nunha viaxe sen destino que se identifica coa existencia mesma de Casanova. Sinala que o lector se recoñece no protagonista por ser un individuo esencialmente honrado, inserido nun sistema comido pola corrupción, razón pola que o bandoleiro asume unha dimensión heroica que o fai adaíl dun país subxugado. Así mesmo, cre que o autor ten oficio de narrador aínda que lle apón certos excesos detallistas en cuestións anecdóticas.

-Xosé M. Eiré, "En moitos maus pasos", *A Nosa Terra*, nº 958, "Guieiro Cultural", 26 outubro 2000, pp. 23 24.

Comenta o articulista que Puentes continúa a vía aberta por Xosé Miranda no sentido de literaturizar a vida dos bandoleiros. Identifica o protagonista coa novela completa e considera que non existe arrepentimento, quer dicir, que non é unha novela moral. A partir de aquí comeza unha serie de críticas: á parte do protagonista non hai entre os moi abundantes personaxes ningún que teña unha mínima entidade. Máis que desenvolvemento narrativo ve unha sucesión de anécdotas, parécelle inadecuada a reaparición da voz do narrador ao final, cando toda a historia estivo sendo narrada en primeira persoa polo bandido. Ao remate

tacha de diglósico o feito de que empregue o “idioma imperial” para reflectir a realidade lingüística no canto de acudir a outros recursos. A pesar de gabar o nivel do idioma, estima a obra manifestamente mellorábel.
- Joaquim Ventura, “O heroe transgresor”, *Guía dos libros novos*, nº 23, “Narrativa”, novembro 2000, p. 21.

Principia falando da presencia do “bandido bo” na literatura. A este respecto, sinala as diferencias existentes entre o “salteador” e o “bandoleiro”, situando ao protagonista da novela entre estes últimos. A pesar de non considerar esta obra como histórica, critica o feito de que o autor force en certos momentos o narrado “coa simple intención de non esquecer certa visión ideolóxica”. Presenta como virtudes da novela a recuperación da memoria popular que ofrece, a descrición da dureza da vida e a recreación dun ambiente de homes. Non xulga afortunada, sen embargo, a estructura da obra, pois, na súa opinión, o emprego do *flashback* créalle ao lector certa confusión.

- Armando Requeixo, “Toribio, un bandido galego”, *Tempos Novos*, nº 42, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, novembro 2000, p. 82.

Despois de sinalar que con *O bandido Casanova*, Hixinio Puentes conseguiu en 1999 lº Premio “Pastor Díaz” de novela do Concello de Viveiro, detense brevemente no argumento desta novela de lectura amena. Ademais de contarnos a andaina vital deste bandoleiro coruñés, xa tratada literariamente por outros escritores que se mencionan, fai unha recreación do momento histórico que lle tocou vivir. Sinala que se trata dunha novela de aventuras, que lembra na súa estructura á novela picaresca, contada cunha grata pericia lingüística.

Referencias varias:

- X. L. Méndez Ferrín, “Pálido Casanova”, *Faro de Vigo*, “Segunda feira”, 4 setembro 2000, p. 2.

Di que empezou a ler a obra e que tal vez faga un comentario cando a remate. Sinala que no seu tempo Casanova foi unha figura moi coñecida gracias aos cantos dos cegos nas feiras e á abundante presencia na prensa galega e española. Ademais comenta que a súa figura serviulle de inspiración a Valle, e que tamén Pardo Bazán e Otero se ocuparon dela. Para rematar, considera que este e outros bandidos autóctonos deberían ascender ao imaxinario colectivo como os estadounidenses fixeron con Pat Garret ou Billy O Neno.

- Rosa Míguez, “Suxerencia”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, 24 setembro 2000, p. 14.

Entre outras novidades editoriais, refírese á aparición no mercado desta novela. Ofrece unha breve síntese do argumento e salienta que o autor recrea diversos tipos humanos e a paisaxe montañesa da comarca de Ortigueira.

- Manuel Darriba, “Puentes presentou na Fonsagrada a súa epopea do bandido Casanova”, *El Progreso*, “Cultura”, 18 novembro 2000, p. 74.

Dá conta da presentación desta obra de Hixinio Puentes no Instituto Fontem Albei da Fonsagrada, na que o autor lles falou aos rapaces da súa forma de novelar a historia real de Mamede Casanova, alcumado Toribio, nacido a finais do século XIX e que aos vinte anos se bota ao monte por ter asasinado a unha persoa durante o asalto á Rectoral das Grañas, o que propicia outros atracos e, unha vez detido, o seu paso por numerosos cárceres españois ata a súa morte pouco clara. Indica que a obra se centra na documentación atopada pola falta de informantes vivos que o tiveran coñecido, especialmente na obra *Galicia en el siglo XX*, de Enrique Chao Espina, na que se lle dedica un capítulo completo, e que este personaxe inspirou tamén a peza teatral *El terno del difunto*, de Valle-Inclán. Remata sinalando que con esta obra o autor cubre un oco na cultura da comarca de Ortegal a través dun personaxe que acabou sendo tema dos pregos de cordel que se vendían nas feiras e coa que mereceu o Premio “Pastor Díaz” de novela do Concello de Viveiro en 1999.

Queizán, Mª Xosé, *Ten o seu punto a fresca rosa*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, nº 156, maio 2000, 293 pp. (ISBN: 84-8302-533-7).

Mª Xosé Queizán (Vigo, 1939) preséntanos nesta novela, que se desenvolve na cidade de Vigo na década dos setenta, a historia de tres mulleres de diferente clase social –Lucía Castro, Charo Santoro e Petra Seixo–, unidas ao longo das súas vidas pola figura de María. A través dunha voz omnisciente, desenvólvense dúas historias que transcorren independentemente e conflúen nos capítulos finais coa resolución dun caso policial. A primeira delas céntrase na vida de María, unha adolescente adoptada por unha familia burguesa. Antonio, o pai, un importante industrial da cidade, educa a nena para satisfacer as súas perversións sexuais de pedófilo mentres a nai, Lucía, considera que a súa vida é feliz e "normal". Deste xeito, María herda do seu pai a afección á fotografía e gusta retratar personaxes solitarios e parellas ata que comprende o que lle está pasando e sente unha gran confusión. Ademais, sofre o desprezo de Paula, a súa irmá adoptiva, filla dun matrimonio anterior do pai e ambiciosa do poder paterno. A segunda historia céntrase na vida de Charo, unha cirurxiá de prestixio, e vai recuperando episodios do pasado a partir da súa saída do hospital psiquiátrico do Rebullón. Coñecemos así a súa relación amorosa con Petra, unha muller procedente dos ambientes traballadores do barrio de Teis. Charo e Petra deciden ter un fillo e recorren á inseminación artificial. É así como Charo, tras se poñer nas mans do doutor Alfredo Luna, consegue concibir a María, descoñecendo que o doutor utilizou os seus propios xenes para concibila. A relación entre as dúas mulleres remata a causa dos devaneos de Petra, e Charo cae nunha fonda depresión, polo que acaba internada no psiquiátrico. Mentres se recupera, Petra entrega a nena en adopción. Ao final ambas historias coinciden na resolución da

misteriosa morte de María polo que a novela, centrada na psicoloxía dos personaxes e na recreación da realidade social viguesa, deriva no xénero policial. Combínanse así temas como a pedofilia, o abuso sexual, os perigos das técnicas de reprodución en mans pouco axeitadas, a desmitificación da maternidade ou o cuestionamento do amor por riba da opción sexual elixida.

Recensións:

- Celia Balboa, “Ten o seu punto a fresca rosa”, *Andaina*, nº 27, “Libros”, inverno 2000, p. 66.

Sinala Balboa que nesta novela social conflúen unha historia centrada na paidofilia dentro do núcleo familiar e outra sobre unha relación lésbica destructiva para unha das partes, situación que a autora aproveita para atacar a educación tradicional das mulleres. Velle ao texto unha dimensión provocadora e gaba a descrición –física, humana e social-dos espacios urbanos vigueses. Non obstante, aponlle un carácter moralista e militante excesivo e uns personaxes que fican no grao do estereótipo, aínda que recomenda a súa lectura aos que viviron a opresión tardofranquista. Tamén enumera outros temas secundarios: o fascismo, o sindicalismo, o terrorismo de estrema esquerda, os novos tipos de familia creados pola sociedade actual, o feminismo e a fecundación artificial.

- Tomás Ruibal, “A cara oculta da sociedade viguesa”, *Diario de Pontevedra*, “Lecturas”, 23 xullo 2000, p. 6.

Comenta que se trata dunha novela ambientada no Vigo dos anos 80 e, a seguir, refírese á mestura que a autora realiza entre a creación dos personaxes e ambientes co debuxo pormenorizado da evolución da sociedade e da política viguesa e galega.

F. Martínez Bouzas, "Mulleres de Vigo", *El Correo Gallego*, "*Correo das Culturas*", nº 36, 6 agosto 2000, 7.

Alude á publicación da obra *Ten o seu punto a fresca rosa*, de Mª Xosé Queizán, unha novela ambientada en Vigo, na que se revelan "sen andrómenas as relacións humanas entre dúas mulleres lesbianas". A seguir, afírmase que, dende o punto de vista formal, a obra está construída como unha novela de intriga policial "que se mantén ata o final un chisco folletinesco e pouco verosímil, a base dun relato de estructura 'tripolar".

-M. Blanco Rivas, "Historia de tres mulleres entre o amor e a morte", *Faro de Vigo*, *"El Sábado"*, nº, 12 agosto 2000, p. 2.

Alude ao argumento desta novela "divertida e desconcertante", que está elaborada como un grande friso da cidade de Vigo nos anos setenta e oitenta, no que se entrecruza a historia de tres mulleres. Comenta que os seus personaxes son "complexos, verosímiles, cheos de contradiccións, sobre os que unha narradora omnisciente non se deixa levar nin pola complacencia, nin polo sentimentalismo". Tamén dá conta doutras cuestións tratatadas nesta obra, como son os abusos sexuais, os problemas do internamento psiquiátrico,

os movementos revolucionarios do Vigo dos setenta ou a formación do movemento feminista. Por último, apunta que se trata dunha "novela de intriga ou do xénero policial, pero tamén pode ser considerada como novela psicolóxica ou social realista".

- Xosé M. Eyré, "Muller, en Vigo", *A Nosa Terra*, nº 948, "Guieiro Cultural", 18 agosto 2000, pp. 23-24.

Comeza apuntando que algunhas creacións literarias presentan unha plusvalía por diversos factores, mesmo extraliterarios. Isto é o que ocorre, segundo Eyré, con esta obra de Mª Xosé Queizán, á que un se achega pensando en atopar literatura feminista. A continuación, afirma este presuposto e faise a pregunta de se esta é unha novela de tese, á que se responde dicindo que, aínda que non é explícita, poderíase elaborar. Seguidamente fai un repaso do argumento e dos personaxes, describindo as súas opcións e conductas sociais, para concluír que esta é "unha provocadora novela social de finalidade diafanamente intervencionista". Finalmente, céntrase en dous aspectos que lle restan frescura á novela: o ton declarativo e didáctico e os personaxes de Róber e Lupe, que semellan "tiradas de calquera telefilme norteamericano". Ademais indica que o estilo é irregular e que, xa no remate, hai un salto de calidade no caso do delirio de Alfredo Luna.

-Francisco Martínez Bouzas, "Contra o poder e as súas aceptacións", *Guía dos libros novos*, nº 22, "Narrativa", outubro 2000, p. 20.

Considera que a obra recensionada racha coa atonía que nestes intres, segundo a súa opinión, domina na narrativa galega. Valora a novela por ser capaz de captar o interese do lector facilmente. Expón un breve resumo da trama argumental da obra e xulga acertado tamén o desenvolvemento accional co que autora decidiu transmitirnos os feitos narrados. Presenta o libro como unha obra de intigra policial que é ao mesmo tempo unha novela de tese. Analiza, ademais, o seu antisentimentalismo, o xeito en que a autora se achega ao xénero policiaco e a importancia que teñen as mulleres neste libro. Finalmente, gaba as estratexias formais empregadas, salientando a superposición de planos narrativos e a presencia dun narrador omnisciente.

-Xosé Manuel G. Trigo, “Ten o seu punto a fresca rosa”, *Revista Galega do Ensino,* novembro 2000, nº 29, pp. 247-253.

Apunta de *Ten o seu punto a fresca rosa*, de Mª Xosé Queizán, que os personaxes femininos teñen un maior “aprecio cualitativo”, describindo o seu pensamento e conducta –sobre todo Charo Santiso-, cós personaxes masculinos que son incultos, curtos e no mellor dos casos politicamente correctos como se ve en “... estes ‘liliputienses’ ás veces ‘liliputeiros’ ... homes que pequeno o máis grande’’. Isto vese moi ben no trío policial -Manolo, Rober e Lupe-onde os homes se ven descritos pexorativamente. Sinala que os triángulos nos que se ven os personaxes máis que sentimentais son “xenitais” e no conxunto de personaxes hai lésbicas (Charo e Petra), pedófilos (Pedrito Montenegro) ou esposas exemplares e aliñadas (María). Tamén indica que na obra se ve unha reivindicación da muller “suxeita” e que o lesbianismo non escapa aos males da paixón destructiva. Asemade, salienta que nesta crítica social hai un baleiro da clase media intelectual e destaca a cidade de Vigo, que é “o único ser ao que se lle reserva un amor sentimental”.

- Minia Bongiorno García, “Ten o seu punto a fresca rosa”, *Grial*, “Libros”, nº 148, outubro-novembrodecembro, Tomo XXXVIII, 2000, pp. 689-690. Considera que esta obra supón “a indagación nas formas de definir a identidade persoal e sexual”, ademais de constituír un “tratado filosófico” que acolle as diversas teorías feministas. Ademais desta dimensión, que Minia Bongiorno privilexia no seu comentario, considera que a obra ten elementos de crónica histórica, de novela negra e de análise social. Despois de sintetizar o argumento, afirma que “pode ás veces resultar dogmática ou extremista nos retratos prototípicos que esboza”, sobre todo nos personaxes masculinos.

Referencias varias:

- Rodri García, “A literatura ten que adaptarse á velocidade deste mundo”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 130, 6 xuño 2000, p. 6.

Entrevista con Mª Xosé Queizán, na que a autora fai referencia a esta publicación. Trátase dunha novela ambientada en Vigo que “entrelaza a historia de tres familias de distintas clases sociais nun *feed-back* que vai dende a actualidade á posguerra”. Mª Xosé Queizán afirma que non caracteriza as ideoloxías polas cores, que a súa novela é cinematográfica, “con moito ritmo” e trata de moitos temas.

- Rosa Míguez, “Suxerencia”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, 9 xullo 2000, p. 14.

Ademais da presentación doutras novidades literarias, comenta brevemente esta obra. Salienta que o título está tomado dun verso de Eduardo Pondal e recorda que Mª Xosé Queizán considera que o autor de Ponteceso na súa obra "fai apoloxía da violencia contra as mulleres".

-Carme Vidal, "A literatura galega padece un pudor atávico", *A Nosa Terra*, nº 943, "Guieiro Cultural", 13 xullo 2000, p. 31.

Entrevista con Mª Xosé Queizán sobre a súa novela *Ten o seu punto a fresca rosa*. A autora afirma que a novela está ambientada en Vigo porque esa é a súa cidade e porque ten conciencia urbana. A seguir, narra unha serie de acontecementos históricos facendo introspección e recollendo "a viveza do momento" e comenta que empregou fontes orais e escritas. Para rematar, afirma que a súa novela é fundamentalmente crítica.

- Miguel Anxo Fernán Vello, "María Xosé Queizán", *O Correo Galego*, "A fenda", 13 xullo 2000, p. 3.

Sucinta referencia á saída da última novela de María Xosé Queizán *Ten o seu punto a fresca rosa*, publicada por Edicións Xerais de Galicia, xusto trinta anos despois da publicación da súa primeira obra neste xénero, *A orella no buraco*. Nesta ocasión, Mª Xosé Queizán ofrécenos unha "novela antisentimentalista que é tamén unha novela de liberación".

Rei Núñez, Luis, *Expediente Artieda*, Premio Xerais de novela 2000, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, outubro 2000, 227 pp. (ISBN: 84-8302-573-6).

Localízase esta novela coral de Luís Rei Núñez (A Coruña, 1958) nos anos da posguerra na cidade da Coruña para recuperar as vivencias dos homes e mulleres das forzas da resistencia contra a dictadura franquista e debullar o ambiente cotián daqueles tempos. O episodio inicial sitúase na tenda de fotografía de Odilo Querentes onde, como cada tarde, os asistentes habituais ao faladoiro comentan a actuación dos xogadores do Deportivo mentres dá comezo a retransmisión na radio do partido entre España e Portugal, encontro ao que asiste o Xeneralísimo Franco. Todos enmudecen cando de súpeto se interrompe a retransmisión de Radio Nacional e a Unión Nacional pola República dá lectura a un comunicado no que din adeus á loita armada e piden á poboación que secunde a Folga Política Nacional de próxima convocatoria. De seguido uns disparos cortan de raíz as palabras do intruso. Este acontecemento que abre o relato e que se retoma nos dous capítulos seguintes dende perspectivas temporais e narrativas diferentes, é o desencadeante de toda a trama, protagonizada por unha ampla galería de personaxes: o pobo coruñés, pertencentes ao bando vencedor e os maquis. Entre eles sobrancean as miserias do traidor, Cosme Leis, un camarada de longa e sincera dedicación á loita clandestina, que, na fin dos seus días no Hospital de Oza, vive un amor non correspondido por Elisenda, enfermeira do hospital e tamén camarada na loita, que o leva á dobre traizón política, aos seus camaradas, e sentimental, á súa muller, María, trala súa lealdade firme en tantos anos difíciles. Así mesmo, destaca a figura do vingador, Artieda, encargado de viaxar á Coruña e procurar unha solución definitiva ao traidor que ocasionou a morte dos catro camaradas que realizaron o asalto a Radio

Nacional. E, ao lado destas dúas figuras, os soños e as fantasías da infancia nas que o cine desempeña un papel moi importante, representados por Camilo, o neno de Lola, a costureira, unha muller viúva e de talante orgulloso que perdeu o seu home polos ideais dunha sociedade sen clases; o peso da memoria na voz de Mateo Lan, o cego; ou o amor nas súas múltiples mostras a través de Trina, a artista ou Bibiana Brea, a dependenta da tenda de fotografía. Todos estes personaxes, entre outros moitos, preséntannos un relato fragmentario sobre as vivencias cotiás, as dores agachadas no tempo e as expectativas futuras, en xeral sempre dende a tristura dunha sociedade gris e sen alicientes e nuns tempos difíciles.

Recensións:

- Ramón Loureiro, “Un poeta, unha novela”, *La Voz de Galicia*, “O recomendado”, 9 novembro 2000, p. 37.

Comenta Loureiro que a responsabilidade da historia recae nos personaxes, non no narrador, e relaciona a Luís Rei, polo xeito de contar, con António Lobo Antunes. Sen embargo, opina que hai que se pór á espera para ver cómo a crítica recibe esta novela. Alén disto, sinala que o libro transparenta o gran coñecemento que o autor posúe da época en que se sitúa a historia.

-F. Martínez Bouzas, “Historia dos esquecidos”, *El Correo Gallego*, “*Correo das culturas*”, nº 50, 12 novembro 2000, p. 7.

Comeza indicando que o Xerais volveu galardoar unha novela social, subxénero que Martínez Bouzas considera necesario para que Galicia sexa consciente do seu escuro pasado recente. Comenta que o volume, para o que se desbotou o título *Nunca o imos conseguir*, ten tres tipos de protagonistas: unha grea de torturadores, gobernadores, falanxistas e outras herbas do bando vencedor, o pobo coruñés que sofre o despotismo dos anteriores, e os maquis que, sabéndose vencidos, continúan a loita contra a dictadura. A pesar de todo, non considera maniquea, mais si parcial, esta novela política que literaturiza a historia dos derrotados. Á parte disto, informa que, a causa da utilización do fragmentarismo, o inicio é moi lento, ritmo que se corrixe xa pola metade. Non obstante, a esta novela coral, con pouca descrición e moita acción, apúntalle un desenlace que peca de "peliculeiro".

- Tomás Ruibal, "Franquismo á galega", *Diario de Pontevedra*, "Revista", 12 novembro 2000, p. 11.

Empeza o artigo enumerando a traxectoria editorial de Rei Núñez, sinalando que vive na capital do Lérez e indicando que a novela recibiu o Premio "Xerais" de novela. A seguir, desvélase o argumento deste texto que conxuga compromiso social, melodrama e intriga. Coméntase que Artieda parece ocupar unha posición preponderante no relato pero preséntase a seguir toda unha galería doutros personaxes que acaban configurando unha novela coral. Tamén se informa que o cine configura unha canle de fuxida para unha sociedade gris e sen alicientes. Finalmente opínase que a narración está un pouco contaminada pola profesión xornalística do autor.

- Manuel Darriba, "Falta de rodaxe como novelista", *El Progreso*, "Cultura", 19 novembro 2000, p. 75.

Darriba comeza establecendo que o feito de que o texto ganase o Premio “Xerais” de novela non presupón que sexa de calidade. Gaba a descrición da Coruña de posguerra, a creación do personaxe de Artieda, o tratamento do cine negro e o xeito de reflectir a posición dos vencidos. Sen embargo, o feito de explicitar en demasía algunhas cousas parécelle un trazo de inexperiencia. Tamén lle critica o desorde na utilización da primeira e terceira persoas e a indistición estilística dos diferentes narradores.

-M. Blanco Rivas, “Novela sobre a guerrilla urbana antifranquista”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 185, 25 novembro 2000, p. 2.

Explica o tema da obra e dá conta de que esta foi galardoada co Xerais do ano 2000. Comenta a existencia de múltiples voces narradoras e a presencia de actitudes heroicas pero conservando o cerne humano dos personaxes. Así mesmo, louva a descrición da Coruña da época. Finalmente, dá conta doutros títulos do autor e ofrece un percorrido pola traxectoria literaria de Luís Rei.

- Xosé M. Eiré, “Resignación”, *A Nosa Terra*, nº 963, “Guieiro Cultural”, 30 novembro 2000, pp. 27-28.

Despois de recalcar a importancia de coñecermos o noso pasado máis alá das visións edulcoradas que nos ofrecen os medios, Eiré congratúlase da aparición de obras que revisan o pasado cercano, caso tamén de *Agora xa foi* (2000). Nega que Artieda sexa o personaxe central, configurándose por tanto unha novela coral habitada por uns personaxes que viven unha serie de conflictos que non acadan a categoría de dramas. Por outra parte, as súas vidas son merecentes do cualificativo de heroicas xa que, segundo Eiré, nos anos

sesenta o heroísmo consistía en resistir. Así mesmo, louva o uso do fragmentarismo pero nota a carencia de harmonía no tránsito da voz narradora do autor aos personaxes.

-Ramón Nicolás, “Unha novela sen renuncias”, *Guía do libros novos*, nº 24, “Narrativa”, decembro 2000, p. 20.

Describe a temática, argumento, personaxes e ambientes da novela *Expediente Artedia*, elixida Premio Xerais de novela do ano, coa que o Seu autor, o xornalista, poeta e ensaísta Luís Rei Núñez, entra “pola porta grande no ámbito da narrativa galega contempóranea da man do tratamento dun topos literario moi frecuentado nos últimos tempos entre nós: a posguerra.

Referencias varias:

- Carmen Villar, “Dos periodistas, Luis Rey y Xosé Antón Neira Cruz, el Xerais de Novela y el Merlín”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 25 xuño 2000, p. 51.

Refírese á consecución do premio Xerais e Merlín, respectivamente, polas obras *María Pita*, de Luis Rey Núñez e *As cousas claras*, de Xosé Antonio Neira Cruz. Fai un breve resumo da novela *María Pita*, que está

ambientada na posguerra tardía na Coruña e da que o xurado destacou a “gran entidad literaria de la novela y su estructura compleja, bien construída, y con una prosa exquisita y elegante en la que la voz del narrador es discreta y respectuosa con el lector”. Así mesmo, alude ao tema de “grandísima actualidad” de *As cousas claras*, da que o xurado salientou a súa fácil lectura, “ágil, sobre todo por los diálogos”. Por outra banda, apunta que o xurado recomendou a publicación da obra que levaba por lema “Eladio” e que o premio Xerais á cooperación no labor editorial recaeu no grupo Revisión Diseño, do deseñador Pepe Barro. Tamén recolle certas declaracións de Xosé Antonio Neira Cuz, quen comentou que o premio que conseguiu é moi importante, xa que todo o que fixo ata o momento en literatura naceu a partir deste premio que recolleu por vez primeira en 1988; e Luis Rey Núñez, quen indiciou que para el este premio é un recoñecemnto do seu traballo e unha garantía de que chegará a un maior número de persoas.

- Nacho Mirás, “O xornalista Luis Rey Núñez gaña o Premio Xerais coa novela ‘María Pita”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 25 xuño 2000, p. 53.

Faise eco da entrega dos premios Xerais e Merlín, que recaeron en Luis Rey Núñez pola novela *María Pita* e en Xosé Antonio Neira Cruz por *As cousas claras*, respectivamente. Achégase o argumento de ambas as dúas pezas narrativas e coméntase que *María Pita* está ambientada nos anos da posguerra tardía na Coruña e fala do maquis e da resistencia urbana contra a dictadura de Franco; mentres que *As cousas claras*, que pode considerarse unha novela xuvenil de instituto, está narrrada cun ritmo moi áxil e baseada nos diálogos.

-María Varela, “Unha novela aspira a capturar nas páxinas un anaco de vida”, *Diario de Pontevedra*, 26 xuño 2000, p. 7.

Con motivo da concesión do XVIIº Premio “Xerais” de novela, Luis Rei manifesta nesta entrevista a súa satisfacción persoal e confesa que foi unha recompesa a un traballo de anos. Ademais, sinala que esta novela naceu como froito da combinación de varios factores como foi a súa memoria, o imaxinario colectivo dunha época histórica e unha paisaxe modal especial.

- Xosé M. Ferreiro, “El escritor Luis Rei Núñez logra el Premio Xerais de Novela”, *El País*, 26 xuño 2000, p. 46.

Dá conta da obra gañadora do Premio “Xerais” de novela na súa XVIIª edición e ofrece unha breve sinopse do seu argumento. En palabras do propio autor salienta que é unha obra sobre “o heroismo”. Cita outras obras publicadas polo autor premiado como *A rolda invisible* (1988) ou *A travesía dun século* (1987). Finalmente, refírese tamén á obra gañadora do Premio Merlín, *As cousas claras*, de X. M. Neira Cruz.

-Carmen Villar, “Quería que prevalecera na novela a idea do heroísmo desinteresado”, *Faro de Vigo*, 27 xuño 2000, p. 47.

Entrevista a Luis Rei para falar da súa novela, que baixo o lema “María Pita”, resultou gañadora do premio Xerais. Despois de declarar que se sentía feliz por este galardón, aclara que a obra se sitúa na Coruña porque el é coruñés, e a acción no franquismo porque quería que na novela prevalecese a idea do heroísmo absolutamente desinteresado, que podía ser o que sentisen “unha serie de persoas en épocas tan difíciles como podía ser o franquismo, combatindo unha dictadura de moitos anos”. Así mesmo, indica que a obra

ten un carácter reivindicativo e o público é o que a debe completar, xa que, segundo el, “un libro remata por completarse no intre da lectura doutra persoa”.

- Natalia Sequeiro, “Cada frase debe comprimi-lo espírito de toda a novela”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 16 xullo 2000, pp. 2-3.

Análise da novela gañadora do premio Xerais, da que se di que reescribe a historia dos perdedores e que está ambientada na Coruña de mediados dos 50. Saliéntase que Luis Rei Núñez atopou na novela coral o xeito apropiado para narrar a historia dos esquecidos, e que sitúa a acción nun lugar coñecido porque é máis económico e porque a el lle gusta máis. A continuación fálase do seu labor de xornalista e de poeta para contrapoñelo ao de narrador, xa que, segundo Rei Núñez, a novela parte dunha serie de elementos para formar unha historia, e despois hai “todo un traballo escravo pero á vez marabilloso de darlle orde”. Por último sinálase que admira como escritores a Rafael Dieste e Luis Pimentel, e a continuación insírese a biografía literaria deste autor.

- Ana lópez, “Cun premio logras maior proxección dunha obra”, *Diario de Pontevedra*, 5 novembro 2000, pp. 64-65. Entrevista na que o autor recoñece que, a pesar do seu pasado primordialmente ligado á poesía, pensa seguir dedicándose a varios xéneros conforme llo pida o corpo. Comenta que desexaba recibir o Xerais, primeiro premio que consegue, porque a editorial se volca comercialmente cos seus autores. Respecto a isto, coida que as editoras deben manter un equilibro entre o factor cualitativo e o comercial, aínda que non sempre o acadan. No relativo á literatura galega, sinala que o seu flanco máis débil é o constituído polos

lectores, numeramicamente moi escasos. Canto ao texto en cuestión, do que se transcribe un fragmento, descobre que se trata da sétima versión, á que chegou tras anos de traballo.
- Rosa Míguez, “Suxerencia”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, 12 novembro 2000, p. 14.

Sinala que é a obra gañadora do último Premio “Xerais” de novela, que nela se recrea a época da dictadura a través dos grupos da resistencia, personaxes dos que dá a coñecer a súa situación actual pero tamén os seus soños da infancia.

-B. L., “Rei comentará ‘*Expediente Artieda*” en el Café Moderno”, *Diario de Pontevedra*, “Diario de CulturaOcio”, 30 novembro 2000, p. 64.

Anúnciase a presencia de Luís Rei, Manuel Bragado e Fina Casalderrey no acto de presentación en Pontevedra desta obra, da que se expón o tema e se informa que recibiu o premio Xerais no ano 2000. Esta nota inclúe un repaso breve pola producción anterior do autor.

-Belén López, “Expediente Artieda”, o la historia de un grupo de gente anónima”, *Diario de Pontevedra*, “Diario de CulturaOcio”, 1 decembro 2000, p. 63. Noticia sobre a presentación da obra no Café Moderno pontevedrés. A xornalista destácaa por dúas razóns: por recibir o premio Xerais e por tratar un tema de máxima actualidade, posto que se está a conmemorar o vixésimo quinto aniversario da chegada da democracia. A seguir, comenta que o autor sinalou que este

premio lle vai valer para que o público se achegue a el e o coñeza. Ao final, cita brevemente as publicacións anteriores de Rei Núñez.
-Tere Gradín, “Pretendo que as miñas obras conmovan aos seus lectores”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 188, 16 decembro 2000, p. 1.

Nesta entrevista Luís Rei Núñez fala da ilusión que lle deu conseguir o Premio “Xerais” de novela con esta obra, da que fai un pequeno resumo. Polo demais comenta a acollida que está a ter entre público e lectores. Por último, refírese aos proxectos que está a realizar neste momento e á situación da literatura galega actual, que considera moi rica en obras e autores.

Rivas Barros, Manuel, *A man dos paíños*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, nº 163, decembro 2000, 143 pp. (ISBN: 84-8302-591-4).

Este novo libro de Manuel Rivas Barros (A Coruña, 1957) está dividido en tres partes. Na primeira delas, titulada “A man dos paíños”, recóllese a historia de varios emigrantes galegos que residen en Londres. O protagonista narra como o día que el e outro compañeiro, Castro, ían regresar a Galicia, teñen un accidente de automóbil. O seu compañeiro morre e el queda ferido. A partir de aí, o narrador reconstruirá toda a vida de Castro na viaxe que realiza a Galicia para entregarlle as cinzas do seu compañeiro á súa nai. A identificación do narrador con Castro lévao a tatuarse na man uns paíños iguais aos que tiña o seu amigo. A segunda parte do libro titúlase “O albúm furtivo”. Trátase dun relato fotográfico no que se enlazan fotos da Coruña coas de Londres para reflictir os distintos ambientes nos que viviron os emigrantes galegos en Inglaterra. A terceira parte do libro leva por título “Os naúfragos”. É un relato xornalístico no que se recolle a experiencia de varios mariñeiros –Xoán Xesús Piñeiro, Avelino Lema, Eliseo Mato, Lino Pastoriza...– que sobreviviron a un naufraxio. Tamén se inclúen as experiencias dunha muller, Estrela Méndez, que perdeu ao home e a un fillo en afundimentos.

Recensións:

- Salvador Rodríguez, “Galicia tamén en Far West”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 190, 30 decembro 2000, p. 3.

Detrás destes relatos de Manuel Rivas atopa a pegada do cinema de Sam Peckinpah, salvando as diferencias de escenario e de soporte. Os heroes de Rivas viven, segundo el, a mesma épica que os personaxes do Far-West. Así mesmo, encontra dous rexistros característicos da súa narrativa: un achegamento ás bases do *thriller* e unha perspectiva poética en “A man dos paíños” e un estilo xornalístico en “Os náufragos”, a realidade crúa da vida dos mariñeiros tan familiar para nós.

-GM, “Manuel Rivas define a Galicia como un país “productor de emigrantes”, *Galicia en el mundo*, “Sociedad”, nº 404, 25-31 decembro 2000, p. 18. Coa evocación da visión da emigración na infancia do autor, refírese ao contido dos tres relatos que conforman *A man dos paiños*, de Manuel Rivas. Do primeiro, e do mesmo título que a obra, sinala que é un relato de ficción que se converteu en “obsesivo” para o escritor. Do segundo, “O album furtivo”, apunta que xoga co relato fotográfico en seis postais que recollen espacios xeográficos que se converten en “espacios sentimentales”, mentres que o terceiro, “Os náufragos”, cualifícao como o máis xornalístico. Da obra en conxunto di que o autor opta polo “antitópico” debuxando unha Galicia de emigrantes, náufragos, exiliados e perdedores, na que a morriña séntena os que quedan aquí. Tamén recolle algunhas impresións do autor nas que indica que estas experiencias nos levan a un espacio fronteirizo de loita pola supervivencia, dun sentimento entre o apego e a perda da terra.

Referencias varias:

-Rodri García, "*A man dos paíños*, a nova novela de Rivas, estará á venda en nadal", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 26 novembro 2000, p. 37.

Achégase á obra *A man dos paíños*, de Manuel Rivas sinalando que os seus protagonistas son os emigrantes e náufragos galegos e céntrase na descrición da estructura do libro, dividida en tres relatos, dos que cita os títulos e sinala brevemente o contido de cada un deles.

-Carmen Villar, "Rivas dibuja una Galicia 'emigrante' y 'náufraga' en *A man dos paíños*", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 20 decembro 2000, p. 39.

Co gallo da presentación en Compostela do libro *A man dos paíños*, indícanse algunhas das súas características. Sinálase que a estructura do volume se asenta na definición de Galicia como país productor de emigrantes e náufragos, faise referencia aos tres relatos que conforman este libro e reprodúcense as reflexións de Rivas sobre a emigración.

- M. B., "Rivas regresa con la épica de la emigración y el mar", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 20 decembro 2000, p. 32.

Reprodúcense as reflexións de Manuel Rivas sobre a súa obra *A man dos paíños* e sobre a emigración, tan presente neste libro. Alúdese á relación da condición de náufragos e de emigrantes da que subliña que se enfrontan a situacións límites cunha extrema serenidade e mais que teñen en común a condición de superviventes.

-Manuel García Solano, "Rivas busca rachar cos tópicos da emigración na súa última obra", *El Mundo. Galicia*, "Sociedad y Cultura", 20 decembro 2000, p. 10.

Faise referencia a *A man dos paíños*, sinalando que consta de tres relatos, un de ficción, outro fotográfico e, finalmente, un xornalístico, que foron escritos en boa parte en Londres e que en conxunto tratan de desmitificar algúns dos tópicos da emigración galega. Resáltase que estes relatos supoñen "tres maneiras de ver" e que son historias moi persoais que forman un relato máis psicolóxico ca sociolóxico.

- Belén López, "Rivas foi recibido no Salón do Libro de Pontevedra como unha estrela do rock", *Diario de Pontevedra*, "CulturaOcio", 21 decembro 2000, p. 71.

Aproveitando a presentación de *A man dos paíños* no IIº Salón do Libro de Pontevedra sinálase a importancia da "estrela literaria" de Manuel Rivas e danse algunhas notas sobre esta nova publicación de Rivas como que xira ao redor dos emigrantes e náufragos galegos e que "xoga con mestría coas emocións do que le".

-Salvador Rodríguez, “Galicia é un país productor de náufragos”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 189, 23 decembro 2000, pp. 1-2.

Longa conversa con Manuel Rivas con motivo da publicación de *A man dos paíños* (2000). Tras unha introducción na que se destaca o ton máis reflexivo que gañou Rivas cos anos, o escritor afirma que nestes relatos tentou reflexionar sobre a vida dos emigrantes e dos mariñeiros, dúas “castes” paralelas unidas por unha existencia de náufragos. Continúa dicindo que trata de destruír os tópicos da emigración, fenómeno que segue a se dar en Galicia a pesar de que os galegos viven na “mentira estatística” e nunha realidade anestesiada. O mesmo autor defende, a continuación, “os herois do noso tempo”, xente coa que Galicia ten unha débeda de todo tipo. Ademais, di que a materia compilada en Londres dará para máis entregas literarias, que segue a escribir como ao principio, se cadra, máis selectivamente, e que o seu volume *Galicia, Galicia* (1999) recibiu o silencio por censura institucional. Por outra banda, pensa que non ha de escribir literatura en castelán e séntese moi satisfeito coas adaptacións cinematográficas das súas creacións. Por último, Rivas reflexiona sobre as relacións entre o xornalismo e a literatura.

Riveiro Coello, Antón, *Animalia*, Premio de narrativa curta Café Dublín 1999, Vigo: Galaxia, col. literaria, nº 168, maio 2000, 133 pp. (ISBN: 84-8288-362-3).

Recóllense neste volume de Antón Riveiro Coello (Xinzo de Limia, 1964) un conxunto de oito relatos de breve extensión, agás o último, “Cadros baleiros”. Todos son historias independentes, mais presentan unha característica común: a convivencia entre o humano e o misterioso. Así, ao longo de varios contos, o lector pasa dun mundo críbel a outro fantástico e inexplicábel racionalmente co que se configura un xogo de imaxes e dobres sentidos de gran contido argumetal. Así en contos como “Quilate”, “A muda da Piñeira” ou “O reverso de Karl Brawn”, aos protagonistas, nenos e un mozo no último deles preséntanselles situacións conflictivas derivadas da súa fantasía, que se ve agudizada pola complicidade dos “adultos” que os rodean. Pero estes tamén sofren na propia pel a punzada do irreal como lle ocorreu ao policía protagonista de “Cadros baleiros”, que culpa ás figuras dun cadro da autoría dun asasinato. Noutros, como “O veleno dos soños”, ese límite real-imaxinario está provocado pola lectura dun libro, coa influencia de Kafka explicitada. Tamén hai contos nos que o protagonista se ve enleado e, finalmente, morto polo poder da maxia. Finalmente, en “Rosalía e o Bruión” aparece ese personaxe peculiar, marxinal e tolo, cunha vida dura entre a loucura e a tenrura de vivir con e coma animais.

Recensións:

- Armando Requeixo, “A animalia de Riveiro Coello”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 31, 2 xullo 2000, p. 9.

Alúdese á aparición da obra de Antón Riveiro Coello, *Animalia*, na editorial Galaxia. Trátase dun libro de relatos co que o autor obtivo o Premio de narrativa curta “Café Dublín” do ano 1999. A seguir, cítanse outras obras do autor como *Valquiria* (1994, Premio “Camilo José Cela” de narrativa), *Parque* Central (1996) A *historia de Chicho Antela* (1997), *Airadas as palabras* (1998) ou *A quinta de Saler* (1999, Premio de narrativa “Gonzalo Torrente Ballester”). Para rematar, céntrase no argumento dos oito relatos que compoñen esta obra.

- Joaquim Ventura, “Entre a fantasía e o absurdo”, *Guía dos libros novos*, nº 21, “Narrativa”, setembro 2000, p. 25.

Logo de facer unha clara distinción entre a literatura do fantástico e a do absurdo, afirma que a obra recensionada debe situarse neste segundo grupo. Ofrece un breve resumo de cada un dos contos que forman parte do libro, sinalando nalgúns deles erros relacionados co tema elexido ou co tempo narrativo. Finalmente, valora a obra por ser unha nova achega ao xénero fantástico e por ser, ademais, un sinal de “normalidade” na literatura galega.

- Xosé M. Eiré, “Na procura da imaxinación”, *A Nosa Terra*, nº 961, “Guieiro Cultural”, 16 novembro 2000, p. 22.

Principia aseverando que o título non é indicativo do contido: unha serie de narracións caracterizadas por remates climáticos, razón pola que Eiré desdeña chamarlles relatos e prefire a denominación de contos. Ve na imaxinación, pondo exemplos, un dos aspectos máis importantes desta colectánea mais ve no estilo, agás na derradeira historia, o trazo unificador. Comenta que os personaxes habitan mundos organizados arredor dunha serie de regras diferentes ás do noso e que en tres dos contos se confunde o plano do real coa fantasía. Á parte disto, informa de que cinco dos relatos foron premiados en 1999 co Café Dublín.

-Teresa Bermúdez, “Relatos con imaxinación”, *Tempos Novos*, nº 42, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, novembro 2000, p. 84.

Preséntase o volume *Animalia*, de Antón Riveiro Coello, composto por oito relatos galardoados co Premio de narrativa curta “Café Dublín” do ano 1999 (os cinco primeiros) e co Premio “Modesto R. Figueiredo do Pedrón de Ouro”. Ademais de describirse algún destes contos de maneira individual, indícase que todos eles se autocualifican de “incribles” e que neles predomina o efecto sorpresa e o clímax final, lográndose “o estrañamento e a distancia necesarias para provocar o desconcerto e a sensación de marabilloso”.

Referencias varias:

- R. Soto, “Antón Riveiro Coello dá novo pulo á literatura fantástica en galego cos contos de ‘*Animalia*”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 16 xuño 2000, p. 55.

Dá conta da presentación do libro en Vigo á que indica que asistiron tamén Xosé Ramón Pena e Damián Villalaín e faise eco das palabras do autor que fala do real e do fantástico como elementos que se funden na obra, das influencias de escritores como Kafka, Cortázar e Cunqueiro, ademais dos precedentes na literatura galega doutros como Risco ou Méndez Ferrín, da procedencia dos seus relatos do cotián ou a súa idea de que o relato curto se adapta mellor aos argumentos fantásticos.

- Rosé Carrera, “Coa literatura acadamos o imposible”, *Atlántico Diario*, 19 xuño 2000, p. 8.

Entrevista con A. Riveiro Coello con motivo da publicación da súa obra *Animalia*, que inclúe os cinco relatos breves cos que gañou o Premio de narrativa curta “Café Dublín” que outorga o pub vigués do mesmo nome e tres contos máis premiados no XXIIIº Concurso de “Modesto R. Figueiredo do Pedrón de Ouro”. O autor afirma que os animais son o fío común das historias, así como a posibilidade de facer realidade os soños. Por último, afirma que os relatos se localizan na Limia, a súa terra, a pesar de que non fai ningunha alusión directa á vila “para darlle maior universalidade ós relatos”.

Marcos Valcárcel, “Relatos en busca do insólito”, *La Región*, “O ronsel dos libros”, 13 xullo 2000, p. 14. Sinálase que, ademais da saída á rúa de *Animalia*, Antón Riveiro gañou os premios de narrativa Álvaro Cunqueiro con *Homónima* e o García Barros con *As rulas de Bakunin*. Respecto ao primeiro libro destácase que son relatos nos que se busca o marabilloso e o insólito e que son historias cheas de frescura e imaxinación. Por outro lado, saliéntase a dosificación da narración e o excelente sentido do humor dalgunhas das historias.

Marcos Valcárcel, “Un escritor da Limia”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 14 xullo 2000, p. 3.

Coméntase a saída do último libro de Antón Riveiro Coello, *Animalia*, publicado pola editorial Galaxia. Faise un percorrido pola traxectoria literaria do autor e cítanse algunhas das súas obras, así como algúns dos premios que obtivo. A seguir, céntrase en *Animalia*, “unha serie de historias breves cheas de frescura e imaxinación”.

Riveiro Coello, Antón, *Homónima*, Vº Premio de narrativa Álvaro Cunqueiro 2000, Vigo: Galaxia, col. Literaria, nº 174, 2000, 214 pp. (ISBN: 84-8288-408-5).

Esta novela de Antón Riveiro Coello (Xinzo de Limia, 1964) artéllase en vintesete capítulos intitulados a través dos cales desenvólvese a soprendente aventura que vive Suso Paradela Soneira na busca da homonimia do seu propio nome e apelidos través de internet levado por unha teimuda curiosidade, o que lle leva a descubrir que no Centro de Datos da Universidade Autónoma de México existe un Centro que leva o seu nome e o do seu avó. A coincidencia comeza a obsesionalo, polo que decide emprender unha viaxe a México na procura da indentidade do seu homónimo. Na biblioteca da Universidade de México infórmanlle que hai un libro da autoría dun poeta que leva ese nome e que está dedicado aos habitantes de Tzataplán. Este é o punto de partida da viaxe a esta aldea recóndita de México na que irá descubrindo toda a verdade sobre a existencia dese nome que o irá levando ao coñecemento da súa propia identidade e das súas raíces, pois nesta afastada paraxe descobre moito máis do que esperaba: á verdadeira identidade do seu avó que el cría morto despois do Alzamento a mans dos falanxistas.

Referencias varias:

R. Soto, “Antón Riveiro Coello: “Cunqueiro estaría orgulloso de Homónim@”, *Faro de Vigo*, 21 xuño 2000, 84.

Noticia que resume o argumento desta obra e na que se indican cales son os autores que influíron en Riveiro Coello, de entre os que se destaca a Juan Rulfo, escritor para o que a novela é unha especie de homenaxe. Alúdese ademais á estructura e á técnica narrativa, da que se di que “está tan depurada que o lector sen decatarse camiña lento e saborea unha prosa clásica”. Finalmente, menciónase a presentación doutro libro deste autor, *Animalia*.

Riveiro Coello, Antón, *As rulas de Bakunin*, XIIº Premio de novela Manuel García Barros (Ken keirades) 2000, Vigo: Galaxia, col. Literaria, nº 172, decembro 2000, 252 pp. (ISBN: 84-8288-406-9).

Camilo Sabio Doldán, un ancián veterano da guerra civil, é o fío conductor desta novela de Antón Riveiro Coello (Xinzo de Limia, 1964) estructurada en corenta e un capítulos intitulados que se inicia na actualidade, cando Camilo emprende a busca dun libro emblemático para el, agasallo do seu avó Estevo, morto a mans dos falanxistas durante a dictadura de Primo de Rivera. Ese libro é o símbolo da esperanza na novela, pois a tortura á que foi sometido consistiu na memorización do seu contido nun período de quince días se quería salvar a súa vida durante a súa estancia no cárcere no réxime franquista. A novela desenvolve a través de constantes saltos temporais unha vital parte da historia de Galicia no último século que abrangue dende os tempos de preguerra ata a actualidade na que están presentes as esperanzas revolucionarias, o galeguismo agrarista, a derrota republicana, a represión franquista e a emigración protagonizadas por unha ampla galería de personaxes das diversas épocas nas que vive Camilo. A alternancia de voces narrativas é outra das claves fundamentais desta novela na que se intercala a voz en terceira persoa do narrador coa voz en primeira persoa de Camilo que en forma epistolar se dirixe a un interlocutor que xa non existe no tempo actual, Rosalía, a súa amada esposa, coa que compartiu a súa loita pola vida e a quen lle conta a súa vida cotiá na actualidade ao lado da súa filla Branca e o seu neto Lázaro, cego de nacemento. A través deste último personaxe a novela enlaza co presente e co futuro, máis esperanzador có de Camilo, ao someterse con éxito a unha operación dos ollos e recuperar a vista.

Rodríguez Troncoso, Manuel, *Chama acesa -Noeliña-*, limiar de Camilo Valdeorras, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Narrativa, 2000, 170 pp. (ISBN: 84-7492-961-X).

“Noveliña breve de intención didáctica e moral”, como sinala Camilo Valdehorras no limiar, que reflicte verazmente a vida do campesiñado galego de mediados do século XX, por medio da familia de Noeliña, personaxe sobre o cal xira a obra. A través destas páxinas vemos medrar á pequena Noela, asistimos ao seu casamento e ao nacemento dos seus fillos, mais tamén nos mergullamos no avantar da Galicia rural, representada aquí por esta familia do Guindeiral, unha aldea do interior. Estamos, pois, presentes nos aconteceres cotiáns dos labregos, vivimos as súas preocupacións, problemas e costumes, ademais de sufir a emigración. En definitiva, o autor pretende plasmar na súa novela o decorrer do mundo rural galego desta época. Por outra banda, Noeliña, verdadeira chama acesa, porta consigo unha serie de cualidades e valores que fan que o lector se namore da súa persoa, un ser cheo de vitalidade e enerxía que ilumina o corazón de todo aquel que se lle achega.

Recensións:

-F. Martínez Bouzas, “Novela enxebre e sentimental”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 34, 23 xullo 2000, p. 9.

Tras indicar que este autor, que escribe desde fóra de Galicia, aparece antologado en *Alén do azul*, e dar conta da súa obra anterior, céntrase neste volume que define como “novela de aldea”. Destaca ademais que se fai unha defensa acrítica dos valores e pautas tradicionais e que todos os seus personaxes son “bos e xenerosos”. Tecnicamente sinala que esta é unha novela sinxela, cun narrador omnisciente e personaxes estereotípicos. Respecto ao estilo, a lingua e o léxico saliéntase que se trata de literatura culta, na que se teñen en conta os elementos populares da lingua e do léxico. Finalmente fai unha valoración na que stitúa esta obra “allea de todo á modernidade novelística”.

Referencias varias:

- Rosa Míguez, Suxerencia", *Diario de Ferrol*, "Nordesía", 16 xullo 2000, p. 14.

Entre as novidades editoriais que presenta, refírese a esta novela, que considera resultado das observacións feitas polo autor sobre o rural galego, "fonte constante de inspiracións literarias". Tamén dá conta das últimas novidades aparecidas na colección "O elefante Contacontos" da editorial Ir Indo, como *Soños de Carme*, de Leticia Dotras.

Romero, Medos, *Dubido se matei a Lena*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Peto, nº 28, Serie Abismos, 66 pp. (ISBN: 84-8302-586-8).

Primeiro libro de Medos Romero (Somede, 1959) composto por 27 relatos breves. Neles recréase a vida de diferentes mulleres vistas polos seus propios ollos ou polos dos homes que as coñecen. A través dos relatos preséntanse temas universais como o amor, a anguria, os recordos da infancia ou a morte e outros máis anecdóticos como a morte dunha rapaza atropelada, os maltratos que recibe unha nena do seu pai ou a lembranza dun aborto clandestino. Mediante todas estas historias preséntanse a mulleres enfermas e insatisfeitas, que viven nun mundo dominado pola incomunicación, a incomprensión e a soidade.

Recensións:

- Ramón Loureiro, “Autores para un novo século”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 29 decembro 2000, p. 33.

Ver Fraga, Xesús, *Tute para catro*, neste apartado do *Informe*.

Referencias varias:

-María Ares Sanmartín, “A miña literatura bebe da fonte da vida e das vivencias”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, 24 decembro 2000, p. 13.

Nesta conversa Medos Romero reflexiona sobre a súa concepción da literatura galega e sobre a súa obra literaria. Afirma que non se escribe por casualidade “senón que che dan volta unha serie de feitos que algún día maduran” e que es capaz de comunicar. Con respecto aos temas que máis lle atraen sinala que son a terra e a muller e destaca que a súa escrita bebe da fonte da vida.

Ruibal, Euloxio R., *Casarriba*, A Coruña: Espiral Narrativa, col. Narrativa, nº 26, decembro 2000, 164 pp. (ISBN: 84-95625-15-6).

Primeira novela de Euloxio R. Ruibal (Ordes, 1945). Nas páxinas iniciais do libro faise unha presentación das transcricións das conversas dunha asistenta social cos veciños dun edificio ameazado pola ruína. Na última páxina volve aparecer a asistenta social que relata o derrube dese edificio. Entre amba as dúas declaracións recóllense, en primeira persoa, os testemuños dos diferentes veciños do edificio. A través deles vanse coñecendo anacos das vidas dos habitantes desa construcción. Así, mestúranse historias realistas –a separación dos pais de Lilaina, os problemas que os veciños lle plantexan ao presidente da comunidade ou as charlas no bar de Moucho–, con outras nas que aparece unha gran dose de fantasía –Odilio coa súa pluma na cabeza, “mil nomes” paseando a súa muller convertida en vasoira.... Desta forma créase un mosaico de historias nas que se combina a realidade coa fantasía, e o absurdo co grotesco.

Sá, Antonio, *O camiño do solpor*, Ponteareas-Pontevedra: Alén-Miño, col. Narrativa, outubro 2000, 295 pp. (ISBN: 84-607-0227-8).

Volume dividido en tres partes, sendo na primeira, “Ano de 1999”, onde se nos presenta a Xana, que é unha mestra que aproveita as súas vacacións para practicar o deporte que lle gusta, a hípica. Para isto pasa un tempo en “O Cubil das Bestas”, unha casa de turismo rural que está preto de Mondariz, onde vai participar nun concurso hípico. Nesta casa rural ten dous amigos: Suso e Antón, o dono do negocio; e é a eles a quen lles le a historia da guerra do seu avó Roque, que era republicano. Este relato que le Xana constitúe a segunda parte da novela, titulada “Ano de 1933 ata 1944”, sendo esta a parte máis extensa. Na última sección da obra, “Ano de 2000”, relátasenos como Xana e Antón se namoran e anúnciase que van ter un fillo. Po último inclúese neste volume un vocabulario galego-portugués e unha pequena nota de Antonio Sá onde se indican algunhas diferencias gráficas entre o galego e o portugués, concluíndo que estas son dúas linguas irmás.

Seoane, Xavier, *Ábrelle a porta ao mar*, A Coruña: Espiral Maior, col. Narrativa, nº 23, agosto 2000, 117 pp. (ISBN: 84-89814-95-3).

Novela de Xavier Seoane (A Coruña, 1954) que se estructura en tres partes: “Libro primeiro: a Canción dos Mallantes”, “Libro segundo: un mundo que naufraga” e “Libro terceiro: a alianza do exilio e do retorno”. A través dos tres libros desenvolve a vida da saga dos Mallantes, unha familia de mariñeiros que aparece caracterizada polo particular xeito de vida, á marxe do resto dos habitantes do pobo, feito que condiciona a súa existencia. Esta familia, da que toma especial relevancia Ada, a avoa do protagonista, móvese coma o resto dos personaxes nunha nebulosa de realidade e ensoñación na que o mar é o eixo no que xira a súa vida. Esta mestura de realidade e fantasía vese truncada no Libro II cando se relata o destino que sofren os membros da familia debido ao Alzamento, que os esperta brutalmente da súa tranquila existencia para ser víctimas dunha brutal represión que os leva a morte. Lolo, o neto de Ada, volve no Libro III á súa aldea, despois de estar protexido polos seus avós nunha aldea do interior e terá que enfrontarse á súa nova situación. A narración establécese a través da alternancia de dúas voces, a dun narrador en terceira persoa omnisciente e a dunha voz narradora diferenciada da primeira tipograficamente por estar en cursiva, que se caracteriza pola linguaxe coloquial e que xorde coma unha voz na lembranza, que ofrece outra perspectiva desta historia dominada polo lirismo na descrición dos acontecementos.

Recensións:

- F. Martínez Bouzas, “Unha lírica novela de aprendizaxe”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 46, 15 outubro 2000, p. 11.

A pesar de considerar a este autor un poeta e un rompedor de xéneros, clasifica *Ábrelle a porta ao mar* como novela. Destaca a creación de dous novos espacios míticos: Seaia, vila que fai recordar as da Costa da Morte, e Arca, lugar emprazado no interior. Canto á localización temporal, sitúaa arredor do Alzamento, que determina unha época violenta que afecta á familia do neno protagonista. Tamén ve que a dimensión tráxica do mar está moi presente pero dende unha perspectiva lírica. Encomia o preciosismo da lingua pero pídelle algo máis. Alén disto, comenta a estructura, que cualifica de sinxela.

- Xosé M. Eiré, “Épica da memória colectiva”, *A Nosa Terra*, nº 965, “Guieiro Cultural”, 14 decembro 2000, p. 23.

Comeza cunha longa introducción que trata sobre a necesidade de que a literatura galega se libere do teito que representa a cultura española, ademais de adscribir o volume ao xénero novelístico, aínda que lle apón que non mantén a tensión narrativa. Restálle importancia á historia de Lolo e ve na memoria colectiva o verdadeiro protagonista dun texto definido como coral e que conxuga épica, do día a día, e lírica. Parécelle que está localizado fóra do tempo e do espacio e influído pola tradición oral. Tamén opina que representa un ataque ao individualismo e á globalización.

Toro, Suso de, *Non volvas*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, nº 155, marzo 2000, 189 pp. (ISBN: 84-8302-498-5).

Encarnación, unha muller de mediana idade e enfermeira de profesión, estaba casada e tiña unha filla. A pesar da súa acomodada situación familiar, ela non lograba atoparse a si mesma, polo que, despois de sufir un ataque no que lle aparece en soños a imaxe da nai e da avoa mortas, decide romper cunha promesa feita e volve á súa aldea natal. Así que ao longo de oito capitulos titulados, que á súa vez se volven subdivir e están encabezados por fragmentos da obra de F. Hebbel, *Judith*, un narrador omnisciente, que poucas veces alterna a súa voz coa do diálogo dos personaxes pero si que lle dá paso á conciencia de Encarnación por medio do estilo indirecto libre, presenta esta historia na que o realismo, o soño e a memoria se mesturan. Co seu reencontro coa aldea maldita da súa infancia, a protagonista coñece a súa xénese, o seu pasado e é capaz de identificar a vella e a nena que tantas veces visitaran o seu maxín. Trala realización desa viaxe interior e, como fixera a Judith bíblica, quere vingarse do mal feito por varias xeracións de homes dunha mesma familia á súa avoa e logo á súa nai, matando ao que viría sendo seu avó. Esta novela de Suso de Toro (Santiago, 1956) pode dicirse que ten unha lectura simbólica, pois coa viaxe iniciática que a protagonista fai ás profundidades de si mesma na búsqueda da súa identidade, tamén parece que o autor volve a unha aldea galega na Guerra Civil para buscar a memoria da colectividade galega, coa finalidade de que esta xorda con firmeza.

Recensións:

- M. Blanco Rivas, “Unha viaxe ao fondo da nosa memoria”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 154, 29 abril 2000, p. 4.

Desenvolve o fío argumental da nova entrega de Suso de Toro na que a protagonista é unha muller que chamada polo pasado volve ao lugar da súa infancia, unha volta ao pasado, que só existe no soño, e unha aldea maldita, na que descubrirá o misterio sobre a súa orixe. Ve nesta viaxe intimista da protagonista unha viaxe do lector cara ao “fondo do corazón e da memoria”. Salienta do estilo a ausencia de diálogos e os longos discursos descritivos. Remata cun repaso de parte da producción do que considera un dos mellores autores da literatura galega: *Polaroid* (1986), *Círculo* (1998) e *Unha rosa é unha rosa* (1997).

- Xosé Manuel Enríquez, “Metáfora da porfía”, *Guía dos libros novos*, “Narrativa”, maio 2000, p. 20.

Coméntase a importancia que o tempo adquire nesta obra. Explícase cómo o pasado é construido de novo, recorrendo aos soños para xustificar os cambios. Saliéntase, ademais, a forza que teñen na novela certas crenzas relixiosas e litúrxicas do mundo occidental. Como resultado de todo isto, sinálase que *Non volvas* “novélanos unha serie de acontecementos e actuacións alucinantes”.

-Teresa Bermúdez, “O eterno retorno de Iudit”, *Tempos Novos*, nº 37, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, xuño 2000, p. 80. Alude á novela de Suso de Toro, *Non volvas*, da que indica que combina o tratamento realista coa incorporación como claves temáticas de elementos oníricos e sobrenaturais. Fai referencia ao argumento e indica que a viaxe iniciática que fai a protagonista anónima é unha volta simbólica ás súas orixes, esquecidas nunha aldea galega. Salienta que nesta obra hai conexións metaliterarias coa Biblia e di que a figura mítica de Iudit, que aparece no inicio de cada capítulo a través das citas do alemán Hebbel, é o principal paralelismo bíblico, aínda que subliña que a Iudit desta obra “encarna a rebelión contra o establecido”. En canto ao estilo destaca a súa viveza e o “maxistral dominio do ritmo e do suspense”.

- Dolores Vilavedra, “Creando mundos propios”, *Tempos Novos*, nº 39, “Entregas Culturais”, agosto 2000, pp. 52-53.

Ver Loureiro, Ramón, *Corazón portugués*, neste apartado do *Informe*.

-A. C., “Suso de Toro indaga en el pasado más reciente en la novela *No vuelvas*”, *El País*, “La Cultura”, 11 novembro 2000, p. 44.

Reflexiona sobre a presencia da guerra civil como tema recorrente en moitos autores do momento actual e recolle as palabras do propio autor sobre o seu papel de mediador con aqueles “fantasmas” que se lles aparecen e transmiten as súas mensaxes. A seguir, fala da dificultade de pórse no papel da muller

protagonista que descobre un pasado oculto, salientando que o tema central é a agresión a mulleres. Do estilo dise que é "duro" para transmitirnos unha viaxe "al fondo del dolor" que ten como recompensa para a protagonista a recuperación dunha vida que antes non tiña sentido.
- Javier Goñi, "Una Memoria de Ofensas", *El País*, "Babelia", nº 468, 11 novembro 2000, p. 7.

Achega ao argumento de *Non volvas* na súa traducción ao castelán comezando por destacar a importancia dos soños e da memoria dentro da obra, característica que sinala tamén en *El pueblo de la niebla* do mesmo autor. Explica que a protagonista é unha enfermeira de mediana idade, casada e cunha filla, que sofre un ataque no que se lle aparecen en soños a imaxe da nai e da avoa mortas, unha chamada que a levará de volta á aldea natal e á casa familiar onde se atopará co pasado, a memoria da familia e o gran segredo gardado durante xeracións que propiciará a súa vinganza. Remata destacando o estilo da obra caracterizado por capítulos nos que non "sobra" ningunha palabra e outros máis "rurales, ensoñados" que se adecúan ao ánimo da protagonista.

- Ángel Basanta, "No vuelvas", *El Mundo*, "*El cultural*", 6 decembro 2000, p. 12.

Basanta ve unha metáfora de Galicia na unión que presentan os personaxes de Suso de Toro entre a vida urbana e o pasado recente, ligado a unha sociedade rural subdesenvolvida. Non obstante, valora que non caia no costumismo na viaxe interior á aldea que esta obra presenta como medio para saldar contas co pasado e encarar o futuro libre de cargas. Comenta como na aldea descobre unha familia marcada por dúas violencias: a chamada "de xénero" e a derivada da Guerra Civil. Finalmente gaba a utilización do estilo indirecto libre e a integración da realidade cos elementos fantásticos.

Referencias varias:

-Ángel Varela, “O mundo cultural galego baséase en que non se mova ninguén”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 119, 14 marzo 2000, p. 7.

Conversa con Suso de Toro na que explica o argumento da súa novela *Non volvas* como o do “anxo exterminador” dentro dunha obra “moi hipnótica” e cunha gran carga onírica. Tamén di que non está baseada en feitos reais e que dentro da súa producción é a novela da que está máis satisfeito, ademais de ver nela aspectos que xa apareceron en *Land Rover* (1988). A continuación reflexiona sobre as actividades de promoción, da obra e sobre o estado da literatura galega que considera moi diferente da española, mercado editorial ao que accede a través das súas traduccións, e no que ve unha maior competitividade. En columna á parte e baixo o título de “O lapidario dun escritor” recóllense algunhas “sentencias” referidas á crítica, o mercado español fronte ao galego, ou a súa relación con Manuel Rivas.

- Carmen Villar, “Hai a quen non lle gusta que exista unha literatura galega”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 150, 25 marzo 2000, p. 3.

Con motivo da presentación da súa nova novela, Suso de Toro reflexiona sobre a súa visión da cidade de Santiago de Compostela e sobre o momento da literatura galega, da que salienta que malia non estar normalizada, o momento que vive actualmente é un dos mellores en canto a producción e calidade. Tamén se refire aos seus lectores e á construcción da literatura galega considerando que segue o camiño de xeracións anteriores para dar a coñecer Galicia polo mundo. Sobre a novela que vén de publicar apunta que é un reto pola en boca dunha muller pero que quedou satisfeito, ademais de ver a Guerra Civil como un trauma

da sociedade galega que aparece recollido nas súas obras. En columna á parte refírese á súa relación con Joyce, ao papel de Internet e de Galicia dentro do mundo.

- C. P., “Suso de Toro entra na literatura de altura coa novela ‘*Non volvas*”, *La Voz de Galicia*, 31 marzo 2000, p. 69.

Dáse conta da presentación da novela de Suso de Toro feita por Manuel Bragado, editor desta, na que salientou que é unha obra organizada ao xeito de traxedia grega na que a muller protagonista vive no seu propio inferno e cunha coidada linguaxe mantendo o misterio ata o final. Tamén se di que Suso de Toro falou do proceso creativo, da influencia de Faulker e da literatura do século XX nesta obra, ademais de que con ela procura no lector o pracer da ensoñación.

-Nieves García, “El suspense y el misterio hay que usarlo para atrapar al lector”, *El Ideal Gallego*, 1 abril 2000, p. 15. Entrevista con Suso de Toro sobre o contido da novela no que a protagonista volve á aldea da infancia para averiguar o pasado da familia malia que súa nai lle fixo prometer no leito de morte que non o faría. Considera que é unha novela de suspense e misterio co que tenta “atrapar” ao lector e contarlle unha historia totalmente inventada e dirixida a todo tipo de público. Remata comentando outros títulos que tiña pensado para a obra e falando do seu traballo actual nun guión de cine, a partir do que escribirá unha novela.

- Ignacio R. Díaz, “Suso de Toro centra la trama de su obra ‘*Non volvas*’ en la venganza”, *El Progreso*, 5 maio 2000, p. 74.

Recóllese a presentación da novela na galería Sargadelos de Lugo na que Suso de Toro falou do protagonismo dunha muller que volve ao pasado para vingar os agravios inflixidos á súa familia. Tamén se alude á Guerra Civil como un feito que está presente na historia, así como a crueza e a vinganza. Remata sinalando que é probábel a adaptación desta obra ao cine como outras anteriores do autor.

-M. Beceiro, “Reverte y Suso de Toro lideran las ventas en la Feira do Libro”*, La Voz de Galicia*, 11 maio 2000, p. 49.

Coméntase que na Feira do Libro de Compostela, a novela é o xénero máis vendido, que o libro xuvenil está a acadar bos niveis e que os libros de peto gañan postos ano tras ano. No referente aos libros de máis venda en galego, sinálase que son *Non volvas*, de Suso de Toro, seguido por *Galicia, Galicia* (1999), de Manuel Rivas, por *Galicia na Segunda República* (2000), de C. Velasco e mais por *Pensa nao* (1999), de Anxo Angueira.

- Marcos Valcárcel, “*Non volvas*”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 9 xuño 2000, p. 3.

Faise un repaso polo argumento desta obra e destácase o misterio e a tensión dramática que posúe. Saliéntase ademais a visión que se dá na novela do mundo rural, xa que é un retrato da aldea diferente do habitual por constatarse o desastre do seu abandono, aínda que tamén haxa elexía por este mundo perdido. Respecto aos personaxes, ademais de darnos datos de Encarnación, a personaxe principal, destácase que a inclusión de figuras máxico-fantásticas crea un certo contrapeso á tensión dramática. Alúdese tamén ao final da novela, no que Valcárcel di que se utiliza como referente o poema de Rosalía, "A xustiza pola man", ademais de opinar que a mensaxe optimista das dúas últimas páxinas queda "frustrada e afogada na tensión dramática do conxunto".

- R. Soto, "Suso de Toro: 'Invento historias que queren representar o que é realidade", *Faro de Vigo*, 7 xullo 2000, p. 45.

Sucinta nota de prensa na que se informa da publicación de *Non volvas*. O autor afirmou, na presentación do libro, que "a historia da muller de *Non volvas* é a representación do noso pasado colectivo, un pasado de terror, de medo, de humillación e mesmo de fame".

-Alba Tizón, "Suso de Toro: Levo dous anos sen vacacións e este verán quero telas", *Atlántico Diario*, "Entrevista", 8 xullo 2000, p. 54.

Nesta conversa con Suso de Toro na Feira do Libro de Vigo, á que acudiu para promocionar a súa última novela, responde a cuestións como o tempo que lle dedica a escribir diariamente, a falta de vacacións que

padece nos dous últimos anos ou a idea de ir pasalas a unha aldea de Muros, así como o seu ritmo de escritura cunha media de libro por ano e o feito de ser un dos poucos que vive exclusivamente da literatura. Tamén fala dos seus lectores como entusiastas pero á vez esixentes, da súa intención de entretelos coas súas obras pero tamén de emocionalos e do seu hábito de ter máis de corenta libros abertos para ler.

- M. J., “Suso de Toro firmará exemplares mañá”, *Diario de Pontevedra*, 26 xullo 2000, p. 17.

Informa que Suso de Toro ten previsto asinar exemplares da súa última novela, así como doutras publicacións anteriores, na librería Nós en Santiago de Compostela. Ofrece un breve resumo do argumento desta obra e, finalmente, cita outras novelas do autor.

- Manuel Jabois, “O momento feliz da literatura galega ten os pés de barro”, *Diario de Pontevedra*, 2 agosto 2000, p. 54.

Entrevista a Suso de Toro na que se fala sobre as súas obras literarias e sobre o acto de escribir. Sobre isto último, opina que para ser novelista hai que ter coñecemento da vida social e nesta cuestión a el axudoulle ter traballado bastantes anos de camareiro. Por outro lado, sostén que “o escritor escribe para que lle queiran” e que o feito de escribir é un modo de expresarse a si mesmo. Respecto á atención que se lle está prestando en España despois de recibir o Premio Nacional de Crítica, sinala que el escribe para o mundo aínda que escriba en galego, polo que a traducción dos seus libros é un feito que ve con normalidade. Sobre o momento polo que está a pasar a literatura galega opina que hai unha gran debilidade, xa que non se están

incorporando novos autores, e para normalizar a súa situación necesitaríanse moitos. Saliéntase ademais na entrevista que moitos dos seus protagonistas nas distintas obras son mulleres, feito que el explica dicindo que nas súas historias son as mulleres as que tiran para adiante. Por último faise referencia ás literaturas que influíron neste autor, destacando que o seu mundo estético se conformou cos escritores de lingua inglesa.

- E. R., "Suso de Toro relata en '*No vuelvas*' la historia de una venganza", *El Mundo*, 31 outubro 2000, p. 61.

Noticia da presentación da obra na capital de España, acto que contou coa participación de Marina Mayoral, quen lle louvou ao autor o dominio do idioma, a riqueza connotativa das súas alusións e a creación de personaxes. Así mesmo, coméntase que lle comparou a novela, por diferentes causas, con Delibes, Galdós e Rosalía. O xornalista cualifícaa de dura e sinala a presencia do trasmundo.

-Luís A. Nemolato, "De Toro presenta la versión en español de su última novela", *Atlántico Diario*, "Sociedad", 31 outubro 2000, p. 62. Dáse conta da presentación en Madrid da versión en castelán de *Non volvas*, explicando que o autor se mete na pel dunha muller para afondar no sentido da vida, que prefire un "pasado terrorífico" a un "pasado amnésico" e afrotar a vida tal e como é, rematando por dicir que estamos ante unha novela entre os límites do soño e a vixilia.

- Tere Gradín Barcia, "As miñas obras son agora máis míticas", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", nº 182, 4 novembro 2000, p. 1.

Lémbrase o máis importante da súa traxectoria literaria e faise fincapé en que vive da pluma. A continuación, comeza unha entrevista en que o autor expón o tema e desvela que Filmax vai producir a adaptación cinematográfica, destino que compartirá coa próxima novela, aínda sen redactar, que vai estar ambientada na época medieval e protagonizada por unha pantasma. De Toro recoñece que non gusta de estilos densos e que permite cada vez máis a entrada nos seus textos de elementos irracionais. Alén disto, repasa a súa evolución como narrador. Canto á literatura galega, considera que está nun bo momento interno pero pensa que necesita saír do país para conquistar espacios novos.

-A. C., “Suso de Toro indaga en el pasado más reciente en la novela ‘*No vuelvas*”, *El País*, “La cultura”, 11 novembro 2000, p. 44. Sinálase que esta novela nos leva, acompañados polas pantasmas familiares da protagonista, a visitar o noso pasado recente, que nos conduce ineludibelmente á Guerra Civil. Recóllense as declaracións en que o autor defende a viaxe ás partes máis dolorosas do noso pasado para poder así construír o futuro encol duns alicerces máis firmes, os que proporciona o autocoñecemento e a consciencia duns feitos que a Transición prefiriu esquecer.

VV. AA., *No abeiro da lúa*, Premios do XXVIIº Certame literario Minerva 1999, limiar de Xosé Neira Vilas, Santiago de Compostela: Colexio M. Peleteiro/Revista *Vamos*, 2000, 107 pp. (DL: C-351-2000).

Recolle os traballos, poéticos e narrativos, premiados no XXVIIº Certame literario "Minerva", convocado polo Colexio Manuel Peleteiro. Ábrese cun breve prólogo de X. Neira Vilas, quen louva aos premiados, que "xa son máis ca promesas". Así mesmo, o insigne escritor aconséllaos, sutilmente, sobre cal debe ser a función da "arte da palabra" nos nosos días. De seguido, preséntanse os traballos galardoados, sendo os do apartado de narrativa os seguintes:
- A. Roque Cameselle Capón, "Boneca" (Iº Premio de narración), pp. 65-78.

Nunhas cantas páxinas centra a atención do lector no miserábel existir de dúas persoas, Xeremías e Ermelinda. Son dúas vidas diferentes, mais unidas por unha dor semellante, o azar arrebatoulles as súas respectivas fillas.

- Lorena Domínguez Blanco, "A sutil tea" (IIº Premio de narración), pp. 79-86.

Breve relato no que toca o mundo do insomnio e o lado máis escuro do sonambulismo, o impulso involuntario que leva o ser humano a obrar en contra da razón.
- Diego Alfonsín Rivero, "Fiat Lux" (IIIº Premio de narración), pp. 87-94.

- Sandra Martínez Fernández, “Cousa de meigas” (Accésit de narrativa), pp. 95-98. Sucinto relato no que a anciá protagonista evade a angustia e a dor, a través da escritura. Trata os efectos aos que pode chegar unha mente infantil absorbida polas novas tecnoloxías.

- Verónica Rodríguez Piñeiro, “Andrómena” (Accésit de narrativa), pp. 99-106.

Breve narración, que recolle unha apaixonada composición poética, na que amor e loucura se entrelazan para rematar cun asasinato.

- Andrea Álvarez Pino, “Muller de ferro” (Accésit de narrativa), pp. 107-110. Nunhas cantas liñas concentra o desgarrado sufrimento dunha inocencia corrompida.

Referencias varias:

- Avelino Abuín de Tembra, "*No abeiro da lúa*", *O Correo Galego*, "A lúa nos beizos", 7 maio 2000, p. 3.

Anuncia a concesión dos premios do XXVIIIº Certame literario "Minerva", do que fai unha breve historia. Recorda "oradores" como Otero Pedrayo, Carballo Calero ou Álvaro Cunqueiro, a raíña, as damas e o xurado que participaron na edición de 1963. A continuación, refírese á publicación dos traballos do ano 1999, cita a todos os premiados, salientando entre eles as composicións poéticas de Eduardo González Solleiro, Roque Cameselle Capón e Samuel Solleiro González, das que reproduce algúns versos. Ve neles os poetas galegos do futuro e a pervivencia da lírica que considera o emblema da existencia colectiva galega.

- M. Quintáns S., "Os traballos do certame literario galego de maior continuidade", *El Correo Gallego*, "Fin de Semana", 4 xuño 2000, p. 7.

Coméntase a aparición dos traballos premiados no XXVIIº Certame literario "Minerva", 1999 compilados nun volume titulado *No abeiro da lúa*. Trátase dun proxecto patrocinado polo Colexio Manuel Peleteiro de Santiago de Compostela. O volume conta cunha presentación do escritor Xosé Neira Vilas e recolle os traballos premiados nos apartados de poesía e narrativa.

VV. AA., *Palabras con fondo*, ilust. Andrés Meixide, Pontevedra: Fondo Galego de Solidariedade/Obra Social Caixa Galicia/IGADI, 2000, 191 pp. (ISBN: 84-7824-370-4).

Obra de carácter solidario promovida polo Fondo Galego de Cooperación e na que se recolle a participación de 23 autores galegos, tantos como letras ten o abecedario e as cales marcan o inicio de cada un dos relatos incluídos. A continuación, descríbense os relatos que forman parte desta obra, ilustrada por Andrés Meixide (Vigo, 1942):

- a. Marilar Aleixandre, “África”, pp. 11-14.

Composición poética, da autoría de Marilar Aleixandre (Madrid, 1947), na que se fai unha chamada ao continente africano metaforizado na figura dunha muller violada e agredida para roubarlle os tesouros das súas entrañas polos europeos que a colonizaron. Tamén se alude aos compromisos de redención que nunca foron cumpridos e ás mortes que se están a producir no estreito de Xibraltar na tentativa de moitos africanos de chegar a terras europeas.

- b. An Alfaya, “Busco voces”, pp. 15-24.

An Alfaya (Vigo, 1964) firma este poema de denuncia estructurado en sete corpos no que se tentan transmitir os sentimentos daqueles que chegan en busca de algo mellor que o que teñen no seu país, que foxen da fame pero deixan atrás a familia. A voz poética identifícase coa ilegal que acepta calquera traballo para poder comer e obter os papeis que lle dean a oportunidade de reunirse cos fillos. Tamén se fai unha denuncia da solidariedade hipócrita dos que a empregan como imaxe.

- c. Fran Alonso, “O secuestro dos elefantes”, pp. 25-34.

Fran Alonso (Vigo, 1963) denuncia as desigualdades do mundo fixándose especialmente no sufrimento dos nenos e nenas. Emprega os elefantes como símbolo de todo o bo que poden ter os nenos e maiores, e a través do secuestro destes é onde atopa a causa de tanto sufrimento como se dá no mundo, especialmente en América Latina, Asia e África, dando nomes de nenos que protagonizaron episodios relacionados coas desgracias que afectan os seus paises e que simbolizan ao conxunto da poboación que sofre as consecuencias das guerras, das fames ou o feito de ser refuxiados sen ningún tipo de perspectivas. Remata facendo unha chamada colectiva de rebelión contra os secuestradores dos elefantes para que entre todos construamos un mundo mellor.

- d. Camilo Franco, “Ciclos da historia”, pp. 35-37.

Neste relato de Camilo Franco nárrase como un comandante que regresa ao campamento coa súa columna se para a observar dende un alto a chaira e os cambios que vai experimentando a paisaxe, polo que sempre afirmaba que “a paisaxe tamén fai as súas revolucións”.

- e. Sabela Álvarez Núñez, “O abrazo”, pp. 39-48. Texto de Sabela Álvarez Núñez (Lugo, 1954), no que se plasma a confusión que lle provoca a unha nena pequena oír falar na rúa de inmigrantes e de estranxeiros como perigosos e rexeitábeis. Faise numerosas preguntas de qué significará ser iso, e cando oe falar ao seu compañeiro de clase igual mal deles, chega á casa e dille á nai o mesmo que dixera o rapaz, ante o que súa nai, inmigrante igual que o pai, explícalle que eles tamén son estranxeiros e que non poden estar nos seus países pola desesperada situación que os levou a marchar, moi semellante á de moitos que acaban de chegar e viven na rúa por falta de teito e de traballo.

- f. Carmen Blanco, “Fogo”, pp. 49-52.

Carme Blanco (Lugo, 1954) comeza reproducindo un poema de William Shakespeare, un fragmento da obra *Julie ou la Nouvelle Heloïse*, de Jean-Jacques Rousseau e unhas palabras atribuídas a María Zambrano que aluden aos deserdados do mundo, aos pasos para o ben e o mal, e á imposibilidade de dicir a verdade, respectivamente, mentres que no seu texto refírese ao fogo, á fala e á fame como forma de superar todo o malo quentando as esperanzas, dicindo a verdade coa que se destrúe todo mal e alimentando o corpo e a mente porque “todo o mundo é capital para todo o capital humano”.

- g. Tucho Calvo, “Un ser diferente”, pp. 53-58.

Mostra Tucho Calvo (La Guaira-Venezuela, 1954) un relato de ficción científica ambientado nunha sociedade futura, na que deixaron de existir os científicos, porque estaban desvelados todos os segredos da evolución humana e desapareceran as diferencias entre os humanos. A aparición de síntomas de violencia e sentimento de superioridade nun individuo alerta sobre a necesidade de facerlle ver o bo de ser igual que os demais.

- h. Xosé Carlos Caneiro, “Outra vez a utopía”, pp. 59-70.

Xosé Carlos Caneiro (Verín, 1963) analiza o papel do escritor como home letrado que vive consciente das inxustizas do mundo, reivindicando a dimensión social do escritor porque considera que amar a arte é amar a Humanidade. Reproduce o seu “Manifesto en contra dos malos tempos” no que presenta unhas “declaracións” iniciais do estado das cousas na actualidade e, a seguir, unha declaración na que se ofrecen solucións a moitos dos problemas presentados anteriormente, entre eles o mal reparto das riquezas, a recuperación da verdadeira poesía e non crer en nada obrigatorio porque coarta a liberdade. Remata reafirmándose neste manifesto suscrito hai seis anos e apostando pola súa utopía coa solidariedade como hábito.

-i. Ramón Caride, “I de Ibrahim”, pp. 71-77.

Relato de Ramón Caride (Cea, 1957), no que se trata a desesperación dun inmigrante ao que lle denegan a documentación para poder permanecer no país e que, ante o desconcerto, apela ao suposto coñecemento que ten o funcionario dos seus anos de traballo no país. Este nega que o coñeza e, cando pola noite asiste

á función teatral, merca mecanicamente unha flor á súa noiva ao mesmo home que había anos que o facía e que resultou ser o mesmo inmigrante que pola mañá negou coñecer.

- l. Fina Casalderrey, “Matrioskas”, pp. 79-89. Neste relato de Fina Casalderrey (Xeve-Pontevedra, 1952), tómase o encontro dun libreiro cunha nena xitana que anda pedindo pola rúa como símbolo da miseria que existe en todas partes. Nárrase como, ensumido nunha negociación mercantil, rexeita a nena expulsándoa da súa beira e bérralle por comer os manises do chan. Xa só reflexiona sobre a súa actitude e sente o peso da culpabilidade, que nunha dimensión onírica o leva a ver as desgracias que azoutan países en guerra e o sufrimento dos máis inocentes. Este encontro é o xerme que levou ao libreiro a fundar unha asociación para axudar a infancia.

- m. Antonio Cortizas, “A camiseta”, pp. 91-98.

Antón Cortizas (Ferrol, 1954) denuncia da prostitución infantil a través da historia dunha camiseta que o protagonista enviara nun lote de roupa para o Terceiro Mundo e que recoñece nunha fotografía incluída na reportaxe dunha revista que está vendo. A visión da súa camiseta, personalizada e da que se cansara deseguida, no corpo dunha nena oriental obrigada a prostituírse faille aflorar toda a rabia que non sabía que levaba dentro.

- n. Lois Diéguez, “Século XXI”, pp. 99-105.

Neste relato de Lois Diéguez (Monforte de Lemos, 1944), móstrase unh aceda visión da situación que se vive no século XXI co ataque a Bagdad de fondo e o protagonismo alcanzado polos medios de comunicación que fan da guerra un espectáculo. O narrador omnisciente transmítenos as sensacións que vai experimentando Quevin, un mozo que vive con súa nai enferma, e que é un marxinado malia a súa inconsciencia, ante os ataques televisados.

- ñ. Agustín Fernández Paz, “Invisibles”, pp. 107-119.

Relato de Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1946), no que se denuncia da situación de marxinalidade na que caen os parados nas sociedades occidentais a través da historia de Miguel, un home que, despois de máis de trinta anos de servicio nunha empresa, é despedido pola reducción de persoal ante unha fusión. Aos seus 52 anos é incapaz de atopar traballo por ser maior e vese condenado a vivir na “invisibilidade” para o resto da sociedade malia a súa experiencia, o que o leva a coñecer a moitos na mesma situación ca el.

- o. Carlos Casares, “Dúas miradas”, pp. 121-125.

Nesta narración de Carlos Casares (Ourense, 1941), abórdase a problemática dos refuxiados a través do relato do embaixador de Suecia aos seus compatriotas despois do golpe de estado militar de Pinochet en Chile e durante o que foi acusado de ter refuxiado na súa embaixada de Santiago de Chile a perigosos terroristas. Algúns dos que salvou, presentes na conferencia, observan desconcertados ao seu salvador sen

entender o que di e a súa mirada é de desconfianza polo medo sufrido, contrastando a mirada segura do primeiro coa desconcertada dos anciáns e nenos aos que salvou.

- p. X. L. Franco Grande, “Cara a un mundo novo”, pp. 127-132.

Reflexión de X. L. Franco Grande (Tomiño, 1936) sobre a evolución que o mundo e as sociedades experimentaron no século XX, o que condena a moitas delas a seguir padecendo polo egoísmo das outras, posto que os medios para erradicar o problema existen. Tamén reflexiona sobre a globalización, un fenómeno que pode ser moi bo pero tamén pode facer desaparecer unha sociedade como a nosa. Remata concluíndo que se o século XX foi de grandes avances, o século XXI ten que ser o do desenvolvemento da solidariedade, da xustiza e da cooperación como valores sociais comúns.

- q. Antonio García Teijeiro, “E ela seguiu”, pp. 133-136.

Breve relato de Antonio García Teijeiro (Vigo, 1954), no que se describe como un ser feminino, tal vez unha muller simbolizando a esperanza , sae do seu “escondedoiro” e observa a destrucción e a morte provocadas pola loucura dos homes. Atrás deixa a outros presos e ela busca a esperanza dunha man que a axude sen saber cara a onde dirixirse.

- r. Silvia Gaspar, “Ascensor con fronteiras”, pp. 137-147.

Relato en primeira persoa de Silvia Gaspar (Montevideo, 1960), no que unha arquitecto nos narra o seu encontro cun inmigrante do Senegal ao que lle pode prestar axuda, mesmo unha axuda que ela mesma precisa para o seu traballo, e que non se decide a facelo paralizada por unha conciencia racial e de clase que nunca pensou ter. Fronte a ela, o seu fillo de once anos é moito máis decidido e recrimínalle a súa covardía. Ponse de manifesto a loita da conciencia de querer axudar e a falta de valor cando hai que implicarse de verdade.

s. Bieto Iglesias, “Estrañeza numérica”, pp. 149-155. Abórdase neste relato de Bieito Iglesias (Quintián-Ourense, 1957) a problemática do abuso de menores dentro da fimilia, a través dun narrador omnisciente que nos achega a Rafael, un home descontento co seu matrimonio que mantén relacións sexuais coa cuñada de dezasete anos que vive coa parella. Denunciado, lembra durante o xuízo como foi a súa relación con ela e a situación familiar que provocou dita relación.

t. Manuel Seixas, “Traballar”, pp. 157-166.

Monólogo da autoría de Manuel Seixas (Vilagarcía de Arousa, 1961), no que a voz narrativa se identifica co protagonista anónimo que nos transmite a súa visión do mundo, a súa decisión de abandonar a comodidade dun apartamento e un traballo nun país desenvolvido e marchar a outro no que a fame, as enfermidades e a guerra son o día a día. Na súa particular visión, ve o seu xesto non como unha valentía nin solidariedade, senón como “outro xeito de morrer”. É en contacto cos que máis sofren onde se fai consciente de que calquera sufrimento que poida ter non é nada comparado con todo o que o rodea.

- u. Xosé A. Neira Cruz, “O aseo de Gertrudis”, pp. 167-173.

Esta historia de amor, da autoría de Xosé A. Neira Cruz (Santiago de Compostela, 1968), ten lugar no medio do caos e a desesperanza que invade un país Latinoamericano. Está protagonizada por Gertrudis de Botero e Sixto Montoya, ela unha negra moi bela pero que non fala nin se move, e el un home namorado que a asea a diario agardando que algún día ela lle diga algo.

- v. Víctor Freixanes, “O rostro do futuro”, pp. 175-179.

Reflexión de Víctor Freixanes (Pontevedra, 1951) sobre a desigualdade que se dá no mundo entre os países máis desenvolvidos e os máis pobres, e que cada vez se acentúa máis. Refírese ás mortes que se producen en África e que xa non son noticia porque non venden nos medios de comunicación, posto que o mundo da opulencia quere ver outro tipo de espectáculos e, finalmente, alude ao problema das pateiras que cada vez se acentúa máis, o dunha xente que busca no camiño a Europa un futuro mellor e no que moitos deixan a vida engulidos polo mar.

- x. Alfonso Álvarez Cáccamo, “A pantera rosa”, pp. 181-185.

Texto de Alfonso Álvarez Cáccamo (Vigo, 1952), dedicado “aos que sofren a inxustiza” e inspirado nunha fotografía publicada no suplemento dun xornal en outubro do 2000. Nela recóllese a imaxe dunha praia na

que unha parella está sentada debaixo dunha sombrilla e, a poucos metros, xace o corpo dun inmigrante morto, reproducindo o posíbel diálogo que estes terían ante a “incómoda” compaña.

- z. Suso de Toro, “Zzzzzzzzz”, pp. 187-189.

Simbólico texto de Suso de Toro (Santiago de Compostela, 1956), no que se transcribe o diálogo telefónico entre unha voz que chama ao Fondo Monetario Internacional e outra á ONU, a primeira procedente de Etiopia e a segunda dun bordel de Thailandia, recibindo ambos como resposta o ronquido dos organismos que dormen.

Referencias varias:

-C. V., “23 escritores gallegos se solidarizan con los más desfavorecidos en un libro”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 16 decembro 2000, p. 44.

Dáse conta da presentación da obra en Santiago e destácase o carácter comprometido e solidario desta obra na que se recollen vintetrés colaboracións de autores como Carlos Casares, Víctor Freixanes, Fran

Alonso ou X. A. Neira Cruz, na que cada un deles se corresponde a cada unha das letras do abecedario e a diversos xéneros. Recóllense as palabras de Alfonso Álvarez Cáccamo na presentación nas que destaca a necesidade de empregar a solidariedade e da creación dunha conciencia social cara aos máis desfavorecidos. Remata sinalando as colaboracións na obra de Caixa Galicia a través da súa Obra Social e do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, organismo que representa ao oitenta por cento da poboación galega.

- Belén López, “Fina Casalderrey: O compromiso social non pode excluir a literatura”, *Diario de Pontevedra*, “Diario de CulturaOcio”, 20 decembro 2000, p. 70. Dáse conta da presentación da obra dentro do IIº Salón do Libro Galego da man de Fina Casalderrey en representación dos 23 escritores participantes, tantos como letras do abecedario. Saliéntase o seu compromiso coa cooperación e a solidariedade internacionais, recollidas nunha obra coa que se agasallou a todos os que acudiron á presentación. Na conversa con Fina Casalderrey esta explica o argumento da historia coa que participa na obra, da busca de conxugación entre a literatura e o compromiso ou a importancia do Salón como lugar de achega dos libros ás persoas e do poder adquirido pola mercadotecnia, en especial no caso de Manuel Rivas.

VV. AA., *Premio 2000 de relato, poesía e teatro da Universidade de Vigo*, Vigo: Universidade de Vigo/Edicións Xerais de Galicia, 2000, 153 pp. (ISBN: 84-8302-540-X).

Volume que recolle os textos premiados na cuarta edición deste certame literario, que corresponde ao ano 2000 e que está organizado pola Universidade de Vigo. A seguir, describimos os textos de narrativa incluídos no libro.

- Daniel González Varela, "O home e os medios", (Iº Premio de relato curto), pp. 9-18.

Un narrador omnisciente en terceira persoa condúcenos por unha xornada da vida do protagonista, un estudiante que no día previo a un exame queda a durmir diante da televisión e soña co secuestro e asasinato do Papa Carol Woitjla a mans dunha organización denominada Nueva Iglesia.

- Diego Alfonsín Rivero, "Sinopse dunha vida", (Iº Accésit de relato curto, pp. 19-28.

Este relato ábrese e péchase co informe dun narrador en terceira persoa que nos dá conta dun crime múltiple acontecido no centro psiquiátrico de Monteiro e do posterior suicidio do autor, Lucidecoro Tremor Miólico, un

dos internos. O corpo central do texto está ocupado polo testemuño do protagonista que, en primeira persoa, fai unha síntese da súa vida.
- Robert Duif, “O conflicto de Bridget”, (IIº Accésit de relato curto), pp. 29-43.

Un traductor de películas ao galego cóntanos en primeira persoa unha experiencia vivida durante a versión de *O conflicto dos Marx*. Gracias ao mundo da Internet e das novas tecnoloxías introdúcese nun mundo a medio camiño entre a realidade e a fantasía e que, por veces, semella desbordalo.

- Pablo Vázquez Pereira, “Álbum de Ausencias”, (IIIº Accésit de relato curto), pp. 45-54.

A través dun amigo de Bieito Sotelo coñecemos a historia deste fotógrafo e contador de historias que, antes de pechar o seu negocio, decidiu liquidar o que lle quedaba e, alén das fotografías, tamén saldaba as historias que foran pasando pola súa tenda. Así, o narrador recolle catro desas fotos acompañadas de cadansúa historia: “O afogado”, “A aterraxe de Piterpán”, “Conversa telefónica” e “Tarde no parque”, todas elas dominadas pola ausencia e pola soidade dos seus protagonistas.

VV. AA., *Relatos de verán*, prólogo de Tucho Calvo, Vigo: Ir Indo/La Voz de Galicia, col. Narrativa, nº 34, decembro 2000, 263 pp. (ISBN: 84-7680-346-X).

Ábrese esta escolma dos "Relatos de verán" de *La Voz de Galicia* cun prólogo titulado "O coro do noso imaxinario colectivo" no que Tucho Calvo se amosa sorprendido polo "trebón de voces" que responderon á iniciativa do xornal coruñés. Considera que "foi unha democratización sen precedentes na nosa terra" por incluír a un bo número de persoas que deixaron constancia das súas preocupacións e inquedanzas a través dos seus escritos. Finalmente, louva a iniciativa de Ir Indo para levar os textos ao formato libro e, así, deixar constancia "de que tódolos medios son complementarios á hora de contribuír a espalla–la cultura". A seguir, inclúese o apartado de "gañadores", no que figuran os relatos en galego "A casa dos Loureiro" de X. Manoel Blanco Saavedra, "A chamada do mar" de Vanesa Santiago Vázquez e "O crego" de Antonio Visos Fiaño, ademais doutros dous textos en castelán. A escolma contén 35 relatos en galego e 68 en castelán; dos primeiros dámos cumprida conta no apartado V. 8 deste *Informe*.

Vázquez Pintor, Xosé, *Quen faga voar*, Premio Ricardo Carvalho Calero 1999 na modalidade de narración curta, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Narrativa, nº 142, decembro 2000, 135 pp. (ISBN: 84-89896-83-6).

Nesta novela de Xosé Vázquez Pintor (Melide, 1946) cóntasenos cómo van pasando os últimos meses da vida de Velasco nun hospital. Este é un vello sen familia a quen lle gusta falar e que rapidamente colle confianza cos seus compañeiros de habitación. Xiz, tamén vello, é con quen comparte os últimos días e os dous son sometidos a un experimento no que se analizan os seus soños e as súas reaccións ante determinados medicamentos. Para isto foi necesario cambiar o persoal médico, posto que a Velasco as enfermeiras tíñanlle moito aprecio. A través deste experimento coñecemos algúns datos da súa personalidade e como foran as súas vidas. Finalmente, cando morren, os seus achegados autorizan a súa clonación para que poidan continuar coa investigación.

Referencias varias:

Carme Vidal, “A literatura desertou da aldea”, *A Nosa Terra*, nº 966, “Guieiro Cultural”, 21 decembro 2000, 21.

Fálase de Xosé Vázquez Pintor quen “non gasta boas palabras no mundo literário galego” e dos seus tres novos títulos *A memoria do boi* (2001), *Banzados* (2001) e mais *Quen faga voar*. Explícase que o conxunto da súa producción narrativa non foi tratada con xustiza e repásanse as súas obras *Banzados* –poemario que saíu como protesta contra o plano hidrolóxico– e *A memoria do boi*, da que se sinala que é unha novela rural que abrangue dende os derradeiros anos do século XIX ata a posguerra.

Villanueva, Xosé Manuel, *Adeus India, adeus*, Vigo: Ir Indo, col. Narrativa. Gran Formato, nº 155, maio 2000, 523 pp. (ISBN: 84-7680-325-7).

Extensa e inaugural obra de Xosé Manuel Villanueva Prieto (Lugo, 1959), na que se desenvolven os atrancos que aparecen na relación de dous amigos de mocidade, Xosé e Paco, despois de varios anos de separación. Temporalmente desenvólvese durante dous días, dende o momento no que Xosé chega á casa de Paco procedente da India, país ao que fuxira despois de desertar do exército mentres facía o servicio militar, e remata no intre no que este é detido e conducido a Madrid para ser xulgado pola súa deserción. Nas horas que pasan xuntos, especialmente nunha noite de copas pola cidade da Coruña, fanse conscientes das moitas diferencias que afloran entre ambos, da forma de ver a vida que cada un ten, á vez que comezan a cuestionarse a súa situación actual en comparación coas aspiracións que tiñan na xuventude. A soidade en diferentes formas, a incomprensión, o conformismo ou o paso do tempo son algúns dos factores máis presentes neste encontro a través do que se tenta reflectir os conflictos cos que se enfrontou a xeración de mozos dos anos sesenta e setenta, inconformistas e soñadores, que co paso do tempo os levou a ocupar postos na sociedade aos que se acomodaron e que, neste caso Xosé, o inconformista que escapou á India, referente exótico e ideal para os do seu tempo, vén espertar nas conciencias dos que quedaron, sendo el mesmo víctima dunha vida insatisfeita e menos heroica do que os demais pensaban. É de salientar na obra os diferentes enfoques que nos ofrece o narrador, describindo unha mesma situación dende o punto de vista dos diferentes personaxes que interveñen nela. Remata a obra cun final aberto e incerto, tanto como as propias vidas dos seus protagonistas que se enfrontan ás consecuencias das súas decisións.

Recensións:

- Arturo Lezcano, “Un romance de dentro a fóra”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 130, 6 xuño 2000, p. 6.

Comeza sinalando que é a primeira novela do autor, quen desenvolveu un importante labor cinematográfico, e que se enfrontou a unha historia que cualifica como “bo exercicio narrativo”, na que dende o punto de vista do tempo “gaña en intensidade o que perde en concentración”, pero que o obxectivo da obra impón esta extensión para artellar os feitos. Tamén sinala que o máis interesante é a atemporalidade das persoas e dos feitos fronte aos paraísos perdidos dos mozos da trasición, e que o mellor da escrita de Villanueva é a “gravitación arredor do que non está escrito”.

- Dolores Vilavedra, “*Adeus India*”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 320, 29 xuño 2000, p. 11.

Comeza indicando que a incorporación de Xosé Manuel Villanueva ao panorama literario sorprende por provir do mundo da xestión pública e porque xa pasou da corentena. A continuación trata sobre o argumento e os personaxes da novela, indicando que algúns deles son estereotipos e que en conxunto forman “unha sorte de protagonista colectivo”. Subliña ademais o coñecemento que este autor posúe da India, e indica que quizais a acción non se sitúe nese país polo exotismo, posto que este poñería en perigo “a proposta de reflexión sobre a madurez”, que se agocha nesta obra. Por último, sinala que a lingua empregada é áxil e eficaz narrativamente, indicando que tan só algunhas expresións tópicas perturban por momentos o discurso, do que se destaca a súa vontade funcional.

Referencias varias:

- Carlos Deaño, “A novela máis longa en galego”, *O Correo Galego*, “AFA”, 19 maio 2000, p. 33.

Anúnciase a presentación da novela de Xosé Manuel Villanueva da que se sobrancean, entre outros aspectos, o argumento desenvolvido arredor da xeración dos anos sesenta e setenta encarnada nos dous personaxes principais, a análise da amizade e a evolución que esta vai experimentando, ademais da presencia da India como referente místico e de liberdade. Tamén se sinala a súa grande extensión fronte ao curto espacio temporal no que se desenvolve, ou os anos que o autor tardou en rematala, para finalmente, ofrecer unha breve biografía súa, na que destaca a elaboración de diferentes guións cinematográficos.

- M. Beceiro, “*Adeus India, adeus* é ficción”, *La Voz de Galicia*, “La entrevista”, 19 maio 2000, p. 53.

Conversa con Xosé Manuel Villanueva arredor da súa primeira obra na que fala dunha trama cualificada de historia “coral”, na que di que se desenvolven dous temas principais, por un lado a amizade entre as persoas e a evolución da mesma a través do tempo e, polo outro, a presencia do Oriente, ademais de sinalar que é unha obra totalmente ficticia sen elementos biográficos.

- AGN, “Suso de Toro alaba la primera novela del lucense Villanueva”, *Diario de Pontevedra*/*El Progreso*, 20 maio 2000/21 maio 2000, p. 29/p. 77. Dáse conta da presentación da obra e a participación na mesma de Suso de Toro, quen salientou a “valentía narrativa” do autor e a frescura da obra, así como o seu dinamismo. Sobre o contido destácase que tenta ser

o testemuño da xeración que nos anos sesenta tentaba cambiar o mundo, encarnada aquí en dous amigos que se reencontran despois dalgúns anos de separación e reflexionan sobre o seu presente. Remata indicando que é a obra inaugural da colección narrativa “Gran Formato” da Editorial Ir Indo coa que esta quere celebrar o seu décimo quinto aniversario.

- Rosa Míguez, “Suxerencia”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, 28 maio 2000, p. 14.

Presentación de diversas novidades editoriais. No concernente á literatura galega dá conta desta nova publicación da editorial Ir Indo e ofrece en poucas liñas unha descrición do contido da novela. Por outra banda, refírese á peza teatral de An Alfaya, *Bua-bua requetebua* (1999), destinada ao público máis novo, editada por Ir Indo dentro da súa colección “O Elefante Contacontos”.

I. Narrativa

I.2. Reedicións comentadas e facsímiles

Casares, Carlos, *Ilustrísima*, ed. Manuel Rosales, Vigo: Galaxia, col. Literaria Ensino, nº 2, novembro 2000, LVIII pp./103 pp. (ISBN: 84-8288-394-1).

Na primeira parte deste volume, móstrase unha biobibliografía de Carlos Casares (Ourense, 1941), na que ademais de darse conta dos seus estudios iniciais e universitarios, se fai referencia á súa dedicación á dodencia e aos seus cargos na Real Academia Galega, como deputado independente nas candidaturas do PS de G-PSOE, ou na dirección de Galaxia e no Consello da Cultura Galega. Así mesmo, achégase unha relación da súa obra literaria, entre a que se atopan títulos como *Vento ferido* (1967), *Xoguetes para un tempo prohibido* (1975) ou *Deus sentado nun sillón azul* (1996), dos seus estudios críticos e biográficos sobre escritores galegos relevantes, das súas obras de literatura infantil ou das súa narracións xornalísticas. Tamén cabe destacar que se fai unha contextualización da súa obra situándoa na “Nova Narrativa Galega”, etapa da que se citan os seus principais trazos e representantes. A seguir, ábreselle paso á novela, que toma como base o texto da décimo primeira edición (1988), aparecida na colección “Literaria” de Galaxia. Nela, un narrador heterodiexético, ao longo de catorce capítulos breves, céntrase na curia eclesiástica para relatar como a incorporación dun cinematógrafo altera a vida tradicional dunha pequena cidade galega, que, pola descrición e certas indicacións, parece ser o Ourense de principios do século XX. Este transunto tamén serve para coñecer o clima espiritual e político vivido na Restauración española e reflexionar sobre a violencia xerada pola intolerancia. Finalmente, recóllese un “Comentario-guía de lectura”, no que se sitúa *Ilustrísima* na traxectoria de Carlos Casares e se analiza cómo se configuran discursivamente os acontecementos que constitúen a historia desta obra. Asemade, detense na

análise doutros aspectos do texto como son o autor implicado e o biografismo, o narrador, o tempo da historia e o do discurso, o espacio, os personaxes ou o estilo.

Lugrís Freire, Manuel, *A obra narrativa en galego de Manuel Lugrís Freire*, introd., ed. e notas Xabier Campos Villar, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades/Xunta de Galicia (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dirección Xeral de Política Lingüística), 2000, 275 pp. (ISBN: 84-453-2935-9).

Esta edición dos textos narrativos que Manuel Lugrís Freire (Sada, 1863-A Coruña, 1940) publicou entre 1884 e 1928 está estructurada en cinco partes. A primeira é un estudio biobibliográfico no que se recollen os principais datos relacionados coa vida e a obra do escritor de Sada, salientando a estadía na emigración en Cuba e a súa participación en todos os proxectos políticos de carácter galeguista dende comezos de século ata o 1936. A seguir, inclúese o comentario literario da novela curta *O penedo do crime* e dos máis de cincuenta relatos agrupados baixo o título *Contos de Asieumedre*. Nesta análise trátanse aspectos como a modalización narrativa, as coordenadas espaciotemporais nas que se sitúan, a temática, os personaxes e a recepción posterior por parte da crítica. Os apartados terceiro e cuarto achegan, respectivamente, unha bibliografía e os criterios de edición dos textos. Finalmente, o quinto epígrafe recolle a edición anotada dos textos arriba referidos.

Martín, Paco, *Historias para ler á noite*, Vigo: Galaxia, col. Literaria, nº 104, maio 2000, 155 pp. (ISBN: 84-8288-370-4).

Este volume da autoría de Paco Martín (Recatelo-Lugo, 1940) recolle os relatos “O lume novo”, “Fina” e “Forcadela”, que xa publicara no ano 1992 baixo o título *Tres historias para ler á noite*, e que agora amplía con “Autovía”, que aparecera en 1994 na colección “Relatos dunha hora” da Editorial Nigra. Trátase dunha serie de narracións nas que a realidade se ve adulterada por uns feitos misteriosos e sobrenaturais e que resultan aínda máis desacougantes por ter un final aberto. Así, en “O lume novo”, un narrador protagonista conta cómo co regreso dun veciño a unha aldea abandonada pola construcción dun encoro vai orixinar certos cambios nas actitudes e costumes, que terán como punto cúlmine a queima dun pao totémico na noite de San Xoán; mentres que en “Fina”, relata cómo tres homes unidos por algún sentimento a esta muller, que parece estar desequilibrada, son conducidos a un fatídico final. Por outro lado, en “Forcalela”, un narrador en terceira persoa relata como unha muller desesperada ante o abandono do seu amante se vale da simboloxía popular do animal do mesmo nome para efectuar a súa vinganza; mentres que en “Autovía, presenta a un grupo de excursionistas que, averiándoselles o autobús no que viaxaban nunha estrada descoñecida, abafados polo calor e sede, algúns deles van marchando e outros quedan esperando sen saber o qué.

Recensións:

-F. Martínez Bouzas, “O medo moderno”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 43, 24 setembro 2000, p. 7.

Sinálase que a quinta edición deste volume está aumentada cun novo relato, “Autovía”, que fora editado na editorial Nigra. Indícase que os catro relatos que conforman o libro inclúense no xénero de medo, aínda que non se empregan os elementos clásicos deste tipo de relatos; así, por exemplo, os seres e realidades destes escritos son actuais. Analízase ademais cada un dos relatos por separado, cualificando o primeiro, “Lume novo”, de relato kafkiano; do segundo, “Fina”, destácase a súa sensualidade primitiva e a súa truculencia; de “Forcadela”, dise que é incribelmente tráxico e fermoso; e de “Autovía”, afírmase que é unha parábola sobre a sumisión. Respecto á forma dos catro relatos, lóuvase a súa perfección estructural, a dosificación da intriga e os finais abertos, que permiten que o lector entre no xogo creativo.

-Xosé Manuel Enríquez, “Viaxe cara aos misterios da realidade”, *Guía dos libros novos*, nº 23, “Narrativa”, novembro 2000, p. 20.

Considera que os mellores contos incluídos neste libro son os titulados “Fina” e “Autovía”. Ofrece un breve resumo do contido de cada un dos relatos. Sinala como aspecto novidoso común a todos os contos a representación dunha “visión alterada da realidade”. Destaca o tema do temor ao incomprensíbel presente na

maioría dos relatos. Remata afirmando que este non é un libro de medo, senón un libro de contos que nos levan ata o “misterio da realidade” e que, como indica o título, hai que ler á noite.

Miranda, Xosé, *Triloxía pánica*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Peto, nº 25, serie Literaria, 2000, 133 pp. (ISBN: 84-8302-508-6).

Volume composto por tres narracións de terror obra de Xosé Miranda (Lugo, 1955). En “A neve e a cadeira”, que xa se publicara en 1994, atopamos a descrición que un mozo fai, a modo de diario, das súas aventuras dende o momento en que acha unhas estrañas pegadas na neve. Dende entón sucederán cousas moi raras pero as pescudas do mozo levarano a descubrir que as pisadas son dun enorme animal. A narración do rapaz, que estaba convalecente nunha cadeira de rodas, remata cunha auréola de intriga e desolación. A segunda narración leva como título “Lambirón” e nela descríbesenos as aventuras do biólogo Nemesio Limeses, que ao padecer a enfermidade da ictiose, se transforma en Lambirón, un ser mítico que envelena as fontes. En “Vestio”, que é a derradeira narración do libro e que xa fora publicada en 1995, nárrasenos, acudindo ao recurso literario do manuscrito atopado, as andanzas do antropólogo inglés Douglas Campbell por terras ourensás, nomeadamente por Viana das Veigas que é onde se sitúa a acción. A doutora Eva García ao realizar a autopsia do cadáver de Douglas Campbell acha un caderno onde o antropólogo relata os estraños sucesos que observou nesta localidade e detalla as súas pescudas na procura de descubrir os rituais dos cultos priscilianistas practicados polos habitantes do lugar.

Recensións:

- Lucía Martín, “Historias portátiles”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 36, 6 agosto 2000, p. 7.

Faise referencia a dous libros de peto publicados por Xerais: *Triloxía pánica*, de Xosé Miranda, e *Canon de alcoba*, de Tununa Mercado. Respecto ao primeiro danse os títulos das tres narracións nel incluídas e faise referencia ao seu argumento, destacando que todas elas son historias “tensas e intrigantes”. Ademais disto menciónanse distintos premios, tanto de narrativa coma de poesía, conseguidos por Miranda ao longo de varios anos. En canto ao segundo libro, indícasenos que nos seus escritos a voz é “intencionada e marcadamente feminina” e que nos relatos hai certo erotismo, aínda que tamén apunta que máis que relatos son prosa de difícil clasificación. Por último, indícase que esta obra recibiu en 1998 o Premio Boris Vian ao mellor libro do ano en Buenos Aires e cítanse outras obras desta autora.

- A. R., “Relatos desacougantes”, *Tempos Novos*, nº 41, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, outubro 2000, p. 85.

Breve apuntamento no que se dá conta da aparición da obra de Xosé Miranda, *Triloxía pánica*, da que se indica que contén tres historias desacougantes: “A neve e a cadeira” (1994), “Vestio” (1995) e “Lambirón”. Salienta que todas elas se encadran na narrativa de terror e que as tres exploran as “rexións do paranormal”, ben a través do “fantástico-biolóxico”, do “irracional animista” ou do “puramente demoníaco”.

Referencias varias:

- P. T., “Xerais reforza a colección de peto con tres novidades”, *El Mundo*. *Galicia*, 6 xullo 2000, p. 9.

Sucinta nota de prensa na que se alude á publicación de tres novidades de Edicións Xerais de Galicia. Trátase de *Canon de Alcoba*, de Tununa Mercado; *O gran caderno*, de Agota Kristof e a *Triloxía pánica*, de Xosé Miranda. Deste último, dise que engloba tres relatos de terror: “Vestio”, “Lambirón” e “A neve e a cadeira”.

- Rosa Míguez, “Suxerencia”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, 23 xullo 2000, p. 14.

Coméntanse brevemente os tres relatos recompilados nesta obra e recórdase que os tres foron xa editados anteriormente. Sublíñase que Xosé Miranda foi o galardoado co premio Xerais na edición correspondente ao ano 1998.

- Lois Sandoval, “¿Who is who?”, *O Correo Galego*, “AFA”, 3 agosto 2000, p. 35.

Infórmase da saída ao prelo do *Triloxía pánica*, de Xosé Miranda. Trátase dun libro de relatos de medo, “co misterio e o esoterismo como nexo común”. Cítanse, así mesmo, outras novidades publicadas na colección

“Peto” de Edicións Xerais de Galicia, como *O gran caderno*, de Agota Kristof ou *Canon de Alcoba*, de Tununa Mercado.

Núñez Búa, Xosé, *Revoeira*, prólogos de Eduardo Blanco-Amor e Fernando Pereira, Vigo: Ir Indo Edicións, col. Narrativa, nº 29, marzo 2000, 187 pp. (ISBN: 84-7680313-3).

Este volume ábrese cun prólogo de Eduardo Blanco-Amor, que xa aparecía na súa primeira edición no ano 1971 en Montevideo, e outro de Fernano Pereira, no que ademais de referirse ao labor de Xosé Núñez Búa (Cotobade, 1903-A Plata, 1981), se refire á presente obra e á contribución da emigración con respecto á cultura. A seguir, recóllense unha serie de breves contos protagonizados por varios dos personaxes que participaron no desenvolvemento da cultura galega de principios do século XX, achegándonos así, e de xeito humorístico, a aspectos pouco coñecidos da vida destes persoeiros, como as primeiras experiencias de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao como médico, ou distintas anécdotas vividas por Isaac Díaz Pardo, R. Otero Pedrayo, Laxeiro, Luís Seoane, Xohán Carballeira e Manuel Murguía, entre outros moitos, que van acompañadas das achegas do propio autor, partícipe dalgunhas destas experiencias.

Recensións:

-F. Martínez Bouzas, "*Revoeira*': anécdotas, imaxes", *El Correo Gallego*, "*Correo das Culturas*", nº 31, 2 xullo 2000, p. 9.

Fálase da recuperación, dentro da colección “Narrativa” da editorial Ir Indo, de *Revoeira*, un conxunto de “minúsculas xoias narrativas que cumpriría situar entre o relato curto e o traballo xornalístico”, de Xosé Núñez Búa. Trátase dun “libriño de anécdotas”, no que se inclúen conferencias, lembranzas, confidencias e sinxelas imaxes “da terra afastada, parabiografías e esbozos de moitos homes e mulleres da súa xeración”.

- Arturo Lezcano, “Pegadas na revoeira”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 134, “A escrita”, 4 xullo 2000, p. 7.

Alúdese á aparición de *Revoeira*, de Xosé Núñez Búa, un conxunto de “150 retrincos, sinónimo moi axeitado se temos en conta a devoción polo Castelao expresa no livro”. A seguir, infórmase que a edición conta co prólogo orixinal de Eduardo Blanco-Amor e con outro de Fernando Pereira Caamaño.

- Ramón Nicolás, “A memoria intensa”, *Guía dos libros novos*, nº 23, “Narrativa”, novembro 2000, p. 24.

Comeza cualificando a obra recensionada como “histórica” e “necesaria”. A continuación, enumera os motivos que o levaron a facer esta afirmación. Sinala, en primeiro lugar, o feito de que fose unha obra imposíbel de atopar. Eloxia, ademais, a inclusión dun “interesante limiar” de Blanco-Amor e do “testamento literario, lúcido e verdadeiro” de Fernando Pereira. Salienta, así mesmo, a reivindicación que con esta publicación se fai da figura de Núñez Búa. Rexeita a consideración da obra como un simple libriño de anécdotas. Louva, finalmente, o seu estilo coidado e a súa claridade e sinxeleza.

Referencias varias:

- Rosa Míguez, “Suxerencia”, *Diario de Ferrol* “Nordesía”, 4 xuño 2000, p. 14.

Comeza referíndose á recuperación da figura de Xosé Núñez Búa gracias á publicación desta obra. A seguir, ofrece un breve resumo do argumento desta obra.

-Carme Vidal, “Sorprendeume que na Galiza non se coñecese máis a meu pai”, *A Nosa Terra*, nº 939, “Guieiro Cultural”, 15 xuño 2000, p. 30.

Otilia Núñez, filla de Núñez Búa, lembra a seu pai e alude á publicación de *Revoeira*. Alude aos últimos anos do escritor, avogado e mestre galeguista; lembra a súa vida en Vigo e o exilio a Arxentina. A continuación, céntrase na reedición de *Revoeira*.

Ribalta y Copete, Aurelio, *A obra narrativa en galego de Aurelio Ribalta y Copete*, introd., ed. e notas Mª Eulalia Agrelo Costas, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades/Xunta de Galicia (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dirección Xeral de Política Lingüística), 2000, 187 pp. (ISBN: 84-453-2936-7).

Ábrese este volume co apartado "Esbozo biobibliográfico", no que se achegan unhan serie de datos sobre a vida de Aurelio Ribalta y Copete (Ferrol, 1864 -Soto del Real, Madrid, 1940) referentes á súa familia, formación intelectual e cargos administrativos desempeñados. Por outra banda, dáse conta de toda a súa producción literaria e xornalística, tanto en galego coma en castelán, e de todo o labor desempeñado a prol da terra galega, pois, a pesar de pasar gran parte da súa vida en Madrid, sempre estivo ao corrente do que política, social ou culturalmente, acontecera en Galica. A seguir, no apartado "Obra narrativa en galego" realízase unha nálise das súa novelas en lingua galega –*Ferruxe* (1894), *O Pastor de Doña Silvia* (1925) e *O derradeiro amore* (1931), deténdose nunha serie de aspectos como son o deseño editorial, a modalización narrativa, o espacio e o tempo, os personaxes, o asunto, o estilo e a lingua. No apartado "A modo de coda", extráense unha serie de conclusións da súa producción en prosa galega, para logo darlle paso ás tres novelas citadas. Finalmente, están os apartados dedicados a recoller os "Criterios de edición" seguidos para a reproducción dos textos e a "Bibliografía" consultada para a realización deste traballo.

Rodríguez Castelao, Alfonso Daniel, *Contos de Castelao (Nas voces de Santiago Prego, Avelino González e Candido Pazó*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega (Arquivo Sonoro de Galicia), 2000, 39 pp. (ISBN: 84-95415-23-2).

Volume precedido dunha presentación na que, ademais de informar do contido, se sitúa esta obra dentro das homenaxes coas que foi agasallado A. D. Rodríguez Castelao (Rianxo, 1886-Buenos Aires, 1950) no ano 2000 con motivo do cincuentenario do seu pasamento. O libro, de formato cadrado e pastas duras, está acompañado dun CD no que se recollen as intervencións de Santiago Prego, Avelino González e Cándido Pazó nunha sesión de contacontos celebrado no Salón de Actos do CCG en maio do ano 2000. No formato en papel inclúense as versións orixinais dos seguintes textos de Castelao que serviron de inspiración aos contadores: “Na noite da derradeira novena de difuntos”, “Cando eu era rapaz”, “Dende a fistra da torre”, “O señor Andrés”, “O gran camanduleiro”, “Unha vez chegou...”, “O retrato”, “Manter un animal para comelo”, publicados en *Cousas* (1926) e *Retrincos* (1934), ademais de tres estampas procedentes das *Cousas da vida*.

Rodríguez Castelao, Alfonso Daniel, *Cousas*, ed. Manuel Rosales, Vigo: Galaxia/Fundación Caixa Galicia, xaneiro 2000, 122 pp. (ISBN Galaxia: 84-8288-344-5) (ISBN Fundación Caixa Galicia: 84-89231-97-4).

Reedición da obra *Cousas*, de A. D. Rodríguez Castelao (Rianxo, 1886-Buenos Aires, 1950). Esta obra apareceu por primeira vez na Coruña en 1926 e agora é publicada pola Editorial Galaxia, en colaboración coa Fundación Caixa Galicia, con motivo do cincuenta cabodano da morte do autor.

Rodríguez Castelao, Alfonso Daniel, *Cousas*, ed. Manuel Rosales, Vigo: Editorial Galaxia, col. literaria, nº 13, maio 2000, 122 pp. (ISBN 84-8288-312-7).

Trátase dunha reedición da obra de A. D. Rodríguez Castelao (Rianxo, 1886-Buenos Aires, 1950), *Cousas*, publicada por primeira vez en 1926 e que constitúe un “clásico non discutido da literatura galega”.

I. Narrativa

I.3. Narradores traducidos ou versionados

Adams, Gerry, *A Rúa e outros relatos* (*The Street and other stories*, 1992), trad. Ana Gabin Iglesias e Eva Veiga Torre, A Coruña: Baía Edicións, col. Narrativa. Relatos, nº 7, abril 2000, 233 pp. (ISBN: 84-89803-40-4).

O presidente do Sinn Féin, Gerry Adams, presenta unha serie de relatos nos que se narra a vida cotiá de diferentes habitantes, principalmente, do norte de Irlanda. Estas composicións remiten, implícita ou explicitamente, á polémica entre os católicos do norte, republicanos e contrarios ao dominio británico, e os oranxistas, partidarios da Raíña. Son, pois, diferentes "vivencias", pero cun mesmo fío conductor. Asemade, dannos a imaxe dun pobo moi dividido, no que o conflicto afecta mesmo ao seo das propias familias, como ocorre no relato "Guerra Civil", onde a política acaba distanciando a dous irmáns. Por outro lado, vese cómo todo ese clima de tensión social ten consecuencias, moitas veces dramáticas. A través destas páxinas, o lector comproba a dureza dalgunhas das situacións presentadas: as represalias do exército británico nos anos setenta e as constantes detencións, a vida dos presos políticos e os rexistros a que son sometidas as cousas, como o acontecido na casa da avoa de Seamus, participante activo en disturbios e na loita nas rúas. Tamén se fai un percorrido narrativo pola vida, costumes e rúas máis emblemáticas da Irlanda máis polémica.

Benni, Stefano, *A derradeira bágoa* (*L'ultima lacrima*, 1994), trad. Moisés R. Barcia, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Narrativa, nº 132, marzo 2000, 185 pp. (ISBN: 84-89896-69-0).®

Vintesete relatos conforman este volume de Stefano Benni (Boloña, 1947) que verte unha ollada satírica, cargada de ironía e esaxeración, sobre a actual sociedade italiana, detrás da cal se advirte a sociedade occidental posmoderna. Son contos de diferentes extensións e discursos narratolóxicos ligados por un estilo ameno e directo en que destaca a combinación do léxico coloquial con outro inventado a partir do mundo virtual que emerxe ante nós. O autor retrata, deste xeito, unha civilización anestesiada ante a democracia televisiva, a realidade virtual e o gran circo mediático que tinxe de vulgaridade tanto os modos da Nova Dereita coma a hipocrisía e a pedantería de certa esquerda ante a cultura ou fenómenos como a emigración. Isto conséguеo distorsionando tipos e institucións mediante un humor corrosivo, excéntrico e intelixente que debuxa con contundencia e realismo, pese ao xogo hiperbólico, a actualidade.

Recensións:

- Xosé M. Eyré, "Aviso de onte, escárnio de hoxe", *A Nosa Terra*, nº 949, Guieiro Cultural", 24 agosto 2000, pp. 23-24.

Comentario conxunto a esta obra e a *O dereito á preguiza*, de Paul Lafargue, xenro de Marx. O comentarista empeza ríndose da fachenda humana que fai que o home se nomee cimo da creación e se adxudique a capacidade de crear. Considera o libro de Benni unha crítica á sociedade transalpina extensíbel á galega en particular e á occidental en xeral, pois pretende facer visíbeis as doenzas que a perforan. Para el, a necesidade de chegar a un corpo social amplo excusa a claridade e sinxeleza estilística. En conxunto, define a obra como política e costumista.

F. Martínez Bouzas, "Sátiras italianas", *El Correo Gallego*, "*Correo das Culturas*", nº 48, 29 outubro 2000, 7.

Vese esta colección de vinteseis historias como un ataque á sociedade italiana, extrapolábel á occidental, tomada no seu conxunto pois non se salvan da queima nin esquerdas nin dereitas nin ningún outro grupo. A seguir, sinálase que o volume mestura textos brevísimos con outros maiores que permiten un maior desenvolvemento narrativo. Considérase de lectura amena e cun bo nivel de lingua pero non se lle albisca nada especial. Isto leva a unha condena da política de traduccións que se está a implementar en Galicia e á solicitude de traducir os grandes clásicos, feito que resultaría substantivo ademais para a elaboración do galego moderno.

-Francisco Martínez Bouzas, "Modernas prosas de maldicir", *Guía dos libros novos*, nº 23, "Narrativa", novembro 2000, p. 23.

Vincula a obra de S. Benni á literatura satírica presente en todas as linguas e en todos os momentos. Eloxia os contos por posuíren a “finura que engalan as verdadeiras creacións estéticas”. Considera, ademais, que o autor achou un bo xeito de enfrontarse á sociedade actual. Menciona algunhas das situacións rexeitadas nestes relatos, insistindo sempre na sutileza coa que se fai a crítica. Louva tamén o labor do traductor, pois, na súa opinión, consegue que algúns dos contos soen a galego. Finalmente, interpreta como síntoma da anormalidade do sistema literario galego o feito de que se traduza á nosa lingua unha obra que non é un clásico da literatura universal.

Calvino, Italo, *As cidades invisibles* (*Le citta invisibile*, 1972), prólogo de Miguel-Anxo Murado, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, nº 144, abril 2000, 159 pp. (ISBN: 84-8302-315-6).

Preséntase esta novela de Italo Calvino (Cuba, 1923-Italia, 1985) cun prólogo de Miguel-Anxo Murado, no que fai un breve encadramento desta peza no conxunto da obra do autor, e anuncia as influencias coas que se vai encontrar o lector. A novela está dividida en once apartados e cadanseu conta cun diálogo inicial ou final entre o emperador Kublai Khan e Marco Polo, no que discuten sobre algún aspecto do que o mercader lle está a contar sobre as cidades do seu imperio. Así pois, as cidades son as protagonistas do libro. Cada unha delas relacionada cunha idea ou elemento derivados do que pensa o narrador, Marco Polo. Así asóciaas á memoria, aos signos, ao desexo, aos trocos, aos ollos, ao nome, ao ceo, aos mortos, etc. O lector vai observando na lectura das páxinas un mosaico de espacios urbanos con nome de muller descritos con lirismo, no que por veces abrolla a ironía e está sempre presente a metáfora.

Recensións:

-M. Blanco Rivas, “Cidades que son unha metáfora da existencia”, *Faro de Vigo*, *“El Sábado”*, nº 170, 19 agosto 2000, p. 3.

Relaciona a Italo Calvino con Álvaro Cunqueiro por crear un mundo irreal no que son válidos os anacronismos. Dá conta de que xa noutras obras anteriores reinventara mitos: esta vez o de Kublai Khan e Marco Polo, que lle refire ao primeiro cómo son as cidades do imperio. Debido á ineficiencia da lingua, salienta o protagonismo da memoria e a preeminencia da evocación sobre a descrición. Tamén comenta que, como en *As cosmicósmicas*, está a recrear ideas científicas. Alén disto, sinala que algúns consideran esta a obra cumio de Calvino e cita a M. Fernán-Vello para definila como fermosa.

- F. Martínez Bouzas, "Fanta-historia: cidades metáfora", *El Correo Gallego*, "*Correo das Culturas*", nº 41, 10 setembro 2000, p. 19.

Para Martínez Bouzas, unha das cousas que nos amosa esta obra é a ineficacia da lingua para pintar as cidades que Marco Polo lle intenta amosar ao emperador tártaro. Segue o articulista sinalando algunhas características das cidades fantásticas descritas polo embaixador imperial. Velle profundidade filosófica, centrada especialmente na cuestión da memoria, e fai fincapé en que se trata dunha reinvención de mitos. Así mesmo, gaba a traducción de Miguelanxo Murado, lembra que a novela foi galardoada en 1972 co premio Feltrinelli e coida que o preciosismo lingüístico non dificulta a lectura.

- Estro Montaña, "Unha recreación mítica", *Guía dos libros novos*, nº 23, "Narrativa", novembro 2000, p. 22.

Menciona, en primeiro lugar, as traduccións de I. Calvino que vén de publicar a editorial Xerais. A continuación, sitúa a novela recensionada entre as menos realistas deste autor. Preséntaa como unha

“recreación mítica, poética e histórica”. Ofrece, ademais, un breve resumo dos feitos narrados na obra. Compara a Calvino con Borges polo desexo que ambos autores tiñan de atopar novas estructuras narrativas. Di tamén que coa novela preténdese dar “un novo sentido á lectura e á escritura”. Recoméndalles o libro aos amigos da poesía e da experimentación. Remata eloxiando a portada de Miguel Vigo e o prólogo “sinxelo e clarificador” de Miguel-Anxo Murado.

Referencias varias:

- Marcos Valcárcel, “Calvino en galego”, *La Región*, “Ronsel de libros”, 26 setembro 2000, p. 60.

Reprodúcense as palabras iniciais desta obra considerada imprescindíbel para calquera lector que lle gusten as fantasías. Cualifícaa como singular tanto na escrita coma na estructura e salienta a grande influencia que exerceu na literatura contemporánea dende a súa publicación en 1972. Lembra que o propio autor a cualificou de “conxunto de poemas en prosa” para ler demoradamente, nos que abondan as referencias filosóficas e a confianza na convivencia humana fronte á impersonalidade das cidades modernas e na que o autor xoga cos mitos literarios.

Christie, Agatha, *Asasinato no Orient Express* (*Murder on the Orient Express*, 1934), trad. Alberto Álvarez Lugrís, Vigo: Galaxia, col. Biblioteca Agatha Christie, nº 1, 2000, outubro 2000, 248 pp. (ISBN: 84-8288-386-0).

Traducción da novela policíaca da escritora inglesa Agatha Christie (Torquay, 1891-Wallingford, 1976). O libro está dividido en tres apartados ben diferenciados. A primeira parte titúlase "Os feitos" e comeza coa narración da viaxe que Hercule Poirot emprende dende Persia. Así mesmo, recóllese todo o que viu Poirot dende que se montou no Orient Express ata que examina o cadáver do estadounidense Ratchett e desocbre a súa relación co secuestro de Daisy Armstrong. A segunda parte da novela, "As declaracións", está formada polos testemuños que Poirot –acompañado de Monsieur Bouc e o doctor Constantine– toma a todos os pasaxeiros do vagón no que se cometeu o crime. Por último, a terceira parte, "Hercule Poirot senta e matina", presenta as dúas posíbeis solucións do crime que Poirot expón a todos os implicados.

Conrad, Joseph, *A liña de sombra*, trad. Benigno Fernández Salgado e Ana Isabel Iglesias Francos,Vigo: Ir Indo Edicións, col. Narrativa, nº 33, 161 pp. (ISBN: 847680-337-0).

Novela de aventuras marítimas de Joseph Conrad (Berdichev-Polonia, 1857–Gran Bretaña, 1924), que se desenvolve nos mares de Asia e na cidade de Bangkok. Aínda que, en ningún momento se nomee ao protagonista, parece tratarse do propio autor, ou un seu *alter ego*, que ocupa a centralidade desta novela. Así, xa dende o comezo temos a visión dun “eu protagonista” que vai predominar ao longo do texto, que ás veces ten as características dun diario, no que reflicte as súas penas e temores. Na novela cóntase a historia deste personaxe que se ve ao cargo dun barco en situacións estremas, xa que unha vez comezada a singradura tamén inician as desventuras. Ao comezo, a animadversión da tripulación era insuperábel, despois o estancamento nun río e falla de vento durante varios días para se mover, engadido aos ataques de febre que sofre toda a tripulación, danlle a esta historia forma de epopea, da que só a coraxe e saber facer do capitan é capaz de salvalos dunha morte asexante. Temos, desta maneira, unha historia de paisaxe marítima, pero tamén humana, dos mariñeiros moribundos e do capitán desesperado. Tamén abundan as descricións do barco, do mar, do horizonte e as referencias literarias á ópera *O holandés errante*, de Richard Wagner, e sobre todo ao *Hamlet*, de W. Shakespeare.

Recensións:

- F. Martínez Bouzas, “Conrad nos mares da China”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 55, 17 decembro 2000, p. 7.

Comeza por lembrar a andaina mariñeira do escritor Jopseph Conrad para situar a “novela máis autobiográfica do autor” que, xunto con outras novelas do seu primeiro período, dan conta de experiencias marítimas traumáticas. A seguir, lembra o argumento e di que Conrad é un dos pais da novela de aventuras porque á vez de facer unha literatura rica en emocións, tipos e ambientes, é quen de amosar o lado máis fondo do home. Sen embargo, no aspecto negativo da obra, fala dunha escrita analítica e descritiva que pode empecer a lectura nos dous primeiros capítulos, se ben despois se torna engaiolante.

- M. Blanco Rivas, “Unha viaxe iniciática cara a madureza”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 189, 23 decembro 2000, p. 3.

Para comezar, establece nesta novela o inicio dunha nova etapa do autor na que deixa atrás o neno para chegar á experiencia. Tras sintetizar a trama argumental, afirma que o protagonista se enfronta a unha aprendizaxe resultante dos obstáculos que atopa. Tamén destaca a atmosfera agobiante que preside o relato e lembra a traxectoria de Joseph Conrad.

Referencias varias:

- Rosa Míguez, “Suxerencia”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, 3 decembro 2000, p. 14.

Sinala que con esta obra aparece a primeira traducción ao galego de Joseph Conrad, da que comenta que está envolta nunha atmosfera angustiosa, a través dunha historia ambientada no mundo da navegación.

Cruz, Bento da, *A loba*, Premio Eixo Atlántico de narrativa galego-portuguesa (Carlos Blanco) 1999, trad. Moncha Fuentes, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, nº 252, novembro 2000, 252 pp. (ISBN: 84-8302-579-5).

Nesta novela ambientada nos anos corenta nas terras do Barroso portugués, Bento da Cruz (Peirezes-Montalegre, 1925) descríbenos, en sesenta capítulos, a terríbel historia da Casa dos Pereiras. En Gostofrio, aldea tipicamente barrosá, é onde mora a familia dos Pereiras, os irmáns Zeferino, Joaquim e Damião, a sobriña destes, Salomé e mais a “loba”. A esta casa, chea de primitivismo e brutalidade, chega Rufina como serva e comeza a sufrir este ambiente: casa inzada de piollos, crueldade, malos tratos e violación por parte de Damião co que casa e ten un fillo, Joãozinho. Un día Rufina ten curiosidade por saber quén é a “loba” que ouleaba na alcoba da casa e dentro acha unha velliña cadavérica completamente núa que resulta ser Rute –mai de Salomé e irmá dos Pereiras– que fora fechada neste cuarto polo seu irmán Zeferino afirmando que estaba tola. Rute colle amizade con Rufina e ambas argallan que Salomé –filla de Rute que é maltratada polos Pereiras, nomeadamente por Zeferino– se vaia da casa, e coa axuda do abade a moza marcha para o colexio das Pétalos de Rosas onde tamén sofre o tratamento vexatorio da irmá Justa –prefecta das internas– mais coa colaboración da irmá Conegundes, Salomé foxe e torna a Gostofrio. A novela péchase co enterro de Rute, a loba, que morre cando, despois de mellorar algo na súa fébel saúde, olla chegar á súa filla que viña fuxida do asilo das Pétalos de Rosas.

Recensións:

-F. Martínez Bouzas, “Dureza e incultura”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 56, 24 decembro 2000, p. 7.

Despois de resumir o argumento desta novela de Bento da Cruz, que considera ruralista e realista, e de situar ao seu autor como un dos “clásicos portugueses modernos”, céntrase no comentario da estructura, que cualifica de “tradicional”, do ritmo e dos personaxes. Finalmente, loa o traballo traductor de Moncha Fuentes Arias.

- Dolores Vilavedra, “A loba”, *O Correo Galego*, “*Revista das letras*”, nº 346, 28 decembro 2000, pp. 10-11.

A crítica viguesa pide a implicación das comunidades galega e portuguesa, e dos seus grandes autores, no premio Eixo Atlántico. Neste sentido, propón un novo paso no coñecemento mutuo de ambas as comunidades: a publicación exclusiva na lingua orixinal da obra premiada, acto que valería de xermolo dun futuro espacio editorial compartido que non atentaría contra a vida independente dos dous sistemas literarios. A continuación, lembra que o autor non é descoñecido en Galicia posto que xa se publicara en 1996 *O lobo guerrilleiro*, coa que comparte o mesmo espacio mítico arraiano. Canto a *A loba* velle valor documental e sobrancea a importancia do diálogo, que é o que xeralmente fai discorrer a narración. Non obstante, dálle a Bento da Cruz algúns consellos respecto da modalización narrativa. Encomia a traducción de Moncha Fuentes mais seméllalle que fuxiu excesivamente dos lusismos.

Referencias varias:

- Rosa Míguez, “Suxerencia”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, 3 decembro 2000, p. 14.

Comenta que esta novela está ambientada nos anos 40 nunha aldea portuguesa, ademais de achegar o resumo do seu argumento.

- Ramón Loureiro, “Polas terras da fronteira”, *La Voz de Galicia*, “O recomendado”, 8 decembro 2000, p. 31.

Partindo da publicación de *A loba*, considera o autor un dos grandes da literatura lusitana finisecular e membro dunha pretendida comunidade literaria do Atlántico. Polo gran coñecemento das terras de Trás-os-Montes e por se dedicar á medicina, relaciónao con Miguel Torga. Así mesmo, sinala que se insire na moderna corrente consistente en “facer do territorio propio unha metáfora do mundo”, como Faulkner ou Benet, baseándose para iso na Raia.

Cunqueiro, Álvaro, *San Gonzalo*, ed. e trad. Mª Teresa Monteagudo Cabaleiro, Vigo: Ir Indo Edicións, col. Narrativa, nº 31, maio 2000, 123 pp. (ISBN: 84-7680-326-5).

Traducción da novela de Álvaro Cunqueiro (Mondoñedo, Lugo, 1911-Vigo, 1981). O libro conta cunha nota de edición na que se informa do tema da novela e do interese por respectar o léxico do escritor. Tamén ten un prólogo do autor no que se lembra a situación de Mondoñedo na Idade Media e se rememora a historia de distintos bispos. A continuación, aparece o texto da novela dividido en sete apartados. No primeiro deles, “A furora normanorum”, cóntase a historia do bispo Rosendo e a infancia e xuventude de Gonzalo ata que é elixido bispo de Mondoñedo. No segundo bloque, “A peregrinación de Gonzalo”, nárrase a romaría do bispo Gonzalo a Santiago. Menciónanse as diferentes etapas desta viaxe, así como as distintas personaxes coas que se atopa no seu percorrido. No terceiro bloque, “No deserto”, relátase o retiro de Gonzalo ao Ermo e as visións que alí ten. No cuarto apartado, “Normanus ad portas”, reflíctese como o bispo Gonzalo consegue impedir, coa axuda de Deus, unha invasión normanda. No quinto, “A romaría de Gonzalo”, refírese á peregrinación do bispo a Roma e ao seu primeiro milagre. No sexto bloque, “Gonzalo, palmeiro”, nárrase a milagreira peregrinación de Gonzalo a Xerusalén e o seu regreso a Mondoñedo. No sétimo, e derradeiro apartado, “Gonzalo ve a Deus”, cóntanse os sete milagres de Gonzalo e os feitos que rodearon a súa morte.

Recensións:

- F. Martínez Bouzas, “A novela do bispo Gonzalo Arias”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 39, 27 agosto 2000, p. 7.

Define esta obra como menor e sinala que se publicou en castelán en 1945 baixo o pseudónimo de Álvaro Labrada. Explica o argumento da novela, que se basea na vida dun santo medieval que venceu os viquingos con axuda celestial e que logo se fixo peregrino, romeiro e palmeiro. Neste senso, sinala que *San Gonzalo*, como é habitual en Álvaro Cunqueiro, mestura lenda e realidade. Eloxia a traducción de Teresa Monteagudo pero critícalle unha nota conforme á cal semella que adaptou un texto en galego.

Referencias varias:

- Rosa Míguez, “Suxerencia”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, 1 outubro 2000, p. 14.

Anuncia a saída ao mercado de diferentes productos literarios. No tocante á literatura galega presenta este libro e comenta que foi publicado por primeira vez no ano 1945 en castelán. Ofrece ademais un breve

resumo do argumento. Tamén fai referencia á traducción ao galego a cargo de Ursula Heinze e Ramón Lorenzo do libro de poemas de Günter Grass, *As galiñas do vento*, por Edicións Xerais de Galicia.

Hemingway, Ernest, *Unha festa móbil* (*A moveable feast*), trad. Xesús Araúxo Arias, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Medusa, 2000, 189 pp. (ISBN: 84-7824-366-6).

Obra de Ernest Hemingway (Oak Park-Chicago 1899–Ketchum-Idaho, 1961), traducida por Xesús Araúxo Arias, que conta cun prefacio do propio autor no que alude ás ausencias máis significativas desta obra na que se recollen as súas memorias do período vivido en París. Tamén hai unha nota asinada por M. H. na que se explica o proceso de elaboración da obra, alongado durante varios anos, e que se centra nos catro anos que Hemingway viviu en París, dende 1921 ata 1926. Estructurada en vinte capítulos titulados, recóllense as lembranzas acumuladas dos catro anos na Cidade do Sena onde chegou coa súa muller. O que máis salienta desa época son os problemas económicos cos que se enfrontan a diario, unha escaseza de medios que o leva a buscar traballo como xornalista, pero unha época na que a cidade vive un dos seus momentos de maior efervescencia cultural, centrada especialmente na vida nocturna de cafés, nas carreiras de cabalos e na que entra en contacto con algúns dos autores máis importantes do século, entre eles Scott Fitzgerald, Gertrude Stein, Ezra Poud ou James Joyce, parándose na súa relación con estes e ofrecendo unha imaxe da persoa lonxe por veces da do escritor. Tamén será en París onde naza o seu fillo, onde repita en numerosas ocasións que viviu os mellores anos da súa vida e onde finalmente se rompe o seu matrimonio, á vez que comeza a ser un escritor coñecido internacionalmente. Lémbrase este período como unha época de aprendizaxe, que queda na lembranza do autor como a vivida nunha das cidades máis fascinante que existe e que el compara cunha “festa móbil”.

Kristof, Agota, *O gran caderno* (*Le gran cahier*, 1986), prólogo e trad. Marga Rodríguez Marcuño, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Peto, nº 23, serie As Literatas, 2000, 168 pp. (ISBN: 84-8302-496-9).

Libro da escritora húngara, Agota Kristof, que é o primeiro volume dunha triloxía que se completa con *La Preuve* (1988) e *Le Troisième Mensonge* (1991). En *O gran caderno* relátasenos a vida de dous xemelgos, despois de ser trasladados dende a vila á casa da súa avoa, por causa dunha cruenta guerra, metáfora do feito bélico que asolou Europa a mediados do século XX, dato que se apunta no limiar. Estes xemelgos contan eles mesmos como van aprendendo a sobrevivir nun ambiente de crueldade e hostilidade, xa que a súa avoa, á que a xente chama “A Bruxa”, non pretende axudalos a cambio de nada. Estes irmáns, intelixentes e prácticos, son conscientes da situación de desamparo na que se atopan e fan distintos exercicios para afacérense a vencer o sufrimento ou mesmo para observar a reacción da xente. Este libro é tamén un dos seus exercicios, o de redacción, no que só poden contar cousas certas. Trátase, pois, dunha obra na que destaca a ausencia de artificio e o desexo de obxectividade, cun discurso directo para mostrar os logros destes dous rapaces que van perdendo toda a sensibilidade.

Recensións:

-María Varela, "*O Gran Caderno*', de Agota Kristof", *Diario de Pontevedra*, "Historias de Papel" 16 xullo 2000, p. 12.

Indica que esta é a primeira novela dunha triloxía escrita en francés que se completa con *La preuve* (1988) e *Le troisième mensonge* (1991). Considera que é unha novela de aprendizaxe que trata a guerra e o totalitarismo sen concesións sensibleiras. Ademais dá conta do argumento e comenta que a colección na que se integra trata de fomentar a dedicación á narrativa entre as mulleres.

- Estro Montaña, "Un mundo acedo", *Guía do libros novos*, nº 24, "Narrativa", decembro 2000, p. 23.

Describe a estructura, as técnicas narrativas, que lembran claramente as novelas dos anos cincuenta en Francia promovidas pola chamada "escola da mirada", o argumento e a linguaxe, sen artificio nin retórica, presentes nesta novela da escritora húngara Agota Kristof, que acaba de ser publicada en galego pola editorial Xerais dentro da colección "Peto", na sección dirixida por María Xosé Quizán, "As literatas", e que constitúe o segundo dos volumes que "pretende a promoción de narradoras coa intención de ofrecer un amplo abano de modelos diversos da escrita".

Referencias varias:

- P. T., “Xerais reforza a colección de peto con tres novidades”, *El Mundo*. *Galicia*, 6 xullo 2000, p. 9.

Ver Miranda, Xosé, *Triloxía pánica*, no apartado I. 2 deste *Informe*.

- Lois Sandoval, “¿Who is who?”, *O Correo Galego*, “AFA”, 3 agosto 2000, p. 35.

Ver Miranda, Xosé, *Triloxía pánica*, no apartado I. 2 deste *Informe*.

-Francisco J. Gil, “Xerais abre coa colección ‘As literatas” unha porta á narrativa internacional feita por mulleres”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 2 decembro 2000, p. 42.

Noticia sobre a aparición, dentro de Xerais Peto, da serie “As literatas”, que pretende dar cabida a autoras galegas e a traduccións de estranxeiras. A seguir, enúmeranse os tres primeiros títulos da colección (*Fenda, loucura e morte*, que foi traducida en 1999, *O gran caderno* e *Canon de alcoba*, traducidas no ano 2000), as súas autoras (Karen Blixen, Charlotte Perkins e Emilia Pardo Bazán para a primeira, Agota Kristof e Tununa Mercado) e traductoras. Pénsase que a participación no acto destas últimas (María Xosé Queizán, Marga Rodríguez Marcuño e Mónica Bar) serviu tamén como recoñecemento á figura do traductor. Para rematar,

dáse conta de que Andrea Dworkin, Herta Müller e Katherine Mansfield protagonizarán as tres próximas entregas de “As literatas”.

Maalouf, Amin, *A viaxe de Baldassare* (*Le periple de Baldassare*, 2000), trad. Xavier Queipo e Mª Dolores Torres París, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, novembro 2000, 452 pp. (ISBN: 84-8302-583-3).

Novela de Amin Maalouf (Líbano, 1949), protagonizada por Baldassare Embriaco, un comerciante de orixe xenovesa, pero con residencia no Líbano, onde posúe unha tenda de obxectos de arte e libros raros. Vai ser por un destes polo que emprenda unha viaxe de máis de un ano que rematará en Xénova. Nesta viaxe, con estadías en Constantinopla, Xénova e Londres, entre outros lugares, escribe os seus pensamentos en catro cadernos distintos, que son os que compoñen este libro. Así, a través deste diario, vemos como Baldassare, a pesar de ser un home guiado pola razón, intenta conseguir *O Centésimo Nome*, un libro que contén o centésimo nome de Deus. O coñecemento deste sería de axuda no momento da Apocalipse, prognosticada para o 1666, ano desta viaxe, xa que axudaría a gañar os favores do ceo nos momentos en que se teme a fin do mundo. Vai ser despois de diversas peripecias, como o namoramento dunha muller ou a estafa que sofre en Constantinopla, cando chegue a Londres, onde recupera este libro que vendera na súa tenda antes de facer caso dos agoiros sobre a fin do mundo. Sen embargo non é capaz de descubrir o contido desta obra, posto que cada vez que quere lelo núbraselle a vista. Finalmente o ano remata, os prognósticos non se cumpren e el comeza unha nova vida en Xénova, no lugar de orixe dos seus antepasados.

Recensións:

-Sonia R. Navia e Antonio Rodríguez, “Cultura distanciada”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 339, 9 novembro 2000, p. 2.

Reflexiónase sobre o problema das traduccións na literatura galega destacando que se tomaron como prioridades os textos claves da cultura occidental, empresa que non logrou os seus obxectivos, estando o panorama dos autores orientais nun banzo aínda máis baixo. Indícase que a corrente orientalista na literatura galega encétase con Vicente Risco, mais este interese reflectiuse moi escasamente no trasfego de autores orientais ao galego –contos da india Rachna Mara, o indio Uikram Seth, os persas Shems Eddin Hafez e mais Omar Khayyam, etc., nomeadamente no suplemeto “*Revista das Letras*” de *O Correo Galego*– ou na introducción de termos léxicos no que sobresae a palabra “ollápar” que aparece en *Terra brava* (1955) de Ánxel Fole e que parece referirse a unha deidade hindú.

- Xavier Queipo, “A aventura de traducir a Amin Maalouf”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 339, 9 novembro 2000, pp. 4-5.

Un dos traductores de *Le Periple de Baldassare* ao galego, Xavier Queipo, amósanos as súas impresións sobre o autor desta novela, Amin Maalouf, e sobre o feito da traducción desta obra co título *A viaxe de Baldassare* da que apunta algunha das súas características. Explica que entrou por primeira vez en contacto con este escritor libanés de expresión francesa coa lectura e traducción deste libro e que dende este feito

“convertinme nun adicto de Maalouf”. Caracteriza as novelas que leu deste escritor *Samarcanda* (1989), *Les Echelles du Levant* (1996), *Leon L’Africain* (1986) e mais *Les Croisades vues par les Arabes* (1983) destacando que en todas elas xorde sempre a idea de convivencia entre os xudeus, cristiáns e árabes e conclúe considerando que a traducción desta obra lle resultou como “unha viaxe iniciática”.

- F. Martínez Bouzas, “Amin Maalouf”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 51, 19 novembro 2000, p. 6.

Considera que é de salientar a enorme importancia normalizadora do noso sistema literario, que condensa o acontecemento de que esta novela de “primeira orde a nivel internacional” vexa a luz na nosa lingua ao mesmo tempo có español. Apunta que isto é a segunda vez que acontece, pois en 1998, *O Alquimista*, de Paulo Coello era traducida ao galego ao mesmo tempo que dende Barcelona se brindaba noutra lingua peninsular. Finalmente, comenta que esta novela de Amin Maalouf terá unha gran colleita de lectores.

- F. Martínez Bouzas, “A viaxe de Baldassare”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 53, 3 decembro 2000, p. 7.

Comentario centrado no último libro de Amin Maalouf, *A viaxe de Baldassare*, do que se subliña o seu significado normalizador para a lingua galega dado que foi traducido ao galego aos poucos meses de aparecer en Francia a versión orixinal. Da novela destácase que “é unha fábula fermosa e colosal”, con gran riqueza de significados, na que temos unha historia central, a viaxe de Baldassare Embriaco por Oriente e

Occidente á procura da salvación a través do nome íntimo e derradeiro de Deus, salferida de múltiples historias secundarias e cunha estructura a xeito de diario.
- Camilo Franco, “Apocalipses que non foron”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 14 decembro 2000, p. 36.

Coméntanse as dúas supersticións que se dan cita na novela e que son a do fin do mundo relacionado cunha data diabólica, o ano 1666 é ano da narración para o que se anuncian todas as desgracias, e mais a do fin do milenio, que coincide coa súa publicación. Tamén se describen outras características desta novela como que reflicte o encontro de dúas civilizacións tan distantes como a occidental e a do Medio Oriente.

Referencias varias:

- Carmen Sigüenza, “Amin Maalof tamén en galego”, *O Correo Galego*, “AFA”, 3 novembro 2000, p. 33.

Fala da presencia do escritor Amin Maalof en Santiago de Compostela para presentar a súa novela *A viaxe de Baldassare*. Así mesmo, recolle palabras do autor nas que manifesta o seu interese por recrear as viaxes dos protagonistas máis alá do fin en si mesmo. Por outra parte, pretende, segundo se recolle, defender unha vida aberta, que

- Miguel Lorenci, “Soy extraño en cualquier lugar”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 8 novembro 2000, p. 35.

O escritor libanés, nacionalizado francés, Amin Maalouf describe a súa obra *A viaxe de Baldassare* como unha novela de aventuras de corte histórico no mundo musulmán. Sinala que se sente estraño en calquera lugar, feito que lle impide estar completamente a gusto nun determinado ambiente e remata reflexionando sobre a súa etapa viaxeira e mais sobre o seu pasado como xornalista.

-Francisco Pérez Lorenzo, “O fascinio da distancia”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 339, 9 novembro 2000, pp. 6-7.

Refírese ao “fascinio pola distancia” nas viaxes e aos periplos máxicos que aparecen reflectidos na literatura galega. Apúntase que os homes da Xeración Nós xunguiron a descuberta das paisaxes ocultas ao periplo das propias almas. Alúdese a outras mostras na nosa literatura como *Si o vello Simbad volvese ás illas* (1961), de Álvaro Cunqueiro, quen tamén verteu ao galego poemas árabes medievais, *Fins do mundo* (1974), de Bernardino Graña, *Última fuxida a Harar* (1992), de Avilés de Taramancos, etc., salientando que a pioneira foi a monxa galega Exeria en *Itinerarium*. Finalmente, aplaude a aparición de *A viaxe de Baldassare*, que é considerado como un libro de viaxe.

-Carmen Villar, “Tengo una visión muy racional de la existencia”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 10 novembro 2000, p. 41.

O escritor Amin Maalouf comenta nesta entrevista a súa visión sobre a inmigración e sobre o conflicto árabe-israelí en Oriente Próximo e con respecto a súa obra, *A viaxe de Baldassare*, acha que comparte o pensamento filosófico de Baldassare segundo o cal non desexa nada que non estea ao seu alcance para ser feliz.

-Manuel Darriba, “Soy minoritario y tengo cariño por las lenguas y culturas minoritarias”, *El Progreso*, “Cultura”, 10 novembro 2000, p. 80.

Amin Maalouf expón as súas opinións sobre a dualidade entre a cultura oriental, da que é nativo, e a occidental, na que mora, e mais sobre os perigos da literatura actual que considera que son a proliferación industrial do libro como un producto máis e que está dirixida a un grupo moi minoritario de iniciados.

-G. Luca, “O saqueo do Terceiro mundo foi unha axuda considerábel para reducir as tensións dos países ricos”, *A Nosa Terra*, nº 961, 16 novembro 2000, p. 9.

Conversa con Amin Maalouf na que se fala de diversos temas relacionados coa civilización oriental e occidental, sobre o imperialismo, a dominación colonial e a emigración. Considera que Europa actuou sempre como un continente vampiro para os que viven á súa beira e que escribe para construír unha parábola que “explique porqué a prosperidade de Ocidente significou a pobreza de Oriente”.

- Marta R. Valeiro, “Sempre quixen acariña-lo soño da coexistencia pacífica entre os homes”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 51, 19 novembro 2000, p. 1.

O escritor libanés Amin Maalouf apunta que a escritura é un xeito de calmar feridas e a súa ferida é a Guerra do Líbano. De *A viaxe de Baldassare*, opina que “hai moito de min” na figura de Baldassare e que se sente satisfeito por aparecer a versión galega desta novela. Destaca a importancia de ter recibido o Premio Goncourt en 1993 con *Le Rocher de Tainos* e resalta a súa vocación de conciliación e coexistencia pacífica.

Mercado, Tununa, *Canon de alcoba* (*Canon de alcoba*, 1988), prólogo de Zulema Moret, trad. Mónica Bar Cendón, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Peto, nº 24, Serie As Literatas, 2000, 110 pp. (ISBN: 84-8302-497-7).

Volume de Tununa Mecado (Córdoba-Arxentina, 1939), prologado por Zulema Moret, quen, despois de facer mención a outros títulos da autora como *Celebrar a la mujer como a la pascua* (1967) ou *La mdriguera* (1996), se detén na análise dos relatos que conforman o libro e ofrece as súas claves interpretativas que se explicitan, segundo di, dende o seu título: “un espacio que se repite na fuga (do canon) e se reencontra nun murmurio (a alcoba)”. A seguir, describe as partes nas que se organiza e destaca algúns dos motivos literarios máis representativos dos relatos así como a simboloxía de cada un deles que conforman no seu conxunto un exercicio de escritura erótica no que o eixo común é a feminidade. A seguir, dáse paso aos relatos que están organizados nas seguintes partes: “Antieros”, “Espellismos”, “Soños”, “Realidades”, “Eros” e “Punto final”, nos que o fío conductor de todos eles é a interpretación do desexo nas súas diferentes formas: o autoerotismo, o voyerismo, encontros de mulleres ou exhibicionismo.

Recensións:

Lucía Martín, “Historias portátiles”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 36, 6 agosto 2000, p. 7.
Ver Miranda, Xosé, *Triloxía pánica*, no apartado I. 2 deste *Informe*.
M. D., “¿Erotismo? ¿Onde?”, *El Progreso*, “Cultura”, 10 decembro 2000, p. 75.

Informa de que é a primeira vez que se traduce a Tununa Mercado ao galego. Empraza esta obra dentro dunha suposta escrita de muller que tería por principal característica a liberación do corpo feminino e a súa utilización como instrumento de expresión. Coida que este libro non acada esa finalidade e cualifícao de pretencioso e de estar escrito cunha “prosa aceitosa”, indixeríbel e aburrida. Remata criticando tamén a edición.

Referencias varias:

- P. T., “Xerais reforza a colección de peto con tres novidades”, *El Mundo*. *Galicia*, 6 xullo 2000, p. 9.

Ver Miranda, Xosé, *Triloxía pánica*, no apartado I. 2 deste *Informe*.

- Lois Sandoval, “¿Who is who?”, *O Correo Galego*, “AFA”, 3 agosto 2000, p. 35.

Ver Miranda, Xosé, *Triloxía pánica*, no apartado I. 2 deste *Informe*.

-Francisco J. Gil, “Xerais abre coa colección ‘As literatas” unha porta á narrativa internacional feita por mulleres”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 2 decembro 2000, p. 42. Ver Kristof, Agota, *O gran caderno* (*Le gran cahier*, 1986), neste apartado do *Informe*.

Such••, Jiøí, *Cen contos ou sexa, un plan...*, trad. Alumnos de checo do Instituto de Idiomas coordinados por Kateøina Vlasáková, ilust. do autor, Santiago de Compostela: Instituto de Idiomas/Servicio de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela, xuño 2000, 121 pp. (DL: C-1545/2000).

Esta traducción dos contos humirísticos do autor checo Jiøi Suchý, (Plzeň-Bohemia, 1931) conta con dous apartados iniciais. No primeiro deles, “Presentación”, infórmase dos motivos que orixinaron esta traducción e dos problemas que apareceron á hora de verter ao galego os relatos checos. No segundo dos apartados, “Jiøi Suchý”, faise unha pequena biografía deste autor polifacético, destacando tanto a súa tarefa como escritor e debuxante, coma a súa participación en varias películas e videoclips. A continuación, preséntanse os contos deste escritor encarando a versión checa e a galega. Os relatos mesturan a fantasía coa ironía e o humor. Neles encontramos historias con protagonistas humanos: o home que sempre ten catarro e se converte nunha atracción de feira, o ladrón que rouba unha novela, o vello que envidia ao seu sapoconcho porque o vai sobrevivir... Tamén aparecen relatos nos que o protagonista é un animal: un canguro que garda as moedas na súa bolsa, un verme, unha formiga... Aparecen, así mesmo, contos protagonizados por obxectos, como o dunha bala que conta a súa historia. Todos eles caracterízanse pola súa brevidade, concisión e por posuir un ton satírico e burlesco.

I. Narrativa

I.4. Antoloxías

González Fernández, María Fe, *Antoloxía do conto neozelandés*, ed. María Fe González Fernández, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades/Xunta de Galicia (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dirección Xeral de Política Lingüística), 2000, 88 pp. (ISBN: 84-453-2939-1).

Despois da prologación institucional, recóllense neste volume un total de cinco contos traducidos ao galego, pertencentes a catro autores neozelandeses: Katherine Mansfield, Frank Sargeson, Janet Frame e Patricia Grace. Así mesmo, a antoloxía inclúe unha introducción na que, á parte duns apuntes sobre literatura neozelandesa, se dá conta dos datos biográficos e da traxectoria literaria dos catro escritores que presenta. Os relatos que recolle o volume son os seguintes:

- Katherine Mansfield, “A Viaxe”, pp. 27-38.

Neste relato de Katherine Mansfield (1888-1923), nárrase a viaxe en barco da protagonista, unha nena chamada Fenella, dende a casa paterna á casa dos avós, acompañada pola súa avoa, ao longo da cal a pequena se vai dando conta da morte da súa nai.

- Katherine Mansfield, “A casa de bonecas”, pp. 39-48. O regalo dunha casa de bonecas ás nenas da familia Burnell serve como escusa para mostrar a discriminación que sofren dúas irmás por non pertencer á mesma clase social que a maioría das rapazas do

colexio. Malia que unha das Burnell tenta introducilas no círculo de amigas, o intento verase frustrado pola tía da rapaza, intransixente ao respecto.

- Frank Sargeson, “Un gran día”, pp. 51-60.

Frank Sargeson (1903-1982) presenta unha historia que se desenvolve nun día de pesca entre dous amigos, Ken e Fred. Pese a que o día amenceu espléndido, vaise tornando escuro pouco a pouco, ao tempo que o mar se vai embrabecendo ata envorcar a lancha na que pescaban os dous mozos.

- Janet Frame, “O encoro”, pp. 63-80.

Neste conto de Janet Frame (1924) un narrador adulto en primeira persoa relata a experiencia infantil dun grupo de rapaces que, desobedecendo a prohibición dos seus pais, deciden ir a un lugar vetado para eles, o encoro.

- Patrice Grace, “Entre a terra e o ceo”, pp. 83-88.

Relato de Patrice Grace (1937), no que unha narradora en primeira persoa relata a satisfacción e o alivio que lle supón ter dado a luz.

VV. AA., *Narradoras (25 autoras galegas)*, prólogo de Teresa Cuíñas e Iria Sobrino Freire, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Peto, nº 27, serie Abismos, 2000, 355 pp. (ISBN: 84-8302-585-X).

No limiar preséntase a obra e infórmase do desenvolvemento que ten experimentado a narrativa galega no último cuarto do século XX, feito que se atribúe ao nacemento de diversas iniciativas editoriais e á aparición dun conxunto de voces firmes neste xénero. Sinálase tamén que esta compilación de relatos quere inaugurar o espacio da narrativa de muller e difundir as súas creacións entre as múltiples lectoras, tendo en conta que existe unha demanda crecente de ler mundos contados por mulleres. A seguir, inclúense os vintecinco relatos que se resumen a continuación:

- Rita Abraldes, “Nascali”, pp. 7-18.

Rita Abraldes (O Carballiño, 1970) constrúe un relato centrado na vida de Lola, unha veciña súa que emigrou a Alemaña deixando de ser a muiñeira na aldea para traballar nunha fábrica de aparellos eléctricos e volver, anos despois, á aldea co seu home Pepe, que a chama Nascali, e a súa filla. Compárase a vida da aldea coa da emigración e recóllense as vivencias de Lola. Ao final do relato a narradora descobre que se trata da súa avoa.

- An Alfaya, “O cabo do lapis”, pp. 19-30.

Relátase nesta historia de An Alfaya (Vigo, 1964) a investigación que leva a cabo o encargado da limpeza dun cuartel sobre un soldado que pasaba o tempo escribindo cartas cun cabo de lapis. Trala morte do soldado, decídese a averiguar quén era a destinataria das súas cartas para finalmente chegar a compartir a súa fantasía.

- Rosa Aneiros, “Lola”, pp. 31-40.

Lola volve á súa aldea tras anos fóra. Alí reencóntrase coas súas lembranzas tras dunha vida chea de experiencias interesantes no mundo, tirando fotografías. O reecontro con Héctor, un vello amor agora casado, e as preguntas sobre a soidade constitúen as claves fundamentais deste relato de Rosa Aneiros (Meirás-Valdoviño, 1976).

- Ana Mª Arellano, “A outra cara da noticia”, pp. 51-67.

A noticia dun asasinato ocorrido en Santiago de Compostela que aparece nun xornal local é o eixe deste relato de Ana Mª Arellano (Zaragoza, 1954). A través da perspectiva de varios personaxes, cóntase a visión dun grupo de excursionistas xubilados, dos veciños do barrio e de Pilar, a asasinada, para finalmente ofrecer a realidade do que aconteceu.

- Mónica Bar Cendón, “O rosario na tarteira”, pp. 69-98.

Maruca e Manolo, unha parella unida xa tan só polos anos, son os protagonistas deste relato de Mónica Bar (Vigo, 1962). Maruca, a causa dunha tradición familiar, garda o rosario nunha tarteira e agacha tamén, trala súa aparente relixiosidade, unha relación co crego, mentres Manolo pasa o tempo na taberna.

- Marica Campo, “A voda”, pp. 77-87.

Nesta historia de Marica Campo (Val do Mao-O Incio, Lugo, 1948), Elisa conta en primeira persoa cómo asistiu de nena a unha voda secreta entre dous criados da súa casa para acalar as murmuracións, aínda que a parella era de todo desigual e non existía amor entre eles. Anos despois repítese a mesma situación cando ela se ve obrigada a casar co mozo do seu irmán, que morreu de sida, para que os amantes consigan deste xeito a aprobación familiar de vérense xuntos no mesmo panteón.

- María Canosa, “Deixando atrás o asfalto”, pp. 89-98.

Relato de María Canosa (Cee, 1978) construído sobre as reflexións dunha rapaza en primeira persoa sobre o seu gusto por escribir cartas e postais xa dende o seu primeiro día de vacacións. Vai contando cómo elixe cada unha das postais para os seus amigos e familiares e como descobre que a casa de un sempre se leva dentro aínda que se estea lonxe.

- Uxía Casal, “O pequeno Mario”, pp. 99-107. Nesta historia de Uxía Casal (Santiago, 1957) relátase cómo Marta vai coidar do pequeno Mario de cinco anos vencendo os seus temores e o seu noxo, xa que se trata dun neno xordo, de faciana retorta, beizo partido e ollos a distinta altura. Cando chega á casa non atopa o neno e pensa que estará agochado, pero pouco despois descobre que foi asasinado e que os pais do rapaz a utilizaron para librarse del e acusala do asasinato.

- Laura Caveiro, “A parábola do Samaritano”, pp. 108-116.

Laura Caveiro (Vigo, 1967) conta nesta historia cómo unha parella a punto de casar descobre un náufrago na praia e o acolle na súa casa en secreto para que se recupere. Pero días antes da voda alguén aparece para asasinalo.

- Ledicia Costas, “Negrita”, pp. 117-132.

Ledicia Costas (Vigo, 1979) preséntanos a historia de María de la Caridad, unha colombiana alcumada “Negrita” que deixou o seu país e a súa filla pequena confiando nas falsas promesas de traballo e cartos de Federico Conde que en realidade a empregou nun club de alterne. Farta das humillacións dos clientes, dos malos tratos do seu xefe e da nai deste, decide matalo pero todo sae mal e é ela a que acaba morrendo para acadar por fin a súa liberdade.

- Beatriz Dacosta, “Traspásase quiosco rendible”, pp. 133-145. Beatriz Dacosta (Cangas, 1967) conta neste relato a decisión de Raquel, unha rapaza nova que está farta do seu traballo nun quiosco e da súa parella, Pedro, un taxista que a humilla constamente. Un día decide cambiar a súa vida, traspasar o quiosco e fuxir lonxe para recuperar os seus desexos e o control da súa vida, deixando a Pedro na miseria e vingándose del deste xeito.

- Pilar Fernández, “Lacán con grelos”, pp. 147-156.

Un home vive obsesionado por unha Lolila da que está perdidamente namorado a pesar das constantes infidelidades da adolescente. O inspector Salgado descobre o corpo do home co pene amputado pola rapaza a causa dos celos que sentiu ao velo con outra. O último lance desta historia de Pilar Fernández (Cangas do Morrazo, 1977) presenta ao home sen sexo ante Deus, Lacan, Nabo-Kov e Paco Feixó.

- Isabel Freire, “Noite de grilos”, pp. 157-177.

Isabel Freire (A Coruña, 1960) preséntanos unha historia protagonizada por Henrique, que acaba de saír do cárcere por agredir a súa parella, Marta, tras quince anos de matrimonio feliz. Unha noite de verán comeza unha conversa co seu veciño e acaba contándolle que o fixo porque a amaba e o enganou.

- María García Yáñez, “Retorno”, pp. 179-186.

Cóntase neste relato de María García Yáñez (A Cañiza, 1957) cómo unha rapaza recolle as pertenzas da súa tía Marta, morta nun asilo. Entre elas descobre nunha caixa un vello recorte de xornal sobre un asasinato dun home que violara a unha muller casada e un cantar de cego que recolle o sucedido. A historia atópase de súpeto metida nos seus soños e nas súas lembranzas.

- Mónica Góñez, “Un imperio, un imperio”, pp. 187-193.

Pepe, un home que decide deixalo todo e percorrer o camiño ata Fisterra nunha burra, é o protagonista deste relato de Mónica Góñez (Fisterra, 1977). O seu propósito é comprobar se verdadeiramente, como dicían os romanos e os documentais da televisión, alí remata o mundo. Cando chega séntese decepcionado porque na súa opinión Fisterra non é moi distinto das Cíes.

- Ánxela Gracián, “As noites en que o vento asubía o teu nome”, pp. 195-222.

Ánxela Gracián (Castroverde, Lugo, 1968) preséntanos, utilizando a carta de María Balteira ao xograr Lourenço, as reflexións da soldadeira ante a chegada da morte, tras dun pasado cheo de emocións e paixóns. Na carta, a Balteira reflexiona sobre a súa decadencia física, o amor que recibiu noutros tempos, a soidade actual, o sistema feudal, a falta de igualdade entre homes e mulleres, a fe e a hipocrisía dos poderosos e dos trobadores que a cantaron.

- María Lado, “Aurora dixo mu”, pp. 225-233.

Comeza esta historia de María Lado (Cee, 1979) relatando que días antes da voda de Aurora con Andrés unha vaca atacou a rapaza. Cando casan, Aurora vai vivir preto do mar co seu home e un día, por mor dunha mala contestación deste, Aurora énchese de tristura e perde a fala ata que marcha á súa aldea, entra no establo e pronuncia un sonoro MUUUU.

- Inma López Silva, “Caso Torneiro: 1898-1975”, pp. 235-257.

Constrúese esta historia de Inma López Silva (Santiago de Compostela, 1978) a través do clásico recurso do escrito atopado. Neste caso, trátase dun documento asinado por M. F. e relatado no seu leito de morte no que se conta o mal de ollo que Toñito Torreiro lle botou a Francisco Franco cando nenos e como o dictador viviu toda a súa vida aterrorizado pola gripe e soñando con sangue empapando neve, sabedor de que había de morrer dun esbirro.

- Paula Mariño, “Ela”, pp. 259-267.

Paula Mariño (Vigo, 1958) conta a través de Carolina, a historia da relación desta coa súa nai. Carolina volve á casa natal para axudar á súa irmá Natalia porque a nai está enferma sen se poder mover da cama. Unha vez alí asáltana os recordos, sobre todo do momento no que se abriu unha fenda entre elas: cando a nai se

opuxo á súa primeira relación con Antón, un neno fillo de mariñeiros, por considerar que pertencían a clases sociais distintas. Lembra tamén cómo a partir de aquí viñeron os estudios superiores, a voda de conveniencia e os fillos. O relato remata coa petición de perdón da nai.

- Eva Moreda, “Apolo Matalagartos”, pp. 269-292.

Eva Moreda (A Veiga-Asturias, 1981) recrea a través do personaxe de Mauro Baamonde o mito de Apolo. Todo comeza cando don Amandino, o mestre, comenta na clase que Mauro semella un efebo pola súa beleza e polo seu corpo ben feito, o que ocasiona as burlas dos seus compañeiros que se acrecentan cando di que parece Apolo Sauróctono ou máis ben Apolo Matalagartos pola súa afección por estes animais. Pasado o tempo, Mauro comeza a tolear a causa da visión no bosque dunha muller espida que acaba sendo unha obsesión. Finalmente, tanto el coma a muller desaparecen sen deixar rastro e cóntase que ela se converteu en loureiro ou en toxo para escapar do rapaz.

- Begoña Paz, “The end”, pp. 293-303.

Nesta historia de Begoña Paz (A Coruña, 1965), Ana relata cómo Emilio, a súa parella, decide ir pasar a festa de Fin de Ano ao campo. Todo é producto da enfermidade mental do rapaz e do convencemento de que só así logrará cambiar de vida coa chegada do novo ano. Ela, aterrada polos seus cambios de humor e farta do seu comportamento, chega ao convecemento de que debe deixalo.

- Medos Romeo, “Todo controlado”, pp. 305-312.

Medos Romeo (Somede-As Pontes, 1959) preséntanos o relato dunha muller ante a súa terapeuta. Cóntalle entrecortadamente todas as trampas que ten que facer para sobrevivir ás súas obsesións diarias: subir as escaleiras de dúas en dúas, camiñar pegada ás paredes ou agarrada aos pasamáns, os seus soños cun home que só ten sexo. Fala de suicidio e a terapeuta decídese a seguila ata a súa casa co convecemento de que xa nunca poderá abandonala.

- Dolores Ruíz, “O berro das cousas”, pp. 313-322.

Preséntanos esta narración de Dolores Ruíz (Vigo, 1968) a vida de Ana María, moi apegada ao seu irmán Kitty. Este comeza a adquirir de súpeto unha estraña debilidade polo pan que compra constantemente. Ana decídese a averiguar por qué sucede e chega a entender o segredo que agachan algunhas das cousas cotiás que a rodean.

- Rosa María Vidal, “O óso sacro”, pp. 323-330.

Cóntase neste relato de Rosa María Vidal (Laxe, 1960) o terror que sentiu Gabino cando aos quince anos lle diagnosticaron un trastorno no óso sacro. As reminiscencias dun rabo, segundo lle dixo a súa nai, fan que se sinta a partir daquela como un ser raro e que dea comezo nel unha obsesión permanente de que aquel trastorno repareza, feito que o leva a escoller a profesión de chofer para estar case sempre sentado.

- Luisa Villalta, “Lúa”, pp. 331-324.

Preséntase neste relato de Luisa Villalta (A Coruña, 1957) a vida dunha cadela chamada Lúa que vive co seu amo, Roi, e coa nai deste. A través do seu punto de vista, vanse contando os cambios que supón a desaparición da nai de Roi, as prolongadas ausencias do amo a partir dese momento, a suciedade da casa, os coidados do veciño e a aparición súpeta doutra muller que provoca en Lúa un rexeitamento inicial por ocupar o tempo e a atención de seu amo.

II. Poesía

II.1. Poetas galegos

Abeal, Xosé, *Herba do tempo*, A Coruña: Espiral Maior, col. A Illa Verde, nº 31, novembro 2000, 54 pp. (ISBN: 84-89814-98-8).

Pequeno libro de composicións poéticas de Xosé Abeal, que xiran en torno a unha concepción angustiada da condición humana, provocada esta pola fugacidade do tempo. Todo está reducido a un proceso cíclico, como di a cita de Xohana Torres coa que se inicia o volume, “xa o máis puro foi feito tránsito”, sendo a nosa existencia “unha cadea na que ninguén coñece nin sequera o principio nin nada do que existe”. Equipara o seu ser a unha “fugaz muxica” ou a unha “flor breve, pasaxeira”. O poemario estructúrao en catro partes: a primeira e a última son breves, de dous poemas cada unha, mentres que as dúas que conforman o núcleo conteñen dezaseis e dezanove composicións respectivamente. A voz lírica amosa o desacougo que lle produce non ser sabedora do misterio que entraña a vida e o paso posterior a esta, sendo nas últimas páxinas onde mostra maior desconcerto. Cuestiónase sobre qué será despois da morte, “po”, “area invisible”, “orballo”, etc., chegando a afirmar que “canto queda de nosoutros: lembranzas apagadas”. Concédelle especial importancia á memoria e á palabra.

Alonso, Eliseo, *A fronteira comunicante*, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 95, agosto 2000, 56 pp. (ISBN: 84-89814-93-7).

Este libro de poemas inédito ata este momento vén ser unha obra póstuma de Eliseo Alonso (Goián, O Rosal, 1924-1996). Nel hai poemas onde añora a perda da xuventude, dos anos de labores e festas e xogares na aldea natal, e polo tanto unha loita pola vida contra a morte que está ao axexo (entre eles “Antimorte”). Noutros vólvese ao berce para lembrar a orixe persoal, e en relación á orixe da familia, e incluso do lugar (por exemplo “Aldea”). Outros son poemas onde se canta o amor (“A unha amada moi lonxana”). Tamén hai un xogo no que os animais teñen unha simbolización especial (“O pato na ribeira, nadando, voando e morto”, “Rezo do paxariño”). Noutros poetízase cun ton melancólico a dureza do paso so tempo. Tamén a relación metafísca do escritor coa escrita (“Almapoema”). Hai poemas nos que Deus ou Xesuscristo é un personaxe (“Deus faise labrador”, “Xesucristo dos camiños”). Segundo se afronta o final do libro o poeta afonda na dor pola cercanía da morte e incluso escribe o seu epitafio, para concluír nunha identificación home-terra do que se desprende un sentimento telúrico.

Recensións:

- Xavier Castro R., “Poemario póstumo de Eliseo Alonso”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 47, 22 outubro 2000, p. 14.

Comenta esta publicación e sinala que se trata dun feixe de trinta e seis poemas publicados por Espital Maior, nos que o poeta “se abeira ó lector nun fermoso acto -comunicativo-, de honestidade”. Así mesmo, cítanse outras obras do autor como *Seara de romances*, *Contos do Miño*, *A rúa do noxo* ou *Contos de cotovía*, entre outras.

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, “*A fronteira comunicante*”, *Atlántico Diario*, “De catro a catro”, 12 setembro 2000, p. 22.

Lembranza a Eliseo Alonso con motivo da lectura de *A fronteira comunicante*. Logo de varias reflexións, informa doutras lecturas que fixo o autor do texto.

- Manuel Vidal Villaverde, “Eliseo Alonso: a fronteira comunicante”, *Atlántico Diario*, 13 outubro 2000, p. 41.

Lembranza do escritor con motivo da lectura da publicación póstuma do poemario.

Álvarez Cáccamo, Xosé María, *Vocabulario das orixes*, Premio de poesía en lingua galega Miguel González Garcés 1999, ilust. Isaac Pérez Vicente, A Coruña: Deputación Provincial da Coruña, col. Poesía "Miguel González Garcés", nº 17, 53 pp. (ISBN: 84-95335-56-5).

Poemario de Xosé María Álvarez Cáccamo (Vigo, 1950), no que aparecen vintecatro poemas titulados con ilustracións de Isaac Pérez Vicente. Ordenados alfabeticamente, cada un dos nomes que dá título ás composicións correspóndese con cada unha das letras do abecedario, dende a árbore, o barco e a casa que abren a serie, pasando polo incendio, a liberdade e a morte, ata a vida, a xente e o zoo que a pechan. Tematicamente todos parecen evocar os lugares e feitos asociados cun pasado feliz, o da infancia e primeira adolescencia, fronte a algún deles no que a voz poética reflexiona sobre a súa propia existencia en relación con eses elementos evocados, en especial o décimo terceiro poema titulado "Nada" que, colocado estratexicamente no centro da obra, recolle esta reflexión sobre a relación de existencia entre a voz poética e os elementos asociados á súa vida, preguntándose qué tería pasado de non existir el como elemento de relación entre as cousas e lugares coñecidos, e mesmo a relación co acto de creación da propia poesía. Péchase o poemario co verso que dá título á obra.

Recensións:

- Teresa Seara, “Da árbore á tartaruga”, *Tempos Novos*, nº 42, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, novembro 2000, p. 85.

Infórmase da edición de *Vocabulario das orixes*, galardoado co Premio de poesía en lingua galega “Miguel González Garcés” 1999. Apunta que esta obra de Xosé María Álvarez Cáccamo repasa por orde alfabética os termos claves da súa vida, sobre todo aqueles que a dotaron de individualidade. Finalmente, define o poemario como “un encontro co pasado onde as ameazas sempre latentes na existencia humana se representan mediante o símbolo tráxico do río”.

Referencias varias:

- Albino Mallo, “O universal e a paisaxe”, *O Correo Galego*, “AFA”, 12 xullo 2000, p. 33.

Noticia da presentación da obra gañadora do premio Miguel González Garcés, *Vocabulario das orixes*, de Xosé María Álvarez Cáccamo e do accésit correspondente, *Os dedos dos loureiros*, de Xesús Rábade Paredes. Recóllense as opinións de Xosé Antonio Ponte Far, quen salienta a profundidade do primeiro libro e

a técnica do segundo, e de Manuel Álvarez Torneiro, quen destaca a calidade das dúas obras. Finalmente, infórmase de actividades coma a creación dun foro de poesía en Internet.

- F. S. P., “Álvarez Cáccamo evoca las imágenes de su infancia en su último poemario”, *El Ideal Gallego*, 12 xullo 2000, p. 20.

Infórmase da presentación da obra *Vocabulario das orixes*, de Xosé María Álvarez Cáccamo, gañadora do premio Miguel González Garcés. Coméntase o feito de que o libro estea estructurado a xeito de vocabulario e que teña como tema a infancia e a adolescencia. Reprodúcense as palabras de Manuel Álvarez Torneiro que lembran a dimensión de poeta moral de Cáccamo. Dáse tamén noticia da concesión dun accésit a Xesús Rábade Paredes e recóllense as declaracións de Xosé Antonio Ponte Far que definen esta obra como “un pranto sentido e profundo pola morte da nai”.

Álvarez Torneiro, Manuel, *Campo Segado*, Premio de poesía en lingua galega Miguel González Garcés 2000, ilust. Xosé Cobas, A Coruña: Deputación Provincial da Coruña, 2000, 124 pp. (ISBN: 84-95335-73-5).

Conxunto de composicións escritas en prosa poética nas que Manuel Álvarez Torneiro (A Coruña, 1932) combina a temática amorosa con outros motivos coma o paso do tempo, a memoria e a paisaxe. Ao longo de todo o poemario atopamos unha voz lírica que se debate entre a descrición e a reflexión, así como, numerosas referencias de natureza culturalista. A obra conclúe cunha invocación á vida por parte do eu poético e conta con ilustracións de Xosé Cobas (Logrosa-Negreira, 1953).

Referencias varias:

- Cristina Franco, “Aprendo mucho de esta nueva generación de poetas gallegos”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 9 xullo 2000, p. 15.

Ofrece unha entrevista con Manuel Álvarez Torneiro, que vén de ser galardoado con este premio por segunda vez. Nesta conversa, o escritor da Xeración das Festas Minervais comenta o poemario premiado,

caracterizándoo como “un libro duro, máis ben serio con referencias amargas e tristes”. Tamén realiza unhas sucintas reflexións sobre o estado da poesía galega actual, salientando desta o xurdir de novas xeracións.

- E. de Ron, “Campos segados”, *O Correo Galego*, “AFA”, 19 xullo 2000, p. 33.

Recóllense as palabras de Manuel Álvarez Torneiro con motivo da concesión do premio Miguel González Garcés. Reprodúcense as declaracións nas que o escritor explica que a obra probabelmente levará o mesmo título que o lema presentado no certame. Tamén se dá conta das opinións de Basilio Losada acerca do rigor do libro de Torneiro e do carácter novidoso da súa proposta poética.

- Eva Martínez, “Eu escribo en defensa propia”, *La Voz de Galicia*, 20 xullo 2000, p. 52.

Entrevista a Álvarez Torneiro na que este comenta o seu pesimismo motivado pola explotación que o home sofre e a dimensión crítica da súa obra, concibida como unha “homenaxe á xente sinxela” e anónima. O autor afirma qeu escribe “en defensa propia” e que “o poeta dispón dun instrumento de expresión que lle permite difundir a súa ética”. Finalmente, lembra a Valente e fai unha gabanza dos poetas novos.

Araguas, Vicente, *Río matinal*, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 98, novembro 2000, 64 pp. (ISBN: 84-95625-03-2).

Libro de poesía de Vicente Araguas, (Xuvia, 1950) dividido en tres partes: “Vinde sentir o día”, “Despois da pasaxe” e “Río Caníbal”. A primeira delas está formada por vintecinco pomeas breves, numerados en romanos, nos que desprende un halo de nostalxia polo tempo pasado, pola inconsciencia da infancia e pola inesgotábel infinidade da xuventude, que consegue mendiante cadros da escola e outras metáforas da casa materna. A segunda das partes preséntase dividida en nove partes que, baixo aparencia de pequenas narraccións, constitúen unha descrición da paisaxe vivida noutrora. Para rematar, na terceira das partes ofrécense unha serie de poemas de breve extensión, caracterizados polo sentimento da frustración que as propias vivencias causaron na voz lírica.

Borrajo, Moncho, *Fixen camiños*, limiar de Lino Braxe, A Coruña: Espiral Maior, col. Alba Longa, nº 7, agosto 2000, 52 pp. (ISBN: 84-89814-97-X).

Fixen camiños (Poemario dunha emigración íntima), o primeiro poemario de Moncho Borrajo (Baños de Molgas-Ourense, 1949), ábrese cun limiar de Lino Braxe titulado "Traballos de amor (non) perdidos", no que afirma que este libro é "un autorretrato nu de Moncho, unha radiografía da súa sensibilidade". A seguir, reprodúcense os poemas nos que se fala de mortes diarias, da emigración, das noites longas, da terra, da soidade, dos camiños, da saudade, do mar, do corazón, dos sentimentos, de Galicia ou das súas tradicións. Fálase, así mesmo, do "mito fisterrán, a vida na aldea na nenez perdida, a viaxe".

Recensións:

-Vicente Araguas, "Moncho Borrajo ¿poeta?", *El Correo Gallego*, "*Correo das Culturas*", nº 48, 29 outubro 2000, p. 7.

Coméntase, brevemente, a aparición de *Fixen camiños*, poemario de Moncho Borrajo publicado por Espiral Maior no ano 2000. Trátase, segundo Araguas, de “alegatos contra da emigración, contra da violencia terrorista”.

Referencias varias:

Albino Mallo, “Borrajo, poeta”/“Moncho Borrajo asina exemplares do seu libro ‘*Fixen camiños’* na Feira da Coruña”, *O Correo* Galego/*El Correo Gallego*, 9 agosto 2000, p. 37/p. 75. Dá conta das declaracións nas que Moncho Borrajo explica que non é este o primeiro libro de poesía que escribe en galego, aínda que si o primeiro que publica. Así mesmo indica que esta publicación se debe á lectura que Lino Braxe fixo destes poemas e á súa gabanza. Tamén recoñece Moncho Borrajo que nos seus versos hai tristura debido a que comezou a escribilos “o mesmo día no que ETA asasinou a Miguel Ángel Blanco”, a quen el vía como un emigrante galego. Informa a seguir da faceta de pintor de Moncho Borrajo e do feito de que as gañancias deste libro van ir destinadas ao pobo saharaui.

C. F., “Mantendré el cordón umbilical con mi tierra con un libro en gallego cada año”, *El Ideal Gallego*, 9 agosto 2000, p. 19.

Infórmase da presencia de Moncho Borrajo na feira do libro da Coruña, das declaracións de Fernán Vello acerca do carácter biográfico do libro e das do propio Borrajo, quen promete unha obra en galego por ano para "no perder mi cordón umbilical". Finalmente, infórmase de que os dereitos de autor desta obra se destinarán ao pobo sahariano.

- Rosa Míguez, "Suxerencia", *Diario de Ferrol*, "Nordesía", 17 setembro 2000, p. 14.

Noticia que presenta diversas novidades literarias. No concernente á literatura galega fai referencia ao primeiro poemario en galego de Moncho Borrajo, que cualifica de "sincero y honesto". Tamén se refire á nova entrega da serie "Os Bolechas", *Os bolechas xogan ás escondidas*, e ofrece un sucinto resumo do argumento.

- Francisco J. Gil, "Un poeta llamado Moncho Borrajo", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", nº 178, 7 outubro 2000, p. 4.

Semblanza da personalidade artística de Moncho Borrajo e noticia da súa primeira obra poética.

Caamaño, Adolfo, *Poemario irlandés*, limiar de Xosé Miranda, IVº Premio de poesía Johán Carballeira 1999, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 101, novembro 2000, 71 pp. (ISBN: 84-95625-11-3).

Xosé Miranda explica no limiar que o libro se insire nunha tradición representada, entre outros, por Manuel Murguía, Ramón Cabanillas, Álvaro Cunqueiro, Xosé Luis Méndez Ferrín, etc. e refírese á identificación que se produce no poemario entre Irlanda e Galicia. A obra de Adolfo Caamaño (Barro, 1959) recrea unha temática irlandesa a través de descricións paisaxísticas e de referencias a personaxes, feitos históricos, lendas e nomes literarios. A voz lírica traza un paralelismo entre estas dúas realidades e procura a irmandade entre elas. Na elaboración dos textos, opta por un certo grao de experimentalismo, tanto gráfico coma morfolóxico.

Referencias varias:

-Darío Janeiro, “Unha ponte poética”/“Adolfo Caamaño traza co seu novo libro unha ponte literaria entre Galicia e Irlanda”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*, 2 febreiro 2000, p. 35/p. 76.

Alude á presencia en *Poemario irlandés*, de Adolfo Caamaño, gañadora do premio ‘Xohán Carballeira’, do desexo de unión entre Irlanda e Galicia e manifesta as opinións deste autor no tocante á dificultade deste traballo, á presencia mítica desta terra na literatura galega e á procura “do ser máis íntimo de Galicia” lonxe dela. Afirma, o articulista, que a obra se basea en vivencias propias e reflicte os cambios producidos na actualidade con respecto aos anos setenta e oitenta. Recolle as declaracións do poeta sobre a situación da poesía; o gusto pola “literatura chicle, de mastigar e tirar”; a importancia dos literatos galegos líricos no Rexurdimento ou sobre o senso que adquire a palabra poética coa comunicación entre lector e escritor. O autor explica porqué funciona mellor a poesía en boca das mulleres e a súa proposta de aumento de lecturas poéticas nas escolas. Por último, adianta os seus proxectos a curto prazo.

Carballido, Cesáreo, *Sede auga*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Ablativo Absoluto, nº 19, primavera 2000, 83 pp. (ISBN: 84-8302-517-5).

Preséntase este primeiro poemario de Cesáreo Carballido (Lugo, 1971) dividido en cinco partes cun número irregular de poemas en cada unha delas. No inicio do libro sabemos que se trata de catorce apartados encabezados e relacionados polas palabras ofrecidas ao comezo como se se tratase dun Cadáver Exquisito. As palabras son, “Sede saúde traballo aquí vida casa nai amor diñeiro viaxe guerra cociña ofertas auga”. A primeira e a derradeira dánlle título ao poemario, e cada unha delas encabezan unha serie de poemas que presentan a pecularidade gráfica de ter o título ao final. Alén disto temos moitos xogos de palabras por composición de dous vocábulos seguidos, por exemplo, “naim” (naia-amor), “Ma lfa lo” (mal falo, título dun dos poemas), “Ovi” (Diñeiro-viaxe), etc, que, precisamente polo seu carácter de neoloxismos, chaman máis a atención do lector. Asemade, nalgúns poemas chégase a destruír totalmente a linguaxe pola acumulación de palabras e con divisións silábicas anormais (por exemplo este verso “noc um eóp as arn”). Polo demais as palabras citadas que abren cada apartado definen totalmente o contido temático dos poemas.

Recensións:

- Arturo Casas, “Cesáreo Carballido: *Sede auga*”, *A Trabe de Ouro*, nº 43, “Publicacións”, Tomo III, Ano XI, xullo-agosto-setembro 2000, pp. 405-409.

Recensión da primeira obra de Cesáreo Carballido, *Sede auga*, “un libro actual, un libro en diálogo co presente, querendo oír e contestar -non sen riscos-ás preguntas que o presente traslada”. A seguir, compara a obra con outros títulos como *Persianas, pedramol e outros nervios*, de Fran Alonso ou *Manual de masoquistas*, de Antón Rodríguez López. Por último, introduce algúns fragmentos da obra e afirma que “restitúe un xogo plural de emocións que se filtran nun algoritmo de distancias mediadoras”.

- Vicente Araguas, “Deconstrucción”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 44, 1 outubro 2000, p. 7.

Refírese á publicación do libro de Cesáreo Carballido, que adscribe a unha “liña irracionalista”. Comenta a súa frialdade, a aparencia narrativa, a súa dimensión de crebacabezas e a presencia de prosa e de recursos tipográficos. Afirma que a voz lírica “deconstrúe a realidade, minimiza o vivido, apunta e non chega a disparar pois as súas balas fican nunha recámara que non é o subconsciente nin sequera o inconsciente.

- Manuel Xosé Neira, “Modernidade inconclusa”, *Guía dos libros novos*, nº 23, “Poesía”, novembro 2000, p. 26.

Principia adscribindo o libro á denominada “modernidade inconclusa” e facéndose eco da influencia que Celan tivo neste autor. Recoñece a súa preferencia por outro tipo de poesía, circunstancia que non lle impide, nalgúns casos, “desgustala” e “saboreala”. Respecto a obra recensionada, sinala a presencia de certa dozura nos poemas. Bota en falta un fío conductor que guíe ao lector. Considera, ademais, que é unha poesía que atende ao “moi humano” e, polo tanto, ao “social”. Salienta, finalmente, a importancia que na obra teñen o espacio e as cousas que nos rodean.

Referencias varias:

Carmen Abuín, “El lucense Cesáreo Carballido publica un libro de poemas”, *El Progreso*, 23 setembro 2000, 77.

Recóllense as declaracións de Cesáreo Carballido con motivo da publicación do seu primeiro libro, co que pretende “desfacer a ilusión de que vivimos nun mundo acabado, perfecto”. No artigo reprodúcense outras opinións do autor acerca da poesía experimental, da semellanza da súa obra coa de Mallarmé, Trakl, Celan ou Pessoa, a importancia do lector, o título do seu libro e o proxecto dun espectáculo baseado neste texto.

Corral, Xoán, *De todo corazón*, prólogo de Manuel Celso Matalobos, Baamonde-Lugo: Edición de autor, 2000, 205 pp., (DL: C - 1674 - 2000).

Volume no que Xoán Corral Castro (Baamonde, 1936) recolle poemas en galego e castelán, agrupados por temas en distintas seccións. A obra conta cun prólogo, no que ademais de darse datos biográficos do autor, menciónanse algúns dos trazos da súa poesía como son a presencia dunha filosofía impregnada de humanismo cristián, o impresionismo con que pinta as relacións amorosas entre o home e a muller ou a estética franciscana empregada para reflectir distintas cousas deste mundo. Tamén se indica xa no prólogo, a modo de advertencia, que non é un libro elaborado con criterios estéticos ou puramente literarios, xa que a intención do autor tan só era expresar os sentimentos, e remata este limiar cun poema que Víctor Corral lle dedica ao seu irmán. Predominan en todo o volume os versos octosílabos con estructura de romance, sendo en cambio irregular a presencia de títulos nos poemas. As seccións temáticas nas que se estructura o volume son: “Consellos”, que tamén se poden considerar frases exemplarizantes, “Amor de muller”, “Amor de home”, “Amor de Deus”, “Amor á natureza” e “Amor propio”, nas que se van intercalando fotos familiares.

Referencias varias:

- Manuel María, “De todo corazón”, *El Correo Gallego*, “Terras, homes e palabras”, 26 decembro 2000, p. 3.

Refírese ao libro de Xoán Corral, ao que cualifica de “poemario desigual”. Explica que o autor opta pola poesía popular e lembra o nome doutros poetas populares da Terra Cha. Considera que os maiores acertos da obra están naqueles textos curtos escritos en octosílabos.

Creus, Estevo, *O libro dos cans*, ilust. do autor, Galicia: Retagarda Edicións, novembro 2000, (ISBN:84-931647-2-0).

Estevo Creus (Cee, 1971) preséntanos esta entrega poética, mediante o formato de disquete, na que aparecen os títulos da súas publicacións así como os poemas de *O libro dos cans*. Comézase cun “Apuntamento” no que se confesa que este “propósito é aloucado e de difícil manexo” e que é “unha tarefa inconclusa” que consome a ansia do poeta “dende hai máis de 20 anos”, xunto con doce planos, obra de Covadonga Carrasco, da “Casa para esperar os cans”. A seguir veñen os poemas desta entrega que están divididos en tres apartados “O lugar non é máis que o rastro da estratexia: a súa resaca”, “Descanso. A mecánica é descanso. Des-canso” e mais “Pinturas. Mecánicas, artefactos e pinturas”. Os dous primeiros apartados, acompañados de ilustracións e que presenta un “Algoritmo moral de inhibición”, amósanos a teima do eu lírico pola espera da chegada dos cans mentres está a pintar lentamente “a miña casa co ruído dos barcos”. O último apartado está formado polos debuxos dunha serie de artefactos e de mecánicas acompañados, algún deles, dunha breve explicación.

Recensións:

- Inma López Silva, “Poetas actores: perfomance liricamente correcta”, *El Correo Gallego*, “Fin de Semana”, nº 53, 3 decembro 2000, p. 9.

Dáse conta de que “Retagarda edicións” é unha iniciativa de tres poetas galegos, a través da cal presentan os seus libros en formato disquete: *Os veos da paisaxe*, de Eduardo Estévez, *O libro dos cans* de Estevo Creus e *Ícaro* de Rafa Villar, que xa fora publicado en libro en 1999. Indícase que esta empresa, xunto cos recitais, son algunhas das maneiras de achegar a poesía ao público, sinalando ademais que neste sentido non están moi claras as diferencias entre os xéneros artísticos, xa que “recitar é actuar”, e, ao igual que no teatro, tamén nos recitais hai aplausos. Por outro lado, saliéntase que moitos dos novos poetas tamén son actores ou cantantes e saben que o audiovisual e a dicción son elementos que enriquecen a poesía.

Dacosta, Marta, *En atalaia alerta*, Accésit do XIXº Premio Esquío 1999, Ferrol: Sociedade de Cultura Valle-Inclán, col. Esquío de Poesía, LXXIX b, febreiro 2000, 66 pp. (ISBN: 84-95289-08-3).

Unha voz poética feminina é a protagonista deste libro no que Marta Dacosta (Vigo, 1966) retoma temas clásicos como a memoria ou o paso do tempo e emprende unha viaxe cara á infancia, marcada por un ton reflexivo. A tristeza, a derrota e a dor son tamén motivos constantes ao longo da obra. Cómpre salientar a reinvindicación da condición de muller levada a cabo pola voz lírica. Dende o punto de vista formal, predominan na obra os versos heptasílabos e alexandrinos brancos.

Recensións:

- Vicente Araguas, "Esquíos", *O Correo Galego,* "*Revista das Letras*", nº 315, 25 maio 2000, p. 8.

Ademais de referirse no outorgamento dos premios Esquío en galego fronte ao castelán, ao feito de terlle sido concedido a unha autora nobel e a que esta, como outras, teña saído da Universidade coruñesa, céntrase na obra *Pan (Libro de ler e desler)* ao que cualifica de "monográfico ou temático", ademais de

irregular especialmente pola colocación ao principio do mesmo dos que considera os mellores poemas, “o pandexeiro” e “Mousse”, mentres que despois aparecen composicións de carácter esotérico e “illas metaliterarias” dentro dunha obra que considera con boa caligrafía, con sabedoría poética pero “unha especie de caixón de xastre” pola dispersión de contidos. Con respecto a *En atalaia alerta*, sobrancea a aliteración do título e o feito de ser heptasílabo, características estas dun poemario no que predominan as estructuras clásicas con contido “rompedor”, unha linguaxe rebelde e sensíbel, solidaria e fonda nunha poética reivindicativa, froito da concepción da poetisa de que a poesía é algo máis ca un valor cultural.

- Xulio Valcárcel, “Premios Esquío”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, 6 agosto 2000, p. 4.

Coméntanse os libros gañadores da vixésima convocatoria do Premio “Esquío”. No que respecta á obra premiada, *Pan*, de Estíbaliz Espinosa, afírmase que se trata dunha “indagación no carácter máxico das palabras”, con numerosas referencias a seres míticos galegos. Alúdese ao xogo entre o racional e irracional, á polisemia simbólica do pan, así como ao exercicio da intertextualidade levado a cabo pola voz lírica. No que atinxe ao accésit, *En atalaia alerta*, de Marta Dacosta, coméntase a evolución dun “eu” a un “nós”, marcado este pola actitude belixerante, transgresora e feminina e cualifícase o discurso como unha “poesía espida, esencial, que busca as certezas salvadas que da (*sic*) a propia sinceridade con nós mesmos”.

- Román Raña, “Unha voz auténtica”, *Guía dos libros novos*, nº 21, “Poesía”, setembro 2000, p. 28.

Na súa opinión a obra transmite a sensación de estar constituída por un único poema. Dentro da traxectoria poética da autora considera que este libro debe vencellarse ao titulado *Setembro*. Compara o intimismo radical cultivado por Luis Pimentel cos poemas contidos na obra recensionada, diferenciando estes últimos pola condensación e austeridade que presentan. Como eixos temáticos dominantes sinala a perda e o sufrimento. Conclúe afirmando que estamos ante unha voz feminina auténtica e merecedora de parabéns.

- Teresa Seara, "Para redimir o desacougo", *Tempos Novos*, nº 39, "Entregas Culturais", agosto 2000, pp. 54-55.

Dáse conta de tres propostas poéticas que nos mostran outras tantas vivencias existenciais. Unha delas é a de Marta Dacosta, *En atalaia alerta*, que continúa cos temas que aparecían en obras anteriores. Faise unha descrición do volume, centrada no seu contido, e reprodúcense algúns dos seus versos.

Referencias varias:

-Óscar Iglesias, "Estíbaliz Espinosa vindica con '*Pan*' a poesía non demasiado apegada ao íntimo", *El Mundo*/*Galicia*, "Cultura", 31 marzo 2000, p. 9.

Dá conta da presentación na capital herculina das obras galardoadas cos premios Esquío de 1999. Sinala que Espinosa, autora de *Pan (Libro de ler e desler)*, cualificou a súa poesía de sinxela, para despois confesar algunhas fontes literarias das que bebeu: *Cantar dos Cantares*, Ferrín... Tamén comenta cómo Marta Dacosta, autora de *En atalaia alerta*, autocalificou a súa lírica de persoal e sen débedas con outros literatos. Remata recollendo a opinión de Pilar Pallarés sobre estes dous libros: laudatoria coa creación de imaxes no primeiro caso e crítica co pasado propio no segundo.

- Rosé Carrera, “A poesía non cambia o mundo”, *Atlántico Diario*, 23 abril 2000, p. 12.

Dacosta descobre neste inquérito as dificultades para publicar poesía e o papel de primeira orde que están a xogar os premios no desenvolvemento da nosa lírica. Avoga polo autor comprometido e renuncia á etiqueta “poesía de muller”. Coida que esta última obra é fundamentalmente unha revisión dos momentos dolorosos pretéritos e recoñece que a súa evolución foi primordialmente temática. O artigo péchase coa reproducción dun dos poemas do libro.

Domínguez Alberte, Xoán Carlos, *Material de Outono*, ilust. Anxos Romeo, Lisboa: Edições Tema, novembro 2000, (DL: 157069/00).

Nesta primeira incursión no xénero poético de Xoán Carlos Domínguez Alberte (Escudeiros-Celanova, 1966) inclúe neste volume trinta e oito poemas de extensión moi breve, marcados pola influencia do haiku xaponés, que xiran arredor das grandes claves do amor e o desamor e nos que a paisaxe se converte no pano de fondo do sentimento do eu lírico. A natureza aparece descrita en consonancia co estado de ánimo da voz poética no que predomina a nostalxia e a necesidade da presencia da amada e da terra, que se evoca a través de imaxes contidas en brevísimos versos. O volume conta con ilustracións de Anxos Romeo (A Estrada, 1965).

Recensións:

-Armando Requeixo, "O interior do outono", *El Correo Gallego*, "*Correo das Culturas*", nº 56, 24 decembro 2000, p. 8.

Despois de lembrar a traxectoria poética e ensaística de Xoán Carlos Domínguez Alberte, o autor do artigo sitúa a poesía de *Material de outono* dentro do esencialismo e afastada de calquera elemento barroquizante.

Atribúelle certas influencias do haiku, de Pimentel, Otero, Acuña, Cunqueiro e Novoneyra. Tamén observa un certo “paisaxismo de raíz telúrica” e un “sensualismo de expresión erótica”. Finalmente, salienta as ilustracións de Anxos Romeo, por seguiren un discurso paralelo ao poético.

Dono, Maite, *O mar vertical*, limiar de Ana Romaní, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 99, novembro 2000, 54 pp. (ISBN: 84-95625-10-5).

Primeira obra en galego de Maite Dono que se abre cun texto introductorio a cargo de Ana Romaní, titulado “O mar suicida” no que presenta as claves fundamentais dos poemas que conforman o libro. Defíneo coma un “caderno tráxico que se escribe por un mar que non consola nin abastece” e interpreta a simboloxía do mar vertical como un mar de connotacións negativas que atravesa “como coitela o corpo enteiro”. A seguir, dáse paso ao traballo poético da autora no que o mar é o único protagonista, personaxe que aparece nalgúns dos versos suxerido e noutros explicitado, pero sempre omnipresente no eu lírico. Formalmente o libro constitúeno estrofas de rima libre nas que alterna a máxima brevidade con textos máis extensos e mesmo textos en prosa, aínda que de gran predominio lírico, nos que se fai patente a dor e a melancolía da voz poética ante a influencia que exerce nela o mar, que se reflicte como referente real ou mesmo metaforizado na sexualidade, no paso da nenez a adolescencia ou nas lembranzas que narra nos textos en prosa.

Espinosa, Estíbaliz, *Pan (Libro de ler e desler)*, XIXº Premio Esquío 1999, Ferrol: Sociedade de Cultura Valle-Inclán, col. Esquío de Poesía, nº LXXVIII b, marzo 2000, 122 pp. (ISBN: 84-94289-06-7).❿

Estíbaliz Espinosa (A Coruña, 1974) establece neste volume un xogo poético que se contrúe xa dende o título, no que conxuga un elemento cotián, o pan, co misterio do libro de ler e desler. O libro vén dividido en tres partes: “O Reino das cinzas”, “Terra de Ninguén” e “O Reino do fume” nos que mestura os elementos materiais como “o pan”, “o lume” ou “o ovo”, cos sentimentos, o desexo e a fantasía a través dos cales transforma os primeiros, para incluílos no seu universo poético no que o fundamental é a procura da propia esencia e do absoluto que se verte en moitas ocasións no erotismo, aínda que tamén está presente a reivindicación da liberdade do pobo, como sucede na sección titulada “Pantasía”. Formalmente, os versos veñen caracterizados pola linguaxe intimista e pola metaforización con certa tendencia ao hermetismo das imaxes. Preséntanse secuencias de versos nos que a autora experimenta con diversas estructuras, polo que combina fragmentos de prosa poética (“Biobardo” ou “Paradexo”) con poemas nos que se alterna versos de curta e longa extensión de rima libre, versos compostos por una soa palabra en estructura paralelística ou mesmo xogos tipográficos nos que combina o estilo gráfico dos textos.

Recensións:

-Vicente Araguas, “Poesía conceptual”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 25, 14 maio 2000, p. 13.

Tras gabar a habitual calidade do Premio “Esquío”, Araguas ve nesta autora novel un elo máis da cadea renovadora que configura a nosa lírica feminina actual. Destaca o feito de que que use fontes cultas da literatura universal, á par doutras máis “enxebres”, pero censúralle un barroquismo léxico excesivo e xulga pretencioso o subtítulo: *Libro de ler e desler*.

Vicente Araguas, “Esquíos”, *O Correo Galego,* “*Revista das Letras*”, nº 315, 25 maio 2000, p. 8. Ver Dacosta, Marta, *En atalaia alerta*, neste apartado do *Informe.*

Xulio Valcárcel, “Premios Esquío”, *El Ideal Gallego*, *“La Galería”*, 6 agosto 2000, p. 4. Ver Dacosta, Marta, *En atalaia alerta*, neste apartado do *Informe*.

Teresa Seara, “Lévedo”, *Tempos Novos*, nº 38, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, xullo 2000, p. 76. Fai referencia á publicación e, logo de citar os títulos das dúas partes que conforman o libro, salienta que os versos teñen certo carácter máxico e di que “é un *Libro de Ler e desler* que nos abre e pecha, alternativamente, a porta do tesouro”.

Román Raña, “Un libro de ler e desler”, *Guía dos libros novos*, “Poesía”, xullo-agosto 2000, p. 27.

Saliéntase “o animado frescor” que se desprenden das composicións deste volume. Tamén se comenta a estructura que presenta o libro: seis partes, unha introducción e un epílogo. A continuación, análizanse cada unha destas seccións. Afírmase que na primeira parte aparece un “continuo xogo de palabras, libérrimo”. Tamén se sinala que en “Pantasía” predomina “a lúdica creación de neoloxismos”. Asemade, dáse conta das “luminosas realidades” presentes en “Terra de ninguén” e en “O reino do fume”. Ademais, coméntase que en “Diccionario dos seres míticos galegos” amósase a utilidade deste poemario.

Referencias varias:

- C. Casal./R. García, “Escribo para desbotar demos, deuses ou cousas que levo dentro”, *La Voz de Galicia*, 21 marzo 2000, p. 63.

Breve entrevista na que Estíbaliz Espinosa, gañadora do Premio “Esquío” 1999, reflexiona sobre os motivos que a levan a escribir e sobre o concepto de poesía, que considera un código distinto para comunicarse. Finalmente, cita algúns dos seus autores favoritos entre os que contan Manuel Antonio e Méndez Ferrín.

-Óscar Iglesias, “Estíbaliz Espinosa vindica con ‘Pan’ a poesía non demasiado apegada ao íntimo”, *El Mundo. Galicia*, “Cultura”, 31 marzo 2000, p. 9.

Ver Dacosta, Marta, *En atalaia alerta*, neste apartado do *Informe*.

Estévez, Eduardo, *Os veos da paisaxe*, ilust. Mu Xi, Galicia: Retargada Edicións, outubro 2000, (ISBN: 84-931647-0-4).

Poemario editado no novidoso formato de disco flexíbel no que se nos dá conta das obras publicadas polo seu autor e no que se recollen os poemas desta entrega poética. Trátase de corenta e un textos curtos e sen título que están divididos como se no seu conxunto conformasen un día: “a mañá” con trece poemas, “o mediodía” con cinco, “a tarde” con catorce, “a noite” con oito e mais un “epílogo para o insomnio”. O seu autor, Eduardo Estévez (Buenos Aires, 1969), fálanos da importancia do tempo pasado e da memoria mediante continuas referencias aos elementos que compoñen a paisaxe dun “país de catedrais”.

Recensións:

-Inma López Silva, “Poetas actores: perfomance liricamente correcta”, *El Correo Gallego*, “Fin de Semana”, nº 53, 3 decembro 2000, p. 9.

Ver Creus, Estevo, *O libro dos cans*, neste apartado do *Informe*.

Estévez L., José, *30 suspiros eróticos e unha incrible historia de amor*, esbozo de prólogo J. A. Barrio, Lugo: Scio, col. Poesía, novembro 2000, [185 pp.]. (ISBN: 84-607-1383-0).

Ábrese este volume de pastas duras e texto só nas páxinas pares cun “Esbozo de limiar” no que José Antonio Barrio reflexiona sobre o erotismo e sobre a recepción que tivo a literatura erótica para, finalmente, inserir esta obra dentro desa corrente e considerar ao seu autor como “un fundamentalista erótico clásico”. O libro de José L. Estévez divídese en dúas partes. A primeira delas constituída por trinta poemas de claro contido erótico e de influencia clásica, acompañados de citas de autores como: Safo, Lope de Vega, Nacy Friday, Shakespeare, Chus Pato, Méndez Ferrín, Fray Luís de León, Olga Novo, R. Green, Petronio, Bukowski, Ovidio, Angela Carter, P. Roth, Nabokov, Alfonso Pexegueiro, Verlaine, Neruda, Anaï s Nin, Laura Esquivel, Mª Xosé Queizán, D. H. Laurence, Yolanda Castaño, Claudio Rodríguez Fer, Catulo, San Juan de la Cruz, Quevedo, ademais de refráns e ditos populares. A segunda parte, “Unha incrible historia (triste o amor, soña, sub judice)”, ten un carácter máis narrativo, con predominio da prosa, aínda que tamén intercala poemas e outros textos de difícil caracterización. Xoga, neste apartado, coa disposición do texto sobre o espacio e con diversos tipos e tamaños de letra. Ao longo da primeira parte inclúe unha serie de fotocomposicións con imaxes femininas núas.

Fariña, María Goretti, *Nai e mais ninguén*, Premio do Xº Certame de poesía Rosalía de Castro de Galicia en Córdoba 2000, Santiago de Compostela: Librería Follas Novas, col. Libros da Frouma, nº 12, 49 pp. (ISBN: 84-85385-45-4).

María Goretti Fariña (San Xoán de Baión-Vilanova da Arousa, 1975) presenta un conxunto de composicións nas que unha voz lírica en segunda persoa se dirixe á súa filla para abordar o tema da maternidade e das complexas relacións entre estes dous suxeitos. Baixo este pretexto, o poemario aborda temas coma o paso do tempo, desautomatiza algúns tópicos asociados á infancia e procura unha linguaxe novidosa ("mediopensionista dos teus brazos", "traducida en ti", etc.). Dende o punto de vista formal, predominan os versos brancos de arte maior.

Forcadela, Manuel, *Morte do fadista*, VIIIº Premio de poesía Espiral Maior 1999, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº100, novembro 2000, 111 pp. (ISBN: 84-95625-06-7).

Manuel Forcadela (Tomiño, 1958) recorre a un verso longo de raigame clásica para expoñer unha reflexión sobre a escritura e sobre a vida en xeral caracterizada pola ironía e polo escepticismo. A voz lírica incide en cuestións coma o paso do tempo, o fracaso e a derrota, ao tempo que introduce, á beira dos mitos clásicos, outros propios da modernidade (Maradona, Naomi Campbell). O libro combina unha voz poética con aparencia autobiográfica con outros casos de ficcionalización e bota man de motivos clásicos como é o da viaxe.

Referencias varias:

- C. Lorenzo, "O triunfo do sarcasmo"/"Manuel Forcadela recibe o Premio 'Espiral Maior' por '*Morte do fadista*", *O Correo Galego*, "AFA"/*El Correo Gallego*, "Sociedad-Cultura" 19 xaneiro 2000, p. 31/p. 73.

Cita o nome das persoas asistentes ao acto de entrega deste premio e indica os temas tratados no libro gañador, *Morte do fadista*. A seguir, recolle as palabras do seu autor, Manuel Forcadela, para quen esta obra

“plantexa unha perspectiva irónica de afrontar a realidade da vida”, ou de Álvarez Cáccamo, quen destacou “o rigor comparativo da obra, o manexo moi consciente da sintaxe e, como novidade, a utilización ‘dun sorprendente recurso sacástico”. Finalmente, refírese á intervención do director da editorial Espiral Maior, Miguel Anxo Fernán-Vello, que tocou diferentes cuestións relacionadas con este galardón.

- Pancho Tristán, “Forcadela gaña o Espiral Maior cun libro de “poemas necesarios”, *El Mundo. Galicia*, “Galicia/Cultura”, 19 xaneiro 2000, p. 9.

Achega información sobre a edición deste premio e recolle a opinión dos membros do xurado sobre *Morte do fadista*. Asemade, reproduce certas declaracións de Manuel Forcadela sobre esta obra, da que comenta que xira ao redor de tres eixos –”ese xogo do travestismo”, o “erotismo” e a “morte”–, e refírese á presencia que nela hai da ironía e ao seu título. Tamén ofrece algúns datos da vida e obra do autor galardoado e dá conta da súa páxina web, “O Ximnasio do Academo”, dende a cal se pode acceder á súa obra en verso e a de moitos autores.

-C. Vidal, “Manuel Fernández Álvarez ‘mata’ a Forcadela e gaña o Espiral Maior”, *A Nosa Terra*, “Guieiro Cultural”, 20 xaneiro 2000, p. 25.

Comézase sinalando que Manuel Focardela vén de gañar este premio con *Morte do fadista*, no que “reflicte o paso da mitocrítica á psicanálise lacaniana porque, segundo afirma, nunca concebiu ‘a poesia fóra do estudo da literatura”. Faise un percorrido a través da súa producción poética e vólvese comentar a obra premiada,

que se trata “dunha sorte de paradoxo no que un poeta nega a poesía” e no que Manuel Forcadela morre no sentido de entender a poesía como “reconstrucción dun mesmo”. Tamén se apunta que nesta obra agroman de novo os seus temas obsesivos, como son o fracaso, o erotismo, a morte ou a propia poesía. Por outra banda, recóllese o parecer do poeta premiado cando se refire ao seu encadramento no grupo de poetas que publicaron as súas primeiras obras a comezos dos anos oitenta e á “tecnofóbia” existente na literatura galega.

- Carme Vidal, “Quero que a miña obra excite o mundo poético dos leitores”, *A Nosa Terra*, “Guieiro Cultural”, nº 961, 16 novembro 2000, p. 21.

Recóllese a opinión de Cesáreo Sánchez Iglesias, gañador do Premio “Esquío”, sobre a poesía e o seu libro *O rumor do distante*. O autor confesa que se escribe poesía “para construir o próprio tempo existencial, coa intención tamén de poder compartilo”, nunha “busca de gozo”. Explica o subtítulo da súa obra, *A escrita da terra*, así como a vinculación coa poesía clásica chinesa. Finalmente, reflexiona sobre a importancia de ter gañado este certame.

Franco Bañobre, Anxo, *Regreso a ningures*, Ferrol: Edicións Embora, febreiro 2000, 106 pp. (ISBN: 84-95460-00-9).

O primeiro libro de poemas de Anxo Franco (Ferrol, 1958) divídese en catro partes: “A memoria do tempo”, “Metáforas do adeus”, “O amor que nos habita” e “Preguntas e silencios”. En cada anaco do poemario aparecen unha serie de riscos comúns. Deste xeito, en “A memoria do tempo” resulta explícita a angustia polo pasado que non retorna; en “Metáforas do adeus”, a lembranza dos que liscaron e a presencia da morte xorden dentro dos poemas; en “O amor que nos habita”, a temática vira nidiamente cara á amada e o amor. Finalmente, “Preguntas e silencios” desenvolve un lene aire de poesía social ou de denuncia. Adoito, encabezan os poemas versos doutros autores, por exemplo, T.S. Eliot, Fernando Pessoa, Jose Ángel Valente, Eugénio de Andrade, Álvaro Cunqueiro ou Gabriel Ferrater. Un certo ton pesimista e deseperanzado revélase ao longo de todo *Regreso a ningures*.

Recensións:

- Vicente Araguas, “As últimas”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 320, 29 xuño 2000, p. 7.

Destácase a condición de “poeta lírico” de Anxo Franco e compárase a súa obra coa de Estíbaliz Espinosa polo feito de ir “de máis a menos”. Considéranse dúas partes no poemario, a primeira marcada polo tratamento do tema da melancolía e a segunda pola introducción doutros motivos, coma o amor ou a protesta, “que non estando mal de fondo teñen un non sei qué de ‘naif’ na forma”. Finalmente, infórmase da creación por parte da Deputación de Pontevedra da colección de poesía “Tambo” e dáse conta dos volumes publicados, facendo ademais unha breve semblanza: *A rolda invisible*, de Rei Núñez, *En el norte hay un mar que es más alto que el cielo*, de Carlos Oroza, *Cárnica das nosas vidas xuntos*, de Ana María González e *Et finira le jour de son commencement*, de Manuel M. Romón.

Vicente Araguas, “Libro primeiro serodio”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 46, 15 outubro 2000, 11.

Breve comentario sobre o primeiro poemario de Anxo Franco, *Regreso a ningures*, publicado por Edicións Embora no ano 2000. Comenta que nesta obra o autor agrupa os poemas en diferentes seccións: a memoria do tempo, as ausencias, un eixo erótico e unha miscelánea.

Referencias varias:

- N. V., “Con ‘Regreso a ningures’ Anxo Franco dá forma a dúas décadas de poesía”, *Diario de Ferrol*, 25 febreiro 2000, p. 15. Dá conta da publicación desta primeira obra poética de Anxo Franco na que, segundo di, se recollen poemas escritos dende os vinte anos. Di que a soidade e a temática social son algúns dos temas relevantes e acaba falando da recepción inmediata da obra.

Frías Conde, Xavier, *Azul e Terra*. *Poesía eonaviega (1997-1999)*, prólogo Inma López Silva, Madrid: ACEF, col. O Roibén, marzo 2000, 58 pp. (DL: M-18991-2000).

Inma López Silva refírese, nun limiar titulado "Adagios de orballo e Hamlet", á musicalidade da obra e á presencia de dous grandes núcleos temáticos, como o amor ou a terra, e dun lirismo que "se ispe de todo o que lle sobra". O libro de Xavier Frías Conde (Béjar, Salamanca, 1965), escrito en galego eonaviego, está estructurado en dous bloques: "Feitizos da palabra" e "Vale de Ouro". O primeiro deles contén poemas amorosos nos que se produce unha identificación entre a muller e a terra. O segundo está composto por unha serie de textos nos que se leva a cabo unha lembranza da paisaxe da aldea, caracterizada pola distancia e a nostalxia.

Recensións:

- Vicente Araguas, "Roibén", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras*", nº 346, 28 decembro 2000, pp. 4-5.

Alúdese á colección "O Roibén", do Grupo Bilbao, que reúne unha serie de cadernos de poesía. A seguir, coméntanse os diferentes cadernos publicados en marzo do ano 2000, entre os que se atopa *Azul e terra.*

Poesía eonaviega (1997-2000), de X. Frías Conde, quen “escribe dos temas de sempre: amor, nostalxia, terra, amizade, con ton abertamente sentimental”.

Referencias varias:

-Natalia Regueiro, “Escritores galegos en Madrid”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 52, 26 novembro 2000, p. 12.

Despois de dar conta da traxectoria do Grupo Bilbao dende a súa formación, cítanse os títulos dos poemarios publicados por este grupo, xa que conta cun órgano específico que posibilita a edición dos seus proxectos. Por outro lado alúdese á escasa tirada destas edicións, feitas ao xeito artesanal e romántico, e anúnciase que no futuro espérase legalizar a situación e, polo tanto, multiplicar e diversificar a actividade editorial, que contará tamén cunha colección de narrativa. Finalmente, recoméndase a súa antoloxía, na que aparecen autores dispares pero con “unha común e pretendida vinculación galaica”. Así mesmo, cítanse os títulos e autores dos poemarios antologados, que apareceron ao longo do ano 2000: *Azul e terra. Poesía eonaviega* (1997-1999), de Xavier Frías Conde; *Alquimia soñada*, de Xosé Galán Ortega; *Hidroemas*, de Luis Miguel Luna e Óscar A. Curieses; *Onte chovía*, de Rafael Yáñez; e *O pan da escravitude*, de Susana González e *Velaiveñen*, de Victoria Veiguela, estes dous últimos poemarios publicados conxuntamente en *Simbiose.*

Galán Ortega, Xosé, *Alquimia soñada*, introd. Manuel Pereira Valcárcel, Madrid: ACEF, col. O Roibén, marzo 2000, 28 pp. (DL: M-18989-2000).

Despois dunha sucinta introducción na que Manuel Pereira Valcárcel presenta o poeta e a súa obra aparecen vinteún poemas numerados con romanos. Hainos de longa extensión, ao lado doutros breves, case coma haikus xaponeses. Nelas hai, sobre todo, indagación interior, espreita do máis íntimo. Neste sentido ocupa un lugar central o amor como espacio de experimentación e, á vez, algo ao que agarrarse na vida, o mesmo que ocorre coa poesía, que se converte en elo liberador e explicador da propia existencia. Ao final, os desexos parecen cumprirse e o amor fica conseguido coma a loita coa natureza.

Referencias varias:

-Natalia Regueiro, "Escritores galegos en Madrid", *El Correo Gallego*, "*Correo das Culturas*", nº 52, 26 novembro 2000, p. 12.

Ver Frías Conde, Xavier, *Azul e Terra*. *Poesía eonaviega (1997-1999)*, neste apartado do *Informe.*

García, Xoán, *Buxaina de sentimentos*, Fene-A Coruña: San Esteban, 2000, 103 pp. (ISBN: 84-607-0468-8).

Esta obra de Xoán García (Barallobre-Fene, 1942) comeza cunha serie de textos introductorios: “Presentación”; “Saúdo do autor”; “A paixón como esencia na poesía de Xoán García”, de Isidro Novo; “A buxaina xira e xira”, de María Xosé López Pérez; “A buxaina de Xoán García”, de Manuel Pérez Grueiro; e, por último, o poema “Vendo unha buxaina xirar”, de Antón Iglesias. O poemario divídese en seis partes, cada unha delas encabezada por unha pregunta en verso dirixida a unha buxaina. Esa división non afecta nin ao estilo, caracterizado por unha linguaxe sinxela e unha expresión directa, nin á temática. A voz lírica predomina nos poemas, cando estes tratan do amor, da paisaxe, do recordo ou da experiencia, mais adquire un ton social cando denuncia a inxustiza e as agresións ao medio. Ao remate da obra hai unha antoloxía de colaboracións titulada “Poetas Novos. Novos Poetas”, na que aparecen poemas en galego e en castelán de autores noveis da comarca de Xoán García.

Recensións:

- Vicente Araguas, “Francotiradores”, *El Correo Gallego*, “Correo das Culturas”, nº 56, 24 decembro 2000, p. 7.

Comentario dos libros *Cara unha política ecoloxista: Noriega* (1999) e *Buxaina dos sentimentos*, ambos os dous de Xoán García, aínda que o primeiro asinado co pseudónimo Xosé de Arxeriz. Valórao como un home de traxectoria biográfica “limpa e honesta”, que nas súas obras amosa trazos naturalistas, mesmo ecoloxistas. Do seu segundo poemario destaca a mensaxe costumista, amorosa e solidaria, ademais da humildade poética e o coidado na edición, “nada discordante do que fan algunhas das nosas editoras máis conspicuas”.

Gómez, Lupe, *Poesía fea*, Santiago de Compostela: Noitarenga, 2000, 119 pp. (ISBN: 84-920723-4-2).

Terceiro poemario de Lupe Gómez (Fisteus-Curtis, 1972) que abre cun texto en prosa, “A tensión da miña poesía é o amor”. Nel, a autora afírmase nas coordenadas poéticas dos seus libros anteriores e expresa os motivos desta obra, que ten como forza motriz o amor “pólas cousas e póla vida”. A seguir, inclúense un cento de brevísimos poemas de carácter sentencioso que asentan nunha linguaxe sinxela e antiprosaica unha concepción pouco lírica da poesía. Trátase de atentar contra o comunmente aceptado, o baleiro e o aséptico, violentando a lingua habitual. Con estas premisas atopamos a reinvindicación da aldea (como lugar primixenio e antítese do urbano), unha veta telúrica (que arraiga o corpo na terra) e a reflexión metapoética que, partindo do filtro autobiográfico, dan presencia ao amor, ao sexo, á Patria, á Liberdade (indisociábel da escrita poética), á realidade, á vida, á muller, á comunicación humana, ao escatolóxico, aos pais, etc. Féchase o volume con outro texto, “As fotos do sexo”, no que ataca as bases que fixeron do sexo un tabú para as mulleres, que agora viven unha época de liberación.

Recensións:

-Xulio Calviño, “Lexisignos: verdade como monumento e ética da interpretación”, *Guía dos libros novos*, “Poesía”, xuño 2000, p. 27-28.

Tras salientar a presencia na obra dunha “ideoloxía de égloga”, dunha “ideoloxía telúrica” e dun “ideloxema antiurbano”, lóuvase a defensa que contén de valores como a liberdade e o amor. Tamén se comenta o chamado “pensamento salvaxe” da autora, desenvolto nos poemas mediante unha serie de parellas contrastadas. Asemade, analízanse todas as influencias doutros autores na poesía de Lupe Gómez. Resáltase, así mesmo, a aparición do autobiografismo nas súas composicións. Por último, deféndese a “emancipación da Voz, da Grafía e do Xesto da muller”.

Vicente Araguas, “Fermosa poesía fea”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 42, 17 setembro 2000, 9.

Fai referencia a que esta autora segue con este poemario a liña dos anteriores, destacando algúns dos trazos que se repiten como son o poema breve, “pouco requilorio léxico ou sintáctico”, rebeldía e a linguaxe chocante ou provocativa. Destaca tamén que esta autora, que escribe para todos os públicos, quere comunicación inmediata e salienta que no interior do volume aparece fotografada en varias ocasións, feito que demostra a aceptación da súa imaxe corporal. Finalmente algunha das características desta autora cómparanse con outros escritores que se mencionan no artigo.

Referencias varias:

-Lupe Gómez, “Escribir é bonito como bailar”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 306, 23 marzo 2000, p. 12.

Recoñece que esta obra responde á encarga dunha editorial e que xa lle fixeron outra para escribir un libro en prosa para nenos. Expresa a súa ledicia por poder publicar e recitar xa que estas accións teñen para ela poder redentor e purificador.

- Elva Otero, “Encántame escribir a palabra puta”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 26 marzo 2000, pp. 2-3.

A xornalista sitúa os temas do erotismo e da muller, dende unha perspectiva feminista e provocadora, no centro da poética de Lupe Gómez. Fai que esta lembre os comezos difíciles e os momentos de inspiración, e que recoñeza que se sente parte dunha contracultura. Así mesmo, menciónase que é colaboradora habitual de *O Correo Galego*.

- Concha Pino, “Digo o que outros censuran”, *La Voz de Galicia*, 2 abril 2000, p. 53.

Nesta entrevista Lupe Gómez lembra os seus inicios no eido das letras e as dificultades para publicar o primeiro poemario. Fala tamén da súa forma de escribir, baseada na prosa e co sexo como claro referente, aspecto este último entendido como unha forma de rebelión. Coida que estes trazos a caracterizan como unha poetisa "maldita", á marxe do sistema.

- F. P. Lorenzo, "Versos feos de liberdade"/"Lupe Gómez acha na forza da verdade o argumento de 'Poesía fea", *O Correo Galego*, "AFA"/*El Correo Gallego*, 13 abril 2000, p. 39/p. 76.

Dá conta da presentación da obra no Pub Abastos da capital compostelá. A seguir, comenta que Estevo Creus iniciou o acto opinando que os versos de Lupe Gómez son portadores de verdade e, xa que logo, duros e sen concesións. Tamén se recollen as palabras da autora, que quixo romper coa poesía bonita e reivindicou unha lírica breve, debedora das sentencias populares.

Gómez Alfaro, Xosé Carlos, *Pasos cara á alba*, Accésit do Xº Certame de poesía Rosalía de Castro de Córdoba 2000, Santiago de Compostela: Librería Follas Novas, col. Libros da Frouma, nº 13, outubro 2000, 57 pp. (ISBN: 84-85385-44-6).

Os metros clásicos, entre os que o soneto ocupa un lugar de importancia, sérvenlle a Xosé Carlos Gómez Alfaro (As Chabolas, Ribadavia, 1949) para abordar temas como a nostalxia, a lembranza das figuras do pai e da nai, a "matria", o amor, a morte, a literatura ou a paisaxe. En ocasións, a voz lírica detense na recreación da toponimia ourensá ou nas lembranzas dun tempo histórico que se sitúa nos anos posteriores ao inicio da Guerra Civil.

Referencias varias:

- Antón Ferreira, "Pasos cara á alba', nuevo poemario de Gómez Alfaro editado por 'Follas Novas", *Atlántico Diario*, "Baixo Miño", 29 decembro 2000, p. 20.

Infórmase acerca do premio recibido por Gómez Alfaro, a publicación da súa obra e algunhas características desta: o intimismo, a poesía elexíaca, a memoria. Defínese o pemario como "unha metáfora da liberdade".

-Ricardo Rodríguez Vicente, “Pasos cara a Alba’, de Xosé Carlos Gómez Alfaro, todo un agasallo de poemario en crave biográfica”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño/Louriña”, decembro 2000, p. 11.

Noticia da publicación do libro de Gómez Alfaro, merecedor dun accésit no X Certame Rosalía de Castro organizado pola Casa de Galicia en Córdoba. No texto recóllense declaracións do poeta acerca dalgúns trazos da súa obra como o intimismo, a poesía elexíaca, a memoria e o clasicismo das formas.

González, Ana M., *Cárnica das nosas vidas xuntos*, Pontevedra: Servicio de Publicacións da Deputación Provincial de Pontevedra, col. Tambo, nº 2, maio 2000, 55 pp. (ISBN: 84-8457-017-9).

O libro de Ana María González (Bochum, Alemaña, 1975) presenta un conxunto de imaxes e asociacións pouco comúns, moitas delas de xinea surrealista, nunha seire de composicións que teñen como temas xerais o amor, a destrucción e a morte. A voz lírica recorre a miúdo a campos léxicos procedentes da tecnoloxía, a anatomía ou a zooloxía. Caracterizan tamén a obra o frecuente exercicio de desautomatización e o desequilibro da unidade lóxica do poema.

Recensións:

- Helena González, "Tambo", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras*", nº 320, 29 xuño 2000, p. 6. A autora dá a benvida á colección "Tambo", da Deputación de Pontevedra, e informa dos primeiros catro volumes aparecidos: *En el norte hay un mar que está más alto que el cielo*, de Carlos Oroza; *Et finira le jour de son commencement*, de Manuel M. Romón; *A rolda invisible*, de Luís Rei Núñez; e *Cárnica dos nosos días xuntos*, de Ana María González. Da obra de Romón destaca o carácter experimental e comunicativo, para o que non abondan os formatos convencionais do libro. Con respecto á poesía de Luís Rei Núñez, explica que se trata da súa obra completa. De Ana María González Salienta o carácter desconcertante do

libro e o seu “enganoso aquel inxenuo” que encobre unha temática erótica. Indica ademais que se trata da aposta por unha autora nova. Finalmente, Helena González cualifica positivamente o coidado paratextual dos volumes da colección.

- Vicente Araguas, “As últimas”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras*”, nº 320, 29 xuño 2000, p. 7.

Ver Franco Bañobre, Anxo, *Regreso a ningures*, neste apartado do *Informe*.

-Natalia Regueiro, “Vitalidade e variedade da poesía galega”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 36, 6 agosto 2000, p. 1.

Comeza referíndose á significación do nome que lle dá título á colección “Tambo” e ao contexto da literatura galega no que esta ve a luz, editada pola Deputación Provincial de Pontevedra, ao coidado de Luís Rei Núñez. A seguir, describe algunhas das súas caracterícticas. Centrándose nas obras publicadas, de *Et finira le jour de son commencement*, de Manuel M. Romón, explica que, malia o título en francés, está escrita en galego e que este é froito do xogo lingüístico que mantén na busca dunha linguaxe múltiple e virtual a través das intertextualidades. De *A rolda invisible*, de Luís Rei Núñez sinala que, ademais de ser o máis longo dos volumes, contén unha antoloxía dos seus poemarios *Para matar o tempo* (1982), *Arca dos faiados* (1985), *A rolda invisible* (2000) e *A casa na brétema* (1994). Finalmente, de Ana M. Gonzalez, con *Cárnica das nosas vidas xuntos*, comeza destacando que é a única presencia feminina dentro da colección e repasa a súa producción poética, caracterizándoa polo desenvolvemento continuo, sobrancea a súa capacidade

“integradora, creadora e transfiguradora”, a busca da esencialidade, de onde está a vida para o que di que emprega unha sintaxe transgresora e con características moi semellantes á corrente de conciencia, á vez que considera cada poema unha “sucesión de instantáneas impresionistas”.

Referencias varias:

- R. G., “Catro autores estrean a nova colección lírica “Tambo”, *La Voz de Galicia*, 9 maio 2000, p. 80.

Infórmase dunha iniciativa cultural no campo das institucións: a Deputación de Pontevedra saca á rúa a colección “Tambo”, coa que pretende tirar alomenos catro volumes anuais. O de Carlos Oroza, o único en español, é o que recibe máis atención. Nembargantes, tamén hai lugar neste artigo para lembrar o pasado en Rompente de Manuel M. Romón, que publica *Et finira le four de son commencement*; incidir na relación coa música rock de moitos textos de *Cárnica das nosas vidas xuntos*, de Ana M. González; e inserir a Luís Rei, que dá ao prelo *A rolda invisible*, na xeración dos oitenta.

González, Susana, *Victoria Veiguela, Simbiose*, introd. Manuel Pereira Valcárcel, Madrid; ACEF, col. O Roibén, marzo 2000, 67 pp. (DL: M-18993-2000).

Este libro inclúe baixo o mesmo título dous poemarios; un de Susana González intitulado *O pan da escravitude*, e outro de Victoria Veiguela baixo o título de *Velaíveñen*. Antes aparece un prólogo de Manuel Pereira Valcárcel no que fai a presentación de ambos textos. No primeiro deles predomina o erotismo e o amor, unhas veces en forma de desexo e exaltación, outras en forma de derrota. Estes poemas de xinea introspectiva van dunha explosión amorosa a un estado de confusión, e finalmente á rutina. No segundo dos poemarios atopamos un conxunto de pezas hetereoxéneas, dende a forma á temática. Así hai poemas de amor, de viaxes, de procura incesante da novidade, do coñecemento. Tamén de homenaxe a mulleres admiradas e de xogos eróticos varios, nos que a sexualidade aparece como unha forma máis de coñecemento, de busca.

Referencias varias:

-Natalia Regueiro, “Escritores galegos en Madrid”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 52, 26 novembro 2000, p. 12. Ver Frías Conde, Xavier, *Azul e Terra*. *Poesía eonaviega (1997-1999)*, neste apartado do *Informe.*

Guede Oliva, Manuel, *As doce e sereno*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Edicións singulares-poesía, marzo 2000, 110 pp. (ISBN: 84-8302-492-6).

Segunda entrega poética de Manuel Guede (Venezuela, 1956) concibida como unha homenaxe poética aos antigos serenos de Serenou –trasunto de Ourense– e onde se recollen as reflexións do poeta sobre o tempo pasado. A obra está dividida en sete partes e todas elas están introducidas por unha cita de W. Shakespeare. A primeira parte, “Consumación das rupturas”, e a segunda, “Axuste de contas”, céntranse nas lembranzas e nostalxias do Serenou pasado. O terceiro apartado titulado “Seixalbo”, que é o máis curto –dous poemas–, está dedicado á memoria do pai de Manuel Guede, que foi “sereno do Progreso e arredores polos arredores dos anos sesenta”. A cuarta parte, “Anecdotario e paisaxe”, descríbenos, en prosa, tres feitos ambientados en Serenou: un acto de zoofilia; a estatua do Padre Feixoo que bota a andar e mais o quefacer dun proxeneta. En “Neboeira privada”, que é o apartado máis longo con dezaoito poemas, o poeta reflexiona sobre Serenou estando moi presente o decorrer do tempo e mais a néboa ourensá. Os dous últimos apartados desta obra son “Emboscadura e límites”, longo poema onde se fala dos serenos, e “Para regularlle estatuto a unha cidade en néboa”, texto en prosa onde o poeta medita sobre este libro e afirma que se sente orgulloso “de ser de sangue dunha estirpe de serenos que foi dona da tristeza e das noites de Serenou”.

Recensións:

- Vicente Araguas, “Volver a Serenou”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 39, 27 agosto 2000, p. 6.

Logo de lembrar o libro *Contra Serenou* (1985), dáse noticia da presentación de *Ás doce e sereno*, ao tempo que se alude á ausencia da primeira das obras deste escritor nas antoloxías. O autor do texto refírese a seguir ao mundo poético poboado de luces e sombras de Manuel Guede.

- Román Raña, “Un rico poliformismo”, *Guía dos libros novos*, nº 21, “Poesía”, setembro 2000, p. 27.

Cataloga a obra como un poemario da nostalxia. Refírese tamén ao feito de que o autor se achegue a este tema dende a ironía e, nalgúns casos, dende o sarcasmo ou a imprecación. Así mesmo, afirma que a obra contribúe ao enriquecimento do polimorfismo da poesía galega actual. Reproduce fragmentos de dous dos poemas contidos neste libro. Finalmente, eloxia a obra por conter intuición e sabedoría.

Referencias varias:

Pancho Tristán, “A poesía constrúese coa memoria e o desexo”, *El Mundo. Galicia*, “Cultura”, 9 xuño 2000, 9.

Entrevista a Manuel Guede con motivo da publicación de *Ás doce e sereno* na que declara que “Serenou permíteme xustificar unha cidade imaxinaria, ou inventar un territorio poético”, reivindica o estatus de “finxidor” do poeta e refírese aos seus proxectos no teatro.

-Concha Pino, “O Museo Granell presentou o sábado de madrugada o libro ‘*As doce e sereno*”, *La Voz de Galicia*, 11 xuño 2000, p. 47.

Noticia da presentación de *Ás doce e sereno* no Museo Granell, a cargo de Manuel Outeiriño, quen se referiu ao retorno a Ourense do escritor. Recóllense ademais declaracións de Guede a respecto dun prólogo que fora encargado a Luís Mariño e que non se chegou a escribir. Finalmente, reprodúcense de novo as opinións de Outeiriño, quen salienta a orixinalidade, a contención e a emoción da obra e vincúlaa con Shakespeare e Marcuse.

Lavandeira, Fernando R., *Mar que evita o meu regreso*, prólogo de Xosé Ramón Brea Rey, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Poesía, 2000, 75 pp. (ISBN: 84-7492-982-2).

Apoiándose en Carlos Casares e F. Fernández Rei, Xosé Ramón Brea Rey refírese no prólogo á carencia dunha literatura do mar, que esta e outras obras deben remediar. Así mesmo, albisca a pegada intertextual de Manuel Antonio, Álvaro Cunqueiro e X. L. Méndez Ferrín, alén de relacionala con Paio Gómez Chariño pola súa conexión con Rianxo. Tamén analiza individualmente as cinco partes en que se divide o poemario, sobranceando a súa unidade formal e temática baseada en dous elos principais: a Costa da Morte e o amor. Neste senso, ve como temas máis recorrentes o paso do tempo, o desamor, a esperanza, a ausencia do amante... A seguir, dáselle paso á primeira obra de Fernando R. Lavandeira (Taragoña-Rianxo, 1966), que combina verso e prosa lírica e está estructurada en cinco partes precedidas de cadansúa cita de Paul Celan, Álvaro Cunqueiro, Xosé Luís Méndez Ferrín, Luisa Castro e Yeats. O océano é o contexto da primeira parte, na que se lembra a amada, mentres que a segunda se sitúa en terra, na fraga. Na terceira, volve ao mar e explota o uso da toponimia; na cuarta, dáse a eclosión da sensualidade e do amor carnal; e, na quinta, amósase a esperanza de que o amor perdure a pesar da incerteza que representa o futuro. Finalmente cómpre salientar a importancia do léxico marítimo, non excesivamente presente no noso sistema literario.

Referencias varias:

Avelino Abuín de Tembra, “O mar de Lavandeira”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 17 decembro 2000, 3.

Despois de lembrar as figuras de Castelao e Manuel Antonio, comenta a ausencia do mar nos poetas máis recentes e sinala, como excepción, o caso de Fernando Lavandeira. Refírese ao limiar de *Mar que evita o meu regreso*, asinado por Xosé Ramón Brea Rey, co que discrepa na dimensión erótica do libro. Informa de que o conxunto integra 47 cantos e comenta algún destes.

Lemos, Paula de e Marga do **Val**, *Entre dunas*, limiar de Giovanni Casertano, A Coruña: Espiral Maior, col. Alba Longa, nº 8, novembro 2000, 54 pp. (ISBN: 8495625-01-6).

Ábrese este poemario conxunto de Paula de Lemos e Marga do Val cun prólogo titulado “Un home entre as du(n)as” no que Giovanni Casertano analiza a obra partindo da súa privilexiada posición de primeiro lector e situado entre as dúas autoras. Considera que a ausencia e a soidade teñen un papel moi destacado no poemario, así como a relación destes dous conceptos coa liberdade e coa dor. Para rematar, comenta brevemente algúns aspectos da lingua desta obra. *Entre dunas* está constituído por trinta poemas e dúas cartas, unha de comezo e outra de peche. Na primeira a voz poética responsabiliza a un “ti” da creación literaria e na última diríxese á nai para pedirlle comprensión e describirlle a relación que ten coa amiga. Nos poemas, unha parte deles en galego e a outra en portugués, ten moita importancia a expresión do erotismo, xa dende os títulos: “Os dedos dançantes”, “Arrolábasme coa lingua”, “Orgasmo”, “Vulva”, “Na minha cama”, un tema contemplado dende un punto de vista feminino e feminista. Predominan os versos curtos ata o extremo e, xa que logo, a expresividade que, nalgún caso, vese aumentada pola ausencia de puntuación.

López, Carlos, *Espello sen fondo*, A Coruña: Espiral Maior, col. A Illa Verde, nº 32, novembro 2000, 67 pp. (ISBN: 84-89814-99-6).

Carlos López (Boimorto-A Coruña, 1967) publica neste ano o seu primeiro poemario, un compendio de corenta poemas divididos en catro partes: “O río que nace no mar”, “A ponte sobre a chuvia”, “A flor das raíces” e “O vagalume cego”. O *leit-motiv* é a morte. Os poemas abordan esta realidade valéndose de símbolos como o silencio, a soidade, o pranto, a penumbra, a choiva e, sobre todo, a noite que atalla constantemente o día, sexa cal sexa a estación do ano na que se atope a voz lírica. O amor tamén está presente pero trátase dun amor perdido que leva ao “eu poético” cara a anguria existencial xa que sente como “todo está máis lonxe que o recordo”.

López Marqués, Xabier, *Polos mares das améndoas*, ilust. Xerardo Crusat, A Coruña: Galinova, 2000, 95 pp. (ISBN: 84-89459-91-6).

O libro de Xabier López Marqués (1959) comeza cun texto en prosa, a xeito de limiar, no que atopamos unha xustificación autobiográfica da súa poesía en relación coa adquisición da lingua galega. A obra aborda mediante diferentes rexistros o tema do recordo, amplificando motivos como o da nai, a infancia ou a adolescencia. No final do volume figuran dúas pequenas seccións. A primeira delas, “Motivos”, está composta por textos breves nos que a voz lírica reflexiona sobre a memoria. Na segunda, “Cuestións”, formula cinco preguntas que xiran arredor do amor e a palabra. Ao longo de toda a obra combínase un vocabulario científico cos campos semánticos da fauna, a flora e os costumes. Conta con ilustracións de Xerardo Crusat.

Lueiro Lemos, Xosé, *Antoloxía dun naufraxio*, limiar de Olimpio Arcas, A Coruña: GaliNova, 2000, 80 pp. (ISBN: 84-89459-83-5).

Este volume de Xosé Lueiro Lemos está dividio en tres partes: “Caderno de Demora I”, “Caderno de Demora II” e “Fragmentos do Caderno de Demora”. Os poemas “A Cabana do rumor”, “A Canción dos tres grumetes” e “A Lagoa das sereas” ocupan un lugar central dentro de todo o compendio. No limiar, Olimpio Arca Caldas cualifica o poemario como unha obra de plenitude presidida pola angustia existencial. O paso inexorábel do tempo, a xuventude perdida, o absurdo..., embargan ao “eu poético” de dor e de tristura, aínda que por veces garde algún momento para a esperanza. Pero esta aparece sempre derrotada nun marco mariño no que se sitúan todas as accións ata que ten lugar o naufraxio, “a nada” na que cae irremediabelmente a voz lírica invadida pola dor e polo frío.

Luna, Luis Miguel e Óscar A. **Curieses**, *Hidroemas*, prólogo: Ana Acuña, Madrid: ACEF, col. O Roibén, marzo 2000, 33 pp. (ISBN: M-18992-2000).

Poemario conxunto precedido dun prólogo de Ana Acuña titulado “A vida co petar das ondas” no que presenta esta obra como o primeiro froito dun proxecto no que Luis Miguel Luna (Madrid, 1975) e Óscar A. Curieses (Villalba, Madrid, 1974) pretenden achegarse aos catro elementos de Empédocles. Outórgalles o mérito de seren autores alófonos, considera que a obra é unha explicación das orixes da vida e compara a “revolución formal da linguaxe” coa protagonizada no seu momento polos membros do colectivo Rompente. A obra está composta de vinte poemas titulados nos que a auga adopta moi diversas manifestacións e un variado simbolismo: orixe de vida, desexo, salvación, bautismo, xogo, sexualidade, etc. Ao lado da auga natural en forma de ríos ou de fontes, ofrécennos tamén a visión da auga atrapada pola modernidade; a auga prisioneira na lavadora, na cisterna ou na botella. Parte das composicións están encabezadas con citas de Baudelaire, Belli, J. R. Jiménez ou Kafka.

Referencias varias:

-Natalia Regueiro, “Escritores galegos en Madrid”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 52, 26 novembro 2000, p. 12.

Ver Frías Conde, Xavier, *Azul e Terra*. *Poesía eonaviega (1997-1999)*, neste apartado do *Informe.*

Manuel María, *Brétemas do muiñeiro,* Pontevedra: Col. Hipocampo Amigo, nº 6, setembro 2000, [50 pp.]. (DL: PO-408/00).

Comeza este poemario de Manuel María (Outeiro de Rei, 1930) cun texto no que o seu propio autor nos detalla os avatares da publicación. Relata que en 1977 xa o tiña rematado, a pesar de que pensou en pechar o círculo comezado co seu primeiro libro de verso *Muiñeiro de brétemas* (1950), mais "unha conocida editora" non o quixo publicar naquela altura dado que algúns dos seus versos "poderían ter certo matiz partidista". Recalca tamén que o publica agora, "debidamente revisado" co mesmo editor de *Muiñeiro de brétemas*, Sabino Torres Ferrer, e remata coas verbas "a longa espera mereceu a pena". Este volume reúne dezanove poemas que simbolizan a defensa dos antigos muíños. Teñen como espacio poético as paisaxes habitadas polas brétemas, polos animais, polas sementeiras e colleitas "que marcan a vida dos muíños", etc., nas que se insiren estes. Outro aspecto importante é a oposición do muíño e do muiñeiro contra a cidade, que culmina no derradeiro poema, "Lar de brétema inmovible" no que o "muiñeiro de brétemas" escribe unha pancarta na que ataca aos asasinos de muíños e di: "Non. Non e non / á industria irracional contaminante. / A nosa terra é nosa e non de quen non é. / Pido a pervivencia dos muíños: / o seu roular é imprescindible / para que o mundo poida camiñar".

Recensións:

-Carme Vidal, “Manuel María e Sabino Torres reaniman o espíritu de Benito Soto”, *A Nosa Terra*, nº 962, “Guieiro Cultural”, 23 novembro 2000, p. 25.

Comentario sobre a publicación de *Brétemas de muiñeiro* de Manuel María e *Xograría nova* de Sabino Torres na colección “Hipocampo Amigo”, cunha breve alusión á colección “Benito Soto” da que se cumpriron cincuenta anos, “unha colección de libros de poesia *pirata* aos que o tempo deulle a singularidade de seren unha illa lírica no ermo franquismo”. A continuación, analiza, con detalle, as dúas obras. Afirma que *Xograría nova* contén poemas de amor que converten ao seu autor nun “trovador contemporáneo”. Pola súa banda, explica que *Brétemas de muiñeiro* “ten fondo vocabulário galego e metáforas do mundo rural de Outeiro e con toda a simboloxia do muiño, da casa con forma cadrada e das pedras e do rodício redondeado, con formas femininas criadoras do mundo”.

Referencias varias:

- Rodri García, “A escrita é sempre unha loita contra a morte”, *La Voz de Galicia*, 16 novembro 2000, p. 37.

Con motivo da presentación do seu libro na Asociación Alexandre Bóveda, Manuel María comenta cuestións sobre a edición deste poemario, unha colección de versos que xa escribira no ano 1977, e que Sabino Torres acolle agora na súa colección “Hipocampo Amigo”. Fai referencia á súa intención de deixar de escribir, explicando que non foi capaz de vencer a tentación e, finalmente, reflexiona sobre o feito de escribir e afirma que é unha loita contra a morte, pois considera que unha palabra escrita “é un espacio máis que se lle gaña á morte”.

- C. F., “Trala transcrición, os autores deixaron ós políticos a reivindicación social”, *El Ideal Gallego*, 17 novembro 2000, p. 23.

Entrevista con Manuel María con motivo da presentación do seu último poemario, *Brétemas de muiñeiro*, “unha colección de 20 poemas longos que foron rescatados do pasado polo editor Sabino Torres”. Manuel María afirma que a poesía reivindicativa estivo de moda hai anos; ademais, cre que a cultura galega “é dunha riqueza extraordinaria”, “de gran resistencia”.

- Belén López, “Manuel María y Sabino Torres presentaron sus últimas poesía”, *Diario de Pontevedra*, 18 novembro 2000, p. 64. Coméntase a presentación dos dous últimos títulos da colección “Hipocampo Amigo”, editada polo propio Sabino Torres. Trátase de *Brétemas de muiñeiro*, de Manuel María e *Xograría nova*, de Sabino Torres. No acto os dous autores fixeron continuas referencias a Manuel Cuña Novás e recitaron varios fragmentos dos seus respectivos poemarios.

Marvoa Dalímia, Miguel, *Ecos do Xurés*, Ourense: ALGA (Activadores da Língua), 2000, 63 pp. (DL: OU-177/2000).

Conxunto de textos curtos de temática paisaxística, acompañados de cadansúa fotografía. A paisaxe do Xurés aparece retratada por Miguel Marvoa (A Coruña, 1962) mediante descricións e enumeracións de elementos nas que a toponimia desempeña un papel importante, especialmente nos títulos. A visión da paisaxe integra tamén elementos lendarios e mitolóxicos. O volume inclúe unha “Guía de vocabulário para o leitor português”.

Méndez Fonte, Rosa, *Poemas anobelados no tempo*, limiar de Uxío Novoneyra Rei, A Coruña: Espiral Maior, col. Alba Longa, nº 9, novembro 2000, 99 pp. (ISBN: 84-95625-08-3).

O poemario da narradora, poetisa e ensaísta Rosa Méndez Fonte (Ferrol, 1957) vén precedido dun limiar, que inicialmente ía ser redactado por Uxío Novoneyra pai, e que destapa a temática fundamental, o amor, e gaba a estructura, guiada por dous elementos: “a expresión do íntimo e o decorrer do tempo”. Así mesmo, salienta a presencia do Atlántico, da pedra e do vento, e a ausencia de adxectivación innecesaria para centrarse no autenticamente significativo. Sobrancea tamén, sobre todo na terceira parte, o compromiso coa nación galega, coa súa lingua e coa condición feminina. A obra está estructurada en cinco partes precedidas de cadanseus versos de diferentes autores das literaturas galega e hispánica. O primeiro grupo céntrase no amante visto como necesaria fonte de protección e compañía. Débense cumprir os seus desexos rompendo, se é mester, co propio pasado. A segunda parte redunda na mesma temática pero evoluciona cara a un estado de desesperanza. Nestes versos aparecen constantemente diversos lugares de Compostela. Esta explotación da xeografía continúa na terceira sección, ampliándose a moitos outros puntos de Galicia e do mundo. O amor pasa a compartir preponderancia coa reprobación de roles tipicamente femininos ou coa crítica á opulencia de certas capas da sociedade occidental mentres millóns de persoas se debaten nunha situación crítica. Na cuarta parte, cobra máis importancia a soidade e a necesidade de que a muller conserve unha voz propia nas relacións sentimentais. A última sección está composta por un único poema, “Meu amor, cando veñas”, que a autora preferiu deixar en branco. En xeral,

áchanse por todo o volume diversos tributos a autores como Uxío Novoneyra, Álvaro Cunqueiro ou Fiz Vergara Vilariño.

Meyer, Franck, *pêle-mêle fel*, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, col. Diversos, novembro 2000, 84 pp. (ISBN: 84-87783-60-0).

Nas páxinas prologais, Sandra Castiñeiras fai unha semblanza do escritor, explica a complexidade do título e refírese ao ritmo, a liberdade e a sonoridade das composicións. O erotismo e a descrición do corpo feminino ocupan unha boa parte dos versos do poemario de Frank Meyer (Lorena, 1968), quen a miúdo procura a sorpresa e a desautomatización na súa escritura. Por outra banda, a voz lírica reflicte no texto aspectos diversos da vida cotiá, valéndose de poemas, por veces dunha gran brevidade, que non respectan as convencións métricas tradicionais.

Miguélez Díaz, Xosé Antón, *Profecía dun capitán trono*, prólogo de Victorino Pérez Prieto, Vigo: Sociedade de Estudos, Publicacións e Traballos, col. Xeira Nova, xaneiro 2000, 100 pp. (ISBN: 84-7337-051-1).

Este é o primeiro poemario publicado por Xosé Antón Miguélez, aínda que non sexa o primeiro que escribe. Este volume dividido en cinco partes, de diferente extensión, é "unha obra dunha gran beleza formal" e "un compendio de teoloxía cristiá", como xa di Victorino Pérez no prólogo da obra. Aínda que as súas partes son diferentes tematicamente, atopamos algunhas constantes ao longo da obra. Tanto a exaltación da fe coma de Deus aparecen continuamente. Outra característica de toda a obra e que xa se apunta no prólogo é que o poeta "dialoga tanto cos textos e autores bíblicos coma con moitos outros poetas e creadores, crentes e non crentes, nomes coñecidos do pasado e do presente (da literatura galega e a universal), ou xente do pobo".

Recensións:

- Victorino Pérez Prieto, "Cando a fe se di en palabra poética", *Grial*, nº 145, Tomo XXXVIII, "Libros", xaneiro-febreiro-marzo 2000, pp. 132-135.

Reflexiona, inicialmente, sobre a histórica relación existente entre poesía e relixión, para continuar coa análise do poemario *Profecía dun Capitán Trono*. Lembra a traxectoria poética de Xosé Antón Miguélez, un "cura-poeta" autor "dunha creación literaria feita desde a profundidade da existencia e ao servicio dun compromiso co pobo galego e a liberación cristiá". Salienta o ton ecuménico desta poesía ao entender que os cristiáns non deben monopolizar o amor, nin a fe, nin tampouco a Deus. Explica, ademais, o sentido do título a partir da denominación dos apóstolos Santiago e Xoán unida ao carácter profético dos poetas. Finalmente, describe a estructura e comenta a temática de cada unha das partes, ademais de afirmar que este poemario "pode quedar entre os grandes da literatura galega (…) se os prexuízos laicistas non frean as seus hipoteticos lectores non crentes".

- Mª Pilar Wirtz Molezún, "Xosé Antón Miguélez Díaz. *Profecía dun Capitán Trono*", *Encrucillada*, nº 117, "Recensións", marzo-abril 2000, pp. 114/226-115/227.

Recensión da obra de Xosé Antón Miguélez Díaz, *Profecía dun Capitán Trono*, "un libro de poesía relixiosa que fala na linguaxe do noso tempo". Consta de trinta e catro poemas agrupados en cinco partes: "Primeira infancia e morte dun Capitán Trono", "Renacer da luz", "Declaracións: Ningún tanto", "Segunda infancia" e "A fe de cada día".

- Victoriano Pérez Prieto, "Cando unha poesía de calidade e fondura sa fai desde a fe relixiosa", *Guía dos libros novos*, nº 17, "Relixión", abril 2000, p. 10.

Analiza a relación entre a poesía e a relixión, dúas realidades intimamente vinculadas, pois ambas andan á procura da verdade finda da realidade, e insire neste marco a obra de Xosé Antón Miguélez Díaz, *Profecía dun Capitán Trono*, o primeiro poemario publicado do autor, quen malia todo demostra non ser precisamente un poeta novel, senón posuír a experiencia dalguén que leva varios lustros facendo versos. Así mesmo, describe as distintas partes nas que se divide o poemario, que presentan unha trabazón e unidade que, en realidade, fan deste libro un só e longo poema; refírese ás posíbeis razóns que motivaron o título, así como á particularidade que singulariza a obra dentro da poesía de tipo relixioso, que non é outra senón o “ecumenismo” que caracteriza a teoloxía de Miguélez Díaz.

Navaza, Gonzalo, *Libra*, VIIIº Premio Martín Codax 2000, Vigo: Galaxia, novembro 2000, 79 pp. (ISBN: 84-8288-393-3).

O humor, a revisión paródica e o xogo son actitudes recorrentes no libro de Gonzalo Navaza (Lalín, 1957). Este talante lúdico evidénciase a nivel fónico (aliteracións, paronomasias), gráfico (anagramas) e semántico (diloxías, neoloxismos, etc.). O autor combina versos sentenciosos, de arte maior, con outros que imitan os modelos da tradición oral, para abordar temas coma o paso do tempo, o equilibrio, a vida ou a cidade, procurando, as máis das veces, unha reflexión novidosa. Algúns tópicos da nosa cultura e un exercicio intertextual están tamén presentes na temática desta obra.

Referencias varias:

- Eva Martínez, "Todo o mundo pode emitir mensaxes e iso acaba en ruído", *La Voz de Galicia*, 11 setembro 2000, p. 24.

Gonzalo Navaza responde a diversas cuestións relacionadas coa súa nova publicación e comenta que se trata dun libro plural, a pesar de ser de pequena extensión, pola mestura de experimentación e formas

tradicionais. A seguir, explica o significado do título, que reflicte o equilibrio que debe ter o escritor á hora da creación. Fai fincapé tamén nun dos poemas que compoñen o libro, dedicado á escrita de Rosalía de Castro e remata reflexionado sobre o valor da linguaxe nos sentimentos, pois considera que “o mundo está na linguaxe”. Remata opinando que a gran proliferación de publicacións actualmente pode deberse ao excesivo interese por parte da xente de publicar.

- Manuel Vidal Villaverde, “Gonzalo Navaza”, *Atlántico Diario*, “De catro a catro”, 19 decembro 2000, p. 24.

Faise referencia á obra de Gonzalo Navaza *Libra*. Reproduce algúns dos versos da obra e afirma que se trata dun “libro de esencial esencia”.

Neira, Xoán, *Nas varandas do abrente*, prólogo de Xosé Lois García, ilust. Alfonso Otero Regal, Viveiro-Lugo: Edición de autor, 61 pp. (ISBN: 84-607-0784-9).

O prologuista comenta cómo, fronte a *Memoria e soño* (1996), centrada no mundo labrego, esta obra xira arredor do mar, cambio paralelo á mudanza do autor dende o interior lugués para A Mariña. Afirma que o mar está omnipresente na nosa lírica dende os trobadores, pasando por Manuel Antonio. Relaciona o telurismo de Neira co de Noriega Varela. Coida que o autor sabe tratar o mar nunha perspectiva dupla, global e particular, así como ollar a súa face tráxica. O poemario de Xoán Neira (Meilán-Lugo, 1953) non trata exactamente do mar senón da costa. Deste xeito, fálanos da ría, da praia ou dos castros, un espacio que se ergue sobre a costa e que conecta cos celtas, cos seus mitos, coas súas lendas de habitantes subterrános e coa maxia druídica. Tamén se ocupa da maxia cristianizada das cacharelas nas praias nas noites de San Xoán, que comparten efecto purificador cos temporais do Cantábrico, portadores así mesmo de traxedia. Alén disto, tamén se ve o mar como depósito da memoria, como observador privilexiado do devir da historia.

Recensións:

-Emilio Xosé Ínsua, “Desde o mar de Viveiro”, *A Nosa Terra*, nº 957, “Guieiro Cultural”, 19 outubro 2000, p. 23.

Despois de facer unha breve semblanza da figura de Xoán Neira, céntrase nesta publicación, da que destaca a temática mariña, a densidade humana e sentimental e o afastamento do costumismo neste conxunto de estampas paisaxísticas. Salienta a “madurez expresiva” desta voz e lembra o poemario anterior *Memoria e Soño*.

- Román Raña, “Dentro dunha rica tradición”, *Guía dos libros novos*, nº 22, “Poesía”, outubro 2000, p. 27.

En primeiro lugar fai unha breve presentación do descoñedido autor desta obra. A continuación, clasifica a súa poética dentro da estética paisaxística. A adscrición a esta corrente lévao a recoñecerlle certo grao de valentía na súa actitude. Considera, coincidindo co prologuista do poemario, que o tema principal da obra é o mar. Ademais, apunta como antecedentes da poesía deste autor aos trobadores medievais, a Amado Alonso e a Eduardo Pondal. Reproduce versos que corroboran estas influencias. Conclúe afirmando que a voz deste poeta debe ser ben recibida dentro da riqueza da poesía galega actual.

Referencias varias:

- Alberto F. Rivera, “Neira homenaxea o mar de Viveiro no seu último libro”, *El Progreso*, 21 xuño 2000, p. 67.

Fai referencia á presentación da terceira públicación deste autor, que tivo lugar na Aula de Cultura de Caixa Galicia de Viveiro nun acto organizado polo seminario de estudios Terra de Viveiro. Recóllense as opinións de diversas personalidades asistentes ao acto, entre elas as de Emilio Ínsua, quen salientou a “perfecta mestura entre o telúrico, o vivencial e o ecolóxico”, que se pode atopar no poemario, e a de Xabier P. Docampo, quen comentou que o libro está cheo dunha “fonda índole ética e poética”.

-Xosé Lois García, “A arte de ilustrar un libro de poesía”, *O Correo Galego*, “Ecos da Berenguela”, 4 xullo 2000, p. 3.

Saliéntase a integración de arte e poesía en *Nas varandas do abrente*. Faise unha semblanza de O. Regal, así coma algúns breves comentarios acerca dos poemas de Xoán Neira.

- Xavier Alcalá, “*Nas varandas do abrente*”, *El Mundo. Galicia*, “Opinión”, 2 agosto 2000, p. 2.

Comeza aludindo ás diferencias entre narradores e poetas, para indicar que nestes últimos non todo é inspiración, senón que tamén o seu labor é froito dun traballo. A continuación, cita uns versos de *Nas varandas do abrente*, resaltando a súa beleza e indicando logo que, a pesar dos poemas fermosos deste libro, o seu autor non atopou quen llo editase. Critica, pois, esta situación que teñen que sufrir os autores e opina que os poetas deberían presentar o que fan nun medio mundial, por exemplo Internet.

- Xosé Miranda, “O mar dende a terra”, *El Progreso*, “Tribuna”, 24 novembro 2000, p. 81.

Explica que esta obra segue os camiños poéticos iniciados en *Memoria e soño*, tales como o paisaxismo, o hilozoísmo, a contención e a emoción. Refírese ao tratamento da paisaxe nesta nova obra, ao telurismo e ao emprego da toponimia, e indica que nestes versos se nota a impronta doutros escritores como Amado Carballo, Uxío Novoneyra ou Pondal. Menciona tamén que os poemas, dos que se reproducen algúns, admiten varias lecturas debido a que as emocións se transmiten cunha grande economía de medios, non habendo nestes versos nada superfluo.

Pato, Chus, *m-Talá*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2000, 100 pp. (ISBN: 84-8302-541-8).

A experimentación gráfica está a condicionar moitas das páxinas do libro de Chus Pato (Ourense, 1955), que presenta, ademais, como estratexia compositiva fundamental, unha variada tipoloxía textual e unha marcada mestura de rexistros (diálogo, exposición reivindicativa, crónica, etc.). A indefinición xenérica, xunto coa ruptura da sintaxe manifféstanse ao longo de todo o poemario. Dende o punto de vista temático, a obra está marcada pola práctica do culturalismo, así como pola formalización de contidos relativos á historia, a ideoloxía ou a linguaxe.

Recensións:

- Antonio R. López, “m-Tachús”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 330, 7 setembro 2000, pp. 4-5.

Logo de destacar a “personalidade arrebatada e impervisible” de Chus Pato, o autor recorre a declaracións da escritora para facer un achegamento a *m-Talá*. Deste xeito, explica cuestións como o proposito anticomunicador da súa poesía, a vontade de combater, na lectura, hábitos da sociedade de consumo ou o

propio título do libro. Recóllense tamén opinións acerca da necesidade de abrir o poema ao mundo ou da perda de protagonismo do discurso feminista nesta nova obra.

-Lupe Gómez, "*M-talá*", *O Correo Galego*, *"Revista das Letras"*, nº 332, 21 setembro 2000, p. 8.

Comentario acerca da experiencia da lectura desta obra de Chus Pato, na que salienta a condición feminina da autora, a ruptura das fronteiras xenéricas, o coidado da edición, o carácter rupturista do discurso poético e o estilo "críptico, culturalista e difícil".

-Xosé M. Eiré, "Nas fronteiras do lirismo actual", *A Nosa Terra*, nº 956, "Guieiro Cultural", 12 outubro 2000, pp. 23-24.

Comeza referíndose á forte personalidade da poesía dos 90 e sitúa neste contexto a obra de Chus Pato, caracterizada polo cripticismo e polo carácter interactivo. Refírese tamén á dimensión metaliteraria e ás continuas referencias ao mundo cultural, así como ao polimorfismo dos poemas e á súa amplitude espacial e semántica. O autor salienta finalmente a complexidade e o eclecticismo do libro *m-Talá*.

- Armando Requeixo, "O palimpsesto de 'm-Talá", *El Correo Gallego*, "*Correo das Culturas*", nº 47, 22 outubro 2000, p. 14.

Refírese á gran tensión lírica da obra e á súa transgresión xenérica. Considera que este "templo do metatexto", inzado de referencias literarias, é un libro para lectores avezados e comenta a dificultade que supón a súa lectura. O autor considera *m-Talá* un texto orixinal e incomparábel no que Chus Pato se supera a si mesma.

- Vicente Araguas, "Grandes esperanzas", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras*", nº 337, 26 outubro 2000, p. 4.

Refírese ao éxito de vendas acadado por *m-Talá* e ao silencio poético de Chus Pato ao longo da década dos oitenta na que non semellaba haber cabida para a autora. Considera o libro un *totum revolutum* no que se mestura o lírico e o narrativo e procura algúns precedentes desta estética na literatura galega (Pexegueiro, Ferrín, López-Casanova, Xohana Torres, Xela Arias, Luisa Castro). Finalmente, recomenda comezar a lectura do libro pola autopoética da páxina 81.

- Arturo Casas, "*M-Talá*", *A Trabe de Ouro*, nº 44, "Publicacións", Tomo IV, Ano XI, outubro-novembro-decembro 2000, pp. 545-551.

Recensiónase o poemario de Chus Pato, *M-Talá*, publicado por Edicións Xerais de Galicia. Trátase, segundo A. Casas, dun "título anunciado e esperado", dunha "poesía civil feita nunha linguaxe nova, contundente, tenaz, rexa, pouco *cantabile* e comunicativa pero moi elaborada e lúcida, resistente ao paso da circunstancia histórica". Para rematar, afirma que o poemario é un libro sobre "unha procura e sobre a dor", igual que a novela de Rosalía de Castro, "igual que a *Ilíada* e *Rei Lear*. Igual que todo Kafka e Mallarmé".

-María do Cebreiro Rábade Villar, “A ‘Síndrome de Stendhal’: contra a lírica cruel, poesía do esquenzo”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 24, “Notas”, 2º semestre 2000, pp. 83-98.

Tendo como punto de partida algunhas das claves hermenéuticas do pensamento poscolonial, María do Cebreiro propón unha posíbel lectura do poemario *m-Talá*. Indica que o concepto de “liminariedade” –que permite vertebrar unha teoría da fronteira e da transgresión das canles discursivas– conflúe aquí nun uso expandido da “catacrese” e sinala que ambos os conceptos conducen cara a un recoñecemento do carácter desmemoriado e denso da poética de Chus Pato.

Referencias varias:

-Carme Vidal, “Quixen que *m-Talá* fose grande, que tivese tantas palabras coma Shakesperare”, *A Nosa Terra*, nº 951, “Guieiro Cultural”, 7 setembro 2000, p. 26.

Entrevista na que Chus Pato explica o título do seu último libro como unha desas palabras que “non teñen correspondéncia coa realidade pero contan cunha connotación máis forte”. A seguir refírese ao carácter aberto da súa poesía e afirma que “a época do sublime rematou”. Sinala algunhas motivacións extraliterarias deste libro, así como a incapacidade da linguaxe poética para comunicar. Confesa que o obxectivo do poemario é “situarse no espectáculo do mercado e superar a auséncia de linguaxe, de realidade”.

Finalmente, fala sobre a pegada da técnica teatral, a vontade de “mostrar un idioma en esplendor”, a asunción da proposta feminista de Donna Haraway e a influencia de Méndez Ferrín.

- Manuel Vidal Villaverde, “Presentimento da prima outoniza”, *Atlántico Diario*, “De catro a catro”, 19 setembro 2000, p. 24.

Despois dunha serie de evocacións paisaxísticas e literarias, o autor refírese ao libro *m-Talá* como “a historia, os círculos da vida e da morte, a naiciña anainando ó meniño, ese ar a lle abanear o corpo, aínda adolescente”.

-Helena González, “Chus Pato achegará a Barcelona a súa última creación, o poemario *m-Talá*”, *O Correo Galego*, “AFA”, 26 outubro 2000, p. 41.

Anuncio da presentación en Barcelona do poemario *m-Talá* con presencia da súa autora, ao que segue unha breve caracterización da súa poética na que se destacan o descremento, a épica posmoderna, a destrucción xenérica e a “ética e estética vangardista”.

- Manuel Darriba, “A figura do poeta nunca foi moi visible nin ocupou o centro da sociedade”, *El Progreso*, “Culturas”, 30 decembro 2000, p. 81.

Entrevista a Chus Pato con motivo da publicación de *m-Talá*. A escritora fala sobre a súa vinculación á tradición poética galega e considera o poeta unha “figura a contracorrente”. Nega que a súa escritura vaia dirixida a un público minoritario e refírese á “función de vangarda e de verdade” da lingua. Finalmente explica o seu compromiso co nacionalismo marxista.

Pedreira Lombardía, Emma, *Grimorio*, XIIº Premio de poesía Eusebio Lorenzo Baleirón 1999, limiar de Xavier Vázques Freire, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón, 2000, 55 pp. (ISBN: 84-7492-983-0).

No inicio leva un limiar en forma de poema da autoría de Xavier Vázques Freire, no que se evoca a palabra poética de Emma Pedreira Lombardía (A Coruña, 1978), porque, segundo di, nela está a esencia e a estirpe. A seguir, aparecen un feixe de poemas con título individual, mais que conforman un todo. Xa dende o comezo maldi a orixe da muller que só debe ocupar un rol na sociedade o que é tamén morte como o foron outros nacementos frustrados. Despois veñen poemas de desolación e desespero. coma un mal fado da historia. Outros están marcados polo erotismo dende o punto de vista dun “eu lírico” feminino. Predomina en todo o poema a sensación da “condena” por ser muller.

Referencias varias:

- Lupe Gómez, “Escribir muller”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 345, 21 decembro 2000, p. 8.

Declara que este libro é do seu agrado e identifícase coa escrita de Enma Pedreira. Indica ademais que este poemario é unha aposta clara por ser muller a través dunha escrita radical e profunda. Por outro lado define a poesía de Pedreira como “orixinal, creativa, forte” e “nova”.

Pereira Valcárcel, Manuel, *Rosa íntima*, A Coruña: Espiral Maior, col. A Illa Verde, nº 33, novembro 2000, 74 pp. (ISBN: 84-95625-00-8).

Manuel Pereira Valcárcel (Ouzande-A Estrada, 1955) achégase con esta obra ao panorama editorial poético dez anos despois das súas dúas primeiras entregas. O volume consta de sesenta e catro composicións breves datadas entre xullo de 1989 e outubro de 2000 que xiran ao redor dun único tema, o amor, que ten na metáfora da rosa a súa imaxe central. Pódese estructurar en catro bloques. No primeiro deles, retómanse os tópicos clásicos do amor como forma atemporal, crisol de sentimentos opostos ou paixón apoiándose na presencia de elementos denotadores de forza, como o mar ou a floresta. Máis adiante, aparece o “eu” poético que se dirixe ao “ti” amado para lembrar as diversas etapas da relación: o amor adolescente, o verdadeiro amor, a plenitude, etc. A seguir, emerxe o sexo como expresión da paixón nunha potente explosión sensorial e, finalmente, atopamos a ausencia, o afastamento dos amantes que devén en nostalxia, dor e morte.

Pexegueiro, Alfonso, *Blasfemias de silencio*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2000, 220 pp. (ISBN: 84-8302-526-4).

Neste libro recóllese toda a producción poética escrita por Alfonso Pexegueiro (Angoares-Pontearéas, 1948) dende o seu primeiro libro *Seraogna* (1976) a *Hipatia* (1998). Así pois contén os seguintes títulos: *Círculos de auga* (1979), *Mar e naufraxio* (1978), *O pavillón das hortensias azuis* (1983*), ¿Serán os cisnes que volven?* (1995), *O Reiseñor dos balcáns* (1999). Tras unhas palabras iniciais do autor nas que di considerarse un solitario, un maldito e un exiliado aparecen os cinco poemarios. Agás no último deles que está marcado por unha mensaxe pacifista centrado no conflicto dos Balcáns, os demais presentan puntos en común que remiten a unha poética coherente e persoal aínda que variada. Así encontramos un “eu lírico” que concibe o amor como o punto álxido do existir, que se ve como un ser marxinal, crítico, que sempre apunta contra o fascismo ao tempo que se deixa levar pola imposibilidade, polo pesimismo vital, e nalgún momento pola frustración. Hai poucas incursións clásicas, de feito a auga vén ser un dos símbolos máis relevantes. Noutros casos rexistramos poemas abertamente nacionalistas, nos que aboia a conciencia de clase, os poemas a amigos presos e o soño da liberación da patria. Asemade presenta xogos eróticos explícitos que lle dan un ton moi sensual aos poemas, que, nalgúns versos, convive cun tempo esperanzado.

Recensións:

-Moncho Rodríguez, “Espacios na memoria”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 33, 16 xullo 2000, p. 6.

Logo de facer referencia á pegada que a infancia “entre o río Miño e Tea” deixou na poesía de Pexegueiro, alude a algúns elementos presentes en *Blasfemias*, como a desolación, o baleiro, a mentira e o autoengano. Finalmente, considera que “Pexegueiro retoma as palabras propias da infancia, reinvéntaas e proxéctaas sobre un universo urbano, pero tremendamente influenciado polo sentido campestre da existencia”.

Xulio Valcárcel, “Obra de Pexegueiro”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, 15 outubro 2000, p. 4. Interpretación da poesía de Alfonso Pexegueiro reunida neste libro, que fai referencia ao cansazo existencial que amosa o escritor e á súa crenza na “posibilidade de recobrar esa unicidade entre o soño e a realidade”. Infórmase do contido do volume e da orde non cronolóxica dos poemarios que o compoñen. O autor da recensión alude á coherencia do universo poético de Pexegueiro e cualifica a súa escrita como a “historia dunha relación apaixoada entre Pexegueiro e as palabras”. Finalmente, repara no carácter anticonvencional da súa poética, nas constantes denuncias da vilolencia e na tematización do mundo da infancia.

Manuel Xosé Neira, “O retorno dun bo poeta”, *Guía dos libros novos,* nº 24, “Poesía”, decembro 2000, p.

24.

Analiza a estética, a temática e as fontes da poética de Alfonso Pexegueiro, cronoloxicamente sitúado a finais dos anos setenta e autor de textos autosuficentes, afastados de escolas, grupos ou conxuntos de individuos, como *Mar e naufraxio* (1978), *Circos de auga* (1979) ou *O pabellón das hortensias azuis* (1983), ao que deixou de se lle prestar a atención merecida e que acaba de ser recuperado agora coa publicación de *Blasfemias de silencio*, un volume antolóxico no que se deixan ver todos os elementos que marcaron o inicio dunha "nova estética no panorama da literatura galega do noso tempo".

-Teresa Seara, "Escrita do caos", *Tempos Novos*, nº 43, "Voces e Culturas. Crítica. Libros", decembro 2000, p. 82.

Descríbense diferentes obras de Alfonso Pexegueiro, que se recollen agora no volume *Blasfemias de silencio*, no que aparecen segundo a época da súa escrita. Abránguese, pois, un período de escrita dende 1970 a 1994. Tamén se comenta que se ve neste volume a evolución poética deste autor, que acostuma moverse na liña da denuncia, no surrealismo expresivo e na experimentación léxica.

Referencias varias:

- Carme Vidal, "En Barcelona entendín por que se suicidan os poetas", *A Nosa Terra*, nº 947, "Guieiro Cultural", 10 agosto 2000, p. 25.

Entrevista na que Alfonso Pexegueiro fala da súa condición de escritor profesional e das difíciles circunstancias ás que tivo que facer fronte ao longo da vida, especialmente nos 15 anos de “exilio” en Barcelona. Declara sentirse contrario á opinión de que o poeta é un finxidor e refírese á presencia da liberdade, a infancia, a muller e o amor na súa obra. Fala tamén da compoñente autobiográfica da súa poesía e explica que nunca se considerou un escritor maldito, a non ser polo mal trato recibido. Neste sentido, refírese ao silenciamento das súas obras. Considera que *A illa das mulleres loucas* supuxo no seu momento un novo xeito de facer poesía e declara que pretende, co seu retorno, a integración na literatura galega.

-C. C., “Desde a Casa das Palabras”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 38, 20 agosto 2000, p. 16.

Logo de achegar datos biobibliográficos sobre Alfonso Pexegueiro, dáse noticia da presentación de *Blasfemias de silencio* e reprodúcese un fragmento do prólogo “que reflexiona sobre a vida e a poesía”.

Piñeiro González, Vicente, *Ceo e Pedra*, Lugo: Chaira Poesía, 2000, 72 pp. (ISBN: 84-89961-00-X).

Libro de Vicente Piñeiro González (Lugo, 1954) que reúne poemas publicados en xornais e revistas ao lado doutros inéditos, todos eles datados entre os anos 1996 e 2000. No “Limiar”, o autor adianta os principais eixos temáticos da obra e contrasta a súa poesía coa “falta de compromiso que hoxe en día se escribe” da man de moitos poetas “acovardados”. O amor, a denuncia dos abusos do poder político e económico e da acción negativa do home sobre o contorno e a relixión son os argumentos sobre os que gravitan estas composicións que, por outra banda, asentan en dous motivos omnipresentes: a cidade de Lugo e a “Galiza nación”, que agochan unha visión negativa dun presente gobernado por “fascistas”, “ladróns” e “tiranos”. Así mesmo, destaca o abundante uso do soneto, xunto co versolibrismo, a prosa versificada e mesmo tímidos xogos na disposicón textual, e a combinación de referencias históricas, literarias e míticas cunha linguaxe máis descarnada e crúa.

Rábade Paredes, Xesús, *Os dedos dos loureiros*, Accésit do IXº Premio de poesía en lingua galega Miguel González Garcés 1999, ilust. Soledad Pite Sanjurjo e Pedro Ávila Durán, A Coruña: Deputación da Coruña, col. Poesía Miguel González Garcés, nº 18, 2000, 74 pp. (ISBN: 84-95335-57-3).

Nova incursión poética de Xesús Rábade Paredes (Cospeito-Lugo, 1949), sete anos despois da publicación do libro *Poldros de música* (1994), que lle valeu o Premio "Esquío" na súa XIIIª edición. O presente volume, estructurado en tres partes tituladas "A memoria habitada", "Triste abril" e "mans reclamadas", constitúe unha elexía á figura da nai, fonte de inspiración da totalidade dos poemas, que formalmente están caracterizados pola rima asonante e o verso longo no que en ocasións predomina a narratividade. Cada parte ábrese cun soneto introductorio no que concentra e anticipa a serie de versos que veñen a continuación. En "A memoria habitada" fai un íntimo percorrido a partir da evocación da súa infancia cando a nai aínda estaba viva. Os fillos, a espera do pai, o arrecendo a café e mesmo a imaxe da nai como símbolo da loita fronte "os lobos da vida" en tempos de guerra, son algúns dos momentos que xorden cunha explícita manifestación de dor por parte do poeta dende o presente. A segunda parte, "Triste abril", mes da morte da nai, confórmano una serie de poemas dominados pola amargura nos que a presencia da morte, a rabia e a tristeza desesperada son constantes. Finalmente, en "mans reclamadas" os versos veñen marcados pola resignación do paso do tempo, que o achega a el tamén á morte, e pola desculpa da voz poética "por furgar tanto no lodo da amargura" que reflexiona cun pouso de melancolía agora máis serena sobre a ausencia irremediable da nai a quen lle di no remate do libro "só estás durmida, non morrerás nunca".

Referencias varias:

- Avelino Abuín de Tembra, “Carta galega a Rábade Paredes”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 13 agosto 2000, p. 2.

Carta dirixida a Xesús Rábade Paredes na que se lamenta da actual situación da poesía galega en contraposición á prosa. Elóxiase a figura de Rábade Paredes e analízase o seu poemario *Os dedos dos loureiros*, do que se indica que representa “a rememoración da nai como fonte da propia existencia”.

Rabuñal, Henrique, *O tempo demorado nos marmelos*, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 94, agosto 2000, 79 pp. (ISBN: 84-89814-90-2).

Terceiro volume de poesía de Henrique Rabuñal (Pastoriza-Arteixo, 1962). Trátase dun libro heteroxéneo en que salienta o fío conductor da memoria e que está estructurado en seis partes. Na primeira, "A memória do grilo", revélase o papel da memoria na existencia do poeta xa que só foi "quen de ser/através desta memória de grilo". En "Ante o caos e a escureza" aparece a "casa" como símbolo da súa "estirpe", de todas as xeracións familiares. A seguir, na "Memória do peregrino" reconstrúe unha historia do Camiño de Santiago en que procura a "luz clamorosa que se nos nega". Logo, vén a "Memória dos humanos", no que atopamos homenaxes a Rafael Dieste, Blanco-Amor, Manuel María e persoas máis achegadas ao poeta. No seguinte apartado, "Memória da palabra minha", aborda o significado da súa poesía, "atlántica e revolucionária", unha lírica do amor, da lingua, do soño, da historia e a patria. Para rematar, no poema "Siléncio, tristeza, música" a poesía convértese en comunicación, nun obxecto musical para compartir.

Recensións:

- Vicente Araguas, "Totum revolutum", *El Correo Gallego*, "*Correo das Culturas*", nº 50, 12 novembro 2000, p. 7.

Comeza referíndose á figura de Henrique Rabuñal e aclarando que o título deste libro procede do primeiro verso do poema “Palabras para Rosa”. Cualifica este poemario de “totum revolutum” e de “charivari” e afirma que a diversidade temática contrasta coa uniformidade do estilo. Critica, por aburridos ou excesivamente prosaicos, algúns poemas e considera que é na sección “Antes que o caos e a escureza onde “Rabuñal acada os mellores tons”.

- Xavier Castro R., “Tempo demorado, tempo de lembranza”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 52, 26 novembro 2000, p. 8.

Comenta o carácter heteroxéneo do libro, ao que considera “unha revisión, un proceso das lembranzas feito desde un tempo calmo, de presente, con evidentes signos de pretérito”. Neste sentido, explica o emprego dalgúns símbolos como a casa ou o faiado na sección “Antes de que o caos e a escureza”.

Rei Núñez, Luís, *A rolda invisible*, Pontevedra: Servicio de Publicacións da Deputación Provincial de Pontevedra, col. Tambo, nº 4, maio 2000, 193 pp. (ISBN: 84-8457-018-5).

Libro de poemas no que recollen catro poemarios de Luís Rei Núñez (A Coruña, 1958) escritos en diferentes etapas da súa vida que, como apunta na breve introducción que os precede, representan fotografías do momento en que foron escritos. Neste mesmo espacio introductorio dise que os poemas foron “refeitos á luz de 2000”, maiormente os daquel poemario iniciático de 1982 intitulado *Para matar o tempo*. De seguido veñen os poemas de *Para matar o tempo* (1982), feixe de textos marcados polo desacougo, evocación dos anos da infancia e primeira mocidade, dos seres amados e do amor. Posteriormente vén *Arca dos faiados* (1985) libro de calma lembranza dos devanceiros e lugares queridos noutrora, así como refeitura de momentos da súa vida; En *A rolda invisible* (1988) recréanse poeticamente o nacemento e crecemento dun bebé. Por último *A casa na brétema* (1994) consta de catro partes de desigual número de poemas nos que ofrece pequenos cadros da vida cotiá ou lembranzas dun mundo ido.

Recensións:

- Helena González, “Tambo”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 320, 29 xuño 2000, p. 6.
Ver González, Ana M., *Cárnica das nosas vidas xuntos*, neste apartado do *Informe*.

- Vicente Araguas, “As últimas”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 320, 29 xuño 2000, p. 7. Ver Franco Bañobre, Anxo, *Regreso a ningures*, neste apartado do *Informe*.

- Natalia Regueiro, “Vitalidade e variedade da poesía galega”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 36, 6 agosto 2000, p. 1.

Ver González, Ana M., *Cárnica das nosas vidas xuntos*, neste apartado do *Informe*.

- Carlos L. Bernárdez, “Unha escrita contra o tempo”, *Guía dos libros novos*, “Poesía”, xullo-agosto 2000, p. 26.

Destácase a importancia de ter na nosa literatura unha nova colección poética –"Tambo"– a cargo do poeta e xornalista Luís Rei Núñez. Tras mencionar os catro libros cos que se inagurou esta colección –*En el norte hay un mar que es más alto que el cielo* de Carlos Oroza, *Cárnicas das nosas vidas xuntos* de Ana M. González, *Et finira le jour de son commencement* de Manuel M. Romón e *A rolda invisible*, de Luís Rei Núñez –, faise a recensión deste último volume. Comézase sinalando que recolle toda a obra poética de Luís Rei Nuñez. Afírmase, ademais, que a súa obra está virada "cara a un intimismo evocativo no que a poesía se centra nos elementos máis sinxelos da existencia". Asemade, menciónanse os autores que influíron neste poeta. Por último análizanse os catro poemarios que integran este volume. Así, defínese *Para matar o tempo* como a mostra da "experiencia vivenciada", mentres que *Arcos dos faiados* cualifícase como o descubrimento dun "pouso intimista". Pola súa banda, *A rolda invisible* e *A casa na brétema* son considerados como unha mostra da "loita contra a soidade, contra o tempo que afirma a fraxilidade da nosa condición".

- Vicente Araguas, "Indo por libre", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras*", nº 333, 28 outubro 2000, p. 5.

Denuncia o esquecemento que sofre este poeta posuidor de "personalidade, riqueza lingüística e conceptual, [que] non é en absoluto ecoico, e fai ademais unha poesía perfectamente asimilable". Considera a Rei Núñez un "libertario" nun sistema que se nutre moitas veces de literatura. Comenta a escolla do título, procedente dun dos poemarios menores que o integran, e explica o contido do volume. Logo de referirse a algunhas fontes literarias do escritor, compárao con Andrés Trapiello, "un autor español que tamén vai por libre".

Referencias varias:

- R. G., “Catro autores estrean a nova colección lírica “Tambo”, *La Voz de Galicia*, 9 maio 2000, p. 80. Ver González, Ana M., *Cárnica das nosas vidas xuntos*, neste apartado do *Informe*.

Rodríguez, Salvador, *Fins do mundo*, Bueu-Pontevedra: Edición de autor, 2000, 70 pp. (Sen ISBN e sen DL).

Libro de Salvador Rodríguez (Bueu, 1963) composto por 33 poemas, a maioría de curta extensión, nos que o autor fai unha crítica global dos problemas que afectan ás sociedades contemporáneas. Neles a morte e a guerra convértense no fío conductor dun poemario que reflicte o absurdo e inxusto da existencia humana. Personaxes marxinais, inocentes e moitas veces relacionados entre si, vense sorprendidos pola chegada repentina da morte que, indiscriminadamente, pon fin á vida do home e, como consecuencia, ao mundo en xeral. O eu lírico asume desta maneira, unha función crítica de denunia e inconformismo que amosa dúas aptitudes enunciativas diferentes: o relato pretendidamente obxectivo e a confesión subxectiva do eu. Deste xeito os pensamentos íntimos do poeta sobre si mesmo, o mundo e a propia creación literaria fúndense coa denuncia dun orde social ilóxico e abusivo. Paralelamente a esta intención transgresora presente no plano do contido, prodúcese unha ruptura formal na cal a disposición espacial do verso, os xogos tipográficos, a introducción de rexistros coloquiais e a estilización xenérica tentan reflectir ese desorde social imperante.

Referencias varias:

- A. F., “De mozo apaixonábanme as novelas de Agatha Christie”, *A Comarca do Morrazo*, nº 95, “Bueu”, 10 novembro 2000, p. 29.

Ver Gil, Francisco J., Manuel Blanco Rivas, Xosé Anxo Otero Ricart, Salvador Rodríguez, Eduardo Rolland e Xosé Anxo Xesteira, *Phiccións*, no apartado I. 1 deste *Informe*.

Rodríguez Fer, Claudio, *Rastros de vida e poesía*, ilust. Eugenio Granell, Valladolid: El Gato Gris. Ediciones de poesía, col. Manuscritos de poesía, febreiro 2000, 21 pp. (ISBN: 84-923927-9-7).

Estoxo no que se inclúen, por un lado, as dez fichas que conteñen os poemas de Claudio Rodríguez Fer (Lugo, 1956) seguidas das outras dez nas que aparecen as serigrafías de Eugenio Granell baixo o título “Cousas do mundo actual”, todas elas asinadas polo autor e con data de 1999, e, polo outro, as mesmas poesías de Claudio Rodríguez pero con capas duras e en formas de acordeón dividido en catro pregues coas poesías a ambos lados, acompañadas do lugar e data de composición. As fichas nas que se recollen os textos poéticos reproducen o papel orixinal daquelas nas que estaban contidas; así aparecen tarxetas persoais, de hoteis, de universidades nas que estivo o autor de visita, unha partitura ou un cuestionario para solicitar un visado de entrada nos Estados Unidos, entre outras. Tamén aparece unha última ficha na que se recolle un colofón do editor, onde se describen as características da obra (a madeira de carballo coa que está feito o estoxo, a edición reducida a cento trinta e cinco exemplares numerados, etc.).

Recensións:

- Jesús Fraga, “Poesía e pintura conversan”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 135, 11 xullo 2000, pp. 4-5.

Descríbese a nova entrega da editorial El Gato Gris, dentro da colección “Manuscritos de poesía”, que contén a primeira obra en galego desta colección. Dáse conta doutras entregas anteriores que presentan as mesmas características desta, e nas que se combina a obra lírica coa plástica. Saliéntase a grande afinidade entre os dous artistas e a súa independencia creativa. Da obra de Rodríguez Fer apúntase que recolle composicións dos últimos trinta anos nos seus soportes orixinais. Tamén se indica que o editor achega coa obra un desplegábel coa transcrición dos poemas en galego e castelán, cos títulos, datas e lugares de composición. A seguir, describe as serigrafías de Granell conformadas por figuras de cores que parecen flotar.

Rodríguez Vergara, Javier, *Suspiros de un cedeirés*, prólogo de Jesús Suevos, Cedeira-A Coruña: Edición de autor, 2000, 168 pp. (DL: C-1767/00).

Libro de Javier Rodríguez Vergara (Cedeira, 1935) escrito en castelán, na súa gran parte, e en galego, que presenta un prólogo de José Suevos. O libro inclúe fotografías da vila e paisaxes de Cedeira, ao igual que de persoas ás que se lle dedican algúns poemas. Tamén se recolle unha comedia en verso titulada *Don Ros y su sueño de amor*, escrita en castelán. Polo que respecta aos poemas galegos, poucos e situados ao final, tratan sobre amigos mortos, *laudatio* ao pai, dificultades que se teñen na vida e sobre motivos paisaxísticos e telúricos (o paxariño, a horta, o vento, etc). Noutros, o “eu lírico” cántalle á amada ou protesta polos actos dos dictadores e polas súas arelas imperiais. Estes poemas están escritos en versos libres e cunha lingua coloquial.

Romero, Medos, *O peso da derrota*, limiar de Ramón Loureiro, A Coruña: Espiral Maior, col. Alba Longa, nº 10, novembro 2000, 60 pp. (ISBN: 84-95625-09-1).

Conta este libro cun limiar, no que Ramón Loureiro se refire a esta obra de Medos Romero (Somede, 1959), da que sinala que "é, para quen ame a poesía, unha obriga, e non só un pracer". A seguir, aparecen as dúas partes das que se compón o libro. A primeira ten menos poemas, aínda que son os máis longos. Neles, unha voz lírica feminina canta ou berra dende o máis íntimo e reclama a atención con apelacións de diverso tipo. No último dos poemas fai un canto en homenaxe a Uxío Novoneyra. A segunda parte, máis longa e constituída por un conxunto numeroso de poemas breves, está presidida polo paso do tempo.

Romón, Manuel M., *Et finira le jour de son commencement*, Pontevedra: Servicio de Publicacións da Deputación Provincial de Pontevedra, col. Tambo, nº 4, maio 2000, 39 pp. (ISBN: 84-8457-017-7).◆

A intertextualización das palabras de Samuel Beckett están na orixe do título do libro de Manuel M. Romón (Vigo, 1956), concibido como un conxunto de textos escritos en prosa poética que non respectan convencións gráficas como o emprego de maiúsculas ou os puntos e á parte. A voz poética destas composicións maniféstase mediante o monólogo, por veces dirixido a un ti indeterminado, nun exercicio que se aproxima ao fluír da consciencia. A reflexión, a miúdo caótica, do suxeito lírico ten como motivos fundamentais o erotismo e a vida cotiá e incorpora, dende o punto de vista expresivo, trazos de oralidade.

Recensións:

-Helena González, "Tambo", *O Correo Galego,* "*Revista das Letras*", nº 320, 29 xuño 2000, p . 6.

Ver González, Ana M., *Cárnica das nosas vidas xuntos*, neste apartado do *Informe*.

- Vicente Araguas, “As últimas”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 320, 29 xuño 2000, p. 7. Ver Franco Bañobre, Anxo, *Regreso a ningures*, neste apartado do *Informe*.
-Natalia Regueiro, “Vitalidade e variedade da poesía galega”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 36, 6 agosto 2000, p. 1.

Ver González, Ana M., *Cárnica das nosas vidas xuntos*, neste apartado do *Informe*.

Referencias varias:

- R. G., “Catro autores estrean a nova colección lírica “Tambo”, *La Voz de Galicia*, 9 maio 2000, p. 80.

Ver González, Ana M., *Cárnica das nosas vidas xuntos*, neste apartado do *Informe*.

Sobrino, Xosé Luis, *Lendario Acibeche*, ilust. Olaia Torres, Carmen Villar, Alfredo Erias e Juan de Luis, limiar de Xabier López López, glosa poética de Emma Couceiro, Betanzos-A Coruña: Edicións Minskeiro, setembro 2000, 68 pp. (DL: C-1935/2000).

Principia Xabier López especulando sobre as diferentes denominacións que reciben os textículos que preceden as obras literarias -prefacio, prólogo...-e remata escollendo a de limiar. Seguidamente reproba os prólogos que analizan e diseccionan a poesía por engadiren prexuízos aos que o lector trae xa de por si. Finalmente cualifica o libro de “decadente” e convida á súa lectura. A obra de Xosé Luis Sobrino (Betanzos, 1974), que utiliza recorrentemente a adxetivación anteposta, está dividida en catro seccións. Os versos tristes e tenros de “Cantos de terra e acibeche” están seguidos polos máis sensuais e desesperanzados ante un futuro que se adiviña adverso de “Negra fisicidade”. A continuación, “Ensoñacións orientais” céntrase nunha visión requintada e idealizada da muller asiática e “Fábulas orientais” recupera os cánons clásicos de beleza feminina, emprega elementos marítimos e céntrase no deleite de amar. A contraportada úsase para que Emma Couceiro glose liricamente este poemario. Para a súa edición contouse coa colaboración do Concello de Betanzos, a Asociación Cultural Eira Vella e mais a Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos.

Solla, Carlos, *Mel de arañas*, Pontevedra: Edicións Cardeñoso, col. Poesía, nº 6, marzo 2000, 79 pp. (ISBN: 84-8190-170-9).

O libro de Carlos Solla (Pontevedra, 1971) está constituído polos seguintes poemarios: *Ollobecho en off* (1990), *Calixe* (1995), *Nai furada* (1997), *Can caendo* (1998) e *Ultrasóns* (1999). A voz lírica mestura elementos da literatura popular con outros de natureza vangardista para abordar, nunha serie de textos cunha dimensión cósmica, mais tamén lúdica e, por veces ritual, temas como a natureza, o ser humano, a morte e o amor. Caracteriza tamén este discurso a simbiose dunha lingua que designa a realidade máis inmediata (localizada no mundo rural) co rexistro científico, formalizado a través da presencia dun léxico procedente da tecnoloxía e das ciencias naturais, así como a creación de imaxes visionarias.

Recensións:

- Vicente Araguas, “Underground”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 54, 10 decembro 2000, p. 7.

Comeza referíndose á vontade rupturista de Carlos Solla, autor dun libro “discordante” e “nada confortable” no que recoñece lembranzas do cine *underground* e un particular tratamento, “tal vez naturalista”, da violencia e da fisioloxía. Finalmente, valora o camiño senlleiro seguido polo poeta.

Teira Luaces, Manuel, *Detido nos confís*, A Coruña: Asociación Cultural Miserela, decembro 2000, 85 pp. (DL: C-2409-2000).

Manuel Teira Luaces (Pobra do Caramiñal, 1954) agasállanos con esta obra, na que sobresae a súa visión telúrica da terra. Así mesmo, nesta poética vese o desacougo ou a desolación do poeta, ao que xa non lle queda “nada dese amor”, polo que recorre á paisaxe, aos poldros e tamén ás mans “atafegadas, moles, signos de silencio...”. O traballo, que contén dedicatorias dirixidas ao seu pai, a Baldomero Fariña, a María e a Alexandre, conclúe cunha gabanza para as “nanas” e con cinco composicións deste tipo dedicadas a Alexandre.

Torres Ferrer, Sabino, *Xograría nova*, Pontevedra: Colección Hipocampo Amigo, nº 5, xuño 2000, [56 pp.] . (DL: PO-442/99).

Nova obra que Sabino Torres Ferrer (Pontevedra, 1924) achega a esta colección despois de *Ondas do mar comigo* (1997). O propio título, así como os versos dos trobadores Xohan Airas e Pero de Veer que encetan as partes de que se compón o volume, evidencian unha poesía recreada nos recursos estilísticos e conceptuais das cantigas de amigo nunha interpretación máis moderna e flexíbel. Nos vintecatro poemas do primeiro bloque prima a clásica coita amorosa nun diálogo continuo cos elementos da natureza, con notábel presencia dos símbolos do mar e da fonte, do elemento onírico e do contraste entre o día e a noite. O segundo apartado, que consta de vinte composicións, combina esta liña medievalizante na que segue a predominar a ausencia do amado cunha veta popular que fai referencia a motivos como as romarías e as supersticións.

Recensións:

-Carme Vidal, “Manuel María e Sabino Torres reaniman o espíritu de Benito Soto”, *A Nosa Terra*, nº 962, “Guieiro Cultural”, 23 novembro 2000, p. 25.

Ver Manuel María, *Brétemas de muiñeiro*, neste apartado do *Informe*.

Referencias varias:

-Belén López, “Manuel María y Sabino Torres presentaron sus últimas poesía”, *Diario de Pontevedra*, 18 novembro 2000, p. 64.

Ver Manuel María, *Brétemas de muiñeiro*, neste apartado do *Informe*.

VV. AA., *IIIº Certame Francisco Añón de Poesía 1999*, Outes-A Coruña: Concello de Outes, maio 2000, 124 pp. (DL: C-939/2000).

Neste volume recóllense os poemarios premiados no IIIº Certame "Francisco Añón" de poesía. Primeiramente, aparecen reproducidas as bases deste concurso de poesía e as actas do xurado nas que se sinalan os seus compoñentes e mais os premiados en cada unha das categorías. Polo medio, están intercaladas fotografías antigas de veciños ou lugares da vella vila de Outes. A seguir aparecen as obras gañadoras:

- Palmira Castro Marcote, "Do silencio" (Iº Premio categoría C), pp. 17-33.

Trátase de catorce poemas numerados, sen título e de estructura e composición diversa. Úneos unha linguaxe cotiá, ás veces preciosista e chea de evocacións paisaxísticas, que está presidida polo amor. Este amor toma matices de desexo, desesperación ou dúbida, en diferentes poemas.

- Alba Payo, "Pinceladas" (Accésit categoría C), pp. 35-54.

- Emma Pedreira, “Alucinario” (Iº Premio categoría D), pp. 57-83.

Conxunto de poemas de carácter unitario marcados polo erotismo, que predomina en todos os versos deste “eu poético” feminino. En relación con isto hai tamén unha volta á orixe. Outros versan arredor da morte e do sexo como morte.

- Estíbaliz Espinosa, “Mecánica Celeste” (Accésit categoría D), pp. 85-118.

Conxunto de poemas divididos en dúas partes: “A lenta aprendizaxe de ser cosmos” e “Cosmonáutica”. Na primeira das partes hai unha reflexión metapoética e un xogo coa necesidade e dolor que lle produce a escritura poética contemplada como viaxe autorreflexiva con olladas nostálxicas cara ao pasado. Na segunda das partes, observamos cómo esa viaxe na escritura é unha forma de ollar o mundo, un mundo que se percibe dende a realidade da nación galega personificada nun poema estrado de topónimos da nosa xeografía.

VV. AA., *Certame de poesía Rosalía de Castro (1992-1996)*, presentación de Manuel López López, limiar de Basilio Losada, ilust. Miguel Ángel Salgado, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Vento que zoa, 2000, 187 pp. (ISBN: 84-7824-368-2).

Despois dun Limiar, no que Basilio Losada gaba a capacidade de moitos centros galegos para continuar o labor cultural a prol da lingua e da literatura galega, aparecen os poemas premiados no Certame de poesía "Rosalía de Castro", entre os anos 1992-1996. Isto é entre a VIª e a Xª edición de dito galardón. Están ordenados por orde cronolóxica e xerárquica, en relación aos tres premios que se ofrecían en cada edición. Así pois, reprodúcense poemas de Martín Veiga Alonso, Mª Dolores Couto Cotelo, Marta Dacosta Alonso, Manuel Celso Matalobos, José Manuel Outeiro G., Anxo Luís Vázquez Latas, Xabier García Fernández, Heriberto X. Villar Patiño, María Fernández Viñas, Xosé Luís Santos, Alexandre Nerium, Baldo Ramos e Xosé Carlos Caneiro. No final do libro, ofrécese unha biografía dos premiados e unha historia da Asociación Cultural Galega Rosalía de Castro da localidade catalana de Cornellá, convocante deste galardón.

VV. AA., *No abeiro da lúa*, Premios do XXVIIº Certame literario Minerva 1999, limiar de Xosé Neira Vilas, Santiago de Compostela: Colexio M. Peleteiro/Revista Vamos, 2000, 107 pp. (DL: C-351-2000).

No apartado I.1 deste *Informe*, descríbese de forma xeral este volume e dáse conta dos traballos galardoados no apartado de narrativa. A continuación, indícanse os premiados en poesía:

- Eduardo González Solleiro, “Recitando no ascensor” (Iº Premio de poesía), pp. 15-22.

Tres poemas nos que se revela, entre outros aspectos, o particular tratamento do amor e o sentir existencialista.

- A. Roque Casemelle, “¿Quen son eu para que me perturbe verte?” (IIº Premio de poesía), pp. 23-30.
Baixo este título recolle tres composicións de temática amorosa-intimista.

- Samuel Solleiro González, “Na taberna das estrelas” (IIIº Premio de poesía), pp. 31-38.
Presenta varias composicións de corte vangardista.

Eva Moreda Rodríguez, “Unha historia mínima” (Accésit de poesía), pp. 39-46. Tres poemas que refiren as sensacións dunha noite de amor.

Helías Portela Fernández, “Maceira verde, laranxas azuis” (Accésit de poesía), pp 47-54. Tres poemas nos que ofrece unha visión irónica da divindade.

Francisco Rodríguez Lago, “A sombra do incerto” (Accésit de poesía), pp.55-62). Expresa os seus sentimentos tomando como base a natureza.

Referencias varias:

- Avelino Abuín de Tembra, “No abeiro da lúa”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 7 maio 2000, p. 3.

Ver VV. AA., *No abeiro da lúa*, no apartado I. 1. deste *Informe*.

VV. AA., *Premio 2000 de relato, poesía e teatro da Universidade de Vigo*, Vigo: Universidade de Vigo/Edicións Xerais de Galicia, 2000, 153 pp. (ISBN: 84-8302-540-X).

A continuación, dase conta das composicións poéticas gañadoras da cuarta convocatoria deste premio, que se recollen neste volume, xa descrito no apartado I. 1 deste *Informe*.

- Lucía Novás Garrido, “O tempo dos mirtos” (Iº Premio de poesía), pp. 57-69.

Once poemas sen título e de extensión semellante nos que a voz poética se achega ao mundo da sensualidade, do erotismo e do desexo con imaxes construídas con elementos da natureza, nomeadamente plantas, flores e diversas árbores e arbustos.

- Pablo Gamallo Otero, “As tripas do amor” (Iº Accésit de poesía), pp. 71-80.

Sete poemas titulados nalgúns dos cales o autor se achega ao mundo do sexo, ás veces asociado a situacións violentas e de humillación. Trátase dunha voz poética masculina que, noutros casos, describe situacións amorosas non correspondidas ou que se afastan bastante do amor ideal e idílico.

- Pilar Fernández Iglesias, “Lembranzas dos nenos arraianos”, (IIº Accésit de poesía), pp. 81-92. Conxunto de poemas de extensión e temática variadas nos que predomina a evocación do tempo pasado, a anguria e a soidade existenciais provocadas pola perda ou non aproveitamento dese tempo que se foi.

Vales Villamarin, Francisco, *Obra poética de Francisco Vales Villamarín. Poesía inédita e dispersa en galego*, estudio crítico e ed. de Concepción Delgado Corral, I vol., Betanzos: Concello de Betanzos, maio 2000, 159 pp. (ISBN: 84-923797-5-8).

Abre o volume un poema “Lembranza de Vales Villamarín”, de Enrique Chao Espina, ao que segue un “Estudio” que se ocupa da súa biografía, o contexto, as relacións con Emilia Pardo Bazán, o ingreso na Real Academia Galega, a relación coa cultura portuguesa, a dirección do *Anuario Brigantino* e os pseudónimos utilizados. O estudio atende tamén á traxectoria literaria, representada polo xornalismo e a poesía, e nel proponse unha clasificación da obra poética do autor que estructura a antoloxía: “Estampas betanceiras”, “Xente coñecida” e “Outros poemas”. Os textos da primeira sección teñen como tema a paisaxe, os costumes e as festas desta comarca. Os do bloque segundo son textos breves que retratan personaxes, por veces con trazos de humor. Os “outros poemas” son composicións de circunstancias, caracterizadas, as máis das veces, polo ton humorístico. En xeral, os versos de Vales Villamarín (Betanzos, 1891-1982) caracterízanse polo seu costumismo. Dende o punto de vista formal destaca o cultivo do soneto. Xunto a este volume preséntase outro que recolle a “Poesía inédita e dispersa en castelán” deste autor nunha edición a cargo de Concepción Delgado Corral, Mª Teresa Amado Rodríguez e Alfredo Erias Martínez.

Recensións:

Xosé Ramón Pena, “A memoria necesaria”, *Guía dos libros novos*, nº 21, “Poesía”, nº 21, setembro 2000, 26.

Comeza afirmando que sente un “lexítimo orgullo” pola publicación desta obra. Xustifica os seus sentimentos aludindo ao merecido recoñecemento que se fai con esta obra a don Francisco Vales, ao labor levado a cabo polos editores e ao papel que nesta empresa asumiu o Concello de Betanzos. Informa brevemente do contido de cada un dos dous volumes que constitúen esta publicación. Recolle tamén un fragmento dun poema de Francisco Vales dedicado ao globo betanceiro que sobe ao ceo na data de San Roque. Remata eloxiando a obra por representar a recuperación da “nosa mellor e necesaria memoria”.

Villar, Rafa, *Días de sherazade*, IIIº Premio de poesía Concello de Carral 1999, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 97, novembro 2000, 48 pp. (ISBN: 84-9562502-4).

A figura poliédrica de Sherazade (lectora de contos, maga, amiga e amante) é o fío conductor do libro de Rafa Villar (Cee, 1968). A voz lírica debátese entre o recordo e a invocación deste personaxe para recrear motivos coma o amor, a nostalxia, a soidade e o soño. Sherazade simboliza a fantasía, a posibilidade de ensoñación do ser humano. Dende o punto de vista formal, os textos caracterízanse pola súa brevidade, a esencialidade e a economía de recursos.

Yáñez, Rafael, *Onte chovía*, introd. Carmen Blanco Ramos, Madrid: ACEF, col. O Roibén, marzo 2000, 45 pp. (ISBN: M-18990-2000).

Este poemario de Rafael Yáñez (Vilalba, 1979) está precedido por unha introducción de Carmen Blanco Ramos na que presenta a obra como o camiño vital do autor e unha experiencia de vida moi marcada polos versos de Álvaro Cunqueiro e de Manuel María. Ocúpase, ademais, a prologuista de describir a estructura e de definir o volume como unha “metáfora impresionista” dende unha óptica vangardista. *Onte chovía* estructúrase en tres partes ben diferenciadas: un prólogo constituído por tres poemas (A, B e C), un epílogo conformado por outras tres composicións (X, Y e Z) e o corpo central do libro con vinteoito poesías numeradas. A obra preséntase como unha sucesión de reflexos que figuran ao pé de cada texto, reflexos humanos, do tempo, dun camiño, dun segredo, da guerra, do mar, dun refuxio, da vida, dunha poesía, dunha dúbida, dun cambio, etc. En definitiva, obsérvase unha variedade temática na que predomina a idea de tránsito, as incertezas e dúbidas, expresadas a través de imaxes sensoriais.

II. Poesía

II.2. Reedicións comentadas e facsímiles

Amor Meilán, Manuel, *Treboadas e outros poemas*, ed. Mª Teresa Araújo García, Santiago de Compostela: Librería Follas Novas, col. Libros da Frouma, nº 8, abril 2000, 178 pp. (ISBN: 84-85385-35-7)**.**

Selección da obra poética de Manuel Amor Meilán (A Coruña, 1867 - Lugo, 1933). O volume está dividido en catro apartados. No primeiro deles, “Presentación”, dáse conta dos distintos escritos do autor coruñés que se inclúen neste volume, así como dos motivos que orixinaron a recompilación. Na segunda sección, “Introducción”, ofrécese un breve resumo da vida e da obra de Amor Melián; analízase, ademais, a súa poesía atendendo aos temas tratados, ás formas estróficas empregadas e ás peculiaridades da lingua. A continuación, en “Poesía galega”, reprodúcense os 18 poemas de *Treboada* e outras 29 composicións das consideradas máis representativas deste autor. Nelas trátanse temas como o amor ou a gabanza da patria. Tamén se recollen poemas de circunstancias. Todos eles son unha mostra da poesía de carácter popular de estrofas longas e versos curtos empregados polo autor coruñés. Por último, no “Apéndice”, aparece o relato “O Encanto” no que se narra como Mingos se envurulla na tristura e cambia de carácter despois de que Delores o rexeite”.

Recensións:

- Armando Requeixo, “Amor Meilán”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 27, 4 xuño 2000, p. 11.

Coméntase a necesidade de exhumación de moitos autores entre os que se atopa Manuel Amor Meilán. Infórmase de que o volume reeditado por María Teresa Araújo García contén o poemario *Treboadas* (1884), composto por dezaoito poemas publicados en xornais e revistas e un conto. Saliéntase ademais o estudio introductorio no que se achegan datos biobibliográficos.

Avilés de Taramancos, Antón, *A frauta i-o garamelo*, estudio introductorio de Dolores Arxóns Álvarez e Xavier Castro Rodríguez, ed. Mª Teresa Monteagudo Cabaleiro, Santiago de Compostela: Librería Follas Novas, col. Libros da Frouma, nº 10, xullo 2000, 71 pp. (ISBN: 84-85385-41-1).

O estudio introductorio inclúe unha semblanza biográfica de Antón Avilés de Taramancos (Noia, 1935-1992), un achegamento ao contexto literario do momento, con especial atención ás revistas da posguerra, e unha lembranza do propio poemario reeditado, así como doutro texto de xuventude, *As moradías do vento* (1955). A seguir preséntase *A frauta i-o garamelo* (1959, incluída en *O tempo no espello*, 1982), precedida dos criterios adoptados na edición. O volume compleméntase cunha bibliografía primaria e secundaria.

Recensións:

-Armando Requeixo, "Avilés de Taramancos escribeu en Ferrol a obra '*A frauta i-o garamelo*", *Diario de Ferrol*, 13 agosto 2000, p. 11.

Cualifícase moi positivamente a edición de *A frauta e o garamelo* na colección “Libros da Frouma”. Logo de facer referencia ás circunstancias nas que este libro foi escrito “nunha soa noite, no tempo en que o poeta cumpría o servicio Militar na Marina” explícase que foi editado por suscrición popular. Finalmente, alúdese ao estudio introductorio de Dolores Arxóns e Xavier Castro, así coma ao coidado da edición e á bibliografía do escritor incluída na obra.

Referencias varias:

-Salvador García Bodaño, “A falarmos de Antón Avilés”, *El Correo Gallego*, “No pasar dos días”, 1 outubro 2000, p. 3.

Dá conta de dous feitos como son o ingreso de X. L. Méndez Ferrín na Real Academia Galega e a chegada ás súas mans do libro *A frauta e o garamelo*, de Avilés de Taramancos. Entre outros aspectos, comenta que foi publicado en 1959 e destaca o estudio introductorio de Dolores Arxóns Álvarez e Xavier Castro Rodríguez, que “nos ofrecen unha atinada e precisa síntese referida á vida e maila obra dese gran poeta”.

- Sara Ares, “Un voo de regreso a Avilés de Taramancos”, *La Voz de Galicia*, 3 outubro 2000, p. 16.

Infórmase da edición, por iniciativa da librería Follas Novas, de *A frauta i-o garamelo*, escrita por Avilés de Taramancos na súa xuventude. Explícase a dificultade de acceder hoxe en día a este poemario, así coma o contido do volume e do estudio introductorio preprarado por Dolores Arxóns e Xavier Castro.
- Xulio Valcárcel, “O primeiro Avilés”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, 3 decembro 2000, p. 4.

Achégase ao poemario de Avilés de Taramancos, do que sinala que é unha obra de xuventude que ve a luz en edición de Teresa Monteagudo, ademais da introducción de Dolores Arxóns e Xavier Castro na que contextualizan a obra do autor e analizan a poética deste membro da “Xeración dos cincuenta”. Cualifica ao autor como un home sen acougo, na busca permanente do absoluto e da plenitude.

Blanco Amor, Eduardo, *Poema en catro tempos*, ed. Carlos Díaz, limiares de Manuel María e Andrés Pociña, ilust. Xabier Correa Corredoira, A Coruña: Produccións Culturais Artesa, 2000, (Sen ISBN e sen DL).

Edición de luxo composta por un libro no que se recolle unha edición facsimilar de *Poema en Catro tempos*, de Eduardo Blanco Amor (Ourense, 1897-Vigo, 1979) e un cartafol no que, alén de se reproducir os poemas deste libro, inclúense ilustracións do pintor Correa Corredoira e un limiar de Manuel María e outro de Andrés Pociña. Manuel María, no seu pequeno texto inicial, fala sobre a importante presencia que ten o mar tanto na poesía popular coma na poesía culta. Así, tras referirse á súa obra poética, comenta as principais características de cada un dos poemas que compoñen este libro, do que destaca a súa estructura ao xeito dunha sinfonía. No texto de Andrés Pociña, titulado “Para un poema inmenso”, alén de incidir nalgunhas cousas das que xa falara Manuel María, refírese á construcción destes poemas e á mensaxe subliminal de carácter homosexual dalgún deles. Despois de estudiar os textos no seu conxunto fai unha paráfrase-comentario de cada un dos poemas incluídos nas catro partes do libro, que equipara a catro momentos musicais. Finalmente, considera este libro un poema épico, con léxico e personaxes mariñeiros.

Referencias varias:

- S. Espinoso, “Una obra con categoría de lujo”, *La Región*, 9 xullo 2000, p. 14. Infórmase da presentación da carpeta *Poema en catro tempos*, na que participaron Carlos Díaz (editor), Correa Corredoira (ilustrador), Nemesio Barxa e Manuel Cabezas.

Cabanillas, Ramón, *Na noite estrelecida*, prólogo de Francisco Fernández del Riego, estudio introductorio de Ramón Nicolás Rodríguez (XV pp.), Vigo: Edicións Xerais de Galicia e Aguas de Mondariz, S. A., 2000, 60 pp. (ISBN: 84-8302-458-6).

Facsímile deste poemario de Ramón Cabanillas (Fefiñáns-Cambados, 1876-Cambados, 1959) que se presenta en coidado estoxo e que reproduce a primeira edición de Lar publicada en 1926 en Mondariz-Balneario. Ábrese o volume cun breve prólogo de Francisco Fernández del Riego titulado “Mondariz, Cabanillas e Peinador”, no que o presidente da R.A.G. comenta a relación do poeta cambadés co balneario de Mondariz e con Enrique Peinador. A seguir inclúese o estudio introductorio titulado “*Na noite estrelecida* de Ramón Cabanillas. Estado de eternidade para unha lingua”, onde Ramón Nicolás describe o proceso editorial destas sagas poéticas, comenta a importancia de Lar e de Enrique Peinador nesta publicación, e refírese á recepción inmediata e ao que significou esta obra dentro da traxectoria literaria do cambadés. Finalmente, no “Epílogo” dá a coñecer R. Nicolás o poema “Outonal”, unha composición que fora publicada na revista *Vida gallega*, pero que nunca se recollera en libro.

Recensións:

- M. Quintáns S., “Unha nova edición de ‘*Na noite estrelecida*’ de Ramón Cabanillas con debuxos de Castelao”, *El Correo Gallego*, “Fin de Semana”, 28 maio 2000, p. 6.

Ademais de sinalar a ocasión para a que foi elaborada esta edición facsimilar da obra de Cabanillas, sobrancea da mesma o engadido da presentación de Francisco Fernández del Riego, quen lembra que nesta obra se recolle por primeira vez a terceira saga, “O sono do rei Artur”, porque as outras dúas xa viran a luz en publicacións periódicas, e a introducción de Ramón Nicolás, do que di que repasa a importancia da obra no seu momento e a influencia exercida na producción galega posterior, do mesmo xeito que se ocupa da “xénese e percorrido editorial da obra”, de “Lar e a edición do libro galego, con Mondariz e Peinador ao fondo” ou da súa recepción e significación, ademais de reproducir o poema esquecido de Cabanillas “Outonal”. Tamén se chama a atención sobre os símbolos da epopea artúrica feitos por Castelao ou a importancia que esta obra tivo dentro da producción de Ramón Cabanillas e da propia literatura galega en autores como Xavier R. Baixeras, Claudio Rodríguez Fer, Manuel Vilanova, Álvaro Cunqueiro, X. L. Méndez Ferrín ou Darío Xohán Cabana.

Sigüenza, Xulio, *Obra galega*, ed. Josefa Beloso Gómez, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades/Xunta de Galicia (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria), col. Láncara de Poesía, 2000, 200 pp. (ISBN: 84-453-2746-1).

Edición da obra poética en galego de Xulio Sigüenza (A Coruña, 1898-Vigo, 1965) así como dalgúns relatos breves. A introducción consta dunhas notas biobibliográficas que son seguidas dun repaso polo contexto das vangardas en Galicia, así como da "Xeración de Vangarda". Céntrase a continuación na análise do poemario *Cantigas e verbas do ar* (1928), comezando por un seguimento da recepción e proseguindo cunha achega á estructura externa e a métrica e unha análise do contido que sitúa a obra no hilozoísmo. Neste sentido faise fincapé no "instantaneísmo", brevidade e riqueza de imaxes. Do mesmo xeito, anótanse algunhas características que farían a Sigüenza diverxer con Amado Carballo. Entre os trazos estilísticos do poemario saliéntase a metáfora antropomórfica, a sensorialidade e a prosopopea, que permiten referirse a un "vangardismo moderado". Culmina o estudio cunha breve achega á importancia da saudade na obra. Logo da reproducción da obra, recóllense trinta poemas soltos procedentes de *Galicia* da Habana, *Yunque*, *El Compostelano* e *A Nosa Terra*, entre outras publicacións. Ademais reprodúcense catro poemas mecanoescritos e sete relatos breves procedentes de *Céltiga*. Complétase o volume con seis relatos breves tirados de *Céltiga* así como algunhas referencias críticas sobre a obra de Sigüenza.

Recensións:

- Alvarado, “De Manuel Murguía a Julio Sigüenza”, *La Región*, “Cultura”, 10 outubro 2000, p. 12.

Recensión de dúas obras editadas polo Centro Ramón Piñeiro: *La primera luz*, de Manuel Murguía e *Obra gallega*, de Julio Sigüenza. Da primeira destácase o feito de que sexa unha edición facsimilar con estudio de Vicente Peña Saavedra e Manuel Fernández González. Tamén se salienta a finalidade didáctica da obra e a glosa final do idioma galego. Con respecto a *Obra gallega*, infórmase do contido da edición e do estudioprólogo de Alonso Girgado. Asemade, recóllense algúns dos datos biográficos máis sobranceiros da vida de Julio Sigüenza.

-Xavier Castro R., “Poesía galega recuperada de Xulio Sigüenza”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 48, 29 outubro 2000, p. 8.

Alúdese á publicación da *Obra completa* de Xulio Sigüenza, nunha edición de Josefa Beloso Gómez, que ademais de recoller o poemario *Cantigas e verbas no ar*, publicado por primeira vez en 1928, inclúe outros poemas soltos e uns brevísimos relatos. Por outro lado destácase que o traballo de Josefa Beloso tamén se centra nunha pormenorizada bio-bibliografía do poeta, na análise do contexto literario de finais dos 20 e nun estudio da estructura e contido do poemario.

- Román Raña, “Xulio Sigüenza en galego”, *Guía dos libros novos*, nº 23, “Poesía”, novembro 2000, p. 28.

Considera unha feliz nova a edición da obra en galego de Xulio Sigüenza, pois supón, na súa opinión, a recuperación dun autor que estaba no esquecemento. Comenta tamén a influencia que nel tivo a estética hilozoísta de Amado Carballo. Refírese, ademais, á existencia nos poemas deste autor dunha pluralidade temática ignorada ata o momento. A este respecto, sinala a presencia nos seus versos de temas como a lingua galega, a imigración e a ideoloxía nacionalista. Conclúe insistindo no labor meritorio que supón recuperar a un poeta que pertence a un dos períodos máis fructíferos das nosas letras.

Villar, Rafa, *Ícaro*, Galicia: Retagarda Edicións, outubro 2000, (ISBN: 84-931647-1-2)

Reedición, en disco flexíbel, do poemario *Ícaro*, de Rafa Villar (Cee, 1968), que xa fora publicado en formato libro por Edições Tema e recollido no apartado II.1 do *Informe de literatura 1999*. Nesta entrega en disquete, dáse conta da producción do autor de Cee e dos poemas que integran esta reedición de *Ícaro*.

Recensións:

-Inma López Silva, "Poetas actores: perfomance liricamente correcta", *El Correo Gallego*, "Fin de Semana", nº 53, 3 decembro 2000, p. 9.

Ver Creus, Estevo, *O libro dos cans*, no apartado II. 1 deste *Informe*.

II. Poesía

II.3. Traduccións ou versións

Avilés de Taramancos, Antón, *Cantos caucanos*, prólogo e trad., Ánxeles Pena, A Coruña: Espiral Maior, col. Auliga, nº 3, novembro 2000, 99 pp. (ISBN: 84-95625-07-5).❿

Edición bilingüe, que amosa na páxina esquerda o texto orixinal e na dereita a traducción ao español efectuada pola prologuista, deste poemario publicado inicialmente en 1985 por Antón Avilés de Taramancos (Noia, 1935-A Coruña, 1992) e escrito entre novembro de 1983 e xaneiro de 1984. Ánxeles Penas lembra no prólogo os inicios poéticos do noiés na revista *Atlántida* en 1955 e repasa a súa evolución posterior cara á épica. Coida que esta obra combina lírica e épica e que consegue unha visión saudosa do Cauca que se constitúe en homenaxe a unha das súas patrias, Colombia, a de adopción. Os versos deste poemario amósannos unha América diferente, caracterizada pola inmensidade, polo vitalismo e por unha natureza exuberante e virxe. Non obstante, tamén aparece a colisión intercultural cos colonizadores. Así mesmo, configura un canto á liberdade dos pobos indíxenas. Cómpre sinalar ademais a sensualidade das descricións femininas e o léxico colorista, inzado de americanismos.

Grass, Günter, *As galiñas do vento* (*Die Vorzüge der windhühner*, 1956), trad. Ursula Heinze de Lorenzo e Ramón Lorenzo, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Ablativo Absoluto, nº 18, primavera 2000, 148 pp. (ISBN: 84-8302-524-8).

Escolma de textos poéticos realizada por Miguel Sáenz sobre os seguintes poemarios de Günter Grass (Danzing-Alemaña, 1927): *As vantaxes das galiñas de vento* (*Die Vorzüge der windhühner*, 1956), *Triángulo de vías* (*Gleisdreieck*, 1960) e *Interrogado* (*Ausgefragt*, 1967). Do primeiro escólmanse once poemas, do segundo dezaseis e do terceiro dezaoito. Aparecen as versións galegas nas páxinas impares e as correspondentes alemanas nas páxinas pares, e inclúense anotacións dos traductores con información adicional que axuda a entender mellor os textos. Predominan as composicións longas, sobre todo na segunda e terceira parte, nas que se aprecia un abandono do lirismo en favor da narratividade e das composicións prosaicas. Günter Grass poetiza o cotián, o trivial e o seu entorno coñecido, abordándoo dende unha estética vangardista, sen que iso supoña renunciar á denuncia da opresión, das inxustizas e da falta de liberdades. Para a creación de símbolos e imaxes recorre, en numerosas ocasións a seres da natureza e a elementos da música.

Recensións:

-Attilio Castellucci, “O poeta de circunstancias”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 42, 17 setembro 2000, p. 9.

Despois de darnos algúns datos biográficos de Günter Grass e indicar que coa súa poesía se converteu nun dos revulsivos da conciencia crítica do seu país, sinálanse algúns dos trazos que aparecen nos textos recollidos nesta antoloxía. Apúntase que nela se incluíron poemas de tres coleccións distintas, indícándose que a primeira delas, “As ventaxas das Galiñas do vento”, de 1956, é un dos primeiros poemarios deste autor e que nel xa son “evidentes os compoñentes básicos da poética de Grass”; explica que as outras dúas coleccións incluídas son, “Triángulo de vías”, de 1960, e “Interrogado”, de 1967, apuntando que esta última é xa unha obra máis madura, do período no que quizais o compromiso de Grass fose máis forte. Finalmente, gábase este traballo de traducción.

-M. Bascoy Lamelas, “Grass, non hai volta ao paraiso”, *A Nosa Terra*, nº 955, “Guieiro Cultural”, 5 outubro 2000, p. 23.

Lembra a impresión que lle produciu a lectura por vez primeira da poesía de Grass e achega algúns datos biográficos. Explica que a lírica é o xermolo da súa obra narrativa. Informa de que a obra compila poemas das tres primeiras antoloxías do escritor e comenta o tratamento da nostalxia, a defensa da terra e a mirada crítica desta voz poética.

- Román Raña, “Metáforas do sen sentido”, *Guía dos libros novos*, nº 23, “Poesía”, novembro 2000, p. 27. Logo de salientar o labor de traducción levado a cabo por Úrsula Heinze de Lorenzo e Ramón Lorenzo, repasa os acontecementos más importantes da vida e da obra de Günter Grass. Presenta a poesía como unha actividade secundaria na traxectoria literaria deste autor. Recórdanos, ademais, que o fundamento da súa poesía está na prosa, nas referencias directas ás cousas e nas circunstancias que rodean ao poeta. Comenta tamén que o principal obxectivo dos seus versos é o de “comunicar”, feito que explica o papel secundario atribuído á preocupación estética. Remata definindo o poemario como “unha amarga reflexión sobre un tempo de guerra”.

Referencias varias:

- Rosa Míguez, “Suxerencia”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, 1 outubro 2000, p. 14.

Ver Cunqueiro, Álvaro, *San Gonzalo*¸ no apartado I. 3. deste *Informe*.

Hill, Jack (ed.), *To visit me the sea. Galician poetry 1930-1996*, trad. Jack Hill, ilust. Barry Woodcock, Colchester: Hamlet Press/Department of literature University of Essex, 2000, 245 pp. (ISBN: 0-9508458-1-7).

O volume comeza cos agradecementos ás persoas e institucións que colaboraron co autor na preparación da obra, especialmente a Antón Avilés de Taramancos, de quen partiu a idea deste traballo alá polo ano 1990. A seguir, na Introducción, Jack Hill ofrece un percorrido pola historia de Galicia, dende a época dos celtas ata a actualidade. Detense, brevemente, nas invasións dos romanos, no descubrimento do corpo do Apóstolo Santiago no século IX, nos chamados Séculos Escuros ou na importancia de Rosalía de Castro, entre outros aspectos. A continuación, reproduce, en galego e inglés, unha escolma de poemas de Luís Pimentel, Aquilino Iglesia Alvariño, Luís Seoane, Ricardo Carvalho Calero, Álvaro Cunqueiro, Celso Emilio Ferreiro, Eduardo Moreiras, Xosé María Díaz Castro, Xosé María Álvarez Blázquez, Miguel González Garcés, Antón Varela, Pura Vázquez, Luz Pozo Garza, Manuel María, Uxío Novoneyra, Bernardino Graña, Manuel Álvarez Torneiro, Antón Avilés de Taramancos, Salvador García-Bodaño, Xosé Luís Méndez Ferrín, María Xosé Queizán, Xosé María Álvarez Cáccamo, Ramiro Fonte, Manuel Rivas, Miguel Anxo Fernán-Vello e Luísa Castro.

Referencias varias:

-E. Mouzo, “Publican el primer libro de poesía gallega en lengua inglesa” *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 6 decembro 2000, p. 30.

Noticia da presentación do primeiro libro de poesía galega traducido ao inglés, elaborada por Jack Hill, que compila poemas de 27 escritores galegos, entre os que figuran Cunqueiro, Manuel María, Novoneyra, Rivas e Fernán-Vello. Recolle algunhas opinións do editor acerca da dificultade da traducción e de Fernán-Vello sobre da importancia desta publicación.

Martul-March, Kimberleigh, *Poesía feita a mao (Handmade Poetry)*, trad. K March e L. Martul, Santiago de Compostela: Noitarenga, decembro 2000, 67 pp. (ISBN: 84-920742-2-1).

Edición bilingüe inglés-galego deste primeiro poemario de Kimberleigh Martul-March (1986) que se compón de dezaseis textos. Trátase dunha poesía extremadamente sensitiva que non só se constrúe coas mans, senón tamén cos pés, cos ollos ou co cabelo infantil xa que o mesmo corpo se prende dos versos ("Calcetar", "Poema do tellado" ou "Ingredientes de Zorba") para formar parte da mesma mestura, do mesmo xeito que as palabras se volven enrugas, beizos, escamas, cheiro, suor. Esta unión establécese nunha primeira relación entre o corpo-casa e o exterior, aproximación que xera medo, dor, sorpresa e mesmo a consciencia social ("era moi, moi vello").

Royet-Journoud, Claude, *As naturezas indivisibles* (*Les natures indivisibles*, 1997), trad. Emilio Araúxo, Santiago de Compostela: Noitarenga, 2000, 93 pp. (ISBN: 84-920723-8-5).

Poemario de Claude Royet-Journoud (Lyon, 1941), que forma parte dunha tetraloxía que se completa cos títulos *Le Renversement*, *La Notion d'obstacle* e *Les objets contiennent l'infini*. En *As naturezas indivisibles*, a verdade (da palabra, do amor) fortemente acontecemental, atópase nos intersticios: entre *el* e *ela*/*eu* e *ti*, entre o signo e a cousa que designa. Velaí que o libro é, antes que nada, un exercicio de nomeamento nu das fendas que manteñen o Dous, segundo o que formulou o filósofo Alain Badiou. No ángulo interior das paredes, á beira dos corpos e das palabras, na marxe da realidade que chamamos soño, teñen o seu acontecer o Significado e o Amor.

II. Poesía

II.4. Antoloxías

Álvarez Giménez, **Álvarez Limeses**, **Álvarez Blázquez**, **Álvarez Negreira** e **Álvarez Cáccamo**, *Escolma de familia. Cen anos de poesía*, limiar de Xavier Rodríguez Baixeras, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2000, 178 pp. (ISBN: 84-8302504-3).

Xavier Rodríguez Baixeras fai, nas páxinas limiares, un percorrido pola historia familiar dos descendentes de Emilio Álvarez Giménez, que se complementa cunha árbore xenealóxica. A antoloxía inclúe textos –escritos en castelán, agás un epigrama- do mencionado Emilio Álvarez Giménez (Puebla de Sanabria, 1830-Pontevedra, 1911), Xerardo Álvarez Limeses (Pontevedra, 1871-1944), Xosé María Álvarez Blázquez (Tui, 1915-Vigo, 1985), Emilio Álvarez Blázquez (Tui, 1919-Vigo, 1988), Emilio Álvarez Negreira (Pontevedra, 1926), Xosé María Álvarez Cáccamo (Vigo, 1950) e Alfonso Álvarez Cáccamo (Vigo, 1952).

Arnáiz Méndez, Alejandro e Cecilia **Portela López** (eds.), *A Canción de Concerto. Cancións sobre textos literarios galegos*, Volume I. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Xerais Media, 2000, 122 pp. (ISBN do Volume I: 84-8302-465-9) (ISBN da Obra Completa: 84-8302-464-0).

Proxecto editorial no que se combinan poesía e música nun soporte impreso e noutro musical, idea de Alejandro Arnáiz e Cecilia Portela, que conta cun limiar do primeiro no que dá conta, a grandes trazos, do contido do libro e do CD. Nel salientan a presencia dun grande abano de autores que van dende Afonso X o Sabio, pasando por Rosalía ou Curros, ata Ramón Cabanillas ou Álvaro Cunqueiro, e de compositores. A continuación preséntase o programa musical e unha breve biografía dos intérpretes Laura Alonso e Manuel Burgueras, seguidos dos textos poéticos introducidos por unha breve nota textual e bibliográfica. A seguir Margarita Soto Viso fai unha pequena historia do que supuxo o papel de Marcial de Adalid na música galega; o equipo L. G. M. Golden Quartet analiza as formas de expresión da Canción Galega na “Belle Époque” con autores como Juan Montes ou José Castro González, Chané; Ramiro Cartelle céntrase na figura de Rogelio Groba; Antón Buxán achégase a Jesús Bal y Gay e ás súas “seis pezas para canto e piano encol de verbas de Amado Carballo”; e, finalmente, Julio Andrade Malde céntrase na “Rosa de Abril, de Andrés Gaos”, relacionando todos eles a aparición destes persoeiros coa propia evolución cultural e literaria que se deu en Galicia. Pecha o volume a sección “Os poetas galegos” (autores das composicións seleccionadas), os que ofrecen unha breve ficha biobibliográfica, dende Juan Barcia Caballero ou Alfredo Brañas, ata Rosalía de Castro ou Aureliano José Pereira de la Riva.

Recensións:

- C. C., “Antoloxía da lírica galega”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 23, 28 abril 2000, p. 3.

Aproxímase ao primeiro volume de gravacións discográficas de Xerais Media, producido por Alejandro Arnáiz e Cecilia Portela, do que indica que interpretan os temas a soprano Laura Alonso e o pianista Manuel Burgueras, todos eles da lírica galega. Tamén explica que as composicións van dende as cantigas de amigo medievais ou Afonso X o Sabio, ata Cabanillas e Cunqueiro, pasando por Rosalía e Curros. Achega brevemente a historia da canción de concerto tanto en Europa como na Península, onde apunta que é serodia con autores como Roxelio Groba ou Antón García Abril, alude a outros compositores galegos e de fóra presentes no volume, e remata aclarando que consiste nun libreto no que se recolle a presentación do programa musical, o currículo dos intérpretes, as edicións dos textos poéticos e diferentes ensaios musicais.

Referencias varias:

- Anxo Tarrío Varela, “A clara voz de Laura”, *El Correo Gallego*,”A baloira”, 27 marzo 2000, p. 3.

Congratúlase o articulista por esta publicación de Laura Alonso, da que gaba a calidade da edición, en particular do libreto, e agradécelle que inicie a carreira discográfica no canto lírico servíndose de autores galegos. Alén de lamentar o feito de non a ter escoitado nunca en directo, lembra a súa formación, repertorio e traxectoria.

- Rosa Míguez, “Suxerencia”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, 23 abril 2000, p. 14.

Ver Luaces Pardo, Narciso, *O carreiro. Memorias do tío Santos*, no apartado I. 1. deste *Informe*.

- Miguel Anxo Seixas, “A canción do concerto”, *O Correo Galego*, “A maltrana”, 24 abril 2000, p. 3.

Felicita Seixas a todos aqueles que participaron dalgún xeito nesta publicación para, a continuación, describir polo miúdo todo o que nos ofrece esta achega da colección “Xerais Media”. Comeza indicando que este libro contén un disco compacto e que os directores do proxecto foron Cecilia Portela e Alejandro Arnaiz. A continuación, dá o nome dos intérpretes das cancións e cita os textos interpretados, así como os seus autores, entre os que se atopan Francisco Mª de la Iglesia, Curros Enríquez, Alfredo Brañas ou Rosalía de Castro. Recónllese tamén no artigo os títulos e autores dos ensaios musicais que aparecen nesta antoloxía.

Castaño, Yolanda, *Edénica*, A Coruña, Espiral Maior, col. Alba longa, maio 2000, 68 pp. (ISBN: 84-89814-90-2).

Antoloxía poética de Yolanda Castaño (Santiago de Compostela, 1977) que inclúe once textos inéditos datados entre 1995 e 1999, ademais de composicións escollidas de entre os seus tres primeiros libros: *Elevar as pálpebras* (1995), *Delicia* (1998) e *Vivimos no ciclo das erofonías* (1998). Así mesmo, a presente edición incorpora un disco compacto musical no que a propia escritora canta en solitario algúns dos seus poemas. Esta colectánea é un fiel reflexo da poética que caracteriza a esta autora en canto que nel se dan cita o vitalismo e unha veta erótica que exalta a sensualidade e mailo pracer e a voracidade sexual. Estes motivos son filtrados por unha perspectiva intimista que recorre tamén na temática á lembranza de tempos pasados, ao hedonismo ou á celebración da poesía. En canto ao aspecto formal, prima o esteticismo, o dominio das imaxes e o preciosismo verbal.

Recensións:

- T. S., “Dentro da mazá”, *Tempos Novos*, nº 42, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, novembro 2000, p. 85.

Preséntase esta antoloxía da obra poética de Yolanda Castaño, *Edénica*, e sinala que achega un CD onde ademais de recitar algúns dos versos, canta varios dos seus poemas máis emblemáticos. Ademais refírese ao contido do volume o cal inclúe algúns textos inéditos da autora.

Referencias varias:

Albino Mallo, "Yolanda Castaño debuta como cantante"/"Yolanda Castaño converte a poesía en canción no seu libro '*Edénica*", *O Correo Galego*, "AFA"/*El Correo Gallego*, 22 xuño 2000, p. 41/p. 75. Noticia da presentación no Fórum Metropolitano da Coruña de *Edénica*. Infórmase da interpretación, por parte da autora, dos seus propios poemas. Recóllense as palabras nas que o editor salienta tanto a iniciativa coma o labor do compositor e reprodúcese a valoración positiva que Yolanda Castaño fai da experiencia.

R. G., "Versos no pentagrama", *La Voz de Galicia*, 22 xuño 2000, p. 57.

Faise eco da presentación do libro, no Fórum Metropolitano da Coruña. Tamén se fai unha breve semblanza da escritora.

- Cristina Franco, “La poesía erótica no corresponde a ningún criterio de tipo comercial”, *El Ideal Gallego*, 27 xullo 2000, p. 18.

Entrevista a Yolanda Castaño con motivo da publicación da antoloxía *Edénica*. A autora xustifica a súa aposta pola literatura erótica, explica cómo xurdiu a idea de interpretar os seus propios poemas e insiste no obxectivo de chegar ao gran público coa poesía. Finalmente, dubida da posibilidade de vivir de expresión poética e reflexiona sobre os factores do seu éxito.

García Pereira, Carmen de Jesús “Carmeliña”, *Antología poética I*, debuxos de Mariano Marcos Abalo, Vigo: Edición de autor, 2000, 112 pp. (DL: VG-298-2000).

Escolma seleccionada pola propia autora (Tui, 1947) na que se mesturan os poemas en galego e en castelán. A temática relixiosa é predominante así como os poemas dedicados a diferentes figuras próximas á poeta como a nai, o pai, o seu fillo morto ou personaxes literarios como Federico García Lorca, Celso Emilio Ferreiro ou Rosalía de Castro. O ruralismo, as lembranzas persoais ou as imaxes folclóricas son outros dos motivos recorrentes neste volume. Os poemas, nos que predomina a presencia de estructuras nas que se aprecia a influencia de cántigas populares, constrúense en secuencias asonantes con rima nos pares.

Kortázar, Jon (coord.), *A ponte das palabras. Poesía vasca 1990-2000*/*Hitzezko zubia. Euskal poesia 1990-2000*, limiar de Jon Kortazar, trad. Rafa Villar, Marilar Aleixandre, Eduardo Estévez e Jon Kortazar, Santiago de Compostela: Letras de Cal, decembro 2000, 165 pp. (ISBN: 84-931169-0-4).

Jon Kortazar explica no limar algúns aspectos relativos á elaboración da antoloxía, como é o feito de que os propios poetas escolleran os textos ou a vontade de elaborar unha mostra significativa da poesía deste período. Os autores incluídos no volume son Pako Aristi (Urrestilla-Gipuzkoa, 1963), Aurelia Arkotxa (Baigorri-Iparralde, 1953), Rikardo Arregi Diaz de Heredia (Gasteiz-Araba, 1958), Gari Berasaluze (Zarautz-Gipuzkoa, 1975), Harkaitz Cano (Donostia-Gipuzkoa, 1975), Isabel Díaz (Laudio-Araba, 1966), Igor Estankona (Artea-Bizkaia, 1977), Martin Etxeberria (Zarautz-Gipuzkoa, 1974), Mirari Garcia de Cortazar (Donostia-Gipuzkoa, 1969), Karlos Linazasoro (Tolosa-Gipuzkoa, 1962), Gerardo Markuleta (Oinati-Gipuzkoa, 1963), Miren Agur Meabe (Kekeitio-Bizkaia, 1962), Juanjo Olasagarre (Arbizu-Nafarroa, 1963), Xabier Olaso (Otxandio-Bizkaia, 1964), Jose Luis Padron (Legazpi-Gipuzkoa, 1970), Asier Serrano (Eibar, Guipuzkoa, 1975), Castillo Suárez (Altsasu-Nafarroa, 1976), Kirmen Uribe (Ondarroa-Bizkaia, 1970), Urtzi Urrutikoetxea (Bilbo-Bizkaia, 1977), Juan Luis Zabala (Azkoitia-Guipuzkoa, 1963).

Referencias varias:

-P. C., “Letras de Cal publica a primeira antoloxia poética de autores bascos dos 90 en galego”, *A Nosa Terra*, nº 966, “Guieiro Cultural”, 21 decembro 2000, p. 26.

Breve referencia á publicación poética de autores bascos da década nos noventa. No volume inclúense vinte poetas vascos que se deron a coñecer na década dos noventa. Jon Kortazar, responsábel da selección, afirma que esta obra permitirá aos galegos coñecer de cerca unha producción “que nos era, até o de agora, completamente descoñecida”.

Kruckenberg, Mª do Carme, *Obra poética case completa (1953-1999),* Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, marzo 2000, 584 pp. (ISBN: 84-7492-963-6).

Ábrese esta antoloxía cunha breve introducción na que Mª do Carme Krukenberg (Vigo, 1926) explica as razóns que a levaron a titular así este volume e apunta que é unha oportunidade para aqueles lectores que queiran ter a súa obra reunida, ademais de agradecer a xenerosidade dos amigos que fixeron posíbel a publicación. A seguir, figuran as reedicións dos seguintes poemarios, cos seus respectivos prólogos, segundo a orde cronolóxica de publicación: *Las Palabras Olvidadas* (1953), *Cantigas do Vento* (1956), *Los Parajes Inmóviles* (1956), *Rumor de Tiempo* (1957), *Farol del Aire* (1958), *Poemas inevitables* (que inclúe as versións en español do 1960 e en galego de 1996), *Canaval de Ouro* (1962), *Poemas y Canciones de Aquí y de Allí* (1962), *Tauromaquia en Línea y Verso* (1964), *Memoria de mi Sueño* (1969), *A sombra Ergueita* (1976), *Cantares de mi Silencio* (1980), *20 Poemas (rescatados del olvido) y una Elegía a Chuca Pereda* (1983), *Cantigas para un Tempo Esquencido* (1986), *Ardora* (1990), *Alegoría do Ensoño Ferido* (1992), *XXI Poemas nun Grido de Luz* (1997), *Meditacións á Beira da noite* (1997), *Vivir, Aventura Irrepetible* (1998), *Mª do Carme Kruckenberg e tres Poetas Medievais da Ría de Vigo* (1998), *Jazz Espido* (1999), *Poemas sen resposta* (1999), ademais do inédito *Testamento a Cristina*.

Recensións:

- Xulio Valcárcel, “Obra de María do Carme Krukemberg”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, 30 xullo 2000, p. 11.

Coméntase a vocación literaria da autora, considerada un dos referentes máis importantes en Galicia. Logo de salientar o paralelismo entre a súa vida e a súa obra, faise un percorrido breve por esta última. O autor do texto bota en falta un estudio introductorio no volume que compila a obra da escritora, lembra algúns trazos que a achegan á poesía do 27 e destaca a sobriedade do seu discurso.

Referencias varias:

- Eduardo Álvarez, “Poesía case completa”/“María del Carmen Krukenberg presentou a súa obra poética ‘case’ completa”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*, 2 xuño 2000, p. 31/p. 75.

Dá noticia da presentación na Fundación Luis Seoane deste volume, que recolle a creación lírica de María do Carme Krukemberg dende 1953. Infórmase da participación neste acto de Xabier Seoane e Xulio López Valcárcel e recóllense declaracións da autora acerca de cuestións coma o seu futuro literario, o carácter

bilingüe da súa poesía, a ausencia de correccións nesta edición ou da súa estadía na Casa de Galicia en Madrid.

- Elena Liste, “Kukemberg recopila en su último libro toda una vida dedicada a la poesía”, *La Voz de Galicia*, 2 xuño 2000, p. 72.

Noticia da presentación do libro *Obra poética case completa*, de María do Carme Krukemberg na Fundación Luis Seoane, na que participaron Xavier Seoane e Xulio Valcárcel. Infórmase de que no libro concorren “géneros tan dispares como los amorosos, taurinos y morales”. Coméntase ademais a proximidade da autora coa poesía do 27 e o irracionalismo e o existencialismo presentes na súa obra.

-M. G., “Carme Krukenberg: “O que máis detesto neste mundo é a inxustiza”, *El Correo Gallego*, 18 xuño 2000, p. 47.

Noticia da presentación na Galería Sargadelos da Estrada da *Obra poética case completa*, de María do Carmo Krukemberg, na que participaron, ademais da autora, Manuel Sanmartín Sobrino e David Otero. Recóllense declaracións nas que a poeta expón o seu desexo de escribir catro ou cinco libros máis, fala da sinxeleza da súa poesía e da evolución dunha poética máis lírica a outra máis dura.

-Andrés Pociña, “María do Carme Kruckenberg, unha viaxe apaixonante”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 17 setembro 2000, p. 20.

Achegamento á poesía de María do Carme Kruckenberg co gallo da publicación da súa *Obra poética case completa* (2000). Tras lembrar a súa traxectoria, que nace en 1953 con *Las palabras olvidadas* (Buenos Aires), sinala diversos motivos desta poética, como o testemuño recorrente a cidades de todo o mundo e o neotrobadorismo, que deu os títulos *Cantigas do vento* (1956) e *Cantigas para un tempo esquencido* (1986). Pero, sobre todo, encontra dous temas principais, o amor e a función social da poesía. Do segundo cita *Poemas inevitables* (1959) e di que son versos de plena vixencia na actualidade.
- Rocío Cortés Galdo, “Kruckenberg: “Mi obra les permite a los lectores conocer mi vida entera”, *El Progreso*, “Cultura”, 25 novembro 2000, p. 93.

Infórmase da presentación da obra de María do Carme Kruckenberg en Lugo e saliéntase a presencia de Marica Campo e Paco Martín. Recóllense algunhas declaracións da autora relativas á súa iniciación na poesía ou á dimensión biográfica da súa obra.

-Xosé Neira Vilas, “A voz de María do Carme”, *El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 10 decembro 2000, p. 4.

O escritor lembra o seu descubrimento dos versos de María do Carme Kruckenberg e aclara, de xeito anecdótico, a orixe mexicana, e non alemana, do seu pai. Salienta a orixinalidade da súa voz poética, “que

vai do íntimo ó universal e do amor ó compromiso solidario". Lembra tamén algunhas amizades literarias da escritora e salienta a presencia de América na súa obra.

López, Teresa, *Sementeira de ronseis. Cinco poetas da vangarda*, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 96, agosto 2000, 96 pp. (ISBN: 84-89814-94-5).

Compilación de trinta poemas publicados con anterioridade a 1936 por Xesús Bal y Gay (Lugo, 1906-Madrid, 1993), Johán Carballeira, pseudónimo de José Gómez de la Cueva (Vigo, 1902-Pontevedra, 1937), Denys Fernandes, un dos pseudónimos de Cándido Fernández Mazas (Ourense, 1902-Casas do Penedo, Ourense, 1942), Emilio Mosteiro (Fonmiñá, Lugo?, 1907?-Madrid, a. 1959) e Xosé Otero Espasandín (Santa Olaia de Castro, Cerdedo, Pontevedra, 1900-Bethesda, EUA, 1987), todos eles integrantes da chamada Xeración do 25. Esta colección de poemas, a cargo de Teresa López, iníciase cunha “Introducción” na que se repasan diversos aspectos referentes ao vangardismo galego e á Xeración do 25. Comézase coa “cuestión xeracional” e coa polémica entre “novos e vellos”. Posteriormente pásase a falar dos poetas, que tamén foron pintores, que aparecen neste libro e da Xeración do 25, da que se subliña que a súa principal achega á literatura galega foi “a renovación do discurso poético”. Os criterios da presente edición pechan esta introducción e dan paso aos poemas que forman *Sementeira de ronseis*, que están distribuídos do seguinte xeito: Xesús Bal y Gay, cinco; Johán Carballeira, nove; Denys Fernandes, seis; Emilio Mosteiro, un e mais Xosé Otero Espasandín, nove.

Recensións:

- Carlos L. Bernárdez, “Poesía da vangarda”, *Guía dos libros novos*, nº 22, “Poesía”, outubro 2000, p. 26.

Principia cualificando como interesantísimo o estudio introductorio de Teresa López. Fai unha breve presentación dos cinco autores incluídos nesta antoloxía. Sinala como puntos comúns a discontinuidade do seu labor poético, e a influencia que sobre eles exerceron Luis Amado Carballo e Manuel Antonio, poetas considerados como os máis importantes dentro da súa xeración. Considera tamén que a editora consegue situar axeitadamente a súa obra no panorama poético dos anos vinte. Remata constatando que todos os autores seleccionados son representativos do momento literario en que se modernizou a cultura galega.

- F. Salinas Portugal, “No ronsel da nosa vangarda”, *A Nosa Terra*, nº 959, “Guieiro Cultural”, 2 novembro 2000, pp. 27-28.

Achégase a esta obra para indicar que con ela se recupera unha parte da nosa historia, xa que aparecen aquí 31 textos de cinco autores da nosa vangarda, que axudaron a apuntalar o sistema literario dos anos 30, época na que se indica que destacaban outros autores como Cunqueiro, Manuel Antonio ou Amado Carballo. Desta obra de Teresa López, de quen se salienta o seu labor académico e crítico, alúdese, sobre todo, á introducción, onde fai unha revisión de conxunto do período das vangardas e que constitúe un “depurado exercício de crítica literária coa que a autora entra no xénero do ensaio”. Por último cualifica este volume de “traballo académico” e di que con el se fai unha homenaxe aos autores nel recollidos.

-Marga Romero Lorenzo, “Teresa López. *Sementeira de Ronseis. Cinco poetas da Vangarda*”, *Galicien Magazin*, nº 10, decembro 2000, p. 41.

Salienta esta escolma como medio de recuperación de cinco autores galegos integrantes do grupo vangardista da Xeración 25. Na introducción a autora achéganos a estes cinco poetas, sinalando deles o papel de renovación que supuxeron para a literatura galega ao incorporaren a esta unha vangarda, na que combinaban elementos europeos-universais e elementos populares galegos, e denunciando o seu esquecemento.

Lorenzo Baleirón, Eusebio, *Antología poética*, introd. de Ánxeles Peña, A Coruña: Espiral Maior, col. Auliga, nº 2, novembro 2000, 121 pp. (ISBN: 84-95625-05-9).®

Edición bilingüe galego–español de máis de sesenta poemas de Eusebio Lorenzo Baleirón (Dodro, 1962-1986) que se abre cunha introducción en castelán a cargo de Ánxeles Penas. A antóloga e traductora fai un percorrido pola traxectoria poética deste autor e describe, apoiándose en numerosos textos de Eusebio Lorenzo, o tratamento de temas como o silencio, a vida como soño, a memoria e o recordo, a función do poeta, a morte, etc. A seguir, Ánxeles Penas lembra que a xénese deste volume estivo no Primer Congreso Internacional de Traducción celebrado en Rianxo en novembro de 1999, agradece as axudas de Helena Villar e Paulino Vázquez, e recorda o único contacto que mantivo en vida co poeta de Dodro. A antoloxía está constituída por vintecinco poemas de *Os días olvidados* (1985), trece de *O corpo e as sombras* (1985), catorce de *A morte presentida* (1988) e quince da poesía reunida en *Gramática do silencio* (1996). Na páxinas pares preséntase a versión galega e nas impares a correspondente traducción.

Manuel María (ed.), *Sursum Corda. Poesía Galego-Portuguesa ao Viño*, selección de Xosé Lois García e Carlos Díaz Martínez, limiar de Manuel María, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, abril 2000, 98 pp. (ISBN: 84-89896-70-4).

Obra que inclúe poemas galegos e portugueses que cantan o viño. No “Limiar” que a introduce, Manuel María, Roi Xordo da Irmandade dos Vinhos Galegos, afirma que ante estes versos só vale o descubrimento do lector, de aí que non se acompañe o volume de aparello crítico de ningún tipo. Ademais, di que non se trata dunha antoloxía, senón da escolla persoal dos compiladores, e fai unha gabanza dos viños e das xentes do país estendendo as súas consideracións a Portugal, a “Galiza do Sul”. A obra contén catro apartados que abranguen a poesía galego-portuguesa dende a época trobadoresca ata a ctualidade. No que respecta á literatura galega, recolle os seguintes autores: Afonso X, o Sabio (Toledo, 1221-Sevilla, 1284), Airas Pérez Vuitoron, Estevan da Guarda, Martín Soárez, Rosalía de Castro (Santiago de Compostela, 1837-Padrón, 1885), Eladio Rodríguez González (San Clodio-Leiro, 1864–A Coruña, 1949), Antonio Noriega Varela (Mondoñedo, 1869-Viveiro, 1947), Ramón Cabanillas (Fefiñáns-Cambados, 1876–Cambados, 1959), Ramón Otero Pedrayo (Orense, 1888–Trasalba-Amoeiro, 1976), Gumersindo Díaz García, Luís Amado Carballo (Pontevedra, 1901-1927), Manoel Prieto Marcos (Tui, 1905-Buenos Aires, 1954), Urbano Lugrís, Florencio Manuel Delgado Gurriarán (Córgomo-Valdeorras, 1903–Estados Unidos, 1987), Xosé María Castroviejo (Santiago, 1909-Tirán–Moaña, 1983), Manuel Casado Nieto (Castro Caldelas, 1912-Barcelona, 1984), Celso Emilio Ferreiro Celanova (1912-Vigo, 1979), Antonio Tovar Bobillo (Rairiz de Veiga, 1921), María do Carme Kruckenberg (Vigo, 1926), Manuel María (Outeiro de Rei, 1929), Uxío

Novoneyra (Parada de Moreda-O Courel, 1930-Santiago de Compostela, 1999) e Bernardino Graña (Cangas, 1932).

Recensións:

- M. Blanco Rivas, “O viño na poesía galaico-portuguesa”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 163, 1 xullo 2000, p. 4.

Alúdese á aparición de *Sursum Corda*, obra coa que se di que se cumpre un soño da Irmandade dos Vinhos Galegos: recoller nun volume versos cos que descubrir o misterio do viño. Seguidamente indícase que Manuel María, editor e autor do limiar, cre que este volume non é unha antoloxía, senón unha vendima feita por dous amigos: Xosé Lois García e Carlos Díaz Martínez. A continuación, despois de reproducir un fragmento do limiar, menciónase que os poetas que compuxeron estes versos “deixáronse encantar polo viño e por iso o cantaron dun xeito fermoso e apaixonado”.

Referencias varias:

R. G., “Manuel María recopila a lírica galego-portuguesa dedicada ó viño”, *La Voz de Galicia*, 20 abril 2000,
57. Comenta, por un lado, que esta analecta é a primeira realizada arredor do viño e, polo outro, que xunta textos galegos e portugueses, remontándose ata a Idade Media. Fai notar a presencia de Ramón Cabanillas e Celso Emilio Ferreiro e a ausencia de Álvaro Cunqueiro. Ademais nomea os tres encargados de elaborar a selección: Manuel María, Carlos Díaz Martínez e Xosé Lois García, e cita as palabras en que Manuel María recoñece que esta publicación é unha vella ansia da Irmandade dos Vinhos Galegos.

Manuel Vidal Villaverde, “*Sursum corda, poesía galego-portuguesa ao viño*”, *Atlántico Diario*, 7 xuño 2000,
47.

Gabanza do título da obra e do labor que nela desempeñou Manuel María. Infórmase dos autores da selección, Xosé Lois García e Carlos Díaz, e proporciónase a nómina de poetas escolmados.

- Carme Vidal, “Cata de poemas do viño”, *A Nosa Terra*, nº 939, “Guieiro Cultural”, 15 xuño 2000, p. 25.

Noticia da publicación de *Sursum Corda* na que se reproducen fragmentos do limiar de Manuel María. Infórmase de que Xosé Lois García se ocupou dos poetas medievais e portugueses, mentres que Carlos

Díaz o fixo dos galegos. Reprodúcese a nómina dos autores compilados e alúdese finalmente, de xeito anecdótico, á iniciativa da Festa do Albariño de Autor.

- Manuel María, “O viño na poesía de Curros Enríquez”, *El Correo Gallego*, “Terras, homes e palabras”, 10 outubro 2000, p. 3.

O autor faise eco da queixa do seu amigo Luís da Peña acerca da ausencia de Curros nesta antoloxía. Afirma que este escritor non dedicou ningún poema ao viño, aínda que aludiu a el en *Aires da miña terra* e *O divino sainete*. Considera que a escolma non é rigorosa e que, á parte das limitacións de espacio, é resultado do “gusto persoal” dos antólogos.

Pereira, Víctor Campio, *Perdida luz (Escolma poética)*, ed. Teresa Monteagudo Cabaleiro, introd. e notas Luís Alonso Girgado, Santiago de Compostela: Librería Follas Novas, col. Libros da Frouma, nº 14, decembro 2000, 100 pp. (ISBN: 8485385-48-9).

Escolma da obra poética de Víctor Campio Pereira González (Garabás, Ourense, 1928) que se abre cun estudio introductorio estructurado por Luís Alonso Girgado en cinco apartados: un percorrido biobibliográfico, un achegamento á temática e á forma da poesía deste autor, a indicación da procedencia dos textos escolmados e unha "bibliografía/hemerografía da obra poética", ademais dos criterios de edición. A seguir, reprodúcense máis de corenta composicións de Víctor Campio Pereira, tres delas inéditas e as demais procedentes dos libros *O ar que nos leva* (1987), *Sete poetas ourensáns* (1992) e *Poesía dos Aléns* (1993) e das revistas *Cadernos do Támega*, *Dorna*, *Anto*, *O Nadal* e *Encrucillada*.

Picouto, Millán*, Obra lírica completa*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Poesía, 2000, 217 pp. (ISBN: 84-7492-962-8).

O volume presenta unha edición conxunta e revisada polo propio autor da obra poética de Millán Picouto (Ourense, 1949), estructurada nos seguintes capítulos: "Cancións", onde inclúe *Cantigas e madrigais* (1992) e *Escola coral de Poesía e de Música* (1977); "Sonetos da lúa chea", ampliación do conxunto de sonetos do mesmo nome (1980); e "Poemas", onde presenta unha versión tamén revisada e considerabelmente aumentada de *O poema dos lustros* (1983).

Referencias varias:

- Rosa Míguez, "Suxerencia", *Diario de Ferrol*, "Nordesía", 2 xullo 2000, p. 14.

Presenta diferentes novidades editoriais entre as que cita este volume do que achega os diferentes títulos dos libros que conforman a antoloxía. Ademais, refírese a crónica *Pepe Velo*, de Antonio Piñeiro. Dá conta do seu subtítulo e achega unha sucinta nota sobre a figura de Pepe Velo.

-Marcos Valcárcel, “Unha obra completa sobre a lírica de Millán Picouto”, *La Región*, 7 novembro 2000, p. 14.

Fai referencia a este volume, que recolle varios dos libros anteriores deste autor. Os seus versos están cualificados de “rotundos” e dise que neles sempre se busca a musicalidade e a rima, sinalando ademais que este autor prefire formas universais da poesía como o soneto. Por outro lado salienta a diversidade de rexistros e liñas temáticas, xa que tanto se atopan influencias grecolatinas como trobadorescas ou poulares, ou liñas temáticas que van dende o intimismo ata os versos comprometidos.

- Marcos Valcárcel, “Versos de Millán Picouto”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 10 novembro 2000, p. 2.

Coméntase a saída da *Obra lírica completa* de Millán Picouto. Comeza cunha breve referencia á obra dramática do autor e cita algúns títulos como *Silvania* (1978), *María Soliña* (1994) e *Prisciliano en Tréveris* (1995). A continuación, céntrase na súa *Obra lírica completa* e dá conta dos poemarios que a conforman: *O poema dos lustros* (1983), *Cantigas e madrigais* (1992) e *Escola coral de Poesía e de Música* (1997).

Rodríguez Fer, Claudio, *Moito máis que mil anos* (*Muioc'h kalz eget mil bloaz*), Ed. bilingue, trad. ao bretón: Herve ar Bihan, Alan Botrel, Gwendal Denez e María Lopo, prólogo de María Lopo, ilust. Sara Lamas, Lesneven-Breizh: SKRID, 2000, 105 pp. (ISBN: 2-86863-119-3).

Esta antoloxía bilingüe, da poesía de inspiración céltica de Claudio Rodríguez Fer (Lugo, 1956), comeza cun prólogo, que conta tamén con versión bretona. Nel María Lopo fai un repaso pola obra poética deste poeta galego, subliñando a importancia temática e vital da presencia celta nos seus nove libros de poemas publicados, indicando a importancia da súa obra crítica no ámbito das literaturas galega e hispánica, e mais apuntando algunhas das características desta recompilación do autor lucense. É de destacar que algúns poemas traen definidas palabras do feito cultural galego que poden resultar alleas na cultura bretona ou viceversa. Despois, reprodúcense os poemas desta colectánea, en galego nas páxinas pares e en bretón nas impares, que aparecen agrupados ao redor de tres apartados: "Bosques e Bardos" ("Koadeier ha Barzhed"), con dez poemas que xiran en torno a Galicia e á palabra contemplada dende unha perspectiva libertaria; "Mulleres e Espirais" ("Maouezed ha Troellennoù"), con once composicións poéticas, onde temos unha poesía amorosa que se articula en torno á "Dama Amada" e mais "Combates e Paixóns" ("Emgannoù hag angerzhoù"), que presenta cinco poemas onde o poeta lugués homenaxea ao director de cine de orixe irlandesa John Ford e mais ao seu proxecto de creación dun cinema céltico.

Recensións:

- Armando Requeixo, “En bretón”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 25, 14 maio 2000, p. 12.

Refírese á estructura da obra e salienta a función de fío conductor que nela exerce o celtismo. Así mesmo, lembra outras traduccións de versos de Rodríguez Fer ao castelán, italiano, francés e inglés.

Stefánsson, Hermann (escolma e limiar), *Auroras boreais (Escolma de poesía islandesa moderna e contemporánea)*, trad. Perfecto Andrade e Hermann Stefánsson, Santiago de Compostela: Librería Follas Novas, col. Libros da Frouma, nº 11, setembro 2000, 193 pp. (ISBN: 84-85385-43-8).

Volume bilingüe islandés-galego que recolle poemas de 32 autores islandeses do século XX. No "Limiar" introductorio, Hermann Stefánsson achega algunhas claves básicas para entender o contexto cultural no que xorde esta poesía. Nun primeiro apartado, comenta brevemente a historia política, económica, demográfica e lingüística de Islandia, sobre todo, en relación aos países escandinavos, cos que compartiu unha cultura e unha historia común e aos condicionantes que puido ter este contexto na súa creación literaria. Seguidamente, dá conta do panorama poético, que define en referencia ao retraso con que as ideas e movementos literarios chegaron do continente, dende as primeiras sagas (séculos XIII-XIV) ata a "versatilidade" actual pasando polo período romántico, os Poetas Atómicos, etc. Finalmente, resume a traxectoria dos autores compilados, que son comentados en virtude da súa importancia no sistema. Eles son: Jóhann Sigurjónsson (1880-1919), Jón Thoroddsen (1898-1925), Halldór Laxness (1902-1998), Stefán Hör$_{d}$ur Grímsson (1919), Hannes Sigfússon (1922-1997), Sigfús Da$_{d}$ason (1928-1996), Matthías Jóhannessen (1930), Vilborg Dagbjartsdóttir (1930), Hannes Pétursson (1931), Þorsteinn frá Hamri (1938), Jóhann Hjálmarsson (1939), Ari Jósefsson (1939-1964), Nína Biörk Árnadóttir (1941-2000), Ingibjörg Haraldsdóttir (1942), Geirlaugur Magnússon (1944), Megas (1945), Sigur$_{d}$ur Pálsson (1948), Þórarinn Eldjárn (1949), Steinunn Sigur$_{d}$ardóttir (1950), Óskar Árni Óskarsson (1950), Einar Már Gu$_{d}$mundsson (1954), Ísak Har$_{d}$arsson (1954), Siffús

Bjartmarsson (1955), Linda Vilhjámsdóttir (1958), Hallgrímur Helgason (1959), Jónas Þorbjarnarson (1960), Gyðir Elíasson (1961), Kristín Ómarsdóttir (1962), Bragi Ólafsson (1962), Sjón (1962), Didda (Jónsdóttir) (1964) e Andri Snaer Nagnason (1973).

Referencias varias:

- Lois Fernández, “Música, libros y diversión”, *La Voz de Galicia*, “O espello”, 12 setembro 2000, p. 16.

Dá conta da presentación do volume na librería Follas Novas e cita o número de poemas que conforman a recompilación.

- Conchi Bilbao, “A poesía islandesa recorda á galega no pesimismo e na ironía”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 43, 24 setembro 2000, p. 6.

Entrevista a Perfecto Andrade con motivo da publicación de *Auroras boreais (Escolma de poesía islandesa moderna e contemporánea)* na que el participou como traductor xunto con Hermann Steffansson. Nela explica cuestións metodolóxicas como a utilización do inglés como ponte neste traballo. Comenta o afán de representatividade desta escolma e considera que a poesía islandesa comparte coa galega trazos coma o

pesimismo, a ironía e a nostalxia, ademais de circunstancias sociolingüísticas semellantes nunha determinada etapa da súa historia.

VV. AA., *Novas voces da poesía galega*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, Arquivo Sonoro de Galicia, 2000, 85 pp. (ISBN: 84-95415-05-4).

O presente volume é o resultado do recital, coordinado por Henrique Monteagudo, co que o Consello da Cultura Galega celebrou o Día das Letras Galegas de 1999. Conforme se explica na presentación, preténdese dar unha panorámica dos poetas novos que renovaron o discurso poético nos anos noventa. Non obstante, non todos os autores pertencen a este grupo xeracional: é o caso de Ana Romaní (Noia, 1962). Paralelamente á eclosión de voces femininas nesta década, na presente analecta predominan as poetisas nunha relación 1´5/1. Os autores seleccionados ofrecen tanto poemas inéditos, casos de Martín Veiga (Noia, 1970) ou Emma Couceiro (Cospeito, 1977); como éditos ou unha combinación dos dous tipos, casos de Yolanda Castaño (Santiago de Compostela, 1977) ou Celso Fernández Sanmartín (Lalín, 1969), respectivamente. Tamén é moi variado o estilo, indo dende os versos escuros e culturalistas de Estevo Creus (Cee, 1971) ata a linguaxe directa de Celso Fernández Sanmartín, pasando pola inclusión de fragmentos de cántigas populares de María do Cebreiro Rábade (Santiago de Compostela, 1976). Ten o seu lugar tamén a temática erótica de Olga Novo (Vilarmao-A Pobra de Brollón, 1975) ou, máis explícita se cabe, Yolanda Castaño; así como o compromiso coa condición feminina de Marta Dacosta (Vigo, 1966). Ademais recóllense autores prolíficos, como Rafa Villar (Cee, 1968), a carón de autores dunha única obra, caso de María do Cebreiro. Cómpre sinalar que cada autor leva cadansúa breve nota na que se informa do lugar e data de nacemento, estudios realizados, obras publicadas, premios recibidos e actividade profesional. O volume vén acompañado dun disco compacto coa gravación do recital que presenta numerosas

variantes respecto aos textos escritos. A variación é particularmente grande no poema “Alba”, de Olga Novo, pois os versos derradeiros están totalmente cambiados.

Referencias varias:

- T. S., “Letra e voz”, *Tempos Novos*, nº 42, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, novembro 2000, p. 85.

Anúnciase brevemente a publicación de *Novas voces da poesía galega*, que achega en formato en CD a voz dos dez poetas das novas promocións incluídos neste volume.

Varela, Lorenzo, *Poesía completa I*, ed. e introd. de X. L. Axeitos, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, nº 3, novembro 2000, 328 pp. (ISBN: 84-7492-989-X).

Volume que recolle toda a obra poética coñecida de Lorenzo Varela Vázquez (A Habana, 1916-Madrid, 1978), de quen se di na introducción que foi unha voz comprometida, ao tempo que desgarrada pola "fatalidade". Ábrese cun extenso libro de poemas en castelán, Torres de amor (1942) e, a continuación, recóllense os Catro poemas para catro grabados (1944), escritos en galego para o álbum de Luís Seoane María Pita e tres retratos medievales. Séguelle a estes o poemario Lonxe (1954), dez textos en galego nos que evoca saudosamente a súa terra, estando de novo presente a pegada da Guerra Civil. Tamén se adxunta "Homenaje a Picasso" (1963), "extenso poema" en castelán dedicado ao artista, e un conxunto de "poemas soltos", publicados a maioría en revistas. Aparecen estes ordenados cronoloxicamente de 1936 a 1960 e clasificados en: "Poemas de guerra" e "Poemas de exilio". Nestes reflíctense os sentimentos máis fondos do republicano dende o afán de loita e esperanza ata o "desencanto" da derrota e a traición. Remata con cinco "poemas inéditos" en galego e castelán escritos entre 1953 e 1954, aludindo algún deles á situación amorosa do autor. En definitiva, a poesía de Lorenzo Varela é o reflexo dunha vida "dramaticamente" marcada pola crueldade da guerra e o desterro.

Recensións:

-Xosé Luís Axeitos, “Vida, paixón e morte de Lorenzo Varela”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 24, “Documentos”, 2º semestre 2000, pp. 169-175.

Despois de destacar a importancia da recentemente constituída “Biblioteca del exilio”, que conta no seu comité editorial, entre outros con Isaac Díaz Pardo, e de indicar que proximamente sairá do prelo dentro desta biblioteca un libro sobre Lorenzo Varela, pásase a reproducir, e a comentar brevemente, unha serie de testemuños epistolares do exiliado Lorenzo Varela que revelan o seu drama persoal como un “ferido de guerra” que non tivo ocasión de cicatrizar as súas chagas.

III. Teatro

III.1. Dramaturgos galegos

Couceiro, Xosé Carlos, Ánxeles **Cuña Bóveda**, Fernando **Dacosta** e Begoña **Muñoz Saá**, *Tics*, A Coruña: Baía Edicións, col. Baía Teatro, nº 2, marzo 2000, 93 pp. (ISBN: 84-89803-52-8).

Reproducción da obra da compañía Sarabela ao ano da morte dun dos seus integrantes: Xosé Carlos Couceiro Carro. Contén unha introducción na que se informa dos premios acadados por esta obra, así como do eixe argumental da mesma: recrear os síntomas da “síndrome de Tourette” que padece o protagonista. Tamén se menciona a conveniencia de publicar obras teatrais para, deste xeito, favorecer a súa difusión. A continuación, recóllese o texto da obra no que se conta a preparación dunha cea familiar, situación que fai emerxer distintos problemas de convivencia: incomunicación, incomprensión, xenreiras... Faise referencia, ademais, aos problemas que sofre o protagonista, Luís Brandán, por mor da síndrome de Tourette. A curación final de Luís deixa á vista as vantaxes que lle proporcionaba esta enfermidade.

López Veiga, Rodolfo, *Canto para un poeta malencónico*, prólogo de Xosé Neira Vilas, Padrón: Fundación Rosalía de Castro, col. Escribiduras da Casa-Museo, nº 2, xullo 2000, 95 pp. (ISBN: 84-87668-13-5).☒⓾

O volume comeza cunha nota sen asinar onde se di que Rodolfo López Veiga, nacido en La Habana a principios dos anos vinte, inventou os actos do Día de Galicia en Bonaval: a misa e a ofrenda floral; se critica o oportunismo político dos non galeguistas que se achegan á súa figura; e lémbrase o nacemento do Padroado Rosalía de Castro e cómo o autor se acaroou a el por medio do teatro. Coméntase ademais que os obxectivos desta publicación son subministrar un material didáctico e recuperar unha obra pouco coñecida adicada a Rosalía. A seguir, figura, a xeito e prólogo, un artigo que Xosé Neira Vilas publicou en *El Correo Gallego* o 11 de xullo de 1999 co título “A paixón teatral de Rodolfo”. Nel informa de que o pai fora directivo do Centro Galego da Habana e fundador en 1902 da revista *Galicia* e dá conta tamén dos inicios no teatro escolar de López Veiga, seguidos da radio e da universidade, para fundar posteriormente os grupos “Cantigas e agarimos” e “Rosalía de Castro” (cos que montou obras de Castelao, Cunqueiro ou Valenzuela) ou pertencer ao Seminario de Teatro do Ministerio de Cultura. Tamén indica que escribiu *Un home chamado Castelao* e traduciu ao galego a Synge, Casona e Valle. A obra, dividida en dous tempos, inclúe textos de Rosalía, Curros, Carballo Calero, Castelao, Costa Clavell, Salvador Lorenzana, García Martí, Otero, Juan Naya e Murguía; e pretende facer unha panorámica da vida de Rosalía e da sociedade que lle tocou vivir. Caracterizada polo escaso desenvolvemento dramático, limítase por veces a un diálogo no que se van dando informacións diversas sobre o tema da obra. É reseñábel que no segundo tempo se introduce a dramatización

de dous contos costumistas, para acabar co cadro técnico e artístico que estreou a obra no Hostal dos Reis Católicos de Compostela o 17 de xuño de 1971, baixo a dirección do propio autor.

Referencias varias:

-U. L., “A Fundación Rosalía celebrará o 15 de xullo o aniversario da morte da poetisa”, *La Voz de Galicia*, 5 xullo 2000, p. 11.

Anuncio da celebración do 115 aniversario da morte de Rosalía, organizado pola fundación que leva o seu nome, así coma da presentación de *Escribiduras da Casa-Museo: canto para un poeta malencónico de Rodolfo López-Veiga* e do primeiro número da *Revista de Estudios Rosalianos*, ademais dunha pequena homenaxe a Murguía.

Lourenzo, Manuel, *Últimas faíscas de setembro*, Premio de teatro Rafael Dieste 1999, ilust. Xosé Cobas, A Coruña: Deputación da Coruña-Publicacións, 2000, 58 pp. (ISBN: 84-95335-54-9).❿

Manuel Lourenzo (Valadouro, 1943) ofrécenos un texto dramático dividido en dous actos e protagonizado por catro personaxes, que transcorre nun balneario sobre o golfo de Corinto entre os meses de setembro e decembro. Medea, unha muller con desexos de esquecer o seu pasado, chega ao hotel e coñece a través do Mozo, Odiseas, sorprendido polo seu nome, a historia doutra Medea, unha estranxeira perversa que chegara a Corinto acompañando a Xasón na súa nave e co que tivera dous fillos. Xasón comprometeuse con Creúsa, filla de Creonte e Medea, para vingarse, envioulle á súa rival o día da voda con Xasón, un veo mortífero que se lle pegou ao corpo queimándoa ata deixala sen vida. Creonte, ao querer axudala, resultou tamén morto e para rematar a súa vinganza, Medea asasinou os seus propios fillos. O feito sorprendente é que todos os personaxes do presente teñen os mesmos nomes cós da historia do pasado, polo que os acontecementos se repiten sen posibilidade de cambialos. O detective do hotel é Xasón, o home de Creúsa, filla do director do hotel, Creonte. A morte de Creúsa e Creonte, o namoramento de Xasón e Medea e a morte do fillo que esta espera, converten a historia en cíclica e aos personaxes en seres atrapados nun tempo e nun lugar. Este texto teatral está acompañado das ilustracións de Xosé Cobas (Logrosa-Negreira, 1953).

Recensións:

-Pedro P. Riobó, "*Últimas faíscas de setembro*. Manuel Lourenzo", *Revista Galega de Teatro,* nº 25, "Libros", inverno 2000, p. 75.

Comenta sucintamente o novo libro de Manuel Lourenzo, no que bota man dun mito clásico, Últimas faíscas de setembro, publicado pola Deputación da Coruña. Realiza unha aproximación á súa temática e estructura. Apunta que se trata "dunha traxedia entre amorosa e fatal arredor da figura dunha nova Medea ".

Pazó, Cándido, O bululú do linier, A Coruña: Baía Edicións, col. Baía Teatro, nº 3, decembro 2000, 62 pp. (ISBN: 84-89803-56-0).

Edición desta obra de Candido Pazó (Vigo, 1960), que ao igual que outras do autor foi escrita directamente para a escena, protagonizada por un único personaxe: un linier de fútbol que, ao tempo que arbitra un partido, cóntalle ao público historias diferentes relacionadas coa súa vida, tales como de onde vén a súa paixón polo fútbol ou como foi o seu primeiro amor. A medida que xorden as historias, o linier vai mudando de voz adaptándoa aos distintos personaxes, adoptando así a actitude dun "bululú", personaxe que o propio protagonista define xa nas primeiras páxinas da peza como "farsante que antigamente representaba el só unha comedia, loa ou entremés, mudando a voz segundo a calidade das persoas que ían falando".

Pernas Cora, Gustavo, *Comedias paranoicas:Ladraremos/Fábula/Anatomía dun hipocondríaco*, prólogo de Anxo Abuín, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Os libros do Centro Dramático Galego, nº 30, 2000, 203 pp. (ISBN: 84-8302-500-0).

Baixo este título, e introducidas por un prólogo de Anxo Abuín González, no que se estudian os recursos escénicos empregados, recóllense tres comedias de Gustavo Pernas (Viveiro, 1959), *Ladraremos*, *Fábula* e *Anatomía dun hipocondríaco*. Na primeira delas un mendigo tenta manipular á outra protagonista, unha muller obsesionada coa televisión, para conseguir dela favores sexuais. A mesma estructura dialogada repítese na segunda das pezas na que asistimos ao encontro amoroso dunha parella, Conchita Leira e Fermín Febril, que ven como a realidade que viven se vai transformando de xeito ilóxico ata tal punto que os dous protagonistas chegan a confundir as súas identidades. Finalmente, en *Anatomía dun hipocondríaco*, un home e unha doutora conversan sobre o mundo da medicina tentando chegar a un punto común que nunca se acada.

Recensións:

-Lucía Martín, “Comedias, marionetas e o mar, sempre”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 26, 21 maio 2000, p. 11.

Comentario conxunto sobre *Unha noite no pórtico do paraíso* de Marcelino de Santiago “Kukas”, *Comedias paranoicas* de Gustavo Pernas e *O son da buguina* de Euloxio R. Ruibal. Canto ao primeiro título, composto por tres obras independentes centradas dúas no mundo medieval e outra na música de W. A. Mozart, Lucía Martín explica que foi escenificado con monicreques. Do segundo salienta que o autor practica un “teatro en espiral” e acode ao prólogo de Anxo Abuín para explicar este concepto. Comenta tamén que configura unha triloxía sobre unha sociedade despersonalizada dominada polo espectáculo. O terceiro texto defíneo como drama nunha situación de reclusión e destaca o papel do mar, que aparece personificado. Ademais lembra a traxectoria artística dos tres autores.

-Xosé M. Eiré, “Teatro de dous”, *A Nosa Terra*, nº 942, “Guieiro Cultural”, 6 xullo 2000, pp. 29-30.

Análise das últimas tres pezas de Gustavo Pernas que comeza cunha serie de reflexións sobre o teatro galego. En primeiro lugar, dise que malia ser un xénero preferente, sufriu moitos atrancos, especialmente, co franquismo, que o limitou a un teatro para ler. Sobre o teatro actual, cre que é evidente a modernización técnica, a pesar do pouco interese da Xunta de Galicia. Por iso, pensa que as *Comedias Paranoicas* son un exemplo de teatro intelixente e alternativo que “agudizou os sentidos” ante a escaseza de recursos. A seguir, describe as tres pezas que están construídas para dous actores que contan co público como un terceiro personaxe e son obra dun autor-actor, expresión que tira do “esclarecedor prólogo”. Por último, afirma que dan conta da traxicómica sociedade actual e que os xogos lingüísticos lle dan un ton lúdico á obra.

-Manuel F. Vieites, “Estratexias lúdicas fronte á precariedade”, *Guía dos libros novos*, nº 20, “Teatro”, xullo-agosto 2000, p. 28-29.

Princípiase comentando algunhas das ideas expostas por Abuín no prólogo de *Comedias paranoicas*. Así, saliéntase a importancia que acada nos anos setenta a “escrita escénica”. Tamén se menciona o papel que tivo no teatro a figura dos “poetas de compañía” e dos “autores de compañía”. Faise referencia tanto ás diferencias existentes entre as innovacións teatrais españolas e as galegas, como á precariedade do sistema teatral galego. Despois disto, cualifícase a Gustavo Pernas de “autor de compañía”, actitude que inflúe na estructura das súas obras e no número de personaxes. Seguidamente, coméntase que as obras deste autor se basean no encontro de personaxes que entran en conflicto. Por último, defínense os escritos de Penas como “obras de formación”, e engádese que o mellor da súa producción “está por chegar”.

Pisón, Xesús, *Crisálidas*, A Coruña: Cadernos de Teatro, nº 1, 2000, 24 pp. (DL: C-1104-2000).⑩

Este libro inaugura a segunda época da colección "Cadernos de teatro", recollendo unha serie de textos de Xesús Pisón (Ferreira do Valadouro, 1954) publicados en diversas revistas literarias xunto con outros inéditos. En total suman dezaseis textos moi breves, entre os que podemos diferenciar catro monólogos e catro diálogos. Os oito restantes son situacións dramáticas nas que o autor describe moi sintéticamente as accións dos personaxes en determinadas atmosferas. A maior parte destes escritos abordan tópicos literarios con intención desmitificadora, como poden ser o vampirismo ou a historia do príncipe Hamlet ("A paixón de Transilvania" ou "Terra Xenerosa"), e tamén tratan temas habituais dende unha postura transgresora, como a loucura, a relixión ou a maternidade ("Crisálidas", "Epifanía con paraugas" ou "Maternidade", respectivamente).

Recensións:

-Carlos M. Callón Torres, "O ambíguo xénero das Crisálidas", *A Nosa Terra*, nº 962, "Guieiro Cultural", 23 novembro 2000, p. 28.

Faise eco da publicación deste libro de Xesús Pisón, do que fai unha análise. Sinala que nel se atopan dezaseis textos breves, algúns deles inéditos, e reflexiona sobre a súa inclusión dentro do xénero literario, xa que mesmo se podería encadrar dentro da narrativa breve ou da poesía. Define a obra como ambígua e apunta que o tema principal é a identidade.

Rabuñal, Henrique, *Mumias no país de Luzetro. Peza en dúas xornadas e un epílogo non optativo*, A Coruña: Cadernos de Teatro/Xunta de Galicia (Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo)/IGAEM, 2000, 20 pp. (DL: 1103-2000).❿

Breve peza teatral de Henrique Rabuñal (Pastoriza, 1962) composta, como o seu título indica, por dúas xornadas e un epílogo, encabezados por un fragmento da obra de Blanco Amor, *Proceso en Xacobusland. Fantasía xudicial en ningures* (1980). A peza, dedicada a Manuel Rabuñal Villaverde e Jenaro Marinhas, localízase nunha cela da Penitenciaría de Máxima Seguridade, “a poucos quilómetros da capital do país” e “no tempo decadente do Outono”. As protagonistas son tres mulleres anónimas (A, B e C), que comparten a citada cela e que se entreteñen escoitando na radio e na televisión a un político, un intelectual e un xornalista. As mulleres dialogan sobre a situación do país, sobre as próximas eleccións e sobre as súas propias vidas. Na escena V da primeira xornada a cela queda nunha “penumbra infinita” e na escena VI cobran vida, fóra da cela, o político, o xornalista e o intelectual. Por último, no “Epílogo non optativo”, as mulleres saen do interior da cela e os tres homes ocupan os seus lugares. Na derradeira acotación explícase como se volve á situación inicial: “As mulleres A, B e C collen os corpos dos homes e repóñenos nos seus lugares, momificados. A seguir elas retornan ao interior da cela co transistor e o televisor”.

Santiago Viqueira, Marcelino de, “Kukas”, *Unha noite no pórtico do Paraíso*/*A culpa foi de Mozart*/*A rúa das Balconadas*, prólogo de Isabel Rei, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Os libros do Centro Dramático Galego, nº 31, 2000, 127 pp. (ISBN: 84-8302-501-9).◆

Recolle tres breves obras teatrais do dramaturgo compostelán “Kukas” (Santiago de Compostela, 1954), que foron representadas con anterioridade valéndose de “monicreques”, pola súa compañía. Iníciase o volume cun prólogo de Isabel Rey Pousada, no que afirma que estas obras son froito do “gusto pola historia e as lendas de Galicia, ou o amor pola músical, a pintura e as marionetas”. A primeira peza, *Unha noite no pórtico do Paraíso*, supón un percorrido pola historia, real e irreal, da Galicia Medieval, tendo como pretexto a conversa entre un peregrino francés, Martiño, e unha das estatuas do Pórtico do Paraíso, David. A segunda, *A culpa foi de Mozart* a máis curta das tres, pon en escena o desenvolvemento dun caótico ensaio dun festival en homenaxe a Mozart, por parte da paródica Sociedade Filharmónica de Rompeovos dos Paxaros. A música do xenial compositor está presente en todo momento. A terceira, *A rúa das Balconadas*, céntrase nunha época de conflictos sociais entre a burguesía e o clero, e de enfrontamentos entre D. Pedro, rei de Castela, e D. Henrique de Trastámara. Desenvolve a historia dunha vinganza contra o arcebispo, D. Suero, que por faltar á honra dunha dama da burguesía compostelá, é morto aleivosamente na rúa das Balconadas, durante a procesión de Corpus.

Recensións:

-Lucía Martín, “Comedias, marionetas e o mar, sempre”, *El Correo Gallego*, *“Correo das Culturas”*, nº 26, 21 maio 2000, p. 11.

Ver Pernas Cora, Gustavo, *Comedias paranoicas: Ladraremos*/*Fábula*/*Anatomía dun hipocondríaco*, no mesmo apartado deste *Informe*.

Santos, Xesús, *Un ronsel de estrelas. Teatro e Correspondencia inédita. Homenaxe a Manuel Antonio. I Centenario (Rianxo 1900-2000)*, Asados-Rianxo: Edición do autor, 99 pp. (ISBN: 84-607-0738-5).

Co gallo da celebración do primeiro centenario do nacemento de Manuel Antonio (Rianxo, 1900-1930), públicase este volume, que se abre cun "Limiar" no que se fai referencia á familia do poeta e a certos aspectos da súa vida, como foron a súa adolescencia, estudios realizados ou gusto polo mar. Así mesmo, dáse conta das publicacións que se fixeron da súa obra e do contido do presente volume, que conxuga o xénero epistolar e teatral. A seguir, na primeira parte, preséntase a recreación teatral de Xesús Santos (Asados-Rianxo, 1936), *Un ronsel de estrelas*, que é unha obra tomada de *Buscón Poeta y su Teatro*, de Eduardo Dieste e baseada no episodio "Navegación de Altura". Trátase dunha obra de teatro lírico, composta por unha explicación da escenografía, un "Proemio", dous "Lances" e un "Cabo", na que se pon en escena a aparición de Manuel Antonio ao mariñeiro Don Valeriano e ao seu grumete, cos que mantén unha conversa na que se rememora a correspondencia que o poeta rianxeiro mantivo con A. D. Rodríguez Castelao ou Rafael Dieste, se recitan poemas da súa autoría ou se fai referencia ao manifesfo "Máis alá". Na segunda parte do volume, recóllense once misivas inéditas que Manuel Antonio dirixe aos seus curmáns Rogelio Pérez, coñecido por "Roxerius", e José Peréz, tamén coñecido por "Pepito". Na correspondencia que mantén co primeiro, datada entre o ano 1917 e 1919, Manuel Antonio comenta temas relacionados cos seus estudios en Santiago, as revistas onde publica as primeiras poesías ou as "disquisicións" que sobre literatura mantén "Roxerius" con Rafael Dieste; mentres que co segundo dos curmáns, ao que lle escribe entre os anos 1921 e

1928, solicítalle tabaco, mándalle os programas de estudios para maquinistas que necesita ou faille comentarios sobre a forma de vivir e sentir o fútbol na cidade olívica. Tamén cabe salientar, que se achega unha pequena biografía dos rianxeiros aquí tratados, Eduardo Dieste e Rogelio e José Pérez.

Referencias varias:

-Manuel Dourado Deira, “Un ronsel de estrelas ‘para Manuel Antonio”, *El Correo Gallego*, “Barbarousa”, 4 xullo 2000, p. 47.

Faise eco da homenaxe feita a Manuel Antonio na súa casa de Asados (Rianxo) durante doce horas e enumera os actos celebrados, como foi a lectura por parte dos nenos de poemas de Manuel Antonio e a intervención de personaxes importantes dentro do panorama das letras galegas. Tamén se refire ao volume de Xesús Santos Suárez, *Ronsel de estrelas*, no que hai un achegamento á figura homenaxeada. Por outra banda, salienta que recolle unha peza teatral, que cualifica como “a verdadeira xoia”.

-Avelino Abuín de Tembra, “Ronsel de estrelas”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 10 xullo 2000, p. 2.

Quéixase da apatía xeral coa que está a pasar o centenario de Manuel Antonio, sobre todo, institucional, porque "ou Manuel Antonio non penetrou na nosa cultura literaria ou esa cultura abomina e renega de Manuel Antonio". Sen embargo, salva desta desidia ao pobo de Rianxo por diversas iniciativas como o nomeamento de Fillo Predilecto a título póstumo. Nesta mesma liña encadra o libro de Santos Suárez porque, a través de Manuel Antonio, "recupera a tradición do teatro poético" de Galicia. Tamén describe a obra, que cre ideal para a representación escolar e que revela algunhas cartas inéditas do poeta.

VV. AA., *Premio 2000 de relato, poesía e teatro da Universidade de Vigo*, Vigo: Universidade de Vigo/Edicións Xerais de Galicia, 2000, 153 pp. (ISBN: 84-8302-540-X).☒❿

A continuación, dase conta das composicións teatrais gañadoras da cuarta convocatoria deste certame, que se recollen neste volume, xa descrito no apartado I. 1 deste *Informe*.

-José Rosendo Cid Menor, "Un home e unha muller", (Iº Premio de teatro), pp. 95-107.

Peza teatral breve estructura en "Acto I" e "Fin do primeiro acto" que está protagonizada por un home de trinta e cinco anos e unha muller de corenta. Os personaxes, sen identidade e sen coñecemento mutuo previo, atópanse na rúa e comezan unha conversa que se achega ao absurdo, e a través da que se pode ver a agresividade verbal da protagonista feminina.

-Gonzalo José Iglesia, "A caída de Irlanda", (Iº Accésit de teatro), pp. 109-130.

Esta peza teatral está estructurada en catro xornadas e un total de nove escenas, ademais de "Prólogo" e "Epílogo", e protagonizada por doce personaxes; catro galegos, seis irlandeses e dous sobrenaturais. Nárrase a visita de Aimirxin e Ith, fillos de Breogán, a terras irlandesas dende Brigandsia para coñecer as

súas orixes. Despois dun acolledor recibimento, Ith morre a mans do celoso Mac Cuill, fillo do rei Mac Cecht, e a mariña galega aprópiase de Eire.

-Iván Fernández Diéguez, “O xogo da verdade”, (IIº Accésit de teatro), pp. 131-153.

Ao longo dos catro actos nos que está dividida esta peza, cóntasenos como un grupo de antigos compañeiros de estudios deciden reunirse nunha fin de semana despois de moito tempo sen se veren. Ademais de evocaren vellas lembranzas, fan un esforzo de sinceridade e cóntanse os avatares das súas vidas no momento presente. Xa no domingo, cando se despiden, coinciden en sinalar que a xuntanza non respondeu ás expectativas creadas.

Vidal Bolaño, Roberto, *Criaturas*, IIº Premio Eixo Atlántico de textos dramáticos 1999, Santiago de Compostela: Teatro do Noroeste, 2000, 44 pp, (ISBN: 972-9660514).❿

O volume comeza con varias alusións ao Premio Eixo Atlántico, que realza as relacións existentes entre as linguas e as culturas galega e portuguesa. A continuación, reprodúcese a peza teatral de Roberto Vidal Bolaño (Santiago de Compostela, 1950) divida en 15 escenas que amosan unha persoal recreación do mito do monstro do doctor Franskenstein. Nas primeiras escenas presenciamos como a Criatura mata a súa amada e lle arrinca o corazón. Despois, sucédense os cadros nos que distintas personaxes conversan coa Criatura –o vendedor da obra completa de Nietzsche, a enloitada que lle conta como morreu seu pai ou o viaxeiro que o tenta convencer de que viaxar a países subdesenvolvidos axuda a que valoremos o que temos– ou nas que a Criatura observa, agochado, o que din outros personaxes –o home que se queixa porque non conseguiu o sombreiro do que se encaprichou, a xente que anima a un suicida a tirarse do alto dun edificio, o vello e o home que critican aos que andan a pedir ou o matrimonio que mata a un home por fumar. A través de todas estas escenas recréanse problemas e conflictos da sociedade actual como o abandono dos vellos, a insolidariedade, os malos tratos ou a incomprensión.

Recensións:

-Iolanda Ogando, “O espello dos monstros”, *Tempos Novos*, nº 38, “Voces e Culturas. Crítica. Teatro”, xullo 2000, p. 86.

Preséntasenos *Criaturas* de Roberto Vidal Bolaño, obra que levou o premio Eixo Atlántico de teatro, malia que, segundo Ogando, o texto e a súa montaxe non poden compararse con obras anteriores do autor e da compañía. Dise que Teatro do Aquí foi a encargada de poñer en escena esta obra que conta “cunha estética próxima ás viñetas da banda deseñada” e que se ofrece “coma un interesante xogo e unha proposta apetecible para pasar uns bos momentos no teatro”. Sen embargo tamén se poñen de manifesto algúns fallos deste espectáculo como o número de actores, que resulta escaso, e o tempo que dura, xa que leva ao fastío.

-Xavier Castro R., “Mural de miserias humanas”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 49, 5 novembro 2000, p. 8.

Dá conta do novo libro de Roberto Vidal Bolaño, que foi galardoado na segunda convocatoria do Premio Eixo Atlántico de Textos Dramáticos. Sinala que neste texto se atopan quince cadros que se suceden sen fío de continuidade, ademais de salientar deles o humor e a ironía, que xira ao redor do ser humano, da felicidade ou da morte. Tamén explica que o personaxe da Criatura é o elemento que fai unir os cadros.

III. Teatro

III.2. Reedicións comentadas e facsímiles

Fandiño, Antonio Benito, *A casamenteira*, introd. Xosé R. Barreiro, Laura Tato e Carmen Blanco, Ourense: Ediciones Linteo, col. Aberta, marzo 2000, 140 pp. (ISBN: 84-930058-6-X).

Nova edición desta obra teatral de Antonio Benito Fandiño (Santa María do Camiño de Santiago, 1779 -Valladolid 1831). O texto vai acompañado de varios estudios introductorios. No primeiro deles, "A esaxerada vida de Antonio Benito Fandiño", escrito por Xosé Ramón Barreiro Fernández, recóllese unha minuciosa biografía do autor da *Casamenteira*, así como a historia da edición desta obra teatral. No segundo apartado, "*A Casamenteira*: contextualización e análise" de Laura Tato Fontaíña, coméntase o contexto histórico e a recepción crítica da obra de Fandiño. Tamén se analiza a estructura desta peza teatral, prestando atención á caracterización das personaxes, á metrica e ao xénero no que se inclúe. Por último, no terceiro apartado, "Contra casar sen amor: *A casamenteira*, *O chufón* e 'Pimpinela" de Carmen Blanco, compáranse tres obras teatrais galegas: o sainete de Fandiño, a comedia de Rodríguez López e a farsa de Castelao– que teñen en común o desenvolvemento da mesma temática: os matrimonios concertados. Destácanse as semellanzas e diferencias destas tres obras. Despois destes estudios, reprodúcese o texto da *Casamenteria* no que se narran as maquinacións da Tía Goras para lograr que Perucho, o fillo de Xan Rouco, se case con Dominga, a ama do crego, e se esqueza de Tecola, moza da que estaba namorado.

Recensións:

-Armando Requeixo, “Teatro galego recuperado”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 30, 25 xuño 2000, p. 16.

Cualifica de fundamental este volume pois vén facilitar o estudio dunha peza a partir da *editio princeps* de 1849, edición coñecida pero non dispoñíbel para os investigadores. Inmediatamente, dá conta das diversas partes que compoñen a obra para comentar, fundamentalmente, os “rigorosos e exhaustivos estudios introductorios” de Xosé Ramón Barreiro Fernández, Laura Tato Fontaíña e Carmen Blanco. Conclúe felicitando á editorial pola presente publicación.

-Manuel F. Vieites, “Un texto inaugural na dramática galega”, *Guía dos libros novos*, nº 23, “Teatro”, novembro 2000, p. 29.

Estudia a estructura, temática, argumento, así como as concomitancias con *El sí de la niñas* (1806) de Moratín, da peza de teatro *A casamenteira*, escrita por Antonio Benito Fandiño nunha das súas estancias na cadea, e analiza a súa significación dentro do panorama dramatúrxico do primeiro tercio do século XIX, un panorama presidio polas formas espectaculares propias da tradición dramatúrxica popular, asentada en diversas manifestacións escénicas, como sermóns, xogos, escenas breves ou entremeses, ou nos variados elementos teatrias presentes noutras manifestacións festivas e rituais, dalgunhas das cales se dá conta no

artigo. Así mesmo, lembra que a nova edición desta obra, unha das poucas manifestacións teatrais da época que vimos de citar e que viu a luz por vez primeira no ano 1896, vai acompañada de tres traballos, asinados polo profesor Xosé Ramón Barreiro e polas profesoras Laura Tato Fontaíña e Carmen Blanco, que constitúen tres excelentes achegas para situar o autor e a súa obra no contexto daquel "trascendental" principio de século.

Referencias varias:

-Miguel Anxo Seixas, "Antonio Benito Fandiño", *O Correo Galego*, "A Maltrana", 29 maio 2000, p. 3.

Indica que *A casamenteira* é a segunda obra teatral que se conserva da nosa literatura, texto do que Ediciones Linteo vén de tirar unha edición príncipe dotada cuns estudios saídos das plumas de Xosé Ramón Barreiro, Laura Tato e Carmen Blanco. O resto do artigo está dedicado ás achegas que Barreiro fai á biografía de Fandiño, salientado o seu posicionamento a prol dos humildes e o tempo que as estadías na cadea lle deron para autoformarse e redactar as súas obras.

-Arturo Lezcano, "*A casamenteira*' reproducida logo de 150 anos", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", nº 132, "A escrita", 20 xuño 2000, p. 7.

Comeza por salientar o coidado da edición e as “valiosas” introduccións teóricas que inclúe o volume. A continuación, cre que o máis importante é a recuperación do texto fundacional do teatro galego contemporáneo. Despois lembra a xénese da edición príncipe, que se conservou gracias á familia Tejada e da que só queda un exemplar na Biblioteca da Deputación ourensá.

Rodríguez Castelao, Alfonso, *Os vellos non deben de namorarse*, ed. Manuel F. Vieites, Vigo: Galaxia, col. Literaria Ensino, nº 1, novembro 2000, LXXIII pp./113 pp. (ISBN: 84-8288-402-6).

Reedición comentada da obra de Daniel Rodríguez Castelao (Rianxo, 1886-Buenos Aires, 1950) *Os vellos non deben de namorarse* levada a cabo por Manuel F. Vieites. O volume conta con dous estudios preliminares. No primeiro deles, “Datos bio-bibliográficos”, menciónanse os feitos máis destacados tanto da vida privada do autor de Rianxo –estudios, emigración, viaxes...–, como da súa vida artística –colaboracións nos xornais, libros publicados... No segundo dos estudios, “Castelao, literato e artista”, coméntase a súa faceta como político, como literato e como artista. A continuación, reprodúcese o texto teatral que editou Manuel Rosales nas *Obras* de Castelao que publicou a editorial Galaxia en 1999. Nun último apartado, “Comentario-guía de lectura”, destácanse dúas cuestións. A primeira delas fai referencia ao teatro galego anterior a Castelao e á influencia que tivo na obra deste autor. A segunda relaciónase con aspectos da obra *Os vellos non deben de namorarse* como son o título, a estructura, o tempo e o espacio, as personaxes e o estilo.

Rodríguez Castelao, Alfonso, *Os vellos non deben de namorarse*, estudio de Carlos Martínez Pereiro, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/ IGAEM, col. Centro Dramático Galego, nº 22, 2000, 199 pp. (ISBN: 84-453-2681-3).❿

Amplo traballo que recolle todo o que rodeou á representación de *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao. Despois das presentacións institucionais, ofrécense uns breves apuntamentos do director do Centro Dramático Galego, Manuel Guede Oliva, no que afirma que *Os vellos non deben de namorarse* non é "unha estructura dramática de doada armazón" e, polo tanto, non resulta nada fácil "aventurarse polo seu espiñazo dramatúrxico se non se está na posesión dun razonable dominio da ferramenta escénica". A seguir, preséntase a nómina das persoas que formaron parte do equipo artístico e do elenco da obra, así como unha serie de notas e debuxos da montaxe e da escenografía, a cargo de Antonio F. Simón. Así mesmo, inclúense unha serie de ilustracións baixo o epígrafe de "Signos icónicos" da man de Ricardo Roel. A seguir, Carlos Paulo Martínez Pereiro sitúa, con todo detalle, a obra de Castelao no seu contorno. Nun amplo estudio titulado "Da (est)ética dunha síntese artística. Contributos para a avaliación dunha peza 'reteatralizada" Martínez Pereiro alude á modernidade plástica e textual da obra, ao seu prestixio crítico ou ao didactismo satírico e moralizador que se desprende da mesma. A continuación, reproduce o facsímile da citada peza teatral. Para rematar, reprodúcense algunhas fotografías dos ensaios xerais de *Os vellos non deben de namorarse*, de A. D. Rodríguez Castelao (Rianxo, 1886-Buenos Aires, 1950).

III. Teatro

III.3. Traduccións ou versións

Baudelaire, Charles, *O teatro de Charles Baudelaire*. *Proxectos,* introd., trad. e notas de Xesús González Gómez, A Coruña: Universidade da Coruña, Departamento de galego-portugués, francés e lingüística/Biblioteca–Arquivo "Francisco Pillado Mayor", nº 10 (serie azul), 2000, 145 pp. (ISBN: 84-95322-36-6).☒❿

Volume no que se recolle parte da producción teatral de Charles Baudelaire (París 1821-1867), precedida por unha ampla introducción da man de Xesús González Gómez. Nela achégase, en primeiro lugar, ao ciclo romántico cunha detallada alusión á vida cultural e política da época; así como ás "dúas constelacións románticas": a primeira composta por Lamartine, Victor Hugo, Stendhal, Musset, Vigny ou Balzac e a segunda por Labrunie, Baudelaire, Flaubert, Rimbaud, Laforgue, Mallarmé, Gautier, Banville, Prudhmme, Verlaine ou José Mª de Heredia. Nun segundo apartado achégase ao teatro francés durante o Segundo Imperio (1848-1870), cunha breve análise dalgunhas obras de Victor Hugo, Alexandre Dumas ou Alfred de Musset, entre outros. Céntrase, así mesmo, no teatro de "boulevard" e no teatro social. A continuación, detense nos proxectos teatrais de Baudelaire e analiza algunhas das súas obras. Remata esta introducción cunha breve bibliografía. A continuación, reprodúcense, en versión galega e francesa, os seguintes dramas: *Ideolus*, *O fin de Don Juan*, *O bébedo* e *O marqués do Iº de húsares*. Por último, ofrécese unha cronoloxía do autor francés, dende o seu nacemento en París o 9 de abril de 1821 ata a súa morte, no ano 1867.

Vian, Boris, *Os constructores de imperios ou o Schmürz* (*Les Bâtisseurs d'Empire ou Le Schmürz*, 1959), trad. Henrique Harguindey, marzo 2000, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Teatro, nº 130, 84 pp. (ISBN: 84-89896-67-4).

Peza de Boris Vian (Ville d'Avray, 1920-1959) está protagonizada por unha familia en tránsito dunha casa nova, ampla e moderna, a unha máis reducida e mísera. Os pais ven positivamente a mudanza, mais a filla, Zenobia, quéixase. A criada, Pota, obedece sen inmutarse ata que acaba por cansar e abandona a casa. Tamén aparece un veciño que se fai o gracioso e que quere emparellar ao seu fillo, que logo morrerá, coa rapaza da casa. As conversas cruzadas que se suceden en cuartos balorentos están marcadas polo absurdo, polo sen sentido de falar de cousas diferentes e seguir a manter o diálogo. No medio hai sempre un "schmürz" que todos, agás a filla, golpean sen compaixón, insultan sen reparos e que serve de desabafo ao longo da peza. Ao final, o pai, nun longo monólogo, expresa un fondo sentimento de soidade, de absurdo e de pesimismo ao mirar con detemento os anos pasados.

Recensións:

-Xosé M. Eyré, "Antes de morrer", *A Nosa Terra*, nº 932, "Guieiro Cultural", 27 abril 2000, pp. 23-24.

Eyré constata que os autores dos que se está a celebrar algunha efeméride –Murguía, Manuel Antonio e Castelao– centran unha actividade editorial pouco activa fóra deles. A seguir, resalta a función universalizadora e enriquecedora da traducción e, xa centrado no volume de Vian, gaba a introducción de Harguindey. Continúa repasando a traxectoria do autor galo, tanto na faceta profesional coma na persoal. Tras un chamamento á recuperación do teatro como xénero de lectura, califica esta obra formalmente complexa de simbolista, aínda que con influencias do surrealismo e do existencialismo, e relaciónaa con Valle-Inclán e con *Os dous de sempre*. Alén diso, explica o papel de cada personaxe na peza.

-A. Estévez, “Un dramaturgo na encrucillada”, *A Nosa Terra*, nº 938, “Guieiro Cultural”, 8 xuño 2000, pp. 27 28.

Comeza afirmando que a dramaturxia é a faceta menos coñecida do polifacético Boris Vian que nesta peza cruza elementos do teatro do absurdo e características do teatro brechtiano. Despois de enumerar elementos desas dúas correntes estéticas pasa á resumir a trama, que considera doada de entender. Sen embargo, a seguir, asegura que os significados dos símbolos do Schmürz e o Ruído admiten unha interpretación aberta. A obra, continúa, pode mostrar a estupidez da burguesía, a hipocrisía da institución familiar e a lucidez dos traballadores, aínda que supón máis ben unha loita xeracional ca de clases. Malia crer que é a mellor peza do autor, di que é un exemplo máis dun teatro que se perde en simboloxías para non lle chamar ás cousas polo nome, salvando certo sentido crítico ao final.

-Estro Montaña, “Cuestionar o absurdo”, *Guía dos libros novos*, nº 21, “Teatro”, setembro 2000, p. 30.

Quéixase da escasa repercusión que se lles dá a certas obras por non pertenceren ao canón ou por non aparecer nunha editorial grande. Considera que o teatro editado por Laiovento sofre esa marxinación. En relación coa obra de Boris Vian destaca a súa frescura, sinalando que o cuestionamento da vida cotiá que ofrece é reconfortante. Ofrece tamén un breve resumo do argumento da peza teatral e conclúe facendo un repaso da vida e da traxectoria literaria do autor francés.

Vidal Bolaño, Roberto, *A burla do galo*, estudio de Carmen Becerra Suárez, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/IGAEM, col. Centro Dramático Galego, nº23, marzo 2000, 219 pp. (ISBN: 84-453-2735-6).❿

A burla do galo ou Vida e amores de Don Esmeraldino da Cámara Mello de Lima Vizconde de Ribeirinha e Galo de Portugal, de Roberto Vidal Bolaño (Santiago de Compostela, 1950), representada polo CDG, é a primeira peza dramática dentro da literatura galega que trata o tema do donxoanismo. Está baseada nun conto de Cunqueiro: "O galo de Portugal", que aparece na versión definitiva de *Merlín e Familia* (1968). A obra, que se desenvolve nun prólogo, anticipo do final, e cincuenta e cinco escenas, cóntanos a última conquista de Don Esmeraldino. A raíz desta conquista o pobo de Braga enxálzao e no soño que a continuación ten este particular Don Xoán, ve como o nomean Galo de Portugal e ao mesmo tempo adquire a forma deste animal. Peregrina entón a Compostela para recobrar a forma humana e nesta peregrinaxe segue seducindo e enganando, mesmo a galiñas. Cando esperta do soño recibe a noticia da homenaxe do Estamento Nobre de Braga, proclámano Galo de Portugal e remata a peza escoitándose o cacarexar dun galo. O soño do Vizconde está enmarcado pola primeira escena e as dúas últimas, que son as que nos sitúan no presente; pero como o prólogo adianta os acontecementos, este resulta ser unha prolepse respecto do presente da historia, cuestión que indica Carmen Becerra Suárez nunha introducción na que dá conta da traxectoria de Vidal Bolaño e na que compara a versión deste coa de Cunqueiro. Conta ademais o volume con ilustracións da escenografía e signos icónicos e con algunhas fotografías dos ensaios xerais.

Recensións:

-Carmen Becerra Suárez, "*A burla do galo*' ou '*Vida e amores de Don Esmeraldino de Cámara Mello de Lima Vizconde de Ribeirinha e Galo de Portugal*", *Galicia Sindical*, nº 22, "Miscelánea", marzo 2000, p. 15.

Principia deixando claro que Roberto Vidal Bolaño se baseou en *Merlín e familia* para esta peza, co que deixa á vista a súa admiración polo mindoniense e a aceptación do mundo máxico que se configura nesa obra. Neste senso, vea congruente co mito de Don Juan pola morte do heroe debida a causas sobrenaturais. Di que Vidal Bolaño volve traer este tema ao teatro, o seu lugar natural, e fai fincapé na modernidade do texto. Así mesmo, sinala que sabe conxugar as "formas completas" coas "formas periféricas", dentro da terminoloxía de Manfred Schmeling. Alén disto, nota a riqueza de referencias intertextuais con respecto á literatura europea en xeral.

-M. Quintáns S., "Un 'don Juan' galego", *El Correo Gallego*, "Fin de Semana", 28 maio 2000, p. 6.

Céntrase no estudio de Carmen Becerra que se inclúe no volume. Deste xeito, seguindo as palabras da profesora, di que Vidal Bolaño introduce un tema universal, o mito de Don Juan, na literatura galega. Afirma despois que esa análise "eficaz" sitúa o dramaturgo no contexto do novo teatro galego que nace da Mostra de Ribadavia xunto con Manuel Lourenzo ou Euloxio Ruibal. Tamén se fai eco da afirmación de Becerra pola cal esta peza viría ser a reinterpretación que Cunqueiro fai do mito en "O Galo de Portugal", de *Merlín e familia* (1968), xuntando respecto pola tradición e orixinalidade. Ao final, resume o argumento.

III.4. Postas en escena

III.4.1. Ciclos, encontros, festivais, mostras,semanas e salas alternativas

III. Teatro

III.4. Postas en escena

III.4.1. Ciclos, encontros, festivais, mostras, semanas e salas alternativas

IIº Ciclo de teatro de Bueu

Organizado pola Concellería de Cultura de Bueu celebrouse ao longo de todo o verán. Pretenderon levar a cabo espectáculos nos que se mesturase o teatro afeccionado co profesional. As representacións tiveron lugar na Casa de Cultura de Bueu e na Casa do Pobo de Beluso. Participaron as seguintes compañías: A Casa da Bola con *A sala de Espera* e *A palabra nas voces*, Comediantes anónimos con *Paixóns, divinas paixóns*, Llu-Llu Teatro con *Ñaque, ou de piollos e actores*, Grupo de Teatro do Colexio Pondal con *O enfermo imaxinario*, Os microbios con *O estraño caso do gando da condesa*, Cómite Teatro con *Idos*, Teatro Avento con *Arañeiras* e *O Porco* e Teatro Aurín con *Supertot*. Ademais destas representacións, o concello organizou en colaboración co IGAEM, dentro da programación dos circuítos culturais do ano 2000, diversas actuacións de contacontos a cargo de Cándido Pazó, José Campanari, Paula Carballeira ou Tim Bowley e Casilda Regueira, así como outras representacións teatrais celebradas ao longo do ano.

Referencias varias:

-Álvaro Agulla, “El Concello llevará a cabo un ciclo de teatro durante todo el verano”, *Diario de Pontevedra*, “Bueu”, 3 xuño 2000, p. 17.

III.4.1. Ciclos, encontros, festivais, mostras,semanas e salas alternativas

Informa da iniciativa do Concello de Bueu de ofrecer este ciclo de teatro no que se pretende combinar grupos profesionais cos afeccionados, e anuncia a representación do grupo Comediantes anónimos, encargados de inaugurar o Ciclo. Recóllense declaracións de Manuel Freire, edil de cultura, quen afirmou que en Bueu existe certa afección ao teatro, pero con menos intensidade que en Cangas ou Moaña. Finalmente, dáse conta dos prezos das entradas de cada representación.

Ver A Casa da Bola. Ver Comediantes Anónimos. Ver Llu-Llu Teatro. Ver Teatro Avento.

Ciclo de teatro afeccionado **Domingos a escena**

Ciclo teatral organizado pola Concellería de Cultura de Ferrol e celebrado no Centro Cívico de Caranza e no auditorio FIMO. Participaron entre outras as seguintes compañías: Teatro Ullán, que puxo en escena *Mafía, terrorífica comedia en cinco actos* e o Grupo de Teatro Ferrol con *Unha batalla de Brión*.

XIº **Ciclo** de teatro profesional 2000, **Moaña**

Organizado polo departamento de cultura do Concello de Moaña e cofinanciado pola Dirección Xeral de Cultura. Comezou o día 7 de outubro e celebrouse con carácter semanal ata o día 18 de novembro. Este ano participaron as seguintes compañías: Talía Teatro con *Os soños dun seductor*, Uvegá Teatro con *A señorita Xulia*, Teatro do Morcego con *Os piratas-Branca Rosa*, Sarabela Teatro con *O lapis do carpinteiro*, Ollomoltranvía con *ÑikiÑaque*, Teatro do Aquí, con *Criaturas* e Balea Branca con *O Contrabaixo*.

Ver Sarabela Teatro.
Ver Ollomoltranvía.
Ver Teatro do Aquí.
Ver Balea Branca.

Iº **Ciclo** de teatro da Asociación Cultural **La Villa**

Incluído no Ciclo de Música y Teatro que organiza a Asociación Cultural La Villa de Ponteareas en colaboración co Departamento de Cultura do Concello. Esta primeira edición tivo lugar no Auditorio Reveriano Soutullo cun total de cinco representacións durante todos os venres do mes de maio e o primeiro de xuño. Iniciouse o ciclo coa representación de *O tonto é un sabio* a cargo do grupo Pampullos e Saramajos. O día 12 de maio o grupo Peques Mix escenificou *¡Manos arriba!.* O día 19 Teatro Avento puxo en escena a obra *Arañeiras*, e o día 2 de xuño o grupo de teatro do Club Cultural Rueiro representou *Os cravos de prata*.

Referencias varias:

-M. F., “Comienza en Ponteareas el Ciclo de Teatro de los viernes”, *Atlántico Diario*, “Condado”, 5 maio 2000, p. 20.

Informa do inicio deste Ciclo de teatro que se inaugura coa actuación de *O tonto é un sabio* a cargo da compañía Pampullos e Saramajos. Fai referencia tamén á duración do ciclo que se desenvolveu durante os venres do mes de maio e o primeiro venres de xuño. Finalmente, dá conta das compañías participantes.

III.4.1. Ciclos, encontros, festivais, mostras,semanas e salas alternativas

-Ada Cuerdo, “Ciclo de música y teatro organizado por ‘La Villa”, *Faro de Vigo*, “Especial”, 13 maio 2000, p. 25.

Dá conta do inicio do Ciclo e informa do programa de actuacións previsto durante o mes de maio e comezos de xuño. Así, ofrece a axenda tanto musical como teatral, da que dá detalle dos días e compañías participantes, que a Asociación Cultural La Villa ten previsto presentar no Auditorio Reveriano Soutullo de Ponteareas.

Ver Teatro Avento.

VIIª edición **Curtos de teatro galego**

Celebrada dende o ano 1993, alcanza a súa sétima edición e inclúese dentro da programación de espectáculos que durante o ano teñen lugar na sala Teatro Galán. Trátase dun programa no que unha serie de profesionais do teatro representan espectáculos nos que a característica fundamental é a orixinalidade, a improvisación e o feito de que os actores traballan sós ou con alguén co que non traballan habitualmente. Nesta edición participaron a compañía de danza Dobre Xiro con *Accións x. Com*, Mabel Rivera, Xosé M. Olveira "Pico"e Avelino González con *Cartas de amor*, texto de A. R. Gurney; Eugenia Iglesias con *Cantar en el desierto*, A Arraiana con *Rockaby* e pecharon o programa Víctor L. Mosqueira e Ana Vallés cun texto de Javier Martínez Alejandre.

Referencias varias:

-M. Beceiro, "Los profesionales del teatro se enfrentan al reto del corto", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 12 maio 2000, p. 49.

III.4.1. Ciclos, encontros, festivais, mostras,semanas e salas alternativas

Fai referencia ao inicio da sétima edición do programa de “Curtos de Teatro Galego”, organizados pola sala Teatro Galán. Ofrece algunhas das características máis salientábeis deste espectáculo e cita os profesionais da escena dramática que participaron nesta edición.

Un decembro **de teatro.** Redondela

Programa organizado pola Concellería de Xuventude e a Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX), de Redondela. Participaron as seguintes compañías: Teatro do Aquí, que puxo en escena *Criaturas*; Llu Llu Teatro con *Ñaque, ou de piollos e actores* e Sarabela Teatro con *O lapis do carpinteiro*.

Ver Teatro do Aquí.
Ver Sarabela Teatro.

IIIº **Encontro** de teatro afeccionado do Concello de **Boiro**

Organizado polo Departamento de Cultura do Concello boirense, en colaboración co grupo de teatro afeccionado Teatro do Improvisto. Levouse a cabo por primeira vez no período estival de 1998. Nesta edición contou coa colaboración da Deputación da Coruña e o IGAEM. Entre os obxectivos da celebración saliéntanse o feito de potenciar e fomentar o teatro de carácter non profesional, tratar de promover os grupos afeccionados que non dispoñan dunha canle de presentación axeitada dentro do programa cultural galego e crear un punto de referencia continuado para o teatro amateur galego. Celebrouse na casa de Cultura "Ramón Martínez López" e o Centro Social de Escarabote de Boiro entre os días 6 e 11 de agosto. O Encontro estivo destinado tanto ao público adulto como ao público infantil polo que o programa incluíu no seu encontro a participación de Berrobambán que representou *Diariamente*, destinada ao público infantil. Ademais, as compañías participantes foron as seguintes: O grupo do teatro de Boiro Teatro de improvisto con *A noite de Sabina*, Dequenquen con *Aquí non paga ninguén*, Teatro Avento con *¿Quen matou a Mari Lauri?*, Airiños con *Un ronsel de estrelas* e Teatro Escondido con *Rúa Sol*.

Ver Teatro Airiños.

VIIIª **Feira do teatro de Galicia**

Organizada polo IGAEM e cooordinada por Rubén García, celebrouse en Santiago de Compostela por oitava vez entre os días 17 e 21 de de marzo. Os seus escenarios foron a Aula de Cultura de Caixa Galicia, o Teatro Principal (novidade desta edición) e as Salas Nasa e Galán. Participan este ano vintedúas compañías. As galegas foron as seguintes: Ollomoltranvía coa obra *ÑikiÑaque*, Casahamlet con *A velada de Londres*, Uvegá Teatro coa obra *A señorita Xulia*, Alalá Produccións coa obra *Coma prácticas de gramática caníbal*, Sarabela Teatro con *O lapis do carpinteiro*, Teatro do Noroeste con *Feirantes*, Teatro do Atlántico con *O cerco de Leningrado*, Teatro do Aquí con *Criaturas*, Espello Cóncavo con *Castelao Sempre*, A Factoría Teatro con *As presidentas*, Matarile Teatro con *The Queen is dead*, Balea Branca con *O contrabaixo*, Talía Teatro con *Soños dun seductor* e Chévere con *Hero.es*. Ademais desta programación na edición deste ano atendeuse tamén ao público infantil coas seguintes representacións: Títeres Buratini con *O pazo de papel*, Títeres Cachirulo con *Santiago, historia dunha viaxe*, Teatro Kaos con *Cadadousportres.con* e Os Monicreques de Kukas con *Cucarandainas*.

Referencias varias:

-J. R., “Un total de 22 compañías muestran sus espectáculos en el marco de la Feria de Teatro de Galicia”, *El Correo Gallego*, “Sociedad”, 4 febreiro 2000, p. 76.

Anúncianse algunhas das características da edición da Feira do Teatro 2000 desenvolvida en Compostela entre o 17 e o 21 de marzo. Indícase que esta edición contou con dezaoito compañías galegas e catro foráneas e sinala as dúas estreas absolutas previstas na Feira: *ÑikiÑaque*, a cargo de Ollomoltranvía, e mais *Cadadousportres.Con* da compañía Teatro Kaos.

- E. P., “A VIIIª Feira do Teatro de Galicia amosará as montaxes escénicas de vintedúas compañías”, *El Correo Gallego*, 14 marzo 2000, p. 73.

Sucinta noticia que anuncia o inicio da VIIIª Feira do teatro de Galicia entre os días 17 e 21 de marzo do 2000. Como novidade, destaca que esta edición terá como sede o Salón Teatro e salienta a presencia, por primeira vez, dunha compañía internacional, a de Carlo Colombaioni, procedente de Italia.

-P. T., “A Feira do Teatro concentra desde hoxe en Santiago o mellor da escena galega”, *El Mundo. Galicia*, “Cultura”, 17 marzo 2000, p. 9.

III.4.1. Ciclos, encontros, festivais, mostras,semanas e salas alternativas

Infórmase do comezo da Feira do Teatro convocado polo IGAEM dende hai oito anos e que nesta edición contou con vintedúas compañías teatrais que repartiron as súas representacións entre as seis sedes do certame na cidade de Santiago de Compostela.

-Concha Pino, “Tres pezas para facer boca”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 17 marzo 2000, p. 49.

Detállanse algunhas das características das tres pezas teatrais: *El orgullo de Sir Gay* de Teatro de Malta, *A velada de Londres* de Casahamlet e mais *A señorita Xulia* de Uvegá Teatro, que abren a presente edición da Feira.

-Carmen Villar, “A nación dos cómicos”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 149, 18 marzo 2000, pp. 2-3.

Artigo que repasa a programación teatral que se desenvolve durante a VIIIª Feira do Teatro de Galicia describindo brevemente todas as montaxes que teñen lugar nesta mostra. Dá conta das dúas estreas previstas para esta edición: *ÑiqueÑaque*, a cargo da compañía Ollomoltranvía, así como a montaxe de Teatro Kaos destinada ao público infantil co título *Cadadousportres.Con* Apunta tamén que contou con varias obras para títeres. Finalmente coméntanse as seis estreas que tiveron lugar nas sete edicións anteriores: *A Odisea*, *O Lazariño de Tormes*, *Finis mundi circus*, *Un lunar vermello (con pintiñas azuis)*, *Morte accidental dun anarquista* e *Ultimamente non durmo nada*.

Camilo Franco, “Revisando”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 19 marzo 2000, p. 53. Comentario sobre a montaxe *A velada de Londres*, da compañía Casahamlet, que é cualificada como “unha obra preñada de boas intencións que non chegan a alumbrarse nunca”.

Camilo Franco, “Superar as citas”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 22 marzo 2000, p. 49.

Camilo Franco, dende os resultados da Feira do Teatro de Galicia, describe que o teatro galego está a ofrecer a solidez dalgunhas das súas compañías o que fai que algúns grupos teatrais fagan xiras fóra de Galicia, mais lamenta a falta dunha programación estábel e constante para o teatro galego.

-M. Beceiro, “La muestra rescata público”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 22 marzo 2000, p. 49.

Reflexiónase sobre a VIIIª Feira do teatro de Galicia incidindo na asistencia de programadores e público así como na calidade dos espectáculos presentados. Asegúrase que se cumpriron as expectativas dos organizadores e indícase que *Hero.es*, da compañía Chévere, foi a montaxe encargada do peche da Feira.

-Inmaculada López Silva, “Espectáculo, calidad y magia: precintos de garantía en la Feira de Teatro de Galicia”, *ADE Teatro,* nº 81, “Festivales”, xullo-agosto 2000, pp. 195-198.

III.4.1. Ciclos, encontros, festivais, mostras,semanas e salas alternativas

Comeza ofrecendo unha valoración xeral do que foi a Feira do presente ano. Apunta que considera o espectáculo como un fenómeno fundamental no proceso de normalización e como espacio de seguimento das tendencias máis interesantes do teatro galego ademais de salientar a grande acollida de público. A seguir, selecciona os cinco espectáculos que baixo a súa perspectiva resultaron máis significativos do tipo de teatro que se realiza actualmente en Galicia: *O lapis do carpinteiro*, adaptada por Sarabela Teatro, do que destaca, entre outras cousas, a boa adaptación realizada polos intergrantes dun texto "de calidad demostrada", e ofrece un percorrido polas trazos escénicos máis significativos; *O cerco de Leningrado*, da man de Teatro do Atlántico, que o sitúa como exemplo das posibilidades de traducción en galego para cubrir posíbeis baleiros temáticos e técnicos do sistema teatral galego; *The queen is Dead*, que puxo en escena Matarile Teatro, considerada unha aposta pola mestura das diferentes artes escénicas nas que teñen cabida o teatro, a poesía e o conto, ademais de salientar o bo traballo interpretativo das catro actrices en escena; *O Contrabaixo*, representada por Balea Branca, da que destaca a elección do elemento monolóxico no teatro dun modo "elegante y, sobre todo, efectivo". Finalmente, *Hero.es*, a cargo de Chévere, da que destaca o tratamento do humor co que se logra construír unha visión crítica do mundo.

Ver Ollomoltranvía. Ver Casahamlet- Estudio de teatro. Ver Uvegá Teatro . Ver Sarabela Teatro. Ver Teatro do Noroeste. Ver Teatro do Atlántico. Ver Teatro do Aquí. Ver Espello Cóncavo. Ver A Factoría Teatro.

III.4.1. Ciclos, encontros, festivais, mostras,semanas e salas alternativas

Ver Matarile Teatro. Ver Balea Branca. Ver Talía Teatro. Ver Chévere. Ver Títeres Cachirulo, no apartado VI. 3. 3. 3. 1. deste *Informe*. Ver Teatro Kaos, no apartado VI. 3. 3. 3. 1. deste *Informe*. Ver Monicreques de Kukas, no apartado VI. 3. 3. 3. 1. deste *Informe*. Ver Teatro Buratini, no apartado VI. 3. 3. 3. 1. deste *Informe*.

Vº **FESTEIXO** (Festival de Teatro do Eixo Atlántico)

Tivo lugar en Viana do Castelo entre os días 4 e 28 de outubro, organizado pola compañía Teatro do Noroeste e a Cámara Municipal de Viana do Castelo, tendo como escenario o Teatro Sá de Miranda. Participaron diversas compañías portuguesas e galegas. Os seis grupos galegos participantes foron Manivela Produccións con *Compañía*, Ollomoltranvía con *ÑikiÑaque*, Teatro do Aquí con *Criaturas*, Teatro do Noroeste con *Celestina* e *Édipos*, Sarabela Teatro con *O Lapis do Carpinteiro* e o Centro Dramático Galego con *Calígula*.

Referencias varias:

-Tere Gradín Barcia, “El Centro Dramático Galego actúa por primera vez en Portugal”, *Faro de Vigo*, “Portugal”, 27 outubro 2000, p. 29.

Refírese á presencia do Centro Dramático Galego no teatro Sá de Miranda de Viana do Castelo, e salienta que a actuación se enmarca dentro da programación do Festival de Teatro do Eixo Atlántico. Incide en que é a primeira vez que o Centro Dramático Galego estrea fóra de Galicia e finalmente fai referencia ao seu argumento.

Ver Centro Dramático Galego. Ver Ollomoltranvía. Ver Teatro do Aquí. Ver Sarabela Teatro.

Iº Festival Alternativa 2000

Festival internacional alternativo de teatro, música e danza que botou a andar este ano en Santiago de Compostela. Tivo lugar dende o 16 de febreiro ata o 4 de marzo, tempo durante o que se desenvolveron vinteún espectáculos e dous programas especiais a cargo de corenta e nove compañías procedentes de Marsella, A Coruña, Valencia, Aranjuez, Canarias, Viveiro, Madrid, Lisboa, Barcelona e Composela. Todos eles foron representados nas Salas Galán e Nasa, promotoras e responsábeis do evento co apoio do Consello da Cultura e do IGAEM. Os grupos de teatro galego participantes foron as compañías residentes da Sala Nasa e Sala Galán, Chévere con *Hero.es* e Matarile Teatro con *Teatro para camaleóns*, respectivamente. Así mesmo, incluído dentro dos seus novidosos programas, tivo lugar o titulado SEN conTEXTO, un ciclo no que catro autores teatrais galegos fixeron lectura dos seus propios textos teatrais. Así, Gustavo Pernas participou con *Sucesos*, Sechu Sende con *A Alba quere conmigo vivir* e *Ninguén chorou por nós*, Carlos Santiago con Au gaciar e, finalmente, Xavier Queipo con *Diálogos macanudos*.

Referencias varias:

-D. J., “O signo da diferencia”, *O Correo Galego*, “AFA”, 15 febreiro 2000, p. 35.

Alude á presentación do evento que tivo lugar na sede do Consello da Cultura Galega e salienta o nome dos participantes, entre os que se encontraban Carlos Casares, Baltasar Patiño, Ana Vallés, Xesús Ron ou Aníbal Otero, entre outros. A seguir ofrece unha detallada axenda dos espectáculos e grupos participantes.

-AGN, "Santiago capital del teatro, música y danza alternativa", *Diario de Pontevedra*, "Galicia", 16 febreiro 2000, p. 25.

Anuncia o inicio do Festival, e salienta que nace coa vontade de ofrecer espectáculos de calidade e coa intención de consolidarse como unha cita con continuidade no tempo. Ofrece unha pequena descrición dos contidos do Festival e informa do acto de presentación que tivo lugar no Consello da Cultura Galega, no que estiveron presentes diferentes entidades responsabeis da organización. Finalmente faise eco do orzamento co que conta este Festival que rondou os oito millóns de pesetas.

-C. P., "Santiago estrena el primer festival alternativo de teatro, música y danza", *La Voz de Galicia*, 16 febreiro 2000, p. 84.

Refírese ao inicio deste novo espectáculo, promovido polas Salas Galán e Nasa, e ofrece un amplo percorrido polo programa de actuacións durante os días que dura o evento. Así mesmo, salienta que este festival nace a semellanza do festival de teatro de Madrid que se iniciou hai doce anos, e que cualifica de escaparate "de compañías y grupos internacionales que se mueven al margen de los circuitos convencionales". Lembra que na última edición madrileña contou coa presencia de diversas compañías

galegas e, apoiándose nas palabras de Ana Vallés, sinala que o festival nace “hermanado con el festival de Madrid y con aspiraciones de continuidad”.

-A. I. S., “Mónica Lavandeira y Pancho Rodiño, premios del certamen ‘José Malvar”, *El Correo Gallego*, “Así está el patio”, 17 febreiro 2000, p. 36.

Anuncia, entre outros acontecementos de carácter cultural, o programa de actividades para o día dezasete de febreiro no festival Alternativa 2000, organizado polas Salas Galán e Nasa. No concernente a compañías galegas participantes anuncia a representación do espectáculo *Hero.es*, a cargo da compañía Chévere.

-A. I. S., “Intermon inicia una campaña para promover la educación en el Tercer Mundo”, *El Correo Gallego,* “Así está el patio”, 20 febreiro 2000, p. 37.

Alén doutras noticias de interese cultural, dá conta do Festival Alternativa 2000 organizado polas Salas Nasa e Galán de Santiago de Compostela. Informa da actuación do grupo Cambaleo Teatro coa obra *Diálogos en el paraíso,* na Sala Galán, e simultaneamente o grupo Chévere na Sala Nasa co espectáculo *Hero.es*. Por outra banda, informa da representación da obra *Castelao, Sempre*, incluída na campaña de teatro dirixida a estudiantes, a cargo da compañía Espello Cóncavo.

-J. H., “El teatro alternativo en el 2000”, *Primer Acto*, nº 282, “Teatro alternativo”, xaneiro-marzo 2000, pp. 33-36.

Cóntasenos que ao mesmo tempo que se celebra o XIº Festival La Alternativa de Madrid, tamén se celebra en Compostela o Iº Festival Alternativo desta cidade. Faise unha crónica do festival madrileño e nela fálase de dúas pezas galegas: *The queen is dead* de Ana Vallés (Matarile Teatro, de Compostela), que aparece destacada xunto a unha obra de Granada na área do motivo artístico do persoal e *hero.es* de Teatro Chévere, da que di que a súa preestrea foi unha sorpresa.

-Chema Paz-Gago, Xosé Fernández e Tomás Ruibal, “Intensa apertura teatral”, *Primer Acto*, nº 284, “Autonomías. Galicia”, xullo-agosto-setembro 2000, pp. 84-87.

Indícase neste artigo a inusitada actividade teatral que houbo en Galicia a comezos do 2000, xa que tiveron lugar actos como a programación *Rosalía 2000* da Coruña, a Feira do Teatro de Galicia, celebrada en Compostela no mes de marzo, e o Primeiro Festival Internacional Alternativo de Teatro, Música e Danza, que tamén tivo lugar en Compostela. Faise logo un repaso por algunhas das obras presentadas nestes dous últimos eventos: *O cerco de Leningrado, Cucarandainas, O lapis do carpinteiro* e *Feirantes*, no primeiro; mentres que do teatro alternativo se destaca *hero.es* do grupo Chévere. Finalmente apúntase que o teatro galego comeza a estar presente en Madrid e outras Comunidades Autónomas.

Ver Chévere. Ver
Matarile Teatro.

XVº Festival **do Teatro Galego (FTG),** Carballiño

Creado a partir das Xornadas Galegas de Teatro no ano 1984, celebrouse durante 14 anos consecutivos ata que no ano 1999 foi interrompido. Este ano retomou a súa andaina e desenvolveuse entre os días 5 e 10 de setembro baixo a dirección de Dina Martínez e a Asociación Cultural "Orballo". Contou coa colaboración da Deputación de Ourense e o IGAEM. O seu escenario foi o Auditorio Municipal de Carballiño. Participaron as seguintes compañías galegas: Sarabela Teatro con *O lapis do carpinteiro*, Ollomoltranvía que interpretou *ÑikiÑaque*, Roberto Vidal Bolaño representou o monólogo *Sen ir máis lonxe*, Teatro do Aquí *Criaturas*, Manivela&Galería puxo en escena *Compañía* e, finalmente, pechou o festival Teatro do Morcego con *Morte accidental dun anarquista*. No transcurso do Festival, a organización homenaxeou a Roberto Vidal Bolaño en recoñecemento á súa traxectoria profesional e fíxolle entrega dunha obra do pintor Xan Valcárcel.

Ver Sarabela Teatro. Ver Ollomoltranvía. Ver Roberto Vidal Bolaño. Ver Teatro do Aquí. Ver Manivela&Compañía. Ver Teatro do Morcego.

Referencias varias:

-X. A. Reboiro, “La disputa de un colectivo y el Concello gesta dos festivales de teatro en Carballiño en 9 días”, *La Región*, “Ourense”, 24 agosto 2000, p. 7.

Fai referencia á apertura do Festival despois de ser interrompido o ano pasado por desacordos nas subvencións co Concello do Carballiño, segundo explica Dina Martínez, organizadora do festival. Alude á decisión da Asociación Orballo de desvincularse este ano do Concello e ao apoio prestado pola Xunta a través do IGAEM, así como a Deputación Provincial de Ourense, e anuncian os días de duración do evento. Ademais, sinala que o Concello pola súa banda organizou o Iº Festival de Teatro de Rúa e Animación entre os días 11 e 13 dese mesmo mes, iniciativa que indica que creou polémica porque, segundo a opinión recollida por membros relacionados coa organización, o alcalde pretende suplantar aos colectivos en lugar de apoialos.

-J. Valcárcel, “Sarabela, teatro de calidad en Carballiño”, *La Región*, “Desde la butaca”, 7 setembro 2000, p. 18.

Refírese á participación de Sarabela no festival e valora moi positivamente a adaptación no escenario da novela de Manolo Rivas xa que o considera un traballo moi dificultoso. Salienta tamén a boa calidade dos oito actores participantes dos que destaca o esforzo realizado para interpretar corenta personaxes distintas. Por todo isto, opina que o interese espertado entre os asistentes foi moi merecido.

-J. Valcárcel, “Ollomoltranvía, simple dualidad”, *La Región*, “Desde la butaca”, 8 setembro 2000, p. 19.

Comenta a actuación de Santi Prego e Avelino González como membros de Ollomoltranvía e destaca a técnica utilizada para a súa montaxe, o diálogo, mediante o cal establecen dúas filosofías entre os dous personaxes. Cita a Cándido Pazó como director e creador da obra e ofrece un breve resumo do argumento. Finalmente valora positivamente o traballo realizado polos actores, que se reflectiu no éxito acadado entre o público e salienta algúns dos momentos con maior plasticidade visual do espectáculo.

-J. Valcárcel, “Vidal Bolaño: El talento y la palabra”, *La Región*, “Desde la butaca”, 9 setembro 2000, p. 17.

Céntrase no monológo interpretado por Vidal Bolaño cun único interlocutor mudo, O Apóstolo Santiago. Salienta que o actor asumiu con brillantez o peso do espectáculo e que o público asistiu atónito á utilización “de la más poderosa y temible de las armas: la palabra”. Alude á numerosa asistencia dun público moi novo e di que atendeu “embobado” durante os 90 minutos que durou a súa posta en escena.

-J. Valcárcel, “Del universo mundo”, *La Región*, “Desde la butaca”, 10 setembro 2000, p. 23.

Céntrase no espectáculo de Teatro do Aquí, e cualifica a montaxe visual de eficaz, así como de “ágil y dinámico” ao ritmo xeral da obra. Comenta que o contido da posta en escena está inspirada en situacións

reais que Roberto Vidal Bolaño, segundo o cronista, recoñece moi ben e ten o talento literario de escribilas e a capacidade interpretativa de representalas.

J. Valcárcel, "¿Platos combinados o cocina tradicional?", *La Región*, "Desde la butaca", 11 setembro 2000,
10.

Nesta ocasión detense na posta en escena de Galería Teatro e comeza poñendo de manifesto o seu temor a que o feito de que a presencia numerosa do público nesta xeira fose debido á presencia de actores que proveñen dunha popular serie da TVG, como son Mabel Rivera e Ernesto Chao. Con todo saúda a súa asistencia e seguidamente ofrece un comentario valorativo da posta en escena, que cualificou de sorprendente no seu conxunto. Finalmente, refírese ao bo facer dos actores malia as malas condicións de aclimatamento do escenario.

IIº Festival Longoiro Teatro

Organizado por segunda vez este ano pola formación Longoiro Teatro tivo lugar entre os días 30 de xuño e 2 de xullo no local social da Asociacón de Veciños de Meirás. Nesta iniciativa o Concello de Valdoviño e a Cooperativa de Meirás e participaron tres agrupacións de teatro local afeccionado: grupo Amistad, da Asociación de Mulleres do barrio de Santa Marina con *O inocente sexólogo* e *O cego de Fornelos*, Bartoleta Teatro, da Asociación de Veciños do Ensanche "A" con *Un refaixo para A Celestina* e finalmente Longoiro Teatro representou *Pista ou peste*.

VIº **Festival** internacional de teatro **universitario**

Celebrouse en Lugo e en Santiago de Compostela do 3 ao 10 de abril baixo a organización da Aula de teatro do Campus de Lugo e tendo como escenarios o auditorio Gustavo Freire, en Lugo e O Teatro Principal e a Sala Galán en Santiago de Compostela. Contou coa participación de grupos de universidades galegas e doutras procedentes de Argentina, Portugal, Brasil, Chile e Noruega, así como de diversas universidades españolas. As compañías galegas que participaron foron Aula de Teatro da Universidade de Santiago con *Os vellos non deben namorarse* e A Aula de Teatro do Campus de Lugo que puxo en escena *Fin de Partida*.

Referencias varias:

-C. V., “El VIº Festival de Teatro Universitario encabeza el programa del próximo trimestre en la sala Galán”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 31 marzo 2000, p. 68.

Anuncia a programación prevista no VIº Festival de Teatro Universitario, que se enmarca dentro das actuacións da Sala Galán. Dá conta do nome dalgunhas das compañías galegas e non galegas participantes e, finalmente, faise eco tamén doutras actuacións incluídas na programacion da Sala Galán como o inicio da

III.4.1. Ciclos, encontros, festivais, mostras,semanas e salas alternativas

Vº edición do festival de danza “En pé de pedra” celebrado no mes de abril ou as estreas de *Diario* a cargo de Teatro Galileo e *Dúas mulleres á vez* a cargo de Teatro de Ningures e María Armesto. Dise que no transcurso do Festival ofrecéronse este ano dous talleres interuniversitarios, un coordinado polo grupo Carranca, da Universidade de Campinas (Brasil) e outro coordinado por Pequeño Clan, da Escola de Teatro da Universidade Católica de Chile.

-M. P., “O interese nótase nos talleres”, *El Progreso*, “Cara a cara”, 5 abril 2000, p. 35.

Entrevista a Pablo Rodríguez, director da Aula de Teatro do Campus de Lugo, quen iniciou a conversa salientando o gran número de participantes ao longo do ano académico na aula en diversas actividades relacionadas co teatro. Ademais, refírese aos talleres que cada ano se ofrecen durante o Festival e dá conta dos previstos para este ano. Responde á cuestión da polémica suscitada sobre a selección de actores para acceder á aula de teatro, e comenta que está aberta a toda a comunidade universitaria, ademais de facer un balance positivo sobre o interese espertado na universidade polo teatro que, segundo di, se nota fundamentalmente nos talleres que organizan, así como na grande asistencia de público ás actuacións do “Gustavo Freire”.

Vº **Mes** de Teatro de **Ferrol**

Organizado anualmente pola Asociación de Mulleres de Santa Marina durante o mes de outubro, co fin de dar a coñecer ao público as compañías de teatro afeccionado. As compañías participantes foron A Asociación de Mulleres de Santa Marina coa obra *A batalla de Brión* e *As cousas da miña tía Angustia*, o grupo de teatro Metástase con *Intransixencia* e Obradoiro de Miño.

Vª **MITEU** (Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego)

A Aula de Ourense organizou en 1994 a Iª Mostra de Teatro Galego Universitario de Ourense que pasaría en 1996 a constituírse na Iª MITEU (Mostra Ibérica/Internacional de Teatro Universitario). Esta Mostra pretende potenciar o intercambio artístico entre grupos galegos e grupos da Península ou de fóra dela. Ao término das funcións establécese un coloquio sobre a obra e sobre as distintas xestións dos grupos universitarios. As datas de celebración son sempre na segunda quicena de abril. Está organizada pola Compañía Sarabela Teatro xunto coa Aula de Teatro Universitario de Ourense "Maricastaña", baixo a dirección de Fernando Dacosta e a coordinación de Elena Seijo, co patrocinio da Universidade de Vigo, a Área de Cultura do Concello de Ourense e o IGAEM. Dende 1999 celébrase o Premio de Dramaturxia Carlos Couceiro para premiar con cen mil pesetas a unha das compañías participantes. A presente edición tivo lugar entre os días 25 de abril e 12 de maio e participaron compañías procedentes de Extremadura, Canarias, Comunidade Valenciana, País Vasco, Aragón, Australia, Portugal e Costa de Marfil. As compañías galegas participantes foron: Grupo Cordelia (Aula de Teatro Universitaria de Ourense) coa obra *Os ecos de Celestina*, Aula de Teatro Universitaria de Lugo coa obra *Fin de Partida*, Xerigonza (Universidade de Vigo) con *A grande noite de Fiz*, Aula de Teatro Universitaria de Santiago con *Os vellos non deben namorarse* e Aula de Teatro Universitaria de Ourense "Maricastaña" con *Un conto de inverno*.

Referencias varias:

-Víctor Rodríguez, “El Miteu de Ourense estará dedicado este año al teatro de los cinco continentes”, *El Mundo. Galicia*, “Cultura”, 11 abril 2000, p. 9.

Informa da nova edición da MITEU e informa que o orzamento previsto para este ano é de sete millóns de pesetas. Ademais, anuncia a participación dun total de 260 representantes de once universidades polo que destaca a presencia de teatro dos cinco continentes. Ao final, sinala como novidades importantes a visita dun grupo teatral de Australia e outro de Costa de Marfil, así como unha xornada dedicada ao “café teatro”.

-S. Espinoso, “La Celestina’ ourensana estrenó la Miteu”, *La Región*, “Cultura”, 27 abril 2000, p. 12.

Refírese á primeira actuación desta edición a cargo da compañía Cordelia, e despois de dar conta brevemente do seu argumento e nomear ás encargadas da dirección, salienta a escaseza de público asistente a este primeiro espectáculo. Con todo, sinala que o espectáculo non desmereceu e que os actores se entregaron na súa interpretación.

-Víctor Rodríguez, “Pretendemos que el espectador se ‘enganche al teatro”, *El Mundo. Galicia*, “Cultura”, 30 abril 2000, p. 8.

III.4.1. Ciclos, encontros, festivais, mostras,semanas e salas alternativas

Entrevista con Fernando Dacosta, un dos responsábeis da Mostra, na que responde a cuestións relacionadas co inicio desta, da que lembra que comezou hai oito anos como Mostra de Teatro Galego, e na actualidade é internacional. Sinala que a súa intención é abranguer un maior contacto con outros países, e salienta que se iniciou co territorio nacional e Portugal, despois ampliaron a Europa e América e este ano xa teñen grupos de Australia e Africa. Dacosta salientou tamén a súa pretensión de intercambio cultural entre grupos universitarios de diversa procedencia, e referiuse á grande acollida de público que ten a MITEU na actualidade. Finalmente, salienta que teñen conseguido que sexan as propias universidades as que busquen participar na MITEU polo que este ano se viron obrigados a realizar unha selección de compañías.

-S. Espinoso, “La Miteu entre ‘bambalinas”, *La Región*, “Ciudad”, 10 maio 2000, p. 17.

Nesta ocasión céntrase no intenso labor levado a cabo polos organizadores da Mostra, como son Fernando Dacosta, Elena Seijo e os integrantes do grupo Maricastaña. Fai un percorrido polos pasos realizados para seleccionar os grupos participantes, así como o traballo realizado para elixir o lugar para lograr que a estancia dos actores sexa o máis cómoda posíbel. Finalmente, fai referencia ao traballo de Suso Díaz, técnico oficial da Mostra e destaca o seu minucioso labor que implica ter a punto o son, a música e as luces para cada posta en escena.

-S. Espinoso, “Preto de tres mil persoas pasaron pola MITEU”, *La Región*, “Cultura”, 13 maio 2000, p. 14.

III.4.1. Ciclos, encontros, festivais, mostras,semanas e salas alternativas

Refírese á última actuación deste ano, a cargo dun grupo portugués, e cita as dúas obras levadas a escena. A seguir, con motivo da clausura da Mostra, fai un breve balance desta e apunta que arredor de mil persoas se deron cita durante case un mes. Destaca aos grupos galegos como os máis demandados a pesar de que as propostas de Costa de Marfil e Australia tamén foron ben acollidas.

Iª **Mostra** de Teatro Afeccionado **Cabanateatro**.

O Concello de Cabana de Bergantiños, por medio da Concellería de Cultura, convoca esta primeira mostra de teatro que pretende ter carácter permanente e ser de periodicidade anual. A súa finalidade é premiar a posta en escena de orixinais e adaptacións de textos dramáticos contemporáneos. A representación dos espectáculos teatrais seleccionados terá lugar no Pavillón Municipal de Cabana de Bergantiños (Cesullas), sendo as características técnicas do escenario as seguintes: 12 m de embocadura, 7 m de fondo e 3 m de alto. Esta Mostra celebrarase entre o 20 e 23 de abril do ano 2000, aínda que o prazo de incripción farase do 15 de novembro de 1999 ao 10 de marzo do ano seguinte, no Rexistro Xeral do Concello concocante. Poderá participar calquera grupo de teatro afeccionado de Galicia, que estea incrito no Rexistro Xeral de entidades culturais da Xunta de Galicia, e que entregue unha solicitude que conteña os seguintes datos: nome do grupo; nome e DNI dos compoñentes; domicilio e teléfono para notificación do grupo de teatro, título e autor da obra; orixinal ou copia do texto teatral; ficha técnica do espectáculo; vídeo VHS da totalidade da obra; dossier fotográfico; e dossier de prensa (opcional). Os textos deberán representarse en lingua galega, tendo presente a necesidade da súa normativización, e os grupos participatnes encargaranse da infraestructura material e técnica relativa aos seus espectáculos. Un xurado nomeado polo Concello seleccionará na primeria fase un total de tres obras, que pasarán á fase. Os premios consisten en 100.000 ptas. para o primeiro mellor espectáculo, 50.000 ptas. para o segundo mellor espectáculo, 35.000 ptas. para o terceiro mellor espectáculo e placa para a mellor interpretación feminina e masculina. Nesta convocatoria inaugural, o xurado, que estivo integrado por Silvia Losada

Crende, Jacinto Rivera Fariña, Yolanda Imia Antelo, Martín Martínez Rioboo e José Ramón Lema Mira, fixo a súa deliberación o día 24 de marzo. Na modalidade de compañías teatrais, o primeiro clasificado foi “Teatro Avento” coa obra *¿Quen matou a Mari Lauri?*; o segundo, “Falcatruada” con *Os cravos de prata*; e o terceiro, “Amigos do Teatro” con *Os vellos non deben namorarse*. Polo que se refire ás modalidades individuais, o galardón ao mello actor recaeu en José Liñares de “Falacatruada” e o de mellor actriz en Lidia Gómez de “Amigos do Teatro”.

Iª **Mostra** de teatro afeccionado de **Cambre**

Ciclo de teatro organizado polo Concello de Cambre en honra ao escritor Manuel Murguía, incluído dentro dos actos do Día das Letras Galegas. O ciclo estivo protagonizado por diferentes grupos de novos actores de Cambre. Abriu o certame o día 13 de maio o grupo O Bosque da Xuventude, de Cecebre, coa encenificación de *O pincel máxico*. O día 19 de maio tivo lugar a representación de *Los muertos se facturan y las mujeres se desnudan* a cargo do obradoiro de teatro do instituto David Buján. O 3 de xuño actuou o grupo infantil Chiribío, da asociación teatral Faíscas con *O Romance de Roberto e Xuliña* e Muradana con *A Herdana*. O 9 de xuño o obradoiro de teatro do instituto A Barcala con *O home desnudo e o home de frac* e *Panchiño* pecharon o ciclo.

XVIIª **Mostra** Internacional de Teatro Cómico e Festivo de **Cangas**

Organizada polo colectivo Xiria e o Concello de Cangas, baixo a dirección de Mª Xosé Mariño. Contou co patrocinio do IGAEM, Concello de Cangas, Deputación de Pontevedra, ADM e Caixa Galicia. Este ano tivo como escenario principal o pavillón do Instituto de Rodeira, se ben se levaron adiante representacións na Casa da Cultura, a Escola de Música, a Cafetería Jucamar e o Pub Canis Lupus e foi celebrada entre os días 2 e 9 de decembro. Para a inauguración contou coa presencia como pregoeiro de Cándido Pazó. A mostra compaxina o teatro de rúa co de sala e todas as pezas que presentan como trazo común o seu carácter cómico. Nesta edición participaron as seguintes compañías galegas: Teatro do Morcego con *Os piratas-A Branca Rosa*, Teatro de Ningures con *Decorcheas*, Teatro Maltés con *Fillo do Rigor* e Teatro Aurín con *Supertot*, ademais dos grupos universitarios Grupo Teatre, da Aula de Teatro da Universidade de Vigo-Campus Pontevedra coa obra *A desaparición de Wendy* así como Gabriel Lezcano e Sergio Domínguez con *Dominar o mundo*. Ademais, representáronse en sala outros espectáculos como foron os das compañías Teatro Meridional (Portugal-España-Italia), Teatro de Malta (Castilla-La Mancha), Teatro del Norte (Asturias), Yllana 666 (Madrid), Belladona Teatro (Aragón), Paul Morocco Band (Estados Unidos) e Cambaleo Teatro (Madrid). Pola súa banda Teatro Alla Scalla 1:5 puxo en escena *Á do libro*, e Títeres Cachirulo representou *Catro Contos da China*, ambas destinadas ao público infantil. No transcurso da Mostra tiveron lugar diversas actividades paralelas como foron un mercadiño de teatro, a presentación do novo número da *Revista Galega do Teatro*, un curso de teatro impartido polo Clown catalán Jordi Purti e organizado pola Asociación de Actores, Directores e Técnicos de escenas de Galicia, as

presentacións de catro obras escritas por mulleres como foi a escrita por Cilha Lourenzo, *Talía na crónica de nós*, e finalmente a presentación das bases dos I[os] premios da crítica convocados pola *Revista Galega de Teatro* e o Iº Premio ao labor teatral 2000, que os organizadores conceden a persoas que destacan pola súa traxectoria artística e que fixeron actividades teatrais na axuda da dinamización do teatro no ensino secundario e universitario. O xurado decidiu concederllo este ano a Ánxeles Cuña Bóveda, directora do grupo Sarabela, fundado en 1980.

Referencias varias:

-J. Luís Martínez, “El Auditorio de Cangas no estará utilizable para ser escenario de la Mostra de Teatro”, *Atlántico Diario*, 17 outubro 2000, p. 16.

Refírese ao atraso producido este ano na celebración da Mostra debido ás reformas levadas a cabo no Auditorio de Cangas, lugar onde tiñan previsto celebrala. Por este motivo, anuncia que os espectáculos teñen previsto desenvolverse durante o mes de decembro e non en setembro, como foi habitual dende que se iniciou esta Mostra.

-J. Luís Martínez, “Sotelo trata de agotar las posibilidades de celebrar la Mostra de Teatro en el Auditorio”, *Atlántico Diario*, “Morrazo”, 18 outubro 2000, p. 15.

Fai alusión aos problemas relacionados co atraso das reformas do Auditorio de Cangas. Informa da imposibilidade de estar acondicionado para o mes de setembro, e dá conta da reunión que Ché Mariño, directora da Mostra, mantivo con Alba Cordeiro, Concelleira de Cultura de Cangas, co fin de buscar un escenario alternativo para asegurar a celebración desta edición.

-M. G., "La disponibilidad del auditorio para la Mostra de Teatro se decide en una semana", *Altántico Diario*, 19 outubro 2000, p. 15.

Novamente vólvese facer referencia á inquietude dos organizadores da Mostra ante as dúbidas referentes ao escenario do evento e á imposibilidade de editar e publicar o programa de actuacións desta edición por non ter confirmado o lugar de celebración.

-J. Luís Martínez, "El Auditorio queda descartado por las obras para celebrar la Mostra de Teatro de Cangas", *Atlántico Diario*, "Morrazo", 31 outubro 2000, p. 22.

Nesta ocasión dáse conta da decisión acordada entre a Concelleira de Cultura e os organizadores da Mostra de celebrar a presente edición no pavillón do Instituto de Rodeira, ante a imposibilidade de ter habilitado o Auditorio de Cangas para as datas de celebración da Mostra.

-J. L. M., “Un grupo de Estados Unidos actuará en la Mostra de Teatro Cómico de Cangas”, *Atlántico Diario*, “Morrazo”, 10 novembro 2000, p. 14.

Refírese ao acto de presentación da Mostra e apóiase nas palabras dos seus organizadores, quen salientaron o “nível altísimo” dos grupos asistentes este ano. Tamén ofrece o programa de actuacións dende o día 2 ata o 9 de decembro, no que cita as compañías participantes e os títulos das obras representadas. Finalmente, dá conta das cifras ofertadas polas distintas entidades que subvencionaron o espectáculo como foron A Xunta de Galicia, o Concello de Cangas, a Deputación de Pontevedra, ADM e Caixa Galicia.

-M. G., “Coa mostra naceron máis grupos de teatro”, *Atlántico Diario*, “Morrazo”, 27 novembro 2000, p. 10.

Conversa con Ché Mariño, directora da Mostra, quen responde a diversas preguntas relacionadas coa organización da presente edición. Despois de salientar a ausencia de Mostras importantes en Galicia, exceptuando a de Cangas e a de Ribadavia, céntrase no dificultoso labor de selección dos grupos invitados, así como nas novidades previstas para este ano, como a celebración dun mercadiño do teatro ou as reunións de dramaturgas nas que se presentan diversas publicacións . Finalmente, fai referencia á longa espera deste ano e aos problemas habidos para conseguir habilitar o pavillón do Instituto de Rodeira e poder levar adiante a celebración ao non poder facer uso do Auditorio.

-Salvador Rodríguez, “Lo suyo sí que es puro teatro”, *Faro de Vigo*, “Farodomingo”, 28 novembro 2000, pp. 4-5.

III.4.1. Ciclos, encontros, festivais, mostras,semanas e salas alternativas

Despois de salientar o esforzo organizativo da asociación cultural Xiria por levar adiante un ano máis a Mostra, fai un amplo repaso polo calendario de acutacións na celebración do espectáculo, no que inclúe o nome das compañías e ofrece un breve resumo de cada unha das postas en escena. Así, faise eco da presencia de compañías como Teatro Meridional, integrada por actores de España, Portugal e Italia, da que destaca a súa liña de traballo orientada cara a procura de formas teatrais comúns dos países mediterráneos. Tamén se refire á compañía de Etelvino Vázquez, director e actor asturiano que presenta este ano fronte a Teatro del Norte a obra *Las Voces de la Voz*. Entre as grandes atraccións do programa destaca a presencia dos norteamericanos Paul Morocco Band, co seu show *Olé*. Finalmente alude á programación infantil prevista e dá conta do programa de actuacións destinado a este público como foron Teatro Cachirulo, Teatro Mutís ou Teatro Alla-Scalla 1:5.

B. L., “Cangas celebra la XVII Mostra de teatro festivo”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura”, 30 novembro 2000, 65.

Anúnciase a apertura da Mostra e informa dos días que durou o espectáculo así como dos lugares que serviron como escenario este ano. Cita algunhas das actividades paralelas que se levaron a cabo no transcurso da Mostra e ao final cita algunhas das compañías presentes nesta edición como Teatro Alla Scalla 1:5, Teatro de Malta, Teatro del Norte, Yllana ou Belladona Teatro.

- M. V., “Arrancó la XVIIª Mostra de Teatro de Cangas”, *Diario de Pontevedra*, “Diario de CulturaOcio”, 3 decembro 2000, p. 72.

Despois de dar noticia do inicio da Mostra, céntrase na actuación do Teatro Meridional da que ofrece un resumo do argumento da súa posta en escena e presenta unha pequena biografía do grupo. Ao remate, sinala tamén as actuacións das compañías galegas Alla Scalla 1:5 e Teatro de Ningures.

-X. B., “El orgullo de Sir Gay’, hoxe na Mostra”, *Atlántico Diario*, “Morrazo”, 4 decembro 2000, p. 10.

Información que se centra na actuación da compañía Teatro de Malta co seu espectáculo *El Orgullo de Sir Gay*, do que se apuntan algunhas claves do seu argumento e se fai unha breve historia do grupo. Finalmente, cita o elenco de actores participantes.

-X. Boubeta, “O portugués Teatro do Meridional engaiola ao público cangués cun fermoso espectáculo”, *Atlántico Diario*, “Morrazo”, 4 decembro 2000, p. 10.

Logo de se referir á actuación da compañía Teatro do Meridional da que destacou o grande elenco actoral, informa da celebración durante o venres e o sábado do mercadiño de teatro, unha das novidades desta edición. Ademais, na sección “Ruxe-Ruxe”, analiza a noite de inauguración no Pavillón do Instituto de Rodeira, e destaca a brevidade dos discursos dos organizadores así como as tensións vividas no inicio da Mostra. Tamén recolle as palabras de Cándido Pazó, quen no seu discurso inaugural denunciou o tratamento que o teatro recibe nos medios de comunicación.

-B. L., “La obra ‘666’ de Yllana se representa hoy en Cangas”, *Diario de Pontevedra*, “Diario de CulturaOcio”, 5 decembro 2000, p. 72.

Anuncia os espectáculos de Teatro del Norte con *Las voces de la voz* e Yllana Teatro con *666*, previstos para a cuarta xornada da Mostra, así como a actuación do grupo Belladona que escenificou na cafetería Jucamar o espectáculo *La frigidez como manifestación explosiva de la ninfomanía*.

-Xosé Boubeta, “Pinceladas de cor cheas”, *Atlántico Diario*, “Morrazo”, 5 decembro 2000, p. 14.

Comenta o espectáculo ofrecido pola compañía Teatro de Ningures, á que salienta por estar integrada por catro actrices dunha dilatada experiencia profesional. A propósito da posta en escena de *Decorcheas* destaca a brillantez acadada no texto dialogado, a pesar de que apreciou eivas na dirección do espectáculo como “o brochazo groso” no enfoque político. Finalmente reivindica o seu traballo por ser un espectáculo con referencias musicais, próximo ao cabaret, xénero moi pouco tratado ata o momento en Galicia.

-X. B., “Un mércores completo de teatro”, *Atlántico Diario*, “Morrazo”, 6 decembro 2000, p. 20.

Recolle o programa previsto para este día e apunta breves notas argumentais dos espectáculos que foron *Supertot* a cargo de Teatro Aurín, *Olé* a cargo de Paulo Morocco Band e, finalmente, o espectáculo dirixido ao público infantil *Catro contos da China* a cargo de Teatro Cachirulo.

-Xosé Boubeta, “O orgullo do traballo ben feito”, *Atlántico Diario*, “Morrazo”, 6 decembro 2000, p. 20.

Céntrase nesta ocasión no espectáculo levado a escena pola compañía castelá Teatro de Malta, *El orgullo de Sir Gay*. Salienta o éxito acadado entre o público e opina que foi moi merecido polo gran traballo interpretativo dos seis actores, do que destaca a súa frescura, axilidade, sinxeleza e enerxía.

-X. B., “Continúa a tónica de tres espectáculos”, *Atlántico Diario*, “Morrazo”, 7 decembro 2000, p. 13.

Anuncia a programación dos espectáculos de Cambaleo Teatro, Grupo Teatre e o dúo universitario procedente de Vigo formado por Gabriel Lezcano e Sergio Domínguez, previstos para a quinta xornada da Mostra. Ofrece os títulos das postas en escena de cada un deles e dá conta ademais do elenco de actores que integran cada unha das compañías.

-Mar Mato, “Teatro Maltés lleva la Mostra a su recta final con una parodia sobre el ser humano”, *Faro de Vigo*, “Louriña-O Morrazo”, 8 decembro 2000, p. 12.

Breve noticia que anuncia as representacións da compañía de Segovia Teatro Mutis e a do grupo galego Teatro Maltés.

-X. B., “Doble sesión no penúltimo día”, *Atlántico Diario*, “Morrazo”, 8 decembro 2000, p. 14.

Ofrece o programa de actuacións previstas para o penúltimo día da mostra, que inclúe o espectáculo destinado ao público infantil *Crispín en el reino de Pasimisí*, a cargo de Teatro Mutis, e a posta en escena do grupo galego Teatro Maltés con *O fillo do rigor*. Refírese tamén brevemente ás claves argumentais de cada unha das obras.

-Xosé Boubeta, “A Paul Morocco Band ofreceu con ‘Olé’ un sorprendente diálogo músico-corporal”, *Atlántico Diario*, 8 decembro 2000, p. 14.

Despois de sinalar como características básicas da Mostra a variedade e a calidade, céntrase no espectáculo *Olé* a cargo da compañía estadounidense Paul Morocco Band o que cualifica de “sorprendente” espectáculo.

-X. B., “Moita actividade na derradeira xornada”, *Atlántico Diario*, “Morrazo”, 9 decembro 2000, p. 13.

Nesta ocasión dá conta de tres espectáculos incluídos na última xeira desta edición: Pablo Nojes co seu espectáculo de títeres *Que pasa en la plaza*¸ Teatro do Morcego con *Os piratas-Branca Rosa* e, finalmente, anuncia a cita no pub Canis Lupus, onde actuou o grupo músico-teatral galego “Fabulosos cubatas de focking brothers”.

-Xosé Boubeta, “Cambaleo Teatro presenta outra pinga de variedade teatral no sexto día da Mostra”, *Atlántico Diario*, “Morrazo”, 9 decembro 2000, p. 13.

Comenta a interpretación do grupo Cambaleo Teatro, que puxo en escena *Diálogos en el paraíso*. Sinala que se trata dunha reflexión sobre a condición humana, dende a intelixencia e dende o humor e destaca que o tratamento do tema dende unha perspectiva por veces cercana no absurdo dos diálogos provocou división de opinións entre o público asistente.

-X. B., “Un primeiro balance”, *Atlántico Diario*, “Morrazo”, 10 decembro 2000, p. 12.

Ao remate da mostra, ofrece unha valoración sobre esta edición á que define con tres palabras: “cantidade, variedade e cualidade”. A seguir, céntrase nas compañías non oficiais que pasaron polos escenarios como foron Aurín e o grupo universitario Teatre, dos que di que presentaron dúas propostas “serias e rigorosas”, tanto no argumento como na execución da posta en escena. Na última parte da noticia salienta tamén o bo traballo dos grupos dedicados ao público infantil, que acadaron as súas expectativas de chegar aos nenos.

-Xosé Boubeta, “Os golpes da vida en seis asaltos”, *Atlántico Diario*, “Morrazo”, 10 decembro 2000, p. 12.

Céntrase no traballo interpretativo dos actores que integran a compañía Teatro Maltés na obra *Fillo do rigor.* Valórao positivamente pois considera que lograron credibilidade e achegamento aos problemas da parella,

tema sobre o que xira a obra. Apunta tamén algunhas claves temáticas da peza representada, baseada nun texto de Álvaro Ahunchaín e, finalmente, lamenta que o mal tempo impedise por momentos a comunicación co público.

-X. B., “As mulleres, protagonistas”, *Atlántico Diario*, “Morrazo”, 11 decembro 2000, p. 10.

Alude ao protagonismo acadado pola muller durante a última xornada da Mostra, gracias ao encontro-presentación celebrado este día no que se levaron adiante diversos actos, dos que dá conta. Así, salienta a entrega do Premio Xiria ao labor teatral a Ánxeles Cuña, integrante do grupo Sarabela, e dá conta das presentacións de diversas publicacións relacionadas co teatro entre as que cita o traballo de investigación a cargo de Cilha Lourenzo e Carlos Vizcaíno, *Talía na Crónica de Nós (1990-1999)* ou a peza teatral de Itziar Pascual, *Hollyday Out-Postal de Mar*, traducida ao galego por Xosé Manuel Pazos e publicada no último número da *Revista Galega do Teatro*, tamén presentado durante a celebración do encontro.

-Xosé Boubeta, “Teatro do Morcego clausurou unha nova edición da Mostra cunha opereta romántica”, *Atlántico Diario*, “Morrazo”, 11 decembro 2000, p. 10.

Refírese ao espectáculo *Os Piratas-Branca Rosa* a cargo da compañía Teatro do Morcego. Apunta as claves argumentais desta e sinala que as características principais da proposta son o colorido e a sinxeleza. Fai fincapé no amplo elenco de actores, dos que destaca a súa experiencia profesional, así como o seu estilo definido e ao final alude ao traballo de dirección de Celso Parada, de quen o obxectivo fundamental foi ofrecer

ao público unha obra sinxela, flexíbel e presentar “un xoguete cómico co fin de engaiolarnos de principio a fin”.

Ver Teatro de Ningures.
Ver Teatro Maltés.

VIª Mostra de teatro de Cariño

Esta Mostra foi organizada pola Asociación Cultural Malveira, dende 1976 ata 1988 como a Mostra de teatro galego portugués. A partir de 1995 o concello de Cariño volveu organizala e celébrase dende entón todos os anos durante o mes de agosto. Nesta edición tivo lugar entre os días 17 e 20 dese mes e participaron as seguintes compañías: Teatro do Aquí con *Criaturas*, Sarabela Teatro con *O lapis do carpinteiro*, Teatro do Atlántico con *O Cerco de Leningrado* e Ollomoltranvía con *ÑikiÑaque*. A mostra tamén acolleu a posta en escena dedicada ao público infantil *Romance de Micomicon e Adhelala*, a cargo da compañía Sarabela Teatro.

Ver Ollomoltranvía. Ver
Sarabela Teatro. Ver
Teatro do Aquí. Ver
Teatro do Atántico.

XIIIª **Mostra** de teatro de **Cee**

Organizada anualmente e dende hai trece anos pola Asociación Cultural Domingo Antonio de Andrade, conta coa colaboración da Delelgación de Cultura do consistorio de Cee, da Deputación Provincial da Coruña e o IGAEM. Dende o 19 ata o 27 de agosto celebrouse esta edición no salón de actos da Fundación Fernando Blanco. Actuaron os grupos Ollomoltranvía coa obra *ÑikiÑaque*, Patricia Vázquez con *Marina Marini*, Teatro da Bufarda con *Anfitrión*, Malabaranda con *O primo americano*, Teatro Escondido con *Rúa Sol*, Teatro do Aquí con *Criaturas*, Teatro do Atlántico con *O cerco de Leningrado* e Teatro Avento con *Arañeiras*. Tamén actuaron os grupos que se dirixen ao público infantil: Os Quinquilláns con *Gulliver*, Títeres Cascanueces con *A rúa do pantasma*, Berrobambán con *Diariamente* e Talía Teatro con *Menos lobos*, así como os contacontos Diego Parra e José Campanari, quen presentou o espectáculo *Seres urbáns e non tanto.*

Xª **Mostra** de teatro popular de **Chantada**

Celebrouse entre os días 21 e 25 de agosto na Praza do Cantón baixo a organización do grupo teatral Faro-Miño, co apoio do concello chantadino. O grupo Faro-Miño, integrado por seis actores, naceu en 1990, ano en que deciden organizar esta Mostra. Abriu a mostra o grupo Teatro do Curro coa obra *A sombra do Tenorio*. As outras compañías participantes foron o grupo de teatro da Biblioteca Antas de Ulla coa obra *Polaroid*, Metátase con *Intransixencia*, Falcatrueiros con *Historias mínimas*, Teatro experimental con *A Farsa de Inés Pereira* e Faro-Miño con *Vitamina-T*.

Referencias varias:

-H. F. L., “Apto para tódolos públicos”, *El Progreso*, “Especial”, 26 agosto 2000, p. 36.

Céntrase no grupo Faro-Miño, organizador desta Mostra, e lembra o inicio da formación do que este ano celebran o seu Xº décimo aniversario. A seguir, dá conta da obra representada da que sinala que se trata dunha posta en escena formada por diversos “gags” cómicos. Finalmente cita algúns dos encontros culturais celebrados en Chantada como o de “Encontro e Amizade” no que tiveron a posibilidade de actuar no Centro

Galego de Barcelona e en Cornellá, ou a presencia do grupo na Mostra celebrada en Palas de Rei. Remata a noticia facendo referencia ás dificultades coas que se atopan para levar adiante as actividades culturais pola insuficiente subvención que reciben por parte das Institucións.

Iª Mostra **de Teatro Afeccionado** da Estrada

Organizada por primeira vez este ano polo Concello da Estrada coa colaboración do IGAEM, celebrouse entre os días 23 e 26 de novembro e os espectáculos desenvolvéronse no Teatro Principal. Nesta primeira edición participaron as seguintes compañías: Teatro da Bufarda con *Anfitrión*, Teatro Palimoco con *Antígona*, Dequenquén Teatro con *Aquí non paga ningún* e Tirinautas Teatro con *Un domingo de Picnic*. Ademais, a Mostra acolleu tamén unha actuación destinada ao público infantil a cargo da compañía Berrobambán, que puxo en escena *Diariamente*.

IIª **Mostra** de teatro Concello de **Gondomar**

Organizada pola Concellería de Cultura de Gondomar, baixo o patrocinio de Caixanova e Plastic Onium. Esta iniciativa enmárcase nun programa cultural que ten como obxectivo ofrecer ao pobo de Gondomar representacións de teatro e música de calidade. Os espectáculos desenvolvéronse cada sábado durante os días 11, 18 e 25 de novembro e 2, 9 e 16 de decembro e as actuacións foron celebradas no Auditorio Municipal. Participaron as seguintes compañías: Teatro do Noroeste coa obra *Feirantes*, Teatro Atlántico, Teatro do Morcego con *O Lazariño de Tormes*, Porta Aberta con *Fin de acto* e, finalmente, clausurou a Mostra o grupo Teatro Avento, que puxo en escena *Papá e mamá están ben*.

Referencias varias:

-C. C., “La Concejalía de Cultura prepara los conciertos de verano y el teatro de otoño”, *Faro de Vigo*, 10 xullo 2000, pp. 11-12.

Ofrece unha panorámica da situación cultural de Gondomar e dáse conta dalgunhas das actividades previstas para este ano. No concernente ao teatro galego salienta a construcción do Auditorio Municipal que

serviu de escenario a diversas compañías teatrais, despois de vinte anos de ausencia teatral na vila. Entre outras, lembra o nacemento da Escola Municipal de Teatro a cargo de Armando G. Freiría que deu orixe ao colectivo teatral O Novete, así como a compañía Vichelocrego, nacida dun grupo de estudiantes dirixidos por Margarita Cachaza. Finalmente, informa da creación do Iª Ciclo de Teatro de Outono que ten previsto desenvolverse entre novembro e decembro deste ano e lembra o nacemento da Iª Mostra de Teatro Afeccionado organizada por primeira vez no ano 1999.

-V. M., "La Mostra de Teatro 'Concello de Gondomar' comienza en noviembre", *Faro de Vigo*, "Especial", 9 outubro 2000, p. XXII.

Dá conta do inicio da Mostra, así como das compañías e obras previstas no programa de actuacións. Informa que se levaron a cabo no Auditorio Municipal e que se trata dunha iniciativa do Concello de Gondomar. Ademais, sinala que dende a Concellería de Cultura se está a xestionar a incorporación de Gondomar á Rede Galega de Teatro, dirixida polo IGAEM, co fin de garantir a presencia de compañías de teatro de Galicia e de España durante todo o ano.

Ver Teatro do Noroeste.

Iª **Mostra** de teatro afeccionado de **Noia**

Organizada polo departamento de Cultura do Concello de Noia, en colaboración co Teatro do Curro e o Instituto das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM). Esta primeira edición celebrouse todos os venres do mes de marzo e as actuacións tiveron lugar no Teatro Coliseo Noela. Participaron as seguintes compañías: Grupo teatral Clámide, de Vilagarcía de Arousa con *La tía de Carlos*; Grupo teatral Faro-Miño, de Chantada con *Vitamina-T*, Grupo teatral Municipal de Ribeira con *Cousas* e Grupo teatral Teatro do Curro con *Que veñen os cómicos*.

Iª Mostra **de teatro afeccionado de** Palas de Rei

Desenvolveuse entre o día 19 e 23 de xullo na Casa de Cultura do Concello e participaron as seguintes compañías: Teatro do Curro con *Que veñen os cómicos*, Berenguela con *Catro corazóns con freo e marcha atrás*, Faro-Miño con *Risoterapia esfervescente*, Teatro Amistade con *O inocente sexólogo* e Metástase Teatro con *Intransixencia*.

VIIª **Mostra** de teatro afeccionado de **Pontevedra**

Organizada polo Concello de Pontevedra dende hai sete anos, tivo como escenario as diversas parrroquias de Pontevedra, volvéndose a escenificar no Teatro Principal desta cidade entre os días 26 e 29 de setembro. Nela participaron as seguintes compañías: A Mimosa con *O enigma do cabaleiro negro*; o grupo Expresión que puxo en escena *Hamlet, príncipe do Kaos*; Arume con *Farsa Plautina* e Teatro Xenio, quen participou coa obra *Aspirina para dous*.

Referencias varias:

-María Varela, "La Mostra de Teatro Afeccionado abre el programa de otoño en Pontevedra", *Diario de Pontevedra*, 22 setembro 2000, p. 72.

Informa da inauguración da Mostra, despois de dous anos sen celebrarse, e cita as compañías participantes nesta VIIª edición. Recóllense as palabras de Luís Bará, Concelleiro de Cultura, quen destacou a calidade desta Mostra, a cal é unha maneira de recoñecer "un traballo moitas veces calado e dende logo sacrificado" dos grupos de teatro afeccionado. Ademais, o delegado de cultura apuntou que esta Mostra se enmarca dentro das actividades organizadas polo Concello de Pontevedra para o outono en relación co mundo do

teatro. Finalmente, insiste na pretensión por parte do Concello de que este tipo de espectáculos teñan continuidade no tempo.

-M. V., “Gran acogida al teatro aficionado local”, *Diario de Pontevedra*, “Diario de CulturaOcio”, 28 setembro 2000, p. 64.

Fai referencia á continuación da Mostra, e salienta a presencia do grupo Arume para esta xornada coa obra *Farsa Plautina*, á que alude como unha posta en escena realizada en clave de comedia e “con gran histrionismo”. Lembra a actuación do grupo na cidade o pasado ano con grande éxito de público e informa da representación do grupo Teatro Xenio coa obra *Aspirina para dous*, coa que se clausura a Mostra.

-M. V., “Éxito del grupo ‘Arume’ en el principal”, *Diario de Pontevedra*, “Diario de CulturaOcio”, 29 setembro 2000, p. 72.

Valora positivamente a presente edición desta Mostra que se clausurou coa compañía Xeito que puxo en escena *Aspirina para dous*, e apoiándose nas palabras do seu director, Manuel Solla, fai referencia ao argumento que xira arredor dun escritor de revistas cinematográficas. Salienta que a partir desta obra se abordan algúns dos temas favoritos de Woody Allen como a psicoanálise, o sexo, o medo ou o sentimentalismo.

-M. V., “Xenio’ cerró la muestra de teatro aficionado”, *Diario de Pontevedra*, “Diario de Cultura”, 30 setembro 2000, p. 64.

Breve noticia que alude ao derradeiro día da Mostra, que se clausurou coa participación do grupo Xenio e salienta o éxito de público acadado pola compañía, así como o éxito xeral da Mostra que se manifestou na grande afluencia de público durante toda a semana.

Mostra de teatro **de Rianxo**

Organizado polo Concello de Rianxo en colaboración coa Deputación da Coruña, estivo enmarcado dentro do “Agosto Cultural” da vila, no que se levaron a cabo outras iniciativas culturais como noites de cine, música folk ou danza tradicional. A Mostra celebrouse entre os días 16 e 20 dese mes e as actuacións desenvolvéronse na praza Rafael Dieste. Participaron as seguintes compañías: Alalá Producciónes con *As viaxes de Lola*, Teatro Airiños como *Un ronsel de estrelas* e Pífano Teatro con *¿Que fan as dependentas dos grandes almacéns ó cumpriren os 50 anos?*. Ademais, a Mostra atendeu tamén ao público infantil coas seguintes compañías: Berrobambán, que puxo en escena *Diariamente*; Monicreques de Kukas con *Kukarandainas* e Teatro Churrusquiños con *Rata linda en Compostela*, *Unha cousa pola outra* e *Ensaio Xeral*.

Ver Alalá Producciónes. Ver Teatro Airiños. Ver Berrobambán,
no apartado VI. 3. 3. 2. 1., deste *Informe*.

XVIª **Mostra** internacional de teatro de **Ribadavia**

Baixo a organización do Concello de Ribadavia e en colaboración coa Concellería de Cultura, tivo lugar entre os días 19 e 25 de xullo, tendo como marco a Praza Maior de Ribadavia e o Auditorio do Castelo dos Sarmientos e as rúas do barrio xudeu. Por primeira vez no transcurso da Mostra o público puido elixir a mellor obra representada, galardoada cunha figura representativa o sábado 29 de xullo. Participaron un total de catorce grupos, procedentes de Italia, Portugal, Brasil, Francia, Andalucía, Madrid, País Vasco, La Rioja así como os galegos Galería Compañía de Teatro coa obra *Compañía*, Sarabela Teatro con *O lapis do carpinteiro* e Teatro do Aquí con *Criaturas*. Por primeira vez participaron catro compañías especializadas en títeres dirixidos ao público infantil: Títeres Viravolta co espectáculo *Barriga verde*, Théâtre de Marionettes, Títeres Trompicallo con *Manoladas* e Teatro de Marionetas Molécula.

Referencias varias:

-Virxilio Rodríguez Silva, Miguel Fernández Grande e Bieito Sieiro González, “Abrente: Trinta e tres anos antes”, *Tempos Novos*, nº 37, xuño 2000, pp. 6-8.

III.4.1. Ciclos, encontros, festivais, mostras,semanas e salas alternativas

Os fundadores do “Equipo” que máis tarde daría lugar á Mostra de Teatro Galego en Ribadavia, recordan como nesta vila foran conseguindo interesar á xente por distintos temas a través de xuntanzas, foros, debates... Os tres cregos, pais deste movemento, tiñan moi claro que todo isto se debía facer coa palabra, “acto liberador por antonomasia”, e que cada pobo tiña que expresarse na súa propia lingua nai. Sinala que foi por iso polo que no 68 fixeron a “Primeira Mostra do libro galego” onde houbo conferencias e debates. Ademais disto din que se proxectaban películas e mantiñan reunións a nivel comarcal ou de diocese. Sen embargo o seu labor provocou a súa expulsión de Ribadavia e a súa acción “foi cristalizando na Mostra de Teatro Galego ata o ano 83, data a partir da que consideran que “non se axustou ó espírito orixinal cambiando de orientación”.

-Carmen Paradela, “Rivadavia anuncia una intensa Mostra de Teatro Internacional”, *La Voz de Galicia*, 9 xullo 2000, p. 5.

Anuncia o inicio da nova edición da Mostra e dá conta dalgunhas das compañías participantes. Informa da estrea durante o espectáculo da obra *Compañía* a cargo de Galería Compañía de Teatro e informa dalgunhas das novidades previstas para este ano, como son a presencia de catro compañías de teatro infantil así como a posibilidade de poder elixir a mellor obra representada por parte do público asistente. Finalmente, informa de que o orzamento é o mesmo que en edicións anteriores e cita as entidades que subvencionan a Mostra como A Consellería de Cultura, CaixaVigo e Ourense e a Deputación provincial de Ourense.

-V. Rodríguez/P. Tristán, “A Mostra de Ribadavia revalida dende o mércores a súa aposta polo teatro de autor”, *El Mundo. Galicia*, “Cultura”, 16 xullo 2000, p. 9.

III.4.1. Ciclos, encontros, festivais, mostras,semanas e salas alternativas

Noticia que alude ao inicio da Mostra e signifícanse como principais novidades este ano a presencia do teatro para o público infantil e o teatro de autor, que no concernente ao teatro galego ten o seu expoñente en Roberto Vidal Bolaño, que participa coa obra *Criaturas*. Así mesmo, cita a importancia das representacións dalgunhas compañías de fóra de Galicia como son Tanttaka Teatroa con *El pianista en el océano* ou Teatro Meridional con *Una historia del Universo*. Tamén ofrece un resumo do argumento da obra *Compañía*, espectáculo coproducido por Manivela e Galería, e salienta que a montaxe se concibe como "unha maneira de cuestionar o feito de que o matrimonio e as outras formas de convivencia de parella sexan una maneira de paliar a soidade das persoas". Finalmente, ofrece o cartel de obras previstas no transcurso da Mostra.

-S. Espinoso, "Rivadavia: Una semana dedicada al teatro", *La Región*, "Cultura", 19 xullo 2000, p. 13.

Ante o inicio da Mostra, faise eco do convenio de colaboración asinado por Caixanova e o Concello da cidade para ofrecer a Entidade Bancaria a súa subvención co fin de sacar adiante a presente edición da Mostra. Salienta, ademais, as novidades coas que conta este ano como son a estrea absoluta da obra *Compañía* e a programación dirixida ao público infantil.

-X. A . Reboiro, "La historia universal contada por campesinos", *La Región*, "O Ribeiro", 22 xullo 2000, p. 19.

Noticia que recolle información sobre a representación de Teatro Meridional e a súa obra *Una historia del Universo*, e salienta o éxito obtido ante o público asistente. Así mesmo, refírese á presentación da obra de guiñol *Barriga verde* a cargo de Títeres Viravolta.

Mostra de Teatro Universitario da Universidade de **Santiago de Compostela**

Celebrouse entre os días 2 e 15 de maio e tivo como escenarios o Salón Teatro, Sala Nasa, Sala Galán e Auditorio da Universidade, baixo a coordinación da Aula de Teatro da USC e coa producción do Vicerrectorado de Extensión Cultural e Servicios á Comunidade Universitaria. Nesta edición participaron as seguintes compañías: Grupo Ápeiron con *Síntoo*, Grupo EIS con *Bailadela da morte ditosa*, Grupo de teatro de inglés con *Fool´s paradise (Farcical Comedy)*, Grupo Teutema con *Teutema* (creación colectiva), Iacaví Teatro con *Familia*, Aula de Teatro do Campus de Ourense (Universidade de Vigo) con *Conto de inverno*, Escola de teatro Alternativa con *La divine comedie*, Grupo de teatro Hac Luce (Universidade da Coruña) con *Noite de reis*, Captatio Benevolentiae con *Ndc*, Comité pro autores perseguidos con *Idos* e *Paseo polo museo de cera*, Compañía Corpsu con *El meido*, Grupo Nús con *Olimpus et Decorum, intento pretencioso de comedia musical,* Tirititraun con *H**** e Grupo Xerigonza con *A grande noite de Fiz*.

IVª **Mostra** de teatro afeccionado galego de **Sanxenxo**

Organizada pola Asociación de Prevención e Loita contra a Droga Avante, no 2000 celebrouse a IVª edición e desenvolveuse entre o 15 e o 17 de xullo. Actuaron os grupos Falcatrúa, o Grupo de Transparencias do CEIP de Vilalonga e a formación teatral da Asociación Avante.

Referencias varias:

-M. J., “El teatro vuelve a Portonovo”, *Diario de Pontevedra*, 15 xullo 2000, p. 19.

Informa do inicio da IVª edición da Mostra e ofrece moi brevemente o programa de actuacións previsto durante as tres xornadas nas que se desenvolve.

Iª **Mostra** de teatro afeccionado de **Verín**

Organizado polo Concello de Verín por primeira vez este ano, en colaboración co IGAEM. A Mostra celebrouse entre os días 26 e 30 de decembro, tendo como escenario a Casa da Cultura do Concello. As compañías participantes nesta primeira edición foron Teatro da Bufarda con *Anfitrión*, Tirinautas Teatro con *Un domingo de picnic*, Teatro Palimoco con *Antígona* e Dequenquen Teatro con *Aquí non paga ninguén*. Ademais, a mostra acolleu o espectáculo destinado especificamente ao público infantil, a cargo da compañía Berrobambán, quen puxo en escena *Diariamente*.

IIª **Mostra** internacional de teatro universitario de **Vigo**

Promovida polo Instituto das Artes Escénicas e Musicais, está organizada por segunda vez pola Universidade de Vigo e coordinada por Casilda García Alfaro. As representacións desenvolvéronse nos Campus de Vigo e Pontevedra e tiveron lugar durante os meses de abril e maio. No Campus de Vigo celebráronse no Auditorio do Concello e participaron compañías da Costa de Marfil e o Teatro Universitario de Alacante, ademais das compañías galegas EIS Galicia con *Bailadela da morte ditosa*, o grupo Xerigonza, do Campus de Vigo con *A grande noite de Fiz* e o grupo Maricastaña do Campus de Ourense que puxo en escena *Un conto de inverno*. No Campus de Pontevedra déronse cita diversas compañías de Badajoz, Universidade da Laguna, Australia e a compañia galega Aula de Teatro Universitaria de Santiago de Compostela. Os espectáculos tiveron lugar por primeira vez este ano no salón de actos das Facultades de Belas Artes e Ciencias da Educación, ademais do Teatro Principal.

Referencias varias:

-D. P., “Dos grupos de Santiago abren hoy la ‘Mostra de Teatro Universitario”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, 25 abril 2000, p. 11.

III.4.1. Ciclos, encontros, festivais, mostras,semanas e salas alternativas

Alude ás dúas montaxes que se encargaron de abrir a Mostra no campus de Pontevedra. Sinala que nesta edición foron dous grupos da Universidade de Santiago: EIS Galicia, coa obra de Roberto Vidal Bolaño que leva o título *Bailadela da morte ditosa* e a Aula de Teatro do Campus de Santiago de Compostela co clásico de Castelao, *Os vellos non deben namorarse*.

-D. P., "El teatro universitario se centra hoy en las propuestas de Vigo y Badajoz", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", 26 abril 2000, p. 15.

Con motivo da inauguración da mostra dá conta das compañías participantes e salienta a presencia do grupo do campus de Vigo, Xerigonza, coa obra *A grande noite de Fiz*, da que ofrece un breve resumo do seu argumento.

-D. P., "El teatro universitario atrajo la mirada de más de mil pontevedreses", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", 29 abril 2000, p. 16.

Fai referencia ao éxito acadado este ano no Campus de Pontevedra e segundo as palabras da organizadora, Casilda García, o número de espectadores foi medrando xornada tras xornada. A seguir, comenta a posibilidade de traer na próxima edición un grupo de Europa do Leste pois, segundo di, existe pouco coñecemento do que fan os universitarios desta zona europea. Finalmente, fai referencia ao grupo de nova creación do Campus de Pontevedra que non puido estar presente na Mostra e anuncia a estrea da súa primeira obra, *A desaparición de Wendy*, para o mes de maio.

-A. Del Olmo, “La Mostra de Teatro Universitario arranca con piezas de los aborígenes australianos”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 3 maio 2000, p. 12.

Dá conta da presencia do grupo australiano Center for Performing Arts de Brisbane e salienta que foron os encargados de abrir a Mostra este ano. Ofrece un repaso da súa actuación da que salienta a creatividade e orixinalidade que marcaron o espectáculo. Ademais, anuncia as próximas actuacións para a seguinte xeira.

-Francisco Castro, “Aborígenes”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 4 maio 2000, p. 11.

Alude á celebración da Mostra en Vigo e salienta como novidades importantes a presencia dun grupo australiano e do grupo Le Bin Kadi So, un grupo de teatro da Costa de Marfíl, do que apunta que é un dos grupos de teatro universitario máis importantes de África. Ao remate cita tamén algúns dos espectáculos previstos dentro do teatro galego e felicita á Universidade de Vigo por atreverse cun programa tan “espectacular”, para beneficio de todos os vigueses e viguesas.

-Javier Campa, “Nuevo teatro africano”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 5 maio 2000, p. 10.

Refírese á actuación do grupo de teatro orixinarios de Costa de Marfil Le Bin Kadi So, e sinala que puxo en escena unha “orixinal” versión do Fausto de Goethe, a base de danzas e cantos tradicionais. Recóllense as

palabras da súa directora, Marie-José Hourantier, quen salientou a vixencia en Costa de Marfil do tema da obra elixida pois no seu país é moi frecuente vender a alma ou unha parte do corpo.

-Pilar Piñeiro, “Un ‘Fausto’ con raíces africanas, en la Mostra de Teatro Universitario”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 5 maio 2000, p. 13.

Novamente salienta a presencia do grupo africano no auditorio do Concello de Vigo e apunta que na representación se mesturaron elementos da literatura occidental coa tradición africana. Segundo a súa directora, a elección do mito de Fausto foi debida a que en África existe moita xente que por riqueza vende partes do seu corpo.

Antón Lamapereira, “2ª Mostra de Teatro Internacional de Teatro Universitario de Vigo”, *Revista Galega de Teatro*, nº 23, primavera-verán 2000, pp. 57-59.

Informa da segunda Mostra Internacional de Teatro Universitario de Vigo, citando as compañías teatrais participantes. Así mesmo, antes de apuntar as características de cada grupo, realiza unha serie de constatacións sobre os encontros.

XXIIª Mostra de teatro de Vilalba

Organizada pola Concellería de Cultura, Educación e Mocidade coa colaboración da Consellería de Cultura da Xunta e da Deputación ademais do IGAEM. Tivo lugar entre os días 20 e 29 de outubro e as montaxes foron representadas no Auditorio Municipal da Vila. Participaron, entre outras, as seguintes compañías galegas: Áchadego Teatro con *Chuvia de anxos sobre París*, Faro Miño con *Vitamina T*, Metástase Teatro con *Intranxisencia* e Nova Escena con *A muralla rosa*.

Referencias varias:

-E. R. V., "La 'Mostra de Teatro' dará inicio a la temporada de actividades culturales", *El Progreso*, "Especial", 25 agosto 2000, p. 38.

Anuncia o comezo da Mostra para o día 23 de outubro e salienta que con esta iniciativa inauguran en Vilalba a tempada de actividades culturais promovidas dende o Concello. Así mesmo, destacan as palabras da Concelleira de Cultura, Ana Chao, quen explicou que a vila conta con mellores infraestructuras dende que se contruíu o Auditorio Municipal. Ao remate, dáse conta dalgunhas das compañías participantes nesta edición.

Novembro teatral 2000. **Vigo**

Organizado polo grupo de teatro “O Trasno”, da Sociedad Cultural, recreativa e deportiva Nautilius de Vigo para celebrar o seu vixésimo aniversario, baixo a dirección de Xaime Costas. Tivo lugar do 4 ao 25 de novembro e participaron as seguintes compañías: O Trasno Novo Teatro con *Unha muller, unha historia*, Teatro do Curro con *A sombra do Tenorio*, Grupo de teatro C. C. S. Castro Barreiro de Salceda de Caselas con *O tonto é un sabio*, e pechouse coa actuación novamente de O Trasno novo Teatro con *Foreber*.

Referencias varias.

-A. del Olmo, “La programación teatral del Concello es elitista”, *Faro de Vigo*, “Vigio”, 4 novembro 2000, p. 8.

Nesta breve conversa co director da compañía, Xaime Costas, refírese á representación da obra a cargo do grupo de teatro O Trasno, e salienta que a elección dunha obra de Gabriel García Márquez está motivada pola celebración do seu vixésimo aniversario como compañía de teatro afeccionado e porque será a última vez que a representen. A seguir salienta que as asociacións veciñais prefiren achegar ao público grupos

musicais a representacións teatrais. Finalmente, amosa a súa queixa ante a invisibilidade do teatro afeccionado nos ciclos teatrais que organiza o Concello de Vigo.

IXº **Outono** de teatro de **Carballo**

Organizado pola Asociación Cultural Telón e Aparte, baixo a dirección do seu presidente, Alberto Sueiro, e a Concellería de Cultura do Concello de Carballo. A edición deste ano levou como título "Unha mirada ó século", e a súa pretensión foi a revisión do século XX. O programa de actuacións desenvolveuse entre os días 6 e 10 de novembro e contou coa presencia da compañía galega Sarabela Teatro, quen puxo en escena *O lapis do carpinteiro.* As demais compañías participantes foron Suripanta Teatro (Extremadura), Zanguango Teatro (Salamanca), Cachivache (Madrid) e pechou o ciclo Carles Flavia de Barcelona, quen representou un monólogo titulado *El estado del malestar.* Paralelamente ás representacións teatrais desenvolvéronse diversas actividades de animación teatral en diferentes espacios de Carballo, durante os días 3 e 4 do mes de novembro como foi a denominada "Rúa dos contos".

Referencias varias:

-Ramón Busto, "O lapis do carpinteiro' abre o Outono de teatro' de Carballo", *O Correo Galego*, "AFA", 27 outubro 2000, p. 31.

III.4.1. Ciclos, encontros, festivais, mostras,semanas e salas alternativas

Fai referencia ao acto de presentación desta IXª edición da Mostra e informa do programa de espectáculos previstos para os días que dure o evento. Tamén recolle as palabras de Alberto Sueiro, presidente da Asociación Telón e Aparte, quen salientou a calidade das cinco compañías presentes este ano.

-Ramón Busto, “Dos mil personas asistieron al ‘Outono de Teatro’, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 12 novembro 2000, p. 44.

Con motivo da clausura da edición deste ano recolle a valoración feita pola asociación Telón e Aparte, quen se mostrou moi satisfeita polo éxito obtido no que se refire á asistencia de público. Tamén fai referencia ao título deste ano, co que se rendía homenaxe ao século XX.

IIIº **Outono** Teatral nos Barrios. **Vigo**

Está Organizado pola Concellería de Cultura de Vigo co propósito de achegar o teatro ás parroquias e de potenciar as compañías da cidade. Esta edición celebrouse entre o 16 de decembro deste ano ata o 3 de febreiro do ano 2001 e elixíronse ata 15 escenarios distintos da cidade. Participaron as seguintes compañías: Teatro alla scala 1:5 con *Unha de amor* e *Á do libro* na asociación de Veciños Val do Fragoso, Máscara Produccións coa representación de *Guillados* e *Malandros* na Asociación Sta Mariña de Cabral, Avento Teatro con *Papa e mamá están ben* e *¿Quen matou a Mari Lauri?* e, finalmente, Fulano, Mengano e Citano con *Cheiro de Estrelas II*.

Referencias varias:

-Rosé Carrera, “El ‘Outono Teatral’ llevará siete montajes a las parroquias viguesas”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 12 decembro 2000, p. 12.

III.4.1. Ciclos, encontros, festivais, mostras,semanas e salas alternativas

Anuncia o programa de actuacións previstas para a presente edición do Outono Teatral nos Barrios e dá conta das compañías de teatro profesional e os títulos das obras que teñen previsto levar a escena durante o evento.

Ver Máscara Produccións. Ver
Fulano, Mengano e Citano.

Sábados teatrais. **Narón**

Organizados polo Padroado de Cultura do Concello de Narón, coa colaboración do IGAEM e da Deputación da Coruña. Celebráronse no Auditorio Municipal de Narón durante todo o ano. Contaron coa presencia de diversas compañías de fóra de Galicia como foi Ados Teatroa e Teatro de Malta. Ademais, participaron con textos en galego, entre outras, as seguintes compañías Teatro Maltés con *Fillo do rigor*, Factoría Teatro con *As presidentas*, Manivela&Galería con *Compañía*, Teatro do Noroeste con *A Celestina* e Ollomoltranvía con *ÑikiÑaque*.

Ver Teatro Maltés. Ver Factoría Teatro. Ver Manivela&Galería. Ver Teatro do Noroeste. Ver Ollomoltranvía.

Sala Galán

Sala independente de Santiago de Compostela que forma parte do circuíto de salas alternativas españolas e na que se organizan actividades teatrais, debates, e cursos sobre o teatro. A encargada da programación, Ana Vallés e directora do grupo Matarile Teatro, é quen sustenta a sala. Entre outras actividades organizou o VIº Festival de teatro universitario, que se celebrou entre os días 3 e 7 de abril; A Mostra de Danza Contemporánea e O Festival *En pé de pedra* (5ª edición), no que participan sete compañías procedentes de Madrid, Barcelona, Mallorca, Andalucía, Massachussets e Lisboa. No ano 2000 acolleu os días 12 e 13 a 7ª Edición de Curtos de Teatro Galego, e en colaboración coa Sala Nasa celebrouse o Iº Festival "Alternativa 2000", coa representación de 21 obras de teatro, danza, música e dous programas especiais.

Referencias varias:

-Lola Huete Machado, "Santiago en Madrid", *El País*, "El país de las tentaciones", 11 febreiro 2000, p. 28.

Faise eco da existencia das salas alternativas en Santiago de Compostela, Nasa e Galán, a primeira sede de Teatro Chévere e a segunda de Matarile Teatro e informa da presencia destas dúas compañías no Festival

Alternativo de Teatro, Música e Danza de Madrid. Anuncia tamén o regreso destas a Santiago de Compostela para iniciar a primeira edición do Festival Alternativa 2000. Dá conta dos títulos das representacións de ambas compañías, *hero.es* e *The Queen is dead*, respecticamente, e cita o nome dos actores de ambos espectáculos.

-M. B., "Una ciudad que danza", *La Voz de Galicia*, "La oferta cultural", 31 marzo 2000, p. 49.

Dá conta do programa de actuacións previstas para o mes de abril desenvolvidas nesta sala entre as que salienta as diferentes montaxes teatrais dentro do Festival Internacional de teatro universitario, no que se acollen compañías de diversas universidades. Destaca as actuacións de compañías galegas como a de Uvegá Teatro coa representación de *A señorita Xulia*, Teatro Galileo con *Diario* ou Teatro de Ningures-María Armesto con *Dúas mulleres á vez.* Informa tamén de que a programación se completa co Festival en Pé de Pedra, que chega á súa quinta edición. Finalmente, informa da programación prevista na sala Nasa na que se acolle a última representación de Chévere, *Hero.es* e Sarabela coa posta en escena de *Tics*.

-Iolanda Ogando, "Coordinando a ironía", *Tempos Novos*, nº 35, "Voces e Culturas. Crítica. Teatro", abril, 2000, p. 95.

Infórmase de que dentro do Teatro Alternativa, organizado polas salas Galán e Nasa de Santiago, incluíronse seis sesións de lecturas dramatizadas de textos de autores galegos. Dos textos presentados: *Sucesos* de Gustavo Pernas, *Ninguén chorou por nós* de Miguel Sande, *Diálogos macanudos* de Xavier Queipo e *Au*

Gaciar de Carlos Santiago, se escenificaron todos menos o de Sande "quizabes pola simple imposibilidade de facelo". Dos tres representados destácase a liña de humor acedo e dise que textos desta fasquía son os que lle fan falta á escrita en galego.

Iolanda Ogando, "Cosendo o teatro", *Tempos Novos*, nº 37, "Voces e Culturas. Crítica. Teatro", xuño 2000, 84.

Destácanse algunhas características (positivas) que posúen os Curtos de teatro da Sala Galán, que neste ano presentou a súa sétima edición. As postas en escena, que duran quince ou vinte minutos, presentan diversos atractivos como é a súa provisionalidade, que permite presentar textos experimentais, ou o feito de que as curtas queden nun inacabado que, "lonxe de facelas imperfectas, as fai máis atraentes". Desta última edición destácanse dous traballos: *Cartas de amor* e a representación interpretada por Víctor L. Mosqueira e Ana Vallés.

Sala Nasa

Creouse no 1994 co nome de Nave de Servicios Artísticos. É unha sala alternativa na que se desenvolven espectáculos teatrais, musicais e xornadas audiovisuais. Durante o ano 2000 continuou a programación estábel de teatro infantil co programa "Asteroide B-612". Do mesmo xeito seguiron a celebrarse as habituais "Ultranoites" que chegaron á súa novena edición. Trátase dunha serie de noites temáticas que se inauguraron coa noite dedicada a Castelao. O programa Fanzinasa alberga curtametraxes, vídeo e banda deseñada. Con respecto ao teatro galego a sala acolleu a representación da última obra do teatro Chévere, *Hero.es.* Así mesmo é promotora e responsábel dende este ano xunto coa Sala Galán do Festival Alternativa 2000.

Referencias varias:

-M. B., "Una ciudad que danza", *La Voz de Galicia*, "La oferta cultural", 31 marzo 2000, p. 49.

Ver Sala Galán neste apartado do *Informe*.

-Xesús Ron, "Visiones desde el fin del mundo", *Primer Acto*, nº 282, "Teatro alternativo. Galicia", xaneiromarzo 2000, pp. 54-55.

III.4.1. Ciclos, encontros, festivais, mostras,semanas e salas alternativas

Fálase da iniciativa privada NASA (Nave de Servicios Artísticos) e salienta que naceu co obxectivo da creación, producción e exhibición artística. Reflexiona sobre o feito de que a iniciativa privada no teatro é un dos fenómenos máis conscientes e orixinais da década dos noventa, polo que dentro do teatro galego da última década só se poden destacar a aparición de dúas salas alternativas en Santiago. E para demostrar que en Galicia é posíbel desenvolver un proxecto como o da NASA bótase man dos anos que levan traballando, dos días de actividade pública, dos espectáculos e artistas presentados e do número de espectadores.

-Iolanda Ogando, “Coordinando a ironía”, *Tempos Novos*, nº 35, “Voces e Culturas. Crítica. Teatro”, abril, 2000, p. 95.

Ver Sala Galán, neste apartado do *Informe*..

Iª **Semana** de teatro afeccionado. **Vigo**

Organizada polo Concello de Vigo e o grupo de teatro da Asociación de antigos alumnos da Escola Oficial de Idiomas de Vigo “Porta Aberta”, baixo a dirección de Froíña García e Belén García, celebrouse entre os días 2 e 8 de outubro. As compañías que quixeron participar tiveron que presentar un vídeo da representación e unha comisión de valoración, integrada por actores e directores profesionais, elixiron os sete mellores grupos. Os escenarios que acolleron as postas en escena foron nesta edición A Escola de Idiomas, o Centro Cultural Atlántida de Matamá, a Asociación de Veciños San Xoán Paulo e o Auditorio do Concello. De entre vinteoito compañías participantes nesta edición foron elixidas pola comisión de valoración, formada por: Carme Corbalán, Ovidio Sánchez, Uxía Blanco, Dorotea Bárcena, Euloxio Rodríguez Ruibal, Maximino Fernández Deyzán e José María García Picher, as seguintes agrupacións: Teatro Aforo con *Homes*, Trasnada con *Non se chora*, Aprendices do vacío con *Caixa de sorpresas*, Aulatalía 1 con *Os vellos non deben de namorarse*, Rueiro con *Os cravos de prata*, Escola de Formación Teatral Dorna con *Aurita a través do espello*, e a propia compañía organizadora Porta Aberta coa obra *Fin de acto*. A xornada inaugural abriuse con *A vinte leguas, Astracanada,* posta en escena das alumnas de 5º de primaria do Colexio As Acacias, quen obtiveron unha mención especial por parte da Comisión de Valoración.

Referencias varias:

-A. S., “El Concello y la asociación ‘Porta Aberta” recuperan la semana de teatro aficionado”, *Faro de Vigo*, 25 marzo 2000, p. 9.

Faise eco da recuperación da Semana de teatro afeccionado organizada polo Concello e pola Asociación Porta Aberta e informa que os grupos participantes terán que concorrer a un previo concurso. Tamén salienta as palabras de Carmen Martínez-Corbalán, Concelleira do Patrimonio Histórico, quen asegurou que a pretensión do certame é apoiar o teatro galego e retomar os certames que se celebraban en Vigo hai anos.

-Javier D. Campa, “La primera Semana de Teatro Aficionado se celebrará durante el mes de octubre”, *Atlántico Diario*, 25 marzo 2000, p. 10.

Fai referencia ao inicio da Semana de teatro afeccionado e ofrece información sobre as bases do concurso para a posterior selección de obras a representar. Cita os nomes dos membros do xurado e recolle as declaracións de Froíña García, protavoz da Asociación Porta Aberta, quen salientou o apoio recibido por diversas entidades da cidade. Pola súa banda, a Concelleira Carmen Martínez-Corbalán fixo fincapé na afección teatral que tradicionalmente caracterizou Vigo, polo que é necesario o reinicio destes festivais para dar cabida aos grupos de teatro afeccionado.

-S. P., “Siete grupos participarán en la primera semana de teatro para aficionados”, *Faro de Vigo*, 18 xuño 2000, p. 11.

Faise eco da lista de obras seleccionadas polo xurado integrante desta Iª Semana de teatro afeccionado, e ofrece o nome das compañías e títulos de obras elixidas. Ademais, ofrece o nome dos membros do xurado e informa que esta 1ª edición ten previsto ser celebrada entre o 2 e o 8 de outubro.

-A. Rodríguez, “Siete grupos, seleccionados para la Semana de Teatro Aficionado”, *Faro de Vigo*, “Vigo por los 4 costados”, 27 xuño 2000, p. 2.

Ademais de dar conta da resolución do xurado da primeira convocatoria desta Semana, achega o nome dos seus integrantes e as razóns que o levou a tomar tal resolución. Tamén informa sobre os galardóns entregados e ofrece algúns datos referentes a esta iniciativa, como son as causas polas que se levou adiante e o que se pretende facer para próximas convocatorias.

-A. Mauleón, “Los grupos de teatro ganadores del certamen aficionado muestran sus obras al público vigués”, *Faro de Vigo*, 21 setembro 2000, p. 10.

Informa da resolución do certame celebrado por primeira vez este ano e comenta que foron sete as compañías gañadoras que terán a oportunidade de presentar ao público as súas obras entre o 2 e o 8 de

outubro. Tamén se recollen as palabras de Froíña García, presidenta da asociación organizadora, quen lamentou as grandes dificultades coas que se enfrontaron á hora de conseguir subvencións para levar adiante o certame.

-A. Rodríguez, “A Semana de Teatro Afeccionado péchase cun éxito de público”, *Faro de Vigo*, “Vigo por los cuatro Costados”, 31 outubro 2000, p. 10.

Con motivo da clausura, valórase esta Iª Semana de teatro afeccionado. Cómezase salientando o grande éxito de público acadado así como a satisfacción dos organizadores. A seguir, sínalase que os directivos do grupo Porta Aberta amosaron as súas queixas pola falta de responsabilidade do Concello de Vigo á hora de asinar o convenio para patrocinar o evento. Na última parte da noticia dáse conta dalgunhas das compañías presentes no ciclo, así como dos escenarios que acolleron as representacións e finalmente os nomes dos integrantes do xurado do certame que seleccionaron as compañías.

Ver Aprendices do Vacío.
Ver Porta Aberta.

Semana de teatro no Concello de **Vilamarín**

Tivo lugar dentro do programa da XIIIª edición das “Noites teatrais no Pazo de Vilamarín”, que se celebraron do día 17 ao 21 de xullo no pazo de Vilamarín. Participaron as seguintes compañías galegas: Sarabela Teatro con *O lapis do carpinteiro*, Teatro do Morcego con *Os patios da memoria* e Teatro do Vilar con *Acto imprevisto*.

Iº **Verán** de teatro e danza. **Vigo**

Incluído no programa de festas do verán do Concello de Vigo tivo como escenario a Praza da Constitución e actuaron as seguintes compañías galegas: Máscara producciónes con *Guillados*, Teatro Alla Scalla 1:5-Artello con *Unha de amor*, Fulano, Mengano e Citano co seu espectáculo *Cheiro de Estrelas II* e, finalmente, Teatro Avento con *Arañeiras*.

Xoves teatrais 2000. **Ferrol**

Programa organizado polo concello ferrolán coa colaboración do IGAEM e a Fundación Caixa Galicia e coordinado polo Ateneo Ferrolán. Todos os xoves dos meses de outubro, novembro e decembro no auditorio do Centro Torrente Ballester, agás o 13 de decembro que foi no Auditorio da Fimo, na Coruña, tiveron lugar representacións teatrais. Neste ano participaron as seguintes compañías galegas: Sarabela Teatro con *O lapis do carpinteiro*, Teatro do Noroeste con *A Celestina*, Teatro Galileo con *Diario*, Teatro do Aquí con *Criaturas*, Áncora producciónes puxo en escena *Sucesos*, Os Contracontos con *Caperucitoloxía* e Alalá Produccións con *Sambando na Lama de Zapato Branco.*

Ver Sarabela Teatro. Ver
Teatro do Noroeste. Ver
Teatro Galilego.

III. Teatro

III.4. Postas en escena

III.4.2. Estreas

III.4.2.1. Grupos estábeis ou profesionais

Teatro **Airiños**: *Un ronsel de estrelas,* de Xesús Santos**.**

Ver Santos, Xesús, *Un ronsel de estrelas*, no apartado III. 1. deste *Informe*.

Posta en escena que se concibe coma unha persoal homenaxe ao escritor rianxeiro. Nela un vello patrón, que soña con Manuel Antonio viaxa a bordo do seu barco, conversando co poeta.

Asistente de dirección: Xesús Santos.
Interpretación: Xesús Santos.

Referencias varias:

Helena Villar Janeiro, “Manuel Antonio en teatro”, *El Correo Gallego*, “Notas de actualidade”, 4 agosto 2000,
3.

Dá conta da representación por diferentes localidades da Ría da Arousa, como homenaxe a Manuel Antonio con motivo do centenario do seu nacemento. Destaca o papel de Xesús Santos, vinculado ao grupo dende

1955, como autor, asistente de dirección e mesmo actor na peza, repasando brevemente a longa traxectoria do grupo “máis veterano de Galicia”, os atrancos cos que bateron durante a dictadura e a propia trama da obra. Remata felicitando aos responsábeis desta difusión do pensamento e da obra de Manuel Antonio.

Ver IIIº Encontro de teatro afeccionado do Concello de Boiro.
Ver Mostra de teatro de Rianxo

Alalá Teatro & Aprendendo a nadar produccións artísticas: *Coma prácticas de gramática caníbal*, de Claudia Campos.

Xénero: Heroico-cómico.
Dirección: Claudia Campos**.**
Interpretación: Claudia Campos.

Ver VIIIª Feira do Teatro de Galicia.

Áncora Produccións: *Sucesos*, de Gustavo Pernas Cora.

Montaxe teatral dividida en catro “sucesos” nos que o fío conductor son diversos acontecementos que xiran arredor da vida cotiá da nosa sociedade. Os catro actos levan por título “Ruínas”, “A vella sensación do prohibido”, “Branco e negro” e “¡Ai, que sería de nós sen os obreiros!”. Estes sucesos poden ser os que enchen as páxinas do xornais e, quizais as butacas do teatro, así como parellas que intentan lembrar como sucedeu a primeira vez, vellas que axexan baixo as estadas o que pode suceder, mulleres que corren para previr que non suceda, turistas con fame de sucesos ou viúvos que non puideron evitar que sucedese.

Dirección: Gustavo Pernas Cora. Interpretación: Gustavo Pernas Cora e Ánxela G. Abalo. Colaboración musical: Mon Santiso.

Referencias varias:

-Carmen Villar, “Un invierno caliente”, *Faro de Vigo*, “Faro del Ocio”, 20 outubro 2000, p. 4.

Ofrece o programa de actuacións ofertadas pola Sala Galán e ademais de dar conta de diversas representacións teatrais non galegas e espectáculos de danza, informa da montaxe desta obra durante os días 9, 10 e 11 de novembro. Tamén fai referencia á actuación de Mabel Rivera, Xosé M . Oliveira e Avelino González con *Cartas de amor*, dentro do ciclo "Teatro para escoitar".

-A. I. S., "Áncora Produccións", *El Correo Gallego*, "Así está el patio", 4 novembro 2000, p. 38.

Breve nota informativa sobre a nova estrea desta compañía na Sala Galán de Santiago de Compostela.

-M. B., "Áncora escenifica en su último montaje los sucesos que llenan los periódicos", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 9 novembro 2000, p. 7.

Refírese ás representacións da obra na Sala Galán e sinala que se trata de catro pezas breves centradas en sucesos que acontecen día a día, titulados *Ruínas*, *A vella sensación do prohibido*, *Blanco e negro* e *¡Ay!, ¡que sería de nós sin os obreiros!*. Comenta que nelas aparecen distintos personaxes representados polo director da peza, Gustavo Pernas e Ánxeles Abalo.

Ver "Xoves teatrais" 2000 de Ferrol.

Teatro **Avento**: *Arañeiras*, de Eduardo Pavlovsky.

Espectáculo que recrea a violencia no seo dunha familia formada por tres membros: o pai, a nai e o fillo, condenados a convivir nunha atmosfera de violencia e frustración desencadeada polo temperamento violento do pai. O humor negro e as situacións extremas son as dúas constantes deste espectáculo, non recomendado para menores de dezaseis anos pola súa especial dureza.

Dirección: José Serpa. Interpretación: Enrique Domínguez, Sonia Delgado e Gabriel Correa.

Referencias varias:

-Ágatha de Santos, "Teatro Avento presenta "Arañeiras", una obra sobre la violencia doméstica", *Faro de Vigo*, "Vigo", 12 febreiro 2000, p. 14.

Con motivo da posta en escena no Auditorio Caixavigo da peza teatral, reproduce as palabras de Enrique A. Domínguez, quen criticou a falta de apoio institucional para levar adiante a representación. A seguir, céntrase

na propia representación, da que salienta algunhas das claves argumentais máis relevantes como son a violencia doméstica tratada con dureza ou a gran carga dramática presente na peza. Malia todo, segundo comentan os propios membros da compañía, o texto ten tamén escenas de humor negro, que serve como mecanismo de defensa ante as situacións tan “aberrantes” que mostran ao público.

-Javier D. Campa, “Teatro Avento baja a los infiernos de la violencia doméstica en su nuevo montaje”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 12 febreiro 2000, p. 10.

Información que xira arredor do acto de presentación e estrea da obra no Centro Cultural Caixavigo, en Vigo. Sinala que con esta obra o grupo celebra o décimo quinto aniversario da súa existencia. A seguir, ofrece un breve resumo do argumento e salienta a dificultade do papel de Sonia Salgado, que con só vinteún anos interpreta a unha nai que sobrepasa a corentena. Finalmente, dá conta das palabras de agradecemento por parte da compañía pola axuda recibida de varias empresas privadas, ao mesmo tempo que mostrou a súa indignación pola falta de apoio por parte das institucións públicas.

Ver Ciclo de teatro da Asociación Cultural “La Villa”.
Ver IIº Ciclo de teatro de Bueu. Ver XIIIª Mostra de teatro de Cee. Ver Iº Verán de Teatro e Danza.

Bagoada Teatro: *Cataclown*, de Miguelanxo D'Oca.

Dirección: Paulo Serantes.
Interpretación: Miguelanxo D'Oca.

Referencias varias:

-Iolanda Ogando, "Paixón pola tristura do fútbol", *Tempos Novos*, nº 39, "Voces e Culturas. Crítica. Teatro", agosto 2000, p. 86.

Informa dos problemas e das cousas interesantes do espectáculo *Clownfutbol*, que se puido ver no polígono de Vite na última semana de xuño e os dous primeiros días de xullo. Salienta que esta proposta de Eric de Bont, a súa escola e os Chévere, cae en tópicos moi repetidos sobre o mundo futbolístico, di que está ralentizada de máis e a utilización da lingua falla na súa credibilidade. Apunta algúns dos aspectos máis interesantes do espectáculo como foron a interpretación dalgúns actores e "a orixinalidade dalgún dos momentos onde parece máis respectada a tradición do clown".

Balea Branca Produccións: *O Contrabaixo*, de Patrick Süskind.

Comedia urbana que fala das obsesións dun home que toca o contrabaixo nunha orquestra de música clásica e está perdidamente namorado de Sara, a nova soprano que canta nela.

Dirección: Dami Contreras. Adaptación: Damián Contreras. Traducción: Xosé C. Caneiro e Dami Contreras. Interpretación: Damián Contreras. Escenografía: Balea Branca. Atrezzo e vestiario: Delia Fernández. Cartel e programa de man: Imp. Prov. Deputación. Fotografía e vídeo: Xosé L. Caneiro. Técnico de Luces: Raúl Longueira. Técnico de son: Manolo Pereira. Producción e distribución: Balea Branca. Iluminación: Dami Contreras.

Referencias varias:

-A. I. S., “Nuria Espert y Adolfo Marsillach traen a Virginia Wolf al Principal”, *El Correo Gallego*, “Así está el patio”, 26 abril 2000, p. 38.

Ademais doutras noticias referentes ao mundo da cultura, no tocante á cultura galega faise eco da representación da compañía Sarabela Teatro coa posta en escena de *O lapis do carpinteiro*.

Ver Ciclo de teatro profesional 2000 de Moaña.
Ver VIIIª Feira do Teatro de Galicia. Ver Ciclo
“Xoves Teatrais” 2000 de Ferrol.

Teatro **Bruto:** *Ninguén chorou por nós*, de Miguel Sande.

O autor, Miguel Sande, recibiu o premio de teatro Rafael Dieste en 1998. O texto, caracterizado pola súa brevidade e case falta total de diálogo entre as personaxes, está inspirado nunha familia desafiuzada que xira arredor de tres eixos temáticos fundamentais: a tolemia, a destrucción e o medo e conxúganse os silencios cos ruídos para provocar sensacións no espectador. A peza teatral foi estreada no Teatro Colón da Coruña este ano.

Dirección: Pablo Rodríguez. Axudante de dirección: Robert Bass. Interpretación: Gena Baamonde, Mónica Caamaño e Gloria Rico. Vestiario: Cloti Vaello. Maquillaxe: Ruth Petersen. Deseño de espacio escénico: Roberte Baass e Pablo Rodríguez. Realización de escenografía: Rodrigo Roel. Imaxe sintética: Orlando Ledo. Deseño de iluminación: Gloria Rico e Pablo Rodríguez. Deseño de Cartel e programa: Xerardo Fuentes. Producción e distribución: Gloria Rico.

Referencias varias:

-María Pardo, “El espectáculo ‘*Ninguén chorou por nós*” recreará en el Colón situaciones límite”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 13 setembro 2000, p. 18.

Coméntase o espectáculo, do que se subliña a case ausencia total de diálogo entre os personaxes e que os seus tres temas principais son a loucura, a destrucción e mais o medo.

-W. García, “Miguel Sande presenta su obra ‘*Ninguén chorou por nós*”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 13 setembro 2000, p. 34.

Infórmase da presentación da obra no Teatro Colón da Coruña e fai referencia á súa posta en escena da que sinala que se ofrece unha amálgama de medios como o vídeo, diversas montaxes visuais, danza así como o diálogo entre os actores.

-Camilo Franco, “Tamaños”, *La Voz de Galicia*, “Cultura. Teatro”, 14 outubro 2000, p. 14.

Sucinto comentario da montaxe *Ninguén chorou por nós*, de Miguel Sande, da que se opina que se ben o espectáculo funciona en salas pequenas polo deseño, matices e duración, “fica en nada” nos grandes teatros, por ser unha montaxe “levantada sobre os susurros”.

-I. O., “Construír con cinza”, *Tempos Novos*, nº 42, “Voces e Culturas. Crítica. Teatro”, novembro 2000, p. 87.

Céntrase o seu comentario nesta montaxe, da que sinala que se trata dunha adaptación do texto de Miguel Sande, galardoado co Premio de Teatro Rafael Dieste 1998. Cuestiónase nestas liñas o merecemento deste premio xa que este é un texto dificilmente dramatizábel porque non posúe características dramáticas. Exponse que ten ideas boas pero que encadrarían mellor nunha curtametraxe ou nun libro de poemas.

Teatro **Cachuzo**: *Fume*

Fume relata unha parte da vida de dous traballadores: Pedro, un mozo músico a piques de casar coa moza de toda a vida, e Lourenzo, un pai de familia concienciado, contratados por unha empresa cárnica a través dunha empresa de Traballo Temporal. A incertidume polo futuro, a música, o enigmático amor de Perdo, o humor e mais o seu hábito común: fumar, levaráos a establecer unha perversa amizade. Seis meses de camiño, un contrato na vida de Pedro López e Lourenzo Loureiro, operarios con licencia oficial de manipulador de alimentos.

Dirección: Carlos Losada e Rubén Ruibal.

Casahamlet, estudio de teatro (1): A estrela e o vento.

Espectáculo baseado en poemas galegos dos últimos dous séculos.

Dirección: Santiago Fernández. Interpretación: Chus Álvarez, Ana Carril, María Victoria Teijeiro, Paulo Serantes, Anxo G. Merelas e Santiago Fernández.

Referencias varias:

-Eduardo Álvarez, “Casahamlet organiza un recital cunha escolma da poesía galega do século XX”, *O Correo Galego*, “AFA”, 26 febreiro 2000, p. 32.

A escola teatral Casahamlet, no seu espectáculo *A estrela e o vento*, recolle poemas de escritores dos séculos XIX e XX. Para facer esta escolma, con catro apartados: a patria, as xentes, o amor e a alma, baseáronse na calidade literaria dos textos e na súa sonorización fonética. O responsábel da montaxe, Santiago Fernández, destacou que para entreter e emocionar o importante son as letras dos poemas, as voces, co valor dramático preciso, e a música.

-M. A. C., “Casahamlet presenta el sábado un espectáculo poético en la Casa da Cultura ordense”, *La Voz de Galicia*, 15 marzo 2000, p. 46.

Dá conta do espectáculo na Casa da Cultura de Ordes e recolle brevemente as palabras do director, Santiago Fernández, quen destacou que o obxectivo é conseguir que se escoiten as voces dos poetas máis significativos da literatura galega. Así mesmo, incidiu na selección dos poemas, que segundo dixo, se baseou na calidade e na sonorización fonética. Remata a noticia dando conta dos intérpretes participantes na posta en escena.

-C. G., “Teatro de Casahamlet en la casa de cultura ordense”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 18 marzo 2000, p. 47.

Nova noticia na que se alude á representación do espectáculo na Casa de Cultura de Ordes. Moi brevemente, reprodúcense as palabras do seu director quen salientou que o obxectivo do espectáculo é converterse nun ágora onde se escoiten as voces de diversos poetas galegos. Remata a noticia citando os poetas seleccionados para o recital.

-C. G., “El grupo Casahamlet presenta mañana en Padrón el espectáculo poético ‘A estrela e o vento”, *El Correo Gallego*, 11 maio 2000, p. 44.

Noticia na que se anuncian as actividades organizadas polo Concello de Padrón dentro da programación do “Maio Cultural”. Recóllense os participantes, todos eles do grupo teatral Casahamlet, así como as pezas de poetas galegos dos séculos XIX e XX que integrarán o espectáculo poético “A estrela e o vento”.

Casahamlet, estudio de teatro (2): *Orestiada*, baseada en textos de Esquilo.

Guión dramático: Theodor Smeu Stermin.
Traducción: Ana Carril.

Referencias varias:

-Albino Mallo, “Casahamlet’, convidado ós encontros en Francia na honra de María Casares”, *El Correo Gallego*, “Sociedad-cultura”, 27 xuño 2000, p. 75.

Faise eco da invitación feita ao grupo pola directiva do padroado da casa de María Casares, para participar nos encontros da casa dos Comediantes María Casares, instalada na que fora casa de verán da actriz en Francia. Informa que o programa preparado polo grupo está constituído en dúas partes nas que inclúen un recitado de poesías con textos medievais e románticos e outra con melodías galegas e bretonas. Finalmente, alude á representación da *Orestiada*, que tivo lugar no Fórum Metropolitano da Coruña.

Casahamlet, estudio de teatro (3): *Últimas faíscas de setembro*, de Manuel Lourenzo (Premio de teatro Rafael Dieste 1999).

Ver Lorenzo, Manuel, *Últimas faísca de setembro*, no apartado III. 1. deste *Informe*.

Dirección: Manuel Lourenzo.
Interpretación: Manuel Lourenzo.

Referencias varias:

-Ramón Busto, “Teatro, conciertos y una exposición de belenes destacan en la programación para la Navidad en Carballo”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 15 setembro 2000, p. 46.

Informa da representación da obra como apertura dentro do programa de actividades do Nadal organizado pola Concellería de Cultura de Carballo. Anuncia tamén a representación da obra *O cerco de Leningrado* a cargo de Teatro do Atlántico e de *Unha de romanos*, que pon en escena o grupo Badius.

-Malú Bergantiños, “Prefiro un home na representación de Medea”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 1 decembro 2000, p. 24.

Entrevista con Manuel Lourenzo, autor e director desta obra coa que acadou o Premio Rafael Dieste de Teatro en 1999. Sinala que se serviu do mito de Medea para falar da busca de identidade dos personaxes e tratar un tema tan universal como a vinganza amorosa. Di tamén que preferiu un home para representar o papel de Medea para lograr deste xeito un maior distanciamento da muller, que non se sente en absoluto condicionado polo feito de que o texto merecese un premio e que o traballo previo á posta en escena non foi difícil. Achéganse tamén datos biográficos de Manuel Lourenzo.

Casahamlet, estudio de teatro (4): *O xardín dos contos*, de Manuel Lourenzo.

Dirección: Cilha Lourenzo e Santi Fernández.

Centro Dramático Galego (1): *A burla do galo*, de Roberto Vidal Bolaño, baseada en fragmentos de *Merlín e familia*, de Álvaro Cunqueiro.

Ver Vidal Bolaño, Roberto, *A burla do galo*, no apartado III. 3. deste *Informe*.

Dirección: Xoán Cejudo. Interpretación: Xosé Martíns, Marcos Orsi, Maxo Barjas, Mónica Camaño, Susana Dans, Xulio Lago, Gonzalo Uriarte, Vicente de Souza, Eva Fernández, Camila Bossa e Xulio Abonjo. Escenografía, vestiario e atrezzo: Marcelino de Santiago (Kukas). Música: Bernardo Martínez. Iluminación: Roberto Vidal Bolaño. Maquillaxe: Mercedes Alonso. Estudio crítico: Carmen Becerra. Axudante de dirección: Xavier Picallo. Auxiliar de dirección: Elena Benito. Meritorio de dirección: Xavier Bouzas Collazo.

Referencias varias:

-Concha Pino, “El Centro Dramático Galego acapara la ocupación del Salón Teatro hasta junio”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 15 febreiro 2000, p. 44.

Informa de que o Salón Teatro estivo ocupado pola programación do CDG dende a súa reapertura a finais de outubro de 1999. Dá conta das obras previstas para os meses seguintes e recolle as palabras de Aníbal Otero nas que dá a coñecer outras actividades complementarias que terán como escenario este local compostelán.

-Concha Pino, “A burla do galo’, un reto”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 30 marzo 2000, p. 49.

Presenta esta montaxe do CDG como o primeiro texto que esta compañía solicita dun autor galego vivo e como a primeira que aborda o mito do Don Xoán. Recolle as palabras do director, Xoán Cejudo, nas que conta a súa experiencia de traballar con autores contemporáneos, así como a fidelidade textual que mantivo nesta obra na que Vidal Bolaño “foi moi intelixente no tratamento do seu don Xoán”. En epígrafe á parte lembra a traxectoria de Xosé Martíns, o actor principal, e as razóns que o levaron a volver aos escenarios depois de trece anos de ausencia.

-Carmen Villar, “Don Xoán, o máis galo do poleiro”, *Faro de Vigo*, “Faro del ocio”, 31 marzo 2000, p. 2.

Informa da estrea desta montaxe e dá a coñecer a xira prevista e o elenco de actores protagonistas. Apóiase nas declaracións de Vidal Bolaño, Manuel Quintáns e Carmen Becerra para afirmar que esta é unha obra na que se revisita e galeguiza o mito do Don Xoán con doses de humor, imaxinación e orixinalidade.

-Pancho Tristán, "O Centro Dramático Galego estrea hoxe 'A burla do galo', o Don Juan de Vidal Bolaño", *El Mundo. Galicia*, "Cultura", 31 marzo 2000, p. 9.

Ademais de dar a coñecer o horario, lugar de representación en Santiago e xira prevista desta obra, Pancho Tristán achega un resumo do argumento da peza, onde destaca a combinación de momentos dramáticos con outros tenros e humorísticos, así como a súa orixe a partir de fragmentos do *Merlín e familia* de Cunqueiro.

-E. P., "Mestres da Universidade de Santiago eloxian a última montaxe do Centro Dramático, 'A burla do galo", *El Correo Gallego*, "Sociedad-cultura", 9 abril 2000, p. 74.

Recolle as opinións de Dolores Vilavedra, Pilar Vázquez Cuesta, Henrique Monteagudo e Margarita Ledo sobre esta montaxe do CDG. Coinciden en salientar a orixinalidade do tratamento do mito de Don Xoán, a modernidade da obra e o achegamento que se fai a Portugal.

-A. O., “El Centro Dramático Galego parodia al Don Juan en ‘*A burla do galo*”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 4 maio 2000, p. 11.

Informa da chegada de *A burla do galo* ao Centro Cultural Caixavigo. Dá a coñecer as datas e prezos das representacións, o reparto e o argumento da obra. Salienta a importancia dos diálogos á hora de axilizar e dotar de maior dramatismo o texto. Finalmente, destaca a traxectoria de Roberto Vidal Bolaño no teatro galego.

-Francisco Castro, “A burla do galo”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 5 maio 2000, p. 10.

Dá conta da representación desta montaxe no Centro Cultural Caixavigo. Sintetiza o contido da obra e salienta a traxectoria de Roberto Vidal Bolaño como autor, director e actor. Destaca tamén o traballo de Xan Cejudo como director por “percurar unha linguaxe dramática xenuínamente galega”.

Concha Pino, “O mito do transgresor está vivo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 8 maio 2000, 72.

Entrevista a Roberto Vidal Bolaño na que o director de *A burla do galo* manifesta a súa opinión favorábel a que o CDG pida textos a autores alleos á compañía. Afirma que intentou adaptar o mito do Don Juan á nosa realidade e demostrar que “hai máis *donjuáns* dos que a xente coñece e o nacionalismo español fixo seu” e

conta que recibiu moitas propostas de actores, directores e especialistas nese tema. Finalmente, dá as razóns polas que o protagonista é portugués.

-María Varela, "*A burla do Galo*', un Don Juan a la gallega en el Teatro Principal", *Diario de Pontevedra*, "Diario de CulturaOcio", 15 xuño 2000, p. 65.

Informa da chegada desta montaxe ao Pazo da Cultura de Pontevedra. Ademais de nomear o elenco de actores e actrices protagonistas, considera a obra como o primeiro froito da colaboración entre Galicia e o Norte de Portugal. Resume o argumento da peza e recolle as manifestacións de Roberto Vidal Bolaño e Manuel Guede sobre a transcendencia da obra, as principais virtudes e a situación da dramaturxia galega na actualidade.

-Inma López Silva, "CDG, teatro en Galicia e outras ansias (II)", *El Correo Gallego*, "*Correo das Culturas*", 15 outubro 2000, p. 13.

Comeza reflexionando sobre a importancia que a actividade do CDG ten á hora de servir como modelo para as demais compañías galegas, como proxección da nosa dramaturxia cara ao exterior e como entidade responsábel da "formación" do público. Opina que unha das tarefas fundamentais da compañía pública é a de favorecer "a normalización do discurso espectacular galego". Neste liña, felicita aos responsábeis pola introducción de clásicos e, sen embargo, bota a faltar os textos de autores autóctonos.

Centro Dramático Galego (2): *Calígula*, baseado no texto de Albert Camus, traducción e adaptación de Manuel Guede Oliva.

Dramaturxia e dirección: Manuel Guede Oliva. Interpretación: Antonio Durán “Morris”, Xosé Manuel Oliveira “Pico”, Elina Luaces, Miguel Pernas, Artur Trillo, Gonzalo Rei Chao, Alfonso Agra, Gonzalo Uriarte, Juan Luís Tarrío, Manuel Pombal, Manuel Botana, Moisés Morales, María Couto, Toño Casais, Francisco Lestón e Luz Tellería (voz en off). Escenografía: Iago Seara. Vestiario: Antonio Pernas. Vestido de Calígula-Venus: Concha Abad. Selección musical e coreografía: Thelma Putnam. Iluminación: Juanjo Amado. Estudio Crítico: Norma Rodríguez González. Semblanza literaria: Carlos Casares. Axudante de dirección: Fefa Noia. Auxiliar de dirección: Norma Rodríguez González. Meritoria de dirección: Cristina R. Sampedro. Fotografía: Miguel A. Fernández. Imaxe gráfica: Alberte Permuy. Producción: Francisco Oti Ríos.

Referencias varias:

-E. E., “O Centro Dramático Galego xa traballa na próxima estrea da obra ‘Calígula”, *El Correo Gallego*, “Festas da Ascensión”, 1 xuño 2000, p. 52.

Informa da actividade prevista polo CDG para os vindeiros meses e repasa a traxectoria desta compañía pública, da que destaca a recuperación de importantes textos da literatura dramática galega. Achega as cifras de público do último ano, que se viron incrementadas ao ter como sede o Salón Teatro. Recolle as declaración de Manuel Guede nas que analiza as circuntancias que rodearon o nacemento do CDG, así como a súa evolución posterior. Salienta o desvinculación da Dirección Xeral de Cultura e a súa dependencia do IGAEM, co que conseguiu “autonomía e independencia xurídica e administrativa”.

-Concha Pino, “Calígula’ inaugura en novembro a temporada do Centro Dramático Galego”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 7 setembro 2000, p. 6.

Dá conta dos ensaios desta montaxe do CDG. Informa da preestrea e xira previstas, dos actores protagonistas, escenógrafo e responsábel do vestiario. Recolle tamén as declaracións de Manuel Guede nas que comenta os cambios con respecto ao texto orixinal de Camus, así como o enfoque antidictarial que tentou imprimirlle á súa versión.

-Carmen Villar, “O poder será o gran protagonista da vindeira temporada do CDG”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 4 outubro 2000, p. 51.

Presenta as montaxes do CDG para a tempada 2000–2001 como “relexións sobre o poder”. Recolle as palabras do director desta compañía, Manuel Guede, nas que afirma que estas versións de *Calígula* e *A cacatúa verde* contribúen a normalizar o discurso teatral galego e vérmonos “lexitimados para dialogar coas grandes voces da literatura universal”. Ademais de dar os datos fundamentais de cada peza, destaca os proxectos de creación de dúas compañías residentes no noso país e a colaboración con grupos do Norte de Portugal.

-Concha Pino, “O CDG inicia a temporada teatral con ‘Calígula’ e ‘A cacatúa verde”, *La Voz de Galicia*, “Espectáculos”, 4 outubro 2000, p. 76.

Informa da actividade prevista para o CDG durante a temporada 2000–2001. Despois de presentar os dous espectáculos: *Calígula* e *A cacatúa verde*, como intentos de dotar a nosa dramaturxia de versións dos clásicos universais, descata os vinculamentos con Portugal a través do proxecto “Caminhos teatrais”. Anuncia, ademais, a intención de crear “unha ou dúas compañías residentes”.

-AGN, “Estreno del ‘Calígula’ de Albert Camus en Santiago”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura”, 29 outubro 2000, p. 65.

Sucinta noticia na que se anuncia a estrea da obra no Salón Teatro de Santiago de Compostela e a súa posterior xira a partir do 10 de decembro por diversas vilas e cidades de Galicia.

-Norma Rodríguez González, “Calígula” de Albert Camus, inicio da temporada no CDG”, *Galicia Sindical*, nº 26, “Miscelánea”, setembro-outubro 2000, p. 15.

A auxiliar de dirección de *Calígula* comenta a xénese da obra dende 1938 ata a estrea, en 1945. A seguir, lembra a concesión do Nobel a Camus en 1957, cando el apostaba por Malroux para este galardón. Trata tamén a súa traxectoria filosófica, iniciada nos arredores do existencialismo, e política. A continuación, defende que a súa evolución nestes dous eidos lle inflúe na obra literaria, partindo dende a ausencia de calquera compromiso social ata chegar á oposición ao totalitarismo. No relativo á montaxe, Norma Rodríguez indica que a acción é traída á actualidade, adaptándoa ao minimalismo estético. Finalmente sobrancea o papel da escenografía.

-Pancho Tristán, “El Siglo de Calígula”, *El Mundo*. *“El Cultural”*, 1 novembro 2000, p. 42.

Con motivo da estrea da montaxe en Santiago de Compostela, detense na análise desta peza teatral. Comenta que a adaptación se afasta do texto orixinal de Camus na intención da que parte Manuel Guede á hora de dirixir o proxecto. En palabras do propio Guede tratouse de facer “una especie de tránsito entre lo sincrónico y lo diacrónico, entre la historia de Calígula y la manera en la que la puede recibir hoy alguien”. Así, esta aposta segundo explica Pancho Tristán tradúcese na desaparición case total de referencias visuais

do Imperio Romano, así como nas vestimentas, para conseguir que o mito traspase o espacio e o tempo do Calígula de Camus e chegue á actualidade. Finalmente, detense no bo traballo realizado por Antonio Durán no papel de Calígula que, segundo o seu propio director "es el mejor Calígula posible del teatro gallego".

-Inma López Silva, "Calígula vive", *El Correo Gallego*, *"Correo das Culturas",* nº 49, 5 novembro 2000, p. 9.

Céntrase nas impresións obtidas despois de ter visto a montaxe do CDG, á que cualifica de "sorprendente" en todos os aspectos. Salienta así a grandeza do escenario así como a credibilidade na interpretación do personaxe de Calígula, a cargo de Antonio Durán. Detense tamén na personaxe de Helicón, interpretada por X. M. Oliveira "Pico", que se ben lle parece aceptábel, non é tan condescendente nin tan cómplice con Calígula como se pretende nesta adaptación.

-M. Beceiro, "Morris: "A cara salvaxe de 'Calígula está na palabra", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 5 novembro 2000, p. 9.

Céntrase no traballo de Antonio Durán "Morris", quen se referiu á responsabilidade que supuxo encarnar a un personaxe como Calígula e destacou a gran tensión vivida no escenario, así como a tensión física que supuxo traballar nun espacio realizado a base de planos inclinados e rampas. Alude tamén ás críticas realizadas sobre a adaptación do personaxe de Camus, e di que anque as acepta non as comparte pois considera que o lado salvaxe da historia non foi evitado polo CDG, senón que a "cara salvaxe está na palabra". Finalmente, salienta o enriquecemento que supuxo facer este papel porque gran parte do público encadrouno como actor de comedia, polo seu pasado en Artello e polo traballo na TVG.

-Anxo Tarrío Varela, “Calígula está aquí”, *El Correo Gallego*, “A baloira”, 6 novembro 2000, p. 3.

Con motivo da asistencia á representación, ofrece a súa opinión sobre a montaxe, da que comeza manifestando a emoción producida ante a escena por mor do “impresionante” texto de Albert Camus e pola boa adaptación de Manuel Guede. A seguir, salienta que lle emociona comprobar tamén o feito de que en Galicia sexa posíbel por fin un teatro que ademais de serio é oportuno, pois o mito de Calígula segue a estar de actualidade na nosa sociedade. Na segunda parte do artigo céntrase na análise de diversos aspectos da montaxe como a escenografía, na que salienta o labor de Iago Seara, o ritmo da posta en escena e, ao remate, refírese á boa interpretación de todos os actores, aínda que destaca fundamentalmente o personaxe de Calígula. A iluminación, e os momentos cómicos ou algunhas pequenas eivas que tamén percibiu, son outros dos aspectos salientados antes de pechar o artigo.

-AGN, “El Centro Dramático reinicia hoy las funciones de ‘Calígula”, *El Ideal Gallego*/*Diario de Ferrol*, “Galicia”, 8 decembro 2000, p. 47/p. 29.

Informa do reinicio da representación da obra no Salón Teatro de Santiago de Compostela, suspendida momentaneamente por cuestións de saúde do actor protagonista.

-M. Quintáns S., “Potencialidade escénica de ‘Calígula’ de Camus”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 55, 17 decembro 2000, p. 8.

É a “potencialidade escénica” a que, segundo o autor, motiva a reposición teatral do texto de Camus, máis alá da vixencia que poida ter a súa mensaxe, trascendencia esta que adoita xustificar a recuperación dos clásicos. Por iso, retoma as palabras de Norma Rodríguez González que, no apartado “Calígula, un proceso de reescrita dramática” deste volume, explica a transformación textual que sufriu a peza dende a súa primeira escrita, que se debe á “necesidade de facer chegar con eficacia a súa mensaxe a un público concreto”. Por último, conclúe que o traballo de Manuel Guede cumpre esa premisa de interpretar en clave actual a obra clásica.

-Salvador Rodríguez, “Un vigués llamado Calígula”, *Faro de Vigo*, “*FaroDomingo*”, 17 decembro 2000, p. 1-2.

A chegada a Vigo da representación de *Calígula* é o motivo desta extensa entrevista co actor protagonista, Antonio Durán “Morris”. Inicialmente analiza a figura histórica de Calígula e considera que na montaxe do CDG está humanizado e dotado dun razoamento lóxico irrebatíbel. A continuación introdúcese nun dos temas da obra; a corrupción polo poder. Comenta tamén o entrevistado a facilidade que tivo para pasar do rexistro cómico que manexa nas series televisivas a este papel máis dramático, tráxico e profundo. Opina que o teatro en Galicia mellorou en calidade, pero segue a ter carencia de público, sobre todo en cidades como Vigo, onde bota a faltar unha rede de infraestructuras públicas e unha programación axeitadas. Finalmente, afirma que o cine está a atravesar un bo momento, que se debe aproveitar dende as institucións, e desbota a posibilidade de instalarse en Madrid para traballos longos.

-Agatha de Santos, “Calígula, el retrato humanizado de un tirano universal”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 21 decembro 2000, p. 61.

Dá conta da chegada ao Centro Cultural Caixanova de Vigo da montaxe *Calígula* do CDG. Recolle as declaracións do director nas que manifesta a intención de humanizar e dotar dunha dimensión atemporal á figura deste emperador romano. Salienta, ademais, a implicación de todos os actores durantes os ensaios e reflexiona sobre as características do personaxe central. Finalmente, inclúe as palabras de Morris nas que declara identificarse coa intelixencia do personaxe que intepreta.

-Javier D. Campa, "Antonio Durán: 'Síntome identificado na intelixencia de Calígula, non na tiranía", *Atlántico Diario*, "Vigo", 21 decembro 2000, p. 10.

Informa da representación de *Calígula* no Centro Cultural Caixanova de Vigo e ofrece as datas, horario, prezos das entradas e elenco de actores protagonistas. Recolle as declaracións do director e do actor protagonista nas que manifestan o pracer que sentiron nos ensaios, así como algunhas das características do personaxe principal.

-Inma López Silva, "Os top 4: balance do 2000", *El Correo Gallego*, "*Correo das Culturas*", nº 56, 24 decembro 2000, p. 9.

Escolle os seguintes espectáculos teatrais como os mellores do ano 2000: *O cerco de Leningrado*, *O lapis do carpinteiro*, *The Queen is Dead* e *Calígula*. Salienta que foron postas en escena "impecábeis" ademais de contribuír ao enriquecemento do discurso teatral galego. Do primeiro destaca a interpretación e as posibilidades da traducción; de *Calígula*, a adaptación do texto clásico; da obra de Sarabela, as dificultades

de adaptar teatralmente un texto narrativo; e da montaxe de Matarile, a combinación do teatro coa danza e a expresión corporal. Finalmente, ve con bos ollos o futuro do noso teatro.

-Damián Villalaín, “Sobrio e contundente”, *Tempos Novos*, nº 43, “Voces e Culturas. Crítica. Teatro”, decembro 2000, p. 85.

Preséntase *Calígula* de Albert Camus como un teatro de ideas que á vez resulta moi corporal, e logo dáse conta da representación que o CDG fixo desta obra. Dise que a súa posta en escena foi sobria, dunha contundencia austera, sen ostentación nin efectismos. Tan só se ven como defectos a voz en off coa que comeza e remata, que pode dar lugar a unha comprensión equívoca, e a liña musical, que segundo o artigo “é inadecuadamente sentimental e intimista”.

-Carlos Casares, “A dobre morte de Albert Camus”, *Galicia Sindical*, nº 27, “Miscelánea”, novembrodecembro 2000, p. 23.

Refírese ironicamente ao parecido de Albert Camus co actor Humphrey Bogart, e á súa desordenada vida amatoria, na que ocupaba un lugar destacado a galega María Casares. Retrotráese Casares seguidamente ás orixes de Camus no seo dunha humilde familia alxeriana e ve neste feito a base das tirantes relacións que no futuro mantería co sector político capitaneado por Sartre e Beauvoir.

Ver Vº FESTEIXO, Festival de Teatro do Eixo Atlántico.

Chévere (1): *Casa Tomada*, baseada no relato homónimo de Julio Cortázar.

Interpretación: Silvia Modia, Xesús Ron, Manolo Cortés e Patricia de Lorenzo.
Dirección técnica: Ramón Rey. Deseño de iluminación: Rafa Xaneiro.
Ambientación musical: Kozmim Muffin.

Referencias varias:

AGN, "Chévere representará 'Casa Tomada", *Diario de Pontevedra*, "Diario de CulturaOcio", 1 agosto 2000, 59.

Dá conta da representación da obra na praza de Cervantes en Santiago de Compostela no transcurso do programa "Compostela Millenium Festival". Sinala que o grupo contou coa colaboración de dous grupos relevantes no panorama artístico independente galego como son Kozmic Muffin e Flexo. Ao final, destaca que están implicadas un total de cincuenta persoas na realización deste espectáculo, do que di que integra nunha mesma intervención diversos elementos literarios, teatrais, audiovisuais, plásticos e performáticos.

-A. I., “A Casa tomada”/“Chévere rinde homenaje a Cortázar con el estreno en Cervantes de ‘Casa Tomada”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “AFA”/“Santiago”, 4 agosto 2000, p. 32.

Anuncia a súa representación en Santiago de Compostela, dentro do programa Millenium Festival, e céntrase na descrición do espectáculo no que, segundo explica, se trata dunha “metáfora do destino que corren as cidades Patrimonio da Humanidade. Presenta tamén o equipo técnico que participa no espectáculo e salienta a presencia de grupos integrantes do panorama independente galego como Kozmic Muffin, así como o grupo Flexo quen se encargou da ambientación sonora e os efectos acústicos.

-M. F., “El grupo Chévere lleva el teatro a la calle con el estreno de ‘Casa Tomada”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 4 agosto 2000, p. 5.

Faise eco da nova representación do grupo e comenta que se trata dun espectáculo inspirado no relato de título homónimo de Cortázar. Salienta que os membros de Chévere adoptaron o texto do autor arxentino como unha metáfora da situación que atravesan os habitantes dunha cidade tan antiga e de tanto valor histórico como Santiago. Finalmente, comenta que entre outros elementos teñen previsto incluír o chamado “acromático”, un carro inspirado no dos ferralleiros, que percorrerá as rúas próximas ao escenario.

Chévere (2): *Hero.es.*

Un divertimento músico-estupefacto no que os textos, as músicas, as voces e as imaxes poden ser interpretados dunha única forma: o espello no que nunca nos vemos reflectidos. O enfrontamento entre o home e a muller a través de refráns, tópicos e das frases feitas, sobre animais que falan, sen embargo, de comportamentos e prexuízos moi humanos.

Dirección: X. Ron-Chévere. Arranxos textuais: Manuel Cortés-Chévere. Interpretación: Miguel de Lira, Patricia de Lorenzo, Manuel Cortés e Xesús Ron. Grupo vocal: “Tristans” (Ramón Bermejo, Ángeles Lago, Xosé Vaamonde, Teresa Grandín e Patricia de Lorenzo). Espacio escénico: Chévere-Isi e Soco Seoane. Fotografía: Mónica Suárez. Deseño Gráfico: Fausto C. Isorna.

Referencias varias:

-M. Beceiro, “Chévere desmitifica héroes”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 24 marzo 2000, p. 49.

Partindo da explicación sobre a significación do título, do que di que trata de desmitificar certas cousas sobre os heroes, céntrase na análise dos contidos desta representación na sala Nasa. Explica que non existe unha historia determinada, senón que está presentada, en palabras de Xesús Ron, coma unha serie de escenas “encaixadas unha noutra e cada unha cun estilo ou contexto”. Describe, ademais, a montaxe realizada para a posta en escena e remata a noticia coas palabras de Xesús Ron, quen desmiúza cada unha das escenas que constitúen a representación, adiantando que é na terceira na que aparece o verdadeiro protagonista, un individuo solitario e anónimo que un día recibe a chamada da Unesco para cumprir un destino humanitario.

-Fernando Ferro, “A primeira traxicomedia de Chévere”, *A Nosa Terra*, nº 930, “Guieiro Cultural”, 13 abril 2000, p. 29.

Alude á representación da obra en Santiago de Compostela e seguidamente detense na análise da posta en escena. Comeza xustificando os elementos existentes na peza teatral para poder cualificala de traxicomedia, como son o feito de que a acción dramática siga a través do relato dun narrador que conta sempre co contrapunto dun coro ao estilo das traxedias da Grecia clásica, ou o suicidio dun dos protagonistas. A seguir, refírese á outra cara do espectáculo, a ironía coa que se ofrece unha visión

“descreída e vacilona” do mundo tecnolóxico actual. Tamén se detén na montaxe, que inclúe a construcción dunha torre-escultura da que se suicida un dos protagonistas. Cita os elementos que conflúen no espectáculo como son a música, movemento, artes plásticas e finalmente, valora positivamente o bofacer dos actores así como a incorporación do grupo Tristáns, que segundo a súa opinión enriquece notabelmente o conxunto da representación.

-Iolanda Ogando, “Madeira e fíos”, *Tempos novos*, nº 36, “Voces e culturas. Crítica. Teatro”, maio 2000, p. 86.

Achégasenos información sobre a obra *Hero.es*, dos Chévere, acompañados dos Tristáns, un coro de cantantes que están presentes case en todo momento nesta obra. Aínda que algúns aspectos da posta en escena se critican, afírmase que “*Hero.es* ten en xeral un traballo fantástico e unhas ideas que andan na xenialidade”. Trátase dunha peza na que se mesturan parodia e crítica e na que se retratan con sinceridade moitas das cousas que acontecen no noso mundo.

Inma López Silva, “¿‘Hero.es’? ¡Chévere, tu!”, *El Correo Gallego*, “Fin de Semana”, nº 47, 22 outubro 2000, 15.

Louva o labor deste grupo teatral porque considera que enche un espacio moi necesario no discurso teatral galego, no que mestura o musical coa liña do cabaret berlinés e cun ton galego. Sinala que este espectáculo nace da recompilación de materiais das Ultranoites da Sala Nasa e destaca o espírito de denuncia e a

crítica feroz á sociedade que contén. Asemade salienta a interpretación de M. Cortés e o elemento musical introducido por Patricia de Lorenzo e o grupo Tristáns, así como a presencia de elementos tomados do cine, o teatro, o espectáculo de variedades e os contacontos.

-Inma López Silva, “De Internet ao teatro do mundo pasando polos corenta: *Hero.es*”, *Revista Galega de Teatro*, nº 24, “Opinións desde a butaca”, outono 2000, pp. 42-43.

Breve comentario sobre a obra *Hero.es* do grupo Chévere, da cal subliña primeiro o seu grande éxito e relevancia. Apunta unhas liñas sobre a interpretación dos actores e detense sucintamente no contido da obra. Sinala que esta, por un lado, ofrece “unha mestura do musical coa liña do cabaret berlinés” e, por outro, toca o tema de Internet “desde unha perspectiva paródica e reflexiva”.

-Alberto Pampín, “En Chévere estamos en contacto con el caos y asumimos el riesgo con gusto”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 27 decembro 2000, p. 37.

Miguel de Lira responde nesta conversa a cuestións relacionadas con este novo espectáculo. Comeza comentando a ruptura desta obra coa estructura narrativa clásica que converte aos personaxes en tipos abstractos construídos “a base de pinceladas”. A seguir aclara que asumen o risco do fracaso ante unha proposta tan innovadora e refírese á pretensión de achegarse ás novas tendencias nas que se fusionan diversos elementos como a música, o humor, a plástica ou a *performance*.

-Francisco Castro, “Hero.es”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 28 decembro 2000, p. 10.

Despois de animar ao público a asistir á estrea desta obra en Caixanova, fai un comentario valorativo sobre o espectáculo do que salienta o seu humor que consegue arrincar a risa dende a “apelación intelixente do espectador”. Incide tamén no bo uso da ironía que Chévere fai nesta representación, na que di que se atreven a xogar con iconos sagrados como Borges ou mesmo Elvis Presley. Destaca de entre todos os actores a Miguel de Lira pola oportunidade de velo facendo teatro puro, fóra do que coñece o gran público.

Ver VIIIª Feira do Teatro de Galicia.
Ver Iº Festival Alternativa 2000.

Dequenquén: *Aquí non paga ninguén*, de Darío Fo.

Xénero: Comedia de corte social. Director e Dramaturxia: Artur Trillo. Interpretación: Paco Alvarellos, Berardino Martínez, Carmen Pérez, Rosario Devesa, Xoán Sambade e Manuel Vidal. Escenografía e vestiario: Dequenquen Teatro. Música; Dequenquen Teatro e Artur Trillo. Iluminación: Artur Trillo. Son: Dequenquen Teatro. Deseño Gráfico: Xosé Cameselle.

Ver IIIº Encontro de teatro afeccionado de Boiro.
Ver Iª Mostra de teatro afeccionado da Estrada.
Ver Iª Mostra de teatro afeccionado de Verín.

Teatro **Escondido**: *Rúa Sol.*

Dirección: Gonçalo Guerreiro.

Ver IIIº Encontro de teatro afeccionado do Concello de Boiro.
Ver XIIIª Mostra de Teatro de Cee.

Factoría teatro**:** *As presidentas*, de Werner Schwab.

Nun único espacio escénico, realizado a partir de diversos refugallos domésticos colocados en forma de altar barroco, preséntase a vida de tres mulleres pertencentes á pequena burguesía, reunidas na casa dunha delas onde falan e discuten de diferentes aspectos das súas vidas cotiás e que as levaron a onde están agora.

Dirección: Cristina Domínguez Dapena. Axudante de Dirección: Rocío González. Interpretación: Alfredo Rodríguez, César Martínez "Goldi", Victoria Paz e o Leo como Padre Mariano. Espacio Escénico: Carlos Alonso. Deseño Iluminación: Antón Ferreiro. Deseño Espacio Sonoro: O Leo e Arremecájona! Deseño Vestiario: Carlos Alonso. Fotografía: Juliana González. Realización Vestiario: Juana Alonso. Realización Escenográfica: Rodolfo, Carlos Alonso e Santos Carrera. Producción e Distribución: A Factoría Teatro. Movemento Escénico: Olga Cameselle. Traducción e Versión: Frank Meyer. Colaboracións: Pilar Iglesias.

Referencias varias:

D. P., “O grupo ‘A Factoría Teatro’ pon en escena ‘As presidentas”, *Diario de Pontevedra*, 29 febreiro 2000, 12.

Logo de informar da representación no Teatro Principal de Pontevedra, céntrase no argumento e reflexiona sobre a montaxe que, segundo se di, fai un recoñecemento médico ao estado da sociedade actual en Europa a través dos personaxes. Ao final da noticia, faise un breve percorrido polos espectáculos levados adiante pola compañía, dende o seu nacemento no ano 1992.

-Inma López Silva, “As presidentas’, fogar posmoderno”, *El Correo Gallego, “Correo das Culturas”*, nº 44, 1 outubro 2000, p. 9.

Comentario desta posta en escena que inicia salientando o seu carácter posmoderno e “refrescante”. A seguir, despois de felicitar ao traductor por levar adiante un dificultoso traballo de adaptación do texto alemán, pon de manifesto a súa opinión sobre a liña de traballo innovador que lle resulta demasiado excesivo na súa procura do absurdo e do sensentido. Critícalles aos actores, concretamente a Alfredo Rodríguez, a súa falta de coherencia no uso da lingua galega, feito que lle parece moi negativo para o camiño da normalización lingüística en Galicia. Finalmente, salienta a interpretación de Victoria Paz no papel de Mari, así como o dominio da parodia e da ironía por parte de “Goldi”.

-A. I. S., “Factoría Teatro presenta en la Sala Nasa su nuevo montaje ‘As presidentas”, *El Correo Gallego*, “Así está el patio”, 20 decembro 2000, p. 39.

Dá conta de presentación na sala Nasa desta posta en escena. Cita o nome da directora e os actores participantes e ofrece un sucinto resumo do seu argumento.

Ver Sábados teatrais de Narón Ver
“Xoves Teatrais” 2000 de Ferrol.

Faro-Miño: *Vitamina T.*

Ver Iª Mostra de teatro afeccionado de Noia.
Ver Mostra de teatro de Vilalba.

Galería Compañía de Teatro & **Manivela** Producciónes (1): *Compañía*, de Eduardo Rovner.

Posta en escena na que se narra a vida dun matrimonio normal que ten os fillos xa criados e fóra de casa. A monotonía invade as súas vidas. El entón decide marchar do traballo para aproveitar o sol na praia, e durante ese tempo coñece a unha mestra viúva coa que xorde unha especial simpatía. Ambos presentaranse na casa do matrimonio e isto provocará unha serie de violentas discusións ata que ao final conseguen chegar a un final feliz. Na trama dise que se trata dun ensaio, un xogo sobre as relacións das persoas, por medio dunha linguaxe absurda que se utiliza como recurso cómico.

Dirección: Antonio Simón. Interpretación: Ernesto Chao,
Rosa Álvarez e Mabel Rivera.

Referencias varias:

-Alvarado, “Compañía’, una comedia dramática a escena en el Principal”, *La Región*, “Cultura”, 25 outubro 2000, p. 12.

Sucinta nota na que se fai eco da representación da obra no Teatro Principal de Ourense. Dá conta do elenco actoral e ofrece unha breve síntese do argumento. Finalmente sinala que o tema fundamental que se plantexa na posta en escena é a soidade e as relacións humanas.

-Iolanda Ogando, “A trenza da cotidianidade”, *Tempos Novos*, nº 40, “Voces e Culturas. Crítica. Teatro”, setembro 2000, p. 73.

Analiza os méritos e fallos de *Compañía* de Eduardo Rovner, representada por Galería & Manivela Produccións. Considera que esta obra presenta “a revolta que supón a presencia dun elemento alleo ameazando a estructura cotiá das cousas”. Destaca desta representación a interpretación dos tres protagonistas, mentres que se critica a posta en escena por deslucir o espectáculo.

Ver XVº Festival do Teatro Galego (FTG), Carballiño. Ver XVIª Mostra Internacional de Teatro. Ribadavia. Ver Vº FESTEIXO, Festival de Teatro do Eixo Atlántico. Ver Sábados teatrais de Narón.

Galería Compañía de Teatro&**Manivela** Produccións (2): *Auto do prisioneiro*, de Ricardo Carvalho Calero.

O prisioneiro é un home novo, cunha vida que transcorreu entre as paredes dunha cela, sen que el coñeza a razón da reclusión. Segundo lle dixeron, o director da cadea non é outro que o seu propio pai. O prisioneiro xamais o viu, polo que todo o seu afán se centra en coñecelo, esclarecer se realmente existe ese pai carceleiro e así comprender o porqué da súa condena.

Dirección: Antonio Simón. Interpretación: Lino Braxe, Rosa Álvarez, Manuel Varela e Jabier de Fornos. Producción: Enrique Rivadulla.

Referencias varias:

-Nicolás Vidal, “Auto do prisioneiro’ estrearase mañá como unha aposta escénica”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 24 marzo 2000, p. 15.

Fai referencia á estrea da obra en Ferrol e a seguir, apóiase nas palabras do director da obra para dar conta das características da montaxe, quen salientou que se trata dunha posta en escena na que se aposta por un tipo de espectáculo diferente no teatro galego. Refírese á innovación no tipo de iluminación así como na escenografía. Na última parte da noticia recóllense as impresións de Lino Braxe, quen salientou o grande interese que supuxo para el participar neste proxecto e destacou a profesionalidade do seu equipo de traballo.

-Ramón Loureiro, "Ferrol acolle a estrea de '*Auto do prisioneiro*", de Carvalho Calero", *La Voz de Galicia*, "Cultura y espectáculos", 24 marzo 2000, p. 68.

Anuncia a estrea desta obra teatral no Centro Cultural "Torrente Ballester" de Ferrol. Recóllese a opinión do director da posta en escena, Antonio Simón, quen manifestou o seu orgullo por estrear a peza teatral dun autor que, segundo dixo, non é suficientemente coñecido no mundo da escena galega. Tamén se destacan as palabras do Concelleiro de Cultura ferrolán, Bonifacio Borreiros, quen fixo fincapé na importancia da obra creativa de Carvalho, ao mesmo tempo que celebrou o feito e que a cidade ferrolá acolla a estrea da representación.

-E. Álvarez, "Estréase '*O auto do prisioneiro*"/"Antonio Simón pon en escena na Coruña a obra de Carvalho Calero '*Auto de Prisioneiro*", *O Correo Galego*/*El Correo gallego*, "AFA"/"Sociedad-cultura", 7 xullo 2000, p. 30/p. 74.

Dá conta da presentación da obra no Teatro Rosalía de Castro da Coruña e salienta que a posta en en escena quere render unha homenaxe ao teatro de Carvalho Calero con motivo do décimo cabodano do seu pasamento. Cita tamén o nome do director e dos actores participantes.

-E. P., "O 'Auto do Prisioneiro', de Carvalho Calero, en Compostela", *O Correo Galego*, "AFA", 5 setembro 2000, p. 35.

Refírese á representación no Teatro Principal de Compostela desta peza teatral, da autoría de Carvalho Calero. Salienta que con esta posta en escena pretenderon renderlle unha homenaxe ao escritor polo décimo aniversario do seu pasamento. Ademais, alude brevemente ás claves temáticas fundamentais do texto, como a reflexión sobre o destino ou sobre a liberdade. Finalmente, dá conta do elenco actoral que integra o espectáculo.

Iolanda Ogando, "O frío do cristal", *Tempos Novos*, nº 41, "Voces e Culturas. Crítica. Teatro", outubro 2000, 86.

Salienta que a montaxe feita por Galería & Manivela Produccións para *Auto do prisioneiro* nos ofrece a posibilidade de ver representado por primeira vez este texto de Ricardo Carvalho Calero. Sen embargo, opina que esta obra resulta difícil de chegar ao público, polo que a través da relectura deste texto, se ben conta con algúns acertos, considera que se achan tamén defectos que se expoñen nestas liñas.

Teatro **Galileo**: *Diario*, de Ana Frank.

Baseada no diario escrito pola adolescente xudeu-alemana Ana Frank, que sufriu a represión nazi xunto con toda a súa familia, a compañía aborda a problemática da represión e da guerra dende unha perspectiva actual.

Dramaturxia e dirección: Pedro Rubín. Interpretación: Teresa Horro, Mª Consuelo Martínez, Raúl Varo, César Cambeiro e Gena Baamonde.

Referencias varias:

-A. I. S., "Teatro Galileo estrena mañana en la Sala Galán su espectáculo 'Diario", *El Correo Gallego*, "Así está el patio", 12 abril 2000, p. 37.

Entre outras noticias relacionadas co mundo da cultura, informa da estrea na sala Galán da nova obra do Teatro Galileo e cita a dirección e os integrantes da posta en escena. Por outra banda, faise referencia ao recital poético organizado pola editorial Edicións Xerais e a Fundación Caixa Galicia no que participaron Manuel María e Yolanda Castaño.

-P. T., “Teatro Galileo achégase ao drama dos perseguidos en ‘Diario”, *El Mundo. Galicia*, “Cultura”, 13 abril 2000, p. 9.

Faise eco da estrea desta obra no teatro Galán, de Santiago de Compostela, e refírese ao seu argumento, do que se salienta a súa actualidade. Di tamén que, partindo do personaxe de Ana Franck, foron abrindo a temática ao problema dende unha perspectiva actual. En palabras do seu director a realidade desta obra está á orde do día, e incide en que o seu obxectivo foi levar aos escenarios un teatro de compromiso con todas as víctimas da guerra.

-Camilo Franco, “Argumentos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 15 abril 2000, p. 71.

Ofrece a súa opinión sobre a posta en escena da que salienta a súa excesiva lixeireza á hora de abordar unha traxedia de dimensións moi profundas. Insiste en que a pesar da boa vontade da compañía, á proposta “fáltalle profundidade dramática e perspectiva histórica”. Finalmente, opina que Galileo nesta ocasión evidencia a distancia que hai entre representar e interpretar.

Mabel Rivera, Xosé M. Oliveira "Pico" e Avelino González: *Cartas de amor*, baseado nun texto de A. R. Gurney.

Posta en escena baseada na improvisación dos dous actores, que conta cunha única acción na que se prescinde do aparello escenográfico e do atrezzo, que só percorre un par de puntos de luz. Os dous actores fan unha lectura ante os espectadores das cartas que se escribiron durante toda unha vida, e a través delas analiza a relación de encontros e desencontros dunha parella.

Referencias varias:

-Carmen Villar, "Un invierno caliente", *Faro de Vigo*, "Faro del Ocio", 20 outubro 2000, p. 4.

Ver Áncora Produccións, neste apartado do *Informe*.
-A. I. S., "Mabel Rivera y "Pico" ponen en escena sus "Cartas de amor", *El Correo Gallego*, "Así está el patio", 8 decembro 2000, p. 38.

Ademais doutras noticias de interese cultural, alude á representación deste espectáculo, que fora presentado polos actores na VIIª edición dos curtos que programa cada ano a Sala Galán. Ofrece un breve resumo do contido da posta en escena, que ten a peculiaridade de que non precisa nin ensaios, nin teatro, nin escenografía nin memorización previa do texto, tan só "Un mínimo compromiso por parte dos actores". Tamén se fai referencia á lectura dramatizada da peza *As voces de Penélope*, de Itzíar Pascual, traducida ao galego por Xosé Manuel Pazos, baixo a dirección de Silda García.

-Manuel García Solano, "Cartas de amor' aposta só pola palabra para emocionar ó público", *El Mundo. Galicia*, "Cultura", 13 decembro 2000, p. 9.

Céntrase na posta en escena desta obra, que segundo di, foi levada ao teatro por primeira vez nos Estados Unidos hai doce anos. Explica a importancia do texto orixinal do que parten para levar adiante a representación e comenta que se trata dunha posta en escena na que a parte fundamental e a palabra como única ferramenta posíbel. Insiste na forza dramática que acada a historia malia ser só a lectura dunhas cartas de amor. Finalmente, segundo explicaron os propios actores, a diferencia doutras representacións, os ensaios non son importantes senón que se prefire improvisar a lectura no escenario para conseguir máis emoción.

A **Machina**: *Arte*, de Jasmina Reza.

Dirección: Luís Ramos. Interpretación: Jesús Bastida, Rafa Veiga e Alberto Rodríguez.

Teatro **Maltés**: *Fillo do rigor*, de Álvaro Ahunchaín.

Percorrido pola vida dun home e a súa esposa, os seus traumas, ambicións, decepcións, amores e desenganos. Baseado nun texto que fala con humor, ironía e crueldade do fracaso e dos fracasados.

Dirección: Lino Braxe. Interpretación: Javier de Fornos, Flor Maceiras e Xosé Lois López, "Sacha".

Referencias varias:

-N. V., "Lino Braxe ou a decidida aposta pola dinamización da actividade teatral", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 28 setembro 2000, p. 17.

Destácase o carácter polifacético de Lino Braxe e dáse conta da súa actividade como poeta, narrador, actor e traductor, ademais de ser director desta peza de Álvaro Aunchaín. Saliéntase o risco creativo que constitúe este traballo ao se tratar dunha obra que se desenvolve nun escenario que é un ring de boxeo no que teñen lugar combates reais e que combina a música de Bach e o xogo de luces de Miguel Soto.

-Iolanda Ogando, “Contra as cordas”, *Tempos Novos*, nº 42, “Voces e Culturas. Crítica. Teatro”, novembro 2000, p. 86.

Comenta que con *Fillo do rigor*, Teatro Maltés pon en escena unha peza que trata da traxectoria dun home, o seu ascenso e a súa caída. Isto pono en paralelo á afección polo boxeo, polo que a peza se desenvolve nun cuadrilátero. Apunta que ao igual que a caída do protagonista tamén cae a obra, na que en xeral falta ritmo e claridade, aínda que a posta en escena sexa bonita e haxa momentos salientábeis dos actores.

Ver XVIIª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas.
Ver Sábados teatrais de Narón.

Máscara Produccións: *Malandros*, adaptación da novela *Crónica dos bons malandros*, de Mário Zambujal.

Montaxe teatral que se centra na aventura de Renato o Pacífico, alias o Valium 10, e a súa banda seleccionada que integran Magrinha, Flavio, o Doutor, Silvino Bitoque, Marlene e Arnaldo, que preparan un asalto que ten pensado espantar ao mundo.

Dirección: Xerome Calero e Antón Casal.
Música: Sergio Gramary.

Referencias varias:

-Sandra Penelas, "Máscara Produccións recrea en 'Malandros' la picaresca lisboeta", *Faro de Vigo*, "Vigo", 25 xuño 2000, p. 11.

Faise eco da preestrea da obra que tivo lugar no auditorio de Beade. Ofrece unha breve sinopse do argumento, do que di ten como escenario Lisboa e xira arredor de Renato e cinco membros da súa cuadrilla

quen deciden cometer un singular atraco. Finalmente, anuncia que para o ano 2001, Máscara producciónes, con motivo do seu trixésimo aniversario ten previstas seis obras en cartel.

Ver IIIº Outono Teatral nos Barrios.

Matarile Teatro (1)**:** *Primeiro Movemento: para figuras brancas*, de Ana Vallés.

Espectáculo de rúa que constitúe unha composición sobre o paso do tempo no que se combina o traballo dos actores con diversas linguaxes como a música en directo e danza. Entre outras particularidades, é necesaria a puntualidade do público á actuación pois esta comeza coa segunda badalada da medianoite. A estrea tivo lugar na Praza da Quintana, en Santiago de Compostela.

Dirección: Ana Vallés. Interpretación: Mechtild Barth, Eugenia Iglesias, Roberto Leal, Juan Loriente, Rosa Manteiga, Gena Baamonde, Fefa Noya, Serafín Marcos, Arsenio Jiménez e Daniel Moreno. Bailarines: Carmen Werner, Nicolás Ranbaud, Mitsiko Shimura e Guillaume Trontín. Música: Pablo Caramés.

Referencias varias:

-E. P./M. M. O., “Matarile saca á rúa o Milenium”/“Matarile vuelve a la calle con ‘Primeiro movemento’ para tratar el paso del tiempo”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “AFA”/“Santiago”, 2 agosto 2000, p. 30/p. 34.

Dá conta desta nova montaxe que cualifica de “novidosa” e sinala que este espectáculo se enmarca nos actos culturais con ocasión do Compostela Millenium Festival. Apunta ademais que se trata dun reto para a compañía polo feito de combinar diversas linguaxes e persoas para tratar o paso do tempo. Ofrece algúns dos detalles adiantados pola directora da obra na súa presentación como a posta en escena na Praza da Quintana dunha serie de personaxes anacrónicos vestidos de branco. Cítanse os nomes dos integrantes do espectáculo e finalmente alude á peculiar característica da representación de pedir puntualidade ao público que teña pensado asistir.

-M. Beceiro, “A Quintana se viste de teatro y danza”, *La Voz de Galicia*, “Agenda de Santiago”, 2 agosto 2000, p. 10.

Ademais de dar conta doutras actividades culturais previstas para a xornada inaugural do Composela Millenium Festival, faise eco da estrea desta montaxe na Praza da Quintana e salienta que este proxecto nace como proposta do Millenium e que é o primeiro espectáculo de rúa producido enteiramente en Galicia con artistas de diversas tendencias e procedencias.

-A. I., “Debate de Rigoberta Menchú y Antón Reixa, y teatro de calle por Matarile”, *El Correo Gallego,* “Santiago”, 3 agosto 2000, p. 32.

Informa do novo espectáculo da compañía Matarile baixo a dirección de Ana Vallés, enmarcado no Compostela Millenium Festival. Salienta que o espectáculo está representado por actores, músicos e bailaríns de danza contemporánea e tradicional.

Matarile Teatro (2): Teatro para camaleóns.

Dirección: Ana Vallés. Interpretación: Juan Loriente e Carlos Sarrio. Espacio escénico, son, luces e montaxe musical: Antón Patiño.

Referencias varias:

-Babelia, “Matarile en Alternativa 2000”, *El País*, *Babelia*, nº 431, 26 febreiro 2000, p. 12.

Os responsábeis da sección “Escenarios”, fanse eco da posta en escena entre os días 1 e 4 de marzo, na Sala Galán de Santiago de Compostela desta obra, na que Juan Loriente “es un camaleón camuflado en el humo de un cigarro” e Carlos Sarrio “un congénere en apuros”.

Ver Iª Festival Alternativa 2000.

Mofa e Befa: Cultura para dar e tomar.

Interpretación: Evaristo Calvo e Victor

Mosqueira.

Nove/Dous: *Rexurdimento, coplas de cego.*

Posta en escena na que os protagonistas son o Cego Saturio e o seu axudante Cirilo, quen se gañan a vida contando e cantando coplas que relatan sucesos truculentos. Fartos destes temas soñan que visitan a Rosalía de Castro, Eduardo Pondal e Curros Enríquez para que lles escriban coplas máis “cultas”.

Dirección: Afonso Becerra. Interpretación: Jouse García, Luís Soaxe, Clara Vázquez e Tamara Cristóbal.

Ollomoltranvía: *ÑikiÑaque*, de Cándido Pazó.

Posta en escena para todos os públicos nos que se conta cómo un home de poder precisa dos servicios dunha “troupe” teatral para que monte unha peza celebratoria. Para iso manda que a contraten: unha “troupe” que se move con dous trailers e un microbús no que viaxan 22 actores, tres maquinistas e dous técnicos. Pero a tal “troupe” é simplemente un “ñaque”, un grupo composto por dous cómicos piollentos montados nunha lambreta con sidecar. A partir de aquí asistimos á controversia entre o carácter dos dous cómicos: o que pensa que foi pouco honesto aceptar a empresa e o que di que dous poden facer o traballo teatral de vinte.

Xénero: Pateticomedia. Dirección: Candidó Pazó.
Interpretación: Avelino González e Santiago Prego.
Producción: Ollomoltranvía. Música orixinal: Piti Sanz.
Escenografía, vestiario e atrezzo: Carlos Alonso.
Técnicos de son e iluminación:Sacha e Alfredo Laforet.
Deseño de iluminación: Alfredo Laforet. Producción executiva: Carme Varela.

Referencias varias:

-R. C. G., “Cándido Pazó: ‘Podo vivir do teatro pero non me gustaría”, *El Progreso*, 26 xaneiro 2000, p. 77.

Fala das actividades desenvolvidas por Cándido Pazó, como contacontos, en Lugo. Apunta algunhas das súas características máis sobranceiras e remata indicando que proximamente ha estrear *ÑiqueÑaque*, obra teatral da que é autor e director.

-Carmen Villar, “Un ñaque para un público agradecido”, *Faro de Vigo*, “Faro del Ocio”, 24 marzo 2000, p. 3.

Con motivo da presentación da obra no Centro Cultural Caixavigo, na cidade olívica, detense na análise da obra da que ofrece unha sucinta síntese do seu argumento e fai referencia á intención da compañía de crear unha obra con carácter baseada no traballo de só dous actores. Reproduce ademais as palabras dos actores, quen salientaron que o máis importante é a procura das emocións establecidas de xeito directo e que nesa obra recrearon a idea de establecer a procura do “equilibrio entre dúas visións contrapostas”. Finalmente, apunta que o grupo fixo un percorrido polo seu teatro ao longo dos seus sete anos de existencia.

-Camilo Franco, “Derrotados”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 25 marzo 2000, p. 72. Céntrase no tratamento do humor que se desprende desta posta en escena e salienta que se trata dun humor melancólico no que os protagonsitas transitan entre o humor e a desesperación, entre Fo e Beckett.

Con todo, apunta que a compañía non chega a caer demasiado na lírica, senón que a mestura é tratada con prudencia e consegue un ritmo áxil sen caer en recursos manidos “como subir xente ó escenario ou alongar algunhas escenas mediante numeriño musical”.

-Francisco Castro, “Ñique-Ñaque”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 31 marzo 2000, p. 10.

Comeza celebrando o gran número de representacións de teatro que tiveron lugar na cidade de Vigo no mes de marzo e anuncia, a seguir, a última compañía da temporada, Ollomoltranvía, da que salienta a calidade dos actores e do seu director. Finalmente, céntrase no contido da obra, da que segundo di é un exercicio de teatro total, na que se mesturan as compoñentes da comedia, a louvanza, o sainete ou a traxedia.

-Estrella López, “El teatro y la música ponen punto y final a la Feria del Humor”, *Diario de Pontevedra*, 24 xullo 2000, p. 55.

Ademais de citar outras actuacións para esa xornada, dá conta da presencia desta montaxe no último día de celebración da Feira do Humor, que tivo lugar na cidade de Pontevedra durante o mes de xullo.
-Eva Millán, “El teatro es mi mujer”, *La Voz de Galicia*, “Agenda de Santiago”, 31 outubro 2000, p. 15.

Destaca o carácter polifacético de Cándido Pazó, director e escritor desta peza, que ademais da súa intensa actividade teatral, se dedica á actividade de contar contos para adultos ou de escribir guións para a

televisión. Entre as anécdotas que rodean a este espectáculo Pazó menciona o complicado que foi atopar o vestiario axeitado e sinala que como espectador goza da súa propia obra.

-I. O., “Parar o teatro”, *Tempos Novos*, nº 41, “Voces e Culturas. Crítica. Teatro”, outubro 2000, p. 87.

Céntrase nesta representación e define o espectáculo, baseado en dualidades, como “interesante, divertido e tenro”. Comenta que se trata dunha reflexión sobre o éxito ou a vida levada a cabo por dous actores dos que se destaca o seu traballo interpretativo.

-Inma López Silva, “Ñiki-Ñaque’: sorriso doce con Ollomoltranvía”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 50, 12 novembro 2000, p. 9.

Comentario no que Inma López Silva se detén polo miúdo e no que inicia a súa análise citando literalmente un breve fragmento da obra da que sinala que se concibe como unha homenaxe ao teatro dentro do teatro. Cualifícaa de “comedia con toques ácedos”, e considera que a obra é unha reflexión sobre os límites “entre o estatuto do real e do ansiado, da vida e do teatro.” Salienta tamén o bo labor realizado polos dous actores e, a seguir, fai fincapé na escenografía que considera un dos puntos fortes da posta en escena pois opina que é un exemplo de que con pouco e boa imaxinación se pode tirar un espectáculo luminoso. Finalmente, volve a referirse ao tema fundamental da montaxe, o teatro dentro do teatro, e sinala que se trata dende unha perspectiva irónica ao estilo de Álvaro Cunqueiro pondo como exemplo algunhas escenas do espectáculo como a de Romeo e Xulieta ou a parodia dos títeres.

Ver Ciclo de teatro profesional 2000 de Moaña. Ver VIIIª Feira do Teatro de Galicia. Ver XVº Festival do Teatro Galego (FTG), Carballiño. Ver Vº FESTEIXO, Festival de Teatro do Eixo Atlántico. Ver XIIIª Mostra de Teatro de Cee. Ver VIª Mostra de teatro de Cariño. Ver Sábados teatrais de Narón.

Patricia Vázquez: *Marina Marini*, baseado en textos de Xepe Casanova e Quico Cadaval.

Ver XIIIª Mostra de Teatro de Cee.

Sarabela Teatro: *O lapis do carpinteiro*, baseada na novela homónima de Manuel Rivas.

Trátase dunha historia de amor, melancolía e busca da liberdade en tempos da guerra civil española e da postguerra. A historia de amor está protagonizada por Marisa Mallo, unha fermosa moza de Fronteira, filla dunha familia de ambiente reaccionario, e o médico republicano Daniel da Barca, posuídor da beleza tísica e seguidor da teoría da realidade do doutor Nóvoa Santos. Fronte a eles a mirada escrutadora dun home que non tiña medo, Herbal, o garda da cadea da Falcona que verá restaurada a súa condición de ser humano por obra e gracia de tantas formas de amor como o lapis do carpinteiro lle foi ensinando a debuxar.

Dramaturxia: Begoña Muñoz, Fina Calleja e Ánxeles Cuña Bóveda. Dirección: Ánxeles Cuña Bóveda. Adaptación: Sarabela Teatro. Interpretación: Fernando Dacosta, Suso Díaz, Fina Calleja, Elena Seijo, Xosé A. Porto “Josito”, Xavier Estévez, Pepe Soto e Tito R. Asorey. Deseño de escenografía e atrezzo: Jesús Costa. Realización de escenografía e atrezzo: Arteficción S. L. e Jesús Costa. Deseño e realización de máscaras: Jesús Costa. Deseño de vestiario: J. Carlos Rodríguez. Deseño de son: Arturo González. Deseño de iluminación: Antón R. Macías, Ánxeles Cuña e Suso Díaz.

Perruquería: Quique Martínez.
Deseño Gráfico: 1:Media.
Fotografía: Mario G. Herradón.

Referencias varias:

-Ángel Varela, “Antón Reixa levará ó cine a novela “O lapis do carpinteiro”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 22 febreiro 2000, p. 80.

Infórmase do proxecto de adaptación cinematográfica da novela de Manuel Rivas que será levada a cabo polo escritor Antón Reixa, quen sinala que quere darlle un carácter xenuinamente galego. Na mesma nota tamén se anuncia a estrea por parte do grupo Sarabela da adaptación teatral de *O lapis do carpinteiro*, que en palabras da directora da compañía, Ánxeles Cuña, supón a posta en escena de temas que “conectan moi ben coa dramatuxia universal” pola creación de “imaxes potentes” que supoñen unha “metáfora da Historia”.

-S. Espinoso, “O lapis do carpinteiro: Estreno y éxito”, *La Región*, “Cultura”, 24 febreiro 2000, p. 12.

Refírese á estrea da obra no Teatro Principal de Ourense e salienta a presencia de Isaac Díaz Pardo, fillo de Isaac Díaz Baliño, así como de Choncha Concheiro, personaxe real sobre o que se basea o personaxe protagonista, Marisa Mallo, así como do propio autor da obra, Manuel Rivas. Destácanse as palabras de eloxio que lle dedicou a compañía ao remate da representación e destaca tamén o grande éxito de público.

-P.T., “Historia da noite do lapis”, *el Mundo. Galicia*, 25 febreiro 2000, p. 12.

Alude á representación que tivo lugar no Teatro Principal de Ourense e salienta a boa posta en escena realizada polos integrantes de Sarabela, que segundo di, consegue en todo momento a emoción do público. Fai fincapé no éxito acadado pola compañía con esta representación e salienta entre o público asistente a Isaac Díaz Pardo, o que resultou especialmente emotivo pois un dos personaxes que aparecen en escena é Camilo Díaz Baliño, pai do intelectual galego, que pasou a formar parte da nómina dos “paseados” na vida real. Fai referencia tamén ao monólogo do garda civil Herbal, encarnado por Fernando Dacosta, do que di que foi o verdadeiro protagonista do espectáculo.

-Alvarado, “O lapis do carpinteiro’, una osadía de Anxeles Cuña”, *La Región*, “Cultura”, 28 febreiro 2000, p. 7.

Detense na análise da adaptación do texto levado a cabo por Ánxeles Cuña, directora da compañía, e considera que foi levado a escena facendo unha fiel demostración dos postulados de Bertold Brecht en *Páginas de dramaturgia del teatro rural de Oldenburg* (1928-1929). Destaca a procura da actividade por parte do espectador, conseguindo que se convertese en crítico. Reflexiona a seguir sobre o bo tratamento dos

“bos” e dos “malos”, que aparecen caricaturizados ata o esperpento e fai fincapé na boa dicción dos actores, necesaria para levar adiante a emoción e a traxedia que subxacen na historia contada.

-Carme Vidal, “A posta en cena de *O lapis do carpinteiro* reune aos protagonistas reais e literários”, *A Nosa Terra*, nº 924, “Guieiro Cultural”, 2 marzo 2000, p. 25.

Refírese Carme Vidal á presencia dalgúns dos personaxes reais presentes na representación na estrea do Teatro Principal de Ourense, como foron Isaac Díaz Pardo, fillo do pintor Camilo Díaz Baliño e Choncha Concheiro, interpretada como Marisa Mallo por Fina Calleja. Destaca a emotiva presencia destes personaxes pola evidente implicación que supuxo para eles ver reflectidos momentos tan importantes das súas vidas e recolle as impresións dos actores, que confesaron sentirse moi nerviosos e que non poderían esquecer ese momento. Tamén recolle as palabras de Ánxeles Cuña Bóveda, quen relatou cómo traballaron neste proxecto a partir do texto de Rivas. Referiuse á grande axuda da propia Choncha Concheiro, que foi vital para poder crear o personaxe de Marisa Mallo. Ánxeles Cuña salientou tamén o interese que suscitou o texto de Rivas porque, segundo dixo, non se pode esquecer unha historia tan recente como a da guerra civil.

-A. I. S., “Nuria Espert y Adolfo Marsillach traen a Virginia Wolf al Principal”, *El Correo Gallego*, “Así está el patio”, 26 abril 2000, p. 38.

Ver Balea Produccións, neste apartado do *Informe*.

-Iolanda Ogando, “Era unha vez o meu avó”, *Tempos Novos*, nº 35, “Voces e Culturas. Crítica. Teatro”, abril 2000, pp. 94-95.

Céntrase na posta en escena de *O lapis do carpinteiro* de Manuel Rivas de Sarabela Teatro na que destaca que para contarlla ao público se escolleu a voz do “gris e mediocre Herbal, ese garda civil envolto polas sombras da miseria e polas angustias da supervivencia”. Considera que esta escolla na voz conductora do relato foi un dos grandes acertos do espectáculo. Tamén se destaca o traballo dos actores e unha “dosificación equilibrada entre o que se actúa e o que se conta”. Sen embargo, indícase que a obra debería contar con máis actores e ás veces o sentimento non se separa o suficiente do pensamento. Conclúe que en xeral o espectáculo conta con moitos momentos salientábeis e conmove ao público.

-M. Beceiro, “Sarabela hace memoria de la guerra”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 17 maio 2000, p. 53.

Con motivo da estrea da posta en escena en Santiago de Compostela, faise balance do numerosísimo público que xa viu a representación. Recóllense as palabras de Fina Calleja, quen definiu a obra como “unha historia de amor ambientada nunha época terrible como é a guerra civil”. Ademais saliéntase que a intención de Sarabela con este espectáculo é inculcar no público a mesma paixón coa que eles se achegaron ao texto de Manuel Rivas.

Amaia Mauleón, “O lapis do carpinteiro’ pisa tablas con ‘Sarabela”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 22 setembro 2000,
12.

Anuncia a representación da obra no Centro Cultural Caixanova e ofrece unha sinopse da obra, baseada na novela do mesmo nome de Manuel Rivas. Coméntase que é a primeira vez que se leva a escena unha novela deste autor. Recolle as declaracións das adaptadoras, quen insistiron na dificultade á hora de elixir os fragmentos para levar ao escenario. Finalmente, salienta que a obra xira arredor da peor das doenzas, "la suspensión de las conciencias".

-Francisco Castro, "O lapis do carpinteiro", *Atlántico Diario*, "Culturamanía", 22 setembro 2000, p. 8.

Saúda a chegada ao Centro Cultural Caixanova, na cidade de Vigo desta obra. Salienta a dificultade que entraña a versión teatral a partir da novela de Rivas e opina que gracias a versións teatrais a partir de autores galegos, comeza a mellorar a saúde do noso teatro, tan proclive a adaptar autores clásicos, ou autores xa "manidos". Ao remate, refírese á calidade e experiencia dos actores elixidos para a posta en escena polo que confía que o traballo será "magnífico".

-Javier D. Campa, "O lapis do carpinteiro" de Sarabela Teatro llega a los diez mil espectadores", *Atlántico Diario*, 22 setembro 2000, p. 8.

Dá conta da representación no Caixanova en Vigo, e reprodúcense as palabras da súa directora, quen apuntou que ademais do texto de Rivas complementaron a documentación a partir dos diarios de Syra Alonso. Explicou que a preparación da montaxe xurdiu en parte para celebrar o vixésimo aniversario da

compañía e salienta o grande éxito acadado dende a súa representación. Finalmente, ofrécese un pequeno resumo do contido e dáse conta dos nomes dos actores que formaron parte da representación.
-María Varela, “Sarabela abre a mostra profesional de teatro galego en Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Diario de Cultura Ocio”, 7 novembro 2000, p. 72.

Anuncia as cinco representacións da compañía no marco da Mostra Profesional de Teatro Galego e refírese ao éxito acadado pola obra tanto dentro de Galicia coma fóra, xa que preto de 12.000 espectadores asistiron ás representacións. Recolle as declaracións de Fina Calleja e Elena Seijo, actrices do grupo, salientando que a obra se centra nas consecuencias da guerra civil e que se desenvolve en tres niveis: un de realismo máxico, outro de veracidade e un terceiro de esperpento.

-María Varela, “Hoxe, teatro”, *Diario de Pontevedra*, “El despertador”, 8 novembro 2000, p. 2.

Anuncia a representación da peza no Teatro Principal de Pontevedra por iniciativa do Concello, que pretende fomentar deste xeito o teatro profesional galego e presentar unha boa oferta cultural na cidade.

-Ramón Busto, “O lapis do carpinteiro” abrió ayer en Carballo la semana del teatro”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Cultura”, 8 novembro 2000, p. 44.

Crónica da representación realizada no marco da inauguración do programa “Outono de Teatro” organizado pola Asociación Telón y Aparte de Carballo. Salienta a composición do escenario en dous niveis: un que representa as forzas represoras e outro onde se fraguan as desgracias das xentes acosadas polos vencedores da guerra civil. Apunta tamén que a presente edición do Outono de Teatro leva como título “Unha mirada ó século XX” e na súa primeira función tocou o tema da guerra civil a través desta peza para repasar posteriormente varios acontecementos do século.

-M. V., “Lleno en el Principal con ‘O lapis do carpinteiro”, *Diario de Pontevedra*, “Diario de Cultura Ocio”, 9 novembro 2000, p. 64.

Cualifica de éxito total a representación da peza no Teatro Principal de Pontevedra á que asistiron alumnos de secundaria de centros da cidade polas mañás e público adulto polas noites, conseguindo encher o aforo do teatro.

-María Varela, “Éxito en Pontevedra de la obra ‘O lapis do carpinteiro”, *Diario de Pontevedra*, “Diario de Cultura Ocio”, 12 novembro 2000, p. 64.

Sinala o éxito acadado pola peza á que asistiron un total de 2000 espectadores en tres días no marco da inauguración da Mostra Profesional de teatro galego en Pontevedra. Destaca tamén que o grupo pretende manter a obra en cartel durante o ano 2001 iniciando unha xira que comezará en Ourense e seguirá por toda Galicia. Anuncia ademais representacións de grupos de títeres no programa “Domingos do Principal” coas

actuacións de Xacarandaina con *Cousas que foron*, Cachirulo con *Pinocho* e Trompicallo co espectáculo do mesmo nome.

-I. L. S., “Sarabela, Manuel Rivas e Guerra Civil: ¡Viva o público!”, *Revista Galega de Teatro*, nº 24, “Opinións desde a butaca”, outono 2000, pp. 44-46.

Comenta a adaptación teatral de *O lapis do carpinteiro* de Manuel Rivas por parte do grupo Sarabela. Principia salientando da obra o dominio dos “recursos dramáticos e dos signos de teatro”, ademais da capacidade de conxugación entre os niveis “narrativo e lírico co dramático”. Tamén se detén en aspectos como a iluminación ou a interpretación dos actores, e remata agradecendo á compañía este traballo que xustifica amplamente o seu éxito.

-Belén R. Otero, “El grupo de teatro ‘Sarabela’ pone en escena la obra ‘*O lapis do carpinteiro*”, *Atlántico Diario*, “Redondela”, 22 decembro 2000, p. 14.

Anuncia a representación no Auditorio do Multiusos do Paseo da Xunqueira, en Redondela, e comenta que está incluída dentro da programación cultural de “Un decembro de teatro”, organizada pola Concellería de Xuventude do Concello de Redondela. Finalmente, ofrece un conciso resumo do contido da obra.

-Inma López Silva, “Os top 4: balance do 2000”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 56, 24 decembro 2000, p. 9.

Ver Centro Dramático Galego (2): *Calígula*, no apartado III .4. 2. 1. deste *Informe.*

-Pedro P. Riobó, “A perversión da perveseridade”, *Revista Galega de Teatro*, n º 25, “Opinións desde a Butaca”, inverno 2000, pp. 61-62.

Comenta as claves da posta en escena de *O lapis do carpinteiro*, de M. Rivas por parte da compañía Sarabela. Explica sucintamente o máis relevante da adaptación teatral do texto narrativo, apuntando as escollas conscientes e ben xustificadas. Conclúe felicitando a Sarabela pola “boa disposición escenográfica”.

Ver Centro Dramático Galego (2): *Calígula*, no apartado III. 4. 2. 1. deste *Informe.*
Ver Ciclo de teatro profesional 2000 de Moaña. Ver Ciclo “Xoves teatrais” 2000 de Ferrol Ver VIIIª Feira do teatro de Galicia. Ver XVº Festival do Teatro Galego (FTG), Carballiño. Ver Vº FESTEIXO, Festival de Teatro do Eixo Atlántico. Ver VIª Mostra de teatro de Cariño. Ver XVIª Mostra Internacional de Teatro. Rivadavia.
Ver IXº Outono de teatro de Carballo.

Postas en escena

III.4.2.Estreas

Postas en escena

III.4.2.Estreas

Ver Semana de teatro do Concello de Vilamarín.
Ver “Un decembro de teatro”.

Tacón Teatro: *O elixir do alquimista*.

Espectáculo feito a partir de textos de Eugenio Granell xunto á selección de escritos feitos por Beatriz Pintos, Andrea Aromático, F. Antoine e Eiraneus Philatelis. O grupo percorreu o mundo da alquimia tomando como referencia a mostra do pintor Eugenio Granell.

Dirección: Socorro Vedo coa colaboración de Victoria Vedo.
Interpretación: Beatriz Bravo e Libertad cuevas.

Referencias varias:

-A. I. S., “Tacón Teatro hace un recorrido por el mundo de la alquimia en Bendaña”, *El Correo Gallego*, “Así está el patio”, 19 abril 2000, p. 36.

Faise eco da representación do espectáculo, que acolle o pazo de Bendaña, describe o contido deste e ofrece o nome da directora, actores e actrices que teñen previsto participar na montaxe.

Tamén salienta o taller de contacontos que, baixo o título “A hora do conto”, organizou durante o mes de abril a biblioteca Nova 33.

-A. I. S., “Tacón Teatro ofreció en Bendaña una ceremonia de iniciación a la alquimia”, *El Correo Gallego*, “Así está el patio”, 20 abril 2000, p. 35.

Entre outras noticias de interese cultural, ofrece información sobre a posta en escena deste espectáculo no Pazo de Bendaña, e ofrece os nomes dos participantes neste acto. Dá conta ademais da montaxe a cargo da compañía Tanxarina titulada *Ah, Ah, Ah, estamos monstros de risa,* representada na sala de títeres Sant Yago.

Talía teatro: *Soños dun seductor*, de Woody Allen, versión de Artur Trillo.

Comedia na que se conta a historia de Allan Félix, un intelectual que está pasando por un momento crítico na súa vida. A través da historia reflíctense os tópicos do mundo do autor neoiorquino.

Dirección: Artur Trillo e Martína Cambeiro. Interpretación: Artur Trillo, Carmen Couto, Estevo Creus, Francisco Lestón, Isabel Blanco e María Lariño. Deseño de escenografía: Eloísa Noeda. Ambientación: Carlos Alonso. Realización de escenografía: José Herrero. Deseño de vestiario e maquillaxe: Martina Cambeiro. Realización de vestiario: Celsa Bouzón. Iluminación: Víctor Trillo. Selección musical e técnico de son: Toño Casais. Deseño gráfico: Blanca Río e Fernando de Juan. Fotografía: Fernando de Juan. Técnico de escena: César Trillo.

Referencias varias:

-X. R., “La compañía ‘Talía Teatro’ representa hoy en Carballo ‘Soños dun seductor”, *El Correo Gallego*, “Area de Compostela”, 23 marzo 2000, p. 48.

Fai referencia á posta en escena da representación, e sinala que o espectáculo forma parte do ciclo de teatro organizado pola Concellería de Cultura de Carballo.

-M. Beceiro, “Talía retorna con su versión de “Soños dun seductor”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 25 outubro 2000, p. 8.

Coméntase que na traxectoria de Talía Teatro predomina máis o teatro de contido político-social que a comedia. Ademais de anunciar as representacións no Teatro Principal de Santiago, sinálase que Talía pretende facer unha obra fiel ao texto de Allen e transmitir o ambiente de Manhattan dos anos nos que se desenvolve a peza, plasmando un humor sutil e cínico.

-Inma López Silva, “Talía e seductores: o cristal dos xenios”, *El Correo Gallego*, “Fin de Semana”, nº 48, 29 outubro 2000, p. 9.

Destaca o grande éxito de público desta peza nas súas representacións tanto na Feira do Teatro coma no Teatro Principal. Salienta elementos como o toque pop, a psicanálise e a interpretación dos protagonistas que encarnan Artur Trillo e Carmen Couto. Finalmente comenta a importante presencia de elementos e referencias cinematográficas na obra.

Ver Ciclo de teatro de Carballo. Ver Ciclo de teatro profesional 2000 de Moaña. Ver VIIIª Feira do teatro de Galicia. Ver Mostra de teatro infantil e xuvenil, Narón, no apartado VI. 3. 1. 1. deste *Informe*.

Teatro da lúa: *A lenta agonía das centolas*, de Ovidio L. Blanco, traducción de Iolanda Ogando.

Dirección: Gina Piccirilli. Interpretación: Dorotea Bárcena, Beatriz Graña, Roberto Leal e Ramiro Neira.

Teatro de Ningures (1): *Decorcheas,* de María Armesto.

Catro mulleres narran as súas historias persoais, proclaman as súas catro visións da vida, e confesan os seus medos, alegrías, problemas e temores**.**

Dirección: María Armesto. Interpretación: Casilda García, María Costas, Pepa Barreiro e Sonia Rúa, coa colaboración de Antonio Durán "Morris". Deseño de vestiario: María Mazás.

Referencias varias:

A. I. S., "Teatro de Ningures na sala Galán", *El Correo Gallego*, "Así está el patio", 6 xuño 2000, p. 39.

Ademais doutras noticias de interese cultural, anuncia a acollida na sala Galán desta obra que tivo lugar entre o 6 e o 8 de xuño e cita o nome da directora e das actrices protagonistas.

-María Cedrón, “A intelixencia está ligada ó humor”, *La Voz de Galicia*, “A entrevista”, 6 xuño 2000, p. 49.

Con motivo da presentación da obra na sala Galán María Armesto, directora da posta en escena, responde a cuestións relacionadas co contido deste espectáculo. Así, salienta que é unha comedia de personaxes femininos e que cantan o que senten. Comenta que a música ten relevancia nesta obra e nela pódense oír cancións de moi diversos autores, dende Rossini ata Janis Joplin. Finalmente, comenta que pretende ser un exemplo para que todas as mulleres aprendan a rirse e coidarse de si mesmas.

-A. del Olmo, “Teatro de Ningures pone en escena 'Decorcheas', una comedia de mujeres”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 14 xuño 2000, p. 12.

Anuncia a estrea desta obra en Vigo, a petición da Concellería de Animación Cultural. Tamén dá conta da temática fundamental da obra que xira arredor das vidas de diferentes mulleres que se encontran circunstancialmente. O desamor, a soidade e a necesidade de rirse de si mesmas son algúns dos motivos que se sinalan como fundamentais. Finalmente, dá conta do elenco de actrices que forman parte do espectáculo, no que segundo se di, xoga un papel moi importante o cabaret.

Ver XVIIª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas.

Teatro de Ningures (2): *Dúas mulleres á vez*, de María Armesto.

Dirección: María Armesto. Interpretación: Casilda García, María Costas, Pepa Barreiro e Sonia Rúa.

Teatro do Aquí: *Criaturas*, de Roberto Vidal Bolaño. (Premio Eixo Atlántico de textos dramáticos 1999).

Montaxe que se organiza dende o punto de vista baseado no suceder cinematográfico no que se retoma o mito do terror do Doutor Frankestein para comparalo cos terrores da vida cotiá actual. A criatura de ficción é retomada no momento en que esta decide achegarse á civilización, despois de permanecer illada dela, unha civilización que crea polos sen prumas, ovos sen colesterol e que creou ademais monstros como Frankestein. A posta en escena ten como trazos fundamentais o humor e a ironía, e ten como prestensión detectar e poñer en descuberto o que a razón ou a civilización poida ter producido de monstruoso en nós ou nos que nos rodean.

Dirección: Roberto Vidal Bolaño. Axudante de dirección: Carlos Losada. Interpretación: Miguel Varela, Belén Constenla, Roberto Vidal Bolaño e Rubén Ruibal. Vestiario: Gonzalo Vilas**.** Deseño de escenografía e atrezzo: Julia Brens. Realización da escenografía e atrezzo: Rodrigo Roel. Iluminación: Roberto Vidal Bolaño. Cobertura técnica: Kachet. Deseño gráfico: Fausto C. Isorna.

Referencias varias:

-Alvarado, “Las ‘Criaturas’ de Vidal Bolaño”, *La Región*, “Cultura. Teatro”, 9 outubro 2000, p. 12.

Con motivo da chegada ao Teatro Principal de Ourense da obra, alude á traxectoria teatral de Roberto Vidal Bolaño de quen lembra que foi o fundador de “Antroido” no ano 1974. Cita tamén algúns dos premios acadados como o Abrente, Medalla de Oro de Madrid, o Álvaro Cunqueiro ou o Rafael Dieste, entre outros. A seguir, dá conta do elenco dos personaxes e remata facendo referencia ao contido da posta en escena.

-Francisco Castro, “Criaturas”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, “Culturamanía”, 9 outubro 2000, p. 9.

Refírese ás representacións da peza no Centro Cultural Caixanova de Vigo e salienta o labor teatral de Roberto Vidal Bolaño que, ao lado doutros como Manuel Lourenzo e Francisco Pillado, teiman dende hai moitos anos en dignificar o teatro galego. Comenta ademais a presencia na obra de trazos como o terror e de referencias clásicas e cinematográficas integradas nunha dramaturxia sólida.

Ver Ciclo de teatro profesional 2000 de Moaña. Ver XVº Festival do Teatro Galego (FTG), Carballiño. Ver Vº FESTEIXO, Festival de Teatro do Eixo Atlántico. Ver XIIIª Mostra de teatro de Cee.

Ver VIª Mostra de teatro de Cariño. Ver XVIª Mostra Internacional de Teatro. Rivadavia. Ver “Un decembro de teatro”.

Teatro do Atlántico (1)**:** *O Cerco de Leningrado*, de José Sanchís Sinisterra.

Trátase dun espectáculo en clave de comedia no que dúas mulleres de certa idade, Natalia e Priscila, amigas e rivais, amante a unha e esposa a outra do falecido director dun vello teatro fan un repaso do pasado, tratando desesperadamente de comprender o presente, no que o teatro está a piques de ser derrubado para construír un aparcamento subterráneo. No repaso dese pasado lévase a cabo a investigación dun crime, sucedido vinte anos atrás e realízase ademais un percorrido polo fracaso das señas revolucionarias e a perda da utopía.

Dirección: Xulio Lago. Axudantes de dirección: Mabel Rivera e Maga Martínez. Traducción: Xosé Manuel Pazos Varela. Interpretación: María Barcala e Susana Dans. Música: Nani García. Espacio escénico: Carlos Alonso. Vestiario e atrezzo: Carlos Alonso. Fotografía: Tino Viz. Maquillaxe e perruquería: Marina Cambeiro. Deseño de iluminación: Xulio Lago. Deseño Cartel: Carlos Alonso. Dramaturxia: Xulio Lago. Técnicos de escena: Antón Arias e Xosé M. Molinos.

Referencias varias:

-Francisco Castro, “O Cerco de Leningrado”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 21 xaneiro 2000, p. 8.

Saúda a presencia desta compañía na cidade de Vigo e insiste na necesidade de espectáculos de teatro independente como estes que baixo a súa opinión teñen demostrado dende hai anos a súa calidade artística. Salienta o labor de dirección de Xulio Lago así como a boa interpretación de Susana Dans e María Barcala. Ao remate, anima aos lectores a achegarse ao teatro e gozar desta representación.

-Concha Pino, “Las actividades de la capitalidad cultural encaran febrero con pausa y acelerando”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 22 xaneiro 2000, p. 45.

Fai referencia ao programa de espectáculos e actos teatrais previstos para o mes de febreiro na cidade compostelá e salienta que este ano veñen reforzados debido á celebración da capitalidade europea da cidade compostelá. No concernente ao teatro galego dá conta desta montaxe prevista para os días 3 e 4 de febreiro. Ademais, con respecto ao teatro infantil dá conta da actuación da compañía viguesa Artello coa montaxe *Unha de amor.*

-A. I. S. “Teatro do Atlántico trae al Principal una ácida comedia sobre la pérdida de la utopía”, *El Correo Gallego*, “Así está el patio”, 29 xaneiro 2000, p. 39.

Anuncia a posta en escena desta obra e ofrece un pequeno resumo do seu argumento. Ademais, lembra que o espectáculo foi estreado no Festival do Eixo Atlántico da pasada edición en Viana do Catelo e, finalmente, salienta que a peza teatral conta cunha unidade didáctica dirixida a escolares.

-J. A. Martínez Sevilla, “Fascinantes actrices”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 31 xaneiro 2000, p. 12.

Despois de cualificar o texto dramático de Sanchís Sinisterra de “magnífico, elaborado, tierno y conmovedor”, céntrase no labor das actrices, María Barcala e Susana Dans e louva o labor convincente e versátil de María Barcala no papel de Natalia así como o de Susana Dans, na interpretación de Priscila, da que salienta a súa credibilidade no cinismo das súas observacións. Considera que a posta de escena está complementada por ambas e non se entende sen ausencia de calquera das dúas. Finalmente, detense na análise da temática que se presenta na montaxe e sinala que a través da voz das protagonistas se examina o ben e o mal e se denuncia o engreimento e a suficiencia.

-Iolanda Ogando, “A couza do teatro”, *Tempos Novos*, nº 32, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, xaneiro 2000, p. 14.

Alúdese á estrea de *O cerco de Leningrado*, un dos clásicos contemporáneos do último teatro español. Dise que Teatro do Atlántico fixo unha interesante posta en escena desta peza de Sanchis Sinisterra, na que teñen cabida preguntas que parecen esquecidas pero que están aínda presentes. Aínda que a obra está cualificada como unha das propostas máis interesantes da tempada, expóñense algúns detalles que

poderían mellorarse, por exemplo a ironía que debería subxacer máis constantemente ao longo do espectáculo e as partes da obra deberían estar máis compensadas, xa que a primeira atrae máis que a segunda.

-A. I. S., “Teatro do Atlántico trae al Principal la ácida comedia ‘O cerco de Leningrado”, *El Correo Gallego*, “Así está el patio”, 3 febreiro 2000, p. 41.

Ademais doutras noticias relacionadas coa programación cultural na cidade de Santiago de Compostela, informa da presencia da compañía no Teatro Principal da cidade e dá conta do elenco actoral que forma parte do espectáculo.

-Inma López Silva, “Os top 4: balance do 2000”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 56, 24 decembro 2000, p. 9.

Ver Centro Dramático Galego (2): *Calígula*, no apartado III .4. 2. 1. deste *Informe.*

-Belén López, “O cerco de Leningrado’, en el Principal”, *Diario de Pontevedra*, “Diario de CulturaOcio”, 15 decembro 2000, p. 63.

Dá conta da representación da montaxe no Teatro Principal da cidade pontevedresa e sinala a pouca presencia de público. Ao final, ofrece unha breve síntese do argumento e anuncia a actuación para ese día, novamente no Teatro Principal.

Ver XIIIª Mostra de teatro de Cee.
Ver VIª Mostra de teatro de Cariño.

Teatro do Atlántico (2): *Solo para Paquita.*

Paquita, solteirona, funcionaria pública nun Ministerio, despista a súa soidade riscando números nun bingo, cartón tras cartón, un día e outro día. Ata que na súa vida aparece El, o da mesa 15, con quen cre empezar unha fermosa relación de amor e séntese feliz. Pero un día ao acudir á habitual cita co seu amado descobre que en lugar do apartamento no que el vivía ata onte, hai agora un curioso negocio de mensaxes.

Dramaturxia e dirección: Xúlio Lago. Interpretación: Maria Barcala, Susana Dans e Nani García.

Teatro do Curro: *A sombra do Tenorio.*

Dirección: Víctor Vez Vilar. Ver Novembro

Teatral 2000.

Teatro do Morcego: *Os piratas-Branca Rosa*, inspirada no texto orixinal de D. Barbany e S. Sans.

Trátase dunha historia en forma de opereta romántica, na que, a cadros de gran colorido, se presentan por medio do texto e da música as desventuras de Branca Rosa, filla do virrei de España nas Antillas, casada sen amor cun nobre portugués, raptada polo pirata Morgan e convertida ao remate en serea por un Neptuno enrabechado.

Xénero: Comedia romántica. Dirección: Celso Parada. Interpretación: Eva Carreras, Eduardo R. Cunha “Tatán”, Damián Contreras, Salvador del Río, Miro Magariños, Miguel Borines, Andés Giráldez, Fran Paredes, Santiago Cortegoso, Max Gómez e Suso F. Barreiro. Iluminación: Suso F. Barreiro. Escenografía: O Pastor.

Ver Ciclo de teatro profesional 2000 de Moaña. Ver XVIIª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas.

Teatro do Noroeste (1): *A Celestina*, *comedia dos tolos amores de Calisto e Melibea*, de Eduardo Alonso.

Trátase dunha posta en escena baseada no clásico de Fernando de Rojas na que se trasladan os personaxes e a acción á Galicia actual. Nárrase en clave de comedia as aventuras de Calisto, un colombiano enviado polos seus xefes de Medellín a resolver negocios nas rías de Galicia. Os encargos non saen ben e mentres trata de resolver os conflictos relacionados co tráfico de drogas, coñecerá a Melibea, empregada dunha tenda e a Celestina, que aparece reconvertida como a xefa dun bordel.

Dirección: Eduardo Alonso. Axudante de dirección: Juan Udaondo. Interpretación: Luma Gómez, Xavier Estévez, Elena Atienza, Xosé Vilarelle, Carlos Mosquera *Mos*, Luísa Vieira e Belén Constenla. Escenografía e vestiario: Equipo Teatro. Deseño de iluminación: Eduardo Alonso. Deseño gráfico: Oscal Canal. Música: Chefa Alonso. Iluminación: Eduardo Alonso. Fotografía: Margen, S. L. Técnicos de escena: Miguel López Soto, Francisco Gómez Pena e Xosé M. Molinos.

Referencias varias:

-Carmen Villar, “Celestina só hai unhas cantas”, *Faro de Vigo*, “Faro del Ocio”, 19 maio 2000, p. 3.

Fai referencia á estrea da obra no Salón Teatro de Santiago de Compostela, a que cualifica de “versión canalla” do clásico de Fernando de Rojas. Despois de dar conta do elenco de actores que forman parte do espectáculo, céntrase na descrición detallada do argumento, que aínda que se basea no texto clásico, traslada a acción á Galicia actual con personaxes actuais. Segundo se recolle na noticia, o seu director, Eduardo Alonso, aclarou que o propósito desta obra é amosar ao espectador como “os amores son case sempre imposibles, os magos case sempre son falsos e o diñeiro é sempre poderoso”.

-M. Beceiro, “A Celestina’ en versión canalla”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 21 maio 2000, p. 53.

Despois de salientar o feito de que unha compañía independente coma Teatro do Noroeste sexa a primeira en representar na sala do IGAEM, Salón Teatro de Santiago de Compostela, céntrase no argumento da obra facendo fincapé nos paralelismos entre o clásico de Fernando de Rojas e a particular adaptación feita por Eduardo Alonso, director da compañía.

-P. Tristán, “Teatro do Noroeste devolve á actualidade a historia da ‘Celestina”, *El Mundo. Galicia*, “Cultura”, 23 maio 2000, p. 8.

Despois de aludir ao argumento da obra ofrece os nomes do elenco actoral previsto para a representación e anuncia a estrea no Salón Teatro, de Santiago de Compostela. Sobre este evento sinala que é a primeira vez que o IGAEM permite a entrada a unha compañía de teatro privada, despois de terlle denegado o inmoble a compañías como Uvegá Teatro ou Teatro do Atlántico, que o solicitaran anteriormente. Baixo a súa opinión, o feito de que lle dean entrada a esta compañía abre unha nova política no funcionamento do citado inmoble por parte do IGAEM.

-M. Beceiro, “O CDG debe estar no Salón Teatro”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 26 maio 2000, p. 53.

Entrevista con Eduardo Alonso, director da compañía, na que se refire á estrea no Salón Teatro, e opina que este inmoble debera acoller a todo o teatro, ademais de ser sede fixa do Centro Dramático Galego. Tamén alude á representación, da que salienta a actualización do mito do Trotaconventos e, finalmente, sinala que eles prefiren o xénero da comedia para poder abordar problemas de actualidade dende o distanciamento.

-I. O., “Anti-heroína”, *Tempos Novos*, nº 38, “Voces e Culturas. Crítica. Teatro”, xullo 2000, p. 87.

Alúdese á representación do texto de Eduardo Alonso *A Celestina. Comedia dos tolos amores de Calisto e Melibea*, levada a cabo por Teatro do Noroeste. Sen embargo, segundo o artigo, a recuperación deste mito, que se adaptou ao noso tempo e ao noso espacio, non foi por bo camiño, xa que nin o contido resulta críbel nin a súa posta en escena está ben asentada.

-I. L. S., “¿Celestina hoxe? Sempre Celestina”, *Revista Galega de Teatro*, nº 24, “Opinións desde a butaca”, outono 2000, pp. 47-48.

Achega algunhas reflexións sobre o espectáculo *A Celestina* de Teatro do Noroeste nas que critica cuestións que considera que evidencian unha certa febleza, entre elas a interpretación do papel de Celestina ou algunhas “incoherencias textuais”, que sinala que provocan graves deficiencias no espectáculo. Nembargantes, admite que se trata dunha proposta prometedora, polo que propón ao seu director unha revisión da obra.

Ver vº festeixo, Festival de Teatro do Eixo Atlántico.
Ver Sábados teatrais de Narón.

Teatro do Noroeste (2): *Édipos*, de Alexandra Moreira.

Dirección: Guillermo Heras.

Ver Vº FESTEIXO, Festival de Teatro do Eixo Atlántico.

Os **Tirinautas**: *Un domingo de picnic*, de Fernando Arrabal.

A acción xira arredor de catro personaxes: A familia Tepán, o seu fillo Zapo e Zepo, un soldado inimigo. A familia de Zapo, quen está na fronte, decide preparar unha comida campestre e ir visitar o seu fillo, pero a presencia de Zepo desencadea o conflicto entre as personaxes, un conflicto entre o serio e o ridículo, a realidade e o absurdo, nun marco bélico non comprendido pola inocencia dos belixerantes.

Interpretación: Mónica Arca, David Álvarez, Cristina Pazos, Fran Ameijeiras, Ana Puente, Pepe Villa, Javier Cartimil, Sonia Pazos, Xaquín Sangiao, Manolo Vilaverde, Belén Carimil, Paula García e Noa López.

Escenografía e vestiario: Tirinautas
Iluminación e son: Tirinautas.

Ver Iª Mostra de teatro afeccionado da Estrada.
Ver Iª Mostra de teatro afeccionado de Verín.

O **Trasno** Novo Teatro:

Foreber. Dirección: Miguel A. Estévez.

Ver Novembro Teatral 2000.

Uvegá Teatro: *A Señorita Xulia*, de August Strindberg.

Adaptación ao galego: Iolanda Ogando. Dirección: Vicente Montoto.
Interpretación: Mónica Caamaño, Laura Ponte e Vicente de Souza.
Escenografía e vestiario: Carlos Alonso. Música: César Martínez.

Referencias varias:

-Pancho Tristán, “Un paseo por Strindberg”, *Tempos Novos*, nº 37, “Voces e Culturas. Crítica. Teatro”, xuño 2000, p. 85.

Dáse conta da pouca validez que, neste final de século, ten a obra *A señorita Xulia* do sueco August Strindberg, representada por Uvegá Teatro. Sinala que na obra de Strindberg predominan elementos como o naturalismo, o drama e o misticismo, aspectos que hoxe quedan lonxe do público. É por isto polo que se di que se debería buscar a maneira de representar un texto de 1888 con elementos que lle dean validez hoxe.

Ver Ciclo de teatro profesional 2000 de Moaña.

III. Teatro

III.4. Postas en escena

III.4.2. Estreas

III.4.2.2. Grupos escolares, de asociacións ou agrupacións

Teatro **Aforo:** *Homes!* Dirección:

Leonel García Laborde. Ver Iª Semana de

teatro afeccionado. Vigo

Grupo de teatro **Amistade**, Asociación de Mulleres de Santa Marina (1)**:** *A batalla de Brión*, de Eduardo Fra Molinero.

Ver Vº Mes de Teatro de Ferrol.

Grupo de teatro **Amistade**, Asociación de Mulleres de Santa Marina (2): *As cousas da miña tía Angustia.*

Peza cómica na que a protagonista é unha viúva dun voluntario da División Azul á que lle toca un boleto na lotería. No transcurso da posta en escena sucédense diversos acontecementos cheos de comicidade que se desenvolven en dous actos de catro cadros cada un.

Dirección: Manuel Basoa

Ver Vº Mes de Teatro de Ferrol.

Grupo de teatro **Amistade**, Asociación de Mulleres de Santa Marina (3): *O cego de Fornelos.*

Ver IIº Festival “Longoiro Teatro”.

Antoxo: *O señorito e a cesta da compra*, de Carmen Rodríguez Fajardo.

Grupo Ápeiron: *Síntoo*, de Carlos Losada.

Dirección: Carlos Losada. Interpretación: Iria Cacheira Paradela, Marisa F. Falcón, Iván Castiñeiras Gallego, Sonia Méndez Alonso, Begoña García Ferreira, Elena Cajide, Eva Gontad Pazos e Martín López Saiz. Música: Fernando Epelde. Fotografía: Vanesa Perozo. Axudante de dirección: Mari Betanzos. Vestiario e escenografía: Apeiron. Iluminación: Rubén Ruibal.

Ver Mostra de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela.

Aprendices do vacío: *Caixa de sorpresas*.

Referencias varias:

-A. R., “Teatro y canto coral en Matamá”, *Faro de Vigo*, “Vigo por los 4 Costados”, 3 outubro 2000, p. 8.

Ademais de facer referencia ao festival de Corais, anuncia o programa de actuacións de teatro que acolle a Sociedade Cultural e Deportiva de Matamá que se inclúe na Semana de teatro afeccionado de Vigo, no que representaron o grupo Aprendices do vacío con *Caixa de sorpresas* e a compañía Porta Aberta que puxo en escena *Fin de acto.*

Ver Iª semana de teatro afeccionado. Vigo

Postas en escena

III.4.2.Estreas

Postas en escena

III.4.2.Estreas

Arume (1): O soño dunha noite de verán.

Ver Ciclo de teatro da Asociación Cultural “La Villa”.

Arume (2): *Farsa Plautina,* Antoloxía de seis obras de Plauto recollidas por Augusto Magán.

Ver VIIª Mostra de Teatro Afeccionado de Pontevedra.

Grupo de teatro da **Asociación de Mulleres de Moaña**: *A Casa de Bernarda Alba*, de Federico García Lorca.

Dirección: Pedro Pablo Riobó.

Aula de Teatro, Campus de **Lugo**: *Fin de Partida*, de Samuel Beckett.

Traducción, dramaturxia e dirección: Pablo Rodríguez. Interpretación: Natalia Doval Maside, Roi R. do Forno, Anxo Álvarez, Sonia Gómez, Marta Cancio e Yoo-Joung Lee Choi. Deseño de vestiario: Belén Naverán. Realización de vestiario: Cloti Vaello. Deseño de espacio escénico: Pablo Rodríguez. Deseño de iluminación: Gloria Rico e Pablo Rodríguez. Asistencia técnica: Kachet S. L. Vídeo: Foto Castro. Foto: Robert Bass. Axudante de dirección: Antonia Magilde “Iris”.

Ver VIº Festival internacional de teatro universitario. Ver Vª MITEU
(Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego).

Aula de Teatro, Campus de **Pontevedra** (1): *Cousas*, de Alfonso Daniel R. Castelao.

Referencias varias:

-M. V., “As ‘Cousas’ de Castelao, a escena”, *Diario de Pontevedra*, “Diario de Cultura Ocio”, 4 novembro 2000, p. 64.

Anúnciase a estrea desta peza dirixida e adaptada por Anxo Lourido dentro das actividades do Ano Castelao e incluída no plan de promoción do teatro afeccionado que organiza o Concello de Ourense. Coméntase que a obra está estructurada en tres partes: a primeira presenta personaxes característicos dos debuxos e das obras literarias do rianxeiro, a segunda recrea unha vila galega na que tamén aparecen personaxes de Castelao e a terceira introduce elementos dramáticos como a chegada da guerra civil e as súas consecuencias.

-María Varela, “Jazz, teatro novel y música clásica en una tarde lluviosa de sábado en Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Diario de CulturaOcio”, 5 novembro 2000, p. 63.

Refírese á representación desta peza no marco doutras actividades culturais desenvolvidas en Pontevedra e sinala que se trata dunha obra que leva a escena historias e personaxes de Castelao. Finalmente, destácase o bo nivel interpretativo dos actores.

Aula de Teatro, Campus de **Pontevedra** (2): *A desaparición de Wendy*, de Jospe María Bonet.

Dirección: Casilda García.
Escenografía: Carlos Alonso.

Aula de Teatro, Campus de **Santiago de Compostela**: *Os vellos non deben namorarse*, de Alfonso D. Rodríguez Castelao.

Versión, dramaturxia e dirección: Roberto Salgueiro. Interpretación: Fernando Epelde García, Fernando Moreira Vilanova, Xulia Gómez Valcárcel, Vanesa Martínez Sotelo, Francisco Salgado Rodríguez, Alsira Iglesias Fernández, Cecilia Carballido Couceiro, Marcos Rodríguez Correa Manuel Alvariño Pérez, Miguel Vigo Blanco e Adela García Queijo. Deseño de vestiario: Belén Naverán. Realización de vestiario: Clotilde Vaello. Deseño de espacio escénico: Roberto Salgueiro. Realización de espacio escénico, deseño e realización de atrezzo e máscaras: Rodrigo Roel. Deseño de maquillaxe: Purificación Pereira. Deseño de iluminación: Roberto Salgueiro. Asistencia técnica: Kachet S. L. Técnico de iluminación: Raúl Giraldo. Deseño de cartel e programa: Xerardo Fuentes. Asistencia de dirección e escena: Cecilia Carballido e Cristina García.

Ver VIº Festival internacional de teatro universitario. Ver Vª MITEU
(Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego).

Teatro **Aurín**: *Supertot*, de J. María Benet.

Posta en escena creada a partir de ingredientes moi cercanos ao cómic e ao thriller americano. A historia xira ao redor dunha secta malvada que pon en perigo a unha fermosa secretaria. Na sombra de todo isto a aparición dunha mente criminal contra a que ten que loitar o protagonista superheroe para rescatar a secretaria.

Dirección: Salvador del Río. Ver
IIº Ciclo de teatro de Bueu.

Postas en escena III.4.2.Estreas

Postas en escena

III.4.2.Estreas

Postas en escena

III.4.2.Estreas

Obradoiro de teatro do Instituto **A Barcala** (1): *O Home desnudo e o home do frac.*

Ver Iª Mostra de Teatro Afeccionado de Cambre.

Obradoiro de teatro do Instituto **A Barcala** (2): *Panchiño.*

Ver Iª Mostra de Teatro Afeccionado de Cambre.

Bartoleta Teatro, da Asociación de Veciños do Ensanche “A”: *Un refaixo para Celestina.*

Ver IIº Festival “Longoiro Teatro”.

Postas en escena III.4.2.Estreas

Postas en escena

III.4.2.Estreas

Berenguela: *Catro corazóns sen freo e marcha atrás*, de Jardiel Poncela.

Ver Iª Mostra de teatro afeccionado de Palas de Rei.

Captatio Benevolentiae: *Ndc*, baseado en textos de Rodrígo García.

Baseado en textos de “Nota de cociña” de Rodrigo García, o espectáculo dálle unha importancia especial ao texto como creador de imaxes e movementos. Trátase dun xogo no que cadaquén di o que pensa a partir da proposta da imaxinación de espacios, personaxes ou temas como a educación alienante, o recoñecemento público da arte ou a explotación da pobreza como un espectáculo de masas. Dirección: Chiqui Pereira. Traducción: Xavier Cid. Interpretación: Carlos Caneda, Paula Carballeira, Lorena Conde, Ana Costas, Raquel García, Teresa Rodríguez e Asunción Yáñez. Fotografía: Mónica Lago.

Ver Mostra de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela.

Postas en escena III.4.2.Estreas

Postas en escena

III.4.2.Estreas

A **Casa da Bola** (1): *A palabra nas voces*, de Vázquez Pintor.

Ver IIº Ciclo de teatro de Bueu

A **Casa da Bola** (2): *A Sala de espera.*

Recreación en clave de comedia da situación de varios personaxes na sala de espera dunha consulta médica.

Interpretación: Avelina Fandiño, Josefa Sotelo, Agustina Mariño, Carmen Álvarez, Antonio Peña, Elena Corbacho e José Santos.

Referencias varias:

-D. P., “Noite de teatro’ hoy en la Casa do Pobo”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, 26 maio 2000, p. 18.

Informa da celebración dunha “noite de teatro” organizada pola Concellería de Cultura de Pontevedra, na que participa o grupo da terceira idade a “Casa da Bola” con esta peza teatral. Ver IIº Ciclo de teatro de Bueu

Postas en escena III.4.2.Estreas

Postas en escena

III.4.2.Estreas

Postas en escena

III.4.2.Estreas

Grupo de teatro **C. C. S Castro Barreiro:** *O tonto é un sabio*.

Ver Novembro Teatral 2000.

Grupo de teatro do **Colexio Pondal:** *O enfermo imaxinario*, de Moliére.

Ver IIº Ciclo de teatro de Bueu.

Comediantes Anónimos: *Paixóns, divinas paixóns*, autoría do grupo.

Dirección: Francisco Paredes e Asunción Soñora.

Referencias varias:

-D. P., “Comediantes Anónimos’ representa mañana ‘Paixóns, divinas paixóns”, *Diario de Pontevedra*, “Bueu”, 2 xuño 2000, p. 15.

Breve nota na que se informa da actuación do grupo na Casa de Cultura de Bueu.

Ver Ciclo de teatro de Bueu.

Comité pro autores perseguidos: *Idos*, de Patricia Piñeiro.

Dirección: Patricia Piñeiro Barreiro. Interpretación: Noemí Iglesias, Iria Rodríguez, Esther Taboada, Inma Rocha, Carolina Leira, Felipe Díaz, Ruth Rey, Celia Moreau, Julie Quistrebert, Mireia Súarez, Patricia Piñeiro, Óscar Caíño, Brais Fernándes, Diego Anido, Lupe Martínez, Iria Rodríguez, Paula Llinares, Maca Rocamonde, Carmen Fernández, Yiléne Jan, Iria de Cunha, Ana de la Iglesia e Daniel Maseda. Son e luces: Óscar Caíño. Música: Patricia Piñeiro e Óscar Caíño. Vestiario: Patricia Piñeiro. Maquillaxe: Patricia Piñeiro. Escenografía: Brais Fernándes e Diego Anido.

Ver IIº Ciclo de teatro de Bueu. Ver Mostra de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela.

Grupo **Cordelia** (Universidade de Vigo. Campus de Ourense): *Os Ecos de Celestina.*

Cordelia decidiu traballar con escenas da Celestina, en versión de Ángel Facio, por diversos motivos como foi achegarse a un texto clásico e como instrumento para traballar cos actores nunha manipulación innovadora, explorando formas e estilos e descubrindo novos sentidos neste texto. Presentan un traballo en proceso, non o producto final.

Versión: Ángel Facio. Dirección: Elena Seijo e Fina Calleja. Interpretación: Eva Vilar Besada, Marta González Nóvoa, María Gallego Nespereira, César José López González, Jaime Mateo Fernández, Carlos Rafael Ramos, Begoña Maira Benítez, Gema Pérez Pérez, Daniele Tommasini, Sonia López Pazos, Pilar Romero Pernas, María Feijóo Álvarez, Ruth Sabucdo Marillo e Nate Borrajo Pazo.

Ver Vª MITEU (Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego).

Escola de Formación Teatral **Dorna:** *Aurita a través do espello*, de Mónica Bar Cendón.

Ver Iª Semana de teatro afeccionado. Vigo

Grupo **Ecuus** (Escola Municipal de Teatro de Miño): *Non se chora*, adaptación de Manuel Basoa Vizoso.

Dirección: Manuel Basoa. Decorados, Tramoias, maquillaxes
e música: Grupo Ecuus.

Grupo **EIS**: *Bailadela da morte ditosa*, de Roberto Vidal Bolaño.

Dirección: A. Barreiro Warren. Interpretación: Miriam Blanco, Lupe Lorenzo, Ana Nogueira, Pablo Ínsua, Francisco Suárez, Cristina Martínez, Lucía Latorre, Marta Fernández, Xoel Méndez, Iago Pérez, Loli Barbazán, Anxela Fraga, Xoel Méndez, Raquel Regueira, Iolanda Prieto e Tania Martínez. Subdirección: María Lado. Vestiario: María Lado. Escola musical: María Lado, Marco e A. Novelle. Iluminación: A. Barreiro Warren. Escenografía: A. Barreiro Warren e Diógenes Costa.

Ver IIª Mostra internacional de teatro de Vigo. Ver Mostra de teatro universitario da Universidade de Santiago de Compostela.

Escena Popular: *Escándalo Municipal.*

Referencias varias:

-Antón Ferreira, “Escena Popular en el teatro guardés”, *Atlántico Diario*, 6 agosto 2000, p. 35.

Informa da biografía do grupo guardés e salienta que se presentou ante o público no ano 1999 no centro cultural guardés coa representación dunha biografía de Goethe. Tamén salienta outras actividades realizadas por esta asociación en colaboración co Concello como a organización dunha conferencia sobre Uxío Novoneyra. Finalmente, faise eco da posta en escena desta obra que tivo lugar no mes de maio e comenta que tivo como eixo a figura de Castelao así como a emigración.

Grupo de teatro **Ferrol:** *A batalla de Brión*, de Eduardo Fra Molinero. Dirección: Roberto Casteleiro, Helga Méndez e María Xosé Doce. Interpretación: Grupo de Teatro Ferrol. Ver Ciclo de teatro afeccionado “Domingos a escena”.

Fonte da Tella: *O menciñeiro á forza*, de Moliére.

Dirección: Salvador Álvarez Ledesma. Interpretación: Juan García, Dolores Vidal, Inés Bernal, Nicanor Orge, Manuel Salas Salvador Álvarez, Estefanía García e Manuel Álvarez.

Gabriel Lezcano & **Sergio Domínguez:** *Dominar o mundo*. Espectáculo no que estes dous actores provenientes da Universidade de Vigo escenifican en clave de humor un diálogo entre Pinky e Cerebro, dous ratos empeñados en dominar o mundo. Creación, dirección e interpretación: Gabriel Lezcano e Sergio Domínguez. Ver XVIIª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas.

Grupo de teatro **Hac Luce** (Universidade da Coruña): *Noite de reis*, de William Shakespeare.

Traducción: Miguel Pérez Romero. Dirección: Carolina Ramos. Interpretación: José Leis, Alberte Cabarcos, Marita Martínez, Elisa Sera, Ramón Posada, Jesús Vega, Diego de Paz, María dos Ánxeles, Gary, Xulia Balseiro, Santiago Vázquez, Miguel Carnero e Josafat Quiñoa. Rexedor na xira: Jorge Castro. Arranxos musicais: Álvaro Ramos. Iluminación: Juan Luaces e Daniel Rey Campaña. Técnico de iluminación: Álvaro Ramos. Vestiario: Claudia Iglesias Noya. Coordinación: Juan Udaondo.

Ver Mostra de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela.

Ialaví Teatro: *Familia*, adaptación teatral da película do mesmo nome, de Fernando León de Aranoa.

Dirección: Lucía Aneiros Vázquez e Olalla Castiñeiras Pérez. Adaptación: Lucía Aneiros Vázquez e María López. Interpretación: Alfonso Neira Alonso, Olalla Castiñeiras Pérez, Juan Mª Martínez Olveira, Lucía Caballeira Vieites, Jorge Fernández, Estela González Táboas, Alfredo Saborido Pérez, Tania Cobas González e Teresa Lueiro García. Decorados: Ialaví Teatro. Deseño de iluminación e música: Pablo López Deán. Vestiario e atrezzo: Ialaví teatro.

Ver Mostra de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela.

Postas en escena III.4.2.Estreas

Postas en escena

III.4.2.Estreas

Longoiro Teatro: *Pista ou peste.*

Ver IIº Festival “Longoiro Teatro”.

Malabaranda: *O primo americano.*

Referencias varias:

-A. I. S., “Teatro en barrios”, *El Correo Gallego*, “Así está el patio”, 1 novembro 2000, p. 37.

Ademais doutras noticias de interese cultural, dá conta da representación desta obra no Centro Sociocultural de Vite. Tamén informa da presencia do contacontos Quico Cadaval e a actuación da compañía Seis dedos co seus espectáculo de marionetas *Mantas non son cobertores*, esta última no Centro Cultural A Gracia.

Ver XIIIª Mostra de teatro de Cee.

Maricastaña (Aula de Teatro Universitario de Vigo. Campus Ourense): *Conto de inverno*, de W. Shakespeare.

A variedade de xéneros, de estilos e de atmosferas que se respiran na peza teatral de Shakespeare resultou para a compañía unha obra complexa polo que respecta ao punto de partida desta montaxe, que tratou de achegarse ao espectador facendo que este se sentise coma un rapaz ao que lle narran en voz baixa un conto nocturno. Na posta en escena mestúranse diversos estilos musicais, escenas de terror (terror actual como o terror doméstico), momentos de tenrura (a nai e o seu fillo, o amor ou a amizade) e momentos cómicos (o pícaro, a simple, a festa xitana, os xogos actorais) ou mesmo momentos de sorpresa. Aínda que recortando o texto orixinal procurouse respectar a obra cunha actualización chea de plasticidade e matices amplos para afrontar os diversos estados polos que transita este conto.

Dirección: Fernando Dacosta. Interpretación: Xoán C. Lorenzo. Óscar Ortega, Pablo Silva, Tegra Vázquez, Laura González, Begoña Díaz, Toño Iglesias, Beatriz Rodríguez, Iria de Pazos, Tito R. Asorey, e Xoán Lorenzo. Iluminación: Suso Díaz. Escenografía, atrezzo e producción: Pablo Otero “Peixe”. Vestiario, maquillaxe e producción: Mónica González. Son: Fernando Dacosta. Cartel e programa: Pablo Otero “Peixe”.

Fotografía: Mario G. Herradón. Ver Vª MITEU (Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego). Ver Mostra de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela.

Metástase Teatro**:** *Intransixencia.*

Dirección: Afonso García. Interpretación: Mónica Pérez, Afonso García, Gonzalo Irago e Xabier Souto.

Ver Iª Mostra de teatro afeccionado de Palas de Rei.
Ver Vº Mes de Teatro de Ferrol.

Postas en escena III.4.2.Estreas

Postas en escena

III.4.2.Estreas

Os **Microbios**: *O estraño caso do gando da condesa*, de Antonio Ferrari.

Ver IIº Ciclo de teatro de Bueu.

A **Mimosa**: *O enigma do cabaleiro negro.*

Referencias varias:

-María Varela, “O teatro é unha das mellores formas de facer crítica social”, *Diario de Pontevedra*, “Diario de Cultura”, 26 setembro 2000, p. 65.

Entrevista a Carlos Yus, coordinador do grupo pontevedrés A Mimosa, con motivo da inauguración da Mostra de Teatro Afeccionado de Pontevedra. Sinala que esta obra está baseada nunha lenda tradicional centrada no rei Artur e que nela predominan a crítica e o humor absurdo. Salienta tamén que se trata dunha creación colectiva dos membros da Asociación A Mimosa que se ocuparon da escenografía e do vestiario e que investiron moito tempo na súa preparación.

Ver VIIª Mostra de Teatro Afeccionado de Pontevedra.

Postas en escena III.4.2.Estreas

Postas en escena

III.4.2.Estreas

Postas en escena

III.4.2.Estreas

Grupo teatral **Municipal** de Ribeira: *Cousas*, de Alfonso D. Rodríguez Castelao.

Ver Iª Mostra de teatro afeccionado de Noia.

Muradana: *A Herdanza*.

Ver Iª Mostra de Teatro Afeccionado de Cambre.

Grupo **Nús**: *Olimpus et decorum, intento pretencioso de comedia musical*, de Eva Lúa.

Interpretación: Iria García, Alma López, Alba Tizón, Carlos Rodríguez, Eva Lúa, Isabel Prado, Gonzalo Gesto, Manuel Lago, Patricia Núñez, Iván López, Diego Freire, Roi Espiño, Verónica Castro, Gutier Lusquiños, Sabela Herrero, Raúl Lago e Toño González. Coordinación: Sabela Herrero. Luz e son: Carlos Rodríguez e Enrique Otero. Decorados: Manuel Lago, Rubén Pardiñas, Ana Díaz e Tania Gómez. Vestiario: Grupo Nús. Maquillaxe: Ánxela Nantes e Toño González.

Ver Mostra de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela.

Postas en escena III.4.2.Estreas

Postas en escena

III.4.2.Estreas

Teatro **Palimoco** (1): *Os vellos non deben namorarse.*

Teatro **Palimoco** (2): *Antígona*, de Jean Anouille.

Posta en escena na que se recrea o mito de Antígona. Nena e muller á vez, terá que elixir entre deixar que o corpo do seu irmán, traidor da cidade de Tebas, quede insepulto e o seu espírito vague por toda a eternidade ou contravir o edicto do rei Creón, pai do seu prometido, e ser condenada a morte.

Dirección: Paloma Lugilde e Óscar Salgado. Interpretación: Vicky Silvarrey, Lucía Lence, Paloma Lugilde, Carmen Fernández, Miguel Alvariño, Mª Fernanda López, Gustavo A. Calles, Rafael Sánchez, María Díaz, Paula Novo, Teresa Fernández, María Fernández, Lucía Fernández, Margarita Vidal, Ana Mª López, María Sánchez, Ana Fernández, Cristina López, Marcos López, Chelo López, Alba Fernández e Javier Vázquez. Coreografía: Teatro Palimoco. Vestiario: Teatro Palimoco. Música e son: Fonta, Óscar Lago e Gerardo Castedo. Preparación Banda Sonora: Miguel Ángel Casal. Deseño programa: Domingo M. Salgado.

Referencias varias:

-Jesús Alonso Flores, “Antígona y Murguía”, *El Progreso*, “Cartas al director”, 1 xuño 2000, p. 12.

Despois de lembrar que con motivo da celebración do Día das Letras Galegas, a asociación Ágora Cultural e o Concello de Lugo organizaron un paseo literario, apunta que este rematou coa representación desta obra, e xustifica a súa elección para o día das Letras Galegas, apoiándose nas palabras de Rosalía de Castro, quen dixo “a terra é toda dos homes, e aquel que só coñece a súa, a ignorancia consúmeo”. Finalmente, refírese ao personaxe de Antígona e ofrece un breve resumo da historia deste clásico, do que sinala que “junto con Edipo, es el que más ha cautivado la imaginación occidental”.

Ver Iª Mostra de teatro afeccionado da Estrada.
Ver Iª Mostra de teatro afeccionado de Verín.

Porta Aberta (1): *Os vellos non deben namorarse*, de Alfonso D. Rodríguez Castelao.

Referencias varias:

-A. Rodríguez, “Cine, teatro y actividades infantiles en la semana cultural de Torrecedeira”, *Faro de Vigo*, “Vigo por los 4 costados”, 19 setembro 2000, p. 27.

Informa da iniciativa levada a cabo pola Asociación de veciños de Torrecedeira en Vigo que consistiu na organización da Iª Semana Cultural de Torrecedeira. Dá conta das actividades desenvolvidas como foron a proxección de varias películas, talleres de pintura e plastilina para os nenos e varias sesións de teatro a cargo do grupo Porta Aberta e o grupo Lonegrín que escenificou para os máis cativos a obra *Estación 21*.

Porta Aberta (2): *Este mundo está tolo*, de Porta Aberta.

Posta en escena de nove actores que representan diversas historias que xiran arredor da vida cotiá dende a perspectiva do humor e co obxectivo de que o público participe.

Porta Aberta (3): *Fin de Acto.*

Referencias varias:

-A. R., “Teatro y canto coral en Matamá”, *Faro de Vigo*, “Vigo por los 4 Costados”, 3 outubro 2000, p. 8. Ver

Aprendices do vacío neste apartado do *Informe*.

-Francisco Castro, “Fin de acto”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, “Culturamanía”, 9 novembro 2000, p. 11.
Anuncia a representación da obra no Auditorio do Centro Cultural Caixanova de Vigo. Con respecto ao autor, destaca o seu talante cosmopolita e viaxeiro e que participa de rexistros varios, como a literatura infantil e xuvenil, nos que achega sempre propostas suxestivas. Cualifica de milagre o feito de que se represente teatro galego xa que, na súa opinión, esmorece ante os nosos ollos. Indica tamén que hai moita xente descoñecida desenvolvendo un labor importante neste eido.

Postas en escena III.4.2.Estreas

Postas en escena

III.4.2.Estreas

Ver IIª Mostra de teatro “Concello de Gondomar”
Ver Iª Semana de teatro afeccionado. Vigo

Club Cultural **Rueiro***: Os cravos de*

prata. Dirección: Luís Calvo Cuesta. Ver Ciclo de

Ver Iª Semana de teatro afeccionado. Vigo
Teatro da Asociación Cultural ‘La Villa’.

Club de Jubilados de **Santa Cecilia:** *Lembrando a Rosalía*.

Grupo **Teatre** (Aula de Teatro da Universidade de Vigo-Campus Pontevedra), *A desaparición de Wendy*, de J. M. Benet.

Dirección: Casilda García. Ver XVIIª Mostra Internacional de Teatro

Cómico e Festivo de Cangas.

Teatro da Bufarda: *Anfitrión*, de T. M. Plauto.

Xúpiter enamórase de Alcmena e toma a figura do seu esposo Anfitrión, aproveitando que este está en guerra en defensa da patria. De escravo utiliza a Mercurio, transformado en Sosia, que se burla do escravo e do amo ao seu regreso a casa. Anfitrión ármalle un escándalo á súa dona e os dous rivais acúsanse mutuamente do adulterio. Blefarón, que ten que actuar de árbitro, non pode decidir quen é o verdadeiro Anfitrión. Finalmente, todo se descobre e Alcmena dá a luz dous xemelgos.

Dirección e adaptación: X. C. Mejuto Interpretación: Pablo Valencia, Fernando Pérez, J. A. Garrido “Garri”, Inma Cortiñas, X. C. Mejuto e Estíbaliz Espinosa. Escenografía, atrezzo e iluminación: Octavio Mas Vestiario: Ramón Posada. Cartel: Branda Producción: Teatro da Bufarda. Distribución: Ramiro Neira.

Ver XIIIª Mostra de teatro de Cee. Ver Iª Mostra de teatro afeccionado da Estrada. Ver Iª Mostra de teatro afeccionado de Verín.

Tirititraun: *H****

Adaptación: Jacobo Prieto, José Luís “Pilo”, Aranza X. e Iria Gippini. Dirección: Iria Gippini. Interpretación: Andrés X., Ramón Orencio, Teresa Vázquez, Sandra Varela, Lurdes G., Cristina Sampedro, María González, Aranza X., Jacobo Prieto, Carlos Villa, Txumi, Fran X., Bea Asorey, Dani Vázquez e Telmo X., Traducción: Teresa Martínez, Aranza X., Lurdes G. e Iria Gippini. Escenografía: Lía Cotón. Vestiario: Sandra Varela. Música: Xacobe Martínez Antelo, José Guinea e Adrián Mendoza. Caracterización e maquillaxe: Alberto Hortas. Efectos: Alberto Hortas. Utilería: Lía Cotón e Sandra Varela. Iluminación: Sandra Varela, Iria Gippini, Dani Vázquez e Lía Cotón. Deseño gráfico: Lía Cotón e Sandra Varela. Axudante de Dirección: María González.

Ver Mostra de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela.

Trasnada: *Non se chora*. Dirección:

Froíña García Abalo. Ver Iª Semana de

teatro afeccionado. Vigo

Teatro **Ullán:** *Mafía, terrorífica comedia en cinco actos*, de Manuel Carrillo.

Director: Manuel Carrillo. Ver Ciclo de teatro afeccionado “Domingos a escena”.

Teatro **Xenio:** *Aspirina para dous.*

Ver VIIª Mostra de teatro afeccionado de Pontevedra.

Xerigonza (Universidade de Vigo. Campus de Vigo): *A grande noite do Fiz*, de Miguel Anxo Murado.

Xénero: Comedia. Dirección: Emilio Estévez Martínez. Interpretación: David Serrano Amarelle, Daniel A. Rodríguez, Alfonso Rodríguez Molares, Raquel Sánchez Martínez, Paula Martínez Fernández, Emilio Estévez, Rosa Fernández Fernández, David Mosteiro Mosteiro, Ana Silva Malvar, Iago Vázquez Brea, Roberto Rodríguez Marcial, Roberto Rodríguez Vila, e Laura Álvarez Garrido. Escenografía: Trini Romay Piñeiro. Vestiario: Ana Silva Malvar. Montaxes: Víctor M. Rivero Gutiérrez. Iluminación: Juaco Martínez Sánchez. Deseño de son: Antón Gómez Alvedro&Cía. Técnido de son: Juan M. Torres Rodríguez. Producción: Juan M. Torres Rodríguez. Axudante de producción: Paula Martínez Fernández. Axudante de dirección: David Serrano Amarelle.

Ver IIª Mostra internacional de teatro de Vigo. Ver Vª MITEU (Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego). Ver Mostra de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela.

Zarabanda: *O retorno.*

Dirección: Yolanda Díaz Gallego.

III.4.3. Postas en escena que continúan en cartel

III. Teatro

III.4. Postas en escena

III.4.3. Postas en escena que continúan en cartel

III.4.3.1. Grupos estábeis ou profesionais

III.4.3. Postas en escena que continúan en cartel

III.4.3. Postas en escena que continúan en cartel

Achádego teatro**:** *Comedia da ola*, de Plauto.

Alalá teatro: *A viaxe de Lola*, baseado en textos de Nazaret López.

Espectáculo estructurado en tres viaxes protagonizadas polas catro actrices: “Os esterotipos do feminino e a talla única”, “Dependentes-Independentes” e “Sexo: Querer ou poder”. As tres viaxes teñen en común o feito de que xiran arredor dos distintos estereotipos polos que se rexe a esencia feminina e as dificultades na loita pola autonomía persoal.

Dramaturxia: Paris Daporta Dirección: Cristina Domínguez Interpretación: Anabell Gago, María Llanderas, Mercedes Castro e Ursía Gago. Dramaturxia: Paris Daporta. Producción e distribución: Nazaret López. Vestiario: Carmen Pichel. Espacio Sonoro: Toño Vázquez.

Referencias varias:

-A. del Olmo, “A viaxe de Lola', una reflexión sobre la mujer en clave de comedia”, *Faro de Vigo*, 24 maio 2000, p. 14.

Detense na análise do contido desta posta en escena, e comeza comentando que o proxecto naceu do desexo de catro actrices de “subir al escenario para hablar de lo que sentían y les preocupaba”. Fai referencia aos temas que analiza a obra como son as contradiccións, decepcións, fracasos ou a loita por desprenderse do aprendido. Finalmente, salienta que esta obra foi merecedora de diversos premios como o de Teatro de Bolsillo de Logroño e informa dos días das funcións no Centro Cultural Caixavigo.

-A. del Olmo, “A viaxe de Lola', los tópicos que rodean a la mujer en clave de humor”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 25 maio 2000, p. 11.

Con motivo do segundo día de representación en Vigo, refírese novamente a esta comedia, que desenvolve en clave irónica os estereotipos que rexen a esencia feminina. Salienta a sinxeleza da posta en escena así como a fluidez dos diálogos entre as catro personaxes, que segundo di, desenvolven diversas historias de mulleres e escenas cotiás.

Ver Mostra de teatro de Rianxo

Áncora Produccións: *Anatomía dun hipocondríaco. Comedia médica*, de Gustavo Pernas Cora.

Ver Pernas Cora, Gustavo, *Comedias paranoicas:Ladraremos/Fábula/Anatomía dun hipocondríaco*, no apartado III. 1. deste *Informe*.

Dirección: Gustavo Pernas Cora. Interpretación: Ánxela Abalo, Gustavo Pernas. Música: Julián Rodríguez. Producción: Gustavo Pernas Coras. Deseño da escenografía e cartel: Suso Montero. Deseño de vestiario: Ánxela Abalo. Iluminación: Pako d'Pink.

Teatro **Avento** (1): *O porco*, de Raymond Cousse.

A través de catro xornadas, que representan catro estacións confluíntes nun desenlace sanguinolento, *O porco* amosa a realidade fatalista dun ser nacido cun sino prefixado cara a unha morte segura. A comparación ou paralelismo coa existencia do ser humano resulta inevitábel. Catro xornadas parellas á vida-condena do ser humano, onde agroman con resolta traxicomedia problemas existenciais da condición humana como son a liberdade, a relixión, a política, a represión, a sexualidade, a vida e a morte.

Dirección e adaptación ao galego: An Alfaya. Interpretación: Armando Freiría. Música en directo: Manuel Sousa. Iluminación: José Serpa.

Referencias varias:

-A. P., “La obra teatral ‘O Porco’ se representa en Baiona”, *Atlántico Diario*, “Valmiñor”, 20 maio 2000, p. 17.

Brevísima noticia na que se anuncia a representación no Auditorio Vº Centenario, de Baiona, organizada pola Concellería de Cultura de Baiona co patrocinio da Deputación.

Ver IIº Ciclo de teatro de Bueu.

Teatro **Avento** (2): *Papá e mamá están ben*.

Ver IIª Mostra de teatro “Concello de Gondomar”.
Ver IIIº Outono Teatral nos Barrios.

Teatro **Avento** (3): *¿Quen matou a Mari Lauri?*, de Xoán Abreu.

Dirección: Xoán Abreu. Interpretación: Benito A. Correa, Carlos R. Roca, Juancho Ferrón, Marcos Alonso e Xoán Abreu. Guión: Xoán Abreu. Escenografía. Teatro Avento. Realización da escenografía: Antón Salgueiro e Teatro Avento. Vestiario: Teatro Avento. Realización do vestiario: Teatro Avento. Música: Teatro Avento. Técnico de son: Gustavo Loira. Iluminación: Teatro Avento. Técnio de iluminación: Gustavo Loira.

Ver IIIº Encontro de teatro afeccionado do Concello de Boiro.
Ver IIIº Outono Teatral nos Barrios.

Balea Branca Produccións: *Parella Aberta*, de Darío Fo e Franca Rame.

O tema desta posta en escena que os autores expoñen é a dun matrimonio en crise que, despois de moitos anos de convivencia en común, deciden experimentar un novo modelo de parella. O fío conductor da obra é a muller, que disecciona a relación e informa ao espectador da súa situación, analizando o papel da muller nunha sociedade machista. Os típicos e tópicos conceptos sobre as relacións de parella son postos en tea de xuízo como amor, infidelidade, celos, machismo e liberdade sexual.

Traducción: Xosé Carlos Caneiro e Dami C. Orero.
Dirección, escenografía e iluminación: Rodrigo Roel.
Axudante de dirección: Dami C. Otero. Interpretación:
Dami C. Otero e Pilar Alonso. Selección musical:
Pedro Díaz. Son: Raúl Llongueira e Manolo Pereira.

Referencias varias:

-Francisco Castro, “Parella aberta”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 25 outubro 2000, p. 12.

Anuncia a representación da peza no Centro Cultural Caixanova de Vigo os días 25 e 26 de outubro. Sinala que Darío Fo foi Premio Nobel en 1997, o que sorprendeu bastante polo feito de se lle entregar este premio a un dramaturgo e a un home polémico e controvertido. Ademais salienta que se trata dun autor crítico e directo que destaca por expresar a súa opinión sobre a sociedade, loitar contra o poder e os totalitarismos. Con respecto á obra sinala que nela se revisan conceptos como o matrimonio, a fidelidade, o machismo, o feminismo ou a loita de sexos en clave de comedia.

Campusinus in Albis: *O Sindo*, monólogo de Nani Matos.

Dirección: Elías González. Interpretación: Laureano Matos Barcis. Música: Bieito Álvarez. Realización da escenografía: Eladio Portela.

Referencias varias:

-Antón Ferreira, “O Sindo’ se despide de A Guarda el viernes con su última puesta en escena”, *Atlántico Diario*, 10 maio 2000, p. 16.

Informa do final da representación do colectivo Campusinus in albis no Centro Cultural da Guarda, despois de terse representado por diferentes escenarios do sur de Pontevedra. Salienta o grande éxito acadado pola compañía e fai fincapé na espontaneidade da representación, que cualifica de “artesanal”, por incorporar elementos novos en cada posta en escena.

-Ricardo R. Vicente, “El grupo de teatro 'Campusinus in albis” representa 'O Sindo' en el Centro Cultural de A Guarda”, *Faro de Vigo*, 12 maio 2000, p. 20.

Breve noticia na que se dá conta da representación desta peza no Centro Cultural da Guarda e salienta que é a última representación da compañía logo de escenificar por diversos lugares da provincia de Pontevedra.

Casahamlet, estudio de teatro: *A velada de Londres*, texto que forma parte da peza dramática *Veladas indecentes*, (Premio Nacional de Teatro 1997), de Manuel Lourenzo.

Persoal adaptación do clásico de Brom Stoker, *Drácula*, constituída por tres personaxes. A historia transcorre no Londres de finais do século XIX entre unha parella poseída polo segredo do vampirismo e obsesionada por alcanzar a inmortalidade polo que deciden visitar a casa dun extravagante e escuro doutor. A peza está situada no Londres de finais do século XIX.

Dirección: Manuel Lourenzo. Interpretación: Xosé María López Baño, Manuel Lourenzo e Cilha Lourenço. Guión: Manuel Lourenzo.

Referencias varias:

-Eduardo Álvarez, “Manuel Lourenzo estrea hoxe ‘A velada de Londres”, *O Correo Galego*, “AFA”, 3 marzo 2000, p. 31.

Ademais de dar conta da representación da obra en diversas vilas de Galicia, alude á invitación feita por parte dos directivos de "La Maison du Comedien María Casares", co fin de intercambiar intereses culturais entre esta fundación e a compañía coruñesa, que segundo explica, está vinculada á Deputación da Coruña. Ademais, ofrece un percorrido polos espectáculos desenvolvidos ata agora pola compañía, así como dos próximos proxectos como as lecturas teatrais de *A pousadeira* de Goldoni ou *O incerto Señor don Hamlet* e *A noite vai coma un río*, de Álvaro Cunqueiro. Finalmente explica que Casahamlet se concibe como un "laboratorio de invetigación e creación teatral" que conta con Manuel Lourenzo e Santiago Fernández como os máximos impulsores.

-M. F., "Casahamlet indaga en el vampirismo con la obra "A velada de Londres", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 3 marzo 2000, p. 19.

Alude á representación da peza teatral no teatro Colón da Coruña, e ofrece un sucinto resumo do seu argumento, ademais de incidir na temática do vampirismo como característica fundamendal da posta en escena. Finalmente, dá conta dalgúns dos próximos proxectos da compañía.

-Luís Franqueira, "Manuel Lourenzo asegura que el panorama teatral gallego 'no ha avanzado casi nada", *El Mundo. Galicia*, "Cultura", 13 setembro 2000, p. 9.

Con motivo da presentación da peza teatral, a cargo de Manuel Lourenzo, no Teatro Principal de Santiago de Compostela, reprodúcese a súa intervención na que ofrece unha análise da situación actual do teatro en

Galicia. Tamén manifesta a súa preocupación pola supervivencia do teatro en medio dun “hábitat terrorífico” invadido polos medios audiovisuais. A seguir, incide nos pésimos procesos de producción e exhibición das obras dramáticas galegas na actualidade e opina que as solución comezarían por crear debate entre todos os implicados no mundo teatral na procura dunha maior estabilidade que impulse o teatro galego. A parte final da noticia alude ao argumento de *A Velada de Londres*, da que se insiste na austeridade da composición escénica.

-Mónica Vázquez, “Vampirismo e inmortalidad se integran en el último espectáculo de Casahamlet”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 13 setembro 2000, p. 8.

Con motivo da representación da obra no Teatro Principal de Santiago de Compostela, fai referencia ao argumento e salienta que a sinxeleza da posta en escena choca coa densidade do guión creado por Manuel Lourenzo. A continuación, sinala as claves temáticas da peza teatral. Segundo as palabras do propio director na obra reflíctese o vampirismo como unha forma de vida cruel e déixase entrever o lado negativo da idea da inmortalidade.

-Nicolás Navaza, “Ninguén cre en todo o que di”, *La Voz de Galicia*, “La entrevista”, 14 setembro 2000, p. 8.

Despois de se referir á habitual función de director e actor nas súas representacións, Manuel Lourenzo apunta nesta entrevista que o obxectivo primordial desta posta en escena foi a sinxeleza e a realización dunha obra sen adornos. A seguir, destaca que o seu personaxe de vampiro representa o excepticismo ao

non crer todo o que di nin todo o que é. Finalmente, reflexiona sobre a situación do teatro en Galicia da que salienta a necesidade de máis normalidade e diversidade e opina que o teatro non depende tanto do diñeiro como da vontade dos actores á hora de escenificar ante o público.

Centro Dramático Galego (1): *Si o vello Sinbad volvese ás illas*.

Dirección: Fabio Mangolini. Dramaturxia: Fabio Mangolini e Quico Cadaval. Interpretación: Xosé Manuel Olveira "Pico", Rebeca Montero, Antonio Durán "Morris", Xoán Cejudo, Xosé A. Porto "Josito", Marcos Orsi, Fernando Dacosta, Manuel Millán e María Bouzas. Música: Bernardo Martínez e Piti Sanz. Dramaturxia: fabio Mangolini e Quico Cadaval. Auxiliar de dirección: Elena Benito. Escenografía: Peter Bottazzi. Deseño de vestiario: Gilda Bompresa. Composición musical: Bernardo Martínez. Iluminación: Baltasar Patiño. Maquillaxe: Carmel Montero.

Referencias varias:

-Pilar Pallarés, "Un fío de auga no cristal da fiestra de Sinbad", *A Nosa Terra*, "Guieiro Cultural", nº 919, 27 xaneiro 2000, p. 25.

Salienta a montaxe de *Si o vello Sinbad volvese ás illas* pola axeitada adaptación do texto de Cunqueiro e por manterse fiel ás correntes máis profundas do pensamento deste autor. Destaca especialmente os traballos de Quico Cadaval e de Fabio Mangolini e solicita que a xira se estenda pola vilas e dure máis de dous meses.

-Chema Paz Gago, "Cunqueiro en el Centro Dramático Gallego", *Primer Acto*, nº 282, "Autonomías. Galicia", xaneiro-marzo 2000, pp. 99-101.

Indícase que algunhas das obras de Cunqueiro xa foron postas en escena e que agora lle tocou á súa novela *Si o vello Sinbad volvese ás illas*, dramatizada por Quico Cadaval e dirixida polo italiano Fabio Mangolini. Dise que esta novela inclúe nun apéndice dúas escenas dunha suposta peza de teatro chino, que foi aproveitada por Cadaval, xa que converteu esta peza china epilogal en xerme da teatralidade do texto. Destácase ademais que nesta dramatización se soubo recrear o ambiente peculiarísimo da ficción narrativa cunqueiriana. Por outro lado tamén se louva o labor do director, dos actores e dos encargados da estética da peza.

Centro Dramático Galego (2): *Os vellos non deben namorarse*, de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

Dirección: Manuel Areoso. Interpretación: Alfonso Agra, Pilar Alonso, César Cambeiro, María Carballal, Xan Casas, Mekane Fernández, Bernardo Martínez, Xoán Carlos Mejuto, Luísa Merelas, Alfredo Rodríguez e Xosé Vilarelle. Escenografía: Antonio F. Simón. Deseño vestiario: Rodrigo Roel. Música: Bernardo Martínez. Iluminación: Antonio F. Simón. Atrezzo e ambientación: Rodrigo Roel. Maquillaxe: Mercedes Alonso. Estudio crítico: Carlos P. Martínez Pereiro. Axudante de dirección: Elina Luaces. Auxiliar de dirección: Mariela Ríos. Meritorias de dirección: Patricia Piñeiro e Iria Gippini.

Referencias varias:

-Concha, Pino, “Os vellos non deben de namorarse’ volve ós principais teatros galegos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 17 xaneiro 2000, p. 81.

Informa da montaxe do CDG con motivo do cincuentenario da morte de Castelao. Ademais de dar a coñecer as orixes do texto, dá conta do elenco de actores protagonistas e demais responsábeis de iluminación, vestiario, música, etc. Tamén achega información dos horarios da representación, prezos e xira prevista.

-Carmen Villar, “Os vellos seguen namorándose”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 141, 22 xaneiro 2000, pp. 2 3.

Comeza este artigo incluíndo a montaxe do CDG entre as homenaxes que se lle brindan a Castelao con motivo do cincuentenario do seu pasamento. Despois de recoller as opinións que sobre esta obra verqueron prestixiosos literatos como Eduardo Blanco Amor, salienta que sexa a primeira obra que repite dentro do repertorio da compañía pública. Compara a versión de Manuel Areoso coa de Eduardo Alonso, e considera que a primeira constitúe “unha reflexión sobre a vida e a morte”, mentres que a segunda “suprimiu a morte e convertiu a obra nunha representación dentro da propia representación”. Inclúe as declaracións de ambos directores, e tamén as de Manuel Guede, nas que propón que esta nova escenificación sexa “un xeito de facer balance deste século de teatro en Galicia”. Coinciden, ademais, os tres en reclamar unha escola de

arte dramático no noso país. En epígrafes á parte, sintetízase a traxectoria do CDG e inclúese unha restra de anécdotas da máis recente montaxe.

-C. P., “A expresividade venceu ó silencio”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 26 xaneiro 2000, p. 44.

Dá conta da preestrea de *Os vellos non deben de namorarse* para un público formado por alumnos do colexio de xordos de Santiago. Informa de cómo se levou a cabo o proceso para que os asistentes tivesen un coñecemento previo do espectáculo que ían ver. Despois de salientar a positiva actitude do público, considera que o ensaio con espectadores é unha fase necesaria en calquera montaxe teatral.

-Concha Pino, “Esta é unha peza de actualidade”, *La Voz de Galicia*, “La entrevista”, 28 xaneiro 2000, p. 48.

Entrevista a Manuel Areoso, na que o director de *Os vellos non deben de namorarse* declara que a montaxe “ten unha estructura de compañía independente” na que todos compartiron responsabilidades. Afirma que cambiou a súa opinión con respecto á obra segundo avanzaba na súa montaxe; pasou de restarlle mérito a considerala “unha peza impresionante”. Comenta o amplo abano de posibilidades que ofrece a peza de Castelao e salienta a súa profundidade e abstracción. Finalmente, destaca que a súa versión é fiel ao texto orixinal e define que o obxectivo é “axudar a comprender un pouquiño mellor a Castelao”.

-P. Tristán, “Farsa de amor e de morte”, *El Mundo*, “Galicia”, 28 xaneiro 2000, p. 12.

Despois de se referir ás orixes e á xestación de *Os vellos non deben de namorarse*, recolle Pancho Tristán as opinións de Manuel Areoso e Manuel Guede nas que louvan a calidade da obra e comentan a necesidade de revisións e relecturas constantes. O director desta montaxe explica, ademais, as características da peza de Castelao e o seu respecto polo texto orixinal. Finalmente, o autor do artigo informa do reparto e da xira prevista para esta montaxe.

-Pancho Tristán, "Castelao y la certeza de la muerte", *El Mundo*, "*El Cultural"*, 30 xaneiro 2000, pp. 46-47.

Lembra, inicialmente, o carácter polifacético e a vocación universal da obra de Castelao. A seguir, relaciona a montaxe do CDG co cincuentenario do pasamento do autor rianxeiro e afirma que o traballo de Areoso está centrado nunha das liñas argumentais de *Os vellos non deben de namorarse*: a morte. Comenta, ademais, as orixes desta peza e o contexto histórico no que se produciu, así como a influencia do Teatro da Arte de Nikita Balieff. Finalmente, considera que é "un espectáculo sobre el que recae la responsabilidad de mantener la recuperación del crédito del Centro Dramático Galego".

-Camilo Franco, "Apósitos diletantes", *La Voz de Galicia*, "Cultura y espectáculos", 31 xaneiro 2000, p. 84.

Critica abertamente a montaxe de *Os vellos non deben de namorarse* e, en xeral, todas as representacións de que é obxecto esta obra de Castelao por seren "versións cativas, limitadoras, mesmo se podería dicir que miserables culturalmente". Considera que se dota a obra dun folclorismo e costumismo moi distantes da verdadeira intención do autor rianxeiro, e que, ademais, encobre a ironía e a claridade dos diálogos. En

definitiva, ve nesta versión un ocultamento dos valores "que o texto ten como virtudes (…) a naturalidade dos diálogos e a distancia que a ironía marca coa realidade".

-AGN, "O CDG inicia 20 representacións de "Os vellos non deben de namorarse", *Diario de Ferrol*, "Galicia", 2 febreiro 2000, p. 32.

Informa da estrea oficial desta peza e lembra o horario e lugar das representacións, ademais do elenco de actores que protagonizan a obra coa que se pretende homenaxear a Castelao no cincuentenario do seu pasamento.

-Agustín Sixto Seco, "¿Deben de namorarse os vellos?", *El Correo Gallego*, "Opinión", 9 febreiro 2000, p. 3.

Reflexiona sobre a pregunta que dá título ao artigo e cita as palabras contrapostas de Manuel Dourado Deira, Antonio Simón, Camilo Franco, Manuel Areoso e Eduardo Blanco Amor sobre esta peza teatral de Castelao.

-Manuel Dourado Deira, "A farsa de 'Os vellos...', versus CDG", *El Correo Gallego*, "Barbarousa", 15 febreiro 2000, p. 47.

Puntualiza e contextualiza a cita que das súas palabras fixo o doutor Agustín Sixto Seco nun artigo publicado en *El Correo Gallego* o 9 de febreiro de 2000. Considera que non hai no texto unha mensaxe antifeminista nin misóxena, só crítica da moral das mulleres protagonistas e dos seus cómplices por antepoñer o poder económico ao amor e á sinceridade.

-Avelino Abuín de Tembra, "Carta galega a Manuel Guede", *O Correo Galego*, "A lúa nos beizos", 28 febreiro 2000, p. 3.

Repasa a traxectoria do CDG dende que Manuel Guede se fixo cargo da súa dirección. Ademais de lembrar os títulos e os autores, salienta as edicións das obras representadas e os estudios introductorios a cargo dos máis prestixiosos críticos de teatro da actualidade. Felicita e anima a Guede pola montaxe de *Os vellos non deben de namorarse* e pídelle que rexeite a oportunidade de ficar en Madrid no IGAEM e no CDN e que continúe en Compostela para seguir creando "un teatro galego con aceptación universal".

-S. Espinoso, "Un recuerdo a Castelao, 'por favor", *La Región*, "Cultura", 9 marzo 2000, p. 14.

Recolle a reivindicación de oito asociacións culturais ourensás para a construcción dun monumento a Castelao con motivo do cincuentenario do seu pasamento. Informa, ademais, da representación de *Os vellos non deben de namorarse* no Teatro Principal da cidade das Burgas.

-D. P., “Pontevedra acoge las últimas funciones de Os vellos non deben de namorarse”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, 14 marzo 2000, p. 12.

Ademais de comentar a representación desta obra na capital pontevedresa, conta as orixes e o proceso de xestación da peza. Salienta *Os vellos non deben de namorarse* pola combinación da tradición, polo tema que trata, e da modernidade, pola importancia que para o rianxeiro teñen “el movimento, el gesto, la postura, el canto, el baile y los decorados”.

-Francisco Castro, “Os vellos non deben de namorarse”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 17 marzo 2000, p. 10.

Informa da representación desta obra no Centro Cultural Caixavigo e compara esta montaxe coa anterior versión de *Os vellos non deben de namorarse*, tamén a cargo do CDG a mediados dos oitenta. Opina que é a peza dramática máis importante do teatro galego, tanto polo texto como polo tema, argumento, etc. Ve nesta montaxe a posibilidade de “reatoparnos cun teatro galego de calidade”.

-Eduardo Álvarez/E. Álvarez, “Os vellos’ chegan á Coruña”/“A montaxe de ‘Os vellos’ do CDG chega hoxe á Coruña”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “AFA”/“Sociedad-Cultura”, 23 marzo 2000, p. 44/p. 75.

Informa da representación desta montaxe do CDG na Coruña con motivo do cincuentenario do pasamento de Castelao. Ademais de citar o elenco de actores protagonistas e os membros do equipo técnico, recolle as palabras de Manuel Guede nas que declara que a dramaturxia do rianxeiro é complexa e procura "a aplicación de certos xeitos de estilización poética do noso imaxinario popular".

-D. P., "El CDG representa en Pontevedra la única obra teatral de Castelao", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", 28 marzo 2000, p. 12.

Informa do peche da xira desta montaxe do CDG no Pazo da Cultura de Pontevedra e achega un resumo do argumento da obra, así como indicacións do horario das representacións, prezo das localidades e número de espectadores que levan visto a peza. En epígrafes á parte, comenta as orixes de *Os vellos non deben de namorarse*, informa dunha edición bilingüe da *Poética* de Aristóteles e describe a exposición sobre a única obra teatral de Castelao no Museo de Pontevedra.

-Pedro P. Riobó, "A posta en branco de *Os vellos*", *Revista Galega de Teatro*, nº 22, "Opinións desde a butaca", xaneiro-marzo 2000, pp. 70-71.

Critica a posta en escea dos *Vellos non deben de namorarse*, de A. R. Castelao por parte do Centro Dramático Galego. Pon de relevo a falta de aplicación das notas escénicas do autor da obra á montaxe, salientando que así a obra fica espida da súa esencia.

-I. O., “Cando o arte desnamora”, *Tempos Novos*, nº 34, “Voces e Culturas. Crítica. Teatro”, marzo 2000, p. 95.

Despois de sinalar como exemplo de obra clásica no teatro galego a peza de Castelao, *Os vellos non deben de namorarse,* malia pensar que o teatro clásico non existe en Galicia, ofrece un comentario valorativo da representación a cargo do Centro Dramático Galego. Considera que a posta en escena xenera confusión entre os personaxes femininos, mentres que os vellos namorados aparentan demasiado novos. Segundo a súa opinión o espectáculo resulta “incoherente” e “non se sabe se é farsa ou traxedia; se se xoga co absurdo ou co naturalismo; se se reteatraliza ou se parodia”.

-Manuel Rei, “Castelao: algo máis que teatro”, *Revista Galega de Teatro*, nº 25, “Opinións desde a Butaca”, inverno 2000, pp. 63-65.

Despois de asistir á representación da obra *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao por parte do Centro Dramático Galego, fai unha serie de reflexións. Principia enumerando certas deficiencias textuais e de escenografía que ao seu ver presenta este traballo. Ademais, alude á publicación do IGAEM sobre as características do espectáculo o cal critica, porque afirma que “nunha boa parte do seu contido evidencia unha flagrante incomprensión do sentido da obra”.

-Pilar Pallarés, “Dúas (tres) sobre Castelao”, *A Nosa Terra*, “Guieiro Cultural”, 11 maio 2000, p. 25.

Inclúe un breve comentario sobre a obra de Marilar Aleixandre titulada *Castelao segundo Rañolas* e sobre a exposición “Castelao e o teatro: escenografías”, inaugurada na sede da Fundación Barrié de la Maza. Finalmente, lamenta a representación que o Centro Dramático fixo de *Os vellos non deben de namorarse* por considerar que se limitou só a gardar a fidelidade ao texto abandonando o aspecto pictórico da obra.

Os **Contracontos**: *Caperucitoloxía.*

Espectáculo teatral humorístico no que varias personaxes narran, tanto oral como visualmente, o que eles consideran a auténtica versión do conto de Carapuchiña Vermella (un lobo existencialista inglés e un cazador catalán), ou ben fan comentarios disparatados sobre o mesmo (unha cidadá envelenada, unha licenciada en Caperucitoloxía, un académico recalcitrante e unha presentadora entrometida). A peza culmina nunha vertixinosa versión do relato de Perrault: Carapuchiña veloz. A posta en escena caractérizase polo humor surrealista, irónico e disparatado, traballado sen máis recursos cós propios actores e actrices. Baséase no uso de diversas linguaxes tanto corporais, como orais ou guturais.

Guión e dirección: Os contracontos. Interpretación: César Martínez “Goldi”, Nekane Fernández, Paula carballeira e Pili Alonso.

Ver “Xoves teatrais” 2000 de Ferrol.

III.4.3. Postas en escena que continúan en cartel

III.4.3. Postas en escena que continúan en cartel

Faro-Miño: *Risoterapia esfervescente.*

Ver Iª Mostra de teatro afeccionado de Palas de Rei.

Fulano, Mengano e Citano: *Cheiro de Estrelas II*.

Trátase dun espectáculo no que o público asiste a unha viaxe a un país imaxinario chamado "Jalisia", onde se vai gravar un programa de televisión de variedades.

Interpretación: Xosé M. Conde, Manuel Botana e Manuel Pombal.

Referencias varias:

-A. O., "Teatro de humor en el Casco Vello", *Faro de Vigo*, 21 xullo 2000, p. 10.

Infórmase da representación da obra e ofrécese brevemente o seu argumento. Sinala tamén que esta actuación se integra dentro do ciclo dedicado ao teatro e á danza incluído na programación das festas do Cristo en Vigo.

-Belén R. Otero, "El Concello presenta el 'Verán Cultural' de Chapela en la Alameda", *Atlántico Diario*, "Redondela", 2 agosto 2000, p. 13.

Dá conta da representación, que segundo informa, se enmarca dentro do programa de actividades culturais previstas para o verán, que organizou a Concellería de Cultura de Redondela, baixo o título ‘Verán Cultural’.

Ver IIIº Outono Teatral nos Barrios.

Librescena Produccións: *Cyrano de Bergerac*, de Edmon Rostand, Premio María Casares 2000 ao mellor espectáculo.

Adaptación que leva en cartel dende o ano 1999, baseada na novela de Edmon Rostand. Trátase dunha historia de amor na que Cyrano de Bergerac, un home sensíbel e culto pero cun nariz desmesurado e pouco agraciado fisicamente, está perdidamente namorado de Rossana pero ten que conformarse con observala de lonxe, pois ela prefire a Christian por posuír este unha gran beleza física, aínda que non sexa capaz de dicir unha palabra con sentido. Por amor a Rossana escribiralle fermosas cartas de amor que Christian asina. Deste xeito, ela cae rendida. Así Cyrano amará sen ser amado, ata o final da súa vida, cando xa sexa demasiado tarde.

Dirección escénica: Xosé M. Rabón. Adaptación: Francisco Pillado Mayor. Interpretación: Xavier Estévez, Agustín Vega, Tuto Vázquez, Lino Braxe, Xosé Vilarelle, Alberto Mornao, Elena Atienza e Miguel Pernas. Música: Paulino Pereiro. Figurinos: Isabel Vázquez Botana. Realización de figurinos: Marisa Federico. Deseño música e iluminación: Xose m. Rabón. Vestiario: Isabel Botana. Maquillaxe: Marbel Loureiro. Fotografía: Roberto Ulloa.

Técnico de luces: Antonio Vázquez.
Técnico de son: Iván Rabón. Rexidor: Alberto Morano. Realización escenográfica: Escenoset.
Escenografía de cartel: Xosé Méndez.

Referencias varias:

-Francisco Castro, “Cyrano de Bergerac”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 14 xuño 2000, p. 10.

Con motivo da representación no Centro Cultural Caixavigo, Francisco Castro faise eco do galardón recibido este ano nos Premios María Casares ao mellor espectáculo. A continuación, detense no seu argumento e no interese que transmite no público pois, segundo di, trátase dunha “obra sobre o poder da palabra, sobre a forza da metáfora”.

-María Varela, “Cyrano de Bergerac’: un gran poema sinfónico”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura/Agenda”, 14 xuño 2000, p. 6

Anuncia a representación do *Cyrano de Bergerac* en Vigo e indica os nomes dos actores encargados da súa posta en escena. Finalmente, comenta brevemente a posta en escena á que cualifica coma unha “obra teatral cargada de sentimientos en la que la música juega un papel fundamental”.

-R. Soto, “Cyrano” enamora con labia gallega”, *Faro de Vigo*, 14 xuño 2000, p. 80.

Dá conta da representación do *Cyrano de Bergerac* baixo a dirección de Xosé Manuel Rabón no Centro Cultural Caixavigo. Indica que forma parte da triloxía comezada con *O Barbeiro de Sevilla* e que rematará co *Hamlet*. Sinala que a pesar do sinxelo argumento do *Cyrano de Bergerac* se agocha un árduo traballo por parte de Librescena Producciónes.

Llu-Llu Teatro: *Ñaque ou de piollos e actores*, de Sanchís Sinisterra.

O espectáculo xira arredor de dous cómicos representantes do século XVII, Solano e Ríos, que falan co público mentres representan fragmentos e escenas de obras coñecidas do teatro. Teñen que interpretar un espectáculo, a medio camiño entre o relato e a interpretación, pero o cansazo, o aburrimento, a fame ou as dúbidas atrasan e interrompen, unha e outra vez a súa actuación, o que reflicte as contradiccións entre o ser e o estar do home no mundo.

Dirección: Salvador del Río. Interpretación: Fran Paredes e Santiago Cortegoso. Traducción e música: A. Barreiro “Warren”. Vestiario, atrezzo e espacio escénico: Llu Llu teatro. Iluminación: Salvador del Río. Producción: Llu Llu Teatro A. C.

Referencias varias:

-D. P., “O grupo Llu Llu Teatro escenifica a obra ‘Ñaque, ou de piollos e actores”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, 9 febreiro 2000, p. 10.

Despois de referirse á actuación da compañía no Teatro Principal de Pontevedra, salienta o humor e a ironía así como a tenrura como trazos que caracterizan a posta en escena. A seguir, céntrase no seu argumento e destaca a boa interpretación dos actores, que logran co seu diálogo “vivo e cheo de inxenio” achegarse ao público e facelo partícipe do espectáculo.

-Iolanda Ogando, “Os pousos dos pillos”, *Tempos Novos*, nº 34, “Voces e Culturas. Crítica. Teatro”, marzo 2000, p. 94.

Infórmase da posta en escena de *Ñaque para piollos ou actores*, unha das pezas máis famosas e representadas das últimas décadas do teatro español. Dise que esta obra traducida foi representada por Llullu Teatro, novo grupo dentro do teatro afeccionado, e que nesta peza, sobre un escenario baleiro, dous homes se deteñen para contar as súas andainas e examinar, de paso, en qué punto do traxecto se encontran. Sen embargo estes personaxes deberían ser un pouco menos liviáns para non estragar o ritmo da obra. Aínda así, indícase que son personaxes que seducen, polo que augura que este novo grupo parece ter posibilidades de seguir adiante.

-A. Del Olmo, “Actores de otro siglo”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 14 novembro 2000, p. 10.

Refírese á posta en escena no Auditorio do Concello de Vigo e, a seguir, alude brevemente ao seu argumento, así como ás claves temáticas da obra, baseada no texto de Sanchís Sinisterra, que xiran fundamentalmente arredor da condición do actor e a súa posición na sociedade. Apunta tamén que esta compañía foi fundada hai agora un ano en Moaña. Ao final, informa dos días que estivo en cartel así como os prezos das actuación.

Ver IIº Ciclo de teatro de Bueu.
Ver “Un decembro de teatro”.

María A Parva: *Mullerona.*

Viaxe ao interior dunha muller de enormes dimensións a través dun texto tomado por persoais referencias artísticas, filosóficas, estéticas e vitais. No espectáculo mestúranse as palabras, con música e danza, en sintonía coas novas tendencias teatrais.

Interpretación: Gena Baamonde.
Iluminación: Javier Méndez Oro.

Máscara Produccións: *Guillados*, de Alfonso Sastre.

Versión galega da comedia *Fuera de quicio* de Alonso de Santos, que se centra nas aventuras e desventuras de dúas tolas que se citan no interior do psiquiátrico con dous internos do pavillón dos homes.

Dirección: Xerome Calero e Antón Casal. Interpretación: Patricia Alfaya, José Julio Bañón, Verónica Codesido, Beatriz Míguez, Pablo Puga, Xerome Calero e Antón Casal.

Ver IIIº Outono Teatral nos Barrios.
Ver Iº Verán de Teatro e Danza.

Matarile Teatro: *The queen is dead*, de Ana Vallés.

Dirección: Ana Vallés. Interpretación: Mechtild Barch, Eugenia Iglesias, Rosa Manteiga e Ana Vallés. Traducción ao galego: Anxos Sumai. Deseño de iluminación, espacio escénico e montaxe musical: Baltasar Patiño. Textos: Javier Martínez Alejandre. Asistente de iluminación: Claudio José "Kevi". Asistentes de producción: David Castro e Paz Múñoz. Realización do espacio escénico: Matarile Teatro. Deseño gráfico: Baltasar Patiño. Deseño vestiario: Helena Mareque e Matarile Teatro.

Referencias varias:

-Inma López Silva, "Os top 4: balance do 2000", *El Correo Gallego*, "*Correo das Culturas*", nº 56, 24 decembro 2000, p. 9.

Ver Centro Dramático Galego (2): *Calígula*, no apartado III. 4. 2. 1. deste *Informe.*
Ver VIIIª Feira do teatro de Galicia.

Mofa e Befa (1): *Finis Mundi Circu*s, de Victor Mosqueira e Evaristo Calvo.

Achégase a fin do mundo e mentres agardamos o resultado do xuízo final, Mofa e Befa preparan un espectáculo de entretemento para facernos máis levadeira a espera. Os dous cómicos fan un repaso polos máis famosos e coñecidos números do Circo Universal.

Interpretación: Evaristo Calvo e Víctor Mosqueira. Dirección: Quico Cadaval. Músicos: Piti Sanz e Alfredo Laforet. Iluminación: Alfredo Laforet. Son: Vicente Sanz. Música: Fran Pérez e Piti Sanz. Letristas: Pepe Sendón, Carlos Santiago e Manuel Manuel Cortés. Deseño Gráfico: Antonio Pereira. Producción: Carme Varela. Dramaturxia: Mofa e Befa.

Referencias varias:

-J. L. Lis, “Teatro, Castelao y Jazz centrarán la oferta cultural de Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Diario de CulturaOcio”, 1 novembro 2000, p. 64.

Refírese ao programa de actividades culturais que a Concellería de cultura presentou para os últimos meses do ano 2000. No relativo ao teatro para adultos informa da representación desta posta en escena, así como a de *O lapis do carpinteiro*, a cargo de Sarabela Teatro e *O cerco de Leningrado*, a cargo de Teatro do Atlántico. Tamén se fai eco da representación da peza *Cousas*, de Castelao, baseada na obra gráfica e no texto *Os vellos non deben namorarse*, a cargo de quince actores non profesionais pertencentes á Aula do Teatro Municipal de Pontevedra. Por outra banda, ofrece tamén a programación dirixida á infancia, que se presenta como unha das maiores apostas do concello. Así, entre outras actividades, destaca o programa para nenos que baixo o título “Domingos no principal” acolleu as pezas teatrais *Cousas que foron*, *¿Que pasa na praza?* e *Pinocho*, a cargo de Títeres Cachirulo.

Mofa e Befa (2): *Para ser exactos*.

Dirección: Quico Cadaval. Interpretación: Víctor Mosqueira,
Evaristo Calvo e Quico Cadaval. Iluminación: Alfredo Laforet Son:
Piti Sanz Deseño cartel: Marcelino de Santiago “Kukas”
Dramaturxia: Mofa e Befa.

Nove/Dous: *Crimes anónimos*, baseada no texto de Max Aub e Shakespeare.

A través dos diversos medios de comunicación chégase á conclusión de que non hai amor dabondo neste mundo que nos tocou vivir, tan pragado de crimes e máis crimes. O home é o único animal que mata por calquera motivo que non sexa a necesaria supervivencia. Pero o degoiro criminal do home tamén posibilita situacións cheas de humor, máis aínda cando o crime se comete por unha arroutada imposíbel de frear.

Dirección: Roberto Cerdá. Producción: Nove/Dous Traducción: Xosé Prada. interpretación: Josi Lage e Josue García. Escolma musical: Howard McCghee, Billy Holiday, Missisipi vingers, John Willianms, The Kings. Luz e son: Luís Soaxe.

Ollomoltranvía: *Qui pro quó.*

Dirección e dramaturxia: Evaristo Calvo. interpretación: Nuria Sanz, Santiago Prego, Marcos Orsi e Avelino González. Escenografía e vestiario: Suso Montero. Iluminación: Alfredo Laforet. Música orixinal e Letras de cancións: Piti Sanz, Fran Pérez e Ollomoltravía. Realización de vestiario: Isaura e Soco Seoane. Técnico de iluminación e son: Sacha Atrezzo: T&G Atrezzos Producción executiva: Carme Varela Deseño gráfico: Fausto C. Isorna Fotografías: Simón Balvís, Fernando de Juan e Víctor Mosqueira.

Pífano teatro (1): *Acto imprevisto.*

É unha comedia de dous dramas. A tradición é satirizada pero sen faltar nunca ao respecto a un sistema de valores fortemente arraigado nunha sociedade, a actual, deshumanizada pola incomunicación. Dúas mulleres, de aquí e de agora, representan dous mundos, dúas formas de vivir. Unha encontra a tranquilidade a unha existencia marcada pola enfermidade na fe relixiosa. A outra soña co que puido ser e non foi.

Dirección: Xosé Manuel Oliveira 'Pico'. Interpretación: Miguel Gallego, Mela Casal e Gloria Ferreiro.

Pífano teatro (2): *¿Que pasa coas dependentas dos grandes almacéns ó cumpliren os 50?*, de Antón Losada.

Posta en escena que narra a vida de dúas dependentas duns grandes almacéns, Juli e Puri. Fórono todo na empresa na súa mocidade: brillantes, atrevidas e ousadas, fíxéronse as raíñas das súas respectivas seccións de venda. Agora viven desprazadas polas novas xeracións de "pipioliñas sen conciencia" como elas mesmas as cualifican, lonxe das luces e do trato directo cos clientes. Juli ten problemas de dependencia con todo tipo de pastillas mentres que Puri é unha fanática das liñas 906, e precisamente unha excesiva factura do consumo telefónico centra boa parte da intriga desta obra.

Dirección: Xan Cejudo. Axudante de dirección: Xavier Picallo. Interpretación: Mela Casal e Gloria Ferreiro. Música e Soundtrack: Piti Sanz. Deseño vestiario e maquillaxe: Carmela Montero. Realización vestiario: Carme Pichel. Escenografía: Baltasar Patiño. Realización escenografía/Iluminación: B&K. Asistencia técnica: Kachet S.L. Fotografía: MARGEN.

Ver Mostra de teatro de Rianxo.

Pilar Pereira (1): *Ofelia sen a virtude do pudor*.

Dirección: Quico Cadaval.
Interpretación: Pilar Pereira.

Referencias varias:

-D. P., “Tempo de Lecer’ trae a Bueu diversas actividades”, *Diario de Pontevedra*, “Bueu”, 24 marzo 2000, p. 19.

Informa do convenio de colaboración asinado polo Concello de Bueu e a Consellería de Cultura e Comunicación Social para o programa de actividades culturais, a través do programa “Tempo de Lecer”. Entre outros espectáculos, salienta a actuación desta compañía, prevista para o mes de abril, así como actuacións de Contacontos ou a presencia do Mago Antón.

Pilar Pereira (2): *Un lunar vermello (con pintiñas azuis).*

Dirección: Quico Cadaval. Interpretación:
Pilar Pereira e Camila Bossa.

Referencias varias:

-Iolanda Ogando, “Un lunar vermello”, *Tempos Novos*, nº 33, “Voces e Culturas. Crítica. Teatro”, febreiro 2000, p. 76.

Logo de facer referencia a algunhas das obras teatrais escritas en 1999, en moitos casos polos propios responsábeis dos grupos, céntrase nesta posta en escena e sinala que, a pesar dos nomes prometedores que participaban no espectáculo, este resultou “máis ben pobre e decepcionante”.

Rara Avis: *O rabo*, de José Ruibal.

Espectáculo teatral que inclúe catro obras xocosas distintas que forman parte da obra *Teatro sobre Teatro* do xa falecido José Ruibal, autor galego, nado en Santiago e que viviu gran parte da súa vida en Vigo. As catro pezas incluídas neste espectáculo son “A secretaria”, monólogo dunha muller no que revela a dura crítica á situación da muller dentro do mundo laboral dun xeito absolutamente absurdo; “O superxerente”, que se trata da metáfora do home vencido pola ciencia e polas máquinas; “Os mutantes”, no que se denuncia a falta de comunicación da parella, que trae consigo un desastre vital e, finalmente, “O rabo”, diálogo entre dous cans cheo de comicidade. A través dos seus pensamentos delátasenos que os seres humanos somos seres incompresíbeis.

Dirección: Rita Cabezas. Interpretación: Rita Cabezas e Raúl Varo. Producción: Rita Cabezas e Mayte Cabezas. Traducción ao galego: Merche Espiño. Deseño escenografía: Suso Montero. Realización escenografía: José Tojo “Tojete”. Deseño de luces: Alberto Soto. Técnico de luces: Miguel Soto. Técnico de son: Francisco G. Pena. Vestiario: Carmen Pichel.

Música: Kike Caamaño e Julio Abal.
Efectos especiais: Isidro Cea. Diseño de Cartel: Nacho M. Baamonde.

Roberto Vidal Bolaño: *Sen ir máis lonxe*, monólogo de Roberto Vidal Bolaño.

Tratáse dun monólogo de 90 minutos de duración no que un pallaso con ciática no corpo e cicatrices na alma, ante o Apóstolo Santiago como único interlocutor, fai memoria da época da represión franquista en Santiago de Compostela.

Dirección e iluminación: Roberto Vidal Bolaño.
Interpretación: Roberto Vidal Bolaño.
Presentación e distribución: Belén Quintáns.
Escenografía e vestiario: Julia Brens.

Ver XVº Festival do Teatro Galego (FTG), Carballiño.

Sarabela teatro (1): *Os soños de Caín*, de Begoña Muñoz Carlos Couceiro, Fernando Dacosta e Ánxeles Cuña Bóveda.

Posta en escena que parte do mito de Caín para recrear os soños dun personaxe atormentado que soña cada noite con que vai matar o seu irmán. A historia é a recreación dun mito vixente aínda na conciencia individual e colectiva que dirixe a atención do espectador ao fratricidio e á guerra. A montaxe, estreada no ano 1999, foi dedicada a X. Carlos Couceiro Carro, coautor do texto, falecido durante a creación do proxecto.

Dirección: Ánxeles Cuña Bóveda. Axudante de dirección: Matilde Vázquez. Interpretación: Fernando Dacosta, Suso Díaz, Elena Seijo, Fina Calleja, Antón R. Macías e Matilde Vázquez. Producción: Sabela Gago e Araceli Gallego. Distribución: Fina Calleja. Técnicos de montaxe: Lolo Gallego, Marcos de Andrés e Suso Díaz. Técnicos de luz e son: Lolo Gallego e Marcos de Andrés. Fotografía: Mario G. Herradón. Deseño gráfico: 1:Media. Deseño de son: Arturo González. Deseño de luz: Antón Rodríguez, Suso Díaz e Ánxeles C. Bóveda. Realización vestiario: Ruth Díaz.

Deseño vestiario: Pablo Otero “Peixe”. Deseño de escenografía: Jesús Costa. Realización carpintería: José Outeiriño.

Sarabela teatro (2): *Tics*, de Begoña Muñoz, Carlos Couceiro, Fernando Dacosta e Ánxeles Cuña Bóveda.

Nunha familia viven catro persoas das que tres delas son aparentemente “normais”. Nai e fillos agardan o pai, que nunca está en casa. Na espera coñeceremos a Luís Brandán, un estraño personaxe que atrae a curiosidade dos investigadores pois sofre a “síndrome de Tourette”. A cea que a nai preparou con tanto esmero non se vai celebrar e remata coa saída de Luís do fogar. No seu deambular nocturno, o noso protagonista vai atopar cunha galería de personaxes dos que será definitivo o encontro con Sara, unha pintora de rúa. Despois dunha experiencia significativa o protagonista necesita buscar unha solución. Rita a investigadora será a encargada de axudalo.

Dirección: Ánxeles Cuña Bóveda. Axudante de dirección: Matilde Vázquez. Interpretación: Fernando Dacosta, Elena Seijo, Fina Calleja e Antón R. Macías. Producción: Sabela Gago. Deseño Escenografía: Jesús Costa e Pablo Otero “Peixe”. Realización Escenografía: Julio Ramos. Deseño de Maquillaxe e vestiario: Carmela Montero. Deseño de iluminación: Antón R. Macíaas e Ánxeles Cuña Bóveda. Técnicos de montaxe: Lalo Gallego, Marcos Andrés e Suso Díaz. Técnicos de luz e son: Suso Díaz.

Talía teatro: *Marsal Marsal*, José Sanchís Sinisterra.

A Marsal, o único personaxe desta peza, ofrecéronlle un traballo, ou asignáronlle unha tarefa, ou unha misión. Non foron moi explícitos, pero iso é o de menos. O principal é que se trata de algo moi importante, algo que o saque do montón dos parados e lle permita destacar, ser alguén. El limítase a cumprir as vagas e insólitas instruccións que lle transmite o seu enlace por medio dun teléfono celular.

Dirección: Xulio Lago Axudante de dirección: Silda García. Interpretación: Artur Trillo Sendón. Música: Nani García. Deseño vestiario: Belén Naverán. Realización vestiario: Celsa Bouzón. Deseño gráfico: Blanca Barrio. Técnico de son: Toño Casais. Técnicos de iluminación: Víctor Trillo e Martina Cambeiro.

Teatro da lúa: *Ultimamente non durmo nada,* baseada nun texto de Alber Ponte.

A obra desenvólvese nunha noite en que os personaxes non dormen e, ademais, tampouco están onde deberan. Ás dúas da mañá aparece o director do xornal, Aragunde, e descobre que na redacción, que a esas horas debera estar baleira, se encontra a señora da limpeza, a súa filla Raquel e Gloria, unha muller de compañía provista dunha botella de cava e dúas copas.

Dirección: Gina Piccirilli Interpretación: Dorotea Bárcena, Roberto Leal, Ursia Gago, Beatriz Graña e Josi Lage.

Referencias varias:

-Francisco Castro, “Durmir algo”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 9 marzo 2000, p. 10.

Alude á presencia da compañía no Auditorio do Centro Cultural Caixavigo, e salienta o bo labor de interpretación de Dorotea Bárcena non só nesta obra senón ao longo da súa carreira. A seguir, reflexiona sobre a necesidade de traballos deste tipo a cargo de compañías de teatro independentes, fóra dos grupos

institucionais como é o exemplo do Centro Dramático Galego, pois considera moi necesario para a normalización da cultura teatral en Galicia o pulo de compañías de teatro formadas por grupos pequenos, que leven por todo o país outro tipo de espectáculos.

Teatro de Ningures: *Tic Tac,* baseada na novela homónima de Suso de Toro.

Ao servicio dun texto contempóraneo esta posta en escena pretende ser un espectáculo de humor, o que non se contradí co seu contido acedo e crítico. Nel mestúrase o drama co humor, o real co fantástico, a risa co pranto e a música co silencio e procura reflectir o mundo actual, a través dunha visión lúdica e tráxica da nosa existencia. O personaxe protagonista lembra o seu pasado, a súa infancia, cunha certa nostalxia romántica, que se enfronta a diferentes personaxes que van saíndo, exemplos das diferentes máscaras que pode adoptar unha nai, que teñen unha dimensión grotesca e que poden provocar esa visión traxicómica.

Dirección: Etelvino Vázquez. Interpretación: Casilda García, Xosefa Barreiro, Sonia Rúa e Salvador del Río.

Referencias varias:

-A.I.S., “Pedro Iturralde, invitado de lujo en la fiesta del XX aniversario del Dado”, *El Correo Gallego*, “Así está el patio”, 16 febreiro 2000, p. 39.

Entre outras noticias, informa da posta en escena desta obra na Aula de Cultura de Caixa Galicia en Santiago de Compostela ao mesmo tempo que cita os integrantes da compañía así como o seu director.

-A. O., “Teatro de Ningures adapta para la escena ‘Tic-Tac’, de Suso de Toro”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 9 maio 2000, p. 11.

Anúnciase a representación da adaptación da novela de Suso de Toro *Tic Tac*, por parte de Teatro de Ningures, e apúntanse algunhas das características deste espectáculo como a mestura do drama-humor, real-fantástico, risa-pranto e música-silencio.

Teatro do Adro: *O bululú do linier*, de Cándido Pazó.

Ver Pazó, Cándido, *O bululú do linier*, no apartado III. 1. deste *Informe*.

Unha experiencia escénica a cabalo entre o contar e o actuar: unha metáfora entre o irónico e o patético, sobre os que corren a banda e sobre os que miran o partrido dende fóra.

Dirección: Cándido Pazó. Interpretación: Xosé Porto "Josito". Escenografía e vestiario: Carlos Blanco. Selección musical: Carlos Blanco. Iluminación: Antonio Ferreiro. Producción e distribución: Elena Benito.

Referencias varias:

-E. F., "Teatro do Adro representará hoy en Negreira 'O Bululú do linier", *La Voz de Galicia*, "Comarcas", 17 novembro 2000, p. 12.

Breve noticia que fai referencia á representación no Auditorio da Casa da Cultura de Negreira. Apunta que se enmarca dentro dos circuítos culturais patrocinados pola Deputación Provincial da Coruña e organizados pola Concellería de Cultura.

Teatro do Aquí (1)**:** *Rastros*, de Roberto Vidal Bolaño.

Dirección: Roberto Vidal Bolaño. Interpretación: Patricia de Lourenzo, Luís Iglesia, Rubén Ruibal e Xoán Carlos Mejuto Bolaño. Música: Berrogüeto. Iluminación: Roberto Vidal Bolaño. Espacio escénico e vestiario: Julia Brens. Producción: Belén Quintáns. Espacio escénico e vestiario: Julia Brens.

Teatro do Aquí (2)**:** *Doentes*, de Roberto Vidal Bolaño.

Dirección: Roberto Vidal Bolaño. Interpretación: Gonzalo Rei Chao, Pepe Soto, Xaquín García Marcos, Pilar Pereira, Mónica Caamaño, Vicente Mohedano, Jorge Salinero e Miguel Varela. Escenografía e atrezzo: Julia Brens. Iluminación: Roberto Vidal Bolaño. Música: Bernardo Martínez. Vestiario: Gonzalo Vilas.

Referencias varias:

-A. I. S., “Roberto Vidal Bolaño regresa al Principal con su exitosa ‘Doentes”, *El Correo Gallego*, “Así está el patio”, 13 xaneiro 2000, p. 39.

Alén doutras noticias relacionadas coa cultura, anúnciase unha nova representación de *Doentes* no Teatro Principal de Compostela e indícanse os nomes dos seus protagonistas.

-M. Beceiro, “Doentes’ dice adiós”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 14 xaneiro 2000, p. 45.

Reprodúcense os comentarios críticos por parte de Roberto Vidal Bolaño debido á nula programación, á falta de criterio e ao desprezo cara ao público teatral dentro do ambiente teatral compostelán dado que a súa obra *Doentes* non pode estar no Principal cando menos unha semana.

Teatro do Curro: *Que veñen os cómicos.*

Dirección: Víctor Vez.

Ver Iª Mostra de teatro afeccionado de Noia Ver Iª Mostra de teatro afeccionado de Palas de Rei.

III.4.3. Postas en escena que continúan en cartel

III.4.3. Postas en escena que continúan en cartel

Teatro do Improvisto: *A noite de Sabina*, de Ignacio del Moral.

Ver IIIº Encontro de teatro afeccionado do Concello de Boiro.

Teatro do Morcego (1): *O Lazariño de Tormes.*

Versión da novela picaresca que ten como único protagonista a Celso Parada, que interpreta os diversos personaxes que aparecen na novela nun único escenario.

Dirección: Andrés Pazos.
Interpretación: Celso Parada.

Ver IIª Mostra de teatro “Concello de Gondomar”

Teatro do Morcego (2)**:** *Morte accidental dun anarquista*, de Darío Fo.

Comedia na que se recrean diversos feitos reais ocorridos en diferentes lugares e en momentos distintos da historia, que teñen que ver cos misteriosos “suicidios” nas comisarías, tal como o ocorrido nos EEUU. En 1921, onde un anarquista chamado Salcedo, un inmigrante italiano, “caeu” dende unha ventá do piso 14 da comisaría central de Nova York. Durante a posta en escena os actores advirten que calquera semellanza coa realidade debe atribuírse a esa maxia do teatro que en moitas ocasións logrou que mesmo estas historias “disparatadas” fosen impunemente imitadas pola realidade.

Dirección: Xoán Cejudo. Interpretación: Celso Parada e Miro Magariños, Casilda García, Damián Contreras e Salvador del Río. Escenografía: “O Pastor”. Iluminación: Teatro do Morcego. Vestiario: Bernarda. Técnico de iluminación: Suso F. Barreiro.

Referencias varias:

-J. Nogueiro, “Un Darío Fo demoledor y burlón que llega a través del teatro”, *La Región*, “Cultura”, 15 xaneiro 2000, p. 14.

Con motivo da representación no Teatro Principal, ofrece a súa opinión sobre a obra que valora moi positivamente. Salienta que a través da sinxeleza lograron unha representación na que se mestura o toque inevitabelmente valleinclanesco e o estilo burlón de Darío Fo. Refírese tamén á vixencia do tema, que xira arredor da figura do torturador baseado nun feito real sucedido nos EEUU e finalmente destaca a boa interpretación do elenco actoral.

Ver XVº Festival do Teatro Galego (FTG), Carballiño.

Teatro do Morcego (3)**:** *Os patios da memoria*, de Ever Martín Blanchet.

Trátase dun percorrido pola infancia con lirismo e con humor. Nel asistimos ao descubrimento do sexo, os amigos ou a morte a través das pechaduras por onde axexa o neno dos “patios”.

Dirección: Bernardo Galli.
Interpretación: Celso Parada.

Ver Semana de teatro no Concello de Vilamarín.

Teatro do Noroeste: *Feirantes*, baseada en textos de *Os outros feirantes*, de Álvaro Cunqueiro.

Espectáculo teatral que se basea nunha selección de textos escollidos da serie de retratos de tipos populares coñecidos por Álvaro Cunqueiro e recollidos na súa obra *Os outros feirantes*. Na posta en escena a protagonista é unha vaca marela, que serve de fío conductor para realizar o percorrido polos diferentes sitios e personaxes que aparecen na obra do escritor mindoniense.

Dirección: Eduardo Alonso. Interpretación: Luma Gómez. Música: Chefa Alonso. Escenografía: Equipo Teatro. Vestiario: Carmela Montero. Posta en escena: Miguel López Soto e Francisco Gómez Pena.

Referencias varias:

-A. I. S., “Más de mil escolares reservaron su entrada para ver ‘Feirantes”, *El Correo Gallego*, “Así está el patio”, 27 xaneiro 2000, p. 39.

Infórmase sucintamente de que a posta en escena desta obra se enmarca na campaña para escolares, organizada pola propia compañía e o departamento de educación do Concello de Santiago de Compostela, en colaboración coa Obra Social de Caixa Galicia, co fin de facilitar o achegamento e a valoración do teatro aos alumnos de ensino secundario.

-A. I. S., “Feirantes’ aterriza en el Aula de Cultura”, *El Correo Gallego*, “Así está el patio”, 2 febreiro 2000, p. 39.

Alén doutras noticias de interese cultural na cidade de Santiago de Compostela, informa desta representación na Aula de Cultura de Caixa Galicia e sinala que a montaxe se inclúe ademais nunha campaña de teatro para estudiantes de secundaria organizada polo Concello de Santiago de Compostela.

-Carmen Villar, “Unha marela de feira en feira”, *Faro de Vigo,* “*El Sábado*”, nº 144, 12 febreiro 2000, p. 8.

Despois de dar conta do programa de actuacións da compañía por diferentes lugares de Galicia como foron Santiago de Compostela, Vigo ou Pontevedra, céntrase na análise da adaptación da obra de Álvaro Cunqueiro á hora de crear a posta en escena. Explica que trataron de trasladar a narración feita polo propio autor a unha narración en primeira persoa en boca dun personaxe singular: unha marela, encarnada por Luma Gómez. Apoiándose nas palabras da propia actriz analiza os motivos polos que decidiron trasladar a narración en boca dunha vaca e salienta as connotacións deste animal, que segundo di, ten unha simboloxía que a asemella ao propio pobo galego. A continuación, insiste na intención da compañía de levar o espectáculo por toda Galicia e mesmo a outros lugares do Estado Español.

-P. T., "Un supuesto incumplimiento de contrato enfrenta a la Xunta con Teatro do Noroeste", *El Mundo. Galicia*, "Galicia/Sociedad", 23 febreiro 2000, p. 8.

Artigo que se centra na polémica suscitada entre o IGAEM e o Teatro do Noroeste, ante o incumprimento do contrato por parte da compañía para levar adiante o proxecto *Feirantes*. Explícase que no ano 1998 Eduardo Alonso pediu o apoio para o devandito proxecto no que se incluían catro actores, un músico e tres técnicos. Sen embargo, segundo se di, ao final só sobe ao escenario unha actriz, polo que isto foi considerado polo IGAEM como un constituínte de irregularidade por parte de Teatro do Noroeste.

-D. P., "Teatro do Noroeste presenta no Principal a montaxe 'Feirantes", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", 21 marzo 2000, p. 12.

Con motivo da presencia de Teatro do Noroeste no Teatro Principal da cidade de Pontevedra durante os días 22, 23 e 24 de marzo, ofrece unha breve síntese do argumento da obra, e caracteriza a posta en escena de “sinxela”, feita dende “o sorriso” e a “delicadeza”. A seguir, dá conta do título doutras obras representadas pola compañía en anos anteriores e finalmente ofrece a ficha técnica da montaxe así como os horarios e prezos para os que queiran asistir á representación.

-D. P., “O Principal acolle a segunda función da montaxe ‘Feirantes”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, 23 marzo 2000, p. 12.

Breve noticia que dá conta da segunda función da posta en escena desta obra, representada no Teatro Principal de Pontevedra. Ofrece unha breve síntese do argumento, o cal xira arredor das andainas de diversos personaxes a través dun eixo común: a vaca como animal totémico da cultura rural galega. Finalmente, ofrece a ficha técnica da obra e informa dos horarios e prezos da representación.

Ver IIª Mostra de teatro Concello de Gondomar.

Referencias varias:

-Inma López Silva, "¿Memorias dunha vaca?", *Revista Galega de Teatro,* nº 22, "Opinións desde a butaca", xaneiro-marzo 2000, pp. 72-74.

Comenta a posta en escena de *Feirantes*, adaptación teatral de *Os outros feirantes*, de Álvaro Cunqueiro, por parte da Compañía Teatro do Noroeste. Aplaude certos aspectos da adaptación de Eduardo Alonso, como o recurso dunha vaca contando contos, mais tamén cuestiona outros, como a elección do monólogo, que, di, provoca unha falta de ritmo escénico. Asemade, tamén achega algunha reflexión sobre a actuación da actriz Luma Gómez.

III.4.3. Postas en escena que continúan en cartel

III.4.3. Postas en escena que continúan en cartel

III.4.3. Postas en escena que continúan en cartel

Teatro do Vilar: *Acto imprevisto*, de Miguel Gallego.

Os **Tirinautas**: *Se o sei non volvo á casa*, de Daniel Varela Buxán.

O **Trasno** Novo Teatro: *Unha muller, unha historia*, adaptación de *Diatriba de amor contra un hombre sentado*, de Gabriel García Márquez, traducción de Sefi Romero.

Monólogo no que participan catro actrices que narran as distintas fases da vida dunha muller ao longo dos seus vintecinco anos de matrimonio.

Dirección: Xaime Costas. Interpretación: Sefi Romero, Mar Gutiérrez, Ana Costas, Clara Carballo, Alicia Bastos e Xosé M. Rodríguez.

Ver Novembro Teatral 2000.

III. Teatro

III.4. Postas en escena

III.4.3. Postas en escena que continúan en cartel

III.4.3.2. Grupos escolares, de asociacións ou agrupacións varias

Grupo de teatro **Amistade**: *O inocente sexólogo.*

Dirección: Manuel Basoa.

Ver Iª Mostra de teatro afeccionado de Palas de Rei.
Ver IIº Festival Longoiro Teatro.

III.4.3. Postas en escena que continúan en cartel

III.4.3. Postas en escena que continúan en cartel

III.4.3. Postas en escena que continúan en cartel

O **Carballo** (1): *A tía Lambida.*

O **Carballo** (2): *A voda do Esganarello.*

Falcatruada: *Os cravos de prata*, de Nicolás Bela.

Referencias varias:

-Ana Baena Nieto, “O colexio de Bembibre acolleu a obra ‘Os cravos de prata”, *O Norte&Finisterre*, nº 133, “Val do Dubra”, 1ª quincena xaneiro 2000, p. 54.

Dáse conta da representación da versión do autor húngaro Nicolás Bela baixo o título *Os cravos de prata* que representou a compañía Falcatruada no colexio de Bembibre e refírese á historia e algunhas das características deste grupo teatral non profesional.

Fontevella (1): *As árbores morren de pé*, de Alejandro Casona.

Dirección: Chelo Pampillón. Interpretación: Marina Tellado, Elena Blanco, Marcelino Rodríguez Santiago, Jesús Álvarez, Amparo Tellado, Carmiña Fernández, Aníbal, Laureano, Herminia Vázquez, Flor Torres e Francalina Ramiro.

III.4.3. Postas en escena que continúan en cartel

III.4.3. Postas en escena que continúan en cartel

Fontevella (2): *Pecados conxugais*, de Juan Alonso Millán.

Dirección: Chelo Pampillón.

Fontevella (3): *Os vellos non deben namorarse…, das mozas novas*, de Alfonso R. Castelao.

Dirección: Chelo Pampillón. Interpretación: Carlos Rafael González, Jesús Álvarez, Marcelino Rodríguez, Lalo Leirós e Aníbal Alonso.

Grupo de teatro **Talía** (formación composta por voluntarios e residentes da casa de Enfermos pobres de Teis): *Unha petición de man*, de Anton Chejov.

IV. Día das Letras Galegas: Manuel Murguía

IV. 1. Creación: Reedicións

Murguía, Manuel, *Dende o ceo*, trad. Francisco A. Vidal, Vigo: A Nosa Terra, col. Froita do tempo, nº 1, xaneiro 2000, 105 pp. (ISBN: 84-89976-76-7).

Novela curta de corte romántico na que o narrador presenta, nun ton melancólico-sentimental, a historia dun amor desgraciado. É a historia dun triángulo amoroso, Xaniño, Branca e Marta, que vivirán dun xeito moi particular, especialmente esta última, as turbulentas sensacións do primeiro amor. O relato xira arredor da traizón que Xaniño comete contra a súa primeira moza, Marta, envolvida nun amor puro e abnegado, á cal abandona ao se namorar apaixonadamente de Branca. A natureza xoga un importante papel ao longo de toda a narración, non só como marco para o desenvolvemento das visicitudes amorosas senón coma un elemento animizado que contribuirá ao tráxico final.

Recensións:

-A. R., "Murguía novelista", *Tempos novos*, nº 36, "Voces e culturas. Crítica. Libros", maio 2000, p. 83.

Ademais de sinalar que esta obra de Manuel Murguía está orixinalmente escrita en castelán e que foi traducida por Francisco A. Vidal, comenta que amosa un "Murguía narrador mozo e inexperto, que recrea

uns amores románticos nada orixinais". Asemade, saúda esta recuperación bibliográfica e dexéllalle unha próspera andaina á colección que agora nace, "Froita do Tempo".

Referencias varias:

-Francisco A. Vidal, "Do éxito literario á investigación histórica", *A Nosa Terra*, nº 927, "Guieiro Cultural", 23 marzo 2000, p. 33.

Ademais de lembrar os inicios no mundo literario de Manuel Murguía céntrase na súa primeira novela, *Desde el Cielo*, publicada cando contaba non máis de dezasete anos, e coa que conseguiu a aspiración máxima de todo escritor, "que a súa obra sexa amplamente difundida e apreciada polos lectores". Dá conta da edición que A Nosa Terra vén de publicar na colección de creación literaria "Froito do Tempo" destinada ao público lector xuvenil.

Murguía, Manuel, *Escritos en galego*, Vigo: Editorial Galaxia, febreiro 2000, 74 pp. (ISBN: 84-8288-352-6).

Volume de pequeno formato que se abre cun limiar no que, ademais de informar do contido, se describe a importancia de Manuel Murguía no rexurdir da cultura galega do último tercio do século XIX, malia deixar poucas mostras escritas nesta lingua. A seguir, reprodúcense os seguintes textos: o discurso dos Xogos Florais de Tui, publicado por primeira vez en *La Patria Gallega* no 1891; "Eduardo Pondal e a súa obra, que saíu á luz nos números 248-249 do *Boletín de la Academia Gallega*; un breve escrito en homenaxe a Curros que se publicou o 28 de febreiro de 1919 en "Terra a Nosa", como suplemento de *El Noroeste*, ademais do poema "Nena das soledades", que dera a coñecer en *La Oliva* no 1856.

Referencias varias:

-Xulio Valcárcel, "Textos en galego de Manuel Murguía", *El Ideal Gallego*, "La Galería", 13 febreiro 2000, p. 4.

Tras facer unha defensa da elección de Manuel Murguía como homenaxeado no Día das Letras Galegas, coméntase a edición que Francisco Antonio Vidal vén de facer do libro titulado *Escritos en galego*, obra na que se recollen diversos escritos de Murguía. Preséntanse estes textos como fundamentais por ser un reflexo do aprecio que o escritor arteixán tiña pola lingua galega, así como por amosar, con total claridade, unha defensa da postura reintegracionista.

-Dora Vázquez, "Os "Escritos en galego" de Murguía", *O Correo Galego*, "Ronseis", 3 abril 2000, p. 2.

Coméntase a recente publicación en Galaxia do libro *Escritos en galego* de Manuel Murguía e menciónanse os textos do escritor arteixán que se recollen nesta obra. Cítanse, a continuación, breves fragmentos nos que se amosa o pensamento de Murguía sobre a lingua galega e sobre destacados persoeiros da nosa cultura como Eduardo Pondal, Curros Enríquez ou a propia Rosalía de Castro.

-Dora Vázquez, "As mulleres en Galicia, casi-que coma homes", *La Región*, 14 agosto 2000, p. 14.

Achega ao libro de Murguía editado por Galaxia no que se recollen distintos textos que o autor publicou en galego. Coméntanse as verbas do escritor arteixán nos escritos "Discurso dos Xogos Florais de Tui", "Eduardo Pondal e a súa obra" e "A Curros". Remátase coa reproducción dos versos finais de "Nena das soledades".

Murguía, Manuel, *Galicia*, limiar de Manuel Posse Miñones, Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Concello de Arteixo, 2000, 1196 pp. (ISBN: 84-8302-488-8).

Edición facsímile da obra *Galicia* (1888), de Manuel Murguía (1833-1923) que aparece introducida por un "Limiar", a cargo de Manuel Posse Miñones, no que se loa a figura de Murguía e mais por unha "Presentación" onde se subliña a importancia deste libro dentro da producción murguiniana. *Galicia* comeza cunha "Dedicatoria" de Murguía á súa esposa, Rosalía de Castro, e aos seus fillos. Vén despois a "Introducción" na que se gaba ao pobo galego e na que se fai a descrición paisaxística de dous percorridos de entrada a Galicia, unha polo río Sil, ata Monforte, e outra dende Portugal, por Tui. Este volume consta de oito capítulos, todos eles subdivididos en apartados e acompañados de láminas e debuxos. Os dous primeiros capítulos "Tiempos prehistóricos" e "Población céltica de Galicia" céntranse na descrición dos primeiros moradores do chan galego e na cultura castrexa. Os seis restantes amósannos a historia –incluíndo os fillos máis notábeis da Coruña e de Santiago de Compostela– e os monumentos máis salientábeis de cidades e vilas galegas, divididas en seis capítulos: A Coruña; Santiago de Compostela –que é o apartado máis extenso–; Padrón, Noia, Ría de Arousa e Pontevedra; Baiona, Tui e Ribadavia; Ourense, Celanova e Monforte de Lemos, e mais, Lugo, Mondoñedo, Betanzos e Ferrol que pechan esta vasta obra que fora publicada por primeira vez dentro da colección "España. Sus monumentos y artes. Su naturaleza e historia".

Recensións:

-M. Blanco Rivas, “Un texto imprescindible para comprender Galicia”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 147, 4 marzo 2000, p. 4.

Comézase sinalando que cento doce anos despois da súa aparición se publica de novo *Galicia*, de Manuel Murguía. Dise que os artífices desta edición son o Concello de Arteixo e Edicións Xerais de Galicia, en colaboración coa Real Academia Galega, coincidindo co ano no que o Día das Letras Galegas se lle dedica ao autor. Considera que é un dos seus libros máis significativos, que está concibido como guía ou libro de viaxes polos editores e co que Murguía contribuíu ao estudio da prehistoria, da mitoloxía e do folclore populares. Remata sinalando que segue tendo interese para quen queira comprender a complexidade da identidade do ser de Galicia.

Referencias varias:

-Francisco Antonio Vidal, “O libro ‘*Galicia*”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 20 febreiro 2000, p. 29.

Comézase sinalando o prestixio que como historiador tiña Manuel Murguía. A atención céntrase logo no estudio titulado *Galicia* e preséntase esta obra como un libro no que autor abriu o seu "corazón, pero sen esquecer os documentos, fichas e datos". Tamén se fai refencia á dedicatoria que encabeza a obra e se destaca o seu valor como estudio etnográfico. Lémbrase, ademais, a defensa que Murguía fixo do celtismo para explicar o pasado do pobo galego. Conclúese afirmando que con esta obra o escritor arteixán soubo presentar a historia de Galicia de xeito "ameno e documentado".

-Xosé Martínez Couselo, "Outra reimpresión de '*Galicia*', de Murguía", *O Correo Galego*, "País, paisaxe e paisanaxe", 23 febreiro 2000, p. 2.

Coméntase o anuncio de Xerais de publicar unha edición facsimilar da obra de Manuel Murguía *Galicia* (1888). Lémbrase que esta obra xa aparecera hai algúns anos na colección "Extramuros" da devandita editorial e sinálase que a finalidade coa que foi escrita era a de "dar a coñecer Galicia ao resto dos españois". Repásanse, así mesmo, algúns dos acontementos biográficos máis destacados do autor homenaxeado este ano no Día das Letras Galegas e remátase coa afirmación de que para Murguía os males da nosa terra nacían "da acción centralista do Estado".

-Miguel Anxo Seixas, "A Galicia de Murguía", *O Correo Galego*, "A Maltrana", 27 marzo 2000, p. 3.

Galicia, de Manuel Martínez Murguía, acaba de ser editada en edición facsímile cunha tiraxe de dous mil exemplares. Os responsábeis da publicación son o Concello de Arteixo e edicións Xerais, que rescatan un

libro que serve para darnos conta de cal era o coñecemento que tiña sobre Galicia o máis crítico dos historiadores románticos. Ademais este volume, en castelán, pretendía dar a coñecer en España a historia e a cultura de Galicia.
-Alfredo Conde, “Libros”, *El Correo Gallego*, 1 maio 2000, p. 4.

Ver Álvarez Cáccamo, Alfonso, X. L. Álvarez, M. Riveiro Loureiro e D. Pérez Iglesias, *Tecendo panos* (Relatos galardoados no VIIº e VIIIº Certame Manuel Murguía de Narracións breves), no apartado I. 1 deste *Informe.*

-Xavier Alcalá, “Murguía”, *El Ideal Gallego/Diario de Ferrol*, “A voapluma”, 11 maio 2000, p. 3/p. 64.

Despois de referirse ao estreito vínculo que o une co Concello de Arteixo, comenta os últimos agasallos que recibiu desta institución consistente nun libro no que se recollen os relatos premiados na edición do Certame Manuel Murguía, e unha edición facsimilar da obra *Galicia* deste autor. En relación con esta publicación louva o labor levado a cabo tanto polo concello arteixán como pola editorial Xerais. Tan só lamenta que non se envíen as páxinas de Murguía que esta obra recuperou a un servidor conectado á interrede.

Murguía, Manuel, *Manuel Murguía e Santiago de Compostela*, prólogo de Paulino Novo, Santiago de Compostela: Trapsa, 2000, [35 pp.]. (DL: C-871-2000).

Despois do prólogo institucional, Paulino Novo fai unha “Presentación” na que apunta as principais características deste libro conmemorativo. O volume consta ademais de tres apartados. No primeiro deles, “Biografía de Manuel Murguía”, faise un breve repaso biobibliográfico pola figura deste autor, mentres que nos dous restantes aparecen reproducidos textos, no seu idioma orixinal, o español, recollidos do libro *Galicia* (1888) e que foi reeditado nunha edición facsimilar neste ano 2000. Concretamente, aparecen reproducidos dous apartados do capítulo IVº desta obra murguiniana que están dedicados a Santiago de Compostela. O primeiro deles é o titulado “Sucesos políticos”, que repasa os aconteceres históricos acaecidos na Cidade do Apóstolo dende o século XV ata a expulsión dos franceses, mentres que o outro, “Fillos notables de Santiago”, describe os fillos máis notábeis de Santiago de Compostela, dende o século XII ata finais do XIX, e nel atopamos nomeados os trobadores Johan Airas, Airas Nunez, Bernal de Bonaval, Abril Perez, Roi Fernández e mais Pae da Cana xunto aos literatos Alberto Camino ou Rosalía de Castro, entre outros.

Murguía, Manuel, *La primera luz,* estudio introductorio de Vicente Peña Saavedra e Manuel Fernández González (64 pp.), Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, abril 2000, 118 pp. (ISBN Obra completa: 84-453-2772-0)/ISBN Facsímile: 84-453-2774-7)/ISBN Estudio introductorio: 84-4532773-9).

Estoxo de pequeno formato encaixábel que contén dous volumes. Un deles é a edición facsimilar de *La primera luz*, para a que se tomou como referencia a segunda edición corrixida polo autor en 1868 e publicada daquela na Imprensa de Soto Freire. O outro volume contén un longo estudio introductorio a cargo de Vicente Peña Saavedra e Manuel Fernández González, estructurado en sete epígrafes, no que, ademais do estudio do proceso editorial, contido e recepción deste “libro de lectura para uso de las escuelas de primeras letras de Galicia”, inclúen unha biobibliografía de Manuel Murguía, unha descrición da realidade sociocultural galega de mediados do século XIX, unha aproximación á situación da escola e dos libros de texto da época, unha bibliografía e diversos índices. A información que ofrecen está complementada polas máis de cen notas a pé de páxina e pola abondosa documentación gráfica que inclúen.

Recensións:

-Teresa Monteagudo, “Murguía e a didáctica”, *El Correo Gallego*, “Fin de semana”, 20 agosto 2000, p. 19.

Coméntase esta publicación de Manuel Murguía levada a cabo por Vicente Peña Saavedra e Manuel Fernández González. Dáse conta do seu formato en dous volumes complementarios. Párase, ademais, no contido de cada un deles e explícase que o primeiro reproduce a edición de Soto Freire de 1868. Faise referencia, tamén, ao tema e á estructura de cada unha das vintesete lecciónsincluídas nesta primeira parte da obra. Así mesmo, coméntase o estudio elaborado por Peña Saavedra e Fernández González recollido no segundo volume e no que é posíbel atopar unha biografía de Manuel Murguía, unha analise do seu tempo e da súa sociedade, e un comentario sobre os libros de texto no ensino.

-Alvarado, “De Manuel Murguía a Julio Sigüenza”, *La Región*, “Cultura”, 10 outubro 2000, p. 12.

Ver Sigüenza, Xulio, *Obra galega*, no apartado II. 2 deste *Informe*.

-Manuel Quintáns, “La primera luz. Libro de lectura para uso de las escuelas de primeras letras de Galicia”, *Revista Galega do Ensino,* novembro 2000, nº 29, pp. 251-253.

Relátanos M. Quintáns que todo o labor de M. Murguía é a prol do descubrimento e revelación da Patria, e este é tamén o obxectivo para este libro que lle dedica a Alejandra, a súa primeira filla. A Xunta e o Ramón Piñeiro en colaboración editaron un facsímile da 2ª edición desta obra, xa corrixida cun estudio de Victor Peña Saavedra e Manuel Fernández González no que que anuncian –malia estar escrito en castelán- "unha academización xa dende o nivel educativo elemental da cultura galega" e xa amosa a obra os "factores diferenciais" dos galegos respecto de Castela. Nesta obra non se pode esquecer a 'censura' que tivo que pasar e que se ve por exemplo na introducción da lección XXIII onde fala de Santa Mariña, pero hai que recoñecerlle a pesar disto o seu carácter didáctico-pedagóxico que ten como marco a Galicia, moi novidoso na súa época.

Referencias varias:

-E. P., "Educación publica dous libros para honra-la memoria de Manuel Murguía", *El Correo Gallego*, "Día das Letras 2000", 17 maio 2000, p. 74.

Dá conta da publicación de dúas obras a través do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades co gallo do Día das Letras Galegas e como homenaxe a Manuel Murguía. De *La Primera luz* indica que está editada polo proxecto do Museo Pedagóxico de Galicia (MUPEGA) e que consiste nunha edición facsimilar da segunda edición corrixida de 1868 da obra de Murguía, un libro de primeira lectura para escolares. Da *Escolma* indica que ofrece un percorrido "informativo e epistolar da xestación e edición da

Historia de Galicia en relación coa comunidade galega en Cuba" e que recompila máis de vinte textos de Murguía aparecidos na prensa galega de Cuba.

Murguía, Manuel, *La primera luz*, prólogo de Xesús Alonso Montero (XXXI pp.), ed. Henrique Rabunhal Corgo, Vigo: Edicións Xerais de Galicia/San Luis, xuño 2000, 51 pp. (ISBN: 84-8302-539-6).

Trátase da reproducción facsimilar da obra de carácter escolar e didáctica, *La primera luz*, que escribiu e publicou Manuel Murguía no século pasado. Esta edición conta cun limiar de Xesús Alonso Montero titulado “Un libro de lecturas galegas de 1859”. Nel fálase da historia editorial deste libro, así como da súa reimpresión en 1974 feita por el mesmo. Asemade, faise un breve encadramento da historia literaria, política e escolar daquela altura. Tamén sinala as modificacións feitas polo seu autor, que veñen probar certas dúbidas sobre a historia (na primeira edición dise que os celtas foron orixinarios de Galicia e na segunda comenta que foron dos primeiros poboadores, etc). Finalmente, louva esta obra porque nela se encontran os primeiros datos sobre sociolingüística, da diglosia e da escola en Galicia. A seguir, vén o estudio sobre a obra feito por Henrique Rabunhal. Neste apartado ofrécese información sobre a personalidade de Manuel Murguía, a escola nos tempos da publicación do libro (escaso desenvolvimento, etc), a pedagoxía e a ideoloxía que trascende de *La Primera Luz*, e a importancia que supuxo no seu momento. Finalmente, sinala os criterios seguidos nesta edicion e achega unha bibliografía selecta sobre Manuel Murguía.

Referencias varias:

-Xesús Alonso Montero, “La primera luz”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 31 marzo 2000, p. 12.

Céntrase no relato da busca dun exemplar da primeira edición do libro de texto *La primera luz*, de Manuel Murguía. Apúntase o nome de Miguel Anxo Seixas como afortunado propietario dun exemplar desta obra. Finalmente, presenta este libro como “a primeira lección práctica de Sociolingüística no Rexurdimento” baseándose na defensa que contén da lingua galega.

Murguía, Manuel, *El Regionalismo gallego*, introd. Luís Alonso Girgado, Santiago de Compostela: Librería Follas Novas, marzo 2000, 57 pp. (ISBN: 84-85385-34-9).

Edición facsimilar de carácter non venal de *El Regionalismo Gallego* (1889), de Manuel Murguía, quen con estas páxinas pretende facer unha "réplica" ao discurso de ingreso na Real Academia da Historia de A. Sánchez Moguel. Así pois, tras un sucinto prólogo de W. A. Insua, que achega as claves do libro, o autor de *Los Precursores* realiza unha intensa defensa dos principios ideolóxicos do rexionalismo, "liberal" segundo Alonso Girgado, refutando os argumentos cos que o novo académico atacou a este tipo de pensamento político. Ademais, o egrexio patriarca das Letras Galegas cualifica a Moguel de "ignorante" por defender o centralismo do país, ao tempo que aproveita para facer propaganda da súa doutrina. O volume remata cunha carta asinada polos emigrantes galegos da Habana, na que felicitan a Murguía por tan brillante disertación.

Referencias varias:

-Marcos Valcárcel, "Rexionalismo galego", *La Región*, "Ronsel dos libros", 3 maio 2000, p. 60 .

Indica que gracias á elección de Manuel Murguía como homenaxeado este ano no día das Letras Galegas é posíbel acceder a obras clásicas deste autor de difícil localización. Así cita o *Diccionario de escritores gallegos* (1862) reeditado en fascímile pola Xunta de Galicia no ano 1999 acompañado dun estudio a cargo de Ignacio Cabano Vázquez. Tamén se refire a esta nova publicación ao coidado de Luís Alonso Girgado, e comenta que antes de ser publicado en folleto xa aparecera en *El Eco de Galicia* por entregas. Finalmente, recolle un fragmento no que se desenvolve a súa ideoloxía en favor do rexionalismo.

IV.2. Monografías, edicións críticas e libros colectivos

IV. Día das Letras Galegas: Manuel Murguía

IV.2. Monografías, edicións críticas e libros colectivos

Alonso Montero, Xesús (ed.), *Día das Letras Galegas 2000. Murguía en dúas revistas. Prólogo á edición facsímile de La Patria Gallega (15-7-1891) e do Boletín de la Real Academia Gallega (20-11-1906)*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela (Servicio de Publicacións e Intercambio Científico), 14 pp. (ISBN: 84-8121-817-0).

A Universidade de Santiago de Compostela, por mediación do seu Departamento de Filoloxía Galega, acode á cita do 17 de maio con esta carpeta que contén as edicións facsimilares dos números 7 e 8 de *La Patria Gallega* (15 xullo 1891) e dos números 6 e 7 do *Boletín da Real Academia Galega* (20 novembro 1906), ademais dun prólogo da autoría de Xesús Alonso Montero a estas dúas revistas. Neste prólogo lóase a obra e labor intelectual de Manuel Murguía (1833-1923) e recóllense as gabanzas que sobre o Patriarca galego fixeron escritores como Ramón del Valle-Inclán ou Ramón Cabanillas. Así mesmo, coméntase que nestas edicións facsimilares se recollen dous discursos importantes na biografía de Manuel Murguía e na historia cultural de Galicia: en *La Patria gallega*, o dos Xogos Florais de Tui en 1891 e no *Boletín da Real Academia Galega*, o da inauguración desta Institución en 1906. A seguir, analízanse os números aquí presentados de *La Patria Gallega*, referíndose unha historia dos Xogos Florais de 1891, que constituíron un fito, porque a lingua galega estivo presente en todas as actividades inherentes ao certame e autores como Salvador Cabeza de León ou Alfredo Brañas, xunto a Manuel Murguía, pronunicaron as súas alocucións en galego. Tamén sinala que a de Manuel Murguía foi a primeira que fixo en galego e contén afervoadas gabanzas da língua de Galicia, ademais de ser, polo seu fundamentalismo “racial” e católico, das páxinas máis cuestionábeis deste autor. Con respecto

aos números do *Boletín Galego da Real Academia Galega*, apúntase que recolle as intervencións en prosa e verso proferidos na inauguración desta institución, na que Manuel Murguía novamente fai un discurso que mostra un alegato fervoroso a prol da lingua galega.

Axeitos, X. L. e Francisco **Fernández del Riego**, *Manuel Murguía*, prólogo de Francisco Fernández del Riego, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2000, 93 pp. (ISBN: 84-8302-525-6).

Breve estudio sobre a vida e obra de Manuel Murguía. Princípiase esta edición especial para Faro de Vigo cun prólogo da man de Fernández del Riego, no que pon de relevancia a importancia do autor de *Los Precursores* na rehabilitación da cultura galega, así como alude tamén ao seu influxo en Pondal e Rosalía. Logo, faise unha achega ás "etapas" máis significativas da traxectoria vital do poeta de Arteixo, dende os seus anos en Compostela e Madrid ata a época da Real Academia Galega, cando "a vida de Murguía vai entrando polos camiños da mitificación patriarcal". De seguido, detense na súa vertente histórica, analizando sucintamente esta, e comentando do mesmo xeito a súa obra literaria. Remata cos apartados "cronoloxía" e "bibliografía".

Axeitos, X. L., e X. R. **Barreiro Fernández**, *Manuel Murguía 1833-1923. Unha fotobiografía*, colaboracións Francisco Fernández del Riego, Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Xunta de Galicia (Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo), 2000, 125 pp. (ISBN: 84-8302-491-8).

Abre o presidente da Real Academia Galega o volume comentando como Murguía influíu en Rosalía e Pondal para que utilizasen o galego como lingua vehicular da súa literatura. A seguir, figura unha cronoloxía e logo a fotobiografía propiamente dita, que divide o decorrer vital do historiador de Arteixo en seis partes, tomando como eixo primordial o lugar de residencia. Incorpora unha gran cantidade de gravados e fotografías, que amosan persoas, paisaxes, periódicos da época e edicións antigas de libros. Despois descubrimos dous traballos de Xosé Ramón Barreiro, un dedicado á faceta historiográfica e outro á xornalística. No primeiro, salienta o compromiso do home de Rosalía con Galicia, investiga a súa concepción da historia, repasa a súa obra de temática histórica e estudia a recepción que esta tivo; e, no segundo, pondera o papel da prensa no momento socio-político, clasifica os seus artigos en “de subsistencia”, “de creación literaria”, “de compromiso cultural e político” e “polémicos”, ademais de fixarse nas súas relacións coas publicacións ultramarinas. A obra péchase cun texto de Xosé Luís Axeitos encol da obra literaria murguiá. Enceta a cuestión falando da súa faceta como crítico literario e como polemista. Párase no feito de que escribise fundamentalmente en castelán e procura explicacións. Coida que na súa obra priman os condicionamentos comerciais, e consecuentemente epigonais, e nota a presencia continua do país nos folletíns dos anos cincuenta con descricións que denotaban un gran coñecemento da área de Padrón e do Ulla.

Recensións:

-Prudencio Vivero Mogo, “Murguía, a lembranza necesaria”, *Guía dos libros novos*, “Letras galegas 2000”, maio 2000, p. 8.

Coméntase a aparición das obras *Manuel Murguía. Vida e obra* de Xosé Ramón Barreiro e Xosé Luis Axeitos e *Manuel Murguía. Ideólogo do galeguismo* de Alfredo Iglesias. Comézase louvando a claridade e o rigor que posúen os dous estudios citados. Dos temas tratados no primeiro deles, saliéntase as reflexións sobre “o Murguía polemista”. En relación co segundo, destácase a presentación do autor arteixán como “o historiador do feito diferencial de Galicia”. Conclúese sinalando a necesidade de lembrar o labor deste destacado persoeiro da nosa cultura.

-Mayte Leis, “Xosé Ramón Barreiro Fernández e Xosé Luís Axeitos Agrelo. *Manuel Murguía: Vida e obra*/Henrique Rabuñal Corgo. *Manuel Martínez Murguía*”, *Fadamorgana*, nº 5, “Novidades”, outono 2000, p. 86

Centra o seu comentario nestes volumes e sinala que ambos os dous se ocupan do estudio da figura homenaxeada no Día das Letras Galegas, aínda que Henrique Rabuñal, que xa presentou o seu volume en 1999, ofrece un texto breve e sinxelo a modo de crónica e apoio gráfico abondoso, mentres que o traballo de Xosé Ramón Barreiro e Xosé Luís Axeitos Agrelo se estructura en capítulos temáticos e presenta abondoso apoio gráfico, pechándose cunha bibliografía de e sobre o Patriarca galego. Así mesmo, apunta que a súa

lectura é fluída, pese a que o texto é máis denso có de Rabuñal por presentar maior cantidade de información. Finalmente, indica que estas dúas obras están dirixidas, fundamentalmente, a alumnos de secundaria, servindo a de Rabuñal de lectura previa na aula e a de Barreiro e Axeitos para un coñecemento máis matizado.

Referencias varias:

-Miguel Anxo Seixas, “Manuel Martínez Murguía”, *O Correo Galego*, “A maltrana”, 15 maio 2000, p. 3.

Coméntase, en primeiro lugar, a importancia que ten a biografía escrita por Vicente Martínez Risco se queremos achegarnos á figura de Manuel Murguía. Repróducese un breve fragmento desta obra onde se describen certos traszos do carácter do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas, e menciónase, ademais, a súa relación coas ideas liberais. Sinálase, a continuación, a recente aparición de dúas obras de Xosé Ramón Barreiro Fernández e Xosé Luís Axeitos: *Manuel Murguía. Vida e obra* e *Manuel Murguía. Unha gotobriogrfía 1833-1923*, ambas as dúas publicadas en Edicións Xerais. Tamén se sinala que nestes volumes se pode atopar un interesante estudio da vida e das ideas de Murguía.

-Marcos Valcárcel, “Remata o ano Murguía”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 8 decembro 2000, p. 2.

Co remate do ano dedicado a Manuel Murguía, enumera as obras que se centraron no seu estudio, como é a de Ramón Maiz sobre o rexionalismo galego en 1984, a de Xusto Beramendi na colección de biografías en 1998 ou a obra colectiva *Volver a Murguía* (1998). Así mesmo, cita a reedición de volumes como *El regionalismo gallego*, *Diccionario de Escritores Gallegos* ou a *Escolma* de textos de prensa cubana editada polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Tamén apunta que no Día das Letras Galegas os xornais galegos ofreceron o volume de Francisco A. Vidal, *Murguía. As letras e a historia*. Por último, faise eco da aparición do volume, *Fotobiografía*, que contén traballos de X. L. Axeitos, que trata o Murguía literario, e Xosé R. Barreiro, que estudia o Murguía periodista e historiador, ademais dun limiar de Francisco Fernández del Riego, que se refire á relación do homenaxeado con Rosalía de Castro e Eduardo Pondal.

-Marcos Valcárcel, “Fotobiografía de Murguía”, *La Región*, “Ronsel dos libros”, 12 decembro 2000, p. 60.

Céntrase neste volume dedicado a Manuel Murguía que presenta un limiar de Francisco Fernández del Riego, no que lembra as relacións do autor con Rosalía de Castro e Eduardo Pondal. A seguir, comenta que Xosé Luís Axeitos tratou a obra literaria, da que destacou a súa faceta de crítico literario e a presencia de diferentes puntos da xeografía galega. Por outra banda, sinala que Xosé Ramón Barreiro se detivo na análise da faceta de periodista e historiador do Patriarca.

Barreiro Fernández, X. R. e X. L. **Axeitos**, *Manuel Murguía. Vida e obra*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Letras Galegas, 2000, 86 pp. (ISBN: 84-8302-490-X).

Divídese esta obra en catro partes ben diferenciadas, ademais dunha bibliografía final de e sobre Murguía. A primeira delas é unha cronoloxía na que se dá noticia sintética dos feitos máis relevantes da vida e obra do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas. A seguir, afóndase na biografía en "As etapas dunha vida", organizado en epígrafes que se refiren á infancia e xuventude, ao seu traballo como funcionario, á súa actividade política e ideolóxica, etc. En "Murguía, historiador do feito diferencial galego" preséntase ao autor homenaxeado como pai do ideario galeguista e descríbese a xestación desta ideoloxía, as orixes e a evolución seguida. Finalmente, a actividade creadora abórdase en "Vida e literatura na obra de Manuel Murguía". Como é habitual nesta colección, o volume preséntase con amplas márxes nas que se ofrece información secundaria e abondosa documentación gráfica.

Referencias varias:

-Miguel Anxo Seixas, "Manuel Martínez Murguía", *O Correo Galego*, "A maltrana", 15 maio 2000, p. 3.

Ver Axeitos, X. L. e Barreiro Fernández, X. R., *Manuel Murguía 1833-1923. Unha fotobiografía*, neste apartado do *Informe*.

Calvo, Tucho (ed.), *Murguía e La Voz de Galicia*, A Coruña: La Voz de Galicia, 2000, 141 pp. (DL: C-878-2000).

Edición conmemorativa que compila os artigos, en castelán, publicados por Manuel Murguía (Froxel, Arteixo, 1835-A Coruña, 1923) en *La Voz de Galicia*. O volume inclúe unha breve evocación do historiador a cargo de Francisco Fernández del Riego e un extracto da noticia do seu pasamento no propio xornal coruñés (2-II-1923) nas lapelas, así como unha introducción de Xosé Ramón Barreiro Fernández. Nela, salienta a faceta xornalística de Murguía, sinalando que é tan importante coma o seu labor histórico, xa que é moi productivo: fundador, director e colaborador en numerosos medios de todo o mundo. Finalmente, comenta sucintamente algúns destes artigos, que demostran "a presencia contradictoria de Murguía" e, sobre todo, a postura emancipadora do pobo galego. Os artigos, publicados entre o 23 de abril de 1885 e o 25 de xullo de 1920, denotan os principios ideolóxicos e o fervor patriótico do autor. Entre todos eles sobresaen os dedicados ao Rexionalismo, que poden ser unha síntese do seu programa político, aqueles que remiten á polémica que mantivo con Emilia Pardo Bazán, que revelan dúas concepcións diferentes sobre a cultura galega, ou o capítulo inédito de *Los Precursores* (1885) dedicado a Rosalía de Castro e publicado dous días despois da morte da poetisa.

Durán, José Antonio (ed.), *Murguía, 1833-1923. Cronista de Madrid, esposo de Rosalía de Castro, polígrafo galleguista, ideólogo del nacionalismo, etc, etc...*, Madrid: Real Academia Galega/Fundación Caixa Galicia/Taller de Ediciones J. A. Durán (ed.), Serie: Biografía Histórica ilustrada, 293 pp. (ISBN: 84-931470-0-1).

Delongado libro dividido en catro partes que abarcan o fundamental da peripecia vital e artística de Manuel Murguía. Na primeira delas, “El primer Murguía (1832-1854)”, fixa as orixes da estirpe do intelectual e repasa os primeiros pasos de neno e adolescente ata a súa chegada a Madrid para estudiar; na segunda, “Periodismo, Bohemia y Revolución (El bienio progresista, 18541856)”, relata os anos do mozo estudiante lúcido e bohemio en Madrid, as súas lecturas ou as súas relacións; xa na terceira, “El taller de Arte y Galleguismo de Madrid (Los años inolvidables)”, conta como muda a súa vida ao casar con Rosalía, como foron aqueles anos de creación e formación intelectual e relación matrimonial; na última, “De la diáspora (Dos vidas, el milagro biográfico)”, céntrase nos conflictos con outros intelectuais galeguistas, nos conflictos editoriais e na creación da súa *Historia de Galicia*.

Fortes, Belén, *Manuel Murguía e a cultura galega*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, 2000, 101 pp. (ISBN: 84-7824-350-X).

Volume estructurado en dez capítulos que, á súa vez se dividen en distintos apartados, a través dos que a autora vai dando conta da vida de Manuel Murguía, a contextualización da súa traxectoria, resumida nun cadro cronolóxico, a súa producción literaria, histórica e ideolóxica, o seu labor á fronte de institucións como a Real Academia Galega ou o grupo a Cova Céltica, e as súas ideas sobre o idioma e a literatura galegas, todo isto completado cunha análise da significación deste autor na cultura galega. O libro remata cun capítulo de bibliografía básica que recolle os estudios sobre este escritor no período do Rexurdimento.

Recensións:

-M. Blanco Rivas, "Murguía: o home e maila obra, ao alcance do lector", *Faro de Vigo*, *"El Sábado"*, nº 157, 20 maio 2000, p. 4.

Achega á obra de Belén Fortes na que di que se fai unha aproximación á vida e obra de Murguía caracterizándoa pola súa accesibilidade a todo tipo de público, dende o especializado ata o estudiantado ou

o lector medio. Tamén destaca a síntese histórica e literaria que fai, así como o cadro cronolóxico contextualizador do polígrafo na súa época, que determinan a estructura da obra. Sinala que comeza coa biografía, segue a contextualización e o cadro cronolóxico, para finalmente facer un amplo estudio da obra de Murguía á vez que analiza a importancia do autor na súa época.

Armando Requeixo, "Murguía 2000", *Tempos Novos*, nº 37, "Voces e Culturas. Crítica. Libros", xuño 2000, 78.

Saliéntase o bo traballo que Belén Fortes, boa coñecedora da obra murguiana, levou a cabo neste manual titulado *Manuel Murguía e a cultura galega*. Sobrancéase que a obra se centra na biografía deste autor, na súa producción bibliográfica, no papel que desempeñou na cultura galega do momento, na súa visión do idioma e a literatura de Galicia e, finalmente, na vixencia e actualidade da súa obra e ideas. Segundo Requeixo o apartado máis acabado é o da relación de Murguía co sistema literario galego, malia que non se fale das falsificacións literario-populares que Murguía chegou a facer para dotar á nosa literatura dunha tradición propia.

Referencias varias:

-D. P., "Belén Fortes y Engracia Vidal presentan hoy sus libros", *Diario de Pontevedra*, 10 maio 2000, p. 13.

Dá conta da presentación das obras de Belén Fortes e de Engracia Vidal, *Por unha igrexa tamén feminina*, e sinala que a primeira, a iniciativa da Asociación Maio Longo, vai impartir unha conferencia, no auditorio do Instituto Valle-Inclán, sobre a figura de Manuel Murguía.

-B. N., "La historiadora Belén Fortes ensalza la figura literaria de Manuel Murguía", *Diario de Pontevedra*, 11 maio 2000, p. 13.

Infórmase da publicación do estudio *Manuel Murguía e a cultura galega* de Belén Fortes. Ademais de ofrecerse certos datos sobre a vida de Manuel Murguía, recóllense as palabras coas que a investigadora citada xustifica o esquecemento en que estivo somerxida a obra deste autor. Faise referencia, a este respecto, á súa escasa creación literaria e en galego. Conclúese facendo eco da queixa da autora do estudio pola coincidencia entre o "Ano Castelao" e o "Ano Murguía", considerando esta circunstancia causa do ensombrecemento dalgúns actos adicados ao autor arteixán.

-D. P., "As librerías de Galicia regalarán mañán un volume sobre Murguía", *Diario de Pontevedra*, 16 maio 2000, p. 24.

Dáse noticia da presentación dunha nova edición da campaña organizada, co gallo do Día das Letras Galegas, pola Federación de Libreiros de Galicia e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Saliéntase que un anuncio protagonizado polo retrato de Murguía deseñado polo humorista Siro publicitará a

campaña na TVG. Tamén se fai referencia aos diversos agasallos que as librerías galegas repartirán nestas datas entre aquelas persoas que merquen unha obra en galego. Finalmente, anúnciase para o Día das Letras Galegas un desconto do dez por cento no prezo dos libros escritos en galego.

-E. P., "Librerías de toda Galicia regalarán o 17 de maio o volume 'Murguía e a cultura galega"/"Librerías de toda Galicia regalaron onte un volume sobre Murguía pola compra dun libro en lingua galega", *El Correo Gallego*, 16 maio 2000/18 maio 2000, p. 75/p. 74.

Alúdese á presentación da iniciativa que, co gallo do Día das Letras Galegas, organizan a Federación de Libreiros de Galicia e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Sinálase que a campaña da TVG constará dun anuncio no que o protagonista é o retrato deseñado por Siro de Murguía. Tamén se fai mención dos diferentes agasallos que os libreiros galegos queren ofrecer a aquelas persoas que merquen nestas datas unha obra en galego. Finalmente, apúntase que, no Día das Letras Galegas, todas as librerías farán un desconto do dez por cento no prezo dos libros escritos en galego.

González, Helena e Xesús **González Gómez** (coords.), *Basilio Losada. Ensinar a pensar con liberdade e risco*, Barcelona: Publicacións de la Universitat de Barcelona, col. Homenatges (Universitat de Barcelona), nº 18, 2000, 755 pp. (ISBN: 84-4752486-8).

Con motivo da xubilación de Basilio Losada Castro (Láncara-Lugo, 1930), fáiselle unha homenaxe a través deste volume, no que se recollen unha serie de colaboracións de diferentes autores. No volume en si, despois das intervencións institucionais, contémplase unha “Presentació” da autoría de Isabel de Riquer, Elena Losada e Helena González, na que se fai referencia ao labor do homenaxeado na Universidade de Barcelona, en concreto, no Departamento de Filoloxía Románica na Sección de Filoloxía Galego-Portuguesa, ao seu traballo de investigación ou ás colaboracións recollidas neste volume. Tamén se ofrece un currículo do profesor Basilio Losada, no que se dá conta das súas titulacións académicas e profesionais, colaboracións en proxectos editoriais, premios e distincións recibidas ou semblanzas e notas biográficas que sobre el se realizaron. A seguir, reprodúcense as diferentes colaboracións, parte das cales se recollen nas seccións “Semlances i creació” e “Estudis”, que van dende artigos que tocan aspectos da vida e obra do homenaxeado, ata poemas de Salvador García Bodañó ou Manolo Rivas, cartas de Anna M. Mussons ou Xosé Neiras Vilas e ilustracións de Luís Seoane, Isaac Díaz Pardo ou Siro López. A continuación, dáse conta dun artigo que recolle sobre o homenaxeado no Día das Letras Galegas:

-Camilo Fernández, “Sobre o precursor de *Los Precursores*: Faraldo e Murguía na Grande Obra”, pp. 365 375.

Comeza o artigo cun limiar no que indica que a obra de Murguía, *Los Precursores* (1885), é unha descrición bio-intelectual dalgúns coetáneos seus como Aurelio Aguirre, Rosalía de Castro, Vicetto ou Faraldo, de quen se indica a continuación que esta é unha das poucas fontes documentais que se poden atopar sobre el. A seguir faise unha revisión dalgún dos datos que achega Murguía sobre Faraldo, como a súa vida e a súa actividade política, e sinálase que nalgúns casos o autor de *Los precursores* deixou unha imaxe pouco edificante de Faraldo, aproveitando así para salientar a súa opción ideolóxica -un rexionalismo católicoliberal-, que non coincide co provincialismo que liderou Faraldo. Sinálase así mesmo que é por isto que, debido a que Faraldo abandonou a súa terra despois da derrota do levantamento de 1846, Murguía preséntao como “desertor da súa propia causa”, mentres que o autor deste artigo cre que esta acusación é inxusta e tan só se basea nas diferentes maneiras que tiñan de entender o galeguismo o “patriarca” e o “precursor”.

Iglesias Diéguez, Alfredo, *Manuel Murguía. Ideólogo do galeguismo*, Vigo: Ir Indo, col. Galegos na historia, nº 14, 2000, 61 pp. (ISBN: 84-7680-322-2).

Achegamento do devalar vital e intelectual de Manuel Murguía dende o seu nacemento en 1833 ata a súa morte en 1923 ao longo de cinco capítulos: "Os primeiros pasos de Murguía: de estudiante a xornalista (1833-1864)", "Murguía ideólogo do galeguismo: raza e nación na Historia de Galicia", "Os anos do activismo galeguista de Murguía (1868-1907)" e "Cronoloxía". Abórdanse os momentos máis significativos da vida do escritor e os principais aspectos do seu pensamento atendendo á súa laboura xornalística e ás súas obras. Faise referencia aos acontecementos históricos e sociais que deixaron pegada na súa escrita e que determinaron unha toma de conciencia no escritor e destaca un esquema da historia de Galicia atendendo ao conxunto da súa obra histórica. Destácase a defensa que Murguía facía do dereito de autogoberno de Galicia, da descentralización administrativa e da necesidade de reformas económico-sociais. Índicase as tres obras, deste intelectual, nas que se define mellor o seu pensamento e destácase *Historia de Galicia* por supoñer unha ruptura na traxectoria político-ideolóxica do pensamento galeguista, pola súa importancia historiográfica e por recollerse nela a concepción que tiña Murguía da historia. Alúdese ao seu traballo como director literario da revista *La ilustración gallega y asturiana* e resáltase a este intelectual como membro fundador da Liga Gallega, da Asociación Rexinalista Galega, da Revista Gallega, da Real Academia Gallega, de Solidariedade Galega ademais dos cargos que desempeñaba en cada unha destas institucións. Dáse conta das tres vertentes do activismo defendidas pola Asociación Rexionalista Galega, das bases fundamentais do Catecismo Solidario, do seu nomeamento como Cronista Xeral do Reino de Galicia, da súa

participación en Cova Céltica e da creación da Asociación Iniciadora e Protectora da Academia Galega en Cuba a raíz dun dos seus artigos. Finalízase cunha cronoloxía de Manuel Murguía e a bibliografía empregada para elaborar este volume no que aparecen reproducidos textos e fotografías deste persoeiro e doutros intelectuais da época.

Recensións:

-D. Janeiro, "O Murguía didáctico", *El Correo Gallego*, "*Correo das Culturas*", nº 19, 24 marzo 2000, p. 2.

Ademais de dar conta da aparición deste estudio de Alfredo Iglesias, sobrancéase do mesmo a seriedade e utilidade da cronoloxía incluída no último apartado da obra. Saliéntase, así mesmo, a linguaxe sinxela na que está escrito este estudio por permitir ler a obra "sen perdas de rumbo nin voltas excesivas". Valórase tamén de xeito positivo a presencia de textos do propio Murguía en cada capítulo. Finalmente, como apunte negativo, menciónase o emprego da cor amarela "para o realce das fotografías".

-Prudencio Vivero Mogo, "Murguía, a lembranza necesaria", *Guía dos libros novos*, "Letras galegas 2000", maio 2000, p. 8.

Ver Axeitos, X. L., e X. R. Barreiro Fernández, *Manuel Murguía 1833-1923. Unha fotobiografía*, neste apartado do *Informe*.

Referencias varias:

-E. N., “Da recuperación dun ideólogo galeguista”, *O Correo Galego*, “AFA”, 5 maio 2000, p. 31.

Dáse conta da presentación, na Librería Couceiro de Santiago de Compostela, do estudio de Alfredo Iglesias publicado pola editorial Ir Indo, e durante a cal estivo acompañado polo director de dita editorial Xosé Antonio Perozo e polo profesor Luís Alonso Girgado. Esbózase unha síntese do contido da obra, resaltando que estudia, para reivindicar a súa recuperación, o pensamento político do polígrafo arteixán.

Manuel Murguía, ilust. Pepe Carreiro. Vigo: A Nosa Terra, col. Protagonistas das Historia, nº 2, 34 pp. (ISBN: 84-89976-56-2).

Entrega da editorial A Nosa Terra sobre a vida de Manuel Antonio Martínez Murguía, autor homenaxeado no Día das Letras Galegas, cun enfoque infantil para achegar este persoeiro aos máis pequenos. Repásase a súa vida e producción máis salientábel, en especial a súa temperá vocación literaria, con obras como *La primera luz* (1860), libro de texto escolar no que defende o emprego do galego como lingua tan respectábel como o castelán; *Desde el cielo*, caracterizado como novela romántica adicada a unha noiva do autor que morrera na mocidade, así como outras publicacións aparecidas na prensa galega, entre as que reproduce o poema “Nena d’as soledades”, publicado en *La Oliva* en 1856. Tamén se refire ao seu matrimonio con Rosalía de Castro, aos fillos da parella e á influencia que este exerceu na súa muller para que escribise en galego. Outros aspectos tidos en conta son a súa preocupación por Galicia, recollida en volumes como *Historia de Galicia*, *Los Precursores* (1885), ou *Galicia* (1888), así como a súa participación na fundación da Real Academia Galega en 1905, da que foi nomeado presidente. Sobrancéase sempre a súa preocupación e traballo a prol da creación dunha conciencia galega como pobo diferenciado.

Monteagudo Cabaleiro, Teresa e Luís **Alonso Girgado**, *Manuel Murguía. Escolma (Cronobiografía. Escolma de textos na prensa galega de Cuba. Referencias hemerográficas)*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2000, 151 pp. (ISBN: 84-453-2776-3).

Recóllese neste volume unha pequena colectánea de artigos publicados por Manuel Murguía na prensa de Cuba. Primeiramente aparece unha "Cronobiografía", que achega os datos máis importantes da súa vida; despois será o apartado "Manuel Murguía e Cuba" o que nos informe da estadía e actividades do intelectual galeguista na illa, para rematar a introducción cun apartado titulado "A Historia de Galicia e o Centro Galego da Habana". De seguido aparece o corpus central do libro, formado por vintedous artigos escritos por Murguía e publicados na prensa Cubana. Todos eles presentan a característica de se referir a Galicia: á súa paisaxe, á súa literatura, á súa poboación, etc. Finalmente, péchese a obra cunha sección na que se recollen as "Referencias Hemerográficas".

Recensións:

-Castro R., Xavier, “Os textos de Manuel Murguía nas publicacións galegas de Cuba”, *El Correo Gallego*, “Fin de Semana”, 25 xuño 2000, p. 7.

Saliéntase o feito de que todos os anos co gallo do Día das Letras Galegas se editen un gran número de libros sobre a figura homenaxeada. Das obras publicadas este ano, destácase *Manuel Murguía. Escolma*, elaborada por Teresa Monteagudo e Luís Alonso. Infórmase do contido do libro, composto por distintos artigos publicados en xornais da Habana. Tamén se comenta a relación que mantiveron Rosalía de Castro e
o seu home cos intelectuais emigrados en Cuba. Resáltase, así mesmo, a inclusión na edición de diferentes capítulos complementarios nos que se estudia a biografía de Murguía e a súa relación con Cuba.

Referencias varias:

-E. P., “Educación publica dous libros para honra-la memoria de Manuel Murguía”, *El Correo Gallego*, “Día das Letras 2000”, 17 maio 2000, p. 74.

Ver Murguía, Manuel, *La primera luz,* estudio introductorio de Vicente Peña Saavedra e Manuel Fernández González, no apartado IV. 1 deste *Informe*.

Neira Vilas, Xosé, *Manuel Murguía e os galegos da Habana*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Serie/Documentos, nº 155, maio 2000, 235 pp. (ISBN: 84-7492-9687).

O volume consta dunha “Introducción” na que se recordan as orixes da RAG e as relacións de Manuel Murguía con diversos intelectuais emigrados en Cuba e coas entidades que se crearon na Habana a principios do século XX. Tamén se lembra a participación do Patriarca en decisións tomadas en Cuba como a selección dun escudo, dun himno e dunha bandeira para Galicia. Analízase despois a correspondencia incluida nesta obra. A continuación, reprodúcense as cartas que Neira Vilas recolleu. Estas misivas ordénanse en catro bloques. No primeiro deles recóllense as cartas en castelán firmadas por Murguía e Carré que dan conta das relacións existentes entre a RAG e a Asociación Iniciadora e protectora da Academia Galega. O segundo bloque está constituído polas cartas firmadas por Murguía e Carré escritas en galego. Nelas menciónase a escolla do escudo oficial para Galicia e a elaboración dun diccionario galego. O terceiro apartado está composto pola correspondencia de Murguía en castelán na que se mencionan algunhas novas relacionadas co Patriarca como a concesión dunha pensión ou as súas colaboracións xornalístiscas coa prensa da emigración. O último bloque fórmano cartas de diversas autorías e nas que se dá conta tanto da creación da Asociación Iniciadora e protectora da Academia Galega e das súas actividades como das tarefas desenvoltas polos intelectuais emigrados.

Recensións:

-Marcos Valcárcel, “De Murguía a Castelao: dous libros para afondar na nosa historia”, *Guía dos libros novos*, nº 22, “Historia”, outubro 2000, pp. 7-8.

Achega conxunta ás obras *Manuel Murguía e os galegos da Habana*, de Xosé Neira Vilas; e *Castelao, propagandista da República en Norteamérica*, de Emilio González López. O primeiro dos estudios citados preséntao como “un esforzo de recuperación da memoria histórica” e alude a outras obras de Neira Vilas das que tamén sobrancea o esforzo por salvagardar a nosa memoria. Salienta, así mesmo, a importancia dos datos que esta obra ofrece sobre a historia da Academia Galega e a relación que uniu a Murguía con certos intelectuais galegos en Cuba, destacando especialmente que o estudio inclúa aquela correspondencia que Murguía e Uxío Carré mantiveron con eles. Finalmente, eloxia a actitude de Neira Vilas e Anisia Miranda ao entregarlle ao presidente da RAG un bo mangado de cartas que Murguía lle dirixiu a Eugenio Carré.

Referencias varias:

-Marcos Valcárcel, “Murguía na Habana”, *La Región*, “O ronsel dos libros”, 20 xuño 2000, p. 60.

Comézase destacando o labor levado a cabo por Xosé Neira Vilas para recuperar a memoria histórica dos galegos emigrados en América. A este respecto, infórmase das diversas publicacións feitas por este autor entre as que se destaca a titulada *Manuel Murguía e os galegos da Habana.* Di que nela se fala da relación de Murguía cos intelectuais galegos que residían en Cuba. Tamén se salienta a defensa que o autor arteixán fixo dos emigrantes galegos e menciónanse as pensións vitalicias que o Centro Galego da Habana lles enviou ás dúas fillas de Murguía.

-C. F., "El libro, una vez publicado, ya no es del autor; pertenece a los lectores", *El Ideal Gallego*, 3 agosto 2000, p. 14.

Entrevista con Xosé Neira Vilas por mor da publicación da obra *Manuel Murguía e os galegos da Habana* na que se recollen cartas de Manuel Murguía aos intelectuais galegos residentes en Cuba. O autor comenta o contido do seu libro e explica o motivo polo que inclúe nel cartas en galego do historiador arteixán. Fala tamén da importancia de estar en contacto cos seus lectores e do éxito que segue tendo a publicación da súa obra *Memorias dun neno labrego* (1961).

Rábade Paredes, Xesús, *A vida de Manuel Murguía*, Vigo: Galaxia, col. Árbore, nº 111, marzo 2000, 94 pp. (ISBN: 84-8288-358-5).

Como xa vén facendo nos últimos anos, a colección "Árbore" volve presentar, con motivo da celebración do Día das Letras Galegas, un volume monográfico dedicado ao homenaxeado que, nesta ocasión, é Manuel Murguía. O citado volume, que ten como destinatarios os xoves lectores, está estructurado en tres apartados nos que, a través do texto, fragmentos das súas obras e mostras fotográficas, se pretende facer eco de diversos aspectos da vida e obra do Patriarca galego. No primeiro dos apartados, "Perfil biográfico", dáse conta do seu nacemento en Froxel (Arteixo-A Coruña) o 17 de maio de 1833, das súas relacións familiares, estudios e lecturas e da súa actividade como xornalista en Madrid. Así mesmo, fálase do celtismo e atlantismo en Murguía, da súa relación en Madrid coas familias galegas dos Chao e os Avendaño e do seu parecer sobre cuestións literarias, pintura ou historia. Por outra banda, coméntase que ao casar con Rosalía e ao volver ao país, a súa vida vai mudar de orientación, no sentido de consagrarse plenamente ao traballo e á reflexión de Galicia, pois a "cultura popular, a literatura, a lingua, a economía e o dereito, a teoría política e a investigación histórica van presidir o seu labor intelectual e a súa preocupación". Tamén se fai referencia á súa acitividade ata a súa morte en febreiro de 1923 como Cronista do Reino de Galicia e á súa participación na Asociación Rexionalista de Galicia, na Liga Gallega ou na Academia Galega ou nos Xogos Florais de Tui, nos que por primeira vez falou para o público en galego. No seguinte apartado, "Aspectos da súa obra", trátase a relación literaria de Murguía e a súa dona e o seu papel como orientador do Rexurdimento e teórico do Nacionalismo galego, que logra unha posición orixinal e propia dentro

dos nacionalismos periféricos do estado “polo seu cartácter liberal, interclasista, aberto e democrático”. Finalmente, no apartado “Murgía visto por”, ofrécese o parecer que sobre este persoeiro tiveron Rosalía de Castro, A. D. Rodríguez Castelao, Vicente Risco, Ricardo Carballo Calero, Xesús Alonso Montero, X. A. Durán, X. R. Barreiro Fernández, X. G. Beramendi ou M. Martinón-Torres.

Recensións:

-Xosé Manuel González Reboredo, “Unha síntese da obra de don Manuel Murguía”, *Guía dos libros novos*, “Letras Galegas 2000”, maio 2000, p. 9.

Comeza sinalando que o libro recensionado é, sen dúbida, merecedor de eloxios. Louva a súa “extensión axeitada”, a “fonda sabencia” e a “calidade e claridade” coas que está redactada a obra. A continuación, comenta brevemente o contido dos tres apartados nos que se artella o estudio. Así, refírese aos datos sobre a vida e o pensamento de Murguía contidos na obra, e á escolma de escritos que o retratan. Finalmente, salienta a concisión e fondura acadadas neste breve estudio.

-Barbara Fraticelli, “Xesús Rábade Paredes. *A vida de Manuel Murguía*”, *Madrygal*, nº 3, “Recensións”, 2000, pp. 183-185.

Comeza repasando algúns dos premios recibidos polo autor ao longo da súa traxectoria como o Premio Galicia ou o Esquío de poesía. Centrándose na nova entrega indica que é unha obra moi coidada, na que dedica unha primeira parte aos feitos máis destacados da vida do polígrafo galego dende o seu nacemento. Da segunda, di que xira arredor do estudio dalgúns aspectos da obra de Murguía, especialmente da súa relación con Rosalía a través de documentos literarios e da correspondencia entre ambos, ademais do seu papel dentro da doutrina nacionalista. Finalmente, di que na terceira parte recompílanse as opinións de diferentes estudiosos ao longo da historia sobre a contribución de Murguía á "causa nacionalista". Reproduce numerosos parágrafos exemplificando os seus argumentos.

Referencias varias:

-Manuel Dourado Deira, "A Vida de Murguía', de Rábade Paredes", *O Correo Galego*, "Ardentía", 29 abril 2000, p. 3.

No comentario deste estudio, primeiramente, informa do contido dos diferentes apartados nos que se artella. Así, sinala que na primeira, "Perfil biográfico", se recollen os fitos da traxectoria familiar e intelectual do historiador; na segunda, "Aspectos da súa obra", examínanse os eixes do seu pensamento; e na terceira, "Murguía visto por...", ofrécese unha escolma de escritos doutros estudiosos acerca do autor arteixán. A continuación, e xa para rematar, gaba a Rábade Paredes porque foi quen de escribir unha obra que non é un simple inventario de datos e que destaca pola calidade do seu estilo.

-A. I. S., “Gran éxito de la cena medieval en el hotel Puerta del Camiño”, *El Correo Gallego*, “Así está el patio”, 13 maio 2000, p. 36.

Ademais doutras noticias relacionadas co mundo da cultura e o deporte, no concernente á literatura galega, dáse conta da presentación de diversos volumes no transcurso da Feira do Libro en Santiago de Compostela. Saliéntanse as presentacións de: *Vida e obra de Murguía*, de Xesús Rábade Paredes; *Cantigas de Amigo* (1999), de Antón García Patiño; *Campo de Marte* (1999), de Xulio Valcárcel; e *O cuarto dos ausentes* (1999), de Francisco A. Vidal.

Rabuñal Corgo, Henrique (coord.), *Manuel Murguía e Arteixo*, A Coruña: Espiral Maior, col. Didáctica, nº 4, marzo 2000, 117 pp. (ISBN: 84-89814-70-8).

Ábrese cunha Xustificación na que se nos indica que este volume, coordinado por Henrique Rabuñal Corgo e no que participan alumnos e profesores do IES "Manuel Murguía", tenciona facer unha descrición de Manuel Murguía, e ao tempo, evocar a historia do Concello de Arteixo e mais recordar a fundación e evolución deste instituto arteixán. Este estudio está dividido en once capítulos dos que só cinco están vencellados coa literatura galega, os demais describen o Concello de Arteixo, a Asociación de veciños "Manuel Murguía" e mais o IES "Manuel Murguía". Os cinco capítulos relacionados coa nosa literatura, e nomeadamente coa figura de Murguía, son: "O nacemento e o bautizo de Murguía", que describe o nacemento e bateo do neno Murguía; "Vida intelectual e política de Murguía", que repasa a súa evolución política e literaria; "O pasamento do Patriarca e a homenaxe de 1933", que fala da súa morte e homenaxes; "O Certame de Narracións Breves "Manuel Murguía", que se centra na descrición do Certame literario Manuel Murguía de Narracións Breves que dende 1991 se vén desenvolvendo no Concello de Arteixo. Estes catro capítulos son obra colectiva de Eva Feijó Palleiro, Alúa García Álvarez, Fátima García Veira, Sechu González Sende, Olga Meana González, M.ª Xesús Méndez Rama, Rebeca de Miguel Sánchez, Leticia Miranda Lodeiros, Paula Miranda Lodeiros, Agustín Pérez Mosquera, Henrique Rabuñal Corgo, Luz Rivas Troiteiro, Eloi Rodríguez Rodríguez, Alexandre Sánchez Amado, Inmaculada Varela Varela, María Vázquez Sánchez e mais Carlos Villar Gómez. O quinto artigo é "A propósito do rexionalismo de Murguía", obra de Manuela López Formoso, e nel estúdiase a relación de Murguía co movemento rexionalista

galego de finais do século XIX. Despois destes artigos veñen dous anexos dos que só o primeiro, “Discurso de Murguía nos Xogos Florais de Tui”, que reproduce o discurso pronunciado por Murguía en Tui en 1891, está vencellado coa literatura galega. O libro péchase coa Bibliografía de Murguía –xebrada en libros, selección de artigos e ensaios diversos, relatos, poemas, artigos en *El Museo Universal*, artigos na *Ilustración Gallega y Asturiana*, artigos no *Boletín* da Real Academia Galega e escolmas– e mais coa Bibliografía sobre Murguía, dividida en monografías e en selección de ensaios e artigos.

Referencias varias:

-Alfredo Conde, “Libros”, *El Correo Gallego*, 1 maio 2000, p. 4.

Ver Álvarez Cáccamo, Alfonso, X. L. Álvarez, M. Riveiro Loureiro e D. Pérez Iglesias, *Tecendo panos* (Relatos galardoados no VIIº e VIIIº Certame Manuel Murguía de Narracións breves), no apartado I. 1 deste *Informe.*

Valle-Inclán y Bermúdez, Ramón del, Ramón del **Valle-Inclán y Peña** e Manuel **Murguía**, *Cartas eruditas e literarias a Murguía / Prólogo a* Femeninas *de Ramón del Valle-Inclán*, introducción e notas á correspondencia de Xaquín del Valle-Inclán e Alfonso Mato, transcrición da correspondencia e indicación de variantes de *Femeninas* de Xaquín del Valle-Inclán Alsina, Sada: Ediciós do Castro, serie Documentos, nº 151, 2000, 89 pp. (ISBN: 84-7492-960-1).

Xaquín del Valle-Inclán Alsina pescuda a relación de Ramón del Valle-Inclán y Bermúdez coa prensa, centrándose nas colaboracións literarias, pero sinala que é máis importante pola súa faceta de historiador e arqueólogo ca pola de literato. Así mesmo, comenta as súas relacións con Murguía, o achegamento dos seus fillos Carlos e Ramón ao rexionalismo e a petición deste último para que o marido de Rosalía lle redactase un prólogo. Pola súa parte, Alfonso Mato contextualiza as cartas respecto das diferentes fases vitais de Murguía e sinala que Ramón del Valle-Inclán y Bermúdez o fornecía de observacións eruditas sobre historia, literatura e política para a redacción da *Historia de Galicia*. O epistolario propiamente dito comeza cunhas notas explicativas sobre a procedencia dos orixinais das cartas transcritas a continuación. A seguir, figuran catorce cartas de Ramón del Valle-Inclán y Bermúdez e tres de don Ramón fillo a Murguía. En ningunha das dezasete hai referencias á literatura galega. Para rematar, reprodúcese o amigábel prólogo que Murguía redactou para *Femeninas*, onde se cualifica esta obra de moderna, romántica, feminina e actual.

Vidal, Francisco A., *Murguía: as letras e a historia*, Santiago de Compostela: Grupo Correo Galego, 2000, 126 pp. (DL: C-991-2000).

Ábrese este volume cunha nota da Editorial Compostela na que declara o seu compromiso con Galicia e coa cultura galega, dá a coñecer o contido desta obra, salienta a importancia do Día das Letras Galegas como homenaxe aos nosos escritores, ademais de destacar a figura de Manuel Murguía como guieiro e como "pai dunha Galicia que aínda nutre múltiples idearios". A seguir inclúese unha compilación de trinta artigos, todos eles titulados e numerados con romanos, que Francisco Antonio Vidal Blanco foi publicando ao longo do ano no suplemento *Lecer*. Neles, ademais de aludir aos acontecementos biobibliográficos máis destacados de Murguía, dá conta das persoas e dos feitos históricos que máis influíron na súa personalidade, a preocupación polo ensino, o concepto de nación, todo isto adobiado con numerosa documentación gráfica.

IV. Día das Letras Galegas: Manuel Murguía

IV.3. Publicacións en revistas

Alonso Montero, Xesús, "*Los Precursores*: Notas de lectura", *Boletín da Real Academia Galega*, nº 361, 2000, pp. 59-72.

Realiza unha sucinta reflexión sobre *Los Precursores* (1885), de Manuel Murguía, apuntando deste libro certas incoherencias e "controversias", xa observadas na época na que saíu do prelo e polas que, di, sufriu numerosos "ataques". Principia comentado que, certamente, despois de varias lecturas hai aspectos que non encaixan co escrito, como o título. Coida que o volume sería mellor clasificalo como unha especie de "memorias", posto que fala de xente coa que el compartiu moito. Así mesmo, refírese ás diferencias existentes entre o libro publicado en 1885 e as súas entregas anteriores na prensa. Por outra banda, pon de manifesto a necesidade de estudiar máis a fondo a obra de Murguía.

Álvarez Ruiz de Ojeda, Victoria, “Manuel Murguía e a Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago (con dous textos inéditos do historiador)”, *Grial*, nº 147, Tomo XXXVIII, xullo-agosto-setembro 2000, pp. 399-429.

Percorrido cronolóxico pola relación de Manuel Murguía coa Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago elaborado a partir da consulta dos arquivos desta entidade. Sitúanos de inicio este estudio no ano 1944-1945, cando Murguía era alumno da Escola de Debuxo promovida pola Sociedade Económica. A seguir, faise eco da entrega de cen exemplares de *La primera luz* para o seu uso nas aulas desta institución e publica unha carta de Juan Compañel explicando os motivos da súa doazón a José Varela de Montes. Tamén informa dos contidos do Congreso Agrícola Galego celebrado en Compostela no 1864 por iniciativa da Sociedade Económica antedita, e salienta que se nomease a Murguía como “o historiador idóneo da nación galega”, xa que se recomendou a elaboración da súa *Historia de Galicia*. Esta recomendación está seguida da proposta de nomeamento en 1885 como cronista oficial de Galicia, co que se pretendía recoñecer o traballo do pai do rexionalismo ademais de ofrecerlle uns ingresos “nun período económico e familiar crítico”. Publica ao repecto a autora do artigo unha carta de agradecemento de Murguía ao Presidente da Sociedade Económica de Santiago. Inclúe, ademais outra misiva dirixida por Murguía á Sociedade na que trata o tema da emigración galega á América. Finalmente, dá conta da compra de exemplares do ensaio *Don Diego Gelmírez* dende a antedita institución para paliar as deficiencias económicas do autor de Arteixo.

_____, “Para unha bibliografía, correcta e completa, de Manuel Murguía”, *Boletín da Real Academia Galega*, nº 361, 2000, pp. 15-58.

Amplo artigo no que se ofrece unha bibliografía completa de Manuel Murguía, dividida en varios apartados: libros e folletos, editados en vida do autor (1856-1923) e postumamente; publicacións periodísticas e dispersos, divididas en varios grupos: narrativa, artigos, conferencias e discursos, prólogos, cartas, poesías, memorias e informes sobre a súa actividade como arquiveiro, circulares e manifestos (en folla solta), edición de textos, lexicografía, fragmentos e notas sobre Rosalía de Castro, entrevistas, antoloxías e traduccións. Para rematar, no apéndice, ofrece a dirección de suplementos culturais, os manuscritos inéditos e as obras anunciadas e nunca publicadas.

Axeitos, X. L., “Murguía ou Galicia como tarefa”, *Guía dos libros novos*, “Letras galegas 2000”, xuño 2000, p. 5.

Princípiase louvando a estética do volume *A loita pola vida (1833-1923) Conflictos e ternuras de Manuel Murguía* (1999), de José Antonio Durán. Coméntanse despois as dúas partes nas que se divide a obra: os textos xornalísticos e a biografía de Manuel Murguía. Elóxiase a inclusión de artigos que dan conta das polémicas que viviu o Patriarca. Recóllense algúns fragmentos deses textos. Finalmente, critícase a presentación terxiversada de certos feitos e acontecementos da vida de Manuel Murguía.

Baraxeiro, “Betanzos na obra de Murguía”, *A Xanela*, nº 9, primavera 2000, p. 19.

Alude a diferentes textos nos que Murguía evocou a vila de Betanzos: un fragmento de *Los Percursores* (1885); o apartado “Betanzos y sus mariñas” en *Galicia* (1888); as referencias ao pasado betanceiro na *Historia de Galicia* (1865-1913); e o artigo “Las fiestas de San Juan y la leyenda de Santa Altamunda”, publicado no semanario *La Defensa* (Betanzos, nº 100, 28-VI-1908).

Barreiro Fernández, Xosé Ramón, “La primera luz, un libro de lecturas de Murguía para as escolas galegas”, *Revista galega do ensino*, nº 27, “Colaboracións especiais”, maio 2000, pp. 15-36.

Este artigo explica o libro de texto *La primera luz* -que Murguía nin sequera asina- e recolle tamén textos de Murguía e doutros autores da época ademais de dúas fotografías do autor (unha coa súa familia) e unha caricatura. Contásenos que lle dedica o libro á súa primeira filla Alexandra, aínda que o escribiu por motivos económicos. Chega ata a cuarta edición por mor do labor de Avendaño (axuda a pasar a Lei Moyano). A súa estructura son 27 lecciónns distribuídas en cinco temas: *Do idioma galego, Da relixión cristiá, Xeografía e historia, Historia de Galicia* e *Biografías* nos que Murguía opta por expoñer en prosa a temática e logo unhas preguntas e resposta que resumen a lección. O innovador do libro e levar o feito diferencial galego ás escolas e en *Del dialecto* di que “o galego é a pedra angular da nosa cultura”. No aspecto relixioso cumpre coa lei Moyano e “galeguiza” a primeira cristianización pero quizais é por este apartado polo que non asina o libro. En xeografía salienta a xeografía de Galicia fronte ao resto de España e en especial o río Miño, A Coruña e Lugo. A parte máis importante do libro é a historia (17 lecciónns) onde el innova facendo unha historia secularizada e salvando a dependencia coa historia sagrada, malia que lle fai concesións ao poderoso influxo da igrexa. Nesta época non hai un concepto unitario da historia e Murguía mantén un díficil equilibrio entre unha historia ‘factual’ e unha ‘filosófica’ co que constrúe unha obra importantísima xa que amosa unha “reivindicación do noso”.

Beramendi, Xusto G., “Murguía revisitado”, *Tempos Novos*, nº 36, “Horizontes. Sociedade”, maio 2000, pp. 60-62.

Achéganse algunhas ideas sobre Galicia expostas por Murguía hai máis de cen anos, para ver se seguen sendo acaídas á realidade galega actual. Considera que a idea dunha nación galega, xa contemplada por este historiador, “segue a ter unha vitalidade acrecida”, malia que algúns dos feitos nos que se baseaba para esta idea perderon valor, tal é o caso de sermos unha raza superior a outras da Península Ibérica. Por outro lado, tamén salienta que Murguía tiña aspiracións políticas e socioeconómicas, estando algunhas delas aínda sen conseguir. Apunta que, mentres a autonomía e a democracia representativa están acadadas, o caciquismo, hoxe chamado “clientelismo político”, non só segue estando presente senón que ademais “ten moitos máis recursos para usar”.

Delgado Corral, Concepción, “Don Manuel Murguía e un poeta emigrante de Betanzos”, *Anuario Brigantino*, nº 22, 2000, pp. 515-520.

Primeiramente, afirma que Manuel Murguía, malia case non escribir poesía e prosa, demostrou capacidade poética, aínda que principalmente xogou un papel importante como crítico literario e estímulo para moitos escritores. Nese sentido, alude a unha carta que o betanceiro emigrado José Vázquez das Mariñas lle enviou a Murguía dende Cienfuegos (Cuba) o 17 de setembro de 1866. Nela, incluía un poema como mostra da súa poesía, que no caso de lle interesar a Murguía, sería un anticipo de moitas outras composicións que este autor descoñecido compuxo en servicio da “patria”. Trátase de “Eu recordo á Ciudad de Betanzos. Décimas”, que se acompaña da versión facsimilar, así como doutro poema dedicado ao historiador: “A Galicia y su historiador, un campesino ausente”, tamén reproducido ao lado do facsímile.

Durán, Xosé Antonio, “O periodismo de Manuel Murguía”, *Boletín da Real Academia Galega*, nº 361, 2000, pp. 119-138.

Breve artigo ensaístico no que se aborda a vertente xornalística de Manuel Murguía, realizando un repaso pola súa formación e andaina profesional. Sinala que o home de Rosalía se consolidou moi pronto como xornalista de prestixio, nun clima que moitas veces semellaba ser moi hostil. Vai citando os diferentes xornais nos que traballou ao longo da súa fecunda carreira, salientando que esta se iniciou e consolidou en Madrid e logo continuou na prensa galega, onde levou a cabo unha intensa “actividade galeguista”.

Fonte, Ramiro, “O polígrafo destemido: pensamento literario e crítica en Manuel Murguía”, *Boletín da Real Academia Galega*, nº 361, 2000, pp. 139-162.

Traballo sobre unha das múltiples facetas que caracterizaron a Manuel Murguía, a súa dimensión literaria. Despois de salientar que o autor de *Desde el cielo* foi un gran historiador, aborda o seu pensamento literario dende tres puntos de vista, como “historiador da literatura”, “crítico” e “creador”. Indica que para o home de Rosalía a literatura debía cumprir unha función “rexenadora”, así como ser “expresión do espírito do pobo”. Tamén é de salientar o comentario que realiza a propósito da crítica que Murguía fai a A. Aguirre, E. Pondal e R. Castro. Remata coa afirmación de que o primeiro presidente da Real Academia Galega posuía unha “cultura literaria e poética... europea”.

Fortes López, Ana Belén, "O *diccionario de escritores gallegos*", *Boletín da Real Academia Galega*, nº 361, 2000, pp. 163-176.

Alude á publicación do *Diccionario de escritores gallegos* (1962), de Manuel Murguía, co que o autor sentou "as bases sobre as que erixir unha literatura nacional". Afirma que Murguía comezou a traballar nesta obra xa no ano 1856, coa publicación do "Ensayo de una historia literaria de Galicia" no xornal vigués *La Oliva*. A continuación, reflexiona sobre o concepto de literatura galega en Murguía e afirma que o historiador galego ten unha visión da literatura por etapas na que distingue catro estadios. A seguir, céntrase no corpo do diccionario no que Murguía incorpora "á parte das biografías e da obra de cada autor, unha breve aproximación á historia da imprenta en Galicia e unha antoloxía". Por último, reflexiona sobre as causas desfavorábeis ao cultivo literario en Galicia, os trazos distintivos da literatura galega, a literatura galega *versus* a literatura castelá ou as funcións do poeta de Galicia.

García González, Xosé Carlos, “Letras Galegas 2000: Manuel Murguía”, *Lúa Nova*, nº 40, “Letras Galegas 2000”, xuño 2000, pp. 76-79.

Comeza referíndose á decisión da Real Academia Galega de propoñer a Murguía para homenaxealo o Día das Letras Galegas do ano 2000, feito que considera de xustiza baseándose nas diferentes facetas de Murguía, ademais de resaltar o seu labor en prol da lingua galega. Considérao un precursor da rexeneración da cultura galega e recolle as verbas deste intelectual nas que destaca que o seu obxectivo era rexenarar a lingua e a cultura galegas. Tamén reproduce o primeiro capítulo da súa obra *La primera luz* e explícase que nel se relata como un mestre de escola reflexiona ante os seus alumnos sobre a importancia da lingua galega. Apoiándose nuns parágrafos do autor arteixán alude ás causas da posíbel desaparición do galego, á busca dunha lingua universal e á indiferencia do pobo galego. Remata coa gabanza ao seu desexo de recuperar a notábel historia do pobo galego e alzar a Galicia da decadencia de tres séculos.

Mato, Alfonso, “Relacións entre Manuel Murguía e Ramón del Valle-Inclán Bermúdez”, *Cuadrante*, nº 1, 2º semestre 2000, pp. 29-30.

Infórmase da relación epistolar que uniu a Manuel Murguía con Ramón del Valle-Inclán Bermúdez. Coméntase que tan só se conservan catorce cartas depositadas na Real Academia Galega. Cítase o ano 1864 como a data máis antiga na que podemos situar o comezo da amizade entre estes dous escritores. Faise referencia tamén aos temas tratados nas súas cartas, destacando entre eles a arqueoloxía, a literatura e a política. A data de 1895 preséntase como a máis tardía na que temos novas da relación entre Murguía e Valle-Inclán Bermúdez. Finalmente, remítese á obra *Cartas eruditas e literarias a Murguía* para completar a información ofrecida neste artigo.

Pereira González, Fernando, “O pensamento antropolóxico de Manuel M. Murguía. Raza e Cultura”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, “Antropoloxía e Etnografía”, Tomo 113, 2000, pp. 327-382.

Este extenso estudio xira ao redor de dous conceptos fundamentais no pensamento antropolóxico de Murguía; a raza e a cultura. Comeza cunha introducción xustificativa e aclaratoria da importancia dos temas tratados no pensamento do historiador de Arteixo, así como un comentario acerca da bibliografía existente ao respecto. A seguir, e xa con cadanseu epígrafe específico centrados na raza e na cultura, salienta a influencia de W.F. Edwards na adopción da teoría da inmutabilidade das razas, ademais de recoñecer que o autor galego nunca chegou a manexar definicións propias destes conceptos, o que favoreceu a aparición de certas ambigüidades sobre estes termos, que non chegaron a impedir que os considerase como factores clave para definir a identidade diferencial galega e as raíces celtas do pobo e do folclore galegos. Nas conclusións desvencéllaas e solicita que non se fagan análises do pensamento de Murguía dende o presente, senón que se faga o esforzo de aproximarse á época e á sociedade decimonónica.

Portas Ferro, Xesús, “Manuel Murguía: pescudas tralo espírito dun precursor”, *Encrucillada*, nº 117, “Letras Galegas 2000”, marzo-abril 2000, pp. 5/117-26/138.

Amplo estudio sobre a vida e a obra de Manuel Murguía. En primeiro lugar, declara que o obxectivo deste traballo é o de afirmar a significación de Murguía para Galicia, remarcando “a vixencia actual da súa obra” e facer unha lectura “de abondas referencias ó relixioso” para establecer así o lugar que a fe e o pensamento cristián ocupan na vida e na obra de Murguía. A seguir, cita dúas obras do autor, *Los Precursores* (1885) e *Galicia* (1888), e céntrase no labor de Murguía como “precursor e inspirador de moitos”; así como “inspirador e intérprete do Rexurdimento”. Nun segundo apartado alude á fe e ao pensamento cristián en Murguía. Para rematar, ofrece un amplo corpus de notas a pé de páxina.

Rabuñal, Henrique, “O Bardo e o Patriarca: vidas paralelas”, *Raigame*, nº 10, “Especial Manuel Murguía”, maio 2000, pp. 81-94 .

Achega á amizade entre Manuel Murguía e Eduardo Pondal, baseándose en diferentes estudios de Manuel Ferreiro, José L. Varela, Benito Varela Jácome ou de Amado Ricón, dos que reproduce numerosos parágrafos. Repasa dende o seu primeiro encontro sendo mozos ata a súa posterior amizade e influencia mutua. Emprega para isto as cartas que se escribiron, e nas que quedou constancia das opinións positivas que se tiñan mutuamente, ademais de lembrar a relación de Rosalía coa familia Pondal dende moza, o que estreitou máis os lazos entre ambos autores, e da que achega como proba o feito de que o Bardo lle deixara todo o seu material literario a Murguía despois da súa morte. Alude tamén á creación do mito celta recreado na obra de Pondal, e a pronta valoración que Murguía fixo do mozo poeta, resaltando en ambos o compromiso con Galicia. No final do artigo inclúese unha biografía selecta de ambos autores.

_____, “Cronoloxía de Manuel Murguía”, *Raigame*, nº 10, “Especial Manuel Murguía”, maio 2000, pp. 95-98.

Pormenorizado percorrido pola vida de Manuel Murguía dende o seu nacemento en 1833 en Arteixo, pasando pola súa estancia en Madrid con 19 anos e entregado ao cultivo das letras en revistas e xornais tanto da capital como galegos, ata o seu casamento con Rosalía, os diferentes postos administrativos que ocupa, xa sexa no Arquivo Xeral do Reino de Galicia ou como director de *La Ilustración Gallega y Asturiana*, ata a morte de Rosalía en 1885 e o intenso labor que desenvolve durante o resto da súa vida. Detense amplamente no seu papel dentro dos postulados do Rexionalismo e na súa actividade literaria, inaugurada en galego co poema “Nena d’as soledades” en 1856, seguido despois polas súas numerosas obras en prosa a prol da defensa da cultura galega.

Rodríguez González, O., “Recuperación dun discurso esquecido de Manuel Murguía”, *Madrygal*, nº 3, “Artigos”, 2000, pp. 93-96.

Reproducción do “Discurso de Gracias”, traducido ao catalán e galego, escrito por Manuel Murguía para a clausura dos Xogos Florais cataláns de 1890 e nos que foi nomeado “Mestre do Gay Saber”. Na introducción explícase que está dentro da recompilación dos Xogos Florais en catalán e que probabelmente fose lido nesta lingua malia ser orixinalmente escrito en castelán. Tamén se adiante, brevemente, a estructura e contidos do mesmo pasando de seguido á reproducción do texto en catalán e a versión en galego feita por Juan M. Ribera e Olivia Rodríguez. No texto propiamente dito, Manuel Murguía comeza cun exordio inicial no que declara o seu amor a Cataluña, logo agradece a todos a participación no certame e lémbralles o orgullo que teñen que sentir de ser cataláns fronte ao centralismo, pedíndolles fidelidade á terra e á lingua e salientando o valor que os Xogos teñen como medio de concienciación. Tamén agradece a honra que lle fan con este nomeamento a Galicia a través da súa persoa, rematando por exhortar aos cataláns para que sigan coa tarefa de defensa e cultivo da cultura como forma de demostrar o amor ao seu pobo.

Seoane, Isabel, “César Vaamonde fala dos últimos días de Manuel Murguía”, *Grial*, nº 147, Tomo XXXVIII, xullo-agosto-setembro 2000, pp. 431-439.

Comenta inicialmente a importancia que ten o epistolario de Murguía para coñecer mellor certos detalles da súa vida que se escapan á ollada dos biógrafos. A seguir, dános a coñecer a César Vaamonde Lores e explica a relación que mativo con Murguía, que exemplifica coa reproducción dunha carta enviada por César Vaamonde a Julio Dávila o 12 de febreiro de 1923 con motivo do pasamento do patriarca do galeguismo. Finalmente comenta os aspectos máis destacados do contido desa carta.

_____, “Un escrito de Murguía en galego. O recoñecemento de Valentín Lamas Carvajal”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 24, “Notas”, 2º semestre 2000, pp. 133 143.

Análise dun texto obra de Manuel Murguía, publicado durante a terceira época de *O tío Marcos da Portela*, 31 maio 1918, no cal se facía unha semblanza, en galego, do escritor ourensán Valentín Lamas Carvajal ao cal se lle dedicou integramente este número. Reprodúcese o manuscrito orixinal murguiniano e o texto editado no xornal ourensán. Sublíñase o dominio da lingua galega por parte de Murguía e a evolución no seu pensamento con respecto á lingua galega, dende a aposta pola grafía portuguesa ata o emprego da ortografía fonética.

Valcárcel, Marcos, “Tres achegas a Manuel Murguía no seu tempo”, *Raigame*, nº 10, “Especial Manuel Murguía”, maio 2000, pp. 72-79.

Aproximación á figura homenaxeada no Día das Letras Galegas a través dunha semblanza biográfica na que repasa algúns dos acontecementos máis destacados da súa vida, dende os seus primeiros estudios e escritos, pasando polo matrimonio con Rosalía, ata os seus postos á fronte de institucións como o Arquivo Rexional de Galicia, ademais de sinalar as obras publicadas ao longo da súa vida. A seguir, céntrase no seu pensamento do que apunta factores “histórico-naturalistas” como a raza, a lingua e o pasado como bases da súa concepción de Galicia, explicando a interpretación que fixo dos mesmos e apoiándose especialmente no apuntado por R. Máiz. Finalmente, achégase á relación de Murguía con diferentes persoeiros ourensáns, en especial con Eduardo Chao co que estreita lazos en Madrid; con Curros Enríquez, co que di que mantivo “moi boas relacións” especialmente no terreo literario, en oposición ás polémicas mantidas con Valentín Lamas Carvajal co que se enfronta tanto no terreo literario como no plano ideolóxico, mentres que a súa relación é menor con outros persoeiros ourensáns como Juan Manuel Paz Novoa, Xoan Antonio Saco y Arce, rematando por sinalar a admiración que os homes da Xeración Nós mostraron por Murguía.

Villares, Ramón, “A formación de Murguía como historiador”, *Grial*, nº 147, Tomo XXXVIII, xullo-agosto-setembro, 2000, pp. 385-398.

Despois de repasar a obra historiográfica de Manuel Murguía, Ramón Villares relata os comezos do escritor de Arteixo no estudio da historia a través das colaboracións xornalísticas e a súa evolución ata converterse no “historiador por excelencia” a partir do Congreso agrícola de 1864. Sitúa o pensamento do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas do 2000 dentro do ideario do romantismo que se caracterizaba pola recuperación dos mitos do pasado. A seguir, dá conta da formación historiográfica de Murguía, de carácter autodidacta e “escasamente profesionalizado”, e analiza a influencia que recibe de Thierry, Mignet e Herculano. Considera que a súa concepción da historia afástase de contemporáneos como Vicetto e caracterízase polos seguintes principios: a preponderancia da documentación e observación da realidade sobre a imaxinación, a ruptura coa tradición anterior de raíz bíblica, a fundamentación histórica do feito diferencial galego e a renovación da periodización. Finalmente, opina que as “ideas fortes” sobre as que asenta o traballo historiográfico de Murguía son a adopción do celtismo como signo de identidade do pobo galego e a explicación da ausencia de monarquía no noso país.

IV.4 Publicacións en xornais: estudios e recensións

IV. Día das Letras Galegas: Manuel Murguía

IV.4. Publicacións en xornais: estudios e recensións

Rodríguez Álvarez, Monserrat, “Manuel Murguía, o grande esquecido”, *A Peneira*, nº 277, 2ª quincena maio 2000, pp. 12-25.

Suplemento adicado á figura de Manuel Murguía co gallo do Día das Letras Galegas, subtitulado “Manuel Murguía, o grande esquecido”. O traballo divídese en distintos apartados que tratan de achegar a figura do homenaxeado ao lector. No primeiro deles faise un detallado estudio do contexto histórico e económico da época de Murguía. No segundo apartado a atención céntrase nos fitos máis importantes da vida deste historiador galego, recollendo as súas propias reflexións sobre eles. Nos dous seguintes destácanse aspectos relacionados co uso do galego, así como coa súa normalización e estandarización. Tralas reflexións sobre os estudios lingüísticos da época, tamén se ofrece a definición do concepto de literatura que defendía, destácase a súa relación con Portugal, comentando, ademais, o seu pensamento político e a súa defensa do atlantismo. Por último, recóllense as impresións sobre o pasamento deste escritor e faise referencia aos seus textos galegos.

Tristán, Pancho (coord.), “Murguía e outras Galicias”, *El Mundo*, 17 maio 2000, pp. 1-8.

Suplemento conmemorativo do Día das Letras Galegas dedicado a Manuel Murguía. Reprodúcese un fragmento da súa obra *Dende o ceo*, e inclúense artigos dos seguintes autores:

-Henrique Rabuñal, “A Galicia do “Galicia” de Manuel Murguía”, pp. 2-3.

Destácase a importancia que a obra *Galicia* de Manuel Murguía tivo para a cultura galega. Tamén se comentan cuestións relacionadas co ideario político deste autor. Apunta que tras comezar falando da paisaxe galega, o libro se centra na orixe celta do pobo galego. Ademais, faise un percorrido polos personaxes máis sobranceiros da nosa historia, así como pola arquitectura relixiosa galega. Finalmente lémbrase o pasamento da súa dona Rosalía de Castro.

-Iolanda Ogando, “Nove puntos para entender o Rexurdimento”, pp. 2-3.

Lémbranse algúns dos feitos históricos claves que facilitaron o Rexurdimento no século XIX. Así, comézase salientando revoltas como as protagonizadas polos mártires de Carral. Destácase tamén a conmoción que na sociedade compostelá provocou o banquete de Conxo. Asemade, resáltanse as reivindicacións do galego

como lingua literaria feitas por Xoan Manuel Pintos, Francisco Añón e Rosalía de Castro. Menciónase, ademais, o labor levado a cabo por Lamas Carvajal no *Tío Marcos da Portela* e por Curros Enríquez no *Divino sainete*. Por último, dáse conta da renuncia de Rosalía a seguir escribindo en galego, así como da defensa dos mitos celtas de Eduardo Pondal.

-Xosé Carlos Caneiro, “Os días de Tíbulo”, p. 4.

Relato no que se recrea a viaxe de Ramón Otero Pedrayo e Daniel Castelao a Madrid para entregar as actas do Estatuto de Autonomía de Galicia, no que o desenlace rompe co fío da historia de España.

-Bieito Iglesias, “Lexendaria historia”, p. 4.

Narración sobre a batalla do rei godo Teodorico e do exército suevo que se lle enfronta. Relátase como un dos soldados suevos, Erminio, logra ferir de morte a Teodorico e frear, deste xeito, a invasión goda.

-Quico Cadaval, “Outra historia”, p. 5.

Relato no que se reconstrúe ficticiamente a historia de Galicia dende que Pero Madruga asasinara a Fernando o Católico e se formase o mundo anglo-galego. Preséntanse algúns dos persoeiros máis destacados da cultura galega dende este novo prisma anglicano.

-Xabier Cid, “Palabras para un patriarca pequeno”, pp. 6-7.

Achega a varios dos libros nos que se estudia a figura de Manuel Murguía e que foron publicados este ano. Así, faise referencia á obra *Manuel Murguía. Vida e obra* de Xosé M. Barreiro Fernández e Xosé L. Axeitos, libro no que que se recolle a vida do homenaxeado no Día das Letras Galegas. Tamén se fala de *Fotobiografía,* obra dos mesmos autores e que inclúe os retratos máis sobranceiros de Murguía. Saliéntase, ademais, a publicación especial de *A Nosa Cultura* e do libro *A loita pola vida* de J. A. Durán. Finalmente, sinálase a orixinalide da obra *Manuel Murguía e Arteixo* escrita polos alumnos do Instituto de Ensino Secundario “Manuel Murguía”.

-Carme Vidal, “Miss Perry entrevista a Gala Murguía de Castro”, p. 8.

Coméntase a entrevista que Janet H. Perry lle fixo a Gala Murguía de Castro nos anos cincuenta. Resáltase o interese da filla de Rosalía de Castro por reivindicar a figura de seu pai, Manuel Murguía. Gala menciona como se coñeceron os seus pais e a influencia que tivo Murguía na obra de Rosalía. Así, destácase o desexo do homenaxeado por conservar a memoria da súa dona. Finalmente, Gala sinala a tristura que provocou no seu pai a morte da poetisa do Sar.

VV. AA., “Os días de Murguía. Letras Galegas 2000”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 156, 13 maio 2000, pp. 1-8.

Suplemento dedicado ao Día das Letras Galegas que homenaxea a Manuel Murguía, no que ademais de se mencionaren as datas máis significativas da vida deste autor, se reproduce o primeiro artigo que escribiu para o *Faro de Vigo*, “El combate naval de Rande”, e que se publicou o 10 de novembro de 1913. Tamén se inclúen os seguintes artigos:

-Iglesias Viqueira, “O senso de ser galego”, p. 3.

Tras salientar que varios persoeiros da cultura galega son coñecidos polo apelido materno, destácase a defensa das ideas nacionalistas de Manuel Murguía. Tamén se sinala o interese do homenaxeado polas letras e as artes. Así mesmo, faise referencia ás numerosas obras deste autor e á importancia que tivo *La historia de Galicia*. Finalmente, recálcase a influencia de Manuel Murguía no rexurdimento da cultura galega.

-Francisco Otero Guldris, “Murguía, na evocación de Rosalía”, p. 3.

Recoñécese o vínculo que existía entre Manuel Murguía e dous dos persoeiros do seu tempo, como son Rosalía de Castro e Joaquín Díaz de Rábago. Así, destácase a estadía deste último e do autor arteixán en

Compostela. Tamén se menciona a dor que a morte de Rosalía causou en Díaz de Rábago. Por último, coméntase o traslado dos restos de Rosalía a Santiago, e a participación neste acto de De Rábago.

-Marta Villar, “A extinción dunha estirpe galeguista”, pp. 4-5.

Comézase salientando a desaparición de todos os fillos de Rosalía de Castro e Manuel Murguía sen deixar descendentes. Tamén se menciona o acontecido coas distintas vivendas que marcaron a vida de Murguía en diferentes cidades galegas: A Coruña, Santiago e Vigo. Así mesmo, dáse conta da posibilidade de que Ovidio, fillo predilecto de Murguía, tivese un cativo coa súa noiva. Finalmente, destácase a admiración que Gala tiña polo seu pai.

-Marta Villar, “Había unha compoñente racista no seu galeguismo”, p. 6.

Reprodúcese unha entrevista con Xosé Ramón Barreiro, tesoureiro da RAG. Nela, insístese na influencia que Manuel Murguía tivo nos escritores da súa época. Tamén se reflexiona sobre os motivos que levaron ao Patriarca a non escribir en galego. Así mesmo, coméntase o interese do autor arteixán polo galeguismo e pola defensa das orixes celtas para o pobo galego. Por último, faise referencia á vida familiar do homenaxeado.

-M. Blanco Rivas, “Un profundo coñecedor das vangardas artísticas”, p. 7.

Lóuvase a figura de Manuel Murguía como fundador das bases do rexionalismo galego e como defensor da cultura galega. Tamén se sinala a preocupación do homenaxeado polos temas artísticos. A este respecto, destácase a plasmación das súas ideas na *Ilustración Gallega y Asturiana*, onde critica as carencias artísticas de Galicia. Finalmente, coméntase a claridade do pensamento de Murguía que o fai prever o futuro da pintura.

VV. AA., “Manuel Murguía”, *Atlántico Diario*, 17 maio 2000, pp. 37-59.

Suplemento adicado á figura de Manuel Murguía co gallo do Día das Letras Galegas. Inclúe o programa dos actos que se van celebrar nese día, así como un comentario sobre o papel de Murguía como historiador e político. Tamén se mencionan as principais publicacións que se veñen de editar sobre este autor. Sinálase, ademais, a presencia do homenaxeado na organización dos Xogos Florais de Tui de 1891. Así mesmo, coméntanse as súas teorías celtistas e a súa relación con Rosalía de Castro. Finalmente, reprodúcense dous textos do propio Murguía e recóllense os artigos dos seguintes autores:

-Manuel Vidal Villaverde, “Manuel Murguía: unha viaxe ó tempo de ningures”, p. 38.

Faise referencia ao nacemento de Manuel Murguía e ás reflexións que sobre este feito verteu J. A. Durán en *A loita pola vida: 1833-1923. Conflictos e tenruras de Manuel Murguía*. Tamén se salienta a influencia de Vicetto no historiador homenaxeado. Así mesmo, lóuvase a idea de nacionalismo defendida por Murguía, deslexitimando as críticas que Menéndez Pelayo fixo á obra *Os Precursores.* Por último, xustifícase que o homenaxeado empregase o castelán nos seus escritos.

-Xoán Acuña, “Murguía, Patriarca do mito, polémico e contradictorio”, p. 39.

Destácase o desexo de Manuel Murguía de acadar a normalización da nosa cultura e de lograr un goberno propio. Considérase ao homenaxeado o primeiro “galeguista-nacionalista de razón e corazón”. Tamén se salienta o feito de que as ideas nacionalistas do homenaxeado se sitúen dentro do liberalismo. Finalmente, xustifícase que Murguía empregase o castelán no seus escritos, aínda que defendese a lingua galega.

-Xoán Acuña, “Vigo, no corazón do egrexio precursor”, p. 42.

Dáse conta da relación que Manuel Murguía mantivo con Vigo. Así, ponse de manifesto que a súa primeira novela, *Desde el cielo*, foi publicada nesta cidade. Faise referencia, ademais, ás súas colaboracións coa prensa viguesa e á relación do homenaxeado e da súa dona co vigués Juan Compañel. Menciónase tamén o feito de que Murguía e Rosalía residiran durante un tempo na cidade olívica.

-Xesteira, “Sinopse da língua galega”, p. 55.

Faise un breve percorrido pola orixe e historia da lingua galega. Tamén se destacan os problemas que xorden ao tentar normativizar unha lingua eminentemente oral. Por último, reflexiónase sobre a influencia na lingua de distintos sectores da sociedade, como os mestres e os escritores, e de distintas institucións, como as lexislativas.

-Ramón Rodríguez Otero, “Murguía, valedor da lingua galega”, p. 56.

Lóuvase a decisión de adicarlle o Día das Letras Galegas a Manuel Murguía, xa que a figura deste autor, segundo se di no artigo, “enche a segunda metade do século XIX”. Destácase a súa defensa do nacionalismo galego. Tamén se comenta a influencia que o homenaxeado exerceu sobre a súa dona, Rosalía de Castro. Así mesmo, faise referencia á súa defensa da personalidade e da lingua do pobo galego.

VV. AA., “Murguía. O Patriarca”, *La Voz de Galicia*, 14 maio 2000, pp. 1-48.

Suplemento dedicado á figura de Manuel Murguía co gallo do Día das Letras Galegas. Inclúese unha ampla biografía do homenaxeado, así como unha bibliografía tanto dos libros que publicou como daqueles que o teñen como tema central. Ao mesmo tempo dáse conta de que o Día das Letras Galegas se lles entregará aos lectores deste xornal o libro titulado *Murguía e La Voz de Galicia* que contén varios traballos do Patriarca. Así mesmo, recóllense os artigos dos seguintes autores:

-Xosé R. Barreiro Fernández, “Luces e sombras dunha vida”, pp. 2-3.

Tras salientar os cambios sociais que se levaron a cabo en España a partir de 1823, recoñécese que Manuel Murguía “é un producto puro da nova sociedade”. Tamén se destaca a individualidade e a liberdade que levaron ao homenaxeado a non seguir os estudios impostos polo seu pai e a adicarse ao xornalismo. Así mesmo, coméntase o seu temperán descubrimento do que significa a patria galega, o que fai que elabore as súas ideas sobre a galeguidade e o feito diferencial. Ademais, infórmase sobre algúns acontecementos da vida de Rosalía de Castro e Murguía, dos principais postos que este ocupou, e finalmente, ponse de manifesto a súa relación coa Galicia da emigración, cos seus fillos e con outros intelectuais.

-Francisco Fernández del Riego, “Murguía na Academia Galega”, p. 4.

Lémbranse os inicios da Real Academia Galega da que Manuel Murguía foi o primeiro presidente. Tamén se dá conta do apoio da emigración en Cuba ao desenvolvemento deste proxecto e destácanse, ademais, as decisións que se tomaron na primeira reunión da RAG. Finalmente, saliéntase o desexo desta institución de eleborar unha gramática e un diccionario para o galego.

-Ramón Villares, “Historiador nacional de Galicia”, pp. 6-8.

Saliéntase a tarefa de Manuel Murguía como historiador entre todas aquelas que desenvolveu ao longo da súa vida. Así, faise un repaso pola extensa obra deste autor e faise unha achega ao contexto histórico e político no que foron concibidas as ideas nacionalistas do Patriarca. Destácanse, logo, os dous motivos centrais da obra de Murguía: a innovación que supón esta clase de historia en Galicia e os seus temas principais. No primeiro, saliéntanse tres aspectos fundamentais: o método expositivo, a concepción histórica e a interpretación do pasado galego, mentres que no segundo, coméntase o tema do celtismo e tres grandes fitos da historia de Galicia: a resistencia do pobo galego á romanización, o auxe vivido nos séculos XI-XII, que non trouxo consigo unha monarquía propia, e a política centralizadora dos Reis Católicos. Por último, reflexiónase sobre a importancia da obra histórica de Murguía dentro da historiografía actual.

-Ramón Máiz, “O mito da Idade de Ouro e a libertade (nacional) dos modernos”, p. 9.

Póñense de manifesto os motivos que levaron a Manuel Murguía a defender a orixe celta para o pobo galego. Así, destácase como este mito servía para fortalecer a comunidade galega, fornecer as ansias nacionalistas,

chamar á unidade dos galegos, defender a visión europeista e censurar o centralismo do estado español. Deste xeito, o mito celta preséntase como a “fundamentación de fasquía progresista e liberal” que tenta restaurar o pobo galego.

-Manuel Fernández Rodríguez, “A relixión dos verdes vales”, pp. 10-11.

Princípiase facendo referencia á importancia do tema celta na Galicia de hoxe en día. Despois vincúlase este feito ás ideas exposta por Manuel Murguía sobre as orixes do pobo galego. Así, resáltase o “xeito global” de aproximarse a este asunto, buscando motivacións históricas e tamén literarias. Isto leva a cualificar a este autor como o “perxeñador do entramado ideolóxico fundamentado no mitema do celtismo”. Tamén se sinalan algunhas das influencias no pensamento do Patriarca: as ideas románticas da historiografía europea e a teoría do arianismo e menciónanse, ademais, as obras de escritores como Eduardo Pondal, Ramón Cabanillas, Risco ou Castelao nas que empregaron mitos celtas. Finalmente, sinálase a influencia deste tema en escritores posteriores á Guerra Civil e nos actuais.

-José Vázquez Gómez, “La dignidad de un archivero”, p. 12.

Reflexión arredor dos motivos que levaron a Manuel Murguía ao oficio de arquiveiro. Tamén se destacan os distintos postos que desempeñou ao longo da súa vida. Ademais, coméntase a súa postura de denuncia fronte ao estado en que se achaba o “Archivo General de Galicia”. Así mesmo, censura a desidia e a

desorganización dos documentos que alí se gardaban. Por último, resáltase o desexo de Murguía de que Galicia contase cun arquivo digno e útil para os historiadores.
-José Antonio Fernández de Rota y Monter, “Murguía como etnógrafo: agua y fuego”, pp. 14-15.

Coméntase como trata Manuel Murguía nas súas obras dous elementos como son a “auga” e o “lume”. Expóñense as reflexións sobre a “auga” que o aproximan a unha análise simbólica da antropoloxía actual. En canto ao “lume”, afírmase que actúa de xeito semellante ao describir minuciosamente tres rituais. Finalmente, sinálase a intuición e a observación de Murguía como dúas características que o converteron nun bo etnógrafo.

-Juan Renales, “Murguía y Benito Vicetto, una procelosa amistad”, pp. 16-18.

Rememórase a vida de Benito Vicetto adicada a construir unha conciencia galega mediante as ideas expresadas nas súas novelas históricas. Tamén se comenta a influencia que este autor tivo na mocidade de Manuel Murguía. Resáltase, ademais, a gran confianza e amizade que os uniu durante un lustro ata que se produciu o seu encontro. Despois saliéntanse algúns dos motivos do enfrontamento pola súa concepción diferente da historia: apego de Murguía ao documento, orixe do pobo celta, antisemitismo... Por último, destácase a trascendencia que ambos historiadores tiveron no pensamento histórico e político dos persoeiros galegos posteriores a eles.

-Domingo García-Sabell, “A linguaxe e os seus segredos, p. 19.

Tras reflexionar sobre a escuridade que envurulla a orixe da linguaxe, lémbrase a defensa de Manuel Murguía da lingua e do pobo galego. Tamén se critica a actitude actual de saloucar polos pobres resultados da investigación lingüística e de que Murguía non sirva de “aleccionador”.

-Justo G. Beramendi, “O primeiro ideólogo do galeguismo”, pp. 20-21.

Comézase sinalando que non se pode entender o pensamento nacionalista de Manuel Murguía sen comprender a súa visión da historia. Logo explícanse as ideas arias e celtistas defendidas polo Patriarca. A continuación, destácase o papel primordial que o homenaxeado concedía á lingua galega como “elemento central da afirmación nacional”. Tamén se menciona a defensa que fai Murguía do carácter propio do pobo galego. Así mesmo, coméntase a estabilidade da ideoloxía liberal do historiador ao longo da súa vida. Destácanse, ademais, as súas ideas que traspasan o rexionalismo e se converten en nacionalismo, e a influencia que tiveron en nacionalistas posteriores coma Vicente Risco.

-Basilio Losada, “O precursor”, pp. 22-23.

Lóuvase a creación do mito celta por parte de Manuel Murguía. Tamén se resalta a influencia do Patriarca na obra de Rosalía de Castro, sobre todo en *Cantares Gallegos*. Ademais, coméntase o papel de *Los Precursores* (1885) como recuperación da memoria colectiva galega. Así mesmo, elóxiase a prosa de Murguía e dáse conta das dificultades que tivo que superar este autor. Por último, cualifícase esta obra como “un dos libros máis fermosos na prosa castelá do XIX”.

-Carlos Fernández, “Una colaboración de casi cuarenta años”, pp. 24-25.

Dáse conta das distintas colaboracións que fixo Manuel Murguía co diario *La Voz de Galicia*. Así, lémbrase a súa primeira contribución que rememora os feitos do 23 de abril de 1846. Tamén se mencionan outros artigos adicados a distintos persoeiros da cultura como Rosalía de Castro e Juan Varela. Menciónase, ademais, a serie de artigos que o Patriarca escribiu dentro da súa polémica con Emilia Pardo Bazán. Así mesmo, destácanse outros traballos seus nos que fala do rexionalismo, da festa do traballo ou da RAG. Finalmente, lémbranse as verbas que *La Voz de Galicia* lle adicou a Murguía cando este faleceu.

-Marina Mayoral, “Y, además, mujer”, p. 25.

Tras rememorar as distintas inxustizas cometidas por Emilia Pardo Bazán con Rosalía de Castro, saliéntanse as críticas que Manuel Murguía dirixiu á escritora coruñesa. Así, sinálanse as verbas do Patriarca nas que acusa de plaxiaria a Pardo Bazán, ou aquelas nas que reflexiona sobre a incapacidade da muller para o traballo intelectual. Reprodúcense, ademais, outros ataques “machistas” de Murguía, e por último, reflexiónase sobre a importancia de non empregar a literatura para saldar inimizades persoais.

-Marcos Valcárcel, “Manuel Murguía no xornalismo galego”, p. 26.

Resáltase a relación de Manuel Murguía coa prensa galega e menciónanse as súas primeiras colaboracións en *La Oliva* e *El Miño*. Tras sinalar outros xornais nos que traballou o escritor arteixán, ponse de manifesto a relación que tivo con *La Región Gallega* e *La Patria Gallega*, nas que verte o seu ideario rexionalista. Finalmente, faise referencia á súa participación en *La Ilustración Gallega y Asturiana* na que publica artigos sobre temas sociais e culturais.

-X. L. Franco Grande, "Murguía en "*La Oliva*", p. 27.

Saliéntase a publicación no xornal *La Oliva* da novela incompleta de Manuel Murguía *Mi madre Antonia. (Primera parte del libro de un loco)*. Tamén se comentan algunhas das composicións poéticas do autor arteixán neste xornal vigués. Menciónanse, ademais, os seus artigos centrados na historia, na literatura e no folclore e destácase o dedicado aos mártires de Carral, no que se amosa o "seu estilo brillante e afervoado, retórico pero cheo de vitalidade, musical e de gran forza evocadora". Por último, resáltase que a prosa murguiá de *La Oliva* xa amosa cal é o camiño que vai seguir este autor.

-Xesús Alonso Montero, "*Los Precursores*" (1885). Un título suxerente cun contido desconcertante", pp. 28 29.

Comézase falando do título do libro *Los Precursores* (1885), de Manuel Murguía. A continuación, analízase esta obra, prestando especial atención á edición e ao contido. Neste último, saliéntase que non todos os persoeiros escollidos por Murguía foron auténticos "precursores" -nestes só se inclúen a Eduardo Pondal,

Rosalía de Castro, Antolín Faraldo e Benito Vicetto. Tamén se xustifica que outros autores como Nicomedes Pastor Díaz, Xoán Manuel Pintos ou Francisco Añón non aparezan no libro. Así mesmo, destácase que esta obra é "en boa parte, de memorias". Remátase reproducindo algúns fragmentos nos que o autor arteixán se defende dalgunhas das críticas que espertou a súa obra.

-Carme Blanco, "O Patriarca e a Precursora", pp. 30-31.

Dáse conta da relación persoal e intelectual que existía entre Manuel Murguía e a súa dona Rosalía de Castro. Así, destácase o papel que xogou o autor arteixán na obra de Rosalía, sendo ao mesmo tempo promotor do labor poético da súa dona e o seu primeiro crítico e difusor. Tamén se comenta a defensa de Galicia que o Patriarca realiza en *Los Precursores* (1885). Ademais, sinálase que Murguía nesta obra "institúese en grande xuíz histórico e grande mestre" da historia de Galicia. Por último, exponse o pensamento de Rosalía, á que se cualifica de "Precursora".

-Matilde Albert Robatto, "Un conflicto inevitable", pp. 32-34.

Princípiase resaltando a época e a influencia que esta tivo nas relacións de Manuel Murguía, Rosalía de Castro e Emilia Pardo Bazán. Así, coméntanse as distintas formas do movemento feminista que encarnaban Rosalía, Pardo Bazán e Concepción Arenal. A continuación, destácanse as diferencias e semellanzas existentes entre as vidas de Rosalía e Pardo Bazán, á vez que se ofrece un resumo da biografía de Murguía. Tamén se menciona a influencia que exerceu o autor arteixán sobre a súa dona.

-Henrique Rabuñal, “Poeta en verso, poeta en prosa”, pp. 35-36.

Tras facer referencias aos distintos eidos literarios que abarcou a obra de Manuel Murguía, saliéntase a necesidade de estudiar a súa poesía. Deste xeito, analízanse algúns dos primeiros poemas que escribiu o autor arteixán. Tamén se comentan as súas poesías incluídas no *Álbum de la Caridad* e outras publicadas en diversos xornais. Lóuvase, ademais, o poemario *En prosa* do que se di que “fai fincapé no máis íntimo e personal”. Remátae encomiando a calidade poética do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas.

-X. L. Axeitos, “Un epistolario de máis de mil cincocentas cartas”, pp. 38-39.

Céntrase no epistolario de Manuel Murguía que se conserva na Real Academia Galega. Destácase a necesidade de agrupar as cartas do Patriarca segundo os seus destinatarios para comprendelas mellor. Así, segundo se di no artigo, as cartas aos familiares poñen de manifesto a precaria situación económica do polígrafo arteixán, os costumes sociais da súa época, e a súa actitude paternal e didáctica. Por outra banda, dentro das cartas dos amigos galegos a Murguía áchanse noticias do que ocorre en Galicia. Tamén se poden agrupar as cartas do autor homenaxeado tendo en conta as obras que estaba a escribir e a documentación que solicitaba en cada caso. Finalmente, mencionánse outros bloques como as misivas das polémicas, da emigración ou da súa etapa como presidente da RAG.

-Camilo F. Valdeorras, “Faraldo en Murguía”, pp. 40-41.

Tras destacar a amizade que unía a Manuel Murguía coa maioría dos autores que aparecen en *Los Precursores* (1885), coméntase o capítulo adicado a Antolín Faraldo. Princípiase salientando a escasa documentación que existe sobre o pensamento de Faraldo. A continuación, infórmase de que o capítulo de Murguía contén unha introducción propia dun "historiósofo" e unha breve biografía. Tamén se reflexiona sobre as cuestións latexantes na Galicia da época de Faraldo que "atrancaron o éxito do Provincialismo e estaban a atrancar a rehabilitación social do Rexionalismo murguiano". Ademais, inclúense datos sobre o labor xornalístico de Faraldo. Finalmente, sinálase a admiración de Murguía pola faceta 'precursora' deste.

-X. Campos Torrado, "Novelista ata os 26 anos", p. 42.

Centrado na obra novelística de Manuel Murguía, destácase a súa temperá producción. Tamén se explican as motivacións económicas que moveron esta vocación do escritor arteixán. Coméntanse, ademais, algúns dos trazos folletinescos e dramáticos presentes nas novelas do Patriarca. Así mesmo, sinálase que este tipo de novelas deu paso a outras que principiaban os seus estudios históricos e que tiñan en común a presencia dunha paisaxe galega.

-X. R. Barreiro Fernández/X. L. Axeitos, "Biografía", pp. 43-45.

Amplo e pormenorizado repaso polos noventa anos de vida de Manuel Murguía dende o 17 de maio de 1833, que nace en Arteixo, ata o 1 de febreiro de 1923, que morre na Coruña. Descríbese a ascendencia galega e castelá deste persoeiro, os seus primeiros traballos xornalísticos, a súa viaxe a Madrid para estudiar

Farmacia, o seu casamento con Rosalía de Castro e os avatares e dificultades económicas do matrimonio Murguía-Castro, separados en numerosas ocasións. Tamén se apuntan as publicacións que van aparecendo da súa man, as dificultades que ten para completar os proxectos editoriais e os diferentes postos que vai ocupando, dende correspondente da Real Academia da Historia, o seu traballo no Arquivo Xeral de Galicia na Coruña ata a dirección de *La Ilustración Gallega y Asturiana*, caracterizados moitos deles polo pouco tempo que permanece no posto. Percórrense os intensos anos de actividade intelectual despois da morte de Rosalía, participando nas diversas homenaxes que se lle fan á poetisa, as publicacións que el saca á luz e o sufrimento pola perda de fillos ata a súa morte. Remátase reproducindo o texto que o alcalde da Coruña dirixe aos veciños nos que os exhorta a enloitar os seus balcóns e acudir ao funeral que ten lugar na cidade polo "Patriarca de las Letras Gallegas".

-Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda, "Bibliografía", pp. 46-47.

Preséntase unha bibliografía do autor, por orde cronolóxica, na que se recollen todos os libros e folletos publicados independentemente. Indica que inclúe as primeiras edicións e, no caso de existiren reedicións modernas, ofrece os datos da última ou a máis recente. Consígnase un total de trinta e unha entradas comezando por *Desde el cielo. Novela original* (1856), pasando pola *Historia de Galicia* (1888) ata *Los trovadores gallegos* (1905). Dentro desta bibliografía inclúense catro antoloxías da obra de Murguía: *Politica y sociedad* (1974), a primeira que se fixo da súa obra; *Historia de Galicia* (1979) recollida en *La Gran Enciclopedia Vasca* e na que aparecen outras obras do autor, así como a do mesmo título de Benito Vicetto; *Prosas recuperadas. O periodismo de Manuel Murguía (Antoloxía básica, 1853-1923)*; e a máis recente *Escritos en galego*.

-Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda, “Bibliografía básica sobre Murguía”, p. 47

Explícase que nesta selección se recollen aqueles traballos presentados en homenaxes e números monográficos dedicados ao autor, seguidos dos estudios e ensaios máis recentes que xiran arredor desta figura, así como algúns estudios de especial relevancia da man de Vicente Risco ou Castelao. Inclúense tamén as portadas das últimas obras publicadas sobre Murguía.

VV. AA., “As raíces e o sangue”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 17 maio 2000, pp. 1-31.

Suplemento dedicado á figura de Manuel Murguía co gallo do Día das Letras Galegas. Recóllese unha listaxe con todos os homenaxeados nesta data, así como os poemas gañadores do XXVIIIº Certame Literario Minerva. Tamén se adxunta unha biografía do homenaxeado e un resumo dos actos levados a cabo no congreso adicado a este persoeiro. Inclúense, ademais, os artigos dos seguintes autores:

-Belén Fortes, “Manuel Martínez Murguía: o polemista”, pp. 2-3.

Faise referencia ás distintas polémicas que enfrontaron a Manuel Murguía con varios persoeiros da cultura galega e castelá. Deste xeito, menciónanse as críticas que Murguía verteu contra Lamas Carvajal. Tras presentar varios dos posíbeis motivos deste enfrontamento, resáltase a marxinación que sufriu Lamas por estas polémicas. Tamén se comentan as disputas mantidas con Juan Valera e Emilia Pardo Bazán por mor da defensa do nacionalismo galego e do recoñecemento do renacer da literatura galega. Así mesmo, reflexiónase sobre as controversias que tivo Murguía con José María Riguera Montero motivadas pola constitución da RAG, e por último, menciónase o enfrontamento con Antonio Sánchez Moguel polos ataques vertidos contra o rexionalismo galego e o mito celta.

-Dora Vázquez, “Galicia e Murguía”, p. 4. Faise eco da reedición da obra *Galicia* de Manuel Murguía, da que comenta a dedicatoria dirixida polo autor á súa muller e aos seus fillos. Así mesmo, saliéntase a descrición da paisaxe galega que se fai na “Introducción”. Destácase, ademais, a presencia das lendas dentro desta obra: os celtas, o Apóstolo Santiago, o Castro Lupario... Finalmente, este libro aparece definido como un “empeño de Murguía en prol da cultura nosa”.

-Carme Blanco, “Inaugurar o volcán”, p. 5.

Destácanse as diferencias e coincidencias existentes entre Manuel Murguía e a súa dona Rosalía de Castro. Así, recálcanse as disparidades entre as tarefas levadas a cabo por cada un deles, políticas as del e poéticas as dela. Tamén se comenta a unión dos dous escritores arredor da defensa do pobo galego.

-Manuel María, “Murguía, poeta”, p. 8.

Comézase salientando a “curiosidade universal” que levou a Manuel Murguía a cultivar todos os xéneros literarios. Fálase despois da súa faceta como poeta e a influencia que tivo noutros autores da súa época. Reflexiónase, así mesmo, sobre os motivos que levaron a este autor a abandonar a producción poética e destácase a importancia do seu poemario *En prosa*. Del, sinálase a súa innovación e a mistura de amor e dor presente nos seus versos. Por último, defínese esta obra como “un dos grandes libros de poesía que nos deixou o século XIX”.

-Carme Hermida, “Un teorizador da lingua galega”, pp. 10-12.

Princípiase destacando a escasa producción de textos literarios de Manuel Murguía. A continuación, saliéntase o seu labor na reivindicación da identidade galega dentro do Rexurdimento. Despois, analízanse os diferentes motivos polos que defendeu a lingua galega, que identifica co pobo e coa que se mantén a propia identidade. Tamén se sinala que foi o impulsor, defensor e difusor da literatura escrita en galego. Finalmente, reflexiónase sobre o acerto de adicarlle o Día das Letras Galegas a Manuel Murguía.

-Ramón Máiz, “Conciencia nacional e liberalismo político”, pp. 13-15.

Defínese o concepto de “nación” presente na obra de Manuel Murguía. Así, ponse de manifesto que o homenaxeado se mantén fiel ao ideal liberal e que defende a conciencia nacional dende unha perspectiva tanto histórica como inmediata. A continuación, amósase a presencia destas ideas na obra de Murguía a través de distintos fragmentos dos seus textos. Finalmente, o pensamento do homenaxeado vencéllase coa “articulación voluntarista final da fundamentación histórico-orgánica da nación galega”.

-E. Neira, “Unha homenaxe construída con milleiros de palabras”, pp. 18-19.

Coméntanse brevemente varios dos libros adicados á figura de Manuel Murguía e que se publicaron nestes últimos anos. Así, menciónanse, entre outras, as obras *Manuel M. Murguía. Día das Letras Galegas*, de

Xesús Alonso Montero; *Manuel Murguía. Vida e obra*, de X. J. Barreiro Fernández; *Manuel Murguía 18331923. Unha fotobiografía*, de F. Fernández del Riego; e *Manuel Murguía e a cultura galega*, de Belén Fortes. Por último, ofrécese unha listaxe de estudios sobre o homenaxeado publicados antes do presente ano.

-Baldomero Cores Trasmonte, "A esporulación e a representación icónica de Murguía. Interrelación código fotográfico e debuxístico", p. 20.

Faise referencia á importancia que acadaron os retratos de Manuel Murguía na última época da súa vida. A este respecto, dáse conta da difusión que tivo a fotografía do homenaxeado tirada por Avrillo. Así mesmo, faise mención das distintas caricaturas e debuxos que mereceu este retrato.

-Henrique Rabuñal Corgo, "Viva Murguía", pp. 22-24.

Resáltase a figura de Manuel Murguía como "un galeguista que preconiza o rexurdimento literario e a fidelidade lingüística". Así, explícase o feito de que este autor unise a historia cultural de Galicia e a historia política. Lóuvase, ademais, a figura de Murguía polo seu desexo de incluir o galego na escola, pola súa escritura coidada, polo seu traballo como arquiveiro e polo seu labor político. Tamén se salienta o seu papel como rexionalista. Finalmente, destácase a necesidade de lembrar a persoeiros como Murguía.

-Xosé Luís Axeitos, "Historiador da Literatura galega", pp. 26-27.

Saliéntase que a obra de Manuel Murguía ten como fío conductor o desexo de “defende-lo feito diferencial en Galicia”. Coméntase tamén o apoio que o homenaxeado lle amosou aos poetas e escritores galegos. Destácase, así mesmo, o feito de que lle concedera moita importancia a todas as formas da literatura, oral ou escrita. Finalmente, menciónase que todo isto quedou reflictido nos seus apuntamentos para elaborar a historia de Galicia.

-Pura Vázquez, “Das Letras galegas”, p. 30.

Destácase a necesidade de non esquecer o traballo levado a cabo polos persoeiros que defenderon a cultura galega e que xa están mortos. Tamén se sinala o acerto de adicarlle o Día das Letras Galegas a Manuel Murguía por ser un dos “pioneiros do Rexurdimento e da Cultura”. Así mesmo, faise un breve percorrido pola súa biografía lembrando, especialmente, os seus estudios en Madrid, a súa voda con Rosalía, os distintos traballos que tivo, ou a súa presencia na RAG ata o seu falecemento.

VV. AA., “Diario das Letras”, *Diario de Pontevedra*, 17 maio 2000, pp. 29-36.

Suplemento arredor da figura de Manuel Murguía co gallo do Día das Letras Galegas. Inclúe unha entrevista con Ramón Máiz, na que se salienta o papel do homenaxeado dentro do nacionalismo galego, e un traballo de Marcos Martiñón sobre “Murguía arqueólgo”. Tamén se comentan as palabras de José Antonio Durán nas que destaca a influencia deste polígrafo na literatura galega. Así mesmo, contén unha conversa con Agustín Sixto Seco na que se pon en relación a figura de Murguía coa de Rosalía de Castro. Recóllese, ademais, unha listaxe cos persoeiros homenaxeados neste día, así como as distintas actividades que tiveron lugar en Galicia. Inclúense tamén os artigos dos seguintes autores que describimos a continuación:

-Antonio Fernández Salgado e Benigno Fernández Salgado, “A ‘*Historia de Galicia*’, o nacemento do nacionalismo e a lingua galega”, pp. 29-30.

Tras citar unhas palabras de Manuel Murguía no discurso preliminar da súa *Historia de Galicia*, saliéntase a importancia desta obra dentro da historiografía galega. Sinálase que este autor conseguiu “recrear unha identidade nova para un país que comezaba a espertar ao mundo moderno”. Tamén se comentan os acertos de escoller as teorías da orixe celta para o pobo galego. Ademais, destácase a trascendencia do concepto de “raza” e a recompilación de datos e evidencias históricas levadas a cabo polo homenaxeado. Asemade, resáltanse as coincidencias existentes entre Murguía e Sánchez Moguel. Por último, reflexiónase sobre os motivos que levaron a Murguía a escribir a maior parte da súa obra en castelán.

-Xesús Pérez Varela, “Galicia aposta pola creatividade máis avanzada”, p. 31.

Ponse de manifesto a importancia do Día das Letras Galegas para a nosa cultura e sociedade. Tamén se reflexiona sobre a figura do homenaxeado neste ano, Manuel Murguía. Destácase, ademais, a colaboración de entidades e institucións culturais na celebración desta data. Por último, lóuvanse os avances acadados na nosa literatura, mercede ao traballo dos escritores actuais.

VV. AA., “Letras Galegas”, *La Región*, 17 maio 2000, pp. II-XV.

Suplemento conmemorativo do Días das Letras Galegas centrado na figura de Manuel Murguía. Inclúense algúns fragmentos dos textos literarios do autor homenaxeado, así como unha selección dos libros que se editaron este ano sobre a figura de Murguía. Tamén se recollen os artigos dos seguintes autores, referentes á literatura galega ou á figura homenaxeada:

-LR, “Ourense énchese de literatura, cine e música”, p. II.

Enuméranse as actividades que teñen lugar na provincia de Ourense para celebrar o Día das Letras Galegas. Así, mencionanse a lectura pública de textos de Manuel Murguía, o concerto de Camerata Meiga no Teatro Principal, a celebración do Ciclo Internacional de contos “Outros Lares”, e a proxección da película “A lingua das Bolboretas”. Tamén se refiren os actos doutros concellos ourensáns coma o concurso infantil de Muiños, a representación de *Os vellos non deben namorarse* en Xinzo de Limia, a entrega do “Premio Xesús Taboada Chivite” en Verín ou a conferencia de Xaime Isla Couto sobre a figura de Murguía en Carballiño.

-LR, “Murguía: marcado pola infancia”, p. III.

Faise referencia aos feitos máis destacados da vida de Manuel Murguía. Saliéntanse a súa infancia, e a influencia que tiveron na súa vida os acontecementos do levantamento de abril de 1846. Tamén se destaca a súa estadía en Madrid, onde casa con Rosalía, e se “decanta definitivamente no liberalismo e na defensa dos intereses de Galicia”. Así mesmo, coméntase o seu papel como xornalista, escritor, historiador e político. Infórmase, ademais, do seu labor como primeiro presidente da RAG. Finalmente, menciónase a súa vida familiar e critícase a súa actuación ao destruir as cartas de Rosalía de Castro.

-Xosé Fernández Fernández, “O primeiro presidente da Real Academia Galega”, p. IV.

Céntrase na fundación da RAG e no papel que desempeñou Manuel Murguía como primeiro presidente desta institución. Tamén se louva o labor de Curros Enríquez e de Xosé Fontenla como impulsores da RAG dende a “Asociación Iniciadora y Protectora de la Academia Gallega” da Habana. Asemade, ponse de manifesto a necesidade deste organismo para facer unha gramática e un diccionario que unificase a lingua galega. Sinálanse, ademais, outros persoeiros da intelectualidade galega que colaboraron na fundación e primeiros actos da RAG. Así mesmo, menciónanse as distintas sedes que tivo esta institución. Coméntanse tamén as diversas críticas que recibiu o escritor arteixán como presidente da RAG. Por último, resáltase a homenaxe que se lle brindou a este autor co gallo do seu 80 aniversario.

-LR, “Etnicidade”, a verba máxica”, p. VI.

Destácase o labor de Manuel Murguía como vertebrador da idea galeguista do discurso teórico Galicia-Nación. Así, recálcase a defensa da orixe celta como "configurador da nación galega". Estas ideas vense reforzadas por citas do propio Murguía que explican o seu pensamento político.

-Xoán Acuña, "Murguía: Patriarca do mito, polémico e contradictorio", p. VIII.

Lóuvase a Manuel Murguía por tentar unificar a lingua galega, así como por defender a identidade propia do pobo galego. Destácanse as súas premisas radicais na defensa da nación galega. Por todo iso, defínese a Murguía como "o primeiro galeguista-nacionalista de razón e corazón". Tamén se sinala o seu erro ao defender a orixe celta do noso pobo. Así mesmo, xustifícase a contrariedade de que Murguía non escribise en galego por tratar de "chamar a atención aos de fóra". Finalmente, ponse de manifesto a necesidade de reivindicar as figuras que defenderon ao pobo galego como Murguía ou o Padre Sarmiento.

-LR, "Os escritores galegos exaltan a calidade intelectual do creador do celtismo", p. X.

Recóllense as diferentes opinións de varios escritores galegos sobre a figura de Manuel Murguía. Así, Bieito Iglesias afirma que foi "o creador do Galeguismo", e destaca o seu papel influínte na intelectualidade da época. Recoñece, ademais, que foi o creador dos temas e mitos da literatura galega. Pola súa banda, Bieito Ledo cualifícao como "o ideólogo principal do nacionalismo galego". Por último, Alfredo Conde destaca o seu labor na política e a influencia que tivo en escritores posteriores.

-Manuel Vidal Villaverde, “Unha viaxe ó tempo de ningures”, p. XI.

Dáse conta dos feitos que rodearon o nacemento de Manuel Murguía. A este respecto, coméntanse as opinións de J. A. Durán vertidas en *A loita pola vida: 1833-1923. Conflictos e tenruras de Manuel Murguía*. Tamén se salienta a importancia que tivo para o autor homenaxeado ser filomasónico. Lóuvase, ademais, o libro *Los Precursores* (1885), de Murguía e critícanse as opinións de Menéndez Pelayo sobre esta obra. Finalmente, ponse de manifesto o acerto do homenaxeado ao defender a lingua galega como principio da nosa nación.

-Marcos Valcárcel, “38 anos de Letras Galegas”, p. XIV.

Analízanse diversos aspectos relacionados coa celebración do Día das Letras Galegas. Tras mencionar a orixe desta data, sinálase a escasa presencia de escritoras entre os homenaxeados. Tamén se pon de manifesto a “forte representación da etapa que vai entre 1863 e 1936”. Asemade, destácase o maior número de obras poéticas entre as homenaxeadas, seguidas das obras narrativas. Finalmente, coméntanse algunhas das convocatorias que tiveron especial repercusión.

-LR, “O confín dos verdes castros”, p. XV.

Resáltase o papel de Manuel Murguía como defensor das teorías celtas para a orixe do pobo galego. Ademais, dáse conta dun relatorio de Xosé Lois Amada Pita sobre as ideas do homenaxeado no Día das Letras Galegas. Tamén se sinala a decadencia de teorías coma as de Murguía durante a época franquista e o novo pulo que adquiriron cos traballos de Narón André Pena Graña ou X. Taboada Chivite.

VV. AA., “Manuel Murguía”, *El Progreso*, 17 maio 2000, pp. 37-44.

Suplemento conmemorativo do Días das Letras Galegas centrado na figura de Manuel Murguía. Inclúe unha biografía do homenaxeado, un artigo sobre a súa obra literaria e outro sobre a súa loita pola identidade do pobo galego. Tamén se adxunta unha reflexión sobre o labor político de Murguía e un artigo sobre as relacións do homenaxeado e a súa dona Rosalía de Castro. Ademais, recóllense os artigos dos seguintes autores:

-Ramón Reimunde, “Murguía... aquel pequeno xigante”, p. 42.

Tras lembrar certos trazos do físico de Manuel Murguía, menciónanse as súas obras máis importantes. Compárase a súa pequena estatura coa súa grande intelixencia e lóuvase o papel político que desempeñou o homenaxeado a prol do nacionalismo galego. Así mesmo, menciónanse os distintos estudios que se publicaron sobre Murguía neste último ano. Recoñécese, ademais, a influencia que este historiador tivo na obra de Rosalía e na cultura galega. Por último ponse de manifesto o acerto de lle adicar o Día das Letras Galegas a Murguía.

-Xosé Luís Otero Cebral, “Murguía: admiración e porvir, p. 43.

Resáltase o labor levado a cabo por Manuel Murguía a prol de campesiñado galego. Tamén se salienta a súa obra literaria enmarcada no romanticismo. Recoñécese, ademais, a importancia das súas investigacións arquivísticas. Finalmente, destácase a súa relación con Rosalía de Castro.

VV. AA., “Manuel Murguía. O Patriarca”, *Diario de Ferrol*, 17 maio 2000, pp. 1-16.

Suplemento especial centrado na figura de Manuel Murguía por mor da celebración do Día das Letras Galegas. Inclúense unha biografía e unha cronoloxía cos datos máis importantes da súa vida, así como unhas reflexións sobre o seu labor de cronista. Ademais, recóllense varias entrevistas con distintos persoeiros da cultura galega. Deste xeito, compróbase como Ramón Maiz destaca a importancia de Murguía no desenvolvemento da ideoloxía nacionalista, mentres que Agustín Sixto Seco incide na influencia do homenaxeado na literatura galega actual, e J. A. Durán salienta o seu labor como polígrafo. Así mesmo, inclúense as palabras de Xosé Ramón Barreiro Fernández nas que salienta o papel de Murguía dentro do pensamento nacionalista. Dáse conta tamén das publicacións relacionadas con este autor editadas neste último ano. Nas páxinas finais reprodúcese unha escolma de artigos e fragmentos literarios do autor homenaxeado. A seguir, recóllense os artigos referentes á persoa ou labor de Murguía en relación coa literatura:

-X. L. Axeitos, “Loitador e ‘cascarrabias”, p. 8.

Coméntase a autoconfesión do mal carácter de Manuel Murguía recollida no libro *Galicia ante la solidaridad*, de López Aydillo. Tamén se sinala como o seu forte temperamento o inclinou cara ao nacionalismo e á cultura galega. Dáse conta tamén das diferentes polémicas que marcaron a súa vida.

- X. Mª. Dobarro, “Autor na polémica”, p. 9.

Menciónase o mal carácter e a grande intelixencia que definen a Manuel Murguía. Así mesmo, faise referencia ás súas incursións na poesía e na narrativa. Tamén se informa do interese deste autor en facer unha historia de Galicia, e das polémicas que esta tarefa espertou. Finalmente, destácase o feito de que Murguía escribise en castelán.

-Xulio Valcárcel, “Don Manuel, o escritor”, p. 11.

Resáltase o interese de Manuel Murguía pola poesía. Así, menciónanse a súa primeira composición, “Nena das soidades”, e o seu poemario *En prosa*. Explícase o abandono da poesía tanto pola necesidade de vivir gracias ao que escribe como pola “asunción das propias limitacións”. Tamén se comenta o estilo melodramático que predomina nas súas obras en prosa. Tras mencionar varias das novelas deste autor, sinálase que a faceta literaria non é a máis transcendente dentro da obra de Murguía.

-Xesús Rábade, “Los precursores”, p. 13.

Resáltase a importancia do ano 1886 para o nacionalismo galego. Así, preséntase como un fito a edición de *Los Precursores* (1885), de Manuel Murguía. A continuación, faise un pequeno resumo do contido deste

libro. Tamén se salienta a finalidade da obra consistente en “afirmar e lexitimar a historia do movemento galeguista”.
-J. Pérez Varela, “Galicia aposta pola creatividade máis avanzada”, p. 16.

Ponse de manifesto a trascendencia do Día das Letras Galegas para a nosa sociedade. Saliéntase tamén a importancia que ten a lingua galega para a “autoidentificación do noso pobo”. Ademais, sinálase o amplo apoio das entidades e institucións culturais para a celebración desta data. Por último, lóuvase o papel dos novos escritores que fan que a nosa literatura avance.

VV. AA., “Nacionalismo devanceiro”, *A Nosa Terra*, nº 935, 18 maio 2000, pp. 1-12.

Suplemento especial que conmemora o Día das Letras Galegas adicado a Manuel Murguía e que reproduce un artigo de Alfonso R. Castelao, “1889. O rexionalismo Galego de Murguia”, no que o autor rianxeiro amosa a súa conformidade coas ideas rexionalistas defendidas por Murguía. Así mesmo, centra a súa atención no artigo que en 1889 publicara o autor arteixán en resposta a un discurso de Antonio Sánchez Moguel. Considera Castelao que a defensa do galeguismo que naquel momento fixo Murguía segue tendo validez. Así, sinala que aínda nos seus días se poden atopar persoas que, facéndose os ignorantes, negan a lexitimidade das reivindicacións galeguistas. Partindo das palabras do historiador homenaxeado, o rianxeiro reflexiona tamén sobre a relación existente entre Galicia e Portugal, e sobre as ansias de independencia dos galegos. Finalmente, comenta que as declaracións nacionalistas de Murguía foron feitas sempre dende unha postura moderada. Ademais disto, o suplemento recolle as seguintes colaboracións:

-Belén Fortes, “A construcción de Galicia, un proxecto político e literario”, p. 2.

Preséntase a Manuel Murguía como un home decisivo no actual pensamento galeguista, feito que, segundo se di no artigo, non impide que sexa “un gran descoñecido” para a maior parte da xente. Destácase, a continuación, o seu labor como historiador. A este respecto, sinálase que o propósito que guiaba todos os estudios deste autor era o de achar o “feito diferencial galego”. Así mesmo, fálase da súa influencia en diversos escritores do Rexurdimento literario, entre os que se destaca a súa muller Rosalía de Castro.

Finalmente, coméntase a importancia que Murguía lle concedía á existencia dunha literatura escrita en galego.

-X. E. Acuña, “En tempos de cinematógrafo”, p. 3. Lémbrase a visita que Manuel Murguía fixo a Vigo en novembro de 1910. Sinálase que o motivo desta visita era o de presidir unha sesión da Academia Galega na que Adriano López Morillo tomaba posesión dunha das cadeiras baleiras desta institución. De entre todas as actividades que ocuparon o tempo do autor arteixán durante a súa estadía en Vigo, destácase a visita ao reporteiro José Gil, inventor dun rudimentario cinematógrafo. Finalmente, coméntase a fotografía que foi testemuña deste encontro.

-C. V., “Nunca cruzou o mar”, p. 3.

Tras sinalar a estima que os emigrados galegos lle tiñan ao polígrafo arteixán, pásase a comentar o acto celebrado en Buenos Aires en 1933 no que se commemorou o centenario do nacemento deste autor. Ofrécese un breve resumo dos discursos pronunciados nese acto por Laureano Alonso Pérez, presidente do Centro Galego de Buenos Aires, polo poeta Xavier Bóveda, e polo tamén escritor arxentino Enrique de Gandia.

-Henrique Rabuñal, “Volver a Murguía”, pp. 4-5.

Comézase louvando a elección de Manuel Murguía como homenaxeado no Día das Letras Galegas. Enuméranse, a continuación, algúns dos aspectos polos que merece ser lembrado este autor. Así, sinálase o seu permanente compromiso coa cultura, a lingua e a literatura galegas. Menciónase tamén a importancia do seu labor como historiador. Así mesmo, faise referencia á súa visión de Galicia como "país formoso pero depredado, potencialmente farturento pero empobrecido". Conclúese recoñecendo a actual débeda que as letras galegas teñen co escritor homenaxeado.

-Gustavo Luca, "O xornalismo de Murguía contra o centralismo", p. 6.

Saliéntase o esquecemento no que se atopa o labor xornalístico de Manuel Murguía. Lóuvase o libro de Xosé Antonio Durán *A Loita pola Vida, conflitos e tenruras de Manuel Murguía* por non caer neste erro. Tomando como punto de partida este estudio, coméntase a presencia e influencia do polígrafo arteixán en Madrid, mercede á súa colaboración en distintos xornais da capital. Faise referencia tamén á aceptación por parte de Murguía de moitas ideas do progresismo madrileño, sinalando como punto discordante o "centralismo". Finalmente, saliéntase o feito de que sexa este desacordo o que explique as fortes críticas coas que historiadores como Manuel Colmeiro e Sánchez Moguel valoraron o traballo de Murguía.

-Francisco A. Vidal, "O primeiro o noso idioma", p. 10.

Saliéntase a importancia que Murguía lle concedía á lingua galega por considerala o “elemento clave e definitorio da nosa nacionalidade”. Coméntase tamén a relación que este autor tivo cos rexionalistas cataláns. Menciónase, a este respecto, a súa participación nos Xogos Florais de Barcelona de 1890. Así mesmo, sinálase que esta experiencia foi a que impulsou ao polígrafo arteixán a organizar uns xogos florais nos que a única lingua que se empregase fose o galego. Infórmase do cumprimento deste desexo o 23 e 24 de xullo de 1891 na cidade de Tui. Finalmente, destácase a presencia do legado murguián nas iniciativas que, en datas posteriores a esta, procuraron a defensa da lingua galega.

-X. E. Acuña, “Un panfleto ultramarino e ultramontano”, p. 12.

Fálase das duras críticas coas que algúns estudiosos valoraron o labor de Murguía. Cítase, a este respecto, a obra de José María Riguera Montero *Películas académicas* de 1908. Faise referencia aos ataques contra Murguía, que contén este libro, e que están dirixidos tanto ao seu labor na Academia Galega, como á súa defensa da lingua galega, ou ao seu traballo como historiador. Menciónase, así mesmo, a obra de Santiago Abella *Carta abierta al Sr. don Manuel Murguía* de 1906. Coméntanse as críticas que este escrito contén, sinalando ao mesmo tempo a defensa que nel se fai do dominio de España e da lingua castelá.

Vidal, Francisco Antonio “Os precursores de Murguía”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 27 febreiro 2000, p. 29.

Nesta análise da obra *Os precursores* (1885), de Manuel Murguía, coméntase o proceso de selección que o autor levou a cabo ata quedar con tan só dez nomes representativos da cultura galega. Sinálase tamén que, ademais dos datos biográficos, na obra descríbese o espírito que movía a estes homes. Faise, a continuación, unha breve presentación dalgúns dos persoeiros incluídos neste estudio e apúntase que a elección dun personaxe real pero descoñecida como é *Ignotus*, serviulle a Murguía para “loar o instinto natural do pobo galego”.

IV.5 Publicacións en xornais:artigos de opinión ou colaboracións fixas

IV. Día das Letras Galegas: Manuel Murguía

IV.5. Publicacións en xornais: artigos de opinión ou colaboracións fixas

Abuín de Tembra, Avelino, “Un “Día das letras” para Labarta”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 28 maio 2000, p. 3.

Céntrase na importancia do Día das Letras Galegas e enumera os nomes dalgúns dos fillos ilustres e famosos que están a reivindicar algunhas parroquias, vilas e concellos galegos co fin de que se lles dedique o Día das Letras Galegas. Ofrécense retallos da vida de Herminia Fariña Cobián –reivindicada por Meaño–, de Florencio Delgado Gurriarán –polas Terras de Valdeorras– e céntrase na descrición de Henrique Labarta Pose –por Baio e Zas.

_____, “A hora de don Eladio”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 3 xullo 2000, p. 3.

Logo de se indicar que a vila de Vilalba está a reclamar a Lois Peña Novo e que a de Ribeira o está a facer con Manuel Lustres Rivas para que se lle dedique o Día das Letras Galegas, pásase a sinalar que a RAG decidiu que Eladio Rodríguez González sexa o homenaxeado no Día das Letras Galegas de 2001. Apúntanse algunhas das facetas deste poeta e lexicógrafo e recálcase “a súa contribución ao coñecemento etnográfico da lingua galega”.

Bande, Enrique, “Murguía, una figura polémica”, *La Región*, “De paso”, 15 maio 2000, p. 14.

Lóuvase a figura de Manuel Murguía por ser un home que defendeu Galicia e a súa cultura, tentando dala a coñecer no resto da península. Faise especial fincapé nos ideais liberais progresistas que guiaban o seu pensamento, e na súa concepción de Galicia como nación independente. Tamén se menciona o feito de que o autor arteixán fose o creador do celtismo, mito co que se pretendía explicar o noso pasado.

Bernal, Diego, “Murguía y la Academia Gallega”, *El Correo Gallego*, “Contando el siglo XX”, 16 maio 2000, p. 74.

Recórdanse as circunstancias que rodearon a fundación da Real Academia Galega e sinálase o destacado papel que tivo Manuel Murguía na creación desta institución. Apóiase, ademais, a elección deste autor como homenaxeado no Día das Letras Galegas por consideralo “una de las personalidades más influyentes de su época”. Coméntase, finalmente, o estreito vínculo que uniu a Manuel Murguía coa cidade de Santiago de Compostela.

_____, “Manuel Murguía”, *El Correo Gallego*, “Contando el siglo XX”, 17 maio 2000, p. 76.

Repásanse distintos acontecementos da vida de Manuel Murguía. Así, faise referencia ao seu matrimonio con Rosalía de Castro, ás mortes dos seus fillos Ovidio e Amara, ou ao seu propio pasamento en 1923. Menciónanse tamén datos referidos á obra literaria que este autor nos deixou, destacando, especialmente, a publicación da súa *Historia de Galicia*. Remátase o artigo lembrando a importancia que Murguía lle concedía á lingua e á cultura na creación do porvir dun pobo.

Bragado, Manuel, “Murguía: a primeira luz”, *Faro de Vigo*, “Campo de Granada”, 14 maio 2000, p. 32.

Destácase o vínculo que uniu a Murguía coa cidade de Vigo. Así, menciónase a súa amizade co vigués Xan Compañel, editor tanto dalgunhas das súas obras, como doutras de Rosalía de Castro. Coméntanse tamén as referencias a esta cidade que podemos atopar nos seus estudios *La primera luz* e *Galicia.* Conclúese exhortando ao lector a “amar Galicia” e a soñar cos “destinos que nos sorrín”.

Burgoa Fernández, Juan J., “Ferrol y el Día de las Letras Gallegas”, *Diario de Ferrol*, “La ventana”, 17 maio 2000, p. 21.

Lamenta o articulista que nunca fose obxecto de homenaxe no Día das Letras Galegas un escritor nado en Ferrol ou na súa bisbarra. Seguidamente, menciona aos autores da comarca Fernando Esquío, Emiliano Balás, Aurelio Ribalta, Ricardo Carballo Calero e José M. Pérez Parallé, cualificándoos de merecedores do devandito recoñecemento. Por último, sostén que ese recoñecemento é tanto máis necesario canto que Ferrolterra, ao seu ver, vén sendo víctima dunha crecente marxinación.

Calvo, Tucho, “O Patriarca”, *La Voz de Galicia*, 17 maio 2000, p. 14.

Saliéntase a importancia da figura de Murguía na nosa cultura, mencionando, a este respecto, tanto a influencia que tivo na traxectoria literaria de Rosalía de Castro, como a súa constante defensa da lingua galega. Remátase o artigo cualificando a homenaxe rendida a Murguía no Día das Letras Galegas como un grande acerto “que permitiu achegalo a un coñecemento máis amplo dos galegos”.

Castro, Francisco, “Murguía”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 17 maio 2000, p. 11.

Reflexiónase sobre o feito de que Manuel Murguía sexa coñecido como “o marido de Rosalía de Castro”. Destácase a importancia que o autor homenaxeado no Día das Letras Galegas tivo na traxectoria literaria da citada escritora, para a continuación deterse no seu labor como historiador. Considérase que a obra historiográfica de Murguía foi “o intento máis serio do XIX de lexitimar cientificamente a singularidade de Galicia”. Conclúese sinalando a débeda que, necesariamente, temos que recoñecerlle.

Conde, Alfredo, “Verdades esenciais”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 5 abril 2000, p. 4.

Tras afirmar que toda mitoloxía encerra en si mesma unha verdade esencial, centra a súa atención na figura de Manuel Murguía. Salienta o feito de que este autor crease o mito celta para explicar a orixe do noso pobo. Confesa tamén que non quere entrar na disputa que sosteñen os partidarios da mitoloxía celta e os da grega. Conclúe afirmando que o realmente importante é que un pobo procure buscar os seus propios mitos, pois nese intento é onde se amosa que posúe unha identidade propia.

Costa Clavell, Xavier, “Murguía”, *O Correo Galego*, “No faiado”, 29 febreiro 2000, p. 2.

Considérase excesiva a importancia coa que nestes días se está valorando a obra de Manuel Murguía. Recoñecénselle as súas achegas, pero ao mesmo tempo négase que estas deban estar “no cumio do Rexurdimento”. Critícanse tamén algunhas das afirmacións que sobre a “raza galega” aparecen na súa *Historia de Galicia*. Conclúese, finalmente, admitindo os seus méritos e comentando a esaxeración dende a que algunha vez se presentan.

Díaz Pardo, Isaac, “Por que Murguía apenas escribiu en galego”, *La Voz de Galicia*, “Crónicas inconformistas da fin de século”, 24 xullo 2000, p. 15.

Lóuvanse os coñecementos sobre a historia de Galicia que tiña Manuel Murguía. Saliéntanse, ademais, a relación que este autor mantivo con Vilar Ponte e o vínculo que uniu a estes dous intelectuais coa RAG. Tamén se centra no que o propio Murguía deixou escrito sobre as razóns que o levaron a non escribir en galego, entre as que destaca o fracaso da Academia na elaboración dunha ortografía galega, para a que o polígrafo se apoiaba na orixe común do galego e do portugués apuntando mesmo a posibilidade de compartir gramática e vocabulario. Conclúe Díaz Pardo que das palabras de Murguía se pode intuir que “antes de escribir en castrapo é millor facelo en castelán”.

Dourado Deira, Manuel, “Letras Galegas na Barbanza”, *El Correo Gallego*, “Barbarousa”, 16 maio 2000, p. 49.

Ofrécese un resumo dos principais actos celebrados en Dodro, Rianxo e A Pobra do Caramiñal para celebrar o Día das Letras Galegas. Así, menciónanse as conferencias de Xosé Luís Axeitos e Helena Villar Janeiro na Casa da Cultura de Dodro. Faise referencia tamén á presentación dos libros *Louvanzas e Lembranzas Rianxeiras* de Manuel Vicente ‘Chapí’ e *Cando Indurain pasou por Gonderande* de Carlos Mosteiro nas vilas de Rianxo e A Pobra, respectivamente.

Fernández del Riego, Francisco, “A voz de Murguía”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 115, 15 febreiro 2000, p. 5.

Centra a súa atención na faceta lírica de Manuel Murguía. Presenta a obra poética deste autor como “un bafo dun abelicado alento lírico”. Menciona tamén a García Acuña como o primeiro estudioso de Murguía como poeta. Finalmente, sinala o feito de que a voz poética deste autor calase cando comezou a escoitarse a da súa muller Rosalía de Castro, chegando a presentar este silencio como un sacrificio voluntario.

_____, “Manuel Murguía e Eduardo Pondal”, La Voz de Galicia, “Culturas”, nº 134, 4 xullo 2000, p. 6.

Cóntase como Manuel Murguía coñeceu a Eduardo Pondal cando aínda era un neno. Tamén se salienta a viaxe que o autor arteixán fixo pola terra bergantiñá acompañado do seu amigo Pondal. Asemade, infórmase das boas relacións que mantiñan as súas familias. Destácase, ademais, o apoio de Pondal a Murguía cando éste decide ser deputado. Finalmente, faise referencia ao desexo de Pondal de que fose o seu amigo arteixán quen coidase da publicación dos seus versos trala súa morte.

Freixanes, Víctor F., “O río da vida”, *La Voz de Galicia*, “Mar de fóra”, 13 maio 2000, p. 12.

Comézase establecendo unha comparación entre a historia dos pobos e o discorrer dun río. Sinálase, a continuación, a importancia que Manuel Murguía tivo na historia do pobo galego. Faise especial fincapé na ambición que caracterizou os proxectos emprendidos polo autor homenaxeado este ano no Día das Letras Galegas. Mencionanse, a este respecto, obras como o *Diccionario de Autores Galegos* e a *Historia de Galicia*. Finalmente, alúdese á edición facsimilar da obra *Galicia* que a editorial Galaxia e o Concello de Arteixo publicaron recentemente.

García, Xosé Lois, “Raza e celtismo en Manuel Murguía”, *O Correo Galego*, “Ecos da berenguela”, 6 xuño 2000, p. 3.

Resalta a controversia actual que provocan as ideas de Manuel Murguía sobre a raza e o celtismo. Defende as opinións deste autor situando o seu pensamento no tempo e no contexto en que foron expresadas. Ao fin, destaca a trascendencia dos seus pensamentos no fornecemento do ideario nacionalista galego.

_____, “No ano de Murguía e Castelao”, *O Correo Galego*, “Ecos da berenguela”, 27 decembro 2000, p. 3.

Percorrido pola vida política de Manuel Murguía e Daniel A. Rodríguez Castelao, con motivo de dedicarselle o Día das Letras Galegas ao primeiro e de celebrar o 50 aniversario do pasamento do segundo. Destácase de Manuel Murguía o seu impulso da doutrina rexionalista, que deu o corpus do nacionalismo. Así mesmo, coméntase que as ideas deste se manifestaron na obra de Castelao, como acontece en *Sempre en Galiza*. Tamén se apunta que o rianxeiro non só bebeu desa fonte, senón que achegou un rumbo de acción xunto coa Xeración Nós.

García-Bodaño, Salvador, “Arredor das orixes de Murguía”, *El Correo Gallego*, “No pasar dos días”, 30 abril 2000, p. 3.

Lóuvase a elección de Manuel Murguía como homenaxeado no Día das Letras Galegas. Faise un repaso, ademais, a aqueles traballos e estudios que se publicaron sobre este autor nestas datas. Fálase, por último, da incertidume existente sobre o lugar exacto onde naceu Murguía. A este respecto, deféndese a idea de que Murguía veu á vida na “casa de Antonio Pan, no lugar de Froxel, Oseiro, Arteixo”.

González Pérez, Clodio, “Murguía e Altamira”/“Un poema de Murguía adicado ás Torres de Altamira (1855)”, *O Correo Galego*, “O 2000” */O Norte*, nº 141, 20 maio 2000/2ª quincena de maio 2000, p. 2/pp. 22-23.

Tras un breve percorrido pola biografía e a obra de Manuel Murguía, coméntase o poema deste autor titulado “A las ruinas del castillo de Altamira”. Dáse conta das datas da súa composición e publicación. Resáltase, así mesmo, a posíbel motivación destes versos nunha visita do mozo arteixán ao castelo de Altamira. Finalmente, reprodúcese a composición tal e como apareceu publicada en *La Oliva*.

_____, “O ribeiro de don Eladio”, *O Correo Galego*, “O rodicio do tempo”, 7 outubro 2000, p. 2.

Infórmase da elección de Eladio Rodríguez González como autor ao que se lle adicará o Día das Letras Galegas do 2001. Coméntase o vínculo que une ao articulista e ao homenaxeado por seren os dous do Ribeiro. Tamén se salienta o escaso acordo existente en torno á valoración da súa obra poética. Mencionanse, ademais, as louvanzas que recibiu o seu diccionario enciclopédico. Por último, inclúese un poema deste autor dedicado á súa terra natal.

López Fernández, Xesús, “No Día das Letras Galegas”, *Diario de Pontevedra*, “Firmas invitadas”, 15 maio 2000, p. 13.

Despois de referirse á diversidade e á amplitude da obra escrita por Manuel Murguía en castelán, o articulista céntrase na súa escasa producción en galego. Repróduce un fragmento dos Xogos Florais de Tui onde Murguía describe a situación da lingua galega naquel intre. Isto permítelle comparar as circunstancias que definían ao galego naquel momento coas da actualidade. Destaca, a este respecto, as notábeis semellanzas que entre o pasado e o presente se poden establecer, así como a conveniencia de achegar a norma oficial do galego á lingua falada.

_____, “Despois do Día das Letras”, *Diario de Pontevedra*, “Firmas invitadas”, 22 maio 2000, p. 13.

Comézase louvando a elección de Manuel Murguía como homenaxeado no Día das Letras Galegas. Destácase, a este respecto, a influencia que tivo este autor na obra de Rosalía de Castro. Reflexiónase tamén sobre a situación actual da nosa lingua, considerando necesario camiñar cara unha maior enxebreza do galego. Finalmente, maniféstase o desexo de que “a nova savia da Academia” sexa capaz de eliminar o “sarrio” con que “a teima diferencialista veu asinando a súa presencia”.

Maiz Togores, José María, “Día das Letras Galegas”, *O Correo Galego*, “Visión galaica”, 12 maio 2000, p. 2.

Lémbrase o motivo que fixo elixir a data do 17 de maio para celebrar o Día das Letras Galegas, destacando a importancia que este día tivo para Rosalía de Castro por diferentes circunstancias. Faise referencia tamén á elección de Manuel Murguía como autor homenaxeado este ano. Lóuvase esta decisión da Real Academia Galega ao mesmo tempo que se presenta ao escritor arteixán como “o máis importante promotor do Rexurdimento literario”.

Manuel María, “Letras Galegas do ano 2001”, *El Correo Gallego*, “Terras, homes e palabras”, 6 xuño 2000, p. 3.

Reflexiona sobre o personaxe ao que se lle debería dedicar o Día das Letras Galegas e critica o pouco interese mostrado polos centros de ensino e entidades culturais que só dedican unha semana a celebrar esta efeméride. Tamén pensa nos autores que os académicos escollen, esquecéndose da xente que pertence á Real Academia Galega.

Martínez Couselo, Xosé, “Manuel Murguía e a Biblioteca de Alexandría”, *O Correo Galego*, “País, paisaxe e paisanaxe”, 17 maio 2000, p. 2.

Infórmase da recente publicación dunha edición facsimilar de *El Regionalismo Gallego* de Manuel Murguía, obra na que se recolle un artigo na que o autor arteixán responde ao que considera unha “inoportuna agresión” de Antonio Sánchez Moguel ao rexionalismo. Cítanse breves fragmentos do texto de Murguía nos que se amosan as ideas rexionalistas defendidas por este autor. Finalmente, faise referencia aos cargos desempeñados polo escritor homenaxeado en diferentes arquivos e bibliotecas. En relación con este tema apúntase a necesidade de microfilmar e xuntar todos os documentos que sobre Galicia andan perdidos en arquivos de fóra.

Neira Vilas, Xosé, “Murguía e Álvarez Ínsua”, *El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 23 abril 2000, p. 4.

Comenta a amizade existente entre Waldo Álvarez Ínsua e Manuel Murguía. Refírese ao contacto epistolar que, nun primeiro intre, uniu aos dous escritores galegos, para pasar logo a relatar algúns dos momentos en que o autor estradense amosou verdadeira preocupación e aprecio polo seu compañeiro arteixán. Conclúe o artigo sinalando que a súa foi unha “amizade crecente e de por vida”.

Otero, David, “Maio por maio”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Laíño”, 11 maio 2000, p. 3.

Tras lembrar que este ano o Día das Letras Galegas está adicado a Manuel Murguía, coméntase a interpretación que este autor facía da lingua galega como elemento vivificador do noso pobo. Reflexiónase, a continuación, sobre o acertado desta visión, ofrecendo unha definición de lingua galega como “verdade iniciática e permanente do dicir sermos galegos”.

_____, “De Murguía a don Eladio”, *O Correo Galego*, 28 decembro, p. 2.

Reflexiónase sobre a figura á que este ano se lle dedicou o Día das Letras Galegas, Manuel Murguía, e louva a personalidade deste autor que fixo numerosas reivindicacións por Galicia. A seguir, alúdese ao personaxe ao que se lle vai dedicar o 17 de maio do 2001, Eladio Rodríguez. Deste xeito, faise un percorrido pola súa vida ligada á literatura e á cultura galega como xornalista, lexicógrafo e como fundador, secretario e presidente da Real Academia Galega.

Rábade Paredes, Xesús, “A etapa madrileña de Murguía (I)”, *El Correo Gallego*, “Unha entrega a Galicia”, 25 febreiro 2000, p. 3.

Repásanse os principais acontecementos que viviu Manuel Murguía na súa etapa madrileña. Así, sinálase a influencia que exerceu Eduardo Chao sobre el. Coméntase tamén o contacto que o intelectual arteixán tivo na cidade madrileña con diversos xornais e publicacións de signo liberal. Descríbese, así mesmo, o conflicto familiar que xurdiu trala súa decisión de abandonar a carreira de Farmacia e adicarse á literatura e ao xornalismo. Conclúese lembrando a súa habitual presencia nas tertulias da capital e a influencia que na súa traxectoria tivo o seu amigo Ventura Ruíz Aguilera.

_____, “A etapa madrileña de Murguía (II)”, *El Correo Gallego*, “Unha entrega por Galicia”, 2 marzo 2000, p. 3.

Coméntase a influencia que na evolución do pensamento murguián tiveron figuras como as de Alexandro Chao e Xoaquín Avendaño. Afírmase que do contacto con estes persoieros naceu o seu “ardor galeguista”. Saliéntase, así mesmo, o labor levado a cabo no xornal *El Museo* polo pintor Serafín Avendaño e polo propio Murguía. Este traballo preséntase como un fito no xornalismo gráfico, pois, segundo se di no artigo, estes autores fan “da pintura, do gravado e do debuxo a mesma renovación que no campo literario acometen Rosalía, Curros e Pondal”.

_____, “Murguía e o movemento galeguista (III)”, *El Correo Gallego*, “Unha entrega a Galicia”, 10 marzo 2000, p. 3.

Relátase a intensa actividade de Murguía tralo regreso á súa terra. Preséntase esta etapa como un momento no que o autor arteixán se entrega de “cheo ó traballlo e á reflexión sobre Galicia”. Destácase tanto o seu labor no eido xornalístico, coma a publicación de estudios como o *Diccionario de escritores galegos* (1862), ou a obra escolar *La primera luz* (1859). Cosidérase que o “esplendor do que será chamado Patriarca” iníciase co seu traslado a Lugo e co comezo da publicación da *Historia de Galicia*. Menciónase, por último, tanto o seu traballo como xefe do Arquivo de Simancas, como o de director do Arquivo Xeral de Galicia.

_____, “Murguía na Academia (IV)”, *El Correo Gallego*, “Unha entrega a Galicia”, 17 marzo 2000, p. 3.

Sinálase o papel decisivo que Manuel Murguía tivo na fundación da Real Academia Galega. Menciónase, ademais, a influencia que exerceu, a este respecto, sobre Fontenla Leal e Curros Enríquez. Ofrécense tamén certos detalles da primeira xuntanza desta institución. Reprodúcese, por último, un breve fragmento do discurso inaugural pronunciado por Murguía, no que se fai una clara defensa da lingua galega.

_____, “Murguía e o celtismo (e V)”, *El Correo Gallego*, “Unha entrega a Galicia”, 24 marzo 2000, p. 3.

Reflexiónase sobre o mito celta proposto por Manuel Murguía. Deféndese o seu valor como elemento cohesionador dos galegos, a pesar da escasa veracidade que se lle concede actualmente. Sitúase, ademais, o celtismo de Murguía dentro dun “clima historiográfico romántico”. Finalmente, preséntase como unha “forza positiva e dinamizadora” que segue influíndo no galeguismo posterior e sobre todo na literatura.

Rielo, Pedro, “Enigmático Murguía”, *O Correo Galego*, “No rodicio”, 17 maio 2000, p. 3.

Comézase sinalando o sufrimento que dominou a vida de Murguía en certos momentos. Reflexiónase sobre o feito de que, a diferencia da súa muller, Rosalía de Castro, non poidamos coñecer a personalidade deste autor a través dos seus escritos. Estes preséntanse como mero reflexo do intelectual, e non do home, nin do pai que tamén foi o autor arteixán. Insístese, finalmente, na súa vontade de descubrirnos a historia do noso país, e de, ao mesmo tempo, ocultarnos a historia da súa propia vida.

_____, “As cartas do pai”, *O Correo Galego*, “Tempus fugit”, 2 agosto 2000, p. 2.

Saliéntase a trascendencia das cartas que se conservan de Manuel Murguía e que permiten coñecer mellor ao Patriarca. Así, destácase o feito de que, gracias ás súas misivas, se coñeza a relación que este autor mantivo con outros intelectuais galegos. Tamén se fai referencia á información que as cartas nos achegan sobre a situación económica de Rosalía e Murguía. Por último, saliéntase o esquecemento que sofre a figura de Ovidio, único fillo varón do matrimonio Murguía de Castro.

Sixto Seco, Agustín, “Abri-las portas do Paraíso”, *El Correo Gallego*, “Fóra de portas”, 13 setembro 2000, p. 3.

Comprácese o columnista no cambio de opinión que Lupe Gómez vén de operar respecto do Día das Letras Galegas, ao pasar a unha visión positiva con motivo da edición consagrada a Manuel Murguía. Fíxase tamén nas múltiples e continuas referencias desta colaboradora de *O Correo Galego* ao mundo da prostitución e establece unha comparanza entre esta e a figura de María Magdalena.

Valcárcel, Marcos, “Dezasete de maio”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 12 maio 2000, p. 3.

Comézase louvando a decisión de crear un Día das Letras Galegas, así como a elección de Manuel Murguía como homenaxeado neste ano. Coméntase, ademais, o chamamento que a Mesa da Normalización Lingüística vén de facer para aumentar a presencia do galego nos medios de comunicación. Ofrécense, a continuación, unha serie de suxestións encamiñadas a que esa presencia poida ser maior nos xornais de Galicia.

_____, “37 anos de Letras Galegas”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 23 xuño 2000, p. 3.

Amplo e pormenorizado repaso pola historia da celebración do Día das Letras Galegas dende a súa institución en 1963, no que se comezou homenaxeando a Rosalía de Castro. Repásase a todos os que foron lembrados nese día indicando tamén a época á que pertencen. Resulta así, que do Rexurdimento foron nove, e dos Precursores só Añón e X. M. Pintos. Tamén salienta a pouca representación da lírica trobadoresca co rei Afonso X o Sabio e os tres poetas do mar de Vigo fronte aos máis de 160 identificados e cunha ampla producción, fronte ao período de 1900 a 1936 no que foron 17 os lembrados dende Castelao ata Manuel Antonio, e oito os do período de Posguerra con Celso Emilio ou Eduardo Blanco Amor. En canto aos xéneros destaca a maior representación de poetas fronte a narradores, ensaístas ou dramaturgos cun só caso destes últimos como foi Cotarelo Valledor. Ademais de lembrar as convocatorias especiais coa busca dun fin como a galeguización da liturxia, a condición de exiliado ou a de paseado, remata reflexionando sobre algúns dos nomes que se barallan para futuras convocatorias e as débedas que aínda quedan pendentes.

Vázquez, Dora, “Murguía, no Día das Letras Galegas 2000”/“Murguía, primeiro alento de Rosalía”, *O Correo Galego*, “Ronseis”/*La Región*, 14 xaneiro 2000/ 12 maio 2000, p. 3/p. 30.

Lóuvase a elección de Manuel Murguía como homenaxeado no Día das Letras Galegas deste ano. Faise tamén un repaso das obras máis importantes deste autor, destacando como fundamental o estudio *Historia de Galicia*. Finalmente, menciónanse algúns datos da súa biografía, facendo especial fincapé naqueles que se refiren á súa unión con Rosalía de Castro.

_____, “Murguía e ‘Os Precursores”, *O Correo Galego*, “Ronseis”, 1 maio 2000, p. 2.

Recórdase a recente publicación pola Biblioteca de Autores Gallegos Edinosa da obra *Los Precursores* (1885), de Manuel Murguía. Cítanse breves fragmentos deste estudio onde o autor arteixán nos presenta a biografía de nove precursores da cultura galega. No artigo tan só se fai referencia a catro destes persoeiros: Antolín Faraldo, Eduardo Pondal, Aurelio Aguirre e Rosalía de Castro.

Vázquez, Pura, “O patriarca Murguía”, *O Correo Galego*, “Verbas na edra do vento”, 9 maio 2000, p. 3.

Coméntanse diferentes cuestións relacionadas tanto coa vida persoal como coa achega que Manuel Murguía fixo á nosa cultura. Sinálase o seu nacemento en Arteixo, e o seu posterior vínculo con cidades como Santiago e Madrid. Menciónase tamén a estreita relación que mantivo con persoeiros da intelectualidade galega entre os que se destaca a Aurelio Aguirre e Benito Vicetto. Faise referencia, así mesmo, á presencia deste autor en diferentes xornais galegos. Conclúese recordando a importancia que tivo na creación e na publicación da obra *Cantares Gallegos* (1863) da súa muller Rosalía de Castro.

Vidal Villaverde, Manuel, “Na luz do beatus ille”, *Atlántico Diario*, “Mar de fóra”, 11 maio 2000, p. 30

Recórdanse distintos momentos do pasado nos que se sitúan coñecidos personaxes da cultura galega. Así, por exemplo, imaxínase a Murguía, xa vello, camiñando cara a Coruña, a Dona Emilia Pardo Bazán escribíndolle cartas de amor a Galdós, ou a Álvaro Cunqueiro paseando preto do Obelisco coruñés. Remátase cunha volta ao presente do que só se describe unha chuvia delicada e maina que semella “bágoas que descenden dos ollos a non sei que corazón”.

Varela, Xosé Luís, “O que nos prestou o espello”, *La Voz de Galicia*, “O personaxe/Manuel Murguía”, 17 maio 2000, p. 14.

Tras mencionar algúns dos traszos negativos que definían o carácter de Manuel Murguía como persoa, faise un repaso das achegas máis importantes que este intelectual fixo á nosa cultura. Así, menciónase a unión que estableceu entre a cultura e o pobo galego. Finalmente, apúntase ao reflexo fiel que a través da súa obra temos os galegos de nós.

IV. Día das Letras Galegas: Manuel Murguía

IV.6. Publicacións en xornais: entrevistas

Mosquera, Javier, “Así naceu o Día das Letras Galegas”, *Faro de Vigo*, “FaroDomingo”, 14 maio 2000, pp. 10-11.

Nesta conversa co presidente da Real Academia Galega, Francisco Fernández del Riego, saliéntase o feito de que fose el o que, hai máis de 30 anos, tivese a idea de adicarlle unha xornada ás Letras Galegas. Tamén se comenta o escepticismo con que foi acollida a proposta naquel intre e cítanse os criterios que seguen os membros da Academia Galega para decidir a persoa que vai ser homenaxeada. Repásase, por último, a historia desta Institución dende o momento en que foi fundada.

IV.7 Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios

IV. Día das Letras Galegas: Manuel Murguía

IV.7. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios

A. G., “A cidade mergúllase no Día das Letras Galegas cunha chea de actos culturais”, *Faro de Vigo*, 16 maio 2000, p. 8.

Infórmase dos actos promovidos co gallo do Día das Letras Galegas por varias institucións viguesas. Primeiramente, aténdese ás conferencias organizadas polas asociacións Mulleres Progresistas, Concepción Arenal e Unión Cívica Municipal de Consumidores e Amas de Casa. Menciónanse, en segundo lugar, as recitacións, actuacións musicais e entregas de premios, promovidas por entidades privadas como asociacións de veciños, comercios, bares, pubs, etc. Finalmente, fálase das actuacións musicais, exposicións e lecturas de contos, preparadas polos colexios Alba, Niño Jesús de Praga·e Aloya.

Agulla, Álvaro, “Cultura programa numerosos actos con motivo de las Letras Galegas”, *Diario de Pontevedra*, 13 maio 2000, p. 16.

Dáse noticia da presentación do programa de festexos organizados pola Concellería de Cultura de Bueu para celebrar o Día das Letras Galegas. Menciónanse actividades como as actuacións musicais e teatrais, e a lectura das conferencias “Vida e obra de Manuel Murguía”, por Anxo Angueira e “Castelao”, por Manuel Rosales. Faise referencia tamén á celebración do coloquio “Presente e futuro da cultura en Bueu”. Coméntase, así mesmo, a celebración da exposición “Castelao en debuxos”, a entrega a Adolfo Caamaño do IVº Premio de Poesía “Johán Carballeira” e o outorgamento das Mencións das Letras Galegas ao Labor Cultural.

Arteixo, X. R., “Pérez Quintana destaca la eterna deuda de gratitud de Galicia con Manuel Murguía”, *El Correo Gallego*, “Sociedad-Cultura”, 28 maio 2000, p. 75.

Coméntanse as conferencias e os actos levados a cabo no último día no Congreso sobre Murguía en Arteixo. Saliéntanse as verbas de Homero Pérez Quintana nas que se louva a defensa de Galicia levada a cabo polo Patriarca. Tamén se resalta a intervención de José Antonio Durán, centrada na faceta política do autor arteixán. Asemade, infórmase de que na conferencia de Antonio Vidal se atendeu aos feitos máis sobranceiros da vida de Manuel Murguía. Finalmente, resáltanse os actos cos que se clausurarou este Congreso.

B. N., “O alcalde reivindicou a celebración do ‘Día das Letras Galegas” todo o ano”, *Diario de Pontevedra*, “En Portada/Día das Letras”, 18 maio 2000, p. 3.

Infórmase do acto inaugural do programa de festexos de Pontevedra organizado para celebrar o Día das Letras Galegas. Faise referencia ao descubrimento dunha placa conmemorativa na rúa Manuel Murguía do barrio do Burgo. Destácase, así mesmo, o discurso do rexedor, quen, solidarizándose coa última campaña da Mesa pola Normalización Lingüística, reclamou que o espírito do Día das Letras Galegas se propague aos demais días do ano. Aténdese, xa para rematar, ás restantes actividades do programa, facendo especial fincapé no ciclo de conferencias “Murguía e o seu tempo”, que reunirá no instituto Valle-Inclán aos profesores Francisco Carballo e Xosé Fortes Fouzán, ao concelleiro de Cultura Luís Bara, e ao investigador Portas Ferro.

B. R., “Los centros culturales de Tui inician los actos de las Letras Gallegas”, *Atlántico Diario*, 13 maio 2000, p. 22.

Dáse conta das diferentes actividades que terán lugar en Pexegueiro, Pazos de Reis, Randufe e Guillarei para celebrar o Día das Letras Galegas. Así, menciónanse as actuacións de distintos grupos de teatro, de danza e de canto que o público poderá presenciar se se achega a estas parroquias do concello de Tui.

Balsa, Rosa, “Colegio Víctor López, con las letras gallegas”, *El Ideal Gallego*, 21 maio 2000, pp. 10-11.

Coméntanse as diferentes actividades levadas a cabo no colexio Víctor López Seoane para celebrar o Día das Letras Galegas. Destácase entre as actividades aquela na que os alumnos tiñan que elaborar un conto en galego cun protagonista, Carapuchín, que é unha personaxe creada por Eduardo Ares, o actual xefe de estudios do centro. Menciónase, ademais, o percorrido que os estudiantes de quinto curso fixeron por algúns dos lugares vinculados á vida do autor homenaxeado este ano, Manuel Murguía. Afírmase tamén que a intención común a todas estas actividades era a de espertar o interese pola lingua galega.

Borobó, “A coincidencia de Rosalía e Murguía con Cánovas”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 11 xuño 2000, p. 28.

Fai referencia á relación entre Cánovas del Castillo e Murguía. Describe as etapas de Murguía no Arquivo de Simancas (1868) e mais no Arquivo Xeral de Galicia (1870) onde Cánovas “desenvolveu un intensísimo traballo de investigación histórica”. Fala tamén do cesamento de Murguía no Arquivo Xeral de Galicia (1875), da posterior etapa na que malvive e a súa colaboración en *La Ilustración Gallega y Asturiana*.

_____, “O protector de Murguía: Aureliano Linares Rivas”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 2 xullo 2000, p. 28.

Repasa a traxectoria vital de Aureliano Linares Rivas, que axudou a que Murguía volvese a traballar como arquiveiro. Sinala que colaborou en *La Iberia* e en *El Debate*. Da súa faceta política destácase o enfrontamento no Congreso con Cánovas na “sesión que chamaron do sombreirazo político os periodistas”.

_____, “O pintor Ovidio Murguía, fillo de Rosalía de Castro”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 6 agosto 2000, p. 28.

Infórmase de que este ano non se conmemoraba ningunha data destacada da vida de Manuel Murguía. Tamén se resalta que en xaneiro se cumpriron os cen anos do falecemento do seu único fillo varón, Ovidio Murguía de Castro. Tras un pequeno percorrido pola vida e os traballos deste pintor de “La Generación Doliente”, saliéntase a estreita relación existente entre pai e fillo. Asemade, dáse conta da posibilidade de que Ovidio tivese un fillo antes de morrer.

C. G., “El CEIP Campomaior de Ordes comienza con Xaquín Marín su semana cultural del Día das Letras Galegas”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 13 maio 2000, p. 46.

A noticia informa dos actos que se realizarán no colexio Campomaior de Ordes co gallo do Día das Letras Galegas: un encontro co humorista gráfico Xaquín Marín; unha representación teatral, *Historia da lingua galega ó paso do tempo*; actuacións musicais; un recital de poesía e dous talleres literarios. Por outra banda, na mesma columna do xornal, dáse conta da celebración dunha carreira das Letras Galegas no instituto de Vilagarcía de Arousa Armando Cotarelo Valledor.

C. M./M. V., “Murguía, o creador da idea de galeguidade”, *Faro de Vigo*, 18 maio 2000, p. 41.

Princípiase informando da sesión extraordinaria da Real Academia Galega na honra de Manuel Murguía no paraninfo da Universidade da Coruña. Reprodúcense fragmentos dos discursos dos académicos Antón Santamarina, Xosé Luís Franco Grande e Xosé Ramón Barreiro Fernández, que coinciden en subliñar o compromiso do polígrafo arteixán coa lingua galega. Menciónase, seguidamente, a asistencia de todos os presentes á ofrenda floral que se realizou ante o busto do homenaxeado nos xardíns de Méndez Núñez. Para rematar, menciónase a entrega de premios aos gañadores do certame de narracións breves Manuel Murguía, e a presentación dun número especial, adicado ao autor arteixán, do *Boletín da Real Academia Galega*.

C. V., “Carvalho Calero, García Barros e Álvarez Blázquez entre os candidatos para o *Día das Letras Galegas*”, *A Nosa Terra*, nº 938, “Guieiro Cultural”, 8 xuño 2000, p. 33.

Recóllense as opinións dalgúns persoeiros da cultura galega ante a elección do nome do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas 2001, para o que Méndez Ferrín fala do amplo abano de candidatos que quedan por homenaxear, sen dar nomes. Outros como Xosé Ramón Freixeiro Mato e Laura Tato sobrancean o nome de R. Carballo Calero como un dos persoeiros que merecen un pormenorizado estudio e que esta homenaxe sería unha boa ocasión, ademais doutros como García Barros ou Crecente Vega. Pola súa banda, Dolores Vilavedra reivindica a figura de Manuel Varela Buxán por considerar que se homenaxearía á emigración, ao exilio e aos dramaturgos, ademais doutros nomes como os irmáns Álvarez Blázquez, nomes que sinala tamén Manuel María, quen destaca o seu labor como “animadores culturais” e láiase á vez de ter que agardar tanto para que a Academia poida adicarlle ese día a Uxío Novoneyra. Finalmente, refírese á reivindicación que diferentes asociacións e colectivos levan facendo ante a Academia entre elas a Comisión Letras Galegas para Enrique Labarta Pose, o Concello da Coruña para González Garcés, ou a Deputación de Ourense para Xaquín Lorenzo. Acompáñanse dous cadros, un no que se recollen os nomes dos homenaxeados e os anos en que foron homenaxeados e o outro cos nomes das propostas para o ano 2001.

Calvo, Manuel, “Xaquín Marín inaugura en Ordes a Semana Cultural das Letras Galegas”, *La Voz de Galicia*, 14 maio 2000, p. 51.

Anúnciase a apertura da Semana Cultural das Letras Galegas do colexio Campomaior de Ordes. En primeiro lugar, destácase a conferencia que pronunciará o humorista gráfico Xaquín Marín ante os alumnos do terceiro ciclo de Ensino Primario e de Ensino Secundario. Faise referencia, a continuación, ás outras actividades que se celebrarán nos días seguintes: os obradoiros de literatura, as actuacións teatrais e musicais e a celebración dun faladoiro literario.

Cores, Baldomero, “A expresión gráfica de Manuel Murguía”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 6 febreiro 2000, p. 28.

Repasa os debuxos, pinturas e fotografías nas que apareceu Manuel Murguía, nomeadamente a famosa fotografía familiar de Murguía coa súa dona e fillos, tirada en 1884, e resalta que Rosalía non sentiu atracción por este tipo de manifestación gráfica

_____, “Aurelio Aguirre e Murguía”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 20 febreiro 2000, p. 28.

Recórdase a amizade que uniu a Aurelio Aguirre e a Manuel Murguía. Coméntase como significativo o feito de que a figura de Aguirre sexa a primeira que aparece no libro *Los Precursores* (1885), de Murguía. Ofrécense tamén datos sobre a común ascendencia basca dos dous autores. Sinálase, por último, que ningún deles foi un bo estudiante. Preséntanse como alumnos “máis preocupados e curiosos por outras cousas que polos estudios formais”.

_____, “O retrato de Murguía, por Aurelio Aguirre”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 5 marzo 2000, p. 28.

Aproveita a circunstancia de que sexa Manuel Murguía o escritor homenaxeado no Día das Letras Galegas para destacar a figura do poeta Aurelio Aguirre, amigo persoal do historiador. A modo de proba da vocación artística de Aguirre, sinala que, en 1966, Xosé María Álvarez Blázquez publicou en *Grial* un artigo que informaba do achádego dun manuscrito deste poeta datado en 1850, no que, ademais de aparecer un poema en galego, aparece un debuxo que, ao seu xuízo, é un retrato de Murguía. Sostén o articulista que o debuxo é tan pequeno que resulta difícil asegurar que o retratado sexa o polígrafo arteixán.

_____, “Manuel Murguía e a galería icónica de ‘*Café con Gotas*”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 19 marzo 2000, p. 27.

Descríbese un dos primeiros debuxos feitos a Manuel Murguía, aparecido o 6 de marzo de 1887 na revista *Café con Gotas*. Comézase sinalando que esta revista acaba de publicarse nun facsímile editado polo Grupo de Investigación “Valle-Inclán” e o Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago. A continuación, ofrécense certos detalles sobre o debuxo de Murguía. Destácase, por exemplo, o feito de que apareza de costas, así como o carácter caricaturesco que desprende a súa imaxe. A este respecto, coméntase que, posibelmente, a intención do autor non era a de facer unha caricatura.

_____, “A relación entre León y Escosura e Manuel Murguía”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 2 abril 2000, p. 28.

Coméntase a imaxe que o cadro pintado por León y Escosura en 1864 nos ofrece de Manuel Murguía. Sinálase, en primeiro lugar, a amizade que unía a estes dous homes. Menciónanse, a continuación, a valoración que deste cuadro fixo Aurelio Ribalta, un dos primeiros biógrafos do autor arteixán. Así, faise referencia á relación existente entre a citada pintura e a primeira etapa da vida de Murguía. Saliéntase tamén o aire romántico que o cadro posúe. Lémbrase, finalmente, a reproducción que o *Boletín da Real Academia Galega* fixo desta pintura o 1 de xuño de 1921.

Costas, Luísa, “Barreiro afirma que Murguía instauró la conciencia del origen celta de Galicia”, *El Ideal Gallego*, 26 maio 2000, “Área Metropolitana”, p. 22.

Dáse conta do inicio do Congreso sobre Murguía celebrado en Arteixo e inaugurado por Xesús Pérez Varela. Así, menciónase a conferencia de Xosé Luís Barreiro sobre a faceta de historiador do autor arteixán. Tamén se lembra a intervención de Henrique Rabuñal na que se destacou o labor levado a cabo por Murguía para defender a súa terra. Saliéntanse, ademais, as verbas de Ramón Maiz sobre a conciencia nacionalista do Patriarca. Asemade, infórmase da mesa redonda celebrada pola mañá e das intervencións que tiveron lugar pola tarde. Entre elas, destácanse as de Justo González Beramendi –sobre as bases ideolóxicas de Murguía–, a de Felipe Senén –sobre o labor arqueolóxico do Patriarca–, e a de José María Díaz –centrada na temática relixiosa da obra do autor arteixán. Finalmente, menciónanse os actos e conferencias que se celebraron ao día seguinte.

D. P., “Cultura organizará en Arteixo unhas xornadas sobre Manuel Murguía”, *Diario de Pontevedra*, 8 maio 2000, p. 16.

Dáse noticia da celebración na Casa da Cultura de Arteixo dunhas xornadas acerca de Manuel Murguía organizadas pola Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Ofrécese a relación de conferencias e relatorios. De todos os participantes, entre os que figuran Ramón Máiz, Xusto González Beramendi, Henrique Monteagudo, Xosé Ramón Freixeiro Mato, Carlos Casares, Xosé Ramón Barreiro, Xesús Alonso Montero e Henrique Rabunhal, destácase a presencia dos tres autores citados en último lugar. Infórmase, así mesmo, do concerto de guitarra de Xesús Pimentel e un recital de Luz Pozo, Manuel María e García Bodaño.

_____, “El Colegio ‘A Laxe’ inicia su ‘VIIIª Semana Cultural das Letras Galegas”, *Diario de Pontevedra*, 10 maio 2000, p. 14.

Infórmase do comezo da “VIIIª Semana Cultural das Letras Galegas” do colexio marinense A Laxe. Despois de aludir á conferencia inaugural do director, menciónanse todas as actividades que se realizarán: actuacións teatrais do grupo de teatro do centro e dos grupos Egafa Animatium e Buratini, actuacións musicais do grupo de música do centro e do grupo Ardentía, actuación da contacontos Maga Rulana, campaña de animación á lectura de Benjamín Míguez, lectura dunha conferencia acerca de Murguía por ex-alumnos e lectura dunha conferencia sobre Castelao por alumnos do colexio.

_____, “El Concello entrega lotes de libros a los colegios”, *Diario de Pontevedra*, 11 maio 2000, p. 14.

Faise eco da iniciativa da Concellería de Cultura do Concello de Marín, dirixida por Blanco Epifanio, que consistiu no reparto de lotes de libros a diversos centros escolares con motivo da celebración do día das Letras Galegas. Por outra banda, infórmase da nova convocatoria do Premio de Narración Curta para escolares do Concello de Marín, e dá conta brevemente das bases para poder participar.

_____, “Manuel Murguía e Castelao protagonizan a Semana das Letras Galegas”, *Diario de Pontevedra*, 14 maio 2000, p. 31.

Coméntanse as máis salientábeis actividades promovidas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para celebrar o Día das Letras Galegas. Destácase a edición facsimilar do libro de Murguía *La primera luz* (1859), así como a publicación de diferentes estudios sobre este autor. Anúncianse, así mesmo, os diferentes agasallos que os libreiros ofrecerán no Día das Letras Galegas a aquelas persoas que merquen un libro en galego. Menciónase, ademais, a convocatoria do Premio de Investigación “Manuel Murguía e o seu tempo” da Universidade de Vigo. Finalmente, infórmase da celebración do Día das Letras Galegas na Casa de Galicia en Córdoba, na que se entregaron os galardóns aos gañadores do Xº Certame de poesía “Rosalía de Castro”.

_____, “Actividades das Letras Galegas en Seixo”, *Diario de Pontevedra*, “Marín”, 15 maio 2000, p.8.

Faise eco dos actos do Día das Letras Galegas de 2000 da parroquia de Seixo (Marín): un concerto da Coral Lembranzas, a entrega dos premios do VIIIº Concurso de contos e poesía do “Día das Letras Galegas” e un espectáculo teatral, *O vendedor de paxaros*, de Miro Magariños. Remata a información cunha invitación aos veciños da parroquia para que asistan ás actividades programadas.

_____, “La SCD Raxó celebró ayer el “Día das Letras Galegas”, *Diario de Pontevedra*, 15 maio 2000, p. 9.

Infórmase dos actos celebrados na localidade pontevedresa de Poio co gallo do Día das Letras Galegas. Aténdese, sobre todo, á lectura dunha conferencia sobre Murguía por parte de Carlos Baliñas Fernández, catedrático de Filosofía, e á entrega de galardóns aos gañadores do Premio “Xaime Isla Couto” nas súas distintintas modalidades.

_____, “Los colegios celebran las Letras Galegas con diversos actos”, *Diario de Pontevedra*, 16 maio 2000, p. 13.

Fálase dos diversos actos organizados en Marín para celebrar o Día das Letras Galegas. Princípiase atendendo aos festexos promovidos polos colexios A Laxe e Sequelo, entre os que se destaca a conferencia “Os poetas das nosas letras”, pronunciada polo escritor Xaquín Agulla Pizcueta, e a actuación do actor Manolo Solla. Remátase aludindo a outras actividades como a conferencia de Xosé Neira Cruz sobre Murguía, a entrega de premios aos gañadores do VIIº Concurso de contos e poesías das “Letras Galegas”, o concerto promovido polo grupo Ronsel e o Concello, e a exposición sobre a vida mariñeira no Liceo Casino de Marín.

_____, “El Museo dedica una muestra bibliográfica a Murguía”, *Diario de Pontevedra*, 20 maio 2000, p. 11.

Infórmase de que o Museo de Pontevedra, a fin de contribuír á difusión da figura de Murguía, expón os volumes da súa biblioteca relacionados con este autor. Entre as obras expostas, destácanse as edicións dalgúns dos seus escritos, os exemplares de publicacións periódicas en que colaborou, e os estudios sobre a súa vida e o seu labor.

Díaz, Antonio, “Milladoiro e o Deportivo, protagonistas nos actos de homenaxe a Manuel Murguía en Cataluña”, *Galicia en el Mundo*, nº 375, 5-11 xuño 2000, p. 19.

Informa dos actos conmemorativos que tiveron lugar baixo a organización da Federación de Entidades Culturais Galegas de Cataluña. Entre outras actividades salienta a conferencia impartida por Carlos Casares sobre a figura de Manuel Murguía. Ademais durante o acto sinala que tivo lugar a presentación da revista *Vento de Leste*, anuario que edita a Federación para conmemorar as Letras Galegas.

_____, “O Centro Galego de Barcelona rematou un mes adicado ás letras galegas”, *Galicia en el Mundo*, nº 376, “Sociedad”, 12-18 xullo 2000, p. 24.

Coméntanse os diversos actos organizados polo Centro Galego de Barcelona co gallo do Día das Letras Galegas. Así, dáse conta da celebración dun festival cultural e da presentación que Basilio Losada fixo da obra de Manuel Murguía. Asemade, saliéntase o coloquio sobre as “alternativas ás penas privativas da libertade” e a entrega dos diplomas dos cursos de iniciación e perfeccionamento da lingua galega. Finalmente, nárrase a fin dos actos conmemorativos coa xuntanza de coros galegos.

Díaz, Ignacio R., “Habrá teatro y ballet en Lugo por el Día das Letras Galegas”, *El Progreso*, 12 maio 2000, p. 74.

Noticia dos actos previstos para o día das Letras Galegas organizados pola Concellería de Cultura de Lugo. Entre eles, cítanse un paseo literario polas rúas que levan o nome de poetas, que se fai en colaboración co Ágora Cultural, e diversas representacións teatrais.

Domínguez Prieto, Xosé Manuel, “Virtudes no nacionalista enxebre: a magnanimidade”, *O Correo Galego*, “Lecer”,19 marzo 2000, p. 28.

Resalta as cualidades meritorias de Manuel Murguía, do cal admira a súa vontade infranqueábel para realizar proxectos difíciles, como o da Real Academia Galega. Subliña que o home de Rosalía non se detivo ante os obstáculos cos que topou, enfrontándose sen medo aos seus detractores, como aconteceu con J. M. Riguera. Conclúe afirmando que o estímulo principal para levar a cabo toda a súa obra foi a súa “paixón” por Galicia.

E. G., “A Feira do Libro de Tui inclúe treatro, poesía e música co gallo do Día das Letras Galegas”, *Faro de Vigo*, 16 maio 2000, p. 18.

Anúncianse os actos promovidos polo Concello de Tui para celebrar o Día das Letras Galegas. En primero lugar, aténdese á Feira do Libro tudense, destacando que, nesta edición, atinxirá un número de librerías e editoriais asistentes maior do acostumado nas anteriores. Seguidamente, e xa para rematar, refírense aos recitais e actuacións musicais e teatrais que terán lugar, atribuíndolles o papel máis relevante aos grupos das terras do Baixo Miño.

E. P., “A Xunta delcara o 2000 como Ano de Manuel Murguía”, *El Correo Gallego*, 8 xaneiro 2000, p. 74.

Informa de que o 2000 será o ano de Manuel Murguía, por decreto da Xunta de Galicia, ao cal a Real Academia Galega dedicará o Día das Letras Galegas. Ademais, lembra sucintamente a polifacética vida do home de Rosalía de Castro, salientando o seu traballo a prol de Galicia.

_____, “Celso Currás participa na Casa de Galicia en Córdoba nun acto para conmemora-lo Día das Letras Galegas”, *El Correo Gallego*, 14 maio 2000, p. 75.

Comeza informando da presencia do conselleiro Celso Currás nun acto conmemorativo do Día das Letras Galegas na Casa de Galicia de Córdoba no que estivo presente a alcaldesa da cidade. Nese acto se entregaron os premios aos gañadores do Xº Certame de poesía de “Rosalía de Castro”, e se presentou un novo número da revista *Airiños*. A seguir, comenta a intervención de Celso Currás, na que lembrou a traxectoria do Día das Letras Galegas e falou da importancia da lingua como “ente diferenciador”, citando a Murguía. Finalmente, o artigo remata dando noticia das actividades programadas pola Casa de Galicia en Madrid para o Día das Letras, entre as que salienta unha conferencia de Francisco Antonio Vidal Blanco sobre Manuel Murguía.

_____, “Barreiro sitúa a Murguía coma ‘un dos grandes antecedentes do nacionalismo”, *El Correo Gallego*, 16 maio 2000, p. 75.

Infórmase da presentación, organizada co gallo do Día das Letras Galegas polo Consello da Cultura Galega, dunha edición facsimilar de *Los trovadores gallegos* (1905), de Manuel Murguía. Prestáselle atención preferente ao discurso pronunciado neste acto polo historiador e académico Xosé Ramón Barreiro Fernández, prologuista do facsímile. Así, citando a este autor, coméntase a idea de que o nacionalismo actual é herdeiro do rexionalismo murguián. Tamén se recolle a afirmación de que Murguía desempeña un papel decisivo no coñecemento da cultura galega dos séculos XIII-XIV.

_____, “Gala Murguía de Castro en 1951”, *Diario de Pontevedra*, 18 xullo 2000, p. 61.

Comeza anunciando a iniciativa do xornal de regalar aos seus lectores o vídeo dun documental galeguista grabado no ano 1951, durante unha homenaxe a Rosalía de Castro. A seguir, dá conta dalgúns dos asistentes ao acto, entre os que destaca a presencia de Gala Murguía, única supervivinte do matrimonio entre Rosalía e Manuel Murguía. Tamén relata a continuación da homenaxe na igrexa de San Domingos en Santiago, nomeando novamente aos presentes máis ilustres. Cara ao remate, resume o destino dos fillos de Rosalía e Murguía e, finalmente, fálase da relación entre o académico Juan Naya e os descendentes de Rosalía.

Estévez, A., “Murguía, que hai de novo do pequeno home de grande chapeu?”, *A Nosa Terra*, nº 934, “Guieiro Cultural”, 11 maio 2000, p. 33.

Dáse conta das diferentes obras publicadas neste ano coas que se lle rende homenaxe a Manuel Murguía. Así, infórmase da edición dalgúns escritos do propio autor como son a novela *Dende o ceo*, algúns dos seus artigos publicados en xornais, ou parte da súa correspondencia. Cítanse, ademais, estudios sobre a figura deste autor como o de Belén Fortes *Manuel Murguía e a cultura galega*, o de Julio Estrada Nérida *Manuel Murguía. Director del Archivo de Simancas* e o coordinado por Henrique Rabuñal *Manuel Murguía e Arteixo*. Menciónanse, por último, as distintas biografías que se están publicando nestas datas sobre o autor homenaxeado.

_____, “Murguía pasea desde A Mariña até Tui”, *A Nosa Terra*, nº 936, “Sociedade”, 25 maio 2000, p. 15.

Recolle a información das actividades máis salientábeis realizadas co gallo das Letras Galegas adicadas a Manuel Murguía, arredor de toda a xeografía galega. Comezando co paseo literario de Lugo, atravesa Viveiro, Burela, Chantada, Monterroso, Tui, Pontevedra, Mos e Mondariz. Menciona tamén a noticia do agasallo de Renfe aos seus viaxeiros coa novela de Murguía, *Dende o ceo*. Por outra banda, fai referencia aos actos do 17 de maio nos que se atoparon académicos da lingua e políticos, así como a presentación do boletín da Academia sobre a figura de Manuel Murguía.

Estévez, Eduardo, “Un libro sobre Murguía, de Antonio Durán, presentouse onte na sede da Real Academia Galega”, *O Correo Galego*, “AFA”, 29 abril 2000, p. 30.

Infórmase da presentación na sede da Real Academia Galega da obra *A loita pola vida (1833-1923). Conflictos e tenruras de Manuel Murguía* (1999), de José Antonio Durán, patrocinada pola Fundación “Caixa Galicia”. Comézase louvando as anteriores publicacións de Durán por permitir recuperar textos descoñecidos de Murguía. A continuación, a atención céntrase no novo estudio deste autor. Esta obra valórase positivamente por situar no seu contexto histórico ao escritor arteixán. Estímase tamén o exame das estancias de Murguía en Madrid por permitir que coñezamos a súa formación. Afírmase, en conclusión, que o traballo constitúe un fito nos estudios sobre o autor homenaxeado e sobre a xénese do galeguismo.

Ezequiel, “Antonio, Felipe y otros lópeces”, *El Ideal Gallego*, “Gente y noticia”, 7 agosto 2000, p.15.

A maior parte do artigo fala da figura de Antonio Erias, vicepresidente da Deputación Provincial da Coruña e decano da Facultade de Económicas da Universidade da Coruña, a través dos ollos duns xornalistas arxentinos. A seguir, dá noticia dunha mesa redonda sobre o tema “Manuel Murguía e A Coruña” na que participarán Felipe Senén, Henrique Rabuñal e Francisco A. Vidal, dentro dos actos programados para a Feira do Libro. Para rematar, salienta a Felipe Senén como o “intelectual vivo que máis sabe” sobre Murguía, debido á súa amizade con Juan Naya Pérez, antigo cronista oficial da cidade e bo coñecedor da vida do matrimonio Murguía-Castro.

Fernández Fernández, Ruth, “Manuel Murguía”, *El Progreso*, “Cartas al director”, 10 abril 2000, p. 8.

Neste repaso pola traxectoria intelectual de Manuel Murguía. Saliéntase que o arteixán desempeñase un papel crucial no Rexurdimento, dado, por unha banda, que lle suxeriu á súa dona a composición e a publicación de *Cantares Gallegos* (1863), e, por outra banda, que lle descubriu a Pondal os poemas de Macpherson. Baseándose nestes feitos pídese que, malia que adoitase escribir en castelán, sexa considerado pai do galeguismo.

Forján, Emilio, “Brión celebra su Feira do Libro con la colaboración de Follas Novas y del Museo Etnográfico”, *La Voz de Galicia*, 14 maio 2000, p. 51.

Refírense aos actos que se realizarán en Brión para celebrar o Día das Letras Galegas. Destácase a celebración da Feira do Libro na Casa da Cultura adicada este ano os antigos oficios deste municipio. Seguidamente, menciónanse outros elementos do programa de festas: a entrega de premios aos gañadores do certame literario e artístico organizado pola Asociación de Pais do colexio de Pedrouzos, as actuacións do grupo de títeres Trompicallo e do contacontos Cándido Pazó, e a realización de actividades deportivas.

Forxán, E. “Miguel Anxo Prado abre en Brión os actos do Mes das Letras Galegas”, *La Voz de Galicia*, 10 maio 2000, p. 50.

Dá noticia da inauguración do Mes das Letras Galegas no Concello de Brión cunha charla-coloquio de Miguel Anxo Prado. Ademais, adianta parte dos actos que están previstos para ese mes cultural, salientando as exposicións sobre Castelao.

Franco, Cristina, “Los investigadores afirman que el galleguismo germinó con Murguía”, *El Ideal Gallego*, “María Pita 2000”, 8 agosto 2000, p. 18.

Informáse do faladoiro celebrado nos xardíns de Méndez Nuñez sobre a figura de Manuel Murguía e a súa relación coa Coruña. Resáltanse as verbas de Felipe Senén nas que salienta o descoñecemento do labor do escritor arteixán como xerme do galeguismo. Tamén se menciona a relevancia do papel de Manuel Murguía como historiador, sinalada no seu discurso por Henrique Rabuñal. Finalmente, destácase a estreita vinculación do autor arteixán coa cidade herculina.

Franco, F., “Barreiro: ‘Murguía foi o primeiro constructor do edificio da nosa identidade”, *Faro de Vigo*, 16 maio 2000, p. 48.

Fálase dos contidos máis salientábeis do coloquio organizado polo club Faro, “Manuel Murguía e a construcción de Galicia”, no que tomaron parte Manuel Bragado, Francisco Fernández del Riego, Xosé Luís Axeitos e Xosé Ramón Barreiro. Dáse breve noticia do asunto dos discursos pronunciados nese acto. Así, indícase que Fernández del Riego esbozou unha biografía do homenaxeado e que Axeitos e Barreiro destacaron a idea de que a obra de Murguía responde á intención de defender o feito diferencial galego.

GM, “Galicia homenaxea a figura de Manuel Murguía, algo máis que o home de Rosalía”, *Galicia en el Mundo*, nº 372, “Galicia”, 15-21 maio 2000, p. 10.

Saliéntase a vinculación de Rosalía de Castro e de Manuel Murguía coa celebración do Día das Letras Galegas. Tamén se fai referencia á infancia, xuventude e primeiros traballos xornalísticos do autor arteixán. Asemade, destácase a faceta literaria e histórica de Murguía. Por último, sinálase a radicalización das posturas rexionalistas deste historiador trala morte da súa dona.

_____, “Del Riego define a Murguía como ‘un dinamizador e orientador da conciencia”, *Galicia en el Mundo*, nº 373, “Galicia”, 22-28 maio 2000, p. 9.

Destácase a celebración do Día das Letras Galegas no Paraninfo da Universidade da Coruña. Así, coméntanse as opinións de Francisco Fernández del Riego, Antón Santamaría, Franco Grande e Xosé Ramón Barreiro sobre a figura e a relevancia do pensamento de Manuel Murguía. Dáse conta, ademais, das ofrendas florais ao busto do autor arteixán e da entrega de premios no concurso de narración que leva o nome deste historiador. Asemade, infórmase das mobilizacións levadas a cabo pola Mesa da Normalización Lingüística para reivindicar unha maior presencia do galego nos medios de comunicación.

_____, “Los gallegos del exterior homenajean a Manuel Murguía en el Día de las Letras Gallegas”, *Galicia en el Mundo*, nº 374, 29 maio-4 xuño 2000, p. 19.

Dáse conta dos diferentes actos celebrados en distintos países por mor do Día das Letras Galegas. Así, menciónanse as conferencias de Mónica Rebolo, Carlos Zubillaga Barrera, María José Lojo celebradas en Uruguay. Tamén se fai referencia á celebración dun recital de María Inés Cuadradro e á intervención de Pedro Beltrán Caselles no teatro de Castelao na Arxentina. Saliéntase, ademais, a escaseza de público nos actos celebrados na Habana e nos que falaron Irene del Río e Ana Cabana. Por último, infórmase dos actos levados a cabo na Casa de Galicia en Madrid e no Centro Gallego de Andorra.

_____, “El Centro Gallego de Mallorca dedicó una semana a difundir las letras gallegas”, *Galicia en el Mundo*, nº 375, “Sociedad”, 5-11 xuño 2000, p. 19.

Alude aos actos celebrados no Centro Gallego de Mallorca co gallo do Día das Letras Galegas. Así, menciónanse diversas actuacións musicais e exposicións de cadros. Tamén se fai referencia aos intentos feitos por difundir a gastronomía, o turismo e o Camiño de Santiago. Asemade, sinálase que un dos días estivo adicado á figura de Manuel Murguía, contando coa participación de Otilia Seijas que reflexionou sobre a vida e a obra do autor arteixán.

García, Rodri, “Manuel Murguía protagoniza as novidades editoriais galegas”, *La Voz de Galicia*, 23 abril 2000, p. 60.

Sinala, en primeiro lugar, que o Día do Libro case non se celebra en Galicia, aínda que di que a Asociación de Libreiros vai aproveitar esta data para lanzar unha chamada de atención á sociedade co fin de que se promova máis a lectura. Por outra banda, apunta que as novas publicacións das editoriais galegas se centraron no estudio da figura e obra de Manuel Murguía, posto que vai ser o homenaxeado o Día das Letras Galegas. Así, destaca libros publicados no 2000 como *Manuel Murguía. Vida e obra*, de X. R. Barreiro e X. L. Axeitos; ou *A vida de Manuel Murguía*, de X. Rábade Paredes. Alude tamén aos últimos números da colección “Os Minilibros” de Galaxia, entre eles, *O Catecismo do labrego*, de Lamas Carvajal ou a obra *O Carreiro. Memorias do Tío Santos*, de Narciso Luaces Pardo.

Iglesias, Óscar, “Académicos e políticos glosan a figura de Murguía no Día das Letras Galegas”, *El Mundo. Galicia*, 18 maio 2000, p. 3.

Dáse noticia das máis salientábeis celebracións do Día das Letras Galegas. Menciónanse a entrega de galardóns a Xosé Carlos Caneiro e Xosé Luís Vázquez Somoza, gañadores do certame literario Manuel Murguía, e a Pura Vázquez, gañadora do Premio das Letras e das Artes de Galicia. Destácase tamén a sesión extraordinaria da Real Academia Galega no paraninfo da Universidade da Coruña. Reprodúcense fragmentos dos discursos que neste acto pronunciaron Antón Santamarina, Xosé Luís Franco Grande e Xosé Ramón Barreiro. Para rematar, infórmase da manifestación convocada pola Mesa pola Normalización Lingüística para reclamar unha maior presencia do galego nos medios de comunicación.

L. C., “Alonso Montero cree que Murguía no utilizaba el gallego por falta de valentía”, *El Ideal Gallego*, “Área Metropolitana”, 27 maio 2000, p. 21.

Recóllense as opinións verquidas por distintos persoeiros no Congreso sobre Murguía de Arteixo. Deste xeito, reprodúcense as verbas de Alonso Montero que desmitifican ao autor arteixán. Tamén se inclúe a opinión de Xosé Luís Forneiro sobre a recollida de romances por parte do Patriarca, así como as reflexións de Antonio Ponte Far sobre a relación de Murguía e Torrente Ballester. Finalmente, menciónanse as conferencias e os actos que pecharán este Congreso.

LR, “Educación achega a laboura de Murguía e de Castelao a todo-los centros escolares galegos”/“Murguía e Castelao en todo-los centros escolares”, *La Región*/*Atlántico Diario*, 14 maio 2000, p. 37/p. 23.

Aténdese sobre todo ao material publicado pola Consellería de Educación co gallo do Día das Letras Galegas. Comézase aludindo aos cartaces debuxados polo caricaturista Siro López e á publicación dunha edición facsimilar de *La primera luz* (1859). Menciónanse tamén outros títulos de edicións promovidas por diferentes institucións. Seguidamente, anúnciase a convocatoria do Premio de investigación “Manuel Murguía e o seu tempo”. Por último, recórdase que a Real Academia Galega comezou a celebrar o Día das Letras Galegas en 1963, seguindo a proposta do actual presidente da institución, F. Fernández del Riego.

_____, “Ourense: Entre libros, recitais e concertos”, *La Región*, “Días das letras”, 18 maio 2000, p. 65.

Coméntanse as actividades levadas a cabo en Ourense para celebrar o Día das Letras Galegas. Así, menciónase a venda de libros na rúa do Paseo, a actuación do grupo musical Camerata Meiga, a entrega de libros sobre Murguía ás asociacións de veciños, a lectura pública de obras do homenaxeado e a nova edición do roteiro de *A Esmorga*. Dáse conta tamén dos actos celebrados en Xinzo da Limia, Vilardevós, Celanova, Rubiá e Maceda. Laméntase, finalmente, que as celebracións non vaian acompañadas dun maior compromiso coa cultura galega en xeral e co galego en particular.

Llorca Freire, Guillermo, “Ferroláns na obra de Manuel Murguía”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, 21 maio 2000, pp. 2-3.

Reflexiónase sobre a presencia de diversos persoeiros ferroláns na obra de Manuel Murguía. Así, fálase do distanciamento na relación deste autor con Benito Vicetto. Cítase, ademais, un breve fragmento dun artigo no que Murguía eloxia ao poeta Alberto Camino. Tamén se menciona a colaboración de Víctor López Seoane nun dos volumes da *Historia de Galicia*, do autor arteixán. Finalmente, faise referencia á relación de amizade existente entre Murguía e outros dous persoeiros ferroláns: o debuxante Fontenla Leal e o pintor Pérez Villaamil.

López, A. R., Rosa **Navia** e Soedade **Noia**, “A resaca do 17-m”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 314, 18 maio 2000, 8 pp.

Suplemento dedicado ao día despois das Letras Galegas no que se comeza reproducindo un fragmento de *Escritos en galego*, de Manuel Murguía no que fala sobre a importancia da lingua e da literatura galegas coa esperanza da súa plena recuperación. A seguir, e baixo o título “De resaca do 17-m”, recóllense as opinións de numerosas persoas, pertencentes aos máis diversos sectores da sociedade galega, dende críticos, escritores, parados, amas de casa ou políticos. Todos eles responde a cómo chegaron á figura de Murguía e cal é o significado do Día das Letras Galegas, sendo a resposta maioritaria que coñeceron a Murguía como consorte de Rosalía e que este día ten moita importancia para a cultura, pero pode converterse nunha efeméride baleira de significado, polo que debería ser un día laborábel. Entre os escritores e críticos consultados están Bieito Iglesias, Manuel Bouzas, Xavier Queipo, Roberto Salgueiro, Xavier Cordal ou Vicente Araguas. Tamén inclúe un artigo asinado de Lupe Gómez que describimos a continuación.

-Lupe Gómez, “Desfacer o pasado morto”, p. 8.

Salienta da figura de Manuel Murguía a elegancia e o galeguismo, así como o feito de que nos axude a entender o tempo actual dende a súa visión pasada para acadar un país libre e autónomo. Reflexiona sobre a

utilidade do Día das Letras Galegas que antes lle parecía absurdo, pero que agora pensa que malia non axudar moito no espertar como pobo, axuda na edición, estudio e coñecemento da obra dun persoeiro, ademais de achegalo aos nenos a través de actividades escolares. Finalmente, conclúe que aqueles que amaron Galicia e a súa cultura merecen a homenaxe deste Día.

Lorenzo, Ana, “Arteixo inicia la celebración del año de Murguía con una exposición”, *La Voz de Galicia*, 26 febreiro 2000, p. 89.

Céntrase na inauguración da exposición “Instantes dunha vida. Manuel Murguía”, acto inicial do programa de actividades conmemorativas “Arteixo 2000”. Destácase que, durante a cerimonia, Xosé Ramón Barreiro presentou unha edición facsimilar de *Galicia* (1888), publicada mercede á colaboración do Concello de Arteixo e de Edicións Xerais. Tamén se anuncian algunhas solemnidades que terán lugar nos meses seguintes como a reunión dun congreso sobre o historiador arteixán, a elaboración polos colexios do concello dunha guía didáctica sobre Murguía, a celebración dunha feira do libro e a convocatoria do primeiro Certame etnográfico de vídeo e fotografía “Manuel Murguía”.

M. C., “Santiago celebrou o 17 de Maio cunha serie de actos en defensa da lingua”, *La Voz de Galicia*, “Día das Letras Galegas”, 18 maio 2000, p. 50.

Princípiase mencionando a marcha ciclista ao Panteón de Galegos Ilustres organizada polo Concello e o colexio La Salle para reclamar unha maior presencia do galego na vida pública. Saliéntase o compromiso coa lingua que o escritor Bieito Iglesias pedía á chegada dos ciclistas a Bonaval. Remátase facendo referencia a outras actividades celebradas nestas datas como a entrega de libros sobre Murguía por parte de librerías e empresas de transporte, a realización dunha montaxe teatral sobre a vida ou o labor artístico de Castelao, entre outras.

M. D. G., “Entre a realidade e o mito”, *El Correo Gallego*, “Sociedade-Cultura”, 10 agosto 2000, p. 75.

Saliéntase a importancia do celtismo no século XIX como cimentador dun pasado común para os galegos. Tamén se destaca o rexeitamento destas ideas a partires dos anos 30 do século XX. Asemade, coméntase o rexurdimento, nos últimos anos, do celtismo vinculado non xa ás ideas políticas, senón ao fornecemento do mito. Saliéntase, ademais, o papel que xogou Manuel Murguía na aparición e consolidación do celtismo. Por último, resáltase a “influencia castrexa en Galicia” ao longo de todos estes anos.

Mallo, Albino, “María Ocampo e Ponte Far fan máis accesible a Manuel Murguía para os rapaces cunha unidade didáctica sobre a figura do historiador”/“Edítase unha unidade didáctica sobre Murguía”, *O Correo Galego,* “AFA”/*El Correo Gallego*, 2 marzo 2000, p. 54/p. 75.

Dáse conta da publicación dunha unidade didáctica sobre Murguía, escrita por María Ocampo Vigo e revisada por Xosé Antonio Ponte Far. En primeiro lugar, destácase a polivalencia da unidade, apta para ser empregada tanto nas clases de Literatura coma de Historia. En segundo lugar, sublíñase que con esta obra se pretende contribuír a mellorar a destreza dos estudiantes no emprego do galego, así como a estimular a súa reflexión sobre aspectos, históricos, sociais, literarios, etc., da realidade circundante. Finalmente, apúntase a rica ilustración da obra, así como o seu achegamento, conforme á orde cronolóxica, á vida e á obra do arteixán.

Martínez-Risco, Luís, “Murguía e a Xeración Nós”, *La Voz de Galicia*, “Reflexións”, 17 maio 2000, p. 5.

O articulista, que recoñece a ausencia dun vínculo estreito entre Murguía e a cidade de Ourense, considera que o pensamento do homenaxeado deixou unha fonda pegada no de intelectuais ourensáns como Risco, Cuevillas e Otero Pedrayo. Para demostrar a existencia desa pegada, procede a indicar dous trazos comúns ao pensamento do polígrafo arteixán e aos da cidade das Burgas: a pervivencia do celtismo de Murguía en toda a Xeración “Nós” e a concepción de Portugal como prolongación de Galicia. Remata subliñando a importancia do labor de Murguía na constitución do ideario galeguista.

Pérez, Teresa, “Una revista de Murguía para Galicia”, *El Ideal Gallego*, “Curiosidades del Archivo”, 13 maio 2000, p. 24.

Destácase a existencia no arquivo das Mariñas da revista *La patria Gallega*. Tamén se dá conta do contido desta publicación, na que aparecen varios artigos de Manuel Murguía, e infórmase de que recolle o discurso que o autor arteixán pronunciou nos Xogos Florais de Tui de 1891. Faise fincapé en que esta foi a primeira vez que Murguía falou galego en público e, finalmente, recóllense outras curiosidades como o prezo da revista e o tipo de anuncios que nela se incluían.

_____, “La comarca vive con gran intensidad los actos del Día das Letras Galegas”, *El Ideal Gallego*, 17 maio 2000, p. 22.

Coméntanse os festexos organizados nos concellos da comarca das Mariñas co gallo do Día das Letras Galegas. Así, infórmase das celebracións levadas a cabo en Betanzos, Miño, Bergondo, Abegondo, Paderne e Sada. Préstase especial atención ás actividades que terán lugar en Arteixo, terra natal de Murguía. Saliéntase que os membros da Real Academia Galega farán unha ofrenda floral ao homenaxeado neste concello. Faise referencia tamén a que Carlos Casares será o encargado de entregar o premio ao gañador do Certame de narracións breves “Manuel Murguía”.

Pousa, Luís, “El celtismo no es cuestión de gaitas, sino de raza”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, 2 abril 2000, p. 5.

Imaxinando unha entrevista cunha estatua de Manuel Murguía, pregúntalle sobre as doses de fantasía que contén a súa historia de Galicia, facendo que o autor homenaxeado afirme que a historia necesita sempre dun pouco de “literatura”. Ofrece tamén unha descrición do xornalismo actual dende a suposta perspectiva de Murguía. Finalmente, faille recoñecer que Rosalía de Castro era mellor escritora ca el.

Profesor Zoncho, “Don Manuel Murguía”, *La Voz de Galicia*, “Xatentendo.com”, 24 xuño 2000, p. 12.

Incídese nos motivos que levaron á RAG a adicarlle o Día das Letras Galegas á figura e á obra de Manuel Murguía. Tamén se comenta o mal carácter que tiña o autor arteixán, así como algúns aspectos da súa relación con Rosalía de Castro.

R. G., “Unha semente que florece”, *La Voz de Galicia*, “Día das Letras Galegas”, 18 maio 2000, p. 75.

Infórmase dalgunhas das actividades levadas a cabo co gallo do Día das Letras Galegas. Comézase describindo a ofrenda floral promovida por diversas autoridades políticas e pola Real Academia Galega, que se fixo na Coruña ante un busto de Manuel Murguía. Menciónanse tamén outras ofrendas celebradas no cemiterio coruñés de Santo Amaro, lugar no que xace o homenaxeado, e na parroquia arteixá de Oseiro, terra natal do escritor. Remátase o artigo aludindo ás manifestacións en prol do galego que se desenvolveron en Santiago de Compostela.

R. R., “Teatro, música e literatura danse a man nos actos do IEV en Rubiá”, *La Voz de Galicia*, 17 maio 2000, p. 14.

Princípiase informando dos actos organizados polo Instituto de Estudios Valdeorreses para celebrar o Día das Letras Galegas. Entre todos os actos aténdese, principalmente, á actuación do cantautor Anxo Rei. Coméntase tamén a maratón de lectura organizada pola librería valdeorresa Praxis. Menciónanse, para rematar, a exposición e as actuacións de Candea que terán lugar en Viana do Bolo.

Rivas Vázquez, “O colexio de Láncara festexa o venres as Letras Galegas con actos diversos”, *El Progreso*, 17 maio 2000, p. 17.

Expóñense a serie de actividades que se levarán a cabo no colexio Ramón Piñeiro de Láncara para celebrar o Día das Letras Galegas. Así, menciónase a lectura dunha conferencia sobre Murguía por María Montes, as actuacións de grupos de música e baile galegos, a recitación de poemas ou a escenificación de contos populares. Infórmase, ademais, da publicación dun número especial da revista do centro, referindo os seus contidos, non circunscritos ao tratamento da vida e obra do homenaxeado.

Rodríguez Maneiro, “Jornadas de Cultura Gallega”, *El Ideal Gallego*, “Pluma del día”, 13 xullo 2000, p. 12.

Saliéntase a celebración das XVI[as] Xornadas da Cultura Galega arredor da figura de Manuel Murguía. Deste xeito, infórmase de que o primeiro día estarán presentes Manuel María de Artaza Montero, Fernando Ignacio González Laxe –que reflexionará sobre a faceta política de Murguía– e Rodríguez Maneiro –que destacará a actualidade deste autor. O segundo día falarán José Ramón Pousa Estévez –sobre o xornalismo do autor arteixán–, Isaac Díaz Pardo –sobre o seu nacionalismo– e Manuel Mourelle de Lema –sobre a literatura deste historiador.

Soaz, Lluisa, “Manuel Murguía, ‘protestón periférico”, *A Nosa Terra*, nº 937, “Guieiro cultural”, 1 abril 2000, p. 34.

Escribe Lluisa Soaz, profesora de lingua catalana, contra un texto aparecido no *Semanal* do xornal *La Voz de Galicia*, asinado polo novelista español Javier Marías. Tras acudir a citas textuais do artigo, no que Marías chama “protestóns periféricos” aos académicos das linguas galega, catalana e vasca, a profesora catalana cualifica a actitude “dunha pluma insigne da intelectualidade españoleira” como “fruto dun proceso dixestivo defectuoso”. Compara a Javier Marías co escritor decimonónico Juan Valera, quen mantivo unha agre polémica verbo de semellantes temas con Manuel Murguía, segundo Soaz tamén “protestón periférico”. Asemade, lembra que Murguía é a figura celebrada no Días das Letras Galegas do 2000. Finalmente, comenta Lluisa Soaz o agromar da cultura e política galegas gracias a traduccións ao inglés e ao xaponés de Rosalía e Castelao e a presencia no Parlamento europeo.

Suárez, M. Carmen, “Concellos e asociacións preparan diversos actos co motivo das Letras Galegas”, *O Norte*, nº 140, “Terras de Soneira”, 1ª quincena maio 2000, p. 46.

Infórmase dos numerosos actos que se celebran en Baio por mor do Día das Letras Galegas. Así, destácase a reivindicación da figura de Labarda Pose para que lle adiquen o próximo ano o Día das Letras Galegas. Tamén se sinalan as conferencias, representacións teatrais e entrega de premios literarios que se están facendo nestas datas. Asemade, saliéntanse os diversos actos que se celebrarán en Muxía e Dumbría. Finalmente, coméntanse as celebracións dos concellos de Cee, Corcubión e Fisterra, e da Asociación Deportiva Xuvenil “Arecrís”.

Valcárcel, Marcos, “Os amigos ourensáns de Murguía”, *La Voz de Galicia*, “O achegamento”, 17 maio 2000, p. 8.

Despois de gabar a Manuel Murguía, que considera fundador do galeguismo, o articulista examina as relacións do polígrafo arteixán coa provincia de Ourense. En primeiro lugar, sinala a presencia na súa obra de diversos lugares desta provincia, como son San Estebo de Ribas do Sil, San Pedro de Rocas ou a Lagoa de Antela. Apunta, en segundo lugar, que gozou da amizade de numerosos ourensáns ilustres, como Eduardo Chao, Curros Enríquez e Saco y Arce. Finalmente, salienta a admiración por Murguía que sentiron os intelectuais da cidade das Burgas que constituíron a cerna da Xeración “Nós”: Risco, Otero Pedrayo e Cuevillas.

Vázquez Souza, Ernesto, “Wenceslao Fernández Flórez entrevista a Manuel Murguía”, *A Nosa Terra*, “Guieiro Cultural”, 9 marzo 2000, pp. 30-31.

Reproduce unha entrevista de Wenceslao Fernández Flórez a Manuel Murguía. Contextualízanse antes as palabras do autor arteixán facendo un breve repaso da súa vida dende 1868. Así, coméntanse tanto os diferentes cargos que desempeñou nestes anos, como a súa etapa de cesante. Ofrecénse, ademais, datos sobre a publicación da súa *Historia de Galicia*. Xa na entrevista cítanse as palabras de Murguía nas que se refire ao seu abandono da carreira de farmacia. Menciónase tamén o preto que estivo de converterse en novelista e non en historiador. Finalmente, pregúntaselle sobre o seu achegamento á política, e sobre o seu labor tanto na *Historia de Galicia* como no proxecto *Diccionario de Escritores Galegos* (1862).

Vidal, Francisco Antonio, “A amizade dos Chao”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 9 xaneiro 2000, p. 29.

Saliéntase a amizade que uniu a Manuel Murguía con distintos membros da familia Chao: Xosé María, os seus fillos Eduardo e Alexandre, e o cuñado destes, Xoán Compañel. Menciónanse as diferentes empresas editoriais levadas a cabo por esta familia tanto en Galicia coma na emigración cubana. Faise especial fincapé na constante participación que nelas tivo o autor homenaxeado. Remátase mencionando a ruptura silenciosa que terminou por separar a Murguía desta familia.

_____, “O rexionalismo”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 23 xaneiro 2000, p. 29.

Sinálase o ambiente do romanticismo que Murguía coñeceu durante a súa infancia e a súa mocidade. Considérase que o romanticismo deste autor “non era o dun soñador durmido, senón o dun activista”. Menciónanse tamén algunhas das publicacións nas que se pode ver o seu compromiso coas ideas galeguistas. O traballo *El Regionalismo Gallego* preséntase como o “máximo expoñente do seu pensamento galeguista”. Faise referencia, por último, ao seu labor como Patriarca e mestre do movemento rexionalista.

_____, “Na morte de Rosalía”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 30 xaneiro 2000, p. 29.

Coméntanse distintos acontecementos da vida de Manuel Murguía a partir de 1870, ano no que é nomeado xefe do Arquivo Xeral de Galicia. Infórmase da actividade que como escritor e historiador leva a cabo neses anos. Faise especial fincapé na situación familiar á que tivo que enfrontarse coa morte da súa muller. Remátase o artigo ofrecendo certos detalles sobre o traslado dos restos de Rosalía de Castro ao Panteón de Galegos Ilustres.

_____, “A Historia de Galicia”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 6 febreiro 2000, p. 29.

Preséntase a *Historia de Galicia* como a obra de maiores pretensións de Manuel Murguía. Descríbese o proceso de recollida de datos que o autor arteixán emprendeu dende moi novo. Fálase tamén da rivalidade que, por mor deste proxecto, separou a Murguía de Benito Vicetto. Afírmase, ademais, que o propósito central da obra é o de amosar as peculiaridades do pobo galego. Sinálase, finalmente, que nalgúns casos “a vea romántica vence á científica”, circunstancia que, segundo se di no artigo, non impide que se poida facer unha valoración positiva da obra de Murguía.

_____, “A polémica de Murguía con Juan Valera sobre Galicia”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 12 marzo 2000, p. 29.

Refírese á polémica que en 1896 enfrontou a Juan Valera e a Manuel Murguía, polo que, en primeiro lugar, alude ao artigo que sobre as literaturas rexionais publica o autor sevillano na *Revista Crítica*. Coméntase, a continuación, a resposta de Murguía cun artigo que se publica no xornal *La Voz de Galicia*. Saliéntase a defensa que, tanto da lingua coma da literatura galega, fai este autor. Sinálase, ademais, que os ataques de Murguía non están só dirixidos a Juan Valera, senón tamén á escritora coruñesa Emilia Pardo Bazán. Finalmente, lóuvase a decidida defensa que o autor arteixán fai do galego.

_____, “Contas axustadas...”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 19 marzo 2000, p. 29.

Resúmense os artigos publicados por Murguía no xornal *La Voz de Galicia* entre o 20 de outubro e o 27 de decembro de 1896. Considéranse estes textos como “o cume da polémica”, que enfrontou a este autor con dona Emilia Pardo Bazán, e lémbranse algunhas das acusacións que Murguía dirixiu á escritora coruñesa. Sinálase, por último, o feito de que as diferencias entre estes dous autores non se resolvesen nunca. Foron as súas fillas, segundo se di no artigo, as que puxeron paz entre as dúas familias.

_____, “Os galegos da Habana”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 26 marzo 2000, p. 29.

Sinálase a semellanza de ideas e intereses existente entre Manuel Murguía e os galegos emigrados na Habana. Así, coméntase a boa acollida que as propostas do Patriarca tiñan nos homes que estaban na illa caribeña. Faise referencia tamén á amizade que unía ao autor arteixán con algúns dos emigrantes. Menciónase, finalmente, o nacemento da Real Academia Galega e a influencia que neste feito tiveron Fontenla Leal, Curros Enríquez e o propio Murguía.

_____, “Pondal, poeta e epopea”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 2 abril 2000, p. 29.

Lémbrase a amizade que uniu a Eduardo Pondal con Manuel Murguía. Repásanse distintos momentos da súa mocidade, resaltando aqueles intres que serviron para iniciar a súa amizade e sinálanse os eloxios que Murguía adica a Pondal por escribir en galego. Coméntase, ademais, o feito de que o poeta de Ponteceso lle entrégase a Murguía, pouco antes de morrer, escritos sen publicar entre os que se atopaba o poema épico *Os Eoas*. Saliéntase, finalmente, o agarimo que amosa o discurso “Pondal e a súa obra” escrito por Murguía trala morte do seu amigo.

_____, “Unha vida en prosa”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 9 abril 2000, p. 29.

Comeza sinalando o interese inicial de Murguía pola poesía con composicións que publicaba en *La Oliva* e entre as que se atopa a primeira que escribe en galego “A nena das soledades”, así como a de tema histórico “Ildaura do Caurel” ou o seu soneto a Pardo de Cela. Tamén apunta a posibilidade de que renunciara a escribir poesía cando coñeceu a Rosalía e decidira entón especializarse en prosa. Céntrase, a seguir, nas composicións que anos despois publica na obra *En prosa* de 1895, ano no que escribe o prólogo de *Femeninas* de Valle-Inclán e momento de máximo auxe da súa influencia no panorama cultural galego. Desta obra destaca o gran coñecemento que demostra das vangardas e da nova literatura, ademais de apuntar algúns dos variados temas que toca, entre eles o amor ou o recordo latente de Rosalía.

_____, “A fundación da Academia”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 23 abril 2000, p. 21.

Refire o longo e lento proceso de constitución dunha institución normativizadora do galego. Comeza sinalando que os intelectuais galegos do derradeiro tercio do século XIX eran conscientes da necesidade dunha gramática e dun diccionario galegos. Describe, a continuación, como tales proxectos se fixeron, xa no século XX, realidade. Indica que Curros Enríquez, esporeado polas verbas de Murguía nun artigo, fundou na Habana, en 1905, a Asociación Iniciadora y Protectora de la Academia Gallega. Remata evocando a sesión inaugural da Academia: o programa, os persoeiros asistentes ou a ausencia de Murguía e Pardo Bazán.

_____, “Xubilado sen soldo”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 30 abril 2000, p. 21.

Fálase das penurias económicas que trala morte de Rosalía de Castro sofre Manuel Murguía e toda a súa familia. Saliéntanse, a este respecto, a súa etapa de cesante, así como a súa forzosa xubilación que non lle permitirá cobrar unha pensión. Destácase tamén o apoio recibido tanto polos amigos como polos galegos da emigración. Así mesmo, coméntase o incansábel labor intelectual que Murguía seguía levando a cabo nestes anos de penuria. Sinálase, por último, a pensión que o Centro Galego de Buenos Aires xa lle asignara, e lle decide enviar xusto tres días antes do seu pasamento.

_____, “A hora do relevo”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 7 maio 2000, p. 21.

Coméntase o retiro da primeira liña de actividade de Manuel Murguía nos últimos anos de vida. Así, interprétase como significativa a súa ausencia na “Liga Gallega”, agrupación fundada polos asistentes á “Cova Céltica”. Tamén se sinala que este arredamento non lle impide a Murguía seguir traballando na divulgación da historia, da lingua e da literatura galegas. Por outra banda, faise refencia ás penalidades económicas ás que ten que enfrontarse nesta última etapa da súa vida. Finalmente, menciónase a fundación das Irmandades da Fala en 1916 como un dos acontecementos que marca o cambio de xeración.

_____, “A morte do Patriarca”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 14 maio 2000, p. 21.

Descríbese a actividade de Murguía nos últimos anos de vida. Fálase da súa presencia na Academia, así como dos seus paseos por distintas rúas da cidade da Coruña. Destácase tamén o seu “xenio vivo” e “inquieto”. Así mesmo, coméntase a destrucción de papeis persoais que levou a cabo nos derradeiros días da súa vida e numerosos detalles sobre o seu enterro. Finalmente, coméntanse que ao adicarlle o Día das Letras Galegas deste ano estase “honrando a alma da comunidade galega e a mesma semente do galeguismo”.

Villar, Marta, “O pequeno guerrilleiro das letras”, *Faro de Vigo, “El Sábado”*, nº 143, 5 febreiro 2000, pp. 2-3.

Recóllense as opinións que sobre Murguía expresaron Fernández del Riego, Carlos Casares e Alfonso Mato. Cítanse, ademais, as palabras de Vicente Risco e Fermín Brouza Brey que presentan ao autor arteixán como un gran defensor do galeguismo. Tamén se fai un repaso dos acontementos máis destacados da súa vida. Así mesmo, menciónanse as novidades editoriais vinculadas coa celebración do Día das Letras Galegas deste ano. Finalmente, coméntanse as distintas actividades que se están levando a cabo no concello de Arteixo para homenaxear ao que fora un dos seus veciños.

_____, “O Arquivo do Reino de Galicia abre, cunha mostra, os actos en homenaxe a Murguía”, *Faro de Vigo*, 17 maio 2000, p. 52.

Describe a exposición que o Arquivo do reino de Galicia, en conmemoración do seu 225 anos de vida, inaugurou para homenaxear a Manuel Murguía e lembrar a súa faceta de arquiveiro como xefe do Arquivo de Simancas en 1870 e posteriormente do Arquivo Xeral de Galicia, destacando a súa “férrea” defensa dos arquivos, a preocupación pola difusión dos mesmos e a denuncia das deficiencias das instalacións que os acollían. Neste mesmo artigo, alude aos actos conmemorativos do Día das Letras Galegas, adicado este ano a Manuel Murguía, que tiveron lugar na Coruña, e anuncian a entrega de premios do Certame de narrativa “Manuel Murguía” e do primeiro Certame etnográfico de vídeo e fotografía “Manuel Murguía”, que se levará a cabo no Concello de Arteixo xunto con outros actos, entre os que se atopa, un recital poético no que participarán Luz Pozo Garza, Manuel María e Salvador Bodaño.

Villares, Ramón, “O celtismo de Manuel Murguía”, *O Correo Galego*, “Historia de Galicia”, 7 xullo 2000, p. 4.

Coméntase o renacemento cultural e ideolóxico que se produciu en Galicia no século XIX. Dentro da procura das raíces históricas de Galicia, destácase o traballo de dous historiadores: Benito Vicetto e Manuel Murguía. Así, das ideas do autor arteixán, saliéntase a defensa do celtismo como feito diferenciador do pobo galego. Finalmente, tamén se resaltan as ideas defendidas polo federalismo e o galeguismo arredor da identidade galega.

X. R., “Facer e desfacer Murguía”, *O Correo Galego*, “AFA”, 28 maio 2000, p. 56.

Faise referencia ás diversas conferencias celebradas no último día do Congreso sobre Murguía celebrado en Arteixo. Así, menciónaseque José Antonio Durán se centrou na faceta política do autor arteixán, mentres que Francisco Antonio Vidal fixo un persoal percorrido polos feitos máis sobranceiros da vida do Patriarca. Por último, saliéntanse os actos que serviron para pechar este Congreso.

V. Ensaio. Teoría xeral. Crítica. Biografías. Crónicas

V. 1. Monografías, biografías, crónicas e libros colectivos

Acuña, Xosé Enrique, *As imaxes de Castelao –Fotobiografía–*, Vigo: A Nosa Terra, col. Historias Gráficas, 2000, nº 2, 113 pp. (ISBN: 84-95350-27-0).

Catálogo no que se recolle un bo número de retratos de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e que forman parte da exposición itinerante que leva o mesmo nome. Dirixida por Xosé Enrique Acuña, conta cunha introducción do mesmo na que describe a xénese do primeiro retrato de Castelao reproducido despois en *Vida Gallega*, revista na que este deseñaba páxinas de humor. Tamén repasa algúns dos nomes do xornalismo galego que renovaron o xénero, entre eles Roberto Blanco Torres ou Lustres Rivas e os diferentes medios nos que colaboraron ao igual que Castelao. Remata aludindo ás ausencias nos retratos, especialmente aquelas que provocou a contenda do 36, tanto de compañeiros mortos coma da imposibilidade de retratarse na súa terra unha vez exiliado. A obra está estructura en dous grandes bloques coincidindo coas dúas etapas da súa vida “Tempo da terra” e “Tempo do exilio”, divididas á súa vez en cincuenta e tres seccións que contan cunha lenda en cada páxina referida á etapa que recollen as fotografías ou parágrafos significativos das súas obras. Un amplo abano que reflicte dende as primeiras imaxes da infancia coa familia, a mocidade, ou as súas diversas facetas, ata aquelas que recollen o seu enterramento en 1950 en Buenos Aires. Finalmente, tamén se recolle unha bibliografía básica e as fontes empregadas xunto cos agradecementos oportunos.

Recensións:

-Xavier Castro R., “Unha fotobiografía de Castelao”, *El Correo Gallego*, *“Correo das Culturas”*, nº 45, 8 outubro 2000, p. 14.

Achega a este libro-homenaxe que acompaña a exposición fotográfica que percorreu diversas localidades galegas co obxectivo de ensinar, mediante imaxes, momentos cruciais para a historia de Castelao e Galicia. A continuación, alude aos prólogos dos alcaldes de Vigo e Pontevedra, impulsores xunto con Caixanova desta actividade, co obxectivo de dar a coñecer a obra e a vida do rianxeiro como alicerce de futuro para o pobo galego.

-M. Blanco Rivas, “Un percorrido fotográfico pola vida de Castelao”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 179, 14 outubro 2000, p. 2.

Ademais de considerar que esta obra era necesaria, destaca a importancia dos fotógrafos que asinan os retratos, centrándose de seguido na estructura da mesma arredor de dous grandes apartados, dos que no primeiro se abrangue dende o seu nacemento ata a Guerra Civil, mentres que o segundo vai dende este momento ata a súa morte e que coincide coa etapa de exilio. Sinala algúns dos momentos máis importantes da vida do rianxeiro recollidos nas fotografías correspondentes ás súas diversas facetas, dende a artística, a intelectual ou a política, así como o seu labor na revista *Nós* ou a loita polo Estatuto de Autonomía, concluíndo coa súa morte en 1950 en Buenos Aires.

-Marga Romero Lorenzo, “Xosé Enrique Acuña. *As imaxes de Castelao. Fotobiografía*”, *Galicien Magazin*, nº 10, decembro 2000, pp. 39-40. Cualifica esta obra como un fermoso volume no que, co gallo do cincuenta aniversario da morte de Castelao, se retrata a vida do intelectual en cincuenta e catro imaxes, acompañadas de comentarios do autor e textos do propio Castelao. Marga Romero vai mencionando e comentando algunhas das fotografías que representan a diversidade de facetas de Castelao (artista, etnógrafo, político...). Destaca a sutil elección de fotografías e textos orixinais, que serven para denunciar o descoñecemento existente sobre a obra de Castelao, así como a utilización política que del se fixo.

Referencias varias:

-C.V., “Os retratos da vida de Castelao”, *A Nosa Terra*, nº 938, “Guieiro Cultural”, 8 xuño 2000, pp. 30-31.

Céntrase na obra salientando que é a do maior número de fotografías reunidas sobre Castelao. Di que producida por A Nosa Terra, circunscríbese dentro do labor de recuperación emprendido en 1977 con outras obras como *Castelao e Bóveda, irmáns*, *As cartas de América* ou o número especial editado no exilio con motivo do falecemento do rianxeiro en 1950. Nas palabras de Enrique Acuña lembra as colaboracións de persoeiros como Teresa Castelao, o actor Eduardo Iglesias “Tacholas”, e outras moitas fontes. Remata salientando as numerosas dificultades coas que se atoparon, entre ellas o mal estado do material ou a

dispersión dos fondos. En columna á parte, repásanse as diferentes facetas do artista rianxeiro que aparecen retratadas na mostra, dende a de tuno e a de actor ata a de dirixente político.

Alonso, Bieito, *O exilio de Castelao 1939-1950. Pensamento e acción política*, Vigo: A Nosa Terra, col. Nós os galegos, febreiro 2000, 149 pp. (ISBN: 84-95350-09-2).

Ao longo de dezanove capítulos, e cunha ordenación crolóxica lineal, nárrase o devir vital e político de Castelao no exilio. Así pois, comeza rememorando a desacougante estadía de Castelao nos USA, tentando manter a defensa da unidade órganica dos galegos exiliados por riba das diferencias de orientación ideolóxica, e fuxindo do maniqueísmo dos republicanos españois. A seguir explica os fundamentos ideolóxicos, os alicerces humanos e a andaina dos pactos cos cataláns e vascos ao abeiro do Galeuzka. Entre tanto, faise unha análise detallada do seu labor político de concienciación nacional galega, como dirixente político, social e cultural, que conlevaba a renuncia a ser un símbolo. Deste xeito tamén se refire á importancia coa que foi acollida a publicación da súa obra *Sempre en Galiza*. Xa na parte final refírese á creación do Consello de Galiza, á grande ilusión ao ser nomeado ministro do goberno republicano no exilio, a decepción que as crises deste lle suscitaron e a volta á Arxentina, enfermo e desilusionado, onde tería a revitalizadora despedida con Otero Pedrayo.

Alonso Montero, Xesús, *Beatus qui legit: Artigos periodísticos (1998-1999)*, Iº Premio Roberto Blanco Torres de xornalismo de opinión 2000, introd. Víctor Freixanes, Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela, 2000, 96 pp. (ISBN: 84-8121-848-0).

O presente volume reúne a producción xornalística de Alonso Montero, publicada nas seccións de opinión de *La Voz de Galicia* dende o 28 de xuño de 1998 ata xusto un ano despois. Trátase de cincuenta e cinco artigos que foron galardoados co Iº Premio "Roberto Blanco Torres" de xornalismo de opinión, outorgado polo Concello de Cuntis e a Universidade de Santiago de Compostela. O libro está estructurado en varias partes: unhas notas preliminares a cargo de V. F. Freixanes, nas que este lembra os inicios da traxectoria na prensa do catedrático emérito, ademais de analizar as claves da súa escrita neste tipo de medio e facer unha aproximación ao contido destas páxinas; séguenlle, logo, un autorretrato, trinta e nove artigos reunidos baixo o título "Beatus qui legit", posto que foran publicados na sección de *La Voz de Galicia* do mesmo nome, e, nun pequeno grupo, outros catro por separado; remata cun índice onomástico. Nesta breve colección o escritor aborda temas de diversa índole, mais case todos de carácter histórico-literario, relacionados dalgún xeito con períodos como o da Guerra Civil ou a II República. Neles aparecen importantes persoeiros das nosas letras como Castelao, Lamas Carvajal, Rosalía ou Roberto Blanco Torres, incidindo e cuestións como por exemplo as inxustizas (fusilamentos, represalias, esquecemento de ilustres galeguistas...). Xeralmente, comenta asuntos que dalgún xeito teñen algunha relación, por unha ou outra razón, coa

actualidade (homenaxes, congresos...), aproveitando para botar unha ollada crítica e irónica ao pasado.

Alonso Montero, Xesús, *Literatura: Lección de clausura (Mestres, profesores, propostas*), Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 2000, 49 pp. (ISBN: 84-7492-955-5).

Este volume ábrese cunha nota preliminar que nos aclara que se trata dunha conferencia pronunciada por Xesús Alonso Montero, catedrático de Literatura Galega na Universidade de Santiago de Compostela, con motivo da homenaxe que se lle rendeu co gallo da súa xubilación. Despois da dedicatoria e dunhas palabras de agradecemento, a obra aparece estructurada en dúas partes. A primeira delas, autobiográfica, ofrécenos datos da súa vida de estudiante e de profesor de letras. A segunda, dedicada á literatura, fala do papel que esta xoga dentro dos actuais planos de estudio das filoloxías, considerando que está nunha situación deficitaria e propondo a maneira de solventar este problema. Así mesmo, céntrase na función da literatura en xeral e comenta que debe ser ética e que o escritor ten que ser moi consciente da súa responsabilidade.

Alonso Montero, Xesús, *Oteriana*, Trasalba-Ourense: Fundación Otero Pedrayo, xuño 2000, 198 pp. (ISBN: 84-920781-5-4).

Aproximación á figura de D. Ramón Otero Pedrayo. O libro está dividido en catro partes fundamentais: a vida de D. Ramón Otero e o franquismo, D. Ramón Otero Pedrayo poeta e apéndices. Nel atopamos traballos de Alonso Montero sobre a obra poética do autor, transcribindo poemas inéditos como “As palabras en Crus...” (1952), “Laude pro Sandoiro da Rosa-leda” (1973) e dúas cartas inéditas: Carta de Dámaso Alonso e Carta de Celso Emilio Ferreiro. Transcríbense así numerosas cartas de importantes escritores e fai un achegamento máis persoal cara á figura de Otero Pedrayo. Móstrase deste xeito unha visión moi cercana do autor afondando na súa personalidade.

Recensións:

-Ramón Nicolás, “Sempre en Trasalba”, *Guía dos libros novos*, “Estudios literarios”, nº 22, outubro 2000, p. 30.

Tras referirse á perenne actualidade que posúe a obra de Otero Pedrayo, presenta o libro de Alonso Montero como un estudio no que se combinan afortunadamente a erudición, o rigor e a documentación. Describe tamén o contido que podemos atopar en cada unha das tres partes que integran o libro. Da primeira delas di que é un achegamento á vida e á obra de Otero; a segunda defínea como unha análise da influencia da época franquista; e da terceira salienta a información ofrecida sobre a descoñecida faceta poética do escritor de Trasalba. Conclúe cualificando o estudio como “un libro que xa é referencia inexcusábel á hora de falarmos dese autor”.

Referencias varias:

-Marcos Valcárcel, “Oteriana”, *La Región*, “Ronsel dos libros”, 5 xullo 2000, p. 60.

Dá conta da homenaxe que recibiu Xesús Alonso Montero, con motivo da entrega do premio Trasalba, e da presentación do volume *Oteriana*, do que explica que está formado por vintedous artigos do profesor sobre Otero Pedrayo publicados en revistas e xornais. Destaca o limiar co que conta a obra, do que indica que está centrado no significado da figura de Otero Pedrayo nos anos da posguerra. Tamén indica que na terceira parte da obra se presta atención á vea poética do autor de Trasalba do que anuncia unha edición que recompile toda a súa poesía. Remata indicando que o volume se pecha con tres textos inéditos de Otero Pedrayo.

Alonso Montero, Xesús e Víctor **Santidrián Arias**, *1936: Seoane e os poetas fronte á sublevación*, Santiago de Compostela: Ediciós do Castro, col. Facsimilar, 2000, 131 pp. (ISBN: 84-7492-992-X).

O volume ábrese con tres textos introductorios: “Trece estampas de la traición”, de Alberto González-Alegre; “Para ler, 63 anos despois, as *Trece estampas de la traición* de Luís Seoane” de Xesús Alonso Montero e “Trece estampas para tres datas: 1937, 1975, 2000”, de Víctor Manuel Santidrián Arias. O primeiro afirma que *Trece estampas de la traición* é unha obra moi pouco coñecida que supón unha “completa narración de feitos e horrores” mentres que Santidrián vai comentando separadamente as estampas. Alonso Montero lembra o polifacetismo de Seoane, as súas colaboracións con Norberto Argentino Frontini e a historia das estampas, alén de reproducir fragmentos laudarios respecto a Franco, de diferentes plumas, en prosa e verso. Entre estes últimos, inclúese un que tal vez pertenza a Noriega Varela. A continuación, “Poemas e prosas para tres estampas” é unha selección, realizada por Alonso Montero, de textos antifranquistas compostos durante a guerra, entre eles “Home pequeno-fol de veneno”, “A un vello falanxista” ou “Ía á misa de doce”, de Florencio Delgado Gurriarán; “Alborada de dor”, de Ramón Rey Baltar; e “Capotes de sombra amargos”, de Valentín Paz-Andrade. Ramón Cabanillas e Luís Pimentel figuran entre os poetas en español. En prosa, só hai un texto de Castelao: “Capitalismo”. Finalmente recóllese a reproducción facsimilar das *Trece estampas de la traición*, publicadas inicialmente en Buenos Aires en xullo de 1937, aínda que a maioría xa apareceran na revista *Galicia Libre*, da mesma cidade. O facsímile inclúe o prólogo orixinal de

Frontini, quen valora a arte universal e comprometida coa sociedade, acha nas estampas humorismo negro e simbólico e relaciónaas con Castelao.

Referencias varias:

-Xesús Alonso Montero, “Luís Seoane contra Franco”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 15 novembro 2000, p. 11.

Anúnciase a presentación da edición facsímile deste álbum de Luís Seoane, editado por primeira vez en 1937. Nesta nova edición, a cargo de Ediciós do Castro e a fundación 10 de Marzo, di que hai tres estudios preliminares, poemas e textos en prosa que ilustran as láminas do álbum. Laméntase de que non se expoñan os álbumes da guerra feitos por Castelao, o que considera que é froito dun “mapa conceptual moi pouco favorable para este tipo de conmemoracións”, fronte a xornadas sobre escritores como Eugenio Montes, “brillante pluma fascistoide dende 1932”.

-Albino Mallo, “A Fundación 10 de Marzo reedita as ‘Trece estampas de la traición de Luís Seoane”, *El Correo Gallego*, “Sociedad-Cultura”, 25 novembro 2000, p. 73.

Dá conta da presentación do facsímile na Fundación 10 de Marzo da Coruña e da intervención na mesma de Xesús Alonso Montero, Isaac Díaz Pardo e Víctor Manuel Santidrián. Apunta que foi a primeira obra realizada por Luís Seoane despois da súa chegada a Buenos Aires e considera que se pode cualificar como un "cartafol encadernado" no que se recollen trece imaxes da visión do autor sobre a Guerra Civil, ademais da que aparece no remate da obra e que, para Alberto González-Alegre representa a esperanza e quen salienta tamén o carácter comprometido de Luís Seoane.

-Marcos Valcárcel, "Luís Seoane", *O Correo Galego*, "Pé das Burgas", 22 decembro 2000, p. 2.

Analízase a edición facsimilar do álbum *Trece estampas de la traición* (1937), de Luís Seoane, que agora sae do prelo. Apúntase que esta nova edición está enriquecida con dous estudios –de Alonso Montero e de Víctor Santidrián– ademais dunha serie de poemas antifascistas. Detállase que comparte cos álbumes de guerra de Castelao o seu antifascismo mais que engade unha serie de caricaturas satíricas que apuntan contra as principais figuras da rebelión fascista.

Álvarez, Rosario e Dolores **Vilavedra** (coords.), *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*, 2 vols., Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela, col. Homenaxes, 2000, 1649 pp. (ISBN Tomo I: 84-8121-806-5) (ISBN Tomo II: 84-8121-807-3) (ISBN da obra completa: 84-8121-808-1).

Obra na que se recollen as colaboracións dos numerosos participantes na homenaxe tributada a Xesús Alonso Montero con motivo da súa xubilación, organizada polo Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago de Compostela no que era catedrático de literatura. A obra consta de dous volumes, no primeiro deles recóllese un limiar firmado polas coordinadoras, Rosario Álvarez e Dolores Vilavedra, no que ademais de sobrancear o labor desenvolvido ao longo da súa vida polo profesor Alonso Montero, a súa erudición e a importancia que para elas tivo a oportunidade de organizar tal obra, tamén expresan o seu agradecemento a todos os que participaron nela coas colaboracións e a outra xente que estivo encargada do labor de corrección e supervisión, ademais de deixar constancia da adhesión de moitos outros persoeiros que por diferentes motivos non puideron participar nesta homenaxe. Tamén adiantan que a presentación é obra de Xosé Manuel Salgado e sobrancean a emotividade da mesma, que non só recolle a *laudatio* do homenaxeado senón que presenta o seu *curriculum* académico, profesional e institucional, no que destaca a súa pertenza a organismos como a Real Academia Galega, a Fundación Rosalía de Castro ou o Consello da Cultura Galega. A seguir, da man de Mª Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda aparece a Bibliografía completa de todo o publicado por Alonso Montero dende 1951 ata 1999, estructurada en vinte apartados que se organizan cronoloxicamente e que

inclúe dende libros, folletos, artigos ou edicións ata entrevistas, inéditos ou premios. No que se refire á estructura interna dos dous volumes, presenta no primeiro apartado “Semblanzas e Creación”, ademais das composicións poéticas de Manuel Álvarez Torneiro e Vicente Araguas, diversos artigos de literatura e outros que aparecen debaixo dos epígrafes “Lingua” e “Historia, Cultura e Sociedade”. Polo que se refire ao segundo, recóllense todas as colaboracións centradas na “Literatura”. A seguir, descríbense os diferentes artigos correspondentes a este apartado.

Tomo I:

-Juan L. Blanco Valdés, “Don Xesús e don Roberto e eu polo medio, ou de cómo a gratitude esnaquiza o tempo”, pp. 103-105.

Artigo laudatorio de Xesús Alonso Montero no que o autor imaxina o contido dunha conversa entre este profesor e Roberto Blanco Torres, aos que considera “almas xemelgas”. Segundo Blanco Valdés, o estudioso homenaxeado é un representante “da loita e o sufrimento antifranquista, da independencia e a rebeldía intelectual”. Bota a faltar non poder coñecer antes a Alonso Montero e considera que foi capaz de entusiasmar a moita xente en tempos difíciles pola súa “credibilidade”.

-Antía Cal Vázquez, “Apuntes dunha vella amizade”, pp. 107-108.

Lembra que coñeceu a Alonso Montero, co que mantén unha longa amizade, con ocasión dunha conferencia súa na Guarda. Segundo ela, o profesor foi un dos puntais do seu galeguismo, xa iniciado polo “medo espeso” do 36 e o activismo galeguista de Antón, o seu home, e guía en moitos coñecementos sobre o país.

-Carlos Casares, “O amigo Xesús”, pp. 109-111.

Rememora o seu achegamento á figura de Xesús Alonso Montero na época da loita antifranquista. Así, recorda a súa admiración pola oratoria e os coñecementos de Alonso Montero que, sen embargo, deviron en desencontro ideolóxico. Non obstante, recoñece que cando tivo a oportunidade de coñecelo persoalmente descubriu unha persoa que se define pola “atención xenerosa ós demais e formación intelectual sólida”, características que aglutinaron finalmente a un grupo ben dispar de admiradores e discípulos.

-Isidro Conde, “*Nenia* para dous poetas -Alfonsina Storni, Manoel Antonio-, asolagados no mar”, pp. 113-114.

Reproducción dunha breve composición poética de Isidro Conde dedicada a “Xesús Alonso Montero, catedrático, escritor, amigo”. Co tema do mar ao fondo, Conde diríxese alternativamente a Alfonsina Storni e a Manuel Antonio, que, a ambos lados do océano, contemplan o azul das augas en soidade.

-Isaac Díaz Pardo, “Presencia de Xesús Alonso Montero”, pp. 115-116.

Breve reflexión de Díaz Pardo sobre a figura de Xesús Alonso Montero, ao que coñeceu nunha das súas viaxes de volta a Galicia. Tamén lembra que foi nun deses encontros cando o convenceu para colaborar no *Galicia hoy*, de Ruedo Ibérico, que estaba a piques de publicarse, convencido da boa disposición de Alonso Montero de traballar polas “causas xustas, naquel tempo prohibidas”. Así mesmo, destaca o seu “maxisterio expositivo, contundente e ameno que non ten parangón”.

-Francisco Fernández del Riego, “Unha vida entre palabras”, pp.117-123.

Preténdese facer unha biografía de Xesús Alonso Montero ligando os aspectos máis salientábeis da súa biografía coa súa creación como escritor. Así pois, céntrase, sobre todo, na súa actividade docente por distintos colexios e universidades ao tempo que se refire puntualmente ás súas obras, nomeadamente as de reflexión literaria e artística.

-Raimundo García Domínguez, “Borobó”, “Do Memorial do Trevonzos á afiliación de Alonso Montero”, pp.125-132.

Conta como entrou Xesús Alonso Montero no Partido Comunista por mediación súa e a anécdota pola que o profesor foi “fichado” pola organización comunista, referíndose tamén ás relacións de Alonso co piñeirismo

intelectual e persoal naqueles anos da Compostela franquista. Ademais reproduce un “Anaco” publicado en *La Noche* sobre Alonso Montero.

-Domingo García-Sabell, “Retrato antropolóxico de Xesús Alonso Montero”, pp. 133-135.

Breves pinceladas da personalidade de Xesús Alonso Montero partindo da súa imaxe máis coñecida e que considera que responde ás características de “rigorosa, esixente, cinguida ós problemas intelectuais e de apurada extremosidade nas valoracións culturais”, á que el contrapón a dun dos “sabedores máis completos” de Galicia con cualidades como unha gran sensibilidade, afectividade e cun fondo sentido da amizade, ademais de ser unha persoa que se oculta detrás dun “rigorismo nada participativo”. Insiste unha e outra vez na emotividade como explicación á súa actitude ante a vida e ante os demais, o que o leva a unha “alporización” case permanente.

-Marga López, Antón Grande, Mercedes Díaz, Margarita Soilán, Santiago Torres, José Luís Tejero e Carmen Llonín, “Vinte minutos con Alonso Montero”, pp. 137-145.

Reproducción da entrevista emitida por Telelugo o día 29 de xuño de 1998 na que Alonso Montero responde ás preguntas de Marga López e Antón Grande, nunha conversa que xira arredor dos seus anos de maxisterio en Lugo e da importancia que para el ten a Cidade das Murallas por coincidir a súa estancia coa época das “grandes esperanzas” da súa vida. Tamén se refiren á presentación na cidade de dúas das súas últimas obras, *Versos satíricos para hoxe ó xeito medieval* (1998) e *Os poetas con Federico García Lorca e coa*

España Republicana (1998), reflexionando o autor sobre o significado de cada unha delas. Da primeira sinala que é a súa estrea como poeta, que son dous poemarios nos que emprega a sátira como forma de expresar a súa visión do mundo e de estar en controversia con case todo, e considera que un dos autores medievais que máis o influenciaron foi Airas Nunes. Da segunda, apunta que está publicada pola Universidade de Santiago de Compostela como homenaxe a García Lorca no centenario do seu nacemento. Explica que é unha carpeta coa edición facsimilar dunha obra publicada en Buenos Aires en 1937 e na que se inclúe un poema de Blanco Amor, un debuxo de Maside, outro de Colmeiro e con deseño de Luís Seoane, ademais dun estudio introductorio del mesmo que responde ao título mencionado. A continuación, reflexiona sobre as causas da morte de García Lorca e responde a diversas cuestións dos entrevistadores, entre elas á opinión que lle merecen as declaracións de Camilo José Cela sobre a homenaxe ao poeta granadino ou sobre afeccións e gustos persoais.

-Xosé Luís Méndez Ferrín, “Alonso e a saudade”, pp. 147-151.

Evoca o seu encontro coa persoa e cos textos de Alonso Montero facendo especial atención ao proceso de canonización da palabra “saudade” mediante a obra *La saudade* (1953), de Ramón Piñeiro, e coas propias achegas de Alonso Montero, sen as que considera que sería impensábel o estado presente da nosa cultura literaria nacional.

-Antón Santamarina, “De como e con quen o profesor se meteu na política. Anacos das memorias de David Álvarez Carballido”, pp. 153-171.

Comeza sinalando que ten a intención de facer un libro de conversas coa figura de David Álvarez Carballido, amigo común de Alonso Montero e del mesmo, pondo por escrito as horas de conversa gravadas que ten con Carballido. Aparece despois a transcrición dos contidos desta conversa que se refiren á etapa na que Alonso Montero se atopa con Carballido. Esta transcrición está dividida en trece epígrafes que repasan o ambiente cultural e político no que se criou Carballido, o estado político da colectividade comunista e galeguista en Buenos Aires, o traballo clandestino do PC na Galicia dos anos sesenta, cando Alonso Montero é visitado por Carballido, e remata con algunhas notas sobre a viaxe a París e a fundación do PCG (1968) aínda que como afirma Carballido "o partido fundouse o día en que acordamos fundalo, [en decembro de 1966]".

-Luís G. Tosar, "Parolando, en dialecto, con Xesús Alonso Montero", pp. 185-188.

Achéganos algunhas lembranzas dentro da que considera unha das homenaxes de Galicia a "un dos seus mellores e máis dignos fillos" e nas que revive as súas vivencias con Xesús Alonso Montero centrándose nas referencias a Juan Míguez González, o gaiteiro erudito de Ventosela, e mais a Aníbal Otero.

-Xulio Valcárcel, "Miserere Nobis", pp. 189-192.

Nesta participación de Xulio Valcárcel recóllense diferentes historias centradas no maltrato que sofre un pai por parte dos seus fillos, nas novatadas universitarias e mais na infidelidade dentro do matrimonio por parte dunha muller.

-José Gómez Alén e Víctor Santidrián Arias, “O compromiso cívico do intelectual: Xesús Alonso Montero e *Nova Galicia*”, pp. 1201-1211.

Achega aos comezos da vinculación do homenaxeado co Partido Comunista de España e á súa participación na revista *Nova Galicia*, editada dende 1966 a 1975 polo partido na clandestinidade. Indican que estaba dirixida por Isaac François e se subtitulaba *Revista de Cultura y política*. Dos seus contidos salientan a presencia de poesías de Curros e de Celso Emilio Ferreiro, crónicas do Día das Letras Galegas, recensións de libros ou noticias bibliográficas. En canto á contribución de Xesús Alonso Montero, sinalan a súa participación no primeiro número cun artigo sobre Francisco Añón baixo o pseudónimo de S. Novo e referencias ás homenaxes a Celso Emilio Ferreiro e Antonio Machado; no segundo, co artigo “El gallego: historia, razón, pasión, adversidad y esperanzas de una lengua”, ademais da recensión de “El gallego, idioma vil en el ideario burgués”, aparecido na revista *Signo*. Din que é no número catro no que, como S. Novo, hai unha maior presencia do homenaxeado, no que aparece unha crónica do Día das Letras Galegas adicado a Curros, unha conferencia pronunciada na Casa de Galicia en París e a recensión do seu traballo *Antonio Machado na nosa voz. Corona poética*. A continuación, tamén fan referencia a outros traballos aparecidos en diferentes números como a noticia da participación deste e X. Mª. Álvarez Blázquez nunhas xornadas sobre a literatura galega en Buenos Aires, ou o seu “Reconocimiento a Luís Seoane”. Finalmente, refírese á crónica sobre a homenaxe a Castelao celebrada no Ateneo de Ourense en 1974, último dos seus traballos nesta revista durante a época de clandestinidade.

-Marcos Valcárcel, “A República e os poetas: o compromiso dos escritores que militaron no republicanismo de esquerda en Ourense (1931-1936)”, pp. 1367-1377.

Traza un cadro panorámico do compromiso dos intelectuais ourensáns na IIª República. Para comezar, advirte que a moitos deles se lles ten atribuído unha militancia galeguista cando se identificaban máis co republicanismo de esquerda. A seguir, divide o artigo en dous bloques. No primeiro, analiza o papel da prensa republicana nas súas dúas cabeceiras principais: *La Zarpa* (1921-1936), xornal que contou con importantes colaboracións galeguistas e republicanas; e *La República* (1930-1931), voceiro da Federación Republicana de Ourense. Deste xeito, dá conta do equipo directivo, colaboradores, escritores ou debuxantes que participaron nestas publicacións e que apoiaron as iniciativas asociativas de escritores Akademos d'Ourens e Asociación de Escritores Galegos (1930). No segundo apartado, refírese á presencia de escritores ourensáns nos dous partidos políticos máis importantes: Acción Republicana, no que destaca a Alberto Vilanova Rodríguez; e o Partido Republicano Radical Socialista, onde salienta a presencia dos poetas Manuel Casado Nieto, Jacinto Santiago, Manuel García Paz, Juan Lacomba, Modesto López Teijeiro e Luís Soto (nos comezos). Ademais, vincula algunha destas figuras á Asociación de Trabajadores de la Enseñanza de Orense (ATEO), que tiña como voceiro o xornal *Escuela del Trabajo* (1932-1936), fundado e dirixido por Manuel Luís Acuña.

Tomo II:

-Alejandro Alonso Nogueira, "A invención do escritor nacional. Rosalía de Castro: a poeta e a súa patria", pp. 41-64.

Debúllase a influencia que exerceu Manuel Murguía na súa muller Rosalía de Castro, considerando que tiña como finalidade servir ao discurso da causa nacional á que ambos se dedicaron. Dentro deste ámbito

indícase que á literatura lle corresponde un rol central no artellamento do proxecto de construcción nacional de aí que, ante a falta de institucións políticas propias, Murguía forzase a formación dun campo literario nacional que tiña como eixe central a Rosalía. Fálase tamén de que a literatura debía ver a luz a través do discurso letrado por isto xorde a biografía modificada que fai Murguía sobre a súa esposa, sempre dentro dos seus parámetros de filiación liberal burguesa do seu discurso político. Conclúese apuntando que Rosalía deixou de escribir en galego polas críticas e mais pola polémica que se suscitou en 1881 arredor do seu artigo "Costumbres gallegas" que foi a razón última do seu definitivo xebramento "da lingua galega e da causa nacional".

-Aquilino Santiago Alonso Núñez, "O lector modelo, crítico e inxenuo, en *Erros e Tánatos*", pp. 65-81.

Análise dos dez contos que compoñen *Erros e Tánatos* (1996), de Gonzalo Navaza, seguindo os conceptos teóricos do "autor modelo" e do "lector modelo" propostos por Umberto Eco en *Lector in fabula* (1981). Para Eco todo texto vai destinado sempre, polo menos, a dous "lectores modelo": o lector inxenuo e mais o lector crítico. Neste estudio descríbese o argumento de cada un dos relatos de *Erros e Tánatos* –"Castelos na area", "Bull & Mignonne", "O amigo Delmiro", "Tinta chinesa", "Decoración e interiorismo", "O home do saco", "A proba do alfinete", "Balangandán", "Viva a Revolución" e "Vinte pesos de prata"– e logo debúllanse estes textos aplicando os conceptos teóricos do semiólogo italiano.

-Xosé Alvilares, "M. Leiras Pulpeiro e a crítica do cristianismo", pp. 83-94.

Amósase de acordo con que a relixión está moi presente na obra de Leiras e critica, con Alonso Montero, aos que intentan agora facelo volver ao rego do catolicismo. Non obstante, pensa que este é o sustrato de todas as manifestacións da nosa cultura. A seguir, comenta a xénese do cristianismo, a evolución, facendo fincapé na súa progresiva xerarquización, e, baseándose en García de Cortázar, a crise decimonónica do clericalismo en España. Ve que neste século se identificou anticlerical con anticristián e párase nas controversias que tiñan lugar daquela, con especial atención á postura aperturista de Juan Valera. Diferencia ideas relixiosas de conciencia relixiosa e cataloga a Leiras como crente. Neste senso, sinala que o seu anticlericalismo é puramente retórico e que a súa oposición é fundamentalmente á figura do crego rural, ao papel defensor da Igrexa respecto do Antigo Réxime e á falsidade das oracións.

- Mª Teresa Amado Rodríguez, “Os gregos e Pondal”, pp. 95-107.

Estructura este estudio do helenismo na obra de Eduardo Pondal en tres partes. Na primeira, nomea as fontes que coñeceu o autor de Ponteceso, tanto as literarias gregas coma outras históricas, en especial a *Histoire des grecs*, obra que apunta que serve para a configuración do helenismo máis coñecido do bardo galego, aquel que se relaciona co espírito patriótico dos espartanos, coa loita pola súa liberación e co paralelismo que establece entre a situación de Mesenia e Galicia. Ocúpase neste apartado de comentar a falta de uniformidade de Pondal á hora de tratar a onomástica grega. En “Un novo poema de Pondal” céntrase no comentario do poema “Dá-me a lira de Homero” por atopar nel unha influencia grega que se desmarca da anteriormente descrita e na que os estudiosos case non teñen reparado. Considera que nesta traducción “pesa máis o valor estético que o rigor filolóxico” e que as modificacións se xustifican para “conseguir rimas ou completar versos”. En “Un caso de emulación” estudia a presencia das referencias mitolóxicas no poema “Paroleira anduriña”, que tamén é unha “transformación imitativa dun modelo grego”. Finalmente, nas

conclusións reivindica o helenismo pondaliano que ten unha raíz mitolóxica e aqueloutro que se basea na transtextualidade.

-Daniel Asorey Vidal, “O silencio redimido: clasificación e compromiso. Dous apuntamentos dun lector actual para unha novela da Guerra Civil”, pp. 137-152.

Análise do xénero e o compromiso da novela *O silencio redimido* (1976), de Silvio Santiago, dende a perspectiva actual da hipermodernidade, caracterizada na literatura pola negación da organicidade da obra, o inconformismo e o pluralismo crítico. En concreto, interprétaa dende o concepto do “horizonte de expectativas” pero sen cinguirse estrictamente á teoría da recepción. Así, inclúe a obra no xénero do realismo crítico, en canto que é unha novela de compromiso e novela memorial, polo carácter autobiográfico. Ademais, resalta o problema da ficción vs. realidade e a concepción de ficcionalidade, entendendo que esta se move entre o mundo verdadeiro e o mundo ficcional pero verosímil. Máis adiante afirma que é novela histórica de “punto clave”, isto é, que narra uns feitos que marcaron unha vida, e que conxuga elementos da novela de aprendizaxe e a da novela de aventuras. Botando man da teoría dos polisistemas de Even-Zohar, sitúaa nun sistema literario marxinal, o galego, no que cumpre a función de reapropiar a memoria histórica, crear unha consciencia nacional e exercer unha resistencia simbólica fronte á cultura dominante. Por último, entende que non é unha obra canonizada na literatura actual, e que sen embargo posúe unha canonización dinámica porque serviu de base para que outros autores tiraran deste xénero.

-Xosé Luís Axeitos, “A revista *Cabalgata*, outra publicación do exilio galego”, pp. 153-159.

Inicia o artigo cunha referencia á revista *Correo Literario*, que naceu en Buenos Aires o 15 de novembro de 1943. Cita aos seus directores -Luís Seoane, Arturo Cuadrado e Lorenzo Varela-; así como aos colaboradores da citada revista: Otero Espasandín, Rafael Dieste, Antonio Baltar, González Carballo, Colmeiro ou Aquilino Iglesia Alvariño. A seguir, céntrase no contido da revista e alude á súa desaparición, en agosto de 1940. Xa en 1946 aparece, tamén en Buenos Aires, o primeiro número da revista *Cabalgata*, unha publicación quincenal que conta con seccións fixas como Letras, Ciencias, Artes, Mundo Editorial, Música, Crónicas, Libros, Modas, Humor-Axedrez, Cine e Escenario. A seguir, describe, con detalle, o contido dos dous primeiros números desta publicación. Para rematar, alude á próxima saída dun facsímile de *Cabalgata*, unha iniciativa promovida por Ediciós do Castro.

-Carmen Blanco, “Luz Pozo Garza falando a Rosalía: escribir coa tinta da nai”, pp. 185-201.

Comeza sinalando que os estudios sobre Rosalía de Castro que Luz Pozo ten feito e a influencia que a poetisa do Sar exerceu nela como creadora nun diálogo continuo. Sinala que tomou da súa predecesora o pesimismo no terreo humano, comunal e estético, pero que será a partir dos anos noventa cando este diálogo rosaliano recolla conscientemente outro novo matiz, “abríndose á imaxe feminista da Rosalía-Virginia”. Polo que, sinala que en *Vida secreta de Rosalía* (1996), á lectura social e existencial da figura rosaliana se lle engaden notas específicas de muller e obra na que se reconstrúe o ambiente da existencia de Rosalía e da súa propia nenez e adolescencia, insistindo ademais no transcorrer do tempo histórico de Galicia.

-Fernando Cabo Aseguinolaza, “Temporalidade interna e autocomunicación: a propósito dun conto de Méndez Ferrín”, pp. 261-270.

Análise do conto “Medias azuis” incluído en *Arraianos* (1991), de Xosé Luís Méndez Ferrín, coa intención de ilustrar con este texto a dimensión da literatura como realidade de determinación hermenéutica. A propósito do relato de Ferrín comeza indicando que coincide co patrón habitual da tradición literaria galega, do sucedido ou da anécdota oral sobre un feito inquietante, que se anuncia a través de indicios de mal agoiro que, a medida que transcorre o conto, se vai afastando da linealidade discursiva do conto tradicional. Neste sentido destaca a elusión do marco narrativo, o cuestionamento da realidade do conto polo propio narrador, a forma de expresión do narrador-protagonista ou o seu intento de fuxir da oralidade, ademais doutros recursos como a estructura temporal en espiral, moi afín á poética ferriniana. Conclúe que, malia ter o conto tradicional como principal referente literario, se produce unha terxiversación que dá como resultado a conversión da tradición en obxecto de representación modificadora, dunha interpretación ou ben conectada cun nacionalismo literario non fundamentado na simple identificación con estereotipos e modelos precedentes, ou na dificultade de interiorización da imaxe da propia sociedade ou da propia cultura.

-Ana María Cano González, “Personajes gallegos en textos narrativos de *La Tertulia de la Aldea*, publicación periódica del siglo XVIII”, pp 285-303. Faise un estudio sobre a representación de personaxes galegos en produccións castelás. Primeiro aparecen citados traballos que se adicaron a este mesmo fenómeno como os de Alonso Montero, Herrero García ou o máis recente de Caramés Martínez. Seguidamente, céntrase en *Tertulia de la aldea y miscelánea curiosa de sucesos notables, aventuras divertidas y chistes graciosos, para entretenerse las noches del invierno y del verano.* Sinala que empregou a edición de 1775-1776 e desglosa a obra que ten unha estructura interna

conformada por unha breve introducción dos asistentes á tertulia, logo unha narración literaria, histórica ou pseudo-histórica, a continuación un fragmento resumido do *Quijote*, sempre dende unha perspectiva humorística, e finalmente unhas narracións breves denominadas: “chistes”, “cuentecillos”, “dichos”... Céntrase nos quince textos da última parte protagonizados por galegos e vainos clasificando segundo os diferentes narradores, entre eles o fidalgo Benavides, o tío Mauro Pellejero, o tío Agustín Redondo ou o señor cura. Conclúe que todos os personaxes galegos son de clase social baixa, con oficios humildes que marchan de Galicia para gañar un mellor sustento. Deste modo, conclúe que os personaxes que aparecen están situados dentro dos tópicos existentes na literatura da época.

-Xavier Carro, “A viaxe imaxinaria”, pp. 305-313.

Reflexiona sobre a obra de Álvaro Cunqueiro, *Se o vello Sinbad volvese ás Illas* (1961), cualificada como novela singular dentro do corpus narrativo cunqueiriano, analizando o argumento, o desenvolvemento da acción, a caracterización do protagonista e a significación do título, en comparación con *As mil e unha noites*. Téntase demostrar que a novela de Cunqueiro, malia contar con toda unha serie de elementos que a enmarcan dentro da literatura fantástica, posúe aspectos máis alá da mera ficción, pois nela o “realmarabilloso” sérvelle ao autor de cobertura para deixar unha amarga e metafórica reflexión sobre a vida”.

-Arturo Casas, “Breve propedéutica para a análise do ensaio”, pp. 315-327.

Céntrase no ensaio como arquixénero e comenta diversas achegas teóricas para ir poñendo de relevo as claves que a crítica identifica como definidoras do xénero, incidindo nas modalidades discursivas que se sitúan no límite do ficcional e do ensaístico e nos xéneros tradicionalmente emparentados nalgún punto co modelo textual do ensaio. A seguir, propón diversos enfoques de estudio para o xénero diferenciando variantes ensaísticas e propondo a aplicación de criterios pragmáticos e socioliterarios que atendan á función social e ideolóxica. A continuación, dada a recorrente presencia no ensaio dalgúns modos de argumentación, propón o estudio das bases da mesma e das técnicas argumentativas, así como o estudio dos conceptos centrados na crítica da razón, tales como *doutrina*, *dialoxismo*, *verdade*, *ideoloxía*, *interpretación* ou *falacia*, dos que propón como máis interesantes para o investigador os de *razón*, *falacia* e *ideoloxía*. Como paso seguinte sinala que conviría estudiar a construcción interna e a ordenación estructural do ensaio, así como as operacións e seleccións elocutivas que o autor utiliza para os seus propósitos. En especial, centrarse nos procedementos de cohesión dos capítulos ou dos epígrafes, na funcionalidade das digresións, no ritmo da prosa ou no estilo, entre outros.

-Iris Cochón Otero, “Poesía, ideoloxía e manifesto: a ‘Homenaxe a Fidel Castro’ de X. L. Méndez Ferrín”, pp. 329-345.

Comeza reflexionando sobre a situación actual da literatura social e do xénero do manifesto, pasando de seguido a centrarse en “Homenaxe a Fidel Castro”, para achegarse ao manifesto contemporáneo. Sinala como as súas principais características o carácter esencialmente opositivo e que pretenda representar a un grupo, non unha individualidade. Coida que en todo manifesto se dan tres momentos: “rexeitamento do presente”, “proclamación dun porvir como único aceptable” e explicación do funcionamento do novo estado de cousas resultante. Xa centrada no poema, divídeo en dúas partes xebradas polos versos 22 e 23, de

transición. Con respecto á primeira, comenta sobre todo a simboloxía, as referencias socio-políticas e filosóficas, así como as ricas intertextualidades, alén de ocuparse do uso do fragmentarismo e da presencia do humor. Canto á segunda, pescuda na importancia do tratamento dos diversos actantes e explica as referencias persoais, para pasar seguidamente a fixarse no chamamento final.

-Cecilia Criado, “Cunqueiro ante el incesto Elsinor”, pp. 365-380.

Achégase ás fontes da obra *O incerto señor don Hamlet* (1959), partindo do feito de que Cunqueiro “contamina la temática micénica, nórdica y shakespeariana de la venganza legítima con la temática tebana del incesto”. A autora estudia a contaminación dos mitos de Orestes e Edipo que concorren en Hamlet e céntrase no segundo deles. Neste senso, considera que “se trata más de una sugerencia de un prototipo literario que de un uso mitológico”. Por outra banda, explica que Cunqueiro non se atén ás antigas versións do mito, senón que imprime literaturidade ao seu personaxe. O estudio conclúe afirmando que na traxedia cunqueiriana se fai unha reconstrucción literaria que deriva de interpretacións preexistentes de ambas mitoloxías.

-Xosé Manuel Dasilva, “Uma tradução de Rosalía para português”, pp. 381-401.

Alude, inicialmente, á modernidade da práctica da traducción e ao desequilibro que existe entre o interese que os portugueses teñen pola nosa literatura e aquel que os galegos temos polas letras lusas. A seguir, fai un percorrido descritivo e documentado polo tratamento da literatura galega en estudios, antoloxías e

escolmas portuguesas. Inclúe nesta restra traballos de Teófilo Braga, Silveira da Mota, Cervaens y Rodriguez, a revista *Seara Nova*, Jacinto do Prado Coelho e Manuel Rodrigues Lapa. Tamén cita os esforzos de Elvira Souto, Ramom Reimunde, Higinio Martínez Estévez e Ernesto Guerra da Cal por dar a coñecer sobranceiros textos galegos alén do Miño. Na parte final do artigo céntrase nunha versión portuguesa de textos de Rosalía de Castro, que saiu á luz en Brasil da man de Ecléa Bosi, e dá ampla noticia da boa acollida que esta obra tivo entre o público e entre a crítica especializada.

-Concepción Delgado Corral, “Guido Battelli, divulgador de Florbela Espanca e da poesía galega en Italia”, pp. 403-414.

Céntrase na relación entre Guido Battelli e Florbela Espanca, así como nos seus contactos coa literatura galega. Percorre aquelas traduccións feitas por este ao italiano aparecidas na revista *Nós*, comezando pola de 1930 de dous sonetos de Noriega Varela, “Ternura” e “A Brétema” incluídos en *D’o Ermo*; ao ano seguinte un poema de Celestino Romero, “Himno a Galicia”, publicado con anterioridade en *Abrente* e *A Nosa Terra*, seguido pola traducción da “Lenda de Carlomagno” do *Romanceiro Compostelán* de Avelino Gómez Ledo. Xa en 1932 sinala que aparece a versión ao italiano feita polo profesor Battelli de “Quen poidera chorar”, poema de Valentín Lamas Carvajal pertencente ao seu “Segundo Ramiño” de *Espiñas, follas e frores* e en 1933 a traducción da “Cántiga” de Curros Enríquez, poema no que salienta que se mantén fiel ao orixinal a diferencia do que fixera nas traduccións anteriores nas que sempre adaptaba máis que traducía. Remata aludindo ao traballo “Unha xeración desertora” publicado por Ramón Carballo en *A Nosa Terra* en 1944 no que considera que entre os anos 20 e 30 se viviu en Galicia un dos momentos máis prolíficos de todos os tempos para a cultura, enumerando entre as figuras máis importantes a Guido Battelli.

-Xosé María Dobarro, “Xulio Sigüenza, nacionalista e poeta en Cuba: trece poemas galegos”, pp. 429-450.

Abordaxe da figura de Xulio Sigüenza no contexto da militancia nacionalista na súa etapa en Cuba. Primeiramente, alude ao seu poemario principal, *Cantigas e verbas ao ar* (1928), que o encadra na escola hilizoísta de Amado Carballo. De seguido, recompón a súa biografía corrixindo a data de nacemento (5-I1898) con respecto ás fontes anteriores (1900) e detense no seu labor na illa caribeña, onde fundou en 1917 a primeira Xuntanza Nazonalista Gallega de ultramar e colaborou no xornal de filiación nacionalista *Galicia. Revista Regional Ilustrada* a partir de 1918. Despois expón o seu ideario coa reproducción de diversos escritos do poeta que poden ter en “Os mandamentos do bo galego” a súa expresión máis fiel. Tamén se refire aos problemas xurdidos no seo da xuntanza, na que Sigüenza criticou a desgaleguización de certos sectores, e cita outras obras del como o romance *De los agros celtas* (1923) e a novela *El lobo* (1924). Para rematar, transcribe trece poemas de Sigúenza publicados nese xornal entre o 13 de agosto de 1818 e o 12 de decembro de 1920.

-Camilo Fernández, “Na orixe da nova dramaturxia e do teatro galego moderno: *A Patria do Labrego* (1905), de A. Villar Ponte”, pp. 457-482.

Amplo estudio sobre o labor de Antón Villar Ponte no ámbito teatral. Considérao como un “home de teatro integral da súa xeración”, así como “o *primeiro* dramaturgo autenticamente *moderno* do devalar da nosa literatura contemporánea”. A seguir, céntrase na obra *A Patria do Labrego* (1905), unha peza coa que di que se inaugura a *Nova Dramaturxia*, e caracterizada pola súa vocación “*dramática* claramente enxebre, moderna e universal”. Despois desta breve introducción, Camilo Fernández analiza, con todo detalle, a obra de Antón

Villar Ponte *A Patria do Labrego*. Céntrase na dramaturxia e na dramática, nas características do vagabundo, no arquetipo dramático, nas convencións sociais, nas diferencias entre o teatro de comuñón e o teatro da rebelión. Para rematar, ofrece unha breve bibliografía.

-Manuel Ferreiro, “Terra verde”: un poema inédito de Eduardo Pondal”, pp. 509-526.

Primeiramente faise unha pequena introducción dos problemas ecdóticos de moitas composicións de Eduardo Pondal porque, alén de haber varias versións, o propio autor non deixou publicado nin indicado cál delas era a válida. Neste artigo rescata o poema inédito “Terra Verde”, do que se fai un amplo e minucioso estudio, alén de referir os criterios para a edición do texto. Por último, céntrase no estudio pormenorizado do léxico que aparece nesta peza, o que lle serve para indicar a importancia léxica do texto polo que significa de introducción de empréstimos ao galego.

-Xesús Ferro Ruibal, “Tres escritores latinos na Galicia do século XX”, pp. 555-573. Comézase expoñendo o feito de que hoxe non se sabe latín porque se estudia a súa gramática, e este método é moi lento. É por isto polo que nin sequera os filólogos clásicos o saben falar. Sen embargo apunta que non sempre foi así, xa que aínda neste século había latinófonos en Galicia que mesmo versificaban ao xeito clásico, dos que ofrece tres exemplos: o sacerdote Eladio Oviedo Arce (1864-1918), o boirense Celestino García Romero (1855-1929) e o coruñés P. Xosé Rubinos Ramos (1898-1963). Os seus escritos en latín reprodúcense en versión orixinal e traducidos ao galego. Fanse ademais comentarios nos que se destaca o dominio da lingua e da técnica versificadora.

-Derek Flitter, “Romanticismo vivencial e estructura vangardista en *Devalar* de Ramón Otero Pedrayo”, pp. 589-601.

Estudio dos diferentes “procesos históricos latentes na paisaxe” de *Devalar*, de Otero Pedrayo, analizando dous aspectos que caracterizan a obra deste autor, “un romanticismo vivencial de fondo sentimental” e un “vangardismo estético de raíz intelectual”. Principia comentado un artigo de Otero, que leva por título “A aldea galega no seu decorrer histórico”(1965), póndoo en relación con *Devalar*, para logo analizar os primeiros capítulos desta obra. Por outro lado, tamén fai mención ao artigo do autor de *Os camiños da vida*, “Romantismo, saudade, sentimento da raza e da terra en Pastor Díaz, Rosalía e Pondal” (1929), pois afirma que en *Devalar* se sente a presencia de Rosalía e Pondal. Remata manifestando que esta obra se corresponde co “collage” vangardista “no que figuran os motivos dominantes da cultura galega no seu decorrer histórico”.

-Lydia Fontoira, “Os pretextos de *Follas Novas*”, pp. 603-628

Preséntanse as catro poesías de Rosalía “No tempro”, “Aquel romor de cántigas e risas”, “Na catedral e “Ruinas. (Armonia d´a tarde)”, aparecidas antes de ser inseridas na obra *Follas Novas*, a través das que se estudia o pulimento que Rosalía facía dos seus traballos. Ademais de situalas nos diferentes apartados que ocupan na obra, fai unha análise confrontando ambas versións. Da primeira sinala que pasou co título de “Amigos vellos” e os cambios máis salientábeis sitúaos na ortografía, acentuación e puntuación, entre eles a aparición do grafema x cunha diérese, as contraccións marcadas con acento agudo ou a supresión de puntos suspensivos e signos de admiración, ou na redacción na que aparecen novas palabras. Na segunda,

“Aquel romor de cántigas e risas”, destaca a modificación na súa presentación, dividida agora en catro estrofas, ademais dalgunhas características da anterior. En “Na catedral” atopa poucas diverxencias entre ambos os dous textos, só sinala que a nivel gráfico muda a disposición do espacio. Finalmente, en “Ruinas” sobrancea a desaparición na versión definitiva do seseo e a presencia de sons epentéticos, así como os cambios na redacción do texto.

-Silvia Gaspar Porras, “Unha cala á literatura fantástica do século XIX: o tema do xuramento”, pp. 643-654.

Analiza a presencia da temática fantástica na literatura galega do século XIX, a partir de teorías de autores como Tzvetan Todorov, centrando o estudio nun dos recursos literarios máis cultivados na época: “o tema do xuramento”, que malia manter unha certa unidade interna, presenta diferencias no seu desenvolvemento. Tendo en conta estas diverxencias argumentativas, elabora unha tipoloxía que lle permite falar dunha intencionalidade no tratamento do asunto, e que pode servir para observar algúns aspectos do pensamento finisecular en determinadas materias. Así, o xuramento sería unha mera excusa para a presentación dun cadro de lenda ao servicio da revitalización da tradición, e o tema amoroso serviría, por veces, como telón de fondo para unha escena moralizante, pois responde a un modelo de conducta exemplar.

-Helena González Fernández, “Figuras femininas na obra literaria de Luís Seoane”, pp. 655-664.

Comeza sinalando que o proxecto literario de Luís Seoane responde ao desexo de artellar unha visión de Galicia dende a emigración mediante criterios sociais e realistas e de explicar unha identidade de orixe

esencialista, construída sobre a Galicia mítica. No contexto desa estética social-realista, xustifica a representación de figuras humanas, maioritariamente femininas, empregadas de maneira simbólica, e onde o feminino se converte no símbolo da nación. Clasifica as figuras femininas que aparecen na obra literaria de Seoane en tres tipos: mitolóxicas, históricas e contemporáneas. Dentro da figuración mítica, popular e lendaria, que converte o enxebrismo en estratexia de concienciación, aparecen mulleres retratadas dun xeito realista pero co valor simbólico de seren estampas da memoria colectiva. Neste sentido cita como exemplo o poemario *Na brétema, Santiago* (1956). No eido da figuración histórica, analiza aqueles textos de divulgación nos que Seoane insiste nos valores intrínsecos dos emigrantes, de Galicia e das súas xentes a través da representación de escritoras, pensadoras, actrices ou "guerrilleiras lendarias" como María Castaña, María Pita, Isabel Barreto ou María Lobeira. Finalmente, as figuras do presente aparecen tratadas nas crónicas poéticas, como constata en *As cicatrices* (1972), onde o retrato feminino ocupa unha posición relevante a través da representación de mulleres que sofren a inxustiza. Conclúe salientando que a figuración feminina ten na obra de Luís Seoane un valor metafórico "que sitúa a Galicia nunha encrucillada de utopías e esencias: a terra e o pobo".

-José Manuel González Herrán, "Rosalía de Castro en la literatura española de su tiempo: cien años de recepción crítica (1864-1960)", pp. 665-676.

Principia discordando cos que consideran a Rosalía privativa da literatura galega xa que a maioría da súa obra está en español. Considéraa, a carón de Bécquer, como o mellor da literatura castelá do seu tempo. A seguir, proporciona unha ampla listaxe cos críticos máis significativos que se ocuparon da padronesa separándoos en galegos (Murguía, Alonso Montero...), españois (Azorín, Lapesa...) e doutros países (Machado da Rosa, Poullain...). O cerne do traballo trata das achegas críticas á vertente castelanófila de

Rosalía, allea ao interese deste *Informe*, pero polo medio emerxen comentarios que atinxen á súa lírica galega. Canto ao século pasado, cita a comparación que fai Ventura Ruíz Aguilera entre *Cantares gallegos* e Robert Burns, “bardo nacional de Escocia”, e resta importancia ao contido do prólogo que Castelar redactou para *Follas novas*. Tamén recolle as opinións de diversos estudiosos que achan superior os seus poemarios galegos: César Barja e Díaz-Plaja nos anos de preguerra e Luís Cernuda e José María de Cossío durante a dictadura. Finalmente, sinala a opinión oposta de Unamuno e a opinión máis estendida de que a maior influencia en Rosalía provén de Heine.

-Modesto Hermida, “Emigración e marxinalidade narrativa”, pp. 699-706.

Salienta que o tema da emigración asociado á marxinalidade é unha das referencias temáticas substanciais da narrativa galega do século XIX e para demostralo analiza tres relatos que presentan o tema con diferentes tratamentos. No primeiro, “Un verdadeiro amor” (*A Gaita Gallega*, A Habana, 1889), de S. Cora, sinala que a emigración aparece representada a través dunha traxedia amorosa determinada polo distanciamento dos amantes e dende un ton melodramático que non está exento de explícita denuncia social, en canto quedan ao descuberto as causas do tráxico desenlace da morte dos amantes. O segundo, “O emigrado” (*El Eco de Galicia*, Buenos Aires, 1898), de Bernardo Rodríguez, denuncia o desamparo social dun emigrado, convertido manifestamente en paradigma das inxustas circunstancias da emigración decimonónica. Finalmente, detense no relato “O emigrado”, de Heraclio Pérez Placer, incluído en *Contos da terriña* (1895), reproducido en *El Eco de Galicia* (Buenos Aires, 1895) e *Revista Gallega* (1903) e no volume *Veira do lar* (1901). Tras indicar as diferencias que presentan os textos nas distintas reproduccións, sinala que o texto se achega ao tema da emigración dende un ton lírico, introducindo a marca da saudade como parte da esencia de Galicia

e da condición de galego, e utilizando estes aspectos como recursos de denuncia contra esa circunstancia que foi a emigración.

-Estelle Irizarry, “El idioma del corazón: el uso del gallego en el Félix Muriel de Rafael Dieste”, pp. 727-737.

Realiza unha breve análise do uso que Rafael Dieste fai do galego na súa obra *Historias e invencións de Félix Muriel*. Valéndose do traballo de diferentes estudiosos e dos seus propios, tenta buscar unha razón ao feito de que o autor de *A fiestra baldeira* “incrustase” en momentos moi puntuais o galego na súa narración en castelán. Detense, con especial interese, no último conto da novela, “La asegurada”, onde afirma que o emprego do galego se debeu a dous elementos: “misticismo e saudade”. Conclúe apuntando que este emprego da nosa lingua é unha utilización intencionada, que responde a valorar momentos clave da súa historia, e non a buscar efectos “pintorescos”.

-María Xesús Lama López, “Un caso de mestizaxe cultural na literatura galega do exilio: os poemas mexicanos de F. Delgado Gurriarán”, pp. 739-753.

Achégase á obra de Florencio Delgado Gurriarán como expoñente do esforzo de adaptación ao país de acollida, durante o seu exilio en México, a diferencia da maior parte dos autores galegos trasterrados que manifestan unha insistente presencia de Galicia e total ausencia do que os rodea nas súas composicións. Sinálase que antes da guerra xa publicara *Bebedeira* (1934) e unha vez en México participa activamente en publicacións da diáspora como *Saudade*, *Vieiros*, *Alborada* ou *A nosa terra*, nas que vai introducindo algúns

dos poemas que despois formarán parte de *Galicia infinda* (1963), ademais de ser o organizador do *Cancioneiro da Loita Galega* (1943). Centrándose na producción poética mexicana, sobrancéase a novidade que supoñen os catorce poemas que forman a sección “Poemas mexicanos” de *Galicia infinda*, feito apuntado xa por Carballo Calero e Maceira Fernández, que os caracterizan como poemas con interferencias lingüísticas, de estilo popular e con espacios propios do país no que se atopa o autor. Descríbense polo miúdo algunha das composicións como “Teño unha noiva jarocha” ou “Nomes”, no que aparece unha estructura que lembra á de *Follas Novas*, de Rosalía de Castro, conformada por cinco partes tituladas “Cantarenas”, “Valdeorras”, “Castiñeiros”, “Varia” e “Poemas mexicanos”. Analiza tamén algunhas composicións dende o punto de vista temático como “Conto sinxelo” no que se simboliza a unión das dúas terras a través do amor entre dous mozos, ou “Paso por mil cumes” e “Morelia” nos que se evoca a paisaxe galega ante a contemplación da mexicana, así como aqueles outros caracterizados polo marcado ritmo típico do país de acollida como o “son”, “danzón”, “bolero”, “jarabe” ou a “rumba”, explicando detalladamente os recursos empregados para lograr o efecto sonoro buscado. Finalmente, refírese á adecuación da linguaxe á nova realidade na que o autor se atopou, empregando palabras mexicanas cando son necesarias para referirse a realidades alleas ao galego.

-Fernando Lillo Redonet, “A cultura antiga como fonte de inspiración dos poetas galegos”, pp. 781-793.

Ofrece un panorama descritivo do influxo da cultura grega antiga na poesía galega estructurado en catro apartados. No primeiro, titulado “Poesía galega e mundo grego” faise eco da escaseza de traduccións de poetas gregos ao galego, feito que provocou o descoñecemento dos textos orixinais gregos e o emprego da mitoloxía, as viaxes e a contemplación da paisaxe como fontes de inspiración. No segundo apartado, “Os poetas da Grecia antiga”, comenta as influencias de Homero, Safo, Anacreonte e Tirteo nos autores galegos.

Do autor da *Odisea* destaca as figuras de Helena de Troia, Penélope e a viaxe de Ulises; de Anacreonte o viño e o amor; de Tirteo a aplicación das guerras entre ilotas e espartanos á “loita do pobo galego contra as adversidades”. No seguinte epígrafe ocúpase da mitoloxía e indica que a alusión a esta é constante en todas as literaturas occidentais, pero na galega está presente especialmente en Cunqueiro, Carvalho Calero e Pondal; unha visión intimista nos dous primeiros casos e máis épica e social no terceiro. Finalmente, céntrase no tratamento das viaxes e da paisaxe, un terreo no que salienta a “viaxe mítica” que propón Méndez Ferrín nalgún dos seus poemas, “unha viaxe iniciática cara a Ítaca”. En canto á paisaxe, comenta algún texto de Cunqueiro e de Dictinio del Castillo.

-Aurora López e Andrés Pociña, “Sobre as traduccións feitas por Rosalía”, pp. 813-827.

Aproximación ao labor como traductora de Rosalía de Castro, ámbito, segundo eles, pouco considerado ecdótica e interpretativamente, ao igual que as poesías non contidas en *Cantares Gallegos* (1863), *Follas Novas* (1880) e *En las orillas del Sar* (1884) e as poesías soltas. Nun primeiro apartado, dan conta da historia editorial das traduccións ao castelán de poemas popios como “Tiembla que una inmensa dicha”, “La justicia por la mano” e “Ni a oscuras”; e alleos: vintecinco cantares e oito versos do preludio mailo poema “Ruínas. Armonías de la tarde”, do libro *Armonías e cantares* (1865), do salmantino Ventura Ruiz Aguilera, autor de “La gaita gallega”, poema dedicado a Manuel Murguía ao que respondeu Rosalía en *Cantares Gallegos*. A seguir, analizan a calidade da traducción dos poemas propios comparando “A xusticia pola man” e a súa versión castelá, tralo cal afirman que, malia os cambios de sentido, os engadidos e supresións de palabras, consegue que o contido orixinal se manteña na traducción. Sobre os poemas alleos, reproducen algúns dos cantares para significar a calidade do labor traductor non só da padronesa,

senón tamén de Claudio de Chaby e Víctor Balaguer, que traducen cantares ao portugués e ao catalán, respectivamente. Polo tanto, conclúen que esta faceta de Rosalía é tan lograda coma a poética.

-Arcadio López-Casanova, “Sistema epocal e poética de razón histórica (Sobre a situación de Celso Emilio Ferreiro na lírica galega)”, pp. 829-843.

Comeza cunha breve introducción na que intenta situar a Celso Emilio Ferreiro dentro da lírica galega e defíneo como un dos membros dunha ampla unidade xeracional, da que tamén forman parte Díaz Castro, Xosé Mª Álvarez Blázquez, Eduardo Moreiras, Luz Pozo Garza, Cuña Novás, Uxío Novoneyra, Xohana Torres, Bernardino Graña, García-Bodaño, Avilés de Taramancos e Méndez Ferrín. A seguir, cita unha serie de autores e libros “emblemáticos” como *O paxaro na boca* (1952), de Luz Pozo Garza; *Fabulario novo* (1952), de Cuña Novás; *O sono sulagado* (1954), de Celso Emilio Ferreiro; *Advento* (1954), de Manuel María; *Os eidos* (1955), de Uxío Novoneyra; *Do sulco* (1957), de Xohana Torres; ou *Nimbos* (1961), de Díaz Castro. Para rematar, analiza as características da poética de Celso Emilio, considerando que el representa mellor ca ningún “nova sensibilidade vital definidora do período” ao que pertence, o grupo de idade entre 1954 e 1962 e porque considera que é un gran poeta que soubo interpretar o seu tempo e o seu país.

-Elisardo López Varela, “Os dous procesos a Curros”, pp. 861-876.

Artigo centrado no proceso xudicial celebrado en Cuba contra Manuel Curros Enríquez acusado de inxurias ao Congreso dos Deputados e ao Ministro de Ultramar do momento. Comeza salientando a rectitude e

firmeza ideolóxica do poeta, que xa o fixera obxecto dun anterior proceso en Ourense e ben coñecido trala publicación de *Aires da miña terra* (1880). Sinala que o primeiro é un proceso por motivos eclesiásticos, mentres que o segundo vai ter unha motivación política que comeza despois da publicación en *La Tierra Gallega* dun artigo, que se reproduce integramente, no que Curros denuncia o tratamento que se lle dá ao "rexionalismo" cubano, como xa antes fixera co galego, e defende ao Gobernador Rexional da Habana que fora atacado no Congreso dos Deputados, baixo acusación de ser partidario da autonomía administrativa da illa, en base a un artigo deste publicado na revista dirixida por Curros. Percórrese polo miúdo o proceso e as respostas do celanovés que vai publicando en *La Tierra Gallega* despois da primeira citación e secuestro do número que contén o artigo denunciado. Tamén se reproduce a reacción de *La Voz de Galicia* coñecedora do incidente e que, malia manifestar o seu aprecio e amizade polo poeta, se mostra contraria argumentando un exceso do temperamento deste. A seguir, achégasenos a resposta do propio Curros na que acusa ao xornal galego de ser partidario do goberno do momento. Remátase explicando que o proceso foi desestimado despois de múltiples aprazamentos, ademais de salientar que os detractores de Curros nunca o empregaran para atacalo polo que pasou desapercibido aos seus biógrafos e que constitúe unha proba máis da súa loita pola liberdade con todas as súas consecuencias.

-Basilio Losada, "As Vangardas dos pobres", p. 899-902.

Comeza apuntando que o manifesto é o xénero literario das vangardas para, a seguir, fixarse na intencionalidade de moitos destes textos. Logo de rastrexar algúns conclúe que neles se vai contra os creadores foráneos, mais nunca contra os propios, e sinala como exemplo que no *¡Mais Alá!* se criticase abertamente a Valle-Inclán, mentres que só se dicía unha disconformidade cos clásicos galegos. Alén disto sobrancea o feito de que defenderan o galego como lingua das súas obras de vangarda, cunha clara

intencionalidade rupturista con todo o anterior, patriótica e universalista, concluíndo que era síntoma dunha "vangarda dos pobres", porque os ricos nunca loitarían por estes valores.

-Carlos Paulo Martínez Pereiro, "Incitación aos caníbais (Ao que xulgo: arredor da crítica na literatura galega)", pp. 917-934.

Disponse o autor deste artigo a trazar unha panorámica xeral da crítica galega e da literatura que a sustenta, co fin de ser obxectivo na análise e tirar ese presunto éxito, desvirtuador da realidade. Primeiramente, repasa o contexto cultural galego fixándose naqueles aspectos máis agresivos cara o mesmo. A seguir, fala dos perigos de satelización da literatura galega por parte do sistema literario español, ou dos perigos da apropiación dos seus principios estéticos. Para superar todos estes problemas propón unha crítica incisiva, creativa e xeradora de dinámicas propias.

-Carmen Mejía Ruiz, "Xesús Alonso Montero e os seus *Versos Satíricos*", pp. 935-945.

Faise unha pequena análise do poemario de Xesús Alonso Montero *Versos Satíricos (para hoxe) ó xeito medieval* (1998). Neste volume mediante a utilización de formas medievais (refrán, leixaprén, paralelismos...) denúncianse grandes e graves eivas sociais de hoxe. Indica que a obra está dividida en dúas partes, a primeira posta en boca de María das Falas (que recorda a María Balteira, cantada e desexada polos trobadores medievais), e a segunda en boca de Aires Nunes (nome que algúns amigos e amigas chaman ao profesor Alonso Montero dende hai anos). Pero non só nestes heterónimos se recorre á intertextualidade xa

que hai composicións que son miméticas doutras medievais ou ás veces toma parte de versos doutros poetas, por exemplo no descort que comeza “Altas undas, aura dulza”, recorrendo aos versos de Raimbaut de Vaqueiras. En definitiva, conclúe que se trata dunha obra neotrobadoresca en canto á retórica, pero que no seu contido é de carácter social.

-Luz Méndez Fernández, “Algunhas notas sobre Filgueira Valverde e o Neotrobadorismo”, pp. 948-955.

Comeza aludindo á polémica xurdida sobre cal foi o primeiro poema neotrobadorista e sinala o valor ideolóxico destes textos. A seguir, achega datos procedentes dunha conversa con Filgueira Valverde en setembro de 1990. Entre estas afirmacións destaca a importancia divulgadora que no seu momento tivo o seu traballo “A paisaxe no Cancioneiro da Vaticana e o libro *6 canciones de mar “in modo antico*”. Con respecto a este libro saliéntanse aspectos coma o seu título, escasamente sospeitoso polo feito de estar en castelán. Outra información que aquí se expón é a relativa á traducción, a través da música, dos textos de Filgueira ao alemán, así coma algúns acerca dos poemas. Finalmente, reprodúcense as seis composicións.

-Franck Meyer, “Un poeta alemán en lingua galega. Apuntamentos sobre unha antoloxía de Rolf Dieter Brinkmann”, pp. 957-972.

Achegamento á poesía de Rolf Dieter Brinkmann baseada nunha escolma publicada, en versión galega, en Edicións Positivas en 1998 titulada *A máquina de facer zume de laranxa*. O obxectivo do traballo é reflexionar sobre a recepción da literatura alemana fóra das súas fronteiras. Así, comeza con algunhas observacións

acerca da literatura alemana en Galicia, destacando as poucas obras traducidas e diferenciando entre as traduccións dos autores clásicos como Thomas Mann, Rainer Maria Rilke ou Herman Hesse, fronte ás de literatura infantil e xuvenil. A seguir, sitúa ao autor alemán dentro da literatura do seu país clasificando as súas obras como de literatura "pop", "posmodernismo", "underground" ou "subxectivismo", sempre como autor "anticonvencional" da literatura. Finalmente, céntrase na antoloxía en lingua galega explicando a súa estructura que conta cun limiar, unha escolma de setenta e un poemas das súas diferentes etapas, que son explicadas pormenorizadamente, e unha conclusión na que considera que malia non poder coñecer a obra dun autor a través dunha antoloxía si se conseguiu ofrecer unha "panorámica de toda a gamma do seu labor creativo".

-Xosé Antón Míguez, "A Colección de Orballeiras de Fernando García Acuña", pp. 973-983.

Aproximación á persoa de Fernando García Acuña a través dos xornais betanceiros. Céntrase na colección "Orballeiras", publicada en 1887, na que se recolle a maior parte da súa poesía. Sinala a edición de 1995 da man da Asociación Cultural Eira Vella de Betanzos, pasando, a continuación, a un estudio pormenorizado da colección comezando pola caracterización que aparece no prólogo da edición fascimilar onde se fala do "Poeta da amizade, do amor, da saudade, e tamén, como non dicilo, da desesperanza...", segue por sinalar que contén vinteún poemas en galego e dezanove en castelán, con influencias de *Cantares Gallegos* de Rosalía, especialmente pola tristura e melancolía; de Bécquer polo romanticismo, o amor inexplicábel ou a infelicidade dos soños incumpridos; rematando con Campoamor, do que sinala que recolle a combatitividade contra os caciques.

-José Monleón, “El gallego Valle”, pp. 985-995.

Despois de reflexionar sobre a situación da lingua sarda como vehículo literario, explicando os pros e os contras da iniciativa do Teatro de Cerdeña que quixo facer dela o medio de expresión das súas representacións, céntrase no caso do galego, xustificando a aqueles que non empregan este idioma como medio de expresión teatral, pois considera que a lingua é só unha parte do sistema de comunicación, sistema no que a identidade cultural en cuestión pode quedar defendida por outros medios. A seguir, céntrase na análise da lingua literaria de Valle Inclán que, malia ser o castelán, está marcada por unha sensibilidade plástica profundamente vinculada ás cores e á paisaxe física e social galega, e aclara ademais, que esta é unha das razóns que xustifican a dificultade de traducción e de representación dos textos do escritor galego, pero que, pola contra, o converte nun “renovador da escena española”.

-Juan J. Moralejo, “Mundo clásico en Curros”, pp. 997-1016.

Estructurado en doce puntos principais, rastrexa a presencia de trazos pertencentes á cultura clásica na obra de Manuel Curros Enríquez, contrastando inicialmente a presencia deste recurso coa práctica ausencia do mesmo en Rosalía de Castro, malia a importancia dada por Manuel Murguía ao material mitolóxico dentro da súa defensa do “celtismo diferencial e nacionalista galego”, e moito máis ampla en Eduardo Pondal. Recolle, nesta comparación, o resumo de dúas conferencias nas que tratou tal tema, salientando da primeira que só atopaba na producción rosaliana a presencia do mito de Penélope como máis relevante, con outras breves alusións en *Follas Novas* ás Musas, Gracias e Apolo, e en *Cantares Gallegos*, ás tradicións míticas sobre os gregos antigos en Galicia, mentres que na segunda se paraba na presencia deste universo no

Bardo. Centrado en Curros, comeza sinalando a busca dunha sociedade xusta a través da reivindicación consciente de facelo na lingua da maioría marxinada e que a penas chega á súa obra escrita. Percorre algúns dos seus poemas salientando a pouca presencia da cultura clásica, con alusións a Aristarco como arquetipo do crítico; a Musa como inspiración; os ilotas como referencia no nacionalismo emerxente e resistente do XIX; pasando por Orfeo, Prometeo e Sibila no seu poema “O gueiteiro”, ata Platón, Atila, Roma ou Demóstenes, entre outros moitos, aínda que de xeito moi superficial. Achégase con máis detemento a tres poemas nos que a materia clásica é o asunto central: “Na apertura do Centro Gallego”, “Pola Unión” e “Os Dióscoros”, cos que di que busca restaurar ou constituír unha identidade para Galicia, e salienta o papel do poeta como guía contra un presente mísero que se quere mudar por un futuro de esplendor.

-Ramón Nicolás Rodríguez, “Un caso de alofonía: João Verde”, pp. 1043-1060.

Preténdese rescatar a memoria de João Verde do que se ofrecen unhas pinceladas biográficas e se lembran as revistas coas que colaborou. Sinálase que publicou tres poemarios, dos que para a literatura galega só ten interese *Ares da raya*. Coméntase a estructura da obra e sinálase que a cuarta parte é a que incorpora o único poema en galego, “Pr´a nena leer”, mentres que a primeira está influenciada polas “viúvas de vivos” de Rosalía. Así mesmo, dáse conta da relación do portugués con Curros e Noriega e faise un chamamento para investigar a mesta relación que existiu daquela entre ambas beiras do Miño. Como apéndice inclúense varios textos entre os que podemos sinalar: “Pr´a nena leer”; “D´a muiñeira”, poema que só ten en galego o título; “Carta á xente galiciá”, epístola en galego publicada na prensa miñota; unha carta de Fialho de Almeida na que este o equipara con Curros, Lamas e Rosalía, ademais de facer un canto á unidade cultural galegoportuguesa e suxerir a creación dunha revista transfronteiriza; e dúas cartas máis de Noriega nas que se

revela a relación deste con Raul Brandão, António Carvalhal de Foz de Douro, Júlio de Lemos e Teixeira de Pascoaes.

-María Xesús Nogueira, “Do *fonema* á *paisaxe*. O discurso metalingüístico na poesía galega dos noventa”, pp. 1061-1077.

Céntrase na presencia da reflexión sobre a lingua na poesía dos noventa na que, despois dunha breve delimitación, rastrexa o discurso metalingüístico nos escritores máis novos, identificando motivos como a reflexión sociolingüística, a reflexión sobre a norma, a identificación da lingua coa orixe e coa figura da nai e a reflexión lexicográfica. A xeito de conclusión, a autora caracteriza dun xeito xeral o discurso metalingüístico nestes escritores con trazos como o afastamento do tópico, a ironía, o humor e o ludismo, a reivindicación de trazos de identidade coma os dialectais ou os xenéricos.

-Camino Noia, “Novas anotacións á traducción ó galego do *Ulises* de J. Joyce”, pp. 1079-1091.

Análise das apreciacións de Vicente Risco no artigo “El *Ulysses* fue más fuerte que yo”, publicado en *La Noche* o 30 de xullo de 1954, onde fala da súa experiencia como lector da novela de Joyce e manifesta o seu desencanto ao coñecer a sonada obra do autor. Contrasta estas manifestacións coas notas gabanciosas que Risco publicara en *Nós* no ano 1926, baseándose nos fragmentos traducidos por Otero Pedrayo para a revista. Sinala Camino Noia que estes comentarios provocaron que volvese sobre a cuestión da lingua de partida usada na versión galega de Otero Pedrayo, e levárona a dubidar, como boa parte da crítica, que Otero

fixese a traducción directamente do inglés. A seguir, propón como hipótese que os parágrafos traducidos por Otero para a revista *Nós* poderían corresponder cos lidos polo escritor francés Valery Larbaud o 7 de decembro de 1921, nunha conferencia que pronunciou en París sobre Joyce e que foron reproducidos nun folleto do que os dous intelectuais tomarían os textos para logo traducilos ao galego. En todo caso conclúe que na actualidade dispoñemos de datos abondos para pensar que a traducción ao galego de Otero Pedrayo se realizou a partir dunha versión francesa ou castelá e non directamente do inglés.

-Iolanda Ogando González, “A soldadeira de Luís Seoane: ¿Teatro histórico?”, pp. 1093-1110.

Iolanda Ogando fai un percorrido polas definicións de teatro histórico para ver ónde encadrar *A Soldadeira* de Luís Seoane, que coa ‘distancia temporal’ e ‘a interpretación ou non da historia’ (só feitos históricos documentados) acóllese a diferentes modelos, recorrendo tamén á clasificación de varios pensadores como Elfakri, Juan Villega... Este último achégase ao modelo da autora e di que “o teatro histórico é un producto para un tempo e un público determinados e o grao de fidelidade e exactitude da historia non teñen que ser absolutos”. Comenta Iolanda Ogando que na obra aparece Compostela no s. XV (Mazarelos, O Pedroso, Bonaval...) e os personaxes poden dividirse en ‘pasados’ (Roi Xordo, Minia, o tolo...) e actuais. Minia –a soldadeira– é o nexo que une as dúas épocas pasado-presente, e malia ser do s. XV sofre un tratamento anacrónico e idealizante e ten que convencer aos campesiños actuais (que visten diferente aos da idade media). Seoane sérvese do anacronismo para introducir o marxismo na loita dialéctica e producir un efecto *brechtiano* de afastamento co público, e este non se identifica co personaxe aínda que, por medio do cego ou da soldadeira, Seoane introduza as súas propias ideas. Conclúe dicindo Iolanda Ogando que *A Soldadeira* de Seoane si pertence ao xénero de teatro histórico aínda que non o pensen así todos os críticos.

-Arturo Parada, “Übersetzungen deutscher Literatur ins Galicische: Geleistetes und Desiderata”, pp.11151123.

Analiza o intercambio cultural entre Alemaña e Galicia dende a perspectiva da literatura. Comeza facendo unha reflexión sobre a traducción como acto social de comunicación e, especialmente, como medio de transferencia cultural. A seguir, lista as obras literarias alemanas traducidas ao galego ata o momento (destas exclúe a literatura infantil e xuvenil por considerala como ámbito que merece unha análise dende un punto de vista diferente). Indica que a maioría son clásicos modernos do século XX, denunciando a ausencia doutros importantes escritores alemáns deste século, pero sobre todo a falta de comentarios e elementos ilustrativos nas edicións que sirvan para localizar a obra dentro dun determinado contexto e achegala mellor ao lector galego. No último apartado presenta as traduccións máis recentes publicadas en formato libro ou en revistas (*Unión libre* e *A Trabe de Ouro*). Remata subliñando a necesidade de que se incentiven e mesmo se sistematicen este tipo de traduccións co obxectivo de acadar unha maior transferencia cultural entre alemáns e galegos.

-José María Paz Gago, “Teatro da subversión. As tradicións do Antroido no teatro galego contemporáneo”, pp. 1125-1137.

Tras reflexionar sobre a importancia das tradicións culturais, folclore antigo e variado como elementos para configurar a identidade dos pobos sobre todo na chamada *literatura de exigüidade*, analiza os elementos tradicionais como factor esencial da literatura galega e considera que no ámbito da nosa cultura existe unha recuperación consciente do noso patrimonio folclórico, sobre todo do noso teatro. Detense despois

pormenorizadamente na análise do tratamento do Antroido como elemento parateatral, como condicionante para a construcción do teatro galego propio, nas diferentes etapas da literatura galega dende Castelao e os membros do grupo Nós ata a Asociación Abrente. No caso de Castelao incide nas coincidencias e paralelismos que se poden establecer entre Castelao e Antonin Artaud, fundador do teatro surrealista pois, segundo explica, ambos teñen a visión dun teatro novo de vangarda pero sustentado nas tradicións folcóricas, propias de cada cultura. Despois de dar conta dalgúns dos estudios etnográficos sobre o Antroido en Galicia como os realizados polos membros do Seminario de Estudios Galegos, detense polo miúdo nos elementos paratextuais relacionados co Entroido que se poden atopar en *Os vellos non deben namorarse.* Finalmente, alude ao antroido teatral que emerxe nos anos setenta e pon de relevo o traballo de recuperación das fontes foclóricas e tradicionais ao Grupo Abrente, agrupación teatral vinculada á Mostra de Teatro de Ribadavia.

-Noemí Pazó González, “A traducción no teatro galego: 1960-1978”, pp. 1139-1155.

Xustifica o acoutamento realizado para a súa análise no período que abrangue entre 1960 e 1978 baseándose en varios feitos de grande importancia polas primeiras manifestacións no ámbito da traducción á lingua galega (*Antígona*, de Anouilh e *O casamento do latoneiro*, de Synge) que tiveron lugar no ano 60 así como dous feitos de importancia para o teatro galego no ano 1978 como foron os *Cadernos da Escola Dramática Galega* ou o nacemento da profesionalidade nalgúns grupos teatrais. A seguir, sinala diversas tendencias dentro do ámbito da traducción no teatro galego e salienta unha liña popular, unha socio-política e unha investigadora. Dá conta dunha serie de factores condicionantes da traducción de obras ao galego como a accesibilidade aos textos ou o nivel de coñecemento da lingua de partida e apunta algunhas conclusións tiradas da súa análise como puideran ser o predominio claro de dramaturgos clásicos e autores

do XX ou a tendencia á traducción de textos casteláns e franceses. Finalmente, ofrece un amplo apéndice das "obras de teatro traducidas representadas e/ou editadas entre 1960 e 1978" así como as obras de teatro representadas nese período por diversos grupos galegos.

-Carlos Pérez Varela, "Nerval na *Poesía última* de Lois Pereiro", 1157-1161.

Tras citar algúns dos poetas franceses que influíron na producción poética de Lois Pereiro como foron Paul Éluard e Charles Baudelaire, ecos que, segundo explica, aparecen nos poemas publicados na revista *Loia* (1975-1978), analiza as reminiscencias que se poden atopar do poeta francés Gérard de Nerval do que ofrece algúns datos da súa creación. Ofrece unha serie de paralelismos entre *Poesía última de amor e enfermidade 1992-1995* (1996) e *Petits Châteux de Bohême* (1855) como son o similar tratamento da morte ou a estructura tripartita que se establece en ambos poemarios así como un texto a modo de epitafio no que evoca, sen citalo, un soneto da autoría do francés.

-Andrés Xosé Pociña López, "Ramón Cabanillas e Teixeira de Pacoaes: dúas formas de ve-la saudade", pp. 1163-1178.

Comeza repasando o período no que viviron Ramón Cabanillas e Teixeira de Pascoaes, considerado unha época de relacións moi fructíferas e fluídas entre a intelectualidade galega e portuguesa. Despois de describir os escasos traballos nos que se analiza o vencellamento entre os anteditos escritores, fai unha comparación entre ambos no tratamento da saudade, no que establece unha diferencia entre a "saudade

pesimista", que tería como principais representantes a Ramón Piñeiro e, en certa medida, a Rosalía de Castro, e a "saudade optimista" de Cabanillas e Teixeira de Pascoaes, na busca da recuperación do tempo pasado, da posibilidade de dominación do tempo e dunha volta constante daquelas cousas que se perderon. Segundo Pociña, as diverxencias entre este sentimento aquén e alén Miño están en que a saudade portuguesa ten relación co mesianismo de raigame sebastianista. Para rematar, ratifica a teorización anterior incluíndo numerosos textos que xustifican as súas afirmacións, no caso do poeta cambadés fragmentos de *Na noite estrelecida*.

-Ricardo Polín, "Coroa literaria en memoria e desagravio de Francisco de Fientosa (1912-1936)", pp. 1179-1193.

Achegamento á vida e obra do poeta chairego Francisco Vega Ceide, "Francisco de Fientosa", asasinado en Madrid nos primeiros meses da Guerra Civil á idade de 24 anos. Bota man dunha autobiografía inédita que lle permite reconstruír certas pasaxes da súa existencia, principalmente, a relación co seu curmán, o crego poeta Xosé Crecente Vega, que o marcou no plano poético, cultural e relixioso. Sobre a cuestión da súa morte segue a Carballo Calero, que asegurou que el mesmo, Crecente Vega e Francisco de Fientosa estaban en Madrid para opositar ao Profesorado de Ensino Medio en 1936. En canto á obra do autor, fala dos poemarios publicados en Madrid *Triángulos Isósceles* (1934) e *El alba de quechemarín* (1935), así como un poemario que non se conserva, *Lendas* (Lugo, 1931) e outros inéditos: *Gente cordial*, libro dedicado a Galicia que recollería poemas espallados, sobre todo, aparecidos en *Vida gallega* (Vigo); *Veramar*, de contos; o relato costumista *Vaquerada*; a comedia *Nena Remedios*; e os poemas galegos "Imos coller niños nòvos", "Sentado na soleira", "Ao vivir o neno mencer", "¡Cómo te ris, miña amiga!", e "A noite do meu noivado". Finalmente, sinala algunhas influencias e claves da súa poética como as fontes clásicas, os cancioneiros,

as cantigas populares e os poetas da “Generación del 27” español en especial o Lorca máis popular ou o primeiro Alberti, mentres que dos galegos sinala o imaxinismo de Amado Carballo e a linguaxe técnica de Manuel Antonio.

-Luz Pozo Garza, “Palabras’ de Luís Pimentel”, pp. 1195-1204.

Análise detallada do poema *Palabras*, de Luís Pimentel, no que “se enfrontan castelán e galego: as dúas linguas en contacto”. Sinálase que é un texto no que a función metalingüística está subordinada a unha “función poética primordial, inviolable, da mensaxe”. A seguir, reprodúcese o citado poema, publicado no libro póstumo de Pimentel, *Barco sin luces* (1960). Para rematar, afirma que a principal fonte de ambigüidade do poema ‘Palabras’ vén dada pola indiscreción entre *uso* e *mención*, nocións que a lóxica estudia dentro da teoría da xerarquía das linguaxes.

-Armando Requeixo, “A poesía de Xosé María Díaz Castro: prehistoria de *Nimbos*”, pp. 1247-1259.

Achega á xénese e proceso de creación de *Nimbos* (1961), de Xosé Mª Díaz Castro a través das súas colaboracións en diferentes publicacións galegas de poemas que serían despois incluídos nesta obra, entre elas, *La Noche*, a revista *Cartel*, ou na *Escolma de poesía galega* (1955), de Francisco Fernández del Riego, así como na revista *Alba*, *Ínsula* ou en *Poesía Gallega contemporánea* (1954), de Ramón González Alegre, todos eles medios nos que aparecen composicións do poeta de Guitiriz, en galego e tamén algunha en castelán. Repásase cada un dos poemas na súa versión orixinal en comparación coa definitiva de *Nimbos*.

Atopa exemplos sen variacións como “Con este alento” publicado en *La Noche* que pasaría co título de “Como brasas”; “Terra e mar” en *Cartel* que aparecerá como “Ai, capitán” e outros con grandes variacións como “Cortina” ou “Esmeralda” que manteñen o título pero evidencian unha clara evolución do poeta, polo que conclúe que malia ter unha soa obra publicada non foi algo fortuíto senón froito dun longo proceso de depuración lírica.

-Juan Miguel Ribera Llopis e Olivia Rodríguez González, “Joan Salvat-Papasseit e Manuel Antonio: o mar como espacio poético da aventura”, pp. 1261-1273.

Ademais de ver como forza motriz das vangardas o vitalismo que se observa en Salvat-Papasseit e Manuel Antonio, sinalan algunhas coincidencias entre ambos autores como a morte temperá a causa da tuberculose, a ideoloxía nacionalista, o influxo do creacionismo, a presencia do mar nas súas obras e a creación de mundos, erótico o do catalán, e paisaxístico o do rianxeiro. Neste senso, sinalan que a diferencia fundamental entre os dous vates respecto do mar é de perspectiva, portuaria para Salvat-Papasseit e a propia dun piloto para Manuel Antonio. Por outra banda, tamén achan similitudes debidas ao pouso literario-cultural común, no léxico, imaxes, trazos futuristas, influxo de Huidobro, personaxes... Así mesmo, lembran as relacións que existían naquela altura entre os literatos dos dous países ibéricos e defenden que Salvat-Papasseit foi un modelo para o vangardista galego. Finalmente, indican que a omnipresencia do mar supón unha innovación nas literaturas ibéricas aínda que outras, como as británicas, xa a recolleran dende máis antigo.

-Elisa Río Conde, “Analoxías entre *El Señor Presidente* de Miguel Ángel Asturias e “A Caza de Bruxas” (*A Fronteira Infinda*) de Celso Emilio Ferreiro”, pp. 1275-1284.

Faise unha comparación entre *El Señor Presidente*, novela do guatemalteco Miguel Ángel Asturias, e o relato “A Caza de Bruxas”, recollido na obra *A Fronteira Infinda*, de Celso Emilio Ferreiro. Sinala que a estadía deste último en Venezuela lle serviu para coñecer os costumes e a tradición literaria do continente americano, feito observado nos relatos desta obra inspirados en aspectos da realidade venezolana. “A Caza de Bruxas” e *El Señor Presidente*, ademais de compartir tema, presentan unha serie de circunstancias coincidentes que se analizan ao longo do artigo. Deste xeito apunta que a situación social, económica ou política; o retrato do tirano, a represión, a tortura, o pesimismo ou a ausencia de solucións son contempladas de xeito moi semellante por estes dous escritores.

-Juan Carlos Rodríguez, “Castelao e a literatura”, pp. 1301-1319.

Reproduce algúns artigos que publicou no *Faro de Vigo* en agosto de 1984 con motivo dunha visita á cidade olívica convidado por Xesús Alonso Montero. O primeiro deles, “Con acento andaluz: días de prosa en Galicia”, aborda a práctica discursiva de Castelao, por unha banda, o “populismo ideolóxico” co que fai posíbel permeabilizar o oral na escrita e, polo outro, o “populismo crítico”, que é clasista e se basea no recoñecemento da realidade colonial de Galicia, permitíndolle facer unha lectura positiva do país e entendendo que, ao negar esa realidade, se lle dá existencia ao que se nega dende fóra. A seguir, baixo o epígrafe “Notas encol da literariedade de Castelao”, fala do binomio vida-obra no rianxeiro e da dialéctica práctica que conxuga nel rexistros orais e escritos emparentados con García Márquez, Lorca, Albertí ou

Biedma. No último artigo, “Castelao: do *Diario* a Kropotkin”, detense no *Diario de 1921* de Castelao para demostrar esa mestura que o caracteriza, así como para dicir que rompeu xéneros e mesmo a estructura clásica dos personaxes, atopando neste punto semellanzas entre personaxes de *Os dous de sempre* e personaxes de Cortázar. Para acabar, destaca a concepción popular da arte do ilustre galeguista e, nunha nota final, conclúe que é un símbolo de toda unha nacionalidade e reinvindica a súa faceta literaria.

-Claudio Rodríguez Fer, “Escritos de combate de Lorenzo Varela”, pp. 1321-1343.

O autor salienta a “relevancia cultural e literaria” de Lorenzo Varela e a súa contribución á cultura española da guera civil. Logo de dar noticia da súa obra poética, expón a pertinencia de exhumar os seus escritos de combate e comenta a circunstancia de seren todos eles redactados fóra de Galicia e estaren destinados a un público castelánfalante. Os textos reproducidos son: “Las vacas de Ávila”, “La falsa promesa”, “Fernando de Rosa”, “Romance de Lina Odena”, “Tengo de cantar cantar”, “La flor de mayo”, “Romance de Zurbano Ramos”, “Campo de Aragón”, “Primero de Mayo”, “Palabras en el fuego”, “A un joven héroe”, “Hoy” (poemas); “El romancero de la guerra civil”, “Cantar en la guerra”, “Aurora y muerte”, “Palabras a un miliciano anónimo”, “Contra viento y marea”, “Bilbao”, “Literatura de guerra” (artigos), e “El fusil” (relato).

-José Luís Rodríguez Montederramo, “Sarmiento y la historiografía de la literatura en el XVIII: *El Libro de Buen Amor*”, pp 1345-1353.

Faise un estudio sobre a infuencia que Martín Sarmiento tivo no estudio do *Libro de Buen Amor.* Así, puntualízase que cando Tomás Antonio Sánchez publicou o seu primeiro tomo do libro, en 1779, xa Sarmiento dera noticias sobre un poema do Arcipreste de Hita. Deste xeito, no libro póstumo de Sarmiento *Memorias para la historia de la poesía* non aparecía este poema pero si había numerosos escritos nos que se deixaba ben clara a súa procedencia. Destácase que Sarmiento nunca deixou imprimir os seus traballos e que só traballaba para satisfacer a curiosidade do cardenal Silvio Valenti Gonzaga. Dise que logo da morte do cardenal os estudios que realizara en cincuenta pregos foron esquecidos, pero xa circulaban por Italia copias dos mesmos. Tamén se conta como foi realizando este traballo dende que, no ano 1745, decide volver sobre ese códice e redacta os cincuenta pregos de *Memorias para la historia de la poesía*, e que pouco despois, no 1750, Benito Martinez Gayoso atópase con outro testemuño do poema que deixa en mans de Sarmiento. Deste xeito, saliéntase que o estudio se conserva en catro follas, que o poñen en relación co de Toledo. Conclúese salientando as débedas que Juan Antonio Pellicer ten cos estudios do Padre Sarmiento que dende 1750 coñecía a autoría do poema do *Libro de buen amor.*

-Euloxio R. Ruibal, “Dialogo de Máscaras, Sobre as orixes dialóxicas do teatro”, pp. 1373-1377.

Euloxio R. Ruibal comeza definindo o teatro facendo fincapé no público do que di, seguindo a Bergson, que ten que ser plural. Fala tamén do nacemento do drama occidental –Tespis– e da explicación teatral de Nietzsche completada por R. Dieste e corroborada por Lesky. Comenta o termo *bajtiniano* ‘dialoxismo’ (intercambio verbal entre os personaxes) que vai reducir o papel do coro e di que a máscara (da que nos dá as súas características e materiais) xorde ao mesmo tempo có drama. Remata decantándose polo aspecto estético –resaltar personaxes sobre outros– sobre o práctico –utilidade– no uso de altofalantes nas máscaras, dos coturnos e dos peiteados altos.

-Xosé Manuel Salgado, “O poeta Alonso Montero”, pp. 1379-1387.

Achéganos X. M. Salgado a obra poética do profesor Alonso Montero, afastada de grupos programáticos, identidades xeracionais..., xa que sae á luz cando o seu autor supera xa os sesenta anos. A súa poesía é un compromiso –dende as forzas da esquerda– coa realidade e nela preocúpase pola recuperación dalgunhas expresións galegas das que el mesmo aclara o seu significado, “bautiza de novo o que xa nomearon os clásicos” e rexeita a retórica utilizando o coloquialismo e a ironía o que lle dá á súa obra unha “concordia cultural”. *Versos satíricos (para hoxe) ó xeito mediaval* (1998) –estilo neotrobadoresco– é o seu poemario completo que inclúe *María das falas di mal do noso tempo* (sete cantigas) e *Airas Nunes volve ó camiño* (cinco composicións), aínda que o poeta abandona o neotrobadorismo nos seus catro poemashomenaxe: *Epístola laudatoria para Xesús Campos, Carta a Marío Terán, executor de Ernesto Che Guevara, Nouturnio de medo e morte* (homenaxe a Roberto Blanco Torres) e *Oito versos para Euloxio e Rizal* (Compañeiros de Blanco Torres) nos que se ve a viveza da palabra ferida pola ausencia. X. M. Salgado remata dicindo que a poesía de Alonso Montero é “reconfortante” porque así é sempre a verdade.

-Miguel Anxo Seixas Seoane, “Galicia nas linguas do mundo: inventario de textos en galego e de Galicia traducidos ó albanés, árabe, aranés, armenio, asturiano, baixo saxón, basco, bretón, búlgaro, catalán, checo, chinés, cróata e esloveno”, pp. 1397-1420.

Trátase dun catálogo que recolle textos galegos, ou ben de tema galego, escritos en latín ou en castelán, de varias épocas, traducidos a todas as linguas mencionadas no título. A finalidade do inventario é, segundo di

o seu autor, contribuír ao proxecto “Galicia nas linguas do mundo”, polo que o homenaxeado traballou durante o seu maxisterio estimulando á xente a traducir textos galegos a outras linguas.

-Isabel Seoane, “A primeira historia de literatura escrita en galego”, pp. 1421-1435.

Comeza declarando o carácter de homenaxe deste artigo á figura de Florencio Vaamonde pola publicación da primeira historia de Galicia, *Resume da historia de Galicia*, que no capítulo cuarto recolle o primeiro tratado de literatura galega escrito en galego. Indica que este traballo se publicou entre agosto e setembro de 1897 na *Revista Gallega* de Galo Salinas en seis entregas, e que en 1899 foi editado en libro con modificacións e cun voluminoso conxunto de *Notas* que ocupan maior extensión que o libro en si. A seguir, ocúpase dos contidos deste *Resume*, que responde ao intento de reivindicar o pasado de Galicia para xustificar un presente e un futuro diferencial e de establecer un sistema normalizado para a lingua e a literatura galegas. Salienta que prima o criterio da concisión; que se utiliza o criterio filolóxico para delimitar o que é a literatura galega e que trata a poesía, o teatro e a prosa fronte a estudios anteriores que só se ocupaban da lírica. Entre os aspectos máis curiosos menciona a periodización da literatura que ofrece Vaamonde: lírica medieval, os sonetos renacentistas, paréntese e novo espertar literario cos escritores do XVIII; enmudecemento total a fins deste século e Rexurdimento do XIX. Cita en cada período nomes de autores e obras e remata sinalando a escasa atención que recibiu este traballo por parte da crítica, ademais de valoralo como “un estudio literario moderno” que responde á ideoloxía do seu momento. O artigo conclúe cun apéndice no que se citan todos os textos recollidos por Florencio Vaamonde no apartado de *Notas* da súa obra.

-J. Santos Simões, “Os rostos e a alma”, pp. 1451-1458.

Céntrase na viaxe imaxinaria que el mesmo realiza no tempo á procura de Galicia e da súa alma a través das súas voces literarias máis representativas, entre elas, Rosalía, Curros ou Celso Emilio Ferreiro. Deles sinala que deixan ver nas súas obras o sentir da xente galega, o seu sufrimento, a dor e o seu espírito de loita. Remata loando ao profesor Alonso Montero, lembrando como se xestou a súa amizade e propondo ao profesor como un “exemplo” a seguir.

-Amparo Solla González, “Os pañales de luar’, un conto recuperado de Otero Pedrayo”, pp. 1459-1467.

Céntrase nas abondosas narracións breves que escribiu Otero Predrayo e salienta, especialmente, a creación de personaxes femininos. A seguir, reproduce o texto de “Os pañales do luar”, publicado en *El Pueblo Gallego*, que conta a historia dunha aldeá que perde un fillo espurio e tolea. Acha neste relato numerosos elementos habituais na nosa literatura como o fillo de solteira, a deshonra da moza ou a morte do vástago, e relaciónao con Marcial Valladares, Heraclio Pérez Placer, Lamas Carvajal ou Alberto Camino. Dende un punto de vista xenérico, insíreo na “lenda” e considera o río un elemento moi importante, por funcionar como preludio da traxedia. Tampouco esquece tratar a modalización narrativa, inscrita na omnisciencia normal da época, e dar conta das súas variacións. Remata cuns apuntamentos estilísticos e fixándose na estructura que segmenta a viaxe autodestructiva da moza.

-Laura Tato, “Unha cala no medio rural: o teatro na comarca de Ortigueira”, pp. 1474-1487.

Considera inicialmente que a historiografía dramática en Galicia se escribiu baseándose na actividade teatral das cidades, quedando a dramaturxia de vilas e aldeas relegada ao esquecemento. A seguir, fai un percorrido descritivo polas "actividades dramáticas en Santa Marta de Ortigueira" dende o século XIX seguindo as noticias recollidas na prensa local; nos semanarios *El Cabo Ortegano* e *La Voz de Ortigueira*. Realizada esta esculca, observa que a importancia da actividade teatral na vila, na que se representaron os principais títulos do momento, existiron grupos estábeis e a asistencia de público foi moi numerosa. Tamén sobrancea, como conclusión, a relación que existía entre o maior ou menor número de representacións dependendo do momento político que se estaba a vivir e que corresponde coa diminución na dictadura de Primo de Rivera e o incremento na IIª República.

-Elias J. Torres Feijó, "O galego Esteban: a estratégia para a configuraçom dum herói", pp. 1489-1510.

Estudia o proceso mitificador do heroe do conto "O galego Esteban", de *A fronteira infinda* (1972), de Celso Emilio Ferreiro, en canto que é alimentado polo sistema literario galeguista da altura. Atópao novidoso en oposición a outros textos do autor no ton esperanzado e nalgúns dos acontecementos narrados, que presentan as vivencias do galego de Esteban (ou Comandante Aristides) nunha aldea situada na fronteira entre Venezuela e Colombia. A seguir, céntrase no tratamento espacio-temporal para afirmar que son parámetros que contribúen a construír a mitificación e a acción exemplar do heroe, ao igual que a poboación indíxena. Para el, son procedementos similares aos que se atopan na narrativa hispanoamericana da altura, onde o heroe ten características ideais e representa unha nova acusación contra os "ananos" que Celso Emilio atopou na emigración. Ademais, cre que segue a fórmula dos ritos iniciáticos, que no caso de Esteban se traducen na "chamada á aventura". Tamén apunta que como posíbel recepción textual, sería unha especie de odisea na que Galicia sería o principio e fin dese proceso

situándose nun espacio intermedio a fronteira “infinda” da emigración. Finalmente, alude a algúns elementos de reforzo do “potencial comunicativo” do relato, entre eles o motivo histórico-lendario do bandido ou a resistencia guerrilleira sudamericana.

-Álvaro Varela Suanzes-Carpegna, “Un achegamento ao estudio das antoloxías literarias do primeiro tercio do século XX: *antoloxía comentada* de Filgueira Valverde e *a pequena antoloxía lírica* de F. M. G.”, pp. 15351541.

Céntrase, en primeiro lugar, no contido da *Antoloxía comentada*, que caracteriza pola súa esencia selectiva e a admisión de abondosas posibilidades organizativas en función dos criterios empregados polos autores. A seguir, cita algunhas das antoloxías máis importantes da época anterior á guerra civil: *El idioma gallego* (1886), de Antonio de la Iglesia; *Las mejores poesías gallegas* (1914), de Uxío López-Aydillo; *Refraneiro galego* e *Antología de la lírica gallega* (1928), de Álvaro de las Casas; *Escolma de cantigas* (1934); *Cancioneiriño de Compostela* (1932) e *Antoloxía comentada* (1936), ambas de Xosé Filgueira Valverde. Para rematar, achégase á *Pequena antoloxía lírica* (1935), da que se descoñece o autor e na que se inclúen composicións de catro poetas: Luís Pimentel, Álvaro Cunqueiro, Augusto Mª Casas e Luís Amado Carballo. Para rematar, cítanse os poemas escollidos de cada un dos autores antologados citando “As cantigas do berce”, de Luís Amado Carballo; “Orazón”, de Augusto Mª Casas; “Verbas”, de Luís Pimentel e un poema de Cunqueiro publicado no seu libro *Mar ao norde*.

-Ernesto Vázquez Souza, “Unha lectura de ‘Sabela’ de Castelao”, pp. 1543-1551.

Esta “lectura” de “Sabela” por Ernesto Vázquez Souza preséntase como un agasallo para o profesor Alonso Montero. Nela falásenos das inquedanzas e problemas que sufriron os nados entre 1966 e 1972 e achéganos a figura do Castelao de *Retrincos* contextualizando a política desta época (1934) e fronte aos que opinan que esta obra “anecdótica-costumista” era “moi anterior” a *Sempre en Galiza,* Vázquez Souza di que é “secuencialmente anterior tendo a función solapada de denuncia concreta”. Continúa coa descrición do libro “luxoso no seu feitío...” e describe a lectura de “Sabela” como un resumo do Castelao “de éxito e compromiso” e para demostrar isto oriéntanos cara ás dúas cartas do editor A. Casal nas que lle recomendaba ao autor un “retrinco máis” que foi precisamente “Sabela” no que se ve a evolución política vital de Castelao.

-Joaquim Ventura, “Uns poemas galegos no xornal *El día de Terrasa* (1921)”, pp. 1553-1561.

Despois de pór de relevo a importancia da incorporación de Vicente Risco ás Irmandades da Fala, pon como exemplo o feito de que a partir de 1920, gracias ás noticias que el achegou sobre as letras catalanas, comezasen a emerxer importantes intercambios culturais entre os nacionalistas galegos e cataláns. A seguir, ofrece datos sobre diversas publicacións de autores cataláns nalgúns dos números de *A Nosa Terra* ou referencias do suplemento “Noucents”, de *El Dia de Terrasa* na Revista *Nós.* A continuación, dá conta de dúas colaboracións galegas que viron a luz no xornal *El Dia*: un poema de Ramón Cabanillas publicado no nº 24 do suplemento “Noucents”en *El Dia*, nº 835, e catro poemas de diversa autoría seleccionados polo propio Risco que se publicaron no suplemento nº 25, correspondente a *El Dia* nº 847. Finalmente, explica algúns dos motivos que levaron a Risco á selección deses poemas como foi o feito de que fosen inéditos, ou a necesidade de encher unha presencia digna da poesía galega ou “a vaidade de se incluír con dous poemas e colocalos en primeiro lugar no envío”.

-Dolores Vilavedra, “Algunhas calas no discurso metaliterario galego nos 80 e nos 90”, pp. 1563-1575.

Pretende achegar algúns argumentos que sirvan para avaliar ata qué punto a literatura galega das últimas décadas avanzou no proceso de formular un discurso autónomo sobre si mesma e como este se foi desenvolvendo. Comeza identificando un primeiro tema de reflexión sobre o acto de creación literaria, centrado na relación entre a lingua e o escritor e representado por dúas actitudes. En primeiro lugar a dos escritores que intentan dar unha aparencia de normalidade ben por convicción ben como estratexia normalizadora –actitude na que nomea a Alfredo Conde–, e que valora como o índice dunha “situación percibida como inestable por parte dos propios usuarios da lingua” que supón negación da dimensión militante que ninguén negaba ata os 80. En segundo termo a que sinala o compromiso coa lingua sen levar aparellada militancia política –actitude que recoñece en Carlos Casares. Entre as novas promocións identifica unha actitude máis natural e desacomplexada na asunción da escrita en galego, mencionando a Suso de Toro. Como proba da evolución dos escritores con respecto á cuestión refírese ás polémicas suscitadas en 1991 con motivo da concesión a Alfredo Conde do premio Destino pola novela en castelán *Los otros días* contrastándoas cos argumentos achegados en 1999 cando Bieito Iglesias gañou o Ciudad de Salamanca por *Bajo las más bellas estrellas*. Sinala que se ben ambos escritores compartían unha traxectoria monolingüe, a actitude de Conde foi no seu momento máis rechamante polo seu cargo público de conselleiro de cultura do goberno autónomo galego e foi entendida como incoherente polos seus detractores, mentres que os defensores apuntaron cuestións de mercado e argumentos baseados na reivindicación da liberdade creadora do individuo. Conclúe que en xeral a ocasión non se aproveitou para “abordar en profundidade o debate do monolingüismo dos escritores galegos” e que o factor da lingua seguiu aparecendo nos debates literarios das últimas décadas. Outras das cuestións de debate que desenvolve Dolores Vilavedra son o desprazamento da reivindicación dunha literatura comprometida dos narradores aos poetas e a reflexión sobre o estatuto ontolóxico da literatura vencellado aos límites do que se considera literatura

galega. Apunta finalmente que a principal novidade destas décadas foi o descubrimento do lector como copartícipe do proceso de comunicación literaria á luz das teorías da recepción e da figura do lector implícito, o que levou a múltiples reflexións sobre a responsabilidade do lector no debate do que é a literatura galega.

-Miro Villar, “Do ‘secuestro’ á censura. A intricada historia editorial do libro *A Roseira da Soidade* de Antón Zapata García”, pp. 1589-1601.

Dáse conta dos avatares que sufriu *A Roseira da Soidade*, libro de poemas de Antón Zapata García, ata a súa publicación en 1954. Dise que este volume fora presentado ao Concurso Literario de Obras Galegas do “Centro Gallego” de Buenos Aires en 1949. Sen embargo, segundo indica Zapata García e Calviño Castro, membro da Comisión de Cultura do Centro Galego, a obra foi secuestrada dende o 29 de abril ata o 30 de xuño de 1950, datas nas que debía ser estudiada polo xurado. Este feito foi denunciado no semanario *Galicia*, sen que isto cambiase o dictame do xurado, que apostou por *Precursores e Novos* de Fernández del Riego. Pero ademais da polémica que suscitou esta retención da obra, tamén se nos informa no artigo da censura que sufriu o poemario antes da súa edición definitiva en 1954. Destaca que os estudiosos da obra de Zapata non fan referencia a esta circunstancia, sendo o primeiro que se fai eco Alberto Vilanova, autor dunha biobibliografía en catro páxinas, considerada durante moitos anos a mellor aproximación á vida e á obra do poeta de Laxe.

-Félix Villares Mouteira, “Crecente Vega e a Escola poética do seminario de Mondoñedo”, pp. 1603-1612.

Indícase que a maioría dos escritores galegos do norte de Lugo estudiaron no Seminario de Mondoñedo polo que considera que, canto aos poetas, se pode falar de “Escola poética” do Seminario de Mondoñedo porque todos eles amosan características que unifican o grupo, exemplificandoo con Xosé Crecente Vega. Segundo di neste autor sobrancea unha nítida formación humanística, hai unha pegada evidente dos clásicos latinos, cultiva a poética popular e costumista, amosa amor polas cousas pequenas, un predominio do descritivo sobre o lírico e trata ampliamente o tema relixioso. Considera que estas premisas se repiten na maioría dos autores da “Escola poética” á que se está a referir.

-Xosé Xove Ferreiro, “ Noticia da colaboración galega na coroa de Azara”, pp. 1631-1639.

Dá conta da coroa literaria adicada a José Nicolás de Azara y Perera no ano 1851, nunha convocatoria que ofrecía a posibilidade de que os poemas foran escritos nos “dialectos provinciales de España”. Di que o galego vai estar presente nesta coroa, dirixida por Basilio Sebastián Castellanos de Losada, do que destaca o seu labor na recuperación da figura de Azara. Indica algunhas obras publicadas en honra deste autor como *Memorias de Azara* (1847), *Panteón biográfico-moderno de los ilustres Azaras de Barbuñales...* ou *Historia de la vida civil y política del célebre diplomático... (1849-1850)*. A seguir, céntrase nas composicións galegas publicadas no 1852 no primeiro volume do libro *Glorias del caballero Azara del siglo XIX*, do que ademais de ofrecer a descrición di que as colaboracións procedentes de Galicia se agrupan nun apartado titulado “Galicia”. Faise unha descrición sobre as vinteunha composicións en verso, agás unha, distribuídas por provincias e detrás o nome do autor e a localidade, aparecendo dous da Coruña, unha a Lugo, doce de Ourense, dúas de Pontevedra e tres de Santiago, e saliéntase que cinco delas xa foran anteriormente publicadas con pequenas modificacións. Péchase o artigo coa reproducción da traducción ao galego feita por José María Ferrer da biografía do homenaxeado na obra.

Recensións:

-M. Blanco Rivas, “Miscelánea de textos sobre Alonso Montero”, *Faro de Vigo*, “El Sábado”, nº 148, 11 marzo 2000, p. 4.

Refírese á publicación da homenaxe a Xesús Alonso Montero e salienta o labor desenvolvido polas responsábeis da edición, ademais de fixarse na estructura da obra e nalgúns dos participantes. Fai unha pequena semblanza do catedrático, e pon especial énfase na bibliografía elaborada por Victoria Álvarez Ruíz de Ojeda, na que se inclúe un apartado de inéditos do autor, ademais de revelar que o seu primeiro estudio se adiantou, en dous anos, ao primeiro publicado (*Grial*, 1951). Para finalizar, resalta que Alonso Montero se dedicou por enteiro á literatura galega e á docencia, aínda que guiou a súa curiosidade intelectual polas máis variadas materias.

-Luís Iglesias Feijoo, “Homenaje a Xesús Alonso Montero”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 19, 24 marzo 2000, p. 2.

Sinala que estamos ante unha das maiores homenaxes que a Universidade de Santiago ten brindado a un dos seus membros. Dá conta da variedade das colaboracións e da heteroxeneidade dos colaboradores, chegados dos máis diversos ámbitos. Destaca os artigos de Méndez Ferrín, Fernando Lázaro e Díaz Pardo. Finalmente, considera a Alonso Montero como “un profesor singular (…) que fue un maestro de docencia y oratoria, porque siempre creyó en la palabra”.

-X. Antonio López Silva, “Rosario Álvarez e Dolores Vilavedra (coord.). *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*”, *Citania*, *Artes, Espéctaculos*, nº 3, outono-inverno 2000, maio 2000, pp. 93- 95.

Faise un desmuizamento de cada unha das partes dos dous grosos volumes que compoñen esta obra, ao tempo que se indican os artigos que se consideran máis ilustrativos ou orixinais. Por último, di botar en falla unha colaboración sobre a figura de Horacio, á que Alonso Montero lle dedicou moitas páxinas.

-M. Quintáns S., “Un libro de ficción no que se conta a vida e os aforismos dun mestre subversivo”, *El Correo Gallego*, “Fin de Semana”, 18 xuño 2000, p. 7.

Pon de relevo que, con motivo da xubilación de X. Alonso Montero, Catedrático de Literatura Galega da Universidade de Santiago de Compostela, o mundo das letras estalle a render homenaxe publicando estudios sobre a súa figura e o seu traballo, ou simplemente reedítase a súa obra. Así, alude, entre outros, á edición dun amplo traballo, coordinado por Rosario Álvarez e D. Vilavedra, que leva por título *Cinguidos por unha arela común: Homenaxe o profesor Xesús Alonso Montero*. Tamén se refire á reedición de *Pedro Petouto: traballos e cavilacións dun mestre subversivo,* a súa única obra literaria.

-Xosé Ramón Pena, “Unha merecida homenaxe”, *Guía dos libros novos*, “Estudios literarios”, xuño 2000, p. 30.

Tras recoñecer os méritos de Xesús Alonso Montero, analízanse os dous tomos que veñen de ser publicados na súa homenaxe. Infórmase de que o primeiro deles está dividido en tres apartados: “Semblanzas e Creación”, “Lingua” e “Historia, Cultura e Sociedade”. Menciónanse algúns dos autores que colaboraron en cada un destes apartados. Tamén se sinala que o segundo tomo só contén unha sección: “Literatura”. Así mesmo, lémbranse algúns dos intelectuais que participan neste volume. Remátase louvando a publicación por contribuír “á consolidación da filoloxía galega”.

-Sabela Labraña Barrero, “Alonso Montero, mestre subversivo ou por qué calou o Suso”, *Grial*, “Libros”, nº 146, abril-maio-xuño 2000, Tomo XXXVIII, 2000, pp. 340-343.

Achégase á obra en homenaxe de Xesús Alonso Montero que comeza cunha lembranza do traballo deste profesor e dos acertados agoiros que dera a coñecer en *Informe –dramático– sobre la lengua gallega* (1973). Dá a coñecer as liñas xerais de cada un dos dous volumes que conforman esta obra colectiva e destaca o traballo de coordinación levado a cabo por Dolores Vilavedra e Rosario Álvarez. No eido da literatura, salienta o esforzo de Alonso Montero encamiñado a recuperar figuras esquecidas como Roberto Blanco Torres, os estudios sobre a alofonía, o interese pola literatura popular e os traballos sobre a poesía socialrealista. Finalmente, loa “o seu compromiso ético, a infatigable combativa intelectual e a capacidade oratoria”, así como a apertura de moitas liñas de investigación nas que se segue a traballar na actualidade.

-Isabel García Piqueras, “VV.AA. *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*”, *Madrygal*, nº 3, “Recensións”, 2000, pp. 185-189.

Dá conta da homenaxe ao profesor Xesús Alonso Montero con motivo da súa xubilación, a través desta ampla obra na que se recollen ducias de traballos de colaboración en dous volumes. Salienta que a maioría deles fan referencia ou toman como punto de partida a traxectoria vital e científica do homenaxeado, pasando a continuación a describir miuciosamente todas as seccións e os artigos que aparecen nesta obra

Referencias varias:

-Miguel Anxo Seixas, “Rosalía en catalán”, *O Correo Galego*, “A Maltrana”, 21 febreiro 2000, p. 3. Anuncia a homenaxe que se lle rende a Xesús Alonso Montero con motivo da súa xubilación un día despois do aniversario do nacemento de Rosalía de Castro, acto no que se presentan os dous volumes editados pola Universidade de Santiago de Compostela. Achégase ao contido dos mesmos centrándose no relatorio que o articulista presentou: “Galicia nas linguas do mundo (…)” no que fala das traduccións feitas dos poemas “Castellanos de Castilla” e “A Gaita Gallega” incluídos en *Cantares Gallegos* (1863), de Rosalía de Castro ao catalán en 1866 por Víctor Balaguer. Dá conta da nova descuberta doutro poema da mesma autora, no mesmo ano e da mesma obra “Airiños, airiños, aires”, traducido por Joan Sitjar y Bulcegur adicado ao galego Miquel Rosende y Canellas, no xornal *El Faro Bisbalense: periódico científico, literario e industrial*.

-Marcos Valcárcel, “Unha arela común sobre Xesús Alonso Montero”, *La Región*, 13 abril 2000, p.15.

Analiza as características máis chamativas desta publicación tras aludir á derradeira lección do mestre o 26 de febreiro. Valora, sobre todo, a diversidade científica e a talla intelectual dos asinantes dos seus estudios. Tamén se refire á parte dedicada á historia e engade que se trata dunha das obra imprescindíbeis para os interesados na cultura galega e nas humanidades.

-Marcos Valcárcel, “Unha arela común”, *O Correo Galego*, “Pé das burgas”, 14 abril 2000, p. 3.

Comeza por afirmar que nesta miscelánea de textos dedicada a Xesús Alonso Montero se dan cita figuras de renome da cultura galega e antigos alumnos do profesor. Precisamente, recolle as palabras que pronunciou no acto de despedida presentado por Dolores Vilavedra e Antón Santamarina nas que lembra os seus comenzos como docente. Ademais, di que no volume reservado para a literatura hai diversos estudios sobre escritores galegos.

-Xulio Valcárcel, “Homenaxe a Alonso Montero”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, 14 maio 2000, p. 4.

Con motivo do retiro do profesor Xesús Alonso Montero, louva a súa faceta de investigador e sobre todo de mestre de distintas xeracións, ao tempo que se mostra satisfeito pola homenaxe rendida “á figura do ilustre amigo” coordinada polas profesoras Rosario Álvarez e Dolores Vilavedra.

Álvarez Blázquez, Emilio, *Terra de matute para Castelao. (Edición en homenaxe a Castelao e ó autor)*, prólogo de Xesús Alonso Montero, Betanzos: Concello de Betanzos (Xornadas de estudio e debate sobre Castelao), 2000, 11 pp. (Sen DL nin ISBN).

Edición especial do artigo de Emilio Álvarez Blázquez “Terra de matute para Castelao” publicado no *Faro de Vigo* o día 10 de xuño de 1984 co que o Concello de Betanzos quere homenaxear a Daniel R. Castelao e ao propio Álvarez Blázquez. Conta cunhas “Palabras de Presentación para un Artigo Maxistral”, de Xesús Alonso Montero, nas que adianta brevemente o seu contido, mostra a súa admiración polo autor e o compromiso con el contraído antes da súa morte en 1988, ademais de referirse á contradicción que se produce cun texto de Rodolfo Prada sobre a procedencia da terra que se enviou a Buenos Aires para acompañar a Castelao no seu cadaleito, e remata cun breve poema do mesmo autor dedicado a Castelao e a Alexandre Bóveda. O contido do artigo xira arredor da anécdota protagonizada por Francisco Fernández del Riego, Celso Collazo e o articulista que, chegado no Nadal de 1949 a Vigo Perfecto López procedente de Buenos Aires, lles trae “apertas para os rapaces” de Castelao e infórmaos do grave estado de saúde no que queda, polo que deciden enviarlle “tres saquiños” de terra galega para que acompañen ao rianxeiro no seu cadaleito. O título do artigo vén dado polas desconfiadas preguntas do carabineiro na súa entrada ao buque que a levaría a Buenos Aires sospeitando que se tratase de contrabando.

Referencias varias:

M. Quintáns S., “Recupera-la memoria”, *El Correo Gallego, “Correo das Culturas”*, nº 42, 17 setembro 2000, 8.

Despois de facer unha breve reflexión sobre a necesidade de non perder a memoria para non perder a nosa identidade cultural, salienta o esforzo de Xesús Alonso Montero no seu traballo de recuperación da memoria de autores e legados da cultura galega que, ao seu entender, están en perigo de desaparecer. Salienta o seu gusto polas obras de pequeno volume e cita como exemplos as últimas novidades presentadas polo investigador. Alén do relato de Álvarez Blázquez, a edición fascimilar de *O Tío Marcos da Portela* e a de *Espiñas, follas e frores. Colección de versiños galegos* (1999), de Valentín Lamas Carvajal.

Axeitos Agrelo, Xosé Luís, *Manuel Antonio*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, col. A Nosa Memoria, nº 24, marzo 2000, 137 pp. (ISBN: 84-453-2734-8).

Con motivo do centenario do nacemento de Manuel Antonio, sae este volume que nos achega datos sobre a vida e a obra deste autor. Despois dunha introducción, o libro divídese en nove capítulos e un epílogo que contén dous textos en prosa do autor, nun deles fala de Rianxo e no outro de Padrón. As últimas páxinas reproducen distintos documentos persoais do rianxeiro como a acta de nacemento e defunción. Ao longo do libro vaise configurando unha imaxe de Manuel Antonio como heterodoxo e rebelde, a raíz de distintos episodios da súa vida, entre eles a queima dunha bandeira española, a fuxida ata Irún para alistarse cos aliados en Francia ou a publicación do manifesto *¡Máis alá!*. Trátase tamén no libro o problema textual que presenta a súa obra, xa que segundo Axeitos, os orixinais se atopan “secuestrados” e non se puideron revisar as edicións de Domingo García Sabell, que publicara a obra poética en 1972 e o epistolario en 1979. Presenta tamén a obra información sobre outras cuestións como as lecturas que facía o poeta, os seus espacios vitais ou a loita xeracional existente entre os “novos” e os “vellos”. Todo isto aparece por veces exemplificado con fragmentos do propio Manuel Antonio e doutras persoas que se relacionaron con el ou escribiron sobre el.

Recensións:

-Román Raña, “Unha nova achega sobre Manuel Antonio”, *Guía dos libros novos*, nº 18, “Estudios literarios”, maio 2000, p. 25.

Tras informar da celebración do Congreso sobre Manuel Antonio en Rianxo, destácase a análise de distintos aspectos biográficos deste autor na obra recensionada. A este respecto, menciónase a influencia que tivo neste poeta o ambiente da súa vila natal. Así mesmo, faise referencia á presentación que aparece no estudio sobre o nacionalismo de Manuel Antonio. Tamén se dá conta da análise da traxectoria poética do autor rianxeiro. Por último, lóuvase a inclusión dalgunhas prosas inéditas deste escritor.

Blanco Castro, Manuel, *Vida e obra de Manuel Rodríguez López*, introd. de Xulio Xiz, epílogo de Xesús Mato, Lugo: Concello de Paradela, 2000, 91 pp. (DL: LU78/2000).®

Estudio sobre a figura de Manuel Rodríguez López que está dividido en dúas partes, unha dedicada á súa biografía e outra á súa obra, e que vén introducido por un saúdo do Alcalde de Paradela que dá paso a un breve escrito de Xulio Xiz, explicando o motivo do libro, que non é outro que lembrar ao "embaixador dos Galegos en Catalunya no ceo dos galegos". A obra recolle así mesmo as opinións dalgúns autores sobre Rodríguez López, apéndices documentais, bibliografía e un epílogo, "A xeito de epílogo ós meus veciños de Paradela" elaborado por Xesús Mato no que recoñe o labor do autor do estudio, Manolo Blanco Castro, e invita a todos os veciños de Paradela e das parroquias colindantes a seguir traballando na promoción da obra deste "poeta amigo e veciño".

Referencias varias:

Lorenzo García-Diego Pérez, "Biografía de Manuel Rodríguez López", *El Progreso*, "Tribuna", 21 xuño 2000, 13.

Ademais de repasar a vida do biografado e de valorar moi positivamente a forma de abordala na obra, tamén salienta a gran cantidade de anécdotas que aparecen e o ben documentado que está o autor como demostran os abondosos testemuños que inclúe. Sobrancea a introducción á obra de Xulio Xiz e o epílogo de Xesús Mato, atopando tanto no autor coma nos colaboradores un grande amor a Galicia e a Manuel Rodríguez López.

-Cristina Amenedo, “Manuel Rodríguez López”, *El Correo Gallego*, “Lorelei”, 27 outubro 2000, p. 4.

Saliéntase a publicación deste estudio feito por Manuel Blanco Castro e editado polo Concello de Paradela. Coméntanse os vínculos existentes entre o autor do libro e o poeta de Paradela. Finalmente, lóuvase o acerto do concello de Paradela ao escoller a Manuel Blanco Castro para rendirlle homenaxe a Rodríguez López.

Blanco Paredes, Xavier, *Xaime Quintanilla Martínez. Unha pegada inesquecible*, limiar de Xavier Blanco Paredes, Ferrol: Concello de Ferrol/Asociación Cultural Quintanilla Martínez/Fundación Caixa Galicia, col. Ferrol en Tempo de Historia. Recuperación da nosa memoria histórica, nº 9, outubro 2000, 87 pp. (DL: 2002/00).

Achega á vida e obra de Xaime Quintanilla Martínez, na que hai unha presentación do Concelleiro de Cultura de Ferrol e un limiar introducido polas palabras de Castelao en lembranza do médico asasinado en 1936 en *Sempre en Galiza*, seguido polas do autor no que, ademais de adiantar algúns dos postos máis significativos que acadou na cidade de Ferrol, expresa os agradecementos oportunos. A seguir, vén o estudio propiamente dito comezando polo nacemento na cidade da Coruña, os seus estudios de Medicina en Santiago, a vinculación coas Irmandades da Fala, e a súa chegada á cidade en 1917, centrándose a partir de aquí no labor intelectual desenvolvido ata o momento do seu asasinato. Da súa obra, sinálase a importancia acadada con *Donosiña* (1920), obra de teatro representada con grande éxito no Teatro Jofre, explicando o argumento e a repercusión que tivo nos medios da época. Tamén se refire á súa colaboración na revista *Nós* dende 1920, á fundación e dirección da revista *Céltiga* en 1922 na que publicará a peza teatral *Alén* e a súa novela curta *Saudade*, á súa participación nos medios máis importantes da época ou á intensa actividade á fronte do coro “Toxos e Froles”. Tamén se estende na súa faceta política que o levaría a ser alcalde da cidade en 1931 e traballar despois a prol do Estatuto con Castelao. Reprodúcense numerosos documentos e artigos de Quintanilla ao longo da obra, que se pecha coas fontes e a bibliografía consultadas.

Cacheiro Varela, Maximino (ed.), *Os escritores galegos e iberoamérica*, limiar de Maximino Cacheiro Varela, Vigo: Departamento de Filoloxía Española/Universidade de Vigo, outubro 2000, 149 pp. (ISBN: 699-3337-X).

Conta este libro cun limiar de Maximino Cacheiro Varela no que se nos dan algúns datos da emigración galega en Iberoamérica, como a súa cronoloxía, cáles eran as actividades dos galegos na emigración, ou cáles eran os problemas cos que se atopaban os intelectuais emigrados. Ademais disto inclúese un poema en prosa titulado "Ensoñación tropical". A continuación recóllense sete autoestudios, que van precedidos por unha breve presentación dos seus autores, e que son producto dun ciclo de conferencias impartidas na Facultade de Filoloxía da Universidade de Vigo. A continuación dáse conta do contido destes autoestudios:

-Francisco Fernández del Riego, "Galicia na narrativa de Nélida Piñón", pp. 25-37.

Achégase á obra da escritora brasileira Nélida Piñón, que ten orixes galegas, e indica que nalgunha das súas obras, entre ellas en *Madeira feita cruz*, pódese rastrexar esa orixe galega, notándose que esta autora sente un profundo amor pola terra dos seus devanceiros.

-Pura Vázquez Iglesias, "A conquista de Caracas", pp. 41-57.

A escritora conta como foron as súas diversas estancias en Venezuela, indicando os seus traballos, que libros publicou alí, como é ese país ou que sensacións experimentou nesas temporadas. Pero ademais de falar da súa experiencia vai dando algúns datos sobre a xente do lugar ou doutros que, coma ela, tamén estaban emigrados.

-Luz Pozo Garza, “O diálogo infinito”, pp. 60-79.

Esta autora destaca algúns dos trazos comúns que hai entre a súa poesía e a de autoras hispanoamericanas como Juana de Ibarbourou ou Alfonsina Storni. Destaca ademais as semellanzas entre algunhas das súas composicións e as de Baudelaire ou Álvaro Cunqueiro. Toda esta comparación vai exemplificada cos seus versos e algúns dos outros poetas. Luz Pozo conclúe que nos movemos no diálogo do espacio intertextual e que así deixamos constancia e evidencia da mente única.

- Mª do Carme Kruckenberg, “Tempo de América”, pp. 82-98.

Fálanos das distintas persoas, tanto galegas (Arturo Cuadrado, Castelao, Luís Seoane...), coma hispanoamericanas (Miguel Ángel Asturias, Olga Orozco, Alberto Girri...), que coñeceu durante os catro anos que estivo no continente americano. Explica que pasou por diferentes países (Arxentina, Uruguay, Brasil e Cuba) dos que tamén nos dá algúns datos e aos que lle dedica poemas no seu libro *Vivir, aventura irrepetible* (1998), que reproduce nestas páxinas.

-Xavier Alcalá, “La Habana flash. Centro Galego”, pp. 100-111.

Danse algúns trazos xerais sobre a Habana e déixase constancia do deterioro que sufriu o Centro Galego, onde noutro tempo se consolidaron o noso Himno e a Academia. Tamén se mostra como é a vida en Peixiño, barrio que está ao outro lado da baía, e que coñecemos a través do testemuño de dous vellos, un lugar fundado por xente de Ferrolterra, que soubo como pescar na zona para sacar proveito, malia que a Revolución levase este negocio á ruína.

-Isaac Otero Rodríguez, “A miña obra literaria no xénero narrativo e a literatura iberoamericana”, pp. 114-126.

Infórmase do contido e técnicas narrativas empregadas en cinco obras distintas deste autor, escritas en galego ou castelán. Os títulos que se comentan están relacionados no seu contido con Hispanoamérica ou con España, tratándose nalgún caso temas como o da emigración que afecta a ambos lugares.

-Víctor F. Freixanes, “A miña obra e Hispanoamérica”, pp. 128-149.

Aínda que se mencionan distintas novelas, céntrase no argumento de *A cidade dos Césares*, na que se narra a viaxe que emprenderon moitos galegos en 1773 para poboar o sur do continente americano, principalmente as terras da Patagonia. Indica que é unha novela histórica, “narrada dende a memoria da morte”, xa que o seu protagonista Basilio Vilariño é un defunto. Nárrasenos nesta obra, segundo Freixanes,

un fragmento da nosa épica conformada pola emigración, que durou dende mediados do século XVIII ata os anos 50 do século XX.

Referencias varias:

-Xavier Alcalá, “Sangría”, *Diario de Ferrol*, “A voapluma”, 7 decembro 2000, p. 56.

Comenta que recibiu o libro de Maximino Cacheiro Varela e céntrase en cómo naceu a idea que deu orixe a esta obra. Tras facer referencia a algunhas das voces ausentes neste estudio, comenta o que supuxo para o nacionalismo galego a emigración a América e remata comparando a situación dos galegos en América coa dos irlandeses en Estados Unidos.

Cacheiro Varela, Maximino, *Letras e figuras (con Galicia ó fondo*), prólogo de Gonzalo Navaza, Vigo: Universidade de Vigo, 2000, 125 pp. (ISBN: 84-699-2273-4).®

Obra que presenta unha colectánea de trinta e cinco artigos publicados con anterioridade no *Diario 16 de Galicia* e no *Faro de Vigo*. O volume ábrese cun prólogo de Gonzalo Navaza no que afirma que estes artigos "iluminan os puntos de encontro dos diversos espacios culturais que habita o autor e que definen a súa xeografía intelectual". A seguir, describe o contido dos mesmos, que teñen como escenario algún dos tres espacios nos que viviu o autor: Galicia, París ou Caracas. Así mesmo, nos artigos faise referencia a personaxes que loitaron pola cultura galega dentro e fóra de España, como Blanco Amor, Seoane, Castelao, Otero Pedrayo ou Vicente Risco. Tamén lle interesan os grandes escritores españois como Juan Ramón Jiménez, Rafael Alberti, Juan Goytisolo, Cernuda ou Valle-Inclán, e autores galegos máis próximos no tempo como Miguel González Garcés ou José Ángel Valente. Para rematar, ofrécenos unha serie de artigos nos que se amosan as relacións literarias entre Emilia Pardo Bazán e Benito Pérez Galdós; recréase a delicadeza e a significación da poesía popular; alúdese á traducción galega do tratado de Cicerón sobre a vellez e a amizade, ou faise referencia ás relacións da informática coa creación literaria.

Referencias varias:

-Isaac Otero, “Letras y figuras: Galicia y el profesor Cacheiro”, *Galicia en el Mundo*, nº 371, “El ombú”, 8-14 maio 2000, p. 3.

Dáse conta da publicación deste ensaio do profesor Maximino Cacheiro Varela. Dise que a obra é un conxunto de análises e comentarios literarios e artísticos que xa foron publicados nos xornais *Diario 16/Galicia* e *Faro de Vigo*. No artigo, ademais de citarse o título de traballos do ensaio, menciónase a obra literaria e ensaística do profesor Cacheiro.

Campos Freire, Francisco, *Brañas xornalista. Un labor descoñecido*, Santiago de Compostela: Fundación A. Brañas, col. Brañiana, nº 11, 2000, 223 pp. (ISBN: 84-88051-86-7).

Trátase dun estudio da faceta xornalística de Alfredo Brañas no que se analizan as raíces do xornalismo galego, a prensa como bandeira de opinión, o labor xornalístico desempeñado por Brañas en Galicia e tamén en Madrid; os voceiros galegos do rexionalismo brañiano; as tribunas xornalísticas do rexionalismo catalán poñéndoas en relación co caso galego; o traballo do autor na prensa madrileña da Restauración e o modelo de xornalismo do autor. Así mesmo, recolle unha bibliografía xeral, os índices toponímico, cronolóxico e onomástico e dous apéndices con referencias hemerográficas e xornalísticas, respectivamente, sobre Brañas e o rexionalismo.

Carro, Xavier (ed.), *Castelao e os galeguistas do interior. Cartas e documentos 1943-1954*, presentación de Francisco Fernández del Riego, Vigo: Galaxia, col. Ensaio, nº 15, decembro 2000, 405 pp. (ISBN: 84-8288-422-0).

Recóllense neste volume un total de cincuenta e cinco documentos, a maior parte inéditos, entre os que figuran as cartas que cruzaron Castelao e os galeguistas do interior entre os anos 1943 e 1947, das que se deduce todo o proceso de reconstitución, na clandestinidade, do Partido Galeguista do que era membro Castelao en Buenos Aires; resolucións e informes internos do citado partido pertencentes ao período comprendido entre 1943 e 1954, así como as actas constitutivas do Consello de Galiza e do Pacto de Galeuzca. O volume atópase introducido por un prólogo de Francisco Fernández del Riego no que se explica cómo se levou a cabo ese proceso de reconstitución do galeguismo, no que el mesmo participou e ao que responden os documentos, seguido do índice de textos e un apartado que leva o título de “presentación de documentos”, no que se dá conta da procedencia dos textos, se explica a estructura do libro e os criterios de edición, contido e características dos documentos. Así mesmo, e ademais do índice onomástico, no volume insírese unha “glosa dos documentos” na que se describe brevemente o tema tratado en cada un dos textos, co fin de facilitar, segundo o propio Xavier Castro, a comprensión deste corpus de documentos que contén un amplo e variado conxunto de informacións, valoracións, análises e polémicas.

Casares, Carlos, *Biografía de Don Juan de la Coba*, Vigo: Galaxia, col. Os minilibros de Galaxia, marzo 2000, 94 pp. (ISBN: 84-8288-354-2).

Biografía de Juan de la Cova (1829-1899) na que Carlos Casares apunta datos sobre este curioso personaxe ourensán, os retratos que del fixeron escritores tanto do seu tempo coma posteriores, así como as lendas e anécdotas que protagonizou ou que se inventaron sobre as súas extravagancias. Sinala o biógrafo que Juan de la Cova chegou a ser un personaxe famosísimo e entre os seus méritos destaca a súa faceta de inventor; así creou un idioma que bautizou co nome de “trampitán”, un aparato para viaxar por todo o mundo sen se mover de Ourense ao que chamou “o pirandárgallo” e un paraugas universal. Entre os escritores que se referiron a este popular personaxe menciona a Curros Enríquez, Vicente Risco, Manuel María, José Ángel Valente, Torrente Ballester ou Filgueira Valverde e sinala que se ben algúns o tomaron por tolo, Risco considerouno como un personaxe digno de figurar na historia de Ourense pola súa xenialidade para os desatinos, feito que o converte en precursor pola vía cómica das audacias expresivas das vangardas. A seguir recolle episodios que se lle atribúen como a realización dun can de San Roque de nabo, feito que desmentiu el mesmo nunha carta enviada a Labarta Pose; a fundación, dirección, redacción, impresión e distribución do xornal *El Gracioso*, do que era ademais o único lector ou a súa prolífica obra como dramaturgo, deixando varias obras inéditas nas que destaca no exercicio do disparate.

Recensións:

-Antonio Rodríguez, “Don Juan de la Coba”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 311, 27 abril 2000, p. 7.

Salienta a aparición desta obra na colección “Os Minilibros” de Galaxia, dedicada a nomes ilustres. Non obstante, define como especial esta entrega por diversas razóns. Por un lado, polo descoñecemento da obra deste personaxe, ao que se dedicaron Filgueira Valverde en *Un poeta con su tema. Don Juan de la Coba y su lengua poética*, a Fábrica Sargadelos cunhas miniaturas e Manuel María en numerosos artigos. Por outra banda, debido a que o biógrafo foi Carlos Casares e porque “é o mellor antecedente do desenfreo vangardista” da Galicia decimonónica. Por último, di que se adiantou a Huidobro no creacionismo, que inventou unha linguaxe trabada coa poesía (*La Trampitana*, 1895) e que foi un artista incomprendido que se liberou a través da creación.

-Armando Requeixo, “A biografía de Juan de la Coba”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 24, 7 maio 2000, p. 13.

Parte da consideración de Don Juan de la Coba como o escritor estrafalario que necesitaba a literatura galega para se igualar ás demais. Tamén lle dá a benvida a esta biografía porque ofrece unha visión completa do polifacético artista. A continuación, cita os autores que nalgunha ocasión se ocuparon del como Manuel Curros

Enríquez ou José Ángel Valente. Así mesmo, transcribe fragmentos do libro para se referir aos logros que o fixeron inmortal e conclúe que era un artista necesario, xa que era “literatura pura”.

Referencias varias:

-Juan Soto, “Rescate”, *El Progreso*, “De re varia”, 1 abril 2000, p. 72.

Aproveita a aparición desta obra para denunciar a pobreza do xénero biográfico en Galicia. Sobre Juan de la Coba afirma que, malia ser coñecido polas ideas excéntricas do trampitán ou o paraugas universal, é ignorada a súa obra literaria e ensaística.

Castro, Ignacio (ed.), *Neste silencio. Arredor de Uxío Novoneyra*, limiar de Ignacio Castro, Santiago de Compostela: Noitarenga, 2000, 114 pp. (ISBN: 84-920723-9-3).

Volume que xira arredor da lembranza da figura e obra de Uxío Novoneyra. Está estructurado en dúas partes claramente diferenciadas. A primeira recolle a conversa que sobre o poeta do Courel tivo lugar no VI Seminario de Filosofía, celebrado o 28 de decembro de 1999 no Pazo Picón. Nesta participaron un grupo de intelectuais do máis variado: Herminio Barreiro, Daniel Bernárdez, Xaime Domínguez, Amando González, Guillermo Ferrández, Pedro Ferrández, Manuel Jordán, Manuel María, Antón Patiño, Ignacio Castro, José Prieto, Antón Sobral, Alberto Sucasas e Gonzalo Trasvach. Foi a primeira vez que este seminario tivo por obxecto a un literato, anque como salientou I. Castro no limiar, a conversa caracterizouse por unha “índole tan *metafísica* como *literaria* ou *política*”. A reunión, que comezou cun pequeno discurso no que Castro subliñou a singulariedade de Novoneyra, deu pé a todo tipo de cuestións: debate, discusión, encontros e desencontros... Todo co fin de render homenaxe ao autor dos *Eidos*, traendo á recordo as súas vivencias, nalgúns casos compartidas, e comentando o seu pensamento e as claves da súa ideoloxía. Na segunda parte, adxúntanse, por un lado, dous textos sobre o poeta do Courel, “A lección de Novoneyra”, de Francisco Sampedro e “Uxío Novoneyra”, de Xulio Calviño. No primeiro reflexíonase sobre a filosofía subxacente da obra do autor lugués, mentres que no segundo abórdanse as diversas claves da súa escrita. Por outra banda, e xa para rematar, achéganse unha serie de “notas biográficas” sobre as persoas que interviron na homenaxe.

Comesaña, Pilar (ed.), *Galicia a través do espello*, Santiago de Compostela: Finisterre Ediciones, 2000, 62 pp. (DL: C-1018/98).®

Edición limitada de 500 exemplars numerados que distribúe o xornal *Compostelán*. Este volume recolle unha serie de colaboracións de persoas galegas e non galegas que, a través do texto e da imaxe, queren dar conta da súa "ollada a Galicia do 2000 a través do espello". A seguir, damos conta daquelas referentes á literatura galega:

-Lois Pereiro, "¿Que é Galicia?", pp. 9-10.

Lois Pereiro (Monforte de Lemos, 1958-A Coruña, 1996) expresa con palabras, que engloba dentro de cada unha das letras que conforman o alfabeto, o que é Galicia para el.

-Aníbal C. Malvar, "Un gran home nun pequeno país", pp. 20-21.

Neste relato irónico de Aníbal C. Malvar (A Coruña, 1964), nárrase a historia dun home grande que, coa pretensión de converter o pequeno país que gobernaba en grande, foi eliminando todo aquilo que definía ao seu país como país sen grandeza, ata convertelo nun amplo solar no que se podían instalar fábricas, construír estradas ou almacenar lixo, aínda que non foi capaz de facer desaparecer o mar. No momento da

súa morte, era consciente de que deixara o camiño preparado para que os seus sucesores afrontasen o progreso.

-Isaac Díaz Pardo, “O nascemento do aeroporto de Santiago na miña relembranza”, p. 40.

Isaac Díaz Pardo (Santiago, 1920) rememora cando era pequeno e foi coa súa familia á inauguración co campo de aviación de Santiago en Lavacolla no mes de xullo de 1935.

-Luís Antonio de Villena, “Panorama o diorama de Galicia”, p. 61.

Nesta referencia persoal a Galicia, Luís Antonio de Villena (Madrid, 1951) cita autores galegos que coñeceu como son Ramiro Fonte ou Celso Emilio Ferreiro, do que leu en 1972 *Longa noite de pedra*, que por aquelas datas xa tiña traducción ao castelán. Así mesmo, alude ao Café Gijón de Madrid, onde Eduardo Blanco Amor, lle contou a historia do actor galego do que Lorca se enamorou e cómo quixo escribir para el os *Seis poemas galegos* (1935).

Cora, Xosé de, *Xosé Trapero Pardo*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, col. A nosa memoria, nº 23, marzo 2000, 87 pp. (ISBN: 84-453-2694-5).

Libro de Xosé de Cora que se achega á figura polifacética de Xosé Trapero Pardo (Ribeiras de Lea, Castro de Rei, 1900-Lugo, 1995) e que consta de dezasete capítulos breves nos que reconstrúe a biografía deste lugués salientando o seu paso polo Seminario de Mondoñedo, o clima cultural da provincia, do que foi un grande animador, e a súa contribución literaria e xornalística. No tocante a este último ámbito, destacouse na fundación do semanario mindoniense *Vallibria* e na dirección dos xornais lucenses *La Voz de la Verdad*, *El Progreso* e *Lucus*. No eido das letras, deu ao prelo o poemario *Lóstregos e moxenas* (1926), *A Ponte do Porco. Lexenda tráxica* (1931), a zarzuela *Non chores, Sabeliña* (estreada en 1943), *Parolas dun vello* (peciña teatral estreada en 1945) e o estudio *Leiras Pulpeiro. Vida e obra. Escolma de textos* (1983). A obra inclúe tamén un apartado que se refire ás distincións e cargos que ocupou, como o de Cronista Oficial de Lugo ou académico da Academia da Lingua, e outro que recolle opinións de diferentes personalidades sobre o autor, ademais da súa bibliografía, que fecha o volume.

Cuquejo, María (ed.), *Obras. Castelao*, introd. Xosé Antón Castro, tomo V, Vigo: Galaxia, decembro 2000, 432 pp. (ISBN tomo V: 84-8288-398-4) (ISBN obra completa: 84-8288-337-2).

O presente volume recolle o diario de 1921, cando Castelao viaxou por Europa, gracias a unha bolsa da Xunta de Ampliación de Estudios, para coñecer cómo estaba evolucionando a arte nos centros europeos máis dinámicos. O diario vén dividido en tres partes, correspondentes ás estancias en París, do 26 de xaneiro ao 21 de xuño; Bélxica (Bruxelas, Gante, Bruxas e Amberes), do 22 de xuño ao 16 de agosto; e Alemaña (Colonia, Berlín e Munich), do 17 de agosto ao 10 de outubro. Xosé Antón Castro afirma, na introducción, que estas páxinas supoñen a obra máis importante sobre arte do noso vangardismo. Ademais comenta a admiración do rianxeiro pola arte soviética, o seu receo respecto ao rexeitamento do pasado que practicaban os vangardistas e o esforzo que realizou para que Galicia contase cunha linguaxe artística nidiamente galega e acorde coa ideoloxía nacionalista. Así mesmo, figuran, baixo o título “Do meu diario”, catro textos que reelaboran o diario de 1921 e dous que tratan do cubismo. Os seis foron publicados en *Nós* entre abril de 1922 e xullo de 1923. O volume féchase con tres apéndices: un texto inédito no que Castelao reivindica a creación dunha “Escola libre de artes galegas”, un prólogo que redactou para un libro do caricaturista Rivero Gil e o artigo “Los cruceros”, publicado en 1940 pola revista bonaerense *Galicia*.

Referencias varias:

-AGN, “Cultura subvenciona con dez millóns a edición da obra completa de Castelao”, *Diario de Ferrol*, 19 febreiro 2000, p. 28.

Infórmasenos da publicación que seis tomos coa obra completa de Castelao, e un de axuda para a súa lectura, ao longo deste ano pola editorial Galaxia, gracias á subvención concedida pola Consellería de Cultura. Apunta que o primeiro dos volumes recolle a obra literaria máis lida de Castelao. O segundo contén *Sempre en Galiza*, nel, segundo sinalou Henrique Monteagudo, coordinador xeral da colección, atopamos ademais obras inéditas, “textos moi pouco coñecidos ou inaccesibles”. Finalmente, fa referencia ao dos volumes, agás o de axuda para a lectura, conteñen artigos políticos, e di que conferencias e discursos, epistolario e escritos de arte.

-Carmen Villar, “Caixa Galicia rinde homenaje a Castelao con la primera edición completa de su obra”, *Faro de Vigo*, 4 marzo 2000, p. 43.

Enumera as tarefas que a Fundación Caixa Galicia levará a cabo para conmemorar o cincuenta cabodano de Castelao que consistirán na edición de parte dos libros do escritor rianxeiro, “175 debuxos” e o clásico *Cousas*, e a participación, en colaboración coa Fundación Castelao, na exposición “Castelao: vida e obra”, na que se ofrecerá unha “visión total” das múltiples facetas do rianxeiro. Así mesmo, recolle as declaracións de Carlos Casares, presidente do Consello da Cultura Galega e membro do patronato da Fundación Caixa

Galicia, sobre esta nova edición da obra de Castelao, coordinada por Henrique Monteagudo, da que di “pode considerarse a definitiva”.

-P. Tristán, “La Fundación Caixa Galicia financia la ‘edición’ definitiva de la obra literaria de Castelao”, *El Mundo. Galicia*, “Cultura”, 4 marzo 2000, p. 9.

Dáse noticia da iniciativa da Fundación Caixa Galicia de financiar a edición da obra literaria de Castelao, que constará de sete volumes e incluirá textos descoñecidos. Explícase, ademais, a estructura do proxecto: *Obra literaria*, *conferencias e discursos*, *Artigos políticos*, *Sempre en Galiza*, *Epistolario*, *Escritos de arte* e *Para ler a Castelao*.

-D. P., “Suyo afectísimo, Castelao”, *Diario de Pontevedra*, 7 abril 2000, p. 12.

Informa da presentación dunha colección da Editorial Galaxia, coordinada por Henrique Monteagudo, que recolle toda a escrita de Alfonso Daniel R. Castelao. Comenta tamén que a colección, da que foi publicado o primeiro dos sete volumes dos que consta, contén dende artigos de prensa, producción literaria ata cartas. Asemade, cita as palabras de Casares, encargado da presentación do traballo, quen afirmou que este estudio será útil coñecer moito mellor ao ilustre rianxeiro.

-AGN, “La edición de las obras de Castelao, broche de oro a un año de homenajes”, *El Ideal Gallego*/*Diario de Ferrol*, “Galicia”, 30 decembro 2000, p. 46/p. 27.

Faise referencia ao último acto co que se homenaxea a Castelao no cincuentenario do seu falecemento, e no que se presentaron as obras completas do autor de *Sempre en Galiza*. Indica que están publicadas pola editorial Galaxia e a Fundación Castelao e que constan de oito volumes co título xenérico de *Obras*.

-AGN, “Manuel Fraga presentó ayer las obras completas de Castelao”, *El Progreso*, “Galicia”, 30 decembro 2000, p. 37.

Dáse noticia da presentación dos oito volumes que compoñen as obras completas de Castelao baixo o título xenérico de *Obras*. Indícase que os seis primeiros libros recollen directamente os escritos do rianxeiro mentres que os outros dous están dedicados á cronoloxía, entrevistas, estudios e bibliografía das súas obras.

Díaz Martínez, Carlos, *A memoria de Lugo. Álbum de Postais*, ed. de Carlos Dían Martínez, Paco Martín, Fausto Galgo, Manuel María e Lois Diéguez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, decembro 2000, 190 pp. (ISBN: 84-8302-593-0).

Este volume divídese en catro apartados. Cada un deles subdivídese en dous bloques. No primeiro, cada autor fala dalgúns lugares da provincia de Lugo. No segundo, recóllense as reprodución de postais que amosan cómo eran eses lugares entre 1900 e 1931. Ademais, cada autor recorre a versos ou a opinións de diferentes escritores galegos, ou a refráns e cantigas populares relacionados coas paraxes que se describen. Asemade, reprodúcense distintas poesías relacionadas cos lugares descritos. Así, en “Mariña e terras do norte”, de Fausto Galdo inclúense poemas de Luz Pozo e Antonio Noriega Varela adicados a Viveiro. En “De Lugo ó Cantábrico cruzando a Terra Chá”, de Manuel María recóllense versos de Xosé María Díaz Castro e Aquilino Iglesias Alvariño sobre esas terras. En “Val de Lemos e terras do sur”, de Lois Diéguez reprodúcese unha poesía de Lois Pereiro adicada a Monforte de Lemos. O volume complétase coa tradución dos textos ao castelán e ao inglés e cunha ampla bibliografía.

Dobarro Paz, Xosé María e Luciano **Rodríguez** (eds.), *Novos exercicios de estilo*, A Coruña: Xunta de Galicia/Universidade da Coruña, 2000, 128 pp. (84-95322-404).

Ver Dobarro Paz, Xosé María e Luciano Rodríguez (eds.), *Novos exercicios de estilo*, apartado I. 1 deste *Informe*.

Expósito Valle, Ana, *Vémonos en Kosovo*, Santiago de Compostela: Edicións Lea, 2000, 142 pp. (ISBN: 84-95444-05-4).

Recóllense un total de doce textos nos que se descobren as miserias, torturas e padecementos dos membros de varias familias bosnias a mans dos servios na guerra do Kosovo, así como as dificultades para saír adiante unha vez finalizada a contenda. As historias van acompañadas de diversas fotografías, realizadas pola propia autora, que captan algúns dos momentos máis significados da crueldade da guerra.

Fernández, Carlos, *O vento do espírito. De Vicente Risco e Ramón Piñeiro*, Vigo: Galaxia, col. Ensaio, nº 13, outubro 2000, 166 pp. (ISBN: 84-8288-384-4).

O presente ensaio pretende ofrecer unha interpretación da tradición galeguista tomando como fío conductor o concepto de espírito e como material de aproximación o ensaio filosófico de Vicente Risco e Ramón Piñeiro. Analiza así mesmo algunhas ideas filosóficas de formulacións galeguistas do século XX e da crítica teórica do nacionalismo. Comeza destacando as relacións entre o ensaio, o periodismo e a investigación interdisciplinar e situando o nacemento do ensaio en galego na Xeración Nós. Sinala o carácter polifacético destes homes, así como dos que integraron a Xeración Galaxia e a pretensión inicial do xénero de leximitizar unha idea de nación. Analiza tamén a fundamentación da idea de espírito e cómo os intelectuais de Galaxia consideraron que só salientando o común con Europa poderían desmarcar a Galicia do illamento imposto pola dictadura franquista. A seguir detense na análise do europeísmo de Galaxia e na introducción, na década dos 70, do marxismo na historia do nacionalismo, substituíndo o concepto de espírito polo de estructura, dando lugar a un novo modelo de nación e a un novo tipo de ensaio centrado na lingua e na economía e dotado dun carácter máis disciplinar. Coa chegada da democracia constata o nacemento dunha nova época cultural para o ensaio, que diversifica os seus temas e os conduce máis cara á investigación académica, resultando “un ensaio precario para un lector case inexistente”. Ademais destas consideracións o ensaio ofrece un achegamento ao pensamento de Vicente Risco e ás relacións que estableceu entre o espírito e a identidade; unha análise comparativa dos conceptos de espírito e natureza en Risco e Ramón Piñeiro salientando as diferencias entre ambos; unha reflexión sobre a inclinación de

Piñeiro e do resto dos integrantes da Xeración Galaxia cara a unha noción ilustrada da cultura e a ideoloxía europeísta; unha análise da influencia de Heidegger e das diferentes interpretacións da saudade como trazo singular e europeo de Galicia que subxacen en Ramón Piñeiro, Celestino Fernández de la Vega e Rof Carballo; un estudio sobre a idea da relixión en Ramón Piñeiro e, finalmente, sobre a complexidade do encontro ideolóxico entre marxismo e nacionalismo.

Recensións:

-M. Blanco Rivas, “Unha visión unitaria da tradición galeguista”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 183, 11 novembro 2000, p. 2. Presenta o libro como unha achega aos “supostos filosóficos dalgunhas das principais formulacións galeguistas do século XX”. Considera que, a pesar da unidade que posúe toda a obra, cada capítulo se pode ler autonomamente. Entre os temas tratados en cada un dos capítulos destaca algúns como a importancia do ensaio no nacionalismo galego, o espiritualismo en Vicente Risco, os conceptos de espírito e natureza en Risco e Piñeiro, a ideoloxía europeísta en Galaxia, a relación entre fenomenoloxía e o existencialismo, a relixión en Ramón Piñeiro, o encontro entre o nacionalismo e o marxismo ou a crítica necesaria ao constructivismo.

-X. M. Domínguez Prieto, “Un símbolo, un sinal, un síntoma... son os libros”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 3 decembro 2000, p. 18.

Comeza afirmando que esta obra é un síntoma da boa saúde do ensaio en Galicia. Preséntaa como unha verdadeira homenaxe ao movemento cultural que supuxo Galaxia. Louva a “pluma áxil” e a “exposición rigorosa” que o autor acadou. Eloxia, ademais, a pertinente reflexión sobre o xénero do ensaio coa que se inicia a obra. Así mesmo, valora positivamente tanto as achegas persoais do autor como as referencias históricas que ofrece. Considera oportunas tamén a análise do pensamento de autores como Risco, Piñeiro, García-Sabell, Fernández de la Vega e Rof Carballo, ademais de salientar a “interesantísima e razoable crítica” feita ao constructivismo no capítulo final. Conclúe afirmando que a obra é un “excelente ensaio sobre
o ensaio”.

Fernández del Riego, Francisco, *A pegada das viaxes*, Vigo: Ir Indo Edicións, Col. Guías Viaxes, 2000, 110 pp. (ISBN 84-7680-329-X).

Libro de viaxes que xunta “as impresións persoais” de Francisco Fernández del Riego, froito estas da súa andaina por diferentes lugares e países ao longo da súa dilatada vida, tomando como principal referente a obra *Tierras de Portugal y de España* de Unamuno. O autor procura en cada lugar visitado o seu encanto máis oculto e íntimo, deleitando ao lector con paisaxes asombrosas e achegándolle o máis significativo e curioso da súa cultura e historia, que se ve reflectido en cada monumento que observa, en cada paraxe que percorre... Trátase dun longo itinerario no que a través das páxinas do libro se fai acompañar de célebres persoeiros da pluma como Machado, Cervantes ou Baudelaire, que nas súas obras deixaron a esencia de moitos destes lugares. Principia, pois, coa rota Santiago-Barcelona a andaina por terras peninsulares, mergullándose no encanto de España e Portugal. Logo, tras visitar Francia, Italia e, máis brevemente, Holanda e Londres, segue cara á terras americanas, cruzando o Atlántico leva ao lector á patria de moitos galegos emigrados, Arxentina e Brasil.

Fernández del Riego, Francisco, *Un epistolario de Ramón Piñeiro*, Vigo: Galaxia, col. Ensaio, nº 12, xuño 2000, 275 pp. (ISBN: 84-8288-380-1).

O autor, amigo de Ramón Piñeiro e compañeiro tamén en moitos dos proxectos culturais galegos levados a cabo durante o franquismo, ofrécenos neste volume unha escolma de cartas recibidas de Piñeiro no período de 1948 a 1970. Nelas transcríbense as partes que fan referencia a temas de importancia para a cultura galega, omitíndose aspectos secundarios de tipo particular ou familiar. Ademais disto, a obra conta cunha nota preliminar, na que se fai referencia ao contido das cartas, e cunha breve biografía de Ramón Piñeiro López. Despois de aparecer os textos por orde cronolóxica, complétase o libro cun índice onomástico e cunha nota que aclara a quen corresponden os pseudónimos e nomes literarios que aparecen na obra.

Recensións:

Armando Requeixo, “Piñeiro carta a carta”, *El Correo Gallego*, *“Correo das Culturas”*, nº 45, 8 outubro 2000, 14.

Saúda a aparición dun volume epistolar porque coida que este xénero configura unha das lagoas do noso universo cultural. Despois sinala o enorme número de misivas que Piñeiro redactou e sinala a variedade de temáticas tratadas, dende a literatura, a emigración, as relacións transmiñotas ou as iniciativas culturais. Por outra parte, albisca o valor que as referencias oblicuas contidas nas cartas teñen no esclarecemento da biografía de Piñeiro. Neste senso, amosa o seu descontento por peneirar Del Riego os aspectos máis persoais contidos no epistolario e amósase a prol da publicación dos textos completos.

-M. Blanco Rivas, “Cartas de Ramón Piñeiro a prol da cultura galega”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 179, 14 outubro 2000, p. 2.

Tras explicar a composición do libro e sinalar os límites temporais dos textos recollidos no epistolario, opina que este é moi valioso malia ser incompleto e cualifica o estilo de Piñeiro de baril. A seguir, fai unha panorámica vital de Fernández del Riego, salientando en maior medida a súa vinculación coa Xeración Galaxia, lembra a súa polifacecia e nomea algúns dos títulos que saíron do seu tinteiro.

-Marcos Valcárcel, “Ramón Piñeiro no seu epistolario”, *La Región*, “Sociedade”, 11 novembro 2000, p. 76.

Achégase a este epistolario, lembrando que esta obra recolle as cartas que Ramón Piñeiro lle mandara ao propio Fernández del Riego dende 1948 ata 1970. Tamén se fai un percorrido polos feitos máis sobranceiros da vida de Ramón Piñeiro a través das súas misivas, dende o nacemento da editorial Galaxia e da revista *Grial*, a aventura de *La Noche*, ou o descubrimento de novos escritores como Manuel María, Méndez Ferrín,

Novoneyra, Ánxel Fole e Luís Pimentel. Por último, recóllense unhas verbas de Ramón Piñeiro nas que rexeita en 1954 o seu suposto “culturalismo”.

-Francisco Fernández del Riego, “Cartas dende o pasado”, *Guía dos libros novos*, nº 24, “Historia”, decembro 2000, p. 11.

Describe o contido deste libro, que vén de publicar, no que recolle unha escolma epistolar entre Ramón Piñeiro e el mesmo, procendente do seu propio arquivo privado, e no que se reflicten os avatares, esperanzas e atrancos polos que pasaron as angueiras dos galeguistas de interior, as súas iniciativas culturais, os contactos despregados, os problemas coa censura e a promoción de novos autores levada a cabo por este grupo de intelectuais coñecidos como a Xeración da Noite. Así mesmo, comenta os criterios de edición da obra criticando algúns aspectos como a falta dun estudio introductorio máis amplo que explique os criterios de edición adoptados, ou o problema que supón o feito de reproducir só parágrafos de cartas, opción que contravén as normas máis usuais de edición de epistolarios nas que se contempla a necesidade de reproducir integramente a correspondencia e deixar que o lector escolla aquilo que é do seu interese.

Referencias varias:

-Xosé María Palmeiro, “O primeiro cincuentenario de Galaxia”, *La Voz de Galicia*, 14 outubro 2000, p. 10.

Refírese á obra de Francisco Fernández del Riego da que sinala que nos achega ao labor do galeguismo na dictadura, centrándose nas figuras destes dous intelectuais, Ramón Piñeiro e o propio Fernández del Riego, que participaron moi activamente no proxecto cultural da Editorial Galaxia.

-Manuel Vidal Villaverde, “Como unha metáfora ou alegoría das illas”, *Atlántico Diario*, “De catro a catro”, 24 outubro 2000, p. 24.

Saliéntase a publicación da obra *Un epistolario de Ramón Piñeiro* de Francisco Fernández del Riego. Lémbrase que este libro contén as cartas que Ramón Piñeiro lle enviou a Fernández del Riego entre 1948 e 1970. Así mesmo, recóllense varios fragmentos desas misivas nas que Piñeiro fala dun “interesante traballo sobre Murguía”, dunha edición das obras completas de Castelao con prólogo de Fidel Castro e da súa tarefa como prologuista de libros de poesías e de contos.

Fernández Naval, Francisco X., *Unha viaxe na procura do solpor. Do Tambre á fin da terra*, Vigo: A Nosa Terra, col. As viaxes, nº 2, febreiro 2000, 202 pp. (ISBN: 8489976-13-9).

Da man de Francisco X. Fernández Naval percorremos diferentes lugares da costa coruñesa, dende Noia ata Fisterra, nunha viaxe de ensoño. A través dunhas páxinas cheas de poesía, o lector mergúllase nun mundo do que o autor expreme toda a súa beleza. Divide a viaxe en nove capítulos que se corresponden cos nove lugares que visita, falando do máis relevante de cada un: a súa historia, o mundo mítico, lendario e supersticioso que os rodea, os seus monumentos, os seus costumes e tradicións, as súas extraordinarias calidades culinarias ou os seus persoeiros máis ilustres. Como se di no limiar, é unha "viaxe compartida", xa que, segundo vai realizando a súa andaina, se fai acompañar polo testemuño de persoas que antes ca el tiveron algunha relación con estes lugares e deixaron constancia da súa simpatía por eles, como Anette Meakin, Aubrey F. G. Bell ou a fotógrafa Ruth Matilda Anderson. Tamén recolle testemuños de escritores tan sinalados como Pondal, Otero Pedrayo ou Jovellanos. Asemade, conta coa axuda dos veciños de cada lugar, que lle van relatando todo tipo de curiosidades.

Recensións:

-Xavier Seoane, “O pracer de coñecer e viaxar”, *A Nosa Terra*, nº 935, “Guieiro Cultural”, 18 maio 2000, p. 28.

Introduce a análise desta obra situando os antecedentes galegos da combinación entre o libro de viaxes e a literatura en Ramón Otero Pedrayo e Álvaro Cunqueiro, entre outros. A seguir, contrasta a colección “As viaxes”, de *A Nosa Terra*, con outra colección do mesmo tipo que dirixe Laredo Verdejo en Xerais, compatíbeis, segundo el, porque a primeira é máis literaria e a segunda máis técnica. Despois, céntrase na obra de Fernández Naval, que combina estilo, información detallada e reinvindicacións paisaxísticas e ecolóxicas. Así mesmo, destaca o apaixonamento do autor, que sabe interiorizar a paisaxe para captar a esencia fuxindo da erudición. Tras evocar algúns dos lugares referidos nesta guía, pensa que é importante afondar no coñecemento do propio, sen caer en chauvinismos.

Referencias varias:

-Carme Vidal, “Todos os escritores tiñan que coñecer a terra que vai do Tambre a Fisterra”, *A Nosa Terra*, nº 928, “Guieiro Cultural”, 30 marzo 2000, p. 34.

Explica o contido do novo libro de Fernández Naval, que o autor concibe como “un xogo de espellos ou caleidoscopio que conxugue todas as impresións dos viaxeiros que interiorizan a paisaxe e escribiron sobre ela”, no que se recollen as impresións de todos aqueles que o precederon na escrita sobre este territorio, entre eles Avilés de Taramancos. Así mesmo, expóñense as reflexións do propio Fernández Naval sobre esta paisaxe.

-D. J., “Fernández Naval tece nun mapa o camiño das brétemas”/“Fernández Naval olla a fin do mundo na súa ‘*Viaxe á procura do solpor*”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*, 7 abril 2000, p. 31/p. 74.

Informa sobre o acto de presentación deste volume, que contou coa presencia das poetisas Marilar Aleixandre, Chus Pato e Isolda Santiago, que pechan diversos capítulos do libro con textos propios. Seguidamente, recolle as súas palabras, coas que di que converteron o acto nun recital poético improvisado. Ademais, faise eco das declaracións de Fernández Naval, que reclamou a necesidade de conservar a memoria das xentes deste “territorio real imaxinario” pois a obra está feita para elas, para que vivan con orgullo e emoción a súa terra. Expondo tamén as reivindicacións de ler a paisaxe en clave poética e a da fervenza do Río Xallas.

-Francisco X. Fernández Naval, “Á procura do solpor”, *A Nosa Terra*, nº 944, “As viaxes literárias”, 20 xullo 2000, p. 16.

Recóllese un fragmento da obra *Unha viaxe á procura do Solpor. Do Tambre á fin da terra*, no que se pode ver a mirada subxectiva e suxerente das terras que van de Noia a Fisterra, polo mar e pola montaña, cunha perspectiva preciosista e que engalana ao lector con toques sentimentais e alegóricos.

-Xavier Alcalá, “No solpor”, *Diario de Ferrol*, “A voapluma”, 3 outubro 2000, p. 64.

Breve artigo de opinión no que se gaba a calidade literaria e pictórica do libro de Francisco Fernández Naval. Asemade dise que libros coma este mostran a calidade do xénero das viaxes, e destaca o feito de relacionar a historia coa actualidade.

Franco Grande, Xosé Luís, *Francisco Fernández del Riego. Galeguista de acción e cultura*, Vigo: Ir Indo Edicións, col. Galegos na historia, nº 16, 2000, 63 pp. (ISBN: 84-7680-333-8).

Xosé Luís Franco Grande, dende a súa propia ollada –como sinala no limiar–, achéganos esta biografía de Francisco Fernández del Riego en sete capítulos. O primeiro "O río do tempo" reflicte a vida de Fernández del Riego dende a súa etapa máis temperá ata o estourido da Guerra Civil, subliñando a importancia do ano 1931 no que chega a Compostela e onde le a *Teoría do nacionalismo galego* (1920) de Risco, ambos os feitos decisivos nas súas inquedanzas e compromiso coa ideoloxía galeguista. En "Á beira do mar" sinálase o seu casamento con Evelina e o comezo do emprego do pseudónimo Salvador de Lorenzana –nome do mosteiro da súa vila natal. Nos dous capítulos seguintes, "Proxectos e realidades" e "A fundación de Penzol e *Grial*", indícase a súa activa participación na fundación de Galaxia (1950), Penzol (1963) e *Grial* (1963). O quinto capítulo desta aproximación á biografía de Fernández del Riego, "A Real Academia Galega", amósanos os vencellamentos do biografado coa RAG, coa lectura do seu discurso de ingreso en 1960, e coa proposta para a celebración do Día das Letras Galegas en 1963. Os últimos capítulos, "Outras experiencias" e mais "A obra persoal", relatan a súa intervención na constitución do Partido Socialista Galego (1964) e a súa posterior saída (1978), indican que é o presidente da RAG dende 1997 e da súa producción escrita –con máis de vintesete volumes– subliñando a *Historia da literatura galega* (1947) e a *Escolma da poesía galega: os contemporáneos* (1955). Esta biografía péchase cun esquema cronolóxico do decorrer vital de Francisco Fernández del Riego dende o seu nacemento ata o ano 2000.

Recensións:

-Teresa Monteagudo, “A biografía dun galeguista”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 51, 19 novembro 2000, p. 8.

Indícase que nesta bigrafía de Francisco Fernández del Riego se realiza un “percorrido ascendente ó longo da traxectoria vital do biografado”. Asemade, saliéntanse como feitos más senlleiros da vida deste estudioso a súa presencia na reorganización clandestina do Partido Galeguista trala Guerra Civil, na fundación de Galaxia, na fundación Penzol e o seu traballo na RAG. Menciónase, así mesmo, a súa intensa actividade literaria. Finalmente, coméntase que a biografía se completa con datos históricos e anécdotas que “fan a lectura máis amena”.

Referencias varias:

-Francisco J. Gil, “Fernández del Riego ó outro lado do espello”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 177, 30 setembro 2000, p. 4.

Logo de repasar a traxectoria do autor do libro, recolle as palabras deste sobre Fernández del Riego, do que di que é un símbolo para o país e salienta a capacidade de traballo, sobre todo, polo dinamismo que lle conferiu á Real Academia Galega. Sobre a obra, Franco Grande afirma que se trata dunha introducción ao biografado, de quen se sente debedor, e que ten carácter divulgativo. Finalmente, apúntase que Del Riego foi o primeiro presidente conciliador da Academia e que o seu diccionario dos 70 foi todo un referente.

-Laura S. Filgueiras, “Me duele que se intente hacer sombra a Del Riego”, *La Voz de Galicia*, 2 outubro 2000, p. 72.

Entrevista a Xosé Luís Franco Grande. O autor da biografía afirma que se trata dunha obra para escolares e dun personaxe que presenta unha dimensión popular que non se daba dende Ramón Otero Pedrayo e Manuel Murguía. Como trazos da personalidade de Del Riego, sinala a coherencia e a vitalidade, coa que sacou á Academia Galega do inmobilismo, como demostra o seu propio nomeamento e o de Xosé Luís Méndez Ferrín. Para finalizar, fala das actitudes dalgúns que tentan minimizar a figura de Fernández del Riego.

-B. R. S., “Franco Grande retrata a intensa vida de Fernández del Riego”, *Faro de Vigo*, 3 outubro 2000, p. 36.

Dise que no acto de presentación do libro o biografado asegurou sentirse satisfeito co resultado. A seguir, e despois de citar algunha das actividades máis sobresaíntes da traxectoria do galeguista, destácase o fin

divulgativo da obra e infórmase de que o propio homenaxeado adiantou unhas futuras memorias escritas por el mesmo. Ademais, dáse noticia doutra presentación simultánea, *A pegada das viaxes*, libro no que Fernández del Riego relata as súas impresións como viaxeiro.

-R. Soto, “Fernández del Riego entra en el ámbito de las personas indispensables de la cultura gallega”, *Faro de Vigo*, 3 outubro 2000, p. 50.

Céntrase na presentación deste libro, no que tamén se deu a coñecer *A pegada das viaxes*, de Francisco Fernández del Riego. Opina que o acto se converteu nunha homenaxe ao presidente da Real Academia Galega. Así mesmo, faise eco das declaracións de Franco Grande nas que define ao biografado como un home de acción e un referente cultural para o galeguismo e a reconstrucción cultural e política de Galicia. Para acabar, faise eco das palabras do ilustre galeguista, que resumiu o argumento do seu libro de viaxes e cre que a súa vida se baseou na coherencia do compromiso co país.

Fundaçom Artábria (ed.), *Conhecermos Carvalho Calero*, Ferrol: Fudaçom Artábria, 2000, 55 pp. (DL: C-1317-2000).

Neste libro en homenaxe ao profesor Ricardo Carvalho Calero, con motivo do décimo aniversario do seu falecemento, faise un percorrido pola existencia vital do escritor, incidindo en todos aqueles aspectos significativos da súa biografía tales como a súa vinculación ao Seminario de Estudos Galegos; a actividade dentro do Partido Galeguista, como membro do cal asinou, conxuntamente con outros militantes, o “Anteproxecto de Estatuto de Autonomía para Galicia”; o seu labor docente e a estreita relación coa Editorial Galaxia, coa que colaborou dende a súa fundación en 1950, así como, a súa postura no ámbito da sociolingüística, un campo, segundo se nos di na introducción, moi sometido ao ocultamento oficial. Toda esta información vén acompañada dunha escolma dos textos “máis significativos” da producción sociolingüística do escritor e completada cun apéndice bibliográfico que dá conta de toda a producción ensaística narrativa e teatral de Carvalho Calero.

García Domínguez, Raimundo (**"Borobó"**), *Papeis de Borobó. Daniel, o noso*, presentación de Avelino Pousa Antelo, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Serie/Documentos, nº 158, 2000, 259 pp. (ISBN: 84-7492-991-1).

Volume que contén distintos escritos de Borobó sobre A. D. Rodríguez Castelao (Rianxo, 1886-Buenos Aires, 1950), que foron aparecendo ao longo dos anos en distintos xornais. O libro estructúrase en dúas partes: "Foulas" e "Sempre e máis dispóis", títulos que renden homenaxe ao rianxeiro Manuel Antonio, xa que o presente ano se commemora o centenario do seu nacemento. A primeira das partes subdivídese en seis cadernos que se distinguen pola temática, mentres que a segunda o fai en capítulos distintos. Finalmente, inclúese un índice onomástico e ao longo de toda a obra hai reproduccións de distintos debuxos de Castelao, así como fotos ou esculturas que están relacionadas con este autor.

González, Helena e Xesús **González Gómez** (coords.), *Basilio Losada. Ensinar a pensar con liberdade e risco*, Barcelona: Publicacións de la Universitat de Barcelona, col. Homenatges (Universitat de Barcelona), nº 18, 2000, 755 pp. (ISBN: 84-4752486-8).

Agora dáse conta daqueles artigos que, relacionados coa literatura galega, se recollen neste volume, xa descrito no apartado IV.2 deste *Informe*:

-Xesús González Gómez e Helena González, “Bibliografía de Basilio Losada”, pp. 29-69.

Recóllese toda a bibliografía producida por Basilio Losada que, para unha mellor clasificación, se organiza en dezaseis apartados encabezados cos seguintes epígrafes: “Creación literaria”, “Libros”, “Discursos”, “Estudios e artigos en actas de congresos, homenaxes e volumes colectivos”, “Estudios e artigos en revistas literarias e culturais”, “Artigos en revistas de información xeral e outras”, “Folletos”, “Artigos na prensa periódica e diários”, “Reseñas de libros”, “Colaboración en enciclopedias e fascículos”, “Antoloxías”, “Prólogos”, “Catálogos e folletos de arte”, “Traduccións”, “Entrevistas” e “Enquisas culturais”.

-Narcís Clotet e Roger Rofin, “Entrevista a Basilio Losada”, pp. 70-78.

Conversa na que Basilio Losada fala da importancia que teñen os poetas na renovación da linguaxe pola perda da cultura oral dos novos tempos. Asemade fala do seu labor como traductor e como profesor durante moitos anos, polo que se considera feliz e moi afortunado. Alén disto comenta aspectos da súa infancia e xuventude, e da súa vida en varias cidades. Por outra parte, móstrase partidario de buscar no portugués as palabras para a modernidade.

-Basilio Losada, “Última lección: la obra de Rosalía”, pp. 79-92.

Reproducción da última lección como profesor de Basilio Losada, pronunciada o 18 de maio de 2000 na Universidade de Barcelona. Comeza lembrando que nos seus comezos nas aulas da facultade falou, como agora o vai facer, de Rosalía de Castro. Proponse completar a visión que ofrecera na súa primeira clase analizando agora a obra narrativa desta autora. Adica un apartado a explicar a “consciencia auroral” que guiou a actividade literaria en galego de Rosalía. Tras unha breve reflexión sobre os poemarios *Cantares Gallegos* e *Follas Novas*, centra a atención nas súas creacións narrativas. Así, fai unha breve presentación de *La hija del mar*, *Flavio* e *El caballero de las botas azules*. Remata sinalando o descoñecemento actual sobre os intentos de Rosalía para acadar a integración da muller nun “nivel digno” da sociedade”.

-Xesús Alonso Montero, “Para un retrato de Basilio Losada: cinco retrincos”, pp. 97-102.

Dásenos nestas páxinas unha visión parcial da vida e obra de Basilio Losada. Comézase indicando que naceu no medio rural, de familia pobre, polo que emigrou a Barcelona, onde traballaba e estudiaba, e onde

rematou sendo profesor de galego da universidade desa cidade. Nun segundo apartado indícase que entrou na causa galega da man de Ramón Piñeiro, co que mantiña correspondencia. Lembra Alonso Montero que se coñeceron en decembro de 1963 na mostra bibliográfica “Cen Anos de Literatura Galega”, na que Losada tiña dous textos e na que Alonso Montero era un dos organizadores. Destácase o labor de traductor de Losada e as colaboracións que fixo na revista *Grial*, indicando que se deberían recoller nun volume as mellores páxinas destas e os seus prólogos, así como os relatos autobiográficos “cos que Basilio ten engaiolado” á xente. Finalmente, destácase o seu papel de embaixador nas relacións entre as Letras catalanas e as galegas dende 1960 e a autoría dalgunhas antoloxías poéticas bilingües.

-Xosé María Álvarez Cáccamo, “Carta de Basilio”, p. 103.

Faise unha gabanza xeral de Basilio Losada, aínda que se destaca o seu papel de mestre para a xeración poética dos 80, non só por ser el o director da colección “Leliadoura”, senón porque tamén ten coincidido con estes poetas en diversos lugares e momentos.

-Carmen Blanco, “Tumba de Lupa”, pp. 104-105.

Despois de diversas citas literarias faise un percorrido por algúns símbolos da nosa terra para que a persoa a quen se dirixen estas palabras volva a ela: “Pero ti vén. E non te me convertas nunca. Vén á cova”.

-Carlos Casares, “Un narrador nato”, pp. 106-108.

Destácase a capacidade de narración verbal do profesor Basilio Losada, que se compara a mestres deste xénero como foron Álvaro Cunqueiro, Ánxel Fole ou Rafael Dieste. É por isto polo que Casares agradece que se decidise a escribir o seu primeiro conto *Ero de Armenteira* e a súa primeira novela. Ademais dise que Basilio Losada confirmou que ía seguir escribindo novelas, feito polo que quizais a súa xubilación “sexa un ben para a literatura”, aínda que sexa “unha desgracia para a universiade e para os alumnos”.

-Francisco Fernández del Riego, “Na xubilación do grande amigo”, p. 113. Fernández del Riego lembra a

amizade que o uniu co profesor homenaxeado dende os anos cincuenta.

-Xosé Neira Vilas, “Carta dun emigrante a Basilio Losada”, pp. 118-119.
Refírese á débeda que Galicia ten con Basilio Losada e lembra, a continuación, a correspondencia epistolar mantida co profesor, así como a súa invitación a Barcelona no ano 1972.

-Wagner Novaes, “Basilio Losada, professor, peregrino”, p. 120.

Lembranza do profesor homenaxeado.

-Jordi Prats, “Basilio Losada”, pp. 121-122.

Lembra que Basilio Losada figurou como profesor no programa que Knox ten coa Universidade de Barcelona e refírese á súa popularidade entre o alumnado, así como á súa valía.

-Claudio Rodríguez Fer, “Violaine e Violette”, pp. 124-125.

Relato protagonizado por dous seos, Violaine e Violette, que se acaban fundindo nun “bico de ventosa coas aureolas”, logo de mirar “con descaro” ao personaxe que asiste asombrado a tal escena.

-Manuel de Seabra, “O meu amigo Basilio Losada”, pp. 126-127.

Lembra como coñeceu a Basilio Losada e destaca algunhas das virtudes deste profesor entre as que se atopan o seu dominio da lingua portuguesa, o seu profundo coñecemento da Arte, un insuperábel don da palabra e a súa mestría como cantor de tangos.

-Joan Solá, “Records D’un angeleno”, pp. 128-130. Describe a cidade de Os Ánxeles, á que viaxou no seu ano sabático, a través dos seus monumentos, edificios, restaurantes ou rúas, entre outros elementos, e sobre todo, a través das distintas etnias que se asentan nos diferentes barrios.

-Olegario Sotelo Blanco, “¡Benvido, Querido profesor!”, pp. 131-133.

Enumera as dintintas facetas, ademais da de profesor que agora chega ao seu fin, do seu amigo Basilio Losada, dende a súa actividade como colaborador do Centro Galego de Barcelona e na editorial Sotelo Blanco, fundada a finais do anos sesenta, pasando por outras actividades extraacadémicas como a traducción de novelas ou a crítica literaria, ata a súa loita a favor da proxección cultural do galego no réxime franquista e no proceso de recuperación da lingua, a cultura e a identidade galega nos tempos da democracia.

-Suso de Toro, “Chega un mozo cunha maleta”, p. 135.

Recrea a escena da chegada a Barcelona de Basilio Losada que nun primeiro momento se atopa desconcertado no medio do barullo da gran cidade e, posteriormente, decide enfrontarse co novo mundo.

-Xulio L. Valcárcel, “O mago das palabras”, pp. 136-137.

Danse algúns trazos da personalidade de Basilio Losada e destácase que “é un narrador engaiolante”, xa que tan importante como o asunto narrado é o xeito de facelo, polo que o caracteriza como un “prestidixitador” ao que se escoita con abraio, como se escoita a un mago mentres conta un prodixio.

-María Teresa Bermúdez Montes, “*Adiós María* como novela femenina galega”, pp. 165-169.

Analízase a obra *Adiós María* (1971), de Xohana Torres como mostra representativa da narrativa feminina galega. Comézase destacando a vontade realista coa que a autora escribiu esta obra, presentándoa como una novela de formación ou de “autoconcienciación”. Coméntase a imposibilidade da total integración da muller na sociedade representada no desenlace da obra. Sinálase tamén o compromiso social que reflicte o relato da autobiografía da protagonista e destácase a discontinuidade da estructura e o emprego da retrospección. Finalmente, apúntase a necesidade de valorar novamente a obra tendo en conta a perspectiva dende a que foi escrita.

-Xavier Carro, “Compostela na construcción do imaxinario poético de Salvador García-Bodaño”, pp. 248-252.

Analiza, con detalle, a importancia de Compostela no imaxinario poético de Salvador García-Bodaño. Afirma que *Compostela* é o libro máis intenso do poeta e que neses versos Basilio Losada “percibe o mesmo misterio que o sobrecolle cando se deixa perder polas rúas da cidade, envolto no silencio das sombras cara ningures”. A seguir, afirma que García-Bodaño é o primeiro poeta de posguerra que toma Compostela como

tema, “ademais de símbolo de Galicia”; “constrúe unha Compostela verbal. Palabras escollidas do léxico vivencial erguen a constructo imaxinaria da cidade”.

-José Closa Farrés, “De Galicia a Avalon: la lectio galega de Merlín”, pp. 286-290.

Alude á narrativa de Álvaro Cunqueiro e céntrase na figura do seu Merlín. Afirma que a narración artúrica de Cunqueiro é unha “historia literaria”, en palabras do propio Cunqueiro, na que o escritor e o seu personaxe Merlín ofrecen unha mostra de cortesía e do sentimento da súa memoria ao poñer os nomes das historias e das súas lecturas aos personaxes. A continuación, cita algúns dos escritores aos que Cunqueiro dedicou a súa homenaxe persoal, entre outros, Lewis Carroll, Charles Dickens ou Geoffrey de Monmouth. Céntrase logo en *Merlín e familia*, no que, ademais de sinalar a tradición e a estructura en forma de holograma, se ofrece unha imaxe de conxunto que lle permite recuperar a unidade dos recordos da súa xuventude ao carón do mago máis significativo da tradición céltica. Para rematar, ofrece unha breve bibliografía de textos e estudios sobre a materia de Bretaña e Inglaterra, estudios sobre maxia e ciencias ocultas, obras de Cunqueiro e as obras literarias citadas.

-Manuel Ferreiro, “De Anacreonte a Pondal: un novo poema”, pp. 376-386.

Despois de indicar as dificultades de edición que hai coa obra de Pondal, debido sobre todo a que existe moito material espallado en distintas institucións e arquivos, reprodúcense aquí dous manuscritos dun poema deste autor, “Imitación de Anacreonte”, que pertencen aos textos que legara testariamente á Real

Academia Galega. A partir destes, Ferreiro fixa un texto e apunta algunhas cuestións gráficas, léxicas, morfolóxicas e literarias relacionadas con el, indicando tamén que a fonte que Pondal utilizou para esta composición foi un volume bilingüe grego-francés das odas de Anacreonte, malia que xa naquela época Vaamonde Lores tiña publicado en galego as odas deste autor grego. Finalmente sinala que, de contarmos cunha compilación exhaustiva dos textos líricos do Bardo, teriamos unha nova visión deste poeta, coas pertinentes consecuencias que isto tería na historia da literatura galega contemporánea.

-Helena González Fernández, “Os prólogos galegos de Basilio Losada. Unha proposta de crítica poética”, pp. 419-426.

Analiza a proposta poética que se desprende de diversos prólogos que asinou Basilio Losada ao longo da súa traxectoria como crítico de literatura, en concreto na “Nota crítica” ao poemario de Manuel Álvarez Torneiro *As doazóns do incendio* (1993); “A brancura de Eros” en *Memorial da brancura* (1992), de Miguel Anxo Fernán Vello; “Salvador de tantas cousas en Compostela”, na *Obra poética* (1993), de Salvador García-Bodaño; e “O noso setenario lírico” en *A escrita do silencio* (1997), de C. Sánchez Iglesias. Deles, afirma, extráese unha crítica poética que fai do profesor unha voz imprescindíbel da crítica literaria galega recente. Para acabar, inclúe as referencias de todos os prólogos que escribiu.

-Xesús González Gómez, “A vangarda galega entre o mito e a imaxinería. Diálogos imaxinarios”, pp. 427 433.

Parte da problématica que orixina o concepto “vangarda” na literatura galega para evidenciar o déficit dos estudios literarios galegos arredor da relación entre literatura e sociedade. Cre que a etiqueta é improductiva no caso galego e que acabou por converterse nun mito baleiro e morto. Introducida esta postura, desenvolve un diálogo ficticio entre dous amigos para contrastar esa concepción tradicional cunha nova análise que debería entender o feito literario no marco das relacións de producción dunha determinada época, neste caso, o das Irmandades da Fala, Manuel Antonio e o Grupo Nós. A seguir, estes interlocutores din que este é un campo por estudiar e que habería que “mudar a orientación dos estudios literarios galegos se queremos que estes sirvan para algo máis que para publicar libros e encher currículos académicos”, o que requiriría un duro traballo empírico. Finalmente, conclúen que o que si houbo foron algúns intentos de buscar novos camiños estéticos, por exemplo, na arte plástica, e que Manuel Antonio sería unha “sección autónoma” na poesía galega que, ademais, foi convertido en mito nos anos 80 para cristalizar outro mito que é a vangarda.

-Xoán González-Millán, “Un proxecto antolóxico en *A Nosa Terra* (1907-1908)”, pp. 434-441.

Achegamento ao proxecto antolóxico do xornal *A Nosa Terra* (1907-1908), voceiro de Solidaridad Gallega, como mostra da profusión de escolmas literarias, basicamente poéticas, instrumentos fundamentais na defensa e reinvindicación dun ideario sociocultural e político galeguista dende mediados dos século XIX á primeira metade do século XX para os sectores nacionalistas. No caso desta revista escrita normalmente en castelán, constata como a publicación sistemática de poemas en galego leva aparellado un proxecto antolóxico implícito, detrás do cal están Uxío Carré Aldao e Florencio Vaamonde. Seguidamente, avanza algunhas notas sobre o repertorio de poetas e poemas, clasificación dos poemas, número de antoloxías en que aparecen, etc. Para rematar, cre que este tipo de traballos analizan a historia sociocultural dos procesos

ideolóxicos do nacionalismo galego, que corre paralelo ao nacionalismo literario. Nun apéndice á parte, inclúe unha relación de antoloxías anteriores e posteriores a este proxecto.

-María Xesús Lama López, “Basilio Losada na revista *Grial*”, pp. 477-484.

Lama indica que Losada colaborou en *Grial* con numerosas recensións e artigos, fundamentalmente na década dos sesenta a na primeira metade dos oitenta. Neste senso, insíreo nas coordenadas ideolóxicas do grupo Galaxia. Así mesmo, informa de que tamén participou nos números especiais dedicados a Seoane e Dieste. A articulista sinala que as súas recensións alcanzaron os eidos do ensaio (García-Sabell e Celestino de la Vega), a lírica (Novoneyra, Xosé del Caño, Xoán Manuel Casado, López Casanova, Antón Tovar, Avilés de Taramancos e Rodríguez Fer), a homenaxe (Fermín Penzol e Casado Nieto), a bibliografía (Valle-Inclán e Rosalía) e a narrativa. Canto a esta última, comenta que identifica dúas tendencias: a experimentalista e elitista da nova narrativa galega de Mourullo, Ferrín e Suárez Llanos e a popularista de Castelao e Neira Vilas, entre as que se situaría unha terceira vía integradora, coa que Losada concorda, representada por Casares, Lois Diéguez, Marcial Suárez, Silvio Santiago ou Laureano Prieto. En xeral, nota que presta atención especial ás obras que, como *A esmorga*, veñen encher lagoas da nosa literatura e que defende a reedición dos clásicos dun sistema literario por ser, alén do seu valor intrínseco, mostra de vitalidade do propio sistema. No relativo á bibliografía de Rosalía, aprecia sobre todo os traballos que non a cinguen ao folclorismo tópico.

-Elena Losada Soler, “Desierto’ y ‘abismo’: dos imágenes del romanticismo trágico en Antero de Quental y Rosalía de Castro”, pp. 485-493.

Principia Losada Soler acoutando o seu traballo deixando claro que non pretende esclarecer a existencia de influxos directos entre os dous autores e que se limitará a estudiar as dúas imaxes indicadas no título do artigo. A seguir, sinala que ambos os autores son coetáneos, viviron a dor en todas as súas manifestacións e compartiron a influencia de Heine e o romantismo alemán. Relaciona os dous motivos coa soidade espiritual do ser humano, que se sente só no mundo. Acha que o deserto é máis espiritual en Rosalía e máis físico en Antero en tanto que é sempre negativo para a primeira e ambivalente para o segundo. No relativo ao abismo, comenta que representa o descoñecemento do porvir e que o seu tratamento é máis homoxéneo no caso do azoriano.

-Carlos Paulo Martínez Pereiro, “Deus é un fenómeno local que varía conforme o clima. Da tradición (im)prescindíbel”, pp. 515-522.

O artigo, que reelabora o texto dunha conferencia lida en 1999 en Morella, parte do presuposto de que a tradición é imprescindíbel e resulta van, como afirma Ernesto Sábato, fuxir dela. Martínez Pereiro asevera que, a grandes trazos, en todas as literaturas se suceden ciclicamente épocas de clasicismo e rupturismo pero coida que o que fan estas últimas realmente é achegarse a unha face da tradición diferente da anteriormente canónica. A seguir, especula sobre diferentes concepcións de tradición e explora elementos formais e temáticos que perviven na literatura dende tempos inmemoriais. Conclúe que nas comunidades nacionais periféricas do estado español se debe respectar a propia tradición, collendo os elementos arrequentadores que ofrezan as estranxeiras, e defender a existencia dun sistema literario propio vivo. De non ser así, considera que o resultado sería unha transculturización que faría desaparecer os sistemas literarios das devanditas comunidades ou os privaría de funcionalidade.

-Dolores Vilavedra, “A recepción do teatro galego postautonómico: unha ollada ás revistas non galegas”, pp. 734-741.

Análise que estudia como as determinacións contextuais orientan o discurso da crítica teatral e repasa a acollida que tivo o teatro galego, na súa dimensión espectacular, nas revistas *El Público* e mais *Primer Acto* durante o período postautonómico. Comézase distinguindo as dúas modalidades receptivas de Marco de Marinis, a recepción analítica –cun obxectivo descritivo e explicativo– e a recepción crítica –co obxectivo de avaliar e canonizar– e debúllanse algúns dos diferentes niveis nos que se desenvolve a actividade receptiva. Amósase tamén cales son os obxectivos das instancias críticas –qué fase da recepción lles interesa máis e cál é a modalidade receptiva predominante– ou en palabras de Patrice Pavis as “préoccupations”. Conclúese sinalando que a recepción do teatro galego do corpus aquí analizado se acolle ao paradigma de recepción crítica.

González García, Miguel Ángel (coord.), *El Liceo de Ourense (1850-2000)*, Ourense: Caixavigo e Ourense, febreiro 2000, 247 pp. (ISBN: 699-1843-5; DL: OU-10-2000).

Volume editado co gallo do sesquicentenario da constitución do Liceo Recreo Ourensán que repasa a súa historia e que describe, en cinco seccións –"Historia", "Arte y música", "Libros y actos culturales", "Vida social y recreativa" e "Epílogo"–, os diferentes ámbitos culturais que abrangue o seu quefacer cultural co apoio de abondoso material fotográfico. O libro comeza con catro escritos, de diversos persoeiros vinculados ao Liceo, que aplauden a saída do prelo deste libro e recalcan a importancia desta institución dentro da vida cultural da Cidade das Burgas. A seguir, recóllense vinteún artigo, xebrados en cinco apartados, de diferentes colaboradores –de socios e amigos desta institución ourensá, principalmente– que nos achegan un pouco máis ao Liceo. Destas colaboracións só dúas, unha de Marcos Valcárcel e outra de Carlos Casares, tocan algún aspecto da literatura galega. Estes artigos son:

-Marcos Valcárcel, "*El Eco del Liceo*, el hermoso sueño de unos hombres ilustrados", "Historia", pp. 61- 67.

Apunta algúns datos da historia do Liceo Recreo Ourensán dende o seu nacemento, o 14 de marzo de 1850, resaltando a súa importancia dentro da vida socio-cultural ourensá e indicando algunhas das peculiaridades da realidade do Ourense daquela altura. Dentro desta vida cultural nomea a aparición dos periódicos *El Orensano*, *La Nueva Galicia*, *El Amigo de Galicia*, o semanario literario, crítico e satírico *Fra-Diávolo* e a revista *El Eco del Liceo*, voceiro durante un breve período de tempo dos intereses liceístas.

Fai unha descrición desta revista, subtitulada “Revista semanal de Literatura y Ciencias”, amosando a súa periodicidade semanal dende que xorde o 1 de abril ata que desaparece o 8 de outubro do ano 1870, os seus redactores e colaboradores, a súa lingua onde predominaba o español, xa que só no seu derradeiro número se incluíu o poema galego titulado “A vida do campo”, de José García Mosquera, a súa temática, etc., e remata suxerindo unha edición facsímile desta singular revista ourensá.

-Carlos Casares, “Los encuentros literarios en el Liceo”, “Libros y actos culturales”, pp. 171-174.

Carlos Casares explica que o proxecto das Xornadas Literarias, que se veñen desenvolvendo no último trimestre de cada ano no Liceo Recreo Ourensán, xurdiron dunha conversa con José Carlos Martínez-Pedrayo, actual presidente do Liceo. Destaca que con estas xornadas chegan a Ourense algunhas das figuras máis destacábeis do panorama literario galego –Manuel Rivas, Claudio Rodríguez Fer, etc.– e español –Fernando Delgado, José Ángel Valente, etc.–, e remata sinalando que con estas xornadas Ourense recupera o carácter de cidade cultural que tivera cos faladoiros literarios de Vicente Risco nos anos cincuenta e sesenta do século XX.

González López, Emilio e Amadeo **Rincón**, *Castelao, propagandista da República en Norteamérica*, limiar de Xosé Ramón Fandiño, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 2000, 273 pp. (ISBN: 84-7492-958-X).

Traballo centrado no intenso labor que Castelao realizou a prol da República durante a súa estadía nos Estados Unidos, dende mediados de xullo de 1938 ata 1940. O libro divídese en dúas partes claramente diferenciadas, apuntado por Xosé Ramón Fandiño no limiar. Na primeira ofrécese o material de investigación que durante bastante tempo recolleu o historiador Emilio González López, coa colaboración de Amado Rincón, no que se fai un minucioso repaso das tarefas, sobre todo políticas, desenvolvidas polo autor de *Os dous de sempre*, dende os comezos da Guerra Civil, cando Castelao estaba a loitar polo Estatuto de Autonomía, ata centrarse logo, máis en profundidade, na etapa norteamericana, onde o rianxeiro “emprende unha campaña de propaganda a favor da causa republicana e de establecer un ambiente galeguista”. Na segunda parte, achéganse unha serie de artigos de prensa que informan sobre o traballo do insigne galeguista nos Estados Unidos, publicados en xornais como *La Voz* ou *Frente Popular* (máis tarde chamado *España Libre*). González López garante a veracidade do escrito valéndose de cartas escritas por Castelao, de parágrafos de texto do *Sempre en Galiza*, ou servíndose das súas propias vivencias como testemuña de moito do que conta.

Recensións:

-Marcos Valcárcel, “De Murguía a Castelao: dous libros para afondar na nosa historia”, *Guía dos libros novos*, nº 22, “Historia”, outubro 2000, pp. 7-8.

Ver Neira Vilas, Xosé, *Manuel Murguía e os galegos da Habana*, no apartado IV.2 deste *Informe*.

González Pérez, Clodio, *Eladio Rodríguez González*, Noia: Toxosoutos, col. Fasquía, nº 5, outubro 2000, 125 pp. (ISBN: 84-95622-03-3).

Realiza un percorrido pola traxectoria vital de Eladio Rodríguez González, centrándose en grande medida na súa importante obra. Pon de relevo o seu labor como poeta, xornalista e lexicógrafo, polo que, di, recibiu numerosos premios e homenaxes. Así mesmo, comenta destacados traballos como o seu *Diccionario enciclopédico gallego-castellano* ou algunhas composicións poéticas. Por outro lado, salienta a importancia da terra natal do autor de *Folerpas*, o Ribeiro, na súa escrita.

González Xil, Xosé María, *Correa Calderón, celta. Os tempos de avanzada (1915-1936)*, XIIIº Premio literario Ánxel Fole 1999, Santiago de Compostela: Fundación Caixa Galicia, 2000, 211 pp. (ISBN: 84-95491-02-8).®

Estudio que inclúe numeroso material gráfico, dividido en cinco capítulos que repasa a vida e obra de Evaristo Correa Calderón, nomeadamente antes da guerra civil, co que o seu autor, Xosé María González Xil, obtivo o XIIIº Premio literario "Ánxel Fole" en 1999. No primeiro capítulo, "Correa Calderón, celta", aparece un limiar –no que se describe o ex libris empregado por Correa Calderón e onde se dan algunhas pinceladas sobre este volume– xunto coas referencias biográficas de Evaristo Correa Calderón. En "Escrita moderna, vangarda e nacionalismo, 1915-1922" descríbense as colaboracións do barallés no xornal *La Idea Moderna*, no ambiente cultural do Madrid ultraísta, en *A Nosa Terra* e mais como crítico de arte; amósase tamén a postura defendida por Correa Calderón de achegamento lingüístico ao portugués. O terceiro apartado, "O ronsel da nova xeración", analiza as súas propostas pioneiras na literatura, plástica e música aparecidas na revista *Ronsel* e no xornal *El Pueblo Gallego*. "Do albor da República ó 36", o cuarto apartado, amósanos cómo difunde Correa Calderón a literatura galega alén das nosas fronteiras –na revista lisboeta *Descobrimento* e na madrileña *La Gaceta Literaria*– e mais cómo funda en Lugo o xornal *Vanguardia Gallega*. O último apartado deste estudio, "Escrita e ronsel de Evaristo Correa Calderón", salienta a importancia deste escritor como animador da súa xeración, repasa brevemente a súa narrativa, con *Luar. Contos Galaicos* (1922), e a poesía de *Ontes* (1928), e sinala a súa faceta xornalística e mais como crítico de arte. O apartado correspondente á bibliografía de Correa Calderón e a bibliografía xeral deste libro pechan esta obra.

Recensións:

Carlos L. Bernárdez, “Correa Calderón retomado”, *Guía dos libros novos*, nº 23, “Biografía”, novembro 2000, 8.

Principia presentando o estudio de González Xil como “un seguimento documentadísimo do autor e do seu contexto intelectual”. Louva o libro por confirmar o enfrontamento existente entre os escritores da xeración de Correa Calderón e os autores da Xeración Nós. Comenta tamén o papel renovador que desempeñou a revista *Ronsel* naquel intre. Fala, así mesmo, da evolución ideolóxica de Correa Calderón. Finalmente, xustifica o interese da figura deste escritor polo seu protagonismo no eido cultural da segunda década do século XX e pola súa estreita relación coa mencionada publicación.

-Armando Requeixo, “Ronsel de Correa Calderón”, *Tempos Novos*, nº 40, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, setembro 2000, p. 70.

Comeza sinalando que *Correa Calderón, celta*, foi a obra galardoada co premio literario Ánxel Fole. Sinala que esta obra, subtitulada *“Os tempos de avanzada (1915-1936)”*, nos achega unha cumprida biografía e abondosos datos hemerográficos, perfectamente contextualizados, do autor. Malia isto, sinálase que o investigador Xosé María González Xil, demostra certo desinterese pola obra galega deste escritor, apuntándose no artigo algunhas posíbeis causas.

Referencias varias:

-R. C. G., “A obra gañadora do XIIIº 'Ánxel Fole' rescata a figura de Correa Calderón”, *El Progreso*, 19 maio 2000, p. 73.

Dá conta do acto de presentación da obra na Fundación Caixa Galicia de Lugo e di que contou coa presencia de Manuel María, que dixo que se trataba dunha “análise rigorosa”, e de Xosé de Cora, que valorou a figura de Correa Calderón, “un adiantado do seu tempo”. Así mesmo, lembra algunha das iniciativas da etapa nacionalista deste, como a participación na fundación das publicacións *Vanguardia Gallega* e *Ronsel* nunha época na que fluctuou entre o Modernismo e a utopía atlántica. Por outra banda, alude á traxectoria do Premio Ánxel Fole, que nos últimos tres anos se dedicou a lucenses ilustres: ademais de Correa Calderón, a Xosé Trapero Pardo (XIVª ed.), que gañou Ana María Rodríguez con *Xosé Trapero Pardo. A crónica dun século*, e a Ánxel Johán (XVª ed.), a quen se lle dedicará no ano 2001.

Gutiérrez Izquierdo, Ramón, *Lecturas de nós. Introducción á literatura galega*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2000, 582 pp. (ISBN: 84-8302-505-1).

Esta introducción á literatura galega ábrese cunha “Presentación”, na que o autor desta obra, Ramón Gutiérrez Izquierdo, sinala as principais características do volume, xunto cos “Criterios de edición dos textos” compilados. Despois aparecen os seis capítulos que conforman *Lecturas de nós*. O primeiro, “Teoría literaria”, é unha introducción á literatura e ao seu estudio e repasa aspectos como as funcións da literatura; os xéneros literarios –lírica, narrativa e dramática–; os recursos da linguaxe literaria; o contexto e a obra literaria e mais o comentario de textos literarios. Os cinco capítulos seguintes fan un percorrido diacrónico pola literatura galega apoiándose en vintesete textos literarios –poemas ou relatos– precedidos da análise da Galicia e da etapa literaria á que pertence o texto e mais do seu autor, e seguidos do comentario do poema ou relato escolmado. O segundo capítulo, “A literatura da Idade Media”, analiza a Galicia medieval; a xénese e desenvolvemento da lírica galego-portuguesa; a cantiga de amor, con Don Denis; a cantiga de amigo, con Meendinho; a cantiga de escarnio e maldicir, con Afonso Meendiz de Beesteiros; os xéneros menores; as Cantigas de Santa María e a narrativa medieval. O terceiro, “A literatura dos séculos XV, XVI, XVII e XVIII”, que é o máis curto, sintetiza a literatura da Idade Moderna en Galicia e o silencio literario dos Séculos Escuros con Pedro Vázquez de Neyra. O cuarto, “A literatura do século XIX”, describe a Galicia decimonónica; os Precursores do Rexurdimento, con Xoán Manuel Pintos, Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, Curros Enríquez e a narrativa do Rexurdimento con Valentín Lamas Carvajal. O quinto, “A literatura entre 1900 e 1936”, estudia a Galicia do primeiro tercio do século XX, a herdanza e renovación, Noriega

Varela, Ramón Cabanillas, a narrativa dos autores da Época Nós, a poesía das Vangardas e Manuel Antonio. O sexto, e derradeiro, “A literatura de 1950 a 1980”, caracteriza á Galicia na segunda metade do século XX e ao relevo literario de posguerra –Celso Emilio Ferreiro, Ánxel Fole, Eduardo Blanco-Amor, Álvaro Cunqueiro–, a renovación literaria –Neira Vilas, Méndez Ferrín e Carlos Casares. O volume péchase coa “Bibliografía” –dividida en bibliografía xeral, historias da literatura galega, diccionarios, enciclopedias e a bibliografía correspondente a cada apartado do libro–, e mais co “Índice analítico” desta visión panorámica da literatura galega.

Recensións:

- Mª Dolores Torres París, “Vinteseis calas no corazón da expresión galega”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 22, 14 abril 2000, p. 1.

Comeza gabando a amenidade e claridade coa que o autor constrúe esta guía da literatura galega que sobarda os límites dun manual. A seguir, comenta as seis partes das que consta e destaca a utilidade da bibliografía e a exhaustividade do índice, así como a calidade da edición e do aparello paratextual. Despois de sinalar que no prólogo se anuncia unha próxima entrega que complete este estudio coa parte dedicada aos escritores que comezaron a súa andaina entre 1975 e 1980, fai unha síntese biográfica do autor. No que respecta á súa relación co campo literario galego, alude ao labor docente como profesor de lingua e literatura

galegas, á publicación de *Literatura galega* (1982), xunto con Gonzalo Navaza e Luciano Rodríguez, e á súa colaboración nas revistas especializadas *A Trabe de Ouro* e *Boletín Galego de Literatura*.

-M. Blanco Rivas, "Unha primeira guía para coñecer a literatura galega", *Faro de Vigo*, *"El Sábado"*, nº 157, 20 maio 2000, p. 4.

Cre que o autor tentou escribir a primeira guía da literatura galega dende unha óptica estructuralista que non conleva obrigatoriamente a ausencia dos factores extratextuais. A seguir, pensa que non incorporou un estudio erudito de xéneros e autores, senón que escolleu vinteseis textos segundo "a súa representatividade e a súa validez estética". Polo tanto, di que incorporou autores canonizados dende os trobadores ata Carlos Casares ou Xosé Luís Méndez Ferrín, pasando polos Precursores e a Época Nós, que veñen precedidos dunha introducción teórica aos estudios literarios.

-Xulio Valcárcel, "Lecturas de nós", *El Ideal Gallego*, "La Galería", 17 setembro 2000, p. 4.

Ademais dunha reflexión de Gutiérrez Izquierdo sobre o número de publicacións en galego no último cuarto de século, á que segue unha gabanza do afán divulgativo de *Lecturas de nós*, infórmase sobre o contido e a estructura do libro, caracterizado como unha análise das figuras máis representativas da nosa historia literaria, un estudio do contexto histórico e o comentario dun texto, salientando a accesibilidade da obra.

-Rubén Ortega García, “Premer F1 para axuda”, *Grial*, nº 147, Tomo XXXVIII, “Libros”, xullo-agosto-setembro 2000, pp. 527-529.

Comeza considerando a “vontade e natureza ambigua” da obra *Lecturas de nós* por ofrecer unha única versión para dous lectores independentes e distintos: o docente e o discente. Informa do contido e considérao un producto destinado ao bacharelato que está centrado no texto. Considera que a escolma de vintesete textos que presenta é “insuficiente” para ofrecer un panorama completo da literatura galega, e que pode ser empregado como material didáctico que debe ser completado polo mestre. Finalmente, considera que o prexudicado é o alumnado ao mercar “un texto destinado ó seu uso, de aproximadamente 150 páxinas, das case 600 que merca”.

Referencias varias:

-Marcos Valcárcel, “Lecturas de nós”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 5 maio 2000, p. 3.

Cualifica de novidosa esta publicación no panorama literario galego e achega os obxectivos, a estructura e a nómina de escritores comentados, que son “os nosos autores canónicos”. Ademais, salienta a linguaxe sinxela e o acerto que supón incluír textos como “Xan Brencellao”, de Valentín Lamas Carvajal, pois responde ao criterio de compilar textos breves e eficaces no plano estilístico, tendo en conta tamén que a poesía e o

conto son, segundo el, xéneros centrais do noso devir literario ata 1920. Por último, considera atractivo o índice analítico, ao que el lle engadiría outro de autores estranxeiros que influíron na literatura galega.

-Francisco Castro, "*Lecturas de nós*", *Atlántico Diario*, "Culturamanía", 31 maio 2000, p. 10.

Gabanza do título da obra e da súa factura pouco academicista. O autor recomenda este estudio e considera que se trata dun libro "para ler e disfrutar a eito".

-Conchi Bilbao, "A crítica debe mira-la literatura dende a súa inmobilidade", *El Correo Gallego*, "*Correo das Culturas*", nº 35, 30 xullo 2000, p. 8.

Entrevista a Gutiérrez Izquierdo na que este insiste na autonomía da literatura galega a pesar dos seus obstáculos ao longo da historia. Por outra banda, opina que a crítica debe custodiar a tradición e que, na maioría dos casos, a crítica galega é unha "pseudocrítica". Demanda unha maior atención á literatura nos xornais e menciona doce obras que formarían o canon da literatura dos últimos cincuenta anos.

Lagares, Xoán Carlos, *Don Eladio Rodríguez González*, Vigo: A Nosa Terra, 2000, 56 pp. (ISBN: 84-95350-67-X).

Biografía realizada por Xoán Carlos Lagares sobre a figura de Eladio Rodríguez González, persoeiro ao que se lle adicará o Día das Letras Galegas de 2001. Nesta obra ofrécense datos sobre a súa infancia en Ponte de San Clodio e sobre o seu traslado á Coruña. Tamén se comenta a súa participación na *Cova Céltica* e en *Solidaridade Galega*. Asemade, resáltase o seu labor na fundación da RAG –da que chegou a ser presidente– e no grupo *Cántigas da Terra*. Destácanse, ademais, a súa tarefa como xornalista e a súa participación en publicacións como a revista cultural *Nós, páxinas gallegas*. Fálase despois da súa fama como poeta, dos premios literarios que acadou en vida, e do recoñecemento que, trala súa morte, tivo o seu traballo lexicográfico recollido no seu *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano*. Na biografía tamén se inclúen abundantes fotografías tanto de don Eladio e dos seus amigos e familiares, coma dos artigos, xornais e libros que publicou o autor ourensán.

Ledo Cabido, Bieito (ed.), *Enciclopedia Galega Universal (EGU)*, (Tomo II: anel/balb) (Tomo III: balc/bra), Vigo: Ir Indo Edicións, 2000, 518 pp. (ISBN do Tomo II: 84-7680-290-0) (ISBN do Tomo III: 84-7680-291-9) (ISBN da obra completa: 84-7680-288-9).

Para seguir dándolle continuidade a esta *Enciclopedia Galega Universal (EGU)*, no ano 2000 distribuíronse o segundo e o terceiro volume. Nas páxinas iniciais de cada un deles, dáse conta dos seus créditos, da nómina dos seus colaboradores e das abreviaturas empregadas, ademais de describirse a estructura das entradas e mostrar os signos convencionais que aparecen nos mapas. A seguir, aparecen as voces que no volume segundo van de de *anel* a *Balbuena* e no terceiro de *Balcánica* a *braquiúro*.

Referencias varias:

-Marcos da Portela, "Tinta de lura", *El Correo Gallego*, *"Correo das Culturas"*, nº 8, 7 xaneiro 2000, p. 1.

Fai referencia á publicación da *Enciclopedia Galega Universal* e da saída en formato CD-ROM dun dos diccionarios da Editorial Ir Indo. Asemade, tamén comenta a saída do prelo dunha reedición da *Doctrina Galicianista* coa que a librería Couceiro agasalla aos seus clientes.

-AGN, “Ir Indo presentará na galería Sargadelos de Barcelona a Enciclopedia Galega Universal”, *El Ideal Gallego*, 21 xaneiro 2000, p. 28.

Dáse noticia da presentación da *Enciclopedia Universal* que acolleu a Galería Sargadelos de Barcelona, ao mesmo tempo que se ofrecen sucintamente as características desta. Dáse conta finalmente do número de colaboradores que forman parte do equipo redactor.

-GM, “La Enciclopedia Galega Universal se presentará en los centros gallegos en el exterior”, *Galicia en el Mundo*, nº 356, 24-30 xaneiro 2000, p. 24.

Dá noticia da presentación da *Enciclopedia Galega Universal* na Galería Sargadelos de Barcelona, subliñando que a súa editorial, Ir Indo, pensa dála a coñecer nos centros galegos do exterior. De seguido, realiza unha sucinta descrición deste ambicioso proxecto, que ten por finalidade “achegar ó lector á cultura universal dende a perspectiva galega”. Así mesmo, destaca unhas palabras de Carlos Casares, quen afirmou que este traballo, que se pode definir como un “magnífico diccionario” de galego, e é síntoma de vigor intelectual.

-Tere Gradín B., “Imos indo, Imos indo…”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 151, 1 abril 2000, p. 3.

Ademais de referirse ás xornadas “A Galicia do 2020”, un encontro de debate do presente e futuro de Galicia nas máis diversas áreas e no que informa que participaron persoeiros como Andrés Torres Queiruga, Carlos Casares ou Ramón Villares, entre outros, céntrase no principal proxecto da editorial coa publicación de tres novos volumes durante este ano da *Enciclopedia Galega Universal* e recóllense as palabras do editor Bieito Ledo, quen salienta a importancia de ofrecer unha visión da cultura universal dende a perspectiva galega, polo que termos como “emigración” ou “auga” adquiren unha importancia especial. Tamén se refire á temática de toda a obra, 14 volumes nos que o corenta por cento dos termos se corresponden con temática galega, van acompañados das súas correspondencias en diversos idiomas ou recolle entradas individualizadas para entidades poboacionais, patrimoniais ou monumentais de interese. En columna á parte, lembra Bieito Ledo os seus comezos como libreiro, logo como director xerente de Galaxia e, finalmente, a creación en 1985 de Ir Indo Edicións.

-Ágatha de Santos, “Ir Indo presenta en Vigo el segundo volumen de la “*Enciclopedia Universal*”, *Faro de Vigo*, 13 abril 2000, p. 50.

Con motivo da presentación do segundo volume da *Enciclopedia Galega Universal* resalta as características desta tirada. Despois, recolle as palabras do editor, Bieito Ledo, que pretende rematar a obra no ano 2002 e pensa que o obxectivo desta é o de fortalecer a identidade galega. Tamén fai balance dos quince anos da traxectoria da editora, que é a maior en persoal e numero de colaboradores do país.

Agustín Sixto Seco, “A Cultura Universal en Galego”, *El Correo Gallego*, “De porta en porta”, 26 abril 2000,
3.

A saída do prelo do segundo tomo da enciclopedia válelle ao autor para destacar o labor de Bieito Ledo á fronte da Editorial Ir Indo e de J. A. Perozo, director da iniciativa. Ademais, pon de relevo as cifras que move esta obra (setenta mil páxinas e dúascentas mil voces) e como exemplo do seu valor cita a incorporación de entradas de recente actualidade.

-Anxo Tarrío Varela, “Enciclopedia Galega Universal”, *El Correo Gallego*, “A baloira”, 29 maio 2000, p. 3.

Con ocasión da publicación do segundo volume da *Enciclopedia Galega Universal*, fai unha louvanza deste importante traballo para a nosa cultura e aplaude a iniciativa do editor, Bieito Ledo, e do seu director, Xosé Antonio Perozo. Así mesmo, tras realizar unha breve descrición deste segundo volume, apunta que o traballo “se nutre da experiencia, información e arquivo fotográfico da *Enciclopèdia Catalana*”. Remata invitando aos galegos a valorar este proxecto subscribíndose a el.

-José Manuel García Iglesias, “Ir Indo... a máis”, *El Correo Gallego*, “Notas de actualidade”, 23 xuño 2000, p. 3.

Realiza unha breve reflexión sobre a importancia da *Enciclopedia Galega Universal* no momento actual, tomando como pretexto a saída ao mercado do segundo tomo dos catorce dos que consta este traballo. Sinala que este proxecto é “outro xeito de ver Galicia, agora nun contexto de cultura universal” e “un signo de normalización cultural da sociedade”. Afirma que é un traballo que está en consonancia coas necesidades actuais, igual que o estaba a *Gran Enciclopedia Gallega* de Silverio Cañada no seu momento.

-David Reinero, “Sigo creyendo en los libros”, *Atlántico Diario*, “La Revista”, 29 outubro 2000, p. 56.

Bieito Ledo comenta o estado actual do proxecto que leva a cabo a súa editorial para publicar a primeira enciclopedia escrita en galego. Así, salienta que xa foron publicados tres volumes e que, polo de agora, non teñen pensado vertela ao formato CD-Rom. Tamén fala da situación das editoriais galegas e da súa paixón polo fútbol.

López García, Xosé, *A prensa do terceiro milenio*, Santiago: Edicións Lea, 2000, 212 pp. (ISBN: 84-95444-12-7).

Traballo no que se recolle un estudio arredor da prensa galega que se presenta dividido en tres capítulos: o primeiro, titulado “A prensa diaria no mundo” ofrece unha visión da evolución dos medios de comunicación impresos no mundo, especialmente en Portugal e América Latina; un segundo, “A prensa diaria en Galicia”, que segundo se nos di no prologo, é o resultado da investigación realizada en coordinación cun grupo de traballo da Universidade Autónoma de Barcelona, e céntrase no estudio da difusión dos xornais propios de Galicia nas distintas provincias, así como da penetración da prensa central, procedente de Madrid; finalmente, no último capítulo, “O que contan os xornais”, analízase a evolución dos contidos e as transformacións dos xornais galegos durante os últimos 20 anos.

Lourenço Módia, Cilha e Carlos **Vizcaíno Fernández**, *Talía na Crónica de Nós*. *Dez anos de teatro galego (1990-1999)*, Ourense: Abano Editores, col. de Venenís Literaria, xuño 2000, 277 pp. (ISBN: 84-930757-3-6).

Como se di na breve presentación, este libro está "a medio camiño entre a crónica e a reflexión". Así pois, nel faise unha pormenorizada descrición do sistema teatral galego entre os anos 1990 e 1999, xa que menos do estudio do público ofrécese información de todos os demais compoñentes, dende autores, libros, publicacións ou a crítica ata compañías de teatro profesionais e de afeccionados, actores, repertorios, espacios de distribución ou formación teatral, entre outros. A seguir, aparece un anexo no que se recompilan todas as obras publicadas e/ou estreadas no período estudiado. Por último reprodúcense tres pezas inéditas:

-Manuel Lourenzo, *Lionel. O malestar do benestar*, pp. 177-196.

Esta pequena peza teatral está protagonizada por Max e Rita que son dous vellos xubilados que manteñen conversas sobre os máis variados temas: a importancia do teatro, o teatro como mentira, a existencia do amor, a normativa lingüística, os amantes, o xardín de noutrora, a infancia, etc. Enfían de tema en tema con continuidade.

-X. C. Couceiro, Á. Cuña Bóveda, Fernando Dacosta e B. Muñoz. *Os soños de Caín*, pp. 197-223.

Breve peza teatral na que hai unha mestura, case confusión, de personaxes con nomes similares (Lari, Leri, Lara, etc.) ou sen marcar (home, muller, etc.) que viven atrapados por un soño. Trátase dun xogo a medias entre a realidade e a ficción xa que no soño se ven acosados por mercaderes e sofren todo tipo de conflictos que os abocan ao suicidio. Ao final logran desprenderse do soño cando están a punto de se matar.

-X. C. Mejuto, *O xardín das pernas roubadas*, pp. 225-277.

Esta obra de teatro está ambientanda nunha illa, na que viven uns curiosos personaxes e na que é habitual que se execute aos náufragos. Mais, un día chega Johannes, do que se namora perdidamente Lea, da que estaba namorada Fido. O triángulo amoroso acaba coa morte do primeiro e co reencontro dos outros dous. Mentres outros personaxes (Cupo, Copa e Capo) mostran cos seus actos as dificultades tanto laborais como relacionais que se viven na illa, e outros (Margot e Maz) pasan a vida facendo un censo de rans, en metafórica exposición da monotonía.

Luna Sanmartín, Xosé Luís (coord.), *Manuel Daniel Varela Buxán. O patriarca do teatro galego*, Concello de Lalín: Patronato da Cultura de Lalín/Seminário de Estudios de Deza, col. Deza, nº 3, decembro 2000, 222 pp. (ISBN: 84-607-1538-8).

Volume adicado á memoria de Manuel Daniel Varela Buxán, cualificado como "O Patriarca do Teatro Galego", que conta cun breve prólogo institucional, e no que se recollen as colaboracións de numerosos persoeiros galegos relacionados co mundo do teatro nas que abordan tanto aspectos biográficos, complementados con abondoso material gráfico, coma da súa obra dramática. Ademais dos artigos que a continuación se recensionan, tamén aparece un apéndice con reproduccións de documentos do autor como a acta de bautismo, a de matrimonio, artigos xornalísticos, carteis anunciadores das súas obras e numeroso material epistolar.

-Xosé Luna Sanmartín, "Conversa con Francisco Pillado Mayor", pp. 13-29.

Francisco Pillado amósanos nesta entrevista as circunstancias que o levaron a descubrir en 1968 a Manuel Daniel Varela Buxán, eixe temático da conversa. Explica que en 1965 xunto con Manuel Lourenzo formaron o grupo de teatro O Facho e que ambos pensaban que o teatro galego se reducía a *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao e mais a *A fiestra valdeira*, de Dieste pero que sabían da existencia do *Don Hamlet* de Cunqueiro. Indica que chega a el gracias ás informacións do Centro Galego de Buenos Aires e que dende entón el se considera o culpábel da divulgación da figura de Varela Buxán en Galicia. Fala tamén da correspondencia que mantivo con el –entre 1974 e 1986– e salienta que Varela Buxán achaba que o teatro

galego aínda tiña “un papel importante como galeguizador deste país”. Conclúe indicando que Varela Buxán foi o director da primeira representación de *Os vellos non deben de namorarse* en 1941 e recalcando que el foi o continuador en América da actividade galega esgazada co alzamento fascista de 1936.

-Laura Tato Fontaíña, “Varela Buxán no teatro galego”, pp. 31-37.

Explica neste artigo como o teatro de Manuel Daniel Varela Buxán seguiu a liña da estética realista –ambientación rural, denuncia da emigración, etc.– que demandaba o público emigrante que asistía aos espectáculos galegos en Sudamérica fronte aos partidarios de actualizar estética e tematicamente a escena galega. Refírese tamén ás noticias contradictorias sobre a recepción da estrea en 1941 de *Os vellos non deben de namorarse* en Buenos Aires e remata afirmando que o teatro dirixido aos emigrantes de Varela Buxán resultou un tanto anacrónico dentro do axitado panorama teatral na Galicia dos anos sesenta.

-Dolores Vilavedra, “Por unha redescoberta do teatro de Varela Buxán”, pp. 39-43.

A doutora viguesa pensa que a Varela Buxán lle acae mellor a etiqueta de dramaturgo ruralista cá de costumista xa que trata a sociedade aldeá dende unha perspectiva social. Neste senso, relaciónao con Manuel Lugrís Freire, Xesús San Luís Romero e Nan de Allariz. Asemade considérao o cumio dunha xeración que completou o ciclo dramático, dende a composición do texto ata a posta en escena, da que formarían parte Manuel Nóvoa Costoya ou Xesús Seixo. Indica que moitos destes autores están hogano esquecidos, polo que chama a recuperar a dimensión americana da nosa cultura. Como temas máis

recorrentes da súa producción sinala a emigración, da que dá unha visión negativa, e o caciquismo, para seguidamente pescudar a súa presencia en diferentes textos. Sobrancea tamén a creación de personaxes femininos e a presencia do amor, no que foxe do estrictamente sentimental para acadar tamén unha dimensión social. Finalmente lóuvao como autor dramático.

-Xoán Carlos Garrido Couceiro, “O teatro militante de Varela Buxán”, pp. 45-53.

Coméntase como Varela Buxán se dedicou na posguerra ao activismo cultural, dende unha posición contraria ao elitismo e achegada ás clases baixas, co obxectivo de lidar coa propaganda fascista e españolista que o réxime franquista estaba a promocionar dende a metrópole. Afírmase que foi ese carácter proselitista o que provocou que Castelao elixise a súa compañía para a montaxe de *Os vellos non deben de namorarse*. A seguir, analízase a estructuración das sociedades rurais descritas nas obras do dramaturgo pontevedrés. Alén disto, faise fincapé en que o seu teatro tiña unha faceta formativa nos ideais do nacionalismo.

-Isaac Díaz Pardo, “Unha lembranza de Manuel Varela Buxán”, pp. 55-58.

O propietario de Ediciós do Castro rememora unha visita de Tacholas e Alonso Montero, acompañados polas mulleres, e Varela Buxán a Sargadelos, na que uns integrantes do grupo “Ledicia”, de Burela, o convenceron para que montase unha das súas obras. Comenta que aceptou e que a representación de *Se o sei non volvo a casa*, celebrada no auditorio de Sargadelos, tivo un grandísimo éxito. Así mesmo, conta que ao final tivo

que sacar ao escenario a Varela Buxán para que explicase aos presentes a súa filosofía teatral, baseada nunha sinxeleza comprometida cos problemas de Galicia, nomeadamente coa emigración. De por parte, dá conta de que o autor lle enviou os figuríns orixinais orixinais creados por Castelao para *Os vellos non deben de namorarse*, agora incorporados ao museo Carlos Maside. Para rematar, expresa a necesidade de publicar a obra dramática de Varela Buxán e de preparar unha monografía sobre a súa figura.

-Francisco Fernández del Riego, “Lembranza dun home de teatro”, pp. 59-61.

Lembra o seu nacemento en 1909 nunha parroquia estradense e a súa pronta emigración á Arxentina. Comenta que pronto se integrou no grupo Aires da terra, que montou con moito éxito en 1941 *Os vellos non deben de namorarse*, obra que veu renovar o discurso teatral galego dende os territorios de ultramar. Tamén sinala que foi un moi productivo autor de pezas dramáticas ruralistas. Alén disto, sinala que en 1950 retornou para se establecer na bisbarra de orixe, onde traballou como practicante mais sen se desvencellar do teatro.

-Daniel González Alén, “Lembrando a Varela Buxán”, pp. 63-69.

Recorda a amizade de Varela Buxán con seu pai, Daniel González “O tío Xanete”, quen lle adaptou e levou á escena a comedia *Non me fales das mulleres*. Así mesmo, rememora unha ocasión en que o acompañou a el e mais a Fernando Iglesias “Tacholas” nunha excursión polo interior da provincia de Pontevedra. Lembra ademais que organizou un grupo de teatro en Lalín, que ensaiou *O ferreiro de Santán*, que nunca chegou a

representar nada. Finalmente sinala que foi pregoeiro da festa do cocido de Lalín e enumera as numerosas homenaxes das que foi obxecto nos anos derradeiros da súa vida e tras o pasamento.

-Daniel González González, “O tío Xanete”, “Varela Buxán na miña memoria”, pp. 71-74.

Comeza por afirmar que cando coñeceu a Varela Buxán en Arxentina deuse conta “de que Galicia era para el a súa razón de vivir e pensar”. Así mesmo, lembra que na súa parroquia era considerado polos seus fondos valores humanos, como demostrou co seu carácter desinteresado, tanto no ámbito profesional coma no teatral. Sobre este teatro, di que era un teatro popular que conseguía a empatía co público e o éxito entre a colectividade galega de Arxentina e Uruguay. O mesmo Castelao, continúa, quixo que a súa compañía representase *Os vellos non deben de namorarse*, compañía que foi viveiro de artistas como Maruxa Villanueva e Tacholas. Finalmente, comenta a situación artística adversa que viviu ao voltar a Galicia.

-Clotilde Iglesias, “Lembranza de Varela Buxán”, pp. 75-78.

Recupera unha afirmación do seu pai, o actor teatral Tacholas, que dicía que Varela Buxán era o autor costumista máis importante da dramaturxia galega, para destacar o éxito que o dramaturgo, xunto coa Compañía de Maruxa Villanueva, tiña na emigración. Del tamén salienta a humildade, a súa recuperación para o mundo teatral en Galicia da man de xente nova naqueles anos como Francisco Pillado Mayor e a relación que os pais da autora tiñan con el.

- Xosé Mª López Pérez, “En Galicia con Varela Buxán”, pp. 79-80.

Breve achegamento á figura de Varela Buxán, de quen lembra o momento en que se coñeceron, a súa profesión como practicante (que o mantiña apartado do teatro), a súa muller (Luísa de Valente) e a paixón que sentía polo teatro galego.

-Manuel Lourenzo, “A xesta e o xesto”, pp. 81-82.

Comézase comentando a amargura que nos anos cuarenta sentiron tanto Castelao como Varela Buxán pola situación do galeguismo. Sinálase, a continuación, o vínculo existente entre estes dous persoeiros da nosa cultura e o teatro. A este respecto, saliéntanse a axuda que Buxán, a través da súa compañía teatral, lle brindou a Castelao. Destácase tamén a importancia que debemos concederlles ás obras teatrais do autor de Rianxo. Conclúese facendo referencia á existencia dun “xesto galego” que caracteriza ata o andar da nosa xente.

-Carlos Morgade, “Daniel Varela Buxán e o grupo de teatro “Xenio”, pp. 83-89.

Relátase o nacemento do grupo teatral Xenio de Mourente. Coméntase, así mesmo, o vínculo que a partires de 1979 uniu a esta agrupación co dramaturgo Daniel Varela Buxán. A este respecto, menciónanse as representacións que Xenio fixo das obras deste autor. A continuación, a atención céntrase no camiño

percorrido polo teatro galego dende os anos 60 ata os nosos días. No panorama descrito a obra de Varela Buxán preséntase como aquela coa que mellor se podía acadar a normalización do teatro galego, mercede á boa acollida que tiña entre o público. Afírmase tamén que o teatro deste autor “non debe ser esquecido”. Finalmente, recóllense as palabras de Vázquez Pintor nas que afirmaba que, coa morte de Varela Buxán, desapareceu “o último labrego do noso teatro”.

-David Otero, “Aporte a unha coroa tesoural tan merecida”, pp. 91-99.

Repásanse os feitos máis destacados da vida de Daniel Varela Buxán. Así, comézase comentando o seu nacemento no lugar de Cercio o 2 de marzo de 1909. Insístese no contacto que mantivo coa natureza galega durante toda a súa infancia e menciónase tamén a súa saída de Galicia no ano 1929. Fálase da relación que o uniu aos emigrantes e aos exiliados de Bos Aires e destácase, ademais, a súa estimábel axuda no desenvolvemento do teatro galego. O seu regreso a Galicia preséntase como unha volta a unhas orixes que nunca esquecera. Así mesmo, faise referencia ao traballo de practicante que desempeñou durante un longo período de tempo. Finalmente, saliéntase que o encontro coa súa terra natal foi o mellor xeito de coñecerse a si mesmo.

-Xosé Vázquez Pintor, “Varela Buxán: o meu amigo levado”, pp. 105-110.

Vázquez Pintor lembra as anécdotas e o tempo que compartiu con Varela Buxán. Afirma que por el bebe nos clásicos “as mellores palabras, os afectos”; foi a primeira vez que escoitou dicir “Galiza” e “alicerces”. A

seguir, alude a algúns episodios da biografía das súas obras: *O ferreiro de Santán*, *Taberna sin dono*, *A xustiza dun Muiñeiro* ou *Se o sei... non volvo á casa*.

-Xosé Luna Sanmartín, “Cronoloxía”, pp. 111-133.

Detallada cronoloxía de Manuel Daniel Varela Buxán que comeza co seu nacemento o 2 de marzo de 1909 no lugar de Sanlourenzáns, fregresía de San Verísimo de Lamas, Concello da Estrada. A seguir, apúntanse os principais acontecementos que marcaron a súa vida como os seus anos escolares, a súa marcha a Arxentina no ano 1930, con vinte anos de idade, así como os traballos que levou a cabo na capital arxentina. Así mesmo, cita algunhas das obra teatrais que compuxo naquela época como *Se o sei... non volvo a casa* (1931), “O mellor faro pra impedir qu’os pobos tropecen, é unha escola”, publicado na revista *Unión Estradense*, *Taberna sen dono* (1941), *O brazo partido* (1941), *As tres Maruxas* (1941), *Meu pai* (1941), *Gracias, padre Ramón* (/1943), entre outras moitas. En fefreiro de 1943, Varela Buxán chega ao porto de Vigo. Comeza a estudiar o Bacherelato Elemental no instituto de Ourense; casa con Luísa García Santoandré, na parroquia de Cercio, e continúa co seu labor teatral. Morre no ano 1986 é idade de setenta e sete anos.

Luna Sanmartín, Xosé, *Ond'o sol facheaba ô amañecer. Vida e obra da cantora da Ulla*, A Estrada: Edicións Fouce, col. Strata, nº 3, marzo 2000, 249 pp. (ISBN: 84-95429-05-5).

O presente volume ábrese cun limiar do autor no que sinala que o seu propósito é divulgar e favorecer o recoñecemento da obra de Avelina Valladares Núñez (Vilancosta, A Estrada, 1825-1902), a "cantora da Ulla", empregando a denominación que lle dedicou Manuel García Barros co gallo do centenario do seu nacemento. Seguidamente aténdese ao contexto histórico e literario no que se insire a obra de Avelina Valladares, inmersa de cheo no Rexurdimento; ofrécense uns apuntamentos biográficos, salientando a pertenza da escritora a unha das familias fidalgas máis importantes e cultas de Galicia; achégase unha análise semántica da súa obra, insistindo na presencia de Galicia, da terra de Ulloa como Edén terreal e terra nai, da emigración, da relixión, da familia e da amizade, entre outras claves; e estúdianse os trazos lingüísticos do galego empregado pola autora. A segunda parte do volume contén a edición da obra da escritora, conformada por tres cadernos (denominados A, B e C) titulados *Avelina Valladares y sus poesías. Vilancosta 1902*, onde se recollen as súas composicións poéticas en galego e castelán e diversos artigos dedicados á súa vida e morte. Estes cadernos supóñense recompilados polo seu sobriño e afillado Laurentino Espinosa Valladares. Inclúense primeiramente os seus poemas en galego: "A Ulla" (1879), "Diálogo entre un peregrino que se dirige a Compostela y un labriego" (1879), "A pobre orfiña" (s.d), "Miña joya" (1883) e "Ôs qu'emigran" (1889); seguen os seus poemas e textos en prosa en castelán e os artigos sobre a súa figura da autoría de Laurentino Espinosa, Eduardo L. Posobón, Manuel Castro López. Manuel García Barros e Waldo Álvarez

Ínsua. Pecha o volume o apartado “Documentos” onde se inclúe a copia da súa acta de bautismo, reproduccións dos cinco poemas escritos en galego, de dous artigos de José Luces Miranda e “Del apóstrofo en la escritura gallega” do seu irmán Marcial Valladares; así como as cabeceiras dalgúns xornais onde a autora publicou a súa obra, a cabeceira do libro inédito *Memorias de familia*, de Marcial Valladares, a copia do certificado de defunción e fotografías do casal familiar de Vilancosta.

Manuel María, X. M. **Martínez Oca**, X. C. **Caneiro** e Mª X. **Queizán**, *Clásicos e Modernos/2*, A Coruña: Universidade da Coruña (Departamento de Filoloxías Francesa e Galego-Portuguesa), maio 2000,131 pp. (ISBN: 84-95322-45-5).

Este volume recolle as conferencias proferidas no inverno e na primavera do ano 2000 na Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña, dentro do ciclo "Clásicos e Modernos", organizado polo Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística da citada Universidade.

-Manuel María, "Breve noticia de Ánxel Fole, home de Lugo", pp. 7-41.

Traza unha panorámica xeral da vida e obra de Ánxel Fole e céntrase naqueles aspectos que lle parecen relevantes para o seu devir creativo. Así logo de se fixar nos antepasados do escritor lucense párase en comparar a actitude vital e esperanzada do mozo escritor antes da guerra e a decepción, tristura, o carácter introvertido e o retiro á alta montaña lucense da posguerra. A seguir comenta sucintamente cada unha das súas obras sinalando as influencias que presenta, e a pegada da natureza montañesa nas mesmas.

-Xosé Manuel Martínez Oca, "Castelao visto por un estradense", pp. 43-75.

Comeza falando de como bateu coa obra pictórica de Castelao aínda sendo un cativo. Isto válelle para ir apuntando aqueles monumentos que aparecen nas súas estampas, así como as persoas e relacións de parentesco que o escritor tivo coa Estrada, e chegar a imaxinar como podían ser as súas estadías nesa vila. Tamén compara varias versións de contos que Castelao narra en “Cousas”, e das que, alén de haber outras do mesmo autor, tamén di que as hai doutros escritores, para xogar coa hipótese de que as puido recoller na comarca da Estrada.

-Xosé Carlos Caneiro, “O esplendor das luces (Reflexións dende a narrativa de Otero Pedrayo, mestre)”, pp. 77-104.

Relaciona a obra de Otero Pedrayo e a narrativa galega actual. Parte do principio de que máis alá do argumento, o narrador debe ter vontade de estilo, do que Otero sería un símbolo, fronte á “mediocridade” da literatura galega actual. Repasa as súas principais obras e conclúe dicindo que é o máis grande narrador que tivo Galicia.

-María Xosé Queizán, “A narrativa de E. Blanco Amor: Heterodoxia e provocación”, pp. 105-131.

Fai unha análise paralela da vida e da obra de Eduardo Blanco Amor, a través daqueles trazos que o definen, segundo di, como o primeiro narrador moderno galego: reflicte o mundo urbano, defende as clases asoballadas, mostra unha clara defensa na dignificación da homosexualidade, etc.

Martínez Delgado, Ana Belén, *A esmorga de Blanco Amor e Parranda de Gonzalo Suárez*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Ensaio/Filoloxía, 2000, 165 pp. (ISBN: 84-7492-998-9).

Volume integrado por dez capítulos, precedidos dun prólogo de José María Folgar de la Calle, persoa que coguiou, xunto á profesora Dolores Vilavedra, este traballo de Ana Belén Martínez Delgado. Na introducción a autora explica as relacións entre o cinema e a literatura e chega á conclusión de que *Parranda*, do director asturiano Gonzalo Suárez, é unha *transposición* fílmica da novela de Blanco Amor, *A esmorga*. Segundo a autora, *Parranda* (hipertexto) obriga a reflexionar sobre a novela (hipotexto), polo que esta resulta enriquecida. Este traballo estudia distintas categorías que se refiren á temporalidade, á espacialidade, aos personaxes, ao tecido simbólico e ás entidades enunciativas. Ademais analiza as débedas literarias de *Parranda* (Maupasant,...), o propio guión cinematográfico que Blanco Amor fixo da súa novela e as posturas dos críticos, sobre todo a dos galegos, que viron o filme como unha traizón á novela por non respectar a escenografía e levala de Ourense á conca asturiana ou por cambiar algúns aspectos substanciais aos personaxes. Tamén inclúe un apartado de ilustracións de Blanco Amor, de Gonzalo Suárez, momentos da rodaxe do filme e un apéndice que recolle a autorización do escritor para a adaptación da novela, así como documentos pertencentes ao expediente económico-administrativo de *Parranda*, entre outros aspectos.

Martínez Oca, Xosé Manuel, *Dos camiños de arrieiros ós pazos de Ulla. Terra de Montes e Tabeirós*, Vigo: A Nosa Terra, col. As Viaxes, nº 3, xullo 2000, 186 pp. (ISBN: 84-95350-26-2).

O autor relátanos as rutas que vai facendo por distintos lugares de Terra de Montes e Tabeirós; sen embargo, como xa deixa claro nunhas páxinas iniciais de advertencia previa, non se nos ofrece unha guía exhaustiva de monumentos, nin histórica, nin de restaurantes ou outros locais. Trátase, pois, dun volume que pode animar a camiñar polos lugares que se van citando no libro (Estrada, Ribadulla, Forcarei...) despois de ler as impresións do autor. Conta ademais o volume con alusións a outras obras que falan destas terras, recomendando dende o principio os traballos de Rodríguez Fraiz para a Terra de Montes e os de Raimóndez Portela para Tabeirós. Tamén se recomenda a conversa cos veciños dos lugares, dos que moitas veces o noso autor obtivo información, feito que se demostra no libro, xa que ás veces están reproducidas estas conversas.

Recensións:

-C. C., “Unha guía da emoción”, *El Correo Gallego*, *Correo das Culturas*, nº 39, 27 agosto 2000, p. 8.

Primeiramente ofrécense algúns datos biográficos e bibliográficos de Xosé Manuel Martínez Oca, para, de seguido, centrarse na súa última obra *Dos camiños dos arrieiros ós pazos da Ulla*. Dise que é un libro de viaxes, de descuberta, na que se expresan máis os sentimentos do autor que se describe a xeografía e monumentos da zona. Por iso dise que é unha viaxe á infancia, unha viaxe sentimental á infancia do autor e non se debe buscar nesta obra unha guía detallada da comarca de Tabeirós-Terra de Montes.

-C. V., "Dos tilos do pazo de Oca aos espiritus da aldea de Grobas", *A Nosa Terra*, nº 961, 16 novembro 2000, p. 32.

Céntrase neste libro de viaxes, que se presenta como unha "particular mirada" do autor aos lugares da súa aldea natal. Así mesmo, coméntase o contraste que nesta obra se establece entre os recordos daqueles espacios e a situación actual. Sinálanse, ademais, a louvanza que o autor fai ao camiño de Pedra a Serrapio, ao Pazo de Oca, aos hórreos de Eira de Ermida e ao santuario do Pego. Por último, menciónase a crítica ao avance da civilización que, segundo Martínez Oca, fai desaparecer "a soidade que regala a natureza".

-Xulio Valcárcel, "Terra de montes e tabeiros", *El Ideal Gallego*, "La Galería", 31 decembro 2000, p. 4.

Xulio Valcárcel repasa o percorrido que pola Comarca de Tabeirós-Terra de Montes fai Xosé M. Martínez Oca no seu libro *Dos camiños de arrieiro ós pazos da Ulla*. Recálcanse os lugares máis salientábeis como a

Lagoa Sacra, o Pazo de Oca ou a Rapa das Bestas de Sabucedo polos que o seu autor nos dá conta dos “vagabundeos que dependendo do momento ou do estado de ánimo, máis lle chamaron a atención”.

Méixome Quinteiro, Carlos, *Castelao. Unha historia do nacionalismo galego*, Vigo: Edicións do Cumio, col. Biografías históricas, 2000, 191 pp. (ISBN: 84-8289-095-6).

Biografía de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao (Rianxo, 1886-Buenos Aires, 1950) que o autor, Carlos Méixome Quinteiro, aborda, tal e como di no “Limiar”, dende unha perspectiva global que enfoca todas as súas facetas, xa que entende que existe “un único Castelao que expresa o seu pensamento na obra artística ou no activismo político”, diferentes campos de actuación potenciados segundo as necesidades de cada momento histórico pola pragmaticidade que o caracterizou. Por iso, a seguir, estructura o volume en oito capítulos que reconstrúen a traxectoria do intelectual rianxeiro situando sempre as súas coordenadas vitais no contexto do nacionalismo galego, movemento político que repasa dende o estadio provincialista da xeración de 1846 e as diferentes correntes rexionalistas, a IIª República e o exilio bonaerense ata a etapa actual. Así, tenta demostrar a coherencia e continuación entre a creación artística e a actividade política, que Castelao sustentou nunha fonda identificación coa cultura galega, coas camadas populares e os dereitos políticos da nación galega. Complétase cun “Epílogo”, no que trata a prohibición, ocultación e manipulación política da que foi e é obxecto, porque é unha figura “viva”, cunha cronoloxía e coa bibliografía activa (obra gráfica, escrita, discurso, conferencias e outros textos) e pasiva do autor.

Méndez Fonte, Rosa, *Isaac Díaz Pardo. Obra cartelística 1936-1999*, A Coruña: Espiral Maior Edicións/Universidade da Coruña, febreiro 2000, 98 pp. (ISBN: 84-89814-87-2).

Volume no que se recolle a reproducción daqueles carteis elaborados por Isaac Díaz Pardo que forman parte dunha exposición organizada na Universidade da Coruña como achega a unha faceta máis deste intelectual galego, abarcando a súa producción cartelística dende 1936 ata 1999. Conta cunha presentación institucional do Director do Servicio de Extensión Universitaria da Universidade coruñesa, Xosé Fernández Fernández, na que expresa a súa satisfacción por esta mostra e o interese na obra de Díaz Pardo, seguida dunha de Rosa Méndez Fonte, Comisaria da Exposición, na que sobrancea o labor desenvolvido polo intelectual galego como deseñador e empresario, sinalando que nesta obra se recollen algúns textos que tentan facer un esbozo da personalidade de Díaz Pardo nas súas diferentes facetas, e que están asinados por autores como Xesús Alonso Montero, Fermín Bouza, Xosé Luís Axeitos, Xan López Domínguez, Euloxio Ruibal e María Ruído, dos que se dá conta a seguir:

-Xesús Alonso Montero, “Retrato de Isaac Díaz Pardo: algunhas notas”, pp. 17-20.

Breve retrato de Isaac Díaz Pardo no que sobrancea a singularidade do retratado, do que tamén apunta a súa enerxía e a “utilidade pública” da súa persoa e obra. Alude ás súas múltiples facetas, ofrecendo unha morea de cualificativos cos que tenta definir este retrato, salientando entre eles seu compromiso, que xunto coa

xenialidade serían as dúas características máis definitorias dun home que entregou a súa vida á construcción de Galicia.

-X. L. Axeitos, “A ética fundacional de Isaac Díaz Pardo. Memoria dun home de acción”, pp. 21-26.

Comeza aludindo á relación de Isaac Díaz Pardo co exilio galego en Buenos Aires a partir dos anos 50 e á intensa colaboración con Luís Seoane, en especial coa revista *Galicia Emigrante*, do que reproduce algúns parágrafos de cartas enviadas a Díaz Pardo. Considera este contacto co exilio fundamental para o labor de recuperación emprendido con empresas como o Museo Carlos Maside, Sargadelos e Ediciós do Castro, da que sinala que é a “concepción do libro como punto de encontro e de reflexión” á que chegan autores como Dieste, Seoane, Lorenzo Varela ou Blanco Amor, entre outros, apuntando que son empresas arredor das que xira a actividade cultural galega. A seguir, diferencia algúns temas moi tratados nas mesmas como son “Castelao e o Seminario de Estudos Galegos”, o primeiro por ser o “símbolo ético e político da cultura galega” e o segundo polo coñecemento científico da realidade galega arredor do que se realiza unha exposición en 1978. Tamén salienta algunhas obras como a edición facsimilar de *Terra de Melide* ou o monográfico da revista *Cadernos do Laboratorio de Formas de Galicia*, rematando por sobrancear que coa editorial fixo unha busca da restauración da memoria histórica e ve no seu catálogo a mellor homenaxe a Ánxel Casal e á editorial Nós.

-Xan López Domínguez, “Isaac Díaz Pardo. Obra gráfica. Carteis e ilustracións”, pp. 33-37.

Achégase ao labor de cartelista de Díaz Pardo, iniciado en 1936 con catro carteis para o Estatuto de Autonomía e, a seguir, céntrase nas súas ilustracións en libros diferenciando entre as que aparecen decorando as cubertas e os debuxos do interior. Das primeiras salienta o deseño de *As cen mellores poesías da lingua galega* (1970), de Xesús Alonso Montero e *Xente ao lonxe* (1972), de Eduardo Blanco Amor. En canto á ilustración de textos sobrancea o traballo para a revista de poesía *Aturuxo* de Ferrol durante os anos cincuenta, así como os tres libros de poemas que esta sacou con ilustracións tamén de Díaz Pardo, ademais de sinalar outras obras como *Veinte desnudos de Cecilia la acróbata*, *Galicia Hoy* ou *Danza* (1973), de Julio R. Jordi.

-Euloxio R. Ruibal, “Díaz Pardo, dramaturgo. Traxedias renovadas para un tempo de desesperanza”, pp. 39 47.

Comeza referíndose ao clima artístico no que se cría Isaac Díaz Pardo e á presencia do mellor da intelectualidade galega do momento no obradoiro de seu pai, Camilo Díaz Valiño, pintor, cartelista e escenógrafo. Do labor de Díaz Pardo como escenógrafo sinala as colaboracións con Ricard Salvat en obras como *Castelao e a súa época* (1969); *Ligazón* e *El Embrujado*, de Valle Inclán en 1972; e *Música só para ti* (1980), de Franz Xaver Kroetz, explicando pormenorizadamente os estilos que emprega en cada unhas das obras, ademais do *Don Hamlet* de Cunqueiro representado polo CDG en 1991. A seguir, céntrase no seu labor como dramaturgo, do que indica que inclúe os textos *O ángulo de pedra*, escrito en 1949, e *Midas*, escrito en 1951, publicados en libro en 1957 e sen noticia de estrea. Da temática sinala que continúa a súa liña pictórica, coa preocupación social, a proliferación da morte, a música, os nus ou a maternidade como temas que son tratados con moita plasticidade e “unha considerable potencia visual”, centrándose na imaxe e o valor que lle dá aos ollos, xa sexa como forma de expresión ou de comunicación entre o interior e o

exterior, ou con valor simbólico. Achégase ao argumento de ambas obras, salientando da primeira que é unha traxedia que xira arredor da posguerra e funciona como denuncia do réxime franquista a través das vidas de personaxes míticos, mentres que na segunda, *Midas*, a través desta figura mítica denuncia o absurdo progreso da civilización occidental. Remata apuntando que estas obras revelan a existencia dun teatro galego que coincide na temática da desesperanza co teatro de Europa do momento, e denuncia a falta de atención que ata o de hoxe se lle prestou a esta faceta de Díaz Pardo.

Recensións:

-José Manuel B. López Vázquez, “Estudio dun xenio comprometido”, *Guía dos libros novos*, nº 17, “Arte”, abril 2000, p. 15.

Describe o libro *Isaac Díaz Pardo. Obra cartelística 1936-1999* que constitúe o catálogo dunha exposición que procura, no dicir da súa comisaria, Rosa Méndez Fonte, “amosar o compromiso de Díaz Pardo con Galicia e as súas xentes” completando o oco do cartelismo que aparecía baleiro nas mostras que, ao longo das últimas décadas, se levaron a cabo intentando reflectir as diferentes pegadas que este autor foi deixando nos eidos artístico e cultural galegos, dando conta das obras que nel se conteñen, entre elas “A ética fundacional de Isaac Díaz Pardo: Algunhas notas”, de Xesús Alonso Montero, na que fai un retrato de Díaz Pardo como artista, ou o traballo do dramarturgo Euloxio R. Ruibal, “Díaz Pardo, dramaturgo. Traxedias renovadas para un tempo de esperanza”, no que se elabora unha profunda análise das achegas de Díaz

Pardo ao teatro. Por outra banda, critica a actitude do comisariado das exposicións de arte e amosa o descontento con este catálogo, pois con el “perdeuse unha oportunidade para facer un estudio en profundidade do que, sen dúbida, é un dos maiores cartelistas galegos, e para poñer o primeiro chanzo para o estudio do cartelismo en Galicia, que apenas si está esbozado”.

Millán Otero, Xosé M. (ed.), *Johán Carballeira. Páxinas galegas*, estudio introductorio de Xosé M. Millán Otero, Vigo: Edicións A Nosa Terra, col. Prensa & Criación, novembro 2000, 215 pp. (ISBN: 84-95350-55-6).

Volume que compila toda a obra galega de Johán Carballeira (Vigo, 1902-Pontevedra, 1937) á que, dada a súa dispersión, Millán tivo acceso. Este crítico elaborou a introducción, que inclúe unha biografía na que toca a súa etapa estudiantil en Vigo, Compostela e Madrid, onde se relacionou con círculos vangardistas, as súas primeiras colaboracións literarias no *Faro de Vigo* e a súa entrada en *El Pueblo Gallego*. Así mesmo, comenta como Carballeira reaccionou contra a tradición galeguista e dendeñou o idioma galego e a súa literatura, actitude que trocou ao participar na fundación do Partido Galeguista, polo que foi alcalde de Bueu ata o levantamento de 1936, que lle custou a vida. Sinala que inicialmente só usaba o galego para a poesía costumista pero que despois o estendeu a todo tipo de versos. En conxunto, considérao un primeiro espada do xornalismo, onde cultivou a entrevista, a reportaxe, o artigo de opinión..., pero un poeta menor malia ser considerado antologábel por Álvaro de las Casas (*Antología de poetas gallegos*, Bos Aires, 1940) e Celso Emilio Ferreiro. O volume está dividido en dúas partes, dedicadas respectivamente á obra xornalística e literaria. A primeira está, á súa vez, organizada tematicamente en artigos de “lingua e cultura”, “autonomía e galeguismo”, onde critica o centralismo que pexa a economía galega e solicita un galeguismo de acción continua, e “varia”, onde trata dende temas locais de Bueu ata do sentido común. No primeiro grupo temático, trata o problema ortográfico da nosa lingua, comenta a penuria económica dos artistas galegos, eloxia a prensa comprometida, pronúnciase a favor dunha escola galega, solicita unha normalización de

relacións entre Galicia e Portugal, apoia a creación dunha revista ao estilo de *Nós* ou trata de diferentes persoeiros como Johán Viqueira ou Manuel Magariños Negreira. Canto á literatura, cre necesario un *aggiornamento*, xa que a acha inzada de ruralismo, baseado na normalización dos xéneros dramático, acudindo inicialmente á materia folclórica, e novelístico, fomentando o cultivo do folletín. A sección literaria divídese en verso e prosa. No primeiro grupo recolle poemas publicados no *Faro de Vigo*, *El Compostelano*, *Céltiga*, *El Pueblo Gallego*, *Galicia*, *Heraldo de Galicia*, *Nós*, *Resol* e *Cristal*. Debido á ordenación cronolóxica, obsérvase claramente unha evolución dende un ruralismo folclórico ata posicións vangardistas. Todos os poemas están incluídos xa no especial da revista *O Candil*, publicado polo colexio A Pedra en 1996. Canto á parte de "Prosa literaria", inclúe dous contos de corte popular e uns artigos sobre árbores, dos que recolle varias versións, e mariñeiros.

Recensións:

-M. Blanco Rivas, "Unha voz afogada no turbillón do 36", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", nº 190, 30 decembro 2000, p. 2.

Ve neste volume a recuperación do "xornalismo inédito" de Johán Carballeira, todo un mostrario dun tempo crucial sobre o que quería intervir o de Bueu, exemplo do "espírito de toda unha xeración". A continuación,

loa o seu papel de modernizador da cultura e do galeguismo a través dun traballo xornalístico comprometido e progresista. Neste repaso de Carballeira, lembra o seu papel político e a represión que rematou no seu fusilamento. Ao final, coida que esta obra é unha achega importante dun home fiel aos seus ideais e a Galicia.

Referencias varias:

-Álvaro Agulla, “Fallo del premio ‘Johán Carballeira”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra. Bueu”, 1 decembro 2000, p. 16.

Informa que o día 2 de decembro vai ter lugar a resolución da convocatoria deste premio por parte do xurado, do que achega o nome dos seus membros. Tamén sinala que o anuncio do seu dictame estará precedido pola presentación do libro de Xosé Manuel Millán Otero, *Johán Carballeira. Páxinas galegas*, no que se recolle a totalidade da obra en galego deste autor.

-Álvaro Agulla, “Emma Pedreira vuelve a ganar el ‘Premio de Poesía Johán Carballeira”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra. Bueu”, 3 decembro 2000, p. 16.

Sinala que, despois de ter conseguido este premio con *Diario bautismal dunha anarquista morta*, Emma Pedreira Lombardía conséguеo nesta edición por *Velenarias*, obra cualificada polo xurado de “poesía reivindicativa feminista” e destacada pola súa gran calidade. Dá conta dalgunha das personalidades asistentes ao acto de entrega do premio e recolle as declaracións do presidente do xurado, Salvador Rodríguez, quen se referiu á consolidación e crecemento que está experimentando este premio e á calidade dos traballos que concorren. Por outra banda, sinala que no acto citado tamén se presentou o volume, *Johán Carballeira. Páxinas Galegas*, de Xosé Manuel Millán, que recolle todos os traballos en galego do escritor e periodista de Bueu. Así mesmo, indica que ten unha introducción na que se ofrece a dimensión galega de Carballeira, o contexto histórico no que se producen os seus traballos ou o seu labor na difusión do Estatuto do 36.

-Álvaro Agulla, “Millán: “O libro quere dar a coñece-la obra de Carballeira”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra. Bueu”, 8 decembro 2000, p. 16.

Entrevista con Xosé Millán Otero pola publicación da obra *Johán Carballeira. Páxinas galegas*. Comenta que a súa principal intención era a de dar a coñecer os escritos en galego deste autor. Presenta o libro como o resultado de quince anos de traballo. Destaca tamén o forte contido social que caracteriza a obra xornalística de Johán Carballeira. Así mesmo, define a este autor como un dos máis claros representantes da Xeración de Vangarda. Finalmente, refírese ao traballo de recuperación da obra de Carballeira que nas localidades de Bueu e O Morrazo se levou a cabo.

-Afonso Fernández, “Xosé Manuel Millán recupera a obra en prosa de Johán Carballeira”, *A Comarca do Morrazo*, nº 97, “Cultura”, 15 decembro 2000, p. 35.

Nota sobre a presentación da obra, nun acto conxunto coa comunicación do fallo do Vº premio poético Johan Carballeira, na sala de sesións do Concello de Bueu. Dáse conta de que compila a maioría da prosa do ex-alcalde de Bueu, acompañada por unha introducción de cincuenta páxinas. Tamén se comenta que Millán lembrou a Suso Portela e José Ramón Álvarez Pérez, por publicaren respectivamente unha biografía e un ensaio sobre Carballeira. Alén diso, recóllese a solicitude de Millán para crear un premio de xornalismo que leve o seu nome, iniciativa que o rexedor de Bueu se comprometeu a apoiar, e mais un fondo documental arredor da súa figura na biblioteca municipal.

Monteagudo, Henrique, *Alfonso R. Castelao*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia (Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Dirección Xeral de Promoción Cultural), col. A Nosa Memoria, nº 22, xaneiro 2000, 240 pp. (ISBN: 84453-2670-8).

Estudio monográfico sobre a figura de A. R. Castelao, publicado co gallo do cincuenta aniversario da súa morte. O autor fai un percorrido pola "traxectoria vital" do insigne galeguista, facendo fincapé, sobre todo, na súa "vida pública", ou sexa, na súa vertente artística e política. Ao longo de nove capítulos, estructurados a partir das diferentes etapas vivenciais polas que o rianxeiro pasou, dásenos unha visión exacta da polifacética andaina dun home que consagrou toda unha vida á consecución dun único obxectivo: a dignificación de Galicia.

Referencias varias:

-D. P., "Pérez Varela presentou o libro "Castelao", *Diario de Pontevedra*, 8 xaneiro 2000, p. 25.

Dáse conta do acto de presentación na Casa de Cultura de Rianxo da obra *Castelao* por parte do Conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo, Xesús Pérez Varela, que falou de Castelao como patrimonio do

pobo galego e da importancia da presencia da súa obra e do seu pensamento entre as novas xeracións, así como o seu papel a prol de que Galicia acadase as actuais institucións propias. Do libro destaca o labor de Henrique Monteagudo na achega á vida e obra do autor rianxeiro, lembrando a necesidade de que esta última sexa difundida e analizada dentro do seu contexto e da súa idea de unidade dos galegos, de liberdade e de xustiza.

-María Eyo, “Rianxo pretende que a obra do polígrafo prime sobre o mito”, *El Mundo. Galicia*, 8 xaneiro 2000, p. 9.

Alude ao esforzo realizado pola vila de Rianxo para homenaxear ao seu ilustre veciño, Castelao, polo cincuenta aniversario da súa morte. Entre as actividades desenvolvidas salienta a presentación do libro *Alfonso R. Castelao* de Henrique Monteagudo, que ofrece “aspectos da súa biografía inédita”, a inauguración dunha exposición de estampas de *Cousas* nas rúas rianxeiras, ou unha mostra dos seus debuxos tallados en madeira.

-Manuel Dourado Deira, “Castelao: sempre en Rianxo, sempre en Galicia”, *El Correo Gallego*, “Barbarousa”, 11 xaneiro 2000, p. 47.

Faise eco da presentación do libro *Alfonso R. Castelao*, de Henrique Monteagudo, de entre a multitude de actos convocados no seu 50º cabodano. Se ben gaba o contido da obra en tanto que deita luz sobre algúns

aspectos biográficos do artista, lamenta que a boa iniciativa da Consellería de Cultura non fose acompañada dunha edición máis coidada.

Monteagudo, Herique, *Castelao: defensa e ilustración do idioma galego*, Vigo: Galaxia, col. Ensaio, nº 14, novembro 2000, 274 pp. (ISBN: 84-8288-390-9).

Colectánea de Henrique Monteagudo que recolle sete traballos xa publicados ao longo dos últimos dez anos en relación co pensamento e a práctica idiomática de Castelao. No breve “Adro” que abre este volume, o autor refírese a diferentes aspectos metodolóxicos do libro e afirma que tentou reunir estes estudios para os facer máis accesíbeis ao grande público, á vez que quere ofrecer unha visión global e matizada do tema focado. A través deles, Monteagudo achégase tanto ao coñecemento e á praxe lingüística do rianxeiro coma ás súas principais ideas sobre a historia da lingua, o marco político-lingüístico ou o relacionamento co portugués, sen esquecer os problemas de elaboración dun estándar ou a modernización do léxico galego que acomete en *Sempre en Galiza* (1944), ensaio sobre o que vertebra o apartado dedicado á epoca exilar do político nacionalista. Así mesmo, inclúe un estudio centrado no Castelao ensaísta e outro moi interesante sobre o debate que mantivo con Unamuno nas cortes constituíntes republicanas a respecto da oficialidade idiomática.

Monteagudo, Henrique (coord.), *Para ler a Castelao. Cronoloxía, entrevistas e bibliografía*, tomo I, Vigo: Galaxia, decembro 2000, 470 pp. (ISBN tomo I: 84-8288-400-X) (ISBN obra completa: 84-8288-337-2).

Neste primeiro volume recóllense unha cronoloxía detallada da súa biografía, as entrevistas que apareceron publicadas entre os anos 1912 e 1949 e unha bibliografía do autor, que se describen a continuación:

-Miguel Anxo Seixas Seoane, “Cronoloxía”, pp. 7-40.

Sinálase que esta cronoloxía xa fora publicada en *Castelao. Exposición 50 aniversario* da Fundación Caixa Galicia. Nela repasa os feitos que caracterizaron a vida e obra do rianxeiro dende o seu nacemento, os avatares da infancia caracterizada por unha saúde fébel e a viaxe á Arxentina, pasando polos seus comezos no deseño humorístico, coas primeiras exposicións e as numerosas colaboracións en medios da época. A partir dos anos 20 hai ampla información da vida intelectual e da abondosa actividade que desenvolve ata 1936, centrada, principalmente, no labor literario e artístico, mentres que a partir desta data todo e seu traballo se desenvolve nos medios do exterior, ata xaneiro de 1950, que ten lugar o seu pasamento.

-Manuel Rosales, “Entrevistas con Castelao. 1912-1949”, pp. 41-112.

Aparecen precedidas dunha breve introducción na que se explica que son quince entrevistas aparecidas en xornais da época e coas que se quere esclarecer diversos aspectos biográficos da vida do rianxeiro. Explícase o momento no que foron publicadas, os medios nos que aparecen e, se xa foran recollidas en estudios anteriores, pasando, a continuación, á súa reproducción. Estas entrevistas están numeradas cronoloxicamente.

-María Cuquejo, “Bibliografía de Castelao”, pp. 113-470.

Neste apartado recóllese, primeiramente, a bibliografía primaria do autor que chega ás case cincocentas entradas ordenadas cronoloxicamente dende 1911 ata 1999, mentres que a bibliografía secundaria, que aparece a continuación, acada case as catro mil entradas, organizadas alfabeticamente, de todo o que se publicou a propósito de Castelao, tanto en libros coma en publicacións periódicas ou folletos e, finalmente, aparece unha división da bibliografía por temas, organizándoa en “Biografía”, “Arte, producción artística, pensamento artístico, obra gráfica, etc.”, “Pensamento e traxectoria política”, “Obra escrita: creación literaria, artigos, discursos, etc.” e “Estudios colectivos, homenaxes e congresos”. Remátase ofrecendo algúns enderezos de internet que tratan sobre Castelao.

Referencias varias:

-AGN, “Cultura subvenciona con dez millóns a edición da obra completa de Castelao”, *Diario de Ferrol*, 19 febreiro 2000, p. 28.

Ver Cuquejo, María (ed.), *Obras. Castelao*, neste apartado do *Informe.*

-Carmen Villar, “Caixa Galicia rinde homenaje a Castelao con la primera edición completa de su obra”, *Faro de Vigo*, 4 marzo 2000, p. 43.

Ver Cuquejo, María (ed.), *Obras. Castelao*, neste apartado do *Informe.*

-P. Tristán, “La Fundación Caixa Galicia financia la “edición” definitiva de la obra literaria de Castelao”, *El Mundo. Galicia*, “Cultura”, 4 marzo 2000, p. 9.

Ver Cuquejo, María (ed.), *Obras. Castelao*, neste apartado.

-D. P., “Suyo afectísimo, Castelao”, *Diario de Pontevedra*, 7 abril 2000, p. 12.

Ver Cuquejo, María (ed.), *Obras. Castelao*, neste apartado do *Informe*.

-AGN, “La edición de las obras de Castelao, broche de oro a un año de homenajes”, *El Ideal Gallego*/*Diario de Ferrol*, “Galicia”, 30 decembro 2000, p. 46/p. 27.

Ver Cuquejo, María (ed.), *Obras. Castelao*, neste apartado.

-AGN, “Manuel Fraga presentó ayer las obras completas de Castelao”, *El Progreso*, “Galicia”, 30 decembro 2000, p. 37.

Ver Cuquejo, María (ed.), *Obras. Castelao*, neste apartado.

Monteagudo, Henrique (coord.), *Para ler a Castelao. Estudios sobre a obra escrita*, tomo II, Vigo: Galaxia, decembro 2000, 456 pp. (ISBN tomo II: 84-8288-401-8) (ISBN obra completa: 84-8288-337-2).

Neste tomo II, ademais de recollerse os artigos que a continuación se describen, aparecen outros relativos ao estudio doutros aspectos da figura do ilustre rianxeiro: “O pensamento político de Castelao”, de Justo Beramendi e Ramón Máiz e “Aproximación ó estudio da lingua na obra literaria de Castelao”, de Manuel Rosales.

-Henrique Monteagudo, “Castelao: a fábula da súa vida”, pp. 10-145.

Ofrécesenos unha síntese da traxectoria vital de Castelao, dende os acontecementos que marcaron a súa infancia, adolescencia e vida adulta, entre eles a morte do seu único fillo; a formación da súa ideoloxía galeguista, prestando especial atención a aqueles feitos que influíron na maduración da súas ideas, como a Exposición Nós (1920-24); a traxectoria artística, dende os seu primeiros traballos, como debuxante e escritor, ata a consagración definitiva; e a faceta política, facendo fincapé nas principais actividades por el desenvolvidas, como a presentanción ás Cortes Constituíntes como deputado, ou o labor de dirixente do Partido Galeguista, e a actividade desempeñada a prol do galego alén das nosas fronteiras. Toda esta información, enmarcada no contexto histórico correspondente, vén acompañada por fragmentos de textos autobiográficos do propio Castelao que corroboran boa parte da información inserida no volume.

-Henrique Monteagudo, “Castelao escritor. O ensaio”, pp. 147-163.

Estudio publicado orixinalmente en *Castelao. Exposición 50 aniversario* (2000) que atende á producción ensaística de Castelao. Comeza apuntando que a elección do galego por parte de Castelao dende 1917, resulta especialmente significativa ao se tratar dun home polifacético que empregou esta lingua en contextos antes vedados e axudou a instalala noutros nos que carecía dunha tradición consolidada. Dende a súa vinculación ás Irmandades da Fala e dende eidos como a oratoria, foi desafiando o uso da lingua dende as súas primeiras conferencias –como en *Arte e galeguismo* (1919); contribuíu ao nacente ensaio en galego coa publicación das series “Do meu diario” e “Cubismo” (1922-1923) na revista *Nós*; e comezou a publicar prosa narrativa de carácter non folclórico contribuíndo á súa modernización e á constitución dun rexistro lingüístico. Destaca particularmente a importancia da utilización do galego no ensaio polos problemas que ofrecía con respecto á prosa ficcional e clasifica a súa producción neste eido en: ensaio de arte –textos relacionados coas artes plásticas dende a perspectiva dun artista nacionalista–, ensaio político-ideolóxico –nos que desenvolve o seu pensamento político nacionalista, populista e democrático centrado na idea de Galicia como nación–, e ensaio literario-cultural –textos de carácter literario cunha coidada elaboración formal. Finalmente, entre as características xerais da escrita de Castelao sinala trazos como o afán didáctico, a intención moralizadora, o lirismo, a subxectividade, o sentimentalismo, a ironía, o humor, o sintetismo, a brevidade, a calidade pictórica, a expresividade, o paralelismo e a pulcritude e sinxeleza sintáctica, entre outras.

-Manuel Rosales, “A obra narrativa”, pp. 165-195.

Sitúa a obra narrativa de Castelao no tempo no que comeza a se sustentar a prosa literaria ao redor da creación das editoriais Céltiga, Lar e Nós. A seguir sinala os principios que moven a creación narrativa do autor: procurar un máximo de expresividade empregando os mínimos recursos técnicos e aproveitando a tradición contística existente, utilizar a simplicidade e o sincretismo e difundir os relatos nas canles do momento, xornais e revistas. Sinala que, dende este punto de vista, a súa estética literaria emparenta coa artística en razón da sobriedade de recursos e propicia a aparición da *cousa* en tanto fórmula gráfica-literaria de síntese que se dá a coñecer nos diarios *Galicia* e *El Pueblo Gallego* para posteriormente seren recompiladas en libros. Recoñece dous eixes fundamentais na producción narrativa do rianxeiro que a converten nunha literatura de síntese: un eixe humorístico non exento de cargas ideolóxicas que presenta o contraste e a antítese entre o pobo e os fidalgos, burgueses, burócratas e señoritos; e un eixe lírico, que reside no tratamento especial da linguaxe. A seguir analiza os volumes *Un ollo de vidro* (1922), *Cousas* (1926, 1929, 1934), *Retrincos* (1934) e *Os dous de sempre* (1934), salientando as súas características estructurais, a liña ideolóxica que subxace neles e a preocupación de Castelao por sintonizar cunha arte popular que bebe das fontes do pobo e esixe uns procedementos simplificadores, a máxima sinxeleza expresiva e unha eficacia estética.

-Manuel F. Vieites, “Daniel R. Castelao, o movemento dramático nacional e o teatro nacional popular”, pp. 197-309.

Comeza o autor facendo referencia ás moitas dúbidas e contradiccións que figura non *Diario 1921* de A. D. Rodríguez Castelao e que contribúen a humanizar e desmitificar a figura do rianxeiro. Céntrase, especialmente, nas alusións ao teatro alí incluídas. A seguir, en “Unha viaxe por Europa” refírese ao intento frustrado do autor de *Sempre en Galiza* de facer un teatro galego moi influído polo teatro de arte. Considera

Vieites que no ideario estético-teatral de Castelao destacan as seguintes características: defensa do sintetismo, importancia do elemento visual, pegadas do popular, adecuación á realidade sociocultural de Galicia e intento de sintetizar tradición e modernidade. Nos epígrafes que seguen, “Dos teatros de arte e outros relatos” e “As fontes para un teatro nacional e popular: o teatro de caretas”, describe este estudioso as influencias que recibiu Castelao na súa viaxe por Europa, nomeadamente as do teatro de máscaras e as montaxes de Teatro do Morcego con Nikita Baliev. Finalmente, en “Cousas de vellos”, desenvolve unha completa análise de *Os vellos non deben de namorarse*.

Referencias varias:

-AGN, “Cultura subvenciona con dez millóns a edición da obra completa de Castelao”, *Diario de Ferrol*, 19 febreiro 2000, p. 28.

Ver Cuquejo, María (ed.), *Obras. Castelao*, neste apartado do *Informe.*

-Carmen Villar, “Caixa Galicia rinde homenaje a Castelao con la primera edición completa de su obra”, *Faro de Vigo*, 4 marzo 2000, p. 43.

Ver Cuquejo, María (ed.), *Obras. Castelao*, neste apartado do *Informe.*

-P. Tristán, “La Fundación Caixa Galicia financia la “edición” definitiva de la obra literaria de Castelao”, *El Mundo. Galicia*, “Cultura”, 4 marzo 2000, p. 9.

Ver Cuquejo, María (ed.), *Obras. Castelao*, neste apartado.

-D. P., “Suyo afectísimo, Castelao”, *Diario de Pontevedra*, 7 abril 2000, p. 12.

Ver Cuquejo, María (ed.), *Obras. Castelao*, neste apartado do *Informe*.
-AGN, “La edición de las obras de Castelao, broche de oro a un año de homenajes”, *El Ideal Gallego*/*Diario de Ferrol*, “Galicia”, 30 decembro 2000, p. 46/p. 27.

Ver Cuquejo, María (ed.), *Obras. Castelao*, neste apartado.

-AGN, “Manuel Fraga presentó ayer las obras completas de Castelao”, *El Progreso*, “Galicia”, 30 decembro 2000, p. 37.

Ver Cuquejo, María (ed.), *Obras. Castelao*, neste apartado.

Monteagudo, Henrique (coord.), *Obras. Castelao*, introd. de Justo Beramendi, tomo III, Vigo: Galaxia, decembro 2000, 644 pp. (ISBN tomo III: 84-8288-396-8) (ISBN obra completa: 84-8288-337-2).

Terceiro volume das *Obras* de Castelao que, segundo se indica na introducción, recolle cento oito textos ordenados cronoloxicamente, que nos permiten seguir a evolución do seu autor. Así mesmo, os artigos localízanse en diversas e sucesivas etapas. Nun primeiro grupo atópanse os que corresponden á época do Castelao prenacionalista (1911-1913) e publicados todos, agás un, en *El Barbero Municipal. Semanario Conservador*, de Rianxo. A seguir, temos uns anos de baleiro ágrafo, entre mediados de 1913 e finais de 1918. Un segundo grupo compóñeno doce colaboracións escritas por Castelao na súa primeira fase nacionalista. Na etapa que vai dende 1931 a 1949, época do Castelao ideólogo, sucédense tres tramos importantes: o período da Segunda República en Galicia, con vinteunha pezas; a época da Guerra Civil, con oito achegas, e o tramo do exilio en Buenos Aires, etapa máis prolífica do autor. A seguir, na nota á presente edición, afírmase que neste volume se recollen todos os artigos, éditos ou inéditos, a que tiveron acceso os responsábeis da publicación. A maioría deles son de contido político e presentan diferentes sinaturas: Alfonso Rodríguez Castelao, Castelao, C. A. R., X A N, ou sen sinatura. En canto ao aspecto lingüístico, levouse a cabo unha revisión superficial da ortografía do autor. Por último, reprodúcense os textos citados anteriormente e divididos en varios apartados sucesivos: 1910-1919, 1920-1929, 1930-1939, 1940-1949, en canto aos escritos políticos, e 1938-1948, en canto aos cadernos.

Referencias varias:

-AGN, “Cultura subvenciona con dez millóns a edición da obra completa de Castelao”, *Diario de Ferrol*, 19 febreiro 2000, p. 28.

Ver Cuquejo, María (ed.), *Obras. Castelao*, neste apartado do *Informe.*

-Carmen Villar, “Caixa Galicia rinde homenaje a Castelao con la primera edición completa de su obra”, *Faro de Vigo*, 4 marzo 2000, p. 43. Ver Cuquejo, María (ed.), *Obras. Castelao*, neste apartado do *Informe.*

-P. Tristán, “La Fundación Caixa Galicia financia la “edición” definitiva de la obra literaria de Castelao”, *El Mundo. Galicia*, “Cultura”, 4 marzo 2000, p. 9.

Ver Cuquejo, María (ed.), *Obras. Castelao*, neste apartado.

-D. P., “Suyo afectísimo, Castelao”, *Diario de Pontevedra*, 7 abril 2000, p. 12.

Ver Cuquejo, María (ed.), *Obras. Castelao*, neste apartado do *Informe*.

-AGN, “La edición de las obras de Castelao, broche de oro a un año de homenajes”, *El Ideal Gallego*/*Diario de Ferrol*, “Galicia”, 30 decembro 2000, p. 46/p. 27.

Ver Cuquejo, María (ed.), *Obras. Castelao*, neste apartado.

-AGN, “Manuel Fraga presentó ayer las obras completas de Castelao”, *El Progreso*, “Galicia”, 30 decembro 2000, p. 37.

Ver Cuquejo, María (ed.), *Obras. Castelao*, neste apartado.

Monteagudo, Henrique (coord.), *Obras. Castelao*, introd. e ed. de Henrique Monteagudo, tomo IV, Vigo: Galaxia, decembro 2000, 599 pp. (ISBN tomo IV: 848288-397-6) (ISBN obra completa: 84-8288-337-2). ■

Cuarta entrega das obras dedicadas a Castelao que, segundo indica Henrique Monteagudo no limiar que abre o volume, é unha “edición revista e acrecentada” da que en 1996 se publicou como *De viva voz. Castelao: conferencias e discursos*, sinalando aqueles artigos que agora son incluídos fronte á decisión tomada na edición anterior de desbotalos. Tamén sinala que se fixo unha revisión da ortografía para facilitar o achegamento aos textos do autor rianxeiro e que aparecen estructurados en tres grandes grupos, “Palestras de arte. 1911-1932”, que contén seis discursos sobre a caricatura, o humor e a relación da arte co galeguismo; “Discursos parlamentares e políticos. 1931-1936”, que contén aqueles que xiran arredor do ensino, do significado das cruces de pedra ou aqueles discursos pronunciados en diferentes actos de carácter patriótico, entre eles o Día de Galicia; e “Conferencias na Universidade da Habana. 1938-1939”, o máis amplo deles e no que aparecen moitos dos discursos de homenaxe a persoeiros como Pardo de Cela, Alexandre Bóveda ou Curros Enríquez, conformando entre as tres partes un total de corenta e oito discursos diferentes, ademais dun “Apéndice” no que se incorporan seis máis dos que se teñen noticia pola prensa. A seguir, analízase pormenorizadamente en catro puntos nunha ampla introducción asinada tamén por Monteagudo, cada un dos apartados que conforman a obra a través da achega a aqueles textos máis significativos e complexos, centrándose especialmente nos aspectos biográficos e socioculturais

que influíron nos mesmos, pasando polas fontes empregadas, ata o contexto social do momento e, a seguir, reprodúcense todos os textos que conforman esta obra.

Referencias varias:

-AGN, “Cultura subvenciona con dez millóns a edición da obra completa de Castelao”, *Diario de Ferrol*, 19 febreiro 2000, p. 28.

Ver Cuquejo, María (ed.), *Obras. Castelao*, neste apartado do *Informe.*

-Carmen Villar, “Caixa Galicia rinde homenaje a Castelao con la primera edición completa de su obra”, *Faro de Vigo*, 4 marzo 2000, p. 43.

Ver Cuquejo, María (ed.), *Obras. Castelao*, neste apartado do *Informe.*

-P. Tristán, “La Fundación Caixa Galicia financia la “edición” definitiva de la obra literaria de Castelao”, *El Mundo. Galicia*, “Cultura”, 4 marzo 2000, p. 9.

Ver Cuquejo, María (ed.), *Obras. Castelao*, neste apartado.

-D. P., “Suyo afectísimo, Castelao”, *Diario de Pontevedra*, 7 abril 2000, p. 12.

Ver Cuquejo, María (ed.), *Obras. Castelao*, neste apartado do *Informe*.

AGN, “La edición de las obras de Castelao, broche de oro a un año de homenajes”, *El Ideal Gallego*/*Diario de Ferrol*, “Galicia”, 30 decembro 2000, p. 46/p. 27. Ver Cuquejo, María (ed.), *Obras. Castelao*, neste apartado.

AGN, “Manuel Fraga presentó ayer las obras completas de Castelao”, *El Progreso*, “Galicia”, 30 decembro 2000, p. 37.

Ver Cuquejo, María (ed.), *Obras. Castelao*, neste apartado.

Monteagudo, Henrique (coord.), *Obras. Castelao*, introd. Xosé Manuel Núñez Seixas, tomo VI, Vigo: Galaxia, decembro 2000, 773 pp. (ISBN tomo VI: 84-8288-3992) (ISBN obra completa: 84-8288-337-2).

Neste tomo VI correspondente ás *Obras* de Castelao recóllese un amplo número de cartas que o rianxeiro enviara a distintas persoas. Trátase, pois, dun epistolario onde as cartas aparecen agrupadas por períodos cronolóxicos, abarcando un total de corenta e oito anos. Como xa se nos indica na introducción non todos estes períodos contan co mesmo número de cartas, debéndose isto a razóns puramente continxentes. Así mesmo indícasenos que todos os textos están reproducidos integramente, xa que se renunciou a publicar só partes, feito polo que algunhas cartas xa editadas quedan fóra deste volume. Trátase, en definitiva, dunha obra froito dun labor continuo de compilación no que colaboraron distintas persoas e institucións, aínda que tamén se apunta o dato de que non todas as persoas que posúen cartas de Castelao desexan facelas públicas, constituíndo os feitos coma este “claras mostras (...) da falla de normalización cultural no noso país”. A pesar de aspectos coma este recóllense aquí textos de todo tipo: persoais, políticos, literarios ou artísticos, ofrecéndose así unha dimensión completa do personaxe. Na nota sobre os criterios de edición indícase que non se levou a cabo ningunha corrección ortográfica e que algunhas cartas se dataron polo contexto, deixando sen datar algunhas que eran máis problemáticas e que se inclúen no final do volume como anexos.

Referencias varias:

-AGN, “Cultura subvenciona con dez millóns a edición da obra completa de Castelao”, *Diario de Ferrol*, 19 febreiro 2000, p. 28.

Ver Cuquejo, María (ed.), *Obras. Castelao*, neste apartado do *Informe.*

-Carmen Villar, “Caixa Galicia rinde homenaje a Castelao con la primera edición completa de su obra”, *Faro de Vigo*, 4 marzo 2000, p. 43.

Ver Cuquejo, María (ed.), *Obras. Castelao*, neste apartado do *Informe.*

-P. Tristán, “La Fundación Caixa Galicia financia la “edición” definitiva de la obra literaria de Castelao”, *El Mundo. Galicia*, “Cultura”, 4 marzo 2000, p. 9.

Ver Cuquejo, María (ed.), *Obras. Castelao*, neste apartado.

-D. P., “Suyo afectísimo, Castelao”, *Diario de Pontevedra*, 7 abril 2000, p. 12.

Ver Cuquejo, María (ed.), *Obras. Castelao*, neste apartado do *Informe*.

-AGN, “Manuel Fraga presentó ayer las obras completas de Castelao”, *El Progreso*, “Galicia”, 30 decembro 2000, p. 37.

Ver Cuquejo, María (ed.), *Obras. Castelao*, neste apartado.

-AGN, “La edición de las obras de Castelao, broche de oro a un año de homenajes”, *El Ideal Gallego*/*Diario de Ferrol*, “Galicia”, 30 decembro 2000, p. 46/p. 27.

Ver Cuquejo, María (ed.), *Obras. Castelao*, neste apartado.

Neira Vilas, Xosé, *Crónicas galegas de América (Rolda segunda)*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Serie/Documentos, nº 159, decembro 2000, 373 pp. (ISBN: 84-7492-993-8).

Despois de seren publicadas a primeira xeira das *Crónicas galegas de América (Rolda primeira)* (1999), aparecen agora, e tamén en Ediciós do Castro, outros setenta e cinco artigos que tamén foran publicados en *El Correo Gallego* e que conforman as *Crónicas galegas de América (Rolda segunda)*. Encétase o volume cunhas palabras do seu autor, Xosé Neira Vilas, onde fala da elaboración destas crónicas así como da importancia da emigración dentro da "nosa nación dispersa". A seguir veñen os setenta e cinco artigos referidos ao ir e vir dos galegos no chan americano. No referente á descrición dos aconteceres da diáspora galega en América vencellados á literatura galega, temos crónicas dedicadas a Xosé Velo Mosquera, a Blanco Amor, a Lorenzo Varela, a Castelao, á revista *Vieiros* e a Uxío Novoneyra, entre outros, que amosan a histórica presencia e acción dos emigrados galegos que se asentaron en América. Todos os artigos están acompañados de caricaturas, fotografías ou debuxos dos diferentes personaxes ou feitos sobre os que versan e o libro péchase cun Índice Onomástico.

Nicolás Rodríguez, Ramón (ed.), *Manuel Luís Acuña*, ed. plástica de Antón Pulido, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, outubro 2000, 217 pp. (ISBN: 84-8302-577-9).

Volume no que se recollen todos as colaboracións que forman parte da homenaxe tributada a Manuel Luís Acuña (Sobrado-Pobra de Trives, 1900-Ourense, 1975) con motivo do centenario do seu nacemento, que se abre cun retrato do homenaxeado feito por Pulido, encargado da edición plástica da obra, e a seguir, aparece un poema de *Fírgoas*. No limiar dáse conta da iniciativa levada a cabo por un grupo de persoas interesadas na obra deste ourensán, da que se considera que ten plena vixencia malia o paso do tempo, e adianta a estructura da obra conformada por unha parte dedicada ao estudio da vida e obra de Acuña e pola outra, como complemento, diferentes manifestacións artísticas, en especial pictóricas dos seus coetáneos ou artistas mozos, ademais de versos do propio autor . Dentro de “Colaboradores literarios” aparece unha cronobiografía do autor e artigos centrados en “Os contemporáneos. Compañeiros nas angueiras de outrora”, “As descubertas nas voces da posguerra” e “A continuidade dun feitizo. Redescubrimento no tránsito do milenio”, mentres que esparexidos por toda a obra aparecen as obras dos “Colaboradores plásticos”, entre eles autores como Isaac Díaz Pardo, Colmeiro, Quessada ou Antón Patiño, así como numerosos poemas do homenaxeado.

-Francisco Fernández del Riego, “A palabra e o silencio do poeta amigo”, pp. 29-31.

Principia salientando a amizade que o unía ao poeta homenaxeado. Tamén dá conta dos feitos máis sobranceiros da vida de Manuel Luís Acuña, así como da súa tarefa como mestre e xornalista. Asemade, comenta que el e o poeta homenaxeado tiñan en común a defensa da "idea dunha Galicia soñada" e da súa cultura e lingua. De seguido, analiza a aparición e as principais características da obra *Fírgoas*. Tras lembrar as influencias doutros poetas en Acuña, remata mencionando a "depuración" que sufriu trala Guerra Civil.

-Domingo García Sabell, "Acuña: dicir o inéfable con opulencia plástica", pp. 35-37.

Resalta o excelente panorama poético que existía en Galicia antes da Guerra Civil e no que apareceu o libro *Fírgoas* de Acuña. A continuación, fai unha detallada analise das características deste poemario. Deste xeito, resalta a importancia que teñen as verbas empregadas, a unidade de cada poema e a relación que existe entre o contido do libro e o seu título. Por todo iso, remata sinalando que *Fírgoas* serviu para descubrirnos a "faciana entrañable de Galicia".

-Eduardo Blanco Amor, "O xérmolo da Liberdade, fonte de poesía", pp. 42-45.

Comeza resaltando a reedición de *Fírgoas* de Acuña aos catro anos do seu pasamento. Despois comenta o ambiente poético que había en Ourense en torno ao poeta homenaxeado. A continuación, analiza a obra reeditada louvando a súa linguaxe, o seu título e o intimismo presente en todo o libro. Por último, fai un percorrido por todos os poemarios galegos importantes, situando neste contexto a obra de Luís Acuña.

-Celso Emilio Ferreiro, “Integridade e afouteza”, pp. 48-49.

Comentase o acerto de facer unha segunda edición de *Fírgoas*. Así, salienta que esta edición é unha merecida homenaxe a Acuña non só por louvar a súa personalidade, senón tamén por eloxiar a calidade da súa obra. Tamén se analizan uns versos do poeta ourensán nos que se deixa entrever os motivos do seu mutismo despois da Guerra Civil. Asemade, relaciona o poemario de Acuña coas obras doutros autores como Amado Carballo e Juan Bautista Andrade. Finalmente, gaba a calidade desta segunda edición do poemario de Acuña.

-Borobó, “No centenario do mestre depurado”, pp. 52-54.

Principia informando de que Luís Acuña foi un mestre depurado trala Guerra Civil. A continuación, comenta o papel dos mestres durante este conflicto, centrándose naqueles que formaron parte do batallón da FETE. Por último, louva a figura de Luís Acuña por ser un “escolante exemplar”.

-Carlos Gurméndez, “Intimidade e lirismo”, pp 58-59.

Comeza por unha breve biografía de Manuel Luís Acuña sinalando aspectos como o seu nacemento en 1900 en Sobrado (Ourense), o feito de ser o autor dun único libro de poesías publicado en 1933 pola editorial Nós e titulado *Fírgoras.* Logo fai unha reflexión sobre este libro do que destaca o seu intimismo e lirismo, no que

Galicia aparece como unha terrra de brétemas na que “a súa poesía é un esforzo para clarexar a absurdidade noitébrega”.

-Álvaro Cunqueiro, “Escoitalo como quen escoita unha primavera”, pp 62-65.

Fai unha reflexión sobre a obra de *Fírgoras* dada a aparición dunha segunda edición do libro. Logo vai cara atrás para recordar a primeira edición da que destaca a portada de Manuel Prego. Deste xeito sobrancea do autor ese “dicir imaxinativo e sinxelo, e ao mesmo tempo gracioso...”. Remata referíndose a esa segunda edición na cal aparecen máis debuxos de Manuel Prego e que constitúe unha homenaxe ao poeta.

-Carlos Casares, “O meu mestre”, pp. 69-71.

Fai un relato contando como chegou a coñecer a Manuel Luís Acuña na súa época de estudiante. Por medio dun amigo, alumno de Acuña, Casares chegou a mandarlle uns escritos seus para que os vise e o poeta de *Fírgoras* interesouse polo daquela rapaz. Conta logo como foi a primeira vez que se viron e como Acuña o animou a seguir escribindo. Remata lembrándose desas palabras e de cómo logo de publicar os seus primeiros libros Acuña dicía “Eu fun quen o descubríu como escritor”.

-X. L Méndez Ferrín, “As esqueiras da Alameda do Cruceiro”, pp 75-76.

Recolle a súa experiencia persoal de cando coñeceu a Manuel Luís Acuña. Relata que a través dun primo seu que estaba relacionado coa Academia de Ensino, da que eran propietarios Vicente Bóveda e Acuña, como un día foron visitar a este ilustre autor. Así, nesa primeira e única ocasión que se viron Acuña regaloulle un exemplar do seu libro *Fírgoras* que Ferrín se dispuxo a ler con suma atención. Logo fai un pequeno repaso no que aparece retratado na portada e remata louvando a aqueles escritores que viñeron logo dos que formaban o grupo Nós e que tiveron que calar por diversas razóns os seus escritos.

-Alfredo Conde, “Bisbiseando o poema do vento en Allariz”, pp. 79-81.

Céntrase no momento no que descubriu a Manuel Luís Acuña, coincidindo co enterro de seu pai no que o enterrador leu un poema seu. Isto sérvelle para louvar e homenaxear a aqueles homes que viviron un tempo de compromiso co galeguismo no momento que estaba a emerxer.

-Basilio Losada, “Entre *Fírgoas*: escintilar do paradigma”, pp. 84-85.

Primeiramente, considera que se coñecen mellor os grandes movementos literarios a través das figuras secundarias que dos grandes autores. Pero ao falar de Manuel Luís Acuña considera a súa obra fundamental, equiparábel a outros autores do momento, na Vangarda Galega, e non secundariamente como se veu facendo ata agora.

-Darío Villanueva, “A poesía substantiva de Manuel Luís Acuña”, pp. 99-102.

Recórrese ás últimas achegas do campo da teoría literaria, nomeadamente da man de Harold Bloom coas súas teorías sobre a necesidade de ler “atentamente” un poema, xa que só se pode dicir que é boa unha composición se aguanta unha segunda lectura minuciosa. Así analiza algún poema de Manuel Luís Acuña para confirmar que a súa poesía é de grande altura. A seguir, indica algúns poemas nos que se pode ver a súa “vontade estilística cara a pureza e á esencialidade substantiva”.

-Anxo Tarrío Varela, “*Fírgoas*: Libro de un prólogo que alguén escribiu”, pp. 105-108.

Faise un repaso polas influencias poéticas que aparecen no poemario *Fírgoas* de Manuel Luís Acuña. Dende os clásicos universais, Eliot e Pound, ata os máis recoñecidos hispánicos, con Vicente Huidobro á cabeza, ou as cantigas medievais que se coñeceran naquela altura. Todo este espello poético, segundo se indica, serviu para que escribise unha obra novidosa e rompedora, moi do seu tempo. Isto fai que se refira a este libro como aquel libro “fantasma” para o que Manuel Antonio escribira anos antes o “Prólogo de un libro de poemas que ninguén escribeu”.

-Ramón Nicolás Rodríguez, “*Fírgoas* e Acuña. Historia íntima dun encontro e outras reflexións”, pp. 111-115.

Conta cómo descubriu a obra de Manuel Luís Acuña, *Fírgoas*, e cómo foi medrando o desexo por coñecer máis datos desta obra e deste autor. Neste sentido, agradece a simpatía xerada na familia para estudiar a obra deste ourensán, así como a gran cantidade de datos que lle forneceron. Finalmente, lembra tamén o seu importante labor de docente e, conclúe, dicindo que a restauración da súa figura e obra vén ser un acto de "xustiza e verdade".

-Xoán Carlos Domínguez Alberte, "*Fírgoas de luz e de sombra*. Cronoloxía en tres tempos", pp. 118-129.

Achégase á biografía de Luís Acuña dende o momento do seu nacemento ata o ano 1936 no que toda a efervescencia cultural da cidade de Ourense, na que el se integraba, desaparece co estalido da Guerra Civil. Estructura o traballo en tres puntos, que introduce con versos do autor, comezando polos primeiros anos nas terras de Trives e os seus estudios de maxisterio, pasando logo aos anos vividos en Ourense nos que está moi relacionado coa intelectualidade galeguista, e remata coa alusión ao que supuxo a Guerra Civil para a vida cultural ourensá e galega. Fala das súas vinculacións co Partido Galeguista dende o seu nacemento, membro xa anteriormente da Irmandade Galeguista de Ourense. Céntrase no ano 1933 como un dos máis fecundos pola aparición de obras como *Nao Senlleira*, de Fermín Bouza Brey; *Corazón ao vento*, de Aquilino Iglesia Alvariño; *Cantiga nova que se chama riveira* e *Poemas de si e non*, de Álvaro Cunqueiro, ademais de *Fírgoas. Poemas 1930-1931*, do propio Luís Acuña. Sinala que o autor xa era coñecido pola súa participación no certame literario en honra de Manuel Murguía celebrado en Ourense o 16 de xuño de 1933 e no que gañou o primeiro premio coa composición "Romance da miniña do cego". Tamén apunta que nel leron discursos Otero Pedrayo e Eduardo Blanco Amor e recitaron poemas o propio Acuña e Álvaro Cunqueiro, así como a participación no acto de moitos intelectuais de primeira liña. Xa en 1936 repasa as súas numerosas colaboracións en medios galegos como *Faro de Vigo*, *El Compostelano*, *Heraldo de Galicia*, *Vida Gallega*,

Nós, *Resol*, *La Zarpa* e, por suposto, *Escuela del Trabajo*. Remata referíndose á sanción e separación do seu posto de traballo, igual que outros cento trinta e dous mestres, como represalia polas vinculacións políticas o que o levaría a dedicarse á ensinanza privada.

-Marcos Valcárcel, “Manuel Luís Acuña no abano da prensa republicana”, pp. 132-139.

Achega ao labor comprometido de Manuel Luís Acuña centrándose na valoración do xornalismo republicano de preguerra e na realidade do xornalismo ourensán entre 1931 e 1936, no que se insire a obra de Acuña. Salienta deste período o pluralismo político e ideolóxico de Galicia, reflectido no amplo abano de publicacións e na presencia de importantes plumas como Roberto Blanco Torres, Rafael Dieste, Portela Valladares ou Valentín Paz Andrade. Centrado no labor de Manuel Luís Acuña apunta que a súa primeira entrega foi o conto “O lobo” en *Vida Gallega* en 1926, seguido da publicación de poemas en *El Compostelano*, *Faro de Vigo* ou *Galicia*, así como en diferentes revistas, entre elas *Resol*. Na prensa ourensá indica que publica tres textos populares titulados “Oraciós” no nº 40 (1927) de *Nós* e en 1933 tres sonetos de *Fírgoas*. Achégase á situación bipolarizada da prensa ourensá entre conservadores e republicanos representada nos medios por *La Región* e *Galicia* fronte a *La Zarpa* e *Heraldo de Galicia*, dentro da que se inscribe o labor de Acuña ao carón de Vicente Risco e Otero Pedrayo ou Fernández del Riego. Remata aludindo ao seu labor dentro de Escuela del Trabajo e á Asociación de Trabajadores de la Enseñanza de Orense (ATEO) na que tivo un papel fundamental.

-Xosé Manuel Cid Fernández, “Manuel Luís Acuña, educador nunha xeración de educadores”, pp. 142-145.

Breve achega ao papel que Luís Acuña xogou dentro da “Asociación de Trabajadores de la Enseñanza de Orense” (ATEO) existente durante a IIª República e considerada á cabeza da revolución pedagóxica na España do momento. Céntrase no seu labor á fronte da revista da Asociación na que asumiu diferentes responsabilidades e cualifícase como “home de consenso” das diferentes tendencias en disputa dentro da mesma. Fala da súa relación con Luís Soto co que compartía a “Páxina de Arte” e na que o segundo ocupou tres números para recensionar o libro *Fírgoas*, ou con Ignacio Herrero co que compartiu o proxecto, considerado o máis ambicioso e frustrado da ATEO, “Concurso de Contos Proletarios para nenos”, un certame convocado pola falta de material axeitado para a escola. Fala dos numerosos participantes (84 contos), do xurado formado polo propio Acuña, Luís Soto e Couceiro Freijomil, así como da perda deste material inédito que cambiaría a historia da literatura infantil galega.

-Antonio Fernández García, “A sátira política de Manuel Luís Acuña en *Heraldo de Galicia*”, pp. 148-161.

Infórmase de que Manuel Luís Acuña escribiu en *Heraldo de Galicia*, publicación periódica de ideoloxía republicana e galeguista editada entre 1930 e 1936, unhas copliñas satíricas en castelán de contido político bautizadas co rótulo de “Tri-ki-tra-kes”. Para dar conta da súa temática dásenos inicialmente información sobre o xornalismo político que se facía na época, ademais dalgúns datos sobre a convulsión que supuxo a descomposición do réxime monárquico e a proclamación da República. Os temas tratados nestas coplas cadraban cos de máxima actualidade e tiñan como destinatarios ao monarca e “á cohorte de políticos que tecía e destecía a política nacional”. Algúns dos mencionados e exemplificados con coplas nestas páxinas son o caciquismo, as eleccións, a censura, os enchufes, a amnistía... en fin, temas de historia política aos que habería que engadir os da historia social, xa que aparecen entretecidos cos anteriores.

-Armando Requeixo, “Acuña e Cunqueiro: Apuntamentos para unha revisión biopoética”, pp. 165-170.

Indícasenos nestas liñas que Manuel Luís Acuña e Álvaro Cunqueiro tiveron como base da súa poesía de vangarda a Manuel Antonio, e que partindo deste autor desenvolven en paralelo un camiño de anovamento para a poesía galega. As pegadas de Manuel Antonio na obra destes dous amigos vense por exemplo no referente central do universo mariño, na visión cosmolóxica de boa parte dos seus versos ou no emprego da ortografía expresiva, entre outras. Respecto a se puido ser Cunqueiro o que influíse en Acuña indícasenos que algunhas das composicións de *Fírgoas* xa foran publicadas por Acuña cando Cunqueiro aínda non comezara a escribir, polo que debemos supoñer que as súas coincidencias se deben á sombra de Manuel Antonio en ambos.

-Miro Villar, “Coidadoso artífice do verso”, pp. 173-176.

Antes de facer a descrición de *Fírgoas*, obra de Manuel Luís Acuña, indícanse as distintas edicións que tivo esta obra. A primeira foi en 1933, e as outras dúas, en 1979 e 1992, foron xa póstumas. Sen embargo, apúntase tamén, que este poemario “tivo escasa repercusión receptiva tanto na altura da súa publicación como nos manuais ou historias da literatura”. Preséntasenos *Fírgoas* como “un libro polifónico” onde se combinan trazos da estética vangardista con influencias temáticas da tradición poética galega anterior, con trazos dos seus contemporáneos ou con metros clásicos. Sen embargo, malia os elementos vangardistas, dise que “non hai elementos suficientes para que sexa cualificado como verdadeiro escritor de vangarda”. Finalmente apúntase que Acuña era un coidadoso artífice do verso nunha etapa en que a forma era moi importante, e que a súa lingua era dunha grande pureza.

-Xoán Carlos L. Bernárdez, “Manuel Luís Acuña, unha poética na renovación da lírica galega”, pp. 179-182.

O autor refírese á vontade de renovación na forma e no contido de Manuel Luís Acuña e á escasa extensión da súa obra. Lembra os inicios do autor nunha estética costumista e a súa evolución cara ao vangardismo, así como o entronque cos mestres da *Xeración Nós*. Finalmente, alude á orixinalidade da súa poesía, baseada na economía verbal, a eliminación do elemento narrativo e a brevidade e esencialidade das imaxes.

-Xosé Carlos Caneiro, “Fírgoas na equipaxe”, pp. 194-195.

Lembranza de *Fírgoas* e evocación literaria da figura de Manuel Luís Acuña. Caneiro considera que “ler a Acuña é regresar á memoria e, de paso, un acto de presente candoroso e esperanzado” e insiste na importancia do único libro que deixou escrito o poeta.

-Ramón Luís Acuña, “Acuña ou ao discreción”, pp. 197-214.

Semblanza da figura de Acuña realizada polo seu fillo na que pon de manifesto a discreción da que o poeta deu mostras ao longo de toda a súa vida. Considera que “xamais un único libro de poemas galegos produciu tal avinza entre quen o leron, tantos incondicionais”. Expresa a súa satisfacción pola homenaxe e lembra a presencia do escritor na *Escolma* de Fernández del Riego. A seguir, recorda algúns aspectos da vida do seu pai, como a renuncia a escribir durante o franquismo ou a súa condición de docente e as circunstancias

derivadas do golpe militar, que lle supuxeron a expulsión do cargo, o seu regreso a Ourense e a dedicación ao ensino particular.

Recensións:

-Ramón Raña, “Sempre en Manuel Luís Acuña”, *Guía dos libros novos*, nº 24, “Estudios literarios”, decembro 2000, p. 28.

Describe os dous aspectos sobresaíntes deste libro sobre o escritor de Trives, Manuel Luís Acuña: dunha banda a “exquisitez” da edición, unha auténtica homenaxe pictórica onde se observan as achegas iconográficas de artistas como Antón Pulido, Isaac Díaz Pardo ou Xaime Quesada, e doutra a nómina de colaboradores do volume, no que figuran nomes como o de Francisco Fernández del Riego, Domingo García Sabell e Carlos Gurméndez. Así mesmo, enumera todos os autores e traballos que sobre Acuña se conteñen no volume, entre os que se conta un artigo de Ramón Luís Acuña, fillo do homenaxeado, que expón as preferencias humanas e literarias do seu pai.

-Xabier Campos Villar, “Ramón Nicolás Rodríguez (coord.), *Manuel Luís Acuña*”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 24, “Libros”, 2º semestre 2000, pp. 206-209.

Detalla que este volume se estructura ao redor de tres epígrafes centrados en Manuel Luís Acuña: “Os contemporáneos. Compañeiros nas angueiras de outrora” –con artigos de autores coetáneos a Manuel Luís Acuña–, “As descubertas nas voces da posguerra” –con textos de autores que o coñeceron en vida– e mais “A continuación dun feitizo. Redescubrimentos no tránsito do milenio” –con colaboracións de ensaístas e creadores contemporáneos da obra do poeta homenaxeado–. Detalla todas as colaboracións –literarias, plásticas ou ensaísticas– desta obra interdisciplinar que nos axudan a ter unha visión máis completa da poesía galega anterior á Guerra Civil.

Referencias varias:

-Ramón Nicolás Rodríguez, “Manuel Acuña, vintecinco anos despois”, *La Voz de Galicia*, 18 agosto 2000, p. 44.

Anuncia algúns dos actos previstos para conmemorar o centenario do nacemento do poeta Manuel Luís Acuña, entre os que está prevista a celebración do “Iº Congreso Manuel Luís Acuña” en Ourense no que se darán cita, investigadores como Xosé Luís Méndez Ferrín, Francisco Fernández del Riego ou Ramón Luís Acuña. Así mesmo, anuncia a publicación, por parte de Edicións Xerais, dun volume colectivo que conxugará as voces de máis de trinta colaboradores que queren transmitir con este traballo “o espírito concitador de vontades que a actividade de Acuña suscitou e suscitará a través de moi diversas xeracións”.

-Francisco Castro, “Manuel Luís Acuña”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 1 decembro 2000, p. 10.

Lóuvase a aparición deste libro en homenaxe ao poeta de Trives. O estudio preséntase como un achegamento tanto á súa vida coma á súa obra, definíndoa como unha “obra de arte en si mesma”. Remátase facendo referencia a algúns dos autores que participaron neste libro tanto no eido plástico, coma no traballo de investigación sobre a figura de Acuña.

-Diego Bernal, “Manuel Luís Acuña, la poesía de la galleguidad”, *El Correo Gallego*, “Escritorio de Bordóns”, 3 decembro 2000, p. 80.

Preséntanse os poemas de Manuel Luís Acuña como unha mostra do “sentimento galeguista”. Tras mencionar a súa relación co Grupo Nós, coméntanse algunhas das circunstancias históricas que lle tocou vivir. Tamén se menciona a presentación, ao día seguinte en Fonseca, do libro titulado *Manuel Luís Acuña*. Dáse conta do contido desta obra que, ademais dos versos do poeta homenaxeado, inclúe debuxos, un esquema biográfico e númerosos estudios sobre os seus escritos. Finalmente, lémbrase a vinculación deste poeta con Compostela, cidade onde viu a luz o seu único libro de poemas *Firgoas*.

-Elva Otero, “O espello de Acuña”/“O espello de Manuel Luís Acuña”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Lecer”/“Fin de semana”, 3 decembro 2000, pp. 2-3/p. 14.

Ademais de incluír unha pequena biografía do poeta de Trives, menciónanse algunhas das declaracións que distintos persoeiros fixeron na presentación do libro-homenaxe titulado *Manuel Luís Acuña*. Así, saliéntanse as louvanzas expresadas por Ramón Acuña, fillo do homenaxeado. Destácase, ademais, o traballo de Armando Requeixo no que se atende á amizade que uniu a Acuña e Cunqueiro. Finalmente, faise referencia tamén aos estudios de García Sabell e de Borobó, inclúese unha bibliografía de Acuña e reprodúcese un poema de Arturo Baltar, "Presentimento", sobre a xustiza e a verdade.

-Concha Pino, "Un libro recupera a memoria de Manuel Luís Acuña e desquita a unha xeración", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 5 decembro 2000, p. 6.

Infórmase do acto celebrado no Pazo de Fonseca con motivo da presentación da obra titulada *Manuel Luís Acuña*. Tras mencionar os distintos persoeiros que participaron nesta homenaxe ao poeta de Trives, recóllense as palabras de Ramón Luís Acuña, fillo do poeta, nas que destacou o "desquite" que esta obra supón para a Xeración do 31, para o labor docente do seu pai e para as ideas que el defendeu. Así mesmo, faise referencia á intervención no acto de García Bodaño e de Díaz Pardo.

-Fermín Bouza, "Unha viaxe pola mellor Galicia", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 5 decembro 2000, p. 6.

Tras mencionar que Manuel Luís Acuña só publicou un libro de poesías, *Fírgoas* (1933), dáse conta da homenaxe que se lle brinda coa obra que leva no título o seu nome. Tamén se informa do gran número de críticos, escritores e pintores de distintas xeracións que colaboraron nesta edición. Así mesmo, coméntase

o valor da súa traxectoria poética marcada polo vangardismo e pola época que lle tocou vivir. Finalmente, critícase a elaboración de “xerarquías de escritores” que fan que nos esquezamos de figuras como a do homenaxeado neste volume.

-Anxo Tarrío Varela, “Manuel Luís Acuña recuperado”, *El Correo Gallego*, “A baloira”, 18 decembro 2000, p. 3.

Faise referencia ao acto celebrado en Fonseca con motivo da publicación dun libro-homenaxe adicado a Manuel Luís Acuña. Destácase a coidada presentación desta obra que inclúe trinta e unha colaboracións escritas e vintecinco ilustracións. Asemade, resáltase o valor testemuñal dos traballos presentes no volume. Por último, lóuvase a integridade do poeta homenaxeado con esta obra.

Oliveia Aragão, Cleudene, *Xosé Neira Vilas e Rachel de Queiroz, fabuladores artífices*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Ensaio/Filoloxía, 2000, 205 pp. (ISBN: 84-7492-994-6).

Estudio comparativo dalgunhas obras do autor galego Xosé Neira Vilas e da escritora brasileira Rachel de Queiroz. O libro conta cunha introducción titulada “E o Atlántico comeza a transformarse en ponte entre o Ceará e Galicia”, no que a autora defende a literatura comparada e amosa o propósito de estudiar as relacións existentes entre *O quinze* e *Memorias dun neno labrego*. O libro componse de tres capítulos. O primeiro deles céntrase na vida e na obra de cada un dos autores estudiados a través das súas propias palabras e das reflexións de Cleudene de Oliveira. No segundo capítulo analízase o papel do “fabulador sedentario” en *O quinze* e en *Memorias dun neno labrego*. No terceiro capítulo estúdiase a función do “fabulador migrante” en *Dôra, Doralina* e en *Querido Tomás*. Aparece despois un apartado titulado “O círculo pechouse, a cobra mordeu o rabo”, no que a autora do traballo expón as súas conclusións. O libro remata cunha “Bibliografía” das obras de Neira Vilas e Rachel de Queiroz e cun “Apéndice gráfico” no que se inclúen fotos dos autores e das portadas dos seus libros.

Otero, Inmaculada, *Criminal e Eu é. Dúas novelas de Xurxo Borrazás*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, setembro 2000, 44 pp. (ISBN: 84-7824-365-8).

Estudio realizado por Inmaculada Otero sobre dúas obras de Xurxo Borrazás (Carballo, 1967): *Criminal* e *Eu é*. A obra conta cunha introducción na que se fai unha pequena achega á vida e á obra deste autor. Esta última é cualificada como “un dos poucos exemplos galegos de narrativa posmoderna”. A continuación, realízase un estudio individual de cada unha das obras comentadas. Nos dous casos séguense os mesmos apartados. Deste xeito, analízase a “Historia” –incluíndo un pequeño resumo da trama–, os “Personaxes” –estudiando os seus caracteres xa sexa individualmente ou formando grupos unitarios–, o “Diseño editorial” –no que se destaca o título do libro, a estructura interna e a presencia de citas–, a “Modalización” – comentando as distintas voces presentes nas novelas–, o “Espacio” –resaltando a sua delimitación e o seu valor simbólico–, a “Temporalización” –dependente da ordenación do discurso–, o “Nivel do discurso” –analizando a heteroglosia e o fragmentarismo–, os “Temas secundarios” –entre os que destacan os relacionados coa psicanálise–, os “Símbolos” –como o labirinto, o espello…–, o “Intertexto” –no que non coinciden ambas novelas xa que *Criminal* carece del e *Eu é* está inzada de referencias culturais–, e a “Recepción” –estudiando a reacción da crítica e do público ante estas dúas novelas.

Recensións:

-Xavier Castro R., “Dous estudios das obras de X. Borrazás”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 57, 31 decembro 2000, nº 57, p. 8.

Louva a saída deste traballo por achegarnos unha análise da obra de Xurxo Borrazás. Di que a obra deste escritor está escrita dende os postulados da posmodernidade tendo en conta a perspectiva do pobo galego. Ao tempo, esta actitude considérase coma unha defensa da marxinalidade contra o uniformismo e unha loita pola liberdade a través da marxinación.

-Francisco Martínez Bouzas, “Unha novela de fado e antiheroes”, *Guía do libros novos*, nº 24, “Narrativa”, decembro 2000, p. 21.

Ver Borrazás, Xurxo, *Na maleta*, no apartado I. 1 deste *Informe*.

Pazos Péres, Lino, *Castelao entre nós (1975-1986)*, prólogo de José Ruiz Guirado, Pontevedra: Servicio de Publicacións da Deputación Provincial de Pontevedra, decembro 2000, 172 pp. (ISBN: 84-8457-041-X).

José Ruíz Guirado abre o libro de Lino J. Pazos cun limiar en que repasa a bibliografía do autor e comenta os diferentes apartados de que consta este volume, que considera una "considerable aportación á figura e á obra de Castelao" ao servicio dos investigadores. A continuación, e tras recoller a bibliografía de A. D. Rodríguez Castelao (Rianxo, 1886-Buenos Aires, 1950), Lino J. Pazos fai unha escolma das noticias aparecidas nos xornais galegos entre o 27 de setembro de 1975 e o 28 de decembro de 1986 en relación co ilustre rianxeiro a través de seis capítulos estructurados cronolóxica e tematicamente. Deste xeito, parte do acto que se desenvolveu en Rianxo en 1975 por mor da primeira escultura dedicada a Castelao para se centrar logo nos acontecementos máis significativos deste período, por exemplo, a chegada dos seus restos mortais a Galicia (28-VI-1984), os incidentes que se produciron daquela e o posicionamento dos diferentes partidos políticos respecto do político nacionalista. Por último, fecha o volume coa recollida das novas xeradas con Castelao "na terra": homenaxes, conferencias, ensaios, reedicións, a constitución da fundación homónima, estreas teatrais, etc., ata testemuñar o Ano Castelao (1986), en que se cumpría o centenario do seu nacemento.

Pereira Fernández, Miguel (coord.), *Lingua e literatura da comarca de Deza. (Actas das primeiras xornadas celebradas en Lalín, en outubro de 1999)*, Lalín: Seminario de Estudios de Deza, 2000, 80 pp. (DL: PO-463/00).

Neste volume recóllense as Actas das primeiras xornadas sobre lingua e literatura galega celebradas en Lalín, en outubro de 1999. Tiramos os artigos relacionados co feito literario, que, na maior parte, foron expostos polos seus autores no marco destas xornadas:

-Gonzalo Navaza, “A tradición do conto”, pp. 9-19.

Primeiramente, fala do conto tradicional do que di que moitas das súas historias son universais pero que se lle dá unha roupaxe local para adaptalas á situación particular, co que acadan verosimilitude. A seguir céntrase en tres motivos narrativos do conto tradicional: o tempo suspendido, os tres desexos e a morte como personaxe, dos que ofrece varios exemplos.

-Xosé Neira Vilas, “A literatura galega en América”, pp. 45-49.

Breve artigo no que se repasa case enumerando as distintas editoriais, revistas, xornais e libros que foron publicados polos emigrados e exiliados galegos en América. Así mesmo, lémbranse aquelas figuras máis relevantes na promoción e realización de obras culturais, dende Álvarez Ínsua a Castelao e Luís Seoane.

-Carlos Negro, “A poesía de Deza”, pp. 77-80.

Reprodúcese unha breve introducción que Carlos Negro fai dos poetas que participaron nunha mesa redonda sobre a poesía de Deza. Como trazo máis destacado dise que non se pode afirmar que estean marcados por un contorno xeográfico específico. De seguido faise unha poética introducción dos poetas alí presentes: Isolda Santiago, Gonzalo Navaza, Celso Fernández Sanmartín e Xosé Vázquez Pintor.

Piñeiro, Antonio, *Pepe Velo. Pensador, soñador e mestre revolucionario*, limiar de Manuel Mera, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Crónica, 2000, 172 pp. (ISBN: 84-8302-507-8).

Achega biográfica de Antonio Piñeiro Feijóo ao tamén celanovés Pepe Velo Mosquera (Celanova, 1916-São Paulo, 1972). Conta cun limiar de Manuel Mera no que salienta a relevancia do biografado para entender a evolución do nacionalismo galego, ademais de sinalar algúns dos feitos máis destacados da súa vida, como a militancia galeguista, o exilio e as actividades que realizou durante o mesmo, así como a sensibilidade de Pepe Velo, membro dunha familia acomodada que loita pola xustiza social dos máis débiles, reflectida nas súas poesías recollidas en *Cartafol de Poesía*. A continuación, reprodúcese unha carta de Víctor Velo, fillo do protagonista e participante no secuestro que lle daría relevancia internacional, na que considera moi acertado o traballo adicado ao seu pai. A crónica divídese nas diferentes etapas que se aprecian na vida de Pepe Velo, dende a “xuventude inconformista”, na que se fala dos seus anos de neno e da mocidade galeguista, a publicación do poema “Alciprés” na revista *Nós* en 1935, ou “As campanas do cemiterio”, pasando polas dificultades que achou durante a guerra e das que saíu con vida pola posición da familia; o seu exilio en Venezuela, lugar no que se fraguou a creación do Directorio Revolucionario Ibérico de Liberación (DRIL), que protagonizaría, entre outros feitos, o secuestro do navío portugués Santa María, do que se analiza polo miúdo os días anteriores e as repercusións posteriores do mesmo, entre as que está o segundo exilio do protagonista no Brasil. Tamén se dá conta das súas actividades editoriais en São Paulo, das súas colaboracións literarias, así como da súa relación con Celso Emilio Ferreiro, ademais de

recoller algún dos seus poemas. Finalmente, reprodúcese o artigo “Réquiem por un revolucionario”, do xornalista portugués Miguel Urbano Rodrigues, publicado en xornais brasileiros e venezolanos pouco despois da morte do celanovés, no que lembra a brillantez e fortaleza de Pepe Velo durante o secuestro, a súa saudade da terra e o sentimento de galego que mantivo durante toda a vida, ademais de sobrancear a súa obra inédita entre a que destaca un libro para nenos titulado *A rebelión dos sinais.*

Recensións:

-Xosé Manoel Núñez Seixas, “Unha biografía apaixonante”, *Guía dos libros novos*, nº 20, “Biografía”, xullo-agosto 2000, p. 8.

Tras sinalar que os xéneros históricos son escasos na nosa literatura, lóuvase a aparición deste volume. Destácase a importancia de rescatar do esquecemento a figura de Pepe Velo. Recóllense, así mesmo, algúns datos sobre a vida e as actividades deste galeguista celanovés. Ademais, elóxiase a forma en que está escrita a biografía, así como o ritmo narrativo elixido. Saliéntase o labor de contextualización e a achega dun fondo documental e biográfico. Remátase lamentando o truncamento da historia de Galicia pola Guerra Civil.

-M. Blanco Rivas, “Biografía dun soñador e mestre revolucionario”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 173, 9 setembro 2000, p. 2.

Detense no comentario deste volume de Antonio Piñeiro, no que aparece resaltada a figura de Pepe Velo, do que se fai un percorrido a través da súa nenez e a súa vida no exilio. Destaca a importancia de recordar este personaxe histórico que participou no asalto e secuestro do barco portugués Santa María.

Referencias varias:

-Rosa Míguez, “Suxerencia”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, 2 xullo 2000, p. 14.

Ver Picouto, Millán, *Obra lírica completa*, no apartado II. 4, deste *Informe*.

-Marcos Valcárcel, “Antonio Piñeiro reivindica o Pepe Velo ‘pensador”, *La Región*, 22 xullo 2000, p. 14.
Reproduce parte das palabras de Xesús Alonso Montero, na presentación deste volume, quen equiparou esta figura coa do Quixote ou o Che. Así mesmo, destaca a súa personalidade forte, loitadora e soñadora, que o

levou a ser unha referencia importante. Por outro lado, fai un percorrido a través da súa vida política e loita cultural, nas Mocidades Galeguistas, os seus anos de loita clandestina na Alianza Nacional Galega e os seus exilios.

-Xoán Carlos Domínguez Alberte, “Pepe Velo. Pensador, soñador e revolucionario”, *La Región*, 3 agosto 2000, p. 24.

Cronoloxía da biografía de Pepe Velo, na que se fai referencia á súa xuventude ou ao ano 1936, marcado pola loita clandestina no exilio, ata a culminación política en 1961, cando ocorreu o secuestro do barco portugués, o Santa María, contra as dictaduras de Franco e Salazar.

Piñeiro de San Miguel, Esperanza, *Cunqueiro e Carvalho Calero na lembranza*, fotografías de Carlos Pérez Serantes, Ferrol: Liceo Rubia Barcia, 2000, 61 pp. (DL: C-1896/00).

Achega á relación entre Cunqueiro e Carvalho Calero e as cidades nas que se desenvolveron as súas vidas, Ferrol, Mondoñedo e Lugo a través dalgunhas actividades organizadas polo Liceo Rubia Barcia de Ferrol con motivo das Xornadas das Culturas Atlánticas, entre elas unha viaxe cultural que se describe na primeira parte da obra, comezando pola ofrenda floral a Álvaro Cunqueiro e a presentación da obra *O corazón portugués*, de Ramón Loureiro, ambas durante a xornada matutina en Mondoñedo, mentres que pola tarde en Lugo se fai referencia á adhesión ao Proxecto Cumulum e á homenaxe a Carvalho Calero cunha mesa redonda á que asiste a súa viúva, rematando cunha achega ás relacións históricas entre as tres cidades a través de persoeiros como Fontenla Leal, Pascual Veiga, Francisco Suárez e Leiras Pulpeiro. Nunha segunda parte, faise unha achega á figura de Álvaro Cunqueiro e á cidade de Ferrol a través doutra actividade como foi unha mesa redonda, reproducindo ademais algúns artigos escritos polo autor mindoniense sobre a cidade ferrolá e seleccionados por Armando Requeixo. Finalmente, na terceira e última parte, reprodúcese a comunicación de Ramón Loureiro “Las voces de los muertos” lida nos Encuentros de Verines, organizados polo Ministerio de Cultura arredor das literaturas peninsulares, e na que aborda, brevemente, a situación actual da literatura galega.

Pite Sanjurjo, Soledad (dir. e coord.), *Ronsel gráfico para Castelao. Homenaxe no 50 cabodano dos alumnos/as de Educación Plástica e Visual de 4º da ESO do IES "Rosalía de Castro"*, ilust. Alumnos e alumnas de Plástica e Visual 4º ESO do IES Rosalía de Castro, Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia, abril 2000, 83 pp. (DL: C-806/2000).

Trátase de setenta e dous carteis conmemorativos do cincuenta cabodano de A R. Castelao, deseñados polos alumnos da materia de Plástica e Visual de 4º da ESO do IES "Rosalía de Castro" de Santiago de Compostela. As ilustracións foron expostas con anterioridade no Parlamento de Galicia, onde se utilizaron para a presentación da segunda edición crítica do *Sempre en Galiza*. Estas "pequenas xoias artísticas" ademais de aludir ao aniversario do pasamento do rianxeiro, conteñen debuxos referentes aos tópicos que sempre o caracterizaron. Todos os debuxos acompáñanse de fragmentos de texto da obra de Castelao ou tamén de poemas relativos ao egrexio galeguista de, entre outros, Darío Xoán Cabana, Fernández del Riego ou García Bodaño.

Pociña, Andrés e Aurora **López,** *Rosalía de Castro. Estudios sobre a vida e a obra*, prólogo de María Pilar García Negro, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Ensaio, nº 136, maio 2000, 447 pp. (ISBN: 84-89896-75-5).

Nesta obra, dividida en seis capítulos estructurados a súa vez en distintas partes, Andrés Pociña e Aurora López achégannos unha vez máis á figura da escritora Rosalía de Castro (Santiago de Compostela, 1837-Padrón, 1885), estudiando a súa biografía, da que ofrecen datos novos referidos á súa infancia en Padrón e á relación con súa nai; da recepción da obra rosaliana, tanto por parte da crítica contemporánea como da posterior, e os diferentes estudios que sobre a súa producción literaria se teñen feito. O libro inclúe ademais un prólogo de Pilar Gacía Negro no que se louva o traballo levado a cabo polos dous estudiosos e se afirma a rigorosidade con que foron seguidas as fontes documentais á hora da elaboración do traballo.

Recensións:

-M. Blanco Rivas, “Itinerario pola vida e obra de Rosalía de Castro”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 165, 22 xullo 2000, p. 2.

Reflexiona sobre a nova obra de estudio elaborada por Andrés Pociña e Aurora López, sobre Rosalía de Castro centrada na súa vida e obra. Destaca que se trata dunha peza fundamental no proceso de investigación arredor da figura de Rosalía porque achega datos esclarecedores, principalmente referidos á biografía da escritora. Así mesmo, fai referencia ao prólogo de Pilar García Negro e explica a finalidade deste estudio que quere ofrecer unha cronoloxía daqueles datos e documentos máis relevantes para a obra de Rosalía. Por outra banda, tamén recolle algúns breves apuntamentos sobre a traxectoria crítica destes dous profesores da Universidade de Granada.

-C. V., “García Lorca tiña paixón por Rosalía de Castro”, *A Nosa Terra*, nº 949, “Guieiro Cultural”, 24 agosto 2000, p. 26.

Sublíñase a importancia dos datos biográficos achegados nesta obra sobre Rosalía de Castro, ao tempo que se comentan outros aspectos importantes do presente estudio, no que se inclúen unha bibliografía sobre a escritora, destacando a presencia dos estudios de Gerald Brenan, e unha análise da recepción da literatura de Rosalía. Neste último apartado, destaca as páxinas dedicadas a falar de García Lorca nas que, ademais de reafirmar a influencia da autora galega na obra do poeta, defende que as seis composicións escritas en galego por Lorca son froito da devoción que este sentía pola autora de *Cantares Gallegos* (1863).

-M. Quintáns S., “A vida e a obra de Rosalía de Castro”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 46, 15 outubro 2000, p. 12.

Achega á obra de Andrés Pociña e Aurora López, na que comeza recollendo as eloxiosas palabras que María Pilar García Negro lle adica no prólogo á tarefa investigadora destes dous autores. Tamén se salientan os novos datos que aparecen no libro, así como a ampla bibliografía que nel se recolle. Asemade, menciónanse os diferentes estudios que se inclúen dentro dos seis apartados en que aparece dividida a obra, e remátase cualificando o libro como o máis exhaustivo de todos os publicados ata o de agora "con pretensións semellantes".

Referencias varias:

María J. Rojo, "Andrés Pociña e Aurora López presentaron dous libros en Lugo", *El Progreso*, 19 xullo 2000, 69.

Ver Pociña, Andrés, *Quince mulleres, quince momentos*, no apartado I.1 deste *Informe*.

-Manuel Dourado Deira, "Rosalía de Castro: Estudios sobre a vida e a obra", *O Correo Galego*, "Ardentía", 2 setembro 2000, p. 3.

Despois de referirse aos tres volumes publicados anteriormente por Andrés Pociña e Aurora López sobre a mesma autora, expón as razóns que considera levaron á publicación deste novo ensaio, entre elas o achado de máis información e a necesidade de sistematizar e ordenar os novos datos. Así mesmo, empraza ao lector para un novo artigo no que desenvolverá outros aspectos deste estudio que ten, segundo di, a súa importancia no proceso “sempre aberto” de investigación rosaliana.

-Manuel Dourado Deira, “O proceso de investigación rosaliana”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 9 setembro 2000, p. 3.

Cumprindo o dito no artigo anterior, ofrece agora estas liñas nas que analiza a importancia do ensaio no proceso de investigación rosaliana. A partir dun artigo seu, publicado en *El Correo Gallego* no mes de xullo, no que demandaba un maior estudio da autora para combater a aqueles que a cualificaban de “chorona e santiña”, e facéndose eco das palabras de Pilar García Negro no prólogo da obra, afirma que a importancia deste novo traballo radica precisamente en conseguir acabar con eses mitos, mercede a que ofrece unha investigación obxectiva, “non peneirada anacrónica e sectariamente polos mandaríns do aparato académico”.

Rabuñal, Henrique, *Jenaro Marinhas del Valle, a vida escura*, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. “Ensaio”, nº 135, 2000, 111 pp. (ISBN: 8489896-74-7).

Ábrese cun prólogo do autor no que presenta a figura de Jenaro Marinhas del Valle dende unha óptica subxectiva, explica os motivos que o levaron a escribir este libro e a súa división en dúas partes complementarias. Na primeira delas, Henrique Rabuñal comeza falando nun primeiro apartado da vertente humana de Marinhas, así como das súas convicciónes morais, para despois dar noticia da súa vida e obra. Nun segundo apartado nomea todas as obras teatrais deste autor contando os seus respectivos argumentos e resume a súa poética teatral, e nun terceiro apartado informa dos textos poéticos e narrativos que publicou. Por último nesta primeira parte do volume inclúe unha listaxe da bibliografía existente sobre o escritor coruñés. A seguir, na segunda parte, reproduce unha entrevista con Marinhas gravada no 1988 polo propio Rabuñal e Jose Mª Monterroso. As preguntas conducen a conversa cronoloxicamente, polo que a entrevista comeza coas lembranzas infantís e xuvenís do escritor, a través das que fala das personalidades do galeguismo de preguerra que coñeceu e describe os ambientes galeguistas coruñeses nos que se movían. Despois, tras preguntar polas vivencias da guerra civil, as preguntas céntranse nas actividades galeguistas de posguerra, como a editorial Galaxia ou a Real Academia Galega, onde o escritor entrou durante esa época. Finalmente, tamén pregunta pola obra de Marinhas, prestándolle especial atención ás súas obras teatrais e adicándolle as derradeiras cuestións ao seu único volume narrativo, *A vida escura* (1987).

Rei Romeu, Manuel, *Castelao: desta terra, deste tempo*, Santiago de Compostela: Consello da Xuventude de Galicia, col. Xente Nova, 2000, 67 pp. (Sen ISBN nin DL).

Libro composto por catro partes ben diferenciadas nas que se describen aspectos relacionados coa figura de A. D. Rodríguez Castelao (Rianxo, 1886-Buenos Aires, 1950), recollidos na primeira os primeiros anos do seu devir vital dende o nacemento, a emigración á Arxentina, os estudios universitarios ou a política local, mentres que na segunda se fai referencia á súa estancia en Pontevedra, ás primeiras relacións coa arte e aos comezos como escritor e caricaturista. Xa na terceira, fálase dos anos máis fecundos da súa vida, que corresponden cos anos trinta, previos ao alzamento militar, ás loitas políticas, ao desterro, e no remate a guerra. Finalmente, na última ocúpase dos anos do exilio, quer en Francia, quer en América e das súas ultimas obras.

Recensións:

-P. B., “Descoberta non venal de Castelao”, *A Nosa Terra*, nº 936, “Guieiro Cultural”, 25 maio 2000, p. 24.

Integra esta obra dentro da homenaxe que se lle está a render ao político e artista rianxeiro con motivo do cincuentenario do seu pasamento. Informa do contido desta edición non venal e destaca a preocupación do autor, Manuel Rei Romeu, por descubrir aqueles acontecementos biográficos que deixaron pegada na obra de Castelao. Salienta, ademais, que a iniciativa para a publicación deste volume parta dun organismo como o Consello da Xuventude de Galicia, que depende da Xunta, pero que “funciona e dá froitos gracias ao ánimo que nace da auto-organización e compromiso da mocidade”.

Rodríguez, José Luís (ed.), *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero. Tomo I: A obra de Ricardo Carvalho Calero. Lingüística. Tomo II. Literatura. Miscelánea*, 2 tomos, Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia/Universidade de Santiago de Compostela (Servicio de Publicacións e Intercambio Científico), col. Homenaxes, 2000, 1007 pp./1044 pp. (ISBN Tomo I: 84-8121-827-8) (ISBN Tomo II: 84-8121-8286) (ISBN obra completa: 84-8121-826-X).

Cando se cumpren os dez anos da morte de Ricardo Carballo Calero (Ferrol, 1910-Santiago de Compostela, 1990), a Universidade compostelá e o Parlamento de Galicia uniron os seus esforzos para tirar do prelo estes dous volumes. O primeiro deles, despois das introduccións institucionais, recolle o traballo “História do volume, cronobiografía, Carvalho e a Universidade, Bibliografía Activa e Passiva”, da autoría de José Luís Rodríguez, no que comenta que, a pesar de xa intentar facerse unha homenaxe ao citado profesor por parte da Associaçcom Galega da Língua (AGAL) pouco despois da súa morte, esta non puido ser posíbel por razóns orzamentarias. A seguir, puntualiza que, gracias á axuda das institucións mencionadas nun principio, novamente se comezaron a reunir os traballos que se decidiron estructurar en dous tomos: nun primeiro, aqueles de investigación ou ensaísticos relativos a Carballo Calero; e, nun segundo, os situábeis na esfera da literatura (teoría, historia, crítica...), así como aqueles de carácter interdisciplinar ou exteriores mesmo ao campo lingüístico-literario. Por outro lado, realiza un esquema biográfico do homenaxeado, seguindo unha orde cronolóxica e dando conta daqueles aspectos máis salientábeis da súa vida, do seu labor na Universidade de Santiago de

Compostela e unha listaxe das teses de licenciatura e doutoramento que tutelou. Asemade, ofrece unha bibliografía activa e pasiva para contextualizar e facilitar a lectura dalgúns traballos destes *Estudos*, en especial, os correspondentes ao capítulo I, agrupados baixo a etiqueta de "A obra de Ricardo Carvalho Calero". A continuación deste traballo de presentación, aparece unha reproducción facsimilar duns poemas inéditos de Ernesto Guera da Cal, "Ramalhete de Poemas Carnais *in memoiram* Ricardo Carvalho Calero", e a "evocaçom" "*In Memoriam* Ricardo Carvalho Calero", de José Augusto Seabra. A seguir, dáse conta daqueles artigos referentes á literatura galega aparecidos nestes dous volumes:

Tomo I:

-Xesús Alonso Montero, "Carballo Calero e algúns dos seus camaradas na guerra civil: vida e literatura", pp. 85-96.

Artigo que repasa como viviu a Guerra Civil Ricardo Carvalho Calero partindo da análise da súa novela *Scórpio* (1987). Sinala que temos unha importante lagoa historiográfica no referente ao pensamento de Ramón Piñeiro, Francisco Fernández del Riego e Xaime Isla Couto con motivo da súa loita contra os seus "irmáns" do Partido Galeguista durante a Guerra Civil na que serviron "no exército de Franco". Intérnase en *Scórpio* e sostén que é unha obra de ficción, "moi" de ficción, onde moitos dos seus personaxes "representan a riqueza intelectual" de Carvalho Calero, mais que no fondo reflicte a realidade histórica. Afírmase que Carvalho Calero non publicou nada nos anos que estivo no penal de Santa Úrsula, en Jaén, nin tan sequera no volume *Musa redimida. Poesía de los presos en la Nueva España* (1940) realizado por presos políticos.

-Ernesta Basanta Cornide, “Umha aproximaçom à leitura do *Auto do Prisioneiro*”, pp. 97-104.

Comézase analizando as decisións que levaron a Ricardo Carvalho Calero a inserir o *Auto do Prisioneiro* (1970) dentro da escolma da súa obra teatral *Catro pezas* (1971) para logo explicar as tres lecturas, dende tres perspectivas diferentes, que a autora deste artigo tivo ocasión de facer desta peza dramática. A primeira como actriz escolar representando a personaxe de Laura e onde “foi das primeiras vezes, quiçá a primeira, que ouvimos falar de existencialismo”, a segunda como lectora onde reflexiona sobre o contido e a forma de *Auto do Prisioneiro*, e finalmente como posíbel directora teatral dun grupo de alumnos de secundaria.

-Carmen Blanco, “*O trebo das catro follas*: um poemario popular inédito de Carballo Calero”, pp. 105-140.

Análise do poemario *O trebo das catro follas*, datado en 1944 polo propio Carvalho Calero, recollido nun caderno mecanografado e que se atopaba inédito ata hoxe en día. Penétrase nas posíbeis razóns que levaron a que estes versos estivesen intencionalmente privados da luz pública tales como o ambiente represivo que obrigaba ao silencio naquela altura ou por ser Carvalho Calero un poeta nomeadamente culto sendo esta composición de veta popular. Debúllanse as cento oito estrofas de *O trebo das catro follas* e descríbense os seis bloques temático-xenéricos deste poemario: cantares metapoéticos; cantares filosóficos; cantares amorosos; nadaliñas; arrolos e cantigas relacionadas coa nenez e mais cantares etnográfico-antropolóxicos. A reproducción destas cento oito estrofas de catro versos octosílabos con rima asonante nos pares ficando soltos os impares –típico do cantar popular– pechan este traballo.

-Concepción Delgado Corral, “O proxecto de facer un romance e o tempo da escrita dramaticamente vivido”, pp. 141-153.

Delgado Corral indica que Salgueiro é o personaxe principal de *Scórpio* (1987) e investiga, a través dos seus comentarios, os problemas que Carvalho se ía atopando na redacción da obra, nomeadamente no relativo á modalización narrativa. Comenta que resolveu non ter acceso á interioridade de Scórpio, construíndoo xa que logo a través dun pluriperspectivismo debedor de Faulkner. Neste senso, opina que tralas diferentes perspectivas se ocultan distintas faces de Carvalho, dándolle ao texto certo carácter biográfico. Así mesmo, amosa que as condicións para escribir unha novela serían “tempo, experiéncia e humor” e que este texto mestura realidade e ficción literaria. Alén disto, comenta as dificultades para empregar espacios narrativos descoñecidos polo autor e especifica que este quería compor unha obra comprometida. De por parte, informa do influxo en *Scórpio* de Dostoievski, da admiración por Otero Pedrayo de Carvalho e da defensa deste último do termo “romance” para a narración longa. Finalmente, Delgado Corral desexa que esta obra sexa recoñecida co tempo, como lle aconteceu a *As I lay dying* de Faulkner.

-Pedro Fernández Velho, “Galiza, Valle-Inclán e Carvalho Calero dese umha análise semiótica de *El embrujado*”, pp. 155-182.

Na parte final deste artigo, compárase a Valle-Inclán con Carvalho Calero por ter sido ambos os dous discriminados por apostaren por que o galego acadase dimensión universal dentro do portugués. Sinálase que as correntes máis poderosas do galeguismo apostaron por unha cultura “de campanario” que arredou a persoeiros da talla de Valle e estigmatizou outros como Carvalho.

- Luís García Soto, “Scórpio e Tauro ou o goce e o sublime. Barthes e Kant com Carvalho”, pp. 183-212.

Analiza a novela *Scórpio* (1988), de Ricardo Carvalho Calero a partir dos “critérios ou categorias estéticas” de Barthes e Kant. Estructura o artigo en catro apartados; o primeiro deles, titulado “Entre o prazer do texto e o conflito das facultades”, funciona como unha introducción ao tema. En “Faneroscópia e ontologia” detense a describir o carácter autobiográfico da obra, as entidades narrativas, a presencia do autor no texto “através de personages: tomando as suas voces e prestando-lhes a sua lingua e o seu estilo”, o importante papel que se lle atribúe ao lector e a caracterización dos personaxes, que considera “pouco individualizados: tenhem umha baixa consciéncia da súa entidade, possuem umha curta autonomia da vontade”, e que ve moi influídos polo protagonista, representante do “superego dos personages”. No terceiro, titulado “Moralidade e eticidade”, ocúpase de observar a influencia do ambiente bélico, a precariedade institucional do momento e cómo aparece reflectido o mundo universitario.

-Maria do Carmo Henríquez Salido, “O professor Carvalho Calero, humanista e lingüista”, pp. 227-237.

A autora repasa a traxectoria intelectual de Ricardo Carvalho Calero, situándoo, xa de inicio, afastado “dos holdings culturais”. Despois dunha introducción na que salienta que este profesor foi sempre un amante da ciencia, describe o seu camiño dentro das humanidades, comezado ao abeiro do SEG e enriquecido a partir da década dos sesenta. A seguir, apunta os principios polos que se rexeu o autor de *Scórpio*, que coinciden cos de Eugenio Coseriu: realismo, humanismo, tradición, antidogmatismo, ben público ou responsabilidade social. Opina que é dos poucos investigadores e estudiosos que constrúe á súa propia teoría sobre a lingua

galega seguindo os principais lingüistas da segunda metade do XX. Finalmente, dos seus estudios breves sobre diversos aspectos da lingua e da literatura salienta a serenidade, o rigor e o metódo empregados.

-Araceli Herrero Figueroa, “Un narrador como recurso de metatextualidade e distanciamento na escenificación de “Pimpinela”, pp. 239-258.

Evoca o papel desenvolvido por Ricardo Carvalho Calero na representación do 3º lance de *Os vellos non deben de namorarse* (1941), de Castelao, no Instituto Masculino de Lugo o 12 de maio de 1963, peza na que a autora participou e da que o profesor era director. En concreto, céntrase naqueles aspectos tipolóxicos e morfolóxicos que Calero inseriu no texto orixinal, principalmente, a través dunha introducción a cargo dun narrador extraficcional e dun poema dedicado a Pimpinela, protagonista dese lance. Así, di que da experiencia como director da obra resulta unha nova lectura na que Calero foi coemisor e cocreador, unha especie de mediador que, malia introducir novidades, respecta a obra de Castelao, de quen foi un dos seus principais estudiosos. Por outra banda, Araceli Herrero coida que a figura de Pimpinela é tamén particular, pois resulta dunha lectura feminina, e que o pranto orixinal se converte en pranto/contrapranto nesta recreación. Finalmente, e despois de aclarar outros puntos como a instancia narrativa que funciona como un xerador ficcional ou a metatextualidade que conleva implícita, coida que esta actividade se presenta, en referencia a Calero, como “unha manifestación máis do seu labor de profesor”.

-Basilio Losada, “Sen reticencias: dúas palinodias”, pp. 259-262.

Con este artigo quere remediar na medida do posíbel dúas inxustizas que cometeu, como crítico, con certos poetas galegos de posguerra. Por un lado, refírese a aqueles autores que, por circunstancias dunha época difícil, escribiron maioritariamente en castelán (Tomás Barros, Eliseo Alonso, Casado Nieto, González Garcés, Ramón González Alegre, Castroviejo, Pura Vázquez, etc.) e outros que escribiron unicamente en galego máis tarde (Antón Tovar, Pozo Garza, Álvarez Torneiro e Eduardo Moreiras). Tras recoñecer as causas deste esquecemento crítico, que se debeu a apriorismos e prexuízos propios daquela altura, detense no caso de Carvalho Calero. Valora na súa obra a modernidade, a ironía e unha temática que a maioría de lectores galegos non soubo entender por atopalo diferente ao que se facía no sistema castelán. Tamén cre que preponderaba a obra crítica do profesor no canto da creativa. Para rematar, estima que o poemario *Reticências* (1990) serve de modelo da súa poesía: metafísica e existencial, reflexión por veces irónica, a metáfora omnipresente, a engádega da morte ao seu repertorio temático, unha cultura clásica nada pedante e un fondo sentimento popular.

- Mª Carmen Porrúa, “Breves notas sobre *Auto do prisioneiro*”, pp. 263-265.

Breve achegamento á obra de Carvalho Calero *O auto do prisioneiro* (1969) no que reflexiona sobre determinados aspectos. Primeiramente, remítese á situación de encerro que xa evoca o título, que provoca unha atmosfera asfixiante. A seguir, fala do poder, que detenta o Director-Pai, que pode encarnar a Dictadura implicitamente, e do enigma que subxace en todo o texto, que ben pode ter tres caras: as razóns da prisión, a existencia dun pai e a insistencia do preso en que o personaxe de Laura chame ao seu pai como “meu pai”. Aínda, para rematar, habería un recurso que provocaría máis preguntas como é a poetización reiterativa e simbólica das frases. Conclúe que se trata dun texto fermoso que se basea no poder e a represión que podería dirixirse dende o Estado, a Relixión ou a Familia.

-Henrique Rabunhal, “Carvalho Calero e o teatro”, pp. 281-291.

Repasa a relación que Carvalho Calero tivo co ámbito teatral nas súas diversas facetas, dende creador a lector pasando pola crítica, xa que coida que é unha faceta da literatura á que lle dedicou unha boa parte da súa biografía intelectual. Deste xeito, percorre a súa traxectoria dende a infancia ferrolá, na que foi espectador e prematuro creador dalgunhas pezas, ata a súa faceta investigadora, na que deitou numerosos ensaios e a “monumental” *Historia da literatura galega contemporánea* (1962), punto de partida para o estudio contextualizado do teatro galego. Como dramaturgo, sinala que o profesor era consciente que era un ámbito que había que cultivar por ser a “cincenta da nosa literatura”, de aí que comente as diferentes obras que forman parte do seu corpus teatral, que presenta “umha evidente conexom com o resto da sua produçom textual e da sua reflexom intelectual”.

-Claudio Rodríguez Fer, “A poesía española de Ricardo Carballo Calero”, pp. 293-320.

Comeza nomeando os dous libros que deixou publicados en castelán *Trinitarias* (1928) *e La soledad confusa* (1931) para logo referirse aos que deixou sen publicar, nos que se centra este estudio. Comeza por *Versos para olvidar*, sesenta poemas escritos entre 1925 e 1930, que sitúa nos anos adolescentes de Carballo Calero e da que salienta o seu carácter autobiográfico, ademais de falar dos temas tratados como as relacións entre homes e mulleres, os temas filosóficos e relixiosos e o mito, o histórico e o artístico. Conclúe reflexionando sobre as características que a sitúan entre o romantismo e o modernismo. Segue por *Versos para romper*, contituída por sesenta e tres poemas datados entre 1929 e 1944, na que destaca a ausencia do tema da guerra que estaba moi presente cando foi escrita e percibindo unha forte conexión entre estes

poemas e o neopopularismo do Grupo do 27. Logo achéganos ao *Romancero de Apócrifos y Canónicos* que consta de trinta e un romances de asunto bíblico, apócrifo ou canónico, no que os personaxes que aparecen están sempre relacionados coa relixión. Así enumera algúns que serán recorrentes na súa producción como: Satán, Adán, Eva, Caín, Lilith, Betsabé, David,... Despois alude ao libro *Teoría de Eva*, cen retratos femininos e outros cantos sonetos escritos no penal de Jaén entre 1939 e 1941. No que respecta aos retratos femininos explica que todos eles se unen para dar unha definición da muller en xeral, aínda que algunhas das mulleres que aparecen son de carácter mítico, especialmente da mitoloxía grecorromana. Remata así achegando o último poemario en castelán de Carballo Calero, *Avena Loca*, cincuenta e catro composicións producidas na posguerra entre 1945 e 1947, obra na que volven ser importantes as referencias bíblicas e mitolóxicas, ademais do amor.

-Darío Villanueva, “Lectura de Scórpio”, pp 327-334.

Relata cómo chegou a ler e estudiar polo miúdo a obra de Carballo Calero *Scórpio*, debido á petición deste de que fose o encargado da presentación. A seguir, reflexiona sobre o texto e, deste xeito, destaca en primeiro lugar a súa diferencia con respecto a *A xente da barreira*, tanto polo galego empregado coma pola súa temática. Así fai un pequeno resumo no que comeza pola vida de Rafael Martínez Piñeiro, ferrolán morto nun bombardeo da aviación fascista sobre Barcelona no ano 1938. Segue polas semellanzas e disparidades que atopa entre o autor da obra e o personaxe, para logo centrarse no personaxe que é coñecido a través de dezasete voces de homes e outras tantas de mulleres. Recoñece a Salgueiro como o “alter ego” de Carballo xa que durante a obra está pensando en escribir a obra que está facendo Carballo Calero. Logo resume a vida que lle tocou vivir a Salgueiro de deputado en Madrid ata ter que escapar a Portugal, onde sabería da morte do seu amigo Rafael.

-Carlos Quiroga, “Da anormalidade do campo literário galego e da centralidade de Ferrín”, pp. 771-816.

Próponse amosar, a través da obra de Méndez Ferrín, a “anormalidade” en que vive a literatura galega. Considera necesario atender tanto o saber do escritor en relación coa lingua, coma o saber do escritor en relación coa verdade. Antes de pasar a expoñer as súas reflexións sobre estas dúas cuestións, presenta o *corpus* narrativo das obras de Méndez Ferrín no que se fundamentan as súas afirmacións. Respecto ao saber do escritor en relación coa lingua, centra a atención no léxico, nas irregularidades do vocalismo e do consonantismo, nos sufixos e terminacións empregados, na formación do plural, e nas peculiaridades que presenta o uso das diferentes clases de palabras. Na súa análise do saber do escritor en relación coa verdade, aproxímase aos “valores” presentes tanto na poesía como na narrativa de Méndez Ferrín. Conclúe afirmando que a situación de anormalidade da literatura galega pódese atopar tanto no saber vencellado coa lingua coma no saber vencellado coa verdade.

Tomo II:

-António Rodrigues Baptista, “Rosalía de Castro no horizonte dos ‘saudosistas” portugueses”, pp. 49-73.

Coméntase a valoración que distintos estudiosos “saudosistas” portugueses fixeron da obra de Rosalía de Castro. Así, comézase facendo referencia á presencia da autora galega nos traballos de Carolina Michaëlis e Cláudio Basto. Tamén se sinala a diferente relevancia que António Sérgio e Teixeira de Pascoais lles concederon ás creacións literarias de Rosalía. Asemade, menciónase as referencias á ilustre poetisa galega

nos estudios de Aubrey Bell e Júlio Dantas. Finalmente, apúntanse os nomes de Francisco da Cunha Leao e Manuel da Cruz Malpique como investigadores que non poden ficar esquecidos se se fai un novo estudio sobre esta cuestión.

-Ángel Basanta, “Xavier Alcalá, una obra gallega en curso”, pp. 75-89.

Amplo estudio sobre a vida e a obra de X. Alcalá. Cita as súas colaboracións nos xornais *El Ideal Gallego*, *La Región* e *La Voz de Galicia* ou nas revistas *Teima*, *Man Común*; así como as súas obras: *Voltar. Seis personaxes e un fado* (1972), *A fundición* (1978), *A insua* (1978), *A nosa cinza* (1980), *Fábula* (1980), *O larvisión* (1981), *O dez por cento* (1981), *Nos pagos de Huinca Loo* (1982) ou *Cristiano muerto* (1983). A seguir, detense, brevemente, nunha análise destes textos e conclúe que a obra narrativa de Alcalá é un exemplo de vocación literaria e de afán de superación. Por último, ofrece unha sucinta bibliografía na que reúne as obras do autor, citadas e analizadas no texto.

-Raquel Bello Vázquez, “Celtismo e saudade como repertórios míticos en Otero Pedrayo”, pp. 91-103.

Amplo traballo sobre Otero Pedrayo, dividido en cinco apartados. O artigo comeza cunha breve introducción sobre o celtismo galeguista. A seguir, céntrase no celtismo e o atlantismo na época Nós. Afirma que ambas as dúas correntes xogan un papel relevante “no momento da formulación definitiva do nacionalismo frente a teorías decimonónicas como o provincialismo ou o rexionalismo”. Nun terceiro apartado achégase á saudade que, para Pedrayo, “é un dos trazos característicos dos povos célticos, mais non o único”. A seguir, alude á

figura de Henri Bergson e o intuicionismo, corrente que influiu en Otero. Para rematar, céntrase nas influencias do saudosismo e o celtismo no autor ourensán. Afirma que a saudade funciona, en Otero, como punto de unión co pasado e cos países do ámbito céltico.

-Arturo Casas, “A crítica literaria na revista *Nós.* Pautas de canonicidade sobre a poesía galega coeva”, pp. 153-166.

Coméntase, con detalle, a actividade crítico-literaria que se levou a cabo en Galicia durante a chamada época das Irmandades ou Época Nós. Alude, en primeiro lugar, ao compromiso entre os escritores e as dúas principais publicacións existentes en Galicia entre os anos 1916 e 1936: *A Nosa Terra* e *Nós*; así como o boletín quincenal *Céltiga* de Bos Aires ou os xornais *Galicia*, *El Pueblo Gallego* e *La Zarpa*. Sen embargo, Casas afirma que a crítica “nunca gozou dun papel especialmente relevante ou influente no sistema literario galego” e unha mostra disto é a escasa atención crítica que lle dedicaron aos poetas galegos algunhas revistas como *Vida* (1920), *Boletín da Casa América-Galicia/Alfar* (1920-1927) ou *Ronsel* (1924). A seguir, céntrase nalgunhas obras que si se dedican a falar de autores galegos. Trátase de *Sete poetas galegos* e *Aportaciones a la literatura gallega contemporánea*, ambas as dúas de Carballo Calero. Na primeira estúdiase a Rosalía de Castro, Pondal, Curros, Noriega Varela, Cabanillas, Manuel Antonio e Amado Carballo; na segunda, achégase ás obras de Castelao e Otero Pedrayo.

-Xosé Manuel Dasilva, “Os sonetos de Camões são camonianos e galegos? Estado hodierno da questão”, pp. 179-203.

Lembra inicialmente que Camões é autor de máis de catrocentos sonetos, dos que dous son curiosos por estaren escritos en galego. Repasa as diferentes atribucións dende as primeiras edicións quiñentistas ata a actualidade, trátase das pezas: “Alá em Monte Rey, em Bal de Leça” e “Porque me faz Amor inda acá torto?” Decátase do carácter misterioso destes textos pola variante lingüística empregada. Un dos problemas coa que se atopa a crítica é que só tres poemas da súa lírica foran publicados antes del morrer no 1580.

-Xosé María Dobarro Paz, “Vicente Turnes e a poesía áulica”, pp. 205-212.

Dobarro Paz estudia e publica un poema inédito de Vicente Turnes. Repasa catro composicións áulicas que Turnes escribiu co gallo da celebración de eventos relacionados coa familia real española a mediados do século XIX. Estudia a composición inédita, de vinteunha cuartetas asonantadas, referida ao dobre casamento da raíña Isabel II e a súa irmá M.ª Luísa Fernanda –fillas de Fernando VII e de M.ª Cristina de Borbón–, e finalmente reprodúcese e anótase esta composición que no manuscrito de Turnes non leva título.

-Carme Fernández Pérez-Sanjulián e Goretti Sanmartin Rei, “O estilo de Ramón Otero Pedrayo”, pp. 213 233.

A partir dunha detallada análise de dúas obras de Otero Pedrayo (*Arredor de si* e *O mesón dos ermos*) analízase o seu estilo, tendo en conta a distancia obxectiva entre estas dúas obras, unha máis ensaística e a outra máis realista. Logo de ter feito este estudio conclúese que os diferentes estilos de Otero non están determinados por unha cuestión temática, senón máis ben de enfoque. En segundo lugar, considérase que o

estilo de Otero presenta dúas vertentes, a barroca e a elemental. O uso de ambas, segundo se di, está en función de cómo se presente o didactismo que predomina en toda a súa obra. Finalmente, dise que o estilo máis representativo de Otero Pedrayo é o lírico, malia que en favor dunha maior claridade o moderase.

-Manuel Ferreiro, “Os carballos pondalianos (sobre “Fillo cativo da Gandra)”, pp. 235-254.

Faise unha descrición da tipoloxía dos “carballos” que aparecen na obra de Eduardo Pondal. Despois de repasar os poemas nos que aparecen, sinala que esta árbore, malia ser un símbolo totémico de grande importancia, non ten a centralidade que posuía na sociedade. A seguir mostra as diversas edicións e manuscritos conservados do poema “Fillo cativo da grandra”, facendo fincapé nas diferencias entres eles. Conclúe dicindo que é necesaria a revisión completa da obra editada á luz dos novos manuscritos encontrados.

-Lydia Fontoira, “A Marquesiña’ como síntese simbólica de Cousas”, pp. 267-273.

Breve artigo no que se estudia a prosa titulada “A marquesiña” incluída por Castelao, o seu autor, en *Cousas*. Considera primeiramente que esta peza é paradigma da brevidade expresiva, do lirismo e conxunción da narración co debuxo. A seguir faise unha pormenorizada análise da estructura narrativa e do seu léxico. E, para rematar, describe os cambios ecdóticos que presentan cada unha das edicións desta composición así como os distintos espacios editorias onde viu a luz.

-X. Ramón Freixeiro Mato, “Noriega Varela, poeta lusófono”, pp. 275-299.

Neste artigo trátase de mostrar a relación de Noriega Varela con Portugal. Primeiramente, dá conta dos primeiros contactos intelectuais por lecturas de escritores portugueses no seminario de Mondoñedo, onde se formou. Despois comenta cómo o desterro a terras do sur de Ourense o levou a contactar con escritores portugueses, nomeadamente Teixeira de Pascoaes. Tamén fala da súa acollida como membro do Instituto Histórico do Minho. Por outra parte, estudia a evolución lingüística do autor para comentar cómo foron aumentado os lusismos na súa obra, mais foi, segundo di, unha achega por medio de cultismos, pois a súa lusofilia non tivo correspondencia coas tentativas de achegamento lingüístico entre Galicia e Portugal.

-María Pilar García Negro, “A transmisión da Literatura Galega: alarma por un atentado”, pp. 301-310.

Céntrase nunha denuncia da manipulación e malinterpretación da lingua de obras literarias galegas que son adaptadas á normativa oficial vixente, sen ter en conta o galego no que fosen escritas, entre elas as de Otero Pedrayo, Vicente Risco, Blanco Amor ou Cunqueiro, entre outros moitos. Tamén se remite á denuncia feita por Carvalho Calero no “Encontro sobre o estado da normalización lingüística” celebrado en Santiago de Compostela en abril de 1986, e no que pon exemplos do que el chama a manipulación da “máquina fiscalizadora”, representada polos poderes públicos e as grandes editoriais. Conclúe que a literatura galega ten que transmitirse fielmente porque o galego actual normalizado non pode impedir o coñecemento do que forma parte da evolución histórica da lingua literaria e pide a edición dos principais textos da literatura galega cunha distribución masiva para o seu coñecemento. Remata reproducindo un texto de Ricardo Carvalho Calero no que denuncia calquera tipo de imposición na creación artística e cultural.

-Joel R. Gómez, “O teatro galego de Ricardo Flores em Buenos Aires”, pp. 311-327.

Achégase á obra de Ricardo Flores, nado en Sada en 1903 e emigrante en Buenos Aires dende 1929, con algunha publicación xa en en Galicia, aínda que foi en América onde desenvolve a súa carreira literaria, centrada especialmente no teatro con obras como *Mai e filha* (1934), *Catro estampas de beiramar* (1961) e obras centradas na literatura popular galega na Arxentina con títulos como *Escolma de cantigas galegas* (1984) ou *Trinta cantigas galegas (reflexos de doma)* (1987), ademais de salientar a súa vinculación coa lusofonía e o reintegracionismo. Explícase que a súa idea do teatro se dirixiu cara á comedia porque o drama considerou que non atraía ao emigrante. Sobrancéanse os éxitos acadados coa representación das súas obras para os emigrantes galegos e recóllense as palabras de Varela Buján nas que di que Castelao consideraba o teatro de Flores o verdadeiro teatro galego, ou as de Maruxa Villanueva que fala da emoción do público ante as súas obras. Tamén se alude ao prólogo de Avelino Díaz para *Catro estampas de beiramar*, no que cualifica o teatro de Flores de “singelo, mais é vívido, latejante”. Fai un percorrido por toda a obra analizando pormenorizadamente as súas características en aspectos como a estructura escénica, o espacio, os personaxes galegos, a escenografía coa casa tradicional galega de fondo, o tempo sempre actual, os contidos nos que sobrancea o amor e os desexos de casar, ademais da presencia de cantigas populares que interpretan os personaxes e, finalmente, o tratamento que fai da emigración en cada unha delas. Conclúe que recuperando as obras de autores da emigración como Ricardo Flores recupérase a memoria dun “povo obrigado a um longo e nunca desejado exilio”.

-Teresa López, “Poesía galega do (Pre)Rexurdimento. Tres poemas ignorados e esquecidos en homenaxe ao actor Julián Romea”, pp. 349-361.

Comeza reproducindo un parágrafo de Carbalho Calero no que se destaca a importancia dos primeiros textos galegos do s. XIX dentro dos que se insiren os poemas que a continuación se analizan de Ezequiel Fernández y Miranda e Emilio Saco y Brey, cada un deles presente con outra composición no *Álbum de la Caridad* dentro de "Mosaico de nuestros vates gallegos contemporáneos". Os poemas que se reeditan forman parte dunha homenaxe ao actor Julián Romea, que estivo na cidade da Coruña en agosto de 1862 representando obras de teatro coa súa compañía, e durante ese tempo Fernández y Miranda dedicoulle "A don Julián Romea, eminente comediante e joia do teatro español. Anjelo e Mingos" e "A don Julián Romea. Un adiós botado a prisa", mentres que Saco y Brey escribe "Despedida. A don Julián Romea". Ofrece algúns datos deste actor referidos especialmente á importancia acadada dentro do teatro español a finais do s. XIX, e descríbense as mostras de entusiasmo dos coruñeses durante a súa estadía na cidade, así como o significado e dimensión que se lle quere dar ás composicións que se lle dedican. A maior relevancia dáselle ao poema "A don Julián Romea, eminente comediante….", baseándose na súa forma dialogada na que se "envolve a finalidade encomiástica", o feito de estar protagonizado por dous labregos, o que favorece a representación colectiva, e co galego como a súa lingua propia, ademais de aproveitar para valorar positivamente Galicia, o que tamén explica que se fai en "Despedida. A don Julián Romea", do que salienta a vontade de facer un texto "culto" sen expresións populares e o uso de recursos como o hipérbato. Compara estes poemas con outros da época e, despois dos criterios de edición, reproduce os tres poemas.

-Armando López Castro, "El sentido de la interioridad en Rosalía de Castro", pp. 363-377.

Faise un repaso pola traxectoria poética de Rosalía de Castro para destacar o aspecto da interioridade, presente en todas as súas obras. Vánsenos comentado as obras desta autora por orde cronolóxica e reprodúcense algúns versos delas. Comeza, polo tanto, por *La flor* (1857), libro inmaduro, aínda que

importante para entender a súa poesía posterior. Segue con *Cantares Gallegos* (1863), onde a voz asume por igual o persoal e o colectivo. De *Follas Novas* (1880) destácase o seu carácter tráxico e indícase que o mellor deste libro está na complexidade da súa vida interior. Ademais déixase constancia das distintas interpretacións que pode ter o símbolo nuclear desta obra: a sombra. Finalmente de *En las orillas del Sar* (1884) saliéntase a visión desolada do mundo e a falta de esperanza que hai neste libro. Para rematar indícase que o trazo da interioridade vai evolucionando ao longo da súa breve e intensa traxectoria poética.

-Elisardo López Varela, “Curros Enríquez: un galego na cuba de 1898”, pp. 379-403.

Despois de indicar que os principais núcleos xeográficos da vida de Curros Enríquez foron Galicia, Madrid e Cuba, explícanse as razóns da súa viaxe a este último país en 1894. Para isto dásenos a opinión de moitos dos biógrafos de Curros e a continuación a do propio articulista, para quen esta viaxe puido deberse a unha conxunción dos diferentes motivos apuntados polos biógrafos. Indícasenos despois cal foi a actividade xornalística e social que este autor desempeñou na illa. Ao pouco de chegar foi director literario de *La Tierra Gallega*, que pronto desapareceu, e traballou tamén en *O Diario de la Marina*. En canto ás súas relacións coa colonia galega destácanse algúns dos conflictos que tivo debido ao seu ímpeto. Finalmente móstransenos cales eran as súas ideas socio-políticas respecto ao problema cubano, salientando o ataque que fixo aos independentistas porque vía a insurrección como un parricidio. Reprodúcese neste apartado o seu poema “En corso”, que mostra a defensa que fai da españolidade da illa e a súa postura contraria aos norteamericanos.

-Elena Losada Soler, “El héroe y la naturaleza: dos temas del romanticismo trágico en elegía a Sir John Moore de Rosalía de Castro”, pp. 405-414.

Faise unha análise do poema de Rosalía “Na tomba do xeneral inglés Sir John Moore morto na batalla de Elviña (Coruña) ó 16 de xaneiro de 1809”, comparándoo con textos doutros poetas románticos, para destacar que neste poema están moitos dos grandes “topoi” do romanticismo tráxico: a morte transcendente, o peso da vida do heroe, marcada polo destino, a soidade redimida polo agradecemento póstumo e a natureza coa que o home ansía confundirse. Vaise destacando, ademais, a maneira en que este xeneral inglés se vai convertendo en lenda, sendo a súa morte un elemento necesario para esta transformación lexendaria.

-Kathleen N. March, “Xurdimento e natureza das vangardas en Galiza”, pp. 415-423.

A autora pregúntase “até que ponto ocorreu aquí unha ruptura estética como as que houbo en diversos sitios nos primeiros anos do século XX”. Analiza a seguir a situación anterior a 1916 e salienta o dominio do tradicionalismo. Considera que non hai ruptura nin mimetismo estéticos nas vangardas galegas, aínda que si vontade de ruptura ideolóxica. Finalmente, achégase con brevidade a publicacións como *A Nosa Terra* ou *Máis alá* para explicar o particularismo da vangarda galega, que “tén que conviver –e asumir até certo pontoun pensamento primitivo, tradicional-histórico, etc., que nos anos 20 especialmente era a ideoloxia dominante na Galiza”.

-M. J. Martínez, “El entremés de *La contienda sobre la pesca del Río Miño* (1671): un problema de definición genérica, pp. 425-444.

Explica que o *Entremés* é a única peza ata agora coñecida do século XVII en galego, portugués e español. Refírese á súa localización, entre os anos 1668-1671 e chama a atención sobre a súa adscrición xenérica, considerándoa unha “pieza única en su factura y concepción”. Fai alusión á comicidade do texto e salienta a “no-conformidad genérica que le aporta toda su riqueza”. Para rematar, relaciona a recorrencia da estructura monolóxica coa “voluntad de graduar el efecto risible y el didáctico en una combinación dosificada de entretenimiento y de reflexión, ausentes del modelo genérico del entremés” e pregúntase se este dobre enfoque tería condicionado o tecido lingüístico da obra.

-César-Carlos Morám Fraga, “Sobre a imagem do vento que muge como unha vaca, ou o tempo de mugir a vaca do tempo”, pp. 567-579.

Aborda a cuestión da datación de dous poemas de Álvaro Cunqueiro, o número 23 de “Cantiga nova que se chama riveira” e o escrito en homenaxe a Hölderlin, con respecto á “Canzón de cuna de Rosalía de Castro morta”, de Lorca. O interese por resolver este problema xorde da arela de querer averiguar quén creou a imaxe “muxir a vaca do tempo” ou “o vento muxe como unha vaca”, Lorca ou Cunqueiro. Por iso, preséntanos varias interpretacións de estudiosos como González Garcés ou Rodríguez Fer, que apostan polo autor de *Os outros feirantes*, ou Henrique Costas, quen di que a imaxe foi orixinada polo poeta andaluz. Por outra banda, asegura que este xogo de palabras en Cunqueiro presenta unha maior elaboración, mentres que en Lorca semella ser máis simple estilisticamente. Remata sinalando que a pesar de que a influencia do autor de

Poeta en Nueva York é evidente no mindoniense e as hipóteses poden ser moitas, “as imagens de Cunqueiro som sempre cunqueirianas”.

-Andrés Pociña e Aurora López, “Notas sobre a pervivencia e difusión actuais da obra rosaliana. Edicións e traduccións de Rosalía dende 1991 ata 1998”, pp. 619-638.

Os autores lembran o posto senlleiro que Ricardo Carvalho Calero ocupa no rosalianismo e presentan unha bibliografía comentada sobre a autora de Padrón que abrangue o período 1991-98 e que se estructura nos seguintes apartados: “Edición de obras completas”, “Edición de obras concretas”, “Antoloxías importantes”, “Traduccións de obras de Rosalía”, “Traballos sobre problemas de edición da obra rosaliana”. A xeito de conclusión, salientan o feito de que Rosalía sexa a autora máis publicada da literatura galega, recomendan non facer edicións descoidadas e denuncian a falta dunha edición crítica de toda a súa obra.

-Elvira Souto Presedo, “Rosa-negro rosaliano”, pp. 689-705.

Parte da fórmula empregada pola estudiosa Elaine Showalter, na súa clasificación da literatura escrita por mulleres, baseada nos termos “feminina, feminista e fémea”, que diferencian tres modos discursivos, para establecer respectivamente tres correspondencias cromáticas: rosa (e branco como sinónimo), vermello e negro. Tras analizar algúns exemplos tomados do cine americano en relación á simboloxía destas cores no vestiario das protagonistas, detense no poemario *Follas Novas*, de Rosalía de Castro para poñer de manifesto “qual a cor –ou as cores- com que Rosalia tingiu a sua denúncia”. Salienta en primeiro termo que a

descrición da imaxe rosa do feminino é unha das constantes máis regulares do libro e que a este significante se unen dous sub-temas ben definidos: a xuventude e a beleza e a dozura do mundo doméstico e dos amores lexítimos. Salienta a recorrente aparición da imaxe rosa como rostro visíbel dunha realidade na que a condición xuvenil é por definición efémera mais que manifesta que a bondade das circunstancias domésticas é fráxil e oculta un interior sombrío. Relaciona esta identificación da realidade con outras autoras contemporáneas de Rosalía noutras literaturas (Mary E. Braddon, Rhoda Broughton, Helen Mathers ou Charlotte Brönte) nas que a representación do rosa agacha igualmente o negro sen facer explícito o vermello. A seguir analiza a claustrofobia presente en boa parte das composicións de *Follas Novas* que manifestan a reclusión na casa da muller, identificado este como lugar de espera e evocación do home ausente e/ou gardador da súa castidade.

-Anxo Tarrío Varela, “Cómo está feito o relato “A luz en silenzo” de Rafael Dieste”, pp. 707-724.

Reprodúcese o relato “A luz en silenzo”, de Rafael Dieste, pertencente ao volume *Dos arquivos do trasno*, e o limiar do libro, integrado por seis pensamentos aforísticos nos que o autor expón a súa concepción do xénero. Antes da análise do relato, cítase o traballo de Arturo Casas, *Rafael Dieste e a súa obra literaria en galego* (1994), sinalando que nel se destaca a importancia que Dieste lle outorga ao remate na construcción deste conto, aínda que Tarrío opina que o final de “A luz en silenzo” está concibido en función da historia e construído máis sobre a *elocutio* que sobre a *dispositio*. A seguir analiza a poética do conto achegada por Dieste no limiar e, recorrendo de novo ao profesor Casas, salienta as diferencias que existen entre Dieste e Poe no que atinxe á concepción do conto que ambos deixaron explicitada por escrito: mentres Dieste só elaborou eses seis pensamentos, Poe estendeuse moito máis; se para Poe o conto é “unha breve narración que nos sulaga na lectura entre media e dúas horas”, a escritura de Dieste non se axusta nunca a esta

demarcación temporal, xa que os seus contos lense en moito menos tempo, sendo máis breves e concentrados. Sinala tamén, de acordo con Casas, a importancia que confire Dieste ao lector como colaborador pragmático na construcción do efecto que se quere conseguir e que o distancia de Poe. Tras destas consideracións analiza a posta en práctica dos axiomas diesteanos subliñando a importancia do remate, latente ao longo do relato, e a unidade emotiva. Explica que “A luz en silenzo” anuncia o final dende as primeira liñas, así como as estratexias narrativas que utiliza o narrador para engaiolar os seus lectores dende o eido da *elocutio*. En canto á estructura do relato divídeo en tres partes: a primeira –síntese, pistas ofrecidas ao lector e situación inicial que informa dos motivos dunha viaxe que debe facer o narradorprotagonista– corresponderíase co exordio clásico e reúne os topos da *captatio*, a *propositio*, a *divisio* e a *insinuatio*; a segunda contén o desenvolvemento do suceso e nela recoñece catro espacios cronotópicos enmarcados nas dúas viaxes que realiza o protagonista: da cidade á casa na primeira e da sala á alcoba na segunda, que dan lugar a un paralelismo de resultado contradictorio que resulta apropiado para o desacougo. Así a cidade é o lugar do equilibrio e a normalidade, mentres que a sala é o lugar da tensión, do temor e da loita. A terceira parte supón o remate do relato e nela Tarrío identifica a presencia do terceiro, cuarto, quinto e, sobre todo, do sexto dos aforismos de Dieste, centrándose nos elementos de cohesión, nas recorrencias semánticas artelladas ao redor do medo, o deterioro e o inconcreto.

-Elias J. Torres Feijó, “Medicina legal vs medicina legítima: a estrategia textual ao serviço dum mundo em declínico num conto de Otero Pedrayo”, pp. 733-757.

Despois de facer unha síntese argumental e unha presentación dos personaxes e do tempo narrativo, analiza as diferentes estraxias textuais, o tratamento dos dous personaxes protagonistas, a reducción do espacio temporal, a presentación do tránsito entre dous mundos, a desviación do foco narativo cara a un dos

personaxes e a introducción de elementos humorísticos, empregadas por Ramón Otero Pedrayo no conto "Medicina Legal", pertencente ao seu libro *Contos do Camiño e da rúa* publicado en 1932, e explica a significación deste relato, distinguindo entre esta e a intencionalidade do autor, facéndose eco de afirmacións de Ricardo Carballo Calero que considerou o libro como a mellor obra literaria do ano no que foi publicada.

-Ramón Nicolás Rodríguez, "Unha cala na prensa de posguerra: *Faro de Vigo* 1949-1964. A cultura galega entre a precariedade e a resistencia", pp. 911-925.

Fai un repaso pola actuación do xornal *Faro de Vigo*, marcado por unha liña ideolóxica de conservadorismo oficialista, como elemento de resistencia cultural galega de posguerra na época que comprende dende 1949 ata 1964, ofrecendo datos sobre os seus directores unha nómina dos seus colaboradores, tanto os que eran habituais nas súas páxinas, entre os que se atopan Álvaro Cunqueiro, Fernández del Riego e o propio Carballo Calero, coma os que verquían escritos esporadicamente, así como da temática das distintas colaboracións. O estudio inclúe, a modo de apéndice, un escrito de Ricardo Carballo Calero, "Crítica decimonónica", publicado nas páxinas do *Faro de Vigo* o 17 setembro de 1961, no que aborda o tema da literatura galega na época do Rexurdimento.

-Ramón Varela Punhal, "Relaçons Galiza-Portugal em Castelao", pp. 1007-1044.

Análizase a relación que une a Galicia con Portugal tomando como punto de partida as ideas expostas por Castelao na obra *Sempre en Galiza*. Tras referirse á actualidade do tema tratado, deféndese a necesidade de

considerar “Portugaliza” como unha única nación. Menciónanse algúns dos acontementos históricos que explican o presente de Galicia e Portugal. Coméntanse tamén os atributos nacionalitarios nos que se fundamenta a unión destes dous pobos. Sinálanse, a este respecto, cuestións vencelladas co territorio, a raza, a lingua, a cultura, a morfoloxía social e económica, e a historia. Saliéntanse, ademais, as relacións que os intelectuais galegos e os portugueses mantiveron en certos momentos. Así mesmo, fálase dos cambios políticos que deben xurdir ao recoñecer a existencia de “Portugaliza”. Finalmente, valórase a aportación de Castelao como o intento más serio “para dotar dumha base teórica às relaçons Galiza-Portugal”. Apúntase tamén o feito de que as propostas do autor de Rianxo se sitúen sempre nun plano demasiado xeral.

Referencias varias:

-M. B., “El Parlamento homeajea a Carballo Calero con un libro”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 18 outubro 2000, p. 39.

Coméntase a presentación no Parlamento galego de *Estudios dedicados a Ricardo Carballo Calero*, obra coordinada por José Luís Rodríguez. Tras salientar a presencia de varios familiares e amigos do homenaxeado, insístese na temática variada dos dous volumes que recollen traballos de centoseis especialistas dos máis diversos eidos. Coméntanse tamén as louvanzas de José Luís Rodríguez polo “carácter de “homenaxe universitario” que posúe esta obra. Asemade, destácase o artigo no que Darío

Villanueva lembra que Carballo Calero sempre defendeu a democracia. Finalmente, faise referencia ao traballo no que José María García insiste na merecida homenaxe que supón este libro para a figura do profesor Calero.

-Xosé María Dobarro, “Na lembranza dun mestre”, *Diario de Ferrol*, “Sine ira et studio”, 2 novembro 2000, p. 21.

Lémbranse algúns datos da vida de Ricardo Carvalho Calero. Así, sinálase a data do seu nacemento da que vén de cumprirse o noventa aniversario. Tamén se salientan os estudios que cursou este autor, así como o feito de que Manuel Comellas Coímbra e Nicolás García Pereira fosen seus mestres. Asemade, menciónase a publicación dos dous volumenes de *Estudios dedicados a Ricardo Carballo Calero* editados pola Universidade de Santiago e polo Parlamento de Galicia. Por último, coméntanse as presencias e ausencias das colaboracións recollidas nesta obra.

Rodríguez Guerra, Alexandre, *Epistolario galego de Miguel de Unamuno*, prólogo de Ramón Mariño Paz, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades/Xunta de Galicia (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dirección Xeral de Política Lingüística), 595 pp. (ISBN:84-453-2934-0).

Este groso volume ábrese cunha chamada aos lectores de Ramón Mariño Paz, que dende o "Limiar" fai unha louvanza da tese de doutoramento do autor do libro (da que o presente é só unha parte), para que pescuden e gocen con todo o saber que transmite este libro. A seguir vén unha demorada introducción dividida en catro partes: Os galegos e M. de Unamuno e M. de Unamuno visto polos galegos; o epistolario, que conforma o groso do volume; un epílogo que procura a xustificación da obra e o recoñecemento da figura de Unamuno; e os respectivos índices. A primeira das partes divídese en varios epígrafes baixo os que se sistematizan as características das epístolas e dos seus autores. Obsérvase dende a cronoloxía e a cantidade de cartas ata a lingua da carta, a idade dos correspondentes, relacións con Unamuno, as profesións, os temas, etc. Por outra parte, analiza as distintas lecturas que os galegos fan de Unamuno. Xa na segunda parte recóllense as cartas e comunicacións dos galegos con M. de Unamuno, que segundo indica pasou dos douscentos cincuenta interlocutores. Por último, aparece un breve epílogo no que se insiste na xustificación desta obra e a falta de recoñecemento da figura de M. de Unamuno, polos galegos de arestora como no seu día polos galegos coetáneos do intelectual vasco.

Rodríguez Rivas, Ana María, *Xosé Trapero Pardo. A crónica dun século*, XIVº Premio literario Ánxel Fole 2000, A Coruña: Fundación Caixa Galicia, 2000, 351 pp. (ISBN: 84-95491-21-4).

Ana María Rodríguez Rivas sintetiza neste volume a vida e a obra do escritor e xornalista Xosé Trapero Pardo (Castro de Rei, 1900-Lugo, 1995). No "Limiar", a autora afirma que se trata dunha homenaxe que pretende amosar a cronoloxía da persoa e a cronoloxía do xornalista, achegando para iso o resultado do cotexo das máis variadas fontes. O libro estructúrase en tres partes. Na primeira, "A vida", recomponse a biografía de Trapero Pardo a través de numerosos capítulos breves que van completando diversos momentos da súa vida: o paso por Mondoñedo, que supuxo o seu comezo literario nun marco cultural que contaba coa presencia de Álvaro Cunqueiro, Noriega Varela, Crecente Vega, Aquilino Iglesia Alvariño, Luís Pimentel, etc.; as incursións na política municipal na IIª República; a experiencia radiofónica; a dirección do Museo Provincial; e outros méritos como o cargo de Cronista Oficial de Lugo ou a entrada na R.A.G. Tras senllas relacións dos seus títulos e cargos e dos seus libros, o segundo bloco, "A obra", analiza o seu papel nas publicacións *Justicia*, *Acción Social*, *Renovación*, *Vallibria* (que el fundou), *La Voz de la Verdad*, *El Progreso*, *Heraldo de Vivero* e *Hoja del Lunes*, nas que desempeñou diferentes funcións e nas que usou varios pseudónimos, o máis coñecido, Trapacero. Precisamente, no último apartado, "Pelúdez: a retranca e a idiosincrasia do galego", fala doutro pseudónimo indisociábel a Trapero Pardo e que por veces eclipsaba ao autor real: Pelúdez, personaxe creado por *El Progreso* que acadou sona da súa man como "fiel expoñente

da psicoloxía popular galega” mediante o cal proxectaba unha intención cultural, social e cívica, ademais da crónica da cidade e as súas xentes.

Roig Rechou, Blanca-Ana (coord.), *Informe de literatura 1999. A literatura galega no 1999 e a súa recepción*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dirección Xeral de Política Lingüística)/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2000, 965 pp. (ISBN: 84-453-2924-3).

Nova entrega do *Informe de Literatura* correspondente ao ano 1999 e elaborado por un equipo de redactores, tanto do Centro Ramón Piñeiro coma externos ao mesmo. Dirixido e coordinado por Blanca-Ana Roig Rechou, que conta coa axuda de Eulalia Agrelo Costas, así como dos bolseiros do proxecto Mario Romero Triñanes e Alexandra Cabaleiro Carro. Como en edicións anteriores, ábrese o volume cunha breve presentación institucional e unha "Nota previa", na que a coordinadora ademais de salientar as pretensións da publicación e o afán de mellora que preside o proxecto ano tras ano, fai un repaso de cada un dos apartados que constitúen a obra, referíndose ás fontes consultadas e aos criterios que se empregan para facilitar unha máis productiva achega á literatura galega recollida en cada entrega deste repertorio bibliográfico comentado. A continuación, reprodúcense unha serie de estatísticas nas que se reflicte a producción dos diferentes apartados segundo os xéneros e a presencia que tivo o feito literario galego tanto nos xornais e revistas galegas coma foráneos. A seguir, están os apartados do volume estructurados en "Narrativa", "Poesía", "Teatro", "Día das Letras Galegas: Roberto Blanco Torres", "Ensaio. Teoría Xeral. Crítica. Biografías. Crónicas", "Clásicos greco-latinos traducidos", "A literatura infantil e xuvenil galega", "Literatura de transmisión oral", "Revistas", "Premios", "Literatura medieval", "Folletos de novidades editoriais", "Páxinas Web", "Apéndice

libros doutros anos non recollidos nos *Informes* anteriores", "Índice Onomástico" e "Índice Temático". Esta nova edición vén acompañada tamén dun CD-ROM no que se recollen os *Informes de Literatura 1995*, *1996*, *1997*, *1998* e *1999*.

Sánchez Puga, Xosé (coord.), *Escritores do Día das Letras Galegas*, Santiago de Compostela: Federación de Libreiros de Galicia/Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (Dirección Xeral de Política Lingüística), 2000, 47 pp. (Sen ISBN e Sen DL).

Con motivo da celebración do Día das Letras Galegas, a Federación de Libreiros de Galicia presentou esta edición non venal que, gratuitamente, se repartiu nas librerías. Tratáse dun volume no que se fai un percorrido cronolóxico dende o primeiro ano que se celebrou esta efeméride, 1963, ata a actualidade, ano 2000. Neste percorrido vaise dando conta en cada un dos anos do personaxe homenaxeado, do que se achegan unha serie de datos sobre a súa biografía e sobre a súa obra. Así, aparece autores como Rosalía de Castro (1963), Antonio Noriega Varela (1969), Ramón Cabanillas (1976), Luís Amado Carballo (1982), Celso Emilio Ferreiro (1989), Fermín Bouza Brey (1992), Ánxel Fole (1997) ou Manuel Murguía (2000).

Referencias varias:

-Dora Vázquez, “O tesouro das Letras Galegas”, *La Región*, “De paso”, 13 xuño 2000, p. 22.

Comentario centrado na obra *Escritores do Día das Letras Galegas* (1999), de Xesús López Fernández e Xoán Carlos Rodríguez Pérez baixo a coordinación de Xosé Sánchez Puga, na que se fai un compendio daqueles autores que foron homenaxeados no Día das Letras Galegas dende hai trinta e oito anos. Repasa a presencia destes persoeiros pola súa pertenza a cada unha das catro provincias galegas, ou aqueles que como Luís Seoane, Cotarelo Valledor ou os trobadores do Mar de Vigo e o Rei Sabio, procedían de fóra de Galicia ou dun tempo moi distante. Louva a gran cantidade de información que se atopa sobre cada un deles e considera a obra un “tesouro que ninguén nos poderá tirar, o tesouro das Letras Galegas”.

Suárez Suárez, Manuel (coord. editorial), *Escritores da Costa da Morte*, introducción de Xosé María Rei Lema, Cee-A Coruña: Asociación Neria, 2000, 34 pp. (DL: C-1631-2000).

Breve catálogo que se abre cunha introducción de Xosé María Rei Lema na que explica que a intención da publicación foi a catalogación dos escritores da Costa da Morte, e apunta tamén os criterios que seguiron á hora de seleccionar os autores. A seguir, dáse paso as fichas bibliográficas de cada autor, incluídos en tres grandes bloques baixo os epígrafes que responden aos xéneros “poesía” “narrativa”, e “investigación e ensaio”. No caso do xénero poético establecen dous apartados: “Século XIX” e “Século XX” mentres que no xénero narrativo diferencian entre os autores de literatura “infantil e xuvenil” e “adulta”. En cada ficha ofrécese un breve percorrido pola súa vida e obra e debaixo a lista dos libros publicados por cada autor ordenados cronoloxicamente.

Referencias varias:

-Jesús Trillo, “Cee, capital del libro”, *El Correo Gallego*, 14 agosto 2000, p. 40.

Noticia da inauguración da Feira do Libro de Cee na que se informa da lectura do pregón por parte de Miro Villar, da súa lembranza dun acontecemento semellante protagonizado polo *Batallón Literario da Costa da Morte*, da alusión ao *Catálogo de Escritores da Costa da Morte* que será presentado na próxima feira, e da demanda de maiores investimentos culturais nas vilas.

Tarrío Varela, Anxo (coord.), *Os Séculos Escuros. O século XIX*, A Coruña: Hércules Ediciones, tomo XXXI, 2000, 527 pp. (ISBN do tomo XXXI: 84-89468-73-7) (ISBN da obra completa: 84-89468-65-6).

Volume coordinado por Anxo Tarrío Varela, que se atopa dividido en diferentes partes, nas que diversos estudiosos se centran na literatura galega dos Séculos Escuros e o século XIX. Na primeira parte, titulada "A literatura dos Séculos Escuros", Domingo Blanco detense na análise das "Manifestacións literarias e a literatura popular entre os séculos XVI e XVIII", mentres que J. A. Souto Cabo estudia "As falsificacións literarias do século XVII". Na segunda parte, titulada "O século XIX. A literatura do Prerrexurdimento", Xosé Mª Dobarrro Paz fala de "O nacemento dunha literatura", deténdose nos Precursores, no papel da prensa periódica e das sociedades culturais no espertar de Galicia. Por outra parte, María do Carme Ríos Panisse, céntrase no "Prerrexurdimento", tratando as obras de propaganda, as obras de intención literaria escritas dende comezos do século XIX ao Romantismo e o Romanticismo; e "Os inicios do Rexurdimento (1840-1868)". Na terceira das partes, titulada "O século XIX: A literatura do Rexurdimento", Anxo Tarrío refírese á vida e obra de Rosalía de Castro. Así mesmo, Manuel Forcadela estudia a Eduardo Pondal, a Manuel Curros Enríquez e a poesía de finais do século XIX. A seguir, Modesto Hermida García trata "A prosa narrativa no tempo do Rexurdimento" e "A prensa e as institucións na emigración"; e Anxo Abuín González e Euloxio R. Ruibal "O teatro Galego no século XIX".

Referencias varias:

-Concha Pino, “Hércules de Ediciones publicará seis tomos sobre la literatura gallega”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 11 maio 2000, p. 76.

Crónica da presentación en Santiago dos seis tomos dedicados á literatura galega dentro do Proxecto Galicia da Editorial Hércules, do que se presentou ao público o primeiro volume da serie nun acto celebrado en San Domingos de Bonaval ao que asistiron Manuel Fraga e o editor Francisco Rodríguez. Infórmase que o acto contou tamén coa presencia de Darío Villanueva, coordinador desta colección, que destacou o traballo de grupo da publicación que asegura unha perspectiva plural dende unha metodoloxía rigorosa e recordou que o primeiro tomo da serie de Literatura Galega corresponde á Literatura Medieval e está coordinado pola catedrática Mercedes Brea mentres que os catro seguintes están a cargo de Anxo Tarrío e o sexto, integrado por autores galegos que escribiron en castelán, conta coa coordinación de José Manuel González Herrán.

Tato Fontaíña, Laura (coord.), *Caderno de Homenaxe a Carvalho Calero*, Ferrol: Asociación Cultural Medúlio/Concello de Ferrol, 2000, 46 pp. 2000, (DL: C-549-00).

Despois dunha breve presentación do volume e da reproducción do Manifesto das Entidades Culturais de Ferrol titulado “Dez anos con Carvalho Calero na memoria”, ofrécense numerosos artigos que a continuación se recensionan, e entre os que aparecen poemas como o de Xoana Torres “Por que lugar do muro” e os de Vicente Araguas “Ricardo Carballo na illa de Arán” e “Nadadora (Homenaxe a Ricardo Carballo Calero)”.

- Xosé Mª Dobarro Paz, “Despois de case vinte anos”, pp. 3-4.

Breve artigo no que o autor lle brinda o seu “tributo de admiración ao Profesor Carballo Calero”. Lembra a homenaxe que, no ano 1981, lle rendeu a Universidade de Santiago de Compostela con motivo da súa xubilación. A seguir, cita tres libros de conversas con Carballo Calero que viron a luz dende entón: *Conversas en Compostela con Carballo Calero* (1986), de Miguel Anxo Fernán-Vello; *Conversas con Ricardo Carballo Calero* (1989), de Carmen Blanco; e *Voz e Silencio: entrevista con Ricardo Carballo Calero* (1991), de Francisco Salinas Portugal. A seguir, céntrase na faceta de profesor de Calero e remata o artigo cunha referencia ao seu labor como investigador no ámbito universitario.

-Francisco Fernández del Riego, “Presencia de Carballo Calero na cultura galega”, pp. 5-6.

Lembra a figura e a obra de Ricardo Carballo Calero, ao que coñeceu no Seminario de Estudos Galegos. Cita algunhas das empresas nas que colaboraron como o citado Seminario de Estudos Galegos ou a revistas *Nós* e *Universitarios*. A seguir, afirma que Carballo Calero posuía "o don da palabra, falada e escrita" e que esta foi o seu mellor instrumento de exposición e creación. Para rematar, salienta que a obra de Carballo Calero "é vasta", que nela se abranguen os máis diversos xéneros dende a poesía, a novela, o teatro, a biografía, ata a crítica lingüístico-literaria.

-Francisco Rodríguez Sánchez, "Aportazón de Carvalho Calero ao estudo da literatura galega", pp. 15-17.

Ofrece un extracto da conferencia pronunciada en Ferrol o 17 de decembro de 1981, nun ciclo organizado pola Sociedade Cultural Medulio en homenaxe ao profesor Ricardo Carballo Calero, no que se achega á figura deste e lembra o seu labor no Seminario de Estudos Galegos, nas Irmandades da Fala e na Xeración Nós.

-Araceli Herrero Figueroa, "A poesia de Ricardo Carballo Calero (1927-1961)", pp. 19-22.

Análise da poesía de Ricardo Carballo Calero que se inicia centrándose na obra *Pretérito Imperfeito*, na que se recolle case toda a súa obra lírica en galego publicada entre os anos 1927 e 1961. A seguir, cita outros poemarios do autor, en galego e castelán, como *Trinitarias* (1928), cun prólogo do profesor García Pereyra; *Vieiros* (1930), con poemas compostos entre os anos 1927 e 1930; *La soledad confusa* (1932); *O silenzo axionllado. Pretérito Imperfeito* (1934), no que recollen "cuase todos os textos deste volume no que podemos

destacar a orientación para o creacionismo e ultraísmo"; *Anxo de terra* (1950), dividido en dúas partes; *Poemas pendurados dun cabelo* (1952), dividido tamén en varias partes, ou *Salteiro de Fingoi* (1961), estructurado en catro seccións nas que "domina a preocupación polo sentido transcendental da existéncia". Para rematar, alude ao léxico das obras, "incríbelmente rico" e aos temas principais como "a muller, a transcendéncia e o civismo", así como á forma dos poemas.

-Xosé Anxo Fernández Roca, "Carballo Calero no seu teatro", pp. 23-28.

Amplo estudio sobre a obra teatral de Ricardo Carballo Calero. Cita algúns dos estudios críticos que Calero escribiu sobre o teatro de Cabanillas, Cunqueiro, Xohana Torres e Mariñas del Valle; alude á súa faceta de director teatral mentres estivo no Colexio Fingoi de Lugo. A seguir, cita e analiza, con detalle, as súas obras teatrais: *O fillo* (1935), *Catro pezas* (1971) que inclúe "A sombra de Orfeu", "Farsa das zocas", "A árbore" e "Auto de prisioneiro", ademais do *Teatro completo* (1982).

- Mª do Pilar García Negro, "A gente da Barreira", pp. 29-32.

Análise de *A xente da Barreira*, publicada por vez primeira en 1951 e galardoada no ano anterior co premio de novela convocado pola Editorial Bibliófilos Gallegos. Afirma que a novela é "unha peza magnífica para facermos un paseo 'cinematográfico" a través da Galicia do século XIX, na que o pano de fondo histórico vai dende a guerra contra os franceses ata o remate do século, e mesmo os primeiros anos do seguinte. Di que

se trata dunha novela de época, “con alta capacidade informativa da situación e das personaxes”. Para rematar, ofrécese un diagrama dos diferentes personaxes que interveñen na obra.

-Ernesto Guerra da Cal, “Preito mítico”, pp. 33-35.

Reproducción do chamado “Preito mítico ao Mariscal Don Pedro Pardo de Cela”, heroi e mártir da Independencia Galega “no 497º Aniversario da sua Decapitaçon”. O poema vai dirixido a Ricardo Carballo Calero “Capitán-Mor da Defensa da Língua Galaico-Portuguesa na Galiza de Hoje”.

-Maria Pilar García Negro, “Inauguración da biblioteca ‘Ricardo Carballo Calero’. Parlamento de Galiza, 27 de xuño de 1997”, pp. 43-46.

Reprodúcese o discurso pronunciado por María Pilar García Negro con motivo dunha homenaxe que lle renderon ao profesor Ricardo Carballo Calero. García Negro fala como alumna de Carballo Calero centrándose no seu labor como lingüista, historiador, “autor dunha monumental *História da Literatura Galega Contemporánea*”, filólogo, erudito, divulgador, investigador, ensaísta, narrador, dramaturgo e poeta.

Toro, Suso de, *O país da brétema. Unha viaxe no tempo pola cultura celta*, Madrid: Grupo Santillana de Ediciones, maio 2000, 273 pp. (ISBN: 84-03-09204-0).

Suso de Toro mergúllase neste libro na cultura celta a través dunha viaxe na que vai percorrendo a súa historia e as súas lendas. As páxinas deste volume condúcennos polos episodios protagonizados por Neimbed, Conaninn, a guerreira Morrigan, o deus Lugh, Cú Chulaín, as fazañas de Finn, o casamento de Branwen e outras moitas lendas de amores, loitas e morte. O autor amosa así a existencia dos celtas como pobo creador dunha cultura propia, a transmisión oral dos seus costumes, cultos e leis, o seu modo de entender a vida e a morte, as invasións que emprenderon, as súas viaxes e a súa descendencia. Xustifica mediante este percorrido a existencia e a importancia dese mundo do pasado para entender o noso presente e exalta o celtismo como sustrato racial dos galegos, lembrando a súa resonancia no mundo de moitos escritores, dende Joyce ou Synge ata Pondal, o Grupo Nós ou Cunqueiro.

Recensións:

-María Xesús Lama, “Volve, si, a ollada cara ó interior, cara ó profundo, cara ás orixes”, *Grial*, “Libros”, nº 148, outubro-novembro-decembro, Tomo XXXVIII, 2000, pp. 695-697.

Sitúa a obra a medio camiño entre a historia e a lenda, entre a maxia e o misterio, elementos que caracterizan as últimas obras de Suso de Toro. Explica o contido e a estructura narrativa da obra, a partir da testemuña de dous corvos que actúan como narradores. Sitúa cronoloxicamente a historia narrada e lembra que supón "recuperar unha maneira pre-racionalista e pre-industrial de estar no mundo". Considera que hai na obra "unha intencionada valoración romática da cultura celta" ao identificala coa imaxinación e coa sentimentalidade, uns trazos que a opoñen ao inimigo romano.

Referencias varias:

-Dora Vázquez, "De Toro reescribe los mitos celtas en su nuevo libro "O pobo da brétema", *El Ideal Gallego*, 14 xaneiro 2000, p. 17.

Informa da presentación do novo libro do escritor galego Suso de Toro, *O pobo da brétema*, no que di que analiza os mitos, tradicións e crenzas celtas, levada a cabo polo propio autor da obra no Iº Simposio Internacional de Estudios Célticos que se celebrou na Facultade de Filoloxía. Así mesmo, lembra que neste congreso participaron tamén o profesor Antonio de Toro, director do departamento de Filoloxía Inglesa da Universidade da Coruña, que analizou a influencia que tivo a literatura irlandesa en España e en Galicia; a profesora Jacqueline Hurtley, da Universidade de Barcelona, que falou da relación entre o autor Walter Starkie e o Camiño de Santiago, e o catedrático de lingua inglesa da Universidade de Santiago de Compostela, Fernando Alonso Romero, que expuxo a súa visión do paralelismo entre os mitos célticos e

xermánicos, en relación coa fin do mundo no folclore galego. No mesmo artigo, recóllese parte do programa que se desenvolverá en días sucesivos.

-C. P., “Suso de Toro presentou ‘*O país da brétema*’, un libro sobre os celtas”, *La Voz de Galicia*, 9 xuño 2000, p. 76.

Faise eco da presentación desta obra que Suso de Toro realizou por encargo da editorial Aguilar. Sinala que se trata dunha obra “de non ficción” que supón “unha viaxe por toda a cultura celta”. Dá conta das personalidades asistentes ao acto e da intervención do autor santiagués, que explicou brevemente como se xestou este libro.

-E. Rodríguez, “Suso de Toro propone un acercamiento a los mitos celtas”, *El Mundo. Galicia*, 22 xuño 2000, p. 69.

Alúdese ao contido da última entrega de Suso de Toro, *El pueblo de la niebla*, coa que pretende atoparlle un sentido ás cousas, “optando por recuperar los orígenes y tradiciones en vez de mostrar el caos del mundo”.

-Rosa Míguez, “Suxerencia”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, 25 xuño 2000, p. 14.

Breve noticia na que presentan diversas novidades editoriais. No referente á literatura galega presenta a nova publicación de Suso de Toro da que achega unha breve referencia sobre a súa temática. Tamén dá conta da nova novela de Agustín Fernández Paz, *Aire Negro*, da que ofrece unha sucinta nota sobre o argumento.

-Lalo Vázquez Gil, “O pobo da néboa”, *Atlántico Diario*, “Tiempo de Vigo”, 22 xullo 2000, p. 24.

Comentario sobre o último libro de Suso de Toro, no que se di que exalta o celtismo como sustrato racial dos galegos. Afírmase que nesta obra fai “un percorrido pola tradición lembrando as fermosas historias que van dende Neimhed, o que viu a Torre Áurea e que chega a Eirín”. Así mesmo, comenta que nel se xustifica a existencia deste mundo que influíu en todas as culturas europeas, mesmo nos romanos que os venceron en Vergingétoris, e que fixeron do mundo daquela un gran santuario, onde os druídas desenvolvían a súa liturxia e ensinaban as leis, os costumes e tradicións que os novos retiñan memoristicamente a través de cantos.

Torres Feijó, Elías (coord.), *Os pousos da pedra. Compostela/The stone sediments.Compostela*, trad. María Rodríguez Casal, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela/Galego no Mundo Latim em pó-Compostela 2000-Concello de Santiago, 2000, 74 pp. (DL: C-2332-2000).

Obra editada con motivo da celebración dos Encontros Galego no Mundo "Latim em pó" na que se recollen textos dos coordinadores das diferentes áreas que forman parte do evento, ofrecendo a súa particular visión sobre a cidade de Compostela. Todos os textos aparecen en galego coa versión ao inglés feita por María Rodríguez Casal e precedidos de catro prólogos: de Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde da cidade; Manuel Portas Fernández, Concelleiro de normalización lingüística; e Xosé Manuel Rivera Otero, Vicerrector de Extensión Cultural da Universidade de Santiago de Compostela, nos que lle dan a benvida á celebración e aos participantes e se refiren a este evento. Finalmente, o cuarto prólogo vén asinado polo coordinador do encontro, Elías J. Torres Feijó, que fala do significado de Santiago de Compostela e adianta os contidos da obra. Os textos que podemos atopar, damos conta deles de seguido:

-Xosé María Palmeiro, "Un camiño no milagre", pp. 12-17.

Leva ao lector polos diferentes itinerarios que ofrece Compostela, como fin do camiño do peregrino, paseando polas súas rúas e prazas, dá unha visión da cidade na que destaca a súa abertura ao que chega, lugares

como o Obradoiro ou o valor da pedra que todo o inunda na cidade do “Santiaguiño” como lle chama o pobo ao apóstolo.

-Suso de Toro, “A cova escura no mundo eléctrico”, pp. 18-23.

Comeza referíndose á orixe de Santiago de Compostela como lugar sinalado por unha estrela e o poder que foi esparexendo polo mundo dando nome a outros lugares de América. Segue coa época na que chegou o sono, simbolizado nunha princesa de pedra que agarda o alento dun bico que a esperte. Este bico considera que vén dado polos medios de comunicación nos últimos anos e reflexiona sobre o cambio que experimentou a cidade antes tranquila, familiar e provinciana e agora rebuldeira e chea de turistas, sendo a chuvia a que lle devolve a tranquilidade perdida cando a xente se recolle e aflora así a cidade de sempre.

-Xavier Villaverde, “Tras o vidro víase xente baixo as cornisas”, pp. 24-29.

A voz narrativa relátanos a viaxe a Santiago co seu pai cando tiña trece anos para visitar á súa avoa enferma de cancro nun hospital da cidade. Describe o sentimento estraño ante a dor da anciá e da propia familia, a visita á catedral coa nai para sacalo do hospital, o ambiente da cidade pragada de policías que corrían detrás de mozos que escapaban berrando e o soño que tivo coa súa avoa antes de marchar de volta para a súa cidade.

-Emilio Cao, “Compostela, cando os animais falaban”, pp. 30-35.

Ofrécese a particular visión dunha cidade na que o protagonismo vén dado por unha sociedade animal na que os humanos están ao servicio destes. Lémbrase Santiago de Compostela cando o reparto das gasosas e cervexas se facía con cabalos e se celebraba os xoves na Alameda de Santa Susana a feira de gando. Faise unha fabulación da cidade dende o punto de vista da sociedade animal e non da humana.

-Carlos Quiroga, “Compostela egotrip á chuva”, pp. 36-43. Quere ofrecerse unha visión de Compostela dende o Monte Pedroso, pero coa néboa o autor ten que pechar os ollos e guía coa imaxinación ao lector pola Compostela que coñece perfectamente, describíndoa con abondosos detalles. Durante o percorrido vanse intercalando treitos poéticos con versos da súa obra *g.o.n.g.*, e tratando temas como a fealdade da zona nova na que se concentran os estudiantes fronte á zona vella coas rúas máis emblemáticas do “labirinto” compostelán. Remata decidindo que o mellor é achegarse á cidade e convida ao lector a que o acompañe a ver Santiago dende dentro.

-Xosé Manuel Sarille, “De San Roque a Compostela”, pp. 44-51.

Achéganos á cidade que atopou cando chega en 1974, con dezasete anos, para estudiar. Lembra a actitude desafiante dos alumnos, a falta de interese polas aulas pero si polos bares. Achéganos tamén á vida nos pisos do Ensanche, o cambio que levan a cabo os estudiantes das pensións por estes novos emprazamentos todos iguais, contrapondo a beleza da cidade antiga co novo concepto de construcción.

Remata convidándonos a dar un paseo pola cidade actual, sinalando puntos emblemáticos que ofrecen unha boa visión da súa monumentalidade.

-Quico Cadaval, “Compostela en cor”, pp. 52-61.

Faise un percorrido pola cidade recomendando os lugares que considera de maior interese para o viaxeiro, e dos que ofrece datos históricos cos que completar a visión, comezando pola praza de Galicia, pasando pola Porta do Camiño, San Francisco ou a Alameda –antigo escenario das feiras semanais–, a Ferradura e o Barrio do Pombal –do que lembra o seu esplendor de antes fronte ao abandono actual–, ata chegar á ribeira do Sarela para rematar achegándose á catedral dende a praza da Quintana. Finalmente, suxire que se imaxine ás escuras, só iluminada polo luar o que nos dará unha verdadeira idea da orixe da cidade como cemiterio.

-Xurxo Souto, “23 de outubro de 2000” ou “cantata tasqueira da rúa de Sam Pedro”, pp. 62-73.

Nárrase o percorrido que dende as dez da noite fai Publio Fontela, “O Caladiño”, xefe dos servicios de sumidoiros de Santiago, coas agrupacións musicais de Os Estalotes e Os Peteras, visitando os diferentes bares e tabernas da cidade, mentres fóra chove tanto que a cidade se anega e Publio non atende ao seu traballo, absorto na música que interpretan en cada un dos locais aos que chegan. Atopado por un comando especial, Publio sae á rúa e vai tomando conciencia da gravidade da situación que a auga está a provocar na cidade, á vez que tamén se percata de que os culpábeis de tal enchenta son os Estalotes coas súas

cancións, polo que a súa misión será salvar Santiago da inundación, obxectivo que só consegue entoando unha cantarela no pub Fonte Sequelo.

Referencias varias:

-Juan Capeáns, “Lambetada cultural”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 6 decembro 2000, p. 9.

Achega a un dos últimos acontecementos culturais celebrados con motivo da capitalidade cultural de Santiago de Compostela, “Latim en po”, e que vén precedido pola obra *Os pousos de pedra*, publicación de distribución gratuíta en rúas e locais composteláns na que adiantan os contidos das xornadas. Alude tamén á presentación destas xornadas que contan con Elías Torres como coordinador xeral e con outros intelectuais levando a cabo o traballo por áreas. En recadro á parte dá conta dos coordinadores de cada área xunto coas actividades que se propoñen realizar, os convidados cos que contan e aqueles lugares nos que se celebran os actos. No referido á literatura di que está coordinada por Suso de Toro e Carlos Quiroga sinalando un bo número de autores tanto galegos coma da lusofonía, entre os primeiros apunta a Víctor Freixanes ou Miguel Anxo Fernán Vello. No referido ao teatro di que este vén da man de Quico Cadaval, que conta con convidados como Cándido Pazó, Roberto Vidal Bolaño ou Cristina Domínguez.

VV. AA., *Galicia 2001*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2000, 539 pp. (ISBN: 84-453-2967-7).

Neste volume faise unha descrición xeral de diversos aspectos relacionados coa comunidade autónoma galega, como son a súa xeografía, historia, etnografía, política económica ou sanidade. Entre eles, cabe salientar un apartado dedicado ao “Día das Letras Galegas”, no que se fai referencia á creación deste día a partir da proposta feita por Francisco Fernández del Riego en 1963. Así mesmo, explícase que a finalidade da súa celebración está en reivindicar unha lingua e cultura galegas e homenaxear o pobo galego, como creador do idioma, e os escritores como vehículo propio da cultura de Galicia. Por outro lado, achégase unha listaxe dos escritores homenaxeados e ofrécese un pequeno estudio da vida e obra dalgúns deles como son Rosalía de Castro (Santiago de Compostela, 1837-Matanza, Iria Flavia, 1885), Alfonso Castelao (Rianxo, 1886-Arxentina, 1950), Eduardo Pondal (Ponteceso, Bergantiños, 1835-Coruña, 1917), Manuel Curros Enríquez (San Breixo, Celanova, 1851-Habana, 1904), Ramón Cabanillas (Fefiñáns, Cambados, 1876-1959), Antón Villar Ponte (Viveiro, 1881-Coruña, 1936), Manuel Antonio (Rianxo, 1900-Asados, Rianxo, 1930), Afonso I (Toledo, 1221-Sevilla, 1284) e Manuel Murguía (Froxel, San Tirso de Oseiro, Arteixo, 1833-A Coruña, 1923).

VV. AA., *Xornadas sobre Rafael Dieste*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, col. Difusión cultural, 2000, 151 pp. (ISBN: 84-453-2521-3).

Tralas introduccións institucionais, recóllense nesta obra os seguintes traballos e intervencións presentados nas Xornadas Rafael Dieste, que se celebraron en Rianxo a finais do mes de xaneiro de 1999 e que versan fundamentalmente sobre diversos aspectos da súa vida, obra e epistolario:

-César Antonio Molina, "Os *Arquivos* de Rafael Dieste", pp. 13-28.

Concorda con Ricardo Carballo na adscrición de Dieste ao grupo dos novecentistas e salienta del o ser un autor bilingüe. A continuación, recorda a historia editorial de *Dos arquivos do trasno*, poñendo especial énfase no progresivo aumento do número de relatos que o integran. Compara o rianxeiro con Fole e, con máis vagar, a obra devandita con *Historias e invenciones de Félix Muriel*. Con este fin estudia a modalización narrativa e a perspectiva mítica dos *Arquivos* e comenta individualmente tanto as historias que os constitúen coma o prólogo. Divide este último en dúas seccións, unha sobre cuestións estructurais do conto e outra na que tenta enunciar definicións metafóricas deste xénero.

-Manuel Aznar Soler, "El tema del retorno a través del epistolario de Rafael Dieste", pp. 35-47.

Examina o tema do retorno en Rafael Dieste a través do seu epistolario, que constitúe un verdadeiro xénero literario na obra do rianxeiro e que verte luz sobre moitos aspectos da súa traxectoria. Manexando un corpus de duascentas oitenta e seis cartas, das que reproduce unhas poucas, sinala que a primeira idea de regreso dáse en 1943 como esperanza colectiva dos exiliados republicanos ao comprobar que unha victoria aliada na Guerra Mundial podería provocar a caída da dictadura. A continuación, considera outra etapa neste proceso a partir de 1947, cando cae na frustración e a morriña se converte en fonte de idealizacións míticas nunha situación de paciencia e de sufrimento. A seguir, considera que estas coordenadas se agudizan no período 1949-1952, coincindindo coa viaxe da súa muller, Carmen Muñoz, a unha España sumida na miseria da moral nacional-catolicista do réxime. A partir de entón, considera que isto se converteu nunha obsesión para Dieste, consciente de que o regreso suporía un compromiso ético, moi duro nas condicións nas que se atopaba a sociedade española. Tamén fala da súa postura como froito dunha conciencia independente e libre que encarna “la conciencia ética y estética del exilio republicano de 1939”. De todos os xeitos, termina afirmando que cando volta en 1961 as condicións seguen a ser desfavorábeis, pasando así a engrosar o exilio interior.

-Xosé Ramón Feixeiro Mato, “A misión galeguizadora de Dieste e a conformación da língua literaria moderna”, pp. 49-87.

Dividido en varios apartados, no primeiro faise unha aproximación á figura de Dieste dende 1919 a 1928 a través da correspondencia mantida co poeta Manuel Antonio na que se observa as cada vez máis marcadas “discrepancias ideolóxicas” entre ambos. Faise referencia tamén á “cuestión lingüística” ofrecendo a opinión de Rafael Dieste. Retómase despois o seu pensamento na década dos setenta, indicando que o seu labor galeguista está máis orientado a unha perspectiva “ética” ca “política e socioeconómica”. Sinálanse tamén

as liñas que seguiu ao longo da súa vida: “o galeguismo” e maila “esquerda comunista española”. Nun segundo apartado, achégasenos á peza teatral *A fiestra valdeira*, de Dieste incidindo na súa “importante contribución á modernización do teatro galego”, e saliéntase como telón de fondo da obra “a cuestión da identidade de Galicia como pobo diferenciado”. A seguir, en “O labor galeguizador de Dieste como xornalista”, faise referencia ao volume recompilatorio dos artigos xornalísticos do autor que abrangue os publicados en *El Pueblo Gallego* do 6 de decembro de 1925 ao 16 de xullo de 1927, indicando os temas tratados. Dá conta ademais dos criterios e metodoloxías seguidas e dos diferentes focos de atención. En “A loita pola dignificación da língua galega”, séguese o estudio do conxunto de artigos salientando a necesidade, segundo Dieste, de dignificar a língua galega en todos os ámbitos, e fálase de como concibía o “mundo da arte e da literatura”. En “A necesidade de construcción da língua literaria moderna”, céntrase no Dieste escritor preocupado por fuxir, na construcción da lingua literaria de “vulgarismos, préstamos, contaminacións prosódicas ou morfolóxicas, etc.”, así como de “dignificar” a lingua entre “labregos e mariñeiros” e “depurala dos erros que a afectan”. A seguir, en “A vontade de estilo: lingua popular máis premeditación”, exponse o axioma de Dieste á hora de elaborar un galego literario, composto, segundo el, por unha “língua viva de fonte popular máis caracterizada por unha maior premeditación”, rexeitando neste sentido a espontaneidade. Péchase o traballo con “Algunhas notas de estilo na obra de Dieste”, nas que tomando como referente as obras de Dieste *Dos arquivos do trasno* e *A fiestra valdeira* se ofrecen algúns aspectos do estilo do escritor de Rianxo.

-Luz Pozo Garza, “Da xente miúda”, pp. 89-97.

Indica que os trasnos e os diaños teñen a súa sede principal no vello reino de Galicia, que se conservaron na memoria colectiva e que foron acrecentados cos contos dos literatos galegos. Sinala as referencias que

sobre Galicia aparecen no *Libro magno de San Cipriano* e analiza a incidencia dos trasnos nos poetas galegos, centrándose en Noriega Varela, Ánxel Fole e Rafael Dieste, co que remata describindo algúns dos contos de *Dos arquivos do trasno*, e afirmando que se cumpriron “os principios previstos polo autor no limiar” deste libro de contos.

-Dolores Vilavedra, “Achegas para unha revalorización do Dieste dramaturgo”, pp. 99-104.

Céntrase no labor de Rafael Dieste dramaturgo e entende que detrás do seu interese polo teatro subxacen unhas razóns que sintetiza no feito de que o autor descubriu neste xénero unha ferramenta especialmente axeitada para se enfrontar con algúns dos problemas que permanentemente o desacougaron como o da identidade, a tensión entre ilusión e realidade e o coñecemento. Neste sentido, pensa que a experimentación que Dieste levou a cabo cos xéneros literarios, e a recuperación dalgúns considerados como marxinais, se explica porque lle resultaban especialmente axeitados para os seus obxectivos gnoseolóxicos. Expón que o autor escolleu o dramático en determinadas ocasións como vehículo de expresión por estar convencido do seu poder expresivo e das posibilidades que ofrece para formular cuestións hermenéuticas máis amplas. Apunta ademais a visión fondamente teatral que Dieste ten da literatura e completa esta achega cuns apuntamentos sobre o texto teórico escrito por el mesmo centrado no papel do director, na subversión e na capacidade do teatro para “crear un feito estético”.

-Luís Miguel Fernández, “Dieste e o cine”, pp. 105-110.

Comeza co seu recoñecemento da marxinalidade que para Dieste ten o cine dentro do conxunto das artes, unha condición marxinal que non lle impediu ver nel unha nova forma de expresión útil para dar a coñecer a súa "falta de conformidade diante da vida e das artes". A seguir, describe a relación do escritor rianxeiro co cine na época da República; salienta a amizade cos directores José Val del Omar e Carlos Velo, a colaboración no filme *Galicia (Finisterre)*, o ensaio "Sobre teatro en cine" e o guión *Promesa del viejo y de la doncella*. Destaca que o autor de *A fiestra valdeira* entende esta arte como unha fonte de ingresos económicos, o que o levou a solicitar cantidades desmesuradas pola gravación do antedito guión. Despois de describir ese traballo, considera o autor do artigo que "a pesar de ser un guión fallido dende o punto de vista deses modelos, acada momentos dunha extraordinaria beleza debido á forte carga poética e simbólica". Finalmente, opina que as ideas diesteanas respecto do cine non disenten das dos seus coetáneos.

-Basilio Losada, "A oralidade na obra de Rafael Dieste", pp. 111-116.

Basilio Losada introduce no comezo desta comunicación o concepto de literatura oral como aposta de modernidade para o século XXI na renovación das narrativas occidentais. A partir desta introducción valora a achega de Rafael Dieste como narrador imitador da oralidade do que di que combina sabiamente oralidade e tradición escrita e aposta polo posíbel coñecemento por parte de Dieste dos relatos mariñeiros do Rianxo de comezos do século XX. Así pois, e seguindo a teoría de Losada segundo a que a literatura do futuro será a das rexións e linguas dialectalizadas, como no caso da literatura brasileira, Dieste sería un escritor moderno, partipante desta narrativa "libérrima, desinhibida, creativa, transgresora dos esquemas normativos".

-Arturo Casas, "Aspectos da razón hermenéutica", pp. 117-132.

Centrándose en dúas obras ensaísticas de Rafael Dieste como son *La vieja piel del mundo* (1935) e *Sobre la libertad contemplativa* (1948), sen esquecer o resto da súa producción, fai unha análise pormenorizada da actitude vital que adoptou o autor, ademais de ver como esta se reflicte nas súas obras, sendo as escollidas representativas das dúas grandes etapas que se diferencian na vida de Dieste. Indica que a primeira se corresponde cunha gran multiplicidade de perspectivas, unha actitude tamén comprensiva e de mediador, mentres que a segunda, coincide co exilio despois da Guerra Civil, e nela dáse unha maior introspección e volta á nenez. Acompáñase esta análise de numerosos parágrafos de ditas obras.

-Francisco Fernández del Riego, “Rafael Dieste no mundo das letras”, pp. 133-137.

O presidente da Real Academia Galega dá a coñecer en primeiro lugar a vida e obra de Rafael Dieste para logo facer unha louvanza do seu traballo. Destaca de Dieste, sobre todo, a aquecida tensión imaxinativa e a orixinalidade, que considera que achou en cantar coa súa propia voz.

-Isaac Díaz Pardo, “Intervención de Díaz Pardo nas Xornadas de Rafael Dieste en Rianxo”, p. 139.

Fala sobre a época na que Dieste estivo exiliado na Arxentina e de cómo cando regresou a Galicia tivo moitos problemas para ocupar un posto na Real Academia Galega.

-X. L. Axeitos, “Literatura e vida no epistolario de Rafael Dieste”, pp. 141-151.

Refírese ao riquísimo epistolario de Dieste, que supera os mil textos. Considera que hai un “fío conductor” nas cartas dos “transterrados”, xa que son conscientes da súa resistencia, séntense expulsados e recorren ao mito para explicar a historia. Salienta a importancia do xénero, explica a concepción poética que Dieste tiña da carta e comenta algúns fragmentos deste corpus.

Valcárcel, Eva, *La vanguardia en las revistas literarias*, A Coruña: Universidade da Coruña, setembro 2000, 161 pp. (ISBN: 84-95322-55-2).

Volume que recolle a achega que supuxo a vangarda en distintas linguas e territorios. Dáse información sobre a vangarda nas revistas literarias españolas, nas revistas hispanoamericanas e nas catalanas. O segundo capítulo céntrase na recepción do vangardismo en Galicia e indica como foi entendido este movemento por catro personaxes distintos: Vicente Risco, Eugenio Montes, Castelao e Manuel Antonio. O primeiro deles foi teórico e creador da vangarda, ademais de dar información sobre este movemento a outros escritores, por exemplo a Manuel Antonio. Nestas páxinas reprodúcense e explícanse algúns dos seus poemas e tamén se achegan fragmentos de artigos que publicaba en *La Centuria* e *A Nosa Terra*. Ademais disto déixase constancia de que este ourensán posúe algúns puntos en común co chileno Huidobro. De Eugenio Montes tamén se ofrecen poemas vangardistas en castelán e indícase a súa relación con outros poetas. Finalmente de Castelao dísenos que non comprendeu a vangarda e de Manuel Antonio afírmase que logrou unha obra propia con resonancias de fóra de Galicia. Por último conclúese que aínda que algúns intelectuais galegos coñecen e comprenden esta revolución artística, a práctica da vangarda en Galicia é esporádica.

Ventura, Joaquim, *O nacionalismo kármico de Vicente Risco*, Santiago de Compostela: Laiovento Edicións, col. Ensaio, nº 134, 2000, 146 pp. (ISBN: 84-89896-73-9).

Nesta obra faise unha análise da evolución ideolóxica de Vicente Risco. Pártese dos comezos nos que se inclinaba pola exploración dos mundos orientais, o que considera “o tempo trascendido”, e recoñécelle unha pobre bagaxe sobre estes temas, aínda que serían importantísimas no Ourense clerical e provinciano da época. Repásanse algúns dos principios ideolóxicos aos que chegaría dende moi novo e aos que nunca renunciaría: o gusto da caridade fronte á solidariedade, a consideración da Idade Media como a Idade de Ouro e, polo tanto, o Renacemento coma unha perversidade, a defensa da forza do espírito contra a razón da razón; a contrariedade coa ciencia e os inventos, etc. Por todo isto buscaría unha alternativa a Europa que era o mundo Oriental. Mais unha ollada á realidade galega, “oculta” baixo un pano de pseudocultura e educación allea, fai que atope no país o que procuraba no afastado oriente. Así pois, conclúese que non mudou ao longo da súa vida senón que sempre foi un conservador e que se achegara ao nacionalismo cando viu que este lle valía para se enfrontar ao futuro (e ao progreso) porque conservaba o próximo. Malia recoñecerlle un anticomunismo manifesto, cre que sempre actuou en coherencia co seu pensamento, o que o afasta do fascismo e incluso do racismo, malia matizar aspectos referidos á raza para se diferenciar da española.

Recensións:

-Xulio Valcárcel, “Estudios sobre Vicente Risco”, *El Ideal Gallego*, “Páxina Literaria”, 16 xullo 2000, p. 12.

Realiza un percorrido a través das teses e opinións de Vicente Risco e alude ao traballo de Olivia Rodríguez González aparecido en *Grial*, “O milenario no pensamento de Vicente Risco”. Destaca o seu didactismo e a facilidade que ten para trasladar ao lector as teses milenaristas de Risco, logrando facelas máis intelixíbeis. Tamén se detén no comentario da obra de Joaquín Ventura, *O nacionalismo Kármico de Vicente Risco*, indicando que se trata dun achegamento ao pensamento desta figura, no que se insiste na “visión mesiánica da súa xeración, impoñendo a Galicia como redentora fronte á cultura española”. Conclúe destacando a linealidade ideolóxica que mantivo Risco durante a súa vida.

-Ramón Raña, “Unha análise crítica da obra de Vicente Risco”, *Guía do libros novos*, nº 23, “Historia”, novembro 2000, pp. 3-4

Analiza a aproximación á figura de Vicente Risco que fai Joaquim Ventura no seu libro *O nacionalismo Kármico de Vicente Risco*, no que sobrancea a fuxida de calquera tentación mitificadora, do continuo contraste dos datos antes da súa valoración, destacando tamén outros aspectos fundamentais do traballo como a análise minuciosa das obras de Risco, incluíndo *Las tinieblas de Occidente* (1990), inédita durante moitos anos, a contrastación das fontes nas que asentou o pensamento risquiano, e a boa elaboración da obra, elemento que considera que a converte nun libro de agradábel lectura. Da mesma maneira, louva o afán

de Ventura por desenmascarar o continuísmo ideolóxico de Risco cando asumiu o nacionalismo. Por outra banda, louva o capítulo final, titulado “¿Risco fascista?”, no que, respondendo e contradicindo un artigo de Méndez Ferrín, do que non ofrece o título, se sintetizan as diferencias entre a ideoloxía fascista e o pensamento reaccionario antimoderno, non exclusivo de Risco.

Vieites, Manuel (coord.), *Animación teatral*. *Teorías, experiencias, materiais*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2000, 544 pp. (ISBN:84-9541514-3).

Volume no que se recollen os documentos presentados durante o Encontro Internacional de Animación Teatral celebrado na sede do Consello da Cultura Galega en outubro de 1999 e organizado pola Comisión Técnica de Teatro da Ponencia de Música e Artes Escénicas, ademais doutros documentos, experiencias e materiais complementarios, como explican Damián Villalaín, coordinador da Comisión Técnica de Teatro, e Manuel F. Vietes, coordinador da publicación, na "Presentación" que abre a obra, na que reflexionan sobre a situación e necesidades que presenta hoxe a "Animación Teatral". Tamén fan referencia ao cambio experimentado por esta actividade dende os seus inicios coincidindo coas reivindicacións de Antón Villar Ponte de cadros de declamación ou da actividade de Rafael Dieste á fronte do seu grupo teatral, ata os últimos anos nos que está enfocada como unha actividade de "acción social, cultural, política e educativa". A obra aparece estructurada en tres partes diferentes, recollendo na primeira o referido a "Animación, Teatro, Comunidade", na segunda "Experiencias e outras contribucións" e na terceira "Materiais". Finalmente péchase coa relación de autores dos que se fai unha breve achega do seu labor a prol da animación teatral.

-José Antonio Caride Gómez, "Culturas, animación sociocultural e desenvolvemento comunitario", pp. 13-38.

Ademais de explicar que o diálogo plural das Culturas, a Animación social e o Desenvolvemento das comunidades se nos revelan como auténticos proxectos de cidadanía e de cambio social, sinálase que o teatro amosa unha indubidábel potencialidade comunicativa e vivencial. Explica tamén que a Animación teatral é unha vía privilexiada para a comunicación social e para o desenvolvemento das comunidades, e que o teatro e a cultura, como prácticas colectivas, sitúan boa parte das súas inquedanzas na apertura de novos horizontes para a iniciativa cidadá.

-Xan Bouzada Fernández, “Acción cultural e comunidade: da animación sociocultural ó desenvolvemento comunitario”, pp. 39-51.

Despois de repasar o concepto de “animación cultural” no ámbito da francofonía –que foi onde onde naceu–, no anglosaxón e de detallar a historia das dinámicas de animación sociocultural, nomeadamente as francesas, pásase a describir os ecos que estas tendencias tiveron dentro do Estado español. Saliéntase a importancia do teatro dentro das políticas culturais –coa apertura de horizontes culturais e desenvolvemento da sociedade civil– e finalmente recálcase a eclosión popular e lúdica do parateatral no marco da Animación sociocultural que se está a dar en Galicia –entroido, regueifeiros, contacontos, Festa da Istoria de Ribadavia ou a do Boi de Allariz, Romaría do Naseiro en Viveiro, etc.– que son unha ferramenta privilexiada para a participación da comunidade no proceso de recuperación-reinvención da memoria e identidade galegas.

-Xavier Úcar Martínez, “A animación teatral: concepto, situación actual e perspectivas”, pp. 85-132.

Principia comentando que a animación socio-cultural e o teatro forman parte da cultura e que da conxugación dos dous provén a animación teatral, a cal se empraza hoxe dentro do eido de acción da educación social, a pesar das súas dimensións antropolóxica e artística. A seguir, explica a evolución do concepto de cultura, con especial atención aos últimos trinta anos, nos que se implementou unha “democratización cultural” consistente no fomento do acceso das capas baixas da poboación á cultura da elite. Define animación teatral como as “prácticas con persoas, grupos e comunidades que, a través de metodoloxías dramáticas ou teatrais, xeran procesos de creación cultural e perseguen o empoderamento dos participantes”, e sinala que se pode entender como “tecnoloxía social inmaterial ou de plateamento”, como “práctica social” ou como “práctica social crítica”. Despois expón as características do teatro e indica que teñen que ser contempladas pola animación teatral, pois esta é unha práctica sociocultural que se vehicula servíndose de técnicas teatrais. Tamén expón e comenta os compoñentes da animación teatral e presenta unha tipoloxía das súas actividades. Finalmente fai unha busca en internet de iniciativas, das que reproduce os enderezos web como apéndice, e fai unha análise no referente ás organizacións promotoras, destinatarios, obxectivos, contidos, actividades e metodoloxías. Obviamente, dada a canle de busca utilizada, aparecen sobrerrepresentadas as áreas desenvolvidas do planeta.

-Víctor J. Ventosa Pérez, “Teatro, cultura e animación”, pp. 133-145.

En primeiro lugar, fai unha aproximación á xénese da animación sociocultural para definir logo as actividades específicas da disciplina. Deste modo, asóciaa ás Políticas de Democracia Cultural e supedita, en canto que é de carácter procedemental, os seus obxectivos aos diferentes espacios temáticos en que se utiliza. A seguir, ofrece un cadro de variábeis configuradas da Animación Cultural e diferencia os conceptos Arte e Animación en relación ao obxecto, aos axentes, aos destinatarios, á política cultural, á direccionalidade da

comunicación e ás funcións. Unha vez que se introduce no campo específico do teatro, esquematiza as relacións entre o teatro e a cultura atendendo á evolución de concepcións, políticas e accións culturais en relación co eido teatral. Así mesmo, focaliza as diferencias e as aplicacións que se dan entre o teatro e a animación partindo da dobre dimensión desta última: perspectiva finalista e enfoque instrumental.

-Manuel F. Vieites, “Fontes, finalidades, tipoloxías e obxectivos en animación teatral. Algúns elementos dispersos para construír unha teoría da animación teatral”, pp. 147-199.

Achégase ao novo espacio de investigación que é a Animación Teatral (AT) coa finalidade de facer algunhas propostas para contribuír ao desenvolvemento do seu discurso teórico en base á diversidade de prácticas ligadas á ela, á análise dos seus obxectivos e finalidades e ás tipoloxías que se poidan establecer. Tendo en conta que a materia se atopa nunha etapa desenvolta só nos seus parámetros metodolóxicos e prácticos, aproxímase ás relacións que garda coa Animación e co papel do teatro nos procesos educativos; desfai a oposición, que cre carente de sentido, entre a AT e a difusión cultural, e, a este respecto, analiza o concepto da “democratización cultural” en relación cos programas de política cultural. Ademais, coida que a AT pode obedecer tanto á animación cultural coma á social, á escolar ou á socioeducativa segundo o programa, a finalidade, os obxectivos e os destinatarios. Seguidamente, expón que determinadas prácticas teatrais (teatro comunitario, teatro popular e teatro de orientación social) prefiguraron historicamente a AT, xa que contribuíron ao seu progreso dende as perspectivas da participación e da formación. Para rematar, é consciente de que pode ser considerada unicamente como un instrumento, mais pensa que un corpus teórico axudaría a mellorar e diversificar as realizacións prácticas da AT. Por todo isto, enumera unha serie de niveis de reflexión, discusión e elaboración de contidos teóricos da AT, de utilidades e de problemas aos

que se enfronta esta proposta, maiormente, en canto que se solapa con outros ámbitos como o pedagóxico ou o da teoría xeral do teatro.

-Héctor M. Pose, “Espacios, ámbitos e técnicas de intervención en animación teatral”, pp. 201-236.

Comeza situando as actividades da Animación sociocultural dentro da Educación non formal. A continuación, presenta o teatro como un dos mellores instrumentos que están a disposición do animador sociocultural. Refírese, ademais, ás distintas finalidades coas que se debe vencellar a actividade teatral. Menciona, a este respecto, a mellora na educación para a saúde, na educación patrimonial, na intervención social, no consumo, na educación cívica e para a paz, na animación á lectura, na animación sociocultural, na animación sociolingüística e no disfrute do tempo libre. Comenta tamén as iniciativas de promoción teatral existentes en Galicia. Alude, así mesmo, ás peculiaridades que caracterizan aos participantes nunha actividade teatral segundo a súa idade. Finalmente, apunta a necesidade de tentar un achegamento co espectador, e de aumentar as actividades teatrais que neste momento se están levando a cabo.

-Franco Passatore, “A formación do animador teatral”, pp. 237-245.

Comeza sinalando que nunca houbo tanta animación teatral como a que se está a facer nos últimos anos e en ámbitos tan diferentes, pasando de seguido a explicar o significado que o termo “animación” foi adquirindo dende o seu nacemento a finais dos anos sesenta ata a actualidade. Centrándose na formación do animador considera que é necesario un programa para a adquisición de competencias específicas que adecúen a

resposta profesional ás necesidades do público ao que van dirixidas, así como a intervención de expertos en diferentes disciplinas para definir este programa de formación. A seguir, explica minuciosamente o seu modelo de adquisición de competencias no ámbito da formación teatral en función das figuras que participen, comezando pola do actor e animador teatral, para os que propón fomentar capacidades como a concentración, a imitación, a expresión corporal, a expresión verbal, a interacción persoal e a improvisación. Pola contra, para a figura do autor propón que axude á estimulación da creatividade e da fantasía dos participantes, tanto sobre o escenario coma a través da escrita teatral máis elaborada, achegándolles coñecementos da trama da historia, os conflictos entre os personaxes ou os espacios, para o que propón unha achega ás regras da narración. Tamén fala do contacto con outras culturas para favorecer a integración e dentro da organización teatral introduce a figura do animador-rexedor como motor de todos os que interveñen no proceso, promovendo a expresión do individuo e da colectividade. Finalmente, refírese á relación entre animador e escenógrafo como organizadores de espacios escénicos.

-Manuel F. Vieites, “Competencias, cualificacións e formación inicial en animación teatral”, pp. 247-290.

Comézase destacando a necesidade dunha formación na animación teatral. Tras caracterizar a animación tanto por promover a difusión da cultura coma por fomentar a creatividade, sinálanse as dificultades básicas para a formación dos animadores. Tamén se trata de definir o perfil básico ao que debería de responder o animador. A continuación, pásase a analizar as distintas funcións da animación teatral resaltando as competencias que ten que posuir o animador para desenvolver axeitadamente o seu traballo. Asemade, preséntanse diferentes medidas para paliar as carencias formativas dos distintos niveis e fanse propostas do que debería abarcarse nesas novas disciplinas. Ademais, saliéntase a necesidade de que a formación alcance os máis altos niveis introducindo novas materias en disciplinas xa existentes e creando a Escola

Superior de Arte Dramática para fomentar a especialización. Finalízase o estudio resaltando o atraso que presenta o nivel educativo con respecto ás necesidades da animación teatral.

-Víctor J. Ventosa Pérez, “Deseño, elaboración e realización de proxectos en animación teatral”, pp. 291 303.

Divide o artigo en tres partes, centrándose na primeira na metodoloxía da animación teatral, na segunda no traballo teatral do animador e a súa relación co grupo, mentres que na terceira fala dos recursos para a animación teatral. Dentro da metodoloxía diferencia tres estratexias progresivas que considera básicas: a grupal, que é a toma de contacto, a creativa centrada na elaboración de iniciativas, na selección e preparación de actividades, e a expansiva que coincide co momento de actuar. Tamén ofrece un cadro no que ademais de incluír as estratexias se complementa coas técnicas, os indicadores e a metodoloxía a seguir. No que se refire ao traballo teatral do animador e á súa relación co grupo diferencia catro etapas que van dende a inicial, na que o animador ten que crear o clima propicio para que haxa iniciativas, unha segunda na que fan propostas concretas e se comeza a traballar na elaboración de materiais, na terceira é o establecemento de prioridades e a distribución de funcións, mentres que, finalmente, na cuarta se comeza o traballo con abondosos pasos para levar a cabo a montaxe teatral. Para rematar, nos recursos para a animación teatral, diferencia entre as necesidades que ten un teatro periódico e un teatro da rúa adaptándose
o animador ao espacio no que se desenvolve a actividade.

-Xavier Úcar Martínez, “A avaliación de actividades e proxectos de animación teatral”, pp. 305-341.

Inicialmente faise un excurso sobre a dificultade de fixar a obxectividade e subxectividade do obxecto de estudio, que o leva a concluír que calquera mirada é subxectiva e que habería que consensuar o que se entende por obxectividade. Unha vez feito isto, sinálase que se vai traballar sobre a Animación teatral. Defínese esta como un obxecto interdisciplinar que une dimensións culturais, educativas e artísticas. Así pretende reflexionar sobre a complexidade da Animación Teatral. Isto analízase en tres partes: na primeira analiza os sentidos que adquiriu e desenvolveu a avaliación durante este século e expón un marco conceptual xeral para os procesos de avaliación desenvolvidos nos proxectos de animación teatral; na segunda, concrétase esta nova perspectiva na práctica de procesos e proxectos. Na última, ofrécense elementos de reflexión e xestión para planificar a avaliación destes proxectos.

-Manuel F. Vieites, “Concepto, funcións e tipoloxías no teatro afeccionado. Argumentos para un debate”, pp. 343-382.

Pártese da pregunta feita por Xosé Manuel Pazos (1997) “¿E para que serve o teatro afeccionado nun país que demanda pouco teatro e no que o profesional pouco máis que sobrevive?”, para deixar claro a continuación o que debemos entender por teatro profesional; que é o teatro afeccionado; cales son as modalidades deste, seguindo para isto as tres tipoloxías recollidas no *Anuario do Teatro Galego* (1996) e engadindo algunha máis; e por último recóllense algunhas propostas orientadas a coordinar políticas teatrais das administracións e doutras entidades e organismos e dáse conta tamén de cales son as necesidades do teatro afeccionado. Ao longo de todo o artigo destácase que se debería elaborar un verdadeiro mapa teatral de Galicia que axudaría a resolver certos problemas do teatro en xeral, tanto do profesional coma do afeccionado. Deste último dísenos que constitúe “un dos piares sen os que resulta totalmente imposible crear tecido teatral”.

-Pedro P. Riobó, “Experiencias de animación teatral: animación e actuación”, pp. 415-423.

O autor repasa a súa actividade como animador teatral ao longo dos anos e explica que el non se considerou nunca un “axente da animación” senón un “actuante”. Fala das súas orixes como participante nun grupo folk, a experiencia escolar en “Teatro Aurín” e a dirección do grupo de teatro da “Asociación de Mulleres de Moaña”. Refírese a seguir á impartición no bacharelato de ensinanzas teatrais, e á creación dun obradoiro de teatro e dunha mostra. Riobó denuncia a falta de autorización para implantar a materia de Dramatización como optativa de libre elección. Finalmente, refírese ao caso do Morrazo onde, malia a falta de intervención institucional, xurdiron numerosos grupos teatrais e recoñece a importancia do labor desenvolvido polos concellos a partir do ano 90 na programación teatral.

-Fernando Dacosta, “Animación teatral na Universidade”, pp. 425-453.

Na primeira parte explica a súa experiencia como membro do grupo de teatro Sarabela, creador, en convenio coa Universidade de Vigo, a Aula de Teatro Universitaria de Ourense. Logo de lembrar a historia desta iniciativa, repasa os seus obxectivos e actividades: a formación de autores, a representación de obras, a organización de conferencias e a celebración de MITEU (Mostra Ibérica/Internacional de Teatro Universitario). A segunda parte contén reflexións de carácter xeral sobre aspectos relativos á función do teatro na sociedade: prestixio, repercusión, papel das Administracións, promoción, medios de comunicación, etc.

-Héctor M. Pose, “Obradoiro de teatro lido: unha proposta práctica”, pp. 461-475.

Despois de indicar que as lecturas dramatizadas de textos teatrais son un excelente instrumento de acción educativa, social e cultural, que serven para animar á lectura ou que despertan a sensibilidade artística en xeral, indícanse algúns métodos para traballar e ensaiar teatro lido. Ao mesmo tempo vanse apuntando cales son os elementos máis importantes a ter en conta para que a lectura sexa exitosa, así como canto debe durar a sesión ou cal é o número ideal de participantes. E despois destas indicacións teóricas proponse un fragmento dun texto teatral para ser lido. Trátase de *O merlo branco*, de Candido Pazó, adaptado por Héctor M. Pose e que, segundo se nos di, a el lle deu moi bos resultados.

-Manuel F. Vieites, “Crear un obradoiro teatral. Guía de primeiros auxilios”, pp. 447-539.

Comeza relatando as súas primeiras experiencias teatrais nas vilas de Cee e Corcubión. A seguir, enumera algunhas cuestións previas a calquera proxecto de representación: a dispoñibilidade, a planificación e a revisión dos obxectivos (escolla do espectáculo, lugar e horario de traballo, recursos, etc.). Repasa a continuación algúns aspectos da actividade teatral, como o traballo en grupo, a técnica actorial. Analiza cuestións relativas ao personaxe teatral, posta en escena, organización de sesións de traballo e ensaios, avaliación do espectáculo, distribución e formación dos animadores teatrais. A xeito de conclusión, sinala como gran reto do teatro afeccionado o de “desenvolver un traballo lúdico, expresivo, participativo e que teña a capacidade de promover a libre expresión e a creatividade dos seus participantes”.

Vilavedra, Dolores (coord.), *Diccionario da Literatura Galega III. Obras*, Vigo: Editorial Galaxia, abril 2000, 512 pp. (ISBN: 84-8288-365-8).®

Terceira e última entrega deste proxecto que se iniciou en 1995 coa publicación do volume correspondente a autores e que seguiu en 1997 co referido a publicacións periódicas. No prólogo introductorio, afírmase que este volume tentou ser coherente cos anteriores e ofrecer unha visión global dun conxunto de obras que puidesen reflectir o discurso literario galego dende unha perspectiva textocentrista. Así mesmo, dáse conta de certos criterios de selección. Por un lado, modificouse a perspectiva da primeira entrega ao respecto das circunstancias específicas do Rexurdimento para dar entrada a obras non estrictamente monolingües e mesmo poemas. En segundo lugar, propiciouse a presencia de xéneros marxinados como o teatro, a literatura infantil e xuvenil, a literatura popular e o ensaio, especialmente, o literario. Ademais, debido ao papel canonizador da obra e á falla de perspectiva histórica non entran moitos autores novos, á vez que a literatura medieval está ausente en canto que lle é difícil a aplicación de criterios ontolóxicos posteriores e pola existencia de traballos especializados. Ofrécese, a seguir, información referente á organización do volume, sobre todo, da bibliografía empregada, que non difire á dada para o primeiro volume en canto á bibliografía primaria. A obra inclúe o comentario crítico a 249 obras da historia literaria galega, análise de extensión variábel que non garda relación inequívoca coa importancia de cada unha das voces que, en todo caso, dependen tamén da recepción de que foran obxecto por parte da crítica e a historiografía literarias. Nalgúns casos, acompáñanse de bibliografía específica. Féchase o *Diccionario de Literatura Galega III* con dous índices onomásticos dos autores e das obras referidas. Foi realizado por un equipo

coordinado pola profesora de Literatura Galega da USC Dolores Vilavedra que está integrado por Teresa Bermúdez, María Cuquejo, Ana Belén Fortes, Helena González, Xosé A. Neira Cruz, Iolanda Ogando, Noemí Pazó, Teresa Seara, Marcos Valcárcel e Arximiro Villar, e contou coa colaboración de Iris Cochón, Silvia Gaspar e Xosé M. Varela.

Recensións:

-M. Blanco Rivas, "Unha achega crítica ao discurso literario galego", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", nº 165, 22 xullo 2000, p. 2.

Descríbese o contido do terceiro volume do *Diccionario da Literatura Galega*, no que salienta que se ofrece "un comentario crítico a duascentas corenta e nove obras da nosa historia literaria". A seguir, coméntase que o obxectivo dos autores da obra non é o de ofrecer un catálogo senón unha mostra significativa"; deste xeito, as obras seleccionadas ofrecen "unha visión global e detallada dos vieiros polos que se foi desenvolvendo o discurso literario galego".

-F. Martínez Bouzas, "¿O canon literario de Galaxia?", *El Correo Gallego*, "*Correo das Culturas*", nº 37, 13 agosto 2000, p. 7.

Amplo comentario sobre a publicación do terceiro volume do *Diccionario da Literatura Galega*, coordinado por Dolores Vilavedra e destinado, nesta ocasión, a recoller as obras máis destacadas da literatura galega. Ofrécese un breve resumo dos dous volumes anteriores, *Autores* e *Publicacións periódicas*, e céntrase no terceiro tomo, "unha escolma ou colectánea nun número perfectamente arbitrario" a través da que se fai unha análise crítica "daquelas obras que poden dar fe dos vieiros recorridos polo discurso literario galego e amosar
o conxunto de opcións do que agora mesmo pode dispor o lector". Por último, alúdese ao obxectivo da presente publicación de incluír obras que non son monolingües, algúns poemas soltos dos Precursores e do Rexurdimento.

Referencias varias:

-Albino Mallo, "Os textos protagonizan o tomo III do Diccionario da Literatura Galega", *El Correo Gallego*, 23 xuño 2000, p. 76.

Breve comentario sobre a presentación da última entrega do *Diccionario da Literatura Galega*, coordinado por Dolores Vilavedra. Indica que se trata do terceiro volume titulado *Obras*, que segue aos xa publicados *Autores* e *Publicacións periódicas*. A seguir, Dolores Vilavedra explica a xénese e os obxectivos dos diferentes volumes.

Vilavedra, Dolores, *Sobre narrativa galega contemporánea*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Ensaio, nº 11, xuño 2000, 177 pp. (ISBN: 84-8288-371-2).

Dolores Vilavedra escolma en *Sobre narrativa galega contemporánea* artigos, ensaios e conferencias espalladas en revistas (*Boletín galego de literatura*, *Grial*, *Anuario de estudios literarios galegos*, etc.) libros colectivos (*Cinguidos por unha arela común*) ou ditas en congresos e xuntanzas literarias. Divídese o libro en dúas grandes partes, "Ensaios" e "Dez referencias para unha época". Na primeira, os oito textos abranxen en especial eidos da teoría literaria, tales o discurso metaliterario galego, a problemática do asentamento dunha literatura nacional en Galicia, a posmodernidade na narrativa de Suso de Toro ou o afondamento nas técnicas narrativas. "Dez referencias para unha época" subtitúlase "De *Contos eróticos elas/eles* a *Os xenerais de África*" e comprende recensións críticas dunha decena de libros de narrativa galegos publicados entre 1990 –*Contos eróticos elas/eles*, varios autores– e 1999 –*Os xenerais de África*, Vitor Vaqueiro–, aparecidas dentro de revistas literarias do país.

Recensións:

-Xosé M. Salgado, "Ensaios literarios", *Tempos Novos*, nº 42, "Voces e Culturas. Crítica. Libros", novembro 2000, p. 83.

Dáse conta da reunión de diversos artigos e actas da profesora Dolores Vilavedra en *Sobre narrativa galega contemporánea*, que se estructura en dúas partes: “Ensaios” e “Dez referencias para unha década”. Sinala que na primeira parte hai ensaios que examinan obras e outros máis divulgativos que tratan temas literarios máis xerais, mentres que na segunda, se fai a recensión de dez mostras narrativas doutros tantos autores. En xeral destácase deste volume as dotes expositivas da autora e a facilidade coa que combina información doutros críticos coa súa propia.

Referencias varias:

-Rocío Pita Parada, “Esta obra aborda un tema que é para min un centro permanente de interese”, *Diario de Ferrol*, 21 outubro 2000, p. 9.

Entrevista na que Dolores Vilavedra fala do seu libro, do que se presentan como méritos o feito de que estea centrado na narrativa contemporánea e que nel se recollan traballos dos dez últimos anos, algúns deles de difícil acceso. Tamén salienta o bo momento que está a atravesar a literatura galega actual e, en especial, a narrativa. Finalmente, comenta o significado que ten para ela este nova obra.

-Silvia Gaspar, “Voces de mulleres”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de la Escuela”, 30 outubro 2000, p. 6.

Ver Otero, Inmaculada, *Criminal e Eu é. Dúas novelas de Xurxo Borrazás*, no apartado V.1 deste *Informe*.

V. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica. Biografías. Crónicas

V.2. Reedicións comentadas

Cabanillas Enríquez, Ramón e Eladio **Rodríguez González**, *A saudade nos poetas gallegos*, ed. de Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo Cabaleiro, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades/Xunta de Galicia (Consellería de Educación e Ordenación

Universitaria. Dirección Xeral de Política Lingüística), novembro 2000, 142 pp. (ISBN: 84-453-2938-3).❿

Despois dunha breve introducción dos editores, na que se alude aos actos de benvida a novos académicos da Real Academia Galega no balneario de Mondariz o 31 de agosto de 1920, achégase a edición facsimilar de *A saudade nos poetas gallegos* (1920*).* Este libro recolle o discurso de entrada na ilustre institución de Ramón Cabanillas, así como a contestación por parte de Eladio Rodríguez, ambo os dous lidos nos mencionados actos. A disertación de R. Cabanillas, que leva o mesmo nome que o libro, xira arredor do sentimento da saudade, salientando que este é propio da alma galega e pondo de relevancia os estreitos vínculos coa poesía. Tras ter unha lembranza para co seu antecesor na Real Academia Galega, José Salgado Rodríguez, céntrase no estudio do tema elixido na lírica galega, comentándoo en poetas como Lugrís Freire ou Rosalía, “corpo santo da saudade galega”. Por outro lado, o discurso de recepción pronunciado por Eladio Rodríguez comeza dando un cordial recibimento ao poeta de Cambados, louvando a súa escrita e facéndoo un gran coñecedor do significado da palabra “morriña”. É así que lle dá o nome de “poeta da terra e da raza”. Por outro lado, detense unhas liñas para realizar unha aproximación ao tema elixido polo seu compañeiro. Finalmente, o volume péchase cun “epílogo”, no que se ofrecen unha serie de artigos xornalísticos, informando ou opinando sobre estas xornadas académicas.

Carvalho Calero, Ricardo, *Escritos sobre teatro*, ed. Laura Tato Fontaíña, A Coruña: Universidade da Coruña: Departamento de Galego-portugués, francés e lingüística/Biblioteca-Arquivo Teatral “Francisco Pillado Mayor”, nº 11, (serie azul), 2000, 252 pp. (ISBN: 84-95322-57-9).

Encétase este volume cunha “Nota editorial” na que Laura Tato apunta os motivos da edición deste libro así como as principais características e os criterios da súa edición. A seguir veñen, ordenados cronoloxicamente, trinta e dous escritos que sobre o teatro fixo o profesor Ricardo Carvalho Calero. O primeiro deles, “Pilara”, recupera a memoria histórica do ferrolán Manuel Comellas Coímbra. Do libro editado en 1982 *Libros e autores galegos. Século XX* temos os traballos “Os camiños no bosque” –onde comenta a obra *Vieiro choído* de Franco Grande–; “O teatro e os costumes” –sobre *O pauto do demo* de Ánxel Fole–; “Este *Hamlet*” –sobre o *Hamlet* de Cunqueiro–; “Boccaccio en Galicia” –sobre *Vinte mil pesos crime* de Bernardino Graña–; “*A noite vai coma un río*” –sobre *A noite vai coma un río* de Cunqueiro–; “Hamlet en Lugo” –crónica da representación do *Hamlet* de Cunqueiro–; “O teatro galego e o I Certame Literario do Miño” e mais “Un especialista na “*palliata*”. Cinco son os estudios tirados de *Letras galegas* (1984) que aparecen nesta colectánea: “O *Hamlet* de Cunqueiro”, “O teatro galego actual”, “O teatro rural de Armando Cotarelo”, “Prisciliano e Cotarelo” e mais “Sobre o seu teatro” no que o propio Carvalho Calero fala da súa producción dramática. De *Umha voz na Galiza* (1992) colléronse “Teatro galego”, “Castelao e Yeats” e “O Galo” e os concursos de teatro”. Os artigos “Teatro lírico e Ramón Cabanillas” e “Charlón i Hermida” –onde rememora a Euxenio Charlón Arias e a Manuel Sánchez Hermida– están tirados do xornal *Faro de Vigo*. Do volume *Sobre lingua e literatura*

galega (1971) temos "*A outra banda do Íberr*" –descrición da obra *A outra banda do Íberr* de Xoana Torres– e "*A revolta e outras farsas*" –da obra *A revolta e outras farsas* de Jenaro Mariñas del Valle. Tamén aparecen cinco estudios tirados de *Escritos sobre Castelao* (1989): "Aspectos de *Os velhos nom devem de namorar-se*"; "Esquema argumental de *Os velhos nom devem de namorar-se*"; "Sobre as fontes literárias de *Os velhos* de Castelao"; "Sobre *Os velhos nom devem de namorar-se*" e mais "Teatro de Castelao". O artigo "Teatro Nós", que forma parte da "Introducción" do volume *Teatro Nós* (1979), repasa tres obras teatrais da Xeración Nós: *O bufón del Rei*, de Vicente Risco; *Os vellos non deben de namorarse*, de Castealo e *A Lagarada*, de Otero Pedrayo. Esta última peza de Otero tamén conta con outro artigo en *Escritos sobre teatro*,

o titulado "Sobre *A Lagarada*". A recensión "Catro pezas de Chekhov" está tirada da revista *Grial*, "*Beiramar*", estudia a peza *Beiramar* de Armando Cotarelo, e da obra *Estudos e ensaios sobre literatura galega* (1989) apañáronse para esta colectánea: "Pedro Madruga no teatro galego" e mais "De Shakespeare a Cunqueiro".

Referencias varias:

-R. C. G., "Reivindican a Carvalho Calero ó presentar *Escritos sobre teatro*", *El Progreso*, "Cultura. Sociedade", 17 novembro 2000, p. 73.

Faise referencia á homenaxe tributada a Ricardo Carvalho Calero coa presentación en Lugo do seu libro *Escritos sobre teatro*, publicado aos dez anos da súa morte. Menciónanse as palabras de Carlos Paulo Martínez Pereiro nas que gaba ao que foi o seu mestre. Tamén se inclúen as verbas de Laura Tato nas que se refire a Carvalho Calero como “a grande figura galega da segunda mitade do século XX”. Finalmente, infórmase de que a presentación do libro tamén serviu para destacar o vínculo que uniu ao homenaxeado coa cidade de Lugo.

Lamas Carvajal, Valentín, *Catecismo do labrego*, Vigo: Galaxia, col. Os minilibros de Galaxia, marzo 2000, 99 pp. (ISBN: 84-8288-359-3).

Esta breve antoloxía do *Catecismo do Labrego* que segue a edición de Victoria A. Ruiz de Ojeda, *O Catecismo do Labrego e outras prosas* (1990), consta de sete apartados: “Presentación”, que é o anuncio da saída do prelo da primeira edición en volume do *Catecismo do Labrego* (1889); “Declaración da doutrina labrega”; “División da doutrina labrega”; “Primeira parte. En que se decrara o credo i os artículos”; “Segunda parte. En que se decrara o que se ha de obrar” e mais “Coarta parte. En que se decraran os sacramentos que se han de recibir”. En conxunto esta obra de Valentín Lamas Carvajal (1849-1906, Ourense), baixo o pseudónimo de Tío Marcos, amosa un retrato fiábel do labrego galego envolto en miserábeis condicións de vida e de traballo: foros, trabucos, usureiros, etc.

Manuel Antonio, *Máis alá*, estudios introductorios de Xosé María Dobarro, Xesús Torres Regueiro e Ernesto Vázquez Souza, Betanzos: Asociación Cultural Eira Vella, 2000, 8 p./24 pp.(DL: C-2192/2000).

Edición facsimilar do manifesto *¡Mais alá!* editado en 1922 e asinado por Manuel Antonio e Álvaro Cebreiro. Esta edición conmemorativa do centenario de Manuel Antonio vén acompañada dun estudio introductorio no que se dan algúns datos biográficos dos asinantes do manifesto, indícase cales foron os acontecementos que impulsaron este escrito, cal foi a súa xestación, e por último dáse conta da súa acollida. Para falar da súa elaboración transcríbense fragmentos da correspondencia entre Manuel Antonio, Cebreiro e Villar Ponte; e para dar conta da súa acollida inclúense escritos de prensa da época, aparecendo ademais algúns destes artigos completos nun apéndice titulado “Os textos da polémica: as recensións galegas”.

Otero Pedrayo, Ramón, *O espello no serán. Entre o Pedroso e o Viso*, introd. Xosé M. Salgado, estudio lingüístico Mónica Góñez, Vigo: Galaxia, col. Literaria. nº 171, Obras de Otero Pedrayo, nº 14, xuño 2000, 400 pp. (ISBN: 84-8288-377-1).

Décimocuarta entrega da colección coa que a Editorial Galaxia se propón rescatar ou reeditar do seu fondo editorial a obra de Ramón Otero Pedrayo (Ourense, 1888-1976). No estudio introductorio, Xosé Manuel Salgado analiza a relación que o escritor de Trasalba mantivo coa cidade de Santiago de Compostela, á que lle rende homenaxe con este volume que viu a luz por primeira vez en 1966. Primeiramente, o prologuista refírese á presencia do escritor nela como activista político no seo do Partido Galeguista, como director da Sección de Xeografía no Seminario de Estudos Galegos, como catedrático desta disciplina na universidade, nos faladoiros, etc. Seguidamente, fala de Santiago como parte da ficción literaria da súa obra e, finalmente, traza unha posíbel estructura deste volume salientando a súa natureza híbrida. En efecto, trátase dun libro homoxéneo composto por noventa e nove textos autónomos que teñen en Santiago o seu principal elemento vertebrador. Deste xeito, podemos atopar diálogos dramáticos ("Conversas no soportal"), textos narrativos ("O viño fidalgo", "Na capela das ánimas", etc.), evocacións noveladas de personaxes relevantes na historia compostelá (Xelmírez, Bernal de Bonaval, Castelao ou Cabanillas) ou alleas (Carlomagno) e un bo número de textos de carácter ensaístico nos que algún elemento paisaxístico ou algún motivo provoca lembranzas e reflexións sobre tempos pasados. En consecuencia, Otero Pedrayo constrúe unha Compostela que é o símbolo da Galicia universal, da Patria, tinguida dun galeguismo católico a

través da figura do Apóstolo, e como a cidade-campesiña na que van finar todos os camiños do país.

Recensións:

-M. Pereira, "*O espello no serán*", *El Correo Gallego*, "*Correo das Culturas"*, nº 35, 30 xullo 2000, p. 10.

Comeza salientando que é unha obra de homenaxe literaria á cidade de Santiago de Compostela, formada por un mosaico de pequenos retratos que constitúen o global que se ofrece da cidade e que inclúe tanto a dimensión xeográfica, histórica coma mitolóxica. Tamén se refire á presencia de personaxes como Castelao ou Neira de Mosquera, Xelmírez ou a Raíña Lupa, sen esquecer os catro elementos fundamentais para Otero que son: a luz, a pedra, a auga e o aire.

-M. Blanco Rivas, "Santiago como tema na obra de Otero Pedrayo", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", nº 169, 12 agosto 2000, p. 2.

Comeza destacando a presencia constante na obra de Otero Pedrayo da cidade de Compostela como parte "da súa vocación literaria e unha das súas grandes paixóns", ademais de comparar a Compostela literaria do

autor galego con outros grandes escritores e as súas cidades, dende o París de Beaudelaire, o Londres de Eliot, o Buenos Aires de Borges ata o Dublín de Joyce. Tamén se refire á idea do autor de facer a gran novela sobre a cidade que non levou a cabo por falta de tempo segundo apunta X. M. Salgado, autor do limiar. Remata salientando da obra a súa estructura caracterizada por “cinco esbozos dramáticos, vinteoito textos narrativos” e “cincuenta textos” que se poden incluír en diferentes modalidades, todos eles coa cidade como eixo, ademais do estudio lingüístico de Mónica Góñez.

-Salvador García-Bodaño, “O espello no serán, unha reedición necesária”, *A Nosa Terra*, nº 948, “Guieiro Cultural”, 18 agosto 2000, p. 21.

Ademais de destacar que a obra é froito das experiencias vitais de Ramón Otero Pedrayo na cidade de Santiago, especialmente durante os seus anos de docente na Facultade de Xeografía e Historia, apunta que está composta por noventa e nove textos breves nos que se recollen diferentes perspectivas da cidade e das súas xentes tanto reais coma imaxinarias. Da linguaxe empregada sinala que nunha lectura demorada leva á “plenitude de imaxes e pensamentos” que van do real á súa metamorfose en imaxinario, e que o xogo verbal toma como pretexto un tema para o xogo lírico. Remata apuntando que o mesmo autor considera esencial da cidade tres elementos: “verbus”, “tropus” e “ratio”.

-F. Martínez Bouzas, “Compostela, a cidade poética”, *El Correo Galego*, *“Correo das Culturas”*, 8 outubro 2000, p. 13.

Sinala a complexidade lingüística da escrita de Otero Pedrayo, polo que xustifica o traballo de Mónica Góñez no plano lingüístico e levar a obra do autor ourensán a máis lectores, obxectivo que considera que persegue a editorial Galaxia coa reedición das obras de Otero. En canto ao contido, indica que se caracteriza pola mistura de xéneros nunha recreación "lírica e erudita" da cidade de Santiago de Compostela, composta por noventa e nove capítulos nos que se achega á cidade que ve como a "aldea de Galicia, encontro de todos os camiños e cidade divisa da Galicia universal".

-Román Raña, "Espello de xoias", *Guía dos libros novos*, nº 22, "Narrativa", outubro 2000, p. 23.

Logo de comentar o labor que está facendo Galaxia ao recuperar do esquecemento os libros de Otero Pedrayo, fala da normativización arbitraria que nesta obra levaron a cabo Xosé M. Salgado e Mónica Góñez. Xulga como clave o título do libro, pois, na súa opinión, os noventa e nove textos que o integran defínense por seren o reflexo dun espello que mira cara ao pasado. Apunta tamén a importancia que as personaxes históricas teñen nalgúns dos contos. Así mesmo, salienta o predominio dun tratamento panteísta da natureza. Finalmente, a pesar de presentar o libro como unha miscelánea de diferentes temas e saberes, recoñece a existencia de certos elementos unificadores como o estilo extremadamente coidado ou a presencia da cidade de Santiago de Compostela.

Referencias varias:

-Miguel Anxo Seixas, “Otero Pedrayo e Compostela”, *O Correo Galego*, “A Maltrana”, 25 xullo 2000, p. 3.

Fai un chamamento ao Centro de Estudios Oterianos para que catalogue a inxente obra do de Trasalba. Coida que Compostela é unha referencia omnipresente na súa obra, lembra a súa relación con esta cidade e enumera as obras nas que aparece. Neste senso, valora a publicación de *O espello no serán. Entre o Pedroso e o Viso* (Galaxia, 1966, agora reeditado) e pide a publicación de todos os textos centrados en Santiago, incluídas as obras inéditas *Do san Lucas ó san Xohán. Sazós de Compostela* e *Horas de Compostela*.

-C. Vidal, “A Compostela de Otero Pedrayo volve contra a da Casa da Troia”, *A Nosa Terra*, nº 948, “Guieiro Cultural”, 18 agosto 2000, p. 21.

Achega á obra a través dunha conversa con X. L. Méndez Ferrín, alumno e discípulo do profesor Otero Pedrayo nos últimos anos, quen reclama a edición completa do autor de Trasalba e lembra o universo literario que se inspirou na Compostela dos anos de maxisterio, tanto na Facultade coma no Café Español, onde tiña faladoiro. Remata lembrando as palabras de X. M. Salgado, responsábel da edición, nas que apunta que no libro están “as máis fermosas definicións que endexamais se deron de Compostela”.

-Rosa Míguez, “Suxerencia”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, 10 setembro 2000, p. 14.

Comenta brevemente que Galaxia presenta esta nova publicación co gallo da celebración do cincuentenario da editorial, e salienta que se trata dunha fermosa homenaxe á cidade de Santiago de Compostela. Tamén fai referencia o cómic de Fran Jaraba, *Cita na Habana*, e ofrece un sucinto resumo do seu argumento.

Otero Pedrayo, Ramón, *Homenaxe a Noriega Varela*, limiar de Manuel Rico Verea, transcrición e notas de Xosé Soto Andión e Manuel Rico Verea, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega (Arquivo Sonoro de Galicia), col. As nosas voces, nº 18, 2000, 37 pp. (ISBN: 84-95415-15-1).

Manuel Rico destaca cómo Ramón Otero Pedrayo é quen de transmitir, fincándose nos sólidos alicerces da cultura universal, os sentimentos que lle provoca a paisaxe. Coida que recobrar a voz de Otero é recobrar a propia terra nai. O conferenciante principia cuns apuntamentos históricos centrados na figura do mariscal Pardo de Cela e cuns comentarios laudatorios sobre outros literatos das terras mindonienses: Cunqueiro, Arcadio Iglesias Casanova, Díaz Jácome e Aquilino Iglesia Alvariño. Tras facer unha loanza das calidades persoais de Noriega, a quen coñeceu, sinala que bebeu das fontes clásicas de Horacio, Ovidio, Virxilio..., mais afastándose das frialdades escolares soubo integralas coa terra ata o punto de identificarse coa propia paisaxe que cantou. Por ocuparse do mundo rural, compárao con San Xerónimo e con Herculano de Carvalho. Tamén cita outros poetas galegos que se centraron na paisaxe (Pondal, Leiras e Cabanillas) pero apunta que o que singulariza a perspectiva de Noriega é a atención ao máis sinxelo, como os penedos ou as pucharcas. Otero gaba especialmente os sonetos de Noriega, para os que seguiu o maxisterio de Antero de Quental, e lembra o coidado co que traballaba cada un dos seus versos. A pesar de todo, Otero decátase de que o lugués canta a unha Galicia que se vai. Fai un chamamento á xuventude para que manteña a memoria de Noriega xa que, na súa opinión, a súa sona ha de perdurar para sempre. A conferencia, de indubidábel ton retórico, amosa continuamente a grande erudión histórica e xeográfica de Otero. O volume incorpora un

disco compacto coa gravación da conferencia. No texto escrito, actualízase a ortografía, o léxico e parcialmente a morfoloxía. Alén diso, os castelanismos máis claros son indicados con cursiva. O texto escrito está acompañado de sesenta e sete notas que en xeral ofrecen explicacións diversas sobre a lingua de Otero, sobre os topónimos mencionados ou sobre as persoas aludidas na disertación.

V. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica. Biografías. Crónicas

V.3. Monografías, e libros colectivos traducidos ou noutras linguas

Alonso Brufau, Syra, *Syra Alonso. Diarios*, ed. e prólogo de Carme Vidal, trad. Anxos García Sumai, Vigo: A Nosa Terra, col. Mulleres, nº 3, 2000, 286 pp. (ISBN: 84-95350-10-6).

Carme Vidal é a encargada da edición deste volume que ela mesma introduce cun prólogo titulado "Diarios da muller do cadro", no que salienta os acontecementos que rodearon as circustancias do nacemento desta publicación como foi o coñecemento da posíbel existencia dun memorial escrito por unha muller exiliada en México e que gracias á colaboración de Blanca Garduño, a raíz da apertura da exposición da obra de Francisco Miguel, o esposo de Syra Alonso (1899-1970), no Museo Casa Estudio Diego Rivera e Frida Kalho, descobren a identidade da autora. Pon de relevo tamén a xenerosidade do fillo de Syra, Xoán Ramón Fernández Alonso, quen lles enviou os diarios dende México e facilitou a presente edición. Tamén ofrece un percorrido pola vida en común de Syra co seu esposo Francisco Miguel Fernández Díaz dende 1920 ata súa morte en México no ano 1970. A seguir dáse paso aos diarios que se organizan en dúas partes seguindo un criterio cronolóxico: "Diario de Tordoia" (1938), que se concibe como unha crónica iniciada cando o franquismo condena a Francisco Miguel e vén marcado polo horror e a traxedia vividas por ambos nos días antes do seu asasinato. En "Diario de Actopán" (1945), relata con dor xa máis serena pola distancia no exilio ao lado dun dos seus fillos, a súa loita pola vida e o recordo dos seus días pasados en Oleiros. Os diarios marcados polo seu ton confesional que en ocasións resultan de gran dureza, veñen acompañados das reproduccións de diversos cadros e debuxos de Francisco Miguel nos que abondan os retratos que o pintor lle fixo a Syra nos seus anos de eclosión creativa por diversos lugares de Europa e América.

Recensións:

-M. Blanco Rivas, “Memorias dunha muller galega silenciada”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 150, 25 marzo 2000, p. 4.

Dáse conta da publicación das memorias que Syra Alonso, muller do pintor Francisco Miguel, escribiu no exilio hai cincuenta anos. Tamén se sinala que foron recuperadas por Xosé Ramón Fernández Alonso, fillo e albacea da parella, así como a intención da autora de que foran publicadas ao depositar outra copia en mans da mecenas Dolores Olmedo. Dise que a obra está dividida en dúas partes, o “Diario de Tordoia” e o “Diario de Actopán”, nas que se recolle a crónica dos feitos acontecidos en Galicia en 1936 e os que afectaron á familia directamente, entre eles o asasinato de Francisco Miguel. Cualifícase o relato de intenso, cunha visión crúa e realista dos feitos acontecidos nese momento e reflexo do forte carácter da autora.

-Arturo Casas, “Syra Alonso: *Diarios*”, *A Trabe de Ouro*, nº 41, “Publicacións”, Tomo I, Ano XI, xaneirofebreiro-marzo 2000, pp. 115-120.

Comentario sobre a obra de Syra Alonso Brufau, *Diarios*, traducida ao galego por Anxos García Sumai e publicada na colección “Mulleres” de Edicións A Nosa Terra. A seguir, descríbese, con detalle, o argumento da obra, a súa localización e os personaxes. Así mesmo, afírmase que o relato “é certeiro na descrición fría do costume da morte, da inmolación da dignidade cívica e nacional”.

-Xulio Valcárcel, “Syra Alonso”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, 21 maio 2000, p. 4.

Refírese primeiramente ao carácter azaroso do coñecemento da existencia destas memorias e á súa estructura en dúas partes: o “Diario de Tordoia”, datado en 1938, despois do asasinato de Francisco Miguel, e o “Diario de Actopán”, de 1945, que retoma o anterior e se centra na peripecia vital da autora no exilio. Sobrancea, a seguir, o seu valor testemuñal, literario e a forza, delicadeza e sensibilidade da autora na plasmación dos seus sentimentos. Finalmente, salienta o “equilibrio formal”, a “expresión moderada e profunda”, así como a tenrura ou a ausencia de resentimento, aceptando os feitos como un destino fatal que lle tocara vivir.

-Carlos L. Bernárdez, “Retrato da ignominia”, *Guía dos libros novos*, “Narrativa”, xuño 2000, p. 20.

Lóuvanse a tensión e a emoción recollidas neste diario. Destácase, así mesmo, o valor que ten este testemuño por estar afastado dos feitos presentados polos vencedores da Guerra Civil. Tamén se salienta o feito de que o volume presente “unha muller comprometida co seu tempo e co seu pobo e cun mundo cultural fortemente referenciado na realidade galega”. Resáltase a figura doutros persoeiros da cultura galega como Luís Huici e o pintor Francisco Miguel, home da autora. Amais, menciónase a inclusión de debuxos e fotografías daquela época. Finalízase cualificando o volume como “un documento revelador e fortemente contrastado”.

- Nathalie Grischkat, “Syra Alonso. *Diarios*”, *Galicien Magazin*, nº 10, decembro 2000, p. 37.

Presenta o contido desta publicación e algúns dos aspectos vitais de Syra Alonso como o seu exilio en México, tralo asasinato do seu marido. A seguir, detense polo miúdo no contido dos dous diarios que conforman o libro e sinala que no primeiro retrata a maneira en que o fascismo afecta a Galicia, os seus intentos vans por salvar a vida do seu home, así como o ambiente artístico, sobre todo vangardista, no que a parella se moveu nos primeiros anos do século XX. Por outra banda, o segundo diario, continuación do primeiro, xa está escrito en México. Nel describe as consecuencias do drástico cambio sufrido na súa vida, así como os seus intentos por recuperar as ganas de vivir.

-Anxos Sumai, “Syra Alonso. *Diarios*”, *Interesarte*, nº 8, “Libros”, 2000, p. 40.

Dá conta da publicación dos *Diarios* de Syra Alonso asinados en Tordoia en 1938 e en Actopán en 1945, ademais de describir o argumento destes que xira arredor da Guerra Civil española e a morte do seu marido, o pintor Francisco Miguel. Cualifícaos como “textos ateigados de intensidade, sinceridade e tensión emocional”, detrás dos que aparece unha narradora “excepcional e apaixonada”, explicando que fuxiu de Galicia cos seus fillos como xeito de cumprir a promesa que lle fixera ao seu marido antes de que fora paseado. Ademais da propia experiencia da autora, sinálase que hai unha achega á situación social e política da época, á relación co seu marido e que mesmo se recollen as súas propias reflexións sobre todo isto.

Referencias varias:

-Fran P. Lorenzo, “Terror en propia carne”, *O Correo Galego*, “AFA”, 8 marzo 2000, p. 39.

Dáse conta da publicación das memorias de Syra Alonso, das que se di que son unha crónica, feita por unha muller, dos feitos ocorridos en 1936. Sinálanse algúns datos biográficos da autora que aparecen na obra como o seu contacto cos persoeiros máis relevantes das vangardas, a súa loita por salvar ao seu home ou a fuxida ao exilio cos fillos. Reprodúcese un fragmento do texto no que fala do sufrimento das mulleres que perderon aos seus homes, da fame e da represión franquista. Remata referíndose a algúns dos títulos da colección “Mulleres” de A Nosa Terra na que se integra este volume.

-C. V., “Os *Diarios* de Syra Alonso voltan do exilio”, *A Nosa Terra*, nº 925, 9 marzo 2000, p. 40.

Comeza sinalando que o asasinato de Francisco Miguel é a causa da escrita dos *Diarios*, de Syra Alonso, así como a súa intención de deixar constancia dos acontecementos que se produciron en Galicia en 1936, entre eles a agresión que sufriu por querer ensinar os cadros do seu home asasinado. Tamén se fala dos feitos que levaron ao descubrimento dos *Diarios*, do posterior apoio prestado polo fillo da autora, Xoán Ramón, así como a aclaración que fixo de moitas das cuestións xurdidas, entre elas a de que súa nai “mália a imensa dor”, foi unha muller animosa ata a morte.

-Chus Pato, “A cor rosada da aurora. Syra Alonso. Diarios”, *A Nosa Terra*, nº 926, “Guieiro Cultural”, 16 marzo 2000, p. 33.

Dá conta da publicación da obra salientando a importancia do retrato da época que nela se recolle e reproduce algúns dos parágrafos que fan referencia aos intres nos que matan ao pintor Francisco Miguel, o apoio que Syra Alonso recibe dalgunhas persoas ou a situación desesperada que se produce na Galicia da Guerra Civil. Remata sinalando a coraxe, o valor e a fidelidade aos seus ideais dun mundo mellor que a autora mantivo ata a súa morte.

Luisa Costas, “El más justo retorno a Galicia de Syra Alonso”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, 9 abril 2000, 12.

Recóllense as impresións de Carme Vidal, encargada da edición dos *Diarios*, sobre os efectos que lle produciu ler este testemuño, ademais do carácter casual do descubrimento de dita obra. Sinala a dificultade que lle supuxo porse en contacto co único fillo vivo da parella, a resposta positiva do mesmo e o seu posterior contacto na Coruña con motivo dunha mostra sobre a pintura do pai, momento no que coñeceu máis fondamente a historia da familia. Tamén sinala algúns dos feitos máis destacados na vida da parella, dende as viaxes polos centros culturais do momento, a volta a Galicia, ata a morte do pintor e o exilio da familia. En columna á parte refírese á estructura da obra en dúas partes escritas en 1938 e 1945, en Tordoia e Actopán, respectivamente, e á gran mestría e capacidade que a autora demostra na escrita.

-Borobó, “A maldade dos homes lixaba aquela paz”, *A Nosa Terra*, nº 932, “Guieiro Cultural”, “Anacos”, 27 abril 2000, p. 27.

Comeza sinalando a intensa e rica descrición que fai a autora da natureza que a rodea, pasando de seguido a unha cronoloxía dos feitos relatados nos *Diarios*, dende a detención do pintor ata o seu “paseamento” a finais de setembro de 1936. Tamén fai un percorrido por outros fusilados, membros de ilustres familias denunciando o anonimato no que quedaron todos eles, así como o gran número de víctimas que foron inmoladas.

-Elva Otero, “Memoria dunha muller silenciada”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 21 maio 2000, pp. 2-3.

Pormenorizado percorrido biográfico de Syra Alonso acompañado de numerosas fotografías da familia, material recollido todo el no volume das súas memorias. Comeza reproducindo un fragmento da obra referido ás inquietudes da parella e á busca dun lugar no que seren felices, para a continuación percorrer os primeiros anos de matrimonio, as viaxes por Europa e América, a prioridade da carreira artística de Francisco Miguel ou a chegada dos fillos. Tamén se refire á volta da parella a Galicia en 1933, centrándose a continuación nos feitos que levarían ao pintor á morte e ao resto da familia ao exilio a México. En columna á parte reprodúcense algúns treitos da obra nos que Syra fala dos intres inmediatos a deixar Galicia despois do asasinato do seu home, da despedida da familia e a incerteza do futuro.

-Carme Vidal, “Morre no exílio mexicano Xoán Ramón Fernández, fillo de Syra Alonso e Francisco Miguel”, *A Nosa Terra*, nº 936, 25 maio 2000, p. 14.

Infórmase do pasamento de Xoán Ramón Fernández. Carme Vidal lembra a ilusión que lle facía que se fosen publicar os *Diarios* de súa nai, textos que el chegou a ver editados, pola recuperación que supuñan da súa memoria e da do seu home, o pintor Francisco Miguel. Así mesmo, recorda todo o interese que o finado puxo en axudar a este proxecto editorial e narra o encontro que tiveron, Vidal e Fernández, na Coruña despois de máis de medio século de exilio americano.

Costa Staksrud, Liliana, *Rosalía de Castro (1837-1885). El arte del disfraz*, Madrid: Ediciones del Orto, 2000, col. Biblioteca de mujeres, nº 18, 92 pp. (ISBN: 84-7923-231-5).

Volume monográfico dedicado ao estudios da vida e obra de Rosalía de Castro. Recolle nas súas primeiras páxinas dous cadros cronolóxicos, un primeiro no que se fai un percorrido a través dos feitos máis salientábeis do seu periplo vital e creador, e un segundo, no que se dá conta dos acontecementos sociopolíticos e culturais máis sobresaíntes da época na que viviu. A seguir, en diferentes apartados, descríbese con máis detalle a biografía de Rosalía de Castro, dende o seu nacemento no Camiño Novo (Santiago) no ano 1837, pasando pola súa infancia con familiares en Lestedo e Ortoño, a súa adolescencia na cidade compostelá e a súa marcha a Madrid, onde coñece a Manuel Murguía, co que casaría e tería sete fillos, ata chegar ao momento da súa morte en Padrón no ano 1885. Ao mesmo tempo, que se fai este percorrido, vaise citando a súa producción literaria, como é o caso de *La Flor* (1857), *Cantares gallegos* (1863), *Follas novas* (1880) ou *En las orillas del Sar* (1885), e analizando os seus aspectos máis destacados. Por outro lado, faise fincapé nas ideas que esta autora do Rexurdimento tivo con respecto ao papel da muller na sociedade, a literatura ou Galicia. Tamén cabe salientar que moitos dos puntos comentados ao longo do texto están ilustrados por unha serie de textos que se poden ver na parte final do volume.

Referencias varias:

-L. L., “La escritora argentina Liliana Costa aborda en un libro la vida de Rosalía”, *El Correo Gallego*, 19 xuño 2000, p. 71.

Anuncio das novas biografías publicadas na colección “Biblioteca de Mujeres” de Ediciones del Orto, entre as que figura a de Rosalía de Castro, elaborada pola escritora arxentina Liliana Costa Staksurd. Reprodúcense algunhas declaracións da directora, Cristina Segura, ao respecto desta empresa.

Torrente Ballester, Gonzalo, A bela Otero, trad. Carlos Casares, París: Raíña Lupa, 2000, 11 pp. (Sen ISBN e sen DL).

Esta traducción da obra de G. Torrente Ballester preséntase en formato carpeta cun total de once láminas. As dúas primeiras e a última conteñen datos relativos á edición da obra; a seguir preséntanse seis, numeradas, que conteñen, por unha cara, o texto orixinal en castelán e a correspondente traducción ao francés, e pola outra, litografías de Bonifacio. Unha última lámina, sen numerar, recolle a versión galega do texto, elaborada por Carlos Casares. “A Bela Otero” tiña por nome real Agustina e nacera en Valga (Pontecesures) en 1868. Despois dunha infancia desgraciada, abandona Galicia ata converterse en París nunha bailarina de sona mundial. Morreu en Niza en 1965 na pobreza.

V. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica. Biografías. Crónicas

V.4. Publicacións en revistas

A. R., “Anfibio”, *Tempos Novos*, nº 33, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, febreiro 2000, p. 74.

Referencia a *O retorno dos homes mariños* (1999), recente novela de Xurxo Souto, que segundo o articulista, prestou oído ás historias dos homes mariños. Afirma que nesta obra continúa coa súa estética bravú e coa súa ética pangalaica. Finalmente, comenta que o volume se sitúa na estela de Freixanes.

_____, “Malabares”, *Tempos Novos*, nº 33, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, febreiro 2000, p. 74.

Presenta brevemente *Os saltimbanquis no paraíso* (1999), de Xelís de Toro, novela narrada nun longo “flash-back” e de ambientación británico-galega. Afirma que os temas tratados son o da procura da propia identidade, o da aprendizaxe vivencial do decorrer do tempo e o do recoñecemento telúrico do ser vinculado por sempre a un espacio esencial.

_____, “Dos versos estrelecidos”, *Tempos Novos*, nº 33, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, febreiro 2000, p. 75.

Comenta a edición facsimilar de *Na noite estrelecida* (1999), publicada por Xerais en colaboración con Augas de Mondariz. Describe a estructura do volume e salienta o coidado posto na reproducción das miniaturas de Castelao.

_____, “Os poemas do zapateiro”, *Tempos Novos*, nº 33, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, febreiro 2000, p. 75.

Anúnciase a edición de *Versos escritos en Buenos Aires e outros poemas*, antoloxía lírica de Xesús San Luís Romero (Carballo, 1872-Santiago, 1966). Salienta que o editor, Alfonso Rey López, fai un estudio lingüístico dos poemas e proporciona unha útil biobibliografía do autor.

_____, “Recuperando o cantor cego”, *Tempos Novos*, nº 33, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, febreiro 2000, p. 75.

Describe a edición facsimilar *Espiñas, follas e frores* (1875), de Lamas Carvajal, poemario que vai acompañado dun volume de menor tamaño onde Xesús Alonso Montero fala da vida e obra do poeta, ao mesmo tempo que analiza a repercusión que tivo o volume no contexto literario do século XIX.

Abelairas, Beatriz, “No es verdad que los gallegos seamos aburridos”, *Qué leer día a día*, nº 41, febreiro 2000, p. 72.

Entrevista co músico e escritor Xurxo Souto, con motivo da publicación da súa novela *O retorno dos homes mariños*. Así pois, alén de falar das características desta súa novela, comenta a estéril separación campo-cidade e o seu traballo creador, que denomina “cunquismo máxico”. Finalmente, avanza que está a traballar nun libro de relatos. En columna á marxe, fanse breves comentarios do libros *Galicia, Galicia* de Manuel Rivas, *O vello e o mar* de Hemingway e sobre as novelas de Suso de Toro e Manuel Rivas que serán levadas ao cinema.

_____, “Bieito Iglesias: De la docencia se saca el mismo partido literario que de banquero”, *Qué leer día a día*, nº 42, marzo 2000, p. 66.

Nesta entrevista o escritor Bieito Iglesias fala da ironía e do humor natural dos galegos e de como translada esta sabiduría popular aos libros, concretamente ao seu último libro de relatos *O mellor francés de Barcelona* (1999). Tamén reflexiona sobre o feito de a maioría dos escritores galegos seren profesores, o que lle permite dicir que da docencia só se pode vivir, non tirar historias. Marxinalmente dá conta brevemente da saída dos libros: *Conversas con Teresa Castelao* (1999), *O señor Mago e as follas* e *Hemingway en Galicia* (1999).

_____**,** “Castelao”, *Qué leer día a día*, nº 43, abril 2000, p. 80.

Entrevista de Siro López sobre a figura de Castelao, no ano que se cumpre o cincuenta aniversario da súa morte e cando se celebraron conferencias, charlas, homenaxes, congresos, etc, sobre este senlleiro personaxe. Siro López afirma que, alén das diferentes tentativas por apropiarse das súa figura, en Castelao destacou por riba de todo a “sensibiliade ética e humorística” e un amplo coñecemento e práctica da Vangarda artística. Despois, a conversa vaise enfiando polas distintas facetas que desenvolveu o escritor e político rianxeiro: teórico do nacionalismo galego, orador, dignificador da lingua galega. No final, refírese aos anos finais da súa vida que tivo que vivir no exilio, onde se produciu a súa morte.

_____, “Día das Letras Galegas”, *Qué leer día a día*, nº44, maio 2000, p. 64.

Comenta o feito de que as editorias galegas publiquen multitude de libros arredor do Día das Letras Galegas. A seguir, ofrece breves apuntamentos sobre as obras máis recences saídas ao mercado: *Non volvas* (2000), de Suso de Toro; *Salitre* (2000), de S. Jaureguizar; *Obra cartelística* (2000), de Isaac Díaz Pardo; ou *Mini-relatos* (1999), de varios autores e coordinados por Fran Alonso.

_____, “Clásicos que siempre son novedades”, *Qué leer día a día*, nº 48, outubro 2000, p. 74.

Faise referencia á traducción de clásicos á lingua galega e dos clásicos da propia literatura galega para se referir á pervivencia destes no tempo. Así, faise un pequeno resumo dos argumentos das obras *As cidades invisibles* de Italo Calvino, *A leiteira*, *Poesía irlandesa contemporánea*, *Os tres mosqueteiros* de Alexandre Dumas, *As galiñas do vendo* de Günter Grass e *Revoeira* de Xosé Núñez Búa.

_____, “Malditas fechas”, *Qué leer día a día*, nº 50, decembro 2000, p. 80.

Primeiramente, faise un pequeno resumo do significado das datas do Nadal no desenvolvemento e proxección, isto é promoción e venta, do libro nesta datas. A seguir ofrece aos lectores unha serie de obras acabadas de saír do forno: *Xabaril branco* de Tucho Calvo, *As cousas claras* de X. A. Neira Cruz, *Expediente Artieda* de L. Rei Núñez, *Matalot*e de X. Franco González, *O polbo xigante* de Carlos Casares e *A castaña que chegou a árbore* de Tucho Calvo, entre outras.

Abuín de Tembra, Avelino, “Manuel Dourado Deira. *Conversas con Teresa Castelao. Anecdotario dun século de vida*”, *Encrucillada*, nº 116, “Recensións”, xaneirofebreiro 2000, pp. 96-97.

Coméntase a obra *Conversas con Teresa Castelao. Anecdotario dun século de vida* (1999), do rianxeiro Manuel Dourado Deira, cun breve limiar de Pousa Antelo. Afirma que se trata dun documento “que segue a cronoloxía de Castelao para manter un coloquio intenso, cheo de episodios revividos”. A continuación, cítanse os diferentes apartados do libro e alúdese á importancia da voz da entrevistada, “un rexistro sonoro necesario”, presente nunha “escolma de gratísimas lembranzas. Ben escrita. Exacta e rigorosa. Incluso preciosista para o xénero”.

Acuña, Ana, “Billarda”, *Grial*, nº 145, Tomo XXXVIII, “Libros”, xaneiro-febreiro-marzo 2000, pp. 139-144.

Esta recensión de *Billarda* (1999) comeza cunhas notas informativas sobre o acto de presentación en Madrid. Destaca o carácter bilingüe, o prólogo introductorio e o feito de que as versións ao castelán sexan da autoría do propio Araguas. A seguir, fai un percorrido pola traxectoria poética deste autor, a medida que vai comentando os poemas incluídos na antoloxía. Deste xeito, achégase ás características de *Paisaxe de Glasgow* (1978), *Ás veces en domingo abonda coa tenrura* (1980), *Poemas para Ana Andrea* (1982), *Caleidoscopio* (1987), *Camposanto* (1994), *O gato branco* (1995) e *Río matinal*, aínda sen publicar. Opina que Araguas evolucionou dende unha poética do concreto, chea de enumeracións, ata unha temática máis existencial, máis visionaria e máis profunda.

_____, “Un fantasma modosito” de Alonso Zamora Vicente”, *Madrygal*, nº 3, “Traducción”, 2000, pp. 153-158.

Texto en castelán, traducido ao galego por Ana Acuña, María Álvarez e Carlos Solla, pertencente a *Cuentos con gusano dentro* no que se reproduce a conversa entre dúas amigas, Úrsula e Damiana, e no que a primeira lle relata os encontros nocturnos coa pantasma do seu defunto marido, Agapito Vinagre Seisdedos, quen lle dá consellos para resolver asuntos que el deixou pendentes.

Adán, Rafael, “Aniversario de Castelao”, *Libredón. Órgano oficial del Centro Gallego de Santander*, nº 44, “Cultura”, 2000, p. 19.

Co gallo do cincuentenario da morte de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, Rafael Adán fai un repaso biobibliográfico á figura deste ilustre rianxeiro. Comeza sinalando a importancia da emigración na vida de Castelao para logo se centrar na descrición da súa producción escrita –narrativa, teatro e ensaio–, pictórica e mais do seu quefacer político. Remata salientando a relevancia e transcendencia do legado de Castelao e recomendando a visita á páxina web do Museo Castelao –www.museocastelao.org–.

Agís Villaverde, Marcelino, “As raíces da creación intelectual de Castelao”, *Guía dos libros novos*, nº 16, “Ano de Castelao”, marzo 2000, p. 3.

Analiza a recepción que, tanto a nivel persoal coma colectivo tivo a obra de Anxo González *Fundamentos antropolóxicos da obra de Castelao*, publicada polo Centro Ramón Piñeiro en 1999, así como a súa orixinalidade, que reside no feito de ofrecer novas claves para a lectura integral da obra de Castelao. Da mesma maneira, dá conta da estructura do libro e dos contidos abordados en cada unha das súas tres partes, as dúas últimas aplicación do esquema conceptual deseñado na primeira, ao tempo que resalta os puntos comúns entre a metodoloxía de Anxo González e a doutros autores alemáns e casteláns.

Alhegue Leira, Carlos, “O Prémio Nóbel de Saramago na imprensa galega ou falar e non dizer nada”, *Agália*, “Notas”, nº 60, Inverno 2000, pp. 492-494.

Fai un percorrido descritivo polo tratamento que a prensa galega lle deu á concesión do Premio Nóbel a Saramago. Entre os artigos que comenta e cita hai algúns de estudiosos e autores da nosa literatura como Joel Gómez, Olga Novo, Dolores Vilavedra, Suso de Toro e Xosé Luís Franco Grande. Como conclusión xeral considera que as opinións atenden máis á proxección pública e política do autor que á súa obra literaria.

Alonso Montero, Xesús, “Hai 57 anos: o día en que non me examinei con Don Ramón Otero Pedrayo”, *A Trabe de Ouro*, nº 44, “Crónica”, Tomo IV, Ano XI, outubro-novembro-decembro 2000, pp. 559-562.

Alonso Montero sitúase no ano 1943, cando estudiaba na escola pública de Ventosela, “a súas leguas de Trasalba, se se vai polos atallos”. Comenta o ingreso no Instituto Ramón Otero Pedrayo de Ourense no que o autor de *Os camiños da vida* xa non impartía docencia ao ser suspendido de emprego e soldo en agosto de 1937. Esta anécdota sérvelle a Alonso Montero para rematar a súa colaboración coa seguinte reflexión: “pasaron os anos e algúns de nós, a primeira xeración antifranquista, fómonos formando, dentro e fóra das aulas, sen don Ramón, sen Castelao, sen Roberto Blanco Torres, sen Luís Seoane, sen Rafael Dieste”.

_____, “Anne Marie Morris con Rosalía ó fondo”, *Revista de Estudios Rosalianos*, nº 1, “Estudios”, 2000, pp. 59-70.

Achega biográfica á estadounidense Anne Marie Morris autora do poemario *Voz fuxitiva* (1965). Céntrase nas circunstancias vitais que a levaron a entrar en contacto coa literatura galega e na súa paixón pola poesía de Rosalía de Castro. Comeza sinalando que foi en 1955, a través dunha cántiga popular incluída en *Aromas de leyenda* (1907), de Valle-Inclán, cando quedou prendada pola sonoridade da lingua na que estaba escrita, segue referíndose ao contacto mantido co profesor galego da Universidade de California Xosé Rubia Barcia, co que tivo clases de galego e a través do que coñeceu as obras de Rosalía de Castro e Manuel Curros Enríquez. Tamén sinala que será moitos anos despois cando chegue a Galicia para asistir a un congreso de escritores alófonos organizado por Xesús Alonso Montero en 1993, aínda que antes mantivera correspondencia con Ernesto Guerra da Cal, prologuista do seu poemario, con Francisco Fernández del Riego; que respondera en galego á *Encuesta mundial sobre la lengua y la cultura gallegas* (1974). Finalmente, destaca a emoción da súa viaxe a Galicia e reproduce o facsímile da carta a Francisco Fernández del Riego acompañada dun poema en francés.

_____, “O pelengrino”, poema de Otero Pedrayo atribuído a outros autores”, *Madrygal*, nº 3, “Artigos”, 2000, pp. 9-12.

Achega ao poema “O Pelengrino” publicado no número 38 da revista *Nós* o 15 de febreiro de 1927 baixo a sinatura de “R.”, e que moitos estudiosos atribuíron a Vicente Risco. Analiza as fontes erradas e aclara que o seu autor é Ramón Otero Pedrayo, asinante doutros artigos do mesmo número coas siglas “R O”. Indica que o primeiro que corrixiu este erro foi Ben-Cho-Shey no “Índice da revista *Nós*” de 1970 e a outra fonte é unha carta de Ramón Piñeiro de 1988, da que se ofrece o facsímile nun anexo ao artigo. Reproduce o texto publicado na revista *Nós* e, a seguir, ofrece un resumo do seu argumento; caracteriza a métrica pola predominancia do alexandrino, lembrando o uso destes versos por Ramón Cabanillas en *Na noite estrelecida* (1926), Valle-Inclán ou Gonzalo de Berceo. Remata indicando que a súa intención só é restituir “ó seu lexítimo dono”.

_____, “A poesía de Ramón Cabanillas na Guerra Civil”, *Pontenorga*, nº 2, 2000, pp. 9-20.

Achégase á poesía que Ramón Cabanillas escribiu durante a Guerra Civil e ás circunstancias vitais que marcaron estes anos. Estructúrase o texto en tres puntos, o primeiro xira arredor do “Drama persoal de Cabanillas nos primeiros meses de Guerra Civil” nos que se atopaba en territorio republicano. No segundo, “Dous poemas belixerantes de Cabanillas”, reprodúcense as composicións que publicara en *El Miliciano Gallego* e en *Nova Galiza* tituladas “Romance de loita”, que apareceu o 30 de abril de 1937, e “Adiante” do 15 de xuño do mesmo ano, respectivamente. Considera que no caso do segundo poema, probabelmente sexa unha petición de Castelao, responsábel da revista. Tamén se fala da súa volta a Galicia, da aceptación dun posto administrativo no concello de Cambados e reprodúcense algúns textos nos que se observan os cambios experimentados na postura de Cabanillas, entre eles o evitar referirse ao frentepopulismo e ao fascismo, centrándose só no galeguismo. No terceiro, refírese á traducción de “A Internacional” feita por Ramón Cabanillas e á que alude Manuel D. Benavides en *El crimen de Europa (Nuestra guerra)* (1937), na que reproduce algúns versos desta, mentres que a versión completa aparece en *Nueva Galicia* o 28 de novembro de 1937 sen sinatura. Remata concluindo que a versión de Cabanillas probabelmente fora feita a partir dunha en castelán.

_____, “Rafael Dieste”, *Boletín da Real Academia Galega*, nº 361, “Sección necrolóxica”, 2000, pp. 285-286.

Breve descrición da polifacética traxectoria vital de Rafael Dieste. Salienta que o autor de *A fiestra valdeira* sobresaía polo seu “talento” no mundo das letras onde se moveu por diferentes eidos, dende a literatura ata o xornalismo. Por outra banda, indica que a súa vertente republicana lle custou o exilio ao académico. Conclúe valorando moi positivamente a figura da esposa do magnífico orador rianxeiro no labor levado a cabo por este.

Aguilera Borrero, Frank, “Seis actos para o outono vigués”, *Revista Galega de Teatro*, nº 25, “Opinións dende a Butaca”, inverno 2000, pp. 57-60.

Achega as súas reflexións sobre o Ciclo de Teatro “Vigo en seis actos”. En tamén seis actos comenta un a un, os diferentes espectáculos, todos da “recente producción teatral española”, concluíndo cun “telón” no que pon de relevo a falta aquí de teatro galego.

Álvarez Pérez, José Ramón, “Johán Carballeira. Unha obra por rematar”, *Grial*, nº 145, Tomo XXXVIII, xaneiro-febreiro-marzo 2000, pp. 89-99.

Este artigo no que se reivindica a importancia de José Francisco Gómez de la Cueva, Johán Carballeira, comeza cun achegamento ao máis salientábel da súa curta, pero intensa, biografía. A seguir, analiza a traxectoria poética, destacando a evolución dende a temática “romántico–modernista” ata temas máis próximos á realidade galega. Ocúpase tamén de lembrar o importante traballo xornalístico desenvolvido por este galeguista de Bueu, así como a súa dedicación á política e o seu interese polo mundo educativo e agrario. Finalmente, baixo o epígrafe “Carballeira e a represión” dá conta da súa detención a finais de 1936 e o seu posterior fusilamento no 1937.

Álvarez Pousa, Luís, “Ramón Piñeiro. A paixón polo país”, *Tempos Novos*, nº 43, “Entregas Políticas. Entrevista inédita”, decembro 2000, pp. 64-71.

Transcríbense as palabras de Ramón Piñeiro nunha conversa espontánea mantida en novembro de 1989, inédita ata agora. Nela Piñeiro vai falando de distintas accións levadas a cabo polos galeguistas despois da guerra, e da represión á que eran sometidas. Déixase así constancia de como Castelao entrou como ministro no goberno do exilio, como se optou polo culturalismo no partido galeguista coa Editorial Galaxia, como xurdiron novas ideoloxías entre os máis novos ou como se denunciou ante a UNESCO a represión da lingua e cultura galegas. Finalmente, Piñeiro expón algunhas ideas para que a autonomía sexa eficaz, opinando que hai que crear os instrumentos idóneos que demanda o ensino para a culturalización dos galegos ou que hai que conquistar os dereitos da nosa lingua, pero sen violencias.

Álvarez Ruiz de Ojeda, Victoria, “Documento para a biografía de Rosalía de Castro: testamento de José Martínez Viojo, prebítero”, *Grial*, nº 146, Tomo XXXVIII, abrilmaio-xuño 2000, pp. 169-178.

A autora explica o proceso que a levou ata o testamento de José Martínez Viojo na procura dalgún legado ou recoñecemento para a súa filla, Rosalía de Castro. A seguir, publica, describe e analiza o antedito documento, comentando a relación dos beneficiados coa autora de *Cantares Gallegos*. Finalmente, conclúe que este presbítero non recoñeceu a súa paternidade e que era “un home humilde, de ningunha ambición intelectual, cumpridor das súas obrigas cotiás, de carácter alegre e nada amigo de atender rumores e murmuracións”.

_____, “Rosalía de Castro, actriz: noticias e documentos”, *Revista de Estudios Rosalianos*, nº 1, “Estudios”, 2000, pp. 11-43.

Céntrase nos traballos de Rosalía de Castro como actriz dentro do Liceo de la Juventud de Santiago, onde se levaron a cabo numerosas escenificacións teatrais nas que participou a poetisa sendo moza. Baséase nas anotacións feitas nun exemplar que recolle numerosas pezas teatrais e que pertenceu ao Liceo de la Juventud. Titulado *Comedias 3*, nel aparecen anotacións manuscritas sobre a escenificación das obras e os nomes das persoas a carón dos papeis que lles tocaba representar, identificándose entre eles o de Rosalía en vinteseis ocasións e unha máis acompañado do apelido. Traza brevemente a biografía das outras persoas identificadas e examina as obras nas que intervén Rosalía, ofrecendo un resumo do argumento e unha análise do papel que ela interpreta. Repasa a situación do teatro daquela época e recolle a recepción da actividade teatral rosaliana. Nega que a viaxe de Rosalía a Madrid fose por ambicións teatrais e achégase á influencia destas experiencias na poetisa á hora de escribir as dúas pezas teatrais, hoxe desaparecidas, que tenta publicar na súa volta a Galicia. Despois de informar sobre as últimas montaxes nas que participa Rosalía ofrece a edición facsimilar dalgunhas das páxinas do libro do Liceo nas que aparecen manuscritos os nomes dos actores e actrices que interveñen en cada peza, entre eles o de Rosalía de Castro.

Alvariño, Carme, “Mulleres doutras culturas: unha ollada sen prexuízos”, *Guía dos libros novos*, nº 16, “Narrativa”, marzo 2000, p. 23.

Fai un percorrido polos relatos pertencentes ao libro de Rachna Mara, *Entre o costume e a ruptura,* que nos achega a un mundo que habitualmente contemplamos, dende a mirada occidental, como algo exótico, mesmo folclórico, observábel nun documental ou nunha viaxe turística, pero sempre de lonxe, e que pon ao descuberto a situación das mulleres na India, sometidas a toda clase de carencias educativas, submisións e malos tratos. Así mesmo, lembra que este libro, traducido ao galego en 1998, forma parte duna serie de publicacións, polas que optaron algunhas editorias galegas e que teñen como eixe central o mundo da muller.

Amado Rodríguez, M.ª Teresa, “Aristóteles, *Poética*”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 23, “Libros”, 1º semestre 2000, pp. 212-216.

Debúllase a versión galega que da *Poética* de Aristóteles fixo o filólogo Fernando González Muñoz. Descríbense as diferentes partes do volume: “Introducción” –que se centra na producción aristotélica, nos contidos da *Poética* así como na análise dos elementos formais da traxedia–; “Bibliografía”; “Texto orixinal” –tirado da edición de Kassel de 1965–; “Traducción” –con abondosa notación– e mais o “Apéndice” que contén unha traducción dos textos aristotélicos da *Retórica* e a *Ética a Nicómano* relativos á mágoa, ao horror e ao erro tráxico.

Animal, “Contos do Senegal”, *Anima+I*, n.º 10, “Entrevista”, inverno 2000, pp. 28-29.

Despois de se falar das características dos *wolof*, que é a etnia máis numerosa do Senegal, e da súa tradición oral, reprodúcense, en versión galega, tres contos populares que foron tirados da irmandade *mouride* dos *wolof* e recollidos preto de Dakar, “O afeicionado aos ovos”, “Os tres fenómenos” e mais “O mango da eixada máxico”, nos que subxace a súa tradición coas achegas propias de cada narrador.

Araújo García, M.ª Teresa, “Obra descoñecida de Manuel Amor Meilán en *Galicia Moderna* (A Habana)”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 24, “Notas”, 2º semestre 2000, pp. 73-76.

Repásanse os volumes que se teñen ocupado da obra literaria de Manuel Amor Meilán e a seguir detállanse os textos que este autor publicou no xornal habaneiro *Galicia Moderna* analizando externa e internamente o relato titulado “O encanto” que fora publicado o 17 de marzo de 1889.

Axeitos, Xosé Luís, “Entre o diálogo e a entrevista”, *Guía dos libros novos*, nº 16, “Ano de Castelao”, marzo 2000, p. 5.

Sinala os perigos do xénero literario coñecido como entrevista, sometido na práctica a unha serie de deformacións e distorsións que non sempre somos capaces de corrixir os lectores e dos que non están exentas estas conversas, publicadas por Manuel Dourado Deira, nas que interveñen Teresa Castelao e el mesmo. Tamén, describe algunhas das informacións contidas nas conversas, entre as que cabe destacar certas precisións intrahistóricas que marcan a época da infancia de Castelao; determinados datos da intimidade vilega rianxeira que aparecen por primeira vez no libro; noticias referidas á familia Baltar e a súa importancia en Rianxo, así como outras de menos interese que se refiren ao Castelao exiliado e político.

Baliñas Fernández, Carlos, “A ideoloxía da Xeración Nós”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, “Antropoloxía e Etnografía”, Tomo 112, 2000, pp. 303-304.

Comeza coa xustificación do concepto de xeración apoiándose en tres argumentos: o nacemento de todos na década dos oitenta, a presencia dun referente histórico común, “a efervescencia do nacionalismo”, e a ideoloxía europeísta tamén compartida. A seguir, no epígrafe titulado “Enfoques no estudio das ideoloxías”, solicita un estudio en profundidade das ideoloxías en Galicia, ademais de reflexionar sobre cómo estudiar o nacionalismo desta xeración. Despois de citar e comentar brevemente as fontes que serven para analizar o ideario de Nós, Carlos Baliñas describe que os “Os grandes eixos da ideoloxía” foron os que seguen: converter unha fala en lingua; facer dun territorio, unha terra; converter o pasado en historia; facer que a comunidade sexa unha nación e converter o enxebre en tradición. Na “coda” final coa que se pecha o artigo, destaca que os autores da Xeración Nós non eran moi dados ao debate, pero que traslucían a súa ideoloxía dun xeito claro e sobrio.

Baraxeiro, “O betanceiro José G. Acuña e Murguía”, *A Xanela*, nº 9, primavera 2000, p. 19.

Lembra a figura de José G. Acuña, xornalista, escritor e ensaísta centrándose na súa relación con Manuel Murguía, que provén do nomeamento do betanceiro para ocupar a cadeira que Murguía deixara vacante á súa morte en 1923. Posteriormente, informa que Acuña publicou o traballo “Murguía poeta” no boletín co que a entidade coruñesa conmemorou o centenario do nacemento do esposo de Rosalía (1833). Para rematar, transcribe algúns dos comentarios que nel facía Acuña da poética do historiador, que situaba no Romantismo.

Bello Vázquez, Raquel, “A escolha da periferia”, *Agália*, “Recensons”, nº 59, Outono 1999, pp. 393-394.

Recensión de *Gong* (1999) que comeza cunha alusión ao gusto e coidado que Artábria pon nos seus libros. A seguir, salienta a vocación periférica nas escollas do autor, xa manifesta dende a dedicatoria e a opción lingüística que o sitúan fóra da oficialidade. Outro dos aspectos polos que este primeiro poemario de Carlos Quiroga sorprende a Raquel Bello é a súa tardía aparición, tendo en conta a precocidade reinante na poesía galega actual, e por afastarse da temática erótica. Salienta o gusto polo exótico e a heteroxeneidade da obra ao combinar paisaxes e espacios chineses e árabes con outros compostelans e lisboetas. Finalmente, a recensionista comenta un texto de índole política incluído no remate do poemario.

_____, “A *Experiência inglesa* de Paulino Vázquez: o que fica dos poetas mortos”, *Agália*, “Recensons”, nº 60, Inverno 2000, pp. 519-520.

Comeza esta recensión do poemario de Paulino Vázquez, publicado en 1998, cunha descrición da presencia da literatura inglesa na obra. A seguir, céntrase na temática, que considera decadente, moi influída pola poesía galega dos oitenta e pesimista, con continuas referencias á morte. Finalmente, salienta o coidado desta autoedición e o acerto na escolla de “cores, materiais, papéis, que fam dele umha pequena joia, um poemário para desfrutar cos sentidos da vista e do tacto mesmo antes de coñecer as palavras que contém”.

Benito Reza, Xosé, “Por fin a casa de Manuel Curros Enríquez”, *Cachiquimbra*, nº 4, xaneiro 2000, p. 16.

Dá conta da compra por parte da Concello de Celanova da casa na que viviu Manuel Curros Enríquez para, trala restauración, fundar alí a Casa dos Poetas.

Bernárdez, Carlos L., “Música e poesía: auroral comuñón”, *Guía dos libros novos,* nº 14, “Estudios literarios”, xaneiro 2000, p. 20.

Carlos L. Bernárdez presenta o traballo *O outro lado da música, a poesía. Relacións entre ambas artes na historia da literatura galega* de Luísa Villalta. No libro primeiro expón a visión clásica da música e logo desenvolve a relación entre música e poesía na poesía galega. Comenta o período medieval (superioridade do trobar vs citolar), as panxoliñas do XVI e XVII, analiza a relación música/poesía na obra de Xosé Manuel Pintos, Rosalía, Pondal... Reflexiona tamén neste traballo sobre o ‘nacionalismo musica galego’ e o rexionalismo. Na última parte fala da poesía do primeiro tercio do XX, da escola musical galega que quixo crear as Irmandades e dos seus precedentes, e das influencias musicais en Cabanillas e Manuel Antonio. Así a obra ofrécenos “despois dun proceso de afastamento”, a inicial comuñón da unión da música e da poesía e conclúe con tres exemplos desta ‘comuñón’ en Blanco Amor, Cunqueiro e García Lorca.

_____**,** “Impresionismo da nostalxia”, *Guía dos libros novos,* nº 15, “Poesía”, febreiro 2000, p. 26.

Di Carlos L. Bernández que este libro de Xavier Seoane *Don do horizonte. Obra poética (1976-1998)* é unha recompilación da súa notábel obra poética. Subtitúlase *Eloxio de vivir* e comeza por *Os bosques acendidos* que foi o seu primeiro libro e remata con dúas seccións inéditas: *A néboa invisíbel* (captación da paisaxe interiorizada polo poeta) e *Agra de Brea* (descritivismo case práctico, como no poema *Os días da memoria,* véndose o tempo como elemento destructor). Finalmente afirma que Xavier Seoane nos seus primeiros libros creou unha simboloxía persoal que ten como núcleo central a presencia feminina.

_____, “Reflexión conceptual”, *Guía dos libros novos*, nº 16, “Narrativa”, marzo 2000, p. 20.

Informa sobre o libro do narrador e crítico literario falecido recentemente Antón Risco, *Un, dous e tres (novelas) + poesía*, un libro singular no que o elemento narrativo é tratado dende o punto de vista gráfico, formado por dúas partes ben diferenciadas: dunha banda tres textos literarios narrados por medio de grafismos, nos que se contan difententes situacións que van dende a soidade ata o encontro, e doutra, unha serie de poemas gráficos, concibidos como xogos lúdicos e fantásticos que constitúen auténticas mostras de poesía visual. Así mesmo, analiza as carácteríscas desta poesía visual elaborada por Risco e loa o limiar de Xosé María González Xil, un experto no ámbito da poesía visual e do apaixonante mundo que se crea do contacto entre o literario e o plástico.

_____, “Poesía irlandesa entre nós”, *Guía dos libros novos*, nº 17, “Poesía”, abril 2000, p. 25.

Dá conta das constantes referenciais, a presencia da realidade conflictiva, histórica e actual de Irlanda e a violencia, na antoloxía *Poesía irlandesa contemporánea* (1999), editada por Antonio Raúl de Toro Santos e traducida polo propio editor en colaboración con David Clark e Emilio Ínsua González, na que se reúne un conxunto de poetas irlandeses entre os que se atopan autores “ben coñecidos entre nós” como, o premio Nobel Seamus Heaney, Eavan Boland ou Yeats, este último unha das presencias referenciais para os poetas novos e un punto de inflexión para o desenvolvemento de obras posteriores. Así mesmo, lembra que esta obra, publicada en Espiral Maior, exemplifica a ampla traxectoria desta editorial no panorama poético galego, no que está a desenvolver un salientábel labor que comprende unha visión case exhaustiva do proceso seguido pola poesía galega na última década, pero que non exclúe a presencia destacada dalgunhas grandes voces da poesía universal.

_____, “Teixeira de Pascoaes e nós”, *Guía dos libros novos*, nº 18, “Estudios literarios”, maio 2000, p. 24.

Partindo de *Os intelectuais galegos e Teixeira de Pascoaes. Epistolário* (1999), que contou con Eloísa Álvarez e Isaac Estraviz como editores, dáse conta das relacións existentes entre os intelectuais galegos e os portugueses mediante a publicación deste epistolario. Tras facer un pequeño percorrido pola traxectoria de Teixeira de Pascoaes, resáltanse as dúas posturas enfrontadas entre os galegos que se cartearon co autor portugués: os que o tomaron como espello ideolóxico-cultural –Vicente Risco, Álvaro Cebreiro, Antón Vilar Ponte e Ramón Cabanillas– e os que o admiraron como poeta –Noriega Varela e Francisco Luís Bernárdez–. Así mesmo, sinálase que estas cartas permiten coñecer a visión que o poeta luso tiña de Galicia. Por último, lóuvase a validez desta edición por ser “unha fonte riquísima de documentación sobre un período decisivo da nosa historia cultural e literaria”.

Bernárdez Vilar, Xoán, “Panorama cultural”, *Encrucillada*, nº 116, “Rolda da cultura”, xaneiro-febreiro 2000, pp. 74-83.

Percorrido detallado polos acontecementos máis destacados do panorama cultural en Galicia, dividido en varios apartados: “Artes plásticas”, “Audiovisual”, “Banda deseñada”, “Cine e teatro”, “Congresos, comunicacións”, “Decesos”, “Etnografía”, “As letras”, “Música”, “Novas en xeral”, “Universidade” e “Varia”. En primeiro lugar, afírmase que o ano 2000 é o ano de Castelao, o ano da Capitalidade Cultural de Compostela, o ano de Manuel Murguía e o ano da celebración do Bimilenario de Braga. A seguir, alude aos premios e autores galardoados no ano anterior, así como a diversos títulos que considera relevantes, entre eles *Tempo de faios*, de Xosé Luís Álvarez; *Aminalia*, de Antón Riveiro Coello ou *Pan (libro de ler e desler)*, Estíbaliz Espinosa, entre outros.

_____, “De *cronos* e de calendarios”, *Encrucillada*, nº 117, “Rolda da cultura”, marzo-abril 2000, pp. 87/199-98/210.

Habitual sección de Bernárdez Vilar na que se alude á celebración da Semana da Banda Deseñada; ao Concurso da Banda Deseñada 99; ao Festival alternativo de teatro, música e danza de Compostela, no que participaron os grupos Chévere e Itinerrances. A seguir, cítanse algúns congresos como o Congreso Castelao, celebrado en Rianxo, así como os premios Ramón Piñeiro de Ensaio, o Vº Premio xornalístico “Manuel Reimóndez Portela”; o Premio “Sempre en Galiza” de ensaio; o ciclo Escritores galegos cara aoséculo XXI; a IXª edición dos Premios “Irmandade do Libro”. No apartado de “Letras” alude a numerosas presentacións, entre elas á da revista *Alquimia*, ou de obras como *Cornos de difunto*, de Francisco Calo Lourido, ou os *Os ollos do Tangaleirón*, de Xosé Antonio Neira Cruz, entre outras. Por último, alúdese ao centenario da morte de Alfredo Brañas Menéndez; o cincuentenario do pasamento do coruñés Santiago Casares Quiroga ou a homenaxe a Francisco Luís Bernárdez, organizada polo Clube Cultural Alexandre Bóveda.

_____, “1963: Aquel primeiro *Día das Letras Galegas*”, *Encrucillada*, nº 118, “Rolda da cultura”, maio-xuño 2000, pp. 69/301-78/310.

En primeiro lugar alude á aparición da editorial Lóstrego que, na colección “O saber no peto”, publicou *Os Celtas*, *As relixións do mundo*, *As festas rituais de Galiza*, *A música Rock* ou *As Olimpíadas*, entre outros títulos. Así mesmo, afirma que Méndez Ferrín foi galardoado co Premio da Crítica, convocado pola Asociación Española de Críticos Literarios, pola súa obra *No ventre do silencio*; así como Manuel Álvarez Torneiro polo poemario *Luz de facer memoria*. Ademais, Xosé Fernández Ferreiro obtivo o premio Losada Diéguez pola súa novela *O atentado*; Xosé Vázquez Pintor gañou o premio Carballo Calero de narrativa; Pura Vázquez obtivo o VIIIº Premio “Aula de Poesía” de Barcelona. Así mesmo, informa da convocatoria da VIIIª edición do Premio “Manuel Lueiro Rey” de novela curta, a XIIIª edición dos Premios de narracións xuvenís “Rúa Nova” ou o Premio “Trasalba” 2000 convocado pola Fundación Otero Pedrayo.

_____, “¿Humanidades?: si, gracias”, *Encrucillada*, nº 119, “Rolda da cultura”, setembro-outubro 2000, pp. 97/433-106/442.

Como nos artigos anteriores, Bernárdez Vilar achégase ao panorama cultural de Galicia. Cita a celebración dunha nova edición do festival de Banda Deseñada Viñetas dende o Atlántico; a publicación de novos números dos *Cadernos de Teatro* ou a celebración dalgúns congresos. Así mesmo, alude a algúns premios como o de poesía Miguel González Garcés para *Campos Sesgados* de Manuel Álvarez Torneiro; o Premio de poesía da Agrupación Cultural “O Facho” para Alberte Román Losada por *Salmatu*; o Premio Martín Codax de Poesía para Gonzalo Navaza por *Libra* ou o Premio de poesía Uxío Novoneyra do Concello das Pontes para *Banzados* de Xosé Vázquez Pintor.

Blanco, Carmen, “Valente é o seu nome. Alén o seu lugar”, *Tempos Novos*, nº 39, “A Contratempo”, agosto 2000, p. 33.

Como se indica no título o alén é o lugar escollido por José Ángel Valente para o seu canto. Segundo Carmen Blanco, “este é o lugar elixido porque foi o que o elixiu a el, poeta, como Pimentel, que se abre para recibir a experiencia extrema na terra allea e máis nosa, alén, no lonxe”.

Blanco González, Cristina, “Informe de Literatura (1995, 1996, 1997, 1998): abrindo camiño á investigación literaria”, *Citania*, A*rtes, Espéctaculos*, nº 3, outono-inverno 2000, pp. 97-98.

Nesta liñas faise unha sucinta descrición do Informe de Literatura que publicou o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades dende o ano 1995. Indícase que está feito ao abeiro das teorías literarias máis modernas e que pode encontrarse tamén en CD-Rom, o que permite afirmar que “estamos diante dun traballo pioneiro en moitos aspectos”.

Blanco Prado, José Manuel, “Fondos etnográficos e antropolóxicos de Galicia na biblioteca do Seminario Diocesano de Lugo”, *Lvcensia*, nº 20 (Vol. X), “Comentarios”, 2000, pp. 115-128.

Artigo no que se recollen os títulos das obras de carácter etnográfico e antropolóxico que están na biblioteca do Seminario Diocesano de Lugo, precedidos por unha pequena introducción na que se indica que se relacionan un total de sesenta e catro datadas entre 1774 e 1967, nas que diferencia tres tipos atendendo ao contido temático: 35 só etnográfico, 26 de carácter xeral e 4 de programas de festas e que aparecen colocadas cronoloxicamente. A seguir ofrece a ficha de cada unha delas e un pequeno resumo do seu contido, e no que á litertura galega se refire aparecen algunhas de recollida de material popular como *Romancero de Galicia* (1887), de V. Novo y García; *Romancero de Lugo* (1891), de Eduardo Núñez Sarmiento; *Cousas das mulleres. Poema* (1895), de Xesús Rodríguez López; *Contos da forxa* (1919), de Euxenio Carré Aldao; *Cancioeiro da agulla* (1931), de Armando Cotarelo Valledor; *Terra de Melide* (1933) e *Entre a vendima e a castiñeira. Contos* (1957), de Otero Pedrayo; ademais de *Romanceiro de Tradizón Oral* (1959), de Lois Carré Alvarellos.

_____, “Contidos etnográficos e antropolóxicos de Galicia na biblioteca do Seminario Diocesano de Lugo (II), *Lvcensia*, nº 21 (Vol. X), “Comentarios”, 2000, pp. 329-340.

Segunda entrega referida aos fondos da biblioteca do Seminario Diocesano de Lugo, que do mesmo xeito que na anterior, vén precedida por unha introducción na que explica que se achegan trinta e dúas obras ordenadas cronoloxicamente, e que van dende 1886 ata 1980, das que se ofrece un pequeno resumo do seu contido. Tamén fai unha ordenación por temas diferenciando, no que á literatura galega se refire, entre cancioneiros, lendas, romanceiros, contos e refraneiros, aparecendo, a seguir, na relación de obras títulos como *Cancioneiro popular gallego (y en particular de la provincia de La Coruña)*(1886), de José Pérez Ballesteros; *Romanceiro Compostelán* (1926), de Avelino Gómez Ledo; *Contos do camiño e da rúa* (1932), de Ramón Otero Pedrayo; *Contos do fiadeiro* (1973), de Ben-Cho-Shey; *Cancioneiro popular galego* (1973), de Ramón Cabanillas; ou *Cancioneiro da Terra Chá* (1980), de Isaac Rielo Carballo, entre outras.

Blanco Ramos, Carmen, “Conversas con Alexandre Finisterre”, *Madrygal*, nº 3, “Artigos”, 2000, pp. 21-28.

Reproducción de dúas conversas co poeta Alexandre Finisterre (Alejandro Campos Ramírez), salientando que este exiliado galego viaxou por todo o mundo e axudou como editor a moitos poetas exiliados en México. Fai un percorrido pola súa vida, dende a infancia en Fisterra e na Coruña, os estudios en Madrid, ou o seu exilio en Francia. A seguir, céntrase no labor editorial desenvolvido en México, lugar no que entra en contacto con Florencio Delgado Gurriarán, e en Buenos Aires con Suárez Picallo, Arturo Cuadrado, Luís Seoane, Eduardo Blanco Amor ou Celso Emilio Ferreiro, entre outros. Destaca entre as súas publicacións a edición facsimilar de *Galeuzca* ou *Compostela. Revista de Galicia*, ademais da axuda prestada a Blanco Amor nas *Farsas para títeres*. En canto ao seu traballo como poeta, reproduce algunhas das súas composicións de xuventude e sobrancea *Poesía de Galicia*, obra na que aparecen ilustracións de Castelao, Díaz Pardo, ademais dunha selección da maioría dos poetas galegos do século XX, cun poema en castelán do propio Finisterre: “Plegaria”. Remata coa reproducción do poema que elaborou para o homenaxe a Uxío Novoneyra.

Blanco Torrado, Alfonso, “José Ángel Valente Docasar (1929-2000)”, *Encrucillada*, nº 119, “In Memoriam”, setembro-outubro 2000, pp. 85/421-87/423.

Breve recordo do escritor José Ángel Valente, do que afirma que aínda hoxe nos segue envolvendo “co fulgor que alumea a súa memoria porque neste autor creación e vida foron unha mesma cousa”. A seguir, cita algunhas das obras do autor como *A modo de esperanza* (1954) ou *Sete cántigas do alén* (1996).

Borobó, “Castelao con Valle-Inclán”, *Madrygal*, nº 3, “Artigos”, 2000, pp. 29-44.

Análise da posíbel relación mantida por Castelao e Valle-Inclán tomando como fonte os *Cuadernos* do rianxeiro nos que se comenta o primeiro encontro en Madrid no faladoiro que o da Arousa tiña no Nuevo Café de Levante e das caricaturas que del realizou. Faise un percorrido pola vida do Castelao humorista tentando ver as posíbeis influencias de Valle e recollendo as opinións de diferentes estudiosos. Comézase dende as súas primeiras colaboracións en revistas como *Galiza moza* ou *Vida Gallega*, e os Certames nos que participou, entre eles o IIIº Salón de Humoristas. Tamén se detén na obra *Valle-Inclán y la plástica*, de Eva Lloréns (1975), na que se defende unha influencia mutua de ambos os autores, especialmente no tratamento e presencia dos cegos e do seu universo nas súas obras, a influencia de Goya en ambos os dous e a posíbel influencia das caricaturas do rianxeiro, que logo conformarían o *Album Nós* (1931), nas obras *Cara de Plata* e *Divinas Palabras* do arousán. Achégase ás representacións das obras de Valle en Madrid, en especial, aos ensaios e lectura de *Divinas Palabras* á que asistiu Castelao. Remata repasando os seus últimos encontros, xa en Compostela, pouco antes de que morrese o arousán e, xa morto, acompañando o seu cadaleito ata Boisaca, así como as moitas conferencias que Castelao deu en América sobre Valle-Inclán nas que lembraba o moito que o admiraba.

Borrazás, Xurxo, “Entre o ritual e o virtual. Literatura, escritores e libros”, *Tempos Novos*, nº 37, “Entregas Culturais”, xuño 2000, pp. 66-69.

O autor deste artigo opina que os problemas da literatura galega “están máis fóra dela ca nela mesma”, xa que están unidos aos problemas polos que atravesa a lingua. Así pois, os promotores do emprego da lingua deberíanse implicar máis para que o público lector puidese ter coñecemento e orgullo da súa lingua. Isto é así porque a literatura, segundo Borrazás, debe sobrevivir pola vontade dos falantes e dos lectores e lectoras. Por outro lado afirma que Internet supón un perigo para os libros, pero non para a literatura. Así, cre que os escritores e escritoras galegas tamén deben perder o medo e “respirar fóra, máis lonxe”, iso si, sempre coa idea de que na literatura galega “a aposta máis rendible é a da calidade”.

Cabada Castro, Manuel, “Fondos bibliográficos da biblioteca do poeta Xosé Manuel Cabada Vázquez (1901-1936)”, *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*, 2000, pp. 237-308.

Catálogo bibliográfico de máis de 1.000 títulos da biblioteca de Xosé Manuel Cabada Vázquez que axuda a conformar a figura deste poeta estradense e o contexto literario, ideolóxico e político da Galicia do primeiro tercio do século XX, tal e como se di na “Nota previa”. Neste apartado introductorio, tamén se fai unha síntese biográfica deste escritor, recalcando que entre as súas facetas menos coñecidas se achan o seu traballo como ensinante e pedagogo, a súa militancia galeguista, a publicación do poemario *Vagalumes* (1931) e a participación directa na fundación do Partido Galeguista.

Calviño, Xulio, “A absoluta sabedoría do texto: ‘Ars laltet arte sua’”, *Guía dos libros novos,* nº 14, “Poesía”, xaneiro 2000, pp. 26-27.

Coméntanos Xulio Calviño o libro *Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas* de Uxío Novoneyra do que nos di que é un libro “egrexio, centáurico e sibilino” no que hai “dous verbos rexentes –ir e ver”. Fálanos dun ollo *supérstite* –agnóstico e kantiano-, da mitoloxía do espello... e comenta os tres paradoxos. O primeiro apoiado só no prefixo a-, pode rematar coas ortodoxias e co paraíso e nel a terra “outorga estatuto de identidade”, iguálase nunha ecuación a Galicia. No paradoxo II vese a antítese realidade/soño “a terra fai de limiar no que se consuma o escepticismo do cogito”, e vemos cómo o barroco galego se fai irmán do barroco americano. A resposta a por qué Uxío Novoneyra evoca ao Camiño de Santiago témola no paradoxo III *O camiño da perfección* de Teresa de Ávila.

Camiña Castro, Reis, “Fuga amorosa de una muchacha de Moraña. Unha poesía de circunstancias que pervive na memoria”, *A Taboada*, nº 1, xuño 2000, pp. 71-74.

Reprodúcese o poema “Fuga amorosa de una muchacha de Moraña”, composición de finais do século XIX de carácter circunstancial, da que se sinala que recolle a historia de Candelaria, unha moza de vinte anos que foxe cun vello do lugar. Dise que desta historia, que aínda pervive na memoria da xente, se conservan dúas copias escritas no arquivo documental do Museo de Pontevedra gracias ao médico Don José Casal y Lois (1845-1912), que se dedicaba a recoller e coleccionar materiais relacionados coa memoria histórica local e do resto da provincia.

Campos Villar, Xabier, “Pensa nao”, *Grial*, nº 146, Tomo XXXVIII, “Libros”, abril-maio-xuño 2000, pp. 335-338.

Despois de nomear unha serie de títulos e autores que trataron a temática da Guerra Civil, e de observar unha proliferación destas obras nos últimos anos, céntrase na descrición de *Pensa nao* (1999). Sitúa esta novela ao carón doutras homenaxes, de diversa fasquía, no tempo da IIª República. Describe as coordenadas espacio–temporais na que se desenvolve a historia e salienta o protagonismo colectivo de toda unha aldea, Sernanselle. Destaca que Anxo Angueira non cae no ruralismo e no costumismo e “consegue dosificar a intriga ó longo da novela”. Opina que “*Pensa nao* é tamén un monumento etnográfico” ao recuperar unha chea de traballos tradicionais, costumes e mesmo léxico que ficaba no esquecemento.

Campoy, Comba “Edgar Allan Poe. O corvo”, *Anima+l*, n.º 10, “En canal”, inverno 2000, pp. 10-13.

Versión galega de dezasete estrofas do literato estadounidense Edgar Allan Poe tituladas “O corvo” e que teñen a este paxaro da familia dos córvidos como o centro de toda a reflexión poética.

Caride Ogando, Ramón**,** “Insistencia no verme”, G*uía dos libros novos,* nº 15, “Poesía”, febreiro 2000, p. 25.

Presenta Ramón Caride Ogando o libro de Manuel Seixas *Vestixios do verme* (1999) e fai unha escolma de poemas nos que destaca a presencia neles do verme, aquel que “sabe dos verdadeiros poemas dos náufragos, que cando era meniño descubriu a morte e segue cara a ela” sen lugar para a esperanza. “O verme que non descansa, que sabe que a beleza non é un lugar para instalarse”. O verme que é a vida, que na súa fase final será bolboreta, “o foguete final que clausura a actuación”.

Carro, Xavier, “Autopoética. Contornos”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 23, “Creación”, 1º semestre 2000, pp. 245-254.

Ademais de ofrecer unha visión xeral da biografía de Xavier Carro e da concepción da súa obra *As calexas de Cigurat* (1973), reeditada en 1996, recóllese o relato titulado “Contornos” que xira ao redor dos problemas existentes nunha parella que os conducen a faceren unha viaxe que os levará onda unha vella que lles contará a historia da súa vida, coincidente coa da muller da parella viaxeira.

Casares Mouriño, Carlos, “Ramón Piñeiro López”, *Boletín da Real Academia Galega*, nº 361, “Sección necrolóxica”, 2000, pp. 303-304.

Realiza unha semblanza de Ramón Piñeiro, salientando, por un lado, a súa “xenerosidade” e “modestia” e, por outro, o seu forte carácter e a súa “firmeza ideolóxica”. Subliña, así mesmo, o seu afán galeguizador nun clima moitas veces hostil e difícil. Ademais, apunta que este intelectual gracias á súa perseverancia foi quen de participar “nas empresas culturais máis sólidas e efectivas” da Galicia do século XX.

Casas, Arturo, “Noticia da última poesía italiana, precedida dunha crónica sobre un *Incontro Internazionale di Poesia*”, *Citania*, *Artes, Espéctaculos*, nº 3, outonoinverno 2000, maio 2000, pp. 47-56

Nun pequeno relatorio inicial faise un resumo do acontecido na cidade de Bologna, baixo a organización co Centro di Poesia Contemporanea, nun Incontro Internazionale di Poesia ao que foron convidados poetas e críticos dos países nos que había Capitais Culturais no ano 2000. Alén disto, lémbranse os actos realizados en honra dos poetas locais. Por parte galega, segundo indica, participou o propio autor deste artigo, que preparou un relatorio sobre a poesía galega contemporánea e leu algúns poetas. Por último, aparecen, en edición bilingüe, sendo a traducción galega de Francisca Paz Rojas e Arturo Casas, un feixe de poemas dos novísimos poemas italianos: Valentino Fossati, Martino Lapini, Isabella Leardini, Stefano Maldini, Daniele Mencarelli e Francesca Serragnoli.

Castelao, “Discurso sobre el origen del pueblo gallego y de la emigración”, *Madrygal*, nº 3, “Artigos”, 2000, pp. 45-50.

Reprodúcese unha copia do texto manuscrito e inédito de Castelao, como homenaxe ao autor rianxeiro con motivo do cincuenta aniversario da súa morte, precedido dunha introducción de Ana Acuña na que adianta a idea central do texto e achega diferentes hipóteses sobre unha posíbel datación, ademais de repasar as moitas ocasións nas que Castelao refundiu diversos textos seus, e salienta que neste caso corresponde, case literalmente, con algunhas páxinas do “Caderno A” dentro dos *Cadernos manuscritos (1938-1947)*, e co capítulo XX do Libro II de *Sempre en Galiza* (1944). No discurso propiamente dito, Castelao comeza falando das orixes do pobo galego a través do mito da noite e a ruta do sol que seguían os pobos, polo que considera que os galegos non emigran tan só polas necesidades económicas, senón tamén por unha poderosa forza que os impulsa a querer ver o mundo e que á vez os trae de volta á súa terra. Remata confesando a súa esperanza de volver a Galicia para morrer.

Castro, Xavier, “Carlos Casares, Xusto G. Beramendi. Galaxia entre dúas augas”, *Tempos Novos*, nº 43, “Entregas Políticas. Conversa”, decembro 2000, pp. 52-59.

Nesta conversa mantida entre Xavier Castro (moderador), Carlos Casares, actual director de Galaxia, e Xusto G. Beramendi, catedrático de Historia Contemporánea, tratouse de avaliar, dende ópticas distintas, a controvertida decisión en 1950 de optaren os galeguistas pola vía cultural en vez de por asentar o Partido Galeguista na clandestinidade. Para isto fan un repaso polos momentos políticos decisivos da posguerra en canto ao galeguismo se refire, centrándose a conversa no papel que desempeñou a fundación de Galaxia en 1950. Alúdese, ademais, á figura de Ramón Piñeiro como persoa clave nesta decisión de culturizar o galeguismo, aínda que segundo Casares “é evidente que a actividade cultural de Galaxia hai que enmarcala dentro dunha actividade política”; idea á que vén sumarse Beramendi, posto que “nun nacionalismo subestatal é falsa a dicotomía acción política versus acción cultural”. Así, despois de destacar estas ideas, Casares subliña tres decisións de Piñeiro que foron dun enorme alcance político: prestixiar o galeguismo, atraendo cara á súa causa intelectuais de prestixio; facer estudios serios de tipo filolóxico sobre a lingua; e, finalmente, a creación da *Revista de economía de Galicia*.

Cid Cabido, X., “Teatro invisible”, *Revista Galega de Teatro*, nº 22, xaneiro-marzo 2000, pp. 24-27.

Pon de manifesto “as dificultades que atinxen á creación teatral”, a través da obra que este escribiu xunto con Andrés A. Vila, *Copenhague* (1993). Comenta en ton irónico todo o traballo polo que pasaron para que a obra se puidese estrear, ademais de aludir ás decepcións que se levaron no mundo que rodea a dramaturxia galega.

Cid Fernández, José Manuel, “No centenario de Albino Núñez. Escola nova, democracia e república”, *Auria (Revista mensual de Caixanova*), nº 44, “Personajes”, decembro 2000, pp. 16-19.

Descríbese o traballo feito por Albino Núñez a prol da renovación pedagóxica, cos métodos da Escola Nova e doutras tendencias educativas, durante os anos trinta e que ían parellos ao seu compromiso coa República. Reprodúcese o seu poema “Xan Peisano”, datado en 1968, e que foi publicado na revista *Vieiros*.

Cuns Lousa, Xulio, “A próposito do apropósito”, *Anuario Brigantino*, nº 22, 2000, pp. 463-484.

Despois de facer unha breve introducción á historia do teatro, céntrase na modalidade do apropósito, que define trala consulta de diversos autores e diccionarios. Segundo el, trátase dun termo de orixe francés que fai referencia a un subxénero teatral antigo, que se caracteriza por ser unha modalidade burlesca e satírica que se representa maiormente no entroido. A seguir, fai un repaso dos apropósitos representados na Coruña, impulsados primeiro polo Círculo de Artesáns e logo por diversos autores e entidades, en Betanzos, así como no resto de Galicia e mesmo na emigración galega.

Dans, Raúl, “Autorretrato do dramaturgo cando novo”, *Revista Galega de Teatro*, nº 22, xaneiro-marzo 2000, pp. 28-32.

O dramaturgo coruñés comenta cómo xurdiu a súa paixón polo mundo teatral, lembrando parte da súa traxectoria vital. Destaca na súa andaina intervalos de tempo nos que tiña preferencia polo mundo do espectáculo, como actor, e outros nos que o seu era escribir. Indica que, tras darlle moitas voltas ao seu futuro e despois de asistir ao Seminario de Dramaturxia Textual de Sanchís Sinisterra en Barcelona, comprendeu que o que verdadeiramente o satisfacía era a creación .

_____, “Foreber”, *Revista Galega de Teatro*, nº 22, “Caderno Central”, xaneiro-marzo 2000, [24 pp].

Breve peza teatral que está precedida por un prólogo de X. M. Fernández Castro, quen alude ás características do dramaturgo. Trátase dunha sucesión de secuencias sostidas na conversa de dous únicos intérpretes, Nena e o seu amante Chete, que absorbidos polos males que asulagan a sociedade actual –drogas e alcohol– non son quen de controlar as súas vidas. As escenas desenvólvense nun espacio pechado, un apartamento de aluguer que contrasta coa porta aberta do seu veciño. Este último lugar sostén en suspenso ao lector ata o final cando se descobre o seu asasinato.

_____, “Algo gracioso”, *Casahamlet*, nº 2, “Textos dramáticos”, maio 2000, pp. 66-69.

Breve peza teatral que toma como base o *Hamlet* de Shakespeare, presentando a traizón dun home sen corazón que lle rouba ao seu irmán o negocio, ademais da muller.

_____, “Do outro lado”, *Citania*, *Artes, Espéctaculos*, nº 3, outono-inverno 2000, maio 2000, pp. 61-64.

Breve peciña teatral na que se conta a historia de dous homes que se separan porque un deles é covarde para pasar a outro lado da pedra. Despois chega outro home e comeza de novo a historia, que se detén para crear no lector a sensación da dúbida, da repetición dos feitos, da historia, e do medo polo outro e polos outros espacios.

Dasilva, Xosé Manuel, “Celso Emilio Ferreiro/Antonio Blanco Freijeiro, *Musa Alemá*”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 24, “Libros”, 2º semestre 2000, pp. 182-187.

Recensión que aplaude a saída do prelo, en 1999, da edición facsímile de *Musa Alemá* (1951), traducción ao galego, de Celso Emilio Ferreiro e mais de Antonio Blanco Freijeiro, con debuxos de Rafael Alonso, dunha antoloxía de quince composicións de seis autores alemáns. Indícanse algunhas das súas características, dos avatares coas instancias franquistas así como o resultado destas traduccións.

_____, “Antón Lousada Diéguez, traductor rescatado”, *Grial*, nº 148, Tomo XXXVIII, “Libros”, outubro-novembro-decembro 2000, pp. 690-693.

Despois de reivindicar a necesidade dun catálogo bibliográfico completo das traduccións ao galego que permita construír “o curso diacrónico da traducción galega”, céntrase no comentario da edición das *Traduccións poéticas* de Antón Lousada Diéguez que preparou Cristina Marchisio. Lembra o traballo dinamizador que realizou este intelectual durante a Época Nós, así como a importancia que os membros desta xeración lle outorgaron á traducción para dar validez a formas que existían en precario ou non existían no sistema literario galego. Informa do contido do volume, do que destaca a inclusión de textos inéditos e a introducción teórica da editora, ademais dos comentarios individualizados de cada texto.

Delgado Corral, Concepción, “Leite de Vasconcelos, a Real Academia galega e a poesía galega”, *Anuario Brigantino*, nº 22, 2000, pp. 511-514.

Aproximación á relación que tivo José Leite de Vasconcelos (Ucanha, Tarouca, 1858-Lisboa, 1941) con Galicia. A xeito de introducción, resume a traxectoria do polígrafo luso no mundo das letras, no que se significou por unha obra extensa que atinxiu múltiples áreas do coñecemento. A seguir, di que se incorporou á Real Academia Galega como membro correspondente en 1905 por vontade de Manuel Murguía, que dende o primeiro momento quixo contar na institución con intelectuais portugueses. Informa dos artigos que publicou no BRAG e dos proxectos nos que participou. Por último, alude á pretensión de Fermín Bouza Brey e Francisco Vales Villamarín de lle dedicar un número do *Boletín* en 1942, que non se fixo realidade, e reproduce como homenaxe o soneto do portugués “A Galicia”, que Uxío Carré Aldao reproduciu en *Literatura gallega* (1911).

Delibros, “Xerais cumple veinte años”, *Delibros*, nº 128, xaneiro 2000, p. 10.

Achega os datos básicos da editorial viguesa e a súa evolución ao longo do tempo, cómo foron xurdindo as coleccións, cántos libros ten no seu catálogo, as novidades de cada ano, etc.

_____, “Las editoriales quieren consolidar y ampliar el libro gallego”, *Delibros*, nº 129, febreiro 2000, p. 10.

Informa que o libro en Galicia vive a súa mellor etapa en canto ao número de publicacións, pero que esta boa situación non se ve correspondida polo número de lectores. Recolle as declaracións de Damián Villalaín sobre os libros de ocio e sobre as preferencias do público. En nota á parte infórmase sobre o balance económico anual da impreta Outeiral da Pobra do Caramiñal.

Díaz, Antonio, “Diáspora”, *Lúa Nova*, nº 40, “Poesía”, xuño 2000, pp. 21-26.

Artigo dividido en dúas seccións centradas na figura do cantautor e poeta Alfredo González Vilela. Na primeira, facilítanse datos biográficos e discográficos do cantautor galego e anúnciase a saída á luz do primeiro disco do seu novo grupo musical, ZOA. No segundo apartado, titulado “O Poeta”, homenaxéase a este creador coa reproducción de parte dos versos compostos por Manuel Rodríguez, co gallo da presentación do poemario *Dende lonxe*, nos que se constata cómo o poeta de Becerreá solicita a liberdade do pobo galego e a súa ledicia ao volver á terra. Resume a temática tratada nas súas composicións, coas verbas de Manuel Rodríguez, e facilita unha posíbel explicación á presencia, nos poemas “Doce en dona” e “Sentimento”, dun poeta “ilusionado por un amor idílico e romántico” fronte ao poeta preocupado pola problemática social e lingüística galega que aparece na case totalidade da súa producción.

Díaz Pardo, Isaac, “Lois Tobío: a lealtade ás ideas”, *Galicien Magazin*, nº 10, “Varia”, decembro 2000, p. 28.

Repasa Isaac Díaz Pardo os seus contactos ao longo do tempo con Lois Tobío. Destaca o seu papel como grande autoridade moral galega no exilio e como artellador, por petición de Castelao, da creación do Consello de Galiza. Xa de volta en Galicia, nos primeiros anos da democracia, colaboraron en varios proxectos, sobre todo na publicación dos libros de Tobío en dúas traduccións do alemán ao galego (*Os sonetos a Orfeu* de R.M. Rilke, e *Nai Coraxe e mais os seus fillos* de B. Brecht), e *As décadas de T.L.* (1994). Tendo en conta que Lois Tobío pertenceu ao grupo de redactores do anteproxecto do Estatuto de Galiza no ano 1931, critica Díaz Pardo que, como autoridade política galega, non se tivese requerido a súa opinión ante a nova situación galega nos primeiros anos da democracia española.

Dobao, X. Antón L., “Dous textos de Manuel Antonio: ‘Prólogo de un libro de poemas que ninguén escribeu’ e ‘Manifesto máis alá”, *A Trabe de Ouro*, nº 44, “Textos”, Tomo IV, Ano XI, outubro-novembro-decembro 2000, pp. 507-515.

Recupéranse dous textos non poéticos de Manuel Antonio, “sobradamente coñecidos”: *Prólogo de Un Libro De Poemas Que Ninguén Escribeu* e *Manifesto Máis Alá*, precedidos por unha breve introducción de X. Antón L. Dobao, na que afirma que “hoxe aínda é o día en que, cen anos despois do seu nacemento e setenta despois da súa morte, as súas palabras, en verso ou en prosa, resoan nas intencións e nos desexos de poetas e escritores”. Trátase, segundo Dobao, de dous textos dun home comprometido coa arte e con Galicia: “coa súa patria e coa súa vida” e cun estilo “directo, desmitificador, radical e acedo”. A continuación, reprodúcense os dous textos e, para rematar, ofrécese o “Xuramento de Manuel Antonio e os seus compañeiros Marcial Rodríguez Cebral e Manoel Xoaquín González Mato nos anos do Bacharelato”.

Dobarro, Xosé María, “Eduardo Pondal e o diccionario da Academia: unha carta inédita”, *Grial*, nº 147, Tomo XXXVIII, “Documentos”, xullo-agosto-setembro 2000, pp. 503-511.

Dá conta dos comezos da “Asociación Iniciadora y Protectora de la Academia Gallega” o 17 de abril de 1905 na Habana e dos proxectos iniciais desta institución, entre os que destaca a recollida de material para a elaboración dun diccionario. A este respecto, publica unha carta de Eduardo Pondal dirixida ao Presidente da RAG na que o bardo de Ponteceso fai a súa recomendación a cerca das persoas que deben recoller o léxico das comarcas de Carballo e Corcubión.

Domínguez Alberte, Xoán Carlos, “*El momento*. Diario independente por un intre”, *A Trabe de Ouro*, nº 41, “Acoutacións”, Tomo I, Ano XI, xaneiro-febreiro-marzo 2000, pp. 57-63.

Achegamento ao xornal coruñés *El momento*, que iniciou a súa andaina no ano 1930. Trátase dun xornal “de andaina efémera” editado por Ánxel Casal e dirixido polo mestre galeguista Manuel Luís Acuña, autor do poemario *Fírgoas* (1933). Afírmase que se trata dun xornal cunha “calidade especial” no que se atende a diferentes cuestións relacionadas co ensino primario local, coa condición dos mestres ou cos problemas da realidade política cotiá. Para rematar, cítanse algúns dos colaboradores do xornal entre os que destacan Castelao, Álvaro Cebreiro, Manuel Antonio, Otero Pedrayo, Xosé Lesta Meis ou Víctos Casas.

_____, “Fernández del Riego. Música no río do tempo”, *Auria (Revista mensual de Caixanova*), nº 44, “Personaje”, decembro 2000, p. 40.

Repásase a vasta obra intelectual de Francisco Fernández del Riego que é definida como “un río inmenso de amor por Galicia, expresado en feitos de carne e papel”. Faise referencia á súa abondosa correspondencia epistolar e da súa producción libresca saliéntanse as súas relacións cos escritores Vicente Risco, Otero Pedrayo, Eduardo Blanco Amor, X. L. Méndez Ferrín e mesmo Manuel Luís Acuña, todos eles vencellados coa cidade de Ourense.

_____, “A pegada de Roberto Blanco Torres en Cuba. O xermolo dun compromiso”, *A Trabe de Ouro*, nº 44, “Acoutacións”, Tomo IV, Ano XI, outubro-novembrodecembro 2000, pp. 481-489.

Ofrécese un detallado percorrido polo labor de Roberto Blanco Torres en Cuba, dende a súa chegada á illa, en 1906, ata o ano 1917 cando, con vinteseis anos, regresou a Galicia. Informa que comezou a formarse na Asociación Iniciadora e Protectora da Academia Galega, o mesmo que lle ocorrera a Ramón Cabanillas ou a Antón Villar Ponte. A seguir, afirma que Blanco Torres fundou e dirixiu as publicacións *La Alborada* (1912), e *La Tierra Gallega* (1915); dirixiu *Suevia* e foi redactor de *El Comercio*, *Avisador Comercial*, *Bohemia* e *Diario Español*. Para rematar, afirma que “no conxunto da súa producción, a súa actividade cubana supuxo a apertura de liñas de traballo que co tempo se encargaría de desenvover”. Ademais, pode dicirse que “o compromiso co seu país e coa realidade do seu tempo está presente en cada un dos escritos que el trazou”.

Dónega Rozas, Marino, “Francisco Vales Villamarín”, *Revista Galega de Teatro,* nº 361, “Sección necrolóxica”, 2000, pp. 288-289.

Resume nunhas cantas liñas “a longa e fecunda vida de D. Francisco Vales Villamarín”. Salienta del os seus “estudios históricos, arqueolóxicos e pedagóxicos”, mais tamén apunta a súa vertente literaria. Indica que o seu polifacético traballo lle valeu multitude de distincións, destacando a súa entrada na Real Academia Galega.

Dopazo Paradela, Elena, “Luz Pozo Garza. Retrato dunha luz na lírica”, *Interesarte*, nº 9, “Literatura”, 2000, pp. 46-47.

Resáltase a beleza, harmonía, vitalismo e sensualidade de Luz Pozo Garza (Ribadeo, 1922) para dar paso á conversa mantida coa poeta. Durante a charla a escritora lembra certos aspectos da súa vida que influíron na súa escrita, as dúas etapas polas que pasou a súa linguaxe, a presencia do seu pobo natal como tema dos seus poemas xuvenís e o porqué da súa tendencia á poesía e non á narrativa. Salienta a solidariedade cara aos mariñeiros, sinala a Manuel María como o responsábel da súa opción lingüística, a *Cita en el viento* como un libro sobre o mar e a *Cómaros Verdes* como a obra de gran revelación para os escritores. Resalta a ausencia do tratamento do simbolismo erótico na literatura medieval antes de que ela o abordase. Opina que *O páxaro na boca* foi un atrevemento ou un puro artificio, que *El vagabundo* escribiuno cun exceso de paixón, e que na lírica hai unha mestura de sentimentos e expresións. Conclúese resaltando a sinxeleza e elegancia da entrevistada así como a súa forma de contar historias e cantar tangos.

Dunne, Jonathan, “Traducir Rosalía ó inglés: algúns problemas”, *Revista de Estudios Rosalianos*, nº 1, “Estudios”, 2000, pp. 45-57.

Aborda algunhas das dificultades que se atopan á hora de traducir algúns textos de Rosalía de Castro ao inglés, centrándose nos primeiros vinte poemas do libro “Vaguedás” de *Follas Novas*. Lembra que a primeira achega a poemas de Rosalía ao inglés foi unha antoloxía feita por Xosé Filgueira Valverde en 1964. Decántase polo método mimético de traducción e sinala algunhas das peculiaridades que caracterizan os poemas de Rosalía, o momento histórico que lle tocou vivir e o peso do sistema socio-cultural do século XIX galego, ademais de ser unha poesía íntima na que a autora emprega imaxes propias. Exemplifica con abondosos versos a especificidade e concreción das composicións de Rosalía en función das opcións de traducción que se toman. Remata reflexionando sobre a capacidade do traductor de achegarse á obra orixinal e vertela á lingua de acollida, posto que el mesmo é froito dunha cultura e dun tempo, concluíndo así que “a traducción é a reflexión dunha reflexión, a recreación dunha recreación”.

Durão, Carlos, “Os intelectuais galegos e Teixeira de Pascoaes. Epistolário”, *Agália*, “Recensons”, nº 60, Inverno 2000, pp. 521-522.

Recensión desta obra publicada no 1999 e editada por Eloísa Álvarez e Isaac Alonso Estraviz. Ademais de informar do contido deste epistolario, deténdose especialmente naqueles autores con maior presencia como Álvaro Cebreiro, Euxenio Montes, Risco e Iglesia Alvariño, amósase sorprendido pola escolla lingüística castelá de persoeiros como Noriega Varela ou Francisco Ponte Blanco. Salienta o respecto que manifestan os editores polas grafías orixinais e considera que a obra no seu conxunto “constitui um verdadeiro espelho da cultura galego–portuguesa da primeira metade do século”.

Enríquez, Xosé Manuel, “Unha comedia novelada”, *Guía dos libros novos,* nº 14, “Narrativa”, xaneiro 2000, p. 21.

Achéganos ao argumento do libro de Xelís de Toro *Os saltimbanquis no paraíso* (1999). Opina que esta novela vén ser “unha crónica esquizoide duns seres que queren ser un e outro distinto...que buscan a tranquilidade... e non dan conseguido mudar a pel”. Afirma que a trama nesta novela ten “voltas e reviravoltas” que lle dan fluídez á lectura e a familiar descrición de Londres son dignasde louvanza.

_____, “Unha fervenza de emocións”, *Guía dos libros novos,* nº 15, “Narrativa”, febreiro 2000, p. 21.

Aconsella a lectura da novela *Pensa Nao* (1999), de Anxo Regueira que é unha “grande obra”. Comenta que está dedicada en parte “aos mortos, represaliados e fuxidos do terror fascista” e que narra o acontecer da aldea de Sernanselle nos nove meses anteriores ao levantamento militar “onde van pasando as estacións cos seus labores propios” e se ve a modernidade e progreso dos labregos, amores imposíbeis, curas integristas e falanxistas rabiosos... Salienta a riqueza da lingua, a sensibilidade poética, un “humus” singular e fecundativo. Afirma que o autor ten unha visión totalista e integradora onde se dilúen personaxes e aventuras individuais. Así “edifícase” a aldea literaria de Sernanselle.

_____, “En formato dunha “demo”, *Guía dos libros novos*, nº 16, “Poesía”, marzo 2000, p. 30.

Describe a estructura, temática, ambientación tanto temporal como espacial, e a tipoloxía de textos, prosas propiamente narrativas e outros textos moito máis breves, ou ben prosas con alento poético, contidos na nova obra de Lino Braxe *A cor do ceo* (1999), un libro que segundo o articulista, “dá a impresión de ser, por dicilo en termos de linguaxe cibernética, unha “demo” e non a entrega dun producto completo e total”. Así mesmo, detalla o contido do CD do que ven acompañado o libro no que se conteñen diversas voces de actores, escritores e declamadores que recitan determinados textos da obra ademais do titulado “O desfilador das bestas”, que non aparece no repertorio escrito e que nos achega a vida dunha muller afgana.

_____, “Unha lectura estimulante”, *Guía dos libros novos*, nº 17, “Narrativa”, abril 2000, p. 20.

Describe a estructura e o desenvolvemento da historia contada por Xosé Carlos Caneiro en *Talvez melancolía*. Afirma que con este novo libro, o seu autor demostra solvencia e capacidade de seducción.

_____, “Inexplicables desleixos”, *Guía dos libros novos*, nº 21, “Narrativa”, setembro 2000, pp. 22.

Tras presentar os feitos históricos que se recrean na obra *Salvador de Occidente* (1999), de Nacho Taibo, comenta os loábeis esforzos feitos polo autor para adaptar a narración ao estilo da época medieval. Tamén valora positivamente a mistura de idealización e realidade que o lector pode atopar na novela. Sinala, por outra banda, diversos fragmentos que, por seren anacrónicos, rachan co espírito medieval que o autor tentou recrear. Conclúe afirmando que a obra lle transmite ao lector “unha forte sensación de prestidixitación ou ilusión óptica”.

Escorial, “Harold Pinter. *Vellos Tempos* e *A festa de aniversario*”, *Primer Acto*, nº 282, “Libros”, xaneiro-marzo 2000, p. 133.

Dáse conta da traducción en 1999 de dúas obras de Harold Pinter para o galego, *Vellos Tempos* e *A festa de aniversario*, supoñendo estes dous textos un importante enriquecemento para o teatro galego. Destácase que o que distingue a Pinter do “teatro sustractivo” dos nosos días é que o seu teatro non é nunca o signo calculadamente escuro para ser descifrado polo espectador, senón que é unha expresión da ambigüidade do que normalmente se entende por realidade.

_____, “Raúl Dans. *Lugar*”, *Primer Acto*, nº 282, “Libros”, xaneiro-marzo 2000, pp. 128.

Infórmase sobre o contido da obra de Raúl Dans, *Lugar* (1999), coa que conseguiu o Premio Álvaro Cunqueiro de Teatro, 1994. Afirma que nesta peza os verdadeiros protagonistas son o lugar e o tempo e nela interrelaciónanse tres accións cronoloxicamente distantes, pero unidas a través da memoria e o imaxinario do personaxe nun só tempo. Destácase, en xeral, o labor do autor na creación deste tempo e deste espacio.

Estro Montaña, “The Old Man” & Galicia”, *Guía dos libros novos*, nº 16, “Estudios literarios”, marzo 2000, p. 26.

Describe a estructura de *Hemingway en Galicia* (1999), un volume a través do que Carlos Casares pretende dar conta dos misterios que hai detrás das referencias ao noso país na obra literaria do americano, e que se presenta dividido en dúas partes: unha primeira na que se fala das viaxes de Hemingway a Galicia e das mencións que aparecen nas distintas obras, así como dos aspectos máis significativos da vida do autor; e unha segunda na que se presentan varias cartas de Hemingway dirixidas a escritores e amigos. Así mesmo, lembra o estilo do libro, de amena e doada lectura, escrito con verbo áxil e preciso, propio de Carlos Casares, que contén ademais unha “selecta bibliografía” e responde a unha edición feita cun deseño e cunhas fotografías de “elegante sinxeleza”.

Farfán Porto, Mª Nilda, “Castelao, ¡que lonxe estiveche!¡Que preto te sentimos!”, *A Xanela*, nº 9, primavera 2000, p. 15.

Breve artigo que comeza lembrando que xa 1986 foi Ano Castelao por mor do centenario do seu nacemento. A seguir, a autora afirma que Castelao lles achegou aos galegos as súas raíces culturais e di, tamén, que era un grande comunicador. Así mesmo, céntrase no “auténtico ideario do nacionalismo republicano galego”, o ensaio *Sempre en Galiza* (1944), do que comenta algunhas ideas do primeiro libro. Para finalizar, suxire que esta parte é básica para comprender o resto da obra do político nacionalista.

Fernández, Santiago, “Grupo do Conservatorio Profesional de Música e Declamación da Coruña”, *Casahamlet*, nº 2, “Compañías”, maio 2000, pp. 30-31.

Refírese ao Conservatorio Profesional de Música e Declamación da Coruña, aludindo aos estudios que alí se impartían, ademais de achegar unha listaxe dos profesores. Por outra parte, apunta a creación do Grupo de Teatro de Declamación do Conservatorio en 1978.

Fernández del Riego, Francisco, “Álvaro Cunqueiro”, *Boletín da Real Academia Galega*, nº 361, “Sección necrolóxica”, 2000, p. 284.

Realiza unha sucinta lembranza de Álvaro Cunqueiro, salientando primeiro as súas afeccións e o forte sentimento que o ataba á súa cidade e á súa terra. Céntrase, logo, na súa evolución artística citando as súas obras. Así mesmo, trae á lembranza o seu ingreso na Real Academia Galega, pondo de manifesto que o autor de *Os outros feirantes* levou con el unha desbordante “imaxinación” e a “fantasía”. Remata afirmando que o mindoniense deulle á nosa lingua “o voo de universalidade que demandaba”.

_____, “Ramón Martínez López”, *Boletín da Real Academia Galega*, nº 361, “Sección necrolóxica”, 2000, p. 300.

Recorda a figura e obra de Ramón Martínez López, salientando a súa polifacética laboura a prol da causa galeguista tanto en Galicia como no exilio. Por outro lado, lembra o seu ingreso na Real Academia Galega en 1976, acto no que leu unha disertación sobre a “Contribución norteamericana ao estado da cultura medieval galega” e ao que lle respondeu Isidro Millán González-Pardo.

_____, “Ricardo Carballo Calero”, *Boletín da Real Academia Galega*, nº 361, “Sección necrolóxica”, 2000, p. 302.

Sucinto resumo da traxectoria vital de Ricardo Carballo Calero, recordando principalmente a súa formación e o seu traballo. Apunta que este membro da “Xeración do Seminario de Estudos Galegos” centrou a súa “labor nos eidos da poesía, da narrativa, do teatro, da poesía e da crítica literaria”, prestando unha especial atención á lingua galega. Despois de citar algunha das súas obras, lembra o ingreso na Real Academia Galega en 1958 co discurso “Contribución ao estudio das fontes literarias de Rosalía”.

_____, “A miña visión do poeta cambadés”, *Pontenorga*, nº 2, 2000, pp. 21-31.

Achega á vida e obra de Ramón Cabanillas, salientando aqueles aspectos que fan del un autor cunha importante obra e unha ideoloxía persoal clara. Comeza apuntando que naceu en Cambados, onde tamén morreu e este será o espacio ao que cante nalgunhas das súas composicións. Céntrase no seu período de emigración en Cuba onde comeza a publicación da obra con *No desterro* en 1913, do que destaca o amor á terra que se reflicte nos seus versos. Xa de volta en Galicia sinala a súa vinculación coa publicación *La Temporada* ou *A Nosa Terra*, mentres que durante a súa estadía en Madrid sobrancea o seu labor na publicación de *As Roladas*, follas para os nenos galegos, e en obras poéticas como *Vento Mareiro* ou *Da terra asoballada*, nas que o máis destacábel é o estilo renovado que lle imprime á lírica galega, a conxugación entre o galeguismo cun gran dominio da linguaxe, a amplitude temática e o polimorfismo. Outras obras nas que se detén son *Camiños no tempo*, cunha evocación do pasado histórico galego; *Da miña zanfona*, na que se tocan diversos aspectos da vida con poemas moi breves; *Versos de alleas terras e tempos idos*, traduccións de poetas estranxeiros ao galego; ou *Samos*, un poema sobre o mosteiro de “feitío monacal”. Outros aspectos aos que se alude son a importancia da paisaxe, o gran dominio da lingua, o idealismo, o contacto coa tradición popular viva da que saiu a *Antífona da cantiga* e o ser autor que se mostrou sensíbel ás necesidades reais do seu pobo.

Fernández Freixanes, Víctor, “Autopoética. Unha avelaíña na lámpada”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 23, “Creación”, 1º semestre 2000, pp. 255-266.

Achéganse unhas notas sobre a vida e creación literaria de Víctor Fernández Freixanes así como sobre o que el entende como literatura. Despois reprodúcese o relato “Unha avelaíña na lámpada” onde se nos describe como Manuel Fandiño levou ao lugar de Vilanova de Alba a primeira máquina de cine e todo o que xiraba ao redor das sesións de verán das películas, os discursos do padre Gurmea, namoramentos ou a xenreira cara a Fandiño e cariño cara á súa sobriña Niña Colinda.

Fernández Naval, Francisco X., “*A soidade era o frío*”, *A Trabe de Ouro*, nº 41, “Textos”, Tomo I, Ano XI, xaneiro-febreiro-marzo 2000, pp. 101-104.

Texto de Francisco Fernández Naval sobre a soidade. Segundo o autor, a soidade “era o frío”, “era aquela cortina de auga que esbara sobre o plástico”, “era non lembrar nada, sentir a humillación daquel estar inmóbil”, “era sucumbir baixo o monótono bater das pingas contra o plástico, sentindo o silencio”.

_____, “Diario dunha resurrección”, *A Trabe de Ouro*, nº 42, “Publicacións”, Tomo II, Ano XI, abril-maio-xuño 2000, pp. 247-251.

Recensión sobre o poemario de Eva Veiga, *Paisaxes do baleiro* (1999). Cítase outra obra da autora, *Fuxidíos*, na que se “anticipaba a caída nese espacio sen sombra”. Para rematar, afirma que a auga ten moita importancia como elemento poético para Eva Veiga e que, a través da auga, lle rende unha pequena homenaxe á escritora arxentina Alfonsina Storni.

Fernández Rei, Francisco, “Bieito Ledo Cabido (editor): *EGU. Enciclopedia Galega Universal*”, *A Trabe de Ouro*, nº 42, “Publicacións”, Tomo II, Ano XI, abril-maio-xuño 2000, pp. 257-259.

Breve recensión da obra de Bieito Ledo Cabido, *EGU. Enciclopedia Galega Universal*, que comezou a publicar a editorial Ir Indo no ano 1999. Trátase dun “moi ambicioso proxecto (...) co que se pretende ‘equilibrar e aunar o galego co universal visto dende a perspectiva de Galicia, perfectamente dimensionada tanto no continente -catorce tomos- como no contido -duascentas mil voces”. A seguir, afírmase que no contido dos dous volumes editados da *EGU* “hai léxico xeral con incorporación de moitas voces novas (...), biografías e entradas relativas á xeografía do mundo e de Galicia, neste caso á totalidade de concellos, parroquias e comarcas coa toponimia actualizada e cun cartografado totalmente modernizado”. Así mesmo, contén entradas das ciencias biolóxicas, físicas e exactas e do campo da tecnoloxía, así como das ciencias sociais e humanas e da lexislación

_____, “O mar na obra literaria de Ramón Cabanillas”, *Pontenorga*, nº 2, 2000, pp. 77-104.

Comeza falando da súa infancia en Cambados e do descoñecemento que tivo da figura de Cabanillas ata a chegada á Universidade, contrastando esta actitude educativa coa da república. Refírese á influencia de Carballo Calero nas súas clases sobre o poeta de Cambados e, a seguir, céntrase na presencia do mar na literatura galega e na propia obra de Cabanillas, sobranceando da primeira a falta dunha épica do mar, presente xa na lírica medieval, en autores de finais do XIX e principios do XX como Leiras Pulpeiro, Lugrís Freire ou Luís Seoane. Tamén se achega a aqueles autores de posguerra nos que destaca a presencia do mar nas súas obras como Antón Zapata García en *A roseira da soidade. Poesías galegas* (1957) ou Xervasio Paz Lestón. Centrándose na obra de Cabanillas considera que non é un poeta do mar aínda que recolle léxico mariñeiro influenciado pola omnipresencia deste na vida cambadesa. Establece diferencia entre os seus poemas do “Mar da Arousa e do Mar de Atlante”, ao mar da Lanzada ou o mar dos Sargazos do poema “A noite de Castellar”, malia que predomina a presencia dun mar visto dende a ribeira, un mar idealizado, especialmente en poemas de *No desterro* e *Da terra asoballada* como “A traineira”, “Irlanda” ou “Na ribeira”, entre outros, mentres que en *Na noite estrelecida* salienta o cambio da visión do mar e do propio léxico que emprega, pasando dun mar real a un soñado. Doutras obras como *Versos de alleas terras e tempos idos* (1955) observa unha “arousización” do mar nos poemas traducidos de T. Gautier, Anacreonte ou Tagore. Conclúe que malia ser Ramón Cabanillas orixinario dunha vila mariñeira na súa obra non se

reflicte a problemática social da xente do mar porque para el e para a súa xeración a esencia de Galicia estaba no rural, ofrecendo ademais algunhas suxestións sobre as homenaxes ao poeta.

Fernán-Vello, Miguel Anxo, “Autopoética”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 24, “Creación”, 2º semestre 2000, pp. 211-218.

Amósanos a interrelación existente entre a poesía e a melodía destacando que a poesía “é unha respiración rítmica da voz e da linguaxe”. Reproduce, asemade, a cantata “Cantiga Finisterrae para múltiples voces de luz”, poema de Miguel Anxo Fernán-Vello con música do pianista e compositor Juan Durán, así como o pentagrama coa notación musical do canto n.º 4 desta cantata.

Ferreiro, Alfredo, “Novos tempos para a revolta”, *Agália*, “Recensons”, nº 59, Outono 1999, pp. 399-401.

Recensión do poemario *No limiar do silêncio* (1999) co que Mário Herrero gañou a VIIª edición do Premio de Poesía Espiral Maior. Despois de facer unha referencia inicial ao pasamento de Jenaro Marinhas del Valle, considera que, do mesmo xeito que lle pasou ao finado, esta obra está a pasar inxustamente desapercibida. Opina que se sitúa nas marxes da literatura galega e fóra do politicamente correcto, tanto polo contido social coma polos ataques á relixión. En canto ao estilo, salienta a presencia de imaxes poéticas relacionadas coa batalla, co desespero e coa ruína social, que o aproximan á poesía decadentista. Finalmente, comenta o prólogo introductorio a cargo de Celso Álvarez Cáccamo.

Ferro Ruibal, Xesús, “Xosé Filgueira Valverde”, *Boletín da Real Academia Galega*, nº 361, “Sección necrolóxica”, 2000, pp. 311-315.

Realiza un repaso pola intensa andaina intelectual do polifacético pontevedrés Xosé Filgueira Valverde. Salienta deste galeguista o seu “traballo incansable, lectura insaciable e preocupación cultural”. Subliña que o egrexio polígrafo era posuídor dunha ampla obra e el mesmo era unha “enciclopedia viva”. Asemade, pon de manifesto a súa importante tarefa como “divulgador”, investigador e “xestor cultural”. Apunta que participou en case todas as empresas culturais da Galicia do XX, sempre pondo por diante a súa “discreción” e o seu saber.

Folgueiras López, Mónica, “Dúas propostas subversivas para reconstruír o canon: nós/outras, peza clave do quebracabezas literario”, *Grial*, nº 148, Tomo XXXVIII, outubro-novembro-decembro 2000, pp. 705-708.

Recensión conxunta de *Mosaico ibérico. Ensayos sobre poesía y diversidad* (1999), coordinado por Joana Sabadell Nieto, e de *Breve historia feminista de la literatura española (en lengua catalana, gallega y vasca)* de Iris M. Zavala. Comeza caracterizando o século XX español pola “pluralidade”, trazo que asocia ás dúas obras comentadas. Considera que ambos títulos son fundamentais para a crítica feminista ao dar conta das dificultades, tanto lingüísticas coma xenéricas, que presenta a “literatura de mulleres·”. A seguir, céntrase na relación existente entre os xéneros poético e epistolar e o nacemento das literaturas galega e catalana. Destaca a importancia que Rosalía ten no Rexurdimento galego a partir dos artigos de K. N. March e de Carmen Blanco nas obras anteditas. Pasando á actualidade, destaca a importancia das mulleres na poesía galega de hoxe e, concretamente, na temática erótica. Bota a faltar máis presencia na narrativa e salienta a situación na literatura infatil e xuvenil. Finalmente, opina que a posición das autoras en calquera historia das literaturas nacionais devanditas “é cativa ou practicamente nula”.

Fraguas Fraguas, Antonio, “Xaquín Lorenzo Fernández”, *Boletín da Real Academia Galega*, nº 361, “Sección necrolóxica”, 2000, pp. 297-299.

Sucinta lembranza de Xaquín Lorenzo Fernández, “Xocas”, centrando o artigo no seu ingreso na Real Academia Galega en 1951. Recorda parte do seu discurso e parte da contestación de R. Otero Pedrayo.

Franco Grande, Xosé Luís, “Xosé María Álvarez Blázquez”, *Boletín da Real Academia Galega,* nº 361, “Sección necrolóxica”, 2000, p. 290.

Lembra que Álvarez Blázquez entrou na Real Academia Galega en 1964 cun discurso titulado “Cantares e romances vellos prosificados”, apuntando que o encargado de lle responder fora Bouza Brey. Salienta que o ilustre tudense abrangueu numerosos eidos ao longo da súa vida, “dende a creación literaria á investigación, dende a súa actividade como libreiro e editor á de conferenciante e profesor”.

Freire, Xosé Manuel, “Un título imprescindible”, *Guía dos libros novos*, nº 15, “Poesía”, febreiro 2000, p. 27.

Informa da nova edición de *Mesteres* de Arcadio López Casanova feita por Román Raña. Comenta que este último fai un paralelismo entre Aquilino Iglesia e López Casanova. Considera que esta obra, *Mesteres,* é un libro rigoroso que ten “trocos no título e na ordenación dos textos” onde se ven “as posibilidades estéticas e expresivas da palabra do seu autor”. Finalmente afirma que no poema *Liturxia do tempo* co subtítulo de *O regreso* dáse unha triste descrición de Galicia. Ao final conta cun glosario para unha mellor comprensión do poemario.

Freire Lestón, X. V., “Aproximacións a unha historia da bibliografía en Galicia (1900-1975)”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, “Lingua e Literatura”, Tomo XLVII, Fascículo 113, 2000, pp. 421-454.

Esta achega á historia da bibliografía en Galicia nos primeiros 75 anos do século XX, comeza con dous apartados introductorios; no primeiro define esta disciplina e explica os obxectivos que pretende, mentres que no segundo fai unha síntese da evolución histórica das obras bibliográficas dende a época helenística ata a contemporaneidade. A parte central do artigo está ocupada polo epígrafe “a bibliografía en Galicia entre 1900 e 1975”, no que despois de achegarse ás definicións deste termo feitas dende o noso país e de facer un comentario acerca dos traballos bibliográficos en Galicia antes do século XIX, fai unha clasificación do material bibliográfico estructurándoo nos seguintes grupos: “seccións bibliográficas de revistas”, “catálogos de editoriais comerciais e centros de investigación”, “catálogos impresos de bibliotecas”, “catálogos de Exposicións e Feiras do Libro”, “diccionarios biográficos e biobibliográficos”, “bibliografías persoais”, “tipobibliografias, topobibliografías e bibliografías temáticas”, “catálogos de publicacións periódicas”, “grandes bibliografías galegas”.

Fuentes, Víctor, “Arredor da narrativa galega no exilio”, *Grial*, nº 145, Tomo XXXVIII, xaneiro-febreiro-marzo 2000, pp. 71-87.

Lembra, inicialmente, a importancia do exilio americano para o mantemento de toda a actividade cultural comezada durante a Época Nós. Despois de recoñecer que o xénero maioritario na diáspora foi a lírica, afirma que existe un importante número de obras narrativas ás que a crítica non prestou a atención debida. Así, atende a doce novelas, das que boa parte foron escritas en español, de autores como Manuel García Gerpe, Rafael Dieste, Manuel Benavides, Ramón de Valenzuela, Eugenio Granell, Arturo Souto, Xosé Rubia Barcia e Silvio Santiago. Caracteriza a obra de cada un destes escritores e, a seguir, realiza un estudio da presencia nelas dos seguintes temas: a crónica da guerra, a fuxida e a estadía nos campos de concentración, o desexo do regreso, a chegada a América e a adaptación a esa nova sociedade. Finalmente, ocúpase de comentar a presencia do elemento galego nese conxunto de obras, destacando, neste sentido, a caracterización de personaxes do país e a ambientación galega.

G. Trigo, Xosé Manuel, "*Ela, maldita alma*", *Revista do ensino,* nº 27, maio 2000, pp. 227-229.

Comenta Xosé Manuel García Trigo o estilo dos relatos de Rivas que "funde o relato moderno co poema e co artigo". Do libro *Ela, maldita alma* (1999) destaca polo súa boa feitura "O mero", "A noite que fun ás mozas", "O loro de Guaira" e "Camiño do monte", onde se reflicten a emigración, a soidade, reminiscencias cunquerianas... pero critica outros relatos como "A rosa de pedra" e "O meigallo de Malmaison" os que para el son algo "fraqueiros" e acusa aos escritores "mediáticos" de non ter tempo para construír a súa propia "indioenciclopedia", cousa que substitúen con recursos literaturizantes. De Manuel Rivas, autor de *Ela, maldita alma,* destaca G. Trigo a súa orde metafórica e a súa sensibilidade, para a que emprega unha "perceptibilidade cenestésica".

García Bodaño, Salvador, “Valentín Paz Andrade”, *Boletín da Real Academia Galega,* nº 361, “Sección necrolóxica”, 2000, pp. 292-293.

Principia a semblanza de Valentín Paz Andrade cuns versos adicados a Castelao do seu poema “Pranto matricial”, que considera “a máis nidia síntese do espírito que animou o seu pulo vital”. Realiza, logo, un breve repaso pola súa traxectoria, destacando desta múltiples vertentes. Lembra, así mesmo, o ingreso deste galeguista na Real Academia Galega en 1978 co discurso “A galecidade na obra de Guimaraes Rosa”. Salienta que Paz Andrade foi un intelectual que achegou moito a esa ilustre institución, xa que, di, foi “un desperto soñador de mundos de progreso”.

García Domínguez, María Teresa, “Pegadas de Galicia en América”, *Guía dos libros novos*, nº 19, “Crónicas”, xuño 2000, p. 7.

Infórmase que o volume *Crónicas galegas de América (Rolda primeira)* (1999), de Xosé Neira Vilas é unha recompilación dos artigos aparecidos nos xornais *El Correo Gallego* e *O correo Galego* que recibiron o Premio do Arquivo da Emigración en América. Tras facer un breve percorrido pola traxectoria literaria de Neira Vilas, saliéntase a achega ás vidas dos emigrantes en América que podemos atopar nestes artigos. Tamén se fala da importancia que tivo ese continente na formación dalgúns intelectuais galegos. Asemade, destácase o papel que desempeñaron os países americanos como refuxio dos intelectuais e políticos galegos trala Guerra Civil. Coméntanse, así mesmo, algunhas curiosidades relacionadas coas sociedades creadas polos emigrantes galegos. Termínase cualificando o libro como interesante polo feito de amosarnos “outra perspectiva da nosa diáspora no continente americano”.

García Galdo, Patricia, “A cor das nubes”, *Interesarte*, nº 7, “Literatura”, 2000, pp. 42-43.

Relato no que un narrador lembra a historia de dous amigos seus ante a noticia de prensa que ve cando está a follear o xornal e na que se fala do valor acadado pola colección de cadros dun pintor case cego que morrera en extrañas circunstancias. É a partir de aí que lembra a historia destes amigos, unha bailarina e un mozo cego, dous personaxes que se atopan e se converten en refuxio o un do outro fronte a un mundo que non nos comprende, e no que despois da morte dela el recupera a vista, pero isto non fai que sexa máis feliz, senón que non perde as ganas de vivir porque ten a certeza de que viu máis ca ninguén ao carón da súa compañeira cando estaba cego.

García García, Xosé Manuel, “O maldito escocés”, *Casahamlet*, nº 2, “Textos dramáticos”, maio 2000, pp.70-73.

Drama nun acto, ambientado na Europa “atlántica” do primeiro tercio do XIX, que proxecta un personaxe teimoso, ao tempo que frustrado, na busca do sentido da vida.

García López, Xosé Anxo, “Algunhas precisións sobre a obra poética de Florencio Delgado Gurriarán. Notas ó libro de Ricardo Gurriarán”, *Dorna. Expresión Poética Galega*, nº 26, “Caderno da crítica”, 2000, pp. 119-123.

Achegamento á obra *Florencio Delgado Gurriarán. Vida e obra dun poeta valdeorrés, republicano e galeguista*, publicado por Ediciós do Castro en 1999 e realizado por Ricardo Gurriarán. Afírmase que se trata dunha “excelente aproximación biográfica”, así como da exhumación dun “feixe de poemas que o poeta de Valdeorras non incluíu nas súas obras”. Trátase dunha serie de poemas publicados en revistas e xornais “de difícil localización e mesmo acceso”. A seguir, cítanse algúns poemas do autor valdeorrés indicando a localización de cada un. Para rematar, reprodúcense dous poemas do autor: “Falan castelán” e “Cantiga da vendimia”.

García Negro, Mª Pilar, “Os Cadernos da Compañía de Teatro Luís Seoane”, *Casahamlet*, nº 2, “Publicacións”, maio 2000, pp. 52-53.

Pon de manifesto a importancia cultural da Compañía de Teatro Luís Seoane, así coma a dos Cadernos que esta publicaba. Louva a tarefa dos seus creadores e critica ás institucións públicas por non impedir a desaparición deste ambicioso proxecto teatral.

García Penas, A. e X. **Souto Bragado**, “A Federación Galega de Teatro Afeccionado (FE.GA.TE.A.), *Revista Galega de Teatro*, nº 25, inverno 2000, pp. 50-54.

Fai referencia á xestación e posterior creación da Federación Galega de Teatro Afeccionado. Explícase cómo xurdiu a idea e cómo se puxo en funcionamento, así como tamén se alude a súa dirección e estatuto.

Garrido Moreno, Antonio, “Luís Seoane. Pinturas, debuxos e gravados. 1932-1979/Luís Seoane grafista”, *Guía dos libros novos*, nº 14, “Arte”, xaneiro 2000, p. 16.

Dános conta da exposición sobre Luís Seoane que ofrece o Centro Galego de Arte Contemporánea. Loa a cesión feita por Maruxa Seoane a Galicia do legado plástico e cultural do seu home e o seu desexo de establecer a sede definitiva da Fundación Luís Seoane na Coruña. Son dúas as exposicións: *Luís Seoane. Pinturas, debuxos e gravados* 1932-1979 e *Luís Seoane grafista*, esta última coproducida co IVAM (Instituto Valenciano de arte moderna), mostras polas que fai un percorrido descritivo detallado.

_____, “Diversidade de oferta cultural”, *Guía dos libros novos*, nº 19, “Arte”, xuño 2000, p. 16.

Tras salientar o gran número de actividades artísticas que se están desenvolvendo nestes intres, faise un percorrido por algunas exposicións. Así, menciónase o feito de que na Fundación Pedro Barrié de la Maza se estea expoñendo material sobre a obra *Os vellos non deben de namorarse* de Castelao. Tamén se comenta a edición dun catálogo a cargo de Xosé Carlos Valle que nos permite adentrarnos no tema da exposición.

Gaspar, Silvia, “Do evidencialismo ó estraño”, *Grial*, nº 145, Tomo XXXVIII, “Libros”, xaneiro-febreiro-marzo 2000, pp. 127-129.

Esta recensión de *grupo abeliano* (1999) comeza lembrando que foi galardoada co Premio Blanco Amor, por segunda vez na traxectoria de Xosé Cid Cabido. A seguir, afirma que esta novela presenta elementos en común con outras obras deste autor ao tentar afastarse da novela convencional e tentar rachar a linealidade clásica. Caracteriza *grupo abeliano* polo tratamento do absurdo e pola indeterminación, trazos que lle afectan tanto aos personaxes coma ás coordenadas espacio-temporais. Comenta tamén algúns aspectos referidos á modalidade narrativa, tamén contradictoria e, por veces, absurda, na procura do “non–sense”. Para rematar, afirma que Cid Cabido “dá unha volta de torniqueta a esa aposta pola literatura que foxe da concreción e da lóxica para adentrarse polo terreo da incerteza, do temido lado escuro que queda fóra do racionalismo”.

Gil Merino, Antonio, “Enrique Chao Espiña”, *Boletín da Real Academia Galega*, nº 361, “Sección necrolóxica”, 2000, pp. 294-295.

Realiza unha breve lembranza de Enrique Chao Espiña, do que destaca a súa “extraordinaria formación humanística”. Apunta que á parte de ser sacerdote, tamén exerceu como profesor e escritor, citando parte da súa obra. Recorda o ingreso do lugués na Real Academia Galega en 1954, acto no que leu o discurso “Hechos y trágica muerte de Don Alonso Pérez de Viveiro”, cualificando este como un “magnífico traballo de erudición histórica”. Subliña que tamén foi membro doutras ilustres institucións como o Instituto de Coimbra ou o Instituto Arqueolóxico e Etnográfico de lisboa, ademais de ser nomeado cronista oficial de Viveiro.

González Fernández, Anxo, “Castelao: os fundamentos conceptuais”, *Adaxe*, nº 16, “Lingua e Literatura”, 2000, pp. 285-298.

Despois de recoñecer que Castelao practicaba unha filosofía, malia non ser filósofo, o autor do artigo analiza as posicións antropolóxicas e a aplicación das filosofías idealistas e románticas ao caso do ser e da acción humanas, e a presencia destas teorías no mundo da arte, da literatura, da acción social e da política. Atopa analoxías ideolóxicas entre *Os vellos non deben de namorarse*, *Os dous de sempre* e algunhas das *Cousas*, sobre todo polo desbordante idealismo, pola pasividade na desgracia, o dualismo nas actuacións, o destino fatal e a saudade.

González Millán, Xoán, “Discursos sociais e literatura nacional: unha proposta paradigmática (Galicia como referente)”, *A Trabe de Ouro*, nº 42, “Cuestións”, Tomo II, Ano XI, abril-maio-xuño 2000, pp. 163-177.

Comeza o traballo cunha ampla análise dos conceptos de “nacionalismo literario” e “literatura nacional”. A seguir, céntrase no estudio das literaturas nacionais con Galicia como referente. Neste sentido, achégase aos conceptos da “intelección do discurso literario como base dun (contra)espacio público”, “os procesos de lexitimación de determinadas tradicións literarias e a súa configuración xerarquizada en forma de canon nacional”, “a política lingüística”, “as correspondencias entre o desenvolvemento dunha literatura nacional e a configuración dun imaxinario colectivo”. Para rematar, ofrece unha breve bibliografía.

González Quintas, Pablo, “Anibal C. Malvar. A violencia nas palabras”, *Interesarte*, nº 8, “Literatura”, 2000, pp. 5-6.

Conversa con Aníbal Malvar a quen se define como un defensor da violencia na linguaxe ao escribir sobre a realidade e un “alerxico ós elitismos”. Recorda, o entrevistado, a época da transición e a súa bagaxe, o interese que lle suscita os anos 60 e 80 para recrear as súas historias. Informa do motivo polo que un xornalista decide ser escritor, do emprego do galego como unha cuestión “de normalidade”, da pegada que lle deixou Heminway, do seu método de traballo, da inexistencia dunha “crítica literaria valente”, da sensación de que algúns autores adquiren un status intocábel con respecto á crítica, das clases de escritores que existen hoxe na literatura, do estado actual no mercado editorial vasco, catalán e galego, das escasas posibilidades destes namentres se consideren linguas estranxeiras, e cita os dous escritores galegos e castelán máis interesantes de cara ao futuro. Comenta o por qué do uso da ironía nas súas columnas xornalísticas e porqué lle gusta a prensa da cultura realizada por Antón Rodríguez López e explica que tipo de crítica se debe facer neste tipo de prensa. Defende a pervivencia do soporte papel dos libros fronte ao de internet, a búsqueda da cultura sen a intervención das institucións e critica a tendencia a especialización no novo sistema educativo.

Grischkat, Nathalie, “Das Deutschlandbild galicischer Intellektueller zu Beginn des 20. Jahrhunderts”, *Galicien Magazin*, nº 10, “Examensarbeiten”, decembro 2000, p. 36.

Presenta a autora a súa tesiña de licenciatura na que estudiou a imaxe que de Alemaña tiñan os intelectuais galegos de principios do século XX. O corpo do traballo constitúeo a análise das obras *Alemania* (1916) de Julio Camba, *Diario 1921* (1922) de Castelao, *Mitteleuropa* (1934) de V. Risco e *As Décadas de T.L.* (1994) de Lois Tobío. Destaca que a obra de Julio Camba está feita dende un punto de vista máis ben español, que as de Castelao e Risco teñen unha forte carga ideolóxica, mentres que a visión de Lois Tobío resulta máis neutra. Salienta a homoxeneidade na idea xeral que tiñan de Alemaña, sobre todo ao falar de Berlín como cidade aberta a todas as ciencias, se ben é nas descricións que fan sobre o estilo de vida diario dos alemáns onde maior subxectividade se denota. As conclusións tiradas de entrevistas feitas pola autora a intelectuais galegos do presente conforman a parte final do traballo.

Grupo Galaxia, “O informe que abortou Fraga en 1952”, *Tempos Novos*, nº 43, “Entregas Políticas”, decembro 2000, pp. 60-62.

Reprodúcese o texto que os galeguistas de Galaxia enviaron á UNESCO en 1952, a través de galegos exiliados, cando este organismo ía acoller a España como estado membro. Este documento denuncia a represión da lingua e cultura galegas polo réxime.

Guirado, José Luís, “Manuel Andujar y los escritores gallegos”, *FerrolAnálisis*, nº 15, 2000, pp. 78-81.

Tras facer unha síntese biográfica de Manuel Andujar (La Carolina, Jaén, 1913-Madrid, 1994), céntrase no seu contacto con escritores galegos. Explica que foi no exilio americano (México e Chile) cando entrou en contacto con estes escritores e que a el se deben estudios sobre as literaturas peninsulares periféricas, entre elas, a galega. Ademais, sinala que admiraba a obra de Manuel Antonio, Ánxel Fole, Castelao e que era amigo de Luís Seoane e Rafael Dieste, sobre o cal escribe no libro *Signos de admiración* (1986), co artigo “Rafael Dieste y la Escuela Popular de Sabiduría”, que pasa a reproducir integramente despois. Inclúe, ao final, unha bibliografía do andaluz moi completa que recolle mesmo as antoloxías que compilaron textos do autor.

Guntín, Luís G., “Galicia e Portugal; non querendo esquecer”, *Anima+l*, n.º 8, “En canal”, inverno 2000, p. 5.

Comeza indicando que os vencellos e semellanzas entre Galicia e o norte de Portugal son o froito dunha historia compartida mais que representan unha liña secundaria na historiografía española e un capítulo incómodo e silenciado para a portuguesa. Destaca que se está a perder o sentimento de “vivir como próxima a cultura popular portuguesa” tal e como o debuxou Castelao. Sintetízase a historia destas dúas realidades homoxéneas e destácase o florecemento da lírica galaico-portuguesa, no século XIII, como o resultado das súas relacións aínda cando Portugal xa ficara independente en 1128.

Hervella García, Gustavo e María Jesús **Martínez**, “Castelao a lección dun galego universal”, *Interesarte*, nº 8, “Artes plásticas”, 2000, p. 41-42.

Co gallo da inauguración da exposición antolóxica sobre Castelao, ao cumprirse o seu cincuenta pasamento, lémbrase a traxectoria política do rianxeiro, a influencia do pensamento en todos os grupos políticos e a súa pegada en artistas plásticos. Céntrase nas diferentes características que amosaba nos seus albums o artista galego: o seu amor pola terra, o transfondo dialéctico, a combinación de tendencias pictóricas vangardistas europeas, o seu pensamento galeguista e a búsqueda de reflectir a realidade social galega. Coméntase da súa obra artística: a presencia da concepción política-nacional, a reinvindicación da estética propia galega, a caricatura como a súa maior expresión, as diferentes etapas da súa arte, o desexo dun cambio, a influencia do expresionismo e a transcendencia do seu traballo alén das fronteiras galegas.

Iglesias, A e C. **Mejía**, “Presentación da antoloxía poética de V. Araguas: *Billarda*”, *Madrygal*, nº 3,”Crónica”, 2000, pp. 121-124.

Trascrición a cargo de Ana Acuña dos discursos que Amalia Iglesias e Carmen Mejía pronunciaron na presentación, o 14 de outubro de 1999, na Galería Sargadelos de Madrid da antoloxía poética de Vicente Araguas, *Billarda*. Amalia Iglesias comeza reflexionando sobre o significado de “billarda” que dá título á recompilación e ve neste xogo o reflexo da actitude do poeta dentro da súa creación, mudando dunha posición oculta. Tamén salienta a dificultade de selección dun número tan reducido de poemas dentro dunha obra tan ampla como a de Araguas. Remata referíndose á presencia constante da “alma gallega” na súa poesía e ao carácter universal que o poeta lle imprime, así como o seu constante compromiso coa realidade que o rodea e os sentimentos. Pola súa parte, Carmen Mejía comeza lembrando como coñeceu a Vicente Araguas, e reflexiona sobre o mundo poético galego que este creou dende a diáspora, a pluralidade de interpretacións que se poden facer deste universo e, referida á antoloxía, apunta como característica destacada a diversidade e a linguaxe depurada que evoca no lector a sensación de estar diante dunha fotografía. Finalmente, resalta o propio Vicente Araguas a importancia do amor na súa obra.

Krmpotic, Milo J., “Compostela me mata”, *Qué leer día a día*, nº 44, maio 2000, p. 8.

Dá conta da publicación en español da novela *Crime en Compostela*, de Carlos G. Reigosa que resultara gañadora do primeiro Premio Xerais. Asemade, ofrécense uns breves apuntamentos sobre o argumento e sobre as características estilísticas, para concluír que se trata dunha novela policíaca do máis clásico. Finamente, dise que esta obra é un retrato urbano da cidade.

Labarta Pose, Enrique, “Touros en Noia”, *Alameda*, nº 1, “Visións de Noia”, agosto 2000, pp. 58-62.

Tras unha pequena nota biográfica sobre a vida e a obra de Enrique Labarta Pose, reprodúcese o poema deste autor titulado “Revista dunha corrida ¿de touros? na vila de Noia”. Nesta composición un labrego conta as celebracións levadas a cabo en Noia por mor das festas patronais.

Lama López, María Xesús, “Entrevista con Don Constantino García, Director Científico do Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias ‘Ramón Piñeiro”, *Galicien Magazin*, nº 9, “Entrevista”, xullo 2000, pp. 34-36.

Comeza a entrevista cunha referencia aos primeiros tempos de Constantino García en Santiago de Compostela como profesor universitario e como formador dos primeiros lingüistas especializados en lingua galega. Entre os seus numerosos logros académicos, fala da fundación do ILGA e, como académico da RAG, da fundación do Seminario de Lexicografía e do de Socioloxía. Dende o seu posto de director científico do Centro Ramón Piñeiro, comenta que o importante orzamento do que dispón o centro permite abarcar proxectos a longo prazo. Bo coñecedor de Alemaña, subliña que foron os primeiros filólogos de galego os que, mediante contactos con centros investigadores do estranxeiro, comezaron a suscitar o interese en Alemaña pola cultura galega. Remata a entrevista coa opinión de Constantino García de que hoxe en día o falante de galego é un falante consciente, e que é precisamente esta consciencia a que funciona como garantía de futuro para a lingua galega.

Ledo Andión, Margarita, “Aquel, máis que neve branco”, *Revista de Estudios Rosalianos*, nº 1, “Encontros”, 2000, pp. 77-83.

Particular lectura do poema de Rosalía de Castro, “Castellanos de Castilla” no que comeza explicando as dúbidas que lle suscitou a lectura desta composición da poetisa do Sar. Para achegarse ao poema comeza situando a Rosalía no contexto social da época e dentro das dificultades propias do momento para a muller escritora. Aborda a análise do significado que acada o termo “Castilla” dentro do poema en oposición con “gallegos” e pregúntase se as connotacións que ten neste se dan no resto da obra rosaliana ou é particular desta composición. Para a análise dos diferentes termos que emprega e a visión que quere ofrecer de Castela fronte ao pobo galego vai reproducindo diferentes estrofas, entre elas aquelas nas que se alude á saída dos homes a traballar e a importancia dentro das estructuras económicas desta man de obra. Salienta a capacidade de Rosalía como propagandista para defender o propio fronte ao “Outro” dende a dicotomía de que a non defensa é a aniquilación. Finalmente, achégase ao poema dende o punto de vista da literatura feita por unha muller, observando que nel se dá unha gradación dende o máis íntimo ata unha realidade que deixa ver graves problemas de explotación contados a xeito de crónica con técnicas propias da literatura popular. Conclúe que estamos ante un poema de transgresión pola “radicalidade, a lucidez, a saída da norma: escreber sendo muller, escreber en galego” e o feito de propugnar ideas avanzadas como a da importancia do territorio como garantía de progreso ou a busca de xustiza social.

Lema Suárez, Xosé Mª , “Exposición 50 aniversario Castelao”, *A Trabe de Ouro*, nº 44, “Publicacións”, Tomo IV, Ano XI, outubro-novembro-decembro 2000, pp. 527-530.

Alude á celebración da exposición conmemorativa do 50 aniversario da morte de Castelao, que se inaugurou en Pontevedra en xuño do 2000, despois de pasar por Lugo. Así mesmo, comenta o contido do catálogo de 430 páxinas que “dá testemuño da exposición e, ademais, achega interesantes análises da obra artística e literaria de Castelao”. Describe as colaboracións críticas deste catálogo e enumera aos estudiosos que participaron.

Llantada Díaz, María Francisca, “Mulleres fronte ó Século XX”, *Revista Galega do Ensino,* nº 27, “Recensións”, maio 2000, pp. 239-242.

Achéganos á obra *Mulleres fronte ó Século XX* que é unha recompilación de narracións escritas en lingua inglesa por mulleres de diversos lugares entre 1880 e 1980. As súas autoras que entraron no canon de “nais literarias” xa que a súa obra sentou precedente son: Charlotte Penkins Gilman, Virginia Wolf, Katherine Mansfield, Elizabeth Bowen, Eudora Welty, Doris Lessing, Flannery O´Connor, Edna O´Brien, Alice Walker e Janice Galloway. O artigo fala da tradición, do feminismo e do canon reflectindo as opinións de Elan e T. S. Eliot sobre isto. Cada unha das narracións é precedida dunha breve descrición da autora.

_____, “Poesía irlandesa contemporánea”, *Revista Galega do Ensino,* nº 27, maio 2000, pp. 247-250.

Dános conta Llantada Díaz do libro bilingüe galego/irlandés *Poesía irlandesa contemporánea* onde se ven traballos de trece poetas e poetisas irlandeses. Conta ao final cun anexo explicativo de feitos históricos e culturais que aparecen nas composicións. Vense as afinidades míticas e ideolóxicas da cultura irlandesa coa galega en poemas como *Finisterre* de Thomas Kinsella que ben pode ser o Fisterra galego, *Grafted Tongue (Lingua Enxertada)* Jonh Montague que expresa a humillación da escolarización en inglés cando aínda se falaba o irlandés no ámbito rural ou *A lost tradition (Tradición perdida)* onde se ve a nostalxia da paisaxe que recora ao gaélico e remata con “Falemos o gaélico de novo”. Seamus Heaney (Premio Nobel) en *As estacións do Oeste* reflicte o conflicto lingua inglesa/gaélico que nos lembra ao noso castelán/galego e destaca tamén o poema *Anseo* de Paul Muldoon que vén ser tamén unha louvanza do gaélico. Así, pola súa temática é de moito interese nós.

_____, “Unha comedia de Oscar Wilde”, *Grial*, nº 146, Tomo XXXVIII, “Libros”, abril, maio, xuño 2000, 2000, pp. 338-340.

Recensión de *Comedia frívola para xente seria* (1999) que comeza cun comentario sobre o contido dos prólogos e notas introductorias. A seguir, describe a temática e xénero da obra de Oscar Wilde apoiándose nas opinións de críticos como Eric Bentley ou Joseph Bristow. Considera que ten uns contidos máis profundos e serios do que pode parecer ao adcribirse ao xénero da farsa, coa que o autor inglés consegue “crear un espello no que a súa audiencia contemporánea se puidese contemplar e ver un reflexo desconcertante ou unha inversión de si mesma”. Finalmente, loa o traballo traductor de Miguel Pérez Romero por respectar o texto orixinal e lograr que conserve “esa axilidade e elegancia da linguaxe que emprega Wilde”.

_____, “Alberte Pagán, *A voz do trevón. Unha aproximación a “Finnegans Wake*”, *Boletín Galego de Literatura*, n.º 24, “Libros”, 2º semestre 2000, pp. 177- 182.

Descríbese *A voz do trevón. Unha aproximación a “Finnegans Wake”* (2000) que resulta ser un ensaio sobre a xestación da novela *Finnegans Wake* (1939) de James Joyce e sobre os atrancos á hora de a verter ao galego. Explícase que non se chegou a publicar a traducción ante a negativa do neto do escritor irlandés de vender os dereitos para a súa traducción ao galego. Debúllanse os diferentes capítulos deste volume e apúntase que cara ao seu remate, Alberte Pagán, o traductor, reflexiona sobre as experiencias que tivo á hora de acometer a traducción desta novela de Joyce.

López, Aurora e Andrés **Pociña**, “Negra Sombra”, letra de Rosalía, música de Montes”, *Unión Libre*, nº 5, 2000, pp. 319-333.

Comezan recollendo as experiencias da escritora catalana Teresa Pàmies e do poeta portugués Eugénio de Andrade sobre a súa achega á lírica de Rosalía a partir de ter escoitado a peza *Negra Sombra* do músico lugués Xoán Montes e rematan afirmando que “para milleiros de galegos e galegas é tamén “Negra Sombra” o primeiro, por veces o único, camiño para achegárense á poesía de Rosalía, porque resulta case imposible atopar alguén en Galicia que non coñeza a melodía e, con ela, a letra dun poema que, en principio, non é nin fácil, nin popular”. A seguir analizan as correspondencias entre o texto rosalián e o poema de Aurelio Aguirre “Dime tú, ser misterioso” (1857), desmentindo, co apoio de varios estudios sobre o tema obra de García Sabell, Bouza Brey e Carballo Calero, a opinión de José María Moar Fandiño que, en 1920 afirmou que Rosalía só a traducira ao galego. Refírense ao carácter desacougante do texto de Rosalía e recollen tamén diversas interpretacións sobre o debatido tema da “negra sombra”, sobre o que existe unha ampla bibliografía. A seguir atenden á musicalidade do poema, que atribúen á formación musical da escritora, e nomean algúns dos recursos literarios que completan este aspecto como o repetido comezo anafórico dos versos, as sonoras similicadencias ou as paronomasias e, finalmente, detéñense no éxito da melodía realizada por Montes e analizan os trazos da partitura que se reproduce ao remate do artigo.

López, Xosé, “Opinión en clave humorística”, *Guía dos libros novos,* nº 15, “Comunicación”, febreiro 2000, p. 12.

Galicia, Galicia é o libro de M. Rivas que nos presenta Xosé López. Recolle artigos de *La Voz de Galicia, El País* e *A Nosa Terra* entre 1989 e 1999. Indica que no libro se analiza o traballo de Manuel Fraga á fronte do goberno galego. Considera que se ve así un retrato maxistral da sociedade galega ademais de “traballos de opinión” que merecen figurar entre os mellores do século XX.

López López, Yolanda, “Roberto Vidal Bolaño. E o teatro namorouse do cine”, *Interesarte*, nº 7, “Teatro”, 2000, pp.44-46.

Longa conversa con Roberto Vidal Bolaño no que fala das súas diferentes facetas dentro du mundo do teatro, das relacións que se establecen entre o teatro e o cine ou a pintura. Faise un percorrido pola súa traxectoria teatral dende os comezos no “grupo Ribadavia”, que considera que coincide cun dos mellores momentos da cultura galega, fala da súa inclinación cara ao teatro como imposibilidade de ser director de cine, das influencias deste xénero nas súas obras teatrais, en especial a presencia de personaxes cinematográficos. Tamén se refire á recuperación da tradición inaugurada por autores como Castelao, Blanco Amor ou Otero Pedrayo ou Ramón María del Valle-Inclán, ademais de recoñecer a súa evolución dun teatro reivindicativo a un teatro crítico a partir de obras como *Saxo tenor*, *Días sen gloria* ou *Cochos*. Finalmente, refírese ao papel da crítica, á opinión que lle merecen os premios, ao proxecto do CDG do mito de Don Juan e a conta pendente con personaxes singulares para a escena como as Marías de Santiago ou a Bela Otero.

López Morais, Anselmo, “Castelao y Ourense”, *Auria (Revista mensual de Caixavigo e Ourense*), nº 34, “Aniversario”, febreiro 2000, pp. 29-31.

Repásanse os diferentes momentos da vida de Castelao vencellados coa cidade de Ourense. Detállase que o seu primeiro contacto coa Cidade das Burgas foi en 1906 formando parte da tuna compostelá. Con referencia á súa faceta artística en Ourense, indícase que fixo en 1912 unha exposición de acuarelas e oito anos máis tarde outra das estampas, que integrarían posteriormente o álbum *Nós*. Sinálase tamén que estivo entre 1930 e 1934 en diversos actos políticos e que a súa derradeira estancia foi en 1935 ao regresar do desterro de Badaxoz. Finalmente apúntase que colaborou coas revistas ourensás *Mi Tierra* e *Nós*.

López Pereira, Eduardo X., “Exeria, escritora do século IV”, *Microfisuras*, nº 10, xaneiro 2000, pp. 68-73.

Achégase á escritora do século IV, Exeria, que recolle nos seus escritos a viaxe que realiza por Oriente, e na que se supón que parte de Galicia. Describe esta muller a partir dos datos que aparecen nos seus propios manuscritos, cualificándoa de curiosa e atrevida por emprender unha viaxe que supuña unha grande incertidume e moitos perigos. Sinala que son uns textos de estilo “familiar” posto que ían dirixidos ás súas compañeiras relixiosas ou “irmás” como ela lles chamaba, e lamenta o tempo transcorrido dende a escrita destes manucristos á súa publicación en galego, malia que foron descubertos en 1887, gabando o labor da editorial Raíña Lupa na súa edición ilustrada da obra de Exeria.

López Silva, Inma, “Velenos, Brancaneves e coitelos. O mundo lírico de Marilar Aleixandre”, *Grial*, nº 145, Tomo XXXVIII, “Libros”, xaneiro-febreiro-marzo 2000, pp. 129-132.

Este comentario de *Catálogo de velenos* (1999) comeza aludindo á sorpresa que lle causou o feito de que “unha narradora consagrada” como Marilar Aleixandre acadase o Premio Esquío de Poesía. Opina que o poemario xira ao redor da temática amorosa, mesmo no ambiente familiar. Describe a estructura da obra e analiza cada unha das partes individualmente. Así, de “O veleno na mazá” afirma que se centra na nai e na relación que mantén coa filla e que “amosa as claves lingüísticas e retóricas que a autora emprega para crear unha linguaxe personalísima”. Da segunda parte, “O veleno no coitelo”, comenta que o centro de interese transládase ao amante e certos símbolos do amor que xa empregara na primeira parte, os instrumentos cortantes, teñen máis presencia neste grupo de poemas. Para rematar, considera que “Onde os alacráns” é un resumo ou síntese final dos varios elementos empregados ao longo deste *Catálogo de velenos*, do que destaca especialmente o último poema.

_____, “Vintecinco anos despois, soa a buguina”, *Revista Galega de Teatro*, nº 22, “Libros”, xaneiro-marzo 2000, pp. 80-82.

Reflexiona sobre as claves temáticas e estructurais de *O son da buguina* (1999), de Euloxio R. Ruibal, salientado que nela se escarabella no “lado salvaxe, violento e cruel por natureza do ser humano”, unha das súas tres tendencias “estético-semánticas”. Indica que o dramaturgo, que cumpre vintecinco anos no mundo da creación teatral, aposta polo minimalismo, dándolle importancia á palabra e ao xesto, así como tamén se detén un intre na simboloxía. Remata subliñando o “reto” que suporía representala.

_____, “Grupos e antigrupos, asasinatos, cánticos e espectáculos na poesía do Grupo dos 90”, *A Freita*, nº 15, decembro 2000, pp. 15-31.

Principia dando conta da dificultade de analizar a poesía actual por non dispor da necesaria distancia temporal. Sinala que a década que vén de rematar trouxo unha enorme proliferación de poetas novos, nomeadamente nalgunhas áreas xeográficas como a Costa da Morte, cunha visión da lírica menos elitista cós da xeración anterior e celosos da súa individualidade literaria, o que non é obstáculo para que asuman o rol de conxunto á hora de levar a súa obra á sociedade. Dentro da ansia de difusión deste Grupo dos 90, como denomina Inma López os poetas que empezaron a publicar nese decenio, sobrancea a dimensión espectacular que lle souberon dar aos seus textos con recitais, performances, etc. Coida que este carácter proselitista é o máis anovador desta xeración. Así mesmo, salienta a importancia do relatorio de Rafa Villar no I Encontro de Novos Escritores (Compostela, 1996) por manifestarse violentamente contra a xeración anterior. Comenta a evolución poética deste autor ao que lle albisca, igual que a todo o grupo xeneracional, unha postura comprometida co nacionalismo, ecoloxismo e outros *ismos* hoxe en voga. Tamén se fixa na presencia do clasicismo na obra de Miro Villar, Martín Veiga, Modesto Fraga, Emilio Xosé Insua ou María do Cebreiro e lembra como, dende diferentes perspectivas, Iolanda Castaño, Olga Novo, Enma Couceiro e Lupe Gómez enarboraron o pendón do erotismo. Alén disto, nega que a eclosión de autoras destes anos se basee nuns trazos comúns que posibiliten consideralas por xunto; polo tanto, afirma que se trata unicamente dun corolario do acceso da muller a espacios antes vedados. De por parte, valora a aparición da colección “Ablativo Absoluto” de Xerais e do proxecto cooperativo Letras da Cal como

plataformas que permiten a expresión dos novos obreiros da lírica. Inma López trata á parte a poesía eonaviega pois cre que forma un sistema periférico que se relaciona de xeito distinto con culturas máis ou menos alleas como a asturiana, a portuguesa ou a española, e que posúe dinámicas propias. Seguidamente sinala as principais características dos poetas máis destacados desta área.

_____, “*Café con gotas*: Ollada nostálxica do XIX”, *Citania*, A*rtes, Espéctaculos*, nº 3, outono-inverno 2000, pp. 87-88.

Gábase a publicación desta revista por canto suxire varias frontes de estudo e pescuda. Alén disto, critícase que falten moitos dos números desta revista, que, especula, seguramente se han atopar en bibliotecas particulares. Tamén se lle critica o feito de que o único en galego dete facsímile sexa o prólogo bilíngüe de Darío Villanueva, ficando o estudio introductorio e os índices en castelán.

López Silva, X. Antonio, “Solón de Atenas”, *Alquimia*, nº 2, “Traducción”, primavera 2000, pp. 24-27.

Indica que Solón de Atenas é unha das figuras máis destacadas da época grega arcaica. Comenta as convulsas circunstancias socio-políticas que lle tocou vivir, que o levaron a exercer o cargo de *arconte*, dende o que se ocupou primordialmente de cuestións agrarias, comerciais e monetarias. Así mesmo, sinala que a súa acción de goberno estaba dirixida polo sentido de xustiza, na liña de Hesíodo ou Teognis de Megara, sentido que preside os catro poemas, en versión orixinal a carón da traducción galega, que acompañan este artigo.

_____, “Repertorio clásico e intertextualidade en *Devalar das esperas*”, *Dorna. Expresión Poética Galega*, nº 26, “Caderno da crítica”, 2000, pp. 125-132.

Amplo comentario sobre o poemario de Emilio Xosé Ínsua, *Devalar das esperas*. Nun primeiro apartado céntrase na poesía galega dos oitenta e dos noventa e afirma que *Devalar das esperas* (1995) é “un puntal estético ben cimentado nas características de grupo da poesía dos noventa”. A seguir, cita outras colaboracións do autor en empresas colectivas como *Cartafol das Fontes* ou *Ao mar adentro*. En canto á poesía dos oitenta e dos noventa afirma que moitos dos poetas desta época fixeron e fan uso do imaxinario clásico; así mesmo, cita algunhas obras ilustrativas como os poemas “A lección de Ulises” e “Negación de Ulises e Teseo” de Miro Villar ou o primeiro poemario de Sechu Sende *Odiseas. Libro de viaxes*. Para rematar, céntrase en *Devalar das esperas*, “un libro baseado en dous parámetros, o da sinxeleza e o da coherencia” e dividido en catro partes “Coa luz que da a ferida”, “Co sabor da cinza en min”, “Co incendio do amor no corazón” e “Co calor da patria no canto”. A seguir, reprodúcense algúns fragmentos da obra e ofrécese unha breve bibliografía.

López Valero, María del Mar, “Blanca-Ana Roig Rechou e Mª Isabel Soto López. *Informe de Literatura 1997 y 1998. Literatura galega no 1997 y 1998 e a súa recepción*”, *Madrygal*, nº 3, “Recensións”, 2000, pp. 189-190.

Aproximación a dúas entregas do *Informe de Literatura* correspondentes aos anos 1997 e 1998, coordinadas por Blanca-Ana Roig Rechou e Mª Isabel Soto. Comeza sinalando o afán continuista do proxecto nas grandes liñas metodolóxicas e analíticas, sobranceando a importancia das estatísticas elaboradas en cada entrega. A través da súa análise conclúe que é pouca aínda a presencia de referencias á literatura galega en medios de ámbito estatal. Tamén destaca a inclusión do apartado dedicado ás páxinas web destacando a información achegada polas editoriais Galaxia, Kalandraka, Xerais ou Laiovento, e o CD-Rom que acompaña os *Informes* dende o ano 1995, describindo pormenorizadamente o manexo e opcións que este novo soporte ofrece. Remata apuntando que a aparición de novos *Informes* axudará a un mellor coñecemento e difusión das “Letras Galegas”.

López Vázquez, José Manuel B., “Estudio dun xenio comprometido”, *Guía dos libros novos*, nº 17, “Arte”, abril 2000, p. 15.

Describe o libro *Isaac Díaz Pardo. Obra cartelística 1936-1999* que constitúe en realidade o catálogo dunha exposición que procura, no dicir da súa comisaria, Rosa Méndez Fonte, “amosar o compromiso de Díaz Pardo con Galicia e as súas xentes” completando o oco do cartelismo que aparecía baleiro nas mostras que ao longo das últimas décadas se levaron a cabo intentando reflectir as diferentes pegadas que este autor foi deixando nos eidos artístico e cultural galegos, dando conta das obras que nel se conteñen, entre elas “A ética fundacional de Isaac Díaz Pardo: Algunhas notas” de Xesús Alonso Montero, na que fai un retrato de Díaz Pardo como artista, ou o traballo do dramarturgo Euloxio R. Ruibal, “Díaz Pardo, dramaturgo. Traxedias renovadas para un tempo de esperanza”, no que se elabora unha profunda análise das achegas de Díaz Pardo ao teatro. Por outra banda, critica a actitude do comisariado das exposicións de arte e amosa o descontento con este catálago, pois con el “perdeuse unha oportunidade para facer un estudio en profundidade do que, sen dúbida, é un dos maiores cartelistas galegos, e para poñer o primeiro chanzo para o estudio do cartelismo en Galicia, que apenas si está esbozado”.

López Vázquez, Mª Monserrat, “Poesías de Lugo en galego”, *Lvcensia*, nº 20, (Vol. X), “Texto”, 2000, pp.181-200.

Selección de vintesete poemas de autores lugueses feita por Mª Monserrat López Vázquez, que vén precedida por unha introducción na que explica que tenta coller algún poema dos autores máis representativos da provincia malia que, debido á falta de espacio, moitos deles tiveron que ser excluídos, aínda que esta selección tenta ser un xesto simbólico de cara a todos eles no que reflectir “a alma do noso pobo no espello da poesía, pero tamén render unha xusta homenaxe a tódolos nosos poetas”. Os autores seleccionados son: Johan de Requeixo, Nicomedes Pastor Díaz, Manuel Leiras Pulpeiro, Antonio Noriega Varela, Avelino Gómez Ledo, Luís Pimentel, José Crecente Vega, Xosé Trapero Pardo, Aquilino Iglesia Alvariño, Álvaro Cunqueiro, Eduardo Moreiras, Lourenzo Varela, José María Díaz Castro, Luz Pozo Garza, Manuel María, Uxío Novoneyra, Arcadio López Casanova, Xosé Antón Miguélez, Manuel Regal Ledo, Marica Campo, Xesús Rábade Paredes, Darío Xohán Cabana, Xulio L. Valcárcel, Xavier Rodríguez Barrio, Xosé Miranda, Claudio Rodríguez Fer, Pablo Rubén Eiré, Miguel Anxo Fernán-Vello e Xela Arias.

López Vázquez, Ramón, “O mundo de Xosé Manuel Rodríguez Pampín”, *Encrucillada*, nº 119, “Aportacións”, setembro-outubro 2000, pp. 33/369-47/383.

Amplo estudio sobre a persoa de Xosé Manuel Rodríguez Pampín, un crego de Melide con tres paixóns dominantes: ler, escribir en galego e entender o teatro como forma didáctica para aprender mellor. A continuación, alúdese á súa actividade no grupo cultural O Facho e cítanse as súas obras *Pro e contra da liturxia en galego* e *A propósito da poesía...*. Por último, preséntase unha breve bibliografía.

Lorenzo, Ramón, “Antonio Fraguas Fraguas”, *Boletín da Real Academia Galega*, nº 361, “Sección necrolóxica”, 2000, pp. 316-324.

Realiza un amplo percorrido pola traxectoria vital de Antonio Fraguas Fraguas, cualificándoo como “figura destacada da cultura galega”. Lembra a súa formación académica e o seu posterior traballo como docente. Ademais, pon de relevancia o seu labor cultural en egrexias institucións como o Seminario de Estudos Galegos, o Museo do Pobo Galego ou a Real Academia Galega, na que entra en 1956. Así mesmo, cita a ampla obra do galeguista, dende os seus traballos en prensa e en revistas ata os seus libros.

Lourenzo, M., “Teatro Circo. A consolidación do teatro independente galego”, *Casahamlet*, nº 2, “Compañías”, maio 2000, pp. 34-37.

Fai referencia ao Teatro Circo, “proxecto de teatro galego independente” nado en 1965 cunhas metas ambiciosas e moi claras. Comenta as súas actividades, sinalando que chegou a “ter presencia nos foros peninsulares”, ademais de que “promoveu ou participou na creación de asambleas, federacións...”. Por outro lado, pon de relevo as dificultades polas que pasou, tendo problemas coa censura franquista.

Lourenzo, Manuel e Francisco **Pillado**, “Documentación”, *Casahamlet*, nº 2, “Documentación”, maio 2000, pp. 106-113.

Ofrécese unha ampla cronoloxía das representacións levadas a cabo por numerosas compañías teatrais das que se fala neste número da revista, apuntando datos tales como o título das obras, os autores ou quen se encarga da dirección. O mesmo se fai coas publicacións feitas dende o inicio pola Biblioteca-Arquivo Teatral “Francisco Pillado Mayor” da Universidade da Coruña, a recollida nos “Cadernos da Escola Dramática Galega” dende 1978 que se inaugurara con *O teatro infantil galego*, de Manuel Lourenzo; os “Cadernos de Teatro” que se publicaron entre 1995 e 1996; os “Cadernos do espectáculo Compañía de Teatro Luís Seoane” de 1980 a 1984 ou a colección “Castrodouro. Teatro” na que se recolleron tres obras entre o ano 1981 e 1984, entre elas *O rei aborrecido* (1984), de Xesús Pisón.

Louzao, Miguel, “Manuel García Barros, *Contiños da terra*”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 23, “Libros”, 1º semestre 2000, pp. 232-234.

Comentario que aplaude a edición comentada de *Contiños da terra* na que se nos ofrecen os trazos da biografía, do labor xornalístico e da orientación política do labrego-escritor estradense Manuel García Barros, “KenKeirades”. Danse algúns trazos desta edición, sinálase que presenta unha orientación nomeadamente escolar cun acertado enfoque ideolóxico subliñando o seu sincretismo e remátase avogando pola recuperación da obra literaria de “KenKeirades”.

Luís Gamallo, María, “Xosé Carlos Caneiro: *Talvez melancolía*. Unha proposta intimista”, *A Trabe de Ouro*, nº 43, “Publicacións”, Tomo III, Ano XI, xullo-agosto-setembro 2000, pp. 397-399.

Breve recensión sobre a obra de Xosé Carlos Caneiro, *Talvez melancolía*, publicada por Espiral Maior na súa colección de narrativa. Trátase dunha “novela de personaxe” que constitúe “a sinfonía da infelicidade e da resignaión”. Afírmase que a novela se enche de novas técnicas “que asimilan en moitos casos outras formas de expresión, e nas que a participación do lector é fundamental”. A seguir, cítanse algúns recursos empregados por Caneiro como a introducción de cancións, publicidade, anuncios de compra e venda ou poemas. Así mesmo, a obra é unha homenaxe aos “grandes autores da literatura universal” como Proust, Juan Rulfo, Dostoievski, Valle-Inclán, García Márquez, Kafka, Torrente Ballester, Camus, Shakespeare ou Rimbaud.

_____, “A narrativa galega dos noventa: cara á consolidación dunha nova novela”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 24, “Notas”, 2º semestre 2000, pp. 99-109.

Amósase unha breve panorámica da narrativa galega da derradeira década do século XX tendo como referencia obras dos escritores galegos máis coñecidos *Tal vez melancolía* (1999) de Xosé Carlos Caneiro, *Tic-Tac* (1993) e *Círculo* (1998) de Suso de Toro, *En salvaxe compaña* (1993), *O lapis do carpinteiro* (1998) e mais *Ela, maldita alma* (1999) de Manuel Rivas, *Arraianos* (1991) e *No ventre do silencio* (1999) de X. L. Méndez Ferrín, entre outros. Remátase destacando a dificultade de predicir por ónde vai seguir a literatura galega e opinando que pode desaparecer a temática tradicional popular na nosa literatura.

M. P. P., “*Outeiro dos fentos* e outros poemas. Dylan Thomas”, *A Trabe de Ouro*, nº 42, “Textos”, Tomo II, Ano XI, abril-maio-xuño 2000, pp. 231-246.

Comeza o artigo cunha alusión á vida e á obra de Dylan Thomas (Swansea-Gales, 1914-Nova York, 1953). Así mesmo, cítanse algunhas das súas obras como *Eigtheen Poems* (1934), *Twenty Five Poems* (1936), *Map of Love* (1939) ou *Deaths ans entrances* (1946). A seguir, reprodúcense algúns dos poemas de Thomas en versión galega, feita por Marta Pérez Pereiro, e inglesa. Trátase de “Outeiro dos fentos”, “A forza polo talo verde pula a flor”, “No meu oficio ou resentida arte”, “Falaba a lousa cando ela morreu”, “Poema de outubro”, “Fala a muller”, “Dende a primeira febre do amor deica á praga”, “Ó principio”, “Oh, faime unha máscada” e “Para un meu epitafio”.

Manuel María, “Don Hamlet de Cunqueiro en Lugo”, *Casahamlet*, nº 2, “Momentos”, maio 2000, pp. 16-17.

Lembra a estrea de *Don Hamlet* de Álvaro Cunqueiro o 12 de outubro de 1959 en Lugo a cargo do Grupo Teatral da Asociación Cultural Iberoamericana da Coruña. Sinala a importancia cultural do “impacto” desta representación, así como o seu éxito. Ademais, reproduce un fragmento dunha recensión de J. Mª Gallego en *El Progreso* a propósito da obra, na que pon como única deficiencia a utilización do galego, comentario “penoso” para o que subscribe.

Marco, Aurora, “Lisardo Barreiro”, *Alameda*, nº 1, “Personaxes”, agosto 2000, pp. 32-36.

Páxinas dedicadas á vida e á obra do poeta e xornalista noiés Lisardo Barreiro. Nelas faise un percorrido pola súa experiencia vital: formación en Compostela, traballo de xornalista en Madrid, retorno a Vilagarcia de Arousa... Coméntase, así mesmo, a súa fama en vida. Analízanse tamén os tres libros que publicou: *Muestras sin valor. Pasatiempos literarios* –poemario bilingüe–, *Esbozos y siluetas de un viaje por Galicia* –prosas dedicadas a súa terra e a súa xente– e *Escumas e brétemas galegas* –conxunto de poemas escritos en galego. Por último, reprodúcense dous poemas seus.

Marinhas del Valle, Jenaro, “Nascerá umha estrela”, *Casahamlet*, nº 2, “Textos dramáticos”, maio 2000, pp. 74-81.

Breve peza en dous actos que nos presenta o martirio dun pobo asoballado, mais coa esperanza de “redención” posta en mans dun Mesías, Rosalía de Castro.

_____, “Pai descoñecido”, *Enclave*, nº 6, inverno 2000, pp. 53-54.

Breve peza de teatro protagonizada por un mozo, un comisario de policía e un home maduro. A acción desenvólvese na comisaría cando o home presenta denuncia contra o rapaz pola substracción dunha carteira. Dános a coñecer a vida desordenada do rapaz e, por medio dunha fotografía, comprobamos que eran pai e fillo o denunciante e o denunciado.

_____, “A Tia Solinha”, *Agália*, “Antologia”, nº 60, inverno 2000, pp. 485-498.

Un narrador omnisciente en terceira persoa cóntanos a reacción violenta da avoa Lauriana ao coñecer que o seu neto Fabiano Leima ingresara na Guarda Civil española. Despois da agresión insconsciente ao neto, e recuperada a normalidade, conta as negativas lembranzas que ten da “Benemérita”, entre as que están o fusilamento do home e a tortura a ela mesma cando estaba embarazada da filla Solinha, unha agresión que lle provocou un parto prematuro e lesións físicas e cerebrais irreparábeis á nena.

Mariño Paz, Ramón, “O idioma galego na vida, na obra e na época de Juan Antonio Posse (1766-1854), Manuel Pardo de Andrade (1760-1832) e Francisco del Valle Inclán (1736-CA. 1808) (I)”, *A Trabe de Ouro*, nº 41, “Cuestións”, Tomo I, Ano XI, xaneiro-febreiro-marzo 2000, pp. 27-48.

Primeira parte dun amplo estudio sobre a vida, a obra e a época de Juan Antonio Posse Varela, cura párroco de San Andrés del Rabanedo (León). Achégase, en primeiro lugar, á biografía lingüística de Posse “no contexto de usos e actitudes lingüísticas imperantes no seu tempo”. Deste xeito, alude á súa infancia caracterizada por un monolingüismo en galego e unha “incompetencia xeneralizada en castelán”. Na adolescencia e na mocidade, pola contra, comeza a súa etapa de aprendizaxe do castelán e do seu valor “como marcador de distancia social e cultural”. Nun terceiro apartado achégase ao labor sacerdotal e intelectual de Posse e cita algúns dos seus escritos como a traducción de *Historia de Rusia*, de Levesgue; *Historia biográfica*, *Plática Tercera* ou *Rogos d’un gallego*, entre outros. Así mesmo, afírmase que Posse colaborou coa publicación liberal coruñesa *El Ciudadano por la Constitución* ou no *Diario de Madrid*. Para rematar, ofrece un anexo no que reproduce algúns poemas e artigos de Posse Varela, publicados en *El Ciudadano por la Constitución* e unha bibliografía.

_____, “O idioma galego na vida, na obra e na época de Juan Antonio Posse (1766-1854), Manuel Pardo de Andrade (1760-1832) e Francisco del Valle Inclán (1736-CA. 1808) (e II)”, *A Trabe de Ouro*, nº 42, “Cuestións”, Tomo II, Ano XI, abril-maio-xuño 2000, pp. 191-203.

Nesta ocasión Mariño Paz achégase, nunha primeira parte, á vida e á obra de Francisco del Valle Inclán, “doutor en ámbolos Dereitos, catedrático de Prima de Leis e rector do Colexio de San Clemente de Pasanter, primeiro director da biblioteca pública da Universidade de Santiago dende 1774 e tío avó do pai do famoso escritor Ramón María del Valle Inclán”. Nun segundo apartado, Mariño Paz refírese á persoa de Juan Antonio Posse e alude á *Historia biográfica*, redactada por Posse aos 67 anos. A seguir, ofrece un anexo titulado “A prostración de España en 1819 e a independencia das provincias” e, para rematar, inclúe unha breve bibliografía.

Martínez Bouzas, Francisco, “Tabucchi con acento galego”, *Guía dos libros novos,* nº 14, “Narrativa”, xaneiro 2000, p. 23.

Comenta Francisco Martínez Bouzas a traducción feita por Dolores Martínez Torres do libro de Tabucchi *Afirma Pereira.* Opina que chega tarde (catro anos máis tarde cá versión española) e que os posíbeis lectores galegos xa fixeron a súa lectura en castelán. Do libro di que é unha desas obras que “deixan pegada”, e o seu personaxe central convértese “nunha criatura memorable, merecente de figurar no olimpo das grandes criaturas noveladas”. Da traducción di que a autora foxe dalgunhas voces galegas idénticas ao castelán como por exemplo no título *Afirma Pereira* por diversas razóns aínda que para el o verbo “sostén” ten unha carga semántica máis forte que “afirma”.

_____, “Unha novela contra o contrato social”, *Guía dos libros novos,* nº 15, “Narrativa”, febreiro 2000, p. 20.

Preséntanos a nova novela de Cid Cabido, *grupo abeliano* (1999). Fai un percorrido pola traxectoria do escritor e conta o argumento que está encadrada no “evidencialismo”, termo que cuñou o autor xa no libro *Planificadora.* Comenta que a novela ten un desenvolvemento liñal cargado dunha lóxica atípica na que un grupo ‘abeliano’ sobrevive sen “programacións previas” e sen ningún tipo de filosofía que o leva a un cinismo inocente moi divertido.

_____, “*A pensa nao* de Anxo Angueira”, *A Trabe de Ouro*, nº 41, “Publicacións”, Tomo I, Ano XI, xaneiro-febreiro-marzo 2000, pp. 109-113.

Recensión de *Pensa nao* de Anxo Angueira, publicada por Edicións Xerais de Galicia no ano 1999. No texto, Francisco Martínez Bouzas recolle as palabras de Angueira na presentación da súa novela pronunciada na Facultade de Xornalismo da Universidade de Santiago de Compostela. Trátase, segundo Angueira, dunha novela “comunal, biográfica colectiva, relato coral con ducias de personaxes que se moven, van, veñen”. É -engade- “un libro con transfondo histórico”, “unha novela política”; “*Pensa nao* non é unha crónica do que aconteceu na comarca de Dodro, senón unha recreación ficcional, fantástica, cunha trama narrativa propia, personaxes fermosamente modelados e un final tráxico, pero ao mesmo tempo apoteósico”.

_____, “Un libro sobre libros”, *Guía dos libros novos*, nº 18, “Estudios literarios”, maio 2000, p. 23.

Partindo de *Atravesar o espello* (1999), de Xavier Seoane, resáltase a incitación á lectura presente en toda a obra. Tras un breve percorrido polas distintas facetas literarias que cultivou o autor, destácase o “pracer emancipador” que produce a lectura. Tamén se analizan as opinións sobre a lectura doutros estudiosos. Advírtese, ademais, do perigro de confundir o estudio coa lectura. Finalmente, a obra cualíficase como un libro que se achega tanto ao ensaio como ao discurso proselitista.

Martínez Conde, Ricardo, “Aforismos”, *Citania*, A*rtes, Espéctaculos*, nº 3, outono-inverno 2000, pp. 57-59.

Conxunto de aforismos que versan sobre a escritura, a soidade, o xornalismo, o amor, a compañía, e outras moitas cuestións.

_____, “Li Po e a melancolía”, *Interesarte*, “Literatura”, nº 8, 2000, pp. 43-44.

Coméntase o papel dun poeta como cantor, como posuidor das palabras e do ritmo e como propiciador dos “soños máis aventurados onde é posible a felicidade”. Destácase o medo do poeta a levar a cabo as súas funcións e a amosar a súa creación, o uso que fai das palabras e a necesidade da sinceridade no poema e do poeta. Enuméranse as características que deben ter as palabras idóneas nun poema, analízase o entrelazado léxico dun dos versos e explícase a connotación da combinación “rancorosa melancolía”. Recóllense dúas estrofas máis para dar resposta a esa combinación e lóase a capacidade do poeta para aludir ao amor sen ferir a melancolía.

_____, “Manoel-Antonio. O mariñeiro e a lúa”, *Interesarte*, nº 8, “Literatura”, 2000, pp. 48-49.

Estudio da poesía de Manuel María, ao cumprirse cen anos do seu nacemento, no que despois de describir o poeta, a súa personalidade e de dilucidar un dos argumentos da súa poesía, analízanse os tres argumentos esenciais dos textos poéticos. Nas tres seccións do artigo reprodúcense uns textos a partir dos que se fala da temática e do simbolismo empregado polo poeta. Na primeira, “A noite”, resáltase a autoidentificación da personalidade do poeta a través da noite como escenario, do home como ser solitario e da significación da noite e do mar. Na segunda, “O mar”, indícase o uso da mitoloxía, a pseudorreferencia do mar como elemento liberador, a maneira de manifestarse o poeta, o contido do poema, a identificación de acedume con saudade, e a creación da súa paisaxe. Na terceira, fala do vínculo do poeta coa paisaxe, do sentimento de soidade e saudade, da necesidade de sentimento de amor e da presencia de Galicia na paisaxe coma símbolo de identificación.

Martínez Pereiro, Xosé Luís, “Panexírico da Lapa”, *Casahamlet*, nº 2, “Textos dramáticos”, maio 2000, pp. 82-85.

Sucinto texto dramático, onde a ironía reloce por todas partes, e no que sae a escena un Ulises moderno. Este reflexiona cun ser fantástico sobre unha imposíbel infidelidade da súa dona, Penelope.

Martínez-Risco Daviña, Luís, “Fundación Vicente Risco”, *Auria (Revista mensual de Caixanova*), nº 41, “Fundacións”, setembro 2000, pp. 30-31.

Apunta algúns datos sobre a creación, hai catro anos, da Fundación Vicente Risco en Allariz e comenta algunhas das súas características, que conta con ricos fondos bibliográficos e con diversas seccións –a de literatura dirixida por Anxo Tarrío–, que organiza diversos cursos e congresos e mais que patrocina anualmente o Premio Risco de Literatura Fantástica.

_____, “Arraianos: identidade na fronteira”, *Guía dos libros novos*, nº 24, decembro 2000, p. 10.

Describe as carácterísticas, o rigor no tratamento das fontes, a fluidez literaria, a estética, que contribúe a crear a sensación de estarmos ante un libro de viaxes, e o contido, onde destaca a denuncia da inxustiza coa que foron tratados os cidadáns do Couto Mixto, desta nova obra de Luís García Mañá, *Couto mixto. Unha república esquecida,* publicada pola Universidade de Vigo co gallo do seu décimo aniversario, e na que a diferencia das anteriores, abrangue o Couto Mixto. Así mesmo, lembra que a reivindicación destas terras como realidade existente e non como lembranza histórica dun territorio cun sistema xurídico que pertence ao ámbito da historia do dereito é unha constante na vida de García Mañá, como desmostran as súas incursións literarias, *As plumas o Moucho* (1999) e *O lume de Santo Antón* (1997)*,* onde se atopan tamén referencias ao Couto Mixto. Por outra banda, afirma que esta iniciativa pode enmarcarse entre todas aquelas que, dende hai uns dez anos, están a apoiar a Universidade de Vigo e a de Tras os Montes-Alto Douro, acollendo e promovendo cursos e congresos relacionados coa fronteira.

Martínez Xoubanova, María, “Dolores Vilavedra. *Historia da literatura galega*”, *Madrygal*, nº 3, “Recensións”, 2000, pp. 180-183.

Achégase á nova entrega de Dolores Vilavedra, *Historia da literatura galega* (1999), sinalando que se integra dentro dun proxecto de renovación dos materiais de consulta sobre a literatura galega dirixida a un amplo sector de público. Salienta que estamos ante unha aproximación diacrónica á literatura galega e, a continuación, percorre miuciosamente cada un dos sete capítulos que conforman a obra. Destaca especialmente as novas propostas críticas que dá a autora e a referencia que fai ás últimas tendencias literarias, así como aqueles apartados novidosos antes esquecidos, entre eles o dedicado á literatura no exilio.

Mato Fondo, Miguel A., “A Escola Dramática Galega”, *Casahamlet*, nº 2, “Compañías”, maio 2000, pp. 24-29.

Realiza unha aproximación á “Nova Escola Dramática Galega”, nada en 1978, aludindo aos seus precedentes, así como tamén aos seus obxectivos e actividades. Logo, céntrase no único que “permanece” deste proxecto, os seus Cadernos, realizando unha sucinta análise do que neles se publicaba, ademais de salientar a esencia das súas ilustracións.

Martul, Luís R., “*Paja Brava de El Viejo Pancho e outras obras de José A. y Trelles*”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 24, “Libros”, 2º semestre 2000, pp. 195 198.

Céntrase na análise do libro *Paja Brava de El Viejo Pancho e outras obras de José A. y Trelles* (1998) do que se sinala que o seu obxectivo principal é que o público galego contase por primeira vez coa posibilidade de coñecer a totalidade da obra de Alonso Trelles. Sinálase que presenta un sinxelo e práctico esquema, detense na cuestión da súa orixinalidade e bótase en falta a escasa atención que se lle dedicou neste volume á postura ideolóxico-política de Trelles.

Maure, Xulián, “As entrañas do mundo editorial”, *Tempos Novos*, nº 37, “Entregas Culturais”, xuño 2000, pp. 52-57.

Nestas páxinas o autor pretende mostrar de qué tipo de materiais se alimentan as industrias do libro e qué productos acabados poden ofrecer a curto prazo. Preséntase así a situación que vive o libro nestes últimos tempos nos que a homoxeneización do mundo editorial leva á pobreza cultural e a unhas taxas de rendibilidade espectaculares. É por isto polo que as pequenas editoriais independentes e as pequenas librerías non poden facer fronte a esta situación. Ademais deste estado de cousas no que se refire ao libro en soporte de papel, debemos destacar que está nacendo un novo soporte de textos –o libro electrónico ou libro dixital-, innovación editorial que vén a sumarse ás bibliotecas virtuais que xa existían na rede. Remata o artigo dicindo que Galicia debe “aproveitar as vantaxes das novas tecnoloxías sen que supoña perda de liberdade” e anuncia que a Asociación de Traductores Galegos está a organizar a Biblioteca Universal BiVir, de literatura universal en lingua galega, aínda que lles falte encontrar quen invente un portalibros que facilite a lectura destes textos.

Mejía, Carmen e Ana **Acuña**, “Xesús Alonso Montero, catedrático de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago de Compostela e Académico da Lingua Galega”, *Madrygal*, nº 3, “Entrevista”, 2000, pp. 161-169.

Reprodúcese a entrevista realizada ao profesor Xesús Alonso Montero na que comeza falando dos seus recordos máis significativos, dende a infancia na aldea e os problemas de ser neofalante pero neno de “zocos e pantalón remendado”, a influencia decisiva que exerceu nel o seu mestre Bernardino Graña (pai do poeta), así como as primeiras lecturas da man deste, especialmente do *Quixote*. Tamén fala dos seus estudios en Madrid, onde sobrancea a influencia de profesores como Rafael Lapesa ou Dámaso Alonso, e no seu maxisterio en Lugo. Tamén fai referencia á súa afiliación ao Partido Comunista e aos traballos literarios que realizou dende este baixo o pseudónimo de S. Novo. Reflexiona amplamente sobre a situación do galego, lembrando a súa obra *Informe (dramático) sobre la lengua gallega*, considerando que aínda está plenamente vixente porque a situación da lingua cambiou pero non mellorou, posto que para el un dos maiores problemas é a perda do “vencello xeracional”. Remata falando dos anos de docencia na Universidade de Vigo e logo xa en Santiago, ademais de expresar a súa opinión sobre o lusismo, considerando que de aceptalo sería “o tiro de gracia” para a lingua galega, porque a cuestión en Galicia é entre o galego e o castelán.

Méndez, Iria, “O público galego non coñece autor ningún. Entrevista con Manuel Lourenzo”, *Revista Galega de Teatro*, nº 22, xaneiro-marzo 2000, pp. 37-44.

Entrevista ao dramaturgo Manuel Lourenzo, na que se fai un repaso á súa andaina teatral, deixando constancia da súa inmensa experiencia e o seu profundo coñecemento deste medio. Despois de interrogar o autor sobre a súa obra, céntrase no comentario da situación actual do teatro galego. Alude ás dificultades coas que está tropezando este xénero en Galicia e ao escuro futuro que lles espera aos nosos dramaturgos.

Méndez Ferrín, X. L., “A derradeira lección do mestre”, *A Trabe de Ouro*, nº 41, “Acoutacións”, Tomo I, Ano XI, xaneiro-febreiro-marzo 2000, pp. 65-74.

Reproducción da conferencia pronunciada por Méndez Ferrín no Congreso sobre Castelao, celebrado en Rianxo do 25 ao 29 de xaneiro do ano 2000. Nela Méndez Ferrín alude ao pensamento e práctica políticos de Castelao “durante o tempo que media entre o final da Guerra Civil e o intre da súa morte”. Afirma que o rianxeiro “consolida e fortifica os compoñentes ideolóxicos do discurso nacionalista comunal dende Murguía”. A seguir, céntrase na actividade política e ideolóxica de Castelao en Bos Aires e salienta a súa proposta de disolución do Partido Galeguista e a creación, no seu lugar, da Irmandade Galega, presidida por Alonso Ríos, e a Mocedade Galega, presidida por M. Pereira. Así mesmo, afírmase que Castelao contactou en América con numerosos emigrantes que se sumaron ao labor da citada Irmandade. A continuación, cítase unha obra de Valentín Paz Andrade titulada *Castelao na luz e na sombra*, “fundamental para coñecermos a figura completa de Castelao”. Para rematar, no apéndice, reprodúcense dous documentos titulados “Nin República do 31 nin Monarquía”, publicado en *A Nosa Terra*, en setembro de 1948, e “Mensaxe do presidente do Consello de Galiza D. Alfonso R. Castelao”, publicado tamén en *A Nosa Terra*, en xuño de 1949.

_____, “Descenso ao pego negro. Diálogo de Pánfilo e Hrosvita. Sobre letras e catástrofes”, *A Trabe de Ouro*, nº 42, “Crónica”, Tomo II, Ano XI, abril-maio-xuño 2000, pp. 267-274.

Reprodúcece un fragmento do diálogo entre Pánfilo e Hrosvita na Serra de Silva Escura. Ambos dialogan sobre “a lentitude das mudanzas culturais”, a importancia que lle dan algúns á informática como un factor decisivo para os tempos futuros, Internet, as reformas pedagóxicas ou a literatura, entre outros moitos temas de actualidade pasada, presente e futura.

_____, “A figura literaria de Ramón Cabanillas”, *Pontenorga*, nº 2, 2000, pp. 105 120.

Malia o título do artigo non se centra na figura literaria de Ramón Cabanillas senón que fai unha achega á figura humana do poeta na que se recollen datos curiosos, algúns froito da súa amizade e outros que lle transmitiron. Parte do seu nacemento, da súa infancia como fillo de solteira recoñecido, do posíbel parentesco coa familia Pardo-Bazán, do seu ingreso no Seminario, ou do traballo como contábel en Cambados. Tamén lembra as súas empresas editoriais antes de marchar a Cuba, *El Umia* e *El Cometa*, onde entraría en estreita relación con persoeiros como Villar Ponte, Blanco Torres, Virxilio Blanco ou Xulio Sigüenza, e onde escribiría *No desterro*, obra que considera que marca a traxectoria posterior do primeiro autor monolingüe en galego dende o seu inicio. Ademais de referirse á súa relación co director do Balneario de Mondariz, alude ao seu ingreso na Real Academia Galega, á súa candidatura ao Congreso en 1931 polo nacionalismo republicano e á permanencia no Partido Galeguista despois da escisión provocada pola entrada no Frente Popular. Da Guerra Civil, ademais de centrarse na súa estadía en Valencia, tamén alude ás súas composicións “Romance de loita” e “Adiante”, e outras nas que sempre aparecía como “Ramón Cabanillas. Poeta da raza”. Alude á súa presencia en Cambados en 1937 como un dos episodios escuros da súa biografía. Insiste no seu compromiso coa cultura galega, sinalando feitos como a súa participación activa xunto con Ramón Piñeiro e Francisco Fernández del Riego na fundación de Galaxia, onde publica *Antífona da cantiga* (1951),
o seu contacto cos mozos galegos estudiantes en Madrid, o poema dedicado a Castelao que aparece no recordatorio clandestino publicado con motivo da morte do rianxeiro en Buenos Aires

que reproduce ou o feito de ter presidido a Asemblea Galeguista na clandestinidade, así como a súa coroación como poeta nacional galego en 1958 en Padrón.

Meyer, Frank, “Das galicische Verlagswesen”, *Galicien Magazin*, nº 9, “Beiträge”, xullo 2000, pp. 28-34.

Extenso estudio sobre o sector editorial en Galicia, coa achega dunha contextualización histórica, de datos e estatísticas, e de conclusións propias. Salienta o papel da edición como elemento puxante na creación dunha literatura nacional. Neste sentido, opina que as editorias galegas encóntranse ante unha disxuntiva: por unha banda, ser fieis aos principios nacionais-culturais e por outra, atender os seus intereses comerciais. Conclúe o artigo con dúas observacións principais: denuncia do feito de que exista unha alta porcentaxe de publicacións subvencionadas e editadas por institucións oficiais; e existencia en Galicia dun mercado do libro deformado debido ás enormes vendas que xeran os libros de texto e as lecturas obrigatorias no ensino.

Millán Otero, Xosé M., “A obra teatral de Ramón Cabanillas: unha cala en *O Mariscal*”, *Pontenorga*, nº 2, 2000, pp. 53-75.

Aproximación á situación do teatro galego durante as primeiras décadas do século XX, contexto no que se integra *O Mariscal* de Ramón Cabanillas e Antón Villar Ponte. Saliéntase o interese que dende 1882 coa obra *A fonte do xuramento* de Francisco María de la Iglesia se suscitara entre a intelectualidade galega por acadar un teatro plenamente galego. Repásanse as tendencias da primeira década do século co autores como Alfredo Nan de Allariz, Xavier Prado “Lameiro”, ou Charlón e Hermida que fan parrafeos labregos e humorísticos fronte a outros con conciencia crítica anticaciquil como Lugrís ou Xesús San Luís Romero. Tamén sobrancea o papel de persoeiros como Castelao, Antón Villar Ponte ou Vicente Risco dentro desta preocupación teatral durante a década dos vinte, cando se funda o Conservatorio Nazonal da Arte Galega que logo pervive como Escola Dramática Galega ata 1926, sitúa neste contexto *A man da santiña* (1919) seguida despois por *O Mariscal*, obra para a que se propuxo que a temática e o transfondo ideolóxico pertencen a Villar Ponte, mentres que toda a elaboración poética e os “matices místico-relixiosos” son de Cabanillas. A seguir, detense na interpretación do mito do mariscal Pardo de Cela, baseada principalmente na tradición popular, e describe detalladamente a trama e estructura en tres actos

Miller, Vera, “Manuel Rivas und *O lapis do carpinteiro*”, *Galicien Magazin*, nº 10, “Beiträge”, decembro 2000, pp. 5-11.

Comeza facendo un repaso do percorrer creativo de Manuel Rivas e destacándoo como un dos escritores galegos de maior éxito do presente. Afirma que foi ademais o primeiro galego traducido ao alemán; en concreto traducíronse as súas obras *En salvaxe compaña* e *O lapis do carpinteiro*. É esta última a que, a continuación, analiza en profundidade, dividindo a súa análise en estructura, personaxes, estilo, figura do lápiz e temática. En canto á estructura, destaca o uso de formas curtas e os saltos temporais. Dentro dos personaxes sinala a Herbal e Da Barca como figuras humanas que representan dúas disposicións opostas ante a vida. No tocante ao estilo destaca sobre todo o lirismo, inspirado pola poesía. Sinala Vera Miller a función do lapis de carpinteiro como xerador da historia, como insignia de demandas sociais, e como elemento máxico portador de almas. Dentro da temática sitúa a vertente histórica ao lado da humana, da romántica e da cultural solicitando a integración de todos estes elementos.

Miranda, Alberto Augusto, “A Galiza na boca”, *Enclave*, nº 6, inverno 2000, pp. 32 33.

Reflexiona sobre a ignorancia xeral da literatura galega en Portugal. Característica que ten excepcións en figuras como Rosalía, Cunqueiro, Castelao, Manuel María, Celso Emilio Ferreiro e Ferrín. Comenta, así mesmo como excepcional, a intertextualidade que se pode apreciar entre Luz Pozo Garza e Helberto Hélder, entre Cuña Novás e Alexandre O’Neill, entre Risco e Sá Carneiro. Finalmente, achega a nómina de narradores, poetas e ensaístas galegos que son do seu agrado.

Montaña, Estro, “Un galano ameno”, *Guía dos libros novos*, nº 16, “Narrativa”, marzo 2000, p. 25.

Despois de analizar o concepto de “fábula”, atendendo sobre todo aos postulados dos formalistas rusos, e de facer un breve repaso pola historia deste xénero, iniciado por Esopo e cun desenvolvemento importante en varias épocas da historia, describe o contido do volume *Fabulas* no que se conteñen, ademais de 273 fábulas que amosan un divertido panorama da vida cotiá da Grecia antiga e dos comportamentos das diferentes clases sociais, a *Vida de Esopo*, unha biografía sen fundamento na realidade, aparecida no século II d. C. Por outra banda, lembra a continuidade do xénero dentro da Península e celebra a aparición deste libro no que se verte ao galego a Esopo pois permite o achegamento dos cativos (e, por suposto, dos maiores) a unha obra amena e de trascendencia universal.

_____, “A alegría imaxinativa”, *Guía dos libros novos*, nº 18, “Narrativa”, maio 2000, p. 22.

Tras facer un pequeno resumo de *O barón rampante*, que foi traducida ao galego en 1999, resáltase a presencia do humor como unha das características habituais nos escritos de Italo Calvino. A seguir, contextualízase esta obra dentro da producción artística do autor italiano e elóxiase a habilidade que amosa respecto á técnica de montaxe da novela e ás leis que rexen a narratividade. Así mesmo, lóase o acerto de empregar a imaxinación e a fantasía para achegarse a distintos temas culturais e morais. Termínase cualificando a novela como un claro exemplo da “alegría imaxinativa” do autor, así como da súa forza e do seu ritmo narrativo.

Moo Pedrosa, Xosé Manuel, “O neno suicida’: cara a unha teoría do fantástico”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 23, “Notas”, 1º semestre 2000, pp. 143-151.

Análise pormenorizada dos “dous relatos” que conforman o conto “O neno suicida” de Rafael Dieste, que formou parte da segunda edición de *Dos arquivos do trasno* (1962). Sinálanse as diferencias entre o denominado relato A –presentando narrador heterodiexético, co vagabundo como personaxe central– e mais o relato B –con narrador homodiexético, co neno suicida como personaxe central–, e conclúese afirmando que ambos relatos conflúen nun relato C onde os relatos A e B funcionan nun mesmo nivel de ficcionalidade narrativa conformando o que se deu en titular “O neno suicida”.

Neira, Manuel Xosé, “Poesía-hinterland”, *Guía dos libros novos*, nº 16, “Poesía”, marzo 2000, p. 29.

Describe algúns dos elementos máis significativos do libro de poesía *Hinterland* (1999), como o emprego dun léxico exuberante e case barroco que lembra a Ramón Otero Pedrayo; o lirismo que non anda lonxe do Manuel Antonio das vangardas, ou a ironía que recorda os textos de Luís Amado Carballo, cos que a autora deste libro, Pilar Beiro, consegue elaborar unha poesía nova e inédita, se ben ancorada nunha boa traducción, e situábel no ámbito que se denomina “poesía da modernidade”.

_____, “Teoría do barroco”, *Guía dos libros novos*, nº 19, “Poesía”, xuño 2000, p. 26.

Partindo do volume *Arde o mar. Poesía de Jerónimo Baía n’A Fénix Renascida* (1999), que ten como editor a Filipe Díez, faise unha contextualización do *Barroco*. A seguir, sitúase nel ao escritor Jerónimo Baía e lóase a recreación da mitoloxía grecolatina que podemos atopar na obra deste autor. Destácase, así mesmo, a sinxeleza das súas composicións. Finalmente, saliéntanse as relacións existentes entre as literaturas castelá, lusa e galega.

_____, “A voz contra os ecos”, *Guía dos libros novos*, nº 20, “Poesía”, xullo-agosto 2000, p. 25.

Partindo do volume *Nas hedras da clepsidra* (1999), de Helena Villar Janeiro, lóuvase a funcionalidade das composicións, a riqueza da linguaxe e o recurso a fontes da xuventude. A continuación, coméntanse varios dos poemas sinalando as influencias de autores como Carmiña Gaite, Álvaro Cunqueiro, Aquilino Iglesias Alvariño, Eduardo Moreiras, Vicente Risco e Antón Tovar. Con todo, tamén se resalta que a influencia destes autores non deixa unha pegada clara na obra de Villar Janeiro. Preséntanse tan só como “leves indicios de lecturas posibles”. Asemade, cualifícase a poesía da autora de “sensual e sensitiva”, pero cun “certo amargor ou existencialismo”.

Neira, Ramiro, “Teatro da Bufarda”, *Casahamlet*, nº 2, “Compañías”, maio 2000, pp. 38-39.

Comenta os obxectivos da compañía teatral Bufarda, pondo de relevo o seu “compromiso” coa sociedade de hogano. Así mesmo, sinala que pretenden facer “un teatro galego de seu, contemporáneo e actual”.

Neira, Xoán, “Á calor dos libros”, *Tabeirós Terra*, nº 9, maio 2000, p. 4.

Comeza resumindo o acto de homenaxe que na vila da Estrada se lle rendeu a Manuel Reimóndez Portela. Segundo indica, a seriedade deste acto dálle azos para crer na forza da lectura, na creación do mundo a través da lectura, o que lle serve para facer un alegato desta, ao tempo que incide en convencer suxerindo aos rapaces para que lean.

Neira Pol, Manuel Eugenio de, “Apuntes para unha biografía de Uxío Novoneyra”, *Anuario Brigantino*, nº 22, 2000, pp. 501-510.

Breve semblanza do seu amigo e curmán Uxío Novoneyra. Nela, lembra os espacios do Courel que marcaron a vida e obra do poeta, a relación deste coa súa dona, Elba, e a unión que ambos os dous sentían coa súa terra e as súas xentes. Tamén se refire á súa traxectoria profesional en Madrid, onde dirixía o programa “Versos a medianoche”; en Compostela, como presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, e o pensamento nacionalista que enchoupou a súa poesía. Finalmente, reproduce as composicións do autor centradas en Betanzos, xunto coas versións autógrafas: “Invocación de Betanzos”, “A volta dos Caneiros” e “Nomes de lembranza”.

Nicolás, Ramón, “No gume da vangarda”, *Guía dos libros novos*, nº 14, “Narrativa”, xaneiro 2000, p. 25.

Dá noticia da traducción feita en 1999 por Alberte Allegue da obra *O poeta asasinado*, de Guillaume Apollinaire, novela curta (que lle dá título á obra) máis quince relatos curtos. Quéixase o articulista desta traducción –anarquía na acentuación, tránsito caótico entre o modelo normativo e o de mínimos...- pero outórgalle ao traballo grande importancia xa que nos achega o ambiente literario da época cunha escrita “paródica e subversiva na que se ven ideas antixenófobas, reflexións sobre a intriga cunha vea satírica unida a unha imaxinación desbordante que “paga a pena coñecer”.

_____, “Fábulas para instruír”, *Guía dos libros novos,* nº 15, “Narrativa”, febreiro 2000, p. 22.

Achega Ramón Nicolás o libro de Xavier Queipo *Manual de instruccións.* Fai un breve percorrido pola súa obra na que salienta que sempre estivo “á procura de novas atmósferas” pero que nesta ocasión o libro “ten falta de consistencia e esencia” e que a pluralidade fabuladora e o afán irónico “non chegan a callar”. Critica tamén este novo narrador no libro que “desposuído do distanciamento anterior chega a caer en frivolidades”. O mellor da obra para R. Nicolás é a visión crítica do mundo actual, a amenidade de moitas páxinas e a *captatio benevolentiae* final.

_____, “Mosaico de fabulaciones”, *Guía dos libros novos*, nº 16, “Narrativa”, marzo 2000, p. 21.

Dá conta da segunda obra narrativa de Xulio López Valcárcel, *Campo de Marte* (1999), explicando as características da mesma, que van dende a reacción contra a clasificación xenérica, pois apropiándose dunha estructura en forma de espiral e baseándose nun estudiado fragmentarismo que recorre a distintos xéneros e formas narrativas o autor ofrece un producto que, por recorrencia, transgrede mesmo os límites do relato curto; pasando pola referencia, “acertada e exacta” aos ámbitos mitolóxicos; e chegando á estructura das narracións, a través da cal se descobre unha “gran capacidade fabuladora”.

_____, “Micro-relatos”, *Guía dos libros novos*, nº 17, “Narrativa”, abril 2000, p. 21.

Dá conta da temática e dos nomes dalgúns dos participantes en *Mini-relatos* (1999), un volume no que, conxugando un excelente traballo de Manuel G. Vicente e un non menos extraordinario labor editor de Fran Alonso, se recollen un total de vintesete relatos pertencentes a outros tantos autores, e que supón un testemuño do grao de implicación dos propietarios da librería Cartabón, de Vigo, coas nosas letras e coa nosa cultura.

_____, “A voz e a palabra”, *Guía dos libros novos*, nº 17, “Poesía”, abril 2000, p. 26.

Analiza os criterios de edición *dEfecto 2000. Antoloxía de poetas dos 90*, na que priman o espírito democrático e global xa que recolle aquelas voces que máis concitaron a atención e o interese dos que se encargaron da antoloxía, espidas de aparato crítico que estorbe a lectura e que serven para testumuñar a indiscutíbel proliferación de grupos poéticos, a diversidade de espacios editoriais e a pluralidade de galardóns poéticos como trazos xerais da nova poesía, así como a inmediatez e a provisionalidade inmanente, ao internarse na producción poéticas dos que “aínda han dar moito máis de si”. Ao mesmo tempo, loa o labor desenvolvido por Letras de Cal, editora da obra, que constitúe un referente vivificador e esperanzado no noso mundo editorial, demostrando que o esforzo persoal e colectivo e o interese pola poesía poden converterse nunha realidade, ao procurar con teimosía un espacio aínda á marxe dos circuitos comerciais e de distribución.

_____, “Viaxe á procura de si”, *Guía dos libros novos*, nº 18, “Narrativa”, maio 2000, p. 22.

Saliéntase a estructura circular do volume *Periferias* (1999), de Carlos Quiroga, no que se integran tres narracións curtas. Menciónase a existencia dun espacio único e a distancia temporal que separa estes relatos. A continuación, analízase cada unha das narracións. Da primeira, “1499”, coméntase que é a de temática máis histórica. A segunda, “1999”, preséntase como a crónica accidentada dunha viaxe en moto a Lisboa. A terceira, “2099”, resúmese como a busca dunha frauta en Lisboa. Por último, resáltase a necesidade dun lector atento para interpretar as suxerencias do autor.

Nogueira, Mª X., “Espacios para a palabra no solpor do milenio. Crónica de Letras de Cal”, *Madrygal*, nº 3, “Artigos”, 2000, pp. 59-66.

Panorámica da poesía galega nos últimos anos do século XX, na que comeza analizando a situación que se viviu nos anos oitenta e caracterizada por ter unha temática e discurso dentro da “normalidade”, con importantes colecciónsestablecidas como Leliadoura, Sotelo Blanco ou Dombate, o que considera que afogou outras experiencias alternativas, así como as escasas edicións de autor e productos experimentais. Xa nos anos noventa, sinala as tensións xeracionais, a busca de novos espacios editoriais e a disputa do centro do sistema literario como características do panorama poético que aborda seguindo a Rafa Villar. Tamén destaca a aparición de colecciónscomo a de Espiral Maior, “Di-versos”, de Edicións Positivas, ou “Ablativo Absoluto”, de Xerais, cada cunha coa súa particularidade, e que coexisten xunto con edicións de autor de obras como *Pornografía* (1995), de Lupe Gómez ou *A experiencia inglesa* (1998), de Paulino Vázquez, así como libros colectivos de grupos como Dolmen, o Batallón da Costa da Morte ou Bilbao, entre outros. Non esquece sinalar proxectos alternativos como o de Edicións do Dragón con obras como *A teta sobre o sol*, de Olga Novo ou a colección “O Roibén” de Edicións Río Xuvia, ademais de proxectos como a colección “Letras de Cal”, proxecto que comenta e do que repasa a traxectoria.

_____, “Os cantares galegos de Amancio Prada”, *Unión Libre*, nº 5, 2000, pp. 369 377.

Tras dunhas consideracións xerais sobre os particulares fenómenos de recepción que afectaron á literatura galega ao longo da súa historia e que lograron a apropiación colectiva dalgúns textos canónicos, céntrase no importante labor realizado por Amancio Prada a prol da divulgación de textos da literatura galega dentro e fóra das nosas fronteiras. Menciona a súa sólida formación musical, o seu contacto coa cultura galega ou a súa estadía en París, feitos que configuraron, dende 1973, o universo creativo do compositor. Comenta o seu primeiro traballo, *Vida e morte* (1974), onde xa recolle composicións de Rosalía, Celso Emilio Ferreiro e Darío Xohán Cabana; ao que seguiron o monográfico *Rosalía de Castro* (1975), que se converteu axiña “nun importante referente da música galega”; *Caravel de caraveles* (1976), que recolle un conxunto de cántigas populares; *Lelia doura* (1980), onde recorre á poesía trobadoresca medieval; *A dama e*

o cabaleiro (1987), onde pon música a textos de Cunqueiro, entre outros moitos traballos dedicados a poetas casteláns nos que mestura tamén textos tomados da literatura galega, ata chegar á última obra publicada polo de agora, *De mar e de terra*, que reúne vintedúas composicións do noso cancioneiro. Entre os trazos da estética do músico berciano nomea a súa vocación literaria, a querencia que demostra por Lorca e Agustín García Calvo na literatura española e Rosalía, Cunqueiro e os trobadores medievais na galega. Detense a seguir nas obras centradas en exclusiva en poetas galegos e reflexiona sobre a importancia que tiveron en canto á difusión da literatura galega. Ademais salienta o traballo de reinterpretación dos textos levado a

cabo por Amancio Prada, así como a busca do deleite, da emoción e da resonancia, renunciando á investigación filolóxica e musical, que conseguen o achegamento ao público non especializado.

Novoa, C. “Castelao personalidade polifacética”, *Madrygal*, nº 3, “Artigos”, 2000, pp. 67-74.

Análise das diferentes facetas de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao como prosista, humorista e político. Parte da idea de que el é o “gran artífice da prosa galega” pola renovación que lle imprimiu a nivel de expresión e de contido e reproduce algúns parágrafos de *Castelao en Cuba* (1996), de Xosé Neira Vilas nos que se recolle parte dun discurso pronunciado polo rianxeiro na illa caribeña en 1938. Como humorista diferencia dous niveis: o de humorista gráfico e o de prosista, achegándose aos seus comezos en *Vida Gallega*, *Gaceta de Galicia* ou *El Barbero Municipal*, pasando por publicacións madrileñas como *El Liberal* ou *La Ilustración española y americana*, ata a revista *Nós*. Das súas obras como prosista sinala que é en 1922 con *Un ollo de vidro, memorias dun esquelete*, coa que renova a prosa galega, continúa en 1926 con *Cousas*, nas que se achega á paisaxe dende a óptica do pintor e do escritor, salientando o lirismo co que están impregnadas, así como a lingua “rica e elegante”, e vista como froito do perfeccionamento que culmina en *Os dous de sempre*, a única considerada propiamente novela. Tamén se achega a *Os vellos non deben de namorarse*. Da súa faceta como artista gráfico diferencia dúas etapas: unha primeira nos anos 20 e unha segunda que comprende os debuxos da guerra. Remata aludindo tamén á súa faceta de político, dende os inicios na Liga Gallega, pasando polas Irmandades da Fala ata o Partido Galeguista.

Núñez Seixas, Xosé Manoel, “Ciencias sociais ó alcance de todos”, *Guía dos libros novos*, nº 19, “Revistas” xuño 2000, p. 31.

Comézase comentando as achegas desta publicación ao eido histórico e social. Saliéntase, ademais, a inclusión dun artigo de C. Fernández. Este traballo preséntase como “unha recopilación descritiva das novelas sobre a Guerra Civil en Galicia”.

Ogando, Iolanda, “Pequeno formato para un grande proxecto: os Cadernos da Escola Dramática Galega”, *Casahamlet*, nº 2, “Publicacións”, maio 2000, pp. 60-63.

Subliña a relevancia teatral dos *Cadernos da Escola Dramática Galega*, apuntando que a colección, nada en 1978, foi un “proxecto dunha gran ambición”. Así mesmo, valéndose das palabras dun dos seus creadores, Francisco Pillado, sinala os seus obxectivos, argumentándoos co que se fixo. Conclúe criticando ás institucións públicas por permitir a súa desaparición.

Ortiz Ruíz, María Luísa, “Contos da Galicia romana: un novo xeito de coñecer a romanización de Galicia”, *Revista Galega do Ensino,* novembro 2000, nº 29, pp. 255 256.

Dinos Mª Luísa Ortiz Ruiz do libro de Fernando Lillo Redonet *Contos da Galicia romana: un novo xeito de coñecer a romanización de Galicia* que como di o autor a obra propón “un novo xeito de coñecer a romanización da nosa terra”. O método –que xa utilizou noutros libros é o conto ficticio, pero baseado en partes históricas, literarias e arqueolóxicas que nos achega información sobre a romanización de Galicia e ao final tamén nos dá actividades moi útiles para o ensino. Os contos son seis: *Os gregos na Gallaecia: a odisea de Teucro. De cando os romanos chegaron a Galicia. A guerra de Gallaecia de Xulio Cesar. A traxedia do Meludio. Lugo: unha Roma en pequeno. Unha viaxe ás minas de ouro das Médulas.* Comenta tamén que a obra ten tamén unha breve cronoloxía e unha bibliografía básica e resúltalle moi amena ao alumnado.

Otero Pereira, Eduardo, “Galicia no universo lorquiano”, *Galicien Magazin*, nº 10, “Beiträge”, decembro 2000, pp. 24-25.

Breve análise dos seis poemas escritos por F. García Lorca en galego e que foron publicados no ano 1936 pola editorial Nós. Comenta que estes seis poemas denotan unha clara influencia tanto da lírica tradicional coma da medieval galego-portuguesa. Xunto á recreación do sentir poético popular, xera ademais un lirismo propio, caracterizado pola creación dun ambiente máxicoonírico, no que a lúa, como símbolo da morte, é a principal protagonista. Segundo E. Otero Pereira, nestes poemas atopamos o Lorca máis auténtico que, partindo das formas líricas populares, recrea o seu imaxinario persoal ateigado de simboloxía.

Outeiriño Muñoz, Juan Antonio, “Cronistas oficiales de Ourense”, *El Liceo*, nº 2, maio 2000, pp. 29-30.

Co gallo do pasamento do alaricano Alfredo Cid Rumbao, Cronista Oficial da cidade de Ourense dende 1979, faise un breve repaso polos diferentes cronistas de Ourense, centrándose principalmente nos dous predecesores a Cid Rumbao, Vicente Risco e mais Otero Pedrayo. Comézase no ano 1883 cando é nomeado o primeiro deles Arturo Vázquez Núñez, quen é substituído por Juan Neira Cancela. A seguir, enumera aos sucesores.

Pallín, Yolanda, “*Memoria*”, *Revista Galega de Teatro*, nº 24, “Caderno Central”, outono 2000, [12 pp.].

Breve peza teatral traducida por Xosé María Pazos Varela, na que a protagonista é unha muller traumatizada por un pasado torturador. Pallín pon en funcionamento un xogo de desdobramento do espacio, sendo as anotacións de relevante importancia para a comprensión da obra. Sitúa á personaxe nun escenario no que se proxectan imaxes dunha película, correspondendo estas con anacos da súa vida. A muller semella unha faciana rota pola dor e marcada por unha infancia desgraciada.

Parada, Arturo, “Übersetzungen deutscher Literatur ins Galicische: Geleistetes und Desiderata”, *Galicien Magazin*, pp. 1115-1123.

Analiza o intercambio cultural entre Alemaña e Galicia dende a perspectiva da literatura. Comeza facendo unha reflexión sobre a traducción como acto social de comunicación e, especialmente, como medio de transferencia cultural. A seguir, lista as obras literarias alemanas traducidas ao galego ata o momento (destas exclúe a literatura infantil e xuvenil por considerala como ámbito que merece unha análise dende un punto de vista diferente). A maioría das obras traducidas son clásicos modernos do século XX. A este respecto, denuncia a ausencia de outros importantes escritores alemáns deste século, pero sobre todo a falta de comentarios e elementos ilustrativos nas edicións que sirvan para localizar a obra dentro dun determinado contexto e achegala mellor ao lector galego. No último apartado presenta as traduccións máis recentes publicadas en formato libro ou en revistas (*Unión libre* e *A Trabe de Ouro*). Conclúe subliñando a necesidade de que se incentiven e mesmo se sistematicen este tipo de traduccións co obxectivo de acadar unha maior transferencia cultural entre alemáns e galegos.

Pardo de Neyra, Xulio, “Tres inéditos galegos do Cura de Fruime. Contribución ao *corpus* lírico da Galicia do XVIII”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 23, “Documentos”, 1º semestre 2000, pp. 189-203.

Comézase falando da actividade literaria e da “época das luces” na que Diego Antonio de Zernadas y Castro (1702-1777) –cura de San Martiño de Fruime– desenvolveu a súa obra. Descríbese tamén a fonte –un libro cosido en tres pregos que non nos chegou enteiro– da que o autor deste artigo achou tres textos do cura de Fruime que veñen aumentar notabelmente a producción galega durante os Séculos Escuros. Estas tres pezas –unha glosa e dúas series de décimas– aparecen reproducidos neste artigo e finalmente explícase o debate literario compostelán do século XVIII que se encetou pola redacción por parte do cura de Fruime de *La prosa del estudiante y la musa del platero* (1750) e que provocou que o seu quefacer fose negativamente catalogado.

_____, “Evaristo Correa Calderón, a consolidación do nacionalismo galego e a introducción do vangardismo poético na literatura galega”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 24, “Estudios”, 2º semestre 2000, pp. 23-56.

Amplo estudio que detalla a dupla dimensión –galeguista e vangardista– de Evaristo Correa Calderón, que leva a que o autor deste artigo cualifique a este artista como o intelectual galego cun rol máis destacábel dentro da construcción da tendencia renovadora da literatura galega nos comezos do século XX. Sinálase que é un dos esteos máis activos no xermolo do asociacionismo nacionalista galego, primeiro en Lugo e despois en Madrid, mentres que por outra banda se recalca que foi o introductor das tendencias de vangarda –ao entrar en contacto coas teorías da vangarda portuguesa e francesa en Madrid e mais coa inestimábel axuda do ultraísta sevillano Rafael Cansino Assens– e a conseguinte incorporación da literatura galega ao vangardismo lírico. Destácase tamén que o conxunto das oito entregas, en *A Nosa Terra* (19171921), dos “Poemas sinxelos” de Evaristo Correa, representan un feito esencial ao estudiarmos a introducción do vangardismo na literatura de Galicia e faise unha descrición da dimensión formal e da cadea de articulacións líricas feita operativa a través destas composicións.

Patiño, Antón, “Exío Novoneyra”, *Microfisuras*, nº 10, xaneiro 2000, pp. 144-145.

Breve artigo que ten de fondo o poema caligráfico “Lugo” de Uxío Novoneyra de 1997, no que Antón Patiño lembra ao poeta do Courel a través dunha achega á súa escrita, en especial á súa poesía comezando cos versos “Din os sono e os paxaros/A morte non é certo”, da que salienta que recolleu os ritmos e sonoridade da paisaxe e da natureza. Refírese ás súas composicións como depuradas case como “haikus”, moi próximas á sensibilidade orientalista, nas que só queda o esencial, o mesmo que nos seus poemas caligráficos nos que a palabra adquire o poder dun “signo”. Lembra que unha vez lle preguntou polos seus poetas favoritos ao que este lle respondeu que era a poesía de todos os pobos do mundo, sen nomes propios, e remata sinalando que hai que poñer ao “poeta nacional”, como lle chamou Ferrín, ao carón de Rosalía.

Pazó, Cándido, “Marathon européen de la creàtion théatrale”, *Revista Galega de Teatro*, nº 22, xaneiro-marzo 2000, pp. 49-50.

Refírese á súa participación na Maratón Europea da Creación Teatral, organizada por Temporalia e subvencionada por Bruxelas 2000. Explica brevemente en qué consiste este proxecto, para o que foi elexido xunto con outros cinco dramaturgos doutros países europeos, e comenta a súa experiencia.

_____**,** “Maratón Europea da Creación Teatral, Bruxelas 2000”, *Escaramuza*, nº 7, “Laboral”, setembro 2000, pp. 5-7.

A petición da revista, comenta a súa experiencia na Maratón Europea da Creación Teatral, enmarcada nos actos da capitalidade europea de Bruxelas 2000 e organizada pola asociación belga Temporalia. Principia realizando unha sucinta descrición da maratón, apuntando que se trataba de que seis autores de diferentes países creasen outras tantas obras para posteriormente representalas. Indica que el escribiu *O último roedor* que ía ser representado o 25 de setembro baixo a dirección de Alain Wathieu. Logo, achega as súas apreciacións sobre a experiencia, salientando que se atopou a gusto por estar no seu terreo.

Pazó, Noemí, “Os libros da Biblioteca-Arquivo teatral Francisco Pillado Mayor: unha colección con pasado e futuro”, *Casahamlet*, nº 2, “Publicacións”, maio 2000, pp. 56 59.

Pon de relevancia o “interesantísimo” traballo no eido da dramaturxia da Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor. Apunta que esta “colección de literatura dramática” aporta numerosos títulos reunidos en catro series que achegan, entre outros,”clásicos de difícil acceso, obras doutros sistemas literarios, materiais teóricos,...”.

_____, “Comentario de *Historia do teatro galego. Das orixes a 1936* de Laura Tato Fontaíña”, *Revista Galega de Teatro*, nº 23, “Libros”, primavera-verán 2000, pp. 71 72.

Realiza un sucinto comentario da *Historia do teatro galego. Das orixes a 1936*, de Laura Tato Fontaíña, publicada na colección “Historia de Galicia” de A Nosa Terra. Principia aludindo á “súa fidelidade ó espírito divulgativo da colección” e á súa lectura amena, salientando que ofrece “unha panorámica global do teatro”. Sinala este volume como unha obra fundamental para para todo aquel que se interese polo teatro galego, ademais de facer unha achega ao seu contido.

_____, “Tris-Tram, un pulo polo teatro”, *Grial*, nº 147, Tomo XXXVIII, “Libros”, xullo-agosto-setembro 2000, pp. 519-522.

A sorpresa inicial que manifesta a recensionista pola publicación de dous textos teatrais nunha mesma editorial: *O galego, a mulata e o negro* (1999) e *O son da buguina* (1999), está seguida dun comentario das coincidencias temáticas entre ambas obras. Da peza de Gustavo Pernas destaca a presencia da música e o seu carácter de “comedia histórica”, ademais de facer un resumo do argumento e considerala como un exemplo de “desfase entre a data de escrita e a de publicación”. De *O son da buguina* dá unhas notas sobre os personaxes e considera que existen tres niveis de lectura: un histórico–real e dous puramente ficcionais. Finalmente, destaca a presencia nesta última obra de “elementos agobiantes que se repiten a se converteren en símbolos”.

Pazos Toruño, Belén e Héctor **Picallo Fuentes**, “Xan Pombo, o home paxaro”, *A Taboada*, nº 1, xuño 2000, pp. 9-15.

Comeza e remata o artigo coa primeira e segunda parte, respectivamente, do poema “O home-paxaro” de Ramón Armada Teixeiro, publicado no seu libro *Da Terriña* (1918), para indicar que este escritor ben puido basearse para a súa composición na verídica historia de Xan Pombo, un veciño de Cuntis que ideou fabricar unhas ás e intentou voar, rematando a súa aventura con varias costelas rotas.

Pedrós Gascón, Antonio Francisco, “Santiago de Compostela: Urbe e identidade na obra de Suso de Toro”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 24, “Notas”, 2º semestre 2000, pp. 111-123.

Faise un repaso pola obra de Suso de Toro no que se recalca a presencia reiterativa da cidade que o viu nacer, Santiago de Compostela, como marco topográfico das “ficcións” –novelas– e ensaios –nomeadamente xornalísticos– na da súa autoría. Dentro deste marco identifícanse os elementos que xorden dun xeito recorrente en Suso de Toro, como a importancia, social e cultural, da Universidade de Santiago de Compostela, e evolución da cidade, a emigración, etc. Sublíñanse tamén outros aspectos como a identificación de Suso de Toro con James Joyce –un dos seus escritores icónicos– ou a elección de Camilo Nogueira como modelo político a seguir, e a quen lle dedicou o estudio *Camilo Nogueira e outras voces* (1991). Sinálase tamén que os escritos de Suso de Toro están marcados pola cultura e a sociedade galega e enmarcados na cidade xacobea, e péchase o artigo manifestando que esta urbe galega constrúe a súa identidade persoal e nacional polo que acaba adquirindo valores simbólicos dependendo de que sexa abordada como espacio do pasado –cultura e tradición–, do presente –identidade– ou do futuro, en construcción e polo tanto variábel.

Pena, Xosé Ramón, “Sempre en Castelao”, *Guía dos libros novos*, nº 17, “Literatura infantil e xuvenil”, abril 2000, p. 30.

Dá conta da publicación, por parte de Manuel Ferreiro e Xosé Ramón R. Freixeiro Mato, das actas das xornadas Castelao na Galicia do Seculo XX, celebradas entre o 25, 26 e 27 de novembro de 1999, organizadas polo Departamento de Filoloxías Francesa e Galego-Portuguesa da Facultade de Foloxía da Universidade da Coruña e mais a Asociación Socio-Pedagóxica Galega.

Pereira Valcárcel, Manuel, “Sargadelos/Madrid”, *Madrygal*, nº 3, “Crónica”, 2000, p. 129.

Breve artigo de homenaxe á galería Sargadelos de Madrid co gallo do vintecinco aniversario da súa creación, no que salienta a importancia de manter na capital unha librería de obras galegas e portuguesas, ademais de organizar outras moitas actividades culturais. Tamén destaca o seu valor de centro cultural polo que pasaron persoeiros como Luís Seoane, Celso Emilio Ferreiro ou Reimundo Patiño, ademais de Manuel Rivas, os irmáns Pereiro ou o grupo poético Bilbao, entre outros moitos. Remata sobranceando a vontade e esforzo de Isaac Díaz Pardo ademais da atención e amizade na tenda de Inés Canosa.

Pereiro, Paulino, “A representación. Drama en catro cadros”, *Casahamlet*, nº 2, “Textos dramáticos”, maio 2000, pp. 86-93.

Texto teatral en catro actos no que se cultiva a fórmula do “teatro dentro do teatro”, onde “os espectadores fan de actores” e o “texto improvísase”. É, así mesmo, toda unha reflexión sobre o teatro.

Peres Escaleira, José, “*Agamémnon em Áulida*. Monódia humana com Marionetas, Actores & Objectos”, *Revista Galega de Teatro*, nº 22, “Opinións dende a butaca”, xaneiro-marzo 2000, p. 75.

Breve comentario sobre *Agamémnon em Áulida*, de Manuel Lourenzo, posta en escea por por primeira vez en novembro de 1999 en Viana do Castelo, achegando a composición do reparto no que tamén participaban marionetas. Reitera de xeito insistente que unha das claves da peza é o constante “interrogarse sobre a perennidade da guerra e dos seus efectos”. Salienta o feito de que no drama intervén ata o espectador, destacando o papel de Agamémnon.

Pérez Prieto, Victorino, “Castelao crente, revisitado. Os *Cadernos* e as *Cartas*”, *Encrucillada*, nº 119, “Estudios”, setembro-outubro 2000, pp. 20/356-32/368.

Analiza a pegada da relixión nas obras de Castelao, sobre todo, “nos longos e clarísimos textos do seu impresionante *Diario 1921* e no seu testamento sociopolítico *Sempre en Galiza*”. A seguir, detense nalgunhas obras e, co apoio de numerosos fragmentos, analiza, con detalle, as referencias á Igrexa ou á relixión. Trátase dos *Cadernos*, un interesante achegamento á persoa de Castelao: “anécdotas, reflexións, lecturas...”; as *Cartas*, cedidas pola Fundación Castelao, e dirixidas a Ramón Otero Pedrayo, Teixeira de Pascoaes, Eduardo Blanco Amor ou Emilio Pita.

Pérez Varela, Carlos, “Antón Figueroa e Xan González-Millán, *Communication littéraire et culture en Galicie*”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 23, “Libros”, 1º semestre 2000, pp. 230-232.

Ofrécese un estudio da edición francesa de *Communication littéraire et culture en Galicie* (1997) da que se sinala que analiza as consecuencias da diglosia sobre o acto de lectura e que aborda os efectos da diglosia sobre o feito literario. Tamén se indica que o libro parte da traducción de traballos editados en *Literatura e sociedade en Galicia 1975-1990* (1994), da reelaboración dos volumes *Diglosia e texto* (1988) e *Lecturas alleas* (1996) xunto con outros artigos dos autores deste libro.

Pernas Cora, Gustavo, “Xornadas sobre a escrita dramática”, *Galicia Sindical*, nº 24, “Miscelánea”, maio-xuño 2000, p. 15.

Comenta que a serie de debates na que se insiren estas xornadas, organizadas pola Comisión Técnica de Teatro da Sección de Artes Escénicas e Musicais do Consello da Cultura Galega, pretenden a confección dun libro branco que publicará este ente consultivo do Parlamento. Valora que se lles cedese a palabra aos autores galegos e españois. No corpo do artigo, glosa brevemente as intervencións de cada un dos participantes nas cinco mesas redondas: Sanchís Sinisterra, Quico Cadaval e Miguel Anxo Fernán-Vello en “Xénero literario. Xéneros dramáticos”; Daniel Cortezón, Manolo Lourenzo e Domingo Miras en “O teatro: escrita da historia”; Roberto Vidal Bolaño, Fermín Cabal e Xesús Ron en “A dramaturxia: entre a palabra e a imaxe”; Raúl Dans, Yolanda Pallín e Ánxeles Cuña en “A construcción dramática. Da “Poética” ás poéticas”; e Manuel Bragado, Itziar Pacual, Xavier Picallo e Pepe Coira en “A edición. Camiños cara ó lector”. En conxunto, dálle unha cualificiónmoi elevada ao desenvolvemento destas xornadas.

Piñeiro, Antonio, “Aparece o testamento de José María de Curros Vázquez, pai de Manuel Curros Enríquez”, *Cachiquimbra*, nº 4, xaneiro 2000, pp.7-9

Reproduce e dá conta da aparición do testamento do pai de Curros Enríquez, segundo o cal o poeta naceu na casa adxacente ao que sería despois fogar definitivo da familia Curros, pero que en todo caso ficaría incluída no futuro Museo Manuel Curros Enríquez.

_____, “O gaiteiro de Penalta”, *Auria (Revista mensual de Caixanova*), nº 41, “Personajes”, setembro 2000, pp. 10-15.

Amosa os resultados das súas pescudas, nas que chega á conclusión da existencia real da figura do gaiteiro de Penalta e que por tanto esta non foi só unha atinada creación literaria –“O Gueiteiro de Penalta”– que lle axudou a gañar o concurso poético celebrado en 1877 en Ourense a Curros Enríquez. Apunta unha serie de datos sobre a súa vida, o nome –Manuel Castro González–, data de nacemento –18 de marzo de 1832–, que era fillo de solteira natural do lugar de Penalta –na parroquia de San Pedro de Mourillós, en Celanova. Indica tamén que Curros tomou como “tipo” ao gaiteiro real ao cal lle engadiu na redacción referencias non de todo certas. Conclúese coa reproducción do poema.

Pisón, Xesús, “O teatro insubmiso na Coruña”, *Casahamlet*, nº 2, “Momentos”, maio 2000, pp. 14-15.

Fai mención ao “teatro insubmiso”, ou sexa, ao teatro que dende finais do século XX se vén escenificando en bares ou pubs e que, di, está á marxe do “outro teatro”. Así pois, apunta as claves que definen este tipo de dramaturxia, aludindo en concreto ao caso da Coruña. Conclúe afirmando que con el se está “a consolidar unha escola de teatro de primeira liña”.

_____, “Os cans ceibes”, *Casahamlet*, nº 2, “Compañías”, maio 2000, pp. 20-21.

Refírese ao grupo de teatro xuvenil “Os cans ceibes” da Academia de bacharelato Atlas da Coruña, salientando a súa importancia a pesar da súa curta existencia. Por outra banda, ten unha lembranza para unha das actrices mozas que participaron naquela aventura escolar, Luísa Merelas.

_____, “O Clube Teatral Elsinor”, *Casahamlet*, nº 2, “Compañías”, maio 2000, pp. 22-23.

Fai referencia ao Clube Teatral Elsinor, “espacio independente” creado por Manuel Lourenzo en 1990. Pon de relevo as liñas xerais sobre as que se asenta este tipo de dramaturxia, caracterizándoa pola “sobriedade” e “rebeldía”. Así, comenta o relativo ás formas de expresión, temas ou escenografía.

_____, “3 coleccións”, *Casahamlet*, nº 2, “Publicacións”, maio 2000, pp. 64-65.

Fai referencia ao traballo de Francisco Pillado e Manuel Lourenzo no eido da normalización teatral de Galicia, salientando a creación de varias coleccións sobre teatro: “Cadernos da Escola Dramática Galega”, a colección de “Teatro Castrodouro” e a colección “Elsinor Teatro”. Apunta que estes medios de difusión tiveron unha grande importancia, sinalando unha serie de razóns, a pesar de que as dificultades económicas os obstaculizasen. Remata criticando a situación actual na que “carecemos dunha vía editorial estábel”.

_____, “Morte do arponeiro”, *Escaramuza*, nº 7, “Creación”, setembro 2000, p. 15.

O autor concentra nunhas poucas liñas unha breve historia, na que se van sucedendo as instantáneas unhas detrás das outras. Trátase dunha peza na que un enfermo mental asasina á súa enfermeira.

Platas Tasende, Ana María, “Poemas de Celso Emilio Ferreiro y Rafael Morales (Conversación con Pablo Pombo”, *Revista Galega do Ensino,* nº 27, maio 2000, pp. 109-124.

Describe neste artigo –que inclúe catro fotografías de cadros de Pablo Pombo, unha fotografía súa e outras dúas de Celso Emilio Ferreiro e Rafael Morales- a entrevista que lle fixo a Pablo Pombo na que relata as andainas e anécdotas (Café Gijón, tangos...) da súa amizade con Celso Emilio Ferreiro. Informa de que o poeta dedicoulle un poema (maila traducción ao castelán) titulado *Diante un cadro de Pombo* como mostra da mutua admiración que os unía e no que se ve o que espertaba no poeta coa visión dos cadros do pintor. Pola súa parte Rafael Morales tamén lle dedica un autógrafo *Cristos de Pablo Pombo* (que aparece no artigo xunto co de Celso Emilio). Nesta entrevista Pombo conta cómo non puido asistir ao enterro do seu amigo, o poeta Celso Emilio, e a súa opinión das homenaxes que a este lle fixeron en Madrid.

_____, “Algunhas novidades editoriais. Literatura”, *Revista Galega do Ensino*, “Novidades editoriais”, nº 29, novembro 2000, pp. 283-295.

Ofrécenos unha enumeración alfabética de autores con novas publicacións ou reedicións en galego ou castelán e dividida en xéneros na que se detalla o autor, o libro, o traductor (se o hai), o lugar de publicación, a editorial, DVD (se o ten) o ano (o 2000).

_____, “*Diccionario de términos literarios*”, *Citania*, *Artes, Espéctaculos*, nº 3, outono-inverno 2000, pp. 89-91.

Na reseña deste diccionario español de termos literarios faise referencia explícita ao publicado no Centro Ramón Piñeiro (*Diccionario de termos literarios a-d*), coordinado por Anxo Tarrío e o equipo Glifo.

Pomar de la Iglesia, Federico, “Poética noite en Cornellá”, *Lúa Nova*, nº 40, xuño 2000, pp. 14-20.

Recolle o poema de Enrique Labarta que recitou, o articulista, na entrega do XIIIª edición do Certame poético da ACG “Rosalía de Castro” no que se fai un retrato de Compostela. Explica algunhas das razóns polas que destaca a figura do citado poeta que exemplifica cun poema adicado aos vinte e sete santos da Porta Santa, e a tendencia do autor a ler os seus poemas no cenáculo ao que asistían outros escritores aos que nomea. Destaca a importacia da convocatoria dun certame de poesía aberto, como este, para descubrir novos autores e baseándose nuns versos de Rosalía salienta a posibilidade de elaborar poesía en calquera estación. A raiz do comentario dun editor na entrega de premios, sobre o cambio, a causa da desaparición dos motivos que provocaban as temáticas do século XX, no sentimento do poeta, reflexiona ao redor dun posíbel cambio no falar poético e na actitude do poeta. Remata cuns versos de Paio Gómez Chariño, reinvindicando a súa condición de compostelán, e as opinións de Uxío Montes verbo da gabanza que se lle debe facer incluso aos poetas malos polas súas inquedanzas ao intentalo.

Postigo, María Josefa e Carmen **Blanco**, “La actividad cultural gallega en las publicaciones periódicas de 1999”, *Madrygal*, nº 3, “Crónica”, 2000, pp. 131-133.

Percorrido polas entregas correspondentes ao ano 1999 dalgunhas publicacións periódicas galegas, comezando por *A Trabe de Ouro* da que salienta, no referido á literatura galega, o artigo de Xosé Ramón Pena “Pondal dende *Os Eoas*”, a traducción de Xosé Luís Méndez Ferrín e Marta Carracedo de “A Cidade” de John Barnie, novos datos que Victoria Álvarez Ruíz de Ojeda revela sobre as orixes de Rosalía de Castro, no artigo dedicado a Bernardino Graña de Xosé María Álvarez Cáccamo e no de Manuel Outeiriño sobre as baladas líricas de Otero Pedrayo. Do *Boletín Galego de Literatura* apunta que nos seus números 21 e 22 recolle a participación na revista de diferentes creadores durante os seus dez anos de existencia, mentres que do número 111 de *Cuadernos de Estudios Gallegos* sobrancea o artigo de Eva Valcárcel “Vicente Huidobro e as interpretacións da Vangarda en Galicia. Os exemplos de Montes, Risco, Castelao e Manuel Antonio”. No tocante a *Dorna* destaca os poemas de autores como Chus Pato, Mª Xosé Queizán ou Helena de Carlos, o relato de Inma López Silva ou os artigos críticos de Xosé Anxo García sobre Ánxel Fole, de Teresa Seara sobre Rafa Villar e o de Mª Xesús Nogueira sobre poetas finiseculares galegos. De *Galicia dende Salamanca* sinala o artigo de José Luís Jiménez Lago, os traballos gañadores do Iº Concurso Lingüístico e Literario do Lectorado Galego de Salamanca. A seguir, salienta as conversas que se recollen no número 8 de *Galicien Magazin* con Carlos Casares e Lois Tobío, ademais da semblanza de Antonio Fraguas de Ramón Lorenzo. Dos diferentes números de *Grial* interesa destacar o artigo de Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda sobre “a primeira carta en prosa en galego moderno”, ademais de lembrar as

colaboracións na revista de Miro Villar, Inma López Silva ou Cristina Blanco González. Finalmente, dá algúns apuntamentos doutras publicacións como a *Revista Galega de Teatro*, a *Revista Galega do Ensino* e *Tempos Novos*.

Pozo Garza, Luz, “Eduardo Moreiras”, *Boletín da Real Academia Galega*, nº 361, “Sección necrolóxica”, 2000, pp. 305-306.

Leva a cabo un resumo da andaina literaria de Eduardo Moreiras. Despois de apuntar que “a terra, a poesía e o amor son as tres constantes esenciais” da obra deste quirogués, fai un repaso polos seus títulos máis sobranceiros. Asemade, pon de relevo a importancia do Courel e do mar de Vigo na súa escrita, concluíndo cunhas palabras dende sobre a poesía.

_____, “Tecín soia a miña tea”, *Revista de Estudios Rosalianos*, nº 1, “Encontros”, 2000, pp. 99-105

Comeza a súa achega ao poema de Rosalía de Castro “Tecín soia a miña tea” coa descrición da estructura e tema, sinalando que está composto por vintedous versos octosílabos, que se centra na emigración, datado o 30 de marzo de 1880 e o espacio focal é Santiago. Baseándose nas “Dúas palabras da autora” que aparecen antecedendo aos poemas de *Follas Novas* (1880), considera que o tratamento deste tema na obra de Rosalía “responde a unha realidade fonda como conciencia social e como ideoloxía”, achegándose á muller galega soa pola ausencia do home con compaixón e solidariedade, e referíndose moitas veces a elas como as “viúvas de vivos”. Tamén sinala que Rosalía aborda o tema da emigración tanto dende a óptica dos que marchan, como ocorre no poema “Adiós ríos, adiós fontes” como, neste caso, dos que quedan. Considera que no tratamento da soidade feminina “Rosalía, psicoloxicamente ferida de soidade, implicaría a súa saudade constitutiva no caso das que padecen a usencia da emigración” e fai que os seus versos sexan susceptíbeis dunha interpretación “física, sociolóxica, psicanalítica” e mesmo “metafísica”. Tamén alude á temporalidade que acada o poema, atinxindo tanto ao pasado, o presente como unha proxección futura na que todo vai seguir igual malia que ela se revele contra iso. Conclúe que todo está tinxido de negatividade e que é fondamente pesimista, polo que unhas circunstancias tan dramáticas adquiren un ton mítico, e prodúcese así unha alianza entre a realidade e o mito.

_____, “Xosé Trapero Pardo”, *Boletín da Real Academia Galega*, nº 361, “Sección necrolóxica”, 2000, p. 310.

Lembra ao seu “predecesor na cadeira da letra U da Real Academia Galega”, o intelectual Xosé Trapero Pardo. Destaca deste a súa intensa carreira xornalística, ademais de facer referencia a outros ámbitos cultivados por el como a poesía ou a historia.

Puñal, Belén, “Xosé Carlos Caneiro. Un mundo fronteirizo”, *Tempos Novos*, nº 42, “Voces e Culturas. Entrevista”, novembro 2000, pp. 62-66.

Preséntasenos a Xosé Carlos Caneiro, gañador dos premios Eixo Atlántico e Blanco Amor coa novela *Ébora*. Na entrevista feita a este escritor de Verín, destácase o nivel acadado pola literatura galega, que segundo el está á altura das mellores. En relación con isto e coa súa visión do escritor como un ser universal, cre que os escritores da periferia son os que lles achegan ás grandes culturas actuais “uns gramos de orixinalidade e autenticidade, dos que elas carecen”. Ademais disto opina que a boa literatura non é efémera, senón que se caracteriza pola permanencia e cre que as súas novelas aínda perviven. Nesta conversa expresa tamén algunhas ideas que deberían poñer en marcha as institucións para promover a nosa literatura fóra das nosas fronteiras, e indica tamén que as novas tecnoloxías deben servir para potenciar a linguaxe literaria.

Queipo, Xavier, “Os escritores, plinio e os peixes”, *Anima+l*, n.º 9, “Subliminal”, verán 2000, p. 48.

Partindo da clasificación que o escritor e enciclopedista romano Caio Plinio Segundo, Plinio o Vello, fixo na súa *Historia naturalis* das categorías dos peixes, Xavier Queipo aplica esta clasificación aos escritores resultando a seguinte clasificación: “escritores que teñen unha pedra na cabeza”, “escritores que se esconden no inverno”, “escritores que senten a influencia dos astros” e mais “escritores polos que se pagaron cantidades extraordinarias” dos que indica as súas características.

Quintairos, Xusto, “Xosé Luís Méndez Ferrín. As magnolias no solpor”, *Auria (Revista mensual de Caixanova*), nº 42, “Ourensáns do mes”, outubro 2000, p. 40.

Repaso da traxectoria literaria de X. L. Méndez Ferrín, no que se indica que as terras do Ourense que o viron nacer e crecer conforman unha parte moi importante do seu universo literario ao lado do mar de Vigo. Tamén se fala brevemente da súa recente entrada na RAG e da súa proposta para o Premio Nobel e remata afirmando que el é “o Nobel da nosa literatura”, diga o que diga a Academia sueca.

_____, “José Ángel Valente. Dorme o poeta en ningures”, *Auria (Revista mensual de Caixanova*), n.º 43, “Ourensáns do mes”, novembro 2000, p. 40.

Artigo que se centra no esquecemento ao que foi obxecto José Ángel Valente na cidade que o viu nacer –Ourense– e que só o “descubriu” na súa derradeira recta vital, cando os premios e recoñecementos nacionais e internacionais lle tiñan chegado a moreas.

Quintáns S., M. “Peregrino en inverno”, *Revista Galega do ensino,* nº 27, maio 2000, pp. 221-226.

Comenta que *Peregrino en invierno* é a versión castelá de *O fácil que é matar* de A. Conde. Afirma que a novela ten un narrador omnisciente e que vén ser “unha peregrinación ao interior do ser humano” que é “víctima dos seus éxitos e fracasos..., das súas debilidades e das paixóns” e nela móstrase a cobiza da política e do mundo dos negocios. Vese na novela unha clara preferencia do discurso sobre o diálogo, hai suspensións (que intensifican o interese do lector), encontros do narrador co lector en momentos intrascendentes “demostrando o interese polo íntimo, polo pensamento” fronte ao acontecer externo. Sobre o libro advirte A. Conde que non está baseada en feitos ou personaxes reais pero tamén indica, nunha nota á parte, que non todo saíu da imaxinación do autor.

Rabuñal, Henrique, “Galiza chora a morte de Marinhas del Valle”, *Enclave*, nº 6, Inverno 2000, pp. 3-4.

Artigo laudatorio no que lembra a traxectoria intelectual do galeguista recentemente falecido. Comenta a proximidade con Cavalho Calero e a súa demisión como académico da RAG. Destaca como trazos definidores de Marinhas a elegancia e a intelixencia, ademais de evocar unha entrevista que lle realizara con X. M. Monterroso para *Agália* e unha homenaxe que se lle brindara en Mariñán no inverno anterior. Opina que este autor “entregou–nos un pensamento libre, un teatro culto, un ensaio revelador, unha atitude vital e un xeito de viver o seu compromiso con Galiza que vai ser para todos un modelo e un espello”.

Rabuñal Corgo, Henrique, “Marinhas del Valle e o teatro na Coruña”, *Casahamlet*, nº 2, “Momentos”, maio 2000, pp. 2-3.

Sucinto repaso pola formación e posterior carreira teatral de Jenaro Marinhas del Valle, salientando nel a intensa pegada do ambiente coruñés. Pon de manifesto o seu importante labor no eido da dramaturxia que cualifica de “culto, filosófico, filoácrata, pesimista, moderno”, subliñando que egrexio coruñés arelaba “formar parte dun teatro nacional galego”.

_____, “A Escola Rexional de Declamación. Un fito na historia teatral galega e coruñesa”, *Casahamlet*, nº 2, “Momentos”, maio 2000, pp. 4-7.

Realiza un breve percorrido pola curta historia da Escola Rexional de Declamación da Coruña, á cal denomina como importante “precedente” do noso teatro. Alude, pois, á súa constitución nun determinado contexto, así como aos seus obxectivos, entre os que apunta o desexo de acadar unha “normalización” do fito teatral. Asemade, pon de relevancia os diferentes elementos que a conformaron -autores, actores e público-, salientando o papel dos seus presidentes, Galo Salinas e Lugrís Freire.

_____, “Lar, tamén ao servizo do teatro galego”, *Casahamlet*, nº 2, “Publicacións”, maio 2000, pp. 54-55.

Comenta o labor da Editorial Lar no campo da dramaturxia galega e, en concreto, o da súa Biblioteca Teatral (1925-1927). Así pois, alude ás súas publicacións teatrais, onde destacan catro importantes nomes das nosas letras: Cabanillas, A. Vilar Ponte, Cotarelo Valledor e A. Carré Alvarellos.

Raña, Román, “O mellor riso”, *Guía dos libros novos,* nº 15, “Narrativa”, febreiro 2000, p. 23.

Fala do libro *O mellor francés de Barcelona* (1999), de Bieito Iglesias. Del di que o alicerce destes dez contos é o humorismo. Compara este humor co de Vicente Risco “de escarnio e mofa moi aceirada”, e que para conseguilo Bieito Iglesias sérvese de dous ingredientes: o paradoxo -inflluído polo británico Cherteston- e o insulto –na liña do francés Louis Ferdinand Céline-. Dá o argumento e o título dos contos destacando o primeiro “Quinario de Paixón”, (reencarnación dun galego nun castelán) sobre o resto.

_____, “Sobre a beleza perdurable”, *Guía dos libros novos,* nº 15, “Poesía,” febreiro 2000, p. 26.

Achega á obra *Poemas sen resposta* de María do Carme Kruckenberg da que di que é unha poeta vocacional. Sinala que o libro está dividido en tres partes, das que *Tempo derrubado* son once poemas sentimentais onde predomina o desacougo e o desasosego; que *Nomes do recordo* son doce pezas dedicadas a persoas e poetas onde unha é para Laxeiro e, finalmente, *Epigramas* que recolle “52 pequenas composicións de enorme profundidade conceptual e filosófica”.

_____, “Viaxe cara ao noso imaxinario”, *Guía dos libros novos*, nº 17, “Literaura infantil e xuvenil”, abril 2000, p. 30.

Reproduce o parágrafo final dunha crítica feita con anterioridade a *O mellor francés de Barcelona* (1999), obra pertencente a Bieito Iglesias, que, “por unha desas manobras dos trasgos de internet”, foi omitido, e que dá pé para iniciar o estudio de *A noite das cabras do aire*, do mesmo autor, publicada en 1999, no que aborda algunhas das constantes na obra de Iglesias, como a marcada personalidade do seu estilo, que constitúe, para o articulista, unha das maiores achegas ás letras galegas actuais, así como outros particulares que atinxe ao relato en cuestión tales como as razóns da adscrición do mesmo á literatura infantil, posíbelmente porque o pratagonista é un neno; os aspectos tomados de mestres consagrados no xénero do terror Poe, Arthur Machen e Howard Philips Lovecraft, e a lingua empregada, que bebe, como o propio contido do relato, en fontes populares.

_____, “Unha edición gratificante”, *Guía dos libros novos*, nº 20, “Poesía”, xullo-agosto 2000, p. 24.

Partindo do volume *Poesía* (1999), de José María Castroviejo, que é froito dunha edición de Manuel Mourelle de Lema, loa o feito de que se publique a recompilación da obra dun poeta “postergado na historia da nosa literatura”, ao mesmo tempo que se queixa do labor levada a cabo polo editor. Tras mencionar algúns avatares que influiron na súa poesía, analiza o único libro deste autor escrito en galego: *Tempo de outono e outros poemas*. Comenta algúns poemas, resaltando as posíbeis influencias de Manuel Antonio, Amado Carballo, Baudelaire ou Mallarmé. Finalmente, felicítase pola edición deste volume que saca a Castroviejo do “inxusto esquecemento”.

Raña Lama, Román, “Autopoética”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 24, “Creación”, 2º semestre 2000, pp. 219-226.

Román Raña apunta algunhas das características dos doce poemas inéditos, que teñen máis de dezasete anos e que aparecen aquí reproducidos por primeira vez, que levan por título: “O lupanar e Manuel-Antonio”; “Artur en Fisterra”; “Ebn Duban”; “Espello tráxico”; “Julius Caesare”; “Sosego de Dante”; “Gautamma”; “La prostitute”; “Un inmortal”; “Vello soneto”; “Pensamento de Heráclito” e mais “O inmortal”.

Rei Lema, Xosé María, “Francisco Romero Lema ou unha vida de homenaxe a Enrique Labarta Pose”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 24, “Notas”, 2º semestre 2000, pp. 125-132.

Comézase facendo unha síntese biobibliográfica de Francisco Romero Lema, un dos nove participantes na fundación en 1923 do Seminario de Estudos Galegos, para destacar despois a admiración que este intelectual galego sentía por Enrique Labarta Pose. Descríbese diacronicamente e coméntanse os numerosos artigos e as homenaxes que Romero Lema realizou ao longo da súa vida co fin de reivindicar a figura de Labarta Pose.

Reimunde, Ramom, “Crónica das ‘Jornadas sobre Lamas Carvajal”, *Agália*, nº 59, Outono 1999, pp. 390-392.

O autor fai un percorrido polos contidos máis salientábeis das distintas conferencias, comunicacións e mesas redondas que se celebraron con motivo das Xornadas sobre Lamas Carvajal en Ourense. Salienta as participacións de Pilar García Negro, Carme Hermida e Alonso Montero, ademais de destacar a intervención de Ruth, unha moza do público que criticou a disertación de Jesús de Juana por empregar o español. Finalmente, considera que foron unhas xornadas “sosas”, con pouca asistencia e que non levantaron o interese da xente da rúa.

Rei Núñez, Luís, “Cabanillas en Cambados; a forxa dun poeta”, *Pontenorga*, nº 2, 2000, pp. 33-52.

Ademais de falar da importancia acadada por Ramón Cabanillas durante a súa vida, bota en falta unha biografía máis ampla que a que el mesmo deixou esparexida en diferentes textos, polo que trata de achegar algúns datos sobre o poeta. Achega algúns datos familiares e céntrase na infancia e xuventude en Cambados, salientando os apuros económicos que o levan a aceptar o posto de Arrendamento do Imposto de Consumos. Do seu papel como xornalista, sinala que é en 1907 cando funda *El Umia*, publicación quincenal, que buscaba a dinamización social no concello. Reprodúcense algúns parágrafos de denuncia pola falta de infraestructuras, con forte carga humorística e o ataque contra Augusto González Besada, deputado que abandona a representación de Cambados nas Cortes. Tamén se reproduce unha felicitación versificada de 1909 e observa como se vai radicalizando a súa posición política, e pásase ao seu traballo en *El Cometa*, outra publicación de curta vida na que ataca a situación política do concello e a social que isto provoca, reproducíndose composicións poéticas publicadas en dito xornal, no que se reproduce o chamamento á unión á Liga Redencionista-agraria de Galicia recollida no seu número oito, o que se considera o primeiro achegamento público ao agrarismo do que despois sería o seu poeta oficial. Remata aludindo á súa partida para Cuba e reproduce os primeiros versos de *No desterro*(1913) nos que se alenta a seguir “¡sempre adiante”!.

Requeixo, Armando, “Unha soa man e outros intres”, *Tempos Novos*, nº 33, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, febreiro 2000, p. 74.

Comenta que Xerardo Quintiá publicara hai algo máis de dous anos a súa primeira novela *Finísimo po nas ás* na colección “Descuberta” de Galaxia, na que tamén publicou o libro de relatos *Unha soa man e outros intres* (1999). Comenta que todos eles tratan o tema da frustración, do desamparo e da soidade a través de distintos argumentos e personaxes. A obra consta de dúas partes, ademais dun prólogo e un epílogo. Opina que o limiar, titulado “Unha soa man”, é en realidade unha declaración de intencións do escritor. En xeral, cre que os relatos se caracterizan pola dimensión narrativa curta, pola prosa conversacional, pola transcrición da corrente de conciencia dos personaxes e, sobre todo, polo motivo temático da(s) ausencias(s).

_____, “Cid Cabido: (al)quimicamente puro”, *Tempos Novos*, nº 34, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, marzo 2000, p. 92.

Expóñense algunhas características de *grupo abeliano* (1999), novela coa que Cid Cabido obtivo o último Blanco Amor. Considera que se trata dunha obra de protagonista colectivo, con accións de plasticidade visual e cunha “rechamante e premeditada indeterminación espacio-temporal”. Afirma que é unha novela desacougante, debedora neste sentido de *A Esmorga* de Blanco Amor, aínda que tamén cómpre destacar que as dúas obras presentan moitos aspectos diferentes, por exemplo as distintas actitudes dos seus personaxes, que na novela de Cid Cabido desafían os convencionalismos sociais.

_____, “A biblioteca do paraíso”, *Tempos Novos*, nº 35, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, abril 2000, p. 88.

Preséntase a obra *Atravesar o espello* (1999) do poeta coruñés Xavier Seoane. Dise que este libro que defende a lectura, ben sexa lúdica, funcional, epifánica... é un conxunto de ensaios breves e, ao mesmo tempo, “á súa maneira un conxunto de poemas en prosa”. Son un total de “corenta suxestivas prosas”, que van encabezadas con citas de escritores e pensadores que axudan a dar razóns para animar á lectura.

_____, “Na distancia ultracurta”, *Tempos novos*, nº 36, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, maio 2000, p. 83.

Lóase a iniciativa da librería viguesa Cartabón de editar un volume titulado *Mini-relatos* (1999). Comenta que nel, coordinado por Fran Alonso, se concentran case unha trintena de historias que están acompañadas de prosas líricas de destacados poetas. A todo isto hai que engadir a recreación do mundo interior dos autores nas fotografías de Manuel G. Vicente.

Rey Tristán, Eduardo, “Xavier Frías. O galego, extramuros”, *Tempos Novos*, nº 40, “Voces e Culturas. Entrevista”, setembro 2000, pp. 64-68.

Mediante unha pequena presentación achégasenos á figura de Xavier Frías, profesor da Universidade Complutense, onde en 1995 leu a súa tese sobre o galego exterior. Afirma que este é o primeiro estudio do galego exterior en conxunto, e por iso fai unha nova proposta de bloques dialectais do galego. Ao longo da entrevista, fálase da situación lingüística de Asturias e dáse conta do labor de distintos colectivos a prol do galego no Principado e da difusión da literatura galega de Asturias.

Ribao Pereira, M. “El Pedro Pardo, drama inédito de Emilia Pardo Bazán”, *Madrygal*, nº 3, “Artigos”, 2000, pp. 75-92.

Achégase á peza teatral inédita de Emilia Pardo Bazán *El Mariscal Pedro Pardo* na que se desenvolve a trama da traizón sufrida polo nobre galego durante as guerras de sucesión ao trono de Castela no século XV estructurada en tres actos que van precedidas no manuscrito polo “Plan del drama”, seguido pola relación de personaxes, a descrición dos decorados e un resume de cada un deles. Indica tamén que é gracias a estes adiantos cómo coñecemos o final da obra por conservarse só ata a segunda escena do terceiro acto. Considera que é unha obra fundamental para ver o proceso creador dunha das primeiras obras da autora e da evolución que levará ao seu estilo posterior. Reproduce a relación de personaxes que interveñen, seguidos dos resumos dos argumentos que se desenvolven en cada acto e posteriormente o primeiro acto da obra coas súas trece escenas. O argumento é a resistencia do Mariscal no pazo da Frouseira ata que traizoado é detido e decapitado na praza pública de Mondoñedo malia o perdón conseguido pola súa filla.

Riobó, Jorge, “Siete editores, seis lenguas”, *Delibros*, nº 129, febreiro 2000, p. 52.

Dá conta da iniciativa de tres editoriais: La Galera, Galaxia e Elkarlanean para constituír Editores Asociados. Comenta que a este proxecto inicial sumáronse Llibros del Pexe, Xordica, Bromera e Tándem. Dá noticia do número de títulos publicados e das colecciónes creadas. A seguir, recolle as declaracións de Damián Villalaín nas que salienta que esta colaboración contribúe a abaratar custos en mercados limitados como o galego. Tamén inclúe as palabras de Xavier Blanch, director de La Galera, e informa da convocatoria do Premio Abril por iniciativa de Editores Asociados.

Riobó, Pedro P.**,** “A xeito de compendio do noso teatro contemporáneo”, *Revista Galega de Teatro*, nº 22, xaneiro-marzo 2000, pp.11-23.

Describe as principais liñas carecterizadoras do teatro galego da segunda metade do século XX, destacando varias orientacións “temático-formais”, aquelas que seguen algunha das propostas dramáticas de antes da guerra e aqueloutras que están baixo o influxo das novas correntes europeas. Asemade, subliña varias tendencias en cada unha das vías teatrais anteriores, exemplificando a súa exposición con diferentes autores e obras teatrais que, por outra parte, son obxecto dun sucinto comentario. Remata facendo unha breve aproximación ao teatro infantil a partir da década dos 70.

_____, “Parengón ao sol para Jenaro Marinhas del Valle”, *Revista Galega de Teatro*, nº 22, xaneiro-marzo 2000, pp. 45-48.

Rende homenaxe ao dramaturgo Jenaro Marinhas del Valle, comentando a súa obra teatral. Sinala a Marinhas como o “iniciador en Galicia do teatro filosófico”, un teatro polo que o home se ve absorbido pola inxustiza que domina este mundo. Ademais, apunta que nalgunha das súas obras se observa a “ruptura formal” e o “pesimismo” como base. Por outro lado, realiza un breve percorrido pola súa producción, analizando sucintamente cada título, dende a primeira peza, *Monifates,* ata a última, *Home frouxo.*

_____, “A uns meses dunha efeméride. Os sesenta anos da estrea e edición de *Os vellos non deben de namorarse* de Alfonso Castelao”, *Revista Galega de Teatro*, nº 25, inverno 2000, pp. 36-37.

Realiza un sucinto comentario sobre *Os Vellos non deben de namorarse*, de A. R. Castelao, salientando a súa magnifíca elaboración e cualificándoa como un “espectáculo integral”. Apunta que o autor de *Retrincos* concibiu a súa obra para ser representada, de aí todas as indicacións escénicas e o seu entramado interno. Así mesmo, sinala que se trata dun “teatro popular pero claramente moderno e galego”, cunha lingua “expresiva”. Conclúe cun fragmento dun dos lances de *Os Vellos.*

Riveiro Loureiro, Manoel, “O ensaio”, *Casahamlet*, nº 2, “Textos dramáticos”, maio 2000, pp. 94-101.

“Comedia nun lance con tres personaxes”, na que se satiriza cómo no franquismo se manipulaba ao pobo. Neste caso ensáiase cos traballadores dunha fábrica unha artificial aclamación ao Caudillo, quen nun inmediato futuro iría inaugurar as instalacións.

Rodríguez, Olivia, “Informe de literatura 1998”, *ECO*, nº 107, abril 2000, p. 81.

Comeza presentando o *Informe de literatura 1998* como un “arquivo de documentación que se fai imprescindíbel no ámbito de investigación, a docencia e os medios de comunicación de dentro e fóra de Galicia”. A seguir, salienta a diversa información que achegan os gráficos estatísticos que no *Informe* aparecen sobre a actividade editorial e as consultas que facilitan tanto o seu índice onomástico coma o temático. Así mesmo, destaca as achegas que van enriquecendo co tempo os diferentes apartados dos que consta e a aparición novidosa dun epígrafe dedicado ás páxinas web, que en Galicia existen sobre literatura.

Rodríguez, Víctor, “Remate poético no xantar do entroido. A Uxío Novoneyra 1930-1999”, *Lúa Nova*, nº 40, “Poesía”, xuño 2000, pp. 30-34.

Comentario centrado na poesía e figura de Uxío Novoneyra ao recordar a homenaxe póstuma que se lle brindou en Barcelona. Destaca a súa capacidade para impactar na xente que ama a Galicia, o alcume que lle outorgaron os críticos, “poeta da terra”, e defíneo como o “poeta da fala e do silencio, do rito, da épica e do drama”. Enumera as características da poesía deste poeta (baseada na oralidade, expresividade dos recursos fónicos e visuais de caligramas vangardistas) e o fin para o que escribía (para recitar e escoitar). Salienta a tendencia nas súas composicións ao panteismo e a temática social “en sintonía coa poética das culturas indixenisas e ancestrais”. Reproduce os versos de Fernando Pessoa sobre a poesía de Novoneyra e comenta as achegas deste a Galicia. Recóllense dous poemas de Uxío Novoneyra: o primeiro centrado na descrición de Galicia e dos lugares nos que se simboliza e o segundo que xira ao redor doutro dos temas fundamentais deste poeta: o amor á familia.

Rodríguez Álvarez, Manuela, “A soidade de Ramón Piñeiro”, *Grial*, nº 146, Tomo XXXVIII, abril-maio-xuño 2000, 2000, pp. 183187.

Este artigo ten como base a presentación do número 111 da revista *Grial*, que á súa vez xiraba ao redor dunhas memorias inconclusas de Ramón Piñeiro tituladas “Da miña acordanza”. Despois de comentar a relación que a unía a este galeguista, tenta describir e analizar o sentimento de soidade de Piñeiro. Para a autora, é este un trazo que o acompañou toda a vida e que na súa obra evolucionou cara a saudade. Opina que “é un solitario, e a súa lucidez intelectual comprende e asume a dimensión ontolóxica desa experiencia”. Cre que non existe contradicción entre ese sentimento e o seu gusto polo diálogo e que o seu individualismo levouno a afastarse do marxismo e das ideas comunitaristas e de masas. “Foi un home de elites ou de minorías, non de masas”. Con grande sentimento de liberdade, emerxido tamén da soidade.

Rodríguez Baixeras, Xavier, “Comentario didáctico”, *Revista de Estudios Rosalianos*, nº 1, “Encontros”, 2000, pp. 85-97.

Como o título indica, achégase unha análise do poema de Rosalía de Castro “Castellanos de Castilla”, dende un punto de vista didáctico, no que comeza referíndose ao marco histórico no que se encadra Rosalía, para a seguir, sinalar que o tema central que se trata é a emigración e as súas consecuencias. Sintetiza o argumento e, ademais de sinalar que é un tema existente xa na lírica popular, ofrece abondosos exemplos recollidos por diferentes autores coas correspondentes variantes. Da estructura temática sinala que enlaza o tema da morte do labrego coa indignación da moza e Castela como obxecto de indignación da poetisa. Tamén sinala os diferentes momentos de clímax que aparecen no poema, achegándose á estructura comunicativa en diferentes persoase á actitude lírica entre a apelación e a emoción. A seguir, fíxase no plano léxico-semántico diferenciando entre as relacións sintagmáticas, con trazos enaltecedores para os galegos e de dureza, insensibilidade e aversión cara a Castela; a tonalidade que ten un predominio da aflición, o resentimento e a carraxe; e os procedementos imaxinativos, centrándose na simboloxía que adquiren termos como “negros” ou “tros de palla”. Remata con referencias ao plano morfosintáctico, á sintaxe e ao plano fónico, apuntando nas conclusións finais datos nos que confronta a idea defendida por Rosalía neste poema, á de autores como Unamuno, Fermín Caballero ou a condesa de D’Aulnoy, todos eles en oposición á postura de Rosalía.

Rodríguez Fer, Claudio, “*Ánfora*: a primeira luz”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 23, “Notas”, 1º semestre 2000, pp. 153-160.

Coméntase o primeiro poemario de Luz Pozo Garza, *Ánfora* (1949), centrándose nos seus motivos temáticos –paixón erótica e desolación sentimental– e mais nas súas principais influencias –o mundo mítico e pagán da Grecia clásica– apoiándose en poemas ou fragmentos do volume analizado.

_____, “José Ángel Valente. Galicia no final”, *Tempos Novos*, nº 39, “A Contratempo. Entrevista”, agosto 2000, pp. 30-32.

Ademais dun breve texto de José Ángel Valente, publícase aquí unha entrevista feita a este autor a última vez que estivo en Galicia, é dicir, en decembro de 1999, data na que foi investido doutor “Honoris Causa” pola Universidade de Santiago de Compostela. Ao longo da entrevista recorda a súa actividade na política antifranquista do estranxeiro e os traballos que levou a cabo coa emigración. Alúdese tamén ás frecuentes visitas a Galicia nos anos noventa para participar en actos, conferencias e recitais. Valente destaca, ademais, a profunda estima que sentía por Compostela e pola súa universidade, feito polo que lle deixou a esta última todo o seu arquivo e a súa biblioteca.

Rodríguez González, Olivia, “O milenarismo no pensamento de Vicente Risco”, *Grial*, nº 145, Tomo XXXVIII, xaneiro-febreiro-marzo 2000, pp. 55-69.

Este estudio do pensamento apocalíptico de Vicente Risco comeza cunha introducción de carácter xeral na que se fai un percorrido polas orixes e evolución do milenarismo e das teorías sobre a fin do mundo. A seguir, fai unha descrición cronolóxica polo ideario do autor de *O porco de pé* estructurado en tres períodos: 1909-1918, 1918-1936 e 1936-1963, salientando as publicacións e característica máis destacábeis de cada etapa. Segundo Olivia Rodríguez, a ideoloxía do ourensán está influída polo Atlantismo, o nacionalismo, a cultura popular que el mesmo se encargou de recoller e a viaxe a Alemaña.

Romero, Marga, “Galicien-Zentrum der Universität Trier”, *Galicien Magazin*, nº 9, “Aktivitäten und Varia”, xullo 2000, pp. 43-44.

Crónica das actividades culturais desenvolvidas no Galicien-Zentrum da Universidade de Trier no curso 1999-2000, e a un tempo despedida de Marga Romero como lectora de galego na Universidade de Trier. Entre as actividades contan a organización do VIº Congreso Internacional da Asociación Internacional de Estudios Galegos (AIEG) na Habana; a celebración en Berlín das xornadas de encontro da Asociación Galego-Alemana; a celebración dos seminarios “Galicia en Valle-Inclán, Valle-Inclán en Galicia” e “Galicia: cine e literatura”; presencia dun contacontos fantástico, Quico Cadaval; conferencia do etnógrafo X. R. Mariño Ferro sobre as crenzas na literatura popular galega, analizadas dende un punto de vista científico; e, finalmente, relatorio da profesora da USC Nieves Herrero, co título *Análise de manifestacións propias da cultura tradicional galega*.

Romero Triñanes, Mario, “Producción bibliográfica sobre Roberto Blanco Torres. Día das Letras Galegas 1999”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 23, “Notas”, 1º semestre 2000, pp. 161-181.

Despois de facer referencia á controvertida celebración do Día das Letras Galegas de 1999, Mario Romero traza unha panorámica comentada sobre os libros que se editaron ao fío da homenaxe a Roberto Blanco Torres. En cada un dos seis apartados, máis o “Cabo”, deste artigo debúllanse un total de vinteún volumes. Comenta os diferentes títulos agrupándoos en “Bibliografías”, “Reedicións”, “Antoloxías”, “Estudios críticos”, “Obras colectivas” e “O epistolario a Unamuno”.

Ruibal, Euloxio R., “Luscofusco. Drama monofásico”, *Revista Galega de Teatro*, nº 25, *Caderno Central*, nº 25, inverno 2000, pp. 28.

Breve peza teatral en tres escenas que xiran ao redor da concepción da vida como “un xogo de roles”, como se esta “transcorrese nunha especie de luscofusco”. Todo ocorre no pavillón nove, onde un doutor leva a cabo un novidoso método con anciáns co propósito de, mediante a experimentación, conseguir o seu remozamento. Como se ve na segunda escena, os vellos, entre outras cousas, xogan a adoptar diferentes “eus” que provocan conductas moi dispares.

Salgueiro, Roberto, “Breve reflexión sobre o actual panorama da formación teatral en Galicia. Visións, proxectos e estratexias do minifundio intelectual galego”, *Casahamlet*, nº 2, “Aulas”, maio 2000, pp. 102-105

Dura crítica contra certos sectores públicos a propósito do “negocio mercantilista” que se creou arredor do proxecto dun Centro Superior de Teatro en Galicia. Alude ás controversias e contradiccións que xenerou o desexado centro. Conclúe coa esperanza de que o proxecto se leve adiante, mais dende a “ética dun compromiso cun país, cunha sociedade”.

Sanmartín, Maximino, “A Dona Teresa R. Castelao, in memoriam”, *Tabeirós Terra*, nº 9, maio 2000, p. 3.

Logo dunhas palabras iniciais, onde este autor mostra a admiración e a tristura pola morte de Teresa Castelao, e tamén polo propio Castelao, aparecen reproducidos dous poemas compostos na súa honra.

Santamarina, Antón, “Xesús Alonso Montero (Anaco para un *Libro dos amigos*)”, *A Trabe de Ouro*, nº 41, “Crónica”, Tomo I, Ano XI, xaneiro-febreiro-marzo 2000, pp. 121-125.

Reprodúcense as palabras de Antón Santamarina na “Homenaxe da Universidade de Santiago de Compostela a Xesús Alonso Montero con motivo da súa xubilación”, organizada polo Departamento de Filoloxía Galega e celebrada o 25 de febreiro no paraninfo da Universidade. Santamarina céntrase na faceta de Alonso como mestre e afirma que o seu maxisterio non consistiu “en ensinarnos moi ben os contidos da materia que lle tocaba explicar (que tamén o facía)”, “nel había algo máis, que transcendía a materia que ensinaba”. A seguir, alude ao Alonso investigador, divulgador e desacougador que se centrou sobre todo en Galicia, na literatura e na lingua. Para rematar, alude ao Alonso home, dominado polas “paixóns”.

Saurín de la Iglesia, María Rosa, “Una epifanía de la patria: “*Galicia. Revista Universal de este Reino” (1860–65)*”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, “Historia e Xeografía”, Tomo 113, 2000, pp. 139-176.

Estudio centrado na revista *Galicia. Revista Universal de este Reino* que comeza cunha introducción na que se considera que é o atraso de Galicia un dos principais factores que provocan a aparición desta e doutras publicacións similares, das que dá conta no epígrafe “Precedentes”. Despois de achegarnos ás personalidades e traxectorias dos editores, os irmáns Antonio e Francisco María de la Iglesia, e dos colaboradores, descríbenos os seus contidos. Sitúaa no contexto do nacemento dos novos nacionalismos europeos á hora de defender os sectores económicos básicos e os medios de comunicación como as bases sobre as que debía asentar a modernización do país. De entre os contidos, destaca tamén os históricos e folclóricos, non para procurar “el hecho diferencial a toda costa (…) sino la emulación de otros reinos de España de historia bien conocida y estudiada”. Tamén salienta que se visen con bos ollos as relacións con Portugal, mesmo se defendía a federación co país veciño. En canto á lingua e á literatura galega, destaca que se acollesen numerosos textos poéticos, tanto contemporáneos, como medievais do Cancioneiro de Baena.

Seara, Teresa, “Do óxido ó lirio”, *Tempos Novos*, nº 34, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, marzo 2000, p. 93.

Comentario de *Paisaxes do baleiro* (1999), segunda obra de Eva Veiga, que se dera a coñecer con *Fuxidíos* (1993). Segundo Teresa Seara, esta obra combina certo pouso existencial cun alto poder de suxestión dos versos. Considera que aparecen nos poemas elementos negativos como o óxido, xunto a outros positivos como o lirio branco, que “impón a súa marca de luz e positividade iluminando o tránsito do ser pola vida”. Afirma que este ser, que se move horizontalmente do óxido (corrosión) ao lirio (rebeldía contra o inevitábel), atopa no amor un dos seus alicerces máis seguros.

_____, “A rosa da memoria”, *Tempos Novos*, nº 36, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, maio 2000, p. 82.

Faise unha descrición do poemario *Capitán inverno* (1999), de Ramiro Fonte. Nel, un ser derrotado, volve ao seu lugar natal a través dun exercicio retrospectivo. O libro está dividido en catro partes e un poema-prólogo, “Volver”, que é unha declaración de intencións. A primeira parte, “Mínima moralidade”, é unha homenaxe aos poetas amados, e xa fora publicada en 1998 despois de obter o Premio Miguel González Garcés 1997. Na segunda parte, “Litoral urbano”, o eu poético volve á infancia polo que o ton é melancólico. As últimas dúas partes, “Eternidades” e “Salas de cine”, reflicten o mundo dos xogos e o dos primeiros amores. Actualiza así Ramiro Fonte temas xa tratados anteriormente: o paso do tempo, a perda da infancia, o amor como forza creadora e mesmo un discurso crítico da sociedade actual onde ten cabida a ironía.

_____, “A voz que nos nace a Oriente”, *Tempos Novos*, nº 37, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, xuño 2000, p. 79.

Dáse conta da publicación de varias obras de Lino Braxe: *O sangue dos árabes*, *Poemas obxecto e visuais* e *A cor do ceo*, todas elas publicadas en 1999. Opina que os tres volumes presentan un mesmo fío conductor, a tradición oriental, vía que xa iniciara en obras anteriores. Describe a estructura de *O sangue dos árabes* e afirma que nesta obra o eu poético cada vez se identifica máis coa terra que percorre e vainos descubrindo así os misterios de Oriente.

_____, “Tratado da vida”, *Tempos Novos*, nº 40, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, setembro 2000, p. 71.

Descríbense as distintas obras de Luís Rei Núñez que aparecen recompiladas en *A rolda invisible* e publicadas por Tambo, “novo selo editorial para a nosa poesía”. Infórmase da temática das obras, que van dende 1982 ata 1994, e cítanse algúns dos seus versos.

_____, “Próspera e diversa (a poesía galega durante o bienio 1998-1999)”, *Serta. Revista Iberorrománica de Poesía y Pensamiento poético*, nº 5, 2000, pp. 210-224.

Dentro da sección dedicada á lingua galega desta revista editada pola UNED e no referente ao panorama da crítica poética galega atopamos este artigo no que logo de se destacar a boa progresión que está a presentar o panorama de publicacións en poesía galega no anos finais da década dos noventa –coa inestimábel axuda dos espacios editoriais, das coleccións poéticas e das editoras– faise un repaso pormenorizado pola producción poética galega no bienio 19981999. Destácase a dinámica de afianzamento do discurso feminino e feminista dentro da poesía mais laméntase o esmorecemento do Batallón Literario da Costa da Morte. Indícanse, así mesmo, as publicacións feitas polo selo Edições Tema xunto co comezo da edición en Madrid dos cadernos da colección “O Roibén”. Debúllanse poemarios xurdidos neste bienio como *Vivimos no ciclo das erofanías* (1998) de Yolanda Castaño, *Xeografías do sal* (1998) de Ramón Caride Ogando, *Arden* (1998) de Ana Romaní, *O estadio do espello* (1998) de María do Cebreiro ou *Hipatía* (1998) de Alfonso Pexegueiro, entre outros moitos. Faise tamén referencia ás antoloxías –*Río de son e vento* (1999), *dEfecto 2000* (1999), *La poésie galicienne de 1936 a 1990* (1999), *Galician Generation of the eighties* (1999) e *No limiar do novo milenio* (1999)–, ás escolmas da obra de Luís Tosar e de Vicente Araguas e mais ás reedicións de *Mesteres* de Arcadio López-Casanova e de *Poesía enteira de Heriberto Bens* de Xosé Luís Méndez Ferrín. Finalmente afírmase que despois deste bienio se enceta un proceso de autoescolma e consolidación das diversas propostas que veñen ofrecendo os diferentes autores galegos.

_____, “O sangue como bandeira (estratexias de auto-representación na obra de Lupe Gómez)”, *Dorna. Expresión Poética Galega*, nº 26, “Caderno da crítica”, 2000, pp. 133-138.

Céntrase nas estratexias de auto-representación na obra de Lupe Gómez e afírmase que estas estratexias se organaizan nunha triple corrente que afecta “ás linguaxes, á ruptura cos modelos tradicionais e á presencia no texto dos procesos fisiolóxicos femininos”. A seguir, coméntase que estas estratexias, sobre todo as dúas últimas, están moi presentes nas obras de Lupe Gómez. A seguir, reprodúcense fragmentos destas dúas obras e afírmase que Lupe Gómez bota man do “sincretismo propio dunha linguaxe descarnada, crúa” e rompre coas normas educativas represoras dirixidas ás nenas.

Seixas, Manuel, “A linguaxe salgada do amor”, *Guía dos libros novos*, nº 14, “Poesía”, xaneiro 2000, p. 28.

Loa *Xeografías do sal* (1999), poemario de R. Caride Ogando do que di que está “cheo de sal e vida, de lume...” e comenta que a obra é “densa e irregular (no mellor sentido) onde “conflúe ética e estética dun xeito harmonioso e gozoso”. A intención do traballo é que “a linguaxe salgada do amor afaste o frío das nosas vidas” e neste sentido di no poemario introductorio “amamos porque amar é loitar pola vida”. Ao ver de Seixas, Caride Ogando mestura dous tipos de linguaxe, ás veces críptica e reflexiva coma en *Quentura de sangue* e *O frío azul* e outras veces directa e clara coma en *Ecotonías.* O autor homenaxea na obra a Domingo Tabuyo, Rory Gallagher (Caride cre na cultura do rock), Lois Pereiro e R. Dieste.

Sénder, Ramón J. “Fuentes galaicas de Valle-Inclán”, *FerrolAnálisis*, nº 15, 2000, pp. 72-75.

O traballo de Xosé Rubia Barcia, “Valle Inclán y la literatura gallega”, ofrécelle a este autor unha nova perspectiva, ata o momento descoñecida, sobre a influencia de escritores galegos na obra de Valle, entre eles de Manuel Murguía, Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, Manuel Curros Enríquez, Nicomedes Pastor Díaz e o propio pai do autor arousán. Sobre o achegamento que se ten propugnado entre a súa obra e a de Emilia Pardo Bazán, cre que é arbitrario porque mentres en Valle hai síntese e intención lírica, na obra da condesa é análise, prosa e poesía psicolóxica, moral e social. Por último, encontra esa raíz galega na concepción paisaxística, na harmonía da natureza, na violencia humana, nos tipos, na superstición e a conxugación de elementos relixiosos e sinistros. En cambio, pensa que o máis orixinal de Valle son os esperpentos.

Senén, Felipe e Francisco **Fdez. Naval**, “Manuel María. Testemuña da tribo”, *Tempos Novos*, nº 37, “Voces e Culturas. Entrevista”, xuño 2000, pp. 70-76.

A través desta entrevista coñecemos un pouco máis a Manuel María, o escritor da Terra Chá. Ademais de falar sobre política, recordando momentos importantes de Galicia, faise tamén un repaso pola súa obra poética, narrativa e teatral. A poesía é o xénero literario que lle parece “máis perfecto, máis fondo e máis trascendente” e a súa pretensión é que se salve polo menos un só verso da súa obra. Manuel María opina que a evolución da literatura en Galicia “non é tan optimista como a ve a maior parte da xente”, debido a que Galicia non tivo forzas políticas propias e “a cultura dun país normalízase con leis e cunha política cultural, non só escribindo versos, teatro ou narrativa”.

Senín, Xavier, “Producir en galego. Propostas de normalización”, *Tempos Novos*, nº 37, “Entregas Culturais”, xuño 2000, pp. 58-61.

Faise un repaso pola complexa situación do mundo editorial en Galicia, e comézase distinguindo entre “edición en Galicia” (en calquera lingua) e “edición en galego”, indicándose que fundamentalmente en Galicia se edita en galego. Sen embargo, malia a revitalización editorial nos últimos anos, descríbese unha situación que debería cambiar, xa que hai distintos axentes editores e depéndese moito do mundo escolar. Para isto ofrécense no artigo algunhas propostas como son a profesionalización de todos os sectores do mundo editorial, que as institucións sexan coeditoras de certas obras, que as editoriais galegas estean máis presentes no mundo do libro de texto, que a administración estableza axudas para obras determinadas ou que se fomente a lectura dun xeito adecuado.

Silva, Joaquín, “*Praceres* e outros poemas”, *A Trabe de Ouro*, nº 43, “Textos”, Tomo III, Ano XI, xullo-agosto-setembro 2000, pp. 375-386.

Reprodúcense cinco poemas de Joaquín Silva titulados “Praceres”, “Sobre Sandra”, “Sandra e a anaconda”, “Anamaría en Galicia” e “A barra de Miño”. Neles fala dos montes de España, do río Miño, da beleza de Sandra ou das mámoas da Moura, entre outros temas.

Sinner, Carsten, “Análise funcional de *Astérix* en galego”, *Galicien Magazin*, nº 9, “Beiträge”, xullo 2000, pp. 10-13.

Comeza sinalando a situación de alta competencia coas publicacións en castelán á que se enfrontan as traduccións en linguas cooficiais como é o caso do galego. A seguir, comenta a versión galega de Astérix, en concreto do volume *Astérix en Hispania*. Dende a perspectiva da aceptabilidade da traducción na cultura de chegada como texto expresivo e operativo, analiza aspectos de gramática e de léxico. Conclúe que esta traducción ten carencias tanto no nivel lingüístico (castelanismos, uso impropio de expresións con forte carga cultural...) coma no editorial (erros tipográficos e ortográficos).

Sotelo, Paulo, “Livro da memória”, *Agália*, “Antologia”, nº 59, outono 1999, pp. 367 378.

Estes dez poemas, encabezados por citas de autores sobranceiros das literaturas galega, portuguesa e española como Rosalía, Ferrín, Camões, Eugénio de Andrade, Miguel Hernández, Cernuda ou Cervantes, están precedidos dun prólogo, tamén poético, que pretende ser unha receita para amar. A temática xira ao redor do amor; a influencia da paisaxe neste sentimento, a desesperación amorosa, a natureza como símbolo, a ausencia de amor, etc. Finalmente, no “Epílogo” a voz poética sitúase no inferno, dende onde expresa a súa desesperación.

Soto, Luís G., “O inacabamento ético en Pondal”, *A Trabe de Ouro*, nº 41, “Cuestións”, Tomo I, Ano XI, xaneiro-febreiro-marzo 2000, pp. 13-25.

Inicia o artigo cun achegamento ao concepto de vida ética, “aquela que un individuo calquera vive segundo os dictados da súa conciencia reflexiva e a súa vontade proxectiva. Trátase, pois, dun modo de vida que se caracteriza pola soberanía do individuo sobre a súa persoa e as súas accións”. A seguir, ofrece un breve perfil biográfico de Eduardo Pondal e cita algunhas das súas obras, en galego e castelán: *Rumores de los pinos* (1877), *Queixumes dos pinos* (1886) ou *Os Eoas*. Nun terceiro apartado céntrase no concepto de compromiso e distingue tres tipos diferentes: co escritor, co destinatario e na escrita. No caso de Pondal, afirma que reúne os tres compromisos: estaba comprometido politicamente, pretendía conquistar un público potencial para cambiar o seu destino e non aceptaba a “clausura literaria e cultural que o seu medio e a súa época lle impuñan”. Para rematar, achégase, brevemente, á escrita de *Os Eoas*.

T. S., “A viaxe incesante”, *Tempos Novos*, nº 35, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, abril 2000, p. 89.

Céntrase en *Luz de facer memoria* (1999), volume galardoado co Premio de Poesía Miguel González Garcés en 1998. Sinala que con esta obra Manuel Álvarez Torneiro volve tratar o tema da existencia; neste caso válese da memoria para ir recordando “todo o que constituíu a súa existencia plena”. A lingua desta obra é coidada e empréganse versos longos, que nalgúns casos se converten en prosa e dan lugar a unha mensaxe longa e intensa, polo que os versos finais dalgúns textos son “un instrumento compilador e climático que ilumina o misterio do poema”.

_____, “Novas Singraduras”, *Tempos Novos*, nº 35, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, abril 2000, p. 89.

Comenta que *Atlántida* (1999), de Rafael Lema é a obra gañadora do IIº Premio de poesía “Concello de Carral” (1998). Así mesmo, puntualiza que nas catro viaxes en que se divide o volume, o mar, “convertido en símbolo dun devir ilusionado e ilusionante”, é o elemento común. Tamén destaca desta obra o seu esplendor léxico.

_____, “Críptica anarquía”, *Tempos Novos*, nº 35, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, abril 2000, p. 89.

Informa que o IIIº Premio de Poesía Johán Carballeira, patrocinado polo Concello de Bueu, foi para *Diario bautismal dunha anarquista morta* (1999), de Emma Pedreira Lombardía. Afirma que se trata dunha aposta atrevida co verso violentado e con cripticismo para captar ao lector.

_____, “Encontro irlandés”, *Tempos Novos*, nº 37, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, xuño 2000, p. 79.

Infórmase de que *Poesía irlandesa contemporánea* presenta en edición bilingüe (inglés-galego), a trece poetas irlandeses actuais, dos que se dá o seu nome, ademais de dar conta dos traductores.

_____, “Derrota do sal”, *Tempos Novos*, nº 37, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, xuño 2000, p. 79.

Breve recensión sobre *Xeografías do sal* (1999), do poeta Ramón Caride Ogando, accésit do Premio Miguel González Garcés en 1998, na que se fai referencia ao seu contido erótico.

_____, “Procura da emoción”, *Tempos Novos*, nº 40, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, setembro 2000, p. 71.

Breve apuntamento sobre o ensaio de Fidel Vidal, *Anatomía da emoción poética* (1999). Nel estúdiase a obra de diversos poetas, citados nesta nota, e afírmase que resulta unha obra “imprescindible para aqueles que pretendan desentrañar a mensaxe interior da palabra poética”.

Tato, Laura, “O teatro social”, *Revista Galega de Teatro*, nº 22, xaneiro-marzo 2000, pp. 7-10.

Comenta unha serie de obras teatrais que pertencen ao chamado “teatro social” e que foron pezas fundamentais na evolución da dramaturxia galega. Apunta como un dos piares básicos do noso teatro e da súa aceptación masiva a obra *A Ponte* (1903), de Manuel Lugrís Freire, pondo de relevo que con ela principia o “drama social”. Así mesmo, indica que a partir de aquí comeza unha intensa producción de obras nas que a denuncia e a reivindicación eran evidentes, destacando neste sentido outra obra, *O Fidalgo*, de Xesús San Luís Romero. Asemade, alude á renovación teatral que tentaron levar a cabo as Irmandades da Fala. Por último, fai mención á decadencia pola que pasa este tipo de teatro durante a Dictadura de Franco, onde a denuncia sempre estaba encuberta.

_____, “O teatro na Coruña coas Irmandades da Fala”, *Casahamlet*, nº 2, “Momentos”, maio 2000, pp. 8-13.

Alude ao prolífico labor teatral levado a cabo polas Irmandades da Fala da Coruña na súa cidade, apuntando a creación de varios medios culturais como o Conservatorio Nazonal de Arte Galega (1919). Asemade, pon de manifesto a polémica xurdida no seo das Irmandades por unha pretendida renovación “rupturista” do teatro, con respecto ao teatro rexionalista e populista. Refírese tamén ás representacións de teatro portugués. Remata achegando as razóns da desaparición deste xénero na cidade herculina.

Tato Fontaíña, Laura, “Carvalho Calero poeta, narrador, dramaturgo”, *Grial*, nº 147, Tomo XXXVIII, xullo-agosto-setembro 2000, pp. 441-460.

Fai un percorrido cronolóxico e descritivo pola producción poética, narrativa e dramática de Ricardo Carvalho Calero para ofrecer “unha visión global” da obra deste polifacético autor. Así, achégase aos títulos seguintes: *Vieiros* (1931), *O silencio axionllado* (1934), *O fillo. Acción dramática en dous actos, o segundo dividido en dous cadros*, *Isabel*, *A gente da Barreira* (1941), *O lar de Clara*, *A chuvia das pitas*, *Os tombos*, *A cigoña*, *Anjo de terra* (1950), *Poemas pendurados dun cabelo* (1952), *A árbore*, *A sombra de Orfeu*, *A farsa das zocas*, *Saltério de Fingoi* (1961), *Auto do prisioneiro* (1969), *Catro pezas* (1980), *Pretérito imperfecto (1927–1961)* (1980), *Os xefes* (1980), *Aos amores perdidos* (1979), *Futuro condicional (1961–1980)* (1982), *Cantigas de amigo e outros poemas*, *Scórpio* e *Reticências (1986–1989)* (1990). Nos comentarios de todas as obras alude á temática e características xerais, centrándose especialmente no argumento das novelas e das pezas teatrais. Ademais, explica a evolución creadora de Carvalho dende a estética vangardista na preguerra ata a dimensión persoal, biográfica e política que acadan as obras dos últimos anos, sen esquencer a importancia da mitoloxía nas obras da posguerra.

Terán Comesaña, Anxo, “Da terra asoballada. Ramón Cabanillas”, *Somos Alguén*, nº 1, “Recuperando a memória”, decembro 2000, pp. 44-45.

Artigo que repasa a traxectoria literaria de Ramón Cabanillas subliñando que “nace no panorama literário como unha voz liberadora e esperanzada no futuro” e mais que representa unha ponte necesaria entre o Rexurdimento e as vangardas. Sinálanse algunhas das características de *No desterro* (1913), *Vento mareiro* (1915), *Da terra asoballada* (1917) –do que se reproducen algúns versos–, da peza teatral *A man da Santiña* e remátase destacando o seu compromiso con Galicia.

Torres Ferrer, S., “Colección Benito Soto”, *Madrygal*, nº 3, “Artigos”, 2000, pp. 105 112.

Recreación de dúas conferencias pronunciadas polo autor co gallo da homenaxe á Colección “Benito Soto de poesía” celebrada en Madrid e Pontevedra en 1999. Comeza falando da importancia do semanario *Ciudad* despois da guerra civil en Pontevedra e dos inicios del e doutros mozos como Cuña Novás, Negreira, Peláez ou Virxilio Novoa, ademais da importancia que para a aparición da Colección “Benito Soto” tivo a desaparición deste semanario. Describe o ambiente de inquietude deste grupo de mozos e as primeiras publicacións, sen permiso da censura, de *Madrigal* de Emilio Álvarez Negreira e *Como el río* da súa autoría, que serviron de propaganda para a colección, coa axuda de persoeiros como Celso Emilio Ferreiro, Camilo José Cela ou Borobó que as comentaron en diferentes medios de comunicación. Tamén alude aos problemas derivados dunha denuncia, ás viaxes que realizou por Galicia para coñecer aos poetas, agás Lugo onde Iglesia Alvariño era o contacto con persoeiros como Álvaro Cunqueiro, Manuel María, Luís Pimentel e Uxío Novoneyra. Evoca o ambiente dos faladoiros do Café Savoi, os cambios que a colección foi experimentando, especialmente no ano 1951 no que aparecen novas entregas e a obra *Fabulario Novo* de Manuel Cuña Novás, que ía ser unha das primeiras que publicaran e acabou sendo a que puxo punto final á colección en 1952. Refírese brevemente aos contactos coa entón recén creada Editorial Galaxia e a falta de acordo para que non chegara a desaparecer a colección máis importante de poesía que houbo en Galicia despois da guerra, a cal acabaría tendo continuidade en 1992 coa creación de Hipocampo Amigo, colección estreada

con *La pasión en el tiempo*, de Cuña Novás (que xa non chegou a ver editada a súa obra) e *Sonetos de quicio volante*, de Emilio Álvarez Negreira.

Travieso Mougán, Javier, “Un nocturno de Castelao”, *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*, 2000, pp. 227-236.

Comenta o lenzo, coñecido como “Nocturno”, co que Castelao obsequiou ao médico da Estrada Manuel Leyes Pose e que representa unha anciá e un neno que amosan unha actitude reverencial ante un cruceiro sobre fondo arborado ao luar. Segunda el, é un paradigma de eclecticismo en canto que conxuga simbolismo e caricatura co obxectivo de o identificar con Galicia, ao igual que facían Camilo Díaz Baliño e Jesús Corredoira. Para iso, explica as orixes do simbolismo e compárao con algúns traballos do Paul Gauguen. Ademais, salienta a mensaxe literaria que subxace en Castelao, ao estilo dos poetas simbolistas franceses, e, finalmente, cre que o sentimento de amor á terra lastra a chegada do artista á “pintura auténtica”, ao contrario do que acontece con Seoane ou Colmeiro.

Udaondo, Xoán, “O teatro na Universidade da Coruña (1998-1999), *Casahamlet*, “Compañías”, maio 2000, pp.46-51.

Ofrece “unha mostra das actividades teatrais desenvolvidas na Universidade da Coruña” dende o curso 88-89 ao 98-99. A relación recolle unha longa listaxe de obras e cursos, deténdose en especial no intenso traballo dos dous últimos anos.

VV. AA., “Os camiños da literatura”, *Tempos Novos*, nº 36, “A Contratempo. Debate”, maio 2000, pp. 68-79.

Neste debate, coordinado por Dolores Vilavedra, no que interveñen os escritores Xosé Carlos Caneiro, Xurxo Borrazás, Lois Diéguez e Damián Villalaín, faise un repaso pola situación da literatura galega actual, centrándose na narrativa. Comézase falando da proxección da literatura galega fóra de Galicia e de aquí deriva a discusión de se o escritor é quen debe controlar se as súas obras se traducen ou non. Sobre este tema Lois Diéguez opina que o autor debe contribuír a agrandar o mercado en galego non traducindo as súas obras; sen embargo, Damián Villalaín e Xosé Carlos Caneiro sosteñen que o labor do escritor é a creación, e fóra disto xa entran en xogo outros procesos que o escritor non controla. Abórdase ademais no artigo o feito de que a literatura galega está sen normalizar, cuestión para a que se suxiren algunhas medidas.

VV. AA., “Gallego”, *Serta. Revista Iberorrománica de Poesía y Pensamiento poético*, nº 5, 2000, pp. 195-209.

Dentro da sección dedicada á lingua galega desta revista editada pola UNED e no referente ao panorama creador poético galego atopamos as seguintes composicións: tres poemas inéditos, tirados do libro *Recordos da beleza triste*, de Mª do Carmo Kruckenberg, cinco poemas de Ánxeles Penas dos que dous –“Do mar pola orela mireina pasar…” e “Canción para Pura Vázquez”– teñen como referente central ás poetisas Rosalía de Castro e Pura Vázquez, respectivamente; a longa composición “Apresados sen presa”, de Luísa Villalta, xunto con catro poemas de Martín Veiga “O meu vivir oculto”, “Homenaxe a Paul Celan”, “Sol de Inverno” e mais “Labios de cinza”.

VV. AA., “Poesía”, *Madrygal*, nº 3,”Creación”, 2000, pp. 137-146.

Recóllense baixo este epígrafe diferentes composicións poéticas de cinco autores, de entre os que dous aparecen en castelán e galego como é o caso de Miguel Ángel Andés e Javier Serrano. No caso do primeiro son estrofas numeradas en romano e acompañadas no final polo título da sección á que pertencen: a número II de “Amarneciendo”, a XI e XIII de “Paradero” e as XIX, XXX, XXXII, XXXVIII e XXXIX de “Abismaluz”, mentres que no segundo, ningún dos tres poemas leva título e aparecen acompañados do lugar e data de creación: Madrid e Santiago de Compostela, respectivamente. O resto de composicións aparecen en galego como son as de Xosé Galán con tres poemas titulados de forma xeral “Alquimia soñada” e, individualmente, “A dúbida”, “O círculo” e “Da memoria e outros nomes”, seguido de Claudio Rodríguez Fer con “Traza de ti” e Luz Pozo Garza con “Bosque de rododendros”, subtitulado “Conversa entre Dana Mónica e Luz Pozo Garza, ademais de “Trinity College”. Tanto a temática como a versificación son do máis variada.

VV. AA., “Narrativa”, *Madrygal*, nº 3, “Creación”, 2000, 147-149.

Dentro deste apartado inclúense dous relatos: “Lagarto Juancho” de José Escudero e “Historias de Espellos I” de Xosé Manuel Martínez Oca. No primeiro deles, Ana Fandiño, unha nena da Pobra do Caramiñal, fala da súa relación con Lagarto Juancho, un neno da súa idade do que está namorada. A falta de correspondencia faille dubidar e anguriarse ante o seu aspecto, preguntándose cal será a razón deste rexeitamento e desprezo por parte do cativo. No segundo caso é un breve relato no que se achega ás impresións e visións que alguén ten cando se levanta da cama e se pon diante do espello do baño.

VV. AA., “Un teatro en Galicia”, *Anima+l*, n.º 10, “En canal”, inverno 2000, pp. 4-9.

Atopámonos aquí cunha serie de escritos nos que se reflexiona sobre a situación do teatro galego actual. Roberto Vidal Bolaño afirma que “o noso é un país de paradoxos” e que o teatro reflicte esa tendencia: actores que traballan nunha lingua que desprezan, emigración da nova xeración de actores, a consideración da cultura como propaganda de baixo custo e moi rendíbel, etc. Tamén aparecen columnas referidas á producción teatral galega: *Hero.es* de Chévere, *Contaloucos* de Tanxarina Títeres, *A do libro* de Artello, *Criaturas* de Teatro do Aquí e mais aos novos proxectos de Berrobambán.

Vaamonde, Xosé L., “Chévere e Annus Horribilis. Un exemplo sobre a importancia da música no teatro”, *Interesarte*, nº 7, “Teatro”, 2000, pp. 39-41.

Comeza sinalando o cambio experimentado polo teatro galego a partir dos anos 90 cara ao espectáculo e a abertura a todo tipo de propostas fronte á carga política e social que tiña nos anos 80. Dentro desta evolución na que a improvisación ocupa un lugar importante ao lado de elementos paratextuais como a música, do que considera que Chévere é un dos grupos máis representativos. Repasa a traxectoria da compañía dende o ano 1990 e céntrase na súa obra *Annus Horribilis*, ópera coa que se apunta que a compañía quixo achegar o xénero a un contexto popular, na que ademais é fundamental a música e a palabra, á vez que o humor é unha parodia da ópera clásica. Describe o seu argumento e o proceso de creación por parte de Pepe Sendón ata a versión definitiva, fixándose ademais na linguaxe ridícula e “folletinesca”, e remata describindo a posta en escena dos cinco actores participantes, así como o seu periplo de representacións durante o ano 1998 por toda a Península e os premios acadados.

Valcárcel Marcos, “Unha biografía de Castelao”, *Guía dos libros novos*, nº 17, “Ano de Castelao”, abril 2000, p. 7.

Dá a benvida á nova biografía de Alfonso Rodríguez Castelao, publicada pola Xunta de Galicia e elaborada por Henrique Monteagudo dentro da colección “A Nosa Memoria”. Opina que achega nova documentación e unha valiosa capacidade de síntese de traballos anteriores, que vén paliar moitas das lagoas existentes en relación coa faceta artística e política do rianxeiro. De *Castelao na luz e na sombra* (1982), considera que, “malia constituír un traballo excepcional en moitos aspectos, deixou sombras inevitables noutras etapas menos coñecidas daquela, como por exemplo o período do exilio americano”. Lembra, así mesmo, que esta obra forma parte dun proxecto máis amplo no que tamén se insire un plan de edición das obras completas de Castelao por parte da editorial Galaxia, coincidindo coa conmemoración do 50 aniversario da súa morte, e explicar a vitalidade e permanencia da utilización, máis o menos oportuna, desta figura dende unha ou outra perspectiva política, que segue a ser polémica porque a súa obra está plenamente viva na identificación coa Galicia popular, da que aboiou naquel momento histórico e garda unha extrema coherencia e unidade no seu pensamento e na súa obra.

_____, “Unha brillante recuperación: Delgado Gurriarán”, *Guía dos libros novos*, nº 19, “Biografía”, xuño 2000, p. 10.

Tras salientar o pulo que están adquirindo as biografías de persoeiros galegos publicadas tanto en colecciónes coma en obras soltas, lóase o acerto de editar a biografía *Florencio Delgado Gurriarán. Vida e obra dun poeta valdeorrés, republicano e galeguista* (1999), de Ricardo Gurriarán. Menciónase a coidada documentación na que se basea este volume. Asemade, dáse conta da repercusión que tivo o primeiro libro do autor entre críticos e amigos. A continuación, saliéntase algunha das características da súa poesía como son a importancia da paisaxe natal e dos topónimos valdeorreses, e a súa voz comprometida coa defensa duns ideais. Elóxiase tamén o labor levado a cabo por Gurriarán en diversos proxectos culturais e xornalísticos. Por último, deféndese que esta obra trae “unha visión, xa definitiva, da personalidade e da andaina vital do poeta valdeorrés”.

_____, “As doce e sereno”, *Grial*, nº 147, Tomo XXXVIII, “Libros”, xullo-agosto-setembro 2000, pp. 516-519.

Lembra, inicialmente, a traxectoria de Manuel Guede dentro do teatro e da literatura galega e a relación que toda a súa obra mantén coa capital das Burgas. Despois de se referir ao tratamento literario de que foi obxecto a cidade de Ourense, comenta a relación que mantén este novo poemario de Guede coas obras anteriores, e a influencia expresa de Shakespeare e Blanco Amor que recibe neste. Caracteriza tamén *As doce e sereno* pola presencia da memoria histórica, ademais da memoria do pai, polo ton elexiaco e polo carácter metaliterario.

_____, “Editorial Galaxia. 50 anos de cultura galega”, *Auria (Revista mensual de Caixanova*), nº 42, “Efemérides”, outubro 2000, pp. 24-25.

Comézase identificando algúns dos integrantes da foto da asemblea inaugural da Editorial Galaxia, feita no restaurante do Hotel Compostela en 1950. Despois, faise un percorrido pola historia da Editorial Galaxia. Sinálanse os homes fundamentais para a súa creación, a súa importancia para a orixe da Nova Narrativa Galega, as súas principais publicacións e remátase indicando a presencia ourensá na editorial viguesa, dende o seu actual director, Carlos Casares, ata a “longa ringleira de autores ourensáns que publican ou publicaron as súas entregas en Galaxia”.

Valencia, Pablo, “Teatro do Alvardán”, Casahamlet, nº2, “Compañías”, maio 2000, pp.40-41.

Alude ás orixes do Teatro do Alvardán, apuntando como precedente seu o Grupo de Titiriteiros do Norte. Sinala, así mesmo, os seus principios e as actividades que levaron a cabo, concluíndo coa esperanza de nun futuro estar na “cima”.

Vallés, Ana, “Espacios de creación con buena salud”, *Primer Acto*, nº 282, “Teatro alternativo. Galicia”, xaneiro-marzo 2000, pp. 52-53.

Nestas liñas defínese o que se entende por teatro alternativo e despois asegúrase que foi dentro deste onde a creación escénica española dos dous últimos anos estivo máis viva. Respecto ao teatro alternativo galego, con dúas salas en Santiago, di que a súa incidencia a nivel local é enorme, pero que a incidencia nos medios de comunicación estatais é custosa e difícil. Conclúese que as salas alternativas como espacios para a creación gozan de boa saúde.

Vázquez, Pura, “O meu Salto do Can”, *El Liceo*, nº 1, xaneiro 2000, pp. 28-29.

Láiase que sendo Ourense terra de poetas ningún deles lle teña dedicado a súa atención ao lugar “máis fermoso de toda a cidade de Ourense”, ao Salto do Can, que foi o barrio de nena de Pura Vázquez. Afirma que Otero Pedrayo lle contou que Paz Nóvoa logrou que non cortasen os piñeiros que coroaban este outeiro, dos que hoxe en día fican poucos por mor do “ensanche da cidade de Ourense”.

Vázquez Paz, Carmela, “Tucho Calvo. *Luz de abrente*”, *Interesarte*, nº 7, “Libros”, 2000, pp. 48-49.

Comeza sinalando que o autor non bota man das técnicas experimentais nesta novela como fixera anteriormente, senón que estamos ante unha “metáfora do acto creador, da relación entre o autor e a súa obra”. Explica que a vida do protagonista, o escritor Antón e a súa muller, se confunde coa do protagonista da súa novela e “alter ego” seu, Urx, o mesmo que o propio espacio que habitan. Apunta que esta simbiose entre o real e o imaxinario é unha forma de ver a farsa que é a vida e a literatura, á vez que unha homenaxe a Álvaro Cunqueiro. Conclúe que é a busca da felicidade a través da literatura á vez que unha reflexión sobre a literatura a través da creación de literatura.

Vázquez Souza, Ernesto, “Ramón Suárez Picallo, aínda no exilio”, *A Trabe de Ouro*, nº 43, “Cuestións”, Tomo III, Ano XI, xullo-agosto-setembro 2000, pp. 303-318.

Reproducción dun artigo de Ernesto Vázquez Souza que foi parcialmente publicado en *A Nosa Terra*, nº 819, o 26 de febreiro de 1998, co título “Un informe secreto de Ramón Suárez Picallo descrebe as diferencias do galeguismo do interior e o exílio”. Nel alúdese á documentación entregada por Valentín Fernández nos anos setenta á Real Academia Galega. Informa que nesta documentación había unha serie de cartas mecanografadas e o manuscrito de *Arada e seitura. Lembranzas líricas e patrióticas*, de Suárez Picallo. A seguir, reprodúcense dous textos titulados “O Consello de Galicia. Orixen. Composición. Siñificado. Propósitos. Recoñecemento. Relaciós. Aituación” e “Relacións entre galeguismo do Plata e un núcleo do Galeguismo aituante en Galicia”. Para rematar, ofrécese unha ampla “Nota biográfica” de Suárez Picallo.

Velo, Xosé, “Exhortación”, *Cachiquimbra*, nº 4, xaneiro 2000, p. 13.

Artigo de xinea lírica e composición de evocadores sentimentos e actitudes coa “Alba de Gloria” de Castelao, en que se trata de contar as grandezas de Galicia, a postración á que foi sometida secularmente e a necesidade da redención política. Entre outros elementos, refírese aos trobadores medievais, aos poetas do Rexurdimento literario galego, aos escritores e promotores culturais e políticos do primeiro cuarto de século.

Ventura, Joaquim, “O discurso dos perdedores”, *Guía dos libros novos,* nº 14, “Narrativa”, xaneiro 2000, nº 14, p. 22.

Segundo nos conta Joaquim Ventura *Os fillos do río* é o libro póstumo de Antón Risco que foi finalista do IXº Premio de Narrativa Torrente Ballester. Comenta que nel homenaxea ao seu pai que é colega dos faladoiros do protagonista D. Ricardo. O valor desta narración é o discurso narrativo de solidariedade entre varios perdedores da sociedade: Fátima, Raúl e Loliña, cada un cunha triste historia que contar, que axudan a Pedriño, neno orfo portugués e negro que sobrevive gracias á súa axuda. O articulista ve erros no tratamento das linguas galega e portuguesa nos personaxes, pero en xeral considéraa de gran calidade e así o entendeu o xurado.

_____, “Misterios cotiáns”, *Guía dos libros novos*, nº 16, “Narrativa, marzo 2000, p. 22.

Analiza a lingua e a psicoloxía dos personaxes presentes no libro de Xerardo Quintiá *Unha soa man e outros intres* (1999), uns antiheroes que se poderían identificar claramante con calquera ente da realidade social tales coma un home que rexeita o seguro que lle ofrece un vello colega de estudios, unha muller que anda a pasear o can ou unha ama de casa novata ao volante; así como a estratexia empregada polo autor para manter o interese do lector ao longo da lectura de toda a obra.

_____, “Amargura do sentido do humor”, *Guía dos libros novos*, nº 17, “narrativa”, abril 2000, p. 22.

Describe a tipoloxía dos nove relatos contidos no libro de Xosé Luís Martínez Pereiro, *Breviario de calamidades* (1999), obra de literatura de humor na que o narrador, omnisciente, xoga coas desgracias alleas, e analiza os puntos en común a todos eles: a presencia constante do sexo e da morte; os xogos de palabras, que se ben engaden unha carga de comicidade á circunstancia dos personaxes, distraen a atención do lector verbo do fío protagonista, e as notas de erudición, como a presencia de títulos e frases en latín ou en alemán, nas que segundo o articulista comete erros como caer en falsas etimoloxías.

_____, “Contos da derradeira épica”, *Guía dos libros novos*, nº 22, “Narrativa”, outubro 2000, p. 24.

Comeza eloxiando as traduccións por consideralas un factor normalizador, por permitir nalgúns casos mellorar o acervo léxico dunha lingua, e por achegar os clásicos a certos lectores. Loa o labor levado a cabo neste eido pola editorial luguesa Tris Tram. Fai tamén unha breve presentación do escritor norteamericano Jack London e dos relatos que podemos atopar na publicación *Contos*, sacada do prelo pola editorial Tris Tram en 1999. Define os contos como “historias da derradeira épica que coñeceu o home branco”. Refírese á importancia que nas narracións ten tanto a loita do home contra unha natureza salvaxe coma o contacto entre dous mundos e dous xeitos de ser totalmente diferentes. Conclúe animando a outras editorias a continuar coa traducción das obras deste autor.

Vez Vilar, Víctor, “Rodolfo López-Veiga Ponte, actor, director, dramaturgo. Unha vida enteira entregada ó teatro”, *Revista Galega de Teatro*, nº 22, xaneiro-marzo 2000, pp. 53-57.

Fai un percorrido pola vida profesional de Rodolfo López-Veiga Ponte, un home consagrado por completo ao mundo do teatro, xa ben fora como director, escritor ou actor. Así pois, tenta lembrar a andaina teatral deste dramaturgo, agora que se cumpre o primeiro cabodano da súa morte, dividíndoa en tres etapas: a época universitaria co Teatro Español Universitario (1950-1960), a etapa como director de “Teatro Galego da Agrupación Coral Cantigas e Agarimos” e a última na que o dramaturgo estivo encargado do grupo ATIDE das Aulas da Terceira Idade de Santiago de Compostela.

Vidal Estévez, Engracia, “Libros chegados á redacción”, *Encrucillada*, nº 116 (xaneiro-febreiro), nº 117 (marzo-abril), nº 118 (maio-xuño), nº 119 (setembrooutubro), nº 120 (novembro-decembro), 2000, pp. 108-111, pp. 116/228-118/230, pp. 100/332-103/335, pp. 115/451-116/452 e pp. 540/88-541/89, respectivamente.

Ofrece breves recensións das últimas novidades editoriais que chegaron á redacción da revista *Encrucillada*. No número 116 refíresea *Arco da vella*, de Antonio Cerviño Loura; *Boletín de sumarios*, de VV. AA; *Libro de notas de Álvaro Pérez, notario da terra da ría de Rianxo e Postmarcos*, de Francisco R. Tato Plaza; *Fundamentos antropolóxicos da obra de Castelao*, de Anxo González Fernández; *Afirma Pereira*, de Antonio Tabucchi; *Círculo vicioso*, de Manuel de Pedrolo; *Alguén rouba a lúa*, de Enjamio; *Teatro feroz*, de Gloria Sánchez; *¿Onde está o nariz de Pinocho?*, de Carlos Cano; *Lapadoiras, Sacaúntos e Cocón*, de Marilar Aleixandre; *O paxaro no corno do touro*, de Joxán Ormazabal; *Hoxe cumpro seis anos*, de Mª Antonia Savall; *¡Vaiche boa!*, de Paul Jennings; *Homenaxe ó profesor Manuel Quintáns*, de VV.AA; *Diccionario Latín-Galego*, de José Carracedo Fraga; *Normal, diferente*, de Kristina Dunker; *Informe de literatura 1998*, de VV. AA. e *Alfonso Daniel Castelao*, de Manuel Rei Romeu. No número 117, *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao; *Prosas recuperadas. O periodismo de Manuel Murguía. Antoloxía básica* e *A loita pola vida (1833-1923). Conflictos e tenruras de Manuel Murguía*, ambos de J. A. Durán (ed.). No número 118, *Non volvas*, de Suso de Toro; *A canción de Concerto*, de VV. AA.; *A carón do lume*, dos alumnos do Real Seminario Santa Catalina de Mondoñedo; *Refraneiro galego*, de Xesús Taboada Chivite; *Fraseoloxía do mar na Mariña luguesa*, de Paco Rivas; *A Gaita Gallega*, de VV. AA.; *A burla do galo*, de Roberto Vidal Bolaño e

No noso bosque convosco, de Lois Vázquez. No número 119, *A cultura popular de tradición oral nos centros de terceira idade*, de VV. AA.; *Textos para a historia das mulleres en Galicia*, de VV. AA.; *Manuel Mera, a paixón militante*, de Xan Leira; *O bandido Casanova*, de Hixinio Puentes; *Cita na Habana*, de Fran Jaraba e *M-Talá*, de Chus Pato. Por último, no número 120, *Calígula*, texto de Albert Camus.

Vidal Villaverde, Manuel, “Xornalismo literario ou a metáfora do mar”, *A Trabe de Ouro*, nº 43, “Crónica”, Tomo III, Ano XI, xullo-agosto-setembro 2000, pp. 411-413.

Reprodúcese unha comunicación pronunciada por M. Vidal Villaverde no marco das Xornadas de Literatura e Xornalismo celebradas na Facultade de Xornalismo de Santiago de Compostela. O autor afirma que Dante Alighieri é o pai do denominado xornalismo literario; reflexiona sobre a prosa “evidente e xornalística” de Larra; menciona as “dignísimas columnas” de Valle-Inclán; alude ao “enriquecemento” co que Cunqueiro dotou ás páxinas das revistas e xornais nos que colaborou; cita a “prosa fluvial” de Fole, a “prosa beatífica” de Trapero Pardo, os traballos de Borobó ou as colaboracións de Xosé María Castroviejo.

Vieites, Manuel F., “Movemento surrealista e acción teatral”, *Guía dos libros novos*, nº 14, “Teatro”, xaneiro 2000, p. 30.

Achega o libro de Xesús González Goméz *Teatro e Surrealismo* e di que, ao seu ver, é mellor falar de teatro e surrealismo ca de teatro surrealista. Dentro deste tipo de teatro remítenos á obra de *The Days Before* de Bob Wilson e di que tamén hai que ter en conta ao denominado ‘perfomance’ coa orixe nos futuristas italianos e o movemento Dadá dentro das experiencias escénicas dos surrealistas. Desta obra, *Teatro e surrealismo*, dá un resumo (perspectiva xeral de situación teatral en Francia, experiencias Dadá, experiencias surrealistas, performance, movemento surrealista checo e os seus epígonos e apéndice con exemplificación) onde bota en falta a posíbel pegada do movemento surrealista en Galicia, en Cunqueiro e Otero Pedrayo.

_____, “A procura dun teatro esquecido”, *Guía dos libros novos*, nº 15, “Teatro”, febreiro 2000, p. 28.

Comenta dous libros, a *Poética*, de Aristóteles, traducido en 1999 por Fernández González Muñoz, e *O desfile das Virtudes*, traducido tamén en 1999 por Xosé Carlos Santos Paz. Fai unha disertación sobre a confusión entre “productos literarios” e “productos escénicos” dicindo que esta deriva da interpretación (dogmática e acrítica vs outra máis ampla) que se faga da *Poética* de Aristóteles. Salienta os traballos de Theodore Shank e Chistopher Innes e no eido español Ángel Gómez Moreno e Julio I. González Montañés. Fala tamén da actividade teatral en Bizancio e do traballo de Eva García Caridad *Introducción al teatro latino mediaval* que nos ofrece unha mostra do teatro eclesiástico nos mosteiros e comenta a interpretación de Luís de Tavira para quen todo está na *Poética* entendendo que se o teatro “transforma o mundo”, iso acolle tanto productos literarios coma productos escénicos.

_____, “Tres cuartillos non fan ferrado”, *Guía dos libros novos*, nº 16, “Teatro”, marzo 2000, p. 28.

Faise unha proposta das liñas editoriais a seguir no campo da literatura dramática, para que estean en consonancia coas posíbeis necesidades e intereses do público lector e na que se teñen en conta dende a adapatación ás distintas titulacións que configuran as tres especialidades da Escola Superior de Arte Dramático, ata a panorámica da literatura dramática universal, a versión e adaptación de textos clásicos e a normalización lingüística, e establece unha serie de consideracións, que resultan igualmente aplicábeis a outras versións publicadas con anterioridade por outros dramaturgos, que ofrecían virtudes similares pero que presentaban as mesmas problemáticas e carencias, á adaptación que da obra de Edmon Rostand, *Cyrano de Bergerac*, fixeron en 1999 Paulino Pereiro e Francisco Pillado, unha adaptación na que non se consideraron todos os elementos significativos da obra de Rostand, co que a acción cobra un indubidábel dinamismo debido á ausencia dunha serie de derivacións secundarias que, sen embargo, engadían unha enorme riqueza ao orixinal.

_____, “Creación dramática e normalización teatral. Unha lectura politicamente incorrecta”, *Revista Galega de Teatro*, nº 22, xaneiro-marzo 2000, pp. 33-36.

Reivindica a importancia da calidade textual e do autor teatral no desenvolvemento da dramaturxia galega, a cal cualifica de “precaria”. Solicita que se poñan en funcionamento as “medidas que permitan promover unha maior promoción da escrita”, potenciando a crítica e a investigación. Así mesmo, apunta a necesidade “dunha maior división do traballo e dunha maior especialización” para acadar unha óptima mellora do noso teatro.

_____, “Límites e desafíos do texto”, *Guía dos libros novos*, nº 17, “Teatro”, abril 2000, p. 27.

Fala dalgúns dos diferentes traballos publicados arredor das novas tendencias da dramaturxia posmoderna, entre os que destacan os de Eduardo Pérez-Rasilla e Manuel Lourenzo e Xesús Pisón no ámbito galego, autores que neste sentido teñen explorado a proposta de tratamento da materia dramática na obra de Miguel Sende, escritor que sinala que marca unha dirección necesaria na nosa literatura dramática, que aos poucos se vai enchendo de rexistros, de tendencias e de liñas diverxentes. Refírese ás obras deste autor como *Á alba comigo vivir* (1986) e *Ninguén chorou por nós* (1999).

_____, “Otero Pedrayo, o teatro e a posmodernidade”, *Guía dos libros novos*, nº 18, “Teatro”, maio 2000, pp. 26-27.

Partindo da obra *O fidalgo e o teatro. Tres textos dramáticos de Ramón Otero Pedrayo*, editado por Xosé Manuel Sánchez Rei en 1999, destácase o feito de que o teatro non fose unha das preocupacións centrais nin de Otero Pedrayo nin de Castelao. Así, cualifícase a escrita dramática de Otero de “circunstancial e periférica na súa obra literaria”. Esta afirmación non impide que se destaque a calidade dos textos teatrais do autor ourensán. Tamén se fai referencia a temática centrada no Antigo Réxime e o seu contraste con certos trazos posmodernos presentes nas obras dramáticas. Ademais, dáse conta do “enorme peso do *culturalismo*” que loita coas “súas singulares e premonitorias intuicións”. Finalmente, menciónanse as tres pezas que se inclúen neste volume –*Diálogos na néboa*, *O fidalgo e a noite* e *Traxicomedia da noite de Santos*–, para rematar analizando algúns aspectos temáticos desta última obra.

_____, “Teatro incerto e un país por facer”, *Guía dos libros novos*, “Teatro”, nº 18, maio 2000, p. 28.

Neste comentario sobre o volume *Historia do teatro galego* (1999), de Laura Tato Fontaíña, reflexiónase sobre a situación que viviu o teatro galego dende as súas orixes ata 1939. Deste xeito, ponse de manifesto a relación existente entre o renacer cultural, o proceso de “construcción nacional” e o desenvolvemento do teatro en Galicia. Tamén se fai referencia ao feito de que o público dese teatro estivese tanto nas vilas como nas aldeas, e que os seus creadores e defensores pertencesen aos intelectuais da burguesía vilega. Asemade, confróntanse as distintas situacións polas que pasaron o teatro irlandés e o galego. Por último, cualifícase este volume de “traballo preciso, documentado e sumamente útil para coñecer o proceso de construcción dun teatro propio nun país aínda en obras”.

_____, “Xesús González Gómez. *Teatro e surrealismo*”, *ADE Teatro*, nº 80, “Libros”, abril-xuño 2000, p. 218.

Tras referirse a outro traballo do mesmo autor, *Manifestos das vangardas europeas* (1995), do que lembra brevemente o seu contido, comenta esta nova publicación de Xesús González Gómez e ofrece un percorrido polos contidos do libro. Destaca que a súa temática central está construída na mostra de diversos autores que anteceden, desenvolven ou prolongan o movemento surrealista. A seguir, cita algúns dos autores recollidos no libro, tanto franceses coma checos e finalmente cualifica ao libro de “interesante, de lectura fluída”, aínda que bota de menos o feito de non ter incluído algunhas consideracións sobre a creación ou a realización dramática no ámbito do teatro español, galego ou catalán do ideario surrealista.

_____, “Unha maquinaria complexa”, *Guía dos libros novos*, nº 19, “Teatro”, xuño 2000, p. 29.

Destácase a influencia de Platón neste volume de Alain Badiou, *Ahmed alporízase. Comedia en catro movementos*, que foi traducido ao galego en 1999. Tras defender a postura deste autor oposta á de Platón, Rousseau ou Jovellanos, saliéntase a necesidade de elaborar unha “filosofía do teatro”. Tamén se destaca a inclusión do diálogo polemista e do “teatro dentro do teatro” nesta peza dramática. Así mesmo, fálase da importancia de ser un lector atento para comprender ben o texto. Por último, resáltase o acerto do autor ao “formular un discurso crítico non convencional nin sometido ó canón oficial”.

_____, “¿Teatro de arte, teatro de vangarda ou teatro popular? Algunhas reflexións para o estudio do ideario teatral de Castelao”, *Grial*, nº 146, Tomo XXXVIII, abrilmaio-xuño 2000, pp. 189-230.

Este longo artigo sobre a actividade teatral de Castelao está estructurado en catro partes ademais dunha introducción inicial e unhas conclusións finais. Faise eco, inicialmente, da “mediatización” que segue a padecer na actualidade a figura de Castelao e que impide a comprensión axeitada das confesións feitas polo rianxeiro no *Diario 1921*. A seguir, describe o proceso de xestación e a evolución do “teatro de arte” en Europa e en España a finais do século XIX e dá conta dos principais protagonistas desta renovación. No seguinte analiza a chegada das vangardas á dramaturxia, destacando as obras de Alfred Jarry e de Tomasso Marinetti. Ademais das dúas liñas de forza, anteriormente descritas, achégase tamén a “outros divertimentos e propostas escénicas”, que estarían moi influídas polas manifestacións teatrais populares, de entre as que destaca as obras de Nikita Baliev. Xa centrado na obra de Castelao, destaca Manuel

F. Vieites que a intención do autor de *Os vellos non deben de namorarse* é a construcción dun teatro nacional galego como “unha síntese artística entre as diversas linguaxes escénicas” que o aproximarían ao “teatro de arte” e ao teatro popular, pero que o afastarían das correntes máis vangardistas do momento.

_____, “Laura Tato Fontaíña. *Historia do teatro galego (das orixes a 1936)*”, *ADE Teatro*, nº 81, “Libros”, xullo-agosto 2000, pp. 218-219.

Despois de analizar a situación do teatro e a literatura dramática como instumentos para a acción social na construcción nacional en países como Polonia, hungría o Irlanda, considera que Galicia non foi allea ao proceso de reconstrucción nacional polo que na segunda metade do século XIX e o primeiro tercio do XX, existe un amplo corpus textual que serve para deixar claro cál era o modelo de sociedade que se formulaba dende o nacionalismo galego. Por iso, saúda a publicación da profesora Laura Tato, na que se analiza o proceso de xénese e desenvolvemento do teatro galego inserido nese período, e pon de relevo a súa utilidade para o coñecemento da intrahistoria do teatro galego nun momento de “singular importancia para a su posterior recuperación y evolución”.

_____, “¿Ten futuro o teatro galego?”, *Guía dos libros novos*, nº 21, “Teatro”, setembro 2000, p. 29.

Comentario da obra de Pedro Pablo Riobó, *O teatro galego contemporáneo (1936-1996)*, no que reflexiona sobre o estado de precariedade que caracteriza ao teatro galego actual. Remóntase vinte anos atrás e recórdanos como o voluntarismo suplía á cualificación profesional. Sinala tamén a necesidade de cambiar o modelo actual para poder superar a precariedade e para que o teatro chegue á cidadanía. Considera que o libro de Pedro Pablo Riobó é unha mostra do que está a dicir. Valórao por ser “unha exploración inicial dun territorio aínda por historiar”. Finalmente, presenta o libro como un instrumento imprencindíbel para afondar na situación do teatro galego.

_____, “Fame de sangue”, *Guía dos libros novos*, nº 22, “Teatro”, outubro 2000, p. 28.

Considera que a obra de Ruibal, *O son da buguina* (1999) non é a reconstrucción, senón a recreación do crime dun home que matou a súa sogra, a súa cuñada e a súa muller. Pon en relación os feitos descritos na peza teatral cos descritos por Robert Louis Stevenson en *Dr. Jekyll e Mr. Hyde*, cos estudios de Bruno Betteelheim, e co comportamento do psiquiatra Aníbal Lecter, personaxe que parece achegar o sentimento de arrepío ao fascinamento. Comenta tamén, seguindo as ideas de David Cooper e Donald R. Laing, a importancia que a presión social pode ter para explicar certas psicopatoloxías. Finalmente, loa a incerteza e misterio que nace da capa de néboa que envolve algúns dos feitos presentados por Ruibal.

_____, “Un texto inaugural na dramática galega”, *Guía dos libros novos*, nº 23, “Teatro”, novembro 2000, pp. 29-30.

Comézase recordando a escaseza de manifestacións literarias en galego no século XIX, destacando así a importancia da obra *A casamenteira*, de Antonio Benito Fandiño. Tras facer un breve resumo dos feitos máis relevantes da vida deste autor, analízanse os acontecementos que rodearon a creación da citada obra. Faise referencia tamén á súa relación con outras producciónns teatrais de carácter popular do século XIX. Asemade, deféndese a tese de que a obra de Bieito Fandiño satisfacía “as necesidades dunha corrente teatral popular e marxinal”. Saliéntase, ademais, a finalidade didáctica da obra. Por último, elóxianse os traballos de Xosé Ramón Barreiro, Laura Tato Fontaíña e Carmen Blanco, que acompañan nesta edición o texto teatral.

Vilavedra, Dolores, “Apuntes para unha relectura de “Tecín soia a miña tea”, *Revista de Estudios Rosalianos*, nº 1, “Encontros”, 2000, pp. 107-111.

Breve achega ao poema “Tecín soia a miña tea” incluído en *Follas Novas* de Rosalía de Castro, comezando por explicar o contexto da obra no que se integra esta composición na que unha muller expresa os seus sentimentos de soedade orixinados pola emigración do home. Sinala a desorde que aparece na obra pola precipitación para publicala e relaciona algúns dos seus poemas como partes dunha serie que versa sobre a mesma temática da soedade producida pola emigración, explicando o significado que adquire cada un destes poemas, e considera que hai nesta literaturización do sentimento de abandono feminino moito de experiencia propia da autora. Tamén se achega á lingua e á estructua do poema, destacando da primeira a pouca sistematicidade que adopta a autora e da segunda os paralelismos, as personificacións ou a ruptura rítmica que adianta a desolación final. Conclúe que hai nesta composición de Rosalía moito de Penélope e achégase á presencia deste mito dentro da obra doutras escritoras galegas como Xohana Torres en *Tempo de ría* (1992) ou Chus Pato en *Nínive* (1996).

Villalaín, Damián, “Penurias e debilidades”, *Tempos Novos*, nº 37, “Entregas Culturais”, xuño 2000, pp. 62-65.

Afírmase que o futuro do libro galego estará condicionado polas novas tecnoloxías e o grao de normalización que acade a lingua. Aínda que Galicia é unha das comunidades onde máis libros se compran, segue existindo “un afastamento entre o libro galego e a maioría dos lectores”. Opina que o mercado que existe depende moito do ensino, feito que demostra que non está normalizado. Considera responsabilidade de autores, editores, profesores e autoridades educativas que non haxa prexuízos respecto á lectura en galego. Destácase, ademais, que certos establecementos comerciais e a TVG non teñen interese na promoción do libro galego.

Villanueva, Darío, “A carta socrática de Ramón Piñeiro”, *Grial*, nº 146, Tomo XXXVIII, abril-maio-xuño 2000, 2000, pp. 179-182.

Comeza este artigo felicitando aos promotores da publicación do Epistolario de Ramón Piñeiro e á revista *Grial* pola publicación de nove cartas no seu número 111. A seguir, e despois de lle comprobar nesas cartas certas funcións da linguaxe, caracterízaas por ser “esencialmente socráticas”. Opina que Piñeiro convidaba os seus interlocutores ao diálogo e esta característica era observada polos seus correspondentes como Rodolfo Prada ou Celestino Fernández de la Vega, de quen reproduce cadanseu fragmento.

Villar, Miro, “A poesía de Avelina Valladares”, *Grial*, nº 147, Tomo XXXVIII, “Libros”, xullo-agosto-setembro, 2000, pp. 522-524.

Lembra, inicialmente, o importante traballo de recuperación de textos que leva a cabo Edicións Fouce, unha editorial relacionada co SLG-CCLL. Despois de repasar os títulos publicados, céntrase neste volume que recupera a obra de Avelina Valladares, esquencida durante moito tempo. Informa do contido dos capítulos introductorios e bota a faltar un apartado bibliográfico específico, ademais da ausencia de referencias ao artigo “A poetisa Avelina Valladares. Lembranza e novos datos”. Encontra moi acertado o epígrafe destinado á biografía e considera que o editor, Xosé Luna Sanmartín “non anda moi atinado na estructuración do seu traballo”, sobre todo na análise da obra poética.

Villaverde, Mª Victoria, “Lois Tobío, tan galego e tan amigo”, *Galicien Magazin*, nº 10, “Varia”, decembro 2000, pp. 26-27.

Fala Mª Victoria Villaverde da súa relación de fonda amizade con Lois Tobío e a súa familia, aos que coñeceu no exilio a partir da celebración do Iº Congreso da Emigración Galega (Bos Aires, 1956). Informa que Lois Tobío, que vivía entón exiliado en Montevideo, foi encargado de preparar o temario, o regulamento e o Manifesto deste congreso. Salienta outras actividades desenvolvidas por el no exilio. Comenta que unha vez voltados a Galicia, xa nos tempos da democracia, continuaron os tratos entre ambas familias, e foi Lois Tobío quen presentou na Galería Sargadelos de Madrid *Era tempo de apandar*, de Ramón de Valenzuela, home de Mª Victoria Villaverde.

Von Morzé, Dunja, “Eine Analyse der Figur der *meiga* in der galizischen Literatur des 20. Jahrhunderts”, *Galicien Magazin*, nº 10, “Examensarbeiten”, decembro 2000, p. **37**.

A autora expón a súa tesiña presentada na Universidade de Trier no 2000, na que estudiou a figura da meiga na literatura galega do século XX, en concreto en relatos de A. Cunqueiro, A. Fole e X. L. Méndez Ferrín. Conclúe que os tres autores empregan a idea tradicional de meiga, se ben o tratamento que cada un lle dá é ben diferente.

X. G. G., “O espello no serán”, *Grial*, “Libros”, nº 147, Tomo XXXVIII, xullo-agosto-setembro, 2000, pp. 513-516.

Esta recensión da obra de Otero Pedrayo do mesmo título está centrada na relación que mantivo o escritor ourensán con Santiago. Comeza aludindo ás razóns técnicas polas que este autor “se sentiu incapaz de face-la grande novela sobre Compostela”, para lembrar, a seguir, que boa parte da súa obra está vencellada á capital galega, “unha Compostela soñada (...) e real á que compre dotar dunha simbólica, dunha verdade, dun destino...”. Despois de comentar as característica da prosa oteriana, céntrase nesta edición realizada por Xosé Manuel Salgado, da que salienta o carácter unitario, así como a lóxica e a coherencia interna. Finalmente, considera que a cidade antedita representa para Otero a utopía e a “victoria sobre a morte”.

V. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica. Biografías. Crónicas

V.5. Publicacións en xornais: estudios e recensións.

Araguas, Vicente, “Regandixa do silencio”, *El Correo Gallego, “Correo das Culturas”,* nº 8, 7 xaneiro 2000, p. 3.

Presenta a Medos Romero e dinos que ten un futuro poético prometedor, despois de ler a súa primeira obra lírica, *Ámome en por min* (1999). Afirma que detrás deste poemario está o paisaxismo intimista ao xeito de Uxío Novoneyra, e que temos tamén nesta autora o dominio da linguaxe enxebre; e todo isto cun enfoque intimista e radical. Araguas di do libro que “resulta chamativo conceptualmente e esteticamente moi acertado”.

_____, “Entrar en materia”, *El Correo Gallego*, *“Correo das Culturas”*, nº 9, 14 xaneiro 2000, p. 3.

Presenta o libro *O outro lado da música, a poesía* (1999), de Luísa Villalta. Indica que esta poeta e musicóloga vai mostrando a relación entre a música e a literatura galega nas súas distintas etapas e autores. Araguas cualifica este libro como “traballo rigoroso e concienciudo dunha escritora que deixa moi pouco á improvisación”.

_____, “A bilingual edition”, *El Correo Gallego*, *“Correo das Culturas”*, nº 10, 21 xaneiro 2000, p. 2.

Lóase o labor do profesor ourensán Luciano Rodríguez pola edición traducida ao inglés de tres poetas galegos: Xulio L. Valcárcel, Pilar Pallarés e Ramiro Fonte, na escolma titulada *Galician generation of the eighties* (1999). Araguas indica tamén que a literatura galega chegou case á normalidade, debido a que na poesía foron varias as escolmas que se deron a coñecer noutros idiomas “sen ter que pasar pola alfándega do castelán”.

_____, “Historia e intrahistoria”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras”,* nº 298, 27 xaneiro 2000, pp. 6-7.

O autor introdúcenos no libro *Hóspedes do medo* (1999), de Anxo Franco. Comenta que esta novela, accésit do Xº Premio de Novela Manuel García Barros, está ambientada no Ferrol prebélico, no da Guerra Civil e no da posguerra, nos que espacio e tempo se mesturan personaxes ben coñecidos con outros anónimos e disto resulta “un conglomerado valente, ameno, e ás veces brillante, escrito cunha linguaxe na que aparecen modismos ferroláns”.

_____, “Lino Braxe: poeta e narrador”, *El Correo Gallego*, *“Correo das Culturas”*, nº 11, 28 xaneiro 2000, p. 3.

Despois de facer unha gabanza do polifacético Lino Braxe, preséntanos dous dos seus libros: un de poesía e outro de relatos. Afirma que o seu poemario, *O sangue dos árabes* (1999), é un gran poema narrativo xa que todos os textos son evocacións ou reivindicacións “a prol dunha paisaxe humana, palestina, saharauí...” O seu libro de relatos, *A cor do ceo* (1999), “é un libro de viaxes e ensoñacións” no que introduce poemas do libro anterior. Así pois, como di Araguas, Lino Braxe é “dos que poetizan ao escribir prosa, ou narran ao facer poemas”.

_____**,** “Unha antoloxía significativa”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 13, 11 febreiro 2000, p. 3.

Despois de lamentar o feito de que nas antoloxías e estudios de poesía recentes non se escolmen autores do exilio, presenta o libro *Alén do azul* (1999), de Xosé Lois García, no que se inclúen doce poetas con presencia continuada en Cataluña. Coméntase o acerto da inclusión destes poetas na antoloxía, moitos deles son “xente da máis competente á hora de facer poemas”. Sen embargo hai un deles, Labarta Pose (1863-1932), que segundo o artigo, non engade nada ao espírito ou significación da antoloxía.

_____**,** “Lira erótica”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 15, 25 febreiro 2000, p. 3.

Dáse conta do libro *O lume vital de Claudio Rodríguez Fer* (1999) de Olga Novo. Considera que esta autora recolleu e estudiou con rigor os poemas eróticos que Rodríguez Fer publicou en distintos libros dende 1979 ata 1997. Opina que Olga Novo descobre nesta antoloxía unha poesía variada a pesar do ton aparentemente único.

_____, “Os *versos para Aurora* de Andrés Pociña”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 18, 17 marzo 2000, p. 3.

Considera o articulista que o comezo de Andrés Pociña na poesía, coa publicación do volume *Versos para Aurora* (1999), é excesivamente tímido, pero ten calidade para “satisfacer a quen gusta da poesía erótica en estado virxinal”. Salienta tamén o namoramento que demostra o autor ao pensar os seus versos para Aurora López. De entre a ampla e variada gama de poemas que inclúe, salienta Vicente Araguas os titulados “Se eu fose muller” e “Fóra iconos das paredes”.

_____, “Celso Emilio”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 19, 24 marzo 2000, p. 3.

Comentario da edición facsímile de *Musa alemá* (1999), que comeza cunha descrición do contido desta traducción e adaptación de Celso Emilio Ferreiro e Antonio Blanco Freijeiro. Fai referencia Vicente Araguas á conservación dos trazos máis releventes nesta edición, dá conta da fortuna editorial da obra e sintetiza o prólogo de Aquilino Iglesia Alvariño.

_____, “Mesteres”, *O Correo Galego,* “*Revista das Letras*”, nº 307, 30 marzo 2000, pp. 4-5.

Comentario deste nova edición de *Mesteres* (1999), que se abre cunha referencia á importancia que tivo este poemario, xunto con *Seraogna* e *Con pólvora e magnolias* no cambio de rumbo que experimentou a poesía galega a finais dos anos setenta. Salienta que López–Casanova conseguise evitar o socialrealismo sen caer nun excesivo culturalismo. Opina Araguas que estamos ante unha poesía que “vai por libre, nun proceso único que é o que lle outorga esa singularidade e radicalidade”. Comenta os engadidos con respecto á edición de 1976, certos aspectos formais, e destaca, finalmente, os poemas “Mester do Exilio”, “Mester da Vixilia” e “Mester da Orfandad”.

_____, “Case todo Seoane”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 311, 27 abril 2000, p. 9.

Este comentario de *Don do horizonte* (1999) comeza cunha análise da importancia de Xavier Seoane dentro do panorama poético galego. Comenta Vicente Araguas as dificultades para adscribilo a unha xeración poética determinada, debido á súa prolongada traxectoria creadora así como á evolución que esta experimentou, ao pasar do culturalismo inicial a unha poética centrada na natureza e “ben enraizada desde un punto de vista telúrico ou desde outro artístico”. O autor da recensión bota a faltar neste volume algúns poemas de *A caluga do paxaro* (1979), poemario que cualifica como “aldrabada fortísima dun poeta que presentaba unha bandexa diferente”.

_____, “Como en Irlanda”, *O Correo Galego,* “*Revista das Letras*”, nº 319, 22 xuño 2000, pp. 6-7.

O autor parte da situación de Irlanda nas tres viaxes que fixo a este país (1976, 1985 e 1990), para irnos falando de como foi evolucionando o escritor Seamus Heaney ata gañar o Premio Nobel en 1995. Tamén daquela algúns se preguntaban por qué non o Nobel para Ferrín, pero como dicía Luísa Villalta “a Ferrín xa lle deran o Nobel cando llo deran a Heaney”. Ademais, como apunta Araguas, en Galicia “as cousas cada vez teñen menos que ver coas de Irlanda”, aspecto que xa deixa claro dende o principio ao expoñer que moitos escritores galegos manteñen viva a súa lingua, mentres que os escritores irlandeses cultivan a lingua da metópole.

Basanta, Ángel, “Crimen en Compostela”, *El Mundo, “El Cultural*”, 17 maio 2000, p. 13.

Comeza este artigo facendo referencia ás tres modalidades narrativas nas que se ten ocupado Carlos G. Reigosa: o conto e a novela curta; as reportaxes, crónicas e libros de viaxes, ademais das novelas. Detecta en todos eles unha forte pegada do xornalismo. De *Crime en Compostela* (1984) sintetiza o argumento e salienta que ensine e entreteña, ao mesmo tempo, por medio dunha “narración ágil y ligera”. Destaca a presencia de referencias históricas, mitos, lendas e tradicións compostelás, pero bota a faltar o ambiente universitario e a política autonómica.

Blanco Rivas, M., “A metáfora da Galicia que esmagou o fascismo”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 140, 15 xaneiro 2000, p. 4.

A novela *Pensa nao* de Anxo Angueira, gañadora do Premio Xerais 1999, aparece caracterizada como profundamente social. Nela cóntasenos, segundo Blanco Rivas, a historia dunha comunidade rural nos anos da República. Segundo Manrianela Álvarez Carregal, membro do xurado, o grande acerto desta obra foi romper o tópico do atraso do campo, xa que en *Pensa nao* aparecen os elementos máis progresistas xunto cos máis tradicionais desta comunidade rural. Outros aspectos que destaca da novela son a súa estructura, o seu ritmo uniforme e a entoación nos diálogos.

_____, “Hemingway e a súa relación con Galicia”, *Faro de Vigo*, *“El Sábado”,* nº 143, 5 febreiro 2000, p. 4.

Comenta que, malia que cando se relaciona a Hemingway con España sempre se pensa en Madrid e Pamplona, o certo é que o premio Nobel de Literatura coñecía tamén Galicia. Carlos Casares, na obra *Hemingway en Galicia*, analiza a relación do autor coa nosa terra, aínda que segundo o propio autor non é un libro de investigación senón a narración dunha aventura persoal. Considera que o libro, ademais de mencionar as viaxes do escritor, inclúe cartas súas tanto a familiares coma a escritores, todas relacionadas con Galicia.

_____, “Venturas e desventuras da emigración en América”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 144, 12 febreiro 2000, p. 4.

Preséntase *Crónicas Galegas de América*, unha serie de relatos sobre a emigración a América dende o último tercio do século XIX. As sesenta e cinco crónicas que Xosé Neira Vilas relata, apareceron publicadas bisemanalmente en *El Correo Gallego* entre 1998 e 1999. Considera que nestas crónicas, con estilo xornalístico e case telegráfico, aparecen mesturadas distintas datas e lugares de América. Ademais, informa que nas páxinas desta obra figuran persoeiros ben coñecidos xunto a outros que sen ser desa importancia forman parte da historia.

_____, “Castelao, edición do cincuentenario”, *Faro de Vigo*, *“El Sábado”,* nº 145, 19 febreiro 2000, p. 4.

Informa que con motivo do cincuenta cabodano da morte de Castelao, a editorial Galaxia publicará as súas obras completas. Neste artigo faise referencia ao primeiro volume, que contén a creación que se pode chamar literaria. Como se di nestas liñas pódese considerar a obra de Castelao inacabada, xa que as súas obrigas políticas privábano de tarefas artísticas e literarias. Pero a realidade é que xa fose pola súa obra, pola actividade política ou polo momento en que viviu, Castelao converteuse nun mito medio século despois da súa morte.

_____, “Unha visión da Galicia de principios de século”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 152, 8 abril 2000, p. 4.

Un fragmento da introducción de *Un verán en Galicia* no que a súa autora, C. Gasquoine Hartley, conta a sorpresa que lle causou a primeira visita ao noso país, abre este comentario que serve de presentación desta obra. Blanco Rivas describe o contido e destaca a amplitude de miras coas que esta escritora inglesa ollou Galicia.

_____, “Seis propostas para o vindeiro milenio”, *Faro de Vigo,* “*El Sábado*”, nº 154, 29 abril 2000, p. 4.

Informa sobre o contido de *Leccións americanas* salientado a presencia de conferencias e textos inéditos de Italo Calvino. En canto ás novidades que achega, destaca a tendencia a restar valor á estructura do relato, o aumento da velocidade mental, a aposta pola imaxinación e pola orixinalidade, etc. Finalmente, refírese Blanco Rivas á “Biblioteca de Panteno” da Editorial Kalandraka.

_____, “Contos e tradicións do folclore irlandés”, *Faro de Vigo,* “*El Sábado*”, nº 161, 17 xuño 2000, p. 2.

Informa que o irlandés Joseph Jacobs, un dos folcloristas máis importantes do século pasado, foi recollendo por distintos puntos de Irlanda relatos que soubo transmitir con toda a súa esencia. Comenta que a editorial Tris Tram foi a encargada de seleccionar e traducir algúns dos seus contos no volume *Contos populares irlandeses*, e que se atopan neste libro narracións épicas e sanguentas ao lado de historias infantís, relatos fantásticos e humorísticos. Todos eles posúen unha “divertida e fértil imaxinación que é patrimonio dos irlandeses”.

C. C., “Antoloxía da lírica galega”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 23, 28 abril 2000, p. 3.

Comentario sobre *A Canción de concerto* que se centra na explicación da fortuna deste xénero dentro da música galega e en dar a coñecer o contido deste volume. No que respecta á literatura galega, destaca a presencia de composicións de todas as épocas, dende cantigas de amigo ou cantigas de Santa María, ata textos de autores como Cabanillas, Cunqueiro, Rosalía e Curros.

C. V., “As dúas exclusións das mulleres na escrita”, *A Nosa Terra*, nº 950, “Guieiro Cultural”, 31 agosto 2000, p. 25.

A dedicación do último tomo da *Breve historia feminista de la literatura española* (2000) ás autoras galegas é o motivo da publicación deste artigo. Nel recóllese a síntese dos traballos achegados por Kathlenn March, Carme Blanco, Helena González, Mónica Bar e Camino Noia. Das tres primeiras destácase a importacia que lle conceden a Rosalía, ofrecendo dela unha lectura feminista e descolonizadora. Da colaboración de Mónica Bar saliéntase a análise do xénero dramático, un terreo no que a muller “é suxeito activo e transgresora de certos valores caducos imperantes”. Da análise de Camino Noia sobre a narrativa recóllese a conclusión, segundo a cal “a muller escritora en galego parte na sua tarefa criadora dunha dobre marxinalidade: xenérica e lingüística”.

Calvo, Tucho (coord.), “50 anos do pasamento de Castelao”, *La Voz de Galicia*, 9 xaneiro 2000, pp. 1-56.

Suplemento especial publicado coa intención de homenaxear a figura de A. R. Castelao no 50 aniversario da súa morte (1950-2000). Faise un percorrido polos diferentes aspectos que caracterizaron ao ilustre galeguista, de quen salientan o seu profundo compromiso con Galicia.

-Avelino Pousa Antelo, “Ronsel de Castelao”, p. 2.

Lembra cando coñeceu a Castelao e a “fonda pegada” que este deixou nel, destacando o seu talento como artista e, a súa valía e honestidade como político. Logo céntrase na Fundación Castelao e recorda cándo, quén e para qué se creou esta institución.

-Francisco Fernández del Riego, “Un galego quimicamente puro”, p. 3 .

Tras confesar a súa admiración e “paixón” pola figura de Castelao, salienta deste a súa condición de “extraordinario patriota galego”. Sinala que o egrexio rianxeiro, galeguista ata o final, soubo comprender e sentir coma ninguén todo o que significaba Galicia, plasmándoo fielmente no seu traballo político e artístico.

-Justo G. Beramendi, “Polo nacionalismo democrático”, p. 4.

Breve percorrido pola “traxectoria” política de Castelao, dende os seus comezos en Rianxo ata a súa participación no goberno de Giral. Apunta, Beramendi, que toda esa axetreada vida política “estivo guiada en todo momento por un proxecto para Galicia, o do nacionalismo democrático”. Máis adiante, comenta o que supuña este proxecto e as súas finalidades.

-Carlos Fernández, “Víctima de la censura franquista”, p. 4.

Menciónanse unha serie de feitos indicativos da censura á que foi sometida a figura de Castelao trala súa morte. Lembra que o goberno de Franco fixo todo o posíbel por levar ao esquecemento ao autor de *Sempre en Galicia.*

-Francisco Rodríguez, “Vixéncia de Castelao”, p. 8.

Reflexión sobre a posíbel aplicación dos “postulados” teóricos do rianxeiro, dos cales deixa constancia no seu ensaio político *Sempre en Galicia*, á sociedade actual.

-Xesús Alonso Montero, “Ministro da República no exilio”, pp. 10-11.

Recorda a época na que Castelao foi ministro sen carteira do Goberno Giral, pondo de relevo o importante papel de Ramón Piñeiro na consecución deste posto. Comenta que, durante este período, Castelao foi un home moi comprometido politicamente coa causa republicana, representado sempre dende o exilio os intereses de Galicia. Apunta, ademais, os problemas que este cargo lle supuxo a el e á súa familia, e a “fonda decepción política “que sentiu cando o deixou.

-Rodríguez Fer, “Esto vai mal”, pp. 12-14.

Comenta o marco histórico-político vivido por Castelao entre 1936 e 1939. Dise que o autor de *Retrincos* intuía que ía estoupar o conflicto armado do 36 e que, aínda que tiña medo polo seu activismo político, a guerra non o detivo. Sinala que o rianxeiro fixo todo o que estivo ao seu alcance para loitar contra o fascismo e para defender o tan desexado Estatuto de Autonomía. Asemade, salienta o extrordinario labor artísticoliterario de Castelao neste período, concluíndo que a súa obra foi todo “un instrumento de loita adaptábel ás necesidades tácticas da estratexia galeguista”.

-Basilio Losada Castro, “Narrador para dignificar a lingua”, pp.16-17.

Despois de pór de relevo que a tarefa artística de Castelao “resposta a un proxecto unitario de raíz política” para Galicia, comenta os esforzos do rianxeiro por devolver ao galego o prestixo que lle correspondía. Centrándose na narrativa do rianxeiro subliña unha serie de trazos definitorios do bo facer do ilustre galeguista, tales como a estreita unión entre “oralidade”, “visión pictórica” e “expresión escrita”. Remata

afirmando que Castelao foi único ao conseguir para a súa lingua “un equilibrio perfecto entre o culto e o máis popular”.

-Suso de Toro, “Castelao non cabe neste aquí”, p. 17.

Comenta que o ideario político-social de Castelao, plasmado no *Sempre en Galicia*, é un “programa histórico que está por cumprir”, un proxecto galeguista que, ao seu ver, tería cabida na Galicia actual.

-X. L. Franco Grande, “A viaxe por Europa”, p. 18.

Reflexión sobre algúns aspectos do *Diario 1921*, escrito por Castelao con motivo dunha viaxe súa por diferentes países europeos para, entre outras cousas, coñecer novas tendencias artísticas. Asegura que este libro supón un punto á parte na obra do egrexio político e que, incluso, chega a “ axudar a desmitifica-la figura de Castelao”. Destaca do *Diario 1921* o escaso sentido do humor e a teima do autor por renegar de todo o que ve, sorprendéndose da “visión tan reaccionaria” que dá. Conclúe sinalando que, a pesar disto, Castelao ten ben merecido o seu posto entre os grandes intelectuais do noso país.

-Dolores Vilavedra, “Da imprecisa pegada do narrador”, pp. 20-21.

Reflexiona sobre a dificultade de atopar “continuadores” de Castelao, apuntando unha serie de causas. Asegura, así mesmo, que a “cousa” é o “máis sobranceiro da herdanza narrativa de Castelao”. Por último, realiza unha breve análise da posíbel influencia deste xeito de narrar de Castelao en autores como Neira Vilas, Carlos Casares ou Manuel Rivas.

-Euloxio R. Ruibal, “Sobre a plasticidade en *Os vellos*”, pp. 22-23.

Lembra, primeiramente, cómo foi xurdindo e tomando forma a concepción de Castelao dun “Teatro de Arte” para Galicia. Logo tras comentar brevemente o gran labor do polifacético rianxeiro como escenógrafo na posta en escea de *Os vellos non deben namorarse* en 1941 en Bos Aires, realiza unha pormenorizada análise da “visualidade” e da “plasticidade” que desprende esta obra dramática.

-Carmen Blanco, “Pimpinela, o amor e o poder”, pp. 24-25.

Tomando como referencia a Pimpinela unha das personaxes femininas de *Os vellos non deben namorarse*, reflexiona sobre unha serie de valores contrapostos presentes no ideario de Castelao. Comenta, por unha banda, que o político rianxeiro nesta obra fai gala do seu espírito “progresista” ao realizar unha forte crítica dos matrimonios amañados, rexeitando “o sometemento do amor ao poder da riqueza”. Nembargantes, sinala, por outra banda, que é máis restrictivo ao non aceptar o amor a unha determinada idade.

-Chema Paz Gago, “ De par do teatro europeo de vangarda”, p. 25.

Pon de relevo o feito de que Castelao se “adiantase á grande revolución dramatúrxica da contemporaneidade”. Subliña que o autor de *Cousas*, nos anos 20, tras recoller numerosas ideas do que se estaba a facer fóra, especialmente dos espectáculos orientais, chega a concibir un auténtico “Teatro de Arte” para Galicia, asentado no folclorismo. Salienta, así mesmo, que o rianxeiro cadrou nas mesmas ideas con
A. Artaud, quen “pasa por ser o fundador do teatro contemporáneo”.

-César Antonio Molina, “A viaxe de 1921 e o contacto coas vangardas”, p. 26.

Dá conta da viaxe que Castelao realizou como bolseiro por Europa en 1921, destacando o importante papel que supuxo esta extraordinaria experiencia no seu decorrer político e artístico posterior. Apunta que o *Diario 1921*, ao seu ver un libro “cheo de contradiccións”, mais un bo testemuño da aprendizaxe adquirida polo galeguista nesta peregrinaxe, proba o escaso interese deste polo vangardismo, moi en voga na época.

-Siro, “ Castelao e os nenos”, pp. 28-29.

Fai un percorrido pola obra de Castelao na que están presentes os nenos, comentando o seu importante papel. Salienta que o insigne autor de *Cousas* soubo aproveitar moi ben esta figura e sacarlle partido para, por medio do seu eficaz humor, criticar o panorama histórico-social da Galicia deses anos.

-Siro, “O humor liberador”, pp. 30-31.

Abórdase un dos trazos definitorios de Castelao, o humor, presente en toda a súa obra artística. Comenta que o egrexio rianxeiro chegou a ser un “avanzado” no terreo do “humor gráfico” gracias, en parte, á perfecta conxugación entre a achega do saber foráneo e o do saber propio, o do pobo galego. Explica, polo miúdo, as diversas influencias que o galeguista recibiu neste eido, indicativas, por outra parte, dunha evolución no seu bo facer.

-X. L. Axeitos, “ Artista gráfico e diagramador”, p. 33.

Pon de relevo o labor gráfico de Castelao, salientando o seu valor no camiño da “dignificación da cultura galega”. Sinala que o autor de *Retrincos* ideou un sistema tipográfico “inspirado nas inscricións góticas”, facendo fincapé no feito de con el o rianxeiro pretendía “retomar o esplendor medieval”, en contraposición ás vangardas. Comenta, por último, as diferentes tendencias que na segunda década do século XX se producen en Galicia no campo da ilustración de libros e revistas, nas que destaca o particular estilo de Castelao.

-Isaac Díaz Pardo, “Castelao e Seoane, vidas paralelas”, p. 36.

Salienta un conxunto bastante amplo de coincidencias entre Castelao e Seoane, tales como o traballo no Partido Galeguista ou o cultivo de diferentes modalidades artísticas. Asemade, sinala unhas cantas diverxencias, entre elas, a idade ou, como consecuencia disto, as influencias recibidas.

-Guillermo Escrigas e Belén Martínez, “Castelao e Céltiga”, p. 38.

Despois dun breve comentario sobre o incipiente xermolar das colecciónsde novela curta “ilustradas” nas primeiras décadas do século XX, faise mención á editorial Céltiga, nada en 1922 ao abeiro do proxecto cultural das Irmandades da Fala, e á relación desta co autor de *Cousas*. Sinálanse, principalmente, as achegas do rianxeiro como ilustrador á colección “Céltiga”, na que publica *Un ollo de Vidro* (1922).

-Xulio Pardo de Neira, “Inéditos da tertulia do Derby vigués”, pp. 40-41.

Comenta un dos trazos caracterizadores da obra artística de Castelao, a simbiose entre arte e literatura e, por conseguinte, o “cousismo”. Para iso, toma como referencia dous debuxos con texto inéditos do autor de *Sempre en Galiza*, gardados no arquivo do seu amigo Miguel Rodríguez, dos que realiza unha breve análise. Logo fai mención ao ambiente artístico no que se encadran estas dúas pezas, o do Vigo dos anos vinte, onde moitos intelectuais, entre eles o rianxeiro, se reunían ao redor dos faladoiros no café Derby ou aos xornais *Galicia* ou *El Pueblo Gallego*. Sinala, así mesmo, que é nese momento cando o rianxeiro vai forxando a súa técnica, a do “grafismo literario”.

-Henrique Monteagudo, “Defensa e ilustración do idioma galego”, pp. 42-45.

Abórdanse unha serie de cuestións de tipo lingüístico que estiveron moi presentes no ideario do ilustre galeguista. Así, comenta o seu grao de coñecemento e emprego do galego, salientando que a naturalidade coa que o rianxeiro se move na súa obra se debe, en parte, á súa “sólida competencia lingúística”, froito esta dos seus primeiros anos en Rianxo e, tamén, dun extraordinario “labor de procura, escolma e labra”. Asemade, apunta que Castelao pasou dun uso “populista” do galego a un uso “culto” ao tomar conciencia do reclamo das Irmandades da Fala. Destaca que o polifacético artista foi un dos primeiros en contribuír á “dignificación” do idioma propio de Galicia, con achegas en diferentes campos, como o do ensaio ou o da narrativa culta, onde brillou con luz propia.

-Miguel Anxo Fernández, “Vencellos por desentrañar”, pp. 46-47.

Alúdese ao contacto que o insigne artista de Rianxo tivo co mundo cinematográfico, ben como “espectador”, “debuxante”, “actor” ou “figurante”, chamando a atención sobre a necesidade de estudiar máis a fondo certas cuestións relativas a esta relación.

-M. A. F., “Semp*re en Galiza* e *Castelao e o seu tempo*, de Carlos Velo, proxectos frustrados”, p. 47.

Faise referencia a dous traballos do cineasta Carlos Velo, un sobre Castelao e outro sobre o seu ensaio político *Sempre en Galiza*, que, a pesar dos seus esforzos, non chegaron a ser rematados.
-Alfonso Magariños, “A emigración negativa”, pp. 48-49.

Abórdase o tema da emigración e, especialmente, o seu significado en Castelao. Así, fai mención primeiro ás dúas ocasións nas que o autor de *Sempre en Galiza* se viu obrigado a saír da súa terra, subliñando as diferentes circunstancias que o levaron a isto. Máis adiante, alude á “intensidade do fenómeno migratorio” en Galicia e á actitude crítica do noso nacionalismo. Así mesmo, indica que a emigración estivo moi patente na obra do insigne galeguista, incluso, “como un elemento condicionador”. Apunta, por último, que o rianxeiro consideraba este movemento como “o erro máis terríbel que cometeu Galicia”.

-Henrique Monteagudo, “Datas para unha cronoloxía (1886-1950)”, pp. 50-53.

Breve percorrido polas datas máis significativas da biografía do polifacético artista de Rianxo.

-Henrique Monteagudo, “Bibliografía de Castelao. Cincuenta títulos”/“Bibliografía orientativa sobre Castelao”, pp. 54-55.

Escolla bibliográfica da obra do insigne galeguista e dos estudios que hai sobre el.

-María Conde, "*As cruces de pedra na Galiza*", p. 56.

Apoiándose nalgún do material de e sobre Castelao exposto no Museo de Pontevedra e nalgunha das declaracións do seu director, ofrécenos un pequeno conxunto de interesantes apuntamentos sobre *As cruces de pedra na Galiza.*

Castellucci, Attilio, “A metáfora do mundo”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 14, 18 febreiro 2000, p. 4.

Despois de contarnos moi resumidamente a trama de *O cuarto dos ausentes*, de Francisco A. Vidal, dinos que se trata fundamentalmente do espello do século XX. Isto é así porque a novela comeza cun pai morto e logo toda unha vida vai sendo relatada a través dos ollos do seu fillo. Ademais disto o libro “transfórmase nun microcosmos que pode ser metáfora da Galicia toda”.

Castro R., Xavier., “Fascímile do especial sobre Castelao en ‘*Cuadernos para el Diálogo*”, *El Correo Gallego*, “Fin de Semana”, 23 xaneiro 2000, p. 6.

Informa que se reedita este ano o nº 58 de *Los Suplementos*, publicado no ano 1975 por *Cuadernos para el Diálogo*. Comenta que este facsímile é en homenaxe a Xesús Alonso Montero, e aparece no ano do cincuenta aniversario da morte de Castelao, autor sobre o que trata e que nel atoparemos as palabras de Otero Pedrayo, Carballo Calero, Xosé M. Beiras, Isaac Díaz Pardo, Alfonso Álvarez e Xesús Alonso Montero.

_____, “Arcadio López-Casanova mester dos mesteres”, *El Correo Gallego*, “Fin de Semana”, 26 marzo 2000, p. 7.

Esta recensión da nova edición de *Mesteres* (1979) comeza facendo referencia a este poemario como un dos fitos da moderna poesía galega. Considera salientabeis as novidades que se inclúen con respecto ás anteriores edicións, por ampliarse no tempo ata 1983. Opina Xavier Castro que non estamos ante un poemario illado do ambiente poético daquel tempo, senón que se aproxima, tanto na temática coma no emprego de certos campos sémicos e no tratamento de certos temas.

_____, “Unha breve guía de abeiramento á historia biobibliográfica de Castelao”, *El Correo Gallego*, “Fin de Semana”, 25 xuño 2000, p. 7.

Fai a presentación do libro *Alfonso Daniel Castelao* (1999), editado por A Nosa Terra e da autoría de Manuel Rei Romeu. Trátase, segundo o autor, dunha guía biobibliográfica na que sintetiza unha intensa biografía e conta ademais este volume con fotos e ilustracións que poden resultar curiosas a aquelas persoas pouco coñecedoras da obra do rianxeiro.

_____, “Eduardo Lence Santar, etnógrafo mindoniense”, *El Correo Gallego*, “Fin de Semana”, 25 xuño 2000, p. 7.

Informa que o profesor Armando Requeixo é o encargado da edición de *Etnografía mindoniense*, volume que contén os artigos que o mindoniense Eduardo Lence Santar (1876-1960) publicou no xornal *El Compostelano*, entre xaneiro de 1938 e agosto de 1941. Comenta que se trata de sesenta e dúas contribucións a temas etnográficos, paremiolóxicos, de literatura popular ou mesmo de lexicografía e fraseoloxía.

Castro Rodríguez, Xavier, “Aquilino Iglesia Alvariño, o escritor versátil, autor de ‘*Cómaros verdes*”, *El Correo Gallego*, “*Forum. Memoria dun século*”, nº 5, 18 xuño 2000, p. 22.

Infórmase de que Aquilino Iglesia Alvariño (Abadín, 1909 - Santiago 1961), que publicou tanto en galego coma en castelán, rompeu en 1947 “o silencio imposto co novo réxime sobre calquera gromo de galeguismo” ao publicar *Cómaros Verdes*. Recóllese ademais no artigo un fragmento das palabras de eloxio que en 1954 Fernández del Riego dedicou ao poeta e ao libro no seu volume *Galicia no espello*.

Cordal, Xavier, “Pretextos”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 320, 29 xuño 2000, pp. 4-5.

Tomando como referencia as citas de Alfredo Ferreiro no número 7 de *Çopyright*, na que fala de “pretextos” na creación da literatura galega como resposta a premios, ao afán de crear un sistema literario ou unha “biblioteca nacional”, e Dolores Vilavedra na súa *Historia da literatura galega* que fala tamén de construcción dun “espíritu nacional” fronte ao valor puramente literario,
o articulista reproduce, así mesmo, un parágrafo do manifesto *Máis alá!* de Manuel Antonio en 1926 no que criticaba o uso da lírica fronte á acción política, “o monolingüismo e a independencia da arte”. A seguir, reflexiona sobre a situación actual da literatura galega en relación co estado no final do século XIX e principios do XX, preguntándose se o estado actual das cousas non xustifica unha literatura de resistencia. Tamén denuncia a visión dos críticos que non diferencian a pésima literatura feita no nome de Galicia da de calidade e a proposta dunha infravaloración daquela que xire arredor deste tema, porque considera que a crítica como xénero literario é un “modelo para construir a realidade”.

Darriba, Manuel, “Un artefacto lingüístico”, *El Progreso*, 23 xaneiro 2000, p. 75.

A propósito da novela *Pensa nao* (1999), dise que constitúe ante todo un “artefacto lingüístico” e logo un “artefacto etnográfico e histórico”. Ponse de relevo o profundo coñecemento dialectal que posúe Anxo Angueira e destácase, ademais, o seu poderío como narrador. Remátase o artigo pedindo un glosario para unha próxima edición da obra.

_____, “Moita palla e pouco gran”, *El Progreso*, 12 marzo 2000, p. 73.

Primeiramente loa o labor da Librería Cartabón, en Vigo, por comprometer a vinte e sete autores para elaborar un conto de menos de mil palabras e seguidamente publicar *Mini-relatos*. Tamén salienta o traballo do fotógrafo Manuel G. Vicente. Sen embargo, no tocante aos autores, destaca a Fran Alonso e Cid Cabido, mentres que “algúns outros non sei nin como tiveron vergoña a enviar o seu relato, sobre todo considerando que gozan dun nome no mundo editorial”.

_____, “Unha pescuda ben amena”, *El Progreso*, 26 marzo 2000, p. 73.

Comeza desbotando a actividade xornalística de Carlos Casares e salientando o seu traballo como novelista, uns trazos que se poden observar na obra *Hemingway en Galicia*, baseada nun epistolario que deste autor editou Carlos Baker. Describe o contido do libro, as actividades do escritor británico no noso país e a consideración que tiña dos galegos.

_____, “Xornalismo para insubmisos”, *El Progreso*, 9 abril 2000, p. 75.

Agradece a publicación de *Galicia, Galicia* (1999) porque lle permite atoparse coa obra xornalística de Manuel Rivas, ao que considera “gran escritor de prensa”. Destaca a actualidade que seguen a ter boa parte dos artigos incluídos nesta antoloxía e comenta certos aspectos comúns das series: “No mellor país do mundo” e “Toca madeira”.

_____, “Momentos de seria amargura”, *El Progreso*, 23 abril 2000, p. 83.

Comeza esta recensión de *Vestixios do verme* (1999) cunha alusión á temática da dor na obra de Manuel Seixas. Comenta, a seguir, a posíbel influencia que recibe da súa actividade cotiá como músico de rock no ritmo de varios poemas. Opina que os ritmos son “abruptos”, que abusa das repeticións, pero que tamén hai “evocacións do pasado de regusto melancólico, ese recurso nada habitual na poesía”. Finalmente, afirma que Seixas “vén ser unha mestura de poeta da experiencia e poeta maldito”.

_____**,** “Longa vida a Joseph Conrad”, *El Progreso*, 11 xuño 2000, p. 73.

Comenta que *Corazón da escuridade* (1997) é o título traducido da obra de Joseph Conrad *Heart of darkness*”, que esta versión galega de Manuel Outeiriño conta cunha introducción na que se di que a obra está “nesa liña de fractura entre a prosa artística e a literatura de masas”. Afirma que se trata dunha novela na que coñecemos ao personaxe sobre todo polo que os demais contan del, e Darriba cre que Conrad expuxo dese xeito que “a identidade persoal, fatalmente, é unha construcción colectiva”.

E. N., “Das impresións das lecturas”, *El Correo Gallego, “Correo das Culturas”*, nº 11, 28 xaneiro 2000, p. 4.

Este artigo coméntanos as opinións dalgúns autores sobre a crítica literaria. Os consultados para este artigo coinciden na necesidade dunha maior profesionalización e presencia da crítica para manter a boa saúde da literatura. Víctor Freixanes pensa que hai que apoiar o desenvolvemento da crítica para que haxa maior calidade literaria nos escritores e maiores esixencias nos lectores. Marilar Aleixandre di que debería haber máis recensións para que o público saiba qué libros saen, e na crítica deberíase ir á profesionalidade. Xurxo Borrazás outórgalle un valor fundamental á crítica especializada. Agustín Fernández Paz sinala que os escritores de literatura infantil ocupan un lugar marxinal na crítica literaria e na dos grandes medios non aparecen.

_____, “Desde a Galicia exterior”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 24, 7 maio 2000, p. 14.

Informa da publicación da edición facsímile de *A Gaita Gallega* e fai unha completa descrición do volume. Recolle un fragmento da definición ideolóxica desta revista e comenta os contidos, equipo director e redactor, distribución e outras características desta primeira cabeceira publicada integramente en galego na emigración americana.

_____, "*El Eco de Galicia*", *El Correo Gallego*, "*Correo das Culturas*", nº 32, 9 xullo 2000, p. 16.

Dáse conta de que *El Eco de Galicia* foi fundado na Habana en 1878 polo estradense Waldo Álvarez Ínsua. Apunta que este xornal, que levaba por subtítulo "Revista semanal de ciencias, artes y literatura", conta cos primeiros trinta e dous números reproducidos por Luís Alonso Girgado. E precisamente nestes números vemos xa unha nómina de colaboradores tan importantes como Manuel Murguía, Alfredo Vicenti, Emilia Pardo Bazán, José Pereira, Eduardo Pondal, Rosalía de Castro, Nicomedes Pastor Díaz, Valentín Lamas Carvajal e o propio Waldo Álvarez Ínsua. Ademais de describir o xornal e os seus contidos, opina que se pode considerar exemplo de "de todo o que pode ofrece-lo estudio de publicacións impulsadas na emigración galega desde os primeiros tempos ata a actualidade".

_____, "*La Noche*', todo un fito para a literatura na prensa galega", *El Correo Gallego*, *"Correo das Culturas"*, nº 38, 20 agosto 2000, p. 14.

Informa que no ano 1946 saía á luz o xornal *La Noche*, o mesmo que entre setembro de 1949 e xaneiro de 1950 publicou un interesante suplemento. Dá conta de que no seu cincuentenario o Centro Ramón Piñeiro publicou un facsímile do *Suplemento* e un libro que informa sobre os autores que se deron a coñecer nel con distintos textos. Comenta que esta edición facsímile, coordinada por Luís Alonso Girgado, ademais de clasificar os textos ofrece tamén unha pequena biografía das persoas que tiveron algo que ver co xornal. Refírese, finalmente, aos textos en verso e en prosa, escritos en galego, portugués e castelán, moitos deles traballos primeiros "de toda unha xeración de xornalistas e intelectuais que no último medio século fixeron contribucións destacadas á cultura".

Eiré, Xosé M., “Fuga para adentro”, *A Nosa Terra*, nº 916, “Guieiro Cultural”, 5 xaneiro 2000, pp. 23-24.

Comeza lamentando que a escrita “non oficial” atope poucas canles de manifestación. A continuación presenta *Periferias*, estrea narrativa de Carlos Quiroga que se axusta ao que o articulista cualifica de literatura marxinal. Este libro foi o Premio de Narración Curta Ricardo Carvalho Calero de 1998. Nel podemos distinguir tres narracións curtas, a través das que vai creando suspense. Segundo Eiré quizais o suspense sexa un elemento disuasorio da súa lectura ao igual que o estilo que o leva a ser pouco claro. Sen embargo, atribúe unha virtude á novela: a de obrigar a pensar. Trátase pois, dunha novela con mensaxe na que moitas veces se entorpece o ritmo de lectura porque o lector ten que interpretar. Coméntase no artigo que “o mellor da novela é a oportunidade de disfrutar de momentos de narrativa histórica”.

_____, “Subversión divertida”, *A Nosa Terra*, nº 917, “Guieiro Cultural”, 13 xaneiro 2000, pp. 28-29.

A novela *grupo abeliano*, 1999, de Cid Cabido, galardón do premio Blanco Amor, é o tema deste artigo. O comentarista céntrase na temática e na estilística, saíndo peor parada esta última. O narrador, con memoria selectiva, vai relatando o que lle acontece ao grupo e o que o grupo fai durante sete días; sen embargo, este tipo de narrador é contradictorio polo feito de que “o narrador queira narrar primeirísimos planos tendo tan pouca memória para o detalle”, e ademais en ningún momento se xustifica a súa memoria selectiva. En canto ao estilo laméntase a súa falta de recursos, xa que esta repercute na pouca riqueza dos personaxes e na lingua plana empregada polo autor.

_____, “Prelúdio da longa noite”, *A Nosa Terra*, nº 919, Guieiro Cultural”, 27 xaneiro 2000, pp. 27-28.

Afirma que *Pensa nao, Os cadernos da ira* e *No ventre do siléncio* foron os tres discursos denunciadores que apareceron no 1999. O articulista lamenta, a propósito de *Pensa nao*, que o escrito hoxe vexa mermada a súa capacidade de intervención social. Cualifica esta novela de épica, sobre todo por representar unha sociedade en marcha. Comenta que se trata dunha novela moi dinámica (os múltiples personaxes son protagonistas) para presentar un cadro de costumes. No tocante ao estilo, emprégase a lingua viva e hai moitísimos treitos que se poden cualificar de prosa poética.

_____, “Vida que non é vida”, *A Nosa Terra*, nº 920, “Guieiro Cultural”, 3 febreiro 2000, pp. 27-28.

Analiza a novela *Os saltimbanquis no paraíso* de Xelís de Toro, que nos conta unha historia simple, aínda que de significado complexo, na que se opoñen dous lugares: Londres, que aparece como un sitio negativo, e Galicia, que é un lugar no que un pode facerse a si mesmo. Esta oposición simbolista dentro dun argumento realista, segundo Eiré, non está ben integrada porque o leva a “ser parco na recriación de ambientes, algo que é primordial no realismo”. Polo que respecta ao discurso, di que “é máis ambicioso no plano significativo que no plano formal”, e di que este vai mellorando a medida que avanza a novela ao cambiar os períodos longos polos breves, que son os que mellor se adaptan ao narrador.

_____, “A dimensión humana de Castelao”, *A Nosa Terra*, nº 925, “Guieiro Cultural”, 9 marzo 2000, p. 28.

Comenta inicialmente o que representa amar a un país e a unha terra, para situar entre ese grupo de persoas a Castelao, unha personalidade que se pode coñecer máis a fondo co volume que comenta, *Conversas con Teresa Castelao*. Desta obra di que é necesario entender certas distorsións cronolóxicas ou históricas motivadas pola avanzada idade da informante. A seguir, céntrase no contido da obra e destaca certos detalles como a actividade de Castelao como médico, na que amosou unha especial humanidade e bondade. Destaca tamén Eiré os silencios de dona Teresa e as críticas ás medallas institucionais que levan o nome do seu irmán. Finalmente, considera o articulista que “é unha obra de interese para comprender a envergadura humana que o mito do Castelao artista oculta”.

_____, “Visitas á razón”, *A Nosa Terra*, nº 926, “Guieiro Cultural”, 16 marzo 2000, pp. 27-28.

Despois dunha reflexión inicial acerca da capacidade de raciocinio do ser humano, céntrase o autor do artigo no comentario conxunto das obras *Manual de instruccións* e *Os papalagui*, que considera vencelladas polo didactismo e pola análise da forma de vida do home occidental. Opina que xorden por motivos diferentes; o desencanto na de Queipo e a explicación da vida europea na de Tiavii de Tiavea. Compara o *Manual de instruccións* coa anterior obra de Queipo e afirma que recorre máis á “enumeración esquemática”, característica que lle vén dada pola propia estructura do volume. Malia á ironía dalgúns temas, cre que non se consegue evitar “a sensación de baleiro, demasiada *frivolité*, pouca consisténcia nas mensaxes”. Con respecto a *Os papalagui* ten unha opinión contraposta, de estar diante dunha “análise social fonda”, cuns discursos claramente estructurados e nada caóticos.

_____, “Compéndio de maldade”, *A Nosa Terra*, nº 928, “Guieiro Cultural”, 30 marzo 2000, pp. 27-28.

Esta recensión de *Campo de Marte* comeza negando que exista oposición entre a narrativa actual e a clásica en canto á maior ou menor subxectividade dunha con respecto á outra. Considera que a vida é a principal protagonista das narracións modernas, entre elas a obra que agora comenta. Opina Eiré que esta colección de relatos está presidida pola violencia, o núcleo temático ao redor do que se organiza este “disforme conxunto”. Comenta a variedade de recursos técnicos que emprega Xulio López Valcárcel e tamén os diversos personaxes que crea. Finalmente, refírese á presencia de relatos en castelán como un intento fanado de conmover ao lector e como unha deslealdade á literatura galega.

F. M. B., “A memoria do boi”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 57, 31 decembro 2000, p.6.

Fálase primeiramente da obra poética de Xosé Vázquez Pintor (Melide, 1946) para, a seguir, facer algunhas consideracións sobre a novela *A memoria do Boi* coa que este autor gañou o Premio Torrente Ballester 2000. Desta obra, entre outras cousas, dise que recrea un cadro da cidade de Pontevedra e que nela hai “palabras fortes e fulgurantes”.

Fernández del Riego, Francisco, “Poetas irlandeses dos nosos días”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 128, 23 maio 2000, p. 7.

Despois dos estudios que fixera á traducción do *Ulyses*, de Otero Pedrayo e ao *Dedalus en Compostela* de Vicente Risco, infórmase do labor de traducción de Antonio Raúl de Toro, catedrático de Filoloxía na Universidade da Coruña. Coa colaboración de David Clark e Emilio Ínsua incorporou ás letras en galego unha escolma da poesía irlandesa contemporánea. Neste eficiente traballo de traducción recolle a trece autores entre os que se atopan Eavan Boland, Ciaran Carson, Richard Murphy ou Seamus Heaney. Sen embargo, apúntase no artigo que quizais se bote en falta na escolma unha información máis cumprida da vida e obra dos autores que nela figuran.

Ferreiro, Alfredo, “Poesía social e ateista”, *A Nosa Terra*, nº 939, “Guieiro Cultural”, 15 xuño 2000, p. 28.

Afirma que a poesía de Mário J. Herrero Valeiro, na súa obra *No limiar do silencio (poemas da estrangeirice)*, está definida como poesía social. O volume, que conseguiu o VIIº Premio “Espiral Maior” de poesía, “veicula uma mensagem que preconiza a destruição da ordem social estabelecida”. Comenta que deste aspecto social tamén está presente na obra o ateísmo. Trátase, en xeral, dun conxunto de poemas de denuncia e de animación á revolta, actitudes que segundo o artigo están afastadas dos políticos de hoxe.

Franco, Anxo, “Vicente Araguas, o Ulises do eterno regreso”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, 16 xaneiro 2000, p. 13.

Preséntanos *Billarda* (1998), antoloxía bilingüe en castelán e galego da obra poética de Vicente Araguas. Informa que esta escolma inclúe sete libros do autor, xa publicados, e do seu oitavo libro, que sairá como *Río matinal*, contén catro poemas baixo o título “Work in progress”. Segundo Anxo Franco, os seus poemas gañan en consistencia co paso do tempo e neles hai unha mirada irónica e sentimental. Tamén nos di que Araguas reflexiona sobre o ser humano a través de experiencias concretas da vida cotiá. Finalmente, recórdasenos a tarefa de Araguas como crítico literario pero agradécese a súa volta á creación literaria.

García de Guillade, Xoán, “A reconstrucción da paisaxe”, *Diario de Ferrol*, 18 febreiro 2000, p. 15.

Comenta que a comarca de Ferrolterra conta con dúas mulleres destacadas dentro da poesía galega: Medos Romero e Eva Veiga. No artigo fálase desta última e preséntase o seu libro *Paisaxes do baleiro*, 1999. Está cualificado de “vizoso poemario” presentando unha variada temática sentimental e que acaba sendo un “manifesto de experiencia concentrada e unha rotunda afirmación vital”. O poemario, cun moderado ton elexíaco, está adicado á poeta arxentina Alfonsina Storni, e nel atopamos pegadas de autores como Lois Pereiro, Valente ou Ezra Pound.

Giráldez, José Miguel, “Joyce latexa baixo a pel de Irlanda”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 45, 8 outubro 2000, p. 11.

Infórmase da traducción ao galego dos máis salientábeis poetas irlandeses contemporáneos. No volume *Poesía irlandesa contemporánea*, dos profesores Antonio Raúl de Toro, David Clark e Emilio Ínsua, tradúcense algúns destes autores por primeira vez a unha lingua peninsular. O máis coñecido dos poetas incluídos é o Nobel Seamus Heaney, do que se traducen nove poemas. O resto dos autores están representados por tres ou catro composicións significativas. Comenta que coa selección proposta nesta escolma o lector poderá entender a poesía irlandesa de hoxe.

Giráldez A., José Miguel, “Paixón telúrica. Arredor dunha poética de Seamus Heaney”, *O Correo Galego, “Revista das Letras”*, nº 319, 22 xuño 2000, pp. 14-15.

Infórmasenos de que xa dende o seu primeiro poema, “*Digging*” *(Cavando)*, Heaney mostra unha paixón telúrica, é dicir, séntese en comuñón coa terra. Telurismo que tamén apunta Vicente Araguas no prólogo á traducción de *Field Work*, 1979 (*Traballo de campo*, 1996). Ademais disto, facendo un repaso polas etapas da vida do autor, indícase que, ao lado desta constante panteísta, atopamos outras como a fascinación pola auga e polo misterio das cousas enterradas ou a plasmación do tema da morte e os ancestros.

González, Helena, “Afoutas*”, O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 307, 30 marzo 2000, pp. 6-7.

Comeza, nun ton irónico, insinuando posíbeis motivos que levan á escolla dunha obra de lectura; os suplementos culturais da prensa, as recensións, o morbo, os paratextos ou a propia intuición. A seguir, céntrase na presentación de *Paisaxes do baleiro* (1999) e compara este poemario de Eva Veiga coa obra de Maria Mercé Marçal. Opina que son dúas escritoras “de vida intensa que saben en carne propia da fraxilidade da existencia e a rotundidade da morte”, e que conseguen amosar sen problemas a súa voz poética.

J. C. W., “La evolución poética de Rodríguez Baixeras”, *El País*, “*Babelia*”, nº 430, 19 febreiro 2000, p. 10.

Comeza dando a ficha de *Las aguas abandonadas* (1999), unha antoloxía que contén parte da obra poética de Xavier Rodríguez Baixeras dende a inicial, *Fentos no mar ata Beira Norte*, e algúns textos inéditos. A seguir, comenta que o propio autor fixo as traduccións para esta edición bilingüe e di que “Baixeras comienza a publicar en los ochenta, cuando ya la estela dejada por Celso Emilio Ferreiro y *Longa noite de pedra* se diluye”. Remata facendo un percorrido polas características da poesía de Baixeras que considera cercana a Josep Carmer ou Machado e “en su evolución la apuesta ética se potencia desde una escritura más abierta, dispuesta a trascender la apariencia y la autobiografía”. Di que a forma vai do soneto ao verso libre e ao poema en prosa, tamén que a evocación simbólica torna máis “emotivamente onírica”. Cita a dous críticos para indicar dous piares que sosteñen esta obra: a Álvarez Cáccamo, “casa y viaje”, e a Antonio Gamoneda, que valora a súa achega ao galego a “una lengua en avanzada modernidad”.

Lezcano, Arturo, “Corazón e razón nas ‘Obras’ de Castelao”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 125, 25 abril 2000, p. 8.

Recensión do primeiro volume das obras de Castelao publicado pola editorial Galaxia. Comeza afirmando a relación do rianxeiro coa oralidade, feito que provoca unha certa proximidade ao lector actual e de calquera tempo. Critica as modificacións do texto levadas a cabo sobre o orixinal por non diferenciar “os textos literarios dos escolares”. Finalmente, en ton irónico, pide a modernización da obra gráfica do autor de *Sempre en Galiza*.

_____, “A obra ideográfica do Antón Risco”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 128, 23 maio 2000, p. 7.

Comenta que *Un. Dous e Tres (novelas) + poesía gráfica* é a segunda obra póstuma de Antón Risco, que pertence á colección “Imaxe Escrita” da editora luguesa Tris-Tram. Recolle as palabras do autor do limiar, Xosé María González Xil, nos que indica que nas tres novelas, poeta, pintor e calígrafo se confunden. En canto aos debuxos apunta que non conta que estes sexan máis ou menos estilizados, senón que conta a figura e o que o lector tire destas situacións escritas.

Llorca Freire, Guillermo, “*A Gaita Gallega*. Memoria da emigración”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, “Galegos na diáspora”, 23 abril 2000, p. 11.

Faise eco da publicación da edición facsímile de *A Gaita Gallega* (1885-1889) promovida polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e dirixido por Luís Alonso Girgado. Afirma que é a primeira publicación escrita integramente en lingua galega de toda América e que os orixinais foron recuperados do Instituto de Literatura e Lingüística de la Habana. Resalta a Manuel Lugrís e Ramón Armada como os dous galegos emigrantes fundadores do xornal, os anos nos que se publicou, entre 1885 e 1887 ademais dos últimos catro meses de 1889; as características técnicas do xornal, os contidos habituais nel e o fío conductor destes. A seguir, fala da presencia, neste periódico, de diferentes poemas de Alberto Camino Sigüer, autor ferrolán colaborador na prensa cubana, dunha homenaxe póstuma que se lle fixo e da coincidencia do nacemento de *A Gaita Gallega* cun galego titulado *Galicia*. Cita algunhas das novas do Ferrol que se recollían en *A Gaita* para destacalo como única vía pola que moitos ferroláns, residentes en Cuba, tiñan noticias da súa terra e fai fincapé na crítica que se fixo, no xornal, á revista *Galicia Moderna* por ser a única que non deu a coñecer a existencia deste. Alenta o centro Ramón Piñeiro a proseguir con seu labor recompilador e desexa a pronta recuperación do *Seminario de intereses generales* e de *Galicia Moderna.* Remata coa declaración do director do proxecto quen tilda o xornal recuperado de “unha activa propulsora do patrimonio cultural”.

López, A. R., Rosa **Navia** e Soedade **Noia** (coord.), “O compromiso do artista cincuenta anos despois da morte de Castelao”, *O Correo Galego, “Revista das letras”*, nº 295, 6 xaneiro 2000, pp. 1-24.

Este traballo, que sae no cincuenta aniversario da morte de Castelao, contén distintos artigos nos que se tratan diferentes aspectos da vida e obra do rianxeiro. Achéganse tamén catro cartas do propio Castelao que nos transmiten inquedanzas, emocións ou convicciónns deste home tan polifacético.

-Antón Patiño, “Castelao. Arte e compromiso” pp. 2-3.

Comenta o paradigma que constituíu Castelao nas súas distintas facetas: debuxante e caricaturista, prosista e político. Castelao sentíase representante do seu pobo e ansiaba a liberación, deste compromiso que guiaba a súa arte. Afirma que hoxe en día a situación é moi distinta debido aos cambios que sufriu a sociedade galega. A arte xa non se entende da mesma maneira, xa non conecta coa alma do pobo como o facía a arte de Castelao. Considera que o creador é un ser solitario e “o compromiso da arte é defender o espacio esencial da liberdade creadora”.

- Mª Luísa Sobrino Manzanares, “Sobre o difícil compromiso da arte”, pp. 4-5.

Alude ás distintas maneiras de compromiso da expresión artística dende a época romántica, que foi cando se manifestaron posturas críticas por primeira vez, que permitían ao artista plasmar a súa propia opinión. Opina que coa chegada do século XX, a arte aspirou á autonomía, feito incompatíbel co compromiso social e ético do artista, polo que as denuncias da vida cotiá encontraron cabida en publicacións satíricas. Considera que Castelao destacou coas súas viñetas onde combinaba agudeza, ironía e humor. Unha vez desaparecidas estas publicacións, as creacións posmodernas intentan incidir novamente sobre as estructuras sociais reflexionando sobre diversos temas, nomeadamente a concepción individual do ser. O problema, segundo a autora, é que moitos pensaran se a boa parte das experiencias artísticas se lles poderá seguir chamando arte.

-Xabier Cordal, “Castelao, o programa”, pp. 6-7.

Este artigo presenta a Castelao como un home de “habilidade múltiple” pero cun só “programa unitario”. E precisamente gracias ao programa das Irmandades da Fala que el desenvolveu, hoxe Galicia é unha nacionalidade histórica cunha lingua propia. A continuación, o autor pon en dúbida que “a literatura e a arte deban coutarse desde presupostos políticos”, aínda que remata dicindo que Castelao “gustaría, seguramente, de que as xeracións actuais conquistasen a parte de realidade que nos queda, cos nosos propios medios”.

-Arturo Casas, “Crear no exilio”, pp. 8-9.

Arturo Casas parte dunha estampa de Castelao: “No fondo do mar”, da serie *Atila en Galicia*, para falarnos de dúas cuestións importantes na realidade galega do século XX: o exilio e a emigración. Nesta estampa Castelao denuncia o feito de botar cadáveres ao fondo do mar durante a guerra. Arturo Casas fai outra lectura da estampa, despois de cincuenta anos, para destacar “o enclaustramento da memoria e da conciencia históricas, agochadas e presas no fondo do mar”, e para concluír que “alí, no fondo do mar, está tamén o exilio todo”.

-S. Noia e R. Navia, “O dinamizador”, pp. 10-12.

Recóllense opinións de diversas personalidades sobre Castelao. Avelino Pousa Antelo, presidente da Fundación Castelao, destaca o home que había dentro do político. Como político con ideas nacionalistas, demócratas e de reformismo social, é como o describe o historiador Xusto Beramendi, que María do Carmo Kruckenberg falou das ideas de Castelao sobre a responsabilidade da muller galega na construcción do futuro de Galicia. Por último, mentres Fernández del Riego pensa que non é previsíbel como poderían evolucionar as súas teorías, Díaz Pardo opina que a mellor homenaxe que se lle pode facer a Castelao é estudialo ben.

-Herminio Barreiro, “Mito e desmitificadores”, p. 13.

Fálasenos do mito que constituíu Castelao tanto pola súa obra literaria coma pola obra gráfica e política. Pero os seus desmitificadores, segundo o artigo, chegaron nos anos 70. Desmitificábano buscando as súas

feblezas e dicindo que se trataba do “producto” dunhas circunstancias. Sen embargo, Herminio Barreiro opina que coa figura de Castelao simplemente haberá que ser “obxectivos”, e non “interesados nin oportunistas”.

-Antón Capelán, “Castelao e Villar Ponte. Vidas confluentes”, pp. 14-17.

Nestas catro páxinas vánsenos presentando datos puntuais e importantes da vida destes dous persoeiros destacábeis para Galicia. Eles coincidiron en moitos aspectos das súas vidas: os dous estiveron nas Irmandades da Fala, no partido galeguista, na Academia Galega, os dous colaboraban en xornais, etc. Ademais, entre eles chegou a haber unha verdadeira amizade, o propio Castelao chega a dicir “eramos verdadeiros irmáns”. Neste artigo, que fala dende os primeiros anos do século ata o 1936, van aparecendo ademais os nomes doutros personaxes importantes política ou artisticamente, e menciónanse tamén xornais da época e institucións políticas e académicas.

-X. M. Núñez Seixas, “Castelao nas súas cartas” pp. 18-23.

Inclúense catro cartas de Castelao de diferentes etapas da súa vida. A través das cartas pódese ir vendo o evolucionar político e tamén persoal de Castelao. A primeira delas data de 1914 e a última de 1948; e todas están dirixidas a distintas persoas. Estas cartas estarán dentro do volume adicado á correspondencia de Castelao, que publicará a editorial Galaxia, e que é froito do labor da Fundación Castelao ao recoller pacientemente epístolas espalladas pola Península Ibérica e o Río da Prata.

-Lupe Gómez, “Celebrar a Castelao”, p. 24.

Expóñense unha serie de razóns polas que celebrar a Castelao. Segundo o artigo “en Castelao resúmese unha historia de heroísmo e xenialidade”, quizais por iso “soubo sacarnos da noite da Historia”, “convenceunos de que tiñamos que loitar” e “axudounos a negar desde sempre e para sempre a castración de Galicia”.

López Silva, Inma, “Lecturas dramatizadas e pó feito latim”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 55, 17 decembro 2000, p. 9.

Fala de diversos acontecementos que viñeron nos últimos meses a establecer un diálogo da cultura galega coas culturas veciñas. En concreto, detense en dous deles: nas lecturas dramatizadas da AADTE e o Encontro Galego no Mundo. Latim em Po. Sobre as primeiras, cre que supuxeron un achegamento do público á fronteira difusa entre espectáculo e literatura e a textos non representados e/ou editados. Nelas, ademais, di que se lle cedeu valor á palabra e destaca *Las voces de Penélope*, de Itziar Pascual, “excelente autora en castelán”. Sobre o encontro lusófono, pensa que volveu cosmopolita e étnica a Compostela e que os espectáculos foron un éxito, se ben os asentos vacíos se debesen ás invitacións desaproveitadas polos participantes. Neste marco sobrancea a “Área de Teatro” que dirixiu Quico Cadaval.

M. D., “O valor poético da sinxeleza”, *El Progreso*, 9 xaneiro 2000, p. 73.

Fai unha breve análise dos contidos do segundo poemario de Eva Veiga, *Paisaxes do baleiro* (1999), conformado por corenta e catro pezas nas que, segundo comenta, non existe ningún fío común que as defina como conxunto unitario. A seguir, salienta como trazos definitorios a brevidade e a insinuación que fan del un libro “con talento e autenticidade”.

_____, “Tantas imaxes e tan pouca vida”, *El Progreso*, 23 xaneiro 2000, p. 75.

Refírese este breve artigo a *O sangue dos árabes* (1999), de Lino Braxe, para dicirnos que “o libro é unha planicie”. Asegúrase que a información dada sobre o mundo árabe aparece sen vida nin emoción.

_____, “Reporteiros de por aquí”, *El Progreso*, 6 febreiro 2000, p. 75.

Describe brevemente o contido do libro de Eric Casais e Xosé López, *Xoves xornalistas. Crónica aberta* (1999), unha escolma de vinte reportaxes asinadas por diferentes xornalistas, dos que salienta o traballo dalgúns deles como o de Aníbal Malvar, Pancho Tristán ou Miguel Sande.

M. Q. S., “Cultura Gallega”, a cabeceira dos trinta feita en América”, *El Correo Gallego*, “*Forum. Memoria dun século*”, nº 4, 14 maio 2000, p. 8.

Esta recensión do facsímile de *Cultura Gallega* comeza cunha referencia á situación da prensa galega republicana nos anos da guerra civil, para continuar cun listado de publicacións periódicas que foron aparecendo nas principais cidades americanas. Finalmente, recolle as afirmacións de Luís Alonso nas que considera que *Cultura Gallega* é a cabeceira máis representativa dentro dunha década pouco pródiga en novos xornais e revistas.

M. R., “Yolanda Castaño: el canto de los sentidos”, *El País*, “*Babelia*”, nº 451, 15 xullo 2000, p. 10.

Despois de ofrecer a ficha da obra *Vivimos en el ciclo de las erofanías*, de Yolanda Castaño, coméntase que este poemario en versión bilingüe, publicado en 1998, é unha colección de poemas de amor, nos que a casualidade e a pulsión espiritual se mesturan e se confunden coa experiencia da natureza e cos destellos da memoria. Saliéntase a linguaxe “revelador de nuevas posibilidades significativas (y de neologismos cargados de sensualidad...)”, que linda coa exaltación propia de quen descobre o poder dos sentidos coa mirada da adolescencia e tamén coa madureza do coñecemento do desencanto.

Mandianes, M., “A Enciclopedia Universal”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 15, 25 febreiro 2000, p. 3.

Dáse conta da aparición do primeiro volume da *Enciclopedia Galega Universal* (1999), da editorial Ir Indo. Esta obra foi presentada en Madrid a finais do 99, e en Barcelona a comezos do 2000, contando coa presencia de altas personalidades da cultura catalana e un nutridísimo grupo de galegos. A edición dunha obra deste tipo, culturalmente, supón un paso máis para Galicia, e dende ela “vese o mundo enteiro en galego”. Posúe tamén miles de entradas, propias da cultura galega, feitas por especialistas.

_____, “Etnografía en ‘*Os dous de sempre*”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 19, 24 marzo 2000, p. 3.

Recolle no comezo cadansúa cita de B. Losada e Pura Salceda sobre a figura de Castelao. A seguir, reflexiona sobre o carácter de mito do rianxeiro e sobre as distintas lecturas que do seu pensamento e da súa obra se están a producir na actualidade. Considérao un “home do pobo” e recolle un fragmento de *Os dous de sempre*, co que pretende demostrar “a enorme capacidade de observación do autor”.

Martín, Lucía, “Gasquoine Hartley e o seu verán en Galicia”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 27, 28 maio 2000, p. 1.

Infórmase de que a editorial Galaxia publicou *Un verán en Galicia*, da escritora inglesa C. Gasquoine Hartley. O libro é resultado dunha viaxe que a autora fixera a Galicia despois de coñecer “a España de sol e touros que visitara dez anos antes”. Nesta obra, publicada orixinalmente en inglés no ano 1911, non só se describe a Galicia de principios de século, senón que se intenta afondar nos trazos distintivos que fan de Galicia un país con fasquía e personalidade propias. Indícase ademais que se trata dun libro de lectura amena, e no que tan só se bota en falta un prólogo que podería darnos datos sobre a autora ou a acollida da obra en Inglaterra.

Martínez Bouzas, F. “O Fausto de Lois Tobio”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 55, 17 decembro 2000, p. 6.

Despois de repasar a traxectoria de Lois Tobío, sobre todo, ao redor do Seminario de Estudos Galegos, lembra que ao se reintegrar á actividade cultural galeguista en 1963 se dedicou especialmente a traducir obras do alemán, do inglés e do francés ao galego, destacando a traducción que fixo do *Fausto*, de Goethe, un labor de vinte e dous anos de rigor e “traducción colosal”. Ademais, sitúaa entre as catro mellores traduccións feitas na literatura galega, xunto con *A Divina Comedia* (Dante), feita por Darío Xohán Cabana; *A cartuxa de Parma* (Stendhal), de Germán Palacios; e *Os Noivos* (Manzoni), de Xosé Rodríguez Baixeiras; a pesar de que a de Tobío non contou con subvención, o que lle demostra a falta de recoñecemento á súa persoa e a política das editoras, que se decantan pola literatura “de lectura doadiña e facilmente vendible”.

Martínez Bouzas, Francisco, “Cómo se fai un idioma”, *El Correo Gallego*, *“Correo das Culturas”,* nº 9, 14 xaneiro 2000, p. 3.

Informa do discurso de ingreso na RAG a cargo de Francisco Fernández Rei, titulado *Ramón Cabanillas, Manuel Antonio e o mar da Arousa*. Comenta que neste traballo se nos dá ideas e propostas sobre a arte e a vida dos dous autores. Considera que a parte máis técnica do discurso fala sobre a lingua dos dous poetas, e que Fernández Rei remata o seu discurso destacando a necesidade de confeccionar un diccionario que recolla o léxico dos nosos clásicos.

_____, “A hora do lagarto”, *El Correo Gallego, “Correo das Culturas”*, nº 10, 21 xaneiro 2000, p. 3.

Comenta que *Os saltimbanquis no paraíso*, de Xelís de Toro, presenta dous estilos narrativos claramente diferenciados. Opina que a novela comeza co estilo dunha literatura experimental e transxenérica, e a partir da páxina 43, que é onde empeza a trama novelesca, Xelís de Toro aclimátase á novela convencional e canónica. Segundo Martínez Bouzas, esta narración, cun personaxe central que ten complexidades e contradiccións psicolóxicas, atraerá ao lector se este supera os primeiros capítulos que teñen un estilo propio.

_____, “Lisboa, o soñado norte”, *El Correo Gallego,* “*Correo das Culturas*”, nº 11, 28 xaneiro 2000, p. 3.

Informa que o Premio de Narración Curta Carvalho Calero 1998 foi para *Periferias* (1999), de Carlos Quiroga. Opina que a súa complexidade radica na temática e no desenvolvemento diexético elixido, xa que o autor nos conta tres historias de viaxes imaxinarias, pero non se trata do xénero de relatos de viaxes. Considera que os seus personaxes desexan atoparse a si mesmos e ver realizados os seus soños, á vez que descobren un epicentro fundador que é Lisboa. Ademais de ser Portugal o seu paraíso soñado, refírese a que o autor fai unha reivindicación do idioma dos devanceiros, todo isto a través da súa escolla ortográfica, a reintegracionista.

_____, “Gustos”, *O Correo Galego,* “*Revista das Letras*”, nº 10, 24 febreiro 2000, pp. 10-11.

Recensión de *Tal vez melancolía* (1999), de Xosé Carlos Caneiro, cualificada como un exercicio literario brillante, pero de difícil clasificación. “*Tal vez melancolía* pretende ser unha novela (...) mais a primeira vista amósase coma un caixón de xastre coa estructura dun diario, non de días senón de voces”. É por iso polo que opina que se trata dunha obra esixente para o lector, que se atopará cunha reflexión sobre o que é a literatura e cunha continuada teima existencial. En canto á estructura, a novela non se suxeita a ningún canon e, estilisticamente, é unha “novela salvadora da lingua”.

_____, “A maxia nos Pedrón de Ouro”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 16, 3 marzo 2000, p. 3.

Comenta que Ediciós do Castro recolleu, unha vez máis, os relatos curtos galardoados na XIIª e XIIIª convocatoria de narracións breves Modesto R. Figueiredo, do Pedrón de Ouro. Informa do contido do volume e dá os nomes dos autores incluídos. Opina que polo xeral son boas prosas, estructuradas e con intensidade.

_____, “O fragmentarismo como recurso”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 17, 10 marzo 2000, p. 3.

Recensión de *Campo de Marte*, a segunda vez que X. López Valcárcel se interna nos terreos da prosa. Observa que este segundo libro é distinto do primeiro, *Anel de mel*, tanto a nivel temático coma formal, xa que nos presenta agora microrrelatos distintos: unhas historias son tráxicas, outras rebuldeiras, voluptuosas... Trátase de relatos cheos de matices, que “por veces non teñen carácter narrativo e se converten en expresións líricas condensadas en media liña”.

_____, “Aventura”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 307, 30 marzo 2000, pp. 10-11.

Comentario de *A cor do ceo* (1999), unha obra considerada por Martínez Bouzas como “un mangado de textos de difícil clasificación”. Dentro desta variedade, indica que predomina a prosa, baixo a forma de relato curto. A seguir, comenta a estructura da obra, moi relacionada cos núcleos temáticos, xa que se articula ao redor de “catro atmosferas humanas distintas”: África, o Mediterráneo, América e Galicia, que comparten a aventura como trazo común. Tamén ofrece unha panorámica do argumento dalgún dos textos incluídos por Lino Braxe neste volume, salientando que unha das principais virtudes é a condensación de “mundos enteiros de acontecementos e de intensa forza emocional” en breves relatos.

_____, “Un libro de derrotas”, *El Correo Gallego,* “*Correo das culturas*”, nº 22, 14 abril 2000, p. 3.

Comeza Martínez Bouzas referíndose á anterior obra de Xerardo Quintiá, *Finísimo po nas ás*, á que lle loa a orixinalidade e a novidade que supuxo no momento da saída á rúa. De *Unha soa man e outros intres* comenta o argumento, que caracteriza polo pesimismo e a moralexa. Considera que é unha obra chea de boas historias, que consegue que “calquera anécdota por fútil ou insignificante que sexa” se convirta no núcleo para o desenvolvemento dunha obra. Finalmente, sintetiza as características estructurais e estéticas deste libro.

_____, “Calamidades”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 311, 27 abril 2000, p. 8.

Recensión de *Breviario de calamidades* (1999), na que o autor considera que esta obra reúne os trazos esenciais da escrita de X. L. Martínez Pereiro; a colección de historias e aventuras, as digresións, os “personaxes espantallos” cheos de rarezas e excentricidades, o humorismo, etc. Considera que os personaxes están tinxidos de infortunio, de retranca e fai unha caracterización breve de varios deles. En canto á temática, destaca a presencia da morte como remate para moitos personaxes, e tamén o erotismo, convertido nunha “sexualidade baldroeira e tan carnavalesca como todo o que acontece nos relatos”. Salienta, finalmente, a orixinalidade formal, os xogos verbais e o humorismo desta obra.

_____, “O Informe de Literatura do Centro Ramón Piñeiro”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 24, 7 maio 2000, p. 1.

Considera Martínez Bouzas que o *Informe de Literatura* é “un dos proxectos executados máis emblemáticos e útiles do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades”. Opina que un traballo deste calibre só se pode asumir dende unha institución pública. A seguir, fai unha descrición do *Informe de literatura 1998* e destaca que sexa obxectivo, ademais de “absolutamente completo”. En canto ás eivas, apunta a existencia dalgúns erros na atribución de certas obras a determinados autores, así como os “criterios restrictivos que (…) se teñen verbo do ensaio literario”.

_____, “Novela enxebre e sentimental”, *El Correo Gallego,* “*Correo das Culturas*”, nº 34, 23 xullo 2000, p. 9.

Descríbese a novela *Chama acesa. Noeliña*, de Manuel Rodríguez Troncoso, autor que xa publicou anteriormente dous títulos líricos e a novela *Raíces rurais* (1996), e que ademais aparece na antoloxía dos poetas galegos en Cataluña, *Alén do azul.* Opina que esta última obra é unha novela de aldea, de carácter didáctico e moralizante e cunha narración, sobre todo, sentimental. Tecnicamente considera que é unha novela sinxela e, aínda que Rodríguez Troncoso fai literatura culta, están presentes na obra a naturalidade, a fluidez e a forza da fala popular.

Méndez, Roberto G., “O conto unha vez contado”, *El Correo Gallego*, *“Correo das Culturas”*, nº 10, 21 xaneiro 2000, p. 3.

Informa que a Universidade de Vigo edita *Asedios ó conto* (1999), como froito do IIº Congreso da Asociación Galega de Semiótica, celebrado en 1997. Comenta que o seu obxectivo era abordar teoricamente o conto, que segundo os organizadores estaba pouco atendido criticamente nas universidades españolas. Considera que nesta monografía, con cincuenta artigos, os especialistas tentan delimitar o xénero a través de criterios literarios ou históricos; hai ademais análises críticas de relatos de autores diversos: Michael Ende, Gabriel García Márquez e Álvaro Cunqueiro, entre outros.

Nicolás Rodríguez, Ramón, “Libros”, *La Voz de Galicia, “Culturas”*, nº 113, 18 xaneiro 2000, p. 3.

Recensión de *A cor do ceo* (1999), de Lino Braxe, libro de relatos curtos que sae acompañado dun disco compacto. A seguir, comenta que este grande actor, dramaturgo e guionista tamén sacou á luz no mesmo ano unha abundante obra poética. Observa que algúns dos relatos do libro son reelaboracións doutros aparecidos en *Territorios, poemas, parábolas e contos* (1992), pero non empece que os dous libros son diferentes, xa que a voz do segundo é “máis madurecida e coidada”. Sen embargo, nos dous volumes aparecen as realidades que máis admira o autor: as mestizas.

Noia, Zoe, “Música e carne”, *O Correo Galego,* “*Revista das letras*”, nº 325, 3 agosto 2000, p. 8.

Describe a poesía de Luísa Villalta, “poeta porque comprende o misterio da música e músico porque sabe o significado oculto da palabra”, escritora tamén de ensaio e narrativa, que reflicte na súa obra “o alento da vida cotiá”.

Pardo, José Luís, “El último ciclo poético de la obra de Valente”, *El País*, “*Babelia*”, nº 471, 2 decembro 2000, p. 4.

Achega á obra póstuma de José Ángel Valente *Fragmentos de un libro futuro*, na que se recollen aquelas composicións que durante os últimos anos foi anotando o poeta nun caderno que sempre levaba con el. Explica que esta obra ten a súa orixe nos últimos versos do poemario *Treinta y siete fragmentos* (1971) e sobrancea a vocación que tiña dende o primeiro momento de ser un libro con carácter póstumo no que “cada poema del cuaderno está escrito, pues, como si fuese el último”. Tamén reflexiona sobre a pegada no autor do exilio voluntario e o compromiso que mantivo coa súa terra, tanto coa Galicia natal como coa Almería adoptiva, exemplificado na denuncia da especulación inmobiliaria en Ourense ou dos sucesos racistas producidos en El Egido, lugares estes que se converteron en paisaxes líricas e “silencios elocuentes”. Ademais, repasa algunhas das súas obras poéticas e salienta, entre outras cousas, a trascendencia alcanzada, a importancia da palabra dentro da súa obra e o esforzo do poeta por desaparecer no poema e deixarlle todo o protagonismo a esa palabra.

Pascual, Alicia, “Anatomía da emoción poética”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 311, 27 abril 2000, pp. 10-11.

Este comentario de *Anatomía da emoción poética* apóiase en numerosas citas da obra para dar a coñecer o seu contido. Considera Alicia Pascual que Fidel Vidal “entra dun xeito case cirúrxico e esvara ata ó inicio da fonte do verso para descolgarse logo ata converxer co que le, no intento de percibir verdades” nas obras de Manuel Antonio, Luís Seoane, González Garcés, Avilés de Taramancos, António Ramos Rosa, Pessoa, Lois Pereiro, Miguel Anxo Fernán-Vello, Lino Braxe e Manolo Rivas. Salienta a importancia da metáfora e, en xeral, da palabra para crear mundos novos a afastarse da realidade.

Penabade, Bernardo, “Unha flor carnosa sobresaíndo entre carqueixas”, *A Nosa Terra*, nº 950, “Guieiro Cultural”, 31 agosto 2000, pp. 23-24.

Realiza unha breve análise do libro *Ámome en por min* de Medos Romero, natural de As Pontes, sendo este unha continuación dunha publicación anterior da autora, *Rendéome no tempo* (1998), unha serie de composicións poéticas “de plena integraçom com a Terra”. Desta nova obra, publicada en Espiral Maior, coméntase o seu contido, estructura e voz poética, salientando que se trata dunha “poesía profundamente vivencial”, na que a súa autora volta ás súas orixes, recreando a súa terra, onde se criou e foi enormemente feliz.

Pintos, Irene, “Pequenas xoias doutros tempos”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 20, 31 marzo 2000, p. 3.

Caracteriza inicialmente os contos populares como “pequenas xoias” que se van refancendo co paso do tempo e que aluden aos máis variados temas que lle preocupan á humanidade. Comenta tamén a presencia en todos eles da oposición entre o ben e o mal, así como a defensa duns determinados valores, entre eles, a perseverancia. A seguir, céntrase no comentario de *Contos populares irlandeses*, unha obra da que destaca a presencia de certas fórmulas introductorias e de personaxes comúns coa tradición oral galega. Finalmente, opina que é unha escolma coa que disfrutarán os lectores de todas as idades.

Ponte Far, Xosé A., "Escritores galegos na novela castelá*", El Correo Gallego, "Correo das Culturas*", nº 11, 28 xaneiro 2000, pp. 1-2.

Dísenos no artigo que foron moitos os escritores galegos que escribiron en castelán, e que os máis selectos acadaron cumes moi elevados. Tamén se afirma que cando estes escriben en castelán hai na súa prosa un "algo especial", que é debido ao ton galego. Móstranos o autor algunhas características compartidas por catro grandes escritores: Valle-Inclán, Cunqueiro, Torrente e Cela, que posibelmente contribúen a este éxito. A primeira delas é que o castelán se enriquece cun efecto distanciador cando se emprega unha palabra galega, ou se constrúe unha frase sobre os usos do galego. Outra característica sería a musicalidade que se xera partindo da sintaxe galega. Ademais, o gusto polo uso da lingua oral e a concepción propia que os galegos temos do tempo, axudarían a crear ese "algo especial".

Queipo, Xavier, “Relendo a Anne Philipe”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 25, 14 maio 2000, p. 14.

A referencia inicial á traxectoria literaria de Anne Philipe está seguida dunha análise temática da traducción galega *O tempo dun salaio*, obra da que se destaca o tratamento do amor como “sentimento creado pola vontade dos homes”. Opina Xavier Queipo que o libro é optimista e reflexivo cara ao futuro das relacións humanas. Outro dos temas que sinala Queipo é a natureza e as mudanzas estacionais. Tamén destaca o optimismo cara ao pasado. Finalmente, ten unhas palabras de loanza para o traductor, Xosé Manuel Beiras, por exercer o seu labor “con elegancia e respecto, con agarimo para as palabras”.

Quintáns S., M., “Unha escritora do século XII”, *El Correo Gallego, “*Fin de Semana*”*, 2 xaneiro 2000, p. 6.

Informa que a Biblioteca-Arquivo Francisco Pillado Mayor publica *O desfile das virtudes*, de Hildegarde de Bingen, escritora de literatura latina medieval. Comenta que esta edición bilingüe está traducida ao galego por Xosé Carlos Santos Paz, que ademais dun espléndido estudio, inclúe tamén nesta edición a escenificación do “Ordo Virtutum”, bibliografía e discografía. A seguir, refírese a que Santos Paz achéganos a aspectos relacionados coa obra, como a importancia e significado do “Ordo Virtutum” no teatro latino medieval, os personaxes, a estructura, etc. Trátase, en definitiva, dun “verdadeiro agasallo para todos os interesados no mundo medieval”.

_____, “Cunqueiro e o vello Sinbad no escenario”, *El Correo Gallego, “*Fin de Semana*”*, 2 xaneiro 2000, p. 6.

Coméntase no artigo que o teatro, como o cine, admiten facilmente a traducción de obras realizadas en linguaxes diferentes. É dicir, pódense dramatizar textos narrativos, ou mesmo líricos. O que acontece nestes casos é que os traductores-adaptadores deben estar preparados para a reacción do público, que pode ver traizoadas as súas interpretacións respecto do orixinal. Por isto, a representación de *Si o vello Sinbad volvese ás illas*, por parte do CDG, foi necesariamente polémica. Pero o CDG, ademais da representación, fixo unha publicación na súa colección “Centro Dramático Galego”, que inclúe un estudio crítico sobre o teatro de Cunqueiro e a adaptación que Quico Cadaval fixo do *Sinbad*.

_____, “Peregrinaxe da existencia humá”, *El Correo Gallego*, “Fin de Semana”, 23 abril 2000, p. 9.

Comeza esta recensión dando conta da publicación de *El Griffon* e *Peregrino en invierno* na Editorial Edhasa, así como dos moitos galardóns que o seu autor, Alfredo Conde, ten recibido ao longo da súa traxectoria literaria. Critica a negativa de certas editoriais a editar simultaneamente en galego e en castelán dentro do noso país, coa desculpa de “non se faceren competencia a si mesmas”. Opina que estas versións ao castelán das obras do autor alaricano son “a proba de que camiñamos cara a normalización lingüística”. Finalmente, fai unha síntese temática de *Peregrino en invierno*.

_____, “Catro estilos diferentes”, *El Correo Gallego*, “Fin de Semana”, nº 24, 7 maio 2000, p. 7.

Reflexiona inicialmente o autor do artigo sobre as dificultades que a novela curta ten no mercado editorial galego. A seguir, comenta o Certame Manuel Lueiro Rey como un exemplo de apoio a este xénero literario, do mesmo xeito que o Modesto Rodríguez Figueiredo. Finalmente, describe o contido do volume *IV Certame literario Manuel Lueiro Rey. Novela curta 1998*, composto por catro textos que responden a “catro estilos diferentes, con preocupacións moi distintas cada un deles”.

_____, “Xavier Queipo e a arte de novelar”, *El Correo Gallego*, “Fin de Semana”, nº 24, 7 maio 2000, p. 7.

Comeza referíndose ás dificultades que presenta a lectura de calquera obra de Xavier Queipo. Céntrase, a continuación, no comentario de *Malaria sentimental* (1999), unha novela na que se detectan as pegadas do seu traballo como biólogo, “sen ningunha clase de exhibición erudita”, e consegue facernos próximos un mundo e unha cultura tan afastados como son os do surleste asiático. Opina Quintáns que Xavier Queipo consegue crear e contar historias tanto a partir da súa propia experiencia como a partir dos seus soños.

_____, “Relatos de Apollinaire”, *El Correo Gallego*, “Fin de Semana”, 4 xuño 2000, p. 7.

Tras facer unha sucinta aproximación á vertente poética do escritor franco-italiano Guillaume Apollinaire, coa cal se consolidou, alude á súa obra narrativa *O poeta asasinado* (1999), publicada por Laiovento en versión de Alberte Allegue Leira. Subliña que o escritor vangardista, nado en 1880, compón a obra dunha serie de relatos que nos amosan o “mellor” da súa prosa e nos que se empregan os “recursos máis innovadores”, que logo tomarían correntes vangardistas como o surrealismo ou o simbolismo.

_____, “A posta en escena de ‘*Os vellos*’ de Castelao polo Centro Dramático Galego”, *El Correo Gallego*, “Fin de Semana”, 11 xuño 2000, p. 6.

Reflexiona sobre algunhas palabras pronunciadas por F. Simón, escenógrafo da representación de *Os vellos non deben namorarse*, ademais de ofrecer algunhas valoracións persoais sobre a escenificación teatral desta obra. A raíz das declaracións de Simón, xulga sobre o feito de se á hora de pór en escena a obra dun clásico se debe ou non innovar. Remata manifestando que lle gustou o traballo do Centro Dramático Galego, aínda que afirma que se podería ir máis alá.

_____, "*La Noche*', unha luz nun tempo de medos e silencios", *El Correo Gallego*, "*Forum. Memoria dun século*", nº 5, 18 xuño 2000, p. 24.

Fai mención ao xornal compostelán *La Noche*, refuxio de moitas das plumas dos nosos intelectuais galeguistas, durante unha época difícil e perigosa. Valéndose, entre outras, da publicación do Centro Ramón Piñeiro, *La Noche*: *Suplemento del Sábado (1949-1950)*, apunta que parte dos que protagonizaron a aventura de Galaxia "atoparon neste xornal o medio máis axeitado para a posta en marcha do seu programa". Asemade, sinala que este medio de comunicación contaba cun persoal moi intelixente, capaz de seguir adiante nun clima de intensa represión franquista. Remata ofrecendo un fragmento dun artigo asinado por José Goñi Aizpúrua, director de *La Noche*, no cal reflicte os obxectivos que perseguen.

_____, “A voz de Manuel Seixas”, *El Correo Gallego*, “Fin de Semana”, 2 xullo 2000, p. 12.

Tras aludir á situación actual da nosa lírica, céntrase na obra *Vestixios do Verme* de Manuel Seixas, coa que como lector se sente satisfeito. Loa a singular forma de poetizar deste autor, e en particular neste traballo, no que ve “un esforzo de achegamento á verdade do que somos ou do que pensamos...”.

Requeixo, Armando, “Os anos da lenta recuperación e a literatura do exilio”, *El Correo Gallego*, “*Forum. Memoria dun século*”, nº 5, 18 xuño 2000, p. 22.

Realiza un conciso estudio sobre o restablecemento do panorama cultural galego, e máis concretamente da súa literatura, trala Guerra Civil, referíndose aos múltiples esforzos que persoeiros ilustres das nosas letras levaron a cabo aquí en Galicia e tamén fóra. Así, subliña, primeiramente, o intenso traballo dos homes do exilio arxentino, cubano, uruguaio (...) que para contribuír á normalización organizaron actividades culturais de todo tipo. Logo, alude ao labor dos galegos que ficaron na súa terra e que comezaron o camiño da recuperación máis de vagar debido, sobre todo, ao tenso clima no que vivían. Salienta a creación de revistas como *Xistral* ou *Numen*, a importancia do xornal *La Noche*, e os primeiros libros de calidade literaria. Remata pondo de relevo o nacementto das primeiras casas editoriais, destacando a Galaxia.

Rodríguez Castro, Xavier, “Dúas individualidades líricas”, *El Correo Gallego*, “*Forum. Memoria dun século*”, nº 7, 20 agosto 2000, p. 26.

Dáse conta de dous autores da Xeración do 36 que publicaron na década dos sesenta obras ben diferentes. En primeiro lugar menciónase a obra *Longa noite de pedra* (1962), de Celso Emilio Ferreiro, referente da poesía social, “que el corrixiría posteriormente chamándolle civil”. En segundo lugar apúntase o caso de Díaz Castro, autor de *Nimbos* (1961), “xérmolo dunha lírica inusual deica entón”.

Seara, Teresa, “Camiño para a lucidez*”, A Nosa Terra*, nº 935, “Guieiro Cultural”, 18 maio 2000, pp. 27-28.

A referencia inicial aos gañadores do Premio Miguel González Garcés na edición de 1999 está seguida dunha recensión de *Xeografías do sal*, “un poemario complexo que abrangue temas e formas moi diferentes”. Así, fai un percorrido pola temática de cada un dos epígrafes; de “A quentura do sangue” salienta o vencello do amor coa paisaxe e co cosmos, de “O frío azul” destaca o pesimismo e a desesperación ante a vida, de “Ecotonías” comenta a heteroxeneidade ao reunir poemas de moi diversa fasquía, entre eles algúns de claro contido crítico. Finalmente, considera que “Erótica alfabética” é a “parte máis innovadora” pola visión que ofrece do erotismo, así como polas imaxes surrealistas.

Soto, Roque, “Nada morre mentres existan poetas”, *Faro de Vigo, “El Sábado”*, nº 142, 29 xaneiro 2000, p. 7.

Recensión de Ramón Caride Ogando de *Xeografías do sal* (1999), editada pola Deputación da Coruña, con ilustracións de Miguelanxo Prado, e que foi accésit do Premio de Poesía Miguel González Garcés. Comenta que este autor, que ten publicado narracións curtas, infantís, de ciencia ficción, etc., móstranos agora un libro de poemas heteroxéneos, onde habitan “vida, amor e morte”. Ademais, informa de que Caride Ogando ten xa preparados libros para o público infantil: un de poesía, outro de teatro e a antoloxía de contos titulada *A incerteza dos paraísos.*

Torres París, Mª Dolores, “Recuperar a memoria colectiva”, *El Correo Gallego, “Correo das Culturas*”, nº 9, 14 xaneiro 2000, p. 3.

Comenta o volume *Os escritores do exilio republicano* (1939-1999), de Ediciós do Castro, que contén as actas do Congreso “Sesenta Anos despois”, organizado polo GEXEL (Grupo de Estudios do Exilio Literario). Despois de se referir aos editores e coordinadores, céntrase na estructura e indica que o libro se divide en cinco partes que estudian a poesía (I), o teatro (II), a historiografía (III), os epistolarios (IV) e as artes plásticas (V) do exilio. Describe o contido, do que salienta a reproducción facsimilar de cartas e considera que é un libro que pode devolvernos a memoria silenciada dos que regresaron e dos moitos que non o fixeron.

_____, “Hemingway”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 25, 14 maio 2000, p. 13.

Esta recensión da obra *Hemingway en Galicia* (1999) comeza dando conta de cómo xurdiu o proxecto. A seguir, describe o contido das dúas partes en que se estructura o libro e salienta a parte gráfica.

Valcárcel, Xulio L., "*Sereno e grave gozo*", *El Ideal Gallego,* "La Galería", 2 xaneiro 2000, p. 6.

Apunta o moito que lle gusta esta obra de Otero Pedrayo, *Sereno e grave gozo. Ensaios sobre a paisaxe*, reeditada por Galaxia en 1999 da man de María Cuquejo, da que sinala que comezou a publicarse o primeiro ensaio en 1955. Tamén comenta que se analiza a paisaxe dende un fondo lirismo, destacando o vento e a auga como dous dos compoñentes da súa harmonía. Indica que Pedrayo adopta unha postura pagá e de integración, cunha visión metafísica do tempo e diferenciando na paisaxe un tempo planetario, outro vital e un terceiro histórico. Remata sinalando que é unha obra clave para achegarse á paisaxe galega e "percibir a esencia da nosa Terra".

_____, “*Pensa nao*”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, 23 xaneiro 2000, p. 4.

A novela *Pensa nao* (1999), de Anxo Angueira, está cualificada neste artigo como “unha magnífica novela”. Opina que esta obra, que foi merecedora do Premio Xerais 1999, é unha visión metafórica dunha Galicia positiva, solidaria e avanzada. Comenta que a acción da novela se sitúa entre o San Martiño de 1935 e o 20 de xullo do 36, na aldea de Sernaselle, que xa nestas datas buscaba a modernidade, polo que rompe co tópico da aldea galega ignorante e atrasada. O narrado transmítesenos a través dunha simultaneidade teatral, cunha linguaxe densa que se converte na protagonista da obra literaria.

_____, “Doctrina Galicianista”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, 30 xaneiro 2000, p. 4.

Opina que o historiador Carlos Pereira Martínez coa súa obra *Mulleres e República* (1999), fai un acto de xustiza ao recuperar parte do noso pasado. Observa que este libro ten como protagonistas ás mulleres progresistas que durante a IIª República fundaron diversas asociacións encamiñadas á súa promoción social, sen esquecer finalidades altruístas e benéficas e considera que estas mulleres levaron a cabo diferentes actividades educativas, políticas ou benéficas; e neste volume achégasenos información detallada delas, reprodúcense actas de reunións, documentos, cartas e fotografías.

_____, “Breviario de calamidades”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, 30 xaneiro 2000, p. 4.

Informa que con *Breviario das calamidades* (1999), Xosé Luís Martínez Pereiro obtivo os premios Carvallo Calero e Cidade da Coruña de Narrativa Fantástica. Comenta que nesta obra, que contén nove relatos, se fai unha sátira de determinados valores burgueses e estereotipadas conductas sociais, polo que hai neste traballo segundas intencións que buscan a complicidade do lector. Sérvese para isto dun “inxenioso e marabilloso xogo verbal no que importa máis como se conta que o que se conta”. Así, opina Xulio Valcárcel que este emerxente autor na nosa narrativa consegue entreter e divertir dende a intelixencia e a complicidade.

_____,"*Don do horizonte*", *El Ideal Gallego*, "La Galería", 6 febreiro 2000, p. 4.

Informa de que Xavier Seoane, poeta vitalista que capta con gozo a realidade circundante, recolle en *Don do horizonte. Obra poética (1976-1998)*, os seus oito libros editados e dous máis inéditos: *A néboa invisible* e *Agra da Brea*. Considera que este poeta se mergulla na realidade que o rodea e dialoga con ela, e todo o seu canto xira arredor da idea do retorno cíclico e da recuperación do perdido. Observa que na súa obra poética está fondamente enraizadas na paisaxe, na que trata de captar aquilo que esta ten de invisíbel, de secreto, e que nesa recreación do inefábel está moi presente a nenez, referíndose a ela dende o instante actual ou dende a memoria. Outra clave dos seus poemas considera Xulio Valcárcel que é o amor, que atingue dimensións cósmicas e que ten unha función salvadora.

_____, “Atlántida”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, 27 febreiro 2000, p. 4.

Recensión do poemario *Atlántida* (1999), co que Rafael Lema obtivo o Premio Concello de Carral. Considera que vén ser unha continuación de *Cemiterio das Gaivotas*, co que acadara o premio Espiral Maior. Opina que o libro se concibe como unha viaxe, en realidade son catro viaxes reais, que significan unha viaxe vital iniciática, de desdobramento e de coñecemento interior; na primeira viaxe atopamos os temas da perda, da destrucción, da ruptura e da dor; na segunda aparece o tema da traizón e das referencias relixiosas; en tan só tres poemas que ten a terceira parte fálase da enfermidade, autosacrificio, piedade e da carraxe contra a inxustiza. Finalmente observa que a última viaxe atende ao amor, “único refuxio e única salvación” e salienta que todos estes temas se nos van achegando a través dunha imaxinería de corte surrealista, dunha lingua culta e estilo propio que confirman a fondura e sinceridade da poesía de Lema.

_____, “Liberdade de nomear”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, 12 marzo 2000, p. 4.

Comeza esta recensión de *A Indócil liberdade de nomear* (1999), lembrando que foi a gañadora do II Premio Ensaio da editorial Espiral Maior. Afirma que o autor parte de que nas cantigas medievais había unha mensaxe críptica, que sería necesario descifrar, e que o que el fai é descodificar as alusións que os vellos poetas facían sen nomear ou o feito de nomear baixo outra apariencia. Propón, pois, un novo criterio de análise das nosas cantigas, sobre todo as de escarnio e maldizer, en base á “Interpretatio Nominis”.

_____, “A escrita da luz”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, 26 marzo 2000, p. 4.

Ábrese esta recensión de *Evadne* (1999) cunha reflexión xeral acerca da obra poética de Cesáreo Sánchez Iglesias, “unha das máis singulares dos últimos vinte anos”, caracterizada pola “reflexión e a tenacidade”. A seguir, centra o comentario no tratamento que recibe o amor neste poemario, un tema no que, segundo Xulio Valcárcel, o autor consegue ser orixinal. Describe as diversas facianas que o amor presenta na obra: amor correspondido, amor como salvación, amor como forza positiva, etc. Salienta a ausencia de referentes concretos polo que *Evadne* se move na utopía, na ucronía e na intemporalidade.

_____, “Hemingway en Galicia”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, 27 marzo 2000, p. 4.

Comeza indicando que aínda que dentro de España Hemingway se asocia máis con Pamplona ou Madrid, este tamén estivo en Galicia, estadía na nosa terra da que nos dá conta Carlos Casares en *Hemingway en Galicia* (1999). Considera que o libro de Casares une a investigación histórica e literaria coa amenidade dunha novela de detectives, posto que se interesou xa por este tema nos seus anos universitarios, lendo unha das novelas do grande autor. Nesta lectura dáse conta do coñecemento que Hemingway posuía da nosa terra, e a partir de aí investigou para ofrecernos agora datos sobre as tres viaxes que este personaxe fixo a Galicia.

_____, “Crónicas das Américas”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, 2 abril 2000, p. 4.

Unha referencia xeral á importancia da emigración en Galicia na primeira metade do século abre este comentario acerca da obra *Crónicas galegas de América* (1999). A seguir, céntrase no contido da obra, “unha semblanza de memorias e personaxes”, e dá conta daquelas crónicas que lle chamaron máis a atención, como a que relata o regreso de Manuel Reimúndez Portela á Habana ou a visita a Arturo Souto en México. Salienta deste traballo de Neira Vilas o “trato afectuoso, respectuoso e comprensivo” que lle dedica a todos os protagonistas, sen ter en conta a súa condición social. Tamén destaca o coñecemento directo que o escritor de Gres ten dos feitos que narra, mesmo bota a faltar maior profundidade e extensión nos relatos.

_____, “*grupo abeliano*”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, 9 abril 2000, p. 4.

Comeza esta recensión de *grupo abeliano* comentando as influencias de *A esmorga* nesta novela. A seguir, céntrase na descrición dos protagonistas, aos que trata como un colectivo que actúa movido pola libertinaxe e polo descaro, pola rebeldía; uns personaxes cos que o lector acaba identificado. Agradece que nesta obra se prefira a narratividade sobre o “xogo narcisista”, propio doutros autores. Salienta tamén a presencia do humorismo ao longo de toda a novela, trazo que non impide, segundo Xulio L. Valcárcel, a presencia de temas como “o valeiro existencial”, e “o absurdo de vivir”. Finalmente, opina que “é a máis exportable das novelas galegas publicadas ultimamente”.

_____, “Poesía irlandesa”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, 23 abril 2000, p. 4.

Louva a publicación de *Poesía Irlandesa Contemporánea*, por contribuír a superar o prexuízo de que “a poesía non lle interesa a ninguén” e por ser a primeira versión de poetas irlandeses contemporáneos, agás Heaney, a unha lingua da Península Ibérica. Explica a situación lingüística da poesía irlandesa e comenta algúns paralelismos entre a cultura daquel país e a cultura galega. Salienta a presencia constante dunha dualidade, entre esperanza e desesperanza, en moitos dos autores que se antologan neste volume. Finalmente, valora a riqueza léxica e a musicalidade da traducción ademais de lembrar o encontro cun dos autores escolmados, O’Donoghue.

_____, “O cuarto dos ausentes”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, 11 xuño 2000, p. 12.

Comenta brevemente a última novela de Francisco Vidal, *O cuarto dos ausentes*, publicada por Espiral Maior e Premio de Narrativa do Concello de Vilalba. Comeza facendo referencia ás liñas temáticas ao redor das cales xira a obra, os avatares dunha vila mariñeira afectada pola crise, na que entran elementos de todo tipo: sobrenaturais, antropolóxicos,... Subliña o cuarto dos ausentes como a “metáfora da irrecuperabilidade do tempo ido”. Finalmente, e tras comentar a estructura, cualifica a novela cun máis que notábel.

_____, “Paixón pola lectura”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, 2 xullo 2000, p. 12.

Alude ao libro *Atravesar o espello* de Xavier Seoane, publicado por Xerais na colección “Peto”, no que toca o tema do libro e da lectura, realizando unha interesante análise deste mundo que tan ben coñece. Apunta que o autor procura a sinxeleza á hora de abordar o tema, salientando sempre “a lectura como aventura íntima”. Finalmente, afirma que no libro tamén hai espacio para a crítica, posto que “denuncia a literatura como alineación”.

_____, “Anatomía da emoción”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, 23 xullo 2000, p. 10.

Comenta sucintamente o ensaio *Anatomía da emoción* de Fidel Vidal, publicado por *Luzes de Galicia*. Apunta que se trata dun libro no que o autor estudia dende un punto de vista filosófico a poesía de diferentes autores, entre os cales se encontran poetas como Manuel Antonio ou Miguel Anxo Fernán-Vello. Analiza, tamén, os presupostos dos que parte Vidal, destacando a “dimensión ética da palabra”.

_____, “Paisaxes do baleiro”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, 3 setembro 2000, p. 4.

Analiza sinteticamente o libro de Eva Veiga *Paisaxes do baleiro*, publicado por Xerais. Apunta que é un conxunto de poemas nos que a autora, valéndose da súa propia experiencia, trata de desentrañar os fíos que tecen a existencia do ser. Por outra banda, subliña que da obra se poden realizar lecturas diferentes e interpretar os símbolos de diversas maneiras, destacando destes os referentes á auga e á luz.

_____, “Os primeiros galegos”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, 8 outubro 2000, p. 4.

Comenta o estudio que Luísa Villalta realiza da estreita relación que hai entre a poesía e a música, destacando que esta é patente na poesía de autores como Arcadio López-Casanova ou Álvaro Cunqueiro, por nomear algúns. Apunta que a autora principia analizando os trazos musicais que se ven reflectidos na poesía, pasando logo ao estudio das “formas músicopoéticas, procedentes unhas veces das manifestacións populares e outras das formas cultas”. Asemade, sinala que tamén se detén na arte do trobar medieval e na relevancia dos vilancicos nos séculos escuros e no primeiro cuarto do XX.

Varela, Ángel, “En busca do xenoma galego”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 112, 13 xaneiro 2000, p. 3.

Recensión de *Os homes do país* (1999), da Editorial Xerais, segundo volume da colección “Álbum de Galicia”, editado por Ricardo Gómez Polín. Comenta que este foi o encargado de recuperar un proxecto liderado por Xesús Muruáis e outros escritores galegos mozos, que no ano 1875 pretendían presentar unha colección de tipos costumistas, que se titularía *Los gallegos pintados por sí mismos*. Salienta que Gómez Polín, que dedica este volume aos oficios, recolleu textos de diversos escritores sobre as tipoloxías populares. Destaca que a obra presenta ademais, notas críticas, avaliacións literarias e ilustracións artísticas.

Vásquez Freire, Xavier, “A nudez do verso ácrata”, *A Nosa Terra*, nº 932, “Guieiro Cultural”, 27 abril 2000, p. 24.

A referencia inicial ao bo facer e á importancia da colección de poesía de Espiral Maior está seguida dunhas notas biográficas de Enma Pedreira nas que se informa da súa traxectoria dentro da literatura galega, así como dos premios recibidos. A seguir, fai unha descrición temática, estructural e estilística do *Diário bautismal dunha anarquista morta*. Considera que a crítica social e a rebeldía está expresada a través de poemas breves. Tamén salienta o tema do nacemento e da maternidade, ademais do amor “en relaçom com a poesia e com o próprio corpo”. Cre que este último tema é o que axuda á renovación do eu poético, que está abafado pola súa condición de muller e pola situación do seu país. Para rematar, opina que o poemario “é umha aposta personalíssima por umha poesia mui de seu” e augúralle un bo futuro á autora.

Vilavedra, Dolores, “O mellor francés”, *O Correo Galego, “Revista das Letras”*, nº 298, 27 xaneiro 2000, pp. 4-5.

Recensión de *O mellor francés de Barcelona* (1999), obra na que atopamos dous eixos en torno aos que xiran todos os relatos: un deles é “o nexo cuase antropolóxico con que vencellamos violencia e amor”; o outro é “a necesidade de fornecernos de vidas alternativas como vía de supervivencia ante o acoso gris do cotián”. Isto último conséguеo pola vía do soño, rescatando o pasado ou con desdobramentos de personalidade. Salienta a presencia da ironía en toda a obra, xunto a cuestionamentos de formas convencionais, desmitificacións de formas canónicas de relación, xogos de palabras, etc. Opina que se reivindica, pois, o alternativo lindando co marxinal; todo isto a través dunha extraordinaria competencia verbal na que se combina creación e enxebreza.

_____, “Agasallo”, *O Correo Galego, “Revista das Letras”*, nº 302, 24 febreiro 2000, pp. 8-9.

Loa o labor dos propietarios da Librería Cartabón en Vigo, promotores dun libro novidoso dentro da nosa literatura. Informa que para a súa edición confiaron en Fran Alonso, que retou aos autores de *Minirelatos* a crear un relato que non tivese máis de mil caracteres de extensión. En total son vinteseis microrelatos de outras tantas persoas, algúns deles son novos no campo da literatura e outros son xa autores consagrados. Observa que os seus escritos son variados, xa que atopamos relatos marabillosos, costumistas, líricos, etc, e que ademais, o libro conta cunha foto de cada autor ou autora xunto á súa creación. Opina que o fotógrafo, Manuel G. Vicente, soubo captar a esencia das súas personalidades, aínda que conservando un pouco do seu misterio. É, pois, esta unha obra para gozar. A mágoa é que non estea á venda.

_____, “Espello”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 307, 30 marzo 2000, pp. 8-9.

Esta recensión de *Atravesar o espello* comeza cunha crítica á publicación deste libro dentro da colección de “Peto” de Xerais, por provocar “a desorientación dos lectores”, xa que non ten relación cos volumes que nela se viñan publicando. A obra, que define como “peculiar e persoal ensaio sobre o libro e a lectura”, ten, segundo a articulista, como principal obxectivo a seducción e a consecución de novos lectores. Dolores Vilavedra refírese tamén á estructura e ao punto de vista lúdico que adopta Xavier Seoane. Loa a “contundente sinxeleza do sentido común, para centrarse en reivindicar a lectura como un pracer ancestral. Discrepa do autor no “exceso de relevancia polo libro-obxecto, pero considera que o resultado é “feliz e solidario: o libro de quen descubriu un tesouro que se empeña en compartir”.

X. C., “López Casanova”, *El Correo Gallego, “Correo das Culturas”,* nº 11, 28 xaneiro 2000, p. 3.

Refírese a Arcadio López Casanova como poeta de difícil clasificación xeracional, tamén profesor, crítico e teórico da literatura que levou a cabo diversos traballos sobre a expresión literaria e análise estilística ou sobre distintos autores. Informa que a súa obra de creación, *Mesteres*, libro publicado en 1976, pero ampliado e reelaborado ata 1983, é recuperado agora pola Biblioteca das Letras Galegas de Xerais. Describe esta edición, que inclúe as últimas ampliacións. Recolle as palabras de Román Raña, segundo o que *Mesteres* é “un libro insular”, tanto dentro da producción de López Casanova coma no contexto estético e histórico, e segundo o cal, a prodixiosa riqueza léxica de López Casanova é un modo de recuperar, de reaprehender o tempo ido, e faino rescatando palabras da infancia. Maniféstase así na obra a infancia labrega, xunto ao sentimento do exilio e o medo á morte.

V. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica. Biografías. Crónicas

V.6. Publicacións en xornais: artigos de opinión ou colaboracións fixas

Abuín de Tembra, Avelino, “Anxo Angueira: a terra recobrada”, *O Correo Galego,* “A lúa nos beizos”, 3 xaneiro 2000, p. 2.

Tras un exordio pluridisciplinar sobre Manselle (Dodro), lembra outros autores da zona, como Lorenzo Baleirón (Tarrío, 1962) ou Fernández Reboiras (Tallós, 1961), e resume a traxectoria de Anxo Angueira. Despois comenta como a acción de *Pensa nao* se identifica coa xeografía e historia concretas do lugar no que se contextualiza. Ademais áchalle á novela valor etnográfico, lóuvalle o léxico ricaz e sinálalle o estilo “naif e arcaizante”.

_____, “Persoeiros galegos”, *O Correo Galego,* “A lúa nos beizos”, 9 xaneiro 2000, p. 3.

Co gallo de encetar un ano, o articulista fai unha lista de xente que traballou a prol da redención de Galicia que inclúe a Fontenla Leal, Carballo Calero, Quintanilla Martínez, Castelao, Murguía, Brañas e Manuel Antonio. Só destaca méritos relacionados coa literatura nos casos de Castelao e Manuel Antonio. Canto ao segundo, sinala que está marxinado e que quizais sexa o mellor poeta da centuria presente e, no relativo a Castelao, critica a escasa atención que lle dedica a Xunta ao cincuentenario do seu pasamento.

_____, “Un lugar para Xocas”, *O Correo Galego,* “A lúa nos beizos”, 10 xaneiro 2000, p. 3.

Coméntase o gran traballo etnográfico desenvolvido pola Xeración Nós en xeral e por Xocas (Xaquín Lorenzo Fernández) en particular. A seguir, infórmase da iniciativa do presidente da Deputación de Ourense para solicitar á RAG que se lle dedique a Xocas o Día das Letras Galegas do ano vindeiro. Requírese para esta iniciativa o apoio do Padroado do Museo do Pobo Galego e da Fundación do Pedrón de Ouro.

_____, “López Ferreiro en Vilanova “, *O Correo Galego,* “A lúa nos beizos”, 6 febreiro 2000, p. 3.

Lembra a morte de López Ferreiro no Pazo de Galegos (Vilanova-Vedra) e xulga insuficiente o recoñecemento público da súa figura, malia serlle consagrado o Día das Letras Galegas de 1978. Anuncia a confección dunha unidade didáctica, a creación dunha biblioteca especializada e a celebración dun ciclo de conferencias, todo por iniciativa do Concello de Vedra.

_____, “Tres poetas de Laíño”, *O Correo Galego,* “A lúa nos beizos”, 7 febreiro 2000, p. 3.

Explica a pouca proliferación de literatos en Laíño pola opresión e o caciquismo que sufriron as súas poboacións e sobrancea o maxisterio de Bernardino Graña para que se rompese esa tendencia ao silencio. A continuación, comenta a traxectoria literaria do finado Eusebio Lorenzo Baleirón, de Anxo Angueira Viturro e de Ramón Fernández Reboiras, ao tempo que fai un chamamento ao derradeiro dos tres para que publique en galego.

_____, “Oracións campesiñas”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 14 febreiro 2000, p. 2.

Céntrase nas figuras de Eugenio Montes e Eladio Rodríguez, dos que ofrece algúns apuntamentos biobibliográficos. Non obstante, coida que a súa importancia procede principalmente da obra poética: *Versos a tres en cas o neto* (1930), no caso do primeiro, e *Folerpas* (1894), *Raza e terra* (1922), e *Oraciós campesiñas (1927)*, sobre todo a última, no caso do segundo. Alén disto, lembra o pasado colaboracionista co franquismo de Montes, a quen integra na xeración dos poetas folcloristas, e a presencia de don Eladio entre os fundadores da Academia.

_____, “Insigne fillo de Carballo”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 5 marzo 2000, p. 3.

Tras lembrar as homenaxes e efemérides que se están a celebrar este ano a nivel nacional (Castelao, Manuel Antonio, Brañas ou Murguía) e local (Herminia Fariña en Meaño, Labarta Pose en Noia ou Eladio Rodríguez en Leiro), Abuín ataca a Fundación Alfredo Brañas por programar os actos en Compostela no canto de en Carballo. Informa das homenaxes que a capital bergantiñá lle tributou a ese seu fillo máis sobranceiro e lembra a procedencia carballesa doutros autores como Xesús San Luís Romero ou Fabián Pardiñas Villardefrancos.

_____, “Alonso Montero Meritísimus”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 6 marzo 2000, p. 3.

Congratúlase polo nacemento do Centro de Estudios Rosalianos e salienta o papel de Xesús Alonso Montero, de quen se gaba a súa traxectoria. Informa da homenaxe de que Alonso vai ser obxecto, coa publicación de dous volumes na súa honra, mais solicita para el recoñecementos de toda a sociedade alén dos académicos. Finalmente, sinala que Alonso debe converterse no “patriarca das letras de Galicia” tralos pasamentos de Filgueira e Fraguas.

_____, “A hora de Manuel Antonio”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 26 marzo 2000, p. 3.

Divide os cincuenta anos tralo pasamento de Castelao en dous ciclos: ata a morte de Virxinia Pereira e ata o pasamento de Teresa Castelao. Do primeiro, salienta o afastamento que sufriu a súa dona da biografía do rianxeiro, quizais por presións das irmás, e, do segundo, destaca a manipulación espuria da súa figura e a aparición da errada frase “Castelao é de todos”. Pensa que agora a este autor polifacético só lle queda unha decadencia progresiva ata o esquecemento. Opina que agora é o tempo de Manuel Antonio e reclama para el todas as homenaxes posíbeis. Dá conta das xornadas que lle organiza a Consellería de Cultura pero critica a escolla de relatores e, para rematar, chama a atención sobre a falta de interese sobre a súa obra e sobre o secuestro de parte do seu legado.

_____, “Evocación de Otero Espasandín”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 3 abril 2000, p. 3.

Tras comentar as xornadas que a Consellería de Cultura dedicou a Manuel Antonio en Rianxo e cualificar o seu contido de desigual, critica o esquecemento de Otero Espasandín, sobre todo ao comparalo co tratamento recibido por Eugenio Montes. A seguir, dá conta do máis representativo da súa biografía, salientando a súa participación nas Misións Pedagóxicas republicanas, o exilio en Europa e na América e a relación con outros literatos como Amado Carballo, Dieste… Tamén sinala que Espasandín anunciara a publicación dun volume lírico que non chegou a aparecer e que tiña como título previsto *Alfabeto*.

_____, “Carta galega a Helena Villar”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 18 xuño 2000, p. 3.

Co gallo da participación de Helena Villar, como unha das representantes do Pen galego, no sesaxésimo sétimo congreso do Pen Clube celebrado en Moscova, Avelino Abuín escríbelle unha carta a esta poetisa galega. Nela gábase a traxectoria de Helena Villar, descríbese a situación da actual Rusia e refírese ao seu poemario *As hedras da clepsidra* (1999).

_____, “Ovidio Murguía marxinado”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos “, 25 xuño 2000, p. 3.

Saliéntanse os distintos actos que se celebran no ano 2000 adicados a Castelao, Manuel Antonio e Euxenio Montes. Menciónase, ademais, o feito de que a celebración do Día das Letras Galegas adicado a Manuel Murguía ensombrecese o centenario do nacemento do seu fillo, o pintor Ovidio Murguía de Castro. Tras comentar os méritos deste pintor, sinálase o desexo de que este centenario se celebre do mesmo xeito que se conmemoraron neste ano outras datas significativas.

_____, “Carta galega a Xesús Santos”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 26 xuño 2000, p. 3.

Escrito dirixido a Xesús Santos no que amosa a súa admiración cara a este rianxeiro, posto que “sabe combinar harmonicamente o traballo e oficio de labrego coa tarefa de escritor”. Sinala tamén a súa importancia como dinamizador cultural de Rianxo e remata referíndose ao seu último libro *Un ronsel de estrela. Teatro de correspondencia inédita. Homenaxe a Manuel Antonio*.

_____, “Apoteose de Manuel Antonio (I)”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 16 xullo 2000, p. 3.

Laméntase e pregúntase por qué só o Concello de Rianxo se lembrou do centenario do nacemento de Manuel Antonio. Tamén se sinala que o “secuestro da documentación inédita de Manuel Antonio”, a súa consideración como poeta hermético xunto cos exiguos intereses mercantís da lírica foron as razóns do fracaso das Xornadas sobre Manuel Antonio organizadas pola Consellería de Cultura.

_____, “Apoteose de Manuel Antonio (e II)”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 17 xullo 2000, p. 3.

Reproduce a declaración institucional do Consistorio de Rianxo sobre a figura de Manuel Antonio, na que se gaba a figura do rianxeiro e onde se apunta que os “orixinais manuelantonianos sexan depositados nalgunha institución ou biblioteca pública” e indícase que Rianxo pasou de ser unha vila mariñeira a ser “unha das aras máis relevantes de Galicia”.

_____, “O retorno dos celtas”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 23 xullo 2000, p. 3.

Destácase a necesidade de elaborar unha historia de Galicia alonxada dos mitos e das lendas. A este respecto, saliéntase a iniciativa da cidade de Ferrol de crear o Instituto Celta de Estudios Avanzados, no que se recolle toda a documentación existente relacionada coa cultura celta. Tamén se comenta a defensa que fixo Manuel Murguía da orixe celta do pobo galego e a tradición coa que contan estas ideas.

_____, “Conventos de Santiago”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 20 agosto 2000, p. 3.

Evocación dos máis significativos conventos de Santiago de Compostela como testemuñas da nosa historia, centros culturais e moitos deles con ricas bibliotecas. Destaca o convento de San Francisco e o labor de Frei Isorna como persoa moi vinculada coa lingua e a cultura galegas, presente en todos os actos de carácter cultural que se celebran e algúns relacionados con persoeiros como Otero Pedrayo, Ferro Couselo, Martínez Risco ou Maruxa Villanueva. Tamén se refire a San Paio de Antealtares, do que reproduce unha cantiga popular na que fala do convento; ou San Domingos de Bonaval, lugar que aparece na cantiga de amigo de Bernal de Bonaval como lugar de encontro amoroso.

_____, “Cinco mil actos culturais”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 10 setembro 2000, p. 3.

Encomio dirixido aos máis de catro mil actos culturais celebrados nos dous últimos anos e organizados pola Consellería de Cultura. Destácanse as xornadas sobre Castelao, Manuel Antonio ou Murguía, xunto cos fastos do Xacobeo 99 e o programa “Galicia, cidade única”.

_____, “Un congreso de literatura”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 15 outubro 2000, p. 3.

Fala do congreso celebrado no mes de outubro sobre “Literatura galega e do norte de Portugal” e refírese a certas figuras como Eça de Queirós, Guerra Junqueiro ou Eugénio de Castro. Tamén solicita que este congreso sexa unha aproximación á literatura e aos autores portugueses e non unha excusa para realzar os “indestructibles lazos fraternais”.

_____, “¡Viva Valle-Inclán! (e II)”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 30 outubro 2000, p. 3.

Dáse conta dalgúns dos admiradores e detractores de Valle-Inclán ao longo da historia. A continuación, anúnciase que Vilanova de Arousa e a Pobra do Caramiñal, en rivalidade por seren o lugar de nacemento deste escritor, celebran a un tempo a semana cultural dedicada a Valle-Inclán. Ademais disto, infórmase de que os socialistas de Galicia propóñenlle á Deputación de Pontevedra que nomee fillo predilecto da provincia a este escritor. É, pois, segundo o artigo, “a hora de Valle-Inclán”.

_____, “Un fillo chamado Valle-Inclán”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 12 novembro 2000, p. 3.

Infórmase de que a Deputación de Pontevedra desexa proclamar fillo da provincia a Ramón del Valle-Inclán, que conta cunha Fundación e o Ateneo que levan o seu nome, pero agora a Deputación quere instituír tamén o Premio de Teatro Valle-Inclán, con carácter internacional e unha importantísima dotación. Indícase, ademais, que Méndez Ferrín, admirador deste escritor, apoia a iniciativa presentada pola Deputación.

_____, “Escritores de Arousa I”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 19 novembro 2000, p. 3.

Fálase do cambio que está a sufrir a Arousa na súa denominación, xa que actualmente este topónimo está sendo substituído por Salnés –para a Arousa sur, de Pontevedra- e por Barbanza –para a Arousa norte, da Coruña. É por isto polo que se fai a pregunta de se Cabanillas é poeta de Cambados ou bardo da Arousa. Así mesmo, menciónanse as “Xornadas de Literatura do Salnés”, das que haberá que comprobar se se poden ampliar á Arousa toda.

_____, “Portugal máis cerca”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 24 novembro 2000, p. 3.

Fai unha viaxe a través do tempo para percorrer os camiños de unión entre Galicia e Portugal, destacando a un viaxeiro portugués, Hugo Rocha, que escribiu *Itinerario da Galiza* (1946). Tamén fala das rutas de unión entre Galicia e Portugal.

Agís Villaverde, Marcelino, “O Dieste que eu coñecín”, *O Correo Galego*, “Pensamento Galego”, 19 xaneiro 2000, p. 3.

Lembra unha conferencia dictada por Dieste á que asistiu en Pontevedra pouco antes do pasamento do rianxeiro. Concorda con el en que hai que evitar que o mundo moderno, domeado pola razón e maila abstracción, arrombe as experiencias da infancia, presididas pola imaxinación e os sentimentos.

_____, “Dieste, filósofo”, *O Correo Galego*, “Pensamento Galego”, 26 xaneiro 2000, p. 3.

Saúda efusivamente a publicación de *A teoría estética, teatral e literaria de Rafael Dieste*, de Arturo Casas, e lembra outros autores que se fixaron na súa obra ensaística e filosófica: Axeitos, Del Riego, García-Sabell… Agís ve na obra de Dieste dúas características que lle achegan carácter filosófico: a procura da verdade a través de xéneros diferentes e unha relación dialóxica co seu contorno filosófico contemporáneo.

_____, “Cunqueiro: pensamento e ficción”, *O Correo Galego*, “Pensamento Galego”, 2 febreiro 2000, p. 3.

A partir dunha anécdota acontecida co fillo, coida que a realidade está composta por unha parte moi importante de fantasía e repara en que Álvaro Cunqueiro foi quen de reflectir esa dualidade na súa obra narrativa, lírica e dramática. Para ilustrar estes pensamentos resume a historia de Felipe de Lomba en *Xente de aquí e de acolá*.

_____, “O incerto señor Cunqueiro” *O Correo Galego*, “Pensamento Galego”, 9 febreiro 2000, p. 3.

Opina que os personaxes creados por Cunqueiro son moi cercanos e reais pero, sen embargo, transgreden os límites da realidade. Constata que os seus mundos funcionan conforme unhas regras internas propias e que nós, só con aceptalas, podemos gozar deles.

_____, “Alfredo Brañas, segundo Castelao”, *O Correo Galego*, “Matinacións e angueiras”, 30 agosto 2000, p. 3.

Comeza describindo os comentarios vertidos por Castelao en *Sempre en Galiza* sobre a figura de Alfredo Brañas, para despois pasar a sinalar que as ideas defendidas por Sabino Arana e mais por Pi i Margall xa estaban presentes en Galicia coas ideas defendidas por Brañas e Murguía.

_____, “Dez anos sen Ramón Piñeiro”, *O Correo Galego*, “Matinacións e angueiras”, 6 setembro 2000, p. 3.

Laméntase dos dez anos do falecemento de Ramón Piñeiro, láiase tamén da súa ausencia no Consello da Cultura Galega, no parlamento e mais na rúa Nova compostelá, e salienta que, tal como defendeu o propio Piñeiro, o espírito do galeguismo está actualmente presente en todos os partidos políticos implantados en Galicia.

_____, “Castelao, filósofo práctico”, *O Correo Galego*, “Matinacións e angueiras”, 8 novembro 2000, p. 3.

Preséntasenos a Castelao como un defensor da acción como motor do pensamento, e polo tanto como filósofo práctico. Destácase que, na súa obra, para demostrar a validez dunha proposta confróntaa coa súa antítese, sen adoptar posturas intermedias. Ademais disto, indícase que, sen chegar a un idealismo da praxe, a pura teoría parécelle baleira e impracticábel dende un punto de vista ético. Di que el cría que as ideas dun pensador debían axudar a transformar a realidade e non simplemente sumarse ás xa existentes.

_____, “Castelao, filósofo práctico (e II)”, *O Correo Galego*, “Matinacións e angueiras”, 15 novembro 2000, p. 3.

A través de fragmentos do *Sempre en Galiza* de Castelao tenta demostrar que era un filósofo práctico preocupado pola “inxusta realidade que asolagaba a Galicia e os galegos”. Coas súas ideas Castelao pretendía transformar esta realidade. Así mesmo, indícase que o rianxeiro era un pensador e que, se aínda non se recoñecceu como tal, foi porque “no canto de escribir tratados ateigados de citas botou man da literatura ou da arte”.

_____, “Os alicerces do galeguismo”, *O Correo Galego*, “Matinacións e angueiras”, 20 decembro 2000, p. 2.

Faise unha pequena reflexión sobre a fundamentación teórica, desenvolvemento e desafíos do galeguismo histórico. Indícase que este pasou por diversas etapas, pero que antes que nada foi un movemento con alicerces sentimentais e filosóficos. Así pois, dise que o galeguismo non é un movemento racional e nace no ámbito da filosofía idealista e romántica. Indícase, finalmente, que a idea de Galicia xa fora amada por moitos galeguistas antes de que callaran as formas políticas axeitadas para gobernala, aspecto que, segundo o artigo, non adoitan contemplar os libros que recollen a historia do galeguismo.

Alcalá, X., “A Vicente Araguas (Majadahonda)”, *Galicia en el Mundo*, nº 353, “Cartas aos amigos”, 3-9 xaneiro 2000, p. 2.

Manifféstase envexoso pola compañía feminina de catro poetisas no acto de presentación da antoloxía lírica bilingüe de Araguas e solicita para si, irónico, catro narradoras para a súa próxima presentación. Concorda coa comparación que Araguas fixo entre canción e poema, sendo este último moito máis sintético, e recoñece o influxo do pasado común no eido da música galega. Finalmente, felicítao por continuar co seu quefacer lírico, do que o articulista se desmarcou tras facelo desistir Ramón Piñeiro, como director de Galaxia, de publicar o poemario *Seiva nova*.

_____, “A Manuel Pampín”, *Galicia en el Mundo*, nº 384, “Cartas aos amigos”, 7-13 agosto 2000, p. 2.

Con motivo da súa participación na feira do libro da Coruña, comenta que houbo unha afluencia importante de persoas nos faladoiros e a abondosa compra de exemplares. Tamén se refire á súa actuación xunto a Lois Diéguez ou Francisco Fernández Naval, que falaron de libros de viaxes, guías ou novelas de narrador viaxeiro. Referíndose a outras cuestións, apunta que aínda falta un ambiente para “falarmos do devalar das Letras”.

_____, “A Basilio Losada (Barcelona)”, *Galicia en el Mundo*, nº 388, “Carta aos amigos”, 4-10 setembro 2000, p. 2.

Carta a Basilio Losada, na que se fai unha comparación entre a actitude catalanista e galeguista. Critica ferozmente á sociedade galega por non loubar e alzar a todos os personaxes representativos da súa historia e resalta a importancia do contacto de culturas para enriquecerse mutuamente. Finalmente, loa a posición da universidade catalana en manterse firme no uso da lingua.

Alcalá, Xavier, “Poetas”, *El Ideal Gallego*/*Diario de Ferrol,* “A voapluma”, 3 xaneiro 2000, p. 3/ p. 48.

Dá conta da presentación dunha antoloxía poética bilingüe de Vicente Araguas, que estivo acompañado no acto por Emma Couceiro, Yolanda Castaño, Luísa Villalta e Teresa Seara. Tamén se centra nunha anécdota que esta última contou sobre Uxío Novoneyra, quen defendía que non era escritor porque os poetas “só escribimos o que nos sobra”.

_____, “Don Pradita”, *El Ideal Gallego*/*Diario de Ferrol,* “A voapluma”, 10 xaneiro 2000, p. 3/ p. 48.

Lembranza da figura de Rodolfo Prada, con motivo do cincuentenario da morte de Castelao e as homenaxes que se lle están dedicando ao rianxeiro. Fala da relación no exilio que uniu a Castelao con este home, cualificado de “alegría porteña, o desenfado, a palabra clara”, e do que dependía economicamente. Pide que dentro das homenaxes a Castelao se lembre a xenerosidade desta figura.

_____, “Blanco Amor”, *El Ideal Gallego*/*Diario de Ferrol,* “A voapluma”, 15 xaneiro 2000, p. 3/ p. 64.

Malia ser o ano de Murguía, Eça de Queiroz e Castelao, Alcalá lémbrase de Blanco Amor e amósase de acordo coa enquisa que vén de alzar *A esmorga* ao nivel de mellor novela galega do século XX. Pono como exemplo do traballo da Galicia emigrante polo país e, aínda valorando os recoñecementos de que é obxecto na terra (como o premio que no presente ano lle organiza o Concello de Oleiros), expón a necesidade dunha homenaxe na que participe a cidade de Buenos Aires.

_____, “O Xocas”, *El Ideal Gallego*/*Diario de Ferrol,* “A voapluma”, 2 febreiro 2000, p. 3/p. 64.

Refírese á relación que mantén con Xoaquín Villar Calvo de quen di que vén de recibir a obra *Por terras do baixo Deza*. Evoca o momento en que o coñeceu, a súa relación como dirixentes de O Facho e remata evocando ao amigo agora residente noutra cidade.

_____, “Ler”, *El Ideal Gallego/Diario de Ferrol*, “A voapluma”, 18 marzo 2000, p. 3/p. 64.

Coméntase a celebración dun acto no Centro Cultural da Caixa de Aforros de Vigo e Ourense, no que Aníbal Malvar disertou sobre a novela negra deixando a de aventuras para o propio articulista. Alcalá acepta a opinión de Malvar canto a que o negro é un xénero caduco que tiña a súa razón de ser nas masas proletarias estadounidenses que o consumían antes da época da televisión. Por outra parte, defende a novela de aventuras por considerar que sacia a fame de ficción do público.

_____, “Apoio a Xerais”, *El Mundo. Galicia*, “Hoy miércoles”, 12 abril 2000, p. 2.

Utiliza a súa colaboración para apoiar a decisión de Xerais de regalar a institucións sen ánimo de lucro e similares parte dos fondos editoriais de difícil venda. Ademais, describe o seu pracer persoal ao recibir os agradecementos dos receptores dos libros. Conclúe que no ciberespacio está a solución para o exceso de papel que estamos a padecer.

_____, “Warnest”, *El Ideal Gallego*/*Diario de Ferrol*, “A voapluma”, 6 agosto 2000, p. 3/p. 64.

Fala da homenaxe que fan en Portugal a Ernesto Guerra da Cal, coa celebración dun concurso de ensaio. Di del que Guerra da Cal “sempre foi fiel á Galicia das orixes” e que empregou en moitas ocasións o heterónimo Warnest.

_____, “Tertulias”, *El Ideal Gallego*/*Diario de Ferrol*, “A voapluma”, 7 agosto 2000, p. 3/p. 40.

Despois de se referir á importancia da Feira do Libro da Coruña, pregúntase por qué non hai hoxe en día faladoiros e indica que é debido a que “todos lle temos medo ao tempo que ‘se perde’ a falar”.

_____, “Desde Lisboa”, *El Mundo Galicia*, “Hoy miércoles”, 9 agosto 2000, p. 2.

Laméntase da “secura literaria” de Galicia no verán, amosa o seu rexeitamento á que en Galicia non se lea literatura portuguesa e fala do influxo que Ernesto Guerra da Cal tivo na figura de Eça de Queiroz.

_____, “Cuba sí e non”, *El Ideal Gallego/Diario de Ferrol*, “A voapluma”, 16 setembro 2000, p. 47/p. 64.

Con motivo dunha conferencia, celebrada en Oleiros, da embaixadora de Cuba no Estado español sinala que acudiu Fernán Vello e el mesmo, e alude á súa obra *La habana flash* (1998), lanzando unha invectiva contra a situación de Cuba.

_____, “Cincuenta anos”, *El Ideal Gallego*/*Diario de Ferrol*, “A voapluma”, 14 outubro 2000, p. 56/p. 64.

Refírese á celebración dos cincuenta anos da existencia da editorial Galaxia e cita algunhas das personalidades que participaron en tal efeméride como foron Carlos Casares ou Xaime Isla Couto. Tamén alude á presentación do portal en internet do Consello da Cultura Galega e apunta con respecto a Galaxia, “Gloria haxan os seus fundadores: a eles débese ese portal”.

_____, “O plaxio”, *El Ideal Gallego/Diario de Ferrol*, “A voapluma”, 21 outubro 2000, p. 48/p. 64.

Dáse conta de que o sistema literario en España non vai ben, e para iso infórmase de que mesmo ás veces os editores crean premios para obras precedidas pola sona do autor, se lle paga a axudantes para que outro asine o “*bestseller*” ou fanse plaxios. Sen embargo, dise que aínda que o plaxio sempre existiu, só “sae absolvido quen é capaz de superar co seu talento o do artista a quen copiou”.

_____, “Velázquez e Rivas”, *El Ideal Gallego/Diario de Ferrol*, “A voapluma”, 8 novembro 2000, p. 45/p. 64.

Despois de ter recibido un correo electrónico que fai referencia á batalla de Brión, á condición de ferrolán adoptivo do articulista e a certo cheiro antiinglés de *Alén da desventura*, Alcalá responde que se alegra de que “Paco (Pacorro para as amizades perigosas)” e Manuel Rivas sexan capaces de facer producir os seus talentos, que o triunfo na batalla de Brión debeu ser para os ingleses, e finalmente, que aínda que na súa novela os ingleses sexan unha raza de piratas, iso non quere dicir que o autor hoxe pense así.

_____, “Silencio de ventres”, *El Ideal Gallego/Diario de Ferrol*, “A voapluma”, 11 novembro 2000, p. 49/p. 64.

Infórmase de que nunha sesión da Fundación Seoane da Coruña, na que se convidou a falar a dous narradores, un deles, do que non se dá o nome, dixo que *No ventre do silencio* de Méndez Ferrín é ilexíbel por inintelixíbel, ou que non se debía perder o tempo lendo o *Ulysses* de Joyce. Destacou, ademais, que debía existir unha censura que evitase a publicación de tanta narración que non conta nada. Sen embargo, este interlocutor tiña recoñecido en público que unha vez un editor o obrigara a redactar seis veces o seu primeiro libro de viaxes, polo que se conclúe no texto que para censores xa están os editores.

_____, “He dito”, *Diario de Ferrol*, “A voapluma”, 30 novembro 2000, p. 64.

Escóllese este título no artigo para lembrar a Ricardo Carballo Calero, do recentemene se repasou a súa vida e obra. Para Alcalá o autor de *Scórpio* foi sobre todo “un enxeñeiro do idioma”, polo que seguramente sufriría escoitando expresións como a do título, pronunciadas segundo o artigo, por “persoas da máis distinta procedencia cultural, convencidas se cadra de estaren a falar a lingua patrimonial do pobo que morre porque lle peta”.

_____, “Da pesca”, *El Ideal Gallego/Diario de Ferrol*, “A voapluma”, 12 decembro 2000, p. 47/p. 64.

Indícase que a narrativa galega ten grandes baleiros temáticos que encher, por exemplo, o da emigración ou da pesca. Sobre este último dise que vendo como están cambiando as cousas “non estaría mal comezar a entrevistar pescadores ociosos, dispostos a narraren de viva voz o que poida converterse en fábula escrita”.

_____, “Latim em pó”, *Diario de Ferrol*, “A voapluma”, 15 decembro 2000, p. 64.

Infórmase do encontro universalista que tivo lugar en Santiago baixo o título de “Latim em pó”. Foi un encontro galego-luso-africano-asiático-brasileiro no que algúns puxeron caras de abraio ao escoitar a fala propia dos galegos.

Alonso Montero, Xesús, “¿De quen é Castelao?”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 14 xaneiro 2000, p. 13.

Afírmase que Castelao pertence a todos os demócratas pero acepta que na súa vertente literaria -pon *Cousas* como exemplo- pode engaiolar ata a un fascista. Dende un punto de vista ideolóxico, sitúao máis próximo dos republicanos ca dos monárquicos. Remata comentando a transformación de Fraga Iribarne, que semella un afervoado admirador de Castelao cando noutrora privaba de bautizar rúas co nome do insigne rianxeiro.

_____, “1975: Castelao en Ourense”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 28 xaneiro 2000, p. 17.

Lembranza dos actos organizados polo Ateneo de Ourense con motivo do vixésimo quinto cabodano de Castelao, aínda baixo a sombra da dictadura de Franco. Recorda que o pintor Xosé Conde Corbal se encargou da ilustración do tríptico, Blanco-Amor pronunciou a conferencia de inauguración, María Victoria Moreno impartiu un curso de lingua e Ramón de Valenzuela, Otero Pedrayo e Alonso Montero dictaron cadansúa conferencia. Tamén rescata a memoria dunha exposición de cento quince artistas galegos co obxectivo de recadar cartos para tirar cen mil exemplares dunha antoloxía de Castelao de difusión gratuíta, preparada polo propio Alonso que finalmente editaría Akal. Malia ficar na cuarta parte da tiraxe desexada, o articulista di que foi a maior dunha obra galega ata ese momento.

_____, “Pura no Lyon d’Or”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 25 febreiro 2000, p. 11.

A raíz da lectura de *Terra matria dos soños* (1999), memorias de Pura Vázquez, lembra o faladoiro do café madrileño Lyon d’Or e, máis concretamente, unha anécdota relatada por Pura Vázquez na que a muller do xefe do Estado, nunha recepción, lle confesara que Franco falaba galego en numerosas ocasións. O autor contrasta estas declaracións con outras nas que afirmaba que o dictador descoñecía o idioma galego.

_____, “Otero Espasandín”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 18 marzo 2000, p. 13.

Tras louvar a calidade tanto da obra epistolar canto da de divulgación científica publicada na posguerra en Buenos Aires por Otero Espasandín, o columnista cita o seu labor ensaísta no semanario madrileño *Nueva España* a carón de Felipe Fernández Armesto, Fersen, Bal y Gay, Luís Bouza Brey e Poza Juncal, ou de debuxantes coma Maside. Coida que, en xeral, este traballo ensaístico é pouco coñecido e que só se cita a Espasandín como autor dunha obra poética dispersa que cómpre xuntar. Solicita que no transcurso deste ano se emprendan accións para divulgar os seus textos. Alén diso, entrecolle no ermo crítico a Xosé Luís Axeitos, que se vén ocupando da súa faceta epistolar.

_____, “Teresa Rodríguez Castelao”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 24 marzo 2000, p. 12.

Con motivo da súa morte, Alonso Montero gaba a irmá de Castelao e o labor de garda da memoria de Daniel que, xunto coa súa irmá Xosefina, exerceron sempre, a pesar das vexacións das que foron obxecto por parte dos veciños, principalmente na época en que Castelao ocupou unha das carteiras ministeriais do goberno republicano.

_____, “Castelao en Betanzos”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 7 abril 2000, p. 12.

Faise eco da celebración en Betanzos dunhas xornadas para estudiar a figura de Castelao e recorda que xa en 1948 o Centro de Betanzos en Buenos Aires o nomeou presidente honorario. Comenta a intervención de Carlos Casares, centrada nas relacións políticas con Ramón Piñeiro; Rodríguez Fer, sobre as mudanzas efectuadas no texto do *Sempre en Galiza* trala guerra; e Fernández Santander, que investigou a persecución da presencia e da memoria de Castelao no interior do país. Así mesmo, dá conta do recital co que finalizaron as xornadas. Alén disto, felicita ao Concello pola reedición do artigo de Emilio Álvarez Blázquez titulado “Terra de matute para Castelao”.

_____, “Versos republicanos”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 14 abril 2000, p. 14.

Lembra o seu encontro en 1969 en Buenos Aires cun veciño seu, Eufemio Gómez Freixido, quen daquela lle revelara que era “algo poeta” e que estaba en débeda con Curros, Machado ou Neruda, entre outros. Finalmente reproduce uns versos que lle pasou Gómez Freixido de temática republicana.

_____**,** “Buero, traductor de Castelao”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 5 maio 2000, p. 14.

Fala sobre as traduccións que fixo Buero Vallejo dun prólogo e duns pés de estampas de Castelao. Sinala algunhas peculiaridades da traducción e aqueles aspectos nos que máis se esmerou o traductor.

_____, “Rosalía en xaponés”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 12 maio 2000, p. 16.

Dá conta de que Shozo Nakanishi traduciu ao xaponés unha selección de poemas de *Cantares gallegos*. Comenta que coñece varias linguas e que xa traduciu, por exemplo, as cancións de Jacques Brel. Así mesmo, sinala que entrou en contacto con Rosalía en 1985, co gallo dunha visita á nosa terra. Alonso agarda que Nakanishi se interese tamén polas obras máis universais da padronesa: *Follas Novas* e *En las orillas del Sar*; e que contacte con Takekazu Asaka, autor dunha gramática galega que lle podería servir de axuda.

_____, “... El más grande gallego”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 17 xuño 2000, p. 14.

Fala do congreso que celebrará a Xunta para estudiar a vida e obra de Eugenio Montes. Caracteriza a este personaxe como “brillante escritor de pluma falanxista” e destaca que cualificara a Franco como “el más grande gallego de todos los tiempos”.

_____, “Carpinteiro e poeta”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 10 xullo 2000, p. 49.

Refírese á publicación, por parte do Concello de Vilagarcía, da compilación de poemas de Manuel Blanco Mariño (Padrón, 1929) titulado *Sentimentos da alma galega*, salienta algúns dos poemas recollidos neste volume e dá algunhas referencias sobre este padronés.

_____, “Víctor Casas: Testamento”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 25 outubro 2000, p. 14.

Infórmasenos de que neste ano se cumpren cen anos do nacemento de Víctor Casas, xornalista coruñés que foi asasinado en decembro de 1936. Antes de morrer escribiu unha carta, o 2 de novembro, ao “irmán” Gómez Román e nela fai algunhas reflexións políticas. Apunta que esta carta publicada no volume colectivo *Galicia hoy* (Buenos Aires, Ruedo Ibérico), é o testamento deste xornalista.

_____**,** “Chamamento ós poetas”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 1 novembro 2000, p. 11.

Anúnciase que o 16 de setembro de 2001 se clausurarán as xornadas literarias do Congreso Internacional sobre Curros Enríquez e o seu tempo, día no que se lerán poemas que os escritores de hoxe queiran dedicar a este poeta e outros xa lidos en vida do autor. Faise, pois, unha invitación aos poetas de hoxe recordando que no acto de coroación deste poeta en 1904 se leron 24 poemas en gabanza do poeta. Sinálase ademais que esta colección de poemas, que hoxe está nos arquivos da Real Academia Galega, sairá en breve en edición facsímile e será presentada tamén o 16 de setembro.

_____, “Unha vida de Xesús en galego”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 8 novembro 2000, p. 13.

Con motivo do bimilenario de Xesús, Alonso Montero aproveita para indicarnos que el posúe o orixinal de *Estoria escolar de Noso Señor*, de Antonio Magariños Ganda. Esta obra de 1962, aínda inédita, está escrita en verso e o seu autor dedícaa “á memoria venerábel de don Ramón Cabanillas”.

_____, “Flores e toxos para Franco”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 22 novembro 2000, p. 16.

Menciónanse algúns dos escritores galegos que escribiron enxalzando a figura de Franco, sobre os que Alonso Montero publicou un libro en 1997: *Os poetas galegos e Franco*. Pola contra, indica que fóra de Galicia outros escritores exercitaban a “Francofobia”, dos cales tamén se dá algún exemplo. E como feito singular sinálase o caso de Evaristo de Sela que na mesma noite da morte de Franco escribe unha execratio de 174 versos (“Coplas de maldecir ante el cadáver de Franco”), que permaneceu inédita ata despois da súa morte.

_____, “Cántigas para Basilio Losada”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 6 decembro 2000, p. 11.

Despois de facer unha pequena presentación de Basilio Losada, Montero indica algunhas das cuestións por el tratadas nas xornadas de homenaxe ao profesor Losada co gallo da súa xubilación. Alonso Montero, que disertou sobre o cancioneiro popular galego de tradición oral, dá algúns exemplos onde os textos do vello cancioneiro “son obxecto dun *rifacimento* especial para axeitalos á realidade política de certos momentos”.

_____, “Poetas, hoxe, ¿para que?”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 13 decembro 2000, p. 13.

Faise unha reflexión sobre o papel dos poetas a partir da conferencia do profesor Javier del Prado Biezma titulada “¿Para qué un poeta hoy en tiempos de abundancia?”, e que foi lida no congreso literario da Universidade Complutense “La poesía ante el tercer milenio: poesía de las lenguas y lengua de la poesía”. Alonso Montero, despois de comparar distintos territorios, uns máis pobres e outros máis ricos, conclúe que os poetas sempre son necesarios porque “perciben a indixencia que hai na opulencia e as menesterosidades que coexisten coa abundancia”.

_____, “Ánxel Casal na Universidade”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 20 decembro 2000, p. 13.

Lóuvase a tese de doutoramento presentada por Ernesto Vázquez Souza na Universidade da Coruña, *Ánxel Casal (1895-1936). Biografía no seu contexto cultural, político e empresarial*. Aprovéitase para lembrar que o labor editorial de Ánxel Casal está no centro da actividade galeguista e que é peza importante do discurso republicano galego. Indícase, ademais, que o segundo volume da tese recensionada é unha “rica e incitante colectánea” de textos de carácter antifascista publicados no obradoiro de Casal, dos que unha parte non pequena nunca foran exhumados.

_____, “Castelao: amor e hemerografía”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 27 decembro 2000, p. 16.

O articulista indica que no *Catálogo de manuscritos da Biblioteca Xeral* da Universidade de Santiago, atopou entre os *Papeles de Adolfo V. Calveiro (1951-1968)* un volume encadernado onde hai recortes de periódico que se refiren á morte de Castelao. Nestes papeis de Calveiro, emigrado en Cuba, non só hai páxinas publicadas na prensa americana, senón tamén textos publicados nos xornais da España de Franco. En definitiva, que este fondo documental “contén pequenos tesouros para curiosos e eruditos”.

Alvarado, “Serafín Marqués: canónigo y poeta”, *La Región*, 17 abril 2000, p. 12.

Con motivo da publicación de *Anacos da vida*, conxunto de poemas en galego e castelán do cóengo Serafín Marqués Gil (San Salvador de Paizás-Ramirás), Alvarado fai un percorrido pola súa vida. Destaca os seus estudios en Salamanca e Madrid e o feito de que fose o primeiro profesor de lingua galega na Cidade das Burgas durante o curso 1966-67. Cada pasaxe vital adórnaa con fragmentos do libro. Como trazo caracterizador do poemario destaca a sinceridade.

_____, “Nos llega el ángel de Valente”, *La Región*, “Buenos días”, 19 xullo 2000, p. 2.

Alude a que proximamente traerán as cinsas de José Ángel Valente a Ourense e láiase de que só agora aparezan os eloxios e novas biografías do poeta ourensán.

_____, “Don Luís Acuña, jugando a las cartas”, *La Región*, “De paso”, 23 outubro 2000, p. 45.

Recórdase a figura de Luís Acuña como membro da peña ourensá na que se xuntaba xente de distintas idades: Risco, Ferro, Xocas, Prego, Faílde, Conde, Carlos Vázquez, Valencia, López Cid, Alvarado, Trabazo, Antón Risco, contando ademais ás veces coa presencia de José Luís Varela, Antonio Fernández Cid ou Carlos Casares, entre outros. Segundo o artigo, nestes faladoiros, nos que tamén se xogaba ás cartas, Luís Acuña destacaba sobre todo polo seu estilo persoal.

Álvarez, Fernando**,** “Catro letras diferentes do Himno Galego”, *Diario de Ferrol*, 13 febreiro 2000, p. 17.

Comeza lembrando a historia da creación do himno de Galicia: o labor impulsor de Fontenla Leal, as súas preferencias polo dúo Curros-Chané, a escolla final de Pondal-Veiga, os cambios na letra por motivos rítmicos solicitados por Veiga, a estrea da peza en 1907 e a declaración de oficialidade por parte do Centro Gallego habaneiro en 1908. A seguir, explica que coñece catro letras do himno: a que se cantaba nas escolas da IIª República, a do poema *Os pinos* publicada pola Real Academia en 1935, a da partitura de Pascual Veiga e a que hoxe é oficial. A continuación, pasa a comentar o que lle semellan faltas, fundamentalmente ortográficas, nas diferentes versións. Declárase coñecedor da creación dunha comisión no Parlamento Galego, integrada por Manuel Ferreiro, Neira Vilas e Fernando López Acuña, para fixar definitivamente a letra do himno. Persoalmente defende o texto da partitura de Pascual Veiga.

Arca Camba, Maka (e un grupo de profesores), “A Isaac Díaz Pardo”, *El Correo Gallego*, “Firma invitada”, 29 agosto 2000, p. 4.

Un grupo de profesores amosa o seu recoñecemento e gratitude cara a Isaac Díaz Pardo, co gallo do seu oitenta aniversario reflectindo neste escrito, a súa admiración como traballador infatigábel nas Cerámicas Sargadelos, Ediciós do Castro, Museo Carlos Maside, etc., e mais como un “home bo”.

Balboa, Martín, “El monólogo de Celso Emilio”, *El Progreso*, 2 setembro 2000, p. 9.

Martín Balboa cualifica algúns dos versos que conforman o *Monólogo dun vello traballador* (1962), de Celso Emilio Ferreiro, como unha “desaforada demagogia”, dado que defendían ao proletariado e atacaban ao empresariado. O articulista, en oposición a estas ideas de Celso Emilio, fai un apoloxía dos “logros que hace medio siglo se presentaban como prueba evidente del adelanto de los tiempos” na España daquela altura.

Bande, Enrique, “Castelao, la conciencia permanente”, *La Región*, “De paso”, 3 abril 2000, p. 15.

Sobrancéase o compromiso de Castelao con Galicia e o gran coñecemento que tiña da súa terra, ata situarse como o máis grande nacionalista. Tamén destaca as súas facetas plástica e política, así como a importancia que tivo no eido da lingua galega e da súa literatura.

Barcón, Carlos, “De poetas y poetisas para leer y descubrir”, *Diario de Ferrol*, “Entre nosotros”, 17 febreiro 2000, p. 20.

Principia definindo o home como “animal poético”, antes de ofrecer informacións diversas sobre coñecidos seus que se dedican a compor versos. Cita un soneto de 1949 en castelán de Luís Miguel Bugallo Paz, autor de *O minotauro e o señor Lanzarote* (1994), e un poema de Pepa Antón ao “Juan Sebastián Elcano”. No referente a poemas en galego, cita o seu amigo Xoán Xosé Fernández Abella, que lle envía un soneto a Castelao para publicalo na revista *Poesía Galicia*, e o fenés Xoán García López, autor xa de varios poemarios.

_____, “Castelao en Ferrol”, *Diario de Ferrol*, “Entre nosotros”, 1 marzo 2000, p. 20.

Cualifica a Castelao de persoa idealista e democrática dende un rexionalismo comprometido coa realidade social, compromiso que se reflicte na súa obra plástica. Anuncia para o día 17 unha conferencia do director do Museo de Pontevedra, Carlos Valle, sobre “Castelao e as Cruces de Pedra”. Remata expresando a necesidade de que se difunda moito máis a figura do rianxeiro, xa que coida que é moito maior a súa sona que o coñecemento real.

_____, “Celebración del poeta”, *Diario de Ferrol*, “Entre nosotros”, 4 agosto 2000, p. 20.

Dá conta de que os Concellos de Ourense e de Vigo sentaron os alicerces para a celebración da Iª edición do certame de poesía “Celso Emilio Ferreiro” e repasa brevemente a vida do poeta que dá nome a este premio.

_____, “¿Qué pintan los poetas...?”, *Diario de Ferrol*, “Entre nosotros”, 12 agosto 2000, p. 20.

Refírese á convocatoria na cidade de Lisboa, do premio de ensaio na honra do investigador e poeta ferrolán Ernesto Guerra da Cal, á vez que lamenta o esquecemento ao que foi sometido este intelectual galego e remátase facendo referencia aos nomes dalgúns poetas e poetisas ferroláns.

_____, “De proyectos y mejoras”, *Diario de Ferrol*, “Entre nosotros”, 20 agosto 2000, p. 20.

Refírese, entre outras cousas, á colección “Veinte retratos imaginados” do pintor Julio Argüelles, presidente da Real Academia Galega de Belas Artes, que xira arredor da muller e o mar e na que se inclúen poemas de Manuel María, Xulio Valcárcel, Isidro Conde, Ketty Quintana, Álvarez Torneiro e Xabier Seoane, entre outros, e anuncia a súa próxima publicación.

_____**,** “Poesía eres tú...”, *Diario de Ferrol*, “Entre nosotros”, 17 outubro 2000, p. 20.

Despois de indicar que a poesía é a unión de sentimento e expresión, afirma que na cidade de Ferrol hai un amplo número de poetas importantes. Cítanse moitos dos actuais e infórmase de que hai que engadir a esta nómina a Aurora Varela Caabeiro, da que pronto teremos poesía publicada. Anúnciase, ademais, que tamén vai saír o libro/carpeta de grabados “Mujer y Mar”, do pintor e escultor Julio Argüelles, que contará cun prólogo de Alfredo Conde e poemas de autores como Manuel María, Xulio Valcárcel, Luz Pozo, Xabier Seoane, Álvarez Torneiro, Quetty Quintana, etc.

Bernal, Diego, “Galaxia, medio siglo de vigor galeguista”, *El Correo Gallego*, “Escritorio de Bordóns”, 30 xaneiro 2000, p. 80

Louvanza da defensa da cultura galega e do galeguismo exercida pola Editorial Galaxia no último medio século e do labor e actitude heroicos de homes como Ramón Piñeiro. O columnista acorda cal foi o seu primeiro libro en galego: *O crepúsculo e as formigas*, e lembra con cariño unha edición que posúe de *A familia de Pascual Duarte*, publicación na que participaron Risco, Otero e Rafael Zabaleta como traductor, prologuista e ilustrador, respectivamente. Tamén dá conta de que posúe exemplares asinados polo autor de *Terra brava*, *Leira* e *As crónicas do sochantre*. Remata expresando o orgullo que deben sentir os galegos por gozaren desta editorial.

_____, “La rara coincidencia de Leiras Pulpeiro”, *El Correo Gallego*, “Contando el siglo XX”, 1 febreiro 2000, p. 38.

Narra algunhas anécdotas protagonizadas por Leiras Pulpeiro en vida e incluso despois de morto, ademais de dar conta da grande oposición que levantou o seu desexo de casar polo civil. Comenta tamén a pobreza reinante no tránsito intersecular e comportamento solidario do devandito médico republicano.

_____, “*Café con gotas*’, la primicia de Valle-Inclán”, *El Correo Gallego*, “Escritorio de Bordóns”, 2 abril 2000, p. 80.

Sinala que a universidade santiaguesa vén de publicar un facsímile do semanario *Café con gotas*, publicación que recolle os primeiros escritos de Valle-Inclán. Así mesmo, sinala que o traballo, dirixido por Santos Zas e no que participa tamén o rector Villanueva, se elaborou dentro do grupo de investigación que está dedicado exclusivamente ao estudio deste autor arousán. Tamén comenta a participación neste facsímile de Fermín Bouza Brey que, entre outras achegas, reproduce un poema de Valle. Por outra parte, destaca a vea humorística de *Café con gotas* e o bo momento da prensa galega nos anos 80 decimonónicos.

Borobó, “As elexías a Manoel Antonio, de Cunqueiro”, *A Nosa Terra,* nº 916, “Guieiro Cultural”, “Anacos de Borobó”, 5 xaneiro 2000, p. 28.

Con motivo do centenario do nacemento de Manuel Antonio, sinálase o seu influxo en Cunqueiro, xa percibido por Augusto María Casas en *Nós*. Coméntanse e reprodúcense as dúas elexías que o de Mondoñedo lle dedicou ao arousán, publicadas inicialmente en dous números de *Papel de cor*, folleto poético publicado pola Oficiña Lírica do Leste Galego, iniciativa do dúo Cunqueiro-Alvariño. Indícase que a segunda reaparecería co título de “Derradeira elexía a Manuel Antonio” no volume *Dona de corpo delgado* (1950), mais a primeira só se volvería publicar traducida ao español en *Elegías y canciones* (1940). Tamén se indica a presencia de relacións na lingua poética pero déixanse para outra.

_____, “O vento incoscente de Manoel Antonio”, *A Nosa Terra*, nº 917, “Guieiro Cultural”, “Anacos de Borobó”, 13 xaneiro 2000, p. 36.

Anuncia a existencia duns versos surrealistas de Manuel Antonio no poema “Monte”, coñecido trala edición de Domingo García-Sabell da obra lírica completa do rianxeiro. Mantén, ilustrando a súa opinión con exemplos, que eses tres versos son antecendentes claros de dous poemas de Álvaro Cunqueiro: “Retorno de Ulises”, de *Herba aquí e acolá*, e mais unha elexía que o de Mondoñedo enviou a Filgueira antes da guerra para unha antoloxía que este pensaba editar. Explica que o conflicto civil tronzou ese proxecto, a elexía permaneceu descoñecida ata 1993, data en que o publicou o propio Filgueira con ocasión dun congreso celebrado en Mondoñedo sobre Cunqueiro.

_____, “Nun mar de oucas, verdegado”, *A Nosa Terra,* nº 918, “Guieiro Cultural”, “Anacos de Borobó”, 20 xaneiro 2000, p. 36.

Describe o exemplar que conserva de *Nenia*, tríptico publicado en Vilagarcía por Iglesia Alvariño, que contén elexías a Manuel Antonio, Antón Vilar Ponte e Luís Amado Carballo. Apóiase en Rodríguez Fer para afirmar que tivo que publicarse entre o 3 de marzo e o 18 de xullo de 1936 e, a seguir, especula sobre cando comporía o poema adicado a Manuel Antonio. O léxico mariñeiro que incorpora este texto válelle para cualificar tamén a Alvariño de poeta do mar. Así mesmo, informa de que existen tres versións da elexía: a do tríptico antedito; a de *Cómaros verdes* (1950), que reduce oito dos versos a tres e cambia algunha palabra; e a de *Nenias* (Galaxia, 1961), versión da que sinala as innovacións introducidas.

_____, “O gran pontífice dos Foulardistas”, *A Nosa Terra*, nº 919, “Guieiro Cultural”, “Anacos de Borobó”, 27 xaneiro 2000, p. 35.

Toma como base o epistolario de Manuel Antonio e dá conta da admiración de Castelao por Valle e do ataque a este que significou o manifesto “Máis alá” de Manuel Antonio e Álvaro Cebreiro. Non obstante, extrae un fragmento do epistolario no que Castelao expresa o seu acordo co manifesto. A continuación, amosa cómo Antón Villar Ponte, Vicente Risco e Euxenio Montes se ocuparon do tema en *La Zarpa*. Fíxase, sobre todo, nos ataques de Risco aos *foulardistas*, que basicamente coincidían cos seguidores de Valle.

_____, “O derradeiro traxe de Dionisio”, *O Correo Galego*, “O novelo dos anacos”, 2 febreiro 2000, p. 48.

Lembra a homenaxe que Dionisio Gamallo Fierros lle quixo render a un condiscípulo seu, poeta galego en castelán que se chamaba Virgilio Antonio Novoa Gil, moi coñecido polos poetas novos pontevedreses que coma el escribían en *Litoral* e que logo fundaron a colección Benito Soto: Manuel Cuña Novás, Emilio Álvarez e Sabino Torres. Explica que nesa homenaxe Dionisio lles fixo ver a un poeta que dentro da súa loucura, que o levou aos psiquiátricos de Conxo e Toén, tiña versos moi interesantes, que mesmo espertaron o interese de Sabino Torres para publicalos na colección Hipocampo Amigo.

_____, “A santificación de Valle-Inclán”, *A Nosa Terra*, nº 920, “Guieiro Cultural”, “Anacos de Borobó”, 3 febreiro 2000, p. 35.

Dá conta da celebración de varias entrevistas entre Castelao e Valle-Inclán en 1935. A seguir, comenta a morte do autor castelanófilo, os diversos retratos que lle tiraron e o enterro. Seguindo o costume de canonizar metaforicamente persoeiros laicos como Valle ou Pablo Iglesias, Borobó reivindica o dereito de Castelao e Antonio Machado de formaren parte deste novo santoral.

_____, “Novoneyra librouse de ser seguro”, *O Correo Galego*, “O novelo dos anacos”, 9 febreiro 2000, p. 56.

Apóiase en Ánxel Casal para denominar sauros a aqueles escritores que superan, gozando do éxito, os setenta anos; mais non sabe se clasificar a Novoneyra, conforme a taxonomía de Nietzsche, entre os apolosauros, de carácter racional, ou os dionisiosauros, guiados polo vitalismo. Sinala que non puido ler o volume de homenaxe a Novoneyra pero sabe que el si tivo esa oportunidade antes de finar. Neste senso, amósase seguro de que o montañés leu o artigo que lle escribiu lembrando a primeira vez que lle oíra un recital. A seguir, Borobó recolle un fragmento doutro artigo que escribira en 1957, tralo devandito recital, e no que, como no actual, velle ao rapsoda un aquel medieval e defíneo con cualificativos “sosegados” e “suxerentes” que inclúen o fonema fricativo ápico-alveolar xordo.

_____, “O secuestro de Manoel-Antonio”, *A Nosa Terra*, nº 921, “Guieiro Cultural”, “Anacos de Borobó”, 10 febreiro 2000, p. 35.

Comenta que asistiu ao congreso sobre Manuel Antonio en Rianxo, onde unha agrupación reintegracionista repartiu uns panfletos denunciando o secuestro do poeta polo “comando itinerante dos Galaxios” (Domingo García-Sabell “O bibliógrafo”, Borobó, Maximino Rodríguez Buján “Máximo Sar” e Roxelio Pérez González “Roxerius”). Reproduce varios fragmentos do folleto. Informa de que el mesmo e Máximo Sar foron os que narraron a aventura. Di que el o fixo nun artigo en *La noche* en 1957 e mais nun suplemento adicado a Roxerius en *A Nosa Terra* en febreiro de 1998. Alén disto, sinala que tamén o explicou no propio congreso de Rianxo e que o público concordou con el. Así mesmo, indica que Galaxia xa publicou toda a poesía daquela inédita en 1972, dezaseis anos despois do secuestro.

_____, “O esquecido Isidro Conde”, *O Correo Galego*, “O novelo dos anacos”, 16 febreiro 2000, p. 48.

Comenta que Isidro Conde se lle queixou na véspera da Noiteboa de 1997 por non ser convidado ao Iº Congreso da Poesía Galega celebrado en Vilagarcía, malia ser o prologuista e ocuparse do traballo loxístico da edición de *Leva o seu cantare*. A seguir, dá conta de que Conde é autor de seis poemarios en castelán e un en galego: *Viaxe cara á morte. Nenias* (1997), formado por poemas elexíacos adicados a diferentes poetas, incluído el mesmo. Tamén comenta Borobó a historia da palabra nenia en galego: cre que a introduciu Aquilino Iglesia Alvariño. Con este motivo, lembra as publicacións nas que incluíu textos deste tipo.

_____, “Acabou a viaxe” *O Correo Galego*, “O novelo dos anacos”, 18 febreiro 2000, p. 48.

Nomea *Viaxe cara á morte. Nenias* (1997) como o seu “libro de cabeceira”. Borobó recoñece que a súa lectura lle axuda a lembrar os amigos mortos: Iglesia Alvariño, Pedro Martul…, e tamén o prepara para o pasamento. Critica que o seu autor, Isidro Conde, non fose invitado ao Iº Congreso da Poesía Galega malia ser o último editor e amigo de Iglesia Alvariño e un experto no verso branco. Sinala que o convite para o IIº Congreso, que se vai celebrar no ano en curso, non vai ser atendido porque xa emprendeu a viaxe derradeira.

_____, “A polémica con Sánchez Moguel”, *A Nosa Terra*, nº 923, “Anacos de Borobó”, 24 febreiro 2000, p. 35.

Céntrase na polémica con Sánchez Moguel polo ataque feito ao rexionalismo galego no seu discurso de ingreso na Real Academia da Historia e ao que respondeu Manuel Murguía co ensaio *El regionalismo gallego*, publicado na revista *Galicia* en 1889, parte do cal apunta que se pode atopar na súa biografía publicada por Galaxia en 1976 feita por Vicente Risco. Tamén indica que nesta polémica terciou Alfredo Brañas dende *El Regionalismo* e que foi a partir destes enfrontamentos que se creou a Asociación Regionalista Gallega, dirixida por Murguía e organizadora dos Xogos Florais.

_____, “Volve Enrique Labarta”, *O Correo Galego*, “O novelo dos anacos”, 6 marzo 2000, p. 48.

Falando dos poetas galegos que viven fóra do país, comenta que os de Madrid se reúnen ciclicamente no Café Comercial e que Vicente Araguas, aproveitando a publicación de *Unha ducia de poetas galegos en Catalunya*, de Xosé Lois García, se queixa de que non existen. Aproveitando que a obra antedita inclúe a Enrique Labarta, Borobó descobre que Alejandro Pérez Lugín o utilizou como un dos modelos do personaxe de *La casa de la Troya*: Casimiro Barcala. Alén diso, reproduce un soneto que Labarta lle dedicou ao seu amigo de xuventude, Augusto González Besada, ao encargarlle Maura unha carteira ministerial en 1908.

_____, “Os discípulos galegos de Sánchez Moguel”, *A Nosa Terra*, “Guieiro Cultural”, nº 923, “Anacos de Borobó”, 9 marzo 2000, p. 35.

Achégase aos mozos galegos que en Madrid foron alumnos de Sánchez Moguel, entre eles Ramón Otero Pedrayo, que fala do mestre na obra *Vida de don Marcelo Macías y García*. Trascríbese un parágrafo no que fai referencia ao profesor sevillano sen maior interese que describir o seu aspecto e actitude, polo que o articulista conclúe que non debeu ter moi boa relación con este profesor, posto que outros desta época aparecen no seu *Libro dos amigos* (1956). Sinala que non se fai eco da polémica que mantivera cos rexionalistas e alude a un seu discípulo galego, Leopoldo Pedreira, que mantivo diferentes polémicas con Brañas e Murguía.

_____, “O Deus de Galo Salinas”, *A Nosa Terra*, nº 926, “Guieiro Cultural”, “Anacos de Borobó”, 16 marzo 2000, p. 35.

Con motivo da disputa librada o mes pasado nas páxinas de *O Correo Galego* entre Avelino Abuín de Tembra, Paulino Vázquez e Marcelino Agís sobre se Deus fala galego, o articulista reproduce unha copla de Galo Salinas na que xa se pronunciaba a favor dun Deus galeguizado. Comenta a volta deste a Galicia dende o Uruguai e o éxito que acadou coas obras *A torre de Peito Burdelo* ou *¡Filla!*, éxito pronto superado por Manuel Lugrís Freire e *A ponte*. Tamén informa doutras actividades de don Galo como a fundación da *Revista Gallega*, a publicación do libro *Memoria acerca de la dramática gallega* e do folleto *El regionalismo gallego*, a continuación da actividade literaria nos eidos do teatro e da lírica, ou a composición, con música de Valera Silvari, dun himno para Galicia que sería posteriormente arrombado polo de Veiga e Pondal.

_____, “A Galicia humorística e dez máis”, *O Correo Galego*, “O novelo dos anacos”, 20 marzo 2000, p. 48.

Coméntase que Enrique Labarta fundou en 1888, *annus mirabilis* da nosa literatura, a revista *Galicia Humorística*, cualificada como a publicación deste tipo máis importante da nosa historia. Así mesmo, descríbese o primeiro número desta cabeceira.

_____, “A amistade de Wenceslao”, *A Nosa Terra*, nº 927, “Guieiro Cultural”, “Anacos de Borobó”, 23 marzo 2000, p. 35.

Descobre, apoiándose en Durán, a boa relación existente entre Wenceslao Fernández Flórez e Castelao e opina que hai que recuperar para as nosas letras o Flórez mozo. Neste senso, sinala a galeguidade de *El bosque animado* e pide que se traduza se aínda non se fixo, para devolvelo ao idioma en que foi concibido. Finalmente, no medio dunhas reflexións sobre a creación dun santoral laico, lembra que solicitara nun artigo anterior a canonización de Castelao, mais agora admite que se lle adiantou don Wenceslao cando lle chamou ao rianxeiro “santo laico”.

_____, “Máximo Leyes, profesor de Inglés”, *O Correo Galego*, “O novelo dos anacos”, 24 marzo 2000, p. 48.

Dá conta de que Enrique Labarta Pose fundou, un mes despois de *Galicia Humorística*, *El País Gallego*, no que traballou tamén o seu probábel curmán Máximo Leyes Pose, citado por Brañas en *El regionalismo* por usar o galego no ámbito familiar. Borobó reproduce un fragmento que Leyes lle adicou a Rosalía en *La Patria Gallega* con motivo da traslación dos restos ao cenobio de Bonaval.

_____, “Dezaseis pares de irmáns”, *O Correo Galego*, “O novelo dos anacos”, 27 marzo 2000, p. 48.

Adica este artigo a lembrar, baseándose en *El regionalismo* de Brañas, parellas de irmáns artistas ou escritores. Cita a José e Ricardo Puente Brañas, Antonio e Francisco María de la Iglesia, Alberto e Antonio Camino, Alfredo e Gonzalo Brañas, Renato e Torcuato Ulloa, Serafín e Theodomiro Avendaño, Augusto (do que se comenta que escribiu unha *Historia crítica de la literatura gallega* verquida posteriormente ao alemán e ao inglés) e Moisés González Besada, Andrés e Jesús Muruais…, e asi ata dezaseis parellas.

_____, “A chave de Manoel Antonio”, *A Nosa Terra*, nº 928, “Guieiro Cultural”, “Anacos de Borobó”, 30 marzo 2000, p. 35.

Volve ao tema do secuestro de Manuel Antonio, perpretado por García-Sabell, el mesmo, Roxerius (sobriño de dona Pura, nai do poeta) e Máximo Sar (sobriño das coidadoras de dona Pura). Lembra que xa relatou os sucesos en 1998 no suplemento de *A Nosa Terra* titulado “Roxerius. Pedagogo galeguista” e en *A rianxada*, composición en verso. Desta volta, párase en explicar o período en que dona Pura tivo pechado o cuarto e cómo García-Sabell acadou finalmente o permiso para abrilo.

_____, “A ripiosa burocracia”, *O Correo Galego*, “O novelo dos anacos”, 31 marzo 2000, p. 48.

Comenta que Moisés González Besada asumiu a dirección de *Café con Gotas* en 1888 e sinálao como culpábel de que Ramón del Valle de la Peña se decidise a escribir. Dá algunhas informacións sobre Manuel Carballido, o primeiro director, pero céntrase sobre todo na relación entre Moisés González Besada e Enrique Labarta Pose, dos que subministra diversos datos biográficos. Finalmente, narra unha anécdota, protagonizada por este par, centrada na tramitación en verso dunha solicitude presentada na Deputación de Pontevedra.

_____, “A sorpresa de Máximo Sar”*, A Nosa Terra*, nº 929, “Guieiro Cultural”, “Anacos de Borobó”, 6 abril 2000, p. 35.

Dá conta de que Máximo Sar conseguiu parte da biblioteca de Manuel Antonio antes de que García-Sabell conseguise entrar no dormitorio en 1956. Describe os libros que conserva o sobriño das coidadoras da nai do poeta e indica que lle doou o resto á biblioteca de Caldas de Reis. Fai saber tamén que levou poemas inéditos que entregou, bardante un, a Francisco Fernández del Riego e que foron posteriormente publicados por Galaxia. Borobó reproduce ese poema inédito, conservado por Máximo Sar, titulado “As horas d´outono”. Entre os libros que este conserva, salienta o articulista *Doctrina nazonalista* de Ramón Villar Ponte pola expresiva dedicatoria que o acompaña e que proba a relación entre os Villar Ponte e Manuel Antonio, que cristalizará no manifesto “Máis alá”, inspirado, segundo Borobó, por Antón Villar Ponte.

_____, “No álbum de Matilde Pertierra”, *O Correo Galego*, “O novelo dos anacos”, 12 abril 2000, p. 56.

Sinala que entre os poemas inéditos de Pondal, que Carballo Calero achou no arquivo de Isidro Parga, figuraba un en castelán destinado ao *Álbum de Matilde Pertierra* que apareceu publicado en *Versos inorados ou esquecidos de Eduardo Pondal* (Galaxia, 1961). Especula sobre a personalidade de Matilde Pertierra e conclúe que debe ser filla dun bisavó seu. Tamén sinala que a poesía debeu ser escrita antes de 1886 pois de alí en diante o bardo de Ponteceso non volveu escribir en español. Recoñécese ignorante, en parte por carecer do estudio realizado por Ferrín, dos sentimentos de Pondal cara a Matilde pero tira do poema que a ansiaba ferventemente. No remate, transcribe o texto en cuestión.

_____, “O Cantor da Choiva”, *A Nosa Terra*, nº 930, “Guieiro Cultural”, “Anacos de Borobó”, 13 abril 2000, p. 35.

Recoñece que Xesús Santos o informou de que Axeitos publicou no *Boletín Galego de Literatura* e mais en *Poesía galega completa* –recopilatorio lírico de Manuel Antonio- o poema “As horas d´outono”, que o propio articulista declarara, na columna da semana anterior, inédito. A seguir, observa a omnipresencia da chuvia en Manuel Antonio, comenta algúns aspectos sobre a propiedade do predio da nai do poeta e copia o fragmento de *A rianxada*, composta por el mesmo, en que narra o asalto ao cuarto do autor de *Foulas*. Despois reproduce varios fragmentos do artigo en que Máximo Sar, co-protagonista, narra o devandito asalto. Del extráese que o secuestro da obra de Manuel Antonio non se produciu na casa de Asados senón na da vila de Rianxo e, pola tarde, na de Padrón, onde apareceu un caderno inédito de poesías.

_____, “A posible camisa de Matilde Pertierra”, *O Correo Galego*, “O novelo dos anacos”, 14 abril 2000, p. 48.

Comenta as diferencias entre as dúas versións do único libro de Eduardo Pondal: *Rumores de los pinos* e *Queixumes dos pinos*. Referíndose a “El rapto”, poema desaparecido na segunda versión, especula con que se refira á mesma muller ca “No álbum de Matilde Pertierra”. Neste senso, tamén se pregunta se será esa tía avoa do articulista o obxectivo doutros poemas en castelán, dos que cita fragmentos, do poeta da raza.

_____, “A cabalo do Bridón”, *O Correo Galego*, “O novelo dos anacos”, 19 abril 2000, p. 48.

Artigo con profusión de citas de distintos poemas, en galego e castelán, de Eduardo Pondal. Ao primeiro, cítanse versos en que o bardo rememora os seus longos paseos dacabalo. A seguir, o interese céntrase no apetito sexual que o de Ponteceso demostraba nos seus versos e na fortuna de que gozaba en ambientes líricos daquela a palabra “bridón” para designar o cabalo.

_____, “Na carrilana que voa”, *O Correo Galego*, “O novelo dos anacos”, 21 abril 2000, p. 48.

Como nun artigo anterior Borobó recreara as cabalgadas de Eduardo Pondal, hoxe fai referencia aos poemas que tratan doutro medio de transporte existente naquela altura: a carrilana. A seguir, tamén se refire a un poema en español que o letrista do Himno dedicou, como tamén fixera Curros, á chegada a Galicia do camiño de ferro.

_____**,** “A cabeleira de ouro abandonada”, *O Correo Galego*, “O novelo dos anacos”, 28 abril 2000, p. 48.

Anúnciase que o Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro ten pendente de publicar a edición facsímile de *La Joven Galicia. Revista de Instrucción Pública, Ciencias, Literatura y Bellas Artes*, debido a que o número tres da colección se atopa perdido. Dáse conta, ademais, de que no número dous da citada revista se encontran uns versos inéditos de Eduardo Pondal, e que xunto a este poeta aparecen en *La Joven Galicia* outros neorrománticos como Miguel Ángel Corzo, Aurelio Aguirre ou Guillermo Alonso.

_____, “Os derradeiros trasacordos”, *O Correo Galego*, “O novelo dos anacos”, 3 maio 2000, p. 48.

Comenta que Pondal era máis gustante da Mariña ou de Bergantiños que da terra do Xallas. O articulista imaxínase as discusións que o vate e mais Carré Aldao manterían sobre a beleza desta última zona nas conversas da Cova Céltica. Despois transcribe fragmentos de poemas de Pondal nos que escolle diferentes lugares para a súa última morada: debaixo dos piñeiros da zona brigantina, á par de Curros na Coruña e debaixo dun dolmen na comarca xalleira.

_____, “O lema das campanas”, *O Correo Galego*, “O novelo dos anacos”, 5 maio 2000, p. 48.

Conta que un dos párrocos de Padrón, Benito Cariño, culpou a Rosalía de Castro e a Eduardo Pondal da progresiva perda da palabra sino e da súa substitución polo castelanismo campana. O articulista conxectura seguidamente sobre cál dos dous protagonistas do Rexurdimento aproveitou antes a copla existente no val da Mahía, un para “Campanas de Anllóns” e outra para “Campanas de Bastabales”, e conclúe que Pondal foi o primeiro.

_____, “A confusión das nais”, *O Correo Galego*, “O novelo dos anacos”, 8 maio 2000, p. 48.

Sinala que os cinco poemas galegos, á parte hai un en castelán, que Rosalía de Castro incluíu no *Álbum de la Caridad* son recollidos tamén en *Cantares Gallegos*, pero no álbum non se lles incluíu o lema a dous deles: “Adiós, ríos; adiós, fontes” e “Nosa Señora da Barca”. Non obstante, indica que llo puxeron á poesía en castelán, que o perdería á súa vez ao aparecer en *¡Mi madre!*, colectánea da que se tirou só medio cento de exemplares. Alén diso, descobre un erro tipográfico no *Álbum de la Caridad*, que afecta a un poema en galego de Manuel Murguía.

_____, “Un avantaxado alumno de Medicina”, *O Correo Galego*, “O novelo dos anacos”, 10 maio 2000, p. 48**.**

Coméntase unha charla sobre a tuberculose que Eduardo Pondal deu en Fonseca, da que temos noticia por *La Joven Galicia. Revista de Instrucción Pública, Ciencias, Literatura y Bellas Artes*, publicación compostelá da que se di que o Centro Ramón Piñeiro vai editar un facsímile en contando cunha colección completa. Remata ironicamente aventurando que hogano o noso bardo quizais fose, coa súa actitude, acusado de acoso sexual.

_____**,** “No centenario do mestre depurado”, *A Nosa Terra*, nº 934, “Guieiro Cultural”, 11 maio 2000, p. 27.

Ao depuramento como mestre de Manuel Luís Acuña en 1939, engádelle Borobó outras vivencias que para el revelan que os mestres encarnaban durante a guerra civil “os anceios de democracia e libertade do pobo”. Para o articulista, Manuel Luís Acuña é “o exemplo daqueles mestres que perdura hoxe na lembranza da inmensa minoría, pola súa calidade de poeta inxel”.

_____, “A tríade Bastabaleira”, *O Correo Galego*, “O novelo dos anacos”, 12 maio 2000, p. 48.

Sinala que Eduardo Pondal é o primeiro en usar na literatura galega a copla popular das “Campanas de Bastavales” en “El canto de un brigante” (despois transformado en “E ti, campanas de Anllóns”). Aventura que a desaparición posterior destes versos en *Queixumes dos pinos* se debeu a que o vate non quería que se pensase que copiara a Rosalía. Nembargantes, indica que a copla aparece no seu lugar nunha versión longa do poema inserida na edición da obra lírica de Pondal, preparada por Xavier Senín para *Diario 16. Galicia*, tirada do prelo en 1991. A seguir, reproduce un comentario valorativo de Senín, no que declara a súa preferencia pola versión curta do texto.

_____**,** “A balada do patriarca Añón”, *O Correo Galego*, “No novelo dos anacos”, 24 maio 2000, p. 48.

Describe que Francisco Añón levou o primeiro accésit nos Xogos Florais da Coruña en 1861 co poema “A Galicia”, co lema “Airiños da miña terra, airiños, airiños, aires”. Pregúntase de ónde puido coller Añón esta cantiga e resposta que, o mesmo que Rosalía, colleu esta cantiga “en calquera romaría ou nunha ruada”.

_____, “O mestre de Pura Vázquez”, *O Correo Galego*, “O novelo dos anacos”, 30 maio 2000, p. 48.

Repasa as colaboracións de Pura Vázquez en *El Compostelano* e mais en *La Noche* e resalta a importancia de Couceiro Freijomil –mestre de Pura– como promotor das colaboracións desta poetisa ourensá nos mentados xornais.

_____, “A precocidade de Fernández del Riego”, *A Nosa Terra*, nº 937, “Guieiro Cultural”, “Anacos de Borobó”, 1 xuño 2000, p. 35.

Borobó loa neste artigo a precocidade de Salvador de Lorenzana –Fernández del Riego–. Repasa a súa fértil mocidade resaltando a súa “capacidade de traballo e de organización”. Comenta tamén o opúsculo, obra de Fernández del Riego, titulado *Índice cultural e artístico do renacimento galego*, que foi lido nunha conferencia celebrada en Vigo en 1933 no que o actual presidente da RAG debullou as raíces da cultura galega, dende os Cancioneiros ata 1933.

_____, “Breve enumeración dos Ruibal”, *O Correo Galego*, “O novelo dos anacos”, 6 xuño 2000, p. 48.

Listaxe dos devanceiros de Álvaro e Pepe Ruibal –que eran dous curmáns escritores compostelans– que se acompaña coa descrición do renovador da arte dramática española, José Ruibal, que casualmente se apelida Ruibal mais que nada ten que ver cos curmáns Ruibal.

_____, “Morreu escribindo Álvaro Ruibal”, *A Nosa Terra*, nº 938, “Guieiro Cultural”, “Anacos de Borobó”, 8 xuño 2000, p. 35.

Describe o quefacer xornalístico de Álvaro Ruibal no xornal *La Vanguardia*, no que dende 1961 ata a súa morte en 1999 escribiu doce mil novecentas cincuenta columnas. Sinala que foi a columna xornalística de maior duración no periodismo español e destaca que moitas delas “trataron asuntos de temas santiagueses e de Galiza en xeral”.

_____, “A Santa Compaña dos poetas madrigalegos”, *A Nosa Terra*, nº 939, “Anacos de Borobó”, 15 xuño 2000, p. 35.

Ofrece unha serie de notas e comentarios sobre os poetas galegos que residiron nalgún momento das súas vidas en Madrid, centrándose nas figuras de Ramón Cabanillas e mais de Curros Enríquez coa súa obra *Divino Sainete*.

_____, “Os antecedentes carlistas de ‘*La Noche*”, *O Correo Galego*, “O novelo dos anacos”, 4 xullo 2000, p. 48.

Analízanse os precedentes carlistas de *La Noche*, describindo os diferentes xornais que sucederon a *El Porvenir*, fundado en 1875, e remata analizando o xornal *El Correo de Galicia* fundado en 1900.

_____, “Unha noite de cristal”, *O Correo Galego*, 6 xullo 2000, p. 48.

Describe a importancia do labor de José Goñi Aizpurúa no xornalismo compostelán ao adquirir para a Editorial Compostela o xornal *El Compostelano*, o cal nun primeiro momento trocou de nome polo de *La Tarde* para posteriormente denominarse como *La Noche* ata a súa desaparición.

_____, “A repesca dos prohomes ‘Nós”, *O Correo Galego*, “O novelo dos anacos”, 8 xullo 2000, p. 48.

Centra o artigo na amizade entre Emilio Merino –factótum de *El Compostelano*– e Otero Pedrayo xunto coa incorporación ao xornal *La Noche* dos homes ourensáns da Xeración Nós unha vez desaparecida a revista *Nós*.

_____, “Quen fixo máis por Otero Pedrayo”, *O Correo Galego*, “O novelo dos anacos”, 11 xullo 2000, p. 48.

Afirma que entre os homes que máis fixeron por Otero Pedrayo cómpre resaltar a Emilio Moreno. Describe cómo Emilio Moreno, xunto con outros membros da RAG, votaron a favor do de Trasalba á hora das votacións do Premio Galicia, concedido pola Fundación Juan March, opoñéndose así ás pretensións do “Movemento” que se decantaban pola figura de Vicente Risco.

_____, “A apoteose de Alonso Montero”, *A Nosa Terra*, nº 943, “Anacos de Borobó”, 13 xullo 2000, p. 35.

Comenta o acto de entrega do Premio Trasalba 2000 a Alonso Montero no que di que interviñeron, á parte do premiado Sixto Seco, Damián Villalaín e X. M. Salgado. Achégase tamén á relación entre Alonso Montero e Otero Pedrayo, así como aos traballos do primeiro arredor da figura do de Trasalba.

_____, “Os primeiros redactores de ‘*La Noche*”, *O Correo Galego*, “O novelo dos anacos”, 15 xullo 2000, p. 48.

O articulista describe a faceta xornalística de Emilio Merino –en *El Compostelano*, en *El Ideal Gallego* e en *La Noche*– subliñando a abundancia dos seus artigos xornalísticos e mais de José Landeira Yrago que foi o sucesor de Emilio Merino na redacción de *La Noche*.

_____, “Non todos tiñan corenta anos”, *O Correo Galego*, “O novelo dos anacos”, 18 xullo 2000, p. 48.

Partindo da frase “Todos teñen xa corenta anos” de Xosé Landeira Yrago, Borobó reflexiona sobre os intelectuais e artistas galegos que principiaron a brillar “antes da Guerra Pluscuancivil”, que son os homes aos que se refería a frase de Landeira.

_____, “Xesús Santos, de Asados”, *A Nosa Terra*, nº 944, “Guieiro Cultural”, “Anacos de Borobó”, 20 xullo 2000, p. 27.

Comézase reproducindo a versión galega dun artigo escrito por Borobó en *La Voz de Galicia*, que estaba dedicado a Xesús Santos, de Asados, para logo se referir a outros escritos de Borobó relacionados con Santos de Asados, quen é cualificado como “un poeta excelente e un infatigábel erudito en asuntos rianxeiros”.

_____**,** “O mariñeiro na noite... e na madrugada”, *A Nosa Terra*, nº 945, “Guieiro Cultural”, “Anacos de Borobó de Borobó”, 27 xullo 2000, p.27.

Realiza un percorrido pola atención que o xornal compostelán *La Noche* lle prestou á figura e á obra de Manuel Antonio entre os anos 1946 e 1949. Detense, deste xeito, en dous sonetos, na “Elexía a vella goleta” e no poema titulado “Do xornadeiro dun estudante”, reproducidos en 1946. Chama a atención tamén para a publicación no xornal dunha carta do poeta rianxeiro á súa nai que posteriormente García Sabell non incluiría na edición da *Correspondencia*. Refírese, así mesmo, ao comentario feito por Aqulinio Iglesia Alvariño sobre “Un poema por dentro” e ao de Xosé Otero Espasandín sobre *De catro a catro*. Cita finalmente a “Elexía a Manuel Antonio” do poeta ourensán José Ángel Valente.

_____, “O exemplo de José María Castroviejo”, *A Nosa Terra*, nº 949, “Guieiro Cultural”, 24 agosto 2000, p. 27.

Céntrase na descrición de “tres galegos exemplares” que teñen en común o troco de ideoloxía. Analiza brevemente os casos de Álvaro Cunqueiro e mais de Santiago Montero Díaz, que é cualificado como “o espírito máis lúcido, inquedo e independente que eu coñecín”. Remata caracterizando e debullando a vida e a poesía de José María Castroviejo, centrándose en *Poesía*.

_____, “A colaboración de Johán Carballeira”, *O Correo Galego*, “O novelo dos anacos”, 31 agosto 2000, p. 48.

Fala da chegada do vangardismo a Extramundi co xurdimento da revista *Proa* que só tivo tres números, publicados “por catro ou cinco vangardistas” desta vila coruñesa, e resalta a colaboración de Johán Carballeira nesta revista “que escribía adrede dos personaxes singulares que atopaba en Extramundi”.

_____, “O exemplo de Evaristo Correa Calderón”, *A Nosa Terra*, nº 950, “Guieiro Cultural”, 31 agosto 2000, p. 27.

Co gallo da aparición do libro *Correa Calderón, celta. Os tempos de avanzada (1915-1936)*, de Xosé María González Xil, o recensionista reflexiona sobre o fervor nacionalista, evolución ideolóxica e a vida de Evaristo Correa Calderón (A Pena, Baralla, 1899-A Proba de Trives, 1986).

_____, “O exemplo de Santiago Montero Díaz”, *A Nosa Terra*, nº 951, “Guieiro Cultural”, 7 setembro 2000, p. 27.

Analiza a inconstancia ideolóxica que representa Santiago Montero Díaz, quen pasou polo comunismo, polas JONS e polo galeguismo. Sinala cómo foi desterrado a Almagro, por alentar a revolución dos estudiantes, e cómo durante a coroación poética de Ramón Cabanillas, en Padrón, cedeu o posto de orador a Otero Pedrayo.

_____, “O exemplo de Álvaro de las Casas”, *A Nosa Terra*, nº 952, “Guieiro Cultural”, 14 setembro 2000, p. 27.

Descríbese a facilidade oratoria que tiña Álvaro de las Casas que é cualificado como “orador cabal e sabio que non falaba de balde”. Repásase tamén a súa vida, ideoloxía –foxe da España de Franco e posteriormente convértese ao franquismo– así como algunhas das súas facetas intelectuais.

_____, “Os anceios do vello dos contos”, *O Correo Galego*, “O novelo dos anacos”, 19 setembro 2000, p. 48.

Fai unha retrospección cara a súa infancia para tentar explicar a súa concepción do que son os contos e do que deberían ser. Deste xeito, rescata unha figura como é a do “Vello dos contos”, que era un home que andaba a pedir e lles contaba aos nenos. Admirado pola capacidade deste, recolle a concepción que este “vello” lle deu dos contos, describíndoos como a narración dalgún heroe que coñezas persoalmente e que che conte a súa historia para despois “mesturar a historia coa terra que se pegou nos teus zocos”. Tamén expón que iso é do que carecen os contos, desa pegada da terra, dese “carácter épico e valor didáctico”.

_____, “O exemplo de Fernández Mato”, *A Nosa Terra*, nº 953, “Guieiro Cultural”, “Anacos de Borobó”, 21 setembro 2000**,** p. 27.

Describe algúns episodios da vida do xornalista Xosé Ramón Fernández Mato, en particular aqueles relacionados coa súa amizade con Castelao e Rafael Dieste. Comenta tamén o seu bofacer político e social no tempo da República e o seu posterior exilio e sobre todo a súa presencia á fronte da dirección do xornal *El Pueblo Gallego*, facendo del, “o xornal máis avanzado do país”. Alude tamén ao seu posterior regreso a Galicia adheríndose ao movemento franquista e cre, neste sentido, que hai que xulgar aos xa mortos “non polo que pensaban nos seus derradeiros anos, senón polo que facían no seu mellor momento”.

_____, “Subida ó madroño de Rosalía”, *O Correo Galego*, “O novelo dos anacos”, 26 setembro 2000, p. 48.

Percorrido pola vida literaria de Concha Castroviejo, autora que se ocupou de numerosos personaxes como García-Sabell, Ramón Piñeiro ou Otero Pedrayo. Fai especial fincapé na súa crónica “La Mahía y las tierras de Rosalía”, á vez que loa a súa capacidade para captar os pensamentos que eles tiñan sobre Rosalía facendo un bo estudio dos seus traballos. Remata facendo unha reflexión sobre esta muller e criticando o pouco valorada que está.

_____, “O exemplo de Álvaro Cunqueiro”, *A Nosa Terra*, nº 954, “Guieiro Cultural”, “Anacos de Borobó”, 28 setembro 2000, p.27.

Describe primeiramente o contraste entre o espírito arredista de Álvaro Cunqueiro nos anos anteriores á guerra civil, sobre todo na revista *Galicia*, e coa súa colaboración coa prensa do franquismo despois da contenda. Detense, así, nalgúns exemplos que definen a “magnificencia” do novo estilo cunqueiriano en páxinas como as de *Azul* ou *La voz de España*. Posteriormente céntrase, a través de anécdotas, no talante xeneroso do escritor mindoniense, para acabar definíndoo como “ser mítico, inefábel, por encima do ben e do mal”.

_____, “O exemplo de Xulio Sigüenza”, *A Nosa Terra*, nº 925, “Guieiro Cultural”, 5 outubro 2000, p. 27.

Percorrido pola vida e obra de Xulio Sigüenza, salientando a emigración a Cuba con 14 anos onde publicou o seu primeiro poemario en 1923 de temática galega aínda que escrito en castelán, *De los agros celtas*. Tamén se refire á emigración a Uruguai onde sería secretario do Centro Galego, cargo debido ao que regresa a Galicia en 1931 para participar na campaña electoral das Cortes Constituíntes. Tamén apunta a súa participación en numerosas revistas como *Cristal*, *Galiza* e *La Noche*, rematando pola súa estadía na cadea onde escribe *Os poemas do imperio*, con gabanzas a Franco.

_____, “As ocorrencias de don Manuel Balboa”, *O Correo Galego*, “O novelo dos anacos”, 7 outubro 2000, p. 48.

Lembra unha viaxe realizada a Lestrove co muxián Manuel Balboa, no transcurso do cal lle falou do amor de Rosalía de Castro pola Costa da Morte. Ademais, Balboa, que era parente de Eduardo Pondal faloulle con moita emoción da presencia de Rosalía na romaría de Nosa Señora da Barca, episodio que a poetisa recollería en *Cantares Gallegos*. Lembra Borobó que parte das anécdotas que lle contou sobre Pondal relatounas nos “anacos” de 1979 e 1980.

_____, “O exemplo de Eugenio Montes”, *A Nosa Terra*, nº 956, “Anacos de Borobó”, 12 outubro 2000, p. 27.

Danse algúns datos sobre a biografía de Eugenio Montes, a pesar de que segundo o artigo aínda non se elaborou unha exhaustiva biografía sobre este autor. Dentro do terreo do persoal indícasenos aquí que tivo dúas fillas nun primeiro matrimonio, que logo casou con Natividad Zaro ou que tivo unha relación amorosa coa escritora andaluza Eugenia Serrano. Apúntase, ademais, que a súa obra xornalística é ampla, ao contrario da literaria. Por último, fálase da súa evolución ideolóxica cara o fascismo, baseándose no libro de Javier Gutiérrez Palacio *Eugenio Montes. Prosista del 27. Estudio crítico y Antología.*

_____, “Nove palabras pra Pura Vázquez”, *O Correo Galego*, “O novelo dos anacos”, 19 outubro 2000, p. 56.

Infórmase de que nas conmemoracións rosalianas de 1951, Pura Vázquez leu o seu primeiro poema dedicado a Rosalía. A continuación, indícanse algúns dos xornais nos que colaborou esta escritora e destácase que no ano 2000 gañou o Premio das Artes e das Letras Galegas, feito que leva a Borobó a confirmar que ela era “a poetisa de maior calidade que deran as letras galegas dende Rosalía”.

_____, “O exemplo de Filgueira Valverde”, *A Nosa Terra*, nº 957, “Anacos de Borobó”, 19 outubro 2000, p. 27.

Ofrécensenos datos da actividade incesante de Filgueira Valverde, que destacou como investigador, catedrático, director ou promotor de institucións culturais, político... Descríbese como unha persoa de inquietude constante que o levou a traballar durante sete décadas. Indícase que, cando se xubilou en 1976, os seus discípulos publicaron *Bibliografía, cursos, conferencias y curriculum de José Filgueira Valverde*, no que se relacionaban 202 libros e folletos. Destácase, ademais o seu ingreso na Academia da Historia ou o seu labor político, indicándose como el foi, xunto con Vicente Risco, un dos creadores da Dereita Galeguista.

_____, “O desdobramento do galeguismo”, *O Correo Galego*, “O novelo dos anacos”, 20 outubro 2000, p. 48.

Fálase da figura de Mosquera Pérez, *O vello dos contos*, que dende a vicepresidencia do Padroado de Rosalía, facía un gran labor. Indícasenos que sobre este personaxe xa se trata no libro titulado *A cantora do Sar* (1999) de Borobó, onde se nos informa de que militaba no Partido Galeguista. E sobre a escisión deste partido indícasenos que temos datos na obra de Xavier Castro, *O galeguismo na encrucillada republicana*.

_____, “Entre a poesía e a política”, *O Correo Galego*, “O novelo dos anacos”, 21 outubro 2000, p. 48.

Comeza falando da Dereita galeguista e dos primeiros alcaldes de Santiago no tempo de Franco, entre os que se atopaban o marqués de Figueroa, para falar logo da elocuencia e lirismo deste marqués, que foi tamén presidente do Patronato Rosalía de Castro. Sobre a silueta literaria do marqués, don Juan Gil Armada, trátase no libro de Baliñas *Rosalía de Castro. Entre a poesía e a política*.

_____, “As cavilacións do Padroado de Rosalía”, *O Correo Galego*, “O novelo dos anacos”, 26 outubro 2000, p. 48.

Indícase como os membros do Padroado de Rosalía organizaban con sete meses de antelación a Misa na honra desta autora. As súas cavilacións centrábanse en quén había de dicila e se lle permitirían celebrala. O habitual era que a dixese don Chinto Piñeiro, pero en 1949 o Padroado conseguiu que oficiase a misa o bispo Mons. Souto Vizoso, do que se conserva o seu sermón en galego no arquivo do Padroado.

_____, “O exemplo de Carvalho Calero”, *A Nosa Terra*, nº 958, “Anacos de Borobó”, 26 outubro 2000, p. 27.

Transcríbese un texto xa aparecido en *La voz de Galicia* (23-IV-1982), aínda que agora enteiro, que baixo o título “Mirando pra Carballo” nos informa da súa vida ata o estalido da guerra. A continuación, baixo o epígrafe “Un profesor excepcional”, infórmase de que, despois de estar no cárcere dous anos, volve a Ferrol onde exerce a ensinanza, tarefa que tamén desenvolvería en Lugo e Santiago. Finalmente, indícase que no mesmo día do seu pasamento (25-III-90) Borobó escribira no seu anaco sobre este escritor e, segundo este soubo despois, tivo tempo aínda de ler este anaco antes do último suspiro.

_____, “Aquela misa dos ateos”, *O Correo Galego*, “O novelo dos anacos”, 2 novembro 2000, p. 64.

Indícase que a chamada “Misa dos ateos”, por don Pedro Martul, era unha misa na honra de Rosalía e a ela asistían os masóns que quedaban en Santiago, os superviventes do republicanismo compostelán e os tachados de “rojos”. É por isto polo que se indica que de filmar aos asistentes a esa misa poderíase fichar ás “figuras máis relevantes da clandestina e larvada e persistente contraposición ó franquismo”, das que se dan algúns nomes.

_____, “O diálogo de Aquilino e don Ramón”, *O Correo Galego*, “O novelo dos anacos”, 4 novembro 2000, p. 48.

Indícase o interese que espertou en Otero Pedrayo a xuntanza de catorce mozos en Osebe, xa que non sabía a que se debía aquela excursión gastro-literaria. Comenta que esta reunión era para celebrar que Varela Jácome acababa de gañar a primeira das súas oposicións. Otero Pedrayo, que intercambiaba composicións cun dos membros desta xuntanza, Aquilino Iglesia, escribiu uns versos, “Os catorce de Osebe”, en correspodencia a unha epístola de Iglesia Alvariño, que darían nome a este grupo de amigos.

_____, “Telefonazos eruditos adrede dos versos de Otero”, *O Correo Galego*, “O novelo dos anacos”, 7 novembro 2000, p. 48.

Enfía unha densa decrición pola que sabemos como chegaron ás súas mans uns versos de Otero Pedrayo dedicados a “Os catorce de Osebe”. Posteriormente conta a anécdota acontecida entre dous amigos: un deles traduciullos ao outro en castelán e este considerou que eran de Menéndez Pelayo. Por último di que nas múltiples cartas que escribiu Otero Pedrayo había poemas escritos en varias linguas e que moitos deles serán difíciles de recuperar.

_____, “Ata certo punto chegaba Celestino”, *O Correo Galego*, “O novelo dos anacos”, 9 novembro 2000, p. 56.

Recorda como o núcleo central de “Os catorce de Osebe”: Iglesia Alvariño, Antonio Cadarso, Celestino Luís Crespo e o mesmo Borobó, percorrían as tabernas setentrionais e orientais de Santiago facendo faladoiro itinerante. Estas conversas, nas que Iglesia Alvariño e Celestino Luís Crespo mantiñan “cordiais e graciosas controversias (...) sobre a procedencia das súas respectivas obras”, a miúdo eran interrompidas por Celestino coa muletilla “Ata certo punto...”, remedando ao administrador da Editorial Compostela.

_____, “O exemplo de Ramón Piñeiro”, *A Nosa Terra*, nº 961, “Anacos de Borobó”, 16 novembro 2000, p. 27.

Trátase da figura de Ramón Piñeiro, tantas veces enfrontado na Historia a Castelao, pero que a Borobó lle parecen figuras “afíns, sucesivas e complementarias”. Destácase o papel político deste persoeiro, que conseguiu que o presidente Giral incluíse a Castelao no seu ministerio do exilio; e indícase que foi a partir de aquí cando se orixinou a polémica, “que cantos máis anos pasan faise máis virulenta”. Apúntase tamén que sobre a figura de Piñeiro xa tratou Borobó no *Libro de los Tropiezos* (1989) no que, segundo o propio Piñeiro, se lle dá máis importancia da que merece.

_____, “As campiñas xemelgas de don Ramón”, *O Correo Galego*, “O novelo dos anacos”, 28 novembro 2000, p.48.

Dáse conta do que Valle-Inclán opinaba sobre a campiña italiana, xa que este foi director da Academia Española de Bellas Artes en Roma. Valle-Inclán díxolle a Leandro Pita Romero, embaixador de España no Vaticano, que máis que a paisaxe o que lle recordaba a súa terra natal eran os labregos, palabras que Leandro Pita lle recordou máis tarde a Fernández del Riego, cando este deu unha conferencia sobre a temática galega na obra de Valle-Inclán, na Facultade de Letras da Universidade de Buenos Aires.

_____, “O exemplo de Xoán Xesús González”, *A Nosa Terra*, nº 963, “Anacos de Borobó”, 30 novembro 2000, p. 35.

Recórdase a vida de Xoán Xesús González, que naceu case no mesmo lugar e morreu case ao mesmo tempo que Roberto Blanco Torres, a quen se lle adicou o Día das Letras Galegas en 1999. E debido a que Xoán Xesús González non é tan recordado, destácase aquí o seu labor político, causa pola que foi fusilado o 12 de setembro de 1936, despois de avanzar co Tercio de Calo cara a Coruña para enfrontarse ao levantamento militar. Destácase, ademais, o seu ascenso profesional, pasando de canteiro a abogado, e a súa obra xornalística e literaria.

_____, “O exemplo de Celso Emilio Ferreiro”, *A Nosa Terra*, nº 964, “Anacos de Borobó”, 7 decembro 2000, p. 27.

Alúdese á vida de Celso Emilio Ferreiro, centrándose no seu exilio a Venezuela e na súa volta a Galicia. Indícase que o poeta tivo que marchar catro anos despois da publicación de *Longa noite de pedra* (1962), libro co que “Galicia enteira prestou ouvido ao parche do poeta”. Pero en Venezuela tampouco podía quedar despois da publicación de *Viaxe ao país dos enanos*, polo que Álvaro Gil, “o mecenas de *Galaxia* e tantas outras accións culturais do galeguismo”, lle ofreceu un posto na redacción dunha revista médica, labor que permitiría a Celso Emilio Ferreiro voltar á Península.

_____, “A erudición iconográfica de Baldomero Cores”, *O Correo Galego*, “O novelo dos anacos”, 9 decembro 2000, p. 48.

Destácase o dominio de Baldomero Cores no terreo da cultura galega contemporánea, indicando que este feito pode comprobarse nos capítulos IV/VIII de *A Gran Panorámica*, e que neste libro se pode observar a familiaridade de Cores coa hemerografía do país e o seu interese polo patrimonio icónico de Galicia e pola ilustración da súa historia e da súa literatura.

_____, “A exclusión de Baldomero Cores”, *O Correo Galego*, “O novelo dos anacos”, 12 decembro 2000, p. 48.

Faise un repaso pola obra de Baldomero Cores Trasmonte, “o máis serio e profundo dos escritores da xeración da *Noite*”. Vanse indicando os títulos deste autor, do que xa Varela Jácome destacou o seu labor ensaístico e xornalístico, pero que sen embargo non se pode “atopar no excluente *Diccionario da Literatura Galega*, editado por Galaxia”.

_____, “O exemplo de Aquilino Iglesia Alvariño”, *A Nosa Terra*, nº 965, “Anacos de Borobó”, 14 decembro 2000, p. 27.

Danse algúns datos da vida de Aquilino Iglesia Alvariño como por exemplo cal era o seu papel no Partido Galeguista. Indícasenos que pretendía que o nacionalismo crease unha “auténtica cultura galega, concienciando o pobo”, polo que hai que encadralo dentro da corrente independentista, que triunfou na IIª Asamblea das Mocedades en maio do 35. Alúdese tamén a que Iglesia Alvariño formaba parte do grupo “Os catorce de Osebe”, dentro do que el era o maior. Indícase tamén que coa súa morte este grupo se dispersou.

_____, “O exemplo de Xesús Ferro Couselo”, *A Nosa Terra*, nº 966, “Anacos de Borobó”, 21 decembro 2000, p. 27.

Sinala que a figura de Ferro Couselo foi abondo tratada en 1996, ano en que se lle adicou o Día das Letras Galegas, malia que ofrece algúns datos da súa biografía seguindo o libro de X. R. Fandiño Veiga titulado *Ferro Couselo*. Destácase deste autor a súa carreira de profesor e anótase o feito de que na guerra foi militante circunstancial da organización ácrata, xa que tan pronto rematou volveu á militancia galeguista, agora clandestina.

_____, “O exemplo de Rafael Ochoa e a súa irmá Moncha”, *A Nosa Terra*, nº 967, “Anacos de Borobó”, 28 decembro 2000, p. 27.

Alúdese á amizade que había entre Johan Carballeira e o ceramista Rafael Ochoa Carrasco, vinculado á “Cerámica Celta de Pontecesures”. Indícasenos como o primeiro destes nomes é lembrando, mentres que o segundo non, polo que se dan neste artigo algúns datos da súa vida e da súa obra, caracterizándose esta polo seu estilo vangardista. Tamén se fala da súa irmá, por ter sido noiva de Johan Carballeira.

Borrajo Fernández, Ponciano, “Valente es eternamente nuestro”, *La Región*, 28 xullo 2000, p. 24.

Lóase a traxectoria humana e política de José Ángel Valente, sinálase o amor que lle tivo a Ourense e remátase indicando que, como quixo o propio Valente, as súas cinsas repousan no cemiterio ourensán de San Francisco.

Bragado, Manuel, “Xaneiro de 1950”, *Faro de Vigo*, “Campo de Granada”, 3 xaneiro 2000. p. 29.

Tras un apresurado repaso ao lustro derradeiro da vida de Castelao, Bragado céntrase nos días seguintes ao pasamento e relata as exequias e os sucesos que as rodearon, con referencias a Blanco-Amor, que pronunciou un discurso; Domingo Maza, que lle tirou dúas mascariñas; ou Perfecto López, que trouxo a Buenos Aires terra galega. Comenta, así mesmo, que Paz Andrade escribiu unha necrolóxica para o suplemento de *La noche*, publicación que desapareceu por orde gubernativa medio mes despois. Acaba facendo unha louvanza da figura de Castelao e felicitando o Concello de Vigo pola edición dun almanaque conmemorativo.

_____, “Quedamos na librería”, *Faro de Vigo*, “Campo de Granada”, 23 abril 2000, p. 24.

Con motivo do Día do Libro, expresa o seu gusto polas librerías e enumera unha gran cantidade das existentes en Vigo. Coida que todas son necesarias pero advirte que están nunha situación comprometida debido a unha pluralidade de causas: a xeneralización das fotocopias, as cadeas de librerías, os libros “de usar e tirar” á venda nas grandes superficies e a eliminación do prezo fixo. Cre que a solución non pasa polo liberalismo senón por un incremento da calidade dirixido aos clientes tradicionais das librerías, co obxectivo de manter a necesaria heteroxeneidade no mercado. Sinala tamén algunhas liñas que se deberían seguir no futuro, centradas, alén de no aumento da calidade do producto, na mellora das canles informativas, no fomento da lectura ou na conversión das librerías en focos culturais.

_____, “Infinita liberdade”, *Faro de Vigo*, “Campo de Granada”, 6 agosto 2000, p. 25.

Ampla reflexión sobre a situación das linguas minorizadas que se están a perder no mundo, arredor dunhas tres mil segundo indica. Dentro deste contexto considera moi importante a iniciativa da Concellería de Vigo de crear a “Casa da Palabra”, un centro interactivo no que, de xeito lúdico, a xente entre “polo mundo das palabras, das linguas, das literaturas”. Tamén apunta que, ademais de dar a coñecer a heteroxeneidade de linguas, ten que ser unha ferramenta de normalización lingüística para fomentar a curiosidade pola nosa lingua e literatura. Remata lembrando as palabras de José Ángel Valente nas que sinala que “as palabras han levar á linguaxe ó punto cero, ó punto da indeterminación infinita, da infinita realidade”.

_____, “Reconquista 1”, *Faro de Vigo*, “Campo de Granada”, 24 setembro 2000, p. 28.

Con motivo do cincuentenario da Editorial Galaxia e da exposición conmemorativa “Palabras para un país”, subliña o labor levado a cabo polos impulsores da editorial viguesa. Así destaca a “imaxinación creadora” de Xaime Isla, o papel de Ramón Piñeiro como director literario e o de Fernández del Riego como “o obreiro do grupo”. Para Bragado os máis de mil setecentos títulos tirados por Galaxia son outras tantas botellas guindadas ao mar de Vigo coa mensaxe de que “Galicia e a súa lingua teñen futuro”. Do mesmo xeito, considera esencial o papel xogado por Galaxia no desenvolvemento dun sector editorial moderno en lingua galega.

Bran, M. de, “Piñeiros bravos monumentais”, *O Norte*, nº 148, 2ª Quincena de setembro 2000, p. 3.

Loanza aos piñeiros que aínda se conservan en Galicia a través do repaso da presencia e significado que estes tiveron na literatura galega, dende unha cantiga medieval de Don Dinis, pasando pola poesía de Eduardo Pondal cun significado especial en “Rumores de los pinos” e *Queixumes dos pinos*, o que logo se convertería no Himno Galego e no que os piñeiros son un elemento fundamental como entidade do pobo celta.

Calvo, Tucho, “Na procura dun berro”, *La Voz de Galicia*, “Galicia ante el nuevo milenio”, 9 decembro 2000, p. 11.

Reflexión sobre a literatura galega á luz da chegada dun novo milenio, na que se refire ao pasado, representado polo esplendor da lírica galego-portuguesa; un presente que cualifica de “fermosa primavera de creación” e un futuro que ve dende un punto de vista optimista, especialmente polo gran número de mozos que están traballando fóra dos circuítos culturais na procura da “singularidade” e da “liberación”. Considera que a literatura galega sempre se enriqueceu coas achegas das visións de fóra e opina que a rebeldía na literatura se manifesta na exploración, na investigación, no debate e na “aceptación do sacrificio da incomprensión”, e remata manifestando a súa esperanza na xente nova.

Carballo, Francisco, “Alga e fungo “, *A Nosa Terra*, nº 921, 10 febreiro 2000, p. 40.

Despois de afirmar que a Terra de Maceda non foi “pródiga en poetas”, comenta o poemario *Alga e fungo* (1999) de Santiago Prol. Salienta a súa brevidade e intensidade, así como o apego á xeografía local, e considérao “un producto orixinal da artesanía dos anos ben da vila”.

Casares, Carlos, “Sobre o ‘Piñeirismo’ e a correspondéncia Castelao-Aguirre”, A *Nosa Terra,* nº 20, “Guieiro Cultural”, 20 xaneiro 2000, p. 34.

Carta dirixida a Alfonso Eiré para saír ao paso dunha nota publicada o día 13 de xaneiro en *A Nosa Terra* baixo o título “Casares e Arzalluz”. O escritor ourensán intervén, neste caso, en representación da editorial Galaxia e como coñecedor persoal de Ramón Piñeiro e da “Xeración Galaxia”. Critica a parcialidade do semanario vigués ao acusalo de ocultar documentación epistolar de Castelao. Aclara as dificultades que están a ter os editores da obra completa do rianxeiro para levar a cabo o seu traballo e defende a solvencia intelectual e investigadora dos responsábeis. Defende o “piñeirismo” como “un conxunto de persoas honestas que nunca se dedicaron a mentir ou a mistificar, senón a traballar duramente por este país, en épocas certamente moi difíciles”, e tamén se amosa partidario da actitude de Ramón Piñeiro cando, despois do encontro con Castelao, decidiu romper coas propostas que chegaban dende o exilio. Cita a publicación por parte de Galaxia de documentación polémica referida ao galeguismo; louvanzas de Risco a Franco e a Hitler, discrepancias entre Piñeiro e Castelao, coas que pretende demostrar que a casa editora que el dirixe nunca se caracterizou polo ocultismo. Finalmente, afirma ter “moi claro un principio sen o cal resulta moi difícil entender a realidade e ser xusto ao mesmo tempo coas persoas, que consiste en non elevar a categorías morais as simples discrepancias de criterio”.

_____, “Coloquio”, *La Voz de Galicia*, “Á marxe”, 26 febreiro 2000, p. 95.

Con motivo da súa participación nunha mesa redonda sobre Castelao, lembra o articulista que foi na cidade das Burgas onde por primeira vez escoitou falar do rianxeiro máis universal, e onde se achegou á súa obra. Responde tamén, Carlos Casares, á acusación dun mozo que o criticou por ter participado nun acto sobre o autor do *Sempre en Galiza* ao lado de Fraga. O ourensán recoméndalle “non deixarse dominar pola mala uva (...) pois convirte a un nun chinche insoportable. E tódolos chinches, de maiores, acaban sendo feos”.

_____, “Galaxia e os dereitos de Castelao”, *La Voz de Galicia*, “Á marxe”, 28 febreiro 2000, p. 91.

Responde Carlos Casares neste artigo a unha acusación verquida contra el por Álvaro Belinchón Ricote, segundo a cal Galaxia non lle pagaba os dereitos de autor ás irmás de Castelao. Refírese o articulista á Galaxia dos primeiros tempos como “unha empresa sen ánimo de lucro” na que “a ninguén se lle pasaba pola cabeza que se puidesen pagar dereitos de autor”. Comenta como caso excepcional a esta situación, o pagamento a dona Virxinia Pereira e, posteriormente, ás irmás de Castelao, despois dunha negociación que describe polo miúdo. Para rematar, afirma que as relacións con dona Teresa Castelao e con Javier Baltar, o representante legal desta, “foron e son excelentes”.

_____, “Verines”, *La Voz de Galicia*, “Á marxe”, 15 setembro 2000, p. 13.

Fai referencia á súa asistencia aos encontros anuais de escritores celebrados na Casona de Verines, propiedade da Universidade de Salamanca. Comenta que este ano o tema se centra na literatura e nos medios de comunicación e cita a Ana Romaní e a Ramón Loureiro como os escritores convidados procedentes de Galicia.

_____, “Acuña”, *La Voz de Galicia*, “Á marxe”, 15 outubro 2000, p. 13.

Lembra como algúns dos seus primeiros escritos chegaron ás mans do poeta Manuel Luís Acuña e este llos valorou moi positivamente. Comenta tamén que co tempo serían amigos e Acuña tívoo por discípulo.

_____, “Homenaxe a Basilio”, *La Voz de Galicia*, “Á marxe”, 2 decembro 2000, p. 13.

Dá conta da súa estancia en Barcelona para participar no ciclo de conferencias que se celebrou na universidade en homenaxe a Basilio Losada e lembra a intervención do propio profesor na que, ademais de explicar como chegou a catedrático da universidade desa cidade, contou varias anécdotas de infancia e xuventude.

Castro, Francisco, “Que lean os avós”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 5 xaneiro 2000, p. 10.

Felicita á Consellería de Cultura pola súa iniciativa de promover a lectura entre a xente maior a través da publicación do volume *Cun libro nas mans*, “unha escolma de contos de recoñecidos escritores galegos”. Louva esta campaña por fomentar o libro e a lectura, ademais de ofrecer unha alternativa á televisión.

_____, “Hai 50 anos”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 8 xaneiro 2000, p. 4.

Lembra a Castelao no cincuentenario do seu pasamento como un exemplo de compromiso por Galicia que, como home, aínda non é ben coñecido polos galegos. No terreo da creación, considérao autor dunha “obra pictórica de innegable calidade literaria, de innegable orixinalidade”. Louva as iniciativas postas en marcha polo concello de Pontevedra para celebrar tal efeméride e critica a ausencia de actos organizados polo concello de Vigo.

_____, “Castelao e os nenos e nenas”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 11 xaneiro 2000, p. 10.

Dá conta da inauguración, na Casa Galega da Cultura de Vigo, dunha exposición titulada “Castelao e os nenos e nenas”. Describe esta mostra e felicita a un dos principais artífices, o ilustrador Pepe Carreiro, e tamén ao Concello de Vigo por sumarse aos actos en lembranza de tan ilustre galego.

_____, “Carlos Casares e Xurxo Souto”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 18 xaneiro 2000, p. 10.

Informa do comezo do ciclo “Escritores galegos cara ó século XXI”, que se celebra en Vigo ao longo de cinco meses. Despois de comentar a variedade do programa previsto, céntrase na xornada inaugural a cargo de Carlos Casares e Xurxo Souto. Ao primeiro considérao un “dos grandes da nosa literatura”, mentres que do segundo salienta o seu dinamismo e a creación do proxecto bravú.

_____, “Falar galego”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 1 febreiro 2000, p. 10.

Dá conta da participación de David Otero e Antonio Rodríguez López no marco do encontro “Escritores galegos cara ó século XXI”, para disertar sobre o compromiso que supón na actualidade falar e escribir en galego. Opina Francisco Castro que a nosa lingua segue sen normalizar, e continúa vivo na sociedade galega un complexo de inferioridade que non se superará ata que o uso do galego se converta en algo normal.

_____, “¿Está asumido o galego?”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 15 febreiro 2000, p. 9.

Faise eco da participación de Yolanda Castaño e Gonzalo Navaza no ciclo “Escritores Galegos cara ó século XXI”, para falar da posíbel existencia dun complexo de inferioridade entre os galegos á hora de empregar a súa lingua. Explica Francisco Castro as orixes deste “auto-noxo” e considera “triste” que siga a existir na actualidade, tendo en conta a cantidade de persoas e de institucións que están a traballar para que esta situación se supere.

_____, “¿E cando non haxa libros?”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 29 febreiro 2000, p. 10.

Comenta a participación de Santiago Jaureguizar e Camilo Franco no encontro “Escritores galegos cara ó século XXI”, para falar sobre “¿Que vai pasar cando non haxa libros? A literatura na era cibernética”. Destaca a actualidade do tema debido á importancia das novas tecnoloxías no momento presente, e explica a relación destes autores con Internet.

_____, “Novelas”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 14 marzo 2000, p. 9.

Dá conta da participación de Xavier Alcalá e Aníbal C. Malvar dentro do ciclo “Escritores galegos cara ó século XXI”, para disertar sobre o tema “Novela negra, novela de aventuras. O desafío de facer literatura”. Comenta sinteticamente os títulos máis destacados destes autores.

_____, “Dez poetas irlandeses”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 29 marzo 2000, p. 10.

Comenta a publicación da escolma *Poesía irlandesa contemporánea* dentro da editorial Espiral Maior e cualifícao como “un traballo máis que coherente coa interesantísima liña editorial”. Salienta a boa reacción de Seamus Heaney ao saber da traducción dos seus versos ao galego e considera que esta obra cumpre un dos desexos de Castelao, a universalización da nosa lingua.

_____, “Cine e literatura”, *Atlántico Diario*, 30 marzo 2000, p. 10.

Informa da participación de Ramón Caride Ogando e Xerardo Méndez nos coloquios “Escritores galegos cara ó século XXI”. Despois de nomear as principais obras de cada un deles, explica que falarán das relacións entre a literatura e o cine, un tema sobre o que estes autores “teñen escrito moito”. Como exemplo da vinculación entre estas dúas artes cita o caso de Manolo Rivas e *A lingua das bolboretas*.

_____, “Lecciónes americanas”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 5 abril 2000, p. 11.

Centra o comentario no volume deste mesmo título publicado por Kalandraka na colección “A biblioteca de Pantemo”. Informa do contido deste libro e opina que “non é un texto superficial”, xa que repasa numerosos clásicos da literatura universal e do cine.

_____, “Escribir sobre o amor”, *Atlántico Diario*, 11 abril 2000, p. 12.

Seguindo co ciclo de “Escritores galegos cara ó século XXI”, céntrase na intervención de Miguel Anxo Fernán-Vello e Xosé Carlos Caneiro. Do primeiro di que é un mestre da palabra, “un dos nosos clásicos vivos”, que coñece que “a poesía é a expresión fermosa do desexo, e do amor, e do corpo intuído da beleza”. De Caneiro salienta *Os séculos da lúa* e toda a súa obra narrativa, que pervivirá ao paso do tempo por ser “un autor honesto, comprometido, tamén, coa literatura”.

_____, “Tolemia literaria”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 25 abril 2000, p. 11.

Refírese á participación de Francisco Fernández Naval e Xabier López López no ciclo “Escritores galegos cara ó século XXI”, para disertar sobre a creatividade e a “tolemia” dos escritores. Francisco Castro considera que todos os artistas están “tolos” no sentido de que conseguen fabricar soños, vulnerar a realidade, encherse de utopía e construír novos mundos para o goce dos lectores.

_____, “Nunca se le o suficiente”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 28 abril 2000, p. 10.

Fai un chamamento a aumentar o índice de lectura e apoia todas as iniciativas que se adoptan nesta liña: días do libro, campañas dende a Federación de Libreiros, exposicións, etc. Salienta especialmente o traballo de editoriais como Kalandraka ou Alfaguara e critica as poucas medidas que se toman dende o concello de Vigo para incentivar a lectura.

_____, “Pablo Milanés e a literatura”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 9 maio 2000, p. 10.

Entre os actos culturais previstos para o día da publicación do artigo na cidade olívica, salienta un concerto de Pablo Milanés e a participación de Neira Cruz e Puente Docampo no ciclo “Escritores galegos cara ó século XXI”, dous autores que na súa opinión “teñen escrito historias que fan ós máis cativos pensar, ademais de os entreter”.

_____, “Escritores en Galicia”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 16 maio 2000, p. 10.

Dá conta do remate do ciclo “Escritores galegos cara ó século XXI” coa participación de Xesús Alonso Montero e Alfonso Álvarez Cáccamo, para falar do papel dos escritores no noso país na actualidade. Considera que esta función é a de poñer a súa voz ao noso servicio e contribuír “a que o facho ardente da nosa cultura non esmoreza”.

_____, “Cousas de Castelao”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 23 maio 2000, p. 11.

Con motivo da conmemoración dos 50 anos da morte de Castelao, faise un percorrido polas numerosas homenaxes que está recibindo. De entre elas, destaca a mostra na “Casa das Artes”, na que se poden atopar debuxos, libros e prensa vinculada con Castelao. Tamén comenta que as “cousas da vida” “nos fan entender... o mundo noso desde a perspectiva, sempre lúcida, sempre irónica, do xenial rianxeiro”.

_____, “Máis de Castelao”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 21 xuño 2000, p. 10.

Co gallo das homenaxes que se lle renden este ano á memoria de Castelao, menciona todas aquelas exposicións que se poden atopar na cidade de Vigo. Así, fala da que se atopa na Sala Temática de Caixavigo, que leva por título “As imaxes de Castelao”, na que se trata a faceta persoal do artista. Tamén destaca a da estación de RENFE, na que se atopa, “Ano Castelao”, que recolle dezanove paneis, nos que se incide na súa obra.

_____, “O manifesto dos escritores”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 27 xuño 2000, p. 10.

Faise un pequeno resumo do “Manifesto da Asociación de Escritores da Lingua Galega” e destácanse algúns puntos como o do poder de creación do noso idioma. Persevérase na desaparición que pouco a pouco vai sufrindo o galego e recórdase que cada día son menos os seus falantes e os escritores que se ocupan del.

_____, “A Festa do Libro Galego”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 29 xuño 2000, p. 10.

Co gallo da celebración da Feira do Libro, organizada na Alameda, sinálase que nesta edición a Federación de Libreiros de Galicia insistirá na promoción do libro galego. Recálcase a importancia de feitos como este para conseguir a normalización da cultura e literatura galegas. Rescátase así o manifesto da Asociación de Escritores en Lingua Gaelga, onde as obras galegas se cualifican de “moi boas, e de gran calidade”.

_____, “Libros”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 30 xuño 2000, p. 9.

Tomando como punto de partida a Feira do Libro, reflexiona sobre os tempos nos que estamos a vivir, nos que cada día se le menos. Desta maneira, chega á conclusión de que esa perda de amor pola lectura fai que sexamos doados de manipular. Destaca que as cousas importantes son as que se contan nos libros, como por exemplo acontece no diario de Anna Frank, onde se “explica moito mellor a desgracia dos xudíos durante o xenocidio nazi que calquera outra cousa”.

_____, “Isaac Díaz Pardo”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 26 outubro 2000, p. 10.

Anuncia a apertura da exposición de carteis de Isaac Díaz Pardo, que se levará a cabo o 5 de novembro no Colexio de Arquitectos, e lembra a importancia deste escritor na historia recente de Galicia e do galeguismo. Así mesmo, compara a obra de Díaz Pardo coa de Castelao incluíndo a ambos “nesa xeración gloriosa de autores que souberon facer dos carteis unha arma, amais de propagandística, artísca de primeira orde”.

Castro, Xavier e Magali **Costas**, “Risco, ¿docente severo?”, *La Voz de Galicia*, 3 maio 2000, p. 15.

Céntranse os autores do artigo na actividade docente de Vicente Risco na Escola Normal de Ourense. Consideran que o autor de *O porco de pé* non posuía “grandes dotes de comunicador”, ademais de ser “severo cualificando os exercicios das alumnas”. Describen un dos exames posto por Risco e, finalmente, afirman que “practicamente non suspendía a ninguén”, o mesmo que facía Otero Pedrayo.

Cid Fernández, Emilio, “Pero si, moito Ferrín”, *A Nosa Terra*, nº 961, “A aldea global”, 16 novembro 2000, p. 17.

Réplica a un artigo publicado con anterioridade no xornal *El Progreso* contra o escritor Xosé Luís Méndez Ferrín, no que se rebaten as críticas verquidas sobre o escritor: a “mitificación literaria” do autor; o feito de non ter escrito unha obra de talla universal para o gran público; a repetición na súa obra da mesma historia pesimista de épica nacional; a incoherencia das súas ideas políticas e a aceptación da cadeira de académico.

Conde, Alfredo, “Vellos e novos tempos”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 4 xaneiro 2000, p. 4.

Alude neste artigo á publicación e distribución pola librería Couceiro con motivo dos seus trinta anos, do volume *Doctrina Galicianista* de P. Pardo de Cela. Compara os tempos aos que se refire esta obra coa actualidade e afirma emocionarse “co inxenuo ardor” posto na redacción deste volume. Comenta, finalmente, a mudanza que experimentaron termos como “Terra e Irmán, Bondade e Xenerosidade”.

_____, “De patriotismos”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 5 xaneiro 2000, p. 4.

Comenta a vixencia que na actualidade teñen unhas afirmacións de Nan de Allariz incluídas na *Doctrina Galicianista* de P. Pardo de Cela, nas que este escritor alaricano do século XIX criticaba a actitude de certos intelectuais galegos que non aceptaban doutrinas diferentes ás propias. Despois de afirmar Alfredo Conde que estas actitudes contribúen ao illamento e á fechazón, conclúe dicindo que “resulta inconcebible (...) que xente que está a loitar pola mesma causa permaneza tan incomunicada, tan resoltamente enfrontada, tan inutilmente dividida”.

_____, “Castelao”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 7 xaneiro 2000, p. 4.

Faise eco da mitificación a que foi sometida a figura de Castelao malia a que a súa obra segue a ser descoñecida para moitos dos galegos, mesmo por aqueles que máis o veneran. Formúlase unha serie de cuestións sobre a orientación política que tería o rianxeiro no caso de vivir na actualidade. Finalmente, conclúe situándoo como “un exemplo daquelo que Cabanillas definiu como o mal dos bos e xenerosos, ‘morreu de amor á Terra”.

_____, “De novo Castelao”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 11 xaneiro 2000, p. 4.

Partindo das críticas suscitadas polo anterior artigo, Alfredo Conde comenta neste a faceta de Castelao como pensador, un “soñador que se converte en pensador ó lle dar corpo literario ós seus soños, ós seus degoiros”. Considera que ese soño era o soño colectivo de Galicia.

_____, “Achados”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 29 febreiro 2000, p. 4.

Refírese á saída do prelo do *Informe de Literatura 1998* e doutro número do *Boletín Galego de Literatura*, circunstancia que lle pasou desapercibida, pero que merece o seu comentario xa que “son dúas publicacións algo máis ca necesarias”. Láiase da pouca repercusión mediática que tiveron as respectivas presentacións, o que provocou que lle pasasen desapercibidas e pide que noutra ocasión “ha de ser moi indicado que se lles fagan as festas pertinentes (...) de xeito que saibamos todos delas”.

_____, “Canons literarios”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 3 marzo 2000, p. 4.

Reflexiona sobre o descoñecemento que a gran masa da poboación ten sobre a literatura e sobre a cultura galega en xeral, e tamén sobre as institucións encargadas de conservala e divulgala como a RAG, o Consello da Cultura Galega, o ILG, o Centro Ramón Piñeiro, o Pen– Clube e a AELG.

_____, “Converxencias”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 5 marzo 2000, p. 4.

Despois de considerar que Castelao non pasará ás historias da literatura nin da pintura universais, opina que a faceta máis destacada do rianxeiro é a de político e a de “home bo”. Critica ás forzas políticas que se empeñan en apropiarse da figura do autor do *Sempre en Galiza* porque cre que “se trata dun patrimonio común de todas elas, dun patrimonio de tódolos galegos”.

_____, “Narrador vs. autor”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 30 abril 2000, p. 4.

Recoñece inicialmente que o tema do canon literario é do interese de poucos lectores. A seguir, considera que este concepto está establecido despois da morte do narrador omnisciente, xa que na actualidade “o punto de vista da primeira persoa é altamente valorado”. Afirma ter empregado esa modalidade narrativa en terceira persoa nas súas últimas novelas, circunstancia que observou unha crítica madrileña chamada Juana Vázquez, e á que o autor de *O fácil que é matar* felicita polo atinado da súa apreciación e por atreverse a comunicalo publicamente.

_____, “*Clave Orión*”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 9 maio 2000, p. 4.

Despois de expresar o “refinamento tan vulgar no que están caendo as nosas letras”, presenta o número VI de Clave Orión, dirixida por Luz Pozo Garza, poñendo esta revista como exemplo do que se debería facer en poesía. Apúntase que a calidade e o sentido, que moitas editoras de versos perderon, son buscados nesta publicación.

_____, “Primeiras sensacións”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 15 maio 2000, p. 4.

Despois de reflexionar sobre a importante pegada que deixan en todos nós as primeiras lecturas, céntrase no comentario do volume *Poesía irlandesa contemporánea* (1999), que publicou Espiral Maior. Alude a que a literatura irlandesa teña como lingua de expresión o inglés e refírese, finalmente, á pegada que os membros da Xeración Nós deixaron nel á hora de observar o mundo.

_____, “Campo de Marte”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 13 xuño 2000, p. 4.

Referencia ao libro de Xulio López Valcárcel, *Campo de Marte* (1999), que cualifica de excepcional. Reflexiona sobre o feito de que libros coma este non sexan coñecidos e se lle dea prioridade a outros con menos calidade literaria.

_____, “Capacidade de soñar”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 27 xuño 2000, p. 4.

A adquisición do libro conmemorativo do Instituto Otero Pedrayo de Ourense, faille revivir numerosas lembranzas. Recordos da súa época de escolar, na que tanto aprendeu dos seus mestres. Tamén destaca a súa virtude de escoitador, que o levou a ser un gran soñador.

_____, “Manuel Antonio”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 9 xullo 2000, p. 4.

Aproximación ao traballo crítico de Carlos Fernández sobre Manuel Antonio, na que se lle agradece o seu didactismo como medio de comprender mellor a obra do autor. Loa este traballo e aproveita para criticar outros que se achegaron á vida do mar e ao seu simbolismo.

_____, “A nosa literatura”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 27 xullo 2000, p. 4.

Comenta que o chamaron para lle preguntar por aqueles personaxes da literatura galega que máis influíron na súa formación e logo de falar dalgúns da literatura universal, cre que sempre que se fale de tenrura, ensoñación, ou da liberdade creadora dos soños e da imaxinación liberadora deberá citar os personaxes de Cunqueiro. Ademais de situar a Cunqueiro como un dos grandes escritores europeos cre que se na nosa literatura hai personaxes equiparábeis aos de Shakeaspeare, eses son os do mindoniense. Así, acepta que Balbino, Cibrán ou Adrián Solovio son grandes personaxes pero carecen da entidade que el consideraba que reclamaba a pregunta que lle fixeron.

_____, “Lectores”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 5 agosto 2000, p. 4.

Realiza unha crítica dura aos libros que son de mala calidade e que hoxe en día se sitúan á par dos outros. Redunda na idea de que a boa literatura non é aquela que vende máis exemplares, senón que é a que afonda en cuestións importantes. Tamén tenta desprestixiar a todos eses falsos críticos que intentan que eses libros teñan unha maior consideración social.

_____, “Isaac Díaz Pardo”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 28 agosto 2000, p. 4.

Expresa o seu afecto, admiración e respecto por Isaac Díaz Pardo, con motivo do seu oitenta aniversario. Recolle algunhas palabras coas que o propio Díaz Pardo se ten autodefinido como “optimista da vontade e pesimista da razón” e cre Alfredo Conde que se trata dun home que está a entrar no territorio da lenda ou do propio mito. Subliña, así, o importante exercicio de coherencia e lealdade ao propio credo así como unha fixación intelectual intelixente e unha laboriosidade e entrega ilimitadas.

_____, “Ramón Piñeiro”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 4 setembro 20001, p. 4.

Con motivo do aniversario da morte de Ramón Piñeiro, Alfredo Conde lembra a súa figura. Considera que Piñeiro non foi un político nin un home de acción nin un moralista senón “un home de pensamento, un xenerador de pensamento inductivo que participou circunstancialmente na política (...)”. Aínda sen consideralo político cre que se bota en falta a súa autoridade moral e a súa serenidade. Así mesmo, bota de menos a súa continencia verbal e a elocuencia da súa mirada.

_____, “Diálogo con vostedes”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 11 setembro 2000, p. 4.

Relata o espertar dun día calquera na súa vida e entre os pasos que sinalan atópase a lectura do xornal que comeza sempre pola *“Revista das Letras”*. Di que neste suplemento descubriu autores que descoñecía e que redescubriu outros que xa apreciaba e que segue a admirar como Xabier Queipo ou Xelís de Toro e di botar en falta a Cermeño ou Murado. Alude ademais á autopoética de Germán Sierra de quen di que parece telo todo moi claro.

_____, “A figura de Piñeiro”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 19 outubro 2000, p. 4.

Laméntase por non ter asistido ao acto celebrado en Bonaval no que os actuais responsábeis de Galaxia expresaron a súa gratitude aos fundadores desta, entre os que se atopa Ramón Piñeiro, escritor ao que tamén se lle rendeu homenaxe no Parlamento Galego, e lembra a faceta galeguista da editorial.

_____, “Milagres literarios”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 28 decembro 2000, p. 4.

Reflexiona sobre unha novela, da que non cita en ningún momento o autor, que vén de ser publicada, referíndose á significación da mesma: “recuperación dos hábitos e mailos sentires dunha sociedade xa ocluída”, e augurándolle un éxito significativo porque contribúe “a que repousemo-lo afán que nos goberna e nos deteñamos no pracer da narración, na beleza do léxico e da escrita, no prodixio que significa o feito de habitar un tempo alleo”.

_____, “Dedalus”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 31 decembro 2000, p. 4.

Con motivo de se cumprir o sesenta cabodano da morte de James Joyce, lembra o texto *Dedalus en Compostela*, escrito por Vicente Risco tomando o escritor dublinés como protagonista. Afirma, así mesmo, non ter entendido moito da significación do texto, aínda que espera que unha relectura lle aclare un pouco máis o seu significado.

Costa Clavell, Xavier, “Mi Méndez Ferrín”, *El Progreso,* “Sotto voce”, 18 xaneiro 2000, p. 11.

Artigo laudatorio da figura literaria e humana de Xosé Luís Méndez Ferrín, un autor ao que define como “liberal auténtico (...) hombre bueno, desprendido, tolerante, comprensivo (...) de insobornables convicciones nacionalistas”. Propono como un claro exemplo de lealdade ao seu país e ao seu idioma, e tamén como o mellor candidato galego ao Nobel. Finalmente, comenta a actividade xornalística de Ferrín e remata considerándoo “el mejor escritor gallego vivo, sin duda alguna”.

_____, “Poesía galega en Barcelona”, *O Correo Galego*, “No faiado”, 28 xaneiro 2000, p. 2.

Dá conta da publicación de *Alén do azul. Unha ducia de poetas galegos en Catalunya* (1999) e nomea os autores participantes neste volume. Comenta que o libro representa as inquedanzas culturais que tiveron os nosos emigrantes en terras catalanas. Recolle as declaracións de Xosé Lois García, o coordinador da obra, nas que comenta diversos aspectos relacionados co libro presentado. Finalmente, fala da presentación e felicita ao coordinador e ao editor.

_____, “Eva Veiga”, *O Correo Galego*, “No faiado”, 8 febreiro 2000, p. 2.

Comenta o poemario *Paisaxes do baleiro* (1999), unha obra na que, segundo o articulista, Eva Veiga se cuestiona a existencia e comeza “unha experiencia que pon entre a luz e a sombra, o ser e a nada”. Louva a valentía desta poeta nova e considera que a súa obra é sensitiva e reflexiva, “está dacabalo do amor e da morte, na procura da verdade”. En definitiva, unha obra na que consegue combinar a beleza coa tristura.

_____, “Don do horizonte”, *O Correo Galego*, “No faiado”, 20 febreiro 2000, p. 2.

Informa do contido de *Don do horizonte* (1999), unha obra que, segundo Costa Clavell, serve para ver o “zume poético” de Xavier Seoane. Recomenda a lectura desta compilación “tanto pola fondura coma pola beleza dos seus versos”. Salienta tamén o traballo deste poeta coruñés como crítico de arte e ensaísta. Finalmente, recolle varios fragmentos da obra e considérao como unha voz innovadora e auténtica.

_____, “Os concursos literarios”, *O Correo Galego*, “No faiado”, 12 marzo 2000, p. 2.

Opina, inicialmente, que a función dos concursos literarios debería ser a de promocionar aos autores que neles participan, pero que, desafortunadamente, non sempre existe a garantía “de que o dictame sexa imparcial”. Rexeita as presións sobre o xurado por ser “unha estafa” para quen se presenta ao concurso “de boa fe”. Conta a súa participación, durante moito tempo, como membro dun xurado que xa tiña decidido os gañadores de antemán.

_____, “Pura Vázquez”, *O Correo Galego*, “No faiado”, 14 marzo 2000, p. 3.

Comeza salientando a importancia desta autora ourensá dentro da poesía galega dos últimos cincuenta anos e enumerando os títulos máis destacados, ademais de caracterizala pola “modernidade formal do verso”, “un suxestivo lirismo”, a preocupación polos paisanos labregos, a relixiosidade e un certo romantismo. A seguir, céntrase no volume de memorias *Terra matria dos soños* (1999), do que describe a estructura e a temática.

_____, “Heine, Bécquer, Rosalía...”, *O Correo Galego*, “No faiado”, 15 marzo 2000, p. 3.

Refírese neste artigo ás posíbeis influencias entre Heine, Bécquer e Rosalía. Con respecto ás debedas da nosa autora con estes dous clásicos, afirma Costa Clavell que están máis presentes no poemario *En las orillas del Sar*, pero que Rosalía “é máis ampla tematicamente, máis metafísica, máis complexa que Heine e Bécquer”.

_____, “Nóvoa e os poetas”, *O Correo Galego*, “Visións”, 4 maio 2000, p. 3.

Relaciona inicialmente a poesía e a pintura e considera que un pintor que inspirou a moitos poetas foi Leopoldo Nóvoa, xa que cada obra súa “é un auténtico poema”. A seguir, dá conta dunha xuntanza de poetas para renderlle homenaxe, entre os que cita a Eva Veiga, Moncho Borrajo, Álvarez Torneiro, Xulio Valcárcel, Lino Braxe, Miguel Anxo Fernán-Vello e Xavier Seoane. De cada un deles ofrece a característica esencial que os define.

_____, “Escribir en galego”, *O Correo Galego*, “No faiado”, 17 xuño 2000, p. 3.

Realiza unha viaxe cara ao pasado, na que se constata a dificultade de escribir en galego na época franquista. Recorda ao grupo Brais Pintos, que nos anos cincuenta e sesenta axudaron ao autor a dar o paso de escribir en galego. Achega as razóns de por qué é un escritor bilingüe, entre as que se atopa a de ser fillo de galego e catalana. Manifesta que o seu idioma sería o castelán, aínda que fai patente o seu paulatino achegamento ao idioma galego.

_____, “José Ángel Valente”, *El Progreso*, “Sotto voce”, 24 xullo 2000, p. 11.

Recordo á memoria de José Ángel Valente, falecido aos 71 anos. Cualifícao como un dos grandes poetas do século XX e destaca o seu rigor e lucidez. Fai un percorrido pola súa traxectoria literaria e nomea a escritores que el admiraba, como é o caso de Juan Ramón Jiménez, Antonio Machado ou Rosalía de Castro. Tamén fai referencia á súa faceta como crítico e cita obras súas como *Las palabras de la tribu* (1971) e *El fin de la Edad de Plata* (1973).

_____, “Fernando Arenas”, *O Correo Galego*, “No faiado”, 15 agosto 2000, p. 3.

Felicita a iniciativa do fillo de Fernando Arenas de instituír un premio literario que leve o nome de seu pai. Considera que se trata dunha forma intelixente de perpetuar o nome de quen tanto fixo pola cultura galega. Costa Clavell lembra a figura do libreiro coruñés e a presentación de dous dos seus libros na librería Arenas.

_____, “Un poeta de Lugo”, *O Correo Galego*, “No faiado”, 17 agosto 2000, p. 2.

Faise referencia ao libro *Memoria do soño*, de Xoán Neira, que foi publicado en 1996. Expóñense os temas que aparecen neste poemario, como son a infancia, o amor, a nostalxia pola cidade de Lugo ou a presencia do mar. Deste xeito, sublíñanse algúns dos poemas máis significativos como é o caso de “Lugo.... memoria dun soño”, “Abrazando a infancia” ou “Auga de Maio”.

_____, “Moito Ferrín, pero...”, *El Progreso*, 1 novembro 2000, p. 15.

Refírese ao último libro publicado por Xosé Luís Méndez Ferrín, *No ventre do silencio* (1999) reflexionando sobre as voces narrativas, a presentación dos personaxes e a ambientación da acción narrativa e facendo mención especial daqueles momentos da novela que considera máis sobresaíntes: a recensión de Ferrín sobre o “siñificado metafísico da saudade, a descrición do sórdido ambiente dunha casa de putas da Rapa da Folla” e a parodia da estudiantina.

_____, “Castelao, en catalán”, *O Correo Galego*, “No faiado”, 27 novembro 2000, p. 3.

Dá conta da publicación, destacando que supón unha nova vinculación entre as culturas de Galicia e Cataluña, de *Coses*, traducción ao catalán da obra *Cousas* (1926), de Castelao sinalando aquelas “estampas gráfico-literarias” presentes no libro que considera máis significativas. Así mesmo, lembra a recensión de Xavi Ayén sobre esta obra, publicada no xornal *La Vanguardia*, así como a presentación do libro que tivo lugar o 14 de marzo na Galería Sargadelos de Barcelona a cargo de Basilio Losada Castro.

_____, “*No ventre do silencio*”, *O Correo Galego*, “No faiado”, 24 decembro 2000, p. 3.

Contestación ao artigo de Ramón Reimunde, “una vitriólica crítica descalificando la obra del autor de Arraianos”, aparecido en *El Progreso* o 21 de outubro, rebatendo algunhas das afirmacións contidas nel, entre as que se atopa a crítica á ausencia dunha novela longa na producción ferriniana, a inexistencia de obra ensaísta ou os temas tratados por Ferrín nas súas obras, “excesivamente cultos”, segundo Reimunde.

Cueli, Isolina, “Valente, un poeta comprometido con la emigración”, *Galicia en el Mundo*, “Opinión”, 24-30 xullo 2000, p. 2.

Lembra o poeta José Ángel Valente con motivo da súa morte e cualifícao de “poeta de los emigrantes, de sus paisanos gallegos y asturianos que vivían el éxodo en Ginebra”. Conta que o coñeceu hai vinte anos e destaca a súa proximidade e o seu compromiso cos emigrantes, cos que compartiu un faladoiro sobre *La Regenta* fóra da conversa intelectual.

Díaz Pardo, Isaac, “A derradeira viaxe do mestre”, *La Voz de Galicia*, “Inconformismo da fin de século”, 10 xaneiro 2000, p. 14.

Refírese á manipulación política que condicionou o translado dos restos de Castelao a Galicia en 1984. Para el, provocou que o pobo, “o que verdadeiramente entendía e quería a Castelao”, fose afastado daquel recibimento. No ámbito persoal, supuxo a dimisión, xunto coa de Xesús Alonso Montero, do Consello da Cultura Galega, que actuaba por decreto en tal ocasión. Finalmente, pídelle a Manuel Fraga que non perpetúe a “contradicción” das Medallas Castelao, debido a que algúns dos galardoados non aceptan as ideas do rianxeiro.

_____, “Seoane, Patiño e Marinhas del Valle”, *La Voz de Galicia*, “Inconformismo da fin de século”, 17 xaneiro 2000, p. 12.

Salienta o compromiso social destas tres figuras que están de actualidade: Luís Seoane e Reimundo Patiño por sellas exposicións en Santiago e Jenaro Marinhas del Valle pola súa morte. No que respecta aos dous artistas plásticos, sinala as interrelacións e contactos artísticos e persoais que tiveron. De Marinhas, que compartiu con Seoane a reinvindicación social e política de Galicia, alude ao esquecemento que provocou a súa posición respecto da lingua. Como colofón a estas traxectorias, defende a función social da arte en contraposición ao esteticismo, que renuncia ás circunstancias que crearon a obra artística.

_____, “El Pueblo Gallego’ e Mondariz-Balneario”, *La Voz de Galicia*, “Crónicas inconformistas da fin de século”, 9 outubro 2000, p. 16.

Co gallo da aparición dun número do xornal *El Puebo Gallego* en Mondariz, fai unha breve semblanza sobre o que foi o xornal dende a súa fundación en 1924. Achega todos os nomes vinculados a el, como os de Luís Peña Novo, López Abente, Lugrís Freire, Leandro Carré ou do seu propietario, Portela Valladares. Describe a fisioloxía do xornal, comezando pola portada de Camilo Díaz, na que se podían ler dúas estrofas do himno galego. Constata o carácter reivindicativo do xornal, no que tamén participarían Otero Pedrayo, Cuevillas, Valle-Inclán ou Dieste. Finalmente, explica a razón de achádego deste número en Mondariz, xa que o balneario era visitado por moitos dos seus colaboradores.

V.6. Publicacións en xornais: artigos de opinión ou colaboracións fixas

Dobarro, Sara, “Los ferrolanos y el mundo de Cunqueiro”, *Diario de Ferrol,* “Colaboraciones”, 14 decembro 2000, p. 21.

Con motivo do próximo vixésimo cabodano da morte e o noventa aniversario do nacemento de Álvaro Cunqueiro, fai unha invitación a todos os ferroláns para que axuden a preservar a memoria deste autor que sempre mantivo uns lazos moi estreitos con esta comarca, como se reflicte no seu artigo “Un viaje a Ferrol”, publicado en *La Noche* o 2 de xuño de 1960. Finalmente, anímaos a visitar Mondoñedo, terra natal do autor, onde “perviven aínda a maxia e a memoria cunqueiriana”.

Dobarro, Xosé María, “Vicente Risco e os inéditos de Pondal”, *Diario de Ferrol*, “Sine ira et studio”, 14 decembro 2000, p. 21.

A raíz da elaboración dun volume sobre Eduardo Pondal incluído na “Colección Clásicos Galicia”, analiza un artigo de Vicente Risco, “moi ou totalmente descoñecido polos estudiosos pondalianos e risquianos”, no que se comenta a aparición en 1935 de *Queixumes dos Pinos* e *Poesías inéditas de Eduardo Pondal*, e no que ademais se expoñen, por unha banda as diversas circunstancias que impediron a publicación da obra do bardo bergantiñán ata ese ano, e por outra a non aparición desas poesías inéditas, “Os Eoas” e “Os servos”, que a Real Academia se mostrou remisa a publicar porque “acaso la fama de Pondal no ganase mucho con la publicación”.

_____, “Valiosa tese de historia literaria galega”, *Diario de Ferrol*, “Sine ira et studio”, 24 decembro 2000, p. 21.

Refire a defensa da tese de doutoramento “Ánxel Casal (1895-1936)” realizada polo licenciado Ernesto Vázquez Souza, que se levou a cabo na Universidade da Coruña e á que asistiron entre outros, Xesús Alonso Montero en calidade de presidente do xurado, e Margarita Ledo Andión e Xosé Ramón Barreiro Fernández como vocais. Lembra a significación de Casal, fundador das editoriais Lar e Nós, na historia da literatura galega, aspecto do que se dá boa conta no traballo que vén de ser presentado.

Docampo, Xabier P., “O vello dos contos”, *El Mundo. Galicia*, “Hoy sábado”, 5 agosto 2000, p. 4.

Lembra que na súa nenez coñeceu un home ao que lle chamaban “o vello dos contos” o cal lle transmitiu que para facer un conto cómpre ter moito tino, moito traballo e moita sorte, porque hai que ter dado cun heroe que conte a súa vida e a meirande parte da xente morre sen ter coñecido ningún. Docampo di ter recoñecido moitos dos relatos contados por aquel home na *Odisea*, na *Ilíada* e nas *Mil e unha noites*. Fronte a isto sitúa os relatos que aparecen durante o verán nos xornais, porque non lle atraen as anécdotas escritas e porque considera que o conto ten que ter aquilo que dicía “o vello dos contos”: un carácter épico e un valor didáctico.

Domínguez, Xoán Carlos, “El Momento’ na lembranza”, *La Voz de Galicia*, “Temas do país”, 7 xaneiro 2000, p. 34.

Sitúa a Manuel Luís Acuña dentro da sociedade galega da súa época e refírese á súa colaboración en xornais como *El Compostelano*, *Resol*, *Faro de Vigo* ou *La Región*. Destaca a súa participación activa en *El Momento*, que foi un xornal que estivo rodeado por feitos históricos como a dictadura de Primo de Rivera e a proclamación da Segunda República. Comenta que prestou un lugar importante ao humor e que nel se deu a coñecer “O pai de Migueliño” e “Cousas de Castelao” dentro da sección “Humorismo Gallego”.

Dourado Deira, Manuel, “Castelao: ‘Big-bang ad opera omnia-2000”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 8 xaneiro 2000, p. 3.

Tendo en conta a persecución que sufriu Castelao polos “seus ideais para Galicia”, agarda que as abondosas celebracións, que teñen como obxecto ao homenaxeado no ano 2000, repercutan nun maior coñecemento de todas as súas facetas públicas lonxe da “súa utilización interesada”. Ademais, informa dalgúns dos actos que se celebraron o 7 de xaneiro, 50º aniversario do pasamento de Castelao, e adianta outros que se van desenvolver en Rianxo.

_____, “Castelao, signo de contradicción”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 15 xaneiro 2000, p. 2.

Afirma que “Castelao é, neste momento, un signo de Contradicción” a teor das opinións que empeza a xenerar neste seu ano. En concreto, céntrase na postura que tenta desmitificar a Castelao. A “estes avisados e precavidos varóns” que a defenden diríxelles unhas preguntas retóricas, nas que expón a ocultación histórica e a transcendencia política do intelectual galeguista como causas desas teses que, basicamente, remiten a un Castelao soñador e pouco pragmático.

_____, “Castelao, ¿é ou non de todos?” *El Correo Gallego*, “Barbarousa”, 18 xaneiro 2000, p. 44.

Comenta a Declaración Institucional do Concello de Rianxo que deu cabo á Semana de Castelao no municipio. Así, recolle fragmentos da mesma, alén de textos do polifacético artista, para plasmar a concepción que tiña de Galicia: un país diferenciado e aberto á universalidade. Na súa opinión, estes principios seguen a ser referencia obrigada para o futuro, sobre todo, observando certos casos actuais de dependencia económica. Conclúe, por iso, que “Castelao é de todos os demócratas galegos que queiran aprender del”.

_____, “Castelao, no pazo do cacique Viturro”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 29 xaneiro 2000, p. 2.

Explica o paradoxo da celebración do Congreso de Castelao no pazo do cacique Viturro (Rianxo), antagonista político e instigador da familia do galeguista. Tras citar diversos episodios desta “relación”, entre eles o labor anticaciquil que Castelao e Dieste desenvolveron no semanario satírico *El Barbero Municipal* (1910) a favor dos veciños, alenta ao pobo rianxeiro a recoñecer os seus antepasados.

_____, “Congreso Castelao: consideracións xerais”, *El Correo Gallego*, “Barbarousa”, 1 febreiro 2000, p. 48.

Emite unha serie de reflexións sobre o Congreso Castelao, que tivo lugar entre o 25 e o 29 de xaneiro en Rianxo. É así como salienta a magnitude temporal, temática, asistencial e conferencial do evento. Pola contra, apunta que atopou diferencias entre os corenta e sete conferenciantes, xa que algunha das intervencións serviu para “expeler frustracións e rencores” persoais, así como lamenta o pouco tempo para o debate, certa reiteración nas mesas redondas e a ausencia dos espacios de Rianxo e Pontevedra, claves na formación de Castelao.

_____, “Versos de amor dende Granada”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 2 febreiro 2000, p. 2.

Achégase ao poemario *Versos para Aurora* (1999), que Andrés Pociña lle dedicou á súa muller, Aurora López, dende a análise do “substrato humano” da obra. Neste sentido, lembra a escolma poético-musical *Saloucos, 15 poetas da Terra Nai* que a parella, conxuntamente coa pianista Teresa Luján, presentou en Compostela no ano 1999. A continuación, recolle un poema de Pociña en *Saloucos* para reflectir a calidade poética do seu autor, xa plenamente alcanzada co novo libro. Nestes versos, como noutros dedicados a Rosalía de Castro, Pura Vázquez e Luz Pozo Garza (prologuista da obra) observa o amor á Terra como “célula de universalidade”.

_____, “Denuncia dun secuestro sen sangue nin horror” *El Correo Gallego*, “Barbarousa”, 8 febreiro 2000, p. 46.

Súmase á polémica que xurdiu trala denuncia feita por uns rapaces de Rianxo no transcurso do Congreso Castelao, que acusaban a Domingo García Sabell de “secuestrar” manuscritos e documentos inéditos de Manuel Antonio en abril de 1956. A este respecto, cita os artigos que sobre o tema publicaron Helena Villar e Máximo Sar (4 e 6-II-2000) e Borobó (6-II-2000) neste mesmo medio. Na súa opinión, cre que estes rapaces usaron un símil (citaban a ETA) que non foi ben entendido no que tiña de irónico. Por iso, e comprobando os antecedentes e a queixa de Xosé Luís Axeitos, que se laiaba da privaticidade dos arquivos do poeta en *Manuel Antonio. Poesía Galega Completa* (1992), opina que debían ser accesíbeis por ser patrimonio de todos os galegos.

_____, “Alén do Azul’...¡Barcelona!”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 19 febreiro 2000, p. 3.

Fala da antoloxía poética *Alén do azul* (1999), na que Xosé Lois García reuniu textos de doce poetas galegos establecidos en Catalunya. Pensa que é unha mostra do descoñecemento que hai do labor cultural da diáspora galega e, a seguir, repara no limiar, que ofrece os criterios de selección: ter unha obra publicada e vivir e traballar en Catalunya; e os motivos da obra: ser a primeira antoloxía poética da emigración, darlle presencia a estes autores (porque non estar en Galicia supón non existir) e constituír o xerme dunha futura asociación de artistas e escritores galegos daquel país. Para finalizar, salienta a inclusión da biografía dos poetas porque redime da ignorancia.

_____, “Mosaico de poetas galegos en Barcelona”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 26 febreiro 2000, p. 3.

Retomando a nova da publicación de *Alén do azul*, completa a información desta antoloxía ofrecendo unha breve biografía dos poetas compilados: Enrique Labarta Pose, Augusto Casas, Manuel Casado Nieto, Xavier Costa Clavell, Manuel Rodríguez Troncoso, Manuel Rodríguez López, Xosé Lois García, Alfonso Pexegueiro, Xoán Manuel Casado, Xosé Mª Costa, Camilo Valdeorras e Luísa Castro.

_____, “Borobó: Enciclopedia viva da nosa memoria colectiva”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 11 marzo 2000, p. 3.

A raíz da edición da colectánea publicada por Xosé Lois García, informa doutra iniciativa semellante que Raimundo García Domínguez, “Borobó”, coñece en Madrid. A seguir, fai unha gabanza deste personaxe, “a memoria viva de calquera acontecemento cultural”, que exerce unha erudición portentosa en diversos foros e nas páxinas de *O Correo Galego*. No plano persoal, Dourado Deira agradécelle a axuda á hora de escribir *Conversas con Teresa Castelao* (1999) e lembra as súas primeiras colaboracións xornalísticas en *La Noche*, que Borobó dirixiu en Santiago.

_____**,** “O anxo tutelar do seu irmán Daniel”, *El Correo Gallego*, “Tribuna libre”, 24 marzo 2000, p. 74.

Con motivo da morte de Teresa Castelao, fala sobre o contacto persoal que mantivo ao longo dos anos con ela e que cristalizou no volume *Conversas con Teresa Castelao*. Afirma que, no transcorrer deste tempo, constatou que era a “memoria vivinte e defensa da personalidade” do seu irmán, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

_____**,** “Xesús Rábade Paredes: ‘¿Fit lucem?”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 25 marzo 2000, p. 3.

Saúda a volta de Xesús Rábade Paredes ás páxinas de *El Correo Gallego*, cunha serie de artigos sobre Manuel Murguía despois dun longo período de silencio. Atribúeo, a continuación, ao “ambiente cultural reinante” que non acepta a coherencia e o compromiso cuns ideais, que teñen na singularidade cultural e social de Galicia as súas bases. Para rematar, enumera unha serie de títulos poéticos e narrativos que, xunto coa obra ensaística e a traducción, fan de Rábade Paredes “un dos máis altos valores” galegos.

_____, “De Teresa Castelao a ‘Jacobsland”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 1 abril 2000, p. 3.

Achegamento á figura de Teresa Castelao, tanto na súa vertente pública coma persoal. Dela afirma que é un icono e un mito-reflexo que conseguiu que a figura de Daniel Castelao se transformase “de aprobio en bandeira da dignidade de Galicia”, pese á manipulación que sufriu de “xentes importantes” do país que tentaron baleirar de significado a figura do intelectual.

_____, “Xornadas sobre Manuel Antonio”, *El Correo Gallego*, “Barbarousa”, 4 abril 2000, p. 46.

Comenta a celebración das “Xornadas sobre Manuel Antonio”, celebradas o 30 e o 31 de marzo en Rianxo. En primeiro lugar, destaca a menor entidade organizativa en comparación co Congreso Castelao, o que lle demostra que non é rendíbel politicamente. Posteriormente, sinala que serviron para tratar moitos aspectos da vida e obra do poeta, aínda que bota de menos temas máis atractivos nos conferenciantes como a influencia en xeracións posteriores ou o estudio do que foi obxecto nalgunhas universidades estranxeiras. Ao final, informa sobre a proposta de Xosé Ramón Pena pola cal se acorda pedir a Domingo García-Sabell que facilite o acceso aos arquivos de Manuel Antonio.

_____, “De Catro a Catro: Doce horas con Manuel Antonio”, *El Correo Gallego*, “Barbarousa”, 27 xuño 2000, p. 46.

Con motivo da conmemoración do centenario de Manuel Antonio, faise eco das celebracións preparadas na parroquia de Asados (Rianxo) por parte do Centro Cultural Simón Varela. Así, cita unha sesión que vai durar dende as catro da tarde do día 1 ata as catro da mañá do día 2, recompoñendo desta maneira o poemario *De catro a catro*. Durante esta sesión, realizarase a lectura e escenificación de poemas, haberá unha actuación de gaitas ou farase unha queimada. Conclúe enumerando algunhas das personalidades convidadas ao acto, como é o caso de Isaac Díaz Pardo, Xesús Alonso Montero ou Xosé Luís Méndez Ferrín.

_____, “Manuel Antonio, Fillo Predilecto de Rianxo”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 15 xullo 2000, p. 3.

Dá conta do nomeamento de Manuel Antonio como fillo predilecto de Rianxo o 12 de xullo. Destaca a colaboración de todas as forzas políticas que aprobaron isto por unanimidade, aínda que salienta algunhas individualidades que non participaron no acto. A seguir, resume en catro puntos as directrices do que foi Manuel Antonio, tanto literaria coma politicamente. Así, destaca o seu posicionamento para a construcción do galeguismo nacionalista; o seu inconformismo como poeta; o seu papel de constructor dun novo lirismo que provocaría a aparición dunha nova estética; e o mar como centro do seu discurso.

_____, “Rosalía: Os mitos de ‘chorona e de santiña”, *El Correo Gallego*, “Barbarousa”, 27 xullo 2000, p. 51.

Alude á conmemoración do 115 aniversario do pasamento de Rosalía de Castro e céntrase na visión que ten da autora, cualificándoa de valente, sacrificada e cargada dunha forte denuncia contra a opresión dos galegos. Tamén dá conta da opinión que outros pretenden ofrecer dela e da súa obra, denominándoa “sentimental e chorona”. Critica, polo tanto, estes pensamentos e apela á necesidade de facer un bo estudio que dea “a coñece-la personalidade auténtica e a obra de denuncia de Rosalía”.

_____, “O primeiro retorno de Castelao”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 5 agosto 2000, p. 3.

Menciona a presentación do libro *Conversas con Teresa Castelao* (1999) e, a seguir, recorda o acontecido o 25 de xuño de 1975, cando o busto de Castelao foi recollido por Monterroso e el. Deste xeito, rememora eses tempos nos que se conseguiu “un símbolo da situación en Galicia e España daquel tempo”.

_____, “A aventura do busto de Castelao”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 12 agosto 2000, p. 3.

Relata os pormenores e as dificultades vividas no porto de Vigo en xuño de 1975 cando, xunto con X. Mª Monterroso Devesa, foi recoller o busto que a Castelao se lle había erguer en Rianxo. Describe, así, o sombrío e tenso ambiente político que se estaba a vivir, cos conseguintes atrancos para poderen recoller o busto e a anécdota que lles ocorreu ao quereren subornar, se for preciso, ao funcionario encargado da alfándenga. Segundo conta o articulista, o funcionario resultou ser Ramón Areses, admirador e antigo alumno de Castelao que lles brindou a súa colaboración, poñendo á súa disposición dous policías e axudándolles a culminaren con éxito a súa misión.

_____, “Unha Praza de Galicia en Montevideo”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 19 agosto 2000, p. 3.

Faise eco da iniciativa do escritor Xosé María Monterroso Devesa para que Montevideo teña unha “Praza de Galicia” digna. Segundo Dourado, esta idea fora formulada en 1994 e contaría con cadanseu busto na memoria de Castelao e Rosalía de Castro e Monterroso reiterouna posteriormente, desta volta solicitando só un busto para o rianxeiro, no que sería unha réplica do que os uruguaios enviaron a Rianxo en 1975.

_____, “A miña memoria sobre Díaz Pardo”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 26 agosto 2000, p. 3.

En primeiro lugar, o autor informa do aniversario de Isaac Díaz Pardo, que cumpre oitenta anos. A partir desa efeméride, repasa como foi tendo consciencia da personalidade e do labor de Díaz Pardo, silenciado polo réxime franquista, gracias a Roxelio Pérez González. O autor fala tamén da súa amizade con Rafael Dieste e a súa dona, que lle permitiu obter máis coñecementos sobre Díaz Pardo, salientando a importancia do concepto da “desmemoria histórica”. Cara ao remate, conta como chegou a coñecelo na casa dos Dieste no ano 1986.

_____, “Valle-Inclán, Fillo Predilecto…¡por fin!”, *El Correo Gallego*, “Barbarousa”, 14 novembro 2000, p. 45.

Dá conta dos acordos tomados pola Deputación Provincial de Pontevedra, de nomear fillo predilecto da provincia a Ramón del Valle-Inclán e instituír un premio literario que leve o nome do escritor, que deron a coñecer na prensa Teo Caralda e Alexandre Allegue, loitador vallinclanista impulsor e protagonista tamén doutros proxectos en honra da “personalidade única” de Valle Inclán, como a mediación na polémica entre as vilas de A Pobra e Vilanova de Arousa como lugares de nacemento do escritor, ou a consecución dunha Fundación que honrase o seu nome e que, xunto co Concello de Vilanova, impulsase a restauración do Pazo de Cuadrante, casa natal do escritor.

_____, “Valle-Inclán, entre Vilanova e A Pobra”, *El Correo Gallego*, “Barbarousa”, 21 novembro 2000, p. 45.

Analiza dous problemas relacionados coa figura de Valle-Inclán: por unha banda, a polémica sobre o lugar de nacemento do autor, resolvendo que as dúas vilas enfrontadas, Vilanova de Arousa e A Pobra, deben colaborar “fraternalmente” achegando cada parte “o mellor que posúan de don Ramón e de si mesmas para gloria de ambas e de Galicia”; e por outra, o concernente á restauración do Pazo de Cuadrante, onde oficialmente naceu o escritor, facendo unha chamada ás autoridades para que este proxecto se leve a cabo.

_____, “Koki’: poeta galego en Nova York, ‘país de ananos”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 25 novembro 2000, p. 2.

Lembrando a faceta de “mestre nacional”, na parroquia de Vilameán, sita no municipio de Tomiño, refire o seu primeiro encontro con este autor, un poeta galego, co que comparte o mesmo ideario de defensa da lingua galega, instalado en Nova York, “cidade que vén ser, para os galegos de por alá, unha nova reedición do renegado ‘país dos ananos’ de Celso Emilio”.

_____, “Koki, poeta da telúrica e entrañable autenticidade”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 2 decembro 2000, p. 2.

Presenta uns apuntamentos biográficos do poeta galego emigrado en Nova York, Koki, e analiza a súa poesía facéndose eco das afirmacións de Dino Palacio Landín, prologuista do poemario titulado *Máis alá do Fisterre* (1991), que cualifica ao escritor como “poeta da autenticidade”, e de Xosé Luís Méndez Ferrín, quen no epílogo ao citado poemario explica en que consiste esa “poesía auténtica” desenvolvida por Koki, ao que “non lle interesa outra cousa que a verdade humana” que acompaña do afán por “amosar a radicalidade do seu amor imposible pola lingua patria que el sabe asasinada cada día polo auto-odio-noción”.

_____, “Nova York en nove poetas galaico-hispanos”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 16 decembro 2000, p. 3.

Con motivo da publicación da primeira antoloxía de poetas galaico-hispanos, *Entre rascacielos: Nueva York en nueve poetas,* dá conta da traxectoria literaria de Koki, un dos poetas integrantes da mesma con 24 poemas, dous deles en galego, e explica as razóns, entre as que se atopa o feito de que os outros oito poetas que o integran sexan hispanos, de que o citado poemario estea unicamante escrito en castelán, e non sexa bilingüe como desexaría Koki.

_____, “Ano 2000: ¿Castelao, BIC?”, *El Correo Gallego*, “Barbarousa”, 26 decembro 2000, p. 42.

Dá conta dos distintos actos organizados polos concellos de Pontevedra e Rianxo e o Museo de Pontevedra en honra e recuperación da memoria histórica de Castelao durante este ano, ao tempo que denuncia a pouca participación na promoción e organización deste tipo de actos da Deputación de Pontevedra. Así mesmo, comenta a iniciativa, promovida polo Bloque Nacionalista Galego no Parlamento, de nomear a Castelao BIC, “Ben de Interese Cultural”, coa finalidade de que todo o conxunto da obra do autor, gráfica, pictórica, xornalística, doutrinal e ensaística, fose incluída dentro desa catalogación.

Fariña Jamardo, Xosé, “Poemas á nai”, *Faro de Vigo*, “Firmas”, 21 xuño 2000, p. 29.

Descrición pormenorizada do poemario deste título de Xesús López Fernández, onde se recollen poemas dedicados ás nais. Sitúa cronoloxicamente os poemas que alí aparecen, que están datados entre 1982 e 1999, data da súa publicación. Destaca os 412 textos poéticos, 207 en galego e 202 en castelán, e comenta a estructura, na que se divide o poemario. Tamén salienta a introducción, onde aparecen os datos biobibliográficos dos 190 autores, continuando con 90 poemas populares, 277 elexíacos, 114 nos que se louba á nai viva e 121 adicados á nai en xeral.

_____, “El Instituto Padre Sarmiento”, *El Correo Gallego*, “Comentarios y recuerdos”, 24 setembro 2000, p. 3.

Refírese á publicación do libro *Los señores de Galicia. Tenentes y Condes de Lemos en la Edad Media*, de Eduardo Pardo de Guevara y Valdés. Destaca a importancia deste libro para a historia, xa que recolle a figuras tan características como Ramón Otero Pedrayo, Florentino Cuevillas, Fermín Bouza Brey ou Vicente Risco.

Fernández del Riego, Francisco, “Negra sombra que me asombras...”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 112, 13 xaneiro 2000, p. 3.

Analiza o poema de Rosalía de Castro “Negra sombra”, do libro *Follas Novas* (1880). Coida que simboliza todo o poemario porque expresa a anguria existencial da autora. Ademais, xulga que é unha das composicións máis logradas no plano estético, pois a linguaxe mostra un “vigor vivencial” que axuda a crear a atmosfera da composición. Decántase, para concluír, por unha lectura vital de entre as moitas interpretacións que mereceu.

_____, “Literatura e realidade”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 121, 28 marzo 2000, p. 7.

Encara as relacións existentes entre literatura e realidade dende a crenza de que todo artista “vén ser portavoz, encoberto ou non, dunha expresión ideolóxica”, afirmación que exemplifica botando man da teoría sausseriana da linguaxe ou certificando a confusión eterna entre novela social e a novela político-panfletaria. Así e todo, entende que os dous conceptos equivalen poucas veces, xa que o escritor parte dunha experiencia persoal que conxuga coa ficción ou viceversa. En canto á literatura galega, pensa que isto así acontece debido a que a determinación lingüística xa marca a pertenza do autor ao campo galego. Finalmente, sinala que os escritores dos anos 20 e 30 crearon unha literatura galega en galego, que continuaron as xeracións posteriores, e o reto futuro consiste na radicación dos escritores no mundo sociocultural galego.

_____, “Cojimar e ‘*O vello e o mar*”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 122, 4 abril 2000, p. 7.

Recrea o escenario cubano do poboado de Cojimar, no que Ernest Hemingway ambientou a novela *O vello e o mar*. Pese a que recoñece que o escritor sudamericano puido servirse circunstancialmente das estampas mariñeiras de Vigo, que visitou en 1921, tal e como expón Carlos Casares en *Hemingway en Galicia* (1999), decántase pola convivencia que o Premio Nobel mantivo coas xentes de Cojimar para crear esa obra. A este respecto, conta as anécdotas propiciadas pola atracción turística de mediados de século que o libro estimulou.

_____, “Unha pequena crónica”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 124, 18 abril 2000, p. 8.

Percorrido polas diferentes etapas dos sistemas comunicativos humanos facendo fincapé na aparición da escrita e, máis tarde, da imprenta de Guttenberg. Detense nese momento histórico, xusto cando comeza a esvaecer o uso culto do galego e céntrase na sorte do libro en Galicia. Daquela, refírese ao primeiro libro impreso, a *Acta Capitular* (17-VI-1483) do Cabildo Compostelán, e ao *Misal de Monterrei* (1494), unha xoia da primeira imprenta do país. Completa este transcurso coas *Constituciones sinodales*, da imprenta de Ourense, e afirma que o rexurdimendo cultural coincide coa proliferación dos establecementos tipográficos en Galicia. Para concluír, cifra o avance editorial nos últimos dous séculos e porfía na permanencia do formato libresco en plena era informática.

_____, “O galeguismo de Quintanilla”, *La Voz de Galicia*, 2 novembro 2000, p. 13.

Salienta o papel de Xaime Quintanilla no desenvolvemento das Irmandades da Fala e considera que o ferrolán non foi só un idealista senón tamén “unha curiosa personalidade creadora da nosa renacencia galega”. Alude tamén á súa peza teatral *Alén* e á súa iniciativa na editorial Céltiga. Define Del Riego *Saudade* como poema en prosa galega e incide na defensa da lingua, así como na súa fidelidade ao galeguismo.

Fernán-Vello, Miguel Anxo, “Necesidade de poesía”, *O Correo Galego*, “A fenda”, 13 xaneiro 2000, p. 2.

Entende a poesía como parte fundamental da cultura dos pobos e das linguas e como un modo de coñecemento da realidade e do mundo abstracto. Tamén cre que é unha ferramenta que revela as verdades existenciais da humanidade, xa que logo, é necesaria nun tempo no que se persegue e prostitúe a verdade.

_____, “Uxío Novoneyra en Merza”, *O Correo Galego*, “A fenda”, 27 xaneiro 2000, p. 3.

Refírese á homenaxe que os veciños de Merza realizaron para lembrar a Uxío Novoneyra, quen se solidarizara tempo atrás con eles. Nel di que se plantáronse dous castiñeiros co nome do poeta, o que supón “un acto de afirmación fundamental do valor da palabra”. Finalmente, recorda a algúns dos asistentes e di que o poeta “coñeceu sen dúbida o segredo da eternidade das palabras”.

_____, “Día das Letras Chairegas”, *O Correo Galego*, “A fenda”, 23 marzo 2000, p. 3.

Faise eco do éxito da primeira edición do Día das Letras Chairegas en Castro de Ribeiras de Lea, que ten como obxectivo recoñecer o panorama literario da bisbarra que tantos escritores viu nacer. Despois de nomear unha numerosa nómina de autores chairegos, explica que esta ocasión estivo dedicada a Manuel María e, a continuación, refírese á presencia de diversos amigos no acto.

_____, “Carvalho Calero”, *O Correo Galego*, “A fenda”, 30 marzo 2000, p. 3.

Con motivo do Xº aniversario do pasamento de Ricardo Carvalho Calero, fai un percorrido pola súa traxectoria recordando a intensidade das súas facetas literaria, investigadora e académica. Nese sentido, sobrancea a titularidade da primeira Cátedra de Lingua e Literatura Galegas de Galicia, o seu labor como secretario do Seminario de Estudos Galegos ou a fundamental *Historia da Literatura Galega*. Sen embargo, invita á reflexión ante o esquecemento e o desprezo que sofre a súa figura, como ben mostra a escenificación en Ferrol, dez anos despois de morrer, da súa primeira obra dramática, *Auto do prisioneiro*, esquecida dende a Mostra de Teatro de Ribadavia de 1975.

_____**,** “Fidel Vidal”, *O Correo Galego*, “A fenda”, 6 abril 2000, p. 3.

Aproximación ao ensaio *Anatomía da emoción poética*, de Fidel Vidal. Trátase, afirma, dun estudio que analiza a función poética da linguaxe dende o entendemento da poesía como unha creación artística e estética. Así mesmo, sinala que incorpora o estudio das poéticas de diversos autores galegos e que é quen de transladar a emoción da poesía ao lector.

_____, “Libros”, *O Correo Galego*, “A fenda”, 27 abril 2000, p. 3.

Alude á nova edición da Feira do Libro de Santiago como unha boa ocasión para que brille o libro galego que, seguindo a Luís Seoane, representa “na súa estética formal unha nación e unha cultura”. En cambio, lamenta o abandono que sofre en librerías e espacios públicos.

_____, “A lectura”, *O Correo Galego*, “A fenda”, 4 maio 2000, p. 3.

Continúa coa Feira do Libro compostelá e, no tema da lectura, concretamente, recomenda o libro de Xavier Seoane *Atravesar o espello* (1999). Defíneo de heterodoxo e afirma que encerra unha reflexión sobre os libros e a lectura, debuxada como unha canle para unha rica viaxe interior.

_____, “Libreiros”, *O Correo Galego*, “A fenda”, 11 maio 2000, p. 3.

Valora o labor destes axentes culturais que son os libreiros, os primeiros valedores dos libros, non só como exhibidores senón tamén como conselleiros do comprador. Por iso, a seguir, cre que xogan un papel central no espallamento da cultura que xorde do libro, en concreto, do galego.

_____, “Escritores polos vieiros da apatía”, *O Correo Galego*, “A fenda”, 2 xuño 2000, p. 2.

Reflexiona sobre a situación social do galego e a postura que adoptan os escritores galegos. Deste xeito, critica ferozmente aos escritores que non se comprometen coa realidade e considera que isto vai provocar un afundimento máis rápido do idioma.

_____, “Libros na Coruña”, *O Correo Galego*, “A fenda”, 3 agosto 2000, p. 2.

Discurso cara a gabanza dos libros e do que eles proporcionan e poden proporcionar a aqueles que os queiran ler. Faise esta reflexión á conta do Día do Libro na Coruña, onde se describe a lectura como “proxecto particular de vivir o mundo”. Tamén reflexiona sobre un mundo sen libros, que se achegaría a “un pozo negro, onde o ser humano afogado pola ignorancia se achegaría ás bestas”.

_____, “Poesía no Porto Santo”, *O Correo Galego*, “A fenda”, 14 setembro 2000, p. 3.

Co gallo da celebración do IIº Encontro Internacional de Poesía nas illas de Porto Santo e Madeira, achégasenos unha visión do que alí aconteceu. Salienta a participación de poetas de Marrocos, Holanda, España, Bélxica ou Galicia, no que á parte de realizar un poema colectivo, se achegaron posturas sobre a vida cotiá que é como se describe a poesía que “pode ser un modo de conducirnos as nosas vidas”.

_____, “Qué é un poema”, *O Correo Galego*, “A fenda”, 21 setembro 2000, p. 3.

Aproximación á concepción e á definición de poema como “unha exploración do eu”. Equipárase o poema á literatura galega, na que se destaca a intelixencia e sensibilidade do poeta galego. Conclúese trazando as directrices para saber se realmente nos atopamos diante dun poema, destacando o efecto “case máxico” que a lectura deste ten que provocar.

_____, “Méndez Ferrín na Academia”, *O Correo Galego*, “A fenda”, 5 outubro 2000, p. 3.

Dá conta do discurso de X. L. Méndez Ferrín na cerimonia da súa entrada na Real Academia Galega. Fai unha pequena aproximación á figura deste autor, comezando pola publicación dos seus primeiros relatos en 1954 e do seu primeiro libro *Voce na néboa*, ata chegar ao momento desta cerimonia. Loa esta incorporación describindo ao autor como “un dos escritores máis importantes e xeniais das letras galegas contemporáneas” e facéndose eco dalgúns nomes que deberían incorporarse como Avilés de Taramancos, Uxío Novoneyra, Neira Vilas, Manuel María, Bernardino Graña, Mª Xosé Queizán, Manuel Lourenzo e Xohana Torres.

_____, “Galeusca 2000”, *O Correo Galego*, “A fenda”, 12 outubro 2000, p. 3.

Alúdese á conmemoración da XVIª edición do Galeusca en Lekeitio, onde se vai celebrar este encontro entre escritores galegos, vascos e cataláns. Comenta a importancia destas aproximacións entre escritores e destaca tanto o aspecto humano coma literario, que ten lugar a través delas. Así mesmo, exponse o tema que rodeará a esta Galeusca, arredor das “relacións entre a literatura e o mar”.

_____, “Uxío Novoneyra no Caurel”, *O Correo Galego*, “A fenda”, 2 novembro 2000, p. 3.

Anuncia a homenaxe ao poeta Uxío Novoneyra organizada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, que se levará a cabo no Courel, terra que o poeta convertiu “non só nun símbolo poético universal senón tamén nun centro vivo e unha teima incesante de tensión ética e estética” ao tempo que analiza a presencia deste espacio xeográfico na poesía do autor.

_____, “Poetas en Rianxo”, *O Correo Galego*, “A fenda”, 30 novembro 2000, p. 3.

Dá conta do IIº Seminario Internacional de Traducción, organizado pola Asociación Internacional de Amigos da Universidade Libre Iberoamericana en Galicia (AULIGA), co obxectivo de levar a cabo traduccións de obras de autores galegos, españois e portugueses, entre si e as outras linguas diferentes, que se desenvolveu en Rianxo, “berce de grandes escritores”, e que reuniu a “algúns dos grandes poetas da hora europea actual”, entre os que se atopan os portugueses Egito Gonçalves e Casimiro de Brito, o poeta francés Bernard Vargaftig, o romanés Darie Novaceanu e os españois Diego Jesús Jiménez e Ángel García López.

_____, “Latim en Pó”, *O Correo Galego*, “A fenda”, 14 decembro 2000, p. 3.

Reflexiona sobre o encontro “Galego no mundo”, celebrado en Santiago de Compostela, que ve como unha materialización da “vía láctea das linguas, o alimento múltiple da ráiz, a galaxia a se expandir, a harmonía de sons e de acentos que se articulan florecentes no universo galego-portugués”, no que estiveron representados “países de Europa América, África e Asia onde se fala galego-luso-brasileiro”, co obexectivo de “permitir tamén levar a cabo unha reflexión necesaria sobre as linguas e a súa relación co poder”.

_____, “Basilio Losada”, *O Correo Galego*, “A fenda”, 21 decembro 2000, p. 3.

Reflexiona sobre a figura de Basilio Losada Castro, “un dos grandes publicistas e universalizadores do feito cultural e literario galego”, Catedrático de Filoloxía Galega na Universidade de Barcelona que vén de se xubilar, centrándose na súa traxectoria literaria e cultural.

Fontán Rivas, Benito, “Castelao na vida de Rodríguez Fraiz”, *Diario de Pontevedra*, 25 xaneiro 2000, p. 10.

Dá a coñecer a relación que o abade pontevedrés Rodríguez Fraiz (Tomonde, 1912-1995) tivo coa obra de Castelao. Sinala, primeiramente, que comezou en 1955 coa lectura de *As cruces de pedra na Galiza*, estudio do rianxeiro que lle inspirou o traballo “As cruces e cruceiros de campañó”, publicado na revista do museo de Pontevedra (T. XV, 1962). Despois, di que oficiou a primeira misa en galego, en honor a Castelao (Buenos Aires, 1961), e que a partir de 1969, data na que chegou a biblioteca do galeguista ao citado museo, se mergullou na súa obra. Nestas lecturas, remata, atópase o xerme de diversos traballos de Rodríguez Fraiz que teñen o seu colofón en *Castelao na alma dos escritores do seu tempo*, froito da súa admiración polo “inmorrente artista”.

García, Xosé Lois, “Conversas con Teresa Castelao”, *O Correo Galego*, “Ecos da Berenguela”, 25 xaneiro 2000, p. 3.

Presenta a obra de Manuel Dourado Deira *Conversas con Teresa Castelao* (1999). Principia salientando que axuda a recompoñer a biografía de Castelao nos seus parámetros máis familiares a través da voz sinxela e clara da súa irmá Teresa. Destaca, así mesmo, que o autor guiou a conversa nun xeito coloquial e ameno moi distante do modo xornalístico. A continuación, sinala diferentes aspectos da publicación como a estructura, o estilo, a recreación de realidades como a vila de Rianxo e o prólogo, no que Avelino Pousa Antelo achega o drama padecido pola familia.

_____, “Poetas galegos en Cataluña”, *O Correo Galego*, “Ecos da Berenguela”, 8 febreiro 2000, p. 3.

Fai referencia á presentación na Galería Sargadelos de Barcelona da antoloxía poética *Alén do azul* (1999), que el mesmo coordina. Cre que alí se evidenciou o esquecemento que sofren os artistas galegos da emigración por parte de certos “ouvidos xordos”. Tamén repara na parte plástica da obra e enumera os poetas compilados, algúns deles xa desaparecidos. Para finalizar, opina que, fóra da diversidade temática e creativa, os une a “particularidade ética” de estar presentes en Galicia e agarda que a iniciativa sexa o embrión dunha futura Unión de Escritores e Artistas Galegos en Catalunya.

_____, “Poesía irlandesa contemporánea”, *O Correo Galego*, “Ecos da Berenguela”, 29 febreiro 2000, p. 3.

Saúda a publicación de *Poesía Irlandesa Contemporánea* (1999), antoloxía de trece poetas coordinada por Antonio Raúl de Toro Santos que supón a primeira iniciativa deste tipo que se dá nas linguas do Estado. En relación a isto, sinala que xa existían traduccións ao castelán e ao catalán dos grandes autores (Sygne, Yeats ou Joyce), mais agora cóbrese a presencia de Séan Ó Tuana, pai da poesía moderna, e outros poetas do rexurdir poético irlandés. Polo tanto, cre que é un traballo divulgativo que paga unha débeda de Galicia con Irlanda, o que lle vale para rememorar referencias pasadas ao país gaélico, en concreto, de Antón Vilar Ponte e Alfredo Brañas. Ademais, analiza as causas deste abandono e agarda que os novos estudiosos fomenten o diálogo cos outros países celtas. Como conclusión, bota en falta a biografía dos poetas e unha introducción máis completa.

_____, “Antonio Nobre e Galicia”, *O Correo Galego*, “Ecos da Berenguela”, 4 abril 2000, p. 3.

Indaga nas relacións entre o poeta simbolista portugués António Nobre e os intelectuais galegos de comezos de século. Se ben as referencias do autor a Galicia son mínimas, asegura que os contactos en sentido inverso foron maiores, por exemplo, unha conferencia de Álvaro de las Casas en 1927, na que se achega ao poemario de Nobre *Só*, e o coñecemento que tiñan os homes de Nós de poetas como Guerra Junqueiro ou Teixeira de Pascoaes. A seguir, procura similitudes con Antonio Noriega Varela baseándose en tratamentos simbolistas da paisaxe e o ruralismo, que explicarían “suxestións de Nobre” en poetas galegos posteriores. Para rematar, define ao simbolista como un “poeta vital”, ponte entre Rosalía de Castro, Camoes e o cancioneiro medieval.

_____, “Antonio Nobre e Galicia (e III)”, *O Correo Galego*, “Ecos da Berenguela”, 11 abril 2000, p. 3.

Segue rastrexando a presencia de António Nobre en Galicia, desta volta, relacionado con Rosalía de Castro. Para el, crean imaxes similares do mundo popular, que se asentarían na tradición trobadoresca, tanto no microcosmos sociocultural coma na evocación existencial. Tamén resalta un panteísmo atlantista e transcribe, ao final, parágrafos de ambo os dous autores para identificar a saudade como outro motivo de unión.

_____, “Temperos poéticos de María do Carme Kruckenberg”, *O Correo Galego*, “Ecos da Berenguela”, 18 abril 2000, p. 3.

Repaso da traxectoria de Mª do Carmo Kruckenberg fixándose no poemario *Poemas sen resposta*. De *Canaval de Ouro* (1962), do que significa o sintetismo e o carácter vital dos versos. En *Cantigas para un tempo esquencido* (1986) observa o mesmo afán condensador e a presencia do intimismo e do popular. En terceiro lugar, salienta neste libro a parte epigramática, na que subxace un ton elexíaco que dá cabida á esperanza. Finalmente, reinvindica esta voz por ser unha das máis creativas da poesía galega.

_____, “No centenario de Otero Espasandín”, *O Correo Galego*, “Ecos da Berenguela”, 25 abril 2000, p. 3.

Presenta dous artigos que o pedagogo galeguista Xosé Otero Espasandín asinou na revista *Nova Galiza* (Barcelona) durante a Guerra Civil. No primeiro deles (“A nova escola”, 8-I-1938), observa a crítica do atraso do ensino nas escolas rurais, mentres que no segundo (“A Fala i-o Home”, I-II-1938) apunta unha visión aberta do conflicto lingüístico en Galicia. En concreto, loa a percepción de Otero Espasandín sobre a normalización do galego, que englobaba nun proxecto máis amplo de recuperación da dignidade dos galegos na súa totalidade.

_____, “Roberto M. de Andrade poeta de Monforte”, *O Correo Galego*, “Ecos da Berenguela”, 16 maio 2000, p. 3.

Aproximación á poesía do poeta monfortino Roberto M. de Andrade, autor dun único poemario bilingüe editado polo concello natal: *Isto é unha pequena historia de amor e de noites*. Comeza advertindo que o libro se abre cun grafismo e un poema de Uxío Novoneyra, que serve de guía para adentrarse nesta poética. Nela, encontra unha tristeza baudelairiana e unhas experiencias vividas en ambientes nocturnos e tabernarios. Trátase, engade, dunha veta existencial moi persoal e conflictiva que exemplifica a “máis lúcida poesía minoritaria”, que aínda está por descubrir.

_____, “A poetisa de Mos”, *O Correo Galego*, “Ecos da Berenguela”, 13 xuño 2000, p. 3.

Fai referencia á poetisa de Mos, María Magdalena Domínguez, da que presenta os seus dous poemarios, *Alborada do Val da Louriña* (1992) e *Amores na lúa* (1998). Así mesmo, cita a Eliseo Alonso e Antonio Fraguas, que lle dedicaron numerosas gabanzas á poetisa de Mos. Conclúe destacando a súa achega á cultura galega, cunha aproximación ás vivencias e sentimentos do mundo labrego.

_____, “A escenografía de Castelao”, *O Correo Galego*, “Ecos da Berenguela”, 20 xuño 2000, p. 3.

Faise eco da exposición “Castelao e o teatro”, organizada na Coruña pola Fundación Pedro Barrié de la Maza. Destaca as relacións de Castelao con dramaturgos como Valle-Inclán e dedícalle parte da súa atención aos apuntamentos escenográficos de *Os vellos non deben de namorarse*. Loa o traballo escenográfico que realizou o rianxeiro, achegando as tendencias ruralistas ao teatro galego. Tamén fai referencia á súa participación na escenografía de *Divinas palabras*, que non se atopa na exposición citada.

_____, “Os cinco poemas galegos de Luciano Maia”, *O Correo Galego*, “Ecos da Berenguela”, 27 xuño 2000, p. 3.

Aproximación ao poemario *Sol de Espaventos* (1984), do poeta brasileiro Luciano Maia, no que se atopan “Cinco poemas Galegos”. A seguir, comenta estes poemas. Do primeiro, “Alba lucense”, sinala que se parece a unha cantiga de amigo con carga bucólica; mentres que do segundo, “Foliada”, apunta que se caracteriza polo seu achegamento á pastorela. Do terceiro, “O neno e a gaita”, di que presenta acentos rosalianos, onde un neno gaiteiro dialoga co medio natural, e no cuarto, “Cantiga partíndose”, o mar e o mundo mariñeiro son os protagonistas. Finalmente, o quinto, “Lonxanía”, recolle o desterro dos exiliados, sobre todo galegos.

_____, “Ánxel Gómez Montero, unha vida exemplar”, *O Correo Galego*, “Ecos da Berenguela”, 8 agosto 2000, p. 3.

Percorrido pola biografía de Ánxel Gómez Montero, na que se destacan varias das súas facetas artísticas. Fala do seu traballo no café “Los Ángeles” e da súa faceta intelectual como correspondente do xornal *El Progreso*, ademais de referirse á súa actividade na radio e como profesor de clases nocturnas gratuítas. Con respecto ao seu labor artístico, salienta a súa faceta de pintor e as fortes pegadas que tiña de Castelao. Tamén cita cadros seus que viron a luz na exposición de 1965 en Santiago.

_____, “A morte non é certo”, *O Correo Galego*, “Ecos da Berenguela”, 31 outubro 2000, p. 3.

Con motivo de se cumprir un ano da morte do poeta Uxío Novoneyra, reflexiona sobre a súa persoa, da que destaca entre outras cousas a súa xenerosidade, o amor a Galicia e á lingua, e a súa obra, claro reflexo da súa personalidade, o que opina que o define como un dos “poetas maiores, auténticos e sensíbeis da literatura galega do século XX”.

García, Xosé María, “A poesía de Antonio Tovar”, *La Región*, “De paso”, 15 xuño 2000, p. 24.

Refírese á traxectoria literaria de Antonio Tovar, destacando a súa experiencia existencial e o seu contacto co mundo campesiño, que reflicte en todas as súas obras. Tamén apela a atención de todos os lectores para que se achegen aos escritores galegos e á obra de Antonio Tovar.

García-Bodaño, Salvador, “Castelao, ad litteram”, *El Correo Gallego*, “No pasar dos días”, 9 xaneiro 2000, p. 3.

Aborda a repercusión actual de Castelao no “annus historicus” no que se lle recorda e que coincide coa dedicación do Día das Letras Galegas a Manuel Murguía, isto é, as consciencias política e histórica da nación galega. Ante os abondosos actos programados, alerta sobre o risco de “interpretacións oportunistas” de Castelao, personalidade recoñecida na que o ideario nacionalista enchoupa todas as súas facetas. Sobre todo, estima contradictoria a conversión galeguista “electoralista” de políticos centralistas que non se acompañan dun programa comprometido co país. Como conclusión, remítese aos textos destes dous personaxes históricos porque fóra deles “perde valor calquera información gratuíta”.

_____, “X. L. Méndez Ferrín na RAG”, *El Correo Gallego*, “No pasar dos días”, 20 febreiro 2000, p. 3.

Saúda a incorporación de Xosé Luís Méndez Ferrín á Real Academia Galega. Para comezar, fala do simbolismo do sillón que ha de ocupar pois recolle unha “firme tradición nacionalista” ao sudeder a Castelao e Antón Fraguas nese posto. Seguidamente, cre que a honra ao se acolleren a RAG e o escritor é mútua e que é un acto de xustiza que dá cabo a unha “época de escuro maccarthysmo”. Por último, fai referencia ao conflicto normativo reavivado nos últimos tempos, porque non pode romper a unidade no seo da institución e frear a normalización do idioma.

_____, “No Campus ferrolán con Novoneyra”, *El Correo Gallego*, “No pasar dos días”, 14 maio 2000, p. 3.

Felicítase pola intensa actividade cultural que se rexistra en todo o país porque na cultura está a base da educación. A renglón seguido, comenta o acto de homenaxe a Uxío Novoneyra no campus ferrolán de Esteiro que contou, como feitos máis sobranceiros, coa proxección dun vídeo sobre o poeta e cun recital no que participaron o propio articulista, Rosa Méndez, Xosé Leira, Alexandre Nerium, Manuel María e Bernardino Graña.

_____, “O primeiro semanario galego”, *El Correo Gallego*, “No pasar dos días”, 11 xuño 2000, p. 3.

Dá conta da celebración dunhas xornadas de “Literatura e Xornalismo”, nas que participaron escritores e xornalistas como Marcos Valcárcel, Anxo Tarrío, Margarita Ledo ou María Xosé Queizán. Así mesmo, saliéntase a conmemoración dos douscentos anos da aparición do primeiro semanario de Galicia, *O Catón Compostelano* (1 de maio de 1800). Detense no comentario desta publicación, facendo fincapé nos seus escasos números editados (20-21), que estaban estructurados tematicamente. Finalmente, faise unha chamada para que se alguén posúe algunha colección en bo estado que a doe ao Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades coa finalidade de sometela a estudio.

_____, “Lembranza de Castroviejo”, *El Correo Gallego*, “No pasar dos días”, 2 xullo 2000, p. 3.

Súmase a algunhas voces que propoñen que lle sexa dedicado o nome dunha rúa en Santiago de Compostela a José María Castroviejo. García-Bodaño cre que se isto chegase a ocorrer sería unha decisión merecida e atinada en vista da altura literaria dos seus escritos sobre Compostela. Comenta, sen embargo, a súa estrañeza por non apareceren vivencias sobre a cidade do apóstolo na súa obra en galego.

García Iglesias, José Manuel, “Cen anos con Brañas”, *El Correo Gallego*, “Notas de actualidade”, 24 febreiro 2000, p. 3.

Evocación de Alfredo Brañas que inicia definíndoo como unha referencia do galeguismo capaz de abranguer as diferentes tendencias políticas que recoñezan a singularidade galega. Neste sentido, cita *O Rexionalismo. Estudio sociolóxico, histórico e literario* (Barcelona, 1889), volume escrito cando Brañas era catedrático de Dereito en Compostela. Tamén apunta que foi promotor do Panteón de Galegos Ilustres, onde actualmente repousa o seu corpo e onde foi homenaxeado o 21 de febreiro, data do centenario do seu pasamento. Así mesmo, gaba o labor desenvolvido pola Fundación que leva o seu nome, especialmente, pola edición dos dous primerios volumes das obras completas.

_____, “Castelao en Santiago”, *El Correo Gallego*, “Notas de actualidade”, 28 decembro 2000, p. 3.

Informa da exposición sobre Castelao, celebrada en Santiago de Compostela baixo a organización das fundacións Castelao e Caixa Galicia, coa que se pretende dar conta das distintas facetas artísticas: escritor, debuxante, ilustrador e pintor, do rianxeiro, así como da súa ideoloxía política.

García Negro, María Pilar, “Un ano de, sobre, (Contra?) Castelao”, *A Nosa Terra*, nº 963, “Guieiro Cultural”, 30 novembro 2000, p. 34.

Pon de manifesto a “desmitificación” a que foi sometida a figura de Castelao ao longo deste ano, declarado ano de Castelao, citando varios exemplos como a non aprobación da declaración de “ben de interese cultural” toda ou parte da obra do autor, a non realización das xestións oportunas para que se melloren as posibilidades de que os fondos de Castelao poidan ser visitados, a promoción, impulso e apoio á realización de actividades na Comunidade Autónoma encamiñadas a estudiar, honrar e dar a coñecer a figura de Daniel R. Castelao, a publicación de só unha parte do epistolario do rainxeiro, o descoñecemento da faceta artística de Castelao que non foi só un debuxante ou a utilización desta figura como “comodín” ideolóxico moral xustificador de calquera política”.

García Pichel, José Mª , “La Escuela de Teatro Municipal de Vigo”, *Atlántico Diario*, 19 xullo 2000, p. 7.

Loa a Escola de Teatro Municipal de Vigo, logo da súa primeira representación o 4 de xullo. Cita, entre outras persoas, aos actores e ao director, ademais de ofrecer unha visión positiva do proxecto apoiado polo concello, e remata agardando que as axudas prosperen para lograr maiores posibilidades para os alumnos.

Gómez, Joel, "*Enclave*", *La Voz de Galicia*, "De sol a sol", 18 febreiro 2000, p. 54.

Comenta a presentación do número seis da revista *Enclave*. Sinala que o exemplar, que asinan nomes ben coñecidos en Santiago e comarca, inclúe, entre outras cousas, un texto teatral de Jenaro Marinhas del Valhe, desaparecido recentemente, e que ademais dalgunhas ilustracións, conta tamén cun texto do portugués Egito Gonçalves. Indica que neste volume se fala das relacións entre Galicia e Portugal, achegando puntos de vista novidosos. Finalmente, destácase no artigo o pluralismo da revista, que segundo o autor, é algo pouco habitual aínda en Galicia.

Gómez, Pedro, “Feria del Libro y lecturas”, *La Región*, “De paso”, 21 xuño 2000, p. 24.

Dá conta da Feira do Libro e das conclusións que saca dado o número de visitantes e compradores. Faise eco do escaso índice de lectores en Galicia e reflexiona sobre as razóns da escolla dun ou doutro libro. Comeza por aqueles que xa son míticos e pasa a aqueles que son premiados. Deste xeito, sinala que estes son os máis cotizados, aínda que remata lembrando que a Biblia segue sendo “O Libro” polo seu número de edicións.

González Pérez, Clodio, “Castelao: a procesión do padroado”, *O Correo Galego*, “O rodicio do tempo”, 22 xullo 2000, p. 2.

Con motivo da conmemoración do 50 aniversario da morte de Castelao, faise referencia á exposición no edificio Sarmiento (Pontevedra), sobre a súa obra como pintor e debuxante. Salienta da producción do autor a “Procesión do Padroado” ou “Procesión en Santiago”, e sinala que contén as caricaturas de todos os persoeiros da cidade nun 27 de xullo. Deste xeito, pídese que, xa que Bouza Brey identificaba aos que alí aparecían, se fixese o esforzo de recollelo como homenaxe a Castelao.

_____, “Morrer de amor”, *O Correo Galego*, “O rodicio do tempo”, 9 decembro 2000, p. 2.

Lembra dúas das figuras femininas vinculadas á vida de Castelao: por unha banda Florentina, unha moza nacida na parroquia de Loureiro e á que o escritor lle dedica o segundo libro de *Cousas* publicado en 1929, e María Castro, monxiña de San Paio que se suicidou en 1833 por negarse a un matrimonio de conveniencia arranxado polo seu tío.

González Reboredo, Xosé Manuel, “Lembranza de Nicanor Rielo Carballo”, *El Correo Gallego*, “In memoriam”, 15 marzo 2000, p. 4.

Trala nova da morte de Nicanor Rielo Carballo, traza unha semblanza da súa traxectoria intelectual, que presenta diversas vías de traballo aglutinadas sempre ao redor da cultura galega, en especial, a das terras luguesas natais. Así, fai referencia á súa dedicación ao campo do patrimonio histórico-artístico coa obra *Inventario artístico de Lugo e a súa provincia*; o da bibliografía lucense; e o da etnografía, ámbito no que cita a *Escolma de Carballedo*, a colaboración coa Sección de Etnografía do Instituto Padre Sarmiento, a pertenza ao Patronato do Museo do Pobo Galego dende 1977 e a construcción dun museo na parroquia natal. Para rematar, vincúlao coa revista *Encrucillada*, de acordo coa súa condición eclesiástica e co compromiso cristián con Galicia.

Grupo literario de Bergantiños, “Un novo movemento literario nas terras de Pondal”, *El Correo Gallego*, “Tribuna libre”, 28 novembro 2000, p. 48.

Dá conta dunha das actividades máis singulares promovidas polo Servicio Lingüístico Comarcal, un novo elemento de dinamización cultural situado na comarca de Bergantiños, que quixo agrupar todas as forzas da creación literaria da contorna a través dun obradorio literario, dirixido por Paz Puente Greene, e duns “Encontros de escritores”, que nesta segunda edición contaron coa presencia de Xurxo Borrazás e Xelucho Abella, entre outros, así como outras voces menos coñecidas ata o de agora, e que estiveron presididos por un único fin: “gozar da literatura galega e coa literatura galega, esquecendo por completo o devezo competitivo”.

Guisam Seixas, João, “Oraçom fúnebre por Jenaro Marinhas del Valle”, *A Nosa Terra*, nº 916, “Guieiro Cultural”, 5 xaneiro 2000, p. 26.

Descobre os verdadeiros principios de Jenaro Marinhas del Valle unha vez comprobado o silenciamento na hora da súa morte. Por un lado, observa a ocultación da militancia lusista, posicionamento fundamental para entender esta traxectoria e a negación á que foi sometido pola cultura oficial, así como causa da demisión da Real Academia Galega. Segundo el, Marinhas negáballe o cualificativo de lingua á normativa actual, xa que a consideraba a “acçom combinada do dialectalismo e a língua de laboratório”. Como segundo principio salienta o ateísmo, crenza traicionada nun enterramento católico, debuxado a través da imaxe dun triángulo imperfecto que o intelectual construíu na peza dramática *O Triángulo Ateu*, que Guisan descubriu na lectura xuvenil de *A Revolta e outras farsas*. Xa no plano ideolóxico, defíneo como un anarquista nacionalista, polo cal tampouco comulgaba coa “mística patriótica” e un “espírito conservador” do nacionalismo da posguerra. En suma, pensa que é mellor ignoralo se non se aceptan estas ideas que fan del un home xentil e humilde, que se apartou do estatus imperante por fidelidade a uns principios.

Gwede, “Pura Vázquez cuenta su vida”, *La Región*, “De paso”, 14 marzo 2000, p. 21.

Achégase ao libro de memorias de Pura Vázquez *Terra matria dos soños* (1999). Semella, na súa opinión, unha novela en primeira persoa que conta, nun estilo sinxelo e claro os acontecementos dunha vida e as amarguras propias dos tempos duros que viviu. A isto súmalle, ademais, a capacidade para transmitir unha historia cotiá coa sensibilidade e a beleza propia da súa poesía.

_____, “Recuerdo de Manuel Luís Acuña”, *La Región*, “De paso”, 7 outubro 2000, p. 26.

Louvanza á memoria de Manuel Luís Acuña, onde se destaca a súa única obra poética, *Fírgoas*. Tamén se fai referencia aos numerosos actos, que se están a celebrar co gallo da conmemoración do centenario do seu nacemento. Remata cunha sorte de adxectivos de admiración cara ao poeta.

Janeiro, D., “O ruído de Neves”, *O Correo Galego*, “Lufada”, 4 abril 2000, p. 2.

Fala sobre o poeta Kiko Neves, do que di que é un dos únicos en Galicia en introducir a súa obra en Internet nun momento no que volven os recitais. Pensa que por aí se pode ampliar a recepción e conclúe que este poeta “seguirá falando de amor, taquicardia e dos clubes dos onanistas rutineiros”.

Jaureguizar, “Finísimo oído”, *El Progreso*, “O calcapapeis”, 19 febreiro 2000, p. 66.

Do libro de relatos *Finísimo pó nas ás* (2000), de Xerardo Quintiá, subliña, en primeiro termo, que é “unha aposta pola oralidade”. Seguidamente, céntrase no argumento que se artella en torno a unha deficiencia: todos os personaxes teñen unha soa man. Despois, agradece o tratamento obxectivo, sen moralismos nin reflexións, do relato e conclúe que libros deste tipo, que veñen da man de autores novos enterados das tendencias internacionais, adoecen dos “lastres políticos e sociolingüísticos” que arrastran outros.

Lezcano, Arturo, “A Caneiro cheo”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 121, 28 marzo 2000, p. 7.

Comenta a omnipresencia de Xosé Carlos Caneiro no panorama literario actual a base da publicación simultánea de libros e a consecución de premios: *Tal vez melancolía* (Premio “García Barros” de Narrativa), *Juego de apócrifos* (traducción ao castelán de Rodríguez Baixeras) e *A Rosa de Borges* (Premio Risco de Literatura Fantástica). Como consecuencia, di que rompe todos os tópicos e sinala tres aspectos: gaña os premios por unanimidade, os seus libros “ultrapasan a tan cara realidade escrita da narrativa” e “escreve a cachón” novelas ben longas.

_____, “O vello galego de Hemingway”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 123, “A escrita”, 11 abril 2000, p. 6.

Seguindo o libro *Hemingway en Galicia* (1999), de Carlos Casares, e un artigo que Francisco Fernández del Riego escribiu neste propio medio, no que se refire á ambientación en Cojimar (Cuba) da novela de Hemingway *O vello e o mar*, conta que un tío seu viviu nesa vila cando por alí andaba o norteamericano.

Liñares Giraut, X. Amancio, “Castelao (II)”, *O Norte*, nº 133, “Nas veas da diáspora”, 1ª quincena xaneiro 2000, p. 2.

Recorda a figura de Castelao no ano do cincuentenario do seu pasamento. Fai un breve resumo da súa obra literaria, dende *Un ollo de vidro* (1922), *Cousas (I)* (1926) e *Cousas II* (1929) a *Sempre en Galiza* (1944), *Cincuenta homes por dez reás* (1930) ou *Milicianos* (1938). Pasa a enumerar os traballos que se desenvolveron ao redor da figura de Castelao como son *Castelao na luz e na sombra* (1982), de Valentín Paz Andrade ou *Coroa poética para Castelao* (1988), de Xesús Alonso Montero.

_____, “Afonso Eanes entrou ben no 2000”, *O Norte*, nº 135, “Da nova clío”, 1º quincena febreiro 2000, p. 2.

Faise eco das actividades desenvolvidas pola Asociación Cultural “Afonso Eanes” de Negreira entre o ano 1999 e 2000. Así, cita a mostra de pintores locais na Casa de Cultura, o Iº Concurso de Teatro de Negreira e o de Contos Infantís, os obradoiros literarios ou o mes da música. Agradécelles aos directivos todo este labor por achegar a cultura galega e personaxes como Castelao e Murguía, protagonistas de próximas homenaxes.

_____, “Ramón Cabanillas”, *O Norte*, nº 138, 1ª quincena abril 2000, p. 2.

Neste achegamento á figura de Ramón Cabanillas, fai un percorrido a través da súa producción literaria. Cita as súas obras poéticas: *No desterro* (1913) e *Vento mareiro* (1915), escritas en Cuba, *Da terra asoballada* (1917), *Na noite estrelecida* (1926), *A rosa de cen follas* (1927), *Camiños no tempo* (1949) e *Antífona da cantiga* (1951). Así mesmo, a súa obra en prosa: *Da miña zanfona* (1954) e *Versos de alleas terras e tempos idos* (1955). E, finalmente, as súas pezas teatrais: *A man da santiña* (1921) e *O Mariscal* (1926). Destaca a súa loita agraria e todos os rexistros da súa producción.

_____, “Follas Novas no camiño de Compostela”, *O Norte*, “Da nova clío”, nº 139, 2ª quincena abril 2000, p. 2.

Dá conta da publicación da colección de libros “El Camino de Santiago”, coeditada por Follas Novas e Monte Casino, á que cualifica como “libros de peso e brilantes”. Sinala que nela se collen textos de autores clásicos sobre o Camiño de Santiago e enumera os autores e temas que trata, como é o caso de López Ferreiro coas interpretacións do Pórtico da Gloria. Remata chamando a atención sobre o idioma utilizado, o castelán, pedindo que se teña en conta o galego para próximas edicións.

_____, “Pilar Pallarés”, *O Norte*, nº 140, 1ª quincena maio 2000, p. 2.

Fai unha aproximación de Pilar Pallarés, comezando polos seus ensaios *Rosalía: unha lectura feminista* (1985), *Rosas na sombra (A Poesía de Luís Pimentel)* (1991) e, en colaboración con Laura Tato, *Ricardo Carvalho Calero: a dignidade persoal* (1994) e *Rafael Dieste* (1995). Salienta a súa obra poética, citando *Entre lusco e fusco* (1980), *Sétima soidade* (1983) e *Livro das devoracións* (1996). Loa a súa calidade, en canto á forma e temática, e destaca a súa brevidade coma forma de expresión

_____, “(Un anaco de) Galicia honra a Castelao (I)”, *O Norte*, nº 143, “Da nova clío”, 2ª quincena xuño 2000, p. 2.

Con motivo do centenario do nacemento de Castelao, fai un pequeno resumo de todos os actos que se están facendo ao redor desta figura. Nomea o simposio “Castelao na Galiza do século XX)” na Coruña e o acto no Paraninfo da Facultade de Xeografía e Historia en Santiago de Compostela, no que se vai dar a coñecer o volume *Presencia de Castelao na Academia*, de Xesús Alonso Montero. Cita outros libros publicados por tal efeméride, como son *Afonso R. Castelao*, de H. Monteagudo e *Conversas con Teresa Castelao*, de Manuel Dourado Deira. Asemade, apunta que en Rianxo vai ter lugar unha ofrenda floral e se van ler discursos fronte ao busto do rianxeiro no Paseo da Ribeira.

_____, “Ramón Piñeiro”, *O Norte,* nº 145, “Nas veas da diáspora”, 2ª quincena xullo 2000, p. 2.

Cando se cumpren dez anos da morte de Ramón Piñeiro, lembra que pouco tempo despois de ter acontecido, se inaugurou unha rúa co seu nome e se creou o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Alude á súa amizade con el e fai unha pequena biografía sobre a súa persoa, deténdose na enumeración de obras súas como *Significado metafísico da saudade* (1951) ou *Olladas no futuro* (1974). Salienta a súa enorme calidade como ensaísta e como *alma mater* da editorial Galaxia, así como o seu compromiso como galeguista. Recomenda a lectura dos volumes *Ramón Piñeiro unha vida por Galicia*, de Carlos Casares e *Da miña acordanza. Ramón Piñeiro (1915-1990). Memorias, documentos políticos, cartas*.

Luaces, Miro, “Isaac Díaz Pardo. ¡con tanto amor!”, *O Correo Galego*, 23 agosto 2000, p. 3.

Co gallo da conmemoración dos oitenta anos de Isaac Díaz Pardo, fala dos seus proxectos empresariais como son as Cerámicas do Castro, Sargadelos, ediciós do Castro ou o Museo Carlos Maside. Tamén loa o seu interese polos foros de debate que propulsa e cita os numerosos títulos que ten acadado, como son o de Fillo Predilecto de Santiago, doutor *honoris causa* pola Universidade de Santiago ou “Galego do ano”, galardón concedido por *El Correo Gallego*.

López, Carlos, “O poema de sete cores”, *O Correo Galego*, “Calar por falar”, 10 maio 2000, p. 2.

Aproximación ás figuras de Hipólito Zaquebal e o seu pai Hermelindo Zaquebal, do que se fai un percorrido pola súa obra literaria caracterizada pola excentricidade. Así, alude ao seu labor poético coa publicación do volume *Unha presa de poemas soltos*; e ao novelístico, coa obra *O reloxo que anda sobre o tempo quedo*, que foi un éxito, o cal lle desagradou fondamente. Tamén se achega á figura do fillo, caracterizado asemade polas súas ideas delirantes ao dedicarse a estudios científicos como o realizado sobre o arco da vella.

Maíz Togores, José María, “Rosalía e o mal de Polícrates”, *O Correo Galego*, “Visión galaica”, 4 marzo 2000, p. 3.

Comeza referíndose á enfermidade denominada “mal de Polícrates” para rastrexar as súas pegadas na obra de Rosalía, tal e como fora identificado por Marina Mayoral, a quen o autor reivindica como fonte das súas reflexións.

_____, “Rosalía en Madrid”, *O Correo Galego*, “Contos”, 23 maio 2000, p. 2.

Dá conta da experiencia do autor nun colexio de Madrid, onde se lle pediu que lese aos alumnos algún poema de Rosalía de Castro. Sinala que antes da lectura, fixo un pequeno resumo da vida e personalidade da poetisa padronesa, da que salientou a súa faceta de loitadora e muller emprendedora, que só se viu detida por un cancro que a levou á morte. Cita que leu os poemas “Adiós ríos, adiós fontes”, para profundar no tema da emigración, e “Dicen que no hablan las plantas...”, de *En las orillas del Sar*, para observar a visión que posuía da natureza. Conclúe cun apunte positivo ao comprobar que tres das alumnas mercaron a obra de Rosalía de Castro.

_____, “As vangardas na literatura galega (I)”, *O Correo Galego*, “Visión galaica”, 4 xullo 2000, p. 3.

Fai un pequeno resumo sobre o que foron as vangardas en Galicia. Primeiramente, localízaas nas primeiras décadas do século XX, coincidindo co nacionalismo procedente das Irmandades da Fala e a Xeración Nós, ademais de destacar os dous ismos máis importantes: o neotrobadorismo e o hilozoísmo. Comenta que o neotrobadorismo xorde na época da descuberta dos cancioneiros medievais e descríbeo como “unha reivindicación da utilización das formas populares na poesía”. Destaca como figuras importantes desta corrente a Fermín Bouza Brey, Álvaro Cunqueiro e Xosé María Álvarez Blázquez. Con respecto ao hilozoísmo, cita a Luís Amado Carballo, Eduardo Blanco Amor, Augusto Casas e Eugenio Montes.

_____, “Vangardas na literatura galega (II)”, *O Correo Galego*, “Visión galaica”, 8 xullo 2000, p. 2.

Continuando coas vangardas, dá conta da corrente do neovirxinialismo, caracterizado pola “visión poética do contorno físico da paisaxe”. Así mesmo, cita os seus escritores máis destacados, como son Xosé Crecente Vega, Aquilino Iglesias Alvariño, Manuel María, Uxío Novoneyra e Xosé María Díaz Castro.

Manuel María, “Dame a túa man”, *El Correo Gallego*, “Terras, homes e palabras”, 25 xaneiro 2000, p. 3.

Comenta en termos eloxiosos a publicación do opúsculo *Dame a túa man*, que recolle, de xeito póstumo, a producción lírica de Xosé Manuel Mosquera, poeta da Estrada falecido prematuramente en 1980. Manuel María considera que estes versos temperáns permiten intuír “a súa aguda sensibilidade, a súa solidariedade”. Por outra banda, a iniciativa dos amigos deste poeta faille lembrar ao desaparacido Manuel-Antonio Sopena Somoza. Neste senso, lamenta que unha iniciativa así non tivese rescatado, naquel momento, os seus versos.

_____, “Cachimbo pola paz”, *El Correo Gallego*, “Terras, homes e palabras”, 7 marzo 2000, p. 3.

Comenta a existencia en Rianxo do colectivo Cachimbo pola paz, que está a reinvindicar “o secuestro do que é obxeto parte da obra de Manuel Antonio”. Así mesmo, refírese a algúns actos que se van celebrar na vila coruñesa con motivo do centenario do nacemento do poeta e insiste na necesidade de que a súa obra poida ser publicada en breve de xeito íntegro.

_____, “Alén da melancolía”, *El Correo Gallego*, “Terras, homes e palabras”, 21 marzo 2000, p. 3.

Detense no comentario do libro de Xosé Lois García, *Alén do azul*, que recolle composicións de doce poetas galegos que gardaron relación con Cataluña. O autor lembra a importancia das actividades culturais desenvolvidas na emigración e denuncia o seu descoñecemento. A seguir, refírese a algún dos antologados, como é o caso de Labarta Pose, Luísa Castro, Augusto Casas e Manuel Casado Nieto.

_____, “A casa do poeta”, *El Correo Gallego*, “Terras, homes e palabras”, 18 abril 2000, p. 3.

O autor lembra unha estadía na casa natal de Uxío Novoneyra e demanda o subsidio das institucións para o seu mantemento.

_____, “¿Está de moda a poesía?”, *El Correo Gallego*, “Terras, homes e palabras”, 2 maio 2000, p. 3.

A lembranza dunha afirmación de Uxío Novoneyra acerca da existencia de ssei mil poetas, nun determinado momento de esplendor da cultura chinesa, e un comentario sobre o apoxeo que está a coñecer a poesía en Francia, dan pé ao autor para reflexionar sobre o bo momento que está a atravesar a poesía galega na actualidade.

_____, “Memorias” dun alcalde que presidiu a RAG”, *El Correo Gallego*, “Terras, homes e palabras”, 3 maio 2000, p. 3.

Apunta algúns datos de Manuel Casás Fernández, alcalde da Coruña en dúas ocasións e presidente da Real Academia Galega dende 1942 ata a súa morte. Con motivo da publicación das súas memorias cre Manuel María que estas fornecen datos interesantes. Así, alude a un documento de 1949 da Asociación Iniciadora y Protectora de la Real Academia Gallega no que non figura Castelao, membro dende 1934 como numerario da RAG. Pregúntase o articulista se o rianxeiro sería “depurado” ou se foi silenciado por razóns precautorias.

_____, “Etnografía mindoniense”, *El Correo Gallego*, “Terras, homes e palabras”, 13 xuño 2000, p. 3.

Faise eco da publicación do libro de Eduardo Lence-Santar e Guitián, *Etnografía Mindoniense*, no que se recollen traballos de diferentes épocas. Destaca a parte na que a gaita e os gaiteiros teñen o maior protagonismo e que corresponde a un traballo de novembro de 1929.

_____, “Viaxe a Moguer de Juan Ramón Jiménez”, *El Correo Gallego*, “Terras, homes e palabras”, 15 agosto 2000, p. 3.

Alude á viaxe realizada a Moguer, cidade natal do poeta Juan Ramón Jiménez, e fai un percorrido polos diversos lugares destacados na vida do autor. Comenta que a súa estatua está moi afastada da de Zenobia e fala da casa do poeta convertida hoxe nunha escola-taller moi descoidada. Tamén se refire ao museo, que cualifica de “moi interesante” e que conta cunha primeira edición de *Follas Novas*, de Rosalía de Castro. Finalmente, menciona a loita levada a cabo polo legado do autor entre as institucións e a súa familia.

_____, “Publicacións betanceiras: un exemplo a seguir”, *O Correo Galego*, “Terras, homes e palabras”, 26 setembro 2000, p. 3.

Comenta favorabelmente a recuperación de monumentos e escritores autóctonos por parte do Concello de Betanzos, como é o caso de Vales Villamarín, do que se vén de facer unha edición da súa poesía. Tamén salienta o labor realizado por dar a coñecer os novos escritores e cita varias das publicacións promovidas polo concello betanceiro como son *Poema dos Caneiros*, de Uxío Novoneyra; a antoloxía *Betanzos na voz dos poetas*, o *Anuario Brigantino* ou *Xanela*.

_____, “Kiosko ‘Buenos Aires”, *El Correo Gallego*, “Terras, homes e palabras”, 17 outubro 2000, p. 3.

Salienta a forte presencia do mindoniense Campo do Remedio na vida e obra de autores como Leiras Pulpeiro, Noriega Varela, Álvaro Cunqueiro, etc. Ao mesmo tempo fai un chamamento a algún erudito para que pescude o motivo de que un quiosco situado no Campo do Remedio fose chamado “Kiosko Buenos Aires”.

_____, “Unha curiosa historia de Galiza”, *El Correo Gallego*, “Terras, homes e palabras”, 12 decembro 2000, p. 3.

Dá algúns datos sobre o contido e estructura da *Historia de Galicia (Compendio)* elaborada por Ramón Marcote, emigrante do que poucos datos se coñecen agás que desempeñou o cargo de bibliotecario do Centro Gallego de La Habana e foi autor doutra obra titulada *Colón, pontevedrés*.

_____, “Unha efeméride”, *El Correo Gallego*, “Terras, homes e palabras”, 19 decembro 2000, p. 3.

Detense no comentario dun telegrama do ano 1890, no cal un correspondente de *El Imparcial* daba conta da celebración duns próximos Xogos Florais. Deste telegrama, que reproduce, salienta a gran participación de figuras importantes como Manuel Murguía, Alfredo Brañas ou Becerra Armesto e a importancia que tiveron para a difusión e coñecemento da cultura galega.

Mariño, Alberte, “O futuro de Xerais”, *O Correo Galego*, “No Finisterre”, 23 marzo 2000, p. 3.

Refírese aos rumores acerca da desaparición de Edicións Xerais, desmentidos por Manuel Bragado. O autor volve con ironía sobre estas afirmacións para destacar o carácter independente da editora con respecto ao “galeguismo conservador” e ao “progresismo nacionalista”.

_____, “¿Que pensa Carlos Mella?, *O Correo Galego*, “No Finisterre”, 13 abril 2000, p. 3.

Pide a Carlos Mella, “profeta da retranca”, que opine sobre as declaracións nas que Antón Lopo consideraba a Manuel Rivas clónico do irmán Daniel [Rodríguez Castelao].

Martínez Couselo, Xosé, “Galicia merca libros e ve menos televisión”, *O Correo Galego*, “País, paisaxe e paisanaxe”, 2 febreiro 2000, p. 2.

Comenta as estatísticas que revelan que Galicia ocupa o cuarto posto na compra de libros e que descendeu no pasado ano o consumo de televisión. O autor do artigo considera esta información esperanzadora e ofrece algúns outros datos sobre o panorama editorial da actualidade.

_____, “González Besada foi académico da Española”, *O Correo Galego*, “País, paisaxe e paisanaxe”, 10 febreiro 2000, p. 2.

Refírese á publicación, con motivo do ingreso na Academia de Guillermo Rojo, dunha listaxe de todos os galegos na institución. O autor denuncia a ausencia de Augusto González Besada e lembra que leu o seu discurso en 1916. A seguir, lembra algúns aspectos salientábeis da súa personalidade.

_____, “Rosalía non cansou de escribir en galego”, *O Correo Galego*, “País, paisaxe e paisanaxe”, 14 abril 2000, p. 2.

O autor recolle diversas opinións acerca da renuncia de Rosalía a escribir en galego. Refírese á mala recepción dos seus artigos titulados “Costumbres gallegas” e lembra que a filla da escritora contou a Juan Naya que a autora seguiu a compor versos en galego.

_____, “Rosalía, dúas culturas e dúas literaturas”, *O Correo Galego*, “País, paisaxe e paisanaxe”, 15 abril 2000, p. 2.

Lembra cómo Rosalía encargou aos seus fillos, antes de morrer, que queimasen os seus manuscritos inéditos e cómo entre os textos conservados por Murguía figuran composicións en galego, o que desmente a afirmación dunha renuncia a escribir na nosa lingua. Recolle, a seguir, algunhas opinións, entre as que destaca a de Poullain sobre o carácter “bilingüe” da escritora.

_____, “A cociña galega na novela de Ken Keirades”, *O Correo Galego*, “País, paisaxe e paisanaxe”, 6 maio 2000, p. 2.

Coa excusa da conmemoración do Premio “Manuel García Barros” de novela, faise un percorrido a través da vida e obra de Ken Keirades, pseudónimo de García Barros. Salienta a súa obra *As aventuras de Alberte Quiñoi*, na que se describen os costumes de finais do século XIX na Estrada e aparecen certas referencias á comida, como é o caso da receita do caldo galego. Por outra banda, alúdese ás súas colaboracións en xornais e semanarios da súa vila como foron *La Voz del Pueblo*, *El Estradense* ou *El emigrado*, onde combateu o caciquismo que o levaría á cadea.

Mayoral, Marina, “Para ler en Nadal”, *La Voz de Galicia*, “Los domingos de la voz”, 24 decembro 2000, p. 17

Cita fragmentos de poemas pertencentes a Rafael Morales, Arcadio López Casanova, Uxío Novoneyra, Jacobo Cortines, Xosé Luís Franco Grande e Claudio Rodríguez Fer, así como parte dun artigo de Carlos Bousoño aparecido en *La Voz de Galicia* o 27 de agosto de 1989, co fin de “poñer un toque de optimismo nas festas do Nadal.

Meilán García, Antón, “Méndez Ferrín e Reimunde”, *El Progreso*, 31 outubro 2000, p. 16.

Felicita aos dirixentes do periódico no que se publicou o artigo de Ramón Reimunde contra Ferrín, do que non cita o nome, por sacar á luz un artigo que pode “axudar a despertar conciencias nestes momentos de aletargamento cultural” e por contar con colaboradores como
o profesor R. Reimunde, pois “con toda a polvareda que poida levantar o artigo, sempre son de agradecer reflexións como estas”.

Méndez Ferrín, X. L., “A novela de Anxo Angueira”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 14 xaneiro 2000, p. 2.

Comentario acerca da obra *Pensa nao* (1999), de Anxo Angueira, á que cualifica como unha “narración colectiva”. Fai unha achega ao seu argumento e explica que “o relato avanza aos golpes, aos choutos, como fixeran os acontecementos verdadeiros”. Considera que se trata dunha “novela musical” e refírese ás numerosas citas de autores que esconde o texto. Finalmente, salienta o importante exercicio lingüístico levado a cabo na obra e sitúa a Angueira no proxecto iniciado por Eduardo Pondal.

_____, “Castelao á vista”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 17 xaneiro 2000, p. 2.

O inicio do Ano de Castelao, inaugurado polo presidente Manuel Fraga, fai evocar ao autor as sospeitas dos intelectuais galegos de que un “Castelao folklorizado” fose utilizado polo, daquela, Ministro de Información e Turismo nas campañas franquistas. A seguir, reproduce uns versos satíricos compostos con motivo dunha homenaxe dos “franquistas da Irmandade Galega de Caracas” a Castelao e considéraos proféticos dos actos inaugurais desta efeméride.

_____, “Pola banda de Lestrove”, *Faro de Vigo*, “Segunda feira”, 21 febreiro 2000, p. 2.

O autor comenta a súa estadía na Casa das Torres da Hermida, en Lestrove, con motivo da presentación da novela *Pensa nao*. A seguir, lembra algúns aspectos interesantes da historia desta construcción, que a converten en “memoria viva de Galicia, santuario mesmo do republicanismo, da democracia, do galeguismo”.

_____, “Fingoi”, *Faro de Vigo*, “Segunda feira”, 10 xullo 2000, p. 2.

Loa o Colexio Fingoi de Lugo, que vén de celebrar o quincuaxésimo aniversario da súa fundación por parte de Antonio Fernández. Destaca, sobre todo, a súa concepción da pedagoxía como liberal e co galeguismo e o progresismo moi presentes. Salienta que Ricardo Carballo Calero foi director do centro e que Méndez Ferrín e Bernardino Graña foron profesores, que deixaron dous libros, *Contos populares da Provincia de Lugo* e as poesías de Pero Meogo.

_____, “Valente, adeus”, *Faro de Vigo*, 19 xullo 2000, p. 2.

A causa do falecemento de José Ángel Valente, fai un percorrido a través do seu periplo vital e literario. Sitúao na cidade de Ourense, onde se formaría nas aulas de Filoloxía Románica, e logo na súa viaxe cara a novos lugares de Europa, nos que a construcción da súa obra pasou por diferentes fases ata chegar a un elevado nivel. Tamén comenta que foi membro da FLP (Fronte de Liberación Popular), fundador da Sociedade “A Nosa Galiza” de Xenebra e un loitador contra o franquismo.

_____, “Sempre en Moreda”, *Faro de Vigo*, “Segunda feira”, 31 xullo 2000, p. 2.

A consecuencia da publicación, por parte das Brigadas en Defensa do Patrimonio Chairego, dun libro sobre Antón Moreda, fala desta figura nacida en San Miguel de Reinante en 1934. A seguir, comenta que emigrou a Arxentina, onde fundou, xunto a persoas como Xosé Neira Vilas, as Mocedades Galeguistas. Tamén comenta que en 1963 creou un organismo político clandestino, o Concello da Mocedade, que chocou cos plans de Galaxia. Asemade, sinala que esta foi a causa de que fora internado no psiquiátrico de Castro de Ribeiras de Lea.

_____, “Eça e nós”, *Faro de Vigo*, “Segunda feira”, 21 agosto 2000, p. 2.

Coa celebración do centenario do pasamento de Eça de Queirós, refírese á influencia que tivo para os autores da literatura galega e española. Así, mostra as concomitancias que se atopan entre o autor portugués e Ramón Otero Pedrayo na triloxía *Os camiños da vida*. Logo pasa a mostrar estas similitudes con Ramón del Valle-Inclán, do que di que ten “un panteísmo minhoto, unha tendencia á fantasmagoría”, chegando a consideralo un precursor do esperpento.

_____, “Lembranza de Viñas Cortegoso”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 15 setembro 2000, p. 2.

Faise eco da morte de Luís Viñas Cortegoso e realiza un percorrido a través do seu periplo vital, incidindo na súa faceta de editor xunto co seu socio Xosé Mª Álvarez Blázquez. Sinala que xuntos crearon Edicións Monterrei e cita algúns dos volumes que saíron desta casa editorial, como foron *Nao senlleira*, de Fermín Bouza Brey. Asemade, salienta a calidade das súas edicións, nas que empregaron novas innovacións en papeis e contaron cos mellores debuxantes da época. Tamén sinala que esta editorial convivira con Galaxia, coa que sempre mantivo unha boa relación.

_____**,** “Cincuenta anos de Galaxia”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 22 setembro 2000, p. 2.

Detense no comentario da Exposición da Casa das Artes, sobre os cincuenta anos da editorial Galaxia. Rememora o acontecido no ano 1954 nunha conferencia da UNESCO, onde foi distribuída unha carta na que se poñía de manifesto a persecución polo franquismo da lingua e literatura galegas, episodio que aparece na exposición. Asemade, critica que algúns feitos relacionados con tal exposición non aparezan, como é que o Xefe da Delegación española era Manuel Fraga, o cal negou que o idioma galego fose perseguido. Tamén salienta que na exposición aparece contemplada a censura que sufriron as publicacións de Galaxia. Neste sentido, mostra o seu desacordo porque se omita que nos anos sesenta as editoriais obtiñan o chamado “Número de Rexistro Editorial”, co cal estaban exentas da censura e que Galaxia nunca tivo. Finalmente, mostra o seu sentimento de pesadume ao comprobar que a exposición non responde a certas espectativas.

_____, “Valle-Inclán en Pontevedra”, *Faro de Vigo*, “Segunda feira”, 30 outubro 2000, p. 2.

Comenta o acordo tomado pola Deputación de Pontevedra, segundo o cal se vai incoar o expediente preceptivo para nomear a Ramón del Valle-Inclán Fillo Predilecto da provincia e se levará a cabo a creación dun premio anual co nome deste autor. Así mesmo, lembra outras cuestións que teñen que ver coa figura de Valle-Inclán, como a polémica sobre o seu lugar de nacemento.

_____, “Un capudre para o grande poeta”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 3 novembro 2000, p. 2.

Reflexiona sobre a figura do poeta Uxío Novoneyra, “venerado polos devotos da súa obra, querido e respectado por multitudes que ven na súa figura un símbolo cívico”, e anuncia a homenaxe que a Asociación de Escritores en Lingua Galega renderá ao autor e na que, entre outras cousas, se plantará unha árbore, “moi querida polo poeta chamada no Leste, incluído o Courel, capudre”.

_____, “Galicia emigrante”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 1 decembro 2000, p. 2.

Con motivo da posta en marcha, por parte do Colexio de Licenciados e Doutores, da Xª Semana da Cultura Galega, que versa sobre “Emigración e Exilio na Galicia do século XX”, lembra dous feitos relacionados coa cidade de Buenos Aires: a actividade da revista *Galicia Emigrante,* dirixida por Luís Seoane, e a propia viaxe do articulista á cidade, en 1968, “en misión política”, “chamado polos sectores fieis ao Consello de Galiza (depositario da legalidade republicana e da lexitimidade do estatuto do 36), para facer campaña entre a masa emigrada contra a directiva do poderoso Centro Gallego, daquela en mans de xentes favorábeis ao franquismo”.

Moure, Edmundo, “Blanco-Amor al desnudo”, *Galicia en el Mundo*, nº 395, 23-29 outubro 2000, p. 3.

Achega á vida de Eduardo Blanco Amor, durante a súa estancia en Chile en 1949, a través dunha crónica que o autor non chegou a recompilar posteriormente e titulada “Nudismo potencial”. Nela conta unha anécdota que lle sucedeu na rúa cun señor que quería comprarlle a roupa que levaba posta, o que lle serve para reflexionar sobre o posíbel nudismo dalgúns en situacións desesperadas como á saída dun casino ou do hipódromo. Tamén reproduce unha entrevista aparecida no xornal *La Hora*, na que fala da súa actividade como escritor e conferenciante, ademais de adiantar a súa intención de impartir cinco lecciónns sobre as letras anteriores ao Século de Ouro e nas que incluía as cantigas galego-portuguesas.

Navaza, Xavier, “Os fillos clónicos da ‘xeración Nós”, *O Correo Galego*, “A punta seca”, 13 abril 2000, p. 3.

Despois de se referir ao nacemento da revista semanal *Teima*, na que participaron, entre outros, Enrique Aller, Luís Mariño, Carlos Casares e Xosé Manuel Beiras, retoma o artigo de Antón López, publicado o 12 abril de 2000 en *El Correo Gallego*, no que se declaraba a Manuel Rivas “novo Castelao”, relacionando esta afirmación coa proposta que anos antes fixera Víctor Freixanes de buscar un sucesor do escritor rianxeiro. Así mesmo, lembra que a “simpática invención” de Antón Lopo conta con antecedentes, pois houbo con anterioridade quen lle atribuíu a outros o papel de resurrección de Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo ou Alexandre Bóveda, suxerindo desta maneira a posibilidade dunha nova xeración de “fillos clónicos da Xeración Nós adaptada ós novos mundos”.

_____, “Dous Ramóns no hemiciclo”, *O Correo Galego*, “A punta seca”, 11 outubro 2000, p. 3.

Alude ao enfrontamento entre Manuel Fraga e Xosé Manuel Beiras a través do emprego de frases ou ideas de figuras do galeguismo como Ramón Cabanillas, de quen sinala o éxito do seu verso “Os tempos son chegados” e Ramón Piñeiro, que apuntaba a súa concepción de Galicia como “galega, española e europea”, nas que considera que se basea a concepción de Fraga.

Neira, Manuel Xosé, “Rosalía de Castro”, *O Correo Galego*, “A píntega e as bolboretas”, 29 xuño 2000, p. 3.

Dá conta da estadía de Rosalía de Castro na cidade de Lugo. Isto válelle para facer un repaso ao Lugo de sempre, ao que aínda pervive e imaxina cómo podería estar na época na que a gran poetisa galega visitou a cidade.

_____, “A poesía é unha arma (descargada) de futuro”, *O Correo Galego*, “Follas libres”, 4 xullo 2000, p. 2.

Breve discurso sobre a incapacidade da arte poética para mudar a realidade. Dise que a poesía debe ser unha forma de manifestar a inocencia do home, e con el a súa existencia.

_____, “Cunqueiro, poeta”, *O Correo Galego*, “Follas libres”, 19 xullo 2000, p. 3.

Despois de afirmar que Cunqueiro é un gran poeta do século XX, opina que, sen a obra narrativa, a súa poesía non tería a relevancia e vistosidade que ao lado da prosa ten.

_____, “Magna erudición”, *O Correo Galego*, “Follas libres”, 1 agosto 2000, p. 2.

Refírese á gran remesa de intelectuais e escritores que deu a vila de Mondoñedo. Dá conta non só dos máis recoñecidos, senón tamén daquel murmurio de xente que axudaba a configurar historias como as descritas por Álvaro Cunqueiro.

_____, “Inspiración”, *O Correo Galego*, “Follas libres”, 8 agosto 2000, p. 2.

Fala de cómo coñeceu a Ánxel Fole en dúas conferencias e da facilidade imaxinativa coa que se expresaba o autor de Lugo. Despois de falar de se Fole escribía con inspiración, conclúe que hoxe faino por “expiración”.

_____, “Valente: a voz fundacional”, *O Correo Galego*, “Follas libres”, 22 agosto 2000, p. 3.

Refírese, brevemente, a José Ángel Valente como un dos poetas fundacionais da poesía deste século e láiase porque o vindeiro século nace cun baleiro de voces líricas importantísimo. Asemade, destaca a plasticidade e a liberdade creativa afastada de preconceptos morais e poéticos do poeta de Ourense.

_____, “Un libro de Claudio Rodríguez Fer”, *O Correo Galego*, “Follascas”, 4 outubro 2000, p. 3.

Destaca a publicación do libro de Claudio Rodríguez Fer, *O mundo lucense de Ánxel Fole*. Del di que serve para se explicar a existencia dun Lugo irredento en moitos homes e tendas da cidade, así como decatarse da importancia dos edificios máis senlleiros da cidade e dos persoeiros que por ela pasaron. De todas maneiras, bota en falta as “apreciacións” do propio Fole sobre o evoluír da cidade moderna en todo este tempo.

_____, “Pequena-grande homenaxe”, *O Correo Galego*, “Follascas”, 9 novembro 2000, p. 3.

Lembra a homenaxe rendida ao poeta Uxío Novoneyra no Courel, na que se erixiu un monolito con versos do falecido pertencentes á súa obra *Os Eidos* (1955), e se lle deu o nome do poeta á rúa onde se atopa a súa casa natal.

_____, “Soños e literatura”, *O Correo Galego*, “Follascas”, 19 decembro 2000, p. 2.

Reflexiona sobre a relación entre a literatura e os soños, definindo os segundos como “entes etéreos e incorpóreos que alimentan” o máios profundo do ser humano. Considera que a literatura tamén ten esa propiedade pero que esta ten corpo, e conclúe que ambas cousas son inseparábeis, porque constitúen para el unha “casa fronte ao mundo, así de claro, simple e sinxelo”.

Neira Vilas, Xosé, “Koki, poeta galego en Nova Iork”, *El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 16 xaneiro 2000, p. 4.

Fai unha achega á vida e obra de Francisco Álvarez, Koki, poeta en galego e castelán, bo exemplo de “mestizaxe na literatura”, que actualmente reside en Nova York, onde está a desenvolver un importante labor con distintos quefaceres culturais, entre os que se atopa a promoción de diferentes recitais poéticos. Así mesmo, lembra que este é un dos escritores representados na obra *Entre Rascacielos: Nueva York en nueve poetas*, a primeira antoloxía de poetas hispanos, na que figura con 22 poemas en castelán e os dous galegos “Sinfonía de lembranza” e “Chovía en Boston”.

_____, “A voz que se foi e perdura”, *El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 20 xaneiro 2000, p. 4.

Con motivo do recente falecemento de Anne Marie Morris, lémbranos os primeiros contactos da citada poetisa norteamericana coa lingua galega e a posterior creación literaria, froito da cal é o poemario *Voz fuxitiva*, publicado por Galaxia en 1965, do que afirma, ao igual que Bernardino Graña, que contén fondos ecos rosaliáns pola “tenrura, intimidade e sabio dicir”. Así mesmo, cita dous artigos de crítica literaria desta escritora norteamericana, un sobre Rosalía de Castro e outro sobre Rubén Darío, publicados pola revista *Grial.*

_____, “A tenacidade de González López”, *El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 27 xaneiro 2000, p. 4.

Lembra a figura de González López, “fervoroso galeguista”, escritor e profesor de Dereito e de Literatura, nacido en 1903 e falecido en 1992. Laméntase da escasa valoración da súa obra que, malia estar escrita en castelán, reflexiona en numerosas ocasións sobre a historia da literatura galega, como é o caso dun dos seus ensaios máis coñecidos, “Galicia, su alma y su cultura”, publicado polo Centro Galego de Buenos Aires.

_____, “A voz emigrante”, *El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 6 febreiro 2000, p. 4.

Achéganos á figura do recitador Raimundo Vázquez Rábade, nacido na Terra Chá luguesa e emigrado a Cuba en 1936, onde levou a cabo un importante labor a prol da cultura galega, protagonizando unha serie de recitais poéticos nos que reviviu a poesía de Rosalía de Castro, Manuel Curros, Ramón Cabanillas, así como as de José Martí, García Lorca e León Felipe.

_____, “O Tortoni, un café cenáculo”, *El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 10 febreiro 2000, p. 4.

Fai un percorrido pola historia do café Tortoni, fundado en 1858 e declarado “sitio de interés cultural” polo Municipio de Buenos Aires. Céntrase na importancia que este bar tivo durante a Guerra Civil española e a contenda europea que seguiu á mesma, períodos nos que serviu como centro de xuntanza e debate dos intelectuais exiliados.

_____**,** “Vasco, actor e poeta en galego”, *El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 17 febreiro 2000, p. 4.

Fai unha achega á figura de Bernardo Jambrina, actor dramático de orixe vasca que viviu na Coruña a comezos do século XIX e emigrado posteriormente a Cuba, onde publicou varios poemas en galego. Destaca a súa participación no proxecto de traducción ao castelán do poemario de Rosalía de Castro *Follas Novas*, xunto co libreiro galego Dámaso Pérez Valenzuela, o poeta cubano Agustín Acosta e o escritor peruano José Santos Chocano, ao tempo que lembra como a morte repentina de Jambrina nos privou “daquel exemplar único da traducción do poemario rosaliano”.

_____, “O proxecto dunha revista”, *O Correo Galego*, “Crónicas galegas de América”, 20 febreiro 2000, p. 4.

Artigo dedicado ao industrial e banqueiro galego Xesús Canabal, emigrado a Buenos Aires en 1910, destacando a súa hospitalidade e lembrando o apoio incondicional que brindou á elaboración da revista *Letras Galegas*.

_____, “Fillos de galegos”, *El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 5 marzo 2000, p. 4.

Con motivo do corenta aniversario da “Asociación Argentina de Hijos de Gallegos”, lembra cómo naceu este grupo xuvenil en outubro de 1959 e baixo a súa propia iniciativa, que a súa era “nuclear a moitos fillos e netos de emigrantes galegos e darlles a coñecer a común ‘patria anterior”, ademais das relacións culturais que mantiña con institucións e personalidades de Galicia e tamén de Irlanda, Brasil, Chile, Uruguai, México e Estados Unidos. Así mesmo, describe outras actividades de ensino e culturais desenvolvidas por este grupo, entre as que se atopaba a publicación da revista bilingüe “Alén Mar”, na que inseriron cartas de saúdo de Otero Pedrayo, Ramón Piñeiro, Ánxel Fole e Fernández del Riego, entre outros.

_____, “Dous poetas e un periódico”, *El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 9 marzo 2000, p. 4.

Lembra a estructura, contido, periodicidade e principais colaboradores de *A Gaita Gallega*, primeira publicación periódica de América escrita integramente en galego, e inspirada no poemario homónimo de Xoán Manuel Pintos, fundada na Habana en xullo de 1885 por Manuel Lugrís Freire e Ramón Armada Teixeiro. Nesta publicación festiva, con afán constante por explicar a historia de Galicia e unha “defensa apaixoada” da lingua galega, sinala que estiveron presentes as figuras “máis sobranceiras das nosas letras”.

_____, “Mostra xornalística”, *El Correo Gallego*,”Crónicas galegas de América”, 23 marzo 2000, p. 4.

Céntrase na organización e desenvolvemento da primeira Exposición de xornalismo galego da Arxentina, aberta ao público dende o 22 de xullo ao 5 de agosto de 1960, que se celebrou na Sala de Exposicións do centro Lucense e na se que contou coa axuda de Luís Seoane quen, ademais de deseñar o catálogo de publicacións incluídas na mostra, colaborou na elaboración do texto que incluía unha recensión histórica da prensa galega na Arxentina, a partir do semanario *El Gallego*, fundado e dirixido por César Cisneros Luces.

_____, “Músico, emigrante e poeta”, *El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 30 marzo 2000, p. 4.

Ademais de facer unha achega biográfica ao músico e poeta Pedro Vázquez Rábade, autor do volume de versos *Invisibres coma o vento* (Cuba, 1938) e dun poema dedicado a Rosalía de Castro con motivo do centenario da poetisa, laméntase do esquecemento que sofren en Galicia este músico e o seu irmán Raimundo, “excepcional” recitador, ao igual que outros moitos persoeiros que traballaron a prol da cultura galega na emigración.

_____, “A testemuña de Tereixa”, *El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 9 abril 2000, p. 4.

Céntrase na figura de Teresa Castelao, irmá de Daniel Castelao. Despois de lembrar o seu enterro, ao que acudiron personalidades destacadas do mundo da cultura e da política, entre os que se atopaban o presidente da Fundación Castelao e o alcalde de Rianxo, vila natal da familia Castelao, lembra a importancia desta muller que desvelou, entre outros moitos aspectos da vida do escritor, “detalles sobre o Danieliño emigrante”. Esta información atópase recollida no libro elaborado por Manuel Dourado Deira *Conversas con Teresa Castelao*, unha obra “imprescindible para achegarnos a información de primeira man sobre a traxectoria vital do artista, do escritor, do político, do home pleno, do galeguista integral que foi Castelao.”

_____, “O semanario ‘Follas Novas”, *El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 14 maio 2000, p. 4.

Fai un percorrido pola historia e as características do semanario *Follas Novas* (1897-1908), fundado na Habana por Francisco J. Ramil e Antonio de P. Cea, como homenaxe á poeta galega Rosalía de Castro. Despois de mencionar algunhas das publicacións da época coas que conviviu, define as liñas que seguiu a publicación, “o seu propósito era defender os intereses xerais de Galicia”, así como “reivindicar a identidade histórica e cultural”. A seguir, enumera algúns dos autores que inseriron os seus artigos nesta revista bilingüe, entre os que se atopan Manuel Murguía, Villar Ponte, Emilia Pardo Bazán, Luís Otero Pimentel, e remata cun resumo en cifras dos traballos publicados por esta revista.

_____, “Libros galegos en Buenos Aires”, *El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 25 maio 2000, p. 4.

Dá conta dos selos editoriais que na diáspora, sobre todo bonaerense, crearon e dirixiron Luís Seoane e Arturo Cuadrado. Ademais, sinala os principais libros que viron a luz en América cando aquí era imposíbel facelo, polo que fala dunha continuidade editorial no exilio.

_____, “O copleiro de Xallas”, *El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 11 xuño 2000, p. 4.

Lembra a súa amizade e admiración por Ricardo Carvalho Calero, mais lembra como un día lle puntualizou as súas pouco adecuadas palabras sobre Pepe de Xan Baña (pseudónimo de Xosé Baña Pose). O autor deste artigo mostra a súa admiración por este poeta, e pon como proba da súa valía o feito de que moita xente hoxe siga a repetir os seus versos, polo que considera inxusta a descualificación.

_____, “De Valdeorras a Jalisco”, *El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 15 xuño 2000, p. 4.

Fala dos contactos persoais que tivo con Florencio Delgado Gurriarán ao tempo que cita os actos e as actividades que desenvolveu na diáspora. Asemade, lembra anacos da súa obra, o que lle vale para reclamar a súa valía.

_____, “Acción cultural de Aguea”, *El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 18 xuño 2000, p. 4.

Dá conta da historia da Asociación Galega de Universitarios, Escritores e Artistas que, na década dos cincuenta, se fundou na Arxentina. Cita as principais personalidades que participaron nos seus cursos, exposicións, faladoiros, conferencias, etc.

_____, “Díaz Pardo”, *El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 3 setembro 2000, p. 4.

Faise un repaso laudatorio das actividades levadas a cabo ao longo da súa vida por Isacc Díaz Pardo, entre elas a de promotor de empresas literarias. Alén disto, afonda na relevancia intelectual e persoal que ten para Galicia contar cun persoeiro destas características.

_____, “Castelao en Montevideo”, *El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 10 setembro 2000, p. 4.

Relata as principais estadías de Castelao en Montevideo, sobre todo, para realizar actos políticos e culturais. Tamén se fala da importante pegada que deixou naquel país, no que ten unha rúa, e préstaselle moita importancia ao seu labor patriótico.

_____, “Gumersindo Busto”, *El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 17 setembro 2000, p. 4.

Refírese á creación da Biblioteca América na Universidade de Santiago da man do mecenas Gumersindo Busto. Lembra a motivación e o interese que tivo este santiagués por facer que o coñecemento da cultura americana fora accesíbel na súa cidade e en toda Europa.

_____, “Novela do Tenente Coronel”, *El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 15 outubro 2000, p. 4.

Con motivo da recente reedicción por parte da Editorial Galaxia, na colección Narrativa de onte, da novela de Luís Otero Pimentel *A Campaña de Caprecórneca* (A Habana, 1898), reflexiona sobre a temática e os recursos lingüísticos da mesma, ao tempo que ofrece datos sobre a biografía e a traxectoria literaria do autor.

_____, “Do seminario ó embarque”, *El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 22 outubro 2000, p. 4.

Lémbranos a figura de Bernardo Rodríguez Ribeira, un estradense que, como tantos outros mozos que abandonaron os estudios eclesiásticos, se viu obrigado a emigrar, dando conta da súa biografía, da súa vinculación ao galeguismo, e da súa producción literaria, que cultivou tanto en galego coma en castelán e “na que está presente unha certa filosofía da vida na que se xuntan a tradición labrega e a as experiencias vividas na gran cidade”.

_____, “Galaxia cruzou o Atlántico”, *El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 5 novembro 2000, p. 4.

Relata a historia da Editorial Galaxia, cómo se fundou, cal foi a súa evolución, o nacemento das sucesivas colecciónes que acolleu, entre elas Illa Nova, que daba cabida aos creadores máis novos como Franco Grande ou Méndez Ferrín, e a súa proxección en América, para sumarse así á celebración do cincuentenario do nacemento da Editorial.

Noia, María Camino, “No cincuenta cabodano de Castelao”, *La Voz de Galicia*, 8 xaneiro 2000, p. 14.

O recordo da morte de Castelao fai que Camino Noia se remonte aos seus comezos no galeguismo, ao que chegou despois de pensar durante moitos anos que o galego era unha lingua “burda que só valía para falar na aldea”, e a modo de homenaxe, fala da figura de Daniel Castelao, que se convertiu nun mito para os novos e novas galeguistas. Deste xeito, lembra a conferencia pronunciada por Ramón Otero Pedrayo en setembro de 1971 no Museo Carlos Maside, na que se falaba da grande admiración que suscitou “o gran político do galeguismo” mesmo entre aqueles que non compartían as súas ideas, para rematar afirmando que Castelao é un modelo de vida a seguir “nesta época na que todo está medido pola gloria do poder.

Otero, David, “Castelao Rivas”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Laíño”, 13 abril 2000, p. 2.

Parte da idea que lle expresou recentemente Antón Lopo de que Rivas era o Castelao dos nosos días, para sinalar as diferencias grandes entre estes dous persoeiros, mais remata sinalando a necesidade que Galicia ten de persoas da valía de Rivas.

_____, “De cultura e de lectura”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Laíño”, 1 xuño 2000, p. 2.

Primeiramente di que estivo a visitar bibliotecas de todo o país na última temporada polo que constata o gran movemento cultural e libresco que provoca o Día das Letras Galegas e a conmemoración do cincuenta aniversario da morte de Castelao. Conclúe dicindo que malia a todo en Galicia, os índices de lectura seguen sendo moi baixos polo que cómpre fomentala.

_____, “¡Máis alá!”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Laíño”, 29 xuño 2000, p. 2.

Fala da escrita do manifesto ¡Máis alá! e pono en relación coa polémica xurdida polo emprego da Historia. Sinala o manifesto como un luceiro de valentía e clarividencia, fronte aos historiadores da meseta como negadores da evidencia e da diferencia.

_____, “A Coruña”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Laíño”, 3 agosto 2000, p. 3.

Relata unha recente visita á Coruña. Vaise referindo aos diferentes lugares polos que pasa ao tempo que refire o pasado galeguista da cidade, para contrapolo co presente negador e espúreo, que renega das orixes e camiña á deriva da nada.

_____, “De hoxe en sete días”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Laíño”, 10 agosto 2000, p. 3.

Refírese á celebración en Pontevedra do Día da Galiza Mártir, no que se honrará a todos os caídos no 36, e en especial a Alexandre Bóveda. Por iso fai un resumo do grande traballo que fixo polo país este galeguista.

_____, “Isaac Díaz Pardo”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Laíño”, 24 agosto 2000, p. 3.

Lembra a súa infancia polas rúas de Compostela e polos arredores, para dicir que daquela non sabía da existencia de Isaac Díaz Pardo. Mais, segundo afirma, co troco de domicilio para o Castiñeiriño soubo da súa historia e do seu labor incansábel, por iso o louva grandemente.

_____, “Otero Espasandín”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Laíño”, 5 outubro 2000, p. 2.

Dá conta da homenaxe que os veciños do Castro en Cerdedo, lle tributaron ao seu veciño Xosé Otero Espasandín no centenario do seu nacemento. Di que actos coma este contribúen a facer patria solidaria onde só houbo exilio e rabia agochada.

_____, “Galaxia”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Laíño”, 12 outubro 2000, p. 3.

Relata metaforicamente o acto celebrado en Santiago de Compostela en homenaxe á Editorial Galaxia, polos cincuenta anos de vida. Polo demais, loa a creación, desenvolvemento e futuro deste proxecto cultural.

_____, “Uxío na luz da aldea”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Laíño”, 2 novembro 2000, p. 3.

Con motivo do primeiro cabodano de Uxío Novoneyra e dunha homenaxe que se lle vai render na súa terra, ten unhas agarimosas palabras para co poeta do Courel. Cualifica ao falecido como “unha voz con luz de aldea”, que nos impulsa a loitar por unha obra común, Galicia, pola que el tanta “devoción” sentiu. Apunta que Uxío será xa por sempre un “referente” para todos os que cren en Galicia, arremetendo contra as voces inimigas.

_____, “Si Caneiro, non perdemos”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Laíño”, 21 decembro 2000, p. 2.

Apostrofando a Xosé Carlos Caneiro, gaba a firmeza das súas ideas galeguistas, que o que subscribe comparte, ademais de solicitarlle que non se renda polo ben de Galicia. Así mesmo, manifesta que “a argamasa da nosa construcción “, de Galicia, é a lingua galega.

Otero de Ameixeiras, “Galaxia”, *Diario de Pontevedra*, “O Outeiriño”, 28 maio 2000, p. 80.

Breve nota na que gaba a valía histórica da Editorial Galaxia por representar para Galicia máis que un selo editorial. Asemade, cita os nomes dos principais persoeiros que conseguiron levar a cabo esta tarefa fundamental de promover a cultura galega.

Pascual Carballo, Alberto, “Poeta do silencio”, *La Región*, “De paso”, 30 xullo 2000, p. 27.

Comeza lembrando a morte do poeta José Ángel Valente en Xenebra. Comenta que aínda que vivise en Almería gustaba de volver ao Norte, onde volveu en forma de cinsas. Compara a densidade da súa poesía coa das obras de Kant, Heidegger ou coa das nubes, e salienta a súa condición de poeta á marxe das modas xeracionais. Ao remate transcribe uns versos seus arredor da propia morte.

Pena, Xosé Ramón, “Méndez Ferrín na Academia”, *Faro de Vigo*, 9 outubro 2000, p. 14.

Refírese á entrada de Xosé Luís Méndez Ferrín na Real Academia Galega como un fito histórico para a literatura galega, á vez que un sinal de normalidade por comezar algunha institución galega a representar dignamente ao pobo. Por este motivo, afirma que Méndez Ferrín é un espléndido representante dos escritores na Academia.

Penelas, Carlos, “Seoane: galleguismo y universalidad”, *Galicia en el Mundo*, nº 382, 24-30 xullo 2000, p. 3.

Refírese á capacidade evocadora da obra plástica de Luís Seoane, que fai ao autor do artigo remexer na memoria da realidade e na memoria dos soños para buscar as súas orixes galegas. Por este motivo, di que só obras como a de Seoane son capaces de crear estas sensacións.

_____, “Soledad e insurrección”, *Galicia en el Mundo*, nº 383, 31 xullo-6 agosto 2000, p. 2.

Fala da soidade na que vivía nos anos setenta cando a xuventude o esperanzaba e as moitas lecturas lle dicían por onde tería que andar, á vez que o tempo de rebeldía e de soños posíbeis. Tamén se refire a José Ángel Valente xusto no momento da súa morte para louvalo e recoñecerlle a súa valía de poeta.

V.6. Publicacións en xornais: artigos de opinión ou colaboracións fixas

Pereira Valcárcel, Manuel, “Memoria e adxectivos”, *O Correo Galego*, “A vida en serio”, 23 abril 2000, p. 3.

Artigo no que se pretende xustificar a escrita literaria como forma de permanencia na memoria, propia e allea, e como xeito de sentirse vivo fronte á vida que esmorece e desaparece.

Pinto Antón, Juan Antonio, “Tempo de ler”, *El Progreso*, “Tribuna”, 22 maio 2000, p. 9.

Denso artigo no que o autor mostra o seu desexo de que a xente lea libros. Para iso dá unha serie de argumentacións que fan máis que necesario este pracer. Polo demais di que o home só pode ser libre coa lectura.

Piñeiro, Antonio, “Nunca é tarde para volver a un poeta”, *La Región*, “De paso”, 29 xullo 2000, p. 28

Comeza adicando o presente artigo a Pancho, moneco do poeta Jose Ángel Valente, persoa da que fala o artigo. O autor fala de como descubriu a dimensión da obra de Valente a través do premio “Celanova, casa dos Poetas”. Tamén dá noticia dunha conversa telefónica que tivo con el antes do seu pasamento. Relaciona a súa morte coa atención renovada coa que o autor le os seus poemas e remata o artigo evocando uns versos seus.

Precedo Lafuente, Jesús, “Brañas, en el primer centenario de su fallecimiento”, *El Correo Gallego*, “Tribuna libre”, 1 agosto 2000, p. 32.

Sinala que, por mor dos cen anos do pasamento de Alfredo Brañas, a fundación que leva o seu nome editou unha serie de pequenos libros de estudio da súa obra. Refírese, sobre todo, a aqueles libros nos que fala do rexionalimo, polo que, segundo se tira dos libros estudiados, recrimínalle Brañas que tirara do Romantismo para os seus estudios de historia.

_____, “El Padre Sarmiento y los catalanes”, *El Correo Gallego*, “Tribuna Libre”, 20 agosto 2000, p. 73.

Refírese á mala impresión que lle causaron ao Padre Sarmiento os cataláns que viñeron a Galicia para implantar as súas fábricas de salazón. Di que a súa defensa dos valores galegos levouno a ver con malos ollos a estes novos ricos alleos á cultura e tradición de Galicia.

_____, “O xornalista Alfredo Brañas”, *O Correo Galego*¸ “Torre do reloxo”, 18 setembro 2000, p. 3.

Fala do libro *Brañas xornalista. Un labor descoñecido*, de Francisco Campos Freire. Analiza, moi brevemente, as principais características do libro e as liñas de publicación máis salientábeis que deu a coñecer Alfredo Brañas.

Queizán, María Xosé, “Promocionar a lectura”, *La Voz de Galicia*, 31 decembro 2000, p. 18.

Realiza un alegato a favor dos libros e da lectura, salientando a súa importancia na formación cultural das persoas. Apunta que a través dos libros se pode chegar a aprender de todo, destacando que neles “non só se descobre o mundo, se cultiva a imaxinación, senón que tamén se exerce a crítica”. Remata facendo un chamamento ás familias e aos colexios para que lle dea pulo á lectura, pois esta pode ser, en gran medida, un bo remedio contra o fracaso escolar.

Raña, Román, “Castelao, en defensa da poesía”, *Faro de Vigo*, 25 marzo 2000, p. 30.

Fala de como explicou, partindo dunha “Cousa” de Castelao, a pervivencia da poesía, e incluso a súa superioridade á ciencia, do “misterio á razón inquisitiva”.

Rielo, Pedro, “Unha novela exemplar”, *O Correo Galego*, “Tempus fugit”, 18 xuño 2000, p. 3.

Lémbrase a ruptura que supuxo a aparición de *Crime en Compostela* (1984), que abriu Galicia á novela negra, rompendo cunha tradición moi encorsetada, aínda que aumenta tamén os textos anteriores e renovadores de Fernández Ferreiro. Opínase que esta novela é máis ca un texto de calidade: constitúe un fresco dunha sociedade que encetaba os carreiros dun sistema de democracia representativa. Infórmase de que o libro está traducido ao español e critícase o escaso apoio que esta obra recibiu no seu momento.

_____, “Manuel María, o poeta e a lingua”, *O Correo Galego*, “Tempus fugit”, 23 xuño 2000, p. 3.

Loanza da figura de Manuel María na que se presenta a este escritor como o autor que “esta destinado a ser o poeta nacional deste país”. Infórmase tamén da súa relación con Novoneyra. Así mesmo, destácase o vínculo existente entre Manuel María e o tempo que lle tocou vivir. Saliéntase, ademais, a importancia que a paisaxe ten nas súas composicións. Finalmente, dáse conta da existencia dunha tese lida na Universidade da Coruña e que sinala como tema central da poesía deste autor a unión do pobo e da lingua.

_____, “Na morte do poeta silencioso”, *O Correo Galego*, “Tempus fugit”, 28 xullo 2000, p. 3.

Gabanza da sobriedade e da coherencia vitais e literarias de José Ángel Valente, en consonancia coa doutrina taoísta. Compárase a súa soidade coa soidade por antonomasia do corredor de fondo.

_____, “O capitán Xaime Illa”, *O Correo Galego*, “Tempus fugit”, 24 setembro 2000, p. 3.

Con motivo dunha visita á exposición “Palabras para un país”, sobre a historia da editorial Galaxia, en compañía de Illa Couto, Rielo rememora as dificultades que rodearon o nacemento desta editora: a censura, o rexeitamento aos libros en galego… Tamén valora que ese movemento cultural non se cinguise á literatura e que deitase publicacións como a célebre *Revista de economía*.

_____, “Académico Ferrín”, *O Correo Galego*, “Tempus fugit”, 4 outubro 2000, p. 2.

Valora a transcendencia do ingreso de Ferrín na Real Academia Galega pola súa calidadade literaria e por ser unha conciencia crítica do país. Rielo di que esta entrada se debe ao desexo de traballar dende dentro do sistema a prol dos seus ideais e comenta a importancia que tivo para a aceptación do ingreso a concordancia co proxecto do presidente Del Riego.

_____, “A fiestra de Ovidio”, *O Correo galego,* 19 decembro 2000, p. 3.

Reflexiona sobre a pintura de Ovidio Murguía, reunida na actualidade nunha colección de 60 obras pola Fundación Barrié. Principia aludindo á temperá afección do fillo de Rosalía de Castro por esta actividade artística, pola que ás veces, di, era reprendido polos seus pais, salientando que o de pintar era un soño que se fai realidade ao abrir un estudio na Coruña. Cualifica a súa arte de intimista, “romántica”, ademais de destacar a súa predilección polas paisaxes.

Ríos, Xulio, “Un día con Plácido Castro”, *La Voz de Galicia*, 24 xaneiro 2000, p. 11.

Artigo laudatorio de Plácido Castro, do que ofrece os datos máis relevantes da súa biografía: a súa estadía en Inglaterra, as traduccións a abrumadora elección como secretario de Relacións Internacionais no Congreso do Partido Galeguista, etc.

Rodríguez, Carlos Luís, “Literatura en negro”, *El Correo Gallego*, “A bordo”, 31 marzo 2000, p. 2.

Polemízase coas palabras da deputada do BNG, Pilar García Negro, nas que consideraba que a literatura feita por Camilo José Cela non era literatura galega.

_____, “La palabra artesana de Valente”, *El Correo Gallego*, “A bordo”, 19 xullo 2000, p. 2.

Con motivo do pasamento de Valente, Carlos Luís Rodríguez comenta que a actividade poética é hogano a depositaria derradeira do valor connotativo que as palabras posuían nas vellas culturas orais, dentro dunha perspectiva romántica de continuidade cultural diacrónica e dunha persistencia da figura do bardo. Alén diso, sinala que o poeta tivo unhas vivencias moi ricas -que xuntaron nun crisol a biblioteca de Basilio Álvarez e as experiencias venecianas, helvéticas…que lle regalou ao mundo en forma de poesía.

Rodríguez de las Heras, Manuel, “José Ibáñez Fernández”, *El Progreso*, “Tribuna”, 3 agosto 2000, pp. 9/64.

Co gallo do centenario do nacemento do autodidacta monfortino José Ibáñez Fernández, o articulista lembra varias pasaxes biográficas. No relativo á literatura galega, comenta que compuxo poesía e publicou o *Diccionario galego da rima* (1965). Así e todo, foi o dramático o xénero que máis traballou: Rodríguez de las Heras cita unha ducia de obras. Alén disto, tamén se menciona a súa relación coa música popular e a actividade crítica que desenvolveu nas páxinas de *El Progreso*, asinando como Xan da Fouce.

Rodríguez Fer, Claudio, “Nace un poeta”, *La Voz de Galicia*, 19 xullo 2000, p. 50.

Breve artigo no que se recollen palabras de José Ángel Valente sobre a súa cidade natal, Ourense. Rodríguez Fer, biógrafo de Valente, comenta que “naceu e viviu para nunca e para sempre en Augasquentes ou en Aguas Calientes, porque ninguén pode nacer e vivir nas mesmas augas nin non nacer nin non vivir fóra delas”.

Rodríguez Maneiro, “Malestar de algunos libreros”, *El Ideal Gallego*, “Pluma del día”, 9 agosto 2000, p. 18.

Critica a circular pola que a Federación Galega de Libreiros obriga a que os postos da feira herculina do libro oferten unha cuarta parte dos títulos, como mínimo, en galego, á parte de ter que ser esta a lingua de máis da metade dos volumes do conxunto da feira. A seguir, congratúlase do incumprimento desta norma posto que as vendas en “lengua nacional” quintuplican as da “lengua vernácula”. Alén diso, tamén se queixa de que a megafonía prepondere o galego sobre o español, dada a grande afluencia de forasteiros. Finalmente, sinala que emite esas opinións dende unha posición de neutralidade.

Roel Villanueva, Antón, “Ferrín e Pontevedra”, *A Nosa Terra*, nº 965, “Aldea global”, 14 decembro 2000, p. 19.

A propósito dun artigo de Méndez Ferrín, comenta a estreita relación do autor de *Arraianos* coa cidade de Pontevedra. Sinala que nese artigo, sobre o café Carabela, lugar de importancia cultural, o académico lembra as súas andanzas pola cidade do Lérez, deixando trasver o profundo cariño que por ela sente. Conclúe pedindo o recoñecemento de Pontevedra para con Ferrín, pois ao seu parecer este “é un dos mellores cronistas, de vivencias e da historia de Pontevedra”.

Rosales, Manuel, “A dimensión política de Castelao (I)”, *Redacción Xove*, “Ano de Castelao”, febreiro 2000, p. 15.

Coméntase, brevemente, a dimensión política da vida de Castelao, que se fixo político “por amor ó seu pobo”. A seguir, cita parte das obras de Castelao nas diversas facetas do autor como o álbum *Nós* (1918), “denuncia aceda das tremendas augurias do decotío labrego e mariñeiro”; a coordinación da revista *Nós* ou a participación na fundación do Museo de Pontevedra. Así mesmo, cita algunhas das obras do rianxeiro como *Un ollo de vidro*, *Cousas*, *Retrincos* ou *Os vellos non deben de namorarse*, entre outras.

Rubia, Xoán, “Isaac Díaz Pardo”, *Diario de Ferrol*, 3 setembro 2000, p. 22.

Rubia di que calquera ocasión é boa, como a de que faga oitenta anos, para homenaxear a Díaz Pardo, a quen cualifica de galeguista, modesto e traballador. Felicítase porque as homenaxes lle estean a chegar en vida e gaba o seu labor de recuperador da memoria histórica de Galicia, con iniciativas como Ediciós do Castro ou o Museo Carlos Maside.

V.6. Publicacións en xornais: artigos de opinión ou colaboracións fixas

Santiago Bolaños, Marifé, “Valente y Ourense: El lugar del canto”, *La Región*, 18 decembro 2000, p. 15.

Alude ao significado que Ourense ten para José Ángel Valente, un mestre da palabra que, di, non cría no vocábulo “patria”. Mais, sen embargo, apunta que a cidade das Burgas estivo sempre moi presente na súa obra, como “o lugar do seu canto”. Sinala, así mesmo, que a pesar de ter malas lembranzas do Ourense da súa infancia, o poeta soubo extraer o máis “profundo” e íntimo de “Augasquentes”.

Sar, Máximo, “Yo ayudé a ‘secuestrar’ a Manoel Antonio”, *El Correo Gallego*, “En el 2000”, 6 febreiro 2000, p. 2.

Refírese ao que foi denunciado como “secuestro” de parte da obra de Manuel Antonio durante as xornadas celebradas en Rianxo, con motivo da homenaxe a Castelao. Lembra como, co consentimento da nai do poeta en 1956, foi recollido material que este deixara na súa casa de Rianxo polo articulista, Borobó, Roxerius e mais García-Sabell, depositario deste espolio, parte do cal di que foi publicado en dous volumes, *Poesías* e *Correspondencia*, mentres que da parte restante di que agarda a súa pronta publicación e lamenta a interpretación que se lle deu aos feitos.

Seixas, Miguel Anxo, "*Doctrina Galicianista*", *O Correo Galego*, "A Maltrana", 10 xaneiro 2000, p. 3.

Comeza aludindo á edición facsimilar feita pola librería Couceiro, con motivo do seu trinta aniversario, do folleto *Doctrina galicianista*, asinado por Pero Pardo de Cela, seudónimo de Constantino Horta e publicado en 1905 na Habana. Deste autor, ademais doutras moitas actividades, saliéntase a súa defensa de Galicia en artigos aparecidos nas revistas *Nova Galicia*, de Buenos Aires e *Galicia*, da Habana. Tamén se di que foi director da revista ilustrada *Galicia*, da Habana e socio protector da Asociación Iniciadora y Protectora de la Academia Gallega de 1906, así como promotor dunha Liga Regional Gallega, autor dun manifesto de condena polos asasinatos de Oseira ou colaborador na fundación da Unión Redencionista Gallega de 1911, entre outros.

_____, “O verán de C. Gasquoine”, *O Correo Galego*, “A Maltrana”, 24 xaneiro 2000, p. 3.

Refírese a dúas obras de C. Gasquoine Hartley escritas sobre a visita que realizou a España e a Galicia, a principios de século e afirma que algúns dos capítulos foran xa incluídos en *Aventureiros e curiosos. Relatos de viaxeiros estranxeiros por Galicia. Séculos XV-XX* (1994), traducidos por Leandro García Bugarín. Recolle a publicación da obra completa baixo o título de *Un verán en Galicia* (1999), traducida por Xosé Mª Gómez Clemente e ilustrada por Teresa Cámara, e na que a autora inglesa nos achega a súa visión da Galicia de principios do século XX e da súa cultura. Dende a súa entrada en Vigo, pasa logo a lugares como Mondariz, a illa da Toxa, Santiago de Compostela, A Coruña ou o interior de Ourense. Deles deixa as impresións que máis lle chaman a atención, como a arquitectura de Santiago ou as xentes dun país que permanecía descoñecido en Europa.

_____, “*Galicia dende Salamanca*”, *O Correo Galego*, “A Maltrana”, 31 xaneiro 2000, p. 3.

Fálase do número dous de *Galicia dende Salamanca* (1999), revista editada polo Lectorado galego de Salamanca, na que colaboran a área de galego e portugués da Universidade de Salamanca e a Consellería de Educación da Xunta de Galicia. Dise que este número está totalmente en galego se exceptuamos unha entrevista en castelán a Blanco Amor, publicada xa en 1978, unha carta inédita do mesmo autor e uns poemas en portugués. Conta esta publicación con sete seccións: “Artigos”, “Ensaios”, “Homenaxes”, “Entrevistas”, “Creación Literaria”, “Traduccións” e “Recensións”, nas que colaboran numerosos nomes.

_____, “Actas de Trier”, *O Correo Galego*, “A Maltrana”, 7 febreiro 2000, p. 3.

Dá conta da aparición das *Actas do Vº Congreso Internacional de Estudios Galegos* celebrado en Treveris, en edición de Dieter Kremer, salientando que o fío conductor da primeira sección é “A imaxe e o concepto de galego fóra e dentro de Galicia”. Lembra que nesta mesma universidade xa se celebrara en 1980 outro encontro baixo o título de *Tradición, actualidade e futuro do galego*, ademais da publicación dende 1996 da revista *Galicien Magazin* ou outros encontros en diferentes lugares do mundo, cos que di que tenta ofrecer un foro de intercambio e discusión en todas as disciplinas científicas que tratan de Galicia. Remata destacando o papel desta Asociación Internacional de Estudios Galegos como descubridora e integradora dos galicistas do mundo.

_____, “Mini-relatos”, *O Correo Galego*, “A Maltrana”, 14 febreiro 2000, p. 3.

Céntrase no contido da obra *Mini-relatos* (1999), editada pola Librería Cartabón de Vigo e coordinada por Fran Alonso, da que sinala que está composta por relatos moi breves de vintesete autores novos galegos dos máis variados estilos. Recolle o nome de todos os participantes, entre os que aparece Anxo Angueira, Carlos Caneiro, Xavier Queipo ou Xurxo Souto, e comenta que tamén se inclúe unha fotografía de cada un deles. Indica que o que se persegue na obra é a “brevidade, narración na súa expresión máis mínima, concisión, relato en estado puro” e remata co agradecemento polo interese dos propietarios en agasallar aos clientes cunha obra pouco habitual.

_____, “Castelao e o teatro*”, O Correo Galego*, “A Maltrana”, 3 abril 2000, p. 3.

Análise da relación de Daniel R. Castelao co teatro, con motivo da exposición “Castelao e o teatro. Escenografías” presente no Museo de Pontevedra, e na que repasa, polo miúdo, dende os contactos iniciais como decorador de diversas obras, entre elas *Divinas Palabras*, de Valle-Inclán, pasando pola participación en *A man da Santiña* (1919), de Ramón Cabanillas, e a asistencia en París a obras de autores rusos, ata a súa idea de fundar un Teatro de Arte. Tamén alude á súa propia producción con obras como *Un ollo de vidro. Memorias dun esquelete* (1923), ou *Pimpinela*, que logo pasaría a formar parte de *Os vellos non deben de namorarse* (1953), explicando amplamente os avatares que pasou co exilio do autor ata a súa representación en Buenos Aires e Montevideo en 1941.

_____, “Lence-Santar etnógrafo”, *O Correo Galego*, “A Maltrana”, 17 abril 2000, p. 3.

Achega á figura de Eduardo Lence-Santar con motivo da publicación da obra recompilatoria de todos os seus artigos referidos a etnografía: *Eduardo Lence-Santar. Etnografía mindoniense*, de Armando Requeixo, no que se recollen as súas colaboracións en *El Compostelano* e as recompilacións que realizou. Fai un repaso biográfico e salienta as súas moitas publicacións en xornais e revistas de Galicia dende as súas primeiras colaboracións coa Real Academia Galega en 1906, *El Compostelano*, *Galicia*, ou *Cultura Gallega* da Habana, entre outras moitas. Tamén se refire á intención do autor mindoniense de publicar as súas recompilacións nunha obra que levaría o título de *Folklore da terra de Mondoñedo*, da que se conserva unha copia na Fundación Penzol pero que non chegou a ver a luz ata o de agora.

_____, “Eladio Rodríguez González”, *O Correo Galego*, “A maltrana”, 3 xullo 2000, p. 3.

Felicita a Academia por escoller a don Eladio para consagrar o Día das Letras 2001, porque permitirá revisitar a obra poética, xornalística e lexicográfica deste ex-presidente da devandita institución. Dá conta da publicación polo Instituto da Lingua Galega do *Diccionario de diccionarios*, que inclúe o xa hai tempo esgotado de don Eladio. A maioría do artigo dedícase a glosar a xénese e a historia editorial desta obra lexicográfica.

_____, “Castelao nos Estados Unidos”, *O Correo Galego*, “A Maltrana”, 5 xuño 2000, p. 3.

Dá conta da aparición neste ano de *Castelao, propagandista da república en Norteamérica*, da man de Ediciós do Castro. O texto do artigo narra o periplo de Castelao polos Estados Unidos, con especial atención ás conferencias que pronunciou, aos contactos cos colectivos do exilio, ás colaboracións coa prensa norteamericana, á continuación do seu traballo literario e pictórico… Todas as informacións deste artigo están tiradas da obra devandita.

_____, “As imaxes de Castelao”, *O Correo Galego*, “A Maltrana”, 19 xuño 2000, p. 3.

Alén de representacións escultóricas, fotográficas…, informa da abundancia de retratos de Castelao, debido tanto ao seu propio traballo canto á obra doutros artistas. Di que está por facer un inventario das representacións de que foi obxecto o rianxeiro. Seguidamente valora a celebración da exposición *As imaxes de Castelao (fotobiografía)*, que se está a celebrar na capital do Lérez e que inclúe material gráfico inédito ademais doutro xa coñecido.

_____, “Galegos mortos”, *O Correo Galego*, “A Maltrana”, 21 agosto 2000, p. 3.

Artigo centrado nas persoas que deron a súa vida por Galicia, comezando polos mártires de Carral. Inclúe un chamamento á erección dun monumento que recolla o nome de todos os mártires galegos dende o alzamento de 1936. Así mesmo, salienta a homenaxe continua a estes caídos polo país que supuxo a obra de Castelao, especialmente a pictórica, gráfica e ensaística.

_____, “Halffter e Galicia”, *O Correo Galego*, “A Maltrana”, 11 setembro 2000, p. 3.

Colaboración centrada na figura de Rodolfo Halffter, con motivo dunha exposición da súa obra na galería Sargadelos de Compostela. Sinálase que este compuxo, en 1967, o poema “Desterro” para canto e piano, estreada dous anos despois na capital mexicana, coa colaboración de Xosé María Álvarez Blázquez.

Seixas Seoane, Miguel Anxo, "Castelao: co pensamento en Galicia", *El Progreso*, "Tribuna", 25 setembro 2000, p. 9/p. 69.

Seixas Seoane, na súa calidade de comisario xeral da exposición "Castelao, 50 aniversario", traza unha biografía básica do polifacético rianxeiro. Comeza pola emigración á Pampa para centrarse a seguir, no seu agromar artístico e no achegamento ao nacionalismo. Continúa cos seus traballos etnográficos e literarios e o paso á primeira liña política e os problemas que isto lle carrexou. Finalmente, céntrase na súa actividade no exilio ata a data do seu pasamento, ocorrido o 7 de xaneiro de 1950.

Siro, “As cartas inéditas”, *La Voz de Galicia*, 27 xaneiro 2000, p. 82.

Alusión irónica ás diferentes participacións de relatores nas xornadas en homenaxe a Daniel R. Castelao, entre os que están Pilar García Negro, que falou sobre o móbil creador de Castelao; Xosé María Dobarro, que disertou sobre a relación de Castelao e Otero Pedrayo co teatro galego; Mª do Carmo Kruckenberg, que leu tres cartas inéditas do rianxeiro aos irmáns Vilar Ponte, en dúas das que tenta convencer a Antón para que se integre no Partido Galeguista, e finalmente, Carlos Casares que falou sobre os galeguistas do interior que disentiron de Castelao.

_____, “Unha perfecta última xornada”, *La Voz de Galicia*, 30 xaneiro 2000, p. 92.

Visión irónica da clausura do Congreso sobre a figura de Daniel R. Castelao, na que alude ás diferentes participacións, entre elas as de Andrés Torres Queiruga, Avelino Pousa Antelo, Amancio Liñares ou Clodio González. Salienta a interpretación de David Otero Fernández dun cantar de cego, no que se refire á fe no futuro colectivo dos galegos con Castelao de guía. Finalmente, denuncia a falta dun maior debate e considera que coas *Actas do Congreso* todos poderemos aprender máis sobre esta figura.

Sixto Seco, Agustín, “Máis alá do alén”, *El Correo Gallego*, “De porta en porta”, 19 febreiro 2000, p. 3.

Refírese á presentación de *Máis alá do alén*, de Xulio Fernández Pintos na librería Couceiro de Santiago, dando conta da participación do responsábel da Editorial Toxosoutos que reivindicou o cualificativo de “historias” para se referir aos trece contos que forman a obra, ou X. M. González Reboredo, que falou do “fantasioso labirinto” que se percorre dende o inicio ata o final da obra. Salienta da presentación o ser un motivo de encontro de moita xente, entre ela algúns amigos da xuventude que lle fixo lembrar os anos mozos e de compromiso coa cultura galega.

_____, “A Tuna de 1888 en ‘Café con gotas”, *El Correo Gallego*, “De porta e porta”, 4 marzo 2000, p. 3.

Dá conta da publicación facsimilar do semanario satírico *Café con gotas* e da conferencia de Carro Otero sobre a Tuna Compostelana de 1888, considerada orixe da de Coimbra, na súa viaxe por Portugal. Describe o artigo que no facsímile aparece sobre a agrupación no nº 11 do 5 de febreiro de 1888 e no que se describe polo miúdo quen son os seus integrantes, así como o éxito que acadaron no país veciño, reproducindo dous versos dun poema que Antonio Fogaça lle adicara a esta tuna. Remata aludindo ao equipo que fixo posíbel a edición facsimilar desta obra, dirixido pola profesora Margarita Santos Zas.

_____, “A arte da conversa”, *El Correo Gallego*, “De porta en porta”, 1 abril 2000, p. 3.

Comeza referíndose ao ciclo de conferencias dirixido por Xavier Conde na Coruña, no que participaron autores como F. Sabater, M. Vicent e M.V. Montalbán, presentados por X. L. Valcárcel, Suso de Toro e Víctor Freixanes, para logo centrarse nos “Diálogos na Casa de Rosalía”, encontros dos que salienta a busca de diálogo entre os participantes con nomes como Carme Blanco, Fernán Vello, Ana Romaní ou María Xosé Queizán, entre outros. Tamén adianta a participación de persoeiros como Neira Cruz, Paco del Riego ou Anxo Tarrío nestes faladoiros e remata aludindo á inmediata creación do Centro de Estudios Rosalianos.

_____, “Prata para Euloxio Ruibal”, *El Correo Gallego*, “De porta en porta”, 6 maio 2000, p. 3.

Fai referencia á entrega da medalla de prata da Casa de Galicia en Madrid a Euloxio R. Ruibal, con motivo dos seus “25 anos de autor dramático”, na que salienta a presencia de J. Monleón, X. M.ª Paz Gago, Laura Tato e Anxo Abuín. Tamén destaca a súa dilatada producción dramática con obras como *Zardigot* ou *O son da buguina* (1999). Remata felicitando á Casa de Galicia en Madrid e ao autor con alusións á súa bonhomía e calidade literaria.

_____, “Un neto de Rosalía”, *El Correo Gallego*, “De porta en porta”, 21 xuño 2000, p. 3.

Explica Agustín Sixto que tivo noticia, por medio de X. Naya en 1970, de que Ovidio Murguía, fillo de Rosalía, deixara preñe unha moza en Madrid no momento da súa morte. Sinala, así mesmo, que, canda el, Borobó exhumou recentemente este asunto. Tamén dá conta de que contactou nos anos setenta co presidente do Centro Galego de Madrid, xeneral Lobo Montero, e co ministro do Interior, J. J. Rosón, para achar a Visitación Oliva, a moza de Ovidio Murguía. Finalmente, recoñece que esas xestións non tiveron froito.

_____, “Ramón Piñeiro dez anos despois”, *El Correo Gallego*, “De porta en porta”, 26 agosto 2000, p. 3.

Lembranza de Ramón Piñeiro dez anos despois do seu pasamento, na que rememora os últimos días do intelectual galego, que morría en Santiago de Compostela rodeado dos seus. Tamén se pregunta se este aniversario terá repercusión na cultura galega, malia que el rexeitara toda homenaxe para si pero era un activo promotor da doutros. Remata salientando a importancia do seu papel como defensor da lingua e duns postulados hoxe denominados “piñeirismo”, cos que propuña pasar dun partido galeguista a que todos os partidos que existiran en Galicia foran galeguistas.

Soto, Juan, “Rielo”, *El Progreso*, “Se re varia”, 16 marzo 2000, p. 80.

Con motivo do falecemento de Nicanor Rielo Carballo, destaca a humildade e a discreción como trazos definitorios da súa personalidade e destácao como un dos máis importantes bibliófilos de Galicia. Defíneo tamén como a antítese do canónigo *Calvo*, clérigo lucense do século XVIII, quen queimaba os manuscritos que el non entendía. Finalmente, remata comentando que, seguramente, o paraíso para Rielo será un vello taller de tipografía.

_____, “Valente”, *El Progreso*, “De re varia”, 19 xullo 2000, p. 72.

Reflexión sobre a nula atención que provocaban as visitas de José Ángel Valente a Galicia, a pesar de ser o centro dun programa da Televisión de Galicia que incluía declaracións do propio poeta.

_____, “Trapero”, *El Progreso*, “De re varia”, 28 setembro 2000, p. 80.

Con motivo do centenario do nacemento de Trapero Pardo, lembra o seu traballo en medios xornalísticos diversos, dos que destaca: *La Voz de Mondoñedo*, *Vallibria*, *La Voz de la Verdad* e *El Progreso*. Alén disto, opina que consiguiu conectar co seu lectorado gracias a un estilo sinxelo e claro, sen ornamentacións innecesarias.

_____, “Normalización”, *El Progreso*, “De re varia”, 30 setembro 2000, p. 80.

Soto celebra que a Academia incorpore a Ferrín, cancelando así unha inxustiza histórica. Culpa desta apertura á sociedade da centenaria institución a Fernández del Riego. Non obstante, cre que hai outros ilustres ausentes, como Neira Vilas, que tamén deberían ser chamados a ocupar unha cadeira. Alén disto, lembra o columnista a entrada na Academia do Xeneralísimo, a proposta do presidente Manuel Casás, que pretendía con esta designación salvar do peche a institución.

_____, “Piñeiro”, *El Progreso*, “De re varia”, 12 outubro 2000, p. 88.

Alude á controversia entre Fraga e Beiras no debate do Estado da Autonomía sobre Ramón Piñeiro, criticando a apropiación que todos queren facer desta figura e doutras como a de Castelao, polo que opina que debería ser un delicto dita apropiación, posto que o interesado non pode defenderse por estar morto.

Suárez Suárez, Manuel, “Hai cincuenta anos, en Montevideo”, *O Correo Galego*, “Memorias riopratenses”, 17 agosto 2000, p. 2.

Artigo centrado na importancia que tivo a emisión dominical de “Sempre en Galicia”, programa nado en 1950 na uruguaia Radio Carve. Menciónase que nese espacio radiofónico, que supuxo un instrumento para o galeguismo de alén-mar e que aínda existe, participaron inicialmente Pedro Couceiro, Lois Tobío, Manuel Meilán, Antón Crestar ou Xesús Canabal.

Tarrío Varela, Anxo, “Cartas queimadas”, *El Correo Gallego*, “A baloira”, 3 xaneiro 2000, p. 3.

Reflexiona sobre o dereito da crítica a acceder aos epistolarios privados, con motivo da polémica entre Marina Mayoral e Javier Marías sobre as cartas de Rosalía de Castro a Manuel Murguía e destruídas por este pouco antes de morrer. Recoñecendo o valor dos epistolarios para un mellor coñecemento dos persoeiros estudiados, lamenta a perda destas cartas nas que se supón que a autora, como noutras que se conservan, fala da vida cotiá e dos problemas aos que se enfronta día a día dándonos unha imaxe moi diferente da de muller “paciente” e “chorosa” que algúns quixeron fomentar dela. Tamén agarda que, con motivo do Día das Letras Galegas adicado a Murguía, apareza material inédito e en mans particulares que axude a coñecer mellor a estes dous persoeiros. Remata recoñecéndolle o dereito a Murguía de dispor dunhas misivas das que era o destinatario e criticando o elevado ton da controversia entre os dous autores citados.

_____, “Borrar pasados”, *El Correo Gallego*, “A baloira”, 10 xaneiro 2000, p. 3.

Con motivo do cincuentenario da morte de Daniel R. Castelao e os moitos traballos que aparecen referidos ao autor rianxeiro, o articulista reflexiona sobre os cambios experimentados na literatura galega, dende o Rexurdimento e a Época Nós, e a propia historia que estivo silenciada durante a dictadura franquista, empregando unha anécdota persoal para ilustrar o descoñecemento no que vivían as xeracións mozas dos anos cincuenta. Salienta, por outra parte, o gran coñecemento que os máis vellos tiñan da figura de Castelao, pola sona que acadara nos anos vinte, e remata lembrando que só a partir de 1975 se puido traballar na recuperación da literatura e no coñecemento da verdadeira historia.

_____, “Inventario fin de século”, *El Correo Gallego*, “A baloira”, 8 maio 2000, p. 3.

Panorámica da literatura galega nos últimos vintecinco anos, lembrando a feble situación que viviu dende 1863, ano da publicación de *Cantares Gallegos*, de Rosalía de Castro. Apúntanse diferentes aspectos como o cambio no perfil do escritor galego, con máis presencia feminina e unha maior diversidade “social e ideolóxica”, así como a presencia de xente moi nova escribindo que rompe cos canons e busca a innovación. Tamén apunta a aparición e consolidación da literatura infantil e xuvenil, xénero que considera en moitos aspectos á cabeza da producción literaria europea do xénero, como un dos factores de cambio xunto con outros estructurais como a autonomía do mundo editorial, a modernización do proceso de producción, distribución, competitividade e promoción de xéneros que antes non existían. Remata referíndose ao papel da crítica e estudios sistemáticos que poñen a literatura galega ao nivel das do contorno, ademais da atención ás numerosas traduccións, o papel das revistas ou dos soportes máis innovadores como os cibernéticos.

_____, “Literatura e xornalismo”, *El Correo Gallego*, “A baloira”, 12 xuño 2000, p. 3.

Con motivo da celebración das Xornadas “Literatura e Xornalismo” celebradas en Santiago de Compostela, reflexiona sobre a relación que se vén establecendo entre ambas disciplinas e lembra as opinións de diferentes persoeiros ao longo da historia sobre unha e outra profesión, dende Balzac, pasando por Óscar Wilde ou Otto von Bismark ata Lovecraf, nas que supeditan o xornalismo á literatura. Considera que a intrusión é cada vez menor pola especialización que experimentou o xornalismo, e que nas xornadas quedou claro que son “dous xeitos de traballar coa linguaxe”, ademais da busca da análise da realidade fronte á liberdade e a ficcionalización da literatura, e o papel do lector, de análise ou suspensión da mesma, respectivamente.

_____, “Trasatlántico 2000”, *El Correo Gallego*, “A baloira”, 11 setembro 2000, p. 3.

Refírese á celebración de “Trasatlántico. Encontro de escritores na Fisterrae” baixo o título de “O escritor e a crítica”. Comeza sobranceando o marcado carácter de afirmación iberoamericana co que nacen os encontros, a evolución favorábel que tivo e, a seguir, céntrase nas xornadas desta edición das que destaca a idea clara de que o mercado está a substituír á crítica na orientación do público, ou a necesidade de que a crítica sexa primordial dentro do sistema literario. Tamén reclama unha análise da evolución nos últimos anos da crítica dentro do sistema literario galego e remata denunciando as dificultades económicas que teñen que superar os organizadores deste encontro.

_____, “Basilio Losada, esa voz”, *El Correo Gallego*, “A baloira”, 4 decembro 2000, p. 3.

Loa a capacidade oratoria de Basilio Losada do que di que sorprende pola súa verba fácil, espontánea e á vez coidada. Así, manifesta que o profesor posúe o don da “palabra oral”, nada fácil se se compara coa escrita, onde, afirma, aínda se pode borrar, cualificando o que el fai como “verdadeira arte”. Remata sinalando que para ter ese talento requírense unha serie de cualidades.

_____, “Soledad Pite e a súa leal tropa”, *El Correo Gallego*, “A baloira”, 11 decembro 2000, p. 3.

Céntrase en diferentes iniciativas levadas a cabo por Soledad Pite e os seus alumnos do Instituto Rosalía de Castro de Santiago, algunhas delas arredor de figuras como Roberto Blanco Torres (1999), homenaxeado no Día das Letras Galegas; Castelao (2000), morto no exilio hai cincuenta, ou a exposición “Onde vagan os nomes e as horas”, sobre versos de García-Bodaño e con fotografías que mostraban unha ollada diferente sobre a cidade de Compostela. Tamén indica que un dos seus últimos traballos cos alumnos é o libro *Compostela en ollos novos*, no que se recollen abondosas propostas dos rapaces nas que se pode intuír un bo coñecemento da arte e que cualifica como “regalía dos ollos” nunha homenaxe á cidade do Apóstolo.

Toro, Suso de, “Fenómenos’ e escritores”, *A Nosa Terra*, nº 918, “Guieiro Cultural”, 20 xaneiro 2000, p. 6.

Alegato en defensa do éxito de Manuel Rivas como escritor máis difundido de Galicia fronte a algunhas opinións que considera “acedas”. Ante o que se cualifica de “escritor prefabricado”, De Toro fai un percorrido pola biografía de Manuel Rivas lembrando os seus esforzos dentro do mundo do xornalismo nos anos oitenta e a pouca repercusión que acadou, tendo que marchar a Madrid onde acadou o éxito con traballos como *Todo ben* ou *Bonsai Atlántico*. Demanda un estudio da obra de Rivas como tal e non como producto dunha empresa mediática, á vez que aborda o tema do mundo editorial en Galicia e da precariedade que nel observa, así como o poder acadado pola industria da comunicación e do audiovisual en todo o mundo, denunciando a falta de empresas culturais fortes en Galicia. Remata apuntando o estado de transformación que vive a literatura galega na actualidade e considera que o chamado “fenómeno Rivas” é unha das mellores novidades que se deu “na nosa cultura en lustros”.

Torres Regueiro, Xesús, “Un anoxoso incidente na morte de Castelao”, *A Nosa Terra*, nº 926, “Guieiro Cultural”, 16 marzo 2000, p. 34.

Lembranza da figura de Manuel Roel, betanceiro que viviu no exilio ata o ano cincuenta e onde desenvolveu unha grande actividade cultural, especialmente como humorista. Dá conta das súas colaboracións en diferentes publicacións do exilio como *Breogán, Lar, Galicia, Alborada* ou *Revista do Centro Pontevedrés*, entre outras moitas, ademais do desenvolvemento de actividades teatrais e radiofónicas. Céntrase na relación que mantivo con moitos dos persoeiros galegos máis destacados do exilio e dos que gardaba as súas sinaturas e dedicatorias nun álbum que aínda conserva a súa filla, ofrecendo moitos dos nomes que nel se recollen como o de Luís Seoane, Maruxa Villanueva, Arturo Cuadrado ou os pintores Laxeiro e Colmeiro. Salienta como un dos testemuños máis significativos a despedida que lle asinou Daniel R. Castelao un mes antes de morrer e que puideron ser unhas das últimas que o autor rianxeiro escribiu.

_____, “O poeta no silencio”, *A Nosa Terra*, nº 967, 7 decembro 2000, p. 6.

Indica que, a propósito dunha visita a unha exposición de arte en San Domingos de Bonaval, fixa a súa vista nunha serie de detalles que lle chamaron a atención e que agora son obxecto de reflexión . Comenta que tras contemplar a mostra “Diálogos co silencio”, a súa vista detívose nun “currruncho mal iluminado” onde había unhas cantas lápidas, entre elas a de Aurelio Aguirre mal colocada, o cal lle pareceu moi triste. Conclúe pondo de manifesto o pouco recoñecido que está o poeta compostelán.

Umbral, Francisco, “Álvaro Cunqueiro, Sochantre”, *El Mundo*, “*El Cultural*”, “Los Alucinados”, 3 maio 2000, p. 74.

Reivindicación de Álvaro Cunqueiro como un dos clásicos deste século, no que salienta a creación de universos literarios como forma de escapar do mundo que o rodeaba. Alude ao seu gusto pola comida e ás súas viaxes a Madrid, a presencia do anacronismo nas súas obras e do mundo máxico galego que el cultivaba e que logo levaría a autores sudamericanos como García Márquez e Borges a seren universais; mentres que el, por vivir noutra época e baixo un réxime dictatorial, foi esquecido ou só coñecido pola súa obra *Crónicas do sochantre* ou pola galardoada co premio Nadal *Un hombre que se parecía a Orestes*. Tamén destaca na súa obra a carga de “humorismo tácito”, a ironía e a “gracia culta” que fan del un autor actual e por descubrir. Remata denunciando o esquecemento no que caen moitos clásicos en prol das novidades que chegan de Norteamérica.

Valcárcel, Marcos, “A herdanza de Castelao”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 28 xaneiro 2000, p. 3.

Refírese ás Xornadas sobre Daniel R. Castelao que se desenvolven en Rianxo, fixándose naqueles relatorios centrados nas claves ideolóxicas e na personalidade política de Castelao. En relación con isto, reflexiona e dá algún exemplo do interese que diversas forzas políticas, ou estudiosos do autor, teñen en apropiarse ou asociar a personalidade do rianxeiro ás vertentes que lles interesa como táctica nas campañas electorais. Remata indicando que todos poden reivindicar a Castelao pero sen manipulacións e, para iso, o mellor é ler as súas obras nas que se recolle o seu pensamento político.

_____, “O xornalismo de Manuel Rivas”, *La Región*, 31 xaneiro 2000, p. 49.

Breve nota laudatoria á obra e ao éxito que está a acadar Manuel Rivas con obras como *O lapis do carpinteiro* (1998) ou a versión cinematográfica de *A lingua das bolboretas*, baseada en tres relatos do autor. Lembra a calidade dos seus traballos xornalísticos con obras como *Galicia, el bonsai atlántico*, coas que di que está a crear unha imaxe de Galicia fóra dos tópicos. Tamén apunta como unha das mellores mostras do xornalismo literario *Galicia, Galicia*, unha obra que destaca pola súa actualidade.

_____, “O poeta do Diccionario”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 11 febreiro 2000, p. 3.

Texto centrado nas Xornadas adicadas a Eladio Rodríguez González, salientando as intervencións de Francisco Fernández del Riego, que falou sobre as papeletas manuscritas do autor nos fondos da Fundación Penzol; Antón Santamarina, que lembrou que moitos autores de diccionarios actuais empregaron eses apuntamentos na elaboración dos mesmos; Xosé Carlos Sierra, que reflexionou sobre a presencia de elementos etnográficos nos escritos deste autor, e o propio articulista, que fala da poesía de Eladio Rodríguez, quen participou en publicacións como *La Zarpa*, *Mañana* ou *El Noroeste*, xornal que incluía o suplemento “Nós. Páxinas Galegas”, posíbel precedente da revista *Nós*, e no que participaba Castelao na cabeceira gráfica. Reproduce un fragmento poético reivindicativo do autor sobre a diferencia peninsular, aínda que considera mellores obras como *Oraciós campesiñas* (1927), salientando poemas como “O pan noso” ou “A oración santa”, nos que observa a presencia dunha relixiosidade panteista.

_____, “O poeta do viño”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 24 marzo 2000, p. 3.

Evocación da figura de Florencio Delgado Gurriarán a través da mostra adicada ao autor, que percorre diferentes cidades galegas. Salienta o labor desenvolvido polo homenaxeado como animador cultural no exilio a través de revistas como *Saudade* e *Vieiros*, ademais da súa poesía social noutras publicacións como *Nova Galicia* e o seu *Cancioneiro da loita galega* (1943), editado en México baixo o seudónimo de Nadel, do que sobrancea a calidade dos sonetos adicados a Alexandre Bóveda e Segundo García, ou as composicións satíricas contra os falanxistas como “Home pequeno, fol de veneno”. Repasa a súa obra poética con obras como *Bebedeira*, *Galicia infinda* (1963), *Cantarenas* (1985) ou *O soño do Guieiro* (1985). Remata reproducindo algúns versos do poeta adicados ao viño, especialmente os que abren *Bebedeira*.

_____, “Euxenio Montes e Manuel Antonio”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 31 marzo 2000, p. 3.

Céntrase nas reaccións recollidas pola prensa galega dos anos 20 ante a publicación do manifesto “Máis alá” de Manuel Antonio e Álvaro Cebreiro, dende a positiva da revista *Vida* que o ve como un signo de europeísmo, ou o escepticismo de *A Nosa Terra*, ata *La Zarpa* na que aparece a opinión de Vicente Risco, que saúda o manifesto malia consideralo serodio, ademais de salientar a posición de Euxenio Montes, que rexeita o anarquismo dos asinantes e dubida mesmo da súa capacidade creativa. Tamén apunta que Xosé Lesta Meis se manifestou no mesmo xornal contra o manifesto e remata lembrando que anos despois *La Zarpa* lembraría ao poeta rianxeiro xa morto con varias páxinas de poemas e textos de Augusto Mª Casas, Roberto Blanco Torres e X. L. Ramos Colemán.

_____, “O epistolario de Teixeira de Pascoaes”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 21 abril 2000, p. 3.

Con motivo da publicación do volume *Os intelectuais galegos e Teixeira de Pascoaes. Epistolario*, de Isaac Alonso e Eloísa Álvarez, analízase a relación do autor portugués cos intelectuais galegos da época, en especial con Vicente Risco, Noriega Varela e Álvaro Cebreiro. Salienta a colaboración de Teixeira de Pascoaes en publicacións galegas como *Nós*, *A Nosa Terra*, *Alfar* ou *Ronsel*; a continuación, transcribe un fragmento de Vicente Risco no que o trata de “mestre” e outro do propio Pascoaes sobre a relación de Galicia e Portugal, ademais de referirse ao *Epistolario* do que salienta o gran número de documentos (168), as datas desta correspondencia dende 1918 ata 1952 ou os temas que tratan nas mesmas, especialmente o intercambio de material bibliográfico. Remata destacando a importancia das cartas de Antón Villar Ponte de 1921 para “o coñecemento do perfil ideolóxico dos galeguistas dos anos 20 e 30”.

_____, “*Pensa nao*”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 16 xuño 2000, p. 3.

Achégase á obra de Anxo Angueira, considerada un cadro que recolle a etapa anterior á Guerra Civil na que se estaba a producir no campo galego unha importante modernización económica, simbolizada aquí polo pobo de Sernanselle, protagonista da novela gañadora do Premio Xerais. Destaca a escrita entre lírica e épica, a súa estructura coral ou o papel atribuído á emigración americana como autora de novas ideas, aspecto recollido tamén na obra de Xosé Manuel Núñez Seixas *Emigrantes, caciques e indianos* (1998). Remata sobranceando a coidada linguaxe e respectuosa coa oralidade, o que o leva a comparar o esforzo do autor co doutros como Otero Pedrayo ou X. L. Méndez Ferrín. Finalmente, remata coa evocación de Xaquín Lorenzo e Antón Fraguas aos que considera que lles gustaría moito a recreación deste microcosmos “lingüístico e etnográfico” que é Sernanselle.

_____, “Valente volve a Ourense”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 21 xullo 2000, p. 3.

Faise eco da morte do poeta José Ángel Valente e lembra o momento no que o coñeceu a través de Luís López Cid nunha das súas voltas á cidade de Ourense na que foi homenaxeado. Identifica ao poeta coa súa obra *Cantigas do alén* (1997) e a anterior versión de 1981 *Sete cantigas do alén*, así como cos espacios familiares do seu Ourense natal e identificados naqueles poemas dedicados ás xentes máis próximas do poeta como o pai, a nai, o avó ou a tía Lucila Valente, personaxes evocados tamén por Claudio Rodríguez Fer na entrevista publicada en 1998 en *Tempos*. Remata reproducindo algúns versos do poeta referidos á súa concepción da morte.

_____, “Un centenario esquecido”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 6 outubro 2000, p. 3.

Con motivo da celebración do centenario do nacemento de persoeiros da cultura galega como Manuel Antonio, Euxenio Montes ou Luís Acuña, achégase ao escritor Francisco Luís Bernárdez, fillo de emigrantes galegos na Arxentina e nacido en 1900. Sinala que comezou publicando na revista *Nós* prosas líricas como “A estrela y-o aturuxo” e “Apoloxética do cadaleito”, ademais de colaborar en publicacións como *La Zarpa*, *Ronsel* ou *Alfar* e mesmo chegou a ser redactor-xefe de *El Pueblo Gallego* de Vigo. Reprodúcense algúns versos publicados na revista *Ronsel* nos que canta ao Atlántico nunha composición modernista e reprodúcense as súas palabras referidas a Castelao e aos autores ourensáns da súa época recollidas no número conmemorativo desta revista en 1974. A seguir, refírese ás súas obras publicadas xa de volta en América, os seus contactos con revistas nas que tamén participaban galegos como Luís Seoane, Rafael Dieste ou Lorenzo Varela. Remata lembrando unha conferencia do profesor arxentino José Luís Moure en Ourense como un dos poucos actos en homenaxe deste autor e reproduce as súas palabras recollidas en *Lembranza de nós* (1970), nas que o poeta evocaba á súa nai morta en Galicia.

_____, “Homenaxe a Manuel Luís Acuña”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 13 outubro 2000, p. 3.

Repaso dos actos máis significativos en homenaxe de Manuel Luís Acuña, dende o congreso organizado pola Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia arredor do autor ou o acto levado a cabo no Colexio que leva o seu nome de Ourense, ata outros proxectos editoriais para conmemorar o centenario do seu nacemento cun ano de atraso. Centrado na figura do autor, salienta a importancia da súa obra *Fírgoas* (1933), o silencio que mantivo durante a dictadura, así como as diferentes reedicións da súa obra levadas a cabo dende 1979. Tamén recolle a elaboración dun volume a cargo de Ramón Nicolás para Edicións Xerais, no que se agarda a colaboración de estudiosos, escritores e ilustradores.

_____, “Don Paco del Riego: 20 anos”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 20 outubro 2000, p. 3.

Tras louvar a capacidade oratoria de Don Francisco del Riego, lembra a intensa laboura desenvolvida por este a prol do galeguismo no ano 1933, que, di, en parte se ve reflectida nos artigos de seu publicados nos xornais *La Región* e no *Heraldo de Galicia*. Salienta que con só 20 anos xa estaba mergullado por completo na actividade política daquela época, loitando polo nacionalismo. Finaliza recoñecendo que o Presidente da Real Academia Galega é o “símbolo vivo da historia do país”.

_____, “¿Iría Castelao hoxe a misa?”, *La Región*, 27 outubro 2000, p. 25.

Reflexiona sobre a fe de Castelao no catolicismo, do que di foi crente, mais un “crente crítico”. Subliña que o autor de *Cousas* criticou fundamentalmente ao clero no *Sempre en Galiza* pola barbarie á que se prestou durante a Dictadura franquista. Remata afirmando que se o rianxeiro vivise hoxe, igual non estaría de acordo co “silencio” da igrexa galega.

Valín, Ana, “Das nosas vellas, velliñas tradicións”, *O Correo Galego*, “Cousas nosas”, 12 setembro 2000, p. 3.

Refírese a algunhas festas tradicionais celebradas na vila de Rianxo e evoca a dous dos seus fillos máis ilustres: Manuel Antonio e Castelao. Do primeiro apunta que foi, segundo López Casanova, o único representante simbolista da vangarda galega, e salienta o gran número de actos que a vila celebra con motivo do centenario do seu nacemento, e do cincuentenario da morte do segundo, polo que a vila ademais de establecer o ano 2000 como ano de Manuel Antonio e Castelao, celebra numerosos actos entre eles unha mostra de obras teatrais, exposicións, proxeccións audiovisuais ou a presentación de *Conversas con Teresa Castelao, anecdotario dun século de vida* 1999, de Manuel Dourado Deira.

Vázquez, Dora, “Milleiros de voces na *Enciclopedia Galega Universal*”/“A *Enciclopedia Galega Universal*”, *O Correo Galego*/*La Región*, “Lecer”/“De paso”, 2 xaneiro 2000/30 xaneiro 2000, p. 18/p. 37.

Dá conta da publicación do primeiro volume da *Enciclopedia Galega Universal* (1999), da editorial Ir Indo, da que salienta, entre outras cousas, o interese de agrupar nunha obra o saber universal dende unha perspectiva plenamente galega, ademais de que consta de catorce números, dos que se publicou o primeiro e do que di que se corresponde con termos da letra A e con máis de cincocentas páxinas. Tamén destaca a gran cantidade de colaboradores e asesores, entre os que sinala a Blanca Roig Rechou no apartado de literatura infantil e xuvenil, e remata referíndose á gran variedade temática, ás informacións que preceden ao prólogo do volume e a grande utilidade desta obra.

_____, “Rubaiyat’, versión galega”, *O Correo Galego*, “Ronseis”, 25 febreiro 2000, p. 3.

Céntrase na traducción feita por Miguel González Garcés de *Rubaiyat* (1992), do poeta persa Omar Khayyan, obra poética composta por 170 cuartetas na que nos di que aparecen ilustracións de diferentes artistas galegos presentadas por Salvador Fernández Moreda, un prólogo de Xavier Seoane e un limiar do propio traductor González Garcés. Salienta o interese do poeta galego polo persa debido a un gran sedimento, experiencia e vivencias comúns reflectidas nas súas poesías. Ofrece algúns datos biográficos de Khayyan, entre eles a actualidade da súa producción malia ter nacido arredor do ano 1040, ser matemático e astrónomo. Tamén reproduce gran número de versos das cuartetas traducidas por González Garcés, nos que destaca a delicadeza, a éxtase, o soño ou a presencia do viño. Remata cuns versos iniciais da obra *Iniciación e regreso*, de Xavier Seoane.

_____, “Versos para Aurora”, *O Correo Galego*/*La Región*, “Ronseis”/“De paso”, 29 xaneiro 2000/3 marzo 2000, p. 3/p. 25.

Achega a *Versos para Aurora* (1999), de Andrés Pociña, adicados á súa dona e cun limiar de Luz Pozo Garza. Comeza sinalando a beleza dos versos recollidos nesta obra para logo centrarse na estructura da mesma, dividida en cinco apartados “cunha nota sémica común: o amor”. Reproduce un bo feixe de versos nos que aparece sempre a figura da amada sobre a que o poeta proxecta o seu estado anímico, ou lembra viaxes que fixeron xuntos a Venecia, Canadá ou Buenos Aires, ademais da evocación das poetas Rosalía, Luz Pozo ou Pura Vázquez. Finalmente, lembra algunhas palabras de Luz Pozo do limiar, nas que salienta que o amor que expresa Pociña é á muller e á terra, “os dous vínculos que lle dan pulo a este home”.

_____, “O tanxido das campás”, *O Correo Galego*, “Ronseis”, 4 marzo 2000, p. 3.

Achega aos poemas de Rosalía de Castro nos que canta ás badaladas das campás como un dos símbolos da terra que moitos galegos tiveron que deixar para emigrar. Considera que o son das campás presente en todos os recunchos son símbolo de vida que cada un asocia ao seu lugar, tanto dende a alegría coma dende a tristura, e foron símbolo e trasmisoras dos feitos máis trascendentais da parroquia. Reproduce algúns versos de Rosalía referidos ás campás salientando os adicados ás de Bastabales identificadas coa dor e soidade da poetisa.

_____, “Os tanxidos de Anllóns”, *O Correo Galego*, “Ronseis”, 8 marzo 2000, p. 3.

Análise do significado que adquire o son da campá de Anllóns na poesía de Eduardo Pondal adicada á mesma. Asóciao con sentimentos como a emoción e rememoración da infancia do poeta e tamén se refire aos sentimentos que experimentan os viaxeiros, os labregos ou aqueles que regresan á terra, dende a tristeza, ou o respecto ata a alegría da volta que se mestura coa dor. Ilustra cada un destes exemplos con versos de Eduardo Pondal.

_____, “Galicia e os seus símbolos”, *La Región*, “De paso”, 20 abril 2000, p. 23.

Ademais de se referir a algúns dos símbolos de Galicia que foron homenaxeados como a Muller do Emigrante, simbolizada nas “viúvas de vivos” ás que cantou Rosalía de Castro, ou os trobadores a través de Macías o Namorado, achégase á figura do gaiteiro a través da poesía de Curros Enríquez “O gueiteiro de Penalta”, descrito dende a lembranza do poeta sendo neno. Salienta deste símbolo a elegancia, a alegría que sempre o acompañaba e a picardía coas mozas, rematando por reivindicar a recuperación e estima dos símbolos da terra.

_____, “Poesía Galega Actual’. Máis de cen páxinas de literatura”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 4 xuño 2000, p. 20.

De entre o “contido magnífico de sinaturas e traballos” que compoñen o último número de *Clave Orión*, comeza por agradecer as cancións que a “execlente cantante e compositora” Aurora López lles dedica a ela mesma e a Pura Vázquez. Seguidamente, destaca a sección de poemas galegos de diferentes autores, adornados cos debuxos de Alfredo Erias, así como os poemas e o artigo asinados por Luz Pozo Garza, o retrato magnífico das mulleres que fai Carmen Blanco e o ensaio de Andrés Pociña sobre Eduardo Moreiras. Remata felicitando ao equipo editor por esta entrega.

_____, “A obra completa de Prado Lameiro”, *O Correo Galego*, “Ronseis”, 5 xuño 2000, p. 3.

Lembranza de Xabier Prado, “Lameiro”, con motivo do cento vintecinco aniversario do seu nacemento a través da biografía e a *Obra Completa* (1995), de Marcos Valcárcel. Achégase ao contido dos catro volumes que levan por título *A carón do lume*, *Coxegas e moxetes*, *Monifates* e *Farsadas*, respectivamente. Sobrancea do primeiro os poemas costumistas publicados en *O Tío Marcos da Portela* entre 1917 e 1919; do segundo os “Versos gallegos”; do terceiro os temas teatrais, ofrecendo algúns dos títulos que levan, e caracterizados moitos deles polo ton dramático e humorístico nas aproximacións ao agro galego e ás súas xentes. Remata destacando o traballo de investigación de Marcos Valcárcel na súa achega ao lector do Ourense dos primeiros anos de Xabier Prado Lameiro, e salienta a creación de xornais como *El Heraldo Gallego* ou *O Tío Marcos da Portela*.

_____, “Unha páxina especial”/“Dorida sombra saudosa”, *El Progreso*/*O Correo Galego*, “Tribuna”/“Ronseis”, 26 xullo 2000/16 agosto 2000, pp. 9/57/p. 2.

Refírese a un artigo publicado polo propio xornal, o 16 de xullo de 2000, no que aparecen as irmás Vázquez, con especial protagonismo para Pura con motivo da súa presencia no documental que o rotativo agasallou aos seus lectores o Día da Patria Galega. Describe pormenorizadamente o artigo e a entrevista feita á súa irmá e lembra algúns dos versos que esta lle adicou a Rosalía de Castro e que se reproducen no devandito artigo. Finalmente fala da importancia de Rosalía nas súas vidas e descríbea como “a fada que formou parte das nosas cedas lecturas” e que considera a “poetisa inmortal de Galicia”.

_____, “Sempre Rosalía”, *O Correo Galego*, “Ronseis”, 4 agosto 2000, p. 3.

Alude á cinta de video que *El Progreso* regalou o Día de Santiago aos seus lectores, na que se recollen imaxes da peregrinación dalgúns persoeiros da cultura galega polos lugares aos que Rosalía de Castro lles cantou nas súas poesías, entre eles, Francisco Fernández del Riego, Borobó, Otero Pedrayo ou Pura Vázquez en 1951, para centrarse, a seguir, na efeméride do centenario da publicación de *Follas Novas* celebrado en 1980. Ademais de lembrar as palabras da propia autora sobre as razóns de dar a obra ao prelo (“non polo que val, senón polo que significa”), refírese á temática dos versos de Rosalía tanto en *Cantares Gallegos* coma na devandita obra, sobranceando deles a constante presencia da tristura, da dor, da angustia ou da saudade, sentimentos dos que apunta que a propia autora era consciente. Remata concluíndo que é en *Follas Novas* onde está “a cima da expansión lírica de Rosalía” que comezara xa en *Cantares Gallegos*.

_____, “Horizonte evadido: E. B. Amor”, *O Correo Galego*, “Ronseis”, 30 agosto 2000, p. 3.

Evocación da figura de Eduardo Blanco Amor a través da súa obra poética *Horizonte evadido* (1936), editada en Buenos Aires e coa que di que a agasallou en 1971. Tamén apunta que nesa época coñecía moi pouco do autor, e lembra que agora o Concello ourensán o homenaxea cada ano co “Roteiro Literario de *A Esmorga*”. Centrada no contido da obra, sinala que conta, como prólogo, cunha cuarteta de Pero Meogo e outra de Lope de Vega, que reproduce igual que fai con algúns outros versos das diferentes partes da obra que levan por título: “Sonata Clara”, “Sonata triste” e “Elegías”, ademais de “Dos poemas anecdóticos” que a pechan. Sobrancea de todas as composicións a beleza expresiva e os sentimentos que recollen, e remata lembrando outras obras deste autor ourensán cunha traxectoria literaria que considera que “merece recordo e homenaxe”.

_____, “*Poesía Galicia*”, *O Correo Galego*, “Ronseis”, 11 outubro 2000, p. 3.

Para comezar, ofrece unha breve descrición da revista e logo pasa a comentar o limiar de Elia Rico Lagarón sobre o significado da poesía. A continuación, refírese só a algunha das colaboracións porque sería imposíbel estender o comentario a todas: Manuel María, Vicente Araguas, Elia Rico, Xosé Leira, Antón e Xoán Xosé Fernández Abella; e o relato de Cristina Amenedo, no que resalta as notas líricas de descricións e sentimentos.

Vázquez, Dora e Pura, "¿Quen foi Sofía Casanova?", *O Correo Galego*, "Ronsel", 25 xuño 2000, p. 3.

Artigo conxunto das dúas irmás no que amosan a súa sorpresa ante unha reportaxe da TVG na que se falaba da escritora Sofía Casanova, nada na Coruña e da que din que descoñecían a súa vida e obra, ao igual que pasa con outras mulleres como Filomena Dato, María Pita ou Agustina de Aragón. Repasan algúns dos datos biográficos ofrecidos na reportaxe, entre os que sobrancean a súa temperá inclinación pola cultura, o seu cultivo da poesía, de contos e novelas, ou no xornalismo como correspondente de guerra para o xornal *ABC*. Tamén sinalan que foi correspondente da RAG e, posteriormente, membro de honor dende o ano 1952. Rematan reivindicando un Día das Letras Galegas para ela polo seu amor a Galicia e un lugar de honra na Historia da Cultura galega.

Vázquez, Pura, “A perda de Antón Risco”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 6 febreiro 2000, p. 26.

Evocación da figura de Antón Risco a través dun repaso aos feitos máis salientábeis da súa vida, entre eles o de ser fillo dun dos pensadores e escritores galegos máis importante do século XX, Vicente Risco; a emigración a Europa e logo ao Canadá, ou o seu interese constante pola cultura galega dende a diáspora. Tamén se refire á súa producción literaria en galego con obras como *Os fillos do río* (1999), finalista do premio Torrente Ballester, ou *Antoloxía fantástica*, obra recompilatoria da súa producción de literatura fantástica na que era especialista. Finalmente, destácao como un dos mellores coñecedores do orientalismo.

_____, “Rosalía, poeta universal”, *La Región*, “De paso”, 27 febreiro 2000, p. 27.

Texto laudatorio a Rosalía de Castro con motivo do aniversario do seu nacemento, no que salienta o seu amor a Galicia e ás súas xentes que se reflectiu principalmente nas súas poesías de *Cantares Gallegos* (1863) e *Follas Novas* (1880). Sinala que foi unha das mulleres máis importantes do século XIX galego xunto con Emilia Pardo Bazán e Concepción Arenal, ademais de aludir á tristura que parece que dominou a súa vida “como nunha tortura interior”, e que aparece cantada na súa poesía, comparada coa propia sorte que correu o seu pobo ao longo dos séculos.

_____, “Miguel de Unamuno en Ourense”, *La Región*, “De paso”, 30 abril 2000, p. 31.

Refírese á relación que Miguel de Unamuno mantivo con Galicia e as visitas que a ela realizou. Comeza salientando o coñecemento do estudioso vasco da literatura que se facía en Galicia e dos seus poetas máis coñecidos como Rosalía de Castro, á que asegura que admiraba moito, e Eduardo Pondal, ademais da súa relación con Emilia Pardo Bazán, quen o acompañou nunha das súas visitas a Ourense. Tamén sinala que dedicou algúns traballos a Galicia, especialmente a Santiago de Compostela, e aos poetas medievais da lírica galego-portuguesa. Remata aludindo á visita de Unamuno a Ourense, na que di que pronuncia un discurso con motivo do seu nomeamento como “Socio de Honor da Reunión de Artesanos” da cidade, que lle ofrece un banquete e unha conferencia.

_____, “*Clave Orión*’, de mitos, divindades e deusas”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 9 xullo 2000, p. 19.

Despois de reparar na orixe mitolóxica do título, resalta o ton poético da revista. A seguir, gaba a figura de Luz Pozo Garza e dos colaboradores, “donas e donos da palabra” e evoca a Rosalía de Castro, nai da poesía galega e referente das súas voces femininas. A seguir, engade os nomes de Manuel Álvarez Torneiro, Xosé Álvarez Cáccamo e Xavier Seoane a este “cadro dos tempos mellores de poesía”. Para rematar, salienta a “Carta de Beatriz Vía Láctea” e outros artigos de Pozo Garza, a carta de Otero Pedrayo a Patricia Conde e as cancións ás que Aurora López e Teresa Luján poñen voz e música, respectivamente.

_____, “Un poeta ourensano e universal”, *El Progreso*, “Tribuna”, 20 xullo 2000, p. 9/54.

Ademais de sobrancear o labor de poeta de José Ángel Valente, o rigorosismo con que fixo a súa obra, o recoñecemento que acadou en vida e a perda que para a literatura supón a súa morte, repasa a influencia exercida nas súas composicións por San Juan de la Cruz, Juan Ramón Jiménez ou Francisco Garfias en canto ao clasicismo dos seus poemas, o “profundo intimismo”, a beleza e pureza lingüística ou a melancolía, presentes especialmente en *El Fulgor*. Lembra tamén as críticas a propósito destas influencias de autores como Goytisolo ou Lara Garrido.

_____, “Luís Amado Carballo, loitador e poeta”, *O Correo Galego*, “Verbas da edra do vento”, 21 xullo 2000, p. 3.

Achega á vida e obra do poeta galego Luís Amado Carballo, na que se salienta os poucos datos biográficos cos que se conta, agás os seus estudios en Madrid onde entra en contacto con outros galegos da bohemia da capital. Fala das súas colaboracións no *Diario de Pontevedra* e na revista dirixida por Xaime Solá, ademais da súa participación na creación da *Revista Alborada* con Losada Diéguez ou Vidal Martínez. Alude tamén aos catro números desta publicación, de entre os que salienta o cuarto no que se recolle unha antoloxía de textos de autores como Vicente Risco, Euxenio Montes, Castelao ou Manuel Antonio, entre outros. Da súa producción en galego di que a súa primeira novela foi *Os pobres de Deus* (1925), dentro da Colección Lar, colaborando tamén na revista *Nosa Terra*, na que publicou traduccións de autores estranxeiros ou diferentes entregas de “Vidas de Santos”. Remata dicindo que o seu único libro publicado en vida foi *Proel* e que, segundo Xosé Luís Méndez Ferrín, é un excelente poeta malia que a morte prematura lle impedira ser un “poeta digno do noso tempo”.

_____, “Vida e paixón de Castelao”, *La Región*, “De paso”, 6 agosto 2000, p. 25.

Repaso da vida de Castelao, dende a súa nenez e a viaxe á Arxentina coa nai, os estudios de medicina en Santiago de Compostela, a estadía en Madrid e o contacto alí con Basilio Álvarez ou as súas colaboracións en *El Liberal*, ata a perda do fillo, os problemas de visión e o exilio no que rematou obras tan importantes como *Sempre en Galiza* (1944) ou *As cruces de pedra na Galiza*.

_____, “O platero en galego de ‘Eu-Ben-Sei”, *El Progreso*, “Tribuna”, 23 agosto 2000, p. 9.

Reflexiona sobre a versión galega da obra *Platero y yo*, de Juan Ramón Jiménez, feita por Manuel Beiras García (Eu-Ben-Sei) baixo o título de *Platero*. Lembra o contido da mesma arredor das aventuras dun rapaz co manso burro ao que lle deu este nome e o que parece ter unha sensibilidade especial. Remata coas palabras sobre a versión galega de Benito Varela Jácome, quen a cualifica como unha “recreación vizosa do galego, arriquecendo a nosa lingua con novas connotacións e imaxes”.

_____, “Pondal, vate do pazo de Anllóns”, *O Correo Galego*, “Verbas na edra do vento”, 27 outubro 2000, p. 3.

Realiza un breve retrato de Eduardo Pondal, o vate de Ponteceso. Principia lembrando os seus anos de estudiante, a súa amizade con Manuel Murguía e Aurelio Aguirre, así ata deterse no seu celtismo. Sinala que, na súa teimuda pescuda das orixes do pobo galego, se atopou coa teoría do celtismo, a cal, di, o convenceu, deixándoo reflectido no Himno galego. Conclúe aludindo á dignificación da lingua galega que tanto preocupou ao de Ponteceso.

_____, “Xesús Ferro Couselo: Fillo adoptivo de Ourense”, *La Región*, “De paso”, 15 novembro 2000, p. 30.

Fai unha lembranza do profesor Xesús Ferro Couselo, de quen salienta a súa faceta de arqueólogo. Apunta que este foi membro fundador e director da revista *Posío, Arte y Letras*, que tiña os seus alicerces no grupo “Círculo Azor”, do que formou parte a mestra de Ourense. Logo, destaca certos aspectos da traxectoria vital de Ferro, como a súa amizade con Bouza Brey, tamén amante da investigación histórica.

_____, “Presencia de Valente, entre nós, os seus”, *O Correo Galego*, “Verbas da edra do tempo”, 28 decembro 2000, p. 3.

Louva os versos do poeta José Ángel Valente, pondo de manifesto a súa admiración polo seu afán de superación e fortaleza ante a inminente chegada da morte. Comenta, así, certas cuestións relativas ao último libro do poeta de “Augasquentes”, “un último berro de vida”, definíndoo como un libro “trascendental de alguén ou de algo que comeza a camiñar unha senda”, neste caso o paso á morte. A pesar do seu desgarrador significado, di que se trata de “poemas fermosísimos”.

Vázquez Gil, Lalo, “Galaxia cincoenta anos de candea acesa”, *Atlántico Diario*, “Tiempo de Vigo”, 20 setembro 2000, p. 26.

Repaso á historia dos cincuenta anos de vida da Editorial Galaxia recollidos nunha exposición que considera moi acertada. Lembra a situación da cultura galega ata a creación desta editorial da man de Francisco Fernández del Riego, Xaime Isla Couto ou Ramón Piñeiro, apoiados por Otero Pedrayo, Ramón Cabanillas ou Fermín Penzol, dos que sinala que buscaban reafirmar a cultura universalizándoa. Tamén destaca o grande abano de escritores e obras publicados durante estes anos. Remata sobranceando a relación de Galaxia coa cidade de Vigo.

_____, “Avelino Rodríguez Elías (2)”, *Atlántico Diario*, “Tiempo de Vigo”, 1 decembro 2000, p. 26.

Segue a facer unha semblanza da polifacética traxectoria de Avelino Rodríguez Elías, principiando coa alusión ao seu libro *O cantar dos cantares*, a través dun fragmento da *Historia da literatura galega contemporánea* de Carballo Calero. Logo, centra o seu comentario na vertente teatral de Rodríguez Elías, para rematar referíndose aos seus artigos e á súa faceta de cronista de Vigo.

Vázquez Martín, Antonio, “Poeta e epizootiólogo”, *La Región*, “De paso”, 24 setembro 2000, p. 31.

Aproxímase á figura de Xavier Prado Rodríguez, coñecido polo pseudónimo de Lameiro, de profesión veterinario, o que o mantivo en constante contacto coa vida da aldea, e poeta, humorista e autor teatral. Sinala que publicou *A carón do lume* e *Cóxegas e moxetes*, obras nas que recolle estampas da vida campesiña en forma dialogada. Destaca o seu labor no eido teatral recompilado en *Monifates* e *Farsadas*, publicadas en 1928, nas que recolle os tipos da cultura galega. Tamén alude ao seu compromiso político e á recuperación do xornal *O Tío Marcos da Portela* no que denunciou o deterioro dos costumes tradicionais culpando ao comercio castelán desta desfeita.

Vázquez Sousa, Ernesto, “Adeus a unha testemuña molesta: Jenaro Marinhas del Valle”, *A Nosa Terra*, nº 920, “Guieiro Cultural”, 3 febreiro 2000, p. 32.

Evocación da figura de Jenaro Marinhas del Valle con motivo do seu recente falecemento. Comeza salientando a pouca transcendencia que acadou a obra e a persoa deste intelectual na sociedade galega, e considera que esta indiferencia vén dada, en parte, pola súa postura ortográfica. Lembra que a tendencia reintegracionista pasou a ser minoritaria e marxinal, especialmente dende a morte de Carballo Calero en 1990. Fai un repaso pola traxectoria de Marinhas del Valle, salientando a súa militancia galeguista dende o ano 1921, e reproduce unha ficha da “Dirección General de Seguridad” de 1935, na que aparece como contador do Partido Galeguista da Coruña. Para referirse á situación que viviu na posguerra, reproduce un texto de Avilés de Taramancos de 1992 no que describe o ambiente como abafante para os sobreviventes do galeguismo. Remata reproducindo un fragmento do propio Marinhas no que fala do maxisterio e dos discípulos de Ánxel Casal, así como a sorte que algúns deles sufriron durante a represión, aínda que mantén a esperanza na xuventude galega e no seu futuro.

Vence, Ánxel, “Castelao, marca sen rexistrar”, *Faro de Vigo*, “Crónicas galantes”, 7 xaneiro 2000, p. 2.

Comeza sinalando os enfrontamentos dialécticos que se dan entre os diferentes partidos políticos pola “apropiación” do pensamento de Daniel R. Castelao con motivo do cincuenta aniversario da súa morte, e ve neste feito a universalidade do pensamento do rianxeiro. Tamén denuncia a “sacralización” laica que se está a levar a cabo coa figura de Castelao dende que deixou de ser un autor prohibido, e que adquire un gran valor simbólico polo que todos loitan. Remata sinalando como anécdota o rexistro do nome de Rafael Alberti como marca comercial pola súa viúva, o que impedirá apropiacións indebidas.

Vidal Villaverde, “Sempre Galiza”, *Atlántico Diario*, “De catro a catro”, 11 xaneiro 2000, p. 24.

Alude ás polémicas que xorden con motivo das conmemoracións en homenaxe a Daniel R. Castelao, denunciando o intento de apropiación da simboloxía da figura deste persoeiro por parte de tendencias que pouco teñen que ver co pensamento do rianxeiro, así como o esquecemento histórico consciente e a manipulación que se leva a cabo baixo a aparente imaxe de normalidade e concordia.

_____, “Irmán Daniel”, *Atlántico Diario*, “De catro a catro”, 18 xaneiro 2000, p. 24.

Conversa ficticia con Daniel R. Castelao na que lle fala da situación que se produce actualmente co seu legado, denuncia a evolución dalgún persoeiro cara a posturas reintegracionistas e o feito de que soterraran ao rianxeiro en Bonaval cando era coñecido o seu desexo de descansar en Pontevedra. Lembra a súa obra a través de pezas como *Atila en Galiza*, *Galiza mártir* ou *Sempre en Galiza*.

_____, “Luz de xaneiro”, *Atlántico Diario*, “Mar de fóra”, 30 xaneiro 2000, p. 26.

Reflexiona sobre dúas obras que está a ler, un ensaio de Xosé Manuel Sánchez Rei, *Se a vós por ben teverdes*, e a traducción feita por Carlos Casares da obra *O vello e o mar*, de Ernest Hemingway e na que di que contou coa axuda dos seus fillos. Explica que as cartas comezan no ano 1921 e van dirixidas á familia e a un bo número de persoeiros que nomea, entre os que se atopan Francis Scott Fitzgerald ou Jonh Dos Passos. Tamén di que está incluído un artigo que o autor publicou en 1922 nun xornal americano e remata evocando a Manuel Antonio e o seu universo literario como símbolo da historia circular que sempre se repite.

_____, “Arredores”, *Atlántico Diario*, “Mar de fóra”, 10 febreiro 2000, p. 26.

Comeza aludindo a *Poesía irlandesa contemporánea* (1999), antoloxía feita por Antonio Raúl del Toro Santos. Repasa algúns dos nomes dos antologados e reproduce a última estrofa do poema traducido como “Os apuros de Inglaterra”. Remata evocando Portugal e o río Miño a través dunha obra de Amílcar Cabral.

_____, “Viaxe a Bracara Augusta”, *Atlántico Diario*, “De catro a catro”, 21 marzo 2000, p. 26.

Céntrase na viaxe realizada á Feira do Libro de Braga en compaña de Alfonso Álvarez Cáccamo e na que se debateu a situación do libro e da literatura galega na actualidade. Tamén compara algún dos símbolos de Portugal cos de Galicia e de España.

_____,, “Esta primavera”, *Atlántico Diario*, “Mar de fóra”, 23 marzo 2000, p. 24.

Comeza reproducindo un fragmento da obra *Camiñando sobre as augas* (1995), de José Viale Moutinho, texto vertido ao galego por Xela Arias, no que se describe brevemente a un personaxe, e que lle serve para evocar o autor nunha estancia en Compostela. Tamén se refire a *A voz do trebón*, ensaio de Alberte Pagán, nunha aproximación a James Joyce, o que fai que lembre o traballo realizado por Otero Pedrayo sobre o mesmo autor e que fora publicado na revista *Nós*. Remata evocando a outros autores galegos como Ánxel Fole e Anxo Angueira, ademais dalgúns espacios presentes nas súas obras.

_____, “Estirpe”, *Atlántico Diario*, “De catro a catro”, 11 abril 2000, p. 26.

Dálle os parabéns a Xosé Luís Méndez Ferrín pola súa obra *No ventre do silencio* (1999), e a través dunha frase incluída na devandita obra evoca Santiago de Compostela, a súa historia relacionada con Prisciliano e os dous galegos máis ilustres soterrados en San Domingos de Bonaval: Rosalía de Castro e Alfonso R. Castelao, aos que lle adica uns versos do propio Ferrín incluídos en *Estirpe* (1984), e remata coa lembranza de Manuel Antonio e Luís Pimentel.

_____, “José Ángel Valente: xa non amencerá o cantor”, *Atlántico Diario*, “De catro a catro”, 19 xullo 2000, p. 33.

Evocación da figura do poeta José Ángel Valente a través da poesía e moitos dos motivos presentes na mesma como a perda do fillo, o misticismo, a importancia da música ou a poesía da experiencia, recollidos en obras como *Sete cantigas do alén* (1981) ou *Las palabras de la tribu*. Lembra tamén a súa presencia na homenaxe a Uxío Novoneyra celebrada en Santiago de Compostela, na que xa se coñecía a gravidade da súa enfermidade. Reproduce algúns dos seus versos, entre eles os que aluden á morte como “no amanece el cantor”.

_____, “*Clave Orión* en verán”, *Atlántico Diario*, “De catro a catro”, 1 agosto 2000, p. 22.

Sinala que recibiu a a nova entrega desta publicación e pon atención na “Carta de Beatriz Vía láctea”, de Luz Pozo Garza que llela dirixe a Carmen Blanco e Claudio Rodríguez Fer, na que tamén apunta que aproveita para a evocar a Dante a través das poetizacións que del fixeron a propia Pozo Garza e Álvaro Cunqueiro. A seguir, fala da paixón e reproduce uns versos ao respecto de Salvador Díaz Mirón.

_____, “Días de agosto”, *Atlántico Diario*, “Mar de fóra”, 17 agosto 2000, p. 18.

Evocación da figura materna e paterna ante a consciencia do paso do tempo, recurso que puxeron de manifesto autores como Avilés de Taramancos quen dicía que o home nunca volve ao mesmo sitio; Luz Pozo Garza na súa obra *Prometeo a flor de loto*, ou Lluís Alpera en *Laranxa de ceo de novembro*, traducida ao galego por Xosé Luís Méndez Ferrín en 1999, reproducindo algún dos versos que aluden a este motivo.

_____, “Méndez Ferrín”, *Atlántico Diario*, “De catro a catro”, 3 outubro 2000, p. 22.

Carta a Xosé Luís Méndez Ferrín na que o felicita polo seu ingreso na Real Academia Galega aludindo á defensa da lingua. Evoca algunhas figuras da cultura galega como Álvaro Cunqueiro, Otero Pedrayo, Eladio Rodríguez ou Alexandre Cribeiro, todos eles representantes da diversidade e riqueza da cultura que esta institución representa e defende.

_____, “A caza”, *Atlántico Diario*, “De catro a catro”, 17 outubro 2000, p. 24.

Evocación dalgúns persoeiros da cultura galega e das súas obras literarias con motivo do inicio da tempada de caza e a chegada do outono. Comeza nomeando a Méndez Ferrín coa súa *Con pólvora e magnolias*, segue con Álvaro Cunqueiro e Castroviejo na súa *Viaje por los montes y chimeneas de Galicia* e remata con Manuel María e a súa Terra Chá natal.

_____, “Uxío Novoneyra”, *Atlántico Diario*, “De catro a catro”, 7 novembro 2000, p. 24.

Evocación do amigo morto hai algo máis dun ano, Uxío Novoneyra, lamentando non ter podido asistir á homenaxe que lle tributou a Asociación de Escritores en Lingua Galega. Revive algúns momentos que compartiron como a estadía en Euskadi, as lembranzas do Café Méndez Núñez de Lugo con Manuel María, Xavier Puente Docampo e Bernardino Graña, ou algún recital de Novoneyra en San Domingos de Bonaval. Diríxese a el para que fale con Luís Pimentel dende o “ingrávido da eternidade” e promételle volver na primavera ao Courel para ver como vai o carnabudo, árbore plantada en lembranza do poeta do Courel.

_____, “Últimos días de outono en Tindari”, *Atlántico Diario*, “De catro a catro”, 12 decembro 2000, p. 27.

Refírese a algunhas obras que recibiu recentemente, entre elas, o poemario de Xoan Carlos Alberte Domínguez, *Material de outono*, do que di que está ilustrado por Anxo Romero e editado pola editorial lisboeta Tema. A seguir, céntrase na de Xosé Carlos Gómez Alfaro, *Pasos cara a alba*, da que apunta que gañou o accésit do Premio Rosalía de Castro da Casa de Galicia en Córdoba e que está editada por Libros da Frouma, mentres que a outra obra de recente publicación deste mesmo autor, *Ofertorio de solpores*, está publicada por Espiral Maior.

Vilariño, Ramón, “El Padre Feijóo, Galicia y Ourense”, *La Región*, “Mutatis mutandis”, 28 febreiro 2000, p. 14.

Achega á vida e obra do Padre Benito Jerónimo Feijóo y Montenegro co que o autor considera que ten unha débeda dende hai anos, e sobre o que xa no ano 1964 realizara unha enquisa na rúa observando que case todo o mundo dicía coñecer este personaxe pero sen saber que fixera. Repasa a súa vida dende que comezou os estudios e se dedicou á vida monacal que o levou fóra de Galicia durante algún tempo pero que, malia isto, Galicia sería o centro das súas preocupacións intelectuais reflectidas en obras como *Teatro Crítico Universal* ou *Cartas Eruditas*, obras nas que di que se achega ao pobo para contaxiarlle optimismo consciente do atraso que padecía, ademais de dar a coñecer a Ilustración como benefactora para o país ou promover a creación de fábricas e talleres, convencido de que a “cultura es prosperidad”.

Villar Janeiro, Helena, “Rianxo, entre Babel e Atenas”, *El Correo Gallego*, “Notas de actualidade”, 2 xaneiro 2000, p. 3.

Repaso aos moitos actos culturais que se desenvolven durante o ano en Rianxo como homenaxe a Daniel R. Castelao, con motivo do cincuenta aniversario da súa morte. Ademais das xornadas adicadas ao autor, apunta outros actos como as II^as^ Xornadas Internacionais de Traducción, o IIº Premio Faustino Rey Romero ou o XXVº Certame Modesto R. Figueiredo, sen esquecer a presentación da obra *Conversas con Teresa Castelao. Anecdotario dun século de vida* (1999), de Manuel Dourado Deira, obra da que destaca o novidoso da achega á figura de Castelao, a lucidez da irmá do autor e, finalmente, felicita ao seu autor.

_____, “Libros para un amor”, *El Correo Gallego*, “Notas de actualidade”, 28 xaneiro 2000, p. 3.

Achega a dúas obras poéticas, unha en castelán e outra en galego. No caso da segunda trátase da entrega poética de Andrés Pociña cos seus *Versos para Aurora*, muller do autor e eixo temático do poemario, que o poeta plasma de xeito explícito nos primeiros versos da obra. Salienta que son producto de experiencias vividas por ambos amantes nas viaxes a diferentes lugares do mundo como Lisboa, Buenos Aires ou Taormina, así como as influencias na obra de Whitman. Remata reproducindo algúns versos nos que considera que está a busca “do significado radical do amor”.

_____, “Literatura harmónica”, *El Correo Gallego*, “Notas de actualidade”, 21 abril 2000, p. 3.

Posicionamento en contra dunha literatura galega escrita en castelán, en consonancia co chamado “bilingüismo harmónico”. Algúns dos argumentos están baseados nas posicións contrarias que avalan escritores, historiadores, críticos, teóricos, etc…, e todos os sectores vinculados co mundo cultural, destacando a convivencia das dúas linguas en ambos os sistemas literarios sen por iso excluírense mutuamente. Afirma a igualdade da literatura galega coas outras, denunciando a idea de que o monolingüismo limite a literatura galega, e dá exemplos da consideración mundial dos autores galegos convidados a xornadas internacionais como as de Eslovenia, Moscú ou Turquía, así como a organización en Santiago de Compostela da “Celebración Mundial da Poesía”.

_____, “Literatura universal”, *El Correo Gallego*, “Notas de actualidade”, 16 xuño 2000, p. 3.

Dá conta da rectificación no DOG referida á docencia da materia de “Literatura universal contemporánea” que nun primeiro momento estaba restrinxida a profesores das especialidades de lingua e literatura castelá ou lingua estranxeira, sen considerar aos de lingua e literatura galega. Considera que esta restricción inicial era froito dunha concepción cun claro prexuízo lingüístico sobre o galego, e que se percibe tamén na diferente denominación das materias de lingua e literatura galegas e castelás, inicialmente iguais, pasando despois a literatura sen adxectivo a do “idioma emperador”, fronte á adxectivada como galega do idioma “da casa”. Remata felicitando á autoridade competente pola sensibilidade demostrada co cambio efectuado.

_____, “O nome de Rosalía”, *El Correo Gallego*, “Notas de actualidade”, 21 xullo 2000, p. 3.

Comeza apuntando a elección feita por Manuel Murguía de Eduardo Pondal e de Rosalía de Castro como recuperadores da lingua galega, ademais de recoñecer a aceptación e constante presencia do nome da poetisa na vida civil dos galegos, feito que non considera acadado no eido literario, en especial pola falta dun premio que leve o nome da autora como galardón literario. Aproveitando esta denuncia explica que, como membro do Comité de mulleres escritoras do Pen Internacional, propuxo o nome de Rosalía de Castro para o premio que agasallará a unha escritora anualmente a nivel mundial, por considerar que a poetisa galega foi unha muller adiantada ao seu tempo e que está á altura de calquera outra.

_____, “Carta a Manuel María”, *El Correo Gallego*, “Notas de actualidade”, 18 agosto 2000, p. 3.

Carta aberta a Manuel María na que apoia a súa reivindicación de publicar a obra de Xosé Luís García Mato, escritor chairego a quen o poeta evoca en dous textos: na publicación da *Asociación Cultural Festas de San Ramón e Santa María de Vilalba-2000*. A seguir, lembra o pasamento deste chairego hai vinte anos e o importante labor de dinamización cultural desenvolvido durante a súa vida, entre o que sobrancea o Certame Literario do Concello de Vilalba dende 1975, para homenaxear aos poetas Xosé Mª Chao Ledo, Antonio García Hermida e Carmiña Prieto Rouco, ou a intención de estimular a difusión xornalística en *Vilalba, o seu pasado, o seu presente e o seu futuro*.

_____, “Pasos de seducción”, *El Correo Gallego*, “Notas de actualidade”, 27 outubro 2000, p. 3.

Realiza unha reflexión sobre o congreso “Literatura galega e do norte de Portugal hoxe”, organizado pola Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia. Apunta que alí estivo presente o PEN Clube de Galicia e a Asociación de Escritores en Lingua Galega. Salienta, asemade, varias actividades, como a mesa redonda na que participou Mário Claudio, Ana Luísa Amaral, Luz Pozo e Xesús Rábade, ademais de aludir á intervención de Pilar Vázquez Cuesta, quen prometeu redactar un manual de “consellos para o lector portugués”. Conclúe pondo de relevo o desexo de que ese achegamento dos dous países sexa “permanente”.

V. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica. Biografías. Crónicas

V.7. Publicacións en xornais: entrevistas

A. C., “Os galeguistas fixeron grandes conquistas, pero os obxectivos aínda non se acadaron”, *El Progreso*, 23 xuño 2000, p. 83.

Recóllense as opinións de Francisco Fernández del Riego sobre a repercusión da acción galeguista desenvolvida durante o franquismo, centrándose na importancia da peregrinación polos lugares rosalianos de 1951 e mais no alcance que tivo a institucionalización do Día das Letras Galegas para a toma de conciencia da importancia da lingua e cultura galegas.

AGN, “Castelao foi un político inxenuo porque poñía por riba a ética”, *El Progreso*, 26 xaneiro 2000, p. 74.

A presentación de Henrique Monteagudo está seguida dunha entrevista na que este profesor da facultade de Filoloxía comenta o moito que queda por investigar sobre Castelao, así como a manipulación á que está sendo sometida a súa figura dende os diversos partidos políticos, debido á ambigüidade do termo “galeguismo” co que se definen. Considera que o rianxeiro “como político tendeu ó pragmatismo e foi moi pactista”. Finalmente, describe a relación que mantivo o autor de *Sempre en Galiza* cos galeguistas que permaneceron no interior.

_____, “Xa non hai que explicar que temos unha literatura propia en Galicia”/“O Galego ten xa a consideración de lingua literaria, mesmo para aqueles que non o falan”, *El Ideal Gallego*/*Diario de Ferrol*/*Diario de Pontevedra*, 24 setembro 2000, p. 33/p. 30/p. 73.

O escritor ourensán Carlos Casares fala da boa situación que está a vivir a literatura galega, tanto polo seu volume de publicacións, tres libros diarios, coma pola súa calidade literaria, e acha que é esencial que Galicia se sitúe culturalmente no mapa europeo.

A. S., “A literatura galega nunca viviu un momento mellor”, *Faro de Vigo*, 19 xaneiro 2000, p. 10.

Con motivo da celebración en Vigo do ciclo “Escritores galegos cara ó século XXI”, realízaselle esta entrevista a Francisco Castro, o coordinador. Declara os obxectivos e contidos deste acto e opina que a literatura galega está a vivir o seu mellor momento, tanto no terreo da creación coma no da recepción.

Antolín, Enriqueta, “Domingo García Sabell. ‘La muerte es una tortura inmerecida”, *El País*, “*Babelia*”, nº 426, 22 xaneiro 2000, p. 14.

Con motivo da publicación de *Paseo alrededor de la muerte*, de Domingo García Sabell, “el pensador gallego”, Enriqueta Antolín fala co autor do libro. Na entrevista, Domingo García Sabell di que se atreve a escribir sobre a morte porque é un dos poucos temas tabús que quedan e considera necesario intentar que desapareza como tal, pois aínda que é unha mala faena cómpre falar dela con naturalidade. Cre que ao enfermo incurábel hai que enganalo sempre e non está de acordo coa eutanasia pero si co que chama “distasia”, que significa non matar pero dulcificar ao máximo a morte.

Álvarez, Elisa, “Editamos un libro a la semana”, *La Voz de Galicia*, 17 outubro 2000, p. 6.

Marisa Melón, directora do Servicio de Publicacións da USC, responde a varias cuestións sobre o funcionamento da editorial universitaria como a distribución, a producción, a comparación con outros servicios deste tipo de España e o catálogo de obras.

Álvarez, Moisés, “Estou agradecido porque se me consagre en vida”, *Atlántico Diario*, “La Revista”, 3 setembro 2000, p. 48.

O presidente da RAG Francisco Fernández del Riego fala sobre a importancia da cidade de Vigo na súa vida, dende que chegou a ela en 1939 e á que doou en 1995 a súa colección de cadros e a súa biblioteca. Declara así mesmo que sente devoción pola Cidade Olívica e que se sente agradecido por lle dar nome a unha rúa viguesa.

Antón Viscasillas, Beatriz, “A sociedade actual fuxe do silencio”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, 28 maio 2000, p. 16.

Bernardino Graña amosa a súa opinión sobre a literatura infantil e mais sobre a poesía sinalando que “a poesía é disfrutar”. Indica tamén que está a facer unha novela longa que “falará de cousas que teñen moita actualidade”.

Ares Sanmartín, María, “Un escritor nunca debe competir cos outros”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, 5 marzo 2000, p. 16.

Alfredo Conde responde a varias cuestións referidas á situación da literatura galega na actualidade e ao seu propio proceso creador. Afirma que nas obras da súa triloxía novelística se inspirou na sociedade galega actual e, deste xeito, reflectiu problemas como o dos emigrantes retornados ou o da corrupción política. En canto á introducción do terrorismo, comenta que o incluíu na novela por curiosidade propia. Finalmente, di competir consigo mesmo e desbota o mesianismo de certos literatos do noso país, “o que me gusta facer é vivir con dignidade do meu oficio”.

_____, “O mercado editorial galego é moi limitado”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, 12 marzo 2000, p. 16.

O Subdirector da Editorial Galaxia, Damián Villalaín, comenta que as dificultades para o traballo editorial en Galicia veñen dadas polo escaso hábito de lectura en galego e pola existencia de xéneros aínda deficitarios como o ensaio e a investigación. Opina que se podería ter avanzado bastante máis “se se tivese levado a cabo unha política lingüística e cultural realizada con maior convicción”. Non desbota as subvencións institucionais, pero cre que sería máis útil a creación dun plan de bibliotecas escolares e unha “maior presencia do libro galego nos medios de comunicación de titularidade pública”. En canto á competencia editorial por parte da Xunta, Villalaín avoga por fórmulas como a coedición ou a constitución dunha empresa mixta. Finalmente, defende a utilidade das novas tecnoloxías nalgún xénero, mentres que apoia o papel como soporte da novela e da poesía.

_____, “A poesía serve para nada e para todo”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, 7 maio 2000, p. 13.

Manuel María explica a súa concepción da poesía como “a comunicación dun xeito artístico, no que a palabra ten que ter un gran poder de suxerencia de todo o acontecer humano” e como un fenómeno que “humaniza aínda máis ó ser humano”. Faise eco do auxe que está a ter a creación poética na actualidade e atribúeo ao maior nivel cultural da sociedade. Finalmente, recomenda a lectura de Rosalía e de Curros, lembra os seus comezos como poeta na posguerra, o seu primeiro premio e a influencia que nel exerceu o pintor Carlos Maside.

_____, “A miña vida é un fracaso porque son un inconformista”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, 25 xuño 2000, p. 11.

Ao longo desta conversa o intelectual galego Isaac Díaz Pardo asegura que “necesitamos a Castelao porque, en xeral, falta a comprensión da historia do noso país”. Por último, con referencia ao libro impreso asegura que nunca chegará a desaparecer.

_____, “Non hai que ter medo das cousas novas”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, 25 xuño 2000, p. 13.

Marilar Aleixandre expón as súas opinións sobre a literatura galega e explica por qué as súas primeiras publicacións foron de literatura xuvenil. Con referencia a Internet xulga que non ten medo das cousas novas e remata sinalando que a revista *Golfiño* é o proxecto no que anda agora metida.

_____, “A poesía permite o repouso espiritual que precisamos”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, 1 outubro 2000, p. 13.

A poetisa Eva Veiga comenta que é imposíbel vivir da literatura, que o galego é unha “lingua en extinción” e mais que a poesía galega actual está a vivir un momento de esplendor.

B. A., “O que máis me vai é a comedia”, *Diario de Ferrol*, 19 abril 2000, p. 11.

O actor Xosé Bonome empeza cunha lembranza dos seus comezos no mundo da escena. A seguir, comenta o seu traballo docente e a actividade como contacontos, un terreo no que afirma estar a investigar. Non se amosa partidario de ningún xénero teatral en concreto e solicita un maior apoio por parte das distintas institucións.

Baena Nieto, Ana, “O escritor Xabier Alcalá en Santa Comba”, *O Norte*, 2ª quincena abril 2000, p. 59.

A presentación sintética da biobibliografía de Xabier Alcalá está seguida dunha entrevista na que este autor comenta a necesidade de máis novelistas novos, que se constitúan en relevo xeracional dos xa consagrados. Reclama a relectura de clásicos como *A Esmorga* e indica que os seus intereses na actualidade se centran na antropoloxía e na Biblia brasileira. Defínese como un escritor fracasado e considera que as literaturas de linguas minorizadas teñen pouca difusión porque “España é un país de intransixentes”.

Barral, Serxio, “Jorge Prelorán: ‘Mi documental sobre Castelao tiene alma propia”, *La Voz de Galicia*, 5 outubro 2000, p. 34.

O cineasta arxentino Jorge Prelorán describe o seu documental biográfico *Castelao*, realizado entre 1973 e 1976, que reflicte toda a vida do ilustre rianxeiro e que será proxectado no Teatro Principal de Pontevedra.

Barrera, Héctor, “Xosé Vázquez Pintor: “A problemática está hoxe en recupera-los afectos polo idioma”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Galicia”/“Especial”, 29 decembro 2000/30 decembro 2000, p. 9 /p. 75.

Dáse conta da aparición da novela *A memoria do boi* (2001), de Vázquez Pintor coa que gañou o Premio Torrente Ballester. O seu autor opina que a literatura galega actual vive nun intre óptimo mais que cada día se fala menos galego dentro da xuventude galega. Alude a *Herba de aquí e acolá* de Cunqueiro como o poemario que marcou a súa evolución posterior e remátase facendo un percorrido pola súa producción literaria que encetara en 1971 con *Gándaras*.

Beceiro, M., “Estamos nun ano de transición”, *La Voz de Galicia*, 9 maio 2000, p. 53.

Conversa con Xosé Antonio Pedreira, director da Feira do Libro de Santiago, na que este coñecido libreiro compostelán indica as novidades da edición deste ano, salienta a compenetración entre escritores, editores e libreiros para achegarse ao público e comenta a necesidade de máis presuposto e mellores casetas.

_____, “Apuesto por los diversos lenguajes”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, “La entrevista”, 31 xullo 2000, p. 10.

Breve conversa con Ana Vallés, directora do espectáculo teatral *Primeiro movemento: para figuras brancas* que se presentará no marco da apertura do Compostela Millenium Festival. Ana Vallés di que se trata dun espectáculo de teatro de rúa no que hai moita danza e destaca a participación de actores de Madrid, Alemaña e Arxentina, das pandereiteiras de Leilía, de cinco músicos galegos e catro bailaríns de danza contemporánea. Menciona tamén que o seu propósito foi a creación de personaxes familiares e recoñecíbeis, “figuras blancas que aparecen ante nuestra vista, en un momento y un tiempo, y desaparecen en la noche, como llevadas por el viento y el agua” e todo isto con música e canto en directo.

Bilbao, Conchi, “Está claro que unha literatura orfa de lectores carece de autonomía”, *El Correo Gallego*, *“Correo das Culturas”*, nº 28, 11 xuño 2000, p. 10.

O crítico de literatura galega Francisco Martínez Bouzas láiase de que a escaseza de lectores sexa o grande atranco para a autonomía do sistema literario galego. Fala tamén dos grandes críticos e historiadores da literatura galega e da decena de títulos que integrarían o canon.

_____, “A autonomía da literatura galega só periga pola falta de lectores”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 29, 18 xuño 2000, p. 12.

Recóllense as opinións de Anxo Tarrío sobre a autonomía da literatura galega, sobre os movementos literarios que influíron na literatura galega e mais sobre os dez títulos que, segundo el, marcan o canon desta literatura dos últimos cincuenta anos.

_____, “Se non conseguimos falantes en galego desaparecerá a literatura”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 30, 25 xuño 2000, p. 14.

O escritor e crítico literario Vicente Araguas reflexiona sobre a literatura galega e sinala que a autonomía da nosa literatura se nota na gran cantidade de autores e de tendencias.

_____, “A crítica é so un elemento máis da cadea, non debe magnificarse”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 31, 2 xullo 2000, p. 8.

Conversa co profesor e crítico literario Armando Requeixo na que reflexiona sobre algúns aspectos da literatura galega. Considera que esta literatura xa alcanzou un grao de autonomía aceptábel e responsabiliza á falta dun lectorado estábel o principal mal da literatura galega actual.

_____, “Falta unha crítica más profunda e demorada e sobra escaparate”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 32, 9 xullo 2000, p. 14.

Luís Alonso Girgado responde a cuestións vinculadas coa literatura galega, dende o camiño que está a seguir para acadar un sistema plenamente autónomo, cunha lírica de moita tradición, unha narrativa asentada e o teatro como asignatura pendente, pasando pola situación do mundo editorial no que as subvencións e a falta de lectores condicionan o panorama. Sobrancea o grande avance experimentado nos últimos anos malia a competencia dos medios audiovisuais coa lectura. A seguir, céntrase na crítica, da que apunta o seu papel de clasificadora e orientadora para o lector, fala da escaseza de crítica especializada en Galicia, da falta de criterios rigorosos ante os novos autores e outros de traxectoria dilatada e remata apuntando algunhas obras que considera fundamentais no sistema literario galego como *A esmorga*, *A lus do candil* ou *Os Eidos*, ademais dos seus gustos persoais pola lírica galega e a literatura hispanoamericana.

_____, “O crítico debe ensinar ónde están as voces e ónde están os ecos”, *El Correo Gallego*, *“Correo das Culturas”*, nº 33, 16 xullo 2000, p. 6.

Carmen Blanco analiza o papel da crítica na literatura. Indica que esta debe ser “intelixente e honrada” e coida que o principal obstáculo para o despegue da literatura galega é o enorme peso da literatura castelá en Galicia.

_____, “A crítica segue hoxe tan incomprendida coma sempre*”, El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 34, 23 xullo 2000, p. 8.

Ramón Nicolás declara que o choque co sistema da literatura castelá xunto coa dinámica das traduccións son as principais trabas para a autonomía do sistema literario galego. Con respecto á crítica literaria xébraa en crítica mediática –a dos xornais– e a académica ou universitaria.

_____, “Na crítica literaria pesan moito o amiguismo e o factor ideolóxico”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 42, 17 setembro 2000, p. 8.

Ao longo desta conversa Carlos Casares repasa o labor da crítica literaria. Louba a crítica académica mais, con respecto á xornalística, afirma que lle falta continuidade e sinala tamén que a función do crítico literario é a de valorar as obras e axudar a entendelas.

Blanco, M. X., “Plácido Castro: galego que nunca perdeu a identidade”, *O Correo Galego*, 26 xaneiro 2000, p. 32.

Recolle a información básica sobre a primeira conferencia anual “Plácido Castro” a cargo de Fernando Pérez–Barreiro Nolla. A seguir, este profesor galego, residente en Londres, comenta a súa actividade profesional na capital británica, define a Plácido Castro como “un galego universal e tolerante” e reivindica un maior coñecemento da súa figura. Para rematar, opina que a nosa cultura avanzou moito ultimamente, mais é necesario que atope o seu sitio nun mundo tan global coma o actual.

C. F., “Yo soy un conservador libertario, con amplio sentido de la justicia”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 24 marzo de 2000, p. 19.

Co gallo dun congreso sobre a figura de Ricardo Carvalho Calero, *El Ideal Gallego* recolle unha pequena entrevista con Isaac Díaz Pardo. No texto, Díaz Pardo, amais de declararse “conservador libertario”, explica a relación que o vinculou a Carvalho Calero. Tamén dá a súa visión persoal sobre a fin do franquismo con “la voladura de Carrero Blanco” e asegura que “el momento actual es muy crítico”, debido a que “no se admite que el problema de los vascos esta ahí”.

C. V., “Soy el autor vivo que más páginas lleva escritas en lengua gallega”, *El Ideal Gallego*, 23 febreiro 2000, p. 19.

Preséntase a Alfredo Conde como un dos máis prolíficos da literatura galega contemporánea. A seguir, o autor de *Peregrino en invierno* describe a temática e a intencionalidade desta novela, e considera que a triloxía na que está inserida “es una competición conmigo mismo”. Finalmente, opina que o máis importante legado de Castelao é o político, que o ilustre rianxeiro pertence a todos e afirma que lle “parece maravilloso que se reivindique a Castelao desde muchos frentes”.

_____, “La literatura me sirve para evadirme de una realidad que no me satisface”, *El Ideal Gallego*, 25 febreiro 2000, p. 20.

Xulio López Valcárcel fala do seu libro *Campo de Marte* (1999) sinalando que responde á realidade da era cibernética, que podería lembrar a *La Colmena*, como novela coral e con múltiples personaxes, e mais que buscaba ante todo divertir.

Cedrón, María, “A miña patria non é a infancia, senón os meus recordos”, *La Voz de Galicia*, 5 xaneiro 2000, p. 80.

Xelís de Toro recoñece as influencias cinematográficas na súa última obra. Comenta este escritor compostelán aspectos xenéricos e a orixinalidade na presentación desta novela. Refírese tamén á súa vida e actividade profesional en Londres e manifesta a súa preferencia pola nosa terra e polos nosos costumes.

Darriba, Manuel, “Para un escritor gañar cartos tiña que estar antes co PSOE e agora co PP” / ”Chego á Academia Galega para loitar pola normalización lingüística”, *El Progreso/Diario de Pontevedra*, 19 outubro 2000/22 outubro 2000, pp. 74-75/p. 65.

Xosé Luís Méndez Ferrín responde a unha serie de preguntas de tipo persoal, literario, político e de actualidade. En primeiro lugar, recoñece a súa sorpresa polo éxito acadado con *No ventre do silencio* (1999) para, a seguir, afirmar que non hai escritores populares na actualidade. A raíz da súa entrada na Real Academia Galega, comenta que vai traballar a prol da normalización do idioma, que está a sufrir as consecuencias negativas do bilingüismo harmónico e a polémica “perniciosa” do debate normativo. Sobre a literatura galega actual, coida que ao ser moi ampla hai propostas de todo tipo e calidade, á vez que censura tópicos como o da “gran novela galega” e o “Quixote galego” que algúns parecen agardar. Ademais, insiste en que hai certa manipulación da literatura polos partidos gobernantes e fala da dereitización do BNG, o pensamento actual e o poder mediático imperante. Finalmente, resposta sobre o seu traballo como profesor.

_____, “Sen o culturalismo de Piñeiro, hoxe non se podería facer galeguismo”, *El Progreso*, 21 outubro 2000, p. 31.

O catedrático Basilio Losada comeza lembrando o papel de Ramón Piñeiro, tanto no plano persoal, porque marcou o seu camiño nas letras galegas, e colectivo, do que destaca o culturalismo e a idea de impregnar de galeguismo a todos os partidos. Así mesmo, fala da situación do galego entre os emigrantes en Barcelona, dende que el chegou á cidade nos 60 ata hoxe en día. Destaca, daquela, a conscienciación idiomática que encabezan os centros galegos e a cátedra universitaria de galego e, por último, cre que hai unha fuxida de profesionais de Galicia cara a fóra.

E. N., “A creación galega é equiparable a calquera literatura galega”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 16, 3 marzo 2000, p. 2.

Comeza Miguel Anxo Fernán-Vello referíndose ás novidades que prepara a editorial Espiral Maior, entre as que destacan as publicacións teatrais, un xénero polo que convén apostar, xa que “as colecciónsexistentes dependen fundamentalmente de institucións, non hai hoxe colecciónsautónomas”. Comenta a posibilidade de crear unha distribuidora “ou librería electrónica” con outras editoriais do país. Solicita a ampliación da rede de bibliotecas, a súa estructuración e a dotación do orzamento necesario para que teñan acceso ás novidades bibliográficas. Para rematar, opina que a literatura galega está a atravesar por un bo momento, pero “a lingua ten os días contados” se continúa a incumprir a Lei de Normalización Lingüística.

_____, “Queremos ir enchendo espacios editoriais que estaban baleiros”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 20, 31 marzo 2000, p. 2.

A presentación de Cesáreo Sánchez como director de Edicións A Nosa Terra está seguida dunha entrevista na que este poeta comenta as novidades que presentan as diferentes colecciónsdesta editora viguesa. Á enumeración de títulos seguélle unha declaración de intencións na que afirma que pretenden “ir enchendo espacios editoriais que estaban baleiros (...) pero non competir polo mercado con outras editoras”. Fala da demanda de libros dende o exterior e refírese aos problemas de distribución dentro do propio país, para o que solicita o apoio institucional. Tamén se alude ás exposicións que teñen en marcha e á posibilidade de editar en formato CD-ROM. Finalmente, opina que o futuro do libro galego estará ligado á maior ou menor dependencia de “multinacionais da edición, que fundamentalmente teñen interese no libro de texto”.

_____, “Tratamos de consolidar en Galicia a edición de libros de gran formato”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 22, 14 abril 2000, p. 2.

O director de Nigra, Gonzalo Allegue, declara os proxectos inmediatos da editorial viguesa, entre os que destaca un volume titulado *Galicia e o mar*, así como varios libros referidos ao viño, aos pazos, museos, etc. Comenta o carácter bilingüe de boa parte das obras que publican, así como o reducido número de clientes debido ao gran formato e ao elevado prezo. Opina que o mercado editorial galego é bastante pasivo, o mesmo que a distribución por parte da Xunta de Galicia. Finalmente, ve con bos ollos a chegada das novas tecnoloxías ao mundo editorial, faceta na que contan coa experiencia de Trea, unha editora asturiana coa que están asociados.

_____, “Homero Pérez: ‘As editoriais galegas están preparadas para os novos retos”, *El Correo Gallego*, *“Correo das Culturas”*, nº 26, 21 maio 2000, p. 10.

O director xeral de Promoción Cultural responde a preguntas sobre a presencia do libro galego en feiras que se celebran fóra do noso territorio. Opina que o sector editorial “está nun proceso de mellora e evolución constante” e refírese ás actividades do departamento que el dirixe para promover a lectura.

_____, “En Galicia lese bastante de todo, dende Heaney ó realismo suxo”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 37, 13 agosto 2000, p. 8.

O escritor e crítico literario Estro Montaña amósanos a súa opinión sobre o estado actual e as perspectivas futuras da literatura galega, afirmando que “hai que publicar moitas obras para poder seleccionar e facer unha boa escolla”.

_____, “Na mente dos creadores literarios, a autonomía é un obxectivo desde 1920”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 39, 27 agosto 2000, p. 6.

Xesús Alonso Montero sinala os principais atrancos para o espallamento da literatura galega fóra de Galicia e explica que se pode asegurar que a literatura galega conta cun sistema autónomo dende hai vinte anos.

_____, “A difusión é unha das grandes limitacións da nosa literatura”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 40, 3 setembro 2000, p. 12.

O crítico Manuel Quintáns fala da autonomía do sistema literario galego e das correntes literarias que máis influencia tiveron na literatura galega no século XX, como a materia de Bretaña ou o realismo.

E. O., “Piñeiro marcou os meus alicerces intelectuais”, *La Voz de Galicia*, 25 setembro 2000, p. 63.

Basilio Losada comeza esta conversa indicando que ten na súa posesión duascentas cartas da súa correspondencia epistolar con Ramón Piñeiro, para pasar logo a analizar a acción cultural e mais a defensa que do galego fixo Ramón Piñeiro.

Espinoso, S., “Conde: ‘El gallego vende poco por las editoriales”, *Diario de Ferrol*, 17 febreiro 2000, p. 14.

Alfredo Conde comenta cómo comezou no mundo da literatura a partir de ser un “voraz” neno lector. Comenta brevemente o contido de *Peregrino en invierno*, así como os proxectos editoriais máis inmediatos. Con respecto ao carácter bilingüe das súas novelas, afirma que crea inicialmente en galego, pero que ao traducilas hai obras que melloran; e que se se vende máis nunha lingua que outra é por razóns de tipo editorial.

F. B., “A literatura é unha sabedoría que busca chegar ó fondo da esencia humana”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 44, 1 outubro 2000, p. 6.

O escritor arzuán Miguel Suárez analiza o concepto de literatura e o estado actual da literatura galega e asegura que a educación é a “obriga esencial se queremos que persista a lingua, os libros e os escritores”.

_____, “No século XX a cultura da imaxe desprazou a cultura da escrita”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 45, 8 outubro 2000, p. 12.

Introdúcese esta conversa co escritor Xavier Queipo facendo un breve percorrido pola súa producción literaria. Xulga que o sistema literario galego participa das mesmas grandezas e miserias que todas as linguas minoritarias dado que, por exemplo, “a cultura da imaxe desprazou a cultura da escrita”.

_____, “A crítica nos medios segue a ser unha actividade marxinal”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 46, 15 outubro 2000, p. 14.

Acompañada dunha “Autosemblanza biográfica”, Vicente Montoto responde a unha serie de preguntas sobre teatro. Para el, as especifidades do teatro galego son a lingua e a cultura propias, que o fan máis universal en canto que sexa máis galego. Á vez que sinala algunhas propostas futuras para este campo, afirma que hai unha dependencia económica das institucións, pero que tamén se debe ás esixencias da calidade humana e técnica da nosa dramaturxia. Despois de informar dos proxectos actuais que o ocupan na compañía Uvegá Teatro, pide un cambio na liña dos medios de comunicación porque a crítica teatral ocupa un lugar periférico.

_____, “Un factor que condiciona é a case total ausencia de recensións nos medios”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 46, 15 outubro 2000, p. 10.

Tras unha breve presentación da traxectoria literaria de Marilar Aleixandre, a escritora di que observa nos últimos anos unha crecente prevalencia do aspecto comercial na literatura. Respecto do sistema literario galego, cre que é moi feble, un dos síntomas podería ser a escaseza de recensións literarias nos medios. Despois, sitúase dentro do sistema no relato curto e en temas como as relacións familiares, a vida dos marxinais ou a traizón. Para rematar, cita as publicacións *Grial*, *Boletín Galego de Literatura*, *Anuario de Estudios Literarios Galegos*, *Guía dos Libros Novos* e *Fadamorgana* como referencias críticas obrigadas.

_____, “A galega é unha das máis orixinais literaturas de Europa”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 47, 22 outubro 2000, p. 12.

O escritor Anxo Angueira describe a situación da literatura galega no ámbito literario europeo, considerándoa como unha “das máis orixinais”, e da súa obra no sistema galego. Finalmente, refire o novo proxecto que ten en mente: “unha especie de guía literaria da xeografía rosaliana e un libro de poemas”.

_____, “A maioría da sociedade ignora ou despreza o feito teatral”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 47, 22 outubro 2000, p. 16.

Vidal Bolaño, director e actor teatral, explica a situación do “feito teatral galego”, caracterizado por unhas peculiaridades derivadas da súa pertenza a unha cultura minorizada e cunha forte presencia institucional, que fixo posíbel o sostemento desa actividade. Así mesmo, dá conta dos varios proxectos nos que está a traballar, entre eles, a adaptación para Teatro do Aquí de *Os Papalagui*, os discursos dun suposto xefe samoano á súa tribo verbo dos paradoxos característicos da cultura occidental. Finalmente, destaca algúns dos nomes máis importantes do panorama actual da crítica teatral en Galicia.

_____, “Na literatura galega as razóns de mercado prevalecen sobre outras”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 48, 29 outubro 2000, p. 6.

Conversa con Paco Rivas, que comeza destacando o peso do factor comercial na literatura, tanto que na literatura galega eclipsa á crítica. No noso caso, asume que a literatura xuvenil é o campo no que máis se achega ás grandes literaturas, ademais de crer que as subvencións son necesarias sempre que non vinculen. En canto á súa obra, encadraríaa nunha poesía popular á vez que futurista.

_____, “A literatura máis interesante provén das culturas da periferia”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 49, 5 novembro 2000, p. 6.

Fran Alonso coida que a Historia da Literatura debe facerse dende unha análise cultural contemporánea. Preguntado sobre o lugar que ocupa a literatura galega, cre que, xunto con outros sistemas periféricos, está a dotar de orixinalidade a literatura, de aí que tamén considere a súa obra con vocación universal. Tamén di que o papel do escritor en Galicia é o de contribuír á normalización lingüística. Finalmente, distingue entre unha crítica universitaria en fase de consolidación e a figura do crítico xornalístico inexistente neste país.

_____, “O teatro debería sistematizarse nunha política cultural xeral”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 49, 5 novembro 2000, p. 10.

Cándido Pazó responde a diversas cuestións sobre a dramaturxia galega como son as singularidades do sistema fronte a outros sistemas peninsulares, a presencia do institucional (necesaria pero que necesita en Galicia dunha política cultural global), proxectos persoais e o papel da crítica, “asistemática e precaria”, pero entre a que salienta a Camilo Franco, Damián Villalaín e Iolanda Ogando.

_____, “Non hai prestixio posible nin futuro para a nosa literatura”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 50, 12 novembro 2000, p. 6.

Xurxo Borrazás analiza a infravaloración da literatura galega como creación artística, reflexo da infravaloración artística a todos os niveis; a situación da literatura galega respecto das literaturas europeas actuais, e o propio sistema galego, no que o traballo das institucións e editoras se ve ameazado por unha política lingüística pouco axeitada. Por outra banda, sitúa a súa propia obra neste sistema literario, ao que achega un tipo de literatura que de non ser por el, habería que procurar noutras linguas; ofrece unha visión da crítica literaria galega actual e dá conta dos proxectos nos que está a traballar, entre os que se conta a elaboración da segunda parte de *O Desintegrista* (1999).

_____, “A nosa tradición literaria expresa a vontade de país”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 51, 19 novembro 2000, p. 6.

Conversa co escritor Ramón Caride Ogando na que este fala da concepción da literatura como unha arte; a “magnífica” situación da creación literaria galega respecto das literaturas europeas e a situación actual do noso sistema literario que só pode mellorar mediante un cambio político. Asemade, sitúa a súa obra no sistema literario ao que pertence e destaca algúns dos nomes da crítica literaria galega que están a cumprir un labor orientador imprescindíbel como Xoan González Millán, Anxo Tarrío Varela, Arturo Casas e Dolores Vilavedra.

_____, “Imos cara á conversión da literatura en pura comida rápida”, *El Correo Gallego*, “*Correo das culturas*”, nº 52, 26 novembro 2000, p. 6.

Conversa con Xosé Ramón Pena na que este escritor opina sobre a intervención pública no sistema literario actual, a función dos críticos literarios e a desvalorización da literatura como creación artística, pois para moitos conta máis quen escribiu unha obra que a obra en si mesma. Asemade, sitúa a súa propia obra dentro do sistema literario galego, no que se describe como un autor de tendencias clásicas, e refire os dous proxectos nos que está a traballar: unha nova edición da *Historia da literatura medieval galego-portuguesa* e unha novela.

_____, “En Galicia, os escritores escriben para escritores”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 53, 3 decembro 2000, p. 6.

Bieito Iglesias, escritor e catedrático de lingua e literatura galegas nun instituto de ensino medio, expresa o seu descontento pola situación da literatura galega actual, pois non só non se contempla a valoración da literatura como unha arte, senón que “en Galicia, os escritores escriben para escritores e os críticos literarios non se rexen nin sequera por razón de mercado, senón que se limitan a exercer de mandaríns”. Así mesmo, dá conta dos proxectos nos que está a traballar, a redacción de dúas novelas e un poemario, así como un libro de relatos.

_____, “O público lía antes por militancia e hoxe por obrigación”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 54, 10 decembro 2000, p. 6.

O escritor Xelís de Toro explica a situación actual da concepción da literatura como arte, as diferencias entre o sistema galego e o resto dos europeos, a presencia social da literatura galega, que está caendo en picado precisamente cando por primeira vez ten medios para a súa promoción, e a función da crítica literaria, aspecto no que adica unha mención especial á revista *Guía dos libros novos*, que está a conseguir moi bos resultados. Dá conta tamén da súa situación dentro do sistema que lle é propio, no que non segue correntes nin mestres, e da traxectoria levada a cabo ata o momento.

_____, “A creación literaria vén asolagada polo vendible”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 55, 17 decembro 2000, p. 6.

Conversa co economista e escritor Carlos Mella que se abre cunha introducción bibliográfica do autor. A seguir, o entrevistado responde a unha serie de cuestións nas que afirma que a literatura se ve invadida polo campo económico, que ve unha “enorme vitalidade”, cuantitativa e cualitativa, na escrita galega actual, que, sen embargo, se move nun ámbito institucional e mercantil hostil. Para finalizar, cita a Anxo Tarrío como “crítico e autoridade orientadora” imprescindíbel na literatura galega e adianta que ten unha novela en proceso de escrita, *As mans de Adelaida*.

_____, “A miña obra é tan dispersa como a miña curiosidade”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 56, 24 decembro 2000, p. 6.

Xosé Cermeño, escritor coruñés, opina que a crítica que se fai en Galicia está moi influída por “asuntos –modas, polémicas, premios, prexuízos, acordos ou desacordos políticos…– que non son esenciais para a súa valoración como creacións artísticas”. Considera que na existencia do sistema literario galego pesa máis a vontade que os datos obxectivos, xa que ten moitas débedas coa subvención e a edición institucional, ademais de carecer de traduccións de obras básicas da literatura universal. Vese como autor dunha obra polifacética e multixenérica, difícil de encadrar no sistema, pero salienta a súa actividade como guionista de series de ficción para a televisión. Finalmente, nomea a Xesús Alonso Montero, César Antonio Molina e Francisco Martínez Bouzas como os críticos que máis o orientan á hora de achegarse a novas obras.

_____, “A nosa literatura ocupa un lugar digno en Europa”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 57, 31 decembro 2000, p. 6.

Inicialmente, fálase do alto nivel que a literatura galega alcanza no ámbito europeo para, de seguido, centrarse na falta de normalización do idioma, e por tanto do libro, da súa promoción na radio, na televisión, etc. Asemade, considera que a crítica se debería situar máis alá das simpatías ou antipatías a respecto dun autor. Por último, dá conta dos novos proxectos sobre a crónica da emigración que está a preparar.

Fernández Naval, Francisco X., “Xosé Fernández Ferreiro ‘Os anos de *Brais Pinto* foron os máis fermosos aínda que os soños non se cumpriran”, *A Nosa Terra*, nº 927, “Guieiro Cultural”, 23 marzo 2000, p. 32.

Comeza Xosé Fernández Ferreiro comentando as súas orixes nunha familia labrega e os seus comezos no mundo da literatura. A seguir, describe polo miúdo a creación do grupo Brais Pinto en Madrid, na que el participou. Afirma que este colectivo segue conservando a amizade que os uniu daquela e que “nós nunca cambiamos a chaqueta, nunca cobizamos o poder, nós só amamos a Galicia”. Finalmente, dá conta dun proxecto de publicación dunha novela sobre os maquis e relata unha experiencia vivida no Ourense da posguerra que lle serve de inspiración.

Fraga, Jesús, “Rosalía forma parte de mi alma y de mucha gente”, *La Voz de Galicia*, “Última voz”, 25 febreiro 2000, p. 96.

Amancio Prada declara a súa paixón pola tradición oral por ser un xénero que non perdeu a emoción. Reivindica un maior coñecemento da natureza por parte da infancia e afirma que a paisaxe e a paisanaxe galegas son as súas preferidas, nomeadamente Rosalía de Castro, coa que mantén unha “relación cordial y permanente”. Lembra os seus comezos no París de 1974 co disco *Vida e morte*. Para rematar, declara os seus gustos literarios.

_____, “Non hai ningunha contradicción entre tradición e vangarda”, *La Voz de Galicia*, 15 abril 2000, p. 71.

A presentación do argumento e das posíbeis influencias de *Infancia e desventura de Lino Carrán* están seguidas dunha entrevista co seu autor, Xosé Miranda. O escritor lucense contrapón esta obra a *Morning Star*, aínda que considera que ambas son novelas de iniciación. Opina que a tradición e a modernidade poden convivir, como demostraron os cultivadores do neotrobadorismo. Finalmente, refírese á presencia na súa obra da viaxe iniciática e épica, “a busca de si mesmo”.

Franco, C., “A función da Real Academia Galega é facer un labor calado, non estrepitoso”, *El Ideal Gallego*, 30 setembro 2000, p. 19.

Co gallo do ingreso de X. L. Méndez Ferrín na RAG co discurso “A poesía galega medieval vista dende o último relanzo do século XX”, o escritor ourensán fala do papel da RAG como marcador do galego estándar e refírese tamén á política actual e á conmemoración do Ano de Castelao.

Franco, Fernando, “Loitar polo idioma é loitar pola liberdade”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 157, 20 maio 2000, p. 7.

Xosé Luís Axeitos comeza aclarando a convivencia da súa dedicación á docencia de Literatura Española coa investigación que leva a cabo, fundamentalmente centrada na Literatura Galega. Comenta que na actualidade non se discute o criterio da lingua á hora de adscribir un autor á nosa literatura. Defende as linguas minorizadas e opina que o incremento da publicación nestas linguas non se ve correspondido cun aumento no número de falantes. Finalmente, dubida que as novas tecnoloxías dean acabado con linguas coma o galego e, en xeral, cos libros.

_____, “Galaxia marcó mi vida”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 188, 16 decembro 2000, p. 4.

Basilio Losada fala do importante que foi a Editorial Galaxia na súa vida, pois ao descubrir os seus libros en galego decidiu dedicarse á docencia e ao estudio de temas relacionados con Galicia. Polo demais, comenta o traballo que está a levar a cabo como conferenciante agora que se xubilou e fala da evolución da universidade dende que comezou ao tempo que profetiza sobre o futuro. Por último, fala da súa aldea, como a orixe, e da lingua galega, como a súa patria.

Gándara, Antía, “A poesía é eterna. Laméntoo pola ciencia”, *Redacción Xove*, “Cultura”, nº 35, outubro 2000, p. 28.

Conversa con Román Raña precedida dun repaso pola obra deste poeta, mestre, crítico literario e autor da novela *O crime da rúa da moeda vella* (1990), ademais de obras poéticas como *Da muda primavera* (1988), *Extramuros da noite* (1985) ou *Nas areias doutro mar* (1984), na que reflexiona sobre o panorama cultural galego, dende o afastamento que observa na mocidade da lingua e cultura galegas, a falta de efectividade da escola á hora de achegar os rapaces á cultura xeral, e á literatura en particular, ou no fomento do hábito de lectura. Tamén apunta que, despois da efervescencia dos anos oitenta e o posterior afundimento, observa a aparición de novos valores na nosa poesía, un xénero que considera “eterno” pola presencia nela dos sentimentos.

García, Lito, “Miguel de Lira”, *Diario de Pontevedra*, “Revista”, 4 xuño 2000, p. 29.

O actor Miguel de Lira describe como foron os seus comezos no mundo do teatro universitario montando o grupo Chévere, para despois pasar a analizar o personaxe de Currás dentro da serie *Mareas Vivas*, así como o fenómeno social que resultou ser esta serie galega.

García, Rodri, “A narrativa actual é pedante e repetitiva”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 113, 25 xaneiro 2000, p. 7.

A publicación de *Princesiña de Francia* é o motivo central desta entrevista a Basilio Losada. Con respecto a ela, comenta a temática e a realidade lingüística que a envolveu. Refírese tamén aos temas doutras obras que ten previsto publicar en anos vindeiros. Da narrativa actual critica o aburrimento, un defecto que se podería corrixir, segundo o entrevistado, de ter máis en conta a literatura de transmisión oral, como ocorre na literatura brasileira.

_____, “Empecei unhas memorias pero ando desmemoriado”, *La Voz de Galicia*, “Última voz”, 18 maio 2000, p. 96.

Marino Dónega comenta varias lembranzas da infancia e da mocidade, aínda que recoñece estar bastante desmemoriado. Evoca tamén a súa actividade na RAG, a institución do Día das Letras Galegas e a colaboración con García-Sabell.

_____, “Soy un peregrino que lleva a Galicia en el corazón”, *Diario 16*, 19 xullo 2000, p. 52.

Con motivo da entrega do galardón “Celanova. Casa dos Poetas” ao poeta José Ángel Valente, este fala da importancia deste premio e sobre a volta da súa literatura ás raíces galegas.

Gradín Barcia, Tere, “Otilia Seijas”, *Faro de Vigo*, “FaroDomingo”, 10 setembro 2000, p. 3.

Otilia Seijas repasa a súa traxectoria literaria. No referente ao panorama literario galego actual acha que é extraordinario e que a literatura galega está a atravesar un momento excelente con figuras como Manuel Rivas.

Hevia, A., “Un escritor é debedor de todos cantos escritores leu”, *O Norte*, nº 133, 1ª quincena xaneiro 2000, p. 65.

Alfredo Conde comenta algúns aspectos da súa vida e sobre a súa producción literaria. Salienta que *Xa vai o grifón no vento* (1984) é o seu libro máis coñecido e que actualmente está a preparar unha novela sobre o Marqués de Sargadelos.

Hoscar Cano, R. X., “O galeguismo vitaliza a democracia e a sociedade civil”, *Redacción Xove*, xaneiro 2000, p. 19.

O galeguismo durante o réxime franquista é o eixe desta conversa na que Xaime Isla Couto que indica que os contactos políticos dos galeguistas nesa altura comezaron cos comunistas e seguiron cos nacionalistas vascos e cataláns. Fala tamén da relación entre Ramón Piñeiro e mais Castelao.

_____, “Na Galiza edítase máis do que é capaz de absorver”, *Redacción Xove*, marzo 2000, p. 25.

O director de comunicación da editorial Galaxia, Frank Meyer, reflexiona sobre o papel desta editorial dentro do panorama literario galego e con referencia á producción literaria en lingua galega, afirma que se está a editar moito máis do que o público é capaz de absorber.

J. N., “O tempo dalle importancia ás cousas”, *La Voz de Galicia*, 11 novembro 2000, p. 13.

Co gallo do simposio que lembra na Coruña a figura de Carvalho Calero, Francisco Salinas Portugal informa das razóns deste encontro, dos temas que serán tratados e dos ponentes que asisten. Tamén lembra as múltiples facetas de Calero que, sen embargo, son insuficientes para que a oficialidade o recupere debido ao seu compromiso reintegracionista. Coincidindo con este evento, infórmase da próxima publicación de *Escritos sobre teatro*, un volume que recolle os textos que Calero escribiu sobre este xénero.

J. P. P. B., “Este é un mundo bastante limitado no que non se pode baixar a garda”, *Diario de Ferrol*, “La entrevista del día”, 12 marzo 2000, p. 11.

A presentación de Xan López Domínguez como un dos máis importantes ilustradores galegos, caracterizado por “un estilo moi persoal, perfeccionista, traballador incansable”, está seguida dunha entrevista na que este lucense afincado en Ferrol enumera os proxectos nos que está a traballar, comenta os seus comezos no mundo do cómic e fala da constitución da Asociación Galega de Ilustradores, que el mesmo preside. Con respecto á AGI, opina que é unha boa maneira para darse a coñecer e poñer en común os problemas deste colectivo. Considera que a ilustración galega está a atravesar un bo momento, pero “aínda así está moi complicado vivir desto”, polo que avoga pola diversificación de actividades, por exemplo, introducirse no mundo da animación.

Jaureguizar, “Ibáñez foi un personaxe fascinante que acabou cunha morte horrenda”, *El Progreso*, 18 marzo 2001, p. 91.

O escritor Alfredo Conde declara nesta entrevista que o seu editor foi quen lle suxeriu elaborar unha novela arredor do Marqués de Sargadelos. O entrevistado advirte que a súa obra, *Azul cobalto. Historia posible do marqués de Sargadelos*, non ten intencións de biografía, senón de ficción, e asegura que fabulou sobre os datos descoñecidos da vida do marqués. Tamén dá conta da terríbel morte do ilustrado, acusado de afrancesado durante a Guerra de Independencia española (1808-1812). Asemade, Conde afirma que a sociedade galega tenta destruír a aqueles que triunfan, cousa normal nas tradicións católicas, e que a el “preocúpalle escribir, non ser escritor”. Para rematar, di que as versións galega e castelá do seu libro “autopoténcianse”.

L. R., “Sarabela ofrece hoxe un pregón insólito”, *La Región*, 3 xuño 2000, p. 37.

Co gallo da lectura do pregón das Festas do Corpus de Ourense por parte do grupo de teatro ourensán Sarabela, a súa directora, Ánxeles Cuña Bóveda, expón a súa opinión sobre a situación do xénero dramático en Galicia e sobre a gran relación existente entre o seu grupo teatral e a Cidade das Burgas.

Lorenzo, Ana, “A xente ten medo a sentir e a implicarse cos demais”, *La Voz de Galicia*, 9 febreiro 2000, p. 88.

Eva Veiga, con motivo da publicación do poemario *Paisaxes do baleiro*, comeza cunha reflexión acerca dos motivos que a levan a escribir. Fala da presencia do mar na súa obra e na súa vida e explica cómo concibe a soidade. Afirma que os seus poemas xorden da “experiencia que eu vivo ou contemplo” e que ese é o lazo de unión entre os que conforman o poemario. Finalmente, refírese a que na actualidade o tema que máis lle interesa é a violencia, e tamén está a traballar nun monólogo sobre a muller actual.

M. Y. A., “Os lucenses piden escolas onde aprender teatro”, *El Progreso*, 23 xullo 2000, p. 4.

Resposta nesta ocasión Alberte Cabarcos sobre cómo vai ser o curso de teatro que vai impartir na cidade de Lugo. Analiza tamén a situación do teatro nesta cidade e do que necesitaría para desenvolverse máis claramente.

Martínez, Alejandro, “Piñeiro era unha personalidade excepcional en tódolos sentidos”, *La Voz de Galicia*, 27 agosto 2000, p. 6.

Faise unha lembranza de Ramón Piñeiro dez anos despois da súa morte. Refírese Carlos Casares á intelixencia e ao sentido da amizade que posuía Ramón Piñeiro, á súa ideoloxía galeguista e ao maxisterio que exercía sobre os que o rodearon.

Mauleón, Amalia, “O traductor debe cumpri-la súa función de mediador cultural”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 16 decembro 2000, p. 44.

Fernando Pérez-Barreiro Nolla, traductor de textos de diversos idiomas, comenta as diferencias na traducción de textos técnicos e literarios, cómo xurdiu o seu interese polo chinés e as dificultades deste idioma á hora de traducilo, os erros máis frecuentes nas traslacións ao galego e o futuro das traduccións a esta lingua.

Mirás, Nacho, “Díaz Pardo: “O presidente do Museo do Pobo tiña que ser Ramón Villares”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 29 maio 2000, p. 55.

Conversa con Isaac Díaz Pardo con motivo do seu nomeamento como presidente do Museo do Pobo Galego en substitución do desaparecido Antón Fraguas. Sinala que non lle parece que sexa a persoa máis adecuada para presidir a institución e que el propuxo a Ramón Villares. Di tamén que non estivo de acordo co seu nomeamento pero tivo que transixir porque así o decidiu a xunta rectora sen contar con el e expresa a súa desconfianza no cargo porque “nestes cargos non se fai nada” xa que “os presidentes demócratas non mandan, presiden reunións e fan de representantes da asemblea”.

Mirás, Roberto Carlos, “Cairo Antelo: “Se non pensas en galego, non o podes escribir”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 23 xullo 2000, p. 18.

O escritor Xosé Manuel Cairo Antelo comeza recoñecendo a Antón Avilés de Taramancos e Tomás Barros como os dous personaxes máis importantes da lingua nos últimos anos. Considera a súa poesía como un canto á necesidade, á ilusión e á esperanza e recoñece o autobiografismo de todo poema ao lle preguntaren se esta Noia presente na súa poesía. Ademais di que entende o mar como un movemento espiritual, como un mar interior que leva e trae os sentimentos. Máis que da perda dos valores na sociedade prefire ver un cambio e no tocante á poesía actual galega considera que se trata dun momento álxido. No tocante ao proceso creador da poesía concibe a inspiración como algo que xorde de súpeto e que despois hai que someter ao tempo e á meditación.

Montero, Eva M., “Carvalho Calero é unha referencia imprescindible na cultura galega”, *Diario de Ferrol*, 23 novembro 2000, p. 15.

Tras lembrar os primeiros pasos de Miguel Castelo no eido cinematográfico, recolle diversas declaracións deste director de cinema ao redor da curtametraxe que rodou a finais dos anos 70 sobre o conto de Castelao “O pai de Migueliño”, do libro *Cousas* (1926).

Moreira, Rafa, “Xosé Manuel Varela, un dos mellores coñecedores da obra de Labarta Pose”, *O Norte*, nº 138, 1ª quincena abril 2000, p. 19.

Contesta preguntas referidas á vida, obra e activismo literario-cultural levado a cabo por Labarta Pose. Noutro momento, sinala cáles poden ser as causas de que sexa un escritor secundario ou ensombrecido, á vez que reclama un día das Letras Galegas para recuperar a súa obra e a súa memoria.

Mosquera, Javier, “As inquedanzas dun estudiante”, *Faro de Vigo*, “FaroDomingo”, “Lembranzas de Don Paco”, 28 maio 2000, pp. 10-11.

Fala Francisco Fernández del Riego dos anos previos á Guerra Civil. Así pois, conta como foron os primeiros anos en Santiago, como correron os seus estudios, como participaba naquela actividade de promover o galeguismo e o estatuto, e das relacións cos galeguistas.

_____, “Os anos escuros do gran desacougo”, *Faro de Vigo*, “FaroDomingo”, “Lembranzas de Don Paco”, 4 xuño 2000, pp. 10-11.

Francisco Fernández del Riego continúa o relato das súas vivencias pero agora sitúanos nos anos posteriores á Guerra Civil cando chega a Vigo, unha cidade que lle semellaba ao académico ás do oeste polo rápido e espectacular crecemento que acadou nos anos posteriores á contenda. Alí tivo noticia do encarceramento de Valentín Paz Andrade, entrou en contacto con Carlos Maside, volveu ao ensino despois de solventar innumerábeis atrancos e retornou á actividade política para tentar revitalizar o galeguismo na clandestinidade.

_____, “Os primeiros anos en Vigo”, *Faro de Vigo*, “FaroDomingo”, “Lembranzas de Don Paco”, 11 xuño 2000, pp. 10-11.

Transcribe unha entrevista realizada a Francisco Fernández del Riego na que o académico fala de cómo viviu o golpe militar do 36 e a posterior etapa militar, e recorda con especial dor os fusilamentos e desaparicións doutros intelectuais da época entre os que se atopaban bos amigos e coñecidos seus como Ánxel Casal ou o gobernador coruñés Pérez Carballo e a súa muller.

_____, “Primeiros encontros coa emigración”, *Faro de Vigo*, “FaroDomingo”, “Lembranzas de Don Paco (7)”, 25 xuño 2000, pp. 10-11.

Refírese aos seus primeiros contactos coa emigración, tanto no que se refire a nivel epistolar coma coas visitas, charlas e conferencias que fixo á America, sobre todo en Buenos Aires. Tamén se refire ás colaboracións no suplemento compostelán *La Noche*.

_____, “Non foi un ano calquera o de 1963...”, *Faro de Vigo*, “FaroDomingo”, “Lembranzas de Don Paco”, 2 xullo 2000, pp. 10-11.

Comenta amplamente Francisco Fernández del Riego os tres principais fitos de 1963: a creación da Fundación Penzol, o nacemento da revista *Grial*, e o primeiro ano que se decide celebrar o Día das Letras Galegas.

_____, “Ingreso na Academia da Lingua”, *Faro de Vigo*, “FaroDomingo”, “Lembranzas de Don Paco”, 9 xullo 2000, p. 8-9.

Fala do momento no que Francisco Fernández del Riego entra na Academia, da situación que había daquela, e a situación que vive actualmente cando está a ocupar a presidencia.

_____, “Un viaxeiro infatigable”, *Faro de Vigo*, “FaroDomingo”, “Lembranzas de Don Paco”, 16 xullo 2000, pp. 8-9.

Indica Francisco Fernández del Riego as viaxes que realizou por Galicia, Portugal, Estado Español, Europa e América, referíndose a aquelas visitas que máis o sorprenderon quer, por motivos culturais, quer por motivos paisaxísticos.

_____, “Escolma de anécdotas”, *Faro de Vigo*, FaroDomingo”, “Lembranzas de Don Paco”, 23 xullo 2000, pp. 8-9.

Conta algunhas historias, das moitas que lle aconteceron na vida. Refírense a anécdotas da infancia, outras de cando foi de viaxe, e mais aquelas que lle ocorreran en Buenos Aires.

_____, “Un capital cultural para Vigo e Galicia”, *Faro de Vigo*, “FaroDomingo”, “Lembranzas de Don Paco”, 30 xullo 2000, pp. 8-9.

Fala da doazón da súa biblioteca particular á cidade de Vigo e das principais pezas artísticas que posúe. Alén disto di que entre os trinta mil libros hai algúns moi buscados e queridos e obxectos moi relevantes para a simboloxía de Galicia.

Mosteiro, Marga, “A feira do libro foi multitudinaria”, *La Voz de Galicia*, “A entrevista”, 15 maio 2000, p. 13.

Antón Pedreira, director da Feira do Libro de Santiago, comenta nesta entrevista o éxito deste evento. Achega datos dos libros máis vendidos, tanto en galego coma en catelán, e tamén ofrece cifras de visitantes. Finalmente, faise eco do pulo da literatura infantil e xuvenil e anuncia un acto previsto para o Día das Letras Galegas.

N. G., “Me inicié en la literatura tras ganar un concurso y conocer a Risco”, *El Ideal Gallego*, 8 abril 2000, p. 19.

Con motivo dunha conferencia impartida na biblioteca pública Miguel González Garcés, Carlos Casares comenta os seus inicios no mundo da creación literaria, describe o comezo na publicación de libros e a concesión do Premio da Crítica no 1976. Refírese tamén o Presidente do Consello da Cultura Galega á súa última novela, *Deus sentado nun sillón azul*, para a que declara terse inspirado en Risco. Finalmente, alude aos seus proxectos de futuro e ás celebracións do cincuentenario de Galaxia, editorial que el dirixe.

Neira, E., “Hai moitas novas promesas no panorama literario galego”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 9, 14 xaneiro 2000, p. 2.

Comeza Olegario Sotelo Blanco cunha alusión ás novidades para o ano 2000 e ao libro de máis éxito dos publicados pola súa empresa. Tamén dedica unhas palabras a comentar a actividade da editorial Ronsel e recoñece a dificultade de colocar no mercado español traduccións de obras galegas. Observa unha progresiva consolidación das editoriais galegas e solicita máis promoción e apoio por partes das institucións.

_____, “Mudará a edición, pero seguirá a necesidade de contar historias”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 15, 25 febreiro 2000, p. 2.

O director de Edicións do Cumio declara os proxectos de publicación previstos nas distintas colecções desta editorial viguesa. Comenta, ademais, Antón Mascato as características do *Diccionario Lingua Galega Cumio* e a edición de música galega que levan a cabo dende o 1995. Opina que a rede galega de bibliotecas é insuficiente e considera que as novas tecnoloxías cambiarán profundamente moitos aspectos do mundo editorial. Finalmente, amósase optimista co futuro da lingua galega e cre que a nosa literatura está a vivir un bo momento.

_____, “O lector en galego non busca tanto o entretemento como a información”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 18, 17 marzo 2000, p. 2.

Xosé Coira declara que a editorial que el dirixe, Tris Tram, xurdiu como iniciativa dun grupo de amigos aos que lles gustaba a edición clásica de libros. Comenta as principais liñas seguidas en Tris Tram e os proxectos de futuro. Afirma que os volumes que levan publicados tiveron unha aceptación irregular, destacando os *Contos de fantasmas* e *Contos celtas*, e opina que os lectores galegos prefiren a “lectura informativa ou a de compromiso”. Finalmente, amósase optimista con respecto ao futuro do libro e non é partidario do formato CD-ROM.

_____, “O futuro para o noso sector editorial está en saírmos do ámbito galego”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 25, 14 maio 2000, p. 12.

Carlos del Pulgar, director-xerente de Nova Galicia Edicións, comenta diversos aspectos referidos ao mundo editorial galego. Céntrase no proxecto *Artistas galegos* e nas posibilidades de comercialización no exterior. Alén diso, refírese aos demais proxectos desta editora viguesa, centrada en “facer libros tamén para fóra”, á clientela que ten entre os emigrantes galegos e amósase remiso á edición en soporte electrónico.

_____, “Potencialmente hai moitos lectores, hai que intentar reconducilos”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 36, 6 agosto 2000, p. 6.

Fala Xavier Castro Rodríguez da situación actual da literatura galega, do canon no noso sistema literario e da recepción que teñen as obras galegas no noso ámbito literario. Asemade, di que considera esencial o labor dos críticos, tanto polo que din coma polo que calan.

Olano, Antonio D., “Sabino Torres, tras las huellas de Rosalía”, *El Correo Gallego*, “Fin de Semana”, 6 febreiro 2000, p. 3.

Sabino Torres realiza un repaso pola súa actividade profesional, como editor, e pola creadora, como poeta. Comenta a creación do semanario *Litoral* e a colección de poesía “Benito Soto”. Ten tamén unhas palabras de lembranza para Rosalía de Castro, á que lle loa a faceta de escritora e de actriz. Finalmente, refírese a varios membros da súa familia que son coñecidos na actualidade nos medios de comunicación.

Oliveira, Juan de, “Humildemente creo que todos temos a posibilidade de pensar”, *El Progreso*, 30 agosto 2000, p. 31.

Considera Xurxo Souto que todo o mundo ten a posibilidade de falar e de comunicar o que pensa. Fala tamén da súa obra narrativa, das vivencias co seu grupo de música e da concepción que se ten da súa cidade en Galicia, algo que considera un producto mediático.

Paz, Jacobo, “Cando escribo sangro”, *El Progreso*, “Campus”, 2 febreiro 2000, p. 37.

A autora de *Poesía fea*, Lupe Gómez, comenta os seus comezos no mundo da literatura; as lecturas máis influíntes e as primeiras creacións. Fala da positiva influencia que recibiu do mundo rural, o Fisteus natal, tanto na temática coma na lingua que emprega, en contraposición cos “tempos malos, de tristura, de silenciamento de min mesma” que viviu na Coruña durante o bacharelato. Refírese ás diferencias na publicación de *Pornografía* e de *Os teus dedos na miña braga con regra*, así como á presencia da menstruación na súa obra. Bota de menos unha maior participación da crítica galega nos medios de comunicación e valora as novas xeracións poéticas. Finalmente, define que a poesía para ela é “un lugar de sinceridade. O único lugar seguro para min, nesta sociedade fea”.

Pereira, Luís, “El retorno del pueblo celta”, *Diario de Pontevedra*, “Revista”, 13 agosto 2000, p. 7.

O profesor de literatura Anglo-irlandesa e Celta Ramón Sainero fala da influencia da literatura celta na literatura galega e nos pensadores de Galicia como nación. Polo demais, anuncia a posibilidade de que se cree un centro para os estudios celtas.

Pinacho, Antonio, “La poesía es un género difícil porque exige espiritualidad”, *Faro de Vigo*, 1 setembro 2000, p. 13.

Contesta Francisco Álvarez “Koki” a cuestións relativas á creación poética. Considera que a poesía é para persoas moi sensíbeis xa que, para este autor, a poesía é un xénero espiritual, por iso o le pouca xente.

Pinedo, Emma, “O´ Rivas, poeta en Londres”, *Faro de Vigo*, “FaroDomingo”, 16 xullo 2000, p. 3.

Manuel Rivas contesta preguntas sobre a situación actual do xornalismo, da importancia da narración oral nos mundos de hoxe e da poesía. A este respecto di que a poesía pervive en todos os ámbitos da vida, que só se debe buscar.

Pino, Concha, “A república das letras é outra”, *La Voz de Galicia*, 13 febreiro 2000, p. 92.

Despois de repasar a traxectoria do Pen Clube de Galicia, Concha Pino entrevista a Luís González Tosar con motivo do seu nomeamento como presidente desta institución. Este poeta comenta a circunstancia da súa chegada ao cargo, fala da incorporación de Bieito Iglesias e Fran Alonso, indica que o obxectivo do clube é “fomenta-la amistade entre autores das distintas literaturas”. Finalmente, afirma a intención de incorporar os autores máis novos e nega calquera carácter excluínte.

_____, “A nosa literatura ten moito pulo”, *La Voz de Galicia*, 12 abril 2000, p. 79.

A presentación da traxectoria política e intelectual de Carlos Mella está seguida dunha entrevista na que o actual presidente da AELG comenta as diversas actividades desta asociación, entre as que salienta a participación en Galeuzka. Opina que a literatura galega está a atravesar por un bo momento, con importantes recoñecementos para os nosos escritores, pero considera que se debe proxectar máis cara ao exterior.

_____, “Son muller e escribo como muller”, *La Voz de Galicia*, “Santiago. A entrevista”, 16 outubro 2000, p. 13

Con motivo da súa participación no ciclo de lecturas dramatizadas celebradas no Teatro Principal de Santiago de Compostela, a autora e actriz teatral Inma Antonio Souto responde a diversas cuestións relacionadas coa súa interpretación como protagonista en *Era nova e sabía a malvaísco*. Así, comeza sinalando que o feito de que se lea un texto en lugar de repersentalo responde a cuestións económicas. A seguir reflexiona sobre a escaseza de autoras teatrais galegas e dá a súa opinión sobre o punto de vista feminino na creación literaria galega, que considera diferente do home porque, segundo dixo, “escribo porque son muller, penso e sinto como muller”.

Piñeiro, Antonio, “Pura Vázquez: O canto da ‘terra matria”, *La Región*, “Ourensáns na cultura”, 21 maio 2000, p. 8.

Pura Vázquez reflexiona sobre a súa actividade creadora e sobre o estado actual da literatura galega, que considera bastante mellor que cando ela comezaba a publicar. Fala da saída ao mercado de *Terra matria dos soños* (1999) e comenta os proxectos máis inmediatos, entre eles un ensaio sobre Rubén Darío e Francisca Sánchez. Afirma non usar as novas tecnoloxías, reivindica a importancia cultural da cidade de Ourense e reclama a dedicación do Día das Letras Galegas a D. Antonio Fraguas. Defínese como “unha muller á que lle gustou moito viaxar, coñecer mundo e sobre todo escribir”. Finalmente, recolle Antonio Piñeiro a opinión de Dora Vázquez na que manifesta a admiración e a amizade que a une á súa irmá.

Pita Parada, Rocío, “A narrativa galega está ó nivel de calquera literatura europea”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, 3 decembro 2000, p. 16.

O escritor Xosé Neira Vilas fala sobre diferentes aspectos relacionados coa súa obra e a súa persoa, entre eles o que significou a homenaxe recibida, conxuntamente coa súa dona, no Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontedeume; as razóns que o levaron a emigrar; a presencia dos nenos do rural e da vida das aldeas nos seus libros, a significación das diferentes obras, lembrando especialmente *Memorias dun neno labrego* (1961), a mellor acollida polo público; a situación da literatura galega actual e a súa consideración como escritor da Nova Narrativa Galega, cos membros da cal manisfesta algunhas diferencias.

_____, “As bibliotecas deberían constituír o corazón cultural de cada localidade”, *Diario de Ferrol*, “La entrevista del Día”, 31 decembro 2000, p. 17.

Despois de facer un balance das publicacións de Xerais no ano 2000, analiza a presencia do libro infantil no mercado literario, a importancia de encontros para a promoción da edición en galego; a necesidade de subvencións e axudas institucionais que faciliten a publicación en galego, así como a situación da edición institucional respecto do sector editorial privado, e a escaseza de publicacións de tipo máis específico como as científico-técnicas ou as traduccións de obras clave do pensamento universal.

Pontón, Eugenio, “No puedo jubilarme; nunca pagué la Seguridad Social”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, 3 setembro 2000, pp. 6-7.

Isaac Díaz Pardo fala de economía, de empresa e da sociedade galega. No que se refire á cultura, avoga polo reintegracionismo lingüístico e por unha maior proxección cara ao pobo.

_____, “Cualquier día nos sorprendemos con el Nobel otorgado a un escritor en lengua gallega”, *El Ideal Gallego*, “Conversaciones bimorfas”, 3 decembro 2000, p. 6.

Conversa con Miguel Anxo Fernán-Vello na que o poeta, dramaturgo e editor, fala do público para o que escribe, para o que todos os poetas escriben; do tópico de que os poetas son vaidosos; do baixo índice de lectores, tanto a nivel español coma galego, e das razóns que o levan a escribir e publicar en galego. Así mesmo, explica que o feito de escribir nesta lingua non supón renunciar a ser recoñecido porque “sempre nos queda a traducción”, e analiza o “sensacional” momento literario galego, así como as funcións da Asociación de Escritores en Lingua Galega, da que forma parte en calidade de secretario e que se resumen na “defensa do estatus do escritor galego, a promoción e representación no ámbito nacional e internacional”. Comenta tamén a iniciativa desta institución de presentar a Xosé Luís Méndez Ferrín como candidato ao Nobel de literatura, candidatura que apoiarán novamente no 2001.

Pousa, Luís, “La obra literaria y artística de Castelao es un filón desaprovechado por el cine”, *El Ideal Gallego*, 8 xaneiro 2000, p. 27.

O documentalista Manuel González louva as capacidades artísticas de Castelao á vez que fala das capacidades cinematográficas dalgunhas das súas novelas, caricaturas e pequenos relatos. Asemade, reclámalle ao sector audiovisual galego máis preocupación por autores galegos coma Castelao.

Roca, Fina, “Eu sempre fun fiel ás miñas ideas e ao Estatuto do 36, non me preocupan as medallas”, *El Mundo. Galicia*, 13 marzo 2000, p. 9.

A concesión do Premio das Artes e das Letras Galegas en maio de 1999 é o motivo desta entrevista a Luís Tobío Fernández. Feita unha presentación inicial na que se describe a súa traxectoria política, profesional e biográfica, o actual presidente do SEG responde a cuestións sobre o significado deste galardón e a non concesión da Medalla Castelao. Comenta cando coñeceu a Castelao, a importancia da creación do SEG e a constitución do Consello de Galicia. Afirma descoñecer boa parte das celebracións do cincuentenario de Castelao por seguir a vivir no “exilio” madrileño.

Rodríguez, Mónica, “Hai que valorar que Castelao se declarou nacionalista e segue a ser nacionalista”, *El Mundo. Galicia*, 19 outubro 2000, p. 9.

Conversa con Avelino Pousa Antelo, Presidente da Fundación Castelao, con motivo do Congreso Castelao (Pontevedra, 19-21 de outubro). Despois de lembrar o mitin (10-V-1934) no que Pousa Antelo coñeceu a Castelao, resposta a diferentes preguntas nas que comeza por abordar o significado de Castelao, que define polo seu compromiso con Galicia, a articulación do pensamento nacionalista no *Sempre en Galiza* (1944), a súa exemplaridade e o seu labor polifacético. Sobre a polémica da adscrición do pensamento do rianxeiro aos partidos políticos, coida que é bo que todos os partidos asuman a figura de Castelao, malia que é evidente que era nacionalista e que hai certa manipulación do Partido Popular. Ademais, cre que o labor de Castelao determina en moitos aspectos a política actual de Galicia e recorda que falaba da Galicia ideal do exilio porque a interior, a real, sufría a represión, dobre para os galeguistas, “por roxos e por separatistas”.

Rodríguez, Salvador, “Balbino, que cumpre 40 anos no 2001”, *Faro de Vigo*, “Faro del Ocio”, “Lecturas”, 29 decembro 2000, p. 4.

Salvador Rodríguez conversa con Xosé Neira Vilas do seu libro *Memorias dun neno labrego*, que saíu ao prelo por primeira vez en Buenos Aires en 1961, analizando a recepción da obra, tanto na Arxentina coma aquí en Galicia, onde se distribuíu gracias á editorial Galaxia, e ás diferentes adaptacións teatrais e cinematográficas previstas. Así mesmo, Neira Vilas comenta os motivos do éxito deste relato non autobiográfico, e a proxección do seu protagonista, Balbino, na sociedade actual.

Rodríguez, Sandra, “Castelao es la razón de ser del curso”, *Diario de Pontevedra*, 2 outubro 2000, p. 6.

A profesora Margarita Ledo Andión fala do curso sobre producción documental que se vai levar a cabo en Pontevedra. Alén de explicar as características das xornadas, refírese á situación do documental galego e da referencia que supón Castelao na orixe dos documentais en Galicia.

Ruíz, Jacinto, “Me escondieron para no ser paseado”, *La Voz de Galicia*, “Entrevista”, 14 maio 2000, pp. 8-9.

Isaac Díaz Pardo lembra o exilio e os anos anteriores á guerra. Con respecto a esta época, opina que foi un momento dun grande intercambio de ideas entre as distintas tendencias políticas e tamén entre as diversas xeracións. Reivindica a memoria daqueles científicos, políticos e historiadores que ficaron esquencidos na diáspora. Reclama tamén maior atención para o legado intelectual de Castelao e denuncia a manipulación e a apropiación indebida a que está sometida a súa figura. Considera que a contenda bélica do 36 supuxo un retroceso de 40 anos despois do período republicano, “una época de gran ilusión”. Finalmente, ten unhas palabras para o terrorismo de Euskadi e para o futuro dos nacionalismos.

Sío Dopeso, M., “Non ten ningún sentido que as editoriais galegas sigamos competindo entre nós”, *La Voz de Galicia*, 14 abril 2000, p. 77.

A entrega da Medalla de Ouro do Ministerio de Cultura á Editorial Galaxia é o cerne desta entrevista a Carlos Casares, na que o escritor ourensán comeza lembrado a importancia da casa editora viguesa durante a dictadura. Afirma que existen moitas editoriais en Galicia e que chegan a cubrir todos os ámbitos posíbeis, aínda que se amosa contrario da competencia que se pode establecer entre elas. Finalmente, refírese aos proxectos inmediatos de Galaxia e á súa posíbel conversión nunha fundación.

Soler, María, “Os autores somos moi impertinentes”, *O Correo Galego*, 30 agosto 2000, p. 14.

Conversa con Candido Pazó, que lembra os veráns de hai tempo, cando se facía máis teatro na rúa, pero en malas condicións, en contraste coa actualidade, na que a época estival non é tempada forte. Tamén comenta que está a facer un guión para a serie *Mareas vivas* e que un texto seu será levado á escena na Maratón Europea de Creación Teatral en Bruxelas. En relación con isto, fala da súa posición ante o texto segundo sexa autor ou/e director, especialmente se se trata dun texto propio.

Soteliño, Begoña R., “A conmemoración das Letras Galegas inventeina eu*”, La Voz de Galicia*, 10 maio 2000, p. 96.

Francisco Fernández del Riego responde a varias cuestións referidas á RAG, entre elas o traballo que desenvolve, as últimas modificacións estatutarias, a presencia feminina nesta institución e a celebración do Día das Letras Galegas. Finalmente, amósase optimista con respecto ao presente e ao futuro da literatura galega.

Tristán, Pancho, “Que os nosos dramaturgos teñan un premio Nobel sería extraordinario”, *El Mundo. Galicia*, 3 maio 2000, p. 8.

O nomeamento de Amado Ricón como presidente do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais é o principal motivo desta entrevista. O ex–alcalde de Redondela responde a preguntas sobre a súa orientación política e sobre os obxectivos que persegue ao fronte da institución que agora preside. Aposta por un teatro de masas e pola proxección cara a fóra da nosa actividade escénica.

Valeiro, Marta R., “O idóneo sería que o teatro fose considerado como unha empresa”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 57, 31 decembro 2000, p.10.

O actor Xosé Manuel Oliveira “Pico” fala dos seus traballos en cine, televisión e teatro, polo que mostra especial preferencia. Igualmente opina que lle gustaría que os grupos de teatro fosen considerados unha empresa. Finalmente, comenta os proxectos nos que está a traballar actualmente e da importancia que teñen as salas comerciais como espalladoras e creadoras de teatro. Nun lateral aparece tamén unha breve biografía na que se resaltan os principais momentos da vida profesional deste actor.

Varela, María, “Ás veces falta certa educación no gusto poético das persoas”, *Diario de Pontevedra*, 2 xuño 2000, p. 10.

Considera Yolanda Castaño que a situación da poesía galega neste momento é “fértil”, malia ser un xénero minoritario porque segundo cre, “falta educación no gusto poético das persoas”. Polo demais, fala da situación editorial para publicar poesía, e da revista *Valdeleite*, fundada por ela.

Vidal, Carme, “Cómpre ser humildes na cultura, aprender dos grandes e distinguir o mediocre do importante”, *A Nosa Terra*, nº 926, “Guieiro Cultural”, 16 marzo 2000, p. 30.

A presentación de Xavier Seoane como un dos participantes da renovación poética acontecida na literatura galega dos anos oitenta, está seguida dunha entrevista na que este poeta se refire á súa obra *Don de horizonte* como unha autocrítica reflexiva. Considera que os seus coetáneos, xa que desbota o concepto de xeración, souberon combinar “o autóctono e o universal”, e declara as súas propias débedas coas fontes clásicas. Con respecto á natureza, afirma que é un tema polo que está especialmente interesado debido ás agresións de que está sendo obxecto por parte do home. Cre que a renovación poética foi necesaria porque “a poesía social dos epígonos era moi má”, e que na actualidade “a loita é por unha poesía máis nua, máis sinceira”, que saiba discernir entre “o mediocre e o importante”. Reivindica máis debate teórico, máis audacia, cosmopolitismo e valoración do propio. Finalmente, como asinante do manifesto *Luces de Galiza*, declara sentirse víctima dunha “caza de bruxas”, como acontece con boa parte da intelectualidade deste país.

_____, “Meu pai vai deixar de ser un anónimo no cemitério de Pontevedra”, *A Nosa Terra*, nº 948, “Guieiro Cultural”, 18 agosto 2000, p. 9.

Víctor Casas fala da figura do seu pai, que tiña o mesmo nome e que foi fusilado en 1936. Primeiramente, comenta como foi descubrindo a lembranza de seu pai entre os temores de todos os que o rodeaban, e como neste momento está na procura dunha restauración digna para a súa figura e personalidade.

_____, “Os criadores temen a desaparición da nosa cultura”, *A Nosa Terra*, nº 951, “Guieiro Cultural”, 7 setembro 2000, p. 21.

Xosé María Álvarez Cáccamo, en calidade de coordinador da área de Lingua e Cultura do Foro da Cultura Galega, analiza as razóns que levaron á creación deste Foro, asinado por cento cincuenta intelectuais, “criadores e analistas que non están dispostos a seguir funcionando pasivamante nen coma colaboradores do poder”. A seguir, expresa a súa opinión sobre algúns dos temas tratados no mesmo: a situación actual da lingua, as dificultades denunciadas polos escritores para conectar co público; o lugar que ocupa a cultura galega con respecto a outras europeas; a necesidade dun compromiso político por parte das institucións, e a política cultural da Xunta, que cualifica de “tradicionalista-hedonista, unha cultura de festas e espectáculos”.

_____, “A literatura do Brasil está nun espléndido momento criativo”, *A Nosa Terra*, nº 960, “Guieiro Cultural”, 9 novembro 2000, p. 30.

Longa conversa coa profesora de Literatura Portuguesa da Universidade de Campinas Yara Frateschi. Primeiramente, refírese aos estudios medievalistas en Brasil, que están a recobrar puxanza tras varias décadas esquecidos. Ademais, cre que hai que falar tamén do portugués como lingua da lírica medieval. A respecto da antoloxía de poesía galega contemporánea que publicou no seu país, afirma que tentou actualizar o coñecemento da nosa poesía no Brasil, que é o mesmo obxectivo que moveu a súa compilación de poesía brasileira que, en breve, editará Espiral Maior. En canto á literatura brasileira actual, cre que está a vivir un “grande momento criativo e productor” na poesía e na narrativa, a pesar do cal non se está a exportar do mesmo xeito ca outros campos artísticos. Finalmente, e en contraste con este panorama, analiza o caso de Paulo Coelho e aproxímase aos problemas sociais do país sudamericano.

Villar, Carmen, “Penso que xa me perdoaron os pecados”, *Faro de Vigo*, *“El Sábado”,* nº 144, 12 febreiro 2000, p. 1.

Comeza Carmen Villar louvando a traxectoria de Alfredo Conde por ser traducido a moitas linguas e por ter congresos dedicados ao estudio dunha soa das súas obras. A seguir, o escritor comenta o contido de *Peregrino en invierno*, insire esta obra no conxunto do seu corpus literario e fala dos proxectos futuros. Cre que seguen sendo excepcionais os casos de escritores galegos que, coma el, son traducidos e acadan sona alén das nosas fronteiras. Con respecto aos premios literarios, considera que son positivos para os autores polo que teñen de proxección pública, pero non para a literatura por reduciren a calidade das obras.

Villarino, Patricia, “O escritor galego é o que escribe en galego”, *El Ideal Gallego*, “La Entrevista”, 23 abril 2000, p. 12.

Con motivo do seu nomeamento como Presidente da AELG, Carlos Mella declara sentirse moi a gusto neste cargo, solicita unha sede e pídelle un maior apoio por parte dos colegas mediante a afiliación. Reivindica, ademais, a universalidade temática para a nosa literatura, ademais de considerar improbábel que as novas tecnoloxías substitúan o libro.

V. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica. Biografías. Crónicas

V.8. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios

A. F., “El Concello abrió la muestra sobre Castelao en un acto que rindió homenaje a Fernández del Riego”, *Atlántico Diario*, 8 xaneiro 2000, p. 4.

Anuncia a inauguración feita polo Concello de Vigo, no día en que se cumprían os 50 anos da morte de Castelao, dunha mostra que leva por título “Castelao para nenos e nenas”. Informa de que consiste nun percorrido a través de imaxes, debuxos de Pepe Carreiro e fotografías, pola vida de Castelao. Tamén sinala que a mostra se expúxo na Casa Galega da Cultura e que o acto serviu de homenaxe ao seu presidente Francisco Fernández del Riego. Finalmente, pon de relevo que o concelleiro de Cultura, quen aproveitou tamén para anunciar a ampliación da Fundación Penzol, se referiu a un futuro Instituto da Cultura Galega.

_____, “Galaxia recibirá la Medalla de la Ciudad por su aportación cultural e intelectual”, *Atlántico Diario*, 25 xaneiro 2000, p. 5.

Fai referencia á entrega feita á editorial Galaxia da Medalla de Oro que concede a cidade de Vigo, coincidindo coa celebración do día da Reconquista. Apóiase a noticia nas palabras do concelleiro de cultura da cidade, Carlos Príncipe, quen lembrou que no ano 2000 se cumpren cincuenta anos de existencia da editorial. Salientou a importancia que tivo para a vida cultural de Galicia, e puxo de relevo o feito de que tivese a súa sede en Vigo por ser esta a cidade que representaba a esperanza do movemento galeguista. Finalmente, lembrou que na editorial Galaxia viron a luz as edicións das obras de Castelao, así como as primeiras edicións ao galego de diversos autores clásicos.

_____, “La hija de Sherlock Holmes’, na tertulia literaria de Bueu”, *A Comarca do Morrazo*, nº 95, “Cultura”, 10 novembro 2000, p. 36.

Indícase que as obras escollidas para comentar na tertulia literaria de Bueu serán alternadamente en castelán e galego. Neste senso, sinálase que a primeira será *O retorno dos homes mariños* (1999), de Xurxo Souto. Así mesmo, infórmase de que os compoñentes desexan elaborar uns monográficos sobre cada obra comentada, que ficarían nos fondos da biblioteca de Bueu. Finalmente, apúntase que calquera pode participar neste clube de lectura e que pretenden contactar con outros existentes noutros municipios.

_____, “A tertulia literaria reanúdase cun aumento do número de lectores participantes”, *A Comarca do Morrazo*, nº 97, “Bueu”, 15 decembro 2000, p. 14.

Coméntase que empezaron a se celebrar as tertulias literarias de Bueu, nas que ata participaron persoas chegadas doutros municipios. Aínda que a primeira da tempada, centrada en Benedetti, se celebrou na biblioteca de Bueu, indícase que os seus membros teñen a intención de levalas ás tabernas e locais similares. Ademais dáse conta de que a próxima obra analizada será *O retorno dos homes mariños* (1999), de Xurxo Souto.

_____, “Tertulia literaria na ‘Taberna de Pancho’ e cine club no ‘Aturuxo’ cunha de romanos”, *A Comarca do Morrazo*, nº 98, “Cultura”, 28 decembro 2000, p. 37.

Anúnciase que está prevista a celebración do faladoiro literario en Bueu nunha taberna en vez de na biblioteca. Coméntase que esta sesión, que se celebrará o día dez de xaneiro do ano 2001, versará sobre *O retorno dos homes mariños* e probabelmente contará coa presencia do autor, Xurxo Souto.

AGN, “Carlos Casares reclama a Arzalluz correspondencia inédita de Castelao”, *El Ideal Gallego/Diario de Ferrol*, 5 xaneiro 2000, p. 28/p. 32.

Carlos Casares como director de Galaxia, entidade que posúe os dereitos de publicación da obra de Castelao, comenta que a correspondencia inédita de Castelao con algúns políticos vascos está en mans de Arzalluz. Sábese destas cartas porque Ramón Piñeiro puido constatar a súa existencia na sede do PNV en París, nunha viaxe que fixera para xestionar a entrada de Castelao no Goberno da República no exilio. Tamén se dá conta no artigo dunha homenaxe que se fará en Porto Rico a tres ilustres galegos, con motivo do cincuenta aniversario de Castelao, a Sebastián González e Rufo Fernández polo seu labor cultural e científico, e a Santiago Iglesias por ser o pai do movemento obreiro en Porto Rico.

_____, “Cincuenta anos sen Castelao”, *El Progreso*, 7 xaneiro 2000, p. 61.

Dá conta dos actos de homenaxes no día en que se cumpren cincuenta anos do pasamento de Castelao. Comenta que os actos das principais forzas políticas galegas serán por separado, xa que entre elas hai disputas polo legado ideolóxico do galeguista. Tamén sinala que este ilustre rianxeiro xa conta con actividades como unha ventá virtual, levada adiante polo Consello da Cultura Galega, a Fundación Castelao e a empresa de comunicación Vieiros. Por outro lado, indica que outras entidades como a Radio Galega e o Centro Galego das Artes da Imaxe tamén ofrecen actividades sobre o ilustre galeguista.

_____, “Rianxo homenaxea a Castelao”, *Atlántico Diario*, 10 xaneiro 2000, p. 46.

Con motivo dos cincuenta anos do falecemento de Castelao, celebráronse na súa vila natal dous actos de homenaxe. O primeiro deles estivo protagonizado por persoas vencelladas a Rianxo e entidades do concello. No segundo acto de homenaxe ao escritor interviron persoas vinculadas ao mundo da cultura galega. Nestas homenaxes fixéronse reflexións e comentarios sobre Castelao, léronse e interpretáronse pezas musicais.

_____, “Casares di que a Fundación Arana non quere amosa-las cartas de Castelao”, *El Ideal Gallego/Diario de Ferrol*, 11 xaneiro 2000, p. 26/p. 32.

Dá conta das palabras de Carlos Casares, quen sostén que a Fundación Sabino Arana non quere amosar as cartas inéditas entre Castelao e o lehendakari Aguirre por motivos políticos, xa que entre estes dous houbo polémicas “moi gordas”. Tamén salienta que a Fundación Arana negou o acceso a estes fondos argumentando que esta correspondencia se atopa en “zona restrinxida á que ten acceso exclusivo Xabier Arzalluz”.

_____, “Particulares galegos teñen unha vintena de cartas inéditas de Castelao”, *El Ideal Gallego/Diario de Ferrol*, 13 xaneiro 2000, p. 32/p. 28.

Faise referencia ao estudio realizado por diversos investigadores da Universidade de Santiago de Compostela, que aseguran que existen polo menos vinte cartas de Castelao sen publicar en mans de particulares. Sinala que algúns destes estudiosos son persoas anónimas, pero que outros son coñecidos como Francisco Fernández del Riego, Isaac Díaz Pardo, o historiador José Antonio Durán ou o médico Domingo García-Sabell.

_____, “Confirman a existencia de cartas de Castelao na Fundación Arana”, *El Ideal Gallego/Diario de Ferrol*, 18 xaneiro 2000, p. 27/p. 31.

Noticia sobre o descubrimento, por parte de investigadores das Universidades de Santiago e do País Vasco, de cartas inéditas de Castelao. Apúntase que estas misivas entre Castelao e dirixentes do nacionalismo vasco se atopan nos fondos da Fundación Sabino Arana, pertencentes ao contorno do PNV. Tamén se sinala que este descubrimento lles dá aos historiadores galegos a esperanza de poder levar adiante a súa publicación.

_____, “O presidente da Xunta inaugurará o martes en Rianxo o Congreso Castelao”, *Atlántico Diario*, 23 xaneiro 2000, p. 34.

Dá conta da inauguración do Congreso Castelao celebrado en Rianxo e anuncia os relatorios desenvolvidos os días 26 e 27 de xaneiro nas que se analizaron as facetas de escritor e pensador. Cita os nomes dos conferenciantes entre os que se encontraban Fernández del Riego, Carlos Casares, Isaac Díaz Pardo, Xosé Luís Méndez Ferrín ou Ramón Vilares.

_____, “La editorial Galaxia recibirá la Medalla de Oro de Vigo”, *Diario de Ferrol*, 25 xaneiro 2000, p. 33.

Breve noticia que informa da entrega da Medalla de Oro que se lle concedeu á editorial Galaxia. Coméntase que a decisión foi anunciada polo concelleiro de cultura, Carlos Príncipe, quen lembrou a importancia que a editorial Galaxia tivo na vida cultural da comunidade galega nos últimos cincuenta anos.

_____, “Castelao redentor”, *La Región*, 26 xaneiro 2000, p. 44.

Dá conta das palabras do presidente da Xunta na inauguración do “Congreso Castelao”, organizado pola Consellería de Cultura e celebrado en Rianxo. Fraga, que louvou a figura de Castelao, destacou sobre todo o seu espírito solidario. Apuntou tamén que as mensaxes do rianxeiro seguen tendo actualidade debido ao seu prestixio moral. Asemade indícasenos que neste congreso participaron corenta e sete relatores especializados e que se organizaron actividades paralelas en torno á figura de Castelao.

_____, “Carlos Casares: “Castelao no necesita ser mitificado”; *La Región*, 27 xaneiro 2000, p. 70.

Recóllense as intervencións de Carlos Casares, Henrique Monteagudo e Pilar García Negro, que expuxeron distintas ideas sobre Castelao no Congreso Castelao que tivo lugar en Rianxo. Casares dixo que Castelao non necesita ser mitificado, xa que o único que se consegue é degradalo. Monteagudo destacou o labor deste autor no campo da prosa e do ensaio. Por último Pilar García Negro sinalou que Castelao foi o mellor intérprete do pobo galego en toda a súa historia.

_____, “El Igaem edita un estudio sobre el teatro gallego”, *El Ideal Gallego/Diario de Ferrol*, 15 febreiro 2000, p. 28/p. 32.

Sucinta noticia na que se informa da publicación do libro *O teatro galego contemporáneo (1936-1996)* (1999), de Pedro Riobó Sanluís, a cargo do Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (Igaem) en colaboración coa biblioteca-arquivo teatral Francisco Pillado Maior e a Universidade da Coruña, o cal constitúe o número nove da colección.

_____, “La Xunta dedica al año 596 millones para promocionar el teatro en Galicia”, *El Ideal Gallego*, 28 marzo 2000, p. 65.

Dáse información acerca do orzamento investido polo IGAEM, Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais, acerca de 596 millóns de pesetas anuais á rede galega de teatros e auditorios. Apunta que neste proxecto en favor do teatro participan 32 concellos, nos que o ano pasado se levaron a cabo 500 representacións de teatro profesional. Finalmente, destaca as palabras do xerente do IGAEM, Aníbal Otero, quen considera que a situación do teatro en Galicia está normalizada, aínda que estas axudas deben aumentar para consolidar o que xa hai.

_____, “Cultura subvenciona con dous millóns as actividades da Fundación Castelao”, *El Ideal Gallego*, 23 abril 2000, p. 26.

Información sobre o convenio de colaboración asinado pola Consellería de Cultura coa Fundación Castelao por valor de dous millóns de pesetas. Coméntase que con este acordo créase unha comisión mixta de seguimento da execución deste convenio e para solventar controversias que puidesen xurdir.

_____, “Galicia celebrará doce ferias del libro en los próximos cuatro meses”, *El Ideal Gallego*, 4 maio 2000, p. 43.

Dá conta da presentación da programación das doce feiras do libro, previstas para este ano, e resume a intervención do Conselleiro de Cultura, Xesús Pérez Varela, quen aproveitou para destacar que a edición de libros en Galicia vai “razonablemente bien”. Tamén augurou que este ano se publicarán 1200 ou 1300 títulos, fronte aos 1500 que se estima que saíron o ano pasado.

_____, “A Xunta e escritores en lingua galega rinden unha homenaxe a Novoneyra”, *El Ideal Gallego/Diario de Ferrol*, 6 xuño 2000, p. 43/p. 31.

Fálase da sinatura do convenio entre a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia e a Asociación de Escritores en Lingua Galega para a celebración dunha homenaxe a Uxío Novoneyra, Manuel Antonio e mais do ciclo “Literatura, público e sociedade”.

_____, “Fallece a los 65 años en Madrid el periodista y escritor Daniel Hortas”, *El Progreso*, 9 xuño 2000, p. 71.

Infórmase do falecemento do xornalista e escritor Daniel Hortas na cidade de Madrid. Repásase a súa dilatada carreira profesional e indícanse os nomes dalgúns dos seus libros. Finalmente reprodúcese o artigo “Con A de Amistad” que Daniel Hortas tiña pensado publicar en *El Progreso*, no que reflexiona sobre o seu ingreso na Orden de la Amistad co título “caballero comendador”.

_____, “O cadáver do escritor e xornalista Daniel Hortas chegará hoxe a Lugo”, *Diario de Ferrol*, 9 xuño 2000, p. 61.

Dá conta do falecemento do escritor lucense Daniel Hortas xunto con algunhas notas sobre a súa persoa así como sobre o seu compromiso coa cidade de Lugo.

_____, “Xavier Alcalá será hoxe o pregoeiro da Feira do Libro de Pontevedra”, *El Ideal Gallego*, 14 agosto 2000, p. 19.

Refírese á inauguración da décimosegunda edición da Feira do Libro de Pontevedra e anuncia que Xavier Alcalá é o pregoeiro da edición deste ano. Así mesmo, dá conta do programa de actos previstos: contacontos, teatro, diversos obradoiros, así como vintecatro expositores presentes na Feira.

_____, “Fraga destaca el compromiso social del intelectual Dionisio Gamallo Fierros”/“Fraga dice que Gamallo fue un intelectual comprometido”/“Fraga destaca el compromiso social del intelectual Dionisio Gamallo Fierros”, *El Ideal Gallego*/*Diario de Pontevedra*/*Diario de Ferrol*, 19 agosto 2000, p. 43/p. 25/p. 31.

Co gallo da inauguración na vila lucense de Ribadeo dun busto na honra do polígrafo galego Dionisio Gamallo Fierros, reprodúcense os eloxios verquidos cara á figura deste intelectual entre os que destaca o que afirma que foi o “máximo estudioso de las Letras peninsulares e hispanoamericanas del siglo XIX”.

_____, “Isaac Díaz Pardo cumple 80 años sin abandonar la actividad cultural”, *El Ideal Gallego*/*Diario de Ferrol*, 22 agosto 2000, p. 43/p. 31.

Con motivo de se cumpriren os oitenta anos do nacemento do artista Isaac Díaz Pardo, faise un breve repaso pola súa versátil actividade cultural e mais pola súa vida.

_____, “A Rede Galega de Teatros ofrece 188 funcións”, *Diario de Pontevedra*, 28 agosto 2000, p. 52.

Dáse conta do programa de actuacións previsto pola Consellería de Cultura, Comunicación social e Turismo dende xullo ata decembro deste ano, a través da Rede Galega de Teatros e Auditorios. Infórmase que se ofrecen 188 funcións escénicas e musicais das que 45 son compañías galegas. Así mesmo, destácase que o orzamento para levar a cabo a programación repárteno a Xunta e diversos concellos de Galicia. Finalmente, cita algunhas das actuacións e compañías galegas e non galegas participantes para o programa de espectáculos.

_____, “Láncara rendirá el sábado un homenaje a Ramón Piñeiro”, *El Progreso*, “Provincia”, 19 outubro 2000, p. 21.

Anúnciase o acto de homenaxe a Ramón Piñeiro no Concello de Láncara de onde era natural, organizado pola asociación Val de Láncara e no que está prevista a asistencia do debuxante Siro López e os escritores Basilio Losada, Carlos Casares e Vázquez Montalbán.

_____, “Proponen a Méndez Ferrín como candidato al Nobel por segundo año consecutivo”, *El Ideal Gallego*, “Galicia”, 30 decembro 2000, p. 46.

Faise eco do nomeamento de Xosé Luís Méndez Ferrín como candidato galego ao Nobel de Literatura pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, ademais da entrega feita por esta do premio á mellor novela de 1999 por *No ventre do silencio*, galardón que lembra que foi entregado en 1998 a *O lapis do carpinteiro*, de Manuel Rivas. Refírese tamén ás declaracións do premiado nas que considera que, como autor dunha lingua minoritaria, non lle concederán o Nobel e nas que denuncia a “invisibilidade” na que viven para o resto do mundo o galego, o catalán e o eúscaro.

A. G. V., “Os rianxeiros aproximáronse a Castelao a través da súa obra”, *La Voz de Galicia*, 10 xaneiro 2000, p. 81.

Refírese ao actos conmemorativos do cincuenta cabodano de Castelao, que se celebraron en Rianxo, interviron personalidades como Isaac Díaz Pardo, Manuel Dourado, Xosé Luís Axeitos, etc. e salienta que todos eles destacaron o feito de que este rianxeiro traballou a prol de Galicia. Sinala que Díaz Pardo subliñou que habería que renderlle menos tributos e facer máis o que el quería. Na mesma páxina destácase que Xesús Alonso Montero desliga a este autor de calquera bando político. Así mesmo indícase que as bandas de música populares de Pontevedra, Vilagarcía e Salcedo lle renderon homenaxe en Pontevedra.

A. I., “Intelectuales y artistas exponen hoy sus conclusiones sobre el futuro de la cultura”, *El Correo Gallego*, 28 agosto 2000, p. 30.

Cítase o programa das actividades e das conclusións do Foro da Cultura Galega desenvolvidas no Auditorio de Galicia e que se viñeron desenvolvendo nos últimos meses. Sinálase que Xosé María Álvarez Cáccamo foi o coordinador dunha das seis áreas de traballo deste Foro, a titulada “Lingua e Cultura” e cita como invitados especiais a Gonzalo Navaza e Álvarez Pousa.

A. I. S., “Reunión del jurado para elegir al ‘Joven de Moda’ que se conocerá el viernes”, *El Correo Gallego*, “Así está el patio”, 9 maio 2000, p. 38.

Ademais doutras noticias relacionadas co mundo do espectáculo e a cultura, con respecto á literatura galega informa da continuación da Feira do Libro de Santiago de Compostela e cita os actos previstos para o día 9 de maio, que inclúe entre outras cousas a presencia de Xosé Luís Martínez Pereiro, Mª del Carmen Kruckemberg e Antonio R. de Toro Santos que firmaron exemplares dos seus últimos libros.

A. M., “La Diputación presentará dos vídeos para cerrar el año Castelao”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedraprovincia”, 28 novembro 2000, p. 19.

Anuncia, entre outros actos, a presentación de dous vídeos de José Antonio Durán sobre a relación de Castelao con Pontevedra, A Estrada e Rianxo, e nos que di que se inclúe numeroso material inédito. Tamén sinala que a presentación terá lugar no Teatro Principal de Pontevedra e con el a Deputación quere pechar o Ano Castelao.

A. N. E., “Seis poetas gallegos participan en las jornadas culturales celebradas en la localidad portuguesa de Crestuma”, *El Correo Gallego*, 27 agosto 2000, p. 76.

Refírese ás I[as] Jornadas Culturales organizadas na localidade de Crestuma, próxima a Porto, nas que intervirán seis poetas galegos. De entre eles cita a Luísa Villalta, de quen se repasa a súa obra.

A. R., “La familia de Delgado Gurriarán dona a O Barco manuscritos y poesías inéditas”, *La Región*, 19 abril 2000, p. 8.

Infórmase da doazón da familia de Florentino Delgado Gurriarán, do seu legado cultural ao Concello do Barco e refírese á exposición permanente que este organizou para mostrar o legado deste poeta, avogado e político galeguista, falecido en 1987 en México. Ademais anúnciase que o alcalde valdeorrés tamén pedirá á viúva de Lauro Olmo o seu legado.

_____, “El grupo poético Brétema rendirá homenaje póstumo a “O´Framinor”, *Faro de Vigo*, 22 agosto 2000, p. 6.

Alude á homenaxe póstuma que os integrantes do grupo poético vigués Brétema lle renderán a Xosé Carlos González Rodríguez “O Framinor”, recentemente falecido e integrante deste grupo.

A. T. B., “Nove catedráticos da USC son numerarios da Academia Galega”, *O Correo Galego*, “O Correo da Universidade”, 9 febreiro 2000, pp. 1-2.

Preséntasenos aos compoñentes da RAG, institución creada na Habana en 1905. Saliéntase que os seus labores son contribuír ao coñecemento da historia, literatura e lingua de Galicia, ademais da investigación, adquisición e conservación de libros, manuscritos e demais obxectos do seu interese. Dise que os compoñentes desta institución proceden de ámbitos variados como o da lingua, historia, dereito ou o a medicina. Salienta que dos vintecatro membros que na actualidade son numerarios da RAG, nove proceden da Universidade compostelá, sendo seis deles catedráticos da facultade de Filoloxía, e que as Universidades da Coruña e de Vigo tamén contan cun membro cada unha dentro da Academia.

Abuín, Carmen, “Un autor da Galicia do futuro”, *El Progreso*, 15 setembro 2000, p. 83.

Anúnciase a inauguración na sala de exposicións da Fundación Caixa Galicia de Lugo da mostra “Castelao, vida e obra” que é a exposición “máis ampla e ambiciosa das realizadas ata o de agora”. Sinálase que esta mostra xa estivo en Pontevedra e que ao rematar en Lugo irá a Compostela. Describe o contido da exposición con 205 pezas, algunha das cales inclúe varias obras, e remátase referindo ao amplo catálogo que completa esta mostra.

Acuña, X. E., “Un panfleto de Manoel António”, *A Nosa Terra*, nº 926, “Guieiro Cultural”, 16 marzo 2000, p. 32.

Reprodúcese o panfleto de Manuel Antonio e Xavier Soto, *Terra Ceibe! Ôs bós galegos*. No texto que acompaña ao panfleto infórmase que os membros das Irmandades e as Mocidades Galeguistas de Vigo querían que ondease a bandeira de Galicia nos actos oficiais e que ante a negativa do concello, estes dous activos membros da “Mocidade Galeguista de Vigo” lanzaron esta volandeira ás rúas de Vigo. Dáse conta tamén no artigo da traxectoria vital de Xavier Soto por ser este menos coñecido có rianxeiro.

_____, “O libro que queimou Castelao”, *A Nosa Terra*, nº 929, “Guieiro Cultural”, 6 abril 2000, p. 32.

Explícase a causa de que Castelao queimase, nun faladoiro en Pontevedra, a novela *Los nietos de los celtas*, para a que el mesmo fixera a portada. Dise que esta obra era da autoría do escritor de Cuenca, Rafael López de Haro, amigo de Castelao e doutros pontevedreses, e que nela se daba unha visión moi negativa de Galicia, “cuns galegos e galegas cheos de vicios, servidumes e taras”. Comenta que isto motivou as críticas de moitos deles, comezando por Castelao, que se viu apoiado por moita xente, mesmo Xabier Bóveda e Cuevillas, e que debido á indignación destes galegos o escritor español editou un folletiño a modo de perdón e con rectificacións.

Acuña, X. Enrique, “Volver a Pontevedra coa fotocópia do Carabela”, *A Nosa Terra*, nº 950, “As viaxes literárias”, 31 agosto 2000, p. 16.

Longo relato no que se describen as peripecias dun personaxe que despois de viaxar por medio mundo como funcionario internacional, onde aproveitaba o tempo para ler a historia da súa cidade natal, retorna ao “seu quilómetro cero” ao canto natural e sentimental da Pontevedra do pintor Conde Corbal. Para isto, o viaxeiro escolle as pinceladas negras do mural do café Carabela deste pintor.

_____, “La tragedia de Xirobio, a literatura de Castelao pioneira no cinema galego”, *A Nosa Terra*, nº 955, “Guieiro Cultural”, 5 outubro 2000, p. 26.

Achégase á xénese e autores do filme recuperado *La Tragedia de Xirobio* no que se desenvolve unha das “Cousas” de Castelao rodado en Vigo por José Signo entre 1929 e 1930. Ofrece algúns datos sobre o labor xornalístico de Signo en publicacións como *La Concordia*, *La Zarpa*, *Faro de Vigo*, *El Pueblo Gallego* ou *Vida Gallega*. Tamén destaca que o filme ten unha duración de cincuenta minutos, que é mudo e moi respectuoso co conto de Castelao, e que conta algunhas lendas en galego. Á parte, reproduce o relato de *Cousas* no que se basea a película.

Agulla, Álvaro, “El Grupo ‘Verdegaio’ quiere representar la historia de Marín”, *Diario de Pontevedra*, 26 marzo 2000, p. 15.

Refírese á iniciativa do Grupo de Teatro Verdegaio de Marín, consciente en recoller a historia da vila para elaborar con ela unha peza teatral. Salienta que o grupo conta coa colaboración da Concellería de Cultura, que pretende recuperar o “teatro na rúa”. Finalmente, apunta que a intención da compañía é representar nas festas do verán.

_____, “Éxito de la “tertulia literaria”, *Diario de Pontevedra*, “PontevedraBueu”, 1 decembro 2000, p. 16.

Alude ás sesións celebradas no faladoiro literario do Club de Lectura de Bueu, nas que se comentan diferentes obras da literatura universal. No referido á literatura galega, sinala que unha das sesións estivo dedicada ao comentario de *O retorno dos homes mariños* (1999), de Xurxo Souto celebrada nunha taberna, por considerar que é un lugar máis axeitado, á vez que comeza así a ser un faladoiro itinerante.

Aira Prado, Felipe, “Una calle para Castelao”, *El Progreso*, 1 outubro 2000, p. 29.

Lembra a resolución do Concello de Monforte de Lemos, aprobada o 5 de xuño de 1976, de darlle o nome de Castelao a unha travesía da vila, chamada anteriormente Reboredo. Tamén di que foi no ano 1980 cando se solicitou pórlle o nome de Alfonso Rodríguez Castelao a unha rúa, solicitude que non prosperou. Ao final, sinala que en 1984 adheriuse á petición do Concello de Rianxo de que os restos de Castelao repousasen no cemiterio municipal da vila na que nacera o polígrafo galego.

Alcalá, Xavier, “Verán do 61”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 1 agosto 2000, p. 10.

Breve relato ambientado no verán de 1961 no que se narran as relacións entre mozos e mozas tendo como pano de fondo a represión e os fusilamentos durante a Guerra Civil.

Aleixandre, Marilar, “Pola Costa da Morte. Porta dos ventos”, *A Nosa Terra*, nº 947, “As viaxes literárias”, 10 agosto 2000, p. 16.

Texto que describe a Costa da Morte comezando con algúns dos naufraxios ocorridos nela. Indica que nesta costa galega só existen dous estados meteorolóxicos, a chuvia e o vento. Compara o zoar do ar co bruar da vaca e tamén se centra na caracterización da topografía da “Costa dos Ventos”.

Alonso, Fran, “As revistas do armario”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 2 agosto 2000, p. 12.

Cóntase cómo unha muller traballadora atopa o seu preguiceiro marido a ollar revistas de mulleres núas co conseguinte amúo por parte da muller.

Alvarado, “Poetas gallegos e iberoamericanos en Portugal”, *La Región*, 13 marzo 2000, p. 8.

Informa e dá conta do contido do súmero seis da revista portuguesa de poesía “Anto”, que no seu número 6 fai un achegamento aos poetas de países con lingua oficial española, que aparecen xunto a poetas portugueses e brasileiros. Destaca que se trata dunha homenaxe a tres grandes poetas de Iberoamérica que desapareceron no 1999: João Cabral de Melo Neto, Rafael Alberti e Uxío Novoneyra. Tamén pon de relevo que dentro da colección de poetas deste volume aparecen os galegos Manuel María, Víctor Campo Pereira, Xosé Neira Vilas e Xosé Lois García.

_____, “Antropoloxía en Galicia e ‘*A gaita gallega*”, *La Región*, 13 maio 2000, p. 14.

Anuncia a aparición de dúas importantes edicións no campo das humanidades, ámbalas dúas publicadas polo Centro Ramón Piñeiro. Primeiro presenta o traballo de antropoloxía *Historia do pensamento antropolóxico en Galicia* e logo a edición facsimilar de *A gaita gallega*, revista publicada na Habana entre 1885 e 1889. Desta última, salienta que conta cun traballo introductorio de Luís Alonso Girgado e con análises doutros especialistas.

Álvarez, Aser, “Un congreso analizará a vida e obra de Curros Enríquez”, *La Voz de Galicia*, 16 setembro 2000, p. 34.

Dá conta do inicio do Iº Congreso Internacional organizado polo Consello da Cultura Galega coa colaboración da Consellería de Cultura e o Concello de Celanova. Informa que á presentación do acto acudiu o secretario do Consello, Henrique Monteagudo, quen falou de que obxectivo do Congreso é promover o estudio e coñecemento da vida e obra de Manuel Curros Enríquez. Finalmente, fai referencia tamén á presencia de Alonso Montero, quen definiu a Curros Enríquez como o poeta civil “máis importante da Europa do seu tempo”.

Álvarez, Elisa, “Casares considera erróneo utilizar la literatura como patrón del nivel cultural”, *La Voz de Galicia*, “Congresos en la Universidad”, 22 setembro 2000, p. 8.

Faise eco das declaracións de Carlos Casares no Seminario Interuniversitario de Pedagoxía Social, no que denunciou o “uso erróneo” que se lle deu ao termo cultura restrinxido só ás manifestacións artísticas e literarias, ademais de pór de manifesto a necesidade de incorporar o galego á cultura urbana para loitar contra a súa posíbel desaparición. Remata denunciando o papel xogado polas editoriais preocupadas do mercado, facendo do libro moitas veces un “producto morto”.

_____, “La cátedra de Valente perpetúa la memoria del poeta en Santiago”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 21 novembro 2000, p. 34.

Dá conta do acto de inauguración da “Cátedra de poesía e estética José Ángel Valente” levado a cabo na Universidade de Santiago de Compostela. Indica que asistiu a viúva do poeta quen expresou a súa alegría por ver todos os seus libros reunidos na Facultade de Filoloxía. Tamén sinala que esta cátedra está dirixida por Luís Iglesias e con Claudio Rodríguez Fer como secretario, de quen recolle a opinión de que Valente, malia a distancia que o separaba de Galicia quería que o seu legado permanecese nela. Tamén se fai eco da publicación da obra póstuma do poeta, *Fragmentos de un libro futuro*, que recolle as últimas creacións do poeta. Tamén sinala que despois da inauguración se lle tributou unha homenaxe na que participaron ademais do director e secretario da cátedra, a profesora Carmen Blanco e o Rector da USC, Darío Villanueva.

_____, “Méndez Ferrín gaña o premio de xornalismo Roberto Blanco Torres”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 22 decembro 2000, p. 38.

Sinálase que con este premio X. L. Méndez Ferrín recibe por vez primeira o recoñecemento á súa longa traxectoria como colaborador en diversos xornais e revistas. Recóllense certas declaracións do galardoado, que manifestou a súa satisfacción por recibir este premio e explicou a diferencia entre xornalismo e literatura. Así mesmo, comentou que o feito de que este premio proceda da Universidade de Santiago de Compostela e o Concello de Cuntis significa unha garantía de independencia na súa concesión. Tamén, se apunta que o xurado destacou a calidade literaria e a capacidade crítica e a liberdade de opinión do escritor ourensán, do que se citan, entre outros méritos, algúns dos premios que ten recibido.

Álvarez Cáccamo, Alfonso, “¡Canto tempo sen verme!”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 3 agosto 2000, p. 12.

Curta narración que versa sobre a relación do protagonista cando se topa nun semáforo co seu propio eu despois de trinta anos sen ter novas súas.

Angueira, Anxo, “¡Padrón, Padrón! ¡Santa María, Lestrove...!”, *A Nosa Terra*, nº 948, “As viaxes literárias”, 18 agosto 2000, p. 16.

A modo dunha guía de turismo, vai detallando unha viaxe pola bisbarra de Padrón, que parte da Casa Museo de Rosalía de Castro, na Mantanza, e segue polo Pazo de Arretén, Padrón, Lestrove e polo Pazo da Hermida. Nel vaise caracterizando a paisaxe de todos os lugares por onde pasa, así como algúns acontecementos históricos como o Pacto de Lestrove de 1930.

Anllo, Xoán, “O terceiro espello de José Ángel Valente”, *A Nosa Terra*, nº 938, “Guieiro Cultural”, 8 xuño 2000, p. 32.

Fai unha rememoración dos “andares” de José Ángel Valente dende que o coñeceu en Xenebra en 1961 ata que faleceu en 2000. Refírese á participación de Valente nos cursos de francés para os obreiros españois de Xenebra e á súa entrada na Fronte de Liberación Popular (FELIPE), co alcume “El Pianista”. Debulla tamén a súa obra poética e resalta a súa colaboración coa emigración española, a través da fundación Sociedade “A Nosa Galiza” en 1967. Conclúe reproducindo un parágrafo que Valente leu sobre Castelao en 1986 e que en 1999 lle serviu para a súa investidura como doutor *Honoris Causa*, pola Universidade de Santiago de Compostela.

_____, “Valente y la emigración”, *Galicia en el Mundo*, “Sociedad”, nº 393, 9-15 outubro 2000, p. 20.

Amplo repaso pola relación mantida por José Ángel Valente coa emigración galega e española en Xenebra dende os anos sesenta e ata despois da súa xubilación. Céntrase na relación que mantivo cos seus paisanos, como por exemplo a súa participación en 1967 na fundación do centro galego “A Nosa Galiza” de Xenebra e na revista editada por dito centro ou en actos culturais organizados polo mesmo. Dá como exemplo a súa disertación sobre Afonso X, en 1980, con motivo dos actos do Día das Letras Galegas dedicadas ao Rei Sabio e coa que considera que retomou o contacto coa súa lingua e deu lugar a *Sete cantigas do alén* (1981). Destaca outras colaboracións en *A Nosa Galiza* como o poema “Figura” ou “Paxaro de prata morta”, do que sinala que foi un texto escrito para o Día das Letras Galegas adicado a Luís Pimentel e no que verque as súas lembranzas da represión franquista en Ourense, ou en 1994 “Unha cantiga”. Tamén indica que en 1998 colabora con “O Camiño” no libro *Faiscas Xacobeas*, editado por esta revista e onde aparecen colaboracións de autores como X. L. Méndez Ferrín, Luz Pozo Garza ou Francisco Fernández del Riego, entre outros. A seguir, repasa as múltiples colaboracións cos centros españois en Xenebra nos que achegou a literatura española aos obreiros alí emigrados.

Araguas, Vicente, “Poetas galegos en Madrid”, *O Correo Galego,* “*Revista das Letras*”, nº 296, 13 xaneiro 2000, pp. 1-11.

Vicente Araguas cita algúns dos literatos galegos que estiveron vinculados coa cidade de Madrid e indica que poetas, artistas e curiosos galegos de Madrid se integraron ao redor do Café Comercial e dun lugar denominado Grupo Poético Bilbao. Analiza a historia deste grupo –que comeza en 1996 coa idea de Xavier Frías. Conclúe reproducindo poemas de compoñentes deste grupo poético, como Fermín Bouza, Vicente Araguas, L. Lobeira, Manolo Pereira Valcárcel, Xosé Manuel Outeiro, Xavier Frías Conde, Victoria Veiguela e Claudio Pato que “dan unha certa idea de quén somos, ónde vamos, de ónde vimos”.

_____, “Paisanaxe”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 20, 31 marzo 2000, p. 2.

Dá conta da traducción do libro de James Sacré na editorial Noitarenga, “que, á parte dun coidado editorial exquisito, anda a publicar o que lle peta”. O libro de 1987 foi traducido ao galego como *Labrego coma (cinco veces)* por Emilio Araúxo. Apúntase que se trata dun libro radical, con fotos suxestivas.

_____, “Baixeras bilingüe”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 51, 19 novembro 2000, p. 7.

Sobrancea o labor poético de Xavier Rodríguez Baixeras en *Las aguas abandonadas* (1999), obra en castelán e galego, da que destaca especialmente o papel do autor como traductor de si mesmo, despois de lembrar a posición destacada que este ocupa dentro da xeración do 68, ao carón de autores como Vilanova, Bouza, Baqueiro ou Cáccamo, este último autor dun estudio incluído na obra que tamén conta cun limiar de Antonio Gamoneda. Remata recomendando a súa lectura por conter unha poesía que cualifica de “ás veces hermética e sempre útil”.

Araújo, Emma, “Ribadavia lembra ó colectivo Abrente”, *La Voz de Galicia*, 17 maio 2000, p. 12.

Faise referencia á celebración en Ribadavia dos actos conmemorativos para recordar á Asociación Cultural Abrente, durante a segunda quincena do mes de maio. Dá conta dos actos previstos entre os que cita actuacións de grupos de música e grupos de baile, conferencias e mesas redondas, teatro e historia de Abrente, así como unha exposición con fondos a asociación para o verán.

Araujo Iglesias, M. A., “Noventa anos son moitos anos”, *La Región*, “Especial 90 aniversario”, 30 setembro 2000, p. LI.

Felicitación a *La Región* con motivo dos seus noventa anos na que ademais lembra a súa relación persoal co xornal ourensán, dende os primeiros recordos da presencia dos exemplares do mesmo na casa paterna, o interese mantido sempre polas novas recollidas nel durante o exercicio do seu sacerdocio en diferentes lugares, ata as súas propias colaboracións de materia relixiosa, ou as de insignes persoeiros, entre eles Otero Pedrayo, Vicente Risco ou Florentino L. Cuevillas.

Ares, Sara, “A Federación Galega de Teatro Afeccionado nace con trinta grupos”, *La Voz de Galicia*, “Culura”, 3 decembro 2000, p. 34.

Recóllense algúns apuntamentos sobre o acto de constitución da Federación de Teatro Afeccionado (Fegatea), celebrado en Noia e ao que se adheriron trinta agrupacións. Dáse conta da aprobación dos estatutos da federación e a falta dun órgano directivo. Tamén se recollen as palabras de Víctor Vez, impulsor do proxecto e director teatral, que ve na federación un órgano de canalización entre as compañías e as institucións públicas. En columna á parte, resúmense algúns proxectos presentados, entre eles a creación dun fondo común ao que vaian todas as pezas representadas, a busca de apoios económicos e outras medidas de aforro.

Ares Sanmartín, María, “Aficionados al arte del teatro en Ferrol”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, 2 abril 2000, pp. 2-3.

Dáse conta de que o número de afeccionados ao teatro na comarca de Ferrol vai en aumento. A seguir, apúntase que hai varias asociacións que levan a cabo labores de interpretación, como a Asociación Amistad de Santa Mariña, e que hai iniciativas municipais, como a do Concello de Narón, que ten unha programación estábel de outubro a xuño e promociona a Mostra de Teatro infantil e xuvenil no mes de novembro, así como conta co Estudio de Teatro N+1, que se dedica á formación teatral e á interpretación. Tamén se comenta que o grande atranco co que se atopan estas asociacións é a falta dun espacio axeitado para a representación e a falta de recursos económicos.

_____, “El sector de las librerías ferrolanas”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, 30 abril 2000, pp. 2-3.

Co gallo do Día Internacional do Libro, sinálase que os libreiros ferroláns fixeron descontos durante unha semana. Considérase que este sector se ve ameazado pola irrupción de Intenet, aínda que o presidente da Agrupación Local da Federación de Libreiros cre que a xente madura, que xa ten uns hábitos de lectura, seguirá comprando. Tamén se dá conta da competencia que as grandes superficies lles fan ás pequenas librerías e de que manter unha librería especializada en libros en galego é difícil.

Arosa, Eva M., “O teatro galego pide un departamento específico no Instituto das Artes Escénicas”, *La Voz de Galicia*, 20 novembro 2000, p. 67.

Refírese ao acto de presentación do programa do Foro Teatral de Sada no que se recollen un bo número de propostas da man de actores, directores e dramaturgos, entre as que sobrancean a de “achegar a sociedade á escena”, a reestructuración do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), así como a unha maior estancia dos espectáculos nas localidades para buscar un público estábel. Tamén se recollen as opinións de persoeiros do mundo do teatro como Antonio Simón, Eduardo Alonso, Lino Braxe e Cándido Pazó que propoñen diferentes medidas para acabar coas eivas actuais, entre elas a xestión de espacios teatrais a cargo de profesionais da escena ou a creación de compañías estábeis.

Axeitos, X. L., “Un libro publicará cartas inéditas reveladoras de Manuel Antonio”, *La Voz de Galicia*, 5 xuño 2000, p. 52.

Reclama unha edición coidada con índices e aclaracións da correspondencia de Manuel Antonio que supere a edición de Domingo García Sabell de 1979. Sinálase que o 12 de xullo se conmemora o centenario do nacemento de Manuel Antonio e adiántanse, gracias á xenerosidade da familia do rianxeiro, catro cartas inéditas datadas en 1917 –dúas delas dirixidas ao seu curmán Roxelio– e en 1919 as dúas restantes.

_____, “Xaime Quintanilla e Manuel Antonio (ou a vida como diálogo”, *Diario de Ferrol*, 12 xullo 2000, p. 17.

Describe a relación entre Xaime Quintanilla Martínez e Manuel Antonio. Comeza analizando o paralelismo entre Quintanilla e Ánxel Casal, que “representan unha cultura que necesitaba ao libro como encarnación do diálogo social”. Comenta que gracias ao pintor Álvaro Cebreiro encétase a relación entre Quintanilla e Manuel Antonio que estaban “cosidos pola fe compartida no nacionalismo”, que consideraban a paisaxe como a cerna da nosa cultura e alude á súa relación epistolar.

B. A., “Ningunha faceta de Castelao está recoñecida á altura da súa calidade”, *Diario de Ferrol*, 1 febreiro 2000, p. 11.

Co gallo da aparición da biografía *Castelao*, na colección “Esencias” de *A Nosa Terra*, recóllense as palabras do seu autor, Manuel Rei, quen sinalou que a etapa do exilio de Castelao (1940-1950) non se está a estudiar coa suficiente profundidade. A seguir, refírese ás obras *Sempre en Galiza* (1944) e *Os vellos non deben namorarse* (1941) e resalta do lado humano de Castelao a humildade e capacidade como orador. Remata indicando que Manuel Rei tirará proximamente do prelo o libro *Castelao: claves biográficas e evolución ideolóxica*, editado polo Consello da Xuventude de Galicia e dirixido aos mozos e mozas galegas.

B. C., “Cabanillas y Castelao, historia de una amistad”, *Faro de Vigo*, “Arousa”, 11 novembro 2000, p. 18.

Faise eco das palabras de Avelino Pousa Antelo pronunciadas durante a celebración das IIª Xornadas de Literatura do Salnés, nas que falou da amizade de Ramón Cabanillas con Daniel Castelao. Di que sobranceou o respecto e admiración mutuas que se tributaron ao longo das súas traxectorias vitais e intelectuais, malia desencontros como o que provocou a separación do Estado da Igrexa durante a República. Remata aludindo ás colaboracións mutuas nas súas obras literarias, ademais de lembrar tamén que se falou doutros autores como Manuel Antonio e Plácido Castro del Río.

B. L., “Méndez Ferrín galardoado co premio Blanco Torres”, *Diario de Pontevedra*, “Diario de Cultura Ocio”, 22 decembro 2000, p. 71.

Ademais de referirse á orixe e dotación deste premio, apunta que o gañador desta edición foi Xosé Luís Méndez Ferrín polos artigos que ten publicado ultimamente en *Faro de Vigo*. Cita o nome dos integrantes do xurado, que quixeron facer extensíbel o recoñecemento aos artigos do galardoado a toda a súa traxectoria como articulista, ademais de destacar a súa capacidade crítica e a calidade literaria do seu traballo xornalístico, a defensa da liberdade de opinión e a reivindicción dos valores da identidade galega. Tamén comenta que este premio se consolida como un dos máis importantes do panorama do xornalismo galego.

B. N., “Castelao foi o home máis excepcional que pariu Galicia”, *Diario de Pontevedra*, 8 xaneiro 2000, p. 3.

Infórmase do primeiro acto organizado polo Concello de Pontevedra con motivo do cincuentenario do óbito de Castelao. Sinálase que nel Isaac Díaz Pardo repasou a vida do escritor rianxeiro e que glosou as diferentes materias cultivadas polo homenaxeado, mentres que
o alcalde de Pontevedra sinalou que este “ano Castelao” debe servir para recuperar a vixencia de Castelao e do nacionalismo. Descríbense tamén neste artigo as rúas do percorrido do “Roteiro Castelao” e amósanse as bases dos premios “Castelao de humor gráfico” e o “Sempre en Galiza” de ensaio convocados polo Concello de Pontevedra.

_____, “El universo teatral de Castelao”, *Diario de Pontevedra*, 29 marzo 2000, p. 14.

Dáse conta da inauguración da exposición “Castelao e o teatro: escenografías” no edificio Sarmiento de Pontevedra. Coméntanse os dous apartados da exposición. A primeira achéganos aos anos de estudiante de Castelao en Compostela, á viaxe que fixo por Europa en 1921 e ao proxecto do rianxeiro de crear o “Teatro da arte galego”, mentres que a segunda contén documentos textuais, como o manuscrito orixinal de *Os vellos non deben namorarse* (1941) e o material relativo ás figuras, esbozos do vestiario e máscaras desta peza teatral.

_____, “Alonso Montero destacou o humanismo popular de Castelao”, *Diario de Pontevedra*, 12 maio 2000, p. 11.

Co gallo de se celebraren as “Xornadas de lingua e literatura”, organizadas pola Deputación de Pontevedra, indícase como Xesús Alonso Montero falou de Castelao e da producción literaria do rianxeiro apoiándose en dous textos de *Cousas* (1929) “Panchito” e “Se eu fose autor de teatro”, ademais de no prólogo do álbum *Nós* (1931).

_____, “Todas as artes de Castelao”, *A Nosa Terra*, nº 942, “Guieiro Cultural”, 6 xullo 2000, p. 31.

Coméntase a inauguración en Pontevedra da mostra “Castelao. Exposición 50 Aniversário” organizada polas Fundacións Castelao e Caixa Galicia. Destácase que esta exposición repasa todas as etapas de Castelao como pintor, grafista e ilustrador, tendo un particular protagonismo “o cartelismo, a ilustración de capas e a ornamentación de revistas”. Conclúese analizando o catálogo desta exposición, indicando a falta de calidade dalgunhas fotografías.

B. P. L., “Ferrín ocupará a vacante deixada por Fraguas na Academia Galega”, *La Voz de Galicia*, 13 febreiro 2000, p. 89.

Refírese á elección feita pola RAG co fin de que X. L. Méndez Ferrín ocupe a única praza vacante existente nesta Institución. Sinálase que acudiron á reunión todos os membros, agás os enfermos, e un deles, Franco Grande, afirma que a escolla de Ferrín era “un acto de xustiza, aínda que chega un pouco tarde”.

Becerra, Marta, “Novoneyra forever and ever”, *El Progreso*, “El despertador”, 6 agosto 2000, p. 72.

Breve nota na que se fai referencia á iniciativa da coordinadora Uxío Novoneyra “Forever and ever” de editar unha cinta magnetofónica da orquesta compostelá do Mestre Múñiz na que se inclúe a “Muiñeira das gaivotas”, traballo dedicado ao poeta do Courel.

Beiro, Masito, “Castelao o padronés”, *O Norte*, nº 137, 1ª quincena marzo 2000, p. 6.

Dá conta da presencia de Avelino Pousa Antelo e Henrique Monteagudo nos “Diálogos na Casa de Rosalía” durante os que disertaron sobre a figura de Castelao. Salienta os datos sorprendentes ofrecidos sobre a vida do rianxeiro e pide para el un estudio rigoroso “lonxe de partidismos”. Considera a Avelino Pousa Antelo como un dos mellores coñecedores desta figura, ademais de obxectivo nos seus posicionamentos. Remata salientando a importancia de Castelao e algúns dos actos de homenaxe celebrados na súa honra.

Bergantiños, P., “Bóveda será homenaxeado en Poio e Pontevedra na tarde do 17 de agosto”, *A Nosa Terra*, nº 947, 10 agosto 2000, p. 5.

Alude aos actos que os Concellos de Pontevedra e de Poio xunto coa Fundación Alexandre Bóveda organizarán con motivo da celebración do “Dia da Galiza Mártir”, 17 de agosto, centrándose nas figuras de Alexandre Bóveda e de Castelao.

Bergantiños, Paula, “Canon literário do século XX”, *A Nosa Terra*, nº 916, 5 xaneiro 2000, p. 32.

Salienta as obras literarias deste século consideradas no centro do canon por Xesús González Gómez, Xosé M. Eiré, Carlos L. Bernárdez e mais Dolores Vilavedra e reflexiona sobre sobre a escolla destes críticos literarios. Apunta a preferencia destes polos títulos de narrativa, escaseando os de poesía, teatro e ensaio. Na novela coinciden os catro en escolleren obras dos ourensáns Otero Pedrayo e Eduardo Blanco Amor, tamén na poesía a Manuel Antonio e no ensaio, *Sempre en Galiza* (1944). No referente ao teatro varían entre *O incerto señor Don Hamlet, príncipe de Dinamarca* (1958), de Álvaro Cunqueiro, *A fiestra baldeira* (1927), de Rafael Dieste e *Teatro de máscaras* (1975), de Ramón Otero Pedrayo.

_____, “Manuel María primeiro homenaxeado no Dia das Letras Chairegas”, *A Nosa Terra*, nº 926, “Guieiro Cultural”, 16 marzo 2000, p. 29.

Informa que Manuel María foi o homenaxeado na celebración da primeira edición do Día das Letras Chairegas. Sinala que os organizadores, diferentes concellos, asociacións e centro de ensino da Terra Cha, crearon na Internet a páxina WEB deste evento –www.letraschairegas.com–, e sinala que o obxectivo desta celebración é o de “celebrar a literatura na persoa dos seus autores sobranceiros” xunto ao de afirmar á Terra Cha como espacio de convivencia.

Bernal, Diego, “Lamas Carvajal, el poeta ciego”, *El Correo Gallego*, “Contando el siglo XX”, 20 maio 2000, p. 92.

Ofrece unha serie de notas e comentarios sobre a traxectoria vital e sobre a producción literaria de Valentín Lamas Carvajal. Fala tamén da súa intensa actividade xornalística, da súa defensa da causa galega e da súa cegueira.

Blanco, Concha, “Unha longa agonía”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 4 agosto 2000, p. 12.

Narración curta ambientada nas consecuencias da emigración galega dos anos cincuenta que describe a angustia de Carmela, xunto a súa filla Amalia, ao non recibiren novas do seu home emigrado, mais despois de dezasete anos reciben unha carta que Amalia xa non a esperaba.

Blanco, Mencha, “Ferrol recoñeceu o labor de difusión da cultura galega de Isaac Díaz Pardo”, *Diario de Ferrol*, 11 xuño 2000, p. 13.

Dá conta da entrega da distinción de Fillo Adoptivo de Ferrol a Issac Díaz Pardo. Indícase que o alcalde ferrolán, Xaime Bello, fixo un percorrido polo traballo desenvolvido por Díaz Pardo ao longo da súa vida e remata indicando as numerosas homenaxes e recoñecementos que ten recibido Isaac Díaz Pardo.

_____, “Marilar Aleixandre destaca o poder das verbas na apertura da Feira do Libro”, *Diario de Ferrol*, 20 xuño 2000, p. 5.

Infórmase da inauguración da XIIª edición da Feira do Libro de Ferrol onde a escritora Marilar Aleixandre, no seu discurso inaugural, destacou a importancia da palabra e reivindicou o Días das Letras Galegas para o ferrolán Ricardo Carvalho Calero.

Blanco Castro, Manuel, “No décimo aniversario do pasamento do poeta Manuel Orestes Rodríguez”, *El Progreso*, 7 abril 2000, p. 21.

Preséntase e repásase a traxectoria biobibliográfica de Manuel Orestes Rodríguez López, chamado tamén “o poeta obreiro”. Sinálase que os seus mellores poemas son os de temática enraizada no mundo das fábricas nas que traballou durante longos anos.

Blanco Rivas, M., “En galego”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 164, 8 xullo 2000, p. 1.

Dá conta dalgunhas novidades das diferentes editoriais que apareceron durante o ano nos andeis das librerías galegas, así de Xerais salienta *Non volvas* de Suso de Toro e *Ten o seu punto a fresca rosa* de Mª Xosé Queizán. De Galaxia sobrancea *Verónika decide morrer* de Paulo Coelho e *O corazón portugués* de Ramón Loureiro. De Edicións Laiovento sinala *A derradeira bágoa* de Stefano Benni e *Sursum corda* editada por Manuel María, mentres que de Ir Indo apunta *Revoeira* de Xosé Núñez Búa, de Tris-Tram os *Contos populares irlandeses* e remata con *Lecciónns americanas* de Italo Calvino en Kalandraka.

Blázquez, José, Día mundial do teatro", *El Progreso*, "Cartas al director", 27 marzo 2000, p. 8.

Reflexiónase sobre as actividades organizadas por "Ágora Cultural" e polo Concello de Lugo con motivo da celebración do Día Mundial do Teatro de 2000. Sinálase que levaron o teatro de sala á rúa e indícase a dificultade para chegar ao mundo da farándula cando "se fai por puro pracer".

Botrán, Cris/**C. B.**, “Méndez Ferrín eloxia o estilo literario de Angueira en *Pensa nao*”/“Ferrín elogia en Dodro la prosa del libro ‘*Pensa nao*”, *O Correo Galego*, “AFA”, *El Correo Gallego*, 20 febreiro 2000, p. 61/p. 45.

Dá conta do acto celebrado na localidade dodrense de Lestrove co gallo da presentación da novela *Pensa nao* (1999) obra de Anxo Angueira. Sinálase que asistiron ao acto o seu autor, Manuel Bragado e mais X. L. Méndez Ferrín quen cualificou a obra como unha novela visionaria na que se narra por primeira vez con toda a crueza o asasinato dunha persoa despois do alzamento fascista do 36.

Borobó, “A noticia da morte de Castelao dada en ‘La Noche”, *O Correo Galego*, “Lecer”, “Papeis semanais de Borobó (I), 2 xaneiro 2000, pp. 8-9.

Explica como o vespertino compostelán *La Noche* se “arriscou a inserir varios traballos sobre a figura de Castelao” así como referencias ao seu pasamento. Comenta que con data de 9 de xaneiro de 1950 foi publicado neste xornal a primeira noticia do falecemento de Castelao na prensa galega e indica que na edición do día seguinte apareceron reproducidos os telegramas chegados á redacción de *La Noche* e á alcaldía de Compostela pola morte do rianxeiro. Sinala tamén que nesa mesma edición se publicou un artigo titulado “Daniel”, obra de Borobó, e remata analizando o escrito “Castelao, el hombre y el artista”, de Valentín Paz Andrade, aparecido no “Suplemento del Sábado” de *La Noche* o 14 de xaneiro de 1950.

_____, “Os primeiros funerais por Castelao, en Rianxo”, *O Correo Galego*, “Lecer”, “Papeis semanais de Borobó” (e II), 9 xaneiro 2000, pp. 4-5.

Logo de se referir ao libro *Conversas con Teresa Castelao* (1999), de Manuel Dourado Deira, e de enumerar a maioría dos asistentes ao funeral polo óbito de Castelao celebrado en Rianxo o 20 de xaneiro de 1950, Borobó reproduce e analiza as publicacións feitas por el mesmo sobre Castelao no xornal *La Noche*. Indica que os asinou co pseudónimo Julio Sierra, que apareceron baixo a rúbrica “Atlas en el Toral” e que se titulaban “A fiestra valdeira” e “Retrato do neno”.

_____, “Castelao e Manoel Antonio, padronenses de honra e loanza”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 16 xaneiro 2000, p. 28.

Borobó lembra e repasa as palabras que pronunciou en 1986 co gallo do bateo dunha rúa padronesa co nome de Castelao e reflexiona sobre os enfrontamentos que tiveron o pai de Castelao e o cacique Manuel Viturro.

_____, “Castelao, Manuel Carballido e o '*Café con Gotas*” *O Correo Galego*, “Lecer”, 30 xaneiro 2000, p. 36.

Explica a relación do médico Manuel Carballido, fundador do semanario cómico e satírico *Café con Gotas*, con Castelao, con Valle-Inclán e mais con Cela, e repasa a importancia de Xosé Sánchez, o “Cantor de Iria” na vida do seu sobriño Manuel Antonio.

_____, “Vinte anos choída a alcoba onde morreu Manoel Antonio” *O Correo Galego*, “Lecer”, 6 febreiro 2000, p. 36.

Indícase cómo despois de estar vinte anos fechada a alcoba na que morrera Manuel Antonio, a nai do rianxeiro “entregoulle ao Dr. García Sabell a chave que gardaba a misteriosa estancia”.

_____, “No cuarto de Manoel Antonio estaba a súa correspondencia”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 13 febreiro 2000, p. 36.

Reproduce os versos “A Rianxada” compostos co gallo da emoción que o invadiu á hora de abrir a alcoba na que finara Manuel Antonio. Posteriormente analiza a correspondencia alí atopada entre a que sobresae a mantida por Manuel Antonio co seu curmán Roxelio Pérez –pola súa frecuencia– e a mantida con Roxerius e con Rafael Dieste –polas súas reflexións literarias, artísticas e filosóficas–, todas elas publicadas con notas “non moi abundantes” por García Sabell en 1979.

_____, “O cirurxián Ánxel Baltar, o mellor amigo da familia de Castelao”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 20 febreiro 2000, p. 36.

Comenta a relación que tiveron Castelao e o cirurxián Ánxel Baltar e sinala que a irmá de Castelao, Teresa, sostén que este médico é o personaxe máis admirado por ela, despois do seu propio irmán. Finalmente, afirma que unha boa biografía deste amigo de Castelao pode acharse en *El Correo Gallego* con data de 5 de xullo de 1986.

_____, “O primeiro periodista galego foi Luís Marcelino Pereira”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 16 abril 2000, p. 28.

Despois de se indicar que neste ano 2000 se cumpre o bicentenario da nacencia da prensa galega con *El Catón Compostelano*, céntrase no avogado dezaoitesco Luís Marcelino Pereira. Sinala que el é o primeiro periodista galego –e non Francisco del Valle-Inclán, fundador de *El Catón Compostelano*–, ofrece algunhas notas do seu quefacer xornalístico e, con referencia ao xornal do que era co-redactor, *El Censor*, subliña que era “unha especie de pequena enciclopedia popular que procuraba instruír deleitando” naquela altura do século XVIII.

_____, “Panorama da prensa galega a mediados do século XIX”; *O Correo Galego*, “Lecer”, 14 maio 2000, p. 25.

Centra o artigo na análise do xornal compostelán do século XIX, *La Joven Galicia*, indicando que o seu director era o naturalista José Planellas Giralt e o editor José Agra. Salienta que os seus redactores amosaron “unha loable preocupación pola melloría da prensa galega no seu conxunto”.

_____, “A vida da sociedade Compostela en ‘La Joven Galicia”, *O Correo Galego*, “·Lecer”, 28 maio 2000, p. 28.

Fai un repaso pola vida do poeta mindoniense Guillermo Alonso (Mondoñedo, 1836-1865), danse algunhas notas sobre a súa prosa periodística en *La Joven Galicia*, e sinala que empregaba o pseudónimo “O Morcego”.

_____, “El reconocimiento de Rosalía”, *El Progreso*, 25 xullo 2000, p. 81.

Reproduce o artigo titulado “El reconocimiento de Rosalía” que o 26 de maio de 1952 publicou Borobó no xornal *La Noche*. Describe a peregrinación que realizaron polos lugares rosalianos Gala Murguía, Ramón Otero Pedrayo e Ramón Cabanillas, entre outros coñecidos galeguistas.

_____, “A poxa do arquivo da Fundación Figueroa”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 19 novembro 2000, p. 28.

Rememoración dunha xuntanza con Filgueira Valverde na compaña de Adolfo Prego o 12 de febreiro de 1987, coincidindo coa recollida do Premio Julio Camba 1986 por parte deste último. Do encontro destaca a erudición de Filgueira e as infinitas anécdotas que lles contou, ademais da entrega dun exemplar da súa colección “Pontevedreses ilustres” ante a que sinalou o seu especial interese pola figura de Manuel Ventura Figueroa, persoeiro que ao día seguinte era noticia por saír a poxa a documentación que formaba parte da Fundación que levaba o seu nome. Remata lembrando o interese de Filgueira Valverde en que se realizase algún traballo de investigación sobre a biografía deste ilustrado galego.

_____, “Álvaro Cunqueiro na corrente figueiroista”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 26 novembro 2000, p. 28.

Volve sobre a venda dos arquivos da Fundación Figueroa, evocando os seus anos mozos en Madrid nos que estivo en contacto con Amancio Portabales, quen escribiu *Don Manuel Ventura Figueroa y el Concordato de 1753*, para o que apunta que tería consultado o material posto á venda en 1987. Tamén sinala o interese de moitos mozos galegos pola figura de Ventura Figueroa, entre eles Cunqueiro, Bernárdez de Castro, Fontoira ou Núñez Rey, persoeiro a quen di que se lle erguera un monumento en 1899 e que agora preside o Campus universitario compostelán dende a escalinata da Ferradura. Remata informando que se creara unha comisión cunha dependencia na Xunta de Galicia, na que participaba Filgueira Valverde e outras autoridades académicas e políticas coa que tentaran recuperar parte do legado vendido, ademais de alentar estudios de investigación para reconstruír a biografía deste persoeiro galego.

Bugallal, Isabel, “Ruibal, 25 años de dramaturgo”, *La Voz de Galicia*, 28 abril 2000, p. 77.

Descríbense os comentarios de Paz Gago, Laura Tato e Anxo Abuín sobre Euloxio Ruibal con motivo da homenaxe dedicada a este dramaturgo na Casa de Galicia de Madrid. Indícase cómo Paz Gago analizou as etapas da obra de Ruibal, cómo Laura Tato afirmou que Ruibal “es un dramaturgo de plena madurez” e mais cómo Abuín vinculou o teatro do homenaxeado co de Bertol Brecht.

Busto, R., “Escritores de Bergantiños debaten sobre los cuentos en lengua gallega”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 22 outubro 2000, p. 48.

Céntrase na celebración do IIº Encontro de escritores de Bergantiños, no que sinala que se falou sobre os contos e relatos en lingua galega. Sobrancea como principal obxectivo do encontro a creación dun espacio aberto para debater as inquedanzas lingüísticas e culturais da comarca, a creación en lingua galega e o fomento de novos autores. Así, salienta o contido das exposicións dos diferentes relatores, Paz Puente Greene, que falou sobre a motivación para escribir contos e relatos; Xelucho Abella, que abordou os relatos de ambiente mariñeiro; Xurxo Borrazás que participou coa conferencia “A construcción do personaxe literario nas narracións”; ou Xosé Manuel Varela, do que di que se centrou nos contos de Labarta Pose como exemplos de divulgación popular. Remata indicando que un recital poético pechou o acto.

Busto, Ramón, “Amor pondaliano”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*, 7 setembro 2000, p. 34/p. 75.

Dá conta da presentación do VIº Simposio Pondaliano que abrangue dende conferencias, animacións á lectura ata recitais poéticos e cita algúns dos participantes como Manuel María e Anxo Angueira, que disertará sobre Eduardo Pondal.

_____, “A longa vida de Pondal”, *O Correo Galego*, “AFA”, 3 outubro 2000, p. 29.

Faise eco da inauguración do “VIº Simposio pondaliano. A literatura no rexurdimento”, e informa do programa previsto e das actividades paralelas organizadas durante os días que dure o Simposio. Anuncia a primeira das conferencias a cargo de Xosé Ramón Pena co tema “Unha lectura dos Eoas” e incide tamén en que este ano, dedicado á literatura do rexurdimento, prestarase atención as figuras de Curros Enríquez e Enrique Labarta Pose. Finalmente, anuncia as conferencias organizadas pola Asociación Monte Blanco durante todos os martes do mes de outubro e salienta a ruta programada sobre a vida de Pondal pola cidade da Coruña.

_____, “O simposio de Ponteceso desentraña os segredos dos Eoas de Pondal”/“Precedo Ledo señala el poema de Eduardo Pondal ‘*Os Eoas*’ como ‘el gran poema épico’ de la literatura gallega”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*, 4 outubro 2000, p. 32/p. 75.

Fai referencia ao acto de inauguración do Simposio, a cargo do secretario xeral de planificación e desenvolvemento comarcal en Galicia, Andrés Precedo, e resume brevemente o seu discurso, no que salientou o poema “Os Eoas” como o poema épico da literatura galega. Tamén fixo alusión a Asociación Cultural Monte Branco, organizadora do Simposio, e destacou que este simposio é unha das actividades con máis continuidade nas comarcas de Galicia. Finalmente, dá conta das primeiras conferencias ofrecidas, a cargo de Xosé Ramón Pena co título “Unha lectura de Os Eoas”.

_____, “Un recital poético de Manuel María pondrá fin al simposio pondaliano”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Bergantiños-Noia”, 31 outubro 2000, p. 48.

Ademais de dar conta dalgunhas actividades realizadas polos numerosos asistentes ao “VIº Simposio Pondaliano. A literatura no rexurdimento”, organizado pola Asociación Cultural Monte Branco, como a visita á Real Academia Galega e ao Arquivo do Reino de Galicia, anuncia a súa clausura a cargo de Manuel María cun recital, ademais da conferencia de Manuel Ferreiro “A outra lírica pondaliana”, aproveitando para salientar que este profesor é un estudioso da obra do Bardo, do que lembra entregas como *Pondal: do dandysmo á loucura* (1991).

C. B., “Anxo Angueira refleja en ‘*Pensa Nao*’ las costumbres y gentes de la comarca del Sar”, *El Correo Gallego*, 16 febreiro 2000, p. 43.

Refírese ao libro *Pensa nao* (1999) de Anxo Angueira, gañador do Premio “Xerais” de Novela 1999. Danse algunhas das características desta novela, como que está ambientada na localidade natal do seu autor, Dodro, que tenta desmitificar a crenza do atraso do campo galego nos momentos previos ao alzamento fascista do 36 e que conta feitos reais a pesar de que os personaxes da obra son ficticios.

_____, “Fóra dos altares”, *O Correo Galego*, “AFA”, 16 xuño 2000, p. 30.

Faise eco das palabras de Rafa Villar e Yolanda Castaño na última xornada dos “Diálogos na Casa de Rosalía”. Salienta do discurso do primeiro o labor dos poetas dos noventa como artífices do achegamento da poesía a ámbitos diferentes ós anteriores como son os cafés e pubs, espacios de xente moza. Da segunda salienta que son, ademais de seguidores inicialmente do anterior, “artistas de ruptura”. Tamén indica que na mesma clausura despediron o ciclo Ana Blanco, coordinadora das xornadas, e Gonzalo Rey, secretario da Fundación Rosalía de Castro.

C. B. M./C. B., “A Fundación Rosalía crea a colección ‘Vintecatro de Febreiro”/“La colección ‘24 de febrero’ recogerá distintos aspectos sobre Rosalía”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*, 10 febreiro 2000, p. 39/p. 45.

Anúncianse as novidades na programación das actividades para o ano 2000 da Fundación Rosalía de Castro entre as que sobresae a posta en marcha do Centro de Estudios Rosalianos xunto coa colección “Vintecatro de Febreiro”.

C. F., “Ediciós do Castro publica la obra poética de José María Castroviejo”, *La Voz de Galicia*, 29 maio 2000, p. 56.

Noticia da reedición por parte de Ediciós do Castro de *Poemas de un diario de a bordo*, de José María Castroviejo. A seguir, faise unha semblanza do escritor, aclarando a súa condición de “carlista crítico con el régimen de Franco” e lémbrase o máis importante da súa obra poética: *Mar del Sol* (1940) ou *Tempo de outono e outros poemas* (1964), así como a obra reeditada.

_____, “La Academia Galega ultima la publicación de su gramática”, *El Ideal Gallego*, 22 agosto 2000, p. 17.

Recolle as declaracións de Francisco Fernández del Riego sobre a gramática e o diccionario que a Real Academia Galega ten en proceso de elaboración, dos que salienta o emprego de metodoloxía científica e das novas tecnoloxías. Tamén fai referencia ás dificultades dos investigadores para acceder ós fondos bibliográficos e ós traballos de catalogación e informatización que se levan a cabo para solventalas. Á parte, recóllese a súa valoración do Ano Castelao na que o Presidente da Academia considera que foi celebrado como se merecía, cunha gran divulgación da súa obra pero sen entrar en consideracións sobre o feito dende as institucións políticas.

_____, “El teatro gallego se somete a un duro examen en el Libro Blanco”, *El Ideal Gallego*, 6 setembro 2000, p. 17.

Refírese ao chamado “Libro Branco do Teatro” elaborado por unha comisión creada dentro do Consello da Cultura Galega como colofón a outras iniciativas deste grupo técnico, entre elas o proxecto para a creación dunha escola de arte dramático en Galicia, unha obra sobre a animación teatral ou a referida á estabilidade das compañías teatrais galegas. Explica que este estudio se centra en boa parte na análise de como foi o teatro en Galicia no último século e a todos os niveis. Segundo Manuel Viéitez, membro da comisión, quere ser un documento válido para todos os sectores relacionados coa actividade teatral, dende a administración ata os axentes sociais, e salienta a importancia de educar os máis novos na afección aos espectáculos teatrais. En columna á parte, compárase a precaria situación en Galicia coa estabilidade e tradición existentes en Cataluña.

_____, “La corona impuesta a Curros por la ciudad permanecerá en la Academia”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 19 outubro 2000, p. 20.

Faise eco da polémica xurdida ante o posíbel traslado da coroa imposta a Curros Enríquez pola cidade da Coruña en 1904 á Casa Museo do Poeta en Celanova. Recóllense as palabras de Alonso Montero indicando que a coroa foi doada á institución por Xosé Neira Vilas e nela debe permanecer, o que non impide que se ceda temporalmente á Casa Museo cando esta abra as súas portas. Tamén se adiantan algún dos actos organizados pola RAG para celebrar o cento cincuenta aniversario do nacemento do poeta, como é a lectura dos vintecinco poemas que el leu cando foi coroado ou unha imposición simbólica como a de principios de século. En cadro á parte, alúdese á doazón das netas do poeta celanovés das gafas que o caracterizaban á Casa Museo, que tamén conta con outros obxectos como libros e manuscritos do propio Curros.

_____, “La literatura gallega en la tierra del tango seduce a una profesora argentina”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 3 novembro 2000, p. 19

Preséntase á profesora arxentina Nora Longhini Moreira, descendente de italiano e galega, que estudia a obra de autores galegos exiliados na Arxentina para un mellor coñecemento do Buenos Aires da década dos cincuenta. Dise que elixiu tres obras de Neira Vilas, *Camiño bretemoso* (1967), *Remuiño de sombras* (1972) e *Historias de emigrantes* (1968), un traballo que confía en poder publicar en Galicia e en galego. Tamén fala do seu interese por aprender a lingua da súa nai e a súa sorpresa ante os autores arxentinos que teñen as súas obras nas librerías galegas, posto que apunta unha renovación dentro da literatura do seu país. En cadro á parte, recóllense as súas impresións sobre o importante papel que xogou o ambiente cultural de Buenos Aires na vida de Neira Vilas e o forte cambio que sufriu pola crise que padece o país.

_____, “Un simposio abrirá el testamento cultural de Ricardo Carvalho Calero”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 11 novembro 2000, p. 24.

Anuncia a celebración do simposio “Ricardo Carvalho Calero, memoria do século”, que se celebra na Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña. Recóllese a idea dos organizadores de recuperar o legado desta figura, desaparecida hai dez anos, e a participación de estudiosos como José Luís Rodríguez, Darío Villanueva, Pilar Pallarés, Manuel Forcadela, Xosé Ramón Barreiro ou Isaac Díaz Pardo, á vez que fai un repaso biográfico do homenaxeado dende a súa participación no bando republicano durante a Guerra Civil, o seu paso pola cadea e a posterior incorporación á ensinanza ata chegar a catedrático de Lingüística e Literatura galegas da Universidade de Santiago. Tamén alude á súa producción literaria salientando a súa preferencia pola poesía, pero tamén ao labor en novelas como *Scorpio* (1987) ou na investigación coa súa *Historia da literatura galega contemporánea* (1962).

C. G., “Vedra dedicará unas jornadas a López Ferreiro”, *El Correo Gallego*, 16 marzo 2000, p. 43.

Infórmase da exposición “López Ferreiro e o Concello de Vedra”, promovida polo departamento municipal de Cultura e dá conta do inicio das xornadas sobre o escritor, nas que participan diferentes estudiosos da súa obra como Ramón Villares Paz ou José María Díaz Fernández. Tamén se fai referencia ao descubrimento dunha placa conmemorativa e a plantación dunha árbore en recordo deste autor.

_____, “La escritora Helena Villar Janeiro dará una conferencia en la casa de cultura de Negreira”, *El Correo Gallego*, 9 abril 2000, p. 44.

Breve noticia que dá conta da conferencia prevista a cargo de Helena Villar Janeiro no auditorio da Casa da Cultura de Negreira. Coméntase que esta conferencia se enmarca dentro dos actos culturais organizados para todo o ano 2000 con motivo do 19 aniversario da creación do centro.

_____, “El colectivo ‘Follas Novas’ de Ames se presentará hoy con un recital poético”, *El Correo Gallego*, 11 maio 2000, p. 45.

Nota que alude á organización dun recital poético en Bertamiráns co gallo da presentación da Asociación Cultural Follas Novas que pretende dinamizar a vida cultural do Concello de Ames. Sinálase tamén a asistencia ao acto de poetas do Val da Mahía e anúncianse novos actos organizados por esta asociación cultural como unha conferencia sobre Castelao ou a programación dunha ruta rosaliana.

CH. G., “La editorial Galaxia, protagonista de la primera muestra itinerante del Concello”, *Faro de Vigo*, 30 xaneiro 2000, p. 12.

Noticia na que se anuncia o convenio entre o Concello de Vigo e a editorial Galaxia para organizaren unha exposición didáctica itinerante sobre esta editorial viguesa. Informa que o percorrido inclúe as sete grandes cidades galegas e remata en Madrid.

C. M., “La Real Academia Galega entra en una nueva etapa al cambiar estatutos y los cargos vitalicios”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 23 febreiro 2000, p. 52.

Nota de prensa na que se recolle a próxima aprobación dos estatutos da Real Academia Galega nos que se contemplan cambios como a eliminación dos cargos vitalicios e a limitación dos mandatos a períodos de catro anos. Sinálase que se trata do primeiro cambio nas normas desta institución xa que ata o de agora permanecían vixentes as aprobadas en 1906. Finalmente anúnciase a reaparición do boletín da Academia tras vinte anos de silencio, cun monográfico dedicado a Manuel Murguía con motivo de ser o autor homenaxeado no Día das Letras Galegas, no que se estudiarán as súas facetas de pensador, escritor, xornalista, arqueólogo e antropólogo.

C. P., “Galaxia lanza o terceiro libro de Bieito Iglesias nun ano”, *La Voz de Galicia*, 27 xaneiro 2000, p. 83.

Dáse noticia da presentación do libro *O mellor francés de Barcelona* (1999), de Bieito Iglesias e amósanse algunhas das peculiaridades deste libro integrado por dez relatos escritos entre 1992 e 1997 que presentan temáticas diferentes e poucos puntos de unión.

_____, “A editorial Galaxia homenaxeou ós seus fundadores en Bonaval”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 11 outubro 2000, p. 38.

Recóllense as palabras de Damián Villalaín e Carlos Casares, subdirector e director, respectivamente, da Editorial Galaxia, na homenaxe que o Consello de Redacción lles fixo aos vinteoito fundadores en Santiago. Para Villalaín é de agradecer o esforzo e sacrificio de todos eles para manter viva a “conciencia e a cultura de Galicia”, mentres que Carlos Casares significou as tres figuras fundamentais: Ramón Piñeiro, Xaime Isla Couto e Francisco Fernández del Riego, e considerou que sen eles e esa empresa hoxe Galicia “sería irrecoñecible, diferente”. Descríbese o agasallo entregado aos vinteoito fundadores que aparecen nomeados nunha columna á parte e que consistiu nun diploma con versos de Pimentel ademais dunha insignia de prata.

C. R., “Palabra e pensamento”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 16, 3 marzo 2000, p. 4.

Aplaude o importante número de revistas culturais galegas existentes hoxe en día para logo caracterizar algunhas delas. Divídeas en dous grupos: as publicacións de maior raizame –*Grial*, *Encrucillada*, *A trabe de ouro*, *Boletín galego de literatura*, *Extramundi* e mais *Luzes de Galiza*– e as de última creación –*Fadamorgana*, *Citania*, *CasaHamlet* e *Guía dos libros novos*.

_____, “Desembarco editorial”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 27, 4 xuño 2000, p. 12.

Repaso ás novidades editoriais que se van presentando na primavera con motivo do Día das Letras Galegas e das Feiras do Libro. Percórrense as diferentes editoriais e algunhas das novidades máis destacadas, así de Galaxia cítase *Animalia*, de Antón Riveiro Coello; *O corazón portugués*, de Ramón Loureiro; *Palabras envoltas en cancións*, de Antonio García Teijeiro, *O baúl de Wensel*, de An Alfaya e *Castelao segundo Rañolas. Vida e obra de Castelao*, de Marilar Aleixandre. De Xerais salienta, entre outras, *Lecturas de nós. Introducción á literatura galega*, de Ramón Gutiérrez Izquierdo; *Aire Negro*, de Agustín Fernández Paz e *As doce e sereno*, de Manuel Guede. Desta mesma editorial refírese a aquelas obras que coedita co CDG como *Comedias paranoicas*, de Gustavo Pernas; *Unha noite no pórtico do Paraíso*, *A rúa das Balconadas* e *A culpa foi de Mozart*, todas de Marcelino de Santiago, Kukas. De Laiovento sinala algúns ensaios, mentres que en poesía nomea a *Antoloxía de poesía brasileira*, de Xosé Lois García e a *Antoloxía poética*, de Fernando Echeverría. Remata referíndose a Sotelo Blanco coa novela de Xosé Carlos Caneiro, *A rosa de Borges*, e a Ir Indo con *Salvador de Occidente*, de Nacho Taibo.

C. S., “Profesores y poetas rinden hoy un homenaje póstumo al ourensán José Ángel Valente”, *El Correo Gallego*, “Sociedad-Cultura”, 25 setembro 2000, p. 75.

Faise eco da homenaxe póstuma a José Ángel Valente celebrada no Centro Cultural do Círculo de Lectores de Madrid e na que participan autores como Andrés Sánchez Robayna, Blanca Varela, Lázaro Carreter ou Eduardo Milán, quen considera que o oco deixado por Valente, que “fomentó el culto al reconocimiento del vacío como esplendor de la palabra”, ninguén o poderá ocupar.

C. V., “Cartas a Teixeira de Pascoaes, un galego de Amarante”, *A Nosa Terra*, nº 921, “Guieiro Cultural”, 10 febreiro 2000, p. 32.

Fai referencia á publicación por parte de Isaac Alonso Estraviz e Eloísa Álvarez de *Os intelectuais galegos e Teixeira de Pascoaes. Epistolário* (1999). Amósase que esta relación do portugués con poetas e intelectuais galegos, nomeadamente dos da Xeración Nós, comezara con Vicente Risco para logo se estender a Castelao, Blanco Torres, Xaime Quintanilla, etc.

_____, “Para ler en galego a poesia irlandesa contemporánea”, *A Nosa Terra*, nº 925, “Guieiro Cultural”, 9 marzo 2000, p. 29.

Fálase da publicación a cargo de Antonio Raúl de Toro dunha antoloxía bilingüe de trece poetas irlandeses contemporáneos, *Poesía irlandesa contemporánea* (1999). Indícase que os poetas escollidos terían que estar vivos e debían amosar o que se escribía en Irlanda do Norte e do Sur. Sinálase o brillante momento da poesía irlandesa e remátase destacando que a Universidade da Coruña lle entregará o doutorado Honoris Causa ao poeta irlandés Seamus Heaney.

_____, “Dez anos sen Carvalho Calero”, *A Nosa Terra*, nº 927, “Guieiro Cultural”, 23 marzo 2000, p. 25.

Descríbense os actos organizados co gallo de se cumpriren dez anos do falecemento de Ricardo Carvalho Calero. Destácase o Simposio “Ricardo Carvalho Calero. Memória do século” organizado pola AS-PG e polo departamento de filoloxías francesa e galego-portuguesa da Universidade da Coruña, así como a representación da súa obra *Auto do prisioneiro* promovida polos concellos de Ferrol, Lugo e Santiago de Compostela.

_____, “Edicións Xerais, ‘unha editorial segura pero desacougada”, *A Nosa Terra*, nº 928, “Guieiro Cultural”, 30 marzo 2000, p. 25.

Artigo no que se repasa a actualidade da editorial Xerais dende que o grupo francés Havas se fixera con ela. Comézase indicando que é incuestionábel que Xulián Maure “está en posesión da propriedade da marca” e que o único troco de interese na editorial será o traslado do almacén comercial de Vigo a un de Bergondo, cambio que non levará parello a destrucción dos fondos acumulados para rematar recalcando a boa saúde da editorial.

_____, “Río de son e vento’ recolle nun só volume o mellor da historia da lírica galega”, *Faro de Vigo*, 12 abril 2000, p. 48.

Anúnciase a presentación da antoloxía de poesía galega titulada *Río de son e vento* (1999), elaborada por César Morán, e sinálanse algunhas das súas características como que está acompañada por un disco compacto e que o compilador tenta achegar a lírica a un público de todas as idades.

_____, “Os libros editados hai 6 meses ainda non foron enviados pola Xunta ás bibliotecas”, *A Nosa Terra*, nº 937, “Guieiro Cultural”, 1 xuño 2000, p. 25.

Denúnciase o atraso na distribución de libros nas bibliotecas galegas por parte da Xunta de Galicia achegando datos recollidos nas cinco bibliotecas municipais do concello da Coruña, na Biblioteca Central de Vigo e da biblioteca de Narón. Recóllense tamén comentarios das responsábeis destas bibliotecas, Cristina Ameixeiras, Mª Jesús Soto e Mª Carme Bar, respectivamente, salientando as dificultades que isto ocasiona no seu traballo e a escasa dotación das bibliotecas no que respecta ás novidades editoriais galegas que deben estar “nas mans dos leitores cando a editorial promociona o título”, xa que é así como se discrimina positivamente o libro galego. Como outro caso problemático menciónase a falta das publicacións dedicadas a Murguía, deixando así a vista “como a data da celebración (…) pasou sen que o envio da Xunta lle dera maior relevância no centro de préstamo e leitura pública de libros”.

_____, “A lembranza en pedra de Castelao e Bóveda nas prazas”, *A Nosa Terra*, nº 949, “Sociedade”, 24 agosto 2000, p. 13.

Repaso polas homenaxes en forma de monumento dedicadas a Castelao e a Alexandre Bóveda nas diferentes cidades e vilas de Galicia. Salienta a presencia do busto de Castelao en Rianxo como o primeiro que se ergueu aquí na súa memoria e enviado dende o exilio pouco despois da dictadura, o mesmo có de Arcade. Nomea os numerosos monumentos que se atopan espallados por Galicia e comenta algúns detalles da súa historia como os problemas suscitados no ano 1983 en Pontevedra ou a tardanza de Santiago en contar cun busto de Castelao. Remata salientando a vontade e contribución popular que está detrás de moitos deles fronte á indiferencia das institucións.

_____, “Libros novos para cando as follas caen”, *A Nosa Terra*, nº 952, “Guieiro Cultural”, 14 setembro 2000, p. 21.

Achega a un bo número de novidades editoriais que se presentan na nova tempada, entre elas *Na maleta* (2000), de Xurxo Borrazás; *Expediente Artieda* (2000), de Luís Rei Núñez; *A loba* (2000), de Bento da Cruz; *Caleidoscopio* (1999), de Paulino Pereiro; *Os espidos pés do destino* (2000), de Xosé Carlos Fernández Cainzos; *O bosque de levas*, de Alfonso Álvarez Cáccamo; *Berta* (2001), de Concha Blanco, ou *Ábrelle a porta ó mar* (2000), de Xavier Seoane, todas elas novelas. No xénero dos relatos sinala a publicación de *Narradoras* (2000) ou *Rosas, corvos e cancións* (2000), de Inma López Silva. En canto á poesía salienta a aparición das obras completas de Manuel María, de Vítor Vaqueiro e Xosé Mª Álvarez Cáccamo xunto cos poemarios de Rosa Méndez, Medos Romero ou Maite Dono. Outras obras poéticas son *Libra* (2000), de Gonzalo Navaza; *Grimorio* (2000), de Enma Pedreira ou *Mar que evita o meu regreso* (2000), de Fernando Lavandeira. Considera que é no ensaio onde hai un maior número de obras entre as que se atopan *A muller no nacionalismo galego (1900-1936)* (2001), de Noa Ríos; *A novela policial. Unha historia política*, de Xesús González Gómez; “Castelao no Galeuzka”, de Xosé Estévez, ou a *Historia xeral da literatura galega* (2001), de Mercedes Queixas e Anxo Gómez. Outros de interese son o de Carlos Fernández *O vento do espírito: de Risco a Ramón Piñeiro* (2000) e de Henrique Monteagudo, *Castelao. Defensa e ilustración dun idioma*. Remata referíndose a outros materiais como diccionarios, guías e traduccións de autores como Agatha Christie, Shakespeare, Amin Maalouf ou J. Conrad, ademais dos poemas de Dylan Thomas no número 42 de *A Trabe de Ouro*.

_____, “Novoneyra xa forma parte da paisaxe do Caurel”, *A Nosa Terra*, nº 960, 9 novembro 2000, p. 36.

Repaso dos numerosos actos de homenaxe a Uxío Novoneyra celebrados no Courel con motivo do primeiro aniversario do seu pasamento e organizados pola Asociación de Escritores en Lingua Galega. Descríbese a impresión dalgúns dos participantes ante a visión da paisaxe que achegou Novoneyra nas súas obras e recóllense as propostas lanzadas por Xosé María Álvarez Cáccamo e Miguel Anxo Fernán Vello, de que se celebre no Courel unha xuntanza de poetas e que a casa natal do autor de *Os Eidos* se converta nun Centro de Estudios Poéticos no que albergar unha biblioteca especializada na obra do poeta. Finalmente, lembra a anécdota da expresión “o ceo limpo como ollo de galo” recollida nun verso de Novoneyra e o recital que pechou unha xornada na que se plantou unha árbore, se inaugurou un menhir e se lle deu nome a unha rúa de Seoane do Courel en honor de Uxío Novoneyra.

C. V., “A praza da Ferrería de Pontevedra acollerá o “II Salón do Libro Galego”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 13 decembro 2000, p. 41.

Refírese a algunhas das reivindicacións feitas dende a Asociación Galega de Editores con motivo da presentación en Santiago de Compostela do IIº Salón do Libro Galego que se celebrará en Pontevedra. Indica que nel todos os títulos están en galego cun dez por cento de desconto e organizados por temas. Tamén dá conta da participarán de autores como Manuel Rivas, Xosé Carlos Caneiro, Xurxo Borrazás ou Antón Riveiro Coello, e salienta que terán cabida unha ampla representación de novidades.

_____, “Manuel Rivas participa hoy en la segunda jornada de “Latim em pó”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 13 decembro 2000, p. 41.

Dá conta da segunda xornada dos Encontros Galego no Mundo “Latim em pó” na que participa Mª Xosé Queizán, Xosé Carlos Caneiro e Manuel Rivas como autores galegos ademais da ampla representación portuguesa. Tamén se refire á proxección de películas en ligua galega e portuguesa, ademais dos “Espectáculos de baixa intensidade” no apartado teatral nos que di que se representan tanto obras de autores galegos como da lusofonía.

_____, “Os editores artellan o IIº Salón do Libro Galego en Pontevedra como unha estratexia na busca de leitores”, *A Nosa Terra*, “Guieiro Cultural”, nº 965, 14 decembro 2000, p. 26.

Anuncia a celebración en Pontevedra do IIº Salón do Libro Galego no que sinala que, ademais de todas as novidades, tamén se lle dedica un espacio a proxectos editoriais que non están á venda nas librerías, entre eles o de Hércules, Ir Indo ou A Nosa Terra. Marca como obxectivo dos editores a busca de novos lectores a través da achega do libro ao público, segundo sinala Fabiola Sotelo, presidenta da Asociación de Editores, quen tamén chama a atención sobre o papel das editoriais no proceso de normalización cultural en Galicia, e o aproveitamento que se debe facer para tal fin dos medios de comunicación públicos. Faise eco igualmente, das declaracións do concelleiro de cultura, Luís Bará, quen ve na promoción da lectura, en especial nos máis novos, a consolidación da lingua e da cultura en xeral. Tamén indica que no Salón participan autores como Antón Riveiro Coello, Manuel Rivas, Xosé Carlos Caneiro ou Xurxo Borrazás.

Cabana, Darío Xohán, “O corredor das estatuas”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 5 agosto 2000, p. 12.

Breve relato acompañado dunha ilustración de Abraldes no que se achega a historia do corredor das estatuas do pazo de Saor de Abaixo e que, segundo algúns documentos, orixinariamente eran estatuas de homes nus cos brazos esquerdos caídos, mentres que agora aparecen coas mans esquerdas diante dos ollos sen explicarse qué suceso puido facer que cambiasen de postura.

Calvo, M., “O instituto ordense celebra unha serie de actos en homenaxe a Castelao”, *La Voz de Galicia*, 19 xaneiro 2000, p. 47.

Infórmase dos actos provistos polo IES de Ordes co gallo do cincuenta cabodano de Castelao. Entre outras actividades, anuncia diferentes traballos de espallamento da obra por medio dunha exposición antolóxica, realización de carteis, creación dun recital poético ou dramatización de varios textos do autor.

Calvo, Manuel A., “El poeta Manuel María protagoniza hoy una selecta velada literaria en Ordes”, *La Voz de Galicia*, 11 febreiro 2000, p. 51.

Dá conta das actividades celebradas así como as organizadas pola Asociación Cultural Obradoiro da Historia en Ordes. Subliña a velada literaria na Casa de Cultura e cita algúns dos particpantes no acto como Manuel María, o grupo A Quenlla ou Cándido Pazó.

Calvo, Tucho, “O Xabaril Branco”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 1-31 agosto 2000, pp. 11/13/13/13/13/15/11/13/13/11/11/13/15/15/13/13/13/13/13/17/15/13/13/13/15/15/17/17/15/13/15, respectivamente.

Folleto en trinta e unha entregas diarias acompañadas dunha ilustración de Miguelanxo Prado, que posteriormente foron publicadas no volume de Tucho Calvo, *O xabaril branco*, que se pode consultar no apartado I. 1 deste *Informe.*

_____, “Aparece na Real Academia o orixinal de “Os Eoas” que Pondal considerou definitivo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 1 novembro 2000, p. 30.

Recolle a noticia da aparición do orixinal de *Os Eoas*, de Eduardo Pondal, na Real Academia Galega atopado por Manuel Ferreiro, especialista na obra do Bardo ao que lle dedicou a súa tese de doutoramento e a obra *Pondal: do dandismo á loucura*. Pon de manifesto a importancia do achado para a literatura galega e apunta a gran cantidade de material existente, froito dunha constante revisión levada a cabo por Pondal, quen comezou a obra en 1857 e a entregou para publicar, segundo estima Ferreiro, en 1913 ou 1914, tres anos antes da súa morte. Tamén sinala que consta de trescentas oitavas cun carácter máis narrativo ca lírico. En cadro á parte, explica que esta obra foi unha obsesión constante na vida de Pondal, que tiña unha motivación patriótica e a existencia de intentos fallidos de publicación. Reproducense a primeira e derradeira oitavas da versión definitiva e ponse de manifesto o interese que este autor esperta aínda hoxe, reflectido na ampla participación de público no Simposio Pondaliano de Couto, no que se deu a coñecer o achado e no que tamén participou Manuel María e X. L. Méndez Ferrín, un grande admirador do Bardo.

Calvo, Tucho (coord.), “200 anos de prensa galega”, *La Voz de Galicia*, “Suplemento especial”, 30 abril 2000, 24 pp.

Suplemento especial dedicado integramente ao mundo xornalístico en conmemoración do bicentenario da edición do primeiro xornal galego, *El Catón Compostelano* (1800). Integran o suplemento os artigos que a seguir se resumen:

-Xosé Ramón Barreiro Fernández, “*El Catón Compostelano*”, o primeiro periódico de Galicia, p. 2.

Fai un percorrido pola historia do primeiro xornal de Galicia, *El Catón Compostelano*, describindo as súas características de publicación, as razóns que levaron á súa fundación, corrixir, como auténtico Catón, os excesos da sociedade, así como os estudios que se teñen feito sobre el, que hoxe, gracias a que se atoparon máis números, son máis rigorosos que os das primeiras épocas. Así mesmo, fai unha achega biográfica ao seu fundador, Francisco María del Valle Inclán, ao que caracteriza como un intelectual “extravagante e xenial”, ofertando probas que demostran que se ben este catedrático da Universidade de Santiago foi o fundador, editor e principal redactor do xornal, tamén houbo outras firmas no mesmo, ao tempo que lembra que Valle Inclán non foi o primeiro xornalista galego. Finalmente, remata describindo a situación de total desacordo da publicación co clima intelectual do momento, posto que se amosaba desvinculado dos novos valores do preliberalismo que reinaban na época, razón que segundo Xosé Ramón Barreiro, foi o motivo do pouco ineterese que suscitou o periódico e provocou o seu peche.

-Rosa Cal Martínez, “El tiempo de los periódicos”, p. 4.

Describe a historia da prensa en España e en particular en Galicia, centrándose en tres etapas: antes do ano 1800, momento no que as publicacións ían dirixidas a unha minoría alfabetizada; o ano 1800, período ao que se lle presta maior atención por ser o momento no que xorden os primeiros xornais na Península, entre eles *El Catón compostelano* de Santiago, e a partir de 1800, etapa na que “o tempo dos libros rematara: comezaba o dos xornais”, centrándose sobre todo en 1808 e 1813, anos nos que se contabiliza un maior número de publicacións novas.

-Xesús Alonso Montero, “Proeza literaria de Lamas Carvajal”, p. 5.

Reflexiona sobre o xornal ourensán *O Tío Marcos da Portela* que publicou o seu primeiro número en febreiro de 1876, analizando as motivos do seu éxito entre os labregos, as razóns que levaron á utilización da lingua galega, a estructura do xornal, escrito a modo de diálogo entre O Tío Marcos e os paisanos, e os aspectos galeguistas presentes na publicación que non difiren daqueles que agroman noutras revistas da época. Así mesmo, demanda un estudio das revistas galegas posteriores a 1876 que considera “clara imitación” de *O Tío Marcos da Portela.*

-Xosé López, “A prensa comarcal fixa novas metas”, p. 6.

Despois de analizar a situación da prensa galega comarcal no ano 2000 e describir as tres publicacións que superaron os atrancos e conseguiron manterse con vida con novo universo comunicativo: *El Heraldo de Viveiro* (1912), *La Voz de Ortigueira* (1916), e *La Comarca del Eo* (Ribadeo, 1919), lembra cómo naceron novos modelos, nos últimos anos do franquismo e primeiros da restauración democrática. Así mesmo, alude á presencia deste tipo de publicacións en internet, que supón o comezo dunha nova prensa comarcal galega na que seguen convivindo as publicacións históricas, e remata cunha reflexión sobre os obxectivos destas publicacións comarcais que, ao igual que todos os medios locais centran a súa na atención no que acontece na proximidade.

-Margarita Ledo Andión, “Prensa e galeguismo: da literatura ao xornalismo”, p. 8.

Fai un repaso pola historia da prensa galeguista dende os seus comezos, na época do Rexurdimento, pasando polo período de esplendor situado inmediatamente antes do estalido da Guerra Civil (1936), no que nacería a primeira xeración de literatos xornalistas fanada coa represión que seguiu a contenda, e chegando a principios do século XX, que se inicia cun chamamento do xornalista Antón Vilar Ponte a prol do idioma galego, actitude que compara coa do presidente da Real Academia Galega, Francisco Fernández del Riego, que a finais do mesmo século, 200 anos despois do nacemento do primeiro xornal galego, fai un chamamento nos mesmos termos apelando sobre todo aos medios de comunicación.

-Carmen Pérez Pais, “La polarización de una sociedad”, pp. 10-11.

Analiza a prensa española no período da Segunda República (1931-1936), centrándose no caso galego, o “mellor exemplo” de cómo a prensa funcionaba como axente protagonista múltiple e testemuña dunha época. Comeza cunha comparación da situación xornalística deste período, no que era testemuña dos acontecementos e vehículo de expresión de determinadas ideas políticas ou posicionamentos, coas dúas etapas inmediatas, a anterior da dictadura de Primo de Ribera, e a posterior marcada polo estalido da Guerra Civil. A seguir describe a situación política deses catro anos republicanos, enumerando os factores que provocaron a proxección da prensa galega na opinión pública. Posteriormente, establece unha clasificación dos xornais en función do seu posicionamento político dinstinguindo dous grandes grupos: a prensa diaria liberal e republicana, á que pertencen xornais como *La Voz de Galicia* ou *Tierra Gallega* (A Coruña), e a prensa diaria conservadora e antirrepublicana, representada entre outros polos xornais *El Ideal Gallego* (A Coruña) e *Faro de Vigo*. Remata cunha descrición do xeito de actuación de cada un destes tipos que permite “coñece-lo choque entre dúas mentalidades e dous modelos políticos claramente enfrontados”.

-José Francisco Sánchez, “Futuros imperfectos y pretéritos indefinidos”, p. 11.

Elabórase un balance da prensa galega actual describindo os seus puntos fortes, a perspectiva empresarial, a porcentaxe de ventas por habitante, o número de lectores maiores de catorce anos, que nos sitúa por diante de comunidades como Madrid ou Valencia, o número de cabeceiras en proporción ao número de habitantes, un dos maiores da península, e analizando o movemento de concentración dos diarios rexionais en grandes grupos, feito que está a provocar que algúns xornais como *Faro de Vigo* dependan de centros de decisión situados fóra de Galicia e por tanto afastados da súa cultura e dos seus intereses. Finalmente ofrécense algunhas posibilidades para mellorar a situación do xornalismo actual que pasan por declarar estratéxico o sector da comunicación en Galicia, articular medidas que permitan a supervivencia

independente dos máis pequenos e respaldar todas aquelas iniciativas que supoñan potenciar a prensa galega e a súa proxección fóra de Galicia.

-Marcos Valcárcel, “Breve glosario de douscentos anos”, pp. 12-13.

Enumera algunhas das publicacións históricas máis significativas, *A Nosa Terra*, *O Correo Galego, Ronsel,* relacionadas coa prensa galega de todos os tempos, así coma os nomes dos colaboradores máis representativos do xornalismo de Galicia, entre os que se atopan Castelao, Ramón Otero Pedrayo, Álvaro Cunqueiro ou Vicente Risco, prestando especial atención a aquelas cabeceiras e personaxes directamente relacionados co xornalismo cultural e literario.

-Carlos Fernández, “Apuntes para una historia de ‘*La Voz de Galicia*”, p. 14.

Achega datos sobre a historia de *La voz de Galicia*, “un dos máis importantes grupos de comunicación españois” actualmente, dende os seus comezos como xornal, fundado en 1885 por Juan Fernández Latorre, José M. Martínez e Antonio Prieto Puga, enumerando os diferentes directores e propietarios e analizando os progresos experimentados por esta publicación galega, convertida en 1985 nunha empresa miltimedia ao dispoñer, á parte do periódico, doutros soportes como unha rede de sete emisoras de radio e unha división de Artes Gráficas.

-Manuel Fernández Rodríguez, “A soas coa multitude”, pp. 16-17.

Analiza a interacción entre literatura e xornalismo en Galicia a partir dos exemplos recollidos ao longo das distintas etapas históricas: século XIX, período da Guerra Civil, no que o xornalismo era empregado como medio propagandístico polos dous bandos, a etapa de exilio cubano e arxentino, a posguerra, na que sobresaen os autores do grupo Galaxia, e a actualidade onde, “é evidente que segue existindo unha clara interacción entre os escritores e a prensa” como demostra, entre outros fenómenos, os artigos de cultura e sociedade de escritores como Xesús Alonso Montero, as colaboracións diarias de autores como Alfredo Conde en *El Correo Gallego*, ou o cultivo do xornalismo como profesión por parte de escritores de vocación entre os que atopamos os novelistas Carlos Reigosa e Tucho Calvo.

-César Antonio Molina, “La edad de plata”, p. 17.

Reflexiona sobre a que considera a “idade de prata” da prensa galega, o primeiro tercio do século XX, centrándose en catro cabeceiras”, *Nós, Alfar, Ronsel e Atlántida*, “extraordinarias” pola importancia que tiveron no seu momento, xustificando así o seu labor de investigación sobre as mesmas, que entronca co levado a cabo noutra das súas obras, *Prensa literaria en Galicia*, ao tempo que reclama un maior recoñecemento do seu traballo.

-Francisco Campos, “O paradigma multimedia”, pp. 18-19.

Estudia o avance da prensa galega cara ao paradigma multimedia, integración de medios e soportes que se está a dar debido ás utilidades que permiten as novas tecnoloxías, considerado polo Congreso Mundial da WAN (Asociación Mundial de Periódicos) como o modelo de xornalismo do terceiro milenio, e ofrece datos que, por unha banda demostran a importancia do sector en Galicia e por outra corroboran esa transformación empresarial na que se reflicten ademais, "os evidentes esforzos da empresa clásica de comunicación por non perde-lo tren da modernización".

-Daniel Lázare Viña, "Del periódico leído al diario visto", p. 20.

Refírese ás modificacións experimentadas pola prensa en xeral e pola prensa galega en particular. Céntrase nos cambios máis recentes, esixidos pola expansión dos medios audivisuais que marcan o nacemento dunha sociedade netamente visual en detrimento da sociedade lectora, á que os xornais se ben na obriga de se adaptar. Neste sentido, exemplifica con *La Voz de Galicia* claro expoñente das remodelacións efectuadas buscando esa adaptación audiovisual: introducción da color nas páxinas, aumento dos espacios en branco para facer o texto máis comprensíbel, a fotografía gaña en tamaño e preeminencia, e maior presencia de gráficos e infografías, elementos que xustifican o concepto de linguaxe "visual".

-Díaz Pardo, "A función social da prensa", p. 21.

Despois dunha breve introducción histórica na que lembra os inicios da prensa en Galicia e a forte difusión actual, apela á ética e moral dos xornalistas, necesaria para garantir a verdadeira función social dos medios de comunicación: ofrecer información "xusta e verídica sen facer garaboladas dos que teñen máis poder".

-Xosé Luís Barreiro Rivas, "Os políticos e a prensa galega", p. 23.

Artigo que reflexiona sobre a aparición e posterior desenvolvemento do xornalismo político galego, facilitando unha boa parte da nómina de publicacións nas que se asenta a evolución do galeguismo, co fin de demostrar que todo o galeguismo político é debedor dun intenso labor xornalístico e que a idea deste tipo de xornalismo ten unha expresión sobranceira nos nomes de Antón Vilar Ponte e Lois Peña Novo, os dous escritores e políticos que mellor souberon comprender a síntese entre teoría e praxes que se produce no xornalismo político.

-Víctor F. Freixanes, "Unha nova fronteira", p. 24.

Centra o seu artigo nas posibilidades de desenvolvemento e modernización dunha cultura, que "están directamente relacionadas coa capacidade para integrar as novas formas de coñecemento co cruxol do discurso tradicional", recoñecendo que Galicia forma parte desas culturas desenvolvidas malia que adoptou as innovacións tempo despois de que xa estivesen establecidas noutras culturas. Así mesmo, ofrece as estratexias para acadar unha dotación de sistemas de acceso competitivo homologado e rápido ás redes de comunicación (internet), a formación de profesionais e a formación de audiencia e usuarios e apunta que son

precisas para que a prensa galega estea presente na nova fronteira informativa mundial, que require non só recibir información, senón ser quen de creala e emitila.

Calvo, Tucho (coord.), *Relatos de verán*, *La Voz de Galicia*, “Páxinas literarias”, 7 setembro 2000, pp. 1-40.

Neste suplemento recóllense unha serie de relatos, tanto en galego coma en castelán, que chegaron á redacción de *La Voz de Galicia*, unha vez que este xornal se ofreceu a publicar os relatos enviados. A seguir, damos conta daqueles escritos en galego:

-Blanco Saavedra, X. Manoel (Santiago, 1951), “A casa dos Loureiro”, p. 1.

Relata a historia dos Loureiro, unha familia numerosa que tiña que aturar as borracheiras e os malos tratos de Anxo, o cabeza de familia. Céntrase no que lle aconteceu ao fillo máis vello, Gelitiño, no día da primeira comuñón e no seu fatídico primeiro traballo en París.

-Gerardo Vidal Rivas (Friol-Lugo, 1979), “Off Star”, p. 3.

Relato en terceira persoa centrado no efémera que é a sona das estrelas musicais. Neste caso conta a desaparición de Ryan Bélmez despois de ter sido “provocador de apoplexías orgásmicas en 10,5 de cada 10 féminas”.

-Xoán Xosé Viña (Carballo, 1959), “Carta ó ser humano”, p. 3.

Baixo a forma dunha carta dirixida ao ser humano, unha voz feminina láiase en primeira persoa da falta de amor, da tristura e das poucas cousas agradábeis que a vida lle ten deparado.

-Patricia López Landeiro, “Espellos de cores”, p. 4.

Breve relato en primeira persoa, ambientado nunha tarde de verán a carón dun vello muíño que dá conta das moitas historias que teñen acontecido no seu contorno, e que serve para que a autora se decate da pervivencia no tempo da maxia dun lugar concreto.

-Xosé A. González Reyes (Pontedeume, 1922), “A lenda da rosa branca”, p. 8.

Esta lenda de carácter popular está recollida, segundo o autor, da tía María, a avoa dun compañeiro de infancia. A historia conta cómo se desfai do feitizo ao que estaba sometida unha princesa, por medio dunhas rosas. Tamén se dá unha explicación fantástica da coloración branca ou vermellas desas flores.

-Alberto Muñiz Pardiño (Carballo, 1977), “Amizades de verán”, p. 10.

Relata en primeira persoa o seu namoramento dunha rapaza irlandesa á que coñeceu na clausura dun curso de español e anuncia a visita á illa no Nadal.

-Manuel Núñez Sestelo (Gondomar, 1946), “O merlo branco”, p. 10.

Relato en terceira persoa no que se dá conta da presencia dun merlo branco na aldea e das interpretacións que a xente lle daba a esta rara coloración da plumaxe. O narrador relaciónao cun caso de albinismo, pero cando estaba disposto a cazalo entráronlle as dúbidas.

-María del Mar Casaldarnos Martínez, “Non me toques”, p. 10.

Baixo a forma dun diario conta a visita a unha casa abandonada na que destacaba a presencia dunha estatuíña que advertía da súa perigosidade no caso de que alguén a tocase. O protagonista non obedece e resulta morto pola picadura dun velenoso mosquito saído do interior da estatua. Finalmente, cóntase que non foi a única víctima da curiosidade.

-Alberte Momán Noval (Ferrol, 1976), “O progreso”, p. 11.

Relato descritivo e enumerativo no que, por medio do efecto cámara, un narrador en primeira persoa conta todo o que ve nunha rúa e mesmo o que imaxina que acontece detrás das cristaleiras.
-María S. Villar Portas (Vigo, 1961), “A Viaxe que nunca fixen”, p. 11

A autora proponse facer unha viaxe ao interior máis oculto, máis distante e máis íntimo dun personaxe masculino, agora famoso avogado na cidade. Neste camiño, pretende chegar ás sensacións da súa infancia no campo, o descubrimento do amor, etc.

-Roberto Romero Restrebada, “Marcela”, p. 11.

Describe o que podería ser a vida de Marcela, unha súa compañeira de espera no aeroporto, no caso de lle ter feito caso a Frank, un gringo vello, multimillonario que se dedicaba á ceba de xatos e que só sabía falar deste tema.

-Antonio Visos Fiaño (Calo-Teo (1978), “O crego”, p. 12.

Conta como Pablo, un neno que ten que facer un relato sobre a morte, acode ao seu avó Moncho para que lle facilite información sobre este tema. O ancián relátalle a historia de don Celestino, un cura vello ao que se lle atribúe o poder de contactar coa morte despois de que no seu enterro se producisen uns feitos sorprendentes.

-Aurora Varela Caabeiro (Ferrol, 1954), “Beleza natural”, p. 12. A protagonista deste relato conta en primeira persoa un paseo por un bosque que a conduce ata o mar. Detense na descrición da beleza da paisaxe e na sensación de calma e tranquilidade que esta transmite.

-Ramiro Vidal Alvarinho (Ferrol 1973), “Nigger Soul”, p. 14.

Relato protagonizado por un galego que conta o seu encontro en Brooklin cun músico xa vello que lle descobre os segredos da música negra americana. O narrador–protagonista lembra o seu país natal coa néboa e o orballo da noite.

-Estela Sande López (Neda, 1981), “Foise”, p. 16.

Describe a sensación de soedade, de baleiro, de desamparo e de desesperación que se ten cando se perde un ser querido. Conta que se nota a súa ausencia en todo o contorno e que só fica presente no recordo persoal.

-José M. Rabuñal (Montevideo-Uruguay, 1958), “Toniño”, p. 16.

Relata con detalle a preperación e execución dun atraco a un banco protagonizado por Toniño, un home que, segundo o narrador, tiña bo corazón e moitos vicios. Finalmente, indica que o erro estivo no corazón de Toniño, non na súa cabeza.

-Celestino Trillo Rodríguez, “Falcatruada”, p. 17.

O protagonista desta historia, despois de lembrar a fame que pasara na súa infancia, conta como vivían el e outros nenos atemorizados polas malleiras que lles daba un compañeiro chamado Pepiño. A seguir dá conta dun engano polo que consegue que o seu inimigo sente nunha bosteira e quede burlado.

-Gloria Fernández Polín (Lugo, 1981), “Agoniante”, p. 18.

Unha voz feminina en primeira persoa diríxese a un personaxe masculino para darlle a coñecer a sensación de anguria, de abandono e de morte que percibe cada vez que se encontra con el, circunstancia pola que afirma que está moi próxima á loucura.

-A. F. G. (Noia, 1978), “Un día calquera”, p. 19.

Recollen estes relatos os pensamentos dun personaxe ao longo do día. Vese como lle gustaría imitar a unha compañeira que lle plantou cara ao xefe, como se deixa levar pola monotonía e non sabe cómo aproveitar o tempo.

-Beatriz Dacosta, “A mudanza dos sentidos”, p. 19.

Relato protagonizado por María, unha dependenta de hipermercado que vive só para o seu traballo, que non exterioriza os sentimentos e que mudou de carácter a raíz dun amor non correspondido.

-Blas Montero Barreiro, “Unha camiñata de guerra”, p. 20.

Relata as orixes do Camiño de Santiago a partir dun enfrontamento bélico entre “Os Armados” e “O Futuro”, dous grupos de homes que, por indicacións das súas mulleres, cambian as armas por cadansúa carreira dende Somport e dende Roncesvalles. O triunfo foi para os primeiros e os percorridos aproveitáronse para o Camiño.

-Francisco Paz Souto, “... Os soños, soños son”, p. 22.

Un narrador omnisciente clásico conta o despertar de Fuco, un home casado que está de vacacións na praia, despois de soñar co seu Muíños natal, cos xogos infantís, coa natureza e as aventuras dun tempo pasado.

-Javier Gago López (Vilagarcía, 1955), “Amores no solpor”, p. 23.

Un narrador protagonista conta a súa estancia coa noiva na praia. Na conversa que manteñen, ela amósase dubitativa do amor que el lle declara, pero el insiste en que é verdadeiro. Ao final, infórmanos de que ten “setenta e sete anos e toda unha vida por diante”.

-Xucas, “Embarculida”, p. 23.

A breve reflexión inicial sobre a necesidade que os traballadores tiveron sempre de esquivar o control por parte dos patróns, está seguida dun relato no que o protagonista se translada á súa infancia para lembrar a linguaxe dos canteiros e as dificultades que tiña para comprendela.

-Juan M. Neira Cruz, “Volver”, p. 24.

Conta en terceira persoa o regreso dun emigrante á súa terra natal, unha terra que atopa moi cambiada debido á desaparición da xente que coñecía e ás duras condicións de traballo nas que ten que vivir. Este relato emprega tanto a lingua galega coma a castelá.

-Miguel Pato, “O ladrón das verbas usadas”, p. 24.

Propón que o relato sirva de exemplo para a futura actuación dos lectores. Conta como o protagonista da historia se apropia de pensamentos dos demais tirados de libros, e como elimina aqueles que non lle acaen á súa ideoloxía.

-Ramón Alonso L. (Lovios-Ourense, 1969), “Sempre”, p. 24.

O narrador lembra o seu Lovios natal como un lugar de encontro coa natureza e cos seus compañeiros de esmorgas xuvenís. Evoca a música, as bebedeiras e a chegada de portugueses para sumárense ás súas festas.

-Cándido Darriba Cabaleiro, “Pesadelo”, p. 25.

O protagonista desta historia conta o que lles aconteceu de novo a el e mais aos seus amigos José o dos Caitos e Tonio cando estaban a carón dun río e comezaron a rodar cara a eles unhas pedras enormes. O resultado foi que Tonio perdeu tres dentes e que o narrador-protagonista dubide da verdade desta historia.

-Iolanda Otero López (Ferrol, 1971), “Hoxe”, p. 25.

Relato introspectivo e intimista no que unha voz en primeira persoa conta o seu proceso de namoramento e mesmo sumisión a outra persoa. Malia as dúbidas, incertezas e mudanzas na relación, a protagonista solicita “dereito de asilo na súa vida”.

-Elisa Álvarez Casais, “Helicópteros”, p. 26.

A protagonista deste relato conta o que lle aconteceu unha tarde do mes de xuño cando se dirixía á praia e viu como comezaban a aparecer helicópteros que aterraban ao seu carón. Ao longo da narración enumera as hipóteses que se lle ocorreron para interpretar os feitos e describe o medo pasado.

-Pablo Vázquez Pita (Oleiros, 1975), “O conto prohibido”, p. 27.

O narrador–protagonista deste angustioso relato infórmanos de que na súa vida existe un conto que non foi capaz de contar; o ordenador opónselle coa frase “Está prohibido que contes a túa historia”, a máquina de escribir non ten tinta, o bolígrafo non lle funciona e, cando decide contarllo á irmá, non lle saen as palabras.

-Rosa Rey Amoedo, “Unha de terror”, p. 28.

Relato protagonizado por unhas adolescentes que viven anguriadas a chegada de algo terrorífico que non poden evitar. A intriga vai en aumento ata que no final da narración coñecemos que o motivo polo que teñen tanto medo é a clase de matemáticas de cuarto de Bacharelato do curso 1960-1961.

-Antón Pena Herva (Pontedeume, 1957), “O caranguexo”, p. 29.

O protagonista da historia lembra varias anécdotas acontecidas cando acudía á escola nos tempos da dictadura. Céntrase en contar un castigo ao que foi sometido por insultar ao mestre e na repetición dunha das Enciclopedias Álvarez xa superada.

-Purificación Sánchez Quijano (Narón, 1960), “Descanso”, p. 29.

Despois de se referir á masificación das praias no verán, a protagonista feminina deste relato transládase ao mundo da ultratumba para contar cómo recibe todos os domingos na súa tumba a visita da nai e dunha tía.

-A. Fernández Salgado, “A Merteira”, p. 30.

O narrador recolle dos seus antepasados a historia dun home mal levado con todos os veciños que un día decidiu cortar co machado un carballo vello que había ao lado da igrexa. Non consegue levar adiante o seu obxectivo porque queda xordo, cego e mudo, situación da que sae gracias á benzón do cura.

-Emecé, “Sensacións”, p. 30.

Despois de describir o que fai e o que observa na rúa nunha tarde de primavera, a protagonista da historia expresa o seu desexo de poder contemplar todo sen nostalxia, sen morriña e carente de sensacións.

-Iago Mouriño Román (Lalín, 1984) “Déixao correr”, *La Voz de Galicia*, p. 30.

O narrador desta historia dálle unha serie de recomendacións a un amigo que ten problemas con outro compañeiro. Os consellos iniciais de que ignore ao seu rival evolucionan cara á violencia física e mesmo a morte.

-Tamara Blanco Blanco, “¡Maldita guerra!”, p. 30.

Un narrador en terceira persoa conta a historia de Manuel, un vello que padecera a traxedia da Guerra Civil e que daquela perdera a felicidade. Conta como o protagonista acode todos os veráns a unha praia que lle trae boas lembranzas e como observa a ledicia das parellas namoradas.

-Manuel Rego Nieto, “Paliques labregos”, p. 31.

Diálogo entre dous labregos, Xacinto e Farruco, no que conversan sobre os seus traballos, as súas preocupacións e a vendima. Ambientada nun tempo pasado, a conversa non está exenta de humor.

-Martiño Maseda Lozano (Xoibán-Vilalba, 1979), “A dor artificial”, p. 31.

Historia dialogada e protagonizada por dous amantes que discuten e lembran os bos tempos que pasaron anteriormente. Un narrador en terceira persoa desvélanos que a relación remata coa morte de Helena a mans do seu amante.

-Julián Rodríguez Fernández (Chantada, 1984), “Día despexado”, p. 32.

Cóntase, a través dun narrador omnisciente clásico, a relación de amizade que mantén unha parella que se encontra nunha praia despois de dous anos sen se poderen ver por culpa do cancro que ela padecía.

-Vanesa Santiago Vázquez, “A chamada do mar”, p. 32.

Un narrador omnisciente clásico conta a historia de Sabela, unha nena orfa que vive nunha vila costeira galega. A protagonista, que sentía unha especial atracción polo mar, decide ir vivir a este medio que é onde descobre á nai convertida nunha serea. A partir de aí, a vida do pai convértese nun ollar constante ao mar, no que cre escoitar as voces da muller e da filla.

-Andrés Eixido (Viveiro, 1959), “O forno”, p. 33.

Un narrador omnisciente clásico conta a historia dunha familia humilde que vive dividida entre Galicia e a emigración cubana. Xeración tras xeración, a relación mantense, mesmo cando falece o avó e envían, polo seu desexo, as cinsas á terra galega, feito que se resolve dun xeito sorprendente e con humor.

-Manuel J. González Outes, “Remedios Beiro”, p. 33.

O narrador lembra a Remedios Beiro, a bruxa de Badebois, como unha muller que afirmaba poder ler o futuro dos homes na fronte e á que nunca se lle deu moi ben o amor, malia manter por un tempo unha relación co mariñeiro Fabielo Costa.

-Rocío Fernández Blanco (Ourense, 1985), “Crónica da realidade”, p. 33.

A protagonista deste relato é unha moza que acaba de chegar a unha cidade que está en guerra. Ademais de se referir á angustia pola que está a pasar, describe o bombardeo da cidade e as consecuencias desa acción bélica.

- Ánxela Pedreira, “Xela”, p. 34.

A nai de Xela conta a historia desta súa filla meiga, narra a afección de subir ás árbores, que mantivo dende nena, así como outras rarezas que provocaron que agora a persiga a garda civil e a igrexa. O relato achéganos a un mundo dominado polas crenzas e a superstición.

-Modesto Martínez Carballal (Francelos-Ribadavia, 1951), “Lembranzas”, p. 34.

Descríbese o primeiro día no que Martín, un neno de doce anos, vai pescar co seu veciño Antón. Cóntanse os momentos previos á partida, a emoción coa que pesca o seu primeiro peixe e a arribada coa caída da tarde.

-Roberto, “Xan o listo”, p. 34.

Un narrador omnisciente clásico conta a xuntanza nunha taberna e a conversa de varios amigos sobre a Compaña. A seguir céntrase en relatar como Xan o Listo, o máis excéptico á hora de crer nos fenómenos esotéricss, encontra nunha noite de lúa chea coa Santa Compaña e isto márcao para o futuro.

-Diego Casal García, “Urbanización”, p. 35.

Relato político no que se recollen as declaracións de Paco Vázquez, Manuel Fraga e José María Aznar no momento no que se destrúe a Torre de Hércules para construír unha urbanización cun centro comercial e cun rañaceos. Coinciden, coma sempre, en culpar ao nacionalismo de todos os males.

- Nena Mª Soliña, “Nai”, p. 35.

Relato no que se evocan sentimentos de agradecemento cara a unha nai por todo o que lle dá aos seus fillos, ademais de lembrar a permanencia do seu cariño no tempo.

-Antonio Sá, “A metáfora do paro”, p. 36.

Relato protagonizado por unha parella, Xurxo e Margarida, na que el é fontaneiro e acaba de ir ao paro, situación que o desanima e que coincide co aniversario do seu matrimonio.

-Laura Mariño Sánchez (Valladolid, 1983), “Eu”, p. 36.

A protagonista do relato defínese como un caso extremo de moza indecisa. Esta característica condúcea a enfrontamentos coa nai, sobre todo cando ten que mercar algo ou cando decide a qué se quere dedicar profesionalmente.

-Dolores González (Lira, 1955), “Berce de area branca”, p. 37.

Ante a sensación de soidade que a protagonista deste relato tiña na casa, decide dar un paseo pola praia e descríbenos todo o que vai vendo e como vai mudando o seu estado inicial.

-Pedro Gonzálvez García (Aveiro-Portugal, 1964), “A vinganza”, p. 38.

Historia con reminiscencias bíblicas na que se narra a liberación dun grupo de Estranxeiros que ían ser inmolados polos Seguidores do Esperado. A liberdade conséguena cando un dos compañeiros sacrifica a súa vida para destruír a Pedra que tiña gravados os nomes dos condenados.

-Iván Villarmeá, “Instruccións”, p. 39.

Relata as actividades cotiás dunha mañá de verán: levantarse tarde, a ducha para espabilar, poñer a lavadora, facer a comida e poñer a secadora, electrodoméstico, este último, ao que lle valora a utilidade.

-Toni García Arias (Laraxe-Pontedeume, 1969), “Malos tempos”, p. 39.

Un narrador omnisciente conta como chega un misterioso personaxe a un bar, pide unha copa e ameaza con non pagar, polo que o camareiro négase a servilo e recibe un disparo que acaba coa súa vida. No final da historia infórmanos que a escena responde á filmación dunha película.

-David Rodríguez Lorenzo (Ferrol, 1983), “Guerra psicolóxica”, p. 40.

Como ben indica o título deste relato, nárrase nel a guerra psicolóxica que mantén un neno de sete anos co pai, ao que lle pide un xelado. Para darllo, o pai esíxelle que se mergulle no mar e esta proba está a punto de lle custar a vida.

-Gerarda Blanco González, “O abade de Rouzós”, p. 40.

Relato humorístico no que se xoga coa polisemia da palabra “capa”. Protagonízao un cura e unha corporación municipal que celebra unha reunión para lle mercar roupa nova a ese abade.

Calvo, Tucho (coord.), *Relatos de verán*, *La Voz de Galicia*, “Páxinas literarias”, 14 setembro 2000, pp. 41-80.

Trátase do segundo suplemento no que se volven recoller os relatos enviados polos lectores de *La Voz de Galicia* a este xornal co propósito de que se lles publiquen. A continuación recóllense os escritos en lingua galega:

-Antonio Visos Fiaño, “O crego”, p. 41.

Ver Antonio Visos Fiaño, “O crego”, p. 12 en Calvo, Tucho (coord.), *Relatos de verán*, *La Voz de Galicia*, “Páxinas literarias”, 14 setembro 2000, neste apartado.

-Damián X. Domínguez Fernández (Ourense, 1966), “Penando”, p. 43.

Relato no que un narrador omnisciente conta o que lle aconteceu a Don Ramiro, un funcionario do INEM, cando recibiu no seu traballo a visita dun membro da Santa Compaña que demandaba emprego. Ese misterioso ser relátalle a súa historia e deixa ao protagonista arrepiado de medo.

-Martín del Río del Río (Narón, 1977), “Ensimesmamento”, p. 43.

Un narrador en primeira persoa describe o seu quefacer cotián nas primeiras horas do día. Caracterízase este pola monotonía horaria, paisaxística e da xente que atopa camiño da Universidade.

-Xosé Manuel Pena, “A aldea e o destino”, p. 44.

O narrador fai unha lembranza en terceira persoa dunha aldea nos tempos do franquismo. Refírese a Xosé, o primoxénito dunha familia de catro irmáns, obsesionado co diñeiro. Comenta tamén cómo era a tenda, a escola e mestre, “fascista convencido”. Finalmente, conta que un día tocou o gordo da lotería na aldea e mudou todo.

-Ángel Martínez López (Corucubión), “Tuno de oficio”, p. 47.

Un narrador omnisciente conta en terceira persoa a historia de Tito, un tuno que cumpría todas as condicións para ser “o prototipo do cabaleiro en extinción”. Na noite na que se desfacía a Tuna, o protagonista foille cantar á porta de Alicia, a súa amada, e o pai dela disparoulle e acabou coa súa vida.

- Mª Francisca Rodríguez Cabanas, “Confesión dunha nena”, p. 48.

A protagonista deste relato lembra as relacións coa igrexa nos seus anos infantís. Describe a práctica do xexún na coresma, a entrega de ovos ao cura e a confesión como algo terríbel por medo aos castigos posteriores.

-Mogade, “Facer país”, p. 48.

Un narrador omnisciente conta en terceira persoa a viaxe do protagonista por Gran Bretaña, un estado no que descobre a cultura galesa e a lingua gaélica, situacións que identifica co noso país ao tempo que reivindica unha común orixe celta. Detense na descrición das aventuras sexuais do protagonista por terras británicas.

-Otilia Seijas, “Planeta Nabú”, p. 48.

Relato centrado en Ánxela Morales, unha pintora moi entregada ao seu oficio dende a infancia e que ten como mellor cadro “Planeta Nabú”. Despois de que esta obra pasou desapercibida aos ollos da crítica, gracias a un mozo negro conseguiu expoñer nunha das mellores galerías de arte neoiorquinas e decatarse da sensibilidade dunha raza “durante tanto tempo marxinada”.

-Juan José Ramil Hermida (Moeche, 1966), “Miolos”, p. 50.

O protagonista desta historia lembra os seus anos infantís e, nomeadamente, o seu mellor amigo, Miolos. Acórdase da comprensiva mestra, dona Concha, e das moitas trastadas que el e o seu amigo facían camiño da escola.

-María Canosa Blanco, “Tronada”, p. 50.

Este relato está centrado na descrición da soidade dunha persoa, mesmo abandonada por un can. A protagonista decide deitarse nun campo a contemplar o ceo e acaba morrendo nunha tarde de tronada.

-O Ciprián, “Corneláns”, p. 52. Diálogo entre Pepe do Outeiro e Antonio da Pardela no que falan do suicidio de

Xulio Aldán no verán de 1996.

-José Manuel Vázquez Lorenzo (Boiro, 1957), “Canción sen palabras”, p. 53.
Un narrador en terceira persoa conta o proceso de namoramento que ten un alumno pola súa profesora de piano. Despois de moito reprimirse e de vivir no desacougo, pasa á acción e chegan a vivir unha relación apaixoada, pero moi tórrida, que, cando remata, déixao sumido nunha fonda desesperación.

-Marta Lamas Fernández, “Indeleble pasado”, p. 53.

Un narrador omnisciente en terceira persoa conta o regreso da protagonista á vila na que nacera e que case non visitara dende a morte dos pais. Sen deterse en observar a paisaxe, vai centrada na conducción e en lembrar o seu pasado, moi vinculado a un accidente de tráfico no que perderon a vida dous amigos e o seu mozo.

-Rodiex, “Os forasteiros chegan no vran”, p. 53.

O protagonista deste relato lembra os tempos da súa infancia, cando lía novelas de vaqueiros. Compara os estilos dos distintos autores e considera que lle serviron para escribir con corrección ortográfica e para coñecer algunha xeografía e historia dos USA.

-Manuel A. Albaladejo Calderón (Lugo, 1941), “Cousas da cidade”, p. 54.

Relato no que se conta como Xesús, un traballador vigués, atopou unha mañá a un home espido que semellaba querer axudar aos mariñeiros da estatua situada na Gran Vía. Despois de intentar convencelo, infructuosamente, da inutilidade do seu esforzo, observa como nos días posteriores vai aumentando o número de persoas que se suman a esa iniciativa.

-Thoby Blooms, “Xan da Ruta”, p. 54.

A lembranza das tardes de verán sérvelle ao protagonista deste relato para recuperar algunhas anécdotas acontecidas a Xan da Ruta, un curioso personaxe do que todos se mofaban pola súa fala e polo moito que bebía.

-Gaspar Broullón Pastoriza, “Alborada”, p. 55.

Relato situado nunha vila mariñeira chamada Salteiro e protagonizado por dous mozos, Iria e Anxo. Un narrador omnisciente cóntanos en terceira persoa o namoramento de ambos e os problemas polos que atravesaba Iria, orfa de nai e co pai emigrado. Precisamente a chamada do pai para que ela o acompañe vai ser o desencadeante que leve a Anxo á desesperación e á morte.

-Xosé Carou Rey (Rianxo, 1969), “Non estiven namorado de ti”, p. 55.

O protagonista, asasinado por amor no Chiado lisboeta, escríbelle dende a tumba á súa amada dicindo que non lle garda rencor, nin a ela nin ao novo compañeiro sentimental. Dálle, ademais, unhas cantas recomendacións referidas ás formas que deben gardar na súa relación.

-Antón Roel Villanueva, “O tesouro de Benito Soto”, p. 56.

O protagonista deste relato lembra cando acudía ás touradas de Pontevedra na infancia. Céntrase en contar a conversa que un vello matiña cun castiñeiro acerca do lugar no que se atopaba o tesouro de Benito Soto.

-Bruce Lom, “A violante”, p. 56.

Ante a petición da filla para que escriba un conto, o protagonista desta historia escúsase e enumera os moitos traballos que ten ao longo do día, ademais de considerar que aos autores da nosa literatura danlle feitas todas esas tarefas que ela ten.

-Josef Kool, “Agosto”, p. 57.

O protagonista desta historia lémbralle á súa compañeira o moito que teñen gozado bailando o vals nun vello solar abandonado. Describe como percibían a música e as moitas promesas que se teñen feito.

-Eduardo Herrero Lapido, “Amor eterno”, p. 59.

Un narrador omnisciente conta a desolación de Pedriño ao contemplar a Suso e Rosiña bicándose. Para calmarse acode á súa avoa, que lle conta unha historia segundo a que será moi feliz no futuro, pero non consegue tranquilizalo xa que “a el só lle gustaba o Suso”.

-Ellis (Santa Comba, 1976), “O derradeiro atardecer...”, p. 59.

Relato situado na Bahía de Singapur no que o protagonista conta a monótona vida de parella con Kattie e o seu traballo nun taller de escultura. Esta situación cambia un día no que contempla na praia a Janette, outra súa parella que falecera catro anos antes en Transilvania, e decide acompañala para sempre nas profundidades do océano.

-Xisela García Moure (Ferrol, 1983), “Aquel lugar...”, p. 59.

A narradora protagonista do relato conta a sorpresa que lle producía un home que contemplaba o mar e, nomeadamente, as gaivotas. Pouco a pouco, ela vaise sumando a esta contemplación emotiva ata decatarse que aquel personaxe, que procuraba a relación coa natureza, convive con ela.

-Magdalena Pombo Gesto (Inglaterra, 1973), “Unha presencia inesperada”, p. 61

A protagonista deste relato, ambientado na Bretaña, describe un paseo que deu unha noite pola cidade na que vivía. Cando levaba un tempo andando, parou a descansar ao pé dunha estatua e decatouse, preocupada, que non levaba reloxio. Estando alí, recibiu a visita dun ser misterioso, que ela considerou un espectro. Cando o seu marido chega a buscala, aquela figura sorprendente xa desaparecera.

-Manuel Gago Mariño (Palmeira-Ribeira, 1976), “A caída”, p. 61.

Relato no que se conta cómo unha persoa que pasaba pola rúa recolle unha tartaruga que caera dende un balcón. Cando tentaba atopar explicacións a este feito aparece India, unha fermosa moza, e daquela o protagonista abandona o accidentado réptil.

-Esther Francisco Manso, “Felícitas”, p. 63.

O velorio de Felícitas sérvelle ao narrador deste relato para evocar a figura desta personaxe. Conta cómo chegou á aldea despois de ter traballado en Barcelona e en Londres e cómo era criticada polos seus costumes e pola súa forma de vestir. Críticas que remiten cando ela cambia os seus hábitos e decide levar unha vida máis “espiritual” que a conduce á morte.

-Aurora Varela Caabeiro (Cartagena-Murcia, 1954), “Beleza natural”, p.65.

Ver Aurora Varela Caabeiro, en Calvo, Tucho (coord.), *Relatos de verán*, *La Voz de Galicia*, “Páxinas Literarias”, 7 de setembro 2000, neste apartado.

-Luís Sergio, “O neno e Castelao”, p. 65.

Un narrador en terceira persoa conta como Castelao acudiu na axuda dun neno no que mallaban outros compañeiros. Pasados os anos, e cando este neno xa era un home que estaba a punto de ser fusilado na posguerra, reaparece en soños na vida de Castelao para lle devolver un libro que o rianxeiro lle regalara e que o fixera moi feliz.

-Nuria Borrega López, “O orgullo dun apelido”, p. 65.

Despois de reflexionar sobre a moda deste ou daquel nome segundo a época, a autora reivindica con orgullo o seu apelido. Describe algunhas situacións curiosas que lle teñen acontecido ao ter que dicir publicamente que se apelida Borrega.

-Ramón M. Vilar Landeira, “Das aves nas Sisargas”, p. 66.

A contemplación dunha ave tatuada lémbralle ao narrador protagonista desta historia o seu encontro amoroso con Helena, acontecido en 1974 contemplando o solpor fronte as Illas Sisargas. Asocia esa relación á que naquel espacio manteñen as aves mariñas.

-Sergio Rivas (Vigo, 1972), “Só na praia, ¿só?”, p. 66.

O protagonista deste relato sorpréndese da ausencia de xente nunha praia que tiña a bandeira azul. Despois de moito procurar as causas, decátase que nun areal do lado estaban dous coñecidos actores facendo nudismo.

-Tania Mallo, “Todos temos un segredo”, p. 66.

A protagonista reflexiona sobre a necesidade e a natureza dos segredos, ao mesmo tempo amósase desencantada pola distancia que estes poden chegar a marcar nunha relación.

-Federico García, “Sangue vello, sangue novo”, p. 67.

Un narrador omnisciente conta as vidas paralelas de Carme e Rosa, nai e filla. As dúas teñen unha vida marcada pola traxedia que remata no suicidio. A orfandade de Rosa vaina marcar negativamente no seu devir, ata o punto de escoller un desenlace común ao da súa nai.

-Santiago Chao Lourido, “Galiceo 92”, p. 68.

Relato irónico e humorístico ambientado no despacho de Manuel Fraga en Raxoi. Un narrador en terceira persoa conta cómo o Presidente da Xunta descobre que a postura do Cristo crucificado semella a de alguén que está bailando unha muiñeira. Comunícallo a Vázquez Portomeñe, a Romay Beccaría e a Rouco Varela. O cardeal aproveita para reivindicar “competencias plenas en materia de fe, autoidentificación para a Igrexa galega, administración única para a cidade santa de Santiago de Compostela”. Finalmente, deciden encargar unha imaxe que se chamará o Cristo da Muiñeira.

-Belén Blanco Vázquez, “Distancias acurtadas”, p. 70.

Relato sen acción no que se reflexiona sobre a subida e a baixada de escaleiras, sobre a vertixe, sobre a recuperación da iniciativa, a esperanza, etc.

-David Roca Vilariño (Aranga, 1980), “Outro weekend máis”, p. 70.

Relato ambientado nun bar no que Robert está dando a coñecer as súas teorías sobre os procesos de namoramento. Segundo el, son uns “ananos verdes”, que todos temos, os encargados de despertar o interese e a atracción por outra persoa. Con esa teorización non consegue chamar a atención dos clientes nin tampouco da camareira do local.

-Tamara Pereira Vigide (Vigo, 1980), “Un mes na memoria”, p. 70.

Despois de lembrar unha serie de eventos polos que é coñecido o mes de febreiro, a protagonista deste relato afirma que para ela é o mes das prácticas escolares. Describe detalladamente as sensacións que recibe nese período, as dificultades para pasar de alumno a mestre e os recordos que esta situación lle trae.

-Xosé Bergantiños Miragaya, “Os dous corvos”, p. 71.

Un narrador omnisciente clásico relata a morte de Gumersindo o da Xaviera e relaciónaa coa presencia dos corvos no tellado da casa. Conta tamén a visita do cura e a reacción do fillo ante a presencia destas aves de mal agoiro.

-Manoel Guilh...m Bessada (O Grove, 1962), “Crónicas septímicas”, p. 72.

O narrador protagonista deste relato conta cómo sufriu un ataque de asma cando se dirixía á praia cunha moza, circunstancia pola que tivo que regresar e facerlle fronte á incompresión e indiferencia dela.

-María Teresa Barreiro Garea (Neda, 1976), “¡Tocan a morto!”, p. 72.

Un narrador en primeira persoa de plural relata os xogos da infancia, centrándose, especialmente, na xuntanza que os nenos facían ao pé dun carballo vello para escoitar as historias que lles contaba a señora Carme, ata que un día non aparece e, cando ven o cura e escoitan as badaladas da campá, decátanse que falecera.

-José Manuel Espasandín Domínguez, “Na vella rúa”, p. 74.

Un narrador en terceira persoa relátanos a historia de Mario, un escritor que acaba vivindo na realidade o que inventara para a ficción literaria. Deste xeito, ve correspondido o seu amor por Lis.

-Víctor Vázquez Gulías (O Carballiño, 1972), “Landsbricap”, p. 75.

Os soños transladan ao protagonista desta historia á época da invasión romana. El é membro do poboado castrexo de Lansdbricap (o actual castro de San Cibrao de Las en Ourense) e, axudado polos veciños, polos druías e polos deuses, debe loitar contra os romanos.

-Marcos X. Agrelo Yáñez (Rianxo, 1978), “¿Diferente?”, p. 76.

Reflexión sobre a soidade e sobre a vida interior na que se compara esta cunha vivenda e coa súa decoración. Segundo o autor, quedamos máis a gusto sempre que introducimos elementos nosos e desbotamos os alleos, o mesmo que na construcción da propia personalidade.

-Susana Fraguela Vale, “Aire”, p. 76.

Un narrador en terceira persoa cóntanos como Ana ten preguiza para escribirlle á súa nai. Segundo avanza o relato decatámonos que a protagonista é orfa e está a cumprir a derradeira petición da nai que lle serve para seguir estando en contacto e manténdoa viva na memoria.

-Daniel Naya Paulos (Arteixo, 1983), “A santa compaña”, p. 77.

Un narrador omnisciente clásico conta cómo Rique de Cortiñas e o seu fillo Xosé ven a Santa Compaña rodeando a casa de Bernaldo cando se recollía do traballo, xa de noite. Ao día seguinte, os protagonistas levántanse coa nova da morte do Bernaldo.

-Héctor López de Castro Ruíz (Foz, 1976), “Punk de estío”, p. 77.

A contemplación do que ve ao seu redor conduce a que o protagonista deste relato se decate de que o comezo e o remate do verán representa “o eterno retorno do idéntico”.

-José Carlos García Vidal (A Coruña, 1972), “Baleiro”, p. 79.

Recolle este relato a chegada dun paporrubio a unha aldea abandonada para pasar as vacacións. Diante da ausencia de xente e de vida, decide regresar á súa contaminada cidade de trinta millóns de habitantes e afogar “pola morriña da súa aldea esquecida”.

-Diana Varela Puñal (Corme, 1981), “O canciño da Marola”, p. 80.

A narradora deste relato conta que todos os días, camiño da escola, ve un canciño coxo e a súa dona. Descríbeos e reflexiona sobre a irracionalidade de quen feriu ao can e a Uxía, a propietaria, por seren distintos e por viviren no seu mundo.

Calvo, Tucho (coord.), *Relatos de verán*, *La Voz de Galicia*, “Páxinas literarias”, 21 setembro 2000, pp. 82-120.

Terceiro suplemento de *La Voz de Galicia*, que reproduce os relatos chegados á súa redacción. A seguir, dáse conta dos escritos en galego:

-Vanesa Santiago Vázquez, “A chamada do mar”, p. 81.

Ver Vanesa Santiago Vázquez, “A chamada do mar”, p. 32, en Calvo, Tucho (coord.), *Relatos de verán*, *La Voz de Galicia*, “Páxinas literarias”, 7 setembro 2000, neste apartado.

-Avelasvir, “Non sente”, p. 82.

Relato de ton pesimista no que se conta o desacougante existir dunha muller que só ve a morte como única saída ás súas coitas. A ambientación nocturna, escura e neboenta, favorecen o carácter negativo e desgarrador da narración.

-Félix J. Petisco Abeijón, “Ponte dourada”, p. 82.

O protagonista desta historia vese atraído por unha compañeira de traballo e decide realizar unha travesía polo mar cos seus colegas. Ante a ausencia desa moza que o fascinaba, déixase levar pola contemplación da posta de sol e cae ao mar.

-Manuel Amor López, “Aburrimento”, p. 83.

Relato moi lento no que se describe detalladamente, e en primeira persoa, o que fai o protagonista nunha hora de ocio cando agarda unha chamada telefónica. Nin o tabaco, nin a lectura, nin a televisión conseguen sacalo do aburrimento. Finalmente, prodúcese a tan agardada chamada ao móbil, pero resulta ser algúen descoñecido que non comunica nada.

- Mª R. Blanco Acha, “Ámote desde o ceo”, p. 83.

Declaración de amor dunha muller ao seu marido morto por unha bomba. A protagonista conta con moito lirismo as sensacións de ausencia e tristura, e afirma que a única saída que lle queda é a morte.

-Henrique Pérez Rego (Vigo, 1953), “A escola”, p. 86.

Un narrador omnisciente clásico conta cómo foron os primeiros días de Xan na escola de don José. Trátase dun edificio vello e dun tempo de escaseza no que se repartían leite en pó e queixo salgado que enviaban os americanos.

-José Manuel Soutullo, “Relato dun sono”, p. 86.

Relata en primeira persoa un mundo ideal que descobre soñando. Ao despertar, baixa á realidade e ve que o mundo segue dominado polo individualismo, polo egoísmo, pola insolidariedade e pola contaminación.

-X. Roi Brâs (Ourense, 1962), “Carteiro asasino”, p. 86.

Conta a actividade cotiá dunha cascuda que vivía nun piso. Ante a indiferencia de Aurelio, o seu compañeiro humano de morada, ela escoitaba todos os días a visita do carteiro Luciano ata que unha mañá, por un descoido, morre debaixo dos seus pés. A intriga mantense ata a fin do relato e fai que dubidemos se está protagonizado por un ser humano ou por un insecto.

-María Subela, “Cousas do grilo”, p. 87.

Cóntase a peripecia de Grilo, Rubén e Mónica unha noite de esmorga na discoteca. O primeiro acentúa a súa tartamudez cando bebe ou esnifa, polo que é difícil de entender e dá lugar a situacións paveras.

-Rodríguez P., “Leiliña”, p. 87.

Un vendedor de obxectos de coiro da Mezquita evoca en primeira persoa unha visita a Roma para encontrarse con Leila, proveedora deste material. No longo tempo de espera, o protagonista contempla todo o que se move ao seu redor e imaxina cómo será a moza.

-María José Rodríguez García, “Unha de vaqueiros”, p. 88.

Un narrador en terceira persoa conta o que lle acontece a un home que nun restaurante é identificado cun vaqueiro que acababa de cometer crimes crueis e do que estaban dando información os medios de comunicación. As sospeitas iniciais e o relato dos feitos están seguidos da propia autoidentificación do protagonista cando se mira ao espello.

-Arturo Val Pardo (Mondoñedo, 1947), “Un can”, p. 89.

O narrador lembra en primeira persoa ao Sil, un can dun veciño co que compartira os xogos de infancia. Acórdase especialmente de cando este animal o salvou de morrer afogado e de cando tiveron que matalo porque enfermara da rabia. Finalmente, afirma que, corenta anos despois dos feitos, segue conservando unha foto de Sil e continúa poñéndolle flores onde está enterrado.

-Xosé Antón Casado Peleteiro (Ourense, 1959), “Calcetíns furados”, p. 89.

O encontro duns calcetíns furados é a escusa que o protagonista desta historia ten para lembrar a súa avoa. Descríbea como unha persoa aforradora, desconfiada, grande coñecedora das tradicións e verdadeira.

-Ana García Diéguez (Ourense, 1984), “Galicia, terra máxica”, p. 91.

A narradora principal lembra as lendas que lle contaba súa avoa cando era unha cativa e recolle aquí unha na que se narran as orixes de Galicia. Segundo esta lenda, a xénese do noso país estaría nunha terra erma que iría collendo vida a partir da formación do Miño, que se crearía polo namoramento dun mozo e dunha ninfa das fontes.

-M. Cabanas, “O buscador e a noite”, p. 91.

Relato alegórico no que un narrador en primeira persoa conta un misterioso encontro cunha figura feminina nunha noite escura. Discuten sobre as características do ceo e do universo ata que ela o abandona chorando. Finalmente, coa chegada do día, acentúanse as dúbidas do protagonista acerca do que lle acontecera pola noite.

-Alba Muiños Garel, “Unha promesa”, p. 92.

A moza protagonista desta historia lembra o seu primeiro amor nunhas vacacións na aldea. O rapaz, chamado Marcos, promete entregarlle todos os días unha rosa vermella, promesa que segue cumprindo mesmo despois de morrer en accidente de tráfico, e incluso despois de que ela se teña mudado de residencia.

-Meigado, “Bautismo de mar”, p. 94.

Cóntase cómo foi o encontro dun neno co mar, cómo o introduciron nel os adultos para que lle perdese o medo e as sensacións que este primeiro encontro lle produciron. Finalmente, afirma non aturar a quen continúa con esta práctica cos cativos.

-Eloísa Baión, “O santo dos croques”, p. 95.

Faise eco do ritual do santo dos croques e explica as orixes desta crenza que, segundo a lenda, estarían nunha polémica entre Mateo V, restaurador da catedral, e un artesán italiano bastante folgazán. Finalmente, dise que a marca que os dedos deste artista deixaron na columna do Pórtico da Gloria obxecto de interpretacións dispares por parte da igrexa, da ciencia e dos restauradores catedralicios.

-F. M. R., “Churrasco de porco”, p. 95.

Relátase en terceira persoa a atormentada convivencia de Rosa no matrimonio ata que un día decide matar ao seu home, queimalo no forno e esparexer as cinsas na horta. Cometido o crime, marcha en tren e conserva o cheiro a churrasco como o recordo máis positivo de Manolo, o seu home.

-Mari Carmen Fernández (A Rúa, 1951), “Perto de Deus”, p. 95.

Conta a perda das ás por parte dos anxos e relata a decisión de abandonar aquel mundo despois de días de dúbidas, así como os desexos de chegar a un destino xa marcado dende hai tempo.

-Xesús Franco, “Amor de mar”, p. 95.

Conta a historia de Xaquín, un biólogo que viaxara moito en barco para facer as súas prácticas, moi ensimesmado e moi amigo de contar e recoller historias do máis variado. Relata tamén a morte do protagonista atrapado por un dos seus soños, segundo o cal fora atacado por unha náiade.

-Gonzalo M. Muiño Fafián, “¿Por que non me chamas?”, p. 96.

Relato reiterativo no que o protagonista lle reclama a unha muller que o chame por teléfono porque el non deixou de pensar nela. Liricamente, conta o que sente por ela e o que sofre ante a ausencia de comunicación telefónica.

-Pepis, “Xazmín”, p. 97.

Despois de describir a beleza de Xazmín, unha rapaza de Vilademir e filla única do matrimonio Vilar, conta cómo morreu á beira dun río atropelada por un conductor bébedo.

-David Souto Alcalde (Vilagarcía, 1983), “O bico da morte”, p. 98.

Un narrador omnisciente en terceira persoa conta o encontro de dous mozos, Rene e Noa, que se bican e declaran o amor mutuo nunha silenciosa noite de chuvia maina.

-Papanathas Papón, “Fracaso asexual”, p. 98.

O protagonista desta historia é un mozo que conta como unha noite o rexeitan todas as rapazas coas que intenta falar dicíndolle “verme noxento”. Pasa unha noite na que dorme mal, nota certos cambios no seu corpo e cando se mira no espello comproba que aquel insulto tiña a súa razón de ser.

-Juan Carlos Rumbao Domínguez, “O cuarto caixón”, p. 99.

O narrador lémbrase dunha mesa con catro caixóns que o carpinteiro Felisindo fixera para a escola. Ese cuarto caixón era destinado a gardar cousas dos alumnos, especialmente unha boneca pertencente a Sabela. O xoguete convértese no confidente da nena, que decide deixala na escola “para axudar a outras nenas para que non o pasen mal na escola”.

-Lucía Rilo Castelao (Ribadeo, 1982), “Fenómeno dun domingo”, p. 99.

Cóntase como se prepara un domingueiro para ir á praia a conquistar o mundo. Descríbese o que fai antes de partir, durante o camiño e ao chegar, momento no que observa un estraño fenómeno no ceo.

-Adrián Martínez Salgado (A Coruña, 1983), “Remordementos”, p. 100.

Un adolescente conta un día da súa vida no que todo lle saíu mal: perdeu un partido de baloncesto, discutiu coa nai por unha baixa cualificación nun exame, deixouno a moza e non se atreveu a sentar con outra rapaza da súa idade camiño da casa. Finalmente, non conseguiu durmir pola noite debido aos remorsos.

-Alba Cid Fernández (Ourense, 1989), “Xoia e o trasno”, p. 100. A protagonista deste relato é unha nena, Xoia, que descobre nunha carballeira a existencia dos trasnos. A seguir, mantén unha animada conversa cun destes seres na que o trasno lle confesa as súas orixes.

-Ana María Vigo Liñares (Cabanas, A Baña, 1969), “O tío Antón”, p. 100.

Lembranza feita por unha nena en primeira persoa sobre o tío Antón. Este personaxe, ao que os veciños tiñan por tolo, contáballes historias aos nenos, ata que un día se atopou mal e mandoulles que marchasen sen lles rematar o conto. A narradora conta que viu e que falou co tío Antón en soños no día que el morreu.

-X. L., “Na Ribeira Sacra”, p. 102.

Relata unha viaxe feita por un grupo de amigos á Ribeira Sacra. Describe todo aquilo que lle vai chamando a atención: o castelo de Monforte, o paseo en barco polo Sil, a paisaxe dos canóns deste río, a cerámica de Gundivós, o mosteiro de Cadeiras, etc.

-Alberto Chouza Ponte, “O derradeiro grolo”, p. 103.

Relato no que un home da Costa da Morte conta que ten que abandonar a súa terra por motivos de saúde ao non lle convir o clima húmido do noso país. Non se afai no lugar de destino e decide regresar para encontrarse coa chuvia e co ribeiro, ademais de se despedir da vida por medio dunha carta que mete nunha botella e tira ao mar, pouco antes de se tirar el.

-Antón Cabezón Gómez (Narón, 1957), “Encadeado”, p. 103.

Recóllese neste conto a historia de Rubi, un can que pertence a Eladio e Balbina e está encadeado á roda dun carro dende que o mercaron nunha feira. O protagonista conta en primeira persoa as sensacións que ten; ser un estorbo, estar maltratado, sentir envexa por outra cadeliña, etc. A historia remata cando un cazador intenta matalo, pero falla no seu intento, con tan boa sorte que lle rompe a cadea e déixao libre.

-Xesús B. Ares Brañas (Teixeiro, 1964), “Dous días”, p. 103.

Evocadora lembranza da infancia na que o narrador describe os traballos do campo, os xogos dos nenos e as visitas ao río, que el considera o seu verdadeiro paraíso no que botaba horas e horas observando a natureza. Tamén ten un oco para recordar o can Boni, e o cabalo Roxo, ademais dos seus avós Matilda e José María.

-Tono Pai, “Tono e as súas cousas”, p. 104.

Dá conta dunha saída humorística de Tono, un estudiante da cidade, ante un comentario do pai acerca dun peche de farmacias.

-X. M., “Vinte anos despois”, p. 104.

Un narrador en terceira persoa conta a separación dun matrimonio debido á emigración. Narra a partida de Xosé para Veracruz e a despedida da muller e dos tres fillos, a comunicación a través da correspondencia, as dificultades pasadas durante ese tempo, que non impediron que o amor se conservase durante vinte anos, que foi o tempo que tardaron en verse. Lembra tamén, con mágoa, que unha vez producido o encontro só viviron xuntos oito anos.

-Juan Manuel Bonome Rodal, “Xan quinto”, p. 105.

Reproduce unha historia do coñecido bandoleiro Xan Quinto que lle tiña contado a súa avoa. Nela relátase como este lendario personaxe asaltou a un caseiro que acababa de amosar a súa tiranía e a súa falta de sensibilidade cunha familia humilde. Despois deste feito, ao que a avoa do narrador asiste como testemuña, Xan Quinto lévalle os cartos a esa familia necesitada.

-Susana Pose Porto (Malpica, 1976), “Cara adiante”, p. 105.

Relato en primeira persoa que aborda o tema do paso do tempo e da monotonía. A narradora contempla o mar e isto tráelle á lembranza a imaxe do seu avó, “o mellor catador de callos”, e de todos aqueles que se foron perdendo cos anos e dos que sente a ausencia nos días de “calma chicha”.

-Xesús Anxo López Gómez (Chantada, 1952), “Cabalos salvaxes”, p. 106.

Relato centrado na historia duns nenos que debuxaban cabalos continuamente; calcábanos, retocábanos, enfrontábanos, pintábanos en todas as posicións imaxinábeis, etc, ata que un día teñen que acudir á cidade para facer uns exames nos que a proba de debuxo consistía en reproducir un peixe. Os protagonistas agóbianse bastante e debuxan os cabalos de sempre.

-Iria Buján Raposo (A Coruña, 1985), “Discusión”, p. 107.

Relato bilingüe, no que unha das protagonistas se expresa en español, que recolle a discusión entre dúas adolescentes sobre o papel que xoga a muller na sociedade actual. Mentres que unha pensa que son elas mesmas, moitas veces, as que orixinan o machismo, a outra considera que esa situación é unicamente responsabilidade dos homes.

-Aldo de Baracaldo, “No tempo das mimosas”, p. 109.

Este relato en terceira persoa comeza coa descrición da agobiada vida dunha muller nova na cidade, sen tempo para si e para a filla e sempre cansada polo traballo. Esta situación muda cando decide mercar unha casa na aldea e vivir máis tranquila.

-Antonio Pérez Cribeiro, “Preamar”, p. 109.

Dá conta das anguriosas últimas horas dun percebeiro que queda entalado no medio de dous penedos sen poder saír. Séntese morrer aos poucos, bota conta da súa vida e dos seus erros, dos seus desexos, que agora non pode cumprir. No mesmo momento de se producir a preamar, que coincide coa morte do protagonista, unha parella quéixase polo prezo dos percebes nun restaurante veciño.

-Francisco M. Castiñeira Romar (A Coruña, 1977), “Inspiración”, p. 109.

Un narrador omnisciente conta as preocupacións de Alfonso, repartidor subcontratado, ao non atopar a inspiración necesaria para ser escritor e por levar unha vida monótona e aburrida. Xusto naquel momento, no que el decide escoitar música para distraerse, desarticúlase unha banda de terroristas no seu edificio, resulta detido un traficante de drogas e a nai grava unha película porno.

-Luís Teira Parada, “Un día de verán”, p. 110.

Relato centrado na vida da emigración e ambientando nun día de verán. Un narrador testemuña conta o encontro de varios inmigrantes nun bar, as conversas, os xestos e os trazos físicos, ademais da “mirada tristeira” que lle fai lembrar ao seu pai, que están nun barco moi lonxe.

-Roger de Flor, “Mágoa que acontecera... “, p. 111.

Historia que se sitúa nos tempos da guerra civil, cando unha moza queda embarazada dun home que non quere casar con ela, feito que provoca a división da aldea en dous bandos enfrontados. O encontro entre os tres protagonistas, que representa o triunfo da muller, prodúcese cando morre a avoa do rapaz e, por expreso desexo dela, é conducida ao cemiterio por pai e fillo.

-Carmen Lorenzo Cid, “Tempo de lecer”, p. 113.

Un narrador omnisciente cóntanos a vida dun neno que pasa os veráns na aldea coa avoa. Describe detalladamente as imaxes, olores e sabores daquel mundo no que se atopaba cada vez máis a gusto. Comenta o contacto cos animais, a sensación de aprender algo novo en cada estadía e a idea do paso do tempo.

-J. Antonio R. Suárez, “Recordos... dunha paisaxe”, p. 113.

Relato narrado en primeira persoa por un personaxe masculino que dá conta da súa vida familiar coa muller e a filla, xusto nun día no que tivera a tentación de fuxir da casa para abandonar todo o seu mundo.

-Luís Alberto Pazos Mira (Santa Comba, 1976), “A flor do amor... “, p. 115.

Baixo a forma dunha carta dirixida a Sheilla e datada o 29 de decembro de 1929, unha voz feminina relata en primeira persoa o proceso de namoramento do Fürer, na Alemaña dos comezos do nacismo.

- Mª Dolores Díaz Alonso, “Mazarico, que te pico”, p. 115.

Evocadora lembranza que a autora fai dun personaxe que a acompañara nos seus tempos infantís. Empregando a segunda persoa, describe as extravagancias, manías e curiosidades do protagonista.

-Julio César Ríos Mino, “Pesadelo”, p. 116.

Relata en primeira persoa un pesadelo que tivo cando era neno e no que o protagonista soñaba que era atrapado por un porco, que saía voando nunha alfombra e que se estrelaba no aire cunha vasoira dunha bruxa.

-Masito Beiro, “A feira dos cans”, p. 117.

Ademais de lembrar a importancia histórica e literaria de Padrón, o autor recorda unha feira de cans celebrada nesta vila durante o franquismo. Feira moi concorrida tanto por persoas coma por animais, e que mesmo suscitara a atención do dictador.

-Félix C. Conde, “Un cadro do revés”, p. 119.

O protagonista desta historia recoñece que non é bo pintor malia ter recibido un premio no seu Allariz natal. Conta que, malia ao unánime recoñecemento de amigos, coñecidos e mestres, aquel premio encheuno de tristura porque os organizadores colocaran o seu cadro do revés.

-Luíña, “O vello carballo”, p. 119.

Un carballo vello conta en primeira persoa unha historia de amor entre Anxo e Xela que se orixinou debaixo das súas pólas. Relata como esta parella casou, tivo fillos e seguiu visitando o carballo mesmo cos netos, ata que Anxo faleceu. Esta situación sumiu a Xela na máis fonda tristura que a levará á morte, acontecida tamén ao pé do carballo.

-Oquequeiran, “Pepiño”, p. 119.

Conta a estancia de Pepiño na praia e os sustos que a marea lle ten dado ao subir ata onde este tiña colocada a toalla. Así mesmo, relata o seu encontro coa señora Otilia cando se dirixía a facer as súas necesidade fisiolóxicas nun penedo.

-Xabier Iglesias, “Violín”, p. 120.

Un violín conta en primeira persoa a especial relación que o une ao seu dono, os bos tempos que pasou na súa compaña e o necesario talento que se precisa para tocar este instrumento.

Calvo, Tucho (coord.), *Relatos de verán*, *La Voz de Galicia*, “Páxinas literarias”, 28 setembro 2000, pp. 121-160.

Cuarto suplemento que, de novo, acolle todos aqueles relatos que se enviaron a *La Voz de Galicia*. A continuación, aparecen os escritos en galego:

-María Estela F. P., “Love”, p. 112

Definición do amor como un cúmulo de sensacións e de actuacións irracionais que transtornan a vida normal dun individuo.

-Chelo Davila Lorenzo (A Estrada, 1959), “Pequena ferida”, p. 123.

Relato centrado na desfeita que produce un accidente de tráfico e contado dendo o punto de vista dunha muller ferida que, sen se decatar, atopa a morte nese sinistro, malia que inicialmente non semellaba moi danado o seu corpo.

-M. J., “Un día para os avós”, p. 123

Evocadora lembranza dunha bisavoa. A narradora salienta a capacidade de traballo e a enerxía da súa bisavoa, ademais de relatar varias anécdotas da infancia e de recordala como o vencello que unía a familia.

-Margarita Bouza Bouza (As Pontes, 1956), “Luz de misterio”, p. 123

Recolle unha historia misteriosa ambientada nunha casa solitaria a mediados do século pasado. A rara morte dos habitantes desta vivenda está seguida do avistamento de luces dentro dela que ten intrigados a todos os veciños. Ao final, organízase unha visita a esa casa e descóbrese que a luz procedía dun espello que reflectía a lúa chea.

-Estrella Naseiro Rego, “Xogos de verán”, p. 127.

A autora fai unha descrición da evolución dos xogos infantís segundo a idade dos nenos. Así, describe as mantas e cartóns para pintar nos primeiros anos, os triciclos, as casiñas e as tendas, as excursións nas que sempre se intenta desobedecer as ordes dos adultos, así como a iniciación en deportes como o fútbol ou o brilé.

-Ismael Otero Varela, “Amor”, p. 128.

O narrador deste relato está contemplando a fermosura e inmensidade do mar cando se decata que unha gaivota leva toda a mañá rodeándoo e mirando para el, polo que considera que debe estar xurdindo “un amor imposíbel”.

-Fátima Rodríguez Moreda, “A cita”, p. 129.

Relata as últimas horas da vida de Maia, unha moza que morre en accidente de tráfico cando ía camiño do aeroporto para viaxar a Dublín. Nas horas previas ela recibira varias mensaxes no móbil avisándoa para unha cita xusto no momento no que faleceu.

-Manuel Chas Míguez, “Unha tardiña na adega”, p. 130.

Despois de recoñecer que se ten escrito moito sobre o viño e que a súa achega non vai ser moi orixinal, o narrador fai unha loanza das virtudes desta bebida á hora de favorecer as relacións interpersoais e crear novos amigos. Apoia esta argumentación no relato do que lle aconteceu a el e a uns amigos nunha adega de Betanzos.

-Xán Fernán, “Tea de araña”, p. 130.

O protagonista deste relato describe o que observa dende o seu cuarto, no que destaca unha tea de araña como principal elemento que o separa do exterior.

-Carlos Neira Cortiças (Barallobre-Fene, 1972), “Jazz da terra”, p. 131.

Un narrador en terceira persoa conta a entrada de Daniel, posibelmente Castelao, nun bar de Nova York para asistir a un concerto de jazz. O protagonista está sorprendido pola música e caricaturiza aos intérpretes, sen enquencer que axiña partirá para a Habana e para Buenos Aires.

-Juan Manuel Álvarez Ramos (Maside, 1922), “Unha viaxe inesquecible”, p. 131.

O protagonista desta historia lembra a súa primeira viaxe á Arxentina hai cincuenta anos. Conta que abandonou o seu traballo de funcionario e que no percorrido ata o país americano tivo que facer varios trasbordos aéreos para unha viaxe de máis de tres días.

-Antón Patiño (A Coruña, 1957), “Olanda”, p. 132.

O narrador protagonista desta historia compara a relación que el e a súa irmá Iolanda (Olanda no relato) mantiñan coa súa avoa, á que lembra como unha persoa moi agarimosa. Comenta tamén as visitas de fin de semana á casa familiar.

-Anxo Otero Ruiz (Beluso-Bueu, 1978), “As portas de vidro abríronse”, p. 134.

Un narrador en terceira persoa cóntanos os padecementos de Charlie ao ter que traballar nunha empresa de edición de sofware, propiedade do seu irmán. Os problemas aparecen ao se confundiren as relacións de amizades coas profesionais.

-Carolina Miren Alkonde Beraza, “Asasinos”, p. 134.

A protagonista deste relato conta o asasinato dos pais a mans de dous etarras cando ela tiña once anos. Describe o atentado e os funerais. Finalmente, transládase no tempo ata os vinte anos e narra a vinganza, pola que lle arrebata a vida aos asesinos.

-Lía S. García (A Coruña, 1975), “O encontro”, p. 134.

A protagonista deste relato conta o que lle aconteceu nunha noite de movida polo Orzán coruñés. Pregúntase cómo actuar cando ve que Álvaro, un mozo do que se namorou perdidamente, sae pola rúa collido da man de Xavi, un dos mellores amigos da narradora.

-Martín Abeledo Fernández (1973), “O andamio”, p. 135.

Recolle a historia de dous albaneis, Ramón e Cosme, moi ben levados malia as discusións coas que van levando as xornadas, ata que un día Cosme morre debaixo dun camión. É daquela cando o seu compañeiro se decata do moito que perdeu.

-Rosa María López González (O Saviñao, 1969), “A voz do silencio”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas Literarias. Relatos de verán”, 28 setembro 2000, p. 135.

Relato de emigración no que Cholo do Piteiro conta a súa experiencia e as sensacións que tivo nos sesenta anos que botou en América. Despois dese tempo, e cargado de nostalxia e recordos, acode á terra que o vira nacer para atopar unha paisaxe e unha xente que case non recoñece.

-Alejandro Fernández Villaverde, “Cando saltou pola fiestra”, p. 136.

Dá conta da morte dun interno que salta pola fiestra dun centro psiquiátrico pensando que descubrira o equilibrio e o movemento necesario para voar. Ten a sensación de que consegue manterse no aire e non quere que os demais se dean conta do seu descubrimento.

-Manuel Iglesias Nanín, “Dixo adeus”, p. 136.

Cóntase o proceso que conduciu ao protagonista deste relato a suicidarse e inclúese o texto que lle deixou escrito ao narrador desta historia. Nel, recoñece a súa covardía e a imposibilidade de lle facer fronte aos seus problemas.

- Lourdes Mª Iglesias Calleja (A Coruña, 1982), “A viaxe de Manoliño”, p. 137.

O protagonista desta historia é Manoliño, un rapaz rianxeiro de quince anos que nos conta unha fantástica viaxe cara aos Estados Unidos. Vai no barco máis grande do mundo e ten problemas pola presencia da súa irmá de polisón. Despois dalgún sorprendente regreso á vila de partida, consegue chegar ao seu destino.

-María López Arias, “A noticia”, p. 137.

Irónico relato no que a protagonista conta o proceso seguido para encontrar traballo. A descrición dos nervios cos que chega á entrevista e cos que vive os días posteriores á resolución, está seguida da narración da satisfacción que ten ao conseguir un emprego no que a explotan.

-Anónimo, “A táboa de multiplicar”, p. 138.

O narrador protagonista desta historia lembra como o avó Alejandro loitaba todas as mañás para que os seus netos aprendesen matemáticas. Reflexiona que se sente frustrado ao ter que depender na actualidade de calculadoras e programas informáticos.

-Higinio Sieiro González, “O avó”, p. 138.

No decimoquinto cabodano da morte do seu avó, o narrador deste relato lémbrao como un gran contador de historias coas que durmían el e a súa irmá Concha. Acórdase especialmente do que lle aconteceu a noite na que o avó Aurelio morreu.

-Vanesa Camba Gómez (A Coruña, 1980), “Os golfiños”, p. 138.

A protagonista deste relato conta cómo ve cumprido o seu soño cando consegue nadar rodeada de golfiños. Describe polo miúdo aquela experiencia e as sensacións que tivo ao entrar en contacto con estes mamíferos mariños.

-Im. María José, “Cores”, p. 139.

A narradora lembra a importancia que Cores tivo na súa vida á hora de lle dar a coñecer novos mundos, novas lecturas e novas músicas. Comenta a partida de Cores a Santiago e a súa posterior destrucción.

-Antonio L. Criado Rego, “Novas de verán”, p. 140.

Neste relato descríbese a “nova de verán”, que se caracteriza por ser “morbosa”, “absurda” e efémera, ademais de encher os espacios informativos dos medios de comunicación. Despois de repasar as principais “novas de verán” dos últimos anos, o autor solicítalles aos responsábeis dos medios que abandonen estas prácticas.

-José Portas Sanmartín, “O avó morreu”, p. 140.

O narrador protagonista desta historia remóntase a cando tiña nove anos, no nadal do sesenta, a cando morreu o seu avó paterno. Relata a sorpresa que lle causaron as palabras da súa avoa, que afirmaba ter unha visión que lle anunciaba a morte do defunto.

-Irene Iglesias, “Fugacidade”, p. 141.

Relata a chegada dun novo inquilino a un piso de estudiantes co comezo do curso escolar. Despois da incerteza e das dúbidas iniciais por parte dos demais compañeiros, a voz narradora conta como se vai integrando e demostra que é unha persoa sensíbel, cinéfilo e bo cociñeiro, pero cun interior inaccesíbel.

-Miguel Mourón Marín (A Coruña, 1956), “A illa”, p. 141. Un superviviente dun naufraxio acontecido na ría de Ares conta o que lle ocorreu cando chegou a terra e atopou unha figura humana, á que teme inicialmente polo seu aspecto, pero coa que remata tendo unha profunda conversa. Ese estraño ser fálalle de revolucións e amósalle un libro de Celso Emilio Ferreiro.

-Ramón Sampedro Muñiz (Riebeira, 1965), “Nun curruncho”, p. 142.

Despois de recoller a nova de prensa na que se informa do falecemento de Roberto nun accidente de circulación, cóntase o que, paralelamente, lle acontecía a Concha, a súa moza. A historia transcorre nas horas previas á compra do anel de compromiso da parella.

-Sha Che Cheguei, “O Salto”, p. 143.

O protagonista deste relato conta a súa fuxida de Marrocos, a travesía do Estreito e a chegada á Península coa intención de entregar un “relato de verán” na redacción de *La Voz de Galicia*. Aborda, ao mesmo tempo, as condicións nas que os inmigrantes viaxan e, posteriormente, traballan.

-Gabriel Varela, “A derradeira cea”, p. 144.

Relato metafórico e en clave política, no que un vello cacique reparte as tarefas políticas entre os seus herdeiros, Pepe, Paco e Bieito, ao mesmo tempo que describe as características ideolóxicas máis destacadas de cada un deles.

-Concepción González Seco, “María”, p. 146.

Conta a historia de María, que se criou nun ambiente de xente maior e que, ao longo da súa vida, conservou un especial apego a ese mundo rural e a esas persoa que tanto influíron nela. Finalmente, o narrador relata cómo a protagonista fixo o Camiño de Santiago na procura da paz interior e presenta este conto como “un alegato para a búsqueda e a volta á infancia”.

- Mª Luísa Rodríguez Rodríguez (Arousa, 1971), “Grandeza”, p. 146.

Relata as alteracións emocionais que produciu nunha veciña a asistencia á voda do “señor B…”, unha celebración de moito luxo. Despois de lembrar que a convidada se sentía orgullosa dese feito, a narradora recolle unha nota de prensa na que se informa da detención do pai da noiva, acusado de narcotráfico.

-Oliva Bermúdez Taboada (Arzúa, 1953), “Os couchos do Verán”, p. 146.

Un narrador en terceira persoa conta as trasnadas que os nenos Xoán e Ramiro facían nos veráns á hora da sesta. Céntrase en relatar a espionaxe a que sometían a Dolores, unha serventa das donas do Pazo, que lles agachaba moita froita.

-Andrea, “Caracol.es/”, p. 147.

Relato de claro contido ecolóxico centrado na figura de Aloia, unha nena que ama os animais e sofre cando os seus compañeiros matan un caracol ou unha miñoca. Aprovéitase a actitude da protagonista para denunciar os atropelos de animais nas estradas, a ausencia de pasos para réptiles, etc.

-David M. Clark, “Outro conto de autoestopistas”, p. 150.

Misterioso relato no que se presenta unha variante do conto do autoestopista. Neste caso nárrase como Pepe Monteiro atropela un rapaz novo e procura axuda nos arredores. Acode a unha casa de labranza na que o informan que viu unha pantasma, pero cando volve ao lugar do accidente decátase de que estaba a vivir un feito real e que as pantasmas eran os habitantes da casa que visitou.

-Jorge Sánchez Perna (Pontevedra, 1983), “Lembranzas”, p. 151.

Evocadora lembranza da infancia nunha aldea da beira do Miño. O protagonista relata a curación do seu irmán con casca de chopo, despois de que a nai seguise os consellos dunha curandeira.

-Lorcho Ferreiro, “Meu querido amigo”, p. 153.

Carta dirixida a un amigo na que a narradora solicita que falen para volver a entenderse coma a primeira vez, dende a que pasaron dez anos, xa que ela considera que se produciu un considerábel distanciamento. Pide que comecen unha nova relación baseada na sinceridade.

-X. Roi Brâs (Ourense, 1962), “Carteiro asasino”, p. 154.

Ver X. Roi Brâs, “Carteiro asasino”, p. 86, en Calvo, Tucho (coord.), *Relatos de verán*, *La Voz de Galicia*, “Páxinas Literarias”, 21 setembro 2000, neste apartado.

-Maruxa Lema Baleato (Santiago, 1978), “Un día calquera”, p. 155.

Relato narrado en primeira persoa e construído con períodos curtos, no que o protagonista dá conta das súas dúbidas para organizar unha viaxe de fin de semana, así como das súas actividades durante o día e tamén para a xornada seguinte.

-Patricia Crecente Otero (Miño, 1977), “Mariano o colono”, p. 156.

O protagonista deste relato diríxese ao seu caderno para contarlle o mal que leva a vida nun satélite. Non entende moito da actividade científica que se fai ao seu redor, non ve a utilidade dos descubrimentos científicos que alí se fan e non lle gusta que lle muden os costumes e hábitos alimenticios.

-Xaquín Vales Rodríguez, “Mouriño”, p. 157.

Despois de prever a desfeita do agro galego coa integración plena na CEE, recolle a historia da convivencia cotiá do cabalo Mouriño e da vaca Suíza nunha explotación tradicional do país.

-Sara Santalla Iglesias, “A carta que nunca chegou”, p. 158.

Recolle a historia da bisavoa da narradora, unha señora que marchara para Buenos Aires por unha presunta infidelidade do seu home. Arrepentida deste feito, pide perdón por carta e envía un pano para a filla, obxecto e misiva que nunca chegaran aos seus destinatarios xa que foran ocultados por unha irmá da protagonista. Pasada unha xeración descóbrense os feitos, cando xa nada tiña solución.

-Xácome Picallo López (A Coruña, 1943), “Pety O Roxo”, p. 158.

Relato protagonizado por dous paxaros, Xoana e Farruco, e narrado pola primeira. Conta o amor que senten un polo outro e o que fan durante o día: cantar, ir á froita e aloumiñarse. A seguir, describe como un neno, armado cunha escopeta de aire comprimido que ela descoñecía, acaba coa vida de Farruco.

Camba, Javier D., “A Galicia de Castelao”, *Atlántico Diario*, 23 maio 2000, p. 11.

Dá conta da inauguración en Vigo da exposición “Cousas da vida por Castelao”, acto presidido, entre outras personalidades, por Francisco Fernández del Riego, autor do prólogo do catálogo da mostra. Informa que esta conta con cento dez debuxos dos máis de mil cincocentos realizados por Castelao e reproduce un parágrafo do prólogo no que Fernández del Riego considera que Castelao se identificou plenamente co seu pobo, que “ironizou, satirizou e ridiculizou” para facer evidentes os erros pero que nunca condenou confiando na redención.

Campos, Francisco, "A lembranza de Brañas xornalista na era dixital", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras*", nº 303, 2 marzo 2000, pp. 10-12.

Con motivo do centenario do falecemento de Alfredo Brañas, repasa outras efemérides deste ano, entre as que se atopan o centenario dos Xogos Florais de Lugo, o nacemento de Manuel Antonio ou o cincuentenario da morte de Castelao. Centrado na figura de Alfredo Brañas, salienta a dispersión e mesmo desaparición de moitos dos seus escritos xornalísticos, e estructura a súa producción en tres etapas ben diferenciadas, nas que a primeira iría de 1880 a 1887 con dedicación exclusiva ao xornalismo; a segunda, ata 1892 na que se centra na Universidade e na política, e a terceira que supón a súa maior proxección exterior tanto política coma intelectual, analizando os seus contactos co rexionalismo catalán. Tamén fala dos medios xornalísticos nos que traballou dende *La Política*, de Madrid onde comezou en 1880, pasando polos composteláns *El Porvenir* e *El Libredón*, moi relacionados co arcebispo Payá y Rico, persoeiro considerado fundamental na época polo ambiente cultural e intelectual que mantiña no Pazo Arcebispal. Ademais de aludir ao estado precario da prensa rexionalista nos últimos vinte anos do s. XIX, considera que é *La Patria Gallega* o exemplo máis representativo do rexionalismo brañiano, revista promovida por el mesmo e por Murguía na que propuñan a idea da unión de todas as forzas enfrontadas en Galicia. Tamén apunta a importancia de *A Monteira*, de Lugo como o único escrito integramente en galego malia ser a reivindicación da lingua a idea común en todas as correntes rexionalistas de Galicia. Acaba referíndose ás publicacións rexionalistas catalanas, nalgunha das cales colaborara Brañas e aos líderes cataláns do movemento.

Caneiro, Xosé Carlos, “A estación dos labios rotos”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 6 agosto 2000, p. 14.

Relato acompañado da ilustración de J. Tomás no que se transcribe a confesión dun poeta ante o xuíz dun crime pasional que cometeu. Descubrimos só ao final que o xuíz ante o que se confesa é a súa propia esposa a quen vén de asasinar.

_____, “Os poemas do cazador”, *La Voz de Galicia*, “Los domingos de la Voz”, 15 outubro 2000, pp. 6-7.

Historia dunha poetisa insatisfeita coa súa relación conxugal que decide acompañar ao seu marido na súa maior afección: a caza. Decidida a descubrir o segredo da paixón que leva ao seu home a relegala a un segundo plano, pasa o día con el observando todos os seus movementos ante a incomodidade deste pola presencia da esposa no grupo de amigos. Rematada a xornada non descobre a explicación que andaba buscando ata que un compañeiro sensíbel lle explica que é a busca de aventura o que leva a estes homes ao monte, algo que non fai senón aumentar a súa resignación.

Canosa Blanco, María, “Tronada”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 28 agosto 2000, p. 16.

Breve relato no que nos fala da soidade dunha figura feminina nunha tarde de tronada, seguida inicialmente por un can solitario que perde as súas pegadas cando comeza a chover, o que a deixa soa unha vez máis e con augurios de morte.

Capelán, Antón, “Poemas para unha embaixada política de outrora”, *A Nosa Terra*, nº 944, “Galeusca”, 20 xullo 2000, p. 4.

Comenta os diferentes actos nos que se viron envoltos a inicios do século XX un monllo de galegos integrados nas nacentes Irmandades da Fala. Asemade, salienta o intercambio cultural producido naquel momento, entre Galicia e Cataluña, a partir da visita de Franciso Cambó a terras galegas. A seguir, céntrase en dous poemas de benvida á delegación catalana publicados en *Gaceta de Galicia* e *A Nosa Terra*, asinados por Breogán, seudónimo de Francisco Vázquez Enríquez, e por Eladio Rodríguez. Finalmente, Capelán asegura que Manuel Antonio, no seu manifesto de 1922 *¡Máis alá!*, rematou coa tradición poética galega de compromiso patriótico, que cultivaron, entre outros, Ramón Cabanillas e López Abente.

Caramelo, Fernán, “Guillermo Cedrón, un comunista ferrolano”, *Diario de Ferrol*, 26 xullo 2000, p. 8.

Achega de novos datos sobre a vida de Guillermo Cedrón Gómez, entre eles que naceu no Ferrol en 1882 e foi fundador do Partido Comunista na cidade. Detense na súa estancia en Cuba onde foi membro da Asociación Iniciadora y Protectora de la Academia Gallega e vocal da Unión Redencionista Gallega liderada por Fontenla Leal dende a que defendeu a instauración dunha Cátedra de Literatura Galaico-Portuguesa na Universidade compostelá. Tamén salienta que foi fundador do xornal *Acción Social* e escribiu en publicacións como *La Alborada*, *Galicia Nueva* e *Ferrol y su Comarca*, fundado igualmente por el. Remata destacando que foi outra das figuras fusiladas en agosto do 36 no Castelo de San Felipe. Nun cadro á parte, fai referencia ás opinións contrarias e a favor que se publicaron en xornais como *La Patria Gallega* ou *Vida Gallega* sobre esta figura.

Carballa, Xan, “Apareceron *Os Eoas* de Eduardo Pondal”, *A Nosa Terra*, “Guieiro Cultural”, nº 959, 2 novembro 2000, p. 21.

Faise eco da noticia da aparición na Real Academia Galega da versión definitiva, preparada para a publicación, de *Os Eoas* de Eduardo Pondal, e apunta que o anuncio se fixo durante o Simposio Pondaliano de Ponteceso. Lembra o interese mostrado por Méndez Ferrín pola súa aparición durante os últimos anos e os intentos de publicación do material que se coñecía, como o feito por Bouza Brey. Tamén salienta a abondosa documentación que está aparecendo coa catalogación de material na RAG e apunta que o orixinal podería ser de 1913 ou 1914. Describe como conformado por trescentas oitavas agrupadas en vintesete seccións, ademais dun “prólogo xustificatorio” no que Pondal resume a súa intención patriótica e as diferentes opcións que este daba para o título. Remata anunciando a próxima publicación de máis dun cento de poemas inéditos do Bardo e a edición anotada de *Os Eoas*. Nun cadro á parte reprodúcese a primeira e derradeira oitava do orixinal atopado por Ferreiro.

Carballo, Francisco, “Adeus ano Castelao”, *A Nosa Terra*, nº 959, 2 novembro 2000, p. 40.

Ante o remate do ano do cincuentenario da morte de Castelao e dedicado ao autor, achégase ao legado do rianxeiro e divídeo en “tres follas”, nas que a primeira estaría formada por obras como o álbum *Nós* ou *As cruces de pedra na Bretaña* (1930) e *na Galiza* (1949), caracterizada pola busca da liberdade da sociedade que reflicte; na segunda inclúe as obras *Cousas* (1934), *Os dous de sempre* (1934) e *Retrincos* (1934) nas que di que lle dá a palabra aos que ata entón nunca a tiveran; e, por último, na terceira aparece *Sempre en Galiza* (1944) da que denuncia a manipulación sufrida durante anos e congratúlase dos cambios experimentados pola sociedade, dos que ve como froito o ingreso de Xosé Luís Méndez Ferrín na RAG.

Carragal, Angel G., “Hoxe inaugúrase no instituto de Fontenla a exposición ‘Castelao e Nós”, *Diario de Pontevedra*, 2 outubro 2000, p. 10.

Dáse conta da mostra organizada polo Concello de Poio no IES de Fontenla con motivo do cincuentenario do pasamento de Castelao e que leva por título “Castelao e Nós, unha viaxe pola súa vida”. Dise que está composta por cadros e láminas do autor rianxeiro coas que o concello quere achegar aos máis novos esta importante figura do galeguismo. Para iso, apunta que mesmo se elaborou unha unidade didáctica na que se inclúen actividades de análise e reflexión coas que poden traballar os rapaces e realizar traballos para un mellor coñecemento da obra de Castelao.

Carrión, Xosé Lois, “Abrente, un canto á liberdade”, *La Región*, 21 maio 2000, p. 16.

Dá conta dos actos celebrados con motivo do descubrimento dunha placa na casa que fora sede da Agrupación Cultural Abrente en Ribadavia. Indícanse as palabras pronunciadas por José Luís Chao Rey, que lembrou que a asociación fora incomprendida nos seus comezos, e mais por Alonso Montero que botou en falta a presencia dos mozos e mozas “xa que andan nas súas motos e nos whiskys”.

Casal, César, “Carlos Casares persigue a Hemingway por Galicia”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 113, 25 xaneiro 2000, p. 8.

Partindo do libro *Hemingway en Galicia* (1999) de Carlos Casares, César Casal repasa a relación de Ernest Hemingway con Galicia. Ofrece información das cidades visitadas durante as súas estancias en Galicia. Así, sinala que o escritor americano escribiu sobre os galegos en varias das súas obras, como no seu relato de 1936 *La capital del mundo* no que fala de Basilio Álvarez, e que viaxou cinco veces a Galicia. A primeira chegou a Vigo en 1921, despois á Coruña e a Compostela en 1927, novamente veu a Compostela en 1929 e dous anos despois voltou a Galicia. A derradeira estancia de Hemingway en Galicia data de 1933, mais como afirma o propio Casares “é da viaxe que temos menos información”. Subliña tamén que adoraba Compostela de aí que chegara a afirmar que a catedral compostelá era o monumento que “máis adoraba do mundo”.

_____, "*O lapis do carpinteiro* opta al premio Femina en Francia", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 5 novembro 2000, p. 34.

Anuncia a candidatura de *O lapis do carpinteiro* (1998), de Manuel Rivas, ao premio Femina á mellor novela estranxeira entregado en Francia. Sinala que compite con obras de autores como Joyce Carol Outes, Vikram Seth e Michael Ondaatje, que foi traducida por Ramón Chao e Serge Mestre para a editorial Gallimard. Remata apuntando que tamén terá traducción ao noruegués, ao turco, ao xaponés e ao inglés, con presencia xa en países como Italia, Holanda e Alemaña.

Casares, Carlos, “A reconstrucción do galeguismo”, *El Progreso*, “Sociedad”, “Dez anos sen Ramón Piñeiro”, 27 agosto 2000, p. 67.

Reproducción dun dos capítulos de *Ramón Piñeiro. Unha vida por Galicia* co que Carlos Casares gañou o Premio Ánxel Fole convocado pola Fundación Caixa Galicia e o diario *El Progreso*. Na introducción explícase que é o relato da traxectoria política clandestina que mantén dende 1939 ata 1946, aqueles primeiros contactos con persoeiros como Xaime Isla ou Marino Dónega, con compañeiros das Mocedades Galeguistas e aqueles que leva a cabo durante a súa estancia en Madrid onde era coñecido na clandestinidade como nome de Santiago. Tamén se refire á coordinación entre galegos, cataláns e vascos que pedían o restablecemento da República e dos Estatutos de Autonomía, así como unha organización federal do Estado. Fálase do papel dos británicos, da súa viaxe a París en 1946 coa que tenta conseguir a igualdade dos galegos con vascos e cataláns pero atopa que o exilio francés confiaba no desgaste do franquismo.

Casttelucci, Attilio, “Xornadas galegas na cidade de Perugia”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 57, 31 decembro 2000, p. 12.

Amplo resumo do desenvolvemento das xornadas galegas celebradas en Perugia baixo o título de “La Galizia vista dai pellegrini e viaggiatori italiani e polos galegos”, organizadas por Paolo e Jacopo Caucci, ademais de diversas cátedras de universidades italianas e a Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia. Repasa as intervencións de estudiosos italianos e galegos, entre estes últimos Mercedes Brea, Francisco García Gondar, Silvia Alonso ou Marisol López Martínez. Remata sobranceando que se buscaba dar unha visión diacrónica de Galicia tanto por parte dos propios galegos coma dos que veñen de fóra, unha reflexión ao longo dos séculos da historia.

Castro, Paz, “Plata para el valor empresarial y cultural”, *El Correo Gallego*, 22 xullo 2000, p. 34.

Informa do galardón outorgado á Asociación O Galo por parte do Concello de Santiago de Compostela que consistiu nunha medalla de prata polo seu mérito cultural. Comenta que o premio foi recollido por Óscar Fernández Refoxo.

Castro R., Xavier, “Narradores de emocións e preocupacións compartidas”, *El Correo Gallego*, “Forum. Memoria dun século”, nº 4, 15 outubro 2000, p. 6.

Céntrase no panorama literario galego da década dos oitenta que describe con feitos como o rexurdir de moitas reivindicacións, a morte de grandes autores como Cunqueiro, Dieste, Fole, Álvarez Blázquez ou Valenzuela, ou a presencia dunha promoción que cultiva especialmente a prosa, moitos deles con publicacións na década anterior como Casares, Ferrín, Neira Vilas ou Mª Xosé Queizán, e caracteriza as súas obras pola busca de novos camiños a través das formulacións e perspectivas diferentes. Outórgalle un lugar destacado a Xosé Fernández Ferreiro polo seu “variado rexistro e grande versatilidade” con obras como *A ceo aberto* (1981), *A fraga dos paxaros salvaxes* (1985) ou *O minotauro* (1989), ao igual que fai con Antón Risco, quen malia o tarde que chega á literatura galega, ten obras como *Memorias dun emigrante* (1986), *O caso* (1989) ou *As metamorfoses de Prometeo* (1989). Conclúe que a realidade desta década se caracteriza pola variedade de rexistros e actitudes, froitos da propia variedade de escritores.

Castro Rodríguez, Xavier, "*Montañesas*', un poemario con proxección en varias décadas", *El Correo Gallego*, "*Forum. Memoria dun século*", nº1, 13 febreiro 2000, p. 6.

Repasa e reflexiona sobre a importancia de Noriega Varela dentro da poesía galega. Explica que coas obras *Montañesas* (1904) e *Do ermo* (1920) encheu o baleiro poético dos primeiros anos da concienciación agraria e sinala as relacións que mantivo con literatos brasileiros, portugueses e coa Xeración Nós.

_____, “Dende as Irmandades da Fala ata o nacemento do Grupo Nós”, *El Correo Gallego*, “*Forum. Memoria dun século*”, nº 2, 12 marzo 2000, p. 6.

Describe os catro acontecementos fundamentais que na década de 1910-1920 puxeron os alicerces dos trocos que se producirían en anos posteriores. Estes eventos foron o pulo dado por Ramón Cabanillas á poesía galega daquela altura, o nacemento en 1916 da primeira Irmandade da Fala, a fundación do Conservatorio Nazonal de Arte Galega en 1919 e finalmente o nacemento en 1920 da revista *Nós*.

_____, “Manuel Antonio e Amado Carballo”, *El Correo Gallego*, “*Forum. Memoria dun século*”, nº 3, 9 abril 2000, p. 6.

Relata a importancia das efémeras vidas pero intensas obras de Manuel Antonio e de Luís Amado Carballo na década dos anos vinte dentro das letras e da cultural xeral galega. Repasa as obras máis sobranceiras destes poetas e sinala que podemos achar neles “a descuberta da terra, da lingua, e as paisaxes como motivos recorrentes”.

_____, “A literatura galega entre a República e a Guerra Civil”, *El Correo Gallego*, “*Forum. Memoria dun século*”, nº 4, 14 maio 2000, p. 6.

Analiza as dúas circunstancias, de moi diverso signo e significado histórico, que máis incidiron na literatura galega dos anos trinta. Apunta que nos momentos previos á guerra, e coa República, foron anos vizosos na producción literaria galega mentres que coa chegada da Guerra Civil prodúcese un crebamento de toda este traballo e a conseguinte emigración cara a América, nomeadamente Buenos Aires.

_____, “Na encrucillada das liberdades”, *El Correo Gallego*, “*Forum. Memoria dun século*”, nº 8, 17 setembro 2000, p. 6.

Aproximación ao florecemento da literatura galega despois da dictadura franquista dentro do cambio social que se produciu especialmente a partir de 1975. Apunta como factores fundamentais a aparición de asociacións culturais, os premios literarios ou o mundo universitario como berce de importantes voces. Considera que o resultado é un bo número de publicacións, especialmente no eido da lírica, onde aparecen autores novos que conviven con outros máis vellos como Blanco Amor, Celso Emilio ou Luís Soeane fronte a Xohana Torres, Ferrín, Luz Pozo ou Neira Vilas con obras como *Adiós, María*, *Era tempo de apandar*, *O silencio redimido* ou *As calexas de cigurath*, entre outros. Remata apuntando a proxectos como Edicións Xerais de Galicia e os premios Modesto Rodríguez Figueiredo e O Facho como artífices do lanzamento de novas voces.

_____, “Derradeiras notas para un século literario que esmorece”, *El Correo Gallego*, “Forum. Memoria dun século”, nº 10, 12 novembro 2000, p. 6.

Achégase á década dos anos 90 que caracteriza pola liña continuadora de potenciación do idioma a todos os niveis: no ensino, nos medios de comunicación ou dende as editoriais. Ante o final desta década e a chegada dun novo século, lembra as efemérides do cincuentenario da morte de Castelao e da creación da Editorial Galaxia, así como o centenario do nacemento de Manuel Antonio, ou as perdas nestes anos de personalidades como Antonio Fraguas, Arturo Cuadrado, Novoneyra ou Avilés de Taramancos, xunto aos que seguiron producindo autores de décadas anteriores e a aparición de novas voces dentro de todos os xéneros literarios.

Castroviejo, Concha, “La Mahía y las tierras de Rosalía”, *El Progreso*, “Cultura”, 25 xullo 2000, pp. 82-83.

Texto que recolle as impresións da viaxe realizada polos lugares vinculados á vida de Rosalía en xullo de 1951 e que foi publicado algúns días despois en *El Correo Gallego*. A peregrinaxe, iniciada en Santiago de Compostela, pasa por Ortoño, Bastavales, logo por Lestrove, as Torres de Hermida e o pazo de Retén finalizando no cemiterio de Adina onde repousaban os restos da poetisa. Tamén se recollen as intervencións dos numerosos persoeiros que participaron no acto, dende Borobó que fala da infancia de Rosalía en Ortoño e a creación do Seminario de Estudos Galegos, seguido por Paulino Pedret que reflexiona sobre a adolescencia e formación da padronesa e le algúns parágrafos da súa obra, Balboa que fala da súa terra de Muxía, Beiras que recita “Las campanas de Anllóns”, Martínez Risco que evoca a choiva e os adeuses da poesía rosaliana, García-Sabell que se achega á personalidade e á angustia rosaliana conectada coas correntes universais, rematando coas intervencións do Marqués de Figueroa e Pura Vázquez.

Cedrón, María, “La reedición de la obra de Castelao incluye un volumen de cartas inéditas”, *La Voz de Galicia*, 4 marzo 2000, p. 91.

Dá conta da presentación dos actos que a Fundación Caixa Galicia preparou para conmemorar o cincuentenario do falecemento de Castelao. Refírese á próxima publicación das súas obras completas en sete volumes e informa da edición, *Cousas* e os *175 Debuxos de Castelao*, así como da organización dunha gran exposición, xunto coa Fundación Castelao, sobre a vida e obra do rianxeiro.

_____, “Un poeta nipón rinde homenaje a Rosalía con la traducción de ‘*Cantares Gallegos*”, *La Voz de Galicia*, 4 maio 2000, p. 80.

Anuncia a publicación en xaponés do volume *A poetisa, Rosalía de Castro* a cargo do poeta Shazo Nakanishi, no que aparecen verquidos ao xaponés unha ducia de poemas de *Cantares Gallegos*. Fálase tamén da intención deste poeta nipón de traducir as obras *A mi madre* e mais *Follas Novas.*

Chinny Gamir, “Madrid lloró al poeta de la lluvia y la savia”, *La Región*, 26 setembro 2000, p. 12.

Dá conta da homenaxe que se lle fixo ao poeta José Ángel Valente en Madrid, onde se lembrou a súa figura e obra. Alude aos participantes no acto, destacando a presencia de Lázaro Carreter e Claudio Rodríguez Fer, que recordou a relación do poeta ourensán con Galicia.

Clemente, M. L., “Manuel Fraga participa en un homenaje al profesor Dionisio Gamallo Fierros”, *Galicia en el Mundo*, nº 375, “Sociedad”, 5-11 xullo 2000, p. 20.

Dá conta da homenaxe ao profesor Dionisio Gamallo Fierros celebrada na Casa de Galicia en Madrid. Recolle as palabras de Manuel Fraga quen salientou a súa faceta de intelectual, a de investigador e poeta, ademais de consideralo un dos mellores críticos literarios do seu momento. Tamén se lembra que foi membro da Real Academia Galega e que levou a cabo traballos sobre autores como Rosalía de Castro, Curros Enríquez, Lamas Carvajal ou Pastor Díaz. Por outra parte refírese a outros persoeiros participantes no acto e aos trazos da personalidade de Gamallo Fierros máis sobranceados como o amor á literatura e á súa terra.

Clemente, María Luísa, “El Centro Gallego de Madrid recordó la figura de Castelao y su familia”, *Galicia en el Mundo*, nº 376, “Sociedad”/“Cultura”, 12-18 xuño 2000, p. 21.

Alude á mesa redonda celebrada no Centro Galego de Madrid baixo o título de “Testimonios inéditos sobre la familia Castelao” e na que participaron, entre outros, Borobó, Javier Baltar Tojo e Alfonso Fidalgo Pereira, todos eles vinculados dalgún xeito coa familia Castelao. De entre as achegas que fixeron sobre a figura do rianxeiro salienta as diferentes facetas que desenvolveu ao longo da súa vida, algúns episodios vitais como a emigración, os estudios de medicina, a actividade política ou o seu matrimonio con Virxinia Pereira de quen consideran que recibiu unha importante influencia, apoio e colaboración durante os anos de matrimonio. Remata facéndose eco da denuncia da fundación que leva o seu nome pola falta de recursos fronte a outras fundacións e da exposición do Museo de Pontevedra para celebrar o cincuenta aniversario da súa morte.

Collazo, Celso, “Rosaliana”, *El Progreso*, “Cultura”, 25 xullo 2000, p. 83.

Reproducción dalgúns parágrafos do artigo publicado en 1951 en *La Noche* nos que se describe a peregrinaxe polas terras da Mahía e as intervencións dalgúns participantes como Borobó, Paulino Pedret que le un poema de Rosalía e conta a anécdota de Heliodoro Abente, tío de Pondal e secretario de Ponteceso, que fumaba os papeis nos que anotaba os nacementos do concello, ou Martínez Risco que evoca algúns dos elementos máis significativos da poesía de Rosalía como a choiva ou os adeuses.

_____, “Castelao Bragaña muestra su admiración por el Centro Gallego de Montevideo”, *Galicia en el Mundo*, nº 388, “Sociedad”, 4-10 setembro 2000, p. 17.

Dá conta da participación de José Manuel Castelao Bragaña, presidente do Consello Xeral da Emigración, nos actos de celebración do 121º aniversario do Centro Galego de Montevideo e da conferencia impartida durante os mesmos titulada “Alfonso Rodríguez Castelao, a cincuenta anos do seu falecemento”. Cualifícao como bo coñecedor da figura rianxeira e destaca o seu traballo de investigación a través dos medios de comunicación da diferente repercusión que tivo a morte de Castelao en Galicia e na Arxentina. Salienta a diferencia no ton das noticias pola presión da censura do réxime franquista fronte ao profundo recoñecemento que se lle facía no país americano e remata reflexionando sobre a situación actual da emigración en América.

Conde, Alfredo, “Equipo médico”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 8 agosto 2000, p. 12.

Relato acompañado da ilustración de Xaquín Marín no que se desenvolve a reflexión dun médico víctima da broma das compañeiras de profesión que o levou a agredir a unha delas e agora ten problemas cos sindicatos.

Conde, María, “Saen á luz os orixinais de ‘*Os vellos non deben de namorarse*”, *La Voz de Galicia*, 29 marzo 2000, p. 68.

Comenta a exposición que se vén de inaugurar no Museo de Pontevedra titulada “Castelao e o teatro: escenografías” que repasa a relación de Castelao coa arte escénica. Subliña que na mostra se poden atopar os manuscritos orixinais de *Os vellos non deben de namorarse* e do *Diario de 1921*.

_____, “Castelao, leído en Pontevedra”, *La Voz de Galicia*, 24 abril 2000, p. 63.

Descríbense os actos organizados en Pontevedra, Lugo e Ourense para celebrar o Día do Libro. Sinálase que en Pontevedra se leron no Teatro Principal os principais textos políticos e literarios de Castelao, que se repartiron exemplares en miniatura de *Sempre en Galiza*, mentres que en Ourense se puxeron á venda libros na rúa do Paseo.

_____, “La antológica de Castelao ofrece unha treintena de obras inéditas”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 29 xuño 2000, p. 57.

Faise eco da inauguración en Pontevedra da exposición “Castelao: vida e obra” comisariada por Miguel Anxo Seixas e Carlos Valle. Apunta que está constituída por máis de dúascentas obras, das que trinta son inéditas, entre elas a acuarela *Conto de cegos*. Tamén se recollen as palabras de Carlos Valle quen non descarta a aparición de novas obras de Castelao debido á prolífica obra do rianxeiro e remata aludindo ao catálogo complementario á exposición no que participan expertos na obra de Castelao.

Cordal, Xabier, “Paxaros”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 298, 27 xaneiro 2000, pp. 2-3.

Escrito crítico en defensa da lingua galega no que se afirma, entre outras cousas, que “os galego-falantes comezan a ser identificados inequivocamente como nacionalistas ou poetas” e onde se recalca a importancia da literatura galega contemporánea como defensora do idioma galego.

_____, “Posmodern@”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 302, 24 febreiro 2000, pp. 2-4.

Reflexión sobre o significado da posmodernidade. Comézase analizando este concepto referido ao mundo da música para despois pasar ao literario onde se sinala que “o auténtico descubridor da posmodernidade, xa nos anos cincuenta, foi Álvaro Cunqueiro”. Explícase a súa ideoloxía, sinálase cómo creou un tipo de realismo máxico dende o seu Mondoñedo natal e descríbese cómo a súa obra é homenaxeada polos narradores galegos contemporáneos.

_____, “Antoloxías, esas raras xestas”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 311, 27 abril 2000, pp. 2-3.

Comeza meditando sobre a afirmación de José Ángel Valente, “un poeta debe saber cándo o abandona a palabra e enmudecer”. Afirma que os “productos cáusticos” en literatura adoitan ter caducidade chegando incluso a seren unha categoría lindante co mal gusto e remata defendendo a ansia liberadora da literatura.

_____, “Fausto”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 333, 28 setembro 2000, pp. 2-3.

Comenta o *Fausto* de Goethe, un libro que leu facéndolle caso ao consello de Otero Pedrayo. Sinala que este dicía que a verdadeira proba dun clásico reside na súa permanencia a través do tempo, de aí que esta obra non requira necesariamente coñecementos de mitoloxía grega ou da historia dos nibelungos. A seguir, Cordal salienta a fidelidade ao pensamento e á vida do autor que reflicten estas páxinas, que, máis adiante se converten nunha “magnífica obra para entreter”, nun “relato folclórico” e nunha “catedral de pensamento” dotada de humor. Por todo isto, di que é un libro que conserva a frescura, todo un testamento de Goethe que topou unha grande traducción ao galego de Luís Tobio publicada por Laiovento, editorial á que agradece a iniciativa e a súa traxectoria.

Cores, Baldomero, “A Real Academia Gallega en Mondariz”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 23 xaneiro 2000, p. 28.

Refírese ás sesións celebradas, o 30 e 31 de agosto de 1920, pola RAG no Balneario de Mondariz nas que Enrique Peinador Vela e Enrique Peinador Lines tentaron acadar a integración total entre a cultura e a empresa autóctona. Sinala as críticas recibidas pola celebración desta sesión “fóra do domicilio da corporación” e conclúe sinalando cómo Francisco Lloréns foi o encargado de preparar a decoración do local de reunión.

_____, “Brañas e a evolución enxebre dos xéneros literarios. A incongruencia da fala e o esterotipo negativo dos galegos”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 303, 2 marzo 2000, pp. 16-17.

Repasa os comentarios feitos por Alfredo Brañas a obras da súa época nos que aborda a problemática situación que vive a prosa galega a finais do século XIX fronte ao florecemento experimentado pola poesía. Algúns destes comentarios son o de 1892 no seu artigo “Bibliografía gallega” no que sobrancea a importancia dos cultivadores da lírica fronte á falta de prosistas, do mesmo xeito que en todos os pobos se comezan as manifestacións literarias pola poesía, pondo como exemplos o pobo romano e grego. Segue aludindo ao mesmo no comentario a *Volvoretas* (1886), de García Ferreiro onde considera que o feito de ser rexeitada a lingua galega polas clases altas afectou ao cultivo da literatura en prosa, e xa en 1897 no comentario á comedia *Maruxiña* de Ricardo Caruncho e Francisco García Cuevas, considera que os homes galegos de letras se preocuparon máis da lírica, da épica e dos traballos históricos en detrimento do teatro para o que pide “crear el teatro gallego” fronte ao esquecemento da prosa. Malia as críticas de Brañas, a conclusión do articulista é que el se adaptou á situación escribindo poesía en galego e o resto da producción en castelán.

_____, “As raíces de Alfredo Brañas”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 9 xullo 2000, p. 22.

Lembranza dos actos de homenaxe a Alfredo Brañas en 1959 con motivo do centenario do seu nacemento entre os que se atopa un recital poético en Santiago e a publicación de varios artigos por parte da Xunta Alfredo Brañas para o “espallamento do pensamento” do autor. Sinala o especial dedicado a Carballo, terra de Brañas, de Francisco Otero Guldrís baixo o pseudónimo de Francisco Ángel Amil e dous do propio articulista titulados “Las raices ideológicas de Alfredo Brañas” e “Alfredo Brañas o la conciencia de crisis histórica” nos que se incluían datos inéditos como as partidas de nacemento e defunción e que, no caso do segundo, acadou o premio Centro Galego de Madrid. Tamén sinala que publicou sen asinar unha “Noticia bibliográfica de Alfredo Brañas”, e salienta en todos eles a busca da exaltación da personalidade e obra de Alfredo Brañas e a súa influencia na cultura.

_____, “O neotomismo de brañas”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 23 xullo 2000, p. 22.

Remítese ao seu artigo “Las raices ideológicas de Alfredo Brañas” publicado en *La Noche* o 17 de xaneiro de 1959 e no que ademais dos “Rasgos biográficos inéditos” deste autor, se centra no seu “Ideario filosófico” describindo a súa ideoloxía, a cosmovisión que ofrecía nas súas obras e o seu pensamento filosófico, salientando a pegada en todos eles da súa profunda relixiosidade, o que cualifica de “neotomismo”, ou o que é o mesmo, o acatamento do pensamento oficial da Igrexa. A seguir, repasa outros epígrafes nos que se refería ao seu pensamento político recollido en boa parte en *El Regionalismo* e compara a súa actitude coa de autores como Vázquez de Mella ou Murguía, finalizando cunha achega á “estructura económica” que el propuña.

_____, “Camiño de Carballo”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 6 agosto 2000, p. 22.

Describe polo miúdo os trámites que levaron a cabo dende a Xunta Alfredo Brañas para financiar a viaxe realizada a Carballo por un numeroso grupo de intelectuais galegos como parte dos actos de homenaxe a Alfredo Brañas en xaneiro de 1959. Reproduce algúns parágrafos das cartas enviadas a este Concello para solicitar a súa axuda e a boa acollida do alcalde. A continuación describe a viaxe, centrándose especialmente na participación dos membros da Xunta como Rodríguez Raña, Caamaño Penedo, Iglesia Alvariño ou Varela Jácome dos representantes do Padroado Rosalía de Castro como Manuel Beiras e Mosquera Pérez, ou doutro grupo como Borobó, Antonio Rodríguez Cadarso ou Maximino Castiñeiras. Remata referindo algunhas anécdotas da viaxe.

_____, “Os actos de Carballo e a Xunta Alfredo Brañas”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 20 agosto 2000, p. 14.

Céntrase nos actos de homenaxe organizados pola Xunta a Alfredo Brañas con motivo do centenario do nacemento do polígrafo o 18 de xaneiro de 1959 en Carballo. Ademais de referirse á colocación dunha placa na casa natal de Brañas, tamén se detén nas actuacións folclóricas e nas intervencións dos diferentes persoeiros asistentes, entre eles Manuel Pazos quen fixo unha descrición histórica da vila, o propio Baldomero Cores que disertou sobre o pensamento rexionalista do homenaxeado, Leandro Carré Alvarellos que, en nome da “Real Academia Gallega”, falou da emigración galega en América, así como a conferencia de Paulino Pedret e a intervención de Ezequiel Méndez Vidal que recitou o poema “Lembranza”, da autoría do homenaxeado.

_____, “Os problemas da fala e a polémica da placa de Brañas”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 17 setembro 2000, p. 19.

Desenvolve algúns aspectos da polémica iniciada por Amaro Orzán sobre os termos empregados na placa colocada na casa natal de Alfredo Brañas e na que se implicaron moitos intelectuais do momento. Salienta as diferentes disciplinas dos implicados, o que propiciou que a discusión se mantivese máis nun terreo emocional, “irónica ou retranqueira” que técnico, ata que a censura a pechou porque consideraba que “ía camiño de formar conciencia lingüística”. Tamén destaca que esta discusión puxo de manifesto a falta dunha gramática, dun vocabulario e dun diccionario de autoridades, ademais doutro material, así como a pasividade da Real Academia Galega ante tal panorama.

_____, “Unha fiestra para coñece-lo polígrafo”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 29 outubro 2000, p. 12.

Achéganos á exposición anual organizada polo Instituto Padre Sarmiento de Estudios Galegos dende 1948, repasando os motivos celebrados cada ano e algúns dos persoeiros relacionados con este evento ata 1959, ano no que, ademais de centrarse na Exposición Rexional Galega de 1909, di que cedía un espacio á figura de Alfredo Brañas por petición da Xunta que levaba o seu nome. Explica que consistía nunha vitrina na que, entre outras cousas, aparecían exemplares dos seus libros e publicacións, artigos de xornais e autografados, así como obxectos que lle pertenceran. Tamén sinala que do estudio sobre Brañas para o folleto desta exposición se encargara Paulino Pedret, e que nel se describían os “pasos públicos” de Brañas, á vez que reproduce unha parte do artigo no que se fai referencia á súa relación con autores como Murguía ou López Ferreiro, e algunha referencia a Rosalía de Castro.

_____, “As plumas ‘ben cortadas’ da Xunta Alfredo Brañas”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 12 novembro 2000, p. 17.

Lembra as colaboracións coa Xunta Alfredo Brañas de persoeiros que dedicaron algúns artigos á figura do polígrafo, entre eles Victoriano García Martí que fora alumno del e no que salienta a semellanza entre os métodos empregados por este e os da Institución Libre de Ensinanza, ademais de lembrar as viaxes que organizaba cos seus alumnos como Benito Varela Jácome, que en *Vida Gallega* daba algunhas notas do traballo da Xunta, en especial do recital poético celebrado o 11 de xaneiro de 1959 no Círculo Mercantil de Santiago e que cualificaba como “magnífico acto literario, modelo de organización” e, finalmente, el mesmo, quen en diferentes artigos dos seus “Anacos” se refire a este persoeiro, entre eles, “La personalidad de Alfredo Brañas”, “Un cuadro de Fenollera”, que alude ao retrato feito do autor por este pintor, “O señor das palabras” arredor dos actos celebrados como homenaxe a Brañas e “Brañas estudiado por Lucas Verdú”, no que se fai eco do recital poético celebrado en Santiago.

_____, “A icónica de Alfredo Brañas: o gravado de Mayer”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 26 novembro 2000, p. 17.

Comeza sobranceando a falta de material icónico sobre o autor e indica que foi a Xunta que leva o seu nome a que sacou á luz dúas imaxes del: un gravado de Enrique Mayer, aparecido en *La* Noche en 1959 acompañando o artigo de Paulino Pedret “Mis recuerdos de Alfredo Brañas” e o do propio Cores “Las raices ideológicas de Alfredo Brañas”, e un retrato de Xosé María Fenollera, dado a coñecer no recital do 11 de xaneiro de 1959. Tamén recolle as alusións feitas a este último por Paulino Pedret no devandito artigo e as dunha carta de Dionisio Gamallo Fierros á Xunta na que llo pide para ilustrar uns artigos que desexaba escribir sobre o retratado.

_____, “A imaxe de Brañas e a icónica publicística”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 10 decembro 2000, p. 17.

Pormenorizada análise do gravado de Brañas feito por Enrique Mayer e publicado o 30 de maio de 1888 en *Galicia Humorística*, en comparación cos aparecidos nesta mesma publicación de Eduardo Vicenti e Xesús Muruais e nos que o artista emprega técnicas diferentes.

_____, “As fotografías de Alfredo Brañas”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 24 decembro 2000, p. 17.

Céntrase na descrición pormenorizada de dúas fotografías de Alfredo Brañas, unha con traxe académico e outra feita durante a súa presencia nos Xogos Florais de Cataluña. Considera que a primeira pode ser froito do impacto do seu discurso de inauguración do curso 1892-1893 no Paraninfo da Universidade e a segunda di que foi publicada en 1893 con motivo da súa viaxe aos Xogos Florais cataláns, que está asinada por Thomas (autor dos gravados incluídos na obra *Galicia* de Murguía) e que aparece no folleto “Regionalisme. Discursos llegits en la festa dels Joch’s Florals…”. A continuación, compara esta fotografía coa aparecida en *El Eco de Galicia*, de Buenos Aires, o 30 de outubro de 1899, variante da anterior e acompañada dunha recensión biográfica e intelectual na que se lembra a súa participación nos Xogos Florais cataláns, algúns discursos e viaxes de Brañas que xustifican para Baldomero Cores a súa presencia nesta publicación.

Cruz, J., “La huelga dejó a Trives sin el busto de Acuña”, *La Región*, “Cultura”, 4 outubro 2000, p. 12.

Faise eco da homenaxe a Manuel Luís Acuña celebrada en Trives e á anécdota de que o busto que ía ser colocado non chegou ata o seu destino pola folga de transportistas. Tamén recolle as palabras do alcalde da vila, Luís Álvarez, quen destacou o compromiso de Acuña coa súa terra e o descoñecemento que ata hai ben pouco se tiña da súa figura. A seguir, refírese ás palabras de agradecemento do fillo e a viúva do poeta, presentes no acto no que se colocou unha lámina coa súa imaxe en substitución do mencionado busto. En columna á parte, faise referencia a outras homenaxes celebradas en Sobrado e Manzaneda, lugares vinculados á vida de Acuña, nos que se celebrou un recital poético, ademais dunha exposición, e se inaugurou unha placa cun texto alusivo ao escritor.

V.8. Publicacións en xornais: notas presentacións e escritos varios

P., “O IGAEM programou un milleiro de funcións durante o Xacobeo 99”, *Diario de Pontevedra*, 2 xaneiro 2000, p. 20

Indica que o Instituto Galego das artes Escénicas promoveu durante o ano 1999 diferentes actividades culturais en diversos concellos galegos. Subliña que estes espectáculos, principalmente de danza, música e teatro, sobrepasan en número aos celebrados no 98.

_____, “Carlos Casares, primer ponente del ciclo literario de Caixavigo”, *Diario de Pontevedra*, 19 xaneiro 2000, p. 13.

Destaca que Carlos Casares e Xurxo Souto abriron o ciclo de conferencias correspondentes ao simposio “Escritores galegos cara ó século XXI”, organizado por Caixavigo e Ourense. Subliña o propósito desta actividade cultural en palabras do seu coordinador, Francisco Castro, “saber cal é o estado de saúde da nosa literatura á beira do novo milenio”. Así mesmo, cita os relatores previstos para o resto dos actos do simposio, que se vai prolongar ata maio.

_____, “Fotografías de Lino Pazos”, *Diario de Pontevedra*, 22 xaneiro 2000, p. 12.

Sucinta noticia na que se dá conta dunha exposición do fotógrafo Lino J. Pazos consistente en 14 fotografías alusivas a monumentos de Castelao que se levantaron dende o ano 1975.

_____, “Una profesora italiana estudia las traducciones poéticas de Losada Diéguez”, *Diario de Pontevedra*, 22 marzo 2000, p. 10.

Dá conta da presentación do número 26 da colección “Biblioteca de Galicia”, *Traduccións poéticas* (1999), de Antón Losada Diéguez publicado pola Fundación Editorial dos Bibliófilos Galegos. Sinala que se trata dun estudio realizado por Cristina Marchisio, investigadora italiana que considera a Losada como un extraordinario coñecedor dos grandes literatos italianos e un magnífico traductor dos mesmos. Así mesmo, subliña que este traballo xa fora presentado con anterioridade pola profesora, concretamente en 1998, nun congreso en Barcelona.

_____, “El Museo exhibe el mundo teatral y escenográfico diseñado por Castelao”, *Diario de Pontevedra*, 27 marzo 2000, p. 7.

Fai referencia á exposición que sobre Castelao ía inaugurar de inmediato o Museo de Pontevedra. Comenta as liñas xerais sobre as que se fundamenta esta mostra, que xira ao redor da obra teatral do autor de *Os vellos non deben namorarse*.

_____, “Novas publicacións do Centro Ramón Piñeiro”, *Diario de Pontevedra*, 6 abril 2000, p. 30.

Alude ao acto de presentación dos novos traballos do ano 1999 do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en humanidades, entre os que se atopa a *Historia do pensamento antropolóxico*, de Alfredo Iglesias e a edición facsimilar de *A Gaita Gallega*, por parte de Luís Alonso Girgado. Destaca as palabras do presidente da Xunta de Galicia, quen presidiu a reunión e louvou a tarefa desenvolvida por este centro. Asemade, apunta que o coordinador do “Ramón Piñeiro”, Constantino García, fixo referencia aos traballos levados a cabo en 1999 e presentou as actividades programadas para o 2000.

_____, “O Centro Ramón Piñeiro desenvolverá vinteún proxectos de investigación neste ano”, *Diario de Pontevedra*, 9 abril 2000, p. 27.

Dá conta da reunión que celebrou en Santiago, o día 8 de abril de 2000, a comisión rectora do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Apunta que nesta xuntanza, presidida por Manuel Fraga, se tratou dos diversos proxectos levados a cabo polo Centro no ano 1999 e dos previstos para o 2000, facendo un repaso por cada un destes últimos e informando sobre o obxectivo destes.

_____, “Castelao e o teatro' se clausura el próximo domingo”, *Diario de Pontevedra*, 17 abril 2000, p. 7.

Refírese á exposición “Castelao e o teatro: escenografías”, aberta no edificio Sarmiento, no Museo de Pontevedra, con motivo do cincuentenario do seu pasamento. Informa brevemente do contido da mostra e ofrece os horarios de visita para os que desexasen achegarse a visitala.

_____, “Conferencia y ofrenda floral en memoria de Johán Carballeira”, *Diario de Pontevedra*, 17 abril 2000, p. 9.

Informa da homenaxe celebrada pola Asociación “Amigos de Johán Carballeira”, de Bueu e comenta os actos que se levaron a cabo para conmemorar o 67 aniversario da súa morte, como foron unha exposición foto-biográfica, unha proxección sobre a súa vida e obra, e unha conferencia-debate na que participaron o biográfo de Carballeira, Xosé Manuel Millán Otero, e o presidente da Asociación, Xosé Ramón Álvarez.

_____, “Escritores, políticos e intelectuales rindieron un homenaxe a Castelao”, *Diario de Pontevedra*, 24 abril 2000, p. 3.

Dá conta dos actos levados a cabo o Día Internacional do Libro, o 23 de abril, en Pontevedra, dedicados esta vez a homenaxear a Alfonso R. Castelao. Salienta a lectura da obra de Castelao no Teatro Principal, realizada por persoeiros dos diferentes ámbitos da sociedade galega. Asemade, recorda algunha das palabras pronunciadas polo Alcalde da cidade do Lérez, M.A. Fernández Lores.

_____, “La Uned celebrerá un curso dedicado a ‘Castelao e a súa época”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, 4 maio de 2000, p.5.

Anuncia un curso celebrado polo centro rexional asociado en Pontevedra da Universidade a Distancia arredor da figura de Castelao, baixo o título “Castelao e a súa época”. Complétase a información coa relación dos especialistas participantes, os lugares, os días e as horas das sesións.

_____, “Xornadas sobre Lingua e Literatura na Deputación”, *Diario de Pontevedra*, 8 maio 2000, p. 13.

Informa da celebración das III[as] Xornadas de Lingua e Literatura en Pontevedra, que acolle a Deputación, e refírese aos diversos relatorios previstos durante o transcurso do ciclo, entre os que se salientan os de Alonso Montero sobre literatura e política en Castelao e o de Antón Castro, encargado de pechar as Xornadas coa conferencia “Castelao e o ensaio artístico”.

_____, “La figura de Castelao seguirá presente en el verano pontevedrés”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, 20 maio 2000, p. 11.

Centra a información nas actividades que o concello pontevedrés programa para o verán sobre a figura de Castelao, entre as que destaca unha feira do humor, con exposicións, ciclos de cinema, teatro e a entrega dos premios “Castelao de humor gráfico” e un congreso chamado “Castelao co pensamento en Galiza”. Tamén dá conta do desenvolvemento ata o intre da celebración do Ano Castelao en Pontevedra.

_____, “Cinco horas de poesía gallega en el Ateneo”, *Diario de Pontevedra*, 3 xuño 2000, p. 14.

Breve noticia na que dá conta dun recital de poesía que durante cinco horas tivo lugar no Auditorio da Caixa de Pontevedra. Cita algunhas das poetas participantes como foron Lucía Aldao, Marilar Aleixandre ou Enma Couceiro, entre outras.

D. J., "*Enclave*' propón un cambio na orientación cultural, tamén na normativa, cara Portugal", *El Correo Gallego*, 18 febreiro 2000, p. 75.

Refírese á presentación en Santiago dun monográfico de *Enclave*, no que se inclúe un texto inédito de Marinhas del Valle, dous debuxos tamén inéditos (un de Manuel Lourenzo e outro de Raimundo Patiño) e un poema de Egito Gonçalves. Asemade sinala que o coordinador da revista comentou que entre Galicia e Portugal deben potenciarse os intercambios en todos os campos, polo que a Lei de normalización tamén debería contribuír a esta conexión.

_____, “Antídoto ó minifundio”, *O Correo Galego*, 22 xaneiro 2000, p. 41.

Salienta parte do discurso pronunciado por Pilar García Negro durante a súa intervención no Congreso celebrado en Rianxo, entre o 25 e o 29 de xaneiro, para homenaxear a figura de A. R. Castelao con motivo do seu cincuenta cabodano. Subliña desta conferencia aspectos significativos como a afirmación de que o egrexio literato “escolle o pobo galego como suxeito épico”. Asemade, fai referencia ás palabras máis relevantes doutros ponentes que participaron nos actos do 26 de xaneiro, como Henrique Monteagudo, X. M. Dobarro, Mª do Carme Krukemberg, X Rábade, Luz Pozo ou Carlos Casares, de quen salienta a súa afirmación de que “ a mitificación actual de Castelao só o degrada e o despurifica”.

D. J./C. L., “Rianxo volve fundirse con Castelao nunha homenaxe ó seu veciño ilustre”, *El Correo Gallego*, 10 xaneiro 2000, p. 65.

Dá conta de novas homenaxes a Castelao, unha en Rianxo e outra en Pontevedra. Da celebrada na vila natal do egrexio galeguista, informa que se xuntaron unha serie de persoas, intelectuais e asociacións culturais, para recordalo, sobre todo, a través de lecturas de fragmentos da súa obra. Da segunda homenaxe, salienta que lla fixeron en Pontevedra coa presencia de varias bandas musicais.

D. R., “Los alumnos denuncian deficiencias en la Escuela Municipal de Teatro”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 21 decembro 2000, p. 9.

Recóllense as protestas levadas a cabo polos alumnos da Escola Municipal de Teatro de Vigo, coas que pedían melloras nas instalacións e nos materiais. Sinala que repartiron folletos nos que denunciaban as deficiencias coas que se enfrontan os oitenta alumnos desta escola, entre elas a falta dun local propio que os obriga a empregar as dependencias da Asociación de Veciños Monte da Mina de Castrelos no que seis profesores imparten os dous primeiros cursos de formación teatral.

Dans, Raúl, "¿Nace alguén sabéndoo todo sobre a vida?", *El Correo Gallego*, "*Correo das Culturas*", nº 27, 4 xuño 2000, pp. 9-10.

Comenta sucintamente o proceso da escrita e o papel do que escribe en xeral, citando a Montaigne ou a Heminway, para logo analizar a súa experiencia como dramaturgo. Subliña que despois de levar sete anos creando obras comprendeu que o que ten que "dicir é finito" e vese como un autor con moitas limitacións, pero di que segue adiante porque percibe a escrita como unha "loita" entre o "desexo" de ir máis alá e a "fustración" que supón non alcanzar certos fins.

Darriba, Manuel, “Invasión e victoria”, *El Progreso*, “Relatos”, 23 xuño 2000, p. 53.

Relato no que se narra a singular batalla que manteñen dous bandos: o protagonista que está escondido nun arborado e que dispara os seus proxectís contra o inimigo, sitiado e medio rendido, na casa consistorial.

_____, “Xustiza poética”, *El Progreso*, 1 outubro 2000, p. 105.

Pon de relevancia que a entrada de Méndez Ferrín na Real Academia Galega era unha débeda que o mundo cultural galego tiña co ourensán. Subliña que o autor de *Arraianos* sempre se caracterizou por unha mesma liña ideolóxica, que se fai patente en toda a súa obra, salientando que ese particular pensamento lle valeu “a súa marxinación dos círculos oficiais”.

Delgado, F./Jesús M. **García**, “La viuda de Valente recuerda que el poeta se sentía “enormemente gallego”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 20 xullo 2000, p. 49.

Recóllense declaracións da viúva de Valente nas que menciona que estivo traballando ata o final e que se sentía “enormemente gallego” na distancia polo que decidiu que as súas cinzas descansasen no panteón familiar de Ourense. Así mesmo infórmase de que a súa biblioteca, con más de sete mil volumes, será doada á Universidade de Santiago de Compostela e que no próximo curso haberá unha cátedra de Poesía Estética dedicada ao poeta. Sinálase tamén que representantes da Deputación de Ourense recoñecen a existencia dunha débeda con Valente que quedará saldada cando se publique toda a súa obra, proxecto do que forma parte a edición dun estudio sobre a súa obra editado pola Deputación.

Díaz, Antonio, “Celebrouse en Barcelona o primeiro dos actos do Día da Cultura Galega en Cataluña”, *Galicia en el Mundo*, nº 369, 24-30 abril 2000, p. 16.

Fai referencia ás diferentes actividades que se realizaron no primeiro acto do programa “conmemorativo do Día da Cultura Galega en Cataluña”. Informa de que todo xirou arredor dunha homenaxe a Castelao e a Otero Pedrayo. Nomea os diferentes participantes, de entre os que destaca o discurso de Basilio Losada, quen louvou a Castelao e sinalou o seu triunfo por lograr “que os seus perseguidores hoxe non teñan máis que rendirlle homenaxe”.

_____, “O director xeral de Política Lingüística visitou á ACG Rosalía de Castro de Cornellá”, *Galicia en el Mundo*, “Sociedad”, nº 404, 25-31 decembro 2000, p. 18.

Faise eco dos actos de celebración do vixésimo aniversario da Asociación Cultural Galega Rosalía de Castro de Cornellá, que contaron coa presencia do director xeral de Política Lingüística, Xesús G. Moreiras, e entre os que se sinala a exposición retrospectiva do labor da asociación durante os seus vinte anos de existencia. Tamén se refire á entrega de diplomas aos alumnos do cursos de galego organizado pola entidade, os do certame de debuxo e o IIº Premio do Certame Nacional de Poesía en Lingua Galega Rosalía de Castro a Ana Vázquez Estévez. Do mesmo xeito refírese ás palabras de agradecemento de Xesús Moreiras e á visita de toda a comitiva ao monolito en honor de Rosalía de Castro levantado pola asociación en 1990 no Parque de Can Mercader.

Diez, Sara, “El bajo coste de las entradas provoca que se invierta menos en el teatro gallego”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 15 xuño 2000, p. 78.

Infórmase do resultado das estatísticas que aparecen no informe anual da Sociedad General de Autores presentados en Santiago polo delegado deste organismo en Galicia, Javier Vidal, das que se deduce o pouco que os galegos gastan no teatro. A este respecto Roberto Vidal Bolaño opina que cómpre relativizar estas estatísticas porque hai que ter en conta que en Galicia é moito máis barato asistir a unha representación xa que os prezos son máis asequíbeis e hai poucas salas; Raúl Dans sinala a escasa tradición teatral en Galicia e o perigo das subvencións que habitúan a xente a non pagar ou pagar moi pouco por acudir a unha obra.

Docampo, Xabier P., “A última casa que fixo meu bisavó”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 9 agosto 2000, p. 12.

Breve relato que condensa nunhas cantas liñas a desafortunada historia dos derradeiros inquilinos da última casa que construíu o bisavó do narrador. Conta, ironicamente, como a señora da casa por celos provoca intencionadamente a morte do seu criado e namorado, ao tempo que tamén é culpábel da súa filla, namorada do amante da nai, ao contarlle o sucedido.

Domínguez Alberte, Xoán Carlos, “Outono de 'Fírgoas”, *La Región*, 15 setembro 2000, p. 30.

Realiza unha pequena aproximación ao libro de poemas *Fírgoas* de Manuel Luís Acuña, publicado por primeira vez en 1933, ademais de informar da inmediata saída do prelo dunha obra de Xerais que pretende ser unha homenaxe ao poeta da Terra de Trives. Así, subliña que o seu poemario *Fírgoas* contén unha poesía que está a medio camiño entre “a modernidade e a tradición da época”, apuntando que este se divide en diferentes apartados que están dedicados a persoeiros como Risco. Por último, anuncia numerosos actos ao redor da figura e obra de Acuña.

Domínguez Prieto, Xosé Manuel, “Marcos Valcárcel ou o ensaio intrahistórico”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 16 xaneiro 2000, p. 19.

Comenta as liñas arredor das cales xira o ensaio histórico de Marcos Valcárcel. Subliña que o ourensán afronta o feito histórico dunha maneira particular, observando como os acontecementos do pasado “ posibilitan o noso futuro inmediato”. Apunta, entre os seus numerosísimos traballos, dous estudios sobre Otero Pedrayo e un ensaio sobre a Xeración Nós. Así mesmo, cualifica ao historiador ourensán como un bo coñecedor da literatura galega e unha persoa comprometida coa nosa cultura.

_____, “Atrancos do ensaio en galego”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 13 febreiro 2000, p. 27.

Quéixase do pouco recoñecido que está o ensaio en lingua galega, pondo de manifesto os principais “atrancos” cos que se atopa este xénero. Culpa disto ao propio escritor, ao lector e ao mundo das letras en xeral. Exemplifica esta situación anormal co ciclo de conferencias “Escritores galegos cara ó século XXI”, organizado por Caixavigo e Ourense, onde o ensaio está ausente, ou referíndose á falta de referencias a el nalgunha historia da literatura.

_____, “Xesús Manuel Valcárcel: o pensamento sentimental (I), *O Correo Galego*, “Lecer”, 20 febreiro 2000, p. 27.

Alude á obra ensaística do poeta Xesús Manuel Valcárcel, unha triloxía que contén os seguintes títulos: *Animal sentimental*, *Dialéctica sentimental*, *Práctica sentimental.* Apunta que estes ensaios xiran arredor dunha filosofía particular, “ o coñecemento da persoa... pola vía sentimental”, subliñando como base deste pensamento a grandes figuras do noso país, coma Rosalía ou Celso Emilio Ferreiro. Por último, detense no primeiro título da triloxía, sinalando a súa base antropolóxica de “feitío existencialista”.

_____, “A dispoñibilidade do escritor”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 9 abril 2000, p. 27.

Centra o artigo ao redor da virtude da “dispoñibilidade” e a todo o que esta significa, dunha forma abstracta e tamén concreta, poñendo como exemplo indiscutíbel desta a Otero Pedrayo. Así afirma que o autor dos *Camiños da vida* era unha persoa disposta a todo o que se lle pedía, xa ben fora para dar unha conferencia ou para asistir a algún acto, mais sobre todo para colaborar no proxecto común de construír unha “cultura galega”.

_____, “Luís Martínez-Risco Daviña”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 4 xuño 2000, p. 19.

Achégase aos ensaios de Luís Martínez Risco Daviña analizando a interpretación que este fai dos feitos históricos en comparación con outras obras como *Pé das Burgas*, de Marcos Valcárcel; *A historia da historia. Aproximación a unha historiografía galega: de Murguía a Risco*, de Xosé Ramón Barreiro; *O ronsel priscilianista na cultura de Galiza*, de López Pereira; ou *Lembranzas dun mundo esquecido*, de Xosé Vicenzo Freire Lestón. Sinala que nela se dan dous elementos fundamentais: o ensino que se fai da historia e o nacionalismo, e considera que nunca hai obxectividade nin neutralidade cando se expoñen os feitos. Tamén alude á súa idea de que o nacionalismo galego se apoia no pasado e non precisa tal “esteo”, porque a identidade está baseada na tradición.

_____, “Carlos Casares”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 23 xullo 2000, p. 21.

Comenta a particular “técnica ensaística” de Casares, destacando de entre os seus ensaios *Un país de palabras*. Sinala que o director de Galaxia neste traballo aproxímase a unha serie de escritores, como Otero, Risco ou Cunqueiro, “dun xeito narrativo e biográfico”. Asemade, afirma que deste tipo de ensaio son outros moitos estudios do autor de *Ilustrísima* e doutros escritores do panorama cultural galego. Salienta que estes así “recuperan os alicerces do noso pensamento e, xa que logo, da nosa identidade”.

_____, “O pensamento personalista de Rodríguez Castelao (I)”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 29 outubro 2000, p. 14.

Achega ao pensamento de Castelao a través das súas obras e comparando a súa visión do mundo coa doutros grandes filósofos como Marcuse, Mounier ou Habermas, aos que tamén di que o asimila a súa sensibilidade e reflexión a favor da persoa concreta. Considera que en obras como *Cousas da vida*, *Un ollo de vidro* (1922) ou *Os dous de sempre* (1934) ofrece verdadeiros tratados de filosofía e psicoloxía do ser galego, do mesmo xeito que que en *Sempre en Galiza* (1944) desenvolve “unha auténtica antropoloxía da persoa galega”. A continuación, desenvolve en diferentes puntos o que el chama os “alicerces” do pensamento do rianxeiro con ideas como a evolución e creatividade do home coa que busca a felicidade, a intelixencia e a liberdade como potencias humanas, a forza creadora do pobo ou a característica de ser un ente que loita entre o particular e o universal, exemplificado en *Os dous de sempre*: Rañolas fronte a Pedro, o creativo fronte ao inhibido e sen pulo, o mesmo que os pícaros que se atopan en *Cousas*.

Dopico, Montse, “A letra esquecida”, *O Correo Galego*, “AFA”, 15 setembro 2000, p. 29.

Comenta o “estancamento” no que se atopa o libro escrito en galego e os factores que contribúen a isto, mediante as palabras de intelectuais que defenden a nosa cultura, como Manuel María, Charo Portela, Xosé María Álvarez Cáccamo ou Fernán Vello. Apunta, entre as diferentes causas, a falta dun verdadeiro compromiso por parte das institucións e de todo o que rodea o mundo do libro.

_____, “O teatro galego demanda máis apoio e máis espacios dotados para a actuación”, *El Correo Gallego*, “Sociedad-Cultura”, 8 decembro 2000, p. 75.

Faise un repaso do que foron os últimos anos do teatro galego a través de estudios e opinións de persoas relacionadas con el. Entre os primeiros nomea *Da nova dramaturxia ó novo teatro* (1998), coordinada por M. F. Vieites, obra na que se sinala a diversificación temática e a exploración de “linguaxes e xéneros” que experimentou dende mediados dos oitenta ata finais dos noventa. Dos segundos recolle a idea de Manuel Lourenzo de que durante os oitenta houbo un baleiro, mentres que para Roberto Vidal Bolaño deuse a busca dunha estética propia dos galegos sen chegar a conseguila. Pola súa banda, Quico Cadaval fala da necesidade de crear unha “cultura nacional” pero cunha prespectiva actual. Sobrancea como ideas comúns a todos eles as limitacións e a falla de criterios dos programadores teatrais, o mesmo que a existencia de proxectos de gran calidade creativa, acompañada de variedade que para Xesús Ron e Sarabela Teatro son síntomas de boa saúde.

E. A., “Monforte acogerá el próximo día 24 el homenaje de un grupo de poetas a Lois Pereiro”, *La Voz de Galicia*, 9 maio 2000, p. 80.

Informa da homenaxe realizada o día 24 de maio ao poeta Lois Pereiro, para lembralo cando se cumpre o seu cuarto cabodano. Explica brevemente este acto e di que se trata dun recital poético coa participación de autores como Manuel María ou Xulio López Valcárcel. Finalmente, recorda sucintamente quen era esta figura de Monforte.

E. F., “O New York Times loa a pureza da poesía de valente”, *O Correo Galego*, 1 agosto 2000, p. 33.

Ofrece unha síntese do artigo publicado no *New York Times* sobre José Ángel Valente. Apunta que neste xornal neiorquino se lembran as características máis relevantes da súa poesía, salientando, asemade, as súas facetas de profesor, crítico e traductor. Ademais, indica que para Douglass Rogers a obra poética de Valente “comeza coa palabra máis que coa realidade externa”.

E. G., “Castelao no exilio' abre las II Xornadas do Ensino en Tomiño”, *Faro de Vigo*, 13 setembro 2000, p. 17.

Informa da conferencia que co título “Castelao no exilio” ten previsto impartir Bieito Alonso. Comenta que esta conferencia abre as II[as] Xornadas de Ensino desenvolvidas no Instituto Secundario de Tomiño. Tamén dá conta do resto do programa das xornadas no que salienta o curso a cargo de Agustín Fernández Paz e David Otero titulado “O pracer de ler e escribir”.

E. N., “Unha aldea á beira do Ulla”/“Anxo Angueira percorre en Santiago as claves de ‘Pensa Nao’, premio Xerais 99”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 21 xaneiro 2000, p. 31/p. 75.

Dá conta do acto de presentación da novela de Anxo Angueira *Pensa nao*, Premio Xerais 1999, na Facultade de xornalismo de Santiago de Compostela. Recolle o máis relevante do encontro, no que os relatores, entre eles, Carme Hermida, Manuel Bragado ou o propio autor, comentaron os detalles da obra. Salienta que para o director de Xerais aparece unha nova modalidade xenérica, a da “novela de aldea”. Apunta, así mesmo, as liñas temáticas ao redor das que xira a novela, “unha obra do século XXI” para Carme Hermida, subliñando que o autor intentou presentarnos “unha nova óptica da aldea”.

_____, “Das impresións das lecturas”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 11, 28 xaneiro 2000, p. 4.

Coméntase o papel da crítica no panorama literario galego a través do testemuño de varios escritores, que senten que esta é fundamental para as nosas letras. Ponse de manifesto que a crítica actual, dividida en dous grupos por Víctor Freixanes e Xurxo Borrazás, a dos medios de comunicación e a especializada, non é suficiente. Así, indícase que para Agustín Fernández Paz os que escriben literatura infantil son practicamente “invisibles”, propoñendo, como Marilar Aleixandre, que se fagan máis recensións para, polo menos, dar a coñecer novas publicacións. Apúntase, ademais, que todos cadran no feito de que un desenvolvemento da nosa crítica sería excelente para mellorar a calidade da literatura galega.

_____, “En marzo cúmprense 90 anos do pasamento de López Ferreiro, cóengo arquiveiro de Santiago”, *El Correo Gallego*, 8 febreiro 2000, p. 75.

Fai referencia ao próximo 90 cabodano de Antonio López Ferreiro, autor de *A tecedeira de Bonaval* ou *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela.* Realiza un percorrido pola polifacética vida deste cóengo arquiveiro da Catedral de Santiago, e salienta a súa vertente como historiador.

_____, “Ferrín, en acción”, *O Correo Galego*, “AFA”, 14 febreiro 2000, p. 17.

Dá conta da elección de Méndez Ferrín como novo membro da Real Academia Galega. Indica que o autor de *Retorno a Tagen Ata* está moi feliz coa súa próxima entrada nesta ilustre institución, porque coida que nela se está a producir “un esperado rexurdimento”. Apunta, tamén, que Ferrín respecta a actual norma proposta pola RAG e polo ILGA. Por último, afirma que o escritor ourensán ve moitas carencias no panorama cultural galego que cumpriría mellorar, tales como a pouca presencia da nosa lingua nos xornais.

_____, “Librerías con vistas ó futuro”, *O Correo Galego*, “AFA”, 3 maio 2000, p. 30.

Fai mención á elección de Xaime Corral como novo presidente da Federación de Libreiros de Galicia. Ofrece as primeiras declaracións deste arredor das cales van ser as súas “principais liñas de actuación”. Así, sinala que vai centrar os seus esforzos a prol do “fomento do libro e da lectura en Galicia”, entre outras cousas, mellorando o sector con novas tecnoloxías e formando os libreiros.

_____, “Libros en galego no verán”, *El Correo Gallego*, *Correo das Culturas*, nº 34, 23 xullo 2000, p. 10.

Indica algunhas das novas apostas das editoriais galegas para o verán e ofrece brevemente un resumo do seu contido. Así, destaca títulos do 2000 como *Ten o seu punto a fresca rosa*, de María Xosé Queizán, *As galiñas do vento*, antoloxía poética de Günter Grass, *Cascas de noz*, de Beatriz Dacosta, *Triloxía pánica*, de Xosé Miranda ou *A memoria das árbores*, de Xosé Antonio Neira Cruz. Remata lembrando que este é o ano de Manuel Murguía, Manuel Antonio e Castelao, sobre os que di hai moito que ler.

_____, “Libros para levar no peto”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 35, 30 xullo 2000, p. 10.

Tras facer unha breve descrición dos chamados “libros de peto”, alude ás diferentes colecciónsdeste tipo de libro, que sacan do prelo as editoriais, sobre todo no verán. Primeiramente, refírese a títulos de editoriais galegas, como “Xerais Peto”, de Edicións Xerais de Galicia, ou aos “Minilibros” de Galaxia. Remata sinalando algunha das colecciónsen castelán, de editoriais como Planeta ou Plaza Janés.

_____, “Un outono de follas novas”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 42, 17 setembro 2000, p. 10.

Realiza unha concisa presentación das novas publicacións de cara ao outono, enumerando os títulos máis relevantes de cada casa editorial. Principia coas novidades de Galaxia, que está a festexar o seu cincuenta aniversario, subliñando títulos como *A máscara de palma* de Fina Casalderrey, *O vento do espírito: de Risco a Ramón Piñeiro* de Carlos Fernández ou *Libra* de Gonzalo Navaza. De Xerais, fai referencia á inmediata edición do *Gran Diccionario Xerais de Lingua*, ademais de apuntar títulos coma *A Loba* de Bento da Cruz ou *As cousas claras* de Xosé
A. Neira. Tamén, alude á colección Xerais “Peto”, que conta con novidades coma *Tute para catro* de Xesús Fraga. E o mesmo fai con outras editoriais galegas, como Ir Indo, Sotelo Blanco, Laiovento, Ediciós do Castro, Edicións do Cumio ou Kalandraka Editora.

E. P., “O Igaem programou máis de mil funcións de teatro, música e danza durante a celebración do Ano Xacobeo 99”, *El Correo Gallego*, 2 xaneiro 2000, p. 76.

Fai mención do amplo número de actividades que organizou o Instituto Galego de Artes Escénicas, en diferentes concellos galegos, dentro do programa Xacobeo 99 e subliña que se superou enormente a cantidade de espectáculos do 98.

_____, “Cincuenta aniversario de la muerte de Daniel Castelao”, *El Correo Gallego*, 7 xaneiro 2000, p. 75.

Refírese, primeiramente, á homenaxe realizada a Castelao en Rianxo e ofrece parte do programa, como a inauguración das exposicións *Castelao na Bretaña* e *50 homes por dez reás*. De seguido, fai mención á posta en funcionamento do primeiro museo virtual sobre o rianxeiro, organizado pola Fundación Castelao, Vieiros e o Consello da Cultura Galega.

_____, “O Concello da Coruña propón que o Día das Letras Galegas do ano 2001 se dedique a Miguel González Garcés”, *El Correo Gallego*, 21 marzo 2000, p. 74.

Fai referencia á decisión da Cámara Municipal da Coruña de suxerir o nome de Miguel González Garcés como o próximo homenaxeado o Día das Letras Galegas. Recolle a opinión de diferentes grupos políticos, que cadran no feito de salientar a persoa do polifacético escritor. Subliña, en palabras de Antonio Eiras, que o historiador coruñés é o “xenuino galeguismo desde o coruñenismo”.

_____, “Vedra organiza unas jornadas sobre el polígrafo Antonio López Ferreiro”, *La Voz de Galicia*, 17 marzo 2000, p. 45.

Anúnciase o inicio das xornadas monográficas sobre a figura de Antonio López Ferreiro os días 25 e 26 marzo, na Casa dos Peóns de San Pedro de Vilanova, en Vedra. Faise mención dalgúns dos participantes como Ramón Villares ou José María Díaz Fernández.

_____, “Manuel Antonio, a debate nun congreso en Rianxo”, *El Correo Gallego*, 28 marzo 2000, p. 76.

Dáse noticia do inicio do congreso sobre Manuel Antonio celebrado na Casa de Cultura do municipio coruñés de Rianxo os días 30 e 31 de marzo. Infórmase, ademais, das conferencias e relatorios previstos neste encontro e cita algúns dos participantes como Benito Varela Jacome, Paulino Vázquez, Xosé Manuel Costas ou Xosé Luís Axeitos, entre outros.

_____, “Murguía e Castelao, a debate hoxe en Pontevedra”, *El Correo Gallego*, 9 maio 2000, p. 74.

Dá conta da inauguración das III[as] Xornadas de Lingua e Literatura en Pontevedra, salientando que van centrar nas figuras de Manuel Murguía e Alfonso R. Castelao. Ademais, fai un repaso polas distintas xornadas, destacando algunhas conferencias.

_____, “A Biblioteca de Estudios Locais da Coruña inaugura unha exposición sobre a obra de Castelao”, *El Correo Gallego*, 27 maio 2000, p. 75.

Refírese á inauguración da exposición *Castelao. Retallos da súa obra*, organizada pola Biblioteca de Estudios Locais da Coruña. Apunta as liñas xerais arredor das que xira a mostra, que en palabras de Xosé Ramón Barreiro se trata dunha “serie de fotogramas dun home que viviu e morreu exclusivamente para e por Galicia”.

_____, “La figura de Castelao inaugura las actividades culturales de la Asociación Follas Novas”, *La Voz de Galicia*, 22 xuño 2000, p. 13.

Dá conta da andadura dunha nova asociación cultural, “Follas novas” de Bertamiráns, con numerosos actos de inauguración, como unha exposición sobre Castelao ou un recital poético. Indica que a asociación “xorde da necesidade de lanzar un proxecto independente que dinamice a vida cultural” do concello. Asemade, informa de futuras actividades.

_____, “Convocan o II premio Blanco Torres de xornalismo de opinión”, *O Correo Galego*, “Comunicación”, 28 xuño 2000, p. 45.

Alude ao acto de presentacion das bases deste premio, ao que asistiron o Vicerrector de Extensión Cultural da USC, Xosé Manuel Rivera, o alcalde de Cuntis, Eduardo Rey, e o profesor Víctor Freixanes. Deste último, reproduce parte das súas declaracións coas que sinalou que este premio “naceu con vocación clara de recoñecer e fomentar a opinión nos medios de comunicación”. Por outra parte, apunta que Roberto Blanco Torres é unha das figuras máis destacadas do periodismo galego, “considerado como o símbolo da liberdade de expresión e dos esforzos de toda unha xeración por contribuír a unha sociedade civil máis xusta, libre e democrática”.

_____, “Versos de Pura Vázquez para Rosalía”, *Diario de Pontevedra*, 20 xullo 2000, p. 62.

Alude ás lembranzas que a poetisa Pura Vázquez garda da peregrinación que, xunto con outros intelectuais, realizou en 1951 polos lugares rosalianos. Subliña que esta viaxe cultural foi gravada en vídeo por Antón Beiras e que recolle momentos tan relevantes como a lectura dun poema que a escritora ourensá realiza na casa padronesa da autora de *Follas Novas*. En palabras de Pura Vázquez, explícase que este percorrido tiña un importante “contido político e reivindicativo”, aínda que encuberto. Asemade, salienta a influencia que Rosalía de Castro tivo sobre Pura Vázquez dende que esta era moi nova.

_____, “Augasquentes’ recibe as cinzas do poeta Valente”, *O Correo Galego*, “AFA”, 28 xullo 2000, p. 32.

Fai alusión aos actos de homenaxe a José Ángel Valente o día no que as súas cinzas foron depositadas na súa cidade natal, Ourense. Refírese ao funeral que houbo na súa memoria e ao acto previo no que o concello o nomeou fillo predilecto a título póstumo. Apunta que nesta sección o Alcalde de Ourense destacou os fortes “vínculos” que unían ao poeta coa cidade das Burgas, ademais de lembrar que Valente doou a súa ampla biblioteca á Universidade de Santiago de Compostela e que esta vai crear unha cátedra de poesía e estética.

_____, “The Times’ publica un artículo sobre el poeta gallego José Ángel Valente”, *El Correo Gallego*, 30 xullo 2000, p. 74.

Comenta o máis relevante do artigo que sobre J. A. Valente publicou o xornal británico *The Times*. Sinala que nel se fai un percorrido pola traxectoria vital do poeta ourensán, do que din foi “un dos máis importantes poetas españois do século XX”.

_____, “A escaseza en cifras”, *O Correo Galego*, “AFA”, 19 agosto 2000, p. 33.

Pon de relevo algúns dos datos extraídos do último informe da Confederación Española de Gremios e Asociacións de libreiros, que indica a situación do sector na actualidade por comunidades autónomas. No que respecta a Galicia, subliña que se vende moito máis en castelán ca en galego, a pesar de ser a segunda comunidade “onde se venden máis obras noutras linguas oficiais de España, fóra do castelán”.

_____, “La Casa de Galicia en Madrid rindió homenaje al poeta ourensano José Ángel Valente”, *El Correo Gallego*, 10 outubro 2000, p. 74.

Fai alusión ao acto de homenaxe a José Ángel Valente na Casa de Galicia en Madrid e salienta que participaron, entre outros, Darío Villanueva ou Claudio Rodríguez Fer. Apunta tamén que a viúva do poeta recordou que o seu home sempre “se sentiu enormemente galego desde a distancia”. Asemade, lembra que o poeta ourensán foi recoñecido con numerosos premios ao longo da súa vida, ademais de ser a súa obra obxecto de moitas traduccións.

_____, “Conferencia-recital de Luz Pozo en la Casa de Galicia”, *El Correo Gallego*, 13 outubro 2000, p. 74.

Dá conta das diversas actividades levadas a cabo pola Casa de Galicia en Madrid. No concernente á literatura galega, anuncia unha coferencia-recital impartida por Luz Pozo Garca. A seguir, fai un breve repaso pola súa traxectoria literaria.

_____, “O narrador e poeta Fran Alonso, nomeado novo subdirector para a Edición Xeral de ‘Xerais de Galicia”, *El Correo Gallego*, 17 novembro 2000, p. 75.

Dáse noticia do nomeamento de Fran Alonso como director para a Edición Xeral, por parte da dirección de Edicións Xerais de Galicia. Coméntase que este departamento atinxe ás colecções literarias, universitarias, infantís e xuvenís, turismo e obras singulares. Finalmente, dise que este nomeamento forma parte do proceso de reorganización do departamento de edición da editorial.

_____, “La Casa de Galicia en Madrid se une a los actos de homenaje por Alfredo Brañas”, *El Correo Gallego*, 21 novembro 2000, p. 75.

Anuncia os actos de celebración do centenario da morte de Alfredo Brañas na Casa de Galicia en Madrid, entre os que salienta a presentación do vídeo *Alfredo Brañas ou o amor a Galicia* e unha exposición de publicacións editadas con motivo deste aniversario. Tamén enumera algunhas das iniciativas da Fundación Alfredo Brañas como a edición facsimilar da revista *La Patria Gallega*, que fora o boletín da Asociación Rexionalista dirixida polo propio Brañas e por Murguía, así como a edición das súas *Obras Completas* en dous volumes e doce estudios sobre diferentes aspectos do autor baixo o título de *Colección Brañiana*.

_____, “Méndez Ferrín recibe o premio ‘Roberto Blanco’ de xornalismo de opinión”, *O Correo Galego*, “Comunicación”, 22 decembro 2000, p. 45.

Sinala que o gañador desta segunda edición foi Xosé Luís Méndez Ferrín polos artigos xornalísticos publicados en *Faro de Vigo* ao longo deste ano e, en xeral, pola súa traxectoria como escritor dos xornais. Apunta que o xurado, do que dá conta dos seus integrantes, considerou “tanto a calidade literaria coma a capacidade crítica, a liberdade de opinión e a defensa dos valores da identidade galega que con preiodicidade, afouteza e constancia mantén o autor nas páxinas do xornal vigués a través das seccións ‘Segunda Feira’ e ‘Os camiños da vida’, así coma a presencia do autor na prensa”. Remata referíndose ás causas que orixinaron a creción deste premio.

Eiré, A., P. **Castro** e C. **Vidal**, “Beiras acusa de ‘filisteos’ aos que ‘proscribiron’ a Castelao e agora lle levan flores”, *A Nosa Terra*, nº 917, 13 xaneiro 2000, pp. 2-3.

Faise referencia aos dous actos, un institucional e outro organizado polo BNG, celebrados ambos en memoria de Castelao no Panteón de Galegos Ilustres. Apúntase que nas dúas conmemoracións se fixeron ofrendas florais ante a tumba do rianxeiro e se cantou o himno galego, salientando a enorme diferencia entre os discursos oficiais e os dos nacionalistas, que criticaron ao poder vixente de escurecer o ideario político do autor de *Sempre en Galiza*. Finalmente, termínase cunha forte crítica ao goberno autonómico, pedindo que se lembre ao rianxeiro en todas as súas facetas .

Eiré, Afonso, “Responsabilizan o piñeirismo do proceso mistificador que hoxe padece Castelao”, *A Nosa Terra*, “Guieiro Cultural”, nº 958, 26 outubro 2000, p. 21.

Dá conta dalgunhas achegas feitas durante o congreso sobre Castelao celebrado en Pontevedra e organizado pola AS-PG, o Concello de Pontevedra e a Aula Castelao de Filosofía. Tamén fai un resumo das propostas dalgúns estudiosos participantes e representantes dos diferentes partidos políticos, sobranceando a visión que cada un deles expuxo do pensamento político do rianxeiro. Remata apuntando que a maior parte deles coincidiron en sinalar que a recuperación do pensamento de Castelao está sendo “parcial e deformada”. En cadro á parte, recóllense as palabras de Manuel María que lembra a actitude de moitos intelectuais durante a dictadura con respecto á obra do Rianxeiro e salienta o papel que xogaron as Asociacións Culturais na recuperación do seu pensamento.

Eiré, Afonso, Carme **Vidal**, Xosé Lois **Ribeiro** e César **Lorenzo**, "Só o 16% dos galegos definen a Castelao coma político", *A Nosa Terra*, nº 916, 5 xaneiro 2000, pp. 2-3.

Póñense de manifesto algúns datos extraídos dunha enquisa realizada por *A Nosa Terra* sobre o coñecemento que ten o pobo galego de Castelao. Indícase que a conclusión que se pode tirar é que a penas se coñece ao autor de *Cousas* e que se segue a primar a súa condición de artista sobre a de político, culpando disto ao poder. Saliéntase, así mesmo, que os resultados desta enquisa son moi semellantes aos da realizada hai cinco anos pola mesma empresa, destacando que estes a penas variaron para ben e que a figura do rianxeiro foi sempre moi "manipulada" polos partidos non nacionalistas. Reclama ás institucións que se permita coñecer mellor a este home que tanto loitou pola súa terra e que se afronte o seu estudio en profundidade. Remata pondo de relevo o triunfo de Castelao, xa que moitos que o tentaron negar en vida, agora hónrano.

Eiré, Xosé M., “Unha excelente colleita literária”, *A Nosa Terra*, nº 921, “Guieiro Cultural”, 10 febreiro 2000, pp. 27-28.

Dános conta dun amplo repertorio de obras que saíron ao longo de 1999. Comeza falando da prosa de ficción con autores xa consagrados que publicaron durante este ano: Méndez Ferrín deu aos seus lectores *No ventre do silencio*; Antón Risco, *Os fillos do río*; Fernández Ferreiro, *O atentado*, e Neira Vilas, *O home de pau*. Cítanse a continuación algunhas obras de prosa reflexiva, non moi habituais nas nosas letras. Dá tamén o nome de moitos autores novos que buscan sitio no panorama narrativo. De todos eles destaca a Xosé C. Caneiro con *Os séculos da lúa*, cualificado de “un auténtico obséquio para paladares exquisitos”. No tocante á narrativa infantil-xuvenil, menciona tres libros: *Guedellas de seda e liño*, de Mª Victoria Moreno; *Lume de biqueira*, de Vázquez Pintor, e *A banda sen futuro*, de Marilar Aleixandre. Continúa o repertorio de obras coa narrativa de non ficción, onde apunta obras de creación xunto a traduccións; nestas o lugar de honra é para *O poeta asasinado*, traducida por Alberte Allegue, por permitir descubrir a Apollinaire “tamén como un narrador extraordinariamente moderno”. No campo da poesía comenta títulos de moita importancia, dos que se destaca *Os cadernos da ira*, de Xosé Mª Álvarez Cáccamo. Salienta, ademais, o Batallón da Costa da Morte e a editora Letras da Cal por tentar recuperar a trascendencia social que tiña a poesía. Por último, ocúpase do teatro do que di que non sobran textos e que non é un espectáculo popular.

_____, “Libros, o agasallo rebelde”, *A Nosa Terra*, “Guieiro Cultural”, nº 967, 28 decembro 2000, p. 26.

Amplo percorrido pola oferta editorial galega con recomendacións para ver o libro como agasallo adaptábel a todo tipo de público. Comeza facendo recomendacións para os máis pequenos a través das primeiras letras con materiais como os caderniños “De vagar” ou “Pinta e colorea”, pasando polos *Contos populares* ou *Os bolechas*, así como coleccións como “Bambán”, “A Nosa Historia” ou a revista *Golfiño*. Para nenos de máis idade recomenda a colección “O cabalo buligán”, “Merlín”, “Fóra de Xogo” ou “Costa Oeste”, mentres que en narrativa céntrase en *Aire negro*, de Agustín Fernández Paz; *A máscara de Palma*, de Fina Casalderrey ou o cómic *Cita na Habana*, de Fran Jaraba. En canto ao que se lles pode ofrecer aos adultos, no que á literatura galega se refire, sinala a obra *Á de mosca* (1998), de Anibal Malvar; *Conversas con Teresa Castelao* (1999), de Manuel Dourado Deira; a *Obra Completa*, de Castelao; *Galicia*, de Manuel Murguía; os libros do Centro Dramático Galego para achegarse ao teatro con obras como *Comedias paranoicas*, de Gustavo Pernas, rematando pola poesía na que salienta obras como *m-Talá*, de Chus Pato e *Blasfemias do silencio*, de Alfonso Pexegueiro, e a antoloxía *d-Efecto 2000* (1999).

Espinoso, S., “La influencia de Galicia en Hemingway, según Casares”, *La Región*, 14 febreiro 2000, p. 8.

Alude a un dos últimos libros de Carlos Casares, *Hemingway en Galicia* (1999), publicado por Galaxia. Comenta que esta publicación trata a relación de Hemingway con Galicia e a influencia que as súas viaxes pola nosa terra tiveron nas súas obras. Destaca, tamén, que o Presidente do Consello da Cultura, Carlos Casares, afirma que non é “un libro de investigación... senón a narración dunha aventura persoal”.

_____, “La literatura gallega: Interesante sí, pero...”, *La Región*, 29 febreiro 2000, p. 14.

Infórmase do contido do debate que tivo lugar na Aula de Cultura de Caixavigo e Ourense dentro do ciclo “Escritores galegos cara o século XXI”, na que interviron os escritores Jaureguizar e Camilo Franco. Comenta que este debate xirou arredor da importancia que ten a literatura galega, e faise un breve resumo das opinións que cada un dos conferenciantes ten ao respecto.

_____, “Una exposición hecha de recuerdos”, *La Región*, 21 marzo 2000, p. 14.

Informa da inauguración da exposición “Bebedeira de ensoños”, sobre a vida e obra de Florencio Delgado Gurriarán, no Edificio Simeón de Ourense. Tras citar a algún dos asistentes, políticos e intelectuais, comenta certos aspectos da mostra, inaugurada por Luís Baltar, subliñando a variedade do material exposto.

_____, “Pura Vázquez se licencia como pregonera”, *La Región*, “Cultura”, 4 xuño 2000, p. 15.

Informa da inauguración da Feira do Libro a cargo de Pura Vázquez Recóllese a relación de persoeiros, culturais e políticos, que acudiron á lectura do pregón e reflicte as queixas dos libreiros expositores, que lamentan “a colocación de tres casetas no espacio de dúas”.

_____, “Blanco Amor, “republicano y galleguista”, *La Región*, 7 outubro 2000, p. 13.

Fai referencia á conferencia que sobre Blanco Amor deu o catedrático de historia Antonio Fernández Vide no Liceo de Ourense. Apunta que este se centrou, sobre todo, na faceta xornalística do autor da *Esmorga* no exilio arxentino, salientando a libertade coa que se movía para expresar as súas ideas republicanas.

_____, “Galicia “oitenta anos despois” da Xeración Nós”, *La Región*, “Cultura”, 10 novembro 2000, p. 13.

Anuncia a celebración do simposio “Oitenta anos despois” organizado por diferentes entidades ourensás, entre elas a Fundación Vicente Risco, no que di que se quere conmemorar o oitenta aniversario da *Revista Nós* e da obra *Teoría do nacionalismo* (1920), de Vicente Risco, da que se presentará a edición crítica durante o simposio. En palabras de Luís Risco, secretario da Fundación, centraranse na preocupación da Xeración Nós por Galicia e a situación actual. Remata indicando algúns dos participantes como Justo Beramendi, Xosé María Rivera Otero ou Marcial Gondar, entre outros.

Estévez, A., “Un congreso maratoniano con poucas novidades sobre Castelao”, *A Nosa Terra*, nº 920, “Guieiro Cultural”, 3 febreiro 2000, p. 25.

Fai un breve percorrido polo que deu de si o congreso que sobre Castelao se celebrou en Rianxo entre os días 25 e 29 de xaneiro, afirmando que nos diferentes actos se afondou pormenorizadamente na figura e obra do insigne galeguista. Apunta, asemade, que no congreso participaron diversos sectores da vida socio-cultural, dende políticos ata escritores, que analizaron dende diferentes perspectivas o bo facer do autor, salientando o máis relevante dos seus discursos.

_____, “Co teatro galego na casa de Maria Casares”, *A Nosa Terra*, nº 942, “Guieiro Cultural”, 6 xullo 2000, p. 27.

Fai mención á visita de membros do grupo teatral Casahamlet á casa da actriz María Casares en Francia, para participar nus encontros culturais. Apunta que a falecida artista doou a súa vivenda ao concello de Alloue, que a converteu na casa do actor e un centro de reunión de artistas de todo tipo. Describe brevemente a actuación dos galegos que, entre outras cousas, realizaron un recital con poemas de Curros, o preferido da filla de Santiago Casares Quiroga, e de Rosalía. Por outra parte, subliña que a casa da actriz contén unha morea de obxectos relacionados con Galicia, que se conservan tal e como ela os deixou, analizando a súa estancia na nosa terra e as súas posteriores viaxes a ela.

_____, “Concellos e entidades privadas, satisfeitos do Ano Castelao mália a deixazón da Xunta”, *A Nosa Terra*, nº 944, 20 xullo 2000, pp. 2-3.

Fai un balance do que está a dar de si o Ano Castelao, a través da opinión de diversos persoeiros, das diferentes institucións e partidos políticos de Galicia, tendo como referente algunhas actividades desenvolvidas pola AS-PG, a Xunta ou os concellos de Pontevedra e Rianxo. Así, principia referíndose ao parecer do Alcalde de Rianxo que se queixa do escaso apoio das autoridades autonómicas. Apunta que da mesma opinión é a parlamentaria Pilar García Negro, que critica duramente a actuación da Xunta e que pide, igual que o Concelleiro de Cultura de Pontevedra Luís Bará, que os esforzos, case todos privados, por promover o coñecemento do autor de *Cousas* non se limiten a este ano. Pola contra, sinala como positiva a opinión de X. L. Méndez Romeu, que ve como causa do malestar reinante o feito de que se primara de Castelao a súa vertente artística sobre a política. Conclúe afirmando que o Ano Castelao está a ser un “éxito” gracias ás iniciativas privadas e aos concellos de Pontevedra e Rianxo.

_____, “Unha narrativa sen mar de fondo”, *A Nosa Terra*, “Guieiro Cultural”, nº 957, 19 outubro 2000, p. 21.

Refírese ao XVIº Encontro Galeuzka celebrado en Lekeitio (Biscaia) e céntrase nas intervencións dos membros da delegación galega que contou coa presencia no País Vasco de persoeiros como X. Mª Álvarez Cáccamo, Miguel Anxo Fernán Vello, Iolanda Castaño ou Manuel Riveiro Loureiro. Tamén comenta que Xabier Seoane leu a ponencia “O Atlántico, fonte de identidade”, que Rafa Villar disertou sobre a abondosa presencia do mar na poesía galega de todos os tempos, mentres que Teresa Seara se centrou na menor presencia que este ten na narrativa, agás en obras como *Ártico e outros mares* (1990), de Xabier Queipo; o *Simbad*, de Álvaro Cunqueiro; ou *As paisaxes compartidas* (1996), de Manuel Lourenzo. A seguir, sinala o significado que o mar adquire nalgunhas obras de autores galegos como o paso do tempo en Rodríguez Baixeras, a infancia en Xosé Mª Álvarez Cáccamo ou o encontro amoroso en Ana Romaní, ademais de lembrar outros poetas que teñen o mar como tema na súa poética, entre eles Xohana Torres, Bernardino Graña ou Avilés de Taramancos.

Estévez, Patricia, “La asociación Follas Novas utiliza la cultura como símbolo de unión”, *El Correo Gallego*, 8 xullo 2000, p. 53.

Lembra que a Asociación Follas Novas naceu cuns obxectivos moi precisos, os de responder ás necesidades culturais do concello de Ames. Apunta que, nos tres meses de vida da agrupación, esta homenaxeou a Castelao e a Rosalía de Castro. Finalmente dá conta dalgúns proxectos previstos pola asociación como a elección da xunta directiva ou a organización de actividades culturais como obradoiros destinados ao público infantil.

Estévez Piña, Alberto, “Os Xogos Florais de Tui en 1891”, *A Peneira*, 1ª quincena maio 2000, p. 24.

Describe o máis sinalábel dos exitosos Xogos Florais de Tui de 1891, destacando que foron os “primeiros en usar oficialmente o galego”. Así, realiza un repaso polos pormenores desta “festa literaria”, dende o seu inicio ata o final, dende o tipo de escenario ata os discursos máis representativos, entre eles o de Manuel Murguía ou o de Alfredo Brañas. Salienta as palabras máis significativas destes, que tilda de “índole rexionalista máis que literarias”. Asemade, cita os premiados e indica que os resultados finais dos xogos foron excelentes.

Eyré, Xosé M., “Un verán para ler”, *A Nosa Terra*, nº 946, “Guieiro Cultural”, 3 agosto 2000, p. 25.

Aproveitando o tempo das vacacións, aconsella unha serie de lecturas ao lector, infantil e adulto. Así, oferta unha pequena lista de títulos que pertencen a diferentes modalidades xenéricas, dando unha idea do seu contido. Para o mundo infantil e xuvenil indica títulos como *Anamarciana*, de Alberto V. Ferreiro; *Matapitos.com*, de Gloria Sánchez; *Os tres mosqueteiros*, traducido por Darío X. Cabana; ou *Castelao segundo Rañolas*, de Marilar Aleixandre. Para os adultos, principia recomendando o último número de *A Trabe de Ouro* e tres libros que falan da sociedade na que vivimos, *O dereito á preguiza*, de Paul Lafargue; *Os papalagui*, de Tiavii de Tiaveca e *A derradeira bágoa*, de Stefano Benni. No xénero prosístico, aconsella títulos como *Ten o su punto a fresca rosa*, de Mª Xosé Queizán; *Agora xa foi*, de Vicente Araguas ou *Rosa de Borges*, de Xosé C. Caneiro. En poesía, destaca *Sede de auga*, de Cesáreo Carballido; *Edénica*, de Yolanda Castaño; ou *Blasfemias de silencio*, de Alfonso Pexegueiro.

F. F., “A Irmandade homenaxea a Rosalía en Padrón”, *O Correo Galego*, “AFA”, 1 maio 2000, p.16.

Dá conta de como a Irmandade de Fillos e Amigos de Padrón renovou a súa homenaxe a Rosalía de Castro perante o seu monumento no Espolón “nun dos derradeiros actos da Pascua do 2000”. Asemade, di que foron distinguidos “once novos personaxes e entidades”, sen explicar de que xeito. Logo, salienta a ausencia do vicepresidente do Goberno español no acto, Mariano Rajoy, e comenta que a Irmandade confraternizou cos premiados na Casa do Concello de Padrón arredor dun viño español. Finalmente, asegúrase que o presidente da Xunta de Galicia, Manuel Fraga, e mais o Nobel Camilo José Cela non estiveron presentes “como estaba previsto nun principio”.

F. F., “La Feria del Libro de Vigo convirtió a la Alameda en un hervidero de gente”, *Faro de Vigo*, 2 xullo 2000, p. 54.

En primeiro lugar, contrasta os efectos negativos que tivo o mal tempo no primeiro día da feira coa grande afluencia de público que houbo ao día seguinte. A seguir, nomea as obras máis vendidas, tanto en castelán como en galego, así como as de literatura infantil ou as novidades editoriais máis rechamantes. Dá noticia da presencia do arquitecto Xaime Garrido asinando libros e comenta as tensións existentes entre os libreiros e os editores. Por último, relata o mal comezo da feria, pola choiva, que non afectou nin ao pregoneiro nin a unha poeta espontánea.

_____, “Pérez Reverte, Vargas Llosa, Suso de Toro y Rivas, cuarteto triunfal del certamen”, *Faro de Vigo*, 3 xullo 2000, p. 13.

Tras indicar o mal tempo como a nota negativa na feira do libro de Vigo, subliña o éxito obtido polos libros de Pérez Reverte e Vargas Llosa, en lingua castelá, e Suso de Toro e Manuel Rivas, en lingua galega. Asemade, alude a outros títulos e autores que, aínda que en menor medida, tiveron boa acollida entre o público asistente, como *Aire negro* de Agustín Fernández Paz.

F. M. B., “Noitarenga”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 54, 10 decembro 2000, p. 6.

Breve aproximación a algunhas das peculiaridades que presenta a editorial Noitarenga de Emilio Arauxo e á que compara, en moitos aspectos, coa colección “Benito Soto” de Sabino Torres. Caracterízaa por publicar obras de todos os eidos literarios, por non empregar métodos de propaganda e por editar tres ou catro títulos cada ano. Sobrancea as traduccións de autores como Natacha Michel e François Regnault, ademais de ser a editorial na que viron a luz obras como *Dos soños teimosos* (1998) e *Onde só queda alguén para aguantar dos nomes* (1999), de Uxío Novoneyra, ademais das súas últimas palabras escritas incluídas en *Poesía fea*, de Lupe Gómez. Remata referíndose á última obra que editou, *As naturezas invisibles*, de Claude Royet-Journoud da que di que se reparte á man.

Fernández, Carlos, “Gallegos en la RAE”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 115, 8 febreiro 2000, p. 7.

Tomando como pretexto a recente entrada de Guillermo Rojo na Real Academia Española, fai un repaso polos galegos que están ou estiveron nesta institución. Alude aos membros máis coñecidos, como Menéndez Pidal ou Torrente Ballester, e aos de menos renome, como Rodríguez Carracido ou Linares Rivas. Asemade, subliña os nomes de Ramón Cabanillas e Armando Cotarelo Valledor.

Fernández, Xurxo, “José Ángel Valente, o crisol e o vieiro”/“O crisol e o vieiro”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “AFA”/“Sociedad-Cultural”, 19 xullo 2000, p. 31/p. 74.

Ofrece a súa particular visión do poeta José Ángel Valente, ao que pon en semellanza con Antonin Artaud. Describe ao poeta ourensán como un “xenio” e un “anarquista coroado”, que confiaba o “futuro da poesía española” ás mulleres.

Fernández del Riego, Francisco, “Centenario de Otero Espasandín”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 127, 16 maio 2000, p. 6.

Con motivo do cen aniversario do escritor Xosé Otero Espasandín, realiza un percorrido polos momentos máis significativos da súa vida e obra. Salienta Del Riego a importancia das traduccións que fixo na editorial Atlántica e da ducia de volumes divulgativos que saíron da súa pluma. Subliña, ademais, a consideración qeu este autor tiña sobre a poesía ao concibila como o aire que alentaba.

_____, “Galicia e Portugal”, *La Voz de Galicia*, 10 agosto 2000, p. 51.

Aborda o tema da relación entre Galicia e Portugal a nivel cultural, facendo un repaso polos diferentes contactos e intercambios entre os dous países ao longo do tempo. Comeza este percorrido pola época das Irmandades da Fala, cando se realizaron varias conferencias e colaboracións en revistas aos dous lados do Miño, recalcando a intensidade de devandita relación no período do Seminario de Estudos Galegos. Logo, fai referencia ao Coloquio de Estudios Etnográficos Dr. José de Vasconcellos, celebrado no Porto, no que participou Otero Pedrayo, ademais de aludir a un congreso en Braga sobre a época medieval. Por último, sinala que na actualidade a relación se enfriou, e avoga polo seu restablecemento.

_____, “Risco e Teixeira de Pascoaes”, *La Voz de Galicia*, 19 setembro 2000, p. 35.

Describe sucintamente a relación de Risco co poeta e filósofo portugués Teixeira de Pascoaes, pai do “saudosismo”. Apunta que esta comezou a raíz dun artigo que o autor de *O porco de pé* publicaba nunha revista lisboeta acerca dunha “futura civilización atlántica”. Reproduce unhas cantas liñas dunha carta que o portugués mandou a Vicente Risco, na cal reafirma un destino común para Galicia e Portugal. Así mesmo, indica que Teixeira escribiu para a revista *Nós* e que dedicou o seu libro *Maranos* á nosa terra. Por outra parte, sinala que, cando comeza o vangardismo, os ideais de Teixeira xa non interesaban, anque o seguían a admirar, destacando que neste momento a relación entre os dous intelectuais xa se enfriara.

_____, “Memoria de González Carbalho”*, La Voz de Galicia*, 13 outubro 2000, p. 33.

Fai unha breve louvanza do poeta e ensaísta Xosé González Carbalho, a quen acompañou nunha visita deste a Galicia. Lembra as sensacións que o finado González Carbalho sentiu ao pisar a terra dos seus pais emigrados, destacando que nesta procura das súas raíces reviviu moitas das cousas que os seus proxenitores lle contaran. Por último, alude á “aguda saudade” dos seus versos e á vitalidade da súa prosa.

Fernández Ferreiro, Xosé, “O cancro”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 10 agosto 2000, p. 10.

Narración breve que conta o xeito tan admirábel e resignado de afrontar unha enfermidade mortal, como é o cancro. Cóntase como ao señor Emilio lle diagnosticaron a enfermidade e lle anunciaron unha morte segura, dándolle tan só tres meses de vida. Relátase como esperou tranquilamente o seu fin, en oposición ao nerviosismo da súa familia, e que despois de ter unha vida moi dura, só desexaba descansar en paz, aceptando e comprendendo o que lle ía suceder.

Fernández Pazos, Xosé María, “Arxentina (I): Desde Maruxa Villanueva a Luís Seoane”, *Galicia en el Mundo*, nº 355, 17-23 xaneiro 2000, p. 19.

Fai un repaso polos diferentes programas de radio que sobre Galicia se emitiron en Arxentina dende a década dos anos trinta, salientando a importancia destes para a colectividade emigrada. Sinala, pois, espacios radiofónicos como “Galicia, arte y cultura” (1939) de Maruxa Villanueva, do que sinala que foi o primeiro que ocupaba todo o seu tempo en falar de Galicia; “Recordando a Galicia” (1945) de Maruxa Boga, impulsado por Castelao; “La Voz de Galicia” (1953) de Luís Iglesias Sánchez, “Tacholas”, ou “Galicia emigrante “ (1954) de Luís Seoane, entre outros. Pon de manifesto que a maioría dos que traballaban neste tipo de programas estaban vinculados ao mundo teatral. Asemade, subliña que estes espacios ás veces viñan acompañados dalgún tipo de publicación, como a revista *Galicia emigrante* de Luís Seoane que, como afirma Francisco Fernández del Riego, “lle servía para dar a coñecer moitas das entrevistas que fixeran na audición”.

_____, “As voces femininas chegadas do teatro”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 1 outubro 2000, p. 7.

Presta atención a algún dos programas radiofónicos galegos da emigración arxentina, salientando as voces de Maruxa Villanueva e Maruxa Boga, das que fai unha pequena semblanza. Pon de relevo que moitos dos locutores e responsábeis deste tipo de emisións estaban vinculados ao mundo do teatro. Por último, fai referencia, tamén, ao programa “La Voz de Galicia” de Fernando Luís Iglesias “Tacholas”, no que participou Blanco-Amor.

Fernández Valdehorras, Camilo, “Ramos verdes, raíces áureas”, *La Voz de Galicia*, “Suplemento especial”, “Lingua e Literatura”, 21 decembro 2000, pp. 71-77.

Amplo repaso á historia de Galicia dende o punto de vista da súa pertenza á “macrocomunidade atlántica” ou “céltiga”, sobre a que Risco, Otero Pedrayo e Castelao asentaron as raíces da nacionalidade galaico-portuguesa, pasando pola época romana e a posterior disgregación ata a situación actual. En canto ao que á literatura se refire, diferencia tres legados paralelos e analiza a influencia da lingua dominante en cada un deles. Considera o primeiro legado o galaico-portugués recollido nos Cancioneiros medievais compostos por autores da terra e foráneos como Pero Amigo de Sevilla, Pero García Burgalés ou o provenzal Raimbaut de Vaqueiras, na prosa haxiográfica dos *Miragres de Santiago*, na ficcional da materia de Bretaña, de Troia e de Francia, ou na prosa historiográfica dos Livros de Linhagens, a *Cronica Geral* ou a *General Estoria*. O segundo legado é o que denomina galego-castelán e comprende a producción dos séculos XIV-XV do *Cancioneiro galego-castelán* ata os autores galegos que empregaron o castelán nas súas obras, dende Emilia Pardo Bazán, Wenceslao Fernández Flórez, Torrente Ballester, José Ángel Valente ou Camilo José Cela, ademais de todos os autores que no século XX foron bilingües. Finalmente, o terceiro legado é o que cualifica de “vernáculo”, nel fala de tres ciclos e diferencia entre literatura popular e culta. Considera a aparición de obras como *Coloquio de 24 rústicos*, de Frei Martín Sarmiento, a fundación das Irmandades da Fala xunto co impacto da Guerra Civil e a institucionalización en 1983 do galego como momentos claves que marcan os diferentes ciclos.

Filgueiras, Laura, “La editorial Galaxia reúne en una muestra 50 años de su historia”, *La Voz de Galicia*, 14 setembro 2000, p. 34.

Refírese á inauguración da mostra *Editorial Galaxia 1950-2000. Palabras para un país*, exposta na Casa das Artes de Vigo, que conmemora os cincuenta anos da empresa viguesa. Sinala que na exposición itinerante se pode facer un percorrido pola historia desta casa, salientando o seu labor a prol da defensa da nosa cultura. Por outra parte, recolle o máis relevante dos discursos dalgúns asistentes a este acto, como Carlos Casares que destacou a importancia de Galaxia, ou do Concelleiro de Cultura, Carlos Príncipe, que falou de “galeguismo transversal” ao aludir á editorial galega.

Fonte, Ramiro, “Rosalía en Auden”, *A Nosa Terra*, nº 961, “Guieiro Cultural”, 16 novembro 2000, p. 21.

Transmite a súa sorpresa ante a primeira edición do libro *A certain wold. A common place book* (1971), de Auden, no que explica que o autor se limita a recoller citas doutros autores e reproducilas. A súa sorpresa vén dada pola cita do poema “Campanas de Bastabales” de Rosalía de Castro incluído no apartado referido a “As horas do día” e que ilustra a noite. Tamén reproduce dous dos versos traducidos ao inglés e remata opinando que “os grandes poetas sempre acaban atopándose”, ademais de que a “mellor biografía dun poeta é a súa poesía”.

Fraga, J., “Recuperan una entrevista televisiva con Cunqueiro”, *La Voz de Galicia*, 15 outubro 2000, p. 39.

Refírese á entrevista que Joaquín Soler Serrano lle fixo a Álvaro Cunqueiro no seu programa “A fondo” de RTVE a mediados da década dos 70. Apunta que esta conversa foi rescatada dos arquivos televisivos, gracias á “Vidioteca de la Memoria Literaria” da Editorial Editrama. Asemade, subliña que nese diálogo co xornalista Soler Serrano, o autor mindoniense falou das súas afeccións, da súa vida e da súa obra.

Fraga, Jesús, “Xerardo Quintiá retrata en dez relatos un mundo de soedades”, *La Voz de Galicia*, 11 febreiro 2000, p. 75.

Realiza un breve comentario do novo libro de Xerardo Quintiá, *Unha soa man e outros intres* (1999), publicado na colección “Descuberta” de Galaxia. Subliña que esta obra se compón de dez relatos, “estampas ailladas” da vida de diferentes “almas mutiladas”, nos que fai unha metáfora da falta de valores na sociedade actual.

_____, “O mal negocio das palabras”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 115, 15 febreiro 2000, p. 2.

Realiza un balance do mercado editorial galego, valéndose dos datos do 99 e da opinión dos que traballan neste sector. Apunta que en 1999 se publicaron ao redor dun milleiro de obras, anque, salvo excepcións, as tiradas foron curtas, sendo a literatura infantil e xuvenil a máis forte. Subliña que, en opinión de autores como Santiago Jaureguizar ou Xosé Miranda, se debería primar máis a calidade e non editar tanto, xa que non se consome nin a metade, salientando que esto non contribúe á “normalización total da literatura galega”, sendo necesario que se potencie máis este medio. Para rematar, fai referencia ao papel do autor, destacando que moitos escritores como Xavier Alcalá non cren prudente a súa “profesionalización”, posto que a penas se pode vivir do libro.

_____, “Libros que non foron”, *La Voz de Galicia*, 23 abril 2000, p. 61.

Fai mención a libros que por distintas circunstancias non foron escritos ou publicados, tomando por referencia algúns traballos de Ánxel Fole, Álvaro Cunqueiro e Luís Pimentel. Apunta que Claudio Rodríguez Fer deu conta dun número bastante amplo de obras de Ánxel Fole que “non chegaron a existir” subliñando como causas o feito de que o seu autor “imaxinaba máis historias das que era capaz de materializar” ou porque a censura franquista as fixo desaparecer. Ademais, alude, máis brevemente, aos casos de Luís Pimentel e Álvaro Cunqueiro, salientando deste último unha ampla serie de obras nas que estaba traballando e das que só fican títulos.

Fraga, Xesús, “A “era azul” de Cunqueiro centra a tese dun investigador francés”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 21 decembro 2000, p. 34.

Comenta a tese de doutoramento “Álvaro Cunqueiro, aquí e acolá, ou o itinerario ideolóxico e literario dun escritor galego”, do profesor francés Loï c Fravalo. Explica que se centra no estudio da producción de Cunqueiro dende *Mar ao Norde* (1932) ata *Merlín e familia* (1958), rastrexando aqueles artigos que escribiu en publicacións afíns ao réxime como *La Voz de Ortigueira*, *El Pueblo Gallego*, *Vértice* e *ABC*. Marca o ano 1944 como o do “abandono” do réxime ao autor que volve a Mondoñedo e é atraído por Francisco Fernández del Riego e Ramón Piñeiro para a literatura galega. En cadros á parte, recóllense as opinións do profesor francés sobre a fidelidade de Cunqueiro á literatura por riba de ideoloxías e a presencia da paisaxe bretona en *As crónicas do sochantre* (1956), ademais de adiantar algúns dos actos programados para a commemoración do vixésimo aniversario da súa morte, entre eles a realización dunha ruta cunqueiriana por Mondoñedo, un congreso arredor da súa figura ou unha nova edición do premio de narrativa que leva o seu nome.

Fraiz Calvo, Jesús, “Escritora y periodista con *morriña*”, *El Mundo. Galicia*, 10 outubro 2000, p. 7.

Realiza unha aproximación á biografía da coruñesa Sofía Casanova. Sinala que o seu recoñecemento como poetisa comeza cando a súa nai envía ao xornal *Faro de Vigo* os poemas dunha Sofía que contaba con tan só 15 anos. Apunta que en Madrid, onde viviu dende os doce anos, entra na corte da Alfonso XII da man do seu mentor, o Marqués de Valmar, gañando moi pronto a admiración do rei, que financia o seu libro *Poesías* (1885). Así mesmo, subliña a participación da poetisa en diferentes faladoiros, coma o do Marqués de Campoamor, onde coñeceu ao seu marido, Wincently Lutoslawski, e máis tarde, a súa colaboración activa en destacados xornais da capital de España. Por último, alude á súa faceta como correspondente de guerra do *ABC* durante a Iª Guerra Mundial.

_____, “Una gran mujer ahora olvidada”, *El Mundo*, “Nuestros Mayores”, nº 97, “Galería de la longevidad”, 17 outubro 2000, p. 7

Breve achega biográfica a Sofía Casanova, coñecida escritora que viviu entre ambos séculos, nacida na Coruña e dende 1906 membro da Real Academia Galega, pasando en 1952 a ser nomeada Académica de Honor. Repasa a súa dilatada vida en países como Rusia ou Polonia, nos que foi testemuña dos enfrontamentos armados durante as guerras mundiais e das que enviaba crónicas ao xornal *ABC* e lembra a súa importancia como escritora que mesmo estivo nominada ao Premio Nobel. Finalmente, denuncia o esquecemento no que caeu a súa figura e obra.

Franco, C., “Méndez Ferrín entona unha defensa apaixoada de Galicia e do Galego”, *El Ideal Gallego*, 1 outubro 2000, p. 21.

Refírese ao acto oficial da entrada de Xosé Luís Méndez Ferrín na Real Academia Galega. Lembra o máis destacado do discurso do polifacético escritor de Ourense, subliñando que este xirou arredor da lírica medieval galega, mais que tamén non deixou de “avogar polo país e pola lingua”. Así mesmo, fai referencia á réplica de Ramón Lorenzo, salientando que este louvou ao seu amigo e compañeiro, e que recordou moitas anécdotas compartidas.

Franco, Camilo, “O fulgor da lucidez”, *La Voz de Galicia*, 19 xullo 2000, p. 50.

Realiza un conciso retrato do recentemente falecido José Ángel Valente, salientando del a súa singular forma de afrontar as circunstancias polas que lle tocou pasar, que correron parellas ao seu traballo literario e que, en certo modo, o condicionaron. Apunta, así, que as vivencias persoais do poeta ourensán o impulsaron a concibir a poesía como “a tensión entre o silencio e a palabra”, a represión e a liberación que ofrece a palabra. Por outra banda, cualifícao de loitador incansábel.

_____, “Leve vida dos iconos”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 1 agosto 2000, p. 11.

Breve relato de Camilo Franco co que se quere dar inicio a unha narración máis longa, “Grandor no mundo”, construída e continuada capítulo a capítulo por aqueles lectores que se presten ao xogo. Nesta primeira entrega, preséntanse os posíbeis personaxes, os iconos, un avión e un porco, que no relato cobran vida, principiando así a contar as peripecias cotiás.

Franco, F., “Basilio Losada: “Son moitos os que, a través de Galaxia, construíron un programa de vida”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 12 decembro 2000, p. 41.

Refírese ao acto de clausura da homenaxe á editorial Galaxia con motivo do seu cincuentenario. Sinala que nel participaron Damián Villalaín, Basilio Losada, Zulueta de Haz e Xavier Alfaya que falaron sobre o significado da editorial dentro da cultura galega e das súas propias vidas, ademais de lembrar os moitos atrancos que foi superando ao longo dos seus cincuenta anos de vida. En columna á parte, reproduce algunhas das palabras de Xavier Alfaya nas que lembra as dificultades dos anos da dictadura e as de Basilio Losada que destaca a importancia de Xaime Isla Couto, a súa correspondencia con Ramón Piñeiro ou a importancia de cada un dos libros que ía recibindo da editorial.

Franco, Fernando, “Ferrín entra na Real Academia ‘consciente da responsabilidade que supón e con ilusión”, *Faro de Vigo*, 14 febreiro 2000, p. 14.

Alude ao nomeamento de Méndez Ferrín como novo membro da RAG, pasando este a ocupar o posto do falecido Antón Fraguas. Ofrece as primeiras impresións do autor de *Arraianos*, salientando que considera que houbo unha “renovación” no seo desta institución dende que a preside Fernández del Riego. Por último, subliña que o escritor ourensán sente que aínda hai bastante no que traballar alí.

_____, “Vigo feria sus libros”, *Faro de Vigo*, “Ex Libris”, 6 xullo 2000, p. 47.

Fai referencia ao éxito da feira do libro de Vigo e alude á presencia de autores como Agustín Fernández Paz ou Xan Leira para asinar exemplares das súas obras. Pon de manifesto que nesta edición algunha das catorce editoriais galegas presentes “exerceron o seu dereito á venta”, salientando a importancia deste feito.

Freixanes, Víctor F., “Cabeza abaixo”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 11 agosto 2000, p. 10.

Relato curto que conta ironicamente a historia dun odio sen límite entre dous irmáns ata a morte. Tras moitísimos anos de preitos e de non dirixirse a palabra cordialmente, sen sinais de arrepentimento na súa parella agonía final, Secundino e Evaristo acaban compartindo dun xeito moi curioso a mesma tumba, moi a pesar seu.

Fuente, Sandra de la, “La Diputación de Ourense editará la obra completa de José Ángel Valente”, *Faro de Vigo*, 20 xullo 2000, p. 40.

Alude ás diferentes mostras de condolencia pola morte de José Ángel Valente. Indica que a Deputación ourensá ten a intención de publicar a obra completa do poeta, segundo afirmou o seu presidente nunha declaración institucional. Así mesmo, apunta que José Luís Baltar louvou a Valente no seu discurso, asegurando que a súa cidade ten unha “débeda histórica coa figura e memoria do poeta”.

_____, “Ourense nombra hijo predilecto al poeta José Valente y le dedica una calle”, *Faro de Vigo*, 22 xullo 2000, p. 20.

Fai mención á decisión do Concello de Ourense de nomear fillo predilecto, a título póstumo, ao poeta José Ángel Valente, nun acto celebrado antes dos funerais. Ademais alude ás honras que tiña pensado facerlle o concello ao poeta en vida, entre eles, o darlle o seu nome a unha rúa da cidade, que agora se fará trala súa morte. Así mesmo, refírese aos funerais oficiados na Basílica de Notre Dame por Valente, nos que se lembrou o “compromiso” deste coa sociedade.

_____, “El poeta José Ángel Valente reposa ya en el panteón familiar de Ourense, junto a su hijo”, *Faro de Vigo*, 28 xullo 2000, p. 54.

Informa do depósito das cinzas de José Ángel Valente no Cemiterio de San Francisco de Ourense, cumpríndose así o desexo do poeta de descansar por sempre xunto ao seu fillo e na súa terra. Indica que, entre os asistentes aos funerais, principalmente persoeiros do panorama político-cultural galego, se atopaba Rodríguez Fer quen destacou a vitalidade do poeta e a súa vontade de traballar na súa obra ata o final, deixando varios proxectos inconclusos. Ademais, dá noticia da próxima publicación dun libro de poesías do falecido *Fragmentos de un libro futuro* e tamén das súas obras completas. Por último, alude ao acto de nomeamento de José Ángel Valente como fillo predilecto da cidade de Ourense por parte do concello, ao que asistiu a súa familia.

G., Julián, “La feria del libro de Pontevedra ofrece numerosas actividades a sus visitantes”, *El Correo Gallego*, “Sociedad-Cultura”, 15 agosto 2000, p. 99.

Informa da inauguración da duodécima Feira do libro de Pontevedra, na que Xavier Alcalá exerceu de pregoeiro. Coméntase o programa de actividades complementarias e recóllese a opinión dos libreiros que agardan que este ano aumenten os clientes a causa da proximidade das atraccións das festas da Virxe Peregrina.

GM., “Palabra de poeta’, un espectáculo pensado y concebido para la Galicia emigrante”, *Galicia en el Mundo*, nº 356, 24-30 xaneiro 2000, p. 23.

Alude á estrea do espectáculo “Palabra de poeta”, dirixido por Luís Tosar, na Casa de Galicia de Madrid. Apunta que se trata dun recital de poesía de autores galegos como Rosalía ou Celso Emilio Ferreiro, que se acompaña das melodías do Grupo de Música Tradicional do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais. Recollendo as palabras de Tosar, indica que a finalidade é “fundir nun só espectáculo literatura, poesía e música tradicional”. Por outra banda, fai referencia aos persoeiros que asistiron a este evento, ademais de anunciar que estará de xira por Galicia e Alemaña.

_____, “Más de 50 ponentes participaron en el 'Congreso Castelao' celebrado en Rianxo”, *Galicia en el Mundo*, nº 357, 31 xaneiro-6 febreiro 2000, p. 8.

Dá conta do desenvolvemento do Congreso Castelao, que tivo lugar en Rianxo, organizado pola Consellería de Cultura, e fai referencia ás intervencións dos diferentes relatores que trataron diferentes aspectos da súa vida e obra. Salienta a participación de Jonathan Dunne, traductor da obra de Rosalía de Castro e de Castelao, quen incidiu na dificultade de traducir a obra do rianxeiro pois “as palabras tradúcense, as culturas non”. Cita tamén outros asistentes ao congreso como Xosé Manuel Salgado, Xosé Manuel Dasilva ou Agulla Pizcueta.

_____, “Homenaje, en La Habana, a la poetisa gallega Rosalía de Castro”, *Galicia en el Mundo*, nº 362, 6-12 marzo 2000, p. 25.

Breve noticia que informa do acto homenaxe a Rosalía de Castro polo CLXIII aniversario do seu nacemento organizado pola Sociedad Cultural Rosalía de Castro en La Habana. Coméntase que na homenaxe se incluíron conferencias sobre a súa obra literaria e se lembraron algúns momentos significativos da súa vida e da súa relación con Manuel Murguía.

_____, “El caricaturista de la identidad gallega”, *Galicia en el Mundo*, nº 364, “Castelao, espejo del alma gallega”, 20-26 marzo 2000, p. II.

Lembra brevemente a traxectoria vital de Alfonso Rodríguez Castelao con motivo do cincuentenario da súa morte. Comeza facendo referencia aos seus primeiros anos de vida en Rianxo e na Arxentina, á súa formación académica e intelectual, centrándose logo máis detidamente na súa intensa actividade política. Ao remate refírese á etapa final do autor de *Cousas*, cando se refuxia no exilio, e sinala que o galeguista malia estar fóra seguiu loitando pola súa terra.

_____, “Tierra natal de ilustres hombres de letras como Manuel Antonio o Castelao”, *Galicia en el Mundo*, nº 364, 20-26 marzo 2000, p. 11.

Despois de referirse á vila de Rianxo como lugar moi relevante para a nosa cultura por ser o berce de insignes intelectuais como Manuel Antonio, Rafael Dieste ou Castelao, céntrase na figura deste último. Subliña que, coincidindo co cincuenta cabodano do egrexio autor de *Retrincos*, nas rúas rianxeiras se poden observar estampas súas colgando das casas.

_____, “La revista '*Alborada*' encarna los principios de la Asociación”, *Galicia en el Mundo*, nº 369, 24-30 abril 2000, p. V.

Fai referencia á revista *Alborada*, creada pola Asociación Benéfica Cultural del Partido de Corcubión de Buenos Aires, apuntando que esta era unha forma de comunicación entre os galegos de aquí e os do outro lado do Atlántico. Manifesta que a revista tiña por fin informar obxectivamente sobre todo o acontecido na bisbarra á que pertence Corcubión. Por outro lado, indica que a Asociación se preocupaba moito por potenciar a educación en Galicia.

_____, “Daniel Hortas, nombrado 'Cronista mayor” de los gallegos de Madrid”, *Galicia en el Mundo*, nº 373, 22-28 maio 2000, p. 19.

Infórmase da homenaxe feita a Daniel Hortas da man de diversas colectividades galegas en Madrid. Coméntase que a homenaxe consistiu no nomeamento de 'Cronista mayor' dos galegos pola súa traxectoria no mundo das letras, nun acto no que se lle fixo entrega dun pergamiño honorífico asinado por cada un dos presidentes das colectividades galegas en Madrid. Finalmente, saliéntase que foron moi numerosas as asociacións que quixeron sumarse a este acto e cita entre outras, a Asociación de la Prensa en Madrid, La Casa de Galicia en Madrid ou os Centros Galegos de Madrid.

_____, “El Servicio de Publicaciones de A Coruña, alternativa para conocer bien la provincia”, *Galicia en el Mundo*, nº 378, 26 xuño-2 xullo 2000, p. 11.

Fai referencia ao labor desenvolvido polo Servicio de Publicacións da Deputación da Coruña, e salienta a súa relevancia para a nosa cultura. Apunta que na actualidade “trata de recoller espacios non tratados”, polo que salienta como proxectos relevantes o *Inventario del Patrimonio Arquitectónico de la Provincia de A Coruña* ou o *Diccionario da natureza e da saúde*, destacando deste último a súa importancia para a lingua galega. No concernente á literatura galega sinala a reedición das obras de autores como Curros, ou a publicación das obras premiadas e finalistas en premios coma o “Raíña Lupa” ou o “Manuel Murguía”.

_____, “Un instituto para difundir aspectos de la cultura gallega”, *Galicia en el Mundo*, 12-18 xullo 2000, p. X.

Pon de relevo a importancia do Instituto Argentino de Cultura Gallega, creado en 1969, e salienta o seu “rico patrimonio cultural”. Indica que a súa biblioteca ten nos andeis preto de oito mil obras sobre Galicia, ademais de gardar cento trinta casetes con gravacións de diferentes actos nos que interviron persoeiros coma Castelao ou Cunqueiro. Por último, explica que a finalidade da institución é “realzar e difundir a cultura galega”, destacando algunha das súas actividades, como as publicacións de Edicións Galicia.

_____, “Fallece en Ginebra el poeta ourensano José Ángel Valente a los 71 años de edad”, *Galicia en el Mundo*, nº 382, 24-30 xullo 2000, p. 6.

Informa do pasamento do poeta ourensán José Ángel Valente, víctima dun cancro, así como do posterior traslado das súas cinzas á súa cidade natal. Realiza unha breve aproximación á vida e personalidade do poeta, salientando del a súa forza interior e o seu “inconformismo”. Asemade, afirma que foi un home moi recoñecido polo seu traballo, e premiado en multitude de ocasións. Por último, manifesta que o Concello de Ourense o vai nomear fillo predilecto, ademais de dedicarlle unha rúa.

_____, “La Universidad de Santiago inaugura la Cátedra de Poesía dedicada a José Valente”, *Galicia en el Mundo*, “Galicia”, nº 400, 27 novembro-3 decembro 2000, p. 7.

Refírese á inauguración da Cátedra de Poesía dedicada a José Ángel Valente e dirixida por Luís Iglesias, quen considera que a cátedra extenderá a obra de Valente. Indica que ao acto acudiron, entre outras personalidades, o alcalde de Santiago, o rector da Universidade de Santiago e a viúva do poeta, que posteriormente acudiron, ao Pazo de Fonseca á presentación de *Fragmentos de un libro futuro*, obra na que se recollen as composicións de Valente dende *No amanece el cantor* (1992). Finalmente, recolle as palabras de Claudio Rodríguez Fer destacando o carácter póstumo co que naceu esta obra.

Gámir, Chinny, “El poeta José Ángel Valente recibe un homenaje del Ayuntamiento de Madrid”, *Atlántico Diario*, “Sociedad”, 21 outubro 2000, p. 47.

Faise eco da homenaxe tributada polo Concello de Madrid a José Ángel Valente dentro da Semana de Galicia en Madrid, acto ao que sinala que asistiron entre outros Fernando Lázaro Carreter, Claudio Rodríguez Fer, Coral Gutiérrez (viúva de Valente) ou Antoni Tapies, quen falou da importancia de coñecer a un poeta coma este. Tamén se recollen as palabras da primeira tenente de alcalde da cidade que sobranceou a importancia do poeta dentro da literatura española da segunda metade do século XX e a idea xeralizada entre os presentes de que no poeta se dan dúas vertentes: a da poesía e a da reflexión sobre o feito poético.

García, Jesús Manuel, “La poesía pierde una voz emblemática con la muerte del ourensano José Ángel Valente”, *La Voz de Galicia*, 19 xullo 2000, p. 49.

Informa da morte do poeta José Ángel Valente en Xenebra aos 71 anos. Así mesmo, ofrece as declaracións da súa irmá, quen louva ao falecido e apunta o desexo deste de ser enterrado xunto ao seu fillo, ademais de sinalar que “Ourense tardou moito en recoñecer” a José Ángel. Por outra banda, indícase que o poeta deixou rematada a súa obra co libro *Fragmentos para un libro futuro*. Tamén se comentan os esforzos de varias institucións por homenaxear a Valente.

García, Jorge, “Andel, una apuesta por el lector en gallego y portugués”, *Atlántico Diario*, “Euro”, nº 144, 13 agosto 2000, p. XXIV.

Refírese á inauguración da Librería Andel, nada a partir dun sitio en internet sobre música e literatura galega e portuguesa. Alude á descrición do tipo de lector que acode a este tipo de establecementos, segundo as palabras do seu creador Xaime Nogueira Meixe. Ademais, fai referencia aos autores máis solicitados, entre os que se encontran os clásicos, como Rosalía de Castro, e tamén os máis novos, como Suso de Toro.

García, Rodri, “Emigrantes de las letras”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 117, 29 febreiro 2000, p. 7.

Achégase a algunhas escritoras galegas que viven fóra de Galicia e que escriben as súas obras en castelán, pero nas que recoñecen que o seu universo literario está en Galicia. A primeira é a mindoniense Marina Mayoral para a que o seu universo literario está en Galicia, a que di que sempre vai con ela e aparece nas súas obras a través do mundo da infancia. Tamén lembra a influencia que exerceu nela Ramón Piñeiro e o interese por Rosalía e Emilia Pardo Bazán malia non identificarse con ningunha. A segunda é Luísa Castro, gañadora do premio Hiperión de poesía en 1986, o que a levou a Madrid e a Barcelona, quen di que lle gustaría que os seus nenos se criasen en Galicia porque é en Foz, a súa vila natal, na que considera que se formou a súa personalidade e o seu mundo. Finalmente, alude á lucense Marta Rivera e á pontevedresa Susana Fortes.

_____, “Mil xanelas abertas”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 124, 18 abril 2000, p. 3.

Realiza un percorrido por varios aspectos relacionados coas nosas letras neste ano 2000. Principia facendo mención do bo estado polo que está pasando a literatura galega, que comeza a saír das nosas fronteiras e a triunfar tamén fóra, poñendo por caso a Manuel Rivas, ademais de aludir ao elevado número de publicacións en galego. Fai referencia, por outro lado, ao protagonismo que este ano están acaparando persoeiros como Castelao e Murguía, aos que se lle están a render constantes homenaxes e sobre os que se está a publicar moito. Ao remate salienta a elección de presidente na Asociación de Escritores en Lingua Galega ou o aniversario de Galaxia.

_____, “Poesía para agosto”, *La Voz de Galicia*, 14 agosto 2000, p. 42.

Ademais de sinalar que hai poucas novidades no mes de agosto e que todas son poéticas, fai un amplo repaso a través delas, para o que divide o artigo en tres partes. Na primeira repasa títulos como *Sementeira de Ronseis*, que recolle poemas de Xesús Bal y Gay, Johán Carballeira, Denys Fernandes, Emilio Mosteiro e José Otero Espasandín, poemas que foron publicados segundo Teresa López, en xornais e revistas; *A fronteira comunicante*, de Eliseo Alonso, unha obra inédita e póstuma; *O Mosto e as Fragas*, de José M. Teixeira; *Vocabulario das orixes*, de Xosé M. Álvarez Cáccamo; ou *Os dedos dos loureiros*, de Rábade Paredes. No segundo titulado “Biografía de Jenaro Marinhas”, dá conta da obra *Jenaro Marinhas del Valle, a vida escura*, realizada por Henrique Rabuñal, e da que salienta o percorrido vital e a andaina literaria e teatral de Marinhas del Valle, reproducindo unha entrevista co autor. Cita tamén *O tempo demorado nos marmelos*, de Rabuñal e, a seguir, fala da novela *Ábrelle a porta ó mar*, de Xavier Seoane, da que indica que está “escrita como unha polifonía de ecos e de voces que se oísen desde o limiar dun soño”; *Velaí vai o verme*, coa que Mario Pereira gañou o IIº premio “Raíña Lupa” de Literatura Infantil; ou *Medición definitiva do limbo*, de Xosé Luís Martínez Pereiro. Finalmente, na terceira, alude á colección “O saber de peto”, e remata referíndose ao libro *Aldea poética*, no que se recollen cento noventa creacións poéticas e se citan os creadores galegos antologados, entre os que están M. de Verganza e Miguel Losada, ao lado de músicos e actores.

_____, “Reixa rodará en prisións galegas a novela de Rivas”, *La Voz de Galicia*, “Espectáculos”, 24 novembro 2000, p. 73.

Dá conta do proxecto de Antón Reixa de levar ao cine a obra *O lapis do carpinteiro* (1998), de Manuel Rivas, e explica que xa está traballando no guión xunto con Xosé Morais. Tamén indica que os escenarios serán diferentes cárceres galegos e espacios das cidades da Coruña e Santiago de Compostela. Remata lembrando outros proxectos audiovisuais de Reixa e o interese que espertou esta nova adaptación do polifacético autor.

García, Xesús Manuel, “A poesía pide máis protagonismo”, *La Voz de Galicia*, 21 xaneiro 2000, p. 92.

Alude á intervención de Xosé Carlos Caneiro e Miguel Anxo Fernán-Vello no Encontro de Escritores Galegos, organizado por Caixavigo e Ourense, no que ambos os dous reflexionan sobre o estado actual da nosa poesía. Ademais, indica que tanto un coma o outro solicitan unha maior “promoción” deste xénero, que segundo Caneiro se atopa secuestrado.

_____, “Os escritores denuncian en Ourense o pouco emprego da lingua galega”, *La Voz de Galicia*, 14 marzo 2000, p. 92.

Refírese ás palabras que os escritores David Otero e Antonio Rodríguez pronunciaron nun acto organizado pola entidade Caixavigo e Ourense, no que estes mostraron a súa preocupación polo escuro futuro da lingua galega. Apunta que tanto un coma outro poñen de manifesto que, á parte da diminución de falantes, a penas se le nesta lingua.

García Solano, Manuel, “Relación asimétrica”, *El Mundo. Galicia*, 26 outubro 2000, p. 12.

Céntrase no congreso “Literatura galega e do norte de Portugal. O libro e a lectura” que se celebra en Santiago. Recolle as palabras de Pilar Vázquez Cuesta nas que cualifica o encontro de esencial, denuncia a pouca relación que hai entre as culturas de ambos paises e o maior coñecemento que se ten en Galicia da literatura portuguesa que á inversa, o que tamén comparte Xosé Ramón Pena. O que a profesora Vázquez Cuesta cualifica de “relación asimétrica”, para Pena é unha chea de equívocos de carácter histórico e ambos apuntan condicións para que a literatura galega se coñeza en Portugal sen que se teña que traducir. Tamén se alude á conferencia de Dália Dias que apunta a necesidade dunha maior atención de Galicia en Portugal e do coñecemento dos autores galegos. En columna á parte, refírese á conferencia de Francisco Fernández del Riego, “Galegos e portugueses na área da cultura”, na que fala dun entendemento mutuo e dos bos resultados das relacións entre autores de ambos países; ao discurso inaugural de Manuel Fraga que salienta a vantaxe das novas tecnoloxías para o achegamento entre ambas culturas; á denuncia de Pilar Vázquez Cuesta do pretendido achegamento do galego ao portugués ignorando os cambios históricos e á de Xosé Ramón Pena que observa dúas literaturas de identidades totalmente diferentes.

_____, “Inaugurada en la Universidade de Santiago la Cátedra de Poesía dedicada a Valente”, *El Mundo*, “Galicia/Cultura”, 21 novembro 2000, p. 10.

Faise eco da inauguración da “Cátedra de extensión universitaria de poesía e estética José Ángel Valente” con sede na Facultade de Filoloxía de Santiago na que foi depositada a súa biblioteca particular. Sinala que o director é Luís Iglesias, quen cualifica a Valente de poeta inconfundíbel que “unía sentimiento e inteligencia”, mentres que o secretario, Claudio Rodríguez Fer, cualifica a Valente como un dos máis grandes de Galicia que convinou a vangarda e a mística, a tradición e a universalidade. Da cátedra explica que servirá para o desenvolvemento de investigacións e reflexións a nivel internacional a través de simposios, congresos e conferencias. Remata dando conta dalgunhas das personalidades asistentes ao acto como Darío Villanueva, Xosé Sánchez Bugallo, Manuel Cabezas ou Coral Gutiérrez, viúva do poeta. En columna á parte, refírese á presentación da súa obra póstuma *Fragmentos de un libro futuro*, da que sinala que recolle a producción de Valente dende *No amanece el cantor* (1992) e a importancia derivada da consciencia do autor da chegada da morte, que en palabras de Rodríguez Fer “es un libro de hechos a contratiempo”, a converxencia entre a vida e a morte. Finalmente, anuncia a reedición de *El fulgor. Antología poética (1953-1996)*.

Garrido, Santi, “A literatura galega corre pola Rede”, *La Voz de Galicia*, 9 outubro 2000, p. 9.

Faise unha viaxe virtual pola rede visitando algunhas das páxinas web sobre literatura galega máis sobranceiras. Ofrécese o seu endezo e o contido que nelas podemos atopar comezando por *O Q do mundo. Sermo Rusticus*, dende a que indica que se accede a textos literarios galegos e poemas de todas as épocas, ademais de a enlaces como o de “O Ximnasio de Academo”. Tamén alude á páxina de Gonzalo Navaza, “E ti o navío na nova noite”, na que di que se recollen os relatos de Castelao ou o *Diccionario ortopédico da lingua galega*; ou á do Proxecto Tomiño na que se pretenden compilar unha boa parte dos textos galegos. Xa no ámbito internacional repasa os enderezos das páxinas dalgúns Centros de Estudios Galegos como o de Oxford, Birmingham ou de paises como Italia e Portugal. Remata referíndose a páxinas curiosas como aquela na que se recollen obras literarias galegas que tratan o tema “a influencia do sector lácteo na literatura galega”, ou a de Rafa Villar; a de revistas como *Omnibus*, *A Revist@* do Grupo Lóstrego de Vilagarcía ou *Grial* de Carlos Casares. Nun recadro á parte recóllense os enderezos das principais editoriais galegas.

Gil, David, “La Fundación Teatro Principal precisa 25 millones para la adquisición del inmueble”, *Faro de Vigo*, 15 agosto 2000, p. 12.

Informa da presentación da campaña de recadación de diñeiro que está a realizar a Fundación Teatro Principal de Tui, para mercar o teatro do mesmo nome, explicando as actividades que levarán a cabo para acadar tal fin . Sinala que a institución tudense, que xa proxecta a publicación de “creacións literarias”, arela o edificio para celebrar alí actos culturais de todo tipo.

Gil, Francisco J., “El teatro vuelve a las aulas”, *Faro de Vigo*, 2 setembro 2000, p. 39.

Informa do nacemento en 1999 do único centro de formación de teatro existente en Galicia, A Escola Municipal de Teatro, situada en Vigo, e dirixida por Maximino Keyzán. Anuncia o prazo de inscrición da matrícula para os alumnos que o desexen. Finalmente, lembra que a ubicación da Escola é provisional pois os responsábeis esperan que o Concello lles ceda outro local máis adecuado así como un teatro municipal e unha programación estábel.

_____, “Galaxia abre a súa historia á sociedade cunha exposición que percorre 50 anos da vida galega”, *Faro de Vigo*, 14 setembro 2000, p. 42.

Informa da inauguración na Casa das Artes de Vigo da exposición “Palabras para un país”, que realiza un percorrido pola traxectoria histórica da Editorial Galaxia. Apunta que neste acto interviron varios membros do consello directivo da empresa viguesa, que salientaron a importancia de Galaxia para as nosas letras, pondo de relevo as palabras do seu actual director, Carlos Casares, quen dixo que os vintecinco primeiros anos se caracterizaron pola “incerteza” e os vintecinco últimos pola “consolidación”. Por outra banda, explica a estructura da mostra, que se compón dun amplo abano de elementos, dende fotos ata documentos administrativos.

_____, “Preparados para salir a escena”, *Faro de Vigo*, “Faro del Ocio”, 15 setembro 2000, p. 8.

Comeza informando do inicio dun novo curso na Escola de Teatro de Vigo e explicando os cursos e ciclos dos que consta. Préstalle especial atención ao ciclo de Arte Dramática, do que nomea as materias e entrevista a cinco estudiantes de diferentes idades, preguntando pola súa opinión e por como entraron na escola. Indica a súa situación e salienta a súa función aglutinadora de persoas e actividades relacionadas co teatro, como os castings. Remata trancribindo outra vez as palabras dos estudiantes entrevistados, desta vez sobre como influíu a escola na súa vida, sobre as súas expectativas laborais e sobre a preferencia do teatro fronte aos medios audiovisuais.

_____, “Cincuenta anos da cultura galega”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 175, 16 setembro 2000, p. 4.

Repasa os cincuenta anos de historia da Editorial Galaxia, salientando que “despois dun modesto comezo hoxe é unha empresa cultural consolidada”. Lembra o momento da súa creación, o clima de censura, e algúns dos nomes fundadores, entre eles Xaime Isla e Francisco Fernández del Riego, aludindo tamén aos directivos que tivo ao longo da súa existencia. Fai constar que a empresa leva xa publicados 1700 títulos, algúns deles de importantes persoeiros das nosas letras, ademais de dedicarse á Fundación Penzol, á Fundación Otero Pedrayo ou á revista *Grial*. Asemade, subliña que os accionistas de Galaxia non reciben beneficios e que todas as gañancias se invisten na editorial.

_____, “A estética da conciencia e o compromiso”, *Faro de Vigo*, 1 outubro 2000, p. 54.

Pon de manifesto o “compromiso” de X. L. Méndez Ferrín coa súa cultura, subliñando que se pode caracterizar por unha “estética de rebeldía contra a imposición dunha norma”. Asemade, apunta que o autor de *Arraianos* non mudou a súa ideoloxía polo feito de entrar na Real Academia Galega, salientando que a que si parece que cambiou un pouco foi a insigne institución, deixando “espacio para todos”.

_____, “Los editores gallegos venden en Francfort cómic, arte y narrativa”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 19 outubro 2000, p. 50.

Dá conta da participación de seis editores galegos na feira do libro de Francfort patrocinados pola Xunta de Galicia e acompañados do Director Xeral de Promoción Cultural, Homero Pérez Quintana, que presentou unha guía en inglés coas 150 novidades máis importantes do ano 2000. Sinala que os editores presentes nesta feira son Manuel Bragado de Xerais, Carlos Casares de Galaxia, Fernández Puga de A Nosa Terra, Carlos del Pulgar de Nova Galicia Edicións, Francisco Rodríguez de Hércules Ediciones e Fabiola Sotelo de Sotelo Blanco. Tamén apunta algunhas das obras que levan para o mercado internacional como *Cita na Habana*, de Fran Jaraba ou obras de Agustín Fernández Paz por parte de Bragado, os últimos volumes de *Artistas galegos* por parte de Carlos del Pulgar e obras de narrativa, ensaio e teatro por parte das outras editoriais. En columna á parte, fala do bo nivel da traducción en Galicia con autores como Rodríguez Baixeras, Bieito Iglesias, Darío Xohán Cabana ou Xela Arias, e alude ás dificultades económicas para traducir autores actuais.

_____, “Yo soy aquel negrito”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 20 outubro 2000, pp. 48 49.

Ante a polémica xurdida arredor dos plaxios, recádase a opinión dalgúns persoeiros da literatura galega como Suso de Toro, Víctor F. Freixanes, Xesús Alonso Montero e Xosé Luís Méndez Ferrín, que falan das súas propias experiencias e coinciden en que na literatura galega non se dá este feito porque os dereitos de autor non chegan para pagarlle ao que escribe. Falán dalgúns casos anecdóticos como o de Blanco Amor en Chile que escribía por necesidade para outro e aos discursos dos políticos escritos por alguén do seu gabinete. Tamén aluden aos “correctores de estilo”, persoas dentro das editoriais que adecúan as obras ás necesidades do mercado no que van ser lanzadas ou ao estilo que busca o editor.

_____, “Alonso Montero: “O golpe de Franco foi un asalto á razón que forzou a emigración”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 30 novembro 2000, p. 62.

Faise eco da Xª Semana da Cultura Galega organizada polo Colexio de Doutores e Licenciados da Provincia de Pontevedra que se celebra no Instituto Santa Irene de Vigo. Indica que foi inaugurada por Xesús Alonso Montero que disertou sobre a literatura galega no exilio e a situación do galego reducido ao ámbito familiar. Tamén se refire á importancia das cidades americanas como centros de producción literaria galega dende 1936 ata a década dos cincuenta, sen esquecer o exilio interior que padeceron moitos autores, entre eles Otero Pedrayo que escribe *A estadea*, un poema de 138 versos que lle envía a Xocas en plena guerra civil, o 4 de setembro de 1936.

Giráldez, J. M. A., “Seamus Heaney, ‘honoris causa’ por la Universidade da Coruña”, *El Correo Gallego*, 30 marzo 2000, p. 75.

Dá noticia da presentación na librería coruñesa Lume dunha traducción de poesía de varios escritores irlandeses, entre os que está Seamus Heaney, que será investido doutor *honoris causa* pola Universidade da Coruña. Subliña que esta edición, publicada por Espiral Maior, foi ideada por Miguel Anxo Fernán-Vello e levada a cabo por David Clark, Antonio de Toro e Emilio Ínsua.

Giráldez, José Miguel A., "¿É Joyce o mellor escritor do século XX?", *El Correo Gallego*, "*Correo das Culturas*", nº 57, 31 decembro 2000, p. 1.

Ante o inminente remate do século XX faise eco das enquisas de editoriais inglesas que publican as listaxes das que consideran mellores obras e mellores autores deste século. Sinala que en todas elas aparece Joyce nos primeiros postos e lembra a historia da publicación dunha das súas obras máis emblemáticas, *Ulises*. En canto á súa recepción en España, lembra que foi no nº 32 da revista *Nós* de 1926 onde aparecen fragmentos desta obra traducidos por Otero Pedrayo na que foi a primeira versión peninsular. Tamén apunta que o autor irlandés foi reivindicado en numerosos artigos polo propio Otero e por Risco, quen en 1929 escribe *Dedalus en Compostela*. Sinala outras achegas sobre Joyce en *Grial* da man de Carmen Millán; *Joyce en España (I* e *II)*, de García Tortosa e Antonio Raúl de Toro no que recollen artigos sobre o autor, e remata aludindo á traducción de Vicente Araguas de *Retrato do artista cando novo* (1994) e a de Xela Arias de *Dublineses* (1990).

Gómez, Ana B., “22 escritores reflexionan sobre o estado da literatura en Galicia”, *El Mundo. Galicia*, 18 xaneiro 2000, p. 11.

Informa do comezo dun ciclo de conferencias, organizado por Caixavigo e Ourense, que leva por título “Escritores galegos cara ó século XXI”. Indica que a duración é duns cinco meses e que nel participarán 22 escritores que, segundo o coordinador Francisco Castro, debaterán sobre “o bo estado de saúde da literatura galega cara ó novo milenio”. Subliña que principiará coa intervención de Carlos Casares e Xurxo Souto.

_____, “A Galaxia das palabras”, *El Mundo. Galicia*, 14 setembro 2000, p. 12.

Dá conta da inauguración da mostra “Palabras para un país”, exposta na casa das artes de Vigo, coa que, segundo o actual director de Galaxia Carlos Casares, se pretende conmemorar o cincuenta aniversario da Editorial, facendo un percorrido pola súa historia. Informa dos contidos desta actividade, lembrando as palabras de Ramón Piñeiro, os obxectivos que impulsaron a creación desta empresa. Recorda aos membros do primeiro equipo de traballo, destacando a colaboración de Otero Pedrayo como presidente do consello de administración ata 1976. Así mesmo, tamén apunta que a exposición se refire á importancia de Galaxia na creación e impulso do Día das Letras Galegas, ademais de aludir a outros elementos destacados desta casa, como a Fundación Penzol ou a revista *Grial*. Remata manifestando que Galaxia vai continuar traballando a prol da súa causa, promovendo a cultura galega cunhas ambiciosas expectativas de futuro.

Gómez, Lupe, “Bailar con forza”, *O Correo Galego, “Revista das letras*”, nº 296, 13 xaneiro 2000, p. 12.

Realiza un sucinto comentario sobre *A escrita da certeza*, publicada en Espiral Maior, de María Xosé Queizán, salientando desta obra a defensa que fai da muller. Apunta que a obra é un alegato do feminismo, na que se tratan temas que preocupan a este sexo, entre eles a súa liberación.

_____, “O círculo do problema”, *O Correo Galego*, “*Revista das letras*”, nº 307, 30 marzo 2000, p. 12.

Rompe unha lanza a prol da poesía, un xénero que di estar actualmente máis “morto” que vivo e para o cal pide unha maior aceptación. Pon de manifesto que a lírica se atopa con algún que outro obstáculo, nunha sociedade na que case non se le, resaltando o positivo das súas cualidades e animando ao lector a consumila.

_____, “O optimismo das palabras”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 310, 20 abril 2000, p. 12.

Por medio dunha narración chea de contrastes, mostra a súa “fascinación” polos libros. Manifesta que as editoriais galegas non se deben render nunca e seguir loitando nunha sociedade tan complicada como a nosa, argumentado que estamos moi necesitados de todo o que nos pode achegar un libro.

_____, “Sintagmas perfectos”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras”*, nº 322, 13 xullo 2000, p. 8.

Refírese ao libro *Memorias dun neno labrego* (1961) como o seu primeiro libro de referencia que a fixo espertar ao mundo da lectura, e reflexiona sobre a identificación que produciu nela o personaxe protagonista. Di que ela, coma Lelo, estaba tamén instalada “no baleiro, na nada, no medo, na morte”. Confesa o seu renacer a partir da lectura do libro e describe os sentimentos e as emocións que lle produce o contacto con esta novela e co feito de ler en xeral. Remata manifestando o seu gusto por ler e escribir “para cuspir as palabras enfadadas” e “para incendiar o amor”.

_____, “As esquinas da vida”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 335, 12 outubro 2000, p. 8.

Reflexión intimista sobre o dereito do ser humano á dúbida e á contradición. Reclama con forza os polos opostos, o poder “crear cousas e pensamentos contrarios “fuxindo de toda “verdade”, “certeza” e “seguridade”.

_____, “O camiño é sangue”, *A Nosa Terra*, “Guieiro Cultural”, nº 962, 23 novembro 2000, p. 32.

Declaración de principios de Lupe Gómez a través dun alegato a prol da escrita feminina e dunha chamada a todas as mulleres que escriben, queren escribir ou pensan facelo, a que avancen contra o establecido e non se deixen manipular. Ofrece a súa visión particular da escrita que define como “a mellor forma de falar”, como “un xeito de investigación” “de aprendizaxe” e un “reto”. Reivindica a feminización da linguaxe e denuncia un mundo e un país que non lle gusta e ao que non quere acomodarse. Rexeita a simboloxía e representación que se lles atribúe ás poetisas cunha chamada á renovación da escrita e á reivindicación dun espacio que a muller nunca tivo.

_____, “A crise do teatro”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 344, 14 decembro 2000, p. 8.

Céntrase no seu desencantamento temporal co teatro, que ademais de considerar que é caro, non lle ofrece sensacións novas e mesmo lle parece que hai un cansancio evidente en todas as artes, unha falta de innovacións e novos temas dos que falar. Tamén considera que é unha arte que ten capacidade para rexenerarse porque é moi importante para o home pola súa creación de ilusións e soños, unha especie de “lámpada marabillosa”. Remata coa esperanza de superar esta crise e volver gozar con el.

Gómez, María J., “Pontevedra se acerca a la lectura”, *Diario de Pontevedra*, 13 agosto 2000, p. 20.

Informa da inminente inauguración da XIIª edición da Feira do Libro de Pontevedra, na que le o pregón Xavier Alcalá. Ademais, realiza un resumo da programación, que conta con numerosas actividades vinculadas ao mundo do libro, entre as que destacan as sesións de contacontos e os obradoiros de animación á lectura.

Gómez, María Jesús, “A Feira do Libro pecha as súas portas”, *Diario de Pontevedra*, 22 agosto 2000, p. 53.

Informa da clausura da XIIª edición da Feira do Libro en Pontevedra e dá conta dos actos previstos para ese día entre os que destaca a sesión de contacontos para rapaces a cargo de Nieves Cosas e Eva Vila, así como a presencia do ilustrador Juan Rivas.

_____, “Libreiros de Galicia siguen reivindicando que la Feira do Libro se traslade a la Ferrería”, *Diario de Pontevedra*, 23 agosto 2000, p. 53.

Fai referencia aos resultados da Feira do Libro de Pontevedra, salientando que en xeral foi un éxito, malia que os libreiros prefiren que nun futuro se celebre na praza da Ferrería. Apoiándose nas opinións do Presidente da Federación de Libreiros de Galicia, Jaime Corral, apunta que nesta edición aumentaron as vendas, chegando aos trece millóns, e que houbo unha masiva afluencia de público, ademais de subliñar que este respondeu positivamente ás actividades levadas a cabo polos organizadores. Por outra banda, indica que as obras máis solicitadas en galego foron as de Manuel Rivas e Suso de Toro.

_____, “O conto de Castelao leva a tradición das lendas populares, pero é universal”, *Diario de Pontevedra*, 15 setembro 2000, p. 9.

Alude á intervención do profesor Manuel Rosales Cereijo no curso “Cando a historia é presente: Castelao”, organizado pola Universidade Internacional Menéndez Pelayo, na que realizou un estudio do relato curto de Castelao. Apunta que Rosales subliñou que o insigne rianxeiro soubo combinar dunha forma perfecta a tradición popular coa modernidade á hora de escribir os seus contos. Ademais, indica que na exposición salientou a importancia do seu estilo para o posterior desenvolvemento do conto galego, subliñando que botou man do humorismo para tocar os temas máis sensíbeis da problemática social que o rodeaba.

Gómez Caridad, Gonzalo, “Castelao, sempre connosco”, *A Nosa Terra*, nº 947, “A aldea global”, 10 agosto 2000, p. 19.

Aproveitando a celebración do Ano Castelao, fai unha lembranza desta figura. Fai referencia, primeiramente, ao contraste existente entre o recoñecemento de Castelao na actualidade e o silencio ao que foi sometida a súa figura durante a Dictadura Franquista. Sinala que mentres en Galicia se tentaba escurecer a súa obra, fóra era recoñecido como merecía, recordando a dor que a emigración sentiu cando o autor de *Cousas* morreu. Así mesmo, alude a cómo se viviu o primeiro cabodano de Castelao no Lar Galego de Caracas. Manifesta que daquela puido conversar co curmán de Castelao, Mariano Otero Castelao, quen lle falou do sufrimento polo que pasou o rianxeiro cando perdeu o seu fillo.

Gonsar, Camilo, “Cidadán do mundo”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 29 agosto 2000, p. 14.

Breve relato no que o autor ironiza sobre o falso cosmopolitismo do que presume o protagonista da súa historia. Este pasa por ser un home cultivado e sabio, que rexeita os nacionalismos e refuga do galego por consideralo de “aldeáns”. Mais, queda en evidencia cando realiza unha viaxe a Londres e á penas é capaz de aguantar uns días fóra da súa terra.

González, Eva, “No se puede rechazar a nadie que ame la poesía”, *Faro de Vigo*, “Comarcas”, “Baixo Miño”, 8 xullo 2000, p. 14.

Despois de ofrecerse certos datos sobre o Festival de poesía do “Baixo Miño”, reprodúcese unha entrevista coa encargada da súa organización, Emilia Rosende. Esta poetisa indica que con este evento, que está aberto a todos os que amen a poesía, se pretende propagala. Con respecto á presencia dos artesáns nesta edición do Festival, considera que esta arte e a poesía se entenden ben. Tamén se refire ao auxe que está experimentando a poesía no Baixo Miño e aos problemas que ten que afrontar a Asociación Amigos da Poesía, da cal é a súa presidenta. Remata indicando que aínda lle queda moito traballo entre os escolares, cos que se atopa moi a gusto, e que o tema previsto na campaña de “Poesía na Escola” son as cidades de Tui e Valença..

González, Helena, “Mae”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 315, 25 maio 2000, pp. 4-5.

Comeza sinalando a falta de obras poéticas en galego no que vai de ano e céntrase en “Sete días de poesía na cidade”, encontro celebrado en Barcelona, do que salienta a presencia de novas voces a través da oralidade e o trato directo co público. Sobrancea o papel da brasileira Elisa Lucinda, da que ademais de sinalar algunhas das súas obras, reproduce versos nos que aparece a figura materna. Remata apuntando que ante a falta de obras líricas novas na literatura galega, ou se descubren propostas novidosas como a anterior, ou se volve aos nosos clásicos como Rosalía, á que relaciona coa poetisa brasileira no afán por “devolverlle a dignidade á emoción miúda e ás expulsadas das crónicas heroicas”.

González, Raquel, “Los amigos de Novoneyra destacan su relevancia en la literatura gallega”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 5 novembro 2000, p. 34.

Faise eco dos actos de homenaxe celebrados no Courel en lembranza de Uxío Novoneyra salientando a ampla participación de escritores entre os que se atopan Neira Vilas, Manuel María, Bernardino Graña ou Miguel Anxo Fernán Vello. Indica que a homenaxe consistiu en plantar unha árbore ao pé dunha gran pedra con versos de Novoneyra, na entrega da letra E á viúva do escritor, distintivo que outorga a AELG, e porlle o seu nome a unha rúa en Seoane.

González Groba, Gustavo, “Los gallegos en Argentina celebraron el 50 aniversario de la muerte de Castelao”, *Galicia en el Mundo*, nº 354, 10-16 xaneiro 2000, p. 22.

Dá conta dos actos de celebración do cincuenta cabodano de A. R. Castelao por parte da emigración galega da Arxentina. Apunta que esta colectividade, moi dividida, se uniu por unha vez arredor da homenaxe á figura do galeguista, na que participaron representantes de diversas asociacións da emigración. Destaca que se celebraron actos como ofrendas florais ou unha mesa redonda, e indica que nela Wesceslao Sánchez de la Vega, Graciana Vázquez Villanueva e Darío Lamazares Pena, lembraron o espíritu loitador de Castelao e o seu labor artístico e político a prol da súa terra.

González Martín, Gerardo, “Manuel Lustres Rivas, brillante periodista durante un cuarto de siglo en Vigo”, *Faro de Vigo*, “Crónica Sentimental”, 30 xuño 2000, p. 14.

Realiza unha breve caracterización de Manuel Lustres Rivas, salientado a súa intensa carreira xornalística. Tras achegar unhas cantas notas biográficas, fai un percorrido polos diferentes xornais nos que colaborou e traballou este home que foi víctima da Guerra Civil. Subliña, especialmente, o seu labor como redactor no *Faro de Vigo*, onde escribía sobre temas culturais. Por último, manifesta que foi Lustres quen fixo posíbel que os primeiros debuxos de Castelao fosen publicados en *Vida Gallega.*

González Pérez, Clodio, “Castelao e o Faro de Vigo”, *Faro de Vigo*, “Especial Cincuenta anos da morte de Castelao”, 7 xaneiro 2000, pp. I-IV.

Estudio sobre a relación de A. R. Castelao co xornal *Faro de Vigo*, co que o rianxeiro colaborou en diversas ocasións, aproveitando tamén para abordar certos aspectos da súa intensa traxectoria vital. Subliña que o autor de *Retrincos* traballou para o xornal vigués en varias etapas, dende 1926 a 1936, nas que publicou 340 estampas que levaban por nome “Cousas da vida”. Apunta que o galeguista deixou de publicar neste xornal por un distanciamento ideolóxico, malia que o xornal seguiu escribindo sobre el. Por outra parte, apoia a súa argumentación en titulares e fragmentos de noticias publicadas no xornal en diferentes datas, referidas ao traballo de Castelao neste medio e tamén á súa actividade política e artística.

Grande, Antón, “Un periódico”, *El Progreso*, “Relatos”, 25 setembro 2000, p. 75.

Relato ficticio que xorde da observación do seu narrador nunha viaxe que este realiza de Lugo a Trieste en tren. O viaxeiro vainos contando as súas impresións sobre un misterioso individuo que ve en cada estación na que se detén, mantendo en suspense ao lector sobre a súa identidade. Ao chegar ao seu destino, o narrador descobre a través dun xornal que aquel intrigante señor era un coñecido delincuente de Lugo que acababa de ser detido.

H. V., “Pontevedra e Poio declaran restablecida a memória de Alexandre Bóveda”, *A Nosa Terra*, nº 948, “Galiza”, 18 agosto 2000, p. 4.

Artigo no que se fala do grao de institucionalización que acada o Día de Galiza Mártir ao sumarse o Concello de Pontevedra ao de Poio, que xa o viña celebrando dende hai cinco anos. Describe os actos organizados en Poio, que incluíron unha ofrenda floral a Alexandre Bóveda diante do monumento á súa memoria situado na Caeira, e nos celebrados en Pontevedra, onde interviñeron Fernando Quintela, presidente da Fundación Bóveda, Miguel Anxo Fernández Lores, alcalde da cidade, Xosé Luís Bóveda, fillo do homenaxeado, e Xoaquina Trillo, poetisa.

Heinze de Lorenzo, Úrsula, “Ti non pagas”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 12 agosto 2000, p. 12.

Breve conto que amosa un grupo de borrachos que, nunha noite de cans, atravesan a rúa co semáforo en encarnado. Un deles escorrega e cae, con tan mala sorte que o automóbil que se aproxima non ten tempo de frear.

Hermida Iglesias, M., “López Medina e os cincuenta anos da revista ‘Tapal”, *El Correo Gallego*, 9 febreiro 2000, p. 47.

Rememora os nomes de todas as persoas que hai cincuenta anos se encargaron da realización e publicación do primeiro número da revista *Tapal*. Resalta que na actualidade só permanece vivo José Pérez Morales e que el se encargará de que os herdeiros de Manuel Fabeiro, un dos directores desta publicación, recompilen todo ese legado. Lembra que no primeiro número se publicou unha poesía de Juan López Medina (1875-1952) e sorpréndelle que os da Editorial Sementeira non dean a coñecer a obra deste autor. Consideraría imperdoábel que a revista no seu cincuenta aniversario non se lembrara deste persoeiro e que tampouco aos concellos cos que estivo vinculado profesionalmente non lles interese facer unha recompilación dos seus traballos.

Hevia, A., “As cousas nunca son brancas ou negras, senón cheas de matices”, *O Norte*, nº 137, “Brión”, 1ª quincena marzo 2000, p. 14.

O xornalista lembra o amplo currículo de Víctor Freixanes parándose especialmente en *O triángulo inscrito na circunferencia* e no seu labor na Radio Popular de Vigo, cando esta emisora funcionaba maioritariamente en galego e se converteu nun motor normalizador. Tamén amosa o artigo a afección de Freixanes á historia e á novela histórica, que lle permite unha recreación do pasado ao seu gusto.

_____, “Para escribir hai que ter algo que dicir”, *O Norte*, nº 138, “Comarca de Barcala”, 1ª quincena abril 2000, p. 29.

Recolle a opinión de Neira Vilas quen reflexiona que para escribir, máis ca técnicas, hai que ter algo que contar, e de que a actividade literaria é fundamentalmente vocacional. Ademais repasa a obra literaria e ensaística do autor de *Cartas a Lelo* e a dedicación ao teatro de Anisia Miranda. Tamén informa de que a súa casa natal de Gres foi transformada nun centro cultural.

_____, “A Fundación Rosalía de Castro, buque insignia do galeguismo”, *O Norte*, nº 140, “Comarca de Ulla-Sar”, 1º quincena maio 2000, p. 9.

Coméntase que o Padroado Rosalía de Castro foi consentido pola Dictadura e que estivo sempre á fronte do galeguismo. Lémbranse, así mesmo, as obras sucesivas que se executaron no complexo da Matanza, que acolle o Museo, do que se pensa que é un dos máis visitados de Galicia e España. Tamén se recorda que a institución promoveu misas en galego dende a súa fundación nos anos corenta, celebrándose en 1965 a primeira integramente na nosa lingua. Para acabar, sinálase que hogano a Fundación, que substituíu o Padroado en 1995, tamén é un foro de encontro de especialistas en disciplinas diversas.

I. L., “Xosé Carlos Caneiro edita en Espasa la traducción de su ‘*Xogo de apócrifos*”, *El Correo Gallego*, 30 marzo 2000, p. 76.

Salienta a presentación de tres novas obras da editorial Espasa: *La mujer muerta*, de Manuel Rico, *Museo de soledad*, de Carlos Castán, e a traducción ao castelán de *Xogo de apócrifos*, de Xosé Carlos Caneiro. Ademais de referirse ás dúas primeiras, da do autor galego lembra os numerosos premios que lle foron outorgados dende o ano 1996 e recolle a opinión do crítico Ángel Basante que a considera unha das mellores novelas da literatura galega e nacional, e cualifica ao autor como “o Dostoiesvsky galego”. Resume o contido de *Xogo de apócrifos*, no que un enfermo mental, nun intento por descifrar un manuscrito, ofrece fragmentos do seu diario e reelabora trinta e cinco contos nos que el é, ás veces, un dos personaxes. O articulista ofrece a definición que dá o propio autor de si mesmo e a presencia na novela da preocupación de Caneiro pola linguaxe melódica.

I. M., “Piden la consolidación de la Feira do Libro”, *Atlántico Diario*, 22 xullo 2000, p. 14.

Dáse conta da inauguración da Iª Feira do Libro en Cangas, presentada polo coordinador de Feiras do Libro en Galicia, Antonio Fernández, e saliéntanse os actos que tiveron lugar durante o evento como foi a lectura dun pregón rimado a cargo de Gloria Sánchez.

_____, “Una exposición conmemora los 50 años de Galaxia dedicados a impulsar la cultura”, *Atlántico Diario*, 12 setembro 2000, p. 11.

Noticia sobre o convenio asinado por Xaime Illa Couto, presidente do consello de administración de Galaxia, e Carlos Alberto González Príncipe, concelleiro vigués, conforme ao cal o Concello asume dous tercios do custo da exposición conmemorativa do cincuentenario da editorial Galaxia. Dáse conta de que o orzamento da exposición, que ten previsto visitar todas as cidades galegas e quizais Barcelona e Madrid, ascenderá globalmente a doce millóns de pesetas.

_____, “Xavier Alcalá asegura que una vida no es suficiente para ver el mundo”, *El Ideal Gallego*, 8 novembro 2000, p. 26.

Recóllense palabras de Xavier Alcalá nas que se refire á diferencia dos libros de viaxes do resto da producción narrativa. Asemade avoga porque os xornalistas que fan viaxes institucionais escriban máis libros.

_____, “Los intelectuales coruñeses recuerdan al polifacético artista Tomás Barros”, *El Ideal Gallego*, 14 decembro 2000, p.25.

Infórmase que durante un ciclo de conferencias lembrouse a figura do polifacético artista Tomás Barros. Comenta aspectos da súa biografía facendo fincapé nas inquedanzas sociais e culturais. Asemade cita os seus libros e a súa familia fala dos cadros que o autor máis estimaba.

I. P., “Manuel Rivas reivindica lo que la literatura tiene de venganza histórica”, *El Correo Gallego*, 12 abril 2000, p. 76.

Recóllese a opinión do autor de *O lápis de carpinteiro* sobre certos aspectos relacionados coa literatura: o interese do xénero histórico sempre que enlace co seu propio momento e memoria, non comparte a idea que se pretende dar na publicidade, e considera que a literatura debe establecer uns “hilos invisibles e todo pasado es presente”. Enuméranse os problemas que lle preocupan a este creador como a inmigración e a violencia terrorista. Resáltase que Rivas considera unha estafa que o escritor actual plasme nas súas obras a contemplación da natureza en liberdade pois, segundo el, débese falar da dor desta, da súa “belleza convulsa y rota como metáfora del mundo”. Refírese á súa particular definición da súa terra, ao amor que sente por ela, á inmigración dos galegos como tema presente en case toda a súa obra e á temática do libro que está a preparar. Remátase coas verbas de Antón Lopo quen sinala que a este autor se lle empeza a considerar o novo Castelao. Dáse fin ao artigo cunha listaxe dos pros e contras do seu labor literario.

I. R., “Una muestra recorre la vida de Castelao y descubre su relación con Melide”, *La Voz de Galicia*, 7 marzo 2000, p. 47.

Co gallo da exposición “Castelao e Galiza: Mostras Biográfica e Bibliográfica” fálase das visitas que Castelao fixo a Melide, dos seus debuxos nas mesas de mármore dos bares desta localidade e da alusión que fai en dúas das súas obras, *Sempre en Galiza* e *As Cruces de Pedra da Galiza*, desta terra. Sinala que na exposición, organizada pola Asociación Terra de Melide con motivo do cincuenta aniversario da morte de Castelao, recompílanse numerosos xornais e libros non só deste rianxeiro senón tamén sobre el. Recolle as palabras de Domingo Fuciños quen tilda a mostra de pedagóxica e afirma que está dirixida aos centros educativos. Resáltase a presencia na exposición de exemplares e fotografías publicadas na emigración e dificilmente localizábeis como unha edición de *Sempre en Galiza* publicada en Buenos Aires en 1961. Lémbrase da chegada das obras de Castelao a Melide gracias a un mariño mercante desa zona. Comenta que tamén se realizaron dúas conferencias, sobre a vida e a emigración de Castelao, a cargo de Francisco Carballo e Fernando Pereira Caamaño e que se organizará un recital poético e unha conferencia a cargo de Avelino Pousa Antelo.

_____, “Los autores afamados mantienen el nivel de ventas de las librerías”, *La Voz de Galicia*, 23 abril 2000, p. 40.

Na véspera do Día do Libro saliéntase que os autores destacados pola crítica son aqueles que reciben premios de renome malia non estar apoiados polas vendas. Afírmase que para os libreiros os medios audiovisuais e os sistemas informáticos non son unha ameaza para o libro senón un complemento. Recolle a opinión de José Luís Colmeiro, de Follas Novas, na que cualifica de aventurado falar de morte do libro xa que “os amantes dos libros non nos van deixar porque necesitan tocalos”. Resáltase a boa situación que vive o sector e recóllese a crítica de Xosé Pedreira, presidente do gremio de libreiros, ao detectar un alto índice de publicacións sen control e sen rigor. Céntrase, por último, na boa aceptación da literatura infantil galega a pesar do escaso crecemento de vendas. Cita a algúns autores de literatura infantil que favoren a creación dun público potencial namentres autores como Ferrín, Suso de Toro e Manuel Rivas acaparan o protagonismo.

Iglesias, Ana, “Pérez Varela y Alfredo Conde inauguraron la Feria del Libro, configurada por 16 stands”, *El Correo Gallego*, 7 maio 2000, p. 37.

Dá nova da inauguración da Feira do Libro en Compostela enumerando os diferentes persoeiros presentes no acto. Recolle as verbas do conselleiro de cultura coas que pon de relevo a importancia da Feira para a promoción do libro e da lectura, así como, as do escritor Alfredo Conde nas que anima a aunar esforzos para a mesma fin. Resume as actividades realizadas o día da apertura e o tema desenvolvido no pregón da man de Alfredo Conde, que consistiu nun breve panorama da literatura galega.

Iglesias, Bieito, “Outras alamedas”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 13 agosto 2000, p. 14.

Relato sucinto que nos amosa un paseante por unha alameda nun día de chuvia, feliz de que o mal tempo escorrentase a multitude habitual que dificulta os encontros homosexuais.

Iglesias Bacelos, Ángel, “El primer libro del recordado escritor Eliseo Alonso cumple medio siglo”, *Faro de Vigo*, “Especial Festas Virxe do Alivio de Tomiño”, 9 setembro 2000, p. 28.

Lémbrase a emigración a América de Eliseo Alonso tras editar en castelán o seu primeiro poemario, *Contos de cotovía*, na colección “Benito Soto” e con prólogo de José María Álvarez Blázquez. Inclúese unha recensión de Nerio a esta obra publicada na revista bonaerense *Alborada*, na que encomia o libro e lle pide a Alonso, igual que Álvarez Blázquez no prólogo, que no futuro escriba en galego. O mesmo crítico congratúlase de que xa lle chegaran tres poemas en galego do tudense para a revista *Alborada*.

J. C., “Em memoria de Castelao”, *Faro de Vigo*, 8 xaneiro 2000, p. 14.

Dá nova da homenaxe a Castelao con motivo do quincuaséximo aniversario do seu pasamento. Comenta que, segundo os concelleiros Celia Pérez e Javier Núñez, o acto non está destinado aos políticos senon aos cidadáns. Dá conta dos diferentes actos que se realizan e o desexo de celebrar outros de carácter reinvindicativo deste persoeiro ao longo do ano por parte do goberno municipal. Finaliza recordando o vínculo que existe entre autor e Redondela, que se remonta aos mitins a prol da IIª República e do Estatuto de Autonomía do 36.

_____, **“**Pluralidade de voces e xéneros”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 115, 15 febreiro 2000, p. 3.

Co gallo da celebración duns encontros entre escritores, organizado por Caixa Vigo e Ourense, resáltanse os diferentes temas relacionados coa literatura galega contemporánea sobre os que disertan os escritores galegos. Cita temas como a diversidade dos xéneros cultivados na literatura galega, a diminución nos escritores galegos da política de xeito explícito na literatura, o remate dunha etapa na que se cultivaban xéneros co fin de “inagurar a súa presencia en galego”, a realidade como fonte de inspiración dos autores galegos ou o papel da crítica. Para cada un destes temas o articulista recolle a breve opinión de varios escritores galegos e críticos como Darío Xohán Cabana, Xavier Alcalá, Xosé Miranda, Gonzalo Navaza, Carlos Casares, Santiago Jaureguizar, Xurxo Souto, Méndez Ferrín ou Ramón Nicolás. Afirma que para o coordinador dos encontros, Francisco Castro, estas charlas permiten que os autores poñan en común as súas opinións e tamén “a temperatura ó estado da literatura galega”. A seguir, pon de relevo a incorporación das novas tecnoloxías e do internet á literatura, e infórmanos, baseándose nas palabras de Jaureguizar e Camilo Franco, das desvantaxes dos avances informáticos para o autor e o lector. Despois de destacar, coas palabras de M. Anxo Murado, o pexorativo que é a política para a literatura, recolle as opinións de Yolanda Castaño, Miguel Anxo Fernán-Vello e Clodio Rodríguez sobre o bo momento que vive a poesía e a súa presencia non só na escrita senón tamén nas composicións musicais.

J. G., “Publicado un volumen de poesía social de Emilio Pita inédito desde 1962”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 29 outubro 2000, p. 37.

Dá conta da edición do poemario *Polos camiños do pobo* de Emilio Pita, por parte do profesor Xosé Manuel Maceira. Fálase do momento en que foi escrito e que este libro se presentara a un premio. Engádese que trata temas de poesía social. Por último, dise que este autor deixou escritos dous novos poemarios que están a ser preparados para a súa publicación.

_____, “Galego no mundo” lleva a Santiago intelectuales de tres continentes”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 31 outubro 2000, p. 34.

Informa do encontro que terá lugar en Compostela que, co título “Galego no mundo”, pretende reunir nesta cidade a persoas relevantes do cinema, da música, do teatro e da literatura de Galicia e dos países de lingua portuguesa no mundo. Asemade, ofrécese información sobre algunhas das personalidades destes campos participantes no evento. Ao repecto da literatura anuncia que o eixo fundamental dos debates entre escritores vai ser Castelao.

J. F. M./A. N. D., “Las letras del verano”, *El Progreso*, 22 agosto 2000, p. 30.

Tras entrevistar a varios libreiros lugueses, os xornalistas aseveran que no verán aumenta o consumo de literatura, especialmente no eido da narrativa de evasión en edición de peto, aínda que tamén atinxe ao relato curto, á novela negra e aos textos divulgativos. Tamén dan fe de que os nenos orientan as súas compras cara a obras do seu gusto, afastándose do que os mestres lles mandan ler durante o inverno. Na reportaxe os libreiros comentan as obras que máis se venden pero só na Librería Souto citan algún escritor en galego: Suso de Toro e Marina Mayoral.

J. G., “El gallego para docentes”, *La Voz de Galicia*, 7 maio 2000, p. 53.

Indícase que a necesidade de reformar a normativa gráfica do idioma galego foi o tema debatido por José Antonio Souto Cabo, Henrique Monteagudo, Francisco Fernández Rei e Xosé Ramón Freixeiro nas X Xornadas da Lingua e Literatura da CIG e da AS-PG. Resalta o interese suscitado no auditorio e a boa acollida das propostas do profesor Souto Cabo, da intervención do deputado Francisco Rodríguez ao redor da vixencia da obra de Castelao, de Henrique Rabuñal, na que analizou os textos de Manuel Murguía, a de Pilar Pallarés, quen falou da súa poesía, a de Manuel Ferreiro, centrada na figura de Pondal, e a dinamización teatral de Quico Cadaval. Enuméranse outros temas como a animación á lectura, os apelidos galegos ou a representación dunha obra sobre Castelao da man de Espello Cóncavo.

_____, “Portugal conmemora el centenario de la muerte de Eça de Queirós”, *La Voz de Galicia*, 16 agosto 2000, p. 44.

Alude ao centenario do pasamento de Eça de Queirós e salienta que se está a vivir en Portugal con abundancia de actos de todo tipo, como o congreso a celebrar en Coimbra, do que destaca a presencia de Xosé Manuel Dasilva, profesor da Universidade de Vigo, coa conferencia titulada “A presença de Eça de Queirós no sistema literário galego”. Pon de relevo a influencia na nosa literatura deste novelista portugués, do que Otero se recoñeceu lector, que centrou un traballo de Blanco Amor e que é sinalado en *La casa de la Troya* como o mellor escritor galego. Así mesmo, sinala que o maior experto é de Galicia o maior experto na súa obra: Ernesto Guerra da Cal, que vén de dar nome a un premio de investigación queirosiana e que descubriu o influxo de Eça en Valle e Flórez.

J. L. R. R., “Cultura y diversión”, *El Progreso*, 11 agosto 2000, p. 13.

Exponse a ampla actividade da asociación xuvenil “Os biosbardos” de Xermade, que prevé organizar un premio de poesía e narrativa.

J. M. G., “José Ángel Valente, hijo predilecto de Ourense a título póstumo”, *La Voz de Galicia*, 22 xullo 2000, p. 43.

Anúnciase unha sesión plenaria en Ourense que ten previsto outorgarlle postumamente a Valente o título de fillo predilecto, acto que precederá un funeral na catedral. Coméntase así mesmo que o Concello lle dedicou unha rúa. Aprovéitase tamén para informar do funeral celebrado na basílica xinebrina de Notre-Dame, con asistencia dos familiares e membros do corpo diplomático.

Janeiro, D., “Castelao, un veciño”, *O Correo Galego*, “AFA”, 10 xaneiro 2000, p. 15.

Faise eco da homenaxe que veciños, asociacións locais, profesores, nenos e poetas lle brindaron a Castelao en Rianxo. Enumera os poetas, escritores e profesores que participaron lendo fragmentos de *Sempre en Galiza* ou recitando diferentes poemas. Recolle os comentarios dalgúns dos participantes ao recordar o rexurdir de Castelao, no vixésimo quinto cabodano, coa venda clandestina dos seus libros nunha feira do libro. Remata informando das diferentes pezas musicais coas que se puxo fin ao acto.

_____, “O nervio ético”, *O Correo Galego*, “AFA”, 14 xaneiro 2000, p. 35.

Síntese da análise feita de Castelao na Casa Museo de Rosalía de Castro en Padrón, comezando pola intervención de Henrique Monteagudo, quen destacou a importancia de tratar directamente con Castelao por medio da lectura, a forte vontade de comunicación do escritor, ou a loita por “facer chega-las súas mensaxes políticas, humanas e artísticas á sociedade”. Tamén sinalou que a presencia deste persoeiro na política foi por razóns éticas, del salientou a honestidade e reinvindicou o Castelao ensaista, escurecido pola creación literaria. Dise que Avelino Pousa Antelo, presidente da Fundación Castelao, fixo un percorrido pola vida do rianxeiro, anunciou a elaboración, dende a Fundación, dunha biografía que complete as xa existentes, e lembrou a defensa que fixo Castelao, en 1944, do seu labor de político e artista para servir a Galicia na presentación de *Sempre en Galiza* en Buenos Aires. Infórmase da edición da obra completa deste autor por parte de Galaxia, das *348 Cousas* en *Faro de Vigo*, do éxito que acadou co humorismo gráfico feito nos medios de comunicación, e da busca, por parte dos investigadores da USC, de cartas inéditas de Castelao. Remata aludindo a outros actos de homenaxe celebrados na honra do rianxeiro.

Janeiro, Darío, “García Negro: “O paternalismo de Castelao respondía á necesidade, non á demagoxia”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 27 xaneiro 2000, p. 20/p. 73.

Fai referencia aos diferentes relatorios pronunciados no segundo día do Congreso que se celebrou en Rianxo, entre o 25 e o 29 de xaneiro, para homenaxear a Castelao. Comeza referíndose ás palabras da deputada Pilar García Negro, que fai unha caracterización xeral dos principios definitorios do rianxeiro. Logo, máis brevemente, realiza un repaso do dito polos demais relatores, como Henrique Monteagudo, quen falou do “Castelao ensaísta”; X. M. Dobarro, quen se centrou en *Os vellos*; ou Carme Kruckenberg, quen presentou catro cartas inéditas de Castelao.

Jaureguízar, “Mudanzas”, *El Progreso*, “Relatos”, 9 xullo 2000, p. 43.

Cóntanos este relato como unha familia de costumes puramente urbana se despraza a un chalé adosado. Alí coñecen unha parella, caricaturizada con trazos animais e dominada polos valores da subcultura norteamericana, que lles axuda na instalación e que os convida a unha barbacoa.

_____, “Electricidade estática”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 14 agosto 2000, p. 14.

Conto no que a Muller Bombilla lle refire ao médico como seu home aproveita a súa particularidade para conectala a determinados aparatos eléctricos e aforrar así na factura da luz.

_____, “Isto podería ser Florida”, *El Progreso*, “Relatos”, 14 novembro 2000, p. 4.

Alegórico relato onde se narra como Alberte Sanxil, o axente de Misións Especiais da Xunta, rouba un libro de sinaturas no que foran asinando os veciños e o alcalde da cidade de Lugo para solicitar que a Muralla sexa declarada patrimonio da Humanidade. Isto sérvelle para comparar este feito coas eleccións dos Estados Unidos.

_____, “A madalena de Proust”, *El Progreso*, “Patrimonio de la Humanidad”, 12 decembro 2000, p. 4.

Relato no que o axente de Misións Especiais da Xunta, Alberte Sanxil, explica a caída dun anaco da muralla de Lugo como Proust explica a caída dunha magdalena ao se enchoupar de café con leite e gañar máis peso que a súa parte seca. Ao final conclúe que se debe reparar con tixolos porque así se segue mantendo en pé.

L. A., “Reixa adaptará al cine a partir del próximo mes de mayo la novela de Manuel Rivas ‘O lapis do carpinteiro”, *El Correo Gallego*, “Sociedad-Cultura”, 25 novembro 2000, p. 73.

Breve nota de prensa na que se informa que o polifacético Antón Reixa producirá e dirixirá unha adaptación cinematográfica da novela de Manuel Rivas, *O lapis do carpinteiro* (1998).

L. C., “Pose Miñones anima a los editores a mantener la Feria del Libro de Arteixo”, *El Ideal Gallego*, 19 maio 2000, p. 23.

Ofrece un resumo das actividades culturais que se realizaron na primeira edición da Feira do Libro en Arteixo. Manifesta o ánimo que Manuel Pose Miñones, alcalde da localidade, transmite á Federación de Libreiros e á Asociación de Editores para que se manteña este evento ao ser “importante para achega-los libros ós pobos”. Informa que o pregón de inauguración, a cargo de Luís González Tosar, se centrou nun percorrido polos diferentes soportes de libros, na importancia do papel destes na sociedade da informática e nunha particular lembranza de Murguía. Así mesmo, recolle as palabras do director xeral de promoción cultural, D. Homero Pérez Quintana, nas que declara que “cualquier esfuerzo se hace pequeño si es para abrir el “fantástico mundo de la literatura a los gallegos”.

L. P., “Compañeiro de páxina de Roberto Blanco Torres”, *El Ideal Gallego*, 7 xaneiro 2000, p. 19.

Breve percorrido pola presencia dos intelectuais galeguistas en *El Ideal Gallego* centrándose sobre todo na figura de Castelao. Afírmase que Díaz Pardo lembra as especiais relacións do fundador deste xornal, José Toubes Prego, con persoeiros como Díaz Baliño, Castelao e Blanco Torres. Saliéntase a publicación en 1917, na portada deste diario, dun artigo de Roberto Blanco Torres titulado “Nuestro arte regional, el humorismo de Castelao”. Mencionánse algúns dos colaboradores, redactores e columnistas das diferentes etapas do *Ideal* e finalízase citando os xornais nos que participaba Castelao, simultaneamente, entre 1917 e 1918, así como, o ano a partir do que se insertou en *El Noroeste* a cabeceira deseñada por el, “Nós, páxinas gallegas (sic) do diario da Cruña *El Noroeste*”.

L. R., “O Día das Letras do 2001 estará adicado a Eladio Rodríguez”, *La Región*, 25 xuño 2000, p. 4.

Dá conta do acordo tomado pola Real Academia Galega segundo o cal a Institución decide dedicar o Día das Letras Galegas do ano 2001 ao escritor, poeta e lingüista Eladio Rodríguez González, en recoñecemento ao seu labor poético e á súa contribución ao estudio do léxico coa obra “*Diccionario Enciclopédico gallego-castellano*, que constitúe un punto de referencia “fundamental na elaboración de tódolos diccionarios posteriores”.

_____, “Pasar a la Historia con expediente de honor”, *La Región*, 4 xullo 2000, p. 14.

Describe as características dos distintos “Honores e distinciones”: medallas da cidade, medallas ao mérito, os títulos de fillos predilectos e adoptivos e os membros honorarios da corporación, así como a erección de monumentos, bustos, colocación de placas conmemorativas e denominación de prazas, rúas, parques ou paseos, cos que a cidade de Ourense honra a diferentes personalidades, enumerando algúns dos galardoados entre os que se encontran nomes como Eduardo Blanco Amor, Ramón Otero Pedrayo, “Xocas”, e xa máis recentemente, o profesor Albino Núñez, último expediente de honor aberto polo concello mercede á súa contribución á promoción da cultura ourensá. Así mesmo, recolle a concesión da medalla de ouro ao mérito a Juan Antonio Outeiriño, membro do Concello de Ourense, “en recoñecemento da cidadanía de Vila Real á acción por el desenvolvida en pro do Irmanamento entre as dúas cidades” (Vila Real e Ourense).

_____, “El ourensano más universal”, *La Región*, 19 xullo 2000, p. 60.

Recolle as impresións de dezaoito persoeiros do mundo político e cultural galego, entre os que se atopan Alonso Montero, o escritor Alfredo Conde, a poetisa Dora Vázquez, o escultor Virxilio e o edil do BNG Alexandre Sánchez Vidal, trala morte de Miguel Ángel Valente, “o mellor poeta da historia da literatura española” en palabras de Claudio Rodríguez Fer. Así mesmo, reproduce tamén un artigo de Maribel Outeiriño, publicado en maio de 1998, no que a articulista lembra a figura de Valente e a súa relación coa cidade de Ourense.

_____, “A derradeira visita de Valente a Ourense”, *La Región*, 19 xullo 2000, p. 63.

Lembra a derradeira homenaxe rendida a este poeta ourensán en vida, que tivo lugar no Liceo Recreo Ourensano en maio de 1998 e que foi aproveitado polo homenaxeado para reivindicar a pervivencia do cemiterio de San Francisco, onde está enterrada a súa nai e o seu único fillo, como lugar de referencia para a memoria colectiva dos ourensáns. Recóllese tamén un estudio dos galardóns outorgados en Galicia, comunidade na que sen embargo non foi unha persoa moi recoñecida ao autor de *Cántigas do alén* (1989), entre os que se atopa a dedicación dunha rúa nun lugar céntrico da cidade de Ourense.

_____, “Ourense tardó tiempo en reconocer a José Ángel Valente, hasta que llegó casi el final”, *La Región*, 20 xullo 2000, p. 57.

Conversa coa irmá do poeta recentemente falecido José Ángel Valente. Pilar Valente expresa as emocións que sente a familia nestes momentos e anuncia un enterro íntimo en Augasquentes, nome que usaba o poeta para se referir á súa cidade natal. Tamén apunta que nunca se esqueceu da cidade e, sen embargo, o recoñecemento dos ourensáns só chegou nos últimos anos. Así mesmo, recóllense as palabras de pésame do escritor Jorge Semprún e un fragmento do libro *Nueve enunciaciones*, do propio Valente, a modo de biografía.

_____, “Valente será nombrado hoy hijo predilecto de la ciudad tras ser enterrado en San Francisco”, *La Región*, “Ciudad”, 27 xullo 2000, p. 13.

Dá conta dos actos previstos no día do enterro do poeta ourensán Xosé Anxo Valente: sepultura no panteón familiar do camposanto de San Francisco e nomeamento a título póstumo como fillo predilecto da cidade de Ourense. Ademais alude ao acordo tomado polo Concello no pasado marzo de dedicarlle unha rúa entre a Finca Méndez e o Parque Miño. Menciona a derradeira homenaxe que se lle fixo en vida, un acto no Liceo coordinado polo xornalista X. M. Del Caño. A noticia inclúe un despece firmado por Marcos Valcárcel e titulado “Valente e Rosalía”, no que, como indica o propio título, repara na tradición galega e rosaliana que influíron a súa poesía. Ademais afirma que as referencias metaliterarias de Valente cos poetas galegos son moitas e abranguen dende a Idade Media ata Luis Pimentel.

_____, “Becas para estudiar la figura de Curros Enríquez”, *La Región,* “Actualidad-Celanova”, 28 outubro 2000, p. 14.

Noticia que informa da concesión de bolsas de estudio para o Congreso internacional sobre a figura de Curros Enríquez (1851-1908) que se celebrará en setembro do 2001 en Celanova. Achega información sobre os prazos para facer a solicitude (15 setembro-17 maio do 2000) e sobre os temas que deberán abordar os bolseiros: morte de Curros na prensa, Curros do ano 1951, inventarios, traduccións da súa poesía, entre outros. Ademais dá conta de aspectos relativos á coordinación do congreso, a cargo de dous comités, un científico presidido por Alonso Montero e outro organizativo presidido polo alcalde de Celanova, Antonio Mouriño.

_____, “Xosé Paz disertó en Londres sobre la influencia que Tagore ejerció en Risco”, *La Región*, 30 outubro 2000, p. 4.

Informa brevemente da conferencia que o profesor ourensán Xosé Paz deu no Reino Unido sobre a figura de Rabindranath Tagore. Segundo indica na mesma, fala da influencia que este autor tivo en creadores tales como Pura e Dora Vázquez, Johan Vicente Viqueira e sobre todo en Vicente Risco, que foi un gran promotor e difusor da súa obra entre os intelectuais daquel momento.

_____, “El curso sobre Eugenio Montes se despidió con una perspectiva “Ultraísta” del escritor”, *La Región*, 25 novembro 2000, p. 15.

Fálase da última conferencia sobre a figura de Eugenio Montes, que foi pronunciada por Juan Bonet, e do que se recollen as súas palabras sobre o artista como o primeiro cultivador do ultraísmo, ademais de sinalar a importancia deste movemento como forma de fundir arte e literatura.

_____, “Ourense rescata a Eugenio Montes”, *La Región*, 1 novembro 2000, p. 16.

Dá conta do comezo dunhas xornadas dedicadas a Eugenio Montes nas que varios relatores puxeron de manifesto a importancia deste autor como prosista, o seu labor de introducción do ultraísmo e os seus traballos no eido do xornalismo.

_____, “La dedicación de una calle abre una semana de homenajes a José Ángel Valente en su ciudad”, *La Región*, 1 novembro 2000, p. 16.

Anuncia algúns dos actos celebrados en Ourense para inaugurar unha rúa co nome de José Ángel Valente, ademais dunha conferencia a cargo do profesor e especialista na súa obra, Claudio Rodríguez Fer, así como un recital de poesía.

Lago, Xabier, “Libros no Bierzo”, *A Nosa Terra*, nº 930, “A Aldea Global”, 13 abril 2000, p. 22.

Alude ao incremento do interese pola lingua e a cultura galegas no Bierzo ao reinvindicar a incorporación do galego na escola e nos medios de comunicación. Anuncia a organización, por parte do Colectivo cultural Fala Ceibe, de diferentes actos en galego para satisfacer a demanda cultural dos galego-falantes, como a entrega de lotes de libros ás bibliotecas municipais, o Día das Letras Galegas, para que as administracións públicas fornezan o libro galego e satisfagan a demanda lectora. Informa da organización e distribución dos libros e do resto das actividades previstas. Comenta como obxectivo destas o provocar o impacto visual dos potenciais lectores e o potenciar a concienciación plurilingue da sociedade berciana.

Laguna, Isabel, “La saudade ha muerto, señala Alfredo Conde”, *El Mundo*, “Cultura”, 29 febreiro 2000, p. 68.

Comenta que na novela *Peregrino en invierno*, de Alfredo Conde, se retrata “la vanidad humana y constata que la saudade ha muerto” e se tratan temas relacionados coa corrupción e as actividades terroristas dos políticos. Salienta que non é unha novela política senón que se centra nos comportamentos humanos cando adquiren poder e diñeiro. Afirma que segundo o propio escritor, o seu traballo no mundo da política lle permite imaxinar e fabular facilmente sobre certos aspectos, a intención de conformar unha triloxía ao ser a continuación de *Sempre me matan* e as reflexións ás que chegou, o novelista, sobre diferentes aspectos da vida, ao escribir esta obra. Detense despois no seu argumento e apunta que o creador consegue, a través da elaboración dunha novela, vivir en tempos históricos e vidas diferentes. Ao remate, anuncia a saída ao mercado deste volume xunto á reedición do *Griffón*.

Lamas, Luís, “As feiras do libro en Galicia”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 26, 21 maio 2000, p. 1.

Rememora os inicios das Feiras do Libro en Galicia e realiza un repaso polas diferentes actividades levadas a cabo a través dos trinta anos de existencia do evento. Lembra que a primeira delas se realizou na cidade da Coruña e que pouco a pouco foi proliferando ata a súa consolidación no resto do territorio galego. Salienta a importancia da función dos libreiros, así como das editoriais, ademais de citar algúns dos intelectuais históricos que pasaron polas feiras como Díaz Pardo ou Xosé María Álvarez Blázquez. Finaliza informando das datas das feiras previstas para o presente ano.

Lázaro, M. “Poetas internacionales debatieron la importancia de dominar las lenguas”, *La Voz de Galicia*, “Encuentros con la palabra”, 26 novembro 2000, p. 5.

Dáse conta da última xornada do Seminario Internacional sobre Traducción celebrado en Santiago e sinálase que participaron numerosos escritores e traductores que debateron sobre a traducción da obra de Bernard Vargafting feita por Antonio Domínguez Leiva, quen considera que traducir poesía é un reto que hai que afrontar como un xogo interpretativo. Tamén se indica que na mesma xornada se analizou a obra de Jaime Siles e Euxenio Padorno, tratouse as traduccións ao castelán ao portugués e viceversa nos traballos de Rosa Alice Blanco e Angel García López. En cadro á parte, fálase do desexo da organización de seguir traballando neste encontro, da satisfacción polo desenvolvemento do seminario e da homenaxe a Castelao e Manuel Antonio. Tamén se recolle unha breve conversa con Ánxeles Pena na que fala do seu interese pola obra de Avilés de Taramancos e as dificultades para facer unha boa traducción.

Ledo, Bieito, “A visión dun neno da aldea”, *La Región*, “Especial 90 aniversario”, 30 setembro 2000, p. LI.

Fala da súa infancia na aldea de Padroso, en Xunqueira de Ambía, lembrando con especial interese a “tenda do señor Pepe”, onde entrou en contacto co mundo informativo do xornal *La Región*, a través dos comentarios que das noticias “importantes, e por veces desconcertantes” facía o señor Pepe, dono da tenda.

Lezcano, Arturo, “Saudades”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 20, “A Escrita”, 21 marzo 2000, p. 7.

Tras considerar que a conversión da escrita galega en “cotiá, familiar e exuberante” non é un “xermolo de calidade” pero si necesaria, comenta certos aspectos de tres obras galegas. Apunta que a correspondencia de Teixeira de Pascoaes, poeta e teórico saudosista portugués, cos intelectuais da Xeración Nós é o tema de *Os intelectuais galegos e Teixeira de Pascoaes* (1999), de Eloísa Álvarez e Isaac Alonso Estraviz. Lamenta, ao igual que os autores desta obra, que só se teña publicado parcialmente este epistolario, dada a importancia neste campo de Risco, e desexa que pronto se publiquen as cartas de Teixeira a Risco. A seguir, afirma que en *Regreso a ningures* (2000) se recollen “dúas décadas de criación poética” de Anxo Franco Bañobre, gañador do premio García Barros por *Hóspedes do medo* (1999), e plasma unha mostra dos seus versos para constatar a presencia neles das “raíces no humus natural”. Por último, dá breves pinceladas do argumento de *O galego, a mulata e o negro* (1999), de Gustavo Pernas Cora, gañadora do Premio Compostela de Teatro (1991) e centrada en Cuba, dende a colonia ata o bloqueo.

Llorca Freire, Guillermo, “Manuel Comellas Coimbra, na lembranza”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, 11 xuño 2000, p. 15.

Artigo dedicado á figura do mestre Manuel Comellas Coimbra, nacido en Ferrol en 1853 e falecido na mesma cidade en xuño de 1925, no que se analiza a súa colaboración na comisión pro-ferrocarril, o seu compromiso coa causa social-católica colaborando activamante coa asociación “Círculo Católico de Obreros de Ferrol”, así como a súa faceta de escritor, na que destacou polas súas obras poéticas mercede ás que foi galardoado en repetidas ocasións. Respecto ás pezas dramáticas, salienta *Pilara ou Grandezas d’os humildes* (1914); e a actividade xornalística como director de *El Correo Gallego*, entre 1898 e 1900, ademais de colaborador doutras cabeceiras como *A Nosa Terra*, da Coruña, ou *El Heraldo Gallego* de Ourense.

_____, “A batalla de Brión' como excusa teatral”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, 10 setembro 2000, p. 4.

Analiza a obra de Eduardo Fra Molinero, *1800. A batalla de Brión* estudiando os acertos, a construcción da trama áxil e coidada, a presencia de “magníficas reflexións”, así como a incursión de debates enxeñosos e os desacertos literarios, entre os que se sinala certas incoherencias narrativas e algúns erros históricos. Así mesmo, cita outros aspectos, como a ironía e o anticlericalismo desta peza que trata o tema da invasión inglesa de Ferrol, asunto estudiado xa con anterioridade en traballos de investigación, recreado en poemas épicos e sobre o que veñen de publicarse tres novas obras entre as que se encontra esta de Fra Molinero, de especial interese por ser a primeira que se aproxima ao tema dende un punto de vista teatral. Mostra tamén o seu optimismo porque a obra pode servir como unha digna conmemoración de tan singular acontecemento.

López, Ana, “La feria del libro, un museo de las letras”, *La Voz de Galicia*, “María Pita 2000”, 1 agosto 2000, p. 22.

Anuncia a inauguración na Coruña da XXIXª edición da Feira do Libro polo presidente do Consello da Cultura Galega, Carlos Casares. Dá conta do programa de actividades previstas como recitais poéticos, mesas redondas e a presencia de importantes escritores. Salienta que nesta ocasión contará cun novo apartado dedicado aos lectores infantís no que se levarán a cabo diversas actividades, entre as que se prevén sesións de contacontos. Así mesmo, lembra que ao peche desta feira se inaugurará a Feira do Libro Antigo, tamén organizada pola Federación de Libreiros de Galicia, e anuncia algunhas das novidades previstas para este ano como a celebración de obradoiros de encadernación.

López, A. R., Rosa **Navia** e Soedade **Noia** (coords.), “Méndez Ferrín”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 312, 4 maio 2000, pp. 1-16.

Número monográfico dedicado a Xosé Luís Méndez Ferrín con motivo da súa designación como candidato galego ao Premio Nobel de Literatura no que se comeza facendo unha breve achega á vida do autor e destacando o seu marxismo, a súa defensa da independencia da Patria ou o afán rupturista dos seus versos. Tamén se reproduce un poema de Chus Pato titulado “O lago” que a autora acompaña dun *post-scriptum* no que explica algunhas das referencias simbólicas que fai no poema, ao que acompañan os artigos asinados que a continuación se recensionan:

-Camilo Gonsar, “no ventre do silencio”, p. 4.

Achega á obra *No ventre do silencio* (1999) na que comeza comparando a súa estructura co laborioso traballo do protagonista do conto de Ferrín “Mantis Relixiosa”, no que ademais de describir maxistralmente a crueldade deste insecto, considera que leva a cabo unha perfecta “fixación e apreixamento da realidade” igual que se fai na novela. Salienta a autonomía de cada capítulo e o detallismo, o que segundo el fai á súa vez que toda a obra sexa perfectamente acabada. Dos personaxes sinala que levan ao lector a pensar nun *alter ego* real, e explica que a narradora da novela é unha muller no cuarto dun sanatorio influída pola rapaza Palmira, morta hai corenta anos, que fai que escriba sobre aquela época de Compostela. Finalmente, conclúe que se ofrece unha visión “cruel, sarcástica, abafante”, aínda que con certas doses de humor.

-Herminio Barreiro, “con Ferrín”, p. 6.

Amosa sorpresa e alegría ante a denominación do amigo ao Premio Nobel de Literatura do que fai unha *laudatio* salientando a súa integridade e coherencia ao longo do tempo. Repasa algunhas das súas obras máis significativas destacando delas a recreación persoal de espacios e mundos como en *Percival e outras historias* (1958), *Amor de Artur*, *Arraianos* ou *Bretaña Esmeraldina*.

-Soedade Noia, “Ferrín na estirpe”, pp. 8-9.

Recóllense algunhas das respostas de Xosé Luís Méndez Ferrín durante unha conversa na que se destaca que todos os galardóns que recibe os fai colectivos, porque considera que é un recoñecemento á súa época, á súa xeración e á literatura galega en xeral, entre eles o seu nomeamento como académico. Tamén fai unha critica ao papel de centros como o Consello da Cultura Galega ou o Ramón Piñeiro. Cando é comparado con Castelao sinala que este foi un líder recoñecido ata a súa morte mentres que el é un marxinado. Apunta que unha das figuras que máis influíu na súa vida foi Otero Pedrayo, que os medios de comunicación están moi lonxe de ser críticos, que só se le aos clásicos e, entre eles, está ausente nas librerías parte da obra de Otero Pedrayo por culpa de Galaxia, editorial da que fala amplamente lembrando o seu nacemento, o tempo que tardou en ter algo publicado por ela, o papel de Ramón Piñeiro ou o ambiente político que se vivía nos anos 50. Finalmente, da súa evolución como escritor sinálase que é con *Estirpe* (1994) cando se produce un xiro na súa poesía cara a versos máis “escuros”, do mesmo xeito que na prosa, aínda que en menor medida, e alúdese á influencia que exercen nel autores como Chus Pato lembrando a que el exerceu sobre Cunqueiro e que define como influencias que “configuran o estilo dun tempo”.

-Anxo Angueira, “XV. de linguas e viaxes”, pp. 10-11.

Comeza facendo unha ampla reflexión sobre o coñecemento parcial que ten o ser humano e emprega o tema das viaxes por todo o mundo para poder facer unha comparación obxectiva das cousas, fronte á actual tendencia a magnificar o propio. A seguir, evoca os anos de “reconstrucción” cultural en Galicia, a través da presencia de personaxes como Heriberto Bens nas manifestacións de Padrón “berrando por Moncho Reboiras”, a Dosinda Areses “velliña, anticonstitucional, afiliada a Galicia Ceibe” ou o Señorito da Reboraina “cos seus comentarios de texto inesquecíbeis”, á vez que a presencia de Bernardino Graña recitando versos no seu instituto ou a Eusebio Lorenzo falando do sol roxo nos seus poemas.

-Xavier Cordal, “Ferrín, político”, pp. 12-13.

Céntrase no papel político desempeñado por Méndez Ferrín para o que fai un repaso dos acontecementos máis salientábeis da Galicia do século XX, repasando o labor de Castelao, a influencia, considerada negativa, de Vicente Risco fronte a Luís Soto que encabeza a “insurxencia contra a liña” establecida polo socialismo e o galeguismo. Xa nos anos 60 indica que é Ferrín quen leva a cabo un xiro máis radical á fronte dun grupo de xente moza que sofren o desprestixio e a ridiculización do seu compromiso co idioma, ignorando o xesto de simpatía que lles fai Otero Pedrayo. Considera que este desprestixio tamén se deu coa obra literaria do autor homenaxeado, en especial *Con pólvora e magnolias*. Tamén lembra que mentres el xogaba en 1970, Ferrín preso no cárcere da Coruña remataba *Retorno a Tagen Ata*, obras que indica que o influenciaron para sempre, polo que considera que para homenaxear ao seu autor “cómprenos a vida enteira”.

-Lupe Gómez, “Os ecos da mámoa”, p. 16.

Lembra cando coñeceu a Ferrín nunha conferencia na Facultade de Xornalismo e a impresión que lle causou un home que falaba con propiedade, que lle lembraba a seu pai morto e á vida da aldea, á vez que “forza dunha nación morta”. Opina que o país renace gracias a intelectuais coma el, considerado bandeira de todo un pobo que sufriu igual ca el. Da súa obra di que prefire a poesía, en especial *Con pólvora e magnolias* e *Estirpe*. Remata manifestando a súa admiración polo autor ao que cualifica como unha “persoa radical, limpa, íntegra, sentimental e profunda”.

_____”Experimentación en Galicia”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 317, 15 xuño 2000, pp. 1-11.

Neste suplemento recóllense as reflexións de oito escritores galegos sobre a experimentación no ámbito da literatura galega actual: Xosé María Álvarez Cáccamo, quen, ademais de considerar que a literatura galega ten vocación experimentalista, aínda que recoñecendo que había que atreverse moito máis pero “despois de consolida-la nosa lingua”, destaca o labor de Carlos Caneiro; Xabier Cordal para quen a experimentación ten xa pouco valor pois as novas formas de expresión non implican un maior coñecemento do mundo moderno; Francisco Castro que malia destacar o labor de Carlos Caneiro, dubida que en Galicia se estean a facer grandes cousas no ámbito da experimentación; Xabier Queipo para quen a experimentación é absolutamente necesaria porque é o que distingue a un escritor dun individuo que escribe só para satisfacer ao público, pero que tamén recoñece que se viven malos tempos para calquera tipo de experimentación no eido da literatura e da arte en xeral; Pilar Pallarés, quen considera que se está a vivir unha fase conservadora, un intre no que as novas formas están sendo absorbidas; Chus Pato que dende a mesma visión negativa de Pallarés asegura que en Galicia “só algúns homes e mulleres da escrita experimentan”; Xosé Carlos Caneiro definíndose a sí mesmo como anovador e renovador xunto a nomes como Xurxo Borrazás, Ferrín ou Anxo Angueira, e falando así mesmo de que existe unha multiplicidade dentro da narrativa con mostras moi interesantes de creadores que intentan buscar unha voz propia; e finalmente, Manuel Forcadela que, uníndose ao optimismo de Caneiro, describe a innovación como algo constante que non depende tanto da vontade do autor coma das correntes, aínda que afirma que os creadores moi rupturistas son

asumidos rapidamente. Recóllense tamén dous artigos, un de Antonio R. López e outro elaborado por dúas das coordenadoras do suplemento, Soedade Noia e Rosa Navia, no que se analiza con máis profundidade o tema.

-Antonio R. López, “+ ou –”, p. 2.

Reflexiona sobre a situación, no panorama finisecular da literatura galega, sobre todo no que se refire ao campo da poesía, que está marcado pola usencia de debate estético, “o máis recente produciuse entre os novos poetas da autochamada xeración dos noventa contra os seus irmáns maiores e non tivo viso ningún de debate estético”, e polos escasos proxectos experimentalistas, exceptuando o caso de autores como Xosé Carlos Caneiro, Xurxo Borrazás, Cid Cabido ou Camilo Franco, feito que marca unha “inmobilidade mórbida” no ámbito literario da que só se salvou ata o momento a escrita feminista, que gozou dun auténtico espertar nas últimas décadas.

-Soedade Noia e Rosa Navia, “(+ -) transgresión”, pp. 10-11.

Recollen as palabras de Xosé María Álvarez Cáccamo e Xabier Cordal, que reflexionan sobre a presencia da experimentación, entendendo esta como suma de diferentes artes, na literatura galega, e que se deixa ver nas propostas de Maite Dono ou Cristal Méndez, na liña do grupo Rompente, ou na escrita dende o feminismo de Chus Pato e María Ruído. Nunha segunda parte do artigo, reflicten o pensar doutros escritores que negan a crise na experimentación, como Xosé Carlos Caneiro, un dos narradores con máis vocación

experimentadora; Camilo Franco, obsesionado con lograr un relato inimigo das empresas literarias; Cid Cabido, que aposta polo evidencialismo como ruptura; ou Gonzalo Navaza, recente premio Martín Codax co poemario *Libra.*

_____, “Xavier Queipo”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 321, 6 xullo 2000, pp. 1-8.

Suplemento dedicado a Xavier Queipo no que se recollen algúns textos do autor, dende catro páxinas dos seus cadernos de viaxe nos que se combina texto e ilustracións ata abondosos parágrafos que recollen as súas reflexións e visións sobre cidades como Santiago, Bruxelas ou a vila de Padrón, ademais de momentos e soños ou sobre a súa visión do propio feito de escribir. Tamén se recolle unha “autopoética urxente” na que opina sobre aspectos como o papel do escritor en Galicia, sobre o idealismo de ter o maior número de lectores e a contradicción de escribir en galego, e en calquera cultura minorizada, ante a falta destes destinatarios ideais ou a necesidade do autor de escribir para exteriorizar os seus pensamentos deixando un interrogante sobre o límite entre a creatividade e a loucura. A seguir, faise unha breve bibliografía na que se repasa o seu labor creador e se sobrancean obras como *Diario dun nómada* (1994) ou *Manual de instruccións* (1999). Finalmente, recóllese o artigo de Lupe Gómez que se recensiona de seguido:

-Lupe Gómez, p. 8.

Achégase á figura do autor dando a opinión que lle merece dende que o coñeceu, e del destaca a capacidade para trasladar ao lector do “cárcere onde cada un de nós vivimos”, o humor que percorre a súa

obra, a elegancia, o xogo poético ou a súa forma de novelar nunha “viaxe que non ten fin”. Tamén tenta ofrecer del unha imaxe de persoa normal á que atopa de copas por Santiago ou bailando.

_____, “Luísa Villalta”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 324, 27 xullo 2000, pp. 1-7.

Suplemento dedicado a Luísa Villalta no que se reproducen algunhas páxinas dun dos seus cadernos que forman parte da obra inédita *Compendium Musicae*, colección de textos sobre a interpretación musical; un fragmento de *A nación das últimas cousas*; unhas notas sobre a súa producción artística, que se inicia con distintas publicacións no ámbito musical e continúa con obras de narrativa, teatro e análise e interpretación literaria, campo no que sacou á luz *O outro lado da música, a poesía* (1999), no que traza unha visión da poesía galega dende o punto de vista da relación ancestral coa música, e a súa participación en actividades de promoción da cultura e da literatura galegas. Alén disto, recóllese un artigo da propia autora no que realiza un exercicio de autopoética que se describe a seguir:

-Luísa Villalta, “Sobre un certo estado de conciencia”, p. 7.

Reflexiona sobre a súa propia poesía da que di que xorde nela pola vontade de “expresar un modo de comprender o mundo e comprenderme eu mesma a comprender o mundo”, e que identifica cun determinado estado de conciencia que parte da interpretación musical. Así mesmo, analiza a importancia dos temas que trata e do que apunta que “ o tema é o que me fai a min comunidade: unha preocupación polo devir da humanidade, unha maneira galega de ser humana, unha preocupación polo decir de ser galega.

_____, “María García Yañez”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 326, 10 agosto 2000, pp. 1-8.

Monográfico dedicado a María García Yáñez no que se repoduce o relato titulado “Accidente” e un breve poema baixo o título de “Autopoética”. Hai tamén unha pequena achega biográfica asinada por A. R. e o seguinte artigo:

-Rosa N., “Destrás das coirazas”, p. 8.

Neste brevísimo texto coméntase o porqué da escrita de María García Yáñez, que describe como o intento de mirar detrás das cousas, das persoas, etc. Por último anímaa para que escriba poesía.

_____, “Lupe Gómez”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 327, 17 agosto 2000, pp. 1-8.

Este suplemento está dedicado á escritora Lupe Gómez e nel recóllense dous dos seus textos, “Azul” e un artigo titulado “Autopética: “levantarme e liberarme”, unhas notas sobre a súa biografia e a súa traxectoria literaria, ademais dun texto de Xosé A. Neira Cruz sobre a escritora, do que a continuación se dá conta:

-Xosé A. Neira Cruz, “Lupe de verdade”, p. 8.

Analiza a poesía de Lupe Gómez louvando o tratamento que fai dos elementos cotiáns máis sinxelos, dende unha perspectiva cargada de lirismo dende a que destaca que “ninguén coma ela, ou moi poucas, pode atinar a condensar nun poema o olor do leite recén munguido do ubre. Ou a luz do amencer polas regañas das contras vellas”.

_____, “Xelís de Toro”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 328, 24 agosto 2000, pp. 1-8.

Monográfico dedicado a Xelís de Toro no que se inclúe un texto ambientado en Inglaterra no que dúas parellas deciden ir pasar un día de praia durante a fin de semana. Nesta viaxe incómoda polo descoñecemento entre as dúas parellas, a falta de decisión de a onde dirixirse e o feito de que todo comeza a sair mal, así como a impaciencia crecente dos nenos pequenos que levan con eles, ou a presencia desacougante dunha central nuclear á beira da praia á que chagan fai que decidan volver antes do previsto. A continuación, ofrécese unha pequena bibliografía do autor na que se destacan obras como *Seis cordas e un corazón* (1989), *Terminal* (1994) ou *Os Saltimbanquis* (2000). Tamén dá conta dalgúns premios que acadou como o Iº Premio de “Semana negra de novela curta” do Concello de Santiago ou o Premio de narrativa “Cidade de Lugo”. A seguir, aparece unha “Autopoética”, na que reflexiona sobre a literatura, a relación do autor con ela e o “escuro” que ve todo ao seu redor. Finalmente, aparece o artigo titulado “Sangre de Toro”, de Antonio Rodríguez, que se recensiona a continuación:

-Antonio Rodríguez, “Sangre de Toro”, p. 8.

Achega á figura e traxectoria de Xelís de Toro dende os seus inicios en revistas como *Cidade Barata*, *Favorita* ou *Trilateral*, nas que deu a coñecer os seus proxectos e os doutros autores alternativos. Cualifícao de “subversivo”, “aventureiro” e un autor que sempre dá un paso máis en cada unha das obras que publica.

_____, “Xohana Torres”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 334, 5 outubro 2000, pp. 1-24.

Recóllese neste suplemento dedicado a Xohana Torres con motivo de cumprírense os 20 anos da publicación da súa obra *Estacións ao mar* (1980), “unha das obras que máis fonda pegada deixaron nas poetas que hoxe en día protagonizan o panorama literario do país”, uns apuntamentos sobre a traxectoria da escritora, e unha recompilación de textos dela, entre os que se atopa “Ofelia”, un poema inédito, ademais de “A chuvia”, tres poemas sen título pertencentes a *Estacións ao mar,* “Penélope”, “Mañá de augas mariñas. Caen brillantes os peixes”, “Chámome imaxe á malva luz da hora. Ás veces vén a néboa que me muda de todo”, un fragmento de “Adeus María” e “Á outra banda do Íberr”. Tamén se inclúen seis textos, “A determinación de Malen de Iscó”, “En contra das raíñas”, “17.5.81.”, “Nas ondas deste outono a Xohana Torres” e “Palabra poderosa e clara”, pertencentes a Chus Pato, María do Cebreiro, Ana Romaní, Luz Pozo Garza e Lupe Gómez, respectivamente, nos que estas escritoras dan a súa visión de Xohana Torres, a escritora “máis influínte do século en Galicia”.

-Teresa Bermúdez e Helena González, “Hai vinte anos, *Estacións ao mar*”, pp. 5-6.

Repasan a traxectoria literaria de Xohana Torres, facendo especial fincapé na súa faceta poética froito da cal é, entre outros poemarios, *Estacións ao mar* (1980), unha obra na que se xuntan os tres eixos da súa poesía: a terra, a muller, unha muller sempre en primeiro plano, e o eu fronte ao mar, e que por unha

cuestión de método, a data de publicación non entrou a formar parte da lista de libros relevantes que todas as historias da literatura sitúan no 1976. Así mesmo, analiza a presencia deses tres eixos temáticos nas distintas obras da autora das que destaca, ademais da xa mencionada *Estacións ao mar*, *Adiós María* (1970), “obra de importancia clave no noso canon narrativo como primeira novela de concienciación feminina”.

_____, “Fernán Vello”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 238, 2 novembro 2000, pp. 1-24.

Monográfico dedicado ao poeta e editor Miguel Anxo Fernán-Vello (Cospeito, 1958) do que se inclúen dous poemas inéditos titulados “A casa” e “As praias”, ademais doutro recuperado titulado “Noites coruñesas”, todos eles agrupados baixo o epígrafe “Semente demorada”. Alén disto aparecen os seguintes artigos de compañeiros, amigos e estudiosos sobre a súa vida e obra:

-Xosé María Álvarez Cáccamo, “O estilo en espiral de Miguel Anxo Fernán-Vello”, pp. 4-5.

Faise unha equiparación entre a persoal elegancia e intelixencia de Miguel Anxo Fernán-Vello coa da súa obra e do seu xeito vital de se rebelar contra o regresivo. Neste artigo apolóxico faise un repaso dos libros, conferencias, experiencias editorias e outras moitas actividades, quer individuais, quer colectivas. Por todo isto remata sinalando a vontade, entusiasmo e ilusión que o moven a se enredar en todos estes proxectos.

-Manuel María, “A Terra Chá, un país lírico: o de Miguel Anxo Fernán-Vello”, pp. 6-7.

Primeiramente fálase do gran número de poetas que a luguesa Terra Cha deu, o que lle vale para falar da Escola Poética desta terra. A seguir, céntrase na figura do poeta, a quen se refire como a voz máis pura de cantas cantaron á súa terra natal, ao tempo que se refire a aqueles poemas e poemarios, onde aparece a Terra Cha como elemento central. Por último, di que agarda impaciente o novo poemario deste escritor totalizador e definitivo sobre a Terra Cha.

-Antonio Domínguez Rey, “Poesía branca”, pp. 8-9.

Faise unha relación dos escritores que influíron na creación poética de Miguel Anxo Fernán-Vello. A seguir, sinálanse as características principais de cada un dos seus poemarios, tendo presente o seu evoluír e a relación que presenta co devir poético galego dos anos oitenta, cando xorde a súa voz lírica, así como dos noventa. Por último considera que a súa poesía é portadora de moitos e variados códigos o que o converte, segundo di, nun dos poetas máis universais da Península Ibérica.

-Yolanda Castaño, “M. A. F-V ou o moderno prometeo”, pp. 10-11.

Neste texto poético faise unha alegoría que quere ser semblanza mitíca de Miguel Anxo Fernán-Vello. Compárase o autor chairego cun Prometeo, que de non existir tería que inventarse. Comenta as mellores e máis coñecidas calidades vitais, humanas, artísticas e poéticas do escritor chairego.

-Manolo Lourenzo, “Unha invención diabólica”, pp. 12-13.

Breve artigo no que se louva grandemente a obra teatral de Miguel Anxo Fernán-Vello. Ao mesmo tempo pregúntase se non terá publicado máis obras porque só se estreou unha das que viron a luz. Despois disto reflexiona sobre o intento de baleirar o teatro de lirismo e narratividade dos tempos actuais.

-Francisco Pillado Mayor, “Retratos”, pp. 14-17.

Cítanse algunhas anécdotas entre Pillado Mayor e Fernán-Vello para sinalar a calidade humana, humildade e amizade que caracterizan ao poeta chairego. Polo demais, fornece datos que lle sereven para consideralo un dandy, entre eles a conxugación da elegancia interior e da exterior.

-Lupe Gómez, “Moita paz e moita beleza”, p. 24.

Lembra a autora deste artigo cando leu por primeira vez a poesía de Miguel Anxo Fernán-Vello e as evocacións que sucederon á lectura, ademais de gabar o seu labor como editor. Por último, di que gusta da súa poesía porque é “magnífica e adoráble”.

López, M. V., “O contexto xeográfico, social e histórico”, *La Región*, “80 Aniversario Revista *Nós*”, 30 outubro 2000, p. 49.

Faise un detallado encadramento do Ourense que viu nacer aos que logo serían cabezas senlleiras do movemento galeguista: Otero Pedrayo, Vicente Risco e Florentino Cuevillas. Recorre a escritos destes autores para se referir á cidade daquela altura, ás súas xentes, á súa actividade política, cultural e xornalística. Por último, refírese ás publicacións periódicas que naceron na cidade promovidas por este fato de intelectuais.

López, Estrella, “Vuelve la Feria del Libro”, *Diario de Pontevedra*, 11 agosto 2000, p. 6.

Describe de maneira detallada o programa que se vai levar a cabo durante os nove días que vai permanecer aberta a XIIª Feira do Libro de Pontevedra, dende a súa inauguración, o 14 de agosto, ata o desenvolvemento das últimas actividades, o día 22 do mesmo mes, entre as que se conta un obradoiro de papiroflexia coordinado e dirixido por Manuel Gómez.

_____, “La Feria del Libro inaugura hoy una nueva edición”, *Diario de Pontevedra*, 14 agosto 2000, p. 9.

Anuncia a inauguración da XIIª Feria do Libro de Pontevedra que contará coa presencia de diferentes representantes políticos, entre eles membros da Consellería de Cultura, e escritores galegos como Xavier Alcalá, encargado de dar lectura ao pregón inaugural. Así mesmo, lembra algunhas das actividades previstas, entre as que figuran sesións de contacontos, animación á lectura e diferentes obradoiros sobre encadernación e reciclaxe de papel.

López, Uxía, “Pousa y Monteagudo proponen en Padrón el estudio integral de la figura de Castelao”, *La Voz de Galicia*, 14 xaneiro 2000, p. 45.

Apunta que Avelino Pousa Antelo no quinto “Diálogo na casa de Rosalía”, centrado na figura de Castelao, lembrou as súas vivencias co escritor rianxeiro, anunciou a elaboración dunha edición antolóxica das trescentas cuarenta e oito *Cousas,* ademais dunha biografía completa e rigorosa do autor. Por último, salienta que H. Monteagudo invitou aos asistentes a coñecer a Castelao “a través de la lectura de sus obras y de sus dibujos”, e estima que a reconstrucción total deste persoeiro, en todas as súas facetas, é un reto para os estudiosos. Finalmente, sinala que a capacidade para comunicar é o logro máis grande de Castelao.

_____, “Destacan la figura de Luís Seoane como básica en la literatura gallega del exilio”, *La Voz de Galicia*, 28 xaneiro 2000, p. 48.

Notifica que na sexta edición dos “Diálogos na Casa de Rosalía”, Xosé L. Axeitos disertou sobre a importancia da figura de Luís Seoane no exilio, ao non ser comparábel con ningunha outra, e salienta o imprescindíbel que é a cultura galega lonxe de nós. Recolle as palabras ditas por Xosé Manuel Maceiras, na súa intervención, sobre a imposibilidade de falar da literatura galega contemporánea sen ter en conta a Seoane e a Lorenzo Varela, así como sobre a identificación do exilio como literatura ao estar prohibido escribir daquela en España, sobre a universalización da literatura galega ao entrar en contacto con outras culturas e a súa modernización gracias a Seoane, Castelao e Granell.

_____, “A Fundación Rosalía de Castro busca fondos privados para a súa biblioteca”, *La Voz de Galicia*, 26 febreiro 2000, p. 50.

Salienta que durante a presentación da colección “Vintecatro de febreiro” se solicitou a colaboración de persoas e institucións para crear a Biblioteca Rosaliana e o Anuario de Estudios Rosalianos. Informa dos diferentes documentos que á Fundación lle gustaría obter (textos inéditos da poeta, cartas, traduccións de textos en revistas e escolmas pouco coñecidas), do contido dalgunhas seccións: “Bibliografía”, títulos dos traballos sobre a poetisa publicados incluso en xornais ou misceláneas, “Os poetas e Rosalía”, poemas que falen da autora e “Os poetas e Rosalía hoxe”, poemas éditos ou inéditos escritos no ano anterior. Fai fincapé no tipo de documentación solicitada por esta institución e o agradecemento do Centro de Estudios Rosalianos (CER) por calquera noticia ou “pista” para poder, segundo os reponsábeis do CER, “achegármonos a unha Biblioteca con fondos rosalianos ou a un arquivo con documentación”.

_____, “Denuncian a discriminación da muller na narrativa galega”, *La Voz de Galicia*, 3 marzo 2000, p. 50.

Resumo das intervencións das escritoras Marilar Aleixandre e María Xosé Queizán, no noveno “Diálogo na Casa de Rosalía”, sobre a situación e os “atrancos que teñen que solventar as mulleres para dedicarse á narrativa”. Destácase da ponencia de Queizán a súa opinión sobre a novelística, como un reto para a muller e unha necesidade para o asentamento da literatura”, e da de Marilar salienta un dos diferentes datos cos que ilustrou a situación actual: a presencia de narradoras puras na antoloxía narrativa *Unha liña no ceo* (1996). Tamén se citan os diferentes factores que, segundo estas autoras, levan á escasa presencia feminina neste xénero: a escasa tradición narrativa na literatura galega, a falta de profesionalidade, oficio, liberdade individual e autonomía para ver o mundo, os estereotipos que pensan nos homes e nas mentes das mulleres e que estas non “forman parte do pequeno poder editorial e da crítica en Galicia”.

_____, “Lino Braxe e Antón Lopo ofrecen recitais poéticos na Casa de Rosalía”, *La Voz de Galicia*, 17 marzo 2000, p. 45.

Alúdese á intervención de Lino Braxe e Antón Lopo no décimo “Diálogos na Casa de Rosalía” centrado en “A poesía nos escenarios”. Segundo o articulista ambos os dous cativaron e sorprenderon ao auditorio ao recitar poemas en vez de “falar da dimensión oral da poesía e a súa relación cos escenarios”. Tilda o recital de “espectáculo inédito” polo acompañamento musical de guitarra, pandeireta e armónica. Informa da periodicidade da celebración dos “Diálogos” coordinados por Ana Blanco, da presencia neles de persoeiros de “primeira liña da poesía e da narrativa de Galicia” e das intervencións de Marilar Aleixandre e María Xosé Queizán sobre a presencia feminina na narrativa galega para conmemorar o Día da Muller Traballadora e homenaxear as mulleres de Galicia que se dedican á escrita galega.

_____, “Padrón y Rianxo simbolizan en Castelao y Rosalía su unión”, *La Voz de Galicia*, 26 abril 2000, p. 50.

Enuméranse os diferentes actos da homenaxe a Castelao e Rosalía no Día de Rianxo en Padrón. Recóllense as palabras da Concelleira de Servicios Sociais de Rianxo, Dª Marisa Resúa, sobre os vínculos que unen a estas dúas vilas (literatura, cultura, “fillos dunha grande trascendencia”) e a confianza que ten na xente para “construi-lo Rianxo e Padrón das novas xeracións”. Remátase dicindo que o discurso do alcalde de Padrón, Jesús Villamor, se centrou na disposición do seu goberno a colaborar co concello de Rianxo en calquera iniciativa.

_____, “Teatro, poesía, charlas e música centran o Maio Cultural de Padrón”, *La Voz de Galicia*, 4 maio 2000, p. 50.

Resumo das actividades celebradas no “Maio Cultural” organizado pola Consellería de Cultura de Padrón. Con respecto á literatura galega, cítanse o concerto poético “A caricia da serpe”, no que participou Lino Braxe, Miguel Landrón e X. L. Saqués, e a conferencia do escritor X. A. Neira Cruz, titulada “Rosalía e Murguía, dúas vidas dedicadas a Galicia”.

_____, “Xosé Carlos Caneiro reivindica a valía da literatura galega”, *La Voz de Galicia*, 2 xuño 2000, p. 47.

Recolle as intervencións de Xavier Alcalá e Xosé Carlos Caneiro, no decimoquinto diálogo na Casa de Rosalía, celebrado na Matanza, no que falaron sobre os premios literarios dos que Alcalá dixo que eran a “única maneira honrada que ten un escritor de chamar a atención neste negocio”. Pola súa parte, Caneiro, que reivindicou a valía da literatura galega actual, afirmou que en Galicia os premios “son moi limpos e honrados”, ao tempo que recoñeceu que actualmente se fala máis dos autores que das súas obras, opinión que apoiou Xavier Alcalá.

López, Xosé, “Unha fonte necesaria”, *O Correo Galego*, 13 novembro 2000, p. 45.

Destácase a importancia que teñen os xornais galegos na configuración da identidade galega e na proximidade ao cidadán galego. Sinala que estes dous factores son moi importantes nun momento de gran converxencia mediática e do que aínda se espera nos vindeiros anos.

López Castro, Manuel, “El arte de la retranca”, *El Progreso*, 28 setembro 2000, p. 73.

Lembra unha anécdota que lle aconteceu a José Trapero, ao que describe como “persoa estrañable e boa e un artista da retranca incrible”, por mor dun dos personaxes, Pelúez, ao que recreaba todos os anos polas festas luguesas do San Froilán.

López Morais, Anselmo, “Tertulias literarias”, *La Región*, “Especial 90 aniversario”, 30 setembro 2000, p. CI.

Fai un repaso pola historia da prensa ourensá dende a aparición da primeira publicación periódica, o *Boletín Oficial de la Provincia*, fundado entre os anos 1820 e 1823, ata o nacemento, o 15 de febreiro de 1910, do “máis importante diario da provincia”, *El Regional*. Esta publicación analízaa máis en profundidade, enumerando os seus directores, dende a súa fundación ata a actualidade, e a súa relación cos faladoiros literarios ourensáns dos que formaron parte os directores, redactores e colaboradores do citado xornal.

López Silva, Inma, “¡Comeza o espectáculo!”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 43, 24 setembro 2000, p. 9.

Lamenta o escaso compromiso adquirido polas institucións na propaganda da actividade teatral, “esencial para a normalización da cultura galega”, aínda que se mostra optimista de cara á mellora desta manifestación artística, baseándose na actitude da xente nova para a que os espectáculos xa forman parte dos seus intereses culturais e alternativas de ocio. Así mesmo, propón unha oferta teatral máis variada, que aposte por un teatro de calidade, creativo, capaz de competir coa oferta dos medios audiovisuais e cunha liguaxe propia, que consiga mover as xentes ás salas de toda Galicia.

_____, “CDG, teatro en Galicia e outras ansias (I)”, *El Correo Gallego*, *“Correo das Culturas”*, nº 45, 8 outubro 2000, p. 15.

Analiza e louva dúas propostas “moi positivas” para o teatro galego: dunha banda, a iniciativa do Centro Dramático Galego do que di que afina vínculos con Portugal co plano Caminhos Teatrais, un proxecto que considera que reportará beneficios no plano cultural e económico, tendo en conta que o diálogo de Galicia e Portugal, por pura afinidade lingüística e cultural, é indispensábel para que a cultura galega avance. Por outro lado, dá conta do proxecto do Conselleiro de Cultura, Pérez Varela, de financiar a creación de dúas compañías residentes que constitúan unha oferta teatral constante e estábel.

_____, “Lembremos”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 52, 26 novembro 2000, p. 9.

Faise un sintético percorrido polas representacións que se fixeron en Galicia da obra, *Os vellos non deben de namorarse*, de Alfonso D. Rodríguez Castelao. Paralelamente, pídese que non se esqueza o pasado, que se manteña sempre na atención á memoria histórica para que non se repitan situacións de represión e exilio en vida e ocultamento e a postración en morte, coma a que sufriu Castelao.

Lopo, Javier, “Guede cree que el teatro gallego debe beber de los clásicos”, *Diario de Pontevedra*, 29 setembro 2000, p. 72.

Recolle a opinión de Manuel Guede, director do Centro Dramático Galego, sobre o teatro galego, exposta no encontro do teatro actual organizado pola UIMP en Pontevedra. Segundo Guede, o teatro debería centrarse máis nos clásicos e non só nas fórmulas vangardistas. Ademais faise eco doutras impresións de Guede, como por exemplo, a de falta de axudas da Administración, a escaseza de compañías teatrais sólidas e outros problemas estructurais do teatro galego. Finalmente refírese ao proxecto de crear un circuíto de producción e exhibición do Eixo Atlántico, que pretende incluír as sete grandes cidades galegas con outras seis do norte de Portugal.

Lorenzo, C., "*Impreciso xermolar dos renovos*', novo libro homenaxe do poeta noiés Cairo"/"Novo libro do médico noiés Manuel Cairo", *O Correo Galego*, "AFA"/*El Correo Gallego*, 6 xaneiro 2000, p. 48/p. 76.

Faise eco da saída á luz do poemario *Impreciso xermolar dos renovos* (1999), de Xosé Manuel Cairo Antelo. Destácase a este autor como un home polifacético "que entende a arte como un modo de vivir" e cítanse as distintas artes ás que se dedica (médico, poeta, pintor, debuxante, conferenciante) ademais dos libros que ten ilustrado. A seguir, é o propio poeta quen afirma facer con esta obra unha homenaxe a "dous personaxes senlleiros dentro da literatura galega": Tomás Barros e A. Avilés de Taramancos. Considera ao primeiro deles un bo escritor de teatro e ao segundo, un gran poeta cun xeito particular de ver a vida. Fálase da importancia da vida destes literatos para o xerme destes poemas, da boa relación que ten o poeta noiés coas poetisas Yolanda Castaño, Ana Romaní ou Pilar Pallarés. Así mesmo recolle a opinión de Cairo respecto ao bo período que viven as poetisas galegas e sobre o prexudicial da publicación e distribución de libros nos postos de venda para os autores menos coñecidos. Tamén resalta as revistas nacionais nas que colaborou, o seu poemario *Tépeda Nudez* e os temas presentes no novo poemario.

_____, “O máis familiar”/“Dourado Deira presenta en Rianxo o seu libro 'Conversas con Teresa Castelao”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*, 9 xaneiro 2000, p. 61/p. 72.

Alúdese aos comentarios de Dourado Deira na presentación do seu libro *Conversas con Teresa Castelao* (1999). Sinala que neles se deixa constancia de que a pretensión da obra é repasar a vida de Castelao “vivida desde Rianxo pero co artista como centro de gravidade da familia”, e o seu obxectivo, “sintetiza-lo rico anecdotario de case un século de vida seguindo o fío dos acontecementos relacionados coa biografía do galeguista”. Sinálase tamén a dificultade da súa realización debido á avanzada idade e ao estado de saúde da irmá de Castelao, así como ao proceso seguido para a elaboración da obra e a súa estructura: guión de acontecementos máis salientábeis, epílogo, capítulo de oitenta anécdotas e colofón. Finalízase destacando a desestimación da solicitude de traslado dos restos mortais de Castelao a Pontevedra, conforme á proposta de Isaac Díaz Pardo, e recóllense as declaracións de Díaz Pardo recordando o desexo do rianxeiro por descansar en Pontevedra.

_____, “Voces a un galeguista”, *O Correo Galego*, “AFA”, 10 xaneiro 2000, p. 15.

Dá nova das actividades realizadas na homenaxe a Castelao, na súa vila natal, co gallo do cincuenta aniversario da súa morte. Resalta que Manuel María, na súa intervención, ademais de falar do escritor rianxeiro e de *Sempre en Galiza*, fixo unha loanza a Uxío Novoneyra e a Manuel Antonio. Así mesmo, salienta que Núñez Seixas centrou a súa charla nas “posibilidades de interpretación que aínda teñen os textos” de Castelao e que a de Siro López se baseou no labor de caricaturista do autor. Cita a lembranza que Bernardino Graña fixo da importancia do traballo de Manuel María na literatura galega e os persoeiros da música que se unirón a esta homenaxe. Por último, recolle as verbas de Cándido Pazó, que manifestou o seu desexo de que se alcen ao máis alto as ideas galeguistas e resume o contido da conferencia de Alonso Montero sobre a condena das ideas galeguistas na dictadura.

_____, “O trasmundo en poesía”, *O Correo Galego*, “AFA”, 20 xaneiro 2000, p. 39.

Notifica a publicación do poemario *Hinterland* (1999), de Pilar Beiro, en Edicións Positivas. A propia escritora resalta o interesante que foi a creación e o resultado enriquecedor deste, as dúas acepcións do xermanismo co que titula a obra, empregadas na literatura; a orixe deste termo, os problemas de reparto cando conquistaban o litoral, quen o acuñou, os imperios europeos; e a imposiblilidade de pasarse á narrativa, ao funcionar a súa cabeza “con ritmo quebrado” e ao non interesarlle a prosa. Tamén recolle fragmentos das declaracións da poetisa nas que salienta o “traballo de indagación formal, coñecemento e experimentación” que levan a cabo as poetisas en Galicia, así como, o seu atrevemento e o bo traballo que realizan para a literatura. Finaliza destacando unha das solucións dadas pola autora para o problema do pouco tempo que están expostos os libros nas librerías a causa das excesivas publicacións.

_____, “Coñecer máis sobre Castelao”/“Rianxo acolle, ata o sábado, un completo congreso sobre a vida e obra de Castelao”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*, 25 xaneiro 2000, p. 30/p. 75.

Cita os temas tratados no congreso celebrado en Rianxo e centrado na figura de Castelao. Informa da participación de Francisco Fernández del Riego coa conferencia “O artístico-literario e o político no gran idealista”; da de Xosé Manuel Salgado, cunha charla sobre a relación amistosa existente entre Castelao e Otero Pedrayo; da de Jonathan Dunne, titulada “Eu quixen traducir a un galego: a traslación de Castelao para o inglés” e a celebración dunha mesa redonda sobre os aspectos estilísticos da prosa de Castelao. A seguir, salienta a conferencia do profesor Alonso Montero sobre a viaxe deste persoeiro a terras soviéticas en 1938, a de Dolores Vilavedra ao redor das ideas literarias de Castelao e o relatorio de Carlos Paulo Martínez Pereiro sobre a ética e estética da peza teatral *Os vellos non deben de namorarse.* Remata facilitando a nómina dos persoeiros da cultura galega que expoñen os seus relatorios neste Congreso e a proxección dos documentais “Miss Ledya” e “O pai de Migueliño”.

_____, “Aprender da vida, lendo”/“Iglesias traza un cadro irónico da Galicia actual en '*O mellor francés de Barcelona*”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*, 27 xaneiro 2000, p. 43/p. 73.

Detense na obra *O mellor francés de Barcelona* (1999), de Bieito Iglesias, e comenta a súa estructura en relatos longos, nos que ofrece un retrato “enérxico e irónico” da Galicia contemporánea, así como de distintos aspectos da condición humana. Tamén salienta o uso dunha “gran diversidade de temas e estilos”, a importancia do “humorismo rexoubeiro” e a presencia da temática fantástica na escrita de Iglesias. Así mesmo, recolle fragmentos da intervención do autor e de Damián Villalaín, subdirector de Galaxia durante a presentación da obra nos que o primeiro se refire á temática do volume e o segundo louva a calidade expresiva do autor, a presencia nestes relatos dalgúns elementos constantes na literatura de Bieito, así como o seu estilo de lingua “sen ningún tipo de mediación”.

_____, “Paco Rivas: o lector debe sacar dos versos o que lle transmiten”/“O poeta lugués Paco Rivas presenta 'Cantaruxos do meu mar e outras cantigas”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*, 2 febreiro 2000, p. 31/p. 75.

Sinálase que na presentación do poemario *Cantaruxos do meu mar e outras cantigas* (1999), de Paco Rivas, Luís Alonso Girgado, director da colección “Libros da Frouma”, definiuno como “un conxunto de cantares que teñen unha dimensión popular na súa base que está filtrada pola sensibilidade de Rivas, mergullado tamén na tradición dos poemas medievais”. Así mesmo comenta que destacou o gusto e a sensibilidade con que está escrito, a sinxeleza da súa poesía e a sensación de estar estes versos vinculados aos das vangardas. Infórmase, seguindo ao autor, dos temas centrais dos poemas, mar e amor, e da busca, por parte do lector, do que transmiten os versos. Finalízase cuns datos sobre o labor que desenvolve este creador na revista *Lúa Nova* e na sección “Sempre en Galicia” de Radio de Barcelona.

_____, “Vida e obra dun republicano”, *O Correo Galego*, “AFA”, 7 febreiro 2000, p. 16.

Comenta que o obxectivo principal da publicación *Florencio Delgado Gurriarán* (1999), de Ricardo Gurriarán, é o de homenaxear ás persoas que co seu traballo rescataron os valores da liberdade e o de “sacar do esquecemento a biografía do poeta que dá título á obra”. Coas declaracións do biográfo, saliéntase que a culpa do descoñecemento deste persoeiro, tan importante para a cultura galega, recae na “cultura oficial”. Finaliza explicando o proceso de recompilación documental e resaltando o emprego dunha estructura cronolóxica e da primeira persoa na narración.

_____, “A visión máis persoal”, *O Correo Galego*, “AFA”, 9 febreiro 2000, p. 40.

Alúdese á presentación de *Conversas con Teresa Castelao*, de Manuel Dourado Deira, do que di que ten como obxectivo o amosar mellor a vida do que foi fundador do Partido Galeguista dende as anécdotas contadas pola súa irmá. Destácase das declaracións do autor ao redor da dificultade da realización do traballo, o esforzo por conseguir escribir sempre dende a “intencionalidade de Teresa”, e o porqué da ordenación cronolóxica dos comentarios da irmá de Castelao seguindo a vida do rianxeiro. Finalízase coas palabras de Helena Villar nas que destaca desta obra o poder “pescudar sombras nunha biografía moi importante” e o feito de ser “unha visión de Castelao feita por unha muller”.

_____, “Poesía, unha clase distinta”/“Mozos e mozas achegáronse onte á ‘palabra de poeta’ de Luís G. Tosar”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*, 29 marzo 2006, p. 72.

Faise referencia ao recital de poesía organizado por Luís G. Tosar na Aula de Cultura de Caixa Galicia, destinado aos alumnos do Instituto Xelmírez de Santiago de Compostela. O recital, segundo manifestou o propio Tosar, ten un fin didáctico pois “anima a cantar e a soñar mentres se aprende”. Finalmente, faise un brevísimo percorrido pola bibliografía do autor.

Lorenzo, Ana, “Xerais lanza ó mercado editorial os últimos premios da literatura galega”, *La Voz de Galicia*, 2 febreiro 2000, p. 89.

Notifica a aparición no mercado editorial, por parte de Xerais, das obras que obtiveron os últimos premios de literatura galega. Informa do tema central ou temática que se trata en *Pensa Nao* (1999), de Anxo Angueira Viturro, premiada co Xerais de novela; en *grupo abeliano* (1999), de Cid Cabido, gañadora do Blanco Amor; e en *Cos pés no aire* (1999), de Agustín Fernández Paz, galardoada co premio Raíña Lupa de literatura infantil. Resalta que a pretensión de Marilar Aleixandre na novela *A banda sen futuro*, Premio Lazarillo de literatura xuvenil, é a de representar a vida dos adolescentes e de contar a historia dende o punto de vista dunha rapaza enferma. Remata cun breve resumo do argumento das obras premiadas co Merlín: *A campá da lúa* (1999), de Helena Villar, á que define coma un conxunto de poemas nos que se describen personaxes de ficción; e *A noite das cabras do aire* (1999), de Bieito Iglesias.

Lorenzo, C., “Tres serigrafías de Corredoira e un poema de Fernán Vello, na carpeta ‘A Luís Seoane’ presentada onte”, *El Correo Gallego*, 22 xaneiro 2000, p. 74.

Dá nova da presentación da carpeta *A Luís Seoane*, a cargo de Alberto González Alegre, director da Fundación Luís Seoane. Destaca que esta se considera un proxecto-homenaxe ao artista coruñés e que está composta por tres serigrafías de Xavier Correa Corredoira e un poema de Miguel Anxo Fernán-Vello. Sinala que, segundo as declaracións de González Alegre, na exposición se intenta recoller materiais dispersos da arte galega para estudialos e transformalos nun volume, e que decidiron elaborar a carpeta despois dun recital poético de Fernán-Vello. Remata recollendo as palabras deste último nas que explica o significado e orixe do poema presente neste traballo.

Loureiro, Ramón, “Agosto de tronos”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 16 agosto 2000, p. 12.

Nárranse brevemente algúns sucesos acontecidos durante a procesión do Neno Santo celebrada durante o mes de agosto en Escandoi, e que, segundo a tradición, este se movía ou mesmo falaba en proporción ás desgracias que ían acontecer durante o ano. Acompáñase da ilustración de Leandro.

_____, “Ferrol reivindica a universalidade da obra literaria de Álvaro Cunqueiro”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 23 decembro 2000, p. 30.

Fai pública a reivindicación do Concello de Ferrol e do Liceo ferrolán para que o 2001 sexa un ano de recoñecemento do escritor Álvaro Cunqueiro nas letras de Europa. Para isto di que se celebraron en Ferrol encontros de intelectuais para falar da obra en xeral de Cunqueiro, que se editaron folletos e libros para espallar as reflexións que sobre esta figura se fagan e que se programaron dúas mostras de carácter monográfico. Tamén se solicitou unha cátedra Cunqueiro na Universidade, ademais de facerse referencia aos textos que este autor dedicou a Ferrol, á súa amizade con Gonzalo Torrente Ballester e á súa relación co xornalista José Mª López e cos poetas Carlos Vidal e Mario Couceiro, cofundadores da revista *Aturuxo*, na que Cunqueiro publicou os seus versos.

_____, “Ferrol reivindica a universalidade da obra literaria de Álvaro Cunqueiro”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 31 decembro 2000, p. 30.

Dáse conta dos actos de homenaxe e estudio ao escritor mindoniense Álvaro Cunqueiro con motivo do vixésimo aniversario da súa morte que se celebran na cidade de Ferrol. Por este motivo, lémbranse as relacións persoais, amicais e de escritura que tivo coa cidade departamental. Asemade, fai referencia á intención do Concello de Ferrol de pedir que se lle dedique unha cátedra na honra de Álvaro Cunqueiro.

Lucas, Antonio, “Poetas y pensadores evocan la obra de José Angel Valente”, *El Mundo. Galicia*, 26 setembro 2000, p. 60.

Lembra o acto que baixo o título de “In memoriam. José Angel Valente” se celebrou no Círculo de Lectores de Madrid para render homenaxe a este “singular poeta galego”. Dise que no encontro, no que se abordaron conceptos como a filosofía, a mística e a arte en relación coa obra de Valente, participaron o cadémico Fernando Lázaro Carreter, o filósofo José Luís Pardo, o profesor Caludio Rodríguez Fer, o ex director do Museo Reina Sofía José Guirao e varios poetas entre os que se atopaba Blanca Varela.

_____, “Poesía y flamenco para celebrar la obra de José Ángel Valente”, *El Mundo. Galicia*, “Cultura”, 21 outubro 2000, p. 62.

Informa dun acto de homenaxe a José Ángel Valente que se levou a cabo en Madrid. Alén de comentar quén eran as personalidades presentes no acto, dise que Carmen Linares cantou algún dos seus poemas, e que tamén se leron escritos laudatorios de persoas queridas polo propio escritor.

Lugilde, Anxo, “De exiliados a emigrantes perpétuos”, *La Voz de Galicia*, “Los domingos de la Voz”, 12 novembro 2000, p. 19.

Faise un percorrido polos países americanos que acolleron exiliados políticos galegos. Destes dise que moitos ficaron xa para sempre como emigrantes despois de refacer alá as súas vidas e outros moitos por morreren antes do pasamento de Franco. Entre eles destaca a Castelao, Dieste, Seoane, Elixio Rivas, Carlos Velo e Luís Soto.

M. C., “As “IV Xornadas da Lingua Galega” están adicadas a Bernardino Graña”, *Atlántico Diario*, “Morrazo”, 21 outubro 2000, p. 16.

Informa da rolda de prensa na que se anuncian os actos previstos para estas xornadas. Entre eles, destaca concertos musicais, representacións tetrais e unha conferencia, que servirá tamén de homenaxe, a Bernardino Graña.

M. D., “Fernández Del Riego salienta o peso da paisaxe na creación literaria galega”, *El Correo Gallego*, 29 xuño 2000, p. 75.

Dá conta da conferencia que o presidente da Real Academia Galega, Francisco Fernández del Riego, pronunciou durante as xornadas sobre o Feito diferencial galego organizadas polo Museo do Pobo Galego, nas que analizou a presencia da paisaxe na literatura galega.

M. D. G., “A crítica á realidade nuclea a obra dos humoristas gráficos galegos”, *El Correo Gallego*, 4 xullo 2000, p. 74.

Analiza a presencia da crítica da realidade na obra dos humoristas galegos que, á parte de asuntos propios da sociedade actual, retoman algúns dos temas tratados por Castelao por considerar que moitas das cuestións denunciadas polo galeguista continúan sen resolver segundo de Xosé Lois González. Tamén recolle as opinións de Xosé Lois González, “O Carrabuxo”, Fernando Quesada ou Siro López, que consideran que o humor non é de calidade se non comunica algo importante.

_____, “Entre a realidade e o mito”, *O Correo Galego*, “AFA”, 10 agosto 2000, p. 35.

Analiza a chegada do celtismo ao galeguismo que se produciu no século XIX, impulsado para cimentar unha conciencia dos galegos como unha comunidade de iguais, e a súa presencia na actualidade na que, desterrado do discurso político e interpretado como un mito, revive como símbolo de Galicia na música, romarías tradicionais e na literatura. Así mesmo, estudia o celtismo de Manuel Murguía, que o emprega como o xeito de demostrar a diferencia entre a “raza celta galega” e os “semitas da meseta castelá”, e recolle as opinións de varios membros do mundo da política que argumentan sobre as causas do declive do celtismo no discurso político, como fai Barreiro Rivas, que afirma que o abandono do celtismo se relaciona coa modernización política e social galega.

M. F., “La poeta Emma Pedreira indaga en su primer libro en el mundo de la mujer”, *El Ideal Gallego*, 30 marzo 2000, p. 15.

Informa da presentación do libro de poemas *Diario bautismal dunha anarquista morta* (1999), no que participaron o editor Miguel Anxo Fernán-Vello e a escritora Enma Pedreira. Asemade recolle as palabras da autora nas que manifesta ter feito este libro mirando a súa intimidade e a súa familia en clave de muller.

_____, “Literatura rescatada del olvido”, *El Ideal Gallego*, 8 decembro 2000, p. 8.

Sinálase que o Arquivo Municipal da Coruña ten previsto restaurar as obras literarias, manuscritos e outros obxectos que estaban gardados no consistorio. Desta maneira, dise que se conservan escritos ou obxectos de Manuel Murguía, Rosalía de Castro, Emilia Pardo Bazán ou Concepción Arenal, entre outros.

M. G., “Medrar cos libros’, lema de la próxima edición el premio ‘Reimóndez Portela”, *El Correo Gallego*, “Sociedad-Culutra”, 17 setembro 2000, p. 75.

Alude ao acto de entrega deste premio outorgado pola Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada, ao monográfico “Ler, a dimensión paralela” de Antón R. López, Rosa Navia, Soedade Noia e Lupe Gómez, todos eles redactores de *O Correo Galego*. Salienta as palabras de A. R. López, coordinador da “*Revista das Letras*” do citado xornal, onde foi publicado o traballo vencedor, que agradeceu o premio e dixo que o seu estudio pretende ser unha homenaxe á escritora Iris Murdock. Por outra banda, sinala que ese día tamén se rendeu homenaxe ao médico da Estrada, ademais de darlle a medalla “Reimóndez Portela” a Xosé Neira Vilas.

_____, “Bernardino Graña di que Galicia, por sorte, aínda ten oídos para a poesía”, *Atántico Diario*, “Morrazo”, 28 outubro 2000, p. 13.

Recóllense palabras de Bernardino Graña nunhas xornadas dedicadas á súa figura. Segundo se informa, no seu relatorio gábouse de ter orixe familiar en Cangas e da vitalidade da poesía en calquera punto de Galicia. Por último, dise que falou da importancia que a poesía rimada ten para a aprendizaxe dos rapaces.

_____, “Xesús Alonso Montero: “A Estrada é hoxe a capital cultural de Galicia”/“Romaní e Alonso Montero gañan o San Martiño 2000”, *El Correo Gallego*/*O Correo Galego*, 3 decembro 2000, p. 47/p. 50.

Refírese ao acto de entrega do premio “Toda unha vida” a Xesús Alonso Montero. Segundo indica, este autor disertou no seu discurso sobre a necesidade de pular pola lingua galega porque aínda está nunha situación de anormalidade. Tamén se di que a poetisa Ana Romaní recibiu o premio “Galicia Enteira”.

M. L. C., “El libro *Crimen en Compostela*, de Carlos G. Reigosa, traducido al castellano”, *Galicia en el Mundo*, nº 367, 10-16 abril 2000, p. 21.

Informa da presentación da traducción da obra *Crimen en Compostela* (1984), do escritor Carlos G. Reigosa ao castelán, levada a cabo na Casa de Galicia en Madrid. Indica que ao acto asistiron, entre outros, Víctor Freixanes e a representante de Plaza y Janés, editora da novela, Carmen Fernández que louvou a oportunidade que a nova edición brinda ao lector non galego de gozar da novela. Tamén sinala que Reigosa explicou as razóns que o levaron, despois de quince anos de circulación en galego, a traducir a obra.

M. M., “Personalidade composta de María do Cebreiro”, *O Correo Galego*, “AFA”, 14 xaneiro 2000, p. 34.

Recolle palabras da poetisa María do Cebreiro nas que fala da súa primeira obra, *O estadio do espello* (1998), e tamén se refire á que está a preparar, ademais doutras cuestións como o que significa para ela a poesía e a arte poética en xeral.

M. M. O., “Caixa Galicia se vuelca con Castelao en la más ambiciosa exposición sobre su figura”, *El Correo Gallego*, 6 decembro 2000, p. 37.

Dá conta do acto de inauguración da exposición da obra artística de Castelao. No acto, segundo indica, fíxose fincapé no feito de que a exposición mostre o evoluír da súa creación artística, e das distintas procedencias, públicas e privadas, deste material. Asemade, recolle palabras dos organizadores nas que se anuncia a recompilación da obra completa de Castelao.

M. N., “Losada perfila un Castelao teórico da plástica que non comprendeu a vangarda”, *El Correo Gallego*, 29 xaneiro 2000, p. 74.

Recolle, entre outras cuestións relativas ás Xornadas sobre Castelao que se celebraron en Rianxo, palabras coas que Basilio Losada xulga con críticas moi duras, ou cando menos resaltando as contradiccións, os ensaios sobre arte de Castelao, nomeadamente o *Diario 1921*. Asemade fala algo do debate que suscitou.

M. Q. S., “Máis prensa galega co século XX”, *El Correo Gallego*, “*Forum. Memoria dun século*”, nº 1, 13 febreiro 2000, p. 8.

Sinálanse as principais publicacións que saíron no noso país e mais na diáspora americana ao longo das primeiras décadas do século. Alén de facer unha enumeración das máis importantes, indica onde e por quen foron promovidas.

_____, “A prensa galega en América”, *El Correo Gallego*, “Forum. Memoria dun século”, nº 2, 12 marzo 2000, p. 8.

Destaca o feito de que nas dúas primeiras décadas deste século se publicaran arredor de trinta e cinco revistas e xornais de ou sobre Galicia en América. Seguidamente enumera as que considera máis importantes.

_____, “As publicacións nacionalistas edítanse mellor en América”, *El Correo Gallego*, “*Forum. Memoria dun século*”, nº 3, 9 abril 2000, p. 8.

Faise un repaso pola prensa galega editada en América durante os anos 20 e chega á conclusión de que estes medios de comunicación eran ideolóxicamente nacionalistas e que maiormente estaban escritos en galego, algo que no país era moi difícil.

_____, “O culturalismo segue a se-lo camiño elixido polas publicacións comprometidas”, *El Correo Gallego*, “Forum. Memoria dun século”, nº 7, 20 agosto 2000, p. 28.

Fai un breve repaso pola prensa na década dos 60, etapa na que, se ben naceron algúns xornais, *Hoja del Lunes* en Lugo en 1963 e *Ferrol Diario* en 1969, isto non supuxo ningún cambio na situación establecida na que o culturalismo continuaba sendo a única vía de saída ás inquedanzas dos máis comprometidos con Galicia. Así mesmo, lembra que o propio réxime empregou a prensa para difundir os seus idearios e dá unha nómina das principais publicacións que foron nacendo ao longo desta década na que figuran *Alfares*, aparecida en Pontevedra en 1962, ou *Grial*, que viu a luz en Vigo un ano despois.

_____, “As publicacións galegas da emigración na década dos 70”, *El Correo Gallego*, “Forum. Memoria dun século”, nº 8, 17 setembro 2000, p. 8.

Fai un reconto das revistas da emigración, tanto en América como no resto de Europa, na década dos setenta, nas que segue prevalecendo a orientación culturalista perante a preocupación polos aconteceres políticos, aínda que demostran un maior interese pola lingua galega.

_____, “Anduriña’, unha experiencia institucional sin continuidade”, *El Correo Gallego*, “Forum. Memoria dun século”, nº 9, 15 outubro 2000, p. 8.

Lémbrase a saída do prelo da revista *Anduriña* durante os anos oitenta. Dise que esta revista contaba con apoio institucional e que estaba enfocada cara á emigración. Asemade, dise que esta revista foi bilingüe e faise unha relación das persoas que colaboraron nela.

_____, “A prensa galega na diáspora”, *El Correo Gallego*, “Forum. Memoria dun século”, nº 10, 12 novembro 2000, p. 8.

Dáse conta da publicación do libro *Repertorio da prensa galega da emigración*, edición ao cargo de Vicente Peña Saavedra. Alén disto fai comentarios sobre a subsistencia da prensa galega da diáspora.

M. R. R., “Manuel Rivas, candidato al Femina Étranguer”, *El País*, “*Babelia*”, nº 464, 14 outubro 2000, p. 2.

Dá noticia que na lista de candidatos ao “Femina Étranger”, que se concede ao mellor libro traducido ao francés, figura *Le crayon du charpentier*, de Manuel Rivas. Apunta que esta obra escrita en galego (Xerais) e en castelán (Alfaguara) en 1998 compite con obras de, entre outros, Moses Isegawa, Vikram Seth, Jamaica Kuicaid, etc. Tamén sinala que o último español que gañou este galardón foi Antonio Muñóz Molina en 1998 con *Plenilunio*.

M. S. D., “Xerais afirma que ejerce la titularidad legítima de la marca desde hace 20 años”, *La Voz de Galicia*, 24 marzo 2000, p. 69.

Recolle palabras de Manuel Bragado, Director da Editorial Xerais, nas que manifesta que esta editorial posúe lexitimamente a titularidade da marca. Por outra parte, engade que o seu antigo director, Xulián Maure, a reclama para si.

M. T., “Madrid tributa un homenaje póstumo al poeta ourensano José Ángel Valente”, *El Correo Gallego*, “Sociedad-Cultura”, 21 outubro 2000, p. 75.

Dá conta da celebración dun acto de lembranza e homenaxe a José Ángel Valente con motivo do seu recente pasamento. Segundo informa, estiveron presentes amigos e poetas que louvaron a valía da súa poesía. Finalmente, di que o poeta José Luís Puerto presentou a reedición do libro *Tres lecciones de tinieblas* co que Valente conseguira o Premio da Crítica en 1980.

M. V., “Risco: o xornalismo creativo”, *La Región*, “Especial 90 aniversario”, 30 setembro 2000, p. XCI.

Lembra os inicios de Vicente Risco no xornalismo e a súa chegada ás páxinas *de La Región,* en 1936, xornal onde destacou como colaborador asíduo con entregas de moi variada temática, e pola publicación, no ano 1949 das “Horas”, das que máis tarde sairía unha escolma titulada *Libro de las Horas* (1961), eloxiado no principio do artigo a través dunha cita textual de Andrés Trapiello. Así mesmo, analiza o tipo de xornalismo desenvolvido polo escritor a través deste “modelo das horas”, “creativo, dun estilo singular e inimitable”, que procuraba reproducir as palpitacións dos tempos en busca dunha “certa filosofía da actualidade”.

_____, “El escritor Xosé Luís Méndez Ferrín ingresa en la Real Academia Galega”, *Faro de Vigo*, 1 outubro 2000, p. 54.

Informa do acto de ingreso na Real Academia Galega do escritor Xosé Luís Méndez Ferrín, celebrado na sede da institución na Coruña, no que participaron entre outros, o presidente da corporación, Francisco Fernández del Riego, Carlos Casares e Manuel Lorenzo, encargado de contestar ao discurso do novo membro ao que cualificou como “unha das figuras máis excepcionais da literatura galega da segunda metade do século XX”. Así mesmo, fai un resumo do discurso pronunciado por Ferrín no que lembrou ao seu predecesor na cadeira, Antón Fraguas, e fixo unha acalorada defensa da lingua galega percorrendo a súa historia.

_____, “O ano 2000 despídese con aplausos”, *El Correo Galego*, “*Correo das Culturas*”, nº 56, 24 decembro 2000, p. 5.

Balance da actividade teatral do presente ano considerada “difícil de superar”, tanto cuantitativa coma cualitativamente. Salienta a iniciativa da Feira do Teatro de Galicia pola numerosa asistencia de público e por servir para mostrar no exterior os principais espectáculos que se programan no ano. Lembra tamén as montaxes do CDG, a publicación destes textos, dos de Áncora Produccións e dos de Monicreques de Kukas. En canto aos premios, salienta a concesión do Álvaro Cunqueiro para Roberto Salgueiro por *Eliana en ardentía* e a creación do Estornela para nenos. Para rematar, valora positivamente a iniciativa do Salón Teatro de centrar a súa programación do Nadal nos máis novos.

Mallo, Albino, “Renfe presentará nas estacións de Galicia unha mostra sobre o rianxeiro”, *O Correo Galego*, “AFA”, 8 xaneiro 2000, p. 31.

Faise eco da exposición itinerante que Renfe e a editorial A Nosa Terra realizarán nas principais estacións de tren de Galicia. Descríbense tamén algúns dos elementos que compoñen esta homenaxe, entre os que están paneis, guías ou libros.

_____, “Pernas, étnico”/“Gustavo Pernas presenta o texto da peza teatral '*O Galego, a mulata e o negro*”, *O Correo Galego*, “AFA”, *El Correo Gallego*, 22 xaneiro 2000, p. 37/p. 74.

Alude ao acto de presentación da comedia *O galego, a mulata e o negro* (1999), da autoría de Gustavo Pernas, informando de quen actuou de presentadores, así como do espectáculo que montaron. Asemade, recolle as palabras do propio dramaturgo sobre esta obra e sobre os proxectos que ten en mente.

_____, “Eva Veiga publica '*Paisaxes do baleiro*', un poemario 'a brazo aberto”, *El Correo Gallego*, 29 xaneiro 2000, p. 76.

Dá conta da recente publicación do poemario *Paisaxes do baleiro* (1999), da autoría de Eva Veiga. Segundo di, esta autora non considera necesario facer poemas longos porque lle interesa a intensidade, e engade que se centra en temas moi íntimos derivados da súa enfermidade.

_____, “Os ‘poemas espidos’ de Veiga”, *O Correo Galego*, “AFA”, 11 febreiro 2000, p. 34.

Informa do acto de presentación do último poemario de Eva Veiga, *Paisaxes do baleiro* (1999), na cidade na Coruña. Engade que neste acto participaron os escritores Fran Alonso, Luz Pozo Garza e Xosé Fernández Naval que deron opinións moi favorábeis dos poemas deste libro.

_____, “Xulio L. Valcárcel ante o espello”, *O Correo Galego*, “AFA”, 25 febreiro 2000, p. 33.

Fala da novela, acabada de saír do prelo, *Campo de Marte* (1999), de Xulio Valcárcel. Asemade recolle palabras do propio autor nas que manifesta as súas intencións á hora de escribir a novela, das principais liñas argumentais e das lecturas amenas que provoca.

_____, “A voz do orballo”/“Oleiros acolleu a presentación da antoloxía de Xavier Seoane, ‘*Don do horizonte*”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*, 27 febreiro 2000, p. 59/p. 75.

Dá conta da presentación dunha antoloxía na que se recolle a obra poética de Xavier Seoane, baixo o título *Don do horizonte* (1999). Segundo di, no acto de presentación participaron Manuel María e o editor da obra, Miguel Anxo Fernán-Vello, que fixeron unha gran louvanza da obra publicada.

_____, “A ama das musas”, *O Correo Galego*, “AFA”, 28 febreiro 2000, p. 17.

Recolle as palabras de Luísa Villalta que acaba de tirar do prelo o libro *O outro lado da música, a poesía* (1999). A autora desta obra, segundo di, estudia as versións musicais de moitos poemas de escritores galegos de todas as épocas e analiza as relacións entre as letras e a música.

_____, “O maratón poético”, *O Correo Galego*, “AFA”, 9 marzo 2000, p. 41.

Faise un resumo dos actos levados a cabo no teatro Rosalía de Castro da Coruña e cítanse os principais poetas participantes nesta Maratón poética para reinvindicar a valía da poesía na actualidade.

_____, “Féchase o maratón de vintecatro horas da Coruña para reivindica-la poesía”, *El Correo Gallego*, 12 marzo 2000, p. 74.

Breve nota de prensa na que se informa do remate dun maratón de vintecatro horas para defender a poesía do ostracismo ao que a somete a vida moderna.

_____, “Lino Braxe, poeta, actor e guionista”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 19 marzo 2000, p. 8.

Reportaxe sobre o polifacético escritor e artista Lino Braxe. Con motivo da presentación do seu libro de poemas, *A cor do ceo* (1999), coméntase algún dos traballos que desenvolveu no ámbito da radio, como narrador, poeta e actor. Asemade, recolle palabras dalgúns actores, escritores e directores de cine sobre esta súa última obra.

_____, “O estilo, marca de autor”, *O Correo Galego*, “AFA”, 23 marzo 2000, p. 41.

Refírese á presentación da novela *Talvez melancolía* (1999), da autoría de Xosé Carlos Caneiro, de quen se reproducen palabras sobre a súa obra literaria e nas que afirma que busca un estilo que o defina como autor.

_____, “Carlos Reigosa, na escola de Artes Pablo Picasso”/“A novela titulada ‘*Crime en Compostela*’ inspira un concurso de guión e debuxo”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*, 15 abril 2000, p. 35/p. 76.

Dá conta dun concurso pictórico inspirado pola obra de Carlos Reigosa *Crime en Compostela* (1984), que se celebrou na Coruña. Así mesmo, anuncia que esta novela se publicará en español e as causas de porqué o escritor non permitiu que fose traducida antes.

_____, “Varios poetas homenaxearán o venres na Coruña a Leopoldo Nóvoa”/“Dez poetas da Coruña renden homenaxe este venres ó pintor Leopoldo Nóvoa”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*, 26 abril 2000, p. 33/p. 73.

Informa da celebración dun recital poético levado a cabo por Manuel Álvarez Torneiro, Lino Braxe, Miguel Anxo Fernán-Vello, Miguel Mato Fondo, Pilar Pallarés, Cesáreo Iglesias, Xavier Seoane, Xulio Valcárcel, Eva Veiga e Luísa Villalta en homenaxe ao pintor Leopoldo Nóvoa.

_____, “Castelao e o teatro”, *O Correo Galego*, “AFA”, 27 abril 2000, p. 39.

Fai un resumo das pezas sobre a escenografía teatral realizados por Castelao para a súa propia obra *Os vellos non deben de namorarse*, e que se conservan no Museo Carlos Maside e no Museo de Pontevedra. Céntrase sobre todo naquelas que reflicten a relación de Castelao co teatro, tanto no papel de escritor como no de escenógrafo.

_____, “Castelao autor e pintor teatral”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 21 maio 2000, p. 6.

Pon de manifesto o vinculamento de Castelao co teatro antes da estrea en 1941 de *Os vellos non deben de namorarse*. Resalta a importancia da exposición “Castelao e o teatro” que se inaugurará na Coruña e na que se poderán atopar textos, debuxos, panos de fondo, carteis ao lado doutras pezas relacionadas coa actividade teatral de Castelao.

_____, “Volver a Casares”, *O Correo Galego*, “AFA”, 27 xuño 2000, p. 30.

Anuncia o espectáculo, composto por un recital de textos poéticos medievais e románticos e melodías bretonas e galegas, que o grupo coruñés Casahamlet, dirixido por Manuel Lourenzo e Santiago Fernández, vai levar a cabo como participante nos encontros que se celebran na Casa dos Comediantes María Casares, instalada na mansión estival desta actriz coruñesa residente en Francia. Así mesmo, comenta que nestas xornadas os directores do grupo teatral se comprometeron a ofrecer, en anos vindeiros, unha triloxía sobre a vida da actriz galega.

_____, “Castelao, 50 anos dende o pasamento”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 3 setembro 2000, p. 22.

Lembra a exposición que, con motivo da celebración do cincuenta cabodano da morte de Castelao, se celebrou en Pontevedra no Edificio Sarmiento, organizada pola Fundación que leva o nome do “pai do galeguismo”, o Museo Provincial e Caixa Galicia. Sinala que nela os visitantes tiveron ocasión de se achegar aos documentos artísticos e gráficos dun “clásico da literatura e da pintura galega” a través dos cales puideron comprobar o gran labor desenvolvido por Castelao e a súa repercusión na historia de Galicia, así como comprender, a través da pintura exposta, a súa evolución temática e técnica ao longo dos anos.

_____, “A cultura galega en setenta volumes”, *O Correo Galego*, “*Lecer*”, nº 355, 10 decembro 2000, p. 5.

Anúnciase a aparición dos dous últimos volumes que fechan o apartado de Antropoloxía –que conta con sete volumes– baixo a responsabilidade de Xosé Manuel González Reboredo e que están inseridos dentro do “Proxecto Galicia”. Sinálase que estes dous volumes de antropoloxía contan con ilustracións de Siro López e resáltase a figura de tres colaboradores finados durante a redacción desta obra Camilo Flores, Antonio Fraguas e Filgueira Valverde.

_____, “Antón de Santiago pon música e voz ós poetas galegos”, *O Correo Galego*, 12 decembro 2000, p. 33.

Dáse conta da saída ao mercado do último disco do barítono coruñés Antón de Santiago no que, segundo indica, hai poemas musicados de Manuel Curros Enríquez, Ramón Cabanillas, Fernán-Vello, Bouza Brey, Ramiro Fonte e Luís Pimentel. Recóllense ademais palabras do seu autor nas que se mostra partidario de renderlles homenaxe aos cantores e músicos galegos dos que aprendeu moitas cousas do ofício.

_____, “Inspiración oriental”/“O poeta Lino Braxe presenta na Coruña ‘*O sange dos árabes*’, o seu novo poemario, publicado por Ablativo Absoluto”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*, 22 decembro 2000, p. 31/p. 76.

Refírese á presentación desta nova entrega poética de Lino Braxe na cidade da Coruña. Recóllense palabras do autor nas que mostra a súa admiración pola cultura árabe que se viu influída por coñecer dúas rapazas saharauis. Polo demais, fala da xestación do libro e do feito de publicalo agora, aínda que estaba a esperar que se solucionase o conflicto palestino-israelí.

Mallo, Albino/E. **Álvarez**, “Castelao, escenógrafo”/“Unha exposición amosa na Coruña a ligazón de Castelao co mundo do teatro”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*, 9 maio 2000, p. 32/p. 71.

Informa da inauguración dunha mostra sobre as escenegrafías e figurinos que Castelao fixo para as súas obras de teatro, e para representar outras de narrativa. Por este motivo, fai un resumo do conxunto do material exposto.

Martín, Paco, “Grave perigo”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 17 agosto 2000, p. 12.

Esta é a breve anécdota, con ilustración de J. Tomás, protagonizada polo profesor retirado Artemio Vilar Rebordaos que, paseando pola muralla de Lugo, decide sentar coas pernas para fóra a ler un libro, o cal provoca un gran rebumbio de xente e forzas de seguridade nos arredores ata retirar ao ancián. Finalmente, recóllese a preocupación das institucións polos imitadores que, como o vello profesor, sentan na muralla a ler preocupados polo perigo que entraña a lectura.

Martínez, Eva, “Os autores galegos destacan o bo momento da literatura do país”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 6 setembro 2000, p. 44.

Nota que recolle as conclusións do debate celebrado na Coruña, na Fundación Fernández Latorre, sobre os literatos noveis galegos e no que participaron Xabier Docampo, Ramón Loureiro e Concha Blanco. Sinálase que este debate coincide coa presentación do primeiro dos catro volumes previstos dos “Relatos de verán”, unha iniciativa de *La Voz de Galicia*, que en palabras de Docampo demostra que “somos un país de palabras” como di Carlos Casares. Indícase tamén que esta obra recollerá en catro entregas cerca de setecentas narracións curtas que constitúen o maior libro de creación literaria dos galegos.

Martínez, Jacobo M., “Neira Vilas recupera en La Habana veintinueve textos inéditos en gallego”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 13 xullo 2000, p. 43.

Informáse da entrega por parte do escritor Neira Vilas e da súa dona de 135 cartas orixinais cruzadas entre a RAG e a Asociación Iniciadora Protectora desta institución. Tamén se explican os motivos que levaron a este matrimonio a entregar á RAG este legado. Así mesmo, dáse conta dos autores desas cartas entre os que destacan Manuel Murguía, Uxío Carré, Curros Enríquez, Antón Villar Ponte e Fernando Latorre.

_____, “La novela histórica centrará la XXIX Feria del Libro de A Coruña”, *Faro de Vigo*, 2 agosto 2000, p. 41.

Dá conta da apertura da XXIXª Feira do Libro da Coruña que nesta ocasión conta con 54 postos, dos cales cinco son expositores doutras tantas editoriais, necesarios, segundo afirma o director da Feira Miguel Orizales, para potenciar a divulgación cultural. Así mesmo, especúlase sobre o xénero que acadará maiores vendas, a novela histórica centrada en personaxes mitolóxicos, segundo o director da Feira, ao tempo que se fai unha análise das preferencias dos lectores que se decantan ante todo polos libros de esoterismo e cociña, un clásico para os visitantes desta feira.

Martínez Bouzas, F., “A editorial Galaxia”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 43, 24 setembro 2000, p. 6.

Louva a actividade da Editorial Galaxia, “concibida como proxecto editorial, cultural e político dun país, como movemento galeguista enlazado coa Xeración Nós”, que está considerada polo articulista “a principal institución cultural autóctona do noso pobo nos últimos cincuenta anos”.

_____, “A editorial Galaxia (II)”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 44, 1 outubro 2000, p. 6.

Analiza o compoñente galeguista da editorial Galaxia, agrupación que, baixo o liderado de persoeiros como Ramón Piñeiro, foi quen de converter a acción política en “fronte cultural”, ao tempo que proclama a necesidade dun estudio crítico da ideoloxía da editorial que dea conta “do que se negociou na tenda e na trastenda daquela “fronte cultural”.

_____, “A editorial Galaxia (e III)”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 45, 8 outubro, p. 12.

Salienta nesta terceira entrega que a editorial Galaxia non foi só unha “Farturenta agromada” de actividades culturais senón que o seu labor se estendeu moito máis alá, como foron as relacións co galeguismo da diáspora ou as polémicas suscitadas entre Ramón Piñeiro e Luís Seoane sobre a estratexia galeguista, polo que considera que Galaxia é unha realidade máis complexa que unha simple editorial.

_____, “Plaxios”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 336, 19 outubro 2000, pp. 1-7.

A raíz do escándalo suscitado polo plaxio literario de Ana Rosa Quintana, neste suplemento faise un achegamento a este fenómeno cun longo artigo, que recolle as impresións de diferentes personalidades do mundo da cultura e que foi realizado co material que proporcionaron Montse Dopico, Rosa Navia, Soedade Noia e Antonio Rodríguez. Tamén inclúe un traballo de Xavier Queipo, que estende este xeito de proceder a outros ámbitos públicos.

-Montse Dopico, Rosa Navia, Soedade Noia e Antonio Rodríguez, “O escándalo dos plaxios en plena época da revolución clónica”, pp. 2-5.

Introdúcese o tema do plaxio, de actualidade polo caso de Ana Rosa Quintana, facendo referencia a que foron as teorías da intertextualidade de Kristeva e Genette as que difuminaron as fronteiras do plaxio. Ao respecto, Dolores Vilavedra, Miguel Anxo Fernan-Vello, Francisco Martínez Bouzas, Camilo Franco e Carlos Casares ofrecen algunhas claves que teñen que ver con conceptos como a orixinalidade, a imitación, a ética ou sobre a propia lexislación. A continuación, cítanse diversos casos como o que levou aos xulgados a Camilo José Cela acusado de plaxiar a Carmen Formoso Lapido. Así mesmo, constátase con sorpresa como esta aposta pola orixinalidade que se parece desprender do plaxio de Quintana non vai parella á actual carreira de clonación. En todo caso, ven nisto “unha revolta pola supervivencia” nunha sociedade uniformadora que olla despectivamente a orixinalidade. Tamén, a seguir, detéñense na figura do “negro”,

fundamental en campos como a administración, pero que na literatura se explican en base á esixencia editorial dos beneficios. O director de Xerais, Manuel Bragado, nunha visión positiva da fraude, entende que só con escándalos coma este se descobren os “libros-canapé”, que saen para “crear vida social” e veñen impostos polo criterio comercial. Engade tamén que un caso semellante é impensábel no campo editorial galego. Por último, este persoeiro cre que existe a figura do escritor-inducido, que está obrigado polos media a ser autor, cando o que se necesita para escibir é talento, non un negro.

-Xavier Queipo, “De plaxios, negros e outras hipocrisias”, pp. 6-7.

Para comezar, fala de diversos aspectos que conflúen na escrita, entre eles, o pouso das lecturas feitas para, a continuación, ofrecer a súa idea de plaxio. Segundo el, diferentes actuacións como facer a revisión dun autor non sería plaxio, do mesmo xeito que non acepta plaxiar como homenaxe ao plaxiado. En todo caso, reduce a cuestión ao valor ético da honestidade para presentar ante o público o resultado creativo do artista. Iso mesmo esténdeo, a seguir, a outras esferas da vida pública porque hai “negros” na administración (funcionarios ao servicio dos superiores), na Universidade (bolseiros), etc. Finalmente, cre que esta conducta irá diminuíndo xa que a honestidade “irá en retroceso como valor social”.

_____, “Os nosos plaxios”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 48, 29 outubro 2000, p. 6.

A raíz do escándalo suscitado polo plaxio literario de Ana Rosa Quintana, neste suplemento faise un achegamento a este fenómeno cun longo artigo que recolle as impresións de diferentes personalidades do mundo da cultura. Tamén inclúe un traballo de Xavier Queipo, que estende este xeito de proceder a outros ámbitos públicos.

_____, “Qué traducir”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 50, 12 novembro 2000, p. 6.

Reflexiona sobre a importancia das traduccións en calquera literatura e fai fincapé na súa escaseza no caso da cultura galega. Ofrece datos que indican a baixa cifra de traduccións para o galego de obras de referencia para o acervo literario universal. Finalmente, considera que as institucións deberían remediar este gran problema.

_____, “Un precedente: Heidegger”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 52, 26 novembro 2000, p. 6.

Insiste na necesidade de traduccións do pensamento universal para o galego co que o galego se convertiría en lingua de cultura e igualdade de condicións con calquera outra. Por este motivo, sinala a valía da traducción de Heidegger que no ano 1951 fixeron, en colaboración, Ramón Piñeiro e Celestino Fernández de la Vega.

_____, “Feliciano Rolán”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 343, 7 decembro 2000, pp. 1-7.

Número que recupera a figura do poeta galego Feliciano Rolán (1907-1935) cun artigo de Francisco Pérez Lorenzo, que aborda a súa traxectoria vital e literaria, e a traducción dun feixe de poemas do autor traducidos ao galego.

-Francisco Pérez Lorenzo, “A Nao de Rolán”, pp. 2-3.

Lembra a biografía de Feliciano Rolán (Vigo, 1907-A Guarda, 1935), poeta en castelán compañeiro de xeración de Arturo Cuadrado, Luís Manteiga, Carlos Martínez Barbeito, Luís Seoane, Carlos Maside, Lois Tobio, Ánxel Fole, Eiroa, Carvalho Calero e Francisco Lamas. Así mesmo, comenta os seus títulos: *Huellas* (1932) e *De mar a mar* (1934), que manifestan unha poesía vangardista da que gostaban Lorca e Juan Ramón Jiménez. Tamén di que en 1970 a Editorial Castrelos recolleu a súa poesía nun volume con estudio introductorio de Carvalho Calero e que en 1985 viu a luz a obra completa de Rolán. Finalmente, sinala nel unha mestura de simbolismo e romantismo con ecos galegos ao estilo de Manuel Antonio ou Amado Carballo, as fontes de Juan Ramón Jimenez e a proximidade a Walt Whitman.

_____, “A literatura galega en TVE”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 56, 24 decembro 2000, p. 6.

Refírese ao programa televisivo “Negro sobre blanco” dedicado á literatura galega, no que participaron Darío Villanueva, Suso de Toro, Manolo Rivas e Carlos Casares. Considera que foi un faladoiro “moi superficial, lixeiriño, lixeiriño (…) no que saíron a relucir os catro tópicos de sempre”. Opina que o presentador, Sánchez Dragó, estivo no papel de “ignorante confeso e atrevido” ao incluír no noso sistema literario a Cela, Valle-Inclán e Torrente Ballester, ademais de atribuírlle á nosa literatura débedas con Rulfo e caracterizala polo cainismo. Finalmente, bota a faltar nese espacio a un representante dos xéneros ou formas menos canónicas.

Martínez Oca, X. Manuel, “Inmigrante”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 18 agosto 2000, p. 12.

Breve relato que recolle unha particular visión dos inmigrantes a través do encontro do narrador cun norteafricano na oficina de Correos, na que está a debuxar unha folla de árbore na carta que logo sela e na que indica que se recollen versos dirixidos a un compatriota que vive na rúa en Madrid. Acompáñase coa ilustración de Carrera.

Mejuto, Sonia, “Literatura y dibujo se combinan en la muestra de Renfe sobre Castelao”, *El Ideal Gallego*/*Diario de Ferrol*, 14 xaneiro 2000, p. 28/p. 32.

Dá conta da inauguración dunha exposición sobre a vida e obra artística, política e como escritor de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. Fai un resumo dos pormenores do acto como os discursos ou as actuacións musicais que o acompañaron.

Mendoza, Ana, “Ousadía narrativa”/“Publican en español ‘*Crimen en Compostela*’ un best-seller gallego”/“Reigosa traduce al castellano el best-seller gallego ‘*Crimen en Compostela*”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*/*La Voz de Galicia*, 2 abril 2000, p. 61/p. 76/p. 73.

Recolle palabras de Carlos Reigosa nas que ofreceu unha entrevista a EFE. Nela fai un resumo da súa novela *Crime en Compostel*a e sinala aqueles elementos máis novidosos na narrativa galega contemporánea.

Míguez, Rosa, “Suxerencia”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, 27 febreiro 2000, p. 14.

Coméntanse brevemente diversos libros de recente publicación. No tocante á literatura galega refírese a *Crónicas Galegas de América* (1999), de Xosé Neira Vilas, *A loita pola vida (18331923). Conflictos e tenruras de Manuel Murguía*, de José Antonio Durán e finalmente *Anxos en tempos de chuvia* (1998), de Miguel Vázquez Freire. Nas tres recensións, de moi breve extensión, ofrécese ao lector un resumo do argumento e faise una mínima valoración das tres obras.

Mínguez, A., “Valente retorna a la ciudad de Ourense para descansar con su familia”, *Faro de Vigo*, 19 xullo 2000, p. 40.

Achéganos á vida, familia e infancia na cidade das Burgas e o posterior traslado a Madrid, de José Ángel Valente, escritor nado en Ourense en 1929. Así mesmo, lémbranos o seu posicionamento público en contra da posíbel desmantelación do cemiterio de San Francisco e o apoio á asociación de amigos deste camposanto gracias ao cal o recinto funerario foi declarado Ben de Interese Cultural.

Mirás Fole, Nacho, “Dous mil libros para o dous mil”, *La Voz de Galicia, “Culturas”*, nº 112, 11 xaneiro 2000, pp. 1-2.

Ofrece unha panorámica das publicacións que preparan para o ano 2000 as editoriais Galaxia, Xerais, Kalandraka e Edicións Positivas e os planos de futuro inmediato destas empresas culturais.

Monteagudo, Henrique, “Arredor de Castelao”, *El Mundo. Galicia*, “Galicia / Cultura”, 8 xaneiro 2000, p. 9.

Comeza relatando unha anécdota protagonizada por Castelao cando un lector lle preguntou por qué insistía tanto na denuncia dos problemas e miserias de Galicia no canto de celebrar os seus encantos, e el contestoulle que non tiña vocación de estupefaciente. A seguir Henrique Monteagudo ofrece algunhas observacións aos argumentos que se aducen nas distintas polémicas que xurdiron con ocasión da conmemoración do seu falecemento. Apunta a importancia de Castelao na Galicia contemporánea e a vixencia das súas ideas e proxectos e o seu carácter de referencia indiscutíbel no galeguismo e no nacionalismo galego e sinala que “este ten todo o dereito do mundo a arrogarse unha indisputable prelación entre os seus herdeiros, glosadores e intérpretes”. Defende tamén a necesidade de contemplar a figura de Castelao como complexa e polifacética, de celebralo como un “Castelao total” e non convertelo “nun monifate de feira, que convalide toda lectura e calquera práctica na Galicia presente” e deixar fóra calquera monopolio exclusivo. Sobre o acto de homenaxe celebrado pola Fundación Castelao sinala que se convidou a unha selección de persoeiros en representación de institucións políticas, cívicas e culturais, unha “representación que, na súa pluralidade, é demostrativa do que Galicia é hoxe, guste ou non guste (…) e da que ninguén ten dereito a arrogarse o protagonismo”. Engade tamén que a celebración non buscaba enfrontarse a ninguén e que foi compatíbel con outras moitas.

Moreira, Rafa, “Labarta Pose, o escritor ilustre pero esquencido de Baio”, *O Norte*¸ nº 138, 1ª quincena abril 2000, p. 18.

Fai un estudio da figura de Enrique Labarta Pose, escritor nacido en Baio en 1863, achegándonos unha biografía e un estudio da súa traxectoria literaria, que abrangue todos os xéneros, centrándose na análise das facetas máis sobresaíntes: a de versificador, da que boa parte da producción está composta por poemas laudatorios doutros autores do momento en clave de humor; a de narrador, mercede a cal algúns especialistas coinciden en sinalalo como un dos máis importantes narradores do Rexurdimento e un dos contistas máis salientabeis da súa época; e sobre todo, a súa actividade teatral, a grande esquencida da súa obra pero da que son froito pezas como *Unha boa misa*, considerada por expertos labartinos “unha das dez primeiras obras da dramaturxia galega”.

Moriche, J. F., “Presentada la trigésima Noite Meiga sarriana”, *El Progreso*, 11 agosto 2000, p. 19.

Dá conta da presentación da trixésima Noite Meiga de Sarria, levada a cabo no edificio da Xunta de Galicia en Lugo, na que os membros da asociación organizadora, Meigas e Trasgos, explicaron os pormenores desta edición que presenta novidades con respecto a anos anteriores, como o aumento das contías dos premios a entregar, e anunciaron o programa da celebración, que contará con Valentín Arias López, antigo director da Editorial Galaxia e primeiro profesor de lingua galega trala dictadura franquista, como pregoeiro.

Mosquera, Javier, “Fernández del Riego, protagonista en la apertura de la muestra sobre Castelao”, *Faro de Vigo*, 8 xaneiro 2000, p. 5.

Faise eco do acto de inauguración dunha mostra de homenaxe a Castelao que percorrerá os colexios da cidade de Vigo que o soliciten. Segundo di, a apertura da exposición correu da man de Francisco Fernández del Riego.

_____, “Cerca de 400 investigadores utilizaron los fondos de la Fundación Penzol este verano”, *Faro de Vigo*, 11 setembro 2000, p. 6.

Informa da utilización da Biblioteca Penzol por parte de case catrocentos investigadores de diferentes ramas da ciencia, durante os meses de xullo e agosto. Dá conta do tipo de usuario que fixo uso dos fondos da Biblioteca, na súa maioría profesores tanto universitarios coma da ESO. Ofrece tamén unha pequena biografía da Fundación, instalada en Vigo nos anos sesenta por desexo do seu propietario e encomendada á editorial Galaxia, sendo Francisco Fernández del Riego o seu presidente. Finalmente, salienta algúns dos temas fundamentais que se consultaron nos fondos da Fundación.

N. M., “Galicia es una de las comunidades que menos gasta en espectáculos teatrales”, *La Voz de Galicia*, 14 xuño 2000, p. 79.

Refírese aos datos obtidos como resultado do anuario da Sociedad General de Autores y Editores (SGAE) realizado polo delegado xeral desta asociación en Galicia, Javier Vidal, o artista Antón Reixa e o director editorial Rubén Gutiérrez, referentes ao teatro en Galicia, dos que se deduce que malia o incremento da asistencia de espectadores ás salas, Galicia segue sendo unha das comunidades que menos cartos destina a esta actividade, como demostran o escaso número de centros dedicados ás representacións, o gasto medio anual por habitante, o penúltimo en toda España, e o baixo número de representacións levadas a cabo nesta comunidade.

Navaza, Xavier, “Al “rescate” de don Ramón”, *El Correo Gallego*, 12 outubro 2000, p. 14.

Critica a actitude do líder do BNG, Xosé Manuel Beiras, que censurou as citas que o Presidente da Xunta, Manuel Fraga, fixo de persoeiros como Ramón Piñeiro, ao que recorreu para ilustrar a longa traxectoria do PP en Galicia cara ás raíces, pois considera que o “rescate” que tentan facer os nacionalistas do legado galeguista do escritor ao que renunciaran ata o de agora e “en cuia fonte bebeu o PP de Galicia nos últimos anos”, é unha manobra para “moderar o seu discurso ante a cita electoral do 2001”.

_____, “Castelao, un precursor do debuxo periodístico”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 48, 29 outubro 2000, p. 5.

Repásase a prehistoria do debuxo dos xornais no Estado español para encadrar nel a figura de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. A seguir, comenta as primeiras experiencias de debuxo xornalístico de Castelao, nos diferentes medios cos que colaborou. Polo demais, destaca sobre todo o feito de ter ofertas de traballo para colaborar en xornais relevantes de Madrid mais que co seu compromiso con Galicia fixo que renunciara, o que non impediu que a súa obra acadase cotas extraordinarias.

Navia, R., S. **Noia** e A. **Rodríguez**, "Heroes e heroínas. Pinturas e moscas", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras*", nº 322, 13 xullo 2000, pp. 4-5.

Recolle as impresións de Miguel Anxo Fernán Vello, Alfonso Eiré, Manuel Forcadela e Marcos Valcárcel que falan dos personaxes de ficción "que lles causaron máis pegada". Entre os máis recorridos están o protagonista de *Memorias dun neno labrego* (1961), Balbino, co que Alfonso Eiré se sente identificado pois, "eu son tamén un neno da aldea e son labrego", ou o personaxe de *Xente ao lonxe* (1972), de Blanco Amor, Aser Vilar, que segundo Marcos Valcárcel "reflicte os grandes problemas que presenta a literatura de todos os tempos cunha mirada limpa e inocente". A seguir, os escritores, Francisco Martínez Bouzas, Santiago Jaureguizar, Alfredo Conde e Fina Casalderrey reflexionan sobre os personaxes da literatura galega, entre os que se citan os protagonistas das obras de Álvaro Cunqueiro, polos que Alfredo Conde afirma sentirse cativado, ou María e Amaro, personaxes inventados por Anxo Angueira en *Pensa nao* (1999) que Bouzas destaca sobre todo "porque representan o compromiso total coa realidade galega e cos ideais de liberdade e de progreso en días negros e difíciles".

Neira, E., “Editamos libros fundamentais para Galicia, pero non son comerciais”, *El Correo Gallego*, *“Correo das Culturas”*, nº 19, 24 marzo 2000, p. 2.

Faise un pequeno resumo da historia de Ediciós do Castro da man do seu promotor, Isaac Díaz Pardo. Este intelectual e empresario sinala que moitos dos libros que edita son vendidos en Barcelona e que se poderían vender máis se a norma do galego se achegase máis ao portugués.

_____, “Cúmprense 140 anos de *O vello do Pico-Sagro*”, *El Correo Gallego*, 4 abril 2000, p. 72.

Lémbrase que neste ano se cumpren cento corenta anos do nacemento do xornal *O Vello do Pico-Sagro*. Por este motivo resume a súa breve traxectoria e fala dos seus promotores, os irmáns de la Iglesia.

Neira Vilas, Xosé, “Non lles digas...”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 19 agosto 2000, p. 12.

Confesión dun emigrante desesperado pola situación que padece na terra de acollida acompañada da ilustración de Abraldes. Ante a vida que lle tocou vivir pídelle a un veciño que volve á terra que non lle desvele á súa familia os problemas que padece diariamente para subsistir, malia que a desesperación e a derrota o levan a deixar nas mans do que volve o descubrir ou non a cara máis escura da emigración.

Noguerol, J., “Palabras sanadoras”, *La Región*, “Cultura”, 17 decembro 2000, p.18.

Dá conta da celebración dun recital poético no que participaron as poetisas Aurora e Clementina Vidal Caramés. Dun xeito poético conta como se desenvolveu o acto e reproduce algúns poemas destas autoras. Por outra parte, engade algunha noticia da súa biografía, especialmente do seu pai, o poeta Juan Vidal Martínez.

Noguerol, Jaime, “ Valente, el afilador de versos”, *La Región*, 20 xullo 2000, p. 58.

En lembranza do poeta falecido Ángel Valente, faise unha achega, por veces a través dos seus propios versos, á súa biografía e aos seus versos que, en palabras do propio poeta, malia que algúns os cualifiquen de “fríos”, “son como el diamante, fríos por fuera pero forjados con el calor de la tierra por dentro”.

Noia, María Camino, “Castelao no seu 50º cabodano”, *A Peneira*, 2ª quincena maio, 2000, p. 3.

Faise un resumo da vida de Castelao centrándose naqueles apectos máis relevantes do seu devir vital. Alén disto sintetiza en catro puntos as características principais da súa obra narrativa: ruralismo, didactismo, sentimentalismo e economía de recursos.

Noia, Soedade, “Xosé Carlos Caneiro: ‘A arte literaria é un intento de conquistar a dificultade”, *El Correo Gallego*, 9 marzo 2000, p. 71.

Informa de que o escritor Xosé Carlos Caneiro resultou gañador do Premio “Vicente Risco” de Literatura Fantástica coa obra *A rosa de Borges*. Asemade recolle palabras do autor nas que manifesta a súa procura da arte, e louva a que considera a súa mellor novela *Os séculos da lúa* (1999).

A Nosa Terra, “Vítor Casas. Centenário”, *A Nosa Terra*, nº 960, 9 novembro 2000, pp. 1-4.

Estudio monográfico arredor da figura de Vítor Casas introducido por un breve perfil biográfico, seguido dos actos de homenaxe celebrados na súa lembranza, entre eles as mostras da galería Sargadelos de Pontevedra e a organizada pola Asociación Cultural Maio Longo, e un parágrafo da lembranza de Otero Pedrayo pertencente á súa obra *O libro dos amigos* (1953), incluído no cartel conmemorativo do centenario do seu nacemento feito polo Concello de Pontevedra. Tamén se inclúe o artigo “Vítor Casas, ese descoñecido”, asinado por Afonso Eiré e reprodúcense algunhas cartas da nai e a muller de Casas escritas á familia durante o seu cativerio nas que lles trasladan o seu estado de ánimo e as súas esperanzas de que todo rematase ben. A seguir dáse conta do artigo asinado por Eiré:

-A. Eiré, “Vitor Casas, ese descoñecido”, p. 2.

Artigo de reivindicación da importancia desta figura para o galeguismo, que comeza sinalando que foi un dos primeiros impulsores do Estatuto de Autonomía e do Partido Galeguista, así como en manifestar ante Risco e Otero Pedrayo, entre outros, a necesidade do cambio do culturalismo á política. Tamén denuncia a pouca transcendencia acadada polos seus escritos, que non foron recollidos en libros como se fixo cos de Castelao ou Risco, debido a que a condición de xornalista fai que se menosprecen estes traballos que non acadan estatus literario se non é a través de libros.

Novo, Paulino, “Borboriños biográficos”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 48, 29 outubro 2000, p. 9.

Breve apuntamento no que se fai unha sucinta relación dos escritores que lle dedicaron ao tema do mar páxinas da súa creación literaria. Refírese sobre todo aos principais referentes mundiais que trataron a temática marítima para rematar referíndose ao galego Manuel Antonio e á súa obra.

_____, “Borboriño biográfico”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 55, 17 decembro 2000, p. 9.

Dá unha serie de significados que foron acuñados por literatos e que na actualidade están totalmente asentados, entre eles “pantagruélico”, “robot”, “argonauta”, “arlequinado” ou “hipócrita”, procedemento que ten na literatura galega os seus referentes en autores como Álvaro Cunqueiro e Darío Xohán Cabana con termos como “anosar” ou “putapénico”, por exemplo.

_____, “Borboriño biográfico”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 57, 31 decembro 2000, p. 9.

Breve artigo no que se fala da relevancia dos nomes dos escritores máis coñecidos na literatura universal á hora de asocialos ás características da súa obra. Sinala varios exemplos, entre eles o de Álvaro Cunqueiro, xa que cando se está a falar de algo “cunqueiriano” o termo non se refire a alguén que fai un estudio sobre Álvaro Cunqueiro, senón ás influencias do Realismo Máxico que posúe un escrito. Unha exemplificación similar faina con Otero Pedrayo.

Novoa Fernández, Cristina, “Mellor libros que armas”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 22, 14 abril 2000, p. 4.

Co gallo da chegada do mes de abril, e con el do día do libro, fálase da necesidade de fomentar a lectura entre os máis novos, como feito de autocoñecemento e como forma pacífica de mostralles o mundo aos nenos.

Núñez, María, “Eu coñecín a Castelao”, *Diario de Pontevedra*, 28 xullo 2000, p. 8.

Informa do “roteiro Castelao” organizado polo departamento de actividades do Fogar da terceira idade, de Pontevedra mercede ao cal quince persoas maiores de sesenta anos visitaron lugares emblemáticos relacionados coa figura do autor, entre eles o Museo Sarmiento onde admiraron moitas das súas obras pictóricas e coñeceron algo máis da vida deste rianxeiro cualificado polo “señor Torres”, un home de setenta e nove anos que o coñeceu persoalmente, como moi introvertido. Recolle ademais as impresións sobre a figura de Castelao dos participantes no roteiro, que coincidiron en destacar a gran defensa que fixo dos campesiños galegos fronte aos “abusivos donos das terras”.

_____, “Castelao non se entende fóra da súa dimensión de emigrante”, *Diario de Pontevedra*, 12 setembro 2000, p. 63.

Analiza a conferencia pronunciada por José Antonio Durán no seminario organizado pola Universidad Internacional Menéndez Pelayo e titulada “Cuando la historia es presente: Castelao” na que expuxo, “desde unha nova perspectiva” a biografía de Castelao, centrándose na súa faceta de emigrante e a popularidade acadada en Buenos Aires. Lembra ademais que esta conferencia forma parte dun ciclo sobre Castelao co que a Universidade Menéndez Pelayo pretende analizar as diferentes dimensións da figura do autor dende unha visión máis obxectiva.

_____, “Hoy se exhibe por primera vez en Galicia el documental ‘Castelao”, *Diario de Pontevedra*, 6 outubro 2000, p. 65.

Anuncia a proxección no Teatro Principal de Pontevedra do filme *Castelao*, elaborado polo director arxentino Jorge Prelorán, que se levará a cabo vinte anos despois da súa creación, ao tempo que dá información de cómo xurdiu a idea da realización da película e se advirte que se trata dunha película filmada durante o franquismo e cun “tinte republicano”.

_____, “O documental ‘Castelao’, sen cortes e en pantalla grande, no Principal”, *Diario de Pontevedra*, 7 outubro 2000, p. 64.

Dá conta da emisión do filme sobre Castelao do arxentino Jorge Prelorán que afirma sentirse moi satisfeito porque ningún galego critica cómo está reflectido o rianxeiro na película. Recolle as imprensións de Xosé Luís Méndez Ferrín, presentador da emisión, que manifestou que no documental se establece un paralelo entre a vida de Castelao e a de Alfonso XIII e del dedúcese “unha denuncia da monarquía española, da monarquía borbónica e da vergoña de que aínda hoxe teñamos un rei, cousa que Prelorán non sabía que ía producir”.

_____, “Presentado el congreso ‘Castelao, co pensamento en Galiza”, *Diario de Pontevedra*, 7 outubro 2000, p. 65.

Dá conta da presentación do congreso “Castelao, co pensamento en Galiza” que, con motivo da celebración do cincuenta aniversario da morte deste escritor rianxeiro organizan o Concello de Pontevedra e a Asociación Sociopedagóxica Galega e que ten como obxectivo estudiar as distintas facetas “da personalidade galega máis relevante do século XX”, centrándose na súa actuación como “ideólogo do pensamento nacionalista galego” e no seu “compromiso inquebrantable con Galiza”. Así mesmo, presenta o programa previsto para o desenvolvemento do congreso no que se inclúe unha visita seguindo o “Roteiro Castelao” e a actuación do grupo de folk Quinta Feira.

Núñez Sobrino, Ángel, “García-Sabell, unha aparición antropolóxica”, *El Correo Gallego*, “Suplemento de Fin de Semana”, 23 abril 2000, p. 15.

Alén de louvar grandemente a vida e obra de Domingo García-Sabell, fala das súas obras de carácter antropolóxico, nas que, segundo di, separa as persoas entre as que crean, porque reaccionan contra o mundo, e as que repiten os esquemas que lles ofrecen.

_____, “Poesía dun lugar”, *El Correo Gallego*, “Especial Cultura”, 9 xullo 2000, p. 9.

Analiza a presencia do bucolismo na literatura e cómo se leva a cabo o tratamento do *locus amoenus*, citando algúns dos lugares idealizados polos poetas galegos, entre os que se atopan Dombate, do que botou man Eduardo Pondal, ou o cemiterio de Adina, inmortalizado por Rosalía de Castro, e remitindo ao estudio que do tema fai E. Robert Curtius na súa obra *Literatura europea e Idade Media latina* (1955). Así mesmo, analiza a presencia da serra de Cabanelas en dous poemas, “Nosa señora de Grela” e “Salve, irmán piñeiro”, pertencentes á obra de Xosé Mª Cabaneda Vázquez, *Vagalumes* (1931).

_____, “Ir Indo, unha escritura encadernada”, *El Correo Gallego*, “Especial Cultura”, 19 novembro 2000, p. 13.

Artigo no que se describe moi laudatoriamente a editorial Ir Indo. Para isto, gábase individualmente cada unha das coleccións e aqueles proxectos que presentan achegas máis novidosas, nomeadamente as traduccións. Por outra parte, refírese ao deseño das coleccións e ao logotipo. Conclúe dicindo que empresas desta altura son as que fan grande a Galicia.

Olano, Antonio D., “Memoria de autores gallegos casi olvidados en Galicia (I)”, *El Correo Gallego*, “Fin de Semana”, 21 maio 2000, p. 3.

Lémbrase neste artigo a autores galegos que tiveron importancia no momento da publicación das súas obras pero que ficaron esquecidos por motivos varios, entre eles por non escribir en galego. A seguir fai unha pequena sinópse do seu labor artístico máis salientábel e a recepción que tivo no momento.

_____, “Memoria de autores gallegos casi olvidados en Galicia (II)”, *El Correo Gallego*, “Fin de Semana”, 28 maio 2000, p. 3.

Dá conta da traxectoria de Camilo José Cela, Premio Nobel de literatura; Eduardo Blanco Amor; Raimundo García Domínguez, máis coñecido como Borobó e “un dos mellores autores do teatro español de todos los tiempos”; Marcial Suárez, José Ruibal e Lauro Olmo, “autores gallegos casi olvidados en Galicia”, ademais doutros escritores de menor traxectoria como Emilio Canda, que estreou algunhas comedias en Madrid; ou o propio articulista, Antonio D. Olano, que posúe “casi cincuenta comedias estrenadas en todo el mundo”.

_____, “Federico García Lorca, poeta gallego”, *El Correo Gallego*, “Fin de Semana”, 25 xuño 2000, p. 6.

Achéganos ao poeta Federico García Lorca a quen o articulista coñeceu mercede ás informacións de diversas persoas do círculo de amizades do escritor, entre os que se atopan Eduardo Blanco Amor e o pintor Rafael Alberti, ademais de Ana María Dalí, irmá do pintor Salvador Dalí e Chano Torbiso, profesora do Olano no instituto, relacionadas sentimentalmente con Lorca. Así mesmo, reproduce tres dos seis poemas escritos en galego polo poeta: “Chove en Santiago”, “Romaxe a Nosa Señora da Barca” e “Canzón de cuna para Rosalía Castro, morta” e lembra a amizade que mantivo con Luís Buñuel e Salvador Dalí, tamén relacionados con Galicia.

_____, “José Ángel Valente, el emigrante”, *El Correo Gallego*, “Fin de Semana”, 23 xullo 2000, p. 5.

Descóbrenos o galeguismo de José Angel Valente e destaca o sentimento que da Galicia natal tiña este poeta autor dunha única obra en galego, *Cántigas de Alén*, a través dos faladoiros do Café Gijón, onde se reunían poetas da xeración do 27, e das palabras da súa propia dona, Coral, que afirma que “se sentía enormemente gallego, desde la distancia, y quizás por eso, por la morriña, aumentó más su identidad gallega en los últimos tiempos. Lembra tamén que foi a concesión da Medalla Castelao o galardón ao que lle deu máis importancia.

Olarte, Miguel, “La XVIII Feira do Libro cerró con un buen balance de público y ventas”, *El Progreso*, 12 xuño 2000, p. 59.

Dá conta do balance positivo de público e de vendas da XVIIIª Feira do Libro elaborado polo director desta e presidente da Agrupación de Libreiros de Lugo, José Luís Cadenas. Dise que nel se recollen, ademais, datos sobre os libros máis vendidos nesta edición da mostra, que no caso da literatura galega correspondeu á obra de Xosé Miranda *Contos de maxia* (2000). Así mesmo, ofrécese a listaxe dos premiados nos distintos concursos de poesía e contos.

Olmo, Amalia del, “Un drama de escuela”, *Faro de Vigo*, 18 novembro 2000, p. 7.

Denuncia as carencias en infraestructuras que padece a Escola Municipal de Teatro de Vigo, que foi inaugurada en xaneiro e conta con máis de 60 alumnos e 20 profesores. Tamén recolle as declaracións ao respecto do director da escola, Maximino Keyzán, que afirma que non poden nin tan sequera representar e que o centro está afastado do casco urbano.

Otero, Elva, “Contos alleos con tinta virtual”, *El Correo Gallego*, “Lecer”, xaneiro 2000, pp. 2-3.

Recolle as palabras de Camilo Franco nas que reflexiona sobre o libro que foi escribindo cada día en internet nun proceso no que os internautas daban dúas palabras e el escribía o conto nunhas poucas horas. Fala deste tipo de escrita baixo presión, do importante que era implicar ao lector e da pervivencia do libro escrito, malia a novidade da literatura sen soporte físico.

_____, “Prefiro un 'Café con gotas' que unhas pintadas”/ “O facsímile de 'Café con gotas' rexurde como a voz molesta do estudiantado”, *O Correo Galego*, “Lecer”/*El Correo Gallego*, “Fin de Semana”, 23 xaneiro 2000, pp. 2-3/p. 16.

Nesta reportaxe a profesora da Universidade de Santiago de Compostela, Margarita Santos Zas, fala da importancia que tivo no seu día a publicación estudiantil *Café con gotas*, por ser unha revista moi crítica e moi viva que contrastaba coa realidade do momento. Polo demais sinala o feito de que na mesma colaborase Valle-Inclán.

_____, “Forcadela: 'A poesía non ten nada que facer fronte ó terrible poder das armas”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 30 xaneiro 2000, pp. 2-3.

Refírese Manuel Forcadela ao ínfimo poder que posúe a poesía para influír na sociedade. Fala tamén da infelicidade dos poetas, da súa obra *A morte do fadista*, gañadora do VIIIº Premio Espiral Maior de Poesía, da situación actual da literatura galega, e da súa páxina en internet.

Orosa, Eva, “Xosé Luís Méndez Ferrín: 'Non vou á Academia para presumir”, *La Voz de Galicia*, 20 setembro 2000, p. 36.

Informa da entrada de Xosé Luís Méndez Ferrín, cun discurso sobre a literatura galega no século XIII, na Real Academia Galega, ocupando a vacante que deixou a morte de Antón Fraguas. Recolle as declaracións do propio Ferrín, que ademais de falar do que supón para el a entrada na Academia, lamenta a ausencia na institución de persoeiros como Celso Emilio ou Novoneyra, e salienta o labor de Francisco Fernández del Riego á fronte da Academia. Así mesmo, fai un resumo dos puntos a tratar no debate dos estatutos da insitución, entre os que se observa a ampliación dos membros numerarios a trinta, e recolle a opinión de Ramón Lorenzo, encargado de contestar o discurso de entrada de Ferrín, ao que considera “o escritor máis importante que temos actualmente en Galicia”. Por outra banda, no mesmo recóllense as opinións de Ferrín sobre a gran proliferación de publicacións e de autores que se produciu en Galicia nos últimos anos que interpreta como “un xeito de defenderse dentro da industria do libro” xa que, “a nosa literatura está suxeita a unha estructura económica que trata de aplastala”.

_____, “Ramón Piñeiro loitou nos 50 por reconstruír a imaxe de Galicia”, *La Voz de Galicia*, 25 setembro 2000, p. 62.

Anuncia a publicación dunha escolma de textos e un libro de memorias, elaborado por Carlos Casares a partir dunhas conversas gravadas, para conmemorar o décimo aniversario da morte de Ramón Piñeiro, escritor e político moi louvado por Francisco Fernández del Riego, Alonso Montero e Torres Queiruga, quen destaca ademais que Piñeiro foi “un dos grandes iniciadores do estudio da saudade. Recóllese tamén a opinión doutros intelectuais galegos como Gerardo Fernández Albor, e Carlos Casares “que lembran con admiración a traxectoria deste escritor”, subliñando a súa idea de extender o galeguismo a todos os partidos políticos e o papel esencial que xogou durante a transición política, e lembra o centro Ramón Piñeiro, “creado para dar continuidade ó traballo do intelectual”, que está a levar a cabo un “labor intenso de investigación” no ámbito das humanidades a través de distintos proxectos entre os se atopa o *Informe de Literatura*, que rexistra a panorámica actual e a repercusión na prensa das distintas obras publicadas nesta comunidade.

_____, “Ferrín reivindica as cantigas de amor como ‘producto autóctono”, *La Voz de Galicia*, 1 outubro 2000, p. 36.

Lembra o discurso de entrada na Real Academia Galega de Xosé Luís Méndez Ferrín, no que fixo un repaso da literatura medieval galega, esbozando unha hipótese sobre a súa orixe e destacando a relación destas composicións coa vida dos galegos actuais. Indica que a resposta correu a cargo de Ramón Lorenzo, que analizou a traxectoria literaria do novo membro, ao que considera “unha das figuras máis excepcionais da cultura galega da segunda metade do século XX”.

P. P. S., “Os segredos do deseño editorial”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 8, 7 xaneiro 2000, p. 4.

Tomando como base os deseños de colecciónes de editoriais galegas recolle palabras dos seus propios autores para se referir a esta cada vez máis coidada faceta editorial. Así pois fálase dos soportes, das ilustracións, do público ao que vai dirixido, etc.

Pacheco, Mercedes, “O movemento popular da canción galega”, *El Correo Gallego*, “Forum. Memoria dun século”, nº 8, 17 setembro 2000, p. 3.

Achega ao movemento popular que durante os anos 70 se produciu na canción galega á par da loita por acadar cambios sociais que levaron a cabo diversos sectores da sociedade. Céntrase no que denomina “Movemento Popular da Música Galega”, protagonista no ano 1975 dun festival en Santiago de Compostela e no que os participantes empregaban nas súas reivindicacións os poemas de Xosé Luís Méndez Ferrín, Celso Emilio Ferreiro, Ramón Cabanillas, Darío Xoán Cabana ou Álvaro Cunqueiro, entre outros.

Padilla, Andrés, “Vida y obra de los clásicos”, *El País*, “*Babelia*”, nº 439, 21/22 abril 2000, p. 2.

Anuncio dun proxecto editorial que consistirá en que escritores contemporáneos conten a biografía de autores célebres. Sinálase que os libros incluirán fragmentos de novelas, poemas, artigos e cartas, e que xa están comprometidos trinta escritores, entre eles Manolo Rivas, que se encargará de falar da vida e obra de Rosalía de Castro. Estes libros incluirán clásicos españoles, hispanoamericanos e portugueses. Trátase dunha colección dirixida para a Editorial Omega por Nuria Amat, que foi a encargada de elixir moitas das parellas do contemporáneo co clásico. Non hai aínda ningún libro rematado destas “Vidas literarias”, que deben rexerse polas liñas marcadas por Nuria Amat, entre elas un ton narrativo máis parecido ás vidas de santos que ás teses doutorais e destinadas a un lector non necesariamente académico.

_____, “Autores con Buen Futuro”, *El País*, “*Babelia*”, nº 469, 18 novembro 2000, p. 2.

Comenta a saída á rúa dunha nova colección de Alianza Editorial que, baixo o nome de Alianza Ficción, vai publicar obras de escritores “prometedores” en catalán, castelán, eúscaro e galego. Informa, ademais, que nos primeiros catro títulos inclúe a traducción ao castelán de *grupo abeliano*, novela do “autor ya reconocido y premiado en el ámbito de las letras gallegas”, Xosé Cid Cabido.

Pallarés, Pilar, “Palavras no alén nós”, *A Nosa Terra*, “Guieiro Cultural”, 8 xuño 2000, p. 24.

Fai alusión ás lecturas poéticas que se realizan no Centre de Cultura Sa Nostra de Palma no arquipélago balear en catalán, galego e castelán e laméntase de que sexan pouco coñecidas entre os galegos. Menciona algúns dos poetas que participan nesas lecturas como Fernán-Vello, Cáccamo, Arcadio López-Casanova ou a mesma Pilar Pallarés. Informa tamén doutra obra que naceu como proxecto interdisciplinar nas aulas da Universitat de Barcelona, *Rías de tinta. Literatura de mujeres en francés, gallego e italiano,* e para a que se seleccionou a quince escritoras galegas.

Pallas, B., “Lino Braxe presentou onte o libro de aventuras “A cor do ceo”, *La Voz de Galicia*, 2 marzo 2000, p. 92.

Dá conta da saída do prelo do libro *A cor do ceo* (1999), de Lino Braxe. Recolle as palabras deste autor nas que se refire á súa opinión sobre a obra, sobre o seu labor como poeta, informando da súa actividade polifacética no campo das artes.

Pampín, Alberto, “Un teatreiro chamado Castelao”, *Faro de Vigo*, “Faro del ocio”, 5 maio 2000, p. 8.

Refírese á exposición inaugurada na cidade da Coruña sobre o labor escenográfico levado a cabo por Castelao, tanto para as súas pezas teatrais, nomeadamente *Os vellos non deben de namorarse*, e para outra obras, como *Divinas Comedias* de Valle-Inclán.

Pardo, Julia, “Castelao viaja en tren”, *El Mundo. Galicia*, 14 xaneiro 2000, p. 12.

Fala da exposición levada a cabo nas estacións de tren de Galicia a editorial A Nosa Terra co patrocinio de Renfe sobre a figura do escritor e político Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. Asemade descríbense algunhas das características presentadas nesta mostra sobre o artista rianxeiro.

Paz Castro, “Por norma, no recomiendo un libro si carece de mínima calidad”, *El Correo Gallego*, “Lumbreras del 2000”, 22 xuño 2000, p. 39.

Recóllense as palabras do crítico e investigador Armando Requeixo referíndose ao importante fondo bibliográfico co que conta, a súa orixe mindoniense e a influencia que autores como Álvaro Cunqueiro ou Noriega Varela exerceron sobre el. Por último, alude ás súas publicacións dende as primeiras na revista *Irimia*, logo nos suplementos de *O Correo Galego* ou en *Tempos Novos*, sen esquecer as obras de creación que aínda non publicou por considerar que están “verdes” ou case “maduras”, tanto as novelas como a poesía. En columna á parte, fala da súa ampla biblioteca e das influencias das novas tecnoloxías no seu traballo.

Pazó, Edith, “A primeira ruta rosaliana”, *Diario de Pontevedra*, 19 xullo 2000, p. 62.

Lembra a primeira ocasión (15-VII-1951) na que un grupo de galeguistas percorreron a Ruta Rosaliana, que foi impulsada nos anos 80 polo Patronato Rosalía de Castro, da man dun grupo de galeguistas que querían así render homenaxe á poetisa. Fala daquel percorrido aludindo aos diferentes espacios que o compoñen, á vinculación de Rosalía con estes e á intervención de intelectuais como Raimundo García Domínguez “Borobó”, Paulino Pedret, Sebastián Martínez Risco, Domingo García Sabell, Valentín Paz-Andrade ou o Marqués de Figueroa.

_____, “A presencia das mulleres en 1951”, *Diario de Pontevedra*, 23 xullo 2000, p. 68.

Debido ao importante papel xogado polas mulleres na homenaxe feita a Rosalía de Castro en 1951, recolle as palabras dalgunhas das participantes no acto, en concreto, das escritoras Pura Vázquez e Concha Castroviejo, así como de Pilar Rodríguez e Mina Torrado, viúvas de Valentín Paz-Andrade e Manuel Beiras, respectivamente. Ademais, salienta a colaboración da filla da poeta, Gala Murguía e Castro e dunha representación de mulleres galegas da emigración, o que significou unha presencia pública da muller insólita para a época.

_____, “Galegos de todos nós”, *Diario de Pontevedra*, 25 xullo 2000, p. 38.

Describe o documental gravado por Manuel Beiras para recoller os actos que constituíron a homenaxe e que entrega o xornal con este número: a primeira Ruta Rosaliana, a ofrenda floral ante a tumba da poeta na Ferradura compostelá o 24 de xullo e a misa en San Domingos de Bonaval no Día de Galicia, salientando a presencia de Ramón Piñeiro, o bibliófilo Fermín Penzol, o arquitecto Gómez Román, o actor Mosquera Pérez, Ramón Cabanillas e Otero Pedrayo entre outros.

_____, “A primeira ruta rosaliana”, *Diario de Pontevedra*, 25 xullo 2000, p. 39.

Visión do percorrido, que completa con datos biográficos e versos de Rosalía de Castro, que relacionan a súa vida cos diferentes espacios visitados naquela ocasión.

_____, “1951: Unha especial misa rosaliana”, *Diario de Pontevedra*, 25 xullo 2000, p. 40.

Recorda a historia da tradicional misa rosaliana que se celebra cada 25 de xullo en San Domingos de Bonaval partindo da crónica da liturxia do ano 1951, á que acudiu Gala Murguía e Castro. A seguir, repasa os antecedentes dende a primeira ocasión na que se oficiou (1932) ata os tempos actuais, nos que se suman xentes de diversas ideoloxías, pasando polos difíciles anos da dictadura e a primeira misa íntegra en galego, oficiada polo Padre Seixas en 1965.

_____, “No ano 1951 xa se facía un esforzo importante pola cultura galega”, *Diario de Pontevedra*, 25 xullo 2000, p. 43.

Recolle as palabras de Francisco Fernández del Riego nas que alude ao despertar cultural galego na década dos 50. En primeiro lugar, o presidente da R.A.G. enmarca o documental sobre a homenaxe a Rosalía de Castro nun esforzo por reactualizar a cultura galega que se concretou nas emisións da BBC, o suplemento cultural de *La Noche*, a creación da Editorial Galaxia e as actividades da emigración galega en América. Finalmente, refírese á ruta rosaliana daquel ano.

Pedreira, Enma, “Acordar con Lupe Gómez”, *A Nosa Terra*, nº 967, “Guieiro Cultural”, 28 decembro 2000, p. 25.

A partir da obra de Lupe Gómez desfía as claves da poesía feminina que identifica como “palabra de muller”. Trátase dunha voz que se afunde na condición de xénero e que dá “unha condición especial de pátria”. Supón, di despois, a liberación das cadeas patriarcais, falar dende dentro do interior feminino e conseguir a palabra nun “parto rexenerador” que limpa as feridas do pasado (“nunca máis silencio”) e abre camiños sen volta atrás.

Penabade, Bernardo, “Reivindicamos o imenso valor da cerna de Carvalho”, *A Nosa Terra*, nº 927, “Gueiro Cultural”, 23 marzo 2000, p. 25.

Fai un resumo de como coñeceu a Ricardo Carvalho Calero e do seguimento que fixo da súa persoa e da súa obra durante os anos que viviu en Compostela. Así mesmo destaca a valía intelectual e a oratoria deste profesor, que considera un mestre para a súa xeración.

Penela, Ramón, “Lorenzo Varela, “monterrosino universal”, recibiu honras florais”, *El Progreso*, 18 maio 2000, p. 12.

Dá conta da homenaxe que os concelleiros e xente da cultura de Monterroso lle deu ao seu veciño Lorenzo Varela no cemiterio onde repousan os seus restos. Tamén informa da conferencia que se ha celebrar na localidade sobre o citado escritor.

Pereira, Dionisio, “Xosé Otero Espasandín: no centenario dun desterrado galego”, *A Nosa Terra*, nº 963, “Guieiro Cultural”, 30 novembro 2000, pp. 31-32.

Lembra a traxectoria vital de Xosé Otero Espansandín facendo fincapé na súa evolución ideolóxica. Desta maneira, fala dun primeiro período que se achegaría a 1929, no que Espasandín se converteu nunha das voces máis vangardistas e críticas do nacionalismo galego, ao que se achegou da man de Manuel Antonio, Blanco Torres ou Amado Carballo. A seguir, lembra as colaboracións en *Galicia*, *Faro de Vigo* e *El Pueblo Gallego* e destaca a súa relación con Rafael Dieste, co que compartiría moitas posicións e iniciativas. Sinala que este ano como a data de inicio dun cambio ideolóxico no galeguista, paralelo ao de Dieste, aproximándose ao federalismo e relegando cuestións como o da lingua a un segundo plano. Desta época cita a súa colaboración no xornal *Nueva España* e *PAN* a súa sintonía coas *Misiones Pedagógicas* de Machado e Cossío. Finalmente, encara o período do desterro que abriu a Guerra Civil, do que salienta os artigos de *Nova Galiza*, durante a contenda civil, e as súas vivencias en Buenos Aires, a partir de 1940, e Estados Unidos, dende 1947. Así mesmo, lembra que foi unha época na que traballou arreo e deu ao prelo numerosos títulos divulgativos, sobre todo, na colección “Oro” da Editorial Atlántida. No plano ideolóxico, observa nel un “devalar filosófico cheo de convencido humanismo” que non impide que colabore coa oposición republicana no exilio. A continuación, di que foi Fernández del Riego quen o reiniciou no diálogo co exilio interior por mor do proxecto Galaxia e a entrada na RAG. Entón, escribiu uns poemas en galego que se viñan a sumar ao poemario *Pico de Castrodiz* como contribucións do autor ás letras galegas. Para rematar, afirma

que o intelectual galeguista debe ser recuperado para o panorama cultural e político, sobre todo, naquilo que significou de compromiso e insubmisión.

Pérez, Teresa, “Aire fresco en la joven poesía gallega”, *El Ideal Gallego*, 29 abril 2000, p. 25.

Informa da presentación en Betanzos da antoloxía poética *d´Efecto 2000* que recolle poemas de autores novos que publicaron a súa primeira obra nos anos 90. Segundo di, as presentadoras do acto, Enma Couceiro e Lupe Gómez describiron polo miúdo as características desta colección de poesía.

Pérez Leira, Lois, "Xosé Cancela Freijo: Científico, galleguista y fundador del Padroado da Cultura Galega de Montevideo", *Galicia en el Mundo*, nº 370, 1-7 maio 2000, p. 22.

Percorre a biografía de Xosé Cancela Freijo poñendo énfase na súa recoñecida traxectoria profesional no campo da medicina e o labor cultural que desenvolveu en Uruguai. Neste sentido, significouse na fundación do Padroado da Cultura Galega de Montevideo en 1964, entidade que impulsou a organización anual dunhas Xornadas Culturais Galegas e publicou libros de Xosé Neira Vilas, Manuel María, Xosé Luís Méndez Ferrín, Carlos Zubillaga e Xoán Bernárdez Vilar.

_____, “Antonio Baltar: Médico, intelectual e galeguista”, *Galicia en el Mundo*, nº 371, 8-14 maio 2000, p. 23.

Repasa a traxectoria do médico Antonio Baltar Domínguez (Santiago de Compostela, 1906-Buenos Aires, 1970), que se exiliou á capital arxentina co estourido da Guerra Civil. A seguir, cita algúns dos intelectuais cos que entrou en contacto como Rey Baltar, Luís Seoane, Arturo Cuadrado e Rafael Dieste. Así mesmo, refírese á súa vida profesional e, finalmente, sinala que creou, xunto con outros emigrantes, a Asociación Galega de Universitarios, Escritores e Artistas (AGUEA) o 22 de xullo de 1956 co obxectivo de exaltar e potenciar o coñecemento de Galicia e do seu idioma.

_____, “Xosé María Barreiro: Periodista, agrarista, fundador da Casa de Galiza de Montevideo”, *Galicia en el Mundo*, nº 373, 22-28 maio 2000, p. 23.

Recupera a figura de Xosé María Rodríguez Barreiro (Baiona, 1871-1923). De entre as diversas facetas que desenvolveu ao longo da súa vida, tanto en Galicia coma en Arxentina, alude ao labor musical, como compositor, fundador e director de coros e bandas, e tamén fai referencia ao xornalístico, como fundador dos xornais *El Valle Miñor* (1902), *El Miñor* (1904), *Heraldo de Baiona* (1910) e *Pueblo de Baiona* (1914), así como *Tierra Gallega* (Buenos Aires). No terreo literario destaca a súa producción de diferentes obras teatrais e poemas en galego e castelán. Ademais, opina que as súas ideas agraristas e rexionalistas se expresan nestas iniciativas, que provocaron o exilio posterior a Arxentina, onde impulsou a creación da Casa de Galicia (1-X-1917).

_____, “Alfonso Rodríguez Castelao: O gran impulsor do sentimento galeguista (I)”, *Galicia en el Mundo*, nº 375, 5-11 xuño 2000, p. 23.

Seguindo con esta serie de artigos nos que lembra a biografía de diferentes galeguistas da emigración, céntrase desta volta en Castelao a través de cinco entregas. Nesta primeira, cobre a súa traxectoria ata 1935, facendo fincapé na estadía na Pampa e na actividade política, para o cal transcribe as bases fundacionais do Partido Galeguista (1931) e un fragmento do *Sempre en Galiza* (1944), para se referir ao desterro que sufriu durante o Bienio Negro.

_____, “Alfonso Rodríguez Castelao: o gran impulsor do sentimento galeguista (II)”, *Galicia en el Mundo*, nº 376, 12-18 xuño 2000, p. 27.

Recolle as iniciativas políticas máis importantes de Castelao no período que vai de 1926 ata a súa morte (1950): a campaña proestatutaria, o apoio ao goberno republicano tralo golpe de estado fascista e o traballo no exilio arxentino. Para rematar, recolle algúns fragmentos de *Sempre en Galiza* para testemuñar o seu programa ideolóxico.

_____, “Alfonso Rodríguez Castelao: O gran impulsor do sentimento galeguista (III). Cronoloxía”, *Galicia en el Mundo*, nº 377, 19-25 xuño 2000, p. 24.

Repaso cronolóxico da vida do ilustre galeguista no período 1886-1936.

_____, “Alfonso Rodríguez Castelao: o gran impulsor do sentimento galeguista (IV). Cronoloxía”, *Galicia en el Mundo*, nº 378, 28 xuño-2 xullo 2000, p. 31.

Completa o cadro biográfico de Castelao co período 1936-1950.

_____, “Alfonso Rodríguez Castelao: o gran impulsor do sentimento galeguista (e V). As súas obras”, *Galicia en el Mundo*, 3-9 xullo 2000, p. 24.

Bibliografía do autor rianxeiro que divide en tres blocos: pintura (óleos, acuarelas e decorados tetarais), debuxo (álbumes, estampas e outros debuxos) e literatura (tanto obras literarias coma ensaios e discursos).

_____, “Os galegos de Madrid: Dos séculos de presencia galega (I)”, *Galicia en el Mundo*, nº 381, 17-23 xullo 2000, p. 25.

Fai referencia ás diferentes iniciativas culturais e societarias que emprendeu a numerosa colonia galega en Madrid dende o século XVIII. Deste xeito, sinala que a primeira entidade de emigrados creada no mundo foi a Cofradía de Naturales y Originarios de Galicia (1741). A continuación, dá conta do século XIX, no que parte da intelectualidade galega na capital española compartiu as ideas liberais de tendencia rexionalista, como é o caso da Sociedad Galicia Literaria (20-IX-1875), que tiña entre os seus membros a Francisco Añón, Teodosio Vesteiro Torres, Manuel Curros Enríquez, Andrés e Xesús Muruais Rodríguez, Emilia Calé, etc. Seguidamente, fala do Centro Galego, que botou a andar nunha velada (27-III-1893) na que Curros Enríquez leu a oda “Na apertura do Centro Galego”, que recolle neste artigo. Para acabar, cita a revista antiforal *Galicia*, que contaba coa participación de Alfredo Vicentí, Basilio Álvarez, Valle-Inclán, Prudencio Canitrot e Castelao.

_____, “Os galegos de Madrid: Dos séculos de presencia galega (II)”, *Galicia en el Mundo*, nº 382, 24-30 xullo 2000, p. 25.

Continúa neste artigo lembrando a actividade dos galegos en Madrid. Comeza co xornal agrarista *Acción Gallega*, fundado por Basilio Álvarez, Portela Valladares e Eduardo Vicenti, que atoparía boa acollida no Centro Galego. A seguir, apunta que o primeiro xerme nacionalista foi a asociación estudiantil Celta, impulsada por Fermín Penzol. Por último, destaca a homenaxe aos deputados galeguistas en xullo de 1931, as tertulias, as revistas *Galicia* (1932) e *Alma Gallega* e a campaña Pro-Estatuto, que contou cun mitin en xuño de 1936.

_____, “José González Carbalho: escritor, periodista e amante da cultura galega”, *Galicia en el Mundo*, nº 387, 28 agosto-3 setembro 2000, p. 23.

Aproximación á figura de José González Carbalho (Buenos Aires, 1901-1958), arxentino de ascendencia galega que se interesou pola obra de Rosalía de Castro, sobre a que deu algunhas conferencias. Salienta, de entre as diversas facetas que desempeñou, a colaboración nos xornais bonaerenses *La Nación* e *La Prensa*, a participación nas tertulias literarias da cidade e unha trintena de libros, dous deles de temática galega e ambos os dous publicadas polo Centro Galego: *Libro de canciones para Rosalía de Castro* (1956) e *Idioma e poesía galega* (1953). Para finalizar, rememora a súa viaxe a Vigo en 1955, onde o agardaban Francisco Fernández del Riego e Emilio Álvarez Blázquez, que o introduciron no galeguismo.

_____, “José González Carbalho: escritor, periodista e amante da cultura galega (e II)”, *Galicia en el Mundo*, nº 388, 4-10 setembro 2000, p. 22.

Remata a evocación do intelectual arxentino recollendo as súas propias palabras sobre as emocións que sentiu ao chegar a Vigo, terra dos seus pais. Despois, transcribe diversos fragmentos de Víctor Luís Molinari e dos xornais de Buenos Aires *Opinión Galega* e *Lugo*, dirixido este por Ramón Suárez Picallo, para completar esta semblanza.

_____, “Manuel Meilán Martínez: No 50 aniversario da fundación da emisión radial galega ‘*Sempre en Galiza*’ de Montevideo (I)”, *Galicia en el Mundo*, nº 389, 11-17 setembro 2000, p. 23.

Percorre a traxectoria de Manuel Meilán Martínez (Lugo, 1904) na emigración arxentina, a onde chegou en 1922, e uruguaia, en 1934. Lembra que estivo presente en numerosas asociacións e partidos galeguistas como a *Organización Republicana Nacionalista Autónoma* (Arxentina), da que era secretario, e *Irmandade Galeguista* (Uruguai). Tamén destaca a súa actividade na tertulia do café bonaerense Armonía, onde concidiu con Eduardo Blanco Amor e Ramón Suárez Picallo, co que mantivo unha estreita relación, na fundación de Galeuzca e no Congreso da Emigración Galega (1956) e a colaboración no xornal *España Republicana* (Montevideo).

Pérez, Teresa, “El Ayuntamiento brigantino dedica uha plaza al poeta Uxío Novoneyra”, *El Ideal Gallego*, 13 agosto 2000, p. 22.

Fala do acto no que Betanzos lle dedicou unha praza a Uxío Novoneyra. Destaca a asistencia da viúva do poeta e o recital poético que, presentado polo escritor Xulio Cuns, correu a cargo de Manuel María, Bernardino Braña e Xosé Neira Vilas. Seguidamente, informa da decisión municipal de celebrar anualmente un recital na memoria de Novoneyra en virtude da relación que gardou coa vila, á que lle dedicou poemas e un libro sobre a Festa dos Caneiros.

Perozo, Xosé A., “Ela”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 20 agosto 2000, p. 16.

Describe o desexo que sente o protagonista por unha muller fermosa que pasea espida pola praia. Pero, de súpeto, el decide apagar a televisión, posto que ela só formaba parte dun anuncio.

Pinacho, A., “Redondela homenajea a Castelao con la lectura de textos de “Sempre en Galiza”, *Faro de Vigo*, 10 xaneiro 2000, p. 14.

Informa dos actos de homenaxe que lle rendeu o Concello de Redondela ao escritor, pintor e político Daniel Rodríguez Castelao con motivo do seu cincuenta cabodano. Dise que entre outras cousas se fixo unha lectura pública do seu libro *Sempre en Galiza*.

Pinacho, Antonio, “Un centenar de vecinos de Arcade rinden homenaje a Alfonso Castelao”, *Faro de Vigo*, 31 xaneiro 2000, p. 16.

Informa da homenaxe que lle renderon os veciños de Arcade a Daniel Rodríguez Castelao ao cumplírense cincuenta anos do seu pasamento. Asemade, segundo recolle, o presidente da Asociación de Amigos do País, Fernando Pereira, falo no acto e dixo que Castelao era patrimonio de todos os galegos.

Pino, Concha, “A Feira do Libro ábrese o sábado coa firma de obras de Xosé Carlos Caneiro”, *La Voz de Galicia*, 3 maio 2000, p. 45.

Dá conta da apertura da Feira do Libro en Santiago de Compostela e das actividades paralelas celebradas, como son unha homenaxe a Castelao e a sinatura de obras de algúns dos máis importantes escritores de arestora.

_____, “O poeta quixo que o seu legado literario quedara na Universidade de Santiago”, *La Voz de Galicia*, 19 xullo 2000, p. 51.

Informa sobre o legado da biblioteca de José Ángel Valente á Universidade de Santiago de Compostela por vontade do poeta. En concreto, di que os 7.000 volumes quedarán depositados na Facultade de Filoloxía para o vincular á cátedra que leva o seu nome. Así mesmo, recorda a súa relación coa Universidade, que o nomeou *Honoris Causa*, e o Premio Rosalía de Castro do Pen Clube, que xa non puido recibir en vida. Por outra banda, transcribe os últimos poemas publicados de Valente, “El bosque” e “Lo blanco”, aparecidos na revista *La alegría de los náufragos*, que dirixen César Antonio Molina e Amalia Iglesias.

_____, “Un centenar de librerías cerrarán en Galicia con la liberalización”, *La Voz de Galicia*, 22 xullo 2000, p. 22.

Faise eco da problemática que se aveciña para as librerías galegas debido á liberalización dos libros de texto, que afectará a un 30% dos establecementos. Sobre o sector, sinala que é anacrónico, porque hai moitos puntos de venda de libros á marxe das librerías. Ademais, fala da falta dun censo oficial e reduce a doce as librerías de referencia no país.

_____, “Escritores e editores galegos e lusos buscan en Santiago as súas raíces”, *La Voz de Galicia*, 21 outubro 2000, p. 34.

Co gallo do congreso que analizará e fomentará en Santiago as relacións entre os editores e escritores galegos e portugueses, reprodúcense as manifestacións de Jorge Grinja, delegado do Ministerio de Cultura luso para o norte do país. Este representante recoñece as carencias que se dan neste intercambio e pensa que experiencias como esta son beneficiosas. Sobre as causas deste déficit, coida que os portugueses están a volver a mirar cara a Europa tras anos voltados cara ao Atlántico. Tamén expón algúns datos do libro na súa área de traballo, estima que o sector editorial debe ser punteiro nestas iniciativas e, para acabar, pensa que a lingua non é problema, malia que non desbota as traduccións.

_____, “O norte de Portugal acollerá este ano dúas mostras do libro galego”, *La Voz de Galicia*, 29 outubro 2000, p. 36.

Dá conta do compromiso alcanzado polos responsábeis culturais do norte portugués no treito final do congreso Literatura Galega e do Norte de Portugal para organizar dúas mostras do libro galego en Coímbra e Guimaraes. A seguir, fai un balance deste encontro destacando o éxito participativo e que terá continuación o ano que vén en Portugal. Ao final, recolle as palabras de Xavier Senín, responsábel da Xunta, sobre futuras actuacións que favorezan este intercambio cultural.

_____, “A obra de Castelao reúnese “No templo da Galeguidade”, *La Voz de Galicia*, 6 decembro 2000, p. 30.

Céntrase na inauguración da exposición antolóxica *Castelao* na igrexa compostelá de Santo Domingos de Bonaval. Así, recolle as intervencións dalgúns dos presentes no acto como Miguel Anxo Seixas, comisario da mostra, Sánchez Bugallo, alcalde da cidade, José Luís Méndez, director de Caixa Galicia, e Avelino Pousa Antelo, presidente da Fundación Castelao. Tamén destaca diversos aspectos da exposición.

Piñeiro, A., “Xocas, o sabio das cousas galegas”, *La Región*, 3 xaneiro 2000, p. 8.

Faise unha lembranza de Xaquín Lorenzo, Xocas, e da súa peripecia vital na provincia de Ourense. Lémbrase tamén cando entrou na Real Academia Galega e suxire que lle dediquen un Día das Letras Galegas polo seu labor intelectual.

_____, “Operación-rescate dun poeta”, *La Región*, 29 marzo 2000, p. 13.

Recolle as palabras do profesor Alonso Montero nas que sinala a importancia da obra de Florencio Delgado Gurriarán como unha das máis relevantes do exilio. Segundo di, no acto que se presentou a obra biográfica, *Florencio Delgado Gurriarán* (1999), sobre o poeta Valdeorrés tamén participou o biógrafo deste, Ricardo Gurriarán.

Piñeiro, Antonio, “Os vencellos de Castelao a Ourense”, *La Región*, 9 xaneiro 2000, p. 8.

Trata de desmiuzar os datos que relacionan a Catelao con Ourense tendo en conta aos persoeiros cos que intimou: Risco, Otero Pedrayo e Luís Soto. Alén disto indica os actos políticos nos que participou.

_____, A cultura galega e a conciencia atlantista", *La Región*, 4 febreiro 2000, p. 14.

Refírese a unha conferencia celebrada en Ourense na que participaron Xavier Alcalá e Aníbal Malvar. Sinala que o primeiro deles avogou por un achegamenteo gráfico ao portugués e polo nacionalismo fronte á globalización.

_____, “Todo o que se ve na televisión é literatura”, *La Región*, “Cultura”, 15 febreiro, 2000, p. 12.

Comenta o diálogo analítico que na aula de cultura de Caixavigo e Ourense mantiveron os escritores Ramón Caride e Xerardo Méndez arredor da escasa importancia que o lectorado galego dá aos escritores, tema proposto por Francisco Castro, organizador dos encontros literarios.

_____, “Un caudaloso río de poesía”, *La Región*, 27 abril 2000, p. 12.

Refírese á presentación en Ourense da antoloxía de poesía titulada *Río de son e vento* (1999), que presentou o propio autor César Morán con música feita para algúns dos poemas antologados. Sobrancéase, así mesmo, a importancia desta obra polo traballo que se levou a cabo.

_____, “Turei: Un lugar entre ningures”, *La Región*, “A fronteira esvaída”, 9 xullo 2000, p. 8.

Refírese á homenaxe que a aldea de Montalegre (Portugal) lle vai render ao mestre Manuel Barros, que axudou aos fuxidos galegos na Guerra Civil. De seguido, recolle algúns testemuños dos veciños e recrea a singularidade raiana. Por último, destaca o papel do “bom professor” e da aldea na literatura, sobre todo, en *O lobo guerrilheiro* (1996), de Bento da Cruz, e no ensaio de Luís Soto, un dos beneficiarios da solidariedade raiana, en *Castelao, a UPG e outras memorias* (1983).

_____, “Vieiros: Unha xoia da cultura escrita galega”, *La Región*, 23 xullo 2000, p. 10.

Lembranza da revista *Vieiros* que o Padroado da Cultura Galega de México botou a andar no verán de 1959. Di que foi o punto de partida do nacionalismo moderno xa que abriu a cultura galega á modernidade cunha ampla nómina de colaboradores de calidade. A seguir, nomea os catro fundadores, os ourensáns Luís Soto, Carlos Velo, Florencio Delgado Gurriarán e Elixio Rodríguez. Sinala logo que tirou catro exemplares (1959, 1962, 1965 e 1968) e que contou cuns 1000 subscritores en todo o mundo. Ademais, reproduce as palabras de Elixio, único sobrevivente dos responsábeis, que afirma que o título facía referencia a un monte de Bande e recorda os problemas de financiamento. Por último, destaca que no ano 1989 a Xunta publicou un facsímile, con prólogo de Margarida Ledo Andión, e que na actualidade o portal de internet www.vieiros.com é o herdeiro nominativo daquela iniciativa.

Pita, Rocío, “Descendientes de la escritora “Lago Valladares” investigan sus orígenes”, *Diario de Ferrol*, 18 agosto 2000, p. 11.

Alude ás pesquisas que os descendentes da escritora ferrolá Hipólita Muíño (séc. XIX), que asinaba como Valentina Lago Valladares, iniciaron para contactar cos posíbeis parentes actuais. Ofrece algúns datos biográficos sobre a autora seguindo á investigadora Aurora Marco.

Pociña, Andrés “Marica Campo, buscadora de nomes”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 8 outubro 2000, p. 21.

Analiza diversos aspectos da obra literaria de Marica Campo, de quen afirma que é unha das voces máis importantes da literatura actual. En primeiro lugar, fala da súa escasa, por selectiva, obra publicada: os relatos *Confusión e morte de María Balteira* (1996), o poemario *Tras as portas do rostro* (1992) e a peza teatral *O Premexentes non pode cos paxaros rebezos* (1984). Tamén informa da futura aparición dun poemario e da existencia do poema “Velaí a muller”, editado en 1997. A continuación, salienta a súa preocupación pola palabra, o coñecemento e a preocupación lingüística e a Rosalía de Castro, Emily Dickinson e Alejandra Pizarnik como nais literarias da autora. Finalmente, cre que o tema fundamental é o amor e opina que nos últimos tempos chegou á “perfección poética absoluta”.

_____, “Victoria Atencia, a pluma da beleza”, *O Correo Galego*, “Lecer”, “Tecer con palabras (VI)”, 15 outubro 2000, p. 21.

Aproximación á poética de Mª Victoria Atencia a través da súa relación con Galicia, especialmente, coa figura de Rosalía de Castro. Sinala que participou no Congreso Rosalía de Castro (1985) lendo uns poemas sobre a figura de Sir John Moore, incluíndo a composición da galega “N’a tomba do xeneral inglés” (*Follas Novas*, 1880), que tamén formaría parte dunha edición non venal que publicou en 1981. Seguidamente, cita diversos títulos da autora e transcribe a modo de antoloxía algúns poemas, entre eles, os dedicados a Rosalía: “Saudade” e “Rosas”, este último en galego.

_____, “A ‘sonoridade’ de Dora e Pura Vázquez”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 29 outubro 2000, p. 13.

Con “sonoridade” explica que quere definir a condición de irmás e as vidas paralelas de Dora e Pura Vázquez, aínda que recoñece que se trata de traxectorias literarias ben diferentes, encamiñándose a primeira polo teatro, a prosa e a literatura infantil e a segunda pola poesía, fundamentalmente. Tamén salienta a constancia de ambas, que as converte “nas máis prolíficas escritoras galegas” como o demostra a súa producción última. A seguir, comenta certos paralelismos desta sonoridade: a “posición ante o feito literario”, que tanto as fai coincidir como afastar en temas e intereses, e o amor que se profesan ambas. De Pura Vázquez transcribe o poema “Soñando co fillo”, un “dos máis fermosos poemas galegos”, musicado por Aurora López en *Saloucos*, disco desprezado polos medios galegos. Finalmente, recoméndalle ao lector que se achegue aos versos das irmás Vázquez para fuxir da cativez institucional galega.

_____, “Luz Pozo Garza, os primeiros pasos”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 19 novembro 2000/26 novembro 2000, p. 21/p. 21.

Para dar comezo á semblanza de Luz Pozo Garza, “a maior herdeira de Rosalía”, fala de *O paxaro na boca* (1952), primeiro libro en galego, que demostra unha sólida formación e a pegada de Rosalía de Castro e Aquilino Iglesia Alvariño. Pero tamén di que estas non son as únicas fontes xa que advirte tamén influencias de escritores greco-latinos, españois, franceses, portugueses, americanos e outros galegos como Pondal, Ferrín, Eduardo Moreiras, etc. Ademais desta formación e da súa actividade intelectual no campo literario, o poemario presenta un galego bastante coidado para a súa época, tendo en conta as condicións do idioma daquela. Finalmente, apunta outros trazos desta poesía como a presencia do país galego, a musicalidade (fundamental en obras posteriores como *Concerto de outono*, de 1981, ou *Códice Calixtino*, de 1986) e o lirismo, que exemplifica co poema “Érguete, neno”.

_____, “María Xosé Queizán: alegato antirracista”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 10 decembro 2000, p. 21.

Tras facer unha breve reflexión sobre a problemática actual da inmigración obrigado por unha actualidade dolorosa, lembra a escrita de María Xosé Queizá. Cita a súa contribución á ensaística, novelística e dramaturxia. Di tamén que é unha obra variada na temática e “instrumento de loita pacífica”, e afirma que o seu é un feminismo militante que reverte en beneficio da humanidade. Incide logo na descoberta tardía da autora pola poesía con tres poemarios consecutivos: *Metáfora das metáforas* (1991), *Despertar das amantes* (1993) e *Fóra de min* (1994), no que se detén un anaco. Di que é un libro intenso e forte que loita por nós e pola *outredade*, tanto polos emigrantes galegos como os que chegan a Galicia, e que se converte nun berro de denuncia a favor dos parias do mundo.

_____, “Rosalía, poeta para o terceiro milenio”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 31 decembro 2000, p. 21.

Fai unha lectura de Rosalía de Castro para o milenio que vai comezar no que a poeta ten asegurada a súa presencia “universal”, “rexionalista”, “social”, “ecoloxista”, “poeta para crentes”, “para incrédulos”, “poeta única” e “poeta excepcional”. Así mesmo, di que a súa obra pode comunicar as penas propias e as alleas, unha profunda experiencia vital, a necesidade da poesía, para cantar a Galicia en galego, pero sobre todo universal por expresar dun xeito único os sentimentos.

Ponte, E., “Las bibliotecas son para el verano”, *El Ideal Gallego*, 15 agosto 2000, p. 21.

Faise eco da estructura da rede bibliotecaria do concello coruñés de Oleiros, que conta con nove centros e 80.000 volumes. Tamén describe cada un dos centros e as diferentes iniciativas que albergan en relación ao libro.

Ponte, Elena, “María Casares tenía miedo a ser utilizada como un arma política”, *El Ideal Gallego*, 24 marzo 2000, p. 14.

Refírese á figura de María Casares e retoma palabras da súa biógrafa, Arantxa Estévez nas que fala da imposibilidade de retorno a Galicia despois da caída do franquismo, das relacións co seu pai, con Albert Camus, cos existencialistas e co teatro, o seu labor fundamental.

_____, “Descubrir caminos hacia la literatura”, *El Ideal Gallego*, 30 outubro 2000, p. 14.

Comenta a iniciativa que deu comezo hai dous anos na Biblioteca Riadela de Oleiros consistente nun taller de literatura, que promove a Deputación Provincial e a ludoteca coruñesa Miguel González Garcés, describindo algunhas das actividades que se levan a cabo e as impresións dalgúns dos participantes.

Portela, Marcos da, “Tinta de lura”, *El Correo Gallego*, *“Correo das Culturas”*, nº 11, 28 xaneiro 2000, p. 1.

Fanse comentarios alusivos á publicación do libro *Afirma Pereira* (1999), de Antonio Tabucci en galego; *Bajo las más bellas estrellas*, de Bieito Iglesias; *Paisaxes no baleiro* (1999), de Eva Veiga e sobre a morte do debuxante e humorista Forxán.

_____, “Tinta de lura”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 15, 25 febreiro 2000, p. 1.

Fala dalgunhas novidades editorias do selo TrisTram, da saída dunha edición facsimilar de *Galicia*, de Manuel Murguía da man de Edicións Xerais de Galicia e do poeta vasco Sarrionandia.

_____, “Tinta de lura”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 21, 7 abril 2000, p. 1.

Refírese á recepción das obras galegas en Madrid, das edicións bilingües de poesía que están a saír e das antoloxías poéticas, alén dos críticos literarios.

_____, “Tinta de lura”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 24, 7 maio 2000, p. 11.

Breve artigo no que se comenta a saída do prelo dalgúns dos últimos libros da literatura galega como, entre outros, *O mellor francés de Barcelona* (1999), de Bieito Iglesias ou *Alén do azul*.

Pousa, Luís, “Instrucciones para ver Irlanda”, *El Ideal Gallego*, 3 xaneiro 2000, p. 9.

Traza un percorrido descritivo da vida de Luís Seoane, dende os seus primeiros contactos coa aldea, as relacións co mar da Coruña, as amarguras do exilio, etc. Por outra banda céntrase na importancia da súa arte, como escritor e como pintor.

_____, “A ningún poeta se le ocurriría escribir una oda al eucalipto”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, 16 xaneiro 2000, p. 5.

Entrevista ficticia coa estatua de Eduardo Pondal na que xorden preguntas e respostas relacionadas coa vida actual da cidade, cos trocos e evolucións máis destacados, da presencia do mar, do atlantismo, do avance dos eucaliptos, das mozas e dos bardos de arestora.

_____, “El Arquivo Francisco Pillado publica tres piezas clásicas del teatro francés”, *El Ideal Gallego*, 19 xaneiro 2000, p. 19.

Dá conta da creación do Arquivo Francisco Pillado no que se conservan seis mil exemplares, na maior parte, segundo di, de teatro ou relacionados co teatro. Así mesmo, di que un dos seus labores é publicar textos teatrais e informa das últimas publicacións realizadas por este organismo.

_____, “Yo soy un urbanita con boina”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, 30 xaneiro 2000, p. 5.

Nesta entrevista ficticia con Vicente Risco, o intelectual ourensán, resposta, nun sentido moi vago e irónico a preguntas sobre a raza galega, a adscrición dos galegos ao medio urbano ou ao rural, aos “porcos de pé” da política galega, e a cuestións sobre a paisaxe, a saudade, etc.

_____, “Las coruñesas tienen los ojos hermosos como pecados”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, 28 maio 2000, p. 5.

Entrevista ficticia ao poeta do Rexurdimento Manuel Curros Enríquez encarnado na súa estatua coruñesa. Con estas preguntas hipotéticas, o articulista expresa o carácter crítico e ácido do poeta celanovés, exposto, sobre todo, na súa obra anticlerical e xornalística.

Pousada, Pilar, “Libros recomendados e amados da xente da cultura”, *El Correo Gallego*, *“Correo das Culturas”*, nº 8, 7 xaneiro 2000, p. 1.

Fálase dos libros de referencia dunha serie de personalidades da cultura de Galicia, que asemade explican os motivos das súas escollas. Da literatura galega cítanse títulos como *grupo abeliano* (1999), de Cid Cabido; *Cousas*, de Castelao; ou *Capitán inverno* (1999), de Ramiro Fonte, entre outros.

Puntí, Jordi, Xosé Manuel **Pereiro** e Eva **Larrauri**, “Tiempo de relevo”, *El País*, “*Babelia*”, nº 444, 27 maio 2000, p. 24.

Artigo estructurado en tres partes nas que se aborda a situación actual das literaturas catalana, galega e vasca. No apartado centrado en Galicia, Xosé Manuel Pereiro salienta algúns signos que denotan o bo momento da literatura galega: o avance nos índices de lectura, o fenómeno editorial que supón o Día das Letras e as cifras que moven Manuel Rivas, con *O lapis do carpinteiro* (50.000), *¿Que me queres, amor?* e *Ela, maldita alma* (65.000 libros entre ambas), e Suso de Toro, que acaba de publicar *Non volvas* tralo éxito de *A sombra cazadora* (30.000 exemplares). A seguir, cita outros narradores como Anxo Angueira, Xosé Cid Cabido, Bieito Iglesias, Ramón Loureiro e Antón Riveiro Coello coas súas últimas entregas. Destaca tamén o asentamento dalgunhas colecciónes como 12x22, de Sotelo Blanco, e o bo momento da poesía, que alterna grandes vendas con sorpresas. Para finalizar, indica que o libro non ficcional é o parente pobre, salvando probas como *O protestantismo en Galicia*, de Benito Raposo, e o *Diccionario dos seres míticos galegos* (1999), de Miranda, Reigosa e Cuba, que cobren os gastos.

Queimaliños, Susi, “Concello e colectivos sociais descubrirán unha placa no monumento de Daniel Castelao”, *Atlántico Diario*, 8 xaneiro 2000, p. 11.

Faise un resumo dos actos que se han levar a cabo para homenaxear a Castelao. Alén disto, segundo engade, faise un chamamento aos veciños para que participen nos actos en honra do escritor e político rianxeiro.

Queizán, María Xosé, “Un amor no límite”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 21 agosto 2000, p. 14.

Relata o amor que nace entre Luís, home de mediana idade acostumado a unha vida solitaria e enfermiza, e un rapaz, Lolo, na UVI. Esta relación deixa entrever unha luz para a existencia de Luís, malia que a súa nai, entregada dende sempre aos seus coidados, comece a odiar a quen lle roubou ao fillo.

Quintáns S., “O ‘boom’ das publicacións”, *El Correo Gallego*, “Forum. Memoria dun século”, nº 2, 12 marzo 2000, p. 8.

Faise un detallado repaso pola prensa nacida na segunda década deste século, nomeando as máis exitosas publicacións da época, así como das que o fan en galego polo papel simbólico que desempeñaban.

_____, “A lingua galega toma posicións na prensa”, *El Correo Gallego*, “Forum. Memoria dun século”, nº 3, 9 abril 2000, p. 8.

Repasa os xornais que tiveron vida durante a segunda década do século XX e destaca como o máis relevante a saída do prelo de publicacións monolingües en galego, ou bilingües. Finalmente céntrase nos xornais *El Compostelano* e *Galicia*.

_____, "*El Eco de Santiago*' nace para crear unha corrente de opinión", *El Correo Gallego*, "Forum. Memoria dun século", nº 4, 14 maio 2000, p. 8.

Fai referencia á novidade que supuxo no ámbito xornalístico galego a aparición do xonal *El Eco de Santiago* por ser unha publicación que procuraba o espallamento dos ideais católicos e carlistas xunto cos valores culturais de Galicia.

Quintáns S., M., “A prensa da emigración”, *El Correo Gallego*, “Forum. Memoria dun século”, nº 7, 20 agosto 2000, p. 28.

Pon a prensa galega da emigración como exemplo da entrega de moitos homes e mulleres que, malia o afastamento físico de Galicia, fan un esforzo pola cultura e lingua galegas. En concreto, fala de 45 publicacións na década dos 60 en todo o mundo, principalmente, en Sudamérica.

_____, “A prensa é cada vez máis o espello da sociedade”, *El Correo Gallego*, “Forum. Memoria dun século”, nº 8, 17 setembro 2000, p. 8.

Opina que a prensa galega dos 70 constitúe un referente para reconstruír a Galicia deses anos. En concreto, contabiliza 60 novas publicacións, unhas vinte en Santiago. A seguir, céntrase en *Encrucillada. Revista Galega de Pensamento Crítico*, que nace en Ferrol en 1977, como exemplo de independencia e dun proxecto comprometido na recuperación da singularidade e a memoria histórica do país.

_____, “Unha revisión da nosa memoria, que quere ser científica e rigorosa”, *El Correo Gallego*, “Forum. Memoria dun século”, nº 9, 15 outubro 2000, p. 8.

Constata o proceso de modernización que viviu a prensa galega coa chegada do marco autonómico nos anos 80 e que ten na incorporación do eido universitario ás súas páxinas unha das súas causas principais. Por unha banda, cita diversas publicacións de tipo divulgativo e científico que potencian a recuperación da identidade cultural de xeito máis rigoroso e, por outro lado, afirma que son as revistas literarias as que van á cabeza con 14 novos títulos, algúns “tan prestixiosos” como *Dorna*, *Alfar*, *Congostra*, *A Saia* e *Andaina*.

_____, “Un xornal diario na nosa lingua: O Correo Galego”, *El Correo Gallego*, “Forum. Memoria dun século”, nº 10, 12 novembro 2000, p. 8.

Cualifica a aparición de *O Correo Galego* (6-I-1994) como o acontecemento cultural máis importante da última década en Galicia. Para o demostrar, recolle as manifestacións da propia empresa editora no libriño que acompaña ao exemplar conmemorativo do número 100. Pensa, ademais, que o obxectivo inicial foi o de facer del un medio de expresión “dun modo diferente de pensar, de ver e interpreta-la realidade” e que o seu futuro depende de “todos nós”.

_____, “Publicacións do Concello da Pobra do Caramiñal”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 52, 26 novembro 2000, p. 8.

Ademais dunha ampla reflexión sobre a problemática que presentan as publicacións promovidas por institucións públicas, denunciando aspectos como a escasa distribución e publicitación destas o que provoca que o público minoritario ao que, en moitas ocasións, vai dirixida non coñeza a súa existencia, propón algunhas posibilidades de mellora e aproveitamento das vías de financiamento e das temáticas abordadas, pasando a seguir, a centrarse en catro publicacións promovidas polo Concello da Pobra do Caramiñal e que son: *Don Severo Carballo (Del alma gallega)*, de Victoriano García Martín e prologada por Benito Varela Jácome; *Escritores da Barbanza*, de Xoán Pastor Rodríguez con prólogo de Anxo Rei Ballesteros; *La Catedral y el niño*, de Eduardo Blanco Amor; e *Disto e do outro*, de Roberto Blanco Torres traducida ao galego por Xesús Carballo Soliño. Explica que as dúas primeiras están centradas en persoeiros da bisbarra, o polígrafo García Martí, e o segundo a diferentes autores, tanto en galego como en castelán, pero caracterizados por teren contribuído a facer un pobo cordial e “orixinariamente poético”, e que foron editadas polo concello, mentres que as dúas últimas se realizaron en colaboración coa editorial Galaxia, a de Eduardo Blanco Amor con motivo do centenario do seu nacemento e a Roberto Blanco Torres como homenaxeado no Día das Letras Galegas. Remata sobranceando iniciativas deste tipo posto que un libro considera que é “o mellor e o máis eficaz monumento á memoria dun pobo”.

Quintiá, Xerardo, “O home cunha man na cima da cabeza”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas literarias”, 22 agosto 2000, p. 12.

Cóntase a historia dun home ao que lle xermola unha man na cabeza, man que lle cambia a vida e que o protexe.

R. C. G., “O ‘universo Galaxia’ queda ó descuberto ante os lucenses”, *El Progreso*, 6 decembro 2000, p. 77.

Informa da inauguración da exposición *Palabras para un País* no Círculo de Belas Artes de Lugo co gallo do 50º aniversario da Editorial Galaxia. Describe algúns dos elementos que conforman a mostra, á que asistiu Xaime Isla, un dos fundadores de Galaxia. Ademais, fala da charla que se celebrou no mesmo lugar a cargo de Marcos Valcárcel, que disertou sobre a traxectoria e o significado desta editorial.

R. G., “Martínez Pereiro presenta os seus relatos de ‘humor con ácido sulfúrico”, *La Voz de Galicia*, 3 maio 2000, p. 71.

Noticia da presentación dos libros *Breviario de calamidades* (1999), de Carlos Paulo Martínez Pereiro, e *O cuarto dos ausentes* (1999), de Xosé Manuel Martínez Oca.

_____, “A Academia decide este mes a quen lle dedica as Letras Galegas”, *La Voz de Galicia*, 6 xuño 2000, p. 70.

Informa dos candidatos a ser homenaxeados o Día das Letras Galegas no 2001; entre outros, Labarta Pose, Delgado Gurriarán, González Garcés, Xaquín Lorenzo “Xocas” ou Ben-Cho-Shey. A seguir, ofrécense algunhas pinceladas biográficas de Labarta Pose, Xaquín Lorenzo, Francisco Delgado Gurriarán e Miguel González Garcés.

R. M. T., “Intensifícanse as xestións para que as Letras Galegas do vindeiro ano estean dedicadas ó baiés Labarta Pose”, *O Norte*, nº 136, “Terras de Soneira”, 2ª quincena febreiro 2000, p. 40.

Dáse conta dos esforzos para acadar que o Día das Letras Galegas de 2001 estea adicado á figura de Labarta Pose. Así, menciónanse os actos que se están a celebrar co gallo do setenta e cinco aniversario da súa morte. Tamén se salienta o desexo de organizar un simposio labartino. Finalmente, coméntanse algunhas das súas poesías.

R. P., “Elena Zernova verterá ó ruso unha escolma de relatos curtos galegos”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 12 novembro 2000, p. 64/p. 74.

Dá conta do proxecto de Elena Zernova, directora do Centro de Estudios Galegos de San Petersburgo, de verter ao ruso a obra de diversos autores galegos como Ferrín, Casares, Manolo Rivas e outros máis novos, ademais de autores como Alfredo Conde, que xa coñece a traducción de *Xa vai o Griffón no vento* (1984) a esa lingua. A respecto do escritor de Allariz, informa das obras e das linguas ás que foi traducido e da próxima presencia en novas culturas. A continuación, recolle as palabras de Zernova, que di que Conde está ben considerado en Rusia porque foxe da actual tendencia á simplificación. Así mesmo, a profesora rusa adianta que pensa publicar unha antoloxía do relato curto galego, xa que coida que o conto pode expresar mellor a cosmovisión dun pobo que, neste caso, mostra afinidades temáticas co ruso. Tamén sinala que a revista *Dorna* ten vertido ao galego algúns poetas modernos rusos.

R. P. V., “La escritora Ánxeles Penas expresa en su obra la angustia existencial”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 15 xullo 2000, p. 15.

Informa da última xornada do IIº Congreso de Profesores de Lingua Galega na que Domínguez Rey analizou as obras de Ánxeles Penas e Miguel Anxo Fernán-Vello. Ademais cita o derradeiro acto desta xornada, unha mesa redonda sobre a normalización lingüística.

R. S., “La alameda acogerá por último año la feria del libro, que cambiará de sede”, *Atlántico Diario*, 30 xuño 2000, p. 9.

Sucinta nota de prensa sobre a celebración da Feira do Libro na alameda de Vigo. Informa que esta Feira, que leva vintetrés anos celebrándose neste lugar, será transladada probablemente á zona de Montero Ríos para evitar calquera deterioro dos xardíns da alameda.

RX, “A Editorial Galaxia abre en Vigo a exposición do seu cincuentenario”, *Redacción Xove*, “Opinións na Universidade”, nº 35, outubro 2000, p. 16.

Dá conta da presentación da exposición “Palabras para un País” organizada pola Editorial Galaxia con motivo do seu cincuentenario. Sinala que nela se recollen os datos máis sobranceiros da historia da editorial dende 1950, lembrando brevemente as súas orixes e indicando a participación no acto de persoeiros como Xaime Isla Couto, Afonso Zulueta e Carlos Casares. Finalmente, faise eco das palabras do Concelleiro de Cultura, Carlos G. Príncipe, que salientou o papel da cidade como berce do renacemento cultural galego e o “espirítu aberto” dos que traballaron por Galicia fronte ao franquismo.

Ramudo, “Melodía del reencuentro”, *El Progreso*, 11 agosto 2000, p. 31.

Infórmase da celebración da Festa do Emigrante de Santa Leocadia de Castro de Rei. O escritor X. P. Docampo foi o encargado de ler o pregón no que sinalou que “a emigración non é máis que historia dos camiños que parten do chan e que se perden no infinito como os camiños que suben ó ceo ou que baixan ó inferno”. Sinálase que o autor de *O misterio das badaladas* ou *A chave das noces* actuou como contacontos e narrou “un anaco da vida de Lis Leiro, emigrante retornado”.

Requeixo, Armando, “As letras galegas nun tempo de continuísmo creativo”, *El Correo Gallego*, “Forum. Memoria dun século”, nº 1, 13 febreiro 2000, p. 6.

Refírese ao continuísmo das tendencias anteriores que se aprecia na literatura galega nos comezos do século XX e lembra os nomes máis salientábeis deste período.

_____, “Cabanillas, o poeta sinfónico”, *El Correo Gallego*, “Forum. Memoria dun século”, nº 2, 12 marzo 2000, p. 6.

Salienta a importancia que Ramón Cabanillas tivo na súa época e achega datos sobre a súa vida e obra, destacando a creación de toda unha “sinfonía de voces” poéticas.

_____, “O universo Nós”, *El Correo Gallego*, “Forum. Memoria dun século”, nº 3, 9 abril 2000, p. 6.

Achegamento á época *Nós* no que dá conta das principais actividades así coma dos seus protagonistas. Entre elas salienta a creación de novas plataformas para a publicación, o cultivo da narrativa, o teatro e a prosa científica.

_____, “Castelao, Otero e Risco”, *El Correo Gallego*, “Forum. Memoria dun século”, nº 4, 14 maio 2000, p. 6.

Refírese á consoldiación de tres grandes narradores, Castelao, Otero Pedrayo e Vicente Risco, na metade primeira da década dos trinta, así como á renovación levada a cabo polo grupo *Nós*. A seguir, lembra o perfil biobibliográfico destas tres figuras.

_____, “Unha década de consolidación”, *El Correo Gallego*, “Forum. Memoria dun século”, nº 7, 20 agosto 2000, p. 26.

Fai un repaso pola historia da literatura galega dos últimos anos. Alude ao nacemento de asociacións culturais galeguistas como O Galo (1961) ou O Facho (1963), á institución do Día das Letras Galegas (1963) por parte da Real Academia Galega ou á aparición dos primeiros partidos nacionalistas de esquerda como a Unión do Pobo Galego (1964) ou o Partido Socialista Galego (1965). A seguir, fala de tres xeracións poéticas diferenciadas: a xeración do 36 con A. Iglesia Alvariño, Celso Emilio Ferreiro, Álvaro Cunqueiro e Xosé María Díaz Castro; a denominada Promoción de Enlace con Antón Tovar, Luz Pozo Garza ou Manuel Cuña Novás e a xeración das Festas Minervais con Manuel María, Uxío Novoneyra, Avilés de Taramancos ou Xosé Luís Méndez Ferrín. Para rematar, céntrase na situación do teatro galego e no labor dos homes vinculados á editorial Galaxia como Domingo García Sabell, Xoán Rof Carballo, Ramón Piñeiro ou Celestino Fernández de la Vega.

_____, “Ferrín de pólvora e cristais liberados”, *El Correo Gallego*, “Forum. Memoria dun século”, nº 8, 17 setembro 2000, p. 6.

Céntrase na obra de Méndez Ferrín *Con pólvora e magnolias* que, segundo Requeixo, “marcou o inicio dunha nova época para a poesía galega que superou o reiterativo canto-denuncia no que ficara mortalmente ancorado dende fins dos sesenta”. A seguir, cita outras obras do autor como *Retorno a Tagen Ata* (1971), *Antoloxía popular* (1974), *Sirventés pola destrucción de Occitania* (1975) ou *Antón e os inocentes* (1976), entre outras moitas.

_____, “Os entrópicos oitenta”, *El Correo Gallego*, “Forum. Memoria dun século”, nº 9, 15 outubro 2000, p. 6.

Repasa a literatura galega da década dos anos 80, que caracteriza pola súa diversidade formal e temática, que non impide que sexa singularizada na historia literaria galega. Da narrativa di que se transformou na medida en que se produciron grandes cambios socioculturais e económicos na sociedade. Sobre o xénero poético, di que se presentou unha poesía máis íntima e un culturalismo ecléctico. En canto ao teatro, destaca unha maior profesionalización e a aparición dun grupo de autores vertebrados en torno ao Premio de Teatro Breve e dos Cadernos da Escola Dramática Galega. Tamén salienta o despegue da literatura infantil e xuvenil, que conta con recoñecemento internacional na actualidade.

_____, “Manuel Rivas”; *El Correo Gallego,* “Forum. Memoria dun século”, nº 10, 12 novembro 2000, p. 6.

Apunta diversos parámetros que evidencian o progreso da literatura galega na década dos 90, da que podería ser un bo exemplo Manuel Rivas, que destaca pola súa proxección exterior. Para el, sería “a punta dun iceberg narrativo” que suma moitos outros autores. Así mesmo, afirma que son dúas obras as que poden ilustrar o seu mundo creativo: *¿Que me queres, amor?* (1995) e *O lapis do carpinteiro* (1998).

Regueiro, Carina, “En Italia está xurdindo un grande interese pola literatura galega”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 11, 28 xaneiro 2000, p. 2.

Recóllense certas declaracións do profesor Attilio Castelucci, a través das cales dá conta das actividades relacionadas coa cultura galega que se están levando a cabo en Roma. Así mesmo, salienta o interese que a literatura desperta nese país.

_____, “O meu labor serve á socialización da arte e a cultura europeas”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 24, 7 maio 2000, p. 12.

Semblanza do editor ourensán Manuel Moleiro na que se lembra a súa viaxe a Barcelona aos 18 anos, a colaboración coa revista *FMR*, do editor italiano Franco Maria Ricci e a creación da súa propia empresa editora, especializada en reproduccións de obras antigas en pergamiño. O artigo repasa algunha das obras publicadas dentro deste proxecto.

_____, “Dignifica-la literatura”, *El Correo Gallego*, *“Correo das Culturas”*, nº 29, 18 xuño 2000, p. 14.

Alúdese á situación da literatura galega e coméntase que os editores non están satisfeitos cos resultados das feiras do libro nin co espacio que se dedica aos libros nos medios de comunicación. Bieito Ledo, director da editorial Ir Indo, afirma que para solucionar os problemas cos que se enfronta a promoción editorial en Galicia “as institucións deberían dinamiza-las bibliotecas públicas e facelas atractivas porque esa minoría que acode a elas é a que logo fecunda a sociedade”.

Rei Núñez, Luís, “Tan lonxe”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 23 agosto 2000, p. 12.

Reprodúcese un breve relato de Luís Rei Núñez, xornalista e escritor coruñés, que narra a vida de Clara e Cecilio, dúas persoas que viven en cidades diferentes ata que se atopan e comparten o resto das súas vidas.

Reigosa, Carlos G., “A morte de Alvite”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 24 agosto 2000, p. 12.

Reprodúcese un relato de Carlos G. Reigosa no que se conta a historia de Ernie Loquasto e dun tipo estraño chamado Xosé Luís Alvite.

Rielo, Pedro, “Isaac Díaz Pardo, lección de ética”, *O Correo Galego*, “Opinión”, 31 xullo 2000, p. 2.

Artigo dedicado a Isaac Díaz Pardo con motivo do seu nomeamento como fillo adoptivo de Ferrol. Comenta que no momento de falar neste acto o intelectual fixo gala da súa modestia e da súa timidez que interpreta como “a expresión dun modelo de comportamento, de valentía e de traballar a reo, cunhas mesmas constantes”. Destaca tamén del a súa constancia e perseverancia que o configuran como unha *rara avis* en Galicia, impulsor de iniciativas como as industrias culturais, os museos e Ediciós do Castro e o seu obxectivo de recuperar as “páxinas da historia que nos foron roubadas”. Conclúe cualificándoo de home escéptico, pesimista, descrido e honesto que “non quixo ser un vaidoso triunfador sobre unha paisaxe ruín, conformouse con dar cada día unha nova lección de ética e de honestidade cívica”.

Riomol Q., Carlos Antonio, “Don Ramón”, *El Progreso*, “Dez anos sen Ramón Piñeiro”, 27 agosto 2000, p. 67.

Breve artigo no que Riomol lembra a figura de Ramón Piñeiro, como o viu por vez primeira o 4 de xullo de 1978 no adro da capela luguesa de San Roque ou como lle dedicou *Olladas no futuro* en San Martiño Pinario. Para rematar, cita un grupo de ilustres lugueses que forman, segundo o articulista, “a inmorrente tribu luguesa”, e sinala o nome dalgúns dos seus integrantes como Piñeiro, Cilistro, Fole, Pimentel, Gayoso e Ángel Johán.

Rivera, Marta, “A Daniel Hortas”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 132, “Las cartas abiertas”, 20 xuño 2000, p. 5.

Carta dirixida a Daniel Hortas con motivo do seu pasamento en Madrid. Del afirma que escribía “de sol a sol” e que buscaba novos traballos ata debaixo das pedras.

Riveiro Coello, Antón, “Atracción”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 25 agosto 2000, p. 14.

Reprodúcese un breve relato deste autor no que se fala da vida de Suso, un solitario que acode cada noite á taberna para afogar as súas penas.

_____, “Barbanza ubérrima”, *A Nosa Terra*, nº 949, “As viaxes literárias”, 24 agosto 2000, pp. 16-17.

Reproducción dunha carta do escritor Suso Paradela á súa compañeira Lucrecia Vargas “logo de aceptar a proposta do editor para escribir un libro de relatos sobre o Barbanza, un relato por concello, agás o de Noia, que desenvolva algunha das singularidades propias dos mesmos”. Na carta, Suso Paradela describe, con detalle, a súa visita ás terras do Barbanza. Cita algúns galegos ilustres orixinarios da comarca como Manuel Antonio, Castelao, Paio Gómez Chariño, Brea Segade, Dieste, Rey Romero, Roxerius, Fray José de Santiago ou Evaristo Martelo, entre outros.

Rodríguez, Fátima, “Pontevedra, unha cidade para rir a cachón”, *A Nosa Terra*, nº 943, “Guieiro Cultural”, 13 xullo 2000, p. 34.

Informa da celebración dunha serie de acontecementos entre os días 14 e 23 de xullo na cidade de Pontevedra. Salienta entre elas a Feira do Humor e dá conta dalgúns dos espectáculos incluídos entre os que destaca “teatro na rúa, cinema ao ar libre, contacontos, regueifas, exposicións, música e un Festival Internacional de Clown”. Para rematar, afirma que a citada feira se encadra dentro do programa do Ano Castelao, co obxectivo de homenaxear a faceta humorística do artista galego.

_____, “O imprescindíbel humor de Pontevedra”, *A Nosa Terra*, nº 944, “Guieiro Cultural”, 20 xullo 2000, p. 21.

Alude á celebración da Feira do Humor en Pontevedra. Nela entregáronse os Premios Castelao do Humor Gráfico; inauguránronse varias exposicións; houbo regueifas na Praza do Teucro; celebrouse o Festival Internacional de Clown e impartíronse dous cursos de clown. Así mesmo, houbo representacións teatrais e proxección de películas.

Rodríguez, Maite, “Resucitar ós poetas de Celanova”, *La Voz de Galicia*, 17 maio 2000, p. 10.

Anúnciase a creación da Casa dos Poetas en Celanova e infórmase das obras de restauración da casa natal de Manuel Curros Enríquez. Anúncianse tamén os actos conmemorativos que están previstos para o Día das Letras Galegas nos centros de ensino da vila.

Rodríguez, Moncho, “Un poeta sen bandeira”, *El Correo Gallego*, 3 abril 2000, p. 76.

Percorrido pola obra poética e a primeira entrega narrativa de Kiko Neves. Salienta da primeira a calidade literaria e a orixinalidade, así como o carácter renovador e reproduce algúns versos de *Ruídos de motos* (1997); da obra narrativa salienta o carácter simbólico que adquire a néboa na obra anulando as conciencias, que é considerado un tema recorrente no autor, ao igual cá presencia da súa vila natal, Ponteareas, ou do seu río Tea. Remata comparando o universo literario de Neves co doutros coñecidos autores galegos como Alfonso Pexegueiro ou Fermín Bouza Brey.

Rodríguez, Pacho, “Alonso Montero destaca la lírica comprometida de Curros Enríquez”, *La Voz de Galicia*, 3 abril 2000, p. 69.

Dáse noticia da homenaxe da Real Academia Galega a Curros Enríquez e faise un resumo da intervención de Xesús Alonso Montero, quen destacou a condición de *poeta civil* do escritor e denunciou o desinterese existente sobre esta figura. Por outra banda, anúnciase o congreso que se vai celebrar no 2001 e tamén a concesión do premio “Celanova Casa dos Poetas” a Xaime Quessada.

Rodríguez, Salvador, "¿Cando se escribe aquí?", *Faro de Vigo,* "*El Sábado*", nº 139, 8 xaneiro 2000, p. 3.

Anuncio do ciclo "Escritores galegos cara o século XXI", que presenta unha serie de debates entre parellas de escritores galegos organizados en Vigo por Caixavigo e Ourense. Adiántase os escritores que participan, entre eles Carlos Casares e Xurxo Souto, Antonio García Teijeiro e An Alfaya, David Otero Fernández e Antonio Rodríguez López, Gonzalo Navaza e Iolanda Castaño, entre outros.

_____, “Da poesía galega feita canción”, *Faro de Vigo,* “*El Sábado*”, nº 141, 22 xaneiro 2000, p. 6.

Semblanza de Xoán Eiriz e do seu disco *Lelías*, no que pon música a textos de Álvaro Cunqueiro, Fermín Bouza Brey e Federico García Lorca, xunto cos poemas “Unha noite na eira do trigo”, de Curros Enríquez e “Negra Sombra”, de Rosalía de Castro.

_____, “López Valcárcel presentó su miscelánea de historias que se cruzan, ‘Campo de Marte”, *El Progreso*, 11 xuño 2000, p. 72.

Fálase da presentación da última novela de Xulio López Valcárcel *Campo de Marte* na XVIIIª Feira do Libro de Lugo. Dise que no acto interviron os escritores Xosé Miranda e Miguel Anxo Fernán-Vello, mentres que Teresa Rodríguez a cualifica como divertida e amena “un zapping de diferentes canales en los que se recrea el mundo de la ternura, de la crueldad, de los ajustes de cuentas, etc.”. López Valcárcel, pola súa banda, afirma que a obra “é unha especie de espello roto en mil cachos, e toda esa fragmentación compón un espello único”.

Rodríguez, Víctor, “De ‘farra’ con Blanco Amor”, *El Mundo. Galicia*, 17 xaneiro 2000, p. 9.

Comenta a nova edición do Roteiro da Esmorga que o clube Alexandre Bóveda celebra para conmemorar o percorrido que fan os protagonistas da novela de Blanco-Amor *A Esmorga* polas rúas de Ourense.

_____, “En nombre de Valente”, *El Mundo. Galicia*, 11 novembro 2000, p. 12.

Dá conta de diferentes actos cos que Ourense homenaxea a figura do recentemente falecido José Ángel Valente, á vez que reconstrúe certas pasaxes biográficas e literarias do autor. Sinala que se trata da dedicatoria dunha rúa, acto ao que asistiu a súa viúva, a presentación do libro póstumo *Tres lecciones de tinieblas*, un recital de poemas do escritor que ofreceu o grupo Dolmen e o proxecto dunha biblioteca pública que levará o seu nome

Rodríguez Fer, Claudio, “Presentación de Valente como doutor ‘honoris causa’ pola USC”, *El Progreso*, 19 xullo 2000, p. 66.

Amplo comentario sobre José Ángel Valente con motivo do seu nomeamento como doutor honoris causa pola Universidade de Santiago de Compostela. Rodríguez Fer, amigo persoal de Valente e experto na súa obra, actuou como padriño do ourensán cando este recibiu, o 15 de decembro de 1999, o doutorado honoris causa pola citada universidade. Para rematar, reprodúcese parte do discurso de Rodríguez Fer.

_____, “Valente e a proliferación das marxes”, *Faro de Vigo*, 19 xullo 2000, p. 41.

Sucinto comentario sobre “a peripecia poética” de José Ángel Valente. Cita algúns dos temas que se repiten nas obras do ourensán como “o exilio interior e exterior, a muller, a fronteira mística, a lingua desposuída e periférica”. Para rematar, cita algunhas das obras nas que aparecen estes temas como *A modo de esperanza* (1955), *A don Francisco de Quevedo, en piedra* (1960) ou *La respuesta de Antígona* (1968).

_____, “Valente: itinerario sen fin”/“José Ángel Valente: itinerario sen fin”/“Itinerario sen fin”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*/*El Mundo*, 19 xullo 2000, p. 32/p. 75/p. 50.

Percorrido pola vida de José Ángel Valente dende que iniciou a súa andaina poética no seu Ourense natal, pasando polos seus estudios en Madrid e o seu traslado a Xenebra nos anos sesenta. A seguir, cita algunhas das súas obras como *A modo de esperanza*, *Poemas a Lázaro*, *La memoria y los signos*, *Siete representaciones*, *Breve son*, *Presentación y memorial para un monumento*, *El inocente*, *Treinta y siete fragmentos*, *Interior con figuras*, *Material memoria*, *Notas de un simulador*, *Cántigas de alén*, *Tres lecciones de tinieblas*, *Mandorla*, *El fulgor*, *Al dios del lugar*, *No amanece el cantor*, *Nadie*, *Fragmentos de un libro futuro*, *Número trece*, *Las palabras de la tribu* ou *Punto cero*, entre outras.

_____, “Hispanistas literarios en Lugo”, *El Progreso*, 8 decembro 2000, p. 16.

Salienta a proxección internacional que acadou Lugo por mor do seu campus universitario e por razóns como a presencia de cualificados investigadores na cidade, entre os que destaca aos hispanistas, que se achegaron a Lugo por diversos motivos. Deste xeito, cita unha longa nómina de hispanistas rusos, norteamericanos e franceses facendo unha pequena presentación de cada un deles e da súa relación co medio académico da cidade.

Rodríguez Prieto, Xosé Manuel, “Carmen Blanco: a literatura”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 11 xuño 2000, p. 19.

Salienta a relevancia de Carmen Blanco, por ser unha das impulsoras do ensaio galego ao cultivalo “dun xeito temático e reflexivo”, pero dende unha perspectiva feminista. Destaca o seu libro *Literatura galega da muller*, do que comenta varios capítulos relativos a diferentes ensaístas galegas como, entre outras, Queizán ou Margarita Ledo, nas que Blanco analiza a súa ideoloxía feminista. Asemade, tamén pon de relevo outros traballos desta estudiosa, *O contradiscurso das mulleres* e *Nais, damas, prostitutas e feirantas*, que seguen máis ou menos a mesma liña do anterior, o feminismo e a literatura, concluíndo que o último é unha boa testemuña para se “achegar ós nosos propios prototipos femininos tradicionais”.

Rodríguez Valcárcel, María Xosé, “Aureliano Pereira”, *El Progreso*, “Tribuna”, 16 maio 2000, p. 11.

Informa sobre a homenaxe a Aureliano J. Pereira celebrada en Lugo días despois da súa morte. A seguir, enuméranse as facetas máis importantes desta figura (xornalismo, crítica, ensaísmo, reflexión lingüística) e apláudese a iniciativa do concello de restituír o seu nome na praciña luguesa onde naceu.

Román, Alberte, “Ernesto Padín Lorenzo: poeta da saudade”, *A Peneira*, “Especial Redondela”, nº 287, 2ª Quincena outubro 2000, p. 28.

Dá conta dunha unidade didáctica editada polo Equipo de Normalización Lingüística do Concello de Redondela na que se recupera a obra do poeta Ernesto Padín Lorenzo e na que se inclúe, ademais dunha semblanza do autor, unha achega á súa obra en galego recollida en *Amores e Dolores* (1932), que fora prologada por Otero Pedrayo. Sinala como constantes da súa poesía as referencias a Redondela e ás súas xentes, cunha forte pegada da saudade pola vila natal e os tempos idos, así como a influencia de Curros e Rosalía. Ofrece algúns datos biográficos e intelectuais, entre eles o seu ingreso en 1945 na RAG como correspondente, ou a súa participación en publicacións como *El Pueblo* de Redondela, *La Revista Popular* de Vigo, *Gente Novel* de Madrid ou *El Noticiero Español* de Brasil.

Román, Nicolás, “O Día das Letras Galegas dedicarase a Eladio Rodríguez González”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 25 xuño 2000, p. 51.

Infórmase de que o Día das Letras Galegas de 2001 estará adicado á figura de Eladio Rodríguez González. Tras unha pequena biografía deste ourensán, menciónanse as súas obras poéticas e o estudio do léxico galego que deu orixe ao *Diccionario enciclopédico Gallego-Castellano*. Tamén se inclúen as opinións de persoeiros actuais como Xesús Alonso Montero, que o considera “o autor do mellor diccionario galego que se fixo nunca ata agora”, e doutros da súa época como Ramón Otero Pedrayo que loou a súa tarefa no prólogo ao diccionario de Rodríguez González.

Rojo, María J., “El primer Congreso de Economía Gallega se celebró en Lugo en 1925”, *El Progreso*, 5 outubro 2000, p. XI.

Informa do labor do Círculo lucense das Artes, unha institución moi activa durante os anos vinte, período no que acolleu o primeiro Congreso de Economía de Galicia e a Festa da Poesía Galega. A seguir, informa da celebración dunha festa dedicada á poesía galega e organizada pola Asociación de Prensa de Lugo. O acto, que tivo lugar o día 8 de outubro de 1925, estivo presidido por Antón Villar Ponte, quen pronunciou “un brillante discurso” no que describiu o xornalismo.

Ron, E. de, “Barreiro une a Castelao e a Carvalho Calero nas súas teses ideolóxicas”, *El Correo Gallego*, “Sociedad-Cultura”, 25 novembro 2000, p. 73.

Repaso da segunda xornada do Simposio Ricardo Carvalho Calero celebrado na Universidade da Coruña e no que nomea a participación de, entre outros, Xosé Ramón Barreiro quen falou da producción literaria, ademais da acción política e cultural, do filólogo ferrolán no seu relatorio “O contexto sociopolítico de Carvalho Calero na época da República” e no que defendeu unha mesma postura dentro do republicanismo en Azaña, Castelao e Carvalho.

Rozas, Mercedes, “Os artistiñas”, *El Correo Gallego*, “Forum. Memoria dun século”, nº 7, 20 agosto 2000, p. 22.

Faise referencia a un grupo de artistas, escultores e pintores, que apareceron en Galicia a finais dos anos cincuenta e principios dos sesenta e que contribuíron, coa súa actividade, ao enriquecemento cultural de Galicia, xusto nunha época sombría, no que se refire á apertura cultural. Trátase de Baltar, Xosé Luís de Dios, Virxilio, Buciños, Acisclo Manzano, Pousa e Xaime Quessada. Así mesmo, fálase das tertulias ás que acudían Antón Tovar, Ferro Couselo, Vicente Risco, X. L. López Cid ou Otero Pedrayo, entre outros.

_____, “Luís Seoane, tradición y vanguardia”, *El Correo Gallego*, “Forum. Memoria dun século”, nº 8, 17 setembro 2000, p. 2.

Percorrido pola vida e obra de Luís Seoane, que morreu na Coruña no ano 1979 xusto ao rematar o libro *Homenaxe a Lorenzo Varela*. Alúdese ao seu nacemento en Buenos Aires, no ano 1910, cidade á que regresou durante a guerra civil española, como fixeron outros intelectuais (Maruja Mallo, Dieste, Lorenzo Varela, Colmeiro, Arturo Cuadrado ou Federico Ribas, entre outros). Cítanse, a seguir, algunhas das actividades de Seoane en Arxentina como a fundación do semanario *Galicia libre*, da revista *Galicia emigrante* ou a creación de editoriais como Citania e a Editorial Nova. Así mesmo, fai referencia aos debuxos de Seoane, aos ensaios sobre arte, ao deseño de carteis ou aos seus traballos como gravador e pintor.

Ruibal, Euloxio R., “Amor.es”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 26 agosto 2000, p. 14.

Reproducción dun breve relato de Euloxio Rodríguez Ruibal no que se esboza unha historia de amor entre dous anciáns.

S. A., “Lousame recabará el apoyo para homenajear a Zernadas de Castro”, *La Voz de Galicia*, “Barbanza-Muros-Noia”, 31 decembro 2000, p. 6.

Recóllese o acordo do pleno do Concello de Lousame, no que se decide mandar escritos ao Consello da Cultura, á Real Academia Galega e a outros concellos da comunidade coa finalidade de que o homenaxeado no Día das Letras Galegas do 2002 sexa “Zernadas” de Castro. Consideran que, á marxe da súa valía literaria, o Cura de Fruime tamén salientou no plano social, xa que introduciu melloras na agricultura, ata aquel momento decoñecidas polo pobo de Lousame.

S. B. N., “Reinvindican a Carvalho Calero como impulsor de la identidad gallega”, *La Voz de Galicia*, 24 novembro 2000, p. 36.

Recolle a intervención do catedrático Xosé Luís Rodríguez no congreso *Ricardo Carvalho Calero: memória do século*, que a Facultade de Filoloxía da Coruña e a AS-PG organiza na Coruña e en Ferrol. Dise que Rodríguez sinalou que, a pesar de que a figura de Calero foi deliberadamente apartada da vida pública, a súa obra, completa en todos os campos, vai situalo entre os grandes clásicos galegos.

_____, “Los filólogos dicen que Carvalho Calero escribía para ‘autorecoñecerse”, *La Voz de Galicia*, 25 novembro 2000, p. 34.

Informa das conferencias que se deron no marco do simposio que lembra a figura de Carvalho Calero. Tanto Carlos Paulo Martínez coma Arturo Casas e Manuel Forcadela coincidiron en salientar a obra narrativa do profesor e detectaron un cambio ideolóxico na súa obra a partir de *A gente da Barreira* (1951), na que comeza a repensar a historia de Galicia dende o propio país.

S. F., “O Clube Alexandre Bóveda organiza el cuarto Roteiro da Esmorga en memoria de Blanco Amor”, *Faro de Vigo*, “Ourense”, 14 decembro 2000, p. 20.

Faise eco da convocatoria do IVº Roteiro da Esmorga en homenaxe ao escritor ourensán Eduardo Blanco Amor e describe minuciosamente o percorrido que se leva a cabo cada ano polas rúas da cidade de Ourense, aquelas polas que transcorre a acción da novela. Tamén alude á presencia dalgúns persoeiros como Luís Taboada, Xosé Manuel Cid ou Jacobo de Arce, albacea de Blanco Amor, e á lectura de diferentes parágrafos durante o percorrido.

S. R., “Díaz Pardo abre hoy un año de teatro, música, congresos y exposiciones en honor a Castelao”, *Faro de Vigo*, 7 xaneiro 2000, p. 16.

Anuncio das actividades que se van celebrar en Pontevedra con motivo do Ano Castelao e que comezan cunha conferencia de Isaac Díaz Pardo.

_____, “El hijo de Alexandre Bóveda invita a “rematar coas dúas Españas” en el Día de Galicia Mártir”, *Faro de Vigo*, 18 agosto 2000, p. 16.

Dá conta do acto de homenaxe que se levou a cabo na cidade de Pontevedra para honrar a memoria de Alexandre Bóveda. Resume as actividades que se realizaron e mais os discursos que se leron na concentración.

S. V., “Una deuda saldada”, *El Progreso*, 5 outubro 2000, p. 5.

Nota de prensa que informa da inauguración dunha estatua de Ánxel Fole na cidade de Lugo. Así mesmo reproduce algún dos fragmentos da autoría de Ramón Piñeiro e do propio Fole que se leron no acto en honra do escritor lucense.

Salinas Portugal, Francisco, “A Limia, unha terra nos límites da historia”, *A Nosa Terra*, nº 946, “As viaxes literarias”, 3 agosto 2000, p. 19.

Aproximación á paisaxe da Limia simbolizada polo río que a cruza e protagonista da lenda que conta a chegada ás súas beiras dos romanos, que creron que era o río Leteo ou do Esquecemento. Percorre a bisbarra a través dos seus monumentos, restos arqueolóxicos e festas populares máis coñecidas, á vez que convida ao viaxeiro a que se achegue a ela.

Sánchez, Alonso, “Romance de Fole”, *El Progreso*, “Patrimonio de la Humanidad”, “Mirada atrás”, 18 decembro 2000, p. 4.

Co gallo da declaración da Muralla de Lugo como Monumento Patrimonio da Humanidade, comenta aqueles escritos nos que Ánxel Fole falou da muralla: o poema “Romance de la Muralla” (*Cartafolio de Lugo*, 1981) e *Las veintecuatro horas lucenses de Mabille de Poncheville*, que describe a estancia dese escritor francés na cidade luguesa.

Sande, Miguel, “O estornudo”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 27 agosto 2000, p. 16.

Cóntase a historia dunha parella que tras oír un esbirro nun piso veciño é incapaz de seguir con normalidade unha relación sexual, porque se sente espiada e con medos.

Sandoval, Luís, “Follear”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 330, 7 setembro 2000, pp. 2-3.

Trázase unha panorámica das principais novidades editoriais que sairán do prelo na última parte deste ano dous mil. Así, tendo en conta as principais editoriais cita os libros que están no prelo, tanto de poesía, como de narrativa e ensaio.

Santiago Valencia, Gustavo, “Piloño, berce de cultura”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 6 agosto 2000, p. 19.

Descríbense en primeira persoa as actividades celebradas ao longo dun día, no que, segundo indica, estivo pola mañá na Casa da Solaina de Piloño onde se homenaxeaba a Castelao e a Colmeiro, e pola tarde na Fundación Rosalía de Castro para honrar á gran cantora galega.

Santos, Agatha de, “Pasión por el teatro”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 8 decembro 2000, p. 38.

Achega á Escola Municipal de Teatro de Vigo denunciando as carencias que presentan as intalacións provisorias nas que se desenvolven as clases ás que acoden arredor de oitenta alumnos e cinco profesores. Recóllense as opinións dalgúns alumnos, moitos deles dedicados exclusivamente aos cursos de arte dramático, coincidentes no seu fondo interese pola interpretación, conscientes das dificultades e atrancos para sair adiante, interesados en medios como a televisión para darse a coñecer e diverxentes nos seus gustos persoais, e con idades dende os nove anos en diante.

Sarasqueta, F., “Case 50 ponentes participan no Congreso Castelao que hoxe comeza en Rianxo”, *La Voz de Galicia*, 25 xaneiro 2000, p. 90.

Noticia da inauguración do Congreso Castelao na Casa da Cultura, no que participan corenta e sete ponentes. Adiántase o programa deste evento e alúdese a outros actos que van ter lugar na vila de Rianxo.

_____, “Casares definiu a Castelao como unha figura ‘mítica que se sae do común”, *La Voz de Galicia*, 27 xaneiro 2000, p. 82.

Crónica da segunda xornada do Congreso Castelao. Recóllense as opinións dalgúns participantes como Pilar García Negro, que se referiu á condición de escritor vocacional do rianxeiro e á súa compaixón polos asoballados; de Henrique Monteagudo, sobre as facetas artística, político-ideolóxica e cultural; de Carlos Casares, que falou do mito de Castelao; e de Pilar Vázquez Cuesta, quen tratou da influencia de Portugal.

_____, “Basilio Losada profundou nas paradoxas das personalidade de Castelao”, *La Voz de Galicia*, 29 xaneiro 2000, p. 81.

Crónica da cuarta xornada do Congreso Castelao. Recóllense as afirmacións de Basilio Losada acerca da incomprensión das vangardas polo rianxeiro; de Siro, quen se referiu aos paradoxos de *Os dous de sempre*; e de Carlos Valle, que amosou diapositivas nas que tentou demostrar o carácter rupturista da pintura de Castelao.

_____, “Unha sentida análise da condición humana de Castelao pechou o Congreso”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 30 xaneiro 2000, p. 92.

Breve nota sobre a última xornada do congreso celebrado en Rianxo e dedicado a Castelao, que se cualifica como “a máis emotiva da homenaxe”. Sinálase que nela se afondou na súa dimensión humana a través das intervencións de Andrés Torres Queiruga, Avelino Pousa Antelo, David Otero, Clodio González e Amancio Liñares.

_____, “Paulino Vázquez: ‘Manuel Antonio defendeu a tradición coa modernidade”, *La Voz de Galicia*, 31 marzo 2000, p. 72.

Infórmase acerca do desenvolvemento da xornada do congreso “De catro a catro”, celebrado en Rianxo e no que participaron, entre outros, Benito Varela Jácome, Raimundo García *Borobó* e Paulino Vázquez. Recóllense as opinións de Varela Jácome acerca da influencia das ideas vangardistas asimiladas por Risco, así como de Huidobro, en Manuel Antonio. Por outra banda, reprodúcense as palabras de Paulino Vázquez nas que afirma que “a tradición é reivindicada desde a modernidade” e infórmase da intervención de *Borobó*, Xosé Manuel Fernández Costas, Xesús Rábade e José Antonio Durán.

_____, “Setenta intelectuais piden en Rianxo o acceso ós orixinais de Manuel Antonio”, *La Voz de Galicia*, 1 abril 2000, p. 64.

Dáse noticia da carta asinada por 70 persoeiros do mundo da literatura na que piden a García-Sabell que faga públicos os textos de Manuel Antonio que, supostamente, custodia. Por outra banda, infórmase das declaracións ao xornal do propio García-Sabell, quen afirma non posuír ningún documento do autor rianxeiro e recóllense algunhas opinións expostas por Ramón Reimunde na súa intervención a respecto da propiedade. Finalmente, infórmase da participación doutros especialistas (Xosé Manuel Dasilva, Xosé Luís Axeitos, Xosé Ramón Pena ou Manuel Forcadela) con algunha alusión aos seus comentarios.

Sarasqueta, Fernando, “Atormentado pola realidade da súa terra”, *La Voz de Galicia*, 26 xaneiro 2000, p. 80.

Información acerca da inauguración do Congreso Castelao na que se alude ás intervencións de Francisco Fernández del Riego e Xosé Manuel Salgado.

Seijas, Otilia, “Planeta Nabú”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 27 agosto 2000, p. 16.

Relata como un pintora modesta se ve sorprendida pola visita dun negro que louva tanto un seu cadro que o leva para expor en Nova York. Deste xeito ela descobre as sensibilidade da raza negra.

Seixas, Manuel, “Chicago”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 28 agosto 2000, p. 16.

Narra a historia de Chicago, un paisano ao que chamaban así porque desque retornara desa cidade non facía máis que falar dela. Así, os amigos sempre se burlaban del, ata que un día encabuxado marchou e os amigos recibiron, semanas despois, unha postal súa dende Chicago.

Sequeiro, Natalia, “Seoane, a vangarda galega”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 2 xaneiro 2000, p. 6.

Anuncio das dúas exposicións que acolle o CGAC sobre o labor gráfico de Luís Seoane, seguido dun percorrido pola súa biografía.

Sierra, María, “Dura loita contra a folga de lectores”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, 14 maio 2000, pp. 2-3.

Ponse de manifesto o escaso índice de lectura no que atinxe ao libro galego, feito que contrasta co aumento da producción editorial neste campo. Alude á importancia da institución académica na demanda do mercado e insiste na necesidade do fomento da lectura. Finalmente, achega datos estatísticos sobre o mercado editorial galego e español.

Sigüenza, Carmen, “Sobrevivir a Valente”/“Poetas y profesores rinden homenaje a José Ángel Valente”/“Homenaje póstumo a José Ángel Valente”/“El Círculo de Lectores tributa en Madrid un homenaje al poeta gallego José Ángel Valente”, *O Correo Galego*/*La Voz de Galicia*/*Diario de Pontevedra*/*Atlántico Diario*, 25 setembro 2000, p. 19/p. 64/p. 33/p. 53.

Breve nota de prensa na que se anuncia a celebración dun acto en homenaxe na cidade de Madrid ao poeta ourensán José Ángel Valente. Enumera os principais persoeiros que intervirán e as controversias que suscitou a súa obra poética.

_____, “Profesores y poetas hacen un homenaje a Valente ‘para sobrevivir a su ausencia”, *Faro de Vigo*, 25 setembro 2000, p. 13.

Fai referencia á recente morte de José Angel Valente e anuncia a homenaxe no Centro Cultural do Círculo de Lectores na que participarán, entre outros, Claudio Rodríguez Fer e Carme Blanco. Finalmente, anuncia a publicación do seu derradeiro libro, *Fragmentos de un libro futuro*. non dependa exclusivamente das supersticións.

_____, “Compostela estrenará la cátedra de Valente el próximo día 20”, *La Voz de Galicia*, 12 novembro 2000, p. 34.

Informa da inauguración da Cátedra José Ángel Valente, conformada polo legado bibliográfico do poeta, o día 20 de novembro na Universidade de Santiago. Así mesmo, di que coincide coa presentación do libro póstumo *Fragmentos de un libro futuro*, sobre o que recolle as impresións dos críticos Saúl Yorkievich e Claudio Rodríguez Fer, que afirma que é un canto á vida e que inclúe un poema de amor moi fermoso, “SOS”, dedicado á súa muller.

Sío Dopeso, M., “El fundador de Xerais reclama la propiedad de la marca editorial”, *La Voz de Galicia*, 23 marzo 2000, p. 69.

Noticia das declaracións nas que Xulián Moure, fundador de Edicións Xerais de Galicia no ano 1979, reclama a propiedade da marca editorial e do anagrama, con independencia de ter vendido no seu momento a súa participación na empresa a unha entidade francesa. Infórmase tamén de que Moure ameaza con crear un proxecto con esa marca financiado por capital galego e recóllense as declaracións da editora nas que manifesta a súa negativa a calquera negociación e aclara que “Xerais no está en venta. Lleva en la misma situación casi 20 años y hasta ahora nadie había reclamado la titularidad”.

Siro, “O traductor de Castelao ó inglés, estrela do primeiro día do congreso”, *La Voz de Galicia*, 26 xaneiro 2000, p. 80.

Noticia da inauguración do Congreso Castelao na que se fai referencia ás intervencións de Xosé Manuel Salgado, J. Dunne e Xesús Alonso Montero.

_____, “Unha perfecta última xornada”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 30 xaneiro 2000, p. 92.

Comentario sobre a última xornada do congreso dedicado a Castelao no que Siro destaca que “nin sequera soaron os teléfonos móbiles durante as intervencións”. Sinala que Andrés Torrres Queiruga amosou o Castelao máis exemplar e humano e Amancio Liñares relatou como o coñeceu de rapaz, mentres que Clodio González realizou unha intervención sobre o Castelao funcionario e David Otero sorprendeu os asistentes entoando un cantar sobre a fe no futuro colectivo con Castelao como guía.

_____, “Adeus ó ano Castelao”, *La Voz de Galicia*, “Xatentendo.com”, nº 24, 2 decembro 2000, pp. 1-8.

Suplemento de humor dedicado a Castelao con motivo da celebración do cincuentenario da súa morte e no que se reproducen numerosas ilustracións e caricaturas. Ademais de reproducir algúns dos seus propios deseños, tamén aparecen os dalgúns dos máis destacados ilustradores e humoristas galegos, entre eles Kiko da Silva, Xaquín Marín, Siro, J. Tomás, Carrera ou Abraldes, recollidos na portada, contraportada e páxinas centrais, mentres que nas outras páxinas aparece unha editorial na que se adiantan algúns contidos do suplemento humorístico e se sobrancea a importancia deste persoeiro, considerado aínda hoxe guía dos ilustradores e humoristas galegos. Tamén aparecen os artigos asinados que a continuación se describen:

-Guisande, “El “otro” Castelao”, p. 2.

Céntrase na relación do médico Gumersindo Sánchez Guisande, tío do articulista, en Buenos Aires con Castelao, co que ademais de manter unha grande amizade, foi o seu médico ata a morte. Tamén fala da necesidade de dar a coñecer outro Castelao diferente ao que lle presentan á xente nova visto “entre a morriña e os condicionamentos da distancia da terra”, porque considera que este mostra unha “viveza y una chispa intelectual difícil de igualar”.

-X. L. Barreiro, “De broma y de veras”, p. 2.

Ademais de cualificar a Castelao como o autor das mellores páxinas de humor galego, achégase a el dende a consideración de que a súa vida foi un drama que rematou coa morte lonxe da terra. Alude ao Expediente de Responsabilidades Políticas que lle abrira o franquismo nos Xulgados de Pontevedra e que foi editado polo Colexio de Avogados da Cidade do Lérez, un documento que para el define claramente o carácter mesquiño do réxime.

-Carlos Fernández, “Un gallego irónico”, p. 3.

Ademais de sobrancear a constante ironía en Castelao, mesmo nos peores momentos da súa vida como durante a enfermidade que o levou á morte ou as bromas cos médicos a poucos días do seu pasamento, tamén fala do seu desexo de ser soterrado en Pontevedra e non no Panteón de Galegos Ilustres, á vez que denuncia a apropiación que moitos fan da memoria de Castelao, para o que lembra a anécdota co catedrático Míguez Tapia co que Castelao intercambiaba a hora da clase para non asistir á Tertulia do Méndez Núñez.

Soteliño, Begoña R., “Casares e Souto cren que a literatura galega está no mellor momento creativo”, *La Voz de Galicia*, 19 xaneiro 2000, p. 83.

Infórmase da inauguración dun ciclo de conferencias organizadas por Caixavigo sobre cál é o estado actual da literatura galega, explicando que tanto Xurxo Souto coma Carlos Casares coincidiron no bo momento que esta está a atravesar.

_____, “Una librería de Vigo edita un libro con los relatos de 27 autores gallegos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 22 febreiro 2000, p. 84.

Anúnciase a iniciativa da librería viguesa Cartabón de editar un volume coordinado por Fran Alonso no que se recollen vintesete relatos en galego e retratos de cada un dos seus autores realizados por Manuel G. Vicente. Saliéntase que o libro, titulado *Minirelatos* (1999), conta cunha tirada de dous mil exemplares para regalar os clientes da librería e que con esta iniciativa se pretende reafirmar o compromiso co libro galego. Explícase tamén que se lles propuxo aos escritores escribir un relato que non sobrepasase os mil caracteres para abrir o camiño dos *microcontos* en galego, baseándose nos *microracconti* italianos.

Soto, R., “A singladura de Manuel Antonio”, *Faro de Vigo,* “*El Sábado*”, nº 140, 15 xaneiro 2000, p. 7.

Lémbrase o centenario do nacemento de Manuel Antonio e ofrécense algúns datos biográficos, así como consideracións sobre a súa recepción. Neste sentido, recóllense as opinións de Anxos Sanmartín Rei acerca duns supostos inéditos no poder de García-Sabell; as de Anxo Tarrío, quen considera deliberadamente difícil a poesía do rianxeiro. Outras opinións reflectidas son as de J. P. González Martín, Carmen Martín Gaite e Xosé Ramón Pena.

_____, “La Feria del Libro de Vigo cierra con un 10% menos de ventas que en 1999”, *Faro de Vigo*, 10 xullo 2000, p. 6.

Dá conta do peche da Feira do Libro de Vigo, na que, segundo di, houbo un dez por cento de vendas menos que o ano anterior. Ademais, recollendo información dos organizadores do evento, indica que os libros máis vendidos en lingua galega foron os de Manuel Rivas e Suso de Toro.

_____, “Vigo se consolida como primera ciudad gallega en el ámbito de la edición de libros”, *Faro de Vigo*, 26 xullo 2000, p. 39.

Fai un repaso pola actividade editorial de Vigo indicando cáles son as empresas deste sector radicadas na cidade, unha breve historia de cada unha delas e as principais novidades editorias que tirarán ao mercado nos vindeiros meses. Finalmente, conclúe que Vigo constitúe a primeira cidade galega en edición de libros.

_____, “Eiquí síntese ben o pouco que é un home”, *Faro de Vigo*, 5 novembro 2000, p. 50.

Fala da conmoción que supuxo a morte de Uxío Novoneyra no panorama literario galego e, malia que a morte é o momento que abre as louvanzas dos medios, cre que son moitos os que volven de verdade aos seus versos para recuperar o estado verdadeiro dos homes.

Soto, Roque, “Galegos do Milenio. Daniel Castelao”, *Faro de Vigo*, “FaroDomingo”, 16 xaneiro 2000, pp. 7-9.

Resumo dos feitos máis sobranceiros da vida e a obra de Castelao acompañados de debuxos ilustrativos.

_____, “Galegos do Milenio. Rosalía de Castro”, *Faro de Vigo*, “FaroDomingo”, 23 xaneiro 2000, pp. 7-9.

Achegamento á figura de Rosalía de Castro a través dunha síntese dos momentos máis salientábeis da súa biografía e un percorrido pola súa obra acompañado de debuxos alusivos.

_____, “Galegos do Milenio. Eduardo Pondal”, *Faro de Vigo*, “FaroDomingo”, 12 marzo 2000, pp. 7-10.

Achegamento á vida e á obra de Eduardo Pondal a través dun percorrido cronolóxico ilustrado con viñetas alusivas. O texto repara no nacemento en Ponteceso, o seu traslado a Santiago e Asturias e ao seu retiro final en Anllóns (Ponteceso) para dedicarse exclusivamente á poesía. O texto informa tamén da súa obra literaria.

_____, “Galegos do Milenio. Luís Seoane”, *Faro de Vigo*, “FaroDomingo”, 27 febreiro 2000, pp. 7-10.

Percorrido pola traxectoria biobibliográfica de Luís Seoane acompañada de debuxos alusivos. O texto salienta os datos máis sobranceiros da vida do personaxe: o seu nacemento en Buenos Aires, as primeiras manifestacións artísticas, o compromiso político e o exilio, ao tempo que fai mención da súa obra, tanto plástica coma poética.

_____, “Galegos do Milenio. Alexandre Bóveda”, *Faro de Vigo*, “FaroDomingo”, 5 marzo 2000, pp 7-10.

Páxinas divulgativas da personalidade de Alexandre Bóveda. A través dunha serie de viñetas lévase a cabo un percorrido cronolóxico que repara en feitos como o nacemento en Ourense, a emigración a Bilbao e Arxentina, a intensa colaboración en actividades políticas e culturais vinculadas ao galeguismo e o seu procesamento e asasinato no ano 36.

_____, “Galegos do Milenio. Benito Jerónimo Feijóo”, *Faro de Vigo*, “FaroDomingo”, 13 febreiro 2000, pp. 7-10.

Achegamento á vida e á obra de Benito Jerónimo Feijoo na que se dá conta dos feitos máis salientábeis e do afán científico que caracteriza a súa obra.

_____, “Galegos do Milenio. Manuel Curros Enríquez”, *Faro de Vigo*, “FaroDomingo”, 19 marzo 2000, pp. 7-10.

Percorrido, a través dunha síntese e dunha serie de viñetas, pola vida e a obra de Manuel Curros Enríquez, na que se focalizan feitos como o seu nacemento en Celanova, no ano 1851, as súas estadías en Ourense, Madrid e La Habana, a súa actividade literaria xornalística e política, e as homenaxes recibidas tanto nos últimos anos da súa vida coma despois da morte.

_____, “Galegos do Milenio. María Casares”, *Faro de Vigo*, “FaroDomingo”, 26 marzo 2000, pp. 7-10.

Páxinas divulgativas da personalidade de María Casares mediante unha síntese da súa biografía acompañada de debuxos. Alúdese ao seu nacemento na Coruña, a súa formación e os seus traslados a Madrid, Barcelona e París, cidade onde comeza a súa actividade sentimental con Albert Camus e triunfa como actriz. O texto repasa tamén, de xeito breve, a súa carreira artística.

_____, “Galegos do Milenio. Luís Pimentel”, *Faro de Vigo*, “FaroDomingo”, 23 abril 2000, pp. 12-14.

Achegamento á vida e obra de Luís Pimentel a través dun percorrido cronolóxico complementado cunha serie de deseños ilustrativos. O texto informa, de xeito sintético, do nacemento do escritor en Lugo, a súa formación e a súa actividade poética, así como dos difíciles anos posteriores ao alzamento militar do 36 e da publicación póstuma de dúas das súas obras.

_____, “Galego do Milenio. Álvaro Cunqueiro”, *Faro de Vigo*, “FaroDomingo”, 7 maio 2000, pp. 12-14.

Divulgación, a través do deseño e do texto, dos feitos máis salientábeis da vida e a obra de Álvaro Cunqueiro, dende o seu nacemento en Mondoñedo ata os seus últimos anos en Vigo. Nestas páxinas infórmase da súa actividade xornalística e poética, o seu retiro obrigado a Mondoñedo e a súa traxectoria narrativa.

_____, “Galegos do Milenio. Antón Losada Diéguez”, *Faro de Vigo*, “FaroDomingo”, 14 maio 2000, pp. 12-13.

Páxinas divulgativas que, a través de ilustracións, fan un percorrido pola vida e a obra de Antón Losada Diéguez no que se salientan feitos como o nacemento en Boborás (Ourense), a súas estadías en Deusto e Madrid e a súa intensa colaboración coas Irmandades da Fala, Nós ou o Seminario de Estudos Galegos.

_____, “Galegos do Milenio: Xesús Ferro Couselo”, *Faro de Vigo*, “FaroDomingo”, 28 maio 2000, pp. 12-13.

Relata en oito parágrafos aqueles apectos máis importantes da vida de Xesús Ferro Couselo. Entre eles, faise eco da súa militancia na CNT e do seu labor cultural no bando republicano.

_____, “Galegos do Milenio. Rafael Dieste”, *Faro de Vigo*, FaroDomingo”, 4 xuño 2000, pp. 8-9.

Nárrase nuns poucos parágrafos os principais momentos da vida de Rafael Dieste dende o seu nacemento en Rianxo ata a súa morte en Santiago, pasando polas publicacións e traballos que desempeña.

_____, “Galegos do Milenio. Vicente Risco”, *Faro de Vigo*, “FaroDomingo”, 2 xullo 2000, pp. 12-13.

Apoiándose en sete simbólicas viñetas narra, noutros tantos parágrafos, a vida de Vicente Risco, dende o seu nacemento na rúa da Paz de Ourense ata a súa morte na mesma cidade. Alén disto, refírese aos principais fitos no devir vital de Risco no literatura e na política nacionalista.

_____, “Galegos do Milenio. Celso Emilio Ferreiro”, *Faro de Vigo*, “FaroDomingo”, 16 xullo 2000, pp. 10-11.

En nove pequenos parágrafos, acompañados doutras tantas viñetas, intenta reflectirse o máis representativo da biografía de Celso Emilio Ferreiro. Dende a súa xuventude alegre e desentendida ata o seu compromiso político e intelectual do anos máis duros que viviu no franquismo.

_____, “Galegos do Milenio. Ramón Otero Pedrayo”, *Faro de Vigo*, “FaroDomingo”, 30 xullo 2000, pp. 10-11.

Ofrécese en oito parágrafos acompañados de cadansúa viñeta un repaso polos aspectos biográficos de Ramón Otero Pedrayo que foron máis relevantes na súa vida e para a colectividade galega.

Souto, Suso, “Alma enraizada na terra”/“Escritores y músicos se suman en Merza al homenaje póstumo a Uxío Novoneyra”, *O Correo Galego*,”AFA”/*El Correo Gallego*, 23 xaneiro 2000, p. 59/p. 48.

Dáse noticia da homenaxe que os veciños de Merza e algúns intelectuais renderon a Uxío Novoneyra e que contou coa presencia de Carlos Núñez e varios membros da AELG. Lémbrase que o Novoneyra se solidarizara, no ano 98, cos veciños contra as liñas de alta tensión.

Suárez, Eva, “Un acto en honor a Castelao abre un ciclo de homenajes a escritores en Negreira”, *La Voz de Galicia*, 17 febreiro 2000, p. 47.

Informa da homenaxe a Castelao que, con motivo do cincuenta aniversario da súa morte, organiza a Asociación Cultural Alfonso Eanes en Negreira e anuncia o correspondente programa de actos: ofrenda floral, debate acerca do escritor (coa intervención de Avelino Pousa Antelo, Amancio Liñares Giraut, Xosé Ponte Far, Jaume Marí Lloreda, José Manuel López “Ardeiro”, David Otero, Xosé Fernández Abella e Xosé Ramón Freixeiro Mato) e proxección dun vídeo. A nota anuncia tamén un coloquio sobre Rosalía de Castro e unha homenaxe a Gonzalo Torrente Ballester e a Camilo José Cela.

T. R., “Letras femininas”, *El Progreso*, “El Matraz”, 15 marzo 2000, p. 41.

Información acerca dos obxectivos, membros e actividades proxecto de investigación “Muller e literatura”, dirixido por Claudio Rodríguez Fer e Carmen Blanco, que agora finaliza. Faise, ademais, unha lembranza de iniciativas coma o Encontro Internacional de Escritoras, a publicación de *Unión Libre* ou os estudios sobre Rosalía de Castro.

Taibo, Nacho, “Unha historia da humanidade”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 30 agosto 2000, p. 12.

Breve relato onde se mestura o irónico e o fantástico. Comeza coas reflexións de Talapius no momento anterior á súa crucifixión. A seguir, descríbensenos outras mortes deste personaxe noutras reencarnacións. Finalmente, cóntase cómo, desenganado da humanidade, Talapios reencárnase nun “animal mariño e acoirazado” e “outro galego coceuno vivo nunha pota”.

Tizón, Alba, “A Feira do Libro de Vigo reduce ás súas ventas”, *Atlántico Diario*, 10 xullo 2000, p. 24.

Información acerca da XXVIª edición da Feira do Libro de Vigo que contou coa presencia de Suso de Toro, María Xosé Queizán e Manuel María, entre outros. Achéganse datos provisionais acerca da diminución de ingresos con respecto á feira anterior e coméntase o perigo que os libreiros ven en Internet.

Toro, Suso de, “Doe”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 31 agosto 2000, p. 14.

Relato breve que ten como tema principal as doazóns de órganos e como secundario a peregrinación. Con estes dous motivos, a voz narradora ensarilla dúas historias: a dunha muller que peregrina en bicicleta para absolver a súa culpa e sofre un accidente mortal, e a dun receptor que peregrina a Santiago ao que lle doe o corazón ao cruzar a dúas mulleres na Praza do Obradoiro.

Torres Regueiro, Xesús, “Que pouco farta a poesia!”, *A Nosa Terra*, nº 938, “Guieiro Cultural”, 8 xuño 2000, p. 35.

Reflexión sobre a falta de ingresos que para o propio escritor xera a poesía, baseada nalgunhas anécdotas da literatura universal. No texto hai tamén unha lembranza de autores galegos, como é o caso de Blanco Amor. Afírmase que este non é un fenómeno exclusivo da actualidade e lémbrase o caso de Rosalía. Fronte a isto, coméntanse os factores extraliterarios que incidiron na venda de libros de Curros, Celso Emilio ou Manuel María. Finalmente, afírmase que os escritores “tampouco axudan moito para favorecer a leitura, escribindo pra colegas ou profesores de semiótica comparada, cando non caen nun intimismo enfermizo, reducido e redutor” e coméntase a escasa habilidade da maioría dos poetas para recitaren os seus versos.

_____, “Unha carta inédita de Manoel-Antonio a Cebreiro”, *A Nosa Terra,* nº 962, “Guieiro Cultural”, 23 novembro 2000, p.34.

Analiza a datación e os lugares onde se localizan as distintas cartas de Manoel Antonio dirixidas a Cebreiro, recollidas polo Dr. García Sabell (Galaxia, III, 1979), e reproduce integramente unha tarxeta postal inédita, non incluída por tanto na citada recompilación, que o poeta mariñeiro enviou a Cebreiro dende o porto de Alacant, da que se deduce, segundo o articulista, que foi o último intercambio epistolario entre os dous autores.

Trillo, J., “Los celtas, tema preferido en la feria del libro ceense”, *El Correo Gallego*, 16 agosto 2000, p. 40.

Avaliación positiva dalgúns dos libreiros participantes na Feira do Libro de Cee na que salientan o interese dos lectores sobre temas celtas e obras que tratan sobre a Costa da Morte.

Trillo, Jesús, “Corcubión convertirase no centro documental da obra de Castelao”, *El Correo Gallego*, 31 agosto 2000, p. 50.

Informa de que o alcalde de Corcubión ofreceu unha recepción a membros do *Tercio de Gallegos* de Arxentina e anunciou a creación dun “centro documental do patrimonio sobre a ampla obra de Castelao”.

Tristán, Pancho, “Espiral Maior achega a Galicia a poesía irlandesa contemporánea nun volume antolóxico”, *El Mundo. Galicia*, “Cultura”, 7 marzo 2000, p. 8.

Comentario da elaboración deste volume con datos sobre os escritores compilados. Recóllense opinións do autor acerca do descoñecemento existente acerca da poesía irlandesa e salienta a excepción de Seamus Heaney. A seguir proporciónase unha lista dos poetas incluídos.

_____, “Galicia en drama”, *El Mundo. Galicia*, “Cultura”, 12 marzo 2000, p. 11.

Reflexión acerca do teatro actual na que se salienta a importancia do drama na tradición. O autor expresa o seu descontento coa producción teatral galega e intenta buscar os posíbeis responsábeis desta situación.

U. L., “A Casa-Museo de Rosalía acolle uha tertulia sobre as escritoras”, *La Voz de Galicia*, 2 marzo 2000, p. 49.

Breve nota na que se informa sobre o ciclo de faladoiros desenvolvido na Casa-Museo de Rosalía dende o día catro de novembro de 1999, que leva o título “Diálogos na casa de Rosalía” e dá conta da sesión titulada “Escritoras na narrativa” na que interviñeron Mª Xosé Queizán e Marilar Aleixandre.

_____, “A novela é un reto para as escritoras galegas”, *O Norte*, nº 137, 1ª quincena marzo 2000, p. 7.

Dáse noticia da xornada dos Diálogos na Casa-Museo de Rosalía na que se debateu sobre a ausencia de mulleres na narrativa galega. Recóllense algunhas opinións de María Xosé Queizán a respecto da actitude de Rosalía, da “escasez de tradición”, e da “falta de profesionalidade e oficio xa que [...] unha novela é un “traballo sistemático e continuado” e “poucas mulleres teñen tempo e dedicación”. Marilar Aleixandre, pola súa parte, achegou algúns datos, como que as mulleres “non teñen a mesma facilidade para publicar” e apostou pola creación de personaxes femininas.

V. L., “A entrada da cultura galega na modernidade”, *La Región*, “80 aniversario Revista ‘*Nós*”, 30 outubro 2000, p. 51.

Analiza a significación da Xeración Nós, “que supuxo a entrada na modernidade da cultura galega superando o rexionalismo e o costumismo precedentes”, e do seu voceiro, a revista *Nós* na que se deu cabida, non só a representacións de todas as grandes tendencias líricas da época, senón que tamén tratou o teatro e a prosa e mesmo traballos críticos sobre narrativa galega. Así mesmo, recolle a opinión de Luís Seoane que, malia recoñecer a importancia da revista, afirma que esta non amosou “demasiadas inquedanzas en col das artes plásticas e só nos últimos números recolleu as colaboracións dalgúns dos nomes fundamentais do Movemento Renovador da Arte en Galicia”.

VV. AA., “Alonso Montero di adeus ás aulas (1953-2000)”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas”*, nº 116, 22 febreiro 2000, pp. 1-8.

Suplemento monográfico dedicado a Xesús Alonso Montero con motivo da homenaxe polo seu abandono coma catedrático de Literatura Galega na Universidade de Santiago tras corenta e sete anos de actividade docente. Nel inclúense os seguintes artigos:

-María Victoria Moreno, “O mestre das palabras”, pp. 2-3.

Repasa a etapa de mestre de Xesús Alonso Montero nos anos sesenta no Instituto Masculino de Lugo, sendo Catedrático de Lingua e Literatura Española, facendo especial fincapé no seu desterro a Montilla, provincia de Córdoba onde “su fuerza como líder del galleguismo más demagógico quedase anulada”. Así mesmo, a articulista agradece ao profesor as súas lecciónns das que aprendeu, entre outras cousas, a actitude ante a lingua, a ética e o compromiso cos seus falantes.

-C. F., “El destierro a Andalucía”, p. 3.

Lembra o desterro de Alonso Montero a Andalucía a partir dun escrito de denuncia presentado polo inspector de Ensinanza Media Luciano Penedo, e as propias impresións do profesor sobre os feitos, que se comparan

co acontecido a outros membros do galeguismo como Francisco Rodríguez, profesor por aquel entón do instituto de Cangas do Morrazo, trasladado a Puerto Real, Cádiz.

-M. Sío Dopeso, “Non hai nada máis bonito que xogarse a vida polas palabras”, pp. 4-5.

Recóllese unha entrevista na que o profesor Xesús Alonso Montero, ademais de falar da súa vida, a súa infancia na aldea, o descubrimento da literatura da man de *O Quixote,* os seus anos de docente en Lugo, unha das etapas máis duras por mor da represión pero que lembra con maior agarimo, a súa experiencia docente e a súa faceta de escritor, analiza a situación actual das letras en Galicia amosándose pesimista pois, “cada vez hai máis literatura e cada vez falamos menos o galego. Eso pasa porque hai moitos sectores da sociedade que non están comprometidos coa lingua”. Así mesmo, xustifica as súas tendencias políticas, “son un galego galeguista, pero non nacionalista”, fala dos seus primeiros contactos co marxismo, e recoñece a esquerda como única opción política válida para os intelectuais.

-Xosé María Dobarro, “A inxente labor do profesor”, p. 6.

Fai un repaso polo labor de investigación, estudio e divulgación da nosa lingua e da nosa literatura desenvolvido polo profesor Xesús Alonso Montero, deténdose no seu artigo sobre Curros Enríquez, primeira achega de interese, que viu a luz en 1951, cando aínda era estudiante en Madrid, os distintos estudios sobre escritores como Rosalía de Castro, Luís Seoane e Roberto Blanco Torres, entre outros, que puxeron o seu labor artístico ao servicio da causa dos máis desfavorecidos da sociedade, distintas publicacións sobre

Castelao, que malia teren aparecido hai tempo seguen a ter plena vixencia, “importantes” antoloxías como *Os cen mellores poemas da literatura galega*, e a súas incursións no campo lingüístico, das que destaca o *Informe –dramático- sobre la lengua gallega* de 1973, no que expón ideas que xa manifestara con anterioridade e que “cómpre saber sobre a lingua galega”.

-Domingo García-Sabell, “O oculto segredo”, p. 6.

Reflexiona sobre a personalidade de Xesús Alonso Montero, ao que considera “unha criatura humana conflictiva, unha persoa contradictoria, dominado sobre todo pola paixón, polo pánico, pola conmoción da sensibilidade, antes que polo asoballo intelectual” para o que a “esencia da nosa terra” é o móbil decisivo.

-Xosé A. Ponte Far, “Época de semente”, p. 7.

Lembra a etapa de catedrático de instituto de Xesús Alonso Montero, especialmente os anos sesenta, nos que exerceu no Masculino de Lugo, marcando unha maneira de dar clase no ensino medio en Galicia na época de Franco, “acendía os ánimos revolucionarios da sangue xove”, aínda que recoñece que esta faceta da súa vida quedou nun segundo plano debido á importancia acadada no eido da investigación lingüística e literaria e pola súa relevancia como profesor universitario, erudito e articulista.

-Francisco Fernández del Riego, “Perfil do escritor e do profesor”, p. 7.

Como complemento ao traballo no que amosa a súa visión sobre a figura de Alonso Montero, publicado nun dos volumes de homenaxe que a Universidade de Santiago lle dedica a este catedrático con motivo do seu retiro das aulas, analiza outros aspectos que caracterizan a persoa do profesor, centrándose na súa obra, na que ve unha combinación de crítica e erudición e a manifestación das preocupacións existentes no período no que actúa, ademais de lembrar a súa faceta docente como profesor de ensino medio nun primeiro momento, e universitario despois.

-Ernesto Vázquez Souza, “O “Informe dramático sobre la lengua gallega”, 27 anos despois”, p. 8.

Analiza a estructura, forma e contido da obra de Xesús Alonso Montero *Informe dramático sobre la lengua gallega* na que ve reflectidos os temas e motivos que o profesor ten desenvolvido ao longo destes últimos trinta anos, entre os que se atopan a reivindicación do galego popular ou os debates entre a esquerda marxista e o nacionalismo e que, ademais, “marca un fito no discurso lingüístico galego. O discurso desesperanzado e de lamentos, que tanto éxito tivo entre os que desexaban ese futuro para o galego e que moitos, contra a corrente da sociedade para a que traballan e escriben, gostarían aínda de resucitar”.

VV. AA., “Unha biografía xenerosa e comprometida”, *La Voz de Galicia*, 22 agosto 2000, p. 11.

Breve comunicado en homenaxe a Isaac Díaz Pardo con motivo do seu oitenta aniversario nun recoñecemento público e colectivo da súa vida dedicada á cultura e ao mecenado de artistas mozos. O manifesto vai asinado por cento setenta e sete persoeiros de todos os eidos da cultura dende Xesús Alonso Montero, pasando por Encarna Otero ata Darío Villanueva.

VV. AA., “Manuel Antonio, máis vivo que nunca”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 133, 27 xuño 2000, pp. 1-8.

Suplemento cultural dedicado a comentar a figura e obra do poeta rianxeiro Manuel Antonio, polo centenario do seu nacemento e que a súa vila natal, Asados-Rianxo, o vai homenaxear. Recóllense os seguintes artigos:

-X. L. Axeitos, “Rebeldía e paixón creadora”, pp. 2-3.

Realiza un breve perfil da figura de Manuel Antonio, salientando os acontecementos máis importantes que marcaron a súa curta, pero intensa vida. Así, alude, entre outras cousas, á familia do poeta rianxeiro, subliñando dela o seu excesivo conservadurismo que provocaba que este se vise obrigado a agachar a súa vertente nacionalista. Refírese tamén á vida bohemia e aventureira que levou a cabo nas cidades nas que estudiou. Logo, sinala que o poeta de Asados nos últimos anos da súa vida pasou dunha intensa actividade político-cultural a illarse, refuxiándose nas súas navegacións e na poesía.

-Claudio Rodríguez Fer, “Na vangarda da vangarda”, pp. 4-5.

Analiza algúns aspectos que caracterizaron o pensamento ideolóxico de Manuel Antonio e dos que deixou constancia no manifesto *¡Máis Alá!* (1922), escrito asinado tamén por Álvaro Cebreiro. Comenta que Manuel Antonio non pretendía crear un "contrasistema", coma as vangardas, senón que buscaba a crítica do anterior para superalo con algo novo. Así, apunta que a novidade desexada –ir máis alá– se resolve no poeta rianxeiro mediante a afirmación dun "individualismo literario".

-Carlos Fernández, "La aventura marinera de un poeta", p. 5.

Alude á estreita relación de Manuel Antonio co mundo mariño, salientado as súas viaxes a bordo de diferentes barcos. Subliña que o poeta de Asados deixou constancia destas intensas vivencias na súa obra, como en *De catro a catro*, onde "en cada unha das súas estrofas hai vigor, ensoñación, juventud". Remata afirmando que esta axitada vida lle custou a súa propia.

-Xosé Manuel da Silva, "Máis acá do manifesto "¡Máis alá!", p. 7.

Trata de desentrañar certos aspectos que rodearon a producción e posterior recepción do manifesto *¡Máis Alá!* (1922) de M. Antonio. Apunta que na época na que se xestou este escrito foi visto dende un punto de vista político, salientando a influencia que tivo na creación deste o enfrontamento entre os dous sectores das Irmandades da fala, as Irmandades da Coruña e o resto do grupo liderado por Risco. Asemade, analiza o papel de Villar Ponte na redacción deste proxecto, afirmando que este foi tachado nalgunha ocasión como o

verdadeiro autor do manifesto, cousa que nega, mais si o acusa de manipular o escrito. Por outra banda, manifesta que o traballo na súa época pasou bastante desapercibido.

-Carlos L. Bernárdez, “Renovación sen ruptura”, p. 6.

Tras facer unha aproximación ao que significou o vangardismo para a Xeración Nós, aborda o mesmo tema en Manuel Antonio, sinalando que con este se produce unha “renovación” no panorama literario galego, mais en “diálogo” coa xeración anterior e non “contra esta”. Subliña que, anque o poeta rianxeiro reciba influencias do creacionismo e do cubismo no formal, e do simbolismo no temático, non hai nel aquela vangarda extrema e radical de Europa. Salienta que a poesía de Manuel Antonio significa unha “modernidade” para as nosas letras. Ademais, fai referencia ao vangardismo noutros compañeiros de xeración do autor de *De catro a catro*.

-César Antonio Molina, “La última travesía”, p. 6.

Comenta que Manuel Antonio foi un home que lle tocou vivir nunha época de cambios de valores, o paso á industrialización, mais di que este se aferra a un “mundo intimista, sentimental e perfectamente fundido nas raíces da natureza rural e mariña”, salientando que neste sentido se achega a algunhas ideas do expresionismo. Por último, cualifica ao poeta como un “vagabundo universal” á procura “dunha terra, dun mar, dun universo reducido, domado”.

-Sara Ares, “Quería a Galicia convertida en nación”, p. 8.

Entrevista a Carmen Domínguez, sobriña de Manuel Antonio, que comenta moitos dos aspectos que caracterizaron ao autor de *Catro a catro*, ademais de relatar unhas cantas anécdotas, baseándose no que lle contou a súa nai. Cualifica ao poeta rianxeiro como un mozo moi atrevido, un defensor a ultranza de Galicia e un home posuídor dunha inmensa curiosidade que o levou a facerse mariñeiro para ver mundo. Asemade, subliña que o autor do manifesto *¡Máis Alá!* “quería que Galicia fose unha nación”, anque di que “nunca reflectiu o seu galeguismo e o seu nacionalismo na súa obra”. Remata aludindo á mala relación da súa familia con Domingo García Sabell.

VV. AA., “Manuel Luís Acuña (1900-1975)”, *La Región*, “Especial”, 24 outubro 2000, pp. 33-40.

Suplemento dedicado á figura de Manuel Luís Acuña, con motivo de se cumprir o cuarto cabodano da súa morte, no que se recolle unha achega biográfica, destacando aqueles anos máis significativos da súa vida; unha entrevista na que o poeta fala da súa faceta como profesor e creador poético; as declaracións de varias figuras “destacadas” do mundo das letras e da cultura de Galicia, como Celso Emilio Ferreiro, Anxo Tarrío, Xosé Luís Méndez Ferrín ou Eduardo Blanco Amor, loando o seu labor a prol da cultura galega e a obra literaria de Acuña e, sobre todo,
o seu libro de poemas *Fírgoas* (1933), así como unha serie de artigos nos que se analizan distintos aspectos relacionados coa súa personalidade e poética, que se recensionan a seguir:

-Xoan Carlos Domínguez, “Lápiz a notar silenzos”, p. 37.

Analiza a poética de Manuel Luís Acuña, a significación da súa obra, “auténtico expoñente da contención poética”, e o tratamento dun dos temas principais da súa poesía, a infancia, a través do cal se descobren afinidades e recorrencias entre “dous grandes poetas galegos deste século”, Acuña e Luís Otero Pimentel.

-Concepción Diéguez Álvarez, “As paisaxes de Manuel Luís Acuña”, p. 37.

Estudia a mudanza no tratamento da paisaxe, que evoluciona dende unha descrición costumista cara a unha "paisaxe máis humanizada, fóra xa dunha simple estampa decorativa", exemplificando esta última fase coa composición "Poemas do día", aparecida na revista *Vida Gallega*, e relaciona esta evolución na obra de Acuña co desenvolvemento do decurso vital do autor. Así mesmo, sinala a actualidade desas paisaxes.

-Xosé Manuel Cid Fernández, "Manuel Luís Acuña: mestre i educador", p. 38.

Cita algúns dos actos conmemorativos do primeiro centenario do nacemento de Acuña, entre eles o Congreso que tivo lugar nas Terras de Trives, no que se recoñeceu a súa calidade de gran valor do galeguismo nos anos vinte e trinta, tanto no que atinxe á creación literaria como, sobre todo, ao seu labor docente, no que destacou por ser un dos impulsores da renovación pedagóxica na que participaron os distintos sectores da esquerda galeguista.

-Marcos Valcárcel, "Poeta da República", p. 39.

Dá conta da militancia política de Acuña, situado na póla máis progresista do galeguismo republicano, tanto nos anos finais da Dictadura coma en etapas posteriores nas que a súa presencia política foi moito menor, e centrándose sobre todo na época posterior a 1933, ano a partir do cal escolleu como territorio de acción política a fronte cultural dos poetas republicanos. Así mesmo, lembra que nos seus versos reficte unha postura ideolóxica, como exemplifica o poema "Presentimento" no que expón unha "defensa rexa dos grandes valores democráticos".

-Ramón Nicolás Rodríguez, “Os outros Acuña: Un mamantío inesgotable”, p. 40.

Analiza a evolución literaria do autor de *Fírgoas* e pona en relación con outras facetas do seu labor intelectual, entre as que se conta a práctica política republicana e galeguista, a súa obra de corte satítico, o seu delongado exercicio docente, as colaboracións xornalísticas e a súa obra narrativa.

-Domingo García Sabell, “Acuña: dicir o inefabre con pulencia plástica”, p. 40.

Explica algúns dos aspectos que definen a poesía de Acuña, representada por un único poemario publicado en 1933, entre os que destacan a fluidez dos seus versos e a versatilidade formal, ademais doutros aspectos que se poñen de manifesto nunha “segunda lectura máis repousada e, se cadra, menos figurativa ca primeira”, como son a estreita unidade de cada poema en si, que se pode ver nas composicións “É vento a man da rapaza” e naquela que comeza “Eu veño de non sei donde/ e voume para donde veño”, e a relación entre o contido do libro e o título do mesmo.

VV. AA., “El Pueblo Gallego. Unha cabeceira histórica”, *La Voz de Galicia*, 25 xullo 2000, pp. 1-24.

Trátase dun número especial dedicado ao xornal *El Pueblo Gallego* co gallo da conmemoración do 25 de xullo, no que se recollen un artigo da editorial, “Se acabó la noche”, do 14 de abril de 1931 e as colaboracións dalgunhas figuras senlleiras nas súas páxinas: “Galerías” Una tesis discutible”, de A. Villar Ponte; “Pintar mariposas”, de Vicente Risco; “Llegó la televisión”, de Juan Beneyto; e “¿Se puede pasar?”, de Wenceslao Fernández Flórez. Así mesmo, entre outros, reproduce unha serie de artigos que dan conta do nacemento e evolución desta cabeceira xornalística, “unha das que máis axudou a dar forma á Galicia contemporánea”, e dos que damos conta a seguir:

-Lorenzo Conteras, “Un recordo lonxano de “*El Pueblo Gallego*”, p. 2.

Describe a etapa na que, dirixido polo falanxista Félix Morales, o xornal *El Pueblo Gallego*, que fora fundado por Manuel Portela Valladares, actuaba como voceiro do franquismo, “era do Movimento, ou sexa, franquista declarado”, e lembra que foi neste momento cando se iniciou no xornalismo a través da redacción de artigos no citado xornal do que sería despedido moi pronto por protestar contra a censura dos seus artigos.

-Arturo Lezcano, “O mito da prensa galega”, p. 3.

Dá conta da traxectoria idolóxica do xornal *El Pueblo Gallego* dende os seus primeiros tempos, nos que funcionaba como voceiro da sociedade galega daquela época, en particular da burguesía, ata a súa conversión ao franquismo coa chegada do réxime.

-Carlos Fernández, “Cronoloxía de “El Pueblo Gallego” (1924-1979), pp. 3-4.

Fai un repaso polas datas máis importantes no decorrer histórico deste xornal, dende 1924, ano no que saíu en Vigo o primeiro número dirixido por Ramón Fernández Mato, ata 1998, momento no que *La Voz de Galicia* adquire, en poxa pública, a cabeceira.

-Francisco Fernández del Riego, “Presencia e existencia da lingua galega”, p. 11.

Analiza as distintas etapas da evolución política de Galicia, dende a separación do reino galego-portugués ata a consecución da autonomía, mercede á que se produciron “evidentes adiantos na actividade cultural e nos eidos do ensino, aínda que non na medida que cómpre acadar”, describindo a situación da lingua e da literatura galegas en cada unha das diferentes etapas históricas.

-Siro, “Ano de Castelao, 1886/1950”, pp. 12-13.

En lembranza de Castelao, “home de extraordinario talento que destacou en todas as actividades artísticas”, o caricaturista Siro López preséntanos unha síntese biográfica deste “sobranceiro personaxe” a través de vinte viñetas que dedica especialmente “ós rapaces e rapazas que están a descobrir a nosa cultura”.

-Xosé María Palmeiro, “Un reconto de soños e sufrimentos”, pp. 14-15.

Fai un repaso pola celebración do 25 de Xullo, dende o ano 1920 no que por iniciativa da Irmandades da Fala se instaura ese día como “Día de Galicia”, ata a actualidade na que esta celebración reivindicativa e festiva, política e lúdica que mantén viva a lembranza de Castelao segue atraendo a milleiros de persoas de toda Galicia a Compostela, recordando con especial interese as etapas de 1968 e 1976, anos nos que “as arelas patrióticas de festa esperanza e liberdade das primeiras celebracións quedaron tinxidas de obstáculos” por mor da represión do réxime franquista.

-Carlos Casares, “Manter o paso”, p. 19.

Analiza a universalidade da cultura literaria galega ao longo do século XX, lembrando os catro grandes momentos na evolución da literatura galega: a etapa do romanticismo, a época modernista e a segunda metade do século, no que se puxeron as bases do ensaísmo e a narrativa contemporáneos, e conclúe cun chamamento para que Galicia non “perda o paso” na súa apertura ao mundo pois o que agora está en xogo é “moito máis que a literatura”, aínda que recoñece que esa apertura “xa non é un problema literario, senón unha decisión de política cultural”.

-Víctor Freixanes, “Un espacio distinto”, p. 23.

Lembranza na que se refire ás súas numerosas viaxes, a través das que di que percibiu que mesmo estando fóra, “o país, a lingua e esas marcas nas que nos recoñecemos e compartimos e algúns chaman tamén identidade”, o acompañaron sempre mercede ao ordenador e o correo electrónico que lle permitiu ademais, establecer contacto con outros que coma el sentían morriña e saudade da terra.

-Miguel Anxo Seixas Seonae, “Compostela en Castelao”, p. 24.

Fai un chamamento a todas aquelas persoas que posúan algún texto de ou sobre Castelao para que o envíen a Fundación que leva o nome do escritor, e contribuír así ao labor de recompilación de todos os documentos escritos e gráficos do rianxeiro que esta institución está a levar a cabo, e lembra que mercede a este esforzo se publicou xa o primeiro volume da edición da obra literaria do autor, e téñense en vías de publicación outros traballos, entre os que se conta unha bibliografía do autor. Neste mesmo artigo e como contribución a esa tarefa de recuperación, preséntase un texto inédito de Castelao, titulado “Compostela”, publicado por primeira vez no número catro da revista do Centro de Rianxo de Buenos Aires en 1973.

Valcárcel, Marcos, “Os ourensáns no 50 cumpreanos de Galaxia”, *La Región*, 2 xaneiro 2000, p. 12.

Ante a próxima celebración do cincuenta aniversario da editorial Galaxia, que recibiu a medalla de ouro ao Mérito das Belas Artes da man do Goberno Español, lembra os obxectivos que levaron á súa fundación en 1950, cun primeiro consello de administración presidido por Ramón Otero Pedrayo e que contaba, entre outros, coa participación de Francisco Fernández del Riego, Ramón Cabanillas, Fernández-Oxea, e Ramón Piñeiro, cita algúns dos títulos publicados pola editorial entre os que destaca o primeiro deles *Antífona da cantiga*, de Ramón Cabanillas que saíu do prelo en abril de 1951, e apunta outros esforzos deste grupo de homes, como a creación da colección “Illa nova”, a revista cultural *Grial* nacida en 1963 baixo a dirección de Ramón Piñeiro e a *Revista de Economía de Galicia* que contaba entre os seus principais responsábeis a Illa Couto e Xosé Manuel Beiras.

_____, “O señor de Trasalba”, *La Región*, “Ourense: universo literario”, 16 xaneiro 2000, p. 59.

Fai unha achega a “unha das figuras indiscutíbeis en calquera canon da nosa literatura contemporánea”, Ramón Otero Pedrayo, “cabeceira do nacionalismo republicano e guieiro de luz para as novas xeracións galeguistas que aboiaban en Compostela a finais dos 50”, e analiza a súa obra narrativa, na que atopa ecos de Rousseau, Goethe, Chateubriand e os autores galegos Pondal, Rosalía de Castro e Curros Enríquez ademais dun reflexo claro da sociedade da época. Ao mesmo tempo reclama a reedición das novelas en castelán do autor e a publicación da súa ampla obra xornalística na prensa ourensá e no xornal compostelano *La Noche*.

_____, “Álvarez de Novoa”: o pintor das nosas paisaxes”, *La Región*, “Ourense: universo literario”, 23 xaneiro 2000, p. 85.

Fai una achega biográfica a Francisco Álvarez de Nóvoa, “uns dos renovadores da narrativa galega contemporánea”, autor, entre outras, da obra *Pé das Burgas* (1896), e analiza a estética da súa obra, similar á de Edgar Allan Poe, na que rexeita o costumismo rural e a denuncia das miserias do pobo como única liña temática apostando por un uso innovador do léxico, co que introduce ao lector nun mundo burgués inédito ata ese momento. Así mesmo, loa a “merecida” revalorización da que está a ser obxecto este autor e demanda a inclusión deste “gran escritor” nos manuais de literatura que “a miúdo se esquencen da súa obra”.

_____, “Pérez Placer, fantasía e erotismo”, *La Región*, “Ourense: universo literario”, 30 xaneiro 2000, p. 76.

Retoma a figura de Heraclio Pérez Placer, escritor ourensano nacido o 8 de novembro de 1866, centrándose, depois dunha introducción biográfica e unha breve análise dos ambientes reflexados nos seus libros, en dous aspectos “innovadores” na narrativa do seu tempo, o erotismo dalgúns dos seus relatos, ás veces nun rexistro humorístico, exemplificado nos retratos dalgúns dos seus personaxes, e as súas incursións no xénero fantástico presentes en moitos dos seus contos.

_____, “Eladio Rodíguez, o creador dun diccionario”, *La Región*, “Ourense: universo literario”, 6 febreiro 2000, p. 61.

Artigo dedicado ao poeta Eladio Rodríguez, autor dos libros *Folerpas* (1894), *Raza e Terra* (1922) e *Oracións campesiñas* (1927), pero que pasou á posteridade por ter elaborado un *Diccionario enciclopédico gallego-castellano* editado pola editorial Galaxia entre 1958 e 1961 e polo labor como presidente da Real Academia Galega, no que analiza a súa biografía e a súa producción, facendo especial fincapé no mundo lírico marcado polo franciscanismo e o culto á paisaxe presentes nas súas obras.

_____, “Xavier Prado Lameiro, a loita por unha cultura enxebre”, *La Región*, “Ourense: universo literario”, 13 febreiro 2000, p. 54.

Analiza a figura de Xavier Prado Lameiro, un inspector de hixiene que compaxinou a súa profesión co seu labor como poeta, froito do cal foron as obras *A carón do lume* (1918) e *Cóxegas e moxetes* (1928) que seguen a liñas da poesía decimonónica, autor teatral, ámbito no que acadou gran fama, e xornalista, destacando como principal impulsor do xornal *O Tío Marcos da Portela*, ademais de ser o fundador da Coral de Ruada xunto con Prieto Nespereira e Virxilio Fernández.

_____, “Poetas mozos e modernistas”, *La Región*, “Ourense: universo literario”, 20 febreiro 2000, p. 71.

Artigo centrado no estudio dos contidos e os colaboradores da revista *La Centuria*, fundada en 1917 por Vicente Risco co fin de conectar coas literaturas foráneas e abrir camiño a voces novas que se movían entre o simbolismo e o modernismo. Analiza ademais a etapa modernista deste autor, na que lonxe aínda das ideas galeguistas que máis tarde marcarían a súa obra, colaboraba en publicacións como a revista *Azul* (1913), “Revista quincenal ilustrada. Arte, ciencia y literatura”, ou o xornal ourensán *El Miño* (1910), dirixido por Francisco Álvarez de Nóvoa, nos que se amosaba seguidor das tendencias de Rubén Darío e sinalaba como modelos renovadores aos poetas “unanimistas” que seguían o ronsel de Walth Withman, Rimbaud e Kipling.

_____, “Tres poetas de preguerra”, *La Región*, “Ourense: universo literario”, 27 febreiro 2000, p. 66.

Achéganos a tres poetas da época de preguerra “que non recibiron aínda a atención que merecen”, Xerardo Álvarez Limeses, autor do volume *Antre dous séculos* (1934), Augusto María Casas, que escribiu o libro de poemas *Cantigas da noite moza* (1950), e o seu irmán Álvaro de las Casas que cultivou tamén varios xéneros, entre os que se atopan a elaboración de guías turísticas como *Dos días en Orense* editada en Madrid en 1927, e analiza sobre todo a presencia da cidade de Ourense na temática destas tres obras.

_____, “Losada Diéguez, o señor de Moldes”, *La Región*, “Ourense: universo literario”, 5 marzo 2000, p. 92.

Comeza recollendo as palabras que Otero Pedrayo lle dedicou a Losada Diéguez (Borobás, 1884-Pontevedra, 1929) no libro de entrevistas *Unha ducia de galegos*, de Víctor Freixanes, nas que recoñece o seu maxisterio intelectual e ideolóxico. Sinala o carácter fascinante desta figura e nomea os estudios realizados por José A. Durán, Xusto Beramendi ou R. Regueira, ademais dos dous volumes colectivos editados polo Concello de Carballiño en 1984 e 1995. Recolle tamén os seus datos biográficos así como algúns dos pensamentos que deixou escritos. A propósito dos seus relatos comenta que algúns se sitúan nas súas terras natais de Moldes e que neles predomina o ambiente rural e mariñeiro. Sinala que en conxunto a súa obra comprende case cen textos publicados de carácter moi diverso entre os que se contan sete contos curtos, seis poemas, un fragmento dunha comedia e, sobre todo, ensaios breves sobre o galeguismo, críticas literarias, apuntes de crítica musical e ata unha versión ao galego do soneto XV da *Vita Nuova* de Dante. Finalmente apunta que o seu pensamento asenta en tres grandes claves, segundo estudiou Beramendi: o agrarismo, o galeguismo e o catolicismo.

_____, “Vicente Risco nos anos vinte”, *La Región*, “Ourense: universo literario”, 19 marzo 2000, p. 73

Reflexiona sobre a figura de Vicente Risco nos anos vinte e trinta, período no que destacou por exercer como mestre intelectual e cultural dos escritores mozos, ser a personalidade fundamental do galeguismo e o pricipal motor da revista *Nós* e das relacións co nacionalismo vasco e catalán, centrándose na súa obra literaria e analizando en profundidade unha das grandes novelas de tema ourensán, *O porce de pé*, publicada en 1928 e considerada como a primeira novela galega moderna e peza fundamental na historia da sátira galega pois nela Risco ridiculiza todos os sectores sociais e culturais da súa época.

_____, “Da prehistoria ó xornalismo”, *La Región*, “Ourense: universo literario”, 12 marzo 2000, p. 53.

Insiste na idea expresada por Xesús Alonso Montero no IIº Encontro de Escritores Ourensáns celebrado hai seis anos, de revalorizar o Florentino Cuevillas (Ourense, 1886-1958) escritor, faceta agochada pola súa brillante dedicación á prehistoria, á arqueoloxía e á etnografía. Recolle os cualificativos que lle dedicou Marino Dónega á súa prosa: “colorista e brillante, dunha gran riqueza léxica, sintáctica e rítmica” e salienta as prosas que contén o volume póstumo *Prosas galegas 1920-1958* (1962) ao lado das súas múltiples colaboracións en xornais e revistas como *La Región*, *El Miño*, *La Centuria*, *Nós*, *La Noche*, entre outras. A seguir detense no libro *Cosas de Orense*, publicado polo concello en 1969 e na actualidade esgotado e inaccesíbel, que recollía case cento cincuenta artigos publicados en *La Región*, cun prólogo de Otero Pedrayo e debuxos de Virixilio. Sinala que este volume constitúe unha homenaxe á cidade de Ourense, un percorrido por lugares entrañábeis, lembranzas da infancia e da xuventude e festas populares. Noutro apartado inclúe algúns datos biográficos do escritor e unha breve selección dos seus escritos.

_____, “O poeta dos nosos viños”, *La Región*, “Ourense: universo literario”, 26 marzo 2000, p. 67.

Artigo dedicado a Florencio Delgado Gurriarán (Córgomo, 1903-California, 1987) con motivo da inauguración da mostra “Florencio Delgado Gurriarán: bebedeira de ensoños”. Recolle as palabras que lle dedicou Carballo Calero na revista *Nós* en 1934, onde o recoñecía como un creador “de versos cheios de risos vendimaes, versos de un Anacreonte ou un Teócrito galego, opulentos e sensuaes, pictóricos, como un Rubens ou un Ticiano riberirán, escritos nunha lingua enxebre e ricaz, que deita un zume mesto e ledo como os acios do Barco de Valdeorras”. Salienta o acertado destas palabras, tendo en conta que Delgado Gurriarán é autor dun himno ao viño, de cantigas de vendima e de gabanzas dos viños de Ourense e cualifícao como o poeta máis fiel ao espírito imaxinista de Amado Carballo. Cita tamén poemarios como *Galicia infinda* (1963), *Cantarenas* (1961) —escolma realizada por Xosé Gayoso Díaz— e *O soño do Guieiro* (1986) e destaca a súa defensa radical dos auténticos topónimos galegos que utilizou reiteradamente nas súas obras xogando liricamente con eles. Tras uns breves apuntamentos biográficos, sinala que ademais do rexistro paisaxístico hai nos seus poemas outra clave fundamental: a súa voz civil, rebelde e comprometida, precursora da poesía civil galega. Comenta a súa vinculación ao galeguismo apuntando a súa destacada participación no *Cancioneiro da loita galega* (1943) que editou o Partido Galeguista de México e no que asina os seus versos co pseudónimo de Nadel. Finalmente, menciona as súas colaboracións en proxectos culturais e xornalísticos como *Heraldo de Galicia*, *A Nosa Terra*, *Saudade* e *Vieiros*.

_____, “Un personaxe singular”, *La Región*, “Ourense: universo literario”, 2 abril 2000, p. 73.

Artigo dedicado a Euxenio Montes, un dos personaxes “máis fascinantes e novelescos do noso mundo cultural” considerado por Eduardo Blanco Amor como o renovador da prosa galega, e que foi un dos autores galegos máis lidos polos escritores casteláns da Xeración do 27, no que ademais dos datos biográficos, Marcos Valcárcel achéganos unha análise da súa obra literaria en galego, elaborada toda ela antes da Guerra Civil, centrándose nas tendencias estéticas seguidas polo autor así como na temática paisaxística e costumista da que destaca varios poemas.

_____, “Xornalistas republicanos”, *La Región*, “Ourense: universo literario”, 9 abril 2000, p. 91.

Ofrécenos datos sobre a biografía, a actividade xornalística e o facer político de Basilio Álvarez, fundador do movemento Acción Gallega, Roberto Blanco Torres, director dos xornais *La Zarpa* e o semanario *La República* dende 1931, e Jacinto Santiago, fundador e director de *La República* (1930-1931), pertencentes á xeración de xornalistas republicanos vinculados á cultura e á literatura do seu tempo (1920-1936), que tiveron en común un xornalismo comprometido e rebelde, identificado cos ideais da República.

_____, “A forza dun silencio”, *La Región*, “Ourense: universo literario”, 16 abril 2000, p. 82.

Unha vez máis, Marcos Valcárcel reflexiona sobre a figura do mestre de escola e escritror Manuel Luís Acuña, nado en 1900 e falecido en 1975, lamentándose da súa escasa producción literaria, representada unicamente nun libro de poemas titulado *Fírgoas* publicado en 1933, no que aparace claramente reflectida a cidade de Ourense, e do escaso recoñecemento da súa obra, pospoñendo unha análise máis pormenorizada deste poeta da Xeración do 25 para o tempo do seu centenario.

_____, “Otero Pedrayo en abril”, *La Región*, 18 abril 2000, p. 12.

Analiza o simbolismo do mes de abril na vida de Ramón Otero Pedrayo, mes no que conseguiu, en 1950, a Cátedra de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela e, oito anos despois fixo o pronunciamento dun dos seus grandes discursos, na coroación poética de Ramón Cabanillas, no que convida aos mozos e aos poetas a “facer Galicia”, pero que tamén foi o mes da morte da súa muller, en 1975, e del mesmo, un ano despois.

_____, “Mestres e poetas”, *La Región*, “Ourense: universo literario”, 23 abril 2000, p. 66.

Recolle un estudio da biografía e a obra de tres mestres e xornalistas moi relacionados coas letras dos anos trinta, vinculados á cidade de Ourense, Manuel Gómez del Valle, escritor en castelán e membro do comité executivo provincial do PCE e da redacción do xornal *El Soviet*, Juan Lacomba, poeta e crítico de arte, e Manuel García Paz, autor do libro en prosa *IV Melodía. Desfíe de campesiñada galega* (1935), que “debe ser a única obra galega na que se fai un canto entusiasta ao heroísmo asturiano na Revolución de outubro de 1934” que para o autor amosaba “a potencialidade dos fillos dos celtas e “da raza norteña, dende Vasconia a Galiza, celta, forte e nobilísima”.

_____, “Sete argumentos para mercar e leer”, *La Región*, 24 abril 2000, p. 8.

Con motivo da celebración do Día do Libro no Carballiño, expóñense sete razóns para mercar un libro e dáse conta dalgunhas das ofertas da tempada, entre as que se atopan traduccións de obras mestras da literatura universal como *O vello e o mar* de Hemingway. Así mesmo, lembra a lectura dramática do *Incerto señor don Hamlet* de Álvaro Cunqueiro por parte da Escola Municipal de Teatro que tivo lugar na Casa da Cultura do Carballiño.

_____, “A pegada do modernismo”, *La Región*, “Ourense: universo literario”, 30 abril 2000, p. 81.

Comeza mencionando que a pegada do modernismo na literatura galega redúcese á obra de Ramón Cabanillas e a algúns poetas da súa escola xa que os modernistas galegos recoñecidos pola crítica escribiron case toda a súa obra en castelán. Entre eles cita a Antonio Rey Soto (Santa Cruz de Arrabaldo, 1879-Madrid, 1966), escritor polifacético, autor dunha ampla obra en castelán e de composicións poéticas e algún texto en prosa en galego. A continuación, cita todos os seus títulos e sinala que nos seus versos galegos recorre a espacios e personaxes ourensáns. Recolle tamén algunhas valoracións críticas feitas á súa obra, entre elas as de Carballo Calero, quen recoñeceu nela unha defensa dos valores tradicionais, dos ideais antigos fronte ao progreso e da fidalguía; de Filgueira Valverde que subliñou a súa amizade con Murguía, Castelao e Noriega Varela e salienta o seu emprego do tópico do *Ubi sunt*. Finalmente presenta un percorrido pola súa biografía e reproduce o alegato galeguista que o autor publicou en 1918 en *O Tío Marcos da Portela*.

_____, “Voces do ‘*Heraldo de Galicia*”, *La Región*, “Ourense: universo literario”, 14 maio 2000, p. 80.

Cita algunhas das publicacións nas que escribiron os galeguistas ourensáns dende 1920, entre as que se atopan a revista *Nós* e o semanario *El Heraldo de Galicia*, voceiro deste grupo de mozos en todos os debates políticos e culturais que se sucederon entre 1930 e 1936, e algúns dos colaboradores destas, deténdose especialmente en Alexandre Bóveda, que participou na fundación do Partido Galeguista, e Arturo Noguerol Buján, “principal pensador do galeguismo en temas económicos”.

_____, “Un ensaísta republicano”, *La Región*, “Ourense: universo literario”, 21 maio 2000, p. 74.

Informa sobre a figura de Eloy Luís André centrándose nos seus ensaios políticos, publicados no semanario *La República*, nos que denunciaba o caciquismo e o “gran oceáno de ignorancia e indefensión de la vida rural gallega”, e na súa particular visión do galeguismo que, segundo Ramón López, “refugaba os modelos políticos, históricos ou románticos e só pode entenderse dende unha perspectiva científico-utilitaria”.

_____, “Manuel María ‘peregrinou’ ata Santiago”, *La Región*, “Poesía”, 23 maio 2000, p. 12.

Dá conta do recital poético celebrado ás portas da catedral de Ourense na voz de Manuel María, que fixo unha escolla de poemas baixo o título de “Cancións de amor ó camiño”. Comenta que foron un percorrido polo Camiño de Santiago dende o Cebreiro ata a cidade compostelá. Tamén sinala que o público, conformado por alumnos de diferentes institutos ourensáns, asistiron a unha escolla de poemas intimistas, satíricos e de maldizer e dun poemario xacobeo de Manuel María. Conclúe co recordo da súa primeira velada en Ourense como gañador duns Xogos Florais.

_____, “Os mestres republicanos”, *La Región*, “Ourense: universo literario”, 28 maio 2000, p. 82.

Lembra personaxes pouco coñecidos pero que tiveron moita presencia na prensa republicana antes e despois da Guerra Civil e que editaron a revista *Escuela del Trabajo*, logo continuada por *A.T.E.O* (1932-1936). Deste xeito, destaca a figura de Albino Núñez, que presidiu esta última publicación e a dirixiu ata 1933. Así mesmo, sinala que participou en numerosos xornais e escribiu libros como *Grandezas e miserias da Nosa Terra* (1959) ou *Toponimia Galaica* (1965). A seguir, nomea diferentes persoas que colaboraron activamente no debate idelóxico que existía cantra a guerra, sinalando que aparecían na revista *Nós* nomes como os de Manuel Fuentes Canal ou Manuel López Teijeiro con textos máis literarios. Tamén recorda outros personaxes tampouco recordados como é o caso de Luís Soto Fernández, Xosé Manuel Cid Fernández, Adolfo Rodríguez ou Luís Tabaoada Camoeiras.

_____, “Luís Madriñán Neira, o autor esquecido”, *La Región*, “Ourense: universo literario”, 4 xuño 2000, p. 89.

Volve facerse eco daquelas figuras ourensás pouco coñecidas como son Luís Madriñán Neira e José Adrio Menéndez. Coloca ao primeiro dentro dunha destacada familia de letras, xa que o seu pai e avó tamén participaron na vida cultural ourensá, e destaca o seu libro *Arelas irtas* (1930), con prólogo de Ramón Otero Pedrayo. Sinala que este volume recolle dez poemas e catro prosas, que segundo o seu prologuista, estas últimas tiveron unha mellor consideración. Por outra banda, sintetiza a obra máis salientábel de José Adrio Menéndez, *Del Orense Antiguo (1830-1900)* (1935), con prólogo de José Almoina e epílogo de Emilio Amor. Comenta que nel se fai un percorrido pola historia da cidade seguindo unha orde cronolóxica, recollendo feitos como a inauguración do ferrocarril ou a iluminación da cidade con petróleo.

_____, “Recuperación dun artista”, *La Región*, “Ourense: universo literario”, 11 xuño 2000, p. 73.

Nesta ocasión Valcárcel céntrase no ourensán Cándido Fernández Mazas (1902-Castro Caldelas, 1942) destacando o seu labor como debuxante na prensa, na que asinaba co pseudónimo Dichi, e o seu papel no movemento renovador das artes galegas da preguerra ao lado de Carlos Maside, Arturo Souto ou Maruja Mallo. Comenta a seguir o escaso recoñecemento da crítica que comezou a se producir a partir de 1979 coa achega biográfica que publica Alberto Vilanova na *Gran Enciclopedia Gallega*, á que seguiron a monografía *Fernández Mazas* (1981), de Carlos Gurméndez e a exposición sobre a obra do artista organizada pola Deputación de Ourense en 1981. Céntrase despois na súa obra literaria e cita a publicación dos seus títulos en castelán e os estudios realizados polo seu irmán Armando, *O humorismo gráfico de Fernández Mazas* (1989) e *La estética de Fernández Mazas* (1992), que se encargou tamén de resucitar a editorial Andoriña. Detense así mesmo na elección de Cándido Fernández Mazas como vicesecretario da Asociación de Escritores Galegos presidida en Ourense por Otero Pedrayo, nos deseños que realizou para obras de Xavier Bóveda, Eugenio Montes ou Francisco Luis Bernárdez e nas influencias como ilustrador de libros poéticos de Rafael Barradas e dos xilógrafos ultraístas, como recoñece Juan Manuel Bonet no *Diccionario de las Vanguardias en España* (1995). Complétase este percorrido cuns apuntamentos biográficos e cunha mención das súas obras.

_____, “Xesús Ferro Couselo”, *La Región*, “Ourense: universo literario”, 18 xuño 2000, p. 73.

Céntrase na figura de Xesús Ferro Couselo, do que se destaca a creación do Arquivo Histórico Provincial e do grupo Marcelo Macías. Tamén apunta que colaborou en prensa e que é autor de libros como *Del Orense monumental* (1964), con prólogo de Ramón Otero Pedrayo e notas de Vicente Risco, e *Fin de semana* (1962). Así mesmo, comenta que unha das conferencias que deu, “Orixes e formación da Cidade de Ourense”, sitúase no nivel destas publicacións. Alude aos seus traballos xornalísticos en *Logo*, *La Región* ou *Posío*, á edición de *A vida e a fala dos devanceiros* (1967) ou á recomplilación de Galaxia, *Obra selecta* (1996), que recolle os seus diferentes estudios de lingua, historia, arte, etc.

_____, “Alberto Vilanova Rodríguez”, *La Región*, “Ourense: universo literario”, 25 xuño 2000, p. 90.

Fai un percorrido pola traxectoria literaria de Alberto Vilanova Rodríguez, salientando a súa faceta de republicano. Tamén alude á súa presencia en xornais e revistas da época como *Posío: Arte y letras*, *La Zarpa* ou *Heraldo Orensano*. Fala da súa inmensa biblioteca de 7000 volumes, que agora se atopa na Biblioteca da Deputación de Ourense, e enumera os libros que publicou durante o seu exilio americano: unha biografía de Curros de 1953, *Los gallegos en la Argentina* (1966), *La galleguidad del Padre Feijóo* (1965), *El Camino de Santiago* (1969), *Giner, la Institución y los gallegos* (1965) e *Efemérides Galegas*, que deixou inédito.

_____, “Ben-Cho-Shey”: O deber de amar o país”, *La Región*, “Ourense: universo literario”, 2 xullo 2000, p. 74.

Rescátase a persoa de Ben-Cho-Shey, Xosé Ramón Fernández Oxea, facendo un percorrido a través da súa obra literaria e humana. Alúdese á suspensión de emprego e soldo que tivo que afrontar en 1936 durante tres meses, ademais de citarse as obras que realizou e o nome das persoas que colaboraron con el. Así, entre elas, nomea os libros de contos *Andrómenas* (1954), *Contos do fiadeiro* (1973) e o poemario *Berzas* (1953), con prólogo de Otero Pedrayo. Tamén salienta a súa faceta de colaborador na prensa e sinala que en *La Región* publicou en 1977 a recolleita de máis de mil alcumes ourensáns. Comenta que os seus traballos xiraron sempre ao redor da cultura popular, achegándose a temas como o refraneiro e a muller galega ou o cancioneiro de Corme, ademais de tratar aspectos lingüísticos e pedagóxicos. Remata dando conta de todos os alcumes que empregou na súa vida como foron Xan Fouciño, Raimundo Antela e, o seu máis coñecido, Ben-Cho-Shey.

_____, “Carlos Velo: Cineasta e escritor”, *La Región*, “Ourense: universo literario”, 9 xullo 2000, p. 65.

Nesta aproximación á figura de Carlos Velo, destácase a súa faceta de escritor e amante do cine. Así, cítanse os recoñecementos que lle foron dedicados, como o de Miguel Anxo Fernández na extensa biografía *Carlos Velo. Cine e exilio* ou o da revista *Dorna*, que publicou en 1986 e 1988 algúns dos seus relatos incluídos en *Memoria erótica*, no que se salienta o tratamento dun tema case inédito, o erotismo. Tamén se fala da súa participación na prensa, subliñándose o seu papel de colaborador e editor de *Vieiros*, unha revista da que dixo que era “continuidade de Nós”. Vólvese de novo ao volume citado, *Memoria erótica*, do que se sinala que a edición feita por A Nosa Terra está moi ben preparada, xa que, á parte do texto orixinal, se adheriron fotografías de estrelas do cine dos anos 20. Tamén se apunta que nel o descubrimento do sexo aparece retratado con moita claridade e os personaxes son de clases populares.

_____, “Xosé Conde berra contra a emigración”, *La Región*, “Ourense: universo literario”, 16 xullo 2000, p. 65.

Percorrido pola obra literaria de Xosé Conde e pola doutros escritores galegos no exilio americano. De Xosé Conde, autor de nove poemarios en galego e castelán, comenta que teñen unha gran carga crítica que aparece reflectida no estudio de Xoel Gómez, no que destaca a “poesía social, existencialismo, intimismo e dor da terra, denuncia dos traidores da humanidade”. A seguir, apunta que no exilio publicou *Caciques Gallegos* (1954) e *Os meus cantiles* (1981), nos que hai unha denuncia contra a emigración. No seu regreso a Galicia, sinala que se atopa cos escritores silenciados e colaborando en xornais. Remata coa lembranza doutros escritores exiliados como son Xerardo Álvarez Gallego, que é autor de *Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda* (1972), ou Antonio Docampo de la Fuente, que fixo un gran labor bibliófico e filatélico.

_____, “O pé do Montealegre”, *La Región*, “Sociedad”, 19 xullo 2000, p. 58.

Loubanza cara ao poeta desaparecido, José Ángel Valente, do que destaca o seu primeiro libro poético en galego, *Sete cantigas de alén* (1981). Comenta que nel sobresae a presencia da morte que, nesta ocasión, lle chegou ao propio autor.

_____, “Evocación ourensá de Valente”, *La Región*, “Os escritores do século”, 23 xullo 2000, p. 71.

Neste recordo a José Ángel Valente, faise referencia aos seus inicios na revista *Posío* e *Auria*, onde publicou os primeiros poemas, para logo pasar a colaborar en *La Noche*. Da súa obra destácase o tema de Ourense, que ten moita cabida na súa producción literaria. Deste xeito, coméntase que Claudio Rodríguez Fer e Manuel Zabal escribiron sobre este aspecto visíbel na súa *Biografía* ou en textos como *Variación sobre el ángel*. Así, pódese distinguir entre o Ourense provinciano da posguerra en *Tierra de nadie* ou en *Tiempo de guerra*. Tamén se sinala que Rodríguez Fer salienta en *Cantigas de alén*, dedicada a Vicente Risco, a tradición galega do rei Afonso X, Nuno Fernandes Torneol ou Manuel Antonio. Por outra banda, recóllese o parecer de Xesús Alonso Montero, quen non quere deixar de destacar a súa faceta como crítico literario e estudioso da poesía mística de San Juan de la Cruz e Miguel de Molinos.

_____, “Valente e Rosalía”, *La Región*, “Ciudad”, 27 xullo 2000, p. 13.

Artigo dedicado a José Ángel Valente con motivo do seu falecemento. Lembra Valcárcel a presentación en Compostela en novembro de 1996 da edición definitiva dos seus versos galegos, *Cantigas do Alén*, onde o poeta se declarou afincado na tradición galega e rosaliana. Comenta tamén a súa ledicia cando recibiu en 1999 o Premio Casa dos Poetas e recolle algunhas opinións críticas na liña dese recoñecemento da influencia galega na súa obra. Remata afirmando que a irmandade espiritual con Rosalía radica “na súa cosmovisión da existencia”.

_____, “Antón Tovar, berros en voz baixa”, *La Región*, “Sociedad”, 30 xullo 2000, p. 73.

Achegamento á figura de Antón Tovar Bobillo, (Rairiz de Veiga, 1921) a través dun pequeno percorrido pola súa biografía e pola súa obra en galego e en castelán. Recolle un dos seus poemas publicado en *La barca* e analiza o seu mundo poético (rebeldía, pesimismo...) partindo dos símbolos que aparecen nos seus traballos. Ademais da conta dos valores que o escritor reclama para a poesía como, por exemplo, claridade, transparencia e comunicabilidade.

_____, “Silvio Santiago, o noso Fra Angélico”, *La Región*, “Ourense: universo literario”, 3 setembro 2000, p. 67.

Fai unha pequena cronoloxía da vida de Silvio Santiago, dende o seu nacemento en Lugo en 1903 ata que sufriu a denuncia dos Falanxistas, que o levaron á Garda Civil de Verín e despois se dirixiu a Portugal, dende onde emigrou a Cuba. Por outra banda, refírese á súa única obra publicada en vida, *Vilardevós* (1961), na que salienta a grande aproximación e recollida da tradición oral galega, xa que neste volume reparou nas xentes e nos traballos propios da aldea. Conclúe cun resumo das boas críticas que este autor recibiu na súa época, procedentes de xente como Ricardo Carballo Calero, Basilio Losada ou Valentín Arias.

_____, “O 'Xocas': Paixón pola cultura popular”, *La Región*, “Ourense: universo literario”, 10 setembro 2000, p. 73.

Nesta aproximación á figura de Xoaquín Lorenzo, o Xocas, faise refencia á súa faceta de etnógrafo e ás publicacións resultantes dos seus estudios, como son *A Terra*, *Os oficios*, *O Mar* ou *Os ríos*, que comezou publicando na revista *Nós*. Cítanse os seus grandes estudios, *Vila de Calvos de Randín* (1930), que realizou xunto a Cuevillas, e *Parroquia de Velle* (1936), que tamén fixo con Cuevillas e Vicente Fernández Hermida. Tamén se loa a súa persoa, xa que a súa imaxe de inocente, sinxelo e humilde se adhire á de combativo, pois foi fundador do Partido Galeguista de preguerra. Conclúese aludindo ás numerosas homenaxes dos que foi obxecto, como o de Fillo Predilecto de Ourense, o ciclo de Etnografía celebrado no Ateneo en 1990 na súa memoria ou o tomo XX-XXI do *Boletín Auriense*.

_____, “Risco e Otero na posguerra”, *La Región*, “Ourense: universo literario”, 17 setembro 2000, p. 83.

Seguimento de Antón Risco e Ramón Otero Pedrayo despois da Guerra Civil de 1936. Primeiramente, achégase á figura de Risco quen, despois do conflicto, mudaría moito, deixando a defensa do nacionalismo e facéndolle loubanzas a Francisco Franco, quizais pola necesidade de sobrevivir ou polo medo. A seguir, destaca o seu labor en calidade de colaborador en cabeceiras como *La Región*, *Misión*, *Posío* ou *Hoja del Lunes de Orense*, nas que coincidiu con Otero Pedrayo. Deste último, á quen se cualifica como “a gran voz galega do ermo cultural da posguerra”, sinálase que foi un defensor do galego e do galeguismo, o que lle custou a suspensión da súa cátedra ata 1948. Tamén se enumeran as obras que publicou durante a posguerra, como foron *Adolescencia* (1944), *La vocación de Adrián Silva* (1949), *Por os vieiros da saudade* (1952), *O libro dos amigos* (1953), *O desengano do Prioiro* (1952) ou *O señorito da Reboraina* (1959)

_____, “O acomodador de Allariz”, *La Región*, “Ourense: universo literario”, 24 setembro 2000, p. 81.

Refírese a Marcial Suárez, unha figura moi comprometida coa cultura galega e que publicou un único libro, *O acomodador e outras narracións* (1969). Sinálase que esta obra foi eloxiada por Basilio Losada, Miguel González Garcés ou Luís Seoane e coméntase que presenta 18 relatos de estupenda calidade, nos que se reflicte moi ben a sociedade, a economía e a guerra en Allazriz. Fálase, finalmente, da homenaxe dedicada a este escritor en 1997 no Concello de Allariz

_____, “O mundo no ano 1910”, *La Región*, 30 setembro 2000, p. LXXII.

Percorrido por diferentes puntos xeográficos no ano 1910, facéndose fincapé nos diferentes acontementos políticos e culturais sucedidos. Con respecto a Galicia, sinálase que este ano foi moi importante na aparición de publicacións como *La Región*, *El Barbero Municipal*, *Germinal* ou *Galicia Ilustrada*. Así mesmo, saliéntanse figuras como Eduardo Pondal, Manuel Murguía ou Manuel Leiras Pulpeiro, aínda vivos daquela, e a escritores da prensa local como Heraclio Pérez Placer, Francisco Álvarez de Novoa ou Antonio Rey Soto. Tamén se apunta que Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo e Losada Diéguez, xa deambulaban polos eidos culturais.

_____, “Taboada Chivite, etnógrafo de Verín”, *La Región*, “Ourense: universo literario”, 1 outubro 2000, p. 81.

Nesta aproximación á figura de Taboada Chivite, comeza recordando o labor de Vicente Risco e Florentino Cuevillas no campo da prehistoria, arqueoloxía e etnografía. A seguir, fala da continuación que tivo Cuevillas na persoa de Taboada Chivite, pois proseguiu e publicou os traballos que comezara. Recorda as homenaxes que se lle realizaron en Verín, nos anos 1987 e 1991, a Taboada Chivite e subliña a súa participación como colaborador de numerosos xornais. No que respecta ao estudio do folclore galego, enumera as súas obras máis representativas, dividíndoas en traballos de historia local sobre Verín, estudios de prehistoria, historia antiga e arqueoloxía de Galicia; e estudios etnográficos.

_____, “Un centenario esquecido”, *La Región*, “Ourense: universo literario”, 5 outubro 2000, p. 14.

Fai unha chamada ao recordo do escritor arxentino-galego, Francisco Luís Bernárdez, do cal se celebra o seu centenario este ano. Alude á súa producción literaria, citando a publicación das súas primeiras poesías en galego na revista *Nós* (“A estrela y o aturuxo” e “Apoloxética no cadaleito”), a súa participación en cabeceiras como *La Zarpa*, *Ronsel* e *Alfar* e o seu labor de redactor xefe en *El Pueblo Gallego*. Tamén fala dos seus libros, *Orto*, *Bazar* (1922) e *Kindergarten* (1923). Sinala a súa volta á Arxentina onde entraría en contacto con Jorge Luís Borges e, finalmente, refírese á *Antología poética*, deste autor publicada por Espasa Calpe, e critica o pouco eco que tivo o seu centenario.

_____, “Matilde Lloria, presencia galega”, *La Región*, “Ourense: universo literario”, 8 outubro 2000, p. 73.

Refírese á figura de Matilde Lloira, da que sinala que foi unha fervente admiradora de Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez e Eduardo Pondal, xunto con Pura Vázquez e Luz Pozo Garza. Loa o seu labor na vida cultural ourensá, mediante a presentación de artigos en xornais e a participación en numerosas conferencias. Salienta que escribiu en galego sen sequera ser galega e recorda que, na opinión de Ramón Otero Pedrayo e Eduardo Blanco-Amor, debería ser Filla Adoptiva de Ourense. A seguir, cita as súas obras, *Catro estampas de Cristo*, premiada en 1976, e *Curros, home libre*, ademais de aludir ao seu único poemario galego, *Caixiña de música*, do que se apunta que ten viva a tradición culta xunto coa tradición do vilancico popular.

_____, “Poemas de Emilio Pita”, *La Región*, “Ronsel de libros”, 11 outubro 2000, p. 76.

Referencia á obra de Emilio Pita, exiliado en Buenos Aires. Salienta o seu poemario máis sobresaínte, *Jacobusland* (1942) xunto con *Os relembros* (1959) e *Serán* (1974). A seguir, destaca o volume *Polos camiños do pobo*, poemario inédito recuperado por Xosé Manuel Maceira Fernández.

_____, “Casado Nieto, poeta caldelao”, *La Región*, “Ourense: universo literario”, 15 outubro 2000, p. 81.

Despois de reproducir unhas palabras do poeta Manuel Casado Nieto na presentación dun dos seus libros en 1981, fai unha aproximación a este autor. Refírese á súa morte en 1983 e á súa vida lonxe de Castro Caldelas, ademais de falar do seu labor de fiscal xefe en Barcelona e da súa militancia no radical-socialismo de Marcelino Domingo. Detense na época que coodirixiu o xornal *El Agro*, durante a cal deu á luz as súas primeiras obras literarias. Tamén alude ao seu traballo no Centro Galego de Barcelona, onde deixou unha gran biblioteca.

_____, “O poeta Manuel Luís Acuña, revisitado”, *La Región*, “Congreso”, 16 outubro 2000, p. 8.

Dá conta do congreso celebrado na honra de Manuel Luís Acuña no mes de outubro en Trives. Refírese aos doce relatorios que tiveron lugar e nos que se destacou o autor homenaxeado como unha das voces máis privilexiadas dos anos 30. Tamén salienta que a través deles se deron a coñecer algúns poemas inéditos, “Mi pregunta” ou “Federico García Lorca. Ni rezar pude en tu entierro”, e comenta que aparecerán incluídos no libro que publica Xerais baixo a supervisión de Ramón Nicolás. Entre as intervencións existentes, salienta as de Ramón Luís Acuña, Xoán Carlos Domínguez Alberte, Ramón Nicolás e Carlos Bernández, ademais de referirse ás cuestións que nelas trataron.

_____, “Sebastián Martínez-Risco y Macías”, *La Región*, “Ourense: universo literario”, 22 outubro 2000, p. 90.

Describe a traxectoria deste personaxe que, ademais de escritor de volumes líricos como *Trebol poético (Recuerdo de Compostela)* (1943); novelista, faceta na que sacou á luz *La tanza negra* (1943), e autor ensaístico e xurídico, do que son exemplo os artigos “O sentimento da xustiza na literatura galega” (1953) ou “Presencia da lingua” (1973), ambos analizados detidamente no artigo, levou a cabo un importante labor cultural, no que destaca, entre outras, cousas, o seu esforzo para homenaxear a figura de Castelao. Así mesmo, inclúense uns apuntamentos biográficos nos que se resalta a súa pertenza a Real Academia Galega, institución na que exerceu o cargo de presidente ao longo de 17 anos.

_____, “O berro rebelde de Celso Emilio”, *La Región*, “Ourense: universo literario”, 29 outubro 2000, p. 97.

Fai un estudio da figura deste escritor introducíndonos nas súas claves biográficas, a súa militancia política e a significación da súa obra, tanto da súa poesía, que chegou a ser “bandeira e consigna, berro rebelde nas voces dos Voces Ceibes, e o afirmou como creador do primeiro poema marxista das nosas letras, “Monólogo do vello traballador”, como dos seus escarnios e sátiras que “marcaron toda unha xeración que recuperaba así o vello xénero satírico medieval”. Así mesmo, ofrece unha visión do tratamento que da terra natal fai Celso Emilio e enumera algúns dos “mellores” estudios que sobre a obra deste autor se levan feito, entre eles os de Miro Villar, que nos descobren unha temática intimista que se une á reivindicación social, á crítica sútil do réxime franquista, ao antibelicismo e á emigración.

_____, “Sempre en Nós”, *La Región*, “80 Aniversario Revista Nós”, 30 outubro 2000, p. 48.

Con motivo da celebración do 80 aniversario da fundación da revista *Nós*, analiza a significación da publicación, “a obra cultural da Galicia deste século, a esculca máis rigorosa e fonda das raíces máis fondas da nosa identidade”, na que se atopa representado o “mellor da cultura galega do período de preguerra”, poetas, cultivadores do ensaio histórico, xeográfico e prehistórico e estudios literarios galegos, e na que confluíron tres xeracións: os homes das Irmandades da Fala, o núcleo ourensán da Xeración Nós e o grupo de escritores agrupados arredor do Seminario de Estudios Galegos, e pona en relación coa traxectoria de Castelao, autor moi vinculado a revista e á acción destes tres grupos.

_____, “Dous poetas contra a morte”, *La Región*, “Día de difuntos”, 2 novembro 2000, p. 10.

Reflexiona sobre o tratamento do tema da morte nos versos de dous “grandes poetas da literatura universal”: Fiz Vergara Vilariño, “unhas das máis altas sensibilidades líricas entre os poetas galegos dos anos 70”, autor de *Pastora de Sorrisos* (1993), e José Agustín Goytisolo, “o popular autor dese gran canto vitalista que é *Palabras para Julia* (1980) onde o lector pode atopar unha das máis fondas reflexións sobre o poder da morte e a loita inútil do poeta contra o destino.

_____, “O primeiro Blanco Amor”, *La Región*, “Ourense: universo literario”, 5 novembro 2000, p. 74.

Recorda a figura do poeta, xornalista, narrador, autor de teatro e “animador incansable” de revistas e empresas culturais do galeguismo, Eduardo Blanco Amor, facendo un repaso da súa biografía e traxectoria literaria, concedendo especial importancia á súa producción poética, “oculta a menudo, de forma ben inxusta, pola súa faceta de narrador”. Así mesmo, recolle un fragmento da novela *A esmorga* (1959) e fai unha análise do tratamento que, na mesma, se lle dá á cidade de Ourense.

_____, “Blanco Amor, escritor e cidadán”, *La Región*, “Ourense: universo literario”, 12 novembro 2000, p. 106.

Afonda na personalidade de Blanco Amor, “un home moi consciente da súa valía como escritor que se queixa da mediocridade ourensá”; na súa faceta xornalística, cita os traballos que se levan publicados sobre este tema entre os que se atopa o de Gonzalo Allegue *Eduardo Blanco Amor diante dun xuíz ausente* (1993), e na súa producción literaria posterior á década dos sesenta, froito da cal é *Os biosbardos* (1962), a obra da que o autor se sente máis satisfeito e da que se recolle un pequeno fragmento no mesmo artigo.

_____, “Pura e Dora Vázquez, poesía e sororidade”, *La Región*, “Ourense: universo literario”, 19 novembro 2000, p. 90.

Dá conta da biografía e da traxectoria literaria, máis vinculada á poesía no caso de Pura e ao teatro, á prosa e á literatura para nenos no caso de Dora, destas irmás, “exemplo máximo de sororidade e fraternidade na nosa literatura”, que mesmo publicaron algunha obra en colaboración, como *Viaxe ao país dos contos e da poesía* (1985) ou a peza teatral *Monicreques* (1974), e analiza a presencia constante da cidade de Ourense na obra das dúas escritoras. No mesmo artigo recóllesse un fragmento do poema “Orballa en tempo lento” pertencente a Pura Vázquez.

_____, “Afondando en Euxenio Montes”, *La Región*, “Ourense: universo literario”, 26 novembro 2000, p. 75.

Lembrando a celebración dunhas xornadas sobre o escritor Euxenio Montes, retoma as palabras dalgúns dos participantes, como o xornalista Raimundo García Domínguez “Borobó”, único autor, ata o de agora, dunha biografía sobre o escritor, para afondar na evolución política e literaria de Montes: “galeguista nos anos vinte, moi próximo a Vicente Risco e fillo cultural da xeración da revista *La Centuria*; xornalista e destacado prosista da Xeración do 27; escritor reacionario, dende 1932, protagonista principal na revista *Acción Española*, e intelectual orgánico do franquismo despois. Analiza tamén o seu labor xornalístico a través dos seus escritos, ao longo dos anos 20 en *La Zarpa*, e recolle “Mieles del espíritu. Visiones de un crepúsculo”, texto publicado por Montes neste mesmo xornal en agosto de 1923.

_____, “Víctor Campio, o ar que nos leva”, *La Región*, “Ourense: universo literario”, 3 decembro 2000, p. 90.

Dá conta da biografía e a traxectoria literaria de catro poetas presentes no volume colectivo *Sete poetas ourensáns* (1992): Víctor Campio, que publicou o libro *O ar que nos leva* (1987), Valentín Graña, autor do libro *Orense canción* (1973), Manuel de Dios Martínez, máis coñecido dende o ámbito da música que dende o da literatura e autor dunha serie de poemas de forte raigame popular onde se evocan motivos concretos da cidade das Burgas, e Eduardo González Ananín, “poeta inconformista de verso rebelde e comprometido en defensa da dignidade humana”. O mesmo artigo recolle a composición “Se porque noite son” de Víctor Campio, recollida na antoloxía anteriormente mencionada.

_____, “No ronsel dos grandes mestres”, *La Región*, “Ourense: universo literario”, 10 decembro 2000, p. 66

Faise unha achega á personalidade e obra de Manuel Chamoso Lamas, que realizou un importante labor historiográfico e foi promotor e creador de 21 museos en toda España, e do seu discípulo, como el mesmo se considera, Felipe Senén, autor de diversos estudios de carácter histórico e etnográfico e promotor de publicacións como *A Nosa Terra* ou *O ensino*. Así mesmo, lembra a exposición que en 1997 se levou a cabo na cidade das Burgas, co patrocinio da Deputación de Ourense e a Academia de Belas Artes Nosa Sra. do Rosario, en recoñecemento ao labor que Chamoso Lamas desenvolveu na Ribeira Sacra, Valdeorras, Allariz, A Limia, Monterrei, terras do Entrimo, Bande Celanova e sobre todo no Ribeiro e comarcas de Carballiño e Boborás, en defensa do patrimonio. O artigo recolle ademais un fragmento dun texto de Felipe Senén, “Ourense ou a Auria dos artistas”, publicado en *A Nosa Terra* en 1981.

_____, “Monseñor Araúxo, sermos galegos”, *La Región*, “Ourense: universo literario”, 17 decembro 2000, p. 101.

Analiza a traxectoria de tres cregos ourensáns vinculados ao mundo literario galego: Miguel Anxo Araúxo Iglesias, que se significou non só pola súa actividade literaria e xornalística senón tamén polo seu apoio aos líderes sindicais e á poboación obreira da súa diócese; Ramón María Blanco, que publicou títulos como *Vía crucis en lingua galega* (1968) e *Remol de Estrelas* (1970), un opúsculo que escolma unha serie de poemas de Nadal, e Juan Miguel Moreiras Montero que elaborou diversos estudios literarios sobre poetas galegos contemporáneos e sobre discografía literaria, campo no que se significou como un grande especialista.

_____, “A saga dun afiador da escrita”, *La Región*, “Ourense: universo literario”, 24 decembro 2000, p. 65.

Describe as distintas facetas literarias do poeta, narrador e xornalista Xosé Fernández Ferreiro, membro fundador do grupo Brais Pinto en Madrid e “o Hemingway de Nogueira de Ramuín”, segundo Fran Alonso, describindo dúas das súas novelas máis significativas: *A ceo aberto* moi valorada por Anxo Tarrío e publicada en 1981 e *Agosto 36*, Premio Xerais 1991 e que constitúe a obra do autor máis estudiada pola crítica, da que se recolle un fragmento no artigo.

_____, “O fillo de don Vicente”, *La Región*, “Ourense: universo literario”, 31 decembro 2000, p. 63.

Dá conta da biografía e a traxectoria literaria de Antón Risco, fillo de Vicente Risco, analizando detidamente a súa “paixón inicial pola literatura fantástica”, tanto como fondo das súas novelas como temática a tratar nos estudios literarios, e as diverxencias ideolóxicas co seu pai, ao que dedicou moitos dos seus estudios, así como os seus esforzos por presevar o patrimonio de don Vicente a través da Fundación Risco, empeño ao que dedicou moitos dos seus esforzos. No mesmo artigo recóllese un fragmento da novela de Antón Risco *As metamorfoses de Proteo* (1989), a máis valorada pola crítica.

_____, “Alfabeto dun ano literario”, *La Región*, “Ourense: universo literario”, 31 decembro 2000, p. 60.

Recóllense un total de vinte nomes, pertencentes a autores ou entidades relacionadas coa cultura galega que tiveron relevancia ao longo do ano 2000 por diferentes motivos; entre os nomes citados figuran o de Xosé Luís Méndez Ferrín, que neste ano entrou a formar parte da Real Academia Galega, o de Alfonso Rodríguez Castelao, escritor que foi obxecto de multitude de homenaxes, e o de Basilio Losada, “embaixador cultural das letras galegas en terras catalanas” que neste ano pón fin a súa carreira como docente na Universidade de Barcelona.

Valcárcel, Xulio, “A lectura como pracer”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, 7 maio 2000, p. 4.

Despois de lamentarse pola inexistencia en Galicia dun hábito de lectura, analiza unha das iniciativas que se está a levar a cabo para incitar á xente a ler que consiste en convertelo en algo divertido, ameno e apaixoante, partindo da premisa de que “a obriga ou a imposición coercitiva levan ao rexeitamento”. No mesmo artigo anúncianse algunhas das novidades en galego da tempada, entre as que se atopan a reedición da novela do autor cubano-italiano Italo Calvino, *O Barón rampante*, ou a antoloxía *Alén do azul*, elaborada por Xosé Lois García, na que se recollen unha serie de poemas pertencentes a poetas galegos residentes en Cataluña.

_____, “Teixeira de Pascoaes”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, 22 outubro 2000, p. 4.

Dá conta da importancia da epistolografía de Teixeira de Pascoaes, galeguista da Xeración Nós e poeta do “saudosismo”, que “constitúe un documento moi importante para coñecer o proceso interno do galeguismo ligado ás Irmandades da fala e á Xeración Nós e deixan intuír a relación entre Teixeira e os membros da citada xeración entre os que se conta a Antón Noriega Varela co que mantivo, malia as diferencias ideolóxicas, unha fonda amizade.

_____, “Manuel Luís Acuña”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, 29 outubro 2000, p. 4.

Lembra o Iº Congreso Manuel Luís Acuña celebrado na Casa da Cultura de Pobra de Trives, no que participaron personalidades de prestixio, como Carlos Bernárdez, Carlos Casares ou Fernández del Riego, que deron conta de diversos aspectos da obra e da personalidade do autor, e enumera os actos conmemorativos en honra de Acuña. Así mesmo, analiza o estudio de Carlos E. Velasco Souto no que se desminte ou rectifica substancialmente a imaxe dos labregos galegos como insubmisos.

_____, “A vida escura”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, 26 novembro 2000, p. 4.

Informa sobre a personalidade e a ideoloxía de Jenaro Marinhas, intelectual vinculado dende moi novo aos galeguistas, fundador de *La Draga* e membro da Real Academia Galega, institución na que amosou sempre “unha inequívoca postura a prol dunha confluencia entre o galego e o portugués. Da mesma maneira, lembra o estudio que sobre o autor realizou Henrique Rabuñal, no que se fai unha “importante aproximación” á figura de Marinhas e se reproduce a propia conversa deste co autor do libro.

Valencia, Gustavo Santiago, “Unha xeira no Mediterraneo e catro comidas”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 13 febreiro 2000, p. 7.

Dá conta das diversas actividades culturais e gastronómicas nas que participou, entre elas, a misa de cabodano de Castelao celebrada en Bonaval, a presentación do libro *Conversas con Teresa Castelao* (1999), os actos organizados en Palma de Mallorca na Fundación do Pedrón de Ouro e no Centro Gallego, a entrega do premio Modesto Figueirido ou a homenaxe a dous mestres na Estrada.

Vaqueiro, Vítor, “Adeus a Valente”, *A Nosa Terra*, nº 944, “Guieiro Cultural”, 20 xullo 2000, p. 21.

Neste recordo de José Ángel Valente, a consecuencia da súa morte, faise unha contínua louvanza sobre a súa traxectoria literaria, considerándoo como o “Petrucio”. Tamén reflexiona tristemente sobre a desaparición deste grande escritor.

Varela, María, “Pontevedra, capital cultural”, *Diario de Pontevedra*, “Peregrina 2000”, 13 agosto 2000, p. 33.

Dá conta das actividades culturais celebradas na cidade de Pontevedra, entre as que cita, o ciclo de cine infantil, o teatro e os concertos. Tamén salienta a boa acollida por parte dos pontevedreses destas actividades e dos actos a celebrar con motivo do “Ano Castelao”.

_____, “Reedición de la revista *El Museo de Pontevedra*”, *Diario de Pontevedra*, “La Revista”, 13 agosto 2000, p. 2.

Anuncia a publicación de dous novos volumes da revista *El Museo de Pontevedra*, da que apunta que é unha proposta feita dende o patronato do museo e que ten por obxectivo recuperar a valiosa bibliografía que contén dos anos 1942 e 1943 nos que viu a luz. Explica que no segundo volume aparecen textos de Xosé Filgueira Valverde, Martínez Salazar e algúns inéditos de Martín Sarmiento, ademais de numerosas láminas, mentres que no terceiro se recollen os de José Ávila y la Cueva, Aureliano Pardo Vilar ou Alfonso Vázquez Martínez.

_____, “Feria del Libro”, *Diario de Pontevedra*, “El despertador”, 14 agosto 2000, p. 2.

Informa da inauguración da XIIª Feira do Libro de Pontevedra e indica que permanecerá aberta ao público ata o día 23 de agosto. Dá conta da presencia de Xavier Alcalá como encargado de ler o pregón de inauguración e destaca que o público ten a oportunidade de atopar diversas novidades editoriais do mercado así como de disfrutar de diversas actuacións de contacontos, sesións de animación á lectura e sorteos de libros.

_____, “Editorial Galaxia celebra sus bodas de oro”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura”, 18 outubro 2000, p. 64.

Dá conta da inauguración en Pontevedra dunha mostra itinerante organizada pola Editorial Galaxia, con motivo da conmemoración do seu 50 aniversario, e di que se poden encontrar todo tipo de documentos relacionados co pasado e o presente da empresa como fotografías, cartas, informes de censura, carteis e portadas de libros que “recrean visualmente toda unha época”.

_____, “Los 50 años de Editorial Galaxia”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura”, 19 outubro 2000, p. 64.

Dá máis detalles sobre a mencionada exposición, “Editorial Galaxia, 1900-2000”, inaugurada no Teatro principal de Pontevedra, e informa da producción, ao longo deses cincuenta anos de vida, da editorial, que conta no seu catálogo de publicacións con algúns dos nomes “máis ilustres da cultura galega, dende Rosalía de Castro ás xeracións seguintes representadas por Manuel Rivas, Xohana Torres e Carlos Casares entre outros moitos”.

_____, “Escaparate al pensamiento de Castelao”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura”, 19 outubro 2000, p. 64.

Informa da inauguración, no Pazo de Cultura de Pontevedra, do congreso “Castelao. Co pensamento en Galiza” organizado polo Concello da cidade e a Asociación Sociopedagóxica Galega, que constitúe un dos puntos culminantes na programación “Ano Castelao”, e enumera algúns dos intelectuais que tomarán parte no mesmo, entre os que se atopan o presidente da Fundación Castelao, Avelino Pousa Antelo, o director e especialista en artes da imaxe Xosé Enrique Acuña e a profesora Laura Tato, que analizará o teatro nacional na obra do célebre humorista gráfico.

_____, “O congreso sobre Castelao recoñece ó autor como figura clave da historia galega”, *Diario de Pontevedra*, “Diario de Cultura Ocio”, 20 outubro 2000, p. 63.

Describe as intervencións dos distintos intelectuais que participaron na xornada inaugural do congreso sobre Castelao, entre eles, Susana Trigo, representante da Asociación Sociopedagóxica en Galicia, destacando a integridade do compromiso político e ético do escritor coa súa terra; o alcalde en funcións da cidade de Pontevedra, César Mosquera, que defendeu que Castelao é por méritos propios un dos nomes máis importantes da nosa historia; Avelino Pousa Antelo, presidente da Fundación Castelao e encargado de pronunciar a conferencia inaugural; Laura Tato Fontaíña, que fixo referencia a faceta teatral do autor cualificando a súa obra, *Os vellos non deben de namorarse* (1953) como un texto fundamental na construcción dun teatro nacional, e Kathleen N. March quen referiu a importancia de que fóra do país se teña conciencia de Galicia como unha nación e sinalou a necesidade de difundir a obra do galeguista alén das nosas fronteiras.

_____, “Unha ollada ó pensamentos de Castelao”, *Diario de Pontevedra*, “Diario de Cultura Ocio”, 21 outubro 2000, p. 64.

Dá conta da segunda xornada do congreso que tivo lugar no Pazo da Cultura de Pontevedra que, centrada na análise do pensamento do autor rianxeiro, contou entre os relatores con personalidades do mundo da política e da cultura como o historiador Anselmo López Carreira que se refiriu a teoría do nacionalismo en Castelao e Bieto Alonso e Manuel Rei Romeu, que disertaron sobre o exilio de Castelao e a evolución do seu pensamento, ao tempo que anuncia os actos previstos para a última xornada na que participarán a profesora e poeta Pilar Pallarés, que tratará a figura da muller na obra de Castelao, e o poeta Manuel María, encargado de pronunciar a conferencia final.

_____, “Propoñen en Pontevedra a creación dunha institución para difundir a obra de Castelao”, *Diario de Pontevedra*, “Diario de CulturaOcio”, 22 outubro 2000, p. 63.

Resume a intervención do poeta Manuel María no mencionado congreso sobre Castelao e enumera as conclusións ás que diversos representantes da cultura e da política chegaron despois da celebración do citado acto. Entre estas conclusións, figuran a proposta do concelleiro de Cultura, Luís Bará, de creación dunha institución que teña como preferencia a obra do rianxeiro e permita a exposición permanente do seu legado e a investigación da súa obra, así como a do presidente da AS-PG, Alberte Asende que reclamou dos poderes públicos “a difusión, polos medios máis asequíbeis ó grande publico da obra máis representativa e do seu legado ideolóxico fundamental”.

_____, “Pontevedra fai xustiza á memoria do galeguista e xornalista Víctor Casas”, *Diario de Pontevedra*, “Diario de CulturaOcio”, 11 novembro 2000, p. 64.

Dá conta da exposición que acolle a galería de arte Sargadelos de Pontevedra sobre a vida e o traballo de Víctor Casas e da conferencia que con motivo da inauguración da mesma pronunciou Alberto Romasanta, que disertou sobre os trazos máis significativos da actividade política de Casas. Así mesmo, recolle as declaracións dos fillos do xornalista agradecendo o recoñecemento que se lle dá agora a traxectoria do seu pai, así como as do secretario de Maio Longo, unha das asociacións promotoras da exposición, Xosé Abilleira, que salientou a importancia da mostra por tratarse da primeira exposición sobre este escritor que “aínda que foi presidente do partido Galeguista de Pontevedra e director do Xornal a *Nosa Terra* é moi descoñecido”.

_____, “Máis de 15.000 visitantes e 1500 exemplares vendidos, balance do Salón do Libro Galego”, *Diario de Pontevedra*, “Diario de CulturaOcio”, 24 decembro 2000, p. 61.

Describe o transcurso do IIº Salón do Libro Galego, celebrado na Praza de Ferrería, en Pontevedra, facendo un balance, en canto a índice de vendas, afluencia de público e opinión dos asistentes, que falaron da calidade das edicións galegas e da variedade de títulos que agocha a “nosa literatura”. Así mesmo, recolle as declaracións dos responsábeis da Asociación Galega de Editores, organizadora da mostra que, tras observar este primeiro balance positivo, pretende promover unha terceira edición con novas actividades que impliquen ao publico coa literatura galega.

Varela, Suso, “Xaime Isla ve en Galaxia un germen de vocaciones literarias y galleguistas”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 1 xuño 2000, p. 81.

Recóllense as ideas dun dos fundadores da Editorial Galaxia, neste ano do cincuenta aniversario. Deste xeito, Xaime Isla, integrante das Irmandades da Fala, das Mocidades Galeguistas, do Seminario de Estudios Galegos e de Acción Gallega, recoda o acto fundacional da editorial con Pedrayo de presidente, Gomén Román de vicepresidente e Fernández del Riego de secretario. Así mesmo, Isla Couto salienta que Galaxia deu nacemento a moitas vocacións de escritor como a de X. L. Méndez Ferrín, Xavier Alcalá, Xohana Torres ou María Xosé Queizán. Por outra banda, comenta que “a nós faltounos ambición política, pero tiñamos un forte sentimento cultural”, ademais de facer un recordo a Castelao e a Alexandre Bóveda, que “quedarían abraiados se agora se levantasen da tumba”.

_____, “La Feira do Libro de Pontevedra registró ya casi cinco millones de pesetas en ventas”, *Diario de Pontevedra*, “Diario de Cultura”, 18 agosto 2000, p. 51.

Faise eco da XIIª edición da Feira do Libro de Pontevedra, que destaca polo seu balance positivo con case cinco millóns de pesetas en vendas. Recolle o parecer de Jaime Corral, Director da Feira, quen salienta actividades como a de contacontos e o espectáculo de marionetas, que tiveron moi boa acollida. Tamén enumera os libros máis vendidos, sendo en galego, os seguintes: *Non volvas* e *O país da Brétema*, de Suso de Toro; *Galicia, Galicia* e *Que me queres amor*, de Manuel Rivas.

Vázquez, Dora, “Un lugar para os poetas”, *La Región*, “Especial 90 aniversario”, 30 setembro 2000, p. XLVII.

Con motivo da celebración do 90 aniversario do xornal *La Región*, faise unha loubanza do seu labor informativo e cultural durante este tempo. Fala dos seus ilustres colaboradores como foron Ramón Otero Pedrayo e Vicente Risco, ademais de solicitar, con motivo da citada celebración, un maior número de páxinas para que poidan figurar máis colaboradores. Tamén salienta o concurso de debuxo que presenta este xornal e que ten un grande éxito.

_____, "¿Temos a precisa sensibilidade para encontrar e apreciar a poesía", *O Correo Galego*, "Lecer", 5 novembro 2000, p. 28.

Faise neste artigo unha disertación sobre a capacidade dos lectores para aprezar a poesía e os poetas. Para iso explica a autora o que significa para si a poesía, a palabra poética con toda a fermosura ou fealdade, a dor ou a paixón que susciten. Da multitude de lecturas denotadas desa lectura di que nace a poesía, como elemento comunicativo sublime.

Vázquez, N., “Neira Vilas recibe la ‘Distinción por la Cultura Nacional’ del Gobierno de Cuba”, *Galicia en el Mundo*, nº 363, 13-19 marzo 2000, p. 24.

Fai referencia á homenaxe dedicada a Neira Vilas, Anisia Miranda e a outros intelectuais de orixe cubana, durante a Feira do Libro da Habana. Ademais, informa do galardón recibido polo escritor galego, a quen lle foi outorgada a “Distinción pola Cultura Nacional”, un dos galardóns máis importantes que entrega o Ministerio de Cultura de Cuba.

Vázquez, Pura, “Decídelle ao vento que me agarda”, *La Región*, 18 maio 2000, p. 22.

Analiza a obra poética *Gramática do silencio* de Eusebio Lorenzo Baleirón, poeta xa falecido, publicado pola editorial Espiral Maior, para a que augura un pronto recoñecemento, deténdose no tema principal, unha morte agardada por un poeta mozo cheo de vida, a propia historia do autor, e lembra especialmente os catro poemas manuscritos que pechan o libro, que teñen un ton de adeus inconfundíbel, transcribindo a última estrofa do último poema, que comeza “Dicídelle ao vento que me agarde”, e que considera especialmente representativa.

_____, “A figura senlleira de Xulieta Gómez Paz na cultura galega”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 23 xullo 2000, p. 19.

Detense no percorrido pola obra de Xulieta Gómez Paz, da que destaca a súa sensibilidade por Galicia e os galegos. A seguir, pon de relevo a creación en Buenos Aires da Fundación e da revista *Galicia*, lembra algunhas das súas publicacións como *Do noso lar*, *Galicia en el atardecer* ou *Sonetos del portugués*, traducidos ao galego por Elisabeth Barret Browning. Tamén dá conta de obras ensaísticas como *Cuatro actitudes poéticas*, *La luz de otras tierras* ou *Poetas argentinos contemporáneos*. Conclúe lembrando a súa colaboración na prensa de Buenos Aires e na revista *Ínsula* de Madrid.

_____, “En recuerdo de José Ángel Valente”, *La Región*, 23 xullo 2000, p. 14.

Faise eco do pasamento de José Ángel Valente e percorre a súa faceta de poeta, destacando que a súa poética se achega moito á lingüística. Así mesmo, apunta que se caracteriza por ser “abundante e selecta” e que non se pode entender sen aproximala á de San Juan de la Cruz. Tamén destaca que foi unha figura homenaxeada, pois foi nomeado Doutor *Honoris Causa* pola Universidade de Santiago de Compostela e foi estudiado por Claudio Rodríguez Fer ou por María Zambrano en *Pájaro y enigma*.

_____, “Firmar cos ilustres”, *La Región*, “Especial 90 aniversario”, 30 setembro 2000, p. XLVII.

Neste ano que se cumpre o 90 aniversario de *La Región*, rememora as súas primeiras colaboracións cuns poemas en *La Zarpa*, que desapareceu en 1936. Así mesmo comenta como *La Región* aceptou publicar os seus poemas, sendo ela a colaboradora máis nova, e lembra un concurso de poesía e outro de contos, que organizou este xornal, do que ela foi gañadora. Loa o traballo de *La Región* e fala da súa grata experiencia como colaboradora.

_____, “Un neniño da aldea: Balbino”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 3 decembro 2000, p. 19.

Reflexiona sobre o libro de Xosé Neira Vilas, *Memorias dun neno labrego* (Buenos Aires, 1961) analizando a significación da obra, “un libro de grandes verdades, dende o punto de vista do tempo que leva escrito e publicado sobre desta vida campesiña”. Ademais, cita tamén outros traballos como o de Álvaro Paradela, *Esquelete dun home*, ou o artigo de Dora Vázquez “Nenos da aldea” que estudian a figura dos nenos, a súa vida e as súas impresións.

Vázquez Gil, Lalo, “Loa a “Vida Gallega”, *Atlántico Diario*, “Opinión”, 31 xullo 2000, p. 13.

Reproduce algúns parágrafos dun artigo publicado en *El Eco de Santiago* por “un escritor santiagués” en 1928 no que se louva a decisión da RAG de nomear académico a Jaime Solá, fundador da revista *Vida Gallega*. Neles destácanse os acertados contidos da revista, a divulgación das publicacións do Seminario de Estudios Gallegos, o impulso a novos escritores que acolleu nas súas páxinas e a reproducción de fotos de Galicia e atácase os detractores da revista.

Vázquez Rivas, “Centos de persoas honraron a Ramón Piñeiro en Láncara”, *El Progreso*, 22 outubro 2000, p. 24.

Dá conta da homenaxe a Ramón Piñeiro, que tivo lugar en Láncara, á que asistiron, ademais de dous irmáns e sobriños de Piñeiro, Mª Xosé Rodríguez Galdo, o ecritor Basilio Losada, o xornalista Luís Bello e o caricaturista Siro López, que reivindicaron a calidade humana e intelectual así como a importancia política de Piñeiro.

Vázquez Souza, Ernesto, “Da rúa á nación. O centenario de Víctor Casas Rei”, *A Nosa Terra*, nº 945, “Guieiro Cultural”, 27 xullo 2000, pp. 25-26.

Recréase neste traballo a vida do galeguista coruñés Víctor Casas (1900-1936, Pontevedra). Dende o seu nacemento nunha familia de clase popular ata o seu fusilamento en novembro de 1936 polas forzas fascistas de Franco na cidade de Pontevedra, o artigo percorre os riscos senlleiros da traxectoria vital do xornalista e político Casas. O seu primeiro contacto coas Irmandades da Fala na Coruña, o seu aliñamento na chamada, por Ramón Villar Ponte, Xeración do 16 ou o seu labor de liberado no Partido Galeguista da IIª República son relatados con colleita de datos por Vázquez Souza. Remata o texto coa reproducción dunha carta na que Víctor Casas aposta por un galeguismo de esquerdas e organizado politicamente como vontade póstuma, antes do seu asasinato.

Vega, Suso de la, “César Morán recopila en 'Río de son e vento' 300 poemas”, *El Progreso*, 29 xaneiro 2000, p. 69.

Dá conta do acto poético musical organizado pola Fundación Caixa Galicia e Edicións Xerais de Galicia no que César Morán presentou a súa obra *Río de son e vento* (1999), unha antoloxía da poesía galega que inclúe 300 poemas de cen autores de todos os tempos, dende a época medieval aos nosos días, e un CD, no que aparecen quince destes poemas musicados e interpretados polo propio Morán. Así mesmo, lembra *O pobo da noite*, outra das obras deste autor no que Manuel Rivas recita os seus propios poemas sobre un fondo musical recreado por Morán.

Vidal, Carme, “Xavier Castro recupera a história política de Galaxia”, *A Nosa Terra*, nº 917, “Guieiro Cultural”, 13 xaneiro 2000, p. 25.

Analiza o traballo de investigación que Xavier Castro está a preparar para conmemorar o cincuenta aniversario da Editorial Galaxia, “que ten nas súas orixes un carácter político, non é unha iniciativa culturalista”, no que se fai un repaso pola historia da editorial, os conflictos cos exiliados, a vontade de ser continuadores da Xeración Nós, da que convidan a Ramón Otero Pedrayo para a presidencia, a oportunidade brindada a escritores noveis como Méndez Ferrín que comeza en Galaxia a súa carreira literaria e a vontade de promover iniciativas culturais como a o Día das Letras Galegas, e estudia, sobre todo, a censura da que foi víctima esta empresa editorial e que afectou sobre todo a traduccións de obras estranxeiras e publicacións periódicas como os Cadernos de Grial, que non se presentan como periódicos para saltar ese atranco. Así mesmo, anuncia algúns dos proxectos que se van levar a cabo neste ano, entre os que se atopa a edición desta historia elaborada por Xavier Castro.

_____, “Xaime Illa Couto”, *A Nosa Terra*, nº 919, 27 xaneiro 2000, pp. 8-9.

Transcríbese unha entrevista con Xaime Illa Couto, fundador de Galaxia, na que conta a historia desta editorial, dende a súa fundación, e posterior desenvolvemento, as diferencias co exilio galego e, sobre todo, os obxectivos nos que, á parte do proxecto cultural, no que se incluía a recuperación da canción galega, hai un afán por elaborar unha teoría económica propia, como demostra coa publicación da *Revista de Economía*, e por dar continuidade ao galeguismo, para o que ve preciso a non existencia dun partido galeguista único porque, segundo di, “o galeguismo se se quere proxectar na sociedade non pode pensar nun partido onde estén todos xuntos como foi ao comezo”.

_____, “As librarias demandan ser recoñecidas como espazos culturais”, *A Nosa Terra*, nº 925, “Guieiro Cultural”, 9 marzo 2000, p. 25.

Analiza os factores que levaron ao peche da librería Alonso, espacio de referencia cutural para a cidade de Lugo, fundada en 1863 e reclama á Fundación de Libreiros un estatuto especial para o sector co fin de evitar a desaparición de máis librerías. Así mesmo, achéganos a historia da librería Gali, situada na Rúa do Vilar de Santiago de Compostela, que se converte, co peche da luguesa Alonso, na máis antiga de Galicia. Por outra banda, Antón Pedreira denuncia a inestabilidade que está a pasar o sector, como demostra o peche tamén da librería Índice de Ferrol e Agarimo de Santiago de Compostela, enumerando os distintos elementos que segundo el provocan as dificultades dos libreiros, entre os que se atopan a imposibilidade de competir coas grandes superficies comerciais ou a venda por correo, sobre todo coa entrada en Internet.

_____, “A TVG debe promocionar o libro galego”, *A Nosa Terra*, nº 930, “Guieiro Cultural”, 13 abril 2000, p. 30.

Recolle as opinións de Fabiola Sotelo Blanco, nova presidenta da Asociación Galega de Editores, que reflexiona sobre a situación do libro galego deténdose especialmente na promoción e no aumento dos índices de lectores que son dous dos temas que máis lle preocupan. Así mesmo, reclama un maior apoio institucional para as editoras, especialmente por parte dos medios de comunicación pública, sobre todo a TVG, e privados, aos que invita a dedicar parte das axudas concedidas para a promoción da lingua galega, ao libro galego. Tamén denuncia a “competencia desleal” que supón a publicación institucional de obras para as editorias e o investimento de capital foráneo nas empresas productoras de libros galegos.

_____, “Só cinco novelas foron publicadas este ano”, *A Nosa Terra*, nº 934, “Guieiro Cultural”, 11 maio 2000, p. 25.

Catro editores galegos amosan as súas opinións arredor do estacamento na publicación de novelas no ano 2000. O responsábel de Xerais, Cid Cabido, afirma que no seu caso resposta a unha decisión consciente, e asegura que a editorial ten no prelo novas obras. O representante da editorial Galaxia, Damián Villalaín, recoñece que “a publicación de narrativa depende da planificación editorial” e afirma que Galaxia se centrou no libro de divulgación e no ensaio durante eses meses. O editor de Espiral Maior, Miguel Anxo Fernán Vello, di que o parón editorial tamén afecta á poesía e que “existe un retroceso no uso da lingua e no número de lectores”. Dende a editora Sotelo Blanco, Carlos Lema reflexiona sobre a importancia da calidade do editado, non da cantidade. Tamén dan o seu punto de vista respecto da parte de responsabilidade neste estacamento que posúen os premios literarios, concentrados noutras datas do ano. Os editores atópanse certos de que, logo do fallo dos principais, recibirán máis orixinais nas editorias para publicar.

_____, “Editores, libreiros e escritores reclaman a criación dunha plataforma de defensa do libro”, *A Nosa Terra*, nº 935, 18 maio 2000, pp. 2-3.

Denuncia a situación de abandono na que se atopa o sector libreiro en Galicia, como demostra a ausencia de estudios dos índices de lectura, e demanda a creación dunha Mesa do Libro que palie esta situación. Así mesmo, recolle as opinións dalgúns editores, libreiros, escritores e críticos a favor deste proxecto, entre os que se atopa Carlos Casares, presidente do consello da Cultura Galega, que se mostra optimista coa situación da literatura galega, Miguel Anxo Fernán Vello ou Manuel Bragado, directores de Espiral Maior e Edicións Xerais respectivamente, que denuncian a pouca presencia do libro galego na televisión, o novo presidente da Federación de Libreiros, Xaime Carlos Corral Prieto ao que lle preocupa especialmente a competencia das grandes superficies, e a profesora Dolores Vilavedra que centra a atención na publicación de libros de texto dominada por empresas foráneas que non adaptan os contidos á nosa realidade. Todos eles ven ademais na normalización da lingua o soporte imprescindíbel para a creación de lectores en galego: “só cando se conquira a normalización Rosalía de Castro e toda a nosa literatura dará beneficios”.

_____, “O Foro da Cultura denúncia a censura á que está sometida a cultura galega”, *A Nosa Terra*, nº 950, “Guieiro Cultural”, 31 agosto 2000, p. 21.

Faise eco do acontecido no Foro da Cultura Galega en agosto do ano 2000, no que se criticou sobre todo a “censura económica, institucional e educativa”, que sofre a cultura galega. Achega o nome dos coordinadores, entre os que se atopaban Luísa Villalta e Xosé María Álvarez Cáccamo, e as conclusións extraídas. Entre elas, cita a necesidade da adopción dunha normativa consensuada da lingua, a dotación de medios de comunicación propios, a petición da promoción do libro e a lectura por parte das institucións e unha promoción da lingua en núcleos urbanos e semiurbanos. Remata reflexionando sobre o futuro incerto da lingua, que cada vez se sume máis á cultura española.

_____, “A cultura que sae da terra”, *A Nosa Terra*, nº 960, “Guieiro Cultural”, 9 novembro 2000, p. 23.

Describe os distintos actos organizados por diferentes asociacións culturais espalladas por toda Galicia, entre elas a Agrupación Cultural Alexandre Bóveda que editará o libro de Manuel María Bretemas do Muiñeiro, ou a Asociación Cultural Monte Branco do Couto que vén celebrando dende hai seis anos, unha festa das letras dedicada a un escritor galego, ao tempo que pón de manifesto a escaseza de axudas institucionais coas que contan todas estas asociacións.

_____, “Os escritores que asinan páxinas na web”, *A Nosa Terra*, nº 962, “Guieiro Cultural”, 23 novembro 2000, p. 33.

Describe o contido das páxinas que varios autores galegos, Suso de Toro, Rafa Villar, Kiko Neves, Gonzalo Navaza, Santiago Jauregui, e Manuel Forcadela, presentan en Internet co fin de comunicar ou buscar novos lectores, entre as que destaca a de Manuel Forcadela que inclúe unha colección de textos literarios de todas as épocas e unha sección de lírica medieval que recibe moitas consultas de persoas interesadas na poesía dos trovadores.

_____, “Reclaman para Carvalho Calero o próximo Día das Letras”, *A Nosa Terra*, nº 963, “Guieiro Cultural”, 30 novembro 2000, p. 29

Alude ao simposio celebrado na Coruña e Ferrol sobre Ricardo Carballo Calero, no que se reivindicou o recoñecemento por parte das institucións dun autor considerado moi importante. Deste xeito, apunta que numerosos estudiantes se referiron á obra do autor ferrolán, entre eles Francisco Pillado, Manuel Forcadela, Arturo Casas ou Pilar Pallarés. Destaca a súa faceta de poeta erótico pouco entendido polos críticos e fala do reintegracionismo que levaba dentro, para rematar solicitando a elaboración dunha bibliografía e un maior estudio deste autor.

_____, “Compostela tórnase centro da lusofonia”, *A Nosa Terra*, nº 965, “Guieiro Cultural”, 12 decembro 2000, p. 21.

Analiza o desenvolvemento das xornadas “Galego no mundo. Latim en pó”, celebradas en Santiago de Compostela e ás que asistiron diversas personalidades relacionadas co mundo cultural e literario galego, como Miguel Anxo Fernán Vello, Quico Cadaval ou Xurxo Souto, co fin de promocionar a necesidade dun coñecemento e establecemento de vías de encontro continuadas entre os distintos países do ámbito galego-portugués. Así mesmo, lembra algunha das iniciativas dos participantes destas xornadas entre as que se atopa a elaboración, e posterior publicación, dun relato conxunto de xénero policíaco que vai xa polo capítulo sétimo.

Vidal, Francisco Antonio, “A cova céltica”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 16 abril 2000, p. 21.

Reflexiónase sobre a importancia que tiveron para o movemento rexionalista as reunións levadas a cabo na librería coruñesa *La Regional*. Explícase tamén a orixe do nome “Cova Céltica”, alcume co que foron coñexidas estas reunións. Ofrécese, ademais, a listaxe de asistentes a estas xuntanzas, destacando entre eles a Manuel Murguía. Así mesmo, menciónanse algunhas das publicacións e asociacións que xurdiron destas reunións. Vólvese a lembrar, finalmente, o “alto valor” que tanto para a literatura galega como para o movemento galeguista tiveron estas xuntanzas.

Vidal, M. M., “A natureza e o pobo son os elementos principais da obra artística de Castelao”, *El Ideal Gallego*, 29 xaneiro 2000, p. 28.

Seguindo co resumo das xornadas dedicadas a Castelao en Rianxo con motivo do cincuenta cabodano da súa morte, resume o acontecido no cuarto día de encontros, no que estudiosos como o catedrático de Filoloxía Románica Basilio Losada, o debuxante Siro López, a catedrática de Arte Contemporánea da Universidade de Vigo, María Victoria Carballo Calero e o director do Museo de Pontevedra, Carlos Valle, entre outros, analizaron o Castelao debuxante, pintor e ceramista. Neste mesmo artigo, anúnciase a representación, na cidade da Coruña e noutras vilas galegas, da obra de Castelao *Os vellos non deben namorarse*, que levará a cabo o Centro Dramático Galego como parte dos actos conmemorativos.

Vidal, Magdalena M., “A distancia cultural, social e relixiosa fai difícil a traducción de Castelao ó ingles”, *El Ideal Gallego*/*Diario de Ferrol*, 26 xaneiro 2000, p. 32/p. 28.

Informa sobre a conferencia de Jonathan Dunne, profesor de Lingua Española e Galega na Universidade inglesa de Bradford, pronunciada nas xornadas sobre Castelao que se levaron a cabo en Rianxo, na que analizou dous dos problemas que dificultan a traducción de Castelao ao inglés: a distancia cultural, social e relixiosa entre a sociedade galega que reflictía o escritor rianxeiro e a terra onde ían destinadas as súas traduccións, e as eivas dos diccionarios galegos. Así mesmo, lembra outros participantes do congreso, como Xosé Manuel Salgado, profesor de Literatura Galega na Universidade de Santiago de Compostela, que se ocupou das relacións entre Castelao e Otero Pedrayo, o catedrático de Literatura Galega Xesús Alonso Montero, que analizou a viaxe de Castelao a URSS, en 1938 e do presidente da Real Academia Galega Francisco Fernández del Riego, que se centrou na súa faceta de escritor.

_____, “Isaac Díaz Pardo: 'Hoxe a nosa terra é menos nosa que en tempo de Castelao”, *El Ideal Gallego/Diario de Ferrol*, 28 xaneiro 2000, p. 32/p. 28.

Resume as intervencións dalgúns dos participantes no congreso sobre Castelao celebrado en Rianxo, como son Isaac Díaz Pardo, que se referiu sobre todo a situación política actual de Galicia en relación a época de Castelao; o catedrático de Historia da Universidade de Santiago de Compostela, Xusto González Beramendi, que se centrou nos caracteres básicos do pensamento político do escritor rianxeiro; e o escritor Xosé Luís Méndez Ferrín, que abordou a etapa de exilio de Castelao e a súa relación con outras forzas republicanas. Así mesmo, cita outros participantes do congreso, como o guionista e director de documentais Xosé Antón Durán, que explicou a relación entre Castelao e Casares Quiroga, ou o ex rector da Universidade compostelana, Ramón Villares, encargado de abrir a terceira xornada dedicada a Castelao, que salientou que o “polifacético rianxeiro” foi o único político galego que articulou un discurso “dende Galicia para toda España”.

Vidal, Nicolás, “A poeta eumesa Eva Veiga publica en Edicións Xerais 'Paisaxes do baleiro”, *Diario de Ferrol*, 31 xaneiro 2000, p. 13.

Fai referencia á recente publicación do poemario de Eva Veiga, *Paisaxes do baleiro* (1999) despois de sete anos da publicación anterior, *Fuxidíos,* co que conseguira un accésit do Premio Esquío no ano 1993. Saliéntase o estilo breve e sintético que predomina nos poemas do volume. A seguir, reprodúcense as palabras da autora, quen confesou que se no anterior libro os poemas “viñan de estímulos externos”, nesta segunda publicación a necesidade de escribir respondeu a un estímulo interno e a necesidade de “botalo fóra”. Finalmente, saliéntase a boa recepción que conseguiu con este último volume.

_____, “Un hijo de su tiempo”, *Diario de Ferrol*, 22 agosto 2000, p. 64.

Percorrido pola vida de Sindo Seixido, que naceu en 1922 en Fene, onde foi mecánico de Astano en 1948, e que se relacionou coa guerrilla antifranquista, o que fixo que estivese a piques de estar detido. Tamén se refire á súa fuga por España e Francia, ata chegar a Cuba, onde a revolución o fixo membro do Ministerio de Industria. Sinala que as súas aventuras están recollidas por Xosé Neira Vilas en *Guerrilleiros* (1991). Finalmente, fala da súa vida actual en Cuba e das súas viaxes constantes a Galicia. Á parte disto, apunta que Neira Vilas recolleu as historia de Limondre no libro *A gloria é un afiador* (1991).

Vidal Villaverde, Manuel, “El Porteño”, *Atlántico Diario*, “La Revista”, 20 agosto 2000, p. 59.

Nárrase a historia de Abelardo Rode Maceiras, “O Porteño”, que rexentaba unha froitería, onde xogaba con moitas das rapazas que o ían ver. Un día chegan as nais de dúas delas e intenta suicidarse. Despois disto, desapareceu da cidade un tempo ata que apareceu no xornal a noticia de que se tirara ás vías do tren.

_____, “A muller de area”, *Atlántico Diario*, “La Revista”, 27 agosto 2000, p. 41.

Un narrador protagonista relata a súa propia vivencia amorosa con Bárbara Lou, que se presenta como a única nave que o podía afastar da soidade. No remate, Bárbara esvaécese e chega a converterse en area, recordando así o lugar onde se coñeceran, a praia.

_____, “Psicose”, *Atlántico Diario*, “La Revista”, 3 setembro 2000, p. 42.

Neste relato preséntase a historia de Nicandro, quen padece trastornos mentais e ten a teima de converterse nunha espiga, o que o fai ingresar por dúas veces nun hospital psiquiátrico. A última vez que saíu del, aparentemente curado, rematou entre o millo morto e con grans nos petos.

_____, “A partida de billar”, *Atlántico Diario*, “La Revista”, 17 setembro 2000, p. 52.

Relato en primeira persoa, no que se presenta a historia de Alfredo Bustamante Cortegada, un rapaz enganchado ás drogas, que vive na rúa. Lémbrase como era un rapaz normal de boas notas, que se botou a perder ata rematar coa súa vida, despois dunha disputa por unha partida de billar.

_____, “O caleixón: o tempo e as músicas”, *Atlántico Diario*, “La Revista”, 29 outubro 2000, p. 54.

O narrador en primeira persoa relata as súas lembranzas de neno, lembranzas que por veces se ven interrompidas pola desaparición de determinados personaxes que formaron parte delas.

_____, “Memoria breve dun caldeiro vello”, *Atlántico Diario*, “La Revista”, 15 outubro 2000, p. 60.

Narración en primeira persoa, na que se presenta a historia dun caldeiro con sentimentos e sensacións humanas. Relátanse os diferentes usos que fan del, ata que remata por ser a maceta para unha pranta.

_____, “As dúas últimas mortes de Lourenzo Alcibes”, *Atlántico Diario*, “La Revista”, 12 novembro 2000, p. 44.

Relato de corte fantástico no que se describen dúas das mortes dun personaxe que morre en varias ocasións.

Vilar, Aser, “Castelao: Un símbolo de tódalas Galicias”, *La Región*, 10 xaneiro 2000, p. 8.

Describe os actos que con motivo de conmemorar o cincuenta aniversario da morte de Castealo se levaron a cabo, por unha banda na cidade da Coruña, na que se presentou unha copia restaurada do filme *Imaxes de Castelao*, que recolle escenas do escritor rianxeiro nos anos 40 recompiladas polo fotógrafo Eligio González, e se abriu a través de Internet o primeiro museo visual dedicado a Castelao, e por outra en Santiago, onde no Panteón de Galegos Ilustres tivo lugar un acto cívico, convocado pola Fundación Castelao, ao que asistiron o alcalde de Santiago, Xosé Sánchez Bugallo e Carlos Valle, director do Museo de Pontevedra, entre outros, ademais dunha homenaxe dos nacionalistas do BNG que quixeron lembrar así ao que fora secretario político do Partido Galeguista na Segunda República.

_____, “En memoria de Curros”/A figura de Curros Enríquez terá un congreso en Celanova para o ano 2001”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*, 17 setembro 2000, p. 48/p. 76.

Fai referencia á presentación levada a cabo por Alonso Montero e Henrique Monteagudo do Congreso Internacional organizado polo Consello da Cultura Galega en colaboración coa Consellería de Cultura e o Concello de Celanova previsto para os días 13, 14 e 15 de setembro do 2001 en Celanova, co gallo da conmemoración do cento cincuenta aniversario do nacemento de Curros Enríquez. Cita os integrantes do Comité organizador e informa das actividades previstas ata setembro do 2001 como son diversas publicacións sobre a súa obra, así como a convocatoria de seis bolsas de estudio para investigar diversos aspectos da vida de Curros Enríquez.

_____, “Montes, un autor poliédrico”, *O Correo Galego*, “AFA”, 24 novembro 2000, p. 33.

Dá conta do desenvolvemento das xornadas sobre Eugenio Montes que tiveron lugar en Ourense, nas que participaron, entre outros Xulio Francisco Ogando, que fixo unha descrición biográfica do autor, Ramiro Fontes que explicou como conviven na súa obra bilingüe moi diversas estéticas; o historiador Marcos Valcárcel, que estudiou polo miúdo a presencia ourensá de Montes no xornalismo dos anos 20, e Gutiérrez Palacio, autor da única biografía existente sobre Montes e que falou do escritor como prosista da Xeración do 27.

_____, “A edición crítica da obra en galego”/“O congreso sobre Eugenio Montes péchase cun chamado á edición crítica da súa obra en galego”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “AFA”/“Sociedad-Cultura”, 25 novembro 2000, p. 34/p. 73.

Describe as intervencións de tres dos relatores do congreso sobre Eugenio Montes que vén de se clausurar: Xavier Carro, que analizou polo miúdo o libro *El viajero y su sombra* (1940) extraendo algunhas das súas claves ideolóxicas como a defensa dunha monarquía tradicional e a súa nostalxia pola Europa católica; Xosé Ramón Barreiro Fernández que presentou unha ampla analítica dos textos de Montes na revista *Acción Española*, e Juan Bonet, exdirector do IVAM valenciano, que abordou o autor da *Estética da muiñeira* (1922). Así mesmo, lembra a necesidade de promover unha edición da obra en galego do escritor, dada a pluralidade de variantes que dos seus poemas aparecen nos xornais.

Villalaín, Damián, “Castelao en Galaxia”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 9, 14 xaneiro 2000, p. 1.

Coincidindo coa conmemoración do cincuenta aniversario de, por unha banda a morte de Castelao e por outra o nacemento de Galaxia, Damián Villalaín, actualmente subdirector deste organismo, estudia o labor de conservación e recuperación da obra de Castelao feito pola editorial, que publicou a primeira edición de *Os vellos non deben namorarse*, o primeiro libro de Castelao que viu a luz no franquismo, e foi a principal responsábel de que o legado do autor de Rianxo chegase ás novas xeracións. Así mesmo, recoñece as diferencias políticas entre o grupo e o escritor pero afirma que “non enturbaron nunca a devota estima que os galeguista agrupados pouco despois en torno a Galaxia profesaron sempre cara a Castelao”. Por outra banda considera a serie de publicacións relacionadas co escritor que Galaxia ten previstas para este ano 2000, a mellor homenaxe que se pode tributar, dende a súa condición de editores, a quen será sempre o “Irmán Daniel” e un dos nosos “mellores escritores”.

Villar, Carmen, “O balance editorial de 1998 péchase con vendas á baixa, sobre todo en lingua galega”, *Faro de Vigo*, 14 xaneiro 2000, p. 47.

Fai un repaso polo balance editorial do ano 1998 do que se conclúe por unha banda, a diminución do número de vendas, sobre todo en lingua galega, e por outra que os libros máis editados foron os de texto non universitarios, seguidos das obras infantís e xuvenís, as literarias e as de divulgación xeral.

_____, “Actuar en Galicia ¿qué bonito es?”, *Faro de Vigo*, “FaroDomingo”, 12 marzo 2000, pp. 4-5.

Recolle as declaracións de varios actores galegos como Uxía Blanco, Fernando Dacosta, Miguel de Lira, Manuel Lourenzo, Manuel Millán e Antonio Durán Morris, nas que opinan sobre a situación actual do teatro galego. Na súa maioría consideran que, malia ter mellorado moito segue a ser unha profesión pouco fixa e escasamente remunerada, o que fai que os artistas se vexan na obriga de combinar esta profesión con outras actividades, e mesmo teñan que buscar portunidades fóra da comunidade, factor que sen embargo, Durán Morris ve vantaxoso pois fai que Galicia sexa un referente. Así mesmo, Santi Prego, de Ollomoltranvía, afirma que Galicia “vai no bo camiño” malia as dificultades que xorden, e lembra que antes o CDG era a máxima aspiración dos actores, mentres que hoxe a compañía mesmo ten problemas para recrutar xente, causa da non formación de novos actores e que “ha desaparecido el teatro de aficcionado y no se mima el teatro escolar”.

_____, “La literatura gallega del exilio evitó tratar el tema de la Guerra Civil”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 2 xullo 2000, p. 56.

Dá conta dun estudio de Dolores Vilavedra, que foi exposto no Consello da Cultura Galega, sobre a literatura galega no exilio. Salienta a conclusión extraída pola profesora Vilavedra, que defendeu a idea de que “houbo un pacto de silencio que provocou a ausencia do tema da Guerra Civil”. Tamén recorda que a época de posguerra foi moi fructífera, pese a que os textos escritos nesas datas foran publicados 20 anos despois, abrindo eta etapa *Longa noite de pedra* (1962), de Celso Emilio Ferreiro. Explica isto, argumentando que os emigrados a Arxentina querían ler recordos nostálxicos e costumistas da súa terra. Lembra aos indianos filántropos, que volveron a Galicia e deixaron a súa pegada con estatuas e placas por todo o territorio galego.

_____, “Suso de Toro lamenta que la cultura española y la portuguesa 'vivan a espaldas la una de la otra”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 8 setembro 2000, p. 37.

Refírese ao “Encontro de escritores na Finisterra”, un foro que persegue o achegamento de todas as culturas que conviven dentro da Península Ibérica. Segundo Suso de Toro, esta pretensión é moi importante e estáselle dando unha escasa valoración. Tamén comenta que a terceira edición deste Encontro pode ser a última por falta de patrocinadores e achega o nome dalgunhas das persoas participantes como foron Luísa Castro, Fran Alonso, Carlos Casares, Fernando Sánchez Dragó ou Ángel Basanta. Remata cunha chamada á reflexión sobre estes encontros tan importantes para o galego e a apertura a outras culturas.

_____, “Galaxia homenajea en su cincuenta aniversario a los hombres que lucharon por su existencia”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 11 outubro 2000, p. 50.

Noticia sobre a homenaxe aos homes de Galaxia no seu cincuenta aniversario. Rememóranse as orixes do nacemento da editorial e cítanse algúns dos nomes dos asistentes ao acto, entre eles os cofundadores Fernández del Riego e Xaime Isla. Tamén se informa da asistencia dos familiares dos escritores, entre eles a irmá de Ramón Piñeiro.

_____, “Literatura gallega en blanco y negro”, *Faro de Vigo*, “Televisión”, 9 novembro 2000, p. 82.

Describe o acontecido na gravación dunha entrevista realizada por Sánchez Dragó a catro escritores galegos, Darío Villanueva, Carlos Casares, Manuel Rivas e Suso de Toro, na que, entre outras cousas, o entrevistador recoñeceu que se achegaba á literatura galega sen excesivo coñecemento de causa alegando que “Quienes escribimos y leemos en castellano desconocemos casi todo lo que a literatura gallega se refiere”.

_____, “El teatro gallego crea una plataforma para reivindicar el apoyo de la Xunta”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 22 novembro 2000, p. 39.

Alude ao manifesto firmado polos integrantes do Foro Teatral de Sada que reivindican, entre outros aspectos, apoio institucional para o teatro, melloras na Rede Galega de Teatros e a constitución dunha Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.

_____, “Méndez Ferrín afronta a súa candidatura ó Nobel con escepticismo”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 30 decembro 2000, p. 46.

Recolle as declaracións de Xosé Luís Méndez Ferrín que reaccionou con escepticismo ante a súa candidatura ao Nobel de Literatura, alegando que “non vai recibir nunca o Nobel un escritor nunha lingua minorizada”.

Villar, Marta, “Rianxeiros, supongo”, *Faro de Vigo*, “FaroDomingo”, 16 xaneiro 2000, pp. 4-5.

Reflicte as impresións de varios veciños de Rianxo, berce de nomes importantes da literatura galega como Castelao, Manuel Antonio e Rafael Dieste, ademais doutros autores como Pai Gómez Chariño, que se amosan máis preocupados polo seu presente ligado ao mar e polo futuro económico da cidade que polo simbolismo cultural que esta posúe. Estes veciños de Teresa Castelao, irmá do autor de *Cousas*, consideran así mesmo que todas as homenaxes que se suceden na vila, entre elas as que están previstas para este ano declarado ano de Castelao, teñen moito de política pois, segundo declara Felipe Ordóñez, presidente da Asociación rianxeira de Empresarios, Rianxo está abandonada e en pleno ano 2000 non conta aínda cunha Casa da Cultura. Da mesma maneira, reclaman o translado ao cemiterio da cidade dos restos mortais de Castelao, onde descansa toda a súa familia.

Villar, Xoán, “Galicia editorial”, *O Correo Galego*, “*Revista das letras*”, nº 307, 30 marzo 2000, pp. 2-3.

Reflexiona sobre o mundo editorial galego que cualifica de “Virtual”, pois non existen “auténticas editorias”, “empresas rendibles”, analizando o modelo empresarial das distintas editoriais galegas do momento, entre elas Xerais, que Bragado considera a única editorial propiamente dita de Galicia, e a súa relación coa normativa actual que marca unha forma de enfrontarse ao feito editorial. Así mesmo, lembra as declaracións de Carlos Casares sobre a liña ideolóxica de Galaxia para os próximos anos que pasa por reformar a normativa e aproximala ao portugués, cualificándoa de problemática para o mundo editorial galego.

Villares, Ramón, “Feijoo, Sarmiento e Cornide”, *O Correo Galego*, “Historia de Galicia”, 9 xuño 2000, p. 4.

Fai un percorrido polas figuras dos ilustrados e destaca a importacia que tiveron para a constitución dunha cultura galega. De entre eles, salienta a Feijoo e a Sarmiento, quen se preocupou por cuestións como a emigración, a lingua e a historia de Galicia. No eido económico, cita entre os máis destacados a Cornide e, na historia natural, a Somoza de Monsoriu, Hervella de Puga e o Doutor Francisco de Castro. Apunta que todas estas persoas foron moi importantes para o desenvolvemento da cultura galega.

_____, “Nós, os inadaptados”, *O Correo Galego*, “Historia de Galicia”, 11 xullo 2000, p. 4.

Alude á historia da Xeración Nós, dende os seus comezos ligados ás Irmandades da Fala, ata a constitución da revista *Nós*. Deste xeito, fala da historia das Irmandades, na que a coruñesa era a máis afín á intervención política e o grupo ourensán era máis próximo á liña de acción cultural. Apunta que este último grupo creou a “Irmandade Nacionalista Galega”, pero que tivo moi pouca vida política, xa que nela convivían toda clase de ideoloxías. Asemade, comenta que del saíu nos anos 20 a revista *Nós*, baixo a dirección de Vicente Risco, e que desenvolveu un gran traballo para a cultura de Galicia coa publicación de obras literarias, históricas e etnográficas, ademais de ter participado na Academia Galega e no Seminario de Estudos Galegos.

Viu, Cristina, “Ponteceso, cuna de Pondal, celebra el hallazgo de “Os Eoas”, *La Voz de Galicia,* “Cultura”, 2 novembro 2000, p. 32.

Incide na importancia da iniciativa da asociación Monte Branco, que dende hai seis anos está a organizar unha Festa das Letras Galegas para dar a coñecer a significación da obra e da personalidade de Eduardo Pondal e que reúne a personalidades destacadas do mundo da cultura galega como o profesor Manuel Ferreiro, que aproveitará esta sexta edición dos encontros para dar a coñecer o texto orixinal do poema de Pondal *Os Eoas* (1992). Lembra tamén que esta asociación funciona así mesmo como editorial e xa leva publicadas antoloxías de autores case descoñecidos como *A rexoubeira de Bergantiños* de Asunción Antelo.

Vixande, M. “Aí vén o maio' a mellor canción galega do século”, *A Nosa Terra*, nº 919, 27 xaneiro 2000, p. 40.

Fai un percorrido pola panóramica da música galega ao longo do século XX, recollendo opinións de varios críticos que fan un balance positivo da actividade musical. Destácase que consideran “Ai vén o maio” de Luís Emilio Batallán sobre o poema de Manuel Curros Enríquez, como a mellor canción galega do século, e fan un recoñecemento especial para Xoan Montes, autor de obras como “Negra Sombra” ou “Unha noite na eira do trigo”, moi presentes na memoria musical de Galicia.

Volpi, Jorge, “Cinco meditacións sobre o futuro da novela”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras”*, nº 320, 29 xuño 2000, p. 2.

Reflexiónase sobre o que é unha novela e achéganse unha serie de razóns polas cales segue viva, a pesar de que existan moitos avances tecnolóxicos que poderían substituír, dalgunha forma, este xénero literario. Coméntase que non se pode pensar que o cine e a televisión substitúan a novela, xa que esta permite unha maior liberdade para imaxinar. Así mesmo, sinálase que a novela nace pola necesidade de contar historias e que, pouco a pouco, se volveu unha fonte de entretemento, podendo transmitir humor, intercambiar historias e provocar a reflexión. Finalmente, expóñense as virtudes deste xénero como son a liberdade de acción, a capacidade de contar historias e ser vehículo de coñecemento.

X. A. R., “Monte Oribio’ ampliou a súa oferta de actividades”, *El Progreso*, 24 xuño 2000, p. 58.

Faise eco das diferentes actividades realizadas pola Asociación Cultural Monte Oribio, gracias a un convenio co Concello de Sarria, que considera moi positivo. Solicita tamén axuda para a creación dun local para esta asociación.

X. C., “Ferrín entra na Académia cun discurso nacionalista sobre as cantigas medievais”, *A Nosa Terra*, nº 955, “Guieiro Cultural”, 5 outubro 2000, p. 21.

Faise eco do discurso de X. L. Méndez Ferrín no seu ingreso de entrada da Real Academia Galega, no que salientou que a literatura medieval “é toda unha literatura”, polo que existe a necesidade dunha historia para ela. Logo pasa a criticar a pretensión de Menéndez Pidal de instaurar o *Poema del Cid* como primeiro documento literario da literatura española. Sinala que o acto rematou coa resposta de Ramón Lorenzo, que fixo un percorrido pola vida e a obra do autor.

X. E. A., **“**A foto da Caeira”, *A Nosa Terra*, nº 963, 30 novembro 2000, p. 40.

Relata a morte do galeguista Víctor Casas, executado o 12 de novembro de 1936, a través das lembranzas da súa nai, Cinta Rey, que quixo retratarse onde fora asasinado o seu fillo, fazaña que se ve hoxe como “icono das nosas liberdades. Da conciencia por manter acesa a memoria, a nosa historia”.

X. L. A., “Manuel Antonio camiña por Asados”, *O Correo Galego*, “AFA”, 11 xullo 2000, p. 36.

Faise eco da celebración dunha homenaxe a Manuel Antonio na súa casa de Asados, na que participaron Xesús Alonso Montero, Salvador García Bodaño, Borobó, Avelino Pousa Antelo, David Otero ou Pepe Barro. Tamén destaca o traballo dos rapaces dos colexios locais e a actuación do grupo Churrusquiños, que escenificaron poemas de Manuel Antonio. Conclúe loando a memoria deste autor asadense e gabando esta iniciativa para recordalo.

X. L. Q., **“**Un año sin Novoneyra”, *El Progreso*, “Monforte”, 5 novembro 2000, p. 18.

Dá conta da homenaxe rendida ao poeta galego Uxío Novoneyra no Courel, organizada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega en colaboración coa Consellería de Cultura e o Concello de O Courel, e na que tomaron parte, ademais de varias personalidades do mundo literario galego, o delegado provincial de cultura, Antonio Calvo, o alcalde do Courel, José Lopez Fontal e distintos membros da asociación cultural Fonte do Milagro, e na que, entre outros actos, se descubriu un monumento de pedra en memoria do autor de *Os Eidos* (1955).

X. M. C., “El Consello da Cultura va a descubrir a un Curros “poeta y periodista”, *Faro de Vigo*, “Ourense”, 16 setembro 2000, p. 29.

Anuncia a celebración no mes de setembro de 2001 dun congreso internacional organizado polo Consello da Cultura Galega no que se pretende descubrir o Curros poeta e xornalista. Sinala que os organizadores do congreso, presididos por Alonso Montero, agasallarán aos asistentes cunha antoloxía dos poemas máis representativos do escritor e realizarán a reedición do semanario fundado por Curros en Cuba, *La Tierra Gallega*, publicación na que se recollen editoriais nos que o poeta se enfronta ás autoridades españolas e aos líderes do separatismo cubano e se opón á intervención dos Estados Unidos en Cuba. Recóllense tamén declaracións de Alonso Montero a respecto da oposición da igrexa ao poema “A Virxe de Cristal”, na súa opinión, “uno de los poemas religiosos más hermosos que se han escrito en la historia de la humanidad en cualquier lengua”, ao tempo que lamenta que ningún dos párrocos de Vilanova se ocupase de realizar unha edición dese poema.

V.8. Publicacións en xornais: notas presentacións e escritos varios

M. P., **"**Unha nova campaña promove o libro galego como agasallo no Nadal", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 23 decembro 2000, p. 32.

Informa da presentación da campaña de promoción do libro galego, “Tempo de Nadal. Le en galego. Un libro, un agasallo”, que levaron a cabo o conselleiro de Educación, Celso Currás e o presidente da Federación de Libreiros de Galicia, Xaime Corral, que se inscribe no acordo que as dúas institucións manteñen para promocionar a venda de libros galegos e que ambos representantes cualifican de “moi positivo e eficaz”.

X. P., “El homenaje al poeta Uxío Novoneyra será el 4 de noviembre en la localidad lucense de Seoane do Courel”, *El Correo Gallego*, “Sociedad-Cultura”, 15 outubro 2000, p. 76.

Anuncio da homenaxe a Uxío Novoneyra celebrada o 4 de novembro e promovida pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, da que o poeta era presidente. Infórmase de que os actos terán lugar en Seoane do Courel, onde naceu o poeta, e que consistirán na plantación da árbore preferida de Novoneyra, a inauguración dunha escultura e dunha rúa co seu nome, ademais duun acto literario no Colexio Público da localidade no que se entregará o Premio Letra E da AELG á viúva do poeta homenaxeado, Elba Rey Martínez.

VI. A literatura infantil e xuvenil galega

VI. 1. Narrativa

VI.1.1. Narradores Galegos

Alfaya, An, *O baúl de Wensel*, ilust. Irene Fra, Vigo: Galaxia, col. Árbore, nº 110, Serie verde (a partir de 9 anos), abril 2000, 76 pp. (ISBN:84-8288-360-7).

Nesta novela de An Alfaya (Vigo, 1964) con ilustracións de Irene Fra, é un narrador omnisciente clásico o que nos conta en terceira persoa a peripecia vivida por Max, un neno de sete anos, cando durante as vacacións de verán nunha vila costeira entra na tenda de antigüidades do señor Wensel despois de terse perdido. Sorpréndese de que na tenda figure o letreiro “Non se admiten nenos, nin animais, nin curiosos” e xa dentro dela, espía a conversa que manteñen o vello Wensel e Ulises. O protagonista descobre que o anticuario conservaba nun baúl os obxectos máis prezados, entre os que se atopaba un libro protagonizado por Wensel e Ulises e que cobra vida nas mans de Max. Este “raro obxecto” provoca que o neno quede durmido e viva unha experiencia fantástica, penetra no baúl da fantasía e alí atopa ao Paxaro Lúa, aos monicreques vivintes, ao cabalo de cristal Crisol e ao Paxaro Sol. Cando sae da tenda descobre que non pasou o tempo e que todo fora un soño, atópase cos pais e comproba que a tenda xa levaba anos pechada. Finalmente, cre estar vendo algúns dos seres fantásticos cos que convivira dentro da tenda.

Recensións:

-Magdalena de Rojas, “An Alfaya. *O baúl de Wensel*”, *Fadamorgana*, nº 5, “Novidades”, outono 2000, p. 77.

Despois de ofrecer un detallado resumo do argumento desta obra, comenta que nela se encontran dous planos moi marcados. Por unha parte, o fantástico, definido na tenda de antigüidades con todos os personaxes que por ela pasan e os obxectos pertencentes a un mundo desaparecido, e, pola outra, o real, definido pola familia de Max na vila de veraneo. Tamén apunta que este relato, debedor de *Alicia no país das marabillas*, amosa certos “valores interesantes, como unha linguaxe bastante atinada que axuda ao mundo máxico, ou o retrato de Wensel e Max, pero, ás veces, o paso do real ó fantástico non é demasiado verosímil”.

Alfaya, An, *Folerpas*, Madrid: SM Ediciones, col. O barco de vapor, Serie encarnada, nº 36 (a partir dos 12 anos), 2000, 173 pp. (ISBN: 84-348-7328-1).

Novela de aventuras de An Alfaya (Vigo, 1964), na que Rosa, unha estudiante de cuarto de ESO, relata como ela e os amigos averiguan a verdadeira historia do Folerpas, un químico acusado do incendio dun almacén de persoas e da ruína do dono dese inmóbel. A medida que o Folerpas relata a súa vida, descóbrese que o culpábel foi un veciño ambicioso que quería roubar o xarope do Folerpas, que posuía a propiedade de facer voar aos animais. Nas mans de Rosa poñerá a única mostra do xarope ao non poder fabricar máis por queimárense todos os papaventos. Rosa e os seus amigos, dun dos cales se namora, argallan a “operación papaventos” para conseguilos noutras zonas e salvar o proxecto, solución que llela achega a propia natureza.

Álvarez, Ramiro J., *Amigos en tempo real*, ilust. Sandra F. Carmelo, Vigo: Galaxia, col. Sete Mares, nº 6, febreiro 2000, 85 pp. (ISBN: 84-8288-345-3).

Os cinco primeiros capítulos desta obra, con texto de Ramiro J. Álvarez (Lugo) e ilustracións de Sandra Fernández Carmelo, céntranse na presentación dos seus protagonistas principais: Antón, un rapaz galego de doce anos, que ten a perna dereita engaiolada por un aparato ortopédico e está sempre moi amparado pola súa familia e amigos, e Gloria María, un rapaza da mesma idade que, a consecuencia dos cargos diplomáticos do seu pai, tivera que vivir en diferentes países de toda América e non puidera facer verdadeiras amistades. A partir do sexto capítulo, gracias ao agasallo de cumpreanos que os amigos de Antón lle fan, as historias destes rapaces entrecrúzanse a través de internet, medio que permite que unha rapaza mexicana e o galego, xunto aos seus amigos, establezan unha sincera amizade. Cada sábado cos cartos que xuntan os rapaces, Antón pode porse en contacto con Gloria, quen vén de atopar os amigos que ata o momento nunca tivera. A chegada da mellor noticia para estes rapaces, especialmente para Antón, ten lugar cando coñecen a noticia de que Gloria María e os seus pais van vir a Galicia por razóns climatolóxicas e por ver se atopaban “as raíces”.

Recensións:

-Magdalena de Rojas, “Ramiro J. Álvarez. *Amigos en tempo real*”, *Fadamorgana*, nº 5, “Novidades”, outono 2000, p. 77.

Despois de achegar as liñas argumentais desta obra, comenta que nela se evidencia a boa vontade, pois o autor, orientador dun centro escolar, esfórzase por mostrar situacións edificantes que non resultan verosímiles: dende a magnífica e inusitada solidariedade da pandilla de Antón ata os esforzos do narrador por facerlles comprender aos lectores a sobreprotección paternal. Desta maneira, puntualiza que a novela está chea dun pragmatismo pedagóxico algo forzado, aínda que esperanzador.

Referencias varias:

-J. Fraga, “Internet entra na literatura xuvenil coa obra ‘Amigos en tempo real’, de Galaxia”, *La Voz de Galicia*, 20 xaneiro 2000, p. 84.

Anúnciase, brevemente, a aparición da obra *Amigos en tempo real*, que acaba de publicar a editorial Galaxia. Trátase dunha obra “pensada para rapaces de doce a dezaseis anos”, escrita por Ramiro Álvarez e ilustrada por Sandra Fernández.

Babarro González, Xoán, *Nena de flan*, ilust. Xoán López Domínguez, Madrid/Vigo: Alfaguara/Obradoiro, col. Infantil, serie morada (a partir de 8 anos), 2000, 107 pp. (ISBN: 84-8224-329-2).

Conxunto de vintesete textos, de Xoán Babarro (Calvelo de Maceda-Ourense, 1947), escritos a maior parte deles en prosa e nos que se fai coincidir o comezo da primeira palabra de cada título cunha das letras do alfabeto. Son narrados na súa maioría por unha nena chamada Leticia que lembra os contos e os dicires que lle contaba o seu avó, algunha das anécdotas vividas no seu pobo e explica, no primeiro deles, a estructura en forma de alfabeto das historias. Os personaxes son homes e mulleres que traballan, na vila da narradora, ou animais con cualidades humanas. Nos relatos, a través do que lle acontece aos personaxes, trátanse temas da vida cotiá como a xenofobia, os efectos dañinos das drogas, do alcohol e dos videoxogos, a violencia escolar, a superación de complexos, a vida dos máis necesitados, o que acontece nun secuestro, a fuxida dun animal de compañía, a falsa defensa do ecoloxismo, e diferentes historias de amor. Nos contos fantásticos fálase da transformación dun príncipe en águia por agasallar as plumas que o farían rei, de cómo se salva un pobo da ausencia de música e da interpretación, por parte dun neno, do son da inmensidade polar. Nos poemas aparecen cantigas de xogo (de cóxegas, das agachadas, das pillas) nas que se aproveita temas relacionados cos nomes dos dedos, cos números, cosmovementos dos animais ou cos costumes de nenos doutras rexións. Acompañan ós textos as ilustracións de Xan López Domínguez () nas que se xoga coas diferentes gamas de grises en contraste co trazo groso e negro que contornea as figuras representadas.

Barreiro Liz, Xabier A., *A cova dos mouros*, ilust. do autor, A Coruña: Baía Edicións, col. Golfiño, nº 2 (de 10 a 15 anos), marzo 2000, 175 pp. (ISBN:84-89803-53-6).

Novela de aventuras, de Xabier Barreiro, estructurada en dezanove capítulos nos que Abdul, un rapaz mouro que vende postais aos turistas de Compostela, coñece a historia das covas de mouros, nun libro do Museo do Pobo Galego, e decide internarse nunha delas na procura dun tesouro. O protagonista vese inmerso nun mundo fantástico no que coñece fragas e vilas moi estranas, o traballo e a vida dos seus habitantes e viaxa por diversas dimensións espaciais. Na súa andaina atoparase con diversos personaxes fantásticos (o sapo greñudo, a deusa Xema, o anano-esponxa,...) que lle explican unha das normas para conseguir o tesouro, a perda de catro obxectos, lle axudan na súa búsqueda e lle amosan o verdadeiro tesouro da cova: a súa felicidade interior. Ao final Abdul ao deixar o mundo marabilloso volta ao espacio real dende o que se iniciou a historia: a cidade de Santiago de Compostela.

Blanco, Concha, *Querido Iván*, ilust. Fernando L. Juárez, A Coruña: Everest Galicia, col. Montaña encantada (a partir de 10 anos), 2000, 114 pp. (ISBN: 84-403-0393-9).

Reprodúcense nesta obra de Concha Blanco (Lires, Cee, 1950) acompañada das ilustracións de Fernando L. Juárez, as cartas que Fran dirixe ao seu amigo Iván, morto hai cinco anos nun accidente. A través desta estructura epistolar –que en realidade se asemella máis a un diario– imos coñecendo as principais preocupacións, problemas e inseguridades do rapaz, que confía os seus pensamentos ao amigo ausente. Ao longo das cartas, Fran relátalle as cousas que ocorren no colexio entre os alumnos e os seus profesores, o amábel que é Dona Sara, a profe de galego que ademais é a súa titora, o moito que lle gusta Helena. Fala tamén do trastorno que supoñen os cambios dos plans de estudios coa chegada da ESO, de temas como a homosexualidade e o respecto cara aos demais, da viaxe de fin de curso e dun problema familiar que acaba por se converter no centro das cartas. Fran sospeita que a súa nai bebe ás agachadas e sofre a súa distancia e o seu cambio de carácter. Tras quedar interrompida a última carta, un “Epílogo” infórmanos, a través dun narrador omnisciente, do intento de suicidio da nai de Fran tras ler unha nota do seu fillo na que lle pedía que cambiase de actitude, e tamén do intento do rapaz de cortarse as veas ao se sentir culpábel do que fixo a súa nai. Finalmente dise que ambos se recuperan no hospital.

Blanco, Concha, *Quero que veñan meus pais*, ilust. Marisa Irimia, Barcelona: Editorial Casals, col. O trolebús, nº 13 (a partir de 11 anos), xuño 2000, 111 pp. (ISBN: 84-218-2218-7).

Concha Blanco (Lires, Cee, 1950) recrea, ao longo de vinteún capítulos titulados, o tema da emigración. Deste xeito, narra a vida cotiá dun neno de nove anos chamado Carlos, que vive coa súa avoa Lucía na aldea de Lires, mentres os seus pais traballan en Suíza. Carlos cada vez bota máis en falta aos seus pais e, a pesar de que está moi a gusto coa súa avoa, intenta por todos os medios conseguir que estes regresen definitivamente. Ao longo da historia, Carlos deixa entrever que ten un plan en mente para conseguir o seu obxectivo, pero unicamente se atreve a pensalo e só llo conta ao seu can Nei. Sen embargo, como ve que a estancia dos seus pais no estranxeiro se está prolongando demasiado, decide fuxir da aldea no camión dun veciño que viaxa con frecuencia a Suíza, co conseguinte disgusto para a familia e os veciños. Ao final da historia, Carlos está feliz porque vive en Lires coa súa avoa, seus pais -que se instalaron definitivamente na aldea- e a súa irmá menor Helena.

Recensións:

-María Jesús Fernández, “Concha Blanco. *Quero que veñan meus pais*”, *Fadamorgana*, nº 6, “Novidades”, inverno 2000/2001, p. 76.

Apunta que as pexas desta obra son as que lle fai neste mesmo número de *Fadamorgana* a *Soños de Carme*, de Leticia Dotras, pois imita as fórmulas de éxito creadas por outros autores e a forza do relato recae no xeito de contalo, con narrador infantil que se expresa en primeira persoa e analiza a realidade cotiá pola que se ve afectado. Indica que ese mundo interior da infancia se manifesta a través do uso da linguaxe e comenta que, por veces, Concha Blanco ten dificultades en manter a subxectividade da primeira persoa narrativa e introduce artificiosamente unha voz en terceira persoa que non consegue encaixar moi ben co resto da trama narrativa. Finalmente, ofrece un resumo do argumento desta historia.

Cabana, Darío Xohán, *Inés e a cadela sabia*, ilust. Mª Ángeles Maldonado, A Coruña: Edebé-Rodeira, col. Tucán, nº 25 (a partir de 6 anos), abril 2000, 142 pp. (ISBN: 84-8116-734-7).

Neste relato, con texto de Darío Xohán Cabana (Roás-Costeiro-Terra Cha, 1952) e ilustracións de Mª Ángeles Maldonado (Madrid, 1961), ao longo de vintedous capítulos curtos con títulos que conforman pareados, é un narrador clásico en terceira persoa o que nos conduce por esta historia na que se narra a relación dunha nena de seis anos chamada Inés coa súa cadela Faísca. Nos episodios iniciais descríbense os vicios e virtudes destas protagonistas, así como as súas afeccións e as orixes da cadela. Segundo avanza a narración introdúcese outro personaxe, o León, un braco alemán que se fai compañeiro inseparábel de Inés e Faísca. Xuntos os tres fan excursións polo campo na procura de dinosaurios e outros animais e mesmo pasan por unha situación angustiosa cando caen a un pozo nas Rozas Arnegas. Nesa situación, os cans coidan da nena ata que son atopados polos veciños e, deste xeito, a obra resólvese felizmente.

Calvo, Tucho, *A castaña que chegou a árbore*, ilust. Pitón, Vigo: Ir Indo Edicións, col. Ir Indo Infantil, Serie o elefante contacontos (máis de 5 anos), 2000, 31 pp. (ISBN: 84-7680-332-X).

Preséntase nesta historia con texto de Tucho Calvo (La Guaira, Venezuela, 1954) e ilustracións de Pitón, as memorias en primeira persoa dunha castaña. Esta comeza manifestando o seu interese por ser no futuro unha grande árbore, unha posibilidade que lle parece difícil pero á que non está disposta a renunciar. Conta como chegou ao mundo, o seu paso polo ourizo, a súa saída e a súa caída ao chan, onde comparte experiencias con outras castañas máis experimentadas que lle informan do seu destino: ser apañada da terra polos humanos e converterse no seu alimento baixo diversas formas: fervida, asada, cocida, doce ou en caldo. Todas estas posibilidades desbótanse cando a castaña é recollida por unha nena e plantada nunha maceta, gracias ao cal a castaña agarda chegar a cumprir o seu soño.

Recensións:

-Magdalena de Rojas, “Tucho Calvo. *A castaña que chegou a árbore*”, *Fadamorgana*, nº 6, “Novidades”, inverno 2000/2001, p. 74.

Despois de facer unha sinopse do argumento desta historia, comenta que un futuro de frondoso castiñeiro abre e pecha este discurso algo confuso cunha estructura complicada e falta de coherencia. Tamén apunta que se advirte un desaxuste entre a idade á que vai dirixida esta narración e o léxico empregado e que o contido tampouco parece ter capacidade para interesar a lectores máis experimentados. Remata sinalando que a dixestión desta lectura é difícil de imaxinar fóra do ámbito escolar.

Referencias varias:

- Rosa Míguez, “Suxerencia”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, 12 novembro 2000, p. 14.

Ademais de sinalar que é a primeira obra infantil de Tucho Calvo, indica que nela se narra a historia dunha castaña dende o seu nacemento ata que se converte nunha árbore, sobranceando tamén as ilustracións de Pitón.

Caride Ogando, Ramón, *A incerteza dos paraísos*, ilust. Xosé Cobas, A Coruña: Everest Galicia, col. Punto de Encontro, 2000, 94 pp. (ISBN: 84-403-0399-8).

Ramón Caride Ogando (Cea, 1957) abrangue baixo este título un conxunto de sete relatos de extensión breve, que están ilustrados en branco e negro por Xosé Cobas (Logrosa-Negreira-A Coruña, 1953) e levan por título “Ollares”, “Por Eve”, “Carta a Suíza”, “Vida de laboratorio”, “Reunión con Julio en agosto”, “Tempo fuxido” e “Vida nova tras da fin”. Todos eles recollen unha serie de historias nas que os seus personaxes se ven afectados polo amor, os ciumes, a SIDA ou outras calamidades humanas, que os fan protagoistas dunha serie de feitos cheos de misterio e incerteza e, por veces, víctimas dos seus propios desexos e paixón. Tamén cabe destacar de todos eles a intriga, que mantén en vilo o lector ata rematar o relato, moitos dos cales presentan un final enigmático e inquedante.

Recensións:

- M. Blanco Rivas, “Sete relatos que beben das fontes do misterio”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 173, 9 setembro 2000, p. 2.

Encadra esta obra dentro da temática do misterio ao narrar “situacións de intriga e tensión” que conviven “co gozo, co asombro, coa traizón que marcan a vida dos protagonistas”. Finalmente, enumera os títulos publicados por Ramón Caride e os premios recibidos.

-F. Martínez Bouzas, “Monicreques do azar”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 51, 19 novembro 2000, p. 7

Sinala a volta ao relato breve de Ramón Caride con *A incerteza dos paraísos.* Informa que dos sete contos deste volume só dous son novos, que os restantes son doutras obras do escritor de Cea. Salienta a busca que fan os personaxes do edén, o azar como o dono do destino e da felicidade, o sabor agridoce e melancólico do lectorado a causa dos finais paradóxicos e insospeitados. Destaca a verosimilitude das historias, o núcleo ficticio integrador das personaxes, a fuxida dos temas dos relatos culturalistas, históricos e costumistas, a presencia de personaxes cunha caracterización física e psíquica críbeis. Exemplifica isto coa descrición dos personaxes femininos de varios contos e o contido e temas do resto: relación lesbiana, o sida, os primeiros amores e ciumes, o sentimento de culpabilidade, as miserias humanas. Ao final cualifica o

conxunto de contos de “perfecto desenvolvemento diexético” e salienta a boa escrita e ritmo e os finais inesperados.
-Xosé Manuel Enríquez, “Unha cativa colleita”, *Guía dos libros novos*, nº 24, “Narrativa”, decembro 2000, p. 22.

Dá conta da publicación de *Incerteza dos paraísos*, último libro de Ramón Caride, composto por un conxunto de sete relatos breves, moitos dos cales xa foran publicados anteriormente por editorias distintas, analizando a temática dos contos, unha temática que se move entre unha peculiar relación co tempo pasado para “Ollares, “Por Eve”, “Carta Suiza” e “Tempo fuxido”, o mundo dos ciéntificos e dos seus descubrimentos en “Vida de laboratorio”, a homenaxe a Xulio Cortázar “Encontro con Julio en agosto” e un canto de amor en “Vida Nova tras da fin”. Malia todo, afirma non atopar no conxunto do libro “mostras dunha escrita interesante e atractiva” que sexa capaz de seducir e angaiolar ao lector.

-Ánxela Gracián, “Ramón Caride. *A incerteza dos paraísos*”, *Fadamorgana*, nº 6, “Novidades”, inverno 2000/2001, p. 79.

Comenta que Ramón Caride nos interna con esta obra polo mundo do psicolóxico para achegarnos aos conflictos íntimos das criaturas. Sinala que os seus personaxes están marcados pola soidade e obsesionados por ir máis lonxe das súas posibilidades, aínda que despois acaban por deixarse conducir ata a aniquiliación. Asemade, puntualiza que os seus argumentos son sólidos e que os contos arrincan con xeito e están poboados de personaxes ben construídos. Por outra banda, indica que, por veces, o autor peca de inxenuo e soluciona con pouca verosimilitude as tramas dos relatos, como acontece no titulado “Vida de

laboratorio", e que chama a atención o carácter dubidosamente narrativo dalgúns textos, como é "Reunión con Julio en agosto". Finalmente, considera que este libro contén ilustracións moi suxestivas e que aparece nunha colección moi coidada, que continúa nesa liña de aposta lingüística e estilísta á que nos ten acostumados.

Referencias varias:

- Susana Luaña, "O relato ten posibilidades que as editoriais non aproveitan", *La Voz de Galicia*, "Entrevista", 9 novembro 2000, p. 37.

Conversa con Ramón Caride arredor da súa obra na que responde a cuestións relacionadas con aspectos como o fío conductor dos seus relatos, o tempo que leva sen publicar ou en qué traballa actualmente. Sobre o primeiro considera que é a incerteza e a visión poética do paso do tempo o que caracteriza uns relatos que cualifica de realistas, con elementos autobiográficos, nos que teñen unha grande importancia os personaxes femininos e coa soa excepción dun deles que versa sobre a ética científica. Remata apuntando que está a traballar en poesía e dúas obras de teatro e poesía infantil.

- Silvia Gaspar, "A narrativa adolescente", *La Voz de Galicia*, "La Voz de la escuela", 20 novembro 2000, p. 6

Resalta o aumento de creación para adolescentes, case equiparábel á producción infantil, e o estancamento da variedade temática. Lembra que este tipo de narrativa nace coa publicación de *Memorias dun neno labrego* (1961) e que evolucionou cara unha temática que trata problemáticas actuais. Comenta o tema central destas obras, búsqueda interior, o ambiente no que se desenvolven, centros estudiantis ou contornos familiares, e cita exemplos. Fíxase a presencia de numerosos volumes para adolescentes procedentes doutras linguas, na escasez de textos poéticos e dramáticos para este tramo de idade e o tema no que se encadra a creación das autoras, a non exclusividade da historia heroica no xénero masculino e a tendencia a seguir a ciencia ficción. Resumo da temática tratada en *Silencio no corazón* (1999), de Jaume Cela, *A incerteza dos paraísos*, de Ramón Caride e *Verónika decide morrer*, de Paulo Coelho.

Caride Ogando, Ramón, *O futuro roubado*, ilust. Miguelanxo Prado, Vigo: Edicións Xerais, col. Merlín, Serie amarela (de 11 anos en diante), setembro 2000, 151 pp. (ISBN: 84-8302-522-1).

Ramón Caride Ogando (Cea, 1957) recupera nesta nova entrega narrativa personaxes de dúas obras anteriores: *Perigo vexetal* (1995) e *Ameaza na Antártida* (1997). Trátase dos adolescentes Said e Sheila, que viven no ano 2077 e son introducidos na narración no primeiro capítulo a través de Irina, unha amiga de ambos que tamén lles dá a benvida no penúltimo episodio. A seguir, nos catorce capítulos nos que está estructurada a novela, narran alternativamente en primeira persoa as aventuras que lleS acontecen cando, a consecuencia dun movemento sísmico, sofren unha translación espacio–temporal que os trae á Galicia do ano 2000. Xa no noso país, descobren as moitas agresións que está a sufrir o medio ambiente, o dominio e o control que exercen as multinacionais e, en xeral, a falta de valores dunha sociedade dominada polo capital. Axudados por un reducido grupo de persoas concienciadas, e tamén por medios técnicos como o seu transportador alimentado por enerxía solar e un avanzado ordenador, descobren que unha empresa de enerxía eólica, que contaba co beneplácito das distintas administracións para encher as costas galegas de xeradores, tiña intereses económicos na Amazonia e estaba a destruír a selva. Remata a obra coa positiva resolución deste problema e co regreso dos protagonistas ao seu mundo e ao seu tempo. A habitual sección “Cando o autor fala de si” preséntase neste caso como unha entrevista que Carlos Freguelo lle realiza a Ramón Caride para a publicación en *O Eco de Galicia*.

Carreiro, Pepe, *Os Bolechas lavan o can* (ISBN: 84-95350-11-4)/*Os Bolechas xogan ás escondidas* (ISBN: 84-95350-12-2)/*Os Bolechas van ao cine* (ISBN: 84-95350-13-0)/*Os Bolechas fan maxia* (ISBN: 84-95350-14-9)/*Os Bolechas van ao médico* (ISBN: 84-95350-41-6)/*Os Bolechas van ao supermercado* (ISBN: 84-95350-424)/*Os Bolechas van de excursión* (ISBN: 84-95350-42-4)/*Os Bolechas van á praia* (ISBN: 84-95350-44-0)/*Os bolechas van pola rúa* (ISBN: 84-95350-59-9)/*Os bolechas teñen medo* (ISBN: 84-95350-60-2)/*Os bolechas xogan co ordenador* (ISBN: 84-95350-61-0)/*Os bolechas van mercar roupa* (ISBN: 84-95350-62-9), ilust. do autor, Vigo: A Nosa Terra, col. Os Bolechas, n°s 1-12, 2000, [18 pp.].

Nova colección de álbums infantís escritos e ilustrados por Pepe Carreiro (Vigo, 1954). Neles relátanse diferentes episodios da vida cotiá dos irmáns Bolechas. Carlos, Loli, Pili, Braulio, Sonia, Tatá e o can Chispa conforman a panda protagonista desta serie, orientada cara ao lectorado máis novo. As ilustracións, de carácter narrativo e trazos cheos de humor na descrición dos personaxes e das escenas, abranguen a maior parte de cada páxina e son de gran importancia como apoiatura dos textos, situados a pé de páxina. En cada un dos volumes relátanse diversas actividades que realizan xuntos os irmáns, como indican xa os títulos citados na ficha correspondente. Así, xogar ás escondidas, lavar ao seu can, ir ao cine, ou ir ao supermercado son algunhas das anécdotas que se describen nestes volumes.

Referencias varias:

- Rosa Míguez, “Suxerencia”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, 17 setembro 2000, p. 14.

Ver Borrajo, Moncho, *Fixen Camiños*, no apartado I. 1 deste *Informe*.

Casalderrey, Fina, *A máscara de Palma*, Vigo: Galaxia, col. Costa Oeste, nº 30, outubro 2000, 225 pp. (ISBN: 84-8288-391-7).

Fina Casalderrey (Xeve-Pontevedra, 1952) fainos mergullar nunha apaixoante historia de misterio, arte e amor. Nela, Amalia, a protagonista, transládase á Habana fascinada pola personalidade dun excéntrico e enigmático pintor cubano. Na primeira parte da obra, Amalia profana a correspondencia de Ernesto, o pintor, e comeza a interesarse pola súa vida e obra a través das cartas que atopa, as de Lola, a nai de Ernesto, as do seu irmán Nilo, as de Silvia, moza da que Ernesto estivo namorado, e as dun home interesado pola súa obra, todos eles residentes en Cuba. Na segunda parte, relátase a viaxe de Amalia e seu irmán Vicente á Habana, coa fin de acompañar ao pintor Ernesto Oliva Reboiro, amigo dende hai un tempo da familia dos rapaces. Alí descobren a verdadeira identidade de Ernesto, un pintor cubano que tivo que fuxir da illa acusado de ser un disidente perigoso. Ademais, un amigo de Ernesto comunícalles que o pintor está morto e que teñen que regresar a Galicia eles sos. Por último, na terceira parte e xa de volta na casa, Amalia descobre que Ernesto segue vivo e que, por fin, acadou o éxito e o recoñecemento da crítica.

Recensións:

-M. Blanco Rivas, “Arte, misterio e amor na cidade da Habana”, *Faro de Vigo*, “El Sábado”, nº 186, 2 decembro 2000, p. 2

Resalta o simbolismo do obxecto que dá título á obra e os tres elementos principais presentes nela: o amor, a arte e un misterio. Resumo breve do contido desta historia, situada en A Habana, e recolle un dos seus fragmentos para exemplificar a nova perspectiva que ten do mundo a protagonista durante a súa estancia en Cuba. Afirma que esta autora é a máis recoñecida, traducida e premiada da literatura xuvenil, cita os títulos da súa producción literaria e destaca, da súa escrita, a agudeza na observación e a recreación do mundo dos adolescentes, o realismo dos personaxes e situacións e o ritmo co que transforma un feito cotiá nun relato de suspense.

-Xosé M. Eiré, “Aventuras para dous”, *A Nosa Terra*, nº 966, “Guieiro Cultural. Leituras”, 21 decembro de 2000, p. 23-24.

Describe *Aire Negro*, de Agustín Fernández Paz, como unha novela de ficción dentro da literatura infantilxuvenil. Diserta sobre a reticencia do adulto a ler obras etiquetadas como infantil ou xuvenil e facilita dúas das numerosas razóns polas que deberían lelas. Manifesta a predilección do lectorado polas aventuras con “doses de tensión ben administrada” e comenta, como exemplos, algúns aspectos de *A máscara de palma* (2000), de Fina Casalderrey, e de *As cousas claras* (2000), de Xosé Antonio Neira Cruz. Da primeira, dá

unhas pinceladas do argumento, explica os diferentes focos de tensión, a fascinación polo incomprensíbel, o exotismo da cidade na que se ubica a historia ademais do proceso de aprendizaxe vital e as novas experiencias dos adolescentes protagonistas. Considera que unha das virtudes da novela é a entremestura destas tensións en cada capítulo, creando un ambiente climático, e fálanos da estructura e contido das súas tres partes. Louba a habilidade coa que se escribiu "unha novela na que a emoción se apalpa en cada palabra" e a maneira de dosificar a intriga. Manifesta que a obra de Neira Cruz é máis convencional que a anterior e que namentres para un lectorado adulto a súa temática é un tópico aos adolescentes gústanlles, acéptannas ben e son un aliciente. Resalta a maneira na que avanza o proceso detectivesco ao mesmo tempo que o achegamento entre os protagonistas, xustifica por que a consideraría unha novela social e enumera os diferentes temas transversais tratados no texto que se poden traballar co alumnado.

Referencias varias:

Sandra Rodríguez, "A ambientación en Cuba é un pretexto para contar o que eu experimentei alí", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra Ciudad", 6 novembro 2000, p. 6

Comeza referíndose á verborrea e á fala das mans ao xesticular de Fina Casalderrey, para logo pasar á conversa na que a autora afirma aprender algo con cada obra. Así, apunta que con *A máscara da palma* sufriu unha evolución en si mesma e que cualifica de ousadía escribir sobre un tema do que todo o mundo sabe algo. Resume o argumento, explica o motivo polo que ambienta esta historia en Cuba, desvela os

significados simbólicos, de ‘palma’ e equipara o seu protagonista a unha especie de Dr. Jeckyll e Mr. Hyde. Confesa non pensar nunca na idade do destinatario e o seu desexo de que os seus libros lles transmitan algo tamén aos adultos. Manifesta que con esta obra comprobou que unha novela nunca se acaba. Pensa que no tocante a creadores literarios non estamos mal e que gracias á liberdade do uso do galego estamos á mesma altura que as literaturas de por aí fóra. Remata indicando que o máis difícil da elaboración dunha obra é plasmar no papel o que tes na mente.

- María Varela, “Fina Casalderrey presentou en Pontevedra ‘*A máscara de palma*”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura”, 7 novembro 2000, p. 73.

Salienta a improvisada representación de Marilar Aleixandre coa autora ao comezar o acto de presentación. Resume o contido da obra e menciona o amor, a arte, o misterio e a incerteza como pezas claves da historia. Ademais de resaltar a traxectoria e o amor que pon na escritura, reproduce as opinións dos presentadores, o editor de Galaxia, Damián Villalaín, resalta a importancia desta autora na literatura infantil e xuvenil galega, a súa contribución ao prestixio da nosa literatura e a súa defensa da lectura nos nenos. Camilo Caamaño comenta a frescura e o “tinte real” co que narra os sucesos, a presencia de puntos autobiográficos, explica o que se atopa o lector en cada parte. A autora salienta que na obra fai unha reflexión do que veu en Cuba. Destaca a articulista dous aspectos: o comentario de Marilar Aleixandre sobre a escrita do libro, “sen subxección a códigos de idade”, e a intención da autora con este texto.

- Rosa Míguez, “Suxerencia”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, 12 novembro 2000, p. 14.

Indica que Fina Casalderrey a través da ollada de Amalia, a protagonista da historia, nos ofrece unha visión da vida da cidade cubana de La Habana, onde ten unha grande importancia elementos como a arte, o misterio e o amor.

- Pep Molist, Xosé Hermida e Eva Larrauri, “La vitalidad de las otras lenguas”, *El País*, “*Babelia*”, nº 473, 16 decembro 2000, p. 24.

Achega o máis destacado da producción infantil durante todo o ano 2000 nas diferentes linguas do estado agás no castelán. Polo que se refire á literatura galega, saliéntase a gran vitalidade que este xénero está a experimentar. Exemplifica cos premios nacionais outorgados a autores galegos, como o Lazarillo gañado por Marilar Aleixandre e Gloria Sánchez nas dúas últimas edicións. En canto á producción. Salienta *As cousas claras* (2000), de Xosé Antonio Neira Cruz, gañador do Premio “Merlín”, *A banda sen futuro* (1999), de Marilar Aleixandre, e *Matapitos.com* (2000), de Gloria Sánchez. Tamén se refire ao cambio, que experimenta en canto á escritura a nova entrega de Fina Casalderrey, *A máscara de palma*, a última entrega de xénero fantástico de Agustín Fernández Paz, *Aire Negro* (2000)e o conto ilustrado para nenos do mesmo autor *As nubes de cores* (1999).

Casalderrey, Fina, *Unha pantasma branca*, ilust. Xosé Cobas, A Coruña: Everest Galicia, col. Montaña Encantada (a partir dos 8 anos), 2000, 104 pp. (ISBN: 84-403-0409-9).

O capítulo inicial deste relato de Fina Casalderrey (Xeve, 1952) e ilustrado por Xosé Cobas (Logrosa-Negreira-A Coruña, 1953) constitúe unha prolepse con respecto ao resto da narración. Nel coñecemos o accidente do protagonista ao caer dunha árbore e a súa conversa no hospital cun ornitólogo que lle informa das características das curuxas, da lei que as protexe, da simboloxía que tiñan entre os gregos, dos beneficios que comportan para o medio, xa que ao se alimentar de ratos contribúen a que estes non acaben por converterse nunha praga, e que nada teñen que ver co anuncio de desgracias e de mortes que a superstición popular lles atribúe. Tras deste capítulo informativo seguen outros once nos que se alternan as voces narradoras da curuxa macho Bocagrande e dun narrador omnisciente. Bocagrande relata a súa vida dende o seu nacemento, deténdose nos momentos nos que aprendeu a voar, nos seus voos na procura dun lugar no que vivir, na súa historia de amor coa súa parella, Pinguiñas, no nacemento dos seus fillos, ata o intre que é descuberta por Diego na árbore e sofre a morte da súa parella. No resto dos capítulos asistimos á resolución do misterio da pantasma branca que aparece en Penagrande e que os dous xemelgos, Daniel e Paula, teiman en descubrir ata coñecer que se trata dunha curuxa. O capítulo final recupera o momento no que Diego sae do hospital e atopa a Bocagrande ferida, lévaa á casa da avoa e intenta convencela de que se trata dun paxaro mansiño que está ferido e necesita agarimo e que non vai ocasionar ningunha desgracia na casa.

Recensións:

-Silvia Gaspar, “Fina Casalderrey. *Unha pantasma branca*”, *Fadamorgana*, nº 6, “Novidades”, inverno 2000/2001, p. 75.

Comenta que, nesta nova entrega, Fina Casalderrey segue traballando sobre a percepción infantil do mundo dos adultos, aínda que agora escinde esta vía alternando a voz da curuxa e a propia narración dos protagonistas infantís, en quen centra a exploración polo misterio do bosque fronte á supersticiosa tradición familiar. Tamén apunta que esta novela gaña co enfoque racionalista que se lle aplica á cadea alimenticia do monte, o que a libera da pexa do sentimentalismo infantil doutrora, a cambio dunha actitude constructiva nos nenos que modifica as tradicións resesas dos adultos.

Casares, Carlos, *Un polbo xigante*, ilust. Luís Castro Enjamio, Vigo: Galaxia, agosto 2000, 34 pp. (ISBN: 84-8288-387-9).

Relato incluído no libro colectivo *Exercicios de estilo*, (Ver apartado I. 1, deste *Informe*), ve a luz en formato de pastas duras acompañado polas ilustracións de Enjamio (La Habana, 1964) gracias á iniciativa e colaboración da asociación AIAN.

Recensións:

- Ramón Loureiro, “As marabillas do mar”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 16 novembro 2000, p. 37

Considera que *Un polbo xigante* non é só un conto para nenos e refírese ao enganosas que son as aparencias. Salienta o atractivo que resulta o seu formato, de capa ríxida. Define a obra como “un conto de amor, un conto de monstros, de dornas e de illas” e resume o seu argumento dende dous puntos de vista: o dun lector infantil e o dun máis maior.

-Joaquin Ventura, “Unha pequena xoia”, *Guía dos libros novos*, nº 24, “Literatura infantil e xuvenil”, decembro 2000, p. 27.

Presenta este novo libro de Carlos Casares publicado por Galaxia. Un relato breve no que se aprecian, por unha banda elementos relacionados coa literatura infantil, sobre todo no referente á presentación e formato do libro, e por outra trazos que o definen como un libro para adultos entre eles a presencia dunha historia fantástica e suxerente, mesmo trascendida no tempo, na que actúan diversos personaxes, e na que, malia a aparencia de aventuras xuvenís preséntanse fortes cargas de desacougo.

- Silvia Gaspar, “Carlos Casares. *Un polbo xigante*”, *Fadamorgana*, nº 6, “Novidades”, inverno 2000/2001, p. 78.

Sinala que con esta publicación fóra de colección estamos fronte á “gozosa revelación” do conto ilustrado para adultos e achega outros títulos de Kalandraka que xa seguiron esta tendencia. Comenta que *Un polbo xigante* presenta unha encadernación coidada e que un certo expresionismo nas ilustracións, entre o onírico e o conceptual, a miúdo se dan cita en edicións deste tipo. Asemade, puntualiza que neste relato se mesturan a realidade do natural costeiro da posguerra cun submundo de tradicións e fantasías populares que remata por imporse. Por outra banda, explica que “o enfrontamento do enfoque positivista cos feitos inexplicables trancorre polo camiño dun humor cos pés fincados na fala e na existencia de personaxes doutro tempo e, xunto coas emocións da memoria salta ás meniñas dun lector adulto en todo o seu esplendor”.

Referencias varias:

- A. F., “Un grupo de empresarios edita un conto de Casares para agasallar ós clientes”, *Atlántico Diario*, 10 outubro 2000, p. 11.

Noticia sobre a presentación á prensa desta obra, publicada por Aian, asociación empresarial sen ánimo de lucro da que se enumeran os compoñentes, co fin de llela regalar aos seus clientes. Ademais coméntase o tema, dise que é o texto de Casares máis traducido, que está ilustrado polo cubano Luis Castro Enjamio e que a tiraxe acada os tres milleiros de exemplares

- B. R. Soteliño, “...Y de regalo, ‘Un polbo xigante”, *La Voz de Galicia*, 10 outubro 2000, p. 38.

Saliéntase que Casares afirma que se trata dun conto para adultos, que narra unha historia ficcional mais críbel, que está traducido ata ao ucraíno e que é a mellor ilustrada das súas obras, tarefa realizada por Enjamio. Coméntase que é unha edición destinada a ser usada como regalo de empresa, para o que se tiran 3000 exemplares, e que Galaxia está a preparar outra. Así mesmo, anuncia para o día seguinte outro acto de presentación nos locais do Consorcio da Zona Franca.

-R. Soto, “Carlos Casares combina fantasía y realidad en su cuento marinero ‘Un polbo xigante”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 10 outubro 2000, p. 41.

Dá conta Soto de cómo o relato desenvolve dúas historias paralelas e se introduce na dura vida dos mariñeiros e nos perigos que os acosan. Tamén comenta as declaracións en que Enjamio recoñece cambios na súa obra debidos á súa estadía en Galicia. Recóllese ademais a defensa que Carlos Casares efectuou da literatura críbel e a confesión de que cando empezou a escribir era ambientalmente obrigatorio facer “literatura comprometida”. Tamén se fai referencia á celebración o once de outubro doutro acto de presentación, no local social do Consorcio da Zona Franca.

- Rosa Míguez, “Suxerencia”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, 26 novembro 2000, p. 14.

Dentro da presentación de novidades editoriais dá conta deste novo volume de Carlos Casares do que destaca a súa tenrura. Ademais ofrece un sucinto resumo do seu argumento. Tamén dá conta dos dous novos libros de *Contos de maxia*, os volumes III e IV realizados por X. Miranda e Xoan Ramiro Cuba.

Cid, Xabier, *Terá as túas balas*, Finalista do Premio Manuel Lueiro Rey de novela curta 2000, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 2000, 112 pp. (ISBN: 84-7824-371-2).

Novela curta, de Xabier Cid, estructurada en cinco capítulos nos que se relata en terceira persoa cómo Damián, un asasino con dezaoito anos de experiencia, é contratado por un comandante da mariña para matar a un sindicalista dunha empresa de plásticos, chamado Manel, co fin de garantir unha operación empresarial cos rusos e esa fábrica. Despois de que planifica o asasinato, a súa cuartada e o leva a cabo vese na obriga de buscar uns informes na casa do defunto. O que parecía un traballo sinxelo e no que incluso o lugar, unha vila mariñeira, favorecía o asasinato complícase cando se ve na obriga de buscar os informes, relacionados co caso, e ao aparecer morto o mellor amigo do sindicalista asasinado. Na procura destes papeis Damián descobre a verdadeira razón pola que lle mandaron matar a Manel, o uso da empresa para a venta ilícita de armas, e ata que punto Xulia, a filla do comandante, está implicada na trama. O narrador ao longo da historia informa da maneira de traballar do asasino así como das súas decisións, do seu pesimismo ante a vida, das súas manías e dos seus pensamentos e inquedanzas. Pecha o volume un texto do propio autor, titulado “Débedas” no que enumera as persoas ás que lle ten que agradecer algunha achega na elaboración desta historia.

Colectivo Crisol (Carmen Aguín, Tina Parada, Elvira García, Carlos Alfonso e Remedios Padín), *Mariseldiña* (ISBN: 84-95350-36-X)/*As once damas* (ISBN: 84-95350-39-4)/*O rato da casa e o rato do monte* (ISBN: 84-95350-37-8)/*O sabor dos sabores* (ISBN: 84-95350-38-6)/*Lobo sen rabo* (ISBN: 84-95350-65-3)/*Xan sen coidados* (ISBN: 84-95350-64-5) ilust. Pepe Carreiro, Vigo: Promocións Culturais Galegas SA, col. Contos Populares, 2000, [20 pp.].

Álbums nos que o Colectivo Crisol recolle diversas historias do ideario popular galego adaptados ao público infantil que veñen ilustrados por Pepe Carreiro (Vigo, 1954). En *Mariseldiña* recréase o clásico da ratiña presumida pero no canto da ratiña é unha bolboreta a protagonista da historia. *As once damas* trátase dun relato construído a partir de versos encadeados que se inicia coa presencia de once damas e remata cunha soa dama pois ao resto lles pega o tángano-mángano. En *O rato da casa e o rato do monte* nárrase cómo o rato da casa convence ao rato do monte para que vaia vivir con el á súa casa e así non pasar frío á intemperie. En *O sabor dos sabores* cóntase a historia dun rei que tiña tres fillas, a razón porque bota de palacio a máis pequena e cómo ela consegue que entenda o significado da frase “sabor dos sabores” causa de expulsión. En *O lobo sen rabo*, a través de diversas estrofas de catro versos, relátase esta historia encadeada na que un lobo moi pouco fero ve frustradas as súas ansias de devorar a diversos animais, pois todos o enganan e fan burla del. Ao final, e case sen querer, un leñador cúrtalle o seu rabo, e o pobre lobo foxe do bosque con moita fame e sen rabo. En *Xan sen coidados*

nárrase a historia dun home chamado Xan que era tan tranquilo que non se preocupaba por nada e que mesmo colocou un letreiro na porta da súa casa onde poñía “Xan sen coidados”.

Conde Valledor, Adela, *Contos á tardiquía*, ilust. Alberto Frías, Eilao-Asturias: Vtp editorial/Mesa pola Defensa do Galego de Asturias (MDGA), col. Castelo das letras, nº 3, 2000, 46 pp., (ISBN: 84-89880-39-5).

Conxunto de nove contos escritos en galego de Asturias, e acompañados das ilustracións de Alberto Frías, nos que Adela Conde Valledor recrea diferentes ambientes, tanto actuais coma do pasado, da Terra Eo-Navia, como explica na breve presentación que precede ás historias de “El campesín solitario”, “El muiñeiro”, “A historia de Xulia”, “El leñador e mais el burro”, “A historia de Tomé”, “A pantasma da saba branca”, “A cegoña solitaria”, “A fiadora e a raposa” e “Xan e el burro que falaba”. Nestes contos reflíctense aspectos actuais como a soidade sufrida por unha cegoña ou a que padece un ancián que vive só nun val moi apartado porque todos os mozos foron marchando para a cidade, o mesmo camiño que segue Xulia por consideralo mellor que estar na aldea coidando das ovellas de súa nai. Tamén aparecen contos nos que predomina o elemento fantástico do imaxinario popular e nos que o protagonista sempre acaba sacando proveito xa sexa do ser fantástico que aparece nas súas vidas, da casualidade ou polas cualidades do animal que atopa como en “El Muiñeiro”, en “El leñador e mais el burro”, en “A fiadora e a raposa” e “Xan e el burro que falaba”. Outro aspecto importante que se pon de manifesto é o da ensinanza, posto que en “A historia de Tomé” se fai ver como un neno que é humillado e rexeitado polos seus compañeiros de clase pasa a ser moi respectado o día que acoden ao campo a facer unhas probas nas que el é o mellor, concluíndo que “un pode estar gordo e ser torpe co balón, mais non por eso non vale para nada”.

Costas, Ledicia, *Unha estrela no vento*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, nº 39, febreiro 2000, 217 pp. (ISBN: 84-9302-481-0).

Ledicia Costas Álvarez (Vigo, 1979) narra as aventuras dun adolescente chamado Miguel que vive cos seus pais e coa súa irmá Paula. A súa vida transcorre entre o instituto, no que discute a diario coa profesora de literatura, a súa casa, onde se enfronta a miúdo co seu pai ata que este decide abandonalos e a Lagoa, un bar no que se reúne cos seus amigos e xoga ao billar á saída da clase. Todo se complica cando Miguel se enfronta con Bruto, un rapaz xitano da vila e, máis aínda, cando se namora de Reina, a única irmá de Bruto. Sen embargo, a traxedia chega de novo á vida do protagonista cando, nunha pelexa para vingarse de Bruto, o curmán de Miguel morre. Dous anos despois, Miguel segue sentíndose culpábel da morte de Abel e acude cada mes con Reina, a súa moza, ao lugar no que morreu o seu curmán “para lembrar en silencio e poder encher pouco a pouco algo dese baleiro que temos dentro de nós atormentándonos”.

Recensións

-Roberto G. Méndez, “Os días negros de Miguel Foz”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 20, 31 marzo 2000, p. 3.

Breve resumo do argumento da primeira obra de Ledicia Costas, *Unha estrela no vento*, publicada por Edicións Xerais de Galicia na súa colección “Fóra de Xogo”. Trátase dunha “historia tráxica”, “escrita traxicamente e con total seriedade, sen contemplacións”, que constitúe o “debut literario de Ledicia Costas”.

-Joaquim Ventura, “As leis de Murphy”, *Guía dos libros novos*, “Literatura infantil e xuvenil”, maio 2000, p. 30.

Comézase resaltando a proximidade cronolóxica existente entre a autora desta novela e o público a que está destinada. Lóuvase a boa estructura da obra e dise que a “novela amosa unha mestría que anuncia bos resultados de cara ao futuro”. Asemade, critícanse algunhas incoherencias da obra como a escolla do título, a caracterización de Reina, a truculencia da historia ou a falla de “mecanismos de simple lóxica”.

- Ánxela Gracián, “Leticia Costas. *Unha estrela no vento*”, *Fadamorgana*, nº 5, “Novidades”, outono 2000, p. 79.

Presenta ao protagonista desta historia e aos integrantes do seu mundo máis próximo, para logo indicar que se trata da primeira novela de Leticia Costas. Sinala que, por unha parte, deixa traslucir unha serie de valores morais e estéticos pero que, pola outra, semella estar “feita con présa, présa na narración, présa nas personaxes, présa nos conflictos e tamén nas solucións”. Así mesmo, incide en que resulta interesante porque amosa aventura existencial, aínda que perde calidade ao non entrar nos personaxes nin nas situacións. Tamén comenta que nesta autora hai estilo, coñecemento lingüístico, ideas e argumentos que

desenvolver, talento para crear un universo literario e personaxes que bulen no seu máxín desexando tomar corpo.

Docampo, Xabier P., *Catro cartas*, ilust. Fino Lorenzo, Madrid: Anaya, col. Sopa de libros, nº A-4, decembro 2000, 60 pp. (ISBN: 84-667-0004-8).

Catro cartas que Xabier P. Docampo (Rábade, Lugo 1946)) dirixe a súa amada, ao seu fillo, a súa nai e a un amigo, respectivamente, nas que lles confesa o cariño que sente por eles e a importancia das palabras e da literatura nese amor. Nestes textos compara o acto de contar un conto co máis sublime acto de amor e o traballo dunha costureira coa elaboración dun libro, recorda cómo lía os libros co seu fillo, a introducción á lectura con estrofas de tangos, a escaseza de libros na súa nenez e a conversión da súa lectura nunha aprendizaxe. No apartado “Escribiron e debuxaron” atópase unha carta do escritor dirixida ao lectorado na que explica a existencia dun doble destinatario nas catro cartas, a importancia que teñen as palabras, cómo naceu o seu interese por elas e a importancia de contar e escoitar historias. Tamén se recollen as opinións de Fino Lorenzo (Baiona, Pontevedra 1962), creador dos colaxes que acompañan aos textos, nas que fala dos diferentes aspectos relacionados coa coexistencia entre abstración e figuración, o contexto como diferenciador da pintura e da ilustración, a variedade de aspectos e niveis de expresión que favorecen á ilustración, e a búsqueda dos seus propios medios para achegar outras lecturas.

Docampo, Xabier P. *Nube de neve*, ilust. Xosé Cobas, A Coruña: Everest Galicia, col. Montaña Encantada (primeiros lectores), 2000, 47 pp. (ISBN: 84-403-0412-9).

Nesta ocasión, Xabier P. Docampo (Rábade-Lugo, 1951) sorprende aos primeiros lectores cunha historia fantáscita protagonizada por unha nena pequena chamada Oria. A nena espértase unha mañá do mes de febreiro cunha gran nevada que cobre toda a paisaxe. Disfruta enormemente do día e decide gardar unha pequena nube no conxelador para poder ter neve cando ela queira. Pasa o tempo e, un fermoso e soleado día do mes de maio, Oria lémbrase da nube e decide liberala para que neve outra vez. Sen embargo, ninguén lle deixa facelo porque a neve estropearía as flores, as froitas e as colleitas. Ao final, o seu gato abre a caixa e solta a nube dentro da casa e todos os veciños teñen que traballar sen descanso ata a madrugada para sacar a neve ao xardín.

Recensións:

- Magdalena de Rojas, “Xabier P. Docampo. *Nube de neve*”, *Fadamorgana*, nº 6, “Novidades”, inverno 2000/2001, p. 74.

Comenta que a intención didáctica desta historia queda patente no desenlace, momento no que o autor pon en boca do pai da protagonista a explicación dos desastres que poden ocorrer se xogamos ao noso capricho coa natureza. A continuación, cuestiona se é que os rapaces non son quen de interpretar a ocorrencia de Oria que decide gardar unha nube no conxelador para ter neve cando o desexe e se é precisa, polo tanto, a inxerencia final do autor-pai que, despois duns feitos enfiados e narrados con corrección, lle dá as referidas explicacións á filla-lector. Por outra parte, sinala que Xosé Cobas ilustra este álbum con grande acerto en imaxes como a da portada ou na sorpresa final, que mitiga un chisco o discurso sobre a natureza.

Dotras, Leticia, *Soños de Carme*, ilust. Evaristo Pereira, Vigo: Ir Indo Edicións, col. Ir Indo Xuvenil, Serie O elefante contacontos (máis de 8 anos), 2000, 132 pp. (ISBN: 847680-324-9).

Na “Introducción” desta primeira entrega narrativa de Leticia Dotras (Vigo, 1952), que está ilustrada por Evaristo Pereira (Vigo, 1959), Carme, unha nena de oito anos explica que *O meu diario*, un regalo dunha tía para que escribise todo o que lle viña ao maxín, non se organiza por datas senón que por capítulos. Neles, usando técnicas cinematográficas (barridos) e con moita sensibilidade, cóntase dende o balbordo familiar polo nacemento do seu irmán Pepe e as súas opinións diante das actitudes e manifestacións dos maiores, ata que o neno pronuncia as primeiras palabras, ao finalizar o curso académico no que Carme aprendeu moitas cousas e medrou física e psiquicamente. No medio fálase dos personaxes máis importantes da súa vida, da vila mariñeira na que vive e da escola. Así mesmo, refírese á súa relación con Pablo, un compañeiro e amigo, que sofre leucemia, a evolución da enfermidade e a morte que se considera outro xeito de vida.

Recensións:

-María Jesús Fernández, “Leticia Dotras. *Soños de Carme*”, *Fadamorgana*, nº 6, “Novidades”, inverno 2000/2001, p. 75.

Sinala que hai uns anos se saudaba con entusiasmo a chegada á literatura galega do “realismo cotián” e que, dende entón, son varios os autores “tentados” a imitar esta temática, da que achega os elementos que a definen. Entre eles, cita a presencia dun protagonista infantil entre oito-nove anos, o ambiente cotián reflexo da realidade actual e do mundo infantil, a narración en primeira persoa explotando ao máximo os recursos da subxectividade coa que analiza a realidade e da expresión infantil, ou algún problema que afecta
o protagonista. Tamén considera que nesta obra de Leticia Dotras só se pode falar de “seguidismos e lugares comúns” e fai un breve resumo do seu argumento.

Referencias varias:

- Rosa Míguez, Suxerencia”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, 16 xullo 2000, p. 14.

Ver Manuel Rodríguez Troncoso, *Chama acesa.-Noeliña*-no apartado I. 1. Narradores galegos, neste *Informe*.

Fernández, Ana María, *Bastón, Bombín e Bombón*, ilust. Luís Ben, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Infantil, nº 40, Serie Máquina de escribir (dos 8 anos en diante), 2000, 99 pp. (ISBN: 84-7824-357-7).

Nesta nova entrega de Ana Mª Fernández (Palma de Mallorca, 1949), ilustrada por Luís Ben, achéganse as aventuras dun bastón e un bombín que, durante o chamado mes máxico, cobran vida e deciden marchar na busca de aventuras. O rato Bombón súmase á viaxe e sae a percorrer o mundo. Deste xeito, pasan pola casa dun anticuario, o castelo dun conde, un río no medio do bosque, a cabana dun pescador e a súa familia, un circo e unha gran cidade. Ao final, chegaron a un descampado e atoparon dous homes e un neno. Alí viviron felices os tres: Bombón nun fogar con tres fermosos buratos, comida e chocolate abudantes, Bastón servíalle de apoio a Raios, que coxeaba dunha perna e Bombín cubríalle a calva a Pelos.

Referencias varias:

- Rosa Míguez, “Suxerencia”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, 29 outubro 2000, p. 14.

Comenta diversas novidades editoriais, entre as que dá conta deste libro do que achega unha breve nota do seu argumento. Tamén se refire ao volume poético de Emilio Pita, *Polos camiños do pobo* (1999), editado da man de Xosé Manuel Maceira Fernández.

- Silvia Gaspar, “Voces de mulleres”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de la Escuela”, 30 outubro 2000, p. 6.

Ver Otero, Inmaculada, *Criminal e Eu é. Dúas novelas de Xurxo Borrazás*, no apartado V.1 deste *Informe*.

Fernández Lorenzo, Rafael, *As flores do meu amigo*, ilust. Xosé Cobas, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, Serie Amarela (de once anos en adiante), maio 2000, 110 pp. (ISBN: 84-8302-523-X).

Paio Gómez Chariño, co acometido de facerse cargo da tutela e educación de Edelmiro Soutelo de Leirachán, fillo dun cabaleiro que morrera loitando contra os mouros nas guerras de Granada, parte de Toledo cunha comitiva formada por algúns cabaleiros e escudeiros, comandados polo paladín Tirso de Remeirás, o trobador Joam Airas de Santiago e dous peregrinos de Flandres. Tomando como pretexto esta viaxe cara a Galicia, na que os personaxes teñen que facerlle fronte a unha serie de arriscadas e perigosas situacións, o narrador omnisciente desta novela ilustrada por Xosé Cobas (Logrosa-Negreira-A Coruña, 1953), ten a oportunidade de dar a coñecer os diferentes puntos xeográficos polos que transcorre o Camiño de Santiago, mostrando os feitos históricos e edificacións máis representativos de cada un deles, ao mesmo tempo que ofrece unha panorámica xeral da cultura e sociedade de Alsonso XI, O Sabio, durante século XIII. Finalmente, cando a comitiva chega á cidade compostelá, Edelmiro é nomeado cabaleiro pola súa valentía ao salvar á filla do seu protector, Xoana Mariño Chariño, que se unira a eles en Zamora e que rematará por confesarlle o seu amor, polo que o rapaz tamén ansiaba. Este volume péchase co apartado “Cando o autor fala de si”, no que Rafael Fernández Lorenzo (Cangas do Morrazo) achega certos datos relativos á súa infancia e manifesta o seu gusto pola palabra.

Recensións:

- Lucía Martín, “Aventura medieval”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 39, 27 agosto 2000, p. 7.

Destaca a ambientación desta novela na Idade Media e resume o argumento, no que salienta o protagonismo de Paio Gómez Chariño e dunha viaxe que fai ata Compostela, “chea de loitas e perigos, pero tamén de feitos marabillosos”. Considera que é esta unha obra “entretida e documentada” que permite que os lectores novos se acheguen ao mundo dos trobadores, xograres e cabaleiros medievais.

- María Jesús Fernández, “Rafael Fernández Lorenzo. *As flores do meu amigo*”, *Fadamorgana*, nº 6, “Novidades”, inverno 2000/2001, p. 77.

Despois de indicar que practicamente non hai relatos de trasfondo histórico na literatura infantil e xuvenil galega, comenta que cabería mostrar un interese inicial e espectativas por esta obra. Achega o seu argumento e puntualiza que a súa historia, “se se pode dicir que hai historia”, semella ser un pretexto para ir mostrando a ruta das peregrinacións con todos os elemntos que a integran a través dunha Idade Media de “cartón-pedra”, estereotipada e tópica. A seguir, sinala que estes cualificativos poderían serlles asignados aos personaxes que tamén actúan como heroes de manual, e puntualiza que o resultado é un texto sen rigor para poder ser informativo e ao que lle falta tensión e interese narrativos para considerarse literario.

Fernández Paz, Agustín, *Aire negro*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, nº 42, 2000, 183 pp. (ISBN: 84-8302-502-7).

Esta novela de misterio de Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1946) está estructurada en dezaoito capítulos numerados nos que o doutor Víctor Moldes conta a súa historia dende que chegou ao Baixo Miño para traballar na clínica psiquiátrica Beira Verde con moita descrición de vilas e lugares de Galicia (Goián, Garda, Santa Tegra, Vilalba, Casa Grande de Lanzós) e Portugal (Valença do Minho, Vilanova de Cerveira, Caminha...). Neles relátase unha historia amorosa e outra fatídica dende que Víctor Moldes entra en contacto con Laura Novo, unha paciente moza que sofre un proceso de amnesia a causa dun raio segundo figura nos informes médicos, e que escribe compulsivamente o seu nome nuns folios en branco. O doutor comeza cunha terapia baseada na lectura de textos clásicos da literatura universal e galega e as melloras son considerábeis, ata que Laura comeza a escribir a súa propia historia, relato que se nos transmite en primeira persoa a partir do capítulo quinto. A protagonista conta cómo chegou a vivir á Casa Grande de Lanzós, unha casa de turismo rural na Terra Cha e propiedade de Carlos Valcárcel, un profesor do que estivera namorada na adolescencia. Dende a súa chegada comezan a ocorrer fenómenos estraños e mortes violentas, que o caseiro, Moncho, relaciona con ela e coa Gran Besta, un ser misterioso e demoniaco que, segundo as crenzas populares, habitaría nas entrañas da terra. No capítulo qince retoma a narración o doutor Víctor Moldes para contar as investigacións que leva a cabo coa intención de probar a veracidade de todo o relatado por Laura, e por iso acode a Porto a entrevistarse con Carlos Valcárcel. Ao regresar atópase coa nova da

fuxida de Laura e conta que, tres anos despois de acontecidos os feitos, mantén viva a crenza na existencia da Gran Besta.

Recensións:

- Armando Requeixo, “Crónica de Lanzós”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 27, 28 maio 2000, p. 11.

Comenta inicialmente o productivo momento creativo que está a pasar Agustín Fernández Paz e lembra os títulos publicados nos últimos meses. A seguir, sintetiza o argumento de *Aire Negro* e compáraa con *Cartas de inverno* en canto á presencia do “demoníaco” e das “bocas do inferno”. Finalmente, salienta a “acción, paixón e tensión narrativas” e destaca a influencia de Joseph Conrad.

- F. Martínez Bouzas, “A besta”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 320, 29 xuño 2000, pp. 8-9.

Refírese, inicialmente, á presencia da Gran Besta, do Maligno, na cultura galega tradicional. Opina que este é un tema difícil de tratar de non posuír “un dominio da arquitectura narrativa” como ten Fernández Paz. Comenta as dificultades para discernir se estamos ante unha historia de medo ou de amor, aínda que se

decanta pola primeira opción e considéraa “unha peza de terror en formato longo, caso quizais único na literatura galega”. Despois de achegarse ao argumento, Martínez Bouzas afirma que esta novela “conxuga arte e habilidade” ao empregar máis dun narrador e dosificar perfectamente a intriga. Finalmente, menciona a posíbel influencia de Jung e Joseph Conrad.

- Xosé A. Neira Cruz, “Historias para soñar e medrar”, *Tempos Novos*, nº 39, “Entregas Culturais”, agosto 2000, pp. 56-58.

Ademais de dar conta da situación actual da literatura galega infantil e xuvenil, preséntase o último volume da escritora inglesa J. K. Rowling e dous títulos máis en galego. Os dous teñen en común o mundo sobrenatural. Trátase de *Matapitos.com* de Gloria Sánchez, que se ofrece en libro e páxina web, e por outro lado de *Aire Negro*, novela de Agustín Fernández Paz, da que se nos informa do seu argumento.

- Ramón Nicolás, “De soños, misterios e amores” , *Guía dos libros novos*, “Narrativa”, xullo-agosto 2000, p. 20.

Tras salientar a importancia da historia que se reflicte neste libro, destácanse a influencia que teñen nel tanto a tradición oral coma as outras obras de Fernández Paz. Tamén se refire á relevancia dunha figura mitolóxica galega como a Gran Besta e ás pegadas de autores como Carl Gustav Jung e de Josep Conrad. Asemade, resalta o destacado papel que desempeña a protagonista, Laura Novo, no transcurso da trama de misterio e

no triángulo de amor que se reflicte na novela. Finalmente, dá conta do interesante que pode resultar a obra para un lector de calquera ideade.

- Xosé Mª Eire, “De medo”, *A Nosa Terra*, nº 951, “Guieiro Cultural”, 7 setembro 2000, pp. 23-24.

Reflexiona inicialmente sobre o mundo dos seres que a literatura converteu en maléficos, terroríficos ou, sinxelamente, seres de medo como vampiros e lobishomes. A seguir, cita a publicación de *Triloxía pánica*, a cargo de Xosé Miranda e *Historias para ler á noite*, de Paco Martín, como exemplos desa tamática literaria. Céntrase, a continuación, na novela de Agustín Fernández Paz, ao que considera un dos clásicos da literatura infantil e xuvenil, aínda que neste caso a adscrición de *Aire negro* a este lectorado é, cando menos, dubidosa. Resume o argumento, que considera “unha hábil posta ao dia desta matéria”. Destaca a creación de “personaxes anguriados” e a dosificación desa anguria, a estructura en tres tempos e o comezo “in media res”, ademais do emprego de dúas voces narradoras. Finalmente, comenta que é esta “unha de esas novelas difíciles de esquecer, do melloriño que deste xénero hai na nosa literatura”.

- Xosé Gándara, “Agustín Fernández Paz. *Aire Negro*”, *Fadamorgana*, nº 5, “Novidades”, outono 2000, p. 78.

Despois de achegarse ao argumento desta novela, que cualifica de “fresca e anovadora”, loa a ambición do autor por non contentarse con tentar só un artefacto literario, pois escudriña na zona abismal que todos levamos para atoparnos a nós mesmos. Comenta que detrás do “aire negro” poida que estea relembrando o noso selo distintivo ou cerne máis auténtico, polo que recomenda ter os ollos moi abertos e unha lucidez

fogueadada de lector avispado. Puntualiza que a fin de contas o que aparece como centro da novela é o mito da "Gran Besta" que o lector ten que atopar. No referente ao eido temático, subliña cómo se reflicte o enrevesado mundo dos soños, da psique que Freud e Jung descubriron para a literatura, e o mundo do horror, que Lovecraft tan maxistralmente explorou.

- Xulio Valcárcel, "*Aire Negro*", *El Ideal Gallego*, "La galería", 5 novembro 2000, p. 10.

Despois de salientar ao autor como un clásico da literatura infantil e xuvenil e algúns dos seus libros premiados, comenta o xénero da novela. Así mesmo, explica cómo se lle ocorreu o tema, resume o seu argumento e destaca as abondosas citas literarias de escritores galegos e de fóra e a perfecta construcción da novela. Tamén dá conta das características empregadas na escrita para dosificar a información ao lectorado, dos aspectos que a fan unha obra mestra e da innecesidade de encasillar a este autor, ademais de nomear algúns elementos nos que se aprecia o referente *O corazón de Tebras*, de Conrad.

-Xosé M. Eiré, "Aventuras para dous", *A Nosa Terra*, nº 966, "Guieiro Cultural. Leituras", 21 decembro de 2000, p. 23-24.

Ver Casalderrey, Fina, *A máscara de Palma*, neste apartado.

Referencias varias:

- María Cedrón, “Ésta non é só unha obra de medo”, *La Voz de Galicia*, “A entrevista”, 1 xuño 2000, p. 53.

Presenta esta obra como unha “novela de misterio” e destaca a influencia de Joseph Conrad. A seguir, reproduce unha entrevista con Agustín Fernández Paz na que este autor declara a multitude de caras da obra, entre elas a de conter unha historia de amor, e tamén comenta a presencia de certos modelos que serven de referencia.

-E. N., “Novelas coma ‘*Aire negro*’ interésanlles a tódolos públicos”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 27, 4 xuño 2000, p. 10.

A presentación inicial como unha obra na que está moi viva a influencia de Carl Jung e dos mitos tradicionais galegos, está seguida dunha entrevista co seu autor. Agustín Fernández Paz resume o argumento e destaca o final tenso e sorprendente, xa que non se desvela o desenlace ata o remate da obra. Comenta tamén que outros temas son a contradicción entre o moderno e o rural, así como o punto de vista feminino da personaxe Laura Novo. Para rematar, refírese aos proxectos de futuro con traballos “máis liviáns”, xa que *Aire negro* é das obras “que levan moito traballo na documentación e nas sucesivas redaccións”.

- Silvia Gaspar, “Secuelas de Haloween”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de la escuela”, 6 novembro 2000, p. 6.

Fai referencia á proliferación na literatura infantil e xuvenil galega dos contos de medo para todas as idades e en todos os estilos. Lembra as tres vías polas que proveñen estes (a popular, a universal ou os baseados en Poe, Lovecraft e Macken) e cita algúns exemplos. Comenta a creación destes relatos por autores consagrados entre os que cita a Agustín Fernández Paz con *Cartas de inverno* (1995) ou *Aire Negro*; Marilar Aleixandre con *O chápiro verde* (1999) ou *Lapadoiras, Sacaúntos e Cocón* (1999); Gloria Sánchez con *Manual para unha pequena meiga* (1998) ou *Matapitos.com*; e Bieito Iglesias con *A noite das cabras do aire* (1999). Menciona algúns relatos de medo traducidos ao galego, lembra ás persoas que consideran un rito anglosaxón a festa da cabaza, a tradición celta esquecida en Galicia. Breve temática de *Aire negro*, de Agustín Fernández Paz, *Contos de maxia*, de Miranda, Reigosa e Cuba e *A pousada do sétimo día* (1998), de Juan Farias.

- Pep Molist, Xosé Hermida e Eva Larrauri, “La vitalidad de las otras lenguas”, *El País*, “*Babelia*”, nº 473, 16 decembro 2000, p. 24.

Ver Casalderrey, Fina, *A máscara de palma*, neste apartado do *Informe.*

Fernández Paz, Agustín, *O soño do merlo branco*, ilust. Manolo Uhía, A Coruña: Everest Galicia, col. Montaña encantada (a partir de 8 anos), 2000, 80 pp. (ISBN: 84-403-0408-0).

Ao longo de doce capítulos titulados, que á súa vez están divididos en episodios numerados, unha merla nova chamada Bulebule conta en primeira persoa todas as peripecias vividas ao longo do seu primeiro ano de vida. Así, conta como o pai e a nai os botan do niño a ela e aos seus irmáns Larpeiro e Laretas e como reciben as primeiras instruccións para defenderse dos seus inimigos e para conseguir alimento. Ademais do pai, é moi importante neste adestramento a figura do Merlo Vello, de nome Grou, verdeiro patriarca que lles relata historias sobre mitos, tradicións e lendas que lles afectan ao mundo dos merlos (de ónde vén a súa cor, o mito do Merlo Branco). Pouco a pouco, a protagonista vai ampliando o seu mundo, coñece a cidade, entra en contacto con humanos, non sempre de xeito pacífico, e, sobre todo, coñece a unha familia negra que se instala no seu contorno. Relaciónase especialmente coa nena e decátase das trabas que os brancos poñen para integrar esta familia. Chegado o tempo do amor a protagonista emparella con Wolf, un merlo emigrado de terras frías co que ten catro merliños. A historia remata cando a “roda da vida” deu unha volta e Wolf e Bulebule teñen que botar os fillos do niño. É unha historia narrada con ternura e na que destacan contidos transversais como o respecto pola diferencia de razas, o ecoloxismo, etc.

Recensións:

-María Jesús Fernández, “Agustín Fernández Paz. *O soño do merlo branco*”, *Fadamorgana*, nº 6, “Novidades”, inverno 2000/2001, p. 73.

Achega as liñas argumentais desta nova entrega de Agustín Fernández Paz, que presenta unha fábula na que se dá conta das sucesivas etapas vitais, que conleva a aprendizaxe e asunción de riscos e responsabilidades, do valor dos mitos, que con frecuencia representan desexos utópicos; e de cómo cada quen ten que descubir o camiño persoal que ese mito lle sinala. Comenta que esta complexidade temática se resolve narrando a historia de Bulebule, a merla que en primeira persoa conta as súas experiencias vitais, dende que nace ata que ela mesma expulsa do niño os seus primeiros fillos. Conclúe sinalando que se trata dun “interesante e ameno libro, moi ben narrado, co estilo sobrio e coidado que vén caracterizando a obra deste autor”.

Freire Bazarra, Isabel, *Un susto para Glub*, ilust. Evaristo Pereira, Vigo: Ir Indo Infantil, col. Contacontos (máis de 5 anos), 2000, 48 pp. (ISBN: 84-7680-341-9).

Nova entrega de Isabel Freire (A Coruña, 1960), ilustrada por Evaristo Pereira, na que o peixe Glub nos conta algunhas das aventuras que vive no seu pequeno mundo acuático, onde estaba a preparar o Gran Concurso de Pinchacarneiros, ata que é interrompido pola presencia desacougante do gato da casa, que provocou unha estampida entre todos os peixes, e polo secuestro que padece a mans duns ladróns. Un deles méteo nunha bolsa de plástico mentres durme para levalo con el pero é liberado cando o gato descobre o roubo e esperta aos da casa, que devolven a Glub á peixeira onde é aclamado polos compañeiros.

Gándara, Lola, *A escura luz do Tiber*, A Coruña: Rodeira, col. Periscopio, nº 14, novembro 2000, 204 pp. (ISBN: 84-8116-742-8).

Nesta novela de intrigas políticas e amorosas de Lola Gándara (Celanova-Ourense, 1942), ambientada en Roma na derraderia etapa da destrucción do imperio romano, a narradora protagonista, Marcia Galia, en tres libros compostos por trece, oito e oito capítulos, respectivamente, introducidos por unhas páxinas de reflexións sobre a súa andaina vital, narra cómo viviron ela e as súas amigas, Claudia e Lavinia, as contendas políticas, as relacións amor-odio, a destrucción do imperio e da cidade de Roma e cómo elas foron quen de sobrepoñerse e compaxinar as distintas ideoloxías por medio da amizade, a cultura e o amor.

Recensións:

Silvia Gaspar, "Lola Gándara. *A escura luz do Tíber*", *Fadamorgana*, nº 6, "Novidades", inverno 2000/2001,
78

Achega o argumento desta novela de ambientación histórica, que está narrada pola protagonista, Marcia, testemuña dos derradeiros anos da Roma de Nerón. Comenta que se trata dunha interesante creación para

adolescentes, que, á súa vez, achega didactismo inherente ás reconstruccións históricas. Tamén considera que as ilustracións son de estética e linguaxe un tanto lixeira para a gravidade dos temas aos que alude e para a idade á que o texto vai dirixida.

García, Irene, *Chancha e Chencho*, ilust. Elisardo Barcala, Santiago de Compostela/Pontevedra: Radio Galega/Editorial Kalandraka, col. Plis-Plas, nº 5, setembro 2000, [32pp.] . (ISBN: 84-8464-033-7).

Neste relato infantil, de Irene García (Ares-A Coruña, 1973), nárrase en terceira persoa cómo Chencho e Chancha, dous porcos cativos moi leantes, atopan ao seu novo veciño, o lobo Casiano, facendo unha torta de chocolate cuns pós blancos descoñecidos para eles. Por medo a que fose veleno argallan un plan co que conseguir o paquete de pós. Este fracasa pola glotonería de Chencho e o lobo explícalles porqué desexaba regalarlles o pastel e cál é ese ingrediente tan estraño. As ilustracións polícromas, de Elisardo Barcala (), presentes en todas as páxinas permiten unha lectura visual do texto e a súa complementación.

Gómez Silvestre, Xurxo, *Déixao medrar*, ilust. Creus Dalgà, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, Serie Amarela (de once anos en adiante), maio 2000, 135 pp. (ISBN: 84-8302-520-5).

Xurxo Gómez Silvestre (Beba, 1951) iníciase como escritor con esta novela centrada no mundo do fútbol. A través dun narrador omnisciente, coñecemos a historia de Paio, un rapaz de catorce anos que ten unha especial habelencia para ese deporte. As constantes presións do seu pai, empeñado en que chegue a ser unha estrela do fútbol, un soño que el non puido realizar, fan que Paio atravese unha crise. O seu rendemento e os resultados do equipo son cada vez peores e isto lévao a pensar que quizais deba deixar de xogar. Todo muda cando coñece a Ana, unha compañeira coa que logra entablar amizade e coa que comparte moi bos momentos ata que se decatan de que están namorados. Unha lesión na clavícula fai que Paio descanse e reflexione, que o seu pai deixe a súa presión e que o rapaz pase máis tempo con Ana. Finalmente, volve xogar pero agora gozando co deporte. Latexan nesta historia dúas concepcións do fútbol: a de Suso, o adestrador, que intenta transmitir que o fútbol é un deporte de equipo para gozar e a de Miro, o pai de Paio, que o considera un medio para destacar e enriquecerse.

Recensións:

-Ánxela Gracián, “Silvestre Gómez Xurxo. *Déixao medrar*”, *Fadamorgana*, nº 6, “Novidades”, inverno 2000/2001, p. 7.

Comenta que esta narración presenta claramente unha mensaxe, facéndonos lembrar aquelas novelas decimonónicas subsidiarias dunha idea. Achega a súa liña argumental e dá conta de parte dos seus personaxes, ademais de indicar que resulta interesante pola temática, polo conflicto e polos propios personaxes adolescentes. Finalmente, salienta que está adubada cunha mensaxe que se presenta ben administrada e que logra certo efecto de intriga.

Jaureguizar, Santiago, *Salitre*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, nº 38, febreiro 2000, 125 pp. (ISBN: 84-8302-480-2).

Jaureguizar (Bilbo, 1965) preséntanos nesta historia a vida de Eduardo, un rapaz de Foz moi afeccionada ás motos que vive co seu pai, ao que axuda nunha taberna que posúen no porto. O recordo da súa nai, a quen cre morta, a vida xunto a súa moza Paula e o traballo no bar ocupan os seus pensamentos. Pero de súpeto os pescadores que acoden habitualmente á taberna comezan a se manifestar inquedos pola falta de peixe, debida á aparición dos golfiños na costa, atraídos pola figura dun misterioso surfista que cada noite sulca as ondas da praia. Coincidindo con este feito, aparece na vila un estranxeiro ao que todos acaban chamando o Americano e que provoca unha estraña atracción en Eduardo, a quen lle admira a súa vida percorrendo o mundo nunha furgoneta e con quen comparte conversas nocturnas nas que lle confía as súas preocupacións. O ambiente entre os pescadores comeza a ser sufocante e as sospeitas recaen inicialmente no Americano. Pero será Eduardo quen faga circular o rumor de que podería ser Hanif, o paquistaní propietario da tenda de táboas de surf e moi vinculado a Paula, o misterioso surfista. En realidade Eduardo fai recaer as sospeitas en Hanif polos celos que sente ante o afastamento cada vez maior de Paula e a súa súpeta afección polo surf. A tensión suscitada vai en aumento ata que se desencadea a violencia e a intolerancia dos habitantes da vila. Finalmente resólvese o misterio e todo volve á normalidade. Eduardo coñecerá ademais que a súa nai non está morta senón que marchou da vila e recibirá noticias dela mediante unha chamada telefónica.

Recensións:

-Manuel Darriba, “Jaureguizar trae o surf á literatura galega nunha trama de misterio”, *El Progreso*, 20 febreiro 2000, p. 75.

Coméntase que Santiago Jaureguízar non ten noticias de que o surf aparecera antes nunha obra literaria escrita en galego e sinálase que o misterioso surfista de *Salitre* non deixa de ser un elemento máis “nun guiso onde se cociñan tamén a trama de misterio e un costumismo que ás veces roza co caricaturesco”. A seguir, sinálase que xa ambientara na Mariña lucense *A rutina corsaria* (1998), “unha hilarante historia de piratas moi ben recibida polo público lector” e destácase a reivindicación que, segundo o autor, debe facer a literatura galega do mar. Por outra banda, apúntase que *Salitre* ten un lanzamento publicitario en internet, nunha páxina deseñada por Marcos Sánchez no enderezo www.geocites.com/jaure2000. Conclúese recollendo a opinión e actividades de Jaureguizar sobre o ciberespacio e dáse conta da súa producción e proxectos futuros.

- Manuel Darriba, “Motos e surf na praia de Llas”, *El Progreso*, 19 marzo 2000, p. 75.

Breve comentario sobre esta obra de Jaureguizar, no que se afirma que as tres novelas xuvenís do autor -*Todo a cen* (1995), *A rutina corsaria* (1998) e *Salitre*-teñen en común “a ambientación en escenarios da Mariña luguesa, e iso malia as súas diferencias xenéricas, que son notables”. A continuación, céntrase no argumento da obra que recrea os ambientes da Costa Norte de Galicia e pola que pasan “surfistas

misteriosos e sentimentos en fase de maduración". Para rematar, infórmase que esta última entrega de Jaureguizar se promociona en Internet.

- F. Martínez Bouzas, "Surf e literatura", *El Correo Gallego*, "*Correo das Culturas*", nº 21, 7 abril 2000, p. 3.

Despois de recollerse o seu argumento, afírmase que se trata dunha "novela curta, encadrábel dentro da narrativa xuvenil". Fálase a seguir do argumento: unha historia na que un surfista descoñecido leva tras de si, cara á costa de Foz, un fato de golfiños que axotan os peixes e deixan os mariñeiros sen traballo". A continuación, descríbense os protagonistas da obra e alúdese ao final da historia, "tan imprevisible como artificial, pois cunha variña máxica fai aparecer de socato a naiciña arelada sen que o relato o demande de ningún xeito". Para rematar, afírmase que o estilo é áxil e aproxímase á lingua cotiá.

- Silvia Gaspar, "Jaureguizar. *Salitre*", *Fadamorgana*, nº 5, "Novidades", outono 2000, p. 79.

Comenta que a lectura desta obra suscita unha inevitábel reflexión sobre a literatura para adolescentes. A seguir, apunta que unha novela precisa dunha historia e que esta non pode ser unha sucesión de actos e información contradictorias e aleatorias. Así mesmo, sinala que os diálogos non poden ser unha sucesión monolóxica de muletillas rebosantes de violencia mal dirixida e que os personaxes deben posuír unha certa e coherente entidade, ademais de a lingua ter que ser sometida a correción. Por outra banda, manifesta que nunca é grato singularizar as deficiencias dunha obra, aínda que poder ser efectiva para chamar a atención sobre a proliferación de productos para consumo de adolescentes.

Referencias varias:

- D. Janeiro, “Jaureguízar: ‘moitos fan diccionarios das novelas”/“Jaureguizar, que publica a novela ‘Salitre’, cre que poucos autores galegos saben ‘facer ben un relato”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*, 9 febreiro 2000, p. 38/p. 75.

Dise que Jaureguizar, con *Salitre* pretende “que os lectores disfruten, non insuflarlles moralina”. A seguir, ofrécense algunhas notas biográficas do autor, colaborador de *El Progreso* e da revista *Bravú*. Por último, cítanse algunhas das súas obras como *Fridom Spik* (1995), *Todo a cen* (1995) ou *A rutina corsaria* (1998).

- Francisco Castro, “Salitre”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 2 marzo 2000, p. 8.

Alúdese ao argumento de *Salitre* e recoméndase a lectura da obra, que o articulista cualifica de “historia de intriga de final sorprendente”.

- Begoña R. Soteliño, “A chavales ‘playstation’ no les puedes dar lenguaje barroco si quieres que lean”, *La Voz de Galicia*, 16 marzo 2000, p. 72.

Entrevista co escritor e xornalista Jaureguizar que vén de publicar a súa quinta novela *Salitre*. O escritor confesa que resulta moito máis difícil escribir a segunda obra que a primeira, aínda que non é o seu caso xa que *Todo a cen* (1995) estivo a piques de ser traducida ao castelán e converterse nunha película. A seguir, afirma que nas súas obras hai continuas referencias á televisión porque viviu a metade da súa vida a través deste medio, como todos aqueles que teñen menos de corenta anos. Para rematar alude ao seu último libro *Salitre*, destinado ao publico xuvenil, xa que é basicamente unha obra de intriga cunha lectura fácil.

- Xosé M. Eiré, “Un paseo pola literatura infantil e xuvenil”, *A Nosa Terra*, nº 929, “Guieiro Cultural”, 6 abril 2000, pp. 27-28.

Ofrécese un pequeno resumo argumental de tres títulos publicados por Edicións Xerais de Galicia e descríbense as características dunha colección destinada tamén aos máis pequenos. Trátase da colección “De Vagar”, composta por vinte títulos “para aprender a ler” da autoría de Ana María Llanes e Silvestre Gómez, con ilustracións de Manuel Uhía. A seguir, coméntase brevemente o argumento doutros tres libros destinados ao público infantil e xuvenil: *O brillo dos elefantes* (Edicións Xerais de Galicia, 1999), de Fran Alonso; *Eu de maior quero ser* (Sotelo Blanco, 1999), de Rosa Aneiros e *Salitre*, de Jaureguizar.

- A. R., “Surfing Foz”, *Tempos Novos*, nº 36, “Voces e culturas. Crítica. Libros”, maio 2000, p. 83.

Transcribe un fragmento desta última entrega de Jaureguizar.

Lema, Rafael, *Capitán Araña*, ilust. Eduardo Reimúndez, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Xuvenil, nº 41, Serie Ordenador (dos 12 anos en diante), 2000, 110 pp. (ISBN: 84-7824-358-5).

A través da voz narradora en primeira persoa, desenvolve Rafael Lema (Ponte do Porto, 1967) esta novela de piratas, que vén estructurada en once capítulos intitulados e acompañada polas ilustracións en branco e negro de Eduardo Reimúndez. Ambientada en espacios moi próximos á Costa da Morte, Roi narra a súa vida na aldea, marcada pola miseria económica ao lado dos seus pais que non posúen máis ca un pobre casal. Un día, que marcha a Santiago por coñecer a cidade, atopa á súa volta, ante os seus ollos xelados polo horror, a aldea envolta en sangue e fume a mans do temíbel pirata Arripai que invadira as súas costas. Co paso do tempo tras recuperarse a tranquilidade na aldea, asiste habitualmente ás tertulias nas tabernas da vila acompañado sempre polo seu amo Ricardo. Nestas xuntanzas fálanlle do valente Capitán Araña, un mariñeiro da súa aldea que marchara en busca de aventuras cara á América. Cando por fin volve á terra, Roi pídelle que o leve con el na súa singradura para vingar a morte dos seus e derrotar o capitán Arripai. Ao final do libro inclúese unha breve nota do autor na que fala sobre os seus gustos literarios, libros publicados así como a influencia que supuxo na súa vida nacer nunha vila mariñeira.

Recensións:

- Ánxela Gracián, “Rafael Lema. *Capitán Araña*”, *Fadamorgana*, nº 6, “Novidades”, inverno 2000/2001, p. 79.

Alude ao argumento desta novela de “ton romántico e rexistro culturalista” e que está escrita ao xeito dos auténticos clásicos do seu xénero, polo que cita os seus ingredientes máis salientábeis, como son a infancia rural, a nobreza de alma, o desexo de enriquecemento enmarcado nunha ambientación mariña, a fascinación polos navíos e viaxes por países ignotos ou a sede de xustiza, ante a figura dos lobos de mar. Puntualiza que todo iso, xunto coa linguaxe na que está escrita, fan de *Capitán Araña* “unha narración extraordinaria, lograda cunha mestura de documentación, pericia narrativa e grande capacidade de reconstrucción e evocación”. A seguir, comenta que, de reprocharlle algo, sería a ausencia desa fascinación romántica que debería provocar no protagonista a figura do pirata Arripai, e que significa, dalgún xeito, a atracción pola maldade. Conclúe loando este relato “tan esmerado na súa estructura como memorable” e ao seu autor, que posúe un estilo que require unha lectura polo miúdo para percibir tanta profundidade e pericia como hai no libro.

López Domínguez, Xan, *Teodomiro soña con dragóns*, ilust. do autor, A Coruña: Everest Galicia, col. Montaña encantada (primeiros lectores), 2000, 47 pp. (ISBN: 84-403-0396-3).

Álbum ilustrado a toda cor, por Xan López Domínguez (Lugo, 1958), no que se conta en que lugares o vello Teodomiro se dedica a soñar e se especifica o tipo, o tamaño, a cor, as diferentes maneiras de desprazarse e os lugares nos que habitan os dragóns cos que soña. O narrador-autor, sabedor do pouco tempo de vida que lle resta ao ancián, deitase todas as noites coa esperanza de soñar con eses seres lexendarios. Remátase cun texto, destinado ao lectorado, no que se destaca o labor realizado por este ilustrador, a sensibilidade e tenrura con que debuxa con palabras as súas historias, e o desexo deste por sentirse Teodomiro. Salientar que nas ilustracións o propio autor se autoretrata como o personaxe narrador da historia.

Recensións:

-Pablo Reyes, “Xan López Domínguez. *Teodomiro soña con dragóns*”, *Fadamorgana*, nº 6, “Novidades”, inverno 2000/2001, p. 72.

Sinala que Teodomiro é o único que pode ver dragóns e que Xan López Domínguez quere soñar tamén con eles porque teme que cando Teodomiro deixe de velos, estes se perdan con el para sempre. A seguir, comenta que as ilustracións se basean en trazos sinxelos mais non simples, que ilustran con perfección a historia e que conseguen achegar a perspectiva axeitada en cada debuxo para que nos fixemos nun detalle ou no conxunto. Remata facendo un pequeno resumo da historia que se desenvolve neste volume, que pretende ser unha homenaxe a Antoni Gaudí e ao seu mundo onírico, escenario deste álbum recomendábel para todas as idades.

Referencias varias:

-Jesús Fraga, “López Domínguez rende homenaxe a Gaudí e ás súas obras nun libro”, *La Voz de Galicia*, 11 febreiro 2000, p. 88.

Dá noticia da publicación do libro e ofrece unha breve síntese do seu argumento, que xira arredor da figura de Antonio Gaudí. A seguir, detense na técnica utilizada para a realización das ilustracións, que foron feitas por ordenador na súa totalidade. Comenta que esta técnica xa fora utilizada noutros proxectos como unha tira de cómic publicada na revista *Golfiño*. Finalmente, salienta a este autor como un dos máis prolíficos e traducidos da literatura infantil e xuvenil en Galicia, e anuncia a traducción a outras linguas desta última publicación.

López Rodríguez, Xavier, *Catro pitas*, ilust. Mª Antonia Cortijas, Barcelona/A Coruña: Edebé-Rodeira, col. Tucán, nº 24 (a partir de 6 anos), abril 2000, 62 pp. (ISBN: 84-8116-724-X).

Xavier López Rodríguez (San Ciprián de Hermisende, 1956) ofrécenos un breve relato, que está dividido en cinco capítulos titulados e presenta ilustracións a cor da man de Mª Antonia Cortijas. Nel achégase a historia de catro pitas, Cachola, Coqueta, Careta e Cora, e o que fixeron dende que descubriron que alguén lles roubaba os ovos dos niños ata que conseguiron converterse en en nais de doce fermosos pitos e gozar dos coidados especiais e da admiración dos seus donos, aínda que descubriron polo medio que moitos dos seus ovos servían de comida aos seus amos.

López Rodríguez, Xavier, *Un burro hippy*, ilust. Manuel Uhía, Saragossa: Edelvives, col. Ala Delta, nº 52 (a partir dos 8 anos), 2000, 81 pp. (ISBN: 84-263-4300-7).

Neste relato de Xabier López Rodríguez (San Ciprián de Hermisende, 1956), o protagonista cóntalle ao seu amigo Santiago as súas ilusións (ter unha moto) e as da súa irmá María (ter un cabalo), imposíbeis de conseguir dada a situación familiar. Cóntalle que María tivo máis sorte, pois chegou a montar un cabalo, e que conseguiron a burriña Hippy, que lle regalou o xitano que tiña cabalos na zona suburbial da cidade. Saliéntanse as boas relacións familiares, os costumes do mundo dos xitanos, a vida da aldea e, brevemente, a do arrabaldo da cidade e, finalmente, a relación entre os irmáns.

Martín, Paco, *Medio burato*, ilust. Irene Fra e Xoán Balboa, Madrid: SM, col. O Barco de Vapor, serie laranxa, nº 24 (a partir dos 9 anos), 2000, 158 pp. (ISBN: 84-348-7073-8).

Novela de aventuras, de Paco Martín (Recatelo-Lugo, 1940), que comeza no momento en que Martiño, un rapaz de trece anos, xunto cuns amigos, co zapateiro e a señorita Mimí descobren un medio burato na zapatería do Sr. Venancio. Despois de atopar unha fita, dunha doncela medieval, no seu interior e observar o rostro de Martiño nun grabado do século XV, o rapaz atópase na súa vila pero centos de anos atrás, na época dos cabaleiros, e baixo a tutela dun sabio medieval. Nese mundo non só descobre os costumes da época, a xerarquización social e as normas cabaleirescas senón que tamén é armado cabaleiro, é ferido por un dragón, e observa que moitos dos personaxes da época son idénticos aos seus amigos, ao zapateiro e á Mimí. Martiño voltará dese mundo ao espertar dun desmaio, producido por unha ferida, e averigua que todo o vivido non foi un soño. As imaxes correspondentes o período medieval corren a cargo de Xoán Balboa (Recatelo-Lugo, 1938) e as da época actual a Irene Fra.

Recensións:

- Silvia Gaspar, “Paco Martín. *Medio Burato*”, *Fadamorgana*, nº 6, “Novidades”, inverno 2000/2001, p. 76.

Comenta que neste volume unha situación de partida que explora o absurdo dá paso a unha historia de aventuras e camaradería que vai máis alá da idade e do tempo. Apunta que este alegato a favor da inocencia e da entrega mostra unha ambigüidade de rexistros de cara ao lector. Así, explica que o desenvolmemento da historia e o discurso alternan o candor das idades máis cativas cunha complexidade discursiva e conceptual dirixida a unha banda superior en maduración.

Referencias varias:

- Eva Martínez, “Medio burato’, novo libro do escritor lucense Paco Martín”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 14 agosto 2000, p. 42.

Despois de dar noticia da saída á luz deste novo libro, e logo de reproducir as palabras que o autor di no primeiro capítulo referidas ao contido do mesmo, fala con Paco Martín sobre o papel da escola en relación á lectura, sobre a explicación de “medio burato”, sobre a descrición dos personaxes no libro, sobre a influencia

da televisión e Internet na literatura infantil e sobre a linguaxe dos máis pequenos. Paco Martín mostra que a escola non chega para animar a ler, que son precisos os pais e os medios de comunicación, que é preciso a capacidade de asombro para entender “medio burato”, que lle gusta fixarse nos detalles ao describir os personaxes, que a televisión e Internet son medios atraíntes pero que é a familia a que ten a palabra, que non se lle debe dar as costas aos novos soportes e que a linguaxe dos máis pequenos cada vez é máis reducida.

Miranda, Xosé, *Lúa e os nubeiros*, ilust. Fran Jaraba, Vigo: Galaxia, col. Sete mares, nº 11, novembro 2000, 105 pp. (ISBN: 84-8288-392-5).

Xosé Miranda (Lugo, 1955) mergúllase nos soños dunha nena chamada Lúa e ofrécenos unha historia fantástica, chea de maxia, aventura, viaxes e amizade. No seu soño, Lúa viaxa ata unha nube e coñece a un tronante chamado Xan Cabrito que a colle como prisioneira. Alí terá que permanecer ata que chegan á nube dous irmáns en globo. Xaime e Antón intentan axudala pero Xan Cabrito esperta e consegue retela. Días máis tarde, un loro achégase á nube e Lúa logra escapar con el. A partir dese momento, a nena e o loro vivirán unha serie de aventuras e coñecerán a numerosos personaxes, que loitan por atopar un saco con moedas de ouro. Trátase do malvado capitán Ramón Nogueira e a súa tripulación de piratas, o mago Sufra'h, Álvaro, a Raíña Xoana, Benito Cabrito ou a bruxa. Ao final da historia e xusto antes de espertar do seu soño, Lúa consegue volver á súa casa montada nunha manta máxica. Cando esperta, atópase, como cada mañá, na súa cama e non sabe se a súa fantasía é real ou non. Axudan á comprensión da historia as ilustracións de Fran Jaraba (Pontevedra, 1957).

Referencias varias:

- Rosa Míguez, "Suxerencia", *Diario de Ferrol*, "Nordesía", 17 decembro 2000, p. 14.

Ademais de sobrancear a ampla producción infantil de Miranda, destaca nela a súa mistura de personaxes fantásticos e imaxinarios, así Lúa, a protagonista, aparece nunha nube que a leva a lugares incríbeis nos que vive moitas aventuras.

Miranda, Xosé, Antonio **Reigosa**, e Xoán Ramiro **Cuba**, *Contos de maxia I*, ilust. Sergio Casas (ISBN: 84-8302-510-8)/ *Contos de maxia II*, ilust. Lázaro Enríquez (ISBN: 84-8302-509-4), *Contos de maxia III*, ilust. Xan Balboa, (ISBN: 84-8302-5523), *Contos de maxia IV*, ilust. Irene Fra (ISBN: 84-8302-552-3) Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Cabalo buligán, nº 5, 6, 7 e 8, 2000, 67 pp.

Recóllense nestes volumes reelaboracións de contos pertencentes á literatura de transmisión oral. Ao final de cada un deles, no apartado “Notas”, ofrécense datos sobre as diferentes versións existentes e a súa clasificación. En *Contos de maxia I*, que contén ilustracións de Sergio Casas (Santiago de Compostela), atópanse catro contos: “O pastor de coellos”, versionado por Xosé Miranda (Lugo, 1955), no que se conta a historia do mozo pouco espilido que consegue a man da princesa coa axuda dunha vella e a súa argucia; en “O paxaro de ouro”, reelaborado por Antonio Reigosa (Lagoa da Pastoriza, 1948), cóntase cómo o fillo máis novo dun rei descobre que un paxaro de ouro é o que come as mazás avermelladas do pai e cómo conseguiu o cabalo de ouro e a princesiña dos cabelos de ouro; en “O ferreiro de Mambres” e “O ferreiro e o demo”, dúas versións diferentes de Xoán Ramiro Cuba, cóntase a historia daquel ferreiro pobre, que tras recibir a visita de Xesús Cristo, na primeira versión, e do demo, na segunda, é agasallado con carbón e unha serie de obxectos con poderes máxicos. En *Contos de maxia III*, reúnense catro contos recollidos da tradición oral que teñen en común a presencia de elentos máxicos que se transforman ou personaxes con este tipo de poderes. Os dous primeiros están versionados por Xosé Miranda: en “As dúas nenas e as tres boas señoras” as donas dunha casa premian con

toda a felicidade a unha nena modélica e castigan a outra envexosa; en “A princesa e o xigante” cóntase como unha princesa que fora raptada e afeada por un xigante ten que recorrer á maxia para recuperar a súa fermosa figura; e en “A princesa que non ría”, versión a cargo de Antonio Reigosa, recóllese a competencia entre moitos mozos do reino para que a princesa recuperase o riso. Finalmente, “A burra, a mesa e o pao”, versionado por Xoán Ramiro Cuba, son tres os elementos máxicos que lle serven ao protagonista desta historia para levar a fartura ao seu fogar. En *Contos de maxia, III*, con ilustracións de Xan Balboa (Recatelo-Lugo, 1938), inclúense catro contos: “Os tres pelos do demo”, reelaboración de Xosé Miranda, no que se narra a superación dunha proba por parte dun heroe, gracias á axuda da súa astucia e doutros personaxes adxuvantes; en “Os amigos na vida e na morte” e “O afillado da morte”, ambos versionados por Antonio Reigosa, cóntase, respectivamente, como dous amigos conseguen reunirse no ceo, trala morte dun deles, para celebrar unha comida que tiñan pendente, e como un neno dunha familia pobre chega a ser un médico de gran sona ao ser apadriñado pola Morte; en “Os dous xemelgos”, adaptado por Xoán Ramiro Cuba, relátase cómo unha familia moi pobre recibe por encantamento dun peixe dous fillos xemelgos que se separan de mozos. Un deles vai coñecer mundo e chega a un reino onde salva a unha princesa do dragón de sete cabezas e logra resolver o misterio do castelo de vas e non volves gracias á axuda do seu irmán. *Contos de maxia, IV* presenta outros catro contos reelaborados, os dous primeiros por Xosé Miranda e os dous seguintes por Antonio Reigosa e Xoán Ramiro Cuba, respectivamente, con ilustracións de Irene Fra. En “O príncipe lagarto” cóntase cómo un príncipe se converte en lagarto arnal por encantamento e cómo gracias á súa voda coa máis nova de tres irmás consegue volver á condición humana. “Aladina”, a criada do rei, consegue así mesmo liberar o príncipe dun encantamento coa axuda dun paxaro e da caixa dos encantos que ten que roubarlle a un mago.

En “A caixa dos demachiños”, a protagonista é unha princesa que, farta de estar pechada nunha torre, foxe e chega á casa dunhas meigas que a obrigan a conseguir a máxica caixa dos demachiños, conséguea e casa co carneiro que a axuda e resulta ser un mozo. Finalmente, en “O mozo, a meiga e o xigante” cóntase a historia do terceiro fillo dun matrimonio con sona de parvo que consegue facerse rico, enganar a unha meiga coa súa astucia, vencer a un xigante e casar cunha princesa.

Referencias varias:

Lucía Martín, “Hai moitos, moitos anos...”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 28, 11 xuño 2000, 12.

Informa do contido de dous dos volumes de *Contos de maxia*, dos que ofrece os datos principais: autores, títulos dos relatos, síntese argumental de cada un e ilustradores. Destaca o bo traballo de Xosé Miranda, Antonio Reigosa e Xoán Ramiro Cuba ao introduciren fórmulas da tradición oral e ao complementaren os relatos cunha serie de notas que aclaran o contido dos contos. Refírese, a seguir, á colección “Cabalo Buligán” como “unha atractiva chamada a contar e escoitar contos” e expresa o seu desexo de que continúe a medrar.

- Silvia Gaspar, “Secuelas de Haloween”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de la escuela”, 6 novembro 2000, p. 6.

Ver Fernández Paz, Agustín, *Aire negro*, no apartado VI.1 deste *Informe*.

Neira Cruz, Xosé Antonio, *As cousas claras*, Premio Merlín 2000, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, nº 52, outubro 2000, 163 pp. (ISBN: 84-8302-562-0).

Coa apertura dun *sex-shop* nas proximidades do instituto e a proxección dun filme, ao redor do cal xorde un polémico asunto relacionado co tema da sexualidade e pornografía, a traquilidade deste centro de ensinanza vese quebrada. Pois Mon, o popular mestre de literatura que puxera o filme na clase, recibe unha serie de acusacións infundadas e é atopado case sen vida. Non acreditando na posibilidade dun suicidio, Marga, unha das súas fieis alumnas, comeza a investigar no caso xunto a Afonso, con quen remata tendo un romance. Feitas certas averiguacións e vividos certos momentos de terror e violencia, logran salvar a un compañeiro de clase e descubrir que detrás de todo o acontecido estaba implicada unha rede de tráfico sexual. Con esta novela de aventuras, na que tamén afloran os problemas máis comúns da adolescencia e que está narrada cunha linguaxe moi propia desta idade, Xosé A. Neira Cruz (Santiago de Compostela, 1968) consegue o seu segundo Premio “Merlín”, xa que no ano 1988 fora merecente del por *Ó outro lado do sumidoiro*.

Recensións:

-F. Martínez Bouzas, “Conxura no instituto”, *El Correo Gallego*, nº 52, *“Correo das Culturas*”, 26 novembro 2000, p. 7

Comeza o comentario de *As cousas claras* coa mesma pregunta coa que a editorial reclama a atención do lectorado ao considerala un bó resume dos fíos sobre os que xira a novela. Estima acertada a elección de publicala na colección “Fóra de xogo”, de Xerais, a pesar de ser a gañadora do Premio Merlín, ao ter en conta ao seu destinatario. Asevera que Neira Cruz é autor por vocación e oficio, e un experto na literatura infantil e xuvenil. Resalta a non presencia nela de didactismo expreso e de elementos ou trazos da tradición oral dos contacontos e o tipo de novela que é, de estudiantes. Afirma que o seu principal mérito é o “tratamento ficcional dos mundos xuvenís” e de temas actuais. Informa da temática e acción da novela, describe aos seus personaxes, dá unhas pinceladas do argumento, e sitúa espacialmente a historia. Manifesta a aposta do autor ao relatar sen tabús aos adolescentes sucesos crueis e reais da nosa sociedade, como é a prosa empregada, o seu desenvolvemento, a voz narradora e os dous aspectos un tanto inverosímiles da obra.

- Concha Pino, “Lecciónns da Tolerancia”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 30 novembro 2000, p. 37.

Informa da finalidade, “sementar preguntas” entre o lectorado, á que desexa chegar Xosé Antonio Neira Cruz con *As cousas claras,* da temática “á verdade con criterios e razoamentos libres de prexuizos”, e do contido

desta publicación. Saliéntaa como unha historia sórdida e dura con personaxes que se corresponden con estereotipos reais e na que prevalece o bo sobre o malo sen cargas moralizantes. Remata, subraiando a boa conexión da novela co lectorado, a capacidade do autor para crear personaxes que "rabuñan ó lector, cos que se pode identificar", ademais do dominio dos "resortes que afondan no ser feminino e na capacidade de acción e reacción dos sentimentos de homes e mulleres".

-Xosé M. Eiré, "Aventuras para dous", *A Nosa Terra*, nº 966, "Guieiro Cultural. Leituras", 21 decembro de 2000, p. 23-24.

Ver Casalderrey, Fina, *A máscara de Palma*, neste apartado.

Silvia Gaspar, "Xosé A. Neira Cruz. *As cousas claras*", *Fadamorgana*, nº 6, "Novidades", inverno 2000/2001,
78.

Comenta que é unha satisfacción observar que *As cousas claras*, pese a manterse no metaxénero chamado "novelas de instituto", intérnase nos aspectos máis espiñosos da formación dos adolescentes con "extrema pulcritude e non menor valentía". Asemade, considera que Xosé A. Neira Cruz ten a coraxe de deitar unha mirada sobre a hipocrisía que crea o temor e sobre as situacións que, conformando a realidade, son agochadas.

Referencias varias:

- Carmen Villar, “Dos periodistas, Luis Rey y Xosé Antón Neira Cruz, el Xerais de Novela y el Merlín”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 25 xuño 2000, p. 51.

Ver Rei Núñez, Luis, *Expediente Artieda*, no apartado I. 1 deste *Informe.*

-Nacho Mirás, “O xornalista Luis Rey Núñez gaña o Premio Xerais coa novela ‘María Pita”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 25 xuño 2000, p. 53.

Ver Rei Núñez, Luis, *Expediente Artieda*, no apartado I. 1 deste *Informe.*

- Rosa Míguez, “Suxerencia”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, 19 novembro 2000, p. 14.

Informa sobre diferentes novidades editoriais. No terreo da literatura galega dá conta da aparición de *Camiños sen fin*, de Marín Estrada, gañador do premio Abril, do que di que naceu como iniciativa para estimular a narración xuvenil nas linguas do Estado. Ademais refírese ao libro *As cousas claras*, de Xosé Antonio Neira Cruz, do que ofrece unha breve sinopse do seu argumento.

- Pep Molist, Xosé Hermida e Eva Larrauri, “La vitalidad de las otras lenguas”, *El País*, “*Babelia*”, nº 473, 16 decembro 2000, p. 24.

Ver Casalderrey, Fina, *A máscara de palma*, neste apartado do *Informe.*

Neira Cruz, Xosé Antonio, *Os ollos do tangaleirón*, Premio O Barco de Vapor 2000, Madrid: SM Ediciones, col. O Barco de Vapor, nº 35, Serie encarnada (a partir dos 12 anos), 2000, 191 pp. (ISBN: 84-348-7334-6).

Esta nova entrega narrativa de Xosé A. Neira Cruz (Compostela, 1968), que mereceu o premio Barco de Vapor na edición de 1999, está estructurada en doce capítulos titulados e de extensión variábel. A novela está narrada en primeira persoa por Lena Castelo, unha adolescente que protagoniza as aventuras narradas. A rapaza acudira ao laboratorio que o seu tío Malaquías montara na Punta das Furnas no que investigaba os Pés Grandes, “homínidos a medio camiño entre os monos e os humanos”, por medio dunha ciencia denominada Criptozooloxía. A través dunha mensaxe electrónica, entra en contacto cun mozo dos Ancares, Abel Vilar, que denuncia o acoso e intento de caza ao que está sendo sometido o tangaleirón, último exemplar da familia dos Pés Grandes que vivía no noso país, por parte dun grupo de científicos norteamericanos sen escrúpulos. Xa nos Ancares e acompañada da súa tía Fri, tamén investigadora, a narradora–protagonista de *Os ollos do tangaleirón* descobre un mundo e unha cultura que se resiste a desaparecer engulida polas novas tecnoloxías e pola “globalización”, ademais dun amor, o de Abel, co que comparte intensas e emocionantes aventuras. A historia resólvese felizmente, aínda que conserva a intriga ata o remate. Finalmente, inclúe Neira Cruz un longo Epílogo con agradecementos ás fontes documentais, con bibliografía e con enderezos de páxinas web nas que completar a información sobre a Criptozooloxía.

Referencias varias:

-C. Lorenzo, “Dúas veces gañador”/“Xosé Neira Cruz obtén o premio Barco de Vapor con ‘*Os ollos do Tangaleirón*”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*, 8 marzo 2000, p. 41/p. 78.

Informa da consecución deste premio por Xosé Neira Cruz coa obra *Os ollos do tangaleirón*, ademais de indicar que xa o conseguira no ano 1997 con *Valdemuller*. Recolle varias declaracións do autor que fala da súa escrita e obra gañadora, da que sinala que nela hai unha “especie de recoñecemento cara á nova dimensión das tecnoloxías e hai tamén unha mensaxe coa que se pretende subliña-la necesidade do contacto persoal”. Asemade, fai un breve resumo do seu contido.

-Carmen Villar, “Neira Cruz volve gañar ‘O Barco de Vapor’ de literatura infantil en galego”, *Faro de Vigo*, 8 marzo 2000, p. 48.

Ademais de dar conta doutros premios conseguidos por Xosé Antonio Neira Cruz, céntrase na súa obra *Os ollos do tangaleirón*, coa que gañou a última edición deste premio. Reproduce varias declaracións do galardoado, que definiu e resumiu a súa obra e comentou non estar disposto a competir nun principio máis veces por este premio.

-M. B./R. L., “Neira Cruz gaña El Barco de Vapor”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 8 marzo 2000, p. 90.

Indícase que o Premio “Barco de Vapor”, na súa modalidade en galego foi para Neira Cruz, quen non descarta escribir nun futuro para adultos. Descríbese o argumento desta obra, que o propio autor sitúa “a metade de camiño entre unha obra realista e a ciencia-ficción”, e destácase que a partir da historia de amor que xorde entre os dous protagonistas adolescentes se fan unhas reflexións sobre a situación dos propios adolescentes. Dedícase ademais un apartado a falar de que a literatura para nenos é importante para a formación de novos lectores e indícase tamén que esta literatura supón o 20 por cento de todos os libros editados en lingua galega, sendo neste sector onde hai máis presencia de obras traducidas do castelán.

- Pancho R. Tristán, “Neira Cruz obtén o premio Barco de Vapor co libro xuvenil ‘*Os ollos do tangaleirón*”, *El Mundo. Galicia*, “Galicia/Cultura”, 8 marzo 2000, p. 9.

Infórmase de que Neira Cruz conseguiu por segunda vez en tres anos o premio Barco de Vapor, resultando tamén finalista nesta ocasión a autora viguesa An Alfaya. Resúmese aquí o argumento da obra gañadora e indícase que esta é froito de dúas preocupacións que ten este autor: as xentes e o medio ambiente, inquietudes que o levaran a investigar como xornalista sobre a situación actual das xentes nos Ancares e a interesarse polo traballo dos criptozoólogos, profesión que el escolleu para os ascendentes da protagonista desta novela. Destácase ademais a reivindicación que fai este autor da literatura infantil e xuvenil, subliñando que el cre que é un prexuízo pensar que estas obras só as poden ler os nenos. Por outro lado saliéntase que

desde que gañou o Premio Merlín en 1998, con *Ó outro lado do sumidoiro*, xa leva escritas unha quincena de obras infantís.

-Belén Puñal, “Xosé A. Neira Cruz. Caldo de conto”, *Tempos Novos*, nº 35, “Voces e Culturas. Entrevista”, abril 2000, pp. 82-85.

Entrevístase a Xosé A. Neira Cruz, xornalista e escritor de literatura infantil, que coa súa obra *Os ollos do tangaleirón* repite premio Barco de Vapor e coa revista *Fadamorgana*, da que é director, abre o camiño para a crítica no campo da literatura infantil e xuvenil. Precisamente, destaca nun momento da entrevista que con esta revista pretende prestixiar esta literatura, que cada vez xa está máis atendida, aínda que sexa por razóns económicas. Apúntase tamén o feito de que aumentou o número de expertos neste ámbito e que as obras infantís son as que antes se traducen. Por outro lado, respecto a que as obras para os máis novos sexan case só narrativa, opina que é máis unha cuestión das canles editoriais que dos creadores. El, pola súa parte, aínda que confesa non saber por que escribe literatura infantil, di que ten moi en conta a dimensión fantástica e que simplemente se lle ocorren historias que coida que lles interesan aos pequenos.

-Silvia Gaspar, “A Obra de Xosé Antonio Neira Cruz”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de la Escuela”, 8 maio 2000, p. 6.

Faise un percorrido pola producción literaria de Xosé Antonio Neira Cruz e cítanse algunhas das súas obras: *Os gatos de Venecia* (1993), *Un peixe na botella de soro* (1993), *Valdemuller* (1998) ou *Os ollos do tangaleirón*.

Neira Cruz, Xosé Antonio, *A memoria das árbores*, ilust. Kiko Dasilva, música Marcial del Adalid, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Sondeconto, nº 1, abril 2000, [36 pp.]. (ISBN: 84-95123-99-1).

Neste volume, con texto de Xosé Antonio Neira Cruz (Santiago de Compostela, 1968) e traballo ilustrativo de Kiko Dasilva (Vigo, 1979) non só está presente a arte da escrita e da plástica senón tamén a música nun CD cunha selección de pezas de Marcial Adalid, intrepretadas pola Orquestra Sinfónica de Galicia, que serven de fondo ao conto narrado por Santiago Fernández. Un conto no que un narrador omnisciente conta a decepción de Tano porque ninguén se lembrase do seu aniversario e do de Baobab, a árbore do seu xardín, aínda que si o celebrarán os animais e homes diminutos do xardín. Nas ilustracións cromáticas tridimensionais mestúranse o emprego do óleo coa colaxe a base de teas ou outros materiais.

Recensións:

Silvia Gaspar, “Xosé A. Neira Cruz. *A memoria das árbores*”, *Fadamorgana*, nº 5, “Novidades”, outono 2000, 74.

Despois de describir autoría e composición do volume, comenta que este proxecto, que emula a gravación de *Pierre et le loup*, resulta dunha “insólita” beleza, tanto polo concepto integrador das tres artes coma pola calidade dos tres traballos. Puntualiza que o texto de Neira Cruz é dunha simplicidade formal que dá cabida a unha densidade de afectos familiares ou de amor animista na infancia. Así mesmo, incide en que o proxecto de integración (da música coa literatura, da vida vexetal na propia vida) toca tamén ás vivísimas ilustracións, realizadas nunha técnica mixta. Por último, manifesta que esta producción alegra a vida dunha literatura infantil de cuño propio que alcanza o nivel estético e conceptual doutras literaturas.

Referencias varias:

- P. R. Tristán, “Cóntame esas músicas”, *El Mundo*. *Galicia*, 2 marzo 2000, p. 9.

Recóllese información sobre un proxecto para achegar á infancia a linguaxe da música e da literatura. Trátase da obra *Memoria das árbores*, escrita por Xosé A. Neira Cruz, unha iniciativa da Editorial Kalandraka e a Orquestra Sinfónica de Galicia.

-D. P., “El Concello dedica el mes de abril al mundo de los libros y la literatura”, *Diario de Pontevedra*, 31 marzo 2000, p. 10.

Faise eco dunha serie de actos que tiveron lugar en Pontevedra durante o mes de abril, como foron a presentación deste libro-disco e doutros como *Os sete cabritos*, *O gato con botas*, *Animais de compañía* e *A leiteira*. Cítanse outras actividades como animación á lectura, sesións de contacontos, explicación do proceso de elaboración dun libro, a redacción dun libro colectivo, actividades de expresión plástica e dramática e varias representacións teatrais.

- D. P., “Kalandraka presentó su nuevo libro con una original puesta en escena”, *Diario de Pontevedra*, 3 abril 2000, p. 7.

Dáse conta da presentación da obra *A memoria das árbores*, o primeiro libro-disco da colección “Sondeconto” da editorial Kalandraka. Recórdanse os autores e saliéntase que, no acto que tivo lugar no Teatro Principal de Santiago, Xoán Couto narrou o conto e emitiuse a música en directo e a proxección de diversas imaxes da obra.

-Ana López, “Os libreiros de Pontevedra celebraron o 17 de maio cunha feira”, *Diario de Pontevedra*, “En Portada/Día das Letras”, 18 maio 2000, p. 4.

Dáse conta do desenvolvemento da feira do libro organizada co gallo do Día das Letras Galegas pola Asociación de Libreiros de Pontevedra, o Concello de Pontevedra e a Consellería de Cultura. Menciónanse algúns dos agasallos que tanto os libreiros como o Concello ofreceron aos que se achegaron a esta feira. Finalmente, entre os escritores que visitaron as casetas para asinar as súas obras, destácase a presencia

de Xosé A. Neira Cruz, autor do texto do conto infantil *A memoria das árbores*, e de Kiko Dasilva, autor das ilustracións.

- Francisco Castro, "*A memoria das árbores*", *Atlántico Diario*, "Culturamanía", 24 maio 2000, p. 10.

Refírese a esta obra coma un novo e sorprendente producto da editorial Kalandraka na que se combina a literatura, a ilustración e a música. Salienta o traballo desta editora pontevedresa polo gusto e agarimo co que coida todas as súas publicacións, resume o argumento de *A memoria das árbores* e destaca a "poesía interna" do texto de Neira Cruz e a boa edición musical.

- E. P., "A Sinfónica e Kalandraka editan o libro de Neira Cruz '*A memoria das árbores*", *O Correo Galego*, "AFA", 26 maio 2000, p. 33.

Comenta o contido desta obra e destaca a harmonía do conxunto, formado por un texto literario de Xosé Antonio Neira Cruz, a recuperación dunha peza musical de Marcial del Adalid e as ilustracións tridimensionais de Kiko Dasilva. Recolle as declaracións de Enrique Rojas nas que sinala a intención da Orquestra Sinfónica de Galicia de colaborar en máis volumes da colección "Sondeconto". Comenta tamén, a través da declaración de Xoán Couto, a idea de estender o proxecto a outras linguas.

- E. N., “Escribir a partir da música de Del Adalid foi un reto moi interesante”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 27, 28 maio 2000, p. 10.

A presentación da traxectoria literaria e profesional de Xosé Antonio Neira Cruz está seguida dunha entrevista na que o autor de *A memoria das árbores* comenta as dificultades desta obra e a creación dela a partir dunha proposta de Kalandraka. Refírese tamén á recuperación da música de Marcial del Adalid e á promoción desta a través dunha serie de concertos didácticos ofrecidos pola Orquestra Sinfónica da Coruña. Finalmente, sinala a boa acollida por parte do público infantil, destaca o bo facer de Kiko Dasilva como ilustrador e fala do seu próximo proxecto de publicación.

- Ramón G. Balado, “*A memoria das árbores’*, niñez sonora”, *El Correo Gallego*, 28 xuño 2000, p. 36.

Presenta esta obra e informa do seu contido, tanto literario coma musical. Dá o nome dos responsábeis de cada apartado e salienta a calidade das gravacións, ademais de recomendar *A memoria das árbores* como regalo. Finalmente, compara este volume coa “Colección de cuentos musicales”, da Filarmónica de Gran Canaria.

- Fernando Franco, “Libro del amor mío”, *Faro de Vigo*, “Ex libris”, 7 xullo 2000, p. 45.

Fai referencia á clausura da Feira do Libro en Vigo e dá conta dos actos previstos para este día como son a firma de exemplares desta publicación da man do autor e o ilustrador. Así mesmo, lembra a presencia doutros escritores como María Xosé Queizán ou Manuel María.

- Francisco Castro, “A memoria das árbores”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 26 setembro 2000, p. 11.

Refírese a esta obra para comentar unha exposición dos orixinais das ilustracións na librería de Vigo Visual Labora. Salienta a orixinalidade deste traballo de Kiko da Silva por estar feito aproveitando madeira, polo que o cualifica de “esculturas vexetais, ou de ilustración tridimensional con madeira”.

Núñez, Toño, *O señor Mago e a folla*, ilust. Suso Cubeiro, A Coruña: Everest Galicia, col. Montaña Encantada (primeiros lectores), 2000, 47 pp. (ISBN: 84-403-0395-5).

Neste conto ilustrado de xeito realista e narrativo cóntase en terceira persoa cómo muda a vida do Mago Antón cando un día, de regreso á casa co gando, descobre que unha folla tirada no chan ten a propiedade da fala e decide convertela na súa filla Antía para que coide del cando sexa vello. Ao final inclúese unha sección titulada "Galería dos 'bichiños", na que se mostran diversos animais do bosque, as reflexións autobiográficas de Toño Núñez e as consideracións sobre as ilustracións de Suso Cubeiro (A Coruña, 1954).

Recensións:

Magdalena de Rojas, "Toño Núñez. *O señor mago e a folla*", *Fadamorgana*, nº 5, "Novidades", outono 2000, 73.

Comenta que as ilustracións realizadas por Suso Cubeiro para esta obra acreditan a existencia se non do mago Antón, cando menos do marabilloso lugar onde reside este entrañábel personaxe. Dá conta do argumento desta historia firmada por Toño Núñez e recomenda a súa lectura, aínda que sinala unha pexa, a

tipografía escollida (maiúsculas negras sobre fondo branco), que sería “merecedora de sanción por atentando contra a natureza”.

Referencias varias:

- Ana Lorenzo, “Para aprender a ler”, *La Voz de Galicia*, 2 marzo 2000, p. 92.

Dá conta da aparición dunha nova colección de Edicións Xerais de Galicia, “De vagar”, dedicada ós primeiros lectores e lectoras. Di que se trata dun proxecto que a editorial emprendeu coa fin de facilitar a lectura aos nenos e nenas de preescolar que comezan a ler. A colección está composta por vinte tomos “que narran un conto e buscan ensinar a pronunciar unha determinada letra ou grupo consonántico”. Así mesmo, infórmase da publicación desta obra de Toño Núñez, *O señor mago e a folla*, o primeiro conto da colección “Pequenos lectores”, da Editorial Everest de Galicia.

Olavide, Maruxa, *As cinco amigas*, ilust. Mª Fe Quesada, A Coruña: Everest Galicia, col. Montaña encantada (primeiros lectores), 2000, 47 pp. (ISBN: 84-403-0398-X).

Sitúase este conto nunha vila na que só vivían cinco familias con cadansúa filla de curta idade. As cinco nenas. A, E, I, O e U eran moi amigas pero aburríanse moito. Unha voz omnisciente repara nas características físicas de cada unha das nenas e nas súas diferencias. Un día chega á vila a familia Consoante e as súas dezaoito fillas provocan desconfianza nas cinco vocais pero finalmente fanse amigas e deciden inventar palabras como risa, sol, baile, amizade, compañeirismo, xenerosidade, arte, amor ou bondade. Dende entón a alegría invadiu a vila, a xente aprendeu a comunicarse mellor e naceron todos os idiomas do mundo. Ao final do volume Maruxa Olavide (A Coruña, 1932) diríxese ao lectorado para lembrar o divertido que é construír frases, palabras e coñecer as letras e a ilustradora achega tamén uns datos biográficos.

Recensións:

- Magdalena de Rojas, “Maruxa Olavide. *As cinco amigas*”, *Fadamorgana*, nº 5, “Novidades”, outono 2000, p. 76.

Despois de facer unha sinopse do argumento desta obra, sinala que se trata dunha “Almibarada aproximación á xénese e evolución da linguaxe”, que carece de rigor e se observan reminiscencias de métodos de lectura doutros tempos.

Oya, Milagros, *Setna o exipcio*, ilust. Ralf Jung, A Coruña: Everest Galicia, col. Montaña Encantada (a partir de 10 anos), 2000, 167 pp. (ISBN: 84-403-0397-1).

Milagros Oya (Vigo, 1966) introdúcenos, con *Setna o exipcio*, no relato de terror, “a medio camiño entre os relatos de Poe e a narración de misterio actual”. Trátase dunha historia protagonizada por un mozo chamado Fernando e que mantén a intriga do lectorado ata o final. A historia narra como Setna o exipcio se introduce nos soños de Fernando, converténdose nunha verdadeira obsesión para o rapaz. A partir dese momento, Fernando intentará por todos os medios poñer fin a ese pesadelo que domina a súa vida, esperto e durmido. Deste xeito, decide atopar o verdadeiro Setna nos libros que hai na biblioteca pero, ante o seu fracaso rotundo, opta por pedirlle axuda a unha vella alcoholica chamada María, que ten oitenta anos e que, a cambio duns poucos cartos para mercar viño, lle conta varios relatos protagonizados por Setna o exipcio. Pouco a pouco, Fernando reúne todos os datos que precisa para enfrontarse co seu inimigo e, desta maneira, librarse para sempre do pesadelo que dominou a súa vida durante case todo o verán. O texto conta coas ilustracións de Ralf Jung.

Oya, Milagros, *A vinganza da mancha*, ilust. Chema García, Madrid: SM Ediciones, col. O Barco de Vapor, nº 25, Serie Laranxa (a partir dos 9 anos), 2000, 124 pp. (ISBN: 84-348-7074-6).

Un narrador omnisciente clásico en terceira persoa condúcenos ao longo desta novela, de Milagros Oya (Vigo, 1966), a través de dezaseis capítulos numerados, polas aventuras fantásticas protagonizada por tres nenos: Manuel, Xan e Pedro, que, dende que ousaran criticar un cadro, reciben por correo unhas manchas ás que non lle atopan sentido. Para solucionar esta intriga, foxen das súas respectivas casas e visitan unha abandonada na que viran o cadro, que coa súa presencia cobra vida e convértese nun tren no que se ven atrapados. Xa dentro dos vagóns viven aventuras moi estrañas. Segundo avanza a historia, as situacións vánselles complicando ata que se decatan que no tren non hai nada real e deciden fuxir del e saltar sobre unha lagoa. Son salvados das augas polo baqueiro Caronte, xa que se trataba da lagoa de Estixia, mítico personaxe que os conduce irremisibelmente cara ao inferno, ás portas do que está o can Cerbero. Finalmente, dunha maneira moi pouco críbel, abandonan a barca e foxen para comprobar que todo fora un soño. Danse conta de que a vinganza da mancha rematou e louvan o cadro pola súa beleza. O texto está acompañado das ilustracións de Chema García.

Pereira, Mario, *Velaí vai o verme*, IIº Premio Raíña Lupa 1999, ilust. Lázaro Enríquez, Vigo: Galaxia, col. Árbore, nº 112, Serie verde (a partir de 9 anos), maio 2000, 163 pp. (ISBN: 84-8288-357-7).

■

Neste relato de Mario Pereira (Lalín-Pontevedra, 1961) e de Lázaro Enríquez (A Habana, 1950) nárrase a historia dun verme acomplexado polo seu aspecto físico, que percorre os arredores do seu fogar na procura do Creador para que lle proporcione outro aspecto que non supoña unha carga para el e que lle permita atopar amigos, ter un nome propio e gozar da vida como os outros animais. Despois de moitas aventuras e dalgún que outro perigo, o verme atopa ao Creador pero consegue enfadalo por non estar conforme co seu aspecto. Deste xeito, o Creador castigouno: “Pois de aquí en diante tan pronto como se apague o día, a noite prenderá unha luz no teu corpo que te acompañará para sempre e así, o que ti chamas a túa fealdade será visíbel en todo momento e aprenderás a non andar con trapalladas”. Pero o Creador non falaba completamente en serio e transformouno nun fermoso vagalume. Para rematar, o autor inclúe un apéndice no que retrata a cada un dos protagonistas da historia do verme sen nome.

Recensións:

-F. Martínez Bouzas, “Que no mar hai moitos camiños”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 40, 3 setembro 2000, p. 13.

Fala do bo momento polo que está a atravesar a literatura infantil e xuvenil, que provoca a aparición de importantes libros e a constante chegada de autores noveis, entre os que cita a Mario Pereira. Cualifica a súa ópera prima como un libro “delicioso, terso e moi orixinal”, características que xustifica pola ausencia de personaxes humanos dentro da trama argumental. Segundo Martínez Bouzas, o autor consegue adentrarse nas características da mentalidade infantil “sen caer nunca no vicio máis frecuente de certa literatura infantil:
o didactismo explícito, o sermoneo”. Entre os contidos que quere transmitir, destaca “a aceptación da diversidade, do propio corpo, do eu”. Considera que a prosa é “fresca e limpa” e bebe das fontes da literatura de transmisión oral.

Referencias varias:

- Silvia Gaspar, “Lázaro Enríquez”, *La Voz de Galicia*, “O que le, é un león”, 21 febreiro 2000, p. 6.

Breve biografía de Lázaro Enríquez, un ilustrador de libros galegos “que naceu en Cuba no seo dunha familia composta de madrileños e valdeorráns, o que, segundo el, foi unha vantaxe para sentirse un pouco de todas partes”. A seguir, cítanse dúas das obras que está a ilustrar. Trátase da última entrega de *Contos marabillosos* (1999) de Miranda, Reigosa e Cuba e *Velaí vai o verme* (2000), último Premio “Raíña Lupa” de Literatura Infantil, da autoría de Mario Pereira.

-Cristina Franco, “Para mí la literatura infantil fue un descubrimiento de adulto”, *El Ideal Gallego*, 29 xullo 2000, p. 18.

Mario Pereira responde a cuestións relacionadas coa orixe e temática do libro co gallo da súa presentación como gañador do IIº Premio “Raíña Lupa” de literatura infantil da Deputación da Coruña. Así, fai referencia a que a orixe do libro partiu dun pedido feito por un grupo de títeres no ano 1983, polo que leva quince anos traballando na historia. Tamén destaca que a temática da fábula e a literatura oral están moi presentes. Finalmente confesa que o feito de somerxerse na literatura infantil tivo que ver co nacemento dos seus dous fillos.

-Eduardo Álvarez, “Raíña Lupa”/“Presentado na Coruña o libro ‘*Velaí vai o verme*’ de Mario Pereira, premio Raiña Lupa de Literatura Infantil”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*, 29 xullo 2000, p. 35/p. 79.

Dá noticia do acto de presentación de *Velaí vai o verme* e recolle as declaracións de Mario Pereira nas que se refire á súa chegada ao mundo da literatura infantil e xuvenil e ás características desta súa primeira obra.

Resume o argumento e inclúe as palabras do xurado, que louvan a capacidade fabuladora de Mario Pereira e o nivel de lingua empregado.

Rivadulla "Corcón", X. Henrique, *O bebé máxico*, ilust. Kiko Da Silva, Vigo:Ir Indo Edicións, col. Ir Indo Xuvenil, Serie O Elefante Contacontos, nº 12, 2000, 117 pp. (ISBN: 84-7680-3230).

María é unha pobre moza que vagabundea polas rúas en busca de emprego co seu bebé no colo, ata que un día a súa sorte vai mudar cando a nai, desesperada, deixa o rapaz abandonado na casa de Antonio e Ester, propietarios dunha tenda de antigüidades, e pais de dous fillos, Raquel e Toñito. Dende a perspectiva en primeira persoa da voz do propio bebé asistimos ao relato da vida cotiá desta familia, os seus conflictos familiares e laborales, que se irán solucionando sorprendentemente para todos dende a aparición do pequeño. Isto failles pensar que o neno é un trasno saído dunha lámpada que foi depositada por un vello vagabundo na súa tenda. O fantástico e o real conviven neste relato de Henrique X. Rivadulla "Corcón" (A Coruña, 1962) dende unha perspectiva case cinematográfica na que o lector presencia simultaneamente a vida do neno e a súa nai e a vida da familia de Ester e Antonio ata que converxen, sempre baixo a divertida e inxenua mirada do pequeno protagonista. As imaxes son ilustradas por Kiko da Silva (Vigo, 1979).

Rodríguez Ferreiros, Mª Eva, *Contos e...*, ilust. da autora, Vigo: Ediciones Cardeñoso, col. Cuentos literarios, nº 264, novembro 2000, 65 pp. (ISBN: 84-8190191-1).

Este volume, ademais de acoller contos en castelán de Pepy G. Clavijo (Barrios-Cádiz), ofrece un conxunto de dez contos en galego de Mª Eva Rodríguez Ferreiros (Saviñao- Lugo, 1952), acompañados por debuxos da propia autora. Neles recréanse, maioritariamente, escenas dunha aldea que hoxe se está a perder, contadas dende a lembranza da infancia e sobranceando nelas a maxia dos recordos dun tempo xa perdido. De feito, moitos dos títulos dos contos evocan ese espacio e tempo pasado como en “Cousas da aldea”, “Aquelas costureiras”, “A luz do candil”, “Recordos” ou “A primeira nevada” nos que se van describindo escenas e sensacións desa aldea sen luz eléctrica e na que a visión que lembra da infancia sorprende, pasados os anos, ao adulto que volve ao mesmo lugar. Un dos contos que sorprende polo cambio de estilo é “As aventuras de Venancio”, no que se relata como un ratiño chamado Venancio comeza a apreciar o valor da lectura.

Referencias varias:

-Belén López, “Dos profesoras recuperan en un libro la tradición de los cuentos”, *Diario de Pontevedra*, 2 decembro 2000, p. 65.

Fai referencia á presentación do libro na Galería Sargadelos. Comenta que o libro, escrito a medias por dúas mestras, é unha recompilación elaborada durante moitos anos. Salienta que moitos destes contos xa foran publicados anteriormente en xornal e alude ao interese das autoras por recuperar a arte de ler e gozar dos contos infantís. Invitan aos pais a facer o esforzo de achegar a lectura aos fillos. Finalmente, comenta que os contos se caracterizan pola ampla variedade temática aínda que predomina a presencia de animais e as súas aventuras en gran parte das narracións.

Rodríguez González, Román (coord.), *IVº Relato Curto "Varela Buxán"*, Lalín-Pontevedra: Concello de Lalín (Concellería de Cultura), 2000, 95 pp. (D. L.: PO-198/00).

Volume no que se recollen os relatos dos galardoados e galardoadas na IVª edición do Certame de Relato Curto Varela Buxán, organizado polo Concello de Lalín. O volume, coordinado por Román Rodríguez González, conta cunha breve introducción de Xosé Vázquez Pintor. A seguir, reprodúcense os relatos premiados:

- Alba Payo Froiz, "Porca miseria", pp. 8-15.

Relátase a historia de tres rapaces que xogan na horta da súa avoa mentres, na capital do país, está a acontecer o golpe de estado protagonizado por Tejero, que "entrou armado ó parlamento, detrás o seu séquito de bestas famentas e babeantes".

- María Taboada Baliño, "Medrando en público", pp. 16-21.

Conta, brevemente, as sensacións que experimentou Xulia sentada ao lado do cadaleito do seu tío Xoán, mentres o resto da familia, os veciños e amigos comentaban anécdotas da vida do defunto. Ao parecer, o tío

Xoán sempre fora moi especial e Xulia desexou, con todas as súas forzas, ser sempre ela mesma e non permitir que a cambiase ninguén.

- José Manuel González García, “Recordos”, pp. 22-25.

Breve relato da historia de Xesús, un home “que só era home” pero ao que acusaron de ser roxo. Para probar a súa inocencia ordenáronlle asasinar ao Benigno, un amigo seu dende a escola que presumía de ser comunista. Xesús optou por ir á guerra, no bando nacional, antes que acabar coa vida do seu amigo para salvarse.

- Iago Mouriño Román, “Aviseite”, pp. 26-33.

Narra a historia de Rómulo Cibela, o crego de Centesado que, debido á súa idade, pedira a xubilación e un sustituto. Un mes máis tarde chegou Xaquín Morade, un crego novo que viña a substituílo e atopouse coa sorpresa de que na aldea crían nos lobishomes.

- Naomi Fernández González, “Asasinato na Idade Media”, pp. 34-41.

Relátase a historia dun terríbel crime que aconteceu na cidade de Tones. Un comerciante que pasou por alí e se hospedou nunha das casas da cidade foi o encargado de descubrir a verdade e os responsábeis foron condenados a morrer aforcados.

- María Patricia Castro Vázquez, “O roubo das campás”, pp. 42-51.

Cóntase un soño dunha nena no que, durante a noite de San Xoán, desaparecen as campás da maioría das igrexas da comarca do Deza. Os veciños pasan tres meses intentando solucionar o misterio ata que, un bo día, un trasno decide enmendar a súa falcatruada e coloca as campás nos seus respectivos campanarios.

- Marta Vilariño Pallares, “Un gran cambio de traballo”, pp. 52-57.

Xoán e Anxo, dous homes de trinta e trinta e un anos, respectivamente, non están a gusto coas súas vidas e, sobre todo, cos seus traballos. Xoán vive e traballa no campo e Anxo é astronauta. Ao final, os destinos dos dous cruzáronse cando a nave de Anxo aterrou nunha finca de Xoán e, despois de coñecerse e intercambiar experiencias, decidiron cambiar tamén os seus traballos.

- Iago Payo Froiz, “E é verdade i é mentira”, pp. 58-61.

Breve narración na que se describe a experiencia dun rapaz no hospital, no que ten que permanecer a causa dun accidente de tráfico.

- Mª Pilar Vence Santorum, “As matemáticas non existen”, pp. 62-67.

Brevemente nárranse as teorías de Uxía sobre a existencia das matemáticas. A súa profesora defende a existencia desta disciplina, mentres que a nena afirma que as matemáticas existen só no maxín dos homes.

- Patricia Otero García, “A fuxida de Alexandra”, pp. 68-73.

Coméntase a reacción dunha rapaza de trece anos ante a morte da súa nai e a inminente voda e paternidade de seu pai. Alexandra decide marchar da casa pero, despois dunha semana e gracias aos consellos da súa nova amiga María, volve á casa e vive feliz coa súa recén estreada familia.

- Mª Xosé Fernández Ledo, “A desolación ten consolo”, pp. 74-79.

Nárrase unha historia de emigrantes con final feliz, despois dunha serie de episodios de pobreza, soidade, dor, separación e morte.

- Vanessa Loureiro Fernández, “Sen título”, pp. 80-95.

Relátase cómo pasan as vacacións nun campamento de verán os protagonistas, dous irmáns que suspenderon francés e matemáticas, respectivamente, e foron castigados sen a viaxe que tiñan organizada a París.

Saá, Clara de, *A unha aburrida*, ilust. Nieves Lago Garrido, col. Plis-Plas, nº 1, (ISBN: 84-8464-030-2)/*Ambrosio*, ilust. Encarna González, col. Plis-Plas, nº 2, (ISBN: 84-8464-035-3)/*O armario de Ana*, ilust. Blanca Barrio, col. Plis-Plas, nº 3, (ISBN: 84-8464-032-9)/*Os galos,* ilust. Blanca Barrio, col. Plis-Plas, nº 4, (ISBN: 84-8464-031-0)/*O Samaín*, ilust. Sandra Fernández, nº 6, Pontevedra: Kalandraka/Radio Galega, setembro 2000, 32 pp.

Álbums infantís, de Clara de Saá (Gondomar, 1963), nos que un narrador en terceira persoa, coa axuda dos personaxes, conta o que lle acontece a cada un dos protagonistas dos volumes. No primeiro, Unha, unha das horas do reloxo do Concello, síntese soa e aburrida e emprende unha viaxe na que coñece a diferentes tipos de reloxos. Estes cóntanlle porqué se atopan no taller do reloxeiro e a convencen, con diferentes alegatos, de que volva ao seu reloxo. No segundo, Xan, un rapaz de seis anos, a pesar de limparlle o pó á estrela que guía aos Magos de Oriente, gracias a un limpador de estrelas chamado Ambrosio, non consegue que a estrela lle amose aos tres magos. No terceiro, relátase o que lle acontece a Ana e aos seus amigos que unha vez dentro do armario desta rapaza trasládanse ata o ano 1020. Estando alí liberan, coa axuda dunha videoconsola, ao reino de Luís XIII do dragón que os tiña atemorizados. No cuarto, o galo Federico deprímese ao ver peligrar o seu posto de traballo por esquecerse de cantar polas mañás mais, o seu sustituto, o galo Kiko, devólvelle a confianza en si mesmo e forman un dúo de cantores madrugadores. No quinto, o monstro Fermín descubre, gracias á rata Camila, que o cambio de cor da súa melena produciuse por comer demasiadas castañas na noite máxica do

Samaín. O monstro despois de intentar cambiar o seu aspecto para asustar ós nenos e para gañar un concurso de sustos, decide non cambiar o seu aspecto ao ver o efecto que produce nos nenos: a risa. As ilustracións a toda cor, de Nieves Lago, Encarna González, Blanca Barrio, Alberto García Axiza e Sandra Fernández, respectivamente, abranguen a totalidade das páxinas e están realizadas con diferentes materiais como acuarela e plastilina.

Sánchez, Gloria, *O home do impermeable amarelo*, ilust. Miguel Calatayud, Madrid: SM Ediciones, Serie Encarnada, nº 34 (a partir dos 12 anos), 2000, 61 pp. (ISBN: 84-348-7329-X).

Un narrador en terceira persoa presenta a un home que subiu a unha árbore e fixo un niño e, como comezou a chover e non tiña plumas, foi mercar un impermeable amarelo. Alí, chocou os seus propios ovos e criou os seus paxariños, ata que un día abandonaron o niño e o home do impermeable amarelo comezou a escribir historias breves en pequenas follas de papel, que as foi pendurando nas ramas da árbore. Así, ao longo das páxinas deste volume, que ten como autora do texto a Gloria Sánchez (Vilagarcía-Pontevedra, 1958) e autor das ilustracións a Miguel Calatayud (Aspe-Alicante, 1942), van aparecendo unha serie de divertidas, graciosas e, por veces, absurdas historias, que teñen como protagonistas os animais, os vexetais, os fenómenos metereolóxicos, ou obxectos materiais. Finalmente, o home do impermeable amarelo baixa da súa árbore das palabras cando a súa neta o vai buscar para cear.

Sánchez, Gloria, *Matapitos.com*, ilust. Fran Jaraba, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, serie verde, (de 9 anos en diante), 2000, 104 pp. (ISBN: 84-8302-519-1).

Gloria Sánchez (Vilagarcía de Arousa, 1958) volve botar man nesta novela, que está ilustrada por Fran Jaraba (Pontevedra, 1957), das meigas como protagonista central da historia. Nesta ocasión, trátase de Marta Matapitos, que, a pesar de coidar con moito esmero a súa aparencia física, non é máis ca unha maligna e perversa Meiga Chuchona. Aproveitando a súa condición de directora dun centro escolar, pretende apoderarse da enerxía vital dos nenos que asisten a el, mais gracias á intervención eficaz do conserxe Moncho e a profesora Casilda, non logra levar a cabo os seus pérfidos plans cos alumnos de infantil, aos que chega a secuestrar. Trátase, ademais, dunha novela na que elementos clásicos e novas tecnoloxías conviven, pois aparece tanto a recreacion de contos clásicos moi coñecidos polo lectorado como é o caso de “Garabanciño” ou “A casiña de chocolate”, coma o mundo da internet, xa que a Meiga Matapitos navega con frecuencia pola rede. Medio ao que a autora recorre para concluír esta historia, porque se o lector quere coñecer o final, debe consultar a seguinte páxina web: www.xerais.es/matipos.com.

Recensións:

-Xosé A. Neira Cruz, “Historias para soñar e medrar”, *Tempos Novos*, nº 39, “Entregas Culturais”, agosto 2000, pp. 56-58.

Ver Fernández Paz, Agustín, *Aire Negro*, neste apartado.

- Silvia Gaspar, “Gloria Sánchez. *Matapitos.com*”, *Fadamorgana*, nº 6, “Novidades”, inverno 2000/2001, p. 75.

Sinala que dende o inicio da narración se evidencia a transgresión dos lindes entre o real e o fantástico, pois Gloria Sánchez recorre a situacións de contos e mitos populares, adecuándoos a un referente inmediato para os rapaces. Tamén comenta que a vivacidade coa que se narra as situacións de medo e a densidade do discurso introductorio dos capítulos contrastan coa sinxeleza do propio desenvolvemento e dalgúns parlamentos e mais co intento de neutralizar o clímax recorrendo ao humor.

Referencias varias:

- Silvia Gaspar, “Volta ó conto popular”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de la Escuela”, 23 outubro 2000, p. 6.

Ver Dobarro Paz, Xosé María e Luciano Rodríguez (eds.), *Novos exercicios de estilo*, no apartado I. 1 deste *Informe*.

- Silvia Gaspar, “Secuelas de Haloween”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de la escuela”, 6 novembro 2000, p. 6.
Ver Fernández Paz, Agustín, *Aire negro*, no apartado VI.1 deste *Informe*.

- Pep Molist, Xosé Hermida e Eva Larrauri, “La vitalidad de las otras lenguas”, *El País*, “*Babelia*”, nº 473, 16 decembro 2000, p. 24.

Ver Casalderrey, Fina, *A máscara de palma*, neste apartado do *Informe.*

Uhía, Manuel, *¡Piratas na buguina!*, ilust. do autor, A Coruña: Everest Galicia, col. Montaña Encantada (a partir de 8 anos), 2000, 57 pp. (ISBN: 84-403-0402-1).

Nesta ocasión, Manolo Uhía (Portonovo-Pontevedra, 1944) é o creador do texto e ilustracións desta historia de aventuras protagonizada por Pablo, un rapaz ao que lle encanta o mar. Chegado o tempo das vacacións, vai coa súa familia á praia das Catedrais en Ribadeo, onde atopa unha buguina con propiedades máxicas, a través da cal oe voces. Así, logra salvarlle a vida a un náufrago e, seguindo as instruccións da raíña das sereas, consegue introducirse na buguina e vivir unha serie de intrépidos acontecementos xunto aos terríbeis piratas de Barbamesta.

Recensións:

Magdalena de Rojas, “Manuel Uhía. *¡Piratas na buguina!*”, *Fadamorgana*, nº 5, “Novidades”, outono 2000, 77.

Comenta que Manuel Uhía recrea nesta obra o mundo dos piratas ao estilo de aventuras acadando unha axeitada ambientación en texto e ilustracións. Achega as súas liñas argumentais e sinala que “Pura e núa

acción que bota man dos referentes da piratería e algún que outro tópico nesta historia con capacidade para entreter a lectores desde os oito ou nove anos”.

VV. AA., *O conto viaxeiro*, Oleiros: Concello de Oleiros/Fundación Municipal de Cultura, 2000, (Sen ISBN e sen DL).®

Coordinado por Bibloleiros, o sistema de Bibliotecas Públicas Municipais de Oleiros, preséntase este estoxo que contén sete caderniños, cada un con cadanseu conto da autoría dos alumnos de Educacións Infantil e dos niveis iniciais de Ensinanza Primaria das Escolas Públicas do Concello de Oleiros. Os textos e centros de ensino incluídos son os seguintes: "… e foron ó Castelo", do CEIP Isidro Parga Pondal de Santa Cruz, "A cadela Manchiña", do CEIP "Luis Seoane" de Mera, "O peixe tambor", dos alumnos do Vilar e Vilanova en Nós, "O osiño e o gato na procura de amiguiños", dos nenos e nenas de Cividáns "A Braña" en Mera, "Hoxe merendamos en Dexo" dos alumnos das escolas "Esquío" en Dorneda e "O Corgo" en Dexo, "Unha aventura de paxariños" do CEIP "Rabadeira" de Oleiros e "O xigante famento" do CEIP "Valle Inclán" e da Escola de Educación Infantil "O Castaño" de Perillo. Os distintos relatos son historias moi sinxelas protagonizadas por nenos e por animais, que contan con ilustracións dos propios alumnos que participaron nesta iniciativa.

Referencias varias:

- Luisa Costas, "Érase una vez en Oleiros", *El Ideal Gallego*, 5 xullo 2000, p. 22.

Describe cómo se leva a cabo a experiencia “Conto viaxeiro” coa que se pretende fomentar a lectura entre os máis novos. Nomea as escolas que participan e resume o argumento de “Hoxe merendamos en Dexo”, “una de las más originales historias de este año”. Para rematar, comenta que o mellor premio é a publicación dos textos presentados por parte do concello de Oleiros no mes de xuño.

VV. AA., *II Certame Literario do C.P.I. A Picota*, A Picota-Mazaricos: CPI A Picota, 2000, 82 pp. (Sen ISBN e sen DL).

Volume que recolle os relatos, contos e poesías en galego e en castelán gañadores do II Certame Literario que se levou a cabo no CPI A Picota no curso 1999-2000. Tras dunha páxina de presentación e agradecementos recóllense os nomes dos nenos e nenas premiados distribuídos en tres grupos: Grupo A, que corresponde a cuarto curso de educación primaria; Grupo B, quinto e sexto de primaria, e Grupo C, segundo e terceiro da ESO. Os textos en galego corresponden a Manuel Julián Cancela Martínez co conto “O home de ferro”, Eva Fernández Núñez co poema curto “A primavera”, Julia Nieto Pereira, autora tamén do poema “A primavera”, Manuel Rodríguez Santabaya co relato de misterio “Os cinco magníficos”, Roberto Ferradás Hermida, autor do conto protagonizado polo gato Rufino “O gato posuído polo demo”, Olga González Pensado co conto “¿Xan ou Manolo?” e o poema “Todos unidos”, Sonia Filgueira González co poema “Pola maná cedo”, Lorena Kati Martínez Estalote co relato “O destino”, Jessica Rey Labandeira co conto “O príncipe Faro” e Vera Tuñas Pereiro co poema narrativo “Historia da burra”. Trátase en xeral de composicións de breve extensión e de estructura moi sinxela e nelas predomina o tema da primavera e as súas cores así como os xogos dos nenos nesta época do ano.

VV. AA., *Lendas, contos e outras historias*, Lugo: Centro de Servicios Sociais de Vilalba/CEIP “A. Insua Bermúdez”/Xunta de Galicia (Consellería de Sanidade e Servicios Sociais/Consellería de Educación e Ordenación Universitaria/Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo), 2000, 87 pp. (D. L.: 270-2000).

Recompilación dun feixe de contos, lendas, historias e debuxos recolleitos e realizados polos alumnos e alumnas do CEIP A. Ínsua Bermúdez de Vilalba durante os cursos escolares 1998/1999 e 1999/2000, o volume iníciase cun prólogo dos autores da recompilación, no que se explican as orixes desta iniciativa, enmarcada nun programa denominado “Na Compaña dun Libro-Campaña de Fomento da Lectura dos Maiores”, organizado pola Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo a través da Dirección Xeral de Promoción Cultural. A continuación, reprodúcense os seguintes contos, historias e lendas: “A serpe do arco da vella”, “A árbore do nadal”, “Guayota, o maligno”, “Lenda da ponte do pasatempo”, “A lenda da cova de ás”, “A cova da serpe”, “Encantamentos”, “A señora de Castro Alegre”, “O milagre de San Antón”, “A lenda da Pena Parreira”, “O cura de Bugarallada”, “Misterios e lendas do camiño de Santiago”, “Lenda da pedra moura”, “Ditos, lendas, contos”, “A lenda de Vilamarín”, “O encanto de Vilamaior”, “Lenda do Castro de Antorcisa”, “Lenda da cova do rei Cintolo”, “Os gaiteiros”, “A muller de ouro”, “O Hortensia”, “Os contrabandistas”, “A leiteira”, “Cinco chícharos”, “A cunca do Castro”, “A lenda da fonte encantada”, “As tenzas de Suso e de Pepe”, “O conxuro do xabarín”, “O rapaz ledo”, “Impaciencia”, “Os espíritus da noite”, “Mondoñedo”, “Cospeito”, “O Castelo de Vilalba”, “A charca do Alligal”, “Lenda da Virxe dos Milagres”, “As dúas nenas e o neno”, “A doncela do bosque”, “O monte das ánimas”, “A vaca e a mula”, “A santa compaña”, “Meigas”, “O

afrancesado”, “O raposo e as galiñas”, “O grilo cri-cri”, “O raposo”, “Cando eu era mozo”, “O lobo da xente”, “A pillería do raposo”, “A cabra montesina”, “Lenda da pena de Miguel”, “O acueducto de Segovia”, “As penas do Gaioso”, “O pedregal de Meira”, “A pedra de Gaibor”, “A illa Balea”, “Nunha casa de Mourence”, “¿Por que as ovellas non berran?”, “A dama Shelda-San Andrés de Teixido”, “O anano das burlas”, “O arrancapinos”, “Érase unha vez un matrimonio”, “Cinco barrodos, catro sardiñas”, “Os canteiros e a lúa”, “A fonte de Goiriz”, “Lenda da Virxe do Monte e a lagoa de Cospeito”, “O nabo e o cabalo”, “O gato e o raposo”, “O lobo e o raposo” e “O velliño e as vacas (I e II)”. Faise un percorrido a través destas narracións por mitos, historias e lendas da transmisión oral e mesmo da actualidade seguindo as técnicas dos relatos orais.

VV. AA., *50 sopas*, prólogo de Antonio Ventura, varios ilustradores, Madrid: Anaya, col. Sopa de Libros, nº 50, novembro 2000, 58 pp. (Sen ISBN e sen DL).

Entrega na que se recollen os relatos de cinco autores, acompañados do debuxo doutros tantos ilustradores, que participaron con algunha obra na colección “Sopa de Libros” e coa que se quere conmemorar a publicación do seu título número cincuenta. Conta cun prólogo de Antonio Ventura, director da colección, no que agradece a participación dos autores e ilustradores que participan neste libro coas súas particulares visións do acto de lectura. Os relatos están escritos en castelán como os de Pep Albanell, Vicente Muñoz Puelles e José Zafra, en eúscaro como o de Mariasun Landa, e en galego o de Xabier P. Docampo (Rábade, 1946), os dous últimos acompañados da súa versión en castelán. No que se refire á literatura galega, describimos a continuación o contido do relato de:

- Xabier P. Docampo, “Monólogo do díptero bibliófilo”, ilust. Montse Ginesta, pp. 35-44.

Recóllese o monólogo que mantén un insecto da familia dos dípteros mentres observa as actitudes dos humanos que están a ler un libro e as doutros compañeiros da súa mesma especie que se achegan a curiosear ata alí. Vai transmitindo a súa propia visión das reaccións duns e doutros mentres el mesmo tenta ler o que conteñen os libros ao seu alcance.

VI. A literatura infantil e xuvenil galega

VI.1. Narrativa

VI.1.2. Reedicións

Aleixandre, Marilar, *A expedición do Pacífico*, Premio Merlín 1994, Premio da Crítica 1995, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, nº 47, outubro 2000, 148 pp. (ISBN: 84-8302-554-X).

Edicións Xerais de Galicia ofrece novamente esta novela de Marilar Aleixandre (Madrid, 1947), despois de que en decembro de 1994 sacase a súa primeira edición na colección “Merlín”. A súa protagonista principal é Carlota, unha rapaza de espírito rebelde e formada intelectualmente de pouco máis de doce anos, que se fai pasar por un rapaz e consegue formar parte da expedición, que un grupo de científicos españois realizan dende 1867 a 1871 por terras americanas. Deste xeito, a modo de diario e a través da voz de Carlota, o lector pode coñecer os feitos ocorridos no transcurso da viaxe e o estado das ciencias naturais, sociedade ou acontementos políticos da época. Así mesmo, a narración permite seguir a evolución física e interior da personaxe principal, que regresa convertida en toda unha muller namorada. O volume tamén contén o “Epílogo á edición de 1994”, no que a autora se refire á verdadeira expedición ao Pacífico, na que se inspira a novela e tivo lugar entre os anos 1862 e 1866; e o “Epílogo á edición de 2000”, no que comenta que na Biblioteca do Centro de Estudios Históricos do CSIC se atopou material procedente da expedición do Pacífico, entre o que salienta a foto que se reproduce na porta da actual edición, e achega o nome dos naturalistas que formaron parte dela, ademais de expor a razón pola que a protagonista principal é unha muller. Finalmente, recolle unha serie de datos referentes á vida e obra de Marilar Aleixandre.

Referencias varias:

- Rosa Míguez, “Suxerencia”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, 11 xuño 2000, p. 14.

Fai referencia a diferentes libros saídos ao mercado. No que respecta á literatura galega dá conta deste libro do que ofrece unha sucinta sinopse do argumento. Tamén cita o libro de Marilar Aleixandre, *Castelao segundo Rañolas*, do que salienta a súa orixinalidade por ser un texto redactado polos propios personaxes de Castelao.

Ballesteros, Xosé (adapt.)/**Núñez**, Marisa (adapt.)/**Hermida**, Mª Dolores/**Núñez**, Marisa/**Carballeira**, Paula/**Heras**, Chema e Rocío **Martínez**, *O coelliño branco*, ilust. Óscar Villán, [25 pp.]./*O pito cairo*, ilust. Helle Thomassen, [33 pp.]./*As fabas máxicas*, ilust. Juan Rivas, [33 pp.]./*A cebra Camila*, ilust. Óscar Villán, [25 pp.]./*Mateo*, ilust. Pablo Otero "Peixe", [35 pp.]/*Cando Martiño tivo gañas de mexar na Noite de Reis*, ilust. Kiko Dasilva, [33 pp.]./*Gato Guille e os monstros*, ilust. Rocío Martínez, [33 pp.]., Pontevedra: Kalandraka, 2000. (ISBN: 84-8464-048-5).

Estoxo que contén sete volumes cun formato máis pequeno do habitual ao que nos ten acostumados Kalandraka, no que se recollen contos xa publicados en anos anteriores por esta editorial pontevedresa e no ano 2000. Trátase dos seguintes contos: *O coelliño branco* (1998), adaptación de Xosé Ballesteros e ilustrado por Óscar Villán (Valladolid, 1972), no que se narra como unha cabra ocupa a casa do Coelliño Branco e este lle pide axuda a outros animais para botala fóra pero todos lle teñen medo ata que unha formiga é quen de escorrentala; *A cebra Camila* (1999), de Marisa Núñez e ilustrado por Óscar Villán, no que se relata como unha cebra perde sete das súas raias por culpa do vento e son outros animais os que lle axudan a recuperalas; *Mateo* (1999), de Paula Carballeira, (Ferrol, 1972) coas ilustracións de Pablo Otero "Peixe" (Ourense, 1970), no que se recolle a sensación de medo que Mateo sente cando se perde de súa nai ao despistarse mirando para un avión, ata que co asubío que lle colle a un garda consegue atopar á súa nai; *Cando Martiño tivo ganas de mexar na Noite de Reis*, de Chema Heras (Ávila, 1958) coas ilustracións de Kiko Dasilva (Vigo, 1979), conto no que se relata

como prepara Martiño a carta para os Reis Magos, como ten medo de erguerse para ir mexar no medio da noite e a alegría que leva cando atopa os regalos que lles pedira. Por outra parte, este estoxo contén as seguintes obras publicadas no ano 2000: *O pito Cairo*, adaptación dun conto popular portugués feita por Marisa Núñez e ilustrada por Helle Thomassen; *As fabas máxicas*, adaptación de Mª Dolores Hermida, que está ilustrada por Juan Rivas; e *Gato Guille e os monstros*, de Rocío Martínez (Madrid, 1966) con ilustracións da propia autora. Estes relatos poden verse no apartado VI. 1. 3 deste *Informe*.

Referencias varias:

- Francisco Castro, “Minilibros”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 29 decembro 2000, p. 12

Reinvindica que a xente agasalle aos nenos e nenas con libros, sobre todo os que conteñen fantasía e imaxinación. Notifica a publicación, na editorial Kalandraka, dunha caixa con sete contos idénticos aos orixinais. Cita os sete relatos deste volume salientando a boa escrita de Paula Carballeira e facendo un resumo do relato desta escritora. Os contos son os seguintes: *O coelliño branco, Mateo, Cando Martiño tivo gañas de mexar na noite de Reis, Gato Guille e os monstros, A Cebra Camila, As fabas máxicas e O pito cairo*.

Delgado Rodríguez, Francisco, *O neno mentirán e o lobo*, ilust. Manuel Uhía, Vigo: Galaxia, col. Árbore, nº 114, Serie verde (a partir dos 7 anos), 2000, 63 pp. (ISBN: 84-8288-382-8).

Nesta reedición da colección "Árbore", Francisco Delgado Rodríguez (Esgos, Ourense, 1932) permitiu reproducir, agora nun galego lingüisticamente máis coidado, suxeito ao estándar, o relato publicado en 1972 e realizado a base de fórmulas e ritmos de transmisión oral. Un relato no que se conta, coa axuda das ilustracións de Manuel Uhía (Portonovo-Pontevedra, 1944), a historia de Xan, o fillo do Regateiro, un día que ten que levar as ovellas ao monte e que se lle ocorreu a andrómena de berrar "¡o lobo, o lobo, o lobo!" e o balbordo que se montou ao descubrir a mentira de Xan máis dunha vez. Cando de verdade chega o lobo, como no conto clásico, Xan non foi axudado e por iso quedou tatexo e non volveu a dicir mentiras.

Docampo, Xabier P., *Cando petan na porta pola noite*, Premio Nacional de Literatura Infantil 1995, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, nº 46, outubro 2000, 83 pp. (ISBN: 84-8302-555-8).

En maio de 1994 esta editorial presentaba na súa colección “Merlín” este volume, que recolle historias que oralmente lle contaron a Xabier P. Docampo (Rábade, 1946) e que as fixo súas ao incorporalas a “ese niño na alma”, onde deixaban de seren historias alleas porque as facía súas e xa non lle daban medo. Desta maneira, empregando a estructura e os recursos narrativos propios dos contos de tansmisión oral, presenta, por unha parte, as tres primeiras historias, que teñen como espacio a Terra Cha luguesa. Así, en “O espello do viaxeiro”, relátase o acontecido a un home que, logo de matar a un ferreiro co que tiña unha gran semellanza, se ve na obriga de facerse pasar por el; mentres que en “O Fornadas” nárrase o sucedido ao Teixo, que mata a unha perversa muller e paga o seu crime con contínuas aparicións da súa víctima, que lle vai arrincando os seus órganos ata que aparece morto e todo baleirado por dentro. Finalmente, en “A loba”, cóntase o ocorrido a Silvestre, que despois de facer que Isaura perda o seu fillo, esta morre e convértese en loba, para rematar queimada xunto a Silvestre e o fillo que este tivera da súa esposa. Por outra banda e xa cun ambiente máis urbano está “O cumpremortes”, que recolle as reaccións dun home que, tras recibir felicitacións no aniversario do día da súa morte, consegue esquivala por actuar con autonomía e tomar nas súas máns a súa propia vida e destino.

Macfarlane, Aidan e Ann **Mcpherson**, *O novo diario dun xove maniático*, ed. Elena Pérez, trad. Monserrat Paz, ilust. John Astrop, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, nº 48, novembro 2000, 22 pp. (ISBN: 84-8302-581-7).

A primeira edición deste volume en galego apareceu no ano 1991 na colección “Xabarín” e agora aparece nesta edición actualizada. Con ela, Aidan Macfarlane e Ann McPherson introdúcense na denominada literatura informativa e preséntannos o diario de Pete Payne, un mozo inglés de catorce anos, coas inquietudes propias dos rapaces e rapazas da súa idade. Deste xeito, trátanse os problemas máis comúns na adolescencia como o amor, a sexualidade, as relacións cos amigos dos dous sexos, os conflictos cos pais e irmáns, o ambiente escolar, o futuro ou os problemas e cuestións da sociedade actual: a sida, as drogas, a discriminación da muller, o desemprego ou os accidentes de tráfico. Así mesmo, o protagonista descobre que é hipocondríaco e confíalle ao seu diario, durante un ano enteiro, todos os seus medos e dúbidas. Desta forma, atopamos abundante información sobre o alcohol, a depresión, as drogas, a relación entre peso e estatura segundo os sexos, o acné, as alerxias, a asma, os medios anticonceptivos ou a saúde dental. A continuación, ofrécese un índice temático sobre as drogas, a sáude, o sexo e a vida social. Por último, engádense uns breves comentarios sobre a obra e sobre os autores.

Martín, Paco, *Lembranza nova de vellos mesteres*, ilust. Xoán Balboa, Vigo: Galaxia, col. Sete Mares, nº 8, 2000, 102 pp. (ISBN: 84-8288-362-3).

Terceira edición deste volume e primeira dentro da colección “Sete Mares” no que Paco Martín (Recatelo-Lugo, 1940) establece a definción de cinco vellos mesteres que segundo explica na introducción do propio autor existiron noutro tempo. Estes oficios, “o desleitor”, “o captadonos”, “o rapimago”, “os promerceiros”, “o bovaledoiro” e “o basecús” teñen como eixo común o estaren inseridos nun mundo fantástico e ilusorio nos que a descrición se realiza con grandes doses de humor do que se desprende en gran medida a pegada cunqueiriana.

Neira Cruz, Xosé A., *Melanio e os paxaros*, ilust. Luís Catro Enjamio, Madrid: Ediciones SM, col. O Barco de Vapor, nº 18, serie Branca (primeiros lectores), 2000, 57 pp. (ISBN: 84-348-7075-4).

Reedición deste conto de X.A. Neira Cruz (Santiago de Compostela, 1968) que viu a luz por vez primeira en 1991 na colección infantil de Sotelo Blanco con ilustracións de Pepe Carreiro. Nesta nova presentación en editorial e colección diferente as ilustracións corresponden a Luís Castro Enjamio (La Habana, 1960). Neste relato Melanio, un limpador de chemineas, consegue o amor da princesa Ana coa axuda dos seus amigos os paxaros. Estes, ao ver a tristeza que alberga o limpador, deciden entregarlle a princesa, cada mañá, un dos poemas que Melanio escrebe polas noites. Gracias a intervención da raíña a princesa coñece ao seu poeta e o rei ve con bos ollos esa relación.

Piñeiro González, Vicente, *Antoniño*, Lugo: Edicións da Chaira, col. O labreguiño, 2000, 73 pp. (ISBN: 84-89961-03-4).

Nesta obra de Vicente Piñeiro González (Lugo, 1954), que xa fora publicada en 1995, relátase a triste historia de Antoniño, un rapaz orfo que vivía cos seus avós e dous tíos solteiros nunha humilde casa de aldea. Ademais, Antoniño tiña unha enfermidade que o mantiña eivado nunha cadeira de rodas, o que limitaba moito os seus movementos. O rapaz quedara só na aldea dende que os outros nenos e nenas emigraran cos seus pais e pasaba os días axudándolle ao cura nas tarefas da igrexa. Un día, descubriu que á igrexa lle faltaba unha pedra e, por máis que o canteiro lle poñía unha nova, a pedra desaparecía ao pouco tempo e quedaba só o burato. Unha noite atopouse co espírito de Mendiño, o albanel que construíra a igrexa. Este contoulle a súa historia e pediulle axuda para rematar a obra. Antoniño atopou a maneira de amañar o problema; pouco despois, caeu enfermo e, despois de pasar polo Hospital Xeral, rematou os seus días nun centro de acollida para nenos eivados onde namorou.

Varela Ferreiro, Alberto, *Anamarciana*, ilust. do autor, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2000, col. Merlín, Serie Azul (de 7 anos en adiante), 51 pp. (ISBN: 84-8302-521-3).

Breve relato de Alberto Varela Ferreiro, que no ano 1995 xa fora publicado nun libro despregábel. Nel, a protagonista Anamarciana, presenta aos lectores a súa vida no espacio. A través de textos de extensión breve narrados en primeira persoa e apoiándose nas diversas ilustracións a cargo do propio autor que ocupan a maior parte das páxinas, imos coñecendo aos diferentes personaxes que forman parte do seu contorno como o seu irmá, Nanomarciano, os seus pais, Adelamarciana e Roquemarciano, e a súa mestra Dona Estela. Da man da súa mestra Anamarciana realiza unha excursión no prato inter-escolar a través da súa galaxia no que visitará divertidos lugares como o Sistema Alfa-bético ou o Sistema Decimal. O volume remata coa tradicional sección “Cando o autor fala de si” na que o autor conta a súa afección ao debuxo que vén xa dende a súa infancia.

VI. A literatura infantil e xuvenil galega

VI.1. Narrativa

VI.1.3. Narradores traducidos ou versionados

Afanásiev, Alexander, *Contos populares rusos*, trad. Nina Makárova, ilust. Cesáreo Varela Sobrado, Vigo: Ir Indo Edicións, col. O elefante contacontos, nº 15 (máis de 8 anos), 81 pp. (ISBN: 84-7680-344-3).

Selección de seis contos marabillosos rusos –"María Morievna", "Morozco", "Xavronciña pequerrechiña", "Basilisa a fermosa", "Os gansos-cisnes" e "A tsarevna-Senrisa"– da autoría de Alexander Nicoláievich Afanásiev (Vorónezh, 1826-Moscova, 1871), ilustrados nesta edición por Cesáreo Varela (Vigo, 1967). Os contos van precedidos dunha presentación na que se informa sobre o autor e se salienta a importancia da súa obra *Contos populares rusos* (1855-1864) como a que lle proporcionou sona mundial. Indícase tamén que o seu labor como editor de textos da producción folclórica contempla contos dedicados aos animais, ás fadas e contos costumistas ou novelados, configurando a colección máis ampla e variada da tradición folclórica rusa. A presente escolma inclúe contos que presentan personaxes tradicionais rusos como a meiga-Iagá, o vello Koshei o Inmortal, o valente Iván-tsarévich, Morozco o do nariz vermello ou os malvados gansos-cisnes que se dedican a roubar nenos. En xeral os protagonistas vense castigados pola súa curiosidade ou desobediencia e teñen que superar unha serie de probas que os conduzan á resolución dos problemas ou da súa infelicidade e para logralo contan coa axuda dalgún obxecto máxico ou doutro personaxe que funciona como adxuvante. Conclúe o volume un glosario coa explicación dalgunhas palabras rusas.

Alcántara, Ricardo, *Tento e mailo meu amigo* (ISBN: 84-263-4333-3)/*Tento e mailo dente* (ISBN: 84-263-4334-1)/*Tento e mailo can mangallón* (ISBN: 84-263-4335-X)/*Tento e maila súa sombra* (ISBN: 84-263-4336-8)/*Tento e maila tormenta* (ISBN: 84-263-4337-6)/*Tento e maila súa curmá Encarna* (ISBN: 84-263-4338-4)/, ilust. Gusti, Zaragoza: Ed. Edelvives, col. Tento, n°s 1-6, 29 pp., 2000.

Un conxunto de contos ilustrados nos que Ricardo Alcántara (Montevideo-Uruguay, 1946) e Gusti (Arxentina, 1963), autores do texto e ilustracións, fan que un narrador omnisciente relate, en cada un dos volumes, a vida do can protagonista Tento. No primeiro, cóntase a relación co seu primeiro amigo, Pibi, un gato traste e simpático que coma Tento só pensaba en comer, durmir e xogar e das aventuras dos dous a pesar dos avisos que outros cans lles fan, baseándose en que os cans e os gatos son inimigos. No segundo, nárranse as matinacións de Tento na espera de parecerlle bo ao Ratiño Pérez para que lle deixase un galano por un dente que se lle comezara a mover. No terceiro, relátase cómo desafiou a un can grande que baseaba a súa forza no tamaño. No cuarto, relátase o xogo que establece coa súa sombra un día que aburrido pasea polo xardín. No quinto, cóntase que Tento era un can moi afouto pero con moito medo ás tormentas e cómo perde este medo. No sexto, nárrase cómo conseguiu mirar o que había detrás dun valado gracias á súa curmá a quen nun principio non aceptou.

Alcántara, Ricardo, *¡Que vozarrón ten o león!* (ISBN: 84-7864-447-4)/*¡Ai, que lista é a miña nai!* (ISBN: 84-7864-445-8)/*¡Un amigo é un amigo!* (84-7864-778-2)/*¡Quero ser grande!* (ISBN: 84-7864-446-6), trad. Xoán Babarro, ilust. Emilio Urberuaga, Barcelona: Combal Editorial/Esin/Casals, col. Cabaliño alado, serie Trote, setembro 2000, 23 pp.

Ricardo Alcántara (Montevideo-Uruguay, 1946) e Emilio Urberuaga presentan estes primeiros catro títulos da serie “Trote” en formato cadrado, pastas duras, ilustracións nas páxinas impares e letra caligráfica nas pares. Trátase dunha serie que acolle contos dirixidos “a aqueles lectores que comezan a seguir o fío narrativo da historia”. Os catro volumes están protagonizados por Florián, un cachorro de león que ten inquedanzas pola febleza da súa voz, pero unha vez que consegue ter un vozarrón decátase de que os seus amigos foxen del, polo que recupera a voz primitiva. Tamén se presenta a Florián na relación coa nai, á que admira pola súa intelixencia, e cos amigos, aos que protexe a cambio de comerlles a merenda. Finalmente, no último volume recóllense os desexos do protagonista de ser maior, tenta aparentalo a través dun disfraz, pero non consegue atemorizar aos seus inimigos.

Andersen, H. C., *O traxe novo do rei*, adapt. de Xosé Ballesteros, ilust. João Caetano, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Os contos do trasno Comodín, xullo 2000, 34 pp. (ISBN: 84-8464-024-B).

Por medio do traballo de Xosé Ballesteros como adaptador e João Caetano como ilustrador, o lectorado máis novo ten nas súas mans unha nova versión dun dos relatos máis coñecidos de H. C. Andersen (Odense, 1805-Copenhague, 1875). Trátase da historia daquel rei que, levado pola súa vaidade, desfila vestido cun traxe, que lle fixeron crer que era invisíbel para todos aqueles que fosen parvos, ineptos ou ladróns, ata que a inocente voz dun neno lle fai ver que vai espido.

Balaguer, Marta e Lluís **Farré**, *Boas noites, Víctor*, adap. ao galego Xoán Babarro, Barcelona: Esin/Casals/Combel, col. Cabaliño alado, serie Galope (de 6 anos en diante), febreiro 2000, 19 pp. (ISBN: 84-7864-449-0).

Álbum que presenta un texto de carácter repetitivo, baseado na enumeración, no que un narrador en terceira persoa vai desenvolvendo o medo que ten Víctor cando se deita só no seu cuarto. Trátase de catro situacións idénticas nas que Víctor sae disparado da cama ao sentir un trasgo debaixo da cama, dúas fadas no bote de lapis, tres xigantes debaixo da mesa, catro bruxas debaixo da alfombra e cinco dragóns trala porta. Súa nai, seu pai, seus irmáns maiores Ana e Pepe, o Señor Can e a Señora Gata e el mesmo son os que comproban reiteradamente que non hai nada no cuarto. Na ilustración a dobre páxina que pecha o volume vense debuxados todos os personaxes que asustaban a Víctor e que estaban agochados no roupeiro.

Ballesteros, Xosé (adapt.), *Tío Lobo*, ilust. Roger Olmos, Pontevedra: Kalandraka, col. Os contos do trasno Comodín, novembro 2000, [33 pp.]. (ISBN: 84-8464-041-8).

Álbum ilustrado a toda cor por Roger Olmos cun texto adaptado por X. Ballesteros. Nel relátase cómo Carmela, unha rapaza moi larpeira, acaba na panza do Tío Lobo despois de zampar a merenda deste lobo e sustituila por auga suxa, bosta de burro e unha presada de cemento.

Barril, Joan, *Tódolos portos se chaman Helena* (*Tots els ports es diuen Helena*, 1999), trad. Carmen Torres París, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, nº 45, maio 2000, 195 pp. (ISBN: 84-8302-532-9).

Ábrese esta novela de Joan Barril (Barcelona, 1952) cun mapa no que se detallan os portos fluviais que serven de marco espacial á narración. Trátase do relato dunha viaxe que se converte progresivamente nun acto de madureza e iniciación do seu narrador protagonista, Guillem, un rapaz de trece anos. Ao longo das vacacións de verán, Gillem, a súa nai e o compañeiro desta, Pier, percorren Europa nunha barcaza, dende Róterdan a Bucarest, coa finalidade de entregar a diferentes orquestras de cámara un lote de pianos e teclados antigos doados pola Fundación Talisker. Guillem descobre que no barco se agocha un polisón, unha rapaza de quince anos chamada Helena coa que vai manter unha intensa amizade e coa que comeza a descuberta do mundo dende outros ollos, os da traxedia, a guerra e os sentimentos. Helena, filla e neta de artistas de circo, sufriu a perda dos pais nos enfrontamentos entre serbios e croatas na cidade de Vukovar e tras ser adoptada por unha familia burguesa, decidiu fuxir para buscar os seus avós en Bucarest. É así como o que ía ser unha viaxe de pracer convértese para o protagonista nunha aventura na que aparecen tamén as novas tecnoloxías, xa que Guillem leva como equipaxe un ordenador para se comunicar cos seus amigos de todo o mundo, conversas que se intercalan ao longo do relato e que servirán para buscar información sobre o paradero dos integrantes do circo Gorodis. Tras desembarcar en Passau e perder a Helena, volve atopala en Linz onde ambos se ven envoltos nun enfrontamento con mozos de ideoloxía nazi que convocaran unha manifestación de protesta contra os traballadores estranxeiros. Para fuxir tíranse ao río Danubio

e volven ao barco onde Helena continúa a viaxe no seu tobo ata que finalmente, por mor dun accidente no que a nai de Guillen cae á auga, Helena sae do seu agocho. Cando chegan ao seu último destino, o porto de Giurgiu en Bucarest, todos axudan a Helena a investigar sobre a súa familia ata descubrir a morte do avó e a actual residencia da avoa.

Calleja, Seve, *Estou gordecho* (*Potoloa nais*), ilust. Jokin Mitxelena, Vigo: Galaxia/Editores Asociados, col. ¿E que? (a partir de 8 anos), 2000, 31 pp. (ISBN: 84-8288-372-0).

A voz en primeira persoa dun rapaz é a encargada de narrar esta historia na que o fío conductor é a súa adición á comida, feito que o converte, xa dende bebé, nun cativo gordo en exceso, polo que será despreciado na escola con feitos como apodalo “Bola de nata” ou impedirlle participar nos seus xogos por parecerlles moi lento. O protagonista describe con trazos de bo humor todos os acontecementos ata o día no que a súa sorte cambia cando se converte nun heroe ao salvar de morrer afogada nun estanque a unha compañeira da súa clase. Entre os personaxes que se presentan neste relato de Seve Calleja (Zamora, 1953), con ilustracións de Jokin Mitxelena (San Sebastián-Guipúscoa, 1962), é salientábel a figura da avoa, que actúa como protectora do rapaz e é a única que sabe respectalo polo que se converte na súa mellor amiga e na súa cómplice.

Cano, Carles, *A árbore das follas Din A-4* (*El árbol de las hojas Din-A4*), trad. Xosé Ballesteros, ilust. T. Carlos Ortín, Pontevedra: Kalandraka Editora, xullo 2000, 26 pp. (ISBN: 84-95123-93-2).

Álbum ilustrado, de Carles Cano (Valencia, 1957) e Carlos Ortin (Valencia, 1961), no que unha árbore fai brotar das súas ramas follas de papel DIN-A4 con diferentes tipos de letras que se combinan conformando entre elas mensaxes secretas. A árbore é marxinada polo seu atrevemento e ningún outro animal ou planta, agás os paxaros, se achegan a ela. Coa chegada do outono as letras caen no chan ou no mar pola forza do vento e os paxaros, tristes por non poder ver nin poder intentar descifrar as mensaxes das letras, logran coas súas bágoas que estas podan voar e nadar. Resáltase ao final da historia que todo o que as vexa voar convértese en poeta e regala soños ós nenos que non viron o mar.

Carbó, Joaquim, *O xenio de Aladino García* (*El geni d´Aladí Garcia*), trad. Iria González Liaño, ilust. Francesc Infante, Barcelona/A Coruña: Edebé-Rodeira, col. Tucán, nº 27 (a partir de 9 anos), outubro 2000, 88 pp. (ISBN: 84-8116-736-5).

Neste volume con texto de Joaquim Carbó (Caldes de Malavella, 1932) e ilustracións de Francesc Infante (Balaguer-Lleida, 1956), relátase a historia protagonizada por Aladino, un rapaz listo e alegre, que, tras atopar unha lámpada no faiado da súa casa e frotala, atopouse cun xenio, que lle dixo que lle pedira un desexo. Ao solicitarlle o neno un “scalextric” e non saber o xenio o que era, debido aos anos que levaba durmido, decidiu facer unha viaxe polo seu país de Basora. Todo desgustado ao ver as guerras e desgracias que había, regresou xunto a Aladino quen, ao non quererlle solicitar máis desexos persoais, pediulle que viaxase polo mundo e intentase axudarlles a aquelas persoas en perigo ou que o necesitasen. Pasado o tempo, Aladino comezou a ler no xornal noticias sobre as excelentes obras que estaba facendo o xenio.

Castro, Griselda, *Como naceron as sereas* (*De cómo nacieron las sirenas*, 2000), ilust. Gustavo Roldán, Barcelona/A Coruña: Edebé-Rodeira, col. Tren Azul, nº 7 (primeiros lectores), abril 2000, 30 pp. (ISBN: 84-8116-722-3).

A partir da fórmula clásica "Érase unha vez" compón Griselda Castro este relato para os máis cativos, no que unha rapaza decide xogar na auga ata que se somerxe nas profundidades do mar na procura do descoñecido. Perdida neste estraño mundo é recollida por uns mariñeiros que descobren que no lugar das pernas ten unha cola de peixe cor turquesa. A historia está elaborada a través de breves textos que Gustavo Roldán interpreta coas súas ilustracións a toda cor de trazos dunha gran sinxeleza que evocan os debuxos dos propios rapaces.

Recensións:

- Núria Obiols, "*De cómo nacieron las sirenas*", *CLIJ*, nº 130, "Libros", setembro 2000, p. 64.

Comeza salientando as ilustracións en todas as súas facetas –orixinalidade, composición, color– que acompañan este "album". Despois refírese á historia, cualifícaa de sinxela, o mesmo cos debuxos.

VI.1.3. Narradores traducidos ou versionados

Considera que estamos diante dunha obra de grande atractivo ao alcance de todos os públicos, pois trátase dun traballo artístico innovador e encantador.

Cervantes Saavedra, Miguel de, *Don Quijote de la Mancha*, adapt. Xianedos, xuño 2000, 67 pp. (Sen ISBN e sen DL).

A adaptación de Xianedos achéganos, dende o galego, á obra máis lida de Miguel de Cervantes (Alcalá de Henares, 1547-Madrid, 1616), *Don Quixote da Mancha*. Relata as aventuras de Alonso Quijano, un fidalgo que, debido ás moitas lecturas de libros de cabalerías, decidiu facerse cabaleiro andante para desterrar as inxustizas do mundo, acompañado do seu paxe Sancho Panza e do seu cabalo Rocinante. Trátase dun manuscrito con caracteres en gótico-galega, para gardar semellanza coa época do Medievo na que viviu o famoso novelista de Alcalá de Henares.

Referencias varias:

- M. D., “O Quixote en pequeno”, *O Correo Galego*, “AFA”, 2 outubro 2000, p. 17.

A presentación desta versión galega de *O Quixote* como unha iniciativa para fomentar a lectura, está seguida dunha entrevista a Julián Sánchez Edo. O autor desta adaptación declara que pretendeu facer unha obra “visualmente atractiva” na que respectou a “liña argumental trazada por Cervantes”. Explica as dificultades

VI.1.3. Narradores traducidos ou versionados

lingüísticas coas que se atopou e aclara a relación deste escritor castelán con Galicia. Finalmente, refírese ao Quixote e a Sancho como representantes da personalidade española.

Coelho, Paulo, *Veronika decide morrer* (*Veronika decide morrer*), trad. Ana Belén Costas Vila, Vigo: Galaxia, col. Costa Oeste, nº 28, febreiro 2000, 197 pp. (ISBN: 84-8288-349-6).

O autor desta novela, Paulo Coelho (Rio de Janeiro, 1947), manifesta que lle chegou a historia narrada a través dunha amiga da protagonista. Na obra, é un narrador omnisciente o que conta en terceira persoa o relato da vida de Verónika, unha moza de Liubliana de 24 anos, dende que o 11 de novembro de 1997 decide poñer fin á súa vida. Fracasado este primeiro intento de suicidio, padecerá o internamento no hospital para tolos de Villete, onde comproba de primeira man os tratamentos inhumanos a que son sometidos os internos. Nese centro psiquiátrico coñece a Zedka Mendel, a Eduard e a Mari, dos que se fai moi amiga e aos que tenta axudar para saíren daquel padecemento. Descobren que as mafias controlaban a boa parte dos doentes e que as súas redes chegaban ao interior do sanatorio a través da organización Fraternidade. A protagonista vive durante toda a obra coa ameaza da morte que, segundo o parecer dos doutores, chegaralle polo mal da Amargura ou Vitriolo, unha substancia que segregaba o propio organismo e que atacaba a vontade do ser humano. Gracias á paixón coa que vive consegue evitar este final anunciado e fuxir con Eduard para viviren xuntos unha historia de amor.

Recensións:

- Xosé Manuel Freire, “Un libro de respostas”, *Guía dos libros novos*, “Narrativa”, maio 2000, p. 21.

Saliéntase a orixinalidade de comezar un libro cun intento de suicidio para, a partir desa escena, tentar interpretar o auténtico significado da existencia. Menciónanse, ademais, o didactismo da novela e as influencias existentes entre os distintos personaxes. Así mesmo, destácase o papel controvertido que desempeña na obra o doctor Igor. Por último, cualifícase o libro como unha “defensa da liberdade individual fronte ó esmagamento social”.

- M. Blanco Rivas, “Coelho fabula sobre a loucura e a depresión”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 162, 24 xuño 2000, p. 5.

Resume o argumento desta novela e caracterízaa pola presencia do esoterismo, da psicoloxía e do contido social. Salienta a actualidade desta obra ao abordar “a depresión e a loucura, un mal cada vez máis común nas nosas sociedades por mor dun tempo de vida que non deixa tempo para a reflexión”. Destaca a popularidade de Paulo Coelho, que o levou a ser traducido a máis de corenta linguas, e enumera unha restra de obras deste autor, ademais de lembrar que lle foi concedida a medalla de Ouro de Galicia no 1999.

Referencias varias:

- Silvia Gaspar, “A narrativa adolescente”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de la escuela”, 20 novembro 2000, p. 6

Ver Caride Ogando, Ramón, *A incerteza dos paraísos*, no apartado VI.1 deste *Informe*.

Déu, Prats, Jean de, *Un banquiño ó sol*, trad. Xoán Babarro, ilust. Estrella Fages, Barcelona: Esin/Casals/Combel, col. Cabaliño alado, Serie galope, febreiro 2000, 21 pp. (ISBN: 84-7864-479-2).

Volume de Juan de Déu Prats (Barcelona, 1962) dirixido ao lectorado máis novo con moi pouco texto e grandes ilustracións a cor. O protagonista é un ancián chamado señor Antón ao que lle gusta moito tomar o sol sentado nun banco dunha pequena praza próxima á súa casa. Pero un día por mor dun edificio en construcción queda sen sol e decide percorrer a cidade na busca dun banco, no que poder tomar o sol. Despois de probar varios bancos, atopan un, ao que tamén acode unha anciá chamada Sabela, coa que establece unha fermosa amizade.

Didaco, Equipo Editorial, *Carapuchiña vermella/Os tres fillos do Tsar/A dama e o león/Alibabá e os 40 ladróns/O reiseñor de China/Hansel e Gretel/Isis e Osiris/Lenda azteca. Ixtaccihuatl e Popocatépetl/O Califa cegoña*, trad. María Seco Piñeiro, ilust. Domènec Bladé i Pinyol, Barcelona: Didaco, col. Didacontos, 2000, [36 pp.]. (ISBN: 84-89712-66-2).

O Equipo Editorial Didaco presenta en nove volumes de tapas duras un conxunto de contos e lendas clásicos. Todos eles recollen unha primeira versión, que complementa o texto coas ilustracións de Domènec Bladé i Pinyol, e unha segunda que ofrece o texto corrido acompañado da versión en castelán. No primeiro dos contos, *Carapuchiña vermella*, nárrase a historia da rapaza deste mesmo nome que logra salvarse xunto coa súa avoa das gadoupas do lobo, gracias á axuda dun leñador. No segundo, *Os tres fillos do Tsar¸* relátanse as probas que teñen que superar as esposas dos fillos do tsar para elixir o sucesor do trono. No terceiro, *A dama e o león*, cóntase o acontecido a unha princesa que, gracias ao seu amor, logra salvar do feitizo a un garrido mozo, que se transformara en diferentes animais. No cuarto, *Alibabá e os 40 Ladróns*, nárrase como Alibabá descobre un gran tesouro e logra salvar a seu irmán Hassan dos ladróns e, finalmente, é recompensado. No quinto, *O Reiseñor da China*, cóntase a historia da amizade entre a princesa e un reiseñor, a quen o emperador lle perdoa a vida, por amor á súa filla, malia ser a solución para a súa xordeira. No sexto, *Hansel e Gretel*, preséntase a dous irmáns que, despois de ser abandonados pola súa madrastra e ser capturados por unha bruxa, logran desfacerse desta e volver xunto ao seu pai cun gran tesouro. No sétimo, *Isis e Osiris*, móstrase a historia de amor entre estes dous personaxes, reis de Exipto, que logran superar os atrancos

que a avaricia de Seth lles pon no camiño. No oitavo, *Lenda Azteca. Ixtaccihuatl e Popocatépetl*, dáse conta da orixe das dúas pirámides que levan os nomes destes dous personaxes, unha princesa e un guerreiro que, malia non poder amarse en vida, nada “puido impedir que os seus espíritos se unisen e fosen felices para sempre”. Por último, en *O califa cegoña*, nárrase como se desfán do encantamento do malvado Rashid o visir e a princesa Aisha, que rematarán casando.

Dumas, Alexandre, *Os tres mosqueteiros* (II), trad. Darío Xohán Cabana, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Xabarín, nos 60-61, 2000, 348 pp./354 pp. (ISBN da Obra Completa: 84-8302-482-9) (ISBN do volume I: 84-8302-478-0) (ISBN do volume II: 84-8302-479-9).

Seguindo co seu afán de ofrecer en galego clásicos da literatura universal, a colección “Xabarín” achéganos agora en dous volumes esta obra do novelista e dramaturgo francés Alexandre Dumas (1802-1870), que xa foi levada ao cinema en varias ocasións. Un narrador omnisciente, despois de anunciar no “Prefacio” que vai ofrecer a primeira parte dun manuscrito encontrado, comeza relatando a partida dun intelixente e valeroso mozo da Gascoña de nome D´Artagnan, con quince escudos, un cabalo e unha carta para o señor de Tréville, capitán dos mosqueteiros do Rei, cara a París. Alí, logo se fai coa amizade de Porthos, Athos e Aramis xunto cos cales está ao servicio de Luís XIII e, sobre de todo, da súa esposa a raíña Ana, a cal amparan nos seus amores co Duque de Buckingham e protexen das maldades do temíbel Cardenal Richelieu e da perversa Milady. O narrador, ao longo de sesenta e sete capítulos numerados en romano e titulados, ademais de deterse con detalle na etopeia e prosopopeia dos personaxes principais e de dar conta das súas respectivas aventuras amorosas e valerosas fazañas, faise eco dos sucesos políticos e sociais máis sobresaíntes da Francia de principios do século XVII inmersa nunha serie de conflictos con outras potencias europeas. Esta novela de acción e aventuras, péchase cun “Epílogo”, no que o lector, tantas veces interpelado ao longo da narración, pode coñecer o destino final de parte dos protagonistas e, en especial, do mozo gascón que remata converténdose no capitán dos mosqueteiros.

Recensións:

- M. Blanco Rivas, “Un clásico da literatura romántica de aventuras”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 161, 17 xuño 2000, p. 2.

Comenta que esta obra é a primeira parte dunha triloxía da que tamén forman parte *Vinte anos despois* e *O Vizconde de Bragelonne*. Resume o argumento e caracteriza os personaxes principais: Athos, Porthos, Aramis, D’Artagnan e Milady. Salienta a popularidade e éxito que tivo esta obra de Dumas e Maquet por representar o heroe do romanticismo e por saber integrar catro tipos ben distintos dentro dun único argumento. Finalmente, louva a traducción realizada por Darío Xohán Cabana.

- Estro Montaña, “Unha lectura de / para sempre”, *Guía dos libros novos*, “Narrativa”, xuño 2000, p. 24.

Tras eloxiar o traballo como traductor de Darío Xohán Cabana, dáse conta da aparición do seu último traballo. Menciónanse as orixes desta obra e as acusacións de plaxio que recibiu Alexandre Dumas. Inclúese, ademais, un pequeño resumo da trama argumental desta novela histórica. Asemade, saliéntase o éxito que acadou a obra. Finalmente, dánse algúns datos biográficos de Alexandre Dumas.

Referencias varias:

- Pancho Tristrán, “Darío Xohán Cabana verque ó galego “*Os tres mosqueteiros*”, *El Mundo. Galicia*, “Cultura”, 21 febreiro 2000, p. 9.

Anuncio da publicación de *Os tres mosqueteiros*, no que se recollen algunhas opinións e anécdotas do traductor.

-César Lorenzo Gil, “Smaug xa bufa en galego”, *A Nosa Terra*, nº 930, “Guieiro Cultural”, 13 abril 2000, p. 25.

Despois de se referir a que un dos grandes obxectivos da normalización lingüística é conseguir que o galego non precise chegar ao coñecemento universal a través dunha única lingua, reflexiona sobre a traducción ao galego de *O hobbit*, “un clásico da fantasía, escrito polo sudafricano John Ronald Reuel Tolkien en 1937”. A seguir, afirma que se produciu un incremento das traduccións de clásicos ao galego e cita dúas das obras que Edicións Xerais de Galicia vén de publicar: *Os tres mosqueteiros* e *Drácula*. A continuación, dá conta do nacemento, froito da iniciativa da Asociación Galega de Traductores, da primeira biblioteca virtual de literatura universal en galego, na páxina www.bivir.com. por último, Xulián Maure, presidente da citada asociación, afirma que o eido da traducción en Galicia require un maior esforzo por parte do goberno autonómico.

-R. G., “Xerais publica en galego obras clásicas de Dumas e Tolkien”, *La Voz de Galicia*, 13 abril 2000, p. 77.

Recóllese a noticia da publicación de dúas obras clásicas en galego: *O hobbit*, de R. R. Tolkien e *Os tres mosqueteiros*, de Alexandre Dumas. Así mesmo cítanse outros clásicos publicados tamén en galego como *Drácula*, de Bram Stoker ou os *Relatos de terror*, de H. P. Lovecraft. A continuación, ofrécense breves notas biográficas dos autores e unha síntese argumental das obras. Para rematar, cítanse outros títulos de obras clásicas publicadas por Edicións Xerais de Galicia: *Dr. Jekyll e Mr. Hyde* e *As aventuras de David Balfour*, de Stevenson, *Estudio en escarlata*, de Arthur Conan Doyle, *Robinson Crusoe*, de Daniel Defoe, *Marcovaldo*, *O barón Rampante* e *O cabaleiro inexistente*, de Italo Calvino e *O corsario negro*, de Emilio Salgari.

- Manuel Duarte, “Tres novelas esenciais”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 22, 14 abril 2000, p. 3.

Alúdese á publicación en galego de tres clásicos da literatura universal. Danse unhas notas argumentais de cada un deles comezando pola cronoloxicamente máis antigo, *Os tres mosqueteiros*, de Alexandre Dumas, traducido por Darío Xohán Cabana, obra levada ao cine en moitas ocasións; *Drácula*, de Bram Stoker, por Xela Arias e, finalmente, *O Hobbit*, de R. R. Tolkien, por Moisés R. Barcia, unha obra que dá paso a unha xeografía “imaxinaria, na que viven elfos, ananos e heroes.

- Arturo Lezcano, “Benvida a chea dos verquidos”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 124, 18 abril 2000, p. 6.

Dá a benvida a algúns dos últimos títulos que Edicións Xerais de Galicia publicou na súa colección “Xabarín”: *Os tres mosqueteiros*, traducido ao galego por Darío Xohán Cabana e *Drácula*, en versión galega de Xela Arias.

Egaña, Andoni, *A min non me gusta o fútbol* (*Niri ez zait futbola gustatzen*), trad. Xesús Carballo Soliño, ilust. Mikel Valverde, Vigo: Galaxia/Editores Asociados, col. ¿E que?, nº 2 (a partir dos 8 anos), outubro 2000, 31 pp. (ISBN: 84-8288-373-9).

Ao longo de trinta e unha páxinas, que alternan texto de Andoni Egaña e ilustracións a cor de Mikel Valverde (Vitoria-Álava, 1966), nárranse algúns episodios da vida dun neno ao que non lle gusta o fútbol, para tristeza de seu pai, que nos seus tempos fora xogador de fútbol, pois, na súa opinión, o fútbol é un deporte aburrido e sen sentido e prefire outras afeccións como coleccionar insectos.

Farias, Juan, *Os camiños da lúa*, notas de Roque López, trad. Silvia Gaspar, ilust. Alicia Cañas Cortázar, Madrid: Anaya, col. Sopa de libros, nº 14, xuño 2000, 120 pp. (ISBN: 84-207-1262-0).

Mediante unha estructura en oito cadernos e unha conclusión preséntanos Juan Farias (Serantes, 1935) unha historia sobre as lembranzas e a transcendencia das cousas cotiás a través da experiencia de Xoán o Vello que, dende o seu papel de avó, cóntalle á súa neta Marola, a que mellor o escoita, o que lle vai acordando. Entre estas lembranzas xorden episodios da súa infancia, cando era incapaz de aburrirse a pesar dos seus intentos, as clases co seu mestre Don Paco, os xogos na praia, as experiencias familiares co seu avó e cos seus pais, a súa relación de neno coa súa compañeira de xogos que, co tempo, chegou a ser a súa muller, Marola, as visitas no verán de Claudine que vivía en París e outras moitas experiencias. Na conclusión achégase unha carta que trinta anos despois Maroliña, a neta de Xoán o Vello, atopou entre as páxinas dun exemplar de *Lazarillo de Tormes* e na que lle di que a pesar de todos os acontementos que lle ocorran na súa vida nunca esqueza que naceu dun bico e que se non hai amor, non hai home. O relato, dotado dun gran lirismo e dunha forte concentración expresiva, mestura o presente do paseo co pasado do avó. Ademais, ecoan nel referencias literarias a obras de todos os tempos que se explican no apartado “Notas”, realizado por Raquel López, nas que, dende un punto de vista moi persoal, recolle a importancia destas lecturas na súa experiencia vital. Fala así de Guillerme Brown, de *O pequeno Lord*, Huckleberry Finn, *O soldadiño de chumbo*, Alicia, *A illa do tesouro*, entre outros.

Farias, Juan, *Ismael, que foi mariñeiro*, trad. Xavier Senín Fernández, A Coruña: Everest Galicia, 2000, col. Punto de encontro, 107 pp. (ISBN: 84-403-0413-7).

Relato de Juan Farias (Serantes-Ferrol, 1935), no que se narra a historia dun rapaz sen nome que vive na única casa rica dun pequeno grupo de vivendas, que forman a aldea de Belvís, que "está onde remata o Mundo, alá arriba, ao noroeste de case que todo, sobre os cantís, por riba do voo das gaivotas". O rapaz narra a súa vida na aldea, os estudios no instituto e a vida dos doce veciños que a compoñen, as súas afeccións e veciñanza. Así mesmo, fala do vello Ismael, un mariñeiro que tivo que deixar o barco no que traballaba debido á súa idade e que se instalou na súa vella casa ao lado da praia. A historia remata coa morte de Ismael, "na praia, coa marea baixa".

Fine, Anne, *O saco de Simón* (*Flour Babies*, 1992), trad. Monserrat Paz Núñez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, nº 31, maio 2000, 190 pp. (ISBN: 84-8302-531-0).

Novela que se inicia cando o profesor Cartright, que ten baixo a súa tutela a 4º C, o grupo máis conflictivo do instituto, lles solicita elixir unha tarefa para a clase de ciencias. Despois dunha longa decisión, levan a diante o experimento dos “Nenos de fariña”, que consiste en que cada neno ten que coidar durante varios días dun boneco de fariña coma se fose o seu fillo. Para iso establécense unhas ríxidas normas de coidado e educación e a presentación dun diario coas súas impresións. Simón, o protagonista central da historia, comeza a responsabilizarse moi seriamente da súa boneca e a través dela irá coñecendo a súa propia vida que o levan ao entendemento dos conflictos que se establecen na súa propia casa como o abandono do seu pai ou dificultade da súa educación a cargo da súa nai. Nesta novela de Anne Fine (Leicester-Gran Bretaña, 1947), de tendencia realista, están moi presentes os problemas do ensino, a cuestión dos métodos educativos así como os valores morais da adolescencia actual. Ademais, a través dos diarios de Simón Martín asistimos á maduración do personaxe nos que el mesmo aprenderá a cuestionarse problemas coma a paternidade ou os malos tratos aos rapaces.

Recensións:

- Xosé Manuel Freire, “Un libro que deixa pouso”, *Guía dos libros novos*, nº 23, “Literatura xuvenil”, novembro 2000, p. 25.

Comeza recordándonos que a recensionada é a primeira novela traducida ao galego da escritora Anne Fine. Destaca a súa destreza e habilidade para o diálogo. Ofrece unha breve presentación do argumento da obra. Considera, ademais, que é un libro de fácil lectura entre os rapaces novos. Xulga sumamente interesantes os retratos de personaxes como o profesor Cartrihgt e Simon, o protagonista. Louva tamén o libro por ser un relato que deixa pouso e que invita á reflexión. Eloxíao, finalmente, por ser capaz de promover “a conciencia sen deixar de divertir”.

Freiría, G. (versión galega), *Os contos da Avoa*, varios ilustradores, Madrid: Edicións Sálvora, 2000, 232 pp. (ISBN: 84-305-7736-0).

Compilación de catorce contos universais caracterizada pola súa impresión caligráfica e polos textos integramente ilustrados por Esmeralda Sánchez (“O parruliño feo”), Alicia Cañas (“O galo que rompeu o peteiro” e “O Garavanciño”), Margarita Ruiz (“O lobo e os sete cabritiños”), Marina Seoane (“A galiña peteireira” e “O burro ladrón”), Carmen Sáez (“Colasiño” e “Pechaollos e os soños), José Ariza (“O can futbolista”), Trujillo e Marcela Grez (“Os tres porquiños”), Pilar Calero (“O grilo trompeteiro”), Marifé González (“Catarina e Frederico” e “Os ladróns e os amigos do muiñeiro”) e Angélica Calero (“A vaca catuxa”). En sintonía co deseño para os máis pequenos está a curta extensión dos textos, elaborados cunha sintaxe simple.

Freiría, G. (versión galega), *Ver e ler...as bruxas* (ISBN: 84-305-9732-8)/*Ver e ler...os gnomos* (ISBN: 84-305-9733-6)/*Ver e ler...as fadas* (ISBN: 84-305-97344)/*Ver e ler...os xigantes* (ISBN: 84-305-9735-2), ilust. Jordi Busquets, Madrid: Edicións Sálvora, 2000, 21 pp.

Con grandes ilustracións a cor, moi pouco texto e letra caligráfica, G. Freiría introdúcenos no mundo máxico das bruxas, os gnomos, as fadas e os xigantes, respectivamente. Nas súas historias detense nas características máis significativas destes seres fantásticos, nos seus costumes, teimas e actividades cotiás. Na narración alterna o texto con pequenos debuxos que substitúen a determinadas palabras. Para completar o libro, ofrece nas dúas primeiras e últimas follas, os debuxos que aparecen ao longo da obra co seu correspondente significado.

Gómez, Ricardo, *A selva dos números*, trad. Xosé Antón Palacio, ilust. Tesa González, Madrid/Vigo: Alfaguara/Obradoiro, col. Infantil, serie morada (a partir de 8 anos), outubro 2000, 116 pp. (ISBN: 84-8224-342-X).

Volume constituído por dezaseis capítulos nos que o fío conductor é Tuga, unha tartaruga caracterizada coma unha personaxe moi vella e moi sabia que decide ir ensinando a todos os habitantes a selva o sistema numérico para conseguir unha maior organización entre os diversos rabaños que conforman o seu habitat. Así, en cada capítulo visita ao león, aos elefantes, aos monos, ás avellas, etc., que asisten entusiasmados a este curioso invento co que conseguen realizar divertidas cancións e textos rimados que se inclúen ao longo de todo o relato. Este libro de Ricardo Gómez, que vén acompañado polas ilustracións de Tesa González (Las Arenas-Biscaia, 1962), está recomendado para o Ano Mundial das Matemáticas polo enfoque didáctico que se reflicte a través das súas páxinas, nas que se mesturan a literatura co ensino das matemáticas.

González i Caturla, Joaquim, *Todo o verán por diante* (*Tot l'estiu per devant*, 1992), trad. A. Mª Verdú e X. Carro, ilust. Ángeles Maldonado, Vigo: Galaxia, col. Sete Mares, nº 10, agosto 2000, 121 pp. (ISBN: 84-8288-383-6).

Reedítase na colección "Sete Mares" de Galaxia esta novela de Joaquim González i Caturla (Alicante, 1951), que xa fora publicada en 1994 na colección "Árbore" desa mesma editorial. A reedición mantén as ilustracións de Ángeles Maldonado (Madrid, 1961). A novela estructúrase en dúas partes; a primeira, titulada "¡Cámara!", preséntanos os personases mentres que a segunda, "¡Acción!" supón o desenvolvemento dos acontecementos. En conxunto constitúe un achegamento ao mundo dos estudiantes adolescentes centrado na figura de Toni, ou Nano como se chaman na casa, un rapaz de dezasete anos que aparece descrito como un mozo pouco conflictivo que nunca lles ocasionou moitos problemas aos seus pais, en boa medida a causa do seu carácter reservado e introvertido. A rutina da súa vida vese alterada cando comeza a sentir unha atracción irrefreabel por Raquel, a rapaza máis guapa do seu instituto. Malia os desencontros e os malentendidos entre eles conseguirán finalmente coñecerse a fondo e comezar unha relación. A afección pola arqueoloxía que desperta neles casualmente un profesor fará que consigan unir os seus esforzos para atopar un tesouro agochado á vez que superan o curso con éxito. Tras destes logros quédalles todo un verán por diante para se divertir xuntos.

Grimm, W. e J., *Contos de Grimm*, trad. Xabier Frías Conde, Eilao-Asturias: Vtp editorial/Mesa pola Defensa do Galego de Asturias (MDGA), col. Castelo das letras, nº 4, 2000, 79 pp., (ISBN: 84-89880-40-9).

Conxunto de nove contos escritos en galego de Asturias, e acompañados das ilustracións de Alberto Frías, nos que Adela Conde Valledor recrea diferentes ambientes, tanto actuais como do pasado, da Terra Eo-Navia, como explica na breve presentación que precede ás historias de “El campesín solitario”, “El muiñeiro”, “A historia de Xulia”, “El leñador e mais el burro”, “A historia de Tomé”, “A pantasma da saba branca”, “A cegoña solitaria”, “A fiadora e a raposa” e “Xan e el burro que falaba”. Nestes contos reflíctense aspectos actuais como a soidade sufrida por unha cegoña ou a que padece un ancián que vive só nun val moi apartado porque todos os mozos foron marchando para a cidade, o mesmo camiño que segue Xulia por consideralo mellor que estar na aldea coidando das ovellas de súa nai. Tamén aparecen contos nos que predomina o elemento fantástico do imaxinario popular e nos que o protagonista sempre acaba sacando proveito xa sexa do ser fantástico que aparece nas súas vidas, da casualidade ou polas cualidades do animal que atopa como en “El Muiñeiro”, en “El leñador e mais el burro”, en “A fiadora e a raposa” e “Xan e el burro que falaba”. Outro aspecto importante que se pon de manifesto é o da ensinanza, posto que en “A historia de Tomé” se fai ver como un neno que é humillado e rexeitado polos seus compañeiros de clase pasa a ser moi respectado o día que acoden ao campo a facer unhas probas nas que el é o mellor, concluíndo que “un pode estar gordo e ser torpe co balón, mais non por eso non vale para nada”.

Heitz, Bruno, *Unha historia fantástica* (*Une histoire pas terrible, terrible*), trad. Marisa Núñez, ilust. do autor, Pontevedra: Kalandraka, col. Demademora, xullo 2000, [41 pp.]. (ISBN: 84-8464-025-6).

Bruno Heitz presenta unha historia apoiada por numerosas ilustracións a cor e na que se narran os avatares dun home, dende que unha vaca choca coa súa camioneta, provocando que a camioneta non corra coma antes ou a vaca dea gasolina no canto de leite, ata que a vaca salva a unha cabra de ser comesta por un lobo e se converte nunha vacabra. Este feito cambia a vida do home, pois consegue moitos cartos coa venda dos queixos que fabrica co leite da vacabra, podendo mercar, polo tanto, unha nova camioneta.

Hermilla Alberti, Mª Dolores (adapt.), *As fabas máxicas*, ilust. Juan Rivas Fernández, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Os contos do trasno Comodín, abril 2000, 34 pp. (ISBN: 84-95123-87-8).

María Dolores Hermida Alberti adapta ao galego o conto popular *As fabas máxicas*, que aparece ilustrado por Juan Rivas Fernández. Nel nárrase a historia de Xián, que vivía coa súa nai nunha casa “feita de paos”. Eran moi pobres e Xián foi á feira para vender a vaca pero, no medio do camiño, cambiouna por un saco con cinco fabas máxicas. A partir dese momento, rematan as penas dos dous protagonistas porque, cada vez que precisan algo, Xián sobe polas fabas máxicas e volve con moedas de ouro, unha galiña que pon ovos tamén de ouro ou unha arpa máxica.

Hoffmann, Ernst Theodor Amadeus, *Contos de Hoffmann*, introd. Luís Mateo Díez, apéndice Juan Tebar, trad. Xabier R. Baixeras e Carmen Torres París, ilust. Javier Serrano, Judit Morales, Adrià Gòdia, Manuel Ortega, Javier Sáez e Ricard Castells, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, novembro 2000, 301 pp. (ISBN: 84-8302-575-2).

Este volume, de formato grande e pastas duras, presenta unha coidada edición de catro dos contos de Ernst Theodor Amadeus Hoffmann –"O Crebanoces e o rei dos ratos", "O neno descoñecido", "O mestre Marin o toneleiro e os seus oficiais" e "O home da area"–, unha traducción directa e íntegra dos orixinais alemáns incluídos na colección de contos *Serapions Brüder (Os irmáns de San Serapión)*, na súa primeira edición, publicada en catro volumes pola editorial George Reiner de Berlín, en 1819-1821, e en *Nachtstüche (Nocturnos)*, publicada pola editorial da librería da Realschule, de Belín en 1817. A obra está precedida dunha introducción titulada "Castelos no aire" (pp. 5-12), na que Luís Mateo Díez reflexiona acerca da importancia que os contos escoitados ou lidos na infancia teñen na formación da personalidade do futuro adulto, ademais de lembrar os seus primeiros contactos coa obra de Hoffmann, ao que considera autor de grandes mundos imaxinarios nos que non está ausente a infelicidade, o misterio, o sinistro, a música e o romántico. Para rematar, achégase individualmente aos contos escolmados. No apéndice, titulado "Catro rostros dun home máxico" (pp. 291-301), Juan Tebar recorre cada un dos contos incluídos neste volume para achegarnos ao seu proceso creador e á situación vital pola que estaba a atravesar Hoffmann en cada momento. Os dous primeiros contos están protagonizados por nenos que, ben a través dos seus xoguetes ben por medio de seres descoñecidos, penetran en mundos de fantasía no que todo é posíbel e no que se

achegan á realidade da vida dos adultos, á enfermidade, á dor e á morte. En “O mestre Martin o toneleiro e os seus oficiais” preséntanos a historia deste toneleiro que esixía a relación dunha obra de arte dentro do seu oficio para aquel mozo que quixese casar coa súa filla Rosa. Finalmente, en “O home da area”, único relato narrado en primeira persoa, achéganos a un ser que era o terror dos nenos. Os contos, todos eles bastantes extensos, teñen unha estructuración interna en episodios marcada polo propio autor, e presentan moitos trazos característicos da narrativa de transmisión oral.

Recensións:

-M. Blanco Rivas, “Contos tradicionais para todas as idades”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 190, 30 decembro 2000, p. 2.

De entrada, describe o volume e afirma que reproduce as “ledicias e terrores predilectos” do lector, amais de amosar as diversas facetas do escritor. Seguidamente, fala minimamente dos catro contos, “divertidos, fabulosos, estarrecedores”, que non perden frescura en galego.

Landa, Mariasun, *Cando os gatos se senten tan sós* (*Katuak bakar-bakarrik sentitzen direnean*, 1997), trad. Carmen Torres, ilust. Asun Balzola, Madrid: Anaya, col. Sopa de Libros, nº 15 (a partir de 12 anos), novembro 2000, 96 pp. (ISBN: 84207-4466-2).

Nesta novela Mariasun Landa (Rentería, Guipuzkoa, 1949) e Asun Balzola (Bilbo, 1942) deixan reflexións sobre as relacións familiares a través do amor da protagonista, ao longo dun relato dividido en tres partes e dezasete capítulos. No primeiro, a modo de epílogo, a protagonista, Maider, relata o estado de ánimo no que caeu cando a fixeron desprenderse da súa gata Ofelia por mor das desavenencias entre os pais. Relata os sufrimentos aos que someteu á súa familia dende que se enterou da fuxida da gata do caserío onde a deixara ata que lle dixeron que aparecera. Nos seguintes capítulos, conta cómo era a súa familia, a súa avoa que viñera da aldea á vila, os problemas dos pais a punto de se separar, a súa soidade e cómo e por qué enfermou o día que veu do casarío á vila intentando atopar a Ofelia a que deixaran cos únicos parentes que quedaran na aldea.

Lestxundi, Anjel, *Eu tghopezo no eghe* (*Nik erremerre hitz egiten dut*), ilust. Jokin Mitxelena, Vigo: Galaxia/Editores asociados, col. ¿E que?, nº 3, a partir dos 8 anos, 2000, 31 pp. (ISBN: 84-8288-388-2).

Este volume alterna as páxinas de texto coas de ilustración e, coma os demais da serie "¿E que?", pretende ser un canto á diversidade dos seres humanos. Neste caso, un neno que non pronuncia o [r], Ghobeghto Togheigho Caghacelas, cóntanos en primeira persoa o mal que o pasaba por iso. Os pais, que consideraban que esa característica era unha eiva, deciden controlalo ferreamente e mesmo levalo a unha logopeda. Despois de procurar unha chea de remedios que non deron resultado, o protagonista evita dicir as palabras que teñen ese son, por el impronunciábel, co cal sorprende a todos e enriquece considerabelmente o seu vocabulario. Finalmente, conta como entablou amizade cunha nena que ceceaba e que estaba orgullosa de ser como era.

Linazasoro, Karlos, *As botas vermellas*, trad. Carmen Torres, ilust. Claudia Ranucci, Madrid: Anaya, col. Sopa de libros, nº 11 (a partir de 10 anos), novembro 2000, 76 pp. (ISBN: 84-207-3950-2).

Nesta narración de Karlos Linazasoro (Tolosa, 1962) e Claudia Ranacci (Roma, 1973), estructurada en sete capítulos, o protagonista, Carlos, conta as reaccións, as reflexións e sentimentos (sobre todo o seu namoramento de Romina) del, da súa mestra e dos seus compañeiros diante das breves aparicións fantasmais de animais que visitan fuxidiamente a súa clase. Descobre que todo vai moi unido ás botas vermellas que seus pais lle trouxeran de México, feitas polas mans dun mago ancián, polo que llas regala á súa namorada para que soñe. Todo enchido de reflexións sobre a vida, unha vida concibida dende a poesía.

Lluch, Enric, *Xalop, Bori-Bori e o bandido Faldriqueiras*, Finalista do Premio Edebé de literatura infantil, trad. Pilar Saborido Otero, ilust. Ana Rosa Crespo e Enrique Soler, A Coruña: Rodeira, col. Tucán, nº 26, serie verde (a partir de 9 anos), 2000, 81 pp., (ISBN: 84-8116-735-5).

Ao longo de dezasete capítulos, neste relato de Enrich Lluch (Algesemí-Valencia, 1949) cóntase a historia de dous reis, Xalop e Bori-Bori, que deciden parar a guerra que mantiñan dende fai tempo. No camiño de regreso cara aos seus castelos son roubados polo bandido Faldriqueiras e quedan sen coroa, capa, espada e cabalo. Os dous atópanse no traxecto e deciden esquecer as súas diferencias para perseguir o ladrón. Mentres, o príncipe Bertoldo e as princesa Casimira, fillos dos dous reis, búscanos ata que tamén eles se encontran no camiño real e xuntos seguen a aventura. Con todo, e despois de pasar unha chea de aventuras, as dúas familias únense e fan as paces, burlando as falcatruadas do bandido. Ademais a felicidade vén engadida polo amor que comeza a nacer nos dous príncipes herdeiros. O texto está acompañado das ilustracións de Ana Rosa Crespo (Alcoi, 1962) e Quique Soler (Alcoi, 1960).

Mallorquí, Cesar, *O último traballo do señor Luna*, Premio Edebé de literatura xuvenil 1997, trad. Pilar Saborido Otero, Barcelona/A Coruña: Edebé-Rodeira, col. Periscopio, nº 13, abril 2000, 246 pp. (ISBN: 84-8116-739-8).

Novela de aventuras, de Cesar Mallorquí (Barcelona, 1953), estructurada en dez capítulos máis un epílogo.Nela relátase alternativamente a vida dun asasino a soldo, o señor Luna, e a dun neno superdotado, Paulo, que acaban entrecruzándose no momento en que se enfrontan cunha banda de narcotraficantes. O nexo que une a vida destes dous personaxes é Flor Huanaco, unha muller boliviana que foxe de Bolivia coa súa filla tras queimar un avión, cargado de cocaína, para vingar a morte do seu marido. Namentres Luna viaxa dende Sudamérica e percorre todo Madrid na procura da muller, Paulo aprende a bailar coa filla de Flor e intenta superar o intento de suicidio dun amigo, un desengano amoroso e a despreocupación dos seus pais cara a el. Entre os dous desmantelan os plans dos asasinos e finxen a morte de Luna, da muller boliviana e da súa filla co fin de que poidan refacer a súa vida. Remata cun epílogo no que conta o camiño que seguiu cada un dos personaxes. Nas ilustracións de Fernando Krahn (Santiago de Chile, 1935) emprega a plumilla de tinta china e non se esclarece o rostro dos personaxes.

Marín Estrada, Pablo Antón, *Camiños sen fin* (*Los caminos ensin fin*), IIº Premio Abril 1999, Leandro García Bugarín, Vigo: Galaxia, col. Costa Oeste, nº 29, 141 pp. (ISBN: 84-8288-388-7).

Novela coa que Pablo Antón Marín (Sama de Langreo, 1966) consegue o galardón do premio Abril na súa segunda edición. Narrada en primeira persoa polo personaxe protagonista, evoca dende a perspectiva de adulto a súa infancia na que fascinado pola imaxe do seu tío Delmiro, navegante que representa para el a liberdade e a sabedoría, comeza a sentirse atraído polo mundo do mar e decide deixar a escola facerse mariñeiro. A través das diversas experiencias no contacto co mar vai descubrindo que as cousas non son tan doadas, pois se o comezo sente gran fascinación polos misterios que lle ofrece este fermoso universo tamén se terá que enfrontar a toda a dureza que este reserva para aqueles que se deciden a entrar nos seus dominios. No relato de liña intimista e gran predominio poético no que o eixo fundamental é o universo mariño como modo de vida, asistimos ademais á evolución persoal do rapaz a través das súas diversas viaxes nas que coñece a unha ampla galería de personaxes que en ocasións introducen relatos ou crenzas que se insiren na propia novela.

Recensións:

-Xosé manuel Freire, “Novelas mariñeiras*”, Guía dos libros novos*, nº 24, “Literatura infantil e xuvenil”, decembro 2000, p. 26.

Analiza a estructura, voz narrativa, temática, argumento e tratamento dos personaxes, así como as concomitancias con outros relatos mariñeiros, nesta novela iniciática na que o protagonista non só aprende un oficio, senón tamén a ser home, escrita por Pablo Antón Marín Estrada, autor pertencente a segunda xeración do Surdimento, movemento asturiano de recuperación lingüística e cultural. Así mesmo, lembra que a traducción ao galego desta novela orixinalmente en lingua asturiana, realizouna Leandro García Bugarín e foi publicada polo proxecto dos Editores Asociados, unha realidade editorial que permite o achegamento a outras literaturas escritas nas diferentes linguas do estado e contribúe a impulsar a literatura xuvenil.

Referencias varias:

- Rosa Míguez, “Suxerencia”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, 19 novembro 2000, p. 14.

Ver Xosé Antonio Neira Cruz, Xosé Antonio, *As cousas claras*, no apartado VI. 1. 1 deste *Informe*.

- Xesús Fraga, “O mar segue sendo unha metáfora da aventura”, *La Voz de Galicia*, “Entrevista”, 8 decembro 2000, p. 31.

Indícase que está orixinalmente escrita en asturiano e que foi a gañadora do Premio “Abril” de Literatura para mozos. Na conversa co autor este refírese ao significado do mar e ao feito de ser esta unha novela de iniciación, ante o que considera que para o seu protagonista o mar é algo épico, mentres que como tema é unha metáfora da aventura e da propia vida. Con respecto aos rapaces como lectores potenciais da súa obra, indica que non pensou neles cando escribiu, e que rexeita as historias urbanas que buscan ser como os seus lectores potenciais.

-Silvia Gaspar, “Literatura marítima”, *La Voz de Galicia*, “La voz de la escuela”, 11 decembro 2000, p. 6.

Faise eco da publicación da obra *Camiños sen fin*, de Pablo Antón Marín, gañadora do IIº premio Abril de literatura xuvenil convocado por Editores Asociados e lembra a finalidade deste certame: publicar en linguas minorizadas. Reflexiona sobre a importancia de que o seu orixinal se presentase en asturiano por ser unha lingua que busca o seu camiño a pesar de partir dunha situación máis difícil cá galega. Cualifica ao escritor de múltiple por traballar en prosa e verso, sobre ficción ou xornalismo, en letra impresa e nos medios audiovisuais. Define a obra como “unha novela de ambientación marítima e contido interiorista”. Dá nova do contido de *A min non me gusta o fútbol*, de Andoni Egaña, *Carlota, a marmota*, de Miro Villar, *O vento do espírito*, de Carlos Fernández.

Mariño Ferro, Xosé Ramón (adapt.), *Os dous xemelgos, o dragón e o pazo encantado* (ISBN: 84-8289-113-8)/*Unha vella tiña un can* (ISBN: 84-8289-111-1)/*A amora na silva* (ISBN: 84-8289-112-X)/*Brancaflor* (ISBN: 84-8289-109-X)/*Iria e o cabalo Buligán*, 23 pp. (ISBN: 84-8289-110-3)/*A filla do rei* (ISBN: 84-8289-108-1), ilust. Cesáreo Varela: Edicións do Cumio, col. Contos Marabillosos, 2000, 27 pp.

Adaptación de seis contos populares realizada por Xosé Ramón Mariño Ferro, todos eles ilustrados por Cesáreo Varela, e nos que se recollen as aventuras de diferentes personaxes. En *Os dous xemelgos, o dragón e o pazo encantado* coñecemos a dous xemelgos moi unidos, que cando un marcha polo mundo, libera a unha princesa dun dragón e casa con ela, se converte en estatua de pedra por un feitizo, pero é liberado polo irmán coñecedor da desgracia que lle aconteceu. Nos dous seguintes, *Unha vella tiña un can* e *A amora na silva*, adáptanse dous contos populares moi coñecidos de estructuras acumulativas nas que aparecen diferentes animais e plantas que se empregan para estimular a memoria dos nenos. A seguir, en *Brancaflor*, cóntase a historia de Brancaflor, a filla pequena dun meigo e Xoan, un mozo preguiceiro e xogador ao que axuda a superar as probas ás que o somete o bruxo, escapando os dous da maldade deste. En *Iria e o cabalo Buligán*, nárranse as aventuras da princesa Iria que, véndose obrigada a casar cun pretendente que non quere, foxe axudada polo cabalo Buligán ata atopar un príncipe que a salva do malvado, pero do que se ve separada pola guerra que lle fai o primeiro ata que este morre a mans de Buligán, que en realidade era un príncipe encantado. Por último, en *A filla do rei*, achégase a historia dunha princesa que sendo a máis fermosa e a máis

intelixente, é tanta a súa soberbia que, no momento de casar, decide propoñerlles dúas probas aos pretendentes para casar con aquel que as supere. O gañador é un príncipe que se vale de diferentes artimañas para conseguir que a súa esposa sexa unha muller moi humilde e bondadosa.

Martín, Andreu, *Flanagan, só Flanagan*, trad. Carmen Torres París, ilust. Jaume Ribera, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, nº 44, outubro 2000, 237 pp. (ISBN: 84-8302-556-6).

Nova entrega das peripecias do detective Flanagan, personaxe creado por Andreu Martín (Barcelona, 1949) e Jaume Ribera (Sabadell, 1953) que xa protagonizou varias aventuras. Nesta ocasión o intrépido investigador ten que resolver un misterio que ten como protagonista a Mateo, un compañeiro do instituto. Mateo é un rapaz problemático e violento que amosa ante os seus compañeiros unha actitude agresiva que se manifesta nas constantes pelexas e ameazas e nos atracos a cara descuberta que comete, como se quixese chamar a atención permanentemente. As súas accións van demasiado lonxe e vese envolto na acusación de atraco a unha gasolineira. A policía anda na súa procura e Mateo decide fuxir e agocharse. Flanagan decide axudalo e coa axuda de Eva, a compañeira de Mateo, comeza as súas indagacións. Descobre así unha triste historia de malos tratos por parte do pai, o Canvello, e unha dura infancia marcada pola falta de afecto, o medo e a obriga de gardar un terríbel segredo sobre a súa nai. Tras moitas intrigas típicas do xénero policial, todo se resolve felizmente. Parellamente a este caso, Flanagan recibe outros encargos nos que, como é habitual na serie, aparecen trazos humorísticos e personaxes insólitos. Pero ademais, Flanagan está a sufrir unha crise persoal provocada pola súa confusión sentimental. Como corresponde a un verdadeiro detective e trala ruptura coa súa moza Branca Online, o rapaz móstrase frío e distante con respecto aos seus sentimentos, calando o que verdadeiramente sente e disfrazándoo nunha actitude de autosuficiencia. Nesta aventura deberá

VI.1.3. Narradores traducidos ou versionados

aclarar a súa relación coa súa amiga Nines deixando atrás malentendidos e receos, á vez que sentirá unha irremediábel atracción por Eva, a moza de Mateo.

Martínez, Rocío, *Gato Guille e os monstros*, trad. Xoán Couto, ilust. da autora, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Demademora, maio 2000, [32 pp.]. (ISBN: 84-8464-000-0).

Esta historia de Rocío Martínez, que se pode seguir tanto a través do texto coma das ilustracións, comeza cando o gato Guille se asusta por crer que certos ruídos son provocados por monstros. Todos estes medos son disipados coa presencia de mamá gata, quen tamén remata por dicir que se sente asustada por eses mesmos ruídos, ata que Guille lle explica a súa procedencia. Finalmente, nai e fillo oen un ruído na entrada da casa que os asusta moito, era o pai que regresaba das compras.

Méndez, Raquel (adapt.), *Os dous corcovados*, ilust. Óscar Villán, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Os contos do trasno Comodín, xullo 2000, [34 pp.]. (ISBN: 84-8464-023-X).

Volume en formato álbum e pastas duras como xa é habitual nesta colección, no que a adaptación do texto corre a cargo de Raquel Méndez e vén acompañado polas ilustracións a toda páxina de Óscar Villán (Valladolid, 1972). Nel cóntase a historia de dous irmáns, Xan e Perillán, que teñen a desgracia de ter os dous unha gran corcova. Ambos deciden probar fortuna fóra da súa aldea natal, pero mentres que Perillán consegue que unhas velliñas con poderes máxicos o liberen da súa eiva, o seu irmán corre a sorte contraria pois as mesmas vellas sométeno a vivir coas dúas corcovas, a propia e a do seu irmán.

Moure, Gonzalo, *O bocexo do puma*, Premio Xaén de narrativa infantil e xuvenil 1999, trad. Xosé Antón Palacio, Madrid: Alfaguara-Obradoiro/Fundación Caja de Granada, setembro 2000, 197 pp. (ISBN: 84-8224-333-0).

Gonzalo Moure (Valencia, 1951) recorre nesta novela ao Camiño de Santiago como lugar de busca dun mesmo, como camiño cara ás profundidades do ser a través da perspectiva dun narrador omnisciente. Abram decide realizar o camiño dende Roncesvales para esquecer o suicidio da súa moza, Lisa, no que se viu directamente implicado e para cumprir en certo modo o plan trazado por ambos de facelo xuntos. O rapaz vai lembrando momentos da súa difícil relación por entenderen a vida dende puntos de vista totalmente contrarios. Lisa, a causa da morte do seu pai nun accidente de coche arrastraba dende nena unha culpabilidade que de sempre pretendeu agachar na autodestrucción constante, utilizando o alcohol, as drogas e amizades pouco recomendábeis coas que procuraba a intensa diversión da fin de semana sempre co propósito de borrarse do mapa, perder a conciencia e diluíla en alcohol. Abram coñecéraa nunha festa completamente borracha e intentara ofrecerlle outro camiño para facela saír do aburrimento permanente ante a vida, animándoa a cultivar os seus talentos naturais para a pintura e a fotografía pero sen conseguilo nunca totalmente. Como case era de esperar Lisa decide suicidarse non sen antes convocar unha festa na súa casa de Arturo Soria, coa sórdida invitación ao final da súa vida. Abram asiste á celebración malia non estar invitado e alí vese finalmente ante o cadáver moribundo da súa moza, unha escena que se presenta recorrentemente no relato. Todas as etapas do Camiño de Abram constitúen un paso máis no recordo de Lisa e da súa morte, sobre todo dende que comeza a súa relación con Alma, unha

rapaza que o axudará a atopar a verdade e a se enfrontar a ela, ademais do verdadeiro sentido do Camiño, fóra da forma de facer turismo e de buscar un xeito de penitencia, dende a profundidade do tempo, como lugar de encontro entre compañeiros que comparten o pan. A presencia ameazante nas distintas etapas de Tim Legger, outro dos amigos de Lisa, fai que finalmente Abram se enfronte á policía e recupere a escena final do suicidio.

Neira, María e Amma **Wemmberg**, *A mamá gansa e o pastel* (ISBN: 84-7864-443-1)/*A mamá gansa e a lúa* (ISBN: 84-7864-441-5)/*A mamá gansa e as vocais* (ISBN: 84-7864-442-3)/*A mamá gansa e a tronada* (ISBN: 84-7864-444-X), trad. Xoán Babarro, ilust. Irene Bordoy, Barcelona: Editorial Esin/Editorial Casals/Combel Editorial, col. Cabaliño alado, Serie Paso, febreiro 2000, 23 pp. (ISBN: 84-7864-4431).

Unha serie de álbums nos que se relata por medio de narración e imaxe cómo mamá Gansa, co can e o gato, fan un pastel cos ingredientes de cada un e cómo desaparece ou cómo fai unha torre co gato para chegar á lúa; ou cómo o can e mamá Gansa recuperan as vocais dun canto ou, finalmente, como mamá Gansa e os seus fillos se esconde nunha cova. Trátase dun conxunto de recompilacións dirixidas aos nenos que se inician na lectura (de 5 anos en diante), da autoría de María Neira e de Amma Wemmberg con ilustracións de Irene Bordoy.

Núñez, Marisa (adapt.), *O pito cairo: conto popular portugués*, ilust. Helle Thomassen, Pontevedra: Kalandraka editora, col. Os contos de Trasno Comodín, 2000, [32 pp.]. ISBN: 84-95123-85-1).

En formato álbum con ilustracións a toda cor, de Helle Thomassen, preséntase este conto popular portugués, adaptado ao galego por Marisa Núñez. Nel nárrase, en terceira persoa, o que lle sucede ao pito Cairo cando lle entrega ao rei unha saqueta de ouro, que atopa no camiño, e este quere guisalo. Gracias á curuxa, á raposa, e á auga, que come e bebe de camiño ao palacio, consegue non ser o prato principal do xantar real e quedarse co ouro encontrado.

O´Callaghan i Duch, Elena, *Uns ratos insoportables*, adapt. Xoán Babarro, ilust. Petra Steinmeyer, Barcelona: Ed. Combel/Ensín/Casals, col. Cabaliño Alado, serie Galope, febreiro 2000, 21 pp. (ISBN: 84-7864-450-4).

Volume de formato cadrado con ilustracións de Petra Steinmeyer (Buenos Aires, 1953) e texto de Elena O´Callaghan i Duch (Barcelona, 1955), no que se recollen as difíciles relacións entre o gato da casa e dous ratos que se mofan del. Canso desta situación, e despois de moitos intentos infructoosos, decide atacalos coas mesmas armas que eles empregan: a mofa e a burla apoiándose no ben que o trata o amo fronte ao mal que o pasan os pequenos roedores para conseguir alimento.

O´Callaghan i Duch, Elena, *Un gato moi pouco gato*, trad. María Otero, ilust. Angels Comella, A Coruña: Rodeira, col. Tren azul, nº 8 (primeiros lectores), 2000, [30 pp.]. (ISBN: 84-8116-723-1).

Neste libro de Elena O´Callaghan i Duch (Barcelona, 1955) e con ilustracións de Angels Comella (Caldes Montbui, 1957), dirixido aos primeiros lectores, nárrase a historia dun gato chamado Felipe que é adoptado por Gregorio, un rapaz que vive cos seus avós. Despois de pasar moita fame, alí atopa o seu fogar definitivo. Pero tanto Gregorio coma os seus avós descobren que Felipe non é un gato calquera, senón que fai cousas impropias do mundo gatuno como nadar na piscina, tomar o sol ou pedealear nunha bicicleta. A conclusión á que chega o seu dono é que Felipe pensa que, en realidade, non é un gato.

Paloma, David, *O loro laretas* (ISBN: 84-7864-413-X); *O poliño repetido* (ISBN: 84-7864-414-8); *O sapoconcho Paseniño* (ISBN: 84-7864-416-4); *A vaca gorda* (ISBN: 84-7864-415-6), trad. Xoán Babarro, ilust. Francesc Rovira, Barcelona: Ed. Combel/Esín/Casals, col. Cabaliño alado, serie Trote, febreiro 2000, 22 pp.

Nesta serie da colección “Cabaliño alado” acóllense contos ilustrados por Francesc Rovira (Barcelona, 1958), nos que se ofrecen historias ao lectorado máis novo da autoría de David Paloma (Terrasa, 1969). Nos títulos publicados cóntanse as seguintes historias. En *O loro laretas* transmítese que a solución dos problemas está ás veces máis cerca do que pensamos. Así este loro, co don especial de falar sen parar día e noite, perde un bo día a súa voz e tras buscala por todas partes descobre, ao mirarse nun espello, que estivera todo o tempo no fondo da súa gorxa. A idea de que todos somos diferentes aos demais é o elemento central en *O poliño repetido*, a historia dun poliño amarelo convencido da súa particularidade con respecto aos seus dous irmáns, que se demostra casualmente cando a súa nai os chama e cada un deles atravesa unha poza dun xeito diferente. *O sapoconcho Paseniño* consegue atopar a solución ao seu problema, comer ás presas e as fortes dores de barriga, acudindo ao lugar axeitado, xunto á tartaruga sabia Todovaibén, que lle recomenda que aprenda a mastigar. En *A vaca gorda* demostrase o erro de querer cambiar de aspecto a través do que lle ocorre a unha vaca que un día deu en pensar que estaba demasiado gorda e decidiu adelgazar ata chegar ao punto de que a súa barriga parecese un globo desinchado e as súas patas catro alfinetes. Cando se viu así decidiu volver comer coma sempre e pensou que era unha sorte ser vaca e estar gorda.

Poizat, Chloé, *Máquinas* (*Machines*), trad. Luisa Morandeira, ilust. da autora, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Demademora, decembro 2000, 41 pp. (ISBN: 84-8464-026-4).

Ao longo deste volume con ilustracións a toda páxina, vánsenos presentando as máis diversas máquinas: para facer viaxar a un paxaro engaiolado, para atar os zapatos, para lavar os dentes, para facer voar, para comer a sopa, para coller aires, para facer piruetas, para recitar de memoria, para rañar, para limpar alfombras, para dar chimpos fabulosos, para facer músculo, para facer nubes, para dar pasos de xigante, para mandar o can a paseo sen saír da casa, para dar resposta a todo, para facer noite e estrelas e para facerse case invisíbel. Presenta, nalgúns casos, sinteticamente o funcionamento ou as partes de cada aparello e xoga con distintos tipos e tamaños de letras, ademais da súa disposición sobre o papel.

Recensións:

- Manuel Darriba, “Kalandraka e SM lanzan obras ‘infantís’ aptas para o lector adulto”, *El Progreso*, “Cultura-Sociedad”, 10 decembro 2000, p. 75.

Salienta á saída á luz da traducción ao galego de *Machines,* de Chloé Poizat, publicada por Kalandraka. Informa da temática, o cuestionamento co absurdo dos comportamentos e usos lingüísticos dos humanos, do carácter explicativo dos pés textuais que acompañan ás ilustracións, do uso do collaxe en clave de humor nos debuxos, do formato do volume e da existencia de dúas lecturas segundo o lectorado, adulto ou infantil. Destaca a temática e a dobre interpretación da lectura de *La Composición*, de Antonio Skármeta, e de *Verdadeira historia do perro Salomón*, de Javier Serrano, así como o realismo do primeiro e a inspiración velazqueña dos debuxos do segundo.

Potter, Beatrix, *O conto do coello Pedro,* ilust. Beatrix, Vigo: Xustiza, col. Os libros orixinais do coello Pedro, nº 1, 2000, 59 pp. (Sen ISBN e sen DL).

Neste conto de Beatrix Potter relátase a historia do coello Pedro. O protagonista, que vive coa súa nai e cos seus irmáns Cansadiña, Peludiña e Rabiño-de-algodón, pasa por unha experiencia desagradábel, escapar do sacho do señor McCregor. Consegue saír san e salvo, malia que para cear teña tan só un pouco de macela, mentres que os seus irmáns, moito menos trasnos, degustan pan, leite e moras antes de ir ao leito.

Prat, Àngels, *O robot internot*, trad. Xoán Babarro, ilust. Fina Rifà, Barcelona: Editorial Combel/Esin/Casals, col. Cabaliño alado, serie Galope (6 anos para diante), febreiro 2000, 21 pp. (ISBN: 84-7864-480-6).

Ante a desorde coa que os pais se atopan cando chegan á casa, deciden encargar un canguro robot por internet para coidar dos seus fillos. Ao pouco tempo, Internot, que era un robot cargado de sentimentos, pide un can robot e este, á súa vez, un gato robot, que tamén solicita ratiños robots. Esta historia, con texto de Àngels Prat e ilustracións de Fina Rifà (Palma de Mallorca, 1939), remata felizmente, pois os pais están todos traquilos porque cando chegan á casa todo está coma unha seda.

Rossetti, Ana, *Un baúl cheo de piratas* (orixinal, 1997), trad. Xosé Antón Palacio, ilust. Alfonso Gómez, Madrid/Vigo: Alfaguara/Obradoiro, col. Infantil, serie amarela (a partir de 6 anos), 2000, 64 pp. (ISBN: 84-8224-341-1).

Suso, Cris, Toño, Gabi e Manu “Manualidades” son os integrantes dunha divertida panda que, fartos de xogar sempre ao mesmo xogo, deciden subir ao faiado da súa casa e converterse en piratas. Para iso recorren aos trastos que alí atopan e a través da súa imaxinación transládanse aos mares do sur en busca do tesouro. Pero a aventura non será fácil pois teñen que enfrontarse co temíbel capitán Bengalí. Finalmente a serea nai, a raíña do Mar Oceano, e a súa filla serán as encargadas de salvalos e regresalos ao baúl no que en realidade tivo lugar toda a aventura. Este relato de Ana Rossetti (Cádiz, 1950) ten como trazos fundamentais o predominio do diálogo entre os protagonistas e o humor, presente en toda a narración. As ilustracións en branco e negro de Alfonso Gómez veñen caracterizadas por liñas estilísticas que axudan a crear provocan dinamismo e humor á aventura proposta nos textos.

Sánchez, Mireia, *Na area* (84-7864-438-5)/*No caixón* (84-7864-440-7)/*No chan* (84-7864-437-7)/*Na árbore* (84-7864-439-3), trad. Xoán Babarro, ilust. Pau Estrada, Barcelona: Ed. Combel/Esín/Casals, col. Cabaliño alado, serie Paso, setembro 2000, 23 pp.

Mireia Sánchez e Pau Estrada ofrecen catro volumes dirixidos aos primeiros lectores con grandes ilustracións, que ocupan páxinas enteiras e alternativas, e moi pouco texto. En *Na area*, cita o caldeiro, a praia, as toallas, a pa, os parasoles, o sol e as présas para poñerse a cuberto cando se pon a chover. En *No caixón* alude á nena, ao moble, á caixa, ao bombón, aos bigotes, ao papel, ao peto, á bata e á mamá que lle berra á nena por mancharse a roupa cun bombón de chocolate. En *No chan*, fala dunha casa, árbores, unha cidade e un coche a control remoto que destrúe a pequena cidade de xoguete. Por último, *Na árbore* narra a historia duns rapaces que xogan á pelota nun parque e salvan a un pequeno gatiño que está subido na cima dunha árbore.

Sendak, Maurice, *Onde viven os monstros* (*Where the wild things are?*, 1963), trad. Xosé Manuel González, ilust. do autor, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Tras os montes, 2000, [37] pp. (ISBN: 84-95123-75-4).

Max é o protagonista do xa clásico relato de Maurice Sendak que se inicia o día que o rapaz quixo ser un monstro. Ese día, despois de moitas trasnadas, a súa nai castígao sen cea na súa habitación. A partir dese momento a sorpresa e a imaxinación irrompen na súa vida pois o seu cuarto se converte nun fermoso bosque que pouco a pouco se volve un mundo no que xorde un océano cun barco para el. A través da navegación chegará ao lugar onde viven os monstros e será nomeado o rei de todos eles, pero a soidade e a falta de afecto fai que Max recapacite e decida volver ao seu cuarto. O volume preséntase en formato álbum e os textos están acompañados polas expresivas ilustracións a toda cor.

Recensións:

- Luz Gallego, “¿Onde viven os montruos?”, *Diario de Pontevedra*, “Revista”, 13 agosto 2000, p. 10.

Preséntase esta obra como a primeira traducción dun álbum ilustrado “en cartoné e a toda cor”, realizada por Kalandraka. Despois de afirmar que se trata dunha das obras infantís máis destacadas do século XX, coméntase a importancia da ilustración, que neste caso “é a extensión do texto, para que os nenos entendan mellor as palabras que aparecen impresas”. Resúmese o argumento do libro e descríbese a traxectoria do seu autor, Maurice Sendak, dentro da literatura infantil e xuvenil: volumes propios, colaboracións con outros autores, galardóns recibidos, etc. Recóllese tamén a opinión da crítica Yolanda Reyes, segundo a cal este autor é “o primeiro artista en tratar abertamente nas súas obras os sentimentos dos nenos máis cativos”, aínda que non evitou a polémica “polo seu tratamento nada exemplarizante dos nenos e das ‘cousas salvaxes”.

- M. Blanco Rivas, “Viaxe ao país onde viven os monstros”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 190, 30 decembro 2000, p. 2.

Trátase, segundo el, dunha “das máis importantes obras da literatura infantil deste século”, como o demostra o feito de ser traducida a máis de 15 linguas. Salienta o xogo no tamaño das ilustracións, que varían en paralelo coa aventura e que procuran unha atmosfera de tensión. Sobre o autor, destaca que produciu máis de oitenta libros infantís, polo que é chamado o “Picasso dos libros para nenos”, os premios que recibiu e a renovación que supuxo para o xénero.

Shelley, Mary, *Frankenstein ou o moderno prometeo*, trad. Fernando R. Tato Plaza, Vigo: Galaxia, col. Costa Oeste, nº 27, 2000, 265 pp. (ISBN: 84-8288-343-7).

Primeira traducción ao galego deste clásico da literatura universal baseada na súa terceira edición, que contén todas as revisións finais de Mary Shelley (Londres, 1747-1851). Ábrese coa "Introducción da autora á edición de Standard Novels (1831)", na que, ademais de aludir a certos aspectos da súa biografía e vocación literaria, comenta cómo se orixinou esta novela de terror a partir dunha proposta de Lord Byron, que, nunha estancia en Xenebra compartida co matrimonio Shelley, suxeriu que cada un escribise unha historia de pantasmas. A seguir, recóllese o "Prefacio" da autora para a primeira edición de 1818, no que xa se refería á orixe desta ficción e ao suceso que nela se narra. O texto literario propiamente dito inicíase con catro cartas enviadas no século XVIII por R. Walton, que dirixía unha expedición de descuberta cara ao Polo Norte, á súa irmá. Nelas dálle conta da aparición dun home a piques de perder a vida, que lle desexa relatar os seus desastres para que tire unha ensinanza que poida dirixilo no caso de conseguir o éxito da súa empresa ou consolalo se chega a fracasar. Así, ao longo de vintetrés capítulos, Víctor Frankestein vai relatando en primeira persoa a xénese da súa familia xenebrina e a súa marcha para a Universidade de Ingolstadt, onde a filosofía natural e a química se converteron na súa ocupación case exclusiva e o levaron a pretender infundirlle vida a un corpo inanimado. Conseguido o seu propósito, tamén comezaría a súa destrucción, pois o resultado foi a creación dun horroroso monstro, que, sentíndose rexeitado pola humanidade, lle esixe ao seu creador que lle dea unha femia semellante a el coa que poida vivir e trocar os seus sentimentos. Pese a que Frankestein quixo cumprir a petición, a razón levouno a non facelo, o que provocou que o

monstro o perseguise e fose o autor da morte dos seus seres máis queridos e da del mesmo. Finalmente e seguindo unha estructura cíclica, as cartas de R. Walton pechan esta historia.

Recensións:

-M. Blanco Rivas, “O vello mito do home creador de vida”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 150, 25 marzo 2000, p. 4.

Ofrécese un resumo argumental da obra da británica Mary Shelley, *Frankenstein ou o moderno Prometeo*, verquida ao galego por Fernando R. Tato Plaza e publicada na colección “Costa Oeste”, de Galaxia. Dáse un breve perfil biográfico da autora e cítanse algunhas das súas obras como *Valperga*, *O derradeiro home* ou os numerosos libros de viaxes. A continuación, alúdese á xénese da obra, publicada por primeira vez no ano 1818, cando Mary Shelley tiña só vinte anos. Para rematar, afírmase que *Frankenstein ou o moderno Prometeo* é unha obra de terror, inspirada no “vello mito do home creador de vida, que se pode rastrexar ao longo da historia”.

- Estro Montaña, “Un clásico do xénero”, *Guía dos libros novos*, nº 17, “narrativa”, abril 2000, p. 23.

Describe a estructura, catro cartas, empregadas como elemento que contribúe a unha maior verosimilute do argumento, e vintecatro pequenos capítulos. A trama argumental, historia dun monstro creado a partir de varios anacos de cadáveres roubados nos cemiterios, e a voz narrativa, un narrador en primeira persoa, de *Frankenstein ou o mederno Prometeu*, obra da escritora inglesa Mary Shelley, autora así mesmo de *Valperga* ou *O derradeiro home* ademais de libros de viaxes e o seu epistolario, traducida ao galego por Ferdando Tato Praza e que constitúe un clásico do xénero de terror e de medo.

-Carmen Blanco, “Levar lume e sentir sol”, *Tempos Novos*, nº 39, “Entregas Culturais”, agosto 2000, pp. 50 51.

Dáse conta dalgúns libros de mulleres que falan sobre o mundo das mulleres e que se publican “nas linguas que nos resultan máis accesibles e próximas”. A primeira obra mencionada é *Solas* de Carmen Alborch, en castelán. As outras dúas están en galego, a primeira é a traducción feita por Fernando Tato do texto de Mary Shelley *Frankenstein ou o Prometeo moderno*; e por último aparece o poemario de Olga Novo *A teta sobre o sol. Letras da cal*, “reeditado no último ano do século”. Tanto a obra de Shelley como a de Novo naceron “dun soño real que leva todos os lumes utópicos da memoria dos praceres, contra todas as relixións e contra todas as metafísicas interesadas”.

Referencias varias:

- X. C., “Frankenstein”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 16, 3 marzo 2000, p. 4.

Faise eco da saída ao mercado da traducción do clásico da literatura romántica, *Frankenstein ou o moderno Prometeo*, da escritora Mary Shelley, verquido ao galego por Fernando R. Tato Plaza. Afírmase que os editores tiveron o acerto de incluír a introducción escrita pola autora para a edición de 1831, na que se explica a orixe da historia. A seguir, ofrécense algúns datos biográficos da autora.

Tolkien, J. R. R., *O hobbit* (*The hobbit*), Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, nº 41, 2000, 339 pp. (ISBN: 84-8302-495-0).

Primeira traducción ao galego do clásico de J. R. R. Tolkien (1892-1973), estructurada en dezanove capítulos titulados. A través dun narrador en terceira persoa a novela arrinca coa detallada descrición da tranquila existencia do hobbit Bilbo en terras de Aiauga, que un día se ve interrompida pola visita inesperada do mago Gandalf, que xunto con trece ananos o convencen para que os acompañe a unha longa viaxe por terras descoñecidas en dirección á Gorida de Smaug, o dragón, que tiña atemorizados e escravizados a todos os habitantes da Montaña Solitaria, para recuperar o trono que lle fora arrebatado a Thorin, un dos ananos aos que acompaña Bilbo na expedición. Durante a viaxe coñecerán distintas tribos e curiosos personaxes como Beorn, o home/oso, o Señor das Aguías ou as xentes da Cidade do Lago, que se converten ao seu paso en aliados para superar unha infinidade de perigos que lles saen ao camiño, como os que representan a temida presencia dos Trolls, arañas xigantes, lobos, trasnos, ou Gollum, un ser viscoso e carnívoro, que ameaza con convertelos no seu alimento. Tras un ano de longa aventura resolta con éxito, Bilbo e Gandalf retornan a súa casa e o protagonista retoma a súa apacíbel vida no Outeiro, pero xa nunca será o mesmo.

Recensións:

-José Miguel A. Giráldez, “O Hobbit de Tolkien xa fala en galego”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 14 maio 2000, pp. 6-7.

Reproducción de varios fragmentos dunha conferencia lida en outubro de 1987 co gallo da celebración do cincuentenario da publicación da obra de R. R. Tolkien, *O Hobbit.* A seguir, inclúense unhas palabras de Ronald Reuel Tolkien nas que se describe a si mesmo: “Eu, en efecto, son un hobbit. En todo menos no tamaño. Gústanme os xardíns, as árbores, o campo sen mecanizar, fumo en cachimba e desfruto dunha boa comida caseira”. A continuación, afírmase que a mitoloxía é clave no autor sudafricano e remata cunha alusión á traducción da obra que Moisés R. Barcia acaba de publicar na colección “Fóra de Xogo”, de Edicións Xerais de Galicia.

- Estro Montaña, “Un universo fabuloso”, *Guía dos libros novos*, “Narrativa”, xullo-agosto 2000, p. 23.

Primeiramente, márcase a diferencia existente entre a literatura fantástica e a literatura marabillosa. A continuación, coméntase a trama deste volume protagonizado por Bilbo Banggins e polo mago Gandalf, personaxes que tentan recuperar un tesouro roubado. Asemade, faise referencia a algúns dos datos da vida e da obra de J. R. R. Tolkien. Por último, sinálase a importancia que ten o mundo imaxinario para os adultos.

Turrier, Fabrice, *Pirracas e as patacas* (*Gilbert et les pommes de terre*, 1997), trad. Marisa Núñez, ilust. do autor, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Demademora, 2000, [23 pp.]. (ISBN: 84-95123-81-9).

En formato álbum preséntase un conto rimado, de Fabrice Turrier, no que se conta, por medio de versos libres, cómo Pirracas avisa aos campesinos da presencia, na finca do seu tío, duns estraños exemplares de patacas con sombreiros e ve cómo devoran a totalidade das patacas sen pensar nun futuro próximo. Gracias á previsión de Pirracas, ao gardar un dos tubérculos, a xente do pobo pode reprantar patacas para o vindeiro ano. O breve texto que acompaña ós debuxos polícromos, de Marisa Núñez xoga con diferentes sombras para as letras e vai alternando diferentes tamaños, cores e direccións.

Ugidos, Silvia, *Meu pai é ama de casa* (*Mio padre ye ama de casa*), trad. Xesús Carballido Soliño, ilust. Mikel Valverde, Vigo: Galaxia/Editores Asociados, col. ¿E que? (a partir dos 8 anos), 2000, 31 pp. (ISBN: 84-8288-374-7).

Neste relato de Silvia Ugidos con ilustracións de Mikel Valverde (Vitoria-Álava, 1966), a protagonista conta o que lle pasou un día cando no colexio presentou unha narración titulada “O traballo de papá”, o balbordo que se armou cando dixo que era “ama de casa” e cómo ao final as burlas se converteron en admiración e desexos de coñecer o pai da protagonista, feito co que remata o relato.

Velthuijs, Max, *Ra e Pato* (*Frog and Duck*, 1999) (ISBN: 84-8302-421-7)/*Ra e Porco* (*Frog and Pig*, 1999) (ISBN: 84-8302-422-5)., trad. María Reimóndez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2000, [14 pp.].

Colección de álbums de pastas e páxinas duras, con escaso texto e moita ilustración, que presentan a Ra e os seus amigos, personaxes que aparecen en varias obras infantís do artista Max Velthuijs. En *Ra e pato* os dous personaxes andan de paseo e para se divertir planean nadar, navegar coma un barco subidos un no outro, ser cabalo e xinete, ir para a casa porque chove, e ir durmir xuntos. En *Ra e porco* estes dous amigos tras apañar as mazás, deciden bailar, xogar ao fútbol, mergullarse coma os peixes, voar unha cometa, xogar ás agachadas e facer filloas de mazá para a merenda.

Voltz, Christian, *Como cada mañá* (*Comme chaque matin*, 1998), Marisa Núñez, ilust. do autor, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Demademora, 2000, [35 pp.] (ISBN: 84-95123-83-5).

Chistian Voltz, por medio da narración e as ilustracións abondosas a toda cor, fai que se conte a rutineira diaria de don Leoncio: cómo cada mañá, o protagonista ten que botarse fóra da cama a pesar do sono, poñerse o traxe e a gravata gris, sufrir os atascos matutinos, chegar tarde á oficina e soportar as miradas do xefe.

Zubizarreta, Patxi, *Magali por fin o sabe* (*Magalik badaki*, 2000), trad. Carmen Torres, ilust. Elena Odriozola, Madrid: Anaya, col. Sopa de libros, nº 12 (a partir de 6 anos), decembro 2000, 80 pp. (ISBN: 84-207-4153-1).

En sete breves capítulos, un narrador omnisciente, coa axuda dos diálogos entre os personaxes, conta cómo vai madurecendo Magali, a protagonista, que se angustia por non saber ben qué quere ser de maior e por non saber moi ben o qué quere en xeral. Feito que a fai non ser comunicativa e polo tanto preocupa á súa familia, uns pais moi ocupados polo traballo, á súa mestra e compañeiros. O cariño e comprensión da súa irmá Carlota, que vive en Nova Iorque, convértena nunha nena feliz, pois coa súa axuda consegue pasar unhas estupendas vacacións de Nadal, decidir o que quixo de regalos, o disfraz da festa e tamén o que quere ser de maior. Patxi Zubizarreta (Ordizia-Guipúzcoa, 1964) e Elena Odriozola (Donostia, 1967), con brevidade e sinxeleza, achegan unha historia, na que se fala dunha das preocupacións dos máis pequenos, o despertar á vida e á toma de decisións.

VI. A literatura infantil e xuvenil galega

VI. 2. Poesía

VI.2.1. Poetas galegos

Arias Correa, Azucena, *A casa do grilo e da chicharra*, ilust. Xulia Barros Barros, Vigo: Ir Indo, col. O Parrulo, nº 23 (primeiros lectores), 2000, 25 pp. (ISBN do volume: 84-7680-340-0) (ISBN da colección: 84-7680-041-X).

Neste conto rimado escrito por Azucena Arias Correa e Xulia Barros Barros (Arxentina, 1970), autora das ilustracións, relátase por medio de estrofas de dous e tres versos con rima asonante maioritariamente, e por medio de trazos amplificadores seguindo o esquema “Poesía é conto”, etiqueta empregada para a poesía galega por Blanca-Ana Roig, cómo foi construída a nova casa do grilo e da chicharra, segundo a historia contada polo avó Xián. Nela descríbese a axuda, segundo as habelencias de cada quen, que lles prestan a miñoca, as formigas, a couza, o piollo, a lucerna, o saltón, a abella, o cempés, a araña, a bolboreta, a xoaniña, e a mosca e a festa final, que ofrece a parella, mostrando as súas habilidades cantoras. Dende aquela, como di o avó, no agosto ou no San Xoán sempre cantarán estes animais.

Álvarez Núñez, Sabela, *Adiviñas para xogar*, ilust. Noemí López, Vigo: Ir Indo, col. O Parrulo, nº 22 (primeiros lectores), 2000, 25 pp. (ISBN do volume: 84-7680-338-9) (ISBN da Colección: 84-7680-041-X).

Sabela Álvarez Núñez (Lugo, 1954) versiona once adiviñas para que o lectorado máis novo exercite por medio de “poesía é xogo” (Blanca-Ana Roig, 2000) a súa imaxinación axudado polas ilustracións de Noemí López (Xixón, 1974), que esconde entre os seus trazos o resultado. Neste volume, os elementos da natureza, os animais máis próximos á infancia e algún vexetal son as solucións das composicións.

Babarro, Xoán, *Un circo de nubes*, ilust. Xosé Cobas, A Coruña: Everest Galicia, col. Montaña Encantada (primeiros lectores), 2000, 47 pp. (ISBN: 84-403-0406-4).

Conto rimado no que Xoán Babarro (Calvelo de Maceda, Ourense 1947), por medio dun narrador**,** relata as aventuras de corenta e sete nubes, en corenta e cinco pareados, que fan un desfile de moda, culinario, imitacións de persoeiros e artistadas en xeral nun circo que forma no ceo. As derradeiras fan complicidades co autor e ilustrador de Xosé Cobas (Logrosa-Negreira, 1953) e así pérdense entre os libros e trazos do autor ou entre as ceras e mais as tintas do ilustrador.

Recensións:

-Magdalena de Rojas, “Xoán Babarro. *Un circo de nubes*”, *Fadamorgana*, nº 6, “Novidades”, inverno 2000/2001, p. 72.

Comenta que corenta e cinco pareados que ligan nubes compoñen o elenco deste circo sobrado de artistas, no que o xefe de pista non atina na presentación da idea base do seu espectáculo. Así, puntualiza que semella buscar sinxeleza e conexión co público máis novo, aínda que non pasa dunha simple acumulación de rimas ensartadas nun feble e longo fío conductor. Por outra banda, sinala que Xosé Cobas coas súas

ilustracións consegue dotar de certa unidade o conxunto dun espectáculo que probabelmente tería gañado con algo máis de ensaio antes da súa estrea.

Babarro, Xoán, *Lobo lobo*, ilust. Suso Cubeiro, A Coruña: Everest Galicia, col. Montaña Encantada (a partir de 6 anos), 2000, 57 pp. (ISBN: 84-403-0405-6).

Relato rimado, baseado en textos populares no que se conta a vida dun lobo, que farto de comer animais sae do seu tobo en busca dun neno ou unha nena para merendar. O seu primeiro intento é na casa de Carapuchiña, pero ela bótao de alí con ton moi ameazante e valente. O lobo, inténtao despois cunha vaca, que tamén é quen de escorrentalo cos seus cornos. Finalmente o lobo recoñece que sae no conto para meter medo. O libro péchase con dous textos poéticos de Xoán Babarro (Calvelo de Maceda, Ourense, 1947) e Suso Cubeiro (A Coruña, 1954), nos que o autor do texto fala do seu gusto polos contos de medo e o iustrador poetiza sobre o seu gusto polas cores e polo debuxo.

Blanco, Concha, *A casa de cartón*, ilust. Ánxeles Ferrer, A Coruña: Everest Galicia, col. Montaña Encantada (a partir de 6 anos), outubro 2000, 55 pp. (ISBN: 84-403-0411-0).

Entrega poética de Concha Blanco (Lires, Cee, 1950) ilustrada por Ánxeles Ferrer (Valdeorras-Ourense, 1957) na que se narra como Adela, unha nena á que lle medraron os pés e non lle serven os seus zapatiños de charón, decide regalalos e coa caixa de cartón facer unha casa que aluga a algúns animaliños. O primeiro que se presenta é un grilo ao que lle gusta moito, malia que non ten un balcón para cantar, polo que entre Adela e o grilo fan un balcón con xeranios. Rematado este, aparece un vagalume que é convidado a vivir na casa co grilo pero considera moi importante que esta teña cheminea, polo que os tres traballan en amañarlle unha. A partir de aquí a casa de cartón vermello vai ser o fogar de moitos animaliños pequenos que ou ben foxen do frío ou doutros grandes que lles poñen medo.

Fernández Martínez, Ana María, *Tres voltas ó planeta*, ilust. Enjamio, A Coruña: Everest Galicia, col. Montaña encantada (a partir de 8 anos), 2000, 77 pp. (ISBN: 84-403-0403-X).

Este volume de Ana María Fernández (Palma de Mallorca, 1949) está composto por doce capítulos protagonizados por un pequeno libro que, canso da súa aburrida vida no andel dunha biblioteca, decide fuxir en busca de aventuras por diferentes lugares que se presentan a través das estrofas nas que combina versos de estilo tradicional, nos que están presentes todas as carácterísticas desta tendencia: paralelismos, repeticións e rimas asoantes de verso curto, con estructuras máis innovadoras nas que fai uso de versos longos de rima libre. Trátase dun exercicio literario no que cada capítulo se introduce cun texto en prosa no que se relatan as andainas deste conto que se presenta con trazos humanizados. As viaxes do protagonistas teñen lugar tanto en espacios realistas: o mar, a lúa, a terra como imaxinarios: o País da Fantasía, os desexos ou o medo. O remate o contiño volve á súa biblioteca con moito máis material para poder contar. As ilustracións, realizadas por Enjamio (La Habana, 1952), suxiren a través de pequenos debuxos de gran intensidade cromática os diferentes elementos que forman parte da viaxe do libro protagonista.

Recensións:

- María Jesús Fernández, “Ana Mª Fernández. *Tres voltas ó planeta*”, *Fadamorgana*, nº 6, “Novidades”, inverno 2000/2001, p. 74.

Describe o contido deste volume e recomenda a súa lectura, ademais de salientar a axeitada elección dos temas e a calidade e diversidade de recursos expresivos que ultiliza Ana Mª Fernández. Asemade, comenta que sen descoidar a característica fundamental de “xoguete lingüístico” que debe ter a poesía para estas primeiras idades, buscando sempre a musicalidade e o ritmo, a beleza e a sorpresa de expresión, a autora ensaia con éxito estrofas diferentes, combina gran variedade de recursos de todo tipo e emprega unha linguaxe rica e expresiva que non infantiliza aos destinatarios. Tamén cualifica de fermosas as ilustracións de Enjamio.

Ferrer, Ánxeles, *Os señores meses*, ilust. da Autora, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merliño, outubro 2000, [32 pp.], (ISBN: 84-8302-572-8).

A partir da humanización dos meses do ano, que se presentan como doce amigos moi unidos, pero ben distintos, Ánxeles Ferrer (Valdeorras-Ourense, 1957) describe un por un cada un dos meses apoiándose en sinxelos textos rimados moi influenciados pola poesía tradicional e ilustracións realizadas pola propia autora. É fundamental a presencia da natureza que percorre os seus ciclos en cada unha das épocas do ano, o mar, o vento, o ceo, a lúa ou o sol que se manifestan metaforizados a través de imaxes humanizadas.

Recensións:

- Magdalena de Rojas, "Ánxeles Ferrer. *Os señores meses*", *Fadamorgana*, nº 6, "Novidades", inverno 2000/2001, p. 73.

Comenta que se trata dun texto rimado sobre un escenario de acuarela, onde os señores meses cobran figura humana para nos mostrar os seus correspondentes fenómenos metereolóxicos e lóxicos cambios da

paisaxe, reflectidos nuns fondos con texturas delicadas, suxestivas e amábeis. Puntualiza que este traballo estaría ben para un calendario.

García López, Xoán A., *Ameixa fina e Patexo. Conto infantil*, ilust. Cris García, Neda-A Coruña: ed. de autor, 2000, 19 pp. (D. L.: 1657/2000).

Neste conto rimado de Xoán García López (Barallobre-Fene, 1942), no que por veces se intercalan os diálogos dos personaxes, preséntase a historia dunha ameixa fachendosa chamada Fina, que estaba namorada do cangrexo Patexo, con que remata casando e tendo moitos fillos. As ilustracións en branco e negro da autoría de Cris García danlle imaxe a todos aqueles animais mariños humanizados, que son protagonistas desta historia.

García Teijeiro, Antonio, *O que ven os ollos dos nenos*, ilust. Fino Lorenzo, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, decembro 2000, 73 pp. (ISBN: 84-8302-598-1).

Nova achega poética de Antonio García Teijeiro (Vigo, 1954) que se afasta formalmente das estructuras máis habituais do autor, marcadas polo gusto da lírica popular, para dar paso a unha nova proposta na que os textos están caracterizados polo verso longo, a rima libre, a narratividade en ocasión moi próximos á prosa poética. Nesta ocasión un neno e unha nena, son os protagonistas das vivencias e as impresións que unha voz en terceira persoa se encarga de describir, que veñen caracterizadas pola presencia do amor, a esperanza, a natureza, a fanstasía pero tamén pola reivindicación da paz e e a denuncia das guerras e da maldade. As ilustracións, a cargo de Fino Lorenzo (Baiona, 1963), apoian graficamente os contidos dos textos. O libro, marcado polo ton melancólico da voz poética, remata co capítulo “Dúas palabras sobre o autor” no que se ofrecen algúns trazos da súa personalidade e se dá conta dalgunhas publicacións. Ademais, o autor indica os textos que se constrúen como homenaxe a diversas figuras literarias como Iglesia Alvariño, Noriega Varela, Rafael Alberti, García Lorca e en especial a Castelao, de quen o autor tomou o título.

García Teijeiro, Antonio, *Palabras envoltas en cancións*, ilust. Xosé Cobas, Vigo: Galaxia, col. Sete mares, nº 7, abril 2000, 92 pp. (ISBN:84-453-2632-5).

Nova entrega poética de Antonio García Teijeiro (Vigo, 1952) que concibe como unha homenaxe a diversos grupos míticos como Beatles, Rolling Stones, Doors, Queen ou Oasis, intérpretes de culto e longa influencia como Bob Marley, Bob Dylan, Lou Reed ou David Bowie ou a máis recente Alanis Morissette. As vinte composicións constrúense sempre a partir de fragmentos de cancións escollidas polo creador, que se converten na fonte de inspiración da voz lírica ao longo dos apartados nos que estructura o volume no que alterna poemas con textos de prosa poética. Os poemas, como xa é habitual neste autor, insírense na liña tradicional con influencia da poesía popular e formalmente trátase de versos de curta extensión cun ritmo marcado pola reiteración e pola presencia de estructuras paralelísticas. Consegue así unha comunicación entre a linguaxe musical e a poética onde se fusionan as referencias textuais destes autores con imaxes máis próximas á poesía tradicional galega, sen esquecer temas universais como o amor ou a amizade. En canto aos textos en prosa, que engade sempre a continuación de cada poema, son breves historias construídas a partir dunha voz en terceira persoa nas que se transmiten diversas sensacións e sentimentos de dous personaxes adolescentes ante a presencia de imaxes e referencias amorosas, así como a reivindicación da paz ou a rebeldía propia da adolescencia que se reflicte a través dunha linguaxe simbólica cargada de metáforas en ocasións cercanas ao surrealismo. Canto as ilustracións, da man de Xosé Cobas (Logrosa-Negreira, A Coruña, 1953), realizadas en branco e negro defínense polo seu carácter abstracto de liñas que suxiren o contido dos textos.

Recensións:

-María Jesús Fernández, “Antonio García Teijeiro. *Palabras envoltas en cancións*”, *Fadamorgana*, nº 5, “Novidades”, outono 2000, p. 78.

Sinala que con este volume Antonio García Teijeiro realízalles a súa particular homenaxe a intérpretes e grupos musicais de importancia nas últimas décadas. Describe a súa estructura e salienta que nos seus escritos, tanto a “voz poética” coma os protagonistas das pequenas historias son mozos que mostran sentimentos íntimos ante os descubrimentos da vida. A seguir, comenta que o lirismo dos seus textos se apoia nunha linguaxe de alto contido poético, cun forte compoñente simbólico, no que aparecen referencias aos elementos do mundo rural. Tamén puntualiza que, no caso dos poemas, utiliza expresivos e variados recursos fonéticos e diferentes estrofas, que crean unhas composicións de gran musicalidade e ritmo moi marcado. Por outra banda, apunta que Xosé Cobas resolve con éxito a díficil empresa de pór imaxes ás composicións poéticas, amosando sutiles debuxos, que participan do espírito metafórico e suxestivo destas palabras.

Referencias varias:

- Francisco Castro, “Palabras envoltas en cancións”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 1 xuño 2000, p. 10.

Informa da presentación deste poemario de Antonio García Teijeiro a cargo de Xosé Antonio Neira Cruz e Frank Meyer, aos que considera “traballadores da palabra e da cultura galega”. Salienta a obra do poeta vigués por “levar a poesía ós máis cativos” e por entender que este é un xénero moi axeitado para que se introduzan na lectura.

- F. J. Gil, “La música como pretexto para la poesía”, *Faro de Vigo*, *“El Sábado*, 10 xuño 2000, p. 2.

Despois de lembrar unha anécdota referida á colección de música de Antonio García Teijeiro, o articulista salienta *Palabras envoltas en cancións* por ter a música como esencia e por estar moi influído por esta arte, pero “el préstamo, sin embargo es mínimo (...) la poesía de cada una de las piezas del libro es totalmente suya, como siempre”.

Miranda, Xosé, *O coello Federico e os morodos*, ilust. Roberto Yepes, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merliño, 2000, [22 pp.]. (ISBN: 84-8302-571-X).

Conto rimado de Xosé Miranda (Lugo, 1955), no que, por medio de versos libres e rima e ritmos internos, con ilustracións a toda cor de Roberto Yepes, cóntase no que se conta o que lle aconteceu ao coello Federico que farto de comer cenorias e leitugas cae enfermo ao comer demasiados morodos vermellos. Unha vez que se recupera da indixestión e descobre que os seus curmáns comeran case todos os froitos argalla a súa vinganza.

Recensións:

-Magdalena de Rojas, “Xosé Miranda. *O coello Federico*”, *Fadamorgana*, nº 6, “Novidades”, inverno 2000/2001, p. 73.

Sinala que neste texto rimado de Xosé Miranda se relata a indixestión que provoca no coello Federico a fartura de morodos, dos que non convén abusar polo pesados que caen no estómago. A seguir, puntualiza que algo similar ocorre coas rimas nos contos para pequenos cando cargan o texto co peso innecesario de estructuras forzadas ou de empachosa uniformidade nas terminacións de cada liña. Tamén comenta que

esta historia conclúe cunha serie de coellos seguindo unha estricta dieta, solución que, na súa opinión, non iría mal para alixeirar este texto do peso dalgunha das rimas.

Pérez Pintos, Irene, *Ire*, ilust. Juan Rivas Fernández, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Demademora, abril 2000, [28 pp.]. (ISBN: 84-95123-89-4).

Esta obra de Irene Pérez Pintos, elaborada a partir de sinxelas estrofas agrupadas en catro versos que riman dous a dous en asonancia, desenvolve unha historia encadeada que se basea no desexo de Ire de ter un gato con trazos de can. Confusión que a súa nai lle aclara coa fórmula introductoria “Pero súa nai dille”. Esta estructura repítese ao longo de todos os versos polos que pasan diversos animais coma o can, a vaca, o paxaro ou o elefante e está axudada por grandes ilustracións realizadas por Juan Rivas Fernández.

Villar, Miro, *Carlota, a marmota*, XXIXº Concurso nacional de Contos infantís O Facho 1998, ilust. Enjamio, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merliño, outubro 2000, [32 pp.]. (ISBN: 84-8302-570-1).

Volume en formato álbum no que se conta a historia de Carlota, unha marmota que padece insomnio e decide pedir consello aos diferentes animais do seu contorno. Así, a osa Rosa, o leirón Ramón ou o castor daranlle variados remedios para que consiga conciliar o sono. Ao final e case por casualidade é o Esquío Uxío quen dará coa solución. Formalmente o volume está composto por estrofas de sete versos nos que a súa disposición é sempre idéntica ao longo do relato. As ilustracións a cargo de Luis Castro Enjamio (La Habana, 1962) acompañan este relato de Miro Villar (Cee, 1965) e ofrecen ao lector unha suxestiva interpretación dos personaxes e acontecementos que se dan cita no texto.

Recensións:

Magdalena de Rojas, “Miro Villar. *Carlota, a marmota*”, *Fadamorgana*, nº 6, “Novidades”, inverno 2000/2001, 72.

Comenta que a historia desta marmota chamada Carlota se presenta en formato de álbum a toda cor como un dos primeiros títulos da colección “Merliño”, que xorde coa pretensión de atender as necesidades dos primeiros lectores. Subliña que o resultado do traballo de Miro Villar é expresividade e sinxeleza nun conto con rimas perfectas que soan naturais no oído e afectan aos cinco sentidos. Tamén se refire ao labor de Enjamio, que interpreta o texto nunhas delicadas ilustracións nas que verque ese seu mundo particular amosando os protagonistas con elementos que suxiren todo un pasado ou futuro fóra da historia.

VI. A literatura infantil e xuvenil galega

VI.2. Poesía

VI.2.2. Reedicións

Vidal Martínez, Aurora, *Poemas de nenos e paxariños*, ed. Luís Alonso Girgado e Natalia Regueiro, Santiago de Compostela: Librería Follas Novas, col. Libros da Frouma, nº 9, xuño 2000, 75 pp. (ISBN: 84-85385-38-1).

O volume ábrese cun limiar que os propios editores estructuran en tres capítulos. No primeiro deles faise un percorrido biobibliográfico de Aurora Vidal Martínez (Pontevedra, 1911), no que se ofrecen datos da súa orixe, así como da súa carreira intelectual da que se pon de relevo o seu labor como escritora, colaboradora en diversos xornais da época como *Vida Gallega* ou *Sonata Gallega,* e como dramaturga e escenógrafa. A seguir, céntranse na súa faceta como poeta e dan conta da súa producción tanto galega coma castelá. No seguinte capítulo analizan polo miúdo os trazos fundamentais que caracterizan os poemas que conforman o volume, dos que salientan o paisaxismo presente en todos eles no que evidencian a influencia hilozoísta de Amado Carballo. O limiar péchase cun breve capítulo no que sinalan os criterios seguidos para a edición. O libro editado por primeira vez en 1958 confórmano vintetrés poemas precedidos por un breve prólogo de Faustino Rey Romero, que gaba a calidade dos versos, caracterizados formalmente pola brevidade de extensión nos que son frecuentes os octosílabos. Trátase dunha sucesión de estampas nas que o eixo común son os paxaros e os nenos situados nunha paisaxe rural na que están presentes a natureza e os seus elementos (o ceo, as nubes, a chuvia, etc). poetizados en escenas de carácter cotiá nos que é evidente a influencia da lírica popular.

Referencias varias:

- Armando Requeixo, “Aurora Vidal”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 38, 20 agosto 2000, p. 15.

Destaca esta reedición por dar a coñecer “un notable precedente da exitosa producción literaria infantil e xuvenil existente na actualidade”. Salienta o traballo de Luis Alonso Girgado e Natalia Regueiro ao editar pulcramente os poemas e ao ofrecer un estudio introductorio que achega as claves interpretativas de *Poemas de nenos e paxariños*.

- Marcos Valcárcel, “Poemas de Aurora Vidal”, *La Región*, “Libros galegos”, 12 setembro 2000, p. 60.

Fai referencia a Xoán Vidal Martínez como destacado intelectual pontevedrés e confesa o descoñecemento da condición de poeta da súa irmá, feito que descobre a partir desta reedición a cargo da librería Follas Novas realizada por Luís Alonso Girgado. Comenta brevemente o prólogo de Rey Romero así como o estudio introductorio de Luís Alonso Girgado, a partir dos cales cita as posíbeis influencias que se poden atopar no seu poemario, como son o hilozoísmo, de Amado Carballo ou aos *Oriolos neneiros,* de Pura Vázquez.

Xavier Castro R., “Uns versos populares”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 44, 1 outubro 2000, 8.

Noticia da reedición de *Poemas de nenos e paxariños* (1958), de Ana Vidal, editado por Luis Alonso e Natalia Regueiro, con acuarelas de Paula Paradela e Marcial Pantín Folgar. Informa tamén da reproducción neste volume do breve prólogo que para esta obra escribira Faustino Rey Romero e salienta o “intimismo marcado pola tristura e por un certo ton melancólico” do poemario.

VI. A literatura infantil e xuvenil galega

VI.2. Poesía

VI.2.3. Antoloxías

Ruíz Ibáñez, Celia (ed.), *Antoloxía da Poesía Galega para nenos*, prólogo de Celia Ruíz Ibáñez, ilust. Xan López Domínguez, Madrid: Susaeta Ediciones, 2000, 173 pp. (ISBN: 84-305-9731-X).

Volume de gran formato e pastas duras que se abre cunha breve presentación de Celia Ruíz Ibáñez na que exalta a Galicia como terra de poetas e salienta como criterios fudamentais da selección das obras a musicalidade dos textos elixidos así como o sentimento poético. A seguir enuméranse os nove poetas incluídos no volume, dos que ofrece unhas breves notas nas que sinala en moi poucas palabras as claves poéticas de cada un deles. Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez, Antonio Noriega Varela, Ramón Cabanillas, Federico García Lorca, Luís Amado Carballo, Aquilino Iglesia Alvariño, Álvaro Cunqueiro e Celso Emilio Ferreiro son as figuras escollidas para esta escolma que vén acompañada cos debuxos a toda páxina de Xan López Domínguez (Lugo, 1958). O libro péchase coa traducción dos textos ao castelán e cunha serie de índices nos que se recolle por orde alfabética os textos seleccionados, o “índice de procedencia das poesías e data de publicación” e un pequeno “vocabulario normativo”.

VI. A literatura infantil e xuvenil galega

VI. 3. Teatro

VI.3.1. Dramaturgos galegos

Calo Iglesias, *Grandullón e o Xigante Abusón e outras pezas de Teatro Infantil Ecopacifista*, prólogo de Henrique Harguindey Banet, ilust. Fausto C. Isorna, Noia: Editorial Toxosoutos/Seminario Galego de Educación para a Paz, xaneiro 2000, 128 pp. (ISBN: 84-89129-88-6).

Preséntase neste volume de Calo Iglesias (Xixón, 1934) dez pezas de teatro infantil –"Grandullón, o Xigante Abusón, "Os gatos do 0,7", "O hipopótamo Zambudio", "A bomba e o xeneral", "Os problemas de Dona Gramática", "A estrela máis brillante", "Puchiño vermello", "O nariz que escapou", "Entagarañados", "Santiago Matamouros e Santiago Romeiro"–, acompañadas das ilustracións de Fausto Isorna (Catoira, 1961). Todas elas teñen en común a defensa de temas e valores como a solidariedade, a cooperación, o diálogo, a paz, a tolerancia ou a defensa da natureza. Trátase de pezas breves, de estructura sinxela, apoiadas fundamentalmente no humor, por veces próximo ao absurdo e ao nonsense, cunha presencia importante dos elementos musicais, dos xogos coa lingua e da participación do público e que, nalgún caso, integran textos poéticos. No prólogo Henrique Harguindey destaca o labor comprometido do autor a prol da paz e a súa contribución ao teatro infantil galego tan falto de pezas breves para representar. Algunhas delas son adaptacións de textos doutros autores como "A bomba e o xeneral", adaptación dun conto de Eugenio Carmi e Umberto Eco e "O nariz que escapou", versión libre dunha Fantasía de Gianni Rodari, mentres que "O hipopótamo Zambudio" supón a adaptación teatral dun conto pertencente a *Setemorros e outros contos* (1997), do propio Calo Iglesias e a peza que pecha o libro leva a indicación de que se trata dun texto para ser lido.

Recensións:

Noemí Pazó, “Calo Iglesias. *Grandullón, o xigante abusón*”, *Fadamorgana*, nº 5, “Novidades”, outono 2000, 75.

Faise eco da aparición deste volume de dez “peciñas” de teatro infantil, que teñen en común temas e valores como os da solidariedade, a cooperación ou a defensa da natureza. Deste modo, a través dos seus personaxes, transmiten valores fundamentais apoiándose no humor e nunha estructura sinxela que as fai moi doadas de levar á escena ou á lectura dramatizada. Finalmente, puntualiza que ese afán didáctico fai, por veces, que a calidade literaria das pezas se resinta.

Fernández, Ana Mª , *Tres risas e unha voda*, ilust. Manolo Uhía, A Coruña: Everest Galicia, col. Montaña encantada (a partir de 8 anos), verán 2000, 146 pp. (ISBN: 84-403-0407-2).

Contén este volume de Ana Mª Fernández (Palma de Mallorca, 1949) catro pezas teatrais ilustradas por Manolo Uhía (Portonovo-Pontevedra, 1944). En “O regalo da bruxa” represéntase en catro actos os problemas da bruxa Garatuxa para se desfacer dun molesto reloxo sen que se entere Madalena, a madriña das bruxas, que foi a que llo regalou. Consegue finalmente facer un encantamento que pare o tempo pero tanto o corvo coma o resto de personaxes, o gato, o ovo, a flor e o gran, afectados por este feito, logran co seu enxeño que o reloxo volva ao seu sitio e á súa función habitual. En “Os inventos noxentos” represéntase en dous actos a inutilidade dos inventos dos homes no mundo dos animais malia a insistencia do raposo que quere convencelos da súa rendibilidade. En “Sen ouro nin prata nin rabo de gata” cóntase a historia dun coello que desexa facer a súa casa a pesar de que non ten cartos e de que nin o galo telleiro, nin o sapoconcho fontaneiro, nin o vagalume electricista queren traballar ao fiado, mais o campo de trigo, o río e o sol préstanse a axudalo. A cuarta das pezas, “Dondulina”, que está escrita en verso e dividida en oito actos, transcorre no fondo do mar, onde vive Dondulina, unha onda de gran beleza a quen a fada Baleosa desexa casar para que así poida protexer o océano da contaminación. Dondulina marcha de viaxe na procura dun home e volve namorada dun pescador pero as forzas do mal intentan impedir os seus propósitos ata que a axuda do sol restablece a felicidade.

López Domínguez, Xan, *A princesa e o dragón*, ilust. do autor, Barcelona: Casals, col. O Trolebús, nº 14 (primeiros lectores), decembro 2000, 79 pp. (ISBN: 84-218-2077-X).

Unha nena, narradora en primeira persoa, conduce este relato de Xan López Domínguez (Lugo, 1958). Trátase dos pormenores que un grupo de rapaces do colexio levan a cabo antes, durante e despois da representación teatral da historia da princesa e o dragón. Así dá conta dos nervios previos a saíren ao escenario e das equivocacións na representación. Estes despropósitos tinguen de humor a épica aventura dos príncipes no seu cometido de liberar a princesa das poutas do terríbel dragón.

VI. A literatura infantil e xuvenil galega

VI.3. Teatro

VI.3.2. Reedicións

Blanco Amor, Eduardo, *Romance de Micomicón e Adhelala*, adapt. Sarabela Teatro, ilust., Mila Alonso, Vigo: Editorial Galaxia, col. Sete mares, nº 9, xuño 2000, 84 pp. (ISBN: 84-8288-376-3).

Obra de teatro, de Eduardo Blanco Amor (Ourense, 1897-Vigo, 1979), publicada en castelán en A Arxentina na década dos cincuenta e por primeira vez en galego dentro do volume bilingüe *Farsas para títeres* en 1973. Adaptada pola compañía de teatro Sarabela que explican no prólogo a súa fin, o motivo das modificacións feitas ao texto orixinal e o tipo de cambios producidos: no léxico, nos personaxes e nos seus discursos. Na farsa cóntase cómo a princesa Adhelala, cautiva no Palacio Real de Trapalandia e coñecedora da orixe da maldición da familia real, consegue: romper o feitizo ao que está sometido o príncipe Micomicón, mediante a tenrura, curar a raíña da súa neurestenia e casar co príncipe herdeiro. Pecha o volume unha unidade didáctica, da ilustradora, Mila Alonso e de Elena Seijo, estructurada en tres bloques con propostas de actividades centradas: no coñecemento do xénero teatral e a expresión dramática por parte do discente, nos personaxes e no trama e nos contidos transversais presentes no texto.

Recensións:

-Noemí Pazó, “Eduardo Blanco Amor. *Romance de Micomicón e Adhelala*”, *Fadamorgana*, nº 6, “Novidades”, inverno 2000/2001, p. 75.

Sinala que esta obra xa fora editada en castelán en Arxentina na década dos 50 e que en 1973 aparecera publicada no volume bilingüe *Farsas para títeres*. A seguir, comenta que agora sae en Galaxia, baixo o filtro da compañía Sarabela, que no prólogo explica a súa proposta, o que nos permite distinguir entre o texto orixinal de Eduardo Blanco Amor e as modificacións feitas por necesidades ou criterios escénicos. Puntualiza que os cambios orixinados no texto son de tipo lingüístico, léxico, nos nomes dos personaxes e no sentido dalgúns parlamentos destes. Asemade, apunta que esta edición presenta unha unidade técnica a cargo de Mila Alonso e Elena Seijo, que pretende servir de guía para a comprensión do texto teatral e da súa dimensión espectácular.

Vázquez Dora e Pura, *Teatro completo para nenos*, Ourense: Abano Editores, col. Rula, maio 2000, 118 pp. (ISBN: 84-930757-5-2).

Esta edición do teatro dirixido aos máis novos contén as seguintes pezas: O paxaro azul, A estreliña na terra, O anel de Pirompiña, O trasno enredador e O xantar de Pura Vázquez (Ourense, 1918), A nena que ía á busca dun corazón, Don Rato busca un obreiro, Xuicio no bosque ou soñar non costa nada, Cousas da mocedade, O que se vai e o que se queda e Malpocada, a vella, de Dora Vázquez (Ourense, 1913), estas tres últimas baixo o título de *Tres cadros de teatro galego*. Trátase de pezas breves que foron aparecendo en diversos volumes conxuntos a partir de 1973. A estructura sinxela que presentan facilita a súa representación por parte do público infantil, ao que van dirixidas. Están protagonizadas, na súa maioría, por nenos e nenas que, co seu comportamento, pretenden transmitir valores como a amizade, a solidariedade e a axuda mutua. Como personaxes secundarios figuras os típicos dos contos infantís: animais, fadas, raíñas, bruxas.

Referencias varias:

-Dora Vázquez, “Na Presentación do Teatro completo para nenos”, *O Correo Galego*, “Ronseis”, 27 xuño 2000, p. 2.

A autora ourensá agradece a todos os que colaboraron na publicación do *Teatro completo para nenos* o seu esforzo, nomeadamente ao editor de Abano, Álvaro Lago, ao IGAEM e aos libreiros. Comenta as dificultades para sacar á luz a primeira edición debido aos poucos medios cos que contaban e afirma que, tanto ela coma a súa irmá Pura, estiveron encantadas de traballar no eido da creación infantil.

VI. A literatura infantil e xuvenil galega

VI.3. Teatro

VI.3.3. Postas en escena

VI.3.3.1. Ciclos, encontros, festivais, mostras, semanas e salas alternativas

Ciclo de títeres ***O domingo ven ós títeres***

Organizado pola sala de títeres Sant Yago, en Santiago de Compostela dende o ano 1999, inclúe diversas actuacións desenvolvidas por grupos de teatro galegos e de fóra de Galicia, coa finalidade de achegar o teatro ao público máis novo. No ano 2000 desenvolveuse este ciclo entre os meses de marzo e maio. Nel participaron, ademais de compañías procedentes de Huesca, Jérez Zaragoza e Madrid, as seguintes compañías galegas: Títeres Cachirulo, con *Santiago, historia dunha viaxe*; Tanxarina, con *Titiricircus* e *Estamos monstros de risa*, Viravolta con *¡Hip, hip, hurra!* e Trompicallo, con *Drácula*, ademais de Miro Magariños co seu espectáculo de Sombra China *O vendedor de paxaros.*

Encontros de teatro escolar e amateur de **Bande**

Organizados dende o ano 1996 polo Concello de Bande e o Centro de Formación e Recursos de Bande, xunto coa colaboración co CEIP Xaquín Lourenzo, tamén de Bande. Poden participar alumnos de ensino non universitario e grupos de teatro amateur. As obras presentadas deben ser escritas en galego e a duración non debe ser inferior a 15 minutos nin superior a unha hora. Todos os centros participantes reciben un premio de 25.000 ptas. (5.000 máis se se presenta unha segunda obra) e un diploma de participación, menos naqueles casos que o xurado considere que as obras presentadas non se axustan ás bases publicadas pola organización. Os grupos de teatro amateur recibirán unha placa conmemorativa e o xurado outorgará un premio especial á mellor representación teatral do certame. Nesta ocasión, o xurado estivo integrado por Mª Luísa Gómez, Paulino Peña e Mª Concepción Camiña. As obras postas en escena foron as seguintes: *O retablo das maravillas*, de Miguel de Cervantes e *O arce no xardín*, de Roberto Salgueiro González, representadas polo Colexio Santo Anxo de Ourense; *Relatos curtos de Castelao*, adaptación de Xavier Millán, representada polo IES Blanco Amor de Ourense; *A farxa das zocas*, de Ricardo Carballo Calero e representada polo CEIP de Ramirás; *A consulta do Doutor*, de Fina Casalderrey e *Todo é un conto*, de Mª Ángeles Quintas Outomuro¸ representadas polo CEIP Xoaquín Lourenzo de Bande; *O achado do castro*, de M. Núñez Singala, representada polo IES de Celanova; *Os casados de pouco...*, de Varela Buxán e *Historia de como a nosa amiga Castita Pérez se sentía responsable do maltrato e a morte dos inmigrantes*, de Elisa Rodríguez e Mª José Canal, representadas polo IES de Bande; *Teatro feroz*, de Gloria Sánchez e *Festa no xardín* (adaptación), de Emilio González Legazpi,

representadas polo CEIP Os Brancos;*O Estebiño* (adaptación), de X Prado Lameiro, representada polo CEIP Curros Enríquez de Celanova; *Como che cambiou o conto*, de Purificación Rodríguez Rodríguez e representada pola Escola Unitaria Grou; *O trasniño come palabras*, adaptación de Isabel Agüera e representada por CEIP do Xurés de Grou; *A ratiña feroz*, de Gloria Sánchez e *Grande invento para saír do aburrimento*, de Xoán Babarro e Ana Mª Fernández, representadas polo Sagrado Corazón de Celanova; *Mister Hip*, representada polo grupo Sorrisos de Xinzo de Limia; *O enfermo imaxinario*, adaptación de Moliére, representada por Xeito de Xinzo de Limia; *A tía lambida*, de E. Blanco Amor e representada polo CEIP Igrexa Somozas (As Pontes); *Telexornal ningunha edición. O conto*, de Socorro Tajer Fernández e representada polo CEIP As Pontes; *Farxa de Inés Pereira*, de Gil Vicente e representada polo Teatro Experimental de Barbadás; e *A casa de Bernarda Alba*, de Federico García Lorca e adaptación de Conchita Camiña Garrido, representada pola Aula Aberta de Teatro Escola Viva de Ourense.

Iº **Festival** de teatro de rúa e animación, **Carballiño**

Organizada polo Concello do Carballiño, tivo lugar este festival por primeira vez na praza Maior da vila, do 11 ao 13 de setembro. Participaron nel a compañía galega Falcatrúa con *A Fantástica transformación de Maurocaracol*, ademais das compañías Alkimia 130, procedente de Palencia, e Samarkanda, procedente de Badajoz.

- X. A. Reboiro, “La disputa de un colectivo y el Concello gesta dos festivales de teatro en Carballiño en 9 días”, *La Región*, “Ourense”, 24 agosto 2000, p. 7.

Ver XVº Festival do Teatro Galego (FTG), Carballiño, no apartado III. 4. 1. deste *Informe*.

IIIº Festival **internacional de títeres,** Lugo

Organizado polo Concello de Lugo dende o ano 1998, no ano 2000 tivo lugar entre os días 4 e 12 de outubro, aínda que nesta edición as compañías participantes foron todas non galegas; Teatro los Claveles, Rod Burnet, Binixiflat, Salvatore gato, La Fanfarria, Planjet, Pizzicatto, Títeres Cascanueces e Teatro Elipse.

IIIº **Festival** de teatro xuvenil, **Pontevedra**

Promovido polo Grupo de Expresión da Sociedade Cultural Os Carballiños, baixo a dirección de Manuel Solla, dende o ano 1998. Trátase dunha iniciativa que ten entre outros obxectivos ofrecer aos rapaces de entre 14 e 20 anos a posibilidade de facer teatro. No ano 2000, as representacións desenvolvéronse no Teatro Principal de Pontevedra e nel participaron, entre finais de xullo e principios de agosto, unha vintena de rapaces, procedentes de diversos centros educativos de Pontevedra e dos talleres de expresión dramática que organiza durante todo o ano a asociación na Casa da Xuventude. O festival foi inaugurado pola agrupación Ailaleira, que puxo en escena *O Medallón*. Outro dos grupos participantes foi Etrunoia coa obra *Hamlet*.

Referencias varias:

-María Varela, “Ailaleira” inauguró el Festival de Teatro Xuvenil”, *Diario de Pontevedra*, “En verano”, 27 xullo 2000, p. 66.

Alude ao inicio do festival coa representación do grupo Ailaleira. Informa brevemente dos obxectivos marcados polo grupo organizador do festival e finalmente recolle as palabras de Manuel Solla, director das

representacións, quen salientou a preocupación dos rapaces ante as dúbidas creadas ata o último momento antes das actuacións, pola falta de organización á hora de cederlles o Teatro Principal.

Iº **Festival** internacional de títeres **Redondela**

Organizado por primeira vez este ano polo grupo Tanxarina, coa colaboración do Concello de Redondela ten como obxectivo fundamental o achegamento dos títeres ao público infantil. Celebrouse entre os días 5 e 11 de xuño. Os espectáculos tiveron lugar en sesións matinais para alumnos de 3º e 6º de primaria dos colexios públicos do municipio, nos multiusos de Redondela e Chapela. Ademais, os bonecos exhibíronse para o gran público en diversas salas e na rúa. No transcurso do festival tivo lugar tamén unha conferencia no Multiusos da Xunqueira a cargo de Anxo García, membro do grupo Viravolta, quen falou sobre “Barriga Verde en Galicia”. Nesta primeira edición participaron as seguintes compañías de fóra de Galicia: Teatro Los Claveles (Murcia), TXO Títeres (Barcelona), Libélula, Teatro de Títeres (Segovia), Anima Sonho (Brasil), Toni Zafra (Barcelona), Teatro de La Luna (Madrid), Espiral Teatro de Calle (Madrid) e Raúl Pereira (Portugal). As compañías galegas participantes foron: Teatro Kaos (Moaña) con *Cadadouspostres.con* e Tanxarina (Redondela) con *Contaloucos.*

Referencias varias:

- J. C., “Los muñecos invaden Redondela”, *Faro de Vigo*, “Comarcas”, 4 xuño 2000, p. 20.

Refírese á xornada inaugural do festival e destaca que é unha iniciativa que segue o exemplo do Titirimundi de Segovia en homenaxe aos espectáculos que invadían as rúas de Italia, Inglaterra ou Centroeuropa dende o século XVIII. A seguir, ofrece un detallado programa de actuacións no que inclúe o nome das compañías participantes e os espectáculos previstos.

- Belén R. Otero, “El primer festival internacional de títeres surge en homenaje a Juanjo Amoedo”, *Atlántico Diario*, “Comarcas”, 4 xuño 2000, p. 19.

Céntrase no acto de presentación do festival e dá conta dalgunhas personalidades presentes como Pilar Rojo, Manuel Villar ou Xaime Rey Barreiro. A seguir salienta a presencia dun dos membros de Tanxarina, Eduardo Rodríguez Cunha “Tatán”, quen salientou a importancia da celebración deste festival e fixo fincapé en que foi unha idea do falecido Juanjo Amoedo polo que, entre outras razóns, nace como un xeito de homenaxealo. Tamén destaca brevemente outras intervencións como a do alcalde de Redondela, Xaime Rey, quen mostrou a súa satisfacción pola celebración do festival no seu municipio.

- J. C., “Queremos que el Festival llegue sobre todo a los niños”, *Faro de Vigo*, “Comarcas”, 8 xuño 2000, p. 16.

Dá conta da primeira xornada do festival e informa que o telón se levantou coa conferencia de Anxo García. A continuación, e apoiándose nas palabras dos propios organizadores, analiza algunhas das características do festival. Así, Eduardo Rodríguez Cunha, destacou a “excelente calidade” dos participantes e comentou que

pretenden converter o espectáculo nun festival popular “muy humano y cercano a la gente que asista”. Ademais, incidiu no seu especial interese en que o Festival chegue aos nenos e manifestou que é a súa intención celebrar os próximos festivais durante a primavera ou outono para manter a programación escolar.

-B. R. O., “Los títeres invadirán las calles durante todo el fin de semana”, *Atlántico Diario*, “Redondela”, 10 xuño 2000, p. 14.

Noticia que cita os nomes das compañías participantes na terceira fase do festival e anuncia os locais e horas de actuación.

- Jaime Conde, “Barriga Verde: el títere gallego”, *Faro de Vigo*, “Comarcas”, 10 xuño 2000, p. 14.

Refírese á conferencia inaugural impartida por Anxo García e explica que xirou arredor de Barriga Verde, o títere de cachiporra que José Silvent introduciu en Galicia a partir de 1910. Apunta que Anxo García leva realizando un traballo de investigación sobre este precursor dende o ano 1993 xunto con outro marionetista de Lalín, Anxo Fernández. Céntrase despois no contido da conferencia e recolle os datos que ofreceu o investigador como foron, entre outros, o feito de que Barriga Verde é o antecedente do actual títere galego, do cal a historia rematou no ano 1964.

Ver Tanxarina.

Festival de Nadal, **Santiago de Compostela**

Organizado polo Concello de Santiago de Compostela en colaboración coa Consellería de Cultura, Comunicación Social e turismo e o IGAEM. As representacións tiveron lugar entre os días 26 e 30 de decembro no Salón Teatro. Participaron as seguintes compañías Achiperre Coop. Teatro (Castela e León), Teatro Paraíso (País Vasco) Sarabela Teatro, con *Romance de Micomicón e Adelalha* e Talía Teatro con *Menos lobos*.

Vº **Festival** internacional de títeres, **Santiago de Compostela**

Organizado dende o ano 1995 en Santiago de Compostela pola Asociación Barriga Verde baixo a dirección de Xurxo Rey, co patrocinio do Concello compostelán. A edición do 2000 contou co apoio por primeira vez do IGAEM. As representacións están divididas en dous apartados: Títeres nos Teatros nas diferentes salas de teatro de Santiago de Compostela: O Teatro Principal, A Sala de Títeres San Yago e o pub Momo e Títeres na Rúa que se desenvolven nas Prazas do Toural e Praterías de Santiago de Compostela. Este ano, que se celebrou entre os días 2 e 8 de outubro, contou coa participación de dezaseis grupos procedentes de Bélxica, Inglaterra, Islandia, Argentina, Italia, Colombia, Cuba e España, nos que se encontraban as compañías galegas Tanxarina, con *Contaloucos*; Cachirulo, con *Pinocho*; Viravolta, con *O candil marabilloso* e *Barriga Verde*; Trompicallo, con *Drácula* e Trécola, con *Gus, un guiñol con moito gas.*

Referencias varias:

- M. B., “Crearemos un centro de documentación de marionetas”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 21 setembro 2000, p. 6.

Breve conversa con Xurxo Rey, director do festival quen destacou a iniciativa de retomar unha “Mesa dos títeres” na que, segundo explicou, están unha gran cantidade de compañías. Comentou tamén que esta Mesa creou unha comisión para negociar co Centro de Documentación do Teatro para levar adiante un centro específico de documentación de títeres.

- M. Beceiro, “Dignificar el género”, *La Voz de Galicia*, “Desde mi butaca”, 21 setembro 2000, p. 6.

Explica que o Festival naceu como unha iniciativa para cubrir o espacio baleiro tralos Encontros de Titiriteiros, que deixaron de celebrarse no ano 1990. Alude ao colectivo Barriga Verde como organizador do festival, tralo cal se atopan un grupo de diversas compañías e finalmente faise eco do éxito que ten acadado xa na cidade de Compostela, que gracias ao apoio institucional recibe un gran pulo e pode continuar co labor de “dignificar el género”.

-E. P., “El Festival de Títeres trae espectáculos de 16 comañías”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 2 outubro 2000, p. 58.

Dá conta do comezo do Festival e salienta o número de compañías participantes tanto galegas coma procedentes de diversas partes do mundo. Fai alusión ás entidades que se encargaron de organizalo e cita os lugares onde tiveron lugar as representacións e finalmente cita o nome das compañías galegas participantes nesta edición.

- M. B., “La huelga del transporte limitó la participación en el Festival de Títeres”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 5 outubro 2000, p. 9.

Salienta a presencia de invitados relacionados co mundo das marionetas como Concha de la Casa, directora do Centro de Documentación de Títeres de Bilbo, así como Francisco Peralta, destacado contructor de marionetas. A seguir, céntrase nos obxectivos do festival como son a pretensión de consolidarse definitivamente, ampliar a súa programación e conseguir converter en espacios abertos as prazas de Praterías e o Toural para que se desenvolvan os espectáculos na rúa. Finalmente, comenta que outro dos obxectivos desta edición foi aproximar os títeres aos adultos polo que organizaron espectáculos de marionteas durante todas as noites no pub Momo para o público adulto.

- M. B., “La muestra retoma el público escolar y toma la calle con nuevos espectáculos”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 6 outubro 2000, p. 6.

Nesta ocasión despois de facer referencia á normalidade no transcurso do Festival, unha vez solventado o problema do transporte, céntrase no espectáculo a cargo da compañía cubana Elipse, *Sueños de un literato*, que conta para este espectáculo coa presencia de Xiomara Palacios a quen destaca coma unha das máis perstixiosas titiriteiras do país caribeño.

- M. Beceiro, “El guiñol toma lo que es suyo”, *La Voz de Galicia*, “Desde mi butaca”, 6 outubro 2000, p. 6.

Reflexiona sobre a presencia dos títeres nas rúas de Compostela durante o transcurso do Festival. Salienta que procura no sorriso da xente, a diferencia doutros farsantes. Comenta ironicamente, que a miúdo enchen as avenidas de “mentira, odio e violencia”.

- M. Beceiro, “El guiñol necesita histrión”, *La Voz de Galicia*, “La entrevista”, 7 outubro 2000, p. 8.

Entrevista con Gerardo Capobianco, membro da compañía arxentina de títeres Pizzicatto, quen responde a cuestións relacionadas coas técnicas utilizadas no seu espectáculo *Lord Cheselin*, e sobre a realidade arxentina con respecto aos titiriteiros.

IVª Mostra **de Teatro escolar da Asociación xuvenil Sagrado Corazón.** Lugo

Dende 1996 a Asociación Xuvenil do Sagrado Corazón en colaboración coa Xunta de Galicia e o Concello de Lugo vén organizando esta mostra que ten como finalidade promover o teatro nas escolas. No ano 2000 celebrouse entre finais de maio e comezos de xuño. As representacións tiveron lugar na Fundación Caixa Galicia. Participaron os alumnos do Colexio Cervantes con *Cerdito Caracol*, Colexio Inmaculada con *El enano saltarín* e o IES A Nosa Señora dos Ollos Grandes con *Mórdeme*.

IVª **Mostra** de Teatro do Ensino Secundario. **Morrazo**

Conta co patrocinio da Deputación, dos Concellos de Marín, Bueu, Cangas e Moaña, así como de Caixanova, Ourense e Pontevedra. Colaboran tamén a APA do Colexio de San Narciso de Marín, Kalandraka editora, Editorial Anaya, Edicións Xerais de Galicia e o Centro de Recursos de Bueu. Nela participan grupos de teatro de colexios e centros de bacharelato, e ao seu redor organízanse outro tipo de actividades como conferencias e actuacións teatrais fóra de concurso. No ano 2000 celebrouse entre os días 25 e 28 de abril e foi o Colexio San Narciso de Marín o encargado da organización. Nesta ocasión participaron os grupos de teatro do Instituto María Soliño, de Cangas, As Barxas, de Moaña, Comediantes Anónimos, do Johán Carballeira, de Bueu que puxo en escena *Paixóns, divinas paixóns*, O Colexio Eduardo Pondal, de Cangas, con *O enfermo imaxinario*, e o Colexio San Narciso de Marín. Finalmente a mostra pechouse coa actuación de Llu Llu Teatro como grupo invitado con *Ñaque ou de piollos e actores*.

Referencias varias:

- D. P., “El San Francisco acoge la IVª Mostra de Teatro do Ensino Secundario”, *Diario de Pontevedra*, “Marín”, 15 abril 2000, p. 14.

Anúnciase o inicio da Mostra e cítanse as entidades colaboradoras así como os colexios participantes. Ademais, faise alusión aos actos previstos durante o transcurso da Mostra, como a charla impartida por Santiago Cortegoso sobre a “historia do teatro”.

- D. P., “Los grupos de Moaña y Cangas participaron en la Mostra de Teatro”, *Diario de Pontevedra*, “Marín”, 27 abril 2000, p. 20.

Breve comentario sobre a segunda xornada desta Mostra. Cítanse os grupos do Instituto Johán Carballeira, de Bueu e o Colexio Eduardo Pondal, de Cangas e as obras que representaron.

- Álvaro Agulla, “El Grupo del Instituto de Bueu actuó ayer en la ‘Mostra de Teatro”, *Diario de Pontevedra*, “Marín-Bueu”, 28 abril 2000, p. 19.

Coméntase a actuación do grupo de teatro do Instituto Johan Carballeira, de Bueu. Destaca as representacións dos grupos participantes.

- Álvaro Agulla, “Más de cuatro mil alumnos asistieron a la ‘Mostra de Teatro”, *Diario de Pontevedra*, “Marín”, 29 abril 2000, p. 17.

Informa da participación na IVª edición desta Mostra de catro mil alumnos e alumnas dos institutos de toda a comarca. A seguir, cita todos os grupos que actuaron na citada mostra, así como as obras que representaron. Para rematar, alude á xornada de clausura na que o actor Santiago Cortegoso pronunciou unha conferencia titulada “A historia do teatro”.

Mostra de teatro infantil e xuvenil. **Narón**

Organizada polo Padroado da Cultura do Concello de Narón, coa colaboración do IGAEM e da Deputación da Coruña. No ano 2000 tivo lugar no Auditorio Muncipal de Narón entre o día 3 e o 23 de novembro. No evento participaron diversas compañías de fóra de Galicia como Títeres de la luna, Ínfima la Puça, Cuarta Pared, e Teloncillo Teatro. Ademais, participaron con textos en galego as seguintes compañías: Talía Teatro con *Menos lobos* e *Soños dun seductor*, Artello. Alla Scalla 1:5 con *Unha de amor* e Sarabela Teatro con *O romance de Micomicón e Adelhala*, que foi a encargada de clausurar a Mostra.

Ver Artello. Alla Scalla 1:5.
Ver Sarabela Teatro. Ver
Talía Teatro.

Mostra internacional de teatro de **Ribadavia** Ver Mostra internacional de teatro de Rivadavia no apartado III. 4. 1 deste *Informe*.

Sala Nasa

Nesta sala alternativa, ademais das actividades organizadas durante todo o ano, descritas no apartado III. 4. 1, deste *Informe*, tamén se atende ao público infantil. Así, durante o ano 2000 continuou a programación estábel de teatro infantil co programa “Asteroide B-612” que contou coa colaboración do Departamento de Educación da cidade. Trátase dunha iniciativa nacida nesta sala como programación dominical, feito que se converteu nun dos programas fixos deste espacio alternativo. O programa está a cargo da compañía Berrobambán e este ano estrearon o espectáculo *Diariamente*, baixo a dirección José Campanari. Este ano iniciouse coa montaxe *Romance de Micomicón e Adelalha* a cargo de Sarabela Teatro e, entre outras actuacións, contaron coa presencia da compañía Akatro Teatro que representou a obra *Glum, o planeta das cores*, ademais de Talía Teatro con *Menos lobos*. O programa foi levado tamén ao Concello de Ferrol, como complemento do programa “Educar o ocio” que se puxo en marcha en dez colexios públicos da cidade. Os responsábeis da sala Nasa teñen previsto facer chegar a iniciativa a otras cidades de Galicia.

Ver Akatro Teatro.
Ver Berrobambán.
Ver Sarabela Teatro.
Ver Talía Teatro.

IIª **Semana** de teatro para nen@s. **Vigo**

Organizada polo Concello de Vigo dende o ano 1999. No ano 2000 desenvolveuse na Praza da Constitución de Vigo dende os días 7 ao 13 coma sempre agosto no transcurso das festas do Cristo da Victoria. Contou coa participación das compañías Marimba Marionetas, Teatro Mutis, Teatre de la Caixeta, Carámbalo Teatro e Laví e Bel, así como o grupo galego Falcatrúa, que representou *O espírito do bosque*.

Referencias varias:

- A. T., “Los tres cerditos’ abre hoy la Semana de Teatro para Niños”, *Atlántico Diario*, “Verano”, 7 agosto 2000, p. 28.

Anuncia a apertura da Semana de teatro e ofrece o programa de actuacións previsto para os días que dure o evento, no que se inclúe días, compañías participantes e os horarios. Dá conta tamén da franxa etaria recomendada para cada unha das representacións.

Ver Falcatrúa-Teatro de Títeres.

IVº **Titiriteatro** de Outono. **Vigo**

Organizado dende o ano 1996 polo plan comunitario do Casco Vello en colaboración coa Asociación de veciños deste barrio. Ten como obxectivo achegar aos máis pequenos as artes escénicas e colaborar na promoción da biblioteca infantil. Por segundo ano consecutivo contou co patrocinio da Concellería de Xuventude de Vigo. Tivo lugar na praza da Constitución todos os sábados dende o 21 de outubro ata o 2 de decembro. Participaron un total de sete representacións de títeres e marionetas. A inauguración correu a cargo de Berrobambán, con *Choiva de meteoritos* e Viravolta, con *Barriga Verde*. As outras compañías participantes foron Títeres Cachirulo, con *Catro contos da China*, a Compañía Tropos, con *Historia del capitán Ajab* e *As aventuras e desventuras de Kiko*, Marionetas Seis Dedos, e finalmente a compañía Berrobambán foi a encargada de clausurar o festival con *Diariamente*.

Referencias varias:

-Diego Vázquez, “Siete compañías participan en la cuarta edición del ‘Titiriteatro de Outono de Vigo”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 20 outubro 2000, p. 10.

Informa do inicio desta nova edición do festival e dá conta das entidades encargadas da organización e promoción do evento. Ademais, ofrece un detallado programa de actuacións no que dá cita dos nomes dos grupos participantes e as súas representacións durante os días nos que se desenvolveu o “Titiriteatro” deste ano.

Ver Berrobambán.
Ver Títeres Cahirulo.
Ver Viravolta.

VI. A literatura infantil e xuvenil galega

VI.3. Teatro

VI.3.3. Postas en escena

VI.3.3.2. Estreas:

VI.3.3.2.1. Grupos estábeis ou profesionais

Teatro **Aforo/Dobre Xiro:** *O fallado encantado.*

Referencias varias:

- Javier Campa, “Teatro en danza”, *Atlántico Diario*, 23 setembro 2000, p. 11.

Ademais de dar conta deste espectáculo, informa da iniciativa creada polos membros do grupo de Teatro Aforo xunto con Dobre Xiro, para levar a cabo unha escola de teatro e danza en Vigo. Comenta que o nome da escola é A Artística e nela tense previsto impartir cursos de interpretación, expresión oral e danza contemporánea. Ademais, salienta que A Artística pretende converterse nun espacio aberto a todas as persoas interesadas en participar en produccións de teatro, danza ou imaxe.

Teatro **Akatro**: *¡Glum! O planeta das cores.*

Posta en escena que conta as aventuras de tres cores no planeta Glum. Entre os personaxes que interveñen destaca a Raíña das Palabras e o monstro transparente. O espectáculo apóiase en efectos especiais, luz e cancións.

Interpretación. Andrea Bayer, Xurxo Cortázar, Xacobe Rodríguez, Tareixa Alonso e Dolores Hermida. Escenografía e ilustracións. Jesús Pata. Vestiario: Akatro, Jesús Pata e Teres Lloves. Banda Sonora: Champurrada. Iluminación e son: Ismael Calvo.

Referencias varias:

-María Varela, “Teatro Akatro’ llenó el Principal con ‘¡Glum! O planeta das cores”, *Diario de Pontevedra*, “Diario de CulturaOcio”, 3 decembro 2000, p. 72.

Fai referencia á posta en escena no Teatro Principal de Pontevedra. Informa que a representación se enmarca dentro do programa cultural “Domingos no Principal”, organizado pola Concellería de Cultura da cidade. Ademais, anuncia a representación para o seguinte domingo do grupo de títeres Cachirulo co seu espectáculo de títeres *Pinocho*.

Ver Sala Nasa.

Berrobambán Teatro: *Diariamente.*

Trátase dun espectáculo de clown mudo dirixido aos máis pequenos. A través da posta en escena reflíctese os encontros e desencontros entre persoas e cousas a través de catro personaxes. No lugar de texto o espectáculo baséase na linguaxe visual.

Dirección: José Campanari. Interpretación: Paula Carballeira,
Manolo vázquez e Chiqui Pereira.

Referencias varias:

- Marga Mosteiro, “Las aulas se trasladan al Principal”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 16 maio 2000, p. 45.

Informa dunha campaña de teatro para escolares que pretende “despertar el interés de los niños por este arte”. Sinala que esta iniciativa contou coa participación de máis de cen escolares entre tres e cinco anos que asistiron á representación da obra *Diariamente.* Ao final, apunta que se trata dunha peza teatral pensada

para nenos de curta idade na que se recrean conceptos novidosos para eles co obxectivo de apoiar o traballo nas aulas e espertar o interese dos nenos.
-A. I. S., “Berrobambán divierte a los escolares con su espectáculo ‘Diariamente”, *El Correo Gallego*, “Así está el patio”, 23 maio 2000, p. 39.

Informa do novo espectáculo de Berrobambán no Teatro Principal de Santiago de Compostela. Sinala que se acolle á campaña teatral organizada polo Concello de Santiago de Compostela, destinada ao escolares e finalmente cita o nome dos actores que integran a posta en escena.

Ver IIIº Encontro de teatro afeccionado do Concello de Boiro, no apartado III. 5. 1. deste *Informe*. Ver IVª Titiriteatro de Outono, Vigo. Ver XIIIª Mostra de teatro de Cee, no apartado III. 5. 1. deste *Informe*. Ver Iª Mostra de Teatro Afeccionado da Estrada, no apartado III. 5. 1. deste *Informe*. Ver Iª Mostra de teatro afeccionado de Verín, no apartado III. 5. 1. deste *Informe*. Ver Mostra de teatro de Rianxo, no apartado III. 5.1. deste *Informe*. Ver Sala Nasa.

Teatro **Buratini** (1): *Os negocios do Señor Gato*, baseado en relatos de José Zafra e Gianni Rodari.

Teatro **Buratini** (2): *O Pazo de papel***,** espectáculo de marionetas, baseado en textos de José Zafra e Gianni Rodari.

Espectáculo estructurado en dúas partes: na primeira delas o espectador presencia a viaxe á biblioteca dun vello caserón, onde descobre os amores dunha ratiña de biblioteca cun rato de campo. Trátase dun relato de ton intimista e esperanzador. Na segunda parte xorde a presencia de Don Gato, quen ten complicacións co seu mundo de negocios, e acaba de ter unha idea: inaugurar unha tenda de ratos en conversa.

Dirección: Pablo Suárez. Interpretación: Larraitz Urruzola e
Manuel Gutiérrez (pianista).

Referencias varias:

- A. I. S., “La Federación de Amas de Casa prepara los ‘IX Encontros de Consumo”, *El Correo Gallego*, “Así está el patio”, 24 febreiro 2000, p. 38.

Entre outras informacións relacionadas co mundo da cultura, infórmase do espectáculo de marionetas incluído na campaña de animación á lectura para escolares.

VI.3.3. Postas en escena

Ver VIIIª Feira do teatro de Galicia, no apartado III. 5.1. deste *Informe*.

Espello Cóncavo: *Castelao, sempre,* de Daniel Alfonso Rodríguez Castelao.

O mozo Castelao, xurdindo da Historia, enfróntase coa súa propia obra a través dos mesmos personaxes por el creados. Todo transcorre nun espacio máxico, nun transmundo no que os espectadores son testemuñas de cómo Castela, revivindo a súa historia, destrúe a imaxe do mito.

Director: Arturo López. Interpretación: Rubén Castro, José Leis, Denís López, Marita Martínez, Isabel Risco e Paula Serantes.

Referencias varias:

- D. P., “Cerca de 1.500 escolares asistirán a la representación de “Castelao, sempre”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, 18 xaneiro 2000, p. 12.

Infórmase da representación da obra *Castelao, sempre*, a cargo da compañía Espello Cóncavo. Trátase dunha iniciativa do grupo en colaboración coa Asociación Socio-Pedagóxica Galega, con motivo da

celebración do Ano Castelao. Sinálase que a obra, dirixida por Antonio López, narra cronoloxicamente a traxectoria vital de Castelao nas súas diversas facetas: humorista, político, escritor, debuxante e artista.
- A. I. S., “Intermon inicia una campaña para promover la educación en el Tercer Mundo”, *El Correo Gallego,* “Así está el patio”, 20 febreiro 2000, p. 37.

Ver Sala Galán, en apartado III.5.1. deste *Informe*.

- Lois Fernández, “Brañas, un año para el recuerdo”, *La Voz de Galicia*, “O espello”, 22 febreiro 2000, p. 50.

Entre outras noticias que abranguen diferentes ámbitos da cultura e a sociedade, informa da posta en marcha da representación desta obra, dirixida a estudiantes de Secundaria, co fin de promover o teatro entre os máis novos. Salienta que se trata dunha iniciativa levada a cabo pola propia compañía, en colaboración coa Asociación Sociopedagóxica Galega e o Departamento Municipal de Educación e Mocidade.

- A. I. S., “Espello Cóncavo acercó a los escolares la figura de Castelao en el Principal”, *El Correo Gallego*, “Así está el patio”, 22 febreiro 2000, p. 39.

Fai referencia á boa acollida entre os escolares da representación, na segunda campaña teatral posta en marcha polo Concello de Santiago de Compostela. Cita os nomes que integran o reparto e ofrece un breve resumo do argumento da obra que xira arredor da figura de Castelao, quen xorde a través do tempo no

escenario para enfrontarse á súa obra e aos seus personaxes. Finalmente dá conta do lugar e horario da próxima representación.

- A. I. S., “El cantante sevillano Tom invita a compartir una velada musical en el Modus”, *El Correo Gallego*, “Así está el patio”, 23 febreiro 2000, p. 38.

Ademais doutras noticias que ofrecen información relacionadas con diferentes ámbitos da cultura e a sociedade, informa da representación desta obra, no Instituto Galego da Información.

Ver VIIIª Feira do teatro de Galicia, no apartado III. 5.1. deste *Informe*.

Falcatrúa-Teatro de Títeres (1): *As aventuras de Pepín o Pelegrín.*

O Marqués de Donalbai fai a promesa de percorrer o camiño de Santiago co seu neto Pepín. A súa filla Belisenda, tía de Pepín, decide contratar a dous asasinos para que os egrexios romeiros non regresen xamais, e así prolongar a súa rexencia. Pero non resulta doado desfacerse dos peregrinos. Un rosario de emboscadas e sucesos estraños marcan a accidentada viaxe que ao cabo desvela moitas sorpresas.

Dirección: Esteban Losada.

Falcatrúa-Teatro de Títeres (2)**:** *A Fantástica transformación de Maurocaracol.*

Dende que a doutora Furaespellos chega á rúa do Cobotelo, a tradicional e pacífica convivencia vese alterada. Vidro e espellos e toda clase de sucesos estraños atarefan ao Pepón.

Xénero: Títeres. Dirección:
Esteban Losada.

Ver Iª Festival de teatro de rúa e animación no Carballiño.

Teatro **Kaos** (1): *Cadadousportres.con*

Nesta posta en escena cóntanse as peripecias de Nicolás, un neno de cidade que vai á aldea da súa avoa a pasar uns días. Alí non hai televisión nin ordenador. A única alternativa é pasar o tempo escoitando os contos que “cadadousportres” lle narra a súa avoa.

Xénero: Títeres. Dirección: Amparo Ibarra. Autores: Suso Piñeiro, Amparo Ibarra, Javier Vilafañe e Cándido Moneo. Manipuladores: Suso Piñeiro e Amparo Ibarra.

Ver VIIIª Feira do teatro de Galicia, no apartado III. 5.1. deste *Informe*.

VI.3.3. Postas en escena

Teatro **Kaos** (2): *Don arsenio Burrote.* Ver Iº

Festival internacional de títeres, Redondela.

Teatro do **Noroeste**: *O país acuático.*

Teatro do Noroeste, despois dunha longa experiencia de varios anos realizando e organizando campañas de teatro para adolescentes e mozas e mozos dos centros de ensino medio e dos últimos cursos do Bacharelato, formación profesional ou COU, aborda con esta peza teatral a súa primeira montaxe para teatro infantil. Nela cinco actrices e actores contan a historia deste país, no que a pesar do seu nome, non tiñan auga. Un país sen mar, sen río, sen regatos nin charcos, pero que gracias á imaxinación dos seus habitantes, acadou o que máis preciaba: transformarse nun país fermoso e florido, cheo de fontes e surtidores.

Dirección: Eduardo Alonso.

Referencias varias:

- C. P., “Teatro do Noroeste estrea a primeira montaxe infantil realizada no teatro galego”, *La Voz de Galicia*, “Espectáculos”, 30 outubro 2000, p. 84.

Refírese á estrea en Ribadeo da primeira producción infantil da compañía e apunta que se trata dunha montaxe para o público de 7 a 11 anos que leva a cabo unha compañía profesional galega. En palabras do seu director o proxecto responde a varios obxectivos, entre os que salientou o de facer teatro para diversos públicos ou a “decisión persoal de ampliar por abaixo a experiencia nos centros educativos de secundaria”.

Talía Teatro: *Menos lobos.*

Jennifer, Jonathan e Christopher son tres nenos de sete anos que van a casa da súa amiga Jessica a celebrar o aniversario desta, pero atópanse coa noticia de que o aniversario e mañá... Para non aburrirse, despois de moito pensar en qué facer para entreterse deciden representar un conto onde haxa lobos.

Dramaturxia e dirección: Artur Trillo. Interpretación: Rosi Barcala, Marta Ríos, Xurxo Barcala e Gustavo G. Dieste. Espacio escénico e atrezzo: Carlos Alonso. Vestiario e maquillaxe: Martina Cambeiro. Iluminación: Víctor Trillo. Fotografía: Fernando de Juan. Deseño Gráfico: Blanca Barrio. Producción: Produccións Teatrais, Talía, S. C.

Ver Festival de Nadal, Santiago de Compostela. Ver XIIIª Mostra de teatro de Cee, no apartado III. 5.1 deste *Informe*. Ver Mostra de teatro infantil e xuvenil, Narón.

Tres globos: *O parrulo feo*.

Nas beiras dun lindo lago de algún país moi lonxe do noso desenvólvese a historia dun pequeno parruliño que non se atopa moi a gusto coa familia que lle tocou. Durante este conto, axudaremos a que este parrulo sexa un pouco máis feliz.

Dirección: Xoán Pérez.

Trompicallo: *Drácula.*

Ver Ciclo de títeres *O domingo ven ós títeres.*
Ver Vª Festival internacional de títeres, Santiago.

VI.3.3. Postas en escena

Viravolta (1): *Hip, hip, hurra!*, de Magdalena Rojas.

Ver Ciclo de títeres *O domingo ven ós títeres.*

Viravolta (2): *O candil marabilloso.*

Versión libre do conto das mil e unha noites na que o gran Sultán está moi enfermo. O único remedio está no sifón máxico. Aladino axudado polo candil intentará conseguilo a través das trampas que lle pon o mago Ali-Ol-i.

Dirección: Anxo García.

Ver Vº Festival internacional de títeres, Santiago.

Viravolta (3): *Barriga Verde.*

Versión libre de Biel Poncel dun conto popular sueco para teatro de títeres caracterizado pola intriga e a emoción nunha historia de ogros na que a heroína é unha nena moi atrevida.

Xénero: Títeres.

Ver Vº Festival internacional de títeres, de Santiago. Ver XVIª Mostra internacional de teatro, Ribadavia, no apartado III. 5. 1. deste *Informe*. Ver IVª Titiriteatro de Outono, Vigo.

VI. A literatura infantil e xuvenil galega

VI.3. Teatro

VI.3.3. Postas en escena

VI.3.3.2. Estreas:

VI.3.3.2.2. Grupos escolares, de asociacións ou agrupacións varias

VI.3.3. Postas en escena

Ailaleira: *O medallón.* Ver IIIº Festival de

teatro xuvenil, Pontevedra.

Teatro do **Ameneiral:** *Quico, o neno que quixo ser cómico*, de Miguel Medina.

Dirección e adaptación: Carlos Basoa.
Música: Miguel Doval.

VI.3.3. Postas en escena

Aula Municipal de Teatro de Pontevedra: *Cousas*, de Alfonso D. Rodríguez Castelao.

O **Bosque de Xuventude** de Cecebre: *O pincel máxico*.

Ver Iª Mostra de teatro afeccionado de Cambre no apartado III. 5. 1. deste *Informe*.

Grupo da Asociación teatral Faíscas **Chiribío**: *O Romance de Roberto e Xuliña.*

Ver Iª Mostra de teatro afeccionado de Cambre, no apartado III. 5. 1. deste *Informe*.

Teatro **Churrusquiños** (1): *Rata linda en Compostela*, de Bernardino Graña.

Ver Mostra de teatro de Rianxo, no apartado III. 5. 1. deste *Informe*.

Teatro **Churrusquiños** (2): *Como che anda o mundo.* Ver

Mostra de teatro de Rianxo, no apartado III. 5. 1. deste *Informe*.

Teatro **Churrusquiños** (3): *Ensaio Xeral.* Ver Mostra de

teatro de Rianxo, no apartado III. 5.1. deste *Informe*.

Grupo de teatro do **Colexio Canicouva-Castrelos**: *A princesiña Socorro, o trobeiro Carolo e o demo dos cornos*, de Miguel Vázquez Freire e Gloria Sánchez.

Grupo de teatro do **Colexio Público** de Laxe: *O xigante don Gandulfo, rei de Tentequedo.*

Referencias varias:

- D. P., “La Maga Rulana hizo la delicias de los alumnos de A Laxe”, *Diario de Pontevedra*, 11 maio 2000, p. 15.

Anuncia o comezo da VIIIª Semana Cultural das Letras Galegas no Colexio Público de Laxe e cita os espectáculos previstos, entre eles salienta representacións teatrais do grupo de Teatro do Colexio Público de Laxe con *O xigante don Gandulfo, rei de Tentequedo* e Egafa Animatium con *A Viaxe do vento pequeno*. Salienta, como acto central, a presencia da Maga Rulana co seu espectáculo de Contacontos.

Egafa Animatium*: A viaxe do vento pequeno.*

Referencias varias:

- D. P., “La Maga Rulana hizo la delicias de los alumnos de A Laxe”, *Diario de Pontevedra*, 11 maio 2000, p. 15. Ver Grupo de Teatro do Colexio Público de Laxe, neste

apartado.

GüiviTrivi: *As viaxes de Lapona e Lapon.*

Espectáculo musicado cunha parte interpretada en guiñol, na que os protagonistas contan tres historias que ocorren nas súas viaxes por diversos lugares. Dúas das historias son adaptacións de contos infantís: a primeira delas está baseada no conto *Un mundo de lata*, de Gianni Rodari e a última no conto de Lino Braxe, *Conde Vampiro*.

Lonegrín: *Estación 21.*

Referencias varias:

- A. Rodríguez, “Cine, Teatro y actividades infantiles en la semana cultural de Torrecedeira”, *Faro de Vigo*, “Vigo por los cuatro costados”, 19 setembro 2000, p. 27.

Ver Porta Aberta (1): *Os vellos non deben namorarse*, de Alfonso D. Rodríguez Castelao, no apartado III. 5. 2. 1., deste *Informe*.

Estudio de teatro **N+1**: *Unha avoa a catro patas, calcetíns e garabatas*, escrita pola Sociedade Garola, de Cedeira.

Montaxe teatral breve protagonizado por un total de cinco personaxes que participan dunha historia de enredo.

VI.3.3. Postas en escena

Grupo de Teatro do IES **A Nosa Señora dos Ollos Grandes**: *Mórdeme*. Ver IVª Mostra de Teatro Escolar da Asociación Xuvenil Sagrado Corazón, Lugo.

Formación do taller de teatro “Grupo Bazán” **Oquetiqueiras**: *Mórdeme*.

Peza teatral en clave de comedia na que as protagonistas, membros da comunidade “Transilvania”, son vampiras. Ao longo do desenvolvemento póñense de manifesto os diferentes caracteres persoais da poboación, como “O Congreso Vampirita”, de costumes tradicionais ou “Liga Vampiras Liberadas”, que andan na procura de facer diversas reformas no mundo do vampirismo.

Dirección: Luis Ramos.

Peques Mix*: Manos arriba!.*

Ver Ciclo de Teatro Asociación Cultural La Villa.

Porta Aberta: *A ópera de A patacón. As falcatruadas de Mackie o Navallas*, de Roberto Vidal Bolaño.

Dirección: Froiña García. Interpretación: Grupo de Teatro formado por alumnos e ex-alumnos da Escola Oficial de Idiomas de Vigo.

VI. A literatura infantil e xuvenil galega

VI.3. Teatro

VI.3.3. Postas en escena

VI.3.3.3. Postas en escena que continúan en cartel:

VI.3.3.3.1.Grupos estábeis ou profesionais

Artello. Teatro Alla Scalla 1:5: (1): *Á do libro*, baseada nunha serie de narracións do escritor portugués José Ferreira Gomes.

Dirección: Manuel Pombal. Dramaturxia: M. Pombal, Rosa Hurtado e Santiago Montenegro. Escenografía: Rosa Hurtado e Santiago Montenegro. Realización de escenografía: Rosa Hurtado e Santiago Montenegro. Vestiario: Rosa Hurtado e Santiago Montenegro. Realización de vestiario: Rosa Hurtado e Santiago Montenegro. Música: Rosa Hurtado e Santiago Montenegro. Técnico de son: Manuel Pombal. Iluminación: Rosa Hurtado e Santiago Montenegro. Manipuladores: Santiago Montenegro e Rosa Hurtado.

Ver XVIIª Mostra internacional de teatro cómico e festivo de Cangas, no apartado III. 5. 1. deste *Informe*.

Artello. Teatro Alla Scala 1:5 (2): *Unha de amor.*

Espectáculo baseado no conto de Jorge Amado “O gato Malhado e a andorinha Sinhá” e nas ilustracións do mesmo texto realizadas por Carybé.

Dirección: Manuel Pombal. Interpretación: Rosa Hurtado e Santiago Montenegro.

Referencias varias:

-Concha Pino, “Las actividades de la capitalidad cultural encaran febrero con pausa y acelerando”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 22 xaneiro 2000, p. 45.

Ver Teatro do Atlántico: *O Cerco de Lenigrado*, no apartado III. 5. 2. 1., deste *Informe*.

- Alvarado, “Los escolares van al Teatro”, *La Región*, “Cultura”, 22 outubro 2000, p. 16.

Informa da representación no Conservatorio Profesional de música de Ourense e sinala que o espectáculo se enmarca dentro dun programa de actividades didácticas para escolares, organizado e patrocinado por Caixanova, desenvolvido na sala de concertos do Conservatorio.

- Esther Rodríguez, “El teatro ganó por goleada a las matemáticas”, *La Región*, “Ciudad”, 26 outubro 2000, p. 17.

Novamente faise eco da posta en escena no Conservatorio de Música de Ourense e apunta que foron 250 escolares de diversos colexios os que asistiron a interpretación da compañía viguesa. Fai referencia ao espectáculo, do que destaca a expresividade dos títeres e, apoiándose nas palabras dos seus intergrantes, destaca a gran aceptación que este tipo de actividades teñen entre o público infantil.

- María Varela, “Salón do Libro”, *Diario de Pontevedra*, “El Diario por Delante”, 17 decembro 2000, p. 2

Dá nova da clausura do IIº Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra coa posta en escena da obra “Unha de amor” a cargo do grupo teatral “Artello-Teatro Allá Scala”. Salienta o obxectivo primordial dos organizadores deste salón ademais de achegar aos nenos e nenas pontevedreses os diferentes libros e as ilustracións.

Ver Mostra de teatro infantil e xuvenil, Narón.

Ver IIIº Outono teatral nos Barrios, no apartado III. 5. 1. deste *Informe*.
Ver Iº Verán de teatro e danza, no apartado III. 5. 1. deste *Informe*.

Berrobambán Teatro*: Choiva de meteoritos*.

Ver IVª Titiriteatro de Outono, Vigo

Teatro **Buratini**: *Contos para todo o ano*, baseado en textos de Carles Cano e Gianni Rodari.

Este espectáculo teatral de contacontos e marionetas para os máis pequenos relata unha historia protagonizada pola coñecida escritora Estreal da Fonte, quen acode a falar do seu último libro de contos. Tamén tentará atopar a Clara, unha rapaza que lle regalou unha libreta chea de historias. O contido son diversos contos curtiños relacionados coa natureza, as estacións do ano, o mar e o universo. O espectáculo no seu conxunto pretende levar aos rapaces de viaxe polo mundo dos contos.

Xénero: Contacontos e Monicreques.

Títeres **Cachirulo** (1): *Catro contos da China.*

Catro aventuras nas que descobren un cómico e divertido mundo agachado moi preto de nós e cheo de inquedantes situacións: a amizade, os diparates humanos, aprendizaxes humanos e xogos realizados con títeres chineses.

Dirección: Yang-Feng.

Ver XVIIª Mostra internacional de teatro cómico e festivo de Cangas, no apartado III. 5. 1. deste *Informe*.
Ver IVº Titiriteatro de Outono, Vigo.

Títeres **Cachirulo** (2): *A guerra de galicsias. Unha aventura intergaláctica,* de Xurxo Rei.

Aventura interplanetaria baseada nas tradicións máxicas gastronómicas e culturais da terra galega.

Guión e dirección: Xurxo Rei.

Títeres **Cachirulo** (3): *Pinochio*, baseado no conto “As aventuras de Pinocchio”, de Carlo Collodi.

Referencias varias:

- María Varela, “Teatro Akatro’ llenó el Principal con ‘¡Glum! O planeta das cores”, *Diario de Pontevedra*, “Diario de CulturaOcio”, 3 decembro 2000, p. 72.

Ver Teatro Akatro: ¡Glum!, o planeta das cores, no apartado VI. 3. 3. 2. 1. deste *Informe*.

- B. L., “El milagro de ‘Pinocho’ se revivió en el Principal”, *Diario de Pontevedra*, “Diario de CulturaOcio”, 5 decembro 2000, p. 72.

Fai referencia á representación no Teatro Principal de Pontevedra e salienta o gran éxito acadado entre o numeroso público asistente.

VI.3.3. Postas en escena

Ver Vº Festival internacional de títeres, Santiago de Compostela.

Títeres **Cachirulo** (4): *¿Que pasa na praza?.*

Títeres **Cachirulo** (5): *Santiago, historia dunha viaxe*, de Xurxo Rei.

Espectáculo baseado no Códice Calixtino que narra as aventuras do Apóstolo Santiago en terras de Jersusalén.

Xénero: Títeres. Dirección: Xurxo Rei e Luís González.
Titiriteiros: Carmen Domech, Luis González e Xurxo Rey.

Ver Ciclo de títeres *O domingo ven ós títeres.* Ver VIIIª Feira do teatro de Galicia, no apartado III. 5. 1. deste *Informe*.

Teatro do **Curro:** *Un día de espías, ou o caso do repolo con anteollos*, de Ignacio del Moral.

Dirección: Víctor Vez Vilar.

VI.3.3. Postas en escena

Danthea Teatro**:** *A casiña de chocolate.*

Espello Cóncavo: *Peter Pan*, de J. M. Barrié.

Direccción: Arturo López.
Producción: Teresa Horro.
Dramaturxia: M.LOurenzo.

Grupo de teatro **Expresión** da Asociación Cultural Os Carballiños: *Conto contigo.*

Referencias varias:

- María Varela, “Animación por las calles de Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura”, 16 agosto 2000, p. 54.

Fai referencia ás diversas actividades organizadas polo concello de Pontevedra con motivo das festas da Peregrina, entre as que salienta diversas representacións de teatro na rúa. Así, sinala que esta representación tivo lugar na Praza da Leña e anuncia tamén a actuación do grupo Migallas, esta vez na Praza de Santa María.

Falcatrúa-Teatro de Títeres: *O espírito do bosque*.

Espectáculo que combina o títere tradicional cunha coidada posta en escena. Cabe salientar o complexo deseño de luces. Técnicas empregadas luva, variña e Marrote. Comedia que narra o acontecido nun bosque ao ser invadido polo lixo e demais residuos industriais e de cómo Celes, o trapeiro calé, mantedor inconsciente do precario medio, é captado polo ruín especulador Maldrás para que abandone a súa benéfica actividade e traslade uns misteriosos bocios ao bosque. Estes resultan ser radiactivos polo que os habitantes de fraga alertan a Celes, que decatándose da gravidade da situación, tenta desbaratar os planos do pérfido Maldrás.

Xénero: Títeres. Dirección: Esteban Losada.
Ver IIª Semana de teatro para nen@s. Vigo

Teatro **Kaos** (1): *Juan Pantera coa garrota dando a nota.*

Teatro **Kaos** (2): *Mantas non son cobertores*.

Migallas (1): Espectáculo ¡Canta connosco!, versión infantil de *O cantante e as mulleres*, creación do grupo.

Dirección: Migallas. Interpretación: María Campos e Carlos Yus. Técnico de Son: Xurxo Cortázar. Escenografía, vestiario, cancións, fotografía, deseño gráfico e producción: Migallas.

Migallas (2)**:** *O libro máxico*, espectáculo no que se convida aos rapaces e rapazas a vivir aventuras a través da lectura.

Dirección: Migallas. Interpretación: María Campos e Carlos Yus. Técnico de Son: Xurxo Cortázar. Escenografía, vestiario, cancións, fotografía, deseño gráfico e producción: Migallas.

Monicreques de Kukas: *Cucarandainas*, de Marcelino de Santiago.

Xénero: Comedia de intriga.
Dirección: Marcos Vieitez.
Interpretación: Kukas e Isabel Rey.

Ver VIIIª Feira do teatro de Galicia, no apartado III. 5. 1. deste *Informe*.
Ver Mostra de teatro de Rianxo, no apartado III. 5. 1. deste *Informe*.

Os **Quinquilláns** (teatro de rúa): *Gulliver*, adaptación da obra de Jonathan Swift.

Montaxe que mestura a música, danza, coreografía, manipulación de bonecos, títeres, zancudos e teatro.

Dirección: Carolina Ramos. Interpretación: Olga Cameselle, Xurxo Vázquez, Natalia Pérez, Nazaré da Vila, César Cambeiro, Lucho Penabade e Xurxo Piñeiro. Música e son: Xurxo Piñeiro. Escenografía e atrezzo: Pepe Míguez. Vestiario: Betti Lobato. Coreografías: Olga Cameselle. Guión: Lucho Penabade. Asesoría: Seaga. Distribución: Nazaré da Vila. Producción: Os Quinquilláns.

Ver XIIIª Mostra de teatro de Cee, no apartado III. 5. 1. deste *Informe*.

Sarabela Teatro: *Romance de Micomicón e Adhelala*, de Eduardo Blanco Amor. Premio La Celestina outorgado pola crítica teatral de Madrid.

Adaptación do xoguete teatral escrito por Eduardo Blanco Amor para títeres. Cóntase a historia dun reino estraño gobernado por unha raíña histérica no que hai un pazo a piques de derrubarse baixo as arroutadas de Micomicón, un príncipe de dimensións xigantescas por mor dunha maldición. Entre tanto personaxe estrafalario destaca Adhelala, unha princesa en cativerio que posúe a sabedoría e a iniciativa precisas para cambiar as cousas.

Dirección: Ánxeles Cuña Bóveda. Interpretación: Elena Seijo, Fina Calleja, Sabela Gago, Suso Díaz Chambelán e Antón R. Macías. Deseño de luz: Ánxeles Cuña, Antón R. Macías e Suso Díaz. Deseño gráfico: 1: Media. Vestiario: Carlos Rodríguez. Fotografía: Ánxeles Cuña Bóveda.

Referencias varias:

- S. Espinoso, “Sarabela abrirá la Feria Europea de Teatro”, *La Región*, “Cultura”, 8 febreiro 2000, p. 12.

Informa da presencia da compañía con esta representación na Feria Europea de Teatro para niños de Xixón (Feten). Salienta que foi a encargada de abrir a Feria nesta edición e fai referencia ao éxito acadado con esta representación nas anteriores funcións en diversas cidades de Galicia, como foi o caso de Ourense á que acudiron en tres sesións 1.700 escolares. Seguidamente, salienta que esta actuación enmárcase na celebración da compañía do seu vixésimo aniversario e anuncia a estrea da adaptación teatral da novela *O lapis do carpinteiro*, de Manuel Rivas no Teatro Principal de Ourense.

-D. P., “Teatro para escolares a cargo do grupo Sarabela”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, 14 marzo 2000, p. 12.

Fai referencia á representación da obra no Teatro Principal de Pontevedra. Informa dos horarios e días da posta en escena na cidade e ofrece un breve resumo do seu argumento.

-J. M. G./X. F., “Sarabela Teatro, premio Celestina al mejor espectáculo infantil”, *La Voz de Galicia*, “Espectáculos”, 29 novembro 2000, p. 67.

Alude ao premio de la Crítica “La Celestina” que lle foi outorgado en Madrid á compañía con esta representación. Ademais de citar os outros galardóns, informa brevemente da historia deste premio, do que explica que está organizado dende o ano 1997 pola tertulia Lunez de Teatro e o xurado está composto por representantes dos medios informativos máis importantes de Madrid, como foron nesta edición Lola Lara, crítica do diario *El País* e Jorge Riobó, da redacción de *La Razón*.

-Inma López Silva, “Micomicón, Adhelala, Sarabela: o talismán da tenrura”, *El Correo Gallego*, *“Correo das Culturas”*, nº 57, 31 decembro 2000, p. 9.

Con motivo da representación da obra no Salón Teatro de Santiago de Compostela, Inma López Silva comeza salientando a impresión que lle causou o teatro ao presenciar un público tan novo, que asistiu marabillado á posta en escena. A seguir, reflexiona sobre a necesidade da existencia do teatro infantil, non só para nenos senón feito por nenos, pois, segundo di, cómpre facerlles despertar a curiosidade polo mundo teatral, lonxe doutras diversións como as videoconsolas ou os pókemon. A última parte do artigo céntrase na posta en escena da obra que valora moi positivamente, e baixo a súa opinión, a compañía acadou “nenos de ollos sorrintes e adultos que saíron do teatro coa sensación de andar con pantalóns curtos e con dúas coletas”.

Ver Ciclo de títeres *O domingo ven ós títeres.* Ver Festival de Nadal, Santiago de Compostela. Ver Mostra de teatro infantil e xuvenil, Narón. Ver Sala Nasa.

VI.3.3. Postas en escena

Tanxarina (1)**:** *Ah, ah, ah, Estamos montros de risa.*

Ver Ciclo de títeres *O domingo ven ós títeres.*

Tanxarina (2)**:** *Contaloucos*, espectáculo baseado en *A bomba e o xeneral*, de Umberto Eco e *A historia de Anselmo e o seu amigo Timoteo*, de Terry Jones.

Xénero: Títeres Dirección: Cándido Pazó. Actores-manipuladores: Eduardo Rodríguez Cunha, Andrés Giráldez e Miguel Borines. Música: Paco Barreiro. Efectos de son: Manuel Pombal. Vestiario dos bonecos: Belén Puentes. Atrezzo: Carlos Alonso e Concha González.

Ver Iª Festival internacional de títeres, Redondela.
Ver Vº Festival internacional de títeres, Santiago.

Referencias varias:

- B. R., “Títeres y cine, hoy en Tui”, *Atlántico Diario*, “Baixo Miño”, 11 agosto 2000, p. 18.

Suscinta noticia que anuncia a presencia da compañía na Praza de San Fernando en Tui, con motivo das actividades organizadas polo Concello durante o verán.

Tanxarina (3): *A historia dos narigudos*.

Trátase da historia dos habitantes unha illa que tiñan o nariz moi longo e cheo de problemas.
Xénero: Títeres e marionetas.

Tanxarina (4)**:** *Titiricircus.* **Trécola:**

Gus, un guiñol con moito gas.
Ver Vº Festival internacional de títeres, Santiago.

VI.3.3. Postas en escena

Títeres **Trompicallo**: *Manoladas*. Ver XVIª Mostra internacional de teatro,

RiBadavia, no apartado III. 5. 1. deste *Informe*.

Xacarandaina: *Cousas que foron*.

Dirección: Fernando Martínez e Luís Martínez.

VI. A literatura infantil e xuvenil galega

VI.3. Teatro

VI.3.3. Postas en escena

VI.3.3.3. Postas en escena que continúan en cartel:

VI.3.3.3.1.Grupos escolares, de asociacións ou agrupacións varias

VI.3.3. Postas en escena

Tranghallada (Grupo de teatro do IES Val Miñor, Nigrán): *O Principiño viaxa polo espacio.*

Verdegaio: *O achado do castro.*

Referencias varias:

-D. P., “Verdegaio” representó el Nacimiento en la Cabalgata de Reyes”, *Diario de Pontevedra*, 10 xaneiro 2000, p. 10.

Informa da programación cultural do Concello de Marín durante o Nadal do 99 e salienta o principal protagonismo do Grupo de Teatro Verdegaio, de recente creación, que participou coa representación do nacemento na Cabalgata de Reis e coa representación da obra *O achado do Castro*.

VI. A literatura infantil e xuvenil galega

VI.4. Cómic

VI.4.1. Galegos

Marcos, Primitivo, *Aventura no Camiño de Santiago*, Premio Ourense de Banda Deseñada, Lugo: Deputación de Lugo, 2000, [9 pp.] . (ISBN: 84-8192-127-O).

Terceira entrega dunha serie realizada polo debuxante Primitivo Marcos que se comezou a publicar en 1998 e que narra as aventuras vividas por un grupo de peregrinos no Camiño de Santiago. Nesta ocasión a familia sepárase no camiño por mor dunha disputa sobre a capacidade das mulleres de cabalgaren soas e deciden apostar quen chega antes a Samos. Así a nai e a rapaza cabalgan por un lado e o pai e o neno por outro e no camiño ambas parellas sofren o ataque dun raposo e dunha nai osa respectivamente, perigos dos que conseguen saír victoriosos aínda que sen deixar de lado en ningún momento a súa aposta.

Referencias varias:

F. V., “Un lucense, premiado en Ourense por un cómic sobre el camino”, *El Progreso*, 13 setembro 2000, 61.

Fai referencia á distinción outorgada a Marcos Primitivo pola Casa da Xuventude e a Concellería de Cultura de Ourense, dentro dos Premios Ourense de Banda deseñada, polo seu labor a prol da banda deseñada en

Galicia. Ofrece un percorrido polo seu labor como debuxante e lembra que empezou con este cómic no ano 1996. Tamén salienta que colaborou en *El Progreso* durante anos como ilustrador de sucesos e máis tarde na revista *Lucus*, editada pola Deputación de Lugo. Finalmente, céntrase no cómic no que está traballando na actualidade e recóllense as palabras do propio debuxante, quen conta o proceso de elaboración do cómic e confesa a súa intención de dedicarse profesionalmente a este traballo.

- Santi Carballido, “Ourense revive a festa galega do cómic”, *A Nosa Terra*, nº 954, “Guieiro Cultural”, 28 setembro 2000, p. 25.

Informa da duodécima edición das Xornadas de Banda Deseñada de Ourense. Dá noticia das datas e lugar de celebración, ademais das principais novidades, entre as que cita a estrea de varias películas de animación. Comenta a concesión do Premio Ourense de Banda Deseñada a Primitivo Marcos pola serie *Aventura no camiño de Santiago*. Tamén alude á concesión do premio ao mellor autor novel a Suso Sanmartín.

VI. A literatura infantil e xuvenil galega

VI.5. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica.Biografías. Crónicas

VI.5.1. Monografías, biografías, crónicas e libros colectivos

Aleixandre, Marilar, *Castelao segundo Rañolas: vida e obra de Castelao*, Vigo: Galaxia, col. Árbore, nº 113, serie Letras Galegas, 2000, 83 pp. (ISBN: 84-8288-363-1).

Esta biografía de Castelao presenta a orixinalidade de estar elaborada a partir do punto de vista dos personaxes por el creados, que manteñen animada conversa con Marilar Aleixandre. Comeza o libro cun comunicado aos lectores no que se lles indica cómo foi concibido, ademais de animar á lectura das obras do rianxeiro. A seguir, introduce oito capítulos titulados e marcados en romanos, polos que van desfilando personaxes como Rañolas, que aparece acompañando á narradora ao longo de todo o volume, Peito de Lobo, o esquelete de *Un ollo de vidro*, Melchor e Pimpinela. As anécdotas relatadas por estes personaxes compleméntanse coas abondosas citas de obras de Castelao, de discursos, da correspondencia e diarios, ademais de ensaios sobre a súa vida e obra. As ilustracións tamén foron extraídas das obras de Castelao. Finalmente, inclúese un capítulo de agradecementos e outro de bibliografía, tanto activa coma pasiva.

Recensións:

- Lupe Gómez, “Os segredos da prosa”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 317, 15 xuño 2000, p. 12.

Comenta o contido da obra e destaca a amenidade e a adaptación desta tanto aos nenos coma aos maiores. Considera que é unha maneira de achegarse á biografía de Castelao “orixinal, entretida e intelixente”, no que Marilar Aleixandre demostra o seu bo facer narrativo. Salienta a “marca feminina” presente a través da personaxe de Pimpinela como “unha forma de definir o mundo feminino. É unha forma de saír do silencio”.

-Armando Requeixo, “E Rañolas falou de Castelao...”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, 18 xuño 2000, p. 13.

Sitúa esta obra de Marilar Aleixandre como un dos libros merecedores de atención de entre todos os que se están a publicar con motivo do Ano Castelao. Comenta o contido e salienta que a autora se achegue á faceta máis humana do político e escritor rianxeiro, sen esquencer a inclusión de datos biográficos. Destaca a “especial estructura metaliteraria” empregada nesta “orixinal” biografía e recomenda a súa lectura.

- A. R., “Castelao por Rañolas”, *Tempos Novos*, nº 38, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, xullo 2000, p. 77.

Apuntamento para indicar o acerto de Marilar Aleixandre, quen en *Castelao segundo Rañolas* ficcionaliza o personaxe, a lenda, xa que son os propios personaxes de Castelao os que falan do seu creador.

-Xosé Manuel Freire, “Desde os ollos de Rañolas”, *Guía dos libros novos*, “Ano de Castelao”, xullo-agosto 2000, p. 7.

Saliéntase o acerto desta autora ao tratar de achegar a figura de Castelao ós máis novos. Tamén se sinala que este é un “libro coral” no que se relata a biografía do dibuxante de Rianxo ao mesmo tempo que se inclúen fragmentos das súas obras e as opinións das súas personaxes. Remátase recoñecendo os esforzos da colección “Árbore” por difundir a cultura galega entre os máis novos.

Referencias varias:

- Pilar Pallarés, “Dúas (tres) sobre Castelao”, *A Nosa Terra*, “Guieiro Cultural”, 11 maio 2000, p. 25.

Ver Centro Dramático Galego (2): *Os vellos non deben namorarse*, de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, no apartado III. 5. 2. 1 deste *Informe.*

-M. D. G., “Marilar Aleixandre pon a falar a Castelao coas súas personaxes para os novos”, *O Correo Galego*, “AFA”, 25 maio 2000, p. 39.

Refírese á presentación da obra na librería Couceiro de Santiago e dá conta dalgunhas das características máis salientábeis da mesma, entre elas que vai dirixida aos máis novos ou que se achega á vida de Castelao da man de personaxes dos seus propios relatos como o Rañolas. Recóllense as palabras da propia autora nas que apunta que tivo que afrontar deste xeito a biografía de Castelao porque xa hai moitas obras sobre o mesmo, e remata co apuntamento de Armando Requeixo quen salienta a presencia de elementos do contexto no que viviu o autor rianxeiro como a censura.

- R. C. G., “Aleixandre presenta unha biografía “alegre e entretida” de Castelao”, *El Progreso*, 9 xuño 2000, p. 74.

Informa da presentación desta obra na Feira do Libro de Lugo e das actividades realizadas e previstas na feira.

Barral, Mara, *Clásicos de Nadal para representar con nenos*, Santiago de Compostela: Edicións Lea, 2000, 119 pp. (ISBN: 84-95444-08-9).

Volume de carácter didáctico que comeza cunha parte introductoria na que Mara Barral analiza a presencia da “Expresión Dramática” no currículo e comenta a importancia que o teatro e os xogos dramáticos teñen na formación integral do alumno. A seguir, describe as características que debe reunir un texto que se queira representar na aula e a relación cos obxectivos que nos marquemos para esa actividade. Achégase tamén aos contos de transmisión oral e aos autores dos contos escolmados: Hans Christian Andersen, Charles Dickens e Oscar Wilde, dos que inclúe versións ao galego de *A vendedora de mistos*, *Contos de Nadal* e *O príncipe feliz*. Destes textos presenta adaptacións teatrais e explica cómo se leva a cabo todo o proceso, dende a selección do texto ata a iluminacións, a escenografía, o vestiario e a maquillaxe, etc. Finalmente, recolle unha bibliografía e un “Vocabulario” coa definición da terminoloxía teatral empregada”.

Carreiro, Pepe, *Sarmiento*, ilust. do autor, Vigo: Promocións Culturais Galegas SA/A Nosa Terra, col. Protagonistas da Historia, nº 3, 2000, 34 pp. (ISBN: 84-95350-48-3).

Comézase esta biografía de Martín Sarmiento ao estilo clásico, dende a data de nacemento, o 9 de marzo de 1695, ata chegar ao momento da súa morte, o 7 de decembro de 1772. Faise un percorrido a través da súa infancia, mocidade, idade adulta e derradeiros anos de vida. En cada un destes tramos vitais, dáse conta daqueles aspectos máis salientábeis da súa persoa e relacionados coa súa formación intelectual, ideolóxica, obras de estudio feitas, viaxes realizadas ou estilo de vida. Parte destes feitos aparecen reflectidos por unha serie de ilustracións a toda páxina, que aparecen ao longo do volume, no que se fai fincapé na gran sabedoría deste ilustrado atípico, que “combinou sempre de maneira sorprendente razón e fe”, e na súa defensa e estudio da lingua e cultura galega.

Carreiro, Pepe, *Pardo de Cela*, ilust. do autor, Vigo: Promocións Culturais Galegas SA/A Nosa Terra, col. Protagonistas da Historia, nº 4, 2000, 34 pp. (ISBN: 84-95350-49-1).

Biografía de Pardo de Cela, persoa na que se simboliza a decadencia da poderosa nobreza galega e a conseguinte conversión de Galicia nunha provincia máis da coroa de Castela. Salienta algúns datos desta biografía, como é o feito de casar coa filla do Conde de Lemos, uníndose así dúas fortunas que o situaron na cima da nobreza galega, ou os títulos que recibiu, entre os que destaca o de mariscal. Ao mesmo tempo dá conta dos diferentes cambios políticos que se produciron na península a finais do século XV coa chegada ao poder dos Reis Católicos, que trouxeron consigo a execución de Pardo de Cela en 1484, a mans dos seus representantes en Galicia, paradoxicamente, a quen apoiaba. Pecha esta historia con dúas lendas, unha delas escrita por Ramón Cabanillas e Antón Villar Ponte, que contén as derradeiras palabaras do mariscal, e outra de carácter popular. Como xa é habitual nesta colección, o autor do texto tamén presenta unha serie de ilustracións a toda páxina que reflicten parte dos feitos narrados.

Gálix. *Asociación galega do libro infantil e xuvenil. 1989-1999*, ilust. Noemí López, Santiago de Compostela: Gálix (Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil), 2000, 55 pp. (ISBN: 84-930698-1-7).

Publicación que recolle a biografía de GÁLIX (Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil) dende a súa creación en 1989 ata 1999. Inclúense as actividades realizadas ao longo dos dez anos de existencia desta asociación sen ánimo de lucro, as xuntas directivas que estiveron á fronte da entidade, a listaxe de socios, así como informacións relativas ás organizacións das que GÁLIX forma parte como sección galega, o IBBY (International Board on Books for Young People), a OEPLI (Organización Española para el Libro Infantil y Juvenil), sección nacional do IBBY, e o resto das seccións estatais que configuran a OEPLI: Consell Català dell Llibre per Infants i Joves, Galtzagorri Elkartea e Consejo General del Libro. No apartado dedicado ás actividades realizadas por GÁLIX ao longo dos seus dez anos de existencia cítanse: as iniciativas levadas a cabo nos Seminarios de Literatura Infantil e Xuvenil organizados en colaboración coa Biblioteca “Nova 33” (Obra Social de Caixa Galicia) de Santiago de Compostela; as exposicións “Galicia Solidariedade” e “Debúxame un conto”, organizadas por GÁLIX para dar a coñecer a obra dos principais ilustradores galegos; os contidos dos Encontros Luso-Galaico-Francófonos, na organización dos cales colabora GÁLIX dende 1997; e as actuacións levadas a cabo para asegurar a presencia da literatura infantil e xuvenil galega nos principais foros estatais e internacionais. A seguir, no apartado “Publicacións” recóllense todos os títulos editados pola Asociación e aqueles nos que colaborou e as actividades que realiza en colaboración coa OEPLI. Pecha o volume un espacio dedicado a Puntos de información.

Referencias varias:

- A. I. S., “Publicación Gálix”, *El Correo Gallego*, “Así está el patio”, 19 outubro 2000, p. 38.

Anuncia a presentación deste volume por parte da Asociación galega do Libro Infantil e Xuvenil (GÁLIX), que está subvencionada pola Consellería de Cultura e a Fundación Caixa Galicia. Tamén apunta que con esta publicación se quere conmemorar o décimo aniversario da Asociación e que o acto estára presidido pola súa Presidenta, Blanca-Ana Roig Rechou, e que contará coa presencia de Homero Pérez Quintana e José Manuel Touriñán.

Martos Núñez, Eloy, José Mª **Corrales Vázquez**, Arturo **González** e Sara **Moreno Valcárel** (eds.), *Actas II Congreso de Literatura Infantil y Juvenil: Historia Crítica de la Literatura Infantil e ilustración Ibéricas*, Mérida-Badajoz: Junta de Extremadura (Consejería de Cultura), col. Documentos/Actas, 2000, 517 pp. (ISBN: 84-7671-571-4).

Recóllense neste volume as actas do IIIº Congreso de Literatura Infantil y Juvenil "Historia Crítica de la Literatura Infantil e Ilustración Ibéricas", celebrado en Cáceres entre o 3 e o 6 de decembro de 1998 e as actas do Precongreso, que tivo lugar o 24 e 25 de setembro de 1998 en Rocamador/Barcarrota (Badaxoz). No volume, tralas presentacións institucionais, o programa e o relatorio inaugural de Alice Vieira, inclúense os relatorios panorámicos correspondentes ás diferentes literaturas infantís e xuvenís e ilustracións en portugués, vasco, galego, catalán e castelán, a cargo de J. António Gomes, Manuela Bronze, Xabier Etxaniz, Edurne Urica, Blanca-Ana Roig Rechou, Miguel Vázquez Freire, Teresa Durán, Fina Rifà, Jaime García Padrino e Arcadio Lobato, respectivamente. A seguir, van as diferentes comunicacións presentadas neste congreso e distribuídas nas seguintes seccións: "Historia de la literatura", "Temas", "Poesía y Teatro", "Autores", "Ilustracións", "Prensa", "Docencia", "Biblioteca" e "Otros". O terceiro apartado constitúeno os denominados "Círculos de opinión" coas conclusións dos distintos foros de debate, que se levaron a cabo no Congreso. Inclúense tamén as "Actividades de entorno", realizadas nos días que o citado evento durou: "Caperucita Roja", sesións ao redor do conto destinadas a alumnos de centros escolares; unha homenaxe a Gloria Fuertes; os contidos da exposición da Escuela de Arte de Mérida e da mostra "Literatura Tradicional en Extremadura". A

seguir, e como quinto apartado da publicación, reprodúcense os paneis das exposicións de literatura e ilustración que acompañaron a cada un dos relatorios das diferentes áreas xeográficas. Finalmente, completan o volume as actas das actividades precongresuais coas contribucións dos escritores convidados e as relacións das actividades realizadas nese encontro. As achegas por parte galega son as que se detallan a seguir:

I. Ponencias (Galicia):

- Blanca-Ana Roig Rechou, “Historia crítica de la literatura infantil y juvenil gallega”, pp. 59-70.

Despois de aludir á formación da literatura infantil e xuvenil en Galicia, ofrece unha historia crítica desta ata a actualidade. Para isto, divide o corpus literario obxecto do seu estudio en tres grandes períodos: un primeiro, que abrangue os anos comprendidos entre 1900 e 1950 e que denomina “Primeiras manifestacións”; un segundo, que, á súa vez subdivide nun período que vai de 1950 a 1968 e chama “Transición”, e outro que vai de 1968 a 1978 e chama “Asentamento”; e por último, o que parte de 1978 e chega a actualidade e recibe o nome de “Consolidación”. En cada un deses períodos cita aqueles feitos históricos, políticos, sociais ou culturais que afectaron máis directamente á conformación da literatura infantil e xuvenil galega, ademais de dar conta da súa paulatina evolución nos diferentes xéneros: narrativa, poesía e teatro e, dende a súa consolidación, do cómic e traduccións. Desta maneira, dá conta dos nomes daqueles autores que foron achegando a súa producción e dos seus respectivos títulos, dos que fai unha breve sinopse do seu argumento e comenta os seus aspectos máis salientábeis, e faise eco das tendencias que foron xurdindo. Tamén lle presta atención aos outros axentes do contexto literario como son as editoriais, os premios ou as

actividades de sociedades culturais para analizar as súas repercursións. Así mesmo, repara no tratamento que a crítica lle deu a esta literatura dirixida aos máis novos e extrae unha serie de conclusións de todo o exposto. De cada un dos períodos tratados, mostra unha serie de gráficos, nos que se reflicte a cantidade da producción da literatura infantil e xuvenil en galego nos diferentes xéneros literarios.

- Miguel Vázquez Freire, “La ilustración en la literatura infantil y juvenil gallegas”, pp. 71-84.

Despois de definir o campo de análise desta ponencia, fai unha breve digresión histórica da literatura galega, centrándose na dirixida ao lectorado máis novo, e refírese á ilustración e tradición e á ilustración como creadora dun universo imaginario. A seguir, fai un percorrido pola ilustración da literatura infantil e xuvenil galega, partindo de tres grandes etapas: a primeira, que vai dende a aparición do primeiro libro que cabe chamar infantil ata a Guerra Civil; a segunda, que parte da creación da editorial Galaxia en 1950, e a terceira, que ten o seu inicio coa promulgación da “Lei de Normalización Lingüística”, en 1983. Fai unha análise das liñas estéticas seguidas en cada unha destas etapas e cita os seus representantes máis salientábeis. Así, mentres que da primeira nomea a A. D. Rodríguez Castelao e da segunda a Luís Seoane, da terceira son moitos os nomes dos que se fai eco. De entre eles, cita a aqueles artistas que combinan inicialmente os labores de ilustración cos de deseño, como son Xosé Díaz ou Pepe Barro, aos que seguen a fidelidade e tradición iconográfica, como por exemplo Xoán Balboa e Xaquín Marín, ou aos que proceden do campo da historieta, como é o caso de Miguelanxo Prado, Xan López Domínguez ou Fran Jaraba. Por outro lado, alude aos ilustradores que deu en chamar Xeración de “Galicia Solidariedade”, tomando como referencia a exposición organizada por GÁLIX en 1993 e na que participaron practicamente a totalidade dos ilustradores con obra publicada dende os anos 80 e aos que denominou Xeración “Débuxame un conto”, que parte doutra exposición organizada pola citada Asociación, na que se observa un incremento da diversidade de estilos, xa

que están os artistas que chegan á ilustración dende unha traxectoria artística previa noutro campo das artes plásticas ou que o fan en Galicia como continuidade dun traballo anterior noutos ámbitos xeográficos, os que proseguen a liña de influencia da historieta gráfica ou os experimentalistas, que están influenciados polos novos recursos tecnolóxicos. Finalmente, fai unha análise da representación do mundo na ilustración dos autores galegos.

II. Comunicacións (Galicia):

- Marilar Aleixandre, “Érase una vez una madrastra...’: La familia como ámbito de violencia en la literatura popular”, pp. 139-141.

Aproximación á análise da crueldade inserida nos contos infantís, na que aborda dous aspectos fundamentais, como xa indica a autora na introducción do artigo, a madrasta como personificación da batalla xeracional e as tensións familiares reflectidas nalgúns exemplos de libros infantís e xuvenís contempóraneos. Na introducción ofrece algúns exemplos da literatura popular nos que se observa a existencia da crueldade no seo familiar. A seguir, detense na violencia da madrasta á que considera o paradigma de personaxe malvado nos contos populares e ofrece algúns exemplos representativos deste feito tomados do ideario popular. Finalmente, céntrase nas novelas escritas na actualidade e analiza os conflictos xeracionais e familiares que se poden atopar en novelas como *¡Asústate Merche!* (1994) de Fina Casalderrey, o *El castillo de las tres Murallas*, (1991) de Carmen Martín Gaite.

- Araceli Herrero Figueroa, “El mito del amor y psiquis y su pervivencia en el relato tradicional gallego-portugués”, pp. 169-174.

Trátase dunha proposta de aplicación da Literatura Comparada á Literatura Infantil e Xuvenil, elaborada dende a experiencia da autora como docente de Didáctica da Literatura. O seu propósito é o de estudiar as diferentes modulacións do mito, consciente do interese da Mitoloxía para o ensino da Literatura, en concreto, o de Eros/Cupido e Psiquis, a partir do conto galego “O conto do lagarto” que “representa la degradación o popularización del famoso mito del héroe que debe sufrir toda una serie de pruebas iniciáticas, un ritual de paso, de maduración a fin de conseguir el acceso e integración en la sociedad”. Identifica a rapaza do relato galego con Psiquis. Atende á proxección deste mito na literatura europea e universal, ás distintas versións galegas existentes –recompiladas por Marcial Valladares e Laureano Prieto-, ás diferentes posibilidades de lectura que lle outorgan ao texto unha gran plurisignificatividade e, especialmente, ao topo da viaxe que permite, na súa aplicación nas aulas, explicitar e aplicar a taxonomía de Propp ou as distintas teorizacións elaboradas por autores como Greimas ou Bremond e analizar as diferentes lecturas que pode suscitar unha posíbel “lectura de mulleres”, xa que no relato a muller é suxeito.

-Mario Romero Triñanes, “una aproximación a la narración policial en la literatura infantil y juvenil gallega”, pp. 191-195.

Achegamento á producción narrativa infantil e xuvenil galega na procura de diversos elementos políciacos. Inicia este percorrido coa análise de dúas obras que lle parecen máis representativas pola utilización de fórmulas clásicas do xénero policial, *O caso das chaves desaparecidas* (1993), de Antón Cortizas e

Sabotaxe na Estaca de Bares (1997), de Manuel Riveiro Loureiro, das que aborda os diferentes aspectos que resultan claves para a súa incursión no xénero detectivesco: trama, tratamento dos personaxes ou a modalidade elixida, ademais de salientar o humor como trazo común a estas dúas obras. De igual xeito, achega diversos exemplos que se poden inserir á chamada novela negra como *A chave das noces* (1987), de Xabier P. Docampo, das que analiza algunhas das súas claves interpretativas nas que se poden atopar reminicscencias do xénero negro. O último grupo de novelas revisadas son as que o autor inclúe baixo o epígrafe “intriga e aventuras”, das que cita entre outras *A malvada Mª Xosé* (1989), de Miguel Vázquez Freire. Salienta algúns dos recursos utilizados que as diferencian dos anteriores, por considerar que as súas características fannas susceptíbeis de inserirse en diversas tendencias literarias.

- María José López Pérez, “Expediciones a la fantasía. La narrativa infantil de Marilar Aleixandre”, pp. 241 244.

Compara a producción literaria de Marilar Aleixandre dedicada a un lectorado infanto-xuvenil coa destinada a un lectorado adulto e determina as diferencias existentes entre as obras escritas para rapaces e as de adultos. Facilita uns datos biobibliográficos da autora devandita, recolle as características observadas só nos libros infantís e xuvenís e as que tamén aparecen nos de adulto pero con matices diferentes. Os trazos nos que se centra son: a proximidade do narrador ao lectorado, os recursos narrativos empregados (estructura típica do conto tradicional, o uso de cursiva, abuso de comparacións, ...) e as súas finalidades, os tipos de personaxes (simples na literatura infantil e complexos na de adultos), o nome dos personaxes e as súas características, a elección e adaptación dos temas segundo a idade do lectorado, as tendencias temáticas, a etapa evolutiva do destinatario como base fundamental do argumento e o tipo de argumentos ademais das características e funcións do tempo, do espacio e dos títulos nas obras. Indica os seguintes trazos da

producción infantil desta autora: adaptación do vocabulario sen infantilización, cambios de rexistro, abuso do diálogo, narración fronte á descrición, uso de diminutivos, comparacións e frases feitas, fórmulas repetitivas e simplificación das frases. Conclúe afirmando que todo o exposto confirma que se aprecian diferencias entre as obras, de Marilar Aleixandre, destinadas ao lectorado adulto e as do infanto-xuvenil, que despois de observar as áreas nas que existen diferencias considera a literatura infantil un sistema literario diferenciado polas "peculiaridades existentes a nivel narrativo, lingüístico y editorial" e por "una serie de circunstancias extraliterarias que contribuyen a la diferenciación de esta literatura de género". Advirte que o incremento da presencia da LIX nos medios de comunicación e noutros eventos literarios (congresos, seminarios, ...) é notábel e que se pode observar na información recollida nos *Informes de Literatura* do Centro de Investigación Ramón Piñeiro.

- Isabel Soto López, "Dos extremeños en la literatura gallega: Mª Victoria Moreno y Xosé Antonio Perozo", pp. 257-261.

Percorrido pola producción infantil e xuvenil de Mª Victoria Moreno e Xosé Manuel Perozo, dous autores extremeños afincados en Galicia, co fin, segundo a relatora, de ofrecer uns breves apuntamentos como "homenaje y agradecimiento a su larga labor por la literatura infantil y juvenil gallega". Facilita uns datos biobibliográficos dos escritores e un sucinto resumo argumental dalgunhas das obras para centrarse nos aspectos máis salientábeis dos textos. De Mª Victoria Moreno destaca: o tono lírico entre o mundo real e o ficticio, a defensa dos valores e ideas (a solidariedade, a amizade, a aprendizaxe que brinda a natureza, a defensa dos animais, ...), a súa preocupación polo mundo da ensinanza, o emprego de recursos narrativos tradicionais, a presencia de animais humanizados como personaxes fundamentais, a ruptura de moldes establecidos (a ausencia na figura do lobo da crueldade e ferocidade) e a achega que fai ao mundo dos

xoves. Recolle as verbas da propia autora nas que constata a súa preocupación pola ensinanza e a crítica do sistema tradicional, ademais das de Blanca-Ana Roig Rechou para destacar a parábola da vanidade e da obsesión do poder que fai a escritora a través do lirismo e a tenrura. Salienta a creación, nos libros destinados aos adolescentes, dun adulto que comprende aos xoves e lles transmite seguridade, os diferentes problemas dos adolescentes tratados nas súas obras e o ton de lirismo sincero presente na descrición do espacio e na "elección de elementos humildes asociados al mundo infantil". Resalta da escrita de X. A. Perozo "la influencia del relato oral en temas y técnicas y la utilización del mundo de la fantasía como canal favorecedor de experiencias insólitas para sus personajes". Enumera algunhas das características do relato oral presentes nos textos deste autor e salienta: a maneira de presentar un narrador omnisciente aproveitando os recursos da narrativa oral, a ironía e o ton humorístico co que se aborda o mundo dos adultos, a función da memoria como transmisora de anécdotas curiosas, a existencia de situacións estranas con desenlaces inesperados, a independencia adxudicada aos personaxes e o emprego dun final aberto. Alude tamén á participación que consegue do receptor infantil co desdoblamento da acción na obra de teatro *Rato e gato, unha tarde de teatro*, á clase de personaxes desta, animais humanizados, e ao tipo de novela, narrador e historia relatada en *O enigma de Embívicus.*

- Beatriz Prado Seoane, "La promoción de nuevos ilustradores desde la biblioteca "Nova 33", pp. 279-280.

Comeza destacando a importancia que ten a Biblioteca Nova 33 para a promoción dos ilustradores novos ao permitir que sexan estes os que ilustren os volumes da colección "Nova 33". A seguir, fai un percorrido cronolóxico, que parte do ano 1994, no que describe os traballos de Xulia Barros, Paula Paradela, Ramón e Beatriz Prado, Sergio Casas e Noemí López. Finalmente, enumera os libros que ilustraron estes autores posteriormente.

-María Ramos Fariñas e Amparo Raviña Rosende, “Liliana Vázquez, Fran Bueno, Pablo Otero “Peixe” e Noemí López: cuatro ilustradores e ilustradoras noveles en Galicia”, pp. 281-287.

Salientan, inicialmente, a importancia da ilustración na literatura infantil e xuvenil e, xa que logo, “la influencia que esta ejerce sobre la infancia debido al fuerte atractivo que opera tanto sobre el receptor que lee como sobre el que sólo sabe mirar”. Despois de lembrar a pegada que clásicos como Castelao, Seoane e Díaz Pardo seguen a deixar nos nosos debuxantes, céntranse en describir e caracterizar o traballo de catro ilustradores novos. Así, de Liliana Vázquez destacan que non segue unhas pautas estrictas á hora de definir os personaxes, alterna a recuperación clásica nalgunhas obras co esquematismo doutras. Con respecto a Francisco Bueno Capeáns, comentan que emprega, fundamentalmente, tres técnicas: acuarela, pluma de tinta china e acrílico, e que destaca pola monocromía. A Pablo Otero Rodríguez “Peixe” caracterízano por ser autor dun debuxo “innovador y atrevido”, con grande expresividade, simplicidade e esquematismo. Finalmente, de Noemí López salientan a incorporación de elementos narrativos nas súas ilustracións e o emprego de trazos arquetípicos nas figuras dependendo da idade.

- Xosé A. Neira Cruz, “Aproximación a la historia de la prensa infantil en gallego”, pp. 301-303.

Despois de aludir ás primeiras experiencias de prensa infantil en Europa, sinala que, cun afán didáctico e moralizante e estreitamente relacionados co ámbito escolar e catequístico, aparecen no Rexurdimento os primeiros exemplos de prensa infantil en Galicia en *El Estudiante*, *La Esperanza* ou *El Escolar*. Sinala que coa chegada do novo século, apareceron novas cabeceiras escolares en Galicia con máis marcado cariz infantil, como é o caso de *El Gallego*, que xa no seu segundo número pasa a denominarse *El Escolar* e do

que recolleu o seu testigo *El Faro de Veiga*. Sinala que, na liña destas publicacións e seguindo en boa medida os postulados da Institución Libre de Ensinanza, estaban *La Infancia Gallega*, *Maruxa*, *Nueva Infancia* e *Pequeño Escolar*. A seguir, destaca a única aposta polo monolingüismo en galego, *As Roladas*, que se publica baixo a dirección de Ramón Cabanillas en Madrid en maio e xullo de 1922. Comenta que posteriormente, na Transición, aparece *Axóuxere*, que se distribuía co periódico ourensán *La Región* e que era unha idea concebida polo escritor Paco Martín e os ilustradores Xan Balboa e Ulises L. Sarry. Explica que ás páxinas desta publicación se deben algúns dos primeiros exemplos de cómic pasatempos ou poesía en galego. Puntualiza que, trala súa desaparición, xorde *Vagalume*, que constitúe o exemplo de publicación periódica máis estábel e duradeiro de cantos houbo en Galicia dirixidos a un público infantil, pois recolleu traballos enviados por lectores e colaboracións de escritores e docentes comprometidos coa renovación da escola galega e a normalización da lingua galega. Tamén se fai eco daqueles títulos que só de forma parcial substituíron *Vagalume*, como foi o caso das revistas e suplementos *Bulebule*, *La Voz de la Escuela*, *O Pizarrín*, *Chorimas* ou *O Esquío Darío*, e conclúe sinalando que nestes anos se asistiu en Galicia á multiplicación das publicacións dos centros escolares, a través das cales se foi paliando a grave carencia que supón a inexistencia de propostas consolidadas de prensa infantil en galego.

-Eulalia Agrelo Costas, “La labor de la Agrupación Cultural *O Facho*, dentro del panorama de la literatura infantil y juvenil gallega”, pp. 353-355.

Logo de referirse ás circunstancias que provocaron o nacemento da Asociación Cultural O Facho en 1963 na Coruña, faise eco de todo o labor que esta realizou a prol da literatura infantil e xuvenil galega, materializado, en gran parte, nunha serie de concursos literarios, que convocaba a nivel nacional e que abranguían a narrativa, a poesía, o teatro e o cómic. Así, dá conta do ano da creación de cada un deles, dos premios que

concedían e do título das obras gañadoras máis representativas, entre outros aspectos. Tamén fai mención ao grande interese que esta asociación tivo polo teatro infantil, pois organizou mesas redondas no que este era tema central e creou o seu propio grupo teatral. A seguir, menciona aquelas repercusións máis salientábeis ás que deu lugar o seu extraordinario labor, como foron a aparición de escritores de gran renome e de textos máis axeitados para nenos e mestres ou conseguir que un volume, composto por relatos gañadores no seu concurso de contos, fose o primeiro libro galego inscrito na Lista de Honra do IBBY, en 1982. Finalmente, expón varias razóns polas que a actividade deste tipo de agrupacións esmoreceu co tempo e sinala que este declive non debe minguar a consideración do realizado por este colectivo coruñés e prever malos agoiros sobre a marcha da literatura infantil e xuvenil galega.

- Xabier P. Docampo, “El espacio, el tiempo y los personajes”, pp. 479-481.

Autopoética deste creador de literatura infantil e xuvenil na que caracteriza os espacios, o tempo e os personaxes da súa obra. Comeza cunha introducción na que recoñece as dificultades que ten á hora de falar dos seus libros. A seguir, afirma que “mi espacio literario y vital coinciden plenamente: Galicia”, e aclara as peculiaridades das entidades de poboación galegas. Sinala que non sempre emprega espacios reais, cita o caso das vilas como xeografía imaxinaria dos seus libros. En canto á cronoloxía, comenta que non acostuma a fixar datas concretas, pero que tende á reducción temporal. Dos personaxes destaca que non son exclusivamente nenos e nenas, senón que pretende reflectir a sociedade en xeral, uns protagonistas que “se definen por las relaciones que mantienen con sus padres y con los adultos. Pero unas relaciones justas y equilibradas”. Declara o seu gusto polos personaxes rebeldes e por achegarse o máximo posíbel á oralidade.

- Xabier Campos Villar, “La crítica social en la narrativa infantil y juvenil gallega: 1960-1975”, pp. 149-152.

Percorrido polas diversas manifestacións formais que adoptou a narrativa infantil e xuvenil en galego no período que vai dende o ano 1960 ata o 1975. Deste xeito, analízase, con detalle, a crítica social á que dedicaron numerosas páxinas os autores e autoras que publicaron nestas datas, así como aos temas sobre os que incidiron con máis frecuencia. A seguir, estúdianse algunhas obras clave neste período concreto. Trátase de *Memorias dun neno labrego*, do pontevedrés Xosé Neira Vilas; “un documento social que reflexa con precisión o modo de vivir de certas aldeas galegas no tempo da guerra e da posguerra”, segundo Alonso Montero; *Polo mar van as sardiñas*, de Xohana Torres, “un cuento de claro carácter realista y vocación descriptiva”; *Mar adiante*, de María Victoria Moreno Márquez, na que se “critica a la escuela actual por emplear castigos y métodos represivos basados en el miedo y por exponer unos conocimientos no muy útiles para la vida real” e *Choio e o rei talento*, de Guillermo Abeixón, obra coa que o autor parece referirse á situación de Galicia, “ya que la economía de Choio al igual que la gallega en la época de publicación de este libro estaba basada en la explotación del campo y del mar”. Para rematar, afirma que no período estudiado a crítica social amósase como “una de las principales y más consolidadas tendencias”. Alude, así mesmo, aos temas máis destacados como a crítica do poder autoritario e uniformalizador, a pluralidade lingüística, o traballo infantil, o capitalismo, a escola tradicional ou a emigración, entre outros.

- Mª Alexandra Cabaleiro Carro, “Antonio García Teijeiro. El poeta de los niños”, pp. 227-231.

Estudio da obra de Antonio García Teijeiro, na que destaca a “reivindicación constante de la poesía como instrumento didáctico capaz de hacer despertar la sensibilidad de los niños y adolescentes, sus

destinatarios más inmediatos, y llevarlos a la reflexión crítica". Inicia o artigo cunha pequena síntese biográfica do autor vigués e cita algunhas das súas obras de carácter pedagóxico como *O libro na escola: as bibliotecas escolares e de aula* e *Disfrutar escribiendo. A narración e a poesía nas aulas*. A continuación, analiza, con detalle, as súas obras poéticas para o público infantil e xuvenil: *Coplas*, *Nenos*, *Aloumiños*, *Cacarabín, Cacarabón*, *As catro estacións*, *Ventos*, *Poemas de Sol e da Lúa*, *Lueiro de papel* e *Na fogueira dos versos*. Para rematar, afirma que García Teijeiro conseguiu o que foi e segue a ser a súa maior aspiración: "que los niños aprendan a amar la poesía".

Manuel Murguía, ilust. Pepe **Carreiro**. Vigo: A Nosa Terra, col. Protagonistas das Historia, nº 2, 34 pp. (ISBN: 84-89976-56-2).

Ver apartado IV. 2 deste *Informe*.

Roig Rechou, Blanca-Ana (coord.), *Informe de literatura 1999. A literatura galega no 1999 e a súa recepción*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dirección Xeral de Política Lingüística)/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2000, 965 pp. (ISBN: 84-453-2924-3).

Ver apartado V. 1 deste *Informe*, onde se dá conta da descripción deste volume, que presenta unha sección específica sobre a literatura infantil e xuvenil galega.

Roig Rechou, Blanca-Ana, *A poesía infantil e xuvenil en Galicia*, ilust. Noemí López, Santiago de Compostela: Teófilo Piñeiro Edicións, col. Guías Gálix, 2000, 84 pp. (ISBN: 84-923060-5.X).

Volume que presenta un panorama xeral con perspectiva diacrónica da poesía infantil e xuvenil galega dende a Idade Media ata o ano 2000. Neste percorrido aténdese a todas as manifestacións poéticas existentes e á producción de todos os autores e autoras neste xénero, dende as formas poéticas de transmisión oral ata a poesía de autor en todas as súas vertentes. Para organizar a poesía infantil a autora recorre a catro etiquetas: “Poesía é xogo”, textos baseados no folclore; “Poesía é música”, a producción que descobre o xogo poético mediante sons e rimas; “Poesía é conto” ou formas poéticas de carácter narrativo e, finalmente, “Poesía é maxia”, obras de poetas que se achegan á infancia e á adolescencia a través da innovación métrica e versificadora. A seguir detense en cada unha das etapas históricas contempladas. Na Idade Media refírese a aqueles textos ambivalentes que poderían ter como receptores tanto a nenos coma a adultos. No período denominado Séculos Escuros (XVI-XVII) sinala o comezo da recolleita de materiais orais e a denuncia da falta de atención á lingua galega no ensino por parte de voces como as do Padre Feijoo, o Padre Sarmiento ou o Padre Sobreira. No século XIX e primeiros anos do XX destaca a obra de Amador Montenegro Saavedra, *Fábulas galaicocastellanas* (1897), polo seu propósito divulgativo e polo seu obxectivo de introducir fábulas en galego no sistema educativo. Para abordar o estudio da producción do século XX, Roig Rechou recorre ao establecemento de “unidades xeracionais” en cada unha das tres etapas que contempla –1900-1950: primeiras manifestacións; 1950-1980: transición e asentamento e 1980

2000: consolidación– aplicando a proposta teórica sobre o método xeracional de Karl Mannheim, baseada máis nos procesos socio-culturais, é dicir, nos axentes que conforman o sistema, que en cronoloxías e ideoloxías e que utiliza para dar conta da evolución do xénero dende o seus primeiros desenvolvementos ata a súa definitiva consolidación. A descrición de cada un dos apartados complétase cun percorrido polos axentes que axudaron á constitución do sistema literario infantil e xuvenil galego, a referencia aos poetas que publicaron en cada período e a descrición de cada un dos títulos achegados por estes creadores. No epígrafe dedicado ás conclusións sinálase que o número total de poemarios e obras que axudaron á formación do discurso poético infantil e xuvenil se achega aos 120 títulos nos que se contemplan varias tendencias dende as tradicionais ás máis modernas manifestacións. Como debilidades da producción poética identifica as aínda cativas apostas editoriais polo xénero, a falta de premios específicos e a carencia dunha análise crítica e investigadora. Complétase este percorrido cunha guía de autores e títulos, un índice onomástico e unha bibliografía.

Ruzicka Kenfel, Veljka, Celia **Vázquez García** e Lourdes **Lorenzo García**, *Literatura Infantil y Juvenil*: Tendencias actuales en investigación, Vigo: Servicio de Publicacións da Universidade de Vigo; col. Congresos, nº 28, 2000, (ISBN: 84-8158169-0).

Neste volume recóllense os traballos presentados no congreso “Literatura Infantil y Juvenil: Tendencias actuales en investigación”, que se celebrou en Vigo en decembro de 1999, baixo a dirección da Asociación Nacional de Investigación de Literatura Infantil y Juvenil (ANILIJ), con sede na Universidade olívica. Ábrese cunha introducción das editoras na que se fan eco dos propósitos e obxectivos da citada Asociación e se refiren á situación dos estudios da literatura dirixida ao lectorado máis novo a nivel europeo. Así mesmo, manifestan que con esta publicación trataron de articular as tendencias actuais na investigación sobre a literatura infantil e xuvenil en España e conseguiron reunir a relevantes investigadores do ámbito desa literatura para que se poida facer balance da docencia e investigación neste campo nas univeridades europeas. Por outro lado, sinalan que pretenden analizar a proxección que estas investigacións no mundo universitario están tendo no conxunto da investigación española, ademais de expor e tratar de evaluar a difusión externa que ten o que elaboran os grupos de investigación sobre este tema en diferentes países. A continuación, reprodúcense os artigos, vinculados coa literatura infantil e xuvenil galega:

-Valentín Arias, Fina Casalderrey, Agustín Fernández Paz, Xan L. Domínguez, Concepción Pájaro e Irene Penas, “Situación da LIX galega actual: retos para o novo milenio”, pp. 31-41.

Analizan primeiramente a situación social do galego, a falta de normalización lingüística e a evolución deste dende a súa institucionalización, estado paralelo ao da propia producción. Consideran un feito moi relevante a chegada da lingua á escola porque supuxo unha nova demanda de material. Malia os avances observados, sinalan algunhas eivas como a desgaleguización das xeracións máis novas, o pouco avance na normalización social da lingua ou a falta de apoios dos medios de comunicación e achega posíbeis solucións. Centrados no proceso de creación dun libro para nenos e mozos, analizan o papel do escritor, do ilustrador e do traductor. Do primeiro salientan o cambio social experimentado nos últimos anos coa aprendizaxe da lingua na escola, a liberdade temática para tratar aspectos que antes eran tabú ou a forte presencia que seguen tendo os sentimentos. Tamén reivindican a valoración da calidade das obras fronte á busca das novidades. Dos ilustradores sobrancean a súa recente aparición no contexto galego, denuncian a subordinación que sempre sufriu ante o escritor e os cambios que supoñen iniciativas como “Debúxame un conto” de Galix (1999), na que se invirte o proceso. Sobre os traductores salientan o moito que se avanzou nos últimos vinte anos, denunciando eivas como os prexuízos dos docentes cara a textos traducidos, a infravaloración do papel do traductor ou a falta de crítica sobre a traducción, para o que propoñen a creación dun colectivo que se faga cargo disto. Rematan reflexionando sobre a edición dun libro de LIX, considerada máis rendíbel que outras, sobre a política editorial seguida por algúns grupos, e mesmo sobre o papel do editor. Describen polo miúdo as características que debería reunir unha librería para que os clientes se achegasen máis ao libro.

- Xosé A. Neira Cruz, “Prensa escolar en Galicia”, pp. 97-104.

Percorrido pola historia da prensa escolar en Galicia. Comeza o estudio cun achegamento aos inicios da prensa escolar, que sitúa na segunda metade do século XIX. Destas datas cita algunhas mostras en xornais ou revistas como *El Estudiante* (1879), *La Esperanza* (1898), *El Escolar* (1891), *El Emancipador Gallego* (1842), *El Eco Escolar* (1863) e *El Museo de la Infancia* (1872). A seguir, céntrase no desenvolvemento da prensa escolar en Galicia. Neste caso, alude ao xornal escolar da comarca de Ortegal, *El Gallego* (1905) de Ortigueira, que pasaría a chamarse *El Escolar* (1907), *El Faro de Veiga* (1907), dirixido polo mestre Manuel Rodríguez Molinos, *La Infancia Gallega* (1911), de Rianxo, *Maruxa* (1917), de Santiago, *Nueva Infancia* (1931), *El Pequeño Escolar* (1935), en Barreiros ou *Unión Escolar* (1936), en Pedrafita do Cebreiro. Para rematar, comenta a situación da prensa escolar galega na actualidade e ofrece unha breve bibliografía.

- Blanca-Ana Roig Rechou, Eulalia Agrelo Costas, Alexandra Cabaleiro Carro, Xabier Campos Villar, Mª Xosé López Pérez, Amparo Raviña Rosende, Mario Romero Triñanes, Mª Isabel Soto López, “Descrición e avaliación da investigación sobre a literatura infantil e xuvenil galega”, pp. 105-120.

Amplo e detallado estudio sobre a investigación no eido da literatura infantil e xuvenil. Comeza o traballo cun achegamento aos acontecementos de diversa índole que contribuíron á recuperación da saúde da lingua galega, como a publicación de *A Nosa Terra*, dende 1916 e a revista *Nós* (1920), a aparición das colecciónS “Céltiga” e “Lar”, a creación das editoriais Nós e Lar; a fundación do Seminario de Estudos Galegos no ano 1923 ou a creación das “Escolas das Irmandades”, no mesmo ano. A partir dese momento, comeza o agromar das publicacións dirixidas á infancia que se verá truncado coa Guerra Civil. A continuación, divídese o traballo en catro apartados que se achegan, con detalle, á situación da literatura infantil e xuvenil en Galicia: “Décadas dos cincuenta e sesenta”, “Década dos setenta”, “Década dos oitenta” e “Década dos noventa”. En cada un dos apartados cítanse as obras máis representativas no eido da investigación ou

estudio do xénero infantil e xuvenil. Para rematar, ofrécense algunhas gráficas que amosan a porcentaxe de creación nas décadas anteriormente citadas.

- Rosa Marta Gómez Pato, “Estado actual da traducción de literatura infantil e xuvenil en lingua alemana ao galego”, pp. 173-187.

Sinala, primeiro, as fontes consultadas para a confección do catálogo que ofrece, entre as que salienta o fondo da biblioteca “Nova 33” de Santiago. Fala, a seguir, das dificultades que atopou. Na análise da “evolución da actividade traductolóxica de LIX en Galicia”, comeza polas primeiras traduccións realizadas nos anos 70 e a multiplicación que se deu na década seguinte pola chegada do galego ás escolas. Tamén sinala que, para a elaboración das dúas taboas durante a década dos 90, emprega como fonte o *Informe de literatura (1995, 1996* e *1997)*, do Centro Ramón Piñeiro. Sobre a traducción propiamente dita sinala que hai oitenta títulos vertidos ao galego, que neles aparecen poucas obras de poesía e de teatro, e que ela considera os nove anos a idade límite entre a literatura infantil e a xuvenil, polo que o maior número de traduccións correspóndese coa primeira. Salienta que a maior parte das traduccións está conformada polos contos dos irmáns Grimm, panorama que comeza a mudar en 1998 coa aparición da editorial Kalandraka. Cita traductores galegos de moita formación: Xosé Manuel García Álvarez, Xosé Reimundez Fernández e Frank Meyer, mentres que entre as editoriais salienta a Xerais e Galaxia. Finalmente, dá os nomes dalgúns autores alemáns que aínda non foron traducidos ao galego, reivindica maiores axudas institucionais para a traduccción e pasa, a continuación, ao catálogo bibliográfico propiamente dito e as táboas evolutivas da traducción, así como unha breve bibliografía.

-Lourdes Lorenzo e Ana Mª Pereira, “Avoas bébedas rehabilitadas na traducción: a manipulación do texto orixinal para adecuarse ás características do polisitema receptor”, pp. 199-209.

Comezan defendendo a achega polisistemática como o mellor método para o análise das traduccións, explican os diferentes tipos de manipulacións de textos orixinais e os seus condicionantes, facilítanse diferentes estratexias traductolóxicas de apoio á normalización. A seguir demostra a existencia de dous tipos de intervencións sobre os textos orixinais apoiándose en fragmentos extraidos de obras infantís e xuvenís. En “Manipulacións que buscan unha boa acollida do TM entre o público infantil”, maniféstase a existencia de manipulacións ao ter en conta a idade do receptor e o medo á reacción social ante certos temas. Apréciase neste aspecto unha censura temática na literatura infantil e xuvenil naquelas “culturas cun poder político opresor e represor”. Exemplifícase este tipo de manipulacións e os seus principais trazos. No segunda clase de manipulacións, aquelas “que buscan unha boa acollida do TM nun sistema lingüístico en proceso de normalización”, cita as funcións xerais dunha traducción literaria á unha lingua en proceso de normalización como o galego e facilítase as diferentes estratexias empregadas polos traductores cun afán normalizador da lingua galega. Aclara as vertentes empregadas polos traductores nestas estratexias e acompáñase de diferentes exemplos que o ratifiquen. Conclúese afirmando a existencia de intervencións nos textos orixinais por parte do traductor e resume os trazos principais destas expostos ao longo do artigo.

-Manuel F. Vieites, “O fío de Ariadna: algunhas reflexións en torno á dimensión procedemental do texto dramático e implicacións derivadas na formación do profesorado”, p. 323-330

Céntrase, Manuel Vieites, na marxinalización do texto dramático no deseño dos procesos de ensinanza-aprendizaxe. Baséase no número de reseñas de textos dramáticos, de textos dramáticos publicados, de pezas teatrais incluidas nas lecturas obrigatorias escolares, de artigos e estudios, de revistas especializadas e de fragmentos de textos dramáticos nos libros de texto. Entre as causas do pouco interese polos textos dramáticos destaca´: a concepción de que a recepción é a súa representación, a incompleta información do profesorado e a confusión entre o literario e o teatral. Comenta as cualidades dos dous tipos de lectores de dramaturxia, a falta de consideración dos mediadores que forman aos lectores polo texto dramático, as diferentes habilidades, destrezas e actividades que favorecen este tipo de textos así como, a posibilidade de elaborar unidades didácticas con eles e a falta de coherencia da LOXSE ao incorporar o texto dramático na teoría pero non na práctica. Admite que a dificultade non radica no xénero senón nos textos. Reclama a incursión do estudio de textos dramáticos na teoría e historia da literatura e que se desenvolva plenamente a dimensión procedemental destes textos. Remata coa bibliografía empregada.

- Silvia Gaspar, “Novos roles na literatura galega actual: literatura para nenas”, pp. 347-351

Resume a situación actual, creación de novos valores a través de novos modelos de comportamento non sexistas e confesa centrar o seu estudio nas obras de temática fantástica protagonizados por pre ou adolescentes publicados dende 1993, data dende a que se recompila información da totalidade da producción anual nos catálogos de GÁLIX e noutras publicacións como o Anuario de Estudios Galegos e os *Informes de Literatura* do Centro de investigación Ramón Piñeiro. Informa do número de obras adecuadas ás devanditas condicións, a temática desenvolta nelas, o número de volumes con protagonistas femininas escritos por mulleres e os protagonizados por rapazas e rapaces escritos por homes. Especifica os tres tipos de tipoloxía argumental das (“situacións nas que o protagonista é un elemento non diferenciado da

xeneralidade", "situacións problematizadas nas que o protagonista presenta graves conflictos de integración no medio" e as "situacións nas que o personaxe protagonista constitúe un elemento diferenciado do medio"), as actitudes coas que aparecen perfilados os personaxes e o sistema de valores representado, a presencia da figura feminina como referente dun novo sistema de valores sexuados e o desexo, dos adultos, de conseguir a "conquista feminina da actividade social" e "a indicación en paralelo de modelos actitudinais para os mozos". Informa da clase de conflictos que se reflicten nos libros infanto-xuvenis, as solucións que se lles dán, o medio no que se desenvolve a acción e a caracterización dos protagonistas. Manifesta a falta dun modelo efectivo de referencia de valores para os rapaces e a presencia de personaxes cos que non se identifican por mor do papel dinamizador e de "mero eco ou espello para potenciar a propia identidade das nenas". Estima que o fío de conexión deste tema é o "desproporcionado modelo referencial que ... se está ofrecendo ós lectores dos dous sexos" e que os modelos de actuación se proxectan máis cara unha realidade e unha idealización dos educadores" desprazando o elemento masculino sen proporcionarlles modelos alternativos de actuación. Ao final, cuestiónase para quén escriben os autores, ata qué punto é lícito conducir aos nenos pola nosa ideoloxía e por qué se presenta conflictivo o papel da muller fronte ao rol paterno no núcleo familiar.

- Silvana Naldi, "La infancia como tema de la narrativa popular gallega", pp. 381-389

Na parte introductoria destácase a presencia da infancia na literatura a mediados do S.XVIII coa "crise de conciencia europea que provoca o abandono da poética universalista". Resalta que coa publicación de *Cuentos del tiempo pasado*, de Perrault, únense o folklore e a infancia e que co *Emilio*, de Rosseau, nace o primeiro modelo de educación. Salienta o positivo e negativo das ideas rousserianas, os primeiros libros nos que o neno comeza a ser un "ciudadano culto" a ter en conta e o feito de que se comece a escribir contos e

cancións infantís. Baseándose en *El niño y la vida familiar en el Antiguo Régimen*, de Philippe Ariés, explica o concepto que se tiña da infancia no Antigo Réxime e a consolidación da escolaridade dende o S.XVII. Afirma que na literatura existen un “número limitado de temas para a descrición dos aspectos da experiencia humana” e que a través de xogos, da expresión oral, do folclórico e do popular a literatura logrou comunicarse ao longo dos tempos. Explica as diferencias existentes entre o conto popular e o literario centradas na presentación de temáticas e dos desenlaces das historias. Alude ao cambio producido na literatura galega a favor da escrita en detrimento da oral e o pequeno rexurdir da literatura popular nos últimos anos. Resume o contido dos seguintes contos: “O paxaro de ouro”, “Os tres labores”, “A frol do litoral”, “O encanto e as tres irmás”, “As fillas do zapateiro”, “A Abre das tres torondas” e “As tres nenas e a virxe”.

Soto López, Isabel (coord.), *A nosa literatura infantil e xuvenil 1998*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Dirección Xeral de Promoción Cultural/GÁLIX (Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil), col. Guías Culturais, nº 18, 2000, 153 pp. (ISBN: 84-453-2632-5).

Con idénticos obxectivos e enfoque metodolóxico que en anteriores entregas, GÁLIX saca do prelo unha nova guía que recolle os libros infantís e xuvenís publicados ao longo de 1998. Os libros están dividos en dous grandes bloques, en función da súa autoría, é dicir, se son de autores galegos ou autores traducidos. Á súa vez, en cada un destes bloques, aparecen ordeados alfabeticamente, contendo cada unha das páxinas a repoducción da capa do volume, a ficha de catalogación bibliográfica, unha sinopse argumental e a clasificación segundo a idade lectora preferente. A este respecto, empréganse catro categorías: prelectores e primeiros lectores (de 0 a 7 anos), lectores autónomos (de 8 a 10 anos), xoves lectores (de 11 a 14 anos) e xoves adultos (a partir dos 14 anos). Na parte final inclúe uns índices de autores e autoras galegos e traducidos, ilustradores e ilustadoras, títulos galegos, títulos traducidos, colecciónns, editoriais, idades e xéneros, para facilitar as buscas en cada un destes campos. Trátase, segundo se indica na nota introductoria, dun catálogo que pretende ser un instrumento de consulta para todos aqueles interesados na literatura para os máis novos e para eles mesmos.

VI. A literatura infantil e xuvenil galega

VI.5. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica.Biografías. Crónicas

VI.5.2. Publicacións en revistas

A. R., “Contos de noso”, *Tempos Novos*, nº 38, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, xullo 2000, p. 77.

Breve nota para indicar a edición de *Contos de maxia I* e *Contos de maxia II*, conxunto de historias do acervo cultural oral, reelaboradas por Xosé Miranda, Antonio Reigosa e Xoán Ramiro Cuba.

Abelairas, Beatriz, “Os cativos mandan”, *Qué leer día a día*, nº 45, xuño 2000, p. 81.

Comenta que na literatura galega os libros para os nenos e adolescentes son dos máis demandados. Por este motivo, dá unha serie de pistas para seguir a literatura infantil e xuvenil que se está a producir en Galicia. Refírese á revista *Golfiño* e aos libros *Bicos de prata* (1999), de Fina Casalderrey, *Olo-iepu-iepu* (1999), de Paula Carballeira, *O principiño* de Saint-Exupèry e *Andrea quere ser maior* (1999), de Pepe Carballude, entre outras publicacións.

_____**,** “Clásicos que siempre son novedades”, *Qué leer día a día*, nº48, outubro 2000, p. 74.

Ver Abelairas, Beatriz no apartado V. 4 deste *Informe*.

_____**,** “Premios y premiadísimos”, *Qué leer día a día*, nº 49, abril 2000, p. 75.

Ver Abelairas, Beatriz no apartado I. 1 deste *Informe*.

Abril, Paco, “¿De que falamos cando falamos de animación á lectura”, *Fadamorgana*, nº 4, “Animación a leer”, febreiro 2000, p. 39.

Despois de reproducir a acepción que recollen de “animación” e “animador” o diccionario da Real Academia Española, deixa ver que algo non vai ben na “redita animación” á lecutra. Segundo o seu parecer, non é difícil atopar persoas que traten este tema cunha ignorancia sobre os nenos case tan grande como a súa ignorancia sobre os libros, xa que se se analizasen a causa de por qué se le tan pouco, decataríanse de que os nenos non nacen lectores, senón que se lles fai non lectores dende que nacen.

Argüeso Pérez, Olaya, “Agustín Fernández Paz, el buscador de historias”, *CLIJ*, “Entrevistas”, nº 127, maio 2000, pp. 17-23.

Despois de darnos unhas notas biográficas de Agustín Fernández Paz, notas que tamén se incluirán nas preguntas, fai que o entrevistado fale dos seus anos de estudiante na Universidade laboral de Xixón onde fixo peritaxe industrial aínda que non lle gustase, dos estudios posteriores de Maxisterio e Ciencias da Educación. Fala tamén de cándo e cómo se achegou á Literatura infantil e xuvenil, nuns anos nos que a literatura infantil europea comezaba a verse traducida en España (Dahl, Nöstlinger), unha literatura antiautoritaria que era moi ben acollida polos que por eses anos estaban nos movementos de renovación pedagóxica. Critica o que chama a subliteratura dentro dos libros para nenos. Fala dos libros que lle interesan, “libros potentes que de alguna manera, abren nuevos caminos, tanto temáticos como formales”. Recoñece que introduce cuñas militantes nas súas obras, como fan outros escritores, sempre defendendo a calidade e explica por qué fixo literatura feminista e obras nas que fai unha análise sociolóxica de Galicia. Dá pistas sobre as súas débedas literarias e defende a escrituras nas linguas minorizadas, así como reflexiona sobre a necesidade que senten algunhas persoas pola escritura. Establece diferencias entre a literatura infantil e a de adultos, aínda que, como J. Sennel, di que a literatura infantil é a que tamén poden ler os nenos. Dá as características dos libros que el valora e fala de Miguelanxo Prado e da súa influencia para que se dedicara á ilustración. Declárase amigo da ironía e reflexiona sobre os autores galegos e estranxeiros que puideron influír na súa obra.

_____, “Fina Casalderrey, una escritora auténtica”, *CLIJ*, nº 133, “Entrevista”, decembro 2000, pp. 17-23.

Comeza dando unhas notas do carácter da escritora, do coñecemento que ten de Galicia e, sobre todo, de Pontevedra e do amor que sente pola súa patria. A seguir, pregúntaselle pola influencia da televisión nos fogares e se escollía os libros para os seus fillos. Así mesmo, fala dos libros que lía de moza, da influencia do pai na súa obra e sobre se o ser docente influíu nela. Por outra parte, refírese ao feito de se escribir en galego é unha necesidade ou unha limitación.

Benlloch, Kike, “O cómic como arte adulta”, *Tempos Novos*, nº 40, “Voces e Culturas. Cómic”, setembro 2000, pp. 74-75.

Preséntase o Salón do Cómic da Coruña, “Viñetas desde o Atlántico”, que celebrou a súa terceira edición, como unha cita anual inescusábel. Coméntase que os autores desta última edición fan cómic para todas as idades e seccións de público imaxinábeis e dise das súas obras que son capaces de retar á novela e á cinematografía. Faise referencia, a continuación, a algúns destes autores de distintas nacionalidades e menciónanse as súas obras.

CLIJ, “*Contos de ratiños*”, *CLIJ*, nº 124, “Libros”, febreiro 2000, p. 62.

Despois de se referir ao autor norteamericano, Arnold Lobel, e saliéntase que foi creador de personaxes como Sapo y Sepo, coméntase que este escritor sempre empregou animais humanizados para contar os seus contos e fábulas, cheos de humor, moi próximo ao *nonsense*. Logo faise referencia ao tema de cada un dos *Contos de ratiños* (1999), publicados pola editora galega Kalandraka, ás características desta edición de luxo, da que se salientan os debuxos de Lobel, enmarcados en viñetas, coas súas cores e de grande expresividade.

_____, “*El camino del bosque*”, *CLIJ*, nº 125, “Libros/novedades”, marzo 2000, p. 61.

Coméntase esta obra de Carmen Gómez Ojea, publicada en Edebé en castelán, catalán e galego. Primeiramente, saliéntase que é un relato de cen páxinas con material para encher outras tantas. Relátase, a continuación, o argumento desta obra narrada por Artusa, a protagonista, e cualifícase como “obra de gran calado que nos seduce tanto por el contenido, como por el rico lenguaje que, sin embargo, la autora hace digerible a los lectores desta edad”.

_____, “Día Internacional del Libro Infantil 2000”, *CLIJ*, nº 127, “Documentos”, maio 2000, pp. 72-74.

Recórdase que, dende o ano 1967, o 2 de abril o IBBY celebra o Día Internacional do Libro Infantil co fin de conmemorar o nacemento do escritor Hans Christian Andersen e que cada ano un membro desta organización prepara o cartel anunciador e a mensaxe dirixida a todos os nenos do mundo. No 2000 foi a sección filandesa quen se encargou desta cuestión, polo que a escritora Hannele Huovi realizou o texto e Mika Launis a ilustración. Logo, reprodúcese o texto en todas as linguas das seccións e subseccións, que constitúen o IBBY, entre as que está a galega (GÁLIX).

_____, "*¡A miña tía é verde!*", *CLIJ*, nº 130,"Libros/novedades", setembro 2000, p. 63.

Comézase describindo a historia que se conta nesta obra de Xosé Cermeño, publicada en 1999 e non no 2000, como se di na ficha, que debe referirse á edición castelá. A seguir, dise que o que conta o autor é menos descabalado do que parece, pois o que se defende é o dereito á diferencia. Faise esta defensa en clave de humor e a través dunha anécdota "exagerada pero muy bien planteada". Refírese, finalmente, á letra manuscrita que axuda á lectura e ás ilustracións que reforzan a extravangacia do relato, aínda que, segundo o comentarista de *CLIJ*, podería xogar máis co tema do verde.

C. R. R., “Cómic na Galiza: e por si muove”, *Tempos Novos*, nº 39, “Voces e Culturas. Monográfico Banda deseñada en Galicia”, agosto 2000, pp. 74-77.

Déixase constancia de que a situación pola que está a pasar o cómic galego non é moi boa, pero hai algúns intentos, tanto de revistas coma de tomos (que aparecen citados), que son os que van facendo que o cómic galego vaia crecendo. Apúntase ademais que, a pesar de que hai xente con talento, este mercado é difícil porque non hai subvencións e axudas, os editores e distribuidoras non se comprometen e moita xente segue a pensar que a banda deseñada é cousa de rapaces.

Carballeira, Paula, “Paula Carballeira”, *CLIJ*, nº 130, “Tinta fresca”, setembro 2000, pp. 37-40.

Primeiramente achégase datos da súa biografía. Nun recadro saliéntase a súa biografía e, a seguir, transcríbese a narración “O Sacaúntos”, na que reproduce os medos da infancia en xeral e a noite en particular.

Carballeira Cabana, Paula, “Na busca dun lugar para o teatro infantil”, *Fadamorgana*, nº 5, “Teatro infantil. O gran ausente”, outono 2000, pp. 63-66.

Comenta que co paso do tempo o teatro pasou a ser unha arte global na que conflúen varias técnicas (iluminación, son, vestiario ou maquillaxe), dependendo o seu éxito do equilibrio entre todas as partes do mesmo. A seguir, puntualiza que o teatro de títeres ten case sempre o seu propio espacio ben diferenciado do espacio do público, mentres que no teatro infantil a relación actor/actriz-espectador/a é máis estreita e a carencia de límites modifica o traballo dos intérpretes e o espectáculo na súa totalidade. Rememora brevemente a historia do teatro infantil en Galicia e refírese á Mostra Mancomunada de Teatro Infantil, levada adiante por concellos de Ferrolterra, que conseguiu fomentar a creación de textos dramáticos para nenos e o interese polo teatro en todos os seus campos. Sinala que en Galicia non existe actualmente ningunha compañía profesional especializada no teatro infantil de actores/actrices e argumenta que é xusto mimar o público infantil ofrecéndolle espectáculos de calidade, porque son o público futuro. Tamén se fai eco das iniciativas públicas e privadas que se están dando a coñecer en diferentes puntos galegos para a creación de espacios de programación infantil estábeis, que é necesaria para crear un hábito de consciencia de que existe unha oferta cultural para os nenos alternativa aos centros comerciais, a televisión ou os videoxogos. Salienta que outro dos problemas fundamentais do teatro é a falta de locais axeitados para levar adiante unha función, que fan que as condicións de representación das obras infantís sexan duras e provoquen facer modificacións no espectáculo orixinal, en detrimento da obra. Reivindica lugares para o teatro infantil e solicita que o espectador se decate destas carencia e saiban valoralas, ademais de sinalar que o

interese mostrado por certos sectores fai que sexa optimista con respecto ao futuro do teatro infantil galego.

Casalderrey, Fina, “Teatro na escola. Un abrigo á medida”, *Fadamorgana*, nº 5, “Teatro infantil. O gran ausente”, outono 2000, pp. 53-57.

Despois de referirse ás diferencias existentes entre teatro e dramatización, bota man da súa experiencia de mestra para falar do teatro nas aulas. Comenta que nun inicio a súa formación e información teatral pasaba por ter visto actuacións circenses ou os titiriteiros e que nada coñecía de aspectos históricos, teóricos ou técnicos das postas en escena. Apunta que comezou a dar clases en 1971 e que representaba cos nenos contos que ela lles contaba, ata que logo pasou a escribir os textos que se ían pór en escena. Cita as técnicas que empregaba, como poden ser a de dar a coñecer o argumento coma quen conta unha historia, memorizar o papel, argallar o vestiario e os decorados ou a representación pública; e unha serie de consellos que lles daba aos nenos, como eran o de falar a modiño, esaxerar os acenos ou pensar como se se estivese a vivir de certo o representado. A continuación, lembra o éxito alcanzado coa posta en escena de *O carneiro ó espeto*, no curso 1984-85 polos rapaces de 5º de EXB, que levou a Santiago para participar na II^as^ Xornadas do Galego no Ensino. Por outra parte, nomea unha serie de reaccións positivas que provocan o feito da representación teatral como son a expresión por medio da fala, unha maior socialización, a exercitación da memoria e improvisación ou a a axuda a controlar o espacio físico. Remata apuntando que, mentres non se dispoña de medios, esta seguirá sendo unha actividade de entusiastas esporádicos.

Cebreiro, María do, “eu son Morgana”, *Fadamorgana*, nº 6, “diario de morgana”, inverno 2000/2001, p. 90.

Como é habitual neste espacio, un autor, neste caso María do Cebreiro, presenta unha composición de autoría propia baseada na fada que lle dá nome a esta publicación, Morgana.

Cruz, Pablo, “Entrevista. Agustín Fernández Paz”, *Babar. Revista de literatura infantil y juvenil*, nº 26, outono 2000, pp. 4-11.

Despois de dar unhas notas biográficas de Agustín Fernández Paz, Pablo Cruz fai reflexionar ao escritor galego sobre a súa tardía incorporación á publicación de obras literarias, sobre os motivos que o levan a publicar primeiro en galego e logo en castelán, sobre as traduccións das súas obras sempre encargadas a outras persoas nunca asumidas por el mesmo ou en colaboración e sobre se considera que o escritor debe aproveitar a súa posición para concienciar ao lector. Agustín explica que comezou realizando materiais didácticos nos que introduciu textos, algún dos cales retocados pasaron ás súas obras, que escribe en galego por ser a súa lingua habitual, que prefire ser traducido a traducirse e que considera como principal compromiso do creador escribir o mellor posíbel. Pasa logo a falar da obra *O centro do labirinto*, está de acordo que o importante foi denunciar trazos da sociedade actual perigosos e destructivos (globalización, uniformización, tecnocracia, pérdida de pasado...), gustaríalle vela publicada en castelán, considera que conseguir un premio nacional de literatura infantil e xuvenil en 1998 con esta obra, que quedou finalista, contribuiría a darlle seguridade. Fala tamén da colaboración co ilustrador Miguelanxo Prado na edición de *Cos pés no aire* (1999), pasa logo a reflexionar sobre a situación do cómic para nenos e mozos, que considera pobre se compara a producción cos gustos dos máis novos, pensa que os mellores aparecen en formato álbum moitas veces con distribución moi restrinxida. Citanse uns cantos cómic do gusto do galego. Falan tamén da variedade temática e formal da obra de Agustín, que afirma atoparse máis cómodo escribindo para mozos e que goza coas historias de misterio. Rematan reflexionando sobre a relación

escritor-editor, da “censura” e do politicamente correcto. Agustín non está seguro de se os enfrontamentos entre escritor-editor veu do “politicamente correcto” ou máis da supeditación ao mercado. Defende a colección “Merlín” e di que eles sempre elixiron os textos que lles parecían os mellores. Defende unha literatura que fuxa dos estereotipos e das rutinas.

Cuba, Anxo, “Perdendo os papeis (fanzines)”, *Tempos Novos*, nº 39, “Voces e Culturas. Monográfico Banda deseñada en Galicia”, agosto 2000, pp. 68-73.

Téntase facer unha aproximación ao panorama do cómic en Galicia e para iso céntrase no fanzine, “que exerce un labor revitalizador do panorama do cómic e que é unha plataforma de lazamento de futuros profesionais do medio”. Dáse conta, así, de que nos últimos anos Galicia viviu “unha efervescencia fanzineira” e faise un listado parcial de fanzines, dando despois do título algunha característica deles como o formato, a temática ou os números publicados. Reprodúcese ademais a conversa mantida con Miguelanxo Prado, debuxante e promotor do Salón Viñetas desde o Atlántico, que se celebra na Coruña. Fálase deste salón que se pode cualificar de festival, e da actual situación da Banda deseñada en Galicia. Neste campo, Miguelanxo Prado distingue dúas realidades, a creativa, da que di que estamos na mellor situación dos cen anos pasados, e a realidade industrial, que xa non é tan positiva.

Docampo, Xabier P., “Facer literatura con alento galego”, *Fadamorgana*, nº 4, febreiro 2000, pp. 25-29.

Partindo da primeira entrega de Paco Martín, *Muxicas no espello* (1971), fai un percorrido a través das súas obras publicadas, ofrecendo un resumo do seu argumento e apuntando as súas características literarias máis salientábeis. Detense especialmente no comentario da súa obra tantas veces premiada, reeditada e traducida a outras linguas, *Das cousas de Ramón Lamote* (1985), da que sinala que propón ao lector unha reflexión crítica sobre a realidade. A seguir, indica que hai ecos que emparentan a súa producción coa de Álvaro Cunqueiro ou outros escritores por teren unha parentela común na orixe da literatura galega, a tradición. Finalmente, referíndose á súa obra en xeral, sinala que esta é “universal pola súa aspiración e a súa vontade de ser galega”. Tamén se achega unha lista dos libros publicados por Paco Martín, tanto para adultos coma para o lectorado infantil e xuvenil.

Durán, Pep, “Saber saciar a fame de ler”, *Fadamorgana*, nº 4, “Animación a leer”, febreiro 2000, pp. 68-70.

Toma como referencia o seu labor de libreiro para falar do traballo na súa librería, unha desas “librerías animadas e animadoras”. Comeza sinalando que as librerías son o mercado natural onde se poden atopar as lecturas máis atinadas a cada padal e puntualizando que o libros merecen ser descubertos polos seus lectores potenciais, polo que é preciso expolos. A seguir, céntrase na súa librería e sinala que alí se atoparán profesionais libreiros que acoden á chamada dunha persoa para acompañalo ata onde están aqueles títulos que máis lle interesen. Apunta que nela se poderán atopar actividades relacionadas coa disfusión de libros e contidos, ademais de ter a posibilidade de consultar, mediante os seus arquivos informáticos, da existencia no mercado de calquera libro. Tamén fala da “maleta curiosa”, que preparan para formar unha biblioteca de aula ou do boletín “Noticia de Llibres”, que recolle a selección comentada daqueles títulos destacados faladoiros mensuais de libros infantís e xuvenís. Finalmente, cita as actividades que organizan durante a Feira do Libro e comenta que “Os libreiros somos conscientes, a estas alturas do mercado, que a nosa actitude dinámica e aberta á difusión de libros e ás accións de animación á lectura, é o valor engadido que podemos achegar para fidelizar clientes ós nosos establecementos comerciais”.

Enríquez, Xosé Manuel, “Unha novela esóxena”, *Guía dos libros novos*, nº 19, “Narrativa”, xuño 2000, p. 23.

Sinálase que *A sorte de espertar* (1999) é a primeira novela de Xabier Alcalde. Tras facer un resumo da trama argumental, coméntanse algúns aspectos da obra, como que os personaxes principais se consideran “figuras mal deseñadas, sen contornos”. Asemade, destácase tamén como negativo o feito de que a historia estea predeterminada e critícase que a linguaxe empregada se perda en continuas descricións e reflexións. Finalmente, defínese a obra como “unha novela de vida literaria esóxena, non endóxena”.

Etzaniz, Xabier, “*Txoria zezenaren adar gainean*”, *CLIJ*, nº 124, “Libros”, febreiro 2000, p. 61.

Breve descrición do tema desta obra de Joxa Ormazabal, publicada en 1999 por Editores asociados ademais de en euskera, en castelán, catalán, valenciano, asturiano e galego. Comenta que as ilustracións de Belmento “acentúan la fuerza y poderío del toro frente a la del ave”. Salienta que se trata dun conto, que comeza con tintes moi realistas pero finaliza de maneira fantástica, e que é un alegato á liberdade e á amizade.

Fernández, María Jesús, “Xaquín Marín Formoso. *Dragón Rock*”, *Fadamorgana*, nº 4, “Novidades”, febreiro 2000, p. 76.

Dá conta do argumento desta obra (1999), da que Xaquín Formoso é autor do seu texto e ilustracións. A seguir, sinala que o relato, no que un dragón chamado Trick se sente rexeitado polo seu grupo por ter defraudado as expectativas que se tiñan postas nel, resulta bastante “tópico”. Tamén comenta que, a pesar do autor intentar actualizar a historia situándoa nun contexto recoñecíbel polo lectorado actual, isto é o que lle parece menos “logrado” da obra. Pola contra, apunta que o máis “interesante” é o capítulo introductorio, no que se explican certas peculiaridades dos dragóns. Así mesmo, destaca a linguaxe empregada polo autor, que busca os efectos humorísticos e a potenciación da figura do narrador, que se dirixe ao lector buscando a súa complicidade e conducíndoo na lectura dos sucesivos capítulos.

_____, “Xurxo Chapela. *Con Ároa, o último verán*”, *Fadamorgana*, nº 4, “Novidades”, febreiro 2000, p. 77.

Despois de ofrecer as liñas argumentais da novela *Con Ároa, o último verán* (1999), de Xurxo Chapela, comenta que o seu maior acerto está no seu “verborreico” protagonista-narrador. Detense na súa descripción e comenta que, a través da súa mirada fortemente subxectiva e os seus comentarios “corrosivos”, dá a coñecer os outros personaxes e as situacións que viven, ademais de ser capaz de inspirar nos lectores sentimentos contradictorios de simpatía e rexeitamento. Finalmente, apunta que se trata dunha narración “certamente orixinal” dentro do panorama da literatura xuvenil actual.

_____, “Lola Gándara. *Alexandra*, *Fadamorgana*, nº 4, “Novidades”, febreiro 2000, p. 79.

Sinala que a novela *Alexandra* (1999), de Lola Gándara, se constrúe ao redor de dous centros de interese. Por unha parte, apunta que é un producto típico do que se comeza a denominar “historias do instituto” e, por outra, unha investigación que unha rapaza chamada Patricia leva a cabo para descubrir as razóns da desaparición de Alexandra e que, pouco a pouco, vai rescatando do pasado unha vella historia de paixóns enfrontadas, amor e morte. Tamén fai un resumo da historia que se artella nesta peza narrativa.

_____, “As fadas verdes”, CLIJ, nº 125, “Libros/novedades”, marzo 2000, p. 59.

Primeiramente recorda que “la irrupción de algún elemento mágico o extraordinario en la realidad cotidiana es un tema que se dá con bastante frecuencia en los libros de Agustín Fernández Paz”, logo describe o argumento desta obra publicada en 1999. Salienta características da escritura deste autor como, por exemplo, sensibilidade na narración e uso de elementos simbólicos. Remata dicindo que “el trabajo de ilustración es bello y delicado”.

_____, “Caderno de fume”, CLIJ, nº 125, “Libros/novedades”, marzo 2000, p. 60.

Comeza salientando esta obra, publicada en 1999, de Antonio García Teijeiro dentro do escaso número de libros deste xénero. Recorda que o poeta segue a mesma liña que nas súas obras anteriores insistindo en “considerar a los niños capaces del placer y emoción estéticos que proporcionan los recursos específicos del lenguaje poético”. Remata afirmando que “a la belleza de la obra contribuyen de manera notable las sutiles ilustraciones de Xosé Cobas”.

_____, “A noite das cabras”, *CLIJ*, nº 125, “Libros/novedades”, marzo 2000, p. 65.

Despois de se referir a que esta novela de terror sobrenatural de Bieito Iglesias, obtivo o prestixioso Premio “Merlín” 1999, salienta que nela podemos atopar “elementos clásicos, provenientes tanto de la tradición popular como de inspirados en la obra de maestros del género como Lovecraft”. Finalmente, recorda o argumento desta obra.

_____, “A banda sen futuro”, *CLIJ*, nº 125, “Libros/novedades”, marzo 2000, p. 68.

Comeza salientando o interese da obra no retrato de personaxes adolescentes e pasa a contar a historia que se relata nesta obra de Marilar Alexandre, publicada en 1999. Remata dicindo que estamos diante dunha “estupenda novela, ganadora del premio Lazarillo 1999, en la que son notables la calidad del lenguaje, la construcción de personajes y la verosimilitud de las situaciones”.

_____, “Lista de honor de CLIJ 1999”, *CLIJ*, nº 126, especial Bolonia 2000, abril 2000, pp. 7-9.

María Jesús Fernández, Xabier Etxaniz, Teresa Mañá e José Luís Polanco fan pública a lista de títulos de ficción, de entre os recensionados na revista durante 1999, que consideran os mellores do ano. Dos douscentos cincuenta títulos comentados, salientan sesenta, dez por cada unha das seis categorías lectoras. Na primeira categoría (0 a 5 anos) aparecen dúas obras galegas: *O coelliño branco,* adaptación de Xosé Ballesteros e ilustrada por Oscar Villán, e *O gran tronante*, de Gloria Sánchez e Xan López Domínguez, con tres votos; na segunda categoría (6 a 8 anos) *O home que inventou unha maneira de andar*, de Xabier P. Docampo e Xosé Cobas, con tres votos e *Animais de Compañía*, de M. Lourenzo e Enjamio, con dous votos; na cuarta categoría (de 10 a 12 anos) *Ás de mosca para Anxo*, de Fina Casalderrey e Manuel Uhía, con tres votos; na quinta categoría (de 12 a 14 anos) *O laboratorio do doutor Nogueira*, de Agustín Fernández Paz e Francisco Bueno con tres votos e *Valdemuller*, de Xosé A. Neira Cruz, con dous votos.

_____, “*A casa de vidro do señor Clin*”, *CLIJ*, “Libros”, nº 127, maio 2000, p. 61.

Comeza dicindo que este libro, publicado en 1999, supón unha novidade dentro da temática de Gloria Sánchez. Salienta “la sensibilidad y la ternura para contar a los pequenos lectores unha historia de soledad y marginación”, que considera que se suma ao humor desenfado e á transgresión. Destaca ademais a linguaxe sinxela e poética, o drama persoal do señor Clin, que pola súa fraxilidade pasa a ser un símbolo. Cualifica moi positivamente as ilustracións de Calatayud que acompañan o libro.

_____, “O chápiro verde...”, *CLIJ*, nº 127, “Libros”, maio 2000, p. 64.

Comeza dicindo que “la creación de modernos y muy personales historias en las que los elementos de la tradición literaria, fundamentalmente la popular, tienen una importante presencia” é a característica que mellor define a Marilar Aleixandre, autora de *O chápiro verde* (1999). Refírese ás ilustracións de Lázaro Enríquez que considera magníficas e relata a historia que se conta. Remata salientando como méritos do relato, “que apasiona y divierte”, a tradición e modernidade, a axilidade na narración, o humor e o uso lúdico da linguaxe.

_____, “A princesiña Socorro, o trobeiro Carolo e o demo dos cornos”, *CLIJ*, nº 128, “Libros/Novedades”, xuño 2000, p. 66.

A ficha que se dá desta obra debe referirse á traducción, xa que foi publicada no ano 1999 e non no 2000 como se indica neste comentario, que comeza recordando que esta peza de Gloria Sánchez e Miguel Vázquez Freire recibiu o Premio “Obra de teatro de marionetas” no Iº Concurso de obras teatrais inéditas “Camiño de Santiago”. A seguir, salienta como características da obra o uso de “personajes prototipos fuertemente caracterizados; mucha acción y muy rápida; humor..., efectos sorprendentes... y complicidad con el público”. Describe a temática da obra e remata culificándoa como “deliciosa pieza teatral, también muy amena como lectura” e dicindo que as ilustracións “tienen el estilo y la originalidad propias de todos los trabajos de X. López Domínguez”.

_____, “Cos pés no aire”, *CLIJ*, nº 128, “Libros/Novedades”, xuño 2000, p. 69.

De novo na ficha consta como data de publicación o ano 2000, sendo unha obra de 1999. Comeza recordando que esta peza mereceu o Premio “Raíña Lupa” 1998 e describindo o seu agumento. A seguir, indica que a historia está relatada con sobriedade, cunha linguaxe a medida, empregando a terceira persoa, que “focaliza el relato desde el interior del personaje y nos va mostrando sus reacciones y sentimientos ante todo lo que le sucede”. Finaliza, como sempre, salientado as ilustracións de Miguelanxo Prado e dicindo que Edicións Xerais con esta obra inaugura unha liña editora fóra de colección, coa intención de publicar obras que, como esta, “no están destinadas únicamente al público infantil o juvenil, sino a lectores de todas las edades”.

_____, “Pimpín e dona Gata”, *CLIJ*, nº 129, “Libros”, xullo/agosto 2000, p. 69.

Novamente vólvese ao erro de datación da obra na ficha, 2000 no canto de 1999. Comézase dando características da escritura de Fina Casalderrey, autora da obra, e dise que mostra simpatía polos “seres sencillos y bondadosos” e que ten grande habelencia para converter en “aventura las pequeñas anécdotas cotidianas”. A seguir, cóntase a historia que se narra, que cualifica de “deliciosa”, e saliéntase que se dirixe aos primeiros lectores. Remátase, como é habitual nos comentarios desta estudiosa, referíndose ás ilustracións “estupendas” de Manuel Uhía e ao “Humor y ternura, además del ingenio” como os principais compoñentes deste relato.

_____, “A campá da lúa”, *CLIJ*, nº 129, “Libros/novedades”, xullo/agosto 2000, p. 70.

Vólvese repetir o erro na datación da edición desta obra de Helena Villar, xa que na ficha aparece 2000 en lugar de 1999. Comézase recordando que esta autora, pioneira na literatura infantil, levaba anos sen publicar e obsérvase que neste poemario volveu plasmar características da súa obra anterior. Considera que os poemas que compoñen este volume se caracterizan pola musicalidade, polo “tierno humor”, pola temática moi próxima ao “universo infantil”, ademais de salientar a linguaxe sinxela e imaxes suxestivas das composicións que “parecen destinadas a ser dichas en voz alta y compartidas”. Remata fixándose nas ilustracións de Ánxeles Ferrer inspiradas “en la ingenuidad de los trazos infantiles” e que reproducen “el sentimiento optimista de estos versos”.

_____, “O brillo dos elefantes”, CLIJ, nº 130, “Libros/novedades”, setembro 2000, p. 69.

Despois de se referir á temática desta obra de Fran Alonso, finalista do IIº Premio “Raíña Lupa” 1999, non no 2000 como consta na ficha, que debe referirse á edición en castelán, relátase a historia que se conta na obra. Saliéntase que se trata dun largo “soliloquio en tiempo presente, en el que escuchamos la voz de este niño que nos habla de él y de su pueblo”. Un libro cualificado de “hermoso”, dirixido a todas as idades, presentado en coidada edición e complementado dunhas “estupendas y evocadoras” ilustracións de Enjamio.

_____, “Galicia: vitalidad y proyectos”, *CLIJ*, nº 131, “Panorama”, outubro 2000, pp. 44-54 (en castelá)/pp. 55-61 (en galego).

Comeza cun resumo xeral dos últimos meses na literatura infantil e xuvenil galega, no que salienta en canto á producción e edición de novidades, unha continuidade en relación aos anos anteriores, bo nivel na calidade das obras, tendencia a cubrir carencias na oferta, interese dos editores cara ás obras xuvenís e tamén cara aos prelectores e primeiros lectores. En canto aos creadores, salienta que os máis representados son os de consolidado prestixio, a aparición de títulos debidos a escritores veteranos e a existencia dun número importante de novos creadores e sobre todo ilustradores. Resalta a publicación da primeira revista mensual de cómics e a aparicición de títulos interesantes de poesía e teatro. Aféalle aos editores a publicación de libros mediocres nun momento de abundancia de oferta e normalización do sector. Pasa logo, a analizar por editoras as obras máis significativas. Cita obras de Xerais, Galaxia, Kalandraka, Everest Galicia, SM, Anaya, Sotelo Blanco, Ir Indo, A Nosa Terra, Edebé-Rodeira, Ediciós do Castro, Casals e Edelvives para finalizar coas edicións institucionais. Salienta, en especial, de cada unha, algún título, escritor ou publicación novidosa, como a aparición dalgunha colección ou revista. Remata dicindo que esta literatura goza de vitalidade e dinamismo, “una de las más vigorosas manifestaciones culturales de Galicia en el momento actual”.

_____, “María Dolores Rial Fernández. *O calcetín amarelo*”, *Fadamorgana*, nº 5, “Novidades”, outono 2000, p. 74.

Sinala que esta obra (1999) resulta moi axeitada para os pequenos lectores, tanto polo tema e maneira de tratalo, coma pola extensión e unidae expresiva que conseguen o texto e as ilustracións. A continuación, puntualiza que máis ca unha historia propiamente dita consiste na enumeración das diversas posibilidades de transformación que ofrece un aparentemente vulgar calcetín. Sinala que todo isto está apoiado nos debuxos que ocupan a páxina dereita completa e “invaden” a páxina esquerda na que se atopa o texto. Salienta o marcado carácter rítmico do texto e comenta que o libro ofrece un final aberto que propicia a posibilidade de seguir xogando a imaxinar novas posibilidades de transformación do calcetín seguindo as propostas da autora.

_____, “Dora Vázquez. *O troleiro e outros contos*”, *Fadamorgana*, nº 5, “Novidades”, outono 2000, p. 75.

Comeza sinalando que Dora Vázquez, xunto coa súa irmá Pura, é unha escritora pioneira na producción de libros para o público infantil escritos en Galicia e en galego. Comenta que *O trobeiro e outros contos* (1999) se trata dun volume composto por catro relatos breves, nos que se poden atopar os trazos que definen a obra narrativa desa autora ourensá: a fantasía das historias e a preocupación pola transmisión dos valores morais. A seguir, achega unha sinopse dos catro relatos – “O troleiro”, “O túnel do tempo”, “O tío Rubén” e “Eu, o braseiro”–, para rematar indicando que na edición do libro chaman a atención as numerosas incorreccións lingüísticas que aparecen e que deberían ser revisadas, tendo en conta o púbico ao que van dirixidas.

Fernández, María Victoria, “Informe: Premios del 99”, *CLIJ*, nº 126, “Editorial”/“Informe”, abril 2000, pp. 5/pp. 11-77.

A directora de *CLIJ* presenta, como cada ano, este número con motivo da Feria do libro de Bolonia (Italia) dedicado aos premios literarios do ano 1999. Presenta o informe, que acolle corenta e catro autores, ilustradores e editores galardoados nas distintas convocatorias de premios, nas diversas modalidades, que “dan la medida del estado de la cuestión del libro infantil y juvenil en nuestro país”. Salienta a creación de tres novos premios: “Hospital de Sant Joan de Déu” en catalán, convocado pola Editorial La Galera e o Círculo de Lectores; “Tombatossals” de Literatura infantil ilustrada, en calquera das linguas do Estado, convocado pola Editorial valenciana Tàndem e o Concello de Castellón e o “Abril” de narrativa, a iniciativa de Editores asociados e Ámbito cultural El Corte Inglés, tamén en todas as linguas do Estado. Logo fai un repaso polos ganadores, constata que ganan en número as firmas consolidadas no campo da narración, entre as que cita á galega Marilar Aleixandre, en cambio no da ilustración os gañadores son noveis, entre eles cita a Óscar Villán. A seguir, nas páxinas 11-77, seguindo un esquema tipo (breve biografía do premio, biobibliografía e opinións sobre literatura infantil e xuvenil do premiado e un resumo argumental da obra premiada), son obxecto de comentarios varios autores galegos. Óscar Villán Seoane, Premio Nacional de Ilustración por *O coelliño branco* (Kalandraka, 1999), comenta que estudiou Belas artes para achegarse á poesía “en el más remoto de los sentidos” e que dedicarse á ilustración non foi máis que un dos posíbeis desenlaces da dicisión, pois considera que a palabra sen a imaxe non é nada, o mesmo que a imaxe sen a palabra. Di que polo de agora non ten sentimento de que a ilustración non estea

valorada. Tamén se fala de Marilar Aleixandre por merecer o premio Lazarillo 1999 por *A banda sen futuro*. Considera Marilar que merecer este premio, competindo con obras escritas nas diferentes linguas do estado, foi moi importante para ela e sobre todo por obtelo na primeira convocatoria xuvenil. Di que o seu libro tén algo de autobiográfico, pois parte dunha situación que ela viviu de nena: entrar nun colexio co pelo rapado ao cero. Pensa que os seus libros deben gustar ao seu lectorado porque procura ser sincera. Di que le vorazmente e caoticamente por iso non se atreve a facer unha valoración xeral sobre o que se publica en Galicia, aínda que se atreve a citar como libros de calidade *A casa de vidro do señor Clin*, de Gloria Sánchez e *Valdemuller*, de Neira Cruz, e tamén ilustradores como Lázaro Enríquez, Sergio Casas ou Enjamio. Tamén se fala de *A noite das cabras*, de Bieito Iglesias, por ter merecido o premio Merlín neste ano. Bieito considera que a súa incursión na literatura infantil foi ocasional como pago contraído coas súas primeiras lecturas. Considera que a literatura infantil debe evitar o "politicamente correcto, el afán edificante, que no recluyese los aspectos ingratos de la vida" e que non se debe "constreñir a leer –ni los padres ni los profesores- solamente invitar". Fálase tamén de X. A. Neira Cruz, por merecer o premio Barco de vapor, 1999, con *Os ollos do tangaleirón*. Manifesta a súa satisfacción por gañar este premio por segunda vez, recoñece ter influencias da tradición oral, de Ánxel Fole, Alejo Carpentier, Elsa Morante, Italo Calvino, Dante Alighieri, Petrarca, Magaritte Yuorcenar, R. Dahl. Flaubert, L. Tolstoi, Otero Pedrayo, Gesnaldo Bufalino e Manuel Antonio, para iniciar. Opina que á literatura galega lle faltan críticos dispostos a realizar con rigor e sinceridade o seu traballo, visibilidade e presencia, editores entusiasmados e canles para saír polo mundo e un pouco máis de coidado nos libros que se achegan á nosa lingua, unha política de traducción e promoción no exterior mellor. Finalmente fálase de Mario Pereira Fernández, por merecer o premio Raíña Lupa 1999 con *Velai vai o verme*. Pereira

considérase un lector con grande avidez e que debeu ser iso o que o levou a escribir, non é quen de dar unhas características da literatura infantil e xuvenil pero si o que non debe ser “literatura de estructura simplona, empobrecida léxica y sintácticamente, sin ambición estilística, con letras grandotas y dibujitos diseminados por aquí y por allá”. Remata felicitándose polo bo momento da literatura infantil e xuvenil galega.

_____, “100 obras de literatura infantil en el siglo XX. Simposio sobre literatura infantil y lectura”, *CLIJ*, nº 130, “Reportaje”, setembro 2000, pp. 56-60.

Refírese ao VIº Simposio sobre literatura infantil y lectura, convocado pola Fundación Germán Sánchez Ruipérez, co patrocinio da Dirección General del Libro do Ministerio de Cultura, coa finalidade de seleccionar cen obras representativas da literatura infantil e xuvenil en España. Considera que a motivación deste simposio radica en “La falta de estudios históricos y críticos sobre la literatura infantil española (una especialidad nacida en el siglo XX, y que tomó cuerpo como tal en la década de los 60), y la tendencia a la hiperproducción de las últimas décadas, que va sepultando en el olvido los títulos que no son de estricta actualidad” e tamén a de facer unha selección de libros para nenos ata os 14 anos, que “vivos y vigentes”, interesasen aos nenos do século XXI. Segundo Victoria Fernández, a presencia anterior obrigaba a renunciar a obras que por criterios historicistas terían a consideración de imprescindíbeis, tamén había a “limitación” que se refería a que fosen obras de “creación”, non adaptacións de clásicos ou de obras populares, un só libro por autor escrito en calquera das linguas do Estado. Di que foron 39 os especialistas convocados que enviaron previamente 35 libros e que tiveron que enfrontarse a unha listaxe de 400. Fala da dificultade da selección debida á diversidade de criterios e opinións, dos debates, polémicas, etc., que precisaron votacións a man alzada. Pon como exemplo a discusión ao redor de *Platero y yo*, de Juán Ramón Jiménez, que algúns consideraban dificultosa para o lectorado máis novo e de *Manolito gafotas*, de Elvira Lindo, que outros consideraban de dubidosa calidade literaria, que entraron na lista. Faise eco da satisfacción dos participantes pola lista final e por ter reflexionado sobre cuestións como “¿De qué hablamos cuando hablamos de

literatura infantil?" ou "¿Qué es un clásico de la literatura infantil?". Finaliza anunciando unha publicación por parte da Fundación que recollerá os títulos seleccionados acompañados dos comentarios que motivaron a súa inclusión na lista. A seguir, ponse a lista onde figuran as seguintes obras galegas: *A Expedición do Pacífico*, de Marilar Aleixandre; *A galiña azul*, de Carlos Casares; *Cando petan na porta pola noite*, de Xabier P. Docampo; *Contos por palabras*, de Agustín Fernández Paz; *Versos de auga*, de Antonio García Teijeiro; *Os soños na gaiola*, de Manuel María; *Das cousas de Ramón Lamote*, de Paco Martín; *Arnoia, Arnoia*, de Xosé Luís Méndez Ferrín; *A casa de vidro do señor Clin*, de Gloria Sánchez, e *As voces na lagoa do espantallo*, de Xan López Domínguez. Así mesmo, ofrécese a lista das persoas encargadas da selección, entre os que estaban os galegos Agustín Fernández Paz e Miguel Vázquez Freire.

_____, “Panorama de actualidad”, *CLIJ*, nº 131, “Editorial”, outubro 2000, p. 5.

Sinala que como cada ano, con motivo da celebración do Liber (Salón Internacional del Libro Español), *CLIJ* presenta o Panorama de actualidade, un monográfico dedicado a repasar a actividade anual neste sector a través de artigos dos seus colaboradores en distintas comunidades autónomas con lingua propia. Cita os obxectivos e, á vista dos artigos, conclúe que a sáude do sector é boa: aumento cuantitativo, tendencia á renovación e innovación, posta ao día de colecciónes e liñas editoras, avance do álbum e libro ilustrado, aparición de novas editoras, preocupación da lectura recoñecendo que o índice de lectura en España está estancado dende hai anos, que os leva a unha campaña dirixida aos máis novos, ao desenvolvemento das bibliotecas públicas e escolares, etc.

Fernández, Santiago, “Titiriteiros do Norte”, Casahamlet, nº 2, “Compañías”, maio 2000, pp. 44-45.

Fai mención ao grupo de teatro do colexio Lavaca, Titiriteiros do Norte, sinalando a súa intensa actividade na década dos oitenta. Asemade, apunta que algúns dos ex-alumnos dese colexio formaron logo o Grupo de Teatro do Alvardán.

Fernández Paz, Agustín, “Literatura infantil e xuvenil”, *Revista Galega do Ensino*, nº 26, “O pracer de ler”, febreiro 2000, pp. 263-271.

Apartado dedicado ás novidades da literatura infantil e xuvenil no que Fernández Paz ofrece, ademais das fichas completas, recensións valorativas e argumentais destas obras tanto en galego como en castelán, centrándose nesta ocasión nas referidas ao galego en: *¿A que sabe a lúa?*, de Michael Grejniec, traducida por Carmen Barreiro e na que salienta a débeda coa tradición popular e o coidado posto na elaboración do album; *A casa de vidro do señor Clin*, de Gloria Sánchez no que destaca a visión aceda e crítica que se ofrece do personaxe central como modelo de rebeldía e o coidado das ilustracións de Miguel Calatayud; *Os xigantes de nunca acabar*, de Xoán Babarro e Ana María Fernández, obra na que sinala a influencia da tradición oral,
o humor e as ilustracións de Irene Fra; *Caderno de fume*, de Antonio García Teijeiro, autor que considera imprescindíbel dentro do panorama galego que nesta obra ofrece unha nova achega a elementos da natureza e a descuberta do amor, sen esquecer o papel das ilustracións de Xosé Cobas; *O camiño da fraga*, de Carmen Gómez Ojea, na que sobrancea a beleza da linguaxe e o emprego dos recordos da infancia da propia autora; *O brillo dos elefantes*, de Fran Alonso na que se achega ao mundo dos nenos en Centroamérica nun relato poético do que destaca as imaxes e metáforas, así como o compromiso ademais do adecuadas que resultan as ilustracións de Enjamio; *A noite das cabras do aire*, da que sinala que é un relato de medo de Bieito Iglesias que bebe da tradición popular e de autores universais como Poe ou Lovecraft, ilustrado por Lázaro Enríquez; *A banda sen futuro*, de Marilar Aleixandre, na que considera que a autora supera todos os tópicos das “novelas de instituto” e ofrecer unha "narración crible e chea de vida" coa que

gañou o Premio Lazarillo 1999 e, finalmente, *Guedellas de seda e liño*, de María Victoria Moreno, na que a diversidade de ambientes recreados, a visión detallista e irónica e a solidez que acada son os factores que máis sobrancea.

_____, “Literatura infantil e xuvenil”, *Revista Galega do Ensino*, nº 27, “O pracer de ler”, maio 2000, pp. 209-217.

Achega a obras da literatura infantil e xuvenil tanto en lingua galega coma castelá, nas que ademais das fichas completas ofrece comentarios descritivos e valorativos que no referido ás galegas son de: *Adiviñas de papel*, de Sabela Álvarez Núñez no que a autora ofrece adiviñas da súa propia colleita, acompañadas das ilustracións de Ana Isabel Rey Lamas; *Pimpín e Dona Gata*, de Fina Casalderrey, conto do que destaca a tenrura, gracia, a linguaxe sinxela ademais do final sorprendente, así como a singularidade dos personaxes creados coas ilustracións de Manuel Uhía; *Lapadoiras, Sacaúntos e Cocón*, de Marilar Aleixandre no que sobrancea as ilustracións de Lázaro Enríquez; *Os negocios do señor Gato*, de Gianni Rodari, obra cunha forte lóxica interna na que se critica con humor algúns comportamentos sociais, acompañada polas ilustracións de Montse Ginesta; *A princesiña Socorro, o trobeiro Carolo e o demo dos cornos*, de Gloria Sánchez e Miguel Vázquez Freire, peza dramática para monicreques na que di están contidos todos os elementos desta modalidade teatral, e que as ilustracións de Xan López Domínguez son unha boa axuda para a representación; *Teatro ás tres pancadas*, de Antonio Torrado, conxunto de pezas teatrais con textos áxiles, graciosos e rimados, nas que destaca a sinxeleza da montaxe e as ilustracións de Xosé Cobas; *Drácula*, de Bran Stoker traducida por Xela Arias, un clásico no que valora a multiplicidade de voces narradoras e o ritmo áxil e actual; *Frankestein ou o moderno Prometeo*, de Mary Shelley, obra clásica da que destaca a actualidade e as reflexións de carácter moral que esperta no lector e, por último, *Normal, diferente*, de

Kristina Dunker, caracterizada por achegarnos sen prexuízos a problemas de diferencias como é a homosexualidade.

_____, “Literatura infantil e xuvenil”, *Revista galega do ensino*, nº 29, “O pracer de ler”, novembro 200, pp. 203-211.

Preséntanos aquí dezaseis obras de literatura infantil e xuvenil, nove delas en galego e sete en castelán, nas que ademais de acompañar a portada do libro e a ficha bibliográfica completa, ofrece o argumento e as súas propias valoracións, destacando de *Teodomiro soña con dragóns* de Xan López Domínguez, a homenaxe que o autor lle rende a Antonio Gaudí, especialmente a través das imaxes; de *A memoria das árbores* de Xosé A. Neira Cruz, con ilustracións de Kiko da Silva, a música, a evocación e a sinxeleza do argumento lle dan un carácter especial; de *Inés e a cadela sabia*, de Darío Xohán Cabana, sobrancea o optimismo, a sinxeleza das situacións que recrea, a tenrura e o humor, ademais das ilustracións de Ánxeles Maldonado; de *Matapitos.com*, de Gloria Sánchez con ilustracións de Fran Jaraba, destaca a revisión de contos tradicionais, o humor, a ironía crítica e a novidade de contar cunha páxina web; *Contos de maxia IV*, de Xosé Miranda, Antonio Reigosa e Xoán Ramiro Cuba, do que ademais de referir os títulos incluidos nesta nova entrega da recolleita de contos populares, destaca as ilustracións de Irene Fra e o rigoroso labor dos recompiladores; *Contos do reino Momaranguá*, de Ana Mª Fernández e Xoán Babarro con ilustracións de Xulia Barros, no que se achega ao lector ao mundo dos indíxenas americanos; *Capitán Araña*, de Rafael Lema e ilustracións de Eduardo Reimóndez, na que sobrancea a temática marítima e de piratería, así como a linguaxe empregada; *Camiños sen fin*, de Pablo Antón Marín Estrada, traducida por Leandro García Bugarín, gañadora do Premio Abril,

sobrancea pola linguaxe comercial en ton poético e elexíaco e *As cousas claras*, de Xosé A. Neira Cruz obra da que destaca a visión realista e descarnada da realidade, á vez que esperanzada.

Fernández Sánchez, Rosa Mª , “Animación á lectura na escola”, *Fadamorgana*, nº 4, “Animación a leer”, febreiro 2000, pp. 53-57.

Partindo de que a escola é o lugar onde a animación á lectura pode cobrar máis forza, se se fai de maneira axeitada, achega unha serie de ideas ao respecto sacadas da súa propia práctica docente. Sinala que esta animación se pode orientar partindo de dúas vertentes, a aula e a biblioteca escolar, e cita unha serie de premisas para poder traballar neste tema, como son que o mestre debe gozar coa lectura, ler algunha historia de cando en vez na clase, escoller un título axeitado, preparar unha serie de actividades, ter un recuncho da lectura ou involucrar á familia no proceso da lectura. A seguir, como exemplo práctico do anterior, fala do seu proxecto de animación á lectura, que aplicou durante tres anos no centro que exerce como mestra e que foi merecedor dun dos Premios á Innovación Educativa sobre Temas Transversais, convocados pola Xunta de Galicia no curso 1998-1999. Comenta que para levar a cabo tal proxecto inventou un personaxe imaxinario, unha bruxa boa (“R”), que vivía na biblioteca escolar e que foi a que se encargou de pór en práctica as súas ideas, realizando unha animación xeral de todo o colexio. Expón que os temas nos que traballou durante este proceso foron o medo e misterio, a fantasía, a aventura e as viaxes, e que as actividades desenvolvidas en cada un destes temas ou que se desenvolveron con regularidade ao longo dos tres cursos, das que presenta unha mostra, foron moi variadas e motivadoras. Finalmente, valora esta experiencia como moi positiva para todos aqueles que estiveron implicados nela, mestres, alumnos e pais, e indica que tamén se comprobou que os índices de lectura aumentaron considerabelmente.

Freire, Xosé Manuel, “Un espacio máxico”, *Guía dos libros*, nº 14. “Literatura Infantil”, xaneiro 2000, p. 31.

Alude á colección “Cabalo Buligán” de Edicións Xerais de Galicia, que vén de publicar en 1999 os volumes III e IV cos seguintes relatos versionados: *O cabalo Buligán, O mozo que non sabía cómo era o medo* e *O medo na mochila*, o primeiro deles; e *Conto da moza e o lagarto*, *O criado do cego* e *A árbore das tres laranxas*, o segundo. Tamén achega o nome dos seus versionadores, Xosé Miranda, Antonio Reigosa e Xoán Ramón Cuba, e fai certos comentarios sobre a estructura ou ilustracións destes relatos, entre outros aspectos. Por outra parte, refírese á tradición da transmisión oral.

_____, “Literatura Visceral”, *Guía dos libros novos,* nº 15, “Narrativa xuvenil”, febreiro 2000, p. 30.

Achégase ao libro *Con Aroa, o último verán* (1999), de Xurxo Chapela, publicado na colección “Docexvintedous”, dedicada á adolescencia. Sinálase que, narrada en primeira persoa e cargada dun cinismo especial, nos amosa a súa experiencia vital: o namoramento do personaxe de Aroa. Tamén se apunta que o lector acaba de ler o libro “cun sorriso nos beizos”.

_____, “Retratos da incerteza”, *Guía dos libros novos*, nº 16, “Narrativa”, marzo 2000, p. 24.

Analiza o contido e o tratamento dos personaxes na obra de Rosa Aneiros *Eu de maior quero ser* (1999), ambientada nun piso de estudiantes na cidade de Santiago e que nos conta as arelas, decisións e medos duns protagonistas que teñen que deixar a vida de estudiante e encarar o porvir, e que nada ten que ver coa novela *La Casa de Troya* (1915), onde Pérez Lugín falsea o retrato do estudiante da época. Así mesmo, lembra que a obra responde ao gusto pola literatura actual e ás características da colección “Docexvintedous” (axilidade, escasa descrición, moito diálogo, linguaxe directa…), a través da cal Sotelo Blanco vén de publicala.

García Teijeiro, Antonio, “Levar a poesía ás aulas: un proxecto global”, *Fadamorgana*, nº 4, “Animación a leer”, febreiro 2000, pp. 47-52.

Neste artigo, no que Antonio García Teijeiro, pretende sinalar interesantes camiños para vincular a poesía e animación á lectura no ámbito da escola, comeza reflexionando sobre o rexeitamento do elemento lírico que hai durante o período escolar de moitos rapaces. A seguir, fai fincapé en que os mestres deben iluminar ao alumnado incluíndo esa paixón lírica na educación global da sensibilidade e en que a poesía non debe asociarse a traballo escolar. Cita unha serie de obxectivos que se deben ter en conta cando se quere facer ese achegamento, como son a diversión ou o desenvolvemento da expresión oral e corporal, ademais de indicar que a actividade poética ten que partir dunha incitación e esixe lentitude e esforzo. Finalmente, ofrece catro liñas básicas para que todos nos poidamos achegar ao feito poético: creación dun clima axeitado na aula, aproximación á poesía popular, coñecemento dos poetas que escriban para nenos ou daqueles que non o fan, pero que poidan ser “disfrutados” por eles, sendo este último paso o da “autonomía, pois demostra que xa incorporaron a poesía ás súas vidas.

Gaspar, Silvia, “Bieito Iglesias. *A noite das cabras do aire*”, *Fadamorgana*, nº 4, “Novidades”, febreiro 2000, p. 77.

Sinala que nesta obra de Bieito Iglesias, galardoada co Premio “Merlín” 1999, se rexistra unha abondosa variedade léxica e se remite a un modelo de vida rural tradicional xa inexistente, elementos que fan desta lectura “un producto de maior proveito para un público de madurada competencia tanto no terreo da experiencia como lingüístico”. Tamén comenta que se trata dunha peza de “ben logrado efectismo”, na que se coida de non perder a atención con ilustracións non pertinentes.

_____, “Agustín Fernández Paz. *Cos pés no aire*”, *Fadamorgana*, nº 4, “Novidades”, febreiro 2000, p. 76.

Despois de indicar as idades recomendadas para as que está destinado *Cos pés no aire* (1999), Iº Premio de literatura infantil “Raíña Lupa”, sinala que a súa historia nos remite ao terreo do fantástico, cunha prosa “suavemente kafkiana”, que nos fala de persoas que descobren a súa capacidade de voar. Tamén cita os elementos que integran o seu eixe argumental e comenta que ten un bo ritmo narrativo e unha linguaxe accesíbel. Finalmente, refírese ao coidado que presentan os seus elementos paratextuais.

_____, “Marilar Aleixandre. *A banda sen futuro*”, *Fadamorgana*, nº 4, “Novidades”, febreiro 2000, p. 78.

Achega as liñas argumentais de *A banda sen futuro*, galardoada co Premio “Lazarillo” 1999. Sinala que nela sorprende a entrega ao ton egocéntrico común a tantas narracións deste tipo, aínda que logo se constata que ese cultivado resentimento da protagonista non é máis ca unha táctica de provocación da autora, Marilar Aleixandre, “para conduci-lo seu personaxe (o seu lector) ó recoñecemento de si formando parte do grupo social”. Tamén destaca a súa capacidade de levar a mirada sobre a literatura pragmática.

_____, “Fran Alonso. *O brillo dos elefantes*”, *Fadamorgana*, nº 4, “Novidades”, febreiro 2000, p. 79.

Sinálase que en *O brillo dos elefantes* (1999) se aborda o tema da infancia malograda polo medio social. Coméntase que a narración, breve e testemuñal, mostra un estilo no que se mestura a representación dun discurso infantil, a intención social e unha vocación lírica materializada na figura utopista do mestre revolucionario. Remátase apuntando que a vocación indixenista se cristaliza na visión plástica do seu ilustrador, Enjamio, e que o seu principal problema está asociado á “serie na que ve a luz”, que non prevé unha idade para os lectores.

_____, “Xosé Antonio Perozo. *Papá Ogro*”, *Fadamorgana*, nº 5, “Novidades”, outono 2000, p. 75.

Comenta que nesta obra (1999) nos atopamos fronte a unha parábola de demagoxia en política, na que a sinxeleza do modo narrativo contrasta fortemente cun farragoso desenvolvemento da trama política, na que se moven demasiados personaxes e na que a progresión das ideas tropeza en inxustificadas reiteracións, que se poden subsanar coas expresivas ilustracións de Evaristo Pereira. Tamén salienta que Xosé Antonio Perozo ten a valentía de manter a coherencia situacional e non darlle un final feliz á historia.

_____, “Gloria Sánchez: Deforma-la linguaxe para forma ideas”, *Fadamorgana*, nº 6, inverno 2000/2001, pp. 23-28.

Nesta aproximación á producción literaria de Gloria Sánchez, sinala que coa publicación de *Fafarraios* (1991) rompe cos moldes preconcebidos nas nosas letras, introducindo claves estructurais, temáticas e valorativas que xa estaban presentes en literaturas máis desenvolvidas. A seguir, explica que a exploración da literatura tradicional infantil galega e universal está presente na súa obra dende múltiples aspectos e que o factor da oralidade é primordial en canto a contidos e mecanismos da transmisión. Así mesmo, puntualiza que o folclore poético infantil está presente na súa concepción literaria no aproveitamento de fórmulas e contidos deste tipo de composicións, das que tira a experiencia preformadora da organización lóxica da infancia. Dentense na análise de dous elementos fundamentais na estructuración dos seus textos para a organización do pensamento infantil, o ritmo e a representación, e incide en que a posición innovadora desta autora se manifesta asemade nos temas que aborda, xa que se afasta da intencionalidade moralizante, o didactismo social, a favor do sentido lúdico do feito literario. Declara que conduce a moralidade dos nenos polo estreito vieiro dos valores educacionais adultos, tomando a forma doutra valoración, “a prol dunha conciencia cidadá e crítica que non lle vén dada ó lector, por canto lle ofrece a posibilidade da súa adquisición”. Por outra banda, indica que se aventura en pór nas mans dos nenos e ao nivel do seu entendemento e emocionalidade a variedade de situacións que forman parte da vida, como son os medos, a exclusión social ou a morte. Estas apreciacións e comentarios sobre a producción desta escritora de Vilagarcía son ilustradas ao longo do artigo cos títulos da súa obra publicada, da que se ofrece unha listaxe.

González Barreiro, Xosé Manuel, “Demademora de Kalandraka”, *CLIJ*, “La colección del mes”, nº 125, marzo 2000, pp. 44-45.

Explica que é a colección “Demademora” e que significa a palabra que lle dá título. Di que Demademora “quizá no sea nada, pero denota, evoca, desata mecanismos ocultos de nuestro pensamiento puesto que si la fraccionamos se convierte en palabras llenas de significado”. Fala de cada unha das partes da palabra e logo da filosofía de Kalandraka Editora que decidiu crear un proxecto cultural dentro do cal encadrou unha colección de libros, para primeiros lectores, que acollese a producción de autores xa coñecidos, dos que o querían ser a través dunha colección coidada e novidosa, dos que seguisen camiños xa explorados e dos que se atrevesen a experimentar novas vías. Tamén se sinala que se preocupou por ofrecer libros ilustrados onde a imaxe tivese gran presencia tanto en calidade coma en cantidade ata o de agora de escasa presencia en Galicia e traduccións dos grandes autores da literatura universal para achegar modelos literarios. Así mesmo, puntualiza que algunha destas traduccións, debido a que a colección que estamos a describir está constituída por un formato único, tiveron que pasar á colección irmá “Tras os montes”. Finalmente, comenta que con esta colección se quería crear unha canteira propia apoiada pola Maga Rulana, unha contacontos da editora que con capa, sombreiro e acordeón vai contando novas historias a miles de nenos por escolas e bibliotecas.

Gracián, Ánxela, “Xabier Alcalde. *A sorte de espertar*”, *Fadamorgana*, nº 4, “Novidades”, febreiro 2000, p. 78.

Despois de indicar que con *A sorte de espertar* (1999), Xabier Alcalde irommpeu no panorama da literatura galega, achega o argumento desta obra, na que a voz omnisciente do seu narrador parece saber todo dos seus protagonistas e conduce a novela mesurando palabra por palabra e deténdose con vagar nos retallos persoais, sonos ou lembranzas. Asemade, sinala que se trata dunha novela máis de reflexión ca de acción e que, por veces, peca dunha excesiva información, como se botase de menos unha estructura máis activa.

I. O., “Teatro Miúdo”, *Tempos Novos*, nº 32, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, xaneiro 2000, p. 115.

Despois de darse conta da precaria situación que vive o teatro infantil actual, agradece a aparición de tres libros de teatro para os máis novos en 1999: *Teatro ás tres pancadas*, de Antonio Torrado, que foi traducida do portugués por Anxo Angueira e contén temas tradicionais dos contos; *Teatro feroz*, de Gloria Sánchez e ilustrado por Xan López Domínguez; e *A princesiña Socorro, o trobeiro Carolo e o demo dos cornos*, unha peza longa que vai sorprendendo e atrae a lectura dos nenos. Tamén indica que esta última obra, de Gloria Sánchez e Miguel Vázquez Freire foi gañadora do Iº Concurso de obras teatrais inéditas “Camiño de Santiago” no apartado de “Teatro de marionetas ou monicreques”.

Lago, Isidro, “Os contos… que eu conto. Caperucita Roja”, *Anima+l*, n.º 10, “Outras especies”, inverno 2000, pp. 37-39.

Reprodúcese un cómic que, tendo como pano de fondo as aventuras de Carapuchiña Vermella, adopta unha postura de denuncia ante as explotacións laborais e sexuais que hoxe en día están a sufrir moitos traballadores.

Lorenzo López, Agustín, “Teatro versus infancia “, *Revista Galega de Teatro*, nº 23, primavera-verán 2000, pp. 29-32.

Pon de manifesto certas cuestións que xorden das deficiencias polas que está a pasar o teatro infantil e xuvenil e salienta a súa importancia. Fai mención, así mesmo, do que debería ser e non é, poñendo sobre o papel unha serie de obxectivos. Remata aludindo ás características esenciais das programacións teatrais para este colectivo.

Martínez Bouzas, Francisco, “A viaxe interior dunha ‘cocoliso”, *Guía dos libros novos*, nº 16, “Literatura infantil e xuvenil”, marzo 2000, p. 27.

Mostra a súa satisfacción pola concesión do Lazarillo, o premio máis antigo e posibelmente o de maior prestixio dentro do mundo da literatura infantil e xuvenil española, á obra de Marilar Aleixandre, *A banda sen futuro*. Sinala que se trata dunha novela de aventuras que conta as proezas e ruindades dun grupo de rapaces e rapazas dun instituto galego. Así mesmo, analiza os distintos planos deste traballo narrativo nos que se aprecia a súa calidade: a sinxela trama argumental; a historia, atractiva e que ten moito de autobiografía; o axeitado rexistro léxico, os procedementos a través dos cales desenvolve a diéxese da novela, técnicos e moi simples, e o carácter seductor do libro, adobiado por aqueles ingredientes que lles resultan familiares aos adolescentes dos nosos días.

Montaña, Estro, “A adicción do desacougo”, *Guía dos libros novos,* nº 14, “Narrativa”, xaneiro 2000, p. 24.

Achéganos o libro de H. P. Lovecraft, *Relatos fantásticos*, que é unha escolma de cinco relatos (*Dragón, O templo, A maldición que caeu sobre Sarnath, Os gatos de Uthar* e *Nas murallas de Erix*), mais unha novela curta. Apunta que foron traducidos por Anxo R. Romero Louro e tenta definir o “fantástico” baseándose en Todorov, aínda que considera que a cuestión é aberta. Tamén comenta que a mestura de ciencia ficción e terror lévanos a un libro desacougante que nos provoca unha “ansiosa adición”.

_____, “Escrito en linguaxe sinxela”, *Guía dos libros novos,* nº 15, “Narrativa”, febreiro 2000, p. 24.

Estro Montaña céntrase no libro *Caderno de Agosto*, de Alice Vieira, que foi presentado en lingua galega en 1999. Sinala que a obra está dentro dunha colección dirixida ao público adolescente e que é de doada lectura. Apunta que nela se mestura un narrador omnisciente, coa voz da moza en primeira persoa, que é Gloria. Por outra parte, comenta outros aspectos desta obra e fai un resumo do seu argumento.

_____, “Terror emocional”, *Guía dos libros novos*, “Narrativa”, xuño 2000, p. 25.

Destácase a tradución que en 1999 fixo Xela Arias de *Drácula*, obra de Bram Stoker, que resultou ser a fundadora do xénero de terror. Tras salientar a popularidade que acadou a primeira edición, ofrécese un breve resumo da trama argumental. Resáltanse os elementos de terror presentes na primeira metade da obra, así como os elementos de acción que se poden atopar na segunda. Coméntase, ademais, que o éxito da novela veuse incrementado polas diferentes adaptacións cinematográficas. Remátase sinalando os antecedentes literarios e folclóricos nos que se baseou Bram Stoker.

Moreno Verdullas, Antonio e Lourdes **Sánchez Vera**, “30 años de LIJ en las Universidades españolas”, *CLIJ*, nº 123, “En teoría”, xaneiro 2000, pp. 14-23.

Fan un percorrido polos avatares que pasaron os estudios de literatura infantil e xuvenil nos tres ciclos de ensino que se imparten nas universidades españolas. Fanse eco das reclamacións e da insistencia nas Facultades de Ciencias da Educación ou Escolas de Maxisterio para que defendesen estes estudios nos seus planos de estudio. Recóllense declaracións de estudiosos e de profesores nese sentido. Ao falar de “LIJ en Segundo y Tercer ciclo” dise que se imparte un curso de Literatura infantil galega na Coruña, a pesar que, no Iº Congreso Internacional de Investigación de ANILIJ, o encargado de presentar a ponencia foi avisado de que este dato estaba erróneo dado que en Galicia só na Universidade de Santiago de Compostela se imparte ese curso.

Muíños, Noela, "*Castelao*", *Fadamorgana*, nº 4, "Novidades", febreiro 2000, p. 86.

Considera que o primeiro título da colección "Protagonistas da Historia", de A Nosa Terra, que leva por título *Castelao* (1999) e que recolle a vida e obra deste insigne rianxeiro, está motivado por intereses comerciais. A seguir, puntualiza que esta eiva queda evidenciada polo "escaso afondamento logrado, polo mínimo traballo cumprido polo autor ou autora do texto (quen, sabiamente, acordou manterse no anomimato) e pola sensación de presa e urxencia que, en xeral, a obra quere comunicar". Por outra banda, comenta que Pepe Carreiro ofrece unha boa mostra de "interesantes" ilustracións coas que escenifica algunha das pasaxes do texto.

Neira Cruz, X. A., “Paco Martín. No espello do señor Lamote, coa muralla ó fondo”, *Fadamorgana*, nº 4, “Entrevista”, febreiro 2000, pp. 20-24.

Nesta entrevista, que se centra ao redor *Das Cousas de Ramón Lamote* (1985), Paco Martín comeza indicando que non sabe dicir de certo quén é Ramón Lamote e que se nel hai hai algo deste personaxe é ben pouco. A seguir, comenta que esta obra naceu co desexo de tentar facer algo distinto ao que se estaba a publicar daquela e o pouco que lle preocupou o que ten de literatura infantil e xuvenil. Sinala que nunca chegou a sospeitar a dimensión que este libro había alcanzar e que lle deu moitas satisfaccións, ademais de referirse á súa preferencia polo relato curto e a súa consideración de “fillo” da literatura popular. Así mesmo, entre outros aspectos, fala do seu labor de escritor e mestre e da necesidade da prensa infantil, aludindo á súa experiencia con *Axóuxere*.

_____, “Manuel Lourenzo. Os territorios de Amadis”, *Fadamorgana*, nº 5, “Entrevista”, outono 2000, pp. 22-24.

Nesta conversa, Manuel Lourenzo explica que a fantasía para el é unha cuestión literariamente xenética e que nunca foi amigo do realismo severo, ademais de afirmar que a fantasía é máis necesaria ca nunca no mundo actual, pois, cando non forma parte dos circuítos do poder, sempre é unha vía cara á liberdade. A seguir, comenta que o ciclo artúrico é unha especie de relixión para el e que en realidade nunca escribiu obras de teatro infantil, senón que escribiu obras que foron colocadas nese caixón da literatura. Sinala que o feito de que se decidise a escribir teatro para nenos tivo que ver cos seus inicios no teatro infantil como actor e que cando se decidiu a facer teatro infantil, foi teatro propiamente infantil, e había nel unha dimensión de xogo da que participaba activamente. Tamén fala da relación existente entre esa concepción persoal do teatro infantil coa súa propia infancia, e avalía a súa traxectoria na historia do teatro galego, afirmando que nos anos 70 o debate artístico, social ou político era habitual, cousa que agora non acontece. Afirma que non lle gusta a situación do teatro actual, “enfermo dun conformismo abafante”, e considera que o teatro nunca lle gustou ao poder, pois resulta “perigoso”.

_____, “Gloria Sánchez. Un lazarillo que non sabe de lindeiros marcados”, *Fadamorgana*, nº 6, “Entrevista”, inverno 2000/2001, pp. 18-22.

Gloria Sánchez indica nesta entrevista que cando comezou a escribir tiña claro que querría romper as estructuras habituais da literatura infantil e xuvenil de principios dos 90. Alude á influencia que sobre ela exerceron autores como Gloria Fuertes, María Elena Walsh ou Gianni Rodari e fala da presencia da oralidade na súa obra. Achega certos datos da súa infancia e puntualiza que as lembranzas daquela teñen unha “cor triste” e lle chegan mesturadas coa poesía máis dura de Rosalía de Castro e Miguel Hernández. Sinala que empezou escribindo poesía e logo pasou ao relato, ademais de referirse ao que lle proporcionou a literatura infantil. A seguir, comenta o que supuxo *Fafarraios* (1991) para ela e a literatura galega e expón as razóns polas que nos últimos anos se centrou máis na narrativa. Tamén describe a súa última entrega, *Chinto e Tom* (2001), como “libro de humor absolutamente branco, transparente, sen os sarcasmos que en min eran habituais”. Explica que cando se pon a escribir non desexa transmitir mensaxes explícitos e, finalmente, amosa a súa preocupación polo momento actual da literatura galega para os máis novos.

Nicolás, Ramón, “Elefantes que escintilan”, *Guía dos libros novos*, nº 18, “Literatura infantil e xuvenil”, maio 2000, p. 29.

Tras facerse un breve percorrido pola traxectoria literaria de Fran Alonso, analízase *O brillo dos elefantes* (1999), obra finalista na segunda convocatoria do Premio “Raíña Lupa”. Resáltase a importancia que ten o protagonista da historia narrada, un neno que conta os acontecementos vividos en primeira persoa, e menciónanse algúns dos valores contidos na obra, como son a paz, a solidariedade e a valentía. Finalmente, critícase o feito de que esta edición non inclúa o manifesto do autor titulado “O secuestro dos elefantes”, xa que podería axudar a comprender mellor a historia narrada.

Obiols, Núria, “*O pastor Raul*”, *CLIJ*, nº 123, “Libros”, xaneiro 2000, p. 55.

Refírese á edición en catalán desta obra de Eva Muggenthaler, publicada pola editorial galega Kalandraka en 1999. Ao mesmo tempo que se recorda a historia que se conta, gábanse as ilustracións e afírmase que estamos diante dunha “historia bella en todos los sentidos argumentales posibles”, “un relato de amor, de búsqueda de identidad, un poco surrealista y, encima, con sentido del humor”.

_____, “*¿A qué sabe la Luña*”, *CLIJ*, nº 127, “Libros”, maio 2000, p. 59.

Reflicte a historia deste relato de Michael Grejniec, que publicou Kalandraka en 1999, e no que se parte dunha pregunta que se fan un montón de animais. Salienta a cor e texturas. Fala de que é un álbum que “proporciona unha buena ocasión para darle un poco de actividad a eso de leer imágenes”.

_____, “*O patiño feo*”, *CLIJ*, nº 129, “Libros”, xullo/agosto 2000, p. 68.

De novo na ficha que comeza o comentario desta obra de H. Christian Andersen conta como ano de publicación o 2000, no canto de 1999. Comeza recordando o tema desta historia tan coñecida pola maioría dos adultos e dálle a benvida, xa que sempre é necesaria para o lectorado principiante. Refírese á Editorial Kalandraka e salienta o seu bo facer, as ilustracións deste álbum, un elemento fundamental que Ana Sande soubo “llenar de trazos dinámicos, de color y movimiento muy adecudados a esta historia”.

_____, "*O vendedor de tormentas*", *CLIJ*, nº 130, "Libros/novedades", setembro 2000, p. 63.

Comeza describindo a historia que se conta nesta obra de Marta Rivera Ferner e publicada en 1999, non no 2000 como se di na ficha que encabeza o comentario, que debe referirse á edición en castelán. A seguir, a comentarista salienta as ilustracións da propia autora, das que sinala que son "bastante originales respecto al panorama actual". Finalmente, considera que "adultos, niñas, niños y un vendedor miope configuran un repertorio atractivo que danza de página a página".

Ogando, Iolanda, “A fantasía en obras. O teatro infantil de Manuel Lourenzo”, *Fadamorgana*, nº 5, outono 2000, pp. 25-29.

Despois de salientar que Manuel Lourenzo foi achegando coa súa faceta de escritor novas ideas e ilusións ao teatro infantil, faise eco da súa producción teatral dirixida ao lectorado máis miúdo, que comezou no ano 1975, cando gaña o Iº Concurso de teatro infantil “O Facho” con *Viaxe ao país de Ningures*. Sinala que a partir deste momento a súa producción de teatro para nenos sería unha das máis regulares destes trinta anos do teatro contemporáneo en Galicia e unha das máis premiadas. A seguir, céntrase na análise de dous dos elementos máis recorrentes na súa obra, que van trazando liñas de conexión entre os seus diversos textos: a fantasía e o metateatro. Desta maneira, puntualiza que a fantasía se converte nun recurso recorrente sobre o que se asentan todos os seus textos de carácter infantil e que pode vir proporcionado polos personaxes imaxinarios ou cousas e animais personificados ou as localizacións espaciais. Por outra banda, indica que, en maior ou menor grao, as súas obras infantís se caracterizan por presentar moitos dos mecanismos de construcción do teatro, que se poden reflectir na presencia de figuras que beben doutras tradicións literarias ou nalgúns dos personaxes que exercen de narrador-presentador cara ao auditorio. Finalmente, afirma que estamos perante a consciencia do imaxinario que se constrúe para mobilizar os nenos e presentarlles algunhas das preocupacións do autor: “dende a invasión lingüística dos corvos ata o dano que os homes lles fan á natureza, pasando pola traición, a censura, a incomprensión ou a ambición”. Tamén achega unha listaxe coa obra publicada por Manuel Lourenzo en ensaio, narrativa, poesía e teatro.

Otero, David, “Con máis soños que ganas de durmir”, *Fadamorgana*, nº 4 “Animación a leer”, febreiro 2000, pp. 37-46.

Botando man da súa experiencia persoal e dalgunhas claves como son a suxestión e o papel da palabra e daqueles adultos máis achegados aos nenos dende os seus primeiros anos, fai un alegato a favor da lectura. Así, presenta a lectura como aspiración e desexo que nos orienta e axuda a coñecer. A seguir, indica que para animar á lectura tamén temos que estar nós animados e fala das posibilidades que ofrecen os contos en lingua propia, xa que con eles “os ánimos van con vento a favor e sabemos máis dos demais”. Para animar, insiste en que hai que facelo con exemplo, lendo e con libros, pois considera que ese será un estímulo bo para o interese e xa se estará movendo e conmovendo. Finalmente, fai referencia a todo aquilo que supón animar á lectura e ao que esta pode achegar.

Oti Ríos, Francisco, “A mostra de teatro infantil galego *Xeración Nós*”, *Revista Galega de Teatro,* nº 23, primavera-verán 2000, pp. 19-24.

Tras subliñar a necesidade dunha política cultural adecuada para a mellora do noso teatro, sobre todo do infantil de do xuvenil, realiza un comentario dos dezaseis anos de historia da Mostra de teatro infantil Xeración Nós da Mancomunidade de Ferrolterra. Enumera os obxectivos cos que se puxo en funcionamento e logo analiza en que medida se cumpriron.

Pazó, Cándido, “¿Para cando un espectáculo infantil no CDG?”, *Fadamorgana*, nº 5, “Teatro infantil. O gran ausente”, outono 2000, p. 47.

Despois de apuntar que hai once anos que escribiu o seu último texto para o teatro infantil e de que hai sete que non sobe a un escenario “para disfrutar ou pelexar cos nenos”, comenta que a súa é a historia dunha deserción. Refírese ás eivas do teatro dirixido aos máis novos e as “precarias” mentalidades dos seus programadores, ademais de indicar que podería escribir este tipo de teatro pero que non é quen de “concebir as miñas potencialidades de autor independentemente das miñas posibilidades e determinacións como home de escena”. Remata aludindo á pregunta que encabeza este artigo, que resume “todo, o que todos, administracións, programadores, profesión e cidadáns temos que reflexionar sobre este asunto”.

Pazó, Noemí, “Literatura dramática infantil: longa travesía no deserto”, *Fadamorgana*, nº 5, “Teatro infantil. O gran ausente”, outono 2000, pp. 37-43.

Declara que a boa marcha da literatura infantil galega é unha verdade a medias, pois considera que os méritos lle corresponden ao xénero narrativo pero non á poesía infantil nin á literatura dramática. A continuación, fala da situación da literatura dramática na escola e, establecendo unha serie de etapas, fai un percorrido a través da escrita dramática infantil seguindo criterios de tipo editorial. Deste modo, na primeira etapa que marca, “De *Barriga verde* a *País de Ningures* (1968-1977), faise eco dos acontementos relacionados co teatro para os máis pequenos que tiveron lugar entre os anos que distan entre a publicación desas obras de Manuel María e Manuel Lourenzo, respectivamente. Entre eles, destaca a posta en marcha da Mostra de teatro galego de Ribadavia; a publicación da primeira traducción de literatura dramática infantil, *Os anxos cómense crús* (1973), de Jorge Díaz; ou o interese espertado pola necesidade dun teatro infantil plasmado en diversos artigos de prensa. Tamén salienta que esta etapa se caracterizou por unha ausencia absoluta de planificación editorial en canto á literatura infantil, sobre todo no que toca a teatro, e cita aquelas obras publicadas durante este período, das que ofrece certos comentarios. Da segunda etapa, “Os *Cadernos da Escola Dramática Galega* ou un novo espacio para a edición (1978-1986)”, constata a creación desta nova plataforma para a edición de textos teatrais por parte do Departamento de Estudos Teatrais da Escola Dramática e nomea aquelas editoras que lle deron cabida ao teatro para os máis novos, como foi Ediciós do Castro ou Castrodouro, e aquelas obras producidas ao longo deste período. Da última etapa, que denomina “A ‘Biblioteca do Arlequín’ e o ‘Teatro nas Aulas’ (1987-1996)”, subliña o pulo dado polos

diferentes premios á literatura dramática infantil e denuncia a tardanza coa que se publicaron as obras gañadoras. Así mesmo, dá conta das obras publicadas nas coleccións aparecidas nestes intres, como son “A biblioteca do Arlequín” e “Teatro nas aulas”, ou en editoriais de ámbito estatal como Bruño. Remata mostrando certa esperanza sobre o futuro deste xénero literario.

_____, “An Alfaya. *Bua-bua requetebua*”, *Fadamorgana*, nº 5, “Novidades”, outono 2000, p. 74.

Comenta que esta obra é o laio dos tres Pilosíns personaxes principais desta comedia que ten como espacio ficticio o interior dun aparato dixestivo, no que viven estes órganos humanizados que son a familia dos Pilosos. Sinala que esta peza é un exemplo máis dese desfase entre creación e edición que a miúdo se dá no teatro galego, pois é publicada en 1999 e xa obtivera un accésit na Mostra de teatro infantil Xeración Nós de 1989. Salienta que presenta uns diálogos áxiles e unha construcción eficaz dende o punto de vista dramático, aínda que por veces hai un desaxuste entre a idade para a que aparece indicado o texto e o xogo co léxico relacionado co organismo humano, no que reside unha das claves da peza.

Penas, Irene, “O gran libro aberto da vida”, *Fadamorgana*, nº 4, “Animación a leer”, febreiro 2000, p. 73.

Comenta que ler é unha carreira “fascinante” e que o achegamento á literatura se consegue a través dunha serie de estímulos, que pais, mestres, bibliotecarios, creadores e editores deben proporcionar. A seguir, explica como cada un destes grupos debe actuar, para logo indicar que se queremos gañar lectores reais, o acto de ler debe estar motivado polo pracer, polo que para logralo hai que renunciar ao exceso de didactismo. Explica que a animación á lectura consiste en guiar e orientar a viaxe pola literatura e que estes principios e obxectivos están reflectidos no proxecto lector de Everest Galicia, que pon ao dispor dos educadores guías de lectura para traballar cos libros, a posibilidade de encontros cos autores e ilustradores ou espectáculos de animación dos libros preferidos dos máis novos.

Pereira, Chiqui, “Programacións e teatro infantil en Galicia”, *Revista Galega de Teatro*, nº 23, primavera-verán 2000, pp. 25-28.

Aborda o tema do “teatro infantil de actor/actriz”, salientando os seus problemas e deficiencias. Indica que hai poucas compañías que asuman este tipo de teatro, criticando as nefastas políticas culturais das institucións públicas, así como o feito de que se asocie teatro infantil a “títere”. Asemade, pon de relevo o papel do ensino neste universo teatral. Por outra banda, reivindica a creación de programacións de teatro infantil, comentando as de varias salas de Santiago.

_____, “Quen é quen no teatro infantil galego”, *Fadamorgana*, nº 5, “Teatro infantil. O gran ausente”, outono 2000, pp. 67-71.

Nesta presentación do panorama do teatro infantil en Galicia e da súa configuración, denuncia a falta de planificación, de obxectivos ou ideas presentes pola Xunta de Galicia con respecto a este teatro e alude ao traballo feito en Ferrol, Pontevedra, Santiago e A Coruña con iniciativas encamiñadas ao enriquecemento da oferta cultural. A seguir, indica que en Galicia existen 67 compañías de teatro profesional, das que 22 se dedican ao teatro infantil, 15 de títeres e 7 de actores, sendo só 8 de títeres as que reciben subvención. Fala das representacións existentes nas escolas e achega toda unha serie de razóns polas que as compañías de teatro infantil se decantasen polo teatro en pequeno formato, ademais de manifestar que a materia pendente do teatro infantil en Galicia é tentar levar ao seu público a ver os espectáculos a un escenario. Por esta razón, salienta a importancia de iniciativas como as da Sala Sant-yago e Sala Nasa e incide, por outra banda, que os espectáculos se deben levar ás vilas, intentando unha colaboración cos concellos, como é caso do que acontece en Narón ou Betanzos. Comenta que outra das carencias do teatro galego en xeral é a falta de textos teatrais e cita unha serie de cuestións a ter en conta para atopar o formato axeitado dunha colección específica de teatro infantil. Remata apuntando outras faltas do teatro infantil, como son a carencia de propostas diferentes dentro das compañías, especialmente no caso do teatro de actor no que case todas se adican a espectáculos unipersonais de animación á lectura; ou de respecto social e profisional para o teatro infantil.

Pérez Pereiro, Marta, “Rosa Aneiros. *Eu de maior quero ser*”, *Interesarte*, nº 7,“Libros”, 2000, p. 47.

Achega á novela de Rosa Aneiros, publicada en 1999, que describe como unha “historia roubada”, por que é a visión de todos aqueles que algunha vez viviron en Compostela, en especial os estudiantes. Céntrase nos seus protagonistas que son cinco mozos que viven nun piso das rúas das Casas Reais de Santiago, seres anónimos que primeiro se enfrontan ás tarefas domésticas e crean o seu microcosmos e, posteriormente, se teñen que enfrontar á busca dun traballo unha vez rematados os estudios. Sinala que é unha novela de lectura obrigada para todos aqueles que algunha vez tiveron “dúbidas fronte ó futuro”.

Raña, Román, “Música sen descanso”, *Guía dos libros novos,* nº 14, “Poesía”, xaneiro 2000, p. 29.

Refírese ao novo libro de poemas dedicados aos máis pequenos, *Caderno de fume* (1999), de Antonio García Teijeiro. Fai referencia á súa traxectoria literaria e apunta que foi gañador do Premio “Esquío” de poesía e “Blanco Amor” de novela. Comenta que na citada obra se mesturan aliteracións, paranomasias, paralelismos e tamén o hilozoísmo de Amado Carballo co popularismo de García Lorca, chegando incluso García Teixeiro a parafrasearlle a Rosalía o seu *Campanas de Bastabales.* Desta maneira, considera que engaiola aos cativos co feitizo dunha lingua que conmove.

_____, “Aprendendo a voar”, *Guía dos libros novos*, nº 16, “Literatura infantil e xuvenil”, marzo 2000, p. 27.

Fai un breve repaso pola traxectoria literaria de Agustín Fernández Paz, un autor sobradamente coñecido para o público lector polas múltiples edicións das súas obras literarias, e dá a benvida ao seu novo libro, *Cos pés no aire* (1999), unha novela curta onde podemos atopar diferentes aspectos que o sigularizan dentro da propia producción e dentro da narrativa que acostuma realizarse para os nenos. Así mesmo, analiza o argumento e contido do relato, dividido en dúas partes ben diferenciadas: unha primeira na que o protagonista sofre unha estraña situación que cambia radicalmente a súa anodina forma de vida e unha segunda na que o relato adquire un cariz amoroso.

_____, “Viaxe cara ao noso imaxinario”, *Guía dos libros novos*, nº 17, “Literatura infantil e xuvenil”, abril 2000, p. 30.

Ver Raña, Ramón “Viaxe cara ao noso imaxinario”, no apartado V. 4 deste *Informe*.

Rei, Xurxo, “De poetas e títeres”, *Fadamorgana*, nº 5, “Teatro infantil. O gran ausente”, outono 2000, pp. 71.

Sinala que Uxío Novoneyra puido ver representado polos títeres do grupo compostelán Trécola o seu conto *Gorgorín e Cabezón*, personaxes aos que lles deu vida Fernanda Cabrera, titiriteira nada en Santiago. Comenta que esta muller trouxo a Galicia xunto a Tatán de Tanxarina as marionetas de fío, que aprederan a facer en Barcelona a finais dos anos setenta; e foi creadora da primeria programación estábel de títeres da comunidade galega, a Asociación de titiriteiros galegos ou os Encontros dos titiriteiros. Remata sinalando que o poeta do Caurel e a titiriteira de Santiago morreron nos mesmos días e que foron moitas as relacións dos títeres e a poesía no pasado, polo que desexa que esa porta que un día volveron abrir Uxío e Fernanda non se volva pechar.

Río, Salvador del, Pedro P**. Riobó** e Marcos **Viéitez** , “Belérian. O faiado das aventuras “, *Revista Galega de Teatro*, nº 23, “*Caderno Central*”, primavera-verán 2000, [40 pp.].

Peza infantil nun acto, con prólogo e epílogo, que recolle a aventura dun pequeno grupo de nenos no faiado da casa do tío dun deles. Alí, entre cofres e vellos baúis, xogan a se disfrazar e a simular unha serie de peripecias imaxinarias que se inician cunha expedición en globo a África. Nesa viaxe sucédenlles moitas aventuras ata o punto de entrar no mundo do fantástico, en Belérian, converténdose o que era xogo en realidade. No universo da maxia teñen que sortear varios obstáculos, entre eles un dragón malvado, para saír ilesos.

Riobó, Pedro P., “A xeito de compendio do teatro infantil galego”, *Revista Galega de Teatro*, nº 23, primavera-verán 2000, pp. 7-14.

Despois de pór de manifesto que o teatro infantil galego ten moitas “carencias”, fai un percorrido pola súa historia. Principia cun repaso pola contribución de grupos e autores do teatro de títeres e do “teatro de actor” á dramaturxia infantil. Ademais, salienta a importancia do Concurso de teatro infantil “O Facho”, no que, di, se premiaron obras de autores tan importantes como Casares, subliñando como curiosidade que a maioría dos galardoados son nados nas décadas dos corenta e cincuenta. Tamén se detén un intre nos antecedentes deste tipo de creacións, pasando logo a comentar as obras teatrais máis relevantes.

Roca López, Ángeles, “A animación á lectura na biblioteca”, *Fadamorgana*, nº 4, “Animación a leer”, febreiro 2000, pp. 63-67.

Partindo da súa experiencia de bibliotecaria, comenta o Programa de animación á lectura levado a cabo pola Concellería de Cultura nas bibliotecas municipais de Cambre. Sinala que este programa naceu co obxectivo de facer unha serie de actividades para que o lectorado máis miúdo coñecese a segunda biblioteca municipal que se estreaba en 1994, ademais de indicar que está conducido por unha mascota de nome Moucho Leroucho. A seguir, dá conta de cómo se foi creando a imaxe deste personaxe e de cómo se deu a coñecer por medio dunha carta, para logo comezar o programa de animación á lectura “O moucho leroucho nas bibliotecas municipais”, que se densenvolve segundo un calendario establecido, dende o mes de outubro ata finais de maio, e que consta dunha segunda parte de visita aos centros de educación infantil. Achega os aspectos singulares do Moucho Leroucho, entre os que se atopan o feito de que dorme polo día, que leva un saco que encerra sorpresas ou que pola noite vive nas biliotecas municipais de Cambre, gozando do que alí atopa. Así mesmo, refírese aos aspectos xerais destas sesións de animación á lecutra, como son que en cada sesión se traballan dous contos, polo regular de semellante tema, aínda que transmitidos con distintas estratexias; o interese da oralidade; a participación activa da familia; a realización das sesións na propia biblioteca; a existencia dun expositor cos libros preferidos do moucho ou a importancia de que o animador sexa un bo contador. Finalmente, insiste en que o Moucho Leroucho se apoia en dous sólidos pilares, “familia e escola, interrelacionándoos e misturándoos coa biblioteca nun labor de

colaboración mútua”, e declarando que con este programa se acada un achegamento ao libro de forma lúdica e suxestiva, para formar así novos e mellores lectores.

Rodríguez, Manuela, “Kalandraka anima a ler. Cando as editoriais se involucran no proceso lector”, *Fadamorgana*, nº 4, “Animación a leer”, febreiro 2000, pp. 71-73.

Manuela Rodríguez, mestra e integrante do equipo Kalandraka, refírese ao seu nacemento como proxecto editorial, que está vinculado ao labor de animación á lectura que dende hai anos veu desenvolvendo Kalandraka Teatro. Así, indica que a falta de libros que recollesen as historias presentadas polos contacontos, o escaso número de títulos recomendábeis en galego ou o abandono que sufría a educación plástica e visual dos cativos foron razóns decisivas para darlle vida a este novo proxecto editorial. A seguir, comenta que Kalandraka Editora conta cunha especialista que ten como tarefa principal dinamizar as accións deseñadas para animar a ler aos máis pequenos, Raquel Méndez, que lle dá vida ao personaxe central da campaña “Libros para soñar”, a Maga Rulana. Esta maga percorre todo o ano o país para mostralles aos rapaces os libros que saen da súa fábrica de soños, que é Kalandraka, e para pesentarlles autores e ilustradores e para ler e contar historias. Explica que se escollen os espacios máis adecuados e as datas máis significativas para desenvolver estes espectáculos, ademais de sinalar que se conta coa exposición “Libros para soñar”, que tenta ser un reclamo para que os rapaces se acheguen por primeira vez ao libro. Apunta que tanto o Trasno Comodín coma a Maga Rulana relizan un labor de difusión nos centros de ensino e expón as razóns polas que se escolleu como embaixadora a maga citada. Remata dicindo que co paso dos anos os rapaces se converterán en lectores autónomos, véndose, polo tanto, a recompensa do labor que se fai actualmente.

Rojas, Magdalena de, “Chema Heras. *Cando Martiño tivo ganas de mexar na Noite de Reis*”. *Fadamorgana*, nº 4, “Novidades”, febreiro 2000, p. 75.

Achega o argumento desta obra (1999) de Chema Heras, para logo sinalar que a historia que presenta está “perfectamente artellada” e que a síntese do seu texto alcanza o punto “máxico e máximo” no remate, cando Martiño esperta coas ganas de mexar e os Reis están discutindo onde pór o tren que lles pedira. Con respecto ás ilustracións desta obra, sinala que Kiko Dasilva recolle perfectamente os momentos de tensión de Martiño, ao mesmo tempo que mostra elementos humorísticos ao alcance do lectorado ao que está destinado este relato.

_____, “Fina Casalderrey. *A filla das ondas*” *Fadamorgana*, nº 4, “Novidades”, febreiro 2000, p. 75.

Ofrece un resume da liña argumental desta entrega narrativa (1999) de Fina Casalderrey, na que, a través da historia protagonizada por Froiaz e a fillas das ondas, se dá a coñecer o patrimonio histórico e artístico da cidade de Pontevedra. A seguir, apunta que “tal lastre” de contidos desequilibra a balanza en detrimento da trama e que o soporte escollido para esta historia é o formato álbum con ilustracións de Xosé Chavete de estilo pictórico e mestura de técnicas.

_____, “O teatro de Barriga Verde. Raíces populares do teatro infantil”, *Fadamorgana*, nº 5, “Teatro infantil. O gran ausente”, outono 2000, pp. 44-47.

Refírese aos antecedentes de Barriga Verde, un personaxe herdeiro da Commedia dell´Arte e conectado coas posteriores tradicións de teatro popular en Europa, que tiña como pai a José Silvent Martínez, un titiriteiro co que compartía nome artístico. Achega certos datos biográficos deste pacense, nado en 1890 e moi coñecedor do mundo das feiras e das festas populares, que lle deu vida a Barriga Verde e que, xunto cos membros da súa familia, organizaría percorridos con cine, guiñol, bailes e varietés. A seguir, céntrae en Barriga Verde, unha talla de madeira con barba, capa e sombreiro, que reinou en todas as funcións ata mediados dos anos sesenta e que representaba varios papeis nunha serie de argumentos que entroncaban coa tradición europea. Dá conta das pezas que formaban parte do repertorio e dos aparellos, como a estaca, navalla ou capote, que, xunto á ousadía, lle conferían a Barriga Verde un carácter de eterno invencíbel. Tamén apunta que non parecía un heroe interesado en transitar polo mundo detrás de elevadas metas e que amosaba intereses máis prosaicos, sendo esta característica na que repousaba a súa gran carga cómica. Sinala que, en definitiva, de trata de “personaxes cun carácter fixo que actúan en base a argumentos previos nos que había lugar para a improvisación”. Salienta a importancia de salvagardar a memoria de Barriga Verde como principal representante desta liña tradicional e menciona a investigación feita por Anxo García e Daniel González sobre a familia Silvent, o seu teatro e o contexto-escenario onde este tipo de espectáculos cobra vida. Finalmente, apunta que desta investigación parte o espectáculo *Barriga Verde*, que a compañía

de Títeres Viravolta estreou en Lalín en 1998 e que recrea fielmente o espírito orixinal e introduce personaxes da tradición centroeuropea.

_____, “Alicia Suárez. *A casa dos gatos*”, *Fadamorgana*, nº 5, “Novidades”, outono 2000, p. 73.

Comenta que esta obra, publicada en 1999, presenta unha historia acontecida nesa vez intemporal de moitos contos populares e sitúa ao receptor no plano do marabilloso, un espacio “transparente, escaparate de conflictos sempre vixentes protagonizados por personaxes arquetipo no que as madrastras ocupan lugar principal”. Achega o seu argumento, que recolle unha recreación da Cincenta, e apunta que “Superficie e subsolo, persoas e gatos, realidade e mundo máxico sobrenadan nese mesmo fondo de ton mariño”, que non axuda aos lectores desas idades na distinción dos diferentes planos.

_____, “Sabela Álvarez Núñez. *Adiviñas de papel*”, *Fadamorgana*, nº 5, “Novidades”, outono 2000, p. 73.

Sinala que esta obra de Sabela Álvarez Núñez, que foi publicada en 1999, é axeitada para os lectores de cinco e como moito seis anos, pese a que tamén pode presentar atrancos importantes para esas idades, pois a selección de motivos é dispersa. Apunta que o mediador que lles formule as adiviñas aos rapaces terá o difícil papel de guía, engadindo pistas a textos e ilustracións. Tamén comenta que, a execepción da ilustración da portada que forma un equilibrado conxunto coa adiviña correspondente, a autora optou por disfrazar as solucións nuns debuxos que non presentan calidade e desvían as respostas do lector.

_____, “Mª Dolores Hermida. *A vendedora de mistos*”, *Fadamorgana*, nº 5, “Novidades”, outono 2000, p. 76.

Fai un resumo do argumento da historia desta vendedora de mistos, que presenta con crueza a trastenda do Nadal e que posiciona ao lector dende o principio en estado de alerta e tensión obrigado a desempeñar o papel de testemuña da traxedia. Comenta que este conto, publicado en 1999, propón a morte e un posterior estado de calma e felicidade como vía de escape e conclusión correcta para as premisas presentadas no argumento. A continuación, puntualiza que tal final require lectores experimentados, sobre todo no aspecto emocional, e que a este álbum lle coveñen ollos expertos que sexan quen de encontrar nos suxestivos cabelos louros da rapaza a vida e movemento que pouco a pouco se lle van esvaendo do corpo. Tamén salienta o trazo sobrio e a cor cargada de significado que van variando na nena segundo o devir dos acontecementos.

_____, “Fina Casalderrey. *Bicos de prata*”, *Fadamorgana*, nº 5, “Novidades”, outono 2000, p. 76.

Comenta que esta obra de 1999 presenta o discurso mental que a rapaza protagonista combina ao redor das tensións provocadas no seo familiar polo nacemento de seu irmán, mesturando a realidade e o soño. A seguir, sinala que unha mesma imaxe abre e pecha esta narración en primeira persoa, Rita sentada na porta da casa co seu irmán no colo agardando a que cheguen seus pais, e un mesmo desexo, que renazan entre eles bicos de prata. Tamén indica que só unha lóxica infantil adulterada pode solucionar a base de soños desta historia.

Ruibal, Euloxio R., “Sobre teatro infantil”, *Fadamorgana*, nº 5, “Teatro infantil. O gran ausente”, outono 2000, pp. 48-52.

Considera que aínda que medrou o intresese polas expresións artísticas e literarias dirixidas ao público infantil ou xuvenil, a actividade teatral dirixida aos nenos ou levada a cabo por eles non acadou un desenvolvemento parello ás restantes manifestacións. Alude ao papel do neno no feito teatral ao longo da historia e sinala que se debe coidar a elección das pezas que se van a representar e pór especial esmero na escolla dos espectáculos aos que se quere asistir, ademais de indicar que o público conformado por xente miúda non só é potencialmente máis puro e aberto, senón tamén o máis esixente. A seguir, dá conta das características que debe reunir o teatro infantil nos aspectos ético e estético, comentando que debe presidir sempre o rigor e a calidade, e que as obras deben ter nivel de comprensión axeitado e resultar amenas, áxiles e imaxinativas. Así mesmo, indica que debe ser considerado como unha actividade lúdica e fala do labor que debe facer o director e o neno, que tanto como intérprete coma autor, establece unha relación co receptor producíndose unha comunicación artística. Incide en que todo espectáculo debería ser un exercicio de imaxinación, é dicir, achegar “solucións orixinais, fora do común, dadas coherentemente dentro da montaxe”, sen a cal dificilmente existe o acto creativo e, polo tanto, o feito artístico. Finalmente, refírese á súa experiencia como autor de pezas infantís dirixidas aos nenos, subliñando cales eras os personaxes ou temas das súas obras ou as súas pretensións e preocupacións, entre as que se atopa a de “que o teatro resulte un verdadeiro e gozoso xogo, algo esencial nos espectáculos para nenos (e mesmo para adultos)”.

Santiago Viqueira, Marcelino de, “Kukas”, “Un can cun quinque no cu”, *Fadamorgana*, nº 5, “Teatro infantil. O gran ausente”, outono 2000, p. 43.

Dunha forma moi persoal, comenta que só escribe para a escena e que ten claro que o teatro infantil está infravalorado. A seguir, tendo en conta o seu acometido de escribir un texto dirixido aos nenos dende a súa perspectiva e para representar con actores profesionais, sinala que xa ten un protagonista, que ten por compañeiros a moitos personaxes estrafalarios e que falan cun “certo aquel sinxelo”, facendo “ripios” de cando en vez. Finalmente, apunta que non se pode esquecer do factor sorpresa e declarando que a fórmula está clara, “ter unha boa idea... facer que funcione... traballar con ilusión e seriedade... e entreter a todos, nenos e maiores”.

Sinner, Carsten, “Análise funcional de *Astérix* en galego”, *Galicien Magazin*, nº 9, xullo 2000, pp. 10-13.

Comeza sinalando a situación de alta competencia coas publicacións en castelán á que se enfrontan as traduccións en linguas cooficiais como é o caso do galego. A seguir, comenta a versión galega de Astérix, en concreto do volume *Astérix en Hispania*. Dende a perspectiva da aceptabilidade da traducción na cultura de chegada como texto expresivo e operativo, analiza aspectos de gramática e de léxico. Conclúe que esta traducción ten carencias tanto no nivel lingüístico (castelanismos, uso impropio de expresións con forte carga cultural...) coma no editorial (erros tipográficos e ortográficos).

Torreiro, Henrique, “As xornadas de Ourense: doce anos de banda deseñada”, *Tempos Novos*, nº 39, “Voces e Culturas. Monográfico Banda deseñada en Galicia”, agosto 2000, pp. 78-81.

Dáse conta do carácter que posúen as Xornadas de Banda Deseñada de Ourense. Trátase dunha inciativa cultural, non comercial, que pretende dar a coñecer ao público en xeral o mundo da banda deseñada. Para isto, dende o seu nacemento en 1989, as Xornadas foron incorporando distintos apartados como o de Expofanzines ou a revista das Xornadas, para dar conta do desenvolvemento desta arte en Galicia. Ademais disto, mantense unha conversa con Fran Jaraba, autor de *Cita na Habana* (1999). Este informa sobre o proceso de elaboración deste cómic para adultos, e respecto á pregunta de se hai futuro para o cómic en Galicia, opina que si o hai, sempre e cando este non quede aquí, “xa que o mercado é moi limitado”.

Vázquez Freire, Miguel, “Xosé Cobas”, *Fadamorgana*, nº 4, “O ilustrador”, febreiro 2000, p. 4.

Ademais de achegar certos datos sobre a biografía de Xosé Cobas e ofrecer unha selección da súa obra publicada, detense no comentario do seu traballo. Na súa opinión, este autor de Logrosa (Negreira) atópase entre aqueles ilustradores que, sen renunciar á construcción da súa propia personalidade artística, asume que a elección do tipo de debuxo debe estar en función da natureza do texto que acompaña. Así mesmo, considera que en boa parte dos seus traballos hai unha vontade de representación do mundo que se escapa da reducción a estereotipo tan común na ilustración infantil comercial e sinala que o entroncaría nunha corrente, que sen renunciar á anovación, mantén unha fidelidade a uns referentes “que non deberiamos temer chamar nacionais”.

_____, “Xan López Domínguez”, *Fadamorgana*, nº 5, “O ilustrador”, outono 2000, p. 4.

Comenta que definir as características estilísticas dos debuxos de Xan López Domínguez lle resulta doado e difícil. Cando fala de “doado”, refírese á singularidade do seu manierismo na resolución das figuras, que se sitúan nun espacio que o artista gusta delimitar mediante un explícito recadro, no que os elementos da paisaxe ou do coontexto son resoltos tamén mediante recursos manieristas. A seguir, expón que o que lle resulta difícil é explicar cómo mediante esta sinxeleza consegue dotar a cada figura humana dunha personalidade diferenciada ou a cada figura animal de sensacións diferentes en función do relato. Sinala que a “indubidable eficacia humorista” do estilo deste ilustrador posibelmente nos estea a privar do descubrimento das súas aínda en parte inexplotadas posibilidades. Tamén mostra a súa admiración polo traballo que está facendo nestes dous últimos anos, sinalando que o abraia comprobar o exercicio de rigor e depuración, dentro dun proceso de evolución estilística de enorme coherencia, que os seus traballos máis recentes amosan. Por outra banda, achega certos datos da súa biografía relativos aos seus estudios, premios conseguidos ou exposicións realizadas, ademais de ofrecer unha selección da súa obra publicada.

_____, “Todos fuimos Príncipes secretos”, *CLIJ*, nº 133, “Los 100 del siglo XX”, decembro 2000, pp. 35-36.

Comeza cunhas breves notas biográficas e literarias de Xosé Luís Méndez Ferrín e da súa obra, que cita na súa totalidade. Pasa, a seguir, a relatar o argumento de *Arnoia, Arnoia* (1987), “un relato iniciático que, bajo la forma de novela de aventuras, supone una compleja reflexión sobre la adolescencia”. Ve nesta obra dúas posíbeis lecturas, unha delas non accesíbel aos lectores mozos, pois considera que só verán nela unha novela de aventuras e que quizás queden decepcionados polo sorprendente final que, “sin embargo es la clave para reinterpretar todo el texto desde la perspectiva de la segunda y más difícil lectura”. Considera que pouco importa esa decepción e dificultade, xa que as mellores obras encerran esa capacidade de abrirse a lecturas cada vez máis ricas e complexas a medida que o lector medra e volve a elas. Salienta a falta de tópicos e convencionalismos nunha obra “del género espada y brujería” e a abundancia de referencias cultas e simbólicas, que invitan ao lector á busca, aínda que esta sexa máis doada para un lector máis formado có mozo ao que se refería.

_____, “Luis Castro Enjamio”, *Fadamorgana*, nº 6, “O ilustrador”, inverno 2000/2001, p. 4.

Nesta aproximación á Luis Castro Enjamio, sinala que o primeiro que lle impresiona dos seus traballos é a pluralidade de rexistros e de técnicas de que fai uso e o dominio extraordinario que amosa en todas elas. Incide en que a riqueza do seu vocabulario icónico é tan prodixiosa coma a pluralidade dos seus recursos técnicos e exemplifica estes comentarios botando man das súas obras. A seguir, puntualiza que por riba de todas estas diferencias, o que unifica a plural inventiva deste autor é a evidencia de que estamos diante dun ilustrador que coñece a natureza diferenciada do seu espacio creativo. Por outra parte, achega certos datos relativos aos seus estudios realizados, traballos desepeñados, premios conseguidos ou obra publicada.

Ventura, Joaquim, “Inferno para unha adolescente”, *Guía dos libros novos,* nº 15, “Narrativa xuvenil”, febreiro 2000, p. 29.

Presenta a novela *Noitebra* (1999), de Xavier López Rodríguez da que di que está narrada co rigor esixíbel para unha narración xuvenil. Achega o seu argumento, narrado por unha moza de 15 anos, que ten un accidente co seu ciclomotor, que se solucionará coa axuda duns “okupas”. Cara ao final reflexiona maduramente sobre o ocorrido (o precario da vida dos ocupas fronte á súa) e sobre a súa condición de muller. J. Ventura di que esta *Noitebra* será unha “boa escola” de lectura.

Ventura, Núria, “Da piscina ao bibliobús: Experiencias de animación a lectura”, *Fadamorgana*, nº 4, “Animación a leer”, febreiro 2000, pp. 60-62.

Núria Ventura, xefa de coordinación bibliotecaria do Servico de Bibliotecas da Deputación de Barcelona, comeza sinalando que, en moitos casos, ler non é unha actividade que a xente nova realice dun xeito gustoso e espontáneo e que as lecturas desta idade están moi mediatizadas polo cinema, a propaganda ou temas ou series que se anuncian máis ou teñen a súa película en televisión. A seguir, ofrece unha serie de propostas e actividades para que a lectura infantil de calidade, escrita e ilustrada dende unha óptica distinta á de dar saída aos productos que a mercadotecnia ofrece en cada momento, teña saída como son a narración de contos, as competicións que premien a aqueles “superlectores” que lean o maior número de títulos ou a realización dunha revista. Tamén sinala que os libros se deben achegar a onde están os lectores e por iso, en xullo e agosto, moitas bibliotecas establecen unha pequena sucursal nas piscinas municipais ou fan que os bibliobús vaian polas poboacións máis pequenas e espalladas da xeografía. Finalmente, facendo algunhas reflexións sobre a animación á lectura, incide en que para estimular á lectura hai que ofrecer unha colección de títulos ampla e un agradábel entorno ou facer actividades que conleven a busca de libros ou que se acompañen dunha oferta de títulos sobre un tema ou personaxe.

Vieites, Manuel, “A posible e necesaria dramática infantil/xuvenil”, *Guía dos libros novos*, nº 17, “Teatro”, abril 2000, p. 28.

Analiza os principais problemas do teatro galego, como son a necesidade de creación e consolidación de públicos, e a presentación de espectáculos creados a partir de tópicos e de lecturas estereotipadas da realidade. Chama a atención sobre a importancia dunha creación teatral específica para os colectivos que se aventuran no mundo do teatro para a infancia e a mocidade e a necesidade de contar cun número suficiente de textos de calidade, así como da trascendencia de apoiar a creación dramática. Da mesma maneira, describe algunhas propostas que poden servir de referencia e recoñece a complexidade de facer teatro para a infancia e a mocidade e de escribir literatura dramática. Lembra tamén que na literatura dramática galega existen xa exemplos interesantes de camiños a seguir, de “vieiros sumamente suxerentes para ir construíndo un canon”, formado por textos como *O merlo branco* (1992), de Cándido Pazó ou *As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas* (1973), de Carlos Casares. Asemade, e dá a benvida a catro novas obras, *¡Hip-hip Hurra!*, de Magdalena de Rojas, *Teatro feroz* de Gloria Sánchez, *Teatro ás tres pancadas*, de Antonio Torrado e *A princesiña Socorro, o trobeiro Carolo e o demo dois comos*, de Gloria Sánchez e Miguel Vázquez Freire, que supoñen unha tentativa de abordar a creación dramática evitando tópicos e estereotipos e procurando direccións e camiños que contribúan a potenciar un xénero fundamental para a normalización e a regularización da creación literaria e da súa recepción. Finalmente, describe as potencialidades didácticometodolóxicas do texto dramático, avoga polo papel do profesarodo no proceso de creación e

consolidación de hábitos lectores, e presenta varios interrogantes nos que se cuestiona a posibilidade dunha estratexia comercial en defensa da narrativa.

_____, “Teatro para a infancia e a mocidade, políticas culturais e Sociedade Civil. Demasiadas preguntas sen resposta”, *Revista Galega de teatro*, nº 23, primavera-verán 2000, pp. 15-18.

Reflexiona sobre a situación do teatro galego e, en concreto, sobre aquel dirixido a un público infantil e xuvenil. Sinala as dificultades e carencias deste, salientando a falta de “políticas culturais” eficaces. Así mesmo, apunta a necesidade de “converter o teatro nun máis dos referentes culturais “ e “favorecer a participación da cidadanía”.

_____, “Literatura dramática para a infancia e a mocidade. Entre o azar e a precariedade”, *Fadamorgana*, nº 5, “Teatro infantil. O gran ausente”, outono 2000, pp. 32-36.

Sinala que a Literatura dramática para a infancia e a mocidade (LDIM) en lingua galega nace cando Carlos Casares gaña a primeira edición do Concurso nacional de teatro infantil “O Facho” con *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* (1973). A seguir, comenta que, vintesete anos despois, non se teñen andando todos os camiños que se anunciaban naquela altura, aínda que se leva publicado un número importante de títulos. Estima que a LDIM non está normalizada e non lle albisca posibilidades de futuro, ademais de achegar unha serie de causas polas que considera que o texto dramático se atopa marxinado. Tamén fala das propostas establecidas para conseguir un plan de normalización e regularización da ensinanza teatral, opinando que os efectos positivos poderían vir dados pola presencia en calquera institución educativa dun especialista en pedagoxía teatral, que saíse das Escolas Superiores de Arte Dramático. Para finalizar, puntualiza as razóns polas que a situación do teatro infantil, tanto o feito polos nenos coma o producido para eles, “é pouco menos que lamentable” e declara que é verdadeiramente difícil que o teatro se converta nun producto asrtístico consolidado a nivel de consumo se non se crean hábitos que permitan inxerilo no ámbito de intereses dos cidadáns, sendo a infancia e a mocidade dúas estapas transcendentais na consolidación de hábitos de consumo cultural.

VI. A literatura infantil e xuvenil galega

VI.5. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica.Biografías. Crónicas

VI.5.3. Publicacións en xornais: estudios e recensións

Álvarez, Patricia, “Bran Stoker e o mito do vampiro”, *Faro de Vigo*, *“El Sábado*”, nº 159, 3 xuño 2000, p. 4.

Comenta a importancia acadada por Bram Stoker e a súa novela *Drácula*, que foi traducida ao galego en 1999, por integrar nela “dúas tradicións que mixtura sabiamente: o vampiro literario e o folclórico”, e por se achegar á faceta máis humana dun personaxe condenado e perseguido por moitas culturas. Salienta o estudio introductorio de Xela Arias por fornecer as claves interpretativas de *Drácula*. Finalmente, achega os principais datos biográficos de Stoker e comenta a posíbel influencia destes na súa obra.

Gómez, Lupe, “Bonito como correr”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 304, 9 marzo 2000, p. 12.

Comeza sinalando que as obras para nenos son máis fermosas, sinxelas e libres que as dos adultos. A continuación, achégase a *Valdemuller* (1998), de Xosé Antón Neira Cruz, unha obra da que sinala o pracer e sentimentos de limpeza e felicidade que lle propiciou a súa lectura. A seguir, explica o argumento da mesma dicindo que xira arredor da historia dunha nena que busca “a limpeza da vida, o misterio, a verdade”, e á que caracteriza pola sensibilidade e bohemia, así como polas palabras “sentimentais e profundas” que emprega o autor nunha linguaxe directa e á vez familiar e íntima. Remata recomendando a súa lectura por ser un libro que cualifica de “revelador dos misterios do ser humano e da vida”, sen esquecer apuntar que o autor vén de gañar a XVIª edición do premio Barco de Vapor con *Os ollos de tangaleirón* (2000).

Janeiro, Darío, “Ollada aberta nun zoolóxico”, *El Correo Gallego,* “*Correo das Culturas*”, nº 9, 14 xaneiro 2000, p. 3.

Breve comentario sobre *Un porco e unha vaca xa fan zoolóxico* (1999), de Paula Carballeira, publicada na colección “Merlín” de Edicións Xerais de Galicia e ilustrada por Pablo Otero “Peixe”. Salienta desta obra que “xoga á imaxinación, ao despiste e a provocar a busca máis aló das explicacións mínimas e simpáticas”.

Martín, Lucía, “Bocados de realidade”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 30, 25 xuño 2000, p. 15.

Dá conta da traducción da obra de Marilar Aleixandre, *A banda sen futuro* (1999), ao castelán por Ediciones SM. Comeza por reproducir as reflexións da protagonista, Carlota, unha adolescente que se sente fóra de lugar e que ten unha visión moi negativa do mundo. Explica que é a través das súas conversas coa foto de Poch, o cantante morto dun grupo de rock, como comezará a afrontar a vida dun xeito máis positivo. Tamén di que a obra foi orixinalmente escrita en galego e que vén ser a recreación do conto do parruliño feo, destacando a linguaxe e estilo da autora. Remata referíndose á nota da contraportada na que se sinala o carácter realista da historia, o que considera que está na liña de demanda do lector adolescente que quere sentirse identificado co que le.

Martínez Bouzas, Manuel, “Só literatura”, *O Correo Galego, “Revista das Letras”*, nº 298, 27 xaneiro 2000, pp. 8-9.

Amplo comentario sobre dúas obras de literatura infantil e xuvenil premiadas recentemente: *A noite das cabras do aire* (1999), de Bieito Iglesias, último Premio “Merlín” e *Cos pés no aire* (1999), de Agustín Fernández Paz, Premio de literatura infantil e xuvenil “Raíña Lupa”. Afírmase que *A noite das cabras do aire* é un “excelente relato de terror do sistema literario galego”, un relato “que engrosa o amplo surtido de temas sobrenaturais do imaxinario popular galego destinados a levantar o estarrecemento dos oíntes ou lectores por mor da presencia dunha lei poderosa e maligna que pode caer sobre calquera”. Pola súa banda, dise que *Cos pés no aire* é “unha aposta a favor dun mundo máis xusto, solidario e aberto á acepción das diferencias”.

_____, “Nun piso de estudiantes en Compostela”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 18, 17 marzo 2000, p. 3.

Resumo do argumento da obra de Rosa Aneiros *Eu de maior quero ser* (1999), publicada na colección “Docexvintedous”, de Sotelo Blanco Edicións. Salienta que estamos diante dunha novela, ambientada na Compostela do ano 1999, que “reproduce a memoria recentísima da xeración máis nova que nos nosos días conflúe na cidade das estrelas para estudiar, xoldear ou simplemente vivir arredor das súas aulas universitarias”.

Pintos, Irene, “Desencontros de adolescencia”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 16, 3 marzo 2000, p. 3.

Resúmese o contido da última entrega de Kristina Dunker, *Normal e diferente* (1999), publicada na colección “Costa Oeste”, da editorial Galaxia. Trátase dunha obra que, segundo I. Pintos, “ten vocación de típica historia de amor adolescente con desencontro final, e nesa vocación está a súa maior virtude”.

Soto López, Mª Isabel, “O alfineteiro dos desexos”, *El Correo Gallego,* “*Correo das Culturas*”, nº 12, 4 febreiro 2000, p. 3.

Afírmase que a obra de Marilar Aleixandre, *O chápiro verde* (1999), publicada na colección “Sopa de Libros” da Editorial Anaya, é “un relato áxil e ben estructurado”, moi ben ilustrado pola man de Lázaro Enríquez. A seguir, faise un percorrido pola historia na que se contan as aventuras dunha “espelida rapaza, Fa, disposta a se deixar enredar na fantástica aventura que lle propón un chápiro que sae de súpeto do seu bote de lapis tras ser invocado dun xeito casual por Fa e pola súa avoa”.

Torres París, María Dolores, “O Paporroibo do capitán Flint”, *El Correo Gallego*, *“Correo das Culturas”*, nº 8, 7 xaneiro 2000, p. 3.

Dáse conta do contido argumental da obra de Bieito Iglesias, *A noite das cabras do aire* (1999), publicada por Edicións Xerais de Galicia e galardoada co premio Merlín. Afírmase que é esta unha obra na que se relata “a eterna viaxe de iniciación” que “significa a asunción da soidade que sinala a entrada do adolescente na idade adulta, totalmente desarmado”. Para rematar, afírmase que o autor non pretende, en ningún momento, aleccionar ao lectorado.

X. C., “Fran Alonso”, *El Correo Gallego*, *“Correo das Culturas”*, nº 10, 21 xaneiro 2000, p. 3.

Breve comentario sobre a entrega de Fran Alonso, *O brillo dos elefantes* (1999), obra finalista do IIº Premio “Raíña Lupa” e publicada por Edicións Xerais de Galicia. Nela nárranse en primeira persoa “as dificultades da vida dun neno centroamericano que vive coa súa nai e a súa avoa Mirta e que padece dun irreprimíbel medo á noite”. A seguir, coméntase que se trata dun “libro tenro que fala de realidades duras: a guerra, a fame, a pobreza... Da realidade, en fin, que conforma a vida cotiá de moitos nenos centroamericanos”.

VI.5.4. Publicacións en xornais: artigos de opinión e colaboracións fixas

VI. A literatura infantil e xuvenil galega

VI.5. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica.Biografías. Crónicas

VI.5.4. Publicacións en xornais: artigos de opinión e colaboracións fixas

Casalderrey, Fina, “Falar en público sen público”, *Diario de Pontevedra*, 12 agosto 2000, p. 23.

Lembra a autora unha anécdota que aconteceu cando foi presentar unha obra súa a un centro comercial. Debido á ausencia de público, os responsábeis de organizar o acto obrigaron aos dependes a asistiren á presentación. O medo inicial de Fina Casalderrey deu paso a unha escena pavera na que tivo “que facer mil esforzos para conter o riso”, e, posteriormente “converteuse nun entrañable coloquio que rematou cunha insólita compra de exemplares”.

_____, “Resuenen con alegría ...”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión & Análisis”, 23 decembro 2000, p. 19

Co gallo dunha anécdota vivida cun neno que desexaba a dedicatoria de Manolo Rivas na edición dos contos de Perrault, lembra a mala prensa dos contos de Grimm, Perrault e Andersen por medo a traumatizar o lectorado. Recoñece non sufrir ningún trauma a pesar de ter lido de nena estes contos e considera máis perigosos certos xogos de ordenador. Confesa que ao ecoitar a letra dunha panxoliña pola rúa pensa no trauma que debería ocasionar o seu contido, a pesar de ser unha cantiga leda de Nadal.

Castro, Francisco, “Subir ó Himalaya”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 25 xaneiro 2000, p. 11.

Breve comentario sobre a celebración do ciclo “Escritores Galegos cara ó Século XXI”, que se desenvolveu na sala de conferencias de Caixavigo. Infórmase da participación dos escritores Antonio García Teijeiro e An Alfaya quen afirmaron que “se non conseguimos que os nosos rapaces lean, non existirá un futuro para a nosa literatura”.

_____, “As clases de tuba”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 15 marzo 2000, p. 10.

Dá conta do labor da Editorial Kalandraka que, segundo F. Castro, “segue a traballar por facer da lectura para os máis cativos –e da nosa lingua– un exercicio de arte”. Recomenda a lectura do seu último título *As clases de tuba* (1999), de H. C. Bartlett.

_____, “Os contacontos deben seguir”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 6 setembro 2000, p. 10.

Salienta a importancia dos contacontos para achegar os libros e as bibliotecas aos máis pequenos. Solicita que as actividades de contacontos que durante a época estival tiveron lugar na Biblioteca Municipal de Vigo, se convertan “nalgo permanente, de tal maneira que os pais de Vigo saiban que teñen esa opción aí”.

_____, “Contacontos”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 22 decembro 2000, p. 8

Anuncia a celebración dunha sesión de contos, na librería Caixa de Pandora, a cargo da Maga Rulana, explica a finalidade deste acto, dar a coñecer aos rapaces as novidades da editorial Kalandraka, e comenta a creación por parte desta editora, do “clube K”, no que o lectorado recibe certas ventaxas da editorial ao afiliarse. Tilda de “iniciativa gozosa” a recuperación dos contacontos e resalta o labor das editoriais e dos actores e actrices que fan este tipo de espectáculos, non só para nenos e nenas senón tamén para adultos. Diserta sobre a coincidencia deste acto co comezo das vacacións escolares de Nadal motivo polo que reinvindica que se desenvolvan actividades destinadas aos nenos e non ao enriquecemento das áreas comerciais.

Portela, Marcos da, “Tinta de lura”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 16, 3 marzo 2000, p. 1.

Fala de certas novidades no eido da literatura infantil e xuvenil no ano 1999: *A princesiña Socorro, o trobeiro Carolo e o demo dos cornos*, de Gloria Sánchez e Miguel Vázquez Freire; a revista *Fadamorgana*, dirixida por Xosé A. Neira Cruz; *Guedellas de seda e liño*, de Mª Victoria Moreno, entre outros.

Valcárcel, Marcos, “Un conto de terror para nenos”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 21 xaneiro 2000, p. 3.

Percorrido pola traxectoria literaria do ourensán Bieito Iglesias, centrándose na súa obra: *A noite das cabras do aire*, publicada por Edicións Xerais de Galicia na súa colección “Merlín”, por ser gañadora do premio do mesmo nome en 1999. Así mesmo, cita outras obras do autor, non dirixidas ao público infantil, como *Aventura en Nassau*, *Vento de seda*, *Miss Ourense*, *Bajo las más bellas estrellas* ou *O mellor francés de Barcelona.*

Vázquez, Dora, “Así viviu Castelao”, *La Región*, “De paso”, 9 xaneiro 2000, p. 25.

Refírese á biografía que Xosé A. Neira Cruz fixo de Daniel R. Castelao en *Así viviu Castelao* (1997), ilustrada por María Fe Quesada. Comeza salientando a perspectiva do narrador fantástico, que conta a vida do polifacético rianxeiro, identificado co nome de Amaro Mendiño, dende a súa infancia en Rianxo e xuventude en Santiago ata a súa morte. Ademais de destacar que estamos ante unha biografía en forma de conto novelado, sinala que insire textos orixinais do rianxeiro, do que ofrece algúns datos biográficos como o exilio ou a morte en Buenos Aires. Finalmente, salienta a importancia de coñecer este persoeiro a través de obras coma, esta debido ao silencio que impuña a dictadura.

Vázquez, Pura, “O que se aprendeu na infancia”, *El Progreso*, “Tribuna”, 2 agosto 2000, p. 9.

Reflexión sobre a poesía feita para nenos e a importancia do achegamento a este xénero dende a máis tenra infancia. Reproduce un verso de Fernández Moreno no que di que “o que se aprendeu na infancia/ sírvenos para toda a vida”, polo que considera que hai que saber levar ata o neno todo este coñecemento do xeito máis adecuado para el e lembra a súa propia experiencia a pesar do método tan pouco pedagóxico que se utilizaba: aprender longos e complicados poemas. Considera que a poesía para nenos ten que posuír características como a brevidade, a sinxeleza de forma e motivo e a máis indispensábel delas: o amor, tanto de quen a fai coma de quen a está a transmitir, vendo nel a mellor forma de chegar ao neno en todos os ámbitos da súa vida nunha aprendizaxe que formará parte da súa bagaxe persoal o resto da súa vida.

_____, “Sensibilización lírica do mundo infantil”, *La Región*, “De paso”, 22 decembro 2000, p. 26.

Considera un acerto que moitos poetas modernos acudan á raíz poética e explica que a poesía moderna dende Rubén Darío ten a súa orixe no “romance infantil, a cantiga de corro e a consella popular transmitida polos nenos”. Constata a ingratitude dos poetas polas escasas aproximacións poéticas destinadas ao lectorado infanto-xuvenil e cita algúns dos poetas que deixaron algunha mostra. Alédase ao publicarse o poemario *Columpio da Lúa a Sol*, da Editorial Boris Burela, e destaca deste volume non só a non infantilización dos motivos do home senón tamén a intención e o traxecto elixido. Indica que estes poemas lembran aos romances de corro e as poesías tradicionais e que o poeta non escribe para nenos por azar, pois ten grande experiencia con eles e incluso a capacidade para ver o mundo cos mesmos ollos ca eles. Enumera os lugares e persoas nas que se inspirou para a creación das poesías e algúns dos temas presentes nelas. Remata coa opinión do editor na que se di en que axuda aos nenos este libro.

Vázquez Gil, Lalo, “Dous polbos”, *Atlántico Diario*, 1 novembro 2000, p. 24.

Gaba a iniciativa dun grupo de pequenas firmas comerciais de repartir gratuitamente pola cidade un conto infantil de Carlos Casares e felicita a este autor por saír reelixido presidente do Consello da Cultura Galega. Pensa que as empresas poderosas deberían investir en manifestacións culturais deste tipo e informa da lectura do texto, por parte do escritor, o día da súa presentación.

VI. A literatura infantil e xuvenil galega

VI.5. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica.Biografías. Crónicas

VI.5.5. Publicacións en xornais: entrevistas

B. N., “Casalderrey e Moreno, cara a cara”, *Diario de Pontevedra*, 23 abril 2000, pp. 12-13.

As autoras de literatura infantil Fina Casalderrey e María Victoria Moreno responden a varias preguntas sobre aspectos da súa actividade creadora. Deste xeito, amósanse partidarias de eventos como o “Día do libro” ou as feiras para incentivar a lectura, consideran improbábel que Internet acabe co mundo editorial e coinciden en destacar o bo momento que está a atravesar a literatura galega, malia non poder competir en tiraxe coa literatura española. Opinan que calquera situación ou lugar son bos para atopar a inspiración necesaria. Finalmente, destacan que o máis importante dun libro é o pouso que deixa, e que a escrita é un modo de desnudarse diante do lector.

Bergantiños, Paula, “Quero que os meus leitores queden con ganas de escreber”, *A Nosa Terra*, nº 946, “Guieiro Cultural”, 3 agosto 2000, p. 29.

Paco Martín preséntase nesta entrevista coma “un lugués de aldea” que non pretende cambiar de tal condición. Afirma que o seu obxectivo cando escribe é que o lector se divirta e se entreteña, ademais de fomentar nel o gusto por escribir. Dubida da existencia de fronteiras entre a fantasía e a realidade, e para iso cita o Lazarillo, a obra de Verne e certas crenzas no trasmundo moi habituais no rural galego, nas que estaba presente o que hoxe se define como “realismo máxico”. Decántase partidario do conto por “folgazaneria”, pero considera que “un bo conto pode supor tanto esforzo como unha novela”. Declara ser partidario dos finais abertos que permitan a participación do lector e anuncia que o seu personaxe máis coñecido, Ramón Lamote, volverá “pero de momento aínda non é tempo”.

Campa, Javier D., “En cómic estamos igual que hace veinte años”, *Atlántico Diario*, 30 setembro 2000, p. 11.

Con motivo da presentación de *Cita na Habana* (1999), entrevístase a Fran Jaraba. Este debuxante galego declara a lentitude do proceso creador dun cómic e lembra cómo naceu este a partir dunha viaxe realizada a Cuba hai trece anos e despois de ir “madurando durante seis o siete años”. Comenta o argumento e afirma non ter tomado partida por ningún dos dous bandos, xa que ambos merecen compaixón, nin tampouco basearse nunha historia real, xa que co seu protagonista universitario que incluíu, tentou distanciarse dos personaxes prototipos. Con respecto á situación do cómic en Galicia na actualidade, cre que non se mellorou nada dende hai vinte anos, que non existen apoios institucionais e que non hai medios para publicar as obras, malia que se conte cunha ampla nómina de creadores.

De Soto, Paula, “Nuestros títeres no se dan mucha leña”, *Faro de Vigo*, “Faro de Verano”, 23 xullo 2000, p. II.

Eduardo Rodríguez “Tatán”, responsábel do grupo de títeres Tanxarina, responde a algunhas cuestións sobre a formación do grupo, nacido no ano 1983, e reflexiona sobre o éxito acadado nestes dezasete anos de existencia. A seguir, comenta que o seu traballo está aberto a todos os públicos e finalmente di que o feito de que a resolución dos conflictos nos títeres sexa a base de “leñazos” responde precisamente a unha crítica esplícita á violencia, anque insiste en que os seus títeres “se portan muy bien”.

E. E., “Kukas: “A cultura en Santiago atópase nun estado totalmente agónico”, *El Correo Gallego*, 1 xuño 2000, pp. 54-55.

Preséntase a Kukas como un “artista integral” e un “personaxe emblemático de Santiago”. A seguir recóllense as súas declaracións nas que se amosa contrario á programación cultural do concello para as Festas da Ascensión e para Compostela 2000. Opina que “Santiago está perdendo a súa identidade (...) a cidade está converténdose nun simple recordatorio”. Lembra os tempos da dictadura e os movementos culturais que naceran por aquel entón en Compostela. Comenta tamén a situación do teatro e da música. Do primeiro di que “hai máis grupos porque aquí está o centro das subvencións”. Finalmente, refírese aos seus proxectos para celebrar o vixésimo aniversario dos monicreques que el creara e que tanta sona lle deron.

Gómez, María Jesús, “Quixera que a miña literatura fose para tódolos públicos”, *Diario de Pontevedra*, 2 agosto 2000, p. 7.

Con motivo da concesión do premio “Amigos de Pontevedra” a Fina Casalderrey, a escritora expresa a súa ledicia e gratitude e alude aos seus inicios na literatura con obras de teatro para representar cos seus alumnos. Malia o encadramento da súa obra na literatura infantil, di aspirar a que sexa lida tamén por adultos. Ademais lembra a sorpresa que lle causara a concesión do Premio “Merlín” e recoñece certa complexidade na estructuración das súas novelas. Sobre *Mutacións xenéticas* (1991) recoñece que tivo medo á resposta do público e a propósito do Premio Nacional de Literatura Infantil por *O misterio dos fillos da Lúa* (1995), considera que hai outras obras da súa autoría que están á súa altura. No tocante aos premios recoñece a súa importancia por lle abriren as portas á traducción e por crear expectativas sobre os libros.

_____, “A Escola de Arte Dramática activaría a cultura teatral”, *Diario de Pontevedra*, 22 agosto 2000, p. 53.

Entrevista á contacontos Eva Vila Barros na que declara cómo empezou a contarlles contos aos nenos despois de ter estudiado Teatro en Madrid. Cre que esta actividade “é unha forma de chegar á xente moi sinxelamente (...) e unha recuperación da oralidade” e que no noso país ten futuro debido á riqueza oral que posuímos. Salienta a importancia da dramatización para clarificar mellor certos aspectos da historia que se conta. Despois de se referir ao seu traballo en Madrid, reivindica a creación dunha Escola de Arte Dramática en Galicia.

_____, “Os contacontos, opción de entretemento para o futuro”, *Diario de Pontevedra*, 24 agosto 2000, p. 53.

Entrevista con Nieves Costas Rodríguez con motivo da súa actuación na Feira do Libro de Pontevedra. En principio, a contacontos fala da súa andaina neste eido sinalando a importancia do teatro afeccionado como base para esta nova experiencia. Tamén sinala que a materia que conta ten orixe no pobo e nos avós, ademais de contos tirados das editoriais Kalandraka e Sotelo Blanco. Para rematar, cre que o futuro do contacontos é imprevisíbel, pero pensa que hai profesionais moi bos e que poden ser unha alternativa de ocio ás novas tecnoloxías.

M. Y. A., “Os afeccionados ó cómic tiñamos que mercalo fóra”, *El Progreso*, 10 agosto 2000, p. 6.

Entrevista a Alberto Guitián, propietario da tenda de cómics Totem de Lugo. O entrevistado comenta os motivos que o levaron a abrir o seu establecemento, os productos que ofrece e os de maior demanda entre o público lucense.

Neira, E., “Non soamente son nenos e nenas os que consomen os nosos libros”, *El Correo Gallego, “Correo das Culturas”*, nº 8, 7 xaneiro 2000, p. 2.

Xoán Couto, director da pontevedresa Editorial Kalandraka, fai un percorrido pola súa traxectoria dende que iniciou a súa andaina hai dous anos, “como resultado da evolución dun proxecto cultural iniciado en 1998, que incluíu diversas formas de traballo que fundamentalmente tiña como destinatarios rapaces e rapazas”. Afirma que, na actualidade, a editorial publica libros en galego, castelán, catalán e eusquera, “dentro de varias colecciónes pensadas para distintos tipos de lectores, especialmente en canto á súa idade”. A seguir, X. Couto comenta que “hai unha boa aceptación” dos productos que ofrece a súa editorial, a pesar de que aínda é moi nova. Para o futuro inmediato, o director da editorial afirma que “queremos ampliar o noso catálogo para chegar a máis lectores, porque empezamos editando para primeiros lectores, nenos e nenas que comezan a ler. Pero iso foi hai dous anos, e eles agora xa medraron, e entón queremos ofrecerlles libros pensados para rapaces e rapazas de máis idade. Pero tamén pensamos en proxectos de plástica e música, e en seguir comercializando libros fóra de Galicia”. Para rematar, facilita o enderezo electrónico da editorial: www.kalandraka.com.

_____, “Santiago Jaureguizar, escritor. ‘Publicar libros na Internet é o futuro para a xente máis nova”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 23, 28 abril 2000, p. 2.

Santiago Jaureguizar, “xornalista de profesión e escritor por vocación”, comeza a entrevista afirmando que “publicar libros na Internet é o futuro para a xente máis nova”. Afirma que a novela negra e a novela xuvenil son os seus xéneros favoritos e cita algunhas das súas obras como *Fridom Spik* (1995), *Todo a cen* (1995), C*omendo espaguetis diante da televisión* (1998), *A rutina corsaria* (1998) e *Salitre* (2000). A seguir, afirma que “os autores novos achegan unha visión diferente, algo que é moi interesante para a literatura galega, pois despois do salto importante que se produciu nos anos oitenta ultimamente estaba moi parada, volvía á linguaxe barroca e a temas como o da Guerra Civil, temas que na miña opinión fan que a literatura en conxunto non avance nada”.

Pita Parada, Rocío, “Escribo libros para os nenos porque creo que aínda lles podo aportar algo”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 6 decembro 2000, p. 8.

Despois de salientar a homenaxe que se lle bridou a Anisia Miranda e Xosé Neira Vilas no Salón do Libro de Pontedeume, conversa coa escritora cubana, afincada en Galicia, sobre varios aspectos da súa vida e obra: a morriña que sente lonxe de terras galegas e cubanas, a orixe da súa vocación como xornalista aos doce anos, a falta dunha revista para nenos que transmita coñecementos enciclopédicos de diferentes áreas e a súa tendencia a escribir un xornalismo literario para nenos ao ser unha “axuda á súa educación”. Ponse fin cuns datos biobliográficos desta autora.

Varela, María, “La tradición de los cuentacuentos debe seguir, anima a los niños a leer”, *Diario de Pontevedra*, 17 agosto 2000, p. 54.

A ilustradora e autora Alicia Suárez comenta nesta entrevista os seus comenzos no mundo da literatura infantil e xuvenil a partir do teatro e do traballo como contacontos. Describe as obras que leva publicadas e afirma que van dirixidas a nenos que “ya saben leer y para los que leen a través de las ilustraciones”. Felicita a Feira do Libro por achegar o libro ao público e autores e destaca a iniciativa de Kalandraka ao crear unha rede de contacontos para animar á lectura.

Villar, Carmen, “Xosé Antón Neira Cruz. ‘Cando unha obra non gaña un premio é por algo”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 148, 11 marzo 2000, p. 7.

O xornalista e escritor compostelán Xosé A. Neira Cruz reflexiona sobre os premios e confesa que é un pouco “retraído á hora de presentar obras nunha editorial porque non teño empuxe suficiente e non acabo de ter confianza de abondo no meu traballo”. Para rematar, afirma que escribir para nenos é máis doado que para adultos, posto que “cando es adulto xa es un pequeno hipócrita, pero un rapaz é máis sinceiro”. Asemade, comenta que este lectorado non está ao tanto das modas literarias e que o que busca é un libro que enganche. Tamén di que os nenos non len, pero cando atopan un libro que lles engancha son os primeiros en recomendalo.

VI.5.6. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios

VI. A literatura infantil e xuvenil galega

VI.5. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica.Biografías. Crónicas

VI.5.6. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios

AGN, “El escritor Javier López Rodríguez publica ‘*Noitebra*”, *El Ideal Gallego/Diario de Ferrol*, 5 xaneiro 2000, p. 28/p. 32.

Faise referencia á publicación da novela *Noitebra* (1999), de Xabier López Rodríguez. Incide no significado da palabra para facer un breve resumo do argumento do libro que, segundo se comenta, é unha novela xuvenil apta para adultos. Finalmente cualifícaa de “tenebrosa”, cercana ao xénero de terror.

A. I. S., “Fernando Pereira trae a Santiago una muestra sobre el folclore gallego”, *El Correo Gallego*, “Así está el patio”, 24 marzo 2000, p. 36.

Fai referencia, entre outras noticias, á inauguración das IXª Xornadas do Seminario de Literatura Infantil e Xuvenil organizadas pola Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil e a Biblioteca Nova 33 de Caixa Galicia, e cita algún dos participantes nas xornadas como é ocaso de Felicidad Orquín, Blanca Ana Roig ou Paco Martín.

_____, “La familia Puertas Mosquera expone la cartografía de Galicia”, *El Correo Gallego*, “Así está el patio”, 1 abril 2000, p. 37.

Entre outras noticias relacionadas co mundo da cultura, infórmase da continuación das IXª Xornadas do Seminario de Literatura Infantil e Xuvenil e cita os actos previstos para o día entre os que salienta a conferencia de Blanca Ana Roig e o encontro de Paco Martín cos novos críticos.

_____, “Beatriz Fuentes estrena el espectáculo de danza ‘En ti’ en la Sala Nasa”, *El Correo Gallego*, “Así está el patio”, 11 abril 2000, p. 39.

Ademais de anunciar outros espectáculos e actos na cidade de Santiago de Compostela, informa da presencia de Anisia Miranda como invitada de honra no colexio Peleteiro, e dá conta do programa de actividades previsto para os días que dure o encontro.

_____, “Cuentacuentos, teatro y divertidas marionetas en los centros socio culturales”, *El Correo Gallego*, “Así está el patio”, 18 outubro 2000, p. 39.

Ofrece información sobre algúns dos actos culturais previstos para eses días na cidade de Compostela, entre os que destaca o novo programa promovido polo Concello, que baixo o título “A cultura vai polos barrios”, acolle o espacio “Dinamización teatral”, que ten como obxectivo representar polas diversas asociacións culturais variadas actuacións teatrais como Contacontos, marionetas e teatro ata o mes de decembro. Entre as diferentes actuacións cita a Cándido Pazó co seu relato “Como cho conto”. Outros participantes dos que se dá conta son Teatro Buratini, Galileo Teatro, Grupo Seis dedos ou Paula Carballeira. Tamén informa do prazo de entrega dos orixinais da primeira edición do Premio de Poesía Letras de Cal, e dá conta das bases do certame.

A. P., “La historia de Galicia en cómic”, *Faro de Vigo*, 24 marzo 2000, p. 19.

Breve nota sobre unha exposición celebrada no Centro Cultural de Porriño centrada na historia de Galicia en forma de cómic. A mostra, composta por vintecinco “divertidos paneles con dibujos de cómics realizados por Pepe Carreiro”, repasa a historia de Galicia dende os primeiros poboadores ata a instauración da democracia. Por último, afírmase que a exposición está dirixida a escolares entre nove e doce anos.

Agulla, Álvaro, “Comenzó la ‘Semana de Banda Deseñada’ con tres exposiciones”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra Marín”, 22 novembro 2000, p. 15.

Comenta a apertura da Semana do Cómic en Marín con tres exposicións cos orixinais do XVº Concurso de Banda Deseñada Xuvenil 1999, da revista infantil de cómic *Golfiño* e dos bocetos da serie de animación “Xabarín e os Vixiantes do Camiño”. Menciona os diferentes actos programados durante a semana e a finalidade desta: achegar aos nenos os cómics e os talleres sobre cómics.

Álvarez, E., “Unha fábula sobre a nosa sociedade válelle a Fernández Paz o ‘Raíña Lupa”, *El Correo Gallego*, 16 febreiro 2000, p. 74.

Sucinto comentario no que se anuncia a presentación do libro *Cos pés no aire* (1999), de Agustín Fernández Paz, gañador da primeira edición do Premio “Raíña Lupa”, convocado pola Deputación Provincial da Coruña. Ofrécese a composición do xurado que outorgou o citado galardón e, finalmente, dánse algunhas notas sobre o argumento da obra.

_____, “Un patrimonio de viñetas”, *El Correo Gallego*, 15 agosto 2000, p. 68.

Informa da inauguración do IIIº Salón Internacional do Cómic da Coruña e recolle as declaracións de Francisco Vázquez neste acto. Dá unha ampla nómina dos debuxantes que van participar e das exposicións previstas, entre as que salienta a dedicada aos novos valores do cómic coruñés. Inclúe tamén as palabras de Miguelanxo Prado, organizador do evento, nas que manifesta a importancia de figuras como Don Rosa e a necesidade de que este encontro se consolide cara ao futuro.

Álvarez, Eduardo, “Por un grupo de novos do cómic na Coruña”/“Viñetas desde o Atlántico’ mostró el talento de los jóvenes creadores”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*, 18 agosto 2000, p. 34/p. 39.

Informa da participación de debuxantes e guionistas coruñeses mozos no Salón Internacional do Cómic. Nomea a Emma Ríos, Manel Cráneo, Adrián e Quique Benroch e comenta os traballos máis destacados de cada un deles, así como os proxectos de futuro. Destaca que o máis experimentado é Cráneo pola súa participación en *Golfiño*. Recolle as declaracións destes artistas novos nas que coinciden en louvar a traxectoria de Miguelanxo Prado e falan da posibilidade de crear un grupo coruñés de debuxantes.

B. L., “El ‘Salón do Libro’ se abrirá el día 10 de diciembre”, *Diario de Pontevedra*, “Diario de CulturaOcio”, 22 novembro 2000, p. 64.

Ademais de adiantar as datas da celebración do IIº Salón Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra, salienta que o tema central do mesmo xira arredor de “O ritmo da palabra (poesía e texto poético)”. Asemade, apunta que a inauguración se fará cunha lectura de poemas no Teatro Principal, na que poderán participar dende nenos, xornalistas, autores ou libreiros, e que o obxectivo fundamental é achegar os libros aos máis novos e fomentar así a lectura.

_____, “Teijeiro elixe os clásicos para achegar a poesía ós nenos”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura”, 12 decembro 2000, p. 73.

Sinala que García Teijeiro no IIº Salón do Libro de Pontevedra comentou a un público infanto-xuvenil o seu poemario *Os nosos versos* (1998). Apunta que é unha recompilación de poesías de autores clásicos galegos e recolle a opinión do autor sobre a intención deste volume, un primeiro contacto coa poesía, e as tres etapas da educación poética nos nenos: “o coñecemento ou disfrute da poesía popular”, “descubrimento da poesía escrita” e “introducción na obra dos nosos clásicos”. Tamén recolle as opinións do poeta ao redor da importancia da organización de Salóns destinados á poesía, a disposición dos adultos cara a ese xénero e a pervivencia do libro fronte ás novas tecnoloxías.

C. B., “Niños del ‘Rosalía’ viajan a los cuentos con Caixa Galicia”, *El Correo Gallego*, 11 febreiro 2000, p. 46.

Coméntase brevemente a inauguración da mostra “Debúxame un conto” de GÁLIX, organizada pola Fundación Caixa Galicia en colaboración co Concello de Padrón e á que asistiron os alumnos do Colexio Público Rosalía de Castro da citada vila. Afírmase que a exposición pretende estimular a linguaxe tanto plástica coma literaria dos nenos e nenas, así como dar a coñecer novos ilustradores e ilustradoras.

_____, “Neira Cruz y Puente Docampo disertarán sobre literatura infantil en la casa museo Rosalía”, *El Correo Gallego*, 6 abril 2000, p. 43.

Brevísima noticia que dá conta da participación de Xosé Antón Neira Cruz e Xavier P. Docampo no ciclo “Diálogos na Casa de Rosalía” coa ponencia que leva o título “A literatura infantil entre o subxénero e a eclosión”.

C. d. U., “Eu de maior quero ser’, un retrato da vida cotiá nun piso de estudiantes*”, O Correo Galego*, “O Correo da Universidade”, 16 febreiro 2000, p. 3.

Ofrécese un resumo do argumento da obra de Rosa Aneiros, *Eu de maior quero ser* (1999), publicada por Sotelo Blanco Edicións. Na obra cóntanse as aventuras e desventuras dun grupo de estudiantes universitarios que se enfrontan ao seu último ano de carreira nas aulas compostelanas. Trátase dunha obra destinada, en principio, a un público entre doce e vintedous anos pero, segundo a súa autora, “a xente adulta vese identificada” nas páxinas do relato.

C. F., “Viñetas, historietas y algo más para profanos y especialistas del tebeo”, *El Ideal Gallego*, 12 agosto 2000, p. 20.

Informa da inmediata apertura de “Viñetas desde o Atlántico” e dá conta da variedade desta mostra de cómic. Refírese sinteticamente aos actos previstos, entre os que salienta as conferencias de debuxantes de renome, os concertos, as exposicións e a presentación de novidades como *Cita na Habana* (1999), de Fran Jaraba, ademais dun espacio dedicado aos autores noveis da capital herculina. En columna á marxe recolle os agradementos recíprocos que se brindaron ao director do evento, Miguelanxo Prado e ao rexedor municipal coruñés.

_____, “La viñeta gráfica se rinde ante su público más fiel durante seis días”, *El Ideal Gallego*, 15 agosto 2000, p. 19.

Dá conta da inauguración de “Viñetas desde o Atlántico” a cargo de Francisco Vázquez e Miguelanxo Prado. Despois de recoller as palabras de agradecemento deste debuxante, fai un percorrido por aquelas mostras que considera imprescindíbeis neste evento. Entre elas cita a dedicada aos novos autores coruñeses, uns traballos que caracteriza polas “influencias variopintas” e por amosárense “libres de cualquier prejuicio”, e tamén a presencia de Fran Jaraba con *Cita na Habana* (1999). Outra das exposicións que destaca é a que recolle o tebeo español de posguerra dende 1939 ata 1953. En columnas á marxe, dá noticia de todas as exposicións previstas, lugares de celebración e horario de apertura. Informa, ademais, das conferencias que se levarán a cabo o quince de agosto.

_____, "*Cita na Habana*", donde lo más importante del viaje es el camino", *El Ideal Gallego*, 17 agosto 2000, p. 17.

Informa da presentación de *Cita na Habana* (1999) no IIIº Salón Internacional do Cómic da Coruña. Ofrece un resumo do contido desta banda deseñada de Fran Jaraba, do que lembra a traxectoria, comezada nos anos setenta con Miguelanxo Prado e Xan López Domínguez. Recolle tamén as declaracións de Jaraba nas que se refire ao tempo dedicado e ao risco que supuxo a creación de *Cita na Habana*, así como ao seu interese polo momento histórico no que se sitúa esta obra. Refírese, ademais, ao bo momento polo que está a atravesar o cómic en Galicia. Finalmente, dá conta da intervención de Paul Karasik e describe as actividades previstas para o día 17 de agosto.

_____, “Jóvenes dibujantes coruñeses, una nueva especie en el cómic español”, *El Ideal Gallego*, 18 agosto 2000, p. 18.

Comeza considerando a Manel Cráneo, Enma Ríos, Quique Benlloch e Adrián López membros dunha xeración de debuxantes coruñeses que crean cómic “independiente y experimental”. Repasa a traxectoria de cada un deles e recolle as súas palabras nas que se refiren ás dificultades para publicar, así como á necesidade de ter que ir a Madrid ou a Barcelona para darse a coñecer. En epígrafe á parte infórmase dos actos previstos para a terceira xornada do Salón do Cómic.

Campa, Javier D., “García Teijeiro afirma que a literatura infantil ‘depende excesivamente da escola”, *Atlántico Diario*, 26 xaneiro 2000, p. 10.

Breve comentario sobre a participación de diversos autores e autoras de literatura infantil e xuvenil na segunda xornada do ciclo “Escritores galegos cara o século XXI”, que se desenvolveu no Centro Cultural Caixavigo. Nesta xornada, o escritor Antonio García Teijeiro afirmou que a literatura infantil e xuvenil “depende excesivamente da escola”, e defendeu como necesario para a súa difusión, “que abranga outros ámbitos”. Pola súa banda, a escritora An Alfaya afirmou que “temos que facer que os nenos, desde a base, se namoren da literatura, presentándoa como unha invitación ao pracer, e non como unha imposición”.

Carballido, Santi, “Fran Jaraba e a História do Blues sobrancean na Coruña”, *A Nosa Terra*, nº 948, 18 agosto 2000, p. 32.

Refírese á participación de Paul Karasik, Don Rosa, Carlos Giménez, Jason Lutes, Juan Giménez e Daniel Torres no terceiro Salón Internacional do Cómic da Coruña e comenta o máis destacado das súas intervencións. Describe tamén dúas das obras presentadas neste evento: *Cita na Habana* (1999) e *A História do Blues*. Da obra de Fran Jaraba salienta a “rigorosidade” documental e a humanidade do achegamento a un mundo e un tempo moi conflictivo. Sitúa este cómic e as revistas *Elipse* e *Golfiño* como as probas que demostran “a boa saúde e do futuro da banda deseñada no noso país”.

Casalderrey, Fina, “E a pomba levou o riso nas as”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 7 agosto 2000, p. 10.

Recóllese a participación desta escritora na serie “Relatos de verán” cunha composición con grandes doses de lirismo e non exenta de descrición. Un narrador omnisciente conta en terceira persoa o encontro dunha nena e dun vello, ambos os dous en cadansúa cadeira de rodas, na consulta dun médico.

Castro, Francisco, “A cebra Camila”, *Atlántico Diario*, 4 xullo 2000, p. 41.

Informa da celebración da Feira do libro de Vigo e dos autores que asinan libros en cada xornada. Dá a coñecer que se dedica un día aos traballos de Kalandraka coa presencia de Xosé Ballesteros e Marisa Núñez. Desta escritora destaca *A cebra Camila* (1999), obra da que ofrece unha síntese argumental e que recomenda por promover valores como a solidariedade.

Cobas, Eugenio, “A Coruña se convierte en la capital mundial del cómic”, *La Voz de Galicia*, 15 agosto 2000, p. 44.

Dá conta da apertura da terceira edición de “Viñetas desde o Atlántico”, unha mostra que, segundo o seu director, é única “porque acerca al público la obra de los autores sin centrarse en el interés editorial”. Dá conta da ampla nómina de artistas convidados e destaca especialmente a Don Rosa, Paul Karasik e, entre os españois, a Carlos Giménez. Finalmente, informa da existencia de salas de lectura, obradoiros de creación e concertos como actividades alternativas.

_____, “Presentado en A Coruña el primer cómic histórico escrito en gallego”, *La Voz de Galicia*, 17 agosto 2000, p. 43.

Informa da presentación de *Cita na Habana* (1999), banda deseñada que caracteriza como “primer cómic realista de ambientación histórica escrito en gallego”. Ese carácter pioneiro súmase, segundo Eugenio Cobas, ao feito de ser publicado sen subvencións. Recolle as palabras de Fran Jaraba nas que se refire ao bo momento polo que está a atravesar este sector no noso país, ademais de comentar a predilección por este tema e o desexo de continuidade para o proxecto posto en marcha.

Conde, María, “Tío Gilito se muestra en A Coruña”, *Galicia en el mundo*, nº 386, 21-27 agosto 2000, p. 28.

Faise eco da celebración da terceira edición do Salón Internacional “Viñetas desde o Atlántico”. Achega os datos de participación, espacio de exposicións, nómina de artistas convidados, etc. Salienta a presentación de *Cita na Habana* (1999), o primeiro cómic histórico escrito en galego da man de Fran Jaraba, e ofrece unha síntese do seu argumento.

Cortázar, Xermán G., “De Añón a Castelao, para os máis novos”, *A Nosa Terra*, nº 928, “Guieiro Cultural”, 30 marzo 2000, p. 28.

Anuncia a celebración dunha exposición sobre a vida e a obra de Castelao, con motivo da celebración do cincuentenario do seu pasamento. Titúlase *Semblanza dun xenio: no 50 aniversario do pasamento de Castelao*, e estivo organizada polo ISP “Poeta Añón” da Serra de Outes. A mostra divídese en nove apartados temáticos e constitúe “unha exposición dinámica onde se fai fincapé no feito de ser este autor un home ligado ao destino do seu povo”. Por último, informa de que na mostra se recollen as caricaturas do autor e as súas colaboracións na prensa, así como a súa obra literaria.

Costas, Luisa, “Alfredo Conde animó a los alumnos de Arteixo a defender la cultura tradicional”, *El Ideal Gallego*, 26 abril 2000, p. 21.

A noticia informa, acompañada dunha fotografía, sobre a charla que o escritor alaricano Alfredo Conde mantivo con escolares da localidade coruñesa de Arteixo. Conde declarou a importancia de manter viva a cultura galega perante invasores externos e animou os mozos a ler e escribir. Asemade, defendeu unha normativa oficial única para o galego.

D. P., “A Maga Rulana estará mañá no salón de actos da Biblioteca Pública”, *Diario de Pontevedra*, 11 xaneiro 2000, p. 14.

Sucinto comentario sobre a celebración dunha sesión de contacontos na Biblioteca Pública Municipal “Vidal Pazos” de Marín, organizada pola Editorial Kalandraka e na que participou a Maga Rulana, que achegou aos nenos e nenas contos como *A Toupiña que quería saber quén lle fixera aquilo na cabeza*, *Animais de compañía*, *O Coelliño Branco*, *O pequeno reiseñor* ou *O Pirata Pata de Lata*.

_____, “Actividades de animación á lectura a cargo de ‘Pavís Pavós”, *Diario de Pontevedra*, 22 xaneiro 2000, p. 12.

Anuncia o programa de Animación á lectura, deseñado polo Concello de Pontevedra, que leva o título “Cuadrilla de Peito de Lobo”, realizada pola campañía Pavís Pavós. Informa do horario de actuacións, así como a duración da sesións de contacontos.

_____, “A escritora Victoria Moreno presentou a súa última novela”, *Diario de Pontevedra*, 29 xaneiro 2000, p. 12.

Sucinto comentario sobre a presentación da obra *Guedellas de seda e liño* (1999), da escritora María Victoria Moreno. Trátase dunha novela, editada por Galaxia, na que se reflicte o “complexo mundo da mocidade e o descubrimento da vida a través da historia de dúas nenas, unha xitana e outra paia, e un primeiro amor”. A seguir, cítanse algunhas obras anteriores da autora como *Mar adiante* (1973), *Leonardo e os fontaneiros* (1986), *A festa no faiado* (1986), *O cataventos* (1989) e *Anagnórise* (1989).

_____, “O Pazo da Cultura a mostra didáctica “Castelao para nenos”, *Diario de Pontevedra*, 29 xaneiro 2000, p. 12.

Infórmase da celebración da mostra didáctica “Castelao para nenos e nenas”, no Pazo da Cultura de Pontevedra. A mostra consta dun total de dezaoito paneis que “contan a vida de Castelao cun texto breve redactado en primeira persoa como se falase o propio galeguista” e que van acompañados por “autocaricaturas, fotos e debuxos” do autor. Así mesmo, nalgúns dos paneis expóñense debuxos de Pepe Carreiro, que aparecen publicados no libro *Castelao*, editado por A Nosa Terra na colección “Protagonistas”.

_____, “A exposición “Castelao e Nós” percorre os institutos da cidade”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, 17 febreiro 2000, p. 13.

Dá conta da inauguración da exposición “Castelao e nós”, no Instituto Valle-Inclán de Pontevedra, da que sinala que está formada por corenta paneis que conteñen textos e ilustracións de Castelao acompañados dunha unidade didáctica con actividades para os rapaces a través da que achegarse á vida e obra do autor rianxeiro. Informa que a mostra percorrerá outros institutos e parroquias da provincia e que se acompañará cun ciclo de conferencias inaugurado por Xosé Antón Neira Cruz.

_____, “Alicia Suárez ilustra el último libro de Kalandraka, ‘*A casa dos gatos*”, *Diario de Pontevedra*, 26 febreiro 2000, p. 11.

Dá conta, brevemente, da presentación da obra *A casa dos gatos* (1999), verquida ao galego e ilustrada por Alicia Suárez e publicada pola Editorial Kalandraka, na súa colección “O trasno Comodín” dedicada aos máis pequenos.

_____, “La editorial Kalandraka celebra hoy su segundo cumpleaños”, *Diario de Pontevedra*, 2 abril 2000, p. 12.

Ofrécese un resumo da andaina da editorial pontevedresa Kalandraka con motivo da celebración do seu segundo aniversario. Cítanse as seis coleccións que destina ao público entre dous e doce anos: “Demademora”, dedicada ás historias que recrean realidades; “Trasno Comodín”, que recupera os relatos clásicos a través de textos breves e numerosas ilustracións; “Tras Os Montes”, que recolle historias relacionadas con diferentes visións do mundo; “Maremar”, que inclúe as creacións máis imaxinativas; “Biblioteca de Panteno”, dedicada á reflexión e ao debate e, por último, “Libros para soñar”, que recolle títulos en castelán.

_____, “Kalandraka’, inaugura hoxe unha exposición do Museo”, *Diario de Pontevedra*, 2 xuño 2000, p. 12.

Dá conta da inauguración dunha exposición de Kalandraka dentro dunha campaña de promoción á lectura do Concello de Marín. Informa do contido das tres salas monográficas: unha dedicada a Kiko Dasilva, outra a Alicia Suárez e a terceira centrada en Óscar Villán. Para rematar, comenta que se organizarán sesións de contacontos como actividade complementaria.

_____, “El escritor Antonio García Teijeiro visitó el Colegio Carballal”, *Diario de Pontevedra*, 1 xuño 2000, p. 14.

Breve noticia que informa sobre a visita de Antonio García Teijeiro ao Colexio Público Carballal, de Viñas Blancas, no que presentou o seu libro *Caderno de fume* (1999). Salienta a amenidade do acto no que os nenos puideron participar activamente na elaboración dalgúns poemas. Finalmente, cita algunhas outras publicacións do autor como *Ventos* (1992) ou *Os nosos versos: Antoloxía de poetas galegos* (1997), da que foi editor.

Darriba, Manuel, “Kalandraka cumpre dous anos de dedicación ós primeiros lectores”, *El Progreso*, 7 maio 2000, p. 75.

Dáse conta da celebración do segundo aniversario da editorial pontevedresa Kalandraka e faise un percorrido pola súa traxectoria. Infórmase de que a editorial xa cruzou as fronteiras e se poden atopar os seus libros en Venezuela e na área hispanófona dos Estados Unidos. Así mesmo, coméntase que a editorial mantén a premisa de que a primeira publicación dos textos debe facerse en galego, mesmo cos orixinais en castelán.

E. G., “Los pequeños poetas del Baixo Miño tuvieron su día grande en Tui”, *Faro de Vigo*, “Especial”, “Baixo Miño/Louriña”, 29 decembro 2000, p. 9.

Faise eco do acto, organizado pola Asociación Amigos da Poesía do Baixo Miño, que concentrou a 42 pequenos poetas gañadores da edición deste ano, que declamaron os seus propios poemas. Tamén alude aos temas tratados polos nenos nas súas composicións e recolle as impresións da presidenta a Asociación convocante, Emilia Rosende, que se referiu á dificultade de escoller as obras premiadas e á proposta de pedirlles aos rexidores municipais do Baixo Miño a financiación dun libro de poemas escrito polos nenos.

E. P., “Cerca de 60.000 personas visitaron el IIIº Salón del Cómic que se clausuró en la ciudad herculina”, *El Correo Gallego*, “Galicia vacaciones”, 21 agosto 2000, p. 37.

Refírese á clausura do IIIº Salón do Cómic “Viñetas desde o Atlántico” da Coruña salientando a numerosa afluencia de público. Indica que os expositores seguen unha semana máis abertos ao público, adianta os horarios e algunhas das colecciónns que aínda se poden ver, entre elas a de Fran Jaraba. Tamén alude á clausura da Feira da Historieta na que participaron numerosas casetas con productos editoriais e recolle as declaracións de Miguelanxo Prado, director do Salón, quen se mostrou satisfeito polos resultados acadados e pola participación e interese demostrado polos asistentes ás conferencias e charlas dos artistas convidados.

E. N., “Espertando a paixón pola lectura”, *El Correo Gallego,* “*Correo das Culturas*”, nº 13, 11 febreiro 2000, p. 4.

Reflexión sobre a situación da literatura infantil e xuvenil na actualidade. Afírmase que “vive unha etapa que mesmo se pode cualificar de dourada. Unha época na que moitos títulos se converten en auténticos éxitos editoriais e chegan a competir coa chamada literatura para adultos”. Para rematar, recóllense as opinións de dúas profesoras do Instituto compostelán Rosalía de Castro sobre a súa experiencia á hora de fomentar o hábito pola lectura entre os seus alumnos e alumnas. As dúas coinciden en que o alumnado se interesa máis polas obras recentes porque “están cerca da mentalidade dos estudiantes e enténdenas mellor”.

E. P., “Editorial Kalandraka aboga en el día internacional del libro infantil porque esta literatura no sea de segunda clase”, *El Correo Gallego*, 3 abril 2000, p. 75.

Recolle as manifestacións en relación coa literatura infantil dun dos editores da editorial Kalandraka, Xosé Ballesteros, no Día Mundial do Libro. Ballesteros definiuna non só como unha fonte de cultura, senón tamén coma un medio para fomentar a imaxinación e o entretemento. Así mesmo, insistiu en que non se debe considerar esta literatura de segunda clase, pois isto incide en que o mercado sexa moi pequeno.

Estévez, A., “Viñetas de primeira para ilustrar A Coruña”, *A Nosa Terra*, nº 947, “Guieiro Cultural”, 10 agosto 2000, p. 21.

Comeza indicando que unha das funcións do Salón do Cómic é a de dar a coñecer este producto e os seus autores, non exclusivamente vender. Dá conta das actividades complementarias que enriquecen o evento como exposicións, concertos, conferencias, etc. Salienta a alta cualidade dos artistas convidados e achega, en síntese, o máis destacábel de cada un deles. Finalmente, recolle declaracións de Miguelanxo Prado nas que se amosa partidario de non incluír premios dentro do salón para non dar pé “a unha serie de presións” por parte das editoriais.

_____, “De nenas con forma de triángulo e piratas na Costa da Morte”, *A Nosa Terra*, nº 956, “Guieiro Cultural”, 12 outubro 2000, p. 21.

Parte dun conto centrado no descoñecemento do libro, do seu descubrimento para referirse ás novidades que quedan por presentar no ano 2000 e que poderán verse no IIº Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra a celebrar en decembro. A seguir, refírese ao catálogo da Editorial Kalandraka dirixido fundamentalmente aos máis pequenos, tamén ás exposicións que organiza esta editora en apoio do libro. En canto a Galaxia, salienta a colección “¿E que?”, unha colección con moi pouco texto e na que se recollen títulos novos e reedicións de obras moitas veces inxustamente esquecidas. De Xerais salienta a renovación da colección “Merlín” e o nacemento de “Merliño”, ademais de salientar de todas elas as últimas publicacións e facer o mesmo coa Editorail Sotelo Blanco e Ir Indo. Resume as opinións dos editores sobre a dificultade de saber os gustos do lectorado entre trece e dezaseis anos e nomea algúns dos autores presentes na colección “Costa Oeste”, os volumes a editar e a finalidade con que Galaxia convoca o premio Abril.

Eyo, María G., “Castelao regresa ás ‘súas’ aulas”, *El Mundo.Galicia*, 20 febreiro 2000, p. 12.

Infórmase da celebración dunha exposición no Instituto pontevedrés Valle-Inclán na que se recupera a obra gráfica, literaria e de pensamento de Castelao. Trátase dunha exposición itinerante que se iniciou no instituto no que Castelao impartira clases durante case vinte anos e que percorrerá outros moitos centros escolares galegos.

Galmán, Lucía, “María Pita vuelve a luchar, pero esta vez contra los galos Astérix y Obélix”, *El Ideal Gallego*, 19 agosto 2000, p. 15.

Comenta a sorpresa causada entre os turistas pola presencia na praza de María Pita de numerosas figuras xigantes: Astérix, Obélix, o Príncipe Valente, etc, para promocionar “Viñetas desde o Atlántico”.

Gallego, Luz, “El ritmo de la palabra. II Salón del Libro Infantil y Juvenil”, *Diario de Pontevedra*, “Revistas. Letras infantiles”, 17 decembro 2000, p. 13

Con motivo do peche do IIº Salón de Pontevedra faise un resumo das actividades desenvolvidas, da numerosa participación nelas e das opinións dos nenos asistentes. Resalta a intervención non só dos nenos e pais senón de distintas institucións, docentes, escritores, ilustradores, estudiantado da Universidade, etc. Por último, di que desexaría ser de novo nena para “poder disfrutar de libros infantiles como los que ahora si podemos ofrecer a nuestros pequeños”.

García, Rodri, “Os libros para nenos e rapaces, principais novidades de maio”, *La Voz de Galicia*, 23 maio 2000, p. 77.

Comenta que coa chegada do mes de maio chega tamén “a primavera dos libros”, sobre todo os dedicados a un público infantil e xuvenil. Dá conta da saída ao mercado por parte de Xerais do número 5 da revista *Golfiño* e de dous volumes de *Contos de maxia*, de Xosé Miranda, Antonio Reigosa e Xoán Ramiro Cuba. De Casais cita a colección de Everest “Cabaliño alado”, *¡Piratas na buguina!*, de Manolo Uhía e *As cinco amigas*, de Maruxa Olavide. Salienta tamén *Memoria das árbores*, de Xosé Antonio Neira Cruz, froito da colaboración da Editorial Kalandraka e a Orquestra Sinfónica de Galicia. Reprodúcense as portadas doutras obras publicadas este ano citanto autor e ilustrador.

García Solano, Manuel, “Tebeo, ¿o qué?”, *El Mundo. Galicia*, 12 agosto 2000, p. 8.

Informa da presentación da terceira edición do Salón do Cómic da Coruña e ofrece os datos principais: número de exposicións e de orixinais, lugar e datas de celebración. Salienta a presencia de debuxantes de recoñecido prestixio internacional como Don Rosa, Jason Lutes ou Paul Karasik, dos que nomea as obras máis destacadas. Recolle as palabras do responsábel, Miguelanxo Prado, nas que destaca a colaboración do Concello da Coruña e as actividades alternativas e paralelas previstas. Comenta, ademais, que o obxectivo é achegar o cómic ao público e servir de “alternativa válida y seria” ao festival do cómic de Barcelona.

_____, “La invasión de los superhéroes”, *El Mundo. Galicia*, “UVE”, nº 31, 15 agosto 2000, pp. 1-2.

Dá noticia da inauguración do IIIº Salón do Cómic da Coruña. Despois de presentar ao director, Miguelanxo Prado, e dar a coñecer os títulos máis relevantes da obra deste debuxante, recolle as súas declaracións con respecto aos participantes máis destacados: Don Rosa, Jason Lutes, Paul Karasik, Horacio Altuna, Juan Giménez, Daniel Torres, Ricard Castells e Carlos Giménez. Comenta tamén as diversas exposicións previstas, salientando especialmente a dedicada a recuperar o Tebeo Clásico. En epígrafe á parte comenta a participación galega neste evento.

Gaspar, Silvia, “Colleita para o novo ano”, *La Voz de Galicia*, “O que le, é un león”, 17 xaneiro 2000, p. 6.

Ofrécese un listado dalgunhas das obras publicadas ao longo de 1999 e que se ofertan para o Nadal: *A casa de vidro do señor Clin* e *Teatro feroz*, de Gloria Sánchez; *As fadas verdes* e *A nube de cores*, de Agustín Fernández Paz; *Contos de vento*, de Antón Cortizas; *O misterio do cemiterio vello* e *Pimpín e dona Gata*, de Fina Casalderrey; e *Os xigantes de nunca acabar*, de Xoán Babarro e Ana Mª Fernández.

_____, “Teatro para a fantasía”, *La Voz de Galicia*, “O que le, é un león”, 20 marzo 2000, p. 6.

Breve nota sobre a situación do teatro galego infantil nos últimos anos. Afírmase que durante o ano 1998 non se publicou ningunha obra de teatro infantil en galego. Sen embargo, cítanse algunhas obras clásicas como *As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas* (1968), de Casares e as obras de Manuel María ou Dora Vázquez.

_____, “Aprendendo a escribir”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de la Escuela”, 9 outubro 2000, p. 6.

Comenta Silvia Gaspar a importancia de fomentar a lectura entre os máis novos porque “detrás dun lector hai un escritor en potencia”. Destaca a posibilidade de crear contos conxuntos nas aulas de primaria, facer versións distorsionadas sobre textos coñecidos e representar dramaticamente os resultados desas actividades. Finalmente, recolle as recomendacións de Rodari sobre as virtudes dos monicreques e o seu emprego na aula.

_____, “Voces de mulleres”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de la Escuela”, 30 outubro 2000, p. 6.

Manifesta o aumento de mulleres escritoras na literatura infantil ao longo dos anos, explica os tres grandes grupos nos que as dividiría e quen o conforman. No primeiro inclúe a María Victoria Moreno, da que destaca a súa novela *Guedellas de seda e liño* (1999), a Úrsula Heinze, Helena Villar e Anisia Miranda. Do segundo bloque comenta as características xerais a todas como o estilo personalizados, os temas e os xéneros que tratan cada unha. Neste grupo destaca a Marilar Aleixandre, Gloria Sánchez, Ana María Fernández e Fina Casalderrey. No último inclúe ás anteriores e ás novas xeracións: Paula Carballeira, Magdalena de Rojas e Milagros Oya. Cita tamén ás últimas escritoras que xorden no 2000 (Isabel Freire, Margot Chamorro, Rosa Aneiros, Celia Monllor, Dolores Rúiz) e os temas tratados nas súas obras. Por último, resalta a importancia na nosa literatura de escritoras non galegas (Alice Vieira, Christina Nösthinger, Renate Welsh e Carmen Bravo Villasante) e bota en falta a representación das escritoras universais e clásicas. Informa en poucas liñas do argumento ou da temática de outras obras, como é o caso de *Bastón, Bombín e Bombón* (2000), de Ana María Fernández.

_____, “O estilo de Fran Jaraba”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de la Escuela”, 27 novembro 2000, p. 6.

Facilítase uns datos biográficos e laborais do ilustrador Fran Jaraba e logo cédeselle a palabra ao debuxante para que explique en que consiste a técnica da cuadricromía e o uso de dúas tintas no mundo da ilustración. A seguir, explícase a técnica que emprega para elaborar unha ilustración, a pouca edición de cómic galego a pesar de ter “un público entregado” e menciónase na producción galega as catro entregas da detective Simon, de A. Malvar e F. Isorna, das que destaca o seu enfoque humorístico, *Cita na Habana* (1999), a revista *Golfiño* e coleccións de didáctica “A Nosa Historia” e a “Historia Universal”, de *A Nosa Terra*, ilustradas e escritas por Pepe Carreiro.

Gómez, María J., “Un cuento para los niños de la Ludoteca”, *Diario de Pontevedra*, 19 agosto 2000, p. 63.

Dá conta da actuación de Nieves Costas e Eva Vila como contacontos na Feira do Libro de Pontevedra. Destaca a asistencia de trinta nenos da Ludoteca e ofrece o título dos contos dramatizados.

_____, “Domingo de cuentos en la Feira do Libro”, *Diario de Pontevedra*, 21 agosto 2000, p. 55.

Informa da actuación de Nieves Costas nas sesións de contacontos na Feira do libro de Pontevedra. Dá conta dos título dos contos interpretados e salienta a participación dos cativos.

_____, “Los cuentos siguen atrayendo a los niños”, *Diario de Pontevedra*, 22 agosto 2000, p. 55.

De novo informa da actuación de Nieves Costas e Eva Vila como contacontos na Feira do libro de Pontevedra. Destaca unha maior afluencia de público que de costume e recolle as manifestacións de ledicia por parte das contadoras.

Gómez, María Jesús, “La carpa se llenó el último día de la Feira”, *Diario de Pontevedra*, 23 agosto 2000, p. 55.

Dá conta da masiva participación de público infantil na última sesión de contacontos da Feira do Libro de Pontevedra, malia as malas condicións meteorolóxicas. Comenta que Nieves Costa e Eva Vila quixeron cumprir o gusto dos nenos ao repetir aqueles contos que máis éxito tiveron anteriormente.

Gómez, Saleta, “El Certamen de cómic de Ourense premiará a los nuevos talentos”, *El Mundo. Galicia*, “Galicia/Sociedad y Cultura”, 30 setembro 2000, p. 9.

Dá nova da celebración da duodécima edición das Xornadas de Banda Deseñada como un dos certames máis importantes a nivel Galicia e aposta polo recoñecemento social do cómic tanto a nivel artístico coma no novo medio de comunicación e cultura. Comunica que a inauguración consistiu na entrega dos premios do Iº Congreso Galego de Imaxe Artística en Banda Deseñada. Informa das causas dos cambios nas bases do concurso, dos nomes dos gañadores, das contías dos premios outorgados, dos nomes dos gañadores dos Premios Ourense de Banda Deseñada e especifica a quen se destina este galardón.

Guede, Isidoro, “O troleiro e outros contos”, *La Región*, 31 marzo 2000, p. 13.

Sucinta nota de prensa sobre a presentación da última obra de Dora Vázquez *O troleiro e outros contos* (1999), publicado por Edicións do Castro.

J. C., “El cómic, método de enseñanza”, *Faro de Vigo*, 3 maio 2000, p. 20.

Coméntase, moi brevemente, a celebración dunha exposición sobre a historia de Galicia no multiusos redondelán da Xunqueira. A mostra consta de vintecinto paneis de viñetas nos que se amosan os primeiros poboadores dos castros, os romanos, os suevos, o cristianismo, os vikingos, os reis de Galicia, os trobadores, os séculos escuros, os ilustrados, os emigrantes, o Rexurdimento ou os galeguistas.

Lista, Mar, “Viñetas desde o Atlántico” rendirá culto al mundo colorista del cómic”/“A Coruña rinde culto al color”, *La Voz de Galicia*/*Diario 16*, 12 agosto 2000, p. 44/p. 38.

Comenta inicialmente que o Salón do Cómic da Coruña se debe “á ilusión” de Miguelanxo Prado e ao “esforzo” do Concello herculino, que se converte deste xeito na “capital del mundo de la historieta”. Salienta a calidade dos participantes e destaca que o obxectivo vai máis alá da venda de tebeos, pois preténdese que o público se achegue ás obras e aos seus autores. Ademais de nomear aos participantes máis sobranceiros, lóuvanse as actuacións de Siniestro Total e do mago Antón.

_____, “A Coruña rinde culto al color”, *Diario 16*, “Verano-Cómic”, 14 agosto 2000, p. 38.

Dá conta da presentación do IIIº Salón do Cómic “Viñetas desde o Atlántico” que se celebra na Estación Marítima da Coruña baixo a dirección de Miguelanxo Prado. Salienta o colorido e numerosas ofertas nesta tentativa por achegar a todos os públicos o mundo da banda deseñada coa súa ampla variedade de propostas. Tamén alude á presencia no Salón de importantes artistas a nivel mundial, ás exposicións nas que observar e mercar material, ás actuacións en directo e mesmo ás conferencias dos convidados. Remata referíndose á presencia das editoriais máis importantes neste tipo de material, ademais de revistas especializadas e destaca o lugar privilexiado que ocupará o material galego.

López, Ana, “Todo cabe na literatura coa condición de que estea ben tratado”, *Diario de Pontevedra*, 22 marzo 2000, p. 11.

Breve comentario sobre a celebración das I[as] Xornadas dos Comités Abertos de Estudiantes de Pontevedra. Nelas a escritora Mª Victoria Moreno explicou cáles deben ser as bases da literatura actual. Na súa opinión, a moralidade e a moda son o que diferencian a literatura actual da de fai algúns anos. Así mesmo, afirma que moitos escritores e escritoras se deixan influenciar polas editoriais, “dependen do politicamente correcto, é dicir, a igualdade dos sexos, os dereitos da muller, a ecoloxía... aspectos todos eles que se introducen como pastillas de moralina”.

López, Belén, “La magia de los cuentos llenó la biblioteca”, *Diario de Pontevedra*, “Diario de CulturaOcio”, 28 novembro 2000, p. 73.

Dáse conta da actuación da contacontos Paula Carballeira na Biblioteca Pública Municipal de Pontevedra dentro do proxecto “Contadores de contos” da Consellería de Cultura coa que se pretende achegar a lectura aos nenos. Di que Paula Carballeira lle contou dous contos aos numerosos nenos presentes e Teresa Rodríguez un titulado “O coello Federico e os amorodos”, rematando por referirse á dificultade que lles supón o atraer a atención de nenos moi pequenos cos contos.

_____, “El segundo Salón del Libro Infantil se centrará en la poesía”, *Diario de Pontevedra*, “Diario de CulturaOcio”, 28 novembro 2000, p. 73.

Faise eco da presentación do IIº Salón Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra que este ano se centra na poesía. Indica que terá como lema “O ritmo da palabra: poesía e texto poético” e adiántanse algunhas actividades que terán lugar dentro do mesmo como a lectura pública de poemas, o reparto de coleccións de libros de Literatura Infantil, a animación á lectura, talleres de ilustración ou conferencias, entre outras moitas.

_____, “A lectura axuda ós nenos a fuxir do materialismo que os rodea”, *Diario de Pontevedra*, “Diario de Cultura Ocio”, 30 novembro 2000, p. 64

Fai referencia ao encontro entre o escritor Paco Martín e uns estudiantes de Primaria, dun colexio de Pontevedra, con motivo dos actos de “Creadores de contos”, da Consellería de Cultura, realizados co obxectivo de animar aos nenos a achegarse aos libros. Resalta a gran cantidade e variedade temática das cuestións formuladas ao escritor, así como a actitude do interrogado. Alude ás palabras do literato lucense cando explica a función principal que deben ter estas actividades, que os nenos vexan os libros como algo ameno e como “unha vía de escape” do materialismo social”, e intenta convencelos de que escriban, para transmitir todo o que se ten no interior.

_____, “La maga Rulana cree que las bibliotecas son una fuente de magia para los niños”, *Diario de Pontevedra*, “Diario de Cultura Ocio”, 2 decembro 2000, p. 64.

Faise eco da sesión de contacontos da Maga Rulana para numerosos escolares dentro do proxecto “Creadores de contos”. Explica os resultados que consegue cos nenos ao contarlles os contos e o emprego do libro como elemento diferenciador doutras actividades deste tipo. Plasma as palabras coas que esta maga manifesta a dificultade de actuar ante un público infantil, os aspectos que máis lle gustan dos nenos, a fácil introducción destes nas historias, gracias a súa fantasía, a necesidade da presencia física do libro para fomentar a lectura, e a equiparación dos libros a botíns cheos de maxia.

_____, “El Salón del Libro Infantil e Xuvenil se inaguró a ritmo de métrica y rimas”, *Diario de Pontevedra*, “Diario de Cultura Ocio”, 11 decembro 2000, p. 33

Alude ao recital poético co que se abriron as actividades do IIº Salón Internacional do Libro Infantil e Xuvenil, “O ritmo da palabra”, dedicado á poesía. Nomea a algúns dos escritores, periodistas, nenos e políticos participantes na lectura de poemas. Finaliza enumerando os diferentes actos previstos para o día da apertura, entre os que destacan: o encontro coa escritora Mª Victoria Moreno, a conferencia da escritora portuguesa Alice Vieira e a do escritor Neira Cruz.

_____, “Alice Vieira reinvindica o papel do libro físico ante a tecnoloxía”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura”, 12 decembro 2000, p. 73

Recolle as verbas da autora lusa Alice Vieira no Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra. Nelas a escritora resalta o feito de non pensar na idade do lectorado cando escribe e da axuda que lle proporciona a súa faceta de xornalista á hora de escribir. Explica as razóns polas que gustan as súas obras aos nenos: reflicten a vida e problemas dos rapaces e o emprego da linguaxe dos xoves nas obras.

_____, "*¿E haberá tirón de orellas?* no Salón do Libro de Pontevedra", *Diario de Pontevedra*, "Diario de Cultura Ocio", 12 decembro 2000, p. 72

Notifica a apertura da sección con encontros cos autores do Salón. Comezou Mª Victoria Moreno, quen explicou como ideou o relato que dá título a este comentario. Manifesta a sorpresa da autora cando un grupo de alumnos representaron nun teatro de sombras a súa obra. Resume o argumento desta historia en verso e recolle as palabras da autora nas que explica por qué escribiu este conto en verso.

_____, “El otro arte de Castelao en el Café Moderno”, *Diario de Pontevedra*, “Diario de Cultura Ocio”, 12 decembro 2000, p.72

Dá nova da inauguración, en conmemoración do 50 aniversario da morte de Castelao, da exposición “150 debuxos de Castelao”, da colección de Arte Caixa Galicia, e da reedición do libro *Cousas*, publicado por esta entidade en 1976. Alude aos temas da sociedade que reflicte o rianxeiro nestes debuxos e á súa capacidade para captar a realidade do país que considera ía máis alá do seu talento literario. Remata loubando non só a mestría do autor no uso da palabra, senón tamén a súa representación gráfica do mundo galego.

_____, “Manuel María pronúnciase en contra de separar a poesía infantil do resto”, *Diario de Pontevedra*, “Diario de Cultura Ocio”, 16 decembro 2000, p. 64.

Con motivo da conferencia de Manuel María sobre a poesía para nenos, no IIº Salón do Libro de Pontevedra e o encontro que se realizou entre Francisco Alonso e os cativos, no que lles explicou como xestou os poemas de *Cidades* (1997), recóllense as declaracións dos dous poetas a cerca da pervivencia do libro fronte aos novos soportes en internet e a discriminación e división que se fai entre poesía infantil e adulta. Manuel María opina que “separar poesía infantil de poesía para adulto é unha división artificial e absurda” e di que “os primeiros contactos que os cativos teñen co verso soen ser importantes”. Tamén salienta que a “rima fíxase na cabeciña dos nenos gracias á súa pureza e capacidade de asombro, algo do que carecen totalmente os adultos.

Lorenzo, C., “Amosar realidades nos contos”/“O libro ‘*Cos pés no aire*’, de Antonio Fernández Paz, acada o Iº Premio ‘A Raiña Lupa”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*, 4 xaneiro 2000, p. 75.

Comentario sobre o libro de Agustín Fernández Paz *Cos pés no aire* (1999), gañador do Premio “Raíña Lupa”. Trátase dunha “novela, ilustrada por Miguelanxo Prado, que amosa as diferencias e os problemas que pode ter unha persoa polo feito de vivir nun mundo no que se exclúe o que non se considera normal”. Así mesmo, ofrécese un breve comentario sobre a obra de Fran Alonso *O brillo dos elefantes* (1999), finalista no citado certame. Esta obra, segundo o articulista “intenta amosarlles ós lectores que non todo o mundo ten as mesmas facilidades na vida nin pasa polas mesmas situacións”.

Loureiro, Ramón, “Eloxio das primeiras palabras”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 118, 7 marzo 2000, pp. 4-5.

Panorámica da literatura infantil e xuvenil en Galicia. Afírmase que o xénero está a vivir “a súa idade de ouro, con premios que chegan dende máis alá das nosas fronteiras, traduccións a outras linguas e a edición -coidadísima, por certo- dos mellores clásicos universais”. Segundo o presidente da Asociación Galega de Editores, Damián Villalaín, a literatura infantil galega é un “campo privilexiado” tanto polo “volume de edición como pola calidade e recoñecemento de escritores e ilustradores”. A seguir, D. Villalaín cita un bo número de escritores e escritoras que publican libros para a infancia e a xuventude como Xosé A. Neira Cruz, María Victoria Moreno, Fina Casalderrey, Antón Cortizas, Marilar Aleixandre, Pepe Carballude, Agustín Fernández Paz, Paco Martín e ilustradores da talla de Xan López Domínguez, Óscar Villán, Lázaro Enríquez, Irene Fra Gálvez, Marifé Quesada ou Luís Castro Enjamio.

M. B., “Cachirulo investiga la relación de Blanco amor con los títeres”, *La Voz de Galicia*, 2 xullo 2000, p. 11.

Informa o autor do artigo que, con motivo dunha visita profesional a Arxentina, os membros da compañía de títeres Cachirulo investigarán en Bos Aires a relación de Blanco Amor cos títeres, unha faceta que consideran moi pouco investigada dentro do traballo literario do autor de *A Esmorga*. Recolle as declaracións de Xurxo Rey nas que comenta que van contactar con Sara Bianchi, unha muller que conserva un museo de títeres e que pensan que debeu ter relación co escritor galego. Finalmente, afirma que este traballo se enmarca dentro da reconstrucción “dunha historia dos títeres en Galicia” que están a levar a cabo dende Cachirulo.

M. J., “Letras e escritores en Sanxenxo”, *Diario de Pontevedra*, “En portada/Día das Letras. Sanxenxo”, 10 maio 2000, p. 7.

Breve nota sobre a presencia da escritora María Victoria Moreno nas aulas do colexio público O Telleiro en Noalla con motivo da celebración do Día das Letras Galegas. Sinálase que os nenos e nenas asistentes realizaron numerosas preguntas á escritora xa que ao longo do curso elaboraron varios traballos sobre os seus libros.

_____, “El teatro de ‘Mofa e Befa’, hoy en la Rúa Platería”, *Diario de Pontevedra*, 11 agosto 2000, p. 17.

Informa da representación de *Chou busines* a cargo de “Mofa e Befa” no Grove e recolle as declaracións da organización nas que describen o contido e temática da obra.

M. M., “Vegalsa se vuelca con la Capitalidad Cultural y promoverá tres conciertos”, *El Correo Gallego*, “Así está el patio”, 31 marzo 2000, p. 39.

Ademais doutras noticias relacionadas coa vida cultural en Santiago de Compostela, dá conta do inicio das IX[as] Xornadas do Seminario de Literatura Infantil e Xuvenil e cita algúns dos conferenciantes participantes como Miguel Vázquez Freire, Felicidad Orquín ou Blanca-Ana Roig Rechou.

M. V., “El dibujante del “Tío Gilito” estará presente en el III Salón del Cómic de A Coruña”, *Faro de Vigo*, 12 agosto 2000, p. 33.

Dá conta das actividades previstas na terceira edición de “Viñetas desde o Atlántico”, salientando a participación de destacados artistas estranxeiros como Don Rosa, Horacio Altuna, Paul Karasik ou Jason Lutes, e españois como Carlos Giménez, Daniel Torres, Ricard Castells, ademais do galego Fran Jaraba. Describe tamén o contido das montaxes específicas previstas.

Mallo, Albino, “Paraíso do cómic”/“El mundo del cómic recrea en A Coruña sus mejores aventuras”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*, 12 agosto 2000, p. 32/p. 33.

Informa da celebración da terceira edición de “Viñetas desde o Atlántico”. Dá noticia do lugar no que terán lugar as actividades, comenta as que considera máis relevantes e nomea os artistas convidados. En columna á parte refírese aos talleres de creación de cómics e aos diversos concertos e actuacións.

_____, “Mañá comeza na Coruña ‘Viñetas desde o Atlántico”/“Don Rosa, la ‘figura oculta’ de la factoría Dysney, llega a A Coruña”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego* 13 agosto 2000, p. 64/p. 96.

Salienta a presencia de Don Rosa en “Viñetas desde o Atlántico” e recolle as declaracións de Miguelanxo Prado nas que o define como “gran figura oculta de la factorías Dysney”, ademais de destacar a presencia doutros artistas norteamericanos que prestixian este evento. O debuxante galego comenta o máis destacábel da obra de todos os convidados e non esquece louvar a participación galega a través de Fran Jaraba e dunha mostra de “Xoves autores coruñeses”.

_____, “Viñetas desde o Atlántico”, *O Correo Galego*, “AFA”, 15 agosto 2000, p. 33.

Dá conta da inauguración da terceira edición do Salón Internacional do Cómic da Coruña. Recolle unhas extensas declaracións ao respecto do alcalde coruñés e informa, en síntese, das actividades previstas neste evento, ademais de dar os datos de localización e días nos que estará en activo.

_____, “La ilusión de Ricard Castells por ilustrar un texto de Valle Inclán”, *El Correo Gallego*, 15 agosto 2000, p. 68.

Comeza facendo alusión á admiración de Ricard Castells por Valle-Inclán e á intención deste debuxante catalán de facer unha versión debuxada dunha novela do autor de *Luces de Bohemia*. Albino Mallo repasa a traxectoria artística de Castells e comenta o contido da exposición que se lle dedica no IIIº Salón Internacional do Cómic da Coruña.

_____, “Cita na Habana”/“Historia de Maxi Torres, un poeta santiagués en la guerra de independencia de Cuba”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*, 17 agosto 2000, p. 34/p. 43.

Alude á presentación do último traballo de Fran Jaraba no Salón Internacional do Cómic da Coruña. Comenta a traxectoria artística deste debuxante galego e recolle as súas declaracións nas que manifesta as dificultades e o tempo invertido na creación de *Cita na Habana* (1999), ademais de comentar as características deste personaxe e referirse á súa posíbel evolución. Finalmente, faise eco das posibilidades da obra fóra de Galicia ao saír ao mercado con versión en español.

_____, “Desde o Atlántico. Juan Giménez, ‘Heavy Metal”/“Un argentino en la ‘Heavy metal”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*, 20 agosto 2000, p. 52/p. 41.

Con motivo da súa participación no Salón Internacional do Cómic na Coruña, repásase a traxectoria vital e artística de Juan Giménez. Recóllense, ademais, declaracións deste debuxante arxentino nas que lembra as súas orixes españolas e o seu gusto pola ciencia ficción, entre outros temas. En epígrafe á parte infórmase que o debuxante galego Julio Martínez Pérez, máis coñecido por Das Pastoras participará na vindeira edición de “Viñetas desde o Atlántico”.

_____, “Con proxección”/“El cómic recibe un sobresaliente”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*, 22 agosto 2000, p. 32/p. 42.

Recolle as declaracións de Miguelanxo Prado nas que considera que esta terceira edición do Salón Internacional do Cómic representou a consolidación deste evento. Manifesta o debuxante coruñés que o obxectivo non é facer un salón comercial, senón que pretenden dar a coñecer o cómic entre os seus adeptos. Salienta a importancia que teñen as diferentes exposicións para levar a cabo esa idea, nomeadamente sinala a de TBO histórico e a de autores galegos noveis, iniciativas para as que anuncia continuidade. Destaca que foi este o primeiro ano no que se cubriron todas as casetas ofrecidas para as editoriais e librerías. Para rematar, anuncia a presencia de Das Pastoras para a vindeira edición e renuncia a ter unha exposición propia mentres continúe coa dirección de “Viñetas desde o Atlántico”.

Martín, Marcos, “La decadencia del cómic”, *El Ideal Gallego*, 20 agosto 2000, pp. 12 13.

Faise eco da decadencia que está a sufrir a industria do cómic en España, entre outras razóns debido á pouca consideración que esta arte ten para o público español. Contrapón esta situación á que se vive nos EE.UU., en México, Xapón ou Francia, estados onde mesmo se están a recuperar heroes clásicos. Analiza tamén Marcos Martín a influencia exercida polas novas tecnoloxías, que reduciron considerabelmente o prezo do fotolito e provocaron que o oficio de debuxante “se convierta en una profesión cibernética”. A mudanza afectou, segundo o articulista, á temática, ao desbotárense as clásicas historias de aventuras ou románticas, facendo que o público sexa “cada vez menor en número y creciente en edad”. Finalmente, refírese á importancia de Carlos Giménez para a historia do cómic en España nos últimos corenta anos.

Martínez, Eva, “Os novos soportes enriquecen a oferta literaria infantil e xuvenil”, *La Voz de Galicia*, 23 xullo 2000, p. 45.

Dá conta das novidades editoriais para o verán, centrándose na literatura destinada a un receptor infantil e xuvenil. Recolle as declaracións do director da Asociación Galega de Editores nas que manifesta as dificultades do sector do libro para competir con outros productos máis novidosos. Para iso, segundo Eva Martínez, algunhas editoriais apostaron pola cibernética e outras pola música. Os títulos novidosos dos que dá relación son os seguintes: *Matapitos.com* (2000), de Gloria Sánchez; *A memoria das árbores* (2000), de Xosé A. Neira Cruz; *Contos de maxia* (2000), de Xosé Miranda, X. Ramiro Cuba e Antonio Reigosa; *Cita na Habana* (1999), de Fran Jaraba; *Golfiño*; *Aire Negro* (2000), de Agustín Fernández Paz; e *Onde viven os monstros*, de Maurice Sendak e traducida ao galego no 2000.

Martínez, Jacobo M., “El cómic europeo es de mayor calidad que el americano’, sostienen dos destacados dibujantes”, *Faro de Vigo*, 16 agosto 2000, p. 28.

Ademais de dar conta das principais exposicións e conferencias que se organizan con motivo do IIIº Salón Internacional do Cómic de A Coruña, inclúe cadansúa síntese biográfica e caracterización artística de Paul Karasik, Richard Castells e Jason Lutes. Recolle declaracións destes tres debuxantes nas que os americanos afirman que en Europa existe un maior aprecio e consideración polo cómic, ademais dunha maior calidade que o leva a converterse nunha “auténtica forma de expresións artística”. Salienta tamén Jacobo M. Martínez a presentación do último traballo de Fran Jaraba, *Cita na Habana* (1999).

_____, “Cuba y Galicia, unidas por el cómic”, *Faro de Vigo*, 17 agosto 2000, p. 72.

Presenta a banda deseñada *Cita na Habana* (1999) como “la mejor historieta de cómic escrita en lengua gallega”. Ademais de sintetizar o argumento, recolle as palabras de Fran Jaraba nas que se refire á exahustiva documentación que levou a cabo para realizar esta obras, así como ao seu desexo de levar a cabo unha obra épica. Comenta que as súas influencias son a escola franco belga e certos pintores clásicos como El Bosco. Refírese tamén á imposibilidade de dedicarse profesionalmente ao cómic e ao reducido número de adeptos que ten esta arte.

Martínez, Xurxo, “Un festival de héroes y colores”, *La Voz de Galicia*, “María Pita 2000”, 1 agosto 2000, p. 19.

Relaciona inicialmente a celebración das festas coruñesas co Salón Internacional do Cómic, algo que xa se está a converter en habitual. Vincula tamén, Xurxo Martínez, a apertura de “Viñetas desde o Atlántico” coa presencia por toda a cidade de heroes como Astérix, Obélix, Batman, etc. Lembra que, coma todos os anos, é unha inicitiva do concello que está dirixida por Miguelanxo Prado. Destaca a participación de autores sobranceiros, as actividades paralelas como concertos e exposicións, ademais da propia venda de tebeos.

Míguez, Rosa, “Suxerencia”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, 31 decembro 2000, p. 14.

Ademais de salientar a calidade textual e de deseño das obras publicadas por Kalandraka, indica que coa adaptación publicada en 1999, *A vendedora de mistos*, de H. C. Andersen, se narra a historia desta rapaza que tiña moitas ilusións para o Nadal.

Millán, Eva, “Cuéntame un cuento”, *La Voz de Galicia*, “Agenda de Santiago”, “Protagonistas”, 1 outubro 2000, p. 10.

Alude á participación de Xosé Antón Neira Cruz na executiva dunha organización internacional para o libro xuvenil que contempla proxectos de programas para achegar a lectura aos nenos máis desfavorecidos. Considera que a imaxinación fai deste autor un contacontos nato, quen considera que o Premio “Merlín” marcou a súa traxectoria e que os nenos de agora, como os de antes, malia os adiantos que teñen ao seu alcance, seguen a buscar unha boa historia. Remata apuntando que a nova actividade non lle roubará tanto tempo coma para que abandone a súa actividade creadora.

Montero, Eva M., “Recordando a Castelao”, *Diario de Ferrol*, 25 marzo 2000, p. 64.

Fala da exposición sobre Castelao que se está a mostrar no CIP San Sadurniño de Ferrol. Salienta a participación de toda a comunidade escolar na súa montaxe e apunta que os alumnos deste colexio se han desplazar ao Concello de Narón para ver *Os vellos non deben de namorarse*.

Núñez, María, “Historias y leyendas que valen de mapa para la vida”, *Diario de Pontevedra*, 22 agosto 2000, p. 55.

Refírese á presencia dos contacontos Tim Bowley e Casilda Regueiro na carpa de animación á lectura da Feira do Libro de Pontevedra e recolle as súas declaracións. Nelas, diferencian entre contos para adultos e contos para nenos e afirman que, tras percorrer todo o Estado, en Galicia notan que as súas historias calan polo peso da tradición oral galega.

Otero, Neli, “Unha grella de libros, por favor”, *La Voz de Galicia*, 17 maio 2000, p. 3.

Comentario sobre a celebración da décima campaña de animación á lectura en Ourense. Nesta ocasión, os rapaces e rapazas dende primeiro ata cuarto de Primaria teñen a oportunidade de acudir a un restaurante “onde poder degustar un prato moi especial: libros”. Deste xeito, preténdense presentar libros “dunha maneira lúdica e agradábel para que os nenos teñan un contacto co libro diferente ó escolar”.

_____, “Mergullándose nas letras galegas”, *La Voz de Galicia*, 17 maio 2000, p. 2.

Infórmase da celebración dunha campaña de iniciación á lectura na que participaron os alumnos e alumnas do colexio ourensán de San José. Afírmase que gran parte do alumnado recoñece ler libros en castelán e en galego.

Pérez, Teresa, “Los animadores culturales visitarán los centros de la zona rural brigantina”, *El Ideal Gallego*, 13 agosto 2000, p. 21.

Dá conta das actuacións previstas pola Concellería de Cultura de Betanzos para o novo curso nas parroquias rurais, entre as que salientan os programas de animación á lectura, de teatro e a dotación de bibliotecas básicas para os escolares.

Pino, Concha “Os expertos botan en falta bos traductores do galego ó portugués”, *La Voz de Galicia*, 27 outubro 2000, p. 36.

Informa da mesa de debate sobre literatura infantil e xuvenil que tivo lugar no congreso sobre o libro galego e do norte de Portugal que se celebra en Santiago. A través das palabras dos expertos José Antonio Gomes e Miguel Vázquez Freire, constata diversos feitos. Gomes dixo que o sector galego entrou moi recentemente en Portugal, malia ser máis potente, e que non existen boas traduccións para o portugués, en canto que Vázquez Freire destacou que o sector portugués ve como unha ameaza a chegada do mercado español. Por iso, segundo el, cómpre desligar as editoriais galegas das españolas para evitar receos no ámbito veciño. Finalmente, lamentou que os encontros non fosen ben publicitados ao non estar presentes asociacións coma Gálix e a Asociación Galega de Ilustradores.

Piñeiro, Antonio, “Neira: ‘A memoria é fráxil con Internet”, *La Región*, 28 marzo 2000, p. 13.

Dá conta da intervención de Xosé A. Neira Cruz e Xabier P. Docampo na aula de cultura de Caixavigo de Ourense, na que os escritores cuestionan as campañas de animación á lectura “como unha fórmula válida para promover a lectura entre os nenos e os mozos galegos” e apostan por outro tipo de fórmulas “máis positivas e interesantes para os posibles lectores”. Neira Cruz afirmou que “existen moitas persoas maiores desexosas de contar historias sen que ninguén os escoite”. Pola súa banda, para X. P. Docampo a lectura “ten que ser materia curricular nas escolas, do mesmo xeito que o son outras áreas”.

Rellán, Inés P., “Antonio Reigosa exaltou a tradición oral ante 300 nenos da Fonsagrada”, *El Progreso*, 16 xaneiro 2000, p. 69.

Dá conta da celebración de dúas conferencias nas que o escritor Antonio Reigosa -finalista do Premio Nacional de Literatura Infantil-explicou a importancia da tradición oral e os contos tradicionais. Referiuse á televisión e aos ordenadores como “intrusos” que interrompen a cadea da transmisión oral.

Rey, Beti, “La Casa de la Juventud tudense inicia el lunes la ‘Semana da Banda Deseñada”, *Atlántico Diario*, 4 maio 2000, p. 18.

Breve nota de prensa na que se fai referencia á celebración da Semana da Banda Deseñada na Casa da Xuventude de Tui. A iniciativa enmárcase no programa de actividades para a xuventude “¿Qué vas a hacer en el 2000?” organizado pola Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude.

Rodríguez, Sandra, “O mundo Kalandraka”, *Diario de Pontevedra*, “Revista”, 27 agosto 2000, pp. 3-5.

Presenta o proxecto Kalandraka como unha iniciativa dun grupo de amigos, dedicados inicialmente ao teatro, que se decataron da necesidade de álbums ilustrados en galego. Comenta que esta editorial conta cun cadro de persoal fixo integrado por deseñadores, editores e comunicadores, ademais de colaboradores que varían duns volumes a outros, e que pretenden “crear unha diversidade estética”, e tamén lingüística xa que chegaron a publicar nas catro linguas do Estado, aínda que maioritariamente tiren do prelo obras escritas en galego. Recolle as declaracións de Eva Mejuto, Teresa Alonso e Juan Rivas, sobre distintos aspectos do seu traballo dentro de Kalandraka. Dan noticia da participación desta editorial nas principais feiras do sector e da consecución de importantes galardóns como o “Premio Nacional de Ilustración 1999”. Defenden a necesidade de “libros para soñar”, que engaiolen os lectores e fomenten a súa imaxinación e creatividade, ademais de “libros para contar”, para o cal realizan sesións de contacontos por toda Galicia con dous personaxes: “A Maga Rulana” e “O Trasno Comodín”. Salientan as esixencias do público infantil, a necesidade de recuperar os contos tradicionais e reivindican a importancia da ilustración. Finalmente, describen o contido das colecciónes que ten no mercado Kalandraka.

S. R., “Las jornadas dedicadas a la Banda Deseñada finalizarán hoy en la villa de Portomarín”, *El Progreso*, “Sarria”, 5 decembro 2000, p. 16.

Dá conta da última xornada da Semana da Banda Deseñada celebrada en Portomarín e na que salienta a presencia de moi diversos traballos relacionados co mundo do cómic, entre eles os gañadores do XVº Concurso de Banda Deseñada da Xuventude 1999, planchas e ilustracións da revista *Golfiño*, ilustracións de Miguelanxo Prado para o *Xabarín e os vixilantes do camiño*, ademais de diversas proxeccións relacionadas cos cómics para nenos e adolescentes.

Sarasqueta, F., “Cita en Carnota con el noveno arte”, *La Voz de Galicia*, 27 marzo 2000, p. 12.

Alude á celebración da Semana da Banda Deseñada, organizada pola Xunta de Galicia e o Concello de Carnota. Nela tiveron lugar unha serie de exposicións, proxeccións de películas, mercados do cómic e un taller para coñecer as orixes e peculiaridades da arte do cómic.

Seoane, Francisco, “Los autores invitados convierten la ciudad en la capital mundial del tebeo”, *El Ideal Gallego*, 14 agosto, p. 8.

Despois de opinar que a terceira edición do Salón do Cómic destacou pola calidade dos autores convidados, fai un percorrido caracterizador pola obra de Daniel Torres, Carlos Giménez, Horacio Altuna e Kino Don Rosa. En epígrafe á parte ocúpase da traxectoria artística de Fran Jaraba.

Sequeiro, Natalia, “Trato de interpreta-lo mundo desde a literatura”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 23 xaneiro 2000, pp. 4-5.

Refírese á última obra de Fran Alonso, *O brillo dos elefantes* (1999), finalista do IIº Premio “Raíña Lupa”. Asemade, fai un percorrido pola traxectoria profesional do escritor e cita as súas obras: *Trailer*, Premio Blanco Amor de novela no 1991; *Territorio Ocupado*, “unha crónica a medio camiño entre a literatura e o xornalismo sobre o conflicto dos habitantes da ex colonia española”; *Cidades* (1997), un poemario destinado a lectores con poucos anos de idade e *O brillo dos elefantes*. Por último, anuncia o título da súa próxima obra, *Males de cabeza* (2000), “unha reflexión sobre a condición humana, sobre os problemas psíquicos como a depresión, que é unha característica do milenio entrante”.

_____, “Dora Vázquez: ‘Escribir mantén a mente adestrada”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 12 marzo 2000, pp. 4-5.

Alude ao labor da ourensá Dora Vázquez, que vén de publicar o seu último libro, *O troleiro e outros contos* (1999), destinado a rapaces e rapazas de doce a catorce anos. Trátase de catro historias “contadas de xeito directo e sinxelo coas que pretende entreter os nenos de hoxe”. Así mesmo, ofrécese un resumo da súa vida e obra.

Soto, R., “Galicia, de banda deseñada”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 149, 18 marzo 2000, p. 6.

Faise referencia á celebración da Semana da Banda Deseñada en Ourense. Trátase dunha mostra itinerante que percorre vintetrés poboacións das catro provincias galegas coa fin de facilitar o coñecemento da historia. A seguir, descríbense as diferentes exposicións que tiveron lugar durante a citada semana.

Soto, Roque, “Viñetas de aquí y de otros países”, *Faro de Vigo*, “Faro del Ocio”, 6 outubro 2000, p. 4.

Informa das actividades desenvolvidas en Ourense con motivo da celebración das duodécimas Xornadas de Banda Deseñada. Destaca que se trata dun punto de encontro e de referencia para os editores, debuxantes, teóricos e afeccionados, e que contribúe a facilitar o intercambio de experiencias. Comenta o contido de cada unha das dez exposicións que complementan as xornadas e recolle as declaracións de Benito Losada, director da Casa da Xuventude nas que salienta o importante nivel dos participantes.

Valcarcel, Marcos, "*A noite das cabras do aire*': Un conto de terror para nenos", *La Región*, 19 xaneiro 2000, p. 13.

Sucinto comentario sobre a publicación da última obra de Bieito Iglesias, *A noite das cabras do aire* (1999), "un fermosísimo conto de carácter fantástico que apela á memoria e á fantasía comunal, á lembranza daquela cultura oral que deste hai décadas cede ante o feitizo televisivo de series como 'Os invasores' ou 'Expediente X". Así mesmo, cítanse outras obras do autor ourensán: *Aventura en Nassau* (1991), *Vento de seda* (1992) ou *Miss Ourense* (1994).

Valcárcel, Xulio L., “Literatura infantil e xuvenil”, *El Ideal Gallego*, “Páxina literaria”, 19 marzo 2000, p. 4.

Fálase das orixes da literatura infantil e xuvenil e cítase a primeira das obras, *Memorias dun neno labrego* (1961), escrita por Xosé Neira Vilas. A seguir, alúdese á obra de Carlos Casares, *A galiña azul* (1968), primeiro premio do Iº Concurso nacional de contos infantís “O Facho”. Para rematar, cítanse outras moitas obras e autores importantes no eido da literatura infantil e xuvenil como *O león e o paxaro rebelde* (1969), de Bernardino Graña; *As cousas de Ramón Lamote* (1985), de Paco Martín; *O misterio das Badaladas* (1986), de X. P. Docampo; *O misterio dos fillos da lúa* (1995), de Fina Casalderrey; *As flores radioactivas* (1990), *Contos por palabras* (1991) ou *Cos pés no aire* (1999), de Agustín Fernández Paz; *O segredo da pedra figueira* (1973), de María Xosé Queizán; *O bosque de Ouriol* (1973), de Arcadio López Casanova; *Arnoia, Arnoia* (1987), de Méndez Ferrín; *Bala Perdida* (1996), de Manuel Rivas ou *Cidades* (1997), de Fran Alonso, entre outros moitos títulos.

Varela, María “La Feira do Libro fomenta la figura del cuentacuentos en Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, 19 agosto 2000, p. 60.

Dá conta da actuación de Eva Vila e Nieves Costas como contacontos na XIIª edición da Feira do Libro de Pontevedra. Recolle as declaracións de Jaime Corrar, o director do evento, nas que comenta que estas actividades, así como as representacións teatrais, van encamiñadas a fomentar a lectura. Finalmente, informa que Dolores Hermida e Tareixa Alonso asinaron exemplares das súas obras incluídas nos “Contos do Trasno Comodín”, ademais de reivindicaren a recuperación dos contacontos.

Vázquez, Dolores, “Unas 60.000 personas visitaron las muestras de ‘Viñetas desde o Atlántico”, *La Voz de Galicia* “Cultura y espectáculos”, 21 agosto 2000, p. 48.

Dáse conta da xornada de clausura da Feira da Historieta dentro do Salón do Cómic “Viñetas desde o Atlántico” celebrado na Coruña baixo a dirección de Miguelanxo Prado. Recóllense as súas palabras nas que se refire aos pequenos problemas que atoparon e que se tentarán solucionar en futuras edicións, ao numeroso público que acudiu a esta cita e ás condicións especiais de situación, dentro da Estación Marítima, considerada fundamental para que se celebre o Salón.

VII. Literatura de transmisión oral

VII. 1. Recompilacións, monografías e libros colectivos

Álvarez, Rosario e Dolores **Vilavedra** (coords.), *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*, 2 vols., Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela, col. Homenaxes, 2000, 1649 pp. (ISBN Tomo I: 84-8121-806-5) (ISBN Tomo II: 84-8121-807-3) (ISBN da Obra Completa: 84-8121-808-1).❿

Obra descrita no apartado V. 1 deste *Informe*, dando conta aquí dos artigos correspondentes á literatura oral que nela se recollen no volume II.

-Ana Acuña, “Do poder da palabra na poesía máxico-ritual de tradición oral: esconxuros e formuliñas infantís”, pp. 23-40.

Analiza a importancia da palabra na literatura de tradición oral, centrándose nas denominacións tabús e expresivas de animais, de fenómenos meteorolóxicos e máis das doenzas. No campo animal detense coa xoaniña e na “mantis relixiosa” chegando á conclusión do seu culto totémico na época precristiá para logo sufrir a cristianización. No referente ao nome dos fenómenos meteorolóxicos, exemplifica cos “cabaleiros da choiva” un modelo de animalización da choiva en cabalo e logo a súa humanización en cabaleiro. Finalmente, no eido das doenzas describe como a enfermidade infecciosa da erisipela se denomina tradicionalmente co nome dun animal, o lobo.

-Domingo Blanco, “Do refrán á cantiga”, pp. 203-233.

Análise da estreita relación histórica entre o refrán e a cantiga. Logo de sinalar o carácter fronteirizo do refrán no que se refire á súa literariedade, identifica con varios exemplos as semellanzas, transformacións e reformulacións que se producen entre as dúas fórmulas, nun e noutro sentido, e reflexiona sobre a importancia deste intercambio, así como das características comúns entre o refrán e a cantiga.

-José Luís Forneiro Pérez, “José Pérez Ballesteros e o Romanceiro tradicional galego”, pp. 629-642.

Pormenorizado estudio das fontes e tratamento empregados por José Pérez Ballesteros en tres romances incluídos na súa obra *El Cancionero Popular Gallego y en particular de la provincia de la Coruña*, no que comeza salientando a achega de Xesús Alonso Montero sobre Antonio Machado y Álvarez (Demófilo), un dos impulsores do estudio e recolla da lírica popular a finais do século XIX, e como director da colección “Biblioteca de las Tradiciones Populares Españolas”, sobranceando o valor desta obra para o coñecemento da tradición lírica galega. Céntrase, a seguir, no tratamento de Pérez Ballesteros dos romances tradicionais incluídos no seu romanceiro, do que destaca que se mantén fiel ás versións recollidas de *Fío de ouro*, *Don Gato* e *A flor de agua* fronte á manipulación exercida por Marcial Valladares. Tamén describe polo miúdo os cambios introducidos polo primeiro en *O quintado*, *A aparición*, *Conde Alarcos* e *Mala sogra*, partindo especialmente das fontes empregadas, entre elas Murguía, Milá y Fontanals, Saco y Arce ou Teófilo Braga; as versións existentes dos mesmos e a coherencia co coñecemento que da tradición se ten actualmente. Conclúe que foron manipulados, na maioría dos casos corrixidos ou traducidos, cando non inventados, e que son unha boa fonte para coñecer as intensas relacións entre os estudiosos da materia popular na Galicia de

finais do século XIX, polo que convida aos estudiosos a revisar algunhas das características atribuídas á cultura e historia socioligüística da Galicia do Rexurdimento.

-Carme Lamela Villaravid, “A morena no Cancioneiro popular galego: a rosa das rosas”, pp. 754-770.

Achégase a través de numerosas cantigas ao tratamento que recibe a muller morena no Cancioneiro Popular galego e que se centran, exclusivamente, no aspecto físico. Parte de diferentes opinións recollidas arredor da “Beleza na morena” como canon de gusto da época; “A cara morena”, centrada na cor do seu rostro e símbolo mesmo da condición social; “Os ollos” como “espellos da alma”; “A morena e a branca” e “A morena e a roxa” nos que se establece a comparación entre ambas, e remata preguntándose se “¿É morena a Virxe?” tendo en conta o simbolismo das “Virxes negras” existentes en diferentes puntos de peregrinaxe europeos. En todos os casos acompáñanse abondosos exemplos de cantigas populares nas que a muller morena é loubada, rexeitada, preferida a outra ou nas que ela mesma manifesta unha actitude de defensa da súa condición, se mostra resignada e incluso orgullosa, polo que non se ofrece unha conclusión, senón que, ante a gran variedade de opinións e gustos que se recollen, deixa os numerosos exemplos da exposición como proba da falta de unanimidade de criterios ante o canon de beleza feminina no Cancioneiro Popular.

-Manuel Quintáns Suárez, “Sucedido’ do cura de S. Mamede. O mito das ‘Lavandeiras da noite” na cultura popular galega”, pp. 1205-1228.

Céntrase o autor deste artigo en dúas claves recorrentes da literatura popular galega, baseándose nun conto popular recollido por el mesmo na Costa da Morte. Primeiramente reprodúcese o conto para, a seguir, comentar pormenorizadamente as claves que nel aparecen, entre elas, a auga como elemento delimitador entre a realidade e o mito, a xinea das divinidades femininas, as relacións das lavandeiras coa morte e a presencia que tiveron en Galicia, reflectida en moitos cantares que reproduce.

Forneiro, José Luís, *El romancero tradicional de Galicia: una poesía entre dos lenguas*, Oiartzun-Gipuzkoa: Sendoa Editorial, col. Biblioteca Mítica, nº 3, 2000, 317 pp. (ISBN: 84-95378-22-1).

Estudio do romanceiro tradicional galego, cunha numerosa presencia de composicións exemplificando os puntos tratados e estructurado en tres grandes bloques. No primeiro faise un estudio da relación entre o romanceiro galego, o Pan-hispánico e a balada Pan-Europea, comezando polas primeiras figuras galegas do século XIX que se interesaron pola literatura popular, especialmente Murguía e outros estudiosos como Saco y Arce, José Pérez Ballesteros ou os irmáns De la Iglesia, entre outros. Tamén repasa e evolución destes estudios durante os primeiros anos do século XX coa recolleita de campo, os anos 20 e 30, ademais dos de Guerra Civil e as súas posteriores consecuencias. A seguir, explica as características máis salientábeis do romanceiro tradicional galego en relación ao romanceiro pan-hispánico e fala dos casos do País Vasco, de Cataluña, de Portugal, Asturias e as Illas Canarias, ademais de Hispanoamérica. Dentro deste primeiro punto, ademais de tratar a permeabilidade das fronteiras lingüísticas no canto tradicional, remata referíndose á vitalidade do romanceiro galego e ás fontes para o seu coñecemento. No segundo bloque céntrase na presencia da lingua galega dentro das composicións do romanceiro tradicional, para o que establece bloques atendendo á temática e analiza o emprego dunha ou doutra lingua segundo o tema tratado, así como a maior ou menor presencia de interferencias lingüísticas ou a o papel que xogou o galego na adaptación do xénero á cultura tradicional. Na terceira e última parte, analiza outros factores determinantes á hora de achegarse ao romanceiro tradicional, entre eles a localización xeográfica, o sexo e idade dos

informantes e transmisores ou mesmo o propio acto de recolla de material que inflúe no informante. Péchase o volume coa bibliografía fundamental sobre o tema.

Recensións:

-Armando Requeixo, “Literatura entre dúas linguas”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 41, 10 setembro 2000, p. 20.

Para comezar, afirma que a literatura oral soe ser desprazada do canon literario, perdéndose, desta maneira, moitas manifestacións creativas, afastamento agudizado no caso do romanceiro galego en castelán. Por todo isto, cre que o estudio de Xosé Luís Forneiro é importante por revelar as causas e contextualizar os factores deste hibridismo. Tamén lle merece atención as incoherencias filolóxicas que Manuel Murguía, Carré ou Antonio de la Iglesia practicaron nel e a contextualización do romanceiro galego no espacio ibero-románico. Conclúe dicindo que o ensaio serve para reconsiderar o xénero e subsanar erros históricos.

-María Xesús Nogueira, “José Luís Forneiro, *El romancero tradicional de Galicia: una poesía entre dos lenguas*”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 24, “Libros”, 2º semestre 2000, pp. 198-201.

Insire esta monografía dentro do proceso de restauración da cultura galega no que xorden estudios documentados que revisan aspectos controvertidos da literatura galega. Recalca que o romance suscitou pouco interese nos estudios de literatura popular de tradición oral. Indica que neste estudio se contextualiza o romanceiro galego dentro do ámbito pan-hispánico na súa primeira parte mentres que na segunda se centra na análise do bilingüismo no romanceiro e remata subliñando o carácter novidoso e desmitificador deste estudio.

Lence Santar, Eduardo, *Etnografía Mindoniense*, ed. Armando Requeixo, limiar de Luís Alonso Girgado, Santiago de Compostela: Librería Follas Novas, col. Libros da Frouma, Serie Estudios e Ensaios, nº 2, abril 2000, 213 pp. (ISBN: 84-85385-33-0).

O libro recupera unha serie de traballos do polifacético autor mindoniense Eduardo Lence Santar (1876-1960), publicados no xornal *El Compostelano* entre 1938 e 1941. Trátase dun interesante material compilatorio de carácter etnográfico, que Lence recolleu ao longo da súa vida coa finalidade de conservar o verdadeiro espírito do seu pobo. A *Etnografía Mindoniense* contén un conxunto de pezas bastante variado: lendas, refráns, adiviñas, romances, pasatempos, etc. E, segundo informa o editor deste volume, Lence tiña proxectado publicar todo ese material nun libro co título de *Folclore d'as terras de Mondoñedo, Santiago e Sarria*, que desgraciadamente non saíu á luz ata agora.

Merlán Bollaín, Eva, *Contos de Trasancos,* ilust. da autora, Narón: La Caixa de Cataluña/Concellería de Cultura de Narón, 2000, [33 pp.]. (DL: 338-2000).

Volume no que Eva Merlán Bollaín recolle catro lendas da tradición oral da Terra de Trasancos acompañadas de ilustracións gráficas da propia autora. A obra ábrese cun limiar de Andrés Pena Graña, que sitúa a mitoloxía galega no conxunto da tradición oral da Europa Atlántica, para cal testemuña referentes galegos para os mitos celtas. O primeiro conto é o titulado “Lenda de Eiravedra”, no que se relata unha historia de amor de final feliz na que un mozo pobre consegue liberar a unha rapaza fermosa, da que se namora, do encantamento infrinxido polos seus pais, ricos e meigos, que a converteran en serpe pezoñenta. A seguir, inclúese a “Lenda da Pena Lopesa”, na que un rei resiste intelixentemente o asedio dos inimigos, que tentan facerse co seu tesouro, ao seu castelo. Despois, relátase a “Lenda da Pena Molexa”, pola cal unha moura de cabelo longo e fermoso agarda infructuosamente a que algún mortal a redima do feitizo que padece escolléndoa como a peza máis valiosa do enxoval de ouro que garda. Finalmente, na “Lenda de Loureana” recréase o conto da moura que non se ceiba do encantamento que a mantén presa no Outro Mundo, ao contrario das outras dúas mouras que a acompañan, por culpa da avaricia humana.

Quintáns Suárez, Manuel, *Cancioneiro do Fisterra galego*, Tomo I, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Nume, 2000, 215 pp. (ISBN: 84-89129-95-4).

Este primeiro tomo dos tres que compoñen o *Cancioneiro do Fisterra galego* está formado por máis de oitocentas cantareas que foron recollidas por rapaces e rapazas do Instituto de Bacharelato Mixto de Cee nos concellos ribeiregos de Muxía, Camariñas, Fisterra, Corcubión, Cee, Carnota, Muros e Outes, e mais nos concellos interiores de Vimianzo, Zas, Dumbría e Mazaricos, todos eles integrantes das comarcas coruñesas de Fisterra, Terras de Soneira e mais de Muros. Este volume, que conta cunha introducción a cargo de Manuel Quintáns Suárez na que se agradece o apoio de *O Correo Galego* e onde se describe o proceso de recompilación desta colectánea de cantarelas, está dividido en seis grupos temáticos: “Cancioneiro do home”, “Cancioneiro da muller”, “Cancioneiro de vellos e vellas”, “Cancioneiro da familia (parentela)”, “Cancioneiro do casamento” e “Cancioneiro do amor”, que é o máis extenso e que presenta un apéndice denominado “Cancioneiro da comunicación escrita (cartas)”. Cada un destes grupos temáticos ou cancioneiros particulares están clasificados internamente segundo os “valores ou ideas” que representan. Cada “valor” está integrado por tres composicións populares, todas elas co nome do lugar onde foron recollidas, contando cada un deles cun breve comentario interpretativo das cantareas que o forman.

Recensións:

-Armando Requeixo, “Cantigas da Fin da Terra”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 35, 30 xullo 2000, p. 9.

Cre que este novo estudio vén acrecentar o valioso labor do autor neste eido, xa iniciado con *O refraneiro galego* (1992), *Contos populares* (1993) e *Anuario de tradicións galegas* (1994). Despois describe diversas partes da obra e di que a cifra de cantares convértena nun dos ensaios de literatura oral máis importantes das últimas décadas, sobre todo, polo ritmo co que desaparecen estas manifestacións. Para rematar, pensa que contribuirá ao gran Cancioneiro Xeral de Galicia que o propio Quintáns reclama, malia que bota en falta un aparello crítico máis completo

-Xavier Castro R., “Versos e cancións fisterrás en galego”, *El Correo Gallego*, 13 agosto 2000, p. 11.

Breve artigo no que se sinala que esta compilación de literatura oral vén completar o material que o autor veu amosando nas páxinas de *O Correo Galego*. Tamén cre que as cantareas seleccionadas son as que mellor representan a particular cosmovisión dos fisterrás. Conclúe citando os seis apartados que compoñen a obra e a intención do estudioso de incluílas nun Cancioneiro Xeral de Galicia.

Referencias varias:

-Clodio González Pérez, "*Cancioneiro do Fisterra galego*", *O Correo Galego*, "O Rodicio do tempo", 25 novembro 2000, p. 3.

Faise eco do que se pode atopar neste volume como son cancións recollidas, que comezan cun cancioneiro de muller, cunha cantarea de Dumbria e remata co cancioneiro de maldicir cunha cantarea de Vilastose. Logo, reflexiona sobre a perda destas cantigas dada a desaparición das foliadas, onde se cantaba. Tamén recorda vellas fiadas, nas que se reflectían os acontecementos sucedidos nas aldeas.

Quintáns Suárez, Manuel, *Cancioneiro do Fisterra galego*, Tomo II, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Nume, 2000, 179 pp. (ISBN: 84-89129-65-7).

Neste segundo volume Manuel Quintáns recolle, como no anterior, unha serie de cantareas comentadas e clasificadas por temas. Así, nestas páxinas, obsérvase a presencia de varios cancioneiros "particulares". O primeiro que nos achega é o do "traballo" que se estructura á súa vez en varios campos: oficios e profesións, o mar e o campo. Salienta que con este se pretende achegar o lector "á realidade deste ámbito sociocultural". O segundo é o "Cancioneiro do tempo", recollendo nel cantares relacionados co sol e a lúa, o luceiro, as constelacións, o vento, o mar, a noite, o mal tempo e os días sinalados. O terceiro é o "Cancioneiro dos valores", do cal destaca a súa proximidade ao refraneiro galego, con títulos das cantigas como "Quen mal anda, mal acaba" ou "Non as fagas, non as temas". O seguinte é o "Cancioneiro de Santos e romarías", no que se fai referencia á Virxe da Barca ou a San Andrés de Teixido. Remata o libro co "Cancioneiro de curas, demos e meigas", onde está presente o elemento máxico. Este tomo segue a mesma liña do anterior, cada cantiga vai acompañada dun comentario do autor, quen insiste en que estes só pretenden ser "unha compaña leda".

Quintáns Suárez, Manuel, *Cancioneiro do Fisterra galego*, Tomo III, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Nume, 2000, 244 pp. (ISBN: 84-89129-70-3).

Este terceiro tomo do *Cancioneiro do Fisterra galego* contén diversos cantares agrupados tematicamente no “Cancioneiro de ruada”, o “Cancioneiro de desafíos”, o “Cancioneiro de lugares” e o “Cancioneiro de maldicir”. As cantareas, que inclúen o lugar da súa recollida, normalmente son comentadas en grupos de tres. Sen embargo, no “Cancioneiro de maldicir” faise unha introducción ao principio para dar paso logo a todos os cantares de forma continuada. Ademais este último cancioneiro sae publicado por primeira vez neste volume, mentres que os demais xa foran publicados no xornal *O Correo Galego*. Todas as cantareas recollidas reflicten aquilo que interesa ao pobo: os seus soños, esperanzas, inquedanzas... e é por isto polo que “o cancioneiro é diante de nada unha das mostras máis fermosas da convivencia da comunidade”.

Rodríguez, José Luís (ed.), *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero. Tomo I: A obra de Ricardo Carvalho Calero. Lingüística. Tomo II. Literatura. Miscelánea*, 2 tomos, Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia/Universidade de Santiago de Compostela (Servicio de Publicacións e Intercambio Científico), col. Homenaxes, 2000, 1007 pp./1044 pp. (ISBN Tomo I: 84-8121-827-8) (ISBN Tomo II: 84-8121-8286) (ISBN obra completa: 84-8121-826-X).

Deste volume, que xa se describía o seu contido no apartado V. 1. deste *Informe*, dáse conta a continuación dun artigo que recolle referente á literatura oral galega:

- Mª Camiño Noia Campos, "A dimensión popular da obra de Leiras Pulpeiro", pp. 597-612.

Este artigo vén a ser "unha reelaboración da conferencia dada en Mondoñedo en decembro de 1998 nas *Xornadas sobre Manuel Leiras Pulpeiro e o seu tempo*". Trátase dun sucinto estudio sobre a pegada da literatura popular na obra de Leiras Pulpeiro, principiando cunha breve achega á escrita tradicional e ao seu tratamento ao longo do tempo. Cualifica ao autor de *Cantares Gallegos* (1911) como un "médico humanista" e un "escritor popular" que dedicou toda unha vida a recoller a tradición oral do pobo da comarca do Valadouro, ademais de apuntar que tamén elaborou composicións de seu que seguen fielmente os patróns populares. Así mesmo, centra logo o comentario no tema do Mariscal Pardo de Cela na obra do mindoniense, de quen di idealizou a figura do mártir, presentándoo como un loitador "exemplar" seguindo o

Recompilacións, monografías e libros colectivos

Recompilacións, monografías e libros colectivos

que dicía o pobo da súa zona. Conclúe recoñecendo a “singularidade” de Leiras Pulpeiro polo seu traballo en relación á literatura popular.

VV. AA., *Lendas, contos e outras historias*, Lugo: Centro de Servicios Sociais de Vilalba / CEIP "A Insua Bermúdez", 87 pp. (DL: LU 270-2000).

Trátase dun amplo conxunto contos e lendas, algúns ditos, que foi recollido polos alumnos do CEIP A. Insua Bermúdez, de Vilalba durante os cursos 1998-1999 e 1999-2000. O volume é froito dunha iniciativa do Centro de Servicios Sociais de Vilalba, que en 1998 propuxo ao colexio participar no programa “Na compaña dun libro-Campaña de Fomento da Lectura dos Maiores” da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia. Os nenos, como se di no limiar, debían lerlles aos seus avós *O mal do zapateiro e outros contos* e en troco os anciáns tíñanlles que contar algo. Pois ben, os rapaces recolleron por escrito as historias, que logo serían obxecto dunha escolla no colexio para a publicación do libro. Este contén unha grande variedade de relatos, de extensión curta, asentados na tradición popular. Nas súas páxinas atopámonos con personaxes do máis rechamante, dende mouros, reis e doncelas a meigas e almas perdidas. Así mesmo, tamén está presente a maxia, os feitizos e os milagres.

VII. Literatura de tranmisión oral

VII.2. Reedicións

Paz Fernández, Xosé, *Cancioneiro popular eumés (Festas anuais)*, limiar de Xavier Alcalá, ilust. Víctor G. Garabana, Pontedeume: Concello de Pontedeume, 2000, 302 pp. (ISBN: 84-605-0168-X).❿

Segunda edición desta obra recompilatoria feita por Xosé Paz Fernández e que conta cun limiar de Xavier Alcalá no que fala da súa vila de adopción e do gran labor desenvolvido durante anos por Xosé Paz, máis coñecido por “Pepucho”, a prol da música, e da cultura en xeral, eumesas. A seguir, recóllense algúns dos comentarios suscitados pola primeira edición de 1994, unha dedicatoria do autor, unha breve introducción na que reflexiona sobre o poder e valor da música fronte ás outras artes, e sinálanse algúns puntos de interese centrados na súa intención de rescatar todo o material que sexa posíbel e levar adiante un gran Cancioneiro Popular Eumés, así como breves anotacións nas que adianta o labor que se está a levar a cabo nunha futura entrega para, a seguir, en “Cántigas populares” explicar a riqueza do material que a continuación se recolle e que non aparece moito del en ningún outro sitio. Tamén explica que está organizado segundo as festas anuais nas que se cantaban estas cantigas, comezando polos “Manueles” que é o primeiro día do ano, seguindo polo Antroido, a Semana Santa, os Maios ou as Panxoliñas do Nadal, acompañadas todas as composicións populares reproducidas con numeroso material fotográfico no que están tomadas instantáneas de diferentes momentos festivos da vila ao longo de todo o século, así como documentación histórica na que se recollen noticias referentes a cada unha das festas. Finalmente, aparecen as partituras de todas as composicións incluídas nesta selección de cantares populares da vila de Pontedeume e da súa bisbarra.

VII. Literatura de transmisión oral

VII.3. Publicacións en revistas

A. R., “Lendas populares”, *Tempos Novos*, nº 43, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, decembro 2000, p. 83.

Dá conta conta do traballo de Esperanza Piñeiro e Andrés Gómez, *De lenda en lenda* (1999). Dise que está ilustrado por José María González Collado e presenta un amplo corpus lendario do noroeste galaico, ademais dun prólogo de Ramón Loureiro.

Estévez Vila, Xaime, “O coñecemento do medio a partir do folclore musical. Un caso concreto: os oficios no floclore musical galego” *Revista galega do ensino*, nº 29, “Prácticas”, maio 2000, pp. 179-205.

O autor é o profesor de música Xaime Estévez Vila e quere aproveitar o material musical para o coñecemento do medio mediante unha metodoloxía de traballo que nos leva á interdisciplinariedade. Ilústranos isto co tema dos oficios elixindo tres materiais: *Cancioneiro Musical de Galicia, Así canta Galicia* e *Escolma de cantigas do Cancioneiro popular galego.* Diferencia, entre os cantos de traballo, os que falan directamente do tipo de traballo dos que non e dános unha descrición deles. Así, no campo de “transportes e comunicación” están os cantos dos arrieiros, barqueiros, carteiros, canteiros e carpinteiros. No de “traballos téxtiles” salienta os costureiros e xastres, no do “campo” o labrador e outros coma maiceiro, segador, mallador e sementador. No dedicado a “músicos e bailadores” salienta ao gaiteiro por riba do tamborileiro e bailador. Os últimos grupos son os oficios “do mar”, “servicios ao pobo”, “relixiosos” e “militares”. Quedan só os cantares referidos a cabaleiros e criados, a estudiantes e algúns oficios como albardeiro, secretario, xuíces... Ao final dános unha proposta didáctica para traballar co material (comparación co presente, compor letra nova...) e uns obxectivos que o alumno ten que acadar. Adxunta un catálogo cos oficios atopados e remata o proxecto cunha biografía xeral na que destaca os documentos utilizados do folclore musical e unha achega do material de referencia para a utilización didáctica.

Fuentes Gago, Susana e Rita **Sueiro Campos**, “Cantigas”, *A Taboada*, nº 1, xuño 2000, pp. 75-81.

Comézase dando algunhas indicacións xerais sobre o que é a cantiga ou canción popular e sobre a recollida das coplas que aparecen aquí escolmadas, que presentan a seguinte clasificación temática: “Dos sentimentos amorosos”, “Vida de relación”, “Picaresca”, “Desdén”, “Consellos e refráns”, e, por último, “Burla”.

González Pérez, Clodio, “De Laza e do seu entroido”, *Guía dos libros novos*, “Antropoloxía”, xuño 2000, p. 12- 13.

Ademais de describir amplamente todas as actividades desenvoltas no Entroido, tamén se sinala a inclusión no volume *Laza O Entroido enxebre* (2000), de Xesús Blanco Conde, de varios relatos nos que se refiren lendas. Así, menciónase a presencia de historias sobre o “home do unto” e sobre o “lobishome”.

Mariño Ferro, Xosé Ramón, “Mouros e tesouros”, *Grial*, nº 148, Tomo XXXVIII, outoubro-novembro-decembro 2000, pp. 565-574.

Artigo estructurado en catro apartados temáticos, ademais dunhas liñas introductorias e dunhas conclusións, no que o autor pretende “identificar os motivos máis destacados e recorrentes das historias de tesouros e abordar o seu posíbel significado simbólico”. Estudia a presencia e a significación dos mouros na tradición oral galega e identifícaos co “outro”, que ten unha vida subterránea, nocturna e maléfica. Das características asociadas aos mouros destaca a posesión de tesouros, case sempre baixo a forma de galiña dos ovos de ouro ou de trabes soterradas. Estudia, a seguir, a figura das doncelas e a diversa tipoloxía de encantamentos e transformacións, ademais de se referir “ás formas de desentantar”. Conclúe afirmando que os motivos estudiados neste artigo poden asociarse aos “contos marabillosos”.

Neira, Xosé Neira, “Fábulas de Eirín”, *Guía dos libros novos*, nº 22, “Narrativa”, outubro 2000, p. 25.

Tras sinalar certas “inexactitudes” na traducción dos *Contos populares irlandeses*, de Joseph Jacobs, que saíu á luz en 1999, define a obra como “unha fraga de asombros e de sorpresas”. Ofrece, para corroborar esta afirmación, o inicio dun dos relatos e o argumento dalgúns dos contos. Refírese tamén á capacidade de falar que se lles outorga a certos animais e a certos elementos da natureza. Así mesmo, compara o mundo creado nestes relatos co mundo imaxinario de Álvaro Cunqueiro. Conclúe insistindo na importancia que a imaxinación ten na obra e cualificando o libro de “necesario e preciso”.

Requeixo, Armando, “Literatura popular mindoniense”, *Tempos Novos*, nº 32, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, xaneiro 2000, p. 108.

Refírese a *A carón do lume* (1999), libro que recolle diversos testemuños da literatura oral da área mindoniense, pois trátase dunha compilación feita ao longo de dezaoito anos por máis dun cento de alumnos do Real Seminario Santa Catalina de Mondoñedo, coordinados por Félix Villares Mouteira, profesor de Lingua e Literatura Galegas do seminario e prologuista da obra. Sinálase que esta publicación está dividida en catorce seccións, nas que, segundo Requeixo, hai textos mal colocados e, polo tanto, debe ser revisada neste punto. Así mesmo, este estudioso considera que se enriquecería se se tivesen dado os datos dos informantes de cada texto. Malia isto, destácase no artigo a boa acollida que teñen este tipo de obras nun tempo en que a literatura oral está desaparecendo.

_____, “Literatura e música populares en Galicia: as cantigas de fiada”, *Unión Libre*, nº 5, 2000, pp. 335-361.

Pon de relevo a relación música-literatura que se transparenta no cantigueiro popular e lamenta a falta de atención entre a crítica do estudio e a transcrición da música popular galega, que, ao igual que a literatura popular, quedan relegadas a un segundo plano con respecto á producción culta. Seguidamente achega unha posible clasificación do cantigueiro popular na que contempla cantigas infantís, cantos de labor, enumerativas, coplas diversas, parrafeos, cantos de costumes, romances vellos, romances novos e cantos de Nadal e de Reis. Céntrase logo nas cantigas de labor e dentro destas nas denominadas cantigas de fiada, para rematar ofrecendo un percorrido bibliográfico-histórico que recolle as monografías nas que foron reproducidas partituras destes cantos. A modo de apéndice recóllense as letras e as partituras de trinta composicións populares.

Vilar, Manuel, “Da oralidade como forma de reproducción cultural”, *Guía dos libros novos*, nº 21, “Antropoloxía”, setembro 2000, p. 13.

Comeza reflexionando sobre os enganos que pode conlevar o enfrontamento entre as sociedades modernas e as tradicionais. A continuación, louva a obra *Imaxinario. Literatura popular*, tomo XXVIII do Proxecto Galicia, coordinado por X. Manuel González Reboredo, por descubrirnos que a tradición “non é algo estático (...), senón que é algo cambiante e que depende do uso que dela fagamos”. Ofrece, ademais, un breve resumo do contido dos distintos apartados en que se artella o libro. Destaca, a este respecto, a presencia que a literatura popular galega ten nalgunha destas partes. Finalmente, sinala a necesidade de seguir traballando no eido antropolóxico sobre a tradición oral.

VII.4. Publicacións en xornais: estudios e recensións

VII. Literatura de transmisión oral

VII.4. Publicacións en xornais: estudios e recensións

Mandianes, Manuel, “Seres míticos”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 24, 7 maio 2000, p. 12.

Sobrancea do *Diccionario de seres míticos galegos* (1999), de Xoán R. Cuba, Xosé Miranda e Antonio Reigosa, a virtude de recoller un saber que doutro xeito desaparecería en poucos anos, malia que nas 710 entradas de que consta a obra bota en falta, dende unha perspectiva antropolóxica, outras consideradas máis importantes, especialmente aquelas que recollen estudios antropolóxicos recentes. Considera que a falta dun criterio espacial beneficia que cada autor poña todo o que sabe, porque dende a perspectiva da obra é un estudio no que se recompila a literatura oral e, malia que non hai contos nin lendas, están os seres que os poboan e que son os mesmos dos que lle falaban os contadores que el escoitou e dos que aprenden moito do que sabe sobre Galicia.

Valcárcel, Xulio L., "*De lenda en lenda*", *El Ideal Gallego,* "La Galería", 20 febreiro 2000, p. 4.

Sinala que o libro de Esperanza Piñeiro de San Miguel e Andrés Gómez Blanco, *De lenda en lenda. Camiños máxicos polo noroeste de Galicia* (1999), é unha parte do patrimonio da espiritualidade. Asemade, apunta que se trata dunha recompilación de lendas para recuperar a cultura popular conservada polos máis vellos e que están situados na zona de Ferrolterra, aínda que moitas delas son comúns a outros lugares de Galicia. Tamén se comenta que, cun estilo moi directo e sen excesivos adornos, vanse relatando historias dos seres do transmundo, de fadas e de mouros, de santos milagreiros, de cidades encantadas... aínda que tamén hai outras lendas, como dúas que nos falan sobre a orixe do topónimo Cariño.

VII.5. Publicacións en xornais: artigos de opinión e colaboracións fixas

VII. Literatura de transmisión oral

VII.5. Publicacións en xornais: artigos de opinión e colaboracións fixas

Alvarado, “Aquellas viejas ‘regueifas”, *La Región*, 19 xaneiro 2000, p. 2.

Considérase que se están a perder as vellas regueifas que inzaban as aldeas galegas, reprodúcense versos que lle custaron o exilio a Suso Vaamonde e conclúese indicando a importancia da temática política dentro destes desafíos.

Maíz Togores, José María, “A muller no refraneiro popular galego”, *O Correo Galego*, “Visión galáica”, 26 febreiro 2000, p. 2.

Comeza afirmando que nos refráns galegos existe unha visión misóxina, xa que é unha literatura feita por homes na que o pensamento feminino non tiña ningunha importancia. Despois pasa a reproducir algúns dos poucos refráns que eloxian ás mulleres e outros, os máis, nos que aparece vilipendiada.

_____, “O home no refraneiro popular galego”, *O Correo Galego*, “Visión galaica”, 19 abril 2000, p. 3.

Faise unha pequena escolma dos refráns galegos de contido masculino e saliéntase que neles non aparecen os ataques que se dan nos de contido feminino. Reprodúcense algúns exemplos destes refráns de contido masculino, algún daqueles nos que aparece a muller como inimiga do home, nos que o traballo ennobrece e dignifica o home ou mesmo nos que a muller é responsábel da “descapitalización” do home, etc.

_____, “A poesía popular galega”, *O Correo Galego*, “Visión galaica”, 11 agosto 2000, p. 2.

Logo de afirmar que as cantigas populares resisten pese ás influencias alleas, se ben se perdeu parte do romanceiro e das panxoliñas, sinala algúns temas e motivos do cancioneiro popular galego apoiándose en coplas: o amor, os santuarios e os artesáns, alén doutros moi líricos como as muiñadas, as vodas, os labores agrícolas ou a noite de San Xoán.

Prado Antúnez, Manuel, “A fin da idade dos contos”, *El Progreso*, “Sotto voce”, 30 agosto 2000, p. 9.

Neste lamento pola perda da transmisión oral de historias, apúntase a falta de creadores e de receptores. Lembra os seráns na casa do avó, con aquelas historias incríbeis e profundas, de gran creación artística. Por iso, di que agora todos estamos a ser meros receptores de historias e non creamos nada.

Rolland, Eduardo, “Contacontos”, *Faro de Vigo*, “La bujía”, 6 abril 2000, p. 9.

Sinala que a interpretación vive un bo momento en Galicia e subliña que o triunfo que están a ter os contacontos en Galicia non leva parello o despegue do teatro galego.

Seixas, Miguel Anxo, “Romances en Galicia e en Baía”, *O Correo Galego*, “A Maltrana”, 28 agosto 2000, p. 3.

Dá noticia da recolleita do romanceiro galego transmitido a Baía (Brasil). En primeiro lugar, reflexiona sobre o romanceiro galego en castelán, que segundo el ten orixe moderna e non só foi retocado polo pobo, senón tamén polos estudiosos, o que fai pouco fiábel moitas publicacións. A seguir, alude ao traballo desenvolvido por María del Rosario Suárez Albán no Centro de Estudios de Lingua e Cultura Galegas na Universidade Federal de Baía, que se materializou nos estudios: *Romanceiro Ibérico de Baía* (1986), xunto con Doralice Fernandes; un artigo nas *Actas do V Congreso Internacional de Estudios Galegos* (1999); e, finalmente, o disco *Romanceiros tradicionais na Galícia e na Bahia*, que pasa a describir.

VII.6. Publicacións en xornais: notas presentacións e escritos varios

VII. Literatura de transmisión oral

VII.6. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios

A. C., O mundo en palabras", *La Voz de Galicia*, 17 maio 2000, p. 4.

Sinala a importancia do rexurdir das historias orais en lingua galega gracias ao labor dos contacontos e alude aos vínculos existentes entre o teatro e os contacontos.

AGN, “El ‘Proyecto Galicia’ dedica a la cultura popular dos tomos”, *El Progreso*, “Sociedad” “Cultura”, 18 novembro 2000, p. 73.

Dá conta da presentación de dous volumes do *Proxecto Galicia* nos que se recollen achegas á cultura popular galega e as antoloxías de grandes autores. Indica que con estes volumes se pecha a colección de sete entregas dedicadas á antropoloxía galega e que nel aparecen as colaboracións de persoeiros como Xosé Filgueira Valverde, Antonio Fraguas ou Felipe Senén, entre outros. Tamén se recollen as palabras de González Reboredo durante o acto de presentación, que salientou a falta de precedentes e as ilustracións de Siro López como a parte máis orixinal, así como sinalou que se quixo homenaxear a aquelas figuras que participando no proxecto non viviron para velo realizado.

Espinoso, S., “Contacontos: A palabra feita lecer”, *La Región*, 18 abril 2000, p. 12.

Con motivo da celebración en Ourense do ciclo “Criadeiro de Contos”, organizado polo Círculo de Xoves Escritores, reflexiónase sobre a importancia deste espectáculo, onde existe unha mestura entre mestres, aprendices e público dos contacontos.

Mandianes, Manuel, “Seres míticos”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 24, 7 maio 2000, p. 12.

Indica que no *Diccionario dos seres míticos galegos*, de Antonio Reigosa, Xosé Miranda, Xoán Ramiro Cuba, faltan algúns personaxes imaxinarios, mais louva a valía do libro porque en pouco tempo moitos deles “desaparecerían para sempre” se non houbese quen os puxese en papel.

Pino, Concha, “Contos, refráns e adiviñas achegarán a lectura ós anciáns”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 8 decembro 2000, p. 30.

Alude á campaña “Para ler sempre é un bo momento”, que está dirixida aos residentes en centros de terceira idade e ás persoas maiores que queiran participar. Sinala que nesta campaña se entregan libros, entre os que se atopa *O tesouro da recadeira e outros contos*, editado con palabras de gran tamaño para a fácil lectura. Tamén sinala que entre o material para fomentar a lectura hai folletos con adiviñas, refráns e cancións populares, que están ilustrados con imaxes de persoas mariores. Así mesmo, explica que haberá unha sesión de contacontos para lograr que os nenos e maiores se aproximen, polo que chegará ás residencias a literatura infantil e xuvenil, que servirá de elemento dinamizador destes encontros cos rapaces.

VIII. Revistas

Adaxe. Revista de Estudos e Experiencias Educativas
(ISSN:0213-4705/DL: 764-1984).

Publicación anual da Escola Universitaria de Maxisterio e a Universidade de Santiago de Compostela. Dirixida por Ramón Sánchez, catedrático de Filosofía da Escola Universitaria de Maxisterio. Forman o Comité Científico todas as cátedras do centro editor. Publicou no ano 2000 o número 16, que presenta mudanzas no cadro directivo e redactor. Así, figura como director José Antonio Caride Gómez en substitución do anterior coordinador, Ramón Sánchez Rodríguez, que pasa a formar parte do Consello de Redacción, xunto con nove profesores máis da USC. Ábrese esta entrega cunha nota do novo director titulada “Cara un novo proxecto” no que agradece o traballo do anterior equipo e comenta a orientación da publicación cara a temas monográficos e a apertura de novas seccións. Ademais de artigos sobre Pedagoxía e Didáctica, Historia e Arte, figura unha sección específica sobre “Lingua e Literatura” na que atopamos un artigo sobre a traducción en Seamus Heaney e outro sobre a filosofía de Castelao, a cargo de Anxo González Fernández, que comentamos no apartado V. 4 deste Informe.

Agália. Revista Internacional da Associaçom Galega da Língua
(ISSN: 1130-3557 / DL: C-250-1985).

Publicou o primeiro número na primavera de 1985, dirixida pola presidencia de AGAL, coordinada por Joám J. Costa Casas, e cun Consello de Redacción integrado por oito persoas, que se foi ampliando ata chegar ás doce que ten na actualidade. Dende o número 41, datado na primavera de 1995, ocupa a dirección María do Carmo Henríquez Salido. Cunha periodicidade trimestral, está estructurada habitualmente nas seccións: “Estudos”, “Notas”, “Antologia”, “Documentaçom e Informaçom” e “Correio”. De momento chegaron a nós os números 59 (Outono 1999), 60 (Inverno 1999) e 61 (Primavera 2000). O número 59 presenta as seccións “Estudos”, “Notas”, “Antologia”, “Documentaçom e informaçom” e “Recensons”. A seguinte entrega presenta estas mesmas seccións, co engadido do “correio”. Neste caso, os estudios e boa parte das notas están centrados na figura e na obra de José Saramago, ademais doutras notas sobre o bretón moderno e sobre Nuno de Miranda. Na sección “Documentaçom e informaçom” dáse cumprida noticia dos pasamentos de Jenaro Marinhas del Valle e Júlio García Santiago apoiándose nas notas de prensa aparecidas ao respecto. O número 61, correspondente á primavera de 2000 presenta a novidade, con respecto aos anteriores, de incluír a táboa de “Estudos” e “Notas” na capa exterior. Inclúe estudios sobre a norma lingüística, sobre gramática histórica e sobre variación sociofonolóxica, ademais de novas de prensa sobre Murguía, Castelao e Carvalho Calero na sección “Documentaçom e informaçom”. Nos apartados correspondentes destes informe están descritos aqueles estudios, notas e recensións nos que se tratan temas referidos á literatura galega.

Alameda
(DL: C-888-2000)

Publicou o primeiro número en agosto de 2000, dirixida pola Sociedade Liceo de Noia, coordinada por Cándido M. Prego Rajo e cun Consello de Redacción formado por oito persoas. Ten unha periodicidade trimestral e presenta as seguintes seccións fixas: “Historia do Liceo”, “Pinceladas Sanitarias”, “O ensino en Noia”, “Xeografía”, “Personaxes”, “Historia”, “Cancións de Noia”, “Visións de Noia” e “Os nosos libros”. Ao longo do 2000 chegaron a nós o número 1 (agosto 2000) e o número 2 (decembro 2000). No número inicial, en “Personaxes” inclúese unha biografía do poeta Lisardo Barreiro a cargo de Aurora Marco e en “Visións de Noia” reprodúcese o poema de Enrique Labarta Pose títulado “Touros en Noia”. Ademais, no apartado “Os nosos libros” coméntanse os poemarios Última fuxida a Harar, de Antón Avilés de Taramancos e Poemas e Pensamentos da Vida, de Xavier A. Olariaga. No número dous, destaca o estudio incluído en “Visións de Noia” sobre os apartados da obra Galicia, de Manuel Murguía nos que se fala de Noia, así coma os comentarios en “Os nosos libros” da biografía de Roberto Blanco Torres, de Clodio González Pérez e da selección de artigos de Obra viva, de Antón Avilés de Taramancos. Todos os artigos referidos á literatura galega aparecen descritos no apartado V. 4 deste Informe.

Alquimia. Revista de creación literaria, artes gráficas e pensamento
(DL: C-2052-1999).

Pablo Sendín e Alexandre Pereira aparecen, respectivamente, como presidente e secretario de Edicións Nécora, selo matriz de Alquimia. Como director da publicación figura Alexandre Pereira mentres que Paulo Pérez e Pablo Sendín Raña constan como redactores. No outono de 1999 deitou o seu primeiro número, subvencionado pola Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, mais coa intención de tirar tres cada ano, correspondentes ás catro estacións bardante o verán. Nembargantes, en 2000 só se publicou o número dous, na primavera. A sección "Poesía" inclúe: "Traxedia grega", de Helena de Carlos; "De cabeza", de César Lorenzo Gil; "[dorme mentres che falo]", de Ramom Gris; "Ensaio sobre a dor", de María do Cebreiro; "(corazón)", de Emma Pedreira; e "Casa atlántica", de María Lado; mentres que Inma López Silva con "Monólogo da amante dun fascista nun día de abril", Armando Borrás con "Obscenidade urbi et orbi" e Rafa Janeiro con "X was here" integran a parte de "Narrativa". "Cómic" inclúe traballos de Bras Pimentel, "Herói do papel" e "Vertige sobre rodas"; e José Tomás, "A consulta". X. Antonio López Silva monopoliza a sección "Traducción" cun artigo sobre Solón de Atenas que inclúe catro poemas presentados de xeito bilingüe galego/grego clásico e que se pode consultar no apartado V. 4 deste Informe. O volume complétase coas ilustracións de Chus Pereira, Paulo Pérez, José Tomás e Carme Villar. A revista está presente na rede no enderezo http://www.members.xoom.com/alchimia.

Recensións e referencias varias:

-Ana Lorenzo, “Sale al mercado la revista cultural “Alquimia”, La Voz de Galicia, 21 xaneiro 2000, p. 92.

Dá conta da presentación na Facultade de Filoloxía da Coruña, a revista cultural Alquimia. Segundo Alexandre Pereira, director da publicación, esta nace coa intención de dar cabida a distintas manifestacións artísticas comprometidas coa lingua e a cultura do país. Coméntase que os responsábeis da revista prevén sacar un exemplar cada tres meses, agás no verán, debido a que nesta época non hai estudiantes e a distribución da revista faise nas facultades de Santiago, Vigo e A Coruña, así como en librerías destas tres cidades.

Andaina. Revista galega de pensamento feminista
(DL: C-1146-88).

Tivo unha primeira época entre 1983 e 1991. Iniciou unha segunda xeira, que continúa na actualidade, con nova numeración, formato e Consello de Redacción, en decembro de 1991. Dáselle cabida nesta publicación a temas misceláneos, sempre dende a perspectiva da muller. No ano 2000 viron a luz os números 25, centrado no xénero ("feminino, masculino, ambíguo, neutro..."); 26, sobre a presencia das mulleres nun mundo de homes; e 27, que trata sobre a violencia machista. O Consello de Redacción está integrado por Ana Arellano, Nanina Santos, Berta Rey, Milagros Becerra, Laura Gómez e Felicia Estévez, quen se ocupa tamén da corrección lingüística. A revista pode ser consultada no ciberespacio no enderezo http://www.geocities.com/wellesley/8012/andaina.htm, segundo consta no número 25, ou en http://www.escritoras.com/andaina, conforme se indica nos números 26 e 27. A única colaboración relacionada coa literatura galega, unha recensión a Ten o seu punto a fresca rosa, de María Xosé Queizán, da autoría de Celia Balboa, aparece descrita na sección I.1 deste Informe.

Anima + I
(ISSN: 1137-599X / DL: C-541-96)

Publicación creada en febreiro de 1991, co subtítulo “Revista cultural para todas as especies”, editada por Edicións Positivas e que presenta unha periodicidade variábel. Comezou a súa andaina tendo a Xelís de Toro como director e coordinador mais nos tres números tirados en 2000, que corresponden aos n°s 8, 9 e 10, presenta unha redacción composta por Francisco Macías, P.rC.B, Xis, Olalla Cociña e mais Comba Campoy. Presenta seis seccións: “En canal”, “Entrevista”, “A colmea”, “Outras especies”, “Incubación” e mais “Subliminal”. A seguir detallamos todo o referente á literatura galega que veu a luz nestas tres entregas. No nº 8 – inverno 2000–, que acolle diferentes escritos relacionados con Portugal, temos un artigo de Luís G. Cuntín, “Galicia e Portugal; non querendo esquecer” e mais o relato “Cuarto baleiro” de Xurxo Chapela. O nº 9 –verán 2000–, que inclúe un CD para os seus subscritores, presenta as opinións de persoeiros galegos como Roberto Vidal Bolaño ou María Ruído, entre outros, sobre cómo organizar a cultura dunha vila galega baixo o título “A cultura, ¿como organizala?” e un artigo de Xavier Queipo, “Os escritores, plinio e os peixes”, mentres que no nº 10 –inverno 2000– contén artigos referidos ao teatro galego actual baixo o título “Un teatro en Galicia”, a versión galega duns versos de Edgar Allan Poe e de tres contos do Senegal dentro da sección “En canal” e mais un cómic de Lago Isidro titulado “Caperucita Roja”. Todas as colaboracións aquí nomeadas están descritas nos apartados correspondentes deste Informe.

Recensións e referencias varias:

-Xosé Ramón Pena, “Animal, animal” Guía dos libros novos, nº 14, “Revistas”, xaneiro 2000, p. 31.

Describe a revista Animal como “fresca, con multiplicidade de xeitos e temáticas...”. Así mesmo dá conta dos contidos que recolle no seu nº 7, como son a música galega, o poeta Carlos Oroza, un traballo de Franck Meyer sobre Rolf Dieter Brinhamann, a banda deseñada (Henrique Torneiro), referencia a outras revistas (Na gaita e Bambán) e un artigo sobre Timor Leste de Roberto Abuín. Remata a presentación X. R. Pena dándolle os parabéns á revista.

-Xosé Ramón Pena, “Animal 2000”, Guía dos libros novos, nº 18, “Revistas”, maio 2000, p. 30.

Dáse conta da publicación do número oito da revista Animal. Saliéntanse os artigos dedicados as relacións existentes entre Galicia e Portugal. Así, coméntase que en “Galicia e Portugal; non querendo esquecer” de Luís G. Guntín ofrécese un percorrido pola historia desa relación. O artigo “Alfándega audiovisual” de Xaime Fandiño preséntase como unha defensa da necesidade de que existan proxectos audiovisuais conxuntos entre estes pobos veciños. Ademais dunha entrevista con Mumia Abu-Jamal, dunha reportaxe sobre a mata do porco e doutra sobre a Plataforma Anti-Peaxe, saliéntase a inclusión dun conxunto de “contos xitanos” que se cualifican como “mostra da cultura dunha etnia”.

-Xosé Ramón Pena, “Animal de verán”, Guía dos libros novos, nº 22, “Revistas”, outubro 2000, p. 30.

Dáse conta da aparición do número nove da revista Animal. Da publicación destácase a súa “pluralidade e actualidade” nos contidos e o seu “deseño áxil e atractivo”. Infórmase dos diferentes estudios, artigos e reportaxes ofrecidos neste número entre os que se atopan un poema de Ademar Bojo e un artigo sobre os escritores galegos de Xavier Queipo. Remátase invitando ao lector a repasar este número da revista.

Anuario Brigantino
(ISSN: 1130-7625 / DL: C-1613/2000).

Publicación fundada por Francisco Vales Villamarín que edita anualmente o Concello de Betanzos co copatrocinio da Deputación da Coruña, a Fundación Caixa Galicia e o Banco Etcheverría. Coñeceu dúas épocas. A primeira etapa comezou en 1949, cando saíu do prelo o Anuario Brigantino de 1948, baixo a dirección do fundador, para continuar nos anos 1950 e 1951. A segunda xeira encetouse en 1981 tras 30 anos de silencio e esténdese ata a actualidade. Alfredo Erias Martínez dirixiu o comité científico dende o pasamento de Vales Villamarín. No ano 2000 publicouse o número 22 correspondente a 1999, no que se manteñen as seccións da edición anterior: “Arte”, “Literatura”, “Antroploxía”, “Entidades culturais e deportivas”, “Acontecementos do ano” e “Administración Municipal”; e se incorpora unha nova como apartado independente: “Historia”. No tocante á literatura, inclúe un traballo de Xulio Cuns Lousa sobre a modalidade teatral do apropósito, unha breve biografía de Uxío Novoneyra a cargo de Manuel Eugenio de Neira Pol, así como dous traballos de Concepción Delgado Corral sobre a presencia de Galicia na obra do polígrafo portugués José Leite de Vasconcelos e a relación de Manuel Murguía co poeta betanceiro José Vázquez das Mariñas. Todos estes artigos aparecen descritos nos apartados correspondentes deste Informe.

Recensións e referencias varias:

-Teresa Pérez, “Betanzos considera su Anuario la mejor revista municipal de Galicia”, El Ideal Gallego, 29 setembro 2000, p. 30.

Dá conta do acto de presentación do nº 22 da revista no Concello de Betanzos. Tras resumir a traxectoria e a estructura temática desta, recolle as declaracións do alcalde, Manuel Lagares, que destacou o esforzo da equipa redactor, sobre todo, do director, así como as palabras de José Cardoso Liñares, profesor retirado da Universidade Popular da Coruña e Doutor en Historia da Arte. Segundo este, o Anuario é a mellor revista municipal do país e propón, ademais, facer un recopilatorio sobre o fundador e converter o Museo das Mariñas nunha institución comarcal.

El Barbero Municipal

(ISBN Tomo I: 84-7492-971-7) (ISBN Tomo II: 84-7492-972-5) (ISBN Obra completa: 84-7492-970-9).

A edición facsimilar deste semanario conservador ábrese cunha introducción de X. L. Axeitos, na que, baixo o encabezamento de “Castelao na prensa local rianxeira. Biografía de “El Barbero Municipal” (Rianxo, 1910-1914)”, dá conta dos números publicados, dos formatos e cabeceiras e das imprentas encargadas da súa impresión. Tamén explica as incoherencias que poidan xurdir ao ler a súa declaración de intencións, pois, ademais de mostrar unha vontade de loita anticaciquil, tiña unha fe rexa no poder da prensa periódica como canle de loita política e social e afirmaba os valores relixiosos, o que sorprende se temos en conta a presencia de colaboradores e simpatizantes de talante liberal e a aparición de temas máis propios de librepensadores ca de conservadores tal como se audenominaban. Sinala que o maior valedor deste periódico, que mantiña certas contendas co das ringleiras liberais rianxeiras, o chamado Buenas Noches, segue a ser a presencia fundacional e colaboración de Castelao. Así, subliña a grande importancia que vai ter na súa formación e traxectoria posterior, xa que, ideoloxicamente, vai permitir que se inicie na loita anticaciquil e valore as dificultades do compromiso político; e, artisticamente, na caricatura pondo a súa arte ao servicio das paixóns políticas. Comenta que un dos principais artifices de El Barbero Municipal é Don Xosé Arcos Moldes, director, redactor, subscritor e anunciante, e que no seu número un figuraba Eduardo Dieste como director literario e Castelao como administrador. Apunta que estes dous últimos serán protagonistas en numerosas ocasións desta cabeceira, a pesar das súas ausencias contínuas da vila rianxeira,

pois as súas páxinas daranlle cabida ás súas propias colaboracións e ás daqueles que aluden ao seu labor artístico e profesional. Así mesmo, indica que nel escribiron Xosé Rañó, Ramón Rey Baltar, X. R. Nine ou Rosa Fachado Somoza, e que non faltaron as reproduccións literarias de textos de Neira de Mosquera, Rosalía de Castro, Manuel Murguía, Concepción Arenal ou Alberto Camino e colaboracións activas como as de Manuel Lugrís Freire. Remata facendo fincapé de novo no labor gráfico de Castelao neste xornal e sinalando que unha vez máis Ediciós do Castro e Isaac Díaz Prado, no 50 cabodano da morte do ilustre rianxeiro, “rescatan do esquecimento unha obra do pasado para proxectar o futuro”. A seguir, Xosé Antonio Calvo Ces presenta un índice xeral, no que, por orde alfabética, aparecen as firmas colaboradoras en El Barbero Municipal, xunto co título dos seus artigos e o número, data e páxina na que apareceron. Este índice xeral está acompañado dunha datación dos números deste xornal e cunha explicación de moitos dos nomes aparecidos nas súas páxinas. Despois destes apartados introductorios, reprodúcense en dous volumes os seus 191 números saídos á rúa: o primeiro recolle os publicados dende o 17 de xullo de 1910 ao 6 de abril de 1912, e o segundo, do 13 de abril de 1912 ao 7 de marzo de 1914.

Recensións e referencias varias:

-Miguel Anxo Seixas, “El Barbero Municipal”, O Correo Galego, “A Maltrana”, 18 novembro 2000, p. 3.

Dá conta da edición facsimilar, que Ediciós do Castro vén de tirar do prelo, do semanario conservador rianxeiro El Barbero Municipal, levado entre 1910 e 1914 por José Arcos Moldes, Daniel Castelao e Eduardo Dieste. A seguir, explica o periplo que este periódico sufriu por diferentes obradoiros de artes gráficas. Sinala, así mesmo, Seixas que os colaboradores non concordaban necesariamente coa ideoloxía desta cabeceira senón que a utilizaban como medio de expresión contra o caciquismo liberal.

Boletín da Real Academia
(ISBN: 84-87987-21-4 / DL: C-743-2000).

Vinte anos despois de que se publicara o nº 360 do Boletín da Real Academia Gallega, órgano oficial e científico desta Institución dende o 20 de setembro de 1906 a decembro de 1980, neste ano 2000 renóvase a súa publicación co título Boletín da Real Academia Galega, e seguindo a numeración iniciada no ano 1906. Así, neste nº 361, móstrase un monográfico sobre a inxente obra poligráfica de Manuel Murguía, que foi o primeiro presidente da Academia (1906-1923) e un dos grandes estudiosos e concienciadores de Galicia, a quen este ano se lle dedica o Día das Letras Galegas. Ábrese este monográfico cun texto de Francisco Fernández del Riego, “A xeito de presentación”, no que ademais de dar conta dos contidos deste volume, fai referencia á súa actividade como autor literario, crítico ou arquiveiro. Así mesmo, alude ao seu labor e entrega no revitalizamento dos valores autóctonos e ao de animador de grupos intelecutais que en Galicia traballaban polo renacer da propia cultura, chegando a exercer unha grande influencia na obra póetica de Rosalía de Castro e Eduardo Pondal. A continuación, presenta o apartado “Artigos”, no que se analizan aspectos vinculados coa ideoloxía, lingua, arqueoloxía ou antropoloxía e Manuel Murguía. Por outra parte, están aqueles relacionados coa súa vida ou o ámbito literario e xornalístico como son “Para unha bibliografía, correcta e completa, de Manuel Murguía”, de Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda; “Los Precursores (1885): notas de lectura”, de Xesús Alonso Montero”; “O polígrafo destemido: pensamento literario e crítica en Manuel Murguía”, de Ramiro Fonte” e “O Diccionario de escritores galegos”, de Ana Belén Fortes López. No seguinte apartado, “Crónica da Real Academia Galega”, recolle unha biobibliografía do actual Presidente

da Academia, Francisco Fernández del Riego, e faise eco da súa nova directiva, da relación dos actuais Académicos Numerarios e da reforma e aprobación dos seus Estatutos. Asemade, contén unha “Sección necrolóxica”, na que tamén se fai unha pequena biobibliografía de autores como Álvaro Cunqueiro Mora, Rafael Dieste, Valentín Paz Andrade, Ricardo Carballo Calero, Ramón Piñeiro López, Xosé Filgueira Valverde e Antonio Fraguas Fraguas, entre outros. Finalmente, dá conta doutros aspectos que teñen que ver coa RAG, como son o ingreso de Académicos Numerarios e os persoeiros aos que se lle dedicou o Día das Letras Galegas dende 1981, as súas diferentes seccións e os seus convenios, as institucións con representación súa ou coas que colabora, a creación do Premio “Padre Sarmiento” de microtoponimia, as doazóns que recibe e as súas publicacións dende 1981. Todos os artigos referentes á literatura galega aparecen descritos nos apartados correspondentes deste Informe.

Recensións e referencias varias:

-Miguel Anxo Seixas, “Boletín da Real Academia Galega”, O Correo Galego, “A Maltrana”, 31 xullo 2000, p. 3.

Sinala que dende a súa creación a Real Academia Galega non cumpriu os obxectivos cos que foi fundada malia editar algúns libros e opúsculos e contar cunha biblioteca, unha hemeroteca, un arquivo, un museo

académico e outro de Emilia Pardo Bazán. Salienta o cambio producido coa incorporación de Francisco Fernández del Riego á presidencia e entre as súas actuacións cita a incorporación dos académicos de número "morosos", a redacción duns novos estatutos e o pulo xeral ao organismo, entre o que inclúe a recuperación do Boletín da Real Academia Galega. A propósito desta publicación sinala que interrompeu a súa publicación en decembro de 1980, coincidindo co seu número 360 e que se recupera agora co número 361 coa coordinación de Xesús Alonso Montero e Xosé Ramón Barreiro Fernández. Con respecto aos seus contidos, destaca que se trata dun monográfico sobre Manuel Murguía que conta con dez artigos sobre o homenaxeado e unha breve información sobre as actividades da Academia.

-Miguel Anxo Seixas Seoane, "Boletín da Real Academia Galega" A Trabe de Ouro, nº 44, "Publicacións", Tomo IV, Ano XI, outubro-novembro-decembro 2000, pp. 537-540.

Comeza afirmando que a Real Academia Galega non cumpriu con todos os obxectivos polos que foi fundada; sen embargo, "aí están a biblioteca, a hemeroteca, o arquivo, o museo académico e o museo de Emilia Parzo Bazán". A seguir, cita algunhas das obras publicadas pola Academia como o Boletín de la Academia Gallega (1906), o Diccionario da lingua galega (1990), o Pequeno diccionario da lingua galega (1993) ou o Diccionario da Real Academia Galega (1997), entre outras. Para rematar, alude ao Boletín da Real Academia Galega que, coordinado por Xosé Ramón Barreiro Fernández e Xesús Alonso Montero, publica no ano 2000 o número 361, "como continuación do interrompido hai vinte anos". Neste Boletín hai dez artigos de Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda, Xesús Alonso Montero, Xosé Antonio Durán, Ramiro Fonte, Belén Fortes López, Rafael Chacón Calvar, Henrique Monteagudo, Marcos Martimón-Torres e Fernando Pereira González sobre a figura de Manuel Murguía. Por último, no outro apartado do citado Boletín ofrécese unha crónica da Real

Academia, “na que se nos fala do novo presidente que ocupa o cargo dende o 29 de novembro de 1997 despois da dimisión de Domingo García-Sabell o 19 de xullo de 1997”.

Boletín Galego de Literatura
(ISSN: 0214-9117 / DL: C-641-1989).

Revista cunha periodicidade semestral dirixida por Anxo Tarrío Varela dende a súa aparición en 1989. Trátase dunha publicación da Universidade de Santiago de Compostela subvencionada pola Xunta de Galicia e na que colabora o Ámbito Cultural/El Corte Inglés. No seu Consello Científico figuran catedráticos de universidades de todo o mundo. Cada volume vai ilustrado por un fotógrafo ou por un artista gráfico. No ano 2000 saíron os n°s 23 –no mes de maio– e 24 –en novembro– correspondentes ao primeiro e segundo semestres, respectivamente. Ambos os volumes teñen as seccións: “Estudios”, “Notas”, “Encontros” –só no nº 24–, “Documentos”, “Libros” e mais “Creación”. A seguir detallamos todo o referente á literatura galega que aparece nestes dous números. A sección “Estudios” correspondente ao nº 23 presenta o traballo de Teresa Amado e de Pilar Lorenzo Gradín (“Os estudios de poesía lírica galego-portuguesa (1978-1998)”), mentres que no nº 24 aparecen os traballos de Xulio Pardo de Neyra (“Evaristo Correa Calderón, a consolidación do nacionalismo galego e a introducción do vangardismo poético na literatura galega”) e mais o de Andrés Xosé Pociña López (“As aventuras de Ulises: Algunhas concordancias e discordancias entre as versións da Odisea, a Crónica Troiana e a Historia Troyana”). No referente á sección “Notas”, no nº 23 publícanse os artigos de Xosé Manuel Moo Pedrosa (“O neno suicida”: cara a unha teoría do fantástico”); de Claudio Rodríguez Fer (“Ánfora: a primeira luz”) e o de Mario Romero Triñanes (“Producción bibliográfica sobre Roberto Blanco Torres. Día das Letras Galegas 1999”), en tanto que no nº 24 os de M.ª Teresa Araújo García (“Obra descoñecida de Manuel Amor Meilán en Galicia Moderna (A Habana)”); X.

Bieito Arias Freixedo (“¿e u era? ¿a clave da cantiga de Meendinho?”); María do Cebreiro Rábade Villar (“A ‘Síndrome de Stendhal’: contra a lírica cruel, poesía do esquenzo”); María Luis Gamallo (“A narrativa galega dos noventa: cara á consolidación dunha nova novela”); Antonio Francisco Pedrós Gascón (“Santiago de Compostela: Urbe e identidade na obra de Suso de Toro”); Xosé María Rei Lema (“Francisco Romero Lema ou unha vida de homenaxe a Enrique Labarta Pose”) e mais o de Isabel Seoane (“Un escrito de Murguía en galego. O recoñecemento de Valentín Lamas Carvajal”). No apartado de “Documentos” do nº 23, móstranse as colaboracións de Xosé Luís Axeitos (“Dos arquivos de Rafael Dieste. Carlos Maside no exilio”) e mais de Xulio Pardo de Neyra (“Tres inéditos galegos do Cura de Fruime. Contribución ao corpus lírico da Galicia do XVIII”), e no nº 24 a de Xosé Luís Axeitos (“Vida, paixón e morte de Lorenzo Varela”). Na sección destinada aos “Libros” do nº 23 recóllense as recensións de M.ª Teresa Amado Rodríguez (“Aristóteles, Poética”); de Ignacio Rodiño Caramés (“Aida Fernanda Dias, Cancioneiro Geral de Garcia de Resende. A temática”); de Gerardo Pérez Barcala (“A. Fernández Guiadanes, F. Magán Abelleira, I. Rodiño Caramés, M. Rodríguez Castaño, X. X. Ron Fernández, M. del C. Vázquez Pacho (eds.), Cantigas do Mar de Vigo. Edición crítica das cantigas de Meendinho, Johan de Cangas e Martin Codax”); de Carlos Pérez Varela (“Antón Figueroa e Xan González-Millán, Communication littéraire et culture en Galicie”); de Miguel Louzao (“Manuel García Barros, Contiños da terra”). No nº 24 e dentro da mesma sección de “Libros” temos as recensións de María Francisca Llantada Díaz (“Alberte Pagán, A voz do trevón Unha aproximación a “Finnegans Wake”); de Xosé Manuel Dasilva (“Celso Emilio Ferreiro/Antonio Blanco Freijeiro, Musa Alemá”); de Luis R. Martul (“Gustavo San Román (ed.), Paja Brava de El Viejo Pancho e outras obras de José A. y Trelles”); de María Xesús Nogueira (“José Luís Forneiro, El romancero tradicional de Galicia: una poesía entre dos lenguas”) e mais de Xabier Campos Villar (“Ramón Nicolás Rodríguez (coord.), Manuel Luís Acuña”). Para rematarmos, na derradeira sección, “Creación”,

participan Xavier Carro e Víctor Fernández Freixanes no nº 23, en tanto que no 24 temos as colaboracións de Miguel Anxo Fernán-Vello e Román Raña Lama. No tocante ás ilustracións, as do nº 23 foron realizadas polo fotógrafo Alex Mene e os deseños artísticos do 24 son obra de Miguelanxo Prado. Todos os traballos, artigos, recensións e creacións aquí nomeados aparecen descritos nos apartados correspondentes deste Informe.

Recensións e referencias varias:

-Salvador García Bodaño, “10 anos de creación”, El Correo Gallego, 23 xaneiro 2000, p. 3.

Dez anos de creación é o título dun número extraordinario do Boletín Galego de Literatura, dirixido por Anxo Tarrío, no que se reproduce a obra de distintos poetas e narradores das publicacións semestrais dos anos 1989 a 1999. Tamén indica que conta este número con portadas de diferentes artistas plásticos que colaboraron neses mesmos anos. Destaca García Bodaño que “produce unha grande satisfacción intelectual que as revistas culturais (...) nunca perdan o entusiasmo fundacional e se manteñan abertas ao seu tempo histórico” como é o caso do Boletín Galego de Literatura. Considera tamén que esta publicación está na liña da emblemática Grial, dirixida por C. Casares, roteiro ao que recentemente se incorporaron Citania (Artes. Letras. Espectáculos), dirixida por Euloxio R. Ruibal e María Antonia Pérez, e a revista cultural Alquimia, baixo a dirección de Alexandre Pereira.

-C. Blanco Outón, “Diez años de literatura”, El Correo Gallego, 20 febreiro 2000, p. 2.

Dáse conta da edición do número 21-22 do Boletín Galego de Literatura, volume especial que conta con creacións de escritores coñecidos e que recolle os índices de colaboradores, creadores e ilustradores de cada número. Destácase no artigo o coidado e calidade na publicación desta revista, da que se di que actualiza e dá difusión ao panorama literario e artístico galego.

-Alfredo Conde, “Achados”, El Correo Gallego, “Os outros días”, 29 febreiro 2000, p. 4.

Ver Conde, Alfredo no apartado V. 6 deste Informe.

-Dora Vázquez, “Literatura no comezo do ano 2000”, O Correo Galego/La Región, “De paso”, 18 febreiro 2000/9 marzo 2000, p. 3/p. 23.

Apunta que nos primeiros meses do 2000 saíron á luz algúns números de diferentes revistas. Sinala que en xaneiro apareceu o número 3 de Fadamorgana, presentando libros novos de literatura infantil e xuvenil, entre eles os de María Victoria Moreno, á que tamén se lle fai unha entrevista; que no mesmo mes saíu o número 21-22 do Boletín Galego de Literatura, cuns corenta nomes con biografía, autopoética e mostras de prosa ou poesía, creadores da década 89-99, recollidos agora neste volume. Por último, comenta que entre xaneiro e febreiro, apareceu o primeiro número da revista ourensá El Liceo, para conmemorar o 150 aniversario da súa

fundación. Neste volume faise un resumo de actividades levadas a cabo no 1999 e apórtanse recordos históricos desta sociedade con documentos de investigación.

-Xosé Ramón Pena, “Dez boletíns, dez”, Guía dos libros novos, nº 16, “Revistas”, marzo 2000, p. 30.

Dá conta da publicación dun novo número do Boletín Galego de Literatura, que celebra con esta entrega o seu décimo aniversario, lembrando parte da nómina dos colaboradores, entre os que se topan Xesús Alonso Montero, Xosé María Álvarez Cáccamo e Claudio Rodríguez Fer, e describindo a organización interna do volume así como o apartado de creación, no que nesta ocasión participaron Luz Pozo, Suso de Toro, Margarita Ledo, X. L. Méndez Ferrín e Chus Pato, entre outros.

-Xulio Valcárcel, “Boletín Galego de Literatura”, El Ideal Gallego, “La Galería”, 18 xuño 2000, p. 12.

Di que esta non é unha revista máis, senón a “máis destacada e importante”. Seguidamente, afirma que a pretensión inicial de destinala ao ámbito educativo foi superado ao atinxir unha proxección internacional. Para finalizar, adianta algúns contidos e colaboradores do número dobre, que é unha recompilación “interesante e necesaria”.

“Xavier Castro Rodríguez, “Arte e cultura”, El Correo Gallego, “Correo das Culturas”, nº 46, 15 outubro 2000, 12.

Cualifícase de gratificante a aparición dun novo número do Boletín Galego de Literatura. Lóuvase o labor que, como director deste proxecto, está levando a cabo o profesor Anxo Tarrío. A incorporación de ilustracións preséntase como unha “fórmula moi atractiva”. A este respecto, menciónase o nome de Alex Mene como o responsábel do labor fotográfico neste número. Finalmente, ofrécese un breve resumo dos artigos contidos en dous dos apartados desta publicación: Estudios e Creación.

Cachiquimbra. Boletín do seminario de estudios celanovenses

(DL: 5/96)

Revista con formato de xornal de á penas dezaseis páxinas que volve saír á rúa en xaneiro, despois dunha paréntese de varios anos, co seu número 4. Nela ocúpanse de libros e publicacións sobre a vila de Celanova, onde está editada, e sobre outros aspectos da vila como a desamortización, o censo poboacional ou dun mitin dos anos vinte e de cuestións arredor do futuro da casa natal de Curros Enríquez. Ademais inclúe un poema intitulado "O Forriolo" de Antón Tovar.

Recensións e referencias varias:

-L. R., "Méndez Ferrín y Luis Otero, en la vuelta de 'Cachiquimbra", La Región, 11 febreiro 2000, p. 35.

Encadra o nº 4 da revista, que conta con "colaboracións tan ilustres" como as de Xosé Luís Méndez Ferrín e Luís Otero, nunha serie de actividades coas que o Seminario de Estudios Celanovenses pretende recuperar e dar a coñecer o patrimonio da comarca. Tamén informa das entidades colaboradoras, de novos proxectos e dalgúns artigos da publicación.

Casahamlet
(DL: C-1152-1999).

Revista anual de teatro, dirixida por Francisco Pillado Mayor. No Consello de Redacción desta publicación, que está apoiada pola Deputación da Coruña, figuran os nomes de Santiago Fernández, Manuel Lourenzo e Xesús Pisón. En maio de 2000 saíu do prelo o número 2, que está “adicado a recensar o teatro galego na Coruña nos séculos XIX e XX”. Así pois, a revista principia coa sección “Momentos”, na que recolle artigos de varios colaboradores sobre o tema: “Marinhas del Valle e o teatro na Coruña” e “A Escola Rexional de Declamación...” de H. Rabuñal Corgo; “O teatro na Coruña coas Irmandades da Fala” de L. Tato; “O teatro insubmiso na Coruña” de X. Pisón e “Don Hamlet de Cunqueiro en Lugo” de Manuel María. De seguido, alúdese ao importante labor de varias compañías teatrais, entre elas, Librescena, Teatro da Bufarda, Compañía de Teatro Luís Seoane ou a Escola Dramática Galega. Céntrase, logo, en “Publicacións” teatrais vinculadas ao ambiente coruñés, algunha delas pertencentes a algunha das compañías anteriormente citadas. Deste xeito, P. García Negro e I. Ogando comentan aspectos relacionados cos Cadernos da Escola Dramática Galega; H. Rabuñal Corgo analiza a tarefa de Lar no eido da dramaturxia; N. Pazó fai referencia aos libros da Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor; así como X.Pisón estudia o ámbito editorial actual, recordando tres grandes publicacións do pasado. A seguir, adxúntanse unha serie de breves “textos dramáticos”: Algo gracioso, de Raúl Dans; O maldito escocés, de X. M. García; Nacerá umha estrela, de Marinhas del Valle; Panexírico de Lapa, de X.L. Martínez Pereiro; A representación. Drama en catro cadros, de P. Pereiro e O ensaio, de M. Riveiro Loureiro. En "Aulas", R. Salgueiro

reflexiona sobre o proxecto dunha Escola Superior de Teatro en Galicia. Para rematar, achégase ao apartado de "Documentación", neste caso sobre as compañías e as publicacións mencionadas na revista. Os artigos relacionados co teatro galego están descritos nos apartados correspondentes deste Informe.

Recensións e referencias varias:

-C. F., “La pasión de Manuel Lorenzo por el teatro lo convierte en irrepetible”, El Ideal Gallego, 26 agosto 2000, p. 17.

Achégase ao labor profesional de Manuel Lourenzo salientando dous dos proxectos nos que traballa: a revista Casahamlet, creada por el mesmo e por Santiago Fernández e considerada un foro de opinión no que se tratan todas as cuestións referidas á situación do teatro en Galicia, e a elaboración dunha obra de teatro, xunto con Xesús Pisón e Miguel Anxo Fernán Vello, baixo o título de O can, o espello e a noite, adicada a María Casares que agardan representar na que fora a casa da actriz en Francia. En columna á parte, refírese á relación da Compañía Casahamlet coa Deputación da Coruña e ao labor que o grupo teatral leva a cabo gracias ás subvencións da institución como actuacións teatrais, publicacións e cursos de formación.

-M. Quintáns S., “Teatro galego na Coruña”, El Correo Gallego, “Correo das Culturas”, nº 50, 12 novembro 2000, p. 8.

Dá conta da publicación do segundo número da revista e describe o seu contido pormenorizadamente. Sinala que é un monográfico sobre o teatro galego na Coruña nos séculos XIX e XX, no que aparecen os traballos de autores como Henrique Rabuñal Corgo, Laura Tato, Xesús Pisón, Manuel María, Miguel A. Mato Fondo, Manuel Lourenzo, Ramiro Neira ou Francisco Pillado Mayor, director da publicación. A seguir, sinala que o número conta con cento catorce páxinas, que está ilustrado por numerosos autores, entre eles Pepe Cáccamo, Antón Cordero, Ana Pillado Vega ou Fidel Vidal, entre outros, e que na sección “Textos Dramáticos” se recollen pezas de Raul Dans, Xosé Manuel García García, Jenaro Marinhas del Valhe, Xosé Luís Martínez Pereiro e Manuel Riveiro Loureiro, sobranceando tamén as seccións “Aulas” e “Documentación”. Remata gabando o labor de Francisco Pillado Mayor a prol do teatro galego e á Deputación da Coruña polo seu patrocinio dunha empresa tan importante para a cultura galega.

Citania. Artes. Letras. Espectáculos
(ISSN: 1139-3092 / DL: C-1106-98).

Revista de periodicidade irregular que naceu na primavera-verán de 1998 e conta, dende os seus inicios, cunha dirección formada por Euloxio R. Ruibal e Mª Antonia Pérez. Asemade, ten un Consello de Redacción e Consello Editorial conformado por un gran número de persoas pertencentes a Universidades galegas e estranxeiras. Esta publicación, que no ano 2000 sacou o seu número 3, caracterízase polo seu marcado carácter interdisciplinar e acolle nos seus seis apartados unha serie de traballos varios. Polo que se refire aos relacionados coa literatura galega, que aparecen descritos nos apartados correspondentes deste Informe, dáse conta deles a seguir. Así, despois de pasar os apartados de “Artigos” e “Notas”, aparece o de “Creación”, que recolle as creacións de Ricardo Martínez Conde e Raúl Dans. Por outro lado, está o apartado de “Crónicas” e o de “Libros”, que ofrece os traballos “Café con gotas: Ollada nostálxica ao IX”, de Inmaculada López Silva, “Cinguidos por unha arela común. Homenaxe a Xesús Alonso Montero”, de Xosé A. López Silva e Informe de Literatura (1995, 1996, 1997 e 1998), de Cristina Blanco. Por último, está o apartado “Conversa”. Todos os artigos relacionados coa literatura galega están descritos nos apartados correspondentes deste Informe.

Cuadernos de Estudios Gallegos
(ISSN: 0210-847 X / DL: M-562-1958).

Esta publicación do Consejo Superior de Investigaciones Científicas e do Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallego sacou á luz durante o 2000 dous números, o Tomo 112 e o 113. Volumes estructurados, como de costume, nas seccións seguintes: “Arqueoloxía e Prehistoria”, “Historia e Xeografía”, “Historia da arte”, “Antropoloxía e Etnografía”, “Lingua e literatura”, esta última dirixida por Benito Varela Jácome. Os artigos que tratan algún tema relacionado coa literatura galega están descritos nos apartados correspondentes deste Informe.

Dorna. Expresión Poética Galega
(ISSN: 0213-3806 / DL: C- 94-1982).

Publicación que comezou a súa andaina como revista poética o 17 de maio de 1981, baixo a coordinación de Luís G. Tosar “Che”, Manolo Loxo e Suso Molanes, editada pola Asociación Dorna. A partir do número 2, a súa publicación foi asumida polo Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago de Compostela, en colaboración coa Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia. Henrique Monteagudo, Dolores Vilavedra, Xosé Manuel Salgado, Iris Cochón, Miro Villar e Mª Xesús Nogueira compoñen o Comité de Redacción, mentres que Ramón Lourenzo ocupa o posto de Director. Carece de periodicidade fixa. No ano 2000 tirouse, con ocasión do Día das Letras Galegas, o número 26, que se presenta dividido en tres seccións: “Creación”, inclúe poemas de Marilar Aleixandre, Francisco Álvarez-Koki, Juan Blanco Valdés, Ramón Caride Ogando, María do Cebreiro, DI.A.BRA, Xosé Díaz, Xoán Xosé Fernández Abella, Beatriz Formoso, Urxa Fraie, Xavier Frías Conde, Salvador García-Bodaño, María Xesús Nogueira, Emma Pedreira, Luís Pena Mosquera, Luz Pozo Garza, Santiago Prol, Xavier Queipo e Jaime Santoro de Menbiela. Tamén ten un oco para os textos en prosa de Xavier Vásquez Freire, Carlos Brea, Emma Couceiro, Teresa Cuíñas Lavandeira, Beatriz Formoso, Inma López Silva e Esperanza Mariño Davila. No apartado “Voces de fóra” compílanse composicións de João Pedro Messeder e Reynaldo Valinho Alvarez. A revista péchase coa sección “Caderno da crítica”, foro que agrupa artigos de Xosé Anxo García López, X. Antonio López Silva e Teresa Seara, os cales son descritos no apartado V. 4 deste Informe.

Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián
(ISSN: 1131-6519/DL: 80-1977).

Publicación bimestral de pensamento cristián que, baixo a dirección de Andrés Torres Queiruga, comezou a súa andaina en xaneiro de 1977. No ano 2000, como ocorre dende os seus comezos, publicáronse cinco números. No número 116 (xaneiro-febreiro) atopamos un artigo de Xoán Bernárdez Vilar na habitual "Rolda da cultura"; unha recensión sobre a obra Conversas con Teresa Castelao. Anecdotario dun século de vida, de Manuel Dourado Deira e a sección "Libros chegados á redacción", de Engracia Vidal Estévez. No número 117 (marzo-abril) aparece un artigo de Xesús Portas Ferro titulado "Manuel Murguía: pescudas tralo espírito dun precursor"; a habitual "Rolda da cultura", de Xoán Bernárdez Vilar; unha recensión sobre Profecía dun Capitán Trono, de Xosé Antón Miguélez Díaz e os "Libros chegados á redacción", de Engracia Vidal. No número 118 (maio-xuño) temos a "Rolda da cultura" de Bernárdez Vilar sobre o primeiro Día das Letras Galegas e os "Libros chegados á redacción", de Engracia Vidal. No número 119 (setembro-outubro) aparece un estudio sobre os Cadernos e as Cartas de Castelao, da man de Pérez Prieto; un achegamento ao mundo de Xosé Manuel Rodríguez Pampín; un artigo sobre José Ángel Valente Docasan, a cargo de Alfonso Blanco Torrado; un poema de Xoán Xosé Fernández Abella dedicado a Castelao; a "Rolda da cultura" de Xoán Bernárdez Vilar; a habitual sección de Engracia Vidal e un "Índice Xeral do ano 2000", no que se ofrece un listado de todos os artigos que aparecen nos cinco números correspondentes ao citado ano 2000. Os artigos referidos á literatura galega aparecen descritos nos apartados correspondentes deste Informe.

Recensións e referencias varias:

-Manuel Dourado Deira, “XVº Foro de Relixón e Cultura en Galicia”, O Correo Galego, “Ardentía”, 11 novembro 2000, p. 3.

Comeza sinalando o articulista a marxinación mediática que sofre a revista Encrucillada. Destaca tamén a celebración do XV Foro de Relixión e Cultura. Refírese aos tres “temas-estrela” tratados nesa xuntanza: “Ética e Nova Economía”, “Ética e Bioloxía” e “Ética e Moral”. Fala da importancia de adoptar, para achegarse a estes temas, unha perspectiva na que se teña en conta o “neocapitalismo materialista e globalizante” actual. Finalmente, sinala que será no próximo número da revista no que se recollan as opinións ofrecidas neste foro.

-Avelino Abuín de Tembra, “Nenia para Pampín”, O Correo Galego, “A lúa nos beizos”, 3 decembro 2000, p. 3.

Despois de mencionarse algúns traballos de López Vázquez, profesor de Filosofía de Santiago, apúntase o acertado da referencia bibliográfica que fai este profesor sobre Xosé Manuel Rodríguez Pampín en Encrucillada – setembro-outubro 2000. Faise nesta revista unha catalogación definitiva da obra deste crego prematuramente desaparecido en 1997. Neste artigo menciónanse algúns dos traballos deste cura, que poden incluírse dentro dun “proxecto de cultura eclesial firmemente arraigado no ser galego”.

Escaramuza
(DL: 738-1997).

Revista teatral da Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena de Galicia, creada en 1997 baixo a coordinación de Celso Parada e cunha periodicidade irregular. Esta publicación, agora cuadrimestral, conta co apoio da AISGE (Actores e Intérpretes, Sociedad de Gestión de España), así como coa colaboración do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia. Durante o ano 2000 chegaron a nós os números 6 e 7, que contan con seccións como “Laboral”, “Axenda de teatro”, “Creación”, “Teatr@net” ou “Rede de Teatros”. No primeiro dos números, e relacionado coa literatura popular, aparece un texto en lembranza de Jenaro Marinhas del Valhe, con motivo do seu pasamento, ademais dunha achega á historia do teatro en España e Ingleterra, fixándose no poder que acadou dentro das cortes en momentos determinados. No segundo dos números, e correspondente co mes de setembro, figuran como “créditos”: Mabel Rivera, Xesús Pisón, Darío Fo, Xerardo Fuentes, Lole, Litonor, Celso Parada e www. Adeteatro.com. Principia informando do relevo que se produciu na Xunta Directiva da Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Galicia, dando a coñecer os novos nomes. En “Laboral” recolle un artigo de Cándido Pazó sobre a Maratón Europea da creación Teatral de Bruxelas 2000. En “artigos” achégasenos un traballo de Darío Fo, “A avespa cómica”, no que se comenta unha anécdota que valeu para renovar os esquemas cómicos. En ambos números, recóllese na “Axenda” unha serie de espectáculos teatrais que están en cartel, ofrecendo destes o seu “reparto” ou “Ficha técnico-artística” e a súa “sinopse”, así como en “creación” Xesús Pisón, no primeiro dos números, asina tres textos nos

que o absurdo é o protagonista, e no segundo unha breve composición artística baixo o título de “Morte do arponeiro”, na que un enfermo mental asasina á súa enfermeira. No apartado “Teatr@net” preséntannos algúns libros relacionados co teatro, que se acompañan dunha breve alusión ao seu contido. Mentres tanto, en “Rede de Teatros” adxuntan a “Programación da Rede Galega de Teatros e Auditorios”. Rematan ambos cun calendario de actuacións de diferentes compañías por Galicia en diferentes meses do ano. Para ver a descrición dos artigos remítese ao lector ao apartado V. 4. deste Informe.

A Estrada. Miscelánea histórica e cultural
(ISSN: 1139-921X / DL: PO-439/00)

Publicación anual do Museo Manuel Reimondez Portela que se edita dende 1998 na Estrada. Está coordinada por Xoan Andrés Fernández Castro e conta cun Comité de Redacción composto por Olimpio Arca Caldas, María Jesús Fernández Bascuas, José Manuel Castaño García e José Manuel Mosquera Agrelo. O número 3, correspondente ao ano 2000, achega artigos de temática histórica, arqueolóxica, demográfica, urbanística, etc. relacionados con esta vila pontevedresa e a súa comarca. No que respecta á literatura galega, cóntanse dous artigos asinados por Javier Travieso Mougán ("Un nocturno de Castelao") e Manuel Cabada Castro ("Fondos bibliográficos da biblioteca do poeta Xosé Manuel Cabada Vázquez (1901-1936)", que aparecen descritos no apartado V. 4 deste Informe.

Fadamorgana
(ISSN: 1575-9520 / DL- C-670-1999)

Esta publicación nace no ano 1999 co obxectivo de encher certos baleiros de información entre os encargados de achegar os rapaces á lectura e ao libro, en canto á crítica, estudio e reflexión sobre os camiños que se van trazando e os baleiros de estar cabo das restantes produccións literarias. Está dirixida por Xosé A. Neira Cruz e conta cun Consello de Redacción formado por Marilar Aleixandre, Xabier Cid, Xabier P. Docampo, Agustín Fernández Paz, Xosé Victorio Nogueira, Cristina Novoa, Magdalena de Rojas, Pilar Sampedro, Gloria Sánchez e Miguel Vázquez Freire. Neste ano 2000 saca do prelo tres números: o 4, que aparece no mes de febreiro; o 5, que sae no outono e anuncia que a partires de agora vai adoptar unha periodicidade estacional coa intención de axustarse ao máximo ao devalar anual que adoita guíar a actualidade da literatura infantil e xunvenil; e o 6, que corresponte ao inverno do 2000/2001. Cada un destes volumes ábrese cos apartados “Fadario”, no que se achegan textos de autores como Laurence Harf-Lancner, Álvaro Cunqueiro ou Frédérique Le Nan que tratan a figura da fada; e “O ilustrador”, no que Miguel Vázquez Freire analiza a obra de Xosé Cobas, Xan López Domínguez e Luís Castro Enjamio, que, á súa vez, son os encargados de ilustrar o volume no que aparecen. Tamén son obxecto de estudio a obra de autores da literatura infantil e xuvenil a nivel mundial e galego, como o demostran os artigos e entrevistas realizados a Mª Elena Walsh, Jostein Gaarder e Ana María Machado ou Paco Martín, Manuel Lourenzo e Gloria Sánchez. Así mesmo, cada un dos volumes recolle unha serie de artigos que xiran ao redor dun tema concreto e que nestes últimos números aparecen recollidos baixo os seguintes epígrafes: “Animación a ler”,

“Teatro infantil. O gran ausente” e “América Latina. Os contidos dun continente”. Por último aparecen os apartados “Novidades”, no que se recollen breves recensións sobre as últimas obras publicadas no ámbito da literatura infantil e xuvenil en galego, portugués, castelán, catalán, vasco, frisón, galés ou finés; e o chamado “Diario de Morgana”, no que autoras como Luísa Ducla Soares, Carmen Gómez Ojea e María do Cebreiro achegan as súas propias creacións centradas na figura desta fada. Por outra banda, están os apartados “Editorial”, no que se xustifica a elección do tema monográfico de cada un dos volumes, e o de “Despezas” e “Adiantos”, nos que se recolle información de premios, asociacións, fundacións ou salóns do libro relacionados coa literatura para os máis novos. Todos os artigos asinados, que se refiren á literatura infantil e xuvenil galega, aparecen descritos nos apartados correspondentes deste Informe.

Recensións e referencias varias:

-Dora Vázquez, “Fadamorgana”, La Región, 6 xaneiro 2000, p. 23.

Sinala que o número dous de Fadamorgana (outubro 99) contén unha entrevista a Pura e Dora Vázquez. Dise que sobre estas irmás fala tamén a profesora da Universidade de Santiago Blanca-Ana Roig, que titula o seu longo estudio investigador Pura e Dora Vázquez, dúas mestras na literatura infantil galega. Ademais de que

nestes número se atopan outras entrevistas, un repaso polos cento un anos de literatura infantil e xuvenil, así como os concursos literarios nos distintos xéneros.

-Francisco Castro, “Ler doutra maneira”, Atlántico Diario, “Culturamanía”, 24 xaneiro 2000, p. 9.

Infórmasenos que Fadamorgana, revista galega de Literatura Infantil e Xuvenil, trata no seu último número o tema da repercusión das novas tecnoloxías nos lectores máis novos; que no monográfico “novos soportes para contar historias” se atopan reflexións a prol e en contra das novas tecnoloxías, sobre o papel da televisión na imaxinación infantil, análises dos contos en CD-rom, etc. Temas, pois, interesantes para pais e educadores, que non se deben ignorar.

-Dora Vázquez, “Literatura no comezo do ano 2000”, O Correo Galego, 18 febreiro 2000, p. 3.

Ver Dora Vázquez no Boletín Galego de Literatura, neste apartado do Informe.

-D. Janeiro, “Lectura”, O Correo Galego, “Lufada”, 13 abril 2000, p. 2.
Brevísima nota na que se refire ao número catro da revista, centrado nesta ocasión na animación á lectura. Dende a súa opinión a revista xa está consolidada.

-Belén Puñal, “Xosé A. Neira Cruz. Caldo de conto”, Tempos Novos, nº 35, “Voces e Culturas. Entrevista”, abril 2000, pp. 82-85.

Ver Neira Cruz, Xosé Antonio, Os ollos do tangaleirón, no apartado VI. 1. deste Informe

-Francisco Castro, “Fadamorgana”, Atlántico Diario,”Culturamanía”, 30 maio 2000, p. 11.

Dá conta da saída no novo número da revista encadrándoo dentro do labor de animación á lectura que os pais deben desenvolver cos fillos para prender neles a imaxinación. Fíxase nalgúns dos traballos que recolle e explica brevemente o seu contido, entre eles o de David Otero, Antonio García Teijeiro, Manuela Rodríguez e Pep Durán.

-Francisco Castro, “Teatro infantil”, Atlántico Diario, “Culturamanía”, 26 decembro 2000, p. 8.

Dá conta da publicación dun novo número da revista, dirixida por Xosé Antonio Neira Cruz, e dos contidos que se poden atopar nesta nova entrega, entre eles a atención dedicada ao Teatro Infantil da man de entendidos como Manuel Vieites, Kukas, Cándido Pazó, Euloxio Ruibal ou Fina Casalderrey, entre outros, no que se denuncia a precariedade do Teatro Infantil en Galicia malia o abondoso material para a elaboración de historias, así como as entrevistas a Jostein Gaarder, autor de O mundo de Sofía, e a Manuel Lourenzo.

Tamén sinala a saída do prelo do texto teatral Bua-bua-requetebua, de An Alfaya, sinalando que aos pequenos que se acheguen a el van descubrir cousas moi interesantes do corpo humano.

Ferrol Análisis
(DL: C-1106-1990).

Revista que botou a andar no ano 1990 cando saíu o seu primeiro número, que se correspondía co mes de setembro. Recibe o patrocinio do Concello de Ferrol, Astano, Bazán, Fenosa, Fundación Caixa Galicia, Imenosa, Xunta de Galicia, Cámara Oficial de Comercio e Deputación Provincial da Coruña e está editada polo Clube de Prensa da cidade ferrolá. Na presentación desta iniciativa editorial afirmábase que os temas tratados se ían centrar na comarca de Ferrol e que a súa periodicidade había ser trimestral, malia que este obxectivo se truncou de seguido debido á falla de apoio financeiro. Deste xeito, o número 2 saíu en xullo de 1991 e o número 3 en xuño de 1992. A partir das entregas 4 e 5 de 1993 comezamos a atopar as primeiras referencias á literatura galega. O seu director foi Germán Castro Tomé dende os inicios ata o ano 2000, cando pasa a ocupar a Presidencia de Honra deixando a dirección en mans de Xulia Díaz Sixto. O Consello de Redacción está composto por Luís Mera Naveiras, Xosé A. Ponte Far, Xaime Quintanilla Ulla, Mario Couceiro Bescos, Enrique Sanfiz Raposo e María Ares Sanmartín. No ano 2000 publicouse o número 15 (setembro), que recolle no apartado de creación un poema de Xavier A. Olariaga, amais de dous artigos relacionados coa literatura galega: “Fuentes galaicas de Valle-Inclán”, de Ramón J. Sender, e “Manuel Andújar y los escritores gallegos”, de José Luís Guirado, que aparecen descritos no apartado V. 4 deste Informe.

O Gaiteiro de Lugo
(DL: OR-120/1965).

Con antecedentes que se remontan a mediados do século pasado, este calendario aparece por primeira vez con este título a partir de 1927. Dende 1936 e, gracias á iniciativa de Filgueira Valverde, pasou a ser monolingüe en galego e acolleu nas súas páxinas diversas colaboracións literarias e reproduccións de textos de autores clásicos da nosa literatura. O Gaiteiro de Lugo é un calendario, relixioso, profético, astronómico, recreativo, patriótico, popular e barato, como di nos subtítulos, que mesmo se acompaña dunha táboa de mareas. A súa andaina comeza na imprenta de Soto Freire en 1857 co nome de Calendario Gallego. Está editado polo Servicio de Publicacións da Deputación Provincial de Lugo e ten unha periodicidade anual, vixente de outono a outono. Nesta entrega, como vén sendo habitual, presenta abondosos exemplos de material popular, entre os que se atopan cantigas, romances, adiviñas, refráns e lendas de temática variada.

Galicien Magazin

Revista semestral editada pola Sociedade Galego-Alemana (SGA) e dirixida polo profesor Dieter Kremer, que publicou o seu primeiro número en abril do ano 1996. O Centro de Documentación de Galicia da Universidade de Trier é o encargado da súa edición e distribúese gratuitamente a todos os membros da SGA. En Galicia atópase á venda nas librerías Couceiro de Santiago, Cartabón de Vigo, Torga de Ourense, Michelena de Pontevedra e A Caixa de Pandora de Vigo. O seu contido divídese nas seccións “Beiträge”, “Varia”, “Übersetzungen”, “Entrevista”, “Aktivitäten”, “Examensarbeiten”, “Buchanzeigen” e “Deutsch-Galicische Gesellschaft”, nas que se inclúen informacións relacionadas coa literatura e lingua galegas e coas actividades do Galicien Zentrum de Trier. No ano 2000 publicáronse os números 9 (xullo) e 10 (decembro). Dentro da sección “Beiträge” do número 9, Dolores Ochoa fala do empobrecemento do galego entre a xuventude, Carsten Sinner analiza a traducción do cómic Astérix ao galego. Segue Luís M. Calvo Salgado cun artigo sobre a emigración galega en Suíza nos anos sesenta e setenta; Eva Gugenberger estudia os aspectos psicolóxicos e lingüísticos da emigración galega, e Klaus Schrimer cóntanos a historia dun galego emigrante en Kirchhausen (Alemaña). Aínda dentro desta sección se inclúe o amplo estudio de Frank Meyer sobre o sector editorial galego. A seguir, Mª Xesús Lama López entrevista a D. Constantino García, director científico do Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades. Relátanse as actividades do VIº Congreso Internacional de Estudios Galegos celebrado en Cuba. Dúas recensións literarias: Marga Romero Lorenzo ocúpase de Estudios de Sociolingüística Románica. Linguas e variedades minorizadas (USC, 1999), e D. Kremer do primeiro número da revista Lingua e Dereito (Universidade de Vigo, 2000).

Pondo fin a este número, M. Romero dá conta das actividades desenvolvidas no curso 19992000 polo lectorado de galego da Universidade de Trier, e S. Castiñeiras do que foi o IIº Día Galego-Alemán. O número 10 inclúe, dentro do apartado “Beiträge”, unha análise de Vera Miller sobre a repercusión da literatura de Manuel Rivas en Alemaña, e en concreto sobre O lápis do carpinteiro, á que seguen un estudio de Stephanie Greif sobre o movemento nacionalista galego, e unha análise de Eduardo Otero Pereira sobre a imaxe de Galicia na poesía lorquiana. No apartado “Varia” M. Romero intróducenos as semblanzas de Mª Victoria Villaverde e Isaac Díaz Pardo en homenaxe a Lois Tobío. Inclúese a seguir unha traducción do relato “O vello que quería ver o tren” de Rafael Dieste (Dos arquivos do trasno), verquido ao alemán por Sandra Castiñeiras e Sven Klasmeier. Mª Xesús Lama López entrevista a Concha Costa, presidenta da Mesa pola Normalización Lingüística. Segue a presentación de Mónica Góñez Silva como nova lectora de galego na Universidade de Trier, e dentro do apartado “Examensarbeiten” N. Grischkat e Dunja von Morzé presentan as súas tesiñas: a primeira, sobre a imaxe alemana nos intelectuais galegos de principios do século XX; a segunda, sobre a figura da meiga na literatura galega do século XX. Dentro das recensións literarias, N. Grischkat fala dos Diarios de Syra Alonso, e M. Romero trata tres obras: Die Wunder der Bettlerinnen. Krankheits- und Heilungsgeschichten in Burgos und Santo Domingo de la Calzada (1554-1559) de Luís M. Calvo Salgado, As imaxes de Castelao. Fotobiografía. de Xosé Enrique Acuña, e Sementeira de Ronseis de Teresa López. A última reseña é de Ana Isabel Boullón Agrelo sobre Antroponimia medieval galega (ss. VIII-XII). Os artigos relacionados coa literatura galega poden atoparse descritos nos apartados correspondentes deste Informe.

Recensións e referencias varias:

-X. L. Méndez Ferrín, “Carta a un amigo alemán”, Faro de Vigo, “Segunda Feira”, 10 xaneiro 2000, p. 2.

Despois de recibir o número oito do Galicien Magazin Ferrín destaca a entrevista de Marga Romero a Lois Tobío, autor da traducción ao galego do Fausto de Goethe. O resto do artigo é unha exposición dos puntos de vista que este autor ten sobre a unidade política da nación alemana.

Golfiño
(DL: VG. 114-1999).

Revista de cómic subtitulada “Revista mensual para pintos, maragotas, golfiños, golfiñas e outras especies mariñas coma ti”, que vai dirixida a nenos e nenas entre dez e doce anos e que edita Edicións Xerais de Galicia. Conta coa dirección editorial de Miguel Vázquez Freire e a dirección artística de Fausto C. Isorna. Iniciou a súa andaina en febreiro de 1999 coa publicación dun número 0 (febreiro) e dun número 1 (“Especial de Nadal”) que apareceu en decembro aínda que con data de xaneiro de 2000. Ao longo do ano 2000 publicáronse nove números: 2 (febreiro), 3 (marzo), 4 (abril), 5 (maio), 6 (Extra de verán: xuño, xullo e agosto), 7 (setembro), 8 (outubro), 9 (novembro) e 10 (Extra de Nadal: decembro). A súa periodicidade mensual viuse así interrompida cos números especiais, nos que as dezaseis páxinas habituais se converten en trinta e dúas. Abren a revista “O Correo do Golfiño” e os gañadores do concurso “O Manuche do Mes”. Nas páxinas centrais aparece “Fotorama”, unha serie de fotografías de Manuel Vicente acompañadas de textos explicativos que nestes números trataron “A estación de ferrocarril”, “O peirao”, “O peirao comercial”, “A radio”, “O periódico”, “A televisión”, “A vendima”, “Os grandes almacéns” e “Doces de Nadal”. O apartado “Axenda” ofrece recomendacións sobre libros, cine, cómics, páxinas web e vídeoxogos. Ademais continuaron as seccións que xa se presentaran nas entregas anteriores, como as aventuras de “Os Escachapedras” de Marilar Aleixandre e Francisco Bueno; Pepe Carreiro con “A retirada de Sir John Moore”; “A Deusa Mexica”, de Alberto Varela Ferreiro —que remataron a serie no nº 10; “Soños”, de Xavier P. Docampo e Xosé Cobas —que finalizou no nº 4; “As aventuras de Cora e Catuxa, exploradoras”, de Marcos Costoya —

que permaneceu ata o nº 5; “Tom”, de Andrés Meixide e “Tonecho”, de Xaquín Marín. A sección “Os Gazafellos”, de Gloria Sánchez e Pablo Otero “Peixe” alternou a súa presencia con “Arañeira”, de Marilar Aleixandre e Luis Otero e ilustrada por Lázaro Enríquez agás no número extra de Nadal onde aparecen as dúas. No nº 5 presentáronse as seccións “As aventuras de Golfiño”, de Fausto Isorna e “O castelo regadeira” de Norberto Fernández. Na sección “Conto Diminuto” publicáronse os seguintes relatos: “A fume de carozo”, escrito por Fina Casalderrey e ilustrado por Teresa Cámara; “Negra tinta da lura”, de Marilar Aleixandre e Sergio Casas; “O pirata pera”, de Gloria Sánchez cunha montaxe de Cachirulo fotografada por Manuel Vicente; “O pintor de soños”, escrito por Antonio García Teijeiro e ilustrado por Xosé Cobas; “Escaqueo”, escrito e ilustrado por Xan López Domínguez; “O rei burro”, de Paula Carballeira e Miguel Docampo; “Paxaros”, de Paco Martín e Manuel Uhía; “O raíña tallanta” de Xoán Babarro e Xulia Barros; e, no número extra de Nadal, “A viaxe de Fátima”, de Miguel Vázquez Freire e ilustrado por Beatriz Prado e “O neno que non era” de Manuel Cortés e Marta Riera. No nº 6 (extra verán) ademais das seccións habituais os reporteiros do Golfiño entrevistan a Miguel de Lira, aparece unha dobre páxina con pasatempos e as historietas “A escola de Vilaverzas” de Miguel Robledo; “A fraga Milmañas” de Carlos Amil e Manel Cráneo e unha receita de Algarabía na contracapa que ofrece os pasos necesarios para facer unha mousse de limón. No nº 10 (extra nadal) os reporteiros do Golfiño entrevistan a Fran, preséntase a serie “Luzbell” de Diego Rosales e José Tomás, “A fraga Milmañas” de Carlos Amil e Manel Cráneo, “A escola de Vilaverzas” de Miguel Robledo e “A páxina de Mos” de Cristina Trigo e José Tomás. Nestes números ofrecéronse tamén os cromos correspondentes ao álbum “As Olimpíadas” ata completar a colección no nº 10.

Recensións e referencias varias:

-Miguel Anxo Seixas, “Golfiño”, O Correo Galego, “A Maltrana”, 3 xaneiro 2000, p. 3.

Un número extra de Nadal foi o primeiro número da revista mensual Golfiño, dirixida por Miguel Vázquez Freire. Nela participan distintos ilustradores e escritores, algúns ben coñecidos, para ir tecendo as aventuras dirixidas a rapaces de oito a doce anos. Pero ademais da información dada por esta revista de banda deseñada, os lectores poderán entrar en diálogo escrito cos seus protagonistas a través do correo, así como participar en entrevistas e xogos.

-Xosé M. Eiré, “Golfiño, un acontecimento”, A Nosa Terra, nº 923, “Guieiro Cultural”, 24 febreiro 2000, p. 27.

Fai a presentación de Golfiño, á que eloxia, tanto polo baleiro que vén a cubrir nas letras galegas, como por presentar maquetación atractiva e deseño editorial coidado. Dinos que é cousa de todos nós que a revista siga adiante e que debemos evitar que a esta empresa, a única destas características actualmente, lle ocorra o mesmo que a As roladas e Vagalume, proxectos xa desaparecidos que alimentaban os soños dos máis novos.

-Víctor F. Freixanes, “Golfiños na marea”, La Voz de Galicia, “Mar de fóra”, 11 marzo 2000, p. 12.

Dise que Golfiño, revista mensual “para pintos, maragotas, golfiños, golfiñas e outras especies”, é unha parte do futuro da lingua galega, que esta revista, que contribúe a normalizar a lingua, sae precisamente 25 anos despois de Vagalume (1975-1978), dirixida nun primeiro momento por Isabel García e logo por Fortes Bouzán. Por outro lado tamén parece querer recuperar a tradición de As Roladas, intento do ano 20 levado a cabo por Ramón Cabanillas e Castelao. Segundo Freixanes é unha revista para os máis novos “coa esixencia e a ambición dun producto divertido, participativo, eficaz”.

-Rosa Míguez, “Suxerencia”, Diario de Ferrol, “Nordesía”, 7 maio 2000, p. 14.

Informa sobre diversas novidades editoriais. No tocante a literatura galega ofrece unha breve referencia sobre a revista Golfiño e dá conta moi brevemente dos seus contidos. Por outra banda ofrece un brevísimo comentario sobre o contido da última publicación de Xosé Antonio Perozo, Papa Ogro (1999).

-Ramón Loureiro, “Debuxar co corazón”, La Voz de Galicia”, “Culturas”, nº 132, 20 xuño 2000, pp. 4-5.

Percorrido pola situación da banda deseñada en Galicia na actualidade a través das voces de destacados coñecedores deste xénero. O primeiro deles, Miguelanxo Prado, declara a independencia e autonomía da linguaxe do cómic fronte á literatura, ademais de louvar a iniciativa da publicación de Golfiño. Miguel Vázquez Freire, como director desta revista, comenta as dificultades ao ter que competir co castelán, refírese á imposibilidade de evitar “un compoñente educativo de fondo”, pero que non pretenden unha publicación “ideoloxizante”. Claudio Rodríguez Fer, como coñecedor e coleccionista de cómics, reivindica a necesidade

de crear un cómic en galego para que a nosa cultura cubra os ocos “de tódolos xéneros cultivables”. En canto aos debuxantes, Xaquín Marín amósase optimista con respecto ao futuro, aínda que bota en falta máis medios para publicar. Salienta, ademais, a importancia que a banda deseñada pode ter no ensino. Finalmente, Xan López Domínguez opina que o fundamental é que o cómic divirta e que se consoliden proxectos como Golfiño, “unha banda deseñada creativa e firmemente asentada no universo da imaxinación”.

-Ramón Nicolás, “Unha revista para o futuro”, Guía dos libros novos, nº 19, “Revistas”, xuño 2000, p. 31.

Lóuvase a aparición do sexto número da revista Golfiño. Menciónanse os distintos aspectos do mundo literario que se tratan nela. Así mesmo, elóxiase por ser “unha rica estratexia da animación á lectura en lingua galega”. Tras citar aos distintos autores que participan neste proxecto, finalízase encomiando o labor levado a cabo por esta publicación.

-I. M., “Consideran imprescindibles las subvenciones para el cómic”, Atlántico Diario, 23 xullo 2000, p. 12.

Dá conta da celebración do Salón do Cómic en Cangas e do seu peche coa presentación da revista Golfiño e de Cita na Habana (1999), de Fran Jaraba. Con respecto á revista, dise que é unha idea de Miguel Vázquez Freire que pretende “servir de vehículo a los dibujantes de historieta”. Salienta, ademais, o elevado nivel gráfico e creativo desta publicación que aínda tentará mellorar despois dun ano no mercado. Do último traballo de Fran Jaraba, sinala que “demuestra la capacidad narrativa, artística y de desarrollo de personajes” e destácase a utilidade de que sexa bilingüe.

-M. J., “Capital del Cómic”, Diario de Pontevedra, 10 outubro 2000, p. 16.

Informa dos actos previstos en Portonovo para acoller a celebración da Semana da Banda Deseñada. Dá conta dos datos fundamentais; lugar de celebración, entidades promotoras, concursos, exposicións, talleres, etc. Salienta especialmente a presentación dunha nova entrega de Golfiño, así como unha exposición coas planchas desta revista e con bosquexo e ilustracións de Miguelanxo Prado.

-Manuel Jabois, “¿E vai vir o Xabarín?”, Diario de Pontevedra, “Pontevedra Sanxenxo”, 17 outubro 2000, p. 17.

Refírese á Semana da Banda Deseñada de Portonovo. Salienta a presencia do numeroso público infantil e as facilidades para que poidan acudir todos os nenos dos colexios da comarca. Tamén indica que durante a Semana se expoñen os traballos presentados ao concurso “Xuventude 99”, as reproduccións e planchas da revista Golfiño, que será presentada durante a celebración, e as ilustracións de Miguelanxo Prado para unha serie de televisión. Finalmennte, alude ás actividades que se levarán a cabo para os máis pequenos co fin de achegalos ás técnicas e estilos máis empregados na creación de cómics.

-M. J., “La presentación de la revista “Golfiño” volvió a reunir a los niños en Portonovo”, Diario de Pontevedra, “Pontevedra Sanxenxo”, 20 outubro 2000, p. 16.

Lémbranse as distintas actividades nas que participaron os nenos do colexio público de Portonovo para celebrar a semana do cómic. Destácase entre elas a presentación da revista Golfiño, acto ao que asistiu o autor da última portada desta publicación. Ademais, faise referencia ás recomendacións e segredos sobre o mundo do cómic que este debuxante lles revelou aos cativos.

-Álvaro Agulla, “Actividades de la ‘Semana da Banda Deseñada’”, Diario de Pontevedra, “Pontevedra Marín”, 19 novembro 2000, p. 15

Informa da presentación do programa de actividades previsto para este evento. Cítanse os lugares e datas da inauguración de tres exposicións nas que se recollen os orixinais premiados no XVº Concurso de Banda Deseñada Xuventude 99, as ilustracións da revista infantil de cómic Golfiño e os debuxos e esbozos da serie de animación Xabarín e os vixilantes do Camiño, de Miguelanxo Prado. Tamén cita a presentación da revista Golfiño, da proxección de diferentes películas e o taller de iniciación na creación de cómics dirixidos por Hugo e Sergio Covelo.

Grial
(ISSN: 0017-4181 / DL: VG-99-1963).

Apareceu por primeira vez en 1951 pero foi silenciada máis de dez anos. Reapareceu en 1963 editada pola Editorial Galaxia, baixo a codirección de Ramón Piñeiro e Francisco Fernández del Riego e dende entón non se deixou de publicar. Nunha primeira etapa publicáronse 100 números subtitulados “Revista Galega de Cultura”. Logo asumiu a súa dirección Carlos Casares, desaparecendo o subtítulo. Na segunda etapa continúase coa periodicidade trimestral. Durante o ano 2000 esta revista mantivo a súa periodicidade trimestral e non modificou nin o cadro directivo nin o Consello de Redacción. Publicou no ano referido catro números: 145, 146, 147 e 148. No primeiro deles figuran as seccións de “Estudios”, “Libros” e “O rego da cultura”. Ademais dos artigos e reseñas comentados no apartado correspondente deste Informe, inclúe outros sobre a utopía planetaria, sobre textos de Max Aub e sobre a relación da UPG con outros nacionalismos da Península. O número 146 engade ás seccións anteriores as de “Documentos” e “Imaxe” e contén estudios acerca do tratamento das novas internacionais na prensa galega, sobre a ideoloxía na obra de Terry Eagleton, verbo do significado da casa na nosa sociedade rural, así como, unha comparación entre Cataluña e Galicia en canto a cultura, institucións e desenvolvemento económico. En “O rego da cultura”, Juan L. Blanco Valdés e Florian Gläser achéganse, respectivamente, ás novas tecnoloxías da cultura e ao Camiño de Santiago. A seguinte entrega, correspondente a xullo, agosto e setembro está dedicada a Manuel Murguía e Carvalho Calero, e sobre diversos aspectos da vida e da obra destes autores xiran boa parte dos artigos incluídos. Figuran, ademais, un estudio comparativo entre a situación lingüística de

Moldavia e de Galicia a cargo de Klaus Bochmann, así como unha entrevista de Xavier Castro a Miguel Barnet. A sección de “Documentos” está centrada na relación de Eduardo Pondal co Diccionario da RAG e en “O rego da cultura” trátase a capitalidade cultural de Bologna no ano 2000. No número co que se pecha o ano figuran as sección de “Estudios”, “Libros”, “Música”, “Imaxe”, e “O rego da cultura”. Ademais dos comentados nas seccións correspondentes deste Informe, figuran outros estudios de carácter sociolóxico e político que nos achegan á situación do nacionalismo asturiano, á identidade colectiva no tratamento do “indíxena”, ás relacións entre o público e o privado nos reximes capitalistas, ao Ourense da Segunda República e á importancia das bodas na sociedade galega entre os séculos XVI e XIX.. Inclúe tamén unha entrevista de Xavier Castro a Juan José Saer e, en “O rego da Cultura”, un artigo sobre os poetas galeses.

Recensións e referencias varias:

-Xosé Ramón Pena, “Enxeñería xenética”, Guía dos libros novos, nº 15, “Revistas”, febreiro 2000, p. 30.

Refírese aos contidos do nº 143 de Grial, que trae como tema central “O proxecto xenoma humano”. A seguir, sinala que na segunda parte desta revista se atopa unha carta de Castelao redactada en galego moderno e os traballos “Achega bibliográfica a Roberto Blanco Torres”, de Liñares Giraut e “A protección

xurídica do camiño de Santiago no ámbito internacional”, de Bermejo López. Así mesmo, apunta que na sección “Documentos” vén unha traducción de Emilia Pardo Bazán da obra Augusto Vito, titulada París.

-AGN, “Grial’ publica unha carta inédita de Castelao a Rodolfo Prada de 1947”, El Ideal Gallego/Diario de Ferrol, 10 marzo 2000, p. 28/p. 32.

Sinala que Grial deu a coñecer unha carta de Castelao datada o 18 de abril de 1947. Segundo o responsábel da súa publicación, nela, o Castelao político vese “abandonado” polos galeguistas. Neste escrito Castelao amosa o seu descontento coa actividade política e deixa patente as diferencias entre os galeguistas do interior e do exilio. Dáse conta tamén no artigo da exposición didáctica “Castelao e nós” que se expoñería en diferentes locais de Santiago.

-Xavier Castro, “A nenez de Antón Fraguas”, O Correo Galego, “AFA”, 16 marzo 2000, p. 41.

Explica cómo Antonio Fraguas enviou á revista Grial, poucos meses antes da súa morte, un manuscrito que trataba sobre a súa infancia. Sinala que agora esta revista publícao co título “O lugar e a casa onde nacín”, que é analizado neste artigo de Xavier Castro. Indica tamén que neste volume de Grial aparecen relatos sobre a nenez de Ramón Chao, Pura Vázquez, Castelao, Salvador de Madariaga, Carlos Casares, etc.

-A. I. S., “Los alumnos de Peleteiro rinden un homenaje teatral a Uxío Novoneyra”, El Correo Gallego, 21 marzo 2000, p. 39.

Anúncianse diversos actos e exposicións referidos ao mundo da cultura. No tocante á literatura galega alúdese ao acto de homenaxe ao falecido Uxío Novoneyra, organizado polo Grupo de Teatro do colexio Manuel Peleteiro, que dirixe Roberto Leal. Cita o nome dos alumnos que forman parte do espectáculo e informa que a selección de textos correu a cargo de Teresa González e Roberto Leal. Por outra banda, anuncia tamén a presentación do número 144 da revista Grial, e ofrece brevemente o contido desta nova entrega, que nesta ocasión se trata dun monográfico dedicado á “Infancia recordada”, de diferentes autores e autoras galegos.

-Lois Fernández, “Infancias recordadas”, La Voz de Galicia, “La Voz de Santiago”, “O espello”, 22 marzo 2000, p. 50.

Entre outras informacións, anúncianse os contidos do número 144 da revista Grial, dedicada ao tema monográfico da infancia recordada, e alúdese á súa presentación na Facultade compostelá de Xeografía e Historia, acto que contou coa presencia do coordinador do número Xavier Castro, do director da revista Carlos Casares, da escritora Marilar Aleixandre e dos profesores Xesús Alonso Montero e Herminio Barreiro. Sinálase tamén que a revista contén, ademais das seccións habituais, unha entrevista con Teresa Castelao na que se recuperan datos descoñecidos do seu irmán e un carta inédita de Castelao a Parada datada en 1947.

-Uxía López, “Anxo Tarrío destaca o protagonismo de ‘Nós’ e ‘Grial”, La Voz de Galicia, 19 maio 2000, p. 49.

Síntese das intervencións do profesor Anxo Tarrío e Chus Nogueira, no décimocuarto “Diálogo na Casa de Rosalía”, centradas nas revistas literarias. Resáltase que ambos os dous ponentes fixeron un percorrido histórico das revistas na literatura galega e salientaron o nacemento destes cun “afán de ser un apoio ao discurso galeguista do momento”. Infórmase dos diferentes aspectos dos que falou o profesor Tarrío: o período no que se produciu o agromar das revistas, entre 1916 e 1936, destacando a Nós como a máis salientábel desa época, a importancia do traballo de recompilación destas publicacións, en edición facsimilar realizado no Centro de Investigación Ramón Piñeiro, principalmente as procedentes da emigración, ao ser “fonte importante para reconstruí-la historia do país”, e que este agromar de publicacións supliu a falta de industria editorial. Sinala que Chus Nogueira estudiou as revistas dende 1950 centrándose sobre todo en Grial. Finalízase lembrando a data de nacemento desta publicación, o seu proxecto inicial, como expoñente da vida cultural galega desa época, os seus obxectivos (recoller en catro volumes “estudios vivos sobre os nosos problemas” e tamén dar a coñecer as manifestacións literarias...) e o seu veto en 1952 pola dictadura.

Guía dos libros novos
(DL: C-1783/98).

Naceu en novembro de 1998 baixo a dirección de Xavier R. Madriñán. Ten carácter mensual. Preséntase en formato de xornal, con papel tintado en ton sepia. A intención desta publicación é comentar e analizar criticamente as novidades que aparecen no mercado en relación coas diversas áreas de coñecemento (literatura, antropoloxía, arquitectura e urbanismo, arte, ciencia e tecnoloxía, ciencia política, cine, comunicación, ecoloxía e medio, economía, educación, estudios sociais, filosofía, historia, informática e relixión). Estructúrase seguindo estas áreas e nalgúns números pode faltar algunha debido a que non se publique nese mes libro ningún sobre esa temática e engádese a maiores unha destinada ao Día das Letras Galegas. Este ano foron doce os números que saíron á luz, dende o 14 ata o 24 inclusive. Neles ademais das recensións de obras literarias que se poden consultar nas seccións correspondentes deste Informe, atópanse recensións de obras de historia, antropoloxía, filosofía, arte, relixión, economía, comunicación e tecnoloxía e cine.

Recensións e referencias varias:

-AGN, “A ‘Guía dos libros novos’ consolídase dando conta da literatura que se fai en Galicia”, El Ideal Gallego/Diario de Ferrol, 11 xaneiro 2000, p. 26/p. 32.

Comenta que esta revista que apareceu hai dous anos, conta no seu número catorce con novidades sobre emigración e xeografía humana, analizadas por diferentes especialistas. Así mesmo di que conta tamén con comentarios sobre obras traducidas e obras de ficción galegas, como as de Xelís de Toro e Antón Risco. Alúdese tamén á obra póstuma de Novoneyra e adícanse páxinas ao teatro e ás revistas. Todo isto acompañado de ilustracións da exposición do CGAC sobre a obra de Luís Seoane.

-Lois Fernández, “Un club de algo más que amigos”, La Voz de Galicia, “O espello”, 8 febreiro 2000, p. 50.

Informa de varias actividades de interese cultural, ademais de se referir ao xantar dos membros do PEN Club Gallego con Manuel Fraga para falar dos seus próximos proxectos e como presentación da nova directiva. Tamén se refire á revista Guía dos libros novos, da que salienta a súa solidez e que ten por finalidade o comentario das novas publicacións das editoriais galegas, indicando o nome dos seus distintos coordinadores de área.

-Concha Pino, “Refrexamos a oferta do libro galego”, La Voz de Galicia, “A entrevista”, 18 setembro 2000, p. 10.

Entrevista con Xavier R. Madriñán, director da revista Guía dos libros novos. Nela fai balance dos dous anos que leva de andaina esta publicación. Amosa a súa satisfación polo crecemento progresivo das vendas e pola consolidación dun excelente equipo de colaboradores. Fai referencia tamén á ausencia dalgúns apoios. Finalmente, reflexiona sobre o panorama cultural galego, presentando a súa revista como unha publicación que cobre o baleiro da crítica especializada en Galicia.

InteresArte
(ISSN: 1139-0174 / VG-270-1998).

Publicación concibida como revista divulgativa que trata distintos aspectos relativos á actualidade artística galega. Editada por Galaxia, está dirixida por David Barro López e ten un Consello de Redacción formado por Ramón Castaño Fernández, José Manuel Lens Braña, Agar Ledo Arias, Antonio García Borrazás e Yolanda López López. Contén diferentes seccións (Arquitectura, Artes Plásticas, Cine, Fotografía, …), ademais da referida ao teatro e á literatura. Durante o ano 2000 chegaron a nós os números 7 e 8, no primeiro ademais das citadas seccións aparece o artigo de Xosé L. Vaamonde “Chévere e Annus Horribilis. Un exemplo sobre a importancia da música no teatro”, de Patricia García Galdo o relato “A cor das nubes”, a entrevista de Yolanda López López “Roberto Vidal Bolaño. E o teatro namorouse do cine”, ademais dos comentarios na sección “Libros” as obras Eu de maior quero ser de Rosa Aneiros e Luz de abrente de Tucho Calvo. No segundo número, recóllese unha entrevista a Aníbal C. Malvar e o comentario á obra Sira Alonso. Diarios na sección de libros. Todos os artigos referidos á literatura galega aparecen descritos nos apartados correspondentes deste Informe.

Recensións e referencias varias:

-María Varela, “Interesarte’ mergúllase no mundo da moda no seu derradeiro libro”, Diario de Pontevedra, 3 novembro 2000, p. 64.

Infórmase da publicación do número nove da revista InteresArte. Preséntase como unha publicación dedicada á información artística en xeral. Faise referencia a varios dos artigos recollidos neste número, así como á entrevista coa escritora Luz Pozo Garza. Menciónase a incorporación dunha sección dende a que se mira ao mundo da moda. Tamén se recollen as verbas do subdirector da editorial Galaxia, Damián Villalaín, referidas á intención de continuar con esta publicación, malia a pouca proxección que está acadando.

Lúa Nova. Revista Galega de Cultura.
(DL: B-26.985-95).

Publicación de carácter cultural que retoma de novo a súa andaina interrompida en 1995 cun novo formato e novo equipo directivo que segundo se explica no limiar desexan “renovar ese voto de galeguismo que comezaron os nosos devanceiros neste proxecto de achega-la cultura ó noso colectivo, á nosa comunidade galega en Cataluña”. É unha publicación trimestral dirixida por Xosé Carlos García González e Emilio Luís López Arias e editada por ACG Rosalía de Castro de Cornellá. O seu presidente é Manuel López López, o seu redactor é Antonio Díaz e encárgase da corrección ortográfica normativa Xosé Carlos García González. Contén diversas seccións (Galegos en Cataluña, A nosa banda, Campionatos, Galicia Calidade, ...) nas que se recollen as actividades e actos que se realizan na asociación ademais das destinadas á literatura (“Poesía”, “Teatro”, “Día das Letras Galegas”, convocatoria de premios literarios). No ano 2000 sacou do prelo un número, o 40, que conta cun informe de Antonio Díaz sobre a historia e o dictame do Certame Nacional de Poesía da Asociación “Rosalía de Castro” e unha achega á temática da poesía de Alfredo González Vilela. Faise un enxalzamento do labor de Manuel Murguía no apartado do Día das Letras Galegas, realizado por Xosé Carlos García; Amelia López informa dos traballos realizados polo grupo “Anduriña” para a representación de As vodas de Fígaro, resumo do acto de entrega do citado premio poético a cargo de Federico Pomar e Víctor Rodríguez recorda a homenaxe póstuma de Uxío Novoneyra en Cornellá. Todos os traballos referentes á literatura galega aparecen descritos nos apartados correspondentes deste Informe.

Recensións e referencias varias:

-Antonio Díaz, “A revista ‘Lúa Nova’, de Cornellá, coa Muralla de Lugo e ‘Cumulum”, Galicia en el Mundo, “Sociedad”, nº 403, 18-24 decembro 2000, p. 20.

Manifesta a adhesión ao Proxecto Cumulum das publicacións da diáspora: Revista de Cultura Galega Lúa Nova editada pola Asociación Cultural Galega Rosalía de Castro de Cornellá e a revista Nós do Centro Galego de Sabadell. A primeira a través da entrega dalgúns exemplares do seu número 40 e a segunda a través de materiais recollidos na comunidade autónoma catalana e entregados ao alcalde de Lugo por responsábeis de ambas. Remata coa felicitación aos lugueses, e por extensión aos galegos, pola designación da Muralla de Lugo como Patrimonio da Humanidade.

Luzes de Galiza
(DL: C-812-1985).

Publicación que se subtitula “Revista de liberdades, crítica e cultura” e que saíu á venda por primeira vez en xullo de 1985. Na actualidade diríxea Manuel Rivas e edítaa Ediciós do Castro. Este ano apareceu o número 30, con 28 páxinas baixo o título de “En stand by” e coas seguintes seccións: o editorial “Toxos e flores”, asinado por Manuel O’Rivas; dous manifestos asinados polo Foro Luzes, composto por varios representantes da cultura galega, e outro dirixido á mesa do parlamento; a sección “O poder mediocre”, centrada na crítica das prácticas clientelares do goberno autonómico e das deputacións, onde hai textos de Ramón Máiz, Justo G. Beramendi, Xaquín Álvarez Corbacho, Xaquín Fernández Leiceaga, Carlos Pajares, Xavier Lorenzo Tomé e Xavier Seoane; finalmente a sección “Liberdades”, na que aparecen artigos sobre nacionalismo ou literatura, entre outros, escritos por Bieito Iglesias, Xesús González Gómez, Cristina Jarillot Rodal e Fidel Vidal; e ademais nesta sección recóllense poemas de Marilar Aleixandre, de Paco Rubinos e de Xavier Queipo, estes últimos baixo o título bilingüe “Chicago false haikus/Falsos haikus de Chicago”. As colaboracións referidas á literatura galega descríbense nos apartados correspondentes deste Informe.

Lvcensia. Miscelánea de cultura e investigación
(ISSN: 1130-6381 / DL: 885-1990).

Publicación semestral editada dende 1990 pola Biblioteca do Seminario Diocesano de Lugo baixo a dirección de Gonzalo Fraga Vázquez, e con Frei José Gómez González como Presidente de Honor, que ten como Consello de Redacción a Ángel Lorenzo Sánchez, Manuel Castro Gay, Amador López Valcárcel, Nicandro Ares Vázquez, Mª Dolores Carmona Álvarez, Manuel Rodríguez Sánchez e Argimiro López Rivas que fai a función de secretario. Nos dous números, 20 e 21, correspondentes ao ano 2000 presenta as súas habituais catro seccións tituladas “Estudios”, “Comentarios”, “Texto” e “Libros”, tratando temas relacionados coa etnografía, a antropoloxía, a toponimia, a educación e en xeral a historia de Lugo. No que se refire á literatura galega, recóllense no número 20 dous artigos, un dentro do apartado “Comentarios” que é “Fondos etnográficos e antropolóxicos de Galicia na biblioteca do Seminario Diocesano de Lugo (I)”, de José Manuel Blanco Prado, e dentro de “Texto” o de Mª Monserrat López Vázquez titulado “Poesías de Lugo en galego”, mentres que no número 21 dentro de “Comentarios” inclúese “Contidos etnográficos e antropolóxicos de Galicia na biblioteca do Seminario Diocesano de Lugo (II)”, de José Manuel Blanco Prado e numerosos comentarios sobre novidades editoriais dentro da sección “Libros”, todos eles descritos no apartado V. 4 deste Informe.

Recensións e referencias varias:

-Ignacio R. Díaz, “La revista miscelánea de cultura ‘Lucensia’ llega a su número veinte”, El Progreso, 16 maio 2000, p. 66.

Apunta que a revista cultural Lvcensia, editada pola Biblioteca do Seminario Diocesano, chegou ao seu número vinte despois de dez anos de publicación. Neste último número atópanse traballos sobre temas etnográficos, relixiosos e lingüísticos, todos eles relacionados coa cidade ou a provincia de Lugo.

Madrygal. Revista de Estudios Gallegos
(ISSN: 1138-9664 / DL: M. 18.263-1999).

Publicación da Universidade Complutense de Madrid, subvencionada pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, que comezou a súa andaina en 1998 cunha periodicidade anual. No ano 2000 segue mantendo o mesmo equipo directivo, con Alonso Zamora Vicente como Presidente de Honra, Mª Josefa Postigo Aldeamil como Directora e Carmen Mejía Ruiz como Subdirectora, ademais dun amplo Consello de Redacción conformado por persoas relacionadas coa propia Universidade Complutense e outras de Sudamérica. Presenta as mesmas seccións de números anteriores incluíndo en “Artigos” os seguintes referidos á literatura galega: “O pelingrino, poema de Otero Pedrayo atribuído a outros autores”, de Xesús Alonso Montero; “Esteban Fernández de Castro y Fernán Díaz Escalho”, de Vicenç Beltrán; “Conversas con Alexandre Finisterre”, de Carmen Blanco; “Castelao con Valle-Inclán”, de Borobó; “Discurso sobre el origen del pueblo gallego y de la emigración”, de Castelao; “Espacios para a palabra no solpor do milenio. Crónica de Letras da Cal”, de Mª Xesús Nogueira; “Castelao personalidade polifacética”, de Carme Novoa; “El Pedro Pardo, drama inédito de Emilia Pardo Bazán”, de Monserrat Ribao Pereira; “Recuperación dun discurso esquecido de Manuel Murguía”, de Olivia Rodríguez González; e “Colección Benito Soto”, de Sabino Torres Ferrer. Na sección de “Crónica” inclúense a “Presentación da Antoloxía Poética de V. Araguas: Billarda”, a cargo de Ana Iglesias e Carmen Mejía; “Sargadelos/Madrid”, de Manuel Pereira Valcárcel; e “La actividad cultural gallega en las publicaciones periódicas de 1999”, de María Josefa Postigo e Carmen Blanco. Na sección de “Creación” recóllense poemas de Miguel Ángel Andés, Xosé Galán, Javier

Serrano, Claudio Rodríguez Fer e Luz Pozo Garza, mentres que en narrativa aparece o relato “O lagarto Juancho”, de José Escudero e “Historias de espellos-I”, de Xosé Manuel Martínez Oca. En “Traducción” preséntase “Un fantasma modosito”, de Alonso Zamora Vicente en castelán e galego, mentres que en “Entrevista” recóllese a conversa con Xesús Alonso Montero de Carme Mejía e Ana Acuña. Finalmente, en “Recensións” recóllense os comentarios de Barbara Fraticelli sobre Eroi in maschera l’intertestualitá nella narrativa de Álvaro Cunqueiro de Domenico Ripa e A vida de Manuel Murguía de Xesús Rábade Paredes; María Martínez Xoubanova sobre a Historia da literatura galega, de Dolores Vilavedra; Isabel García Piqueras sobre Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero, coordinada por Rosario Álvarez e Dolores Vilavedra; e os de María del Mar López Valero sobre o Informe de Literatura 1997 e 1998. Literatura galega no 1997 e 1998 e a súa recepción. Todos os artigos referentes á literatura galega aparecen descritos nos apartados correspondentes deste Informe.

Recensións e referencias varias:

-Miguel Anxo Seixas, “Novas achegas de fóra”, O Correo Galego, “A Maltrana”, 2 outubro 2000, p. 3.

Cita todos os traballos relacionados con Galicia que a revista Madrygal foi publicando dende os seus comezos porque son “achegas sobre nós escritas noutro espacio e no noso tempo”.

Armando Requeixo, “Estudios galegos”, El Correo Gallego, “Correo das Culturas”, nº 46, 15 outubro 2000, 12.

Infórmase da publicación do número tres da revista Madrygal. Entre os diferentes artigos publicados, destácanse os de Xesús Alonso Montero, Vicenç Beltrán e Borobó. Tamén se fai fincapé na reproducción de escritos inéditos dos escritores Emilia Pardo Bazán, Castelao e Manuel Murguía. A entrevista con Xesús Alonso Montero e a traducción ao galego dun poema de Alonso Zamora Vicente preséntanse como merecedoras de eloxio. Remátase sinalando o extremo coidado co que se seleccionan os contidos e se fai a edición.

-Xosé Ramón Pena, “Un novo número de Madrygal”, Guía dos libros novos, nº 24, “Revistas”, decembro 2000, p. 30.

Describe a entrega número tres desta revista madrileña dedicada a estudios galegos que edita o Departamento de Filoloxía Románica e Eslava da Facultade de Filoloxía da Universidade Complutense, na que nesta ocasión se inclúen traballos como o de Xesús Alonso Montero “O Pelingrino”, poema de Otero Pedrayo atribuído a outros autores; o de Carmen Blanco e Borobó que publican, respectivamente, “Conversas con Alexandre Finisterre” e “Castelao con Valle-Inclán”; poemas de Miguel Ángel Andés, Xosé Galán, Javier Serrano, Claudio Rodríguez Fer e Luz Pozo Garza; textos narrativos de Xosé Escudero e X. M. Martínez Oca, así como “recensións” arredor dalgunhas novidades editoriais.

Microfisuras. Cadernos de pensamento e creación
(ISSN: 1137-747 X / DL: VG-391-1997).

Revista editada en Vigo por Amando González e centrada fundamentalmente na reflexión sobre as artes plásticas. Comezou a se publicar en 1997 cun Consello de Redacción integrado por Ignacio Castro, Amando González, Francisco Jarauta e Antón Patiño. Inclúe artigos sobre a teoría da arte e cada número conta con ilustracións de diversos artistas, ademais de textos poéticos e narrativos en galego. No ano 2000 publicáronse dous números, o 10 correspondente a xaneiro e o 11 a maio. No primeiro, que leva por título “Las fronteras de Europa: de Vigo a San Petersburgo”, recóllense numerosas ilustracións e artigos centrados en viaxes por cidades europeas, ademais do poema de Antón Reixa “O viaxeiro nihilista”; o artigo de X. Eduardo López Pereira “Exeria, escritora do século IV”; ou o de Antón Patiño “Uxío Novoneyra” en lembranza do poeta morto. No número 11, os artigos xiran arredor de temas pictóricos e autores españois, recolléndose no apartado titulado “Bienvenido siglo XXI” a visión que cada un dos numerosos intelectuais ten do século que se vén de estrear, entre eles Luís Rei Núñez, Pedro Rielo, Antón Patiño, Anxo Tarrío, Carlos Taibo ou Xavier Seoane.

La Patria Gallega
(ISBN: 84-453-2791-7 / DL: C-1936/2000).

Edición facsimilar desta revista cultural e política promovida polo Patronato da Fundación Alfredo Brañas baixo o patrocinio da Xunta de Galicia. Ábrese con dous estudios introductorios a cargo de Francisco Puy, Presidente da citada fundación, e Francisco Campos Freire, respectivamente. O primeiro, titulado "La Patria Gallega (1891-1892), unha preclara revista cultural", consta dunha introducción que informa que nos atopamos ante a colección completa da publicación, facsímilar feito a partir do orixinal que Francisco Campos Freire atopou na Hemeroteca Municipal de Madrid e que se ve motivado polo centenario da morte de Alfredo Brañas e o Día das Letras Galegas dedicado a Manuel Murguía (os dous principias responsábeis da revista), ademais de pola propia tarefa de recuperación. A seguir, descríbese atendendo á localización, datación, extensión, financiación, maquetación, programa, lingua e nómina de colaboradores e artigos que asinaron, alén dos autores reproducidos. Finalmente, avalíase a repercusión e orixinalidade deste medio na época e a súa fortuna historiográfica. O segundo, "La Patria Gallega: a bandeira xornalística do rexionalismo galego", analiza os seus contidos e o seu papel no movemento rexionalista. De feito, defínese como un exemplo da "orientación cultural da propaganda" desta corrente política que nace como voceiro da Asociación Rexionalista de Santiago (1890) e ligada a diferentes iniciativas. Tamén se alude ás diferentes correntes do rexionalismo, aos seus piares ideolóxicos e á atracción que exercía o movemento en Cataluña como modelo a imitar. Por último, céntrase na prensa rexionalista galega e catalana. Co subtítulo "Boletín-Revista. Órgano oficial de la Asociación Regionalista", La Patria Gallega viu a luz en Santiago entre o 30-III-1891 e o 15-I-1892.

De periodicidade quincenal, foron 14 as entregas publicadas, que constaban, polo xeral, de 12 follas de texto e 4 de solapas. O seu director foi Alfredo Brañas que, xunto con Salvador Cabeza de León e Xosé García Tarrío, eran os seus verdadeiros responsábeis ata que, en decembro de 1891, dimitiron, tomando o relevo Murguía nos derradeiros numeros. A nómina de colaboradores é moi ampla e nel podemos atopar aos principias nomes do rexurdimento cultural e político galego, tales como Xoán Barcia Caballero, Manuel Castro López, Manuel Curros Enríquez, Filomena Dato Muruais, Alberto García Ferreiro, Salvador Golpe Varela, Máximo Leyes Posse, Marcelo Macías, Andrés Martínez Salazar, Manuel Núñez González, Xoan Manuel Paz Novoa, Eduardo Pondal, Galo Salinas Rodríguez ou os cataláns Rubió i Ors e Teodor Llorente e o portugués Oliveira Martins, ademais dos anteriormente citados e de autores reproducidos (Rosalía de Castro, Waldo Álvarez Ínsua e Ramón Armada Teixeiro). Estaba escrita en galego e castelán e contiña os apartados “Sección Oficial”, “Necroloxía”, “Variedades” e “Noticias”. A literatura galega ficaba destinada a dúas seccións de aparición irregular como eran “Bibliografía”, na que se recensionaban libros e xornais, a “Sección Literaria”, a un número dedicado á memoria de Rosalía de Castro (nº 5, 30-V-1891) e a diferentes iniciativas como a convocatoria dos Xogos Florais de Tui de 1891. Polo demais, o seu cometido baséase no estudio da orixe, defensa e difusión das ideas rexionalistas, a crítica de males que padecía Galicia como o caciquismo e o cunerismo ou cuestións da actualidade política como a emigración, o ferrocarril ou a política fiscal.

PLIS-PLAS. A Revista
(DL: PO-232/99).

Revista aparecida en 1999 que conta cun Equipo de Redacción formado por Clara Mª de Saa Quintas, Xosé Lois Espiñeira Regueiro e Irene García García, ademais de Marcos Montoya Sanjosé, encargado das ilustracións, cos que colabora a Radio Galega e na que a Consellería de Medio Ambiente se fai cargo da edición. Cada un dos números ábrese cun “Editorial” no que se adiantan os contidos que presenta e ten ademais seccións fixas como o “Buzón do Plis-Plas” no que se recollen as cartas, fotografías e debuxos enviados polos cativos á redación; “O Conto” no que se relata unha historia diferente en cada número; “Os detectives verdes”, sección na que se fai un resumo de diferentes actividades ecolóxicas levadas a cabo por colexios de toda Galicia; “Faino ti mesmo”, con actividades manuais para realizar os nenos; un póster central sempre cos personaxes da revista con motivos correspondentes á época do ano como o Antroido, o San Xoan ou o Nadal; “Zampatempos”, na que se recollen encrucillados, adiviñas e outros xogos; a “Axenda do Plis-Plas”, na que se recollen noticias sobre libros, videoxogos ou películas e, finalmente, péchase cada un dos números con “As larpeiradas da Mariquiña”, onde aparece unha receita para facer os nenos. No ano 2000, esta revista sacou á luz cinco números, correspondendo co 4, 5, 6, 7 e 8, nos que se manteñen as seccións fixas, a excepción do número sete que é un “Especial Detectives Verdes” correspondente co inicio de curso no que se recollen as actividades arredor do medio ambiente levadas a cabo en diferentes colexios de Galicia. Nestes números aparecen contos como “A lebre e a tartaruga”, a historia dunha fada sen título, “O traxe novo do emperador” ou “Contos do Nadal”, adiantando na “Editorial” os contidos

que se recollen en cada número, ademais de anunciar no número cinco a intención de facer desta publicación unha entrega de periodicidade bimensual. Todos os números xiran arredor da festa máis importante que se celebra en Galicia correspondendo coa saída do número, así no número 4 préstase atención ao Antroido dende as diferentes manifestacións que hai en Galicia, pasando polo póster central ata a receita das filloas; no número 5 correspóndelle ás Letras Galegas e aos Maios, no número 6 ao San Xoan, mentres que no número 8 ao Nadal, pechándose así o curso anual.

Recensións e referencias varias:

-Natalia Sequeiro, “A radio en ‘Plis-Plas’”, O Correo Galego, “Lecer”, 17 decembro 2000, p. 2-3.

Comenta os contidos do programa radiofónico Plis-Plas e as actividades que fan a prol da lectura e da natureza, como punto de orixe da elaboración dunha revista co mesmo nome, Plis-Plas, destinada aos nenos. Explica como decidiron realizar o programa, a revista e o CD-Rom coas aventuras dos protagonistas do programa, o trasno Mariquiña, o inspector Pataca e o seu axudante Tomatiño. Recolle as verbas dos ideólogos a cerca de quén son os redactores e destinatarios e os obxectivos destas actividades: fomentar a imaxinación, recuperar o afán por ler. Por último, resalta a creación propia, por parte dos responsábeis, de varios dos contos que retransmiten e a publicación en Kalandraka de dous deles.

Pontenorga. Revista de Estudios Sociolingüísticos
(ISSN: 1139-6652 / DL: PO-487-98).

Revista promovida pola Exma. Deputación de Pontevedra que naceu en 1998 e que conta coa dirección de Miguel Pereira, con César Manuel López como subdirector, así como unha xefatura de redacción a cargo de Celia Soto e Ana Vicente. O número 2 correspondente ao ano 2000 é un monográfico arredor da figura do poeta Ramón Cabanillas, que conta cunha breve nota da redacción na que se reitera o compromiso de ser un punto de encontro para as colaboracións documentais, de investigación ou opinión das administracións, e se sinala que esta nova entrega vén da man do Servicio Lingüístico Comarcal do Salnés con motivo da celebración das Iª Xornadas sobre Ramón Cabanillas celebradas os días 5 e 6 de novembro de 1999. A seguir, inclúense dous limiares institucionais e aparecen as comunicacións lidas durante as xornadas, comezando por “A poesía de Ramón Cabanillas na Guerra Civil”, de Xesús Alonso Montero; “A miña visión do poeta cambadés”, de Francisco Fernández del Riego; “Cabanillas en Cambados; a forxa dun poeta”, de Luís Rei Núñez; “A obra teatral de Ramón Cabanillas: unha cala en “O Mariscal”, de Xosé M. Milán Otero; “O mar na obra literaria de Ramón Cabanillas”, de Francisco Fernández Rei; e “A figura literaria de Ramón Cabanillas”, de Xosé Luís Méndez Ferrín. Finalmente, aparece unha escolma de poemas dividida en “Á sombra de Cabanillas” e “Ruta Cabanillas”. Na primeira atopamos composicións de autores como Xosé Luís Méndez Ferrín, Emilio Xosé Ínsua, Irene Cacabelos Vieites, Tareixa Abal Santorum, Mª Carme González Rebollido e Ana Santorum Ardide, todas elas sen título, mentres que as tituladas son de Ramón Caride “Dous acrósticos”, de Xosé Manuel Millán Otero “Canción de contrafío”, de Domingo

Tabuyo “Para exercer de amor”, de Xesús Gómez Charlín “Os ollos do poeta” e de Inés Meaño “Ti en min”, seguidos dunha escolma de poemas de Ramón Cabanillas como “Galicia”, “A espada escalibor”, “¡Meu carriño!”, “Foliada” e “Chove”. Na segunda, inclúense dous poemas dedicados ao autor: “Diante da campa de Ramón Cabanillas”, de Emilio Álvarez Blázquez e “In memoriam de Ramón Cabanillas”, de Aquilino Iglesia Alvariño, intercalándose entre eles outros poemas do homenaxeado como “Na ribeira”, “A campana choca” e “Diante dunha cunca de viño espadeiro”, entre outros. Todos os artigos referentes a literatura galega aparecen descritos no apartado V. 4 deste Informe.

Recensións e referencias varias:

-Isaac Otero, “La revista ‘Pontenorga’ (número 0)”, Galicia en el Mundo, nº 355, 17-23 xaneiro 2000, p. 3.

Sinálase que a revista Pontenorga, co seu número 0 de 1998, preocúpase pola problemática da lingua galega. A súa publicación corre a cargo do Servicio de Publicacións da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, e no número descrito no artigo hai traballos de diversos autores sobre a normativa do galego en distintas administracións. Hai ademais traballos sobre outros temas que axudan a completar esta revista.

Pontenova. Revista de investigación xove.

Editada pola Deputación de Pontevedra, apareceu no ano 95 o seu primeiro número, co obxectivo de dar a coñecer traballos inéditos de investigadores novos e estimular a investigación. Está diríxida por Miguel Pereira Figueroa e o redactor xefe é César Manuel López Marras, mentres que na redacción están José Luís Castro Carpintero, Lourdes Pérez Santamarina Feijóo, Celia Soto Epiña e Ana María Vicente Rivas. Neste ano 2000 saca do prelo o nº 5, no que atopamos dez apartados que tratan temas de cultura en xeral, mentres que no referido á literatura aparece "Proposta de Castelao dos novos símbolos de Galicia", de Isidro de Malet Andreu, descrito no apartado V. 4 deste Informe.

Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares
(ISSN: 1136-3207 / DL: OR-75/95).

Publicación semestral, que naceu en decembro de 1995, editada pola Deputación de Ourense, coordinada pola Escola Provincial de Danzas e a Agrupación Castro Floxo, baixo a dirección de Mariló e Xulio Fernández Senra. Contén seccións de literatura, arquitectura, tradicións, etc. Durante o 2000 presenta os números 10 e 11. No correspondente ao mes de maio, nº 10, recóllense artigos referidos á maxia e bruxería, á historia ourensá centrada na vía romana, á toponimia da provincia, así como ao museo de Vilanova dos Infantes (Celanova), pechando este volume cun especial do Día das Letras Galegas no que se inclúen tres artigos arredor da figura de Manuel Murguía: “Tres achegadas a Manuel Murguía no seu tempo” de Marcos Valcárcel e “O bardo e o patriarca: vidas paralelas” e “Cronoloxía de Manuel Murguía”, ambos de Henrique Rabuñal Corgo. O correspondente ao mes de novembro, o nº 11, é un monográfico arredor da presencia dos xudeos en Galicia ao longo da historia, centrándose na súa pegada en vilas como Allariz, Monforte e Rivadavia. Os artigos referentes á literatura galega aparecen descritos no apartado IV. 3 deste Informe.

Recensións e referencias varias:

-S. Espinoso, “Diez números descubriendo Galicia”, La Región, 12 maio 2000, p. 16.

Infórmase de que o número 10 de Raigame, nas súas case cen páxinas, trata temas de maxia e bruxería, historia, lingüística, arquitectura e gastronomía populares, tradicións e museos. Ademais contén un especial sobre o Día das Letras Galegas, nel faise unha achega a Manuel Murguía e apúntase tamén algún aspecto descoñecido sobre este autor. Aprovéitase no artigo para anunciar a edición dos números anteriores da revista en CD.

-J. M. García e Emma Araújo, “El embajador israelí arropó la edición de un especial de la revista “Raigame”, La Voz de Galicia, “Ourense”, 16 decembro 2000, p. 4.

Dá conta da participación do embaixador de Israel en España na presentación dun número monográfico dedicado aos xudeos en Galicia da revista Raigame editada pola Deputación de Ourense. Indica que percorreu a exposición “Las Fuentes” sobre o mesmo tema e que viaxou á vila de Ribadavia, unha das que maiores pegadas conserva deste pobo.

Revista de Estudios Rosalianos
(ISSN: 1576-6128 / DL: C- 1412-2000).

Primeiro número da revista do Centro de Estudios Rosalianos, pertencente á Fundación Rosalía de Castro, e dirixida po Xesús Alonso Montero, que conta cunha editorial na que se explican os obxectivos da publicación que saíu do prelo o 15 de xullo de 2000, no CXV cabodano da morte da poetisa do Sar. Tamén se indican os obxectivos da mesma, entre os que figura a intención de sacar un número cada dous anos no que se recollan todos aqueles materiais de investigación e estudios sobre os máis diversos aspectos relacionados con Rosalía de Castro. Explícase o recente nacemento do Centro de Estudios Rosalianos ao abeiro do que ve a luz esta publicación e infórmase de que será a partir do próximo número en 2002 cando conte cun Consello de Redacción e cun Consello Asesor. Neste número presenta diferentes seccións como son: "Estudios" na que atopamos a colaboración de Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda con "Rosalía de Castro, actriz: noticias e documentos", de Jonnathan Dunne, que reflexiona sobre "Traducir Rosalía ó inglés: algúns problemas", e Xesús Alonso Montero, que se achega a "Anne Marie Morris con Rosalía ó fondo"; "Encontros", que recolle unha lectura dos poemas de Rosalía "Castellanos de Castilla" e "Tecín soia a miña tea" feita por Margarita Ledo Andión, Xavier Rodríguez Baixeras, Luz Pozo Garza e Dolores Vilavedra; "Exhumando páxinas sobre Rosalía" na que se reproduce unha carta de Víctor Said Armesto a Miguel de Unamuno; "Letras de fóra" na que se recolle a traducción ao lituano do poema de Curros "A Rosalía"; "Do arquivo da Fundación" coa traducción ao coreano de A mi madre, ademais das necrolóxicas nas que se

lembran as figuras de Gonzalo Torrente Ballester, Ernestina de Champourcín e Uxío Novoneyra, rematando cun “Compendio Bibliográfico” e as “Publicacións da Fundación”.

Recensións e referencias varias:

-C. B., “A escena”, O Correo Galego, “AFA”, 5 xullo 2000, p. 35.

Anuncia a presentación do primeiro número desta revista como conmemoración do 115º aniversario do nacemento de Rosalía de Castro e como preludio da inauguración do Centro de Estudios Rosalianos. Así mesmo, destaca especialmente o traballo de Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda, que trata a faceta artística da poeta, e informa da reunión ordinaria do Padroado da Fundación Rosalía, na que Alonso Montero indicou a saída anual da revista e a inclusión dun apartado sobre Manuel Murguía. Tamén, ao final, adianta os traballos de Jonathan Dan, Anne Marie Morris e Alonso Montero; as necrolóxicas de Uxío Novoneyra, Torrente Ballester e Ernestina Champourcin; e a traducción ao coreano do poema de Rosalía “A mi madre”.

-U. L., “A Fundación Rosalía celebrará o 15 de xullo o aniversario da morte da poetisa”, La Voz de Galicia, 5 xullo 2000, p. 11.

Ver López Veiga, Rodolfo, Canto para un poeta malencónico, no apartado III. 1 deste Informe.

-C. G., “El Centro de Estudios Rosalianos iniciará este sábado su actividad literaria”, El Correo Gallego, “Área de Compostela”, 13 xullo 2000, p. 45.

Faise eco dos actos de celebración do 115º aniversario do nacemento de Rosalía de Castro que se celebran na Casa da Matanza. Entre eles salienta a presentación do número dous da colección “Escribidurías da Casa Museo”, no que se inclúe a obra teatral Canto para un poeta melancólico, de Rodolfo López-Veiga. Dela destaca que se estreou en 1971 a cargo da Agrupación teatral Rosalía de Castro e que está baseada en textos dos máis sobranceiros autores galegos entre os que están a propia Rosalía, Murguía, Curros, Otero Pedrayo ou Carballo Calero. Así mesmo, indica que se presenta o primeiro número da Revista de Estudios Rosalianos, dirixida por Xesús Alonso Montero, na que Ramón Barreiro foi o encargado de facer nela unha homenaxe a Murguía.

-Manuel Dourado Deira, “Rosalía 2000: Centro de Estudios Rosalianos”, O Correo Galego, “Ardentía”, 22 xullo 2000, p. 3.

Quéixase do atraso que sofre o Centro de Estudios Rosalianos por falta de medios, xa que só foi inaugurado o edificio pero non deu comezo a investigación. Recollendo as palabras de Xesús Alonso Montero sobre o caso, significa que xa saíron adiante catro proxectos: a primeira entrega desta revista, dous encontros sobre Rosalía de Castro, a biblioteca (única infraestructura que funciona) e A revista 24 de

febreiro. Finalmente, alude aos compromisos adquiridos coa Xunta de Galicia, que non avanzan, en contraposición coa “multimillonaria Fundación do marqués de Iria Flavia”.

Revista Galega de Teatro
(ISSN: 113-956 X / DL: VG. 21-1994).

Revista dedicada á información teatral, que se viña publicando dende 1985 semestralmente e que, a partir do número 22, inicia unha nova etapa, saíndo ao mercado cada tres meses. Está editada pola Asociación Cultural “Entre Bambalinas”, dirixida por Antón Lamapereira e conta cun Consello de Redacción formado por Iria Méndez, Xosé M. Pazos, Pedro P. Riobó, Manuel F. Vieites, Lourdes Vega e Che Mariño, que fai de secretaria. Tamén hai que salientar que esta revista é membro fundador da Rede de Publicacións do Instituto Internacional do Teatro do Mediterráneo, así como que ten o apoio da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia. Os últimos números chegados a nós durante o ano 2000 foron o 22, 23, 24 e 25. No nº 22, correspondente aos meses de xaneiro-marzo, principia informando das finalidades da nova xeira que comeza a revista: “darlle un novo pulo á investigación e ós traballos teóricos sobre a estética, a historia e a filosofía do feito teatral galego e universal”. Este número, como os seguintes, segue basicamente a liña dos anteriores, contando con colaboracións externas e coas seccións habituais, “Opinións desde a Butaca”, “IGAEM”, “Libros”, “Revistas”, “Axenda” e “Ficheiro”, nas que se comenta e reflexiona sobre diferentes aspectos teatrais. Tamén aparecen dous novos apartados que son os referentes á danza e ás novas montaxes. Por outro lado, no número 22 ofrécese unha ampla visión do teatro social en Galicia, ademais dun percorrido polo noso teatro contemporáneo, achegando as dificultades polas que este pasa. No caderno central recóllese a peza teatral Forever de Raul Dans. O número 23, correspondente á primavera-verán, está dedicado ao teatro infantil e xuvenil, con reflexións sobre

a súa historia e as deficiencias actuais. Así mesmo, incorpora unha nova sección na que se achegan anécdotas teatrais e no caderno central contén o texto O faiado das aventuras de Salvador del Río, Pedro P. Riobó e Marcos Vieitez. O número 24, correspondente ao outono, leva

o título de “Teatro de Guerra”, tema sobre o que xiran algúns dos artigos. No seu caderno central recolle o drama de Yolanda Pallín Memoria e remata con “Cartas ó director”. Finalmente, o número 25, inverno, alude a catro persoeiros do mundo teatral: Gassman, Meyerhold, Castelao e Buero Vallejo, recollendo no caderno central Luscofusco. Drama Monofásico. Todos os artigos referidos ao teatro galego aparecen descritos nos correspondentes apartados deste Informe.

Recensións e referencias varias:

-I. O., “A fiestra aberta ao teatro”, Tempos Novos, nº 33, “Voces e Culturas. Crítica. Teatro”, febreiro 2000, p. 77.

Infórmase do último número da Revista Galega de Teatro que completa o dossier “Outros teatros europeos”, iniciado no número anterior, e contén ademais unha peza croata: As vodas mortas. Dise que hai tamén unha ampla sección de crítica referida, tanto a espectáculos como a libros, e pequenos artigos sobre a vida teatral do país. Todo isto é o que aparece neste número de primavera-verán de 1999, pero que saíu á rúa en novembro. Este problema de aparición con moita diferencia no tempo dáse en moitos outros proxectos

actuais, e a súa solución non parece doada. Sen embargo no artigo apúntase algunha saída como a de sacar productos máis atractivos ou ofrecelos a través da rede.

-I. O., “Nova xeira”, Tempos Novos, nº 37, “Voces e Culturas. Crítica. Teatro”, xuño 2000, p. 85.

Infórmase da “nova xeira” que abre a Revista Galega de Teatro, que agora pasa a ter periodicidade trimestral. A revista, que pretende achegarse a máis público, segue mantendo os traballos da primeira parte, que xiran fundamentalmente arredor da historia do teatro galego ou se centran en casos de escrita propia. Sen embargo, sinala que nesta vontade de renovación, quizais falte un pouco máis de modernidade no deseño.

Revista Galega do Ensino
(ISSN: 1133-911X).

Esta revista trimestral foi creada en decembro de 1993 e, na actualidade, conta cun Comité de Redacción formado por unha Directora, Ana María Platas Tasende, unha Subdirectora, M. del Mar Lorenzo Moledo, unha secretaria, María Natividad Rodríguez López e co encargado da ilustración, Javier Vilariño Pintos. De carácter interdisciplinar, acolle nas súas páxinas traballos diversos sobre materias técnicas e tamén humanísticas, pero sempre baixo o prisma común dun enfoque metodolóxico e didáctico, pensado para o fornecemento de material auxiliar aos docentes de todos os niveis. Neste ano 2000 tirou os números nº 26 (febreiro), 27 (maio), 28 (outubro) e o 29 (novembro). Todos eles presentan as mesmas seccións: “Colaboracións especiais”, “Estudios”, Prácticas”, “O pracer de ler”, “Recensions”, “Novidades Editoriais”, “Noticias”, “Lexislación” e “Normas para os autores”. Con respecto ao nº 28, cabe salientar, que baixo o título “Especial Balances dun século”, sacou un dobre volume, dedicado ás “Ciencias” e “Humanidades”, no que se recollen unha serie de traballos dun nutrido grupo de especialistas en diferentes disciplinas sobre os principais acontecementos, as ideas ou os descubrimentos máis importantes deste século. Todos os artigos referentes á literatura galega aparecen descritos nos apartados correspondentes deste Informe.

Taboada, A. Revista das asociacións culturais A Cabana e O Meigallo.
(DL: PO-109/00)

Publicación de carácter semestral que publica o seu primeiro número en decembro de 1999 e o segundo en xuño de 2000. Sae baixo a dirección de Pilar Pena Búa e conta cun equipo de persoas que participan como Consello de Redacción, Administración e Coordinación e Supervisión Lingüística, entre os que están Xosé Casal Porto, Manuela Ferreira Couso, Susana Fuentes Gago, Fernando González Graña, Baltasar Pena Abal, Héctor e Martiño Picallo Fuentes, Marcos Seixo Pastor, Reis Camiña Castro e Belén Pazos Touriño. Cada un dos números ábrese cun editorial, que no primeiro aproveitan para explicar que o contido da revista se circunscribe á vida cultural desenvolvida polas asociacións A Cabana e O Meigallo de Moraña e Cuntis, respectivamente, tamén explican o significado do nome escollido para a revista e fan unha declaración de intencións na que salientan o carácter aberto que lle queren imprimir á publicación, mentres que no segundo se centran en explicar os atrancos cos que se atopa a publicación, en especial a falta de medios económicos, e seguen pedindo as colaboracións de todos. Entre os artigos que se recollen nestes dous números, no 0 atopamos referidos á literatura galega os artigos de Xosé Casal Porto “El Bólido, xornal agrario”; de Belén Pazos Touriño e Pilar Pena Búa “A prensa en Cuntis. El Eco de Cuntis”; de Marcos Seixo Pastor “O conto”; e de Baltasar Pena Abal “Roberto Blanco Torres, Curros e a poesía social”. No número 1 recóllense o de Belén Pazos Touriño e Héctor Picallo Fuentes “Xan Pombo, o home paxaro” e de Reis Camiña Castro “Fuga amorosa de una muchacha de Moraña. Unha poesía de circunstancias que pervive na memoria”, todos eles descritos no apartado V .4 deste Informe.

Tempos Novos. Revista mensual de información para o debate
(ISSN: 1137-6945 / DL: C-588-97).

Publicación que naceu en abril de 1997 pola iniciativa do Grupo Atlántica de Información e Comunicación de Galicia S.A., coa pretensión declarada no seu número inaugural, de crear medios de comunicación alternativos e de calidade, e co obxectivo de desenvolver un movemento orixinal de desafío e subversión fronte á mundialización que se está a impor pola vía tecnolóxica, ademais de reforzar a identidade colectiva. A revista está dirixida por Luís Álvarez Pousa e no seu Consello de Redacción figuran Ana Belén Puñal Rama, Xosé A. Neira Cruz, Manuel P. Rúa e Miguel Ángel Rodríguez, ademais doutros colaboradores habituais no resto das seccións como Bieito Iglesias, Xurxo Souto, Armando Requeixo, Iolanda Ogando, etc. Ao longo do 2000 publicáronse doce números, dende o 32 ao 43. A revista ábrese con varias páxinas de opinión sobre temas diversos, con seccións como “Editorial”, “Postais de Galicia” ou “Días Soltos”, este último a cargo de Bieito Iglesias. Posteriormente adoitan estar os apartados “Cataventos” –dedicado a avances, natureza ou outros temas de actualidade-, “A Contratempo”onde ás veces se inclúen entrevistas ou debates de persoeiros importantes da cultura galega- e “Horizontes” –con análises sobre política, cultura, economía, etc.. Aparecen tamén nalgúns números os apartados de “Entregas Políticas” ou “Entregas Culturais” –onde diversos artigos tratan sobre un mesmo tema. Ademais disto algúns números contan con apartados especiais ou monográficos. Por último aparece a sección “Voces e Culturas” –que mostra opinións sobre libros, teatro, cómic, cine e arte-. Todos os artigos referidos á literatura galega que aparecen nesta revista están resumidos nos apartados correspondentes deste Informe.

O Tío Marcos da Portela (parrafeo 88 da 2ª época: 26-7-1885). (Edición facsimilar), col. Vintecatro de Febreiro, nº 1, Padrón: Centro de Estudios Rosalianos, 2000.

Primeiro número da colección “Vintecatro de Febreiro” do Centro de Estudios Rosalianos que presenta unha edición facsimilar de O Tío Marcos da Portela, concretamente do seu número oitenta e oito da segunda época correspondente ao día vinteseis de xullo de 1885, e que consta dun número monográfico dedicado a Rosalía de Castro. Conta cunha presentación de Xesús Alonso Montero, director do CER, na que explica os contidos do facsímile e os obxectivos que se perseguen con esta publicación, sendo o principal deles o renderlle unha homenaxe a Rosalía de Castro e a Valentín Lamas Carvajal, autor de moitas páxinas dedicadas á autora. Da mesma autoría é unha nota en folla á parte na que se pide a colaboración de todos para o mellor coñecemento de calquera tipo de material referido á Cantora do Sar, que pasaría a formar parte da Biblioteca do CER, ou ben sería publicado no Anuario de Estudios Rosalianos. No que se refire ao facsímile propiamente dito, presenta na súa portada a primeira necrolóxica que se publicou en galego dedicada á protagonista da homenaxe do número, Rosalía de Castro, e a continuación aparece o artigo “Rosalía de Castro” sen asinar, que Xesús Alonso Montero atribúe a Valentín Lamas Carvajal, no que se loa á poetisa como a mellor cantora de Galicia e se laia a súa perda. A seguir, reprodúcense os poemas “Nosa Señora d’a Barca” e “Airiños, airiños aires”, de Cantares Gallegos (1863), e “O simeterio d’a Adina”, de Follas Novas (1880). Pechan o número dúas composicións dedicadas á poetisa: “N’a morte d’a ilustre Cantora de Galicia

Rosalía Castro de Murguía”, de Xavier Valcarce Ocampo, datado o 17 de xullo de 1885, e “A Rola de Galicia Rosalía Castro de Murguía”, de Valentín Lamas Carvajal, datado en 1875.

Recensións e referencias varias:

-C. B., “La Fundación Rosalía da a conocer la colección ‘Vintecatro de febreiro”, El Correo Gallego, 24 febreiro 2000, p. 45.

Fai referencia ao acto celebrado na Casa Museo de Rosalía de Castro con motivo da presentación da primeira publicación editada polo Centros de Estudios Rosalianos. Cita algúns dos participantes como Alonso Montero e Agustín Sixto Seco. Ao final, sinala que esta publicación é o primeiro número da colección “Vintecatro de febreiro”.

-C. B., “Reeditan el semanario “Tío Marcos d’a Portela” de 1885 sobre la muerte de Rosalía”, El Correo Gallego, 25 febreiro 2000, p. 42.

Dá conta da presentación en Padrón do número cero de Vintecatro de febreiro, que reedita o número 88 do semanario ourensán O Tío Marcos d’a Portela. Este número, dedicado exclusivamente á morte de Rosalía

de Castro, contén ademais pasaxes da súa obra e un poema de Xavier Valcarce Ocampo, escrito en 1885 con motivo da morte da autora. Dise que neste acto de presentación, Alonso Montero, director do Centro de Estudios Rosalianos, adiantou que nos próximos anos esta revista, que recorda a data de nacemento da autora, presentarase como pequenos libriños vinculados á vida e obra da poetisa.

-Uxía López, “Persoeiros da cultura arroupan a primeira obra do Centro de Estudios Rosalianos”, La Voz de Galicia, 25 febreiro 2000, p. 87.

Anúnciase que con motivo do 163 aniversario do nacemento de Rosalía saíu o primeiro número da colección “Vintecatro de febreiro”. Este, presentado por Xesús Alonso Montero, dise que é unha edición facsimilar do número 88 de O Tío Marcos da Portela. Tamén adianta que esta revista, que sairá cada vintecatro de febreiro, será en sucesivos anos “pequenos libros que recollerán documentos e textos relacionados coa vida e obra da autora”.

-Miguel Anxo Seixas, “Centro de Estudios Rosalianos”, O Correo Galego, “A Maltrana”, 28 febreiro 2000, p. 3.

Dá conta da presentación do primeiro número da colección “Vintecatro de febreiro” do Centro de Estudios Rosalianos e do seu contido, a edición facsimilar do número 88 do semanario O Tío Marcos da Portela. Salienta o chamamento que fai Xesús Alonso Montero neste primeiro cartafol para recadar todo tipo de información sobre a poetisa e o labor desenvolvido ata o de agora por persoas como Aurora Marco e Antón

Pociña nos catro volumes que levan publicado sobre Rosalía de Castro dende 1991. Finalmente, fala dos obxectivos e proxectos do CER entre os que se atopa o de facer a maior biblioteca sobre a autora e publicar

o Anuario de Estudios Rosalianos no que terá cabida todo tipo de material sobre a poetisa galega, con seccións como “Os poetas e Rosalía (onte)” e “Os poetas e Rosalía (hoxe)”.

-Francisco P. Lorenzo, “Oriente e occidente”/“Soso Nakanishi verte ó xaponés os ‘Cantares Gallegos’ de Rosalía”, O Correo Galego, “AFA”/El Correo Gallego, 4 maio 2000, p. 43/p. 75.

Con motivo da traducción ao xaponés de Cantares Gallegos (1863), comenta o momento no que Shoxo Nakanishi, traductor e poeta de Hiroshima, coñeceu a obra de Rosalía de Castro e salienta o tempo que tardou en traducir o poemario. Sinala que o volume, en edición bilingüe, contén un percorrido polo contexto histórico, literario e social que rodeaba á autora, ademais dunha biografía e un apéndice fotográfico. Recolle as declaracións de Alonso Montero, sobre a dificultade deste labor sobre a oportunidade que se lles brinda aos orientais de coñecer a escrita desta autora. Por outra banda, manifesta que coa edición facsimilar de O tío Marcos da Portela se dá a coñecer a colección “Vintecatro de febreiro” coa que se conmemora a data de nacemento da poetisa. Informa tamén da inserción neste volume das homenaxes poéticas de Xavier Valcárcel Ocampo e Valentín Lamas Carvajal, a necrolóxica de Rosalía de Castro e algúns dos seus poemas. Finaliza resaltando a análise feita por Margarita Ledo e o profesor Xavier R. Baixeras do poema “Castellanos de Castilla” e o de Dolores Vilavedra e Luz Pozo sobre “Tecín soía a miña tea”.

A Trabe de Ouro. Publicación Galega de Pensamento Crítico
(ISSN: 1130-2674 / DL: C-351-1994).

Revista de periodicidade trimestral, editada por Sotelo Blanco dende 1990 e dirixida por X. L. Méndez Ferrín. Consta de cinco apartados: “Cuestións”, “Acoutacións”, “Textos”, “Publicacións” e “Crónica”, nos que se tratan aspectos da cultura galega e universal dun xeito crítico. Exceptuando o primeiro e o último, nos outros é frecuente atopar crítica, creacións e recensións de obras da literatura galega. Nos catro números correspondentes ao ano 2000 aparecen varios artigos sobre literatura galega, que se comentan nos apartados que lles corresponden neste Informe. O número 41 (xaneiro-febreiro-marzo) contén un artigo de Luís G. Soto sobre a ética na vida de Pondal; a primeira parte do estudio de Ramón Mariño Paz sobre o galego na vida, na obra e na época de Juan Antonio Posse, Manuel Pardo de Andrade e Francisco del Valle Inclán; unha análise do xornal El momento da man de Xoán Carlos Domínguez Alberte; unha reflexión de Méndez Ferrín sobre Castelao; un texto de Francisco X. Fernández Naval titulado A soidade era o frío e recencións sobre a Guía bibliográfica del gallego-asturiano y la tierra Navia-Eo, de Ramiro Javier Barcia López; Pensa nao, de Anxo Angueira e Diarios, de Syra Alonso. Para rematar, na sección “Crónica”, reprodúcense as palabras pronunciadas por Antón Santamarina na Homenaxe da Universidade de Santiago de Compostela a Xesús Alonso Montero. No número 42 (abril-maio-xuño) atopamos un artigo de Xoán González Millán titulado “Discursos sociais e literatura nacional: unha proposta paradigmática (Galicia como referente)”; a segunda parte do estudio de Mariño Paz, que aparecía no número anterior; un artigo de Dylan Thomas traducido ao galego por Marta Pérez Pereiro titulado “Outeiro dos fentos e outros poemas”; as recensións

sobre Paisaxes do baleiro, de Eva Veiga e EGU. Enciclopedia Galega Universal, de Bieito Ledo Cabido (ed.); por último, un texto de Méndez Ferrín titulado “Descenso ao Pego Negro. Diálogo de Pánfilo e Hrosvita. Sobre letras e catástrofes”. O número 43 (xullo-agosto-setembro) conta cun achegamento á vida e obra de Ramón Suárez Picallo; a reproducción duns poemas de Joaquín Silva e as recensións de Tal vez melancolía, de Xosé Carlos Caneiro e Sede auga, de Cesáreo Carballido. No número 44 (outubro-novembro-decembro) aparece un artigo sobre Roberto Blanco Torres en Cuba; dous textos de Manuel Antonio, recuperados por X. Antón L. Dobao; un achegamento á figura de Castelao no cincuenta aniversario da súa morte; un artigo sobre o Boletín da Real Academia Galega; as recensións sobre Na maleta, de Xurxo Borrazás e m-Talá, de Chus Pato e, por último, un recordo de Alonso Montero sobre a figura de R. Otero Pedrayo. Todos os artigos referentes á literatura galega aparecen descritos nos apartados correspondentes deste Informe.

Recensións e referencias varias:

-X. L., Méndez Ferrín, “Felices aniversarios”, Faro de Vigo, “Os camiños da vida”, 7 abril 2000, p. 2.

Dáse conta do aniversario da editorial Ir Indo e da revista trimestral A Trabe de Ouro, que cumpren quince e dez anos, respectivamente. As dúas entidades, con sede en Vigo e Santiago, convocaron actos para celebralo.

-Fernando Franco, “Hai formas modernas de compromiso intelectual”, Faro de Vigo, “El Sábado”, nº 160, 10 xuño 2000, p. 8.

Entrevista con Xosé Luís Méndez Ferrín co gallo do Xº aniversario de A Trabe de Ouro. O entrevistado afirma que a revista “pensou criticamente o noso momento histórico incorporando numerosas e variadas voces doutras latitudes”. Despois de recoñecer as dificultades desta traxectoria, sitúaa nun contexto de derrota do socialismo real e de globalización no que a revista se caracterizou pola rigorosidade e variedade temática, a información sobre actualidade e a independencia partidista, o que non desbota unha perspectiva marxista e autodeterminista. Ademais, di que o papel actual dos intelectuais debe ser o de formar pensamento influínte na práctica. Para rematar, cre que se trata dun tipo de publicación único do que hai poucos exemplos (Grial, Encrucillada, Social Text, dos EEUU, ou Multitudes, de Francia) e afirma que afronta o labor xornalístico coa mesma actitude que as outras facetas súas.

-Manuel Bragado, “A Trabe de Ouro”, Faro de Vigo, “Campo de Granada”, 11 xuño 2000, p. 30.

Con motivo do Xº aniversario da revista, sinala que esta construíu o pensamento alternativo e contemporáneo máis sólido de Galicia. A seguir, válese da mitoloxía popular para definir esta “trabe” como

un tesouro rico e imprescindíbel nun momento de cativez cultural e política, de posmodernidade e mundialización. Tamén destaca o deseño de Francisco Mantecón, a tipografía coidada e a independencia coa que saíu adiante. Ao final, agradece que recollera o pensamento nacionalista e de esquerdas galego e foráneo, a construcción dun novo discurso histórico do país, que demostra que os procesos culturais son colectivos, e o pensamento insubmiso.

-Xosé Ramón Pena, “Dez anos de A trabe de ouro”, Guía dos libros novos, nº 20, “Revistas”, xullo-agosto 2000, p. 30.

Dáse conta da edición do número 41 da revista A trabe de ouro no que se conmemora o décimo aniversario desta publicación. Tras felicitar a todos os que participan neste proxecto editorial, analízase o contido dos diferentes artigos que aparecen no número 41 desta revista. Así, coméntase que “O inacabamento ético de Pondal” de Luís G. Soto trata de explicar por qué Pondal non rematou Os Eoas. Tamén se salienta que en “O idioma galego na vida e na obra de Juan Antonio Posse (1766-1854), Manuel Pardo Andrade (1760-1832) e Francisco del Valle Inclán (1736-ca. 1808) (I)” de Ramón Mariño Paz se ofrecen datos relativos á historia da nosa lingua. Ademais, explícase que en “Situación da poesía” de Micel Deguy –traducido por Emilio Araúxo– se reflexiona sobre a “poesía de verdade”. O artigo “El momento, diario independiente por un intre” de Xosé Carlos Domínguez Alberte preséntase como a recuperación da historia dese xornal. Asemade, destácase que “A derradeira lección do mestre” de X. L. Méndez Ferrín se centra nas relacións existentes entre o galeguismo do exilio e o do interior. Remátase mencionando outras seccións e artigos que aparecen nesta publicación.

-Manuel Vidal Villaverde, “Saber de memoria”, Atlántico Diario, “De catro a catro”, 10 outubro 2000, p. 28.

Cita os traballos que constitúen o nº 42 de A Trabe de Ouro, xa que esta entrega sae nun “panorama actual que cheira a podremia e no que sempre pagan as inxustizas os desfavorecidos”. Ao final, fai fincapé nos poemas de Dylan Thomas traducidos por Marta Pérez Pereiro.

M. Blanco Rivas, “Reflexións verbo da Unión Europea”, Faro de Vigo, “El Sábado”, nº 180, 21 outubro 2000,
2.

Dáse conta da publicación do número 42 da revista A trabe de ouro. Sinálase a importancia que se lle outorgou nesta ocasión ao tema da Unión Europea. Menciónanse o título e o contido dos artigos incluídos neste número. En relación co tema da literatura, destácase a escolma de versos do poeta galés Dylan Thomas, traducidos ao galego por Marta Pérez Pereiro, e o artigo de X. L. Méndez Ferrín no que se fala da conexión existente entre o estado actual do mundo e a cultura literaria.

-Xosé Ramón Pena, “Un novo número de A trabe de ouro”, Guía dos libros novos, nº 23, “Revistas”, novembro 2000, p. 31.

Elóxiase a publicación do número 42 da revista A trabe de ouro. Coméntase, entre outros, o artigo de Xoán González-Millán dedicado á recepción e á historiografía da literatura en Galicia. Menciónanse, ademais, os

traballos de Margarita Ledo, Ramón Mariño e Francisco Fernández Rei sobre diferentes cuestión relacionadas coa lingua galega. Tamén aparecen referencias aos artigos de Pilar Carrera, Xosé A. Teixeira, Manuel Darriba, Méndez Ferrín e a traducción dun texto de Dylan Thomas feita por Marta Pérez Pereiro.

Unión Libre
(ISSN: 1137-1250 / DL: C-11618-1996).

Publicación editada por Ediciós do Castro e coordinada por Claudio Rodríguez Fer e Carmen Blanco que naceu en 1996 co propósito de ser unha colección de cadernos de periodicidade anual dedicada a diversas manifestacións creativas, preferentemente literarias, dende unha perspectiva que se anuncia “radicalmente aberta, crítica, independente e libertaria”. Integran o Comité de Redacción Xosé Luís Axeitos, Vsévolod Bagno (San Petesburgo), Diana Conchado (Nova York), María Lopo (Bretaña), Carme Junyet (Barcelona), Lily Litvak (Texas), Katheleen N. March (Maine) e Olga Novo. No 2000 saíu á luz o número 5, titulado “Especial cancións” e coa distribución dos seus contidos en seis apartados: “Movementos musicais da terra” —onde se inclúen colaboracións de José Ángel Valente, Juan Renales Cortés, Juan Abeleira, Natalia Regueiro, Lily Litvak, Serge Salaün, Susana Reisz, Luís Miguel Pedre Díaz, Francisco Javier Reija, Santiago Lopo, Xesús Fraga e Josep Maria Sala-Valldaura, son achegamentos ao canto fondo, á música celta, ás cancións de poder, á música cubana, ao bolero, ao cuplé, ao tango, ao corrido mexicano, á bossa nova, ao blues, ao punk ou ao hip hop—; “Autores de vida e culturas” —con artigos de Claudio Rodríguez Fer sobre Georges Brassens, María Lopo, Olga Novo sobre Léo Ferré, Silvia Carballido sobre Bob Dylan, Manuel Fernández Rodríguez sobre Leonard Cohen, David LaGuardia sobre Bob Marley, Manuela Aira sobre Lou Reed e Albert Pla, Mª Sara Fernández sobre Aute e Joana Sabadell Nieto sobre María del Mar Bonet—; “Descargas de Unión Libre”, onde se recollen fotos e textos de Billie Holiday, Jimi Hendrix, Jim Morrison, Nina Hagen, Dizzy Gillespie, Janis Joplin, Patti Smith e Tom Waits—; “Cancións que cambiaron un mundo”,

onde Marc Ferro, Cristina Patiño, Jean-François Botrel, Rosa Marta Gómez Pato e César Morán analizan a transcendencia de cancións como a Marsellesa e a Internacional, Le temps des cerises, La Paimpolaise, Lili Marleen e Grândola vila morena, respectivamente—; “Cancións que fixeron Galicia”, apartado no que se recollen artigos de Aurora López e Andrés Pociña, Armando Requeixo, Ana García Lenza e María Xesús Nogueira; “Memoria muller das músicas” con colaboracións de Carmen Blanco, Luz Pozo e Kathleen March; e “Cantares que escribiron poemas”, onde se recollen dous textos de Gillevic e Raúl Henao. As ilustracións do número corresponden á luguesa Sara Lamas. Os artigos centrados na literatura galega glósanse no apartado V. 4. Publicacións en revistas, deste Informe.

Viceversa. Revista Galega de Traducción
(ISSN: 1135-8920 / (DL: VG-371-1995)

Publicación anual promovida pola Asociación de Traductores Galegos (ATG), Edicións Xerais de Galicia e o Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Vigo. O Consello de Redacción está formado por Alberte Álvarez Lugrís, Xela Arias Castaño, Valentín Arias López, Gonzalo Constenla Bergueiro, Anxo Fernández Ocampo, Xulián Maure Rivas, Gonzalo Navaza Blanco, Camino Noia Campos e Antón Palacio Sánchez. Xosé María Gómez Clemente ocupa o cargo de secretario. A revista creouse en 1995 como resposta ás preocupacións dos membros da ATG, de profesores e de estudiantes universitarios de lingua e literatura galegas, os cales desexaban potenciar as traduccións á nosa lingua das obras máis importantes da cultura a nivel mundial. Entre os obxectivos primordiais desta publicación, están o de proporcionar un soporte adecuado de difusión aos traballos que xurdan dos alumnos da nova titulación de Traducción e Interpretación da Universidade de Vigo, dar a coñecer os estudios que sobre esta cuestión se publican en distintos países e, por último, informar sobre a situación actual da traducción en Galicia.

A Xanela. Revista Cultural das Mariñas
(DL: C-1696/96).

Publicación que edita a Asociación Cultural Eira Vella de Betanzos. Despois de publicar doce números entre xuño de 1994 e maio de 1995, comezou unha nova etapa en 1996 baixo a coordinación de Suso Torres. Inclúe traballos de tipo etnográfico, arquitectónico, artístico, musical, literario, etc., ademais dunha sección fixa, “As novas que nos achegan”, na que se comentan libros e publicacións de recente aparición. No ano 2000 viron a luz os números 9 e 10, correspondentes á primavera e ao outono, respectivamente. O número 9 presenta poemas de Medos Romero, Maxi Rei, Xosé Luís Sobrino, Estíbaliz Espinoza e Gabriela Rodríguez, así como relatos de Enma Couceiro, Ramón Vidal Alvarinho, Enma Pedreira e Xabier López López. Así mesmo, inclúe composicións de Manuel Amaral e Luís Filipe Maçarico no apartado “Letras de Portugal” e unha nova entrega sobre literatura angolana por parte de Namibiano Ferreira, desta volta centrado no narrador José Luandino Vieira. Na sección “Ano Castelao”, recóllese un artigo de Mª Nilda Fafián Porto co título “Castelao, ¡que lonxe estiveche!¡qué preto te sentimos!”, mentres que na “Festa das Letras” se homenaxea a figura de Manuel Murguía coa reproducción dun artigo de Vicente Risco (“A sinificación histórica de Murguía”, Arquivos, SEG, VI, 1933), unha bibliografía, diversos textos do autor e dous comentarios de Baraxeiro: “Betanzos na obra de Murguía” e “O betanceiro José G. Acuña e Murguía”. Por último, recolle dous contos populares extraídos do libro de Lois Carré Alvarellos Contos populares de Galiza (Porto, 1968). O número 10 conta coas colaboracións poéticas de Maxi Rei, Cândido da Velha, Ana María Orozco Vidal, Manolo Pipas, Xosé Luís Sobrino, Iolanda González Villar e Gabriela Rodríguez, amais dun relato

de Xabier López López. En canto á literatura dos Palop's, Namibiano Ferreira fala do narrador angolano Pepetela e, no relativo ás efemérides, constátase unha sección dedicada a Manuel Antonio, que inclúe a súa bibliografía e o poema "Rima de noite e de cidade antiga" (Rexurdimento, Betanzos, 1923). Así mesmo, e no marco do Ano Castelao, reprodúcese o texto "O hórreo", publicado por Castelao na revista bonaerense Betanzos (nº 43, 1948). Todos os artigos referentes á literatura galega aparecen descritos nos apartados correspondentes deste Informe.

Recensións e referencias varias:

-Xosé Lois García, “A Xanela’ un exemplo que cómpre seguir”, O Correo Galego, “Ecos da berenguela”, 18 xullo 2000, p. 3.

Comeza salientando o carácter artesanal, a boa ordenación e a variedade temática desta revista para despois referirse á riqueza cultural e histórica de Betanzo, berce de Antolín Faraldo e xermolo do poemario Orballeiras (1887), de Fernando García Acuña. A seguir, enumera as seccións que compoñen o número 9 da publicación, entre as que sobresae a dedicada ao escritor angolano Luandino Vieira, ao patrimonio monumental e as seccións de lembranza a Castelao e Manuel Murguía. Por todo isto, cosidéraa un exemplo para todas as publicacións locais.

Xistral (Revista lucense de creación poética)

Esta revista poética, que aparece coordinada por Camilo Gómez Torres e está editada polo Concello de Lugo, leva como pórtico un texto de Manuel María. Nel lembra a publicación da folla voandeira Ronsel e os devaneos para publicar os cadernos de poesía titulados tamén Xistral. Segundo comenta, este autor asociou o nome á súa vida ao lle chamar así tamén a unha librería da súa propiedade e a unha colección de poesía. Por último, di alegrarse de que o nome perviva nesta nova experiencia periódica de poesía, que sae co número 3. A seguir aparecen os poemas dos seguintes autores: Xela Arias, Eloi Caldeiro, Marica Campo, Xosé María Cosa, Xavier Costa Clavell, Lois Diéguez, Xoán Xosé Fernandez Abella, Xosé Lois García, María López Sande, Manuel María, Paulo Martínez Lema, Manel C. Matalobos, Xosé Miranda, Manuel Xosé Neira, Xoán Neira, Isidro Novo, Ana Pillado Vega, Andrés Pociña, Xerardo Quintiá, Xesús Rábada Paredes, Claudio Rodríguez Fer, Margarita Rodríguez Otero, Ramón Rodríguez Porto, Daniel Salgado, Xesús Manuel Valcárcel, Lois Vázquez Fernández, Antonio Vázquez Tierra e Helena Villar Janeiro. Ao final do libro, Camilo Gómez Torres fai un inventario da producción poética en Lugo baixo o título de “A poesía lucense de 1939 a 1999”. Finalmente, aparece un epígrafe no que se recollen os títulos publicados polos poetas colaboradores neste número.

Recensións e referencias varias:

-Helena Villar Janeiro, “Lugo cos seus poetas”, El Correo Gallego, “Notas de actualidade”, 9 xuño 2000, p. 3.

Fala da recuperación da revista Xistral (1949) polo Concello de Lugo, previo permiso de Manuel María. A seguir, nomea os integrantes do Consello de Redacción desta nova andaina, que ten como obxectivo dar saída aos novos poetas lucenses, analizar o panorama poético da provincia e difundir no posíbel esta iniciativa. Por iso, pensa que Lugo foi unha cos poetas que agora, con esta publicación, pretende homenaxear tanto aos lugueses de nacemento como a aqueles “por desexo” como é o caso de Celso Emilio Ferreiro.

Premios
1. Narrativa

Vº Premio de narrativa **"Álvaro Cunqueiro"**

Foi creado no 1991, con carácter bianual, polos Concellos de Vigo e Mondoñedo, en memoria de Álvaro Cunqueiro, para difundir a súa obra e o seu significado na cultura galega. Os orixinais e as copias (sete en total) teñen que enviarse baixo lema ou pseudónimo, e con plica aos Concellos de Mondoñedo (Praza do Concello 27740 Mondoñedo (Lugo) ou Vigo (Praza do Rei, s/n., CP 36202). O xurado estará formado por persoas relacionadas coa literatura galega e por un representante dos Concellos. A contía económica é de 2.000.000 de ptas. Nesta convocatoria, o prazo de entrega de orixinais rematou o 29 de febreiro. O 19 de xuño en Mondoñedo, o xurado formado por Marina Mayoral, Darío Villanueva, Anxo Tarrío, Dolores Vilavedra, Francisco Fernández del Riego, Félix Villares, que actuou como secretario, e Armesto Fajinas, como vicesecretario. de entre os máis de cincuenta orixinais presentados, outorgou o premio *Homónim@.,* de Antón Riveiro Coello, e a finais do mes entregouse o galardón en Vigo.

Referencias varias:

Pablo Santiago, "Antón Riveiro gaña con '*Homónim@*' o 'Álvaro Cunqueiro", *El Progreso*, 20 xuño 2000, 74.

Dá conta da consecución do Vº Premio de Narrativa “Álvaro Cunqueiro” por Antón Riveiro Coello coa obra titulada *Homónim@*. Ofrece unha breve biografía deste autor ourensán e cita os premios literarios cos que xa foi galardoado, ademais de recoller parte das declaracións de Félix Villares, secretario do xurado, quen afirmou que se tivo en conta “a riqueza da linguaxe para crear unha atmósfera cautivadora e a orixinalidade da historia, que discurre en terras mexicanas”. Tamén se achega o nome dos gañadores doutras edicións deste premio.

Vº Premio de narracións curtas **"Álvaro Paradela"**

Creouse no ano 1994, patrocinado por Carlos Perille Publicidade e convocado pola Sociedad Artística Ferrolana. Os orixinais, cunha extensión dun máximo de cinco folios a dobre espacio e de temática libre, teñen que enviarse á Sociedad Artística Ferrolana (Apartado 339, 15480 Ferrol). O galardón consistente nunha placa e a publicación na revista *Poesía Galicia*. Nesta quinta edición, que os orixinais tiveron que enviarse antes do 31 de decembro de 1999 e a resolución se fixo en febreiro de 2000, non se premiou ningunha obra en galego.

Referencias varias:

-Carlos Barcón, "Premios culturales", *Diario de Ferrol*, "entre nosotros", 12 novembro 2000, p. 20.

Comenta que o próximo día 17 os salóns do Casino de Ferrol serán o escenario do acto de entrega dos premios anuais da Sociedad Artística Ferrolana (SAF), que acolle os premios de poesía "Hernán Esquío", de poesía en galego "O Poeta Azul de Ferrol-Xosemaría P. Parallé", de narracións curtas sobre relatos do mar "Proa", de narracións curtas "Álvaro Paradela" e de crítica de arte "Arte Galicia". A seguir, nomea os gañadores.

XXIVº Premio de narracións **“Antonio Machado”**

Convócao a Fundación dos Ferrocarrís Españois coa finalidade de manter viva a tradición da creatividade literaria referida ao ámbito do tren. Dende o ano 1994, a convocatoria, que ten carácter nacional e internacional, incluíu nas bases a posibilidade de participar con relatos escritos en calquera das linguas do Estado español, sempre que teñan algunha relación co ferrocarril. A extensión máxima é de 10 folios e os orixinais deberán enviarse, acompañados dos datos persoais, á Fundación de los Ferrocarriles Españoles (R/ Santa Isabel, 44, 28012 Madrid), indicando no sobre XXIVº Premio de narracións “Antonio Machado”. O primeiro premio está dotado con 1.000.000 de ptas., o segundo con 400.000 e 50.000 para cada un dos oito finalistas. Todas estas composicións integrarán a edición dun libro, no que na portada figurará o nome do autor e o título da narración gañadora e na contraportada os nomes e os títulos das obras finalistas. Nesta edición, os orixinais tiveron que enivarse antes do 2 de febreiro e a resolución e entrega do premio tivo lugar o 20 de xuño no Monasterio de San Miguel de los Reyes de Valencia, na sede da Biblioteca Valenciana. Non foi galardoada ningunha obra galega.

IVº Certame de conto e narración breve **“Ánxel Fole”**

Convocado polo Concello de Lugo co gallo da celebración do Día das Letras Galegas de 1997, dedicado ao escritor lugués. Cada autor pode presentar un máximo de dúas obras orixinais e inéditas escritas en galego. O tema dos traballos é libre e a súa extensión non debe superar os 10 folios mecanografados a dobre espacio por unha soa cara. Débense entregar por triplicado nas oficinas do Departamento de Cultura (R/ Quiroga Ballesteros, s/n., Edificio do mercado, 22001 Lugo) en sobre pechado, cun lema na parte exterior. Dentro ten que figurar a narración, así como outro sobre co mesmo lema no que aparezan todos os datos do autor e o título da obra. Establécese un primeiro premio de 150.000 ptas. e placa e un segundo de 75.000 ptas. e placa. Nesta ocasión o prazo de presentación pechouse o día 12 de maio de 2000 e a entrega de premios celebrouse no transcurso dun acto que tivo lugar ao redor do Día das Letras Galegas. O xurado, que estivo integrado por Xosé Clemente López Orozco, que actuou como presidente, Xosé Ignacio Rodríguez Eguibar, que foi o secretario, Xosé Miranda Ruíz, Manuel Celso Matalogos Cerceda e Julio Álvarez Docampo, tivo que valorar 33 traballos, na modalidade de narrativa en galego, e outorgou o primeiro premio a Beatriz Lorenzo López por “A perla” e o segundo a José Antonio Núñez Álvarez por “O trespés”. Tamén se lle entregou un accésit a Marcelino Sisto Deibe polo relato “Apunte mariñeirán”.

VIº Premio literario **“Arcebispo Juan de San Clemente”**

Baixo o patrocinio da empresa Cubiertas MZOV, o Concello de Santiago e a Consellería de Educación, o IB Rosalía de Castro creou, no ano 1995, o Premio Literario “Arcebispo Juan de San Clemente”, dotado con 1.500.000 ptas. a repartir en tres modalidades: lingua castelá, lingua galega e lingua estranxeira traducida ao castelán. Nesta edición, o xurado, que estivo composto por alumnos de COU do Instituto Río Cabe, de Monforte, Manuel García Barros, da Estrada, Cidade de Antioquía, de Xinzo de Limia, A Pontepedriña e Rosalía de Castro, de Santiago, galardoou as seguintes obras: *Fatamorgana de amor con banda de música*, de Hernán Rivera Letelier, na modalidade de lingua castelá; *Os saltimbanquis no paraíso*, de Xelís de Toro, na de lingua galega; e *Tombuctú*, de Paul Auster, na de lingua estranxeira traducida ao castelán.

Referencias varias:

-R. X., “A. Baricco, M. Rivas e C. Martín Gaite premiados polos xóvenes galegos”, *Redacción Xove*, “Centros de Vigo”, xaneiro 2000, p. 20.

Refírese ao acto de entrega da anterior edición destes premios, que recaeron nas novelas *O lapis do carpinteiro*, de Manolo Rivas, na modalidade de narrativa galega; *Irse de casa*, de Carmen Martín Gaite, en lingua castelá; e *Terras de cristal*, do autor italiano Alessandro Baricco, en traducción. Recolle as diferentes impresións dadas polos galardoados nunha rolda de prensa sobre o feito de seren premiados por uns xurados compostos exclusivamente por alumnos de COU, ademais de referirse á súa intervención no acto de entrega. Finalmente, cita algúns dos temas mantidos entre os rapaces integrantes dos xurados e os galardoados, na cea que celebraron posteriormente.

-A. I. S., "Auster, McEwan o Haase compiten por el premio literario 'San Clemente", *El Correo Gallego*, 3 marzo 2000, p. 37.

Entre outras noticias, informa que o director do IB Rosalía de Castro deu a coñecer os títulos das obras finalistas que optarán a este premio nesta edición: no apartado de "Novela galega" *No ventre do silencio*, de Xosé Luís Méndez Ferrín; *Os saltimbanquis no paraíso*, de Xelís de Toro e *Grupo Abeliano*, de Xosé Cid Cabido. No apartado de "Novela castelá", *Un peso en el mundo*, de José María Guelbenzu; *Fatamorgana de amor con banda de música*, de Hernán Rivera Letelier e *La ruina del cielo*, de Luis Mateo Díez. No apartado de mellor "Novela estranxeira", *Tombuctú*, de Paul Auster; *Amsterdam*, de Ian McEwan e *Los señores del té*, de Hella S. Haase.

-A. I. S., "Auster, Rivera Letelier y Xelís de Toro, ganadores del Premio San Clemente", *El Correo Gallego*, 8 xuño 2000, p. 39.

Ademais de citar o título das obras gañadoras desta nova edición do Premio Literario “Arcebispo Juan de San Clemente”, dá conta das obras finalistas, da contía do premio e dos institutos que integraron o xurado.

XIXº Premio de novela longa **“Blanco Amor”**

Por iniciativa do Concello de Redondela, creouse no ano 1981 este premio promovido e financiado por un consorcio de concellos que achegaban 50.000 ptas. cada un, e que cada ano foi sendo máis numeroso ata chegar a esta edición en que a dotación foi de 2.000.000 de ptas. (12.020 euros). A organización do premio adxudícase por sorteo a un dos concellos do consorcio, que é o encargado de correr con todos os actos que leva consigo a convocatoria: entrega do premio e difusión da obra de Eduardo Blanco Amor. O galardón entrégase no mes de decembro e na festa do premio sortéase o concello encargado da seguinte edición. As obras presentadas deben ser inéditas e ter unha extensión mínima de 150 folios mecanografados por unha cara e a dobre espacio. Os interesados deben enviar as súas obras por correo, sen remite e baixo lema ao concello encargado da edición. En sobre adxunto, pechado e baixo o mesmo lema, debe indicarse o nome e enderezo do autor. No ano 2000 correspondeulle a organización ao Concello de Oleiros, a onde houbo que mandar os orixinais antes do 30 de xullo. O xurado, que fixo público o seu dictame o 29 de setembro, estivo formado por Carlos Paulo Martínez Pereiro, Xosé Ramón Freixeiro, Marica Campo Domínguez, Dores Sánchez Alegre e José Manuel Blanco Gil. O gañador, que recibiu o premio o 15 de decembro, foi Xosé Carlos Caneiro por *Ébora*, presentado baixo o lema “A vida é lugar”.

Referencias varias:

-A. Estévez, “O meu camiño nos prémios xa rematou”, *A Nosa Terra*, nº 955, “Guieiro Cultural”, 5 outubro 2000, p. 25.

Recóllense declaracións de Xoán Carlos Caneiro, gañador do “Blanco Amor” e o “Eixo Atlántico”. Recoñece que padece a sensación de sentirse un “acaparador” de premios e que estes lle dan moita satisfacción. Considera que en Galicia se está facendo unha literatura de calidade, pero que non está presente noutras literaturas. Afirma que escribir en galego é unha aventura que normalmente conclúe en naufraxio, polo que pediu en Portugal no seu discurso en Peso da Regua, que “abra as fronteiras á literatura galega”. Dáse conta de todos os premios literarios que ten conseguido o escritor verinés, quen confesa que escribiu *Ébora* para “defenderme dos agrávios da vida, para vingar aos protagonistas das outras novelas, todos tan infelices e desconsolados”. Así mesmo, apunta que quere quitarse esa “aura de ser un escritor difícil” e que na novela citada “non hai dificultades estructurais ou léxicas”. Tamén se recolle parte das declaracións do xurado do “Blanco Amor”, que asegurou que Caneiro con *Ébora* consegue “o equilíbrio entre a realidae opresora e a fantasía liberadora a través da escritura dun romance sobre a utópica vila de Ébora”.

-Tere Gradín Barcia, “Deixo as portas abertas para outros”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 179, 14 outubro 2000, p. 1.

Entrevista con Xosé Carlos Caneiro, que vén de gañar o Premio “Blanco Amor” e o “Eixo Atlántico” coa novela *Ébora*. Sinala que se sente moi satisfeito pola consecución destes premios, pero que xa é hora de deixar de presentarse, pois considera que posúe os premios máis importantes de Galicia e é partidario de deixarlles as portas abertas a outros autores. Comenta que a súa obra é unha reflexión constante sobre os problemas esenciais do ser humano e, a seguir, afirma que Galicia está vivir unha idade de ouro con respecto á literatura, aínda que o que lle falta é abrir as súas fronteiras. Declara que, de incluírse nunha xeración, faríao nesa que vai dende finais do 50 ata mediados dos 60, xa que aí existe unha renovación do discurso literario galego. Sobre se a narrativa galega recibe todo o apoio institucional que merece, opina que en absoluto e ofrece propostas para paliar esa “anemia institucional”. Finalmente, fala dos proxectos que ten en marcha na actualidade, como son a publicación de *Ébora*, do libro de relatos *Triloxía dos tristes* e da antoloxía de relatos *As flores de Irlanda*, ademais de dicir que as obras literarias deben ser as protagonistas da actividade cultural e non os autores.

-F. Martínez Bouzas, “Caneiro”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 47, 22 outubro 2000, p. 12.

Salienta dous feitos que lle ocorreron a Xosé Carlos Caneiro. Un, que a súa obra sexa comparada por algún sector da crítica co *Quixote* e, outra, que fose galardoado o mesmo día por *Ébora* cos premios “Blanco Amor” e “Eixo Atlántico”. Considera preocupante que os premios estean tan vinculados ás casas editoras e a outros intereses non só literarios, e que o anonimato, consubstancial aos certames literarios, non está garantido no caso de determinados autores. Propón unha reconsideración en profundidade da estructura galardoística da literatura galega e achega unha serie de propostas, como son a de premiar obras editadas ou establecer galardóns non venais. Considera que, daquela, Caneiro seguiría sendo un candidato idóneo.

-Emílio Cid Fernández, “Caricatura de Caneiro”, *A Nosa Terra*, nº 958, “Aldea Global”, 26 outubro 2000, p. 20.

Sinala que hai autores que se presentan a todos os premios, fronte a outros que non o fan a ningún, e que estes non melloran a obra dun autor. A seguir, comenta que o escritor verinés ten gañado moitos premios e que iso non provoca que sexa o número un das listas dos máis vendidos. Tamén considera que cando saia a novela premiada xa se falará se é “genial” ou non e que haberá quen diga que é “inaturável” por “non ser bolboreta de cenáculos”. Apunta que non é ningún segredo que Caneiro ama as palabras e devece pola literatura e refírese á ignorancia que hai sobre ese autor e outros galegos en Barcelona. Remata falando do negocio da literatura.

-Rosa de la Parra Martínez, “Caneiro, fílias e fóbias”, *A Nosa Terra*, nº 958, “Aldea Global”, 26 outubro 2000, pp. 19-20.

Mostra a súa indignación polo tratamento que ten recibido Xosé Carlos Caneiro no xornal *A Nosa Terra* e, especialmente, dende que a súa obra está sendo premiada. Remata pedíndolle ao xornal citado que sexa coherente cos seus principios e que non permita que algunhas persoas o utilicen para mostrar “as súas fóbias (ou debo dicer envexas?) persoais”.

XXXIIIº Premio **“Breogán”** de contos en galego

Foi creado en 1968 polo Centro Galego de Bizkaia (Barakaldo) e patrocinado polo Banco de Biscaia. En 1999 colaboraron a Secretaría Xeral para as Relacións coas Comunidades Galegas da Xunta de Galicia e o Concello de Barakaldo. Poden participar no certame todos os autores de calquera nacionalidade que presenten unha obra ou varias en galego. Os traballos, inéditos, non deben ter unha extensión inferior aos tres folios nin superior aos seis. Hai un primeiro premio de 150.000 ptas. e un segundo de 50.000, que poderán ser declarados desertos. Neste caso, a contía engádese á do seguinte ano. Os traballos e cinco copias máis, mecanografados a dobre espacio e por unha soa cara, teñen que enviarse ao Centro Galego de Bizkaia en Barakaldo (Galiza, 3, 48902 Barakaldo-Bizkaia). En sobre adxunto, debe indicarse o lema escollido para a obra e o nome e enderezo do autor. As obras premiadas publícanse na revista do centro, *O Xistral*. No ano 2000, o prazo de admisión rematou o 30 de xuño e o dictame deuse a coñecer o 25 de xullo. O xurado estivo formado por José María Rivera Pomar, Xurxo Caramés Puentes, Marisa Fernández Rodríguez, Manuel Tello León e José Manuel Tarela Pereiro. O primeiro premio recaeu en Rosa Aneiros Díaz, que presentou a obra *En tempo condicional*, baixo o lema de “Restreba”, mentres que o segundo foi para María de Mar Marey Rodríguez por *A proba*, presentada baixo o lema “Galahaz”.

VIº Premio de narrativa curta **“Café Dublín”**

O Premio de narrativa curta “Café Dublín” é convocado todos os anos, dende 1994, polo Café Dublín de Vigo, para premiar orixinais inéditos cunha extensión mínima de 65 folios e máxima de 100. Está dotado cun premio de 300.000 ptas. Este premio xa fora gañado por Ramón Caride Ogando, Anxo Angueira e Manuel Riveiro Coello. Nesta edición, resultou gañador Xabier Queipo por un libro de cinco contos agrupados baixo o título *O ladrón de esperma e outros relatos*. A entrega do premio está prevista para xaneiro do 2001 no Colexio de Arquitectos de Vigo.

XIº Premio literario **“Camilo José Cela”** de narrativa

Convocado dende o ano 1989 polo Concello de Padrón como “homenaxe perpetuo á figura humán e literaria do egrexio escritor”. Os relatos escritos en castelán ou galego teñen que ter unha extensión de doce a quince folios, mecanografados a dobre espacio, deben enviarse, por quintuplicado, con lema e plica, ao Rexistro do Concello de Padrón. O premio está dotado con 250.000 ptas.. A súa entrega faise coincidir co día en que lle foi concedido o Nobel de Literatura a Camilo José Cela, o 19 de outubro. Neste ano, o prazo de presentación rematou o 15 de outubro e, en contra do previsto, a entrega do premio non foi o 19 de outubro, pois o xurado reuniuse o día 24 dese mes. Non se premiou ningunha obra en galego.

IVº Premio **"Eixo Atlántico"** de narrativa galego-portuguesa (Certame Carlos Blanco)

Premio convocado pola Asociación Galega de Editores e pola Asociación Portuguesa de Editores e Libreiros e patrocinado pola Asociación Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular e dotado cun premio de 1.503.000 ptas. (9.000 euros) mais a publicación da obra. As bases establecen que poden participar todos os orixinais en lingua galega ou portuguesa. Os textos, inéditos, deben enviarse mecanografados a dobre espacio en número de oito copias aos locais da Asociación Galega de Editores (Rúa de Joaquín Yañez, 6, 36202 Vigo). O xurado está composto por sete membros elixidos entre profesores, críticos e escritores galegos e portugueses mais un secretario sen voto designado pola organización. Nesta ocasión, os orixinais houbo que envialos antes do 10 de xuño. O xurado estivo formado por José Viale Moutinho, Francisco Mangas, José António Gómes, Charo Portela, Carlos Lema, Miguel Anxo Fernán Vello, Damián Villalaín e José Manuel Braga Amaral, que actuou en calidade de secretario.O 26 de setembro de 2000, decidiu por unanimidade outorgarlle o premio a *Ébora*, do escritor ourensán Xosé Carlos Caneiro.

Referencias varias:

-Tere Gradín Barcia, "Deixo as portas abertas para outros", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", nº 179, 14 outubro 2000, p. 1.

Ver XIXº Premio de Novela Longa “Blanco Amor”, neste apartado do *Informe*.

-F. Martínez Bouzas, “Caneiro”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 47, 22 outubro 2000, p. 12. Ver

XIXº Premio de Novela Longa “Blanco Amor”, neste apartado do *Informe*.
-Rosa de la Parra Martínez, “Caneiro, fílias e fóbias”, *A Nosa Terra*, nº 958, “Aldea Global”, 26 outubro 2000, pp. 19-20.

Ver XIXº Premio de Novela Longa “Blanco Amor”, neste apartado do *Informe*.

-Emílio Cid Fernández, “Caricatura de Caneiro”, *A Nosa Terra*, nº 958, “Aldea Global”, 26 outubro 2000, p.

20. Ver XIXº Premio de Novela Longa “Blanco Amor”, neste apartado do

Informe.

Iº Concurso de contos **“Funcas”**

A Fundación de las Cajas de Ahorros Confederadas (FUNCAS) convoca este premio, no que poden participar todos aqueles que presenten contos escritos en calquera das linguas oficiais de España. A súa extensión debe estar entre os tres folios como mínimo e seis como máximo, mecanografados a dous espacios por unha soa cara, a razón de 32 liñas de 64 caracteres por folio. Deben ser orixinais e inéditos e non ser seleccionados ou premiados en ningún outro concurso literario antes da terminación total deste. O tema é libre, se ben se considera como mérito a circunstancia de que poñan de relevo valores e virtudes humanas exemplares. Cada concursante pode enviar os orixinais que desexe e debe presentalos baixo seudónimo, xunto a un sobre pechado no que figure no seu exterior o seudónimo e o título do conto, e no interior os datos persoais do autor. Os orixinais deben remitirse ao seguinte enderezo: Victorio Valle Sánchez, Director General de la Fundación de las Cajas de Ahorros (R/ Juan Hurtado de Mendoza 19, 28036 Madrid). O xurado estará formado por un Acádemio de número da Real Academia Española, que o presidirá, seis membros escollidos entre personalidades do mundo da cultura e das letras, e un secretario designado por FUNCAS, con voz e sen voto. Establecéronse tres premios coas seguintes dotacións: 5.000.000, 2.000.000 e 1.000.000 de ptas. Nesta convocatoria, o prazo de admisión concluíu o 31 de outubro e o xurado resolverá o seu dictame o 15 de febreiro de 2001.

XIIº Premio de novela **"García Barros (Ken keirades)"**

Convocado dende 1989, polo Concello da Estrada en colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. A contía económica é de 1.500.000 ptas. e, a partir desta convocatoria, a obra gañadora será publicada pola Editoiral Galaxia. Os orixinais en galego normativo teñen que ser enviados por sextuplicado á Casa do Concello da Estrada (Praza da Constitución 1, 36680 A Estrada-Pontevedra), quen se reserva durante un ano os dereitos de publicar a obra premiada en todas as linguas do estado. O xurado estará composto por cinco membros escollidos entre recoñecidas figuras do mundo da cultura e contará con representación do Concello, da Xunta de Galicia e da editorial Galaxia. Nesta edición, o prazo de recepción de traballos concluíu o 28 de abril e o xurado formado por Teresa Araújo García, Xosé Luís Axeitos Agrelo, Xosé Chavete Rodríguez, Damián Álvarez Villalaín e Valentín García Gómez de entre as 26 obras participantes, premiou o 30 de xuño, *As rulas de Bakunin*, de Antón Riveiro Coello.

Referencias varias:

-C. V., "A Estrada y Galaxia firman un convenio para editar el premio Manuel García Barros de novela", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 15 abril 2000, p. 51.

Infórmase que o Concello da Estrada e a editorial Galaxia firmaron un convenio para editar a obra gañadora da duodécima edición do premio. Recórdase a dotación do premio e saliéntase a calidade deste, que vén avalada, segundo os seus organizadores, polo feito de que foi o único galardón deste xénero declarado deserto na súa terceira edición por falta dunha obra de calidade.

XIIº Certame de narrativa **“Gonzalo Torrente Ballester”**

Certame instituído pola Deputación da Coruña, no ano 1989, como recoñecemento á obra narrativa de Gonzalo Torrente Ballester. Está dotado con 3.000.000 ptas. e a publicación. Os orixinais poden estar escritos en galego ou en castelán e deben presentarse por duplicado e acompañados de plica, na que se fará constar o nome, apelidos e nacionalidade do autor. Os traballos enviaranse á Deputación Provincial (Avda. Alférez Provisional, s/n. 15006 A Coruña) e o xurado estará constituído por: un familiar de Gonzalo Torrente Ballester, polo Presidende da Deputación da Coruña, polo presidente da Comisión de Cultura, Deportes e Benestar Social da Deputación, sete persoas de recoñecido prestixio do ámbito literario e un dos gañadores de edicións anteriores, actuando como secretario o da corporación ou funcionario en quen delegue. Nesta edición, que tivo como prazo de entrega o 1 de xullo, o xurado fixo público o dictame no último trimestre do ano e estivo composto por Javier Alfaya, Víctor Freixanes, José María Guelbenzu, Juan Ángel Juristi, José María Merino, José María Ponte Far, Luz Pozo Garza, Carlos Martínez Montesinos e Carlos López, que o presidiu en representación de José Luís Torres Colomer. De entre as 224 obras presentadas, premiouse *A memoria do boi*, de Xosé Vázquez Pintor.

Referencias varias:

-José A. Ponte Far, “Soy un autor de combustión lenta”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 131, 13 xuño 2000, p. 7.

Entrevista con Javier Guzmán, galardoado con este premio na súa Xª convocatoria por *Brigada Lincoln*. Salienta que se publica esta conversa o día no que se ten pensado presentar a novela na Biblioteca da Deputación da Coruña. Guzmán comenta que lle levou moito tempo a elaboración da novela e explica porqué elixiu situala espacilmente en Aragón, ademais de informar que pronto se verá no cine.

-Albino Mallo, “*Brigada Lincoln*’, o amor intoxicante de Javier Guzmán”, *O Correo Galego*, “AFA”, 14 xuño 2000, p. 31.

Refírese ao que deu de si o acto de presentación da novela *Brigada Lincoln*, de Javier Guzmán, publicada pola Editorial Linteo e gañadora da Xª convocatoria deste premio. Ofrece as declaracións de Guzmán acerca da novela, que de inmediato vai ser levada ao cine, afirmando que se trata dunha “historia de amor intoxicante”. Asemade, apúntase que esta é o principio dunha triloxía que ten as raíces no pobo de Almedina, un lugar ficticio de Aragón.

-M. V., “Brigada Lincoln narra una pasión en blanca y negro”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 14 xuño 2000, p. 47.

Entrevista a Javier Guzmán, galardoado na Xª edición deste premio con *Brigada Lincoln*. Nela o publicista coruñés alude á temática da súa obra, apuntando que esta xa está sendo obxecto dun guión cinematográfico. Asemade, refírese á súa próxima novela da que di non ter "nada que ver" coa premiada.

-Óscar Iglesias, "La literatura es una coña que no da para vivir", *El Mundo. Galicia*, "Galicia/Cultura", 16 xuño 2000, p. 8.

Entrevista con Javier Guzmán, autor de *Brigada Lincoln*, novela premiada en 1998. Guzmán reflexiona sobre a literatura e sobre a súa obra e sinala que en *Brigada Lincoln* a penas hai trasfondo histórico. Tamén fai referencia aos seus gustos literarios.

-Carmen Suárez, "Á venta '*Brigada Lincoln*', X Premio de Narrativa Torrente Ballester", *O Norte*, nº 143, "Reportaxe", 2ª quincena xuño 2000**,** p. 42.

Refírese á novela gañadora deste premio no ano 1998, *Brigada Lincoln*, de Javier Guzmán. Tras facer unha aproximación á traxectoria vital do autor, comenta as claves temáticas da obra, da que destaca o seu estilo "frenético, áxil e maduro".

-Albino Mallo, “Un Torrente para Vázquez Pintor”/“Vázquez Pintor gaña o ‘Torrente Ballester’ cun retrato da Pontevedra de posguerra”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “AFA”/“Sociedad”, 13 decembro 2000, p. 33p. 73.

Informa que a obra gañadora da actual edición deste premio foi *A memoria de boi*, de Xosé Vázquez Pintor, quen considera que este é o seu “ano de tullas cheas”, xa que Laiovento lle vai sacar *Quen faga voar*, obra premiada co “Carvalho Calero”, e Espiral Maior, *Banzados*, que acadou o “Uxío Novoneyra”. Recolle tamén as declaracións de Ponte Far, que actuou como portavoz do xurado, coas que se referiu ao argumento, linguaxe e estilo da obra premiada e á calidade das obras participantes. Remata cunha breve referencia sobre o galardoado, na que se dá conta dos premios que ten alcanzado, obra publicada ou do seu labor como animador teatral.

-Ana López, “O escritor Xosé Vázquez Pintor afirma ter medo a que o galego quede sen falantes”, *Diario de Pontevedra*, 13 decembro 2000, p. 63.

Xosé Vázquez Pintor comeza esta entrevista explicando a orixe do tema da súa primeira obra narrativa, *Lume de biqueira*, para logo manifestar o contento que quedou ao gañar o “Torrente Ballester” por *A memoria do boi*. Comenta que a súa historia se desenvolve no casco vello da cidade pontevedresa e fala do carácter real dos seus personaxes, ademais de afirmar que un dos méritos que atopou o xurado na novela foi o léxico, “que vén sendo poético, atractivo e froito de beber nas fontes dos mellores escritores clásicos que temos”. Tamén se refire aos contidos da obra e ao que non se debe esquecer do noso pasado pontevedrés.

Finalmente, manifesta que de ningunha maneira lle condiciona o presentarse a un premio para escribir unha novela e diserta sobre a calidade da literatura galega na actualidade.

-C. B., “A Pontevedra vella ten unha maxia íntima”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 13 decembro 2000, p. 34.

Nesta entrevista, Xosé Vázquez Pintor sinalou que o dictame do premio lle causou sorpresa, porque a súa novela está ensoñada en Pontevedra. Comenta que a obra xurdiu do contacto coa paisaxe desa cidade e recrea os seus espacios medievais do último tercio do secúlo XIX e principios do XX. Tamén se refire ao argumento e ao que aínda hoxe queda da Boapedre do seu libro, nome ficiticio de Ponvevedra. A seguir, indica que o que máis valora dun galardón como o conseguido é o feito de que se trata dun premio a escala nacional, ademais de declarar que este é un ano de fortuna, pois vanlle publicar *Quen faga voar* e *Banzados*.

-I. M., “El Torrente Ballester recae en Vázquez Pintor por fotografiar con palabras”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 13 decembro 2000, p. 25.

Dáse a nova de que Xosé Vázquez Pintor gañou este premio, recóllense declaracións do autor e saliéntase que os personaxes de ficción están baseados en personaxes reais e que o escritor considera Pontevedra, escenario da obra, un dos espacios máis acolledores de Galicia. Tamén se recollen parte das declaracións do xurado, que destacou da obra “su lenguaje denso y hermoso, tanto en la historia que narra como, sobre todo, en el estilo que ha empleado el autor”. Así mesmo, dise que a novela cosegue atrapar o lector ata introducilo na atmosfera que encerra. Nunha columna á parte, dáse conta dalgúns datos referentes á

convocatoria deste premio, a outros galardóns que ten conseguido Xosé Vázquez Pintor e á presentación do gañador da anterior edición do “Torrente Ballester”.

-Luis Franqueira, “Vázquez Pintor, ganador de la XII edición del premio de narrativa Torrente Ballester”, *El Mundo. Galicia*, “Galicia/Cultura”, 13 decembro 2000, p. 8.

Refírese ao acto de entrega deste premio a Xosé Vázquez Pintor por *A memoria do boi* e recolle parte das declaracións do xurado, que salientou a “gran capacidad de expresión” do escritor pontevedrés e o feito de apartarse esta obra do “camino trillado de una novela convencional”. Tamén se fai eco doutros premios conseguidos polo galardoado, da súa obra publicada ou labor desenvolvido en diferentes actividades teatrais. Por outra banda, alude á presentación da obra gañadora da anterior edición do “Torrente Ballester”.

-Marta Villar, “El pontevedrés Xosé Vázquez Pintor gana el ‘Torrente Ballester”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 13 decembro 2000, p. 42.

Faise eco da consecución deste galardón por parte de Xosé Vázquez Pintor coa obra *A memoria do boi*. Sinala que o galardoado se sentiu “sorprendido” e “satisfeito” por ter alcanzado este premio e que comentou que se trata dun “libro de estampas ambientado en la parte vieja de Pontevedra, la menos conocida a pesar de su encanto”. Tamén recolle o parecer do xurado, que en palabras do seu representante, Xosé Antonio Ponte Far, o que máis destaca da novela é a súa “habilidad para introducir a los lectores en la ‘atmósfera sórdida, asfixiante, de la ciudad de Pontevedra, en postguerra”.

-Pacho Rodríguez, “Vázquez Pintor gana el premio Torrente Ballester con “*A memoria de boi*”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 13 decembro 2000, p. 34.

Despois de comentar que a Xosé Vázquez Pintor, que comezou a súa producción con obra poética, lle supón este galardón unha subida disparada da autoestima, ante a entidade do premio e nome do autor que o identifica, salienta que o xurado destacou que a novela é “realmente distinta” e asegurou que achega algo novo á literatura galega, e que, segundo Xosé Ponte Far, hai nela unha influencia forte poética.

-Xosé Manuel Pereiro, “Xosé Vázquez Pintor, premio de Narrativa Torrente Ballester”, *El País*, “La cultura”, 13 decembro 2000, p. 44.

Despois de aludir á contía económica e ás declaracións do xurado da actual convocatoria deste premio, considera que é esta unha “obra distinta, una serie de estampas sucesivas unidas únicamente por la atmósfera, y lo demás es estilo, lenguaje y literatura de la buena”. Tamén reproduce palabras do galardoado, que afirmou que a súa novela naceu do “enamoramiento”, que experimentou polo casco vello da cidade de Pontevedra. Por outra banda, dá conta de parte da obra publicada de Xosé Vázquez Pintor e da que está a piques de sacar á luz.

Iº Premio de narrativa **“Historias na Universidade”**

A Universidade de Santiago de Compostela, a través do seu Servicio Universitario de Residencias (SUR) e os Colexios Maiores e Residencias de titularidade privada adscritos a ela, convocou no verán do ano 2000 este premio co fin de fomentar evocacións literarias da vida universitaria nas cidades de Santiago de Compostela e Lugo e nos seus Colexios Maiores e Residencias. Os mantedores de cada edición son dous dos Colexios Maiores ou Residencias convocantes: un encárgase de acoller o dictame do xurado e outro do acto de entrega do premio. Pode concorrer a este premio calquera persoa que presente escritos inéditos da súa autoría redactados en lingua galega, de acordo coa normativa oficial vixente e cunha extensión que insuma ao lector polo menos entre media e dúas horas. Os orixinais deben presentarse por quintuplicado en soporte de papel, mecanografados por unha soa cara e a dobre espacio, antes do día 30 de marzo de cada ano, no Vicerrectorado de Estudiantes (Rúa Nova, nº 6, Santiago de Compostela) ou nos Colexios Maiores e Residencias convocantes. Con cada orixinal, que debe ser presentado baixo lema, hai que adxuntar en sobre pechado os datos do autor e o título da obra. O xurado está composto por cinco persoas de recoñecida solvencia no eido da crítica literaria e polo director ou directora do centro encargado de acollelo, con voz e sen voto, que asume as funcións propias da secretaría. A súa composición dáse a coñecer pouco antes do seu dictame, feito que ten lugar nos meses de abril ou maio, coincidindo coa entrega das Insignias e/ou Bandas colexiais. A dotación económica é de 500.000 ptas. A obra premiada é publicada polo Servicio de Publicacións da USC e no periódico dixital da USC. O gañador debe achegar o texto premiado nun soporte electrónico para este fin.

Referencias varias:

-E. P., “A Universidade compostelá convoca o certame de narrativa ‘Historias...”/“As residencias e colexios maiores da USC convocan o I Premio de Narrativa ‘Histoiras na Universidade”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 14 agosto 2000/27 xullo 2000, p. 31/ p. 75.

Anuncia as bases de convocatoria deste premio convocado polos centros que forman parte do Servicio Universitario de Residencias da USC.

-AGN, “La Universidad de Compostela convoca un premio de narrativa”, *Diario de Pontevedra*, 15 agosto 2000, p. 54.

Achega as bases da primeira convocatoria deste premio.

VIIIº Certame literario **“Manuel Lueiro Rey”** de novela curta

Convocado polo Concello do Grove para honrar a figura deste galeguista e promocionar a literatura galega e os seus autores. Os traballos deben presentarse por quintuplicado e ir precedidos polo título e un lema. Asemade, hai que entregalos nun sobre pechado no que figure por fóra o título e lema e dentro conteña os datos do autor, no Concello do Grove (Praza do Corgo, s/n. 36980). Deben ser orixinais e inéditos e aterse á normativa vixente, ademais de ter unha extensión mínima de 60 folios e máxima de 120, que non superen os 1800 caracteres cada un deles aproximadamente. Concédese un único premio de 500.000 ptas. e a publicación por Sotelo Blanco da obra gañadora. O xurado, que se dá a coñecer antes da concesión do premio, está formado por cinco membros relacionados co mundo da literatura. Un deles é o gañador da edición anterior do premio, dous son nomeados polo comité organizador e outros dous son representantes de Sotelo Blanco. Os traballos son recollidos ata o 31 de agosto, o gañador dáse a coñecer durante o mes de outubro e os premios entréganse ao ano seguinte. Nesta edición, o xurado, que resolveu o dictame o 3 de novembro, estivo formado por Xesús Alonso Montero, en calidade de presidente, Manuel Quintáns Suárez, Xurxo Borrazás, Carlos Lema e Xosé Luís Álvarez Pérez. De entre as 20 obras presentadas, o galardón recaeu en Manuel Anxo Darriba Blanco por *Velada do billarista*.

Referencias varias:

-P. M., “Xosé Luis Álvarez Pérez obtiene el primer premio del certamen “Lueiro Rey” de O Grove”, *Faro de Vigo*, “Arousa”, 4 xaneiro 2000, p. 16.

Dá a coñecer os premiados da convocatoria do ano 1999 deste certame convocado polo Concello do Grove. Sinala que o primeiro premio foi para *De maxia e de obras* de X. L. Álvarez Pérez, o segundo recaeu en *Pode ver o mar* de I. López Silva, e o terceiro tocoulle a *A última memoria de Oliveira Twist* . Tamén apunta que houbo un accésit que foi para *O cabalo das sete cores*, de Beatriz Dacosta. Por outro lado, afirma que o portavoz do xurado, X. Alonso Montero, salientou o significado dos premios e a importancia de que se presente a eles xente moza.

-M. J., “La octava edición del certamen de novela Lueiro Rey da medio millón al vencedor”, *Diario de Pontevedra*, 27 abril 2000, p. 27.

Anúnciase a convocatoria da oitava edición deste premio e recóllese un extracto das súas bases.

-Manuel Jabois, “El Lueiro Rey se pone en marcha”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra/O Grove”, 4 xuño 2000, p. 29.

Dá noticia da posta en marcha da VIIIª edición deste premio literario. Así fai referencia ás bases do premio, apuntando que ata o mes de decembro non se saberá o nome do vencedor.

-M. J., “El plazo para el ‘Lueiro Rey’ acaba el día 31”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra/O Grove”, 12 agosto 2000, p. 19.

Informa do prazo de presentación dos traballos para a próxima edición dos premios Manuel Lueiro Rey, outorgados polo Concello do Grove en colaboración con Sotelo Blanco Edicións, ademais de explicar as súas bases. Por outra banda, fai alusión aos premiados na convocatoria do ano 1997 e non da convocatoria anterior como se sinala na nota de prensa: *Play-Back*, de Francisco Castro, *O riso de Isobel Hill*, de Antón Lopo e *O bebedizo da lúa*, de X. Carou Rey.

-J. Méndez, “El periodista lucense Manuel Darriba triunfa en el Premio Lueiro Rey”, *Faro de Vigo*, “Arousa”, 4 novembro 2000, p. 20.

Recolle parte das declaracións do gañador da presente edición deste premio, Manuel Darriba, quen manifestou estar moi satisfeito e indicou que a súa novela inclué “catro historias entrecruzadas por obra e gracia do azar con persoas que están solas”. Así mesmo, reproduce parte dos comentarios feitos polo presidente do xurado, Xesús Alonso Montero, quen aludiu á resolución tomada e á mención que se lle fixo á obra presentada co pseudónimo “Holiday in Cambodia”, ademais de cualificar de “positiva” a participación de traballos que houbo.

M. N., “Anxo Darriba, 'Premio Manuel Lueiro de Novela”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura”, 4 novembro 2000,
65.

Sinala que Manuel Anxo Darriba Blanco vén de gañar este premio pola súa novela *Velada do billarista*. Apunta que na convocatoria deste ano se presentaron 20 obras e que, a diferencia de anos anteriores, ampliouse a extensión mínima dos orixinais e houbo un premio único de medio millón de ptas. e a publicación da obra por Sotelo Blanco. Tamén cita os integrantes do xurado, que lle fixeron unha mención especial á obra presentada co título *O amor mata máis cas pistolas* e baixo o lema “Holiday in Cambodia”.

-María de la Torre, “A soidade e o azar centran a obra do escritor Manuel Darriba, gañador do premio Lueiro Rey”, *El Mundo. Galicia*, “Cultura”, 7 novembro 2000, p. 10.

Refírese en varias ocasións ao argumento da novela gañadora de Manuel Darriba, que recorre de novo ao tema da soidade para contar en primeira persoa unhas poucas horas na noite de catro personaxes que o azar logra unir. Sinálase que o ben que estaba tratado o tema da soidade foi un dos aspectos máis salientábeis polo xurado, quen tamén recomendou a publicación da obra finalista, *O amor mata máis que as pistolas*. Recóllense certas declaracións do escritor lucense galardoado, quen comenta que xa tiña na cabeza “unha serie de personaxes que son os que aparecen na novela, algúns deles inspirados en persoas reais”, ademais de falar das súas influencias no estilo narrativo e das súas inquietudes á hora de escribir. Así mesmo, afirma que o que lle interesa é “darlle vida a uns personaxes e a uns entornos” e escribir en “un bo galego”. Tamén manifesta o ben que se sentiu escribindo esa novela e, por outra banda, refírese ao bravú, sobre o que di que foi “unha cooperativa cultural, e iso foi positivo”. Finalmente, achégase a composicion do

xurado e indícase que nesta convocatoria, a diferencia das anteriores, as obras presentadas tiñan que ter un mínimo de extensión de 60 folios e que a editorial encargada de editar os premios gañadores vai ser Sotelo Blanco.

-M. J., “El premio ‘Lueiro Rey’ se entrega el viernes”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra/Sansenxo/O Grove”, 21 decembro 2000, p. 23.

Anuncia que o 22 de decembro se entegará no salón de plenos do Concello grovense a sétima edición deste premio e que este ano recaeu en Manuel Anxo Darriba Blanco.

IXº Certame **“Manuel Murguía”** de narracións breves

Convocado polo Concello de Arteixo, dende o 1991, para contribuír ao desenvolvemento da narrativa galega e honrar a Manuel Murguía. Poden concorrer todos os autores que o desexen cunha única obra de temática libre e escrita en lingua galega, cunha extensión entre 15 e 30 folios. Os traballos deben entregarse ao Concello convocante (Praza do Alcalde R. Dopico, 1, 15142 Arteixo), por cuadriplicado, mecanografados a duplo espacio por unha soa cara e só co título da obra e un lema. Así mesmo, nun sobre pechado debe achegarse o título, lema, nome, enderezo, teléfono e currículo do autor. O premio, que pode ser repartido *ex aequo* entre dous autores, consiste en 400.00 ptas. e a publicación da obra. Este galardón foi gañado noutros anos por escritores como Xavier Alcalá, Marilar Aleixander, Alfonso Álvarez Cáccamo, Isidro Novo ou Antón Riveiro Coello. Nesta edición, o prazo de entrega concluíu o 1 de marzo de 2000 e o xurado, que estivo formado por Carlos Casares, Xesús Alonso Montero Manuel Riveiro e Henrique Rabuñal, entregoulle o premio o 17 de maio a Xosé Luís Vázquez Somoza por *A fervenza* e a Xosé Carlos Caneiro por *As lores en Irlanda.*

Referencias varias:

-Luisa Costas, “Arteixo prolongará hasta final de mes la fiesta de las Letras Gallegas”, *El Ideal Gallego*, “Área Metropolitana”, 12 maio 2000, p. 22.

Dá conta das actividades que van ter lugar en Arteixo, co gallo da celebración do Día das Letras Galegas, que este ano ten como homenaxeado a un persoeiro nacido nesa vila, Manuel Murguía. Entre elas, cita a entrega de premios do Iº Certame etnográfico de vídeo e fotografía “Manuel Murguía”, unha ofrenda floral, a primeira edición da Feira do Libro de Arteixo e un congreso sobre o Patriarca. Así mesmo, refírese á entrega da IXª edición do Certame de narracións breves “Manuel Murguía”, do que o seu gañador non se coñecerá ata o día 17, pese a que o xurado, composto por Carlos Casares, Alonso Montero e Manuel Lourenzo, xa resolveu o premio en abril.

XXVIº **“Modesto R. Figueiredo do Pedrón de Ouro”**. Certame nacional de narracións breves

Convocado polo Padroado o Pedrón de Ouro, actualmente Fundación do mesmo nome, dende o ano 1974. Os orixinais deben presentarse por cuadruplicado, mecanografados a dobre espacio e por unha soa cara e deben contar cunha extensión mínima de 5 folios e máxima de 30. O tema é libre, pero tense en conta o tratamento e as técnicas narrativas empregadas, así como a pureza lingüística e a altura literaria. Os participantes teñen que enviar catro exemplares dos seus traballos sen remite ou outra forma de identificación á Fundación do Padroado Pedrón de Ouro (Apartado de Correos 1046, 15780 Santiago de Compostela). O xurado está composto por un representante da Asociación de Escritores en Lingua Galega, outro do Pen Club de Galicia, un designado polo Concello de Coles, patrocinador desta convocatoria, e un ou dous pola Fundación. O dictame do xurado dáse a coñecer a mediados de decembro e o prazo de admisión remata o 15 de novembro. O primeiro premio e os accésits son publicados por Ediciós do Castro. A dotación económica para o primeiro premio é de 100.000 ptas. e de 40.000 para os dous acéssits posíbeis. Nesta edición, á que concorreron 34 traballos, o primeiro premio foi para *Na sombra da lúa*, de Beatriz Dacosta Molanes, e os accésits para *A casa tomada*, de Emma Pedreira e *Lembranzas dun tempo*, de Andrés Pociña. Os premios entregáronse no pazo de Fontefiz (Coles) o 30 de decembro, aínda que a selección do xurado xa se coñecía dende n día 16 dese mes.

Referencias varias:

-Avelino Abuín de Tembra, “O XXVI Modesto R. Figueiredo”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 16 outubro 2000, p. 3.

Comézase falando da situación da narrativa na década dos 70, época en que “o relato breve era case descoñecido nas letras auctóctonas”. Faise logo un repaso pola historia do Certame Nacional Galego de Narracións Breves Modesto R. Figueiredo, recordando que este avogado pontevedrés foi o impulsor do Pedrón de narración curta, que se outorga dende 1974. Indícase ademais que a Fundación do Pedrón de Ouro difundiu un fascículo que recolle a historia deste premio ata a súa XXVª convocatoria. Cítanse no artigo o nome de moitos dos gañadores e anúnciase a XXVIª convocatoria para o 30 de nadal do 2000.

-Santiago Valencia, “A Modesto R. Figueiredo”, *El Correo Gallego*, “Sociedad-Cultura”, “Pedrón de Ouro”, 11 decembro 2000, p. 73.

Refírese ao pasamento súbito de Modesto R. Figueiredo, o mes de decembro de 1976 na entrega do premio de etnografía do Pedrón de Ouro a Xosé María Lema Suárez, despois de terse erguido e nun “vibrante arrouto” terlle dado as gracias aos labregos e mariñeiros presentes por ter conservado o idioma galego e recitar uns versos do “Poeta da Raza”. Tamén recolle as palabras que Alfredo Conde proferiu na súa campa e salienta o recordo que quedou de Modesto R. Figueiredo nos alí presentes.

-Avelino Abuín de Tembra, “Os premios e os poetas”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 18 decembro 2000, p. 3.

Ademais de aludir a este certame da Fundación Pedrón de Ouro e á falta de concursos para obras teatrais, fai un repaso por algúns dos premios de poesía na súa convocatoria do ano 2000. Comeza polo Premio “Esquío” que lle foi outorgado a Cesáreo Sánchez Iglesias coa obra *O rumor do distante*. Asemade, sinala que o Premio de poesía “Faustino Rey Romero” recaeu en Lucía Novas por *A flor do lirolai* e o Premio de poesía “Eusebio Lorenzo Baleirón”, en Carlos Penela Martín pola obra *Acaso o inverno*.

-Avelino Abuín de Tembra, “Desde Padrón a Coles (e II), *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 26 decembro 2000, p. 3.

Céntrase no comentario de diversos aspectos da última convocatoria deste premio. Así, sinala que na obra gañadora de Beatriz Dacosta Molanes, *Na sombra da lúa*, abórdase o mundo esotérico da licantropía e que nela se mesturan mitos e enigmas, con toque e pinceladas románticos, ademais de apuntar que está construída cun ritmo narrativo propio e que non presenta alardes e técnicas formais innovadoras e novidosas. A seguir, refírese ás obras que conseguiron o accésit *ex aequo*, *Lembranzas*, de Andrés Pociña e *A casa tomada*, de Enma Pedreira. Tamén indica que o xurado recomendou a publicación das novelas curtas presentadas cos títulos *A traxedia da memoria* e *As visións do anxo exterminador*. Por último, fala do acto de entrega dos galadóns en Coles, que terá como pregoeiro a Bieito Iglesias.

IIº Certame **“Mundanal de contos ultralixeiros”**

Convocado por primeira vez en 1998 polo Café das Artes e Alem-Parte. Daquela, os contos participantes debían ter unha extensión de 33 palabras exactas e estaren escritos en galego, mentres que, nesta edición, a extensión aumentouse a 34 palabras. Os orixinais deben enviarse ao Apartado de correos 47 de Chantada, CP 27500, por duplicado, baixo título e asinados cun pseudónimo, xunto a un sobre pechado, co mesmo pseudónimo no seu exterior, no que hai que indicar os datos persoais do autor. Concédese un primeiro premio consistente nunha cachucha, tres orellas e unha “estilo-gráfica”; un segundo, que, a diferencia do anterior, conta cun “estilobic”; e os accésits que o xurado considere, que consisten nun “estilo-caixasorpresa”. Os promotores reivindican a escrita como acto lúdico e desinteresado fronte aos premios con contía económica. O xurado está composto por sete persoas “navegantes·”de Alem-Parte, Café das Artes e outros colectivos. Nesta edición, o prazo concluíu o día 31 de decembro de 1999 e o dictame fíxose público o día 5 de xaneiro de 2000. O primeiro premio, que nun principio lle ía corresponder a Manoel Riveiro Loureiro, non o foi finalmente por ser acusado de plaxio. Polo que se refire ao segundo, recaeu en Xosé Manuel Vázquez López e o accésit, en Primitivo Pardo Pérez.

Referencias varias:

-C. C., “El jurado investiga un plagio en el Certamen de Contos Ultralixeiros”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 13 xaneiro 2000, p. 81.

Informa que o xurado da segunda convocatoria deste certame está investigando se o relato gañador de Manuel Riveiro Loureiro non se trata dun plaxio, pois presenta moitas semellanzas cun relato do libro *Neues aus Sankt Eiermark* (1997), escrito por Koch, Krefeld e Oesterreicher. Reproduce o texto enviado ao concurso polo escritor acusado, quen nega tallantemente que houbese copia ou plaxio.

IIº Premio **“A Peneira”** de novela curta

Certame convocado dende 1999 por EGASUR SL e o xornal *A Peneira* de Ponteareas. Poden presentarse todos os autores que o desexen cun só traballo orixinal e inédito. A extensión destes traballos debe ter un mínimo de 25 folios e un máximo de 50, mecanografados a dobre espacio, e deben estar escritos en galego ou en portugués. Así mesmo, hai que entregalos por triplicado e asinados cun lema, conxuntamente cun sobre no que debe figurar no seu exterior o lema e no interior a fotocopia do DNI, o lema presentado e aqueles datos de máis interese do autor. Os orixinais deben enviarse a *A Peneira* (Paseo Matutino, 1-1º, 36860 Ponteareas-Pontevedra), indicando no exterior do sobre “Para o concurso de Novela Curta”. O premio consiste na publicación dos mellores traballos presentados e a cada un dos premiados entréganselle 50 exemplares do libro no que se recollan os traballos. Nesta segunda edición, que tivo como prazo de entrega o 31 de marzo, quedou deserto.

IIIº Premio **“A Peneira”** de relatos curtos de humor

Certame convocado dende 1998 por EGASUR SL e o xornal *A Peneira* de Pontearéas. Poden presentarse todos os autores que o desexen cun só traballo orixinal e inédito. A extensión destes traballos debe ter un mínimo de 10 folios e un máximo de 15, mecanografados a dobre espacio, e deben estar escritos en galego ou en portugués. Hai que entregalos por triplicado cun lema, xunto a un sobre á parte no que, no exterior, figure o mesmo lema. Dentro del, ten que haber unha fotocopia do DNI do autor nun folio, no que se debe engadir o lema presentado, o nome do autor, o seu enderezo e un número de teléfono de contacto. Deben enviarse a *A Peneira* (Paseo Matutino, 1-1º 36860, Pontearéas-Pontevedra), indicando “Para o concurso de Relatos Curtos de Humor”. O premio consiste na publicación dos mellores traballos presentados e a cada un dos premiados entréganselle 50 exemplares do libro no que se recollen os traballos. Nesta terceira edición, que o prazo rematou o 31 de marzo, quedou deserto o premio.

IIIº Premio de narracións sobre relatos do mar **“Proa”**

Convocado por vez primeira no 1996 pola Sociedad Artística Ferrolana co fin de fomentar e estimular o desenvolvemento da cultura na faceta literaria das narracións curtas. O tema obrigado é que as obras presentadas sexan relatos do mar. Poden estar escritos en galego ou castelán sen límite de extensión. Os traballos deben enviarse á Sociedad Artística Ferrolana. Nesta edición, os traballos houbo que envialos antes do 31 de decembro e a resolución tivo lugar en febreiro de 2000. O premio non recaeu en ningún autor galego.

Referencias varias:

-Carlos Barcón, “Premios culturales”, *Diario de Ferrol*, “entre nosotros”, 12 novembro 2000, p. 20.

Ver Vº Premio de narracións curtas “Álvaro Paradela”, neste apartado do *Informe*.

Iº Concurso de relato curto **“Ramón del Valle-Inclán”**

Organizado por primeira vez pola Asociación Amigos do Museo Valle-Inclán e o Concello da Pobra do Caramiñal coa finalidade de perpertuar a memoria do ilustre autor que lle dá nome e promocionar os valores propios de Galicia. Poden participar todos os autores a partir dos 16 anos, que redacten os seus orixinais en lingua galega cunha extensión máxima de 20 folios. Deben presentarse 5 copias mecanografadas en tamaño folio a dobre espacio dentro dun sobre pechado, que especifique no exterior un pseudónimo e o nome do concurso. Dentro do sobre hai que incluír un folio que conteña os datos persoais do auotr. Os escritos deben ser remitidos a un dos seguintes enderezos: Asociación Amigos do Museo Valle-Inclán (Apartado de Correos, 3, 15940 A Pobra do Caramiñal-A Coruña) ou Museo Valle-Inclán (Torre de Bermúdez, s/n., 15940 A Pobra do Caramiñal-A Coruña). Establécense dous premios, un de 75.000 ptas. para o gañador e un de 40.000 para o finalista. O xurado está composto por 5 membros relacionados co mundo da cultura e dáse a coñecer o mesmo día da publicación do dictame. Nesta convocatoria, o prazo de recepción rematou o 10 de decembro e a entrega vai ter lugar nun acto público que se celebre na Casa da Cultura da Pobra do Caramiñal o 6 de xaneiro de 2001. O xurado estivo formado por Ramón Allegue Martínez, Antonio González Millán, Juan Muñiz Rodríguez, Lucía Vilaso Martínez e Ana Posada. Das 40 obras que concorreron, o primeiro premio foi para Marcelino Sisto Deibe por “O ar estordegado”, mentres que o segundo, para Moisés González por “Vivir por un día”.

Referencias varias:

-Ana Fernández, “Cuarenta obras optan a ganar el primer concurso de relatos cortos Valle-Inclán”, *La Voz de Galicia*, “Barbanza-Muros-Noia”, 17 decembro 2000, p. 2.

Recolle parte das bases da convocatoria inaugural deste premio e as declaracións de Antonio González, Conselleiro de Cultura de Pobra, quen salientou que o que se pretende é dar a coñecer a producción de Vallé-Inclán e a literatura en xeral. Así mesmo, faise eco das palabras de Juan Santiago Muñiz, presidente da Asociación Amigos do Museo Valle-Inclán, quen destacou a elevada participación e a pretensión da entidade de facer que participase xente da comunidade galego-falante de calquera sitio, aínda que finalmente o procedencia das obras foi dun 80% da Coruña.

-M. X., “Marcelino Sisto gana el primer concurso de relato corto ‘Ramón del Valle-Inclán”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 31 decembro 2000, p. 47.

Dá conta da composición do xurado da primeira convocatoria deste premio, ademais de indicar cal foi a resolución que tomou, a contía dos galardóns e o día do acto de entrega.

IIº Premio **“Risco”** de literatura fantástica

En 1999 o Concello de Ourense, a Fundación Vicente Risco e a Editorial Sotelo Blanco, convocaron por primeira vez este premio, concibido como homenaxe á memoria de Vicente Martínez-Risco e do seu fillo Antón Martínez-Risco, para premiar a mellor obra de literatura fantástica do ámbito galego. Está dotado cun 1.000.000 ptas. e o Concello de Ourense resérvase o dereito de publicación da obra gañadora durante un ano. A extensión dos traballo, inéditos, debe oscilar ao redor dos 30.000 caracteres. Os orixinais, por sextuplicado e soporte de papel en tamaño DIN-A4 mecanografados por unha soa cara e a dobre espacio baixo lema, deben adxuntar en sobre pechado o nome completo, enderezo e teléfono da persoa que concorre ao premio, así como o título definitivo da súa obra. A entrega debe facerse no Rexistro Municipal antes do 5 de xaneiro de cada ano e o premio dáse arredor do 30 de abril, efeméride da morte de Vicente Risco. O xurado está composto por cinco persoas escollidas entre personalidades recoñecidas do mundo da literatura, unha das cales é elixida polo concello. Na edición de 2000 os integrantes do xurado, que deu a coñecer a resolución o 5 de marzo, foron Basilio Losada, Darío Villanueva, Anxo Tarrío, Ramón Nicolás, Arturo Lezcano e Aurelio Gómez Villar. De entre os trece traballos presentados, premiou a Xosé Carlos Caneiro por *A rosa de Borges*.

Referencias varias:

-Jesús Manuel García, “Caneiro gañou o primeiro Premio Risco de Literatura Fantástica”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 5 marzo 2000, p. 89.

Alude á concesión deste premio ao escritor Xosé Carlos Caneiro con *A rosa de Borges*. Recolle as palabras de Basilio Losada, presidente do xurado, quen se refire á novela afirmando que se trata dun “xogo de espellos rotos arredor dun mundo de loucura”, na que se ten moi en conta ao lector. Fai referencia, así mesmo, á composición do xurado e á novela finalista, *Alterius non sic cui suus esse potest* de autor descoñecido. Remata ofrecendo unha entrevista co autor gañador, na que se recollen as impresións de Caneiro acerca do premio e da novela vencedora.

-J. M. G., “Caneiro pediu novos roteiros literarios ó recibir ó Risco”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 30 abril 2000, p. 76.

Fai mención á recollida deste premio por parte de Xosé Carlos Caneiro, nun acto organizado pola Fundación Vicente Risco no Liceo de Ourense. Así mesmo, alude ás palabras pronunciadas nese evento polo galardoado, quen salientou o singular xeito de escribir de Risco e realizou unha defensa do galego, ademais de suxerir “varias rutas literarias ...como a de *Xente ao lonxe*”. Por outro lado, dá noticia da entrega do Premio “Antón Losada Diéguez” a Xosé Fernádez Ferreiro coa novela *O atentado*.

Concurso de relatos "*La Voz de Galicia*"

La Voz de Galicia convidou aos escritores afeccionados a que enviasen no ano 2000 por primeira vez os seus relatos para publicar durante todos os días do mes de agosto na sección "Páxinas literarias". Estas páxinas, segundo a convocatoria, inclúen fóra de concurso unha sección dedicada a escritores coñecidos e a publicación por capítulos da obra *O xabaril branco*, de Tucho Calvo. Asemade, os lectores e internautas poden seguir a creación día a día dunha narración partindo das propostas argumentais que vaian facendo os que queiran achegar as súas ideas na páxina web www.lavozdegalicia.com e que Camilo Franco se encarga de darlle forma literaria. Os interesados deben enviar o seu relato, en castelán ou galego, xunto a unha pequena ficha con foto e os datos do autor a *La Voz de Galicia* (Avda. de la Prensa, 84-85, Polígono de Sabón, Arteixo (A Coruña) ou ao correo electrónico (redac@lavoz.com). Se o número de orixinais excede as posibilidades de publicación, un xurado vaise encargar de realizar unha primeira selección. A seguir, os lectores de *La Voz* elixen cada semana o mellor conto dos autores nóveis que se publican durante ese período, polo que deben facer o seu voto por medio duns cupóns diarios que aparecen no periódico. Polo feito de participar na votación, entran nun sorteo semanal de cinco colecciónes de literatura galega da editorial Ir Indo; mentres que os gañadores de cada unha das semanas conseguen unha viaxe a París para dúas persoas. Nesta primeira edición, o gañador da primeira semana foi Xosé Manoel Blanco Saavedra por "A casa dos de Loureiro"; da segunda, Antonio Visos por "O crego"; da terceira, Vanesa Santiago Vázquez por "A chamada do mar"; da cuarta, Bernardo Sartier Boubeta por "Séptima plana"; e da quinta, Ángel de la Cruz por "El cuento del aval". Todos estes relatos recolléronse na páxina web

de *La Voz de Galicia* e foron publicados en catro monográficos de corenta páxinas cada un, os días 7, 14, 21 e 28 de setembro. Estes poden verse no apartado V. 8 deste *Informe*.

XVIIº Premio **“Xerais”** de novela

Convocado por Edicións Xerais de Galicia dende o ano 1984. Os orixinais (por sextuplicado) teñen que presentarse aos locais sociais de Edicións Xerais de Galicia (R./ Dr. Marañón, 12, 36211 Vigo), baixo lema e plica. Nas primeiras convocatorias deste premio o xurado estaba constituído por críticos e estudiosos da literatura en xeral, pero a partir de introducir o lema “A forza dos lectores” (1988) compóñeno lectores en xeral e un secretario con voz e sen voto, que representa á editorial. Poden concorrer autores de calquera nacionalidade que presentasen os orixinais en lingua galega, seguindo a normativa vixente. Edicións Xerais de Galicia resérvase os dereitos de edición sobre a novela premiada en todas as linguas do Estado español, coa posibilidade de ceder tales dereitos a terceiros. Os cinco mil primeiros exemplares vendidos estarán libres do pago de dereitos de autor e o beneficiario do premio, que dende 1998 está dotado con 2.000.000 de ptas., comprométese a renunicar expresamente a calquera pretensión sobre os devanditos dereitos. Recibirá gratuitamente cincuenta exemplares da obra publicada. Nesta edición o prazo de entrega dos orixinais concluíu o día 2 de maio. Entre os dezaseis participantes, o xurado, que se deu a coñecer no mes de maio, formado por Pilar Buela, Xulia Rodríguez Blanco, Tino Santiago, Juan Blanco Valdés e Pablo Couceiro, premiou *María Pita*, de Luís Rei Núñez, presentada baixo o lema “Kalashnikov”. A diferencia de anos anteriores, o premio entregouse o 24 de xuño nunha gala celebrada no Auditorio de Galicia. No marco da entrega dos premios Xerais e Merlín, tamén se entregou o cuarto Premio á cooperación no labor editorial que este ano se lle concedeu ao grupo Re-visión, formado por Pepe Barro, Lía Santana e Xosé Salgado.

Referencias varias:

-Carmen Villar, “Dieciséis obras competirán por el Xerais de novela y veintiséis por el Merlín”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 30 maio 2000, p. 46.

Faise eco da presentación dos xurados dos premios Xerais e Merlín, por parte de Manuel Bragado, director da editorial convocante, quen tamén anunciou que o acto de entrega dos galardóns está previsto para o 24 de xuño no Auditorio de Galicia en Santiago de Compostela. Así mesmo, recordouse que ao premio Xerais, que está na súa decimoséptima edición e está dotado con 2.000.000 de ptas., concorreron 16 narradores; mentres que ao Merlín, que cumpre quince anos e outorga 1.000.000 de ptas., presentáronse 26 orixinais. Por outra banda, recolle parte das intevercións do director de Xerais, quen, entre outros aspectos, salientou o feito de que o xurado de cada un dos citados premios está formado por seis “lectores non profesionais” e que o Merlín é un dos “motores máis detacados en impulsar el proceso de normalización de la literatura para niños en lengua gallega”.

-X. M. P., “Obxectivos xerais”, *La Voz de Galicia*, “Soleira”, 24 xuño 2000, p. 9.

Tomando como referencia a frase de Xosé Luís Méndez Ferrín, “A lingua é o que somos, o que fomos e o que queremos ser”, que estará na entrega dos premios Xerais e Merlín, fai un alegato en defensa do idioma galego.

-Xosé María Palmeiro, “Asoman el Xerais y el Merlín”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, “Aldea única”, 24 xuño 2000, p. 9.

Co gallo da entrega dos premios Xerais e Merlín recolle as palabras do presidente de Xerais, Manuel Bragado, quen sinala que a oferta do libro galego é importante pola cantidade e calidade, pero agora o que se precisa é aumentar o número dos lectores e restaurar a continuidade xeracional no uso do idioma. Insiste na necesidade dun “Plan de lectura” para o libro galego, de dotar con mellores bibliotecas, convertidas en puntos de multiacceso cultural, e de contacto coas novas redes. Tamén comenta que o índice de lectura é un indicador do benestar e progreso das sociedades avanzadas e que Galicia non figura non lugares máis destacados.

IX. Premios

IX.1. Narrativa

IX.1.1. Narrativa

XVº Certame de narración curta da “**Biblioteca Pública do Municipio de Arzúa”**

Convocado pola Biblioteca citada e dirixido a quen presente traballos inéditos en galego, de tema libre. Para máis información dirixirse á Biblioteca Pública Municipal (Concello de Arzúa, 15810 Arzúa (A Coruña).

VIº Premio de narración curta **“Concello de Marín”**

Convocado pola Concellería de Cultura do Concello de Marín para conmemorar o Día das Letras Galegas. Para máis información dirixirse ao Concello convocante.

Referencias varias:

-D. P. “VI Concurso de Narración Curta Concello de Marín”, *Diario de Pontevedra*, 20 abril 2000, p. 12.

Infórmase da convocatoria do premio e reprodúcense as bases.

Certame de contos **“Ínfimos”**

Santiago Jaureguízar e os responsábeis da editorial en rede Infimos.net convocaron este certame para “publicar volumes de escritores *infomos* que mellor capten o sentido *ínfimo* de síntese e de labazada narrativa”. Máis información en www.infimos.net.

IVº Concurso do conto galego de “**Parños”**

Organizado pola Asociación de veciños de Parños, O Covelo (Pontevedra). Establécense tres categorías, infantil (para menores de 10 anos), xuvenil (entre 11 e 16) e adultos (a partir de 17). Para máis información dirixirse á Xunta directiva da Asociación de Veciños de Parños, 36877, Parños-O Covelo (Pontevedra).

IXº Certame literario de **“Piñor”**

A Asociación Cultural de San Lorenzo de Piñor e o Concello de Barbadás promoven este certame, que presenta a especialidade de contos, con catro categorías, segundo a idade dos participantes.

IIº Certame literario “**Terra de Lobos”**

Convocado pola Asociación Cova da Serpe, de Friol dende 1999. Establécense dúas categorías: A) para miaores de 16 anos e B) para menores de 16 anos. Para máis información dirixirse á Asociación convocante (Macedo, 27235 Condes, Friol-Lugo).

IX. Premios

IX.2. Poesía

VIIIº Premio **“Aula de Poesía”** de Barcelona

Convócao a Aula de Poesía de Barcelona dende o ano 1992 e poden participar libros de poesía escritos en catalán, castelán, portugués, galego ou italiano, inéditos e non premiados, coa extensión habitual dun libro de poemas. Os traballos deben presentarse por sextuplicado, mecanografados, cosidos ou grampados e baixo un lema. Así mesmo, debe adxuntarse un sobre pechado onde no seu exterior figure o lema e no interior os datos do autor cun breve currículo. Os orixinais hai que envialos ao enderezo social da Aula de Poesía de Barcelona (Passeig de la Vall d´Hebron, 171, 08035 Barcelona). O libro gañador é publicado en texto bilingüe polas editoriais Lumen, de Barcelona; Teorema, de Lisboa; Espiral Maior, da Coruña; e Franco Puzzo Eitore, de Trieste. Cada editorial ten que fixar, segundo a súa propia política editorial, a cantidade que reciba o escritor premiado en concepto de adianto de dereitos do autor. Na convocatoria do ano 2000 o prazo de entrega de traballos pechouse o 19 de marzo. De entre os 450 traballos participantes, o xurado formado por Jordi Virallonga, que foi o presidente, e Eduard Sanahuja, Ana María Moix, Manuel Alegre, Caetano Longo e José Jiménez, que foron os vocais, premiou a Manuel Forcadela por *Refutación da musa*.

Referencias varias:

-Vítor Vaqueiro, “Forcadela”, *A Nosa Terra*, nº 937, 1 xuño 2000, p. 25.

Considera que a consecución deste premio por parte de Forcadela pon a este autor –e con el a poesía e literatura galega– en posto senlleiro na creación poética romanística. Así mesmo, sinala que a literatura galega é agora, posibelmente, das mellores do Estado español, aínda que a penas ten lectores, pois só un 2% da superficie total dos escaparates das librerías de Galicia están ocupadas por volumes escritos en galego.

IVº Premio de poesía **“Avelina Valladares”**

Convocado polo Concello da Estrada co desexo de contribuír á difusión da lírica galega, valorar o traballo do poeta e descubrir novos valores, perseverar no cultivo da lingua galega co sinal de identificación e diferenciación de Galicia e colaborar coa divulgación da obra da poetisa estradense Avelina Valladares, precursora xunto a seu irmán Marcial do cultivo literario da lingua no século XIX. Os textos, en galego e inéditos, serán presentados por cuadriplicado, con libertade de tema e forma, contando cun mínimo de 150 versos e un máximo de 400, ao seguinte enderezo: “Premio de Poesía Avelina” (Excmo. Concello da Estrada. Prz. da Constitución s/n., 36680 A Estrada (Pontevedra). Con cada orixinal entregarase en sobre pechado, o nome completo, enderezo e teléfono do autor. O premio, cunha dotación de 200.000 de ptas. será indivisíbel e poderá ser declarado deserto. Esta decisión presentouse coa novidade da división en dúas categorías de xeito que, ademais do premio sinalado haberá outro de 50.000 pesetas para participantes de ata 16 anos. Nesta convocatoria, o prazo de presentación de orixinais concluíu o 17 de marzo, o xurado deuse a coñecer o 5 de maio e a entrega dos premios levouse a cabo o 20 de maio.

XIXº Premio **“Cidade de Ourense”**

Premio convocado pola Concellería de Cultura de Ourense, dende o ano 1979. Poden participar todas as persoas que presenten orixinais en galego ou portugués, cun mínimo de seiscentos versos. Entregaranse mecanografados a dobre espacio en follas tamaño folio en exemplar sextuplicado, debidamente grampados, cosidos ou encadernados. Deberanse presentar baixo lema xunto a un sobre á parte, pechado e lacrado, que conteña no seu interior os datos persoais do autor. Outorgarase un premio de 1.000.000 de ptas., placa de prata e publicación do libro, que será editado polo Concello a primeira edición, da que se fará entrega dun número de exemplares ao autor, que quedará en propiedade da obra para sucesivas edicións. A entrega deberase facer na Concellería de Cultura do Concello de Ourense (R/Arcediagos, 3-2º dereita). Os concursantes portugueses poderán facer a súa entrega na Câmara Municipal de Vila Real (Portugal). O xurado cualificador será nomeado a proposta da Comisión Municipal de Goberno e estará integrado por personalidades das letras galegas e portuguesas, e un representante da Corporacción. Nesta convocatoria, o prazo de entrega concluíu o 5 de maio do 2001.

Referencias varias

-E. P., “O angoleño Xosé Manuel Teixeira recibe o premio de poesía ‘Cidade de Ourense”, *El Correo Gallego*, “Sociedad-Cultura”, 24 outubro 2000, p. 75.

Informa da entrega da XVIIIª edición deste premio a Xosé Manuel Teixeira, escritor afincado en Guimarães, pola obra *O mosto e as fragas*, “na que realiza un percorrido polas terras regadas que linda co río Douro a través de 50 poemas”. Tamén alude á satisfacción do gañador por obter este premio e por ter xa conseguido outro en Galicia no 1993, o Premio “Camiño Portugués do Pedrón de Ouro”.

IVº Premio de poesía **“Concello de Carral”**

Convocado dende 1997 pola Concellería de Cultura de Carral coa finalidade de contribuír á promoción e difusión da poesía realizada en lingua galega. Poden optar ao premio todos os autores maiores de idade de calquera nacionalidade sempre que o seu traballo se presente escrito en lingua galega. Os traballos serán orixinais, inéditos e non premiados e cunha extensión non inferior aos 400 versos. Así mesmo, presentaranse por triplicado, mecanografados a dobre espacio por unha soa cara e debidamente grampados ou encadernados, achegándoos cun sobre pechado no que conste no seu exterior o título da obra e o lema do autor, contendo no interior os seus datos persoais. Deberán presentarse na Biblioteca Pública Municipal de Carral (Casa da Cltura, Rúa de Paleo, 17, 15175 Carral- A Coruña). Fíxase un único premio de 150.000 ptas. e o xurado estará presidido polo Concelleiro de Cultura do Concello convocante e integrado por persoas de recoñecido prestixio no eido da poesía galega e o autor gañador da edición anterior, actuando como secretario o da corporación ou funcionario en quen delegue. Este premio xa fora gañado por Fernando Díaz-Castroverde, Rafael Lema e Rafa Villar. Nesta edición,
o prazo de entrega de obras concluíu o 14 de outubro. O xurado, que estivo presidido por Lois Anxo Ferreiro e composto por Cesáreo Sánchez, Miguel-Anxo Fernán Vello e Rafael Villar, premiou a Lucía Novas por *Epiderme de estío*.

Referencias varias:

-Álvaro Agulla, “Lucía Novas gana dos nuevos premios de poesía”, *Diario de Pontevedra*, “PontevedraBueu”, 13 decembro 2000, p. 13.

Comeza sinalando que Lucía Novas gañou a última edición deste premio. Dá conta das persoas que integraron o xurado, dos actos a celebrar no día da entrega e dos premios que gañou este ano Lucía Novás –
o do Concello de Carral e o de poesía da Universidade de Vigo– e en anos anteriores –o Minerva, do Colexio Peleteiro.

-Afonso Fernández, “Un ano de premios para a poeta de Bueu, Lucía Novas”, *A Comarca do Morrazo*, nº 98, “Cultura”, 28 decembro 2000, p. 37.

Dá conta dos tres premios de poesía que conseguiu este ano Lucía Novas: o da Universidade de Vigo, o Faustino Rey Romero e o do Concello de Carral, este último de grande importancia para ela, porque lle permite a publicación do seu primerio libro individual. Tamén recolle outras delaracións da autora, quen di que prefire que lle chamen “poetaporque” antes ca poetisa, porque este termo empregábano os homes en sentido despectivo. Finalmente, dá conta doutros premios conseguidos por esta estudiante de filoloxía galega en anteriores ocasións.

IIº Premio de poesía **“Díaz Jácome”** para novos creadores

Convócao o Concello de Mondoñedo, en colaboración coa Fundación Caixa Galicia, co afán de estimular a creación poética entre os mozos. Poden optar a este premio todas as persoas, de idade non superior a trinta anos, que presenten poemas orixinais e inéditos, escritos en galego de tema e metro libre, non premiados e cunha extensión máxima de 150 versos. Os orixinais deberán enviarse en DIN-A-4 mecanografados a dobre espacio cun lema e plica en sobre pechado, onde constará o lema, o título da obra, os datos persoais e unha breve nota biográfica do autor. A entrega dos traballos debe facerse no Concello de Mondoñedo (Praza do Concello, 1, 27740 Mondoñedo) e o xurado estará composto por tres persoas de recoñecido prestixio no ámbito literario. Haberá un primeiro premio de 250.000 ptas., praca e diploma, un segundo de 100.000 ptas., praca e diploma e un terceiro de 50.000 ptas., praca e diploma. Nesta convocatoria, o prazo de recepción das obras pecharase o 1 de marzo de 2001 e e a resolución do xurado farase pública nun acto que se celebrará o 19 de abril, mentres que o premio se entregará aos quince días seguintes, coincidindo coas feiras e quendas das Quendas.

IXº Premio de poesía **“Espiral Maior”**

A editorial Espiral Maior e o clube poético do mesmo nome convocaron por vez primeira no 1992 o premio poético Espiral Maior, coa intención de abrir canles de publicación para as novas xeracións (menores de 35 anos) que non tivesen ningún libro editado. Dende a pasada edición, o premio queda aberto tamén a poetas de calquera idade e con obra publicada. Este premio non ten dotación económica e consiste na publicación da obra gañadora na colección Espiral Maior Poesía. Os traballos presentados (por triplicado, mecanografados a dobre espacio e baixo plica) teñen que ter un mínimo de 400 versos e ser remitidos a Espiral Maior (Apartado de Correos 192, 15080 A Coruña), antes do 30 de novembro. O xurado está formado por críticos e poetas do país nomeados pola editorial. Na edición de 2000, de entre os 49 orixinais presentados, o xurado formado por Xosé Álvarez Cáccamo, Xavier Baixeras e Miguel Anxo Fernán Vello decidiu entregarlle o galardón a Manuel Forcadela por *Morte do fadista*.

Referencias varias

-Salvador García-Bodaño, “Espiral Maior de Poesía”, *El Correo Gallego*, “No pasar dos días”, 30 xaneiro 2000, p. 3.

Faise eco da consecución do Premio de poesía “Espiral Maior” por parte de Manuel Fernández Álvarez, máis coñecido por Manuel Forcadela. Comenta que a recente modificación das bases deste premio permitiu que accedese a el un escritor “de mérito sobranceiro entre aqueles que comezaron a dar a coñecer libros seus a partir dos anos 80”. Dálle a benvida a esta obra ao “ricaz” panorama da lírica finisecular galega e loa o labor feito pola Editorial Espiral Maior dende a súa fundación no ano 1991.

XXº Premio **“Esquío”**

Convocado pola Fundación Caixa Galicia e a Sociedade Cultural Valle-Inclán de Ferrol, dende o 1980. Establécense dous premios indivisíbeis de 1.500.000 ptas. con cadanseu accésit de 250.000 ptas. para traballos presentados en lingua galega e castelá, respectivamente. Poderán concorrer poetas nacionais e estranxeiros, sempre e cando os orixinais estean escritos en calquera dos idiomas citados. Cada premio ou accésit adxudicarase a un libro de poemas con tema libre e extensión mínima de cincocentos versos. Os orixinais terán que ser inéditos e non premiados noutro certame. Enviaranse por cuadruplicado, mecanografados a dous espacios e baixo plica, á Fundación Caixa Galicia (Unidade Departamental de Bolsas e Premios, R/ Montero Ríos, 7, 15706 Santiago de Compostela) ou entregaranse en man en calquera oficina da Caixa Galicia. Os traballos premiados serán propiedade dos respectivos autores, a excepción da primeira edición, que será publicada pola Fundación Caixa Galicia na colección “Esquío de Poesía”. O xurado estará composto por persoas de recoñecida solvencia nos eidos da crítica literaria ou da creación poética. En anteriores edicións este premio fora conseguido por Álvarez Torneiro, Ramiro Fonte, Miguel Anxo Fernán Vello, Xavier Seoane, Víctor Vaqueiro, Pilar Pallarés ou Estíbaliz Espinosa. Nesta convocatoria, o prazo de recepción de obras rematou o 31 de xullo e o xurado da modalidade en galego, que estivo formado por Estívaliz Espinosa, Xulio López Valcárcel, Xosé María Dobarro Paz e Luísa Villalta, premiou a Cesáreo Sánchez Iglesias por *O rumor do distante*. Tamén lle concedeu un accésit a Rafael Lema por *Luces de N.Y.*.

Referencias varias:

-Albino Mallo, “Preséntase a edición dos premios Esquío 99”, *O Correo Galego*, “AFA”, 31 marzo 2000, p. 33.

Comenta que a colección “Esquío de Poesía” se ve incrementada con novos libros, os dos gañadores e finalistas do XIXº Premio “Esquío”, organizado pola Fundación Caixa Galicia e a Sociedade Cultural Valle-Inclán de Ferrol. Indica que o premio de poesía en lingua galega en 1999 recaeu en *Pan (libro de ler e desler)*, de Estíbaliz Espinosa e que o accésit foi para *En atalaia alerta*, de Marta Dacosta. Subliña que as dúas poetisas xa foron premiadas con outras distincións.

-Ramón Loureiro, “Cesáreo Sánchez y Fermín Heredero ganan el Premio Esquío de Poesía”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 11 novembro 2000, p. 34.

Dá conta dos gañadores e finalistas, tanto na modalidade en lingua galega coma en castelán, da última convocatoria deste certame e do título das súas correspondestes obras, ademais de achegar o nome dos compoñentes do xurado.

María Ares Sanmartín, “O obxectivo da miña poesía é a beleza e a verdade”, *Nordesía*, 12 novembro 2000, 13.

Nesta entrevista Xulio L. Valcárcel, membro do xurado do Premio “Esquío”, considera este premio como o máis importante de Galicia. Refírese á dificultade de decidir a obra gañadora e afirma que co paso do tempo a poesía pode cambiar substancialmente en certos aspectos formais, pero que no esencial é a mesma. Así mesmo, comenta que, aínda que haxa correntes estéticas e efectos formais que están de moda nun determinado momento, segue apostando pola calidade de fondo. Afirma que a convocatoria do premio deste ano foi de gran calidade literaria e alude á renovación que significou, *Cravo fondo* (1977), colectivo no que participou e que supuxo unha aposta pola renovación poética daquel tempo. Fala do bo momento da literatura galega e sinala que na poesía o que se persegue é fundamentalmente a beleza e despois a verdade, aínda que estima que “a beleza para que sexa críbel ten que ser verdadeira”. Remata anunciando os seus proxectos futuros, entre os que se atopan a publicación dun libro en prosa, *No corazón da terra*, e a gravación dun disco compacto de poesía recitada.

-Mencha Blanco Liaño, “Un viaje interior por Galicia le valió a Cesáreo Sánchez el Premio Esquío”, *Diario de Ferrol*, 12 novembro 2000, p. 16.

Recolle algunhas declaracións do poeta logo de lle ser concedido o Premio Esquío. Nelas vincula algúns versos do libro á cidade de Ferrol, explica trazos da súa poesía, que el define como “non de primeira lectura senón de aproximación”, como a influencia oriental no que atinxe á relación coa natureza. O texto informa ademais da concesión dun accésit a Rafael Lema, pola obra presentada co título *Luces de N. Y.*, e salienta que se trata dun poemario de ecos surrealistas no que a voz lírica ofrece unha imaxe do mar dende a Costa da Morte.

-Ramón Loureiro, “Cesáreo Sánchez: “Sempre estamos a buscar na memoria”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 12 novembro 2000, p. 34.

Declaracións do escritor con motivo da concesión do Premio Esquío. Explica que o seu libro é o producto de oito anos de traballo, “dun tempo de meditación, dunha viaxe a través de Galicia” e identifica estes versos cunha “escrita da terra”. Considera que a poesía “loita contra a banalidade” e “restitúe ó ser humano ó seu centro de gravidade”.

-Carme Vidal, “Quero que a miña obra excite o mundo poético dos leitores”, *A Nosa Terra*, “Guieiro Cultural”, nº 961, 16 novembro 2000, p. 21.

Recóllese a opinión de Cesáreo Sánchez Iglesias, gañador do premio Esquío sobre a poesía e o seu libro *O rumor do distante*. O autor confesa que se escribe poesía “para construir o próprio tempo existencial, coa intención tamén de poder compartilo”, nunha “busca de gozo”. Explica o subtítulo da súa obra, *A escrita da terra*, así como a vinculación coa poesía clásica chinesa. Finalmente, reflexiona sobre a importancia de ter gañado este certame.

-Jaime Vázquez Allegue, “La noche del Premio Esquío de Poesía en Ferrol”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 16 novembro 2000, p. 22.

Ademais de afirmar que Ferrol conta cun dos mellores certames poéticos de Galicia e do territorio peninsular, o Esquío, esta cidade, que non vai pasar á historia por ser a terra que máis poetas veu nacer, convoca outros certames literarios, que cita. Sinala que o Esquío é un dos certames nomeados nos cursos de crítica literaria da Escola de Letras de Madrid e que se merece un renome por ser un dos poucos que non están "manipulados". A seguir, indica que cada ano sae á luz para ofrecernos o mellor do panorama da lírica máis recente e da métrica de vangarda. Sinala que recolle o "bilingüismo" do lugar e que se sitúa ao lado de grandes premios poéticos da península. Tamén apunta que os gañadores deste ano son o burgalés Fermín Heredero e o coruñés Cesáreo Sánchez.

-Xulio Valcárcel, "Vixésima edición do Esquío", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 16 novembro 2000, p. 22.

Considera este premio o máis importante de Galicia, xa que, ademais de convocarse dende hai vinte anos, a el concorreron máis de cinco mil libros pocedentes de toda España e de diversos países e deu a coñecer novos valores e ratificou a traxectoria doutros autores. Cita as entidades e persoas que están detrás da organización deste premio, como son Julia Uceda e Fernando Bores, encargados das áreas de castelán e galego, respectivamente. Entre outros aspectos, tamén se refire á dificultade que tivo que afrontar o xurado galego que, entre os setenta e tres libros presentados, escolleu *O rumor do distante*, de Cesáreo Sánchez. A seguir, defíneo como un "poemario moi extenso, e ao mesmo tempo moi concentrado, que require moita dedicación para a súa lectura". Finalmente, cita *Luces de N. Y.*, de Rafael Lema, que se move "nunha clave moi actual na que se mesturan a dimensión persoal e a colectiva, cunha serie de referencias literarias e certa impronta surrealista" e *Os pasos da procura*, que o xurado tamén recomendou para a súa publicación.

-Avelino Abuín de Tembra, “Os premios e os poetas”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 18 decembro 2000, p. 3.

Ver XXVIº “Modesto R. Figueiredo do Pedrón de Ouro”. Certame Nacional de narracións breves, no apartado X. 1 deste *Informe*.

XIIIº Premio de poesía **“Eusebio Lorenzo Baleirón”**

O Concello de Dodro, para contribuír á reafirmación da lírica galega, tan importante na historia cultural de Galicia, decide crear con carácter anual este premio. A el poden concorrer todos os poetas que o desexen, sempre que as obras coas que participen estean escritas en lingua galega, sexan orixinais e de temática libre e teñan un mínimo de 400 versos. Enviaranse 4 exemplares escritos á máquina, sen remite identificador, ao seguinte enderezo: Concello de Dodro-A Coruña, XIIIº Premio de Poesía “Eusebio Lorenzo Baleirón”. Así mesmo, as obras terán un lema, que figurará no exterior da plica, onde se incluirán os datos persoais do autor. Establécese un único e indivisíbel premio de 375.000 ptas. (e non as 350.000 ptas. das convocatorias anteriores) e a publicación da obra na colección de poesía “Eusebio Lorenzo Baleirón” de Ediciós do Castro. O Concello de Dodro resérvase os dereitos desta primeira edición e, a partir da segunda, a obra pasa a ser propiedade do seu autor, quen, en sucesivas edicions, deberá facer constar a condición de ser premiada con este galardón. O xurado será designado polo Concello de Dodro, entre personalidades de Galicia vinculadas á poesía e á crítica literaria, facéndose pública a súa composición antes de concluír o mes de novembro. Un membro da Corporación Municipal actuará como secretario, sen voz nin voto. Nesta edición,o prazo de presentación rematou o 18 de novembro e o día 9 de decembro celebrouse o acto no que o xurado responsábel desta selección, formado por José Fernando Vila Brión, Emma Pedreira Lombardía, Iris Cochón Otero, María do Cebreiro, Xosé Luís Axeitos e Cesáreo Vidal Alborés, que actuou como secretario, despois de analizar as cincuenta e dúas obras presentadas, lle concedeu o galardón a Carlos Penela Martín por *Acaso o inverno*.

Referencias varias:

-U. L., “Increméntanse os premio do certame de poesía de Dodro”, *La Voz de Galicia*, “Comarcas”, 18 outubro 2000, p. 13.

Faise eco do aumento da contía deste premio, que pasa ás 375.000 ptas. nesta convocatoria, fronte ás 350.000 das anteriores. Tamén volve recordar a data ata a que se poden entregar obras para participar.

Avelino Abuín de Tembra, “Os premios e os poetas”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 18 decembro 2000, p. 3.

1 deste *Informe*.

Ver XXVIº “Modesto R. Figueiredo do Pedrón de Ouro”. Certame Nacional de narracións breves, no apartado

XXIº Premio nacional de poesía **“O Facho”**

Premio creado no 1978 pola Agrupación Cultural O Facho para difundir a poesía de autores mozos. Poden concursar todos aqueles autores que, sen limitación de idade, non teñan publicado un libro poético individual en galego. Os participantes poden concorrer cun máximo 5 poemas de tema libre, a dobre espacio e por triplicado, con lema e baixo plica. Os traballos deberán enviarse á Asociación Cultural O Facho (R/ Federico Tapia 12-1º, Apartado 46-A Coruña) e haberá un único premio de 50.000 ptas. para o gañador, mais as mencións honoríficas que o xurado estime oportunas. Así mesmo, O Facho comprométese a publicar os traballos do concurso e, previo consentimento dos autores, introducilos na páxina web da agrupación. Esta vixésima edición convocouse en decembro de 1999 e os traballos había que envialos antes do 15 de febreiro de 2000. O xurado formado por Enma Couceiro, Mário João Herrero Valeiro e Miguel Anxo Mato Fondo deulle o galardón a Alberte Román Losada, que presentou cinco poemas baixo

o lema “Salamatu”, e concedeulles dúas mencións honoríficas *ex aequo* a Lucía Novas Garrido e José Manuel Outeiro G.

Referencias varias:

M. Barba, “Alberte Román Losada recibe el premio de poesía O Facho”, *La Voz de Galicia*, 8 agosto 2000, 43.

Dá conta da entrega deste premio nun acto celebrado na Feira do Libro da Coruña. Sinala que algúns dos compoñentes do xurado ofreceron un recital poético e que o presidente de O Facho, Luís Maçás, destacou a calidade estética dos cinco poemas do traballo premiado de Román Losada, que está moi influenciado pola lírica de Manuel Antonio. Tamén cita o nome dos gañadores doutras edicións.

IIIº Premio de poesía **“Faustino Rey Romero”**

Convocado polo Centro Cultural Faustino Rey Romero de Rianxo para premiar poemas ou conxuntos de poemas escritos en galego, de temática libre e cunha extensión de entre 30 e 100 versos. Deben enviarse por triplicado ao centro (Casa da República s/n., Isorna, 15983 Rianxo), nun sobre cerrado sen remite, que conteña á súa vez outro no seu interior cos datos do autor. O premio é de 50.000 ptas. O xurado estará formado por personalidades relevantes no ámbito da creación e a crítica literaria. Nesta edición o prazo de recepción de traballos concluíu o 30 de novembro e o xurado, formado por Xosé Luís Axeitos, Xesús Rábade Paredes, Avelino Abuín de Tembra, Xosé Ramón Brea Rey e Jesús Carou Pérez, que actuou como secretario, concedeulle

o premio a Lucía Novas Garrido por *A flor do lirolai*. Tamén lles concedeu mencións de honor a Marcelino Sisto Deibe por *Zaloma do pescador* e Baldo Ramos por *As follas da memoria*.

Referencias varias:

-M. J., “Lucía Novas gana el III Premio de Poesía Faustino Rey de Isorna con su obra ‘*A flor do lirolai*”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 12 decembro 2000, p. 45.

Achega o nome dos autores galardoados na nova edición deste premio, que leva o nome do poeta de Isorna (Rianxo), Faustino Rey Romero, e das súas respectivas obras. Tamén dá conta dos actos a celebrar na entrega destes galardóns, que está prevista para o 16 de decembro.

-Álvaro Agulla, “Lucía Novas gana dos nuevos premios de poesía”, *Diario de Pontevedra*, “PontevedraBueu”, 13 decembro 2000, p. 13.

Ver IVº Premio de poesía “Concello de Carral”, no apartado IX. 2. deste *Informe*.

-Avelino Abuín de Tembra, “Os premios e os poetas”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 18 decembro 2000, p. 3.

Ver XXVIº “Modesto R. Figueiredo do Pedrón de Ouro”. Certame Nacional de narracións breves, no apartado X. 1 deste *Informe*.

-Afonso Fernández, “Un ano de premios para a poeta de Bueu, Lucía Novas”, *A Comarca do Morrazo*, “Cultura”, 28 decembro 2000, p. 37.

Ver o IVº Premio de Poesía “Concello de Carral”, neste apartado do *Informe*.

Iº Premio de poesía **“Fiz Vergara Vilariño”**

A Agrupación cultural “Ergueitos” e o Concello de Sarria convocou este premio co obxectivo de que figure entre os primeiros de Galicia dedicados á poesía. Os traballos estarán en galego e terán unha extensión mínima de 400 versos. Presentaranse por quintuplicado, mecanografados a dous espacios e baixo plica, en sobre pechado cun seudónimo, no seguinte enderezo: Premio poesía “Fiz Vergara Vilariño” (Concello de Sarria, R/Maior, 14, 27600 Sarria). O premio consta dunha dotación económica de 500.000 ptas., unha escultura simbólica e a publicadión da obra na editorial Espiral Maior. O xurado estará integrado por primeiras figuras da cultura galega. Nesta primeira convocatoria, o prazo de entrega de orixinais concluíu o 30 de setembro e o xurado, que deu a coñecer a súa resolución no outono, estivo formado por Pilar Pallarés, Xosé Vázquez Pintor, Xosé Carlos Caneiro, Franciso Pérez e María Casar, presidenta da asociación convocante, que actuaron, respectivamente, como presidente e secretaria con voz pero sen voto. De entre os vinteseis traballos participantes, premiouse *Pedinche a luz prestada*, de Marica Campo. O acto de entrega do premio realizouse o 21 de decembro nun acto literario no hotel “Alfonso IX”.

Vº Premio de poesía **“Johán Carballeira”**

O Concello de Bueu organiza este certame dende 1996 para recuperar do esquecemento a figura do político e escritor local Johan Carballeira. Poderán concorrer todos os autores que presenten textos inéditos, escritos en lingua galega e cunha extensión superior aos 400 versos. O premio terá unha dotación única de 200.000 ptas. Remitiranse cinco copias en tamaño folio, mecanografadas a dobre espacio e asinadas con pseudónimo ou lema, xunto a un sobre pechado cos datos persoais do participante, á Casa do Concello de Bueu (R/ Eduardo Vincenti, s/n., 36930 Bueu-Pontevedra). O xurado darase a coñecer no día, lugar e hora que se comunicarán oportunamente e estará composto por cinco membros relacionados co mundo da cultura e mais un secretario, con voz e sen voto, en representación da Corporación. O Concello de Bueu resérvase durante un ano os dereitos de publicación da obra premiada, en todas as linguas do Estado. O acto de entrega do premio terá lugar o 17 de maio do 2001, Día das Letras Galegas. Foron gañadores deste certame Xosé Carlos Caneiro, Yolanda Castaño e Adolfo Caamaño. Nesta convocatoria, o prazo de presentación dos orixinais rematou o 30 de setembro e o xurado, que estivo formado por Salvador Rodríguez, que actuou como presidente, e Penélope Ares, Adolfo Caamaño, Xaime Domínguez Toxo e An Alfaya, deu o seu dictame o día 2 de decembro. A premiada foi Emma Pedreira Lombardía coa obra *Velenarias*, presentada co pseudónimo “Dagda”.

Referencias varias:

-Álvaro Agulla, “Adolfo Caamaño recibíu o “Premio de Poesía Johán Carballeira”, *Diario de Pontevedra*, “En Portada/Día das Letras”, 18 maio 2000, p. 6.

Fai mención dos diversos actos de celebración do Día das Letras Galegas no Concello de Bueu, salientando a entrega do Premio de poesía “Johán Carballeira” a Adolfo Caamaño. Sinala que o poeta foi louvado pola “calidade do seu traballo”. Por outra banda, tamén alude, entre outras cousas, á entrega das mencións das Letras Galegas ás asociacións As Lagoas, Danzadeira e Manxadoira.

-D. P., “O Concello convoca o “V premio de Poesía Johán Carballeira”, *Diario de Pontevedra*, “Bueu”, 2 xuño 2000, p. 14.

Anuncia que o Concello de Bueu xa sacou á luz a convocatoria da quinta edición do Premio de poesía “Johán Carballeira”. Apunta que con este se pretende “o fomento da cultura”. Por outro lado, alude ás bases do premio e sinala que será resolto en decembro.

-Álvaro Agulla, “Fallo del premio ‘Johán Carballeira”, *Diario de Pontevedra*, “PontevedraBueu”, 1 decembro 2000, p. 16.

Ver Millán Otero, Xosé M. (ed.), *Johán Carballeira. Páxinas galegas*, no apartado IV. 1 deste *Informe.*

-Álvaro Agulla, “Emma Pedreira vuelve a ganar el ‘Premio de Poesía Johán Carballeira”, *Diario de Pontevedra*, “PontevedraBueu”, 3 decembro 2000, p. 16.

Ver Millán Otero, Xosé M. (ed.), *Johán Carballeira. Páxinas galegas*, no apartado IV. 1 deste *Informe.*

-A. F., “Emma Pedreira gaña por segunda vez o Premio de Poesía Carballeira”, *A Comarca do Morrazo*, nº 97, “Cultura”, 15 decembro 2000, p. 36.

Afonso Fernández dá conta do dictame e informa de que Emma Pedreira Lombardía xa levara este premio en 1998, cando *Diario bautismal dunha anarquista morta* se impuxo entre 27 traballos aspirantes, cifra que este ano se elevou a 48. Así mesmo, nomea os membros do tribunal e sinala que, por problemas coa imprenta, non se puido presentar a obra vencedora da edición anterior: *Poemario irlandés*, de Adolfo Caamaño. Finalmente indica outros premios líricos acadados pola poetisa: o “Mulleres vistas por mulleres” (1997) da Universidade de Santiago e o “Facultade de Filoloxía” (1997 e 1999).

Iº Premio de poesía **“Letras da Cal”**

Convócao a colección de poesía “Letras da Cal” e está destinado a todos os escritores noveis, que non teñan un libro individual publicado. Os poemarios deben ter entre 200 e 500 versos e terán que enviarse por quintuplicado, preservándose a identidade do autor baixo plica, ao Apartado de Correos da Asociación Cultural “Amaía-Letras da Cal”, 142, Santiago de Compostela. O premio consiste na publicación do libro e resolverase no mes de decembro. O xurado estará formado por tres persoas do consello editorial de Letras da Cal e dúas persoas convidadas para tal efecto, poderá conceder un ou máis accésits, que comportarán a publicación do poemario ou poemarios respectivos nun prazo non superior a un ano. Nesta primeira edición,
o prazo de admisión concluíu o 31 de outubro e o xurado, que estivo formado por Xosé Manuel Eiré, Ramón Nicolás, Eduardo Estévez, Igor Lugrís e Rafa Villar, de entre as trinta e unha obras presentadas, premiou a Xosé García Rodríguez por *Presenza da fenda*. Tamén lle outorgou un accésit á obra presentada co lema “Baldovinetti”

Referencias varias:

-A. I. S., “Letras de Cal”, *El Correo Gallego*, “Así está el Patio”, 24 outubro 2000, p. 39.

Recorda que o prazo deste certame conlúe o 31 de outubro e achega o enderezo ao que se deben enviar os poemarios por quintuplicado.

-E. P., “Xosé García Rodríguez gaña o ‘Letras de Cal”, *El Correo Gallego*, “Sociedad-Cultura”, 26 novembro 2000, p. 76.

Anuncia a concesión da primeira convocatoria deste premio a Xosé García Rodríguez, nado e Palas de Rei pero residente en Melide, pola súa obra *Presenza da fenda*. Tamén achega o nome das persoas que compuxeron o xurado.

-M. Cheda, “Escribo dende que me namorei”, *La Voz de Galicia*, “A entrevista”, 27 novembro 2000, p. 15.

O gañador da convocatoria inaugural deste premio, Xosé García Rodríguez, declara que comezou a escribir cando coñeceu á súa muller no ano 1991. A seguir, sinala que a súa obra gañadora, *Presenza da fenda*, se vai publicar co pseudónimo de Xosé de Cea, o apelido da súa muller. Tamén se refire ás diferentes actividades que fai e fala da imposibilidade de vivir da poesía, ademais de apuntar que ve con pesimismo o futuro da lingua galega.

VIIIº Premio **“Martín Codax”**

Convoca este premio dende 1992 Bodegas Vilariño-Cambados e patrocínao o Concello de Vigo en colaboración coas tres Universidades galegas, a Xunta de Galicia e a Editorial Galaxia. Poden concursar os poetas que o desexen, coa condición de que os orixinais estean escritos en lingua galega normativizada, segundo a lexislación vixente. O tema será libre e os orixinais, inéditos, teñen que enviarse por cuadruplicado, cunha extensión mínima de 500 versos, á sede da Editorial Galaxia (Reconquista 1, 36201Vigo). Establécese un premio indivisíbel de 1.250.000 ptas. e a publicación da obra gañadora na colección “Dombate” de Galaxia. Este premio xa fora conseguido en anteriores edicións por Xavier Rodríguez Barrio, Xosé Manuel Vélez Latorre, Darío Xohán Cabana, Xesús Franco, Miguel Anxo Fernán Vello, Román Raña e Marta Dacosta. Nesta ocasión, o prazo de entrega de traballos concluíu o 7 de abril e o xurado, que estivo presidido por Francisco Fernández del Riego e composto por Alfonso Barca, Henrique Costas, Marta Dacosta, Anxo Tarrío e Damián Villalaín, como secretario, concedeulle o premio a Gonzalo Navaza pola súa obra *Libra*, presentado baixo o lema “A” e firmada baixo o pseudónimo “Balanza”, nun acto celebrado o 8 de xuño en Santo Domingos de Bonaval. Tamén lle concedeu unha mención especial á obra presentada baixo o lema “Caderno apócrifo da pequena defunta” e asinada co pseudónimo de “Xandra Castro”.

Referencias varias:

-Carme Vidal, “Gonzalo Navaza. ‘Nas palabras está o mundo. O que non se pode dicer con palabras, simplesmente non existe”, *A Nosa Terra*, nº 939, “Guieiro Cultural”, 15 xuño 2000, p. 34.

Apunta que o gañador desta convocatoria foi Gonzalo Navaza co seu poemario *Libra*. Sinala que no momento no que se lle entregou o galardón en San Domingos de Bonaval, o poeta realizou unhas declaracións nas que definía a poesía como “literatura concentrada”. Por outra banda, comenta sucintamente o poemario deste novo premio Martín Códax.

Xº Premio de poesía en lingua galega **“Miguel González Garcés”**

Convocado dende 1991 pola Deputación da Coruña. As súas bases salientan que os traballos, orixinais e inéditos, deberán estar escritos en galego e a súa extensión non será inferior aos 300 versos. Presentaranse por quintuplicado, mecanografados a dobre espacio e acompañados dun sobre pechado no que conste, por fóra, o título da obra e, no interior, o nome e dirección do seu autor. Enviaranse á Deputación Provincial da Coruña (Alférez Provisional s/n.). O xurado estará presidido polo Presidente da Deputación e del tamén formarán parte o responsábel da área de Cultura, o último gañador do premio e persoas de recoñecido prestixio dentro do mundo da poesía. O premio está dotado de 1.000.000 de ptas. e a publicación da obra por parte da Deputación, quen poderá sacar a primeira edición sen dereitos para o autor, á quen se lle entregarán 30 exemplares. Este certame foi gañado en anteriores edicións por Xabier Rodríguez Baixeras, Luz Pozo Garza, Xulio L. Valcárcel, Paulino Vázquez, Marta Dacosta, Estebo Creus Andrade, Ramiro Fonte, Manuel Álvarez e Xosé María Álvarez Cáccamo. Nesta ocasión, houbo que enviar os orixinais antes do 15 de abril. De entre os 47 autores, o xurado composto por Carlos López Crespo, Basilio Losada, Xosé María Álvarez Cáccamo, Elena González Fernández, Xulio López Valcárcel e Anxo Tarrío Varela, concedeulle o premio a Manuel Álvarez Torneiro pola obra *Campo segado*. Cabe salientar que este ano, co gallo da celebración deste premio, a Deputación da Coruña acollerá na súa páxina web, do 11 ao 18 de xullo, un espacio aberto onde todos os interesados poderán escribir os seus poemas en galego. A súa temática será libre e deben ter un máximo de doce versos. Concluído o prazo, farase unha selección daqueles que poderán ser lidos polos internautas.

Referencias varias

-E. P., “O sábado féchase o prazo para presentar orixinais ó premio ‘González Garcés”, *El Correo Gallego*, 12 abril 2000, p. 76.

Breve noticia na que se recorda o prazo límite de presentación dos traballos para participar no certame así como as bases establecidas para o certame. Finalmente cita algúns dos autores galardoados en anteriores edicións como foron Xabier Rodríguez Baixeras, Luz Pozo Garza ou Ramiro Fonte e adianta algúns dos membros previstos para a formación do xurado.

-E. P., “A Deputación da Coruña crea un foro de poesía en Internet na décima edición do ‘González Garcés”, *El Correo Gallego*, “Sociedad-Cultura”, 9 xullo 2000, p. 76.

Dá conta da creación do primeiro Foro de Poesía en Internet, co gallo da celebración da décima edición deste premio, para o que a Deputación da Coruña acollerá na súa páxina web, do 11 ao 18 de xullo, un espacio onde os interesados poidan escribir os seus poemas en galego de tema libre dun máximo de doce versos. Rematado o prazo, farase unha selección daqueles que poderán ser lidos polos internautas. Entre outras actividades, cita a presentación dos poemarios *Vocabulario das orixes*, de Xosé María Álvarez Cáccamo e *Os dedos dos loureiros*, de Xesús Rábade Paredes, primeiro premio e accésit da convocatoria do ano pasado do “Miguel González Garcés”.

IXº Premio de poesía **“O Poeta azul”**

Convocado, dende 1990, pola Sociedad Artística Ferrolana para homenaxear a figura do poeta ferrolán Xosé María Pérez Parallé, cualificado por Ramón Otero Pedrayo como “o poeta azul”. Prémianse aqueles poemas (3 como máximo) escritos en galego, firmados con nome, apelidos, enderezo, teléfono e aqueles datos que o autor considere convenientes. Os orixinais teñen que enviarse a SAF (Apartado de Correos 339, 15480 Ferrol). O galardón consiste nunha placa, diploma e publicación na revista *Poesía Galicia.* A decisión do xurado darase a coñecer nun recital poético que será anunciado oportunamente. Nesta edición, o prazo de entrega de traballos concluíu o 31 de decembro de 1999 e resolveuse en febreiro de 2000, sendo premiado Martiño Maseda Lozano polo poema “Tríptico existencial”.

Referencias varias:

-Carlos Barcón, “Premios culturales”, *Diario de Ferrol*, “entre nosotros”, 12 novembro 2000, p. 20.

Ver Vº Premio de narracións curtas “Álvaro Paradela”, no apartado X. 1 deste *Informe*.

XIVº Certame nacional de poesía en lingua galega **“Rosalía de Castro”**

Organizado, dende o 1987, pola Asociación Cultural Rosalía de Castro da localidade catalana de Cornellá para premiar un poema ou un poemario de tema libre, composto dun máximo de cen versos e un mínimo de trinta. Admitiranse conxuntos de poemas de temática común. Son tres as categorías que se convocan e están dotadas con 150.000, 60.000 e 40.000 ptas. Os orixinais teñen que ser enviados por triplicado nun sobre sen remite e sen indicación ningunha referente á personalidade do autor, á Asociación en Cornellá (R/ Federico Soler, 71 Barcelona). Nesta edición, houbo que enviar os orixinais antes do 30 de outubro e o xurado, formado por Iolanda Díaz Gallego, Olegario Sotelo Blanco, Francisco Ascón, Masito Beiro e Xosé Carlos García González, concedeulle o primeiro premio a Baldo Ramos por “As follas da memoria”, o segundo a Ana Vázquez Estévez por “Desacougo” e o terceiro a Cecilio Lago González por “Dun tempo xamais esquecido”. Tamén lle concedeu unha mención especial ao poema “Unha arte concisa”, o primeiro dun conxunto de poemas presentado baixo o título “Cincuenta cabodano”, de Manuel Riveiro Loureiro.

Referencias varias:

-Antonio Díaz, “Fallo do Certame Nacional de Poesía en lingua galega “Rosalía de Castro”, *Lúa Nova. Nova revista de Cultura Galega. ACG Rosalía de Castro*, nº 40, “Poesía”, xuño 2000, pp. 21-26.

Informa da entrega da XIIIª edición do Certame Nacional de Poesía o 27 de novembro na sé da Asociación “Rosalía de Castro”. Fai un resumo da historia deste concurso resaltándoo como un dos máis importantes no campo da poesía en lingua galega fóra de Galicia. Facilita os nomes dos membros do xurado e os dos gañadores, xunto ao título da composición galardoada: Carlos Penela Martín por “Petalas frías onda Silvia Plath”, X. Emilio Vicente por “Noite” e Xurxo Alonso por “Alexandría en cinco actos”. De seguido, comenta o nomeamento de D. Antoni Comás como “Socio Honorario” ademais da estructura e temática de *Santiago. Camiño de esperanza*, de Francisco Pomar de la Iglesia presentado neses días. Finaliza coa reproducción do poema gañador do certame: “Pétalas frías onda Silvia Plath”.

-GM, “El concurso de poesía ‘Rosalía de Castro’, abierto hasta el 30 de octubre”, *Galicia en el Mundo*, “Comunidades galegas”, 25 setembro-1 outubro 2000, p. 29.

Ademais de facer fincapé na data límite da entrega dos traballos participantes, o 30 de outubro, cita outros apartados das bases deste certame.

-Antonio Diaz, “Rosalía de Castro’ de Cornellá otorgou os galardóns do premio de poesía en lingua galega”, *Galicia en el Mundo*, “Comunidades galegas”, 4-10 decembro 2000, p. 23.

Faise eco do acto de entrega destes premios e achega o nome dos gañadores e das súas respectivas obras. Así mesmo, indica que con este acto se pechan os actos das Xornadas Culturais, que celebrou a Asociación Cultural Rosalía de Castro da localidade catalana de Cornellá ao longo do mes de novembro, entre os que cita, unha conferencia sobre Manuel Murguía, a presentación da maqueta do libro *II Recompilación do Certame Poético Rosalía de Castro*.

Premio de poesía **“Suso Vaamonde”**

Coa finalidade de fomentar o uso do galego entre as novas xeracións e axudar a potenciar os poetas novos, A Fundación “O Grelo” Amigos de Galicia convoca este certame, que está patrocinado pola Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e da Dirección Xeral de Política Lingüística. A el poden concorrer poetas ou escritores de calquera nacionalidade a condición de que non teñan publicado ningún libro de poesía e presenten os seus traballos en galego, de tema libre e cunha extensión mínima de 600 versos. Os orixinais presentaranse por quintuplicado, mecanografados a dous espacios e enviaranse, baixo plica, á Fundación convocante (R/ Luís Kasado, 10-6ºA 36209 Vigo). Establécese un único premio de 200.000 ptas, aínda que tamén se poderá outorgar un accésit como máximo sen dotación económica. Os premios entegaranse nun acto que se celebrará con motivo da concesión do Grelo de Ouro de 2001. O xurado estará composto por Luís G. Tosar, Xavier Rodríguez Barrio, Xosé Alonso, Antón Grande, Diego Bernal e Luís Rial, portavoz da Fundación O Grelo que actuará como secretario sen voto. Nesta edición, o prazo de entrega dos traballos conclúe o 1 de abril de 2001.

Referencias varias:

-A. Mínguez, “Benigno Moure recibe el “Grelo de Ouro” por su labor humanitaria en Ourense”, *Faro de Vigo*, “Ourense”, 21 novembro 2000, p. 20.

Ademais de referirse á entrega do “Grelo de Ouro” a Benigno Moure, presidente da Fundación San Rosendo, dá conta dos actos que terán lugar con tal motivo, entre os que están un recital poético a cargo de Xavier Rodríguez Barrio, Modesto Fraga e Luís González Tosar. Tamén se refire á creación da Fundación “O Grelo” en 1987 e aos diferentes traballos que está realizando, ademais de anunciar outros certames que convoca, entre os que cabe destacar o Premio de poesía “Suso Vaamonde” e o Premio de relato curto “Daniel Hortas”.

-Carlos del Amo, “El premio Suso Vaamonde de poesía aspira a “fomentar el uso del gallego”, *Atlántico Diario*, “Sociedad”, 20 decembro 2000, p. 60.

Ademais de indicar as entidades convocantes deste certame, cita o seu obxectivo fundamental e dá conta da composición do seu xurado.

-GM, “Convocado el VIII Premio de Poesía Suso Vaamonde”, *Galicia en el Mundo*, “Sociedad”, 25-31 decembro 2000, p. 21.

Ofrece as bases fundamentais da convocatoria deste premio que leva o nome de Suso Vaamonde.

Iº Concurso de poesía **“Uxío Novoneyra”**

Convocado polo Departamento de Cultura do Concello das Pontes para renderlle homenaxe a Uxío Novoneyra. Poden participar todos os escritores que o desexen independentemente da súa nacionalidade. Os traballos deberán estar escritos en galego e ter unha extensión mínima de 400 versos. O gañador poderá optar a un premio de 500.000 ptas. e a publicación da obra. Nesta convocatoria, o prazo de entrega rematou o 15 de maio e o 17 deuse a coñecer o nome do gañador. O xurado, formado por Medos Romero, Anxo Quintela, Bernardo Penabade, Antón Lopo, Antía López García e Anabel Alonso, que foi a secretaria, de entre os 50 poemarios presentados, escolleu como gañador *Banzados*, de Xosé Vázquez Pintor

IX. Premios

IX.2. Poesía

IX.2.1. Poesía

IIº Certame de poesía “**Antón Zapata García”**

Convocado pola Agrupación Cultural e Deportiva “Ría de Laxe”. Presenta dúas categorías, unha delas para menores de 15 anos. Para máis información dirixirse á Agrupación convocante (Avda. de Cesáreo Pondal, 28, 4. 15117 Laxe. A Coruña).

VIº Certame de poesía da “**Asociación de Veciños do Calvario”** de Vigo

A Asociación de Veciños do barrio vigués do Calvario vén convocando este certame de poesía para conmemorar o Día das Letras Galegas. Máis información na Asociación convocante.

Iº Concurso provincial de **“Cantares de Cego”**

Convocouse por primeira vez este ano coa finalidade de recuperar os antigos cantares de cego. Máis información na Oficina de Información Xuvenil ou no Departamento de Cultura do Concello de Celanova.

Referencias varias:

-L. R., “Los “Cantares do Cego” refuerzan el interés de Celanova por la tradición”, *La Región*, “Terrazas de Celanova”, 11 de febreiro 2000, p. 37.

Ademais de recoller as bases do premio recolle as palabras co Concelleiro de Cultura do Concello de Celanova, José María Rodríguez, quen sinala que a idea do certame naceu a partir do éxito acadado no ano 1999 cunha representación dos cantares de cego na Praza Maior da vila.

XIVº Premio de poesía **"Feliciano Rolán"**

Organiza este premio a Agrupación Cultural Guardesa e patrocínao o Concello da Guarda. Para máis información dirixirse á Agruppación convocante (Apartado de Correos 69 (36080 A Guarda).

Referencias varias:

-R. R. V., "La Agrupación Cultural Guardesa convoca el premio "Feliciano Rolán", *Faro de Vigo*, "Comarcas. Baixo Miño", 30 xuño 2000, p. 24.

Achegas as bases da décimo terceira convocatoria deste premio.

IXª **“Festa da Cantiga”**

Organizado polo Festival Internacional da Coruña, premiou nesta edición a Xosé Vázquez Pintor, por un poema en galego.

Xº Certame de poesía **“Rosalía de Castro”** de Córdoba

Este premio, que se leva convocando dende o ano 1991, establece por vez primeira un apartado de poesía en galego. Para máis información dirixirse á Casa de Galicia (Praza de San Pedro, 1, 14002 de Córdoba).

III os **“Xogos Florais”** de Cedeira

Están organizados pola Sociedade cultural “Río Condomiñas” e teñen a singularidade de que os autores das obras presentadas deben lelas en persoa.

IVº Certame poético **“Xohán de Requeixo”** de Chantada

Organizado polo Círculo Recreativo Cultural de Chantada en memoria do trobador. Para máis información dirixirse á este centro (Praza do Bo Xesús, 5, 27500 Chantada).

XIIIº Certame nacional **“Xosé María Pérez Parallé”** de poesía

Convocado polo Círculo Mercantil e Industrial de Fene. A el poden concorrer autores maiores de 14 anos con poemas de temática libre, que poderán estar escritos en galego ou castelán.

IX. Premios

IX.3. Teatro

Premio **“Álvaro Cunqueiro**” para textos teatrais

Foi convocado en 1988 polo Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), aínda que dende 1992 a 1999 deixou de convocarse. Reapareceu cunha dotación de 1.000.000 de ptas. e a posibilidade de publicar e representar a obra galardoada. Os textos que se presenten teñen que ser inéditos, de temática libre e sen limitación de extensión agás as obras de teatro breve. Non deberán ser premiados nin representados anteriormente. Enviaranse por quintuplicado en exemplares separados e mecanografados a dobre espacio ao IGAEM (Pavillón de Galicia, s/n. San Lázaro. Apartado. 150, 15703 Santiago de Compostela). O xurado terá en conta a viabilidade da representación da obra no que se refiere a aspectos que afectan ao número de páxinas, espacio escénico ou condicións técnicas. Nesta edición, os orixinais tiveron que enviarse entre o 15 de decembro de 1999 e o 14 de febreiro de 2000. O xurado, que estivo formado por Amado Rincón, Carlos Paulo Martínez, Francisco Taxes, Arturo Lezcano e Albino Mallo, destacou a alta calidade dos quince textos presentados a concurso e concedeulle o galardón a *Eliana en ardentía*, de Roberto Salgueiro, autor que xa gañara este premio en 1988 por *O arce do xardín*.

IIº Premio **“Carlos Couceiro”**

Organízao a Universidade de Vigo, Campus de Ourense, no marco da Vª Mostra Internacional de Teatro Universitario (MITEU) para galardoar os grupos que acodan á mostra. A contía do premio é de 100.000 ptas. e unha estatuíña de Jesús Costas, para o espectáculo. No ano 2000, premiouse ademais ao mellor espectador con 50.000 ptas. O xurado, formado por Ánxeles Cuña, Matilda Vázquez, Carmen Lorenzo e Marisa Calvo, concedeulle o galardón a *Faust ou marchè Rapè*, de Costa de Marfil e fíxolle un recoñecemento especial a *Troikadilhos*, de Lisboa. O premio do espectador recaeu na Aula de Teatro Universitaria de Alicante polo seu espectáculo *Mucho ruido y pocas nueces*.

IVº Premios **“María Casares”**

Premio convocado pola Asociación de Actores, Directores e Técnicos de escena de Galicia en colaboración co Concello da Coruña. Selecciónanse tres finalistas para cada unha das doce modalidades que se teñen en conta: mellor actor e actriz protagonistas; actor e actriz secundarios; director; texto, adaptación e traducción; mellor espectáculo; música orixinal; escenografía; vestiario e maquillaxe. Haberá tamén un premio especial que leva o nome da actriz Marisa Soto, que será o dado pola xente da Asociación. Os socios da agrupación emiten o seu voto por correo e en segredo. Esta selección de nomeados pásaselle a un xurado integrado por persoas relacionadas co mundo da escena. Nesta convocatoria fixéronse públicos os galardoados o 27 de marzo nunha gala que se celebrou no teatro Rosalía de Castro e foron os seguintes.

-Montaxe: *Cyrano de Bergerac*, da Compañía Librescena.
-Directora: Ana Vallés por *The Queen is dead*, de Matarile.

Actor e actriz protagonista: Xosé Manuel Oliveira “Pico” por *Se o vello Simbad volvese ás illas*, do Centro Dramático Galego e Susana Dans por *O cerco de Leningrado*, de Teatro do Atlántico.

Actor e actriz secundario: Fernando Dacosta e María Bouzas por *Se o vello Simbad volvese ás illas*, do Centro Dramático Galego.

Texto orixinal: Cándido Pazó por *O bululú do linier*, de Teatro do Adro.

Texto adaptado/traducción: Quico Cadaval por *Se o vello Simbad volvese ás illas*, do Centro Dramático Galego.

-Música: Bernardo Martínez por *Se o vello Simbad volvese ás illas*, do Centro Dramático Galego.
-Escenografía: Peter Botazzi por *Se o vello Simbad volvese ás illas*, do Centro Dramático Galego.
-Maquillaxe: Raquel F. Fidalgo e Cristina Couto por *Se o vello Simbad volvese ás illas*, do Centro Dramático Galego
-Vestiario: Gilda Bonpresa por *Se o vello Simbad volvese ás illas*, do Centro Dramático Galego.
-Iluminación: Baltasar Patiño por *Se o vello Simbad volvese ás illas* e Roberto Vidal Bolaño por *Xelmírez ou a gloria de Compostela*, ambas as dúas do Centro Dramático Galego.
-Premio especial Marisa Soto: Manuel Gallart.

Referencias varias:

-Pancho Tristán, "O CDG, compañía con máis nominacións para os Premios María Casares de Teatro", *El Mundo. Galicia*, "Cultura", 9 febreiro 2000, p. 9.

Pon de manifesto certos datos significativos extraídos das nominacións aos IV^{os} Premios "María Casares" de teatro, convocados pola Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena de Galicia. Salienta que tres espectáculos acaparan a maior parte das nominacións: *Se o Vello Sinbad volvese ás illas*, do Centro Dramático Galego, *Cyrano de Bergerac*, de Librescena e *The Queen is dead*, de Matarile Teatro. Así mesmo, sinala que o xurado dos premios deixou ver que o 99 "non foi un bo ano para o teatro galego", ademais de

apuntar que cos premios se pretende “darlle proxección á profesión”. Tamén trata de explicar o funcionamento do xurado e reflexiona sobre a xustiza das nominacións, das que ofrece unha lista.

-Carmen Villar, “Los favoritos del teatro gallego ya tienen nombre”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 147, 4 marzo 2000, p. 3.

Faise eco da próxima entrega dos Premios “María Casares” cos que se galardoará ao teatro galego, nunha cerimonia que se celebrará no teatro Rosalía da Coruña. Asemade, ofrece a lista dos nominados en cada categoría, salientando o probábel triunfo de obras como *Cyrano de Bergerac* ou *Se o vello Sinbad volvese ás illas*. Remata referíndose aos premiados nas tres edicións anteriores.

-Julia Pardo, “Premios María Casares”, *El Mundo. Galicia*, “Cultura”, 17 marzo 2000, p. 9.

Alude á próxima cerimonia de entrega dos Premios “María Casares”, organizados pola Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena de Galicia. Apunta que o escenógrafo Manuel Gallar Torres ten asegurado o Premio “María Soto” en recoñecemento á súa traxectoria teatral, salientando que do resto dos galardoados aínda se descoñece o seu nome.

-Marta Villar, “Treinta obras de teatro optan a los premios “María Casares”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 17 marzo 2000, p. 50.

Comenta que trinta espectáculos teatrais se presentaron a estes premios de teatro, dos que di se coñecerán os galardoados o Día Internacional do Teatro. Recolle, asemade, as palabras do organizador da cerimonia de entrega, quen afirma que o evento pretende ser "unha homenaxe ás tres décadas que leva funcionando o teatro galego profesional". Remata apuntando que o Premio "María Soto" se lle concede este ano a Manuel Gallá Torres.

-Concha Pino, "Galicia celebra o Día do Teatro coa entrega dos María Casares", *La Voz de Galicia*, "Cultura y espectáculos", 27 marzo 2000, p. 72.

Tras facer mención á entrega dos Premios "María Casares" o Día Internacional do Teatro, comenta certas cuestións relativas á inmediata estrea do espectáculo *A burla do galo*, de Roberto Vidal Bodaño, a cargo do Centro Dramático Galego. Así, explica que a obra se basea no relato de *O galo de Portugal*, de Cunqueiro, no que por primeira vez se incorpora o mito de Don Juan á literatura galega, ademais de nomear os responsábeis da peza. Por outro lado, fai referencia ao estudio crítico que sobre este drama fixo a profesora Carmen Becerra, quen sinalou que *A burla do galo* é unha obra completa.

-Óscar Iglesias, "Teatro verité", *El Mundo. Galicia*, "Cultura", 27 marzo 2000, p. 8.

Informa da cerimonia de entrega destes premios e salienta que once dos trece premios foron para o Centro Dramático galego. Así mesmo, nomea aos premiados, entre eles, Cándido Pazó, polo mellor texto orixinal, *Bululú do linier*. Por outro lado, tamén fai referencia ás necesidades do teatro actual.

-D. V., “Se o vello Simbad volvese ás illas” recibió nueve premios María Casares”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 28 marzo 2000, p. 18.

Fai referencia aos galardoados na cuarta convocatoria destes premios, outorgados pola Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena, salientando o triunfo de *Se o vello Sinbad volvese ás illas*, do Centro Dramático Galego. Así mesmo, destaca da cerimonia de entrega a lectura do “manifesto galego de teatro”, no cal se pide un maior apoio dos medios de comunicación e do poder. Remata referíndose á homenaxe que se lle tributou a Manuel Gallart.

-Francisco Espiñeira, “Si o vello Simbad volvese ás illas” logra nueve de los trece premios María Casares”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 28 marzo 2000, p. 73.

Pon de relevancia que a obra *Si o vello Sinbad volvese ás illas*, do Centro Dramático Galego triunfa nos Premios “María Casares” gañando nove estatuíñas. Por outra banda, destaca a homenaxe que se lle fixo a Manuel Gallart ao concederlle o Premio “María Soto”.

-Pancho Tristán e Xabier Cid, “Manifesto da chorada galega”, *Tempos novos*, nº 36, “Voces e culturas. Crítica. Teatro”, maio 2000, p. 87.

Achégase unha proposta de manifesto para ler na gala dos Premios María Casares do 2014. Igual que se fixo nos IV^os^ premios pasados, este manifesto ten forma dialogada, e nel dous personaxes, Xan e Perillán, choran e laméntanse da situación do teatro no noso país.

-Xosé Boubeta, “Premios María Casares IV Edición. Crónica de acertos e despropósitos”, *Revista Galega de Teatro*, nº 23, primavera-verán 2000, pp.48-50.

Mostra a súa desaprobación coas nominacións aos IV^os^ Premios de Teatro María Casares, deixando no aire unha serie de interrogantes. Á parte, realiza unhas cantas consideracións sobre o acto de entrega destes galardóns, destacando que estes se van afianzando co tempo. Por último, adxunta a lista de premiados.

Premio **“María Teresa León”** para autoras dramáticas

Convocado polo Instituto da Muller do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais de España e a Asociación de Directores de Escena de España, coa colaboración da Fundación Autor da SGAE, coa finalidade de propiciar e favorecer a escritura de obras literarias dramáticas por parte de mulleres. Poden concorrer as escritoras de textos dramáticos escritos nas linguas do Estado español. As obras deberán ter unha extensión equivalente á duración normal dun espectáculo e o xénero, estilo, estructura e temática serán libres. Os orixinais deberán ser inéditos e non estreados e irán firmados cun lema e acompañados dun sobre pechado que mostre no seu interior o nome do premio, o lema e o título da obra. No seu interior aparecerán os datos do autor e o seu currículo persoal. Deberán enviarse por triplicado á Asociación de Escena de España (Costanilla de Los Ángeles, 13, baixo, esquerda, 28013 Madrid). O xurado estará formado por destacadas personalidades do mundo teatral e o premio consistirá nun certificado acreditativo, unha estatuíña do pintor e escultor José Hernández e 1.325.000 ptas. Así mesmo, concederase un accésit de 625.000 ptas. e certificado acreditativo. Poderase conceder unha mención especial a algunha das obras presentadas, recomendando a súa publicación xunto ás obras premiadas. A obra premiada e a merecedora do accésit serán publicadas nun volume da colección “Literatura Dramática Iberoamericana”, de Publicacións da ADE para o que as premiadas teñen que ceder os dereitos da traducción ao castelán no seu caso e os dereitos de representación en calquera lingua por espacio de dous anos. A resolución do premio farase pública a finais de ano no marco do Acto Anual de Entrega de Premio ADE. O prazo de entrega pechouse o 15 de setembro.

Premio de interpretación teatral **“Maruxa Villanueva”**

O Concello de Padrón convoca este premio en homenaxe a Maruxa Villanueva, que foi case tres décadas gardesa da Casa-Museo de Rosalía de Castro e tamén recoñecida actriz de teatro. A el poden concorrer aqueles actores e actrices que, durante o próximo ano, participen nun espectáculo teatral en galego, ademais de ser extensivo a un artista de recoñecida traxectoria neste ámbito. Conta cun premio de 200.000 ptas. e unha estatuíña de bronce que representará o busto de Maruxa Villanueva. Este premio será resolto por un xurado designado polo Concello en xaneiro do ano próximo e darase a coñecer o 24 de novembro do 2001, coincidindo co terceiro aniversario do falecemento da actriz.

Referencias varias:

-Uxía López, “Padrón recordará a Maruxa Villanueva con la creación de un premio de teatro”, *La Voz de Galicia*, “Comarcas”, 27 decembro 2000, p. 8.

Anuncia a creación deste novo premio por parte do Concello de Padrón, ademais de achegar as súas bases principais de participación.

IX. Premios

IX.4. Investigación

XIVº Premio literario **“Ánxel Fole”**

Premio convocado pola Fundación Caixa Galicia-Claudio Sanmartín e o xornal *El Progreso* dende 1987 para premiar orixinais escritos en galego ou castelán sobre a vida e a obra dunha personalidade da cultura galega. Os orixinais deben ter unha extensión máxima de 100 folios, mecanografados a dobre espacio, e teñen que enviarse, por cuadruplicado e baixo plica, ao Departamento de Obras Sociais da Caixa Galicia (de calquera das súas delegacións) ou ao xornal *El Progreso*. Está dotado con 1.000.000 de ptas. e a publicación da obra. O dictame do xurado, constituído por personalidades designadas polas entidades convocantes, realízase na primeira quincena de maio coincidindo co cabodano do falecemento de Ánxel Fole. No ano 2000,

o premio estivo dedicado a enxalzar a figura de Xosé Trapero Pardo e o prazo de entrega de traballos concluíu o 31 de marzo. O xurado, que estivo formado por Manuel María Fernández Teixeiro, José de Cora Paradela, Juan Ramón Díaz e Ramón Soilán Penas, que actuou como secretario, concedeulle o 7 de maio o galardón a Ana María Rodríguez Rivas polo seu traballo *Xosé Trapero Pardo. A crónica dun século*, presentado co pseudónimo “Argalleiro”. Os organizadores anuncian que a vindeira edición xirará ao redor do poeta e pintor lucense Ánxel Johán.

Referencias varias:

-I. R. D., “El premio es un reconocimiento a mi trabajo y al idioma gallego”, *El Progreso*, 10 maio 2000, p. 73.

Recóllense as impresións da gañadora deste premio, Ana María Rodríguez Rivas, nas que sinala o recoñecemento que supón ao seu traballo persoal, despois de tres anos investigando sobre a figura de Trapero Pardo. Infórmase tamén de que a galardoada é licenciada en Ciencias da Información pola Universidade Complutense de Madrid.

-Ignacio R. Díaz, “Ana María Rivas gana el ‘Ánxel Fole’ por un ensayo sobre Trapero Pardo”, *El Progreso*, 10 maio 2000, p. 73.

Anúnciase a decisión do xurado deste premio, outorgado á xornalista lucense Ana María Rodríguez Rivas polo traballo *Xosé Trapero Pardo. A crónica dun século*, presentado baixo o lema de “Argalleiro”, no que a autora analiza a producción literaria e xornalística deste escritor. Infórmase tamén de que os membros do xurado salientaron a calidade das tres obras presentadas e que a vindeira edición do premio estará dedicada ao poeta e pintor lucense Ánxel Johan.

Premio **“Concepción Arenal”**

O Concello de Ferrol e a Universidade da Coruña convocan diversos premios para apoiar e impulsar os labores de investigación realizados no ámbito universitario e no mundo empresarial nas áreas de enxeñería naval, humanidades, enxeñería industrial e as áreas da saúde e relacións laborais. Polo que se refire ao de humanidades, é de carácter bienal e leva por nome “Concepción Arenal”. As solicitudes deberán remitirse ao Rexistro Xeral da Universidade (R/Dr. Vázquez Cabrera, s/n.) ou por calquera procedemento que contemple a Lei 30/92 do 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificado pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro de 1999. Poderán ser candidatos os investigadores ou equipos de investigación españois ou estranxeiros que desenvolvan o seu traballo na área obxecto deste premio. Os impresos de solicitude deberán ir acompañados dunha memoria explicativa do traballo realizado e a súa importancia, o currículo dos candidatos, así como a aceptación das bases do premio. Adxuntaranse cinco copias e xunto coa memoria estipulada nas base xerais os candidatos poderán achegar no momento de presentar a súa solicitude calquera outra documentación que estime oportuna para avalar a calidade dos traballos. Se estes estiveran redactados na lingua propia de calquera comunidade autónoma ou nun idioma estranxeiro, deberase acompañar unha traducción ao castelán. Os traballos deberán ser orixinais e inéditos e, en todo caso, representar algún avance dentro da área de coñecemento ao que corresponde. O premio está dotado de 2.000.000 de ptas. O xurado estará formado polo Alcalde de Ferrol, dous especialistas de recoñecido prestixio nas humanidades, dous investigadores da Unviersidade da Coruña, pertencentes a esa mesma área, e un funcionario do

Campus de Ferrol que actuará como secretario con voz pero sen voto. Nesta edición, o prazo conlueu o 15 de setembro.

IIº Premio **“Dámaso Alonso”** de investigación filolóxica

A Universidade de Santiago de Compostela, o Concello de Ribadeo e o Grupo Voz, editor do xornal *La Voz de Galicia*, co gallo do centenario do nacemento de Dámaso Alonso Fernández de las Redondas, que estivo afectiva e intelectualmente moi vinculado a Galicia, acordaron o 10 de xullo de 1998 convocar anualmente, baixo o nome de tan egrexio poeta, profesor e académico, un premio para dar a coñecer a mellor das obras de filoloxía realizadas por investigadores novos sobre os eidos que cultivou Dámaso Alonso. O premio estará dotado coa suma de 1.000.000 de ptas. que o autor da obra galardoada recibirá do Concello de Ribadeo á conta dos dereitos de edición da obra por parte do Servicio de Publicacions e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela. Poderán concorrer orixinais inéditos de extensión comprendida entre 150 e 250 follas tamaño DIN-A-4, escritas mecanicamente a dobre espacio e por unha soa cara, en letra de paso non compensado, que deberán ser enviados por quintuplicado ao Rexistro Xeral da USC (Rectorado-Colexio San Xerome, Praza do Obradoiro, s/n, 15705 Santiago). Os exemplares irán acompañados de todos os datos persoais do autor, que non debe ter aínda os 30 anos de idade. A lingua das obras de investigación filolóxica poderá ser o galego ou o castelán e o tema corresponderase cos eidos cultivados por Dámaso Alonso: estudios lingüísticos peninsulares, estudios e ensaios histórico-críticos sobre as literaturas románicas peninsulares de todas as épocas, edicións e comentarios de textos literarios hispánicos, estilística e teoría da literatura, historia da crítica literaria. O xurado, presidido polo Rector Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela ou persoa en quen delegue, estará formado ademais por catro filólogos nomeados pola Universidade que convoca o premio, e actuará como secretario, con voz

e sen voto, unha persoa designada polo Alcalde de Ribadeo. A reunión do xurado terá lugar no Concello de Ribadeo ou na Universidade de Santiago de Compostela nun día do mes de xuño de 2000, no que se fará público o dictame e o nome do premiado. A obra será editada polo Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Unversidade de Santiago de Compostela con tempo suficiente para ser presentada o 22 de outubro, data do nacemento de Dámaso Alonso en 1898, ou en datas próximas. No acto de presentación, organizado polo Grupo Voz, o autor recibirá así mesmo o premio. Nesta edición, o xurado estivo formado por Darío Villanueva Prieto, que actuou como presidente, Guillermo Rojo Sánchez, Antón Santamarina, Luís Iglesias Feijoo, Carmen Parrilla e Manuel Valín Valdés, que foi o secretario. Nesta edición, o prazo pechouse o 30 de abril e non se premiou ningún traballo literario.

Premio de **“Estudios Bergantiñáns”**

Ten como obxectivo recoller, analizar e dar a coñecer a prehistoria, historia, economía, xeografía, etnoloxía, socioloxía, lingua, literatura, toponomia, arte, cultura ou calquera outra rama do saber relacionada con Bergantiños. Poderán concorrer ao premio as persoas, de calquera nacionalidade, que presenten as súas obras en galego, inéditas e orixinais (aceptaranse teses e tesinas inéditas e non premiadas anteriormente). A extensión máxima será de 300 páxinas, mecanografadas e a dobre espacio, que poderán vir acompañadas de fotos, planos ou documentos sonoros. Os traballos entregaranse sen sinatura, baixo lema ou seudónimo, e con plica, no Instituto de Estudios Bergantiñáns (IEB), Secretaria do Centro Social, Rúa San Xoán Bautista s/n, 15.100, Carballo (A Coruña). Os traballos premiados pasarán a poder da entidade convocante que poderá publicalos no prazo máximo de dous anos. Os non premiados deben ser retirados polos autores, nun prazo de dous meses a partir da resolución, ou pasarán a formar parte do Arquivo do IEB. Establécese un premio de 100.000 ptas. e un accésit sen dotación, podendo o xurado propoñer a creación dalgún premio especial ou deixar desertos os existentes. A entrega de premios realizarase durante a celebración das festas de San Xoán. Nesta edición, o prazo de entrega de traballos concluíu o 17 de maio.

Premio "**Galicia de Investigación**"

A Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento, convoca estes premios, que pretenden recompensar o traballo de investigadores prestixiosos en favor da Comunidade, estimular a aparición de mozos e favorecer o recoñecemento ao labor da innovación empresarial. Os galardóns divídense en catro áreas: O Eugenio Montero Ríos de investigación social, o Antonio Casares y Rodrigo, destinado á investigación científico-técnica, o Antonio López Ferreiro, de humanística, e o José Varela de Montes, de sanitaria. Convócase un cada ano, comezando polo de investigación social, e no 2000, correspondeulle ao de humanística. Os candidatos deberán ter unha traxectoria profesional de máis de quince anos, estar adscritos a centros de investigación en Galicia ou ter realizado estudios de temas relacionados coa comunidade galega. O galardón consiste en 6.000.000 de ptas. Este premio vai acompañado do Premio Investigación Humanística para Investigadores Mozos e, como o seu nome indica, está destinado aos investigadores mozos que non presentaran a súa tese de doutoramento hai máis de seis anos. Ten unha dotación económica de 1.000.000 de ptas. Nesta terceira edición, o xurado, que estivo integrado por sete expertos, baixo a presidencia do exconselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, Juan Piñeiro Permuy, non lle concedeu nin

o Premio Antonio López Ferreiro de Investigacion Humanística nin o Premio de Investigación Humanística para Investigadores Mozos a persoas relacionadas coa literatura galega. O acto oficial de entrega dos premios foi o 29 de novembro no Auditorio de Galicia.

Premio de investigación literaria **“Gonzalo Torrente Ballester”**

Convocado pola Caixa de Pontevedra co fin de homenaxear a figura e obra de Gonzalo Torrente Ballester. Ten como obxecto a análise e o estudio crítico da obra e figura do escritor. O premio está aberto a calquera autor que presente orixinais escritos en calquera idioma e sen límite de extensión. Está dotado con 1.000.000 de ptas. e a Caixa de Pontevedra comprométese ademais á edición e distribución da obra premiada nun prazo de doce meses. Os orixinais teñen que presentarse en copia impresa e en disquete en Caixa de Pontevedra (R/Augusto González Besada, nº 2-4, Pontevedra, 36001). Debe indicar no sobre “Para el Premio de investigación Gonzalo Torrente Ballester”. A resolución do xurado, do que a composición se anunciará oportunamente, coñecerase antes do 23 de abril de 2000, aniversario do falecemento de Miguel de Cervantes. Nesta edición, o prazo de entrega de traballos concluíu o día 1 de marzo e o xurado, que estivo presidido por Carlos García Bayón e conformado por Hipólito de Sa Bravo, Alfredo Conde Cid, Carlos Valle Pérez e Víctor Fernández Freixanes, de entre os 4 participantes, premiou a José Antonio Ponte Far polo traballo *Pontevedra en la vida y obra de Gonzalo Torrente Ballester*.

Referencias varias:

-D. P., “El premio de investigación Torrente Ballester se falla hoy”, *Diario de Pontevedra*, 10 abril 2000, p. 6.

Breve noticia que informa de que Caixa de Pontevedra anuncia a resolución do premio, convocado no ano 1999. Cita, tamén, o nome dos integrantes do xurado.

-D. P., “El historiador Antonio Ponte Far gana el premio 'Torrente Ballester”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, 11 abril 2000, p. 13.

Alude ao outorgamento do Premio de investigación literaria “Gonzalo Torrente Ballester” a José Antonio Ponte Far polo seu traballo *Pontevedra na vida e obra de Gonzalo Torrente Ballester*. Sinala que o xurado salientou o “rigor científico “e a 'amenidade” do estudio. Ademais, achéganse as liñas xerais entorno ás cales xira a investigación.

XIIº Premio **“Investigación Lingüística e Literaria 17 de Maio”**

Convócao, dende 1989, o Departamento de Filoloxía Galega e patrocínao o Vicerrectorado de Investigación da Universidade de Santiago de Compostela e a Facultade de Filoloxía, para potenciar a investigación lingüística e literaria entre os universitarios. Céntrase cada ano na figura homenaxeada o Día das Letras Galegas ou da xeración, movemento artístico, etc. ao que pertence. A este premio poden concorrer todos os estudiantes de primeiro, segundo e terceiro ciclo de Facultades e Escolas Universitarias menores de 30 anos, agás os que teñan algunha relación contractual coa Universidade ou estean en posesión dunha bolsa de investigación nun Departamento universitario. Os traballos deberán ser orixinais e inéditos, ademais de estar escritos en lingua galega. Presentaranse por quintuplicado, en folio ou holandesa, mecanografados a dobre espacio e cunha extensión recomendada de 30 folios. Así mesmo, entregaranse baixo lema e acompañados dun sobre pechado que incluirá os datos do autor, o título da investigación e un documento que acredite estar martriculdo na USC no curso 19992000. A dotación económica é a seguinte: 150.000 ptas. para o primeiro premio e 100.000 para o segundo. O xurado estará composto por cinco profesionais de recoñecido prestixio no campo da investigación lingüística e literaria nomeados polo Consello do Departamento convocante e a súa composición farase pública na segunda quincena do mes de setembro. Nesta edición, as investigacións referíronse á vida ou á obra de Manuel Murguía e, especialmente, aos seus aspectos lingüísticos e literarios. O prazo de recepción de traballos concluíu o 8 de setembro e o xurado, que estivo formado por Xesús Alonso Montero, Anxo Tarrío Varela, Xosé R. Barreiro

Fernández e Manuel Ferreiro Fernández, só concedeu o primeiro premio, que recaeu en Xosé Anxo García López polo seu traballo *Ideal de Manuel Murguía sobre a lingua*.

Referencias varias:

-E. P. "A Universidade de Santiago convoca o 'XII Premio de Investigación Lingüística e Literaria 17 de maio", *El Correo Gallego*, "Sociedad-Cultura", 20 maio 2000, p. 90.

Achega as bases de participación da décimo segunda convocatoria deste premio.

-C. d. U., "José Ángel García logra o XII Premio '17 de Maio", *O Correo Galego*, "O Correo da Universidade", 29 novembro 2000, p. 2.

Informa sobre a concesión da última convocatoria deste premio a José Ángel García López polo seu traballo "Ideas de Manuel Murguía sobre a lingua". Así mesmo, indica que o segundo premio quedou deserto e dá conta da composición do xurado, ademais de referirse ás bases de convocatoria deste premio.

IIIº Premio de ensaio **“Manuel Murguía”**

Dotado cun premio de 1.000.000 de ptas. e a publicación da obra gañadora, convócao a Deputación Provincial da Coruña co obxecto de enxalzar a vida e obra “dunha figura das letras galegas, un precursor do galeguismo, político, literato e historiador”. Pode concorrer todo tipo de ensaios de carácter histórico referidos á provincia coruñesa. A extensión dos textos será libre e enviaranse por quintuplicado, en exemplares separados, mecanografados a dobre espacio, por unha soa cara, en tamaño DIN A4, numerados, grampados ou encadernados. Os orixinais presentaranse baixo un título e un lema no seu exterior e contendo no interior o nome e apelidos do autor, o seu enderezo, nacionalidade e número de teléfono. Deberán enviarse á sede da Deputación da Coruña (Avda. Alférez Provisional s/n., 15006 A Coruña). O xurado está composto polo presidente da Deputación e cinco persoas de recoñecido prestixio no ámbito da investigación histórica. Nesta edición, o prazo de entrega de orixinais concluíu o 30 de setembro e o xurado, que estivo presidido por Carlos López Crespo e composto por Ramón Villares, Xusto González Beramendi, Juan José Carreras, Celso Almuíña e Esther Martínez Quinteiro, de entre os 12 traballos que concorreron, non premiaron ningún de literatura galega.

Referencias varias:

-E. P., “Premio Murguía de ensaio para ‘Raza e alteridade’ de Pereira González, *O Correo Galego*, “AFA”, 15 novembro 2000, p. 31.

Informa que o gañador desta edición foi Fernando Pereira González por *Raza e alteridade. A reflexión sobre a diversidade humana na Galicia do século XIX*. Apunta que, segundo o xurado, esta obra é un ensaio “cun bo dominio da biografía”, que proporciona unha pluralidade de enfoques dende o punto de vista historiográfico, e que conta cun “tratamento orixinal e novidoso”. Tamén cita o nome dos integrantes do xurado e refírese á dotación deste premio.

Premio de investigación **“Manuel Murguía e o seu tempo”**

Convocado polo Vicerrectorado de Extensión Universitaria da Universidade de Vigo, en colaboración coa Dirección Xeral de Política Lingüística, con motivo da dedicatoria do Día das Letras Galegas de 2000 a Manuel Murguía. Poden presentarse todos os membros da comunidade universitaria con traballos orixinais e inéditos que estean escritos en galego e relacionados coa figura de Manuel Murguía ou ben con calquera outro autor que “teña contribuído ás Letras Galegas e do que se celebre neste ano 2000 algunha efeméride especial”. Para este certame establécense un primeiro premio de 200.000 ptas. e un segundo dotado de 100.000. O xurado estará presidido polo rector da Universidade. Os orixinais deberán ser entregados nos rexistros xerais dos tres campus universitarios (Vigo, Pontevedra e Ourense). Nesta edición, o prazo de presentación dos traballos rematou o 14 de abril e o xurado, que estivo formado por Xosé Manuel Cid Fernández, que actuou como presidente, Xosé Mª Pin Millares, que foi o secretario, Xosé Sánchez Puga, Manuel Bragado Rodríguez, Xosé Henrique Costas González, Alberto Álvarez Lugrís, Luís Pérez Gómez e Casilda García Alfaro, concedeulle o primeiro premio a José Ángel García López por *A gramática galega de Manuel Murguía*.

Premio **“Ramón Piñeiro”** de ensaio

A Editorial Galaxia, con motivo do cincuentenario e co propósito de estimular a reflexión dende Galicia, convoca este premio no que poden participar todas aquelas persoas, que presenten escritos orixinais e inéditos en lingua galega, segundo a normativa vixente. A extensión dos traballos abranguerá entre 200.000 e 300.000 caracteres, incluídos espacios. Deberán ser presentados por quintuplicado, en formato DIN A4, mecanografado a dobre espacio e por unha soa cara. O tema dos ensaios será libre e os traballos deberán evitar o enfoque de investigación especializada ou de carácter estrictamente académico. Os orixinais enviaranse por correo certificado, baixo plica, á Editorial Galaxia (Rúa Reconquista, 1, 36201 Vigo), indicando no sobre “I Premio “Ramón Piñeiro” de Ensaio”. Establécese un único premio, consistente en 500.000 ptas. e unha escultura conmemorativa, que será outorgado ao ensaio que posúa maior fondura e orixinalidade e reúna suficientes méritos estilísticos e literarios. A contía do premio inclúe os dereitos de autor pola primeira edición do texto gañador, que será publicado pola Editorial Galaxia na súa colección “Ensaio”. O xurado estará composto polos membros do Consello de Redacción da revista *Grial* e fará público o seu veredicto entre o 25 e o 29 de setembro do ano 2000. Nesta edición, o prazo de recepción de traballos concluíu o 26 de xuño e o xurado, que estivo presidido por Carlos Casares e integrado por Henrique Monteagudo, Carlos Fernández, Xoán Bouzada, Xavier Castro, Gustavo Adolfo Garrido, Manuel Rodríguez Álvarez, Modesto López Bouzas, Damián Villalaín e Xosé Manuel Soutullo, todos eles membros da revista *Grial*, non premiou ningún traballo relacionado coa literatura galega.

VIº Premio **“Vicente Risco”** de antropoloxía e ciencias sociais

Convocado dende 1994 polo Concello de Castro Caldelas e Allariz en colaboración coas Fundacións Vicente Risco e Sotelo Blanco. Está dotado con 1.000.000 de ptas. e a publicación da obra pola Editorial Sotelo Blanco. Poden concorrer a el os que presenten obras sobre o ámbito rural galego dende o punto de vista antropolóxico ou das cienciais sociais (historia, economía, socioloxía, literatura, etc.). Os textos, cunha extensión mínima de 150 ou máxima de 300 folios a dobre espacio, teñen que ser presentados, por sextuplicado, antes do 30 de novembro de 2000 na Fundación Sotelo Blanco (Apartado de Correos 2096, 15780 Santiago) ou no Concello de Castro Caldelas (Rúa do Concello, 1, 32760 Castro Caldelas), baixo lema ou título e acompañados dun sobre pechado no que consten os datos persoais e enderezo do autor. O xurado está constituído por catro membros do mundo da cultura e un representante do Concello de Castro Caldelas.
Nesta edición, que o xurado estivo formado por María Xosé Fernández Cerviño, Justo González Beramendi, Xosé Carlos Sierra, Antonio Blanco Rodríguez e Carlos Lema, non se premiou ningunha obra relacionada coa literatura galega..

Premio de investigación **“Xohana Torres”**

A Concellería da Muller do Concello de Santiago de Compostela convoca dende 1993 este premio ao que poden concorrer mulleres, de xeito individual ou colectivo, que presenten un trabllo inédito de investigación. Os traballos presentados referiranse a calquera aspecto da muller dentro da nosa comunidade, xa sexa socióloxico, humano, histórico, etc. Estarán escritos en lingua galega e mecanografados a dobre espacio e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello identificados cun lema e acompañados cun sobre pechado co mesmo lema no que se inclúan os datos das participantes. Establécese a cantidade de 300.000 ptas para o único traballo premiado. A concesión do premio implicará a cesión en exclusiva ao Concello dos dereitos de propiedade intelectual e de explotación do traballo premiado por parte da gañadora nos termos da lexislación vixente (RDL 1/1996, do 12 de abril). Neste ano 2000, non se premiou ningún traballo relacionado coa literatura galega e tamén se convocou a próxima edición, que ten o día 31 de decembro como último día da entrega de traballos participantes.

IX. Premios

IX.5. Edicións

III os Premios nacionais de **“Edición Universitaria”**

A Asociación de Editoriais Universitarias Españolas (AEUE) convoca estes premios coa finalidade de promover e prestixiar a edición universitaria e facer valer ante a comunidade científica e o conxunto da sociedade a súa importancia e calidade. Concédeselle premio á mellor monografía, á mellor edición electrónica, á mellor colección, á mellor coedición cunha editorial privada, á mellor traducción e á promoción da edición universitaria. Os cinco primeiros premios serán resoltos por un único xurado composto por cinco membros designados pola Xunta Directiva da AEUE e un secretario, que será o mesmo da asociación e non terá voto. Os exemplares das obras premiadas quedarán en propiedade da AEUE e o resto das enviadas serán entregadas a unha institución solvente con carácter benéfico. Os distintos premidos desta edición poderán ser declarados desertos, a excepción do destinado á promoción da edición universitaria. Ningún dos galardóns será económico e as persoas ou entidades premiadas recibirán un diploma e un trofeo acreditativo. Os premios faranse públicos no curso dunha cerimonia organizada pola AUEU en outubro no Liber do ano 2000 e serán entregados nun acto público durante a Asemblea anual da Asociación, que se celebrará durante o mes de novembro do 2000. Polo que refire ao premio á mellor monografía, premiarase un título, publicado con ISBN do ano 1999, que se considere especialmente meritorio pola súa coidada edición, o seu contido e a achega temática no aspecto científico, técnico ou artístico. Poderán concorrer a el aquelas editoriais ou servicios de publicacións da AEUE que presenten un único título do seu catálogo. Así, farase chegar á sede da AEUE tres exemplares do título presentado ao premio, acompañados dunha memoria explicativa da edición que non poderá exceder dos cinco folios a dobre espacio. Nesta edición, o

prazo de presentación concluíu o 15 de maio e o xurado, que estivo formado por Luís Alberto de Cuenca, Darío Villanueva Prieto, Fernando Lanzas e Magalena Vinent, premiou a Universidade de Santiago de Compostela pola obra *Café con Gotas*, na modalidade de mellor monografía.

IX. Premios

IX.6. Mixtos

XVº Premio **“Antón Losada Diéguez”**

Convocado dende 1985 polos Concellos de Boborás e O Carballiño e pola Deputación de Ourense. Está dotado con 1.000.000 de ptas. e consta de dúas modalidades, creación literaria e investigación, que serán premiadas con 500.000 ptas. cada unha delas. Son merecentes do premio as obras publicadas o ano anterior e teñen que ser presentadas polas editoras. Compoñen o xurado un representante de cada entidade convocante, un membro da RAG, do Consello da Cultura, do Museo do Pobo Galego e das Cátedras de Lingua e Literatura Galega das Universidades de Santiago, Vigo e A Coruña. Entrégase o premio nun acto literario que se celebra no mes de xuño no pazo da familia Losada en Boborás. Nesta edición, o prazo para presentarse concluíu o 31 de xaneiro e o xurado, que estivo presidido por Cipriano José Caamaño Castro e integrado por Xulio Francisco Ogando, Xosé Manuel Cid Fernández, Francisco Rodríguez Fernández, Alfonso Barca Lozano, Ramón Lorenzo, Francisco Calo Lourido, Silvia Gaspar, José Luis Valladares e Gerardo Rodríguez, que foi o secretario, premiou a Xosé Fernández Ferreiro por *Territorio ocupado*, no apartado de creación literaria e Henrique Monteagudo por *Historia social da lingua galega*, no apartado de investigación. O dictame fíxose público o 29 de abril e a entrega dos premios tivo lugar o 10 de xuño de 2000.

Referencias varias:

-J. P. Moro, “Un trabajo de Manuel Fraga sobre Brañas participa en los premios 'Antón Losada”, *Faro de Vigo*, 9 febreiro 2000, p. 21.

Achega o nome dalgún dos participantes nesta convocatoria do Premio “Antón Losada Diéguez”, entre os que se atopan Manuel Fraga coa obra *A contribución de Brañas á identificación dunha política galega* ou Manuel Rivas con *Ela, maldita alma*. Faise eco do parecer de certos membros do Concello de Borobás que destacaron a alta participación e a calidade dos participantes no certame, ademais de dar conta da composición do xurado e anunciar o dictame do xurado para o 29 de abril no concello de Boborás.

-J. P. Moro, “La recuperación de la cultura gallega centra la entrega de los premios Losada Diéguez”, *Faro de Vigo*, 11 xuño 2000, p. 22.

Dá conta dos diferentes actos realizados na entrega deste premio, que tivo como mantedor a Xosé María Palmeiro, decano do Colexio de Xornalistas de Galicia, que recordou a figura de Antón Losada e a dos seus compañeiros de xeración. Cita as autoridades presentes e tamén o nome dos galardoados, Henrique Monteagudo por *Historia social da lingua galega*, na modalidade de investigación, e Xosé Fernández Ferreiro por *O atentado*, na de creación literaria.

-Víctor Rodriguea, “Monteagudo y Fernández Ferreiro reciben los premios Losada Diéguez”, *El Mundo. Galicia*, 11 xuño 2000, p. 8.

Refírese á entrega deste premio que, nesta edición, recaeu en Henrique Monteagudo no apartado de investigación e Xosé Fernández Ferreiro no literario. Tamén alude aos traballos destes dous autores e ao contido do discurso que pronunciaron cando recolleron o galardón.

-S. Pinal, “Quince anos de exaltación dun galeguista”, *La Región*, 11 xuño 2000, p. 15.

Informa dos actos celebrados na décimo quinta edición deste premio que leva o nome de Antón Losada Diéguez. Recolle parte das intervencións dos gañadores, Xosé Fernández Ferreiro e Henrique Monteagudo, e de José María Palmeiro, decano do Colexio de Xornalistas de Galicia, que na súa actuación de presentador se referiu ao labor do autor nado no Carballiño. Tamén achega outros datos referentes a este galardón.

-Mercedes Losada Espinosa, “Premios “Losada Diéguez”, *Faro de Vigo*, “Cartas”, 24 xullo 2000, p. 49.

A articulista, con respecto á noticia aparecida no *Faro de Vigo* que recollía parte da súa intervención na entrega dos Premios “Losada Diéguez”, aclara que a profesora Cristina Marchisio foi a autora do traballo “Traduccións Poéticas”, de Antonio Losada Diéguez, pero que quen traduciu ao castelán e ao galego poemas de autores estranxeiros como Corneille, Víctor Hugo ou Dante foi o propio Losada Diéguez.

XXVIº Certame literario do **“Concello de Vilalba”**

Anualmente, o Concello de Vilalba convoca este Certame literario dende 1984 para premiar o mellor traballo inédito de narrativa (novela, conto ou relatos) en lingua galega, dotado con 500.000 ptas. e diploma, e o mellor poema inédito en lingua galega, dotado con 150.000 pts., diploma e flor natural. Os orixinais, mecanografados a dobre espacio, por quintuplicado, acompañados dun sobre pechado onde consten os datos persoais do autor e baixo plica, teñen que enviarse ao Concello de Vilalba. O xurado estará composto por persoas de recoñecida competencia nas materias dos premios. A súa composición non se coñece ata o momento do resultado. Nesta edición, o prazo para presentarse concluíu o 14 de xullo e o xurado, que estivo formado por Ana Mª Chao Villarino, que actuou como presidenta, Mª do Carme Cacharrón Vázquez, Bernardo García Cendán e Félix Villares Mouteira, que foron os vocais, e Xulio Xiz Ramil, que fixo as funcións de secretario, deixou deserto o premio de narrativa e o de poesía concedeullo a Mª Pilar Trinidad Campo Domínguez e Manuel Xosé Neira polas obras *Materiais do canto* e *Delongábase a Chaira*, respectivamente. A resolución fíxose pública o 22 de agosto e o acto de entrega celebrouse o día 30 dese mesmo mes.

XXIII os Premios da **“Crítica de Galicia”**

Estes premios están convocados polo Círculo Ourensán Vigués dende 1978 e polo Padroado da Fundación Premios da Crítica dende 1992. Institúense co fin de facer público o recoñecemento que, dentro do marco xeral da cultura galega, merezan os labores individuais ou colectivos que cristalicen en achegas relevantes para o desenvolvemento do eido particular no que xurdan. Os criterios que se utilizarán (como calidade, incidencia social, oportunidade ou outros) para a avaliación dos traballos concorrentes en cada modalidade son da competencia exclusiva de cada xurado. Ben entendido que, en calquera caso, o interese concreto que para a cultura galega ofrezan as achegas que se consideren, haberá de ser a guía fundamental do proceso de avaliación. A periodicidade dos premios é anual. As decisións, que se darán a coñecer no decurso dun acto público que se celebrará o sábado anterior ao Día das Letras Galegas, atinxirán á producción xurdida entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano anterior. En cada modalidade o premio será un e indivisíbel, podendo quedar deserto. Todas as producciónes que se consideren premiábeis terán que ser presentadas á Fundación dos Premios da Crítica Galicia, antes do 1 de marzo, inmediatamente precedente á data da decisión do xurado. Este, aténdose así mesmo aos períodos fixados, poderá incluír traballos non presentados polos seus autores, por terceiras persoas ou por entidades. O xurado de cada modalidade compoñerase de sete membros, un deles o gañador da edición anterior. A Fundación designará un presidente entre eles que terá a misión de dirixir os debates e resolver, co seu voto de calidade, en caso de empate. O secretario auxiliará ao presidente e demais membros do xurado, redactará e lerá a acta no acto de entrega dos premios. Os membros de cada xurado terán que ser persoas de

recoñecida competencia, alomenos nun sector da modalidade do premio, e non deberán ter relacións de autoría ou dirección dos traballos concorrentes, e ademais aceptar estas bases. Todos os xurados quedarán nomeados cun mínimo de dous meses de antelación respecto da data da decisión. Os seus membros terán que ter coñecemento ao seu tempo de todas e cada unha das achegas que se vaian cualificar, correspondéndolles aos secretarios o labor de faceren circular entre aqueles toda a información pertinente que se fose producindo. As decisións finais, que serán inapelábeis, tomaranse nunha sesión de traballo que se celebrará o mesmo día da entrega do premio e permanecerán secretas mentres os secretarios non dean lectura pública ás correspondentes actas. Os Premios da “Crítica Galicia” abranguen as modalidades seguintes: I) Creación literaria. Considéranse premiábeis nesta modalidade todas aquelas obras de poesía ou narrativa, incluída o teatro, editadas no prazo sinalado de cada convocatoria; II) Ensaio e pensamento. Atinxe esta modalidade todos os traballos breves, didácticos e interpretativos nos que o autor aborde dende un punto de vista persoal e subxectivo, con flexibilidade de métodos e clara vontade de estilo, temas –preferente, pero non exclusivamente– da realidade de Galicia; III) Investigación. Considéranse premiábeis nesta modalidade todos aqueles traballos que, desenvolvidos tanto no eido da humanística coma no da investigación positiva e empírica, fagan uso do método científico; IV) Música; V) Ciencias e artes da representación. Téntase nesta modalidade dar acollida ás manifestacións encadrábeis no amplo abano da cultura audiovisual. Abrangue, polo tanto, todas aquelas producción de transmisión, comunicación ou expresión que se artellan a partir de códigos verbo-icónicos (pintura, fotografía, deseño, cine, cómic e outros análogos) verbo-corporais (danza, mimo, teatro e similares) ou calquera outros que conforman o ámbito xenérico da representación. O xurado terá que poñer especial tino en evitar calquera tipo de competencia entre as distintas formas converxentes na modalidade, premiando en cada edición o feito de maior transcendencia na cultura audiovisual galega; VI) Iniciativas culturais.

Nesta modalidade enxergaranse todos aqueles feitos ou labores que, levados a cabo por persoas ou institucións, destaquen na orixinalidade e eficacia en defensa, pulo ou espallamento da cultura galega e que, podendo ser consecuencia dunha traxectoria principiada fóra do período definido nesta convocatoria, permanezan vixentes no devandito período. A Fundación dos Premios da Crítica de Galicia poderá nomear "Galego Egrexio" a aquela personalidade que pola súa traxectoria de entrega a Galicia se estime merecente dela. Neste ano 2000, os premios nas diferentes modalidades foron os seguintes:

-"Investigación": Román Rodríguez González por *De aldeas e cidades*. Xurado: Pilar Rodríguez Suárez, Mercedes Brea López, Avelino Muleiro García, Máximo Salinas Valencia e Xosé Benito Reza.

-"Ensaio e Pensamento": Luís Álvarez Pousa por *A identidade fronte á rede*. Xurado: Ana Santorum, Daniel Pino Vicente, Mercedes Oliveira Malvar, Xosé Manuel González Reboredo e Xosé Luís Franco Grande.

-"Creación Literaria": Bieito Iglesias por *O mellor francés de Barcelona*. Neste apartado recibiu mención especial María Victoria Moreno Márquez por *Guedellas de seda e liño.* Xurado: Carlos Casares, Fina Casalderrey, Salvador García-Bodaño, Vitoria Ogando Valcárcel e Antón Palacios.

-"Iniciativas Culturais": Aula Castelao. Xurado: Anxo Manuel Quintana, Alfonso Sánchez Izquierdo, Ramón Regueira, Xosé María Pin e Ana Romaní.

-“Ciencias e Artes da Representación”: Caixa Vigo e Ourense polo seu labor de mecenado en toda Galicia. Xurado: Virxilio Viéitez, Fernando Quesada, César Portela, Victoria Carballo Calero e Manuel Vieites.

-“Música”: Coro Ultreia pola edición fonográfica do *Códice Calixtino*. Xurado: José Vicente Simeó, Joam Trillo, Antón Seoane, Manuel Martínez e Xosé Luis Freire.

-“Galego Egrexio”: Editorial Galaxia polos seus cincuenta anos de labor na literatura galega.

Referencias varias:

-J. L., “Los Premios de la Crítica declaran ‘Galego Egrexio’ del año 2000 a la editorial Galaxia”, *El Correo Gallego*, 12 febreiro 2000, p. 76.

Recolle a decisión do Patronato da Fundación dos Premios da “Crítica de Galicia” de conceder a distinción de “Galego Egrexio” 2000 á editorial Galaxia en recoñecemento á súa traxectoria.

-D. Janeiro, “Os anos de Galaxia”, *O Correo Galego*, “Lufada”, 14 maio 2000, p. 2.

Informa que a editorial Galaxia vai ser homenaxeada cos premios da Crítica.

-Javier D. Campa, “Os Premios da Crítica salientan o papel da editorial Galaxia na autonomía de Galicia”, *Atlántico Diario*, 14 maio 2000, p. 13.

Recolle as declaracións de Xesús Ferro Ruibal, membro da Fundación Premios da Crítica, referentes ao labor de Galaxia, que foi galardoada no apartado de “Galego Egrexio”. Tamén dá conta da composición do xurado das diferentes modalidades que presentan estes premios e refírese á “Cea das Letras” durante a cal se fará a súa entrega.

-R. Soto, “Galaxia, “Premio da Crítica” a medio siglo de cultura”, *Faro de Vigo*, 14 maio 2000, p. 60.

Alude á presentación da nova edición destes premios e céntrase na concesión do galardón do “Galego Egrexio” a Galaxia, dando conta de todo o labor que ten feito esta editorial. Tamén sinala que a Fundación dos Premios da Crítica realiza outras actividades, como son a difusión do Couto Mixto e o descubrimento de personaxes galegos esquecidos.

-Agustín Sixto Seco, “En Fene, falando dos ‘Murguía”, *El Correo Gallego*/*Diario de Ferrol*, 20 maio 2000, p. 3/p. 3.

Manifesta que non poderá asisitir á entrega dos Premios da “Crítica de Galicia” porque ten que falar “dos Murguía” en Fene, con motivo do centenario do malogrado pintor e fillo de Rosalía de Castro, Ovidio. Así mesmo, sinala que a entrega dos Premios da “Crítica de Galicia” “rezuma galeguismo” e refírese á súa historia e finalidade, ademais de indicar que este ano se distinguiu á editorial Galaxia co “Galego Egrexio”.

-Francisco J. Gil, “Vigo acolle esta noite a entrega dos XXIII Premios da Crítica”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 20 maio 2000, p. 50.

Faise referencia á creación destes premios no ano 1978 e achega datos referentes aos seus apartados, galardóns, xurado e data e lugar de entrega. Así mesmo, recóllense certas impresións do seu fundador, Bieito Ledo, quen sinala que acadar un Premio da “Crítica” é motivo de prestixio para o gañador e convértese nun indicador que a opinión pública galega ten en conta cando valora aquilo que foi galardoado. Así mesmo, sinala este editor que o encontro da noite dos premios pretende ter “unha composición poliédrica na que estean representados todos os eidos implicados na construcción de Galicia” e explica a lenda “Sempre nós”, que forma parte da convocatoria. Finalmente, apúntase que Carlos Casares é o encargado de recoller o Premio de “Galego Egrexio”, que este ano se lle concedeu á Editorial Galaxia e cítanse os gañadores de anos anteriores nesta modalidade.

-AGN, “La Fundación Premios da Crítica Galicia galardona a siete instituciones y personalidades”, *El Ideal Gallego*/*Diario de Ferrol*, 21 maio 2000, p. 26/p. 30.

Achega o nome das institucións e personalidades do mundo da cultura de Galicia que recibiron nesta edición os Premios da “Crítica de Galicia”.

-A. L., “O mundo da cultura recibiu onte os Premios da Crítica de Galicia”, *Diario de Pontevedra*, 21 maio 2000, p. 35.

Faise eco das persoas, institucións e agrupacións galardoadas na nova edición destes premios, ademais de citar a composición do xurado dalgún dos seus apartados.

-Francisco J. Gil, “Os Premios da Crítica galardoan na XXIII edición a Caixavigo e a Aula Castelao”, *Faro de Vigo*, 21 maio 2000, p. 58.

Cita o nome dos galardoados nos diferentes apartados destes premios, ademais de dar conta da composición do xurado de cada un deles e de expor as razóns polas que foron premiados.

-LR, “Caixavigo e Ourense e a Editorial Galaxia, Premios da Crítica polo seu labor cultural”, *La Región*, 21 maio 2000, p. 75.

Dá conta da resolución de cada un dos apartados destes premios, indicando quen foron os gañadores en cada un deles e a razón pola que foron galardoados.

-R. Carrera, “Caixavigo e Ourense e Aula Castelao de Filosofía, novos Premios da Crítica polo seu labor cultural”, *Atlántico Diario*, 21 maio 2000, p. 12.

Sinala as entidades e persoas galardoadas nesta nova edición dos Premios da “Crítica de Galicia”, ademais de indicar a composición do xurado dalgún dos apartados e o motivo polo que lles foi entregado este galardón. Destaca a consecución do “Galego Egrexio” por parte da Editorial Galaxia e alude á interveción de Andrés Torres Queiruga, encargado de presentar esta distinción, e á de Carlos Casares, que fixo o discurso de resposta.

-Francisco J. Gil, “Galicia lle rende na noite dos Premios da Crítica unha homenaxe á Editorial Galaxia”, *Faro de Vigo*, 22 maio 2000, p. 14.

Con motivo da entrega destes premios, sinala que estes tiveron un “protagonista colectivo”, a Editorial Galaxia. A continuación, recolle parte das intervencións de Xosé González, presidente da Fundación que rexe estes premios dende hai 7 anos, Torres Queiruga e Carlos Casares, que falaron sobre a citada editorial.

-M. Gimeno, “Casares afirma que ‘Galaxia’ es de toda Galicia al recoger el ‘Galego Egrexio”, *El Correo Gallego*, 22 maio 2000, p. 73.

Achega o nome dos asistentes á entrega dos Premios da “Crítica de Galicia” e indica quen foi o encargado de entregar o galardón en cada unha das modalidades e quen de recollelo. Con respecto ao recoñecemento feito a Galaxia, detense na “louva” que lle fixo Andrés Torres Queiruga, a través da cal se aludiu á historia e actividade desta editorial.

-R. Carrera, “A noite da 'Galega Egrexia”, *Atlántico Diario*, 22 maio 2000, p. 6.

Informa que a cerimonia destes premios se abriu co discurso de Xosé González Martínez, membro da Fundación que concede estes galardóns. Achega o nome dos premiados e a obra pola que conseguiron este recoñecemento, ademais de sinalar que o acto máis importante foi o nomeamento da Editorial Galaxia como “Galego Egrexio”.

Premio da Asociación de Escritores en Lingua Galega

Organizado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega. O premio non ten dotación económica e entrégase un galardón simbólico consistente nunha pluma estilográfica. Os escritores socios son os que deben elixir a mellor obra literaria do ano pasado. Na primeira convocatoria, este premio recaera en Manuel Rivas por *O lapis do carpinteiro* (1998). No ano 2000, esta pluma foille entregada no mes de decembro a Xosé Luís Méndez Ferrín por *No ventre do silencio*.

Referencias varias:

-Concha Pino, “Rivas di que recibir un premio dos escritores “é dos que paga a pena”, *La Voz de Galicia*, 13 maio 2000, p. 71.

Co gallo da entrega do galardón simbólico, unha pluma estilográfica, ao autor da mellor obra editada en 1998, *O lapis do carpinteiro*, recolle varias declaracións de Manolo Rivas. Considera o autor coruñés que non ten que ser raro que os escritores premien os escritores e sinala que os premios son o que menos lle importa da literatura e que o aspecto comercial é o máis nefasto. Tamén se refire á súa obra galardoada, que foi

traducida a varias linguas, feito que o satisfai “porque é unha aportación á difusión do galego”. Finalmente, refírese á falla de crítica literaria nos medios de comunicación e ao éxito da obra anteriormente citada, ademais de confesar que tiña esquecida a novela sobre a emigración pola que se foi vivir temporalmente a Londres.

-AGN/A. V., “Méndez Ferrín gana el premio de la asociación de escritores en gallego”/“Ferrín, premio Asociación de Escritores en Lingua Galega”, *El Ideal Gallego*/*El Correo Gallego*, “Galicia”/“Sociedad-Cultura”, 9 outubro 2000, p. 20/p. 76.

Faise eco da concesión da segunda convocatoria deste premio a Xosé Luís Méndez Ferrín por *No ventre do silencio*. Refírese ao sistema por medio do cal se fai a elección e sinala que o gañador da anterior edición fora Manolo Rivas por *O lapis do carpinteiro*. Finalmente, apunta que o escritor ourensán vén de ler o seu discurso de ingreso na RAG e que tamén é o candidato ao premio Nobel de Literatura, proposto pola Asociacion de Escritores en Lingua Galega.

Premios **“Nacionais da Crítica”**

Estes premios, que foron convocados por vez primeira en 1956 e son outorgados pola Asociación de críticos de España, distinguen as mellores obras de narrativa e poesía escritas en castelán, galego, catalán e vasco ao longo do ano anterior. No 2000 mereceron este galardón en lingua galega: Xosé Luís Méndez Ferrín pola obra *No ventre do silencio* como mellor novela do ano 1999 e no apartado de poesía o galardón foi para Manuel Álvarez Torneiro pola obra *Luz de facer memoria*.

Referencias varias

-Antonio Piñeiro, “Un voto para Ferrín”, *La Región*, 9 abril 2000, p. 87.

Presupón as actitudes adoptadas por Xosé Luís Méndez Ferrín, cando lle foi anunciado que fora elixido membro da Real Academia Galega e que gañara o Premio Nacional da Crítica por *No ventre do silencio* ou, pola contra, cando só recibu un voto en Celanova como candidato ao Congreso.

-B. P. L., “Espero que a poesía nunca chegue a encher grandes estadios”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 9 abril 2000, p. 73.

Entrevista con Manuel Álvarez Torneiro, na que manifesta estar moi feliz e entusiasmado por ter conseguido este premio. Tamén se refire á influencia que este poida ter na súa obra e manifesta o seu desexo de que a poesía “nunca chegue a encher grandes estadios, porque iso quererá dicir que aínda é importante”, pois, na súa idea, “A poesía fala para todos pero só uns poucos a captan”. Finalmente, cando se lle pregunta se a consecución deste premio impulsará o seu salto ao mercado nacional, apunta que nada sabe sobre cuestións editoriais e que só se preocupa de escribir os libros “coas mellores armas” que ten.

-B. P. L., “*No ventre do silencio*’ unha autobiografía na Compostela dos 50”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 9 abril 2000, p. 73.

Comeza sinalando que Xosé Luís Méndez Ferrín, xa conseguira este premio no ano 1992 con *Arraianos.* A seguir, achega certos comentarios sobre a obra galardoada nesta ocasión, *No ventre do silencio*, que “toma como punto de partida aspectos autobiográficos do autor” e “narra as peripecias de catro estudiantes en Compostela na década dos cincuenta”. Así mesmo, sinala que se trata dunha novela coral, que ten 270 personaxes, por medio dos cales se retrata a vida da Igrexa, a aristocracia e a clase media ilustrada, ademais de parodiar o xénero da “estudiantina”. Por último, indica que támen é “unha novela de apredizaxe e de iniciación a un tempo de forzoso silencio” e que retrata unha época e unha cidade, ao tempo que insinúa a crónica iniciática da súa xeración, aínda que o autor asegura que calquera parecido dos seus personaxes con xente real é mera coincidencia.

-Jorge Paradinas, “Méndez Ferrín y Torneiro ganan el Premio Nacional de la Crítica”, *La Voz de Galicia*, 9 abril 2000, p. 73.

Ademais de citar os galardoados en lingua galega, Xosé Luís Méndez Ferrín por *No ventre do silencio* e Manuel Álvarez Torneiro por *Luz de facer memoria*, respectivamente, na modalidade de narrativa e poesía, achega o nome das obras premiadas en lingua castelá, catalá e vasca, ofecendo certos comentarios sobre algunha delas.

Antonio Piñeiro, “É un premio que agradezo especialmente”, *La Región*, “Cultura”, “Galardón”, 11 abril 2000,
12.

Entrevista realizada a Xosé Luís Méndez Ferrín, a raíz de que a súa obra, *No ventre do silencio*, fora galardoada con este premio. Considera que tal galardón non lle vai afectar á súa obra e que é a terceira vez que o consegue, primeiramente, no apartado de poesía con *Pólvora e magnolias* e, posteriormente, en narrrativa con *Arraianos*. Apunta que aprecia este premio porque “non está mediatizado por nada nin por ninguén” e refírese ao modo en como está vivindo este momento no que os recoñecementos se lle suceden, ademais de dicir que para o ano 2020 a literatura galega será “magnífica”. Por outra banda, recóllense as declaracións do galardoado sobre a data e lugar no que lerá o seu discurso de entrada na Real Academia Galega.

Premios "**Nacionales de Literatura"**

Convocado polo Ministerio de Cultura para premiar as mellores obras publicadas nos diferentes xéneros, no ano anterior en calquera das linguas do Estado. Está dotado con 2.500.000 ptas. e, nesta edición, na modalidade de narrativa o galardón foi para Luis Mateo Díez por *La ruina del cielo*; o de poesía, para Guillermo Carnero por *Verano inglés*; o de arte dramática, para Domingo Miras por *Una familia normal y gente que prospera*; o de ensaio, para Javier Echeverría por *Los señores del aire: Telépolis y el Tercer Entorno*; o de mellor traducción, para José Luis Reina Palazón por *Obras completas de Paul Celán*; o de mellor traductor, para José Luis López Muñoz; o de mellor labor editorial e cultural, para a Biblioteca Nueva; o de fomento da lectura a través dos medios de comunicación, para Fernando Sánchez Dragó; e o de literatura infantil e xuvenil para Emilio Pascual por *Días de Reyes Magos*.

Referencias varias:

-César Casal, "Aciertos", *La Voz de Galicia*, "En tinta china", 14 de abril 2000, p. 78.

Achega a súa opinión sobre a intervención de Mariano Rajoy, na entrega dos Premios “Nacionales de Literatura” 1999. Así, comenta que homenaxeou a pluralingüística de España e presentou os seus respectos á memoria de Filgueira Valverde, que se levou de forma póstuma o “Nacional de Historia”, ademais de alabar a extraordinaria xeración de escritores leoneses contemporáneos.

-V. P./C. F., “Rajoy destacó el auge literario actual en los Premios Nacionales de Literatura”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 14 abril 2000, p. 78.

Alude á entrega dos Premios “Nacionales de Literatura” da convocatoria do ano 1999, que se celebrou no Parador San Marcos de León. Recolle parte das declaracións do Ministro en funcións de Educación e Cultura, Mariano Rajoy, e dalgún dos galardoados, entres os que se atopaban José Hierro (poesía), Claudio Guillén (ensaio), Muñoz Pueyes (literatura infantil) ou Lucía Rodríguez-Noriega (mellor traducción).

Xº Certame literario-lingüístico **“Ricardo Carvalho Calero”**

Foi creado no ano 1991 polo Concello de Ferrol, con quen colabora a Sociedade Medulio. Son dúas as modalidades que presenta: “Premio de Investigación Literaria ou Lingüística”, ao que haberá que presentar traballos cunha extensión mínima de 50 folios, e “Premio de Creación Literaria (Narrativa Curta)”, no que poderán concorrer unha narración ou un conxunto de contos por autor que non superen os 100 folios en conxunto. En ambos os dous casos os traballos deben estar escritos en lingua galega, con liberdade normativa, e ser inéditos, ademais de presentarse grampados e conter aproximadamente 2000 caracteres. Os orixinais e cinco copias entregaranse no Rexistro Xeral do Concello de Ferrol, co correspondente título e lema, indicando no sobre “IXº Certame Carvalho Calero” e cun remite que sexa exclusivamente o lema. Así mesmo, en sobre á parte, constarán os datos persoais, número de conta corrente, un currículo breve, enderezo, teléfono e DNI do participante. Non poderán concorrer os premiados en calquera das dúas modalidades ata cinco anos despois de que lles fose outorgado o premio. O galardón consiste nunha dotación para cada unha das modalidades de 600.000 ptas. e a publicación da obra gañadora, reservándose a entidade convocante os dereitos de autor na primeira edición. A partires da segunda, as obras premiadas pasan a ser propiedade do seu autor, que deberá facer constar a condición de gañador deste premio na modalidade que corresponda. No caso de tratarse da de investigación lingüística, atribuéselle ao xurado a facultade de determinar o tipo de publicacion segundo corresponda á natureza do traballo. O xurado estará composto por cinco membros propostos pola Comisión organizadora, entre os que figurará o gañador ou gañadores da edición anterior, presididos polo Alcalde do Concello de

Ferrol ou persoa en quen delegue. A entrega de premios farase coincidir coa data na que se conmemora o aniversario do pasamento do profesor Carvalho Calero, dándose a coñecer o nome dos gañadores o día anterior. Nesta convocatoria, o prazo para presentarse rematou o 15 de febreiro e o xurado, que estivo formado por Carlos Paulo Martínez, Bieto Alonso, Xosé María Martínez Oca e os gañadores da pasada edición, Xosé Manuel Sánchez Rei e Carlos Quigora, concedeulle na modalidade de investigación lingüística o premio a Xoán Carlos Lagares por *E por esto fez este cantar*; mentres que na de creación literaria, a Xosé Vázquez Pintor, que concorreu con dúas obras, pola presentada baixo o lema de “Libeliña”, de título *Quen faga voar*.

Referencias varias:

-Ramón Loureiro, “Ferrol réndelle homenaxe ó profesor Carvalho Calero”, *La Voz de Galicia*, 26 abril 2000, p. 80.

Dá conta do acto de entrega dos premios nas súas dúas modalidades. Ademais sinala que, no transcurso do acto, leuse un manifesto no que se reivindicou a memoria do profesor ferrolán e se deu a coñecer un novo número de *Cadernos de Medulio*, publicación que recolle textos dedicados a Carvalho Calero de Guerra da Cal, Xohana Torres, Vicente Araguas, Xosé María Dobarro, Fernández del Riego, Montero Santalha, Francisco Rodríguez, Araceli Herrero, Fernández Roca e María do Pilar García Negro, así como ilustracións de Siro López e Xaquín Marín

IX. Premios

IX.6. Mixtos

IX.6.1. Mixtos

IIº Certame de contos, fotografía e cómic **“Ágora cultural”**

Convocado por Ágora Cultural co Concello de Lugo. Consta de dúas categoría: A) maiores de 17 anos e B) menores de 17. Máis información no Centro Sociocultural de Fingoi (Oficina de Información Xuvenil, R/ Aviación española, 22/24, 27002 Lugo) ou a Ágora Cultural (Apartado de correos, 227, 27080 Lugo).

IVº Concurso de narración curta **“Asociación de veciños Nós”**

A Asociación de veciños Nós de San Pedro de Cimadevila convoca este concurso no que poden participar todas aquelas persoas que o desexen e que teñan a súa residencia habitual no Concello de Cangas. Presenta tres categorías: infantil (ata 12 anos), xuvenil (de 12 a 16 anos) e adulto (a partir de 16 anos). Para máis información dirixirse á Asociación convocante (San Pedro de Cimadevila, Apartado 119).

Iº Concurso de poesía e narración curta **“Concello de Xinzo da Limia”**

O Concello de Xinzo da Limia convoca este concurso nas modalidades de poesía e relato curto, coa finalidade de expresar o desexo de participar activamente no Día das Letras Galegas. Para máis información dirixirse ao Departamento de Cultura da Casa da Cultura-Concellería de Cultura do Concello de Xinzo de Limia (R/Curros Enríque, 17. Oficina do CIX da Casa da Cultura).

XII os Premios de poesía e artigos do Grupo Cultural "**Crugalma**"

O Grupo Cultural *Galicia en Madrid* (Crugalma) convocou estes premios de poesía e artigos en galego ou castelán. Para máis información dirixirse a Galicia en Madrid (Gran Vía, 31, 28013 Madrid).

VIIIº Concurso literario e VIº Concurso de poesía do grupo **“El Imán”**

Organizado polo Colectivo El Imán, grupo de autoapoio de seropositivos e enfermos da Sida, e patrocinado polo Concello de Vigo. Premian o mellor relato e a mellor poesía escrita en galego ou castelán indistintamente. Para máis información dirixirse a “El Imán” (Apartado de Correos 8301, 36080 Vigo).

Referencias varias:

-Javier Campa, “El Imán convoca una nueva edición de sus premios de poesía y narrativa”, *Atlántico Diario*, 10 marzo 2000, p. 10.

Informa da presentación da nova edición deste premios por parte do grupo “El Imán”, ademais de referirse á intervención do seu portavoz, Antón Bouzas, quen aludiu á alta participación dos anos anteriores e anuncia a publicación dun libro que recolla os traballos premiados.

Iº Certame literario **“Fernando Arenas Quintela”**

Para máis información dixirse á Librería Arenas (Cantón Pequeno, 25, 15003 A Coruña).

Referencias varias:

-Xavier Costa Clavel, “Fernando Arenas”, *O Correo Galego*, “No faiado”, 15 agosto 2000, p. 3.

Neste percorrido pola memoria de Fernando Arenas, recórdase a súa faceta de libreiro na Coruña e destácase a súa posición activa participando na presentación de libros. Conclúese facendo referencia ao proxecto do seu fillo consistente en convocar un premio literario que leve o nome do pai.

XXVIIº Certame Literario **“Meigas e Trasgos”**

Convócao o Centro Cultural Meigas e Trasgos de Sarria e a el poden concorrer contos escritos en galego, que teñan como protagonistas as meigas e os trasgos, e poemas de tema libre. Para máis información dirixirse a Centro Cultural Meigas e Trasgos (R/Chanto, s/n. Sarria-Lugo).

VIº Certame literario **“Manuel Orestes Rodríguez López”**

Convocado polo Concello de Paradela para honrar a figura de Manuel Orestes Rodríguez López. Consta das modalidades de narrativa e poesía. Para máis información dirixirse ao Concello convocante.

Referencias varias:

-Víctor L. Villarabid, “Los premios ‘Orestes Rodríguez’ tendrán mayor dotación en 2001”, *El Progreso*, 14 febreiro 2000, p. 15.

Crónica do acto de entrega do Vº Premio Manuel Orestes, que se fixo coincidir co décimo aniversario da morte do poeta de Paradela. No acto participaron o alcalde da vila, José Manuel Mato Díaz, quen glosou a figura do poeta e anunciou maior dotación económica para a vindeira edición, e Santiago Rodríguez, fillo do homenaxeado.

-S. R., “Se duplica la cuantía de los dos galardones del concurso literario ‘Orestes Rodríguez”, *El Progreso*, “Sarria”, “Provincia”, 23 setembro 2000, p. 21.

Achega as bases de participación da sexta convocatoria deste premio, que leva o nome dun autor que se formou literariamente na emigración, concretamente en Barcelona.

IIº Premio **“Virxe da Armada”**

Convocado pola Asociación Cultural Santuario Virxe da Armada da parroquia de Rabal (Celanova) coa finalidade de estender e fomentar o amor dos devotos cara á Virxe. O contido dos traballos pode ser calquera tema mariano en xeral ou sobre a Virxe da Armada en particular, podendo concorrer obras en verso e en prosa. Para máis información dirixirse á entidade convocante.

IX. Premios

IX.7. Premios a unha vida

XVIº Premio **“Celanova. Casa dos Poetas”**

Creouse en 1985 por parte do Padroado Curros Enríquez e patrocínao o Concello de Celanova. O premio tenta recoñecer cada ano a unha persoa ou entidade que, ao longo da súa existencia, se teña significado especialmente por desenvolver un intenso labor a prol da cultura galega en todas as súas facetas, ou da propia Galicia. O galardón non ten ningunha dotación económica e consiste nunha medalla de prata, obra do escultor Acisclo Manzano, que repoduce por unha face a casa de Curros Enríquez e pola outra cinco “C” concéntricas, que simbolizan a letra pola que comenzan os elementos identificativos deste premio “Casa, Curros, Celanova, Castor e Celso”. Cabe destacar que o nome de Castor refírese a Castor Elices, poeta romántico contemporáneo de Curros, que naceu tamén en Celanova, e o de Celso identifica a Celso Emilio Ferreiro. Así mesmo, o galardoado recibe tamén unha placa de prata na que se recolle un estracto da acta do acordo, co fin de dar fe da concesión do premio e firmará no libro de honra do premio. A concesión farase pública o 7 de marzo, coincidindo co cabodano de Manuel Curros Enríquez e entregarase nun acto que ten lugar en Celanova o 31 de agosto, coincidindo neste caso, coa data do falecemento de Celso Emilio Ferreiro. Tentando unir, así, as datas finais de dúas das figuras máis salientábeis das letas de Celanova. O xurado estará composto exclusivamente pola Xunta directiva do Padroado Curros Enríquez, que preside o alcalde, en calidade de presidente de feito do Patronato e da que forman parte xentes de diversos ámbitos culturais de Celanova, tendo como figura máis salientábel no seu seo a do escritor orixinario de Vilanova dos Infantes, Xosé Luís Méndez Ferrín. No ano 2000 resultou galardoado Xaime Quessada.

Referencias varias:

-A. Mínguez, “Xaime Quessada recibe el premio 'Celanova, casa dos poetas”, *Faro de Vigo*, 3 abril 2000, p. 15.

Faise eco do acto de entrega deste premio, que, nesta edición, recaeu en Xaime Quessada e recordou a un dos membros do Patronato Curros Enríquez, Francisco Azpilcueta. Achega o nome doutros gañadores deste galardón e anuncia a celebración en setembro do 2001 dun congreso sobre o autor de Celanova, coincidindo co 150 aniversario do seu nacemento. Tamén recolle parte das declaracións de Xesús Alonso Montero, que se referiu á figura do galardoado, dicindo que fora un “artista civil” coma Curros e comparándoo con outros grandes da arte civil, como Castelao.

-Albino Mallo, “Quessada, poesía e compromiso galardoado co premio ‘Celanova, casa dos poetas”, *El Correo Gallego*, 3 abril 2000, p. 76.

Refírese aos diferentes actos, que se celebraron con motivo da comunicación do gañador do Premio “Celanova. Casa dos poetas”, entre os que destaca o recitado feito por Luz Pozo Garza e Álvarez Torneiro ante a tumba de Manuel Curros Enríquez. Tamén comenta que Xesús Alonso Montero exaltou ao autor celanovés, subliñando a súa característica de poeta civil, e loou a actuación artística de Xaime Quessada. Considera que a decisión do xurado non pode ser máis axustada “porque Xaime Quessada é un poeta cos

óleos ou coas tintas, tanto no campo da lírica máis pura, como no do compromiso máis loitador". Tamén achega unha pequena biografía do artista galardoado.

Antonio Piñeiro, "Jaime Quessada galardoado co XV 'Celanova, casa dos poetas", *La Región*, 3 abril 2000, 8.

Ademais de dar conta das personalidades presentes na Real Academia Galega na lectura da concesión deste premio, reproduce fragmentos da acta onde se tomou este acordo. Tamén alude á homenaxe feita antes do acto a Manuel Curros Enríquez en San Amaro, na que foron lidos algúns dos seus poemas por parte de Luz Pozo Garza e María Paz Gago e Xesús Alonso Montero mostrou unha semblanza sobre esta figura de Celanova.

-E. Ponte, "El pintor Jaime Quesada obtiene el premio 'Celanova, Casa dos poetas", *El Ideal Gallego*, 3 abril 2000, p. 9.

Recolle parte das declaracións do secretario do Patronato Curros Enríquez, Xosé Manuel Del Caño, na lectura do dictame deste premio, que sinalou que a xenerosidade era o que caracterizaba a traxectoria do "artistiña Jaime Quessada que sigue soñando unha capital de todas las artes y las letras". Así mesmo, indica que os membros do patronato abordaron pormenores sobre o próximo congreso sobre Curros e as obras que se están realizando na súa casa natal. Tamén comenta que este acto tivo lugar na Real Academia

Galega e dá conta das personalidades presentes, ademais de facerse eco da intervención de Xesús Alonso Montero, que se referiu tanto a Curros coma a Quessada.

-Pacho Rodríguez, “Xaime Quesada recibe el premio ‘Celanova, Casa dos Poetas”, *La Voz de Galicia*, 3 abril 2000, p. 69. Sinala que o acto de homenaxe a Curros Enríquez serviu para dar a coñecer a Xaime Quessada como o galardoado da última edición deste premio. Tamén alude ás referencias feitas por Xosé María Del Caño, representante do patronato Curros Enríquez, e Xesús Alonso Montero sobre o pintor premiado e fai un breve percorrido a través da súa traxectoria vital.

-A. Mínguez, “Quessada recibe el 'Casa dos poetas”, *Faro de Vigo*, 1 setembro 2000, p. 20.

Informa da entrega deste premio a Xaime Quessada e dos galardóns que recibiu, unha medalla de prata e unha placa na que consta o fragmento da acta, na que se lle concede o premio o pasado 2 de abril na Real Academia Galega. Tamén achega o nome de parte dos asistentes ao acto e refírese á intervención do premiado e de Xosé Luís Méndez Ferrín. Así mesmo, ofrece unha biografía de Quessada e sinala que, aproveitando esta ocasión, se lle fixo unha homenaxe a Francisco Azpilcueta, que faleceu este ano e era membro do Patronato Curros Enríquez.

Iº Premio de poesía **“Celso Emilio Ferreiro”**

Convocado bianualmente polo Concello de Vigo e a Deputación de Ourense coa pretensión de recoñecer a obra íntegra publicada ata o día da convocatoria por poetas de prestixio, que escriban en calquera das linguas da Península. As candidaturas presentaranse mediante unha memoria por cuadriplicado na Concellería de Cultura de Vigo (Praza do Rei, 36201 Vigo). Conta cunha dotación económica de 5.000.000 ptas. O xurado, que dará a coñecer o seu dictame no último trimestre do ano, estará formado polo presidente da Deputación de Ourense, o alcalde de Vigo, o presidente da Real Academia Galega, un membro da Fundación Celso Emilio Ferreiro e un catedrático. A entrega do premio farase en Celanova a finais de ano. Nesta edición, o xurado estivo formado polo presidente da Deputación de Ourense, José Luís Baltar, o Concellal de Cultura do Concello de Vigo, Carlos González Príncipe, Luz Pozo Garza, en representación da Real Academia Galega, Luís Ferreiro Loredo, en representación da Fundación Celso Emilio Ferreiro, María del Carmen Krukemberg, en calidade de secretaria, e Camino Noia, en representación da Universidade de Vigo, que non compareceu. O premio recaeu no poeta luso José Fontinhas, máis coñecido polo nome de Eugénio de Andrade.

Referencias varias:

-Antonio Piñeiro, “Celso Emilio, o valedor dos poetas”, *La Región*, “Ourense”, “Premios literarios”, 17 decembro 2000, p. 10.

Achega certos datos referentes á primeira convocatoria deste premio e fai fincapé na súa dotacion económica de 5.000.000 de ptas., que o sitúa por riba das que ofrecen outros premios que se conceden na provincia de Ourense. Así mesmo, ofrece datos sobre a convocatoria de premios a unha obra e premios a unha traxectoria, que se conceden nesa provincia. Por outra banda, dá conta dunha carta inédita que Celso Emilio Ferreiro lle envía en 1969 a México ao seu conveciño Luís Soto, na que lle fala do seu traballo naqueles momentos e da amargura que lle produce a reacción negativa por parte dalgunha xente respecto do seu libro *Viaxe ao país dos ananos*.

-E. P., “Eugénio de Andrade gana el ‘Celso Emilio Ferreiro”, *El Correo Gallego*, “Sociedad-Cultura”, 19 decembro 2000, p. 75.

Informa da entrega deste premio ao portugués José Fontinhas, máis coñecido por Eugénio de Andrade. Cita o nome dos outros candidatos propostos, concretamente en lingua galega, Antón Tovar, Pura Vázquez e Manuel María.

Premios de **"*El Correo Gallego*/*O Correo Galego*": "Galego do ano", "Galegos do mes"**

Os Premios "*El Correo Gallego*/*O Correo Galego*" foron creados no ano 1990 polo Grupo Correo Gallego a iniciativa do seu editor, Feliciano Barrera, co obxectivo de premiar a aquelas persoas e institucións que máis destacan na promoción de Galicia e son exemplo, dende a súa actividade profesional e social, dos máis nobres valores que definen esta terra e as súas xentes. Os galardóns consisten en 1.000.000 de ptas. e unha placa de ouro, prata, acibeche e marfil para o "Galego do Ano", que escolle un xurado nomeado polo xornal, e unha figura de Sargadelos para cada un dos premiados co "Galego do Mes", que escolle a mesa de redacción. O galardón de "Galego do Ano" foi recibido en anteriores ocasións por Camilo José Cela, Isaac Díaz Pardo, Gonzalo Torrente Ballester ou Antón Fraguas Fraguas. Na edición do ano 2000, estes galardóns foron entregados no Hostal dos Reis Católicos o 27 de outubro e, en relación coa literatura galega, foi nomeado "Galego do mes de decembro", Xosé Antonio Perozo. Polo que se refire ao "Galego do ano", non recaeu en ningunha personalidade das letras.

IXº Premios **“Irmandade do Libro”**

Están organizados pola Federación de Libreiros de Galicia e foron creados en 1992 para recoñecer anualmente o labor en favor da cultura literaria galega realizado por medios de comunicación, editoriais, autores, institucións, libreiros e centros educativos. O galardón, para cada unha das seis modalidades, consiste nunha figura de bronce deseñada por Ismael López Fernández e unha dotación económica de 250.000 ptas. só na modalidade destinada á promoción da lectura e, en libros para a biblioteca, no apartado de centros educativos. As editoriais Galaxia, Xerais e Sotelo Blanco e os escritores Isaac Díaz Pardo, Francisco Fernández del Riego, Bernardino Graña e Xesús Alonso Montero obtiveron este galardón en edicións anteriores. Nesta edición, a data límite de presentación de propostas rematou o 31 de xaneiro e o xurado estivo formado por Xaime Carlos Corral Prieto, que actuou como presidente, Ramón Tasende Pombo, que foi o secretario, e Pilar Rodríguez Álvarez, Manuel Bragado Rodríguez, María Virtudes Pardo Gómez, Xulio López Valcárcel, Miguel Salas, David Otero Fernández e Estrella Seivane Llanes, que foron os vocais. Resultaron premiados na modalidade de autor, Xosé Neira Vilas; na de libreiros, a librería Michelena de Pontevedra; na de editoriais, Edicións Laiovento; na de institucións, a Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela; na de medios de comunicación, a revista *Guía dos libros novos*; e na de colexios, o CEIP Riomaior de Cobres (Vilaboa, Pontevedra). Así mesmo, nesta última modalidade recibiron accésit, por valor de 50.000 ptas., o IES Vilar Ponte de Viveiro e o CEIP de Présaras (Vilasantar, A Coruña). Os premios entregáronse o 26 de febreiro na cidade de Lugo.

Referencias varias:

-AGN, “Os premios ‘A Irmandade do Libro’ entregaranse o 26 de febreiro en Lugo”, *El Progreso*, 15 xaneiro 2000, p. 58.

Informa de que o prazo para presentarse aos Premios “Irmandade do Libro” organizados pola Federación de Libreiros de Galicia, aínda segue aberto. Tamén apunta que os galardóns se entregarán en Lugo o 26 de febreiro, esperándose a asistencia ao acto de numerosos persoeiros do panorama socio-cultural e político galego. Remata aludindo á “dotación económica”.

-C. Lorenzo, “Seis premios dos libreiros”, *O Correo Galego*, 15 xaneiro 2000, p. 34.

Faise eco da convocatoria da IXª edición dos Premios “Irmandade do Libro” dada a coñecer polo presidente en funcións da entidade convocante, Celestino Rodríguez Cabana, e das diferentes modalidades que contempla o premio.

-AGN, “Neira Vilas gana la novena edición del premio Irmandade do Libro”, *El Ideal Gallego/Diario de Ferrol*, 19 febreiro 2000, p. 28/p. 32.

Refírese ao galardón outorgado a Xosé Neira Vilas na modalidade de autor dos Premios “Irmandade do Libro” e recóllense os nomes dos finalistas das outras categorías do premio. No apartado de editoriais: Kalandraka Editora, Bahía Edicións, Laiovento e A Nosa Terra; no apartado de librerías: Follas Novas de Santiago, Nós da Coruña e Michelena de Pontevedra; e no apartado de institucións: a Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago, a Biblioteca do Museo do Pobo Galego e o Seminario de Estudios Terras de Viveiro.

-C. Lorenzo, “Un premio merecido”/“Madriñán, satisfeito co galardón dos libreiros á ‘*Guía dos Libros Novos*”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 29 febreiro 2000, p. 33/p. 76.

Alude á concesión destes premios na categoría de medios de comunicación á revista especializada *Guía dos libros novos*, dirixida por Xabier Madriñán. Ademais recolle as palabras de satisfacción do director da publicación nas que manifesta o seu desexo de que o premio sirva para impulsar a revista, que naceu como un proxecto novidoso na comunidade galega onde non existía unha publicación desas características.

-B. N., “Los libreros de Galicia premian a “Michelena” y el colegio Riomaior”, *Diario de Pontevedra*, 2 marzo 2000, p. 14.

Informa de que dous dos seis Premios “Irmandade do Libro”, outorgados pola Federación de Libreiros de Galicia, recaeron na Librería Michelena e no Colexio Público Riomaior. Salienta destes o seu traballo a prol da nosa cultura e da promoción do libro, lembrando sucintamente a súa historia.
-David Otero, “De lectoras e lectores”, *O Correo Galego*, “Pola banda de laíño”, 2 marzo 2000, p. 2.

Lembra o acto de entrega destes premios celebrado este ano en Lugo, tirando deste unha serie de conclusións. Subliña a importancia dos lectores, de amantes do libro que “se fagan na nosa cultura e dende ela cheguen ás outras do mundo”. Remata pondo de manifesto a necesidade dun lector adulto, pois “a lectura non é cousa de nenos e nenas soamente”.

Iº Premio **“Leixaprén”**

Convocado no 2000 polos Institutos de Ensino Secundario de Fontexería de Muros, Poeta Añón de Outes, Instituto de Porto do Son, Virxe do Mar e Campo de San Alberto de Noia e CIP Cernadas de Castro de Lousame. Foi instituído para destacar a poetas de xeracións pasadas que se distinguisen pola súa escolla do galego en prol da normalización e en enfrontamento co poder establecido e cos prexuízos da súa época. Nesta primeira edición, o premio foi outorgado ao poeta Manuel María a quen se lle entregou unha peza artesanal que simboliza “o agradecemento do pobo ao artista, porque a súa obra posibilita que a lingua galega acade niveis de normalización”.

Referencias varias:

-M. G., “Premian a Manuel María por su defensa del gallego”, *El Correo Gallego*, 29 abril 2000, p. 48.

Refírese ao acto de entrega deste galardón ao poeta Manuel María, realizado no Instituto de Outes. Sinala que Manuel María recoñeceu modestamente “que hai moita xente que traballou e loito moito máis polo idioma e que ten unha obra máis importante e significativa”.

VIº Premio das **“Letras e das Artes de Galicia”**

Convocado e promovido pola Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia dende o ano 1995. Conta cunha dotación de 5.000.000 de ptas. para o primeiro premio e de 1.000.000 para os dous accésits que se poden conceder. Pretende “recoñecer e recompensar o labor daquelas persoas que co seu traballo creador contribuíron á conservación, expansión e engrandecemento da cultura galega en calquera campo dela”. Este galardón substitúe aos premios “Xunta de Galicia de Creación Cultural”, “Carlos Velo”, de guións de cine, “Ramón Cabanillas”, de traducción ao galego e “Álvaro Cunqueiro”, de Teatro. A presentación dos candidatos poderá ser realizada por calquera institución, fundación, academia, federación, asociación ou centro cultural ou de investigación, mediante un escrito dirixido ao Conselleiro de Cultura. A entrega terá lugar nun acto institucional o día 17 de maio no Hostal dos Reis Católicos. O xurado convocará aos cinco finalistas seleccionados. En anteriores ocasións, foron premiados Antón Fraguas, Xosé Fernando Filgueira Valverde, Francisco Fernández del Riego, Domingo García Sabel e Lois Tobío. Nesta edición, o prazo de presentación rematou o 15 de marzo e o xurado, que estivo presidido por Carlos Casares, en nome de Xesús Pérez Varela, e foron vocais Julio Fernández Argüelles, Xosé Ramón Barreiro Fenández, Luís Iglesias Feijoo, Alfonso Barca Lozano, Manuel Cid Fernández, Agustín Sixto Seco e Eduardo Pardo de Guevara, concedeulle o galardón a Pura Vázquez.

Referencias varias

-AGN, “A escritora Pura Vázquez Premio das Letras e das Artes”, *Diario de Pontevedra*, “En Portada/Día das Letras”, 18 maio 2000, p. 8.

Fai mención á entrega do Premio das “Letras e das Artes” de Galicia a Pura Vázquez, salientando que é a primeira muller en recibilo. Subliña que a poetisa ourensá se emocionou ao recoller o premio, que, di, ser un dos máis prestixiosos do panorama cultural galego. Indica que a mestra premiada foi elixida por un xurado presidido por Carlos Casares. Remata nomeando os premiados en edicións anteriores.

-Concha Pino, “A escritora ourensana Pura Vázquez, Premio das Artes e das Letras deste ano”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y Espectáculos. Día das Letras Galegas”, 18 maio 2000, p. 76.

Dá noticia do acto de entrega deste premio, outorgado pola Xunta de Galicia, á escritora Pura Vázquez, primeira muller en recibilo. Salienta que a poetisa ourensá mereceuno, entre outras cousas, pola “súa contribución ó rexurdimento galego”. Tras comentar os pormenores da cerimonia de entrega, fai referencia ás palabras do Presidente da Xunta, Manuel Fraga, que cualificou os poemas de Pura como “pequenas xoias”. Finaliza ofrecendo unha entrevista coa gañadora, quen se mostrou abraiada polo premio e sinalou que
o de ser mestra tivo moito que ver con que ela comezara a escribir, ademais de apuntar a súa especial predilección pola súa obra *Maturidade.*

-LR, “A cultura galega encumia a Pura Vázquez”, *La Región*, “Sociedad”, 18 maio 2000, p. 66.

Refírese á entrega deste premio a Pura Vázquez, quen se mostrou moi agradecida e emocionada durante o acto. Recolle as palabras de Manuel Fraga, encargado de entregar o galardón, quen louvou á poetisa ourensá e dixo que esta “ama a súa terra e a súa cultura coa intensidade de quen tivo que vivir lonxe dela”. Por outro lado, tamén alude ao dito pola mestra en Tele Miño, onde recordou parte da súa vida, ademais de recoñecer na súa poesía a presencia do “amor, a beleza, a amistade e tamén a soidade”.

-Marcos Valcárcel, “Pura Vázquez: Palabra de muller”, *La Región*, “Sociedad”, 18 maio 2000, p. 66.

Manifesta a súa satisfacción polo outorgamento deste premio. Subliña que a poetisa, xunto coa súa irmá Dora, xa forma parte da historia da literatura galega, destacando a súa ampla producción, pola que, di, xa con anterioridade lle concederon premios como en 1994 o Trasalba.

-Paula Pérez, “A poetisa ourensá Pura Vázquez recibe o Premio das Artes e das Letras de Galicia”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 18 maio 2000, p. 42.

Informa da entrega deste premio a Pura Vázquez da man do Presidente da Xunta de Galicia, Manuel Fraga. Destaca a emoción con que a poetisa recolleu o galardón, sendo incapaz de pronunciar palabra. Asemade, subliña que no acto se salientou a “súa contribución á renovación da cultura galega”.

-Marcos Valcárcel, “Pura Vázquez palabra poética”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 19 maio 2000, p. 3.

Felicita e louva á escritora ourensá Pura Vázquez por conseguir este galardón. Apunta que a mestra é moi merecedora del, igual que doutros que nos últimos anos lle veñen outorgando, e que ela agradece nas súas memorias *Terra matria dos soños* (1999). Así mesmo, fai referencia á ampla traxectoria literaria da poetisa, da que sinala que xa forma parte, xunto coa irmá, da historia da literatura galega.

-Gwede, “Pura Vázquez; otra vez”, *La Región*, “De Paso”, 23 maio 2000, p. 22.

Dá a noraboa á poetisa ourensá Pura vázquez polo Premio das “Letras e das Artes” de Galicia, ademais de louvar a súa traxectoria literaria. Salienta da mestra a súa “dedicación” á literatura, tendo esta unha ampla obra “ en prosa e en verso, en galego e en castelán”. Tamén se refire á súa vertente xornalística e remata dándolle as gracias a Pura Vázquez.

-José María Maiz Togores, “Pura Vázquez”, *O Correo Galego*, “Visión Galaica”, 2 xuño 2000, p. 3.

Parabéns para Pura Vázquez polo Premio das Letras e das Artes”, outorgado pola Xunta de Galicia. Lembra como foi o seu primeiro contacto coa poesía da mestra de Ourense, á que cualifica de “vivificante”, ademais de recoñecer a fonda devoción que sente polo seu traballo. Manifesta, pois, a súa alegría por esta distinción.

Medallas de Galicia e Castelao

Para homenaxear a personalidades e institucións que se distinguiron polo seu mérito ao servicio da comunidade en calquera aspecto social, cultural e económico, a Xunta de Galica concede as Medallas de Galicia, que consisten nunha medalla de ouro, quince de prata e trece de bronce. Así mesmo, concede as Medallas Castelao, galardón creado en 1984 para conmemorar o retorno a Galicia dos restos de Castelao o 28 de xuño daquel ano, para distinguir a aqueles galegos que sexan autores dunha obra merecedora do recoñecemento do seu pobo no campo artístico, literario, doutrinal ou de calquera faceta de actividade humana. Polo que se refire ao mundo das letras galegas, foi premiada cunha Medalla de Prata Olga Gallego Domínguez, arquiveira e membro da Real Academia Galega. Mentres que as Medallas Castelao lles foron outorgadas a Carlos Amable Baliñas Fernández, vicepresidente e director da sección de Cultura do Patronato Rosalía de Castro e membro das fundacións Otero Pedraio e Alfredo Brañas; e Alfonso Zulueta de Haz, vicepresidente da Fundación Penzol e membro da comisión para constituír a Fundación Gonzalo Torrente Ballester.

Referencias varias

-E. P., “A Xunta distingue a nove galegos coas medallas Castelao do 2000”, *O Correo Galego*, “Galicia”, 3 xuño 2000, p. 10.

Achega o nome dos galardoados e fai unha breve sinopse da súa actividade laboral, ademais de recoller a razón fundamental pola que se creou a medalla que leva o nome do polifacético rianxeiro.

-LR, “Galicia premia con sus 'Medallas' la labor social de 28 destacadas personalidades”, *La Región*, “25 de Xullo. Día de Galicia”, 25 xullo 2000, p. 30.

Despois de recordar que a Xunta de Galicia entrega estas Medallas a aquelas persoas que realizaron un labor destacado ao servicio da comunidade galega en calquera aspecto da súa realidade social, cultural ou económica, dá os nomes dos galardoados con cada unha das diferentes medallas existentes.

-Rosa Tedín, “La Xunta premia con las Medallas de Galicia el servicio a la sociedad”, *Faro de Vigo*, “Galicia. Celebración del Día de Galicia”, 26 xullo 2000, p. 24.

Faise eco do discurso pronunciado por Manuel Fraga na entrega das Medallas de Galicia e dá conta das persoas e entidades galardoados polo seu traballo a favor desta comunidade.

-S. L., “Veintinueve instituciones y personalidades, distinguidas con las Medallas de Galicia”, *La Voz de Galicia*, “Galicia”, 26 xullo 2000, p. 4.

Faise eco da entrega da Medalla de Ouro a título póstumo ao empresario portugués Manuel Cordo Boullosa. Así mesmo, cítanse as persoas e institucións ás que se lle entregaron as Medallas de Prata e Bronce. Por outra banda, recóllese parte das palabras do Presidente da Xunta de Galicia durante o seu discurso.

-GM, “Los premiados con la Medalla Castelao llaman a defender la identidad gallega”, *Galicia en el Mundo*, “Galicia”, 3-9 xullo 2000, p. 6.

Comeza recollendo parte das palabras do notario Alfonso Zulueta de Haz, encargado do discurso en representación dos galardoados, e do Presidente da Xunta de Galicia. A seguir, cita os galardoados, ademais de dar conta da súa actividade profesional e, dalgún deles, do motivo polo que se lle entregou esta medalla.

Premios **“Otero Pedrayo”**

Convócase cada ano, dende o ano 1976, polas Deputancións provinciais para “perpetuar e honrar a memoria do egrexio home de letras, premiar un labor que constitúa unha aportación eminente á cultura galega, promocionar os valores propios de Galicia e as obras que leven ao esclarecemento e á mellora dos seus homes e institucións”. Poderán optar ao premio persoas, grupos, entidades ou institucións presentadas por elas mesmas, por entidades académicas ou culturais, por institucións, polos presidentes das Deputacións a proposta das respectivas comisións de cultura, pola Xunta de Galicia, oída a Consellería correspondente, e polo propio xurado. A presentación do candidato ten que enviarse ao Presidente da Deputación convocante, no prazo de tres meses a partir da convocatoria, achegando os seguintes documentos: descrición breve biográfica da persoa que aspira ao premio, e documentos e antecedentes, que se consideren de interese para o coñecemento da súa dimensión literaria ou científica. Entregaranse cinco exemplares, mecanografados a dobre espacio, do traballo co que se optase ao premio, no caso de que a proposta estea baseada nunha obra ou producción singular concreta. No caso de personalidades e institucións, un exemplar do regulamento ou estatutos polos que se rexan e unha relación de tarefas levadas a cabo en relación co obxecto do premio. Este está dotado con 2.000.000 de ptas. e o xurado estará constituído polo presidente da Xunta de Galicia e das catro Deputacións Provinciais e as representacións da Universidade Sur, da Coruña e de Santiago de Compostela xunto con algún membro da Real Academia Galega e do Instituto Padre Sarmiento de Estudios Galegos. Nesta edición, non se galardoou a ningunha

personalidade relacionada coas letras como ocorreu outros anos que o levaron Uxío Novoneyra e Manuel María.

Referencias varias:

-GM, “Diputación de Lugo, una institución que participa de la actividad cultural gallega”, *Galicia en el Mundo*, “Galicia”, nº 385, 14-20 agosto 2000, p. 10.

Recolle fragmentos do discurso do presidente da Deputación de Lugo, Francisco Cacharro Pardo, na entrega da anterior edición destes premios. Tales fragmentos estaban referidos a certos aspectos da vida e obra literaria dos galardoados nesa ocasión, Uxío Novoneyra e Manuel María Fernández Teixeiro.

Pedrón de Ouro e Pedrón de Honra

Certame que convoca anualmente a Fundación do Padroado Pedrón de Ouro na Casa Museo de Rosalía Castro. Concédense dous premios: o “Pedrón de Ouro” a unha personalidade ou entidade galega que destaca en calquera dos aspectos culturais de Galicia e o “Pedrón de Honra” a aquelas persoas ou entidades, galegas ou non galegas, que dende fóra divulgan e defenden a cultura galega. O premio consiste nunha medalla e nun pergameo. No 2000, o “Pedrón de Ouro” recaeu na Editorial Galaxia e o “Pedrón de Honra”, no Centro Galego de Barcelona. Os premios foron entregados o día 21 de maio na Casa-Museo de Rosalía de Castro.

Referencias varias:

-Francisco J. Gil, “A Fundación do Pedrón de Ouro concede o seu máximo galardón á Editorial Galaxia”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 13 abril 2000, p. 50.

Apunta que o Padroado do Pedrón de Ouro acordou conceder o Pedrón de Ouro a Galaxia e o de Honra ao Centro Galego de Barcelona. Recolle as xustificacións polas que o máximo galardón do Padroado lle foi concedido a Galaxia e recolle certas declaracións de Xaime Isla Couto, presidente da fundacióon que rexe a

Editorial Galaxia, que amosou a súa satisfacción por este último recoñecemento e se referiu a outros premios conseguidos este ano pola editorial, á figura de Ramón Piñeiro e ao labor levado a cabo por Galaxia durante 50 anos.

-Uxía López, “Galaxia e o Centro Galego de Barcelona recibirán o Pedrón de Ouro e o de Honra”, *La Voz de Galicia*, “Comarcas”, 6 maio 2000, p. 46.

Sinala que o 21 de maio na Casa-Museo de Rosalía na Matanza (Padrón) vai ter lugar a entrega do Pedrón de Ouro e o de Honra da vila que, nesta ocasión, recaeu na Editorial Galaxia e no Centro Galego de Barcelona, respectivamente. A seguir, informa que continúa o ciclo “Diálogos na Casa de Rosalía” e achega parte dos contidos tratados por Francisco Fernández del Riego e Rabunhal que falaron sobre a figura de Manuel Murguía.

-Xosé Lois García, “O Centro galego de Barcelona e o Pedrón de Ouro”, *O Correo Galego*, “Ecos da Berenguela”, 9 maio 2000, p. 2.

Sinala que moitos foron os sorprendidos coa concesión do Pedrón de Honra ao Centro Galego de Barcelona, xa que nos 25 últimos anos desta entidade hai que admitir varios casos de retroceso e estatismo. Así, alude aos partidismos e controversias existentes nos últimos no seo do citado Centro e comenta que o que se fixo ultimamente foi por iniciativa desinteresada de persoas alleas á directiva. Por isto, considera que o Centro

Galego de Barcelona actual está “nunha verdadeira encrucillada e contradicción moi ó contrario do que pensan os señores do xurado do Pedrón de Ouro”.

-Avelino Abuín de Tembra, “Os ‘Pedróns’ do 2000”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 17 maio 2000, p. 3.

Despois de referirse ao escenario de Cuntis, onde tivo lugar a reunión da Fundación do Pedrón de Ouro, apunta que xa transcorreron sesenta e catro anos da historia de Galicia dende que se lle concedeu o Pedrón de Ouro ao poeta Rey Romero. Así mesmo, cita outros premiados tanto co Pedrón de Ouro coma do Pedrón de Honra e dá conta da maneira en que se fai a selección dos galardoados. Con respecto á convocatoria do ano 2000, sinala que os vencedores foron a Editorial Galaxia, que levou o Pedrón de Ouro, e o Centro Galego de Barcelona, que conseguiu o Pedrón de Honra. Por outro lado, faise eco do labor feito por estas dúas institucións galardoadas.

-Uxía López, “Galaxia e o Centro Galego de Barcelona recibirán os premios Pedrón de Ouro”, *La Voz de Galicia*, “Comarcas”, 20 maio 2000, p. 51.

Apunta que Xosé Ramón Fandiño Veiga conducirá o acto de entrega dos premios da Fundación do Patronato do Pedrón de Ouro e que Avelino Abuín de Tembrá será o mantedor. Por outro lado, recolle as razóns polas que a Editorial Galaxia e o Centro Galego de Barcelona reciben o Premio Pedrón de Ouro e o Premio Pedrón de Honra, respectivamente. Entre elas, cita que a Editorial Galaxia lévao para renderlle unha homenaxe “de recoñecemento e gratitude polo compromiso e manifesta lealdade con Galicia ó longo de medio século de

vida” e o Centro Galego de Barcelona “por manter viva na nación hirmán de Cataluña unha presencia eficaz e dinámica que contribúe ó hirmanamento entre os dous pobos de historia e cultura coincidente en tantos aspectos”.

Avelino Abuín de Tembra, “As cerimonias do Pedrón”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 21 maio 2000,
3.

Céntrase na entrega dos Pedrón de Ouro e Pedrón de Honra na vila de Padrón e lembra certos actos que se teñen realizado co gallo da celebración destes premios. A seguir, comenta que este ano un dos galardoados é a Editorial Galaxia, que recibe o Pedrón de Ouro pola súa fidelidade e compromiso con Galicia, a promoción e difusión que fixo da obra dos autores galegos durante a dictadura ou a súa ensambladura con Nós e o SEG. Así mesmo, puntualiza que a Fundación do Padroado quixo reunir no Centro de Barcelona, ao que lle concedeu o Pedrón de Honra, todas as Casas de Galicia no mundo enteiro, ás que se lle valora a custodia do acervo máis sagrado que é a lingua e a actividade social con que vinculan a diáspora á común Patria.

IIIº Premio "**Rosalía de Castro"** do Pen Club de Galicia

A sección galega do Pen Club galego, que naceu en 1988 dentro do Pen Club internacional, convocou este premio por primeira ven en 1996 coa finalidade de premiar un escritor de cada unha das outras literaturas peninsulares, para así "desde Galicia establecer lazos coas nosas literaturas veciñas". Son entregados cada dous anos e, en anteriores ocasións, foron galardoados José Saramago, Gonzalo Torrente Ballester, Joan Perucho, Bernardo Atxaga, Manuel Vázquez Montalbán, José Mari Lekuona, Miquel de Palol e António Lobo Antúnes. Nesta edición, o xurado, que estivo composto por Carlos Casares, Víctor F. Freixanes, Basilio Losada, Alfredo Conde, Xesús Rábade, Suso de Toro, Luís G. Tosar e Helena Villar, premiou a José Ángel Valente en literatura castelá, Sophia de Mello na portuguesa, Pere Gimferrer na catalá e Anjel Lertxundi na euskera. Este dictame deuse a coñecer o 14 de xullo e a entrega dos premios tivo lugar o 29 de novembro.

Referencias varias:

-Helena Villar Janeiro, "Cantigas de Alén"/"Cantigas de alén", *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, "AFA"/"Verbas para o poeta", 19 xullo 2000, p. 30/p. 74.

Faise eco da morte de José Ángel Valente, autor de *Sete cantigas de alén*, obra que recibiu, catro días antes de finar, o Premio "Rosalía de Castro" do PEN Club de Galicia. Láiase do seu pasamento, aínda que se aleda por terlle concedido este galardón ao autor antes de perder a vida.

Agustín Sixto Seco, "O P. E. N. Clube de Galicia", *El Correo Gallego*, "Fóra de portas", 29 novembro 2000,
3.

Comeza sinalando a entrega destes premios no Salón nobre de Fonseca, que este ano recaeron en Sophía de Mello, Pere Gimferrer, Anjel Lertxundi e José Ángel Valente. A seguir, lembra a visita que, por medio dunhas xuntazas celebradas polo PEN Club de Galicia, fixo polo Mosteiro de San Lourenzo de Trasouto con Jorge Amado e Nélida Piñón, aos que lle serviu de guía. Finalmente, desculpa a súa ausencia na entrega dos galardóns da terceira edición destes premios.

-C. P., "De Mello, Gimferrer, Lertxundi e Valente reciben os premios do PEN", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 30 novembro 2000, p. 36.

Nota sobre o acto de entrega dos premios concedidos polo Pen Clube de Galicia aos autores doutras linguas da Península celebrado no compostelán Pazo de Fonseca. Noméase a presencia de Luís González Tosar, presidente deste organismo, do rector da Universidade Darío Villanueva, de Helena Villar, vicepresidenta, do poeta Arcadio López-Casanova e dos premiados Pere Gimferrer, Anjel Lertxundi, da filla da escritora Sophia

de Mello, e da viúva de Valente, Coral Gutiérrez. Ademais infórmase de que González Tosar anunciou que o PEN será o anfitrión en marzo de 2001 do Encontro Mundial de Poetas que promove a UNESCO.

Premios **“San Martiño”**

Trátase da Xª edición destes premios, que concede a Fundación San Martiño a distintas persoas e entidades que co seu labor contribúen á normalización e promoción do galego. O premio consiste nunha estatuíña realizada polo escultor estrandense Manuel Villaverde. Nesta edición, os galardóns que recaeron entre as persoas dedicadas á literatura galega, foron o de “Galicia enteira” para Ana Romaní e o de “A toda unha vida” para Xesús Alonso Montero. Estes premios entregáronse nun xantar que se celebrou no Recreo Cultural da Estrada o sábado 2 de decembro.

XVIIIº Premio **“Trasalba”**

Premio creado no 1980 pola Fundación Otero Pedrayo que se outorga todos os anos, segundo o criterio do seu Consello Rector, para conmemorar o pasamento de Ramón Otero Pedrayo. O galardón consiste nun diploma, un agasallo (xeralmente un exemplar dunha obra de Otero Pedrayo) e unha xerra de Sargadelos que todos os anos realiza Isaac Díaz Pardo para o premiado. Nesta edición, a xunta de goberno da Fundación acordou por unanimidade dos seus membros conceder o Premio “Trasalba” 2000 a Xesús Alonso Montero. O premio entregouse o 25 de xuño durante a festa literaria que anualmente se celebra en Trasalba, no Pazo Museo de Otero Pedrayo.

Referencias varias:

-E. Vázquez Pita, “Os meus versos falan da corrupción”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 7 maio 2000, p. 74.

Entrevista con X. Alonso Montero, a quen se lle ten pensado outorgar o Premio “Trasalba” 2000. Nesta conversa o xubilado profesor fai unha valoración do panorama literario galego actual, ademais de ser

preguntado pola súa actividade intelectual. Ante a cuestión de sobre qué escribiría literatura, o catedrático apunta que a temática que el elixiría sería de tipo “social”, vista dende un punto de vista “filosófico”. Finaliza facendo referencia a que na actualidade está a traballar en tres libros, un sobre a viaxe que Castelao fixo á Unión Soviética en 1938, o segundo sobre *Horacio en Galicia* e o terceiro sobre as súas memorias lingüísticas.

-Víctor Rodríguez, “El profesor Xesús Alonso Montero es distinguido con el premio Trasalba”, *El Mundo. Galicia*, “Galicia/Cultura”, 7 maio 2000, p. 8.

Dá noticia do outorgamento deste premio a Alonso Montero, coincidindo co ano no que este se xubila, por parte da Fundación Otero Pedrayo. Sinala algunhas das características definitorias do premiado, as cales, di, foron moi tidas en conta polo xurado á hora de concederlle esta distinción, destacando “a súa extensa dedicación en defensa da lingua e cultura galega”. Remata informando da data de entrega do galardón no pazo de Otero Pedrayo.

-Alís Gómez, “Alonso Montero califica de falcatruada achegar a lingua galega ó portugués”, *El Ideal Gallego/Diario de Ferrol*, “Galicia”, 8 maio 2000, p. 18/p. 16.

Ofrece as declaracións do novo Premio “Trasalba”, Xesús Alonso Montero, quen realiza unha valoración da distinción que se lle vén de conceder. Así mesmo, faise mención a certos aspectos que contribuíron a que o galardón lle fora outorgado ao catedrático emérito de literatura galega. Entre estas, salienta a súa defensa da

cultura e da lingua galega, da que Alonso Montero di non ser conveniente achegala ao portugués . Por outro lado, tamén se aborda a relación de Alonso Montero con Otero Pedrayo, autor moi estudiado polo premiado. Conclúe aludindo a que o marxista está a traballar en *Oteriana*, obra que ten pensado presentar o día que se lle entregue o premio, ademais de estar preparando un traballo sobre a viaxe de Castelao á unión Soviética.

-Agustín Sixto Seco, “Unha falcatruada”, *El Correo Gallego*, “De porta en porta”, 17 maio 2000, p. 3.

A propósito do nomeamento de X. Alonso Montero como novo galardoado co Premio “Trasalba”, outorgado pola Fundación Otero Pedrayo, reflexiónase sobre a influencia que o premiado tivo dende sempre sobre o que suscribe este artigo. Así mesmo, tamén di coincidir co escritor no feito de cualificar como “falcatruada” a teima dalgúns de querer “achega-lo idioma galego ó portugués”.

-Francisco J. Gil, “A universidade é a tribuna con máis liberdade de expresión”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 20 maio 2000, p. 52.

A raíz do outorgamento do Premio “Trasalba” ao profesor X. Alonso Montero, ofrece unha entrevista con este, na que se abordan cuestións relativas á súa ideoloxía, ao seu polifacético traballo, ademais de opinar sobre a producción literaria galega. Remata referíndose aos significativos avances producidos na Real Academia Galega dende que está presidida por F. Fernández del Riego.

-Agustín Sixto Seco, “Alonso Montero en Trasalba”, *El Correo Gallego/Diario de Ferrol*, “De porta en porta”, 24 xuño 2000, p. 3/p. 3.

Realiza unha breve reflexión sobre a próxima entrega do Premio “Trasalba”, nesta edición outorgado a X. Alonso Montero, no pazo de Otero Pedrayo. Cualifica ese vindeiro acto como unha “festa literaria” e salienta insistentemente a súa importancia. Remata facendo mención á futura inauguración do Centro de Estudios Oterianos, cando se cumpra o vintecinco cabodano do autor de *Devalar.*

-AGN, “El escritor Xesús Alonso Montero recibió ayer el XVIII Premio Trasalba”, *Diario de Ferrol/El Ideal Gallego*, “Galicia”, 26 xuño 2000, p. 15/p. 19.

Dá noticia da entrega do XVIIIº Premio “Trasalba” a X. Alonso Montero, no Pazo de D. Ramón Otero Pedrayo. Explica o desenvolvemento do acto, salientando a presencia de persoeiros do mundo sociocultural galego. Indica que o premiado lembrou os seus anos de estudiante en Ourense, contando anécdotas. Ademais, subliña a presentación de dous novos libros *O espello no serán* e *Oteriana*, de Otero Pedrayo e Alonso Montero, respectivamente. Por outra banda, apunta que o Conselleiro de Cultura, Pérez Varela, asinou un convenio coa Fundación Otero pedrayo, para restaurar a súa sede e achegar cartos para a realización de actividades culturais.

-D. J., “Xesús Alonso Montero recibiu o XVIII Premio da Fundación Otero Pedrayo”, *El Correo Gallego*, “Sociedad-Cultura”, 26 xuño 2000, p. 74.

Fai mención á entrega do Premio “Trasalba” a Xesús Alonso Montero, nun acto no que o Profesor saíu triunfante cun discurso cheo de anécdotas e no que fixo uso da súa habitual “retranca”. Apunta que o Catedrático emérito da Universidade de Santiago de Compostela louvou a pluma de Otero Pedrayo na cerimonia, na que tamén se presentaron dous libros, *O espello no serán*, de Otero Pedrayo e *Oteriana*, de Xesús Alonso Montero. Remata facendo mención á sinatura de varios compromisos por parte da Xunta de Galicia coa Fundación Otero Pedrayo.

-E. Rodríguez, “¡Se estivese Don Ramón!”, *La Región*, “Cultura”, “Literatura”, 26 xuño 2000, p. 8.

Informa da homenaxe que se lle tributou a Xesús Alonso Montero no pazo de Otero Pedrayo en Amoeiro, onde recolleu o Premio “Trasalba” do ano 2000. Sinala que o profesor emérito da Universidade de Santiago de Compostela lembrou a súa etapa de estudiante en Ourense, no instituto no que traballaba o autor de *Arredor de si*. Na celebración cultural, á que acudiron importantes persoeiros, apunta que tamén se presentaron dous libros, *Oteriana*, de Alonso Montero e *O espello no serán*, de Otero Pedrayo. Remata facendo mención á sinatura de varios acordos da Xunta coa Fundación Otero Pedrayo.

-L. R., “Un emotivo Xesús Alonso Montero recibe la XVIII edición del Premio Trasalba”, *Atlántico Diario*, “Sociedad”, 26 xuño 2000, p. 39.

Fai referencia ao acto, organizado pola Fundación Otero Pedrayo, no que o profesor Alonso Montero recolleu o Premio “Trasalba”. Apunta que o catedrático de literatura galega lembrou no seu discurso a etapa de

estudiante en Ourense, ademais de contar algunha anécdota. Sinala, así mesmo, que se presentaron dous libros, *Oteriana* de Alonso Montero e *O espello no serán*, de Otero Pedrayo. Tamén alude a que a Xunta de Galicia vai invertir na Fundación que leva o nome do autor de *Os camiños da vida*, que, di, acaba de elixir como presidente a Agustín Sixto.
-Otero de Ameixeiras, "Trasalba", *Diario de Pontevedra*, "O Outeiriño", 26 xuño 2000, p. 72.

Informa da pronta xuntanza anual do mundo intelectual galego no pazo de Otero Pedrayo con motivo da entrega do Premio "Trasalba". Subliña que este ano recibiu o prestixioso premio o profesor Alonso Montero, de quen destaca o seu particular pensamento e o seu compromiso con Galicia.

-X. M. C., "Alonso Montero: "Esto es mucho más que un premio, es un topónimo; ya soy un Trasalba", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 26 xuño 2000, p. 14.

Alude á recollida do XVIIIº Premio "Trasalba" por parte de Alonso Montero. Principia referíndose ás emotivas palabras pronunciadas polo profesor nun acto no que ademais se presentou un libro de seu, *Oteriana.* Apunta que Alonso Montero manifestou as súas "discrepancias" con R. Otero Pedrayo e R. Piñeiro, anque sinalou que admiraba o seu sentido da moral. Remata co apuntamento da sinatura de varios convenios da Xunta coa Fundación Otero Pedrayo.

-Manuel Dourado Deira, "Alonso Montero: Trasalba 2000", *O Correo Galego*, "Ardentía", 2 xullo 2000, p. 2.

Refírese á festa literaria celebrada en Amoeiro, no pazo de Otero Pedrayo, na que X. Alonso Montero recibiu o Premio "Trasalba" do ano 2000. Apunta que o profesor da Universidade de Santiago de Compostela ten abondosos "méritos" para acadar este recoñecemento, como, segundo sinalou X. M.Salgado, encargado de presentar no mesmo acto o libro *Oteriana*, de Alonso Montero. Así pois, indica que Salgado louvou ao seu profesor, do que dixo ser o pulo de moitos investigadores galegos.

-Borobó, "A apoteose de Alonso Montero", *A Nosa Terra*, nº 943, "Guieiro Cultural", 13 xullo 2000, p. 35.

Comenta o acto de entrega do Premio Trasalba 2000 a Alonso Montero no que interviñeron á parte do premiado Sixto Seco, Damián Villalaín e X. M. Salgado. Descríbese tamén a relación entre Alonso Montero e Otero Pedrayo, así como os traballos de Alonso Montero ao redor da figura de Trasalba.

-Dora Vázquez, "Unha XVIII edición 'Trasalba", *O Correo Galego*/*La Región*, "Ronseis"/"De Paso", 20 xullo 2000/3 agosto 2000, p. 3/p. 24.

Dá a noraboa a Alonso Montero polo Premio "Trasalba" do ano 2000, lembrando o máis significativo da cerimonia de entrega de tan prestixioso galardón. Salienta do discurso que o catedrático pronunciou a anécdota que contou sobre Otero Pedrayo, cando el era estudiante no mesmo instituto no que daba clase o autor de *Devalar*. Ademais, apunta que nese día tan sinalado se presentaron dous libros, *Oteriana* de Alonso Montero, no que se lle rende homenaxe ao autor de *Arredor de si*, e *O espello no serán*, de Ramón Otero Pedrayo.

IX. Premios

IX.8. Literatura infantil e xuvenil

IIº Premio “**Abril**” de narrativa para mozos

Nace no ano 1998 por iniciativa de Ámbito Cultural/El Corte Inglés e Editores Asociados, dotado de 3.000.000 de ptas. e a publicación da obra en aragonés, asturiano, catalán, castelán, galego e vasco. Os orixinais poden presentarse escritos en español ou nas linguas dos territorios dos que proceden as editoriais convocantes nas que se encontran La Galera de Catalunya, Elkarlanean de Euskadi, Edicións Bromera e Tándem Edicións de Valencia, Galaxia de Galicia, Llibros del Pexe de Asturias e Xordiga de Aragón. Poderán participar escritores e escritoras de calquera nacionalidade con obras orixinais inéditas e destinadas a lectores entre 12 e 16 anos. As obras, cunha extensión de entre 80 e 150 folios mecanografados a dobre espacio e por unha soa cara, enviaranse por septuplicado a Ámbito Cultural/El Corte Inglés (Hermosilla, 112, 28009, Madrid), no que respecta aos orixinais escritos en castelán. Os escritos en calquera outra lingua, á sede da correspondente editorial integrante de Editores Asociados. Nesta edición, que a admisión de orixinais rematou o 11 de xaneiro e o premio se proclamou o 28 de abril, non se galardoou ningunha obra en galego.

Premio **“Ala Delta”** de literatura infantil

A Editorial Luis Vives (Edelvives) convoca o Premio “Ala Delta” de literatura infantil coa finalidade de promover a creación literaria para nenos. Establécese un premio único, dotado con 2.000.000 de ptas. e a publicación, por parte de Edelvives, da obra premiada na colección “Ala Delta”. A extensión das obras, mecanografadas a dobre espacio, será dun mínimo de 80 folios e un máximo de 140. Os orixinais deben ser inéditos e estar escritos en castelán ou calquera lingua do estado. O tema dos orixinais é libre, igual có xenero literario, e enviaranse baixo plica cos datos do autor, á Editorial Luis Vives “Para o premio Ala Delta” (Xauradó, 25 28034 Madrid). O xurado será nomeado por Edelvives e estará formado por especialistas na literatura e educación, sendo un deles membro da Asociación Española de Amigos del Libro Infantil y Juvenil, e dará a coñecer o seu dictame a segunda quincena do mes de setembro do ano 2000. Nesta edición, o prazo de presentación rematou o 31 de maio e o xurado, que estivo composto por Francisco Calleja como presidente, Carmen García Iglesias, Blanca Álvarez, María Alarcón, Josep Llussà e Paloma de La Concha, como secretaria., das 148 obras participantes, non se premiou ningunha en galego.

XVIº Concurso do libro infantil **“O Barco de Vapor”**

Convocado pola Fundación Santa María dende 1984 para “promove-la creación dunha literatura infantil para nenos que fomente o gusto pola lectura nesa idade e transmita, con calidade literaria auténtica, uns valores humanos, sociais, culturais ou relixiosos que axuden a construír un mundo digno”. As obras presentadas terán unha extensión mínima de 50 folios, mecanografados a dobre espacio, e enviaranse, por triplicado, á Fundación Santa María (Rúa da Paz 8, 36202 Vigo), acompañadas dun sobre pechado no que conste por fóra un pseudónimo e dentro o enderezo do autor. O xurado será nomeado pola Fundación Santa María e estará constituído por especialistas en literatura, pedagoxía e educación e un representante da entidade patrocinadora. A súa composición manterase en segredo ata a publicación da resolución. Conta cunha dotación económica de 1.000.000 de ptas. para o primeiro premio e con 200.000 ptas. para o segundo máis a publicación da obra. Nesta edición, o prazo de admisión de orixinais rematou o 30 de outubro e o xurado, que estivo formado por Rafael Chacón, Manuel Figueiras, María Victoria Moreno, Gloria Sánchez e Xabier Senín, concedeulle o primeiro premio a Xosé Antonio Neira Cruz por *Os ollos do Tangaleirón* e o segundo a An Alfaya por *Folerpas*.

VIIIº Premio **“EDEBÉ”** de literatura infantil e xuvenil

Foi creado pola editorial Edebé no 1992 para premiar obras narrativas en castelán ou calquera das linguas do Estado. Son dúas as modalidades convocadas: a infantil, para obras narrativas dirixidas a lectores de entre 7 e 12 anos, dotada con 3.000.000 de ptas., e a xuvenil, para obras dirixidas a lectores de máis de 12 anos, dotado o primeiro premio con 4.000.000 de ptas. e o finalista con 1.000.000 de ptas., incluídos en todos os casos os dereitos de autor segundo contrato. Os orixinais teñen que ter unha extensión mínima de 15 páxinas e un máximo de 40 para a modalidade infantil, e de 80 a 120 para a xuvenil. Teñen que presentarse mecanografados a dobre espacio e enviarse por triplicado, baixo plica, na primeira quincena de setembro á Editorial EDEBÉ (Paseo San Juan Bosco, 62, 08017 Barcelona), con especificación clara da modalidade á que se opta. O xurado estará formado por especialistas en literatura e educación e a súa composición darase a coñecer no momento da realización do dictame do premio, fixado para o 27 de xaneiro. A obra premiada publícase primeiro na lingua orixinal e logo tradúcese ás outras linguas do estado. Nesta convocatoria, das 246 obras presentadas, 188 estaban escritas en castelán, 13 en galego, 42 en catalán e 3 en vasco. Polo que se refire á modalidade de literatura infantil presentáronse 147 obras, das que foron seleccionadas 24, mentres que das 99 obras que optaban ao premio de literatura xuvenil, foron elixidas 12. Non se premiou ningunha obra en galego.

Premio **“Estornela”** de teatro

Coa finalidade de estimular a creación teatral e de proporcionarlles a nenas e nenos obras que poidan representar, a Fundación Xosé Neira Vilas convoca este premio. Poden concorrer a el todas as persoas que o desexen, de calquera nacionalidade, con textos inéditos escritos en lingua galega. Cada orixinal pode conter unha ou varias pezas teatrais. Os traballos enviaranse, un orixinal e tres copias, á sede da Fundación Xosé Neira Vilas (36587 Gres, Vila de Cruces (Pontevedra). A Fundación convocante escollerá un xurado de recoñecido prestixio e o premio, que ten unha dotación económica de 250.000 ptas., entregarase durante o mes de decembro. Ediciós do Castro tamén publicará o libro premiado. Nesta primeira edición, o prazo de presentación concluíu o 30 de novembro e o xurado, que estivo composto por Anisia Miranda, David Otero, Valentín García e Luís Reimóndez, quen actuou como secretario, de entre as 56 obras presentadas, premiou a titulada *A música da noite*, de Manuel Lourenzo. Tamén recibiu unha mención especial Eduardo Alonso Rodríguez por *O país acuático*. Os premios entregáronse o 17 de decembro,.

Referencias varias:

-David Otero, “Premio Estornela en Gres”, *O Correo Galego*, “Pola Banda de Laíño”, 7 decembro 2000, p. 2.

Despois de falar da aldea, fai unha serie de comentarios sobre a convocatoria deste premio na aldea de Gres por parte da Fundación Xosé Neira Vilas.

-Mónica G., “A Fundación Neira Vilas arquivará as obras de teatro infantil do ‘Estornela”, *El Correo Gallego*, “Sociedad-Cultura”, 18 decembro 2000, p. 74.

Noticia sobre a entrega deste premio, na que recolle parte das palabras de Anisia Miranda, vicepresidenta da Fundación Neira Vilas, quen lembrou os comezos da fundación e a súa vocación para iniciar aos máis cativos nos eidos da cultura, ademais de indicar que as 56 obras participantes formarán parte dun arquivo da fundación. Tamén fai referencia aos galardoados e á intervención de Amado Rincón, presidente do IGAEM, que mostrou a súa disposición a colaborar coa institución que leva o nome do autor de Gres.

XXXº Concurso nacional de contos infantís da Agrupación **“O Facho”**

Convocado pola Agrupación cultural O Facho, da Coruña, dende 1969, cando gañara Carlos Casares con *A Galiña azul*. Dotado con 45.000 ptas., os traballos serán de tema libre e inéditos e non poderán exceder os seis folios. Deben enviarse á Agrupación Cultural O Facho (Federico Tapia, 12, 1º C, 15005 A Coruña). Nesta edición, que contou cunha importante cantidade de orixinais pertencentes a autoras e autores de todas as idades e lugares do país, o xurado, que estivo formado por Luís Maças, Ramiro Torres, Fernando Vázquez Corredoira e Eva Yusty, concedeulle o primeiro premio a Cristina Cubeiro Becerra polo relato “Litografía marela”, que presentou baixo o pseudónimo de “Ardora”. Así mesmo, decidiu concederlle un accésit sen dotación económica ao texto “Palabras que fan durmir”, presentado baixo o lema “O vello da montaña”, por Manuel Lourenzo González. Os dous textos, ao igual que os premiados no concurso de poesía, serán publicados na páxina web da Asociación.

Premio “**Lazarillo**”

Foi convocado por primeira vez no ano 1958 e está outorgado a partir de 1986 pola Organización Española para el Libro Infantil y Juvenil (OEPLI) e conta co patrocinio do Ministerio de Educación e Cultura. Ten dúas modalidades: a de creación literaria xuvenil e a de ilustración. Na de creación literaria poden participar textos de narrativa, poesía ou teatro dun texto xuvenil inédito en calquera das linguas do estado e destinados especialmente a lectores maiores de 12 anos. A dotación é de 1.000.000 de ptas. para o gañador, e concédense tamén dous accésits, que se outorgan preferentemente aos xéneros nos que non recaeu o premio. A extensión mínima é de 125 folios (narrativa e teatro) e 250 versos (poesía). O xurado noméao a OEPLI e está presidido polo presidente da entidade organizadora e composto, ademais, por un membro do Ministerio de Educación e Cultura e un vocal por cada unha das catro seccións da OEPLI. Os traballos deben ser enviados polos aspirantes por triplicado á OEPLI (R/Santiago Rusiñol, 8, 28040 MADRID). A modalidade de ilustración está dotada tamén con 1.000. 000 de ptas. e 220. 000 ptas. para cada un dos dous accésits. Para participar esíxense un mínimo de oito ilustracións inéditas dun libro infantil. Unha mesma obra pode participar ao mesmo tempo na modalidade de creación literaria e ilustración. O xurado está composto de igual maneira que o de creación. En anteriores ocasións, este premio na súa modalidade literaria xa fora conseguido por autores galegos como Marilar Aleixandre e Agustín Fernández Paz. Así mesmo, obtiveran accésits Antón Cortizas, Fran Alonso e Concha Blanco. No ano 2000, o prazo de recepción de traballos concluíu o 1 de xullo para a modalidade literaria e o 1 de agosto para a de ilustración. Na modalidade de creación literaria, presentáronse un total de 80 obras (67 de narrativa, 17 de poesía e 5 de teatro), das cales 11

estaban en galego. O xurado, que estivo integrado por Joan Carreras, Pilar Sampedro, Aitor Arana, Rosa Mut, Arturo González e Ana Cendán, como secretaria sen voz e voto, decidiu outorgarlle o premio a Gloria Sánchez pola obra *Chinto e Tom*, presentada co pseudónimo "Cándida de Viladecruces". Os accésits non recaeron en obras galegas. Esta resolución foi dada en Madrid o 24 de novembro.

Referencias varias:

-María José Pulido, "A clave para que os nenos lean é ofrecerlles bos títulos", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Entrevista", 14 decembro 2000, p. 36.

Nesta entrevista, Gloria Sánchez manifesta que non ten pensado "dar o salto a outra literatura", xa que considera que o seu estiló é "moi conciso e áxil" e a literatura infantil adáptase moi ben a estas características. Tamén fala sobre o índice de lectura dos nenos e estima que a clave para que lean está en darlles libros bos. Conclúe dicindo que a escrita é un ente vivo porque é un reflexo do que nos rodea e que un escritor normalmente reflicte o seu mundo.

-Belén López, "Gloria Sánchez cre que o libro como soporte literario 'ten os días contados", *Diario de Pontevedra*, "Cultura", 15 decembro 2000, p. 64.

Felicita a Gloria Sánchez pola consecución do Premio “Lazarillo” e recolle parte dos comentarios, que realizou na súa visita ao Salón do Libro Infantil de Pontevedra. Así referiuse á importancia da poesía na vida dos cativos, na da literatura na educación e no futuro do libro como soporte literario a longo prazo. Por outra banda, mostrou a súa satisfacción por cómo lle foi esta última década, xa que hai dez anos comezou a súa carreira como escritora gañando o Premio “Merlín” e agora pecha un ciclo co “Lazarillo”.

Iº Premio de literatura infantil e xuvenil **“Lecturas”**

GÁLIX (Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil) convoca este premio co propósito de estimular a lectura e a imaxinación entre a infancia e a adolescencia e apoiar as actividades de animación á lectura que se realizan nas bibliotecas galegas. As bibliotecas, por medio dos seus xoves lectores e lectoras, deberán seleccionar entre a producción do ano anterior dez volumes pertencentes a calquera destes xéneros: narrativa, poesía, teatro e cómic. Nestes dez volumes escollidos deberán contemplarse tres grupos de idade (ata 8 anos, de 8 a 14 anos e a partir dos 14 anos) de xeito que haxa polo menos dous títulos para cada tramo. Os bibliotecarios darán a cada grupo de lectores a producción do ano 1999 para que elixa dez títulos e os lectores daranlle a cada libro unha puntuación entre 0 e 10 puntos. A biblioteca enviaralle a GÁLIX a lista de libros elixidos coa súa puntuación. Os títulos que acaden máis puntuación en cada grupo de idade serán os gañadores. O dictame do premio darase a coñecer nun acto público que se celebrará no mes de abril. Os gañadores recibirán como distinción unha placa conmemorativa e entre as bibliotecas e os lectores que formen parte dos xurados, sortearanse lotes de libros cedidos por editoriais galegas. Nesta edición, as bibliotecas que desexen participar, deben notificalo a GÁLIX antes do mes de xaneiro de 2000.

XVº Premio **“Merlín”** de literatura infantil

Foi creado no ano 1986 por Edicións Xerais para premiar orixinais inéditos en lingua galega. Está dotado de 1.000. 000 de ptas. e poden participar todos aqueles autores de calquera nacionalidade que presenten os seus orixinais en lingua galega, conforme á normativa vixente. De cada orixinal presentaranse 6 copias en papel tamaño folio ou holandesa, mecanografados a dobre espacio, nos locais da editora (R./Dr. Marañón 12, 36211 Vigo). Co orixinal, que deberá ser presentado baixo lema, acompañarase, baixo plica, o nome completo, enderezo e teléfono do autor, así como o título do libro, indicando no sobre para o Premio “Merlín”. O xurado estaba integrado nos primeiros anos por escritores e especialistas na materia e, dende 1988, está constituído por cinco lectores, na súa maioría menores de dezaseis anos e algúns deles recoñecidos profesionais da cultura, e un secretario nomeado pola editorial. Por outra parte, Edicións Xerais de Galicia, que reserva os dereitos de edición sobre a obra premiada en todas as linguas do Estado español, coa posibilidade de ceder tales dereitos a terceiros, poderá publicar esta sen limitación do número de exemplares nin de edicións. Os cinco mil primeiros exemplares vendidos estarán libres do pago de dereitos de autor e o beneficiario do premio, que se compromete a renunicar expresamente a calquera pretensión sobre os devanditos dereitos, recibirá gratuitamente cincuenta exemplares da obra publicada. Así mesmo, Edicións Xerais de Galicia resérvase durante o prazo de seis meses, a contar dende o día do outorgamento do premio, a opción de publicar calquera das obras presentadas ao mesmo, subscribindo a tal efecto, cos autores, os correspondetes contratos de edición. Nesta edición, o prazo de entrega de orixinais concluíu o 2 de maio e o xurado, que se deu a coñecer en maio, estivo integrado polo

ilustrador Fausto Isorna, o escritor Agustín Fernández Paz e os estudiantes de ensino secundario Sara Lago, Alba Fernández e Inmaculada López, sendo coordinadora deste galardón Helena Pérez. Entre os 26 participantes, o premio gañouno Xosé Antonio Neira Cruz por *As cousas claras*, que participou baixo o lema "...E o chocolate espeso". A diferencia de anos anteriores, o anuncio da obra gañadora tivo lugar o 24 de xuño nun acto celebrado no Auditorio de Galicia en Santiago de Compostela.

Referencias varias:

-Carmen Villar, "Dieciséis obras competirán por el Xerais de novela y veintiséis por el Merlín", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 30 maio 2000, p. 46.

Ver XVIIº Premio "Xerais" de novela, no apartado IX. 1 deste *Informe*.

-Xosé María Palmeiro, "Asoman el Xerais y el Merlín", *La Voz de Galicia*, "Santiago", "Aldea única", 24 xuño 2000, p. 9.

Ver XVIIº Premio "Xerais" de novela, no apartado IX. 1 deste *Informe*.

-Carmen Villar, “Este premio ten connotacións sentimentais moi grandes”, *Faro de Vigo*, 25 xuño 2000, p. 14.

Nesta entrevista Xosé Antonio Neira Cruz comenta que recoller por segunda vez este premio ten unhas connotacións sentimentais moi grandes porque comezou a publicar gracias a el. Refírese ao feito de ter gañado varios premios literariros e sinala que, a pesar de teren importancia, esta é relativa. Tamén fala da identificación experimentada polas dúas rapazas que formaban parte do xurado coa súa obra, da que explica que nela o que se quere plasmar “é que a incomunicación é un dos grandes problemas da sociedade en todos os ámbitos e outro dos temas que tentei reflexar e a vivencia chea de prexuízos e hipocresía que se dá en moitos ámbitos”.

-Carmen Villar, “Dos periodistas, Luis Rey y Xosé Antón Neira Cruz, el Xerais de Novela y el Merlín”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 25 xuño 2000, p. 51.

Ver XVIIº Premio “Xerais” de novela, no apartado IX. 1 deste *Informe*.

Premio Nacional de Literatura Infantil

Ver Premio “Nacional de Literatura” no apartado X. 6 deste *Informe*.

IIIº Premio “**Raíña Lupa”**

Convocado dende 1998 pola Deputación da Coruña, ten unha dotación de 1.000.000 de ptas., ademais da edición da obra gañadora a través do Servicio Provincial de Publicacións ou doutra editorial. Segundo as bases, ao premio poderán presentarse autores de calquera nacionalidade con obras en galego, con estructura literaria de conto ou narración breve, orientadas ao mundo infantil, inéditos e non premiados con anterioridade. A extensión será libre e poderanse incluír ilustracións que fagan alusión ao argumento. Os orixinais deberán presentarse por duplicado, en tamaño DIN-A-4, por unha soa cara numerados e grapados ou encadernados. Presentaranse baixo título e un lema, achegados de plica na que se fará constar o título e o lema no seu exterior e no seu interior os datos persoais do autor. A entrega de orixinais debe facerse na Deputación Coruñesa (Avenida Alférez Provisional, s/n. A Coruña), indicando no sobre “Premio de Literatura infantil Raíña Lupa”. Nas dúas anteriores edicións, este galardón fóralle entregado a Agustín Fernández Paz e Mario Pereira Fernández. Nesta edición, o prazo de admisión de orixinais concluíu o 15 de xullo e o xurado, que estivo presidido por María Teresa Vilariño e formado por por Silvia Gaspar, Andrés Sobrino, Manuel Rodríguez e Mario Pereira, de entre as 30 obras participantes, premiou a Antonio Reigosa Carreiras por *Resalgario en Traslicia*, quedando como finalista Antonio Yáñez Casal por *Don Cosme e o telegrama amarelo*.

Referencias varias:

A. Mallo, “Trasgalicia”/“O escritor lugués Antonio Reigosa, xa galardoado co ‘Merlín’, recibe o premio ‘Raíña Lupa’ de literatura infantil”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “AFA”/“Sociedad-Cultura”, 27 setembro 2000,
29/p. 74.

Refírese á concesión deste premio convocado pola Deputación da Coruña, a Antonio Reigosa pola obra *Resalgario en Traslicia*. Asemade, apunta o nome do finalista, Antonio Yáñez Casal con *Don Cosme e o telegrama amarelo*. Explica que o autor mindoniense é xa un nome consolidado na literatura galega pola súa extensa producción, salientando que xa foi premiado con anterioridade co Premio “Merlín” de Xerais. Tamén destaca o papel de Reigosa de investigador no campo da tradición oral e ofrece as palabras do premiado quen explica as claves da súa novela.

-C. F., “En Galicia sobran leyendas populares para hacer un best seller infantil”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 27 setembro 2000, p. 17.

Primeiramente, realízanselle unha serie de preguntas a Antonio Reigosa, que foi o premiado na terceira edición deste premio por *Resalgario en Traslicia*. Así, o autor lucense fala da razón pola que tomou a tradición oral como base para un libro infantil e declara que si hai unha demanda clara en canto á literatura dirixida aos máis novos. Tamén considera que en Galicia existe suficiente material para facer un *Harry Potter* galego, que desbordase as vendas. Por outra banda, anúnciase que, con motivo do dictame do premio, a

Deputación da Coruña organizou un espectáculo para os rapaces no que se combinan contos, música e xogos.

-Carmen Abuín, “Antonio Reigosa obtén o premio de literatura infantil ‘Raíña Lupa”, *El Progreso*, “Cultura”, 27 setembro 2000, p. 91.

Dá noticia de que a Deputación da Coruña elexiu a obra *Resalgario en Traslicia* de Antonio Reigosa como vencedora do IIIº Premio “Raíña Lupa”. Subliña as claves da obra gañadora, tomando as propias palabras do seu autor, quen refire o argumento, ademais de apuntar a importancia no seu traballo do conto popular. Apunta, asemade, que o xurado, do que dá os nomes, foi “unánime” á hora de escoller o galardoado.

-Luis Franqueira, “Antonio Reigosa gaña o III Premio Raíña Lupa”, *Galicia en el Mundo*, “Galicia/Cultura”, 27 setembro 2000, p. 8.

Faise eco da concesión deste premio, convocado pola Deputación da Coruña, a *Resalgario en Traslicia*, de Antonio Reigosa Carreiras. Tamén alude á obra finalista, *Don Cosme e o telegrama amarelo*, de Antonio Yáñez. Así mesmo, subliña as palabras de Reigosa, que di que a finalidade do seu traballo é crear “novos lectores para a literatura feita en Galicia... recuperando temas da tradición oral galega”. Remata referíndose a unha nova publicación de Reigosa, *Contos Colorados*, esta vez dirixida a un lector adulto.

-Wenceslao García, “Antonio Reigosa gaña el premio Raíña Lupa de literatura infantil”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 27 setembro 2000, p. 36.

Infórmase que este premio de literatura infantil recaeu en Antonio Reigosa por *Resalgario en Traslicia*. Alúdese ao contido da obra e dise, en palabras do seu autor, que é válida para todo tipo de lector, salientando que as súas obras infantís sempre teñen como ingredientes humor, imaxinación e diversión. Asemade, indícase que Reigosa coida moito o aspecto lingüístico. Finaliza ofrecendo unha breve aproximación á traxectoria literaria do autor mindoniense.

IIº Premio **“Tomba Tossals”**

Convocado polo Concello de Castelló de la Plana, a Fundación Caixa Castelló-Bancaixa e Tàmdem Edicions. Poden optar todas as obras ilustradas de tema libre, inéditas e dirixidas a un público infantil. Considérase obra ilustrada o conxuto do texto e ilustracións que se valorará de igual xeito, non podendo ser a ilustración accesoria, senón que ha de ter un peso específico de tanta importancia coma o texto ou incluso superior. As obras poden presentarse en calquera lingua do Estado español. Poden optar ao premio: a) unha soa persoa autora da parte literaria e da parte gráfica; b) dúas persoas: unha autora da parte literaria e outra da parte gráfica; e c) un equipo de diversas persoas. As obras presentadas deben de aterse ás seguintes condicións: a) a parte ilustrada debe incluír como mínimo cinco debuxos orixinais acabados, cun formato de 24x21 e un esbozo ou maqueta perfectamente detallado, no que conste o proxecto total da obra. O corpo da obra non poderá exceder as 28 páxinas. A editorial engadirá no momento da edición catro páxinas de cortesía; b) Nos casos en que o texto vaia inserido na ilustración, haberá que presentar o texto nun orixinal independente do debuxo; c) os autores da obra gañadora comprométense a entregar o libro acabado nun prazo non superior a dous meses, despois da concesión do premio; d) a parte literaria mecanografada ou á man, perfectamente lexíbel, presentarase en cinco copias; e) as obras deberán presentarse en soportes flexíbeis, susceptíbeis de ser escaneados, nos formatos 24x21. Todo o material ha de ser presentado dentro dunha carpeta; f) as obras deberán entregarse coa indicación na cuberta do título e do lema empregado polo autor, que adxuntará un sobre pechado cos seus datos persoais no interior e o título e o lema no exterior. Para esta convocatoria a contía do premio, que se considera un

avance dos dereitos de autor, será de 1.000.000 de ptas, non podendo ser adxudicado de maneira fragmentada. Tàndem Edicions publicará a obra gañadora na primavera seguinte á concesión do premio. O xurado, constituído por membros de recoñecido prestixio do mundo da ilustración e un representante do Concello convocante, darase a coñecer con antelación. Os traballos deberán presentarse no Negociat de Cultura de l´Excel.lentíssim Ajuntament de Castelló de la Plana (Carrer Gaibiel, 4, 12003 Castelló de la Plana). Nesta edición, o prazo de admisión de orixinais finalizou o día 13 de outubro e o premio, que non recaeu en ningunha obra en galego, foi entregado o día 1 de decembro no transcurso dun acto público.

IX. Premios

IX.9. Premios escolares e xuvenís

Son moitos os premios convocados por concellos, asociacións culturais e colexios nacionais para incentivar aos escolares á creación en lingua galega, só glosaremos neste apartado aqueles dos que temos noticias contrastadas.

IXº Concurso literario **“Achegamento ao Libro”**

Coa finalidade de animar os escolares a ocupar o seu lecer na creación literaria e propiciar neles unha reflexión sobre o mundo dos libros e a lectura como fonte irrenunciábel de pracer e de coñecemento, a Biblioteca Pública Municipal “Don Francisco Mayán” e a Delegación de Educación e Cultura do Concello de Cee, coa colaboración de Caixavigo, convocan este concurso. Nel poden participar todos os alumnos de calquera dos centros educativos da bisbarra. Os traballos, que serán en galego, deben ser orixinais e inéditos e terán unha extensión máxima de dous folios. Así mesmo, o seu tema estará relacionado co achegamento ao libro, buscando sempre fomentar o hábito de lectura da poboación. Entregaranse, sen asinar, cos datos do autor nun sobre á parte, na Biblioteca Pública Municipal. Establécense cinco premios:

4.000 ptas. para o gañador do primeiro ciclo de Primaria, 5.000 para o do segundo ciclo de Primaria, 8.000 para o de terceiro ciclo de Primaria, 10.000 para o de primeiro ciclo da ESO e

12.000 para o gañador do segundo ciclo da ESO. Tales cantidades non serán entregadas en metálico, senón que o seu valor será representado en vales para material didáctico e libros. O xurado, que dará o seu veredicto o día 16 de maio, tamén terá facultade para outorgar accésits ou declarar deserto o premio. Nesta edición, o prazo de presentación de traballos concluíu o 19 de abril e o xurado estivo formado por Amancia Trillo Lago, Sonia Romar Trillo, Belén Ézara Trillo, Francisco Lestón Villar, Artur Trillo Sendón e José Ramón Rey Senra. O premio do primeiro ciclo de Primaria foi para Nerea Mouzo Iglesias por “Gústanme os libros” e os accésits para Lucía Alvariñas Gómez por “O libro viaxeiro”, Ainara Canosa de Pazos por “A gata Pauliña”, Ismael Rey Piñón por “O can surfista”, Ismael Martínez Castro por “O libro interesante”, Lucía Sampedro

Blanco por “A aguia reparte-libros”, Natalia Domínguez Redonda por “O gorrión libreiro”, Eduardo González Freire por “O rato e a mochila”, Pilar Vilas Lagoa por “A nosa Galicia”, Noelia Pais Caamaño por “Un conto real”, Ainara Lago Fernández por “Os contos do avó”, Ángela Irigoyen Palacín por “Ler non custa nada”, Miguel Díaz Lago por “O dinosaurio voador”, Jenifer Lago Grille por “A xirafa enfermeira”, Guillermo Beade Toubes por “Os ananiños”, Sonia Mª González Núñez por “O libro encantado”, Ramón Bouzas López por “O pirata” e Andrés Castro Folgueiras por “O libro máxico”. No segundo ciclo de Primaria, o gañador foi Aarón Ogando Búa por “A perna rota do avó” e recibiron accésits Elena de Pazos Pais por “Unha aventura”, Tamara Gómez Castro por “A historia dun neno chamado Xoán”, Manuel Casais Outes por “Un libro” e Lorena Barcia Grille por “O misterio do libro dourado”. No terceiro ciclo de Primaria, o gañador foi Xoán Silva Pazos por “O de máis arriba” e os accésits foron para Pablo Vilar Pequeño por “Aventura literaria”, Cristina Piñeiro Lago por “Mensaxe Exipcio”, Leopoldo Lamela Rodríguez por “A illa dos libros” e Sabina Louzán Freitas por “Os nosos novos amigos”. No primeiro ciclo da ESO, o galardoado foi Brais Garrido Areas por “O libro perdido” e os accésits foron para Olalla Lamela Rodríguez por “¿Que lle pasa a Lolo?” e Catuxa Boedo de Castro por “As fantasías de Pedro”. No segundo ciclo da ESO, o premio foi para Alejandro Fidalgo Conde por “O papel enrugado no fondo da papeleira”. A entrega destes galardóns celebrouse o 16 de maio no Salón de Actos do Concello de CEE..

Concurso literario de **“Achegamento ao teatro”**

A Biblioteca Pública Municipal “Don Francisco Mayán” e a Delegación de Educación e Cultura do Concello de Cee convocan este concurso coa finalidade de animar os escolares a que experimenten na creación dun texto teatral. Poden participar todos os alumnos de calquera dos centros educativos da bisbarra e o tema da obra será libre. Os traballos, que deben estar en galego, serán orixinais, inéditos e de extensión libre. Entregaranse sen asinar cos datos do autor nun sobre á parte, no que conste no seu exterior a idade do autor, na Biblioteca Pública Municipal. O premio consiste en 15.000 ptas. en vales para material didáctico e libros. O xurado, que poderá outorgar os accésits que considere oportuno, fará público o seu veredicto o 16 de maio. O Concello de Cee resérvase a posibilidade da posta en escena da peza premiada polo grupo de actores da Escola Municipal de Teatro de Cee. Nesta ocasión, o prazo de presentación rematou o 19 de abril e o xurado, que estivo formado por Amancia Trillo Lago, Sonia Romar Trillo, Belén Ézara Trillo, Francisco Lestón Villar, Artur Trillo Sendón e José Ramón Rey Senra, premiou a obra *Naufraxio na Atlántida*, de Sabela Ramos Garea. Tamén lles entregou accésits a *O país perfecto*, de Beatriz Valcárcel Aguiar; *Esta é a casa da tía*, de Elena Ramos Garea; e *Gumersindo é a Santa Compaña*, de Alejandro Fidalgo Conde.

IIº Certame de contos, fotografía e cómic **“Ágora cultural”** Ver IIº Certame de contos, fotografía e cómic “Ágora cultural”, no apartado IX. 6. 1. deste *Informe.*

Concurso gráfico e literario da **“Agrupación Baixo Ulla-Sar”**

Esta Agrupación, baixo o título xenérico de “Pepe Chimeneas necesita axuda”, pretende implicar por medio deste concurso gráfico e literario aos mozos na loita contra as drogas. Está dirixido aos distintos centros englobados na Agrupación convocante e foron premiados 275 escolares.

Referencias varias:

-C. B., “Mil niños del Baixo Ulla-Sar reciben premios sobre prevención de drogas”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 22 xuño 2000, p. 46.

Sinala que ao redor de mil nenos de Educación Primaria dos centros de Padrón, Rois, Dodro, Pontecesures, Valga e Catoira participaron no polideportivo padronés do Sotuo nun festival organizado pola Agrupoación Baixo Ulla-Sar de loita contra as drogodependencias. Así mesmo, puntualiza que os escolares contemplaron os traballos literarios e gráficos realizados baixo o título “Pepe Chimeneas necesita axuda”, nos que se facía alusión á droga, alcohol e as consecuencias negativas que conleva o seu consumo. Por outro lado, achega o nome dos encargados de entregar os 275 premios.

Concurso **“Alfredo García Alén”**

Convócao o Patronato do Museo de Pontevedra e está aberto a todos os alumnos de ensinanza Primaria e do primeiro ciclo de ESO de todos os centros de Galicia, integrados en equipos e dirixidos por un mestre. Os traballos poderán tratar sobre algún dos aspectos que atinxen aos temas dos seguintes apartados: costumes relixiosos, nomes de leiras e literatura oral. Este último está patrocinado polo Consello da Cultura Galega, con cargo ao Arquivo Sonoro de Galicia e ten como obxectivo recoller cantigas, romances, refráns, ditos e adiviñanzas existentes na zona de influencia do centro escolar ou nun concello determinado, coa súa música cando a teñan, presentándoas en cinta magnetofónica que o centro pode solicitar do citado Consello da Cultura. Os traballos redactaranse preferentemente en lingua galega e en cada un deles constará o nome do centro escolar, o do director do equipo e o dos alumnos que o compoñen, así como o enderezo, número de teléfono e curso a que pertencen. Deberán entregarse na Secretaría do Museo (Apartado 104, 36080 Pontevedra). Establécese para cada apartado un primeiro premio de 70.000 ptas. e un accésit de 35.000, podendo o xurado propoñer a creación dalgún “Premio especial”. A súa entrega terá lugar no Museo de Pontevedra durante a Semana das Letras Galegas. Nesta ocasión, o prazo de presentación rematou o 15 de abril e o xurado estivo integrado por Xosé Carlos Valle Pérez, Pedro Rial López, Rafael Fotoira Surís e Xosé Fuentes Alende. No apartado de literatura oral, o primeiro premio foi para o traballo presentado por alumnos de 6º de Primaria do CEIP de Parada-Campó (Pontevedra) e dirixido pola profesora Concepción Moreira Santiago, mentres que o accésit foi para o traballo titulado *Historias das nosas xeracións*, de alumnos de 4º de ESO do Colexio Neno Xesús de Praga, de Vigo, que

estiveron dirixidos por Montserrat Rodríguez Paz. Tamén houbo unha mención especial para o CPI de Toural-Vilaboa (Pontevedra), que presentou un traballo dirixido por Pepy G. Clavijo.

Premio **“Amigos de Otero Pedrayo”**

Convócao a Asociación de Amigos de Otero Pedrayo, dende 1982, co obxectivo de contribuír ao mellor coñecemento da personalidade de Otero Pedrayo, para perpetuar a súa memoria e divulgar a súa obra entre a xuventude do ensino secundario. Poden optar todos os estudiantes de BUP e COU. Conta cun primeiro premio dotado con 100.000 ptas. e un accésit de 25.000. Os traballos deben estar redactados en lingua galega, mecanografados a dobre espacio, cunha extensión máxima de 10 folios, incluídos debuxos, gráficos e demais. Así mesmo, deben ser presentados sen firma, debendo constar os datos completos do autor e do centro no que estudia nun sobre pechado. Nesta edición, que estaba centrada no tema “Pazos e mosteiros os camiños da vida”, o primeiro premio foi para Beatriz Lorenzo, mentres que o accésit foi para Iván Quintana.

VIIº Certame de relato curto **“Antonio Fernández Pérez”**

Convócao o Concello de Verín e nel poden participar todos os autores que estean matriculados na ESO en calquera centro docente da comarca de Verín. O relato debe ser orixinal, inédito, escrito en galego á máquina ou en letra lexíbel e a temática e o estilo é libre. O traballo que presente cada centro á fase intercentros do premio asinarase cun lema, que se entregará xunto a un sobre pechado, que conteña no seu exterior o mesmo lema e no seu interior os datos persoais do autor. A entrega dos traballos seleccionados en cada centro efecutarase na Casa do Concello verinés. A organización da fase de preselección é a criterio de cada centro participante. Establécense os seguintes premios para o primeiro e o segundo ciclo da ESO: un primeiro de 15.000 ptas. e lote de libros; un segundo de 10.000 ptas e lote de libros e un terceiro de 5.000 ptas. e lote de libros. Tamén haberá lotes de libros para cada un dos relatos que concorran á fase intercentro e que non acaden algún dos tres primeiros premios e libros para sortear entre os alumnos participantes ou para a biblioteca dos centros. Nesta edición, o prazo de entrega de orixinais concluíu o 12 de maio de 2000 e os membros do xurado foron denominados polos herdeiros de Antonio Fernández Pérez. Dentro do primeiro ciclo, o primeiro premio foi para Paula Fernández Iglesias por “Entre dous mundos”, que presentou baixo o seudónimo de “Esmeralda”; o segundo para Manuel González Salgado por “Volvo á miña aldea”, que concursou co pseudónimo “Recordos”; o terceiro para Daniel Alonso Fernández por “Dida ¡secuestrado!”; e o cuarto premio, concedido a maiores polo xurado e consistente nun lote de libros, para Lucía Mas Penedo por “Luns, martes...”, que concorreu co psedónimo de “Dolce vita”. Polo que se refire ao segundo ciclo, o primeiro premio foi para José Marín Fernández Justo por “Recordo dunha

máquina máxica”; o segundo para Silvia Fernández Pérez por “O significado da bandeira de Galicia”; o terceiro para Vanessa Foubelo Simón por “A boneca”, que participou baixo o pseudónimo de “Aparición”; e o cuarto, tamén concedido a maiores polo xurado e consistente nun lote de libros, para Pablo Couto Naveira por “A máquina da sabedoría”.

IIº Certame de poesía “**Antón Zapata García”** Ver IIº Certame de poesía

“Antón Zapata García”, no apartado IX. 2. 1. deste *Informe.*

Vº Concurso literario **“Ánxel Casal”**

Creado no ano 1996 polo Concello de Santiago a proposta do Instituto de Bacharelato “Arcebispo Xelmírez I” para conmemorar o 150 aniversario de Ánxel Casal e promover o coñecemento deste galeguista entre a mocidade. Este concello comparte a organización deste premio cada ano cun centro de ensino secundario da cidade, pois está dirixido a alumnos de Ensino de Secundaria. As obras en galego deben ser inéditas e de tema libre. Os orixinais deben remitirse ao Concello de Santiago (Departamento de Educación). O certame está dotado dun primeiro premio de 150.000 ptas. e dun segundo de 100.000 para cada unha das modalidades (poesía e conto). A presidencia do xurado correspóndelle ao alcalde de Santiago e estará composto por unha representación dos institutos, unha representación dos creadores de poesía e conto e outra do concello. Nesta edición, o xurado estivo integrado por Xosé Manuel Iglesias, Marián Araújo, Rafa Villar, Suso de Toro, Miguel Anxo Seixas, Roberto Vidal Bolaño, Martín Araújo e Xosé Manuel Rodríguez-Abella. Concorreron máis de sesenta traballos e, na modalidade de conto, o primeiro premio foi para María Arce Barreiro por “Chocolate e porcelana”, que presentou baixo o pseudónimo de “Sick´s girl”, e Sara Ares Vial por “O deus do demo”, que participou co pseudónimo de “Ares”. Tamén houbo unha mención para Beatriz Lorenzo López por “A Perla”. Na modalidade de poesía, o primeiro premio foi para Noelia Grandol Vila por “Versos anelados” e
o segundo para Jacobo Casal Villares por “Primera creación”.

XIXº Concurso de contos infantís e IVº Concurso de narrativa curta xuvenil Día das Letras Galegas da **"Asociación cultural Afonso Eanes de Negreira"**

A Asociación Cultural Afonso Eanes de Negreira convoca estas dúas modalidades de concurso dirixidas a escolares con motivo do Día das Letras Galegas. Poden participar no Concurso de Contos Infantís alumnos de Primaria e de ESO dos colexios de A Baña, Santa Comba, Brión, Viceso, Tapia, Bertamiráns, Portomouro, Bembribe, Urdilde, Mazaricos, Pino de Val, San Cosme e Negreira. O Concurso de Narrativa Curta Xuvenil está dirixido a alumnos de terceiro de BUP e COU destes mesmos colexios. En todos os casos os orixinais, de tema libre, deben ser inéditos e estar escritos en lingua galega. Haberá premios de 25.000, 15.000 e 10.000 ptas., ademais de lotes de libros. Os contos, cunha extensión máxima de cinco folios por unha soa cara, e as narracións xuvenís, un máximo de dez folios mecanografados a dobre espacio e por unha soa cara. Os orixinais deberán enviarse ao Apartado de Correos, 18, 15830 Negreira. A decisión do xurado darase a coñecer o 14 de maio e a entrega de premios terá lugar o 20 de maio.

Referencias varias:

-Eva Suárez, "Afonso Eanes inicia las actuaciones culturales de mayo", *La Voz de Galicia*, 11 maio 2000, p. 51.

Entre outras informacións sobre os actos culturais que prepara a Asociación Cultural “Afonso Eanes de Negreira” como a actuación dos contacontos Chapa e Pintura e algúns concertos musicais, ofrécense as bases dos concursos literarios dirixidos a escolares de Val de Barcala e a súa bisbarra.

IIº Certame literario da **Asociación Cultural e Xuvenil "Os Irmandiños"**

A Asociación Cultural e Xuvenil "Os Irmandiños" en colaboración co Concello de Oro, a APA A Nosa Escola e a APA Tosca, convoca este certame ao que poden concorrer autores de calquera nacionalidade que teñan cumpridos os 10 anos. Haberá 3 categorías (A: de 10 a 14 anos; B: de 15 a 18; e C: a partires de 18) e 2 modalidades (narrativa e poesía). Os textos serán inéditos e orixinais, ademais de estar escritos en galego. Para a modalidade de narrativa, o tema será libre e a extensión máxima de 10 folios mecanografados a dobre espacio, mentres que para a de poesía, haberá que presentar un conxunto de tres poemas de tema e forma libre. Entregaranse tres copias dos traballos, que levarán o seu título, seudónimo ou lema. Así mesmo, o autor deberá introducir os seus datos persoais nun sobre pechado no que no seu exterior figure o pseudónimo ou lema e título da obra e a modalidade e categoría participante. Os traballos poderán entregarse no punto de información xuvenil (Rúa do Campo) ou na secretaría do Colexio
P. de Sigüeiro ou no Instituto de Sigüeiro. O xurado estará composto por 5 membros e haberá premios para os gañadores das dúas modalidades en cada unha das tres categorías. A entrega destes terá lugar ao 17 de maio nun acto literario no Colexio Púbico de Sigüeiro. Nesta ocasión, o prazo de entrega rematou o 5 de maio e o xurado estivo formado por Manuel Carrillo, Roberto Castro, Elena Vilariño, Luís Blanco e Mª Carmen Pequeño. Na modalidade de narrativa para a categoría A, o premio foi para Noelia Fernández González por "Adolescente no recordo", que foi presentado baixo o lema "Flick"; para a categoría B, o galardón foi para Matías Tarrío Cao por "A casa polo tellado, e dous poemas", presentado baixo o lema "Johnny Ramone"; e o terceiro para Antonio Matía Míguez por "O pozo", presentado baixo o lema "Abdul Alharezd". Polo que se refire

á modalidade de poesía, na categoría A, foi premiado Manuel Tarrío Cao por “Mofa ó Instituto”, “A verdadeira morte” e “Ó meu amigo”, que presentou baixo o lema “Aquesta Terra”, e, finalmente, na categoría B foron premiado o traballo con título “Tres poemas”, presentado baixo o lema “Tornas”.

Referencias varias:

-Manuel A. Calvo, “Os Irmandiños de Sigüeiro celebran su segundo certamen literario”, *La Voz de Galicia*, “Comarcas”, 11 maio 2000, p. 50.

Infórmase das bases destes concursos e sinálase que a Asociación Cultural Os Irmandiños pretende repetir o éxito da edición anterior. Ademais anúnciase a actuación, durante a entrega de premios do contacontos Avelino González e do grupo de teatro O Bosque.

IVº Concurso de narración curta **“Asociación de veciños Nós”** Ver Concurso de narración curta “Asociación de veciños Nós” no apartado X. 6. 1. deste *Informe.*

Concurso de contos 2000 “**Ateneo Santa Cecilia de Marín”**

O Ateneo Santa Cecilia en colaboración coa Federación Provincial de Comercio organiza este certame dirixido a todos os escolares de Marín e arredores, que cursen estudios de primaria, ESO, BUP e FP. Haberá seis categorías: A) 1º e 2º de Primaria, B) 3º e 4º de Primaria, C) 5º e 6º de Primaria, D) 1º e 2º de ESO, E)3º e 4º de ESO, BUP e FP e F) Educación Especial. Todos os participatnes deben cubrir a ficha de inscrición que acompaña as bases e que se deberá adxuntar ao traballo presentado. Os relatos non poderan ter unha extensión superior aos 3 folios DIN A-4 escritos por unha soa cara. Os membros do xurado serán elixidos pola Xunta Directiva e os premios, consisten en libros e material escolar. Nesta edición, o prazo de presentación de traballos concluíu o 24 de marzo: Os gañadores na categoría A foron Mario Domínguez Durán, Julia Rodríguez Paredes e Mariola Juncal Rosales. Na categoría B, Eliana Ruibal Barcia, Débora Pérez Davila e Irene Prado Fernández. Na categoría C, Antía Portas Conde, Rebeca Juncal Rosales e Alba Aguete Cajiao e un accésit especial para Yessica García Crespo. Na Categoría D, Silvia Giménez Amoedo, Estefanía González Filloy e Ángeles Rosales Fernández. Finalmente, na categoría E, Andrea Santiago Fernández, María del Carmen Pastoriza Cruz e Sonia Arias García.

Referencias varias:

-D. P., “Fallo do xurado do “Concurso de Contos para Escolares”, *Diario de Pontevedra*, 20 abril 2000, p. 12.

Ofrece os nomes de todos os premiados nas distintas categorías e anuncia que o acto de entrega terá lugar o 23 de abril.

-D. P., “El Ateneo entrega hoy los premios del 'Concurso de Contos”, *Diario de Pontevedra*, 23 abril 2000, p. 15.

Breve nota que anuncia o acto de entrega de premios deste concurso, coincidindo co Día do Libro. Os premios consistirán en lotes de libros e material escolar.

Álvaro Agulla, “O Ateneo entregou os premios do 'Concurso de Contos”, *Diario de Pontevedra*, 24 abril 2000, 9.

Dá conta do acto de entrega destes premios que se fixo coincidir co Día Internacional do Libro. Sinala que a directiva do Ateneo Santa Cecilia felicita a todos os participantes pola calidade dos traballos presentados e os profesores por animar os nenos a participar. Reproduce tamén os nomes dos galardoados.

Vº Certame de cómics da “**Asociación Auxilia de Lugo”**

A Asociación Auxilia de Lugo convoca este certame de cómics baixo o lema “Convivir coa diferencia”. Poderán participar todos os alumnos de 2º e 3º ciclo de Primaria e 1º ciclo da ESO, individualmente ou en grupos. Os cómics, escritos en castelán ou galego, deberán ter unha extensión máxima de dous folios e irán asinados con pseudónimo, facendo constar os datos do autor ou autores (nome, idade, curso e centro no que estudia) en sobre á parte. Os traballos enviaranse a: Asociación Auxilia-Lugo. R/ Frei Plácido, 11, baixo, 27004 Lugo. Estáblecense tres categorías de premios: Grupo A (cómics feitos por alumnos do 2º ciclo de Primaria), Grupo B (cómics feitos por alumnos do 3º ciclo de Primaria) e Grupo C (cómics feitos por alumnos do 1º ciclo da ESO), cun primeiro premio consistente en diploma, publicación do traballo nos xornais *La Voz de Galicia* e *El Progreso* e vale de 15.000 ptas. para material escolar; un segundo premio de diploma e vale de 10.000 ptas. para material escolar; e un terceiro premio de diploma e vale de 5.000 ptas. para material escolar. O xurado estará formado por un membro da Xunta Directiva da Asociación convocante, dous membros da Comisión de Educación de Auxilia, un membro da Xunta Directiva de FA.MIS.LU., un representante de Caixa Galicia e dous xornalistas. A decisión do xurado comunicarase durante a segunda quincena do mes de maio. Nesta edición, o prazo de admisión de traballos rematou o 5 de maio.

IVº Certame literario **“Benjamín Paz”**

Convócao o CEIP “A. Ínsua Bermúdez” e colabora a Asociación Minusválidos “Benjamín Paz”. Pode concorrer todo o alumnado pertencente a centros educativos da Terra Cha. Os textos responderán ás modalidades de poesía e narrativa e haberán de ser inéditos, orixinais e en galego. Deberán presentarse mecanografados a dobre espacio e por unha soa cara, agás no caso do 1º e 2º ciclos de Educación Primaria, que poderán ser manuscritos. Enviaranse o orixinal e cinco copias, onde figurará o lema, ao CEIP “A. Insua Bermúdez” (R/ Cuart de Poblet, s/n., 27800 Vilalba). Asemade, entregarase un sobre pechado no que se fará constar no seu exterior o lema e a categoría e modalidade ás que se concorre e, no seu interior, os datos persoais. O certame estará dotado, en cada unha das dúas modalidades, cos seguintes premios: na categoría A, que corresponde ao 1º, 2º e 3º ciclo de Educación Primaria, 10.000 ptas, diploma e flor natural para cada un destes ciclos; mentres que para a categoría B, que abrangue 1º ciclo da ESO por unha banda e 2º ciclo da ESO, BUP, COU e FP, pola outra,
15.000 ptas., diploma e flor natural. O xurado, que estará formado por persoas de recoñecida competencia nas materias ás que se refiren as presentes bases, dará a coñecer o seu dictame o 17 de maio de 2000. Nesta edición, o prazo de presentación de orixinais concluíu o 23 de abril e o xurado estivo formado por Bernardo García Cendán, que actuou como presidente, Félix Villares Mouteira, Xulio Xiz Ramil, Afonso Blanco Torrado, Xosé Antonio Pombo Mosquera e Xosé Felpeto Enríquez, que foi o secretario. Na categoría A, correspondente á modalidade de narrativa, no primeiro ciclo de Educación Primaria, o premio foi compartido entre o traballo “O reloxio”, de Jairo Fernández Fernández e “O neno sen xoguetes”, de Adrián Soto Paz; no

segundo ciclo o galardón foi para “O peixe máxico”, de Benxamín Paz Hermida e no terceiro, para “As mouras”, de Alba Blanco García. Polo que se refire á modalidade de poesía, no 1º ciclo de Educación Primaira o premio foi para o traballo “A galiña”, de Jesús López González; no 2º ciclo, foi compartido entre “Os teus ollos”, de Benxamín Paz Hermida e “A Manuel María”, de Alejandro Sanjurjo Lourés; e no 3º ciclo, entre “Fame”, de Alba Blanco García e “Na primaveira”, de Nélida Otero Iglesias. Na categoría B, no referente á modalidade de narrativa, no 1º ciclo da ESO, o premio foi para “O arte de matar”, de Mónica Requeijo Carballal; e no 2º ciclo da ESO, BUP, COU e FP, o premio foi compartido entre “Diario dun adolescente”, de Cristina Novo Díaz e “Ás de liberdade”, de Rebeca Leal Eimil. No tocante á modalidade de poesía, no 1º ciclo da ESO, o premio foi para “Gracias por todo”, de Anahí González Gómez; e no 2º ciclo da ESO, BUP, COU e FP para “A choiva móllame”, de Lorena Pardo Vázquez.

VIIIº Certame de narración curta e VIIº Certame de banda deseñada **“Ben veñas, maio”**

Organizado pola Coordinadora dos Equipos de Normalización Lingüística dos institutos de Pontevedra. Poden concorrer todos os alumnos e alumnas dos centros públicos de Ensino Medio do Concello de Pontevedra. O tema das narracións será libre. As obras deberán estar escritas en lingua galega e deberán ser absolutamente orixinais e inéditas. Os relatos terán unha extensión mínima de dous e máxima de oito folios, mecanografados a dobre espacio por unha soa cara. Establécense dúas categorías: unha para estudiantes ata 15 anos e outra a partir dos 16, dotadas con un primeiro premio de 25.000 ptas. e un lote de libros e un segundo de 10.000 e lote de libros. O tema do Certame de Banda Deseñada tamén é libre e a dotación dos premios é a mesma. En ambos os dous apartados cada participante poderá concursar con todos cantas obras quixer. Nelas non poderá aparecer o nome, senón que o escribirán nunha folla á parte, xunto coa data de nacemento, nome do seu centro, curso que estudia, enderezo e teléfono particular. Esta folla gardarase nun sobre pechado que se adxuntará ao relato (no caso da narración); no exterior do sobre figurará o mesmo título do relato ou obra presentada e a categoría na que concursa (esta última no caso da narración). Os sobres coas obras e os traballos entragaranse nos seminarios de Lingua e Literatura galegas ou noutros lugares que se indiquen no centro. O dictame final de ambos certames será dado a coñecer nun acto público que se celebrará en maio, coincidindo coa celebración do Día das Letras Galegas. Nesta edición,
o prazo de recepción de orixinais rematou o día 30 de abril.

Referencias varias:

D. P., “El ciclo “Ben veñas, maio' incluye la música como novedad”, *Diario de Pontevedra*, 16 febreiro 2000, 12.

Reprodúcense as bases destes concursos dentro do ciclo de actividades “Ben veñas, maio” que incorpora este ano o Iº Certame Musical.

VIº Concurso de contos do “**CEIP de Bueu”**

Con motivo das Letras Galegas, o CEIP de Bueu convoca este certame, no que poden participar todos os alumnos de Educación Primaria dos Colexios do Morrazo e os de 1º ciclo da ESO do Concello de Bueu. Establece catro grupos: A) para alumnos do primeiro ciclo de Primaria, B) para alumnos do segundo ciclo de Primaria, C) para alumnos do terceiro ciclo de Primaria e D) para alumnos de primeiro ciclo da ESO. Concederanse para cada grupo tres premios: material didáctico, diploma e publicación, alomenos dos dous primeiros de cada grupo, nun número especial da revista *Candil*. Os concursantes poderán presentar os contos en galego, con tema libre e cunha extensión mínima dun folio e máxima de tres. Estes deberán estar mecanografados ou escritos á man, por unha soa cara e, se se desexa, tamén poderán presentar algún debuxo alusivo ao conto. Os traballos poderán mandarse por correo ou entregarse persoalmente no CPEI de Bueu (Rúa da Pedra, nº 26, 36930 Bueu), indicándose nos mesmos o nome do autor, idade, curso e colexio. A entrega dos premios farase no acto a celebrar con motivo do Día das Letras Galegas, o venres 19 de maio. Nesta edición, a data de recepción de traballos concluíu o 6 de maio e o xurado estivo integrado por Esther Rosalía Lois Salgado, que foi a presidenta, e Antía Castro García, Arturo Sánchez Cidrás e José Luís Fernández Aldegunde, que foron os vocais. Na categoría A, o primeiro premio foi para Javier Piñeiro Chapela por “Un paseo submarino”, o segundo para Irene López Gutiérrez por “Un coello lambón”, e o terceiro para Rubén Otero Parcero por “Un pequeno coello”; na categoría B, o primeiro foi para Paulo Lemos Díaz por “Viaxe ó futuro”, o segundo para Cristian Piñeiro Hermida por “O home, o cofre e o fío” e o terceiro para Araceli Piedras Abal por “O libro máxico”; na categoría C, o primeiro foi para Alba

Couso Ferreira por “O xardín encantado”, o segundo para Marina Lorenzo Rial por “O libro solitario” e o terceiro para Miguel Freire Angueira por “O lapis máxico”; na categoría D, o primeiro correspondeulle a Noemí Ignacio Costa por “O quince de Ana”, o segundo para Borja Piñeiro Munín por “¿Un desmaio?”, o terceiro para Ánxela Mª Sánchez Santomé por “Un home que busca a xuventude” e o cuarto para Cristina Sanmartín Chapela por “Campamento misterioso”. Ademais, entregóuselle un accésit a David Cabanelas Lorenzo e a Jhoana Barreiro Portela.

XXº Concurso de contos en galego do **“Centro de Recursos Educativos Santiago Apóstolo da ONCE de Pontevedra”**

Establécense tres categorías: A) para primeiro ciclo de educación primaria, B) para segundo ciclo de educación primaria, C) para terceiro ciclo de eduación primaria. Os traballos abranguerán un mínimo dun folio e un máximo de tres, mecanografados ou escritos á man por unha soa cara. Entregaranse no Centro de Recursos Educativos Santiago Apóstolo da ONCE (R/ Luís Braille, 40, 36003 Pontevedra). Haberá un primeiro premio de 25.000 ptas. e diploma, un segundo de 15.000 ptas e diploma e un terceiro de 10.000 ptas e diploma, para cada unha das categorías. A entrega dos premios terá lugar no citado centro no acto de celebración do Día das Letras Galegas. Nesta edición, o prazo de entrega de orixinais rematou o 28 de abril e o xurado estivo composto por Manuel Castro González, Xoana González Muíños, Carmen Pintos Muíños, Rosa Freitas Lage, José Luís Pastoriza López e Mercedes Fernández Cons. Na categoría A, o primeiro premio foi para Andrea Carme Doural García por “Unha viaxe especial”, o segundo para Martín Cánibe Aliste “O paxariño que ten medo” e o terceiro para Javier Fernández Vidal por “O neno e o peixiño”; na B, o primeiro foi para David Arosa Da Silva por “O parque solitario”; o segundo para Lorena Aboal Otero por “O día que se apagou o sol” e o terceiro para Diego Pastoriza Corbacho por “Nicolás o rato de campo”; e na C, o primeiro foi para Noa Feás Rodríguez por “A pequena Tartaruga”, o segundo para Alicia Fernández Díaz por “As cores do mar” e o terceiro para Diego Álvarez Patao por “O osiño Lucio”.

Referencias varias:

-D. P., “Dos niños de Combarro ganaron el certamen de cuentos de la ONCE”, *Diario de Pontevedra*, 18 maio 2000, p. 19.

Informa da presencia de David Arosa Da Silva e Lorena Aboal Otero no Colexio Apóstol Santiago da ONCE de Pontevedra, para recoller os premios que lle foron outorgados no concurso que este centro convoca.

IIº Certame literario do **“CIP A Picota”**

O CIP a Picota convoca este certame de creación literaria, no que poden participar os alumnos do centro, coa finalidade de potenciar a creatividade e o desenvolvemento das aptitudes lingüísticas dos alumnos. Poden concorrer todos os alumnos dende 3º de Primaria ata 4º da ESO. Desenvolveranse dous certames paralelos, un para textos en castelán e outro para textos en galego. Os orixinais serán presentados por duplicado en papel tamaño folio, sen nome pero co pseudónimo. Nun sobre á parte, que se grampará a unha das copias, indicarase o pseudónimo, o nome e o curso dos participantes. Os escritos presentados poderán ser relatos, contos, novela curta ou poesía. O xurado estará composto por membros escollidos entre os alumnos, mestres e persoal das institucións colaboradoras. A súa composición darase a coñecer no taboleiro de anuncios quince días antes á entrega dos premios. Os galardóns distribuiranse nas seguintes categorías A) para alumnos de 3º e 4º de Primaria, B) para alumnos de 5º e 6º de primaria e 1º da ESO e C) para alumnos de 2º, 3º e 4º de ESO. Dependendo do número de participantes, o xurado resérvase o dereito a crear categorías por niveis ou por xéneros literarios. Os premios serán entregados nun acto escolar que se celebrará con motivo deste certame. Nesta edición, o prazo de presentación de traballos en galego concluíu o 30 de abril e as persoas que os xulgaron na categoría A foron Evangelina Santos Paz, Helen Grela Rumbo, Mª Jesús Rey, Teresa Gil Rodríguez e Lorena Pensado; mentres que os da categoría B, Luís Cancela Cordeiro, Concepción García Alonso, Socorro Santos, un representante de Caixa Galicia e Leticia del Río. Finalmente, os da C, un representante do Concello, Jorge Tojo, Jorge Regueira, Manoli Ínsua Pérez e Jennifer Otero Esperante. Polo que

se refire aos gañadores en galego, na categoría A, foron Manuel Julián Cancela Martínez por “O home de ferro”, Eva Fernández Núñez por “A primavera” e Julia Nieto Pereira. No grupo B, Manuel Rodríguez Santabaya por “Crónica dun partido”, Roberto Ferradás Hermida por “O gato posuído polo demo” e Olga González Pensado por “¿Xan ou Manolo?” e “Todos unidos”. No grupo C, Lorena Kati Martínez Estalote por “O destino”, Jessica Rey Labandeira por “O príncipe Faro” e Vera Tuñas Pereiro por “Historia da burra” e “Por qué por qué”.

Concurso literario do "**Colexio Cernadas de Castro de Lousame"**

Concurso literario que organiza este centro educativo dirixido a alumnos de 1º e 2º ciclo de Primaria e da ESO. Conta con dúas modalidades: narrativa e poesía. Os galardóns da edición de 2000 corresponderon, na categoría de 1º ciclo de Primaria, modalidade de poesía, a Iolanda Mato Creo por "Ninguén Escoita", que recibiu o primeiro premio; Berta Dávila Fernández por "Máxica liberdade", que conseguiu o segundo premio, e Sabela Rodríguez Rascado por "Gallaecia", que levou o terceiro premio; na modalidade de narrativa, correspondeulle o primeiro, segundo e terceiro premio, respectivamente, a Esteban Bargo Pérez por "A vaca que escapou"; Tamara Antelo Morales por "O caracol chiflado" e Adela Dávila Fernández por "A fada Trisi". Na categoría de 2º ciclo de Primaria acadaron o primeiro, segundo e terceiro premio, na modalidade de narrativa, Cristina Silva Caamaño por "O mundo ó revés"; Alba Fernández Rodríguez por "Un anxo na casa" e José Ramón Moledo León por "Pedro na libreta". No 1º ciclo da ESO, o primeiro premio de narrativa recaeu en Berta Dávila Fernández por "O sorriso de Xermán"; o segundo correspondeu a Noela Dosil Mayán por "Pesadelos coa súa morte" e o terceiro a María do Carme Fernández Pazos por "As cinzas". No 2º ciclo da ESO resultaron vencedores Natividad Tubío Laíño por "As apariencias engañan", Inés Martínez Martelo por "Pasaxes dun futuro" e Margarita Fernández Pazos por "Cando unha bágoa emana do ceo", primeiro, segundo e terceiro premio, respectivamente. O acto de entrega de galardóns contou coa presencia de Antonio García Teijeiro.

VIIº Certame de poesía e relato curto **“Colexio Maior Fonseca”**

Convocado polo Colexio Maior Fonseca e nel poden participar todos os membros residentes nos Centros do Servicio Unviersitario de Residencias (SUR). As composicións serán en lingua galega, castelán ou inglés e a temática é libre. O poema ou relato deberá ser presentado mecanografado a dobre espacio por unha soa cara e contará cun máximo de 100 versos no caso da poesía e de 5 folios nos relatos. Entregaranse por triplicado baixo seudónimo, indicando nun sobre pechado os datos do autor, na portería do CM Fonseca (Praza Rodríguez Cadarso, s/n., 15706, Santiago de Compostela). O CM Foseca resérvase o dereito de poder gravar e reproducir os premiados nalgunha publicación posterior. Os mellores traballos serán depositados no Colexio, pasando a constar na Biblioteca do centro e a estar á disposición dos residentes. Establécense dous premios para poesía e dous para relato curto. En ambos xéneros a contía é de 15.000 ptas. para o primeiro premio e 10.000 para o segundo. Poderán ser declarados desertos. A entrega de premios terá lugar no acto público de Imposición de Bandas Colexiais o día 26 de abril de 2000. Nesta edición, o prazo de entrega de orixinais rematou o 24 de abril e o xurado, que estivo composto por Patricia Fra López, Ángel Otero Blanco, Gonzalo Rodríguez Amorín e Xosé Manuel Baña Agrafojo, decidiu deixar deserto o premio na modalidade de poesía e, na de relato curto, concederlle o primeiro a Begoña Villar Cheda e o segundo a Marta Rodríguez Martínez.

XXIº Certame literario do **“Colexio Peleteiro”** de Santiago de Compostela

A Asociación de Pais de Alumnos do Colexio M. Peleiro, con ocasión do Día das Letras Galegas, convoca este certame para os alumnos de 2º e 3º ciclo de Educación Primaria e Primeiro ciclo de ESO. Os traballos deberán estar escritos en lingua galega e hai unha modalidade de poesía (un poema de extensión libre) e outra de prosa (narración breve dunha extensión máxima de dous folios). A temática darase a coñecer no momento da realización dos traballos. Cada alumno poderá presentar unicamente un traballo e en cada curso poderán concederse tres premios de poesía e tres de narración e accésits. O xurado formarano membros da Asociación de Pais e mestres do colexio, que dará a coñecer o seu dictame nun acto que se celebrará co gallo do Día das Letras Galegas. Nesta edición, os traballos de 3º de Educación Primaria versaron sobre os seguintes temas: “¿Máis xoguetes?”, “¡Xa non podo máis!”, “O rato Pérez é un ladrón”, “A rebelión dos lapis” e “As historias do avó”; mentres que os de 4º de Educación Primaria sobre os que a continuación se detallan: “¡Que sorpresa!”, “A andoriña non atopaba o seu niño”, “Unha acampada moi divertida”, “A noite das cacharela” e “Remuíños de soños”. Polo que se refire á concesión dos premios, en 3º de Educación Primaria na modalidade de narración, o primeiro premio foi para Alberto Cortegoso Vaamonde por “As historias do avó”, o segundo para Sara Bautista Villanueva por “A rebelión dos lapis” e o terceiro para Natalia García Iriso por “O rato Pérez é un ladrón”, mentres que o accésit recaeu en Cristina Cutrín Gómez por “As historias do avó”. Na modalidade de poesía, o primeiro galardón foi para Marta Ríos Fandiño por “A rebelión dos lapis”, o segundo para Manuela Morán Fernández por “¡Xa non podo máis!” e o terceiro para Sara Alborés Nodar por “¡Xa non podo máis”. En 4º de Educación Primaria, na modalidade de

narrativa, o primeiro premio foi para Daniel Fernández Álvarez por “A andoriña non atopa o seu niño”, o segundo para José Otero González por “Andoriña non encontra o seu niño” e o terceiro para Laura Pena Couso por “O noso amigo, o esquío”; mentres que en poesía, o primeiro foi para Sofía Blancos Santos por “Remuíños de soños”, o segundo para Manuel Suárez Blas por “Unha acampada moi divertida” e o terceiro para Javier González Rial por “¡Que sorpresa!”, mentres que o accésit recaeu en Javier González Rial por “Remuíños de soño”. Para os alumnos de 5º e 6º de Educación Primaria os traballos versaron sobre os seguintes temas: “O sorriso esvaído da nosa palmeira”, “Esa choiva que me encolle a alma”, “Tiña moitos amigos pero ningún ó seu carón”, “A formiga preguiceira” e “O rechouchío dos paxaros ó alboreza-lo día”. En canto aos galardóns en 5º de Educación Primaria, o primeiro foi para Juan Carlos Cortizo Cendón por “A alhambra de Granada”, o segundo para Laura Porrúa Tubío por “A formiga preguiceira”, e o terceiro para César Silva Martínez por “O rechouchío dos paxaros ó alboreza-lo día”, Alba Bello Castro por “O sorriso esvaído da nosa palmeira” e Miriam Lado Morillo por “Tiña moitos amigos pero ningún ó seu carón”. Polo que se refire á modalidade de poesía, o primeiro recaeu en Catalina Sabín González por “Esa choiva de amargura”, o segundo en Diego Blanco García-Granero por “O sorriso esvaído da nosa palmeira” e o terceiro para Laura Escrivá Romaní Pérez por “A formiga preguiceira”, mentres que o accésit foi para Alba Fernández Rey por “Esa choiva que me encolle a alma”. En 6º de Educación Primaria, en narración, o primeiro premio foi para Pablo del Río Loira por “A rede”, o segundo para Belén Vidal Lamela por “A choiva na miña xanela” e o terceiro para Fernando Liñares Varela por “A formiga preguiceira”, mentres que os accésits recaeron en Andrea Fariña Pichel por “Esa choiva que me encolle a alma”, Iván Torres Vargas por “Reacción inesperada” e Sara Pérez Fernández por “O sorriso esvaído da nosa palmeira”. No tocante á modalidade de poesía, o primeiro foi para Marta Masa Formoso por “Amor mariñeiro”, o segundo para Berta Córtez-Lobao Sineiro por “A choiva” e o terceiro para

María Santamariña Folgar por “Esa choiva que me encolle a alma”, mentres que o accésit foi para Alba Vázquez Calvo por “Amigos sen palabras”.

Referencias varias:

-A. I. S., “Certámenes literarios”, *El Correo Gallego*, “Así está el Patio”, 17 maio 2000, p. 38.

Achega o nome dos galardoados nas diferentes modalidades e categorías na convocatoria vixésimo primeira deste certame.

-A. I. S., “Entrega de los premios literarios de las Letras Galegas en Peleteiro”, *El Correo Gallego*, “Así está el Patio”, 20 maio 2000, p. 34.

Faise eco dos gañadores da convocatoria deste certame literario convocado polo Colexio Manuel Peleteiro de Santiago de Compostela.

XXIIº Certame artístico literario **“Compañía de María”**

Convócao a Asociación de Pais de Alumnado e o claustro docente deste centro. Conta cunha modalidade literaria e outra artística. Nesta ocasión, o xurado estivo composto por Javier Castro Rodríguez, Emilio Lavandeira Prieto e Eva Sanín Mariño, na modalidade literaria; e Xosé M. Tomé Fernández, Marcos Vilariño Cabezas e Beatriz García Pelayo, na artística. Os galardoados foron Mateo Chouza Sanín, Ainara Barreiro Fontán, Rocío Conde Codesido, Montserrat Garabato Carbón, Mónica Pascual Otero, Ana Laura Botana Sanmartín, Susana Fugarolas Álvarez-Ude, Andrea Piñeiro Paz, Nelson Antelo Pazos, Xiana Otero Puy, Ángel Calviño Solla, Cristina Gerpe Rodríguez, Javier Ramos Vieiro, Alicia Rey García, David González Peñas, Alejandro Cruces Díaz, Cecilia Caamaño Vázquez, Luís Rendo García, Ana Batalla Cebey e Lucía López Rodríguez.

Referencias varias:

-A. I. S., “Compañía de María”, *El Correo Gallego*, “Así está el Patio”, 25 maio 2000, p. 35.

Achega o nome dos compoñentes do xurado e dos premiados da presente convocatoria deste certame.

Concurso de contos do “**Concello da Baña”**

Convocado co propósito de fomentar a literatura galega entre os máis novos. O certame está dividido en dúas categorías: A) para rapaces de 7 a 12 anos e B) para os de 13 a 17. Os contos teñen que estar escritos en lingua galega e ser orixinais. Os que participen na modalidade B terán unha extensión mínima de dous folios e máxima de cinco. As obras presentaranse no Concello da Baña nun sobre pechado que teña escrito por fóra o título da obra e o pseudónimo do autor, mentres que dentro del debe ir outro, tamén pechado, no que consten os datos do autor. Establécense os seguintes premios: un primeiro premio de 10.000 ptas. e un segundo de 5.000 para a categoría A; e un primeiro de 20.000 ptas e un segundo de 10.000 para a categoría B. Nesta edición, o prazo de presentación de orixinais concluíu o 28 de abril e o xurado estivo integrado por Maximino Gil Chan, Mariano Pazos Currais, Ánxeles Taboada, Katia Gesto Abeijón, Francisco Pazos Currais e Mª Paz Gago Gómez. O primeiro premio, dentro da categoría para os máis novos, foi para Estefanía Lois Carballeira por “O lapiceiro” e o segundo para Francisco Arca Vázquez por “A viaxe fantástica”; mentres que, na categoría B, o primeiro foi para Diego Villaverde Varela por “Volver a nacer” e o segundo para María García Lueiro por “Bolboreta”.

Referencias varias:

-C. B., “Neira Vilas cierra el mes de las Letras con entrega de premios”, *El Correo Gallego*, 31 maio 2000, p. 44.

Faise eco das distintas actividades a celebrar no Colexio Público integrado da Baña, co gallo do Día das Letras Galegas, entre as que salienta a entrega de premios da nova edición deste concurso de narrativa, da que tamén achega a resolución tomada polo xurado. Destaca a presencia de Xosé Neira Vilas e Anisia Miranda, ademais de referirse ao contido dos discursos das autoridades alí presentes.

-E. F., “O escritor Neira Vilas firma exemplares da súa obra no colexio de San Vicenzo”, *El Correo Gallego*, 31 maio 2000, p. 47.

Informa da presencia de Xosé Neira Vilas e a súa muller, Anisia Miranda, no Colexio de San Vicenzo da Baña, onde asisitiron á representación de *O espantallo amigo* e *Que lle pasou a Coelliño* e á entrega de premios do concurso de contos en lingua galega. Tamén se dá o nome dos gañadores do citado concurso, que está organizado polo Concello de A Baña.

XIIº Certame Día das Letras Galegas do **“Concello de Ares”**

Organízao a Concellería de Cultura e Deportes do Concello de Ares e está enfocado a estudiantes de Secundaria, que deben presentar unha narración que teña como tema a “Saúde”, e de Primaria, que poden concorrer con debuxos que teñan como tema “O meu Concello”. Os premios consisten en 8.000 ptas., en material escolar e deportivo, para o primeiro galardoado, mentres que ao segundo correspóndelle 5.000 ptas. Nesta edición, o xurado estivo composto por representantes do Colexio Conde Fenosa e da APA do Colexio Ramón Pimentel, pola Concelleira de Cultura de Ares, María Allegue Piñeiro, e polo Técnico de Cultura do Concello local. Na categoría de Secundaria, na que participaron máis de 20 traballos, o primeiro premio foi para Alicia Rey e o segundo para Borja Bardanca Sánchez. A entrega dos galardóns tivo lugar o 17 de maio.

IIº Certame de cómic do **“Concello de Cangas”**

Convócao o Concello de Cangas e está destinado aos xoves de ata trinta anos. Os traballos deberán ser orixinais, con textos en galego e temática libre. A técnica utilizada será o branco e negro e o formato de presentación en Din A.4, cunha extensión mínima de dúas páxinas e máxima de seis. Para os maiores de 16 anos establécense tres premios que consisten en 75.000, 50.000 e 25.000 ptas. Pola súa parte, os gañadores da categoría de menores de 16 anos recibirán 10.000 e 5.000 ptas os dous primeiros clasificados e un lote de cómics o que quede en terceiro lugar. Nesta edición, o prazo de entrega concluíu o 20 de xullo. Na categoría para os maiores de 16 anos, o primiero premio obtívoo Daniel Docampo Moreno, o segundo Iago Araújo Molina e o terceiro María Vilar Costas, mentres que houbo un accésit para Mauro Regueira Costas. Polo que se refire á categoría de menores de 16 anos, o primeiro premio foi para Antonio Alberto Caride López, o segundo foi para Diego Campos Omil e o terceiro para Francisco Pastoriza Abeijón.

VIº Premio de narración curta para Escolares do **"Concello de Marín"**

Convócao o Concello de Marín dentro das actividades a celebrar no Día das Letras Galegas. Poden participar todos os marinenses e os traballos deben ser orixinais e inéditos, escritos en galego e de tema libre. Presenta tres categorías: a primera para alumnos de 1º, 2º e 3º de Educación Primaria; a segunda para os de 4º, 5º e 6º de Primaria; e a terceira para alumnos de 1º e 2º de ESO. Entregaranse tres premios por cada categoría, consistentes en material escolar e unha placa para o primeiro de cada unha, así como para o centro que represente. Cada centro escolar participante deberá seleccionar un máximo de tres traballos por categoría, que entregarán no Concello de Marín. Así mesmo, cada orixinal irá acompañado dunha plica na que se indique, no seu exterior, o lema que apareza na primeira folla do traballo e, no seu interior, os datos do autor. O xurado estará formado por un representante de cada centro participante, representantes da Comisión Municipal de Cultura e un do mundo da cultura marinense, e actuando como secretario, sen voz e voto, o secretario da Comisión de Cultura. Nesta edición, o prazo de presentación rematou o 26 de maio.

Referencias varias:

-D. P. "VI Concurso de Narración Curta Concello de Marín", *Diario de Pontevedra*, 20 abril 2000, p. 12.

Ver VIº Premio de narración curta “Concello de Marín”, no apartado IX. 1. 1. deste *Informe*.

-D. P., “Convocado un concurso de narración corta para escolares”, *Diario de Pontevedra*, 23 abril 2000, p.

15. Danse a coñecer as bases do

premio.
-D. P., “El Concello entrega lotes de libros a los colegios”, *Diario de Pontevedra*, 11 maio 2000, p. 14.

Ademais de informar que a Concellería de Cultura do Concello de Marín ten previsto entregar lotes de libros en galego a cada un dos centros escolares da localidade con motivo do Día das Letras Galegas, achega certos datos sobre a sexta edición do Premio de Narración Curta para Escolares do “Concello de Marín”.

-D. P., “Los colegios celebran las Letras Galegas con diversos actos”, *Diario de Pontevedra*, 16 maio 2000, p. 13.

Dá conta das diferentes actividades, que se están celebrando en Marín nos colexios da localidade, co gallo do Día das Letras Galegas. Entre elas, salienta o teatro, a actuación de contacontos e a conferencia de Xaquín Agulla Pizcueta, baixo o título “Os poetas das nosas letras”.

Certame de poesía **“Concello de Miño”**

Convocado con motivo do Día das Letras Galegas pola Concellería de Cultura do Concello de Miño. Os traballos deberán ser orixinais, inéditos, estar escritos en galego e ter como temática a nosa cultura e a realidade galega, tendo unha extensión mínima de 30 versos e máxima de 100. Deberán entregarse nas dependencias municipais de Servicios Sociais e na Biblioteca Pública Municipal nun sobre pechado no que figurará o nome do concurso, a categoría e o lema. Dentro do sobre adxuntarase unha cuartilla na que figure o devandito lema e os datos persoais do autor. Poderán participar todos os mozos miñenses que o desexen cunha soa obra por participante. Haberá tres categorías: A) ata 11 anos, B) de 12 a 14 anos e C) de 15 a 18 anos; e premios e accésits para as diferentes categorías. O xurado, designado polo Concello de Miño, emitirá o seu dictame o 12 de maio e os premiados convocaranse para o acto de entrega dos premios, que terá lugar no Salón de Actos do Centro Social Municipal o 17 de maio. Nesta edición, o prazo de entrega rematou o 5 de maio e o xurado, formado por Daniela García Sánchez e Mª José Doporto Sabín, decidiu outorgarlle o primeiro premio da categoría A a Irene Grueiro Cao polo poema presentado baixo o lema “O mellor da vida”, o segundo a Tamara Collas Guzmán por “O meu Miño quente”, o terceiro a Leticia López Pérez por “A primeira comuñón” e o accésit a Lúa Mosquera Tenreiro por “Amigas”. Na categoría B, o primeiro premio foi para Carmen García Barallobre polo poema presentado baixo o lema “Filla galega”, o segundo para Irene Medín Branco por “Quedou alí” e o terceiro para Sara Ares Blanco por “Galicia (aquí ó lado)”. Finalmente, na categoría C, o primeiro premio foi para Mª José García Barallobre polo poema presentado baixo o lema “Terra galaica” e o segundo para Rubén Couce Pérez por “Soa”.

Xº Certame relatos curtos e debuxos do “**Concello de Miño”**

Convocado con motivo do Día das Letras Galegas pola Concellería de Cultura do Concello de Miño. Polo que se refire á modalidade de relato curto, os traballos deberán ser orixinais, inéditos, estar escritos en galego e ter como temática a nosa cultura e a realidade galega, non tendo extensión mínima nin máxima. Deberán entregarse nas dependecnias municipais de Servicios Sociais e na Biblioteca Pública Municipal nun sobre pechado no que figurará o nome do concurso, a categoría e lema. Dentro do sobre adxuntarase unha cuartilla no que figure o devandito lema e os datos persoais do autor. Poderán participar todos os mozos miñenses que o desexen cun só relato curto por participante. Haberá tres categorías: A) ata 11 anos, B) de 12 a 14 anos e C) de 15 a 18 anos; e premios e accésits para as diferentes categorías. O xurado, designado polo Concello de Miño, emitirá o seu dictame o 12 de maio e os premiados convocaranse para o acto de entrega dos premios, que terá lugar no Salón de Actos do Centro Social Municipal o 17 de maio. Nesta edición, o prazo de entrega rematou o 5 de maio e o xurado, formado por Daniela García Sánchez e Mª José Doporto Sabín, decidiu outorgarlle o primeiro premio da categoría A a Leticia López Pérez polo relato presentado baixo o lema “De fin de curso a Santiago”, o segundo a Zeltia Mosquera Tenreiro por “¡María, vou facer o camiño!”, o terceiro para Lúa Mosquera Tenreiro por “Mamá, ¿por que me deixas soa?” e o accésit a Francisco Valiño Álvarez por “Pelín”. Na categoría B, o primeiro premio foi para Irene Medín Blanco polo conto presentado baixo o lema “A vida”, o segundo para Paula Anido Montero por “O diario da nena emigrante”, o terceiro para Cristina Iglesias Crespo por “Contos de antes” e o accésit para Alba Couce Pérez por “Máis sabe o diaño por vello que por diaño”. Finalmente, na categoría C, o

primeiro premio concedéuselle a Marta Sanz Lorenzo polo relato presentado baixo o lema “Relato de vida e morte”, o segundo a María García Otero por “Mar, praia e pensamentos” e o terceiro a Rubén Couce Pérez por “Un domingo calquera”.

Certame literario das Letras Galegas do **“Concello de Porto do Son”**

Organízao a Concellería de Cultura de Porto do Son e está destinado aos escolares. Nesta edición, no primeiro ciclo, os premiados foron Estrella Millares Santos, Iván González Seráns, en Seráns, e Nuria García Bandín e Os Churumbeles 1º, en Xuño. No segundo ciclo, os premios en Campanario foron para Armanda Sampedro García, Isabel Maneiro Deán e Alba Vila Paz; mentres que Enrique Vara León e Ángel Moledo Carreño foron premiados en Portosín. No terceiro ciclo, Ramón Quintáns Vila e Juan Manuel Sobrido Montes resultaron gañadores no Colexio Santa Irene; Marcos Lorenzo Pérez e Adrián Vidal Rodríguez en Campanario; o colectivo de 5º e Iván Calvo Romero en Portosín; Sandra Ventoso Conde, María Ageitos Santamaría e Alba Fernández Sanlés en Nebra. En IES e ESO, primeiro ciclo, os galardoados foron Teresa Parada Miranda e Vicente Ben Batalla; en segundo ciclo, Jesús Ramón Carlos Mayán e Ana Maneiro Carnés; e en Bacharelato, Susana Otero Vázquez.

Iº Concurso de narrativa das Letras Galegas do **“Concello de Santa Comba”**

Convocado polo Concello de Santa Comba. Contempla varias categorías segundo as idades dos participantes. Nesta primeira edición, resultaron merecedores de premio, entre os alumnos máis novos, Eloi Cambre Domínguez e Xulián Souto Amigo. No segundo grupo, o primeiro premio foi para Olaia Mata Caamaño e o segundo para Beatriz Domínguez Pereira. Nestas dúas categorías o primeiro premio é unha bicicleta e o segundo un lote de libros. Na categoría de maiores resultou gañadora Nerea Fernández Rama, premiada cunha videoconsola, e concéderonse accésits a Noelia García Fondo e a María Cousillas Ramos por un traballo novidoso sobre a igrexa de Santa Comba. Ademais elixíronse 41 finalistas que recibiron un diploma. A entrega de premios tivo lugar o 16 de maio no Centro de Cultura de Santa Comba.

Referencias varias:

-E. Forxán, “O concurso infantil de narrativa de Santa Comba tivo 40 finalistas”, *La Voz de Galicia*, 7 maio 2000, p. 51.

Ofrece os nomes dos gañadores deste concurso.

IVº Premio de relatos curtos e contos **“Daniel Hortas”**

A Fundación “O Grelo” Amigos de Galicia convoca este certame, no que poden participar todos os escolares galegos de ata 18 anos, con traballos en galego e de temática libre. Haberá dúas categorías: A) para os escolares menores de 12 anos, cunha extensión mínima de 5 folios e para os que se establece un primeiro premio de 35.000 ptas. e un segundo de 20.000; B) para escolares de entre 13 e 18 anos, con contos de 10 folios como mínimo e cun primeiro premio de 50.000 ptas. e un segundo de 25.000. Nesta edición, os traballos deberán remitirse á Fundación convocante (R/Luís Kasado, 10-6ºA, 36209 Vigo), antes do 1 de maio do 2001.

Referencias varias:

-A. Mínguez, “Benigno Moure recibe el “Grelo de Ouro” por su labor humanitaria en Ourense”, *Faro de Vigo*, “Ourense”, 21 novembro 2000, p. 20.

Ver Premio de poesía “Suso Vaamonde”, no apartado IX. 2. deste *Informe.*

Concurso literario **“Descubre A Baixa Limia”**

Este concurso establece dúas categorías: A) destinada aos alumnos de Primaria e B) para os de Secundaria. Establécese un primeiro premio de 35.000 ptas., un segundo de 15.000 e un premio especial de 50.000 para cada unha das categorías. Nesta edición, na categoría A, o primeiro premio foi para Carmen Susana Álvarez por “Prendidos nun bico”; e o segundo para Jorge Rodríguez Diz por “Un dragón na Baixa Limia”. O premio especial foi para o Colexio Sagrado Corazón de Celanova. Polo que se refire á categoría B, o primeiro premio foi para Delia Salgado Xavier por “Baixa Limia” e o segundo para Paula Araujo Morales e Nuria Varela Amorín por “Dende Batuecas ata a Baixa Limia”. Así mesmo, o premio especial foi para o Instituto de Bande.

Referencias varias:

-Juan Valle, “Una jornada de premios”, *La Voz de Galcia*, “La Voz de Ourense”, 17 maio 2000, p. 54.

Ademais de informar da celebración dunha mesa redonda sobre o papel da universidade na potenciación da actividade teatral e literaria, achega o nome dos gañadores no Premio de poesía, relato curto, teatro, traducción e investigación da “Universidade de Vigo” e do Concurso literario “Descubre A Baixa Limia”.

Concurso de contos en galego **“Día das Letras Galegas”**

O Centro de Desenvolvemento Rural “Portas Abertas” convoca a todos os nenos do Colexio Público de Castrelo do Val a participar no Iº Concurso de contos en galego e aos do Colexio Público Rodolfo Núñez de Vilardevós a participar no IIº Concurso de contos en galego, para celebrar o Día das Letras Galegas. As bases para ambos os dous colexios son as mesmas. O tema dos contos é libre, aínda que se priman os relacionados coa cultura galega e prémiase sobre todo a creatividade. Todos deben levar o nome e apelidos do autor, así como o curso e a clase na que se atopan. Os nenos de infantil, 1º e 2º de Primaria poden presentar, se queren con debuxos, un conto en conxunto por clase e o resto dos nenos de maneira individual. Os galardóns consisten en: un libro en galego para os participantes e un lote de libros en galego para os gañadores, a clase, no caso de participar cun conto en conxunto, profesores, colexio e biblioteca. O xurado compóñeno: un mestre, unha educadora social, dous voluntarios técnicos, todos pertencentes ao CDR “Portas Abertas”, e un mestre do colexio. Nesta convocatoria, que tivo como prazo de entrega o 28 de abril, o xurado de ambos os dous concursos estivo formado por Carmen Serrano Fernández, Antonio Fernández Barreira, Natalia Blanco Álvarez, José Luís Mateo García e Purificación Salgado Rodríguez. Os gañadores foron Manuel Vázquez Losada, de 3º de Primaria, por “O carneiro da tía Maruxa”, Antonio Pérez Álvarez, de 4º de Primaria, por “A zorra e o cazador”, Almudeza Pazos Martínez, de 5º de Primaria, por “O elefante despistado” e Tamara García Gómez, de 6º de primaria, por “O camiño de Compostela”. Polo que se refire aos premiados do Colexio Público Rodolfo Núñez Vilardevós, en 4º de Primaria, o gañador foi

Santiago González por “O anano enrabexado”, en 5º de Primaria, Eva Queija por “O labrador” e en 6º de Primaria, Ángel Prada por “A cabra home”.

Concurso **“Emilia Estévez Villaverde”**

Convócao o Patronato do Museo de Pontevedra e está aberto a todos os alumnos de ensinanza Primaria e de ESO dos centros da comunidade autónoma e de escolas da emigración. Os alumnos de primeiro e segundo ciclo de Primaria poden presentar contos e poesías; os de terceiro ciclo de Primaria, traballos que describan festas locais tradicionais; os de primeiro ciclo da ESO, traballos referentes a oficios típicos ou característicos da zona na que estea situado o centro escolar e os seus instrumentos de traballo; e os de segundo ciclo de ESO, traballos sobre feitos históricos ou semblanzas de personaxes, que sexan conmemorados ao longo do próximo ano. Os traballos, que se presentarán en lingua galega, manuscritos e ilustrados con debuxos, non excederán os 6 folios, a excepción das composicións poéticas que terán como máximo dous folios. En cada traballo presentado figurará o nome do seu autor, con indicación do curso a que pertence, así como o nome do centro escolar e outros datos persoais. Este concurso dota con 15.000 ptas. o primeiro premio e contempla a posibilidade de establecer cinco accésits de 10.000 ptas. Os traballos hai que presentalos na Secretaría do Museo e a entrega dos premios terá lugar durante a Semana das Letras Galegas. Nesta edición o prazo de admisión de orixinais concluíu o 15 de abril e o xurado estivo integrado por Xosé Carlos Valle Pérez, Pedro Rial López, Rafael Fontoira Surís e Xosé Fuentes Alende. No referente aos galardóns literarios, na categoría dos alumnos de primeiro e segundo ciclo de Primaria, na modalidade de narrativa, o primerio premio foi para o conto “O paseo de Martiño”, de Laura Rosendo Arosa, mentres que os dosu accésits foron para “O país das montañas encantadas”, de Andrea Carme Doural García e “O galo Pepón”, de Paula Barcala Ríos. Por outra banda, na modalidade de poesía, o primeiro premio foi

para a composición poética “As miñas plantas favoritas”, de Silvia Vázquez Neira e o accésit para “As flores”, de Beatriz Souto Castellano.

IVº Certame **“Francisco Añón”** de poesía

Convocado polo Concello de Outes e organizado pola Oficina de Información Xuvenil deste Concello coa intención de fomentar os valores da creación literaria en galego da xente nova e promover aspectos vinculados co pensamento do ilustre escritor. Establécense catro categorías: A) para nenos de 6 a 10 anos, B) para os de 11 a 14 anos, C) para os mozos de 15 a 17 anos e D) para os maiores de 18 anos. Os orixinais deberán presentarse en sobre pechado no que conste o título da obra, a categoría e o lema ou pseudónimo do autor e, dentro, outro sobre, que conteña os datos persoais e fotocopia do DNI ou CIF. Os traballos entregaranse na Ofinia de Información Xuvenil (Praza do Bosque, s/n, 15230 Outes) e os das categorías C e D terán unha extensión mínima de cen versos. Nesta convocatoria, o xurado estivo integrado por Xavier Álvarez Olariaga, Teresa Seara Domínguez, Manuel López Rodríguez, Estevo Creus Andrade, Manuel García Fiúza e Santiago Nieto Romarís, que foi o secretario. Na categoría A, o premio quedou deserto; na categoría B, o primeiro premio, de cheque por valor de 20.000 ptas e publicaicón da obra, foi para o poemario *Pequenos relatos*, de Helena Caamaño Campos, mentres que na categoría C, o primeiro premio consistente en 25.000 ptas. e publicacion da obra, foi para Noelia Grandal Vila por *Versos anelados*. Así mesmo, nesta categoría houbo un accésit, que comporta a publicación da obra, para Beatriz Lorenzo López por *Vangardas case íntimas*. Por outra banda, na categoría D, o primeiro premio, valorado en 40.000 ptas. e publicación da obra, foi para Emma Pedreira Lombardía por *As adentras*, e o accésit, que conleva a publicación do poemario para Estíbaliz Espinoso Río por *Versos de construcción.*

Finalmente, o xurado decidiu conceder mencións especiais a Ramón Blanco Fernández por *Pirata do solpor* e a Lucía Durán Paredes por *Musa Reseca*.

Refencias varias:

-T. S., “Colectánea”, *Tempos Novos*, nº 40, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, setembro 2000, p. 71.

Dáse unha breve información sobre o volume *III Certame Francisco Añón de Poesía*, que recolle as obras galardoadas en 1999 nas categorías C (15 a 18 anos) e D (maiores de 18 anos).

VIIIº Certame galego de poesía e narración **“Francisco Fernández del Riego”** para autores novos

Este certame desenvólvese a través da Delegación Provincial da Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude de Lugo coa colaboración da Delegación Provincial da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Nel poden participar os galegos ou residentes en Galicia, dos 10 aos 30 anos, que non teñan publicado ningún libro. Establécense as seguintes categorías: A) nados entre os anos 1987-1990, inclusive; B), nados entre os anos 1983-1986, ambos inclusive; e C), nados entre os anos 1970-1982, ambos inclusive. Para as tres categorías hai unha modalidade de poesía e narrativa. Os concursantes deberán fomular a súa solicitude no impreso normalizado que se indica no anexo II e remitirán os seus traballos sen datos persoais, indentificándoos cun lema. Este repetirase no exterior dun sobre pechado dentro do cal figurarán o boletín de inscrición que se indica no anexo III, cos datos persoais do concursante, xunto cunha fotocopia do seu DNI ou do libro de familia na folla que corresponde ao participante e unha declaracion xurada de non ter publicado ningún libro. Os participantes remitirán os orixinais mecanografados a dobre espacio, en DIN-A4 e a unha soa cara, indicando no sobre “Para o Certame Francisco Fernández del Riego”. Poderán dirixir os orixinais e o sobre pechado ao servicio de xuventude da delegación da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude da provincia na que teñan establecida a súa residencia habitual ou na que radique o colexio, instituto ou asociación xuvenil no caso de grupos, podendo ser en: Rúa Ronda da Muralla, 70, 27003 Lugo / Avenida da Habana, 81, baixo, 32004 Ourense / Rúa Durán Loriga, 9, 1º, 15003 A Coruña / Rúa Mª Berdiales, 20-entrechán, 36203 Vigo. De entre todos os

traballos presentados en cada provincia, o xurado procederá a seleccionar aqueles que pola súa calidade os consideren merecentes, sendo enviadas as notificacións das decisións do xurado aos solicitantes nun prazo non superior a seis meses. No mes de novembro o xurado entregará os premios aos finalistas nas distintas categorías. Polo que se refire á modalidade de poesía, á que concorren composicións en lingua galega de tema e metro libre cunha extensión máxima de 150 versos, concédense os seguinte premios por categorías. Categoría A: primeiro (25.000 ptas., figura de Sargadelos, un lote de libros en galego e unha bolsa para asistir gratuitamente a unha quenda de capamentos, organizados pola Dirección Xeral de Xuventude da Consellería de Familia e Promoción do Emprego Muller e Xuventude, na campaña "Verán-2001"), segundo e terceiro (lote de libros en galego e figura de Sargadelos). Categoría B: primeiro (50.000 ptas., figura de Sargadelos, un lote de libros en galego e unha bolsa para asistir gratuitamente a unha quenda de campamentos ou campos de traballo, organizados pola citada Dirección Xeral), segundo e terceiro (lote de libros en galego e figura de Sargadelos). Na categoría C: primeiro (75.000 ptas., figura de Sargadelos, un lote de libros en galego e unha bolsa como as xa nomeadas), un segundo (50.000 ptas., lote de libros en galego e figura de Sargadelos) e un terceiro (25.000 ptas., lote de libros en galego e figura de Sargadelos). En canto á modalidade de narrativa, os relatos serán en galego, de tema libre e cunha extensión máxima de 5 folios DIN-A4 mecanografados, sendo os premios concedidos iguais aos de poesía. Así mesmo, farase entrega, a cada un dos participantes nas distintas categorías e modalidades, dun diploma que acredite a súa participación neste certame. O xurado será nomeado polos delegados provinciais da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude e da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo de Lugo, recaendo a secretaría nun funcionario da Delegación Provincial da Consellería de Familia e Promocion do Emprego, Muller e Xuventude de Lugo. Nesta edición, o prazo de presentación de orixinais rematou o 30 de xuño de 2000 e o

xurado estivo conformado por Xabier Rodríguez Barrio, Xullo Giz Ramil e Tareixa Campo Domínguez.. Na modalidade de poesía, o primeiro premio da categoría A foi para Bibiana Vicente Feijóo por “Strawberry”; o da B, para Mª Xesús Lemos Bouzas por “¿Que vai ser desta que fala?”; e o da C, para Xoán Xosé García López por “Deriva de amor e corpo”. Por outra banda na modalidade de narrativa, o primeiro premio da categoría A foi para Beatriz Valcárcel Aguiar por “Uxía no País das Letras”; o da B, para María Arce Barreiro por “O pentagrama en chamas” e o da C, para José Antonio Pérez Magdalena por “O coidado do Loucho”.

Referencias varias:

-X. G., “Unha rapaza de Melide gañou o premio ‘Fernández del Riego”, *La Voz de Galicia*, “Comarcas”, 2 decembro 2000, p. 10.

Informa que María Rosa Mato Amboage gañou o terceiro premio de narrativa “Fernández del Riego”, na categoría de mozos entre os dez e treces anos de idade, por *O trasno da bufanda vermella*. Tamén se refire á afección escritora da galardoada.

Certame literario **“A Hora Máxica”**

O CM San Clemente da Universidade de Santiago de Compostela, a través da súa Bolsa de Actividades Socioculturais e Biblioteca, e en colaboración co Vicerrectorado de Estudiantes e de Extensión Cultural, convoca este certame no que poden participar os estudiantes matriculados na universidade compostelá. Os contos serán orixinais e inéditos, cunha extensión que non exceda dos seis folios mecanografados a dobre espacio. Presentaranse por triplicado dentro dun sobre pechado sen remite, datos persoais e marca exterior algunha. Neste sobre incluirase outro, que conteña no seu interior os datos do autor e no exterior o título do conto. Entregaranse no CM San Clemente (Praza Rodríguez Cadarso, s/n., Santiago de Compostela). Os premios consistirán en 25.000 ptas. e diploma para o primeiro relato clasificado, 15.000 e diploma para o segundo e 10.000 e diploma para o terceiro. O xurado estará composto por persoas dedicadas ao mundo das letras e da literatura e o seu dictame farase público o 5 de abril. Os orixinais quedarán en propiedade do citado centro que se reserva o dereito de publicalos no próximo número da revista colexial Lume. Nesta ocasión, que o prazo de entrega de orixinais rematou o 30 de marzo, o xurado estivo formado por Mª Dolores Fernández Tilve, Eulalia Agrelos e Hernández Les.

VIIº Certame literario Día das Letras-2000 do **“IES de Melide”**

Convócao o Equipo de Normalización Lingüística do IES de Melide e nel poden participar calquera alumno do centro. Establécense as seguintes categorías: poesía, prosa e investigación lingüística e/ou cultural. As obras presentadas deberán estar escritas en lingua galega e a extensión e os temas dos traballos serán libres. Na modalidade de investigación valoraranse especialmente aqueles traballos que contribúan á recuperación da memoria histórica e cultural de Terra de Melide (cantigas populares, contos, lendas, xogos...). Para cada categoría hai un único premio para BUP e COU e outro para a ESO, aínda que será facultade do xurado o conceder mencións especiais. O xurado estará formado por membros do alumnado, do profesorado, do persoal docente e da APA do colexio. Os traballos deberán ser presentados na coserxería do centro e levarán o título e nome da modalidade pola que se presentan, non figurando neles o nome do autor, senón un pseudónimo ou lema. Así mesmo, o autor deberá deixar constancia dos seus datos nun sobre pechado. A entrega dos premios levarase a cabo no transcorrer da Semana das Letras. Nesta edición, o prazo de admisión de orixinais rematou o 10 de maio e o xurado estivo composto por Carlos Negro, Gloria Rodríguez Íñiguez, Laura Ferreiro Varela, Lorena García Calvo, Xan Méndez Martínez, Ana Cristina Sobrado Lois e Helena Calviño Vence. No apartado de prosa, o primeiro premio foi para Xosé Manuel Asorey Carril por “Alén da natura morta” e o segundo para Noelia Pena Garea por “Esa era eu”, mentres que no resto das dúas modalidades o premio quedou deserto.

Certame literario Letras Galegas do **“Instituto Xelmírez II”** 2000

O Departamento de Lingua Galega e Literatura do Instituto Arcebispo Xelmírez II convoca este certame, no que poden participar os alumnos deste centro do presente curso con traballos en lingua galega, orixinais e non publicados anteriormente. Haberá dúas modalidades: unha de poesía, para a que se presentará un ou varios poemas cun mínimo de 25 versos mecanografados; e outra de contos, que terán unha extensión entre os 2 e 10 folios e estarán mecanografados a dobre espacio. En cada unha destas modalidades establécense dous niveis: un primeiro para alumnos de 1º, 2º e 3º da ESO; e un segundo para os de 4º da ESO, 3º de BUP e COU. Para cada modalidade e nivel haberá os seguintes premios: un primeiro dotado de 3.000 ptas. e diploma; un segundo, de 2.000 ptas. e diploma; e un terceiro de 1.000 ptas. e diploma. No primiero nivel os premios serán para adquirir material didáctico. Cada traballo irá asinado por un pseudónimo e incluído dentro dun sobre pechado no que só constará por fóra: “Concurso Letras Galegas 2000”. Así mesmo, entregarase outro sobre no que poña por fóra o pseudónimo elixido e dentro os datos identificativos do autor. A presentación dos traballos farase na oficina do centro convocante. Os premios serán entregados nun acto que terá lugar o 16 de maio. Nesta convocatoria, o prazo de admisión de traballos participantes concluíu o 5 de maio. No primeiro nivel na modalidade de poesía, o primeiro premio foi para Paula Batán por “Oda ás meigas da nosa terra”, o segundo para Adriana Ferrín Boquete por “Oda á natureza”, o terceiro para Raquel Leborán Vilaseco por “Oda á vida”e unha mención para Jorge Quintana Martínez por “A vida pasa”. Polo que respecta á modalidade de contos, o primeiro premio foi para Noelia Fernández González por “Adolescencia no recordo”, o segundo para Natalia Rodríguez López

por “O misterio das focas”, o terceiro para Carla N. Souza da Silva por “Soño de amor” e unha mención para Sofía Amado Carollo por “A miña infancia”. Neste nivel o xurado estivo integrado por Jesús Vázquez, Genoveva Díaz e María Gómez. No segundo nivel, na modalidade de poesía, o primeiro premio foi para Belén Fernández Lamela por “Aquel home e tres poemas máis”, o segundo premio para Rubén Reiriz Polo por “Arrabaldos da morte”, o terceiro para Daniel Tojo Díaz por “Coma o mar na marusía” e unha mención para Xosé Carlos Estéver Leret por “Uno azul, división de choque”. Na modalidade de contos, o primeiro premio foi para Ana María Parafita Fraga por “Na vila”, o segundo para Belén Fernández Lamela por “Tola”, o terceiro para Isabel Couselo Fernández por “Os veciños” e as mencións para Rocío Míguez Gacio por “O que a vida nos ensina” e Simón Otero Maroño por “Tormentos á tardiña”. Neste nivel o xurado estivo formado por Manuel Amor, Felicia Estévez, Paulino Vázquez, Eva Campo e Carlos A. Lebredo.

Iº Certame galego de poesía e narración por **“Internet”**

O portal Galiciadixital.com, en colaboración coa Consellería de Educación, convoca este certame no que poden participar todos os rapaces e rapazas de ensino primario e secundario a través dos seus centros. Preténdese potenciar o uso de internet no mundo da educación e crear así unha Biblioteca Xeral Xove, que inclúa as obras dos autores galegos máis novos. Establécense diferentes premios, que oscilan entre as 50.000 e as 10.000 ptas., segundo o nivel de ensinanza e a categoría do galardón obtido. Ademais os traballos gañadores serán publicados na sección de “Tribuna libre alumnos” do portal de Educación incluído e Galiciadixital.com. Para a modalidade de poesía, os traballos terán un máximo de 120 versos, mentres que para narrativa un máximo de de 5 folios. Deberán ser remitidos exclusivamente por internet antes do 15 de xaneiro do 2001 ao enderezo certame@galiciadixital.com cos datos do participante e o aval dun profesor do centro.

XIIIº Congreso nacional de **“Jóvenes investigadores”**

Presentáronse 200 traballos de toda España, dos que quedaron seleccionados 40 para a final, aínda que tan só 10 puideron obtar ao premio. O traballo “Unha ollada nova sobre Castelao”, que foi presentado polos irmáns Sergio e Miriam Raposeiras, conseguiu un accésit de 500.000 ptas.

Referencias varias:

-Estrella López, “Dos hermanos ganadores”, *Diario de Pontevedra*, 13 setembro 2000, p. 8.

Faise eco da consecución por parte dos irmáns Serxio e Miriam Raposeiras dun accésit neste certame, no que participaron en representación de Galicia, Pontevedra e do seu instituto, o “Valle-Inclán”. Sinala que o traballo foi presentado baixo o lema “Unha ollada nova sobre Castelao” e que conta con 320 folios, nos que se desenvolve unha biocrónica sobre o rianxeiro e a súa obra, achegando material fotográfico para completalo. Tamén recolle parte das declaracions dos galardoados, que, entre outras cuestións, apuntaron que a elección de Castelao xurdiu a partir do coñecemento que tiveron duns telóns deste autor e o feito de que o ano 2000 sexa o seu ano.

IIIº Certame de contos e narración curta **“Letras Galegas 2000**”

Organizado pola área de Educación, Universidade, e Xuventude de Ourense para conmemorar o Día das Letras Galegas. Establece dúas modalidades, unha de contos e outra de narración curta. Na de contos poden participar todos aqueles centros de Primaria e de 1º ciclo da ESO, que presenten os seus orixinais en lingua galega seguindo a normativa vixente. O tema será libre e a extensión mínima será de tres folios e a máxima de seis a dobre espacio. Os textos presentados serán inéditos e totalmente orixinais. A primeira selección será realizada polos profesores de galego de cada centro participante, que enviarán como máximo 5 traballos por aula. A entrega dos traballos farase preferentemente en disquetes en formato Word ou WordPerfect. Os contos entregaranse nas dependencias da Área de Educación, Universidade e Xuventude (R/Arcediagos, 3-2º esq.). Os premios consistirán en dúas minicadeas (unha para Primaria e outra para ESO), xunto cunha selección de música galega. O xurado estará composto pola Concelleira-Delegada da Área d Educación, Universidade e Xuventude, polo normalizador lingüístico de Educación, un profesor/a, un escritor e un técnico da área. A entrega dos premios, realizarase no Salón de Plenos do Concello convocante, a cargo de Dna. Belén Girón Vélez. Os mellores traballos serán publicados pola Área para o curso 2000/2001. Estas mesmas bases son válidas para a modalidade de narración curta, na que poden participar todos aqueles alumnos de 2º ciclo da ESO, Bacharelato, Ciclos formativos de grao medio e superior e COU, que presenten os seus traballos orixinais en lingua galega seguindo a normativa vixente. O tema será libre e a extensión mínima de 5 folios e a máxima de 10. Nesta edición, o xurado, que se reuniu o 17 se xuño, estivo composto por Belén Girón Vélez, Alfonso Vázquez-Monjardín

Fernández, Soedade do Miño Cid, Xosé Manuel Fernández Rodríguez e Mª Luz Añel López. A esta convocatoria concorreron 43 traballos, correspondendo 17 á modalidade de contos e 23 á de narración curta. Na modalidade de contos, en Primaria, o primeiro premio foi para Alba Cid Fernández por “Un mar de lembranzas” e os accésits para Iria Domínguez Vázquez por “Laila” e Raquel Núñez Peréz por “A primavera de Antón e María”; mentres que, para os alumnos de ESO, o primeiro premio foi para Sara Gutiérrez Vaquero por “Unha longa viaxe”. Polo que se refire á modalidade de narración curta, o primeiro premio recaeu en Ana Isabel Cabido Quintas por “Uns paos secos de carballo” e os accésits en Santiago Álvarez Álvarez por “Cinco días e unha noite”, en Daniel Martínez Cabrera por “Diario dun inmigrante”, Nagore Blanco Cid por “Latachea e os bugallos” e Silvia Masid Rodríguez por “Noite de Lúa”.

Certame de narración e debuxo infantil **“Letras Galegas 2000”**

Este certame conta cunha primeira fase local, na que participan bibliotecas públicas de diversos municipios lucenses, e unha fase provincial, na que só participan os traballos seleccionados da primeira fase. Na fase local poden participar os rapaces socios de cada unha das bibliotecas convocantes con narracións sobre a “miña biblioteca” ou debuxo sobre “o libro” ou “a biblioteca”. Con respecto ás narracións, os traballos serán en galego, cunha extensión máxima dun folio por unha soa cara. Cada autor pode presentar cantos traballos desexe, acompañando cada un deles cunha folla cos seus datos persoais. Establécense tres categorías: A) ata 8 anos, B) de 9 a 11 anos e C) de 12 a 16 anos. A entrega será efecutada polos seus autores na biblioteca pública municipal. O xurado, formado por persoas entendidas na materia, seleccionará por cada modalidade e categoría un máximo de 3 traballos. Os autores seleccionados recebirán cadanseu diploma e libros. Os traballos premiados nesta fase local participarán na fase provincial do Certame convocada pola Biblioteca Pública Provincial de Lugo, co patrocinio da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Lugo. O dictame do xurado local farase público o 16 de maio. Nesta edición, o prazo de presentación rematou o 5 de maio. A seguir, dáse conta das resolucións tomadas por algunhas das bibliotecas municipais participantes, que logramos coñecer a través da prensa:

Fase local da **“Biblioteca municipal de Antas”**

No concurso de narración premiouse, na categoría de ata 8 anos, a Adrián López Fouz, Xurxo Calderón Otero e Óscar Iglesias Rivas. No apartado de 9 a 11 anos, a Noemí García Varela, Verónica García Mouriño e Patricia Couceiro González. No apartado de 12 a 16 anos, a Diego García Mouriño, María Jesús Buján Varela, Brais Vázquez Lamazaresa e, cun accésit, a José Varela Vázquez.

Referencias varias:

-Begoña Mouriño, "Entregan mañá en Antas os premios dos certames de debuxo e narración infantil", *El Progreso*, "Provincia", 16 maio 2000, p. 15.

Achega os nomes dos gañadores da última convocatoria deste certame, tanto da súa modalidade de debuxo coma de narrativa.

Fase local da **"Biblioteca municipal de Monforte de Lemos"**

Os gañadores de narración ata os 8 anos son Begoña Naveira Núñez, Jonatan Ferreiro Sampedro e Marcos González Díaz; mentres que de 9 a 12 anos, Laura Cabo Domínguez, Vanessa Carreira Torres e Andrés

Alvaredo López; e de 12 a 16 anos, Silvia Gómez Suárez, Bibiana Andrea Vega Rodríguez e Jenifer Díaz Rodríguez. Fase local da **"Biblioteca municipal de Taboada"**

O xurado, que adoptou a resolución o 15 de maio, estivo integrado por Ignacio Portela Gómez, Rocío Galloso Carballo e Susana Rigueira Rey. Os gañadores no apartado de narrativa na categoría A foron, de primeiro a terceiro, Lucía Almuíña, Tania Sobrado e Isabel Negreira. Na categoría B, os gañadores foron Alba Vázquez, Anxo García e Siria Gómez e recibiron accésit Enma Calvo e Uxía Iglesias. Na categoría C, levaron premio Lucía Méndez, Lucía López e Carlos Maciñeiras.

Referencias varias:

-Fernán de Zotero, "A biblioteca de Taboada premiou a 29 nenos polos seus contos e debuxos", *El Progreso*, "Provincia", 18 maio 2000, p. 13.

Achega o nome dos gañadores en cada unha das categorías, tanto na modalidade de narración coma na de debuxo. Así mesmo, dá o nome dos integrantes do xurado.

Fase local da **“Biblioteca provincial de Lugo”**

Formaron parte do xurado Blanca Pacín Somoza, que actuou como presidenta, Xabier Rodríguez Barrio, Purita Martul Vázquez, Carlota Dans Montero e Xulio Xiz Ramil, que exerceu as funcións de secretario. No que se refire ao apartado de narración, os gañadores ata os 8 anos son Mar Neira Cervera, Victoria Salinas Martínez e María López Quiroga; de 9 a 11 anos, Eva Vilar Coira, Anxo Vizcaíno López e Christian Núñez Rodríguez; e de 12 a 16 anos, Alba Mesa Vilanova, Carla María Campo Dacal e Carmén Pérez González-Granxeiro. Os premios entregaranse o día 5 de xuño.

Rematada esta fase, pásase á provincial, que se rexe polas mesma bases, á excepción das datas e galardóns. Pois, agora cada biblioteca pode presentar un máximo de tres traballos por cada modalidade e categoría e o xurado fará público o seu dictame no decurso da primeira quincena do mes de xuño. Por outra parte, os premios están dotados con cadansúa estatuíña de Sargadelos (“Nenos lectores”), diploma e lote de libros; e os accésits, con cadanseu diploma e lote de libros. Nesta edición, o prazo de presentación rematou o 30 de maio e nesta fase provincial do concurso participaron os traballos premiados nas fases locais convocadas polas Bibliotecas municipais de Abadín, Alfoz, Antas de Ulla, Baralla, Barreiros, Burela, Cervo, Chantada, A Fonsagrada, Foz, Guitiriz, Lourenzá, Lugo, Mondoñedo, Monforte de Lemos, Monterroso, Navia de Suarna, Outeiro de Rei, Pantón, Poboa de Brollón, Ribadeo, Riotorto, Sarria, O Saviñao, Sober, Taboada, Valadouro, Viveiro, Xermade e a Biblioteca Pública Provincial de Lugo. Nesta fase, o xurado estivo presidido por Antonio Calvo Varela e formado por Blanca Pacín Somoza, Purificación Martul Vázquez, Xabier Rodríguez Barrio, Carlota Dans Montero, María Teresa Teijeiro Fórneas e Xulio Giz Ramil, que actuou como secretario. Na categoría A, os gañadores foron María José López García, Jesús López Fernández, Mar Neira Cervera e Adrián Blanco Pérez, que recibiu un accésit; na categoría B, Alba Díaz Sánchez, Eva Villar Coira,

Verónica García Mouriño e Anxo Vizcaíno López, que levou un accésit; e na categoría C, Diego García Mouriño, Brais Vázquez Lamazares, Carla María Campo Dacal e Carmen López García, á quen se lle concedeu un accésit. O día 20 de xuño entregáronselle os premios aos galardoados.

Iº Certame de literatura infantil **“Liceo das Pontes”**

Convócao o Liceo Recreativo e Arstístico das Pontes coa finalidade de dar ánimos aos estudiantes a iniciarse na creación literaria. Establece dúas modalidades, narrativa e poesía, e presenta seis categorías: Educación Infantil; 1º, 2º e 3º ciclo de Educación Primaria; Eduación Secundaria Obligatoria; Bacharelato; Formación Profesional; e Educación Secundaria Postobligatoria. Os textos deben estar escritos en galego, non teñen límite de extensión e a súa temática é libre. No caso da categoría infantil, admitaranse traballos gráficos, incluso sen apoio escrito. A presentación deberá facerse no local social da entidade convocante (Avenida de Galicia, 97). Os premios consistirán en lotes de libros para os gañadores e a publicación conxunta dos traballos premiados. O dictame do xurado darase a coñecer o 17 de maio. Nesta edición, o prazo de admisión de orixinais rematou o 24 de abril e os alumnos de Educación Infantil do Colexio Santa María resultaron gañadores na categoría infantil; Paula Álvarez González, Lucía Martínez e Rebeca Novás Carballo, no primeiro, segundo e terceiro ciclo de Primaria, respectivamente; e Alberto Gayoso, en Educación Secundaria.

IIº Concurso literário xuvenil **“Máis alá”**

Convócao Galiza Nova e poden concorrer a el todos os mozos e mozas con idades comprendidas entre os 14 e os 27 anos. Inclúe as modalidades de poesía e relato curto, tendo que presentarse para a primeira modalidade un mínimo de tres poemas e un máximo de cinco e para a segunda, relatos entre as 15 e 20 páxinas. Os traballos serán en galego, inéditos, mecanografados a dobre espacio e por unha soa cara. Entregaranse por triplicado con pseudónimo e baixo plica, na que consten os datos persoais do autor, en Galiza Nova, (R/Santiago de Chile, 28, entrechán deteira, Santiago de compostela), antes do 1 de xuño de 2000. Establécese un premio para os mellores traballos de cada unha das modalidades consistente na publicación e difusión dos traballos. Así mesmo, editarase un libro xunto cos gañadores da primeira edición. O xurado estará formado por autores e autoras galegas de recoñecido prestixio

IXº Premio literario **“Manolo Lado”**

O IES Alfredo Brañas de Carballo convoca este premio, coa colaboración do Concello de Carballo e Caixa Galicia. A el poden concorrer todos os estudiantes de ensino medio matriculados no curso académico 1999/2000 en calquera dos institutos de Bacharelato, FP ou IES de Galicia. Os traballos deben estar escritos en lingua galega e establécense dúas modalidades: narrativa, que recolle relatos curtos de tema libre e cunha extensión mínima de dous folios e máxima de oito, mecanografados a dobre espacio e por unha cara; e poesía, que abrangue un conxunto de poemas, entre catro e dez, de tema e forma libre, mecanografados a dobre espacio e por unha cara. Deben ser inéditos e estar acompañados dunha plica co mesmo pseudónimo e, no seu interior, figurarán os seguintes datos: nome, apelidos, enderezo, teléfono e centro onde o autor realiza os seus estudios. Os orixinais enviaranse á Secretaría do IES Alfredo Brañas (R/ Vila de Corcubión, s/n. 15100 Carballo). Concederanse tres premios para cada unha das modalidades de narrativa e poesía e a contía económica, que será a mesma para ambas as dúas, consiste en 25.000 ptas. para o primeiro premio, 15.000 para o segundo e 10.000 para o terceiro. O xurado estará constituído por membros da comunidade educativa e os premios serán entregados no acto que se celebrará o día 16 de maio na Semana das Letras Galegas, do IES Alfredo Brañas. Os traballos premiados ficarán en propiedade do citado instituto para ser publicados, mentres que os restantes poderán retirarse no prazo de tres meses, a partir da resolución do xurado. Nesta edición, o xurado estivo formado por Mª Victoria Barros Taboada, Francisco Xabier Charlín Pérez, Xulia Gallego Sánchez, Gonzalo Llorens Inglés, Matilde Tasende Vázquez e Arturo Vizcarra Trillo. Na modalidade de narrativa, o primeiro premio foi para Víctor

Recarey Añón por “O diamante”, o segundo para María García Lueiro por “Calibre 25” e o terceiro para María Pilar Cordeiro Rojo por “Lonxe do Mencer”; mentres que, na modalidade de poesía, o primeiro premio foi para Mª José Facal Martínez por “Medulio”, o segundo para Víctor Recarey Añón por “A pomba” e o terceiro para María Graña Pérez por “Onchi”.

Iº Premio literario **“Manuel Luís Acuña”**

No outono de 1999, convocouse a primera edición deste premio na comarca de Terra de Trives, co motivo de conmemorar o centenario de Manuel Luís Acuña, que naceu o 3 de outubro de 1899 en Sobrado de Trives e finou en Ourense en 1975. A súa organización corre a cargo do Servicio Lingüístico Comarcal de Terra de Trives, dependente da Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia. Os obxectivos da presente convocatoria inicial son fomentar a creatividade literaria entre a xente nova, espertar o interese deste colectivo polas diversas manifestacións culturais propias da bisbarra e contribuír ao coñecemento do labor intelectual de Manuel Luís Acuña entre a mocidade da comarca e divulgar a súa obra. Está destinado ao público escolar da comarca e establécese unha categoría A (para alumnos de 5º e 6º de educación primaria), B (para alumnos de 1º, 2º e 3º de ESO) e C (alumnos de 4º da ESO, FP, 3º de BUP e COU). As modalidades que hai son as de creación, poesía e relato curto, para a categoría A, B e C; e de investigación, versado en termas relacionados coa cultura e as tradicións da comarca, para a categoría C. Para cada categoría establécese a concesión dun 1º, 2º e 3º premio e o galardón consistirá na entrega pública dun diploma a cada premiado, a correspondente publicación dos traballos e, en función do premio acadado, un agasallo consistente nun lote de materiais subministrados polas empresas participantes da comarca. A extensión dos traballos debe estar entre os 50 e 100 versos para a modalidade de poesía; e nun mínimo de tres folios e máximo de dez para a de relato curto e investigación. Todos os traballos, que deben ser inéditos e escritos en galego, teñen que estar mecanografados por unha soa cara e para o caso dos de prosa, escritos a dobre espacio. A entrega de premios terá lugar o 17 de maio no Centro Comarcal de

Terra de Trives. Nesta primeira edición, o xurado, que estivo composto por Xoán Carlos Domínguez Alberte, Xosé Vicente Cid Borrajo, Joaquina Enríquez Vázquez, Nieves Rodríguez Vázquez, Joaquín González Prado e Eduardo González Montes, reuniuse o 25 de abril. A súa resolución foi a seguinte: na categoría A, na modalidade de creación en relato curto, o primeiro premio foi para Noa Vasallo Barrueco por "O pillo do Delmiro", o segundo para Jairo Blanco Rodríguez por "O neno e as estrelas" e o terceiro para Anabel Villarino Álvarez por "Un país de chopos"; mentres que na categoría B, na modalidade de creación en relato curto, o galardón foi para María Teresa García Caneda por "¿Canto gañas por hora?" e en poesía, para Antonio Domínguez Chaos por "Meu meniño querido, meu meniño de ben". Finalmente, na categoría C, na modalidade de investigación, o primeiro premio foi para Elsa Alonso Rodríguez por "Esencia dun pasado".

Referencias varias:

-R. R., "Un paseo polo ensino na República na Casa da Cultura barquense", *La Voz de Galicia*, Especial", 17 maio 2000, p. 15.

Sinala que a Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia en Trives organizou un acto con motivo das Letras Galegas, que vai comezar coa entrega do primerio premio literario que leva o nome de Manuel

Luís Acuña. Indica en qué consiste o premio e sinala que tamén haberá un recital de pemas e textos do autor sinalado. Por outro lado, informa que no Barco a compañía Balea Branca, porá en escena a obra de Darío Fo, *Parella aberta* e que haberá unha conferencia de Marcos Valcárcel sobre o pensamento Galeguista. Así mesmo, faise eco das actividades a celebrar tamén con motivo do Día das Letras Galegas nos centros educativos da bisbarra, entre as que salienta a inauguración, trala reforma, do insituto barquense "Lauro Olmo", na que se prepresentará unha obra inédita do escritor, *A Noticia*.

-J. Cruz, "Trives divulga la figura de Manuel Luis Acuña", *La Región*, 18 maio 2000, p. 14.

Dáse noticia da entrega de diplomas do Iº Premio Literario Manuel Luís Acuña, certame ao que participaron escolares dos concellos da Pobra de Trives, Chandrexa de Queixa, Manzaneda e San Xoán de Río, todos eles da comarca ourensá de Terra de Trives. Tamén se alude aos outros actos que se desenvolverán dentro do programa "Manuel Luís Acuña 2000", como un congreso e mais unha exposición gráfica e biográfica sobre o poeta trivés Manuel Luís Acuña, organizados polo Servicio Lingüístico Comarcal de Terra de Trives.

XIIº Concurso de contos “**Manuel Murguía”**

Certame convocado polo Concello de Arteixo para os seus escolares. Foron premiados Jorge García, Juanma López e Diego Zas da Escola Infantil de Larín; Abel García, Ismael Gesto, Mikel Cambón e Shaila Lorenzo da Escola de Rorís; José Luís Vázquez, Yolanda Rodríguez, Ana Patricia Veira, Elena López, Alicia Rodríguez, Miguel Martín, Carla Pérez, Joana Cerviño e Sonia Esmorís do Colexio Ponte dos Brozos; Javier Zas, Diego Beiro, Dámaris Amado, Miriam Novo, Nuria Sánchez e Paloma Calvo do Colexio de Galán; Estefanía Ramudo, Cristina López, Úrsula Casas, Bibiana Castiñeira, Noelia Dans, Vanessa, Sara, Olalla, Laura e Joni do Colexio de San Xosé Obreiro e María Domato e Vanessa Casas do Instituto de Sabón.

IIIº Certame de poesía **“María Baña”**

Co motivo de promover a figura e a obra da “poetisa popular” de Neaño (Cabana de Bergantiños), María Baña, o Departamento de Cultura e Deportes do Concello de Cabana de Bergantiños convoca este certame. A el poden concorrer alumnos de Ensino Primario, Secundaria, FP, Barcharelato, COU de todos os centros de Galicia, así como adultos maiores de 18 anos. Establécense as seguintes categorías: A), para o 1º ciclo de Primaria; B), para o 2º ciclo de Primaria; C) para o 3º ciclo de Primaria; D) para o 1º ciclo de Secundaria; E) para o 2º ciclo de Secundaria, BUP, FP e COU; e F) para adultos (maiores de 18 anos). A extensión e temática dos traballos é libre, podendo participar cun único poema ou con varios, sempre que estean escritos en galego e sexan inéditos. Entregaranse nun sobre, no que se indique por fóra a categoría participante e no que no seu interior vaia outro lacrado cos datos do autor. A entrega deberá efectuarse no Departamento de Cultura e Deportes (Casa do Concello. A Cabana, s/n., 15115 Cesullas, Cabana de Bergantiños (A Coruña). Cada un dos seis premios constará de placa do Concello convocante e dun lote de libros. A concesión dos premios terá lugar o 17 de maio na Biblioteca Municipal de Neaño. Nesta edición, o prazo de entrega de orixinais concluíu o 12 de maio e, na categoría A, a gañadora foi Sonia Mª González Núñez; na B, Mónica García García; na C, Carmen Pereira Serra; na D, Natalia Pose Amado; na E, Ana Castro Iglesias; e na F, Francisco Quiroga López.

XXVIIIº Certame literario **“Minerva”**

Certame convocado polo Colexio Peleteiro de Santiago dende o ano 1972 e conseguírono escritores consolidados hoxe en día como son Lois Diéguez, Ánxeles Penas, Darío Xohán Cabana, Anxo Rei Ballesteros, Suso de Toro ou Xabier Queipo. Nel poden participar alumnos de 3º e 4º de ESO, BUP, COU, novo Bacharelato e ciclos de FP, que cursen os seus estudios en centros de Galicia e non teñan cumpridos os 20 anos o 31 de decembro de 2000. Os traballos deberán ser orixinais e inéditos, escritos en lingua galega e poderán concorrer nas seguintes modalidades: poesía (un conxunto de tres poemas, de tema e formas libres) e narración (de tema libre e dunha extensión máxima de seis folios, mecanografados a dobre espacio). Enviaranse o orixinal e tres copias, con pesudónimo ou lema, xunto a un sobre pechado no que figuren os datos do autor, que deben vir selados polo Seminario de Galego para acreditar a súa condición de alumno do centro. No exterior do sobre figurarán o pseudónimo ou lema e o título da obra e deben remitirse a XXVIIIº Certame literario “Minerva” (Colexio M. Peleteiro, San pedro de Mezonzo, 27 15701 Santiago de Compostela). Concederanse tres premios en cada unha das dúas modalidades, de 125.000, 70.000 e 50.000 ptas. respectivamente, medalla de prata conmemorativa do certame e publicación das obras galardoadas nun libro editado polo centro convocante. O xurado estará constituído por escritores e profesores de lingua ou literatura de distintos centros de Galicia e darase a coñecer con anticipación á emisión do seu dictame, que se comunicará o 6 de maio. A entrega de premios terá lugar o 24 de maio nun acto literario, no que os agasallados deberán ler, total ou parcialmente, a súa obra. Nesta edición, o prazo de presentación concluíu o 31 de marzo e o xurado da modalidade de narración estivo composto

por Víctor Fernández Freixanes, que actuou como presidente, Manuel Quintáns Suárez, Xavier Queipo, Xavier Castro Rodríguez e Alberto Muñiz, que foron vocais; e, na modalidade de poesía, por Luis Alonso Girgado, que foi o presidente, Avelino Abuín de Tembra, Xulio López Valcárcel, Armando Requeixo e José M. González Sanabria, que foron os vocais. As funcións de secretario levounas a cabo Xavier Ferreiro Lozano. Presentáronse 275 orixinais, 169 de narración e 106 de poesía, resultando finalistas 28 narracións e 23 triloxías poéticas. Na modalidade de narrración, o primeiro premio foi para Eduardo González Solleiro por “A casiña das bonecas”, o segundo para Beatriz Lorenzo López por “A perla” e o terceiro para Samuel Solleiro González por “Fantasía con espellos número 1”. Os accésits corresponderon a Adrián Rodríguez por “Ha elegido usted gasolina super”, Eduardo González Solleiro por “O viaxeiro das nubes” e Adrián Martín Prieto por “A sombra dunha manada de moscas”. En canto á modalidade de poesía, o primeiro premio recaeu en Tania García Ruibal pola triloxía, presentada baixo o seudónimo de “TA”, o segundo en Lucía Aldao Sánchez por “Poemas dende o chan” e o terceiro en Carolina Alba Castro Estévez por “Sereas de outubro”. Os accésits corresponderon a Paulo Vaamonde Espasandín por “Noite nova de insomnio vello”, Ana Durán Losada por “Alcanzando a desmesura” e Eduardo González Solleiro por “Diario”.

Referencias varias:

-A. I. S., “Entrega de los premios del Certame Literario Minverva en Peleteiro”, *El Correo Gallego*, “Así está el Patio”, 24 maio 2000, p. 39.

Despois de anunciar a entrega dos premios desta convocatoria nun acto que terá como mantedor a Víctor Fernández Freixanes, comenta que estes premios foron convocados por primeira vez en 1963 co nome de “Juegos Florales Minerva” e baixo o impulso de Avelino Abuín de Tembra. Así mesmo, apunta que daquela foron premiados mozos escritores que hoxe forman parte importante das nosas letras, como é o caso de Xesús Rábade Paredes, Darío Xohán Cabana ou Manuel Guede. A seguir, sinala que en 1984 se retomou a convocatoria do certame e que, desta vez, saíron escritores como Rafa Villar, X. A. Neira Cruz ou Olga Novo. Finalmente, achega o nome dos compoñentes do xurado e dos galardoados nesta última convocatoria.

Certame de poesía infantil de **“Nadal 1999/2000”**

Ao igual que o Certame de narración e debuxo infantil “Letras Galegas 2000”, descrito máis arriba, no mes de Nadal as bibliotecas públicas de diversos municipios lucenses seleccionan unha serie de traballos para que logo poidan concursar na fase provincial. Polo que se refire á fase local, cada biblioteca pública municipal convoca este certame, no que poden participar os nenos con poemas sobre o tema xenérico de “O Nadal”. Establécense tres categorías: A) ata 8 anos, B) de 9 a 11 anos, e C) de 12 a 16 anos. Cada autor poderá presentar cantos traballos desexe, debendo estar escritos en galego cunha extensión máxima dun folio por unha soa cara. Con cada traballo acompañarase unha folla co nome e demais datos do autor. Deben ser entregados na Biblioteca pública municipal. Un xurado, formado por entendidos na materia, seleccionará por cada modalidade e categoría un máximo de tres traballos. Os autores seleccionados recebirán cadanseu diploma e libros. Os traballos premiados nesta fase local participarán na fase provincial do cetame, convocado pola Biblioteca Pública Provincial de Lugo, co patrocinio da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Lugo. O dictame do xurado farase público antes do 15 de xaneiro de 2000. En novembro deste ano 2000 tamén se convocou a seguinte edición deste certame A seguir, dáse conta das resolucións da convocatoria do ano 1999/2000 coñecidas por prensa, dalgunha das bibliotecas participantes:

Fase local da “**Biblioteca municipal de Antas de Ulla”**

Na categoría A, foron distinguidos José Costa, Adrián López e María Calderón. Tamén houbo accésits para Erika García e Jesús Moure. No apartado B, os galardóns recaeron en Alba Val, Lorena Abelairas e Cristina García; mentres que os accésits foron para Verónica García Mouriño e Noemí García. Na categoría C, as distincións foron para Sebastián Santiso, Beatriz Saa e Luz Varela e os accésits para Victoria Moure e Marta Guevara.

Referencias varias:

-Begoña Mouriño, “La biblioteca de Antas de Ulla falla su certamen de poesía de Navidad”, *El Progreso*, “Provincia”, 14 xaneiro 2000.

Achega o nome dos gañadores da convocatoria deste certame do ano 1999.

Fase local da **“Biblioteca municipal de Outeiro de Rei”**

Na categoría A, os gañadores son David García Silvarrey, David Corral Carballido e Adrián Cobas Arias. Tamén houbo accésits para Adrián Seijas Gadín e Fani Varela Pena. No grupo de 9 a 11 anos, os galardoados son Ricardo Núñez Núñez, Cristina Lage Suárez e María Varela Ferreiro. Os accésits recaeron

en Álvaro Veigas Méndez e Tani Díaz Seijas. No grupo de 12 a 16 anos, non se presentaron traballos. Nesta biblioteca, os premios consisten en diplomas e lotes de libros.

Fase local da "**Biblioteca municipal de Sarria"**

Na categoría A, os gañadores foron Águeda Díaz Gómez, Tamara Costa Montes e Uxía Rubio López; no apartado B, Daniel López García, Iván Iglesias Sangil e Manuel Montero López; e na categoría C, Carmen López García, Lorena Cabañas López e Rosa María López Moscosos. Tamén houbo un accésit para Andrea Loureiro Páramo.

Fase local da **"Biblioteca municipal de Vilalaba"**

Na categoría A, de ata 8 anos, gañaron Alba Irimia Paz, Luara Pena Roibas e Damián Roca Bello, cada un deles cun poema titulado "O Nadal". Na categoría B, de 9 a 11 anos, os gañadores son Patricia López Díaz, Cristina Currás e Iria Currás. Na categoría C, de 12 a 16 anos, Sandra Ferreiro Hermida, Roberto Fraga Martínez e María Luz Airado Bello.

Fase local da **"Biblioteca provincial de Lugo"**

Na categoría A, os gañadores foron Gabriela Vila Sánchez polo poema “O boneco de neve”, Diego López Redondo por “O nacemento de Xesús” e Laura Muíña Díaz por “Papá Noel”. Os accésits nesta categoría foron para Sergio Navarro Porto por “Papá Noel e os xoguetes” e Miguel López López por “O Nadal”. Na categoría B, os premios foron para Alicia Fernández Díaz por “Imos a Belén”, Ángela Fernández Veiga por “O Nadal” e Marta Carreira Penela por “Poema do Nadal”.

Certame **“Os Nosos Contos”** do Concello de Vimianzo

Convocado pola Concellería de Cultura do Concello de Vimianzo dentro do programa de Letras Galegas coa finalidade de contribuír ao desenvolvemento da narrativa galega e á promoción da lingua. Poderán participar todos os escolares que o desexen, con traballos escritos en galego e de tema libre. Establécense catro categorías: ata 5 anos, de 6 a 8, de 9 a 11 e de 12 a 14. As obras deberán dirixirse ao Concello, polo sistema de plica. Nesta edición, o prazo de entrega concluíu o 13 de maio.

XVIIº Premio “**Ourense de contos para a mocidade”**

Convocado pola Casa da Xuventude e a Agrupación de Libreiros de Ourense co patrocinio da Concellería de Cultura e a Delegación Provincial de Familia, Muller e Xuventude. Poderán participar todos os mozos de 14 a 30 anos. Os traballos serán de tema libre, orixinais, inéditos e en lingua galega. A extensión mínima será de 6 folios e a máxima de 25. Presentaranse baixo pseudónimo e irán acompañados dun sobre pechado, no que figure no seu exterior o pseudónimo, así como a frase “menor de 17 anos”, se fose o caso; e no seu interior, unha fotocopia do DNI mais o título dos contos e o enderezo ou teléfono. A entrega efectuarase na secretaría da Casa da Xuventude de Ourense (R/ Celso Emilio Ferreiro, 27, 32004). O primeiro premio será de 100.000 ptas. e haberá catro accésits de 25.000 ptas., ademais de publicárense as obras. Dous accésits recaerán necesariamente en concursantes menores de 17 anos. Este premio xa fora conseguido en anteriores edicións por Xosé Carlos Caneiro, Pedro Gonzalves, Marco Valerio Lama, Paula Carballeira Cabana, Sechu Sende, An Alfaya, Rafa Villar, Antón Riviero Coello, Estevo Crreus ou Ana Cristina López (“Ana Mirinda”). Nesta edición, o prazo de entrega de orixinais rematou o 25 de abril e o xurado estivo composto por Delfín Caseiro, Mar Gil, Xulio López, Mercedes Seixo, Marisé Suárez e Benito Losada, que actuou como secretario, pero sen voto. O galardón, que se resolveu o 16 de maio en Santiago de Compostela e ao que concorreron 55 autores cun total de 65 contos, foille concedido a Eva Moreda Rodríguez por *Veas verdes*. Por outra banda, os accésits recaeron en Enma Pedreira Lombardía por *A través do corazón bivalvo*, Alberto Rodríguez Díaz por *Caeu a noite*, Raúl Pérez Diéguez por *Pantomina*

e Alba López López por *Chove*, estes dous últimos no apartado de menores de 17 anos. Os galardóns foron entregados o 10 de xuño coincidindo coa celebración da Feira do Libro.

IVº Concurso do conto galego de “**Paraños”** Ver IVº Concurso do conto galego de “Paraños”, no apartado IX. 1. 1. deste *Informe.*

Certame de contos e poesía **“Pilar Mayo Castro”**

Convócao o Concello de Fisterra e está dirixido a alumnos do municipio. Nesta edición, o prazo para presentar os traballos rematou o 19 de maio.

IXº Certame literario de **“Piñor”** Ver IXº Certame literario de

“Piñor”, no apartado IX. 1. 1 deste *Informe.*

IVº Certame de poesía e contos **“Poeta Lorenzo Varela”**

A Asociación Cultural Falcatrueiros de Monterroso convoca este certame en colaboración coa Consellería de Educación, co gallo do Día das Letras Galegas. Está dirixido a rapaces que cursen os seus estudios de EXB, Bacharelato ou ESO en calquera centro educativo, público ou privado. Os traballos terán que estar escritos en galego e o seu tema será libre. Haberá catro categorías, con tres premios cada unha: de 6 a 8 anos, que entregarán 2 contos; de 9 a 12 anos, 3 contos ou 3 poesías; de 12 a 16 anos, 4 contos ou 4 poesías; e de 16 a 18 anos, 5 contos ou 5 poesías. A extensión por categorías será a seguinte: na primeira, un máximo de dous folios por conto, por unha soa cara e a dobre espacio; na segunda, un máximo tres folios cos mesmos requisitos; na terceira e na cuarta, catro folios. Os traballos, que se deben presentar por duplicado, xunto a un sobre que inclúa os datos do autor, teñen que entregarse na secretaría dos centros educativos onde cursen os seus estudios, nas bibliotecas municipais ou na asociación convocante. Os premios daranse a coñecer no taboleiro do centro a partir do 24 de maio e os galardóns, consistentes en lote de libros, diploma e medalla de Sargadelos, o 28 de maio. Nesta edición, o prazo de admisión de traballos concluíu o 19 de maio.

Referencias varias:

-Ramón Penela, “Convocan en Monterroso o certame de poesía e contos ‘Poeta Lorenzo Varela”, *El Progreso*, “Provincia”, 20 abril 2000, p. 14.

Achega as bases da cuarta edición deste certame de poesía e contos destinado a rapaces de entre os 6 aos 18 anos.

Iº Certame literario de relato curto **“Os Viaductos”**

O Concello de Redondela, a través da Concellería de Xuventude, convoca este premio para autores con idades comprendidas entre os 17 e 30 anos. Os traballos serán de tema libre e terán unha extensión máxima de 15 folios e mínima de 10. Deberán presentarse en formato DIN A4 e estar escritos a máquina por unha cara e a dobre espacio. Así mesmo, serán orixinais, inéditos e non premiados en calquera outro tipo de curso. Entregaranse tres copias sen firmar, dentro dun sobre pechado que especificará no exterior o pseudónimo elixido e o nome do certame. Dentro irá outro sobre, que conteña os datos do autor. Establécese un primeiro premio de 100.000 ptas. e un segundo de 50.000. Entréganse no Rexistro do Concello de Redondela. O acto de entrega dos premios terá lugar o 17 de maio e o concello resérvase a propiedade dos relatos premiados e os dereitos de publicación, renunciando o seu autor a calquera tipo de remuneración polos dereitos de autor. Nesta ocasión, o prazo de admisión rematou o 2 de marzo e o xurado estivo composto por Lola Míguez, José Ángel Xesteira e Manuel Bragado. O primeiro premio foi para Xosé Carou Rey polo relato “O recendo do xasmín” e segundo para Moisés Álvarez Jorge por “Furioso era un cabalo branco que chegou do sur”. Tamén houbo dúas mencións especiais a María José Darriba Docampo por “O cigarrón” e María Xosé Couñago Míguez por “De Deus a Deus”.

Referencias varias:

-S. Q., “Entregan los premios de Os Viaductos”, *Atlántico Diario*, 5 maio 2000, p. 16.

Recolle os nomes dos gañadores desta primeira edición do concurso e o desexo da edil de Cultura do Concello de Redondela, Carmen Rodríguez, de que este certame se consolide e se convirta nun premio literario estábel.

-Belén R. Otero, “O recendo do xasmín’ de Carou Rey gaña el ‘I Certamen de Relatos Cortos”, *Atlántico Diario*, “Redondela”, 18 maio 2000, p. 17.

Informa da resolución do xurado da primeira convocatoria deste premio, á que se presentaron 23 obras. Tamén achega certos datos referentes aos seus gañadores.

-Belén R. Otero, “La Concellería de Xuventude convoca el Certame Literario de Relatos ‘Os Viaductos”, *Atlántico Diario*, “Redondela”, 10 decembro 2000, p. 13.

Anuncia as bases da segunda convocatoria e achega o nome do gañador da primeira, Xosé Carou Rei, do que tamén sinala outros galardóns literarios que ten conseguido.

Xº Certame de contos da **“Vila de Pontedeume”**

Co gallo do Día das Letras Galegas, o Concello de Pontedeume organiza este certame, destinado a estudiantes de BUP, 2º ciclo de ESO, Bacharelato, COU e FP. Os traballos, que deberán ser en galego, terán unha extensión de entre 4 e 6 folios e entregaranse no Rexistro Xeral do Concello de Pontedeume (R/Real, 13, 15600 Pontedeume-A Coruña). Os premios son de 50.000, 20.000 e 15.000 ptas. O dictame coñecerase o 17 de maio. Nesta edición, o prazo de entrega de traballos concluíu o 28 de abril e o o xurado estivo formado por Agustín Fernández Paz, en calidade de presidente, Flora Carpente, Lucía Allegue, Dunia Álvarez e Esther Leira. Polo que se refire aos galardóns, o primeiro recaeu en Beatriz Lorenzo López por “A moza do cine Avenida”, o segundo en Samuel Solleiro González por “A tumba dos loitadores” e o terceiro en Adrián Martín Prieto por “A sombra dunha manada de moscas”. Tamén houbo unha mención do xurado para María do Carme Martínez Baleirón por “Morrer non doe” e para Beatriz Lorenzo López por “A perla”.

Iº Concurso **“Reconquista”** de narracións infantís e xuvenís

Convocado polo Instituto de Estudos Vigueses co patrocinio do Círculo Cultural, Mercantil e Industrial. Haberá dúas categorías: unha infantil, para aquelas persoas que teñan 14 anos; e outra xuvenil, para as que teñan entre 15 e 18. O traballo consistirá nun conto ou narración no que apareza algún feito histórico de Vigo, personaxe, monumento, edificio ou lenda, nos que se mesture realidade e fición. Non deberá ter menos de catro folios escritos á man por unha soa cara e poderá levar algunha ilustración persoal. Presentarase nun sobre que indique “Para o Iº Concurso 'Reconquista' de Narracións”, asinado cun lema ou pseudónimo e acompañado doutro sobre pechado, co lema ou pesudónimo por fóra, e os datos persoais do autor por dentro. Deberá enviarse ao Círculo Mercanitl (Rúa do Príncipe, 44, baixo). Establécense os seguintes premios: para a categoría infantil, un primeiro de 30.000 ptas., un segundo de 25.000 e un terceiro de 20.000; mentres que para a xuvenil, un primeiro de 40.000 ptas., un segundo de 35.000 e un terceiro de 30.000. Haberá ademais un premio especial de 50.000 ptas., sen ter en conta a idade, para o traballo que o xurado considere máis orixinal e meritorio. O xurado, que estará composto por membros do IEV, do Círculo Mercantil e figuras da literatura, terá en conta a idade do autor para xulgar o mérito da narración. Nesta edición, o prazo de entrega de orixinais rematou o 22 de marzo e o xurado estivo formado por Gerardo Sacau Rodríguez, Manuel Vilas Ruibal e Bernardo Miguel Vázquez Xil. Na categoría infantil, o primeiro premio foi para Maruxa Ulloa Meijide por “Roubo no museo Quiñones de León”, o segundo para Dora Beatriz Vázquez Nava por “El romance del pirata” e o terceiro para Rocío Suso Gil por “O roubo en Quiñones de León”; mentres que, na categoría xuvenil, o primeiro foi para Arantxa Serantes por “No mar de

Vigo”, o segundo para Marta Fernández Rodríguez e o terceiro para Valle Iglesias González. O premio especial foi para o Colexio Público Altamar pola nutrida participación e esforzo dos seus alumnos na categoría infantil.

XIIIº Certame de contos **“Repsol”**

Convocado pola compañía Repsol e dirixido a estudiantes galegos de ESO, BUP, COU e FP. Está dotado cun primeiro premio de 150.000 ptas. e un segundo de 75.000 para cada unha das categorías (galego e castelán) e ademais os centros aos que pertezan os escolares galardoados recibirán un premio pola súa colaboración. Os traballos deberán ser orixinais e inéditos e a súa extensión non superará os 6 folios, mecanografados a dobre espacio e por unha cara. As obras entregaranse por duplicado, sen asinar, indicando no seu encabezamento o título e o lema. Así mesmo, incluirase un sobre no que conste no exterior o lema do traballo e, no seu interior, o nome e enderezo do autor. Nesta edición, o prazo de admisión nos centros que colaboraron rematou o 25 de febreiro e cada centro seleccionou ata un máximo de tres contos, que remitiu a cada delegación provincial antes do día 10 de marzo. O xurado interprovincial, que se reuniu en Santiago, estivo formado por un representante de cada delegación provincial da Consellería de Educación e un representante de Repsol. Presentáronse 89 relatos na modalidade de lingua galega, sendo o primeiro premio para Bianca Cid Bouzas por *A incrible historia de Humberto Abundio* e o segundo para Marcos Castro Quiroga por *Símbolos celtas*.

IIº Certame literario **“Ronsel”**

Convócao o CM San Agustín de Santiago de Compostela e, nesta edición, na modalidade de prosa o primeiro premio foi para Eloy López Grandal por “Heroidas”, o segundo para Ángel Varela Iglesias por “In Pace”, e o terceiro para Ignacio Couto Wörner e Miguel Ángel González Alonso por “O lóstrego asemade” e “Muoio”, respectivamente. Por outra banda, na modalidade de poesía, o primeiro foi para Natalia Sueiro Monje por “Cantos nobres” e o segundo para María del Rosario Álvarez Rodríguez por “Carbón y nieve”. O xurado estivo integrado por Luis Miguel Blasco Mata, Iago López Gálvez e Iago Losada Maseda.

XIIIº Premio de narracións xuvenís **“Rúa Nova”**

Premio de creación literaria convocado pola Biblioteca Nova 33 e a Fundación Caixa Galicia. Establécese un primeiro premio e accésit para traballos presentados en lingua castelá e un primeiro premio e accésit para traballos presentados en lingua galega por autores que non cumprisen 18 anos o día 16 de novembro do 2000. Cada un dous dous primeiros premios constará dunha dotación económica de 250.000 ptas. e a publicación do texto na colección “Nova 33”. Estes traballos poden ter unha extensión de 25 a 125 folios, mecanografados a dobre espacio, e deben presentarse baixo plica, por quintuplicado, facendo constar o nome, o enderezo e o teléfono, así como fotocopia do DNI ou do libro de familia, na Biblioteca Nova 33 (Rúa Nova 33-2º 15705 Santiago, Apartado de Correos, 637, 15780 Santiago) ou en calquera das oficinas de Obras Sociais de Caixa Galicia. O dictame do xurado deuse a coñecer o día 16 novembro. Nesta edición, o prazo de presentación de traballos rematou o 16 de outubro e o xurado estivo composto por Xabier Senín Fernández, X. A. Neira Cruz, Eva Moreda Rodríguez, Paulino Novo e Xosé Victorio Nogueira. De entre as 29 obras presentadas, 13 delas en galego, o galardón nesta lingua foi para Bianca Cid Bouzas por *O millonario*. Tamén obtivo unha mención especial *A princesa velada*, de Raquel Campos Pico.

IVº Concurso literario **“RU Jimena e Elisa Fernández de la Vega”**

Baixo o encabezamento de “En maio un relato curto ou poesía”, a RU Jimena e Elisa Fernández de la Vega, pertencente ao Servicio Universitario de Residencias (SUR) da Universidade de Santiago de Compostela, convoca este concurso dende 1996. Nel poden participar todos os residentes do citado centro e conta cunha modalidade de relato curto e poesía. Na modalidade de relato curto, os traballos terán unha extensión de entre 4 a 12 folios a dobre espacio por unha soa cara, mentres que na de poesía, a extensión máxima é de 150 versos. Os traballos deben ser inéditos, en galego ou castelán, e o seu tema libre. Cada residente só pode participar cunha obra en cada unha das modalidades e deben entregarse tres copias nun sobre pechado, facendo constar no mesmo “IVº Certame Literario RU Jimena e Elisa Fernández de La Vega” e a modalidade na que participa. Tamén se deben presentar baixo pseudónimo ou lema, entregándose nun sobre á parte os seguintes datos do autor: nome, número de habitación e pavillón. Poden deixarse na Dirección da residencia universitaria ou na súa biblioteca, dentro do horario que esta ten establecido. Os premios consisten nun lote de libros valorado en 15.000 ptas. para o gañador de cada categoría. Nesta edición, o prazo de entrega de traballos rematou o 15 de maio e o xurado estivo composto por Eulalia Agrelo Costas e Fernando Torres Agras, ente outros. O gañador de relato curto foi Daniel Saavedra Toral e en poesía, Enrique Torres Fernández.

IVº Certame de poesía xuvenil **“Tanxedoira”**

Convócao a Asociación cultural e xuvenil Tanxedoira e establece tres categorías: A, para menores de 14 anos; B, entre 15 e 18 anos; e C, entre 19 e 25 anos. Terase en conta a idade que o participante teña ou cumpra o 23 de abril de 2000. Os traballos, en lingua galega ou española, son de temática libre e cada participante só pode presentar un en cada idioma. Os poemas, orixinais, inéditos e non premiados anteriormente, medirán un mínimo de 30 versos e un máximo de 50. Estarán escritos á máquina ou ordenador, a dobre espacio, en tamaño folio e entregaranse por quintuplicado nun sobre pechado, que conteña no exterior o título da obra, un lema ou pseudónimo, e a idade do participante. Xunto a este, presentarase outro sobre pequeno e pechado, no que se deben incluír os datos do autor e, para os maiores de 19 anos, a fotocopia do DNI. A entrega farase no local da asociación convocante (R/ Miguel González Garcés, Mercado municipal de Elviña, 15008 A Coruña). O premio consistirá nunha escultura da ceramista coruñesa Susana González, que é unha alegoría da Asociación Tanxedoira. O xurado estará composto por destacadas personalidades do mundo da cultura e por directivos e socios da Asociacion Tanxedoira. Na segunda quincena de abril farase pública a composición do xurado e os traballos premiados. A entrega dos premios farase durante a festa do Día do Libro e a Árbore, que terá lugar a finais de abril, no local da Asociación Tanxedoira. Neste acto todos os premiados deberán ler publicamente as súas obras, que tamén poderán ser publicadas na revista da asociación. Nesta convocatoria o prazo de entrega rematou o día 31 de marzo e o xurado estivo formado por Manuel Lourenzo, como presidente, María José Couceiro, como secretaria, e Eva Blanco, Carlos Blanco e Jorge Míguez, como vocais. No grupo A, o premio foi

para “Corazón sangrante”, presentada en galego por Alexandro Morgado Paz e baixo o pseudónimo “Polo Duque”; no grupo B, para “A ti, meniño de ónix”, presentada en galego por Milagros Varela Chouciño e baixo o pseudónimo “Yemanjá”, e “Mientras, estaré aquí tumbado”, presentada en castelán por Roi Rodríguez Pardo e baixo o pseudónimo “Elástico”; e no grupo C, para “O futuro nos teus olhos verdes”, presentada en galego por Xavier Vasques Freire e baixo o pseudónimo “Cavalinho da lua”. Tamén se premiaron os seguintes traballos con accésits: no grupo C, en galego, “Longas vaidades nocturnas”, de María Blanco Vázquez e, en castelán, “El Perdido”, de Diana Aradas Blanco.

XIº Certame galego de “**Teatro Xuventude 2000”**

A Dirección Xeral de Xuventude da Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude, coa colaboración da Dirección Xeral de Promoción Cultural da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo convoca este certame para grupos teatrais non profesionais compostos por rapazas e rapaces galegos ou residentes en Galicia, que se inclúan dentro dalgunha das seguintes categorías. Categoría A para grupos de teatro independentes, compostos por persoas non maiores de 30 anos; categoría B para grupos de teatro que se constitúan nos distintos centros de ensino primario e que agrupen a alumnos de ditos centros; categoría C para os grupos de teatro que se constitúan en centros de ensino secundario, institutos de bacharelato e centros de formación profesional de Galicia, formados por alumnos de ditos centros e de idades que non superen os 30 anos; categoría D para grupos de teatro que se constitúan en escolas e facultades universitarias de Galicia e que as súas idades no superen os 30 anos. As obras poderán ser de autores galegos, españois ou estranxeiros e poderán presentarse textos orixinais e nunca premiados en anos anteriores. Cada centro participante só poderá presentar un total de tres obras en cada categoría. Os participantes deberán enviar un boletín de inscrición, feito para o caso, nun sobre pechado no que figurará exclusivamente o título da obra que se vai representar; unha fotocopia do DNI ou libro de familia dos compoñentes do grupo; unha síntese da obra (título, autor, adaptacion dos diálogos, se é o caso) e da posta en escena (número de personaxes, tipo de decorado, vestiario espacio que se precisa, etc.); e un vídeo dunha represenación da obra. Os impresos de solicitude, a obra e o sobre pechado deberán remitirse ao Servicio de Xuventude da Delegacion Provincial da Consellería de Familia e

Promoción do Emprego, Muller e Xuventude da provincia na que residan habitualmente, que poden ser: R/ Ronda da Muralla, 70, 27003 Lugo; Av. de La Habana, 81 - baixo 32004 Ourense; R/ Durán Loriga, 9 - 1º, 15003 A Coruña; R/ Mª Berdiales 20 - entrechán 36203 Vigo. Para a categoría A e D, establécese un primeiro premio de 250.000 ptas., un segundo de 150.000, un terceiro 100.000 e, do cuarto ao sexto, de 60.000; mentres que para a categoría B e C, hai un primeiro premio de 200.000 ptas., un segundo de 100.000, un terceiro de 75.000 e, do cuarto ao sexto, de 50.000. Tamén se outorga un premio especial de 1000.000 ptas. para a mellor representación feita en galego e unha serie de diversas axudas por distintos conceptos. A esta convocatoria concorreron 88 obras, sendo representadas aquelas que chegaron á fase final dende os días 16 ao 23 de outubro. Nesta edición, o prazo de presentación rematou o 21 de maio e o xurado estivo formado por Mª Luisa Rodríguez López, Mercedes Arias Álvarez e Mª Florinda Sánchez Fernández. Na cateogría A, o primeiro premio foi para “Palímoco”, de Lugo por *Antígona*; o segundo para o Grupo de Teatro “Ullán Teatro”, de Vedra (A Coruña) por *Mafia (Terrorífica comedia en cinco actos)*, obra tamén premiada por ser a mellor en galego; o terceiro para o Grupo de Teatro da Asociación Cultural “Lohengrin”, de Vigo por *Estación 21*; o cuarto para o Grupo de Teatro da Asociación Monterroso (Lugo) por *Historias mínimas*; o quinto para o Grupo de Teatro do Centro Cultural e Deportivo “A Feira” de Salceda (Caselas-Pontevedra), por *O achado do castro*; e o sexto para o Grupo de Teatro da Biblioteca Pública de Antas de Ulla (Lugo) por *Coleccionista de sombras*. Na categoría B, o primeiro premio recaeu no Grupo de teatro do CEIP Os Tilos, de Teo (A Coruña) por *Lembranzas dunha nena*, que tamén recibiu o premio especial á mellor obra representada en galego nesta categoría; o segundo para o Grupo de Teatro do CEIP Outeiro das Penas, de Cesantes (Redondela-Pontevedra) por *O bosque máxico de Xabarín*; o terceiro para o Grupo de Teatro do Colexio San Jorge, de Santiago por *Don Quijote e os muíños de vento*; o cuarto para o Grupo de Teatro do CEIP O Cantel de Foz (Lugo)

por *O xigante D. Gandulfo, señor de Tentequedo*; o quinto para o Grupo de Teatro do CEIP Ponte dos Brozos, de Arteixo (A Coruña) por *Cemento, ladrillo, pan y membrillo*; e o sexto para o Grupo de Teatro do CEIP Os Tilos, de Teo (A Coruña). Na categoría C, o primeiro premio foi para o Grupo do IES Rodolfo Ucha, de Ferrol pola obra *No devalar dos tristes*, que tamén recibiu o premio especial á mellor obra representada en galego nesta categoría; o segundo ao IES Val Miñor de Nigrán (Pontevedra) por *Os habitantes da casa deshabitada*; o terceiro ao Grupo Teatral do IES A Sardiñeira, da Coruña por *Anfitrión*; o cuarto ao Grupo de Teatro do IES Concepción Arenal, de Ferrol por *Actrices*; o quinto ao Grupo de Teatro do IES Auga da Laxe, de Gondomar (Pontevedra) por *Fedra*; e o sexto ao Grupo de Teatro do IES Rosalía de Castro, de Santiago pola peza *Por unha dama*. Na cateogría D, o primeiro premio foi para a Aula de Teatro Universitario do Campus de Ourense (Sarabela) por *Un conto de inverno*, que tamén levou o premio especial á mellor obra representada en galego; o segundo para o grupo “Apeirón Teatro”, da Universidade de Santiago de Compostela, por *Sintoó*; o terceiro para o grupo “Abofé Teatro”, de Ferrol (Universidade da Coruña) por *O triciclo y Un entremés*; o cuarto para o grupo “Nús”, da Facultade de Historia da Universidade de Santiago, por *Olimpus et decorum*; o quinto para o grupo “Comité y Achegados”, da Universidade de Santiago, por *Paseo polo museo de cera*; e o sexto para o grupo “Teutema”, da Universidade de Santiago por *Teutema*. Os premios entregáronse o 26 de outubro.

Referencias varias:

-Begoña Mouriño, “O grupo da biblioteca de Antas de Ulla, premiado no certame de treatro xuvenil”, *El Progreso*, “Provincia”, 26 outubro 2000, p. 20.

Anuncia o acto, que se vai celebrar no auditorio “Gustavo Freire” de Lugo, co gallo da entrega do premio conseguido polo grupo de teatro da biblioteca púbica de Antas de Ulla ao acadar a sexta posición pola representación da súa obra *Coleccionista de sombras* neste certame teatral. Así mesmo, fai referencia á creación deste grupo, o 25 de decembro de 1995, coa representación das obras *A tía lambida, Bladimiro e o seu can Trosky* e *A estación de autobuses*, ademais de indicar que está coordinado pola bibliotecaria, Teresa Batán, e que, dende 1995, conta cun profesor de teatro, José Jorge García García, “Jouse”, membro do grupo de teatro “Nove Dous”.

Premio **“Terra Cha”** de literatura e debuxo infantil

Organizado pola asociación Xermolos de Guitiriz e presenta unha modalidade literaria, que inclúe narrativa e poesía, e outra de debuxo. Dentro destas modalidades, hai dúas categorías: unha para participantes comarcais e outra para o resto de Galicia. Nesta edición, polo que se refire á comarcal, en narrativa, os gañadores foron Jairo Fernández, Benxamín Paz, Antía Veres, Laura Pérez, Tania Vilalba, Paula Rouco, Rebeca Leal, Isabel Campello e Teresa Cortiñas, que presentou un cómic. Para o resto de Galicia, en poesía, foron premiados Andrea Doural, Edén García, Elena Ramos, Beatriz Valcárcel, Sabina Louzán e Roberto Roca Méndez; mentres que en narrativa, Jennifer Lago, María Oliveira, Jesúa Muíños, César Márquez, Carla Ares e Iván Prieto.

IIº Certame literario “**Terra de Lobos”** Ver IIº Certame literario “Terra de Lobos”, no apartado IX. 1. 1. deste *Informe.*

Premio de poesía, relato curto, teatro, traducción e investigación da **"Universidade de Vigo"**

Convocados pola Universidade de Vigo co patrocinio da Dirección Xeral de Política Lingüística para todos os alumnos desta institución. Os traballos, que deben estar escritos en galego normativo e ser inéditos, presentaranse no rexistro da Universidade de Vigo, titulados, mecanografados e por cuadruplicado, xunto cun sobre pechado cos datos do autor. A extensión para a modalidade de poesía será de entre 100 e 150 versos, para o de relato de 8 a 12 folios, para teatro 20 folios, e para traducción entre 8 e 20 páxinas. A contía dos premios ascende a 125.000 ptas. para o gañador e concédense dous accésits de 30.000 ptas. para cada unha das modalidades. Os traballos serán publicados pola Universidade de Vigo. Nesta edición, o prazo de presentación concluíu o 20 de abril e o xurado estivo presidido por Xosé Manuel Cid Fernández, que actuou como presidente, Xosé Mª Pin Millares, que foi o secretario, Xosé Sánchez Puga, Manuel Bragado Rodríguez, Xosé Henrique Costas González, Alberto Álvarez Lugrís, Luís Pérez Gómez e Casilda García Alfaro. Na modalidade de poesía, o primeiro premio foi para Lucía Novás Garrido por *O tempo dos mirtos*; e o primeiro accésit para Pablo Gamallo Otero por *As tripas do amor* e o segundo para Pilar Fernández Iglesias por *Lembranzas dos nenos arraianos*. No tocante á de narrativa, o primeiro premio foi para Daniel González Vázquez por *Home e os medios*; o primeiro accésit para Diego Alfonsín Rivero por *Sinopse dunha vida*; o segundo para Robert Duif por *O conflicto de Bridget*; e o terceiro para Pablo Vázquez Pereira por *Álbum de ausencias*. Na modalidade de teatro, o primeiro premio foi para José Rosendo Cid Menor por *Un home e unha muller*; o primeiro accésit para Gonzalo José Iglesias por *A caída de Irlanda* e o

segundo para Iván Fernández Diéguez por *O xogo da verdade*. Por último, na modalidade de traducción, o premio recaeu en María Agustina Parcero Pereira, pola traducción ao galego do conto “El mirrall” (“O espello”), da autora catalana Mercé Rodoreda.

Referencias varias:

-Juan Valle, “Una jornada de premios”, *La Voz de Galcia*, “La Voz de Ourense”, 17 maio 2000, p. 54.

Ver Concurso literario “Descubre A Baixa Limia”, neste apartado do *Informe.*

-Pilar Piñeiro, “Los premios que ponen el mundo del revés”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 17 maio 2000, p. 6.

Apunta que a teoría da relatividade se fixo máis real ca nunca no dictame dos premios literarios que este ano volveu convocar a Universidade de Vigo, pois, fronte ao que cabería esperar, a gañadora do apartado de traducción foi Agustina Parcero, bibliotecaria na Escola de Telecomunicacións, por “O espello”, traducción do conto catalán “El mirall”, de Mercé Rodoreda. Así mesmo, comenta que Daniel González, estudiante da Falcultade de Ciencias de Vigo, logrou o primeiro premio no apartado de relato curto por “O home e os medios” e que os alumnos da Escola de Telecomunicacións foron os destinatarios dos accésits dos premios

de teatro, mentres que o primeiro levouno un estudiante de Belas Artes. Nun recadro á parte, dáse conta dos estudios realizados por Agustina Parcero e recóllense algunhas declaracións súas, coas que reflicte o seu parecer por terse imposto ante alumnos xa licenciados ou en etapa de tese de Traducción.

-Álvaro Agulla, “Lucía Novas gana dos nuevos premios de poesía”, *Diario de Pontevedra*, “PontevedraBueu”, 13 decembro 2000, p. 13.

Ver IIIº Premio de poesía “Faustino Rey Romero”, no apartado X. 2 deste *Informe*.

-Afonso Fernández, “Un ano de premios para a poeta de bueu, Lucía Novas”, *A Comarca do Morrazo*, “Cultura”, 28 decembro 2000, p. 37.

Ver o IVº Premio de Poesía “Concello de Carral”, no apartado X. 2 deste *Informe*.

Vº Premio de relato curto **“Varela Buxán”**

O Concello de Lalín organiza este premio que conta coas seguintes categorías e premios: A) para sexto de Primaria, 1º, 2º e 3º da ESO, cun premio de 20.000 ptas. e dous accésits de 5.000 ptas.; e B) para BUP, COU e FP, cun premio de 25.000 ptas. e dous accésits de 5.000 ptas. Os traballos de tema libre deberán estar escritos en galego, cun mínimo de 3 follas e un máximo de 10, mecanografadas a dobre espacio por unha cara. Irán firmados con pseudónimo e, nun sobre cerrado, aparecerán os datos do autor e fotocopia do DNI. Entregaranse na Biblioteca Municipal do Concello (Praza do Concello, s/n. 36500 Lalín). O dictame farase público o 17 de maio. Nesta edición, o prazo de admisión de obras rematou o 28 de abril e o xurado estivo presidido por Román Rodríguez González, sen voto, e composto por Carlos Negro Romero, Anxo Rodríguez García e Miguel Ángel Castro Carpintero, e Damián S. Payo Cangado, que actuou como secretario sen voto. Na categoría A, o primeiro premio foi para Marcos Presas Vázquez por “Miguel o Barrigas”, presentado co pseudónimo “Perico dos Palotes”; un accésit para Iago Payo Froiz por “Lalín”, presentado co pseudónimo “Breogán”; e outro accésit para Soraya Iglesias Vázquez por “¿Un sono ou unha realidade?”, presentado baixo o pseudónimo de “Chispiña”. Tamén se concederon mencións especiais ás seguintes persoas: Noelia Fernández Bouzas por “Pídeme o que queiras”, presentado co pseudónimo de “Aries”; Iria Gil Reboredo por “O poder do triscele”, presentado co pseudónimo “O Triscele”; Daniel Lendoiro Fernández por “Bizancio”, presentado co pseudónimo “Andrade”; María Vázquez Lorenzo por “As historias do avó”, presentado co pseudónimo “Lúa”; e Mª José Fernández Ledo por “Os fugados”, presentado co pseudónimo “Mª Pepa Vidal”. Polo que respecta á categoría B, o premio foi para

Patricia González Borrajo por “Días escuros”, presentado baixo o pseudónimo de “A Nena Meiga”; un accésit para Iago Mouriño Román por “SPE”, presentado co pseudónimo “Pedro R. Cortiñas”; outro accésit para Beatriz Portas Baldomero por “O Deus e a historia dos lobishomes”, presentado co pseudónimo “Eugenia”; e unha mención especial para Mª Patricia Castro Vázquez por “A irresponsabilidade”, presentado co pseudónimo “Quercus”.

VIIIº Concurso literario **“Xaime Isla Couto”** de narrativa e poesía

Organizado polo Concello de Poio e as asociacións SCD de Raxó, Samieira, Vides Novas, Boureante e Ateneo Corredoira. Poden participar todos os alumnos dos distintos centros escolares do municipio de Poio en idades comprendidas entre 6 e 18 anos. As modalidades do concurso son relato curto ou conto e poesía e o seu contido pode estenderse ata un máximo de catro carillas de folio A-4. Os premios consisten nun obsequio, nun diploma e un vale de 5000 ptas. para compra de material escolar para cada categoría. O xurado está composto polo Concelleiro de Cultura, un representante de cada entidade cultural e mais Xaime Isla que ademais de presidir é a persoa que dá nome ao concurso. Nesta edición, o prazo de entrega das obras concluíu o 28 de abril, a resolución do concurso no 2000 tivo lugar o 12 de maio e a entrega de premios o día 14.

Referencias varias:

-D. P., “Convocatoria del concurso literario ‘Xaime Isla Couto”, *Diario de Pontevedra*, “Poio”, 7 abril 2000, p. 16.

Breve noticia que dá conta da nova convocatoria do premio, correspondente ao ano 2000 e ofrece escuetamente o contido das bases.

D. P., “Presentados cerca de cien trabajos al “Xaime Isla Couto”, *Diario de Pontevedra*, “Poio”, 5 maio 2000, 20.

Informa do número de traballos presentados ao concurso, que ascende a un cento, e destaca que o colexio que achegou maior número de traballos foi o de Espedregada de Raxó. Sinala tamén que o xurado dará a coñecer a súa resolución o 12 de maio e que os premios se entregarán o día 14 ao final da conferencia sobre Manuel Murguía que pronunciará Carlos Baliñas.

XIIIº Certame nacional **“Xosé María Pérez Parallé”** de poesía Ver XIIIº Certame

Informe.
nacional “Xosé María Pérez Parallé” de poesía, no apartado IX. 2. 1. deste

VIIº Certame de poesía **“Xosé Carlos Caneiro Pérez”**

Organízao o Concello de Verín e a el poden concorrer todos aqueles que estean matriculados na ESO en calquera dos centros docentes da comarca de Verín. O poema debe ser orixinal, inédito, escrito en galego á máquina ou en letra lexíbel e o estilo é libre. O traballo que presente cada centro á fase intercentros do premio irá asinado cun lema e entregarase xunto a un sobre á parte, que conteña no seu exterior o mesmo lema e no seu interior os datos do autor. A entrega dos traballos efectuarase na Casa do Concello de Verín. Establécense os seguintes premios para primeiro e segundo da ESO: un primeiro de 15.000 ptas e lote de libros, un segundo de 10.000 ptas. e lote de libros e un terceiro de 5.000 ptas. e lote de libros. Tamén haberá lote de libros para cada un dos traballos que concorran á fase intercentros e non acaden algún dos tres primeiros premios e, para cada centro participante, libros para sortear entre os alumnos que concorreran ao concurso ou para a biblioteca do centro. Nesta ocasión, o prazo de admisión de traballos concluíu o 15 de maio. No primeiro ciclo, o primeiro premio foi para Sara Bermúdez Couto por “A Nai de Etiopía”, que se presentou baixo o pseudónimo de “Arlequín”; e o segundo para Ana Iria García Rivero por “Quérote Ceibe”, que concorreu co pseudónimo “Peliqueiros”. No tocante ao segundo ciclo, o primeiro premio foi para Claudia Álvarez Rodríguez por “¿Quen es, estraño”, que se presentou baixo o speudónimo de “Ausente”; o segundo para Conchi Cejudo Miranda por “Ola”, que participou co pseudónimo de “Libamba”; e o terceiro para Antía Lorenzo Fariñas por “¿Onde estás?”.

III° Concurso de relato curto para "**Xoves de festa do Couto"**

A comisión de festa de O Couto, en colaboración coa sociedade Albor convoca este premio. Deberán presentarse relatos de entre 7 e 10 folios e escritos en galego. Haberá premios por un importe global de 90.000 ptas, ademais de publicarse o conto gañador no libro das festas. Nesta edición, o prazo de recepción de traballos pechouse o 30 de marzo.

X. Literatura medieval

X. 1. Monografías e libros colectivos

Álvarez, Rosario e Dolores **Vilavedra** (coords.), *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*, 2 vols., Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela, col. Homenaxes, 2000, 1649 pp. (ISBN Tomo I: 84-8121-806-5) (ISBN Tomo II: 84-8121-807-3) (ISBN da Obra Completa: 84-8121-808-1).❿

Estes volumes, que xa foron descritos no apartado V. 1 deste *Informe*, tamén recollen unha serie de artigos referentes á literatura medieval, dos que se dan conta a seguir:

Volume I:

- Mª Fernanda Santiago Bolaños, “Alonso Montero y los navegantes del mar de las palabras”, pp. 173-183.

O texto, con referencias á figura de Alonso Montero e á Cidade das Burgas, xira ao redor da xestación da poesía trobadoresca cando aló no século XII, e procedente da Aquitania, chegaron a Galicia os “versos de amor”. Repasa o termo do amor cortés, o “fin’amors” trobadoresco, sinala como o trobador traslada a este mundo os termos relixiosos da fe, paraíso, salvación, esperanza ou mercé obtendo así unha “poesía que hace de lo profano un rito” e subliña a importancia da muller e do tema do sexo na poesía trobadoresca.

-Emilio Montero Cartelle, “Las cantigas d’escarnho, los cancioneros castellanos del XV y el léxico sexual medieval”, pp. 715-724.

Postula Montero Cartelle o recurso ás *cantigas de escarnio* galego-portuguesas como medio para estudiar o léxico obsceno do castelán medieval, lingua na que se produce unha aparición tardía, con frecuencia atrasada ata os cancioneiros do século XV, de numerosos termos pertencentes a este rexistro. Ao aceptar como obxecto de estudio a linguaxe erótica galego-portuguesa, póñense as bases para entender o salto cualitativo que se produce no léxico sexual da lírica castelá do XV, xa que se ten en conta que ata ese momento foi o galego o vehículo de expresión da lírica; ademais, a análise das voces comúns a ambas linguas permite o acceso ao rexistro lingüístico do que procedían e ás connotacións que eses termos posuían.

Volume II:

-Mariña Arbor Aldea, “Don Afonso Sanchez e Vaasco Martiiz de Resende: a *tensó* como xogo de corte”, pp. 109-136.

Estudio da tradición manuscrita, edición crítica e revisión das lecturas achegadas pola crítica precedente para a *tensó Vaasco Martiiz, pois vos trabalhades* (*B* 416, *V* 27, *M*, *P*), na que debaten o bastardo de don Denis de Portugal don Afonso Sanchez e o nobre portugués Vaasco Martiiz de Resende. A autora, ademais de fixar o texto da cantiga en base aos catro relatores que enviaron a composición e de fornecer os

correspondentes aparatos críticos, analiza as diferentes consideracións que sobre o estatuto xenérico da *tensó* formulou a crítica especializada e revisa, así mesmo, as interpretacións que sobre o seu contido fixeron os estudiosos da lírica galego-portuguesa, concluíndo que o texto é unha composición de carácter satírico, centrada nun tópico literario, un xogo literario de corte no que a dimensión lúdica é prioritaria.

-Mercedes Brea, “Coita do mar, coita de amor”, pp. 235-248.

Análise do motivo da *coita* e da súa expresión e causas na tradición lírica galego-portuguesa, así como dos escasos símiles externos aos que o trobador recorre para ilustrar o sentimento amoroso que xera o seu cantar. A autora analiza, ademais da célebre comparación con Paris e Tristán, recollida na producción de Alfonso X, a *similitudo* co mar en Pai Gomez Charinho, presente na súa cantiga encomiástica *De quantas cousas eno mundo son* e nas composicións amorosas do pontevedrés *Disséronm’oi’, ay, amiga que non*, *Hunha dona que eu quero gran ben* e *Quantos og’andam eno mar aqui*, nas que se establece unha “relación harmoniosa entre o código poético e os avatares da fortuna persoal” e nas que a *coita*, o *pavor* que provoca o mar potencia o propio sentimento do poeta, a *coita* de amor. A paronomasia clásica mar-amar, amor-morte permite, así, sobrepoñer as penas producidas polo amor á intensidade dos perigos do mar, explicando un dos efectos máis repetidos do amor trobadoresco.

-Esther Corral Díaz, “As *bestas* de Fernand’Esquio (*B* 1604 / *V* 1136)”, pp. 347-364.

Continuando un traballo previo, que analizaba o motivo na *Demanda do Santo Graal*, a autora estudia a referencia literaria da *besta ladrador* na cantiga de Fernand'Esquio *Dis[s]e hum infante ante sa companha*, única composición da lírica galego-portuguesa na que se menciona este animal fantástico que funde as súas raíces na tradición bretona. No estudio faise unha breve presentación da problemática relativa ao establecemento da biografía do trobador e á atribución dos seus textos e, en particular, da cantiga obxecto de análise. Ademais de presentar as edicións, cuestións ecdóticas suscitadas polo texto e tratamento destes por parte da crítica, abórdanse os problemas de contido do poema, centrados, basicamente, na interpretación dos termos *infante* e *fronteyra* e na do vocábulo *besta*. Corral Díaz identifica esta última con 'cabalo' e analiza a "besta" prometida parangonándoa, por un lado, coa descrición do cabalo tal como era regulamentada na preceptiva medieval e, por outro, coa descrición da *bête glatissant* nos relatos artúricos. A autora conclúe que aínda que o obxecto da sátira é o *infante* mencionado no texto, a figura da besta prometida ocupa o espacio central do poema, pondo de relevo que o regalo prometido é unha farsa: poeta tardío, Esquio conxuga a tradición dos poemas que vituperaban o nobre de baixa condición a través da figura do seu cabalo con motivos novos, tomados da materia de Bretaña. Finalmente, sublíñase a conexión entre Esquio, don Denis e Estevan da Guarda, trobadores pertencentes ao último período da lírica galegoportuguesa e que insiren, os tres, referencias á materia bretona e á figura equina nas súas composicións.

-Elvira Fidalgo, "As prosificacións castelás de dúas cantigas de *loor* alfonsinas", pp. 575-587.

O códice do Escorial T.I.1 presenta unha versión castelá para primeiras vintecinco cantigas afonsinas, transcrita nos espacios en branco que quedan libres por baixo das miniaturas e do texto das propias cantigas que supostamente traducen. De dúas destas prosificacións, que presentan problemas varios, relativos á súa autoría, cronoloxía e función, e que revisten notable interese para a crítica, ocúpase a autora,

que analiza, en concreto, as correspondentes ás *cantigas de loor* 10 e 20. Tras estudiar as particularidades que caracterizan o proceder do traductor, a profesora Fidalgo conclúe que este, ademais de traducir, busca explicar e clarificar o sentido do texto que lle serve de base, as motivacións que conduciron á súa redacción e a finalidade do mesmo, ofrecendo, deste xeito, unha reinterpretación da cantiga que se apoia tanto en detalles tomados doutras fontes como na súa propia interpretación do narrado no texto e na versión iconográfica que o acompaña.

-Teresa López, “María Balteira, señora do tempo pasado”, pp. 795-811.

Análise da fortuna que o personaxe da célebre soldadeira María Pérez, *Balteira*, ten na obra de cinco poetas contemporáneos, en concreto, no poema de Lorenzo Varela *María Balteira*, na composición de Dictinio del Castillo Elejabeytia *A Balteira*, na *cantiga* de Xosé María Álvarez Blázquez *María Balteira, da saya çintada*, na *Balada pra María Balteira* de Manuel María e no poema de Darío Xohán Cabana *María Balteira*. Tras estudiar o tratamento que María Pérez recibe nos cancioneiros profanos galego-portugueses e, en particular,
o retrato vago e descortés que dela trazaron os trobadores e as opinións –nas que se mesturan os datos tomados dos cancioneiros con outros históricos e lendarios– que sobre a soldadeira verteu a crítica, póñense de manifesto os trazos, sinalando os elementos novos e os tomados da tradición lírica medieval, seleccionados e desenvoltos nos poemas obxecto de análise.

-Santiago López Martínez-Morás, “Apuntes sobre o *Livro de Tristán* galego”, pp. 845-859.

Estudio da posíbel filiación textual do *Livro de Tristan* galego, texto que ten unha orixe diferente á do resto dos testemuños tristanianos conservados na Península Ibérica e que transmite episodios non documentados nas versións de Castela e Cataluña. Copia dunha versión anterior perdida, o *Livro de Tristan* galego é obxecto de comparación neste estudio cos manuscritos *Z* (Carpentras 404, incompleto) e, de forma particular, con *A*, conservado na Biblioteca Nacional de Viena (ms. 2542). O autor subliña, en particular, as diverxencias de estructura que se aprecian entre o texto contido no manuscrito *A* e o texto peninsular, afirmando que o traductor galego, aínda que parece seguir fielmente o texto da versión francesa, modifica o orixinal, introducindo o seu pequeno contributo na tradición do *Tristan en prose* na literatura medieval. A fonte exacta da que se serviu o traductor do *Livro de Tristan* está, polo tanto, aínda sen determinar.

-Pilar Lorenzo Gradín, “O mosteiro de Arouca e a madeira nova”, pp. 877-897.

Nova lectura da cantiga de don Afonso Lopez de Baian *En Arouca unha casa faria*. Tras analizar a tradición manuscrita do señor de Baian e achegar unha serie de datos relativos á historia do mosteiro de Arouca, necesarios para identificar a abadesa –dona Maior Martins– á que o trobador se refire neste escarnio, datado arredor de 1248-1250, rastréxase o tema das abadesas, prioresas e novicias que “caen nos pecados de amor” na lírica galego-portuguesa, estudiando a súa plasmación na cantiga obxecto de análise a través do vocabulario, “un vocabulario concreto, procedente do léxico da construcción, que esixe un segundo nivel de lectura” (p. 882) de carácter erótico-sexual moi marcado. A descodificación deste léxico, que se apoia no recurso á tradición latina precedente e á propia producción profana galego-portuguesa, leva á autora a concluír que a madeira nova sería unha novicia que se encontraría na abadía de Arouca, mentres que a construcción da casa á que se refire Baian parece esconder a relación sexual coa moza. Estúdiase, así mesmo, a resposta que esta cantiga suscitou Pai Gomez Charinho, en que compuxo un texto, Don Affonsso

López de Baiám quer, no que reutiliza gran parte do vocabulario do poema base, algúns timbres rítmicos e mesmo idénticos vocábulos en rima, ademais de enriquecer o vocabulario obsceno con novos termos. O traballo complétase con dous apéndices: o primeiro contén a edición da cantiga que centra o presente estudio; e no segundo trázase a filiación do señor de Baian.

-José Luís Rodríguez, “De castelhano para galego-português: as traduções medievais”, pp. 1285-1299.

Análise das traduccións de textos galegos e portugueses realizadas ao castelán e dos textos redactados nesta lingua que foron vertidos ao galego e ao portugués, así como das implicacións e consecuencias, basicamente de índole cultural e lingüística, que desa práctica se derivan. O autor repasa os textos traducidos a estas linguas –textos galegos e portugueses derivados dun orixinal castelán, textos casteláns dependentes dun orixinal galego ou portugués, textos casteláns, portugueses ou galegos retraducidos e textos bilingües–, sinalando que esta actividade traductora se documenta relativamente tarde, verificándose unicamente no terreo da prosa –na poesía prodúcese un cambio de código lingüístico: o galego-portugués deixa de ser vehículo da poesía para cederlle o paso ao castelán–. O profesor Rodríguez subliña o peso dos textos casteláns no proceso de traducción ás outras dúas linguas peninsulares, establecendo a cronoloxía dos dous grandes momentos que é posible diferenciar no curso desa actividade e analizando os diferentes comportamentos e repercusións que na área xeográfica galega e portuguesa tivo esta empresa cultural.

-Luciana Stegagno Picchio, “Ainda sobre os olhos verdes: persistência de um topos”, pp. 1469-1474.

Estudio do *topos* dos ollos verdes, na súa dobre signficación, positiva e negativa, e da súa fortuna nas literaturas hispánicas. Sinálase a súa presencia na lírica dos trobadores, na que está indisolublemente ligada á producción do portugués Johan Garcia de Guilhade.

Brea, Mercedes (coord.), *A Idade Media*, A Coruña: Hércules Ediciones, tomo XXX, 2000, 503 pp. (ISBN tomo XXX: 84-89468-67-2) (ISBN obra completa: 84-89468-65-6).

Primeiro volume da colección *Proxecto Galicia*, dedicado á literatura galega, entendida esta como o conxunto de obras consideradas literarias producidas en lingua galega. Esta presentación histórico-crítica da literatura galega, contemplada na súa diacronía e distribuída en seis volumes, dedícalle o primeiro deles á unidade histórica que representa a literatura medieval. Tomando como punto de partida o ano 1200, no que se vén datando o sirventés político de Johan Soarez de Pávia *Ora faz ost'o senhor de Navarra*, primeiro texto conservado da lírica galegoportuguesa, abórdase neste volume o estudio das manifestacións líricas, tanto profanas como relixiosas, da prosa e do teatro medievais, ademais dos textos producidos pola denominada escola galego-castelá, coa que se pecha esta etapa de esplendor da literatura galega. Estes temas organízanse en catro partes, subdivididas en diversos capítulos, que van precedidas por unha introducción xeral a cargo de M. Brea, na que se establecen os termos cronolóxicos definitorios do período que se estudia e os xéneros obxecto de análise, subliñando os factores históricos e culturais que permiten explicar o agromar literario no occidente da Península Ibérica. En concreto, na primeira parte, e tras unha aproximación da autoría de M. Brea á lírica galegoportuguesa, na que se fai un rápido repaso polo nacemento da lírica trobadoresca nas cortes de *oc*, axentes poéticos, tradición manuscrita e caracterización, temática e estructural, da *cantiga* peninsular, estúdiase a producción lírica profana nos seus distintos xéneros; a segunda está dedicada ás *Cantigas de Santa María*; a prosa e o teatro ocupan a terceira parte e, finalmente, na

cuarta analízanse os epígonos. Unha bibliografía final completa o volume. No capítulo dedicado á *cantiga de amor*, E. Fidalgo Francisco estudia, tras unha breve introducción na que se analiza o nacemento da poesía trobadoresca nas cortes occitanas e a súa preceptiva, así como o seu transvasamento á Península, os elementos temáticos constitutivos do xénero, considerando tanto o emprego recto dos motivos como a inversión paródica dos mesmos. O estudio temático do xénero, no que se establecen as oportunas comparacións coa matriz provenzal, complétase coa análise da estructura externa e interna da cantiga e cun breve achegamento á súa tradición manuscrita. E. Corral Díaz analiza, no capítulo dedicado á *cantiga de amigo*, esta manifestación do código da canción de muller, comezando cunha breve presentación na que se alude á problemática que lle afecta ao xénero, tanto no relativo ás súas orixes como á fixación do *corpus*, e na que se fai un breve repaso pola súa tradición manuscrita. O estudio do xénero abórdase dende un punto de vista temático, fixándose en tres grandes liñas argumentais: o amor, a muller e a paisaxe, ademais do autoeloxio que o propio trobador insire nos textos. Préstaselles, así mesmo, particular atención aos personaxes da *cantiga de amigo* e estúdiase a estructura narrativa dos textos, así como as súas características métricas e retóricas. Finalmente, analízanse aquelas composicións que presentan trazos específicos dentro do xénero, aínda que non formen subgrupos específicos no interior do mesmo: *pastorela*, *alba*, *canción de malmaridada*, *canción de tear*, *bailada*, *cantiga de romaría* e *mariña*. Son constantes as referencias á tradición occitana e o parangón entre o xénero obxecto de estudio e a *cantiga de amor* galego-portuguesa. No capítulo dedicado á *cantiga de escarnio e maldicir*, P. Lorenzo Gradín aborda, na introducción, a problemática relativa á distinción entre *cantigas de escarnio* e *cantigas de maldicir* e a análise das *razos* que acompañan estes textos nos cancioneiros, facendo un breve repaso pola tradición manuscrita e polos trobadores que cultivaron o xénero. O estudio do *corpus* realízase en base a catro grandes núcleos temáticos: a sátira política, a sátira

literaria, a sátira persoal e de costumes e a sátira moral. Finalmente, a autora aborda o estudio retórico das cantigas satíricas, subliñando o alto grao de elaboración formal que as caracteriza, mentres que A. Rey Somoza procede ao seu estudio métrico-formal, dando conta da estructura dos textos e dos artificios métricos empregados na súa elaboración. No capítulo cuarto, dedicado aos xéneros dialogados, abórdase o estudio da *tensó* e do *partimen*, definindo ambos xéneros á luz dos datos achegados pola preceptiva provenzal e pola poética galego-portuguesa, identificando as composicións adscritas a estes xéneros e establecendo a posíbel cronoloxía das mesmas. Analízase, así mesmo, a tradición manuscrita destes textos, dando conta das posíbeis razóns que subxacen á ordenación que presentan nos manuscritos, e establécense os núcleos temáticos aos que se poden adscribir, ademais de estudiar as fórmulas iniciais de pregunta caracterizadoras do xénero. Xa no que respecta ao capítulo quinto, dedicado a outras modalidades xenéricas, nel establécense dous grandes apartados. No primeiro, correspondente ás variedades determinadas pola técnica utilizada, S. Gutiérrez García estudia a *cantiga de seguir*, identificando os textos que poñen en práctica esta modalidade do *contrafactum* e as técnicas das que se serven, ademais de dar conta das cantigas que *seguen* textos provenzais. Pola súa parte, A. Brea analiza o *descordo*, repasando a súa caracterización, as definicións do xénero recollidas na preceptiva provenzal e as diverxencias que se verifican á hora de establecer

o número de textos adscritos a este xénero na lírica galego-portuguesa. Conclúe o autor que este está limitado a só dous exemplos, *Agora me quer'eu ja espedir*, de Nun'Eanes Cêrzeo, para a poesía profana, e *Nembre-se-te madre*, de Afonso X, para a relixiosa. No apartado reservado para os xéneros pouco representados, A. Brea analiza os *prantos*, mentres que X. X. Ron Fernández se ocupa das *cantigas encomiásticas* e dos coñecidos como *lais de Bretanha*. Na análise do *pranto*, abórdase a súa definición e elementos característicos, estudiando os antecedentes hispánicos do xénero e as catalogacións elaboradas pola crítica precedente.

Establécese, finalmente, o *corpus* de textos, que se clasifican segundo o seu destinatario, e analízanse os prantos burlescos, póndoos en relación coa modalidade canónica do xénero. No que fai ás *cantigas encomiásticas*, defínese e establécese o *corpus*, estudiando os autores e destinatarios destas, a súa colocación nos cancioneiros e as características formais e temáticas que presentan. En canto aos *lais*, e tras un repaso pola problemática que suscita a etiqueta e polas categorías tipolóxicas que abrangue, estes abórdanse dende a súa consideración como obras traducidas, dando conta das súas fontes e póndoos en contacto coa *cantiga de amor*, modelo seguido polo seu reelaborador. Achégase, ademais, unha posíbel cronoloxía para a súa composición e diversas hipóteses relativas á identidade do traductor ou adaptador destas pezas líricas. M. Brea estudia, no capítulo dedicado á lírica narrativa e relixiosa, as *Cantigas de Santa María*. Tras unha breve introducción, na que se analiza a difusión do milagre mariano, abórdase o estudio da tradición manuscrita, as posíbeis fases seguidas na elaboración do cancioneiro marial e a organización interna das cantigas. Faise referencia, así mesmo, á autoría dos textos e ao papel que lle corresponde a Afonso X na elaboración da obra; estúdianse as formas métricas, dando conta da problemática que suscita a fixación estrófica dos textos, o contido das cantigas e a clasificación que destas fixo a crítica; descríbense os procedementos retóricos que pautan o desenvolvemento dos textos, as súas fontes e a problemática relativa ás prosificacións castelás que acompañan as primeiras vintecinco cantigas no códice *T*. Achéganse, así mesmo, unhas breves notas relativas á musica e ás miniaturas, estudiando os motivos que representan e o proceso de elaboración das mesmas. No capítulo dedicado á prosa medieval, R. Lorenzo analiza as obras deste xénero producidas en lingua galega ao norte do Miño, excluíndo os textos diplomáticos. Revísanse, subliñando o carácter de traduccións elaboradas sobre textos latinos, casteláns ou franceses que revisten estas obras, os textos de carácter histórico e xurídico, a prosa literaria e os textos de carácter técnico, dando conta dos manuscritos nos que se

conservan, datación dos mesmos, contido e organización interna das obras, fontes, estilo, interpolacións e outras características dos textos obxecto de análise. P. Lorenzo Gradín estudia, no capítulo dedicado ao teatro, o desenvolvemento do drama litúrxico no occidente peninsular e as posíbeis causas que explican o seu escaso cultivo; así mesmo, e dentro dos espectáculos parateatrais, analízanse dous acontecementos espectaculares inscritos na celebración da festa do *Corpus*, a *Coca* e as *Penlas*. Xa no último capítulo do volume, R. Polín pasa revista aos denominados epígonos, á escola galego-castelá, facendo, na introducción, un repaso polas características desta poesía, estudios críticos relativos a ela e factores que conduciron á decadencia da poesía trobadoresca galego-portuguesa e ao desprazamento do centro poético a Castela e Portugal. Dáse conta, así mesmo, da nova concepción que rexe esta poesía, das influencias estranxeiras que recibe, dos cancioneiros que a recolleron e do período cronolóxico que abrangue. Establécense, finalmente, as xeracións poéticas e analízanse os xéneros, temas e características formais destas composicións, ademais da importancia que o factor lingüístico reviste nesta poesía.

Referencias varias:

-Concha Pino, “Hércules de Ediciones publicará seis tomos sobre la literatura gallega”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 11 maio 2000, p. 76. Ver Tarrío Varela, Anxo (coord.), *Os Séculos Escuros. O século XIX*, no apartado V. 1 deste *Informe*.

Cunningham, Martin G., *Alfonso X El Sabio. Cantigas de Loor*, Dublin: University College Dublin Press, 2000, 280 pp. (ISBN: 1 900621 31 2).

Edición preparada, tanto para o investigador coma para o músico-intérprete, das *cantigas de loor* de Alfonso X. O texto das composicións está precedido por un estudio preliminar no que se abordan diversos aspectos relativos ao cancioneiro marial do Rei Sabio e ás cantigas *de loor*, por un capítulo dedicado á pronuncia e características do galego medieval e por outro no que se lle presta particular atención á notación musical dos textos –esta edición baséase nun novo enfoque da notación mensural do século XIII–. A edición de cada cantiga, en transcrición regularizada –pero non se achegan os aparatos críticos correspondentes–, vai acompañada de traducción ó inglés da mesma, da súa notación musical e dun epígrafe de notas, no que se inclúe a indicación da fonte da cantiga –manuscritos nos que está copiada–, a análise da súa estructura métrica, un comentario temático do texto e un comentario sobre as características melódicas da composición e sobre a súa transcrición musical.

Gandersheim, Rosvita de, *Obra dramática*, introd., ed., trad. e notas de Xosé Carlos Santos Paz, A Coruña: Universidade da Coruña (Departamento de galego-portugués, francés e lingüística)/Biblioteca-Arquivo"Francisco Pillado Mayor", nº 13, Serie branca, novembro 2000, 271 pp. (ISBN: 84-95322-59-5).

Edición bilingüe de toda a obra dramática de Rosvita de Gandersheim (s. X-XI). O volume ábrese cunha "Introdución" que repasa a vida, a formación monástica e o conxunto da obra de Rosvita, que tomou o nome do mosteiro de Gandersheim (en Braunschweig, no actual länder da Baixa Saxonia) onde morou. Tamén se estudia na introducción o argumento, as fontes narrativas e a unidade de acción e de estilo de cada un dos seis dramas de Rosvita, así como a súa recepción dende o medievo ata os nosos días. Péchase esta sección coas características desta edición e mais coa bibliografía. Despois deste estudio introductorio vén a traducción galega acompañada do texto latino dos dramas escritos pola canonesa Rosvita de Gandersheim, introducidas por un "Prefacio" ("Praefatio") e mais unha "Carta da mesma a algúns sabios, favorecedores deste libro" ("Epistola eiusdem ad quosdam sapientes huius libri fautores"). En conxunto os seis diálogos dramáticos alicerzan un dos productos máis orixinais da literatura latina medieval coa imitación formal de Terencio e a brillante (re)creación de fontes haxiográficas e son: Conversión de Galícano, xefe do exército (Conversio Gallicani principis miliciae); Martirio das santas virxes Ágape, Quionia e Irene (Passio sanctarum virginum Agapis, Chioniae et Hirenae); Resurrección de Drusiana e Calímaco (Resuscitatio Drusianae et Calimachi); Caída e conversión de María, sobriña do ermitán Abraham (Lapsus et conversio Mariae neptis Habrahae heremicolae); Conversión da prostituta Tais (Conversio Thaidis meretricis) e péchase con Martirio das santas

virxes Fe, Esperanza e Caridade (Passio sanctarum virginum Fidei, Spei et Karitatis). Estes dramas tamén son coñecidos cos títulos abreviados de Gallicanus; Dulcitius; Calimachus; Abraham; Pafnutius e mais Sapientia, respectivamente, que se veñen empregando tradicionalmente dende que Conrado Celtis publicou a editio princeps (1501) dos dramas de Rosvita. Un gravado de cada drama que aparece nesta editio princeps antecede a cada peza dramática deste volume.

Recensións:

-C. Vidal, “Rosvita e Hildegarde, escrita feminina de hai mil anos”, *A Nosa Terra*, nº 963, “O Guieiro Cultural”, 30 novembro 2000, p. 33.

Faise eco deste traballo de Xosé Carlos Santos Paz, que traduce a obra dramática de Rosvita de Gandersheim. Trátase da primeira muller na historia da literatura latina que escribiu épica e a primeira escritora dramática alemana, ademais de ser a primeira poeta saxona. Deste xeito, da obra *Gestas Otonis* di que o traductor destaca a forma de tratar a épica, onde se deixan máis de lado as batallas e as figuras femininas cobran relevancia. Remata tentando situar á autora no seo dunha familia nobre e cunha fonda formación intelectual coñecedora de autores clásicos com Virxilio ou Ovidio.

González, Helena e Xesús **González Gómez** (coords.), *Basilio Losada. Ensinar a pensar con liberdade e risco*, Barcelona: Publicacións de la Universitat de Barcelona, col. Homenatges (Universitat de Barcelona), nº 18, 2000, 755 pp. (ISBN: 84-4752486-8).

Volume descrito no apartado IV. 2 deste *Informe*. Relaciónanse a seguir os artigos que recolle sobre a literatura medieval:

-Luis Díez Merino, “Once de las 427 cantigas de Alfonso X el Sabio son de tema judaico. ¿Fueron obra de un judío converso?”, pp. 324-349.

Comézase mencionando a existencia de xudeos na corte do rei castelá Alfonso X. Analízase, ademais, a presencia da Virxe nas Cantigas de Santa María. Enuméranse logo os motivos que o levan ao profesor Merino a propoñer como autor dalgunhas destas cantigas a un xudeu converso. Así, faise referencia ao estilo, ao contido, á onomástica empregada, aos conceptos teolóxicos manexados e a algúns dos datos que nas cantigas aparecen. A continuación, a atención céntrase nas 11 cantigas nas que o tema da conversión dos xudeos é o dominante. Aténdese en cada unha destas composicións ás seguintes cuestións: ambientación, lugar e ocasión, personaxes, situación social, preparación do miragre, a súa realización, a súa explicación e, finalmente, as súas consecuencias. Remátase o estudio cunhas breves conclusións nas que se volve a sinalar a orixe, posiblelmente conversa, do autor das cantigas comentadas.

-Graça Videira Lopes, “Ecos internos na poesia galego-portuguesa: a proto-heteronímia em João Garcia de Guilhade”, pp. 728-733.

Estudio sobre a repetida “auto-nomenação” que ocorre en oito cantigas de amigo do trobador João Garcia de Guilhade. Defínese a cantiga de amigo dentro do universo de loanza ao mundo feminino xunto coa “proto-heteonímia” dalgunhas cantigas de amigo. Indícase que a autodenominación é excepcional na poesía galego-portuguesa, en oposición á Provenza, sendo João Garcia de Guilhade unha boa proba galegopotuguesa. Sinálase que das vinteunha cantigas de amigo da autoría deste trobador oito delas inclúen o seu propio nome, a “auto-nomenação”, onde o obxectivo da sátira é, en principio, o propio trobador-autor da cantiga, clasificándose entón como “auto-escárnio”.

Lagares, Xoán Carlos, *E por esto fez este cantar. Sobre as rubricas explicativas dos cancioneiros profanos galego-portugueses*, Premio Carvalho Calero na modalidade de ensaio 2000, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Ensaio, nº 141, decembro 2000, 273 pp. (ISBN: 84-89896-82-8).

Edición e estudio das rúbricas explicativas que acompañan as cantigas profanas nos cancioneiros galego-portugueses. O volume estructúrase, á marxe do capítulo final, dedicado á bibliografía, e dos índices –de primeiros versos das cantigas dotadas de rúbrica explicativa e de autores con textos que presentan este elemento–, en dous grandes apartados: no primeiro estúdianse as *razos*, no segundo recóllese a súa edición crítica. No apartado dedicado ao estudio, e tras unha breve introducción na que se aborda a difusión, tipoloxía e evolución do manuscrito medieval, así como diversas cuestións relacionadas coa tradición manuscrita galego-portuguesa, achégase unha definición de *rúbrica* en sentido xenérico, indicando os tipos posíbeis que se poden diferenciar no seu interior, para analizar despois aquel que constitúe o obxecto de estudio no presente ensaio: as rúbricas explicativas, “as que fornecen algún outro tipo de información sobre a composición ou sobre o autor”. Lagares fai unha definición particularizada das rúbricas explicativas, de acordo coas súas características e tipoloxía, así como unha descrición formal das mesmas, analizando os seus elementos constitutivos e as particularidades que presentan. Nos capítulos sucesivos estúdiase a localización das *razos*, indicando quen as copiou, nos distintos sectores dos apógrafos italianos, a cronoloxía dos autores que posúen rúbricas explicativas na súa producción e as relacións de significado que se establecen entre rúbrica e cantiga, realizando unha clasificación daqueles textos en prosa segundo a información

que achegan –distínguese entre rúbricas chave, rúbricas contextualizadoras e rúbricas título–. Nos dous capítulos finais, e antes de expor as conclusións, analízanse as rúbricas explicativas das *cantigas de amigo*, *amor*, *lais* e *tensós*, retomando datos xa achegados nos capítulos precedentes, e as que acompañan as *cantigas de escarnio e maldizer*. No segundo apartado do volume recóllese a edición crítica destes breves textos en prosa, que vai acompañada pola indicación das edicións precedentes e polo correspondente aparato crítico. Inclúese despois a reproducción facsimilar das rúbricas do *Cancioneiro da Biblioteca Nacional* e do *Cancioneiro da Vaticana* e un glosario dos termos documentados nas *razos* obxecto de análise.

Pereira Fernández, Miguel (coord.), *Lingua e literatura da comarca de Deza. (Actas das primeiras xornadas celebradas en Lalín, en outubro de 1999)*, Lalín: Seminario de Estudios de Deza, 2000, 80 pp. (DL: PO-463/00).

Deste volume, que xa se describía no apartado V. 1 deste *Informe*, dáse conta a seguir dun artigo que recolle sobre literatura medieval galega:

-José António Souto Cabo, “Os poetas medievais de Deza no contexto da lírica galego portuguesa”, pp. 33 43.

Inicialmente presenta a problemática de determinar a orixe dun trobador medieval á unha comarca ou lugar determinado porque se basea, na maioría dos casos, en especulacións. Mais a seguir, ofrece uns sucintos datos da vida e obra dos poetas orixinarios desta zona: Nuno Eanes de Cérceo, Airas Peres Vuiturom, Joán Garcia, Joán de Requeixo, Afonso Soarez Sarraça e Pero Pais Bazoco.

Real Academia Galega, *A poesía medieval galega vista desde os relanzos derradeiros do século XX. (Discurso lido na recepción pública o día 30 de setembro de 2000, no acto da súa recepción, polo ilustrísimo señor don Xosé Luís Méndez Ferrín e resposta do ilustrísimo señor don Ramón Lorenzo Vázquez)*, A Coruña: Real Academia Galega, setembro 2000, 45 pp. (ISBN: 84-87987-22-2).

Recolle o discurso pronunciado por X. L. Méndez Ferrín no acto do seu ingreso na Real Academia Galega, onde pasou a ocupar a cadeira do falecido A. Fraguas; así como tamén se adxuntan as palabras de R. Lorenzo Vázquez en resposta ao seu amigo e compañeiro. O autor de *Arraianos* mostra o orgullo que sente ao entrar en tan egrexia institución, centrando a súa exposición na lírica medieval galega. Realiza un completo, anque sucinto, comentario da poesía desa época, achegando ao auditorio interesantes e orixinais interpretacións sobre esta, á cal cualifica de só "galega" e "autónoma". Asemade, leva a cabo un repaso por cada unha das diferentes modalidades xenéricas, salientando a existencia "de forzas contradictorias" e de "fachos de lume individuais" no seo da nosa poesía medieval. Remata pedindo a aceptación da súa persoa que "perpetúa hogano aquel espírito patriótico democrático e progresista do seu primeiro presidente , Manuel Murguía". No segundo discurso, o de R. Lorenzo, lóuvase ao autor de *Retorno a Tagen Ata*, cualificándoo como "unha das figuras máis excepcionais da cultura galega da segunda metade do século". Lembra a súa estreita relación, ademais de moitas vivencias compartidas e anécdotas ocorridas durante os seus anos de estudiante en Santiago e Madrid, onde coincidiron e onde se mergullaron por completo nun ambiente de intensa actividade galeguista. Comenta, así mesmo, certas notas biográficas, a súa ideoloxía e obra, denominando

esta última como un “macrotexto”. Describe ao ourensán como un individuo “rebelde”, “inconformista”, mais unha persoa íntegra. Logo, alude ás palabras de entrada de Ferrín, non facendo unha “réplica”, senón un “eloxio”. Conclúe a súa exposición dándolle unha emocionada “benvida” a Ferrín.

Referencias varias:

-Marcos Valcárcel, “Ferrín na Academia”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 1 decembro 2000, p. 2.

Lóuvase o discurso de ingreso na RAG de Xosé Luís Méndez Ferrín titulado “A poesía medieval galega vista desde os relanzos derradeiros do século XX”. Menciónanse os eloxios que o escritor ourense adica ao seu antecesor na cadeira: Antón Fraguas. Tamén se recolle a crítica ás distintas visións da nosa literatura medieval ofrecidas dende a perspectiva da literatura castelá. Asemade, eloxíase o estudio feito por Méndez Ferrín sobre as cantigas de amigo e as de amor. Finalmente, resáltase o vínculo que o novo académico sinala entre a nosa literatura medieval e a obra de Petrarca.

-Marcos Valcárcel, “Ferrín académico”, *La Región*, “Cultura”, 3 decembro 2000, p. 16.

Dáse conta da publicación do discurso de ingreso na RAG de Xosé Luís Mendez Ferrín titulado “A poesía medieval galega vista desde os relanzos derradeiros do século XX”. Tras mencionar os eloxios adicados a Antón Fraguas, coméntanse as definicións da nosa literatura medieval que se recollen no seu discurso. Finalmente, saliéntase o feito de que Méndez Ferrín reivindique a autonomía das Cantigas de Amor con respecto á tradición lírica provenzal.

Rodríguez, José Luís (ed.), *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero. Tomo I: A obra de Ricardo Carvalho Calero. Lingüística. Tomo II. Literatura. Miscelánea*, 2 tomos, Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia/Universidade de Santiago de Compostela (Servicio de Publicacións e Intercambio Científico), col. Homenaxes, 2000, 1007 pp./1044 pp. (ISBN Tomo I: 84-8121-827-8) (ISBN Tomo II: 84-8121-8286) (ISBN Obra completa: 84-8121-826-X). ⓪

Estes volumes xa foron descritos no apartado VI. 1 deste *Informe*, polo que agora nos limitaremos a dar conta daqueles artigos que acollen referentes á literatura medieval:

Tomo II:

-Mariña Arbor Aldea, "As gardas de amor na lírica galego-portuguesa", pp. 19-43.

Análise do motivo da garda de amor no conxunto do *corpus* lírico galego-portugués. Aínda que se lle presta especial atención á *cantiga de amigo*, na que o motivo ten un alto grado de rendemento na organización conceptual dos textos, abórdase a plasmación deste tanto nas *cantigas de amor* como nos textos satíricos, sinalando o suxeito que exerce a garda –con particular atención á *madre* e ó *marido*–, causas que explican as posíbeis xustificacións para a súa aparición na lírica trobadoresca producida no occidente peninsular, as

series léxicas que o explicitan nos textos e as variacións e a inversión paródica, no caso das *cantigas de escarnio e maldizer*, que sobre o propio motivo fixeron os trobadores, recorrendo sempre á composicións para xustificar e apoiar os argumentos expostos.

-Mercedes Brea, "*Levantou-s'a velida*, un exemplo de sincretismo harmónico", pp. 139-151.

Análise formal e conceptual da cantiga de don Denis *Levantou-s'a velida* (*B* 569, *V* 172), que deixa patente o perfecto coñecemento que das técnicas e temas da tradición poética tiña o monarca portugués, tanto da producción profana galego-portuguesa (e das *Cantigas de Santa María*) como da tradición provenzal e da propia poesía peninsular de tipo tradicional. Don Denis, que produce no último cuarto do século XIII e nas dúas primeiras décadas da seguinte centuria, recibe este legado poético, asimílao e transfórmao nun texto que parece tomar como modelo a cantiga de Pero Meogo, *Levóus'a louçana, levous'a velida* (*B* 1118, *V* 793), e que responde a unha requintada elaboración retórica –emprego das técnicas do paralelismo, *leixa-pren*, refrán intercalar–, ademais de conxugar distintos motivos temáticos e simbólicos –*lavar camisas / delgadas*, *alva*, o vento, o encontro dos amantes ao amencer, ...–, tomados da tradición peninsular e occitana.

-Elvira Fidalgo, "Cantigas "de amor" a Santa María", pp. 255-265.

Análise das *cantigas de loor* construídas sobre o patrón da *cantiga de amor* profana que Alfonso X inclúe dentro das súas *Cantigas de Santa María*. A profesora Fidalgo ocúpase, en particular, da primeira das cantigas marianas ou prólogo, coa que están estreitamente vinculados os outros textos de corte amoroso

que centran a súa atención: cantigas primeira *de loor*, 130, 140, 260 e 400. Conclúe a autora, tras analizar tamén a cantiga 340, unha *alba*, que Alfonso X lle dirixe á Virxe *cantigas de amor* no fondo e na forma, servíndose da estructura, linguaxe e fórmulas da lírica profana para a creación de cantigas amorosas ao divino. Establécense os correspondentes paralelismos coa *cantiga de amor* galego-portuguesa e coa tradición provenzal, na que tamén se cultivou o canto mariano.

-Carlos Paulo Martínez Pereiro, "Da 'interpretatio' e da 'damnatio nominis': *el vira Elvira*", pp. 445-475.

Aborda Martínez Pereiro, na primeira parte do traballo, o xogo de palabras *el vira* / *Elvira*, resultado da homonimia e da homofonía e dunha certa atracción paronomásica, nos textos amorosos e satíricos da producción profana galego-portuguesa, establecendo as oportunas relacións cronolóxicas e xeográficas entre os autores que se serviron deste xogo fónico, que debe ser entendido como derivación dos mecanismos inherentes ás diferentes *interpretatio nominum*. O autor ilustra o funcionamento deste recurso do equívoco en dous textos *de amigo* de Fernand'Esquio, nunha cantiga do mesmo xénero de Pero da Ponte e no escarnio a Lopo Liáns de Johan Romeu de Lugo. Na segunda parte do estudio abórdase a interpretación da cantiga de Pedr'Amigo de Sevilha *Elvyr', a capa velha dest'aqui* (*B* 1658, *V* 1192), achegando distintas hipóteses de lectura, que se corresponden con distintos niveis de análise, todas elas relativas á sexualidade implícita en diversos termos empregados no texto e caracterizados pola súa potencialidade equívoca. Martínez Pereiro apoia, ademais, as súas consideracións recorrendo ao escarnio de Johan Baveca *Don Bernaldo, pesa-me que tragedes* (*B* 1459, *V* 1069), autor que mantivo unha estreita relación no ámbito trobadoresco con Pedr'Amigo.

-Paulo Meneses, “Fenomenologia da morte-por-amor: do influxo das teoria médicas antigo-medievais na actividade poética trovadoresca”, pp 491-504.

Análise da fenomenoloxía amorosa e, máis concretamente, da *coita* e da súa resposta máis extrema, a morte provocada polo sentimento amoroso, na *cantiga de amor* galego-portuguesa, partindo da concepción do amor como enfermidade desenvolta pola antropoloxía medieval e dos remedios subministrados dende a ciencia médica e dende a psicoloxía para este mal de índole psicofisiolóxica. Estúdiase, en particular, a dobre resposta que a *coita* recibiu por parte dos trobadores peninsulares, á marxe do tratamento irónico ou paródico de que foi obxecto o tema ou da consideración, moi esporádica, de que a satisfacción do desexo constituía o único remedio eficaz contra esta enfermidade cerebral: a cesión do suxeito amante a ese estado patolóxico ou a busca, mediante a acción liberadora da morte, dunha solución extrema ao seu mal. Meneses ilustra, finalmente, as súas consideracións en base a dous textos paradigmáticos das cantigas que manifestan a *coita* e a enfermidade de amor: *Como morreu quen nunca ben*, de Pai Soarez de Taveirós, e *Quantos og’andam eno mar aquí*, de Pai Gomez Charinho.

-José-Martinho Montero Santalha, “As legendas das miniaturas das *Cantigas de Santa Maria*”, pp. 507-552.

Nova edición das lendas explicativas que acompañan as miniaturas en dous dos catro códices que enviaron as *Cantigas de Santa María*, en particular, nos coñecidos códices *T* (Biblioteca do Escorial) e *F* (Florencia, incompleto). Antes de proceder á edición destes breves textos en prosa, que presentan gran interese literario e léxico para o estudioso, analízanse as edicións precedentes (edicións de Guerrero Lovillo, 1949; Filgueira Valverde, 1979, e Santiago Luque, 1991), presentando os criterios adoptados para o establecemento crítico

do texto. A edición das lendas, que se inicia coas presentes en *T*, recollendo nun segundo momento as do códice *F*, vai acompañada polo correspondente aparato crítico e comentario das características destes textos – particularidades gráficas, colocación da lenda no manuscrito e na miniatura, tipo de tinta empregado para a súa escrita, etc.

-Francisco Nodar Manso, "O sistema paralelístico galego-portugués: sintaxe lóxica e harmónica, rima e selección léxico-semántica", pp. 581-596.

Analízase o modelo do sistema paralelístico verbal ou literal galego-portugués, distinguindo entre versos comunicativos, alternantes e iterativos. Estúdiase a posición destes no interior da cantiga, que é constante nos distintos textos, e os paradigmas rítmicos que se derivan das alternancias léxico-semánticas, concluíndo que no sistema paralelístico galego-portugués a tersura rítmica está condicionada polo modelo sintáctico que ofrecen os versos comunicativos, pola distribución regular de versos comunicativos, alternantes e repetitivos e polos paradigmas rítmico-sinonímicos das alternancias. Finalmente, ilústrase a importancia que a métrica canónica ten para o establecemento do texto crítico coas bailadas de Johan Zorro e Airas Nunez *Baylemos agora, por Deus, velidas ja* (B [1158 bis], *V* 761) e *Bailemos nós todas tres, ai amigas* (*B* 879, *V* 761) esta última incompleta de acordo co esquema métrico deducíbel da aplicación dos principios do paralelismo verbal expostos precedentemente, e co texto castelán *Tres morillas me enamoran*, para o que debería proporse unha nova lectura tendo en conta estes mesmos principios.

-Juan Paredes Núñez, "*Faroneja*: para una interpretación de la cantiga *O que foi passar a serra de Alfonso X*", pp. 613-618.

Establécese o significado do termo *faroneja*, que constitúe o refrán intercalado de lectura e interpretación problemáticas, nesta cantiga de Alfonso X que se enmarca no ciclo de textos que teñen como referente a sublevación mudéxar ocorrida en Andalucía en 1264 e que forma parte do grupo de cantigas políticas nas que o rei desafoga o seu furor contra os traidores que non acudiron ao chamamento á fronteira. Considera Paredes Núñez que os valores 'olfactear', 'osmar', 'tentar pescudar astutamente e de maneira subrepticia', 'ventear', 'maliciarse', permiten unha correcta interpretación do termo e do propio texto, respectando, ademais, a lectura dos apógrafos italianos. Coméntanse, así mesmo, as lecturas adoptadas polos editores precedentes da cantiga e as interpretacións que estes ofreceron para o vocábulo obxecto de estudio.

-Yara Frateschi Vieira, "A *soidade*/*suidade* na lírica galego-portuguesa", pp. 807-824.

Análise do emprego de *soidade* ou da súa variante *suidade* –a forma *soidade* é posterior– na tradición lírica galego-portuguesa, cinguíndose ás cantigas nas que se documentan estas formas, tanto no *corpus* profano como na poesía mariana de Alfonso X. A autora sinala as grafías baixo as que se rexistra o vocábulo nos cancioneiros, dando conta do seu cómputo silábico, dos xéneros aos que pertencen os textos que o recollen e dos trobadores que o empregan na súa producción, concluíndo que o termo entrou tardiamente na lírica galego-portuguesa, na que só se afirmou o seu uso na segunda metade do século XIII e comezos da seguinte centuria. Analízase, así mesmo, o significado do vocábulo, seguindo un criterio de tipo cronolóxico, e a distinción que no seu contido semántico se observa entre a lírica profana e a lírica relixiosa, facendo referencia ás súas posíbeis construccións gramaticais. Finalmente, ponse de relevo que en ningún dos textos funciona este termo coa acepción de 'soidade', 'illamento', que lle correspondería etimoloxicamente.

-Paulino Pereira, “Cantiga de amigo sobre texto de Meendinho”, pp. 949-965.

O autor achega a súa proposta de notación musical para a cantiga de Mendinho, marcándose como premisa que esta responda e respecte o fondo poético intemporal que envolve o poema.

X. Literatura medieval

X.2. Reedicións

Pena, Xosé Ramón, *Manual e antoloxía da Literatura Galega Medieval*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, 2000, 222 pp. (ISBN: 84-7824-147-7).

Reedición do volume aparecido, en primeira edición, en decembro de 1992. Este divídese en tres grandes apartados, agrupables, á súa vez, nunha introducción de carácter teórico e nunha selección de textos, desglosada en lírica e prosa. Na introducción faise unha breve alusión ó nacemento das linguas románicas e das súas literaturas, centrándose despois no galego medieval, do que se achega unha breve caracterización lingüística. Xa no que atinxe ó aspecto puramente literario, repásanse os manuscritos conservados para a tradición lírica profana e o papel de Compostela e de Galicia, terra de retagarda, no agromar literario deste período, analizando as cortes e os axentes poéticos, os xéneros –caracterización e clasificación da cantiga de amigo, cantiga de amor, cantiga de escarnio, cantiga de maldizer, tensó, pastorela e pranto–, a versificación e diversos recursos retóricos das cantigas profanas. O capítulo quinto da Introducción estalle reservado ás Cantigas de Santa María: transmisión manuscrita, autoría e datación, clasificación das cantigas e contido das mesmas. No capítulo sexto estúdiase a prosa medieval, distinguindo entre prosa de ficción –materia de Bretaña, materia de Troia, Miragres de Santiago–, historiografía –Livros de Linhagens, crónicas, Partidas– e outros textos –Livro de Alveitaría, Livro de Campeadores–. Finalmente, analízanse as causas que explican a decadencia literaria no período final da Idade Media e a denominada escola galego-castelá. Unha sucinta bibliografía dálle paso á selección de textos, que comprende lírica –cantigas de amigo, cantigas de amor, cantigas de escarnio e maldizer, pastorelas e Cantigas de Santa María–, e prosa –fragmentos de Libro de Tristán, Libro de Xosé de Arimatea, Demanda do Santo Grial, Crónica

Troiana, Historia Troiana, Miragres de Santiago, Crónica Xeral e Crónica de Castela, General Estoria e Crónica de Santa María de Iria.

X. Literatura medieval

X.3. Actas

Englebert, Annick-**Pierrard**, Michel-**Rosier**, Laurence-**Raemdonck**, Dan Van (eds.), *Actes du XXIIe Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes: Bruxelles, 23-29 juillet 1998*, 9 vols., Tübingen: Max Niemeyer Verlag, 2000, (ISBN do volume V: 3-484-50375-0/166 pp.) (ISBN Obra Completa 3-484-50370-X).

Publicación, en nove volumes, dos traballos presentados, entre o 23 e o 29 de xullo de 1998 en Bruxelas, ó *XXIIe Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes*. Estes, que xiran arredor do tema de base "bilan et perpectives d'un siècle de linguistique et de philologie", están repartidos en nove seccións temáticas, que se corresponden con outros tantos volumes: historia da lingüística; lingüística diacrónica; dialectoloxía, xeolingüística, sociolingüística; lexicoloxía, lexicografía, onomástica, toponimia; filoloxía, codicoloxía, edición de textos; morfoloxía e sintaxe; semántica e pragmática; retórica, semiótica, estilística; ensinanza e aprendizaxe das linguas, criolingüística. Os traballos dedicados á literatura medieval galegoportuguesa están contidos no volume V, *Les manuscrits ne brûlent pas: Travaux de la Section "Philologie, Codicologie, Editions de textes"*. Deles damos conta a seguir:

-Maria Pia Betti, "Contributo ad una ricognizione delle caratteristiche metriche delle *Cantigas de Santa María* di Alfonso X", pp. 7-12.

A autora achega diversas características particularizantes das *Cantigas de Santa María*, todas elas relativas á súa estructura métrico-estrófica, contempladas dende a perspectiva da elaboración dun repertorio métrico para o *corpus* mariano. Tras destacar a importancia dos froitos acadados por este tipo de investigacións na lírica provenzal, francesa, italiana, galego-portuguesa ou, máis recentemente, na poesía catalana medieval, afírmase o interese que este traballo reviste para a poesía mariana do Rei Sabio, subliñando as peculiaridades deste *corpus* –obra reconducíbel á *auctoritas* dun único autor, particular organización estrófica, na que domina o *zéjel*, problemática interpretación dos cortes versais, relacións cobra-refrán, influencias da lírica provenzal–, que deberán considerarse á hora de abordar a súa sistematización nun repertorio métrico, e establecendo os oportunos contrastes co repertorio que G. Tavani elaborou e publicou en 1967 para a poesía profana galego-portuguesa.

-Carlos Pérez Varela, “A *morte de amor* en Roi Queimado”, pp. 103-106.

Partindo do presuposto de que a producción poética de Roi Queimado foi denigrada pola crítica en base á súa falta de sinceridade e á consideración de que foi obxecto de burla por parte dos seus propios colegas de oficio polo seu reiterado *morrer de amor* e pola súa suposta torpeza compositiva, Pérez Varela analiza a obra poética do trobador considerando a frecuencia que o *topos* da morte derivada da *coita* ten no cancioneiro amoroso galego-portugués, o constante recurso á ironía que se verifica nos textos de Queimado e a presencia do motivo do finximento no cancioneiro *de amigo*. Conclúe o autor que a producción lírica de Roi Queimado está presidida pola visión irónica ou burlesca das convencións da escola poética na que se insería e das situacións amorosas consagradas por esta, e non polo sometemento e cultivo manido dos *topoi* trobadorescos.

Freixas, Margarita, Silvia **Iriso** (eds.), *Actas del VIII Congreso de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval (Santander, 22-26 de septiembre de 1999)*, Santander: Consejería de Cultura del Gobierno de Cantabria-Año Jubilar Lebaniego-Asociación Hispánica de Literatura Medieval, 2 vols., 2000, 934 pp./885 pp. (DL: SA-734/2000)0.

A seguir, descríbense os artigos referentes á literatura medieval galega que aparecen nos dous volumes, que recollen as actas deste congreso celebrado en Santander.

Vol. I:

-Mariña Arbor Aldea, “O cancioneiro de Fernan Rodriguez de Calheiros: análise da tradición manuscrita”, pp. 185-206.

Estudio das particularidades de copia do cancioneiro do trobador Fernan Rodriguez de Calheiros, cabaleiro portugués vinculado á poderosa familia dos Sousa. A autora analiza a disposición das trinta e tres composicións do autor, repartidas entre *cantigas de amor*, *cantigas de amigo* e *cantigas de escarnio e maldizer*, nos cancioneiros *B* e *V* –en *A* a obra amorosa do trobador está ausente a causa da acefalia inicial que presenta o manuscrito– e no *codex descriptus* de Berkeley, dedicándolle especial atención á dobre transmisión manuscrita de *B* 57 e *B* 72, á copia das cantigas de refrán e ás apostilas e rúbricas que

acompañan os textos do trobador portugués nos códices. Estúdianse, ademais, as diverxencias atributivas que se verifican entre *B* e o seu índice, a *Tavola Colocciana*, para as cantigas de Rodriguez de Calheiros e a disposición dos seus textos á luz da organizacións dos códices, dando conta da adscrición do trobador á sección tripartita dos cancioneiros e, máis en concreto, ao núcleo inicial ou ao cancioneiro que constituíu a xénese da tradición manuscrita galego-portuguesa.

-Mario Barbieri, “Una re-lectura de la cantiga “Pediu oj’un ric’ome” (V 1.204) de Pedr’Amigo de Sevilha”, pp. 331-336.

Análise e nova proposta de lectura da cantiga de Pedr’Amigo de Sevilha *Pediu oj’un ric’ome*, nunha primeira interpretación unha *cantiga de maldizer* contra un rico avarento, un tal Pedro Garcia, de identidade descoñecida. Para Barbieri, se a nivel superficial se pode manter a lectura proposta polos estudiosos e editores precedentes do texto, a análise particularizada do léxico seleccionado na cantiga, ben definido no vocabulario obsceno da sátira galego-portuguesa, suxire unha lectura diversa. En efecto, estamos ante un escarnio concentrado nun *vituperium* de sodomía que recolle e sintetiza o seu sentido no refrán: o *rico home* non se queixaría tanto do gasto de luz como de que os seus criados lle proporcionan a *candea*, a luz no seu sentido literal, cando o que el pide é o *candeo*, evidente alusión ao membro viril.

-Mercedes Brea, “El panegírico del trovador en las cantigas de amigo”, pp. 399-410.

A *cantiga de amigo* proporciona unha ocasión única para a elaboración do panexírico do trobador, xa que lle permite a este empregar a ficción dunha voz allea que, como tal, obxectiva os méritos que posúe o poeta. A profesora Brea analiza o motivo do autoeloxio neste xénero poético, estudiando as diversas posibilidades de plasmación do mesmo no *corpus* e formulando distintas hipóteses arredor do seu cultivo: os trobadores que se serven do motivo coincidirían nun período determinado –a mediados do século XIII ou no terceiro cuarto desa centuria– arredor de Alfonso X, polo que cabería preguntarse se o emprego da *cantiga de amigo* como soporte para realizar un panexírico (auténtico ou burlesco) dos trobadores constituiría un dos motivos literarios cultivados por un grupo de autores contemporáneos nun momento dado.

-Dulce María Fernández Graña, “La utilidad del método del análisis retórico-estilístico para la resolución de problemas atributivos, ejemplificado en “Nostro Senhor, que mi a min faz amar” (A 157)”, pp. 693-699.

A autora propón un método de análise dos poemas anónimos do *Cancioneiro da Ajuda*, con base na especificidade retórico-estilística que se verifica na producción poética de cada trobador, para establecer a autoría das composicións, completando así os datos achegados pola tradición manuscrita. Fernández Grana exemplifica este método coa cantiga *Nostro Senhor, que mi-a min faz amar* (*A* 157), atribuída pola crítica a dous trobadores diferentes, Gonçal’Eanes do Vinhal e Johan de Aboim. Servíndose da análise do vocabulario e das fórmulas lingüísticas empregadas por ambos trobadores, dos motivos temáticos e dos recursos estilísticos, ademais de constatar o cultivo dos tres xéneros maiores da lírica trobadoresca por parte dos dous autores, Fernández Graña conclúe que a cantiga debe pasar a formar parte do *corpus* poético do señor de Aboim.

-Yara Frateschi Vieira, “Pai Soarez de Taveirós e Peire Raimon de Tolosa”, pp. 751-761.

A autora interrógase, tras analizar diversas concomitancias entre a obra de Pai Soarez de Taveirós e a de Peire Raimon de Tolosa –cultivo dun esquema métrico único tanto na tradición provenzal como na lírica galego-portuguesa, presencia de rimas comúns, emprego de formas léxicas e de determinadas expresións idénticas ou moi próximas, ...–, pola posibilidade de que existise algún tipo de contacto entre ambos trobadores. A partir de determinados indicios recollidos na *vida* e nos textos de Peire Raimon sábese que datas este estivo na corte de Alfonso II de Aragón, corte que, como se desprende dalgúns elementos tirados da súa obra e dos aducidos pola profesora Frateschi Vieira no curso da súa exposición, tamén debeu visitar Pai Soarez, polo que é posíbel postular que este tomase aí contacto coa obra do tolosano. Con todo, apunta tamén que Pai Soarez podería ter coñecemento da producción poética da corte de Aragón de forma indirecta, a través “da memória (escrita ou oral) familiar”, e, máis concretamente, do seu pai.

-Orland Grapí Rovira, “Martim de Caldas y Nuno Fernandez Torneol: un caso de intertextualidad dentro de la escuela lírica gallego-portuguesa medieval”, pp. 905-921.

Análise dos fenómenos de intertextualidade que se establecen entre a *cantiga de amigo* de Martin de Caldas *Madr’e senhor, leixade-m’ir veer* e a segunda estrofa da composición do mesmo xénero, atribuída a Nuno Fernandez Torneol, *Foi-s’un dia meu amigo d’aqui*. Aínda que a similitude na estructura métrica, de rimas e de estrofas como indicio de intertextualidade non pode ser considerada neste caso, a análise da estructura interna, o carácter excepcional dos motivos seleccionados e a disposición dos mesmos no interior do texto, así como a adopción de determinados compoñentes retóricos da cantiga de base levan ao autor a postular a

relación intertextual entre ambas cantigas, sinalando como hipotexto ou como texto base para a cantiga de Torneol a composición de Martin de Caldas, e aducindo as posíbeis razóns que moverían a este a introducir a alusión á cantiga de Caldas no seu poema. Volume II:

-Pilar Lorenzo Gradín, “Trovadores, cronología y “razos” en los cancioneros gallego-portugueses”, pp. 1105-1125.

Estudio das rúbricas explicativas que acompañan os textos *líricos* no *Cancioneiro da Biblioteca Nacional* e no *Cancioneiro da Vaticana*, basicamente *cantigas de escarnio e maldizer*, e que teñen como finalidade proporcionar unha clave de lectura destinada a orientar a recepción da cantiga. A autora aborda a disposición das rúbricas que acompañan as cantigas en *B* e *V*, dando conta das súas peculiaridades de copia e facendo referencia á posíbel disposición e características que presentarían no exemplar que lles deu orixe aos apógrafos italianos. A análise da tradición manuscrita e da cronoloxía dos autores de textos dotados de rúbrica explicativa permítelle a Lorenzo Gradín distinguir entre rúbricas que preceden ás cantigas e rúbricas pospostas aos textos que acompañan, establecendo fases diversas na elaboración das mesmas, que estarían vinculadas a *scriptoria* diferentes. Finalmente, estúdianse as rúbricas de disposición problemática e os casos nos que, para un mesmo trobador, se documentan rúbricas pospostas e antepostas aos textos, así como o papel de rubricador desenvolto por Colocci. O traballo complétase con dous apéndices; o primeiro deles recolle unha reproducción dun sector dos códices que ilustra o proceder de Colocci como rubricador; o segundo contén un índice das *razos* galego-portuguesas.

-Elisa Nunes Esteves, “Cantigas de amor de poetas portugueses. Caracterização retórico-literária”, pp. 1395-1403.

Analiza a autora tres cantigas pertencentes a tres trobadores da última xeración da escola galegoportuguesa, centrándose na caracterización que nestes textos se fai do estado interior do suxeito poético, *Non quer’a Deus por mha morte rogar*, de don Pedro de Barcelos, *Ora, senhor, tenho muyt’aguisado*, de Estevan da Guarda, e *Estes que m’ora tolhem mha senhor*, de don Afonso Sanchez. A través do estudio retórico-formal das cantigas, a autora busca demostrar que estas últimas producciónns do trobadorismo galego-portugués teñen gran vitalidade e evidencian capacidade de renovación dos vellos temas e fórmulas, confirmando os datos que xa foran apuntados por Tavani en 1983 en relación co ocaso do movemento poético dos trobadores peninsulares: a desaparición desta tradición lírica non se debería a unha crise do modelo literario trobadoresco, senón a circunstancias de orde social, política e económica, externas á propia escola poética.

-Juan Paredes, “La cantiga V 61 / ¿B 478? de Alfonso X. Un problema de tradición manuscrita?”, pp. 14231432.

No *Cancioneiro da Biblioteca Nacional*, da cantiga 478, da autoría de Alfonso X só se transmitiu un verso, *Johan Rodriguiz*, *vejo-vos queixar*. Este texto podería ter a súa continuación en *V* 61, unha cantiga fragmentaria. Paredes Núñez analiza a tradición manuscrita das cantigas profanas do Rei Sabio para encontrar unha solución satisfactoria a este problema, concluíndo, a partir do estudio detido dos datos codicolóxicos, que a falta da totalidade do texto en *B*, con excepción do *incipit*, e da primeira cobra no

cancioneiro vaticano estaría provocada polo sistema de copia *alla pecia* que se empregou para a elaboración destes códices. A propia análise da cantiga, que se edita e comenta como complemento ao estudio, parece abundar na pertenza do único verso transmitido por *B* e das dúas estrofas de *V* a unha mesma composición.

-Antonio Rey Somoza, “A mesa e a carne nas cantigas de escarnio e maldicir”, pp. 1535-1546.

Estudio do uso que os trobadores e xograres galego-portugueses fixeron dos costumes e das prácticas alimenticias como arma satírica, facendo un repaso polas referencias que sobre este tema se poden atopar nos apógrafos italianos. Rey Somoza analiza, en concreto, o número, nome e particularidades das comidas diarias, así como a categoría das mesmas, estreitamente vinculada coa categoría social do individuo, e as viandas servidas na mesa, con particular atención ás carnes, as máis apreciadas, e á caza. Conclúe o autor que os trobadores utilizaron a imaxe da comida fundamentalmente nas críticas sociais carentes de interese moralizador, centrándose en ridiculizar os *ricos homes* e infanzóns empobrecidos e avaros segundo a ecuación escaseza de manxares = escaseza de prestixio social.

-Connie L. Scarborough, “Relaciones entre los ‘Milagros de Nuestra Señora” y las “Cantigas de Santa María””, pp. 1643-1653.

Análise das similitudes e diferencias entre as *Cantigas de Santa María* e os *Milagros de Nuestra Señora*: diferencias de léxico e sintaxe, puntos de contacto no espírito que subxace ao prólogo, emprego de expresións populares e recursos retóricos de tradición oral, adscrición de ambas obras ao plano literario

doutrinal dos seus autores e formación e pertenza, por parte de Berceo e de Alfonso X, a un ambiente douto e relixioso. A través da comparación de dúas cantigas e de dous milagres –en particular, do milagre 2 e da cantiga 11 e do texto de Berceo 15 e da composición afonsina 132– conclúese que ambas obras se corresponden unicamente no feito de compartir as mesmas lendas, pois a variedade de detalles e a diversidade de enfoques entre ambas é innegábel: os autores danlle unha forma propia e singular á mesma historia.

-Joaquim Ventura, “Pedr’Agudo: insult genèric o sàtira contra Pedro García Burgalés?”, pp. 1781-1787.

Análise de diversos datos, tirados das cantigas satíricas do cancioneiro galego-portugués, que permiten formular a hipótese de que, detrás do Pedr’Agudo, e por extensión, Pedro Bodinho ou Bodin, mencionado en distintas composicións dedicadas aos “maridos cornudos”, se encontra o trobador Pero Garcia Burgalês. En efecto, do *escarnio literario* de Gonçal’Eanes do Vinhal *Maestre, todo´lus vossos cantares* parece deducirse que Pedr’Agudo non é un nome xenérico, arquetipo do marido burlado, senón un mal nome, que actuaría metaforicamente por asociación co obxecto da sátira, aplicado a un trobador e, máis concretamente, a un trobador sobresaliente pola calidade das súas composicións: Pero Garcia Burgalês. A calidade literaria de Burgalês, recoñecida na época, motivaría que as burlas non lle foron dirixidas de maneira aberta; estas retomarían, por outra parte, e en consonancia coa tradición na que se insiren, un tema tópico na sátira entre trobadores do occidente peninsular.

X. Literatura medieval

X.4. Publicacións en revistas

Arias Freixedo, X. Bieito, "*¿e u era?* ¿a clave da cantiga de Meendinho?", *Boletín Galego de Literatura*, nº 24, "Notas", 2º semestre 2000, pp. 77-82.

O autor avanza unha nova hipótese de lectura para a parte final do controvertido refrán da cantiga de Mendinho *Sedia-m'eu na ermida de San Simión*, retomando e modificando as conclusións achegadas nun traballo precedente (1998), no que rexeitaba a versión tradicional de Nunes, convertida en *vulgata*, para o retrouso da cantiga e no que sometía a revisión a súa propia lectura de 1997 e a proposta alternativa de Tavani (1988). Arias Freixedo, que explica a lección dos apógrafos italianos por un erro de copista que se remontaría ao antecedente de *B* e *V*, hipotetiza, como base da lectura errónea dos cancioneiros do século XVI e do seu modelo, unha secuencia do tipo **euera*, para a que ofrece a solución *¿e u era?*, que considera a máis plausíbel en concordancia tanto co texto transmitido polos apógrafos italianos como coa propia semántica e construcción da cantiga, aínda que tamén considera probábel unha lectura do tipo *e eu era*. Ámbalas dúas posibilidades de segmentación –e as interpretacións que sustentan– confluirían, ademais, no momento da recepción auditiva do texto: o xograr autor da composición poría en práctica un procedemento de equívoco frecuente na lírica galego-portuguesa.

Beltrán, Vicenç, “Esteban Fernández de Castro y Fernán Díaz Escalho”, *Madrygal*, nº 3, “Artigos”, 2000, pp. 13-19.

Comeza describindo algúns dos feitos máis salientábeis do reinado de Afonso X o Sabio recollidos na crónica que para este rei fixo Ferran Sanchez de Valladolid para, a seguir, centrarse nas composicións dalgúns trobadores da corte alfonsí nas que se escarnece a dous personaxes: Esteban Fernández de Castro e Fernan Díaz Escalho. No caso do primeiro nome, por medio do contraste de diferentes fontes conclúe que correspondeu a un personaxe real que viviu nesa época e se opuxo ao rei, ademais de querer casar cunha protexida deste e rica herdeira. No caso do segundo, protagonista dun ciclo de cantigas na corte alfonsí, conclúe que escarnecido por un tema semellante, aínda que acusado veladamente de homosexual e desexoso de casar cunha dama por ambición, considera que non é senón un seudónimo que ben podería agochar o nome do primeiro, polo que as cantigas irían dirixidas á mesma persoa, malia que Pedr’Amigo de Sevilla empregue nas composicións o nome real e Pero Garcia Burgales, Airas Perez Vuitoron e Esteban Faian,entre outros, empreguen un seudónimo que considera perfectamente identificado polos ointes do momento.

_____, “Tipos y temas trovadorescos. XVI. Sordel en España”, *Cultura Neolatina*, LX, 3/4, 2000, pp. 341-369.

O profesor catalán traza as vicisitudes biográficas de Sordel no seu percorrido pola Península Ibérica e, máis en concreto, pola corte de Castela e León, apoiándose nos datos tirados da análise do ciclo de sátiras que lle dedicaron diversos trobadores provenzais, nas poesías do propio Sordel, nas composicións de Johan Soarez Coelho e na documentación da chancelería castelá. O estudio, que fixa o lugar e o momento da estadía de Sordel no reino leonés, explicando os motivos da súa aventura hispánica, sinala, así mesmo, a presencia do mantuano no reino portugués (converténdose, deste xeito, no único trobador provenzal documentado en territorio luso). Saído de Italia cara a 1228-1229, Sordel estaría ao servicio do nobre pictavino Savaric de Mauleon, e quizais noutros ámbitos da Galia, antes de dirixirse aos dominios da monarquía castelá-leonesa, buscando a protección de Fernando III; con este viaxaría a Sabugal na primeira metade de 1231, onde, entre a corte portuguesa, podería encontrarse Johan Soarez Coelho; despois, en 1232 peregrinaría co monarca a Compostela. Finalmente, e ao non encontrar o recoñecemento que esperaba, Sordel volvería á Galia, fixándose en Provenza no verán de 1233.

Callón Torres, Carlos Manuel, “Aproximación á visión das relacións intermasculinas e interfemininas na lírica medieval galego-portuguesa”, *Fluxos. Anuario galego de estudios gais e lésbicos*, 2, 1999-2000, pp. 17-41.

Análise das manifestacións “homoeróticas” ou “homosexuais” na lírica medieval galego-portuguesa, centrándose no *corpus* satírico dos trobadores, aínda que se apunta a posibilidade de que se poidan ler tamén nesta clave as *cantigas de amigo*. Tras unha breve introducción histórica, na que se aborda a postura que o catolicismo e a igrexa mantiveron con respecto ás prácticas homosexuais e o tratamento que estas recibiron no dereito civil medieval, así como o momento no que xorde o prexuízo homofóbico, que o autor sitúa no período trobadoresco, analízase o *corpus* satírico galego-portugués, exemplo manifesto deste prexuízo, pois o amor canonizado pola lírica dos trobadores peninsulares é un amor heterosexual, patriarcal na súa perspectiva. Callón Torres estudia os ciclos de textos dedicados a Fernan Diaz e Estêvão Eanes, nos que a sátira homosexual respondería a unha finalidade política, os textos que teñen como branco os xograres Fernando Escalho, Saco, Bernal de Bonaval e Sueiro Eanes, as sátiras contra os homosexuais pasivos, os textos que reflicten a homosexualidade vinculada ao islamismo –ciclo de Alvar Rodriguiz, Johan Fernandiz–, as sátiras dedicadas ás relacións entre mulleres e outros textos nos que se alude ás relacións homosexuais, aínda que a súa interpretación sexa máis controvertida: son todas elas cantigas caracterizadas polo emprego do xogo de palabras, da *equivocatio* e da ironía e por presentar un dobre nivel de lectura, inocua a primeira, marcadamente obscena a segunda.

Diéguez Gonçalez, Júlio, “Nomes de origem literária na documentaçom galega baixomedieval”, *Agália*, “Estudos”, nº 59, Outono 1999, pp. 291-314.

Na introducción que precede o corpo central do artigo, caracteriza a Baixa Idade Media polo binarismo no patronímico, así como polo éxito de certos nomes de santos. Considera que son innovacións deste momento a presencia de nomes bíblicos, históricos, estranxeiros e literarios. A seguir, estructura o estudio destes últimos en ciclos: Guillaume, artúrico, Amadis de Gaula, clásico e carolingio, nos que acolle máis de vintecinco nomes dos que analiza a súa posíbel orixe, a caracterización nas obras literarias e a aparición deses nomes nas cortes e en documentos notariais. Finalmente, concédelle bastante importancia á onomástica para o coñecemento da historia das mentalidades, xa que, ao seu ver, revela datos do imaxinario colectivo e das influencias que a sociedade recibe en cada momento.

Gonçalves, Elsa, "... *soo maravilhado / eu d'En Sordel* ...", *Cultura Neolatina*, LX, 3 / 4, 2000, pp. 371-386.

A profesora portuguesa proporciona unha nova interpretación, marcadamente maliciosa, para a *tensó* que sosteñen Johan Soarez Coelho e Picandon, xograr de Sordel. Partindo do significado obsceno de *picar*, ben documentado na lírica galego-portuguesa, do que derivaría o nome do xograr (xerundio *PICANDO + sufixo aumentativo), "usado sodomiticamente", Gonçalves afirma que a interpretación da *tensó* debe considerar a práctica sexual (homosexual) suxerida polo verbo. Baseándose noutras alusións a Sordel que tamén poden ser interpretadas en clave obscena, a profesora portuguesa conclúe que Picandon é en realidade un nome inventado por Coelho, co que o poeta, coñecedor da fama creada arredor da vida xograresca de Sordel e da tradición lírica galego-portuguesa, na que a crítica dos homosexuais é un tópico literario e na que se lle atribúen nomes alusivos ás súas prácticas sexuais tanto a xograres como a individuos pertencentes a outras clases sociais, faría alusión tanto aos costumes do xograr como aos do propio Sordel.

Lorenzo Gradín, Pilar-**Amado**, Teresa, “Os estudios de poesía lírica galego-portuguesa (1978-1998)”, *Boletín Galego de Literatura*, 23, 1º semestre, 2000, pp. 7 36.

As autoras repasan os estudios xurdidos no ámbito da lírica galego-portuguesa nas dúas últimas décadas, tomando como punto de partida o *Nuovo repertorio bibliografico della prima lirica galego-portoghese*, elaborado por S. Pellegrini e G. Marroni. Ordenadas en función da súa cronoloxía, as distintas achegas críticas divídense en dous grandes bloques. No primeiro deles repásanse os contributos feitos no ámbito da tradición manuscrita –establecemento do *stemma codicum* da lírica galego-portuguesa; estudios relativos ao *Pergaminho Vindel*, ao *Fragmento Sharrer* e ao *Cancioneiro da Bancroft Library*; análise dos diversos niveis de formación da tradición manuscrita; sistema de rúbricas nos apógrafos italianos; fenómenos de duplicación ou dobre atribución–, da elaboración de edicións críticas e antoloxías –edicións facsimilares; novas edicións monográficas; problemas relativos á fixación crítica do texto e transcrición gráfica do mesmo; antoloxías e criterios organizadores que as sustentan– e da análise métrico-rítmica da cantiga –análise de determinados artificios retóricos e estudios de relacións intertextuais–. No segundo apartado do traballo expóñense os resultados obtidos no estudio dos xéneros –atención aos xéneros menores; práctica do *contrafactum*; influencias da lírica ultrapirenaica; estudios sobre música trobadoresca; análises centradas nos tres grandes xéneros líricos–, na investigación histórica –exame da documentación relevante para o coñecemento de personaxes e acontecementos referidos nas composicións, de circunstancias contextuais ou de relacións entre trobadores– e na individualización de ciclos textuais no interior dos tres grandes xéneros do

lirismo galego-portugués –simbolismo asociado a determinados elementos textuais; presencia de determinados tópicos nos textos; existencia de posíbeis ciclos narrativos–. O estudio, no que se sinalan os distintos aspectos da lírica galego-portuguesa que aínda están pendentes de recibir a atención da crítica, complétase cunha ampla bibliografía final: nela recóllense, divididos en *Edicións de textos e antoloxías* e en *Estudios* os traballos citados no curso da presente publicación.

Pérez Barcala, Gerardo, "A. Fernández Guiadanes, F. Magán Abelleira, I. Rodiño Caramés, M. Rodríguez Castaño, X. X. Ron Fernández, M. del Carmen Vázquez Pacho (eds.), *Cantigas do Mar de Vigo. Edición crítica das cantigas de Meendinho, Johan de Cangas e Martin Codax*", *Boletín Galego de Literatura*, nº 23, "Libros", 1º semestre 2000, pp. 226-230.

Descrición do libro *Edición crítica das cantigas de Meendinho, Johan de Cangas e Martin Codax*. Indícase que conta cun prólogo de Mercedes Brea –onde xustifica a viabilidade e utilidade deste volume–. Detállanse as súas partes –introducción; estudio biográfico dos autores; análise da tradición manuscrita; un glosario e mais un rimado– e destácase que neste volume atopamos unha coidada edición das once cantigas dos trobadores estudiados complementada cunha abundante información.

Pociña López, Andrés Xosé, “As aventuras de Ulises: Algunhas concordancias e discordancias entre as versións da *Odisea*, a *Crónica Troiana* e a *Historia Troyana*”, *Boletín Galego de Literatura*, n.º 24, “Estudios”, 2º semestre 2000, pp. 57-71.

Comézase sinalando o interese que a Guerra de Troia tivo dentro das literaturas medievais europeas. Repásanse as versións que se fixeron en Francia –comezando por *Roman de Troie* (século XII) de Benoît de Sainte-Maure e que serviu de base a diferentes traduccións– e na Península Ibérica como a *General Historia* de Afonso X e a *Historia Troyana*. Estas dúas últimas obras serán o obxecto de estudio deste traballo. Analízanse as semellanzas e diverxencias entre
o relato do regreso de Ulises na *Odisea* de Homero e na *Crónica Troiana*, ampliando esta comparación á *Historia Troyana* ao diferiren as dúas versións galegas. Como remate sublíñanse os anacronismo das versións medievais, dado que moitos dos temas están tratados ao gusto medieval.

Rey Somoza, Antonio, “Edición y anotaciónde textos. Actas del I Congreso de Jóvenes Filólogos”, *Revista Galega do Ensino*, nº 26, “Recensións”, febreiro 2000, pp. 295-297.

Comeza salientando a importancia dos traballos editoriais sobre a literatura medieval galego-portuguesa. A seguir, dá noticia do “I Congreso de Jóvenes Filólogos”, que tivo lugar na Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña, e contou coa presencia, entre outros, de Vicente Beltrán, Alan D. Deyermond ou Michel García. Fala da Hateroxenidade nas comunicacións e enumera as máis destacadas, entre as que distingue dous grupos temáticos: a poesía castelá do Século de Ouro e os textos galego-portugueses. Sinala que as comunicacións sobre estes últimos son específicas, posto que os principais traballos xa foron realizados por anteriores estudiosos.

Vasconcelos, Carolina Michaëlis de, “Glosas marginais ao antigo cancioneiro português do nordeste da Península”, *Signum. Revista da Abrem*, II, 2000, pp. 171 187.

Traducción, da autoría de E. Koller e revisada por Y. Frateschi Vieira, do artigo dedicado por C. Michaëlis de Vasconcelos ao trobador Johan Soarez de Pávia e á única composición que del se conserva, *Ora faz ost’o senhor de Navarra*. No traballo, ademais de editar a cantiga, achégase unha posíbel identificación para os monarcas mencionados no escarnio do trobador portugués e dátase o texto entre o 16 de xullo de 1212 e o 7 de abril de 1234, revisando as hipóteses formuladas a este respecto pola crítica precedente e coetánea. Realízase, así mesmo, un breve percorrido pola biografía de Soarez de Pávia e analízanse as súas relacións con outros trobadores, partindo dos datos achegados polos nobiliarios e polos cancioneiros.

Vieites, Manuel F., “Fontenlas esquecidas do teatro medieval”, *Guía dos libros novos*, nº 22, “Teatro”, outubro 2000, p. 29.

Nega, en primeiro lugar, a visión da Idade Media como momento de escuridade cultural. Recoñece que a documentación que esta época nos legou é escasa. Menciona tamén a necesidade de analizar as liñas de continuidade entre o teatro grego, o latino e o medieval. Advirte, ademais, que o estreito vínculo que une a dramaturxía medieval coa relixión nos nos pode facer negar a existencia dunha orixe heteroxénea do teatro. Finalmente, eloxia a edición de 1999 de Henrique Harguindey en *Tres pezas cómicas medievais*, por ser unha estimabel axuda para paliar o déficit que a literatura galega ten respecto á dramaturxia clásica universal. Pide apoio para iniciativas como esta.

X.5. Publicacións en xornais: estudios e recensións

X. Literatura medieval

X.5. Publicacións en xornais: estudios e recensións

Quintáns S., M., “As cortes señoriais galegas”, *El Correo Gallego*, “Fin de Semana”, 23 abril 2000, p. 10.

Recensión de *En cas dona Maior. Os trovadores e a corte senhorial galega no século XII* (1999) que comeza cunha presentación da súa autora, Yara Frateschi Vieira, e do obxectivo do volume; buscar as relacións que mantiñan Rodrigo Gomes e a súa dona, Maior Afonso, cos trobadores. Recolle as delaracións da autora nas que expón as dificultades e logros do traballo, así como o importante papel cultural que desempeñaba Compostela nos fins do século XII e comezos do XIII.

X.6. Publicacións en xornais: artigos de opinión e colaboracións fixas

X. Literatura medieval

X.6. Publicacións en xornais: artigos de opinión e colaboracións fixas

González Pérez, Clodio, “Martín de Xinzo”, *O Correo Galego*, “O rodicio do tempo”, 10 xuño 2000, p. 2.

Nesta aproximación ao trobador Martín de Xinzo, pescuda cál podería ser a súa procedencia natal, polo que enumera unha serie de datos para chegar a unha conclusión. Comenta que coñecía un santuario, Santa Cecilia, e que polo seu nome podería pertencer a un lugar chamado Xinzo ou Guinzo. Conclúe que os topónimos e a flora das súas cantigas, xunto co santuario citado, aparecen en San Xiao de Bastabales.

X.7. Publicacións en xornais: notas presentacións e escritos varios

X. Literatura medieval

X.7. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios

Fraga, Jesús, “Antonio García Patiño traduce a pintura la poesía de las cantigas”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 21 febreiro 2000, p. 83.

Infórmase da publicación dun volume editado polo galego afincado en Barcelona Manuel Moleiro que contén unha selección de cantigas galegas –de Martín Codax, Pero Meogo, Don Denis, Mendinho, Juliao Bolseiro, Pai Soarez de Charinho ou Pero Viviaez–, ilustradas polo pintor Antonio García Patiño. Saliéntase a propósito destas ilustracións que Patiño traduciu a linguaxe dos trobadores medievais a unha pintura contemporánea con raíces no Románico, ofrecendo así unha nova lectura de motivos como os namorados, os cervos ou as ondas do mar. Infórmase tamén de que o libro conta cun ensaio de Francisco Rico e coa colaboración de Gema Vallín, responsábel da edición dos textos, da súa traducción ao castelán e da súa contextualización.

XI. Folletos de novidades editoriais

Galaxia
(D. L.:VG-262-1987).

Esta editorial publicou durante o ano dous boletíns cos números 32 e 33, correspondentes ao inverno e outono, respectivamente. No primeiro deles inclúe na portada unha entrevista, sen asinar, a Henrique Monteagudo como coordinador dos seis volumes que conforman as *Obras de Castelao* (1999-2000). A seguir, inclúense breves comentarios descritivos, tamén sen asinar, de obras publicadas pola editorial durante 1999 e acompañados da foto do autor ou da portada da mesma, entre as que figuran: *Os fillos do río*, de Antón Risco; *O mellor francés de Barcelona*, de Bieto Iglesias; *Afirma Pereira*, de Antonio Tabucchi; *Hemingway en Galicia*, de Carlos Casares; *Vaiche boa*, de Paul Jennings; e *Guedellas de seda e liño*, de María Victoria Moreno. Do ano 2000 aparece *Unha soa man e outros intres*, de Xerardo Quintiá; e *Teatro feroz*, de Gloria Sánchez. No apartado titulado “Noticieiro” faise referencia aos premios recibidos pola editorial como a Medalla de Ouro ao Mérito nas Belas Artes e o premio San Martiño, ademais da homenaxe da Biblioteca Nacional de Portugal en Lisboa. Tamén se fai eco da representación polo CDG de *Si o vello Sinbad volvese ás illas*, o premio Lazarillo recibido por Marilar Aleixandre ou os máis de cincuenta mil exemplares vendidos de *A nosa cinza*, de Xavier Alcalá, entre outras noticias, para seguir cos comentarios ás traduccións de *Normal, diferente*, de Kristina Dunker; *Veronika decide morrer*, de Paulo Coelho; *Frankenstein ou o moderno Prometeo*, de Mary Shelley; *Un verán en Galicia* (1999), de C. Gasquoine Hartley ou *Silencio no corazón*, de Jaume Cela. No número 33, seguindo a estructura do anterior, comeza cun artigo sobre a exposición *Editorial Galaxia 19502000. Palabras para un país*. Explícase pormenorizadamente a súa estructura, os autores

incluídos, os obxectivos da mesma e o itinerario a seguir. A continuación, inclúense as referencias ao *Diccionario de Literatura Galega* (1999), de Dolores Vilavedra; *Infancia e desventura de Lino Carrán*, de Xosé Miranda, *Reminiscencias de Bob Dylan*, de Xosé Antonio Moreno; *Animalia*, de Antón Riveiro Coello; *O corazón portugués*, de Ramón Loureiro; *Velaí vai o verme*, de Mario Pereira; *Amigos en tempo real*, de Ramiro J. Álvarez; *Palabras envoltas en cancións*, de Antonio García Teijeiro; e *O Baul de Wensel*, de An Alfaya. No “Noticieiro” recóllese

o segundo aniversario da revista *Interesarte* e describe os seus números 8 e 9, o mesmo que os números 145 e 146 de *Grial*, ademais de referirse aos galardóns outorgados á editorial e a algunhas das obras que publicou recentemente, entre elas *Homónima* e *O pombal ruso*, ambas de Antón Riveiro Coello. A continuación, aparecen as referencias a *Cascas de noz*, de Beatriz Dacosta; *Un epistolario de Ramón Piñeiro*, de Francisco Fernández del Riego; *Historias para ler á noite* e *Lembranza nova de vellos menesteres*, de Paco Martín; *O carreiro. Memorias do Tío Santos*, de Narciso Luaces; ás reedicións de *Romance de Micomicón e Adhelala* de Eduardo Blanco Amor; e *O espello na serán*, de Ramón Otero Pedrayo; ao ensaio de Dolores Vilavedra *Sobre narrativa galega contemporánea* e ás adaptacións de Marilar Aleixandre en *Castelao segundo Rañolas. Vida e obra de Castelao* e de Xesús Rábade Paredes en *Vida de Manuel Murguía*.

Xerais
(ISSN: 1576-7604)

Durante o ano 2000 Edicións Xerais de Galicia sacou do prelo os números 39 (verán) e 40 (outono) dos seus folletos de novidades nos que dá conta daquelas obras que editou máis recentemente, así como dos premios Xerais e Merlín. A continuación, damos conta de todas as noticias asinadas que aparecen nos mesmos:

-Alonso, Fran, "As galiñas de vento. Günter Grass", *Novidades Xerais*, nº 39, verán 2000, p. 10.

Cualifica ao autor como un "poeta de circunstancias" que se mostra nesta antoloxía como "transgresor, obxectivista e prosaico", ademais de vangardista, orixinal e peculiar. Salienta a boa traducción de Ramón Lourenzo e Ursula Heinze na que seleccionan poemas das principais obras do autor: *As vantaxes das galiñas de vento* (1956), *Gleisdreieck* (1960) e *Interrogado* (1967). Remata felicitando a Ablativo Absoluto pola súa traxectoria cara a consolidación nesta colección de voces galegas e foráneas.

-Alonso, Fran, "Un referente para a creación dos novos narradores: Abismos", *Novidades Xerais*, nº 40, outono 2000, p. 13.

Presenta a colección Abismos expondo entre os seus obxectivos o de sacar á luz as obras daqueles narradores máis novos, buscando a dinamización, o debate e as propostas individuais máis anovadoras no eido da narrativa. Tamén presenta os membros do Consello Editorial, do que el mesmo forma parte como coordinador xunto con Rosa Aneiros, Xurxo Borrazás, Teresa Cuíñas e Iria Sobrino. Refírese, finalmente, aos tres primeiros volumes publicados: *Narradoras*, no que se recollen relatos inéditos de 25 narradoras galegas; *Dubido se matei a Lena*, de Medos Romero,considerado un libro de muller e sobre a muller; e *Tute para catro*, de Xesús Fraga, do que salienta o humor no retrato dunha vila galega.

-Angueira, Anxo, "Que a vida non me sorprenda xamais desprevenido, calado e neutral", *Novidades Xerais*, nº 39, verán 2000, p. 12.

Fala dos sentimentos que o embargaron cando lle foi concedido o Premio Xerais, entre eles o sentirse en certo modo recompensado; a exteriorización do seu desexo de abrazar aos fuxidos que protagonizan a súa obra ou a reafirmación do seu compromiso coa defensa da lingua e co sistema literario. Remata lembrando os pensamentos que tivo despois e os efectos do premio na súa vida, dos que destaca as lembranzas dos traballos pasados e da xente que lle axudou.

-Borrazás, Xurxo, "*Dubido se matei a Lena*. Medos Romero", *Novidades Xerais*, nº 40, outono 2000, p. 13.

Salienta, entre outros aspectos da obra, a case ausencia total de nomes que individualicen e personalicen, agás os das tres mulleres que protagonizan esta novela considerada "de derrotas" e estructurada en vinteoito

textos fragmentados que conforman un maior. Tamén destaca as diferentes perspectivas coas que se achegan os personaxes, as distintas voces narrativas que interveñen, ás veces por sorpresa, os espacios fríos e escuros que denotan soidade e tristura, en definitiva, o retrato dunha vida tráxica que non ten case máis saída que a traxedia.

-Bragado, Manuel, “Fóra de xogo”, *Novidades Xerais*, nº 40, outono 2000, p. 14.

En nome dos promotores da colección Fóra de xogo Manuel Bragado repasa a boa acollida e os propósitos cos que naceu hai seis anos. Reitera o compromiso fundacional cos lectores de recuperación do xénero da narración que se sustenta nos cincuenta títulos publicados, agradecendo tamén a boa disposición de todos os autores que confiaron as súas obras a esta colección. Indica así mesmo que consideran fundamental achegar os máis novos á lectura apostando pola diversificación temática e narrativa (na que tentan abranguer todos os xéneros, dende a novela policíaca, de ficción científica, ata a sentimental ou a fantástica) na busca dun maior achegamento ás preocupacións da mocidade.

-Bragado, Manuel, “Manuel Luís Acuña é o símbolo do desquite dunha xeración esmagada”, *Novidades Xerais*, nº 40, outono 2000, p. 20.

Conversa con Ramón Luís Acuña con motivo da publicación do libro colectivo de homenaxe a seu pai, Manuel Luís Acuña, promovido por Ramón Nicolás Rodríguez, Xoán Carlos Domínguez Alberte e Antón Pulido. Ademais de destacar a participación de case sesenta intelectuais e artistas que lembran ao autor de

Fírgoas, considera que a súa vertebración en trípticos é moi axeitada por ver na vida de Acuña unha especial relevancia dos triángulos, dende a súa vinculación vital a tres puntos xeográficos de Galicia, ata as tres etapas nas que se pode dividir a súa vida: a plenitude da primeira vivida en Trives, a esperanzada da segunda durante a República e a de exilio interior coa chegada do franquismo, que malia ser expulsado do ensino público logrou superar por tres razóns: polo éxito acadado no ensino privado, polo triunfo das súas ideas democráticas despois da dictadura e polo recoñecemento que está acadando a súa obra en Galicia, á que Ramón Luís Acuña considera plenamente vixente pola aposta das ideas fronte ás persoas, estando neste recoñecemento á obra de seu pai o de toda unha xeración fundamental para Galicia.

-Carballido, Cesáreo, “Sede auga. Cesáreo Carballido”, *Novidades Xerais*, nº 39, verán 2000, p. 10.

Critica nesta “Autopoética” a globalización que se está a dar no mundo, dentro da cal a arte pasa a ser considerada un obxecto de pasatempo e especulación, por iso afirma que lle corresponde ao pensamento “xenuíno” facer fenda e indica que é o poema, como tal pensamento xenuino, o que ten que levar a cabo coas palabras esta chamada de atención.

-Cuíñas, Teresa e Iria Sobrino Freire, “*Narradores [25 autoras galegas]*”, *Novidades Xerais*, nº 40, outono 2000, p. 13.

Comezan salientando o avance da narrativa galega nos últimos vintecinco anos, malia a pouca presencia de mulleres, vinculadas especialmente á lírica que experimentou a súa maior eclosión nos anos 90. Presentan

esta obra de vintecinco relatos de autoras como An Alfaya, Beatriz Dacosta, Isabel Freire ou Luisa Villalta, entre outras, como froito do achegamento da muller á narrativa como lectora, que trae consigo tamén a necesidade de creación, labor que historicamente se lle negaba pola falta de acceso á mesma.

-Fernández Paz, Agustín, “Unha sacudida”, *Novidades Xerais*, nº 40, outono 2000, p. 7.

Como membro do xurado que premiou *As cousas claras*, de X. A. Neira Cruz co Merlín de Literatura Infantil, manifesta a sorpresa e estremecemento que lle provocou no momento de ter que ler esta obra. Destaca, entre outras cousas, a imposibilidade de deixar a lectura unha vez que se comeza, o “cribles e atractivos” que resultan os seus personaxes e que cando a xente moza se achegue ás súas páxinas non esquecerán a protagonistas como Mon, Marga ou Afonso, todos eles moi complexos e contradictorios e que á vez transmiten perfectamente os seus sentimentos. Considera que é un bo retrato da vida e do mundo que “entronca coa mellor tradición da narrativa xuvenil” galega.

-Fernán Vello, Miguel Anxo, “*Ten o seu punto a fresca rosa*”, *Novidades Xerais*, nº 40, outono 2000, p. 5.

Achégase á última novela de Mª Xosé Queizán, *Ten o seu punto a fresca rosa*, e compáraa con outras obras súas como *A orella no buraco* (1965), primeira novela publicada da autora viguesa e da que destaca a importancia que tivo no seu momento como novidade dentro da literatura galega, así como a cualificación de “novela obxectalista” coa que aparece nos manuais, fronte a esta última que considera unha obra “antisentimentalista” e de “liberación” da muller do pensamento patriarcal vixente. Do mesmo xeito, di que se

Amor de Tango (1992) estaba ambientada no Vigo da República e os primeiros anos do franquismo, agora atopamos recreada a cidade dos anos setenta e oitenta con tres mulleres de protagonistas que nos achegan ao seu mundo de contradiccións. Remata cualificándoa como a autora máis representativa do feminismo en Galicia que emprega a súa obra para chamar a atención sobre as eivas que presenta e perpetúa esta sociedade.

-Iglesias, Bieito, “Que bonitos son os premios vistos desde un aeroplano”, *Novidades Xerais*, nº 39, verán 2000, p. 12.

Fala sobre os premios Xerais e Merlín definíndoos como unha gratificación afectiva e económica a un traballo feito honradamente, característica que atribúe tamén aos xurados . Reflexiona sobre os efectos dos premios nos autores e non nas súas obras, ademais de felicitar a responsábeis da editorial polos seus esforzos no enxalzamento das Letras Galegas.

-Iglesias, Mateo, “En *Lecturas de nós* subxace o propósito de reivindicar a dignidade e altura estética da nosa literatura que é rica e moi suxestiva”, *Novidades Xerais*, nº 39, verán 2000, p. 3.

Entrevista a Ramón Gutiérrez, autor de *Lecturas de nós*, na que comeza sinalando a súa intención de ofrecer unha visión da literatura diferente á historicista que case sempre se emprega, polo que di centrarse no plano da composición e do emprego artístico da lingua. Sinala que os seus criterios foron que o texto estivese completo, que esteticamente resultase eficaz e representativo do autor ou do xénero ao que pertence, así

como que fose destinado a un lector intelixente que vexa a comunicación que se establece dentro da obra entre a literatura galega e a universal. Remata reflexionando sobre a visión que Méndez Ferrín ofreceu na presentación da obra como unha reivindicación da dignidade e da “altura estética” da literatura galega considerada moi rica e suxestiva, opinión que comparte e agradece porque responde ás intencións que el perseguía con este volume.

-Iglesias, Mateo, “Na miña novela existe unha reflexión sobre o sentimentalismo e os seus perigos. Perder o control dos sentimentos pode conducir á destrucción”, *Novidades Xerais*, nº 39, verán 2000, p. 6.

Conversa con Mª Xosé Queizán na que reflexiona sobre o espacio narrativo da súa última novela situado na cidade de Vigo, sobre os esquemas do ámbito público e privado das persoas que foi mudando co paso do tempo, ou sobre os personaxes que a protagonizan en relación con estes ámbitos e coa transcendencia que lle atribúen ao amor, especialmente as mulleres. Tamén di que a súa obra é un alegato contra o sentimentalismo e os perigos que conleva, que aborda avances da ciencia como a reproxenética e a independencia do sexo da reprodución ou o cuestionamento da maternidade como paradigma. Remata sinalando que non hai unha verdadeira continuación con respecto a obras anteriores, posto que mudou todo, dende a temática ás técnicas narrativas ou os asuntos que se recrean.

-Iglesias, Mateo, “Quixen facer unha novela que abordase a complexidade da vida, con esa inevitable dose de azar que hai en toda biografía”, *Novidades Xerais*, nº 39, verán 2000, p. 15.

Conversa con Agustín Fernández Paz arredor da súa última novela *Aire negro*, na que di que tenta abordar a complexidade da vida, a oposición entre os vellos mitos e o mundo racional, dentro dunha homenaxe a algunhas obras que admira pertencentes ao xénero do medo e do misterio. Di que algúns dos elementos presentes son a intriga, o terror e a historia de amor central, un triángulo amoroso entre Laura Novo e dous homes. Tamén reflexiona sobre as influencias das teorías de Carl Gustav Jung, sobre a viaxe interior que realiza a protagonista, sobre o espacio da Terra Cha recreado no novela ou o desexo do autor de que a súa obra lle guste a un amplo abano de público.

-Iglesias, Mateo, "Dumas foi un auténtico monstro da natureza, un animal narrador, un tipo que contaba unha historia coma quen bebe un tangue de auga", *Novidades Xerais*, nº 39, verán 2000, p. 17.

Comeza salientando a facilidade de traducir a Dumas e as malas que son as traduccións feitas deste, especialmente a de castelán. Tamén apunta que quixo ser fiel ao estilo descoidado do autor francés, sen facer case correccións. Sobre o interese que poida ter para o público galego cre que é unha obra que interesa a todos dende hai máis de cento cincuenta anos e que, aínda que foi rexeitado nun momento dado, hoxe Dumas é unha figura reivindicada por boa parte dos críticos. Remata reflexionando sobre a falta dun programa organizado de traducción dos clásicos universais e sobre as posíbeis solucións para acabar con este atraso dentro do noso sistema literario.

-Iglesias, Mateo, "Agardo dos lectores que fagan ós meus personaxes membros desa familia adoptiva que todos construímos coas lecturas que nos dixeron algo", *Novidades Xerais*, nº 40, outono 2000, p. 4.

Entrevista a Luís Rei na que fala da súa última novela *Expediente Artieda*, Premio Xerais 2000, na que se refire á importancia do premio recibido, á aprobación da crítica e dos lectores ou ao papel que xogan os premios na literatura galega como forma de chegar a máis lectores. No que se refire á novela explica a elección do momento histórico (anos 50) e o lugar (a cidade da Coruña) polo marcados que aínda estamos hoxe do período dictatorial e por ser unha cidade que coñece ben e que considera que ten aparecido pouco na literatura galega, polo que quere romper o tópico de cidade de "señoritos engominados" co que ás veces se caracteriza. Dos seus personaxes salienta que son anónimos para chamar a atención sobre aqueles que fan a Historia e non son poderosos, especialmente en momentos como o escollido onde o protagonismo está lonxe do heroísmo que demostran. Remata referíndose ao coidado que pon na prosa como forma de facilitarlle ao lector a achega a outros aspectos da obra e ao desexo de que se converta nunha lectura das que deixan pegada e gañas de repetir.

-Iglesias, Mateo, "Sempre entendín a literatura como unha sacudida necesaria para os sentimentos e as mentalidades", *Novidades Xerais*, nº 40, outono 2000, p. 6.

Conversa con Xosé Antonio Neira Cruz na que reflexiona sobre o Premio Merlín de Literatura Infantil e Xuvenil, recibido por *As cousas claras*, sobre e a súa propia obra. Sobrancea a importancia que o galardón lle supuxo a nivel persoal e tamén dentro do sistema literario galego no que o ve como unha referencia. Sobre o feito de que a obra se insira na colección “Fóra de Xogo” considera que era a máis axeitada e explica amplamente a súa forma de entender a literatura como unha “sacudida dos sentimentos e das mentalidades”, así como aquelo que quixo transmitir da súa visión sobre a vida, dura, sórdida e á vez esperanzada e alegre. Tamén indica que está baseada nun feito real que lle contaron e que el recreou, de aí que os personaxes sexan tan reais e convincentes, á vez que contradictorios e complexos como o propio ser humano.

Lorenzo, Ramón, “A entrada de X. L. Méndez Ferrín na Academia”, *Novidades Xerais*, nº 40, outono 2000,
2.

Considerando que X.L. Méndez Ferrín é unha das personalidades máis destacadas dentro da cultura galega polo seu traballo nos máis variados campos da mesma, explica a importancia que para el e para a institución ten a súa entrada na Real Academia Galega. Comeza destacando o seu traballo e criticando a tardanza do seu nomeamento, para o que considera fundamental a presidencia de Francisco Fernández del Riego. Tamén lembra a relación persoal mantida dende moi novo co autor, unha das causas polas que foi elixido para contestar ao seu discurso. Remata salientando a importancia que para a institución ten contar con persoeiros como Méndez Ferrín e o equilibrio que supón por ser escritor fronte ao gran número de investigadores que forman parte actualmente da Academia.

-Loureiro, Ramón, “Un poeta, unha novela”, *Novidades Xerais*, nº 40, outono 2000, p. 5.

Faise eco da publicación de *Expediente Artieda*, de Luís Rei, unha novela da que di que está ambientada na resistencia antifranquista e na que o autor adoptou como estratexia o “deixarlle ós personaxes a responsabilidade do libro enteira”, esvaéndose totalmente a súa voz, ademais da fortísima narratividade. Tamén salienta o fondo coñecemento que o autor demostra ter do momento histórico elixido, a valentía coa que afrontou o traballo e a pegada que deixa no lector o revivir de moitos acontecementos que nela se desenvolven.

-María do Cebreiro, “Oda a unha ánfora rota”, *Novidades Xerais*, nº 40, outono 2000, p. 9.

Comeza sobranceando a ruptura que coa tradición lírica establece a obra de Chus Pato, *M-Talá*, para a que emprega cualificativos como “intervención literaria”, “ruidosa interferencia”, e unha poderosa seducción sobre o lector. Considera que os lectores estamos ante un exercicio que por veces abeira as contradiccións sen tentar evitalas, facendo da poesía o cerne de todos os discursos posíbeis e das palabras, testemuños ou recordatorios. Tamén se refire ao deseño externo, especialmente ao simbolismo da cor laranxa da cuberta “estriada e incendiaria” e remata recomendando a lectura dunha obra que fai ver as cousas dende outro punto de vista, recompondo a realidade dun xeito moi persoal.

-Martínez Bouzas, Francisco, “*grupo abeliano*: insólita, transgresora, engaiolante”, *Novidades Xerais*, nº 39, verán 2000, p. 7.

Repasa a producción anterior de Xosé Cid Cabido como creador da ficción chamada “evidencialismo” e insire *grupo abeliano* dentro das coordenadas desta tendencia e da producción do autor. Salienta a forma da escrita que busca o humor e o “desenmascaramento social”. Céntrase na trama argumental da novela da que di que é unha “acción revolucionaria e desconcertante” que nos achega durante sete días á vida dun grupo doutros tantos homes, anónimos, que vai contra toda norma social establecida, describindo as súas actitudes ante a vida. Ofrece algunhas pistas para unha boa interpretación da novela como situarse nun dominio de intelixibilidade da realidade distinto do clásico e onde nos atopamos con mundos absurdos que van contra os poderes establecidos. Remata relaciónandoa co aforro de recursos que se dá en *A Esmorga*,

que ten un desenvolvemento lineal e só narra, non describe, o que a fai unha novela “insólita, transgresora, pero engaiolante”.

-Martínez Bouzas, Francisco, “Aire Negro”, *Novidades Xerais*, nº 40, outono 2000, p. 7.

Partindo da pregunta de se a Gran Besta ou o Maligno será unha imaxe simbólica ou algo real, considera que é a cuestión arredor da que se desenvolve a obra de Agustín Fernández Paz, que está entre a historia de terror e a de amor, aínda que claramente dentro do xénero do medo, o que a converte nunha peza única dentro do sistema literario galego que sempre se achegou á ficción de terror en forma de conto. Tematicamente apunta que é a confrontación da racionalidade da ciencia coa crenza galega do Mal como “Demo Maior” que será a que se acabe impondo. Tamén se refire á historia de amor entre Laura e dous homes e a súa viaxe interior pola memoria. Tecnicamente salienta a estructura do relato, o xogo de voces narrativas ou as homenaxes que nel fai a Jung e J. Conrad, sen esquecer incluir referencias á actualidade para darlle maior verosimilitude ao universo creado.

-Miranda, Xosé, “Tute para catro. Xesús Fraga”, *Novidades Xerais*, nº 40, outono 2000, p. 13.

Achégase á obra de Xesús Fraga na que atopamos unha estructura de relatos protagonizados por personaxes fracasados e no que a melancolía convive coa diversión e o humor. Outras características que apunta son o tempo narrativo que se reduce a un día e no que as voces narrativas se ahegan á vida da aldea

actual en pleno proceso de crise ofrecéndonos un retrato fiel da mesma. Resalta o valor dos diálogos como o mellor da obra pola súa frescura.

-Navaza, Gonzalo, “*Lecturas de nós*: unha obra mestra”, *Novidades Xerais*, nº 39, verán 2000, p. 2.

Achega á obra de Ramón Gutiérrez *Lecturas de nós* da que comeza salientando a gran calidade que presenta na lectura particular do autor dos vintesete textos literarios galegos incluídos na mesma e que abranguen dende a Idade Media ata a actualidade. Cualifícaos como “representativos” tanto do autor como da época que lle tocou vivir e dá algúns exemplos aínda que non sobrancea ningún deles sobre os demais por consideralos dunha importancia parella, e entre os que están o soneto “Ouh Galicia, Galicia, boi de palla”, de Xoan Manuel Pintos; “A negra sombra”, de Rosalía de Castro, considerado o mellor que se ten escrito sobre este texto; “A Rosalía”, de Manuel Curros Enríquez, ou o capítulo adicado ao *Merlín e familia*, de Ánxel Fole. Tamén comenta o título da obra como símbolo da concepción da literatura como un entramado de “nós” que van conformando un tecido que son os propios textos das lecturas. Remata sinalando que esta obra é unha achega á literatura universal a través da literatura galega que vive un dos momentos máis prolíficos da súa historia.

-Nicolás Rodríguez, Ramón, “*Pensa nao*: fariña doutra muiñada”, *Novidades Xerais*, nº 39, verán 2000, p. 5.

Ademais de lembrar o seu labor como poeta e crítico, achégase á nova entrega narrativa de Anxo Angueira da que di que malia as variantes lingüísticas, argumentais e estilísticas, mantén unha liña de continuidade

coa obra anterior, especialmente pola “voz narradora chea de lirismo”, considerada moi axeitada e adecuada á combinación de xéneros e estilos que se dan na novela, dende o epistolar ao diálogo e dende o parateatral e lírico ata o narrativo e descritivo, respectivamente. Salienta da novela, entre outras cousas, a polifonía, os recursos narrativos e o rexistro literario, que considera que a insire na tradición comezada por Rosalía e continuada por Pondal, Manuel Antonio ou Méndez Ferrín, entre outros. Describe o ambiente no que se desenvolve o argumento e remata cualificándoa de metáfora de todas as ilusións “fanadas” co estalido da Guerra Civil.

-Romaní, Ana, “A funambulista que perdeu a vertixe”, *Novidades Xerais*, nº 39, verán 2000, p. 12.

Como gañadora do Premio Xerais á Cooperación no Labor Editorial, fala do poder curativo que lle supuxo o galardón recibido, reflexionando sobre o seu traballo no *Diario Cultural* da Radio Galega, programa que dirixe e no que di que tenta aproximar aos seus oíntes todas as novidades editoriais. Tamén fala da dificultade de diálogo na actualidade, da falta dunha industria cultural, de empresas de comunicación, e de todo o entramado necesario para a normalidade cultural. Remata agradecendo o premio e renovando o seu compromiso.

-Torres, Celia, “Pretendo chegar directamente ao corazón de quen le e de aí que unha corrente cálida lle suba á cabeza”, *Novidades Xerais*, nº 39, verán 2000, p. 4.

Conversa con Suso de Toro sobre a súa última novela *Non volvas*, na que fala da semente da obra, do mal que nela se tenta combater cunha dimensión psicolóxica e histórica encarnada na maldade dos homes e na represión franquista, da simboloxía que acada a protagonista de muller vingadora e "Anxo Exterminador", así como das relacións que se establecen entre esta obra e as anteriores, apuntando elementos de conexión con *Land Rover*, *A sombra cazadora* e *Calzados Lola*. Tamén fala do papel diferenciado que se debe establecer entre autor e narrador e da interrelación entre narrador e lector, vendo no primeiro ao creador de soños para o segundo.

-Val, Marta do, "*As cidades invisibles*", *Novidades Xerais*, nº 39, verán 2000, p. 7.

Aproximación a *As cidades invisibles*, de Italo Calvino traducida ao galego por Miguel-Anxo Murado e na que di que o autor tentou redefinir os mitos encarnados aquí no emperador Kublai Khan e no mercader Marco Polo, a través dunha conversa entre ambos na que o viaxeiro lle describe ao mongol as cidades do seu imperio e que el descoñece. Salienta da obra os anacronismos e o universo imaxinario e indeterminado no que se desenvolve, ademais das cidades como metáforas da sociedade e da existencia. Reproduce un parágrafo do propio traductor e prologuista no que sinala que na obra se fala da imposibilidade de expresar a realidade por medio das palabras, do recurso á imaxinación e á memoria, vendo estas como os valores máis destacados do ser humano.

-Val, Marta do, "Galicia é o fío conductor de toda a obra de Murguía, empeñado en poñer os fundamentos da nosa personalidade como pobo e cultura diferenciada", *Novidades Xerais*, nº 39, verán 2000, p. 8.

Conversa con Xosé Ramón Barreiro e Xosé Luís Axeitos, autores de *Manuel Murguía. Vida e obra* e *Manuel Murguía, unha fotobiografía*, na que falan do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas, sinalando que presentan a súa biografía de forma rigorosa para completar moitos dos ocos existentes ata hoxe sobre a vida deste persoeiro. Apuntan que Galicia está presente en toda a obra de Murguía no seu afán por poñer os fundamentos da "nosa personalidade como pobo e cultura diferenciada", aspectos que se poden rastrexar no seu epistolario, así como aspectos da súa vida descoñecidos ou pouco claros. Rematan apuntando a "excesiva dependencia editorial" arredor do Día das Letras Galegas, polo que consideran que hai que buscar o equilibrio entre a "contía e a valía" cunha política editorial que responda ás necesidades existentes.

Valcárcel, Marcos, "*As doce e sereno*: a volta de Guede a Serenou", *Novidades Xerais*, nº 39, verán 2000, 10.

Destacando o acerto das citas de Shakespeare escollidas para preceder cada unha das seccións e a influencia deste autor e de Blanco Amor na obra, achégase á última obra de Manuel Guede. Ve a presencia constante do autor inglés como un dos aspectos de maior interese do libro, mentres que do segundo apunta que se pode rastrexar en poemas metaliterarios como "A esmor-ga ...¡claro, claro" ou en "Outra balada dos aforcados", ampliando as influencias ao século XIX e a autores como Álvarez Nóvoa ou Pérez Placer. Tamén ofrece un repaso polos personaxes e espacios da obra nos que ve a persoal lectura do autor e a busca da memoria e dos soños perdidos. Finalmente, salienta a importancia do pai a quen se lle adica todo o poemario aínda que, de forma específica, sexa na terceira parte na que se especifique.

-Vilavedra, Dolores, "*Non volvas*: sobre mulleres", *Novidades Xerais*, nº 39, verán 2000, p. 5.

Achega á obra de Suso de Toro *Non volvas*, da que comeza sinalando que é unha novela de mulleres na que a marxinalidade dos homes é manifesta por representaren o Mal. Céntrase no argumento que presenta á protagonista, Encarnación, que volve á súa aldea da infancia nunha viaxe real e simbólica estructurada en seis bloques, dos que os tres primeiros considera que son o desenvolvemento preliminar, os dous centrais encerran o nó da historia e os tres últimos serven para ir “anoando os cabos diexéticos que o relato fora desennobelando”. Considera que é unha estructura equilibrada, aínda que non totalmente simétrica que dosifica a tensión narrativa sen prolongala en exceso. Finalmente, refírese ao significado simbólico de cada unha das seccións orientando ao lector cara a unha interpretación entre ritual e relixiosa, así como ás citas que preceden aos capítulos.

XII. Páxinas Web

Agora ou Nunca
(www.terravista.pt/Enseada/6172/aon/edit.html)

Esta revista de literatura en liña nace baixo o amparo de António R. Marques e Xavier Frías Conde a principios de 1999. No seu número inicial comenta que pretende recoller as memorias, versos ou opinións de todos aqueles que queiran colaborar con traballos en galego e portugués, aínda que tamén anuncia a aparición da literatura en galego eonaviego. Pese a que estivese previsto a aparición dun número cada tres meses, ata o momento só saíron seis números, que recollen unha serie de composicións poéticas, prosas, traduccións ou artigos de carácter vario firmados por autores como Rosalía de Castro ou Fermín Bouza Álvarez.

Agrupación Cultura “O Facho”

A páxina web desta Agrupación coruñesa, que se creou en 1963, dá conta da súa historia e obxectivos. Asemade, mostra a proposta feita ao parlamento de Galicia para institucionalizar o 30 de xaneiro como Día de Castelo e as actividades que celebraron con motivo desta efeméride en 1999, entre as que se atopa unh ofrenda floral ou o ciclo de conferencias sobre o ilustre rianxeiro. Por outra parte, dálle cabida á creación e faise eco das convocatorias e resolucións das últimas convocatorias do seu concurso de poesía e contos infantís.

Alfonso Daniel Rodríguez Castelao
(www.vieiros.com/museohumor/castelao.html)

Ademais de achegar certos datos sobre a biografía de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao (Rianxo, 1886-Bos Aires, 1950) e de citar brevemente a súa obra, céntrase no seu labor como o principal impulsor e autor que tivo o debuxo de humor en Galicia. A partir de aquí, tamén se pode entrar no Museo do Humor, situado en Fene (Ferrol) e dirixido por Xaquín Marín.

Alquimia
(members.xoom.com/alchimia)

Esta páxina web creouse en 1999 e presenta diferentes apartados, nos que reproduce os traballos de diferentes escritores e ilustradores. Así, no apartado de poesía, recóllense mostras da producción de Helena de Carlos, María do Cebreiro ou Emma Pedreira; mentres que, no de narrativa, de Armando Borrás, Inma López Silva e Rafa Janeiro. Por outra banda, na sección de traduccións, presenta o traballo de X. Antonio López Silva e, no de cómic, os de Rafael Gestas e José Tomás. Finalmente, na sección de ilustracións, asinan as súas creacións Carmen Villar, Ana Pillado e Chus Pereira.

Referencias varias:

Carlos Crespo, “A quimera dunha biblioteca electrónica”, *Faro de Vigo*, *“El Sábado”*, nº 178, 7 outubro 2000, 2.

Pormenorizado percorrido polo panorama galego das páxinas web no que repasa o contido das máis sobranceiras e pon de manifesto a falta de revistas electrónicas de literatura coa trascendencia que adquiriron

noutras linguas. Sinala o fracaso de Ó*mnibus* de Manuel Rivas e Antón Santamarina que só chegou a catro entregas, segue destacando a importancia de o “Q do mundo” de Luz Méndez, considerada o primeiro servidor de textos literarios en galego de todas as épocas ou os proxectos individuais de autores como Gonzalo Navaza, Jaureguízar, Suso de Toro ou Camilo Franco co seu “Por conto alleo” que considera o “primeiro libro virtual da literatura galega”. A continuación, céntrase nas revistas electrónicas dende “O ximnasio de Academo”, editada por Manuel Forcadela, e con seccións de textos, crítica, debate e mesmo unha guía de novidades, pasando por “A rama guinda” cunha galería de arte virtual e unha selección de traduccións ao galego, ademais de “Alquimia” con seccións de poesía, narrativa, traducción e cómic, ou a revista do Batallón Literario da Costa da Morte, *Feros Corvos*, na que colgan os poemas de Rafa Villar, María Lado, Estevo Creus ou Marilar Aleixandre, entre outros. Finalmente, refírese a *Çopyrigh* de Celso Álvarez Cáccamo que conta con seccións de pensamento, crítica e creación, e o *Proxecto Tomiño*, considerado un dos máis ambiciosos, que busca pór a literatura galega á disposición do público en xeral.



Ameixa cómics
(personal.redestb.es/ferreiro/)

Entre a información e posibilidades que ofrece esta primeira páxina web galega dedicada ao cómic e firmada por Alberto Varela Ferreiro, cabe destacar historias como as de “A ameixa cacofónica”, “Xan Paspán” ou “A historia de Pedra ollo” e a consulta doutras páxinas de contidos similares.

Andel virtual
(www.andelvirtual.com/)

Trátase dunha tenda en liña do producto cultural galego, que ten como obxectivos potenciar e difundir a cultura e o idioma galego proxectándoos dende Galicia cara ao resto do mundo e colaborar na promoción dunha Rede de Internet máis galega. Entre os servicios que ofrece, están axudar a escoller ou mercar discos e libros en galego, notificar o estado dun libro ou informar das novidades e eventos culturais. Por outra banda, mostra espacios como “Foro novo”, no que se pode publicar en versión dixital creacións literarias e críticas de títulos; “Carta ó autor”, a través do cal se pode manter relación con certos escritores; “Ditos de Andel”, onde se recollen ditos, frases ou refráns; ou “Ligazóns”, dende onde se recomendan outras páxinas web. Con respecto á literatura, nos apartados de “Novidades”, “Arte-ensaio”, “Xuvenil”, “Infantil”, “Narrativa”, “Coleccións”, “Obras de referencia” ou “Oportunidades”, ofrece unha serie de volumes, dos que achega a súa ficha técnica e unha breve sinopse. Así mesmo, baixo os epígrafes de “Centenario de Dieste”, “Murguía 2000” e “Sempre Castelao”, faise eco de certos aspectos sobre a vida e obra destes autores e a bibliografía que se xerou ao redor deles.

Referencias varias:

-Jorge García, “Andel, una apuesta por el lector en gallego y portugués”, *Atlántico Diario*, “Euro”, nº 144, 13 agosto 2000, p. XXIV.

Ademais de referirse á librería aberta nunha rúa de Vigo por Xaime Nogueira Meixe, dá conta da creación dunha páxina web como complemento da primeira e na que se ofrecen os mesmos productos. Refírese aos clásicos como Álvaro Cunqueiro, Rosalía de Castro ou Castelao como os máis demandados e a autores actuais como Manuel Rivas e Suso de Toro como os de maiores vendas. Tamén se alude ás diferentes formas de búsqueda que ofrece para acceder aos fondos bibliográficos, sen esquecer tamén as novidades en música galega, da que sinala que está a vivir unha grande eclosión ao igual que a literatura.

ANILIJ
(www.uvigo.es/anilij)

Esta Asociación Nacional de Investigación de Literatura Infantil y Juvenil, que ten a súa sede na Universidade de Vigo, ofrece na súa páxina web información relativa aos seus estatutos, directiva ou inscripción. Entre os seus obxectivos, salientan todas aquelas actividades e proxectos que fomenten o estudio e a investigación na literatura infantil e xuvenil tanto a nivel nacional coma internacional. Tamén achega unha listaxe con todos os seus membros e mostra as liñas de investigación e publicacións que teñen feito, ademais de ofrecer outra información de interese.

Asociación Bibliotecaria Galega
(www.spid.net/webs/agb)

A Asociación Bibliotecaria Galega (ABG) e os Servicios Profesionais en Informática e Documentación (SPID) teñen como principal obxectivo a difusión universal da cultura galega, polo que para conseguilo teñen que obter unha Bibliografía Nacional que estea dispoñíbel ON-LINE, unha difusión do fondo local de cada biblioteca, unha biobibliografía sobre autores galegos, un carné de lector galego, un centro de recursos culturais e materiais ou a difusión da obra de autores noveis. Desta maneira, conta con apartados como “Directorios”, “Novas”, “BNG”, “Premios literarios”, “Axenda cultural”, “Centro de recursos culturais”, “Centro de recursos materiais”, “Día das Letras Galegas”, “Animación á lectura”, “Bibliotext”, “Sistema galego de préstamo a domicilio”, “XESBIB”, “Webs de interese”, “Susbscrición á ABG”, “ABG nos medios” ou “Vida asociativa da ABG”, a través dos cales se achega diferente información, actividades ou posibilidades de consulta relacionados coa literatura galega.

Asociación Cultural Conversas
(www.conversas.org)

Esta Asociación, que foi creada en 1996 no Instituto Politécnico Diego Delicado da Coruña, presenta de viva voz aquelas lendas, cantigas, diálogos cotiás (conversas da taberna, de mariñeiros, de frades, etc.) contadas ou cantadas por personaxes célebres. Así, nesta páxina pódese escoitar a selección de relatos incluídos nos CDs das campañas correspondentes a os anos 1997, 1998 e 1999, e seguir os contidos dos libretos que os acompañan. Asemade, dáse conta do sistema que se emprega para a recollida do material e do posterior tratamento que recibe, así como do equipo encargado de realizar este traballo.

Asociación Cultural O Penedo da Forca
(teleline.terra.es/personal/openedo/historia.htm)

Ademais de achegar certos datos sobre a historia e localización desta Asociación, que naceu en Prado do Miño (Castrelo do Miño-Ourense) no ano 1992, ofrece a posibilidade de consultar a súa revista *benTvexo*. Esta publicación está coordinada por Xurxo Rodríguez Méndez e Xosé Lois Pérez Méndez e, entre as seccións que presenta, cabe destacar aquelas dedicadas a acoller narracións e poesías en lingua galega e información de actividades teatrais.

Asociación Galega de Editores
(www.editoresgalegos.org)

Esta asociación foi creada no ano 1983 para apoiar como organización profesional a iniciativa empresarial da edición en lingua galega, polo que representa e presta os seus servicios a 23 editores de libros, música e multimedia, promovendo e defendendo o dereito dos editores a publicar e distribuír os traballos de creación en completa liberdade. Ademais de achegar o seu directorio e o nome dos seus cargos directivos, presenta diferente información sobre as súas editoriais asociadas. Así, mostra unha breve presentación, o número de títulos editados, os seus cargos directivos, as súas liñas editoriais, as linguas nas que publica, as súas revistas, colecciónes ou distribuidores.

Asociación Teatral Artello
(www.artello.com)

Achega ampla información sobre Artello Teatro, que se creou en Vigo en 1978 e que, a partir de 1994, iniciou unha nova etapa caracterizada fundamentalmente por un xeito de producción máis artesanal, polo que se lle engadiu o sobrenome “alla scala 1:5”. Dá conta dos espectáculos que esta compañía ten producido entre os que destaca “A do libro” (1995) e “Unha de amor” (1999), cos que realizou numerosas xiras, participando na maioría dos festivais e programacións, así como en campañas escolares por toda a Península. Así mesmo, de cada un destes espectáculos, ofrece un resumo do seu argumento, a súa ficha técnica ou outros datos de interese, ademais de facerse eco dos festivais nos que participa e mostrar o seu calendario de funcións. Por outra parte, presenta fotos e notas de prensa relacionados coa compañía e a posibilidade de descargar documentos como dossiers e programas dos seus espectáculos en carteleira e textos.

Batallón Literario da Costa da Morte
(www.finisterrae.com/batallon)

Páxina oficial do colectivo Batallón Literario da Costa da Morte, que se abre cun texto de presentación firmado por Mónica Gómez, quen se refire, entre outros aspectos, á renovación da Directiva e anima á xente a participar en *Feros Corvos*, o boletín do Batallón, do que se recollen os 4 números publicados. Así mesmo, presenta o volume *Nós*, que acolle as colaboracións de diferentes autores, e o libro bilingüe galego-cubano, *Mar por medio*, que "consta de trinta e seis poemas –trece de cada lado do atlántico– nos que se evocan sentimentos tan universais para o verso como para a vida mesma como son o amor, a morte ou a esperanza". Cabe salientar que todo este contido aparece dentro dunha web máis ampla da Costa da Morte, na que se achega información relativa á economía e turismo desa zona, ademais de recoller lendas e historias propias.

Referencias varias:

Carlos Crespo, "A quimera dunha biblioteca electrónica", *Faro de Vigo*, *"El Sábado"*, nº 178, 7 outubro 2000, 2.

Ver *Alquimia* neste apartado do *Informe*.

Biblioteca virtual de literatura universal en galego
(www.bivir.com)

Baixo a dirección de Xulián Maure acolle unha relación de obras verquidas ao galego, das que se achega a súa sinopse, a obra completa, as súas primeiras liñas e a súa versión electrónica. Entre as obras versionadas están *Acuso*, de Émile Zola; *Barba Azul*, de Charles Perrault ou *Un corazón simple*, de Gustave Flaubert.

Referencias varias:

-Laura S. Filgueiras, “Presentada en Vigo una biblioteca virtual con obras clásicas en gallego”, *La Voz de Galicia*, “Sociedad”, 16 setembro 2000, p. 29.

Refírese á presentación dunha nova páxina web da man da Asociación de Traductores Galegos coa que tentan achegarse ás novas xeracións de alumnos e aos novos traductores galegos. Ademais de salientar a presencia de obras da literatura universal traducidas ao galego por estudiantes, podendo acceder a toda a literatura na propia lingua, tamén alude á posibilidade de crear un premio de traducción. Apunta que un dos

obxectivos que se perseguen é rexuvenecer o galego e que as editoriais publiquen estes textos en papel, que de momento son só vintecinco.

-Germán Vázquez, “Fondos bibliográficos, un útil para aprender”, *El Ideal Gallego*, 3 decembro 2000, p. 10.

Achega ás diferentes páxinas web a través das que se pode acceder a fondos bibliográficos, entre ellas a do arquivo sonoro de Galicia do Consello da Cultura Galega, as das tres universidades galegas dende as que acceder á súa rede de bibliotecas, así como “Facer escola”, que está enfocada a ofrecer axuda aos docentes; “Biblioteca Virtual”, con abondosos textos traducidos, ou “Aprender a aprender”, dirixida a profesores e alumnos arredor das teorías da aprendizaxe, ofrecendo os enderezos de todas elas.

Britonia
(www.pangalaica.com/britonia/inicio.htm)

Espacio en internet sobre a Mariña de Lugo e Asturias, no que se achegan datos de interese sobre os lugares, natureza, economía ou pousada desta zona. Asemade, recolle lendas de carácter popular desa área como son as tituladas “Os mariños e a serea” e “O bispo santo e os normandos”.

El Caserón de Milagros Oya

(www.encomix.es/~manoya/revista/gportada.htm)

Esta páxina web, que está dedicada aos máis miúdos, foi creada por Milagros Oya e recibiu o Premio de "Excelencia de las mejores páginas infantiles". Entre toda a información e actividades que ofrece, cabe salientar as sinopses dos argumentos dos libros desta autora viguesa e aquelas propostas, que achegan a posibilidade de poder xogar a través da literatura. Así mesmo, son de destacar os contos que recolle, como son os multimedia, os ilustrados ou aqueles que substitúen palabras por imaxes. Tamén reproduce varios números da revista *Máis cousas*.

Castelao na rede
(www.citeweb.net)

Páxina dedicada enteiramente á figura de Castelao, na que ademais de ofrecerse unha biografía deste ilustre rianxeiro, se dá conta do contexto histórico no que viviu. Asemade, faise eco da súa actividade política e achégase unha mostra da súa obra artística. Por outro lado, ofrécese a posibilidade de colaborar nesta páxina e de mostrar a opinión de cadaquén sobre Castelao.

The Celtic Galicia
(http://members.es.tripod.de/Celtic_Galiza/index.html)

Esta páxina web achega datos diversos sobre a historia, xeografía, política, economía e cultura de Galicia. Asemade, acolle un traballo sobre a vida e obra de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades
(www.cirp.es)

Ofrece información xeral e sobre os servicios deste Centro de Investigacións, no que se desenvolve unha serie de proxectos relacionados coa literatura galega, dos que se achegan datos relativos á súa dirección, traballo realizado e publicacións feitas. Entre eles, atópase o de "Bibliografía da literatura galega", dirixido por Anxo Tarrío Varela, quen tamén supervisa o de "Diccionarios de literatura", que contempla a elaboración dunha batería de diccionarios, directa ou indirectamente, relacionados coa literatura, en xeral, e coa literatura galega, en particular. Así mesmo, están os "Informes de Literatura", dirixidos e coordinados por Blanca-Ana Roig Rechou, e o "Arquivo Galicia Medieval", que é a suma de catro proxectos de investigación complementarios sobe a literatura medieval galego-portuguesa, coordinados por Mercedes Brea. Tamén están os proxectos de "Edicións facsímiles", dirixido por Luís Alonso Guirgado, quen tamén se encarga do estudio da serie "Parladoiro", un conxunto de textos de Ramón Otero Pedrayo publicados en *La Noche*; e o de "Narrativa Recuperada", no que baixo as directrices de Modesto Hermida García, se pretende actualizar a narrativa galega do século XIX e primeira década do XX. Por outra banda, esta páxina acolle a base de datos da lírica profana galego-portuguesa (MedDB), que permite acceder ao corpus da lírica profana galego-portuguesa a través de buscas por trobador, recursos retóricos ou modalidades xenéricas.

Colectivo de Escritores do Eo-Navia Cotarelo Valledor
(teleline.terra.es/personal/cvalledor)

A páxina deste colectivo acolle información diversa referente á lexislación sobre as linguas autóctonas de Asturias, a toponimia ou un resumo de gramática eonaviega. Asemade, permite a lectura de textos en galego de Asturias por medio da súa “Biblioteca virtual eonaviega”, que acolle textos de literatura infantil, narrativa, poesía e teatro. Por outra parte, permite a entrada noutras páxinas de interese que lle dan cabida ao galego de Asturias, como son as revistas *Agora ou Nunca* ou *O Espello*, a páxina persoa de Xavier Frías Conde.

Compañía disidente Teatro Bruto
(www.corevia.com/teatrobruto/)

Ao longo de varios apartados faise eco de diferente información relativa a esta agrupación teatral, conformada por Gloria Rico, actriz e deseñadora de producción, e Pablo Rodríguez, actor e director. Así mesmo, dá conta dos seus espectáculos: en 1996, *Cachorros sen domesticar*, de Xavier Picallo; en 1997, *Detritus corazón*, un “thriller kitsch” escrito e dirixido por Xabier Picallo; en 1998/1999, *Interruptus (1+2)*, un espectáculo da rúa realizado xunto a Teatro Pífano; en 2000/2001 anuncia tres novos espectáculos, que abren unha nova etapa de renovación na traxectoria desta compañía e que se inicia con *Ningún chorou por nós*, de Miguel Sande, do que se fai unha pequena bibliografía. Tamén sinala cáles destas obras van ter en cartel e cales non, ademais de achegar os textos de *Cachorros sen domesticar*, de Xabier Picallo; *Illa dentro*, de Rafa Villar; *Notas para o devocionario poético de Teatro Bruto*, de Robert Bass; *M-Talá. A desaparición de Dora*, de Chus Pato; e *A conquista da cripta*, de Manuel Loureiro.

Consello da Cultura Galega
(www.xunta.es/auto/ccga/directorio.htm)

Entre a información que presenta sobre o Consello da Cultura Galega, destaca unha historia, na que se dá conta da súa existencia determinada polo artigo 32 do Estatuto de Galicia e que responde ás obrigas e facultades que, para a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego, lle corresponden á Comunidade Autónoma. Así mesmo, indica que o seus presidentes foron Ramón Piñeiro (1983-1990) e Xosé Filgueira Valverde (1990-1996) e que, na actualidade, posúe este cargo Carlos Casares. Por outra parte, fai referencia á comisión executiva, xerencia, plenario, ponencias, comisións técnicas ou programas desta institución.

Referencias varias:

-C. V., "El Consello da Cultura crea un portal de Internet para fomentar la creación artística", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 11 outubro 2000, p. 50.

Dá conta do novo portal dentro da páxina do Consello da Cultura Galega coa sección LG3, dende a que sinala que se poden descargar abondosos textos galegos, unha sección de cine na que dar a coñecer curtos

ou películas do fondo galego, ademais do acceso aos arquivos sonoros onde escoitar a Otero Pedrayo ou a Suárez Picallo.

-Miguel Anxo Seixas, “Galicia fóra de Galicia”, *O Correo Galego*, “A Maltrana”, 16 outubro 2000, p. 3.

A propósito da inauguración do portal de Internet *Culturagalega.org.* do Consello da Cultura Galega, reflexiona sobre a imaxe de Galicia fóra das nosas fronteiras. Sinala que a emigración deixou “unha imaxe máis ou menos deforme de cómo somos os galegos”, sendo necesario facer “un balance das nosas exportacións culturais”. Conclúe subliñando a utilidade desta páxina na rede.

-Germán Vázquez, “Fondos bibliográficos, un útil para aprender”, *El Ideal Gallego*, 3 decembro 2000, p. 10.

Ver Biblioteca Virtual, neste apartado do *Informe*.
-M. G. S., “O Consello da Cultura aposta por un maior contacto coa sociedade”, *El Mundo. Galicia*, “Galicia/Sociedad y Cultura”, 20 decembro 2000, p. 9.

Dáse conta da celebración do último plenario do ano do Consello da Cultura Galega e das novidades que está a preparar esta institución para os próximos anos. Así pois, alén de comentar a posta en marcha dunha

páxina web do propio centro e outra dedicada exclusivamente á cultura galega, dise que está previsto que haxa unha serie de congresos e que se procurará unha maior apertura á sociedade.

Contos ínfimos
(www.infimos.net)

A primeira parte desta páxina web recibiu o nome de “Touciño de ceo”, na que baixo as seccións infitemáticas “Realismo realista”, “Animalario”, “Fagocitacións” e “Mundo cruel”, se recollían unha serie de contos. Agora, esta segunda parte, da que se mostran responsábeis Jaureguizar, Marcos Sánchez, Roberto V. Noguerol, Xosé M. Graña, Víctor Queipo e Fran Alonso, ábrese a todos aqueles que queiran participar cos seus propios relatos. Tamén ofrece outros “links” por medio dos cales, por exemplo, se ofrece un avance da próxina novela de Jaureguizar, *As horas sucias*, ou a consulta da revista de Chantada *Além-parte*.

Çopyright

(www.udc.es/dep/lx/cac/sopirrait/)

Esta páxina, que está promovida por Celso Álvarez Cáccamo, púxose en rede o 17 de maio de 1996. Preséntase como revista de pensamento, crítica e creación e, no ano 2000, publicou os números que van do 77 ao 83. Con respecto á literatura galega, cabe salientar o número 82, que recolle 6 poemas de *Pan*, obra coa que Estíbaliz Espinosa gañou o Premio "Esquío" 1999. Ofrece como novidade un espacio, no que os lectores poden sacar á luz as súas palabras, ademais de recoller a lista de colaboradores e de lectores, unha serie de recomendacións ou as capas dos números anteriores, que tamén se poden cosultar. Para coñecer o contido destes números, ver *Informe de litetratura 1998* e *1999*, apartado XIII.

Referencias varias:

Carlos Crespo, "A quimera dunha biblioteca electrónica", *Faro de Vigo*, *"El Sábado"*, nº 178, 7 outubro 2000, 2.

Ver *Alquimia* neste apartado do *Informe*.

O Correo Galego/El Correo Gallego
(www.elcorreogallego.es/periodico/letras)

Segue recollendo os traballos dos que se daban conta no *Informe de literatura 1999*, apartado XIII, que parten do suplemento, “O instinto cósmico ensaia nova vida”, que fora publicado por este xornal no Día das Letras Galegas dedicado ao seu director de principio dos anos vinte, Roberto Blanco Torres.

Cousas D´Aldeia
(www.geocities.com/fucolois/cesquer.html)

Ademais de achegar o diario do Capitán Haddock, mostra unha serie de datos biobiobliográficos de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao (Rianxo, 1886-Bos Aires, 1950) e agasalla unha tipografía inspirada nos seus deseños.

Día das Letras Chairegas
(www.letraschairegas.com)

Os alumnos de 1º B do IES José Trapero Pardo, da Terra Cha, coa axuda de J. Luís Fernández Souto e Xabier Cordal Fustes, poñen en funcionamento esta páxina, que nace de forma paralela ao Día das Letras Chairegas que, co seu obxectivo de homenaxear os 21 de marzo a un escritor vivo desa comarca, este ano 2000 dedícaselle a Manuel María. Ademais de referirse a diferentes aspectos deste día, dá conta dos concellos que forman parte da Terra Cha e dos autores desa área xeográfica, como son Xesús Rábade Paredes, Darío Xohán Cabana, Agustín Fernández Paz ou Xabier P. Docampo. Dende esta páxina tamén se ofrece a posibilidade de poder establecer varios enlaces con outras páxinas que lle dan cabida á literatura galega, como son “Andel Virtual”, “Libraría Couceiro” ou “O Q do Mundo”, que aparecen descrias neste apartado do *Informe*.

Edicións do Cumio
(www.cumio.com)

Na pantalla principal presenta as súas novidades e recomenda algúns dos seus volumes, para logo ofrecer unha serie de seccións dedicadas ás colecções de libros, guías, multidedia ou música, que achega ao mercado. Por outra parte, de cada un deles ofrece unha breve sinopse e os seus datos técnicos.

Edicións Xerais de Galicia
(www.xerais.es)

Como acontecía en anos anteriores, esta editorial achega unha serie de datos referentes á súa biografía e refírese ás súas coleccións e aos autores aos que lles publica algunha obra, ademais de achegar información sobre os seus premios literarios ou as súas novidades e facilitar a consulta dos seus *Folletos de Novidades*. Por outra banda, entrando en www.xerais.es/letrasgalegas, pódese consultar unha serie de seccións dedicadas ao autor homenaxeado no Día das Letras Galegas, Manuel Murguía. Na primeira delas, recóllese un artigo de Francisco Fernández del Riego, “A vontade influídora de Murguía”, no que se centra na relación do Patriarca con Rosalía de Castro e Eduardo Pondal. A seguir, ofrécese unha “Cronoloxía”, que reflicte aqueles datos máis salientábeis da vida e obra de Manuel Murguía, e unha “Fotobiografía”, que acolle unha serie de fotografías ilustrativas desta figura. Tamén se amosa unha “Bibliografía”, coas súas principais obras, e faise eco dos títulos que Xerais publicou neste ano 2000 relacionados co que foi presidente da Real Academia Galega durante moitos anos. Tamén dende esta páxina, a partir de www.xerais.es/matapitos.com, coñécese o final da obra *Matapitos.com* (2000) e achégase información sobre a vida e obra da autora do texto, Gloria Sánchez, e do autor das ilustracións, Fran Jaraba. Asemade, preséntase un fotograma dun dos seus personaxes, Maximiliano Caracortada, unhas siluetas para colorear, un libro de visitas e un taboleiro de anuncios.

Editorial Casals
(www.editorialcasals.com)

Achega información relativa a esta editorial e, entre as outras posibilidades que ofrece, destaca a consulta do seu catálogo de publicacións.

Editorial Galaxia

(www.editorialgalaxia.es/)

Co gallo do cincuentenario da Editorial Galaxia, esta páxina ofrece unha biografía desta editora, acompañada dun artigo de Damián Villalaín, “Editorial Galaxia: 50 anos contribuíndo á normalización cultural de Galicia”. Así mesmo, mostra unha serie de seccións nas que se achega diferente información relativa a esta editora como son a denominada “Catálogo”, na que se recollen certos datos referentes ás súas colecções, títulos ou autores aos que lle ten publicado algunha obra; “Noticieiro”, na que se fai eco das novas relacionadas coa publicación dos seus libros, folletos ou premios; e “Novidades”. Ademais disto, achega certos datos e os contidos das revistas *Grial*, *Interesarte* e o *Anuario de Estudios Gallegos*.

Editorial Kalandraka
(www.kalandraka.com)

Ademais de describir o Proxecto Kalandraka, que lle deu vida á editorial do mesmo nome o 2 de abril de 1998, ofrece a posibilidade de coñecer os títulos de cada unha das súas colecciónes. Así mesmo, dá conta da campaña de animación á lectura que promove por escolas e bibliotecas, “Os contos da Maga Rulana”, e da consecución do Premio Nacional de Ilustración por Óscar Villán, que ilustrou o conto popular portugués adaptado por Xosé Ballesteros, *O coelliño branco*.

Editorial Laiovento
(www.laiovento.com)

Esta páxina web, que se puxo en funcionamento en 1997, faise eco dos obxectivos principais desta editorial fundada en 1989 e dá conta dos títulos que ten publicado ou linguas en que publica. Presenta un catálogo que permite coñecer as súas diferentes colecciónes e os volumes de cada unha delas, dos que achega un resumo e a súa ficha técnica. Por outra banda, contén a lista de autores aos que lle ten editado algunha obra e as súas novidades editoriais.

Editorial Toxosoutos
(www.terradixital.com/toxosoutos)

A semellanza doutras editoriais, a páxina web de Toxoutos acolle as súas coleccións, ademais de achegar os títulos que ten publicado, dos que inclúe a súa ficha técnica e unha sinopse, e a nómina dos seus autores.

Eixo Atlántico
(www.eixoatlantico.com)

Achega información diversa do Eixo Atlántico, que constitúe unha asociación transfronteiriza, integrada polas 18 principais cidades de Galicia e a Rexión Norte de Portugal, que promove a cohesión económica, social e cultural mediante a vertebración dun territorio común. Desta maneira, ademais de facerse unha presentación desta ascociación e darse conta dos seus membros, proxectos, programas ou socios, no referente á literatura galega, faise eco do Festival de Teatro do Eixo Atlántico ou do IVº Premio “Eixo Atlántico” de narrativa galego portuguesa. “Carlos Blanco”.

Escritoras
(www.escritoras.com)

Este proxecto de Sandra Pazos e Micky Mourelo considérase un centro de servicios dedicados ao mundo da literatura escrita por mulleres e presenta diversa información e actividades ao respecto. Así, contén un índice de escritoras, que recolle o nome de diferentes autoras galegas como son Marilar Aleixandre, María do Cebreiro ou Chus Pato, e ofrece a posibilidade de buscar páxinas dedicadas á lingua e literatura, participar nun faladoiro literario, visitar a páxina dalgunha escritora ou saber das noticias sobre o mundo destas mulleres. Por outra banda, reproduce certas entrevistas e recomenda os mellores libros escritos por mulleres, ademais de achegar a convocatoria de certos premios literarios e os sumarios dos números da revista galega de pensamento feminista, *Andaina*.

O Espello

(www.terravista.pt/Enseada/6172/espello/index.html)

Suplemento literario de *A Freita*, que está coordinada por Xabier Frías Conde, e que vén sendo unha publicación de literatura en galego de Asturias. Pon en rede varios números e recolle diferentes composicións poéticas e prosísticas en galego eonaviego, firmadas por autores como Vicente Araugas, Charo Pita ou Adela Conde Valledor. Tamén permite o acceso a outras páxinas que lle dan cabida a esta mesma lingua.

Enrique Labarta Pose
(www.webaio.com/labarta.htm)

Esta páxina web céntrase na figura deste escritor que formou parte do período do Rexurdimento denominado por Ricardo Carballo Calero “Os Epígonos”, no cal se inclúe un grupo de autores nacidos na década de 1860. Así, achéganse certos datos biográficos de Enrique Labarta Pose (Baio-A Coruña, 1863-Barcelona, 1925) e dáse conta da súa producción literaria e das cabeceiras xornalísticas nas que colaborou. Por outra parte, preséntase unha mostra das súas composicións poéticas e prosísticas e recóllense os comentarios de certos críticos sobre esta figura baiesa.

E ti o navío na noiva noite

(www.ctv.es./USER/gnavaza)

No ano 1996 Gonzalo Navaza pon en funcionamento esta páxina que, na actualidade, presenta un "Menú do día", que recolle a sección "Palíndromos", un relato, un adianto do *Diccionario ortopédico da lingua galega*, de F. Cameselle, e a posibilidade de consultar outros espacios web considerados de interese. Por outra banda, ofrece a lectura de relatos de Daniel R. Castelao e presenta o panteón virtual de lalinenses ilustres.

Referencias varias:

Carlos Crespo, "A quimera dunha biblioteca electrónica", *Faro de Vigo*, *"El Sábado"*, nº 178, 7 outubro 2000, 2.

Ver *Alquimia* neste apartado do *Informe*.

Falaceibe
(falaceibe.tripod.com)

Ábrese cunha presentación do colectivo cultural Fala Ceibe, que ten a súa sede en Ponferrada (O Bierzo) e que pretende promover e defender o uso da lingua galega na comarca fronteiriza co Bierzo. Ofrece diferentes cartas abertas, entre as que cabe salientar a dirixida ás editoriais e librerías galegas para que lle envíen libros e carteis en galego para regalar e expor na próxima celebración do Día das Letras Galegas, coa finalidade de dar resposta ao interese social pola cultura e lingua galega que hai na súa zona xeográfica. Acolle o seu boletín sociocultural e lingüístico, *Porcoespiño*, e un dossier de prensa sobre este colectivo, ademais de permitir a ligazón con outras páxinas.

Fillos de Galicia
(www.fillos.org/fillos/)

Fillos de Galicia é un lugar de encontro en Internet para os fillos e netos dos galegos emigrados que, nacendo nos lugares máis diversos do mundo, senten un interese especial polas sus raíces galegas. Entre a información varia que achega, cabe salientar relacionado coa literatura galega, o apartado no que recolle a listaxe dos autores aos que se lle ten dedicado o Día das Letras Galegas, dalgún dos cales, como é o caso de Rosalía de Castro ou Castelao, presenta unha biobibliografía. Asemade, recolle un especial sobre este autor rianxeiro, do que achega unha biografía e salienta as súas diferentes facetas como artista, político ou investigador. Por outra parte, ofrece o contacto con outras páxinas web que recollen información sobre este autor. Tamén fai unha serie de recomendacións sobre libros de literatura galega.

Fundación Castelao
(http://terra.es/personal/castelao/)

Dá conta do seu nacemento en 1984 como fundación de carácter privado coa finalidade de estimular e favorecer a cultura galega en xeral e, en particular, naqueles campos nos que se distinguiu Castelao. Entre outra información, achega os números publicados dos *Cadernos de Castelao* e aqueles volumes editados pola Fundación, ademais dunhas ilustracións do autor rianxeiro.

Galego 21.org

(galego 21.org)

Entre os diferentes proxectos que se acubillan baixo este encabezamento, en relación coa literatura galega, cabe salientar o “Proxecto Tomiño”, que está coordinado por Manuel Forcadela. Por medio desta iniciativa póñense en formato dixital na rede textos da literatura galega coa finalidade de acadar que estea dispoñíbel para o público en xeral e así conseguir que xente de todo o mundo se poida achegar a ela. Ofrece a listaxe dos autores e dos seus respectivos textos postos na rede, como é o caso de Valentín Lamas Carvajal, Manuel Murguía, Concepción Arenal ou Luís Amado Carballo. Tamén achega unha serie de explicacións destinadas a aqueles interesados en participar neste proxecto.

Referencias varias:

-E. Neira, “O Proxecto Tomiño”, *El Correo Gallego*, *“Correo das Culturas”*, nº 21, 7 abril 2000, p. 4.

Comeza sinalando que é unha páxina coordinada por Manuel Forcadela na que se recollen numerosas obras de literatura galega ás que o público pode acceder gratuitamente, malia que por causa dos dereitos de autor

só conta, polo momento, con obras galegas ata o século XIX, dende as cantigas medievais, ata numerosas obras de Rosalía, tanto en galego como en castelán. Tamén se refire ao proceso de dixitalización e a aqueles volumes en revisión que pasarán en breve á páxina como *Queixumes dos pinos*, de Pondal; *De catro a catro*, de Manuel Antonio; *Obra poética completa*, de Luís Amado Carballo; ou *Orballo da media noite*, de Roberto Blanco Torres. Remata aludindo á colaboración desinteresada que se dá no proxecto por parte dos internautas e ofrecendo o enderezo do mesmo.

Carlos Crespo, “A quimera dunha biblioteca electrónica”, *Faro de Vigo*, *“El Sábado”*, nº 178, 7 outubro 2000,
2.

Ver *Alquimia* neste apartado do *Informe*.

Galicia oxe
(www.galiciaoxe.org/)

Preséntase como “Órgano Xove de Expresión” e, entre o diferente contido e servicios que ofrece, en relación coa literatura galega, achega certos datos sobre a vida e obra de Castelao ou Luís Seoane. Asemade, recolle un artigo sobre Manuel Murguía ou o nacemento da literatura galega, e o poema “Na morte da miña Nai”, de Manuel Curros Enríquez. Por outra parte, mostra o apartado “Polos camiños literarios de Galicia”, no que se fai unha parada nalgunha zona desta terra e se dá conta dun dos seus autores ilustres. Así, cando pasa por Pontevedra, detense na figura de Ramón Cabanillas.

Galicia Viva
(www.galiciaviva.org)

Esta páxina web, que ten a súa *alma mater* na “Tertulia rianxeira”, continúa a súa andadura presentando os mesmos contidos descritos no *Informe de 1999*, apartado XIII. Así, mantén os apartados “Este mes presentamos”, no que se recollen artigos de opinión, estudios ou creacións literarias de autores como Manuel Dourado Deira, Helena Villar Janeiro, Borobó ou Xosé Agrelo de Isorna; o “Índice xeral de autores”, no que aparecen por orde alfabética todos os colaboradores desta páxina e dende onde se poden cosultar os seus traballos, que tamén poden ser vistos dende o “Índice temático”; a “Galería virtual”, que acolle os debuxos de *Cousas da vida*, de Castelao; ou o “Colabora con nós”, que recolle os traballos daqueles que desexen colaborar.

GÁLIX
(www.oepli.org/galix)

A Asociación Galega para o Libro Infantil e Xuvenil, que se creou no ano 1989 sen fins lucrativos nin especulativos e acolle tanto a particulares coma entidades, presenta na súa páxina web os seus obxectivos, que xiran ao redor da defensa e promoción da cultura e a lingua galega a través da literatura infantil e xuvenil. Así mesmo, dá conta da súa directiva e das actividades que organiza, como son exposcións, encontros, seminarios ou publicacións relacionados coa literatura dirixida aos máis novos, e aqueloutras que fai en colaboración coa Organización Española para o Libro Infantil (OEPLI).

Grupo Edebé
(www.edebe.com)

Achega información moi diversa relacionada con este grupo editorial, que, dende o ano 1993, creou editoriais que cobren as necesidades daquelas comunidades autónomas con competencias en educación e idioma propio, sendo a encargada da comunidade galega, Rodeira. Así, nesta páxina, mostra as súas novidades e permite a consulta dos seus volumes, ademais de acoller un espacio dedicado ao premio literario “Edebé”, que convoca anualmente.

Grupo Edelvives
(www.edelvives.es)

Ademais de presentar a ficha técnica e sinopse dos libros publicados por esta editorial, achega unha serie de recursos para o profesorado e información sobre o XIº Premio de literatura infantil "Ala Delta". Así mesmo, acolle a revista *El patio escolar*, que prentende ofrecerlles aos seus lectores as novas tendencias educativas, os métodos de ensinanaza e as novas publicacións de textos e literatura infantil e xuvenil.

Instituto da Lingua Galega
(www.sansecus.usc.es/ilgas)

Ademais de achegar certos apartados dedicados a aspectos lingüísticos, con respecto á literatura, presenta unha escolma de textos de literatura galega medieval en prosa e en poesía, como son *Os milagres de Santiago* ou *O libro de Tristán* e os textos do cancioneiro profano ou relixioso.

Referencias varias:

-Nora Vela, “Clásicos en Internet”, *Alacena*, nº 36, primavera 2000, pp. 42-44.

Ofrece un resumo de diferentes páxinas web nas que se pode acceder, “de forma libre y gratuita”, a numerosos textos clásicos nas distintas linguas do Estado. No eido galego cita a páxina do Instituto Galego da Lingua, na que se poden atopar textos de literatura galega medieval agrupados en prosa e poesía, como *Ondas do mar de Vigo*, de Martin Codax; *Cancionero profano*, de Alfonso X O Sabio ou *Os milagres de Santiago*; así como textos relacionados coa materia de Troia e a de Bretaña.

Jaureguizar
(www.geocities.com/jaure2000)

Nesta páxina, Jaureguizar anuncia a aparición da súa novela *Salitre* para este ano 2000, ademais de reproducir un fragmento dela e ofrecer certos datos referentes á súa biobibliografía.

Referencias varias:

Carlos Crespo, “A quimera dunha biblioteca electrónica”, *Faro de Vigo*, *“El Sábado”*, nº 178, 7 outubro 2000,

2. Ver *Alquimia* neste apartado do *Informe*.

Kiko Neves
(www.arrakis.es/~kikoneves/)

Mantendo os mesmos apartados que puña en rede en 1998, segue dando conta de certos aspectos da súa biografía, unha escolma da súa producción poética e prosística e unha listaxe dos recitais que ten ofrecido.

Libraría Couceiro
(www.iaga.com/couceiro/index.stm)

Preséntase cunha pequena historia desta librería, que está situada en Santiago de Compostela e abriu as súas portas en 1969. Ademais de mostrar os modos de contactar con ela ou de mercar os seus libros, permite a consulta do seu boletín bimensual e gratuíto, *Bendado*, que se creou en 1979 e achega información das últimas novidades editoriais galegas e portuguesas dispoñíbeis nesta librería, a través da seccións ensaio, varios, narrativa, poesía, teatro, infantil-xuvenil, revistas, libros galegos en español e libro portugués. Tamén permite a consulta doutras páxinas web de interese para a cultura galega.

A Lingua das Cantigas. Congreso da Lingua Galego-Portuguesa na Rede
(www.vieiros.com/galego.org/linguadascantigas/index.html)

Por medio de Vieiros e galego.org, ponse en funcionamento esta páxina que recolle os relatorios e comunicacións dos especialistas en literatura medieval, que presentaron no congreso celebrado entre os días 15 e 22 de maio de 1998. Para coñecer os traballos máis relacionados coa literatura, ver *Informe de literatura 1998*, apartado XIII.

Mares de Sinmbad
(www.maresdesinbad.org)

Nesta páxina web de Rafa Villar, entre a información e posibilidades que se ofrecen, cabe destacar unha biografía deste autor da Costa da Morte e unha escolma da súa obra, xa que se pode botar unha ollada a títulos como *O devalo do* mar (1994), *A sotavento dunha singradura* (1995) ou *O tributo da tarde* (1997).

Moebius
(www.intenet.com.uy/moebius)

Preséntase como a primeira páxina web da emigración española en Uruguay. Entre os diversos contidos que presenta, en relación coa literatura galega, cabe destacar as biobibliografías que ofrece de autores como Ramón Otero Pedrayo. Asemade, recolle os actos do Día das Letras Galegas dedicado á figura de Roberto Blanco Torres e unha homenaxe feita a Castelao. Por outra parte, ofrece un percorrido ao longo da literatura galega a través dos diferentes períodos, dando conta da vida e obra dos autores máis destacados. De igual modo, achega unha lista de autores de literatura galega e dos homenaxeados no Día das Letras Galegas, dos que recolle datos de interese.

Museo Castelao
(www.museocastelao.org)

O Consello da Cultura Galega, Vieiros e a Fundación Castelao poñen en marcha este primeiro museo virtual de Galicia coa finalidade de mostrar unha fiestra para a catalogación e difusión da vida e a obra de Castelao, para o seu estudio e homenaxe. Conta cunha presentación, na que se dá conta da creación e propósitos deste proxecto, e cunha serie de apartados dedicados á ilustre figura rianxeira, nos que se tocan aspectos relacionados coa súa biografía e o seu labor como artista, escritor e pensador. Así mesmo, achégase información de cómo funcionan as diferentes salas de investigación deste museo e anúncianse os seus plans previstos, ademais de ofrecerse as indicacións para poder colaborar neste proxecto.

Referencias varias:

-N. M., “Internet estrea mañá o primeiro museo virtual sobre Castelao”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 6 xaneiro 2000, p. 74.

Anuncia a creación do primeiro museo virtual dedicado a Daniel R. Castelao da man do Consello da Cultura Galega, a Fundación Castelao e Vieiros, co que queren dar a coñecer a vida e obra do rianxeiro. Sinala que se abre este sitio web coincidindo co cincuenta cabodano da súa morte e que agardan aumentalo gradualmente con máis fondos. Tamén se informa de que está adaptado a tres tipos de usuarios: ao público infantil, ao xeral e ao investigador, contando este último con edicións críticas e investigacións sobre esta figura. Remata referíndose ás diferentes linguas nas que se pode visitar, á presencia das diversas facetas do rianxeiro e á futura edición dun boletín de novidades.

-D. Janeiro, “A primeira pedra dun museo”, *O Correo Galego*, “AFA”, 8 xaneiro 2000, p. 32.

Dá nova da posta en marcha da páxina web *museocastelao.org* centrada na figura de Castelao. Explica que está dividida en diferentes salas nas que se fai “un percorrido pola súa obra literaria, o humorismo gráfico, a pintura, a súa vida e morte, e zonas de reunión e conversación. Cita as novidades previstas e afirma que calquera pode achegar novas ideas e que os encargados esperan ter en funcionamento a totalidade das seccións dentro dun ano. Informa que o proxecto foi impulsado polo Concello da Cultura, a Fundación Castelao e Vieiros, que pode ser visitado en galego, castelán e inglés, e que se distribúe “para recibir visitas de tres tipos de usuarios: infantil, xeneralista e investigador. Sinala cómo os investigadores, gracias a Galaxia, terán acceso á obra completa do autor. Finaliza aclarando porqué se cambiou a nomenclatura do dominio e que conteñen aqueles que posúen a palabra Castelao no seu enderezo.

-Rafael Adán, “Aniversario de Castelao”, *Libredón. Órgano oficial del Centro Gallego de Santander*, n.º 44, “Cultura”, 2000, p. 19.

Ver o apartado V. 4 deste *Informe*.

Nadir
(www.arrakis.es/~rojea/nadir.htm)

Esta páxina web segue mantendo o contido xa descrito no *Informe de literatura 1998*, apartado XIII.

A Nosa Terra

Entre as diferentes posibilidades que ofrece esta páxina web, cabe salientar a consulta dos números de *A Nosa Terra* e das novidades e catálogo de publicacións da editorial deste mesmo nome. Así mesmo, recolle un artigo de Afonso Eiré sobre esta cabeceira histórica do xornalismo galego.

Ómnibus
(www.revistaomnibus.com)

Esta revista, que foi creada en 1999 baixo a supervisión de Antón Santamarina e Manuel Rivas e acolle apartados dedicados a política, economía, literatura ou lingüística, presentou no ano 2000 o seu número 4. No apartado de literatura, que está coordinado por Dolores Vilavedra, aparece o artigo "Literatura bravú. Unha vaca no millo", firmado por Olgha. Así mesmo, permite a consulta dos números anteriores e o enlace coa páxina web da editorial Laiovento.

Referencias varias:

Carlos Crespo, "A quimera dunha biblioteca electrónica", *Faro de Vigo*, *"El Sábado"*, nº 178, 7 outubro 2000, 2.

Ver *Alquimia* neste apartado do *Informe*.

Patronato da Cultura Galega
(www.internet.com.uy/pcgalega)

Este patronato, que foi instituído por iniciativa do Dr. Xosé Cancela Freixo en 1964, ten como finalidade o achegamento da colectividade galega ao pobo uruguaio e, fundamentalmente, o espallamento da cultura galega en todas as expresións posíbeis. Nesta páxina web, ademais de ofrecerse información diversa sobre este Patronato, faise unha relación minuciosa das actividades que organiza, entre as que cabe destacar o “Día da Poesía Galega”, que ten como premisa honrar a un poeta galego vivo e que, na súa última edición, tivo como homenaxeado a Bernardino Graña. Tamén cabe salientar a información que se achega sobre a figura de Alfonso D. Rodríguez Castelao, xa que se recolle un apartado sobre a súa biografía e se fai un percorrido pola súa vida e obra a través de fragmentos dos seus textos e as composicións artísticas de varios autores.

Páxina de Avelaíña
(http://geocities.com/Area51/Shadowlands/7336/index.htm)

A responsábel desta páxina fai unha agarimosa lembranza do seu avó, Xosé González López, con quen mantivo moi boa relación e lle tiña contado moitos contos. Así, a el lle dedica estas páxinas, nas que recolle contos que el lle contou e outros que irá atopando. Desta maneira, presenta unha lista de máis de cincuenta contos de carácter popular, a maioría da provincia de Lugo, unha serie de lendas, cancións populares e romances e cantigas de cego. Por outro lado, achega unha bibliografía recomendada sobre a literatura de carácter popular e a posibilidade de consultar outras páxinas relacionadas co mundo galego.

A páxina de Hércules
(http://www.terravista.pt/IlhadoMel/4424/index.html)

Ademais de mostrar a tipificación que, na súa opinión, hai de Galicia, dálle cabida á literatura galega en diferentes apartados. Así, en “A Gallaecia”, entre outra información, recolle lendas que marcaron o país e dedícalle un espacio á nosa literatura. Asemade, en “O rincón do poeta” ofrece un lugar onde “ler e deixar poesías galegas en galego ou castelán” e, finalmente, en “Literatura e Galicia”, achega datos sobre a posguerra galega en Galicia e no exilio, así como biografías de Castelao, Luís Pimentel, a Xeración Nós...

O Pica-folla
(teleline.terra.es/personal/galizarm)

Preséntase como “Revista político-literaria de, por e para a nación Galega” e, polo que se refire á literatura galega, acolle traballos de Carlos Paulo Martínez Pereiro, Mario João H. Valeiro, Luisa Villalta e Celso Álvarez Cáccamo. Asemade, dende esta publicación denúnciase que o galego debe empregarse diariamente e non só o Día das Letras Galegas.

Por conto alleo

(www.vieiros.com/rlts.asp)

Como resultado da iniciativa literaria posta en marcha por Camilo Franco e Vieiros en 1999, reproduce en libro *Por conto alleo*, que recolle unha serie de relatos creados a partir das parellas de palabras fornecidas polos internautas durante 50 xornadas e que se publica o 17 de maio do ano 2000 para o pracer de todos.

Referencias varias:

-Elba Otero, “Contos alleos con tinta virtual”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 2 xaneiro 2000, pp. 2-3.

Sobrancea a novidade que supón este proxecto do primeiro libro virtual galego e recolle as opinións de Camilo Franco quen considera que é unha forma de poñer ao lector no principio do proceso da creación. Tamén se refire á brevidade dos relatos da obra como un factor moi acorde co estilo de vida actual da sociedade, lembrando que a literatura xa existía antes de calquera soporte e que por moito que estes cambien ela seguirá. Destaca deste soporte a inmediatez, a escasa implicación e o feito de non ser un fenómeno de masas, afirmando que seguirá traballando co soporte tradicional. En cadro á parte, dáse conta doutras

características relacionadas con este libro, en especial o recurso á metaliteratura con referencias musicais ou artísticas, así como a explicación que se ofrece de cada relato a través dun “metatexto” ou “subtexto”.

-M. C., “Sae á luz o primeiro libro en galego escrito en Internet”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 17 maio 2000, p. 80.

Dá conta da presentación de *Por conto alleo*, de Camilo Franco, escrito directamente na rede, o que quere demostrar segundo o seu autor que a literatura se pode facer coa rapidez esixida polo público. Tamén se lembra o proceso iniciado en outubro de 1999, no que a xente enviaba a Vieiros dúas palabras e o autor escribía o relato durante a noite, dando conta tamén da creación dun foro para recoller as opinións desta. Remata indicando cal é o enderezo para poder ler a obra e aludindo á particularidade que presentan algunhas palabras empregadas na mesma.

Carlos Crespo, “A quimera dunha biblioteca electrónica”, *Faro de Vigo*, *“El Sábado”*, nº 178, 7 outubro 2000,
2.

Ver *Alquimia* neste apartado do *Informe*.

-Francisco Martínez Bouzas, “Sen inspiración das musas: Camilo Franco ofrece na rede o primeiro libro virtual galego composto por unha serie de relatos adubados con moita ironía”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº57, 31 decembro 2000, p.7.

Ademais de destacar o novidoso deste proxecto, que agora se presenta xa rematado, e o avance que supón para a literatura galega dentro das novas tecnoloxías, céntrase no proceso de creación do primeiro libro galego escrito na rede, e no que o autor seguía o dictado polos internautas a través das palabras que estes lles enviaban. Tamén alude aos contidos e sinala que son verdadeiros relatos con todos os elementos canónicos da narración, dentro dos que aparecen títulos como “Desperta do teu sono” ou “Badalada da escaleira”, considerado o mellor da obra. Remata sobranceando a capacidade de condensación de Camilo Franco, a adaptación dos contidos ao momento cultural actual e a linguaxe clara e libre de “enfeites”.

O Q do mundo
(www.ctv.es/USERS/luz)

Preséntase como “Páxinas da Asociación Cultural Saudades de Moneixas de Sidney. Elaboradas gratuitamente por BIOSBARDOS GALEGOS”, que segue mantendo en rede o contido e servicios que xa se describían no *Informe de literatura 1998*, apartado XIII, e permite o acceso a outras páxinas webs relacionadas coa literatura galega.

Referencias varias:

Carlos Crespo, “A quimera dunha biblioteca electrónica”, *Faro de Vigo*, *“El Sábado”*, nº 178, 7 outubro 2000, 2.

Ver *Alquimia* neste apartado do *Informe*.

Compañía de **Radio-Televisión de Galicia** (www.crtvg.es)

No apartado, que esta páxina lle dedica á literatura galega, aparece información relativa á celebración do Día das Letras Galegas dende 1997. Con respecto ao ano 2000, dedicado ao Patriarca galego, recolle o artigo “Evocación de Manuel Murguía”, de Henrique Rabuñal. Así mesmo, presenta unha bibliografía e unha serie de datos sobre a vida e obra do homenaxeado, ademais de facerse eco do congreso centrado no seu estudio, que organizou a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, a finais de maio na Casa de Cultura de Arteixo. Tamén achega unha lista co nome de todos os homenaxeados no Día das Letras Galegas dende o ano 1963 e o traballo de Francisco Fernández del Riego, “O Día das Letras Galegas, no que se dá conta do nacemento desa celebración. Por outra banda, cita os actos preparados pola Real Academia Galega para conmemorar esa data.

A rama guinda. Caderno de recursos poéticos e o primeiro e-zine de activismo poético
(www.demasiado.com/ramaguinda)

Revista de arte e literatura que presenta, entre outros, poemas de Xavier Cordal e Francisco Domínguez Romero. Asemade, recolle o texto de Xiao Gudes, “Internet como ferramenta poética”, no que se mostran algúns consellos para navegar pola rede.

Recuncho da lectura

(personal.redestb.es/agremon/index_m.htm)

Ofrece a posibilidade de ler os “pensamentos” xa publicados, que veñen sendo artigos enviados á páxina, ou ir á biblioteca internet (castelán, inglés ou francés) con libros enteiros htm e outros formatos. Tamén achega a relación de sitios con textos en galego: “O Fidalgo”, de R. Otero Pedrayo; “O pai de Migueliño” e “O retrato”, de Castelao; o “Q do mundo”; ou o “Ximnasio de Academo”

Rianxo
(www.rianxo.com)

Ademais de ofrecer información diversa sobre o Concello de Rianxo, acolle un apartado dedicado aos seus escritores máis ilustres. Así, presenta unha biobiobibliografía de A. D. Rodríguez Castelao, Rafael Dieste ou Manuel Antonio. Por outra parte, tamén dá conta de autores rianxeiros como Paio Gómez Chariño, José Arcos Moldes, Xosé María Brea Segade ou Xesús Santos Suárez.

Rosalía de Castro. Símbolo da Nación Galega
(www.geocities.com/Athens/Academy/9726/indice.html)

Esta páxina, que está promovida por “Aga Eme Pe” e se centra na autora padronesa, segue mantendo os apartados descritos no *Informe de literatura 1999*, apartado XIII.

Sala Nasa
(www.salanasa.com)

Esta iniciativa de carácter privado, que foi impulsada polo Grupo Chévere no ano 1992 e actúa como centro de recursos artísticos para os creadores locais, presenta nesta súa páxina web o programa das súas actividades, entre as que salientan os espectáculos teatrais para adultos e nenos. Así mesmo, achega a posibilidade de facerse socio, adquirir certas publicacións ou mostrar a túa opinión sobre certos temas propostos.

Sargadelos
(www.sargadelos.com/ga/index.shtml)

Informa sobre as diferentes empresas que se acollen baixo o nome de Sargadelos e, no referente a Ediciós do Castro, dá conta da súa xénese, das súas colecciónsdos dous primeiros libros que ten publicado e dalgún que outro autor aos que lle ten editado algunha obra. Por outra banda, achega unha biografía de Isaac Díaz Pardo e ofrece a posibilidade de pórse en contacto con el, ademais de ofrecer certos datos da vida e da obra de autores polifacéticos comos Alfonso D. Rodríguez Castelao (Rianxo, 1886-Bos Aires, 1950) e Luís Seoane (Bos Aires, 1910-A Coruña, 1979).

Sotelo Blanco
(www.corevia.com/~sotelo/index.html)

Despois de sinalar que “Nacionalismo, independencia e progresismo é a tríade de caracteristicas que poderían definir” esta editorial, mostra o seu catálogo de publicacións nos diferentes xéneros (narrativa, poesía, teatro...), dende os cales se poden coñecer a ficha técnica dos volumes que recolle en cada un deles.

Suso de Toro
(www.ywz.com/susodetoro)

Considerando que a Rede é un oceano virtual, Suso de Toro arroxa nel botellas con mensaxes, nas que recolle os seus desacougos, melancolías ou a escrita que non ten categoría ou xénero literario.

Referencias varias:

Carlos Crespo, “A quimera dunha biblioteca electrónica”, *Faro de Vigo*, *“El Sábado”*, nº 178, 7 outubro 2000, 2.

Ver *Alquimia* neste apartado do *Informe*.

Synapsis
(www.simil.com/synapsis/galego.htm)

Esta páxina, que se presenta como revista en galego e portugués feita dende Euskadi, acolle a través dos seus diferentes apartados artigos, entrevistas e información de interese referida á banda deseñada, creación literaria ou libros nas dúas linguas citadas. Así, no caso do galego, pódese citar o traballo “A revista *Clave Orión*”, de Marcos Valcárcel ou a “Entrevista a Enrique Rabunhal”, de Alberto González Vázquez.

Tempus Naturae
(www.geocities.com/Paris/Rue/8653/index2.htm)

Esta páxina web, que naceu baixo a idea e dirección de Forza 4, presenta os contidos descritos no *Informe de literatura 1999*, apartado XIII, ademais de pór en rede os últimos números publicados de *Tempus Naturae*, revista de música, poesía e cultura galega en xeral e achegar información referente ao Premio “Aula de Poesía”. Entre outras posibilidades que tamén ofrece, sobresae o acceso a outras webs relacionadas coa literatura galega, como é o caso da “Páxina de avelaíña”.

Xabier Frías Conde
(teleline.terra.es/personal/roxavi/homepage.htm)

Xabier Frías Conde nesta páxina persoal, ademais de achegar unha fotografía súa e un currículo seu, mostra imaxes e datos de interese sobre a súa terra natal de Eo-Navia. Asemade, dálle cabida á creación en linguas diversas, como é o portugués, o sardo ou o calalán. Con respecto á literatura galega, recolle textos en galego eonaviego, información sobre a literatura en galego de Asturias ou artigos da súa autoría que publicou na rede. Por outra parte, permite a entrada nas publicacións *O Espello* ou *Agora ou nunca* ou o contacto con outras ligazóns galegas ou de linguas minoritarias.

Ximnasio Academo
(www.ctv.es/USERS/mforca)

Esta resvita virtual, promovida por Manuel Forcadela, preséntase como páxina non comercial de interese non lucrativo que centra a súa actividade na disfusión e espallamento da literatura galega. Segue mantendo os apartados de “Textos”, “Crítica”, “Debates”, “Informes” e “Cantigas de Amigo”, cos contidos descritos no *Informe de literatura 1999*, apartado XIII, ademais dos novos traballos que incorpora neste ano 2000 sobre diferentes aspectos da literatura galega. Por outra banda, ofrece a posibilidade de consultar certos artigos cedidos pola revista *Guía dos libros novos* e o apartado, “Obradoiro de Narrativa”, que está aberto para todos aqueles que desexen adentrarse, a través dunha combinación de teoría e práctica, no mundo da creación literaria, por medio dunha serie de unidades que constan de breves formulacións teóricas e exercicios. Así mesmo, acolle o “Foro das letras”, que pretende ser o espacio para o intercambio de materiais didácticos entre profesores e/ou estudiantes coa intención de publicar todo tipo de traballos que teñan algún interese para o exercicio do ensino ou da aprendizaxe da literatura. Esta páxina, que recibiu no mes de outubro de 1997 o Premio “El Crítico” pola especial relevancia dos seus contidos culturais, artísticos e informativos, tamén permite a consulta doutras páxina web de interese para a literatura galega.

Referencias varias:

Carlos Crespo, “A quimera dunha biblioteca electrónica”, *Faro de Vigo*, *“El Sábado”*, nº 178, 7 outubro 2000,

2. Ver *Alquimia* neste apartado do *Informe*.

Xornal Electrónico da Universidade de Santiago de Compostela
(www.usc.es)

O número 48 foi o primeiro que publicou neste ano 2000, sendo o último o número 254. Seguindo a súa liña editorial inicial, ademais de mostrar diferente información relacionada co mundo universitario e varios artigos de opinión, en relación coa literatura galega, dá conta de todas aquelas noticias ou publicacións que a Universidade de Santiago de Compostela ten desa literatura.

Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
(www.xunta.es/conselle/cultura/index.htm)

Ademais de achegar información referente aos servicios ofertados pola Xunta de Galicia, na sección da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, aparece a *Guía de teatro, música e danza* e unha listaxe de recitais poéticos e representacións teatrais. Así mesmo, recolle información sobre as Feiras do libro en Galicia durante o ano 2000 e sobre o IGAEM, ademais de permitir a entrada ao Museo Castelao e ofrecer o programa e os resumos do traballos dos relatores participantes nas Xornadas de Estudio celebrados en Rianxo a inicios do ano 2000 sobre Alfondo D. Rodríguez Castelao. Por outra banda, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, permite a consulta dos contidos da *Revista Galega de Ensino*

APÉNDICE

Narrativa

Narradores galegos

Álvarez Blanco, Xosé Carlos, *El serzo no louxado*, ilust. Secundina Fernández García, Eilao: Mesa prá Defensa del Galego de Asturias e da Cultura da Comarca, col. Carballo novo, nº 1, 1995, 34 pp. (ISSN: 1135-8955) (DL: AS-3691-1995).

Xosé Carlos Álvarez comenta no limiar que quere centrar os seus contos no paisaxismo, tomando como referencia as terras dos concellos de Pezós, Eilao, Os Ozcos e Salime. Anuncia que, debido á súa forma de ser, nos relatos aparecerán feitos truculentos. Así mesmo, parécelle que usa unha lingua moi connotativa e chea de simboloxía. O que si hai é unha importante cantidade de léxico enxebre eonaviego. O volume consta de oito historias, todas elas de temática rural. A morte é unha das realidades máis recorrentes: aparece en “Historia dúa queixa”, unha lembranza da nai morta; en “Na morte de Francisco Malneira”, onde se ve a actitude hipócrita dun individuo que acode a un velorio por orde materna; e en “Parábola”, no que un vello traballa arreo para converter un monte inservíbel nun prado e, tras conseguilo e morrer, a natureza volve engulir ese espacio. Outro tema importante é a miseria da aldea: un neno orfo ten que medrar logo para ocuparse das tarefas da casa en “Un secreto ben guardado”; un aldeán moi pobre é tido por demente, cun fondo de desintegración social, en “Un tolo”; e, en “Celso”, Xosé Carlos Álvarez píntanos a figura doutro rapaz rural, pobre, orfo e entrañábel. Corolario da penuria económica do campo é a emigración, que aparece en “Petando na porta”, onde fala da soidade dun emigrante que retorna por non ser quen de adaptarse á sociedade de acollida, e en “El serzo no louxado”, relato que dá nome ao libro e no que a xente foxe sen destino dunha aldea que non ofrece ren. A obra está escrita no subestándar do galego de Asturias.

Caneiro, Xosé Carlos, “A nave fondeada no embarcadoiro de Pontearéas”, Allariz: Restaurante Casa Fandiño, 1999, 16 pp. (DL: OU. 213-1999).

Edición bilingüe galego-castelá deste texto que se pecha cunha ficha biobibliográfica de Xosé Carlos Caneiro (Verín, 1963) a cargo de Tino Fandiño. Trátase dun relato en primeira persoa ambientado en Allariz, no restaurante que edita este caderno. O escritor, narrador-protagonista, acode a Casa Fandiño e, despois de lembrar unha choqueira anécdota que lle aconteceu ao dono, conta que atopou unha libreta manuscrita e reproduce o seu contido. O manuscrito achado é un laudatorio percorrido pola historia e polos lugares máis emblemáticos da vila alaricana cun pano de fondo no que latexa unha historia de amor e de desengano.

VV. AA., *No periplo das aparicións*, Ourense: Concello de Ourense, sen paxinar, 1999, (DL: C-1316-1999).

Vasto volume, encadernado luxosamente, que recolle máis de cento vinte debuxos de José Luis de Dios (Ourense, 1943) compostos tanto en cor coma en branco e negro, con diferentes tamaños onde predominan os retratos, contando algúns deles cun breve texto. Despois destas variadas composicións pictóricas aparecen tres textos de escritores ourensáns, en versión galega e española. O primeiro deles, "A mirada lírica e as pantasmas da epopea", a cargo de Chus Pato (Ourense, 1955), analiza algúns dos debuxos deste libro –que é definido como "un libro de viaxes"– e fai unha descrición da, actualmente derruída, taberna "Voltaire" de Ourense, con evocacións á Xeración Nós e a Eduardo Blanco-Amor. "O Taller da Sibila", de Francisco X. Fernández Naval (Ourense, 1956), relata as vivencias dun home que sempre busca algunha relación da súa vida cos cadros que observa, neste caso identifica en tres cadros a súa nenez, os seus soños e o seu fogar. O texto que pecha este libro leva como título "Sombras do camiñante contra o horizonte" e é obra de Camilo Franco (Ourense, 1963). Nel enlázase a pintura coa literatura e mais coa filosofía, defínese o horizonte como "un espacio literario que se proxecta na mesma distancia que a sombra de cada quen", sinálase que esta definición está perfectamente explicada nas pinturas de José L. de Dios e remátase coa interpretación dalgunhas das características dos debuxos deste artista ourensán

Poesía Poetas

galegos

Carbexe, Fredo de, *Mourén dos fondales*, A Caridá (Asturias): Xeira, col. Poesía, nº 2, decembro 1996, 71 pp. (DL: AS-212-1997).

Alfredo González Fernandez (Carbexe-El Franco-Asturias, 1967) utiliza a variante eonaviega do galego para este poemario adornado con ilustracións de Ainhoa López Formadela. Valéndose dunha métrica sinxela constrúe poesías fundamentalmente centradas no intimismo e no paisaxismo. Son recorrentes as referencias aos lugares representativos das sociedades rurais: penedos, fontes... Outro tema importante é o tempo, tanto o atmosférico como o cronolóxico, que se transgrede con retornos retrospectivos á infancia e á adolescencia. A contextualización na estación invernal fornece dun ambiente de reflexión dado polos anoiteceres temperáns que convidan á meditación e á introspección. Neste ton lúgubre, tamén sinalaremos a preocupación pola chegada da morte e a dor polo pasamento dos seres queridos. Finalmente é mester indicar que a publicación deste volume contou coa colaboración económica da Conceyería de Cultura do Principado.

Estévez López, José, *¿Poemas...? Non. Mariposas/Bolboretas. Soños sen dono*, limiar de Olalla Estévez García, Lugo: Edición de autor, 1998, 107 pp. (ISBN: 84-605-7527-6).

Poemario de José Estévez López que se inicia cunha serie de poemas en español de Olalla Estévez García "a xeito de limiar". As composicións deste volume presentan dúas seccións "Mariposas: su vuelo es un cantar, cuidado niña te puedes enamorar" e mais "Bolboretas: pousou no corazón, sen mancalo…". A primeira delas está integrada por poemas en español, con referencias constantes á ausencia do amor, mentres que na segunda, que presenta catro apartados, aparecen poemas en galego de diferente extensión e a maioría deles titulados. Estes apartados son: "Están os campos cheos de bolboretas meu amor…", coa identificación do amor, da amiga e da sempre compañeira con Galicia; "No inverno bolboretas quen canta a beleza… presentouse desagradable tormenta", onde aparecen os amigos loitadores que constrúen a nosa patria; "Na primavera as bolboretas, algunhas moi vistosas, voan de vila en vila…, da montaña ao mar, pasando pola chaira…", ambientados na Mariña lucense e mais "Fin do ciclo: cecais alguén comente…, as bolboretas voan, voan no vento da liberdade" que pecha o libro.

Poesía Reedicións comentadas e facsímiles

Pita, Emilio, *Polos camiños do pobo*, ed. Xosé Manuel Maceira Fernández, A Coruña: Edicións do Castro, col. poesía, 1999, 121 pp.(ISBN: 84-7492-948-2).

O autor desta edición, Xosé Manuel Maceira, fai un prólogo no que fala da fraxilidade da cultura galega, xa que non recuperou aínda moitas das producciónes artísticas das feitas na diáspora, quer no exílio, quer na emigración. Alén de deixar patente esta reinvindicación fai unha pequena biografía de Emilio Pita e o seu labor de militancia e compromiso co exilio. Polo demais ofrece unha pequena nota bibliográfica deste autor, para centrarse de seguido nesta obra, tanto á súa historia ecdóctica ata este momento, coma os criterios desta edición. A seguir aparece un grupo amplo de poemas, individualizados, mais que tocan moitos temas en común: a perda da ilusión coa guerra, a dor do exilio, o sentimento lonxe da terra, sobre os fuxidos, a hipocrisía, os soños, e outros que son de carácter metaliterario. Están escritos nunha lingua popular, previa á normativa oficial polo que presenta varias asistematizacións. Na maioría dos casos son poemas en versos clásicos sen rima.

San Luis Romero, Xesús, *Versos escritos en Buenos Aires e outros poemas*, ed. Alfonso Rey López, Santiago de Compostela: Librería Follas Novas, col. Libros da Frouma, decembro 1999, 108 pp. (ISBN: 84-85385-30-6).

Abre o volume un limiar de Alfonso Rey López onde explica os criterios desta edición e un "Biobibliografía". A seguir, aborda unhas, a xeito de introducción, algunhas cuestións ecdóticas, lingüísticas e temáticas a respecto dos *Versos escritos en Buenos Aires* e *Outros poemas* de Xesús San Luis Romero (Carballo, 1872-Santiago de Compostela, 1966). Os primeiros textos son, na súa maioría, evocacións paisaxísticas, anécdotas e algún texto de exaltación patriótica. Os segundos son poemas circunstanciais, textos de natureza laudatoria ou conmemorativos. Nuns e noutros o autor opta por un verso tradicional, de arte menor e de inspiración popular. O libro péchase cunha "Bibliografía fundamental" sobre o escritor.

Poesía

Antoloxías

Rodríguez Cañada, Basilio (ed.), *Milenio. Ultimísima Poesía Española (Antología)*, Madrid: Celeste Ediciones y Sial Ediciones, Contrapunto nº 7, 1999, 669 pp. (ISBN: 84-8211-235-X).❿

A antoloxía está precedida por un limiar no que o seu autor reflexiona sobre os riscos dunha empresa semellante e explica que a orixe do volume está, en boa medida, nos ciclos de poesía celebrados no Colegio Mayor Universitario "Nuestra Señora de África" entre os anos 1994 e 2000. A seguir, indica as diferentes liñas poéticas que el identifica nos albores do milenio: a poesía da experiencia, a poesía da diferencia, a poesía metafísica, a poesía irracionalista e a sensibilidade do rock. Para rematar, presta tamén atención aos premios, edicións e revistas. A antoloxía pretende abranguer a poesía escrita en lingua castelá e noutras linguas oficiais do estado. No que atinxe á literatura galega, inclúe os seguintes nomes: Yolanda Castaño (Santiago de Compostela, 1977), Olga Novo (Vilarmao-Pobra de Brollón, 1975), Anxos Romeo (A Estrada, 1965), Martín Veiga (Noia, 1970). A xeito de apéndice, a obra incorpora un capítulo titulado "Ultimísima Poesía Española: Bibliografía Esencial" e un índice onomástico.

Ensaio. Teoría xeral. Crítica. Biografías. Crónicas

Monografías, biografías, crónicas e libros colectivos

Erias Martínez, Alfredo e Xosé Mª **Veiga Ferreira**, *VIª Mostra Documental de Betanzos*, Betanzos: Concello de Betanzos, 1999, 16 pp. (ISBN: 84-923797-2-3).❿

Catálogo de publicacións periódicas conservadas no Arquivo Municipal de Betanzos. Componse de pequenas fichas descritivas de cada unha das cabeceiras xornalísticas, que abranguen dende as dúas últimas décadas do século XIX ata a actualidade. Nunha breve nota introductoria, os autores explican a formación deste fondo, que fai de Betanzos a poboación galega "que mellor conserva a súa prensa", e amosan o seu agradecemento a persoas e entidades que participaron dalgún xeito no proxecto.

Lareo Morao, Francisco (coord.), *IV Forxa Literaria. (Encontros Culturais no Rural)*, prólogos de Román Rodríguez González, Xosé Payo e Avelino Pousa Antelo, Lalín: Fundación Casa Museo A Solaina de Piloño, 1999, 64 pp. (D-L: PO-458/99).

Román Rodríguez González, coordinador do Seminario de Estudios de Deza, Xosé Payo, e Avelino Pousa Antelo, presidente da Fundación Castelao, presentan en cadanseu prólogo a iniciativa cultural integrada no rural que supón A Solaina de Piloño. Infórmasenos ademais neses limiares que en xuño de 1999 se celebrou a IV Forxa Literaria, que incluíu, o día vinte, o recital poético plasmado neste volume. Nel figuran textos de vintetrés poetas, dos que vinte escriben en galego, dous en castelán, Emiliano Romero e Alberto González Estévez, e unha, Azucena Fernández, en ambos os dous idiomas: dous poemas en español e un en galego. Representado con tres textos aparece Gonzalo Navaza; con dous, Alba Payo Froiz, Cándido Duro, Carlos Negro (un deles en prosa poética), Domingo M. Tabuyo, Isolda Santiago, María Jesús Payo Boullosa e Machi Moreira García; e só con un, Antonio Fernández Seoane, Avelino Cachafeiro Bugallo (o gaiteiro de Soutelo de Montes), Celso Fernández Sanmartín, Emilio Ínsua, Francisco Lareo, Luis Magariños, María José Montero Núñez, María Xesús Nogueira, Xoán Fernández Abella, Xurxo Alonso e Ramón Caride Ogando (o seu texto é unha das cancións do grupo rockeiro Cans). Todos xuntos compoñen unha nómina lírica moi diversa dende os puntos de vista estilístico, cronolóxico, xeneracional... Cómpre sinalar que a edición desta colectánea contou coa colaboración da Dirección Xeral de Cultura, da Deputación de Pontevedra, do Concello de Vila de Cruces, do Seminario de Estudios de Deza, da Obra Social Caixavigo e dos “Forxadores da Solaina”.

Liñares Giraut, X. Amancio (ed.), *Vinte anos trobando coa cultura. “Afonso Eanes” (1976-1996)*, Negreira-A Coruña: X. Amancio Liñares Giraut, novembro 1997, 122 pp. (DL: C-1861-97).

Compendio de textos nos que Xosé Amancio Liñares Giraut traza a historia da Asociación “Afonso Eanes” de Negreira con motivo de se cumpriren os vinte anos da súa existencia. Presenta un limiar do editor no que marca como obxectivo facer unha memoria da entidade na que se recolla dende a acta fundacional do Nadal de 1976, as das diferentes xuntas directivas coas que contou, as de actividades que se desenvolveron ao longo destes anos, así como outros actos celebrados con motivo deste aniversario. Salienta a elaboración do *Boletín Afonso Eans*, repasando as diferentes entregas que se foron realizando dende 1980 neste órgano de expresión cultural, e o *Libro dos Cantares de Afonso’Eanes do Coton*, de Silvia Gaspar publicado en 1995, reproducindo artigos referidos a esta obra ou á figura do propio trobador, así como material no que se recollen as características que a asociación lle imprime ao seu concurso de contos con motivo do Día das Letras Galegas. Nun capítulo final recóllense os actos celebrados en 1996 con motivo dos vinte anos da Asociación, entre eles un monolito adicado ao trobador Afonso Eanes, exposicións e conferencias. Inclúense un gran número de fotografías, reproduccións de carteis empregados ao longo deste tempo para anunciar as actividades e moitos artigos de prensa referidos á asociación, así como os comunicados feitos dende a mesma, artigos reproducidos no *Boletín* e outros moitos de persoas vinculadas á agrupación feitos para a publicación deste libro.

Peña Saavedra, Vicente (dir.), *Repertorio da prensa galega da emigración*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega/Arquivo da Emigración Galega, 1998, 354 pp. (ISBN: 84-87172-30-X).

No “Limiar” co que comeza este volume preséntase como a versión impresa da base de datos en CD-Rom que co mesmo título publicou o Arquivo da Emigración do Consello da Cultura Galega en xaneiro de 1998, e como continuidade do repertorio *Galicia–América: unha contribución bibliográfica* (1992) e da *Base Bibliográfica da Emigración Galega* (1997). Informa das fontes hemerográficas consultadas, dos criterios seguidos na selección das publicacións periódicas incluídas, da ordenación das 550 entradas e dos datos introducidos en cada unha. A seguir, estructura as publicacións en catro apartados: Galicia, España, Europa e América, e de cada entrada ofrece os seguintes datos: títulos e subtítulos ou lema, lugares de edición e distribución, periodicidade, prezo, idiomas, tiraxes, enderezo da redacción, elenco de directores, redactores e colaboradores, notas sobre o contido, presencia de publicidade e ilustracións, referencias bibliográficas e localizacións dos exemplares que sobreviven de cada unha. Finalmente, inclúense cadanseu índice de publicacións, editoras, cronolóxico, topográfico e onomástico. Péchase esta base de datos co apartado “Ilustracións” no que se reproducen corenta e catro cabeceiras de xornais e revistas de diversas épocas e lugares.

Pérez, Juan Manuel, *Memorias de la Galicia Ideal*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1998, 146 pp. (ISBN: 84-453-2185-4).

Nas “Palabras iniciales” que abren este libro, Juan Manuel Pérez (Bos Aires, 1926) indica que con el quere contribuír a recuperar a memoria histórica que a identidade galega lle debe aos galegos da emigración, especialmente, os da capital arxentina. A través de diferentes capítulos, o autor rememora diversos episodios da súa biografía, unida, tanto por parentesco coma por dedicación, ás actividades da colectividade galega bonaerense, na que chegou a ser presidente do Centro Galego e da Agrupación Galicia, así como vicepresidente do Instituto Argentino de Cultura Gallega, membro do “Grupo Nós”, da redaccón do *Correo de Galicia* e promotor e participante en diversas iniciativas de reafirmación galeguista. Ademais, desenvolve este anecdotario facendo fincapé na súa relación con ilustres intelectuais galegos como Castelao, Eduardo Blanco-Amor, Luís Seoane, Ramón Suárez Picallo, Emilio Pita, Antonio Alonso Ríos, Rodolfo Prada, Manuel Puente, Ricardo Carvalho Calero, Valentín Paz-Andrade, etc. Nas “Palabras finales” que fechan o volume, expresa o seu orgullo por ter servido á emigración galega e espera que as futuras xeracións herden este compromiso.

VV. AA., *Actas das Primeiras Sesióis D´Estudio Del Occidente. Castripol, 8 d´agosto de 1998*, Asturias: Academia de la Llingua Asturiana (Secretaría Llingüística del Navio-Eo), col. Os Llibros d´Entrambasaugas, nº 2, xullo 1999, 103 pp. (ISBN: 84-8168-171-7).

Volume que recolle os distintos estudios que se presentaron nas *Primeiras Sesióis d'Estudio del Occidente*, celebradas na vila de Castripol o día 8 de agosto de 1998. Nelas diferentes estudiosos falaron do pasado, do presente e tamén do futuro, rendendo así homenaxe aos miles de asturianos e asturianas que usan o galego-asturiano como lingua que serve para distintos ámbitos e non só para o familiar. Os estudios que se refiren á literatura galega aparecen descritos neste *Informe*.

-Xosé Miguel Suárez Fernández, "Alejandro Sela y outros escritores en gallego-asturiano nel periódico *El Aldeano* de Castripol (1929-1933)", pp. 59-66.

Despois de indicar o difícil que resulta xuntar toda a literatura escrita en galego-asturiano ata os nosos días, dáse conta de como era a vida en Castripol a finais dos 20 e comezos dos 30, época na que xurdiu o xornal *El Aldeano*. Saliéntase que este veu suplantar a *El Libro y el Pueblo*, onde se anunciaban as actividades da "Biblioteca Popular Circulante", na que había xente nova que pretendía mudar o panorama cultural. Algúns destes mozos tamén colaboraron con *El Aldeano* con artigos e incluso con poesías. Os colaboradores dos que se dan datos sobre os seus escritos e a súa biografía son Franco Fernández Prieto, Ramón García

González, os irmáns Marinero Bermúdez, Claudio Penzol e Alejandro Sela, do que se indica que del son a maioría dos artigos escritos en galego-asturiano que se publicaron no xornal, destacando ademais o seu estilo e a súa temática do resto dos colaboradores. Para rematar sinálase que o xornal *Atalaya* foi unha continuación de *El Aldeano*, e os seus responsábeis tamén o eran da biblioteca mencionada.

VV. AA., *Literatura Asturiana nos 90. IVª Xunta d´Escritores Asturianos*, Asturias: Serviciu de Publicaciones del Principáu d´Asturies, col. Documentos, nº XX, 1997, 171 pp. (ISBN: 84-7847-445-5).®

Obra na que se publican as ponencias, comunicacións e conferencias que se puideron escoitar na *IV Xunta d'Escritores Asturianos*, que se celebrou en Villaviciosa os días 18, 19 e 20 de outubro de 1996. Os obxectivos desta xuntanza eran , como xa o foran na *Primer Xunta d'Escritores* do ano 1987, coñecer aos escritores asturianos, aos editores, aos medios de comunicación e afondar nas circunstancias que rodean esta literatura. Neste *Informe* aparecen resumidos os estudios que tratan sobre a literatura galega.

-Xavier Frías Conde, "A literatura asturiana en galego dende 1975", pp. 111-124.

Fai un achegamento á literatura asturiana en lingua galega a partir de 1975, aludindo primeiramente aos condicionantes sociopolíticos desta lingua no Navia-Eo, e facendo logo unha clasificación xeracional dos autores que a cultivan. Da xeración dos cincuenta trata a autores que destacan no campo do teatro, da poesía e da narrativa, salientando a Manuel García, *El Galano*, Adela Conde Valledor ou Alejandro Antúnez, entre outros. Dá conta ademais de que a partir da década dos 50 houbo interese pola literatura de carácter tradicional, e isto reflíctese no número de teses de doutoramento que recompilan contos populares e anécdotas. Conclúe sobre esta xeración que tanto na poesía como na prosa sobresaen os elementos anecdóticos e que cadaquén escribe no seu dialecto local. Da xeración dos sesenta indica que non hai

grandes diferencias de lingua, estilísticas ou temáticas coa xeración anterior. Dá datos ademais da obra de escritores como Xosé Máximo Fernández López, Xosé Rico, César López Méndez e Xoán Babarro González, autor ourensán que escribe en galego asturiano. Da xeración dos oitenta subliña que a súa lingua é máis pulida e que son máis polígrafos, xa que un mesmo escritor cultiva varios xéneros literarios. Informa ademais de que é nesta época cando aparecen as primeiras revistas, as primeiras edicións serias de libros e análises rigorosas da lingua e da literatura tradicional oral. Por outro lado indica que nos 90 se deron dous feitos importantes para a literatura asturiana en galego: a aparición de suplementos literarios e de colecções de literatura, das que dá o seu nome. Os autores desta xeración que aparecen tratados no artigo son Crisanto Veiguela Martínez, Xosé Miguel Suárez, Xavier Frías Conde e Xoán Carlos Álvarez Blanco. Conclúe, despois de tratar sobre estas tres xeracións, que hai un número importante de persoas que cultivan literariamente o galego asturiano, a pesar do inconveniente da sobrevivencia deste idioma e das dúas concepcións que hai sobre el. Finalmente fala sobre o suplemento da revista *Freita*, “O Espello”, do que se nos explica como naceu e cales son os seus obxectivos, ademais de adiantar que a partir do número 3 pasará a ser revista independente.

Ensaio. Teoría Xeral. Crítica. Biografías.

Crónicas Publicacións en revistas

Alonso Pintos, Serafín, “Kremer, D. (ed). Homenaxe a Ramón Lorenzo”, *Revista de lenguas y literaturas catalana, gallega y vasca*, nº VI, “Reseñas. Lengua y literatura gallega”, 1999, pp. 439-440.

Infórmase da publicación de *Homenaxe a Ramón Lorenzo* en dous volumes. Do primeiro deles, dise que trata temas como a personalidade do autor, a súa completa bibliografía e os seus estudios de Filoloxía e literatura medieval, Crítica e creación literaria e Cultura e historia; mentres que do segundo indícase que constitúe un bloque monográfico de estudios lingüísticos.

Aragón González, Irene, “Blanco Torres, *Disto e do outro*”, *Revista de lenguas y literaturas catalana, gallega y vasca*, nº VI, “Reseñas. Lengua y literatura gallega”, 1999, pp. 409-413.

Indícase que co gallo do Día das Letras Galegas, dedicado en 1999 a Roberto Blanco Torres, apareceron varias obras relacionadas con este escritor, entre elas a traducción de *De esto y de lo otro* (1930), feita por Xesús Carballo Soliño. Dáse conta do acertado de esta reedición, aínda que se bote de menos un prólogo que nos achegue á figura do autor e ás circunstancias nas que xurdiu a obra. Así mesmo, infórmase de que se rúnen neste volume artigos que foran publicados en prensa, aínda que agora contan con notas ao pé de páxina, feitas polo autor. Algúns dos temas que tratan estes artigos son a emigración, a deficiente situación do ensino en Galicia, a necesidade de unificar a ortografía do galego e un número non pequeno destes artigos dedícanse á crítica literaria.

Brito de Freitas, Consuelo, “El erotismo en Xesús Rábade Paredes”, *Revista de lenguas y literaturas catalana, gallega y vasca*, nº VI, “Artículos. Lengua y Literatura gallega”, 1999, pp. 141-146.

Analízanse nove poemas de *Poldros de Música* (1993), obra de Xesús Rábade Paredes, para ir destacando os elementos eróticos que aparecen neles. Dise do libro que está dedicado á súa compañeira Helena e está dividido en tres partes, tratando todas elas o tema do amor e o erotismo como xa se indica no prólogo que fixo o crítico literario Anxo Tarrío. En xeral, destácase que todos os poemas comparten a presencia da natureza, “cuya relación con el sexo es innegable”, chegando incluso a percibirse nalgún poema “la importancia de lo telúrico como algo que llega a ser panteísta”. Dise que son, en xeral, textos repletos de vida e sensualidade nos que á vez que se explora o corpo tenta buscarse “la propia desnudez del alma”.

Casal Porto, Xosé, “*El Bólido*, xornal agrario”, *A Taboada*, nº 0, decembro 1999, pp. 6-14.

Infórmase dos avatares da publicación do xornal semanal *El Bólido*, que saíu á luz en 1916, e faise unha descrición das súas páxinas. Este semanario, en principio “periódico independente”, convertíuse logo en “periódico agrario”, sendo así o voceiro de distintas Sociedades ao longo dos anos. Trátase, pois, dun xornal “partidista, panfletario, político e pouco literario”, aínda que “algúns dos seus redactores e articulistas esforzábanse en darlle boa forma ao contido dos seus escritos”, facendo logo unha clasificación destes en poetas e autores de prosa, tendo estes últimos “un toque persoal que os facía máis ensaios ou artigos de fondo que simples relatos de xornalista”. Ofrécensenos aquí algúns dos nomes destes redactores e algúns dos pseudónimos empregados por aqueles que utilizaban a crítica mordaz.

Dacosta, Fernando, “O intérprete diante dos medios”, *Revista Galega de Teatro*, nº 21, outono-inverno 1999, pp. 12-18.

Faise unha clasificación xeracional dos actores galegos, indicando que as distintas xeracións posúen distintos graos de formación e polo tanto tamén diferentes estilos. Sinálase ademais que o intérprete galego é esencialmente un actor ou actriz de teatro que fai televisión e cine, e danse algúns nomes xa ben coñecidos nos medios audiovisuais. A continuación baixo o epígrafe “¿De onde vimos?”, faise un repaso polas primeiras series de televisión feitas en Galicia e polos primeiros grupos ou mostras de teatro, ademais de dar conta dos avances do cine, aínda que se di que a súa historia é máis lenta, ao tempo que se pregunta onde está a televisión de Galicia neste tema. Para describir a situación actual reprodúcense as contestacións que distintos intérpretes de teatro e televisión deron ás preguntas de se preferían a televisión, o teatro ou o cine, cal destes medios crían que ten máis calidade artística, que é o mellor e o peor deles e cales son as diferencias existentes entre estes tres xéneros. Finalmente reflexiónase sobre as grandes diferencias no traballo dos actores de cada un destes medios, e indícase que a extendida opinión de que o intérprete teatral non servía para a pantalla pequena é equivocada, afirmándose, pola contra, que este adáptase á perfección á televisión e ao cine, como xa o fixera coa dobraxe.

Delgado Corral, Concepción, "*Forza segreda*: Obra de teatro inédita dun autor emigrante", *Revista de lenguas y literaturas catalana, gallega y vasca*, nº VI, "Artículos. Lengua y Literatura gallega", 1999, pp. 147-153.

Despois de facer unha aproximación ao autor Xesús Calviño de Castro (1893-1972), que por razóns ideolóxicas tivo que emigrar, faise a descrición da súa obra teatral inédita: *Forza segreda* (1999), que o autor subtitula "Comedia social". Indícase que a obra pode considerarse dentro do proxecto dun teatro visto como un conxunto de diferentes artes integradas nun todo, idea que compartía Castelao. Ademais disto, saliéntase que o noso autor ten outras ideas comúns co rianxeiro xa que parece partir de *Os vellos non deben de namorarse* para escribir a súa obra. Por outro lado, apúntas que algúns dos elementos que aparecen nas dúas pezas son a utilización da ironía, o emprego de elementos simbolistas ou a comunicación que se dá entre autorespectador.

Pazos Touriño, Belén e Pilar **Pena Búa**, “A prensa en Cuntis. *El Eco de Cuntis*”, *A Taboada*, nº 0, decembro 1999, pp. 15-25.

Despois de mencionar xornais como *El Bólido*, nacido en 1916 nos municipios de Cuntis e Moraña, *El bólido de Cuntis*, que xurdiu en 1918, e *Ecos de Rebeldía*, do que non se sabe se realmente apareceu, aínda que se anuncia noutro xornal en 1922, faise unha descrición máis detallada de *El Eco de Cuntis,* que viu a luz o 14 de agosto de 1932. Este tiña unha periodicidade quincenal e nel ademais de asuntos de política local tratábase a política nacional, facíase crónica social e tamén había literatura. Ademais destas indicacións temáticas fálasenos dos redactores e colaboradores, entre os que atopamos a Alfredo García Ramos e Roberto Blanco Torres, xornalistas de prestixio na época. Finalmente reprodúcense algúns dos anuncios publicitarios dos comercios da vila que tiñan cabida neste xornal.

García López, Miguel, “Literaturas peninsulares y comparación: a propósito de *La literatura comparada: principios y métodos*, de María José Vega y Neus Carbonell”, *Revista de lenguas y literaturas catalana, gallega y vasca*, nº VI, “Varia”, 1999, pp. 323-329.

Achégase información sobre o contido do libro *La literatura comparada: principios y métodos* (1998). Indícase que este manual é unha recompilación de textos de moitos dos principais teóricos comparatistas e que está dividido en tres partes, seguíndose nelas unha orde cronolóxica dos textos básicos do comparatismo. Respecto á pregunta de se é posíbel unha literatura comparada peninsular, faise un repaso polos momentos paralelos que viven as distintas literaturas da península e indícase como norma xeral que primeiramente habería que compararse cos que temos cerca. Ademais disto, aínda que os textos sobre descolonización e literatura da terceira parte do manual non parezan aplicabeis á crítica das literaturas peninsulares, dáse o exemplo de Anxo Tarrío, que no seu manual de 1994 atopa similitudes entre as literaturas en formación de países colonizados e o Rexurdimento galego. Para rematar alúdese á cuestión de cómo establecer os términos da comparación, indicando que no volume presentado neste artigo, ofrécese, ante todo, a visión dun desacordo teórico e metodolóxico perpetuo que deixa aberto o terreo ao comparatista.

García Turnes, Beatriz, “A lingua galega entre dous séculos (1875-1916): contribución á historia sociolingüística do galego”, *Revista de lenguas y literaturas catalana, gallega y vasca*, nº VI, “Artículos. Lengua y Literatura gallega”, 1999, pp. 169-180.

Expóñense as principais conclusións ás que Beatriz García Turnes chegou na súa memoria de licenciatura *A lingua galega entre 1875 e 1916. Situación social e consciencia idiomática*. Dáse conta, pois, da evolución do proceso de diminución do monolingüismo galego, e faise atendendo ás distintas clases sociais. Sinálase que, de xeito paralelo a esta diminución no uso do galego falado, dáse unha evolución contraria na lingua escrita, pois van ser as elites castelán-falantes as que elixan o galego para as súas producciónns, entre outras cousas, porque cultivando unha lingua literariamente transmíteselle prestixio. Así, apúntase que nesta época houbo ampliación temática na poesía e mais producción de narrativa breve, mentres que outros xéneros como o teatro, a novela, a poesía épica e a prosa non-ficcional, só estaban comezando o seu proceso de elaboración.

González López, Susana, “Aproximación a los recursos estilísticos de *Con pólvora e magnolias* de X. L. Méndez Ferrín”, *Revista de lenguas y literaturas catalana, gallega y vasca*, nº VI, “Artículos. Lengua y Literatura gallega”, 1999, pp. 181-190.

Indícase que *Con pólvora e magnolias* (1976) foi, xunto con *Mesteres* (1976), a encargada de cambiar o panorama poético galego que ata entón cultivaba o social-realismo, e que, aínda que nesta obra tamén se fagan reivindicacións político-sociais, agora trátanse dunha maneira máis intimista. A seguir, apúntase que a obra de X. L. Ferrín, de ton elexíaco, trata os temas do paso do tempo, do amor e da morte, e puntualiza que estes temas están todos dentro dunha espiral temática á que se lle unen recursos formais para darlle á obra unha gran riqueza expresiva. Entre estes recursos cítanse as imaxes e símbolos que se refiren á morte, á amada ou ao transcorrer do tempo. Outro dos recursos formais que salienta é o versolibrismo e o “ritmo (de)cadente” dos versos, que xunto ao léxico negativo, marca o ton nostálxico e elexíaco da obra.

González Martínez, Montserrat e Fina **Llorca**, “De *Mesteres* a *Asedio de sombra* de A. López-Casanova”, *Revista de lenguas y literaturas catalana, gallega y vasca*, nº VI, “Artículos. Lengua y Literatura gallega”, 1999, pp. 191-211.

Despois de situar a Arcadio López-Casanova como un dos renovadores da poesía galega coa publicación de *Mesteres* en 1976, faise unha análise desta obra e *Asedio de sombra* (1996). Saliéntase que nas dúas obras son importantes os recursos formais utilizados e danse exemplos ao longo destas páxinas. De *Mesteres* dise que é unha “profunda introspección que el poeta hace de su ser y de su existir”, mentres que de *Asedio de sombra*, dise que os seus temas son a conciencia da función do creador e o paso do tempo, que leva á morte. Respecto á primeira, apúntase que hai “recursos formales en todos y cada uno de los niveles de la creación poética”, aínda que os máis destacábeis son os recursos do nivel morfosintáctico. Pola contra, na segunda das obras que presenta tamén recorrencias gramaticais, destaca máis a abundancia de substantivos e adxectivos, que indican que o contido conceptual é o primordial.

Lama, Xavier, “O teatro en televisión como cousa distinta”, *Revista Galega de Teatro*, nº 21, outono-inverno 1999, pp. 7-11.

Principian estas páxinas comentando as grandes diferencias existentes entre a televisión e o espectáculo teatral, xa que as características destes dous medios son diferentes, polo que se di que acostuma escoitarse que o teatro na pequena pantalla aburre. Sinálase ademais que aínda que o cine e a televisión lle arrebataron ao teatro o papel de representar o mundo, este sobrevive e mesmo conta con máis espectadores, a pesar de non poder competir con este medio audiovisual, sobre todo no tocante á variedade de subxéneros que pode tocar case simultaneamente. Por outro lado, despois de indicar que estes dous medios non posúen unha relación fluída, salienta que en ocasións a televisión achega acontecementos escénicos de alcance internacional, contrarrestando así o fraco favor que presta a tele outras veces. Para rematar apúntase que habería que reflexionar sobre as opcións que ten o teatro de conquistar espacios televisivos, aproveitando así o seu efecto difusor, xa que por exemplo hai novas posibilidades no ámbito das canles temáticas e no das adaptacións teatrais ao medio audiovisual.

Mariño Dávila, Esperanza, “Antonio Paz Míguez o Adán que non quixo voltar”, *Revista de lenguas y literaturas catalana, gallega y vasca*, nº VI, “Artículos. Lengua y Literatura gallega”, 1999, pp. 213-226.

Faise unha análise da obra *O Adán que non quixo voltar ô paradiso* (1992) de Antonio Paz Míguez, que leva en Buenos Aires dende marzo de 1936. Antes de centrarse nesta obra faise unha comparación da ideoloxía que posúe esta e unha anterior titulada *Da emigración*. Indícase que *O Adán...* publicouse en Galicia debido a que lle foi imposíbel facelo en Arxentina, e nel móstranse temas como o da desgaleguización, a relixiosidade ou a política; e déixase constancia de que a emigración é sempre negativa para a nación de orixe.

Martínez Xoubanova, María, “La poética del viaje en *Remol das travesías* de Luís González Tosar”, *Revista de lenguas y literaturas catalana, gallega y vasca*, nº VI, “Artículos. Lengua y Literatura gallega”, 1999, pp. 227-242.

Faise unha análise de *Remol das travesías* (1989) de Luís González Tosar, do que se fai unha pequena presentación ao principio. Destácase que esta obra, que está dividida en cinco partes, actuando a primeira e a última como prólogo e epílogo respectivamente, é unha travesía por distintos lugares (América, África e Europa) que serve de pretexto para a viaxe interior que experimenta o poeta. Nestas páxinas analízanse todas as partes e transcríbense algúns dos seus versos.

_____, “N. Regueiro, *Os mundos de C. Rodríguez Fer*”, *Revista de lenguas y literaturas catalana, gallega y vasca*, nº VI, “Reseñas. Lengua y literatura gallega”, 1999, pp. 425-428.

Expóñense algúns dos temas tratados en *Os mundos de Claudio Rodríguez Fer* (1998), obra de N. Regueiro, que nos vai sinalando as persoas, obras e espacios determinantes na traxectoria humana, literaria e investigadora do poeta; todo isto dende un punto de vista cronolóxico. Apúntase ademais que a obra conta ademais con fotografías que reflicten eses mundos aos que se dedica a obra e cunha ampla información bibliográfica.

_____, “Actas das Primeiras Xornadas das Letras Galegas en Lisboa”, *Revista de lenguas y literaturas catalana, gallega y vasca*, nº VI, “Reseñas. Lengua y literatura gallega”, 1999, pp. 429-434.

Faise un repaso polo contido das *Actas das I Xornadas das Letras Galegas en Lisboa* que se celebraron entre o 25 e o 30 de maio, organizadas polo Centro Ramón Piñeiro. Sinálase que estas actas aparecen divididas en conferencias, comunicacións e mesas redondas, respectando así a orde cronolóxica e o criterio xenérico das xornadas. Indícase ademais que o primeiro apartado conta cunha parte introductoria e panorámica da literatura galega para logo dar conta das conferencias dedicadas á narrativa, ao teatro e á poesía. Tamén se inclúen os títulos e autores das comunicacións e mesas redondas.

Pascual, Itziar, “Holliday Aut”, *Revista Galega de Teatro*, nº 21, “Caderno Central”, outono/inverno 1999, [21 pp.].

No caderno central do nº 21 aparece unha obra teatral de Itziar Pascual (Madrid, 1967), de quen Carlos Rodríguez nunha páxina de presentación nos dá algúns apuntamentos biográficos e sobre a súa obra, na que di que sobresaen temas como a incomunicación, as relacións afectivas, a angustia vital ou a soidade. Precisamente nesta obra, *Holliday Aut (Postal de mar)*, traducida por Xosé Manuel Pazos, trata este tema da soidade, que é ademais o nome da protagonista. Esta, despois dunha semana de vacacións no hotel Holliday, perde a maleta no aeroporto, feito que provoca que se sinta moi soa e polo tanto que non queira volver á casa sen ela. A súa teima por recuperala provoca que os profesionais do aeroporto a leven a falar cunha asistenta social, aínda que en toda a obra só se dá o discurso de Soidade, agás as intervencións dun estoxo co que dialoga a protagonista. Finalmente esta recupera a súa maleta, pero decide mandala de viaxe, posto que Soidade cría que esta non aparecía por temor a volver a ser gardada durante un longo tempo.

Pazos Touriño, Belén e Heitor **Picallo Pena Abal**, Baltasar, “Roberto Blanco Torres, Curros e a poesía social”, *A Taboada*, nº 0, decembro 1999, pp. 33-48.

Déixase constancia das coincidencias entre a poesía de Curros e a de Roberto Blanco Torres. Este último, segundo a obra citada de Seixo Pastor, *Roberto Blanco Torres* (Vigo, 1999), ten composicións nas que “dominan a reivindicación e a denuncia social” ao lado doutras onde “expresa os seus anceios e inquedanzas existenciais, filosóficas e morais”. É nas primeiras onde se pode comparar con Curros, figura pola que sentía unha profunda admiración e a quen lle dedica varios artigos de prensa, dos que se reproducen algúns fragmentos nestas páxinas.

Pernas Cora, Gustavo, “¡E.I.S. Carballeira! Teatro e Cine na Escola de Imaxe e Son da Coruña”, *Revista Galega de Teatro*, nº 21, outono-inverno 1999, pp. 19-22.

Faise unha descrición das actividades que se levan a cabo na Escola de Imaxe e Son da Coruña, a única pública en Galicia, que leva funcionando dende 1991. De entre todos os seus traballos destácanse os Documentais e Ficcións elaborados polos alumnos das distintas seccións desta escola (Producción, Realización e Imaxe e Son), contando despois moitas veces coa colaboración de distintos profesionais de Teatro nas representacións das súas curtametraxes, que están abertas ao público en xeral. Por outro lado sublíñase a dinamización laboral e social dunha escola coma esta, aínda que tamén se di que quedan algúns aspectos que mellorar no ensino como por exemplo a estimulación dos alumnos respecto ao Teatro e ao seu futuro. En xeral faise un balance positivo, a pesar de que tamén se indica que en Galicia aínda vivimos uns tempos difíciles para as artes escénicas, como así o demostra o feito de que ás portas do 2000 aínda non contemos cunha Escola Superior de Arte Dramática, que segundo se di é xa un feito inminente.

Riobó, Pedro P., “O teatro na televisión”, *Revista Galega de Teatro*, nº 21, outono-inverno 1999, pp. 28-30.

Fai un repaso por algúns programas de televisión dedicados ao teatro e distingue logo as emisións de funcións filmadas ou gravadas e os espacios de información teatral. Das primeiras sinala que contan con algún problema como o do plano xeral da escena, que se solucionou coa gravación en estudios recollendo todos os movementos dos actores, co que tamén se vían xestos inadvertidos nun plano xeral; pero segundo Riobó isto é xa un novo xénero de televisión e non teatro. Apunta tamén que outra solución podería ser a retransmisión con cámaras fixas e móbiles, como xa se fai noutros espectáculos, aínda que sinala que de todos modos hai sempre “a desvirtuación do feito teatral”. Respecto aos espacios de información teatral dá conta da súa escaseza, indicando que algúns coma “Etcétera” da TVG, á parte do horario de madrugada, non tiña como único nin principal ingrediente a materia dramática. Sen embargo louva o programa de TVE2 “Lo tuyo es puro teatro” que ten un horario de maior audiencia e se centra no mundo do teatro. Conclúe dicindo que sería bo que se lle devolvese proporcionalmente ao teatro o que este deu á televisión: “unha grea de bos profesionais”.

Rodríguez Fer, Claudio, “En el corazón de la vulva. Latidos de extrema Europa”, *Revista de lenguas y literaturas catalana, gallega y vasca*, nº VI, “Actas. Lengua y Literatura gallega”, 1999, pp. 281-299.

O propio autor, Rodríguez Fer, vai dando conta da súa obra poética e selecciona algúns poemas que resumen a súa visión da poesía, deixando constancia de que con algúns como *Poemas de amor sen morte* e *Tigres de ternura* iniciou a poesía erótica en galego. Ademais de citar títulos dos seus poemarios, alude ao seu labor como crítico e investigador centrado en modernizar a análise literaria galega, tendo sempre moi presente as vicisitudes literarias ocasionadas pola represión da Guerra Civil. En todas as súas obras destaca que mantivo un esforzo de integración das artes entre si e coa vida. E como exemplo desta integración pon o anuario *Unión Libre. Cadernos de vida e culturas*, que coordina xunto a Carmen Blanco.

Rodríguez González, Olivia, “Vicente Risco e *La puerta de paja*: Unha valiosa contribución á novela “católica” na posguerra española”, *Revista de lenguas y literaturas catalana, gallega y vasca*, nº VI, “Artículos. Lengua y Literatura gallega”, 1999, pp. 243-258.

Faise unha aproximación á novela católica en España, dando como exemplo desta *La puerta de paja* (1953) de Vicente Risco, aínda que esta non foi considerada como tal pola crítica española. Unha das fontes apuntadas para esta obra é a novela de R. Otero Pedrayo, *A romeiría de Xelmírez* (1934), xa que nas dúas obras hai unha peregrinaxe a Roma, aínda que sexa por motivos distintos; e ademais nas dúas novelas está presente o problema espitritual, tomando o camiño e a viaxe un tratamento simbólico-cristián.

Uriarte, Gonzalo M., “Os actores e o audiovisual en Galicia”, *Revista Galega de Teatro*, nº 21, outono-inverno 1999, pp. 23-27.

Infórmase de que a producción audiovisual de ficción en Galicia está a vivir un prometedor amencer debido á coincidencia no tempo de varios factores: a función catalizadora que exerce a TVG dende 1985; a aparición dun sector empresarial ao abeiro da televisión autonómica; o labor desenvolvido pola escola de imaxe e son de Coruña e un conxunto de actores cada día máis variado e formado profesionalmente. Indícase tamén que esta situación repercutiu na actividade profesional dos actores e que a Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena de Galicia (AADTE), a través da súa Secretaría do Audiovisual desenvolveu iniciativas co fin de que os actores e profesionais do audiovisual leven a cabo a súa actividade con normalidade. Dáse logo conta de que as iniciativas da AADTE se centran no asentamento e implantación do convenio estatal do audiovisual en Galicia; na problemática do uso do idioma, xa que algúns actores e actrices tiñan que afastarse dos medios “por mor dun suposto mal uso do idioma”; na falta de colaboración da TVG, por non difundir a actividade teatral de Galicia; e na lei do audiovisual, da que aínda está pendente a súa redacción.

Velasco, Mar, “Luz Pozo Garza e o *Códice Calixtino*”, *Revista de lenguas y literaturas catalana, gallega y vasca*, nº VI, “Artículos. Lengua y Literatura gallega”, 1999, pp. 259-267.

Despois de facer a presentación de Luz Pozo (Ribadeo, 1922) como pertencente á Promoción de Enlace, o artigo céntrase na súa obra *Códice Calixtino* (1986, aumentado en 1991). Indícase que a estructura externa da obra coincide coa do *Códex Calixtinus* ou *Liber Sancti Iacobi*, do século XII, contendo as dúas obras seis partes. No artigo faise un percorrido por elas para ir vendo a través dos seus versos como a poesía de Luz Pozo é de carácter intimista e cunhas constantes poéticas que son o amor, a existencia humana, o mar, a luz...

Vieites, Manuel F., “Portugal. Festivais do Norte”, *Revista Galega de Teatro*, nº 21, “Opinións desde a butaca”, outono-inverno 1999, pp. 45-48.

Apunta inicialmente que Galicia aínda non conta cun verdadeiro festival internacional de teatro, para dar conta despois de dous festivais que se desenvolven no norte de Portugal. Do festival de Teatro do Eixo Atlántico indica que é xa un evento plenamente consolidado e nel participaron distintas compañías de teatro galegas coma Teatro do Morcego, Teatro do Noroeste ou Teatro do Atlántico, aproveitando aquí para sinalar que, sen embargo, en Galicia o teatro portugués case non está presente. Indica, a pesar das louvanzas, algúns pequenos cambios que deberían facerse neste festival, por exemplo di que deberían ter cabida nel diversas culturas do Atlántico, debido ao seu nome, ou que os festivais deberían servir de puntos de encontro entre creadores, críticos, espectadores, programadores, etc. O segundo festival do que se fala é o Porto Natal Teatro Internacional (PO.N.T.I.), que se celebra dende 1997 importando productos escénicos das máis diversas xeografías. Remata sinalando que a pesar de ser dúas propostas diferentes están chamadas a entenderse entre si e a buscar colaboradores en Galicia, da que se di que xa debería ter andado algúns camiños coma estes.

A literatura infantil e xuvenil galega

Poesía Poetas

galegos

Asociación Amigos da Poesía "Baixo Miño", *Poesía na escola. Poesía de nenos para nenos*, Pontevedra: Asociación Amigos da Poesía "Baixo Miño", 1998, 86 pp. (Sen ISBN e sen DL).

Volume colectivo no que se recollen os corenta e dous poemas premiados no Certame convocado pola Asociación Amigos da Poesía "Baixo Miño", en decembro de 1998. Na presentación, a presidenta da citada Asociación, Emilia Rosende, afirma que participaron un total de 228 rapaces e rapazas entre 9 e 14 anos e pertencentes a once colexios da bisbarra do Baixo Miño. A seguir, reprodúcense os corenta e dous poemas premiados: trinta e dous en galego e dez en castelán. As composicións aluden a temas relacionados co Nadal como a chegada de Papá Noel e dos Reis Magos, os doces típicos, as panxoliñas, a árbore de Nadal, así como o recordo daqueles nenos e nenas sen familia, sen fogar ou sen a alegría propia destas festas.

Lage Martiñá, José Antonio, *O contador de bolboretas*, Ourense: Deputación Provincial de Ourense, 1998, 42 pp. (DL: OU-24/99).

Primeiro libro de poemas do ourensán José Antonio Lage Martiñá. Contén unha serie de poesías de extensión variada e de temática múltiple. Así, neste volume, mestúranse poemas que se centran en distintos problemas cotiáns, como “Recordos”, no que se lembra unha procesión, “Viaxe”, suxerido pola perda dun autobús, ou “A matanza”, sobre a mata do porco. Ao seu lado, aparecen composicións que xiran en torno a unha temática existencial como a morte –“Ela”–, o amor –“Amantes”, “Dominación” e “O amor”– ou o paso do tempo –“Tempo”. Na obra tamén teñen cabida a recreación de mitos, como sucede en “Penélope”, e os recordos persoais do poeta, como ocorre no poema “5 de xuño de 1998”.

A literatura infantil e xuvenil galega

Cómic

Galegos

Jaraba Bará, Fran, *Cita na Habana*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1999, 55 pp. (ISBN: 84-8302-415-2).

Banda deseñada, de Fran Jaraba (Pontevedra, 1957) na que, segundo se nos informa na introducción, se fai unha modesta homenaxe ás cincuenta mil víctimas da terceira guerra da independencia de Cuba. Nesta introducción faise un percorrido pola situación histórico-social de España e Cuba no1895 e as graves consecuencias da guerra pola independencia cubana. A historia ubícase na illa cubana e é relatada por Maxi Torres, un rapaz compostelán, poeta e estudiante de dereito, que se alista voluntario no corpo expedicionario español coa única fin de cruzar o océano para atopar a súa amada, a actriz Lola Molina “La Argentinita”. Nesta viaxe Maxi toma parte na guerra, sofre nas súas carnes varias feridas, faise amigo de Jerónimo, o líder do grupo de anarquistas libertadores, e é testigo do trato que reciben os soldados nos hospitais, da morte dos seus compañeiros, da fame e desolación que sofren os nativos cubanos, a raíz do estalido da guerra; e da perda de Cuba por parte de España. Ao mesmo tempo o protagonista descobre o engano amoroso da súa amada e o verdadeiro amor xunto a unha cubana. Finaliza o volume cun glosario do léxico cubano empregado no relato.

A literatura infantil e xuvenil galega

Ensaio. Teoría Xeral. Crítica. Biografías. Crónicas. Publicacións en revistas

Peonza, “Entrevistamos a... Xabier P. Docampo”, *Peonza (Revista de Literatura Infantil y Juvenil)*, nº 49, “Entrevistamos a...”, 1999, pp. 39-45.

Dende a cidade da Coruña, o escritor X.P.Docampo responde ás preguntas formuladas polo equipo de redacción da revista. En primeiro lugar, Docampo recorda os seus contactos iniciais coa literatura, a través da lectura dos clásicos por parte da súa nai e dos dous únicos libros que había na súa casa: *Ben Hur* e *La isla del tesoro*. Así mesmo, afirma que tanto seu pai coma súa nai eran grandes contadores de contos e historias. A continuación, alude á importante influencia da tradición oral na súa vocación de escritor. Ademais, afirma que a tradición oral influíu considerablemente no estilo dos seus contos. Na mesma liña, Docampo afirma que a única maneira de contar un conto é contalo ben e que, para iso, é necesario contar contos que lle gusten a un e só cando se teñan ganas de facelo. A seguir, comenta que a relación entre o escritor e o ilustrador ten que ser estreita e que se debería tender á coautoría para que, ao final, o libro sexa “unha obra común”. A continuación, opina que a crítica ten un papel fundamental na literatura infantil. Por último, ofrécese unha breve biobibliografía do entrevistado.

Literatura de transmisión oral

Recompilacións, monografías e libros colectivos

Enríquez Fernández, Esteban, *Contos e lendas da Terra do Bolo*, limiar I de Avelino García Ferradal, limiar II de Xosé de Valbuxán, ilust. Yosso, O Barco de Valdeorras-Ourense: Instituto de Estudios Valdeorreses, Cuaderno Monográfico nº 20, 1996, 136 pp. (ISBN: 84-921366-3-4).

Colectánea de vintedous contos de Esteban Enríquez Fernández, precedidos por dous limiares de Avelino García Ferradal e Xosé de Valbuxán, respectivamente, e unha breve introducción do autor. Trátase dun feixe de contos breves localizados na aldea de San Martiño do Bolo, na provincia de Ourense. Neles rescátase a cultura galega “enraizada nas faenas do campo como son: as mallas, a sega da herba, a carrexa do pan, os fiadeiros, o xogo dos bolos e os antroidos”.

González Reboredo, Xosé Manuel (coord.), *Imaxinario. Literatura popular*, ilust. Siro López, A Coruña: Hércules Ediciones, tomo XXVIII, 1997, 535 pp. (ISBN tomo XXVIII: 84-89468-59-1) (ISBN da obra completa: 84-89468-37-0).

Este volume do Proxecto Galicia está elaborado por Mar Llinares García, Domingo Blanco Pérez, Miguel Mª López Coira, Xosé Manuel González Reboredo e Celso Loureiro Lamas. Con respecto á súa estructura, cabe salientar que se divide en tres partes: dúas delas teóricas e unha que presenta unha ampla escolma de textos. Na primeira, titulada "O imaxinario popular", Mar Llinares García ocúpase de describir o tratamento que merecen na literatura popular galega os mouros e os encantos, os tesouros, as mouras, o trasno, os nubeiros e os tronantes. En "Literatura popular de tradición oral", segundo epígrafe deste tomo, Domingo Blanco Pérez enumera as recompilacións e estudios sobre este tema e preséntaos diacronicamente. Achégase tamén aos elementos sociolóxicos e contextuais desta literatura, nomeadamente os intérpretes e o público, fai un estudio por xéneros e describe o momento presente deste corpus de textos en Galicia. Nesta mesma segunda parte Miguel Mª López Coira aborda o tema dende unha perspectiva antropolóxica baixo o título "Do texto oral ó contexto cultural". No último apartado, o máis extenso deste volume, Xosé Manuel González Reboredo e Celso Loureiro Lamas presentan unha antoloxía estructurada por temas na que inclúen lendas, contos, romances, cantigas, festas do ciclo anual, diálogos de desafío, oracións e esconxuros, adiviñas, refráns, ditos e cancións para convivir e xogar. Péchase este tomo cunha ampla bibliografía sobre os temas tratados.

Piñeiro de San Miguel e Esperanza, Andrés **Gómez Blanco**, *Lendas e relatos ferroláns*, ilust. J. M González Collado, Ferrol: Edicións Embora, col. Biblioteca de Ferrolterra, 1998, 69 pp. (ISBN: 84-930143-5-4).

Os autores Esperanza Piñeiro e Andrés Gómez recollen neste volume vintesete lendas e relatos que pretenden captar o máxico e marabilloso da bisbarra de Ferrol. Sen embargo seis destes relatos xa foran publicados en *Así se fixo Ferrol* (1997), dos mesmos autores. A obra, na que se narran feitos históricos ou supostos e se reelaboran lendas e mitos, vai dedicada aos máis novos e cada unha das narracións conta cunha ilustración. Estas, nalgún dos títulos, poden aparecer repetidas pero con cambio de cores. Así mesmo tamén algunhas lendas se reiteran, aínda que con variantes. Este é o caso de *A lenda da lagoa de Doniños/Outra lenda da lagoa de Doniños* ou *A lenda do manancial da Aureana/Outra lenda do manancial da aureana*. En definitiva esta obra, que conta cun prólogo do alcalde de Ferrol, Juan Blanco Rouco, é unha recompilación de lendas de mouros, tesouros, aparicións, pobos desaparecidos... que quere axudar a que o rico imaxinario popular non se perda.

Rivas Cruz, Xosé Luís e Baldomero **Iglesias Dobarrio** (Mini e Mero), *Cantos, coplas e romances de cego (II)*, prólogo de Anisia Miranda e Xosé Neira Vilas, Lugo: Ophiusa Ensino, 1999, 389 pp. (ISBN: 84-88835-71-X).

Volume no que se recollen romances, coplas e cantos da nosa tradición cultural, dos que tamén se adxuntan as súas gravacións en CD, comprobándose así que algúns textos iguais teñen melodías distintas ou que textos diferentes presentan unha melodía igual. Como se indica na presentación feita por Anisia Miranda e Xosé Neira Vilas, a inclusión destes cantos nas voces dos seus informantes, a transcrición das papeletas que os cegos vendían despois das actuacións, o sinalamento do lugar onde se fixo a recollida ou a indicación de variantes nos casos en que aparece máis dunha versión, é froito do labor de investigación dos compiladores. Os textos, que se presentan agrupados segundo o contido, aparecen baixo as seccións de “Parrafeos”, “Sucesos”, “Crimes e asasinatos”, “Sobre acontecementos históricos destacables”, “Amores tronzados”, “Cantares relacionados cos servicios ó rei”, “Coplas de antroido”, “Cantares non de cego”, “Temas varios” e “Outros cantares”. Algunhas das composicións inclúen ademais partituras, aínda que estas, segundo os compiladores, “son o xeito máis pobre de gardar e divulgar a música tradicional”, feito polo que se acompañan as gravacións. Ademais disto nas páxinas iniciais hai datos biográficos sobre tres dos informantes máis destacados deste volume:

o Kerelé, o señor Florencio e o señor Eladio. Trátase dunha recompilación na que non só ten cabida a nosa cultura, senón que hai aquí folclore de toda a Península, feito que reflicte, segundo

o limiar, unha época determinada da nosa historia.

Literatura de transmisión oral Publicacións en revistas

Camiña Castro, Reis e Susana **Fuentes Gago**, “Escolma de cantos de reis recollidos nas parroquias de Sta. Cruz de Lamas, San Martiño de Laxe e San Salvador de Saiáns de Moraña”, *A Taboada*, nº 0, decembro 1999, pp. 88-95.

Antes dos cantos escolmados, con indicación do lugar da súa recollida, dánsenos algunhas indicacións sobre o modo en que os mozos e mozas ían cantar os reis a noitiña do día cinco de xaneiro, facendo polo tanto referencia a aspectos como o da música que acompañaba aos cantos ou como pedían o aguinaldo.

Seixo Pastor, Marcos, “O conto”, *A Taboada*, nº 0, decembro 1999, pp. 26-32.

Iniciánse estas páxinas cunhas notas xerais onde se fai a distinción entre conto popular e conto literario, ao mesmo tempo que se fai un pequeno percorrido pola historia deste xénero. A continuación danse dous exemplos de conto popular, recollidos en Caeiro, parroquia de Arcos de Furcos, aínda que a redacción aquí exposta é da autoría de Seixo Pastor, xa que “o único que se conservaba era un difuso recordo da anécdota central, que ben puidera estar baseada nalgún acontecemento real”.

Literatura medieval

Monografías e libros colectivos.

Bertolucci, Valeria, Carlos **Alvar e** Stefano **Asperti**, *Storia delle letterature medievali romanze. L'area iberica*, Roma-Bari: Editori Laterza, 1999, 519 pp. (ISBN 88-420-5561-1).

Segundo volume da colección publicada, baixo a coordinación de M. L. Meneghetti, por Editori Laterza e dedicada ás literaturas románicas medievais. Céntrase este, en concreto, nas literaturas medievais da Península Ibérica, galego-portuguesa, castelá e catalana, e del reseñaremos a parte dedicada á literatura galega, realizada pola profesora V. Bertolucci.

-Valeria Bertolucci Pizzorusso, "La letteratura portoghese medievale", pp. 5-95, 423-435.

Achegamento á literatura medieval galego-portuguesa, considerando a poesía profana, as *Cantigas de Santa María* e a prosa. Tras unha breve introducción histórico-lingüística, repásase a tradición manuscrita, tanto das cantigas profanas como do cancioneiro marial, e estúdiase o papel das cortes rexias e dos ambientes nobres no desenvolvemento desta tradición lírica, para pasar despois á análise de diferentes aspectos de versificación e retórica, tanto no *corpus* profano como na poesía relixiosa. Estúdianse a seguir a *cantiga de amor*, a *cantiga de amigo* e a *cantiga de escarnio e maldizer*, dando conta dos seus elementos temáticos fundamentais, ademais dos denominados xéneros menores, *tensó*, *pranto*, *pastorela*, *alba*, *descordo* e *lai*. Os dous últimos capítulos están dedicados, respectivamente, á análise das *Cantigas de Santa María*, considerando con particular atención os personaxes e ambientes, as cantigas persoais afonsinas e as cantigas de *loor*, e á prosa, contemplada na vertente dos relatos xenealóxicos e historiográficos, das

traduccións dos *romans* artúricos e da narrativa breve. Unha ampla bibliografía final completa esta panorámica sobre a literatura medieval galego-portuguesa.



Ferreira, Maria do Rosário, *Águas doces, águas salgadas. Da funcionalidade dos motivos aquáticos na Cantiga de Amigo*, Porto: Granito Editores e Livreiros, 1999, 214 pp. (ISBN: 972-8594-02-X).

Análise dos motivos acuáticos en canto elementos funcionais na tópica do encontro amoroso no *corpus* da *cantiga de amigo*. Tras un primeiro capítulo introductorio, no que se achegan distintas consideracións relativas ao papel da amiga e do encontro amoroso no xénero, aos autores que empregan os motivos acuáticos nas súas composicións, ás liñas metodolóxicas seguidas no estudio e sistematización dos motivos e á delimitación dos textos a tratar –exclúense as cantigas nas que a auga carece de valor simbólico–, a autora establece unha diferencia nítida entre dous grupos de textos, diferencia que marcará a súa análise posterior e na que se fundamenta o estudio: textos que introducen a referencia ao mar, ambientación que pode ser considerada característica da *cantiga de amigo* no marco da literatura europea do medievo, e cantigas nas que o encontro entre os amantes ten como fondo as *águas doces*, motivo amplamente difundido na literatura da Idade Media. Os dous capítulos seguintes están dedicados, xustamente, a analizar os textos nos que se lles dá cabida ás *águas salgadas*, ao mar, ben como elemento illado –textos de Nuno Treez, Johan de Cangas, Martin Codax, Nuno Porco e Pero Meogo, nos que parece percibirse unha determinada evolución no tratamento da simboloxía mariña, e de Gonçal'Eanes do Vinhal–, ben como elemento asociado ao *rio* –no caso de Estevan Coelho e de Johan Soarez Coelho– ou a un elemento exterior escenario natural, o *barco* –textos de Nuno Fernandez Torneol, Pai Gomez Charinho, Juião Bolseiro e Johan Zorro–. No capítulo cuarto estúdianse as cantigas que recollen a simboloxía inherente ás augas doces, destacando os

textos do xograr galego Pero Meogo, que recollen a temática do encontro amoroso na *fonte*; as cantigas de Johan Soarez Coelho *Fui eu, madre, lavar meus cabelos* e de don Denis *Levantous'a velida*, que presentan unha rede de afinidades con respecto ao *corpus* lírico de Meogo; a cantiga de Estevan Coelho *Se oj'o meu amigo*, que recolle o *baño de amor*; os textos de Nuno Fernandez Torneol e de Fernand'Esquio, nos que se documentan, respectivamente, as *aves* das *fontes* e as *aves* do *lago*, e as pastorelas de Johan Airas de Santiago e de Airas Nunez. Finalmente, e tras constatar a diverxencia na clase social dos autores que empregan o mar ou as augas doces no seu *corpus* poético, a autora analiza o diverso funcionamento simbólico e a diferente construcción do escenario mariño e do escenario marcado polas augas doces. Expostas as conclusións, o volume péchase con dous apéndices; no primeiro abórdase o tratamento do mar na *cantiga de amigo* establecendo comparacións coa *cantiga de amor*, coa poesía tradicional hispánica e coa composición provenzal *Altas undas que venez suz la mar*; no segundo recóllense as cantigas referidas en relación co tema obxecto de estudio.



Literatura

medieval Actas.

Ferrari, Anna (ed.), *Filologia classica e filologia romanza: Esperienze ecdotiche a confronto. Atti del Convegno (Roma, 25-27 maggio 1995)*, Spoleto: Centro Italiano di Studi sull'Alto Medioevo, 1998, 587 pp. (ISBN: 88-7988-076-4).❿

Volume de actas do congreso *Filologia classica e filologia romanza: Esperienze ecdotiche a confronto*, encontro no que se analizou o estado actual das investigacións e das relacións entre a filoloxía clásica e a filoloxía románica –cómpre ter presente que, no que se refire á crítica do texto, a filoloxía románica se formou a partir da filoloxía clásica–. Os relatorios organízanse no volume en base a varios núcleos temáticos: especificidade da filoloxía clásica e da filoloxía románica; a filoloxía medieval e humanista entre a filoloxía clásica e a filoloxía románica; tradición directa e tradición indirecta; métrica e crítica do texto; o texto en movemento (redaccións múltiples); ¿conservar ou conxecturar?; a puntuación dos manuscritos; filoloxía material e codicoloxía; despois de Lachmann; o contributo das edicións de textos modernos á práctica ecdótica.

-Ramón Lorenzo, "A prosa galega medieval", pp. 121-136.

Centrándose unicamente na prosa galega, Lorenzo subliña, na primeira parte deste estudio, a problemática ecdótica que suscita a edición do exiguo *corpus* de textos conservado para o período obxecto de análise. Segundo o autor, tendo en conta as vicisitudes sufridas pola lingua galega ao longo destes séculos e a importancia que os textos medievais revisten para trazar a súa historia, as edicións deben conservar intactas

as particularidades lingüísticas e gráficas dos textos, tanto en casos de testemuño único como en obras que contan con varios relatores: non se busca, polo tanto, chegar ao estado orixinario do texto, senón conservar a versión transmitida por un determinado manuscrito. En consecuencia, débese respectar ao máximo a lectura do códice e evitar as reconstruccións, reservando todas as correccións e precisións que o editor estime oportunas para as notas. Á marxe das cuestións de índole crítica, Lorenzo sinala a importancia dos textos galegos en canto estes ofrecen casos de traducción directa e indirecta e en canto permiten estudiar a transmisión e circulación dos textos pola Península e a intercomunicación que a este nivel se verifica entre Castela, Galicia e Portugal. Sublíñase, así mesmo, o feito de que o galego e o portugués serviran de intermediarios entre o texto orixinario e a versión castelá, como ilustran a *Crónica Troiana* e a *Demanda do Santo Grial*, e analízanse, finalmente, diversos aspectos relativos á traducción –supresións, interpolacións, dificultades de lectura e de comprensión do texto por parte do traductor, cambios na cláusula, ...–, que implican diverxencias entre o texto base e o texto traducido, diferenciando nitidamente entre composicións en verso e obras en prosa.

-Jesús Montoya Martínez, “La puntuación en el códice T.I.1 de las *Cantigas de Santa María*”, pp. 367-386.

Achegamento á puntuación orixinal das *Cantigas de Santa María*, partindo dos resultados obtidos da análise de cincuenta cantigas do códice de Florencia, que se complementan agora co estudio das vintecinco primeiras composicións do manuscrito T.I.1. Montoya Martínez analiza a puntuación nos epígrafes e no *Sumario* das *Cantigas* deste códice, nas prosificacións transcritas nos primeiros folios e no texto en verso, con particular atención ao punto interno e final de verso, así como no Prólogo B, destacando a relevancia que teñen os datos tirados do estudio da puntuación orixinal dos códices para a fixación métrica e estrófica do texto mariano. O autor sinala que nas *Cantigas de Santa María* hai que diferenciar nitidamente a puntuación

da prosa da do verso, indicando que, dentro da prosa, debe distinguirse entre a xerada pola propia cantiga – epígrafes, *Sumario*– e a correspondente ás prosificacións, moito máis desenvolta cá do texto rimado e con música e cá dos epígrafes e *Sumario*, e que se sitúa nun período posterior á redacción inicial das cantigas. En canto ao verso, as partes musicadas adoitan escribirse como prosa e empregan o punto para separar versos, rimados ou non, mentres que nos versos longos este signo marca a separación de hemistiquios. Tamén se observa a existencia dunha puntuación no interior de verso, que indica encabalgamento e que debe respectarse, mantendo a separación versual.

-Elsa Gonçalves, “Appunti di filologia materiale per un’edizione critica della poesia profana di Alfonso X”, pp. 411-427.

Continuando investigacións anteriores sobre os apógrafos italianos e sobre o seu *exemplar*, E. Gonçalves centra o seu estudio no sector de *B* e *V* no que se transcribiron os textos de Alfonso X, abordando os problemas críticos que lles afectan e achegando solucións a partir dos datos extraídos da análise codicolóxica e textual dos manuscritos e da reconstrucción do seu modelo. Na primeira parte do estudio expóñense, tomando como base os datos que proporciona a análise material de *B*, diversas hipóteses para explicar a actual configuración dos fascículos que neste códice conteñen as cantigas afonsinas, facendo especial fincapé nas vicisitudes que acompañaron a súa elaboración (copia *alla pecia*, intervención de Colocci), xa que estas permiten dar conta das anomalías que neles se verifican. Nun segundo momento, a autora estudia as rúbricas que acompañan as cantigas de Alfonso X en *B*, centrándose na que lle afecta á cantiga *Ai eu coitada! Como vivo* (*B* 456), atribuída pola crítica ou ben a Alfonso X ou ben a Sancho I, atribucións que Gonçalves non considera definitivas e que deben ser sometidas a revisión. O último aspecto abordado no presente estudio atinxe á fixación da estructura métrica da cantiga *Mester avia don Gil* (*B*, 457):

a observación do aspecto físico do manuscrito e das peculiaridades de copia do texto, combinadas co heteroestrofismo da cantiga, raro na lírica galego-portuguesa, permítelle á autora concluír que as anomalías que lle afecta ao texto poden explicarse a partir dunha interpolación –ou, secundariamente, dunha expansión da estrofa por parte dun intérprete ou dun copista–, que deberá ser considerada á hora de editar a cantiga.



Pedroni, Matteo-**Stäuble**, Antonio (eds.), *Il genere "tenzone" nelle letterature romanze delle Origini (Atti del convegno internazionale, Losanna 13-15 novembre 1997)*, Ravenna: Longo Editore, 1999, 412 pp. (ISBN 88-8063-192-6).

O volume recolle as actas do congreso organizado pola Sección de Italiano da Universidade de Lausanne, no que se estudiou a presencia da *tensó* nas literaturas románicas. Dos estudios aí reunidos, que se ocupan de varios aspectos do xénero nas literaturas italiana, provenzal, francesa, castelá, catalana, galego-portuguesa e latina medieval, reséñase o que se centra na tradición poética dos trobadores do occidente peninsular.

-Tobias Brandenberger, "Trovadores y juglares en la *tençon* gallego-portuguesa medieval", pp. 379-389.

Tras subliñar as particularidades constructivas da *tensó*, o autor analiza a relación trobador-xograr, entendida dende un punto de vista social e cultural, no marco deste xénero dialogado da lírica galego-portuguesa. Brandenberger, que comenta a posta en escena da relación desigual que se establece entre ambos grupos de poetas, conclúe que a través das *tensós* producidas no occidente peninsular se evidencia con nitidez o peso do prestixio social que teñen as figuras autoriais que interveñen neste tipo de composicións. Apunta tamén que a desigualdade dos adversarios poéticos (e iso significa os mecanismos sociais, os esquemas fixos da mentalidade feudal) repercute no texto lírico; en efecto, a loita literaria trobador-xograr plasmada nas *tensós* transparenta un claro conflicto de índole sociocultural.

Touber, Anton (ed.), *Le Rayonnement des Troubadours. Actes du colloque de l'AIEO, Association Internationale d'Etudes Occitanes (Amsterdam, 16-18 Octobre 1995)*, Amsterdam-Atlanta: Rodopi, 1998, 312 pp. (ISBN: 90-420-0090-2).

O volume recolle os relatorios presentados ao congreso organizado pola Association Internationale d'Etudes Occitanes, que se desenvolveu en Amsterdam entre o 16 e o 18 de outubro de 1995 e que estaba dedicado a estudiar a influencia que a poesía dos trobadores provenzais tivo en diferentes áreas da Romania con posterioridade á expansión fóra das súas fronteiras, influencia que "a fait naître dans ces pays une lyrique nationale" (p. VII). Os traballos organízanse en catro seccións, dedicadas, respectivamente, á Península Ibérica, ao norte de Italia e a Sicilia, ao dominio de *oïl* e ao dominio lingüístico alemán. Nestas analízanse as manifestacións desta influencia, trobadores que a exerceron, vías que permitiron a súa difusión e circunstancias sociais, políticas e culturais que a explican e que dan conta da diferente adaptación que dos elementos constitutivos da lírica dos trobadores se fixo nas diferentes áreas de implantación. Referimos brevemente a seguir os traballos que abordan aspectos relativos á lírica dos trobadores galego-portugueses.

-Carlos Alvar, "Alfonso X, poeta profano. Temas poéticos. La corte poética del Rey", pp. 3-15.

Referencia e breve análise dos motivos tratados por Alfonso X na súa poesía satírica. Constátase o silencio do monarca e dos poetas do seu círculo literario ante os acontecementos vinculados ao denominado *fecho del Imperio*, a diferencia do que acontece cos trobadores provenzais, que si recollen esta temática na súa producción, basicamente nos seus sirventeses –en efecto, a única referencia a ese aspecto crucial da política europea do momento encóntrase nunha composición do cancioneiro marial do propio monarca–. Alvar indica que se lles presta atención aos acontecementos da guerra de Granada, pero que a penas si se mencionan outros, como os sucesos vinculados á figura do infante don Enrique; sorprende, así mesmo, o silencio da corte en todo o que respecta ás cuestións políticas. Estudia Alvar, finalmente, os temas das sátiras persoais de Alfonso X e as cantigas de temática obscena. Delas analízanse as características formais e temáticas que as definen.

-Vicenç Beltrán, “Tipos y temas trovadorescos. XIV. Alfonso X, Raimon de Castelnou y la corte literaria de Rodez”, pp. 19-39.

Nova edición do sirventés provenzal *Mon siruentes tramet al cominal*, de atribución discutida pola crítica e que V. Beltrán, considerando o seu carácter de *contrafactum*, os datos relativos á tradición manuscrita e ao *modus operandi* dos copistas e a coherencia dos datos históricos, lle atribúe a Raimon de Castelnou. O profesor catalán revisa a datación do texto, situado pola crítica precedente na década dos vinte ou dos trinta do século XIII, e identifica o rei Alfonso citado no sirventés con Alfonso X, localizando deste xeito a composición do texto nos anos nos que o Rei Sabio, en relación cos acontecementos vinculados ao denominado *fecho del Imperio*, se entrevista co papa Gregorio X en Belcaire (outubro de 1274-agosto de 1275). Nese ano e nos precedentes (1272-1275), nos que Alfonso entra en contacto con ilustres personaxes galos –algúns deles tamén mencionados na composición–, que buscarían o seu apoio por claras motivacións

políticas, situaríase tamén o texto de Folquet de Lunel *Al bon rey q'es reys de pretz car*, un eloxio do rei de Castela, así como, posibelmente, outras composicións de trobadores vinculados ao círculo de Rodez.

Valeria Bertolucci Pizzorusso, “La funzione encomiastica nei trovatori provenzali e galego-portoghesi”, pp. 41-49.

Bertolucci pon de relevo o contraste que se establece entre os trobadores provenzais e os galego-portugueses no que respecta ao uso da función encomiástica –entendida esta como a gabanza dedicada polo poeta a un señor– nos seus textos. A autora constata que ao eloxio do señor, amplamente cultivado polos provenzais, lle corresponde un silencio case absoluto na producción dos trobadores galegoportugueses e repasa os escasos textos que na tradición peninsular recollen tal función, basicamente os prantos de Pero da Ponte e as súas composicións *O que Valença conquereu* (*B* 990, *V* 578) e *O muy bon Rey, que conquis a fronteyra* (*B* 985, *V* 572), as dúas cantigas conservadas de Johan, xograr morador en León, *A sa Vida seia muyta* (*B* 1116, *V* 707) e *Os namorados que trobam d’amor* (*B* 1117, *V* 708), a *tensó* entre Pedr’Amigo de Sevilha e Johan Vasquiz de Talaveira *Ay Pedr’Amigo, vós que vos teedes* (*B* 1550) e, tal vez, o texto de Pai Gomez Charinho *De quantas cousas eno mundo son* (*A* 256). Bertolucci analiza, así mesmo, as posíbeis causas xustificativas deste comportamento, recorrendo á comparación con outras áreas da Romania.

-António Resende de Oliveira, “Le surgissement de la culture troubadouresque dans l’occident de la Péninsule Ibérique (I). Compositeurs et cours”, pp. 85-95.

Análise das circunstancias vinculadas ao nacemento e implantación da canción trobadoresca no occidente peninsular, centrándose nos primeiros compositores e medios que estes frecuentaron e sinalando a importancia fundamental que os trobadores provenzais desenvolveron nese proceso. Oliveira trata de esclarecer estas circunstancias, considerando os datos tirados dos cancioneiros e dos textos e os datos xeográficos e históricos dos que se dispón no estado actual das investigacións. Analiza, en concreto, os autores peninsulares testemuñados no remate do século XII, que sitúan a xénese da canción cortés no norte peninsular, particularmente en Castela, e que establecen lazos cos señores casteláns das liñaxes dos Haro, Lara, Cameros e Urgel, cortes frecuentadas, así mesmo, por trobadores provenzais, e os autores documentados no primeiro cuarto da seguinte centuria, trobadores galegos e portugueses que empregan o galego-portugués na súa producción poética e que están vinculados ás cortes dos señores de Toroño, Travas e Sousas. Establécense, polo tanto, dous grandes períodos na implantación da lírica dos trobadores, na que xogan un papel fundamental as cortes señoriais e na que se verifica un desprazamento xeográfico do norte cara ao occidente peninsular.

-José Carlos Ribeiro Miranda, “Le surgissement de la culture troubadouresque dans l’occident de la Péninsule Ibérique (II). Les genres, les thèmes et les formes”, pp. 97-105.

Análise dos textos producidos polos primeiros trobadores, centrándose, basicamente, nas liñas temáticas que vertebran as composicións. Miranda caracteriza esta primeira xeración de poetas, constituída por dous núcleos de autores –o primeiro de fins do século XII-principios do XIII; o segundo localizado nas dúas primeiras décadas do XIII–, dende o punto de vista dos textos producidos por esta, que se define por “un certain degré d’hésitation et d’incertitude, aussi bien sur le plan linguistique que sur celui des formes poétiques” (p. 97). Analízase, ademais, o asentamento dos xéneros –primeiro a *cantiga de amor*, despois a

cantiga de escarnio; só na década de 1220 comezaría o cultivo da *cantiga de amigo*–, tendo en conta os aspectos históricos que están subxacentes –sociedade feudal, sistema de parentesco, etc..

Literatura medieval

Publicacións en revistas.

Brea, Mercedes, “De las *vidas* y *razós* a las rúbricas explicativas”, *Estudios Románicos*, XI, 1999, pp. 35-50.

Estudio das *vidas*, *razos* e rúbricas explicativas na súa constitución formal, motivación e finalidade, entroncándoas coa tradición escolástica medieval do *accessus ad auctores*. Indícase que estes textos narrativos en prosa que funcionan como complemento de pezas líricas, *vidas* e *razos* foron concibidas como instrumentos auxiliares para a recepción do texto, tal vez durante o propio proceso de compilación dos cancioneiros, cando xa mediaba unha certa distancia cronolóxica con respecto ao momento de producción que dificultaba o correcto entendemento das cantigas. Saliéntase que as rúbricas galego-portuguesas, que acompañan maioritariamente as *cantigas de escarnio e maldizer*, representan un elo desa tradición, xa que, redactadas no período final da producción trobadoresca, responden á mesma finalidade. Así mesmo, apúntase que se encontran nas *Cantigas de Santa María* e que no *corpus* afonsino representan unha especie de resumo dos milagres narrados, converténdose nunha guía de lectura que permite localizar con axilidade o relato que se busca.

Corti, Francisco e Ofelia **Manzi**, “La vida de los lujuriosos según las miniaturas de las *Cantigas de Santa Maria*”, *Temas Medievales*, IX, 1999, pp. 115-132.

Tómanse como obxecto de análise as conductas pecaminosas relacionadas coa luxuria e a soberbia, partindo das ilustracións das cantigas XCIII, CXXXVII e CLII, que presentan situacións nas que se ilustra o pecado de luxuria e nas que se sinalan os diversos camiños que pode seguir o perdón. No estudio procédese a comparar o texto coas representacións iconográficas, describindo a configuración das miniaturas, elementos simbólicos que empregan e significación destas con respecto ao texto da cantiga. Esta análise permite establecer o paralelismo que se verifica entre a secuencia gráfica e a narración verbal: texto e iconografía apóianse e compleméntanse.

Deyermond, Alan, “El tejido en el texto, el texto tejido: las *chansons de toile* y poemas análogos”, *Estudios Románicos*, XI, 1999, pp. 71-104.

Encadramento das *chansons de toile* no marco da lírica europea da Idade Media, establecendo, paralelamente, analoxías con outras tradicións poéticas, nas que se rexistran motivos similares aos que caracterizan estas composicións cultivadas na Francia medieval. Á marxe de estudiar o motivo e importancia do tecido no mundo antigo –narracións apócrifas da Anunciación, *A Odisea*–, e na tradición latina –*As Metamorfoses*– e o seu funcionamento como metáfora da composición poética, o autor analiza distintos textos nos que se recolle o acto de tecer ou actividades similares, de acordo cunhas pautas estructurais determinadas: as *chansons de toile*, a *cantiga de amigo*, o romanceiro –danés, escocés e hispánico–, e diversos textos procedentes da tradición china, xaponesa e inglesa, establecendo similitudes e diferencias con respecto á *chanson de toile* e achegando posíbeis hipóteses explicativas para esas analoxías. Interesa particularmente destacar a consideración de Deyermond relativa á relación que se verifica entre a *chanson de toile* e a *cantiga de amigo* de Estevan Coelho *Sedia la fremosa seu sirgo torcendo* (*B* 720, *V* 321): o autor afirma que, dado que a corte portuguesa mantivo relacións coas cortes francesas e que Estevan Coelho escribiu dúas ou tres xeracións despois da época de florecemento das *chansons de toile*, é posíbel que o texto peninsular sexa unha imitación directa, e mesmo paródica, das *chansons* francesas.

Domínguez Rodríguez, Ana, “El arte de la construcción y otras técnicas artísticas en la miniatura de Alfonso X el Sabio”, *Alcanate. Revista de Estudios Alfonsíes*, I, 1998-1999, pp. 59-83.

Partindo das miniaturas dos códices de Alfonso X –*Cantigas de Santa María* e *Primera Partida*–, do recurso puntual aos textos –en particular, aos que aluden á construcción da igrexa-fortaleza de San Marcos– e dos estudios precedentes de F. J. Sánchez Cantón e G. Menéndez Pidal, analízanse as técnicas, materiais e preparativos da arte de construcción gótica. A autora realiza un estudio detallado das miniaturas que representan traballos de construcción, contemplando tamén aquelas que recollen labores de escultura e policromía, pinturas murais, pinturas en cadros, vidreiras, pezas de orfebrería e vidro, …, concluíndo que a obra de Alfonso X achega un panorama enciclopédico, en imaxes e textos, sobre os labores de construcción e as técnicas artísticas do século XIII.

Ferrari, Anna, “Marcabru, Pedr’Amigo de Sevilha e la pastorella galego-portoghese”, *Romanica Vulgaria Quaderni*, XVI-XVII, 1999, pp. 107-130.

Partindo do estudio dos aspectos formais, léxicos e de contido, Ferrari sinala que a pastorela de Pedr’Amigo de Sevilha *Quand’eu hum dia fuy en Compostela* se inspira directamente na “pastorella maggiore” de Marcabru *L’autr’ier jost’una sebissa*. Á marxe da relevancia deste dato, sinálase a importancia das hipóteses que a partir desta constatación se poden formular, sobre todo no que atinxe ao encadramento cultural de Pedr’Amigo e ao estudio da pastorela ibérica. En efecto, o tipo de imitación parece presupor non só que o texto de Marcabru circulou na época na que produce Pedr’Amigo e no seu ambiente, senón que circulou por escrito e que o trobador galego-portugués tivo coñecemento directo do mesmo. Este dato último é particularmente relevante, xunto a outros apuntados pola autora –como a posíbel composición da pastorela de Marcabru en territorio hispano e a chegada a través da escrita doutros ecos do trobadorismo ultrapirenaico–, pois dá conta da vitalidade e da inserción da lírica galego-portuguesa na tradición trobadoresca e na tradición lírica europea da Idade Media.

González Jiménez, Manuel, “Una “noble çibdat e bona”: fundación y poblamiento de El Gran Puerto de Santa María por Alfonso X El Sabio”, *Alcanate. Revista de Estudios Alfonsíes*, I, 1998-1999, pp. 19-28.

Analízase, a partir dos datos achegados por distintos documentos históricos e das referencias contidas nas *Cantigas de Santa María*, a historia de Alcanate previa á conquista castelá, a toma desta cidade árabe por parte de Castela, no marco da política africana do Rei Sabio, e a súa repoboación e conversión nunha cidade autónoma, patrocinada por Alfonso X, que lle deu na súa carta de poboamento do 16 de decembro de 1281 o nome de El Gran Puerto de Santa María.

González López, Susana, “Congreso “O Mar das Cantigas”, *Revista de lenguas y literaturas catalana, gallega y vasca*, nº VI, “Reseñas. Lengua y literatura gallega”, 1999, pp. 415-419.

Infórmase da publicación das Actas do Congreso *O mar das cantigas*, que conteñen comunicacións lidas neste congreso celebrado na illa de San Simón en maio de 1998. Segundo a autora do artigo as características destas comunicacións permiten agrupalas en catro apartados: as que tratan aspectos de crítica textual, as que fan referencia a aspectos concretos ou a certos elementos das cantigas, as comunicacións centradas na influencia da lírica galegoportuguesa na literatura galega dos séculos XIX e XX e a comunicación dedicada á notación musical das cantigas dalgún autor. Dánsenos datos sobre algunhas das comunicacións de cada grupo e apúntase que estas parecen demostrar a necesidade de recoñecer a importancia das cantigas galego-portuguesas para o ámbito da literatura e da literatura comparada, e a urxencia de subsanar as lagoas teóricas que impiden un mellor coñecemento deste tipo de lírica.

González Martínez, Montserrat, "*Cantigas do mar de Vigo*", *Revista de lenguas y literaturas catalana, gallega y vasca*, nº VI, "Reseñas. Lengua y literatura gallega", 1999, pp. 421-424.

Con motivo do Día das Letras Galegas, dedicado en 1998 a tres xograres galegos: Martín Codax, Meendinho e Johan de Cangas, publicáronse diferentes libros dedicados a estes autores. No artigo, aínda que se citan outros traballos, descríbese o titulado *Cantigas do mar de Vigo*, edición crítica das cantigas destes xograres feita por un equipo do Centro Ramón Piñeiro coordinado por Mercedes Brea. Sinálase que o volume se divide en tres bloques temáticos, tratando o primeiro da lírica trobadoresca, da figura do xograr e da cuestión de se estas composicións son un xénero independente ou un código; o segundo bloque presenta aos poetas e o terceiro repasa a tradición manuscrita e a inclusión ou exclusión dos tres xograres nos cancioneiros. Tamén se indica que despois destes apartados aparecen os textos modernizados acompañados dun aparato crítico, con notas e comentarios, que fan referencia ás variantes dos manuscritos, ás diferencias gráficas e abreviaturas, e recollen as distintas interpretacións dos versos. Por último, indícase que este volume contén un glosario, un rimario e unha completa bibliografía.

Montoya Martínez, Jesús, “El Puerto de Santa María, exvoto de Alfonso X a María”, *Alcanate. Revista de Estudios Alfonsíes*, I, 1998-1999, pp. 99-114.

Coméntase o feito de que El Puerto de Santa María constitúe a ofrenda que Alfonso X lle presenta á Virxe en recompensa pola axuda recibida durante a campaña de reconquista andaluza. A partir do texto das *Cantigas de Santa María* e, máis en particular, do denominado *Cancionero de Santa María de El Puerto*, analízase a cesión da cidade árabe a Alfonso, o nome que recibe dos cristiáns e a provisión do monarca para construír a igrexa-fortaleza de San Marcos no lugar, conxunto arquitectónico que lle foi ofrecido polo Rei Sabio á Virxe como “casa e capela”. Indícase ademais que o antigo Alcanate fora escollido por María para o seu culto: Alfonso X só segue a súa vontade ao promover e entregarlle á Virxe a fundación rexia.

_____, “Cancionero de Santa María de El Puerto. Edición, traducción y notas”, *Alcanate. Revista de Estudios Alfonsíes*, I, 1998-1999, pp. 115-275.

Estudio, edición e traducción ao castelán do conxunto de vintecinco cantigas marianas que integran o denominado *Cancionero de Santa María de El Puerto*. Montoya caracteriza este ciclo de cantigas, que presentan como elemento común a mención explícita da Virxe baixo a advocación de Santa María de El Puerto, realizando unha análise global dos textos –carácter narrativo ou lírico, presencia da música, aspectos constructivos e métricos–, e fixa dúas posíbeis etapas na elaboración deste cancioneiro. Tralo establecemento dos criterios de edición, achégase a lectura das cantigas, que vai acompañada polas notas correspondentes, nas que se inclúen as variantes textuais e un comentario métrico do texto, así como o esquema melódico da composición. Por último, proporciónase a traducción castelá das cantigas consideradas.

Paredes Núñez, Juan, “Elementos narrativos en las cantigas satíricas de Alfonso X (consideraciones en torno al género *escarnio y maldecir*)”, *Estudios Románicos*, XI, 1999, pp. 179-194.

Dentro do xénero *escarnio e maldizer*, o máis difícil de definir tanto polo propia imprecisión terminolóxica que subxace a tal etiqueta na tradición manuscrita galego-portuguesa, como pola propia indefinición do xénero na *Arte de Trovar* que precede *B*, establécense clasificacións en base aos elementos temáticos de cada texto, clasificación que Paredes Núñez lle aplica ás cantigas satíricas de Alfonso X. Sen embargo, é a análise interna deste ciclo de textos, vinculado a distintos avatares históricos que marcaron o reinado do monarca castelán, a que subliña a importancia que nas cantigas satíricas, e de maneira particular nos escarnios políticos de marcado carácter histórico, teñen os elementos narrativos, dentro sempre do predominio da función lírica. O autor pon de manifesto o que de exercicio literario teñen eses textos, concluíndo que nese xogo literario, no que a narratividade soterrada na estructura lírica adquire unha tensión e matices particulares, radica a especificidade do xénero *escarnio e maldizer*.

Parkinson, Stephen, “Santuarios portugueses en las Cantigas de Santa María”, *Alcanate. Revista de Estudios Alfonsíes*, I, 1998-1999, pp. 43-57.

Análise da temática dos milagres vinculados aos santuarios portugueses e, en particular, ao de Santa María de Terena, papel da Virxe nos mesmos, referencias topográficas ao santuario, presencia doutros milagres de ambientación portuguesa nas *Cantigas de Santa María* e localización dos mesmos nos códices. Parkinson constata que os grandes santuarios maiores da compilación marial –Salas, Vila-Sirga, Monserrat, Terena e Tudia– dominan nunha determinada parte do cancioneiro final do Rei Sabio, verificándose un desprazamento de norte a sur na localización dos milagres: en concreto, os vinculados a Terena encóntranse inseridos no terceiro centenar.

Scarborough, Connie L., “Las Cantigas de Santa Maria, poesía de santuarios: el caso de El Puerto de Santa María”, *Alcanate. Revista de Estudios Alfonsíes*, I, 19981999, pp. 85-97.

Análise da perspectiva adoptada por Alfonso X con respecto ao milagroso e da utilidade que para o monarca ten o milagre, que lle serve para proxectar a imaxe que de si mesmo quería transmitir. Repasa a autora os milagres que se localizan ou que están vinculados a El Puerto de Santa María, sinalando a presencia constante, en paralelo ao argumento central, de detalles alusivos á toma e repoboación da antiga cidade árabe de Alcanate por parte do rei: a compilación do cancioneiro marial revela a devoción persoal de Alfonso X, pero tamén responde, como demostran estes textos en concreto, aos seus propósitos políticos e económicos.

Snow, Joseph T., “Alfonso X, cronista lírico de El Puerto de Santa María”, *Alcanate. Revista de Estudios Alfonsíes*, I, 1998-1999, pp. 29-41.

Análise das cantigas dedicadas por Alfonso X a El Puerto de Santa María dende unha perspectiva lírico-literaria, que pretende “iluminar mejor el aspecto personal e íntimo de la representación figural de Alfonso dentro de sus *Cantigas de Santa Maria*” (p. 30), destacando que este ciclo de textos constitúe un capítulo, no conxunto do cancioneiro marial, de agradecemento á lealdade que esta cidade lle mostrou ao monarca. Snow estudia, ademais, as razóns que permiten considerar este ciclo de cantigas como un cancioneiro de El Puerto –número de cantigas que o integran, densidade e localización das mesmas nos códices, identidade xenérica dos textos, devoción que manifestan as cantigas á Virxe de El Puerto, articulación interna do ciclo de textos–, dando conta tanto do papel de Alfonso X como mecenas da compilación como do seu protagonismo nela e da posíbel cronoloxía da súa elaboración, que se situaría con posterioridade a 1281, ano no que o Rei Sabio lle dá carta de poboamento á antiga Alcanate. En palabras de Snow, “me atrevo a ver en el cancionero del Puerto (…) un perfecto simulacro de la obra que lo contiene, una *Cantigas de Santa Maria* en miniatura con los mismos propósitos y valores, sólo que también es, por su enfoque algo más singularizado, un homenaje a la ciudad y santuario del Gran Puerto de Santa María” (p. 39).

_____, “1. I Semana de Estudios Alfonsíes. Inauguración de la “Cátedra Alfonso X El Sabio”, Patrocinado por Luis Caballero, S.A. Puerto de Santa María, 16-18 diciembre de 1998”, *Alcanate. Revista de Estudios Alfonsíes*, I, 1998-1999, pp. 279-284.

Refírese a inauguración da “Cátedra Alfonso X El Sabio”, que ten a súa sede no castelo de San Marcos e que pretende crear un Centro de Estudios Alfonsíes, programando encontros anuais (Semanas de Estudios Alfonsíes), ademais de fundar unha biblioteca de estudio, de publicar a revista *Alcanate* e de organizar outros actos culturais. Snow dá conta, así mesmo, do desenvolvemento da I Semana de Estudios Alfonsíes, achegando un resumo sobre as ponencias presentadas nela e presentando as diversas actividades culturais que se desenvolveron durante esas xornadas como complemento dos relatorios.

_____, “2. Congreso Internacional “Sevilla 1248”, conmemorativo del 750 aniversario de la conquista de Sevilla por Fernando III, rey de Castilla y León”, *Alcanate. Revista de Estudios Alfonsíes*, I, 1998-1999, pp. 284-285.

Refire a celebración do congreso *Sevilla 1248*, que tiña por obxectivo estudiar a capitulación de Sevilla ante Fernando III o Santo en 1248 e as consecuencias derivadas dese acontecemento histórico. Sinálase que diversos relatorios presentados a ese congreso fan referencia a Alfonso X.

_____, “3. Sobre bibliografía alfonsí. Aportaciones de la última década (1990-1998), por Francisco García Fitz”, *Alcanate. Revista de Estudios Alfonsíes*, I, 1998-1999, pp. 285-314.

Un dos cometidos da revista *Alcanate* é informar sobre a bibliografía referida a Alfonso X. Neste número, o profesor F. García Fitz fai unha revisión e actualización da bibliografía de carácter histórico, que se centra tanto na figura do monarca como en diversos aspectos do seu reinado – inserción da época alfonsí, dende perspectivas políticas xerais, nas grandes liñas da evolución da historia medieval hispana; ideario político do monarca; marco institucional do reinado; relacións do reino castelán-leonés con outros reinos; guerras; sociedade castelá; aspectos económicos; relacións coa Igrexa; …–. O comentario desta vai acompañado por un anexo bibliográfico que conta, ademais, cunha sección dedicada á “Bibliografía reciente sobre Lírica Gallego-Portuguesa”, elaborada por C. Scarborough, e cun apartado de “Bibliografía sobre miniatura alfonsí e historia del arte”, a cargo de C. Miranda García, que se subdivide en “1. Estudios Generales”, “2. Obras religiosas”, “3. Obras científicas”, “4. Obras didácticas”, “5. Obras históricas” e “6. Obras jurídicas”.

_____, “La Biblioteca de la ‘Cátedra Alfonso X el Sabio”, *Alcanate. Revista de Estudios Alfonsíes*, I, 1998-1999, pp. 315-317.

Lista de doadores que contribuíron á fundación da biblioteca da Cátedra Alfonso X El Sabio, especializada en temas alfonsíes.

_____, “5. II Semana de Estudios Alfonsíes”, *Alcanate. Revista de Estudios Alfonsíes*, I, 1998-1999, p. 317.

Anúnciase a celebración da II Semana de Estudios Alfonsíes, que se centrará no tema “As Ordes Militares en tempos de Alfonso X”.

Rambaud, Maria de Fátima Antunes, “Le thème de la mer dans les chansons d’ami galego-portugaises (XIIIe et XIVe siècles)”, *Revue des Langues Romanes*, CIII, 1999, 1, pp. 119-129.

Estudio dos diversos valores que o mar ou a auga asumen nos vinte textos pertencentes ao xénero da *cantiga de amigo* que introducen o motivo. A autora destaca a vitalidade destes elementos no esquema das composicións, no que non funcionan como personaxes pasivos, senón que participan na historia amorosa narrada, existindo en función dos personaxes humanos que a viven.

Recio, Roxana, “Filología y ediciones trovadorescas”, *Romance Philology*, LII, Spring 1999, pp. 133-143.

Comentario crítico sobre *Lírica profana galego-portuguesa. Corpus completo das cantigas medievais, con estudio biográfico, análise retórica e bibliografía específica*, traballo publicado polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. A autora revisa varios aspectos da obra obxecto de comentario, sobre os que ofrece unha valoración claramente negativa. Así, a metodoloxía seguida na elaboración do traballo merece unha severa crítica por parte de R. Recio, especialmente no que atinxe á ordenación dos textos, á elección das edicións críticas tomadas como base e á supresión dos aparatos críticos e de toda a información de carácter filolóxico, supresión que impide que o lector teña un coñecemento concreto, puntual e fiábel dos erros de transmisión e das intervencións que os editores introduciron no texto, así como da fragmentariedade e dos problemas interpretativos que lles afectan a numerosas cantigas. A autora detecta, ademais, problemas na conservación dos signos tipográficos específicos, que non responden a un uso unívoco por parte dos editores e que poden inducir a quen consulte o *corpus* profano a erros e interpretacións deficientes, censurando, ademais, a modificación puntual das edicións de referencia, xa que considera máis respectuoso e coherente co método filolóxico a elaboración dunha edición propia. Tampouco a análise retórica e a clasificación por xéneros que establecen os autores, á marxe doutros aspectos, satisfacen a R. Recio, que non considera a obra comentario obxecto de como un punto de referencia para o estudio do *corpus* lírico galego-portugués, senón como un traballo carente de valor filolóxico e de soporte científico e ao que mesmo se lle nega valor como obra de divulgación.

Tavani, Giuseppe, “A proposito di alcune pubblicazioni recenti sulla lirica galego-portoghese”, *Critica del testo*, II/3, 1999, pp. 975-984.

Breve repaso polas publicacións xurdidas no ámbito dos estudios de lírica profana galego-portuguesa na última década, con especial atención a *Lírica profana galego-portuguesa* (1996), publicación do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, e á base de datos que colocou en rede o mesmo equipo investigador e que permite o acceso a un amplo conxunto de materiais para o estudio desta tradición poética; ao traballo de A. Resende de Oliveira *Depois do espectáculo trovadoresco. A estrutura dos cancioneiros peninsulares e as recolhas dos séculos XIII e XIV* (1994); ás catro monografías, a de A. Resende de Oliveira dedicada ás biografías dos trobadores e outros aspectos históricos da escola galego-portuguesa, e as de V. Beltrán, G. Tavani e G. Lanciani e M. Brea e P. Lorenzo Gradín sobre os tres xéneros maiores do lirismo trobadoresco peninsular, publicadas na colección da editorial Xerais de Galicia; ao estudio de G. Videira Lopes sobre a poesía satírica (*A sátira nos cancioneiros medievais galegoportugueses. Sátira, zombaria e circunstância no Cancioneiro Geral de Garcia de Resende*, 1994); ás publicacións que tocan o *Cancioneiro da Ajuda*, con especial atención á edición facsimilar do manuscrito (1994) e ao estudio de M. A. Ramos sobre un dos seus posuidores, o poeta e cortesán Pedro Homem (1997), e aos estudios de carácter histórico e filolóxico publicados por V. Beltrán. Son todos eles o froito do renovado interese xurdido nos últimos anos por este campo dos estudios medievais en Galicia e Portugal, e achegan zume novo a un sector dos estudios críticos que parecía abocado a esmorecer.

Vieira, Yara Frateschi, “En cas dona Mayor, molher de dom Rodrigo Gomez de Trastamar”, *Signum. Revista da Abrem*, I, 1999, pp. 77-101.

Tras repasar os postulados da crítica acerca do papel que as cortes señoriais xogaron no proceso de asentamento e de difusión da lírica galego-portuguesa e, máis en particular, o papel desempeñado pola corte do magnate galego Rodrigo Gómez, a profesora Vieira traza a biografía do tenente de Trastámara, Montenegro, Monterroso e Sarria e da súa esposa, dona Maior Afonso. Procúrase, así mesmo, localizar a sede ou sedes da corte deste nobre, na que se desenvolvería a escena mencionada na célebre rúbrica que acompaña a *tensó* entre Pero Velho e Pai Soarez de Taveirós *Vi eu donas encelado*, concluíndo, tras descartar outras hipóteses relativas ás posesións da familia, que esta sede debería ser unha casa localizada en Santiago de Compostela.